

I. DISPOSICIÓN XERAIS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

ORDE do 1 de decembro de 2021 pola que se prorroga e se modifica a Orde do 16 de novembro de 2021 pola que se aproba a exigencia de determinadas medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia no que se refire aos centros hospitalarios.

I

Mediante a Resolución do 21 de outubro de 2021, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, dáse publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 21 de outubro de 2021, polo que se declara a finalización da situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, declarada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020, como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.

A finalización da aplicación dos mecanismos extraordinarios derivados da lexislación de protección civil debe entenderse, naturalmente, sen prexuízo de que continúen sendo necesarias, mentres permaneza a pandemia, medidas de prevención de acordo coa lexislación sanitaria en vigor.

Neste sentido, a Lei estatal 2/2021, do 29 de marzo, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, prevé no seu artigo 2.3 que «as medidas contidas nos seus capítulos II, III, IV, V, VI e VII e na disposición adicional quinta serán de aplicación en todo o territorio nacional ata que o Goberno declare de maneira motivada e de acordo coa evidencia científica dispoñible, logo do informe do Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias, a finalización da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19. O Goberno consultará as comunidades autónomas no seo do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde con carácter previo á finalización da situación de crise sanitaria a que se refire o parágrafo anterior».

De acordo coa lexislación estatal, continúa, polo tanto, existindo unha situación de crise sanitaria. Isto determina, por exemplo, que siga sendo de aplicación o deber de cautela e protección establecido no artigo 4 da lei, de tal xeito que «todos os cidadáns deberán adoptar as medidas necesarias para evitar a xeración de riscos de propagación da enfermida-



de COVID-19, así como a propia exposición aos ditos riscos, conforme o que se establece nesta lei». O dito deber de cautela e protección será igualmente exigible aos titulares de calquera actividade regulada nesta lei.

Deste modo, seguen sendo de aplicación as previsións desta lei sobre o uso obrigatorio de máscaras, a regulación das distintas actividades e a distancia de seguridade interpersoal mínima.

En particular, debe terse en conta que seguirán sendo de aplicación os mecanismos de tutela previstos na lexislación sanitaria.

A Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública, conforma, xunto coa Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; a Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema nacional de saúde, e a Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, o corpo normativo fundamental da acción de tutela da saúde pública no ámbito estatal, ao cal se debe unir a lexislación autonómica reguladora da protección da saúde pública no marco de competencias autonómico, como é o caso, na Comunidade Autónoma galega, da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia. En efecto, recóllense na dita normativa medidas que as autoridades sanitarias poderán acordar para tutelar a saúde pública en situacións de risco, co fin de cumprir o mandato contido no artigo 43 da Constitución española, que, despois de proclamar o dereito á protección da saúde, dispón que lles compete aos poderes públicos organizaren e tutelaren a saúde pública a través de medidas preventivas e das prestacións e servizos necesarios, e que a lei establecerá os dereitos e deberes de todos ao respecto. O dito marco normativo débese completar, atendida a posible afectación que tales medidas poden ter sobre os dereitos fundamentais, coa necesidade da intervención xudicial.

Malia o anterior, a crise da COVID-19 puxo de manifesto a necesidade de contar cunha maior densidade normativa no que respecta á articulación dos mecanismos extraordinarios que recolle a lexislación sanitaria para tutelar a saúde pública ante crises sanitarias.

Neste sentido, a Lei de saúde autonómica foi modificada pola Lei 8/2021, do 25 de febreiro, no exercicio da competencia autonómica en materia de sanidade interior, recollida no artigo 33 do Estatuto de autonomía de Galicia, para introducir na lei as modificacións necesarias co fin de facer fronte á necesidade de contar cun marco normativo claro na materia que ofrezca a necesaria seguridade xurídica, tanto para quen debe intervir na adopción das medidas e na súa inspección, vixilancia, control e sanción, como para as persoas destinatarias destas. En particular, unha das principais finalidades desta lei é,



así, concretar as medidas que, tendo en conta o disposto na lexislación sanitaria estatal, de rango orgánico e ordinario, poden ser adoptadas polas autoridades sanitarias galegas para a protección da saúde pública, así como regular os requisitos que se deben cumprir para a súa correcta adopción, con especial atención ás exixencias de motivación e de proporcionalidade.

Resulta necesario un comportamento social de cautela e autoprotección asentado fundamentalmente nas premisas de hixiene frecuente das mans; distancia interpersonal mínima; uso de máscaras cando non sexa posible manter a distancia mínima interpersonal, así como cando se estea en contornos con moita xente, especialmente en espazos pechados; limpeza, hixiene e ventilación dos espazos utilizados e, especialmente, adopción de medidas de illamento e comunicación cos servizos de saúde tan pronto como se teñan síntomas compatibles coa COVID-19.

II

Con data do 13 de agosto de 2021, a Administración autonómica solicitoulle ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia autorización xudicial para adoptar medidas referidas á obriga de exhibición de determinada documentación como requisito previo ao acceso a certos establecementos.

Mediante o Auto 97/2021, da Sección Terceira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, denégase a autorización das medidas consistentes na exhibición de documentación para o acceso a determinados establecementos previstas na orde sometida a autorización.

Cómpre indicar que a Sentenza 1112/2021, da Sección Cuarta da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo, estimou o recurso de casación presentado pola Administración autonómica fronte ao Auto 97/2021, da Sección Terceira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

A dita sentenza sinala que a ratificación ou autorización xudicial unicamente se pode obviar cando a falta de restrición ou limitación dos dereitos fundamentais é manifesta, evidente, ostensible e indiscutible, polo que a medida de exhibición de determinada documentación para o acceso a certos establecementos require a autorización xudicial previa, aínda que se indica que no caso examinado esta incidencia nos dereitos fundamentais é tenue.



Tamén se salienta a existencia de cobertura xurídica para a adopción das medidas axuízadas, lembrando, neste sentido, que a Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública, en coherencia coas demais leis sanitarias, é suficiente como norma de cobertura das medidas sanitarias que comporten algunha restrición de dereitos fundamentais, que, ademais, neste caso, é liviá.

O Tribunal Supremo recoñece que os dereitos fundamentais, como calquera dereito subxectivo, non son absolutos nin ilimitados e que a limitación resulta precisa para permitir a súa pacífica coexistencia cos demais dereitos fundamentais e cos bens constitucionalmente protexidos, que se traducen, neste caso, nunha potente presenza do dereito á vida e á integridade física, e á defensa e protección da saúde da cidadanía. Nesta liña, a sentenza expresa: «É o que sucede neste caso, ao confrontar a tenue limitación que podería ter a medida examinada sobre os dereitos fundamentais á igualdade (artigo 14) e á intimidade (artigo 18.1) co dereito fundamental á vida (artigo 15), coa protección da saúde (artigo 43) en situacións da pandemia como a COVID-19, e co interese xeral de todos por sobrevivir nestas gravísimas circunstancias, que avalan a procedencia da medida que se pretende».

Nese sentido, a autoridade sanitaria vén adoptando medidas preventivas de seguridade sanitaria consistentes na posesión de documentación que acredite o cumprimento de determinados requisitos para o acceso aos establecementos de lecer nocturno, recollidas na citada Orde do 29 de setembro de 2021 na súa redacción vixente, autorizadas polo Tribunal de Xustiza de Galicia mediante o Auto 122/2021, do 12 de novembro, ou medidas preventivas de seguridade sanitaria consistentes na exhibición de documentación que acredite o cumprimento de determinados requisitos nos espazos de aloxamento compartido nos albergues turísticos, autorizadas estas últimas medidas polo Tribunal de Xustiza de Galicia mediante o Auto 115/2021, do 29 de outubro.

No caso dos centros, servizos e establecementos sanitarios, o punto 3.16 do anexo da Orde do 22 de outubro de 2021, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e se modifica a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia, prevé que os titulares ou directores dos distintos centros, servizos e establecementos sanitarios, de natureza pública ou privada, deberán adoptar as medidas organizativas, de prevención e hixiene necesarias do seu persoal traballador e dos pacientes, co obxecto de aplicar as recomendacións emitidas nesta materia, relativas á distancia de seguridade interpersoal, ao uso de máscaras en sitios pechados de uso público, á capacidade, hixiene de mans e respiratoria, así como calquera outra medida que establezan as autoridades competentes.



Estas medidas deberán aplicarse na xestión dos espazos do centro, nos accesos, nas zonas de espera e na xestión das citas dos pacientes, así como na regulación de acompañantes ou visitas, tendo en conta a situación e actividade de cada centro. En todo caso, permitirase a presenza dunha persoa acompañante por usuario/a. Tamén se permitirá unha visita por paciente na UCI non COVID.

Así mesmo, adoptarán as medidas necesarias para garantir a protección da seguridade e saúde do seu persoal traballador, a limpeza e a desinfección das áreas utilizadas e a eliminación de residuos, así como o mantemento adecuado dos equipamentos e instalacións.

Estarán obrigados a colaborar coas autoridades sanitarias e de política social nos labores de vixilancia, prevención e control da COVID-19.

Debe destacarse que a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, regula no seu artigo 7 os «Dereitos relacionados co acompañamento do ou da paciente» e no seu número 1 expresa:

«1. Serán dereitos relacionados co acompañamento do ou da paciente os seguintes:

1. Dereito a ser acompañado ou acompañada, polo menos, por unha persoa que manteña vínculos familiares ou de feito co ou coa paciente ou por unha persoa da súa confianza.

2. Dereito de toda muller a que se lle facilite o acceso ao proceso do parto a aquela persoa designada por ela para tal efecto.

3. Dereito das persoas menores a estaren acompañadas polos seus pais, tutores ou gardadores.

4. Dereito das persoas incapacitadas a estaren acompañadas polos responsables legais da súa garda e protección».

Porén, estes dereitos non son absolutos ou incondicionados, dado que o número 2 do precepto expresa: «os dereitos anteriormente citados limitaranse, e mesmo se exceptuarán, nos casos en que esas presenzas sexan desaconselladas ou incompatibles coa prestación sanitaria conforme criterios clínicos. En todo caso, esas circunstancias seranlles explicadas aos afectados e ás afectadas de xeito comprensible».



Así mesmo, os dereitos relacionados co acompañamento do ou da paciente deben entenderse no marco legal dos deberes sanitarios da cidadanía, recollidos no artigo 15 da lei. Así, segundo o número 12 deste precepto, tamén estarán suxeitas a determinados deberes as persoas familiares ou acompañantes dos usuarios e das usuarias do sistema sanitario. Entre estes deberes encóntranse os seguintes:

«1. Cumprir as prescricións xerais de natureza sanitaria comúns a toda a poboación, así como as específicas determinadas polos servizos sanitarios. (...)

4. Usar axeitadamente os recursos, os servizos e as prestacións ofrecidos polo sistema sanitario.

5. Manter a debida observancia das normas establecidas en cada centro. (...)

7. Cooperar coas autoridades sanitarias na protección da saúde e na prevención das enfermidades. (...)

10. Cumprir as normas e os procedementos de uso e acceso aos dereitos que se lles outorguen a través desta lei. (...)

Tendo en conta o anterior, solicitouse do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia a ratificación xudicial da medida consistente na exhibición da documentación acreditativa da vacinación, realización de proba diagnóstica negativa ou superación da enfermidade, o que tivo lugar mediante o Auto 127/2021, do 19 de novembro de 2021, ditado en autos de procedemento de protección de dereitos fundamentais 7733/2021.

De conformidade co previsto no punto segundo da citada Orde do 16 de novembro de 2021, a eficacia da medida estaba prevista ata as 00.00 horas do día 4 de decembro, polo que resulta necesario abordar a súa prórroga.

III

Na actualidade, a situación epidemiolóxica, de acordo co Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública do 1 de decembro de 2021, pódese resumir do seguinte xeito:

O número de casos novos volve subir e obsérvase que a partir do 30 de outubro a tendencia da incidencia volve aumentar, cunha porcentaxe de cambio diaria do 10 %, fronte a un aumento menos acusado a partir do 4 de outubro, cunha porcentaxe de cambio diaria do 2,0 %, logo do descenso observado desde o 21 de xullo.



A incidencia acumulada a 14 días, no día 29 de novembro, está en 187,21 casos por cen mil habitantes. No informe anterior sinalábase unha incidencia a 14 días, no día 7 de novembro, de 28,68 casos por cen mil habitantes, o que supón un aumento do 550 %. Se o comparamos coa incidencia do día 29 de outubro, de 18,17 casos por cen mil habitantes, ao inicio da sexta onda, supón un incremento do 930 %.

O número de concellos sen casos tamén está a diminuír. Así, o 28 de novembro o número de concellos sen casos a 14 días era de 68, fronte aos 186 do último informe do 7 de novembro, ou fronte aos 208 do día 27 de outubro, antes de iniciar a sexta onda. O número de concellos sen casos a 7 días o 28 de novembro era de 94, fronte aos 219 do último informe do 7 de novembro, ou fronte aos 236 do día 27 de outubro, antes de iniciar a sexta onda.

A porcentaxe de positividade das probas diagnósticas superou o 3 % establecido en Galicia como nivel deste indicador de seguimento, e o 28 de novembro está no 5,83 % en 7 días, fronte ao 1,7 % sinalado no informe anterior do 7 de novembro, o que supón un aumento dun 240 %.

En canto á incidencia por grupos de idade de Galicia, o grupo de 0 a 11 anos é o que presenta a incidencia máis elevada, seguido do grupo de 40 a 49 anos.

En canto á hospitalización, tanto en unidades de agudos como nas de críticos, aínda que é baixa, aumentou respecto ao 17 de outubro, pasando de 1,5 ingresos por cen mil habitantes, en unidades de agudos, a 5,88 (7,97 no conxunto de España), o 28 de novembro. Isto supón un total de 159 pacientes hospitalizados. No que atinxe ás unidades de críticos, tamén se observou un lixeiro aumento, xa que o 17 de outubro a taxa de ingresos por cen mil habitantes era de 0,15 e o día 28 de novembro foi de 1,42, o que supón 25 pacientes nas unidades de críticos.

Como resumo, os indicadores epidemiolóxicos seguen a amosar un aumento, especialmente na taxa de incidencia; polo tanto, o risco de que siga a aumentar hai que telo en consideración, xa que o virus está a ter unha circulación cada vez maior, tanto en España coma nos países da nosa contorna e no resto do mundo.

IV

Desde o inicio da pandemia a Consellería de Sanidade, os seus órganos asesores (o Comité Clínico e o Subcomité de Gromos) e o Servizo Galego de Saúde, de acordo coas súas funcións, estableceron as medidas preventivas e de control da pandemia que a



evidencia científica dispoñible en cada momento recomendaba para a prevención e control da infección polo SARS-CoV-2. E, neste sentido, a posta en marcha da medida baseada na existencia de presentar un certificado de vacinación, de recuperación ou de proba COVID negativa para acceder ao interior de determinados establecementos (hostalaría, restauración, lecer nocturno e de xogo) non foi unha excepción.

É importante ter en conta que a adopción de calquera medida debe adecuarse, ademais de á situación epidemiolóxica existente, ao risco de transmisión que poida ocasionar unha determinada actividade, ben sexa polo establecemento en que esta se desenvolve ou ben pola vulnerabilidade das persoas a que vai dirixida esa actividade.

Coa evidencia científica acumulada, considérase que a principal vía de transmisión do SARS-CoV-2 é o contacto e a inhalación das pingas e aerosois respiratorios emitidos por un infectado que conteñen virus con capacidade de xerar infección, sobre todo en determinadas circunstancias: en proximidade ao caso índice durante tempo prolongado e en espazos pechados e mal ventilados.

Tendo en conta esta transmisión, considérase apropiado establecer medidas de prevención adicionais e específicas para as persoas que visitan ou acompañan os enfermos nos centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde, por tratarse de espazos nos cales se poden agrupar factores que aumentan o risco de transmisión do SARS-CoV-2 e de enfermidade grave: espazos pechados nos cales se establecen contactos próximos e prolongados entre as persoas, realización de actividades en que é necesario retirar a máscara ou hai dificultade para o seu uso correcto (axuda na alimentación do enfermo, realización de procedementos xeradores de aerosois, etc.), maior vulnerabilidade das persoas ingresadas (inmunodeprimidos, enfermos con patoloxías crónicas, idade avanzada ou pertenza a grupos non susceptibles de vacinación ou persoas non vacinadas).

Ademais, e a pesar da alta cobertura de vacinación acadada en Galicia (o 93,4 % da poboación susceptible de vacinar), esta non é homoxénea en todos os grupos de idade, e son os grupos de 20 a 39 anos os de menor cobertura (84,3 % no grupo de 20 a 29 anos e 80,5 % no de 30 a 39 anos). Neste sentido, é importante sinalar que hai evidencia de que a carga viral en persoas novas é máis elevada que nas persoas de máis idade, o que favorece a transmisión, especialmente se temos en conta que a proporción de asintomáticos ou con síntomas moi leves tamén é máis frecuente nas idades novas.

Así mesmo, existe evidencia de que a vacinación diminúe o risco de transmisión da infección de enfermidade grave e de hospitalización e de que é importante manter todas as



medidas de prevención actualmente recomendadas (uso da máscara, distancia interpersoal de seguridade, hixiene das mans e respiratoria) e de maneira adicional, para aumentar a seguridade, os certificados COVID.

Polo tanto, o feito de non estar vacinado cando se accede a un centro hospitalario non só supón un maior risco para as persoas hospitalizadas e os traballadores, ao aumentar o risco de transmisión, senón tamén para a propia persoa que accede a el, pola posibilidade de darse contactos con persoas asintomáticas transmisoras.

Aínda que existen estudos en relación co risco de transmisión intrahospitalaria, estes baséanse fundamentalmente na relación entre traballadores e pacientes. O feito de que apenas exista literatura científica sobre o papel que poden desempeñar as persoas que visitan ou acompañan os pacientes pode deberse, en parte, ás restricións que se estableceron nos hospitais en canto ao réxime de visitas e acompañamento desde o inicio da pandemia.

Con todo, o informe da Dirección Xeral de Saúde Pública cita algúns estudos realizados que abordan esta cuestión concreta e que serven de fundamento á posibilidade e conveniencia de adoptar medidas específicas nestes ámbitos; entre eles, concretamente, podemos citar un estudo realizado no Complexo Hospitalario Universitario da Coruña (CHUAC), no cal describen un gromo da COVID-19 que tivo lugar no mes de marzo de 2020 nunha unidade de pacientes particularmente vulnerables. Neste gromo, en que se viron afectadas 22 persoas (12 traballadores e 10 pacientes), identificaron dúas fontes de infección, un traballador e un acompañante dun paciente da unidade que, como mínimo, contaxiou dúas persoas que resultaron ser pacientes con neoplasias hematolóxicas.

Así mesmo, nunha comunicación publicada na revista *International Journal of Infectious Diseases* analízase o papel das persoas que visitan pacientes hospitalizados na transmisión do SARS-CoV-2 no Hospital de São Paulo, que de media recibe 150 visitas diarias. Os investigadores realizaron un cribado con PCR a 150 visitantes asintomáticos cunha media de idade de 39 anos e atoparon que o 4 % tiña un resultado positivo e que, polo tanto, podían actuar como fonte de infección aínda facendo uso da máscara. Conclúen, entre outras cousas, que, aínda que a máscara diminúe a transmisibilidade, tamén pode orixinar unha falsa percepción de protección que pode levar a incumplir outras medidas de prevención. Así mesmo, afirman que o risco de introduciren o virus no hospital os visitantes se incrementa a medida que aumenta a transmisión na comunidade, de aí a importancia de establecer medidas de control a este nivel.

CVE-DOG: 5qhozpt4-vn41-wyt1-fiq7-zg7shs6i4ir6



V

Tendo en conta os antecedentes referidos, o obxecto desta orde é prorrogar a aplicación de determinadas medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia no que se refire aos acompañamentos a pacientes hospitalizados e visitas nos centros hospitalarios, coa finalidade de que a actividade asistencial se poida desenvolver en condicións de seguridade, tanto para o persoal traballador como para os pacientes.

Tal como establece o Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 1 de decembro de 2021, está ben demostrado que o risco de infección nas persoas non vacinadas é maior que entre as persoas coa pauta de vacinación completa, polo que entre as visitas/acompañamentos realizados a un hospital haberá unha potencial asistencia dun 15 ou 20 % de persoas non vacinadas, tendo en conta só os dous grupos de idade con menor cobertura de vacinación.

Ademais, a probabilidade de transmisión da infección a partir dunha persoa infectada asintomática, aínda que é un pouco menor que desde os sintomáticos, non é desprezable, polo que os grupos de idade máis novos, que adoitan ser asintomáticos ou paucisintomáticos, poden pór en risco as persoas ingresadas no hospital ou mesmo os acompañantes dos enfermos que compartan o cuarto, así como os traballadores.

O maior risco de infección en persoas non vacinadasponse de manifesto en estudos como o de Israel, no cal acharon que a vacinación completa coa vacina de Pfizer, tras 7 días ou máis da inoculación da pauta completa, ten unha estimación axustada da efectividade do 95,3 % (IC do 95 %: 94,9-95,7), e atoparon unha taxa de incidencia de 91,5 por 100.000 persoas/día nos non vacinados fronte ao 3,1 por 100.000 persoas/día en persoas completamente vacinadas.

Isto indica que a posesión dos certificados de vacinación, proba diagnóstica ou superación da enfermidade para realizar visitas ou acompañamento en establecementos onde se poden acumular persoas especialmente vulnerables á COVID-19, como é o caso dos hospitais, pode axudar á prevención da infección no caso de que accedan persoas asintomáticas e, consecuentemente, previr a aparición de gromos intrahospitalarios que poidan afectar incluso persoas xa vacinadas.

En relación coa posibilidade de que se xeren gromos nos hospitais, hai que ter en conta a gran dificultade para atribuír a unha fonte concreta a orixe do gromo, especialmente no



que atinxe ás visitas/acompañantes, xa que non existen estudos suficientes. Non obstante, cómpre ter en conta que a investigación da fonte de infección nos casos intrahospitalarios é complexa de determinar, especialmente cando as coberturas de vacinación son moi elevadas, o que favorece a existencia dun número máis elevado de asintomáticos en que non é doado coñecer o momento da infección.

O día 29 de novembro a incidencia acumulada a 14 días é de 187,21 casos por cen mil habitantes, o que supón unha incidencia que indicaría un risco de transmisión baixo. Con todo, estase a observar un incremento paulatino da incidencia, aínda que polo de agora non se observa unha transmisión comunitaria sostida no conxunto de Galicia. O que si se observa é un cambio nos ámbitos de xeración de gromos e volve aumentar a proporción deles en eventos sociais, bares/restaurantes e lecer nocturno, con posterior transmisión nas contornas familiares. Isto pode significar un aumento da transmisión a persoas vacinadas, xa que a vacina, aínda que reduce o risco de infección, non o fai totalmente, mais ten a vantaxe de que as persoas vacinadas infectadas teñen unha menor probabilidade de transmitir e, de facelo, fano por un período máis curto que as non vacinadas.

Se trasladamos a experiencia dos gromos notificados en educación infantil e primaria (poboación sen vacinar) ao ámbito hospitalario, ao cal podería acceder ou incluso estar ingresada poboación sen vacinar, poderíamos prever a posibilidade de que acontezan gromos semellantes aos que se están a dar na actualidade nos colexios.

Países da nosa contorna xa están a implantar este tipo de certificados para diversas actividades, incluído o transporte público, o acceso a locais de hostalaría e de lecer nocturno, acceso a actividades culturais e incluso para acudir ao traballo, como fai Italia, ou para acceder aos hospitais, como en Francia, co fin de evitar a transmisión do virus. A pesar de que a vacinación non impide completamente a infección da persoa vacinada nin elimina a probabilidade de que unha persoa vacinada e infectada poida transmitir a infección, a vacinación ten un efecto positivo sobre ambas (infección e transmisión) que, sen chegar a ter o efecto que ten sobre a prevención da enfermidade grave, non é en absoluto desprezable en canto ao número de posibles contaxios.

O feito de que o virus siga a circular e de que o fará durante tempo, de que no mundo hai un gran número de países con coberturas de vacinación practicamente de cero e de que países da nosa contorna teñen coberturas de vacinación moito máis baixas que as nosas, especialmente en grupos de idade máis novos, fai considerar preciso tomar esta medida para as visitas ou acompañantes das persoas hospitalizadas.



Entre a estratexia de seguridade establecida para protexer a saúde dos traballadores hospitalarios, pacientes e os seus visitantes/acompañantes valoráronse diferentes medidas de carácter administrativo, como poden ser o establecemento dunha triaxe específica para pacientes respiratorios nos servizos de urxencias hospitalarias, a reorganización de determinadas áreas hospitalarias, o establecemento de circuitos de entrada e de saída e a restrición no número de visitas e de acompañantes. Estas medidas resultaron eficaces para previr e limitar a transmisión do SARS-CoV-2.

O feito de manter a exigencia do certificado COVID preséntase como unha medida administrativa adicional que, sen dúbida, incrementa a seguridade tanto dos pacientes coma dos traballadores e das visitas e acompañantes, xa que supón unha maior redución do risco de transmisión, de enfermidade grave e de xeración de gromos intrahospitalarios.

VI

De acordo co que viñemos expondo, a medida non se formula como unha medida de aplicación xeral ou indiscriminada a todo tipo de actividades ou centros sanitarios, senón que a medida se pretende seguir aplicando neste momento aos centros hospitalarios, co obxecto de garantir os maiores niveis de seguridade tanto para os pacientes e o persoal traballador, como para as propias persoas acompañantes ou visitantes.

Así, ante todo, debe destacarse que o ámbito persoal da medida se limita ás persoas acompañantes e visitantes, sen que sexa de aplicación, obviamente, aos propios pacientes, titulares do dereito á protección da saúde e á atención sanitaria, que debe garantirse, tanto legal como eticamente, en todo caso.

Tamén debe destacarse que a medida se limita aos centros hospitalarios, tanto públicos como privados, pola natureza e características destes recursos sanitarios, nos cales se produce un internamento dos pacientes, o que dá lugar a unha maior duración da visita ou acompañamento, en cuartos en ocasións compartidos por outros pacientes, incluso coa posibilidade de pernoctación no caso dos acompañantes. Non se aplica, polo tanto, aos centros de saúde.

A medida non será aplicable para o acceso das persoas acompañantes dos pacientes no ámbito das consultas hospitalarias nin para os acompañantes dos pacientes que acudan ao servizo de urxencias hospitalarias.



Resulta importante salientar, para os efectos da valoración do alcance e da proporcionalidade da medida, que, no caso de que os visitantes ou acompañantes non dispoñan da documentación indicada, permítense o acceso se aceptan voluntariamente someterse a unha proba diagnóstica realizada no hospital. Esta previsión determina que o acceso, en último termo, dependa dunha decisión da propia persoa interesada, a quen se lle proporciona unha solución alternativa.

Desta forma, a exigencia dos certificados resulta unha garantía que permitirá controlar un factor de risco, como é o acceso de persoas que sexan asintomáticas ou que non teñan pauta de vacinación completa a centros hospitalarios.

Así, o Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública do 1 de decembro de 2021 refírese á xustificación específica da utilización dos 3 tipos de pasaportes COVID.

O certificado COVID de vacinación decidiuse implantar tendo en conta a evidencia científica dispoñible, na cal se describe que o risco de transmisión da COVID-19 entre os vacinados é moito menor ca o dos non vacinados, non só porque estes teñen un risco menor de infectarse, senón porque, mesmo no caso de se infectaren pola COVID-19, a taxa de ataque secundario dos casos COVID-19 vacinados foi inferior á taxa de ataque secundario dos casos non vacinados.

Na literatura científica vemos como varios estudos sinalan a importante diminución do risco de contaxio en pacientes correctamente vacinados.

O certificado COVID de recuperación establécese de maneira similar ao de vacinación, debido a que nunha revisión da literatura científica realizada polo ECDC se afirmou que as persoas que xa foron diagnosticadas como caso confirmado da COVID-19 reducen dun 81 % a un 100 % a súa probabilidade de reinfección durante un seguimento de 5 a 7 meses. Polo tanto, conclúese que as reinfeccións pola COVID-19 son un evento raro.

Ademais, o estudo SIREN, publicado na revista Lancet, con máis de 30.000 participantes, conclúe que a historia previa de infección polo SARS-CoV-2 está asociada a un 84 % menos de risco de contaxiarse novamente, cunha media de 7 meses de duración do efecto protector desde a primoinfección.

Tendo en conta isto, o propio ECDC establece que é moi probable que, dado que unha infección previa da COVID-19 reduce a reinfección, as infeccións previas tamén reducirán a transmisión no ámbito comunitario.



En relación co certificado da realización de probas diagnósticas, a Unión Europea (UE) establece este certificado coa finalidade de reducir o risco de que unha persoa non vacunada/recuperada da COVID-19 se atope contaxiada polo SARS-CoV-2 no momento da viaxe. No caso de Galicia, a finalidade é a mesma, pero establécese para reducir o risco nos interiores dos centros hospitalarios. De igual maneira que a UE aproba o certificado COVID de probas diagnósticas como opción válida para aquelas persoas maiores de 11 anos que non estean vacunadas ou non pasasen a COVID-19, en Galicia habilítase esa opción e establécense mecanismos para facilitar a realización das ditas probas.

A pesar de que efectivamente as probas diagnósticas só reflicten unha foto fixa da situación da persoa cando se realiza a dita proba, a propia UE estableceu un período de validez acordado de maneira consensuada en que os Estados membros aceptamos como válidas as PCR durante 72 horas e os tests de antíxenos durante 48 horas.

Este período foi establecido deste xeito porque as técnicas diagnósticas aceptadas son altamente sensibles e permiten detectar casos mesmo na fase previa ao comezo de síntomas, cando o aumento da carga viral aínda é o suficientemente baixo como para considerar unha persoa como pouco transmisora. Polo tanto, a PCR pode detectar unha persoa infectada pola COVID-19 ata 3 días antes de que poida comezar a transmitir a COVID-19, o cal se establece que comeza 2 días antes do inicio de síntomas.

VII

Na orde que se prorroga establécese unha regulación ampla da medida de seguridade sanitaria consistente na existencia dos certificados.

Así, a regulación que se dispón aclara expresamente que os requisitos establecidos se considerarán como condicións de seguridade sanitaria, polo que as persoas responsables da dirección dos establecementos hospitalarios ou o seu persoal terán a obriga de velar pola implantación desta medida no seu respectivo ámbito e facilitaranlles a información necesaria ás persoas usuarias.

Co obxecto de insistir na máxima garantía da intimidade das persoas, modifícase tamén na Orde do 16 de novembro de 2021 que a comprobación da validez dos certificados presentados, tanto en formato papel como en formato dixital, só poderá ser efectuada polos centros a través da lectura do código QR que figura en cada un dos certificados, empregando para tal fin a aplicación Passcovid da Comunidade Autónoma de Galicia, dispoñible nas plataformas Android e Ios.



Con esta mesma finalidade recórdase que, en todo caso, o persoal que poida ter acceso ou coñecemento da información contida nos certificados está obrigado a manter o segredo e a confidencialidade sobre os datos persoais a que acceda, de acordo co establecido no número 4 do artigo 7 da Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe.

Especificamente, o persoal sanitario está suxeito xa legalmente a deberes específicos de segredo e reserva, garantidos polo réxime disciplinario aplicable. Neste sentido, a letra m) do artigo 42 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, considera como infracción grave «O incumprimento por parte do persoal que, en virtude das súas funcións, deba ter acceso á información relacionada co estado individual de saúde do deber de garantir a confidencialidade e a intimidade das persoas».

A aplicación da medida e o seu control respectarán, en todo caso, a dignidade da persoa, e as actuacións de comprobación serán o menos intrusivas e invasivas que sexa posible para lograr o obxectivo de protección da saúde pública, procurando reducir ao mínimo as molestias ou inquiredanzas asociadas coa medida, de acordo co disposto no artigo 38.ter.2.a) da Lei 8/2001.

Débase lembrar que, en todo caso, o empeño da Administración autonómica é garantir o normal funcionamento das institucións hospitalarias concernidas, compatibilizándoo coa maior seguridade sanitaria posible. Por iso, enténdese que a implantación dos certificados é, en todo caso, unha medida alternativa menos gravosa que a prohibición de visitas ou a restrición doutros dereitos como o de acompañamento.

Unha vez documentado o risco específico existente nos centros hospitalarios para traballadores, pacientes e visitas/acompañantes, aínda na situación actual de risco baixo de transmisión, xustifícase a utilidade da medida na redución da transmisión nestas contornas caracterizadas pola vulnerabilidade das persoas ingresadas e polo impacto que os gromos poden ocasionar sobre o sistema sanitario.

Adicionalmente a esta medida, o Servizo Galego de Saúde e a Dirección Xeral de Saúde Pública están a traballar no obxectivo de ter hospitais seguros, establecendo un marco de estabilidade nos hospitais públicos, recollendo as medidas sanitarias de prevención e control da COVID-19 comúns de aplicación a todos eles e, en definitiva, garantindo a protección da saúde tanto para os traballadores coma para os pacientes e as súas visitas e acompañantes.



A medida cuxa prórroga se establece nesta orde intégrase nesta iniciativa, sen descartar nin excluír outras medidas dirixidas a esa finalidade, especialmente as medidas de vixilancia do estado de saúde dos traballadores.

É importante sinalar que a exigencia do certificado COVID non é xeneralizada, senón restrinxida a visitas hospitalarias e acompañantes de persoas hospitalizadas.

Por outra banda, hai que ter en conta o feito de que a Administración sanitaria, nesta fase do Plan galego de vacinación, está a facilitar enormemente o acceso á vacinación, como por exemplo cos sistemas de citación automática, a autocita, a cita telefónica e as xornadas abertas de vacinación sen cita previa.

No momento actual, podemos afirmar que todos os galegos e galegas que quixeron recibir a vacina tiveron xa a oportunidade de vacinarse, situación moi diferente á anterior, na cal o plan de vacinación priorizaba de forma estrita a vacinación en función do risco.

VIII

Por último, en relación co ata o de agora exposto, cabe destacar que a regulación aprobada respecto dos certificados, nas condicións en que se efectúa na Orde do 16 de novembro de 2021, cumpre os requisitos establecidos polo Tribunal Supremo para as medidas sanitarias que afectan dereitos fundamentais, tendo en conta a ponderación efectuada entre os dereitos fundamentais que o Tribunal Supremo considera que se poden ver afectados na sentenza antes citada, dereitos que, atendendo ao carácter tenue ou livián desa afectación, non se poden considerar prevalentes cos dereitos fundamentais e bens constitucionalmente protexidos que amparan a implantación da medida examinada.

Así, cabe recordar que a sentenza expresada do Tribunal Supremo avala no caso considerado a procedencia da medida partindo da confrontación da «tenue limitación que podería ter a medida examinada sobre os dereitos fundamentais á igualdade (artigo 14) e á intimidade (artigo 18.1) co dereito fundamental á vida (artigo 15), coa protección da saúde (artigo 43) en situacións de pandemia como a COVID-19 e co interese xeral de todos por sobrevivir nestas gravísimas circunstancias».

En particular, o Tribunal Supremo pondera na súa sentenza as características dos establecementos a que se refire, tendo en conta a grande afluencia de persoas, o carácter voluntario da entrada, así como o incremento de risco de contaxio en locais pechados e mal ventilados.



No caso específico da medida que se prorroga na presente orde, resulta evidente que o seu fundamento non atende á natureza recreativa ou de lecer da actividade considerada, senón que debe pórse o acento nas características específicas da asistencia sanitaria hospitalaria e a protección, ante todo, dos e das pacientes, persoas que presentan xa por definición unha situación de saúde comprometida, casos en que deben extremarse as precaucións polas consecuencias máis graves que pode ter a enfermidade. Tamén debe terse en conta, como xa se expresou, a protección do persoal sanitario e do resto de persoas visitantes e acompañantes.

Dentro das actividades afectadas pola medida encóntranse as visitas hospitalarias e o acompañamento dos pacientes. As visitas hospitalarias responden a unha actividade voluntaria que pode obedecer tanto a usos sociais, relacións de amizade ou boa veciñanza como a relacións familiares. O acompañamento dos pacientes supón xa unha actividade de diferente natureza e maior duración (pode incluír incluso a posibilidade de pernoctación), que se regula no artigo 7 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, desde a perspectiva dos dereitos dos pacientes. Estas actividades poden limitarse ou excluírse de acordo co artigo 7 da lei nos casos en que estas presenzas sexan desaconselladas ou incompatibles coa prestación sanitaria. De todos modos, debe terse en conta que a medida prevista nesta orde non impide de forma absoluta o acceso nin sequera ás meras visitas, dado que, ademais de que pode na maior parte dos casos simplemente esperarse á recuperación do paciente, se condicionan ao cumprimento de determinados requisitos de fácil cumprimento na actualidade, ao permitirse, en último termo, a acreditación da realización dunha proba PCR ou de antíxenos, que pode realizarse incluso no propio hospital.

Polo demais, o Tribunal Supremo entendeu, no caso considerado que «a exhibición da documentación sinalada non vulnera o dereito á igualdade, pois non se produce discriminación entre aqueles que están vacinados e os que non o están. Lembremos que a documentación reviste unha tripla modalidade, que resulta acadable a todos, de modo que quen non quere mostrar se foi ou non vacinado, tendo en conta o seu carácter voluntario, pode presentar o resultado da proba PDIA ou o test de antíxenos e, desde logo, o certificado de recuperación da COVID-19 se pasou a infección».

En definitiva, para o Tribunal Supremo «concorre unha xustificación obxectiva e razoable para permitir ou non o acceso ao correspondente establecemento, segundo se cumpra tal exigencia, pois trátase da protección da saúde e da vida das persoas, mediante unha medida que evita ou restrinxe a propagación da pandemia. Tendo en conta que tales diferenzas de trato para seren discriminatorias deben carecer desa xustificación obxectiva e razoable, de acordo con criterios xurídicos atendibles, ao basearse en razóns que resulten



xuridicamente relevantes, como é o caso de que as situacións comparables non resultan homoxéneas polos seus graves efectos con respecto á salvagarda do dereito á vida, á integridade física e á protección da saúde».

O Tribunal Supremo, en particular, pon en relación a idoneidade da medida coas «características propias dos establecementos en que se exige». Como xa referimos anteriormente, no caso que nos ocupa a limitación proposta diríxese á presenza de persoas alleas á actividade prestacional que desenvolve o servizo público, que deberán cumprir certos requisitos, coa finalidade de preservar a saúde dos pacientes e do persoal sanitario e traballador destes centros, ademais de evitar riscos innecesarios ás propias persoas visitantes e acompañantes.

Polo demais, a medida está implantada en todos os centros hospitalarios da Comunidade Autónoma, dado que parte dunha análise das características da actividade hospitalaria e da especial vulnerabilidade dos pacientes de cuxa protección se trata, tendo en conta a existencia no momento actual dunha incidencia moi homoxénea da pandemia en todo o territorio da Comunidade Autónoma.

Por último, como exige o Tribunal Supremo, a medida reviste tamén un carácter temporal, segundo os principios científicos, as probas científicas e a información dispoñible en cada momento. Así, recóllese expresamente este carácter temporal e establécese que, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas previstas serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser prorrogadas, modificadas ou levantadas mediante orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Como expresa o Tribunal Supremo, «como é natural, as medidas deben adecuarse, como sinalamos, á realidade necesariamente cambiante, atendida a evolución da enfermidade e o estado da ciencia en cada momento, e deben mediar a adecuada correspondencia e a necesaria vinculación entre a realidade sobre a cal se actúa, a finalidade que se persegue e o medio adecuado para a súa consecución».

Co obxecto de reforzar a idea de temporalidade e adecuación establécese, respecto da medida de exixencia de exhibición de certificados, unha eficacia prorrogada ata as 00.00 horas do día 18 de decembro, desde o día seguinte ao da publicación desta orde, unha vez autorizada xudicialmente a súa prórroga. Isto é, débese establecer unha duración adecuada e limitada no tempo da medida da exixencia da exhibición de certificados, pola súa afectación, aínda que tenue, aos dereitos fundamentais, sen prexuízo da súa posible prórroga.



Polo tanto, tendo en conta todo o exposto, considérase que a prórroga da medida resulta xustificada respecto da súa idoneidade, necesidade e proporcionalidade, nos termos recollidos na sentenza do Tribunal Supremo.

IX

As medidas que se prorrogan nesta orde teñen o seu fundamento normativo na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 e 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

En particular, o artigo 34 da Lei de saúde de Galicia, relativo ás «intervencións públicas sobre actividades, centros e bens», expresa:

«As intervencións públicas que poderán exercer as autoridades sanitarias competentes sobre as actividades públicas e privadas que, directa ou indirectamente, poidan ter consecuencias para a saúde son: (...) 6. Establecer, controlar e inspeccionar as condicións hixiénico-sanitarias, de funcionamento e desenvolvemento de actividades que poidan ter repercusión sobre a saúde das persoas».

Así mesmo, o artigo 38.1, «Medidas preventivas en materia de saúde pública» (redactado pola Lei 8/2021), establece:

«1. Co obxecto de protexer a saúde pública, as autoridades sanitarias autonómicas e locais, dentro do ámbito das súas competencias, poderán adoptar medidas preventivas de obrigado cumprimento cando exista ou se sospeite razoablemente a existencia dun risco inminente e grave para a saúde da poboación. Estas medidas poderán consistir:

(...) g) En medidas de seguridade sanitaria e hixiene en determinados lugares e/ou para o desenvolvemento de actividades».

Do mesmo xeito, tamén ofrece base legal á medida o contido da letra k) deste artigo 38.1, dado que permite o establecemento por parte das autoridades sanitarias dunha obriga de «subministración de datos» necesarios para o control e a contención de riscos para a saúde pública.

No caso concreto da medida que se prorroga, existe, así mesmo, un fundamento normativo específico na regulación que se recolle nesta orde no artigo 7 da lei, «Dereitos rela-



cionados co acompañamento do ou da paciente», xa que se recoñece explicitamente que estes dereitos non son absolutos ou incondicionados, dado que o número 2 do precepto expresa: «os dereitos anteriormente citados limitaranse, e mesmo se exceptuarán, nos casos en que esas presenza sexan desaconselladas ou incompatibles coa prestación sanitaria conforme criterios clínicos. En todo caso, esas circunstancias seranlles explicadas aos afectados e ás afectadas de xeito comprensible».

Así mesmo, ofrece base legal á medida a regulación do número 12 do artigo 15 da lei en canto aos deberes das persoas familiares ou acompañantes dos usuarios e das usuarias do sistema sanitario, sinaladamente os seguintes: cumprir as prescricións específicas determinadas polos servizos sanitarios; usar axeitadamente os recursos, os servizos e as prestacións ofrecidos polo sistema sanitario; manter a debida observancia das normas establecidas en cada centro; cooperar coas autoridades sanitarias na protección da saúde e na prevención das enfermidades, e cumprir as normas e os procedementos de uso e acceso aos dereitos que se lles outorguen a través desta lei.

Conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para adoptar as medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica existente, no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, coa urxencia que a protección da saúde pública demanda.

Na súa virtude, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. *Prórroga da eficacia das medidas previstas na Orde do 16 de novembro de 2021 pola que se aproba a exixencia de determinadas medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia no que se refire aos centros hospitalarios*

Atendendo á evolución da situación epidemiolóxica, prorrógase ata as 00.00 horas do día 18 de decembro de 2021 a eficacia das medidas previstas na Orde do 16 de novembro de 2021 pola que se aproba a exixencia de determinadas medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia no que se refire aos centros hospitalarios, sen prexuízo do disposto no punto segundo da presente orde.



Segundo. *Modificación da Orde do 16 de novembro de 2021 pola que se aproba a existencia de determinadas medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia no que se refire aos centros hospitalarios*

Modifícase o número 7 do punto primeiro da Orde do 16 de novembro de 2021 pola que se aproba a existencia de determinadas medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia no que se refire aos centros hospitalarios, que queda redactado como segue:

«7. Co obxecto de procurar a máxima garantía de privacidade e intimidade das persoas, a información a que se refire a medida preventiva só poderá ser solicitada para os efectos da súa mera comprobación ou verificación.

En particular, de acordo co principio expresado de velar pola máxima garantía da privacidade e da intimidade, a comprobación da validez dos certificados presentados, tanto en formato papel como en formato dixital, só poderá ser efectuada polos centros a través da lectura do código QR que figura en cada un dos certificados, empregando para tal fin a aplicación Passcovid da Comunidade Autónoma de Galicia, prevista na Orde da Consellería de Sanidade, do 18 de agosto de 2020, pola que se regula o sistema de información Passcovid.gal como medida complementaria na xestión da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, dispoñible nas plataformas Android e los.

A comprobación efectuarase unicamente coa finalidade expresada de control de acceso. Non se conservarán en ningún caso datos de carácter persoal nin se crearán ficheiros con eles. Polo tanto, non se realizarán en ningún caso operacións de tratamento sobre datos persoais, xa sexa por procedementos automatizados ou non, como a recollida, rexistro, organización, estruturación, conservación, adaptación ou modificación, extracción, consulta, utilización, comunicación por transmisión, difusión ou calquera outra forma de habilitación de acceso ou outra operación non permitida pola normativa vixente».

Terceiro. *Autorización xudicial, publicación e eficacia*

1. Solicítase a autorización xudicial para a prórroga das medidas consistentes na exhibición de documentación, previstas no punto primeiro da Orde do 16 de novembro de 2021 pola que se aproba a existencia de determinadas medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comu-



nidade Autónoma de Galicia no que se refire aos centros hospitalarios, na redacción modificada pola presente orde, en canto poden implicar limitación ou restrición de dereitos fundamentais, de acordo co disposto na redacción vixente do número 8 do artigo 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e publíquese a orde unha vez obtida a referida autorización.

2. As ditas medidas terán efectos desde as 00.00 horas do día seguinte ao da súa publicación e ata as 00.00 horas do día 18 de decembro de 2021.

3. En cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas previstas nesta orde serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser prorrogadas, modificadas ou levantadas por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Santiago de Compostela, 1 de decembro de 2021

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade



I. DISPOSICIÓN XERAIS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

ORDE do 25 de novembro de 2021 pola que se prorroga e se modifica a Orde do 22 de outubro de 2021, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e se modifica a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia.

I

Mediante a Resolución do 21 de outubro de 2021, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, dáse publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 21 de outubro de 2021, polo que se declara a finalización da situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, declarada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020, como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.

A finalización da aplicación dos mecanismos extraordinarios derivados da lexislación de protección civil debe entenderse, naturalmente, sen prexuízo de que continúen sendo necesarias, mentres permaneza a pandemia, medidas de prevención de acordo coa lexislación sanitaria en vigor.

Neste sentido, a Lei estatal 2/2021, do 29 de marzo, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, prevé no seu artigo 2.3 que as medidas contidas nos seus capítulos II, III, IV, V, VI e VII e na disposición adicional quinta serán de aplicación en todo o territorio nacional ata que o Goberno declare de maneira motivada e de acordo coa evidencia científica dispoñible, logo do informe do Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias, a finalización da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19. O Goberno consultará as comunidades autónomas no seo do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde con carácter previo á finalización da situación de crise sanitaria a que se refire o parágrafo anterior.

De acordo coa lexislación estatal, continúa, polo tanto, existindo unha situación de crise sanitaria. Isto determina, por exemplo, que siga sendo de aplicación o deber de cautela e



de protección establecido no artigo 4 da lei, de tal xeito que todos os cidadáns deberán adoptar as medidas necesarias para evitar a xeración de riscos de propagación da enfermidade COVID-19, así como a propia exposición a eses riscos, conforme o que se establece nesta lei. Tal deber de cautela e protección será igualmente exixible aos titulares de calquera actividade regulada nesta lei.

Deste xeito, seguen sendo de aplicación as previsións desta lei sobre o uso obrigatorio de máscaras, a regulación das distintas actividades e a distancia da seguridade interpersoal mínima.

En particular, debe terse en conta que seguirán sendo de aplicación os mecanismos de tutela previstos na lexislación sanitaria. A Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública, conforma, xunto coa Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; a Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde, e a Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, o corpo normativo fundamental da acción de tutela da saúde pública a nivel estatal, ao cal se debe unir a lexislación autonómica reguladora da protección da saúde pública no marco de competencias autonómico, como é o caso, na Comunidade Autónoma galega, da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia. En efecto, recóllense na devandita normativa medidas que as autoridades sanitarias poderán acordar para tutelar a saúde pública en situacións de risco, co fin de cumprir o mandato contido no artigo 43 da Constitución española que, despois de proclamar o dereito á protección da saúde, dispón que lles compete aos poderes públicos organizar e tutelar a saúde pública, a través de medidas preventivas e das prestacións e servizos necesarios, e que a lei establecerá os dereitos e deberes de todos ao respecto. Este marco normativo débese completar, unha vez atendida a posible afectación que tales medidas poden ter sobre os dereitos fundamentais, coa necesidade de intervención xudicial.

Malia o anterior, a crise da COVID-19 puxo de manifesto a necesidade de contar cunha maior densidade normativa no que respecta á articulación dos mecanismos extraordinarios que recolle a lexislación sanitaria para tutelar a saúde pública ante crises sanitarias.

Neste sentido, a Lei de saúde autonómica foi modificada pola Lei 8/2021, do 25 de febreiro, no exercicio da competencia autonómica en materia de sanidade interior, recollida no artigo 33 do Estatuto de autonomía de Galicia, para introducir na lei as modificacións necesarias co fin de facer fronte á necesidade de contar cun marco normativo claro na ma-



teria que ofrezca a necesaria seguridade xurídica, tanto para quen debe intervir na adopción das medidas e na súa inspección, vixilancia, control e sanción como para as persoas destinatarias destas. En particular, unha das principais finalidades desta lei é, así, concretar as medidas que, tendo en conta o disposto na lexislación sanitaria estatal, de rango orgánico e ordinario, poden ser adoptadas polas autoridades sanitarias galegas para a protección da saúde pública, así como regular os requisitos que se deben cumprir para a súa correcta adopción, con especial atención ás exixencias de motivación e de proporcionalidade.

Resulta necesario un comportamento social de cautela e autoprotección asentado fundamentalmente nas premisas de hixiene frecuente das mans, de distancia interpersonal mínima, uso de máscaras cando non sexa posible manter a distancia mínima interpersonal, así como cando se estea en contornos con moita xente, especialmente en espazos pechados; de limpeza, hixiene e ventilación dos espazos utilizados e, especialmente, de adopción de medidas de illamento e comunicación cos servizos de saúde tan axiña como se teñan síntomas compatibles coa COVID-19.

II

Unha vez sentado o anterior, a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia fai necesario que as autoridades sanitarias autonómicas sigan adoptando determinadas medidas de prevención orientadas a conter a propagación da infección e dirixidas a facer fronte á crise sanitaria derivada da COVID-19.

De acordo co exposto, a persoa titular da Consellería de Sanidade, como autoridade sanitaria, debe continuar establecendo as intervencións públicas necesarias para garantir os dereitos e deberes sanitarios da cidadanía e, en particular, adoptar as medidas previstas no artigo 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, que sexan necesarias atendendo á evolución da pandemia.

Así, mediante a Orde do 22 de outubro de 2021 establecéronse medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia. Estas medidas consisten, en moitos casos, na fixación de capacidades máximas e na determinación de regras que se deben observar para o desenvolvemento das distintas actividades recollidas no seu anexo, xa que as evidencias científicas apoian as políticas de control de limitación e capacidades e a súa eficacia fronte a outras políticas sen esta limitación, pero con redución xeneralizada da mo-



bilidade. Todo isto ampara a efectividade e a eficiencia das medidas de control focalizadas nos sectores de maior risco. A isto únese que a maior parte dos gromos se producen nun contexto social, como consecuencia de exposicións prolongadas ás secrecións respiratorias que se emiten en forma de aerosois que conteñen o virus. Nesta liña hai estudos que proban que, dentro das intervencións non farmacolóxicas, as relacionadas coa diminución dos contactos sociais no interior de establecementos teñen a capacidade de minorar a velocidade de transmisión.

A Orde do 22 de outubro foi modificada mediante a Orde do 26 de outubro de 2021 coa finalidade de adaptar á evolución da situación epidemiolóxica as medidas contidas nela que regulaban as actividades desenvolvidas en cines, teatros, auditorios e espazos similares, así como en establecementos destinados a espectáculos públicos e actividades recreativas. Tamén foron obxecto de modificación mediante a citada orde as regras sanitarias aplicables á realización de procesos selectivos por parte das administracións públicas e das entidades do sector público.

Cómpre salientar que, en cumprimento do disposto no artigo 38.ter.4 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, as medidas recollidas nesta orde teñen unha duración determinada, que se estende desde as 00.00 horas do día 23 de outubro ata as 00.00 horas do día 27 de novembro. Ademais, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, serán obxecto de seguimento e avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser prorrogadas, modificadas ou levantadas por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Con base no exposto, mediante a presente orde prorrógase a eficacia da Orde do 22 de outubro, xa que as medidas recollidas nela seguen a resultar necesarias, adecuadas e proporcionadas para o fin perseguido, que non é outro que controlar e evitar a maior difusión dunha enfermidade altamente contaxiosa, respecto da cal a diferenza entre persoas enfermas e sas resulta difusa, dada a posible asintomatoloxía ou levidade dos síntomas e a existencia dun período no cal non hai indicios externos da enfermidade. Tamén se introducen distintas modificacións que teñen por obxecto adaptar as medidas recollidas na devandita orde á realidade actual. Así, establécense limitacións ao número máximo de persoas en cócteis, e tamén nas mesas ou agrupacións de mesas nos establecementos de hostalaría e restauración, de lecer nocturno e locais de xogo e apostas.



III

De conformidade co exposto, a adopción das medidas contidas na presente orde vén determinada pola evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria da Comunidade Autónoma.

Así, do Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 25 de novembro de 2021, desátanse os seguintes datos:

A tendencia diaria mostra, desde o 21 de xullo, dous tramos con tendencia decrecente pero a diferente ritmo, o primeiro deles, ata o 25 de agosto, cunha porcentaxe de cambio diaria (PCD) de -3,4 %; séguelle outro tramo cunha velocidade de decrecemento máis rápida, cunha PCD do -7,3 %, e identifica outro punto de cambio no 4 de outubro, en sentido crecente, cunha PCD do 1,9 %. Desde o 30 de outubro obsérvase un aumento na velocidade de crecemento, cunha PCD do 10,3 %.

En canto á situación nas áreas sanitarias, as taxas a 7 días están entre os 41,88 casos por 100.000 habitantes de Santiago e os 180,01 de Ourense. As taxas de incidencia a 7 días, no conxunto de Galicia, seguen a aumentar respecto de hai 7 días e pasan de 32,98 a 73,95 casos por 100.000 habitantes nunha semana. A incidencia a 7 e a 14 días aumenta en todas as áreas. A razón de taxas a 7 días é de 2,24, e varía entre o 1,71 da Coruña e o 2,49 de Ourense. A porcentaxe de positividade a 7 días é do 4,70.

No conxunto de Galicia, a taxa de ingresos en planta nos últimos 7 días aumentou do 1,33 a 2,37 ingresos por 100.000 habitantes. Na UCI observouse un aumento da taxa de ingresos, que pasou de 0,11 ingresos por 100.000 habitantes na semana anterior a 0,19 ingresos por 100.000 habitantes na actualidade. En canto á porcentaxe de ingresos dos casos dos últimos 7 e 14 días, é de 2,9 % e 3,6 %, respectivamente, nas unidades de agudos, e de 0,2 % e 0,3 %, a 7 e a 14 días, nas unidades de críticos.

Nas persoas de 65 e máis anos, a taxa de ingresos nas unidades de agudos aumentou con respecto á semana anterior de 4,36 a 5,38 ingresos por 100.000 habitantes. Nas UCI descendeu de 0,58 a 0,44 ingresos por 100.000 habitantes no mesmo período. Nos últimos 7 días, os casos da COVID-19 deste grupo de idade presentaron unha porcentaxe de ingreso en unidade de hospitalización do 10,08 %, inferior respecto da semana anterior (14,8 %). A porcentaxe de ingreso na UCI tamén descendeu e pasou de 1,4 % a 1,06 %.



En canto á incidencia acumulada a 7 días por grupos de idade, o grupo de 0 a 11 anos é o que presenta a incidencia máis elevada, seguido do de 40 a 49 anos, polo que se observa un incremento no conxunto de Galicia para todos os grupos de idade. Para o grupo de 0 a 11 anos, a poboación que non pode recibir a vacina, obsérvase un incremento en todas as áreas. Se temos en conta todas as persoas de 65 e máis anos, a incidencia é de 55,25 casos por 100.000 habitantes. A razón de taxas, a 7 días, está por riba do 1 en todos os grupos de idade.

Entre o 25 de outubro e o 7 de novembro, a porcentaxe de casos orfos no conxunto de Galicia foi do 23,9 %, o que superou o 10 % que está establecido no indicador. Todas as áreas sanitarias superan este indicador, que varía entre o 16,5 % de Pontevedra e o 30,3 % da área de Ourense. Os abrochos con, polo menos, casos terciarios supoñen o 34,1 % do total de abrochos do conxunto de Galicia. Non obstante, esta porcentaxe varía entre o 5 % de Pontevedra e o 66,7 % de Santiago. Con todo, hai que ter en conta que cando o número de abrochos é moi pequeno estas porcentaxes aumentan artificialmente.

En canto ás características máis salientables dalgúns abrochos, cómpre salientar o seguinte:

– Na Coruña destaca un abrocho con 22 casos e casos terciarios, que se orixinou no ámbito familiar con posterior transmisión nos ámbitos laboral e sanitario. A idade media dos casos foi de 36,4 anos e a porcentaxe de afectados menores de 12 anos foi do 13,63 %. O 5,9 % dos casos non estaban vacinados.

– En Lugo destaca un abrocho con 20 casos que se iniciou no ámbito familiar e que xerou casos terciarios no ámbito social. A media da idade dos casos foi de 53 anos e a porcentaxe de casos menores de 12 anos foi do 5 %. O 100 % dos casos susceptibles de vacinación tiñan a vacina administrada.

– En Ourense destaca un abrocho no cal o caso fonte foi importado con 12 casos e a orixe foi no ámbito familiar. A media da idade dos afectados foi de 38 anos, cunha porcentaxe de casos menores de 12 anos do 17 %. O 83 % dos casos susceptibles de vacinación estaban vacinados.

– En Pontevedra destaca un abrocho con 15 casos e casos terciarios, que se orixinou no ámbito sociosanitario con posterior transmisión aos ámbitos familiar e laboral. A media de idade dos casos foi de 63 anos sen afectación de menores de 12 anos. O 100 % dos casos susceptibles de vacinación estaban vacinados.



Desde a posta en marcha da vixilancia da prevalencia das variantes en Galicia, baseada na aplicación dunhas PCR específicas sobre unha mostra aleatoria das mostras positivas para SARS-CoV-2 por PCR da semana previa, identificadas nos servizos de microbioloxía dos hospitais CHUAC, CHUS, CHUVI, CHUO, HULA e Vithas (Vigo), na semana epidemiolóxica 45/2021 (do 8 ao 14 de novembro), a porcentaxe de positividade para a variante Delta foi do 99,5 % (IC95 %:98,3-99,9 %). Durante a semana 45 notificouse unha mostra cun perfil compatible coa variante Alfa na Área Sanitaria de Santiago de Compostela. Ata a semana 45, incluída, das variantes de preocupación (VOC) identificáronse 1.769 casos da variante Delta con secuenciación completa, 968 casos da variante Alfa con secuenciación completa, 44 casos da variante Beta (B.1.351 ou surafricana), 85 casos da variante Gamma (P1 ou brasileira) e 5 casos da variante Alfa coa mutación E484K. Ademais das VOC, hai constancia de tres mostras coa variante Eta (B.1.525 ou nixeriana), nove mostras coa variante Iota (B.1.526 ou de Nova York), 24 mostras coa variante Lambda (C.37) e 53 mostras con variante Mu (B.1.621-colombiana).

O informe conclúe que a taxa de incidencia segue a aumentar. A tendencia amosa un aumento a partir do 30 de outubro cunha porcentaxe de cambio diaria do 10,2 %, fronte ao 6,8 % de hai unha semana. A taxa de incidencia a 7 días, no global de Galicia, está nos 73,95 casos por 100.000 habitantes, cunha razón de taxas a 7 días de 2,24 e unha porcentaxe de positividade do 4,70 %.

Por áreas sanitarias, a de Ourense é a que presenta a incidencia acumulada a 7 días máis elevada, 180,01 casos por 100.000 habitantes.

Por grupos de idade, a incidencia a 7 días, nos de 65 e máis anos, é de 55,25 casos por 100.000 habitantes. Neste grupo de idade, a razón de taxas a 7 días é de 2,41 e a porcentaxe de positividade é do 3,35 %.

En canto á hospitalización, a taxa de ingresos por 100.000 habitantes a 7 días, en unidades de agudos e críticos, respectivamente, é de 2,37 e 0,19. A porcentaxe de ingresos nas unidades de agudos dos casos dos últimos 7 días é de 2,9 % e nas unidades de críticos do 0,2 %. A taxa de ingresos por 100.000 habitantes nos últimos 7 días, no grupo de 65 e máis anos de idade, é de 5,38 ingresos por 100.000 habitantes en agudos, e de 0,44 ingresos por 100.000 habitantes nas unidades de críticos. A porcentaxe de ingresos nas unidades de críticos neste grupo de idade é de 1,06 % para os últimos 7 días.

En canto á porcentaxe de casos orfos (complementaria dos casos con vínculo epidemiolóxico), é do 23,9 %. No que atinxe aos abrochos con, polo menos, casos terciarios, supo-



ñen o 34,1 % do total de abrochos. Non obstante, dado o pequeno número de abrochos, estas porcentaxes hai que tomalas con cautela.

A variante Delta segue a ser a predominante.

En resumo, o informe conclúe que se observa un incremento na incidencia no conxunto de Galicia e en todas as áreas sanitarias.

Segundo o exposto, ademais da necesaria prórroga das medidas previstas na Orde do 22 de outubro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, na presente orde acométense modificacións puntuais nas súas regras que atinxen ao establecemento de límites máximos de grupos e na ocupación de mesas, que quedan fixados nun máximo de oito persoas no interior e de quince persoas no exterior. Estas propostas inclúense no Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública do 25 de novembro de 2021.

Estas limitacións, fundamentadas nos datos epidemiolóxicos que vimos de expor, así como na crecente explosividade dos contaxios, afectan a celebración de cócteis e actos de recepción con aperitivo e público de pé en cerimonias nupciais e outras celebracións e eventos, e na prestación de servizos de hostalaría e restauración, onde a ocupación máxima por mesa ou agrupación de mesas queda establecida en 8 persoas no interior e 15 persoas no exterior.

IV

As medidas que se adoptan nesta orde teñen o seu fundamento normativo no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 a 38.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para adoptar as medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica existente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, coa urxencia que a protección da saúde pública demanda.



Na súa virtude, na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. Prórroga da eficacia das medidas previstas na Orde do 22 de outubro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e se modifica a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia

Atendendo á evolución da situación epidemiolóxica, prorrégase ata as 00.00 horas do día 18 de decembro de 2021 a eficacia das medidas previstas na Orde do 22 de outubro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e se modifica a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo. Modificación da Orde do 22 de outubro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e se modifica a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia

Un. Modifícase o número 3 do punto 3.5, que queda redactado como segue:

«3. Permítese a realización de cócteis e actos de recepción con aperitivo e público de pé que, no momento de retirada da máscara para o consumo, deben respectar a distancia interpersonal de seguridade entre persoas non conviventes. Os grupos de persoas de pé poderán ser de ata oito persoas no interior e quince na terraza».

Dous. Modifícase o número 2 do punto 3.14, que queda redactado como segue:

«2. Permítese a realización de cócteis e actos de recepción con aperitivo e público de pé que, no momento de retirada da máscara para o consumo, deben respectar a distancia interpersonal de seguridade entre persoas non conviventes. Os grupos de persoas de pé poderán ser de ata oito persoas no interior e quince na terraza».



Tres. Modifícase o número 1 do punto 3.22, que queda redactado como segue:

«1. A prestación de servizos de hostalaría e restauración nos bares, nas cafeterías e nos restaurantes axustarase ás regras previstas na Orde do 14 de setembro pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia.

Así mesmo, a ocupación máxima será de oito persoas no interior e quince persoas na terraza, por mesa ou agrupación de mesas».

Catro. Modifícase o número 3 do punto 3.31, que queda redactado como segue:

«3. En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia de seguridade interpersoal entre as mesas ou, de ser o caso, as agrupacións de mesas. A ocupación máxima será de oito persoas por mesa ou agrupación de mesas.

Así mesmo, deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersoal nas súas instalacións, especialmente na disposición e no uso das máquinas ou de calquera outro dispositivo de xogo nos locais e establecementos en que se desenvolvan estas actividades, de acordo co previsto no punto 1.3. O uso da máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersoal indicada, nos termos previstos na normativa vixente».

Cinco. Modifícase o punto 3.34, que queda redactado como segue:

«Os establecementos de lecer nocturno, tales como discotecas, pubs, cafés-espectáculo, salas de festas, así como as salas de concertos que desenvolvan as súas actividades de forma análoga aos anteriores, axustaranse ao establecido pola Orde do 29 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de lecer nocturno da Comunidade Autónoma de Galicia.

Así mesmo, a ocupación máxima será de 8 persoas no interior e 15 persoas na terraza, por mesa ou agrupación de mesas».

Terceiro. *Eficacia*

1. As medidas previstas nesta orde terán efectos desde as 00.00 horas do día 27 de novembro de 2021 ata as 00.00 horas do día 18 de decembro de 2021.



2. En cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas cuxa eficacia se prorroga serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser prorrogadas, modificadas ou levantadas por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2021

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade

CVE-DOG: p4iy4bi3-mmj1-mwvc9-f7u3-ua1uufhmvz26



I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 16 de novembro de 2021 pola que se prorroga a Orde do 6 de outubro de 2021 pola que se aproba a exixencia de determinadas medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia no que se refire á actividade dos albergues turísticos.

I

Mediante a Resolución do 21 de outubro de 2021, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 21 de outubro de 2021, polo que se declara a finalización da situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, declarada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020, como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.

A finalización da aplicación dos mecanismos extraordinarios derivados da lexislación de protección civil debe entenderse sen prexuízo de que continúen sendo necesarias, mentres permaneza a pandemia, medidas de prevención de acordo coa lexislación sanitaria en vigor.

Neste sentido, a Lei estatal 2/2021, do 29 de marzo, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, prevé no seu artigo 2.3 que as medidas contidas nos seus capítulos II, III, IV, V, VI e VII e na disposición adicional quinta serán de aplicación en todo o territorio nacional ata que o Goberno declare de maneira motivada e de acordo coa evidencia científica dispoñible, logo do informe do Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias, a finalización da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19. O Goberno consultará as comunidades autónomas no seo do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde con carácter previo á finalización da situación de crise sanitaria a que se refire o parágrafo anterior.

De acordo coa lexislación estatal, continúa, polo tanto, existindo unha situación de crise sanitaria. En particular, isto determina que sigan sendo de aplicación os mecanismos de tutela previstos na lexislación sanitaria. A Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública, conforma, xunto coa Lei 14/1986, do 25 de abril,



xeral de sanidade; a Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema nacional de saúde, e a Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, o corpo normativo fundamental da acción de tutela da saúde pública no ámbito estatal, ao cal se debe unir a lexislación autonómica reguladora da protección da saúde pública no marco de competencias autonómico, como é o caso, na Comunidade Autónoma galega, da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia. En efecto, recóllense na dita normativa medidas que as autoridades sanitarias poderán acordar para tutelar a saúde pública en situacións de risco, co fin de cumprir o mandato contido no artigo 43 da Constitución española, que, logo de proclamar o dereito á protección da saúde, dispón que lles compete aos poderes públicos organizar e tutelar a saúde pública a través de medidas preventivas e das prestacións e dos servizos necesarios, e que a lei establecerá os dereitos e deberes de todos ao respecto. O dito marco normativo débese completar, atendida a posible afectación que tales medidas poden ter sobre os dereitos fundamentais, coa necesidade de intervención xudicial.

II

Unha vez sentado o anterior e tendo en conta a situación epidemiolóxica actual, resulta necesario continuar con medidas para as actividades que presentan un risco comparativamente máis alto de transmisión, como son os albergues turísticos, e especialmente con medidas específicas de control, tendo en conta que o virus SARS-CoV-2 segue a circular e causa novos casos, ingresos hospitalarios en unidades de críticos e mortes na nosa Comunidade Autónoma.

Neste sentido, o informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 15 de novembro de 2021, indica que, na actualidade, a situación epidemiolóxica se pode resumir do seguinte xeito:

En relación coa taxa de incidencia a 7 días, no día 7 de novembro e para o conxunto de Galicia, está a aumentar con respecto a hai unha semana, ao pasar de 11,44 a 17,25 casos por 100.000 habitantes. A incidencia a 14 días tamén aumentou nunha semana, ao pasar de 18,77 casos por 100.000 habitantes a 28,68 casos por 100.000 habitantes.

A porcentaxe de positividade das probas diagnósticas realizadas tamén ten unha tendencia á alza, ao pasar de 1,2 % ao 1,7 % en 7 días.

En canto á incidencia acumulada a 14 días por grupos de idade, o grupo de menores de 12 anos é o que presenta a incidencia máis elevada, seguido do de 60 a 69 anos.



En canto á hospitalización, ben que a taxa de ingresos por 100.000 habitantes a 7 días en unidades de agudos diminuíu lixeiramente con respecto á semana anterior (1,15 hai 7 días fronte a 0,81 o 7 de novembro), a taxa de ingresos en unidades de coidados críticos (UCI) aumentou de 0,19 a 0,30 ingresos por 100.000 habitantes, o que pode indicar un aumento dos casos de COVID máis graves.

A tendencia diaria mostra, desde o 21 de xullo, tres tramos con tendencia decrecente pero a diferente ritmo; o primeiro deles, ata o 25 de agosto, cunha porcentaxe de cambio diaria (PCD) de -3,2 %; séguelle outro tramo cunha velocidade de decrecemento máis rápida, cunha PCD do -7,6, e identifica outro punto de cambio o día 28 de setembro, tamén en sentido decrecente, cunha PCD do -1,8 %. Desde o 17 de outubro obsérvase un claro cambio na tendencia, que pasa a ser crecente cunha PCD do 5,5 %.

Como resumo, os indicadores epidemiolóxicos presentan un empeoramento da situación que indica que en Galicia segue a existir circulación do virus e, polo tanto, risco de aumento da transmisión, máis aínda nunha situación de relaxamento das restricións establecidas ata o momento.

III

Tendo en conta os datos referidos, o obxecto desta orde é prorrogar a eficacia da Orde do 6 de outubro de 2021 pola que se aproba a existencia de determinadas medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia no que se refire á actividade dos albergues turísticos na súa redacción vixente. A modificación introducida pola Orde do 26 de outubro de 2021 habilitou a posibilidade de ocupar ata o 100 % da capacidade máxima das prazas dos espazos de aloxamento de uso compartido dos albergues, sempre que todas as persoas maiores de 12 anos exhiban un certificado que acredite que o seu titular recibiu a pauta completa dunha vacina contra a COVID-19 para a cal se concedeu autorización de comercialización conforme o Regulamento (CE) 726/2004, ou ben que dispón dunha proba diagnóstica negativa ou que se recuperou dunha infección polo SARS-CoV-2 nos últimos seis meses. Por outra banda, mantívose a ocupación do 50 % da capacidade máxima permitida nos espazos de uso compartido dos albergues, que resultará de aplicación naqueles casos en que o aloxamento compartido non sexa ocupado por un grupo de convivencia estable e o titular do albergue non opte por chegar ao 100 % da capacidade máxima; neste último caso sería obrigado o cumprimento do requisito de exhibición do certificado consonte o previsto na citada orde.



Cómpre salientar que a medida de exhibición do certificado como requisito necesario para incrementar a capacidade máxima permitida foi ratificada inicialmente polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, mediante o Auto do 8 de outubro de 2021, ditado no procedemento de protección de dereitos fundamentais 7652/2021.

Así mesmo, posteriormente, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, mediante o Auto 115/2021, do 29 de outubro, autorizou a Orde do 26 de outubro de 2021 pola que se prorrogaba e se modificaba a Orde do 6 de outubro de 2021, pola que se aprobou a exixencia de determinadas medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia no que se refire á actividade dos albergues turísticos. A autorización xudicial referíase á ratificación da medida sanitaria consistente na exixencia do certificado COVID ás persoas usuarias, como requisito para que os albergues puidesen manter unha ocupación do 100 % das prazas en réxime de aloxamento compartido.

A medida de exhibición de certificados unicamente se exige para a ampliación da indicada capacidade máxima dos espazos de aloxamento compartido ata o 100 % e adóptase ponderando o principio de proporcionalidade, tendo en conta que a exixencia do certificado é considerada polo Tribunal Supremo como unha medida que afecta, ben que de modo livián ou tenue, os dereitos fundamentais, o que aconsella restrinxir a súa utilización neste momento aos supostos nos cales o establecemento pretenda a ampliación ata o 100 % da capacidade máxima, por existir neste caso maior risco.

En efecto, o aumento da capacidade significa aumentar o risco de transmisión, tal e como está suficientemente comprobado ao longo de toda a pandemia, xa que significa unha dificultade engadida para poder manter a distancia de seguridade e aumenta tamén a probabilidade da entrada ao local dalgunha persoa infectada.

O que se pretende é que estes establecementos utilicen a exixencia do certificado COVID como mecanismo compensatorio ante este aumento do risco de transmisión. Deste xeito terían unha garantía engadida na seguridade da súa actividade respecto da transmisión do virus, dado que nestes establecementos hai circunstancias en que o cumprimento do uso da máscara por parte dos usuarios non é posible, xa que non hai exixencia de que esta se leve posta no momento de durmir. Igualmente, compartir un espazo interior pechado, onde ás veces a ventilación non é a adecuada, aumentaría este risco, de existir unha persoa infectada que comparta o espazo con outros usuarios.



Como punto de partida da medida proposta debe terse en conta que, como vimos expresando, nos espazos de aloxamento compartido dos albergues concorren unhas características peculiares:

– Neles alóxanse persoas que non teñen que estar ligadas por unha relación de convivencia.

– Estas persoas poden provir de moi diversos países e destinos, o que incrementa os riscos de exposición ás diversas variantes do virus, tendo en conta, ademais, que os niveis de cobertura vacinal en moitos países son moi diferentes e inferiores, en moitos casos, aos existentes en Galicia e España.

– A pernoctación en cuartos de uso compartido incrementa a exposición aos aerosois respiratorios durante varias horas seguidas, con maior risco de contaxio da COVID-19.

– A pernoctación dificulta a utilización dunha medida de seguridade fundamental como é a máscara e o seu control.

– O incremento da capacidade máxima produce unha redución das distancias interpersoais entre os usuarios.

No sentido exposto, o informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 15 de novembro de 2021, en relación co risco asociado a estes espazos de uso compartido, destaca as seguintes cuestións:

– Neste tipo de establecementos, persoas sen relación entre si e que poden proceder de diferentes lugares e países van compartir cuarto para durmir, polo que se considera preciso establecer medidas adicionais de salvagarda da saúde para poder aumentar a capacidade, nun momento en que se vai ir cara á relaxación de capacidades e á capacidade completa noutros sectores.

– Nesta mestura de persoas de diferentes procedencias, de lugares con coberturas vacinais menores ca as de Galicia, a exixencia dos certificados COVID-19 é unha ferramenta útil para o control da aparición de casos novos e mesmo de novas variantes do virus, que poderían afectar a boa evolución da situación epidemiolóxica en Galicia.

– É importante ter en conta que a adopción de calquera medida debe adecuarse, ademais de á situación epidemiolóxica existente, ao risco de transmisión que poida ocasionar



unha determinada actividade, ben sexa polo establecemento en que esta se desenvolve ou ben polas propias características da actividade que, como neste sector de aloxamentos turísticos, pode ter un risco incrementado.

– Coa evidencia científica acumulada, considérase que a principal vía de transmisión do SARS-CoV-2 é o contacto e a inhalación das pingas e aerosois respiratorios emitidos por un enfermo e que conteñen o virus con capacidade de xerar infección, sobre todo en determinadas circunstancias: en proximidade ao caso índice durante tempo prolongado e en espazos pechados e mal ventilados. Os aerosois virais poden permanecer infecciosos durante horas baixo determinadas condicións, como son a mala ventilación dos espazos interiores e a ausencia de luz ultravioleta.

– Se asimilamos a evidencia do risco doutros ámbitos en que se produce a retirada da máscara durante un tempo prolongado e en espazos nos cales, por momentos, pode non darse a ventilación adecuada, ponse en evidencia que un dos ámbitos en que poden darse estas circunstancias é o dos albergues turísticos. Producíronse moitos eventos de supertransmisión en contornas interiores e tamén quedou demostrado que en escenarios «oportunistas», como cando é maior o número de persoas que se agrupan temporalmente, aumenta a probabilidade media de transmisión.

– Nun estudo analizáronse os factores que tiñan influencia sobre a transmisión do SARS-CoV-2 en dormitorios compartidos por varios traballadores ou estudantes. Debido ás densas redes de contacto nestas contornas pechadas, as enfermidades infecciosas introducidas nun cuarto poderían resultar en altos niveis de transmisión. Igualmente, conclúese que se daban múltiples introducións da COVID-19 relacionadas con persoas asintomáticas ou presintomáticas.

– Aínda que non é comparable, tendo en conta as características da poboación sobre a cal se fixo o estudo, que son persoas máis vulnerables, en Inglaterra, nun estudo sobre as medidas tomadas nos albergues destinados a persoas sen fogar, que podemos considerar que teñen as mesmas características habitacionais ca os albergues turísticos, xa que se comparten cuartos entre varias persoas, puido verse que se evitaron falecementos neste colectivo na primeira onda por seren trasladados a establecementos turísticos convencionais. Tamén se entende que a relaxación das medidas nestes albergues en 2021 podería producir gromos, mesmo se a incidencia na poboación xeral é baixa.



– Ademais, nunha proba piloto que se está a levar a cabo en albergues de Galicia para comprobar a calidade do aire das estancias onde dormen os peregrinos usuarios de albergues turísticos, cunha medición en continuo do nivel de dióxido de carbono (CO₂), están a atoparse medicións que van desde as 404 ppm (partes por millón) de CO₂ ata as 3.246 ppm, cunha mediana de 1.161,5 ppm ás 00.00 horas. E das 405 ppm ás 4.632 ppm, cunha mediana de 1.294 ppm ás 4.00 horas, o que indica que se superan con amplitude os límites en que se considera que xa é preciso ventilar (800 ppm).

– Todo o anterior pon de manifesto que este tipo de establecementos presenta un risco adicional debido á falta do uso de máscara á hora de durmir e a unha mala ventilación do espazo, en parte por mor de que, aínda que os usuarios teñen os lectores á vista e indicacións de abrir as ventás, na práctica non se fai adecuadamente xa que pode acontecer que uns usuarios as abran e outros as pechen sen que dea tempo a realizar unha boa ventilación, cuestión que se complica durante a noite, tal como pon en evidencia a mediana de ppm de CO₂ máis elevada ás 4.00 ca ás 00.00 horas.

– Galicia é a comunidade autónoma coa porcentaxe de vacinados sobre o total de poboación vacinable máis elevada de todas as comunidades e cidades autónomas de España. Pero isto significa que outras comunidades autónomas presentan taxas de cobertura menores, sobre todo nos grupos de idade de 20 aos 39 anos. Isto quere dicir que a probabilidade de que coincidan nestes establecementos persoas sen pauta completa de vacinación é alta. Hai que ter en conta tamén que noutros países europeos as taxas de vacinación son menores, o que fai aumentar este risco.

– Estes grupos de idade, cunha menor cobertura, son os que con maior probabilidade utilizarán estes albergues e está ben demostrado que o risco de infección nas persoas non vacinadas é maior ca entre as persoas coa pauta de vacinación completa, polo que, nos establecementos coas características sinaladas cunha potencial asistencia dun 20 ou 25 % de persoas non vacinadas, a probabilidade de transmisión da infección a partir dunha persoa infectada asintomática é sensiblemente superior á que pode existir noutros establecementos de características diferentes.

O informe continúa sinalando que ningunha medida de prevención e control que permita as interaccións persoais entre a poboación pode evitar completamente posibles novos contactos polo SARS-CoV-2, sobre todo cando estes contactos se producen sen que se poidan garantir totalmente as medidas de prevención que se aplican na maioría de ámbitos (uso da máscara en todo momento e distancia interpersoal). As medidas non farmacolóxicas



impostas durante o transcurso da pandemia teñen como obxectivo reducir o número e a gravidade dos contaxios e non é necesaria unha redución absoluta destes para considerar unha medida como eficaz e adecuada para o obxectivo que persegue. Polo tanto, o feito de que a implantación do pasaporte COVID non elimine por completo a posibilidade de novos contaxios non invalida en ningún momento a idoneidade dunha medida que permite reducir o devandito risco.

Doutra banda, paga a pena resaltar o obxectivo que ten a estratexia da acreditación do estado COVID-19, coa cal se pretende reducir a probabilidade de que unha persoa infectada entre en contacto con outra persoa non infectada e esta última se contaxie. Tendo claro o obxectivo que se persegue, a utilización do coñecemento científico obtido ata o momento fai que non haxa lugar á dúbida de que este obxectivo de redución da probabilidade de novos contaxios se pode conseguir con esta estratexia.

Deben tamén ponderarse outros factores, como é o impacto económico das menores ocupacións neste tipo de establecementos e a súa repercusión sobre o turismo en Galicia. A limitación da capacidade supuxo un importante problema para este sector do turismo en Galicia, especialmente neste ano Xacobeo, que se estenderá ao próximo ano 2022, e en determinados momentos sucedeu que non dispuñan de capacidade suficiente para atender as necesidades turísticas, cunha importante repercusión económica sobre este sector.

A Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia dispón dun Plan de reactivación dos sectores cultural e turístico fronte aos efectos derivados da COVID-19. Tamén puxo en marcha o programa Camiño Seguro co obxectivo de promover unha peregrinación adaptada á situación sanitaria a través dun protocolo integral de actuación nos itinerarios xacobeos en Galicia. Como indica na súa páxina web (<https://www.caminodesantiago.gal/es/caminoseguro>), o programa inclúe medidas como as seguintes: limitacións de capacidade, elaboración de guías e manuais de apoio, formación para máis de 300 albergueiros, axudas para a adaptación dos establecementos ás medidas hixiénico-sanitarias, servizo de asesoramento para os negocios e un novo sistema de reservas de albergues en liña. O desenvolvemento de novas plataformas tecnolóxicas é importante para facilitar as reservas nos albergues, que dean información en todo momento aos peregrinos das prazas dispoñibles, para recoller as medidas sanitarias comúns de aplicación a todos os establecementos do sector e establecer as medidas sanitarias de aplicación para garantir un nivel maior de seguridade. Non obstante, o uso da máscara queda eximido cando o peregrino xa senta ou se deita na cama.



IV

De acordo co que vimos expoñendo, a medida de exixencia de certificado non se formula como unha medida de aplicación xeral ou indiscriminada a todo tipo de actividades, senón que se pretende aplicar neste momento a actividades moi determinadas para as cales existe unha xustificación epidemiolóxica polas súas características ou polas condicións en que se realizan, tendo en conta especialmente a ampliación de capacidades máximas que se autoriza.

Desta forma, a exixencia dos certificados resulta unha garantía que permitirá manter a indicada ampliación das capacidades máximas. En definitiva, a autoridade sanitaria considera que, na situación epidemiolóxica actual de Galicia, a exixencia dos certificados prevista permite unhas condicións de funcionamento do sector que compatibilizan mellor o desenvolvemento da actividade coa seguridade sanitaria. En particular, permitir a ampliación de capacidades máximas co contrapeso da exixencia dos certificados supón unha medida menos gravosa para a consecución do fin proposto de saúde pública, con igual eficacia que impedir as indicadas ampliacións.

Débase destacar, por outra parte, que a medida se adopta con carácter temporal e atendidos os principios científicos, as probas científicas e a información dispoñible nese momento, o que se pasa a desenvolver a seguir con máis detalle.

En efecto, a avaliación realizada conclúe que a limitación do acceso ao interior dos espazos de aloxamento compartido dos albergues a persoas vacinadas, persoas que contan cunha proba negativa ou persoas que pasaron a enfermidade contribúe a diminuír as posibilidades da existencia de contaxio e gromos.

O informe da Dirección Xeral de Saúde Pública citado anteriormente refírese á xustificación específica da utilización dos tres tipos de pasaportes COVID.

Polo que se refire á vacinación, o certificado COVID de vacinación decidiuse implantar tendo en conta a evidencia científica dispoñible, na cal se describe que o risco de transmisión da COVID-19 entre os vacinados é moito menor ca o dos non vacinados, non só porque estes teñen un risco menor de infectarse, senón porque, mesmo no caso de infectarse pola COVID-19, a taxa de ataque secundario dos casos COVID vacinados foi inferior á taxa de ataque secundario dos casos COVID non vacinados. Na literatura científica vemos como varios estudos sinalan a importante diminución do risco de contaxio en



pacientes correctamente vacinados. Un recente estudo, publicado por Mayo Clinic Health System, mostra como a redución do risco de infección foi, no caso de Moderna, un 86 % (IC95: 81-90,6 %) e no de Pfizer, un 76 % (IC95: 69-81 %). Mesmo na variante Delta, máis contaxiosa, o estudo React (*Real-Time Assessment of Community Transmission Findings*), realizado con 46.525 participantes, estimou unha importante redución do risco de infección tanto para vacinas baseadas en adenovirus como de mRNA.

Outro estudo realizado en Escocia demostrou tamén como a taxa de ataque secundario dun caso COVID se reduciu nun 30 % cunha soa dose de vacina en ambientes de moi alta transmisibilidade (conviventes), polo que esta redución podería ser mesmo maior en contornos en que existe menor interacción entre persoas ca nos domicilios. Segundo un informe do ECDC, a carga viral das persoas contaxiadas da COVID-19 vacinadas é menor ca a das contaxiadas non vacinadas, tanto en casos sintomáticos como asintomáticos, o que comporta unha redución do tempo e da cantidade da excreción de virus entre os vacinados. Isto podería implicar, por tanto, unha redución da transmisión desde os casos vacinados aos seus contactos.

Ademais, noutro informe, o ECDC pon de manifesto que as persoas vacinadas teñen un risco reducido de desenvolver a COVID, que é moi baixo para as persoas novas e de mediana idade e baixo para as persoas maiores ou con factores de risco subxacentes. Así mesmo, as persoas non vacinadas reducen significativamente o seu risco de infectarse e desenvolver a COVID-19 no caso de entrar en contacto cun caso COVID se este está vacinado. Neste informe, o ECDC salienta que se pode permitir certa relaxación de medidas non farmacolóxicas cando se pode asegurar que as persoas están correctamente vacinadas, debido a que, no caso pouco probable de que unha persoa vacinada se infecte pola COVID, os seus contactos non vacinados reducen notablemente o seu risco de desenvolver unha enfermidade grave, coa consecuente redución da saturación do ámbito sanitario e da mortalidade provocada pola COVID. Na matriz de risco que o ECDC establece neste caso, o risco das persoas maiores ou con condicións subxacentes de desenvolver unha enfermidade grave baixa a moderado e, no caso de persoas máis novas sen patoloxías previas, este risco establécese como moi baixo. A vacinación elimina, por tanto, o risco alto e moi alto.

Así mesmo, respecto a ter pasado a enfermidade, o certificado COVID de recuperación establécese de maneira similar ao de vacinación, debido a que nunha revisión da literatura científica realizada polo ECDC se afirmou que as persoas que xa foron diagnosticadas como caso confirmado da COVID-19 reducen dun 81 % a un 100 % a súa probabilidade de reinfección durante un seguimento de 5 a 7 meses. Polo tanto, conclúese que as reinfec-



cións pola COVID-19 son un evento raro. Ademais, o estudo SIREN, publicado na revista *Lancet*, con máis de 30.000 participantes, conclúe que a historia previa de infección polo SARS-CoV-2 está asociada a un 84 % menos de risco de contaxiarse novamente, cunha media de 7 meses de duración do efecto protector desde a primoinfección. Tendo en conta isto, o propio ECDC establece que é moi probable que, dado que unha infección previa contra a COVID-19 reduce a reinfección, as infeccións previas tamén reducirán a transmisión no ámbito comunitario.

Polo que se refire á acreditación de probas diagnósticas, o informe expresa que a UE establece este certificado coa finalidade de reducir o risco de que unha persoa non vacunada/recuperada da COVID se encontre contaxiada polo SARS-CoV-2 no momento da viaxe. No caso de Galicia, a finalidade é a mesma pero establécese para reducir o risco nos interiores de establecementos que albergan peregrinos. De igual maneira que a UE aproba o certificado COVID de probas diagnósticas como opción válida para aquelas persoas maiores de 12 anos que non estean vacunadas ou non pasasen a COVID, en Galicia habilítase esta opción e establécense mecanismos para facilitar a realización das ditas probas.

O informe indica que malia que, efectivamente, as probas diagnósticas só establecen unha foto fixa da situación da persoa cando se realiza a proba, a propia UE estableceu un período de validez acordado de maneira consensuada no cal se aceptan como válidas as PCR durante 72 horas e os tests de antíxenos durante 48 horas.

Este período foi establecido deste xeito porque as técnicas diagnósticas aceptadas son altamente sensibles e permiten detectar casos mesmo na fase previa ao comezo de síntomas, cando o aumento da carga viral aínda é o suficientemente baixo como para considerarse unha persoa como pouco transmisible. O informe xustifica que a PCR é capaz de diagnosticar un caso de COVID-19 mesmo 5 días antes do inicio dos síntomas. Polo tanto, a PCR pode detectar unha persoa infectada pola COVID-19 ata 3 días antes de que esta persoa poida comezar a transmitila, o cal se establece como que comeza 2 días antes do inicio dos síntomas.

Tendo en conta o anteriormente mencionado, o informe expresa que estas probas non exclúen ao 100 % que unha persoa que obtivo un resultado negativo o día previo a acudir a un albergue poida estar infectada, pero parece claro, polo anteriormente explicado, que a probabilidade de que esta persoa poida transmitir o virus no momento en que acode ao establecemento é moi baixa.



Polo tanto, a realización de probas diagnósticas permite identificar casos asintomáticos e realizar diagnósticos de forma precoz. Deste xeito, a realización das probas diagnósticas permite romper cadeas de transmisión e evitar gromos de magnitude, motivo polo cal esta realización de probas se adopta como medida tamén para o control do persoal sanitario e sociosanitario non vacunado/recuperado, para o cribado de pacientes ingresados ou como medida estratéxica adoptada pola UE para os viaxeiros. Igualmente, permite identificar os contactos estreitos de casos asintomáticos que pasarían desapercibidos, así como reducir a probabilidade de que unha persoa acceda a un albergue sendo positiva, debido a que cada poucos días tería que repetir estas probas se non se vacina. Polo tanto, o cribado repetido destas persoas que acoden a locais onde non se pode garantir o uso da máscara en todo momento permite detectar casos entre persoas con maior risco de padecerem a COVID ou de padecela de maneira máis grave por non estaren vacunadas/recuperadas dela.

O informe recalca tamén que só se permite acreditar o certificado de probas negativas con probas cunha alta sensibilidade diagnóstica (>90 %) e que o tempo que se autoriza para a validez das PCR é maior debido a que é a técnica máis sensible de que se dispón actualmente.

En definitiva, estas medidas teñen en común o obxectivo de reducir a probabilidade de que unha persoa infectada entre en contacto con outras persoas non infectadas e non protexidas e, polo tanto, poida transmitirlles a infección.

Para ponderar a proporcionalidade da medida, cómpre ter en conta que vai acompañada dun grande esforzo da Administración sanitaria tanto no campo da vacinación como no da expedición de certificados e no aumento da dispoñibilidade de probas para a detección do virus SARS-CoV-2, favorecendo unha maior accesibilidade ás probas da COVID-19. Así, débese destacar que, neste momento, no noso país, todas as persoas maiores de 12 anos que quixeron vacunarse tiveron a oportunidade de facelo. Respecto das persoas que optan libremente por non vacunarse, a medida de prevención consistente na exigencia do certificado para o acceso aos espazos de uso compartido dos albergues non as forza a iso, xa que se trata de establecementos onde non se prestan en réxime de exclusividade estes servizos de aloxamento, pois sempre teñen a opción de usar nos albergues os espazos de aloxamento non compartido ou de acudir a aloxarse a outros establecementos de hostalaría onde non se exige esta medida, ou de realizar unha proba PCR ou de antíxenos, de fácil acceso na actualidade. En particular, debe terse en conta que a exigencia do certificado depende tamén da afluencia de peregrinos, dado que no caso de que o titular do establecemento decida, en vista da indicada afluencia, que non é necesario aumentar



a ocupación ata o 100 % das prazas dos espazos de aloxamento compartido, non resulta exixible esta medida.

Na regulación contida na Orde do 6 de outubro de 2021, que agora se prorroga, xa se expresa que, co obxecto de insistir na máxima garantía da intimidade das persoas, a exhibición da información a que se refire esta só poderá ser solicitada no momento de acceso e que non se poderán conservar os datos persoais ou crear ficheiros con eles; establécese que en ningún caso se realizarán operacións de tratamento sobre datos persoais, xa sexa por procedementos automatizados ou non, como a recollida, rexistro, organización, estruturación, conservación, adaptación ou modificación, extracción, consulta, utilización, comunicación por transmisión, difusión ou calquera outra forma de habilitación de acceso ou outra operación non permitida pola normativa vixente.

Con esta mesma finalidade lémbrese que, en todo caso, as persoas titulares dos establecementos ou o persoal que realice o control de acceso están obrigados a manter o segredo e a confidencialidade sobre os datos persoais a que accedan, de acordo co establecido no número 4 do artigo 7 da Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe.

Por último, régulanse na orde citada cuestións relativas á información aos clientes e prevese expresamente que a posta en funcionamento da medida e o seu control respectarán, en todo caso, a dignidade da persoa. As actuacións de comprobación serán o menos intrusivas e invasivas que sexa posible para lograr o obxectivo de protección da saúde pública, procurando reducir ao mínimo as molestias ou inquedanzas asociadas coa medida, de acordo co disposto no artigo 38.ter.2.a) da Lei 8/2001.

Débase lembrar que, en todo caso, o empeño da Administración autonómica é garantir o libre exercicio das actividades económicas concernidas, compatibilizándoo coa maior seguridade sanitaria posible. Así mesmo, cabe lembrar que a exixencia deste certificado permite o exercicio das actividades dos albergues turísticos en condicións de capacidade máxima máis amplas ca as actualmente vixentes. Por iso se entende que a exixencia de certificados é, en todo caso, unha medida alternativa que compensa a ampliación indicada e, polo tanto, menos gravosa ca a prohibición da ampliación destas actividades.

V

A Sentenza 1112/2021, da Sección Cuarta da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo, avala, no caso considerado, a procedencia da medida partindo da



confrontación da «tenue limitación que podería ter a medida examinada sobre os dereitos fundamentais á igualdade (artigo 14) e á intimidade (artigo 18.1), co dereito fundamental á vida (artigo 15), coa protección da saúde (artigo 43) en situacións de pandemia como a COVID-19 e co interese xeral de todos de sobrevivir nestas gravísimas circunstancias».

En particular, o Tribunal Supremo pondera na súa sentenza as características dos establecementos a que se refire, tendo en conta a grande afluencia de persoas, o carácter voluntario da entrada, así como o incremento do risco de contaxio en locais pechados e mal ventilados. Polo que se refire ao caso específico dos albergues turísticos, e aínda que a actividade de aloxamento presenta obvias diferenzas con outros tipos de actividades de lecer ou recreativas, podemos destacar que, como antes expresamos, estes albergues non prestan servizos de aloxamento en réxime de exclusividade, pois os usuarios sempre dispoñen da opción de utilizar nos propios albergues os espazos de aloxamento non compartido ou de acudir a aloxarse a outros establecementos de hostalaría, onde non se exige esta medida, ou de realizar unha proba PCR ou de antíxenos, de fácil acceso na actualidade. En particular, como xa indicamos, debe terse en conta que a exigencia do certificado depende tamén da afluencia de peregrinos, dado que, no caso de que o titular do establecemento decida, en vista da indicada afluencia, que non é necesario aumentar a ocupación por encima do 50 % das prazas dos espazos de aloxamento compartido, non resulta exixible esta medida.

Polo demais, o Tribunal Supremo entende que «a exhibición da documentación sinalada non vulnera o dereito á igualdade, pois non se produce discriminación entre aqueles que están vacinados e os que non o están. Lembremos que a documentación reviste unha tripla modalidade, que resulta accesible para todos, de modo que quen non quere mostrar se foi ou non vacinado, tendo en conta o seu carácter voluntario, pode presentar o resultado da proba PDIA ou do test de antíxenos ou, desde logo, o certificado de recuperación da COVID-19 se pasou a infección».

En definitiva, para o Tribunal Supremo «concorre unha xustificación obxectiva e razoable para permitir ou non o acceso ao correspondente establecemento, segundo se cumpra tal exigencia, pois trátase da protección da saúde e da vida das persoas, mediante unha medida que evita ou restrinxen a propagación da pandemia. Tendo en conta que tales diferenzas de trato para seren discriminatorias deben carecer desa xustificación obxectiva e razoable, de acordo con criterios xurídicos atendibles, ao se basearen en razóns que resulten xuridicamente relevantes, como é o caso de que as situacións comparables non



resultan homoxéneas polos seus graves efectos con respecto á salvagarda do dereito á vida, á integridade física e á protección da saúde».

Respecto da intimidade, o Tribunal Supremo indica que «non parece que se poida esgrimir a prevalencia deste dereito fronte ao dereito á vida e á protección da saúde pública, tendo en conta que a información sobre se se recibiu a vacina ou non, en momentos nos cales se atravesa unha pandemia, é unha peza básica e esencial para impedir a propagación da infección polo SARS-CoV-2 e, polo tanto, da preservación da vida e da saúde de todos. É certo que se trata dunha información médica, pero as connotacións que impón a situación de pandemia, o carácter masivo da vacinación e a solidariedade que comporta a protección e a axuda entre todos desvalorizan a preeminencia da intimidade neste caso».

En particular, o Tribunal Supremo descartou a existencia dalgunha limitación ao dereito á protección de datos, ao considerarse na regulación a simple exhibición dos certificados.

A regulación desta medida de prevención tamén se axusta ao xuízo de proporcionalidade, que inclúe o xuízo de idoneidade, necesidade e proporcionalidade estrita, de acordo co estándar establecido polo Tribunal Supremo na súa sentenza.

A este respecto, ademais do xa indicado sobre a proporcionalidade, no sentido de que se considera que a afectación aos dereitos fundamentais é tenue, ou mesmo discutible, como expresa o Tribunal Supremo, respecto da idoneidade e necesidade da medida, a sentenza expresa: «En relación coa súa idoneidade e necesidade, é certo que cando xorde un grave e inminente perigo para a vida das persoas e a protección da saúde pública calquera actuación da Administración debe axustarse, ante todo, aos criterios médicos e epidemiolóxicos que resulten acordes co estado da ciencia en cada momento, e que constitúan o medio exacto, cabal e apto para acadar a finalidade proposta, sen que exista nese momento unha alternativa mellor. De xeito que as medidas forzosamente deben ser cambiantes, constantemente adaptadas á evolución da pandemia e aos consecuentes criterios científicos. E sabido é que a vacina non é un medio para curar a enfermidade pero, como antes sinalamos e agora insistimos, é unha acción de carácter preventivo que evita ou tempera considerablemente a propagación da pandemia, supón un innegable beneficio para a saúde de todos porque diminúe os contaxios e as mortes, e impide o colapso hospitalario que pode comportar a consecuente desatención doutras enfermidades alleas á COVID-19».



O Tribunal Supremo, en particular, pon en relación a idoneidade da medida coas «características propias dos establecementos en que se exige», como xa referimos anteriormente, lugares que «non permiten o uso constante e permanente da máscara», nos cales «resulta difícil manter a distancia de seguridade».

Debe terse en conta, en particular, que a exigencia de exhibición dos certificados para a ampliación ata o 100 % das prazas dos espazos de aloxamento compartido, en todo o territorio da Comunidade Autónoma, tendo en conta as características específicas concorrentes nesta actividade, máis que estar ligada coa concreta situación epidemiolóxica do concello en que se desenvolve, pola súa propia natureza, está máis ligada cos factores de risco antes expostos relativos á afluencia de viaxeiros procedentes de moi diversos destinos e á súa convivencia durante o tempo de pernoctación sen que se poida garantir a utilización da máscara.

Polo tanto, a medida valora a existencia no momento actual, na práctica, dunha incidencia moi homoxénea da pandemia en todo o territorio da Comunidade Autónoma, o que determina as opcións adoptadas na orde e, en consecuencia, xustifica a proporcionalidade da decisión de exixir a exhibición dos certificados para o incremento da capacidade máxima dos espazos de aloxamento compartido por riba da prevista nas medidas actualmente en vigor, o que determina un incremento do risco que debe ser compensado con esta medida, pois doutro modo non se permitiría neste momento.

Por último, como exige o Tribunal Supremo, a medida reviste tamén un carácter temporal, segundo os principios científicos, as probas científicas e a información dispoñible en cada momento. Así, recóllese expresamente este carácter temporal e establécese que, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas previstas nesta orde serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser prorrogadas, modificadas ou levantadas mediante orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Como expresa o Tribunal Supremo, «como é natural, as medidas deben adecuarse, como sinalamos, á realidade necesariamente cambiante, atendida a evolución da enfermidade e o estado da ciencia en cada momento, e deben mediar a adecuada correspondencia e a necesaria vinculación entre a realidade sobre a cal se actúa, a finalidade que se persegue e o medio adecuado para a súa consecución».

Co obxecto de reforzar a idea de temporalidade e adecuación establécese, respecto da medida de exigencia de exhibición de certificados para acadar o 100 % de ocupación, unha



eficacia inicial ata o día 18 de decembro, desde o día da publicación desta orde, unha vez autorizada xudicialmente, e sen prexuízo da posible revisión da medida e, de ser o caso, da súa prórroga (se se conta nese momento coa necesaria autorización xudicial). Isto é, débese establecer unha duración adecuada e limitada no tempo da medida de exixencia da exhibición de certificados, pola súa afectación, aínda que tenue, aos dereitos fundamentais, sen prexuízo da súa posible prórroga.

Polo tanto, tendo en conta todo o exposto, considérase que a medida resulta xustificada respecto da súa idoneidade, necesidade e proporcionalidade, nos termos recollidos na sentenza do Tribunal Supremo.

VI

As medidas que se adoptan nesta orde teñen o seu fundamento normativo na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 e 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

En particular, o artigo 34 da Lei de saúde de Galicia, relativo ás intervencións públicas sobre actividades, centros e bens, expresa:

«As intervencións públicas que poderán exercer as autoridades sanitarias competentes sobre as actividades públicas e privadas que, directa ou indirectamente, poidan ter consecuencias para a saúde son: (...) 6. Establecer, controlar e inspeccionar as condicións hixiénico-sanitarias, de funcionamento e desenvolvemento de actividades que poidan ter repercusión sobre a saúde das persoas».

Así mesmo, o artigo 38.1 Medidas preventivas en materia de saúde pública (redactado pola Lei 8/2021) establece:

«1. Co obxecto de protexer a saúde pública, as autoridades sanitarias autonómicas e locais, dentro do ámbito das súas competencias, poderán adoptar medidas preventivas de obrigado cumprimento cando exista ou se sospeite razoablemente a existencia dun risco inminente e grave para a saúde da poboación. Estas medidas poderán consistir:

(...) g) En medidas de seguridade sanitaria e hixiene en determinados lugares e/ou para o desenvolvemento de actividades».



Do mesmo xeito, tamén ofrece base legal á medida o contido da letra k) deste artigo 38.1, dado que permite o establecemento por parte das autoridades sanitarias dunha obriga de subministración de datos necesarios para o control e a contención de riscos para a saúde pública.

Consonte o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para adoptar as medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica existente, no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, coa urxencia que a protección da saúde pública demanda.

Na súa virtude, na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. Prórroga da Orde do 6 de outubro de 2021 pola que se aproba a exixencia de determinadas medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia no que se refire á actividade dos albergues turísticos

Atendendo á evolución da situación epidemiolóxica, prorrógase ata as 00.00 horas do día 18 de decembro de 2021 a eficacia das medidas previstas no punto primeiro da Orde do 6 de outubro de 2021 pola que se aproba a exixencia de determinadas medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, no que se refire á actividade dos albergues turísticos na súa redacción vixente.

Segundo. Autorización xudicial, publicación e eficacia

1. Solicítase a autorización xudicial para a prórroga das medidas consistentes na exhibición de documentación, previstas no punto primeiro da Orde do 6 de outubro de 2021 pola que se aproba a exixencia de determinadas medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia no que se refire á actividade dos albergues turísticos na súa redacción vixente, en canto poden implicar limitación ou restrición de dereitos fundamentais, de acordo co disposto na redacción vixente do número 8 do artigo 10 da Lei 29/1998, do 13



de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e publícase a orde unha vez obtida a referida autorización.

2. As medidas previstas nesta orde producirán efectos desde as 00.00 horas do día seguinte ao da súa publicación e ata as 00.00 horas do día 18 de decembro.

3. En cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas previstas nesta orde serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser prorrogadas, modificadas ou levantadas mediante orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2021

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade



I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 16 de novembro de 2021 pola que se aproba a exixencia de determinadas medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia no que se refire aos centros hospitalarios.

I

Mediante a Resolución do 21 de outubro de 2021, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, dáse publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 21 de outubro de 2021, polo que se declara a finalización da situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, declarada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020, como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.

A finalización da aplicación dos mecanismos extraordinarios derivados da lexislación de protección civil debe entenderse, naturalmente, sen prexuízo de que continúen sendo necesarias, mentres permaneza a pandemia, medidas de prevención de acordo coa lexislación sanitaria en vigor.

Neste sentido, a Lei estatal 2/2021, do 29 de marzo, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, prevé no seu artigo 2.3 que «as medidas contidas nos seus capítulos II, III, IV, V, VI e VII e na disposición adicional quinta serán de aplicación en todo o territorio nacional ata que o Goberno declare de maneira motivada e de acordo coa evidencia científica dispoñible, logo do informe do Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias, a finalización da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19. O Goberno consultará as comunidades autónomas no seo do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde con carácter previo á finalización da situación de crise sanitaria a que se refire o parágrafo anterior».

De acordo coa lexislación estatal, continúa, polo tanto, existindo unha situación de crise sanitaria. Isto determina, por exemplo, que siga sendo de aplicación o deber de cautela e protección establecido no artigo 4 da lei, de tal xeito que «todos os cidadáns deberán adoptar as medidas necesarias para evitar a xeración de riscos de propagación da enfermidade de COVID-19, así como a propia exposición aos ditos riscos, conforme o que se establece



nesta lei». O dito deber de cautela e protección será igualmente exigible aos titulares de calquera actividade regulada nesta lei.

Deste modo, seguen sendo de aplicación as previsións desta lei sobre o uso obrigatorio de máscaras, a regulación das distintas actividades e a distancia de seguridade interpersoal mínima.

En particular, debe terse en conta que seguirán sendo de aplicación os mecanismos de tutela previstos na lexislación sanitaria.

A Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública, conforma, xunto coa Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; a Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema nacional de saúde, e a Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, o corpo normativo fundamental da acción de tutela da saúde pública no ámbito estatal, ao cal se debe unir a lexislación autonómica reguladora da protección da saúde pública no marco de competencias autonómico, como é o caso, na Comunidade Autónoma galega, da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia. En efecto, recóllense na dita normativa medidas que as autoridades sanitarias poderán acordar para tutelar a saúde pública en situacións de risco, co fin de cumprir o mandato contido no artigo 43 da Constitución española, que, despois de proclamar o dereito á protección da saúde, dispón que lles compete aos poderes públicos organizaren e tutelaren a saúde pública a través de medidas preventivas e das prestacións e servizos necesarios, e que a lei establecerá os dereitos e deberes de todos ao respecto. O dito marco normativo débese completar, atendida a posible afectación que tales medidas poden ter sobre os dereitos fundamentais, coa necesidade da intervención xudicial.

Malia o anterior, a crise da COVID-19 puxo de manifesto a necesidade de contar cunha maior densidade normativa no que respecta á articulación dos mecanismos extraordinarios que recolle a lexislación sanitaria para tutelar a saúde pública ante crises sanitarias.

Neste sentido, a Lei de saúde autonómica foi modificada pola Lei 8/2021, do 25 de febreiro, no exercicio da competencia autonómica en materia de sanidade interior, recollida no artigo 33 do Estatuto de autonomía de Galicia, para introducir na lei as modificacións necesarias co fin de facer fronte á necesidade de contar cun marco normativo claro na materia que ofrezca a necesaria seguridade xurídica, tanto para quen debe intervir na adopción das medidas e na súa inspección, vixilancia, control e sanción, como para as persoas destinatarias destas. En particular, unha das principais finalidades desta lei é, así, concretar as



medidas que, tendo en conta o disposto na lexislación sanitaria estatal, de rango orgánico e ordinario, poden ser adoptadas polas autoridades sanitarias galegas para a protección da saúde pública, así como regular os requisitos que se deben cumprir para a súa correcta adopción, con especial atención ás exixencias de motivación e de proporcionalidade.

Resulta necesario un comportamento social de cautela e autoprotección asentado fundamentalmente nas premisas de hixiene frecuente das mans; distancia interpersonal mínima; uso de máscaras cando non sexa posible manter a distancia mínima interpersonal, así como cando se estea en contornos con moita xente, especialmente en espazos pechados; limpeza, hixiene e ventilación dos espazos utilizados e, especialmente, adopción de medidas de illamento e comunicación cos servizos de saúde tan pronto como se teñan síntomas compatibles coa COVID-19.

II

Con data do 13 de agosto de 2021, a Administración autonómica solicitoulle ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia autorización xudicial para adoptar medidas referidas á obriga de exhibición de determinada documentación como requisito previo ao acceso a certos establecementos.

Mediante o Auto 97/2021, da Sección Terceira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, denégase a autorización das medidas consistentes na exhibición de documentación para o acceso a determinados establecementos previstas na orde sometida a autorización.

Cómpre indicar que a Sentenza 1112/2021, da Sección Cuarta da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo, estimou o recurso de casación presentado pola Administración autonómica fronte ao Auto 97/2021 da Sección Terceira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

A dita sentenza sinala que a ratificación ou autorización xudicial unicamente se pode obviar cando a falta de restrición ou limitación dos dereitos fundamentais é manifesta, evidente, ostensible e indiscutible, polo que a medida de exhibición de determinada documentación para o acceso a certos establecementos require a autorización xudicial previa, aínda que se indica que no caso examinado esta incidencia nos dereitos fundamentais é tenue.



Tamén se salienta a existencia de cobertura xurídica para a adopción das medidas axuízadas, lembrando, neste sentido, que a Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública, en coherencia coas demais leis sanitarias, é suficiente como norma de cobertura das medidas sanitarias que comporten algunha restrición de dereitos fundamentais, que, ademais, neste caso, é liviá.

O Tribunal Supremo recoñece que os dereitos fundamentais, como calquera dereito subxectivo, non son absolutos nin ilimitados e que a limitación resulta precisa para permitir a súa pacífica coexistencia cos demais dereitos fundamentais e cos bens constitucionalmente protexidos, que se traducen, neste caso, nunha potente presenza do dereito á vida e á integridade física, e á defensa e protección da saúde da cidadanía. Nesta liña, a sentenza expresa: «É o que sucede neste caso, ao confrontar a tenue limitación que podería ter a medida examinada sobre os dereitos fundamentais á igualdade (artigo 14) e á intimidade (artigo 18.1) co dereito fundamental á vida (artigo 15), a protección da saúde (artigo 43) en situacións da pandemia como a COVID-19, e co interese xeral de todos a sobrevivir nestas gravísimas circunstancias, que avalan a procedencia da medida que se pretende».

Nese sentido, a autoridade sanitaria vén adoptando medidas preventivas de seguridade sanitaria consistentes na posesión de documentación que acredite o cumprimento de determinados requisitos para o acceso aos establecementos de lecer nocturno, recollidas na citada Orde do 29 de setembro de 2021 na súa redacción vixente, autorizadas polo Tribunal de Xustiza de Galicia mediante o Auto 122/2021, do 12 de novembro, ou medidas preventivas de seguridade sanitaria consistentes na exhibición de documentación que acredite o cumprimento de determinados requisitos nos espazos de aloxamento compartido nos albergues turísticos, autorizadas estas últimas medidas polo Tribunal de Xustiza de Galicia mediante o Auto 115/2021, do 29 de outubro.

No caso dos centros, servizos e establecementos sanitarios, o punto 3.16 do anexo da Orde do 22 de outubro de 2021, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e se modifica a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia, prevé que os titulares ou directores dos distintos centros, servizos e establecementos sanitarios, de natureza pública ou privada, deberán adoptar as medidas organizativas, de prevención e hixiene necesarias do seu persoal traballador e dos pacientes, co obxecto de aplicar as recomendacións emitidas nesta materia, relativas á distancia de seguridade interpersonal, ao uso de máscaras en sitios pechados de uso público, á capacidade, hixiene



de mans e respiratoria, así como calquera outra medida que establezan as autoridades competentes.

Estas medidas deberán aplicarse na xestión dos espazos do centro, nos accesos, nas zonas de espera e na xestión das citas dos pacientes, así como na regulación de acompañantes ou visitas, tendo en conta a situación e actividade de cada centro. En todo caso, permitirase a presenza dunha persoa acompañante por usuario/a. Tamén se permitirá unha visita por paciente na UCI non COVID.

Así mesmo, adoptarán as medidas necesarias para garantir a protección da seguridade e saúde do seu persoal traballador, a limpeza e a desinfección das áreas utilizadas e a eliminación de residuos, así como o mantemento adecuado dos equipamentos e instalacións.

Estarán obrigados a colaborar coas autoridades sanitarias e de política social nos labores de vixilancia, prevención e control da COVID-19.

Debe destacarse que a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, regula no seu artigo 7 os «Dereitos relacionados co acompañamento do ou da paciente» e no seu número 1 expresa:

«1. Serán dereitos relacionados co acompañamento do ou da paciente os seguintes:

1. Dereito a ser acompañado ou acompañada, polo menos, por unha persoa que manteña vínculos familiares ou de feito co ou coa paciente ou por unha persoa da súa confianza.

2. Dereito de toda muller a que se lle facilite o acceso ao proceso do parto a aquela persoa designada por ela para tal efecto.

3. Dereito das persoas menores a estaren acompañadas polos seus pais, tutores ou gardadores.

4. Dereito das persoas incapacitadas a estaren acompañadas polos responsables legais da súa garda e protección».

Porén, estes dereitos non son absolutos ou incondicionados, dado que o número 2 do precepto expresa que «os dereitos anteriormente citados limitaranse, e mesmo se exceptuarán, nos casos en que esas presenzas sexan desaconselladas ou incompatibles coa



prestación sanitaria conforme criterios clínicos. En todo caso, esas circunstancias seranlles explicadas aos afectados e ás afectadas de xeito comprensible».

Así mesmo, os dereitos relacionados co acompañamento do ou da paciente deben entenderse no marco legal dos deberes sanitarios da cidadanía, recollidos no artigo 15 da lei. Así, segundo o número 12 deste precepto, tamén estarán suxeitas a determinados deberes as persoas familiares ou acompañantes dos usuarios e das usuarias do sistema sanitario. Entre estes deberes encóntranse os seguintes:

«1. Cumprir as prescricións xerais de natureza sanitaria comúns a toda a poboación, así como as específicas determinadas polos servizos sanitarios. (...)

4. Usar axeitadamente os recursos, os servizos e as prestacións ofrecidos polo sistema sanitario.

5. Manter a debida observancia das normas establecidas en cada centro. (...)

7. Cooperar coas autoridades sanitarias na protección da saúde e na prevención das enfermidades. (...)

10. Cumprir as normas e os procedementos de uso e acceso aos dereitos que se lles outorguen a través desta lei. (...)

III

Na actualidade, a situación epidemiolóxica, de acordo co Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública do 15 de novembro de 2021, pódese resumir do seguinte xeito:

En relación coa taxa de incidencia a 7 días, no día 7 de novembro e para o conxunto de Galicia, está a aumentar a respecto de hai unha semana, ao pasar de 11,44 a 17,25 casos por cen mil habitantes. A incidencia a 14 días tamén aumentou nunha semana, ao pasar de 18,77 casos por cen mil habitantes a 28,68 casos por 100.000 habitantes.

A porcentaxe de positividade das probas diagnósticas realizadas tamén ten unha tendencia á alza, pasou de 1,2 % a 1,7 % en 7 días.

En canto á incidencia acumulada a 14 días por grupos de idade, o grupo de menores de 12 anos é o que presenta a incidencia máis elevada, seguido do de 60 a 69 anos.



En canto á hospitalización, ben que a taxa de ingresos por cen mil habitantes a 7 días en unidades de agudos diminuíu lixeiramente respecto á semana anterior (1,15 hai 7 días fronte a 0,81 o 7 de novembro), a taxa de ingresos en unidades de coidados críticos (UCI) aumentou de 0,19 a 0,30 ingresos por 100.000 habitantes, o que pode indicar un aumento dos casos de COVID máis graves.

A tendencia diaria mostra, desde o 21 de xullo, tres tramos con tendencia decrecente pero a diferente ritmo, o primeiro deles, ata o 25 de agosto, cunha porcentaxe de cambio diaria (PCD) de -3,2 %, séguelle outro tramo cunha velocidade de decrecemento máis rápida, cunha PCD do -7,6 e identifica outro punto de cambio o día 28 de setembro, tamén en sentido decrecente, cunha PCD do -1,8 %. Desde o 17 de outubro obsérvase un claro cambio na tendencia, que pasa a ser crecente cunha PCD do 5,5 %.

Como resumo, os indicadores epidemiolóxicos presentan un empeoramento da situación, que indica que en Galicia segue a existir circulación do virus e, polo tanto, risco de aumento da transmisión, máis aínda nunha situación de relaxamento das restricións establecidas ata o momento.

IV

Desde o inicio da pandemia a Consellería de Sanidade, os seus órganos asesores (Comité Clínico e o Subcomité de Brotes) e o Servizo Galego de Saúde, de acordo coas súas funcións, estableceron as medidas preventivas e de control da pandemia que a evidencia científica dispoñible en cada momento recomendaba para a prevención e control da infección polo SARS-CoV-2. E, neste sentido, a posta en marcha da medida baseada na existencia de presentar un certificado de vacinación, de recuperación ou de proba COVID negativa para acceder ao interior de determinados establecementos (hostalaría, restauración, lecer nocturno e de xogo) non foi unha excepción.

É importante ter en conta que a adopción de calquera medida debe adecuarse, ademais de á situación epidemiolóxica existente, ao risco de transmisión que poida ocasionar unha determinada actividade, ben sexa polo establecemento en que esta se desenvolve ou ben pola vulnerabilidade das persoas a que vai dirixida esa actividade.

Coa evidencia científica acumulada, considérase que a principal vía de transmisión do SARS-CoV-2 é o contacto e a inhalación das pingas e aerosois respiratorios emitidos por un infectado que conteñen virus con capacidade de xerar infección, sobre todo en deter-



minadas circunstancias: en proximidade ao caso índice durante tempo prolongado e en espazos pechados e mal ventilados.

Tendo en conta esta transmisión, considérase apropiado establecer medidas de prevención adicionais e específicas para as persoas que visitan ou acompañan os enfermos nos centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde, por tratarse de espazos nos cales se poden agrupar factores que aumentan o risco de transmisión do SARS-CoV-2 e de enfermidade grave: espazos pechados nos cales se establecen contactos próximos e prolongados entre as persoas, realización de actividades en que é necesario retirar a máscara ou dificultade para o seu uso correcto (axuda na alimentación do enfermo, realización de procedementos xeradores de aerosois, etc.), maior vulnerabilidade das persoas ingresadas (inmunodeprimidos, enfermos con patoloxías crónicas, idade avanzada ou pertenza a grupos non susceptibles de vacinación ou persoas non vacinadas).

Ademais, e a pesar da alta cobertura de vacinación acadada en Galicia (o 93,4 % da poboación susceptible de vacinar), esta non é homoxénea en todos os grupos de idade, e son os grupos de 20 a 39 anos os de menor cobertura (84,3 % no grupo de 20 a 29 anos e 80,5 % no de 30 a 39 anos). Neste sentido, é importante sinalar que hai evidencia de que a carga viral en persoas novas é máis elevada que nas persoas de máis idade, o que favorece a transmisión, especialmente se temos en conta que a proporción de asintomáticos ou con síntomas moi leves tamén é máis frecuente nas idades novas.

Así mesmo, existe evidencia de que a vacinación diminúe o risco de transmisión da infección de enfermidade grave e de hospitalización e de que é importante manter todas as medidas de prevención actualmente recomendadas (uso da máscara, distancia interpersoal de seguridade, hixiene das mans e respiratoria) e de maneira adicional, para aumentar a seguridade, os certificados COVID.

Polo tanto, o feito de non estar vacinado cando se accede a un centro hospitalario non só supón un maior risco para as persoas hospitalizadas e os traballadores, ao aumentar o risco de transmisión, senón tamén para a propia persoa que accede a el, pola posibilidade de darse contactos con persoas asintomáticas transmisoras.

Aínda que existen estudos en relación co risco de transmisión intrahospitalaria, estes baséanse fundamentalmente na relación entre traballadores e pacientes. O feito de que apenas exista literatura científica sobre o papel que poden desempeñar as persoas que visitan ou acompañan os pacientes pode deberse, en parte, ás restricións que se esta-



bleceron nos hospitais en canto ao réxime de visitas e acompañamento desde o inicio da pandemia.

Con todo, o informe da Dirección Xeral de Saúde Pública cita algúns estudos realizados que abordan esta cuestión concreta e que serven de fundamento á posibilidade e conveniencia de adoptar medidas específicas nestes ámbitos; entre eles, concretamente podemos citar un estudo realizado no Complexo Hospitalario Universitario da Coruña (CHUAC) no cal describen un abrocho da COVID-19 que tivo lugar no mes de marzo de 2020 nunha unidade de pacientes particularmente vulnerables. Neste abrocho, en que se viron afectadas 22 persoas (12 traballadores e 10 pacientes), identificaron dúas fontes de infección, un traballador e un acompañante dun paciente da unidade que, como mínimo, contaxiou dúas persoas que resultaron ser pacientes con neoplasias hematolóxicas.

Así mesmo, nunha comunicación publicada na revista *International Journal of Infectious Diseases* analízase o papel das persoas que visitan pacientes hospitalizados na transmisión do SARS-CoV-2 no Hospital de São Paulo, que de media recibe 150 visitas diarias. Os investigadores realizaron un cribado con PCR a 150 visitantes asintomáticos cunha media de idade de 39 anos e atoparon que o 4 % tiña un resultado positivo e que, polo tanto, podían actuar como fonte de infección aínda facendo uso da máscara. Conclúen, entre outras cousas, que aínda que a máscara diminúe a trasmisibilidade, tamén pode orixinar unha falsa percepción de protección que pode levar a incumplir outras medidas de prevención. Así mesmo, afirman que o risco de introduciren o virus no hospital os visitantes se incrementa a medida que aumenta a transmisión na comunidade; de aí a importancia de establecer medidas de control a este nivel.

V

Tendo en conta os antecedentes referidos, o obxecto desta orde é aprobar a aplicación de determinadas medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia no que se refire aos acompañamentos a pacientes hospitalizados e visitas nos centros hospitalarios, coa finalidade de que a actividade asistencial se poida desenvolver en condicións de seguridade, tanto para o persoal traballador como para os pacientes.

Tal como establece o Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública do 15 de novembro de 2021, está ben demostrado que o risco de infección nas persoas non vacinadas é maior que entre as persoas coa pauta de vacinación completa, polo que entre as visitas/acompañamentos realizados a un hospital haberá unha potencial asistencia dun 15 ou 20 % de



persoas non vacinadas, tendo en conta só os dous grupos de idade con menor cobertura de vacinación.

Ademais, a probabilidade de transmisión da infección a partir dunha persoa infectada asintomática, aínda que é un pouco menor que desde os sintomáticos, non é desprezable, polo que os grupos de idade máis novos, que adoitan ser asintomáticos ou paucisintomáticos, poden pór en risco as persoas ingresadas no hospital ou mesmo os acompañantes dos enfermos que compartan o cuarto, así como os traballadores.

O maior risco de infección en persoas non vacinadasponse de manifesto en estudos como o de Israel, no cal acharon que a vacinación completa coa vacina de Pfizer, tras 7 días ou máis da inoculación da pauta completa, ten unha estimación axustada da efectividade do 95,3 % (IC do 95 %: 94,9-95,7), e atoparon unha taxa de incidencia de 91,5 por 100.000 persoa/día nos non vacinados fronte ao 3,1 por 100.000 persoas/día en persoas completamente vacinadas.

Isto indica que a posesión dos certificados de vacinación, proba diagnóstica ou superación da enfermidade para realizar visitas ou acompañamento en establecementos onde se poden acumular persoas especialmente vulnerables á COVID-19, como é o caso dos hospitais, pode axudar á prevención da infección no caso de que accedan persoas asintomáticas e, consecuentemente, previr a aparición de abrochos intrahospitalarios que poidan afectar incluso persoas xa vacinadas.

En relación coa posibilidade de que se xeren abrochos nos hospitais, hai que ter en conta a gran dificultade para atribuír a unha fonte concreta a orixe do abrocho, especialmente no que atinxe ás visitas/acompañantes, xa que non existen estudos suficientes. Non obstante, cómpre ter en conta que a investigación da fonte de infección nos casos intrahospitalarios é complexa de determinar, especialmente cando as coberturas de vacinación son moi elevadas, o que favorece a existencia dun número máis elevado de asintomáticos en que non é doado coñecer o momento da infección.

O día 11 de novembro a incidencia acumulada a 14 días é de 34,05 casos por cen mil habitantes, o que supón unha incidencia que indicaría un risco de transmisión baixo. Con todo, estase a observar un incremento paulatino da incidencia, aínda que polo de agora non se observa unha transmisión comunitaria sostida no conxunto de Galicia. O que si se observa é un cambio nos ámbitos de xeración de abrochos ao volver aumentar a proporción deles en eventos sociais, bares/restaurantes e lecer nocturno, con posterior transmisión nas contornas familiares. Isto pode significar un aumento da transmisión a persoas va-



cinadas, xa que a vacina, aínda que reduce o risco de infección, non o fai totalmente, mais ten a vantaxe de que as persoas vacunadas infectadas teñen unha menor probabilidade de transmitir e, de facelo, fano por un período máis curto que as non vacunadas.

Se trasladamos a experiencia dos abrochos notificados en educación infantil e primaria (poboación sen vacinar) ao ámbito hospitalario, ao cal podería acceder ou incluso estar ingresada poboación sen vacinar, poderíamos prever a posibilidade de que acontezan abrochos semellantes aos que se están a dar na actualidade nos colexios.

Países da nosa contorna xa están a implantar este tipo de certificados para diversas actividades, incluído o transporte público, o acceso a locais de hostalaría e de lecer nocturno, acceso a actividades culturais e incluso para acudir ao traballo, como fai Italia, ou para acceder aos hospitais, como en Francia, co fin de evitar a transmisión do virus. A pesar de que a vacunación non impide completamente a infección da persoa vacunada nin elimina a probabilidade de que unha persoa vacunada e infectada poida transmitir a infección, a vacunación ten un efecto positivo sobre ambas (infección e transmisión) que, sen chegar a ter o efecto que ten sobre a prevención da enfermidade grave, non é en absoluto desprezable en canto ao número de posibles contaxios.

O feito de que o virus siga a circular e de que o fará durante tempo, de que no mundo hai un gran número de países con coberturas de vacunación practicamente de cero e de que países da nosa contorna teñen coberturas de vacunación moito máis baixas que as nosas, especialmente en grupos de idade máis novos, fai considerar preciso tomar esta medida para as visitas ou acompañantes das persoas hospitalizadas.

Entre a estratexia de seguridade establecida para protexer a saúde dos traballadores hospitalarios, pacientes e os seus visitantes/acompañantes valoráronse diferentes medidas de carácter administrativo, como poden ser o establecemento dunha triaxe específica para pacientes respiratorios nos servizos de urxencias hospitalarias, a reorganización de determinadas áreas hospitalarias, o establecemento de circuitos de entrada e de saída e a restrición no número de visitas e de acompañantes. Estas medidas resultaron eficaces para previr e limitar a transmisión do SARS-CoV-2.

O feito de implantar o certificado COVID preséntase como unha medida administrativa adicional que, sen dúbida, incrementará a seguridade tanto dos pacientes coma dos traballadores e das visitas e acompañantes, xa que suporá unha maior redución do risco de transmisión, de enfermidade grave e de xeración de abrochos intrahospitalarios.



VI

De acordo co que viñemos expondo, a medida de exixencia de certificado non se formula como unha medida de aplicación xeral ou indiscriminada a todo tipo de actividades ou centros sanitarios, senón que a medida se pretende aplicar neste momento aos centros hospitalarios, co obxecto de garantir os maiores niveis de seguridade tanto para os pacientes coma o persoal traballador, e para as propias persoas acompañantes ou visitantes.

Así, ante todo, debe destacarse que o ámbito persoal da medida se limita ás persoas acompañantes e visitantes, sen que sexa de aplicación, obviamente, aos propios pacientes, titulares do dereito á protección da saúde e á atención sanitaria, que debe garantirse, tanto legal como eticamente, en todo caso.

Tamén debe destacarse que a medida se limita aos centros hospitalarios, tanto públicos como privados, pola natureza e características destes recursos sanitarios, nos cales se produce un internamento dos pacientes, o que dá lugar a unha maior duración da visita ou acompañamento, en cuartos en ocasións compartidos por outros pacientes, incluso coa posibilidade de pernoctación no caso dos acompañantes. Non se aplica, polo tanto, aos centros de saúde.

A medida non será aplicable para o acceso das persoas acompañantes dos pacientes no ámbito das consultas hospitalarias nin para os acompañantes dos pacientes que acuden ao servizo de urxencias hospitalarias.

Resulta importante salientar, para os efectos da valoración do alcance e da proporcionalidade da medida, que no caso de que os visitantes ou acompañantes non dispoñan da documentación indicada, permitírase o acceso se aceptan voluntariamente someterse a unha proba diagnóstica realizada no hospital. Esta previsión determina que o acceso, en último termo, dependa dunha decisión da propia persoa interesada, a quen se lle proporciona unha solución alternativa.

Desta forma, a exixencia dos certificados resulta unha garantía que permitirá controlar un factor de risco, como é o acceso de persoas que sexan asintomáticas ou que non teñan pauta de vacinación completa a centros hospitalarios.

Así, o informe da Dirección Xeral de Saúde Pública do 15 de novembro de 2021 refírese á xustificación específica da utilización dos 3 tipos de pasaportes COVID.



O certificado COVID de vacinación decidiuse implantar tendo en conta a evidencia científica dispoñible, na cal se describe que o risco de transmisión da COVID-19 entre os vacinados é moito menor ca o dos non vacinados, non só porque estes teñen un risco menor de infectarse, senón porque, mesmo no caso de infectarse pola COVID-19, a taxa de ataque secundario dos casos COVID-19 vacinados foi inferior á taxa de ataque secundario dos casos non vacinados.

Na literatura científica vemos como varios estudos sinalan a importante diminución do risco de contaxio en pacientes correctamente vacinados.

O certificado COVID de recuperación establécese de maneira similar ao de vacinación, debido a que nunha revisión da literatura científica realizada polo ECDC se afirmou que as persoas que xa foron diagnosticadas como caso confirmado da COVID-19 reducen dun 81 % a un 100 % a súa probabilidade de reinfección durante un seguimento de 5 a 7 meses. Polo tanto, conclúese que as reinfeccións pola COVID-19 son un evento raro.

Ademais, o estudo SIREN, publicado na revista *Lancet*, con máis de 30.000 participantes, conclúe que a historia previa de infección polo SARS-CoV-2 está asociada a un 84 % menos de risco de contaxiarse novamente, cunha media de 7 meses de duración do efecto protector desde a primoinfección.

Tendo en conta isto, o propio ECDC establece que é moi probable que, dado que unha infección previa da COVID-19 reduce a reinfección, as infeccións previas tamén reducirán a transmisión no ámbito comunitario.

En relación co certificado da realización de probas diagnósticas, a Unión Europea (UE) establece este certificado coa finalidade de reducir o risco de que unha persoa non vacinada/recuperada da COVID-19 se atope contaxiada polo SARS-CoV-2 no momento da viaxe. No caso de Galicia, a finalidade é a mesma, pero establécese para reducir o risco nos interiores dos centros hospitalarios. De igual maneira que a UE aproba o certificado COVID de probas diagnósticas como opción válida para aquelas persoas maiores de 11 anos que non estean vacinadas ou non pasasen a COVID-19, en Galicia habilítase a dita opción e establécense mecanismos para facilitar a realización das ditas probas.

A pesar de que efectivamente as probas diagnósticas só establecen unha foto fixa da situación da persoa cando se realiza a dita proba, a propia UE estableceu un período de validez acordado de maneira consensuada en que os Estados membros aceptamos como válidas as PCR durante 72 horas e os tests de antíxenos durante 48 horas.



Este período foi establecido deste xeito porque as técnicas diagnósticas aceptadas son altamente sensibles e permiten detectar casos mesmo na fase previa ao comezo de síntomas, cando o aumento da carga viral aínda é o suficientemente baixo como para considerar unha persoa como pouco transmisora. Polo tanto, a PCR pode detectar unha persoa infectada pola COVID-19 ata 3 días antes de que poida comezar a transmitir a COVID-19, o cal se establece que comeza 2 días antes do inicio de síntomas.

VII

Nesta orde establécese unha regulación ampla da medida de seguridade sanitaria consistente na exigencia dos certificados.

Así, a regulación que se establece aclara expresamente que os requisitos establecidos se considerarán como condicións de seguridade sanitaria, polo que as persoas responsables da dirección dos establecementos hospitalarios ou o seu persoal terán a obriga de velar pola implantación desta medida no seu respectivo ámbito, e facilitaranlles a información necesaria ás persoas usuarias.

Co obxecto de insistir na máxima garantía da intimidade das persoas, exprésase que, con respecto á exhibición da información referida, non se poderán conservar os datos persoais ou crear ficheiros con eles; establécese que en ningún caso se realizarán operacións de tratamento sobre datos persoais, xa sexa por procedementos automatizados ou non, como a recollida, rexistro, organización, estruturación, conservación, adaptación ou modificación, extracción, consulta, utilización, comunicación por transmisión, difusión ou calquera outra forma de habilitación de acceso ou outra operación non permitida pola normativa vixente.

Con esta mesma finalidade recórdase que, en todo caso, o persoal que poida ter acceso ou coñecemento da información contida nos certificados está obrigado a manter o segredo e a confidencialidade sobre os datos persoais a que accedan, de acordo co establecido no número 4 do artigo 7 da Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe.

Especificamente, o persoal sanitario está suxeito xa legalmente a deberes específicos de segredo e reserva, garantidos polo réxime disciplinario aplicable. Neste sentido, a letra m) do artigo 42 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, considera como infracción grave «O incumprimento por parte do persoal que, en virtude das súas funcións,



deba ter acceso á información relacionada co estado individual de saúde do deber de garantir a confidencialidade e a intimidade das persoas».

A posta en funcionamento da medida e o seu control respectarán, en todo caso, a dignidade da persoa, e as actuacións de comprobación serán o menos intrusivas e invasivas que sexa posible para lograr o obxectivo de protección da saúde pública, procurando reducir ao mínimo as molestias ou inquemadas asociadas coa medida, de acordo co disposto no artigo 38.ter.2.a) da Lei 8/2001.

Débase lembrar que, en todo caso, o empeño da Administración autonómica é garantir o normal funcionamento das institucións hospitalarias concernidas, compatibilizándoo coa maior seguridade sanitaria posible. Por iso, enténdese que a implantación dos certificados é, en todo caso, unha medida alternativa menos gravosa que a prohibición de visitas ou a restrición doutros dereitos como o de acompañamento.

Unha vez documentado o risco específico existente nos centros hospitalarios para traballadores, pacientes e visitas/acompañantes, aínda na situación actual de risco baixo de transmisión, xustifícase a utilidade da medida na redución da transmisión nestas contornas caracterizadas pola vulnerabilidade das persoas ingresadas e polo impacto que os abrochos poden ocasionar sobre o sistema sanitario.

Adicionalmente a esta medida, o Servizo Galego de Saúde e a Dirección Xeral de Saúde Pública están a traballar no obxectivo de ter hospitais seguros, establecendo un marco de estabilidade nos hospitais públicos, recollendo as medidas sanitarias de prevención e control da COVID-19 comúns de aplicación a todos eles e, en definitiva, garantindo a protección da saúde tanto para os traballadores coma para os pacientes e as súas visitas e acompañantes.

A medida recollida nesta orde intégrase nesta iniciativa, sen descartar nin excluír outras medidas dirixidas a esa finalidade, especialmente as medidas de vixilancia do estado de saúde dos traballadores.

É importante sinalar que a exigencia do certificado COVID non será xeneralizado, senón restrinxido a visitas hospitalarias e acompañantes de persoas hospitalizadas.

Por outra banda, hai que ter en conta o feito de que a Administración sanitaria, nesta fase do Plan galego de vacinación, está a facilitar enormemente o acceso á vacinación,



como por exemplo cos sistemas de citación automática, a autocita, a cita telefónica e as xornadas abertas de vacinación sen cita previa.

No momento actual, podemos afirmar que todos os galegos e galegas que quixeron recibir a vacina tiveron xa a oportunidade de vacinarse, situación moi diferente á anterior, na cal o plan de vacinación priorizaba de forma estrita a vacinación en función do risco.

VIII

Por último, en relación co ata o de agora exposto, cabe destacar que a regulación que se aproba respecto da implantación de certificados, nas condicións en que se efectúa nesta orde, cumpre os requisitos establecidos polo Tribunal Supremo para as medidas sanitarias que afectan dereitos fundamentais, tendo en conta a ponderación efectuada entre os dereitos fundamentais que o Tribunal Supremo considera que se poden ver afectados na sentenza antes citada, dereitos que, atendendo ao carácter tenue ou livián desa afectación, non se poden considerar prevalentes cos dereitos fundamentais e bens constitucionalmente protexidos que amparan a implantación da medida examinada.

Así, cabe recordar que a Sentenza expresada do Tribunal Supremo avala no caso considerado a procedencia da medida partindo da confrontación da «tenue limitación que podería ter a medida examinada sobre os dereitos fundamentais á igualdade (artigo 14) e á intimidade (artigo 18.1) co dereito fundamental á vida (artigo 15), coa protección da saúde (artigo 43) en situacións de pandemia como a COVID-19 e co interese xeral de todos de sobrevivir nestas gravísimas circunstancias».

En particular, o Tribunal Supremo pondera na súa sentenza as características dos establecementos a que se refire, tendo en conta a grande afluencia de persoas, o carácter voluntario da entrada, así como o incremento de risco de contaxio en locais pechados e mal ventilados.

No caso específico da medida que se considera na presente orde, resulta evidente que o seu fundamento non atende á natureza recreativa ou de lecer da actividade considerada, senón que debe pórse o acento nas características específicas da asistencia sanitaria hospitalaria e a protección, ante todo, dos e das pacientes, persoas que presentan xa por definición unha situación de saúde comprometida, casos en que deben extremarse as precaucións polas consecuencias máis graves que pode ter a enfermidade. Tamén debe terse en conta, como xa se expresou, a protección do persoal sanitario e do resto de persoas visitantes e acompañantes.



Dentro das actividades afectadas pola medida encóntranse as visitas hospitalaria e o acompañamento dos pacientes. As visitas hospitalarias responden a unha actividade voluntaria que pode obedecer tanto a usos sociais, relacións de amizade ou boa veciñanza como a relacións familiares. O acompañamento dos pacientes supón xa unha actividade de diferente natureza e maior duración (pode incluír incluso a posibilidade de pernoctación) que se regula no artigo 7 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, desde a perspectiva dos dereitos dos pacientes. Estas actividades poden limitarse ou excluírse de acordo co artigo 7 da lei nos casos en que estas presenzas sexan desaconselladas ou incompatibles coa prestación sanitaria. De todos modos, debe terse en conta que a medida prevista nesta orde non impide de forma absoluta o acceso nin sequera ás meras visitas, dado que, ademais de que pode na maior parte dos casos simplemente esperarse á recuperación do paciente, se condicionan ao cumprimento de determinados requisitos de fácil cumprimento na actualidade, ao permitirse, en último termo, a acreditación da realización dunha proba PCR ou de antíxenos, que pode realizarse incluso no propio hospital.

Polo demais, o Tribunal Supremo entendeu, no caso considerado que «a exhibición da documentación sinalada non vulnera o dereito á igualdade, pois non se produce discriminación entre aqueles que están vacinados e os que non o están. Lembremos que a documentación reviste unha tripla modalidade, que resulta acadable a todos, de modo que quen non quere mostrar se foi ou non vacinado, tendo en conta o seu carácter voluntario, pode presentar o resultado da proba PDIA ou o test de antíxenos e, desde logo, o certificado de recuperación da COVID-19 se pasou a infección».

En definitiva, para o Tribunal Supremo «concorre unha xustificación obxectiva e razoable para permitir ou non o acceso ao correspondente establecemento, segundo se cumpra tal exixencia, pois trátase da protección da saúde e da vida das persoas, mediante unha medida que evita ou restrinxo a propagación da pandemia. Tendo en conta que tales diferenzas de trato para seren discriminatorias deben carecer desa xustificación obxectiva e razoable, de acordo con criterios xurídicos atendibles, ao basearse en razóns que resulten xuridicamente relevantes, como é o caso de que as situacións comparables non resultan homoxéneas polos seus graves efectos con respecto á salvagarda do dereito á vida, á integridade física e á protección da saúde».

Respecto da intimidade, o Tribunal Supremo indica que «non parece que se poida esgrimir a prevalencia deste dereito fronte ao dereito á vida e á protección da saúde pública, tendo en conta que a información sobre se se recibiu a vacina ou non, en momentos nos cales se atravesa unha pandemia, é unha peza básica e esencial para impedir a propaga-



ción da infección polo SARS-CoV-2 e, polo tanto, da preservación da vida e da saúde de todos. É certo que se trata dunha información médica, pero as connotacións que impón a situación de pandemia, o carácter masivo da vacinación e a solidariedade que comporta a protección e axuda entre todos desvalorizan a preeminencia da intimidade neste caso».

En particular, o Tribunal Supremo descartou que existise algunha limitación ao dereito á protección de datos, ao considerarse na regulación a simple exhibición dos certificados.

A regulación desta medida de prevención tamén se axusta ao xuízo de proporcionalidade, que inclúe o xuízo de idoneidade, necesidade e proporcionalidade estrita, de acordo co estándar establecido polo Tribunal Supremo na súa sentenza.

A este respecto, ademais do xa indicado respecto da proporcionalidade, no sentido de que se considera que a afectación aos dereitos fundamentais é tenue, ou mesmo discutible, como expresa o Tribunal Supremo, respecto da idoneidade e necesidade da medida, a sentenza expresa: «En relación coa súa idoneidade e necesidade, é certo que cando xorde un grave e inminente perigo para a vida das persoas e a protección da saúde pública calquera actuación da Administración debe axustarse, ante todo, aos criterios médicos e epidemiolóxicos que resulten acordes co estado da ciencia en cada momento, e que constitúan o medio exacto, cabal e apto para acadar a finalidade proposta, sen que exista nese momento unha alternativa mellor. De tal modo, as medidas forzosamente deben ser cambiantes, constantemente adaptadas á evolución da pandemia e aos consecuentes criterios científicos. E sabido é que a vacina non é un medio para curar a enfermidade pero, como antes sinalamos e agora insistimos, si é unha acción de carácter preventivo que evita ou tempera considerablemente a propagación da pandemia, supón un innegable beneficio para a saúde de todos porque diminúe os contaxios e as mortes, e impide o colapso hospitalario que pode comportar a consecuente desatención doutras enfermidades alleas á COVID-19».

O Tribunal Supremo, en particular, pon en relación a idoneidade da medida coas «características propias dos establecementos en que se exige». Como xa referimos anteriormente, no caso que nos ocupa a limitación proposta diríxese á presenza de persoas alleas á actividade prestacional que desenvolve o servizo público, que deberán cumprir certos requisitos, coa finalidade de preservar a saúde dos pacientes e do persoal sanitario e traballador destes centros, ademais de evitar riscos innecesarios ás propias persoas visitantes e acompañantes.



Polo demais, a medida implántase para todos os centros hospitalarios da Comunidade Autónoma, dado que a medida parte dunha análise das características da actividade hospitalaria e da especial vulnerabilidade dos pacientes de cuxa protección se trata, tendo en conta a existencia no momento actual dunha incidencia moi homoxénea da pandemia en todo o territorio da Comunidade Autónoma.

Por último, como exige o Tribunal Supremo, a medida reviste tamén un carácter temporal, segundo os principios científicos, as probas científicas e a información dispoñible en cada momento. Así, recóllese expresamente este carácter temporal e establécese que, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas previstas nesta orde serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser prorrogadas, modificadas ou levantadas mediante orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Como expresa o Tribunal Supremo, «como é natural, as medidas deben adecuarse, como sinalamos, á realidade necesariamente cambiante, atendida a evolución da enfermidade e o estado da ciencia en cada momento, e deben mediar a adecuada correspondencia e a necesaria vinculación entre a realidade sobre a cal se actúa, a finalidade que se persegue e o medio adecuado para a súa consecución».

Co obxecto de reforzar a idea de temporalidade e adecuación establécese, respecto da medida de exigencia de exhibición de certificados, unha eficacia inicial ata as 00.00 horas do día 4 de decembro, desde o día da publicación desta orde, unha vez autorizada xudicialmente, e sen prexuízo da posible revisión da medida e, de ser o caso, da súa prórroga (se se conta nese momento coa necesaria autorización xudicial). Isto é, débese establecer unha duración adecuada e limitada no tempo da medida da exigencia da exhibición de certificados, pola súa afectación, aínda que tenue, aos dereitos fundamentais, sen prexuízo da súa posible prórroga.

Polo tanto, tendo en conta todo o exposto, considérase que a medida resulta xustificada respecto da súa idoneidade, necesidade e proporcionalidade, nos termos recollidos na sentenza do Tribunal Supremo.

IX

As medidas que se adoptan nesta orde teñen o seu fundamento normativo na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26



da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 e 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

En particular, o artigo 34 da Lei de saúde de Galicia, relativo ás «intervencións públicas sobre actividades, centros e bens», expresa:

«As intervencións públicas que poderán exercer as autoridades sanitarias competentes sobre as actividades públicas e privadas que, directa ou indirectamente, poidan ter consecuencias para a saúde son: (...) 6. Establecer, controlar e inspeccionar as condicións hixiénico-sanitarias, de funcionamento e desenvolvemento de actividades que poidan ter repercusión sobre a saúde das persoas».

Así mesmo, o artigo 38.1, «Medidas preventivas en materia de saúde pública» (redactado pola Lei 8/2021), establece:

«1. Co obxecto de protexer a saúde pública, as autoridades sanitarias autonómicas e locais, dentro do ámbito das súas competencias, poderán adoptar medidas preventivas de obrigado cumprimento cando exista ou se sospeite razoablemente a existencia dun risco inminente e grave para a saúde da poboación. Estas medidas poderán consistir:

(...) g) En medidas de seguridade sanitaria e hixiene en determinados lugares e/ou para o desenvolvemento de actividades».

Do mesmo xeito, tamén ofrece base legal á medida o contido da letra k) deste artigo 38.1, dado que permite o establecemento por parte das autoridades sanitarias dunha obriga de «subministración de datos» necesarios para o control e a contención de riscos para a saúde pública.

No caso concreto da medida que nos ocupa, existe, así mesmo, un fundamento normativo específico na regulación que se recolle nesta orde no artigo 7 da lei, «Dereitos relacionados co acompañamento do ou da paciente», dado que se recoñece explicitamente que estes dereitos non son absolutos ou incondicionados, dado que o número 2 do precepto expresa: «os dereitos anteriormente citados limitaranse, e mesmo exceptuaranse, nos casos en que esas presenza sexan desaconselladas ou incompatibles coa prestación sanitaria conforme criterios clínicos. En todo caso, esas circunstancias seranlles explicadas aos afectados e ás afectadas de xeito comprensible».



Así mesmo, ofrece base legal á medida a regulación do número 12 do artigo 15 da lei en canto aos deberes das persoas familiares ou acompañantes dos usuarios e das usuarias do sistema sanitario, sinaladamente os seguintes: cumprir as prescricións específicas determinadas polos servizos sanitarios; usar axeitadamente os recursos, os servizos e as prestacións ofrecidos polo sistema sanitario; manter a debida observancia das normas establecidas en cada centro; cooperar coas autoridades sanitarias na protección da saúde e na prevención das enfermidades; e cumprir as normas e os procedementos de uso e acceso aos dereitos que se lles outorguen a través desta lei.

Conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para adoptar as medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica existente, no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, coa urxencia que a protección da saúde pública demanda.

Na súa virtude, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. *Medida preventiva de seguridade sanitaria consistente na exhibición de documentación que acredite o cumprimento de determinados requisitos para o acceso aos centros hospitalarios das visitas e acompañantes dos pacientes hospitalizados*

1. As visitas e acompañantes dos pacientes hospitalizados poderán acceder aos centros hospitalarios, tanto públicos como privados, sempre que as persoas maiores de 12 anos dispoñan dun certificado emitido polo servizo público de saúde ou, no caso do ordinal 2º, por un laboratorio oficial autorizado, que acredite a concorrencia de calquera das seguintes circunstancias:

1º. Que recibiron a pauta completa dunha vacina contra a COVID-19 para a cal se concedeu unha autorización de comercialización, de conformidade co Regulamento (CE) 726/2004.

2º. Que dispoñen dunha proba diagnóstica negativa realizada nas últimas 72 horas, no caso das PCR, e 48 horas, no caso dos tests de antíxenos. No caso dos tests rápidos de antíxenos, deberán estar enumerados na lista común e actualizada de tests rápidos de



antíxenos da COVID-19 establecida sobre a base da Recomendación 2021/C 24/01, do Consello de Europa.

3º. Que o titular se recuperou dunha infección polo SARS-CoV-2 nos últimos 6 meses. Para iso, a persoa deberá ter sido diagnosticada como caso confirmado da COVID-19 hai 11 días ou máis mediante unha proba PCR, e non é válido outro tipo de test.

2. A medida preventiva de seguridade sanitaria, prevista no número anterior, establécese con fundamento na protección da saúde pública, ao abeiro do estipulado nas letras g) e k) do número 1 do artigo 38.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, e, en particular, da regulación establecida nos artigos 7.2 e 15.12 da lei, e rexerese pola regulación establecida neste punto.

3. A medida non será aplicable para o acceso das persoas acompañantes dos pacientes no ámbito das consultas hospitalarias, nin para os acompañantes dos pacientes que acudan ao servizo de urxencias hospitalarias.

4. No caso dos visitantes ou acompañantes que non dispoñan da documentación indicada no número 1, permitirase o acceso se aceptan voluntariamente someterse a unha proba diagnóstica realizada no hospital.

5. A medida adoptarase con carácter temporal, atendidos os principios científicos, as probas científicas e a información dispoñible neste momento, buscando asegurar un nivel elevado de protección da cidadanía, de acordo co establecido no artigo 38.ter da Lei 8/2008, do 10 de xullo.

A medida poderá ser revisada unha vez atendidas as probas e a información científica existentes en cada momento.

6. Os requisitos establecidos consideraranse como condicións de seguridade sanitaria e concreción dos deberes dos acompañantes establecidos no artigo 15 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, polo que as persoas responsables da dirección dos centros ou o seu persoal velarán pola implantación da medida de seguridade sanitaria.

7. Co obxecto de procurar a máxima garantía de privacidade e intimidade das persoas, a información a que se refire a medida preventiva só poderá ser solicitada para os efectos da súa mera comprobación ou verificación. Non se conservarán en ningún caso datos de carácter persoal nin se crearán ficheiros con eles. Polo tanto, non se realizarán en ningún



caso operacións de tratamento sobre datos persoais, xa sexa por procedementos automatizados ou non, como a recollida, rexistro, organización, estruturación, conservación, adaptación ou modificación, extracción, consulta, utilización, comunicación por transmisión, difusión ou calquera outra forma de habilitación de acceso ou outra operación non permitida pola normativa vixente.

8. En todo caso, o persoal que poida ter acceso ou coñecemento da información está obrigado a manter o segredo e a confidencialidade sobre os datos persoais a que acceda, de acordo co establecido no número 4 do artigo 7 da Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, ou de acordo coa lexislación aplicable ao persoal sanitario, así como ao cumprimento do indicado no punto anterior.

9. De acordo co artigo 7.2 da Lei 8/2008, a medida seralle explicada aos afectados e ás afectadas de xeito comprensible. En particular, as persoas a que atinxe serán informadas, tanto verbalmente como a través de carteis visibles localizados na entrada do establecemento, de acordo cos modelos que determine a Consellería de Sanidade, das medidas aplicables e do seu contido, sobre o seu carácter necesario para o acceso, así como da non conservación dos datos persoais, a súa non integración en calquera tipo de ficheiros e a inexistencia de calquera tratamento ulterior, co fin de facilitar o coñecemento da dita información por parte dos seus destinatarios.

10. A posta en funcionamento da medida e o seu control respectarán, en todo caso, a dignidade da persoa. As actuacións de comprobación serán o menos intrusivas e invasivas que sexa posible para lograr o obxectivo de protección da saúde pública, procurando reducir ao mínimo as molestias ou inquiredanzas asociadas coa medida, de acordo co disposto no artigo 38.ter.2.a) da Lei 8/2001.

Segundo. *Autorización xudicial, publicación e eficacia*

1. Solicítase a autorización xudicial das medidas consistentes na exhibición de documentación, previstas no punto primeiro desta orde, en canto poden implicar limitación ou restrición de dereitos fundamentais, de acordo co disposto na redacción vixente do número 8 do artigo 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e publícase a orde unha vez obtida a referida autorización.

2. As medidas previstas nesta orde terán efectos desde as 00.00 horas do día seguinte ao da súa publicación e ata as 00.00 horas do día 4 de decembro.



3. En cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas previstas nesta orde serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser prorrogadas, modificadas ou levantadas mediante orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2021

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade



I. DISPOSICIÓN XERAIS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

ORDE do 26 de outubro de 2021 pola que se prorroga e se modifica a Orde do 6 de outubro de 2021 pola que se aproba a exixencia de determinadas medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia no que se refire á actividade dos albergues turísticos.

I

Mediante a Resolución do 21 de outubro de 2021, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, dáse publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 21 de outubro de 2021, polo que se declara a finalización da situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, declarada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020, como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.

A finalización da aplicación dos mecanismos extraordinarios derivados da lexislación de protección civil debe entenderse sen prexuízo de que continúen sendo necesarias, mentres permaneza a pandemia, medidas de prevención de acordo coa lexislación sanitaria en vigor.

Neste sentido, a Lei estatal 2/2021, do 29 de marzo, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, prevé no seu artigo 2.3 que «as medidas contidas nos seus capítulos II, III, IV, V, VI e VII e na disposición adicional quinta serán de aplicación en todo o territorio nacional ata que o Goberno declare de maneira motivada e de acordo coa evidencia científica dispoñible, logo do informe do Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias, a finalización da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19. O Goberno consultará as comunidades autónomas no seo do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde con carácter previo á finalización da situación de crise sanitaria a que se refire o parágrafo anterior».

De acordo coa lexislación estatal, continúa, polo tanto, existindo unha situación de crise sanitaria. En particular, isto determina que sigan sendo de aplicación os mecanismos de tutela previstos na lexislación sanitaria. A Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública, conforma, xunto coa Lei 14/1986, do 25 de abril,



xeral de sanidade; a Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema nacional de saúde, e a Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, o corpo normativo fundamental da acción de tutela da saúde pública no ámbito estatal, ao cal se debe unir a lexislación autonómica reguladora da protección da saúde pública no marco de competencias autonómico, como é o caso, na Comunidade Autónoma galega, da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia. En efecto, recóllense na dita normativa medidas que as autoridades sanitarias poderán acordar para tutelar a saúde pública en situacións de risco, co fin de cumprir o mandato contido no artigo 43 da Constitución española, que, despois de proclamar o dereito á protección da saúde, dispón que lles compete aos poderes públicos organizaren e tutelaren a saúde pública a través de medidas preventivas e das prestacións e servizos necesarios, e que a lei establecerá os dereitos e deberes de todos ao respecto. O dito marco normativo débese completar, atendida a posible afectación que tales medidas poden ter sobre os dereitos fundamentais, coa necesidade de intervención xudicial.

II

Unha vez sentado o anterior, cómpre indicar que, aínda que a situación epidemiolóxica de Galicia está a mellorar de forma significativa e se están a establecer medidas progresivas de desescalada, as actividades que presentan un risco comparativamente máis alto de transmisión, como son os albergues turísticos, precisan continuar con medidas específicas de control, tendo en conta que o virus SARS-CoV-2 segue a circular e causa novos casos, ingresos hospitalarios en unidades de críticos e mortes na nosa Comunidade Autónoma.

Neste sentido, o informe da Dirección Xeral de Saúde Pública do 26 de outubro indica que, na actualidade, a situación epidemiolóxica pódese resumir da seguinte forma:

A incidencia está a descender, con 7,11 e 13,99 casos por 100.000 habitantes a 7 e a 14 días, respectivamente; cunha porcentaxe de cambio diaria na tendencia que neste momento pasou ao -7,6 % a partir do 25 de agosto, e con outro cambio na tendencia, tamén decrecente pero máis lento, a partir do 29 de setembro, cunha porcentaxe de cambio diaria do -0,7 %.

O índice reprodutivo instantáneo global está lixeiramente por riba de 1, o que significa que cada caso positivo vai xerar algo máis dun caso positivo, polo que a incidencia pode aumentar lixeiramente.

A porcentaxe de positividade das probas diagnósticas realizadas é tamén baixa, do 1,02, lonxe do 5 % recomendado pola OMS, cunha prevalencia, practicamente do 100 %



da variante Delta (india) que, aínda que ten unha transmisibilidade entre un 40 e un 60 % superior ca a variante Alfa, non ten un escape inmunitario importante.

O número de concellos sen casos nos últimos 14 días é de 222 (70,9 % do total de concellos) e de 255 (81,5 % do total de concellos) nos últimos sete días.

En canto á evolución por grupos de idade, obsérvase que a incidencia a 7 días no grupo de 0 a 14 anos, que inclúe aqueles que non teñen indicada a vacinación, está a descender aínda que continúa a ser un dos grupos máis afectados, xunto cos de 30 a 39 anos. O feito de que este grupo teña unha alta proporción de casos sen síntomas e un menor risco de padecer unha enfermidade grave fai que, neste momento, en que os casos se están a dar entre familiares dos casos, algúns deles persoas de idade, non teña excesiva repercusión sobre as taxas de hospitalización e de falecementos. Non obstante, a pesar do descenso no número de ingresos, o grupo de idade con máis ingresos é o de 80 e máis anos, con 10 ingresos acumulados nos últimos 14 días, que supoñen o 33,3 % de ingresos dos casos dos últimos 14 días. O número de falecementos acumulados nos últimos 14 días é de 8.

No momento actual, ante a situación epidemiolóxica moi favorable de Galicia, non se espera, polo de agora, un aumento exponencial da incidencia, especialmente tendo en conta a cobertura vacinal da poboación, cun 92,6 % do total de poboación vacinada (poboación susceptible de ser vacinada, sen contar cos menores de 12 anos que non se poden vacinar), o que significa un 82,9 % sobre o total da poboación. Non obstante, temos que ter en conta que hai grupos de idade en que non se acadará esa alta cobertura e, así, nos grupos de idade de 12 a 39 anos estamos por debaixo do 90 % de cobertura. Igualmente, hai que ter en conta que é posible a substitución da variante Delta por outra nova, aínda que polo de agora non se observe, mais hai que estar atentos ante o avance no Reino Unido da variante Delta Plus, que semella ser un 10 % máis transmisible ca a variante Delta, xa de por si moi transmisible.

Como resumo, o informe destaca que os indicadores epidemiolóxicos van mellorando en Galicia, pero segue a existir circulación do virus e, polo tanto, risco de transmisión, aínda con incidencias significativas en grupos de idade que poden ser usuarios deste tipo de establecementos.

III

Tendo en conta os antecedentes referidos, o obxecto desta orde é prorrogar a eficacia da Orde do 6 de outubro de 2021 pola que se aproba a existencia de determinadas medidas



de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia no que se refire á actividade dos albergues turísticos. Tamén se modifica a Orde do 6 de outubro do 2021, no sentido de habilitar a posibilidade de ocupar ata o 100 % da capacidade máxima das prazas dos espazos de aloxamento de uso compartido dos albergues, sempre que todas as persoas maiores de 12 anos exhiban un certificado que acredite que o seu titular recibiu a pauta completa dunha vacina contra a COVID-19 para a cal se concedeu autorización de comercialización conforme o Regulamento (CE) nº 726/2004, ou ben que dispón dunha proba diagnóstica negativa ou que se recuperou dunha infección polo SARS-CoV-2 nos últimos seis meses. Mantense, pola súa banda, un 50 % da capacidade máxima permitida nos espazos de uso compartido dos albergues, que resultará de aplicación naqueles casos en que o aloxamento compartido non sexa ocupado por un grupo de convivencia estable e o titular do albergue non opte por chegar ao 100 % da capacidade máxima; neste último caso será obrigado o cumprimento do requisito de exhibición do certificado consonte o previsto nesta orde.

Cómpre salientar que a citada medida de exhibición do certificado como requisito necesario para incrementar a capacidade máxima permitida xa foi ratificada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, mediante o Auto do 8 de outubro de 2021, ditado no procedemento de protección de dereitos fundamentais 7652/2021.

A presente orde tamén modifica a Orde do 22 de outubro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e se modifica a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia, coa finalidade de adaptar a regulación dos albergues contida nela ás modificacións expostas.

A medida de exhibición de certificados unicamente se exige para a ampliación da indicada capacidade máxima dos espazos de aloxamento compartido ata o 100 % e adóptase ponderando o principio de proporcionalidade, tendo en conta que a exixencia do certificado é considerada polo Tribunal Supremo como unha medida que afecta, ben que de modo livián ou tenue, os dereitos fundamentais, o que aconsella restrinxir a súa utilización neste momento aos supostos nos cales o establecemento pretenda a ampliación ata o 100 % da capacidade máxima, por existir neste caso maior risco.

En efecto, o aumento da capacidade significa aumentar o risco de transmisión, tal e como está suficientemente comprobado ao longo de toda a pandemia, xa que significa



unha dificultade engadida para poder manter a distancia de seguridade e aumenta tamén a probabilidade da entrada ao local dalgunha persoa infectada.

O que se pretende é que estes establecementos utilicen a exigencia do certificado COVID como mecanismo compensatorio ante este aumento do risco de transmisión. Deste xeito terían unha garantía engadida na seguridade da súa actividade respecto da transmisión do virus, tendo en conta que nestes establecementos hai circunstancias en que o cumprimento do uso da máscara por parte dos usuarios non é posible, xa que non hai existencia de que esta se leve posta no momento de durmir. Igualmente, compartir un espazo interior pechado, onde ás veces a ventilación non é a axeitada, aumentaría este risco, de existir unha persoa infectada compartindo o espazo con outros usuarios.

Como punto de partida da medida proposta debe terse en conta que, como vimos expresando, nos espazos de aloxamento compartido dos albergues concorren unhas características peculiares:

- Neles alóxanse persoas que non teñen que estar ligadas por unha relación de convivencia.

- Estas persoas poden provir de moi diversos países e destinos, o que incrementa os riscos de exposición ás diversas variantes do virus, tendo en conta, ademais, que os niveis de cobertura vacinal en moitos países son moi diferentes e inferiores, en moitos casos, aos existentes en Galicia e España.

- A pernoctación en cuartos de uso compartido incrementa a exposición aos aerosóis respiratorios durante varias horas seguidas, con maior risco de contaxio da COVID-19.

- A pernoctación dificulta a utilización dunha medida de seguridade fundamental como é a máscara e o seu control.

- O incremento da capacidade máxima produce unha redución das distancias interpersoais entre os usuarios.

No sentido exposto, o informe da Dirección Xeral de Saúde Pública do 26 de outubro de 2021, en relación co risco asociado a estes espazos de uso compartido, destaca as seguintes cuestións:

- Neste tipo de establecementos, persoas sen relación entre si e que poden proceder de diferentes lugares e países van compartir cuarto para durmir, polo que se considera preciso



establecer medidas adicionais de salvagarda da saúde para poder aumentar a capacidade, nun momento en que se vai ir cara á relaxación de capacidades e á capacidade completa noutros sectores.

– Nesta mestura de persoas de diferentes procedencias, de lugares con coberturas vacinais menores ca as de Galicia, a exixencia dos certificados COVID-19 é unha ferramenta útil para o control da aparición de casos novos e mesmo de novas variantes do virus, que poderían afectar a boa evolución da situación epidemiolóxica en Galicia.

– É importante ter en conta que a adopción de calquera medida debe adecuarse, ademais de á situación epidemiolóxica existente, ao risco de transmisión que poida ocasionar unha determinada actividade, ben sexa polo establecemento en que esta se desenvolve ou ben polas propias características da actividade que, como neste sector de aloxamentos turísticos, pode ter un risco incrementado.

– Coa evidencia científica acumulada, considérase que a principal vía de transmisión do SARS-CoV-2 é o contacto e a inhalación das pingas e aerosois respiratorios emitidos por un enfermo e que conteñen virus con capacidade de xerar infección, sobre todo en determinadas circunstancias: en proximidade ao caso índice durante tempo prolongado e en espazos pechados e mal ventilados. Os aerosois virais poden permanecer infecciosos durante horas baixo determinadas condicións, como son a mala ventilación dos espazos interiores e a ausencia de luz ultravioleta.

– Se asimilamos a evidencia do risco doutros ámbitos en que se produce a retirada da máscara durante un tempo prolongado e en espazos nos cales, por momentos, pode non darse a ventilación axeitada, ponse en evidencia que un dos ámbitos en que poden darse estas circunstancias é o dos albergues turísticos. Producíronse moitos eventos de supertransmisión en contornas interiores e tamén quedou demostrado que en escenarios «oportunistas», como cando é maior o número de persoas que se agrupan temporalmente, aumenta a probabilidade media de transmisión.

– Nun estudo analízanse os factores que tiñan influencia sobre a transmisión de SARS-CoV-2 en dormitorios compartidos por varios traballadores ou estudantes. Debido ás densas redes de contacto nestas contornas pechadas, as enfermidades infecciosas introducidas nun cuarto poderían resultar en altos niveis de transmisión. Igualmente, conclúese que se daban múltiples introducións da COVID-19 relacionadas con persoas asintomáticas ou presintomáticas.



– Aínda que non é comparable, dadas as características da poboación sobre a cal se fixo o estudo, que son persoas máis vulnerables, en Inglaterra, nun estudo sobre as medidas tomadas nos albergues destinados a persoas sen fogar, que podemos considerar que teñen as mesmas características habitacionais ca os albergues turísticos, xa que se comparten cuartos entre varias persoas, atoparon que se evitaron falecementos neste colectivo na primeira onda por seren trasladados a establecementos turísticos convencionais. Tamén se entende que a relaxación das medidas nestes albergues en 2021 podería producir gromos, mesmo se a incidencia na poboación xeral é baixa.

– Ademais, nunha proba piloto que se está a levar a cabo en albergues de Galicia, para comprobar a calidade do aire das estadias onde dormen os peregrinos usuarios de albergues turísticos, cunha medición en continuo do nivel de dióxido de carbono (CO₂), están a atoparse medicións que van desde as 404 ppm (partes por millón) de CO₂ ata as 3.246 ppm, cunha mediana de 1.161,5 ppm ás 00.00 horas. E das 405 ppm ás 4.632 ppm, cunha mediana de 1.294 ppm ás 4.00 horas, o que indica que se superan os límites en que se considera que xa é preciso ventilar (800 ppm) con amplitude.

– Todo o anterior pon de manifesto que este tipo de establecementos presenta un risco adicional debido á falta de uso de máscara á hora de durmir e un risco de mala ventilación do espazo, en parte por mor de que, aínda que os usuarios teñen os lectores á vista e indicacións de abrir as ventás, na práctica non se fai adecuadamente, xa que pode acontecer que uns usuarios as abran e outros as pechen sen que dea tempo a realizar unha boa ventilación, cuestión que se complica durante a noite, tal como pon en evidencia a mediana de ppm de CO₂ máis elevada ás 4.00 ca ás 00.00 horas.

– Galicia é a comunidade autónoma coa porcentaxe de vacinados sobre o total de poboación vacinable máis elevada de todas as comunidades e cidades autónomas de España. Pero isto significa que outras comunidades autónomas presentan taxas de cobertura menores sobre todo nos grupos de idade de 20 a 39 anos. Isto quere dicir que a probabilidade de que coincidan nestes establecementos persoas sen pauta completa de vacinación é alta. Hai que ter en conta tamén que noutros países europeos as taxas de vacinación son menores, o que fai aumentar este risco.

– Estes grupos de idade, cunha menor cobertura, son os que con maior probabilidade utilizarán estes albergues e está ben demostrado que o risco de infección nas persoas non vacinadas é maior que entre as persoas coa pauta de vacinación completa, polo que, nos establecementos coas características sinaladas cunha potencial asistencia dun 20 ou



25 % de persoas non vacinadas, a probabilidade de transmisión da infección a partir dunha persoa infectada asintomática é sensiblemente superior á que pode existir noutros establecementos de características diferentes.

O informe continúa sinalando que ningunha medida de prevención e control que permita as interaccións persoais entre a poboación pode evitar completamente posibles novos contaxios polo SARS-CoV-2, sobre todo cando estes contactos se producen sen que se poidan garantir totalmente as medidas de prevención que se aplican na maioría de ámbitos (uso de máscara en todo momento e distancia interpersonal). As medidas non farmacolóxicas impostas durante o transcurso da pandemia teñen como obxectivo reducir o número e a gravidade dos contaxios e non é necesaria unha redución absoluta destes para considerar unha medida como eficaz e adecuada para o obxectivo que persegue. Polo tanto, o feito de que a implantación do pasaporte COVID non elimine por completo a posibilidade de novos contaxios non invalida en ningún momento a idoneidade dunha medida que permite reducir o devandito risco.

Doutra banda, merece a pena resaltar o obxectivo que ten a estratexia da acreditación do estado COVID-19, coa cal se pretende reducir a probabilidade de que unha persoa infectada entre en contacto con outra persoa non infectada e esta última se contaxie. Tendo claro o obxectivo que se persegue, a utilización do coñecemento científico obtido ata o momento fai que non caiba lugar a dúbida de que este obxectivo de redución da probabilidade de novos contaxios pode conseguirse con esta estratexia.

Deben tamén ponderarse outros factores, como é o impacto económico das menores capacidades neste tipo de establecementos e a súa repercusión sobre o turismo en Galicia. A limitación da capacidade supuxo un importante problema para este sector do turismo en Galicia, especialmente neste ano Xacobeo, que se estenderá ao próximo ano 2022, e en determinados momentos ocorreu que non dispuñan de capacidade suficiente para atender as necesidades turísticas, cunha importante repercusión económica sobre este sector.

A Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia dispón dun Plan de reactivación dos sectores cultural e turístico fronte aos efectos derivados da COVID-19. Tamén puxo en marcha o programa Camiño Seguro co obxectivo de promover unha peregrinación adaptada á situación sanitaria a través dun protocolo integral de actuación nos itinerarios xacobeos en Galicia. Como indica na súa páxina web (<https://www.caminodesantiago.gal/es/caminoseguro>), o programa inclúe medidas como as seguintes: limitacións de capacidade, elaboración de guías e manuais de apoio, formación para máis de 300 albergueiros, axudas para a adaptación dos establecementos ás medidas hixiénico-sanitarias, servizo



de asesoramento para os negocios e un novo sistema de reservas de albergues en liña. O desenvolvemento de novas plataformas tecnolóxicas é importante para facilitar as reservas nos albergues, que dean información en todo momento aos peregrinos das prazas dispoñibles, para recoller as medidas sanitarias comúns de aplicación a todos os establecementos do sector e establecer as medidas sanitarias de aplicación para garantir un nivel maior de seguridade. Non obstante, o uso da máscara queda eximido cando o peregrino xa senta ou se deita na cama.

IV

De acordo co que viñemos expoñendo, a medida de exixencia de certificado non se formula como unha medida de aplicación xeral ou indiscriminada a todo tipo de actividades, senón que se pretende aplicar neste momento a actividades moi determinadas para as cales existe unha xustificación epidemiolóxica polas súas características ou polas condicións en que se realizan, tendo en conta especialmente a ampliación de capacidades máximas que se autoriza.

Desta forma, a exixencia dos certificados resulta unha garantía que permitirá a indicada ampliación das capacidades máximas. En definitiva, a autoridade sanitaria considera que, na situación epidemiolóxica actual de Galicia, a exixencia dos certificados prevista permite unhas condicións de funcionamento do sector que compatibilizan mellor o desenvolvemento da actividade coa seguridade sanitaria. En particular, permitir a ampliación de capacidades máximas co contrapeso da exixencia dos certificados supón unha medida menos gravosa para a consecución do fin proposto de saúde pública, con igual eficacia que impedir as indicadas ampliacións.

Débase destacar, por outra parte, que a medida se adopta con carácter temporal e atendidos os principios científicos, as probas científicas e a información dispoñible nese momento, o que se pasa a desenvolver a continuación con máis detalle.

En efecto, a avaliación realizada conclúe que a limitación do acceso ao interior dos espazos de aloxamento compartido dos albergues a persoas vacinadas, persoas que contan cunha proba negativa ou persoas que pasaron a enfermidade contribúe a diminuír as posibilidades da existencia de contaxio e gromos.

O informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 26 de outubro de 2021, refírese á xustificación específica da utilización dos tres tipos de pasaportes COVID.



Polo que se refire á vacinación, o certificado COVID de vacinación decidiuse implantar tendo en conta a evidencia científica dispoñible, na cal se describe que o risco de transmisión da COVID-19 entre os vacunados é moito menor ca o dos non vacunados, non só porque estes teñen un risco menor de infectarse, senón porque, mesmo no caso de infectarse pola COVID-19, a taxa de ataque secundario dos casos COVID vacunados foi inferior á taxa de ataque secundario dos casos COVID non vacunados. Na literatura científica vemos como varios estudos sinalan a importante diminución do risco de contaxio en pacientes correctamente vacunados. Un recente estudo, publicado por Mayo Clinic Health System, mostra como a redución de risco de infección foi, no caso de Moderna, un 86 % (IC95: 81-90,6 %) e no de Pfizer, un 76 % (IC95: 69-81 %). Mesmo na variante Delta, máis contaxiosa, o estudo React (*Real-Time Assessment of Community Transmission Findings*), realizado con 46.525 participantes, estimou unha importante redución do risco de infección tanto para vacinas baseadas en adenovirus como de mRNA.

Outro estudo realizado en Escocia demostrou tamén como a taxa de ataque secundario dun caso COVID se reduciu nun 30 % cunha soa dose de vacina en ambientes de moi alta transmisibilidade (conviventes), polo que esta redución podería ser mesmo maior en contornos en que existe menor interacción entre persoas ca nos domicilios. Segundo un informe do ECDC, a carga viral das persoas contaxiadas da COVID-19 vacunadas é menor ca a das contaxiadas non vacunadas, tanto en casos sintomáticos como asintomáticos, o que implica unha redución de tempo e cantidade da excreción de virus entre os vacunados. Isto podería implicar, por tanto, unha redución da transmisión desde os casos vacunados aos seus contactos.

Ademais, noutro informe, o ECDC pon de manifesto que as persoas vacunadas teñen un risco reducido de desenvolver a COVID, que é moi baixo para as persoas mozas e de mediana idade e baixo para as persoas maiores ou con factores de risco subxacentes. Así mesmo, as persoas non vacunadas reducen significativamente o seu risco de infectarse e desenvolver a COVID-19 no caso de entrar en contacto cun caso COVID se este está vacunado. Neste informe, o ECDC salienta que se pode permitir certa relaxación de medidas non farmacolóxicas cando se pode asegurar que as persoas están correctamente vacunadas, debido a que, no caso pouco probable de que unha persoa vacunada se infecte pola COVID, os seus contactos non vacunados reducen notablemente o seu risco de desenvolver unha enfermidade grave, coa consecuente redución da saturación do ámbito sanitario e da mortalidade provocada pola COVID. Na matriz de risco que o ECDC establece neste caso, o risco das persoas maiores ou con condicións subxacentes de desenvolver unha enfermidade grave baixa a moderado e, no caso de persoas máis novas sen patoloxías previas, este risco establécese como moi baixo. A vacinación elimina, por tanto, o risco alto e moi alto.



Así mesmo, respecto a ter pasado a enfermidade, o certificado COVID de recuperación establécese de maneira similar ao de vacinación, debido a que nunha revisión da literatura científica realizada polo ECDC se afirmou que as persoas que xa foron diagnosticadas como caso confirmado da COVID-19 reducen dun 81 % a un 100 % a súa probabilidade de reinfección durante un seguimento de 5 a 7 meses. Polo tanto, conclúese que as reinfeccións pola COVID-19 son un evento raro. Ademais, o estudo SIREN, publicado na revista *Lancet*, con máis de 30.000 participantes, conclúe que a historia previa de infección polo SARS-CoV-2 está asociada a un 84 % menos de risco de contaxiarse novamente, cunha media de 7 meses de duración do efecto protector desde a primoinfección. Tendo en conta isto, o propio ECDC establece que é moi probable que, dado que unha infección previa contra a COVID-19 reduce a reinfección, as infeccións previas tamén reducirán a transmisión no ámbito comunitario.

Polo que se refire á acreditación de probas diagnósticas, o informe expresa que a UE establece este certificado coa finalidade de reducir o risco de que unha persoa non vacunada/recuperada da COVID se encontre contaxiada polo SARS-CoV-2 no momento da viaxe. No caso de Galicia, a finalidade é a mesma pero establécese para reducir o risco nos interiores de establecementos que albergan peregrinos. De igual maneira que a UE aproba o certificado COVID de probas diagnósticas como opción válida para aquelas persoas maiores de 12 anos que non estean vacunadas ou non pasasen a COVID, en Galicia habilítase a dita opción e establécense mecanismos para facilitar a realización das ditas probas.

O informe indica que malia que, efectivamente, as probas diagnósticas só establecen unha foto fixa da situación da persoa cando se realiza a dita proba, a propia UE estableceu un período de validez acordado de maneira consensuada no cal se aceptan como válidas as PCR durante 72 horas e os tests de antíxenos durante 48 horas.

Este período foi establecido deste xeito porque as técnicas diagnósticas aceptadas son altamente sensibles e permiten detectar casos mesmo na fase previa ao comezo de síntomas, cando o aumento da carga viral aínda é o suficientemente baixo como para considerarse unha persoa como pouco transmisible. O informe xustifica que a PCR é capaz de diagnosticar un caso de COVID-19 mesmo 5 días antes do inicio dos síntomas. Polo tanto, a PCR pode detectar unha persoa infectada pola COVID-19 ata 3 días antes de que esta persoa poida comezar a transmitila, o cal se establece que comeza 2 días antes do inicio dos síntomas.

Tendo en conta o anteriormente mencionado, o informe expresa que estas probas non exclúen ao 100 % que unha persoa que obtivo un resultado negativo o día previo a acudir



a un albergue poida estar infectada, pero parece claro, polo anteriormente explicado, que a probabilidade de que esta persoa poida transmitir o virus no momento en que acode ao establecemento é moi baixa.

Polo tanto, a realización de probas diagnósticas permite identificar casos asintomáticos e realizar diagnósticos de forma precoz. Deste xeito, a realización das probas diagnósticas permite romper cadeas de transmisión e evitar gromos de magnitude, motivo polo cal esta realización de probas se adopta como medida tamén para o control do persoal sanitario e sociosanitario non vacunado/recuperado, para o cribado de pacientes ingresados ou como medida estratéxica adoptada pola UE para os viaxeiros. Igualmente, permite identificar os contactos estreitos de casos asintomáticos que pasarían desapercibidos, así como reducir a probabilidade de que unha persoa acceda a un albergue sendo positiva, debido a que cada poucos días tería que repetir estas probas se non se vacina. Polo tanto, o cribado repetido destas persoas que acoden a locais onde non se pode garantir o uso da máscara en todo momento permite detectar casos entre persoas con maior risco de padecer a COVID ou de padecela de maneira máis grave por non estaren vacunadas/recuperadas dela.

O informe recalca tamén que só se permite acreditar o certificado de probas negativas con probas cunha alta sensibilidade diagnóstica (>90 %) e que o tempo que se autoriza para a validez das PCR é maior debido a que é a técnica máis sensible de que se dispón actualmente.

En definitiva, estas medidas teñen en común o obxectivo de reducir a probabilidade de que unha persoa infectada entre en contacto con outras persoas non infectadas e non protexidas e, polo tanto, poida transmitirles a infección.

Para ponderar a proporcionalidade da medida, cómpre ter en conta que vai acompañada dun grande esforzo da Administración sanitaria tanto no campo da vacinación como no da expedición de certificados e no aumento da dispoñibilidade de probas para a detección do virus SARS-CoV-2, favorecendo unha maior accesibilidade ás probas da COVID-19. Así, débese destacar que, neste momento, no noso país, todas as persoas maiores de doce anos que quixeron vacunarse tiveron a oportunidade de facelo. Respecto das persoas que optan libremente por non vacunarse, a medida de prevención consistente na existencia do certificado para o acceso aos espazos de uso compartido dos albergues non as forza a iso, xa que se trata de establecementos onde non se prestan en réxime de exclusividade estes servizos de aloxamento, pois sempre teñen a opción de usar nos albergues os espazos de aloxamento non compartido ou de acudir a aloxarse a outros establecementos de hostalaría onde non se exige esta medida, ou de realizar unha proba PCR ou de antíxe-



nos, de fácil acceso na actualidade. En particular, debe terse en conta que a exigencia do certificado depende tamén da afluencia de peregrinos, dado que no caso de que o titular do establecemento decida, en vista da indicada afluencia, que non é necesario aumentar a ocupación até o 100 % das prazas dos espazos de aloxamento compartido, non resulta exigible esta medida.

Na regulación contida na Orde do 6 de outubro de 2021, que agora se prorroga e se modifica, xa se expresa que, co obxecto de insistir na máxima garantía da intimidade das persoas, a exhibición da información a que se refire esta só poderá ser solicitada no momento de acceso e que non se poderán conservar os datos persoais ou crear ficheiros con eles; establécese que en ningún caso se realizarán operacións de tratamento sobre datos persoais, xa sexa por procedementos automatizados ou non, como a recollida, o rexistro, a organización, estruturación, conservación, adaptación ou modificación, extracción, consulta, utilización, comunicación por transmisión, difusión ou calquera outra forma de habilitación de acceso ou outra operación non permitida pola normativa vixente.

Con esta mesma finalidade recórdase que, en todo caso, as persoas titulares dos establecementos ou o persoal que realice o control de acceso están obrigados a manter o segredo e a confidencialidade sobre os datos persoais a que accedan, de acordo co establecido no número 4 do artigo 7 da Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe.

Por último, régulanse na orde citada cuestións relativas á información aos clientes e prevese expresamente que a posta en funcionamento da medida e o seu control respectarán, en todo caso, a dignidade da persoa. As actuacións de comprobación serán o menos intrusivas e invasivas que sexa posible para lograr o obxectivo de protección da saúde pública, procurando reducir ao mínimo as molestias ou inxerencias asociadas coa medida, de acordo co disposto no artigo 38.ter.2.a) da Lei 8/2001.

Débese lembrar que, en todo caso, o empeño da Administración autonómica é garantir o libre exercicio das actividades económicas concernidas, compatibilizándoo coa maior seguridade sanitaria posible. Así mesmo, cabe lembrar que a exigencia deste certificado permite o exercicio das actividades dos albergues turísticos en condicións de capacidade máxima máis amplas que as actualmente vixentes. Por iso se entende que a exigencia de certificados é, en todo caso, unha medida alternativa que compensa a ampliación indicada e, polo tanto, menos gravosa ca a prohibición da ampliación destas actividades.



V

A Sentenza 1112/2021, da Sección Cuarta da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo, avala, no caso considerado, a procedencia da medida partindo da confrontación da «tenue limitación que podería ter a medida examinada sobre os dereitos fundamentais á igualdade (artigo 14) e á intimidade (artigo 18.1) co dereito fundamental á vida (artigo 15), coa protección da saúde (artigo 43) en situacións de pandemia como a COVID-19 e co interese xeral de todos de sobrevivir nestas gravísimas circunstancias».

En particular, o Tribunal Supremo pondera na súa sentenza as características dos establecementos a que se refire, tendo en conta a grande afluencia de persoas, o carácter voluntario da entrada, así como o incremento do risco de contaxio en locais pechados e mal ventilados. Polo que se refire ao caso específico dos albergues turísticos, e aínda que a actividade de aloxamento presenta obvias diferenzas con outros tipos de actividades de lecer ou recreativas, podemos destacar que, como antes expresamos, estes albergues non prestan servizos de aloxamento en réxime de exclusividade, pois os usuarios sempre dispoñen da opción de utilizar nos propios albergues os espazos de aloxamento non compartido ou de acudir a aloxarse a outros establecementos de hostalaría, onde non se exige esta medida, ou de realizar unha proba PCR ou de antíxenos, de fácil acceso na actualidade. En particular, como xa indicamos, debe terse en conta que a exigencia do certificado depende tamén da afluencia de peregrinos, dado que, no caso de que o titular do establecemento decida, en vista da indicada afluencia, que non é necesario aumentar a ocupación por encima do 50 % das prazas dos espazos de aloxamento compartido, non resulta exixible esta medida.

Polo demais, o Tribunal Supremo entende que «a exhibición da documentación sinalada non vulnera o dereito á igualdade, pois non se produce discriminación entre aqueles que están vacinados e os que non o están. Lembremos que a documentación reviste unha tripla modalidade, que resulta accesible para todos, de modo que quen non quere mostrar se foi ou non vacinado, tendo en conta o seu carácter voluntario, pode presentar o resultado da proba PDIA ou do test de antíxenos ou, desde logo, o certificado de recuperación da COVID-19 se pasou a infección».

En definitiva, para o Tribunal Supremo «concorre unha xustificación obxectiva e razoable para permitir ou non o acceso ao correspondente establecemento, segundo se cumpra tal exigencia, pois trátase da protección da saúde e da vida das persoas, mediante unha medida que evita ou restrinxen a propagación da pandemia. Tendo en conta que tales di-



ferenzas de trato para seren discriminatorias deben carecer desa xustificación obxectiva e razoable, de acordo con criterios xurídicos atendibles, a se basearen en razóns que resulten xuridicamente relevantes, como é o caso cando as situacións comparables non resultan homoxéneas polos seus graves efectos con respecto á salvagarda do dereito á vida, á integridade física e á protección da saúde».

Respecto da intimidade, o Tribunal Supremo indica que «non parece que se poida esgrimir a prevalencia deste dereito fronte ao dereito á vida e á protección da saúde pública, tendo en conta que a información sobre se se recibiu a vacina ou non, en momentos nos cales se atravesa unha pandemia, é unha peza básica e esencial para impedir a propagación da infección polo SARS-CoV-2 e, polo tanto, da preservación da vida e da saúde de todos. É certo que se trata dunha información médica, pero as connotacións que impón a situación de pandemia, o carácter masivo da vacinación e a solidariedade que comporta a protección e a axuda entre todos desvalorizan a preeminencia da intimidade neste caso».

En particular, o Tribunal Supremo descartou a existencia dalgunha limitación ao dereito á protección de datos, ao considerarse na regulación a simple exhibición dos certificados.

A regulación desta medida de prevención tamén se axusta ao xuízo de proporcionalidade, que inclúe o xuízo de idoneidade, necesidade e proporcionalidade estrita, de acordo co estándar establecido polo Tribunal Supremo na súa sentenza.

A este respecto, ademais do xa indicado respecto da proporcionalidade, no sentido de que se considera que a afectación aos dereitos fundamentais é tenue, ou mesmo discutible, como expresa o Tribunal Supremo, respecto da idoneidade e necesidade da medida, a sentenza expresa: «En relación coa súa idoneidade e necesidade, é certo que cando xorde un grave e inminente perigo para a vida das persoas e a protección da saúde pública calquera actuación da Administración debe axustarse, ante todo, aos criterios médicos e epidemiolóxicos que resulten acordes co estado da ciencia en cada momento, e que constitúan o medio exacto, cabal e apto para acadar a finalidade proposta, sen que exista nese momento unha alternativa mellor. De xeito que as medidas forzosamente deben ser cambiantes, constantemente adaptadas á evolución da pandemia e aos consecuentes criterios científicos. E sabido é que a vacina non é un medio para curar a enfermidade pero, como antes sinalamos e agora insistimos, é unha acción de carácter preventivo que evita ou tempera considerablemente a propagación da pandemia, supón un innegable beneficio para a saúde de todos porque diminúe os contaxios e as mortes, e impide o colapso hospitalario que pode carrexar a consecuente desatención doutras enfermidades alleas á COVID-19».



O Tribunal Supremo, en particular, pon en relación a idoneidade da medida coas «características propias dos establecementos en que se exige», como xa referimos anteriormente, lugares que «non permiten o uso constante e permanente da máscara», nos cales «resulta difícil manter a distancia de seguridade».

Debe terse en conta, en particular, que nesta orde se prevé a existencia de exhibición dos certificados para a ampliación ata o 100 % das prazas dos espazos de aloxamento compartido, en todo o territorio da Comunidade Autónoma, tendo en conta as características específicas concorrentes nesta actividade, que máis que estar ligada coa concreta situación epidemiolóxica do concello en que se desenvolve, pola súa propia natureza, está máis ligada cos factores de risco antes expostos relativos á afluencia de viaxeiros procedentes de moi diversos destinos e á súa convivencia durante o tempo de pernoctación sen que se poida garantir a utilización da máscara.

Polo tanto, a medida valora a existencia no momento actual, na práctica, dunha incidencia moi homoxénea da pandemia en todo o territorio da Comunidade Autónoma, o que determina as opcións adoptadas na orde e, en consecuencia, xustifica a proporcionalidade da decisión de exigir a exhibición dos certificados para o incremento da capacidade máxima dos espazos de aloxamento compartido por riba da prevista nas medidas actualmente en vigor, o que determina un incremento do risco que debe ser compensado con esta medida, pois doutro modo non se permitiría neste momento.

Por último, como exige o Tribunal Supremo, a medida reviste tamén un carácter temporal, segundo os principios científicos, as probas científicas e a información dispoñible en cada momento. Así, recóllese expresamente este carácter temporal e establécese que, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas previstas nesta orde serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser prorrogadas, modificadas ou levantadas por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Como expresa o Tribunal Supremo, «como é natural, as medidas deben adecuarse, como sinalamos, á realidade necesariamente cambiante, atendida a evolución da enfermidade e o estado da ciencia en cada momento, e deben mediar a adecuada correspondencia e a necesaria vinculación entre a realidade sobre a cal se actúa, a finalidade que se persegue e o medio adecuado para a súa consecución».

Co obxecto de reforzar a idea de temporalidade e adecuación establécese, respecto da medida de exigencia de exhibición de certificados para acadar o 100 % de ocupación, unha



eficacia inicial ata o día 20 de novembro, desde o día da publicación desta orde, unha vez autorizada xudicialmente, e sen prexuízo da posible revisión da medida e, de ser o caso, da súa prórroga (se se conta nese momento coa necesaria autorización xudicial). Isto é, débese establecer unha duración adecuada e limitada no tempo da medida de exixencia da exhibición de certificados, pola súa afectación, aínda que tenue, aos dereitos fundamentais, sen prexuízo da súa posible prórroga.

Polo tanto, tendo en conta todo o exposto, considérase que a medida resulta xustificada respecto da súa idoneidade, necesidade e proporcionalidade, nos termos recollidos na sentenza do Tribunal Supremo.

VI

As medidas que se adoptan nesta orde teñen o seu fundamento normativo na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 e 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

En particular, o artigo 34 da Lei de saúde de Galicia, relativo ás «intervencións públicas sobre actividades, centros e bens», expresa:

«As intervencións públicas que poderán exercer as autoridades sanitarias competentes sobre as actividades públicas e privadas que, directa ou indirectamente, poidan ter consecuencias para a saúde son: (...) 6. Establecer, controlar e inspeccionar as condicións hixiénico-sanitarias, de funcionamento e desenvolvemento de actividades que poidan ter repercusión sobre a saúde das persoas».

Así mesmo, o artigo 38.1 «Medidas preventivas en materia de saúde pública» (redactado pola Lei 8/2021) establece:

«1. Co obxecto de protexer a saúde pública, as autoridades sanitarias autonómicas e locais, dentro do ámbito das súas competencias, poderán adoptar medidas preventivas de obrigado cumprimento cando exista ou se sospeite razoablemente a existencia dun risco inminente e grave para a saúde da poboación. Estas medidas poderán consistir:

(...) g) En medidas de seguridade sanitaria e hixiene en determinados lugares e/ou para o desenvolvemento de actividades».



Do mesmo xeito, tamén ofrece base legal á medida o contido da letra k) deste artigo 38.1, dado que permite o establecemento por parte das autoridades sanitarias dunha obriga de «subministración de datos» necesarios para o control e a contención de riscos para a saúde pública.

Conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para adoptar as medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica existente, no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, coa urxencia que a protección da saúde pública demanda.

Na súa virtude, na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. Prórroga da Orde do 6 de outubro de 2021 pola que se aproba a exixencia de determinadas medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia no que se refire á actividade dos albergues turísticos

Atendendo á evolución da situación epidemiolóxica, prorrógase ata as 00.00 horas do día 20 de novembro de 2021 a eficacia das medidas previstas na Orde do 6 de outubro de 2021 pola que se aproba a exixencia de determinadas medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia no que se refire á actividade dos albergues turísticos, sen prexuízo do disposto no número segundo da presente orde.

Segundo. Modificación da Orde do 6 de outubro de 2021 pola que se aproba a exixencia de determinadas medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia no que se refire á actividade dos albergues turísticos

Un. Modifícanse o título e o número 1 do punto primeiro da Orde do 6 de outubro de 2021 pola que se aproba a exixencia de determinadas medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na



Comunidade Autónoma de Galicia no que se refire á actividade dos albergues turísticos, que quedan redactados como segue:

«Primeiro. *Medida preventiva de seguridade sanitaria consistente na exhibición de documentación que acredite o cumprimento de determinados requisitos para a ampliación ata un 100 % das prazas nos espazos de aloxamento compartido nos albergues turísticos*

1. Poderase ocupar nos albergues turísticos ata un 100 % das prazas dos espazos de aloxamento compartido sempre que todas as persoas maiores de 12 anos dispoñan dun certificado emitido polo Servizo Público de Saúde ou, no caso do ordinal 2º, por un laboratorio oficial autorizado, que acredite a concorrencia de calquera das seguintes circunstancias:

1º. Que recibiron a pauta completa dunha vacina contra a COVID-19 para a cal se concedeu unha autorización de comercialización de conformidade co Regulamento (CE) nº 726/2004.

2º. Que dispoñen dunha proba diagnóstica negativa realizada nas últimas 72 horas no caso das PCR e 48 horas no caso dos tests de antíxenos. No caso dos tests rápidos de antíxenos, deberán estar enumerados na lista común e actualizada de tests rápidos de antíxenos da COVID-19 establecida sobre a base da Recomendación 2021/ C 24/01, do Consello de Europa.

3º. Que o titular se recuperou dunha infección polo SARS-CoV-2 nos últimos 6 meses. Para iso, a persoa deberá ter sido diagnosticada como caso confirmado da COVID-19 hai 11 días ou máis mediante unha proba PCR, e non é válido outro tipo de test.

Non será necesaria a exhibición de documentación para o aloxamento cando a ocupación dos espazos de aloxamento compartido non supere o 50 % da súa capacidade máxima, nin cando todos os ocupantes realicen o Camiño en todas as súas etapas no territorio galego nun mesmo grupo “burbulla” ou de convivencia estable».

Dous. Modifícase o número 2 do punto primeiro da Orde do 6 de outubro de 2021 pola que se aproba a existencia de determinadas medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia no que se refire á actividade dos albergues turísticos, que queda redactado como segue:

«2. A medida preventiva de seguridade sanitaria, prevista no número anterior, establécese con fundamento na protección da saúde pública, ao abeiro do estipulado nas letras g) e



k) do número 1 do artigo 38.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, e rexerese pola regulación establecida neste punto.

En particular, esta medida de seguridade sanitaria adóptase como condición para permitir a ampliación da ocupación dos espazos de aloxamento compartido ao 100 % da súa capacidade máxima, atendida a situación epidemiolóxica actual, e, deste xeito, constitúe unha medida alternativa menos gravosa para a consecución do fin proposto de saúde pública, con igual eficacia que impedir as indicadas ampliacións».

Terceiro. *Modificación da Orde do 22 de outubro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e se modifica a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia*

Modifícase o número 2 do punto 3.10 do anexo da Orde do 22 de outubro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e se modifica a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado como segue:

«2. Os albergues poderán manter a ocupación máxima das prazas dos espazos de aloxamento de uso compartido sempre que os peregrinos realicen o Camiño en todas as súas etapas no territorio galego nun mesmo grupo “burbulla” ou de convivencia estable. Para estes efectos, fomentárase a constitución destes grupos de convivencia estable para realizar o Camiño e o aloxamento compartido na rede pública e privada de albergues de Galicia. Para a acreditación da constitución dos grupos de convivencia estable para o aloxamento compartido admitirase a declaración responsable por parte dos membros do grupo sen que, unha vez feita, se poidan admitir novos membros. Cando o aloxamento compartido non sexa dun grupo de convivencia estable, a ocupación máxima das prazas nos espazos de aloxamento compartido será do 50 %. A ocupación poderá chegar ao 100 % no caso do cumprimento do previsto no punto primeiro da Orde do 6 de outubro de 2021 pola que se aproba a existencia de determinadas medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia no que se refire á actividade dos albergues turísticos ou, de ser o caso, na norma que a substitúa.



Deberán realizarse tarefas de ventilación nos espazos de aloxamentos compartidos durante un mínimo de 30 minutos ao inicio e ao remate de cada xornada, así como de forma frecuente durante esta. No caso da utilización de sistemas de ventilación mecánica, deberá aumentarse a subministración de aire fresco e limitarse ao mínimo indispensable a función de recirculación do aire interior».

Cuarto. *Autorización xudicial, publicación e eficacia*

1. Solicitarase a autorización xudicial das medidas consistentes na exhibición de documentación, previstas no punto primeiro e segundo desta orde, en canto poden implicar limitación ou restrición de dereitos fundamentais, de acordo co disposto na redacción vixente do número 8 do artigo 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e publícase a orde unha vez obtida a referida autorización.

2. As medidas previstas nesta orde terán efectos desde as 00.00 horas do día seguinte ao da súa publicación e ata as 00.00 horas do día 20 de novembro.

3. En cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas previstas nesta orde serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser prorrogadas, modificadas ou levantadas mediante orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Santiago de Compostela, 26 de outubro de 2021

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade



I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 26 de outubro de 2021 pola que se modifica a Orde do 22 de outubro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e se modifica a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia.

I

Mediante a Resolución do 21 de outubro de 2021, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, dáse publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 21 de outubro de 2021, polo que se declara a finalización da situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, declarada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020, como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.

A finalización da aplicación dos mecanismos extraordinarios derivados da lexislación de protección civil debe entenderse, naturalmente, sen prexuízo de que continúen sendo necesarias, mentres permaneza a pandemia, medidas de prevención de acordo coa lexislación sanitaria en vigor.

Neste sentido, a Lei estatal 2/2021, do 29 de marzo, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, prevé no seu artigo 2.3 que «as medidas contidas nos seus capítulos II, III, IV, V, VI e VII e na disposición adicional quinta serán de aplicación en todo o territorio nacional ata que o Goberno declare de maneira motivada e de acordo coa evidencia científica dispoñible, logo do informe do Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias, a finalización da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19. O Goberno consultará as comunidades autónomas no seo do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde con carácter previo á finalización da situación de crise sanitaria a que se refire o parágrafo anterior».

De acordo coa lexislación estatal, continúa, polo tanto, existindo unha situación de crise sanitaria. Isto determina, por exemplo, que siga sendo de aplicación o deber de cautela e protección establecido no artigo 4 da lei, de tal xeito que «todos os cidadáns deberán adop-



tar as medidas necesarias para evitar a xeración de riscos de propagación da enfermidade COVID-19, así como a propia exposición aos ditos riscos, conforme o que se establece nesta lei». O dito deber de cautela e protección seralles igualmente exixible aos titulares de calquera actividade regulada nesta lei.

Deste modo, seguen sendo de aplicación as previsións desta lei sobre uso obrigatorio de máscaras, a regulación das distintas actividades e a distancia de seguridade interpersonal mínima.

En particular, debe terse en conta que seguirán sendo de aplicación os mecanismos de tutela previstos na lexislación sanitaria. A Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública, conforma, xunto coa Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, a Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema nacional de saúde, e a Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, o corpo normativo fundamental da acción de tutela da saúde pública no ámbito estatal, ao cal se debe unir a lexislación autonómica reguladora da protección da saúde pública no marco de competencias autonómico, como é o caso, na Comunidade Autónoma galega, da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia. En efecto, recóllense na dita normativa medidas que as autoridades sanitarias poderán acordar para tutelar a saúde pública en situacións de risco, co fin de cumprir o mandato contido no artigo 43 da Constitución española que, despois de proclamar o dereito á protección da saúde, dispón que lles compete aos poderes públicos organizaren e tutelaren a saúde pública a través de medidas preventivas e das prestacións e servizos necesarios, e que a lei establecerá os dereitos e deberes de todos ao respecto. O dito marco normativo débese completar, atendida a posible afectación que tales medidas poden ter sobre os dereitos fundamentais, coa necesidade de intervención xudicial.

Malia o anterior, a crise da COVID-19 puxo de manifesto a necesidade de contar cunha maior densidade normativa no que respecta á articulación dos mecanismos extraordinarios que recolle a lexislación sanitaria para tutelar a saúde pública ante crises sanitarias.

Neste sentido, a Lei de saúde autonómica foi modificada pola Lei 8/2021, do 25 de febreiro, no exercicio da competencia autonómica en materia de sanidade interior, recollida no artigo 33 do Estatuto de autonomía de Galicia, para introducir na lei as modificacións necesarias co fin de facer fronte á necesidade de contar cun marco normativo claro na materia que ofrezca a necesaria seguridade xurídica, tanto para quen debe intervir na adopción das medidas e na súa inspección, vixilancia, control e sanción como para as persoas destinatarias destas. En particular, unha das principais finalidades desta lei é, así, concretar as



medidas que, tendo en conta o disposto na lexislación sanitaria estatal, de rango orgánico e ordinario, poden ser adoptadas polas autoridades sanitarias galegas para a protección da saúde pública, así como regular os requisitos que se deben cumprir para a súa correcta adopción, con especial atención ás exixencias de motivación e de proporcionalidade.

Resulta necesario un comportamento social de cautela e autoprotección asentado fundamentalmente nas premisas de hixiene frecuente das mans; distancia interpersonal mínima; uso de máscaras cando non sexa posible manter a distancia mínima interpersonal, así como cando se estea en contornos con moita xente, especialmente en espazos pechados; limpeza, hixiene e ventilación dos espazos utilizados e, especialmente, adopción de medidas de illamento e comunicación cos servizos de saúde tan pronto como se teñan síntomas compatibles coa COVID-19.

II

Sentado o anterior, a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia fai necesario que as autoridades sanitarias autonómicas sigan adoptando determinadas medidas de prevención orientadas a conter a propagación da infección e dirixidas a facer fronte á crise sanitaria derivada da COVID-19.

De acordo co exposto, a persoa titular da Consellería de Sanidade, como autoridade sanitaria, debe continuar establecendo as intervencións públicas necesarias para garantir os dereitos e deberes sanitarios da cidadanía e, en particular, adoptar as medidas previstas no artigo 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, que sexan necesarias atendendo á evolución da pandemia.

A presente orde modifica a Orde do 22 de outubro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e se modifica a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia.

O obxecto da modificación consiste, por un lado, en eliminar o requisito relativo a que o público debe estar en todo caso sentado en determinadas actividades e, por outro lado, elimínase na realización dos procesos selectivos a exixencia da presentación dun plan de prevención de contaxios.



III

As medidas que se adoptan nesta orde teñen o seu fundamento normativo no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 a 38.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para adoptar as medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica existente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, coa urxencia que a protección da saúde pública demanda.

Na súa virtude, na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. Modificación da Orde do 22 de outubro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e se modifica a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia.

Un. Modifícase o número 2 do punto 3.21 do anexo da Orde do 22 de outubro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e se modifica a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado como segue:

«2. As actividades en cines, teatros, auditorios e espazos similares, e en establecementos destinados a espectáculos públicos e actividades recreativas, poderán desenvolverse co 100 % da capacidade máxima permitida.

En todo caso, deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersonal nas instalacións, de acordo co establecido no punto 1.3. O uso de máscara será obrigatorio nos termos previstos no número 1.4».



Dous. Modifícase o punto 3.23 do anexo da Orde do 22 de outubro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e se modifica a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado como segue:

«3.23. Realización de procesos selectivos polas administracións públicas e entidades do sector público.

A realización de procesos selectivos poderá desenvolverse sempre que os asistentes permanezan sentados e que se establezan as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersonal, de acordo co punto 1.3.

Adoptaranse medidas para evitar aglomeracións e deberase manter a máxima separación posible entre as persoas aspirantes. Haberá unha planificación adecuada para controlar os accesos e o fluxo de circulación dos asistentes. Debe preverse a apertura de todas as portas dispoñibles coa antelación suficiente. Organizaranse as entradas e saídas para evitar aglomeracións de persoas, tanto nos accesos como nas inmediacións, e distribuiranse proporcionalmente as persoas entre as portas dispoñibles.

O uso de máscara será obrigatorio nos termos previstos no número 1.4.

Deberán realizarse tarefas de ventilación nas instalacións cubertas por un prazo de, polo menos, 30 minutos ao comezo e ao final de cada xornada, así como de forma frecuente durante esta e, obrigatoriamente, ao finalizar cada actividade. No caso da utilización de sistemas de ventilación mecánica, deberá aumentarse a subministración de aire fresco e non se poderá empregar a función de recirculación do aire interior.

Deberá existir un rexistro de asistentes e custodialo durante un mes despois do evento, coa información do contacto dispoñible para as autoridades sanitarias, cumprindo coas normas de protección de datos de carácter persoal.

Deberán intensificarse as medidas de limpeza e desinfección das instalacións con produtos debidamente autorizados e rexistrados».

Segundo. *Eficacia*

1. As medidas previstas nesta orde terán efectos desde as 00.00 horas do día seguinte ao da súa publicación.



2. En cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas previstas nesta orde serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser prorrogadas, modificadas ou levantadas por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Santiago de Compostela, 26 de outubro de 2021

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade



I. DISPOSICIÓNS XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 22 de outubro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e se modifica a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia.

I

Mediante a Resolución do 21 de outubro de 2021, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, dáse publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 21 de outubro de 2021, polo que se declara a finalización da situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, declarada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.

A finalización da aplicación dos mecanismos extraordinarios derivados da lexislación de protección civil debe entenderse, naturalmente, sen prexuízo de que continúen sendo necesarias, mentres permaneza a pandemia, medidas de prevención de acordo coa lexislación sanitaria en vigor.

Neste sentido, a Lei estatal 2/2021, do 29 de marzo, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, prevé no seu artigo 2.3 que «as medidas contidas nos seus capítulos II, III, IV, V, VI e VII e na disposición adicional quinta serán de aplicación en todo o territorio nacional ata que o Goberno declare de maneira motivada e de acordo coa evidencia científica dispoñible, logo do informe do Centro de coordinación de alertas e emerxencias sanitarias, a finalización da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19. O Goberno consultará as comunidades autónomas no seo do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde con carácter previo á finalización da situación de crise sanitaria a que se refire o parágrafo anterior».

De acordo coa lexislación estatal, continúa, polo tanto, existindo unha situación de crise sanitaria. Isto determina, por exemplo, que siga sendo de aplicación o deber de cautela e protección establecido no artigo 4 da lei, de tal xeito que «todos os cidadáns deberán adoptar as medidas necesarias para evitar a xeración de riscos de propagación da enfermidade COVID-19, así como a propia exposición aos ditos riscos, conforme o que se establece



nesta lei». O dito deber de cautela e protección será igualmente exigible aos titulares de calquera actividade regulada nesta lei.

Deste modo, seguen sendo de aplicación as previsións desta lei sobre uso obrigatorio de máscaras, a regulación das distintas actividades e a distancia de seguridade interpersonal mínima.

En particular, debe terse en conta que seguirán sendo de aplicación os mecanismos de tutela previstos na lexislación sanitaria. A Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública, conforma, xunto coa Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, a Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema nacional de saúde, e a Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, o corpo normativo fundamental da acción de tutela da saúde pública a nivel estatal, ao cal se debe unir a lexislación autonómica reguladora da protección da saúde pública no marco de competencias autonómico, como é o caso, na Comunidade Autónoma galega, da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia. En efecto, recóllense na dita normativa medidas que as autoridades sanitarias poderán acordar para tutelar a saúde pública en situacións de risco, co fin de cumprir o mandato contido no artigo 43 da Constitución española, que, despois de proclamar o dereito á protección da saúde, dispón que lles compete aos poderes públicos organizaren e tutelaren a saúde pública a través de medidas preventivas e das prestacións e servizos necesarios e que a lei establecerá os dereitos e deberes de todos ao respecto. O dito marco normativo débese completar, atendida a posible afectación que tales medidas poden ter sobre os dereitos fundamentais, coa necesidade de intervención xudicial.

Malia o anterior, a crise da COVID-19 puxo de manifesto a necesidade de contar cunha maior densidade normativa no que respecta á articulación dos mecanismos extraordinarios que recolle a lexislación sanitaria para tutelar a saúde pública ante crises sanitarias.

Neste sentido, a Lei de saúde autonómica foi modificada pola Lei 8/2021, do 25 de febreiro, no exercicio da competencia autonómica en materia de sanidade interior, recollida no artigo 33 do Estatuto de autonomía de Galicia, para introducir na lei as modificacións necesarias co fin de facer fronte á necesidade de contar cun marco normativo claro na materia que ofrezca a necesaria seguridade xurídica, tanto para quen debe intervir na adopción das medidas e na súa inspección, vixilancia, control e sanción como para as persoas destinatarias destas. En particular, unha das principais finalidades desta lei é, así, concretar as medidas que, tendo en conta o disposto na lexislación sanitaria estatal, de rango orgánico e ordinario, poden ser adoptadas polas autoridades sanitarias galegas para a protección



da saúde pública, así como regular os requisitos que se deben cumprir para a súa correcta adopción, con especial atención ás exixencias de motivación e de proporcionalidade.

Resulta necesario un comportamento social de cautela e autoprotección asentado fundamentalmente nas premisas de hixiene frecuente das mans; distancia interpersonal mínima; uso de máscaras cando non sexa posible manter a distancia mínima interpersonal, así como cando se estea en contornos con moita xente, especialmente en espazos pechados; limpeza, hixiene e ventilación dos espazos utilizados e, especialmente, adopción de medidas de illamento e comunicación cos servizos de saúde tan pronto como se teñan síntomas compatibles coa COVID-19.

II

Sentado o anterior, a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia fai necesario que as autoridades sanitarias autonómicas sigan adoptando determinadas medidas de prevención orientadas a conter a propagación da infección e dirixidas a facer fronte á crise sanitaria derivada da COVID-19.

De acordo co exposto, a persoa titular da Consellería de Sanidade, como autoridade sanitaria, debe continuar establecendo as intervencións públicas necesarias para garantir os dereitos e deberes sanitarios da cidadanía e, en particular, adoptar as medidas previstas no artigo 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, que sexan necesarias atendendo á evolución da pandemia.

Neste sentido, as medidas específicas contidas na presente orde seguen a consistir, en moitos casos, na fixación de capacidades máximas e determinación de regras que se deben observar para o desenvolvemento das distintas actividades recollidas no seu anexo, xa que as evidencias científicas apoian as políticas de control de limitación e capacidades e a súa eficacia fronte a outras políticas sen esta limitación, pero con redución xeneralizada da mobilidade. Todo isto ampara a efectividade e a eficiencia das medidas de control focalizadas nos sectores de maior risco. A isto únese que a maior parte dos gromos se producen nun contexto social, como consecuencia de exposicións prolongadas ás secrecións respiratorias que se emiten en forma de aerosois que conteñen o virus. Nesta liña hai estudos que proban que, dentro das intervencións non farmacolóxicas, as relacionadas coa diminución dos contactos sociais no interior de establecementos teñen a capacidade de ralentizar a velocidade de transmisión.



A Sentenza do Tribunal Supremo nº 719/2021, do 24 de maio, estableceu que as medidas limitativas de dereitos fundamentais non producen efectos nin son aplicables mentres non sexan ratificadas xudicialmente e aclarou que unicamente serán obxecto de ratificación as medidas que non están xa previstas, sexa pola lexislación sanitaria, sexa pola de policía administrativa ou pola correspondente a outras materias. É o caso, entre outras, das disposicións relativas a horarios e capacidades en establecementos públicos, ás actividades educativas, das que miran por preservar os espazos públicos e por impedir que neles se consuma alcohol, das que teñen por obxecto evitar a contaminación acústica ou doutra natureza e, en xeral, das dirixidas a manter a convivencia.

En vista do pronunciamento do Tribunal Supremo, e para os efectos dunha mellor operatividade na tramitación das medidas, seguirase a optar por distinguir entre aquelas que precisaban da correspondente autorización xudicial previa e aquelas que non, diferenciando dous tipos de ordes.

Neste sentido, a presente orde substitúe, no que respecta ás medidas de prevención específicas non limitativas de dereitos fundamentais, a Orde do 7 de outubro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e se modifican a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia e a Orde do 29 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de lecer nocturno da Comunidade Autónoma de Galicia. Esta orde tamén se adapta, ademais, á realidade da evolución epidemiolóxica e sanitaria da Comunidade Autónoma, que neste momento é moi favorable.

A significativa mellora que presenta a situación epidemiolóxica en Galicia determina que se establezan, de forma progresiva, medidas de desescalada, cambiando o modelo que se veu aplicando ata este momento e ampliando, con carácter xeral, as capacidades máximas establecidas nos termos que a continuación se exporán.

As medidas contidas nesta orde resultan adecuadas e eficaces de acordo cos datos sobre a evolución da situación epidemiolóxica e, polo tanto, útiles para conseguir o fin proposto de protección da saúde pública, na espera de que a campaña de vacinación acadese os resultados que se perseguen.

Tamén resultan necesarias, adecuadas e proporcionadas para o fin perseguido, que non é outro que controlar e evitar a maior difusión dunha enfermidade altamente contaxiosa, respecto da cal a diferenza entre persoas enfermas e sas resulta difusa, dada a posible



asintomatoloxía ou levidade dos síntomas e a existencia dun período no cal non hai indicios externos da enfermidade.

Finalmente, debe indicarse que, en cumprimento do disposto no artigo 38.ter.4 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, as medidas recollidas nesta orde terán unha duración determinada. Ademais, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, serán obxecto de seguimento e avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

III

De conformidade co exposto, a adopción das medidas contidas nesta orde vén determinada pola evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria da Comunidade Autónoma. Así, do Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 20 de outubro de 2021, destácanse os seguintes datos:

Segundo os datos reflectidos, o informe sinala que a taxa de incidencia segue a diminuír. A tendencia segue a amosar un descenso, desde o seu inicio o día 21 de xullo, con tres tramos de diferente intensidade de descenso, e está desde o 28 de setembro, día en que se detectou o terceiro cambio, cunha porcentaxe de cambio diaria do -1,8 %.

A taxa de incidencia a 7 días, no global de Galicia, está nos 7,29 casos por 100.000 habitantes, cunha razón de taxas a 7 días de 1,08 e unha porcentaxe de positividade do 0,72. Por áreas sanitarias, a de Santiago é a que presenta a incidencia acumulada a 7 días máis elevada, con 10,3 casos por 100.000 habitantes.

Por grupos de idade, a incidencia a 7 días, nos de 65 e máis anos, é de 5,09 casos por 100.000 habitantes. Neste grupo de idade, a razón de taxas a 7 días é de 0,42 e a porcentaxe de positividade é do 0,66 %.

En canto á hospitalización, a taxa de ingresos por 100.000 habitantes a 7 días, en unidades de agudos e críticos, respectivamente, é de 0,52 e de 0,11. A porcentaxe de ingresos en unidade de agudos dos casos dos últimos 7 días é do 4,8 % e nas unidades de críticos do 0,6 %. A taxa de ingresos por 100.000 habitantes nos últimos 7 días, no grupo de 65 e máis anos de idade, é de 1,45 ingresos por 100.000 habitantes en agudos, e de 0,29 ingresos por 100.000 habitantes nas unidades de críticos. A porcentaxe de ingresos nas unidades de críticos neste grupo de idade é do 3,2 % para os últimos 7 días.



En canto á porcentaxe dos casos orfos (complementario dos casos con vínculo epidemiolóxico) é do 18,4 %. No que atinxe aos gromos con, polo menos, casos terciarios, estes supoñen o 22,8 % do total de gromos. Non obstante, dado o pequeno número de gromos, estas porcentaxes o informe sinala que hai que tomarlas con cautela.

Así mesmo, o informe engade que, desde a posta en marcha da vixilancia da prevalencia das variantes en Galicia, baseada na aplicación dunhas PCR específicas sobre unha mostra aleatoria das mostras positivas para SARS-CoV-2 por PCR da semana previa, identificadas nos servizos de microbioloxía dos hospitais CHUAC, CHUS, CHUVI, CHUO, HULA e Vithas (Vigo), na semana epidemiolóxica 40/2021 (do 4 ao 10 de outubro) a porcentaxe de positividade para a variante Delta foi do 99,2 % (IC95 %: 95,6-100 %).

Durante a semana 40 non se notificaron mostras con perfil compatible con outras variantes que non fosen a Delta. Ata a semana 40, esta incluída, das variantes de preocupación (VOC) identificáronse: 1.217 casos da variante Delta con secuenciación completa, 967 casos da variante Alfa con secuenciación completa, da variante Beta (B.1.351), 44 por secuenciación completa, da variante Gamma (P1), 87 casos por secuenciación completa, da variante Alfa coa mutación E484K, 5 casos por secuenciación completa. Ademais das VOC, tense constancia de 3 mostras coa variante Eta (B.1.525); 9 mostras coa variante Iota (B.1.526); 24 mostras coa variante Lambda (C.37) e 55 mostras con variante Mu (B.1.621). O informe destaca que a variante Delta segue a ser a predominante.

Por último, o informe conclúe que se poden esperar incrementos da incidencia en determinadas áreas, que poderán ir variando co tempo de área a área e que convén estar atentos ante cambios que poidan afectar máis áreas sanitarias nun mesmo momento.

Por outra banda, actualmente, o avance da campaña de vacinación masiva está a conseguir protexer a poboación e retomar actividades económicas e sociais ata o de agora limitadas para evitar un maior número de contaxios. Non obstante, é necesario seguir adoptando medidas preventivas e de control que permitan garantir as máximas condicións de seguridade e reducir o risco de contaxio e propagación da COVID-19, xa que aumentos na incidencia repercuten no aumento da probabilidade de contaxio de persoas vulnerables, a pesar da vacina. Estas medidas deben ser adecuadas e eficaces de acordo coa evolución da situación epidemiolóxica e de capacidade do sistema asistencial.

Tendo en conta o expresado en relación con que existe unha porcentaxe moi elevada de poboación vacinada, o cal permitiu unha redución importante de hospitalizacións e falecementos, foi necesario actualizar os indicadores de risco establecidos antes do inicio



da campaña de vacinación. Deste xeito, a partir da adopción destes novos criterios, as medidas de prevención e control pretenden adaptarse ao novo escenario, onde prevalecen os casos entre a poboación máis nova e na cal unha porcentaxe maioritaria non ten consecuencias clínicas importantes.

Debe destacarse, ao fío do anterior, que Galicia conta cunha poboación especialmente envellecida, cunha porcentaxe de persoas de 65 e máis anos (ano 2020) do 25,4 % fronte ao 19,6 % do conxunto de España.

Porén, tamén hai que ter en consideración que, aínda que esta cobertura se obteña en determinados grupos, a distribución poboacional pode ser desigual, se se ten en conta toda a poboación e non os grupos de idade prioritarios que se están a vacinar en primeiro lugar. Tampouco se pode esquecer que, mentres non se consiga conter a pandemia no mundo, con países con alta circulación do virus, poden aparecer novas variantes, que poden ter a capacidade de escapar á inmunidade proporcionada polas vacinas actuais. Ademais, a circulación da variante Delta pode facer que haxa escape á inmunidade naquelas persoas que non estean completamente vacinadas e certo escape nas completamente vacinadas, sen esquecer que esta variante se considera que é un 40-60 % máis transmisible que a variante Alfa.

Non obstante, as medidas aplicaranse con criterios epidemiolóxicos, pero tamén de proporcionalidade, e estarán en vigor só durante o tempo preciso para asegurar que a evolución desta situación epidemiolóxica é boa e que se está a cortar a transmisión, que é o obxectivo destas medidas.

Sentado o anterior, procede acometer unha revisión tanto das medidas xerais como por sectores de actividade, coa finalidade de que a súa aplicación sexa proporcionada e se corresponda coa situación epidemiolóxica actual que vimos de describir.

Así, ampliáanse, con carácter xeral, as capacidades máximas permitidas no desenvolvemento de distintas actividades, chegando ao 100 % a capacidade máxima establecida con carácter xeral, sen prexuízo das especialidades concretas previstas no anexo.

En particular, modifícase tamén a regulación aplicable aos establecementos de hostalaría e restauración recollida na Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia incrementando as capacidades máximas permitidas nos establecementos ata o 100 % e ampliando os seus horarios na fin de semana.



Así mesmo, nesta orde prorrógase a eficacia ata as 00.00 horas do día 13 de novembro de 2021, da Orde do 29 de setembro 2021, pola que se aproba o novo Plan de lecer nocturno da Comunidade Autónoma de Galicia, na súa redacción modificada pola Orde do 21 de outubro de 2021. Esta orde do 21 de outubro publícase conxuntamente coa presente orde, unha vez obtida a autorización xudicial das medidas que afectan os dereitos fundamentais contidas nela, por Auto 113/2021, do 22 de outubro de 2021, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

E, finalmente, derrógase a Orde do 30 de xuño de 2020 pola que se restablece a actividade dos centros de lecer infantil e se aproba o Protocolo en materia de lecer infantil para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 para os efectos de adaptar as medidas á situación epidemiolóxica actual.

IV

As medidas que se adoptan nesta orde teñen o seu fundamento normativo no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 a 38.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para adoptar as medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica existente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, coa urxencia que a protección da saúde pública demanda.

Na súa virtude, e en aplicación do punto quinto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 21 de outubro de 2021, polo que se declara a finalización da situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, declarada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020 como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19, na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. *Obxecto*

1. Constitúe o obxecto desta orde establecer medidas de prevención específicas, atendida a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia.



2. As medidas contidas nesta orde son complementarias das que, de ser o caso, se estipulen nas correspondentes ordes polas que se establezan medidas cualificadas de prevención para facer fronte á evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia que precisen para a súa eficacia da autorización xudicial e por plans específicos de seguridade, protocolos organizativos e guías adaptados a cada sector de actividade, que se encontren vixentes en cada momento.

Segundo. *Alcance*

Serán de aplicación no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia as medidas de prevención específicas recollidas no anexo.

Terceiro. *Medidas de prevención en relación coa chegada á Comunidade Autónoma de Galicia de persoas procedentes doutros territorios*

1. De acordo co establecido no artigo 38.1.k) da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, as persoas desprazadas a Galicia deberán cumprir o establecido na Orde do 27 de xullo de 2020 pola que se establecen medidas de prevención para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, en relación coa chegada á Comunidade Autónoma de Galicia de persoas procedentes doutros territorios.

Por conseguinte, as persoas que cheguen á Comunidade Autónoma de Galicia despois de teren estado, dentro do período dos catorce días naturais anteriores á dita chegada, en territorios cunha alta incidencia da COVID-19 en comparación coa existente na Comunidade Autónoma, deberán comunicar, no prazo máximo de 24 horas desde a súa chegada á Comunidade Autónoma de Galicia, os datos de contacto e de estadía na Comunidade Autónoma de Galicia na forma establecida na orde.

Mediante a resolución da persoa titular da dirección xeral competente en materia de saúde pública determinaranse os territorios a que se refire o parágrafo anterior. A dita resolución será obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web do Servizo Galego de Saúde, e deberá ser obxecto de actualización, como mínimo, cada 15 días naturais.

2. Os datos subministrados serán empregados polas autoridades sanitarias autonómicas exclusivamente para contactar coas ditas persoas para o cumprimento de finalidades de saúde pública, para os efectos de facilitarlles a información e as recomendacións sanitarias que procedan, así como, de ser o caso, en atención ás concretas circunstancias



concorrentes, para a adopción das medidas sanitarias que resulten necesarias, sempre de acordo coa lexislación aplicable e buscando, de maneira preferente, a colaboración voluntaria da persoa afectada coas autoridades sanitarias.

3. As persoas desprazadas a Galicia, unha vez que estean no lugar a que se despracen, deberán cumprir as limitacións de entrada e saída previstas, se é o caso, nesta orde, ademais do resto das medidas aplicables.

Cuarto. Control do cumprimento das medidas e réxime sancionador

1. A vixilancia, inspección e control do cumprimento das medidas de prevención que se recollen nesta orde e a garantía dos dereitos e deberes sanitarios da cidadanía corresponderán aos respectivos concellos dentro das súas competencias e sen prexuízo das competencias da Consellería de Sanidade, tendo en conta a condición de autoridade sanitaria dos alcaldes e alcaldesas, de acordo co artigo 33.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, e as competencias dos concellos de control sanitario de actividades e servizos que impacten na saúde da súa cidadanía e dos lugares de convivencia humana, de acordo co artigo 80.3 do mesmo texto legal, así como da súa competencia para a ordenación e control do dominio público.

2. Así mesmo, os órganos de inspección da Administración autonómica, no ámbito das súas competencias, poderán realizar as actividades de inspección e control oportunas para a vixilancia e comprobación do cumprimento das medidas de prevención aplicables.

3. As forzas e corpos de seguridade darán traslado ás autoridades competentes das denuncias que formulen polo incumprimento das medidas de prevención.

Quinto. Teletraballo

1. Tendo en conta a evolución da situación epidemiolóxica, será aplicable o réxime ordinario de teletraballo previsto no Acordo sobre a prestación de servizos na modalidade de teletraballo na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 3 de decembro de 2020, publicado pola Orde do 14 decembro de 2020, da Consellería de Facenda e Administración Pública.

2. Sen prexuízo do indicado, no caso de que o persoal da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia incluído dentro do ámbito de aplicación do indicado



acordo tivese autorizado o teletraballo polo réxime especial e tivese solicitado o teletraballo ordinario con anterioridade ás 00.00 horas do día 26 de xuño, e aínda non o tivese concedido, entenderase prorrogada a eficacia das resolucións de teletraballo ditadas polas distintas consellerías e entidades do sector público autonómico por razón da situación sanitaria derivada da COVID-19, ata a resolución do procedemento de autorización. Durante esta prórroga serán de aplicación no teletraballo as condicións recollidas no réxime especial establecido no artigo 12 do Acordo sobre a prestación de servizos na modalidade de teletraballo na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

A prórroga establecida no parágrafo anterior non será aplicable cando os postos de traballo non sexan susceptibles de seren desempeñados en réxime de teletraballo, de acordo co previsto no número 2 do artigo 3 do acordo, e sen prexuízo das excepcións establecidas nese artigo.

Sexto. Modificación do anexo I da Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia

Un. Modifícase o número 2 do punto 3.1 (nivel 1 c/unha cunchiña) do anexo I da Orde do 14 de setembro de 2021, que queda redactado como segue:

«2. Tanto no interior coma nas terrazas dos establecementos permitírase o 100 % da capacidade máxima permitida».

Dous. Modifícase o número 3 do punto 3.1 (nivel 1 número c/unha cunchiña) do anexo I da Orde do 14 de setembro de 2021, que queda redactado como segue:

«3. O horario límite de peche ao público será ás 1.00 horas, agás a noite do venres ao sábado e do sábado ao domingo, que será ás 1.30 horas».

Tres. Engádese un número 6 ao punto 3.1 (nivel 1 c/unha cunchiña) do anexo I da Orde do 14 de setembro de 2021, coa seguinte redacción:

«6. Permitírase o consumo en barra. Recoméndase que os clientes na barra manteñan a máscara correctamente colocada nos momentos en que non se poida garantir a distancia interpersonal co persoal traballador. Na barra non se poderán compatibilizar distintos usos, polo que haberá que diferenciar a zona destinada a clientes e a zona de barra destinada ao persoal».



Catro. Modifícase o número 2 do punto 3.2 (nivel 2 c/dúas cunchiñas) do anexo I da Orde do 14 de setembro de 2021, que queda redactado como segue:

«2. Tanto no interior coma nas terrazas dos establecementos permitirase o 100 % da capacidade máxima permitida».

Cinco. Modifícase o número 3 do punto 3.2 (nivel 2 c/dúas cunchiñas) do anexo I da Orde do 14 de setembro de 2021, que queda redactado como segue:

«6. Permitirase o consumo en barra. Recoméndase que os clientes na barra manteñan a máscara correctamente colocada nos momentos en que non se poida garantir a distancia interpersonal co persoal traballador. Na barra non se poderán compatibilizar distintos usos, polo que haberá que diferenciar a zona destinada a clientes e a zona de barra destinada ao persoal».

Seis. Modifícase o número 4 do punto 3.2 (nivel 2 c/dúas cunchiñas) do anexo I da Orde do 14 de setembro de 2021, que queda redactado como segue:

«4. O horario límite de peche ao público será ás 1.00 horas, agás a noite do venres ao sábado e do sábado ao domingo, que será ás 1.30 horas».

Sétimo. *Prórroga da Orde de 29 de setembro 2021 pola que se aproba o novo Plan de lecer nocturno da Comunidade Autónoma de Galicia*

Atendendo á evolución da situación epidemiolóxica, prorrógase ata as 00.00 horas do día 13 de novembro de 2021 a eficacia das medidas previstas na Orde de 29 de setembro 2021 pola que se aproba o novo Plan de lecer nocturno da Comunidade Autónoma de Galicia, modificada pola Orde de 21 de outubro de 2021 pola que se prorroga e se modifica a Orde de 29 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de lecer nocturno da Comunidade Autónoma de Galicia.

Oitavo. *Derrogación da Orde do 7 de outubro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e se modifican a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia e a Orde do 29 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de lecer nocturno da Comunidade Autónoma de Galicia*

Derrógase a Orde do 7 de outubro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da



COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e se modifican a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia e a Orde do 29 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de lecer nocturno da Comunidade Autónoma de Galicia.

Noveno. *Derrogación da Orde do 30 de xuño de 2020 pola que se restablece a actividade dos centros de lecer infantil e se aproba o Protocolo en materia de lecer infantil para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19*

Derrógase a Orde do 30 de xuño de 2020 pola que se restablece a actividade dos centros de lecer infantil e se aproba o Protocolo en materia de lecer infantil para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19.

Décimo. *Eficacia*

1. As medidas previstas nesta orde terán efectos desde as 00.00 horas do día 23 de outubro ata as 00.00 horas do día 27 de novembro de 2021.

2. En cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas previstas nesta orde serán obxecto de seguimento e avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser prorrogadas, modificadas ou levantadas por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Santiago de Compostela, 22 de outubro de 2021

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade

ANEXO

Medidas de prevención específicas aplicables na Comunidade Autónoma de Galicia

Serán de aplicación no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia as medidas de prevención específicas recollidas neste anexo.

1. Obrigas xerais.

1.1. Obrigas de cautela e protección.

Todos os cidadáns deberán adoptar as medidas necesarias para evitar a xeración de riscos de propagación da enfermidade da COVID-19, así como a propia exposición aos



ditos riscos. Este deber de cautela e protección será igualmente exigible aos titulares de calquera actividade.

Así mesmo, deberán respectarse as medidas de seguridade e hixiene establecidas polas autoridades sanitarias para a prevención da COVID-19.

1.2. Persoas con sintomatoloxía.

Calquera persoa que experimente algún dos síntomas máis comúns compatibles coa COVID-19, tales como febre, calafríos, tose, sensación de falta de aire, diminución do olfacto e do gusto, dor de gorxa, dores musculares, dor de cabeza, debilidade xeral, diarrea ou vómitos, deberá permanecer no seu domicilio e comunicalo ao seu servizo sanitario o antes posible.

Igualmente, se existen conviventes no domicilio, deberá evitar o contacto con eles e, se é posible, usar un cuarto de forma exclusiva ata recibir instrucións do seu servizo sanitario.

1.3. Distancia de seguridade interpersonal.

Na organización das distintas actividades deberán adoptarse as medidas necesarias para garantir a distancia interpersonal mínima de 1,5 metros, establecida pola Lei 2/2021, do 29 de marzo, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, entre grupos de persoas non conviventes.

Cando, polas condicións de desenvolvemento da actividade e capacidade máxima autorizadas en cada caso de acordo coas medidas de prevención previstas neste anexo, non sexa posible manter a dita distancia de seguridade, non se permitirá o consumo de alimentos e bebidas, deberá usarse máscara en todo momento, garantir unha adecuada ventilación e o cumprimento das medidas de prevención e hixiene aplicables, de acordo co establecido neste anexo, sen prexuízo de que se deba procurar manter a máxima separación posible entre os diferentes grupos de persoas non conviventes, así como o debido control para evitar as aglomeracións.

1.4. Obrigatoriedade do uso de máscaras.

Será obrigatorio o uso da máscara nas seguintes condicións:

- a) Regras xerais.



Para as persoas de seis ou máis anos, será obrigatorio o uso da máscara en todo momento, nos seguintes supostos:

1º) Cando estean en espazos pechados de uso público ou que se encontren abertos ao público, aínda que se poida garantir a distancia de seguridade interpersonal de 1,5 metros.

2º) Cando estean na vía pública e en espazos ao aire libre e, en ambos os casos, pola aglomeración de persoas non resulte posible manter a distancia de seguridade interpersonal de 1,5 metros entre persoas non conviventes.

Para os efectos do indicado no parágrafo anterior, entenderase que non é posible garantir o mantemento dunha distancia de seguridade interpersonal de, polo menos, 1,5 metros e, polo tanto, será obrigatorio o uso da máscara sempre que se transite ou se estea en movemento pola vía pública e en espazos ao aire libre e, pola concorrencia doutras persoas, non se poida garantir, atendendo ao número de persoas e ás dimensións do lugar, o mantemento da distancia de seguridade.

3º) Nos medios de transporte aéreo, marítimo, en autobús e por ferrocarril, incluídas as estacións de viaxeiros e as súas plataformas, así como nos transportes públicos e privados complementarios de viaxeiros en vehículos de ata 9 prazas, incluído o condutor.

4º) Nos eventos multitudinarios ao aire libre, cando os asistentes estean de pé ou, se están sentados, cando non se poida manter 1,5 metros de distancia entre persoas non conviventes.

b) Regras específicas.

1ª) Na realización de adestramentos e na celebración de competicións dentro da actividade deportiva federada de competencia autonómica aplicarase, respecto ao uso da máscara, o recollido especificamente no protocolo das federacións deportivas respectivas.

2ª) Nos centros docentes observarase, respecto ao uso da máscara, o recollido especificamente no correspondente protocolo.

3ª) Co obxecto de evitar a propagación de contaxios e asegurar o mantemento dos servizos, na prestación de asistencia ou axuda no fogar a persoas dependentes será obrigatorio o uso de máscara tanto por parte do persoal prestador do servizo como por parte das persoas dependentes e daquelas que se encontren no seu domicilio. A dita obriga non será exixible cando se trate de persoas dependentes que presenten algún tipo de enfermidade



ou dificultade respiratoria que se poida ver agravada polo uso da máscara ou que, pola súa situación de discapacidade ou dependencia, non dispoñan de autonomía para quitar a máscara, ou ben presenten alteracións de conduta que fagan inviable a súa utilización.

4ª) Nas actividades no ámbito laboral desenvolvidas en espazos comúns ou de uso colectivo ou en calquera outra dependencia en que estean varios traballadores/as ou traballadores/as e/ou clientes será obrigatorio o uso da máscara.

5ª) Non será exigible o uso de máscara naqueles lugares ou espazos pechados de uso público que formen parte do lugar de residencia dos colectivos que alí se reúnan, como son as institucións para a atención de persoas maiores ou con diversidade funcional, as dependencias destinadas a residencia colectiva de traballadores esenciais ou outros colectivos que reúnan características similares, sempre e cando os ditos colectivos e os traballadores que alí exerzan as súas funcións teñan coberturas de vacinación contra o SARS-CoV-2 superiores ao 80 % con pauta completa, acreditado pola autoridade sanitaria competente.

Esta última excepción non será de aplicación aos visitantes externos nin aos traballadores dos centros residenciais de persoas maiores ou con diversidade funcional.

c) Condicións de uso da máscara.

Deberá darse un uso axeitado á máscara, é dicir, esta deberá cubrir desde parte do tabique nasal ata o queixo, incluído.

Ademais, a máscara que se debe empregar non deberá estar provista de válvula exhalatoria, agás nos usos profesionais para os cales este tipo de máscara poida estar recomendada.

d) Excepcións á obriga de uso da máscara.

A obriga de uso de máscara non será exigible nos seguintes supostos:

1º) Cando se trate de persoas que presenten algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria que se poida ver agravada polo uso da máscara ou que, pola súa situación de discapacidade ou dependencia, non dispoñan de autonomía para quitar a máscara, ou ben presenten alteracións de conduta que fagan inviable a súa utilización.

2º) Nos vehículos de turismo, cando todas as persoas ocupantes convivan no mesmo domicilio.



3º) No mar, praias e piscinas, no exterior ou cubertas, lagos, encoros, ríos ou noutras zonas de baño, durante o baño, e mentres se permaneza nun espazo determinado, e sempre que se poida garantir o respecto da distancia de seguridade interpersoal entre todas as persoas usuarias non conviventes.

En calquera caso, será obrigatorio o uso de máscara para os accesos, desprazamentos e paseos nas praias e piscinas, lagos e demais contornos acuáticos, así como para o uso de vestiarios de piscinas públicas ou comunitarias, salvo nas duchas, cando non se poida manter a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros entre persoas non conviventes.

Para os efectos do indicado no parágrafo anterior, entenderase que non é posible garantir o mantemento dunha distancia de seguridade interpersoal de, polo menos, 1,5 metros e, polo tanto, será obrigatorio o uso da máscara sempre que se transite ou se estea en movemento polos espazos indicados e, pola concorrencia doutras persoas, non se poida garantir, atendendo ao número de persoas e ás dimensións do lugar, o mantemento da distancia de seguridade.

Entenderase por actividades incompatibles co uso da máscara as actividades de socorismo ou rescate cando requiran acceder ao medio acuático.

4º) Nos establecementos de hostalaría e restauración, por parte dos clientes do establecemento exclusivamente nos momentos estritamente necesarios de comer ou beber.

5º) No interior dos cuartos de establecementos de aloxamento turístico e outros espazos similares, cando unicamente se encontren neles persoas que se aloxen no cuarto.

6º) Nos buques e embarcacións de transporte de competencia autonómica, no interior dos camarotes, cando unicamente se encontren neles persoas que se aloxen no camarote.

7º) No caso do exercicio de deporte individual en espazos ao aire libre e na vía pública, exclusivamente durante a realización da práctica deportiva, sempre que, tendo en conta a posible concorrencia de persoas e as dimensións do lugar, se poida garantir o mantemento da distancia de 1,5 metros con outras persoas ou deportistas non conviventes.

Seralles de aplicación o establecido no parágrafo anterior ás actividades que supoñan un esforzo físico de carácter non deportivo equiparable a este, ao aire libre e de forma individual.



8º) En supostos de forza maior ou situación de necesidade ou cando, pola propia natureza das actividades, o uso da máscara resulte incompatible, conforme as indicacións das autoridades sanitarias.

9º) No caso particular de consumo de tabaco ou de cigarros electrónicos, ou alimentos e bebidas, na vía pública ou en espazos ao aire libre, só se poderá exceptuar o uso de máscara, e exclusivamente durante o indicado consumo, sempre que a persoa o efectúe parada e fóra dos lugares habituais de circulación dos viandantes, de tal xeito que, tendo en conta a posible concorrencia de persoas e as dimensións do lugar, se poida garantir o mantemento, en todo momento, da distancia de dous metros con outras persoas. O anterior será aplicable tamén para o uso de calquera dispositivo de inhalación de tabaco, pipas de auga, cachimbas e asimilados.

10º) Na práctica de deporte no medio acuático, sexa este natural ou artificial.

e) Recomendacións sobre reunións de grupos de persoas en espazos privados.

Nos espazos privados, abertos ou pechados, de uso privado, recoméndase o uso de máscara, no caso de reunións ou de posible confluencia de persoas non conviventes, así como o mantemento da distancia de seguridade interpersonal e a aplicación de medidas de ventilación e hixiene.

1.5. Medidas específicas para casos e contactos estreitos.

As persoas que sexan consideradas caso sospeitoso ou probable de infección polo virus SARS-CoV-2, por teren infección respiratoria aguda grave con cadro clínico ou radiolóxico compatible coa COVID-19, ou que estean pendentes dos resultados de probas diagnósticas por este motivo, as que sexan consideradas como caso confirmado con infección activa e as consideradas contacto estreito dun caso sospeitoso, probable ou confirmado deberán seguir as condicións de illamento ou corentena que lles sexan indicadas desde os dispositivos asistenciais ou de saúde pública, sen poder abandonar o seu domicilio ou lugar de illamento ou corentena en ningún caso, salvo autorización expresa do servizo sanitario por causas debidamente xustificadas.

1.6. Obrigatoriedade de levar máscara.

Para os efectos de posibilitar o uso da máscara sempre que sexa necesario de acordo co establecido nas regras previstas neste anexo, as persoas maiores de 6 anos obrigadas



ao uso da máscara deberán levala sempre que saian á vía pública e en espazos ao aire libre.

2. Medidas xerais de hixiene e prevención.

Sen prexuízo das normas ou protocolos específicos que se establezan, serán aplicables a todos os establecementos, locais de negocio, instalacións e espazos de uso público e actividades de carácter público as medidas xerais de hixiene e prevención establecidas na presente orde.

Malia a boa evolución na fase de control da pandemia, todas as persoas deberán continuar adoptando as medidas necesarias para evitar a propagación da COVID-19, así como para protexerse ante o risco de infección. Para tal efecto, seguiranse os acordos, disposicións, protocolos e recomendacións establecidos polas autoridades sanitarias, co obxecto de garantir que os contornos de convivencia e as condicións nas diferentes actividades da vida cotiá sexan o máis saudables posible para poder facilitar estas medidas de prevención e protección.

Este deber de cautela será igualmente exigible aos titulares de calquera actividade, principalmente a aquelas institucións ou empresas onde se desenvolvan actividades en espazos interiores.

3. Limitacións de capacidade e medidas de prevención específicas por sectores.

3.1. Medidas en materia de control de capacidade.

1. Os establecementos, instalacións e locais deberán expor ao público a capacidade máxima e asegurar que a dita capacidade e a distancia de seguridade interpersoal se respecta no seu interior, polo que se deberán establecer procedementos que permitan o recuento e control da capacidade, de forma que esta non sexa superada en ningún momento.

No caso do sector da hostalaría e restauración, aplicarase tamén o que establece a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia, nomeadamente no relativo á distribución de espazos, ocupacións, mobiliario e outros elementos de seguridade.

No caso do sector do lecer nocturno, aplicarase tamén o que establece a Orde do 29 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de lecer nocturno da Comunidade Autónoma de Galicia.



2. A organización da circulación de persoas e a distribución de espazos deberá procurar a posibilidade de manter a distancia de seguridade interpersoal. Na medida do posible, estableceranse itinerarios para dirixir a circulación de clientes e usuarios e evitar aglomeracións en determinadas zonas, tanto no interior como no exterior, e prever o contacto entre eles. Cando se dispoña de dúas ou máis portas, procurarase establecer un uso diferenciado para a entrada e a saída, co obxecto de reducir o risco de formación de aglomeracións.

3. Cando se dispoña de aparcadoiros propios para traballadores e usuarios, establececase un control de accesos para mellor seguimento das normas de capacidade. Na medida do posible, as portas que se encontren no percorrido entre o aparcadoiro e o acceso á tenda ou aos vestiarios dos traballadores disporán de sistemas automáticos de apertura ou permanecerán abertas para evitar a manipulación dos mecanismos de apertura.

4. De ser o caso, o persoal de seguridade velará por que se respecte a distancia interpersoal de seguridade e evitará a formación de grupos numerosos e aglomeracións, prestando especial atención ás zonas de escaleiras mecánicas, ascensores, zonas comúns de paso e zonas recreativas.

5. En caso necesario, poderanse utilizar valos ou sistemas de sinalización equivalentes para un mellor control dos accesos e xestión das persoas para os efectos de evitar calquera aglomeración.

6. En calquera caso, a sinalización de percorridos obrigatorios e independentes ou outras medidas que se establezan realizaranse tendo en conta o cumprimento das condicións de evacuación exixibles na normativa aplicable.

3.2. Control de capacidade en centros e parques comerciais e grandes superficies.

Os centros e parques comerciais, así como os establecementos que teñan a consideración de grandes superficies, deberán dispor de sistemas ou dispositivos que permitan coñecer, en todo momento, o número de persoas usuarias existente no seu interior, así como o control da capacidade máxima permitida nas citadas instalacións.

O cumprimento da citada obriga será responsabilidade das persoas, físicas ou xurídicas, titulares das citadas instalacións ou das que teñan atribuída a súa xestión.

3.3. Velorios e enterros.

1. Os velorios poderán realizarse en todo tipo de instalacións, públicas ou privadas, debidamente habilitadas.



2. Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersoal nas instalacións, de acordo co establecido no punto 1.3. O uso de máscara será obrigatorio nos termos previstos no punto 1.4.

3. Nas zonas comúns de paso evitanse as aglomeracións de persoas.

4. Os servizos de hostalaría existentes nos establecementos funerarios rexeranse polo disposto no punto 3.22.

3.4. Lugares de culto.

1. Na Comunidade Autónoma de Galicia, a asistencia a lugares de culto poderá ser ata o cen por cento da súa capacidade.

Deberán establecerse as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersoal nas súas instalacións, de acordo co establecido no punto 1.3.

2. Deberán establecerse medidas para ordenar e controlar as entradas e saídas aos lugares de culto para evitar aglomeracións e situacións que non permitan cumprir coa distancia de seguridade.

3. As limitacións previstas nos números anteriores non poderán afectar en ningún caso o exercicio privado e individual da liberdade relixiosa.

4. Nas actuacións e nas actividades de ensaio que impliquen a participación de coros e agrupacións vocais de canto deberá asegurarse que se respecte en todo momento a distancia de seguridade interpersoal entre os integrantes do coro ou da agrupación e, polo menos, de 3 metros entre estes e o público. Será obrigatorio, en calquera caso, o uso de máscara durante toda a actuación e nas actividades de ensaio.

5. Sen prexuízo das recomendacións de cada confesión en que se teñan en conta as súas particularidades, na celebración dos actos de culto deberanse observar as seguintes medidas de hixiene e prevención:

a) Procurarase manter a distancia de seguridade interpersoal entre os participantes entre si e co público asistente, e o uso de máscara será obrigatorio consonte o disposto no punto 1.4.



b) Diariamente, deberanse realizar tarefas de desinfección dos espazos utilizados ou que se vaian utilizar e, de xeito regular, reiterarase a desinfección dos obxectos que se tocan con maior frecuencia.

c) Organizaranse as entradas e saídas para evitar aglomeracións de persoas nos accesos e inmediacións dos lugares de culto.

d) Poranse á disposición do público dispensadores de xeles hidroalcohólicos ou desinfectantes con actividade viricida, debidamente autorizados e rexistrados en lugares accesibles e visibles e, en todo caso, na entrada do lugar de culto, que deberán estar sempre en condicións de uso.

e) Facilitarase no interior dos lugares de culto a distribución dos asistentes sinalizando, se for necesario, os asentos ou zonas utilizables en función da capacidade permitida en cada momento.

f) Nos casos en que os asistentes se sitúen directamente no chan e se descalcen antes de entrar no lugar de culto, usaranse alfombras persoais e situarase o calzado nos lugares estipulados, embolsado e separado.

g) Limitarase ao menor tempo posible a duración dos encontros ou celebracións.

h) Durante o desenvolvemento das reunións ou celebracións evitarase o contacto persoal, tocar ou bicar obxectos de devoción ou outros obxectos que habitualmente se manexen.

6. A utilización do exterior dos edificios ou da vía pública para a celebración de actos de culto con acompañamento de público deberá desenvolverse nas condicións que determine a autoridade municipal, á cal lle corresponde a súa autorización. Nestes casos, con carácter previo á celebración, delimitarase o espazo ou itinerario. Procurarase manter a distancia de seguridade interpersoal entre os participantes entre si e co público asistente, e o uso de máscara será obrigatorio para os participantes e para o público asistente.

3.5. Cerimonias nupciais e outras celebracións relixiosas ou civís.

1. As cerimonias nupciais e demais celebracións relixiosas ou civís deberán respectar as regras de capacidade e as medidas de hixiene e prevención que sexan de aplicación ao lugar onde se desenvolvan.



2. As celebracións que poidan ter lugar tras a cerimonia en establecementos de hostalaría e restauración axustaranse ás condicións e á capacidade previstas para a prestación do servizo nestes establecementos.

3. Permítese a realización de cócteles e actos de recepción con aperitivo e público de pé, debendo respectar no momento de retirada da máscara para o consumo a distancia interpersonal de seguridade entre persoas non conviventes.

3.6. Establecementos e locais comerciais retalistas e de actividades de servizos profesionais abertos ao público que non formen parte de centros ou parques comerciais.

1. Os establecementos e locais comerciais retalistas e de actividades de servizos profesionais abertos ao público que non formen parte de centros ou parques comerciais poderán desenvolver a actividade co 100 % da súa capacidade total autorizada.

Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersonal nos locais e establecementos, de acordo co establecido no punto 1.3. O uso da máscara será obrigatorio en todo momento, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersonal.

2. O horario de peche dos ditos establecementos e locais será o que teñan fixado de acordo coa normativa.

3. Recoméndase prestar un servizo de atención preferente a maiores de 75 anos, o cal se poderá concretar en medidas como o control de accesos ou caixas de pagamento específicas, e/ou en horarios determinados que aseguren a dita preferencia na atención. A existencia do servizo de atención preferente deberá sinalarse de forma visible neses establecementos e locais.

4. Os establecementos que teñan consideración de gran superficie, entendendo por tales os que teñan máis de 2.500 metros cadrados de superficie, deberán dispor de sistemas ou dispositivos que permitan coñecer, en todo momento, o número de persoas usuarias existente no seu interior, así como o control da capacidade máxima permitida nas citadas instalacións.

O cumprimento da citada obriga será responsabilidade das persoas, físicas ou xurídicas, titulares das citadas instalacións.



3.7. Establecementos que teñan a condición de centros e parques comerciais ou que formen parte deles.

1. Os establecementos e locais comerciais retalistas e de actividades de servizos profesionais abertos ao público situados en centros e parques comerciais poderán desenvolver a súa actividade co 100 % da súa capacidade total autorizada.

Prestarase especial atención aos sistemas de ventilación, de xeito que se garanta unha circulación e renovación adecuada do aire interior.

Para estes efectos, entenderanse por centros e parques comerciais os establecementos comerciais de carácter colectivo definidos no número 2 do artigo 23 da Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia.

2. Os establecementos de hostalaría e restauración situados no interior dos centros e parques comerciais aplicarán os requisitos e capacidades máximas previstas na Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. O horario de peche dos centros e parques comerciais será o que teñan fixado de acordo coa normativa vixente.

4. Deberanse establecer as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersoal no interior dos locais e establecementos e nas zonas comúns, de acordo co establecido no punto 1.3. O uso de máscara será obrigatorio en todo momento, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersoal indicada, nos termos previstos no número 1.4 deste anexo. Ademais, deberán evitarse as aglomeracións de persoas que comprometan o cumprimento destas medidas.

5. Os centros e parques comerciais deberán dispor de sistemas ou dispositivos que permitan coñecer, en todo momento, o número de persoas usuarias existente no seu interior, así como o control da capacidade máxima permitida nas citadas instalacións.

O cumprimento da citada obriga será responsabilidade das persoas, físicas ou xurídicas, titulares das citadas instalacións ou das que teñan atribuída a súa xestión.

6. Recoméndase prestar un servizo de atención preferente a maiores de 75 anos, o cal se poderá concretar en medidas como o control de accesos ou caixas de pagamento específicas, e/ou en horarios determinados que aseguren a dita preferencia na atención.



A existencia do servizo de atención preferente deberá sinalarse de forma visible neses establecementos e locais.

3.8. Mercados que desenvolven a súa actividade na vía pública.

1. No caso dos mercados que desenvolven a súa actividade na vía pública ao aire libre ou de venda non sedentaria, coñecidos como feiras, poderán dispor do 100 % dos postos habituais ou autorizados.

En todo caso, limitarán a afluencia de clientes de maneira que se asegure o mantemento da distancia de seguridade interpersoal.

Os concellos poderán aumentar a superficie habilitada ou habilitar novos días para o exercicio desta actividade para compensar as limitacións previstas anteriormente, e prestarán especial atención á vixilancia do cumprimento das medidas sanitarias e dos protocolos aplicables nestes contornos.

Os concellos establecerán requisitos de distanciamento entre os postos e as condicións de delimitación do mercado, co obxectivo de procurar manter a distancia de seguridade interpersoal entre traballadores, clientes e viandantes, de acordo co establecido no punto 1.3. O uso da máscara será obrigatorio, aínda que se mantenga a distancia de seguridade interpersoal.

2. Deberá sinalarse de forma clara a distancia de seguridade interpersoal entre clientes, con marcas no chan ou mediante o uso de balizas, cartelaría e sinalización para aqueles casos en que sexa posible a atención individualizada de máis dun cliente ao mesmo tempo.

3. Recoméndase a posta á disposición de dispensadores de xeles hidroalcohólicos ou desinfectantes con actividade viricida debidamente autorizados e rexistrados nas inmediacións dos mercados ao aire libre ou de venda non sedentaria na vía pública.

4. Realizarase, polo menos unha vez ao día, unha limpeza e desinfección das instalacións con especial atención ás superficies de contacto máis frecuentes, especialmente mostradores e mesas ou outros elementos dos postos, anteparos, de ser o caso, teclados, terminais de pagamento, pantallas táctiles, ferramentas de traballo e outros elementos susceptibles de manipulación, prestando especial atención a aqueles utilizados por máis dun traballador.

5. Procurarase evitar a manipulación directa dos produtos por parte dos clientes.



3.9. Actividades en academias, autoescolas e centros privados de ensino non regrado e centros de formación.

1. A actividade que se realice en academias, autoescolas e centros privados de ensino non regrado e centros de formación non incluídos no ámbito de aplicación do artigo 9 da Lei 2/2021, do 29 de marzo, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, inscritos no correspondente rexistro, poderá impartirse dun modo presencial co 100 % da capacidade máxima permitida.

2. Deberán establecerse as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersonal nas súas instalacións, de acordo co establecido no punto 1.3.

3. No caso de utilización de vehículos, será obrigatorio o uso da máscara tanto polo persoal docente como polo alumnado ou o resto de ocupantes do vehículo.

3.10. Hoteis, albergues, aloxamentos turísticos.

1. Os hoteis, albergues e establecementos turísticos poderán ofertar a totalidade das habitacións dispoñibles nos seus establecementos.

2. Os albergues poderán manter a ocupación máxima das prazas dos espazos de aloxamento de uso compartido sempre que os peregrinos realicen o Camiño en todas as súas etapas no territorio galego nun mesmo grupo «burbulla» ou de convivencia estable. Para estes efectos, fomentárase a constitución destes grupos de convivencia estable para a realización do Camiño e o aloxamento compartido na rede pública e privada de albergues de Galicia. Para a acreditación da constitución dos grupos de convivencia estable para o aloxamento compartido admitirase a declaración responsable por parte dos membros do grupo, sen que, unha vez feita, se poidan admitir novos membros. Cando o aloxamento compartido non sexa dun grupo de convivencia estable, a ocupación máxima das prazas nos espazos de aloxamento compartido será do 50 %. A ocupación poderá chegar ao 75 % no caso do cumprimento do previsto no punto primeiro da Orde do 6 de outubro de 2021 pola que se aproba a existencia de determinadas medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia no que se refire á actividade dos albergues turísticos ou, de ser o caso, norma que a substitúa.



Deberán realizarse tarefas de ventilación nos espazos de aloxamentos compartidos durante un mínimo de 30 minutos ao inicio e ao remate de cada xornada, así como de forma frecuente durante esta. No caso da utilización de sistemas de ventilación mecánica, deberá aumentarse a subministración de aire fresco e limitarse ao mínimo indispensable a función de recirculación do aire interior.

3. A ocupación das zonas comúns dos hoteis, albergues e aloxamentos turísticos poderán chegar ao 100 % da súa capacidade.

Cada establecemento deberá determinar a capacidade dos distintos espazos comúns, así como aqueles lugares en que se poderán realizar eventos e as condicións máis seguras para a súa realización conforme a capacidade máxima prevista e de acordo coas medidas de hixiene, protección e distancia mínima establecidas.

4. Poderán facilitar servizos de hostalaría e restauración para os clientes aloxados nestes establecementos. Para o resto de clientes, resultará de aplicación o disposto no punto 3.22.

Sen prexuízo do anterior, permitirase o sistema de autoservizo ou bufete aberto, con consumo en mesa. Nos establecementos que contén con zonas de autoservizo, deberá evitarse a manipulación directa dos produtos por parte dos clientes, salvo no caso de que se trate de produtos envasados previamente. Para tal efecto, porase ao dispor daqueles os utensilios necesarios, de xeito que se evite o uso sucesivo de menaxe por distintos clientes.

5. No caso de instalacións deportivas de hoteis, albergues e aloxamentos turísticos, tales como piscinas ou ximnasios, rexeranse polas regras aplicables a este tipo de instalacións en función da incidencia acumulada do respectivo concello, de conformidade co previsto no punto 3.15.

3.11. Actividade cinexética.

Está permitida a actividade cinexética en todas as súas modalidades, sempre que se axuste ás regras establecidas pola autoridade ambiental competente e se respecten as medidas sanitarias básicas previstas no presente anexo.

3.12. Pesca fluvial e marítima, deportiva e recreativa.

Está permitida a práctica da pesca fluvial e marítima, deportiva e recreativa, en todas as súas modalidades, sempre que se axuste ás regras establecidas pola autoridade ambiental competente e se respecten as medidas sanitarias básicas previstas no presente anexo.



3.13. Parques e zonas deportivas de uso público ao aire libre.

1. Os parques infantís, parques biosaudables, zonas deportivas, pistas de skate ou espazos de uso público ao aire libre similares poderán estar abertos ao público sempre que neles se respecte a capacidade máxima que teñan establecida.

2. Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersonal nas instalacións, de acordo co establecido no punto 1.3. O uso de máscara será obrigatorio nos termos previstos no número 1.4 do anexo I desta orde.

3. Recoméndase dispor neses espazos, especialmente no que se refire a parques infantís, de dispensadores de xeles hidroalcohólicos ou desinfectantes con actividade viricida, debidamente autorizados e rexistrados, ou dunha solución xabonosa no caso de espazos para menores de dous anos de idade.

3.14. Realización de actos e reunións laborais, institucionais, académicos ou profesionais, congresos e outros eventos.

1. A realización de actos e reunións laborais, institucionais, académicos, profesionais, sindicais, de representación de traballadores e administrativos, actividades en centros universitarios, educativos, de formación e ocupacionais, congresos e outros eventos poderá desenvolverse co 100 % da capacidade permitida, sempre que o público asistente permaneza sentado.

En feiras, congresos e actos profesionais permitirase o desprazamento dos asistentes nos espazos de exposición cunha capacidade limitada ao setenta e cinco por cento.

2. Permítese a realización de cócteles e actos de recepción con aperitivo e público de pé, debendo respectar no momento de retirada da máscara para o consumo a distancia interpersonal de seguridade entre persoas non conviventes.

3. En todo caso, deberán establecerse as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersonal, de acordo co establecido no punto 1.3.

4. O recollido neste número será tamén de aplicación para as reunións de xuntas de comunidades de propietarios.



3.15. Actividade deportiva.

1. A realización da actividade física e deportiva non federada axustarase ás seguintes regras:

a) A práctica da actividade física e deportiva non federada poderase realizar ao aire libre ou en instalacións deportivas ao aire libre, e coa utilización de máscara, de acordo co disposto no punto 1.4.

b) A práctica da actividade física e deportiva non federada poderá realizarse de forma individual ou colectiva, en instalacións e en centros deportivos pechados, coa utilización da máscara.

Deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade.

Tamén se permite o uso deportivo das piscinas ao aire libre ou cubertas.

Deberán realizarse tarefas de ventilación nas instalacións cubertas durante un mínimo de 30 minutos ao inicio e ao remate de cada xornada, así como de forma frecuente durante esta e, obrigatoriamente, ao remate de cada clase ou actividade de grupo.

No caso da utilización de sistemas de ventilación mecánica, deberá aumentarse a subministración de aire fresco e limitarse ao mínimo indispensable a función de recirculación do aire interior.

2. O uso de duchas e lavapés ao aire libre limitarase a unha persoa por dispositivo, sempre que se poida manter a distancia de seguridade interpersoal, agás no caso de menores ou persoas que precisen asistencia, que poderán contar co seu acompañante.

Respecto do uso de vestiarios e aseos en todas as instalacións, poderase utilizar o 100 %.

3. A práctica da actividade deportiva federada de ámbito autonómico, adestramentos e competicións axustarase aos correspondentes protocolos Fisicovid-Dxtgalego aprobados.

4. No ámbito das competicións deportivas oficiais de ámbito estatal que se realicen na Comunidade Autónoma de Galicia, serán de aplicación as seguintes medidas:

a) Os equipos e deportistas galegos que participen nas ditas competicións deberán realizar os adestramentos e a competición en grupos de composición estable.



b) A totalidade dos membros da expedición dos equipos e deportistas procedente doutras comunidades autónomas que se despracen á Comunidade Autónoma de Galicia para participaren nas ditas competicións deberán comunicar, cunha antelación mínima de 24 horas, ás autoridades sanitarias autonómicas a relación das persoas integrantes da expedición trasladada a Galicia, a data e a hora de chegada á Comunidade Autónoma galega e o lugar de aloxamento.

As medidas previstas deben entenderse dentro do necesario respecto ás competencias das autoridades deportivas e sanitarias estatais, polo que serán aplicables sempre que resulten compatibles coas adoptadas polas ditas autoridades e mentres non existan medidas obrigatorias dimanantes delas que ofrezan un nivel de protección equivalente ou similar.

3.16. Centros, servizos e establecementos sanitarios.

1. Os titulares ou directores dos distintos centros, servizos e establecementos sanitarios, de natureza pública ou privada, deberán adoptar as medidas organizativas, de prevención e hixiene necesarias do seu persoal traballador e dos pacientes, co obxecto de aplicar as recomendacións emitidas nesta materia, relativas á distancia de seguridade interpersoal, ao uso de máscaras en sitios pechados de uso público, á capacidade, hixiene de mans e respiratoria, así como calquera outra medida que establezan as autoridades competentes.

2. Estas medidas deberán aplicarse na xestión dos espazos do centro, nos accesos, nas zonas de espera e na xestión das citas dos pacientes, así como na regulación de acompañantes ou visitas, tendo en conta a situación e actividade de cada centro. En todo caso, permitirase a presenza dunha persoa acompañante por usuario/a. Tamén se permitirá unha visita por paciente na UCI non COVID.

3. Así mesmo, adoptarán as medidas necesarias para garantir a protección da seguridade e saúde do seu persoal traballador, a limpeza e desinfección das áreas utilizadas e a eliminación de residuos, así como o mantemento adecuado dos equipamentos e instalacións.

4. Estarán obrigados a colaborar coas autoridades sanitarias e de política social nos labores de vixilancia, prevención e control da COVID-19.

3.17. Lonxas.

Nas lonxas deberán establecerse as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersoal, de acordo co disposto no punto 1.3. O uso de máscara será obri-



gatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersoal indicada, nos termos previstos no punto 1.4.

3.18. Transportes.

1. As condicións de capacidade dos vehículos e embarcacións que realicen servizos colectivos de transporte de viaxeiros de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, isto é, o transporte en autobús –de carácter interurbano e urbano, sexa de uso xeral, de uso especial ou discrecional– e o transporte marítimo en augas interiores, quedan establecidas do seguinte xeito:

a) Nos vehículos e nas embarcacións que dispoñan de asentos poderase ocupar a totalidade dos asentos. Deberase manter a máxima separación entre as persoas usuarias cando o nivel de ocupación o permita.

b) Nos vehículos e nas embarcacións que teñan autorizadas prazas de pé poderá ocuparse a totalidade das prazas e procurarse que as persoas manteñan entre si a máxima distancia posible.

2. Como medidas adicionais aplicables aos modos de transporte establécense as seguintes:

a) Durante toda a duración do traxecto, cando esta sexa inferior a dúas horas, as persoas usuarias non poderán consumir alimentos no interior dos vehículos ou embarcacións e deberán, igualmente e na medida do posible, evitar consumir bebidas, conversar ou manter calquera outro contacto directo con outras persoas ocupantes do dito vehículo ou embarcación.

b) Na prestación de servizos colectivos regulares de transporte de viaxeiros de carácter interurbano de uso xeral, cando non estean autorizadas prazas de pé, e na prestación de calquera servizo de transporte marítimo en augas interiores da competencia da Comunidade Autónoma de Galicia será obrigatoria a expedición de billete coa identificación do servizo concreto de transporte de que se trate e do vehículo ou da embarcación que o preste.

Igualmente, todos os anteriores vehículos e embarcacións deberán ter numerados os seus asentos de forma clara e visible para as persoas usuarias.

Naqueles servizos respecto dos cales non haxa unha asignación previa de asento recoméndaselles ás persoas viaxeiras que anoten no seu billete o número de asento que ocupen e que o conserven durante os 14 días posteriores ao da viaxe.



c) As empresas concesionarias procurarán a máxima ventilación do vehículo, sen recirculación do aire, mantendo as fiestras abertas sempre que non se produzan correntes de aire.

Para tal efecto, os vehículos que realicen varias viaxes en diferentes quendas horarias deberán proceder á ventilación deste antes de cada quenda e, sempre que for posible, á súa limpeza e desinfección. En todo caso, realizarase como mínimo unha limpeza diaria, empregando produtos e procedementos previstos no plan de limpeza e desinfección.

d) Tanto as empresas concesionarias como as persoas usuarias observarán en todo momento as medidas de protección e o uso da máscara, e as demais medidas de prevención, evitando condutas como levantarse, interactuar, berrar, compartir obxectos, tocar superficies comúns ou outras condutas que poidan xerar risco de contaxio ou transmisión.

3. Os taxis e vehículos VTC poderán prestar servizos de transporte para tantas persoas como prazas teña o vehículo e procurárase, cando o nivel de ocupación o permita, a máxima separación entre as persoas usuarias. En todos os casos será obrigatorio o uso de máscara.

3.19. Áreas de servizo para profesionais do transporte.

1. Ás áreas de servizo para profesionais do transporte resultaranlles aplicables as medidas establecidas no número 3.22.

2. Adicionalmente, co obxecto de posibilitar os descansos adecuados en cumprimento da normativa de tempos de conducción e descanso, imprescindibles para poder levar a cabo as operacións de transporte, e facilitarlles aos transportistas profesionais un servizo de restauración, aqueles establecementos situados en centros loxísticos e nas áreas de servizo da Rede de estradas do Estado en Galicia, vías de alta capacidade e Rede primaria básica de estradas de Galicia que dispoñan de cociña, servizos de restauración ou expendedores de comida preparada poderán permanecer abertos alén das limitacións horarias establecidas no número 3.22, incluído o horario nocturno de acordo coa súa regulación específica, para os únicos efectos de dar cumprimento a esta finalidade.

Para o acceso a estes establecementos, neste caso, será obrigatoria a presentación da tarxeta de profesional do transporte CAP, a consumición no interior deberá realizarse de xeito individual e sentado e non se poderá realizar a venda ou dispensación de bebidas alcohólicas.



3.20. Bibliotecas, arquivos, museos e salas de exposicións, monumentos e outros equipamentos culturais.

1. Nas bibliotecas, arquivos, museos e salas de exposicións, monumentos e outros equipamentos culturais, tanto de titularidade pública como privada, as actividades presenciais poderán acadar a capacidade máxima do 100 % da capacidade máxima permitida.

2. Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade, agás no caso de persoas conviventes.

3. Promoveranse aquelas actividades que eviten a proximidade física entre os participantes e primaranse as actividades de realización autónoma. Reforzarase o deseño de recursos educativos, científicos e divulgativos de carácter dixital que permitan a función como institucións educativas e transmisoras de coñecemento por medios alternativos aos presenciais. Quedará habilitado o uso dos elementos expostos deseñados para un uso táctil por parte do visitante.

3.21. Celebración de competicións deportivas con público, actividades en cines, teatros, auditorios e espazos similares, así como en recintos ao aire libre e noutros locais e establecementos destinados a espectáculos públicos e actividades recreativas.

1. As competicións deportivas con público poderán celebrarse cunha ocupación máxima do 80 % en interior e do 100 % no exterior, sempre que o público asistente permaneza sentado e se garantan as medidas establecidas no punto 1.3.

2. As actividades en cines, teatros, auditorios e espazos similares, e en establecementos destinados a espectáculos públicos e actividades recreativas con público sentado poderán desenvolverse co 100 % da capacidade máxima permitida.

En todo caso, deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersoal nas instalacións, de acordo co establecido no punto 1.3. O uso de máscara será obrigatorio nos termos previstos no número 1.4.

3. Deberán realizarse tarefas de ventilación nas instalacións cubertas por espazo de, polo menos, 30 minutos ao comezo e ao final de cada xornada, así como de forma frecuente durante esta e, obrigatoriamente, ao finalizar cada actividade. No caso da utilización de



sistemas de ventilación mecánica, deberá aumentarse a subministración de aire fresco e limitarse ao mínimo indispensable a función de recirculación do aire interior.

Deberán intensificarse as medidas de limpeza e desinfección das instalacións con produtos debidamente autorizados e rexistrados.

4. No referente á celebración dos espectáculos musicais/artísticos ao aire libre, aqueles organizados con público de pé ou sentado poderán desenvolverse co 100 % da ocupación máxima permitida. En todo caso, resultarán de aplicación as medidas sanitarias previstas nos protocolos publicados no seguinte enderezo electrónico:

<https://coronavirus.sergas.gal/Contidos/Espectaculos-musicais-aire-libre>

3.22. Hostalaría e restauración.

1. A prestación de servizos de hostalaría e restauración en bares, cafeterías e restaurantes axustarase ás regras previstas na Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Os establecementos de restauración de centros sanitarios ou de traballo axustaranse tamén ás regras previstas no Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia e ao disposto no punto primeiro respecto da ocupación máxima por mesa ou agrupación de mesas.

3. Así mesmo, no caso de establecementos de hostalaría situados en centros educativos, aplicaranse as regras previstas no Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia. Estas regras non serán aplicables aos comedores escolares, que se rexerán pola súa normativa específica.

4. Aos furanchos resultaranlles de aplicación as regras previstas neste punto.

3.23. Realización de procesos selectivos polas administracións públicas e entidades do sector público.

A realización de procesos selectivos poderá desenvolverse, sempre que os asistentes permanezan sentados e que se establezan as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersonal de acordo co punto 1.3.



Adoptaranse medidas para evitar aglomeracións e deberase manter a máxima separación posible entre as persoas aspirantes. Haberá unha planificación adecuada para controlar os accesos e o fluxo de circulación dos asistentes. Debe preverse a apertura de todas as portas dispoñibles coa antelación suficiente. Organizaranse as entradas e saídas para evitar aglomeracións de persoas, tanto nos accesos como nas inmediacións, e distribuiranse proporcionalmente as persoas entre as portas dispoñibles.

O uso de máscara será obrigatorio nos termos previstos no número 1.4.

Deberán realizarse tarefas de ventilación nas instalacións cubertas por un prazo de, polo menos, 30 minutos ao comezo e ao final de cada xornada, así como de forma frecuente durante esta e, obrigatoriamente, ao finalizar cada actividade. No caso da utilización de sistemas de ventilación mecánica, deberá aumentarse a subministración de aire fresco e non se poderá empregar a función de recirculación do aire interior.

Deberá existir un rexistro de asistentes e custodialo durante un mes despois do evento, coa información do contacto dispoñible para as autoridades sanitarias, cumprindo coas normas de protección de datos de carácter persoal.

Deberán intensificarse as medidas de limpeza e desinfección das instalacións con produtos debidamente autorizados e rexistrados.

A solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir xunto cun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade pola COVID-19 en España, elaborado polo Centro de coordinación de alertas e emerxencias sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueloutros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

3.24. Especificidades para determinadas actividades turísticas, centros de interpretación e visitantes, aulas da natureza, casetas e puntos de información.

1. Poderán realizarse actividades de turismo ao aire libre, organizadas por empresas habilitadas para iso, e a actividade de guía turístico para grupos, e deberán establecerse as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade, excepto no caso de persoas conviventes.



2. Os centros de interpretación e visitantes, as aulas da natureza, as casetas e os puntos de información da Rede galega de espazos protexidos e espazos similares poderán desenvolver a súa actividade ao 100 % da súa capacidade. Ademais, deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade, excepto no caso de persoas conviventes.

3.25. Centros de lecer infantil.

Enténdense por centros de lecer infantil os establecementos abertos ao público que se destinen a ofrecer xogos e atraccións recreativas deseñados especificamente para público de idade igual ou inferior a 12 anos, os espazos de xogo e entretemento, así como aqueles destinados á celebración de festas infantís.

Poderán desenvolver actividades cunha ocupación máxima do 100 %, tanto no interior como no exterior.

3.26. Actividades de tempo libre dirixidas á poboación infantil e xuvenil e albergues e campamentos xuvenís.

1. Poderanse realizar actividades de tempo libre destinadas á poboación infantil e xuvenil co 100 % da capacidade máxima que teñan autorizada.

2. As actividades que se realicen por grupo deberán traballar procurando limitar o contacto entre eles. Cada grupo terá asignado, cando menos, un monitor, que se relacionará sempre co seu mesmo grupo.

3. Os albergues e campamentos xuvenís poderán manter unha ocupación do 100 % da súa capacidade máxima.

Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersoal nas instalacións, de acordo co establecido no punto 1.3.

3.27. Uso das praias e piscinas de uso recreativo.

1. O concello respectivo deberá establecer limitacións tanto de acceso como de capacidade das praias co fin de asegurar que se poida respectar a distancia interpersoal de seguridade entre usuarios.



2. As piscinas ao aire libre ou cubertas de uso recreativo poderán dispor do 100 % da súa capacidade, tanto no relativo ao acceso como durante a propia práctica deportiva ou recreativa.

Habilitaranse sistemas de acceso que eviten a aglomeración de persoas e que cumpran coas medidas de seguridade e protección sanitaria.

3. A situación dos obxectos persoais, toallas, hamacas e elementos similares nas zonas de estadia das piscinas e praias levarase a cabo de forma que se poida manter a distancia de seguridade interpersonal con respecto a outros usuarios.

4. O uso de máscaras rexeráse polo establecido no punto 1.4.

5. O uso de duchas e lavapés ao aire libre limitarase a unha persoa por dispositivo, sempre que se poida manter a distancia de seguridade interpersonal, agás no caso de menores ou persoas que precisen asistencia, que poderán contar co seu acompañante.

Respecto do uso de vestiarios e aseos en todas as instalacións, poderase utilizar o 100 %.

3.28. Acuarios, establecementos e actividades zoolóxicas, botánicas ou xeolóxicas.

1. Os acuarios, establecementos e actividades zoolóxicas, botánicas ou xeolóxicas poderán realizar a súa actividade co 100 % de ocupación.

2. Deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersonal durante o desenvolvemento da actividade, de acordo co disposto no punto 1.3.

3. Ademais do cumprimento xeral das medidas de hixiene e prevención establecidas, no caso de que se preste algún tipo de servizo de hostalaría e restauración, a dita prestación axustarase ao previsto no punto 3.22.

3.29. Atraccións de feira.

Poderán desenvolver a súa actividade cumprindo coas seguintes medidas:

a) Nos espazos en que se instalen atraccións de feira respectaranse a distancia de seguridade interpersonal e as medidas hixiénicas exigibles a cada instalación ou actividade.



b) Deberase sinalizar o espazo en que se desenvolvan as atraccións de tal maneira que se facilite o establecemento de puntos diferenciados para a entrada e saída, que deberán estar identificados con claridade.

c) A autoridade sanitaria local verificará o respecto da capacidade nos espazos comúns e adoptará as medidas necesarias para evitar aglomeracións.

d) Deberán establecerse as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersonal nas atraccións e postos instalados.

e) Tanto os asistentes como o persoal das atraccións deberán levar máscara de maneira obrigatoria e lembraráselles aos asistentes, por medio de carteis visibles e mensaxes de megafonía, a dita obrigatoriedade, así como as normas de hixiene e prevención que deben observar.

f) No caso das atraccións, poderán ocuparse todas as prazas dispoñibles.

g) Disporanse dispensadores de xeles hidroalcohólicos ou desinfectantes con actividade viricida debidamente autorizados e rexistrados en cada unha das atraccións.

h) Cada atracción deberá aplicar as medidas de limpeza e desinfección adecuadas ao tipo de actividade, á frecuencia e ás condicións de uso polas persoas usuarias, prestando especial atención ás superficies de contacto directo. En todo caso, cada atracción someterase a unha limpeza ao remate de cada xornada de uso.

3.30. Celebración de eventos deportivos e outras actividades deportivas non federadas de carácter organizado como campus deportivos, campamentos deportivos, escolas deportivas e outras actividades análogas.

1. A celebración de eventos deportivos recollidos no artigo 22 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, poderá desenvolverse cunha ocupación máxima do oitenta por cento en interior e do cen por cento no exterior, sempre que o público asistente permaneza sentado e se garantan as medidas establecidas no punto 1.3.

En todo caso, deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersonal nas instalacións, de acordo co establecido no punto 1.3.

O uso de máscara será obrigatorio nos termos previstos no número 1.4.



2. Os organizadores dos eventos deportivos e actividades deportivas non federadas de carácter organizado, como campamentos deportivos, campamentos deportivos, escolas deportivas e actividades análogas, recollidas no presente punto, deberán contar cun protocolo específico no ámbito da COVID-19, que será trasladado á autoridade competente e comunicado aos seus participantes.

Os protocolos, elaborados baixo a responsabilidade dos organizadores, deberán axustarse, con carácter mínimo, aos requirimentos que sexan de aplicación á concreta modalidade deportiva segundo o establecido nos protocolos aprobados consonte a Resolución do 15 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se aproba o protocolo Fisicovid-Dxtgalego.

Para o caso de que as actividades non contén cun protocolo federativo específico no ámbito da COVID-19, deberán de axustarse ao disposto no punto 3.15.

3. As actividades do programa Xogade desenvolveranse de acordo co protocolo aprobado pola Secretaría Xeral para o Deporte e axustaranse á Resolución do 15 de xuño de 2020 pola que se aproba o protocolo Fisicovid-Dxtgalego.

4. Deberán realizarse tarefas de ventilación nas instalacións cubertas por espazo de, polo menos, 30 minutos ao comezo e ao final de cada xornada, así como de forma frecuente durante esta e, obrigatoriamente, ao finalizar cada actividade. No caso da utilización de sistemas de ventilación mecánica, deberá aumentarse a subministración de aire fresco e limitarse ao mínimo indispensable a función de recirculación do aire interior.

5. No caso de eventos realizados en recintos, sexan pechados ou ao aire libre, deberá existir un rexistro de asistentes e custodialo durante un mes despois do evento, coa información do contacto dispoñible para as autoridades sanitarias e cumprindo coas normas de protección de datos de carácter persoal.

6. Deberán intensificarse as medidas de limpeza e desinfección das instalacións con produtos debidamente autorizados e rexistrados.

3.31. Establecementos de xogo.

1. Os establecementos de xogos colectivos de diñeiro e de azar, salóns de xogo, salas de bingo, salóns recreativos, rifas e tómbolas, casinos, locais específicos de apostas e outros locais e instalacións asimilables aos de actividade recreativa de xogos e apostas,



conforme estableza a normativa sectorial en materia de xogo, axustaranse ás regras previstas no novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. En particular, serán de aplicación os niveis dos establecementos, capacidades máximas, horarios e medidas adicionais para cumprir en cada nivel establecidos no novo Plan de hostalaría segura.

3. En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia de seguridade interpersoal entre as mesas ou, de ser o caso, agrupacións de mesas.

Así mesmo, deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersoal nas súas instalacións, especialmente na disposición e no uso das máquinas ou de calquera outro dispositivo de xogo nos locais e establecementos en que se desenvolvan actividades, de acordo co previsto no punto 1.3. O uso da máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersoal indicada, nos termos previstos na normativa vixente.

3.32. Parques de atraccións, multilecer e temáticos.

Os parques de atraccións, multilecer e temáticos poderán desenvolver a súa actividade co 100 % da súa capacidade máxima. Estableceranse os oportunos mecanismos de control de acceso, tanto nas entradas e saídas do recinto como nos accesos ás distintas atraccións, de xeito que se eviten aglomeracións e se manteña, obrigatoriamente, a distancia de seguridade interpersoal establecida no punto 1.3.

A entidade titular da instalación intensificará a limpeza e a desinfección dos elementos de uso compartido.

Aqueles establecementos que ofrezan servizos de hostalaría ou restauración nas súas instalacións observarán as regras establecidas no punto 3.22 para este tipo de servizos.

O uso da máscara rexerase polo establecido no punto 1.4.

Respecto do uso de vestiarios e aseos en todas as instalacións, poderase utilizar o 100 %.

3.33. Parques acuáticos.

1. Os parques acuáticos poderán desenvolver a súa actividade co 100 % da súa capacidade máxima.



Estableceranse os oportunos mecanismos de control de accesos, tanto nas entradas e saídas do recinto como nos accesos ás distintas atraccións, de xeito que se eviten aglomeracións e se manteña, obrigatoriamente, a distancia de seguridade interpersonal de 1,5 metros.

2. O emprego de flotadores ou outros elementos nas atraccións farase de xeito individual, agás no caso de menores ou persoas que precisen de asistencia. A entidade titular da instalación intensificará a limpeza e a desinfección respecto destes elementos de uso compartido.

3. A situación dos obxectos persoais, toallas, hamacas e elementos similares nas zonas de estadia e espazos comúns levarase a cabo de forma que se poida manter a distancia de seguridade interpersonal con respecto a outros usuarios.

4. Aqueles establecementos que ofrezan servizos de hostalaría ou restauración nas súas instalacións observarán as regras establecidas no punto 3.22 para este tipo de servizos.

5. O uso da máscara rexerese polo establecido no punto 1.4.

6. O uso de duchas e lavapés ao aire libre limitarase a 1 persoa por dispositivo, sempre que se poida manter a distancia de seguridade interpersonal, agás no caso de menores ou persoas que precisen asistencia, que poderán contar co seu acompañante.

7. Respecto do uso de vestiarios e aseos en todas as instalacións, poderase utilizar o 100 %.

3.34. Establecementos de lecer nocturno.

Os establecementos de lecer nocturno, tales como discotecas, pubs, cafés espectáculo, salas de festas así como as salas de concertos que desenvolvan as súas actividades de forma análoga aos anteriores, axustaranse ao establecido na Orde do 29 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de lecer nocturno da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.35. Centros educativos de réxime especial.

Manterán o seu funcionamento con actividade lectiva presencial os seguintes centros educativos de réxime especial:

1º) Escolas oficiais de idiomas.



2º) Escolas de arte e superior de deseño.

3º) Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais.

4º) Escola Superior de Arte Dramática.

5º) Conservatorios de música.

6º) Conservatorios de danza.

7º) Escolas de música.

8º) Escolas de danza.

9º) Centros autorizados de deportes, centros autorizados de fútbol, centros autorizados de fútbol sala.

10º) Centros autorizados de artes plásticas e deseño.

11º) Centros autorizados de música e centros autorizados de danza, salvo que estean integrados en centros docentes que permanezan abertos e que limiten a súa actividade ao alumnado dos ditos centros docentes.

12º) Escolas de música privadas e escolas de danza privadas.

Os establecementos de arte dramática, música, danza e deportes antes enumerados poderán desenvolver a súa actividade con contacto físico.

3.36. Centros sociocomunitarios, centros cívicos, centros de convivencia, centros sociais e demais de natureza análoga.

Estes centros poderán realizar a súa actividade co 100 % da súa capacidade máxima, prestando especial atención ás medidas de protección nas actividades de tipo grupal que se realizan neles. En todo caso, será obrigatorio o uso da máscara tanto en actividades individuais como grupais, de acordo co establecido no punto 1.3.

Permanecerán abertos, en todo caso, os centros de día de maiores e persoas con discapacidade e os ocupacionais, así como as casas do maior.



3.37. Centros de atención á infancia.

Aqueles centros de atención á infancia que se encontren regulados e inscritos, de conformidade co previsto no Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia, poderán manter os seus servizos observando as normas de prevención hixiénico-sanitarias previstas nos seus protocolos.

3.38. Festas, verbenas e outros eventos populares.

1. No caso de que nestas actividades se organicen espectáculos musicais ao aire libre, fóra de recintos pechados especificamente habilitados para o efecto, as medidas xerais aplicables serán as seguintes:

a) Deberán realizarse en espazos acoutados, sectorizados, perfectamente delimitados e pechados, aos cales unicamente se poida acceder polos accesos autorizados.

b) O número máximo de asistentes fixarase en función da situación epidemiolóxica segundo os límites establecidos nos correspondentes protocolos de espectáculos musicais ao aire libre.

c) Na zona de público non están permitidas as carpas con lonas laterais que impidan a ventilación natural.

d) Pódese bailar, sempre con máscara.

e) Poderá preverse o servizo de comida e bebidas se se realiza en espazos habilitados (que cumprirán as normas de hostalaría e restauración), debidamente dimensionados para o público que reciban. O consumo realizarase fóra da zona de baile. Os organizadores tomarán as precaucións oportunas para evitar a formación de aglomeracións. Os asistentes só poderán quitar a máscara para o momento específico do consumo.

f) Non está permitido fumar, consumir outros produtos do tabaco nin consumir cigarros electrónicos na área de público.

g) A venda/reserva de entradas, de ser o caso, será por adiantado, con rexistro previo dos asistentes.

Para o resto das medidas específicas serán de aplicación os protocolos de espectáculos musicais ao aire libre, accesibles no seguinte enderezo:

<https://coronavirus.sergas.es/Contidos/Espectaculos-musicais-aire-libre>



2. A celebración de romarías, desfiles, exhibicións de música ou baile, ou actividades similares en espazos abertos e con acompañamento de público na vía pública deberá desenvolverse nas condicións que deberá determinar a autoridade municipal correspondente. Nestes casos, con carácter previo á celebración, delimitarase o espazo ou o itinerario. Procurarase manter a distancia de seguridade interpersoal entre os participantes entre si e co público asistente, e o uso de máscara será obrigatorio para os participantes e para o público asistente.

3.39. Uso seguro de lugares e espazos públicos.

1. Os concellos deberán adoptar medidas que coadruen ao control das aglomeracións de persoas en lugares e espazos públicos en que non se respecten as medidas de seguridade e de distanciamento persoal, polos riscos que presentan para a saúde pública, especialmente cando se realicen actividades prohibidas como o consumo en grupo de bebidas alcohólicas na vía pública, nos parques, xardíns e prazas públicas e noutros lugares de tránsito público.

2. De acordo co previsto no número anterior, nas rúas ou zonas de concentración de actividades de hostalaría e restauración, ou nos establecementos de lecer nocturno, os concellos deberán adoptar medidas de control e vixilancia para evitar que se produzan as aglomeracións de persoas antes indicadas, tanto durante o desenvolvemento das actividades de hostalaría e restauración ou de lecer nocturno como na súa finalización ao chegar o horario do seu peche, coa finalidade de evitar o uso indebido dos lugares e espazos públicos como continuación destas actividades.



I. DISPOSICIÓNS XERAIS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

RESOLUCIÓN do 21 de outubro de 2021, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 21 de outubro de 2021, polo que se declara a finalización da situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, declarada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020 como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do 21 de outubro de 2021, adoptou o seguinte acordo:

«ACORDO DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA, DO 21 DE OUTUBRO DE 2021, POLO QUE SE DECLARA A FINALIZACIÓN DA SITUACIÓN DE EMERXENCIA SANITARIA NO TERRITORIO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, DECLARADA POLO ACORDO DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA DO 13 DE MARZO DE 2020 COMO CONSECUENCIA DA EVOLUCIÓN DA EPIDEMIA DO CORONAVIRUS COVID-19.

I. A aparición do coronavirus COVID-19 no mes de decembro de 2019 creou un escenario mundial que requiriu a adopción de medidas preventivas e de accións que permitisen facer un seguimento da situación do avance dos casos, o que implicaba para as autoridades a previsión de escenarios e o deseño de protocolos que permitisen prever e afrontar as múltiples situacións que se puidesen dar, coa maior eficacia posible.

O Regulamento sanitario internacional (RSI 2005) establece a figura da emerxencia de saúde pública de importancia internacional (ESPII) ante eventos extraordinarios que se determine que constitúen un risco para a saúde pública doutros Estados, por mor da propagación internacional dunha enfermidade, e que poderían exixir unha resposta internacional coordinada.

O xoves día 30 de xaneiro de 2020 tivo lugar a segunda reunión do Comité de Emerxencias do RSI en relación co gromo polo novo coronavirus COVID-19 na República Popular da China. Como resultado das deliberacións, o director xeral da OMS declarou que o dito gromo constitúe unha ESPII.

Na Comunidade Autónoma de Galicia constituíuse unha Comisión interdepartamental para o seguimento do coronavirus COVID-19 e outras enfermidades emerxentes, que ten



atribuídas as funcións de coordinación, seguimento e avaliación das actuacións adoptadas, tanto preventivas como paliativas, en función da situación epidemiolóxica concreta en Galicia e no Estado, a proposta de sistemas de vixilancia, a aprobación dos niveis de decisión e de responsabilidade das actuacións para preparar a resposta e de coordinación coa Administración xeral do Estado, así como a aprobación dos plans e protocolos de preparación e resposta, e a coordinación da información.

O 11 de marzo de 2020, a Organización Mundial da Saúde elevou a situación de emerxencia de saúde pública xerada pola expansión do coronavirus COVID-19 a nivel de pandemia internacional. Esta expansión xerou unha crise sen precedentes recentes na saúde pública que afectou todos os sectores e individuos. As distintas administracións, organismos e institucións, nacionais e internacionais, tiveron que adoptar medidas drásticas e urxentes para a prevención e loita contra a pandemia.

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do doce de marzo de dous mil vinte, aprobou o Acordo mediante o que se adoptaron as medidas preventivas en materia de saúde pública na Comunidade Autónoma de Galicia, como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.

Por outra banda, a Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia, establece no seu artigo 36.1 que, cando a situación de perigo ou os danos ocorridos sexan, pola súa especial extensión ou intensidade, particularmente graves, o Consello da Xunta, por solicitude da persoa titular da consellería competente en materia de protección civil, poderá acordar a declaración de emerxencia de interese galego.

Segundo o artigo 8 da citada lei, en canto sexa activado un plan de protección civil, ou nas situacións de risco ou emerxencia declarada, a autoridade de protección civil competente poderá ordenarlle á cidadanía a prestación de servizos persoais, de acción ou omisión, sempre de forma proporcionada á situación de necesidade e á capacidade de cada individuo. Así mesmo, sempre que a emerxencia o faga necesario e tendo en todo momento presente o principio de proporcionalidade, a autoridade de protección civil poderá ordenar a intervención e a ocupación temporal e transitoria dos bens dos/das cidadáns/ás.

O Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) determina que se activará o nivel IG «emerxencia de interese galego», segundo a Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia, cando se produza unha emerxencia declarada como de interese galego polo Consello da Xunta.



Ante a evolución da situación en Galicia, o Consello da Xunta de Galicia, o 13 de marzo de 2020, vista a solicitude de declaración de emerxencia sanitaria de interese galego formulada pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, por proposta da persoa titular da Consellería de Sanidade, adoptou o Acordo polo que se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activa o Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19, tendo en conta a necesidade de adoptar medidas preventivas, garantindo o correcto equilibrio no exercicio de dereitos e obrigas da cidadanía galega, así como a necesidade de coordinar as actuacións necesarias de todos os organismos e a mobilización de medios e recursos dispoñibles na Comunidade Autónoma baixo a unidade de acción, mediante o establecemento dun mando único, de acordo co disposto nos artigos 11.2.e) e 36 da Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia.

II. A declaración de emerxencia sanitaria supuxo a activación do Plan territorial de emerxencias de Galicia coa conseguinte asunción de todas as actividades de emerxencia polo titular da presidencia da Xunta de Galicia, de acordo co previsto neste. Así, a activación do plan implicou, entre outros puntos, a constitución do Centro de coordinación operativa do plan e a mobilización inmediata dos diversos grupos operativos.

Deste modo, nos primeiros meses da pandemia foi fundamental a actuación do Centro de coordinación operativa (Cecop), coa composición establecida no acordo, ao que se habilitou, dada a situación de emerxencia, para revisar ou adaptar ás circunstancias as previsións establecidas nel.

A activación do Plan territorial de protección civil de Galicia (Platerga) permitiu a adopción das medidas de protección previstas nel, encamiñadas a impedir ou diminuír os danos a persoas e bens, materiais, naturais ou culturais, que se poidan producir, ou que se producen, en calquera tipo de emerxencia.

Así mesmo, no propio Acordo do Consello da Xunta de Galicia adoptáronse unha serie de medidas adicionais temporais debido á evolución da situación sanitaria.

III. Mediante o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, declarouse o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19. A declaración afectou todo o territorio nacional por un período inicial de quince días naturais, que foi obxecto de ata seis prórrogas autorizadas polo Congreso dos Deputados.



En aplicación do artigo 6 do Real decreto 555/2020, do 5 de xuño, o Consello da Xunta de Galicia, como autoridade sanitaria, apreciou, en Acordo do día 12 de xuño de 2020, que a Comunidade Autónoma de Galicia, como unidade territorial, estaba en condicións de superar a fase III do Plan para a desescalada das medidas extraordinarias adoptadas para facer fronte á pandemia de COVID-19 e, por tanto, en condicións de entrar na «nova normalidade».

O presidente da Xunta de Galicia, de acordo co disposto no artigo 6.2 do Real decreto 555/2020, do 5 de xuño, dispuxo formalmente, mediante decreto publicado no *Diario Oficial de Galicia*, a superación da fase III e, por tanto, a entrada na nova normalidade.

A superación da fase III, ben que implica que quedaban sen efecto as medidas extraordinarias derivadas do estado de alarma, debía comportar, porén, a adopción, por parte das administracións competentes, das necesarias medidas de prevención que permitisen seguir facendo fronte e controlando a pandemia, tendo en conta a subsistencia, aínda que atenuada, dunha situación de crise sanitaria. Neste sentido, no ámbito estatal ditouse o Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, as cales, conforme o disposto no seu artigo 2.2, serían de aplicación naquelas unidades territoriais que superasen a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.

No ámbito autonómico, a resposta, necesaria e urxente, á crise sanitaria que aínda subsistía, pese á superación da fase III, debía ser, ademais do mantemento da declaración de situación de emerxencia sanitaria efectuada mediante o Acordo do 13 de marzo de 2020, a adopción de medidas de prevención con fundamento nas previsións da normativa sanitaria que se habilitan para iso.

Neste contexto, o Consello da Xunta, na súa condición de autoridade sanitaria, adoptou o Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020 (publicado por Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade), sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto do dito acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.



O punto sexto deste acordo regulaba o seguimento e aplicación das medidas, indicando que as medidas preventivas previstas neste acordo serían obxecto de seguimento e avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderían ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de sanidade. Así mesmo, a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, podería adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e establecer, de acordo coa normativa aplicable e á vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas neste acordo que fosen necesarias. En particular, habilitouse o Centro de coordinación operativa, previsto no Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020, para o seguimento, revisión ou adaptación ás circunstancias das previsións establecidas neste acordo.

En canto aos seus efectos, o Acordo do 12 de xuño estableceu no seu punto sétimo que as medidas recollidas como anexo ao acordo producirían efectos ata o levantamento da declaración de situación de emerxencia sanitaria de interese galego.

IV. Con base na lexislación sanitaria e no Acordo do 12 de xuño, a Consellería de Sanidade ditou diversas ordes nas que se adaptaban as medidas á evolución da pandemia.

O Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, declarou o estado de alarma en todo o territorio nacional coa finalidade de conter a propagación das infeccións causadas polo SARS-CoV-2. O 29 de outubro de 2020, o Congreso dos Deputados autorizou a súa prórroga ata as 00.00 horas do día 9 de maio de 2021, consonte o disposto no artigo 2 do Real decreto 956/2020, do 3 de novembro.

Durante este segundo estado de alarma, conforme o artigo 2 do Real decreto 926/2020, a autoridade competente delegada sería quen desempeñase a presidencia da comunidade autónoma, nos termos establecidos no real decreto. As autoridades competentes delegadas quedaban habilitadas para ditar, por delegación do Goberno da Nación, as ordes, resolucións e disposicións para a aplicación do previsto nos artigos 5 a 11 do real decreto.

Non obstante, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, non esgotaban todas as medidas que podían ser adoptadas para facer fronte á crise sanitaria. Neste sentido, como prevé expresamente o seu artigo 12, cada Administración conservaba as competencias que lle outorga a lexislación vixente, así como a xestión dos seus servizos e do seu persoal, para adoptar as medidas que considerase necesarias, sen prexuízo do establecido no real decreto.



Deste modo, durante a vixencia do segundo estado de alarma, e unha vez finalizado este, a Consellería de Sanidade continuou adoptando medidas de prevención específicas necesarias para afrontar a situación de emerxencia de saúde pública ocasionada pola COVID-19, conforme a lexislación sanitaria e o Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.

V. Segundo os datos reflectidos no informe da Dirección Xeral de Saúde Pública do 20 de outubro de 2021, a taxa de incidencia segue a diminuír. A tendencia segue a amosar un descenso, desde o seu inicio o día 21 de xullo, con tres tramos de diferente intensidade de descenso, estando desde o 28 de setembro, día en que se detectou o terceiro cambio, cunha porcentaxe de cambio diaria do -1,8 %.

A taxa de incidencia a 7 días, no global de Galicia, está nos 7,29 casos por 100.000 habitantes, cunha razón de taxas a 7 días de 1,08 e unha porcentaxe de positividade do 0,72. Por áreas sanitarias, a de Santiago é a que presenta a incidencia acumulada a 7 días máis elevada, con 10,3 casos por 100.000 habitantes.

Por grupos de idade, a incidencia a 7 días, nas persoas de 65 e máis anos, é do 5,09 casos por 100.000 habitantes. Neste grupo de idade, a razón de taxas a 7 días é de 0,42 e a porcentaxe de positividade é do 0,66 %.

En canto á hospitalización, a taxa de ingresos por 100.000 habitantes a 7 días, en unidades de agudos e críticos, respectivamente, é de 0,52 e 0,11. A porcentaxe de ingresos en unidade de agudos dos casos dos últimos 7 días é de 4,8 % e nas unidades, de críticos do 0,6 %.

A taxa de ingresos por 100.000 habitantes nos últimos 7 días, no grupo de 65 e máis anos de idade, é de 1,45 ingresos por 100.000 habitantes en agudos, e de 0,29 ingresos por 100.000 habitantes nas unidades de críticos. A porcentaxe de ingresos nas unidades de críticos neste grupo de idade é de 3,2 % para os últimos 7 días.

A variante Delta segue a ser a predominante.

O informe conclúe indicando que, en xeral, se poden esperar incrementos da incidencia en determinadas áreas, que poderán ir variando co tempo de área a área. Non obstante, convén estar atentos a cambios que poidan afectar máis áreas sanitarias nun mesmo momento.



Nestes momentos Galicia é a comunidade autónoma con menor taxa de incidencia a 7 días e a 14 días. Así mesmo, Galicia segue sendo a comunidade autónoma con menor porcentaxe de ocupación hospitalaria e UCI.

Debe destacarse que na situación epidemiolóxica actual ten influído de xeito decisivo o éxito e alcance da campaña de vacinación.

Así, Galicia, en canto aos vacinados cunha dose está no primeiro posto, xunto con Extremadura, en tanto por cento de poboación diana vacinada (94 %), cando a media de España é o 90 %. Galicia é a segunda comunidade autónoma con máis tanto por cento de poboación total vacinada: 85,4 %, só por tras de Asturias. A media de España é do 79,9 %. Galicia está por encima da media española en todas as franxas etarias.

En canto á pauta completa, Galicia é a primeira comunidade autónoma con máis tanto por cento de poboación diana vacinada (93 %). A media de España é do 88,1 %. Ademais, é a segunda comunidade autónoma con máis tanto por cento de poboación total vacinada (84,5 %), só por tras de Asturias. A media de España é do 78,2 %. Tamén Galicia está por encima da media española en todas as franxas etarias.

VI. Na situación epidemiolóxica actual debe valorarse se segue sendo necesario o mantemento da declaración de emerxencia sanitaria adoptada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020, nun contexto epidemiolóxico, sanitario e organizativo moi diferente.

O sentido fundamental desta declaración foi, ante a evolución da situación en Galicia, o de afrontar o perigo existente e o de abordar a necesidade de adoptar medidas de coordinación das actuacións de todos os organismos e a mobilización de medios e recursos dispoñibles na Comunidade Autónoma baixo a unidade de acción, mediante o establecemento dun mando único, de acordo co disposto nos artigos 11.2.e) e 36 da Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia. En particular, a declaración de emerxencia sanitaria supuxo a activación do Plan territorial de emerxencias de Galicia e a constitución do Centro de coordinación operativa do plan, cuxa actuación foi fundamental nos primeiros meses da pandemia. Así, a declaración da situación de emerxencia sanitaria habilitou para a reorganización funcional dos servizos administrativos e as modificacións orzamentarias precisas para afrontar a emerxencia nos primeiros meses.

As medidas adoptadas de coordinación e de control da pandemia e a recuperación gradual da normalidade permite apreciar que no día de hoxe xa non resulta imprescindible



dispoñer dos mecanismos de coordinación reforzados que proporcionan a lexislación de protección civil e o Platerga.

En particular, a situación actual sanitaria e epidemiolóxica permite apreciar que, aínda que a pandemia continúa, xa non existe unha situación de perigo que teña unha especial extensión ou intensidade particularmente graves que aconsellen o mantemento dunha declaración de emerxencia sanitaria de interese galego.

VII. A finalización da aplicación dos mecanismos extraordinarios derivados da lexislación de protección civil debe entenderse, naturalmente, sen prexuízo de que continúen sendo necesarias, mentres permaneza a pandemia, medidas de prevención de acordo coa lexislación sanitaria en vigor.

Neste sentido, a Lei estatal 2/2021, do 29 de marzo, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, prevé no seu artigo 2.3 que «as medidas contidas nos seus capítulos II, III, IV, V, VI e VII e na disposición adicional quinta serán de aplicación en todo o territorio nacional até que o Goberno declare de maneira motivada e de acordo coa evidencia científica dispoñible, logo do informe do Centro de coordinación de alertas e emerxencias sanitarias, a finalización da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19. O Goberno consultará as comunidades autónomas no seo do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde con carácter previo á finalización da situación de crise sanitaria a que se refire o parágrafo anterior».

De acordo coa lexislación estatal, continúa, por tanto, existindo unha situación de crise sanitaria. Isto determina, por exemplo, que siga sendo de aplicación o deber de cautela e protección establecido no artigo 4 da lei, de tal xeito que «todos os cidadáns deberán adoptar as medidas necesarias para evitar a xeración de riscos de propagación da enfermidade COVID-19, así como a propia exposición aos ditos riscos, de acordo co que se establece nesta lei». «O dito deber de cautela e protección será igualmente exixible aos titulares de calquera actividade regulada nesta lei».

Deste modo, seguen sendo de aplicación as previsións desta lei sobre o uso obrigatorio de máscaras, a regulación das distintas actividades e a distancia de seguridade interpersoal mínima.

En particular, debe terse en conta que seguirán sendo de aplicación os mecanismos de tutela previstos na lexislación sanitaria. A Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública, conforma, xunto coa Lei 14/1986, do 25 de abril,



xeral de sanidade, a Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema nacional de saúde, e a Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, o corpo normativo fundamental da acción de tutela da saúde pública a nivel estatal, ao cal se debe unir a lexislación autonómica reguladora da protección da saúde pública no marco de competencias autonómico, como é o caso, na Comunidade Autónoma galega, da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia. En efecto, recóllense na dita normativa medidas que as autoridades sanitarias poderán acordar para tutelar a saúde pública en situacións de risco, co fin de cumprir o mandato contido no artigo 43 da Constitución española, que, despois de proclamar o dereito á protección da saúde, dispón que lles compete aos poderes públicos organizaren e tutelaren a saúde pública a través de medidas preventivas e das prestacións e servizos necesarios e que a lei establecerá os dereitos e deberes de todos ao respecto. O dito marco normativo débese completar, atendida a posible afectación que tales medidas poden ter sobre os dereitos fundamentais, coa necesidade de intervención xudicial.

Malia o anterior, a crise da COVID-19 puxo de manifesto a necesidade de contar cunha maior densidade normativa no que respecta á articulación dos mecanismos extraordinarios que recolle a lexislación sanitaria para tutelar a saúde pública ante crises sanitarias.

Neste sentido, a Lei de saúde autonómica foi modificada pola Lei 8/2021, do 25 de febreiro, no exercicio da competencia autonómica en materia de sanidade interior, recollida no artigo 33 do Estatuto de autonomía de Galicia, para introducir na lei as modificacións necesarias co fin de facer fronte á necesidade de contar cun marco normativo claro na materia que ofrezca a necesaria seguridade xurídica, tanto para quen debe intervir na adopción das medidas e na súa inspección, vixilancia, control e sanción como para as persoas destinatarias destas. En particular, unha das principais finalidades desta lei é, xa que logo, concretar as medidas que, tendo en conta o disposto na lexislación sanitaria estatal, de rango orgánico e ordinario, poden ser adoptadas polas autoridades sanitarias galegas para a protección da saúde pública, así como regular os requisitos que se deben cumprir para a súa correcta adopción, con especial atención ás exixencias de motivación e de proporcionalidade.

Resulta necesario manter un comportamento social de cautela e autoprotección asentado fundamentalmente nas premisas de hixiene frecuente de mans; distancia interpersonal mínima; uso de máscaras, cando non sexa posible manter a distancia mínima interpersonal, así como cando se estea en contornos con moita xente, especialmente en espazos pechados; limpeza, hixiene e ventilación dos espazos utilizados e, especialmente, adopción de medidas de illamento e comunicación cos servizos de saúde tan pronto como se teñan síntomas compatibles coa COVID-19.



VIII. En particular, no presente acordo, o Consello da Xunta de Galicia, como autoridade sanitaria, debe ditar determinadas medidas específicas que aseguren o tránsito da situación de emerxencia sanitaria á nova situación, evitando que un decaemento desta produza consecuencias indesexables e tendo en conta que, de acordo coa lexislación estatal, continúa existindo unha situación de crise sanitaria.

De acordo co exposto, a persoa titular da Consellería de Sanidade, como autoridade sanitaria, debe continuar establecendo as intervencións públicas necesarias para garantir os dereitos e deberes sanitarios da cidadanía e, en particular, adoptar as medidas previstas no artigo 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, que sexan necesarias atendendo á evolución da pandemia.

Así mesmo, dado que están vixentes as actuacións coordinadas establecidas pola Orde comunicada do Ministerio de Sanidade, de 4 de xuño de 2021, mediante a que se aproba, en coordinación coa Conferencia sectorial de educación, a declaración de actuacións coordinadas en saúde pública fronte á COVID-19 para centros educativos durante o curso 2021/22, é preciso manter as medidas contidas no Protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021/22, tras o levantamento da declaración de emerxencia sanitaria de interese galego.

IX. Deste modo, na situación epidemiolóxica actual, en definitiva, ben que segue sendo necesario adoptar determinadas medidas específicas de prevención, xa non resulta necesario o mantemento da declaración da situación de emerxencia sanitaria.

O compromiso colectivo será, sen dúbida, a mellor arma na loita contra a pandemia.

E, en consecuencia, de conformidade co disposto nos artigos 11.2.e) e 36 da Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia, e vista a solicitude de finalización da declaración de emerxencia sanitaria de interese galego formulada pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, por proposta da persoa titular da Consellería de Sanidade,

ACÓRDASE:

Primeiro. Declarar a finalización da situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia declarada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020 como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19, por solicitude da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.



Segundo. Dispoñer a desactivación do Plan territorial de emerxencias de Galicia, que se deberá comunicar formalmente á Axencia Galega de Emerxencias.

Terceiro. A declaración da finalización da declaración de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia entenderase sen prexuízo da adopción polas autoridades competentes das medidas que sexan necesarias para a contención e control da pandemia derivada da COVID-19.

Cuarto. En particular, a declaración da finalización da declaración de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia producirá, de conformidade co establecido no punto sétimo do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, a perda de efectos das medidas recollidas como anexo ao indicado acordo.

Esta previsión entenderase sen prexuízo de que se manteñan os efectos das medidas actualmente en vigor adoptadas pola Consellería de Sanidade en virtude do indicado acordo.

Quinto. Corresponderalle á persoa titular da Consellería de Sanidade, como autoridade sanitaria, establecer as intervencións públicas necesarias para garantir os dereitos e deberes sanitarios da cidadanía e, en particular, a adopción das medidas previstas no artigo 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Sexto. Mantense a eficacia do Protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021/22, co texto que figura como anexo I da Resolución do 1 de setembro de 2021, conxunta das consellerías de Cultura, Educación e Universidade e de Sanidade, e coas sucesivas adaptacións publicadas no Portal educativo, tras o levantamento da declaración de emerxencia sanitaria de interese galego. O Protocolo será plenamente aplicable ata que os órganos competentes acordan a finalización da vixencia das actuacións coordinadas en saúde pública fronte á COVID-19 para centros educativos durante o curso 2021/22.

Sétimo. Este acordo producirá efectos desde a data da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2021

Alberto Fuentes Losada
Secretario xeral técnico da Consellería de Sanidade



I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 29 de setembro de 2021 pola que se prorroga e se modifica a Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

I

A evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia fai necesario que as autoridades sanitarias autonómicas sigan adoptando determinadas medidas de prevención orientadas a conter a propagación da infección e dirixidas a facer fronte á crise sanitaria derivada da COVID-19.

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto dese acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Con esta finalidade poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade. Establécese, ademais, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de conformidade coa normativa aplicable e en vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou en parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia

CVE-DOG: 2p27sej0-1i00-lpe4-xf20-qrfvyj5xpn6



e que modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación das medidas concretas contidas no anexo do citado acordo.

Con base no disposto no citado punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, adoptáronse, mediante a Orde do 25 de xuño de 2021, unha serie de medidas que teñen por obxecto regular distintas actividades coa finalidade de que se poidan desenvolver en condicións de seguridade, minimizando ao máximo o risco de contaxio e a propagación da enfermidade.

Estas medidas específicas tradúcense, en moitos casos, no establecemento de capacidades máximas e na regulación destas, xa que se demostrou que para lograr o fin proposto resulta imprescindible evitar as aglomeracións e garantir o mantemento en todo momento da distancia de seguridade, reducindo o contacto físico ou a proximidade en condicións favorecedoras do contaxio.

A evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma exixiu modificar determinados aspectos da orde coa finalidade de adaptar as medidas contidas nela á realidade do momento, o que se fixo mediante a Orde do 1 de xullo de 2021. Posteriormente, mediante a Orde do 8 de xullo de 2021 introducíronse novas modificacións e prorrogouse a eficacia da Orde do 25 de xuño ata as 00.00 horas do 24 de xullo de 2021, e mediante a Orde do 15 de xullo de 2021 modificáronse a Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, e a Orde do 1 de xullo de 2021 pola que se aproba o Protocolo para a reactivación do lecer nocturno no marco da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19. Mediante a Orde do 22 de xullo de 2021 acometeuse unha nova prórroga e modificación da Orde do 25 de xuño. Tamén se modificou a Orde do 1 de xullo de 2021 pola que se aproba o Protocolo para a reactivación do lecer nocturno no marco da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19. O anexo II da Orde do 25 de xuño volveu ser modificado mediante as ordes do 29 de xullo e do 5 agosto de 2021, e esta última prorrogou a eficacia da primeira.

Pola súa banda, mediante a Orde do 13 de agosto de 2021 suspendeuse expresamente a exigencia da exhibición de documentación para o acceso a determinados establecementos, prevista na Orde do 25 de xuño, e substituíuse esta obriga por unha regulación transitoria e provisional, na espera do pronunciamento do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre a autorización da existencia dos ditos certificados. Esta autorización foi denegada mediante o Auto 97/2021, da Sección Terceira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.



Mediante a Orde do 16 de agosto de 2021 modificouse o anexo II da Orde do 25 de xuño para adaptalo á situación derivada da evolución da pandemia. Así mesmo, mediante a Orde do 20 de agosto de 2021 prorrogouse a eficacia da Orde do 25 de xuño. Nesta orde, na espera dunha resolución xudicial firme que se pronunciase sobre a autorización da medida da exixencia do certificado, mantíñase a suspensión da exixencia da exhibición de documentación para o acceso a determinados establecementos e actualizábase a regulación transitoria e provisional ditada en substitución da referida obriga, coa finalidade de adaptala á evolución favorable da situación epidemiolóxica. Incluíanse, ademais, na devandita orde determinadas modificacións da Orde do 25 de xuño, cuxa finalidade era adaptala á evolución favorable da situación epidemiolóxica.

A continuación, mediante as ordes do 25 e do 27 de agosto de 2021 introducíronse novas modificacións do anexo II da Orde do 25 de xuño de 2021, co obxecto de reflectir nel as variacións na evolución da situación epidemiolóxica experimentadas en distintos concellos da Comunidade Autónoma.

Mediante a Orde do 1 de setembro de 2021 prorrogouse a eficacia da Orde do 25 de xuño ata as 00.00 horas do día 18 de setembro. Esta orde tamén modificou o anexo II da Orde do 25 de xuño e acordou manter a suspensión da exixencia da exhibición de documentación para o acceso a determinados establecementos prevista nela e na Orde do 1 de xullo de 2021 pola que se aproba o Protocolo para a reactivación do lecer nocturno no marco da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, substituíndoa por unha regulación transitoria e provisional na espera dun pronunciamento xudicial firme sobre esta medida.

Pola súa banda, mediante a Orde do 9 de setembro de 2021 modificouse a Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

Así mesmo, a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia volve modificar a regulación contida na Orde do 25 de xuño de 2021 en relación cos establecementos de hostalaría e os establecementos de xogo para adaptala ás regras do novo Plan de hostalaría segura, tendo en conta que nestes últimos se prestan servizos de hostalaría e restauración. Tamén se deixa sen efecto a regulación transitoria e provisional aplicable aos establecementos de hostalaría e restauración e aos establecementos de xogos e apostas, prevista nos puntos terceiro e cuarto da Orde do 20 de agosto de 2021, e se mantén a suspensión da exixencia



da exhibición de documentación para o acceso aos establecementos de lecer nocturno, substituíndo esta obriga por unha regulación transitoria e provisional.

Con posterioridade á aprobación da citada Orde do 14 de setembro de 2021, foi notificada a Sentenza 1112/2021, da Sección Cuarta da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo, na cal se estima o recurso de casación formulado pola Administración autonómica contra o Auto do 20 de agosto de 2021, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que avala así a posibilidade de exixir o chamado pasaporte COVID para acceder a determinados establecementos, ao considerar que esta medida é idónea, necesaria e proporcionada para reducir os contaxios.

A continuación, mediante a Orde do 16 de setembro de 2021, acometeuse unha nova prórroga da Orde do 25 de xuño de 2021 ata as 00.00 horas do día 2 de outubro. A dita orde tamén recolle a ampliación dos límites de ocupación aplicables ás mesas e agrupacións de mesas nos establecementos de hostalaría, restauración e de xogos e apostas; así mesmo, modifícase o anexo II da Orde do 25 de xuño coa finalidade de incluír os concellos en que mudou a situación epidemiolóxica no nivel que en cada caso corresponda.

Finalmente, mediante a Orde do 22 de setembro de 2021 modificouse a Orde do 25 de xuño co obxectivo de adaptala á favorable evolución da situación epidemiolóxica na Comunidade Autónoma. Así, incrementáanse as capacidades máximas permitidas para o desenvolvemento de actividades deportivas, espectáculos musicais e artísticos, así como de reunións laborais, institucionais, académicas ou profesionais, congresos e outros eventos. Igualmente, ampliáanse as capacidades máximas vixentes nos centros de lecer infantil e sociocomunitarios e retómase a posibilidade de exhibición en exposicións de elementos deseñados para o uso táctil por parte do visitante. Tamén se modificou o anexo II da Orde do 25 de xullo de 2020, coa finalidade de adaptalo á realidade actual incluíndo no nivel de restrición que en cada caso corresponda os concellos en que mudou a situación.

II

A adopción das medidas contidas nesta orde vén determinada pola evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria da Comunidade Autónoma. Así, do Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 28 de setembro de 2021, destácanse os seguintes datos:

Respecto da situación epidemiolóxica de Galicia, o número reprodutivo instantáneo (R_t), que indica o número de contaxios orixinados por un caso activo, segue a manterse por debaixo de 1, o que indica unha diminución na transmisión da infección. Todas as áreas



sanitarias están por debaixo do 1; non obstante, na Área de Pontevedra o intervalo de confianza superior do R_t está por riba do 1.

Do total de concellos de Galicia, 178 non notificaron casos nos últimos 14 días. O número de concellos sen casos nos últimos 7 días foi de 276. Isto supón un aumento en 37 concellos a 14 días e en 31 concellos a 7 días desde hai unha semana, en que era de 141 e 202 a 14 e 7 días.

Entre o 17 e o 23 de setembro realizáronse 35.557 probas diagnósticas de infección activa polo virus SARS-CoV-2 (17.946 PCR e 13.611 tests de antíxenos) cunha porcentaxe de positividade a sete días do 3,57 %, o que supón un descenso do 37 % a respecto de entre o 7 e o 13.

A incidencia acumulada a 7 e 14 días é de 12 e 34 casos por cen mil habitantes, respectivamente, valores inferiores aos observados hai unha semana, en que eran de 23 e 60 casos por cen mil habitantes, respectivamente (descenso do 48 % a 7 días e do 43 % a 14 días).

A tendencia diaria mostra, desde o 1 de marzo, catro tramos; primeiro crecente, a un ritmo do 0,6 % ata o 1 de marzo, e despois decrecente, cunha porcentaxe de cambio diaria (PCD) de -2,2 %; séguese outro tramo de tendencia lixeiramente crecente, cunha PCD do 10,2 %, e o 24 de xullo detéctase outro cambio en sentido decrecente, cunha PCD do -5,8 %.

En canto á evolución por grupos de idade, obsérvase que a incidencia acumulada por grupos de idade segue a descender en todos os grupos máis novos, mesmo no grupo de 0 a 11 anos, cunha incidencia de 97,44 casos por 100.000 habitantes fronte aos 129,39 casos por 100.000 habitantes de hai unha semana. Igualmente, a incidencia neste grupo de idade é menor que no conxunto de España. Os grupos de idade correspóndense con aqueles aos cales se fai seguimento de vacinación.

Segundo o modelo vectorial autorregresivo, espérase un lixeiro aumento a 7 días e unha estabilización a 14 días. Con todo, hai que tomalo con precaución debido á amplitude dos intervalos de confianza, que é o esperado co nivel de incidencia actual, xa que esta amplitude implica que podería ir en calquera sentido (ascende, estabilízase, descende).

No que atinxe á situación das áreas sanitarias, as taxas a 14 días das áreas están entre os 10,65 casos por 100.000 habitantes de Ferrol e os 51,85 de Ourense. As taxas de



incidencia a 14 días seguen a diminuír a respecto de hai 7 días. Todas as áreas sanitarias presentan taxas a 14 días con valores inferiores aos 50 casos por 100.000 habitantes, agás a de Ourense, e non presentan taxas a 7 días superiores aos 25 casos por 100.000 habitantes. No que atinxe á evolución da incidencia por grupos de idade e por áreas sanitarias, en todas descende a incidencia en todos os grupos de idade. Non obstante, na Área Sanitaria de Ourense, no grupo de idade de 0 a 14 anos hai un lixeiro aumento, pero dentro do descenso. As áreas sanitarias coas taxas a 14 días máis elevadas neste grupo de idade son as de Ourense e Lugo. A 7 días, as taxas máis elevadas danse na de Ourense.

No que respecta á hospitalización dos casos COVID-19, a media de pacientes en hospitalización de agudos nos últimos 7 días foi de 42,4, o que significa un descenso do -42,3 % a respecto de hai sete días. A taxa de pacientes en hospitalización de agudos é de 1,6 ingresados por 100.000 habitantes, cun descenso tamén do -42,3 % a respecto de hai 7 días. En canto aos ingresos COVID-19 nas unidades de críticos (UCI) nos últimos 7 días, a media foi de 17,6 e a taxa a 7 días de ingresados nas UCI é de 0,7 ingresados por 100.000 habitantes, o que supón un descenso do -35,6 % a respecto de hai sete días, tanto na media como na taxa.

Respecto da situación epidemiolóxica nos concellos de Galicia, naqueles con poboación igual ou maior de 10.000 habitantes (54), 2 presentan unha taxa axustada de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes, un máis que hai unha semana. No que se refire aos concellos de menos de 10.000 habitantes (259), 5 presentan unha taxa axustada de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes, un menos que hai unha semana.

Desde a posta en marcha da vixilancia da prevalencia das variantes en Galicia, baseada na aplicación dunhas PCR específicas sobre unha mostra aleatoria das mostras positivas para SARS-CoV-2 por PCR da semana previa, identificadas nos servizos de Microbioloxía dos hospitais CHUAC, CHUS, CHUVI, CHUO, HULA e Vithas (Vigo), na semana epidemiolóxica 37/2021 (do 13 ao 19 de setembro) a porcentaxe de positividade para a variante Delta foi do 99,2 %. (IC95 %: 98,2-99,8 %). Dúas mostras foron compatibles coa variante Alfa. Durante a semana 37 notificouse unha mostra con perfil compatible con variante Alfa e outra con perfil con variante Beta ou Gamma. Ata a semana 37 incluída, das variantes de preocupación (VOC) identificáronse 967 casos da variante Alfa con secuenciación completa; 983 casos da variante Delta (B.1.617.2 ou india), 44 casos da variante Beta (B.1.351 ou surafricana); 87 casos da variante Gamma (P1 ou brasileira) e 5 casos da variante Alfa coa mutación E484K. Ademais das VOC, tense constancia de 3 mostras coa variante Eta



(B.1.525 ou nixeriana); 9 mostras coa variante Iota (B.1.526 ou de Nova York); 24 mostras coa variante Lambda (C.37) e 55 mostras con variante Mu (B.1.621-colombiana).

O informe conclúe que a taxa de incidencia diminúe tanto a 7 como a 14 días. A tendencia amosa o descenso cunha porcentaxe de cambio diaria do -5,8 %. O R_t no global de Galicia segue por debaixo do 1.

A información do modelo de predición indica que a incidencia aumentaría a 7 días e que se mantería estable a 14 días. Non obstante, dada a incidencia actual, o modelo podería ser menos fiable.

A taxa de incidencia a 14 días, no global de Galicia, está nos 34 casos por cen mil habitantes. En todas as áreas sanitarias diminúe a súa incidencia, tanto a 7 como a 14 días. Todas as áreas sanitarias teñen unha incidencia a 7 días menor de 25 casos por cen mil habitantes. En canto á evolución da incidencia por grupos de idade e área sanitaria, obsérvase un descenso na incidencia en todos os grupos de idade. No que atinxe aos concellos de máis de 10.000 habitantes, xa aplicando o axuste de taxas, hai 2 concellos con taxas de incidencia a 14 días iguais ou superiores a 250 c/10⁵h. Nos de menos de 10.000, hai 5 concellos que superan unha taxa de incidencia de 250 casos por cen mil habitantes.

Polo de agora, a variante Delta (india) segue a ser a circulante e non hai nada que indique que outra variante poida ocupar o seu lugar.

Cómpre indicar que o criterio que se vén utilizando para determinar os niveis de restrición aplicables a cada un dos concellos da Comunidade Autónoma é, ademais do da situación sanitaria, o da taxa de incidencia acumulada segundo os casos por cada 100.000 habitantes, tanto a 14 días como a 7 días; esta última permite reaccionar con maior rapidez e eficacia fronte aos gromos.

Desta maneira establecéronse os seguintes niveis de restricións: nivel de restricións máximo, alto, medio e medio-baixo. Atendendo ás taxas de incidencia acumulada a 14 días, sitúanse no nivel medio-baixo os concellos con taxas por debaixo dos 150 casos por cada 100.000 habitantes; no medio, os concellos con taxas que se encontren entre os 150 e por debaixo dos 250 casos por cada 100.000 habitantes; no alto, os concellos con taxas que se encontren entre os 250 e por debaixo dos 500 casos por cada 100.000 habitantes, e no nivel de restrición máxima, os concellos cuxas taxas de incidencia acumulada sexan máis de 500 casos por 100.000 habitantes.



Pola súa banda, atendendo ás taxas de incidencia acumulada a 7 días, sitúanse no nivel medio-baixo os concellos que se encontren por debaixo dos 75 casos por cada 100.000 habitantes; no medio, os concellos que se encontren entre os 75 e por debaixo dos 125 casos por cada 100.000 habitantes; no nivel alto, os concellos que se encontren entre os 125 e por debaixo dos 250 casos por cada 100.000 habitantes, e no nivel de restrición máxima, os concellos cuxas taxas de incidencia acumulada sexan máis de 500 casos por 100.000 habitantes.

A taxa de incidencia acumulada non é o único criterio que se ten en conta para determinar o nivel aplicable a cada concello, xa que este dato se modula en función doutros factores e da análise da situación do propio concello. Así, o criterio da incidencia vese completado coa consideración de criterios demográficos (pois debe terse en conta que en concellos de escasa poboación poucos casos poden dar lugar a taxas moi elevadas, que deben ser postas no debido contexto). Ademais, os servizos de Saúde Pública e o Comité e o Subcomité Clínico veñen analizando as características específicas de cada gromo. Neste sentido, véñse prestando unha especial atención á existencia de gromos non controlados ou de casos sen vínculo epidemiolóxico, así como ao feito de que non se observe unha melloría clara na evolución da situación epidemiolóxica.

Actualmente, o avance da campaña de vacinación masiva está a conseguir protexer a poboación e retomar actividades económicas e sociais ata o de agora limitadas para evitar un maior número de contaxios. Non obstante, e mentres non se logre a inmunidade de grupo, é necesario seguir adoptando medidas preventivas e de control que permitan garantir as máximas condicións de seguridade e reducir o risco de contaxio e propagación da COVID-19. Estas medidas deben ser adecuadas e eficaces de acordo coa evolución da situación epidemiolóxica e da capacidade do sistema asistencial.

Tendo en conta o expresado en relación con que existe unha porcentaxe moi elevada de poboación vacinada, o cal permitiu unha redución importante de hospitalizacións e falecementos, foi necesario actualizar os indicadores de risco establecidos antes do inicio da campaña de vacinación. Deste xeito, a partir da adopción destes novos criterios, as medidas de prevención e control pretenden adaptarse ao novo escenario en que nos atopamos, onde prevalecen os casos entre a poboación máis nova e na cal unha porcentaxe maioritaria non ten consecuencias clínicas importantes.

Neste sentido, salientase que dous terzos dos casos se están a dar entre os 15 e os 39 anos de idade e que existe un menor risco de padecer a enfermidade grave nesas franxas de idade. Na situación actual concorren, en definitiva, determinadas circunstan-



cias que aconsellan axustar as taxas de incidencia acumulada mediante a aplicación dun factor de corrección baseado no risco de ingreso hospitalario, xa que a situación da carga asistencial hospitalaria é, neste momento, de 3,2 e 0,6 ingresos por 100.000 habitantes en hospitalización de agudos e en unidades de críticos, respectivamente, a pesar das taxas de incidencia elevadas que se están a observar. Isto indica que a onda ten un menor impacto nos ingresos pola COVID-19, o que se atribúe aos factores aludidos de vacinación dos maiores e á idade dos casos.

Para o axuste calculouse un factor de corrección que se interpreta como o risco relativo de ingreso no período comprendido entre agosto de 2020 e marzo de 2021 (período de referencia) comparado co momento actual. Este factor é superior a 1, debido á vacinación e á diferente distribución por idade dos casos, que actualmente se concentran fundamentalmente na poboación de 15 a 29 anos. Para axustar a incidencia a 7 e a 14 días dos concellos, divídese a taxa bruta polo factor de corrección.

O factor de corrección calcúlase, para cada día, como o cociente entre a taxa bruta de ingresos nos últimos 28 días e a taxa axustada por idade, aplicando o método directo e usando como poboación estándar o número de casos do período de referencia.

A taxa bruta de ingresos a 28 días é a porcentaxe de casos que ingresaron entre os casos con diagnóstico por PCR ou tests de antíxenos acumulados nos últimos 28 días. As taxas específicas de ingreso por idade calcúlanse do mesmo xeito, pero no grupo de idade correspondente.

A taxa axustada de ingresos calcúlase aplicando as taxas específicas de ingreso por idade a 28 días á poboación de referencia. A suma dos valores obtidos por idade divídese entre o total de casos do período de referencia (97.996) e o resultado interprétase como a porcentaxe de casos que terían ingresado se tivesen a mesma distribución por idade que no período de referencia (taxa de ingresos axustada).

A cada un dos distintos niveis de restrición seranlle de aplicación as medidas xerais e específicas previstas para cada caso nas disposicións vixentes, aprobadas polas autoridades sanitarias competentes, tendo en conta, ademais, que actualmente está cientificamente constatado que, mentres non exista unha alta cobertura poboacional de vacinación, as intervencións non farmacolóxicas son as intervencións de saúde pública máis efectivas contra a COVID-19, medidas que se poderán ir suavizando na súa aplicación, en vista da situación epidemiolóxica no territorio e do aumento da cobertura vacinal.



Debe destacarse, ao fío do anterior, que Galicia conta cunha poboación especialmente envellecida, cunha porcentaxe de persoas de 65 e máis anos (ano 2020) do 25,4 % fronte ao 19,6 % do conxunto de España.

Porén, tamén hai que ter en consideración que, aínda que esta cobertura se obteña en determinados grupos, a distribución poboacional pode ser desigual, se se ten en conta toda a poboación e non os grupos de idade prioritarios que se están a vacinar en primeiro lugar. Tampouco se pode esquecer que mentres non se consiga conter a pandemia no mundo, con países con alta circulación do virus, poden aparecer novas variantes deste que poden ter a capacidade de escapar á inmunidade proporcionada polas vacinas actuais. Ademais, a circulación da variante Delta pode facer que haxa escape á inmunidade naquelas persoas que non estean completamente vacinadas e certo escape nas completamente vacinadas, sen esquecer que esta variante se considera que é un 40-60 % máis transmisible que a variante Alfa.

Non obstante, as medidas aplicaranse con criterios epidemiolóxicos, pero tamén de proporcionalidade, e estarán en vixencia só durante o tempo preciso para asegurar que a evolución desta situación epidemiolóxica é boa e que se está a cortar a transmisión, que é o obxectivo destas medidas.

En atención ao exposto, tendo en conta o indicado no citado informe da Dirección Xeral de Saúde Pública e logo de escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, acórdase manter no nivel medio de restrición o concello de Foz xa que, aínda que a súa taxa a 14 días é propia do nivel máximo, a incidencia a 7 días descendeu desde hai unha semana, e a razón de taxas a 7 días está por debaixo do 1, o que indica que non apareceron novos casos. Tamén se mantén no nivel medio de restrición o concello do Barco de Valdeorras, xa que, a pesar de que as súas taxas a 7 e 14 días son propias do nivel alto e que a súa incidencia aumentou lixeiramente desde hai unha semana, a razón de taxas a 7 días está por debaixo do 1, e a 14 días, aínda que o supera, non chega a 2 (1,65), o que indica que a aparición de novos casos non é elevada. Ademais, en ambos os concellos, os casos débense a gromos relacionados cun colexio, que se dan entre nenos e nenas que non teñen indicada a vacinación pola súa idade, pero cuxa orixe está controlada. Os novos casos que se deron no Barco de Valdeorras están dentro do esperado entre os contactos estreitos dos casos.

O resto de concellos de Galicia inclúese no nivel medio-baixo de restricións.



Neste contexto, tendo en conta a evolución favorable da situación epidemiolóxica, procede acometer unha nova prórroga da Orde do 25 de xuño de 2021 ata as 00.00 horas do día 16 de outubro.

Tamén é necesario manter, mentres non se obteña a preceptiva autorización xudicial prevista no artigo 10.8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, a suspensión da existencia da exhibición de determinada documentación para o acceso aos establecementos de lecer nocturno, así como a regulación transitoria e provisional ditada en substitución daquela, que seguirá vixente ata a entrada en vigor, de ser o caso, da orde pola que se aprobe o novo Plan de lecer nocturno da Comunidade Autónoma de Galicia.

Por outra banda, introdúcense na Orde do 25 de xuño modificacións puntuais orientadas a adaptar a regulación de certas actividades á evolución favorable da situación epidemiolóxica.

Así, adáptase a regulación da obriga xeral relativa ao mantemento da distancia de seguridade á realidade actual de tal xeito que, no caso de actividades desenvolvidas con público sentado en espazos pechados e cumprindo determinadas condicións, se elimina a existencia de manter un asento de separación ou un espazo equivalente entre os distintos grupos de persoas conviventes sentados na mesma fila de asentos, así como nas filas inmediatamente anterior e posterior. Ademais, engádese a prohibición de consumir comida e bebida cando, polas condicións de desenvolvemento da actividade e capacidade máxima autorizadas en cada caso de acordo coas medidas de prevención previstas no anexo da Orde do 25 de xuño, non sexa posible manter a dita distancia de seguridade.

Incrementábase a dous terzos o límite de ocupación máxima das prazas de pé nos vehículos e nas embarcacións que realicen servizos colectivos de transporte de viaxeiros de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, isto é, transporte en autobús de carácter interurbano e urbano, sexa de uso xeral, de uso especial ou discrecional, e transporte marítimo en augas interiores. Tamén se amplían as capacidades máximas permitidas nas instalacións onde se celebren competicións deportivas con público, que pasan ao 80 % se se trata de espazos pechados e a o 100 % se se trata de espazos abertos.

Por último, e dado que non se produciron cambios na situación dos concellos da comunidade autónoma que exixan modificar a redacción do anexo II da Orde do 25 de xuño, segundo a redacción dada a este pola Orde do 22 de setembro de 2021, óptase por prorro-



gar a súa eficacia, de conformidade cos datos que se desprenden do Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública do 29 de setembro de 2021.

III

As medidas que se adoptan nesta orde teñen o seu fundamento normativo no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 a 38.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para adoptar as medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica existente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, coa urxencia que a protección da saúde pública demanda.

Na súa virtude, en aplicación do punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. Prórroga da eficacia das medidas previstas na Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia

Atendendo á evolución da situación epidemiolóxica, prorrógase ata as 00.00 horas do día 16 de outubro de 2021 a eficacia das medidas previstas na Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, sen prexuízo do indicado no punto segundo desta orde.

Segundo. Mantemento da suspensión da exixencia da exhibición de documentación para o acceso a determinados establecementos prevista na Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evo-



lución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, e substitución por unha regulación transitoria e provisional

1. Mantense a suspensión da exigencia da exhibición de documentación para o acceso aos establecementos de lecer nocturno prevista na Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. A exigencia desta documentación substitúese pola regulación transitoria e provisional prevista nos puntos quinto e sexto da Orde do 20 de agosto de 2021 pola que se prorroga e se modifica a Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, e mantense a suspensión da exigencia da exhibición de documentación para o acceso a determinados establecementos prevista nela e na Orde do 1 de xullo de 2021 pola que se aproba o Protocolo para a reactivación do lecer nocturno no marco da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, e substitúese por unha regulación transitoria e provisional.

Terceiro. *Modificación da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia*

Un. Modificación do punto 1.3 do anexo I da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado como segue:

«1.3. Distancia de seguridade interpersoal.

Na organización das distintas actividades deberán adoptarse as medidas necesarias para garantir a distancia interpersoal mínima de 1,5 metros, establecida pola Lei 2/2021, do 29 de marzo, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, entre grupos de persoas non conviventes.

Cando, polas condicións de desenvolvemento da actividade e capacidade máxima autorizadas en cada caso de acordo coas medidas de prevención previstas neste anexo, non sexa posible manter a dita distancia de seguridade, non se permitirá o consumo de alimentos e bebidas, deberá usarse máscara en todo momento, garantir unha adecuada ventilación e o cumprimento das medidas de prevención e hixiene aplicables, de acordo co establecido neste anexo, sen prexuízo de que se deba procurar manter a máxima sepa-



ración posible entre os diferentes grupos de persoas non conviventes, así como o debido control para evitar as aglomeracións.».

Dous. Modificación da letra b) do parágrafo 1 do punto 3.18 (Transportes) do anexo I da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactada como segue:

«b) Nos vehículos e nas embarcacións que teñan autorizadas prazas de pé procurarase que as persoas manteñan entre si a máxima distancia posible, e establécese como límite de ocupación máxima dous terzos das prazas de pé.».

Tres. Modificación do parágrafo 1 do punto 3.21 do anexo I da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado como segue:

«1. As competicións deportivas con público poderán celebrarse cunha ocupación máxima do 80 % en interior e do 100 % no exterior, sempre que o público asistente permaneza sentado e se garantan as medidas establecidas no punto 1.3 do anexo I.».

Cuarto. *Prorrógase a eficacia do anexo II da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, na redacción dada pola Orde do 22 de setembro de 2021*

Quinto. *Eficacia*

1. As medidas previstas nesta orde producirán efectos desde as 00.00 horas do día 2 de outubro de 2021.

2. En cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas previstas nesta orde serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser prorrogadas, modificadas ou levantadas por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2021

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade



I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 22 de setembro de 2021 pola que se modifica a Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

I

A evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia fai necesario que as autoridades sanitarias autonómicas sigan adoptando determinadas medidas de prevención orientadas a conter a propagación da infección e dirixidas a facer fronte á crise sanitaria derivada da COVID-19.

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020 sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto dese acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Con esta finalidade poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade. Establécese, ademais, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de conformidade coa normativa aplicable e en vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou en parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia



e que modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación das medidas concretas contidas no anexo do citado acordo.

Con base no disposto no citado punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020, adoptáronse, mediante a Orde do 25 de xuño de 2021, unha serie de medidas que teñen por obxecto regular distintas actividades coa finalidade de que se poidan desenvolver en condicións de seguridade, minimizando ao máximo o risco de contaxio e a propagación da enfermidade.

Estas medidas específicas tradúcense, en moitos casos, no establecemento de capacidades máximas e na regulación destas, xa que se demostrou que para lograr o fin proposto resulta imprescindible evitar as aglomeracións e garantir o mantemento en todo momento da distancia de seguridade, reducindo o contacto físico ou a proximidade en condicións favorecedoras do contaxio.

A evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma exixiu modificar determinados aspectos da orde coa finalidade de adaptar as medidas contidas nela á realidade do momento, o que se fixo mediante a Orde do 1 de xullo de 2021. Posteriormente, mediante a Orde do 8 de xullo de 2021 introducíronse novas modificacións e prorrogouse a eficacia da Orde do 25 de xuño ata as 00.00 horas do 24 de xullo de 2021, e mediante a Orde do 15 de xullo de 2021 modificáronse a Orde do 25 de xuño de 2021, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, e a Orde do 1 de xullo de 2021, pola que se aproba o Protocolo para a reactivación do lecer nocturno no marco da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19. Mediante a Orde do 22 de xullo de 2021 acometeuse unha nova prórroga e modificación da Orde do 25 de xuño. Tamén se modificou a Orde do 1 de xullo de 2021 pola que se aproba o Protocolo para a reactivación do lecer nocturno no marco da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19. O anexo II da Orde do 25 de xuño volveu ser modificado mediante as ordes do 29 de xullo e do 5 agosto de 2021, e esta última prorrogou a eficacia da primeira.

Pola súa banda, mediante a Orde do 13 de agosto de 2021 suspendeuse expresamente a exigencia da exhibición de documentación para o acceso a determinados establecementos prevista na Orde do 25 de xuño e substituíuse esta obriga por unha regulación transitoria e provisional, na espera do pronunciamento do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre a autorización da exigencia dos certificados anteditos. Esta autorización foi denegada mediante o Auto 97/2021, da Sección Terceira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.



Mediante a Orde do 16 de agosto de 2021 modificouse o anexo II da Orde do 25 de xuño para adaptalo á situación derivada da evolución da pandemia. Así mesmo, mediante a Orde do 20 de agosto de 2021 prorrogouse a eficacia da Orde do 25 de xuño. Nesta orde, na espera dunha resolución xudicial firme que se pronunciase sobre a autorización da medida da exixencia do certificado, mantíñase a suspensión da exixencia da exhibición de documentación para o acceso a determinados establecementos e actualizábase a regulación transitoria e provisional ditada en substitución da referida obriga, coa finalidade de adaptala á evolución favorable da situación epidemiolóxica. Incluíanse, ademais, na devandita orde determinadas modificacións da Orde do 25 de xuño, cuxa finalidade era adaptala á evolución favorable da situación epidemiolóxica.

A continuación, mediante as ordes do 25 e do 27 de agosto de 2021, introducíronse novas modificacións do anexo II da Orde do 25 de xuño de 2021 co obxecto de reflectir nel as variacións na evolución da situación epidemiolóxica experimentadas en distintos concellos da Comunidade Autónoma.

Mediante a Orde do 1 de setembro de 2021 prorrogouse a eficacia da Orde do 25 de xuño ata as 00.00 horas do día 18 de setembro. Esta orde tamén modificou o anexo II da Orde do 25 de xuño e acordou manter a suspensión da exixencia da exhibición de documentación para o acceso a determinados establecementos prevista nela e na Orde do 1 de xullo de 2021 pola que se aproba o Protocolo para a reactivación do lecer nocturno no marco da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, substituíndoa por unha regulación transitoria e provisional na espera dun pronunciamento xudicial firme sobre esta medida.

Pola súa banda, mediante a Orde do 9 de setembro de 2021 modificouse a Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

Así mesmo, a Orde do 14 de setembro de 2021, pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia, volve modificar a regulación contida na Orde do 25 de xuño de 2021 en relación cos establecementos de hostalaría e os establecementos de xogo para adaptala ás regras do novo Plan de hostalaría segura, tendo en conta que nestes últimos se prestan servizos de hostalaría e restauración. Tamén se deixa sen efecto a regulación transitoria e provisional aplicable aos establecementos de hostalaría e restauración e aos establecementos de xogos e apostas prevista nos puntos terceiro e cuarto da Orde do 20 de agosto de 2021, e mantense a suspensión da exixencia



da exhibición de documentación para o acceso aos establecementos de lecer nocturno, substituíndo esta obriga por unha regulación transitoria e provisional.

Con posterioridade á aprobación da citada Orde do 14 de setembro de 2021, foi notificada a Sentenza 1112/2021, da Sección Cuarta da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo, na cal se estima o recurso de casación formulado pola Administración autonómica contra o Auto do 20 de agosto de 2021, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que avala así a posibilidade de exixir o chamado pasaporte COVID para acceder a determinados establecementos ao considerar que esta medida é idónea, necesaria e proporcionada para reducir os contaxios.

A continuación, mediante a Orde do 16 de setembro de 2021, acometeuse unha nova prórroga da Orde do 25 de xuño de 2021 ata as 00.00 horas do día 2 de outubro. A dita orde tamén recolle a ampliación dos límites de ocupación aplicables ás mesas e agrupacións de mesas nos establecementos de hostalaría, restauración e de xogos e apostas; así mesmo, modifícase o anexo II da Orde do 25 de xuño coa finalidade de incluír os concellos en que mudou a situación epidemiolóxica no nivel que en cada caso corresponda.

II

A adopción das medidas contidas nesta orde vén determinada pola evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria da Comunidade Autónoma. Así resulta do informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 22 de setembro de 2021, do cal se destacan os seguintes datos:

O número reprodutivo instantáneo (R_t), que indica o número de contaxios orixinados por un caso activo, segue a manterse por debaixo do 1, o que indica unha diminución na transmisión da infección. Todas as áreas sanitarias están por debaixo do 1, agás a de Ourense. Nas áreas de Ferrol e Vigo, aínda que o R_t está por debaixo do 1, o intervalo de confianza superior supera o 1.

Do total de concellos de Galicia, 141 non notificaron casos nos últimos 14 días. O número de concellos sen casos nos últimos 7 días foi de 202. Isto supón un aumento en 10 concellos a 14 días e en 16 concellos a 7 días desde hai unha semana, que era de 135 e 180, a 14 e a 7 días.

Entre 7 e o 13 de setembro realizáronse 35.378 probas diagnósticas de infección activa polo virus SARS-CoV-2 (22.433 PCR e 12.945 tests de antíxenos) cunha porcentaxe de



positividade a sete días do 3,57 %, o que supón un descenso do 28 % a respecto de entre o 31 de agosto e o 6 de setembro, que era do 4,96 %.

A incidencia acumulada a 7 e a 14 días é de 23 e 60 casos por cen mil habitantes, respectivamente, valores inferiores aos observados hai unha semana, en que eran de 37 e 104 casos por cen mil habitantes, respectivamente (descenso do 38 % a 7 días e do 42 % a 14 días).

A tendencia diaria mostra, desde o 1 de marzo, catro tramos: o primeiro, crecente, a un ritmo do 0,6 % ata o 1 de marzo e, despois, decrecente cunha porcentaxe de cambio diaria (PCD) de -2,2 %; séguelle outro tramo de tendencia lixeiramente crecente, cunha PCD do 10,7 %; e o 22 de xullo detéctase outro cambio en sentido decrecente cunha PCD do -5,1 %. En canto á evolución por grupos de idade, obsérvase que a incidencia acumulada está a descender en todos os grupos máis novos, agás nos de 0 a 11 anos en que, aínda que en descenso, este é máis lento. Nos grupos maiores de 40 anos obsérvase, tamén, un descenso máis lento. Ademais, o grupo de 0 a 11 anos é o que presenta a incidencia máis elevada, tanto en Galicia coma no conxunto de España.

Segundo o modelo vectorial autorregresivo, agárdase unha certa estabilización, o que é esperado co nivel de incidencia actual. Os intervalos de confianza son amplos, polo que a predición hai que tomala con cautela, xa que esta amplitude implicaría o poder ir en calquera sentido (ascende, estabilízase, descende).

No que respecta á situación das áreas sanitarias, as taxas a 14 días están entre os 18,10 casos por 100.000 habitantes de Ferrol e os 82,33 de Lugo.

As taxas de incidencia a 14 días seguen a diminuír con respecto aos datos de hai 7 días. Ningunha das áreas presenta taxas a 14 días con valores superiores aos 100 casos por 100.000 habitantes, mesmo con áreas xa por debaixo dos 50, nin taxas a 7 días superiores aos 40 casos por 100.000 habitantes. No que atinxe á evolución da incidencia por grupos de idade e por áreas sanitarias, en todas descende a incidencia en todos os grupos de idade. Non obstante, nas áreas sanitarias de Lugo e Ourense, no grupo de idade de 0 a 14 anos hai unha estabilización no descenso, e son as áreas que presentan as taxas máis elevadas neste grupo de idade.

A media de pacientes coa COVID-19 en hospitalización de agudos nos últimos 7 días foi de 80,3, o que significa un descenso do 24,4 % con respecto aos datos de hai sete días. A taxa de pacientes coa COVID-19 en hospitalización de agudos é de 3,0 ingresa-



dos por 100.000 habitantes, cun descenso, tamén, do 24,4 % con respecto aos datos de hai 7 días. En canto aos ingresos COVID-19 nas unidades de críticos (UCI) nos últimos 7 días, a media foi de 28,9 e a taxa a 7 días de ingresados nas UCI é de 1,1 ingresados por 100.000 habitantes, o que supón un descenso do 30,1 % con respecto aos datos de hai sete días, tanto na media como na taxa.

En relación coa situación epidemiolóxica dos concellos de Galicia, naqueles con poboación igual ou maior de 10.000 habitantes (54), só 1 presenta unha taxa axustada de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes, os mesmos que hai unha semana, e ningún supera os 500 casos por 100.000 habitantes. No que se refire aos concellos de menos de 10.000 habitantes (259), 5 presentan unha taxa axustada de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes, fronte aos 18 de hai unha semana.

Desde a posta en marcha da vixilancia da prevalencia das variantes en Galicia, baseada na aplicación dunhas PCR específicas sobre unha mostra aleatoria das mostras positivas para SARS-CoV-2 por PCR da semana previa, identificadas nos servizos de microbioloxía dos hospitais CHUAC, CHUS, CHUVI, CHUO, HULA e Vithas (Vigo), na semana epidemiolóxica 36/2021 (do 6 ao 12 de setembro) a porcentaxe de positividade para a variante Delta foi do 99,6 % (IC95 %: 98,7-99,9 %). Dúas mostras foron compatibles coa variante Alfa. Durante a semana 36 non se identificou ningunha mostra compatible con outra variante VOC. Ata a semana 36, incluída, das variantes de preocupación (VOC) identificáronse 967 casos da variante Alfa con secuenciación completa; 870 casos da variante Delta (B.1.617.2 ou india); 44 casos por secuenciación completa da variante Beta (B.1.351 ou surafricana); 87 casos por secuenciación completa da variante Gamma (P1 ou brasileira); e 5 casos por secuenciación completa da variante Alfa coa mutación E484K. Ademais das VOC, tense constancia de 3 mostras coa variante Eta (B.1.525 ou nixeriana); 9 mostras coa variante Iota (B.1.526 ou de Nova York); 24 mostras coa variante Lambda (C.37) e 54 mostras coa variante Mu (B.1.621-colombiana).

O informe conclúe que a taxa de incidencia diminúe tanto a 7 como a 14 días. A tendencia amosa o descenso cunha porcentaxe de cambio diaria do 5,1 %. O R_t no global de Galicia segue por debaixo do 1, agás na área de Lugo. A información do modelo de predición indica que a incidencia se vai estabilizar a 7 días e a 14 días.

A taxa de incidencia a 14 días, no global de Galicia, está nos 60 casos por cen mil habitantes. En todas as áreas sanitarias diminúe a súa incidencia, tanto a 7 como a 14 días. Todas as áreas sanitarias teñen unha incidencia a 14 días menor de 100 casos por cen mil



habitantes e de 40 casos por cen mil habitantes a 7 días. En canto á evolución da incidencia por grupos de idade e área sanitaria, obsérvase un descenso na incidencia en todos os grupos de idade, agás unha certa estabilización nos de 0 a 14 anos.

A variante Delta (india) xa é a circulante. A maior transmisibilidade desta variante explica, entre outros posibles motivos, a alta incidencia, especialmente na poboación máis nova, dada a maior mobilidade que ten.

Cómpre indicar que o criterio que se vén utilizando para determinar os niveis de restrición aplicables a cada un dos concellos da Comunidade Autónoma é, ademais do da situación sanitaria, o da taxa de incidencia acumulada segundo os casos por cada 100.000 habitantes, tanto a 14 días como a 7 días; esta última permite reaccionar con maior rapidez e eficacia fronte aos gromos.

Desta maneira establecéronse os seguintes niveis de restricións: nivel de restricións máximo, alto, medio e medio-baixo. Atendendo ás taxas de incidencia acumulada a 14 días, sitúanse no nivel medio-baixo os concellos con taxas por debaixo dos 150 casos por cada 100.000 habitantes; no medio, os concellos con taxas que se encontren entre os 150 e por debaixo dos 250 casos por cada 100.000 habitantes; no alto, os concellos con taxas que se atopen entre os 250 e por debaixo dos 500 casos por cada 100.000 habitantes, e no nivel de restrición máxima, os concellos cuxas taxas de incidencia acumulada sexan máis de 500 casos por 100.000 habitantes.

Pola súa banda, atendendo ás taxas de incidencia acumulada a 7 días, sitúanse no nivel medio-baixo os concellos que se encontren por debaixo dos 75 casos por cada 100.000 habitantes; no medio, os concellos que se atopen entre os 75 e por debaixo dos 125 casos por cada 100.000 habitantes; no nivel alto, os concellos que se encontren entre os 125 e por debaixo dos 250 casos por cada 100.000 habitantes, e no nivel de restrición máxima, os concellos cuxas taxas de incidencia acumulada sexan máis de 500 casos por 100.000 habitantes.

A taxa de incidencia acumulada non é o único criterio que se ten en conta para determinar o nivel aplicable a cada concello, xa que este dato se modula en función doutros factores e da análise da situación do propio concello. Así, o criterio da incidencia vese completado coa consideración de criterios demográficos (pois debe terse en conta que en concellos de escasa poboación poucos casos poden dar lugar a taxas moi elevadas, que deben ser postas no debido contexto). Ademais, os servizos de Saúde Pública e o Comité e o Subcomité Clínico veñen analizando as características específicas de cada gromo. Neste



sentido, véñse prestando unha especial atención á existencia de gromos non controlados ou de casos sen vínculo epidemiolóxico, así como ao feito de que non se observe unha melloría clara na evolución da situación epidemiolóxica.

Actualmente, o avance da campaña de vacinación masiva está a conseguir protexer a poboación e retomar actividades económicas e sociais ata o de agora limitadas para evitar un maior número de contaxios. Non obstante, e mentres non se alcance a inmunidade de grupo, é necesario seguir adoptando medidas preventivas e de control que permitan garantir as máximas condicións de seguridade e reducir o risco de contaxio e propagación da COVID-19. Estas medidas deben ser adecuadas e eficaces de acordo coa evolución da situación epidemiolóxica e da capacidade do sistema asistencial.

Tendo en conta o expresado en relación con que existe unha porcentaxe moi elevada de poboación vacinada, o cal permitiu unha redución importante de hospitalizacións e falecementos, foi necesario actualizar os indicadores de risco establecidos antes do inicio da campaña de vacinación. Deste xeito, a partir da adopción destes novos criterios, as medidas de prevención e control pretenden adaptarse ao novo escenario en que nos atopamos, onde prevalecen os casos entre a poboación máis nova e na cal unha porcentaxe maioritaria non ten consecuencias clínicas importantes.

Neste sentido, salientase que dous terzos dos casos se están a dar entre os 15 e os 39 anos de idade e que existe un menor risco de padecer a enfermidade grave nesas franxas de idade. Na situación actual concorren, en definitiva, determinadas circunstancias que aconsellan axustar as taxas de incidencia acumulada mediante a aplicación dun factor de corrección baseado no risco de ingreso hospitalario, xa que a situación da carga asistencial hospitalaria é, neste momento, de 3,2 e 0,6 ingresos por 100.000 habitantes en hospitalización de agudos e en unidades de críticos, respectivamente, a pesar das taxas de incidencia elevadas que se están a observar. Isto indica que a onda ten un menor impacto nos ingresos pola COVID-19, o que se atribúe aos factores aludidos de vacinación dos maiores e á idade dos casos.

Para o axuste calculouse un factor de corrección que se interpreta como o risco relativo de ingreso no período comprendido entre agosto de 2020 e marzo de 2021 (período de referencia) comparado co momento actual. Este factor é superior a 1, debido á vacinación e á diferente distribución por idade dos casos, que actualmente se concentran fundamentalmente na poboación de 15 a 29 anos. Para axustar a incidencia a 7 e a 14 días dos concellos, divídese a taxa bruta polo factor de corrección.



O factor de corrección calcúlase, para cada día, como o cociente entre a taxa bruta de ingresos nos últimos 28 días e a taxa axustada por idade, aplicando o método directo e usando como poboación estándar o número de casos do período de referencia.

A taxa bruta de ingresos a 28 días é a porcentaxe de casos que ingresaron entre os casos con diagnóstico por PCR ou tests de antíxenos acumulados nos últimos 28 días. As taxas específicas de ingreso por idade calcúlanse do mesmo xeito, pero no grupo de idade correspondente.

A taxa axustada de ingresos calcúlase aplicando as taxas específicas de ingreso por idade a 28 días á poboación de referencia. A suma dos valores obtidos por idade divídese entre o total de casos do período de referencia (97.996) e o resultado interprétase como a porcentaxe de casos que terían ingresado se tivesen a mesma distribución por idade que no período de referencia (taxa de ingresos axustada).

A cada un dos distintos niveis de restrición seranlle de aplicación as medidas xerais e específicas previstas para cada caso nas disposicións vixentes, aprobadas polas autoridades sanitarias competentes, tendo en conta, ademais, que actualmente está cientificamente constatado que, mentres non exista unha alta cobertura poboacional de vacinación, as intervencións non farmacolóxicas son as intervencións de saúde pública máis efectivas contra a COVID-19, medidas que se poderán ir suavizando na súa aplicación, en vista da situación epidemiolóxica no territorio e do aumento da cobertura vacinal.

Debe destacarse, ao fío do anterior, que Galicia conta cunha poboación especialmente envellecida, cunha porcentaxe de persoas de 65 e máis anos (ano 2020) do 25,4 % fronte ao 19,6 % do conxunto de España.

Porén, tamén hai que ter en consideración que, aínda que esta cobertura se obteña en determinados grupos, a distribución poboacional pode ser desigual, se se ten en conta toda a poboación e non os grupos de idade prioritarios que se están a vacinar en primeiro lugar. Tampouco se pode esquecer que mentres non se consiga conter a pandemia no mundo, con países con alta circulación do virus, poden aparecer novas variantes deste que poden ter a capacidade de escapar á inmunidade proporcionada polas vacinas actuais. Ademais, a circulación da variante Delta pode facer que haxa escape á inmunidade naquelas persoas que non estean completamente vacinadas e certo escape nas completamente vacinadas, sen esquecer que esta variante se considera que é un 40-60 % máis transmisible que a variante Alfa.



Non obstante, estas medidas aplicaranse con criterios epidemiolóxicos, pero tamén de proporcionalidade, e estarán en vixencia só durante o tempo preciso para asegurar que a evolución desta situación epidemiolóxica é boa e que se está a cortar a transmisión, que é o obxectivo destas medidas.

En atención ao exposto, tendo en conta o indicado no citado informe da Dirección Xeral de Saúde Pública e logo de escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, acórdase que ascenda ao nivel medio de restrición o concello de Foz xa que, aínda que a súa taxa axustada a 7 días é propia do nivel máximo, o aumento da incidencia se debe, fundamentalmente, a un gromo nun colexio que afecta nenos e nenas pequenos que non poden recibir a vacina por non estar indicada pola súa idade e, ademais, non é obrigatorio o uso da máscara na súa actividade educativa, tamén pola súa idade. Este gromo ten a súa orixe en casos relacionados con outro gromo de orixe coñecida e que provocou o aumento de casos, non só no concello de Foz senón tamén noutros concellos da zona.

Tamén se acorda elevar ao nivel medio de restrición o concello do Barco de Valdeorras, xa que, a pesar de que a súa taxa axustada é propia do nivel alto, os seus casos están relacionados con gromos de orixe controlada. Un destes gromos está a desenvolverse nun colexio entre nenos e nenas que non teñen indicada a vacinación pola súa idade e con casos posteriores nas súas familias. Ademais, hai outros gromos máis pequenos, tamén con orixe coñecida, un deles a partir de casos importados doutra comunidade autónoma.

Considérase suficiente neste momento, polos motivos expostos, aplicar a Foz e ao Barco de Valdeorras as restricións do nivel medio para controlar o aumento da incidencia nestes concellos.

O resto de concellos de Galicia está no nivel medio-baixo de restricións.

Neste contexto, mediante a presente orde, modifícase a Orde do 25 de xuño co obxectivo de adaptala á favorable evolución da situación epidemiolóxica na Comunidade Autónoma. Así, increméntanse as capacidades máximas permitidas para o desenvolvemento de actividades deportivas, espectáculos musicais e artísticos, así como de reunións laborais, institucionais, académicas ou profesionais, congresos e outros eventos. Igualmente, ampliáanse as capacidades máximas vixentes nos centros de lecer infantil e sociocomunitarios e retómase a posibilidade de exhibición en exposicións de elementos deseñados para o uso táctil por parte do visitante. Por último, modifícase o anexo II da Orde do 25 de xullo



de 2020, coa finalidade de adaptalo á realidade actual, incluíndo no nivel de restrición que en cada caso corresponda os concellos en que mudou a situación.

III

As medidas que se adoptan nesta orde teñen o seu fundamento normativo no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 a 38.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para adoptar as medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica existente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, coa urxencia que a protección da saúde pública demanda.

Na súa virtude, en aplicación do punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. Modificación da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia

Un. Modifícase o punto 3.14 do anexo I da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado como segue:

«3.14. Realización de actos e reunións laborais, institucionais, académicos ou profesionais, congresos e outros eventos.

1. A realización de actos e reunións laborais, institucionais, académicos, profesionais, sindicais, de representación de traballadores e administrativos, actividades en centros universitarios, educativos, de formación e ocupacionais, congresos e outros eventos poderá



desenvolverse, sen superar o cincuenta por cento da capacidade permitida nos concellos da letra A do anexo II, sempre que o público asistente permaneza sentado.

Non obstante, nos concellos enumerados nas letras B, C e D do anexo II, estas actividades poderán desenvolverse, sen superar o setenta e cinco por cento da capacidade permitida, sempre que o público asistente permaneza sentado.

En todo caso, deberán establecerse as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersonal de acordo co establecido no punto 1.3.

2. O recollido neste número será tamén de aplicación para as reunións de xuntas de comunidades de propietarios».

Dous. Modifícase o número 1 do punto 3.15 do anexo I da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado como segue:

«1. A realización da actividade física e deportiva non federada axustarase ás seguintes regras, en función dos datos epidemiolóxicos existentes nos correspondentes concellos:

a) Nos concellos enumerados na letra A do anexo II da presente orde, a práctica da actividade física e deportiva non federada só se poderá realizar ao aire libre ou en instalacións deportivas ao aire libre respectando as limitacións de grupos de persoas que puidesen resultar de aplicación no respectivo concello, e coa utilización de máscara de acordo co disposto no punto 1.4 do anexo I da presente orde.

b) Nos concellos enumerados nas letras B, C e D do anexo II da presente orde, a práctica da actividade física e deportiva non federada ao aire libre poderá realizarse de forma individual ou colectiva, coa utilización da máscara, de acordo co disposto no punto 1.4 do anexo I da presente orde. No caso da práctica de forma colectiva, os grupos deberán respectar as limitacións de grupos de persoas que puidesen resultar de aplicación no respectivo concello, sen contar, de ser o caso, o monitor.

Nas instalacións e nos centros deportivos pechados poderase realizar actividade deportiva en grupos de ata dez persoas, sexan ou non conviventes, sen contar o monitor, coa utilización da máscara e sempre que non se supere o setenta e cinco por cento da capacidade máxima permitida.



Deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade.

Tamén se permite o uso deportivo das piscinas ao aire libre ou cubertas, cunha ocupación máxima do 75 %».

Tres. Engádesse un número 3 ao punto 3.20 do anexo I da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, coa seguinte redacción:

«3. Promoveranse aquelas actividades que eviten a proximidade física entre os participantes e primaranse as actividades de realización autónoma. Reforzarase o deseño de recursos educativos, científicos e divulgativos de carácter dixital que permitan a función como institucións educativas e transmisoras de coñecemento por medios alternativos aos presenciais. Quedará habilitado o uso dos elementos expostos deseñados para un uso táctil por parte do visitante».

Catro. Modifícase o número 5 do punto 3.21 do anexo I da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado como segue:

«5. No referente á celebración dos espectáculos musicais/artísticos ao aire libre, aqueles organizados con público de pé unicamente poderán desenvolverse nos concellos enumerados na letra D do anexo II, sen superar o 33 % da superficie útil do recinto, de xeito que cada persoa dispoña de tres metros cadrados, cun límite máximo de asistentes de 5.000 persoas, distribuídas en sectores de 500.

Aqueles espectáculos musicais organizados con público sentado poderán desenvolverse sen superar o cincuenta por cento da capacidade permitida nos concellos enumerados na letra A do anexo II. Nos concellos enumerados nas letras B, C e D do anexo II, estas actividades poderán desenvolverse sen superar o setenta e cinco por cento da capacidade permitida.

No relativo ás medidas preventivas e de seguridade destes espectáculos musicais ao aire libre con público sentado ou de pé serán de aplicación, así mesmo, as indicadas nos protocolos publicados no seguinte enderezo electrónico:

<https://coronavirus.sergas.gal/Contidos/Espectaculos-musicais-aire-libre>».



Cinco. Modifícase o punto 3.25 do anexo I da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado como segue:

«3.25. Centros de lecer infantil.

Enténdense por centros de lecer infantil os establecementos abertos ao público que se destinen a ofrecer xogos e atraccións recreativas deseñados especificamente para público de idade igual ou inferior a 12 anos, os espazos de xogo e entretemento, así como aqueles destinados á celebración de festas infantís.

Estes centros cumprirán o protocolo aprobado pola Orde do 30 de xuño de 2020 pola que se restablece a actividade dos centros de lecer infantil e se aproba o Protocolo en materia de lecer infantil para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, coas especialidades que a seguir se establecen:

a) Nos concellos indicados na letra A do anexo II non se poderán desenvolver actividades no interior dos centros de lecer. Aqueles establecementos que dispoñan de terraza ou xardín exterior poderán utilizala para actividades dirixidas e obradoiros, cunha capacidade máxima do 50 %, e en grupos dun máximo de dez nenos/as por grupo.

Os nenos/as dun grupo non poderán interactuar cos que integren outros grupos.

b) Nos concellos indicados nas letras B, C e D do anexo II, os centros de lecer infantil poderán desenvolver a súa actividade cunha capacidade máxima do 75 % e unha ratio dun monitor por cada dez participantes. Os grupos serán de dez nenos/as nas actividades tanto no interior coma no exterior.

Os nenos/as dun grupo non poderán interactuar cos que integren outros grupos».

Seis. Modifícase o número 2 do punto 3.27 do anexo I da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado como segue:

«2. Nos concellos incluídos na letra A do anexo II, as piscinas ao aire libre ou cubertas de uso recreativo deberán respectar o límite do cincuenta por cento da súa capacidade, tanto no relativo ao acceso como durante a propia práctica deportiva ou recreativa. Nos concellos incluídos nas letras B, C e D do anexo II, o límite será do setenta e cinco por



cento da súa capacidade. Quedan exentas destas limitacións as piscinas unifamiliares de uso privado. A capacidade máxima deberá publicarse nun lugar visible do establecemento.

Habilitaranse sistemas de acceso que eviten a aglomeración de persoas e que cumpran coas medidas de seguridade e protección sanitaria».

Sete. Modifícase o punto 4.4 do anexo I da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado como segue:

«4.4. Os centros sociocomunitarios, centros cívicos, centros de convivencia, centros sociais e demais de natureza análoga poderán realizar a súa actividade cunha capacidade do 50 % nos concellos enumerados nas letras A e B, e do 75 % nos concellos enumerados nas letras C e D do anexo II, e sempre que se extremen as medidas de protección nas actividades de tipo grupal que se realizan neles, cun máximo de dez persoas, sexan ou non conviventes, excluído o monitor ou guía, para as actividades grupais. En todo caso, será obrigatorio o uso da máscara tanto en actividades individuais como grupais.

Permanecerán abertos, en todo caso, os centros de día de maiores e persoas con discapacidade e os ocupacionais, así como as casas do maior».

Oito. Modifícase o anexo II da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado segundo o anexo desta orde.

Segundo. *Eficacia*

1. As medidas previstas nesta orde producirán efectos desde as 00.00 horas do día 25 de setembro de 2021.

2. En cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas previstas nesta orde serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser prorrogadas, modificadas ou levantadas por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Santiago de Compostela, 22 de setembro de 2021

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade



ANEXO

«ANEXO II

A) Concellos con nivel de restrición máxima:

...

B) Concellos con nivel de restrición alta:

...

C) Concellos con nivel de restrición media:

Barco de Valdeorras (O)

Foz

D) Concellos con nivel de restrición media-baixa:

Abadín

Abegondo

Agolada

Alfoz

Allariz

Ames

Amoeiro

Antas de Ulla

Aranga

Arbo

Ares

Arnoia (A)

Arteixo

Avión

Arzúa

Baiona

Baleira

Baltar

Bande

Baña (A)



Baños de Molgas
Baralla
Barbadás
Barreiros
Barro
Beade
Beariz
Becerreá
Begonte
Bergondo
Betanzos
Blancos (Os)
Boborás
Boimorto
Boiro
Bola (A)
Bolo (O)
Boqueixón
Bóveda
Brión
Bueu
Burela
Cabana de Bergantiños
Cabanas
Caldas de Reis
Calvos de Randín
Camariñas
Cambados
Cambre
Campo Lameiro
Cangas
Cañiza (A)
Capela (A)
Carballeda de Avia
Carballeda de Valdeorras
Carballedo
Carballiño (O)



Carballo
Cariño
Carnota
Carral
Cartelle
Castrelo de Miño
Castrelo do Val
Castro Caldelas
Castro de Rei
Castroverde
Catoira
Cedeira
Cee
Celanova
Cenlle
Cerceda
Cerdedo-Cotobade
Cerdido
Cervantes
Cervo
Chandrexa de Queixa
Chantada
Coirós
Coles
Corcubión
Corgo (O)
Coristanco
Cortegada
Coruña (A)
Cospeito
Covelo
Crecente
Cualedro
Culleredo
Cuntis
Curtis
Dodro



Dozón
Dumbría
Entrimo
Esgos
Estrada (A)
Fene
Ferrol
Fisterra
Folgo do Courel
Fonsagrada (A)
Forcarei
Fornelos de Montes
Frades
Friol
Gomesende
Gondomar
Grove (O)
Guarda (A)
Gudiña (A)
Guitiriz
Guntín
Illa de Arousa (A)
Incio (O)
Irixo (O)
Irixoa
Lalín
Lama (A)
Láncara
Laracha (A)
Larouco
Laza
Laxe
Leiro
Lobeira
Lobios
Lourenzá
Lousame



Lugo
Maceda
Malpica de Bergantiños
Manzaneda
Mañón
Marín
Maside
Mazaricos
Meaño
Meira
Meis
Melide
Melón
Merca (A)
Mesía
Mezquita (A)
Miño
Moaña
Moeche
Mondariz
Mondariz-Balneario
Mondoñedo
Monfero
Monforte de Lemos
Montederramo
Monterrei
Monterroso
Moraña
Mos
Mugardos
Muiños
Muras
Muros
Muxía
Narón
Navia de Suarna
Neda



Negreira
Negueira de Muñiz
Neves (As)
Nigrán
Nogais (As)
Nogueira de Ramuín
Noia
Oia
Oímbra
Oleiros
Ordes
Oroso
Ortigueira
Ourense
Ouro
Outeiro de Rei
Outes
Oza-Cesuras
Paderne
Paderne de Allariz
Padrenda
Padrón
Palas de Rei
Pantón
Parada de Sil
Paradela
Páramo (O)
Pastoriza (A)
Pazos de Borbén
Pedrafita do Cebreiro
Pereiro de Aguiar (O)
Peroxa (A)
Petín
Pino (O)
Piñor
Pobra de Trives (A)
Pobra do Brollón (A)



Pobra do Caramiñal (A)
Poio
Pol
Ponteareas
Ponte Caldelas
Ponteceso
Pontecesures
Pontedeume
Pontedeva
Pontenova (A)
Pontes de García Rodríguez (As)
Pontevedra
Porqueira
Porriño (O)
Portas
Porto do Son
Portomarín
Punxín
Quintela de Leirado
Quiroga
Rábade
Rairiz de Veiga
Ramirás
Redondela
Rianxo
Ribadavia
Ribadeo
Ribadumia
Ribas de Sil
Ribeira
Ribeira de Piquín
Riós
Riotorto
Rodeiro
Rois
Rosal (O)
Rúa (A)



Rubiá
Sada
Salceda de Caselas
Salvaterra de Miño
Samos
San Amaro
San Cibrao das Viñas
San Cristovo de Cea
Sandiás
San Sadurniño
Santa Comba
Santiago de Compostela
Santiso
Sanxenxo
San Xoán de Río
Sarreaus
Sarria
Saviñao (O)
Silleda
Sober
Sobrado
Somozas (As)
Soutomaior
Taboada
Taboadela
Teixeira (A)
Teo
Toén
Tomiño
Toques
Tordoia
Touro
Trabada
Trasmiras
Trazo
Triacastela
Tui



Valadouro (O)
Val do Dubra
Valdoviño
Valga
Vedra
Veiga (A)
Verea
Verín
Viana do Bolo
Vicedo (O)
Vigo
Vilaboa
Vila de Cruces
Vilagarcía de Arousa
Vilalba
Vilamarín
Vilamartín de Valdeorras
Vilanova de Arousa
Vilar de Barrio
Vilar de Santos
Vilardevós
Vilariño de Conso
Vilarmaior
Vilasantar
Vimianzo
Viveiro
Xermade
Xinzo de Limia
Xove
Xunqueira de Ambía
Xunqueira de Espadanedo
Zas»



I. DISPOSICIÓNS XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 16 de setembro de 2021 pola que se prorroga e se modifica a Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

I

A evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia fai necesario que as autoridades sanitarias autonómicas sigan adoptando determinadas medidas de prevención orientadas a conter a propagación da infección e dirixidas a facer fronte á crise sanitaria derivada da COVID-19.

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020 sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición a unha nova normalidade. O obxecto dese acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Con esta finalidade poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade. Establécese, ademais, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de conformidade coa normativa aplicable e en vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou en parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e que modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmen-



te limitado, impliquen o desprazamento da aplicación das medidas concretas contidas no anexo do citado acordo.

Con base no disposto no citado punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020, adoptáronse, mediante a Orde do 25 de xuño de 2021, unha serie de medidas que teñen por obxecto regular distintas actividades coa finalidade de que se poidan desenvolver en condicións de seguridade, minimizando ao máximo o risco de contaxio e a propagación da enfermidade.

Estas medidas específicas tradúcense, en moitos casos, no establecemento de capacidades máximas e na regulación destas, xa que se demostrou que para lograr o fin proposto resulta imprescindible evitar as aglomeracións e garantir o mantemento en todo momento da distancia de seguridade, reducindo o contacto físico ou a proximidade en condicións favorecedoras do contaxio.

A evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma exixiu modificar determinados aspectos da orde coa finalidade de adaptar as medidas contidas nela á realidade do momento, o que se fixo mediante a Orde do 1 de xullo de 2021. Posteriormente, mediante a Orde do 8 de xullo de 2021 introducíronse novas modificacións e prorrogouse a eficacia da Orde do 25 de xuño ata as 00.00 horas do 24 de xullo de 2021, e mediante a Orde do 15 de xullo de 2021 modificáronse a Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e a Orde do 1 de xullo de 2021 pola que se aproba o Protocolo para a reactivación do lecer nocturno no marco da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19. Mediante a Orde do 22 de xullo de 2021 acometeuse unha nova prórroga e modificación da Orde do 25 de xuño. Tamén se modificou a Orde do 1 de xullo de 2021 pola que se aproba o Protocolo para a reactivación do lecer nocturno no marco da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19. O anexo II da Orde do 25 de xuño volveu ser modificado mediante as ordes do 29 de xullo e do 5 agosto de 2021, e esta última prorrogou a eficacia da primeira.

Pola súa banda, mediante a Orde do 13 de agosto de 2021 suspendeuse expresamente a exigencia da exhibición de documentación para o acceso a determinados establecementos prevista na Orde do 25 de xuño e substituíuse esta obriga por unha regulación transitoria e provisional, na espera do pronunciamento do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre a autorización da exigencia dos certificados anteditos. Esta autorización foi denegada mediante o Auto 97/2021, da Sección Terceira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Posteriormente, mediante a Orde do 16 de agosto



de 2021, modificouse o anexo II da Orde do 25 de xuño para adaptalo á situación derivada da evolución da pandemia. Así mesmo, mediante a Orde do 20 de agosto de 2021 prorrogouse a eficacia da Orde do 25 de xuño ata as 00.00 horas do día 4 de setembro. Nesta orde, na espera dunha resolución xudicial firme que se pronunciase sobre a autorización da medida da exixencia do certificado, mantíñase a suspensión da exixencia da exhibición de documentación para o acceso a determinados establecementos e actualizábase a regulación transitoria e provisional ditada en substitución da referida obriga, coa finalidade de adaptala á evolución favorable da situación epidemiolóxica. Incluíanse, ademais, na devandita orde determinadas modificacións da Orde do 25 de xuño, cuxa finalidade era adaptala á evolución favorable da situación epidemiolóxica.

A continuación, mediante as ordes do 25 e do 27 de agosto de 2021 introducíronse novas modificacións do anexo II da Orde do 25 de xuño de 2021 co obxecto de reflectir nel as variacións na evolución da situación epidemiolóxica experimentadas en distintos concellos da Comunidade Autónoma.

Mediante a Orde do 1 de setembro de 2021 prorrogouse a eficacia da Orde do 25 de xuño ata as 00.00 horas do día 18 de setembro. Esta orde tamén modificou o anexo II da Orde do 25 de xuño e acordou manter a suspensión da exixencia da exhibición de documentación para o acceso a determinados establecementos prevista nela e na Orde do 1 de xullo de 2021 pola que se aproba o Protocolo para a reactivación do lecer nocturno no marco da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, substituíndoa por unha regulación transitoria e provisional na espera dun pronunciamento xudicial firme sobre esta medida.

Pola súa banda, mediante a Orde do 9 de setembro de 2021 modificouse a Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

Finalmente, a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia, volve modificar a regulación contida na Orde do 25 de xuño de 2021 en relación cos establecementos de hostalaría e os establecementos de xogo para adaptala ás regras do novo Plan de hostalaría segura, tendo en conta que nestes últimos se prestan servizos de hostalaría e restauración. Tamén se deixa sen efecto a regulación transitoria e provisional aplicable aos establecementos de hostalaría e restauración e aos establecementos de xogo e apostas prevista nos puntos terceiro e cuarto da Orde do 20 de agosto de 2021, e mantense a suspensión da exixencia



da exhibición de documentación para o acceso aos establecementos de lecer nocturno, substituindo esta obriga por unha regulación transitoria e provisional.

Con posterioridade á aprobación da citada Orde do 14 de setembro de 2021, foi notificada a Sentenza 1112/2021, da Sección Cuarta da Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Supremo, na cal se estima o recurso de casación formulado pola Administración autonómica contra o Auto do 20 de agosto de 2021, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que avala así a posibilidade de exixir o chamado pasaporte COVID para acceder a determinados establecementos ao considerar que esta medida é idónea, necesaria e proporcionada para reducir os contaxios.

Neste contexto, procede acometer unha nova prórroga da Orde do 25 de xuño, así como modificar o anexo II da devandita orde coa finalidade de incluír no nivel de restricións que en cada caso corresponda os concellos en que variou a situación. Resulta necesario, ademais, manter a suspensión da exixencia da exhibición de determinada documentación para o acceso aos establecementos de lecer nocturno, así como a regulación transitoria e provisional ditada en substitución daquela. A razón disto radica na evolución favorable da situación epidemiolóxica na Comunidade Autónoma respecto do momento en que se previu a exixencia de exhibición da documentación nos indicados establecementos, unida á recente notificación da Sentenza 1112/2021, do Tribunal Supremo, situación que exige levar a cabo un novo estudo que, atendendo aos principios e probas científicas e co asesoramento do Comité Clínico, permita avaliar a situación actual con carácter previo á decisión sobre as condicións polas que se debe rexer a actividade e a reposición desta medida, para cuxa adopción se solicitará, en todo caso, a preceptiva autorización xudicial que establece o artigo 10.8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, de acordo coa doutrina sentada na referida sentenza.

Así mesmo, debe terse en conta que, en vista da evolución favorable da situación epidemiolóxica e unha vez escoitado o Comité Clínico, se decidiu non prorrogar a eficacia das medidas restritivas de dereitos fundamentais actualmente en vigor, previstas na redacción vixente da Orde do 21 de xullo de 2021 pola que se establecen medidas cualificadas de prevención para facer fronte á evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e que precisan de autorización xudicial para a súa eficacia. Estas medidas foron prorrogadas ata as 00.00 horas do día 18 de setembro de 2021 pola Orde do 1 de setembro de 2021 pola que se prorroga e se modifica o anexo da Orde do 21 de xullo de 2021 pola que se establecen medidas cualificadas de prevención para facer fronte á evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e que precisan de autorización xudicial para a súa



eficacia. Polo tanto, ao non seren prorrogadas, as medidas cualificadas perderán a súa eficacia no momento indicado.

Polo demais, polo que se refire á regulación das condicións da actividade da hostalaría e restauración, tamén se abordou no Comité Clínico a ampliación dos límites de ocupación aplicables ás mesas e agrupacións de mesas, que procede ampliar de seis a oito persoas no interior e de dez a quince persoas na terraza, polo que procede nesta orde á modificación neste aspecto puntal do número 1 do punto 3.22 do anexo I da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia. Coa mesma finalidade, modifícase o número 3 da epígrafe III.2.1 do punto 4.1 do anexo I da indicada orde, en relación cos establecementos de xogo, tendo en conta que neles se prestan servizos de hostalaría e restauración.

II

A adopción das medidas contidas nesta orde vén determinada pola evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria da Comunidade Autónoma. Así resulta do informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 15 de setembro de 2021, do cal se destacan os seguintes datos:

Respecto da situación epidemiolóxica de Galicia, o número reprodutivo instantáneo (R_t), que indica o número de contaxios orixinados por un caso activo, segue a manterse por debaixo de 1, o que indica unha diminución na transmisión da infección. Todas as áreas sanitarias están por debaixo do 1. Non obstante, nas áreas de Pontevedra e Vigo aumentou lixeiramente e o intervalo de confianza superior está por riba ou rozando o 1, respectivamente.

Do total de concellos de Galicia, 99 non notificaron casos nos últimos 14 días. O número de concellos sen casos nos últimos 7 días foi de 165. Isto supón un aumento en 32 concellos a 14 días e en 43 concellos a 7 días desde hai unha semana, que era de 67 e 122, a 14 e 7 días.

Entre o 31 de agosto e o 6 de setembro realizáronse 43.075 probas diagnósticas de infección activa polo virus SARS-CoV-2 (29.122 PCR e 13.953 tests de antíxenos), cunha porcentaxe de positividade a 7 días do 4,96 %, o que supón un descenso do 29 % respecto de entre o 24 e o 30 de agosto, que era do 6,99 %.



A incidencia acumulada a 7 e 14 días é de 37 e 104 casos por 100.000 habitantes, respectivamente, valores inferiores aos observados hai unha semana, que eran de 67 e 182 casos por 100.000 habitantes, respectivamente (descenso do -45 % a 7 días e do -43 % a 14 días).

A tendencia diaria mostra, desde o 1 de marzo, catro tramos, o primeiro crecente a un ritmo do 0,6 % ata o 1 de marzo e despois decrecente cunha porcentaxe de cambio diario (PCD) do -2,2 %; séguelle outro tramo de tendencia lixeiramente crecente, cunha PCD do 10,4 %, e o 22 de xullo detecta outro cambio en sentido decrecente, cunha PCD do -4,7 %.

En canto á evolución por grupos de idade, obsérvase que a incidencia acumulada está a descender en todos os grupos máis novos. Nos grupos maiores de 40 anos obsérvase un descenso máis lento. Os grupos de idade correspóndense cos do seguimento da vacinación.

Segundo o modelo vectorial autorregresivo, espérase unha certa estabilización a 7 días e un descenso a 14 días, non obstante hai que tomalo con precaución debido á amplitude dos intervalos de confianza a 7 días, xa que esta amplitude implicaría o poder ir en calquera sentido (ascende, estabilízase, descende).

En canto á situación das áreas sanitarias, as taxas a 14 días das áreas están entre os 53,76 casos por 100.000 habitantes de Ferrol e os 150,33 de Lugo. As taxas de incidencia a 14 días seguen a diminuír respecto de hai 7 días e ningunha das áreas presenta taxas a 14 días con valores superiores aos 200 casos por 100.000 habitantes, mesmo coas áreas de Ferrol, Pontevedra e Vigo, por baixo dos 100, nin taxas a 7 días superiores aos 50 casos por 100.000 habitantes.

No que respecta á hospitalización dos casos COVID-19, a media de pacientes COVID-19 en hospitalización de agudos nos últimos 7 días foi de 106,1, o que supón un descenso do 25,2 % respecto de hai 7 días. A taxa de pacientes COVID-19 en hospitalización de agudos é de 3,9 ingresados por 100.000 habitantes, cun descenso tamén do -25,2 % respecto de hai 7 días. En canto aos ingresos COVID-19 nas unidades de críticos (UCI), nos últimos 7 días a media foi de 41,3 e a taxa a 7 días de ingresados nas UCI é de 1,5 ingresados por 100.000 habitantes, o que supón un descenso do -10,8 % respecto de hai 7 días, tanto na media como na taxa.

En relación coa situación epidemiolóxica nos concellos de Galicia, naqueles con poboación igual ou maior de 10.000 habitantes (54), só un presenta unha taxa axustada de



incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por 100.000 habitantes, e sen superar os 500 casos por 100.000 habitantes, fronte aos dous do informe anterior. No que se refire aos concellos de menos de 10.000 habitantes (259), 18 presentan unha taxa axustada de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por 100.000 habitantes, fronte aos 41 de hai unha semana. Deles, tres presentan taxas axustadas de incidencia iguais ou superiores a 500 casos por 100.000 habitantes, fronte aos 15 do informe de hai 7 días. Polo que atinxe ás comarcas, só a de Terra de Trives está no nivel máximo. No nivel alto están as da Ulloa e Terra de Lemos. No nivel medio están cinco comarcas. Isto significa un aumento respecto do 29 de xullo en 32 comarcas no nivel medio baixo, momento en que 13 comarcas estaban nese nivel.

Desde a posta en marcha da vixilancia da prevalencia das variantes en Galicia, baseada na aplicación dunhas PCR específicas sobre unha mostra aleatoria das mostras positivas para SARS-CoV-2 por PCR da semana previa, identificadas nos servizos de microbioloxía dos hospitais CHUAC, CHUS, Chuvi, CHUO, HULA e Vithas (Vigo), na semana epidemiolóxica 35/2021 (do 30 de agosto ao 5 de setembro), a porcentaxe de positividade para a variante Delta foi do 99,4 %. (IC95 %: 98,8-99,8 %). Dúas mostras foron compatibles coa variante Alfa. A prevalencia de Galicia está axustada ao conxunto de casos de cadansúa área na semana de referencia. Ata a semana 35 incluída, das variantes de preocupación (VOC) identificáronse 959 casos da variante Alfa con secuenciación completa; 727 casos da variante Delta (B.1.617.2 ou india); 43 casos da variante Beta (B.1.351 ou surafricana); 86 casos da variante Gamma (P1 ou brasileira); e 5 casos da variante Alfa coa mutación E484K. Ademais das VOC, tense constancia da existencia de 3 mostras coa variante Eta (B.1.525 ou nixeriana); 9 mostras coa variante Iota (B.1.526 ou de Nova York); 24 mostras coa variante Lambda (C.37) e 52 mostras con variante Mu (B.1.621-colombiana).

O informe conclúe que a taxa de incidencia diminúe tanto a 7 como a 14 días. A tendencia amosa o descenso cunha porcentaxe de cambio diaria do -4,1 %. O Rt no global de Galicia segue por debaixo do 1, o mesmo ca en todas as áreas sanitarias. A información do modelo de predición indica que a incidencia vai estabilizarse a 7 días e diminuír a 14 días.

A taxa de incidencia a 14 días, no global de Galicia, está nos 104 casos por 100.000 habitantes. En todas as áreas sanitarias diminúe a súa incidencia, tanto a 7 como a 14 días. Todas as áreas sanitarias teñen unha incidencia a 14 días menor de 200 casos por 100.000 habitantes, e de 50 casos por 100.000 habitantes a 7 días.

En canto á evolución da incidencia por grupos de idade e área sanitaria, obsérvase un descenso na incidencia en todos os grupos de idade.



No que atinxe aos concellos de máis de 10.000 habitantes, xa aplicando o axuste de taxas, hai un concello con taxas de incidencia a 14 días iguais ou superiores a 250 casos por 100.000 habitantes. Nos de menos de 10.000 habitantes hai 18 concellos que superan unha taxa de incidencia de 250 casos por 100.000 habitantes, con tres cunha incidencia igual ou maior a 500 casos por 100.000 habitantes.

Neste momento, a variante Delta (india) xa é a circulante. A maior transmisibilidade da variante Delta explica, entre outros posibles motivos, a alta incidencia da COVID, especialmente nos máis novos, que son os que teñen unha maior mobilidade.

Cómpre indicar que o criterio que se vén utilizando para determinar os niveis de restrición aplicables a cada un dos concellos da Comunidade Autónoma é, ademais do da situación sanitaria, o da taxa de incidencia acumulada segundo os casos por cada 100.000 habitantes, tanto a 14 días como a 7 días; esta última permite reaccionar con maior rapidez e eficacia fronte aos gromos.

Desta maneira establecéronse os seguintes niveis de restricións: nivel de restricións máximo, alto, medio e medio-baixo. Atendendo ás taxas de incidencia acumulada a 14 días, sitúanse no nivel medio-baixo os concellos con taxas por debaixo dos 150 casos por cada 100.000 habitantes; no medio, os concellos con taxas que se atopen entre os 150 e por debaixo dos 250 casos por cada 100.000 habitantes; no alto, os concellos con taxas que se atopen entre os 250 e por debaixo dos 500 casos por cada 100.000 habitantes, e no nivel de restrición máxima, os concellos cuxas taxas de incidencia acumulada sexan máis de 500 casos por 100.000 habitantes.

Pola súa banda, atendendo ás taxas de incidencia acumulada a 7 días, sitúanse no nivel medio-baixo os concellos que se atopen por debaixo dos 75 casos por cada 100.000 habitantes; no medio, os concellos que se atopen entre os 75 e por debaixo dos 125 casos por cada 100.000 habitantes; no nivel alto, os concellos que se atopen entre os 125 e por debaixo dos 250 casos por cada 100.000 habitantes, e no nivel de restrición máxima, os concellos cuxas taxas de incidencia acumulada sexan máis de 500 casos por 100.000 habitantes.

A taxa de incidencia acumulada non é o único criterio que se ten en conta para determinar o nivel aplicable a cada concello, xa que este dato se modula en función doutros factores e da análise da situación do propio concello. Así, o criterio da incidencia vese completado coa consideración de criterios demográficos (pois debe terse en conta que en concellos de escasa poboación poucos casos poden dar lugar a taxas moi elevadas, que



deben ser postas no debido contexto). Ademais, os servizos de saúde pública e o Comité e o Subcomité Clínico veñen analizando as características específicas de cada gromo. Neste sentido, véñese prestando unha especial atención á existencia de gromos non controlados ou de casos sen vínculo epidemiolóxico, así como ao feito de que non se observe unha melloría clara na evolución da situación epidemiolóxica.

Actualmente, o avance da campaña de vacinación masiva está a conseguir protexer a poboación e retomar actividades económicas e sociais ata o de agora limitadas para evitar un maior número de contaxios. Non obstante, e mentres non se alcance a inmunidade de grupo, é necesario seguir adoptando medidas preventivas e de control que permitan garantir as máximas condicións de seguridade e reducir o risco de contaxio e propagación da COVID-19. Estas medidas deben ser adecuadas e eficaces de acordo coa evolución da situación epidemiolóxica e da capacidade do sistema asistencial.

Tendo en conta o expresado en relación con que existe unha porcentaxe moi elevada de poboación vacinada, o cal permitiu unha redución importante de hospitalizacións e falecementos, foi necesario actualizar os indicadores de risco establecidos antes do inicio da campaña de vacinación. Deste xeito, a partir da adopción destes novos criterios, as medidas de prevención e control pretenden adaptarse ao novo escenario en que nos atopamos, onde prevalecen os casos entre a poboación máis nova e na cal unha porcentaxe maioritaria non ten consecuencias clínicas importantes.

Neste sentido, salientase que dous terzos dos casos se están a dar entre os 15 e os 39 anos de idade e que existe un menor risco de padecer a enfermidade grave nesas franxas de idade. Na situación actual concorren, en definitiva, determinadas circunstancias que aconsellan axustar as taxas de incidencia acumulada mediante a aplicación dun factor de corrección baseado no risco de ingreso hospitalario, xa que a situación da carga asistencial hospitalaria é, neste momento, de 3,2 e 0,6 ingresos por 100.000 habitantes en hospitalización de agudos e en unidades de críticos, respectivamente, a pesar das taxas de incidencia elevadas que se están a observar. Isto indica que a onda ten un menor impacto nos ingresos pola COVID-19, o que se atribúe aos factores aludidos de vacinación dos maiores e á idade dos casos.

Para o axuste calculouse un factor de corrección que se interpreta como o risco relativo de ingreso no período comprendido entre agosto de 2020 e marzo de 2021 (período de referencia) comparado co momento actual. Este factor é superior a 1, debido á vacinación e á diferente distribución por idade dos casos, que actualmente se concentran fundamen-



talmente na poboación de 15 a 29 anos. Para axustar a incidencia a 7 e a 14 días dos concellos, divídese a taxa bruta polo factor de corrección.

O factor de corrección calcúlase, para cada día, como o cociente entre a taxa bruta de ingresos nos últimos 28 días e a taxa axustada por idade, aplicando o método directo e usando como poboación estándar o número de casos do período de referencia.

A taxa bruta de ingresos a 28 días é a porcentaxe de casos que ingresaron entre os casos con diagnóstico por PCR ou tests de antíxenos acumulados nos últimos 28 días. As taxas específicas de ingreso por idade calcúlanse do mesmo xeito, pero no grupo de idade correspondente.

A taxa axustada de ingresos calcúlase aplicando as taxas específicas de ingreso por idade a 28 días á poboación de referencia. A suma dos valores obtidos por idade divídese entre o total de casos do período de referencia (97.996) e o resultado interprétase como a porcentaxe de casos que terían ingresado se tivesen a mesma distribución por idade que no período de referencia (taxa de ingresos axustada).

A cada un dos distintos niveis de restrición seranlle de aplicación as medidas xerais e específicas previstas para cada caso nas disposicións vixentes, aprobadas polas autoridades sanitarias competentes, tendo en conta, ademais, que actualmente está cientificamente constatado que, mentres non exista unha alta cobertura poboacional de vacinación, as intervencións non farmacolóxicas son as intervencións de saúde pública máis efectivas contra a COVID-19, medidas que se poderán ir suavizando na súa aplicación, en vista da situación epidemiolóxica no territorio e do aumento da cobertura vacinal.

Debe destacarse, ao fío do anterior, que Galicia conta cunha poboación especialmente envellecida, cunha porcentaxe de persoas de 65 e máis anos (ano 2020) do 25,4 % fronte ao 19,6 % do conxunto de España.

Porén, tamén hai que ter en consideración que, aínda que esta cobertura se obteña en determinados grupos, a distribución poboacional pode ser desigual, se se ten en conta toda a poboación e non os grupos de idade prioritarios que se están a vacinar en primeiro lugar. Tampouco se pode esquecer que mentres non se consiga conter a pandemia no mundo, con países con alta circulación do virus, poden aparecer novas variantes deste que poden ter a capacidade de escapar á inmunidade proporcionada polas vacinas actuais. Ademais, a circulación da variante Delta pode facer que haxa escape á inmunidade naquelas persoas que non estean completamente vacinadas e certo escape nas completamente vaci-



nadas, sen esquecer que esta variante se considera que é un 40-60 % máis transmisible que a variante Alfa.

Non obstante, estas medidas aplicaranse con criterios epidemiolóxicos, pero tamén de proporcionalidade, e estarán en vixencia só durante o tempo preciso para asegurar que a evolución desta situación epidemiolóxica é boa e que se está a cortar a transmisión, que é o obxectivo destas medidas.

En atención ao exposto, tendo en conta o indicado no citado informe da Dirección Xeral de Saúde Pública e logo de escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, acórdase descender ao nivel medio de restrición, desde o nivel alto actual, o concello de Monforte de Lemos, xa que, ben que as súas taxas a 14 días son propias do nivel alto, as súas taxas a 7 días xa son propias do nivel medio de restricións. Saliéntase que neste concello a evolución da diminución da incidencia é lenta e, a diferenza do acontecido noutros concellos que se atopaban no mesmo nivel, mantén taxas axustadas a 7 días propias do nivel medio, mentres que os demais xa amosan taxas de nivel medio-baixo. Tampouco se observa un descenso acusado e rápido da súa incidencia a 14 días. Ademais, a transmisión comunitaria que se deu neste concello provocou casos en concellos limítrofes, en persoas que o visitaban por festas ou ocio. Por estes motivos considérase necesario que descenda ao nivel medio, tal como indica a súa taxa a 7 días, e non ao nivel medio-baixo, na espera de observar a evolución da súa situación epidemiolóxica e de que o descenso da incidencia se consolide claramente.

O resto de concellos de Galicia inclúese no nivel medio-baixo de restricións.

III

As medidas que se adoptan nesta orde teñen o seu fundamento normativo no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 a 38.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para adoptar as medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica existente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, coa urxencia que a protección da saúde pública demanda.



Na súa virtude, en aplicación do punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición a unha nova normalidade, na súa redacción vixente, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. Prórroga da eficacia das medidas previstas na Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia

Atendendo á evolución da situación epidemiolóxica, prorrogase ata as 00.00 horas do día 2 de outubro de 2021 a eficacia das medidas previstas na Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, sen prexuízo do indicado no punto segundo desta orde.

Segundo. Mantemento da suspensión da exigencia da exhibición de documentación para o acceso a determinados establecementos prevista na Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e na Orde do 1 de xullo de 2021 pola que se aproba o Protocolo para a reactivación do lecer nocturno no marco da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, e substitución por unha regulación transitoria e provisional

1. Mantense a suspensión da exigencia da exhibición de documentación para o acceso a determinados establecementos prevista na epígrafe III.2.7 do punto 4.1 do anexo I da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, así como no número 4.1 do anexo da Orde do 1 de xullo de 2021 pola que se aproba o Protocolo para a reactivación do lecer nocturno no marco da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19.

2. A exigencia desta documentación substitúese pola regulación transitoria e provisional prevista nos puntos quinto e sexto da Orde do 20 de agosto de 2021, pola que se prorroga e se modifica a Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da



COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e se mantén a suspensión da exigencia da exhibición de documentación para o acceso a determinados establecementos prevista nela e na Orde do 1 de xullo de 2021 pola que se aproba o Protocolo para a reactivación do lecer nocturno no marco da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, e se substitúe por unha regulación transitoria e provisional.

3. Sen prexuízo do indicado, as autoridades sanitarias, coa finalidade de compatibilizar o desenvolvemento das correspondentes actividades coa seguridade sanitaria e asegurar un nivel elevado de protección da cidadanía, recomendan que só se acceda ao interior dos locais de hostalaría e restauración, e xogos e apostas situados nos concellos con nivel alto de restrición, recollidos na letra B do anexo II da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, cando se cumpra algunha das seguintes condicións:

1º. Que a persoa conte coa pauta completa dunha vacina contra a COVID-19 para a cal se concedeu unha autorización de comercialización de conformidade co Regulamento (CE) nº 726/2004.

2º. Que a persoa dispoña dunha proba diagnóstica de infección activa (PDIA) negativa. No caso dos tests rápidos de antíxenos, deberán estar enumerados na lista común e actualizada de tests rápidos de antíxenos da COVID-19 establecida sobre a base da Recomendación 2021/C 24/01, do Consello de Europa. A proba debe ser realizada nas últimas 72 horas anteriores.

3º. Que a persoa se recupere dunha infección polo SARS-CoV-2 diagnosticada e que estea no período comprendido entre o día 11 e o 180, ambos incluídos, despois da PDIA positiva.

Terceiro. *Modificación da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia*

Un. Modifícase o número 1 do punto 3.22 do anexo I da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evo-



lución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado como segue:

«1. A prestación de servizos de hostalaría e restauración en bares, cafeterías e restaurantes axustarase ás regras previstas no novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia. Así mesmo, a ocupación máxima será de oito persoas no interior e quince persoas na terraza por mesa ou agrupación de mesas».

Dous. Modifícase o número 3 da epígrafe III.2.1, do punto 4.1 do anexo I da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactada como segue:

«3. En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia de seguridade interpersonal entre as mesas ou, de ser o caso, agrupacións de mesas. A ocupación máxima será de oito persoas por mesa ou agrupación de mesas.

Así mesmo, deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersonal nas súas instalacións, especialmente na disposición e no uso das máquinas ou de calquera outro dispositivo de xogo nos locais e establecementos en que se desenvolvan actividades, de acordo co previsto no punto 1.3. O uso da máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersonal indicada, nos termos previstos na normativa vixente».

Tres. Modifícase o anexo II da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado segundo o anexo desta orde.

Cuarto. *Eficacia*

1. As medidas previstas nesta orde terán efectos desde as 00.00 horas do día 18 de setembro de 2021.

2. En cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas previstas nesta orde serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuen-



cia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser prorrogadas, modificadas ou levantadas por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2021

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade

ANEXO

«ANEXO II

A) Concellos con nivel de restrición máxima:

...

B) Concellos con nivel de restrición alta:

...

C) Concellos con nivel de restrición media:

Monforte de Lemos

D) Concellos con nivel de restrición media-baixa:

Abadín
Abegondo
Agolada
Alfoz
Allariz
Ames
Amoeiro
Antas de Ulla
Aranga
Arbo
Ares
Arnoia (A)
Arteixo
Avión



Arzúa
Baiona
Baleira
Baltar
Bande
Baña (A)
Baños de Molgas
Baralla
Barbadás
Barco de Valdeorras (O)
Barreiros
Barro
Beadé
Beariz
Becerreá
Begonte
Bergondo
Betanzos
Blancos (Os)
Boborás
Boimorto
Boiro
Bola (A)
Bolo (O)
Boqueixón
Bóveda
Brión
Bueu
Burela
Cabana de Bergantiños
Cabanas
Caldas de Reis
Calvos de Randín
Camariñas
Cambados
Cambre
Campo Lameiro



Cangas
Cañiza (A)
Capela (A)
Carballeda de Avia
Carballeda de Valdeorras
Carballedo
Carballiño (O)
Carballo
Cariño
Carnota
Carral
Cartelle
Castrelo de Miño
Castrelo do Val
Castro Caldelas
Castro de Rei
Castroverde
Catoira
Cedeira
Cee
Celanova
Cenlle
Cereda
Cerdedo-Cotobade
Cerdido
Cervantes
Cervo
Chandrexa de Queixa
Chantada
Coirós
Coles
Corcubión
Corgo (O)
Coristanco
Cortegada
Coruña (A)
Cospeito



Covelo
Crecente
Cualedro
Culleredo
Cuntis
Curtis
Dodro
Dozón
Dumbría
Entrimo
Esgos
Estrada (A)
Fene
Ferrol
Fisterra
Folgozo do Courel
Fonsagrada (A)
Forcarei
Fornelos de Montes
Foz
Frades
Friol
Gomesende
Gondomar
Grove (O)
Guarda (A)
Gudiña (A)
Guitiriz
Guntín
Illa de Arousa (A)
Incio (O)
Irixo (O)
Irixoa
Lalín
Lama (A)
Láncara
Laracha (A)



Larouco
Laza
Laxe
Leiro
Lobeira
Lobios
Lourenzá
Lousame
Lugo
Maceda
Malpica de Bergantiños
Manzaneda
Mañón
Marín
Maside
Mazaricos
Meaño
Meira
Meis
Melide
Melón
Merca (A)
Mesía
Mezquita (A)
Miño
Moaña
Moeche
Mondariz
Mondariz-Balneario
Mondoñedo
Monfero
Montederramo
Monterrei
Monterroso
Moraña
Mos
Mugardos



Muíños
Muras
Muros
Muxía
Narón
Navia de Suarna
Neda
Negreira
Negueira de Muñiz
Neves (As)
Nigrán
Nogais (As)
Nogueira de Ramuín
Noia
Oia
Oímbra
Oleiros
Ordes
Oroso
Ortigueira
Ourense
Ouro
Outeiro de Rei
Outes
Oza-Cesuras
Paderne
Paderne de Allariz
Padrenda
Padrón
Palas de Rei
Pantón
Parada de Sil
Paradela
Páramo (O)
Pastoriza (A)
Pazos de Borbén
Pedrafita do Cebreiro



Pereiro de Aguiar (O)
Peroxa (A)
Petín
Pino (O)
Piñor
Pobra de Trives (A)
Pobra do Brollón (A)
Pobra do Caramiñal (A)
Poio
Pol
Ponteareas
Ponte Caldelas
Ponteceso
Pontecesures
Pontedeume
Pontedeva
Pontenova (A)
Pontes de García Rodríguez (As)
Pontevedra
Porqueira
Porriño (O)
Portas
Porto do Son
Portomarín
Punxín
Quintela de Leirado
Quiroga
Rábade
Rairiz de Veiga
Ramirás
Redondela
Rianxo
Ribadavia
Ribadeo
Ribadumia
Ribas de Sil
Ribeira



Ribeira de Piquín
Ríós
Riotorto
Rodeiro
Rois
Rosal (O)
Rúa (A)
Rubiá
Sada
Salceda de Caselas
Salvaterra de Miño
Samos
San Amaro
San Cibrao das Viñas
San Cristovo de Cea
Sandiás
San Sadurniño
Santa Comba
Santiago de Compostela
Santiso
Sanxenxo
San Xoán de Río
Sarreaus
Sarria
Saviñao (O)
Silleda
Sober
Sobrado
Somozas (As)
Soutomaior
Taboada
Taboadela
Teixeira (A)
Teo
Toén
Tomiño
Toques



Tordoia
Touro
Trabada
Trasmiras
Trazo
Triacastela
Tui
Valadouro (O)
Val do Dubra
Valdoviño
Valga
Vedra
Veiga (A)
Verea
Verín
Viana do Bolo
Vicedo (O)
Vigo
Vilaboa
Vila de Cruces
Vilagarcía de Arousa
Vilalba
Vilamarín
Vilamartín de Valdeorras
Vilanova de Arousa
Vilar de Barrio
Vilar de Santos
Vilardevos
Vilariño de Conso
Vilarmaior
Vilasantar
Vimianzo
Viveiro
Xermade
Xinzo de Limia
Xove
Xunqueira de Ambía



Xunqueira de Espadanedo

Zas»

CVE-DOG: 2livwkq1-izk1-doj1-eaz5-oidlndqwwi3



I. DISPOSICIÓN XERAIS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

ORDE do 9 de setembro de 2021 pola que se modifica a Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

I

A evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia fai necesario que as autoridades sanitarias autonómicas sigan adoptando determinadas medidas de prevención orientadas a conter a propagación da infección e dirixidas a facer fronte á crise sanitaria derivada da COVID-19.

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020 sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto dese acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Con esta finalidade poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade. Establécese, ademais, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de conformidade coa normativa aplicable e en vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou en parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia



e que modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación das medidas concretas contidas no anexo do citado acordo.

Con base no disposto no citado punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, adoptáronse, mediante a Orde do 25 de xuño de 2021, unha serie de medidas que teñen por obxecto regular distintas actividades coa finalidade de que se poidan desenvolver en condicións de seguridade, minimizando ao máximo o risco de contaxio e a propagación da enfermidade.

Estas medidas específicas tradúcense, en moitos casos, no establecemento de capacidades máximas e na regulación destas, xa que se demostrou que para lograr o fin proposto resulta imprescindible evitar as aglomeracións e garantir o mantemento en todo momento da distancia de seguridade, reducindo o contacto físico ou a proximidade en condicións favorecedoras do contaxio.

A evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma exixiu modificar determinados aspectos da orde coa finalidade de adaptar as medidas contidas nela á realidade actual, o que se fixo mediante a Orde do 1 de xullo de 2021.

Posteriormente, mediante a Orde do 8 de xullo de 2021 introducíronse novas modificacións e prorrogouse a eficacia da Orde do 25 de xuño ata as 00.00 horas do 24 de xullo de 2021, e mediante a Orde do 15 de xullo de 2021 modificáronse a Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e a Orde do 1 de xullo de 2021 pola que se aproba o Protocolo para a reactivación do lecer nocturno no marco da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19.

Mediante a Orde do 22 de xullo de 2021 acometeuse unha nova prórroga e modificación da Orde do 25 de xuño. Tamén se modificou a Orde do 1 de xullo de 2021 pola que se aproba o Protocolo para a reactivación do lecer nocturno no marco da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19. O anexo II da Orde do 25 de xuño volveu ser modificado mediante as ordes do 29 de xullo e do 5 agosto de 2021, e esta última prorrogou a eficacia da primeira.

Pola súa banda, mediante a Orde do 13 de agosto de 2021 suspendeuse expresamente a exixencia da exhibición de documentación para o acceso a determinados establecementos prevista na Orde do 25 de xuño e substituíuse esta obriga por unha regulación transitoria e provisional, á espera do pronunciamento do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre a autorización da exixencia dos certificados anteditos. A dita autorización foi dene-



gada mediante o Auto 97/2021 da Sección Terceira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Posteriormente, mediante a Orde do 16 de agosto de 2021 modificouse o anexo II da Orde do 25 de xuño para adaptalo á situación derivada da evolución da pandemia. Así mesmo, mediante a Orde do 20 de agosto de 2021 prorrogouse a eficacia da Orde do 25 de xuño ata as 00.00 horas do día 4 de setembro. Nesta orde, á espera dunha resolución xudicial firme que se pronunciase sobre a autorización da medida da exixencia do certificado, mantíñase a suspensión da exixencia da exhibición de documentación para o acceso a determinados establecementos e actualizábase a regulación transitoria e provisional ditada en substitución da referida obriga, coa finalidade de adaptala á evolución favorable da situación epidemiolóxica. Incluíanse ademais na dita orde determinadas modificacións da Orde do 25 de xuño, cuxa finalidade era adaptala á evolución favorable da situación epidemiolóxica.

A continuación, mediante as ordes do 25 e do 27 de agosto de 2021 introducíronse novas modificacións do anexo II da Orde do 25 de xuño de 2021 co obxecto de reflectir nel as variacións na evolución da situación epidemiolóxica experimentadas en distintos concellos da Comunidade Autónoma.

Finalmente, mediante a Orde do 1 de setembro de 2021 prorrogouse a eficacia da Orde do 25 de xuño ata as 00.00 horas do día 18 de setembro. A dita orde tamén modificou o anexo II da Orde do 25 de xuño e acordou manter a suspensión da exixencia da exhibición de documentación para o acceso a determinados establecementos prevista nela e na Orde do 1 de xullo de 2021 pola que se aproba o Protocolo para a reactivación do lecer nocturno no marco da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, substituíndoa por unha regulación transitoria e provisional á espera dun pronunciamento xudicial firme sobre a dita medida.

Unha vez sentado o anterior, débese destacar que a evolución favorable da situación epidemiolóxica na Comunidade Autónoma exige, neste momento, introducir distintas modificacións na Orde do 25 de xuño coa finalidade, por unha banda, de incluír no nivel de restricións que en cada caso corresponda os concellos en que variou a situación e, por outra banda, de axustar a regulación de determinadas actividades á realidade actual.

Concretamente, modifícanse as capacidades máximas establecidas para a celebración de competicións deportivas con público e actividades en cines, teatros, auditorios e espazos similares, así como en recintos ao aire libre e noutros locais e establecementos destinados a espectáculos públicos e actividades recreativas. Tamén se amplía o número máximo de



persoas que poden conformar grupos para o desenvolvemento de actividades turísticas, centros de interpretación e visitantes, aulas da natureza, casetas e puntos de información. Por último, retómase nos concellos de nivel máximo e alto de restricións a actividade nos centros sociocomunitarios, centros cívicos, centros de convivencia, centros sociais e centros de natureza análoga e incrementáanse as capacidades máximas permitidas.

II

A adopción das medidas contidas nesta orde vén determinada pola evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria da Comunidade Autónoma. Así resulta do Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 8 de setembro de 2021, do cal se destacan os seguintes datos:

No que atinxe á situación epidemiolóxica de Galicia, o número reprodutivo instantáneo (Rt), que indica o número de contaxios orixinados por un caso activo, segue a manterse por debaixo de 1, o que indica unha diminución na transmisión da infección. Todas as áreas sanitarias están por debaixo do 1.

Do total de concellos de Galicia (313), 67 non notificaron casos nos últimos 14 días. O número de concellos sen casos nos últimos 7 días foi de 122. Isto supón un aumento en 18 concellos a 14 días e en 40 concellos a 7 días desde hai unha semana, que era de 49 e 82, a 14 e a 7 días.

Entre o 24 e o 30 de agosto, realizáronse 52.635 probas diagnósticas de infección activa polo virus SARS-CoV-2 (34.309 PCR e 18.326 tests de antíxenos) cunha porcentaxe de positividade a sete días do 6,99 %, o que supón un descenso do 18 % respecto de entre o 17 e o 23 de agosto, que era do 8,6 %.

A incidencia acumulada a 7 e 14 días é de 67 e 182 casos por cen mil habitantes, respectivamente, valores inferiores aos observados hai unha semana, en que eran de 115 e 260 casos por cen mil habitantes, respectivamente (descenso do 42 % a 7 días e do 30 % a 14 días).

A tendencia diaria mostra, desde o 1 de marzo, catro tramos: primeiro, crecente a un ritmo do 0,6 % ata o 1 de marzo e, despois, decrecente, cunha porcentaxe de cambio diaria (PCD) de 2,2 %; séguelle outro tramo de tendencia lixeiramente crecente, cunha PCD do 10,6 % e o 21 de xullo detéctase outro cambio en sentido decrecente, cunha PCD do 4,1 %.



En canto á evolución por grupos de idade, que se corresponden con aqueles cos que se fai un seguimento de vacinación, obsérvase que a incidencia acumulada por grupos de idade está a descender en todos os grupos máis novos. Nos grupos maiores de 40 anos obsérvase un descenso máis lento ou certa estabilización.

Segundo o modelo vectorial autorregresivo, espérase un descenso a 7 e 14 días. Non obstante, os intervalos de confianza a 7 días volveron ampliarse.

Respecto da situación das áreas sanitarias, as taxas a 14 días das áreas están entre os 85,78 casos por cada cen mil habitantes de Pontevedra e os 301,27 de Lugo. Todas as áreas sanitarias descenderon a súa incidencia tanto a 7 como a 14 días. As áreas sanitarias de Ferrol, Pontevedra e Vigo presentan taxas de incidencia acumulada a 7 días por debaixo dos 50 casos por cada cen mil habitantes. Pola súa banda, as taxas de incidencia acumulada a 14 días están por debaixo dos 100 casos por cada cen mil habitantes na Área de Pontevedra e, agás Santiago e Lugo, o resto das áreas sanitarias presentan taxas por debaixo dos 200 casos por cada cen mil habitantes. No que atinxe á evolución da incidencia por grupos de idade e por áreas sanitarias, salientase que na Área Sanitaria de Santiago se observa un lixeiro aumento nos grupos de 80 e máis anos. Na Área de Lugo aumenta lixeiramente o grupo de 80 e máis anos e estabilízase o de 50 a 79 anos. Na Área de Ourense parece que se estabiliza o aumento da incidencia no de 0 a 14 anos e no de 30 a 49 anos.

No que respecta á hospitalización dos casos COVID-19, a media de pacientes en hospitalización de agudos nos últimos 7 días foi de 137,7, o que significa un descenso do 28,8 % con respecto aos datos de hai sete días. A taxa de pacientes COVID-19 en hospitalización de agudos é de 5,1 ingresados por cen mil habitantes, cun descenso, tamén, do 28,8 % a respecto de hai 7 días. En canto aos ingresos COVID-19 nas unidades de críticos (UCI) nos últimos 7 días, a media foi de 45,3 e a taxa a 7 días de ingresados nas UCI é de 1,7 ingresados por cen mil habitantes, o que supón un descenso do 11,7 % respecto a hai sete días, tanto na media como na taxa. O grupo de idade de 15 a 64 anos é o que presenta máis ingresos, pero os grupos de idades máis maiores, especialmente os de 80 e máis anos, teñen un número de ingresos importante, o que se explica porque ante incidencias elevadas, como as que estamos a ter, este grupo de idade ten risco de enfermarse de gravidade, a pesar da vacinación, xa que a vacina non evita que aconteza e os maiores teñen máis probabilidade de non desenvolver anticorpos de xeito igualmente eficiente que os máis novos, debido á senescencia do seu sistema inmune.



As defuncións acumuladas por COVID-19 comezaron a diminuír, xa que con respecto ao informe do día 1 de setembro o número de falecementos acumulados a 28 días é de 89, fronte aos 92 do dito informe. Non obstante, a 7 días hai unha defunción máis que o día 1 de setembro. Nos últimos 14 días hai 9 defuncións menos que no informe do 23 de agosto, aínda que a 28 días hai dúas máis.

No que respecta á situación epidemiolóxica dos concellos de Galicia, naqueles con poboación igual ou maior de 10.000 habitantes (54), 2 presentan unha taxa axustada de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes, fronte aos 3 do informe anterior, ningún supera os 500 casos por 100.000 habitantes. No que se refire aos concellos de menos de dez mil habitantes (259), 41 presentan unha taxa axustada de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes, fronte ao 68 de hai unha semana. Deles, 15 presentan taxas axustadas de incidencia iguais ou superiores a 500 casos por cen mil habitantes, mais hai que ter en conta que 8 deles teñen unha poboación menor de 2.500 habitantes e só hai un concello que supere os 5.000 habitantes. No que atinxe ás comarcas, están no nivel máximo as de Terra de Trives, A Ulloa, Terra de Lemos e Terra de Melide. Están no nivel alto as de Viana, A Terra Chá, Quiroga, Chantada, Ordes, Muros e Arzúa.

Desde a posta en marcha da vixilancia da prevalencia das variantes en Galicia, baseada na aplicación dunhas PCR específicas sobre unha mostra aleatoria das mostras positivas para SARS-CoV-2 por PCR da semana previa, identificadas nos servizos de microbioloxía dos hospitais CHUAC, CHUS, CHUVI, CHUO, HULA e Vithas (Vigo), na semana epidemiolóxica 34/2021 (do 23 ao 29 de agosto) a porcentaxe de positividade para a posible variante Alfa foi dun 0,0 % (IC95 %: 0,0-0,5 %) e para a variante Delta foi do 99 % (IC95 %: 98-100 %). Polas diferenzas nas fraccións de mostraxe entre áreas sanitarias, a prevalencia axustouse ao número de casos en cadansúa área, que é notablemente diferente á prevalencia sen axustar 98 % (IC95 %: 97-99 %) e 0,0 % (IC95 %: 0,0-0,5 %) para as variantes Delta e Alfa, respectivamente. Ata a semana 34, incluída, das variantes de preocupación (VOC) identificáronse 958 casos da variante Alfa con secuenciación completa; 667 casos da variante Delta (B.1.617.2 ou India); 43 casos da variante Beta (B.1.351 ou Surafricana) e 86 casos da variante Gamma (P1 ou Brasileira). Ademais das VOC, tense constancia de 3 mostras coa variante Eta (B.1.525 ou Nixeriana); 9 mostras coa variante Iota (B.1.526 ou de Nova York); 24 mostras coa variante Lambda (C.37) e 51 mostras con variante Mu (B.1.621-Colombiana).

O informe conclúe que a taxa de incidencia diminúe tanto a 7 como a 14 días. A tendencia amosa o descenso cunha porcentaxe de cambio diaria do 4,1 %. O Rt no global de



Galicia segue por debaixo do 1, o mesmo que en todas as áreas sanitarias. Destácase que a información do modelo de predición indica que a incidencia vai diminuír tanto a 7 como a 14 días. A taxa de incidencia a 14 días, no global de Galicia, está nos 182 casos por cen mil habitantes. En todas as áreas sanitarias diminúe a súa incidencia, tanto a 7 como a 14 días. Hai 5 áreas sanitarias cunha incidencia a 14 días menor de 200 casos por cen mil habitantes.

En canto á evolución da incidencia por grupos de idade e área sanitaria, obsérvase un descenso na incidencia nos grupos máis novos, logo do repuntamento que se deu nalgunhas áreas a partir do 15 de agosto. No que atinxe aos concellos de máis de dez mil habitantes, xa aplicando o axuste de taxas, hai 2 concellos con taxas de incidencia a 14 días iguais ou superiores a 250 casos por cen mil habitantes. Nos de menos de dez mil hai 41 concellos que superen unha taxa de incidencia de 250 casos por cen mil habitantes. Isto supón un descenso importante respecto de hai unha semana, en que era de 68.

Neste momento, a variante Delta (India) xa é a circulante, xa que a variante Alfa ten unha prevalencia do 0 %. Posto que a variante Delta ten unha maior transmisibilidade foi o que explicou, entre outros posibles motivos, a alta incidencia, especialmente nos máis novos, que son os que teñen unha maior mobilidade.

Cómpre indicar que o criterio que se vén utilizando para determinar os niveis de restrición aplicables a cada un dos concellos da Comunidade Autónoma é, ademais do da situación sanitaria, o da taxa de incidencia acumulada segundo os casos por cada 100.000 habitantes, tanto a 14 días como a 7 días; esta última permite reaccionar con maior rapidez e eficacia fronte aos gromos.

Desta maneira, establecéronse os seguintes niveis de restricións: nivel de restricións máximo, alto, medio e medio-baixo. Atendendo ás taxas de incidencia acumulada a 14 días, sitúanse no nivel medio-baixo os concellos con taxas por debaixo dos 150 casos por cada 100.000 habitantes; no medio, os concellos con taxas que se atopen entre os 150 e por debaixo dos 250 casos por cada 100.000 habitantes; no alto, os concellos con taxas que se atopen entre os 250 e por debaixo dos 500 casos por cada 100.000 habitantes, e no nivel de restrición máxima, os concellos cuxas taxas de incidencia acumulada sexan máis de 500 casos por 100.000 habitantes.

Pola súa banda, atendendo ás taxas de incidencia acumulada a 7 días, sitúanse no nivel medio-baixo os concellos que se atopen por debaixo dos 75 casos por cada 100.000 habitantes; no medio, os concellos que se atopen entre os 75 e por debaixo dos 125 casos por cada 100.000 habitantes; no nivel alto, os concellos que se atopen entre os 125 e por debaixo dos



250 casos por cada 100.000 habitantes, e no nivel de restrición máxima, os concellos cuxas taxas de incidencia acumulada sexan máis de 500 casos por 100.000 habitantes.

A taxa de incidencia acumulada non é o único criterio que se ten en conta para determinar o nivel aplicable a cada concello, xa que este dato se modula en función doutros factores e da análise da situación do propio concello. Así, o criterio da incidencia vese completado coa consideración de criterios demográficos (pois debe terse en conta que en concellos de escasa poboación poucos casos poden dar lugar a taxas moi elevadas, que deben ser postas no debido contexto). Ademais, os servizos de saúde pública e o Comité e o Subcomité Clínico veñen analizando as características específicas de cada gromo. Neste sentido, véñse prestando unha especial atención á existencia de gromos non controlados ou de casos sen vínculo epidemiolóxico, así como ao feito de que non se observe unha melloría clara na evolución da situación epidemiolóxica.

Actualmente, o avance da campaña de vacinación masiva está a conseguir protexer a poboación e retomar actividades económicas e sociais ata o de agora limitadas para evitar un maior número de contaxios. Non obstante, e mentres non se alcance a inmunidade de grupo, é necesario seguir adoptando medidas preventivas e de control que permitan garantir as máximas condicións de seguridade e reducir o risco de contaxio e propagación da COVID-19. Estas medidas deben ser adecuadas e eficaces de acordo coa evolución da situación epidemiolóxica e de capacidade do sistema asistencial.

Tendo en conta o expresado en relación con que existe unha porcentaxe moi elevada de poboación vacinada, o cal permitiu unha redución importante de hospitalizacións e falecementos, foi necesario actualizar os indicadores de risco establecidos antes do inicio da campaña de vacinación. Deste xeito, a partir da adopción destes novos criterios, as medidas de prevención e control pretenden adaptarse ao novo escenario en que nos atopamos, onde prevalecen os casos entre a poboación máis nova e na cal unha porcentaxe maioritaria non ten consecuencias clínicas importantes.

Neste sentido, salientase que dous terzos dos casos se están a dar entre os 15 e os 39 anos de idade e que existe un menor risco de padecer a enfermidade grave nesas franxas de idade. Na situación actual concorren, en definitiva, determinadas circunstancias que aconsellan axustar as taxas de incidencia acumulada mediante a aplicación dun factor de corrección baseado no risco de ingreso hospitalario, xa que a situación da carga asistencial hospitalaria é, neste momento, de 3,2 e 0,6 ingresos por 100.000 habitantes en hospitalización de agudos e en unidades de críticos, respectivamente, a pesar das taxas de incidencia



elevadas que se están a observar. Isto indica que a onda ten un menor impacto nos ingresos pola COVID-19, o que se atribúe aos factores aludidos de vacinación dos maiores e á idade dos casos.

Para o axuste, calculouse un factor de corrección, que se interpreta como o risco relativo de ingreso no período comprendido entre agosto de 2020 e marzo de 2021 (período de referencia) comparado co momento actual. Este factor é superior a 1, debido á vacinación e á diferente distribución por idade dos casos, que actualmente se concentran fundamentalmente na poboación de 15 a 29 anos. Para axustar a incidencia a 7 e a 14 días dos concellos, divídese a taxa bruta polo factor de corrección.

O factor de corrección calcúlase, para cada día, como o cociente entre a taxa bruta de ingresos nos últimos 28 días e a taxa axustada por idade, aplicando o método directo e usando como poboación estándar o número de casos do período de referencia.

A taxa bruta de ingresos a 28 días é a porcentaxe de casos que ingresaron entre os casos con diagnóstico por PCR ou tests de antixenos acumulados nos últimos 28 días. As taxas específicas de ingreso por idade calcúlanse do mesmo xeito, pero no grupo de idade correspondente.

A taxa axustada de ingresos calcúlase aplicando as taxas específicas de ingreso por idade a 28 días á poboación de referencia. A suma dos valores obtidos por idade divídese entre o total de casos do período de referencia (97.996) e o resultado interprétase como a porcentaxe de casos que terían ingresado se tivesen a mesma distribución por idade que no período de referencia (taxa de ingresos axustada).

A cada un dos distintos niveis de restrición seranlle de aplicación as medidas xerais e específicas previstas para cada caso nas disposicións vixentes, aprobadas polas autoridades sanitarias competentes, tendo en conta, ademais, que actualmente está cientificamente constatado que, mentres non exista unha alta cobertura poboacional de vacinación, as intervencións non farmacolóxicas son as intervencións de saúde pública máis efectivas contra a COVID-19, medidas que se poderán ir suavizando na súa aplicación, en vista da situación epidemiolóxica no territorio e do aumento da cobertura vacinal.

Debe destacarse, ao fío do anterior, que Galicia conta cunha poboación especialmente envellecida, cunha porcentaxe de persoas de 65 e máis anos (ano 2020) do 25,4 % fronte ao 19,6 % do conxunto de España.



Porén, tamén hai que ter en consideración que, aínda que esta cobertura se obteña en determinados grupos, a distribución poboacional pode ser desigual, se se ten en conta toda a poboación e non os grupos de idade prioritarios que se están a vacinar en primeiro lugar. Tampouco se pode esquecer que mentres non se consiga conter a pandemia no mundo, con países con alta circulación do virus, poden aparecer novas variantes deste que poden ter a capacidade de escapar á inmunidade proporcionada polas vacinas actuais. Ademais, a circulación da variante Delta pode facer que haxa escape á inmunidade naquelas persoas que non estean completamente vacinadas e certo escape nas completamente vacinadas, sen esquecer que esta variante se considera que é un 40-60 % máis transmisible que a variante Alfa.

Non obstante, estas medidas aplicaranse con criterios epidemiolóxicos, pero tamén de proporcionalidade, e estarán en vixencia só durante o tempo preciso para asegurar que a evolución desta situación epidemiolóxica é boa e que se está a cortar a transmisión, que é o obxectivo destas medidas.

En atención ao exposto, tendo en conta o indicado no citado informe da Dirección Xeral de Saúde Pública e logo de escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, acórdase que descendan ao nivel alto os concellos de Melide e Monforte de Lemos, xa que ambos os concellos presentan unha evolución favorable da súa situación epidemiolóxica cun descenso marcado de casos na última semana e con taxas axustadas a 7 días propias deste nivel.

Mantéñense no nivel alto de restricións, aínda que as súas taxas a 7 e/ou 14 días son propias do nivel máximo, os concellos de Curtis e A Pobra de Trives. Nestes dous concellos a incidencia está descendendo. No caso de Curtis, a súa taxa a 7 días é propia do nivel alto e o descenso na súa incidencia foi do 50 % na última semana. Na Pobra de Trives, a súa incidencia está relacionada cun gromo de orixe controlada e, aínda que se observou un aumento dos casos despois dun cribado, no día de hoxe a incidencia xa está a descender.

Tamén se mantén no nivel alto de restricións o concello de Viana do Bolo, tal e como indican as súas taxas axustadas a 7 e 14 días. Non obstante, neste concello, onde se está a desenvolver un gromo de orixe controlada, está a mellorar a súa situación epidemiolóxica, pero non o suficiente como para poder descendelo a un nivel de restrición inferior.

Descenden ao nivel medio de restricións, desde o nivel alto actual os concellos de Agolada, Arzúa, O Pino, Antas de Ulla, Monterroso e Palas de Rei, xa que, a pesar de que as súas taxas a 14 días son propias do nivel máximo, as taxas axustadas a 7 días xa se reduciron nesta última semana. En todos eles a incidencia descendeu entre o 40 e o 50 %.



Saliéntase tamén que o aumento da incidencia experimentado nestes concellos estaba asociado ás festas acontecidas en Melide, polo que os gromos que neles se estaban a desenvolver xa están en remisión. Indícase tamén que, posto que son concellos non moi grandes, poucos casos aumentan a súa incidencia rapidamente e, igualmente, descenden máis lentamente que en concellos con poboacións máis grandes.

Mantéñense no nivel medio os concellos de Muros e Taboada, xa que, aínda que as súas taxas a 7 e a 14 días son propias do nivel alto, a evolución da situación epidemiolóxica destes concellos é favorable. No concello de Muros está descendendo a evolución da incidencia nos últimos 7 días e o concello de Taboada ten menos de 3.000 habitantes, polo que poucos casos aumentan a súa incidencia. Por estes motivos considérase que estes dous concellos poden manterse neste nivel medio e non ascender ao alto.

Mantéñense no nivel medio de restricións os concellos de Santa Comba, Lugo e Nigrán, tal e como indican as súas taxas a 7 e 14 días. Igualmente, permanece no nivel medio o concello de Arteixo, pola súa taxa a 14 días, xa que se considera que é preciso asegurar que a evolución do descenso da incidencia a 7 días se establezca.

Descenden ao nivel medio de restricións os concellos de Ordes e Muxía.

Polo que respecta a Ordes, destácase que, a pesar de que a súa taxa a 14 días é propia do nivel alto, a súa taxa a 7 días xa é de nivel medio e a evolución da súa situación epidemiolóxica é moi favorable cun descenso acusado de casos a 7 días. Muxía, pola súa banda, presenta unha taxa de incidencia acumulada a 7 días propia do nivel medio-baixo, aínda que a súa taxa a 14 días é propia do nivel alto; non obstante, considérase que a evolución da súa situación epidemiolóxica ten que estabilizarse antes de baixalo ao nivel que indica a súa taxa a 7 días, xa que o aumento da incidencia neste concello se debeu a gromos relacionados co ocio.

Tamén descende ao nivel medio de restricións o concello de Castro de Rei, aínda que as súas taxas a 7 e a 14 días son propias do nivel alto, xa que os casos deste concello, asociados a un gromo, xa están a descender a 7 días, polo que se considera que este abrocho está en remisión e, polo tanto, pode manterse neste nivel.

Ascende, desde o nivel medio-baixo actual, ao nivel medio de restricións o concello de Sarria, tal e como indica a súa taxa a 7 días. Neste concello, aínda non están todos os casos vinculados epidemioloxicamente, polo que se considera que debería ascender a este nivel.

O resto de concellos de Galicia inclúese no nivel medio-baixo de restricións.



III

As medidas que se adoptan nesta orde teñen o seu fundamento normativo no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 a 38.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para adoptar as medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica existente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, coa urxencia que a protección da saúde pública demanda.

Na súa virtude, en aplicación do punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. Modificación da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia

Un. Modifícase o punto 3.21 do anexo I da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado como segue:

«3.21. Celebración de competicións deportivas con público, actividades en cines, teatros, auditorios e espazos similares, así como en recintos ao aire libre e noutros locais e establecementos destinados a espectáculos públicos e actividades recreativas.

1. As competicións deportivas celebradas en instalacións cunha capacidade máxima permitida superior a 1.500 persoas poderán desenvolverse nos concellos da letra A do anexo II sen superar o 20 % da súa capacidade máxima, cando se trate de recintos pechados, e do 40 % cando se trate de recintos ao aire libre, sempre que o público asistente permaneza sentado e garantindo 1,5 metros de separación entre grupos de persoas non



conviventes. Nos concellos das letras B, C e D do anexo II, as competicións deportivas celebradas en instalacións cunha capacidade máxima permitida superior a 1.500 persoas poderán desenvolverse sen superar o 40 % da súa capacidade máxima, cando se trate de recintos pechados, e do 60 % cando se trate de recintos ao aire libre, sempre que o público asistente permaneza sentado e garantindo 1,5 metros de separación entre grupos de persoas non conviventes.

As competicións deportivas celebradas en instalacións cunha capacidade máxima permitida igual ou inferior a 1.500 persoas poderán desenvolverse nos concellos da letra A do anexo II sen superar o 50 % da súa capacidade máxima, sempre que o público asistente permaneza sentado, garantindo 1,5 metros de separación entre grupos de persoas non conviventes e cun límite máximo de duascentas cincuenta persoas para lugares pechados e de cincocentas persoas se se trata de actividades ao aire libre. Nos concellos enumerados nas letras B, C e D do anexo II, as ditas competicións poderán desenvolverse sen superar o 75 % da capacidade permitida, sempre que o público asistente permaneza sentado, garantindo 1,5 metros de separación entre grupos de persoas non conviventes e cun límite máximo de cincocentas persoas para lugares pechados e de mil persoas se se trata de actividades ao aire libre.

2. As actividades en cines, teatros, auditorios e espazos similares, así como en recintos ao aire libre e noutros locais e establecementos destinados a espectáculos públicos e actividades recreativas, poderán desenvolverse, sen superar o cincuenta por cento da capacidade permitida nos concellos da letra A do anexo II, sempre que o público asistente permaneza sentado. Nos concellos enumerados nas letras B, C e D do anexo II, estas actividades poderán desenvolverse sen superar o setenta e cinco por cento da capacidade permitida, sempre que o público asistente permaneza sentado.

En todo caso, deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersoal nas instalacións de acordo co establecido no punto 1.3. O uso de máscara será obrigatorio nos termos previstos no número 1.4 do anexo I desta orde.

3. Deberán realizarse tarefas de ventilación nas instalacións cubertas por espazo de, polo menos, 30 minutos ao comezo e ao final de cada xornada, así como de forma frecuente durante esta e obrigatoriamente ao finalizar cada actividade. No caso da utilización de sistemas de ventilación mecánica, deberá aumentarse a subministración de aire fresco e limitarse ao mínimo indispensable a función de recirculación do aire interior.



Deberán intensificarse as medidas de limpeza e desinfección das instalacións con produtos debidamente autorizados e rexistrados.

4. Deberá existir un rexistro de asistentes ao evento, que deberá ser custodiado durante o mes seguinte, coa información de contacto, dispoñible para as autoridades sanitarias, e cumprir coas normas de protección de datos de carácter persoal.

5. No referente á celebración dos espectáculos musicais/artísticos ao aire libre, aqueles organizados con público de pé unicamente poderán desenvolverse nos concellos enumerados na letra D do anexo II sen superar o 33 % da superficie útil do recinto, de xeito que cada persoa dispoña de tres metros cadrados, cun límite máximo de asistentes de 2.000 persoas.

Aqueles espectáculos musicais organizados con público sentado poderán desenvolverse, sen superar o cincuenta por cento da capacidade permitida e cun límite máximo de 2.500 persoas nos concellos enumerados nas letras A e B do anexo II. Nos concellos enumerados nas letras C e D do anexo II, estas actividades poderán desenvolverse sen superar o setenta e cinco por cento da capacidade permitida, cun límite máximo de 5.000 persoas.

No relativo ás medidas preventivas e de seguridade destes espectáculos musicais ao aire libre con público sentado ou de pé serán de aplicación, así mesmo, as indicadas nos protocolos publicados no seguinte enderezo electrónico:

<https://coronavirus.sergas.gal/Contidos/Espectaculos-musicais-aire-libre> ».

Dous. Modifícase o punto 3.24 do anexo I da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado como segue:

«3.24. Especificidades para determinadas actividades turísticas, centros de interpretación e visitantes, aulas da natureza, casetas e puntos de información.

1. Poderán realizarse actividades de turismo ao aire libre, organizadas por empresas habilitadas para iso, e a actividade de guía turístico para grupos de ata un máximo de trinta persoas máis o monitor, sexan ou non conviventes, e deberán establecerse as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade, excepto no caso de persoas conviventes.



2. Nos centros de interpretación e visitantes, nas aulas da natureza, nas casetas e nos puntos de información da Rede galega de espazos protexidos e espazos similares non se poderá exceder o cincuenta por cento da súa capacidade e deberá respectarse o máximo de dez persoas nas actividades grupais no interior ou de trinta persoas nas actividades no exterior, sexan ou non conviventes. Ademais, deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade, excepto no caso de persoas conviventes».

Tres. Modifícase o punto 4.4 do anexo I da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado como segue:

«4.4. Os centros sociocomunitarios, centros cívicos, centros de convivencia, centros sociais e demais de natureza análoga poderán realizar a súa actividade cunha capacidade do 50 % en concellos enumerados nas letras A e B, e do 75 % en concellos enumerados nas letras C e D do anexo II, e sempre que se extremen as medidas de protección nas actividades de tipo grupal que se realizan neles cun máximo de seis persoas sexan ou non conviventes, excluído o monitor ou guía, para as actividades grupais. En todo caso, será obrigatorio o uso da máscara tanto en actividades individuais como grupais.

Permanecerán abertos, en todo caso, os centros de día de maiores e persoas con discapacidade e os ocupacionais, así como as casas do maior».

Catro. Modifícase o anexo II da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado segundo o anexo desta orde.

Segundo. *Eficacia*

1. As medidas previstas nesta orde terán efectos desde as 00.00 horas do día 11 de setembro de 2021.

2. No caso das celebracións e eventos en establecementos de restauración para os días 11 e 12 de setembro que xa estivesen concertados antes do día 10 de setembro, non serán aplicables as limitacións que sexan consecuencia da elevación do nivel de restrición, ben que estas celebracións e eventos deberán ser comunicados polos titulares dos esta-



blecementos á correspondente xefatura territorial da Consellería de Sanidade para que se poidan adoptar as medidas ou efectuar as recomendacións pertinentes.

3. En cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas previstas nesta orde serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser prorrogadas, modificadas ou levantadas por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Santiago de Compostela, 9 de setembro de 2021

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade

ANEXO

«ANEXO II

A) Concellos con nivel de restrición máxima:

...

B) Concellos con nivel de restrición alta:

Curtis
Melide
Monforte de Lemos
Pobra de Trives (A)
Viana do Bolo

C) Concellos con nivel de restrición media:

Agolada
Antas de Ulla
Arteixo
Arzúa
Castro de Rei



Lugo
Monterroso
Muros
Muxía
Nigrán
Ordes
Palas de Rei
Pino (O)
Santa Comba
Sarria
Taboada

D) Concellos con nivel de restrición media-baixa:

Abadín
Abegondo
Alfoz
Allariz
Ames
Amoeiro
Aranga
Arbo
Ares
Arnoia (A)
Avión
Baiona
Baleira
Baltar
Bande
Baña (A)
Baños de Molgas
Baralla
Barbadás
Barco de Valdeorras (O)
Barreiros
Barro
Beade



Beariz
Becerreá
Begonte
Bergondo
Betanzos
Blancos (Os)
Boborás
Boimorto
Boiro
Bola (A)
Bolo (O)
Boqueixón
Bóveda
Brión
Bueu
Burela
Cabana de Bergantiños
Cabanas
Caldas de Reis
Calvos de Randín
Camariñas
Cambados
Cambre
Campo Lameiro
Cangas
Cañiza (A)
Capela (A)
Carballeda de Avia
Carballeda de Valdeorras
Carballedo
Carballiño (O)
Carballo
Cariño
Carnota
Carral
Cartelle
Castrelo de Miño



Castrelo do Val
Castro Caldelas
Castroverde
Catoira
Cedeira
Cee
Celanova
Cenlle
Cerceda
Cerdedo-Cotobade
Cerdido
Cervantes
Cervo
Chandrexa de Queixa
Chantada
Coirós
Coles
Corcubión
Corgo (O)
Coristanco
Cortegada
Coruña (A)
Cospeito
Covelo
Crecente
Cualedro
Culleredo
Cuntis
Dodro
Dozón
Dumbría
Entrimo
Esgos
Estrada (A)
Fene
Ferrol
Fisterra



Folgoso do Courel
Fonsagrada (A)
Forcarei
Fornelos de Montes
Foz
Frades
Friol
Gomesende
Gondomar
Grove (O)
Guarda (A)
Gudiña (A)
Guitiriz
Guntín
Illa de Arousa (A)
Incio (O)
Irixo (O)
Irixoa
Lalín
Lama (A)
Láncara
Laracha (A)
Larouco
Laza
Laxe
Leiro
Lobeira
Lobios
Lourenzá
Lousame
Maceda
Malpica de Bergantiños
Manzaneda
Mañón
Marín
Maside
Mazaricos



Meaño
Meira
Meis
Melón
Merca (A)
Mesía
Mezquita (A)
Miño
Moaña
Moeche
Mondariz
Mondariz-Balneario
Mondoñedo
Monfero
Montederramo
Monterrei
Moraña
Mos
Mugardos
Muíños
Muras
Narón
Navia de Suarna
Neda
Negreira
Negreira de Muñiz
Neves (As)
Nogais (As)
Nogueira de Ramuín
Noia
Oia
Oímbra
Oleiros
Oroso
Ortigueira
Ourense
Ouro



Outeiro de Rei
Outes
Oza-Cesuras
Paderne
Paderne de Allariz
Padrenda
Padrón
Pantón
Parada de Sil
Paradela
Páramo (O)
Pastoriza (A)
Pazos de Borbén
Pedrafita do Cebreiro
Pereiro de Aguiar (O)
Peroxa (A)
Petín
Piñor
Pobra do Brollón (A)
Pobra do Caramiñal (A)
Poio
Pol
Ponteareas
Ponte Caldelas
Ponteceso
Pontecesures
Pontedeume
Pontedeva
Pontenova (A)
Pontes de García Rodríguez (As)
Pontevedra
Porqueira
Porriño (O)
Portas
Porto do Son
Portomarín
Punxín



Quintela de Leirado
Quiroga
Rábade
Rairiz de Veiga
Ramirás
Redondela
Rianxo
Ribadavia
Ribadeo
Ribadumia
Ribas de Sil
Ribeira
Ribeira de Piquín
Riós
Riotorto
Rodeiro
Rois
Rosal (O)
Rúa (A)
Rubiá
Sada
Salceda de Caselas
Salvaterra de Miño
Samos
San Amaro
San Cibrao das Viñas
San Cristovo de Cea
Sandiás
San Sadurniño
Santiago de Compostela
Santiso
Sanxenxo
San Xoán de Río
Sarreaus
Saviñao (O)
Silleda
Sober



Sobrado
Somozas (As)
Soutomaior
Taboadela
Teixeira (A)
Teo
Toén
Tomiño
Toques
Tordoia
Touro
Trabada
Trasmiras
Trazo
Triacastela
Tui
Valadouro (O)
Val do Dubra
Valdoviño
Valga
Vedra
Veiga (A)
Verea
Verín
Vicedo (O)
Vigo
Vilaboa
Vila de Cruces
Vilagarcía de Arousa
Vilalba
Vilamarín
Vilamartín de Valdeorras
Vilanova de Arousa
Vilar de Barrio
Vilar de Santos
Vilardevós
Vilariño de Conso



Vilarmaior
Vilasantar
Vimianzo
Viveiro
Xermade
Xinzo de Limia
Xove
Xunqueira de Ambía
Xunqueira de Espadanedo
Zas»

CVE-DOG: r44yog47-90e1-mas2-bts0-5fev8rvgp429



I. DISPOSICIÓNS XERAIS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

ORDE do 9 de setembro de 2021 pola que se modifica o anexo da Orde do 21 de xullo de 2021 pola que se establecen medidas cualificadas de prevención para facer fronte á evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e que precisan de autorización xudicial para a súa eficacia.

I

No *Diario Oficial de Galicia* número 140-bis, do venres 23 de xullo de 2021, a Consellería de Sanidade publicou a Orde do 21 de xullo de 2021 pola que se establecen medidas cualificadas de prevención para facer fronte á evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e que precisan de autorización xudicial para a súa eficacia.

A dita orde ditouse consonte o disposto no punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, en que se establece que as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Con esta finalidade poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade. Tamén se establece que a persoa titular da consellería competente na dita materia, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de conformidade coa normativa aplicable e en vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou en parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e que modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación das medidas concretas contidas no anexo.

A adopción das medidas recollidas na Orde do 21 de xullo de 2021 veu determinada pola evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia, tal e como se xustifica na súa exposición de motivos. Para facer fronte a ela, a dita Orde do 21 de xullo de 2021 recolleu unha serie de medidas limitativas de dereitos fundamentais que consisten no establecemento de limitacións de permanencia de grupos



de persoas no territorio de todos os concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, cun máximo de seis persoas nos espazos interiores e dez persoas en espazos exteriores, agás que sexan conviventes ou que estean conformados, como máximo, por dúas unidades de convivencia. Por outra banda, para os concellos con nivel de restrición máximo e alto, entre as 1.00 horas (hora de peche da actividade de hostalaría e restauración nestes concellos, nos cales está pechado o lecer nocturno) e as 6.00 horas, a permanencia de grupos de persoas en espazos pechados e en espazos abertos ou ao aire libre, sexan de uso público ou privado, queda limitada aos constituídos exclusivamente por persoas conviventes. Así mesmo, respecto dos concellos con nivel de restrición medio e medio-baixo, a permanencia de grupos de persoas en espazos pechados e en espazos abertos ou ao aire libre, sexan de uso público ou privado, queda limitada aos constituídos exclusivamente por persoas conviventes entre as 3.00 horas (hora de peche da actividade do lecer nocturno nestes concellos) e as 6.00 horas. As citadas medidas foron ratificadas mediante o Auto 88/2021, da Sección Terceira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Cómpre indicar que o número 3 do punto cuarto da Orde do 21 de xullo de 2021 dispón que, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas previstas na citada orde serán obxecto de seguimento e avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser prorrogadas, modificadas ou levantadas por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade. Polo tanto, a Orde do 21 de xullo de 2020 prevé expresamente a posibilidade de prorrogala e de acometer a súa modificación coa finalidade de adaptala á realidade da evolución da pandemia.

Así, mediante a Orde do 29 de xullo de 2021 modificouse o anexo da Orde do 21 de xullo de 2021 pola que se establecen medidas cualificadas de prevención para facer fronte á evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e que precisan de autorización xudicial para a súa eficacia, para os efectos de incluír no nivel de restricións que en cada caso correspondía os concellos segundo a súa situación epidemiolóxica. As citadas medidas foron tamén autorizadas mediante o Auto 94/2021, da Sección Terceira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Posteriormente, mediante a Orde do 4 de agosto acometeuse unha nova modificación do anexo da Orde do 21 de xullo coa finalidade de adaptalo á realidade da situación epidemiolóxica. Tamén se prorrogou a súa eficacia, estendéndose a súa vixencia ata as 00.00



horas do 21 de agosto. Mediante o Auto 95/2021, da Sección Terceira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, foron autorizadas as ditas medidas.

Mediante a Orde do 11 de agosto de 2021 levouse a cabo unha nova modificación do anexo da Orde do 21 de xullo para adaptalo á realidade actual. Pola súa banda, mediante a Orde do 19 de agosto de 2021 prorrogouse a eficacia da Orde do 21 de xullo ata as 00.00 horas do día 4 de setembro. Tamén se modificou o anexo da citada Orde do 21 de xullo mediante a referida Orde do 19 de agosto e, posteriormente, mediante a Orde do 25 de agosto coa finalidade de axustalo á evolución da situación epidemiolóxica. Finalmente, mediante a Orde do 1 de setembro prorrogouse a eficacia da Orde do 21 de xullo ata as 00.00 horas do día 18 de setembro e modificouse o anexo da dita orde. Ao igual que nos casos anteriores, tanto a prórroga como as modificacións realizadas foron autorizadas mediante os correspondentes autos da Sección Terceira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

II

Debe salientarse que, neste momento, resulta necesario prorrogar a eficacia da Orde do 21 de xullo xa que se mantén, en termos xerais, a situación que determinou a adopción das medidas previstas nela; non obstante, a concreta evolución da situación epidemiolóxica de determinados concellos da Comunidade Autónoma mudou, o que exige acometer unha nova modificación do anexo da dita orde coa finalidade de incluír no nivel de restricións que en cada caso corresponda os concellos en que variou a situación. Así resulta do Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública do 8 de setembro de 2021, do cal pode destacarse o seguinte:

No que atinxe á situación epidemiolóxica de Galicia, o número reprodutivo instantáneo (Rt), que indica o número de contaxios orixinados por un caso activo, segue a manterse por debaixo de 1, o que indica unha diminución na transmisión da infección. Todas as áreas sanitarias están por debaixo do 1.

Do total de concellos de Galicia (313), 67 non notificaron casos nos últimos 14 días. O número de concellos sen casos nos últimos 7 días foi de 122. Isto supón un aumento en 18 concellos a 14 días e en 40 concellos a 7 días desde hai unha semana, que era de 49 e 82, a 14 e a 7 días.



Entre o 24 e o 30 de agosto, realizáronse 52.635 probas diagnósticas de infección activa polo virus SARS-CoV-2 (34.309 PCR e 18.326 tests de antíxenos) cunha porcentaxe de positividade a sete días do 6,99 %, o que supón un descenso do 18 % respecto de entre o 17 e o 23 de agosto, que era do 8,6 %.

A incidencia acumulada a 7 e 14 días é de 67 e 182 casos por cen mil habitantes, respectivamente, valores inferiores aos observados hai unha semana, en que eran de 115 e 260 casos por cen mil habitantes, respectivamente (descenso do 42 % a 7 días e do 30 % a 14 días).

A tendencia diaria mostra, desde o 1 de marzo, catro tramos: primeiro, crecente, a un ritmo do 0,6 % ata o 1 de marzo e, despois, decrecente, cunha porcentaxe de cambio diaria (PCD) de 2,2 %; séguelle outro tramo de tendencia lixeiramente crecente, cunha PCD do 10,6 % e o 21 de xullo dectétase outro cambio en sentido decrecente, cunha PCD do 4,1 %.

En canto á evolución por grupos de idade, que se corresponden con aqueles cos que se fai un seguimento de vacinación, obsérvase que a incidencia acumulada por grupos de idade está a descender en todos os grupos máis novos. Nos grupos maiores de 40 anos obsérvase un descenso máis lento ou certa estabilización.

Segundo o modelo vectorial autorregresivo, espérase un descenso a 7 e 14 días. Non obstante, os intervalos de confianza a 7 días volveron ampliarse.

Respecto da situación das áreas sanitarias, as taxas a 14 días das áreas están entre os 85,78 casos por cada cen mil habitantes de Pontevedra e os 301,27 de Lugo. Todas as áreas sanitarias descenderon a súa incidencia tanto a 7 como a 14 días. As áreas sanitarias de Ferrol, Pontevedra e Vigo presentan taxas de incidencia acumulada a 7 días por debaixo dos 50 casos por cada cen mil habitantes. Pola súa banda, as taxas de incidencia acumulada a 14 días están por debaixo dos 100 casos por cada cen mil habitantes na Área de Pontevedra e, agás Santiago e Lugo, o resto das áreas sanitarias presentan taxas por debaixo dos 200 casos por cada cen mil habitantes. No que atinxe á evolución da incidencia por grupos de idade e por áreas sanitarias, salientase que na Área Sanitaria de Santiago se observa un lixeiro aumento nos grupos de 80 e máis anos. Na Área de Lugo aumenta lixeiramente o grupo de 80 e máis anos e estabilízase o de 50 a 79 anos. Na área de Ourense parece que se estabiliza o aumento da incidencia no de 0 a 14 anos e no de 30 a 49 anos.

No que respecta á hospitalización dos casos COVID-19, a media de pacientes en hospitalización de agudos nos últimos 7 días foi de 137,7, o que significa un descenso do 28,8



% con respecto aos datos de hai sete días. A taxa de pacientes COVID-19 en hospitalización de agudos é de 5,1 ingresados por cen mil habitantes, cun descenso, tamén, do 28,8 % respecto de hai 7 días. En canto aos ingresos COVID-19 nas unidades de críticos (UCI) nos últimos 7 días, a media foi de 45,3 e a taxa a 7 días de ingresados nas UCI é de 1,7 ingresados por cen mil habitantes, o que supón un descenso do 11,7 % respecto de hai sete días, tanto na media como na taxa. O grupo de idade de 15 a 64 anos é o que presenta máis ingresos, pero os grupos de idades máis maiores, especialmente os de 80 e máis anos, teñen un número de ingresos importante, o que se explica porque ante incidencias elevadas, como as que estamos a ter, este grupo de idade ten risco de enfermarse de gravidade, a pesar da vacinación, xa que a vacina non evita que aconteza e os maiores teñen máis probabilidade de non desenvolver anticorpos de xeito igualmente eficiente que os máis novos, debido á senescencia do seu sistema inmune.

As defuncións acumuladas pola COVID-19 comezaron a diminuír, xa que con respecto ao informe do día 1 de setembro, o número de falecementos acumulados a 28 días é de 89, fronte aos 92 do dito informe. Non obstante, a 7 días hai unha defunción máis que o día 1 de setembro. Nos últimos 14 días hai 9 defuncións menos que no informe do 23 de agosto, aínda que a 28 días hai dúas máis.

No que respecta á situación epidemiolóxica dos concellos de Galicia, naqueles con poboación igual ou maior de 10.000 habitantes (54), 2 presentan unha taxa axustada de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes, fronte aos 3 do informe anterior, ningún supera os 500 casos por 100.000 habitantes. No que se refire aos concellos de menos de dez mil habitantes (259), 41 presentan unha taxa axustada de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes, fronte ao 68 de hai unha semana. Deles, 15 presentan taxas axustadas de incidencia iguais ou superiores a 500 casos por cen mil habitantes, mais hai que ter en conta que 8 deles teñen unha poboación menor de 2.500 habitantes e só hai un concello que supere os 5.000 habitantes. No que atinxe ás comarcas, están no nivel máximo as comarcas de Terra de Trives, A Ulloa, Terra de Lemos e Terra de Melide. Están no nivel alto as de Viana, A Terra Chá, Quiroga, Chantada, Ordes, Muros e Arzúa.

Desde a posta en marcha da vixilancia da prevalencia das variantes en Galicia, baseada na aplicación dunhas PCR específicas sobre unha mostra aleatoria das mostras positivas para SARS-CoV-2 por PCR da semana previa, identificadas nos servizos de microbioloxía dos hospitais CHUAC, CHUS, CHUVI, CHUO, HULA e Vithas (Vigo), na semana epidemiolóxica 34/2021 (do 23 ao 29 de agosto) a porcentaxe de positividade para a posible variante Alfa foi dun 0,0 % (IC95 %: 0,0-0,5 %) e para a variante Delta foi do 99 % (IC95 %: 98-



100 %). Polas diferenzas nas fraccións de mostraxe entre áreas sanitarias, a prevalencia axustouse ao número de casos en cadansúa área, que é notablemente diferente á prevalencia sen axustar 98 % (IC95 %: 97-99 %) e 0,0 % (IC95 %: 0,0-0,5 %) para as variantes Delta e Alfa, respectivamente. Ata a semana 34, incluída, das variantes de preocupación (VOC) identificáronse 958 casos da variante Alfa con secuenciación completa; 667 casos da variante Delta (B.1.617.2 ou India); 43 casos da variante Beta (B.1.351 ou Surafricana) e 86 casos da variante Gamma (P1 ou Brasileira). Ademais das VOC, tense constancia de 3 mostras coa variante Eta (B.1.525 ou Nixeriana); 9 mostras coa variante Iota (B.1.526 ou de Nova York); 24 mostras coa variante Lambda (C.37) e 51 mostras con variante Mu (B.1.621-Colombiana).

O informe conclúe que a taxa de incidencia diminúe tanto a 7 como a 14 días. A tendencia amosa o descenso cunha porcentaxe de cambio diaria do 4,1 %. O Rt no global de Galicia segue por debaixo do 1, o mesmo que en todas as áreas sanitarias. Destácase que a información do modelo de predición indica que a incidencia vai diminuír tanto a 7 como a 14 días. A taxa de incidencia a 14 días, no global de Galicia, está nos 182 casos por cen mil habitantes. En todas as áreas sanitarias diminúe a súa incidencia, tanto a 7 como a 14 días. Hai 5 áreas sanitarias cunha incidencia a 14 días menor de 200 casos por cen mil habitantes.

En canto á evolución da incidencia por grupos de idade e área sanitaria, obsérvase un descenso na incidencia nos grupos máis novos, logo do repuntamento que se deu nalgúns áreas a partir do 15 de agosto. No que atinxe aos concellos de máis de dez mil habitantes, xa aplicando o axuste de taxas, hai 2 concellos con taxas de incidencia a 14 días iguais ou superiores a 250 casos por cen mil habitantes. Nos de menos de dez mil hai 41 concellos que superan unha taxa de incidencia de 250 casos por cen mil habitantes. Isto supón un descenso importante respecto de hai unha semana, en que era de 68.

Neste momento, a variante Delta (India) xa é a circulante, xa que a variante Alfa ten unha prevalencia do 0 %. Posto que a variante Delta ten unha maior transmisibilidade foi o que explicou, entre outros posibles motivos, a alta incidencia, especialmente nos máis novos, que son os que teñen unha maior mobilidade.

Cómpre indicar que o criterio que se vén utilizando para determinar os niveis de restrición aplicables a cada un dos concellos da Comunidade Autónoma é, ademais do da situación sanitaria, o da taxa de incidencia acumulada segundo os casos por cada 100.000 habitantes, tanto a 14 días como a 7 días; esta última permite reaccionar con maior rapidez e eficacia fronte aos gromos.



Desta maneira, establecéronse os seguintes niveis de restricións: nivel de restricións máximo, alto, medio e medio-baixo. Atendendo ás taxas de incidencia acumulada a 14 días, sitúanse no nivel medio-baixo os concellos con taxas por debaixo dos 150 casos por cada 100.000 habitantes; no medio, os concellos con taxas que se atopen entre os 150 e por debaixo dos 250 casos por cada 100.000 habitantes; no alto, os concellos con taxas que se atopen entre os 250 e por debaixo dos 500 casos por cada 100.000 habitantes, e no nivel de restrición máxima, os concellos cuxas taxas de incidencia acumulada sexan máis de 500 casos por 100.000 habitantes.

Pola súa banda, atendendo ás taxas de incidencia acumulada a 7 días, sitúanse no nivel medio-baixo os concellos que se atopen por debaixo dos 75 casos por cada 100.000 habitantes; no medio, os concellos que se atopen entre os 75 e por debaixo dos 125 casos por cada 100.000 habitantes; no nivel alto, os concellos que se atopen entre os 125 e por debaixo dos 250 casos por cada 100.000 habitantes, e no nivel de restrición máxima, os concellos cuxas taxas de incidencia acumulada sexan máis de 500 casos por 100.000 habitantes.

A taxa de incidencia acumulada non é o único criterio que se ten en conta para determinar o nivel aplicable a cada concello, xa que este dato se modula en función doutros factores e da análise da situación do propio concello. Así, o criterio da incidencia vese completado coa consideración de criterios demográficos (pois debe terse en conta que en concellos de escasa poboación poucos casos poden dar lugar a taxas moi elevadas, que deben ser postas no debido contexto). Ademais, os servizos de saúde pública e o Comité e o Subcomité Clínico veñen analizando as características específicas de cada gromo. Neste sentido, véñese prestando unha especial atención á existencia de gromos non controlados ou de casos sen vínculo epidemiolóxico, así como ao feito de que non se observe unha melloría clara na evolución da situación epidemiolóxica.

Actualmente, o avance da campaña de vacinación masiva está a conseguir protexer a poboación e retomar actividades económicas e sociais ata o de agora limitadas, para evitar un maior número de contaxios. Non obstante, e mentres non se alcance a inmunidade de grupo, é necesario seguir adoptando medidas preventivas e de control que permitan garantir as máximas condicións de seguridade e reducir o risco de contaxio e propagación da COVID-19. Estas medidas deben ser adecuadas e eficaces de acordo coa evolución da situación epidemiolóxica e da capacidade do sistema asistencial.

Tendo en conta o expresado en relación con que existe unha porcentaxe moi elevada de poboación vacinada, o cal permitiu unha redución importante de hospitalizacións e fa-



lecementos, foi necesario actualizar os indicadores de risco establecidos antes do inicio da campaña de vacinación. Deste xeito, a partir da adopción destes novos criterios, as medidas de prevención e control pretenden adaptarse ao novo escenario en que nos atopamos, onde prevalecen os casos entre a poboación máis nova e na cal unha porcentaxe maioritaria non ten consecuencias clínicas importantes.

Neste sentido, salientase que dous terzos dos casos se están a dar entre os 15 e os 39 anos de idade e que existe un menor risco de padecer a enfermidade grave nesas franxas de idade. Na situación actual concorren, en definitiva, determinadas circunstancias que aconsellan axustar as taxas de incidencia acumulada mediante a aplicación dun factor de corrección baseado no risco de ingreso hospitalario, xa que a situación da carga asistencial hospitalaria é, neste momento, de 3,2 e 0,6 ingresos por 100.000 habitantes en hospitalización de agudos e en unidades de críticos, respectivamente, a pesar das taxas de incidencia elevadas que se están a observar. Isto indica que a onda ten un menor impacto nos ingresos pola COVID-19, o que se atribúe aos factores aludidos de vacinación dos maiores e á idade dos casos.

Para o axuste, calculouse un factor de corrección, que se interpreta como o risco relativo de ingreso no período comprendido entre agosto de 2020 e marzo de 2021 (período de referencia) comparado co momento actual. Este factor é superior a 1, debido á vacinación e á diferente distribución por idade dos casos, que actualmente se concentran fundamentalmente na poboación de 15 a 29 anos. Para axustar a incidencia a 7 e a 14 días dos concellos, divídese a taxa bruta polo factor de corrección.

O factor de corrección calcúlase, para cada día, como o cociente entre a taxa bruta de ingresos nos últimos 28 días e a taxa axustada por idade, aplicando o método directo e usando como poboación estándar o número de casos do período de referencia.

A taxa bruta de ingresos a 28 días é a porcentaxe de casos que ingresaron entre os casos con diagnóstico por PCR ou tests de antíxenos acumulados nos últimos 28 días. As taxas específicas de ingreso por idade calcúlanse do mesmo xeito, pero no grupo de idade correspondente.

A taxa axustada de ingresos calcúlase aplicando as taxas específicas de ingreso por idade a 28 días á poboación de referencia. A suma dos valores obtidos por idade divídese entre o total de casos do período de referencia (97.996) e o resultado interprétase como a porcentaxe de casos que terían ingresado se tivesen a mesma distribución por idade que no período de referencia (taxa de ingresos axustada).



A cada un dos distintos niveis de restrición seranlle de aplicación as medidas xerais e específicas previstas para cada caso nas disposicións vixentes, aprobadas polas autoridades sanitarias competentes, tendo en conta, ademais, que actualmente está cientificamente constatado que, mentres non exista unha alta cobertura poboacional de vacinación, as intervencións non farmacolóxicas son as intervencións de saúde pública máis efectivas contra a COVID-19, medidas que se poderán ir suavizando na súa aplicación en vista da situación epidemiolóxica no territorio e do aumento da cobertura vacinal.

Debe destacarse, ao fío do anterior, que Galicia conta cunha poboación especialmente envellecida, cunha porcentaxe de persoas de 65 e máis anos (ano 2020) do 25,4 % fronte ao 19,6 % do conxunto de España.

Porén, tamén hai que ter en consideración que, aínda que esta cobertura se obteña en determinados grupos, a distribución poboacional pode ser desigual, se se ten en conta toda a poboación e non os grupos de idade prioritarios que se están a vacinar en primeiro lugar. Tampouco se pode esquecer que mentres non se consiga conter a pandemia no mundo, con países con alta circulación do virus, poden aparecer novas variantes do virus que poden ter a capacidade de escapar á inmunidade proporcionada polas vacinas actuais. Ademais, a circulación da variante Delta pode facer que haxa escape á inmunidade naquelas persoas que non estean completamente vacinadas e certo escape nas completamente vacinadas, sen esquecer que esta variante se considera que é un 40-60 % máis transmisible que a variante Alfa.

Non obstante, estas medidas aplicaranse con criterios epidemiolóxicos, pero tamén de proporcionalidade, e estarán en vixencia só durante o tempo preciso para asegurar que a evolución desta situación epidemiolóxica é boa e que se está a cortar a transmisión, que é o obxectivo destas medidas.

En atención ao exposto, tendo en conta o indicado no citado informe da Dirección Xeral de Saúde Pública e logo de escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, acórdase descender ao nivel alto, desde o máximo actual, os concellos de Melide e Monforte de Lemos, xa que ambos os concellos presentan unha evolución favorable da súa situación epidemiolóxica cun descenso marcado de casos na última semana e con taxas axustadas a 7 días propias deste nivel.

Mantéñense no nivel alto de restricións, aínda que as súas taxas a 7 e/ou a 14 días son propias do nivel máximo, os concellos de Curtis e A Pobra de Trives. Nestes dous concellos a incidencia está descendendo. No caso de Curtis, a súa taxa a 7 días é propia do nivel alto



e o descenso na súa incidencia foi do 50 % na última semana. Na Pobra de Trives, a súa incidencia está relacionada cun gromo de orixe controlada e, aínda que se observou un aumento dos casos despois dunha cribaxe, no día de hoxe a incidencia xa está a descender.

Tamén se mantén no nivel alto de restricións o concello de Viana do Bolo, tal como indican as súas taxas axustadas a 7 e a 14 días. Non obstante, neste concello, onde se está a desenvolver un gromo de orixe controlada, está a mellorar a súa situación epidemiolóxica, pero non o suficiente como para poder descendelo a un nivel de restrición inferior.

Descenden ao nivel medio de restricións, desde o nivel alto actual os concellos de Agolada, Arzúa, O Pino, Antas de Ulla, Monterroso e Palas de Rei, xa que, a pesar de que as súas taxas a 14 días son propias do nivel máximo, as taxas axustadas a 7 días xa se reduciron nesta última semana. En todos eles a incidencia descendeu entre o 40 e o 50 %. Saliéntase tamén que o aumento da incidencia experimentado nestes concellos estaba asociado ás festas acontecidas en Melide, polo que os gromos que neles se estaban a desenvolver xa están en remisión. Indícase tamén que, posto que son concellos non moi grandes, poucos casos aumentan a súa incidencia rapidamente e, igualmente, descenden máis lentamente que en concellos con poboacións máis grandes.

Descenden ao nivel medio de restricións os concellos de Ordes e Muxía; polo que respecta a Ordes destácase que, a pesar de que a súa taxa a 14 días é propia do nivel alto, a súa taxa a 7 días xa é propia do nivel medio e a evolución da súa situación epidemiolóxica é moi favorable cun descenso acusado de casos a 7 días. Muxía, pola súa banda, presenta unha taxa de incidencia acumulada a 7 días, propia do nivel medio baixo, aínda que a súa taxa a 14 días é propia do nivel alto; non obstante, considérase que a evolución da súa situación epidemiolóxica ten que estabilizarse antes de baixalo ao nivel que indica a súa taxa a 7 días, xa que o aumento da incidencia neste concello se debeu a gromos relacionados co ocio.

Tamén descende ao nivel medio de restricións o concello de Castro de Rei, aínda que as súas taxas a 7 e a 14 días son propias do nivel alto, xa que os casos deste concello, asociados a un abrocho, xa están a descender a 7 días, polo que se considera que este gromo está en remisión e, polo tanto, pode manterse neste nivel.

Os concellos de Ares, A Cañiza, Cee, Cerceda, Lalín, Meira, A Pastoriza, O Saviñao, Trazo e Vilalba descenden ao nivel medio-baixo desde o nivel alto en que se atopaban.



III

Sentado o anterior, debe insistirse en que, mediante esta orde, se modifica o anexo da Orde do 21 de xullo 2021 para adaptala á realidade da evolución epidemiolóxica de determinados concellos, tal e como se establece no punto cuarto desta, en que se consagran os principios de necesidade e proporcionalidade con base nos cales as medidas recollidas nela deben ser obxecto de seguimento e avaliación continua para garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. En particular, cabe destacar que a modificación non supón un aumento do nivel de restricións que afectan dereitos fundamentais.

A eficacia desta orde comezará ás 00.00 horas do día 11 de setembro e estenderase durante o período en que se manteña a vixencia da Orde do 21 de xullo de 2021, que modifica, sen prexuízo do seguimento e avaliación continua a que están sometidas, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

Destácase finalmente que, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para adoptar as medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica existente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, coa urxencia que a protección da saúde pública demanda.

Na súa virtude, en aplicación do punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. *Modificación do anexo da Orde do 21 de xullo pola que se establecen medidas cualificadas de prevención para facer fronte á evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e que precisan de autorización xudicial para a súa eficacia*

Modifícase o anexo da Orde do 21 de xullo pola que se establecen medidas cualificadas de prevención para facer fronte á evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e que precisan de autorización xudicial para a súa eficacia, que queda redactado segundo o anexo desta orde.



Segundo. Eficacia

1. As medidas previstas nesta orde terán efectos desde as 00.00 horas do día 11 de setembro de 2021 e estenderanse durante o período en que se manteña a vixencia da Orde do 21 de xullo de 2021 pola que se establecen medidas cualificadas de prevención para facer fronte á evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e que precisan da autorización xudicial para a súa eficacia.

2. En cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas previstas nesta orde serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser prorrogadas, modificadas ou levantadas por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Santiago de Compostela, 9 de setembro de 2021

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade

ANEXO**«ANEXO****Concellos en que son aplicables as limitacións de permanencia de grupos de persoas aos constituídos exclusivamente por persoas conviventes entre a 1.00 e as 6.00 horas****A) Concellos con nivel de restrición máxima:**

...

B) Concellos con nivel de restrición alta:

Curtis
Melide
Monforte de Lemos
Pobra de Trives (A)
Viana do Bolo»



I. DISPOSICIÓN XERAIS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

ORDE do 1 de setembro de 2021 pola que se prorroga e se modifica a Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e se mantén a suspensión da exigencia da exhibición de documentación para o acceso a determinados establecementos prevista nela e na Orde do 1 de xullo de 2021 pola que se aproba o Protocolo para a reactivación do lecer nocturno no marco da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, e se substitúe por unha regulación transitoria e provisional.

I

A evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia fai necesario que as autoridades sanitarias autonómicas sigan adoptando determinadas medidas de prevención orientadas a conter a propagación da infección e dirixidas a facer fronte á crise sanitaria derivada da COVID-19.

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020 sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto dese acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Con esta finalidade poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade. Establécese, ademais, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de conformidade coa normativa aplica-



ble e en vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou en parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e que modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación das medidas concretas contidas no anexo do citado acordo.

Con base no disposto no citado punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020, adoptáronse, mediante a Orde do 25 de xuño de 2021, unha serie de medidas que teñen por obxecto regular distintas actividades coa finalidade de que se poidan desenvolver en condicións de seguridade, minimizando ao máximo o risco de contaxio e a propagación da enfermidade.

Estas medidas específicas tradúcense, en moitos casos, no establecemento de capacidades máximas e na regulación destas, xa que se demostrou que para lograr o fin proposto resulta imprescindible evitar as aglomeracións e garantir o mantemento en todo momento da distancia de seguridade, reducindo o contacto físico ou a proximidade en condicións favorecedoras do contaxio.

A evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma exixiu modificar determinados aspectos da orde coa finalidade de adaptar as medidas contidas nela á realidade actual, o que se fixo mediante a Orde do 1 de xullo de 2021.

Posteriormente, mediante a Orde do 8 de xullo de 2021 introducíronse novas modificacións e prorrogouse a eficacia da Orde do 25 de xuño ata as 00.00 horas do 24 de xullo de 2021, e mediante a Orde do 15 de xullo de 2021 modificáronse a Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e a Orde do 1 de xullo de 2021 pola que se aproba o Protocolo para a reactivación do lecer nocturno no marco da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19.

Mediante a Orde do 22 de xullo de 2021 acometeuse unha nova prórroga e modificación da Orde do 25 de xuño. Tamén se modificou a Orde do 1 de xullo de 2021 pola que se aproba o Protocolo para a reactivación do lecer nocturno no marco da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19. O anexo II da Orde do 25 de xuño volveu ser modificado mediante as ordes do 29 de xullo e do 5 agosto de 2021, e esta última prorrogou a eficacia da primeira.



Pola súa banda, mediante a Orde do 13 de agosto de 2021, suspendeuse expresamente a exigencia da exhibición de documentación para o acceso a determinados establecementos prevista na Orde do 25 de xuño e substituíuse esta obriga por unha regulación transitoria e provisional, á espera do pronunciamento do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre a autorización da exigencia dos certificados anteditos. A dita autorización foi denegada mediante o Auto 97/2021 da Sección Terceira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Posteriormente, mediante a Orde do 16 de agosto de 2021 modificouse o anexo II da Orde do 25 de xuño para adaptalo á situación derivada da evolución da pandemia.

Así mesmo, mediante a Orde do 20 de agosto de 2021 prorrogouse a eficacia da Orde do 25 de xuño ata as 00.00 horas do día 4 de setembro. Nesta orde, á espera dunha resolución xudicial firme que se pronunciase sobre a autorización da medida da exigencia do certificado, mantíñase a suspensión da exigencia da exhibición de documentación para o acceso a determinados establecementos e actualizábase a regulación transitoria e provisional ditada en substitución da referida obriga, coa finalidade de adaptala á evolución favorable da situación epidemiolóxica. Incluíanse ademais na dita orde determinadas modificacións da Orde do 25 de xuño, cuxa finalidade era adaptala á evolución favorable da situación epidemiolóxica.

A continuación, mediante as ordes do 25 e do 27 de agosto de 2021 introducíronse novas modificacións do anexo II da Orde do 25 de xuño de 2021 co obxecto de reflectir nel as variacións na evolución da situación epidemiolóxica experimentadas en distintos concellos da Comunidade Autónoma.

Unha vez sentado o anterior, débese destacar que, en termos xerais, malia a evolución favorable, mantense na Comunidade Autónoma a situación epidemiolóxica que motivou a adopción das medidas recollidas na citada Orde do 25 de xuño; por este motivo óptase, na presente orde, por prorrogar a eficacia daquela ata as 00.00 horas do día 18 de setembro de 2021 e modificar o seu anexo II coa finalidade de incluír no nivel de restricións que en cada caso corresponda os concellos en que variou a situación.

Por outra banda, e dado que aínda non existe un pronunciamento xudicial firme sobre a medida consistente na exhibición de documentación para o acceso a determinados establecementos, mantense neste orde, á espera do dito pronunciamento, a suspensión da súa exigencia, así como o réxime provisional e transitorio establecido en substitución da



dita obriga e recollido nos puntos terceiro, cuarto, quinto e sexto da Orde do 20 de agosto de 2021.

II

A adopción das medidas contidas nesta orde vén determinada pola evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria da Comunidade Autónoma. Así resulta do Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 1 de setembro de 2021, do cal se destacan os seguintes datos:

O número reprodutivo instantáneo (Rt), que indica o número de contaxios orixinados por un caso activo, segue a manterse por debaixo do 1, o que indica unha diminución na transmisión da infección. Todas as áreas sanitarias están por debaixo do 1.

Do total de concellos de Galicia (313), 49 non notificaron casos nos últimos 14 días. O número de concellos sen casos nos últimos 7 días foi de 82. Isto supón un aumento en 9 concellos a 14 días e en 11 concellos a 7 días desde hai unha semana, que era de 40 e 71, a 14 e a 7 días.

Entre o 17 e o 23 de agosto realizáronse 57.567 probas diagnósticas de infección activa polo virus SARS-CoV-2 (36.214 PCR e 21.353 tests de antíxenos), cunha porcentaxe de positividade a sete días do 8,6 %, o que supón un descenso do 8,4 % a respecto de entre o 9 e o 16 de agosto, que era do 9,4 %.

A incidencia acumulada a 7 e a 14 días é de 115 e 260 casos por cen mil habitantes, respectivamente, valores inferiores aos observados hai unha semana, en que eran de 145 e 325 casos por cen mil habitantes, respectivamente (descenso do 21 % a 7 días e do 20 % a 14 días). A tendencia diaria mostra, desde o 28 de decembro, catro tramos, primeiro crecente a un ritmo do 0,6 % ata o 1 de marzo, e despois decrecente cunha porcentaxe de cambio diaria de -2,1 %, séguelle outro tramo de tendencia lixeiramente crecente, cunha porcentaxe de cambio diaria do 10,4 % e o 21 de xullo detéctase outro cambio en sentido decrecente cunha porcentaxe de cambio diaria do -3,7 %.

En canto á evolución por grupos de idade, obsérvase que a incidencia acumulada por grupos de idade está a descender en todos os grupos máis novos, agás nos de 12 a 19 anos, en que se observa un descenso menor e non á mesma velocidade que o descenso anterior. Os grupos maiores de 60 anos ou se estabilizan, incluído o de 80 e máis anos, ou descenden, pero lentamente.



Polo que respecta á situación das áreas sanitarias, indícase que as taxas a 14 días das áreas están entre os 159,17 casos por cen mil habitantes de Pontevedra e os 369,57 de Lugo. As taxas de incidencia a 14 días seguen a diminuír con respecto ás de hai 7 días. Non obstante, as taxas a 14 días aumentaron nas áreas de Santiago, Lugo e Ourense. As taxas de incidencia acumulada a 7 días aumentan nas áreas sanitarias de Santiago e Lugo; nas áreas sanitarias de Ferrol, Ourense, Pontevedra e Vigo están por debaixo dos cen casos por cen mil habitantes. No que atinxe á evolución da incidencia por grupos de idade e por áreas sanitarias, establécese que na Área Sanitaria de Santiago semella que se estabiliza o aumento na incidencia nos grupos de 0 a 29 anos e obsérvase unha estabilización nos demais grupos de idade. Na Área Sanitaria de Lugo aumentan todos os grupos de idade, especialmente os de 0 a 29 anos. Na Área de Ourense parece que se estabiliza o descenso en todos os grupos de idade, agás un lixeiro aumento nos de 0 a 14 anos.

No que respecta á hospitalización dos casos COVID-19, a media de pacientes coa COVID-19 en hospitalización de agudos nos últimos 7 días foi de 193,4, o que significa un descenso do 16,5 % con respecto aos datos de hai sete días. A taxa de pacientes coa COVID-19 en hospitalización de agudos é de 7,2 ingresados por 100.000 habitantes, cun descenso, tamén, do 16,5 % con respecto aos datos de hai 7 días. En canto aos ingresos COVID-19 nas unidades de críticos (UCI) nos últimos 7 días, a media foi de 51,3 e a taxa a 7 días de ingresados nas UCI é de 1,9 ingresados por cen mil habitantes, o que supón un descenso do 14,5 % con respecto aos datos de hai sete días, tanto na media como na taxa.

En canto ao número de ingresos por grupo de idade, salientase que o grupo de idade de 15 a 64 anos é o que presenta máis ingresos, pero os grupos de idades máis avanzadas, especialmente os de 80 e máis anos, presentan un importante número de ingresos, que se explica porque ante incidencias elevadas, como as actuais, este grupo de idade ten risco de enfermarse de gravidade, a pesar da vacinación, xa que os maiores teñen máis probabilidade de non desenvolver anticorpos de xeito igualmente eficiente que os máis novos debido á senescencia do seu sistema inmune.

Pola súa banda, as defuncións acumuladas pola COVID-19 seguen a aumentar, pero máis amodo, aínda que a onda está a descender, debido a que tanto as hospitalizacións como as defuncións levan un atraso con respecto á incidencia de casos.

Polo que respecta á situación epidemiolóxica nos concellos de Galicia, destácase que nos concellos con poboación igual ou maior de dez mil habitantes, 3 presentan unha taxa



axustada de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes, fronte aos 32 do informe anterior, o que supón un descenso en 29 concellos. Dous superan os 500 casos por cen mil habitantes. No que se refire aos concellos de menos de 10.000 habitantes, 68 presentan unha taxa axustada de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes, fronte aos 104 de hai unha semana, o que supón un descenso en 36 concellos. Deles, 22 presentan taxas axustadas de incidencia iguais ou superiores a 500 casos por cen mil habitantes, 8 máis que hai unha semana, pero hai que ter en conta o tamaño de poboación destes concellos, xa que 11 deles teñen menos de 2.500 habitantes. No que atinxe ás comarcas, estarían no nivel máximo as comarcas de Viana, Terra de Trives, A Ulloa, Terra de Lemos, Terra de Melide, Ordes e Arzúa.

En canto ás variantes do virus SARS-CoV-2, o informe recolle que desde a posta en marcha da vixilancia da prevalencia das variantes en Galicia, baseada na aplicación dunhas PCR específicas sobre unha mostra aleatoria das mostras positivas para SARS-CoV-2 por PCR da semana previa, identificadas nos servizos de microbioloxía dos hospitais CHUAC, CHUS, CHUVI, CHUO, HULA e Vithas (Vigo), na semana epidemiolóxica 33/2021 (do 16 ao 22 de agosto) a porcentaxe de positividade para a posible variante Alfa foi dun 1 % (IC95 %: 0-2 %) e para a variante Delta foi do 97 % (IC 95%: 96-98 %). Polas diferenzas nas fraccións de mostraxe entre áreas sanitarias, a prevalencia axustouse ao número de casos en cadansúa área, que é notablemente diferente á prevalencia sen axustar 97 % (IC95 %: 96-98 %) e 1 % (IC95 %: 0-2 %) para as variantes Delta e Alfa, respectivamente. Ata a semana 32, incluída, das variantes de preocupación (VOC) identificáronse 953 casos da variante Alfa con secuenciación completa; 42 casos da variante Beta (B.1.351 ou surafricana); 82 casos da variante Gamma (P1 ou brasileira); 555 casos da variante Delta (B.1.617.2 ou india). Ademais das VOC, tense constancia de 3 mostras coa variante Eta (B.1.525 ou nixeriana); 9 mostras coa variante Iota (B.1.526 ou de Nova York); 21 mostras coa variante Lambda (C.37) e 51 mostras con variante B.1.621 (colombiana).

O informe conclúe que a taxa de incidencia diminúe tanto a 7 como a 14 días. A tendencia amosa o descenso cunha porcentaxe de cambio diaria do -3,7 %. O R_t no global de Galicia segue por debaixo do 1, o mesmo que en todas as áreas sanitarias. A información do modelo de predición indica que a incidencia vai diminuír tanto a 7 como a 14 días, aínda que a 14 un pouco máis lixeiramente.

A taxa de incidencia a 14 días, no global de Galicia, está nos 260 casos por cen mil habitantes. As áreas sanitarias de Santiago e Lugo aumentaron as súas taxas a 7 días a respecto da semana previa. A 14 días fano as áreas de Santiago, Lugo e Ourense.



En canto á evolución da incidencia por grupos de idade e área sanitaria, obsérvase que segue o aumento nos grupos de idade de 0 a 29 anos na Área de Santiago, aínda que semella unha estabilización. Na Área de Lugo aumentan todos os grupos de idade, especialmente os de 0 a 29 anos.

No que atinxe aos concellos de máis de dez mil habitantes, xa aplicando o axuste de taxas, hai 3 concellos con taxas de incidencia a 14 días iguais ou superiores a 250 casos por cen mil habitantes. Nos de menos de dez mil habitantes hai 68 concellos que superen unha taxa de incidencia de 250 casos por cen mil habitantes. Isto supón un descenso importante a respecto de hai unha semana.

Neste momento, a variante Delta (india) segue a ser a prevalente e pódese considerar que é a que circula, xa que a Alfa ten unha prevalencia do 1 %. A maior transmisibilidade da variante Delta explica, entre outros posibles motivos, a alta incidencia, especialmente nos máis novos, que son os que teñen unha maior mobilidade.

Cómpre indicar que o criterio que se vén utilizando para determinar os niveis de restrición aplicables a cada un dos concellos da Comunidade Autónoma é, ademais do da situación sanitaria, o da taxa de incidencia acumulada segundo os casos por cada 100.000 habitantes, tanto a 14 días como a 7 días; esta última permite reaccionar con maior rapidez e eficacia fronte aos gromos.

Desta maneira, establecéronse os seguintes niveis de restricións: nivel de restricións máximo, alto, medio e medio-baixo. Atendendo ás taxas de incidencia acumulada a 14 días, sitúanse no nivel medio-baixo os concellos con taxas por debaixo dos 150 casos por cada 100.000 habitantes; no medio, os concellos con taxas que se atopen entre os 150 e por debaixo dos 250 casos por cada 100.000 habitantes; no alto, os concellos con taxas que se atopen entre os 250 e por debaixo dos 500 casos por cada 100.000 habitantes, e no nivel de restrición máxima, os concellos cuxas taxas de incidencia acumulada sexan máis de 500 casos por 100.000 habitantes.

Pola súa banda, atendendo ás taxas de incidencia acumulada a 7 días, sitúanse no nivel medio-baixo os concellos que se atopen por debaixo dos 75 casos por cada 100.000 habitantes; no medio, os concellos que se atopen entre os 75 e por debaixo dos 125 casos por cada 100.000 habitantes; no nivel alto, os concellos que se atopen entre os 125 e por debaixo dos 250 casos por cada 100.000 habitantes, e no nivel de restrición máxima, os concellos cuxas taxas de incidencia acumulada sexan máis de 500 casos por 100.000 habitantes.



A taxa de incidencia acumulada non é o único criterio que se ten en conta para determinar o nivel aplicable a cada concello, xa que este dato se modula en función doutros factores e da análise da situación do propio concello. Así, o criterio da incidencia vese completado coa consideración de criterios demográficos (pois debe terse en conta que en concellos de escasa poboación poucos casos poden dar lugar a taxas moi elevadas, que deben ser postas no debido contexto). Ademais, os servizos de saúde pública e o Comité e o Subcomité Clínico veñen analizando as características específicas de cada gromo. Neste sentido, véñse prestando unha especial atención á existencia de gromos non controlados ou de casos sen vínculo epidemiolóxico, así como ao feito de que non se observe unha melloría clara na evolución da situación epidemiolóxica.

Actualmente, o avance da campaña de vacinación masiva está a conseguir protexer a poboación e retomar actividades económicas e sociais ata o de agora limitadas para evitar un maior número de contaxios. Non obstante, e mentres non se alcance a inmunidade de grupo, é necesario seguir adoptando medidas preventivas e de control que permitan garantir as máximas condicións de seguridade e reducir o risco de contaxio e propagación da COVID-19. Estas medidas deben ser adecuadas e eficaces de acordo coa evolución da situación epidemiolóxica e de capacidade do sistema asistencial.

Tendo en conta o expresado en relación con que existe unha porcentaxe moi elevada de poboación vacinada, o cal permitiu unha redución importante de hospitalizacións e falecementos, foi necesario actualizar os indicadores de risco establecidos antes do inicio da campaña de vacinación. Deste xeito, a partir da adopción destes novos criterios, as medidas de prevención e control pretenden adaptarse ao novo escenario en que nos atopamos, onde prevalecen os casos entre a poboación máis nova e na cal unha porcentaxe maioritaria non ten consecuencias clínicas importantes.

Neste sentido, salientase que dous terzos dos casos se están a dar entre os 15 e os 39 anos de idade e que existe un menor risco de padecer a enfermidade grave nesas franxas de idade. Na situación actual concorren, en definitiva, determinadas circunstancias que aconsellan axustar as taxas de incidencia acumulada mediante a aplicación dun factor de corrección baseado no risco de ingreso hospitalario, xa que a situación da carga asistencial hospitalaria é, neste momento, de 3,2 e 0,6 ingresos por 100.000 en hospitalización de agudos e en unidades de críticos, respectivamente, a pesar das taxas de incidencia elevadas que se están a observar. Isto indica que a onda ten un menor impacto nos ingresos pola COVID-19, o que se atribúe aos factores aludidos de vacinación dos maiores e á idade dos casos.



Para o axuste, calculouse un factor de corrección que se interpreta como o risco relativo de ingreso no período comprendido entre agosto de 2020 e marzo de 2021 (período de referencia) comparado co momento actual. Este factor é superior a 1, debido á vacinación e á diferente distribución por idade dos casos, que actualmente se concentran fundamentalmente na poboación de 15 a 29 anos. Para axustar a incidencia a 7 e a 14 días dos concellos, divídese a taxa bruta polo factor de corrección.

O factor de corrección calcúlase, para cada día, como o cociente entre a taxa bruta de ingresos nos últimos 28 días e a taxa axustada por idade, aplicando o método directo e usando como poboación estándar o número de casos do período de referencia.

A taxa bruta de ingresos a 28 días é a porcentaxe de casos que ingresaron entre os casos con diagnóstico por PCR ou tests de antíxenos acumulados nos últimos 28 días. As taxas específicas de ingreso por idade calcúlanse do mesmo xeito, pero no grupo de idade correspondente.

A taxa axustada de ingresos calcúlase aplicando as taxas específicas de ingreso por idade a 28 días á poboación de referencia. A suma dos valores obtidos por idade divídese entre o total de casos do período de referencia (97.996) e o resultado interprétase como a porcentaxe de casos que terían ingresado se tivesen a mesma distribución por idade ca no período de referencia (taxa de ingresos axustada).

A cada un dos distintos niveis de restrición seranlle de aplicación as medidas xerais e específicas previstas para cada caso nas disposicións vixentes, aprobadas polas autoridades sanitarias competentes, tendo en conta, ademais, que actualmente está cientificamente constatado que, mentres non exista unha alta cobertura poboacional de vacinación, as intervencións non farmacolóxicas son as intervencións de saúde pública máis efectivas contra a COVID-19, medidas que se poderán ir suavizando na súa aplicación en vista da situación epidemiolóxica no territorio e do aumento da cobertura vacinal.

Debe destacarse, ao fío do anterior, que Galicia conta cunha poboación especialmente envellecida, cunha porcentaxe de persoas de 65 e máis anos (ano 2020) do 25,4 % fronte ao 19,6 % do conxunto de España.

Porén, tamén hai que ter en consideración que, aínda que esta cobertura se obteña en determinados grupos, a distribución poboacional pode ser desigual, se se ten en conta toda a poboación e non os grupos de idade prioritarios que se están a vacinar en primeiro



lugar. Tampouco se pode esquecer que mentres non se consiga conter a pandemia no mundo, con países con alta circulación do virus, poden aparecer novas variantes do virus que poidan ter a capacidade de escapar á inmunidade proporcionada polas vacinas actuais. Ademais, a circulación da variante Delta pode facer que haxa escape á inmunidade naquelas persoas que non estean completamente vacinadas e certo escape nas completamente vacinadas, sen esquecer que esta variante se considera que é un 40-60 % máis transmisible ca a variante Alfa.

Non obstante, estas medidas aplicaranse con criterios epidemiolóxicos, pero tamén de proporcionalidade, e estarán en vixencia só durante o tempo preciso para asegurar que a evolución desta situación epidemiolóxica é boa e que se está a cortar a transmisión, que é o obxectivo destas medidas.

En atención ao exposto, tendo en conta o indicado no citado informe da Dirección Xeral de Saúde Pública e logo de escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, acórdase manter no nivel máximo de restricións os concellos de Ordes e Monforte de Lemos, polas súas taxas axustadas a 7 e a 14 días. Nestes dous concellos a situación epidemiolóxica continúa sen ser boa, aínda que se observou unha lixeira melloría. Pola súa banda, acórdase que o concello de Melide ascenda ao nivel máximo desde o alto actual, tal como indican as súas taxas axustadas a 7 e a 14 días. Este concello, por mor das festas, experimentou un aumento na incidencia dos concellos veciños, incluso doutras provincias. Ademais, dado o empeoramento da súa situación epidemiolóxica, considérase preciso o seu ascenso a este nivel co obxectivo de controlar o aumento na incidencia de casos e que continúe a afectar os concellos limítrofes, sobre os cales ten unha elevada influencia económica e de actividades mercantís e de lecer.

Polo que respecta ao nivel alto de restricións, acórdase manter neste nivel os concellos de Trazo, A Pastoriza, Castro de Rei, O Saviñao e Viana do Bolo, xa que, aínda que as súas taxas de incidencia acumulada a 7 e a 14 días son propias do nivel máximo, en todos eles a incidencia descendeu nos últimos 7 días, polo que se considera que o nivel alto de restricións, no cal xa se atopaban, podería ser suficiente para controlar os abrochos que alí se están a desenvolver. Ademais, en todos eles, os casos forman parte de abrochos controlados. Tamén debe permanecer no nivel alto de restricións o concello de Muxía, aínda que a súa taxa a 14 días son propias do nivel máximo, xa que este concello está a amosar unha boa evolución da súa situación epidemiolóxica, cun descenso claro da súa incidencia nos últimos 7 días. Igualmente, mantéñense no nivel alto, tal como indican as súas taxas axustadas a 7 e a 14 días, os concellos de Cee, Cerceda, Ares, Meira e A Cañi-



za. Todos estes concellos presentan unha boa evolución da súa incidencia, aínda que non o suficientemente rápida como para poder descendelos a niveis inferiores.

Ascenden ao nivel alto os seguintes concellos, actualmente no nivel medio-baixo: Curtis, Agolada, Arzúa, O Pino, Antas de Ulla, Monterroso, Palas de Rei e A Pobra de Trives, xa que, aínda que as súas taxas a 7 e/ou 14 días son propias do nivel máximo, o aumento da incidencia se debe a gromos relacionados coas festas de Melide (como é o caso de Curtis, Agolada, Antas de Ulla, Monterroso e Palas de Rei) ou a gromos de orixe controlada debidos a reunións familiares, sendo a fonte do gromo, en moitos deles, de fóra do propio concello.

Tamén ascenden ao nivel alto os concellos de Lalín e Vilalba, debido á súa taxa a 7 días. Nos dous concellos houbo un aumento explosivo da incidencia nos últimos 7 días. Os casos estanse a dar principalmente en xente nova, debido á súa asistencia a festas, tanto dentro do seu concello como fóra del.

Por outra banda, mantéñense no nivel medio de restricións, tal como indican as súas taxas a 7 e a 14 días, os concellos da Coruña, Arteixo, Cabana de Bergantiños, Carballo, Oleiros, Oza-Cesuras, Santa Comba, Silleda, Ourense e Pontearreas.

Tamén se manteñen neste nivel medio, pola súa taxa a 14 días, os concellos de Verín, Bueu, Sanxenxo, Gondomar e Redondela. A pesar de que a situación epidemiolóxica destes concellos nos últimos 7 días mellorou, considérase preciso mantelos neste nivel ata asegurar que a redución na súa incidencia está consolidada.

Igualmente, permanecen no nivel medio de restricións, aínda que as súas taxas a 7 e/ou a 14 días son propias do nivel alto, os concellos de Corcubión, Malpica de Bergantiños, Ponteceso, Zas, Ferrol, Chantada, Lugo, Outeiro de Rei e Pazos de Borbén. En todos eles a incidencia está a diminuír, aínda que sen acadar as taxas propias do nivel medio; porén, dado que a evolución da súa situación epidemiolóxica é boa, considérase que este nivel medio en que xa se atopan é suficiente para controlar a situación.

Por outra banda, mantense no nivel medio de restricións o concello da Rúa xa que, aínda que as súas taxas son propias do nivel medio-baixo, a súa taxa a 14 días está no límite do nivel medio; ademais, este concello ten algún caso sen vínculo epidemiolóxico e leva só uns días no nivel alto, polo que se considerou preciso mantelo neste nivel medio para asegurar que o descenso de casos está consolidado.



Tamén se propón manter neste nivel medio, no que está actualmente, e non descendelo ao nivel medio-baixo, tal como indican as súas taxas, o concello de Poio. Neste concello a súa taxa a 7 días está próxima ao límite do nivel medio. Ademais, a súa situación epidemiolóxica tardou en evolucionar favorablemente, polo que se considera máis oportuno mantelo neste nivel e asegurar que a evolución favorable da súa incidencia se consolide.

Ascenden ao nivel medio de restricións os concellos de Boimorto, Frades, Santiso, Barralla e Cospito xa que, aínda que as súas taxas a 7 e/ou a 14 días son propias do nivel máximo, son concellos pequenos ou non moi grandes en que poucos casos aumentan rapidamente a súa incidencia. Ademais, os casos están asociados a gromos de orixe controlada. Polo tanto, considérase que, polo de agora, este nivel pode ser suficiente para o control do aumento da súa incidencia. Manteranse en vixilancia para observar a súa evolución, por se é preciso aumentalos de nivel.

Por outra banda, a pesar de que as súas taxas axustadas a 7 e/ou a 14 días son propias do nivel alto, tamén ascenden ao nivel medio de restricións os concellos de Muros, Tordoia e Taboada, xa que nestes concellos ou ben as taxas a 7 días están próximas ao nivel medio ou ben neles están a desenvolverse gromos cuxa fonte ten orixe coñecida e, polo de agora non parece que exista transmisión comunitaria sostida, polo que se propón este nivel ata coñecer a evolución da súa incidencia. Tamén ascenden a este nivel os concellos de Aranga e Noia, tal como indican as súas taxas a 7 e 14 días; a evolución da súa situación epidemiolóxica amosou un empeoramento nos últimos 7 días.

Descenden ao nivel medio de restricións os concellos de Camariñas e Fisterra, aínda que as súas taxas a 14 días son propias do nivel alto actual, debido a que a súa taxa a 7 días xa é de nivel medio, cunha evolución da súa incidencia a 7 e a 14 días en descenso e cunha razón de taxas a 7 días por debaixo do 1, o que indica a non aparición de casos novos. Tal como indican as súas taxas a 7 e a 14 días, tamén descenden a este nivel medio de restricións, desde o nivel alto actual, os concellos de Betanzos, O Barco de Valdeorras e Nigrán.

Finalmente, descenden ao nivel medio-baixo de restricións os concellos de Rábade, Cariño e Sober, desde o nivel alto actual, e os concellos da Veiga, Coirós e A Lama, desde o nivel medio actual, xa que evolucionan favorablemente con rapidez, presentando taxas a 7 días propias do nivel medio-baixo.

O resto de concellos de Galicia inclúese no nivel medio-baixo de restricións.



III

As medidas que se adoptan nesta orde teñen o seu fundamento normativo no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 a 38.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para adoptar as medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica existente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, coa urxencia que a protección da saúde pública demanda.

Na súa virtude, en aplicación do punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. Prórroga da eficacia das medidas previstas na Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia

Atendendo á evolución da situación epidemiolóxica, prorrógase ata as 00.00 horas do día 18 de setembro de 2021 a eficacia das medidas previstas na Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, sen prexuízo do indicado no punto segundo desta orde.

Segundo. Mantemento da suspensión da exigencia da exhibición de documentación para o acceso a determinados establecementos prevista na Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e na Orde do 1 de xullo de 2021 pola que se aproba o Protocolo para a reactivación do lecer nocturno no marco da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, e substitución por unha regulación transitoria e provisional

1. Mantense a suspensión da exigencia da exhibición de documentación para o acceso a determinados establecementos prevista nos números 3.22, III.2.1 e III.2.7 do punto 4.1



do anexo I da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, así como no número 4.1 do anexo da Orde do 1 de xullo de 2021 pola que se aproba o Protocolo para a reactivación do lecer nocturno no marco da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19.

2. A exigencia desta documentación substitúese pola regulación transitoria e provisional prevista nos puntos terceiro, cuarto, quinto e sexto da Orde do 20 de agosto de 2021, pola que se prorroga e se modifica a Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e se mantén a suspensión da exigencia da exhibición de documentación para o acceso a determinados establecementos prevista nela e na Orde do 1 de xullo de 2021 pola que se aproba o Protocolo para a reactivación do lecer nocturno no marco da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, e se substitúe por unha regulación transitoria e provisional.

3. Sen prexuízo do indicado, as autoridades sanitarias, coa finalidade de compatibilizar o desenvolvemento das correspondentes actividades coa seguridade sanitaria e asegurar un nivel elevado de protección da cidadanía, recomendan que só se acceda ao interior dos locais de hostalaría e restauración, e xogos e apostas situados nos concellos con nivel alto de restrición, recollidos na letra B do anexo II da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, cando se cumpra algunha das seguintes condicións:

1º. Que a persoa conte coa pauta completa dunha vacina contra a COVID-19 para a cal se concedeu unha autorización de comercialización de conformidade co Regulamento (CE) nº 726/2004.

2º. Que a persoa dispoña dunha proba diagnóstica de infección activa (PDIA) negativa. No caso dos tests rápidos de antíxenos, deberán estar enumerados na lista común e actualizada de tests rápidos de antíxenos da COVID-19 establecida sobre a base da Recomendación 2021/C 24/01, do Consello de Europa. A proba debe ser realizada nas últimas 72 horas anteriores.

3º. Que a persoa se recupere dunha infección polo SARS-CoV-2 diagnosticada e que estea no período comprendido entre o día 11 e o 180, ambos incluídos, despois da PDIA positiva.



Terceiro. *Modificación do anexo II da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia*

Modifícase o anexo II da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado segundo o anexo desta orde.

Cuarto. *Eficacia*

1. As medidas previstas nesta orde terán efectos desde as 00.00 horas do día 4 de setembro.

2. A eficacia da regulación transitoria e provisional, substitutiva da medida de prevención consistente na exigencia da exhibición de documentación para o acceso a determinados establecementos, estenderase ata o momento en que se publique a orde que levante a suspensión da indicada medida de prevención, unha vez que sexa autorizada xudicialmente, de ser o caso. No caso de non ser autorizada xudicialmente, a eficacia desta regulación transitoria e provisional manterase ata súa substitución polas correspondentes medidas de prevención que estableza a Consellería de Sanidade.

3. No caso das celebracións e eventos en establecementos de restauración para os días 4 e 5 de setembro que xa estivesen concertados antes do día 3 de setembro, non serán aplicables as limitacións que sexan consecuencia da elevación do nivel de restrición, ben que estas celebracións e eventos deberán ser comunicados polos titulares dos establecementos á correspondente xefatura territorial da Consellería de Sanidade para que se poidan adoptar as medidas ou efectuar as recomendacións pertinentes.

4. En cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas previstas nesta orde serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser prorrogadas, modificadas ou levantadas por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Santiago de Compostela, 1 de setembro de 2021

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade



ANEXO**«ANEXO II****A) Concellos con nivel de restrición máxima:**

Ordes

Melide

Monforte de Lemos

B) Concellos con nivel de restrición alta:

Agolada

Antas de Ulla

Ares

Arzúa

Cañiza (A)

Castro de Rei

Cee

Cerceda

Curtis

Lalín

Meira

Monterroso

Muxía

Palas de Rei

Pastoriza (A)

Pino (O)

Pobra de Trives (A)

Saviñao (O)

Trazo

Viana do Bolo

Vilalba



C) Concellos con nivel de restrición media:

Aranga
Arteixo
Baralla
Barco de Valdeorras (O)
Betanzos
Boimorto
Bueu
Cabana de Bergantiños
Camariñas
Carballo
Chantada
Corcubión
Coruña (A)
Cospeito
Ferrol
Fisterra
Frades
Gondomar
Lugo
Malpica de Bergantiños
Muros
Nigrán
Noia
Oleiros
Ourense
Outeiro de Rei
Oza-Cesuras
Pazos de Borbén
Poio
Ponteareas



Ponteceso
Redondela
Rúa (A)
Santa Comba
Santiso
Sanxenxo
Silleda
Taboada
Tordoia
Verín
Zas

D) Concellos con nivel de restrición media-baixa:

Abadín
Abegondo
Alfoz
Allariz
Ames
Amoeiro
Arbo
Arnoia (A)
Avión
Baiona
Baleira
Baltar
Bande
Baña (A)
Baños de Molgas
Barbadás
Barreiros
Barro
Beade



Beariz
Becerreá
Begonte
Bergondo
Blancos (Os)
Boborás
Boiro
Bola (A)
Bolo (O)
Boqueixón
Bóveda
Brión
Burela
Cabanas
Caldas de Reis
Calvos de Randín
Cambados
Cambre
Campo Lameiro
Cangas
Capela (A)
Carballeda de Avia
Carballeda de Valdeorras
Carballedo
Carballiño (O)
Cariño
Carnota
Carral
Cartelle
Castrelo de Miño
Castrelo do Val
Castro Caldelas



Castroverde
Catoira
Cedeira
Celanova
Cenlle
Cerdedo-Cotobade
Cerdido
Cervantes
Cervo
Chandrexa de Queixa
Coirós
Coles
Corgo (O)
Coristanco
Cortegada
Covelo
Crecente
Cualedro
Culleredo
Cuntis
Dodro
Dozón
Dumbría
Entrimo
Esgos
Estrada (A)
Fene
Folgozo do Courel
Fonsagrada (A)
Forcarei
Fornelos de Montes
Foz



Friol
Gomesende
Grove (O)
Guarda (A)
Gudiña (A)
Guitiriz
Guntín
Illa de Arousa (A)
Incio (O)
Irixo (O)
Irixoa
Lama (A)
Láncara
Laracha (A)
Larouco
Laza
Laxe
Leiro
Lobeira
Lobios
Lourenzá
Lousame
Maceda
Manzaneda
Mañón
Marín
Maside
Mazaricos
Meaño
Meis
Melón
Merca (A)



Mesía
Mezquita (A)
Miño
Moaña
Moeche
Mondariz
Mondariz-Balneario
Mondoñedo
Monfero
Montederramo
Monterrei
Moraña
Mos
Mugardos
Muíños
Muras
Narón
Navia de Suarna
Neda
Negreira
Negreira de Muñiz
Neves (As)
Nogais (As)
Nogueira de Ramuín
Oia
Oímbra
Oroso
Ortigueira
Ouro
Outes
Paderne
Paderne de Allariz



Padrenda
Padrón
Pantón
Parada de Sil
Paradela
Páramo (O)
Pedrafita do Cebreiro
Pereiro de Aguiar (O)
Peroxa (A)
Petín
Piñor
Pobra do Brollón (A)
Pobra do Caramiñal (A)
Pol
Ponte Caldelas
Pontecesures
Pontedeume
Pontedeva
Pontenova (A)
Pontes de García Rodríguez (As)
Pontevedra
Porqueira
Porriño (O)
Portas
Porto do Son
Portomarín
Punxín
Quintela de Leirado
Quiroga
Rábade
Rairiz de Veiga
Ramirás



Rianxo
Ribadavia
Ribadeo
Ribadumia
Ribas de Sil
Ribeira
Ribeira de Piquín
Riós
Riotorto
Rodeiro
Rois
Rosal (O)
Rubiá
Sada
Salceda de Caselas
Salvaterra de Miño
Samos
San Amaro
San Cibrao das Viñas
San Cristovo de Cea
Sandiás
San Sadurniño
Santiago de Compostela
San Xoán de Río
Sarreaus
Sarria
Sober
Sobrado
Somozas (As)
Soutomaior
Taboadela
Teixeira (A)



Teo
Toén
Tomiño
Toques
Touro
Trabada
Trasmiras
Triacastela
Tui
Valadouro (O)
Val do Dubra
Valdoviño
Valga
Vedra
Veiga (A)
Verea
Vicedo (O)
Vigo
Vilaboa
Vila de Cruces
Vilagarcía de Arousa
Vilamarín
Vilamartín de Valdeorras
Vilanova de Arousa
Vilar de Barrio
Vilar de Santos
Vilardevós
Vilariño de Conso
Vilarmaior
Vilasantar
Vimianzo
Viveiro



Xermade

Xinzo de Limia

Xove

Xunqueira de Ambía

Xunqueira de Espadanedo».



I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 1 de setembro de 2021 pola que se prorroga e se modifica o anexo da Orde do 21 de xullo de 2021 pola que se establecen medidas cualificadas de prevención para facer fronte á evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e que precisan de autorización xudicial para a súa eficacia.

I

No *Diario Oficial de Galicia* número 140-bis, do venres 23 de xullo de 2021, a Consellería de Sanidade publicou a Orde do 21 de xullo de 2021 pola que se establecen medidas cualificadas de prevención para facer fronte á evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e que precisan de autorización xudicial para a súa eficacia.

A dita orde ditouse consonte o disposto no punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, en que se establece que as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Con esta finalidade poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade. Tamén se establece que a persoa titular da consellería competente na dita materia, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de conformidade coa normativa aplicable e en vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou en parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e que modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación das medidas concretas contidas no anexo.

A adopción das medidas recollidas na Orde do 21 de xullo de 2021 veu determinada pola evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia, tal e como se xustifica na súa exposición de motivos. Para facer fronte a ela, a dita Orde do 21 de xullo de 2021 recolleu unha serie de medidas limitativas de dereitos fundamentais que consisten no establecemento de limitacións de permanencia de grupos de persoas



no territorio de todos os concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, cun máximo de seis persoas nos espazos interiores e dez persoas en espazos exteriores, agás que sexan conviventes ou estean conformados, como máximo, por dúas unidades de convivencia. Por outra banda, para os concellos con nivel de restrición máximo e alto, entre a 1.00 horas (hora de peche da actividade de hostalaría e restauración nestes concellos, nos cales está pechado o lecer nocturno) e as 6.00 horas, a permanencia de grupos de persoas en espazos pechados e en espazos abertos ou ao aire libre, sexan de uso público ou privado, queda limitada aos constituídos exclusivamente por persoas conviventes. Así mesmo, respecto dos concellos con nivel de restrición medio e medio-baixo, a permanencia de grupos de persoas en espazos pechados e en espazos abertos ou ao aire libre, sexan de uso público ou privado, queda limitada aos constituídos exclusivamente por persoas conviventes entre as 3.00 horas (hora de peche da actividade do lecer nocturno nestes concellos) e as 6.00 horas. As citadas medidas foron ratificadas mediante o Auto 88/2021, da Sección Terceira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Cómpre indicar que o número 3 do punto cuarto da Orde do 21 de xullo de 2021 dispón que, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas previstas na citada orde serán obxecto de seguimento e avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser prorrogadas, modificadas ou levantadas por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade. Polo tanto, a Orde do 21 de xullo de 2020 prevé expresamente a posibilidade de prorrogala e de acometer a súa modificación coa finalidade de adaptala á realidade da evolución da pandemia.

Así, mediante a Orde do 29 de xullo de 2021 modificouse o anexo da Orde do 21 de xullo de 2021 pola que se establecen medidas cualificadas de prevención para facer fronte á evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e que precisan de autorización xudicial para a súa eficacia, para os efectos de incluír no nivel de restricións que en cada caso correspondía os concellos segundo a súa situación epidemiolóxica. As citadas medidas foron tamén autorizadas mediante o Auto 94/2021, da Sección Terceira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Posteriormente, mediante a Orde do 4 de agosto acometeuse unha nova modificación do anexo da Orde do 21 de xullo coa finalidade de adaptalo á realidade da situación epidemiolóxica. Tamén se prorrogou a súa eficacia, estendéndose a súa vixencia ata as 00.00 horas do 21 de agosto. Mediante o Auto 95/2021, da Sección Terceira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, foron autorizadas as ditas medidas. Mediante a Orde do 11 de agosto de 2021 levouse a cabo



unha nova modificación do anexo da Orde do 21 de xullo para adaptalo á realidade actual. Pola súa banda, mediante a Orde do 19 de agosto de 2021 prorrogouse a eficacia da Orde do 21 de xullo ata as 00.00 horas do día 4 de setembro. Tamén se modificou o anexo da citada Orde do 21 de xullo mediante a referida Orde do 19 de agosto e, posteriormente, mediante a Orde do 25 de agosto coa finalidade de axustalo á evolución da situación epidemiolóxica. Ao igual que nos casos anteriores, tanto a prórroga como as modificacións realizadas foron autorizadas mediante os correspondentes autos da Sección Terceira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

II

Debe salientarse que, neste momento, resulta necesario prorrogar a eficacia da Orde do 21 de xullo xa que se mantén, en termos xerais, a situación que determinou a adopción das medidas previstas nela; non obstante, a concreta evolución da situación epidemiolóxica de determinados concellos da Comunidade Autónoma mudou, o que exige acometer unha nova modificación do anexo da dita orde coa finalidade de incluír no nivel de restricións que en cada caso corresponda os concellos en que variou a situación. Así resulta do Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública do 1 de setembro de 2021, do cal pode destacarse o seguinte:

O número reprodutivo instantáneo (Rt), que indica o número de contaxios orixinados por un caso activo, segue a manterse por debaixo do 1, o que indica unha diminución na transmisión da infección. Todas as áreas sanitarias están por debaixo do 1.

Do total de concellos de Galicia (313), 49 non notificaron casos nos últimos 14 días. O número de concellos sen casos nos últimos 7 días foi de 82. Isto supón un aumento en 9 concellos a 14 días e en 11 concellos a 7 días desde hai unha semana, que era de 40 e 71, a 14 e a 7 días.

Entre o 17 e o 23 de agosto realizáronse 57.567 probas diagnósticas de infección activa polo virus SARS-CoV-2 (36.214 PCR e 21.353 tests de antíxenos) cunha porcentaxe de positividade a sete días do 8,6 %, o que supón un descenso do 8,4 % con respecto a entre o 9 e o 16 de agosto, que era do 9,4 %.

A incidencia acumulada a 7 e a 14 días é de 115 e 260 casos por cen mil habitantes, respectivamente, valores inferiores aos observados hai unha semana, en que eran de 145 e 325 casos por cen mil habitantes, respectivamente (descenso do 21 % a 7 días e do 20 %



a 14 días). A tendencia diaria mostra, desde o 28 de decembro, catro tramos, primeiro crecente, a un ritmo do 0,6 % ata o 1 de marzo, e despois decrecente, cunha porcentaxe de cambio diario de -2,1 %; séguelle outro tramo de tendencia lixeiramente crecente, cunha porcentaxe de cambio diaria do 10,4 %, e o 21 de xullo detéctase outro cambio en sentido decrecente cunha porcentaxe de cambio diaria do -3,7 %.

En canto á evolución por grupos de idade, obsérvase que a incidencia acumulada por grupos de idade está a descender en todos os grupos máis novos, agás nos de 12 a 19 anos, en que se observa un descenso menor e non á mesma velocidade que o descenso anterior. Os grupos maiores de 60 anos ou se estabilizan, incluído o de 80 e máis anos, ou descenden, pero lentamente.

Polo que respecta á situación das áreas sanitarias, indícase que as taxas a 14 días das áreas están entre os 159,17 casos por cen mil habitantes de Pontevedra e os 369,57 de Lugo. As taxas de incidencia a 14 días seguen a diminuír con respecto ás de hai 7 días. Non obstante, as taxas a 14 días aumentaron nas áreas de Santiago, Lugo e Ourense. As taxas de incidencia acumulada a 7 días aumentan nas áreas sanitarias de Santiago e Lugo; nas áreas sanitarias de Ferrol, Ourense, Pontevedra e Vigo están por debaixo dos cen casos por cen mil habitantes.

No que atinxe á evolución da incidencia por grupos de idade e por áreas sanitarias, establécese que na Área Sanitaria de Santiago semella que se estabiliza o aumento na incidencia nos grupos de 0 a 29 anos e obsérvase unha estabilización nos demais grupos de idade. Na Área Sanitaria de Lugo aumentan todos os grupos de idade, especialmente os de 0 a 29 anos. Na área de Ourense parece que se estabiliza o descenso en todos os grupos de idade, agás un lixeiro aumento nos de 0 a 14 anos.

No que respecta á hospitalización dos casos de COVID-19, a media de pacientes coa COVID-19 en hospitalización de agudos nos últimos 7 días foi de 193,4, o que significa un descenso do 16,5 % con respecto aos datos de hai sete días. A taxa de pacientes coa COVID-19 en hospitalización de agudos é de 7,2 ingresados por 100.000 habitantes, cun descenso, tamén, do 16,5 % con respecto aos datos de hai 7 días. En canto aos ingresos COVID-19 nas unidades de críticos (UCI) nos últimos 7 días, a media foi de 51,3 e a taxa a 7 días de ingresados nas UCI é de 1,9 ingresados por cen mil habitantes, o que supón un descenso do 14,5 % con respecto aos datos de hai sete días, tanto na media como na taxa.



En canto ao número de ingresos por grupo de idade, salientase que o grupo de idade de 15 a 64 anos é o que presenta máis ingresos, pero os grupos de idades máis avanzadas, especialmente os de 80 e máis anos, presentan un importante número de ingresos, que se explica porque ante incidencias elevadas, como as actuais, este grupo de idade ten risco de enfermarse de gravidade, a pesar da vacinación, xa que os maiores teñen máis probabilidade de non desenvolver anticorpos de xeito igualmente eficiente que os máis novos debido á senescencia do seu sistema inmune.

Pola súa banda, as defuncións acumuladas pola COVID-19 seguen a aumentar, pero máis amodo, aínda que a onda está a descender, debido a que tanto as hospitalizacións como as defuncións levan un atraso con respecto á incidencia de casos.

Polo que respecta á situación epidemiolóxica nos concellos de Galicia, destácase que nos concellos con poboación igual ou maior de dez mil habitantes 3 presentan unha taxa axustada de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes, fronte aos 32 do informe anterior, o que supón un descenso en 29 concellos. Dous superan os 500 casos por cen mil habitantes. No que se refire aos concellos de menos de 10.000 habitantes, 68 presentan unha taxa axustada de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes, fronte aos 104 de hai unha semana, o que supón un descenso en 36 concellos. Deles, 22 presentan taxas axustadas de incidencia iguais ou superiores a 500 casos por cen mil habitantes, 8 máis que hai unha semana, pero hai que ter en conta o tamaño de poboación destes concellos, xa que 11 deles teñen menos de 2.500 habitantes. No que atinxe ás comarcas, estarían no nivel máximo as comarcas de Viana, Terra de Trives, A Ulloa, Terra de Lemos, Terra de Melide, Ordes e Arzúa.

En canto ás variantes do virus SARS-CoV-2, o informe recolle que desde a posta en marcha da vixilancia da prevalencia das variantes en Galicia, baseada na aplicación dunhas PCR específicas sobre unha mostra aleatoria das mostras positivas para SARS-CoV-2 por PCR da semana previa, identificadas nos servizos de microbioloxía dos hospitais CHUAC, CHUS, CHUVI, CHUO, HULA e Vithas (Vigo), na semana epidemiolóxica 33/2021 (do 16 ao 22 de agosto) a porcentaxe de positividade para a posible variante Alfa foi dun 1 % (IC95 %: 0-2 %) e para a variante Delta foi do 97 %. (IC95 %: 96-98 %). Polas diferenzas nas fraccións de mostraxe entre áreas sanitarias, a prevalencia axustouse ao número de casos en cadansúa área, que é notablemente diferente á prevalencia sen axustar 97 % (IC95 %: 96-98 %) e 1 % (IC95 %: 0-2 %) para as variantes Delta e Alfa, respectivamente. Ata a semana 32, incluída, das variantes de preocupación (VOC) identificáronse 953 casos da variante Alfa con secuenciación completa; 42 casos da variante Beta (B.1.351 ou



suraficana); 82 casos da variante Gamma (P1 ou brasileira); 555 casos da variante Delta (B.1.617.2 ou india). Ademais das VOC, tense constancia de 3 mostras coa variante Eta (B.1.525 ou nixeriana); 9 mostras coa variante Iota (B.1.526 ou de Nova York); 21 mostras coa variante Lambda (C.37) e 51 mostras coa variante B.1.621 (colombiana).

O informe conclúe que a taxa de incidencia diminúe tanto a 7 como a 14 días. A tendencia amosa o descenso cunha porcentaxe de cambio diaria do -3,7 %. O R_t no global de Galicia segue por debaixo do 1, o mesmo que en todas as áreas sanitarias. A información do modelo de predición indica que a incidencia vai diminuír tanto a 7 como a 14 días, aínda que a 14 un pouco máis lixeiramente.

A taxa de incidencia a 14 días, no global de Galicia, está nos 260 casos por cen mil habitantes. As áreas sanitarias de Santiago e Lugo aumentaron as súas taxas a 7 días con respecto á semana previa. A 14 días fano as áreas de Santiago, Lugo e Ourense.

En canto á evolución da incidencia por grupos de idade e área sanitaria, obsérvase que segue o aumento nos grupos de idade de 0 a 29 anos na área de Santiago, aínda que semella unha estabilización. Na área de Lugo aumentan todos os grupos de idade, especialmente os de 0 a 29 anos.

No que atinxe aos concellos de máis de dez mil habitantes, xa aplicando o axuste de taxas, hai 3 concellos con taxas de incidencia a 14 días iguais ou superiores a 250 casos por cen mil habitantes. Nos de menos de dez mil habitantes hai 68 concellos que superan unha taxa de incidencia de 250 casos por cen mil habitantes. Isto supón un descenso importante con respecto a hai unha semana.

Neste momento, a variante Delta (india) segue a ser a prevalente e pódese considerar que é a que circula, xa que a Alfa ten unha prevalencia do 1 %. A maior transmisibilidade da variante Delta explica, entre outros posibles motivos, a alta incidencia, especialmente nos máis novos, que son os que teñen unha maior mobilidade.

Cómpre indicar que o criterio que se vén utilizando para determinar os niveis de restrición aplicables a cada un dos concellos da Comunidade Autónoma é, ademais do da situación sanitaria, o da taxa de incidencia acumulada segundo os casos por cada 100.000 habitantes, tanto a 14 días como a 7 días; esta última permite reaccionar con maior rapidez e eficacia fronte aos gromos.



Desta maneira, establecéronse os seguintes niveis de restricións: nivel de restricións máximo, alto, medio e medio-baixo. Atendendo ás taxas de incidencia acumulada a 14 días, sitúanse no nivel medio-baixo os concellos con taxas por debaixo dos 150 casos por cada 100.000 habitantes; no medio, os concellos con taxas que se atopen entre os 150 e por debaixo dos 250 casos por cada 100.000 habitantes; no alto, os concellos con taxas que se atopen entre os 250 e por debaixo dos 500 casos por cada 100.000 habitantes, e no nivel de restrición máxima, os concellos cuxas taxas de incidencia acumulada sexan máis de 500 casos por 100.000 habitantes.

Pola súa banda, atendendo ás taxas de incidencia acumulada a 7 días, sitúanse no nivel medio-baixo os concellos que se atopen por debaixo dos 75 casos por cada 100.000 habitantes; no medio, os concellos que se atopen entre os 75 e por debaixo dos 125 casos por cada 100.000 habitantes; no nivel alto, os concellos que se atopen entre os 125 e por debaixo dos 250 casos por cada 100.000 habitantes, e no nivel de restrición máxima, os concellos cuxas taxas de incidencia acumulada sexan máis de 500 casos por 100.000 habitantes.

A taxa de incidencia acumulada non é o único criterio que se ten en conta para determinar o nivel aplicable a cada concello, xa que este dato se modula en función doutros factores e da análise da situación do propio concello. Así, o criterio da incidencia vese completado coa consideración de criterios demográficos (pois debe terse en conta que en concellos de escasa poboación poucos casos poden dar lugar a taxas moi elevadas, que deben ser postas no debido contexto). Ademais, os servizos de saúde pública e o Comité e o Subcomité Clínico veñen analizando as características específicas de cada gromo. Neste sentido, véñese prestando unha especial atención á existencia de gromos non controlados ou de casos sen vínculo epidemiolóxico, así como ao feito de que non se observe unha melloría clara na evolución da situación epidemiolóxica.

Actualmente, o avance da campaña de vacinación masiva está a conseguir protexer a poboación e retomar actividades económicas e sociais ata o de agora limitadas para evitar un maior número de contaxios. Non obstante, e mentres non se alcance a inmunidade de grupo, é necesario seguir adoptando medidas preventivas e de control que permitan garantir as máximas condicións de seguridade e reducir o risco de contaxio e propagación da COVID-19. Estas medidas deben ser adecuadas e eficaces de acordo coa evolución da situación epidemiolóxica e de capacidade do sistema asistencial.

Tendo en conta o expresado en relación con que existe unha porcentaxe moi elevada de poboación vacinada, o cal permitiu unha redución importante de hospitalizacións e fa-



lecementos, foi necesario actualizar os indicadores de risco establecidos antes do inicio da campaña de vacinación. Deste xeito, a partir da adopción destes novos criterios, as medidas de prevención e control pretenden adaptarse ao novo escenario en que nos atopamos, onde prevalecen os casos entre a poboación máis nova e na cal unha porcentaxe maioritaria non ten consecuencias clínicas importantes.

Neste sentido, salientase que dous terzos dos casos se están a dar entre os 15 e os 39 anos de idade e que existe un menor risco de padecer a enfermidade grave nesas franxas de idade. Na situación actual concorren, en definitiva, determinadas circunstancias que aconsellan axustar as taxas de incidencia acumulada mediante a aplicación dun factor de corrección baseado no risco de ingreso hospitalario, xa que a situación da carga asistencial hospitalaria é, neste momento, de 3,2 e 0,6 ingresos por 100.000 en hospitalización de agudos e en unidades de críticos, respectivamente, a pesar das taxas de incidencia elevadas que se están a observar. Isto indica que a onda ten un menor impacto nos ingresos pola COVID-19, o que se atribúe aos factores aludidos de vacinación dos maiores e á idade dos casos.

Para o axuste, calculouse un factor de corrección que se interpreta como o risco relativo de ingreso no período comprendido entre agosto de 2020 e marzo de 2021 (período de referencia) comparado co momento actual. Este factor é superior a 1, debido á vacinación e á diferente distribución por idade dos casos, que actualmente se concentran, fundamentalmente, na poboación de 15 a 29 anos. Para axustar a incidencia a 7 e a 14 días dos concellos, divídese a taxa bruta polo factor de corrección.

O factor de corrección calcúlase, para cada día, como o cociente entre a taxa bruta de ingresos nos últimos 28 días e a taxa axustada por idade, aplicando o método directo e usando como poboación estándar o número de casos do período de referencia.

A taxa bruta de ingresos a 28 días é a porcentaxe de casos que ingresaron entre os casos con diagnóstico por PCR ou tests de antíxenos acumulados nos últimos 28 días. As taxas específicas de ingreso por idade calcúlanse do mesmo xeito, pero no grupo de idade correspondente.

A taxa axustada de ingresos calcúlase aplicando as taxas específicas de ingreso por idade a 28 días á poboación de referencia. A suma dos valores obtidos por idade divídese entre o total de casos do período de referencia (97.996) e o resultado interprétase como a porcentaxe de casos que terían ingresado se tivesen a mesma distribución por idade ca no período de referencia (taxa de ingresos axustada).



A cada un dos distintos niveis de restrición seranlle de aplicación as medidas xerais e específicas previstas para cada caso nas disposicións vixentes, aprobadas polas autoridades sanitarias competentes, tendo en conta, ademais, que actualmente está cientificamente constatado que, mentres non exista unha alta cobertura poboacional de vacinación, as intervencións non farmacolóxicas son as intervencións de saúde pública máis efectivas contra a COVID-19, medidas que se poderán ir suavizando na súa aplicación en vista da situación epidemiolóxica no territorio e do aumento da cobertura vacinal.

Debe destacarse, ao fío do anterior, que Galicia conta cunha poboación especialmente envellecida, cunha porcentaxe de persoas de 65 e máis anos (ano 2020) do 25,4 % fronte ao 19,6 % do conxunto de España.

Porén, tamén hai que ter en consideración que, aínda que esta cobertura se obteña en determinados grupos, a distribución poboacional pode ser desigual, se se ten en conta toda a poboación e non os grupos de idade prioritarios que se están a vacinar en primeiro lugar. Tampouco se pode esquecer que mentres non se consiga conter a pandemia no mundo, con países con alta circulación do virus, poden aparecer novas variantes do virus que poidan ter a capacidade de escapar á inmunidade proporcionada polas vacinas actuais. Ademais, a circulación da variante Delta pode facer que haxa escape á inmunidade naquelas persoas que non estean completamente vacinadas e certo escape nas completamente vacinadas, sen esquecer que esta variante se considera que é un 40-60 % máis transmisible ca a variante Alfa.

Non obstante, estas medidas aplicaranse con criterios epidemiolóxicos, pero tamén de proporcionalidade, e estarán en vixencia só durante o tempo preciso para asegurar que a evolución desta situación epidemiolóxica é boa e que se está a cortar a transmisión, que é o obxectivo destas medidas.

En atención ao exposto, tendo en conta o indicado no citado informe da Dirección Xeral de Saúde Pública e logo de escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, acórdase manter no nivel máximo de restricións os concellos de Ordes e Monforte de Lemos, polas súas taxas axustadas a 7 e a 14 días. Nestes dous concellos a situación epidemiolóxica continúa sen ser boa, aínda que se observou unha lixeira melloría. Pola súa banda, acórdase que o concello de Melide ascenda ao nivel máximo desde o alto actual, tal como indican as súas taxas axustadas a 7 e a 14 días. Este concello, por mor das festas, experimentou un aumento na incidencia dos concellos veciños, incluso doutras provincias. Ademais, dado o empeoramento da súa situación epidemiolóxica, considérase



preciso o seu ascenso a este nivel co obxectivo de controlar o aumento na incidencia de casos e que continúe a afectar os concellos limítrofes, sobre os cales ten unha elevada influencia económica e de actividades mercantís e de lecer.

Polo que respecta ao nivel alto de restricións, acórdase manter neste nivel os concellos de Trazo, A Pastoriza, Castro de Rei, O Saviñao e Viana do Bolo xa que, aínda que as súas taxas de incidencia acumulada a 7 e a 14 días son propias do nivel máximo, en todos eles a incidencia descendeu nos últimos 7 días, polo que se considera que o nivel alto de restricións, no cal xa se atopaban, podería ser suficiente para controlar os gromos que alí se están a desenvolver. Ademais, en todos eles, os casos forman parte de gromos controlados. Tamén debe permanecer no nivel alto de restricións o concello de Muxía, aínda que as súas taxas a 14 días son propias do nivel máximo, xa que este concello está a amosar unha boa evolución da súa situación epidemiolóxica, cun descenso claro da súa incidencia nos últimos 7 días. Igualmente, mantéñense no nivel alto, tal como indican as súas taxas axustadas a 7 e a 14 días, os concellos de Cee, Cerceda, Ares, Meira e A Cañiza. Todos estes concellos presentan unha boa evolución da súa incidencia, aínda que non o suficientemente rápida como para poder descendelos a niveis inferiores.

Ascenden ao nivel alto os seguintes concellos, actualmente no nivel medio-baixo: Curtis, Agolada, Arzúa, O Pino, Antas de Ulla, Monterroso, Palas de Rei e A Pobra de Trives, xa que, aínda que as súas taxas a 7 e/ou a 14 días son propias do nivel máximo, o aumento da incidencia se debe a gromos relacionados coas festas de Melide (como é o caso de Curtis, Agolada, Antas de Ulla, Monterroso e Palas de Rei) ou a gromos de orixe controlada debidos a reunións familiares, sendo a fonte do gromo, en moitos deles, de fóra do propio concello.

Tamén ascenden ao nivel alto os concellos de Lalín e Vilalba, debido á súa taxa a 7 días. Nos dous concellos houbo un aumento explosivo da incidencia nos últimos 7 días. Os casos estanse a dar, principalmente, en xente nova, debido á súa asistencia a festas, tanto dentro do seu concello como fóra del.

Finalmente, cabe salientar que descenden do nivel alto ao nivel medio e ao nivel medio-baixo, como consecuencia da mellora da súa situación epidemiolóxica, os seguintes concellos:

Por unha banda, descenden ao nivel medio os concellos de Camariñas e Fisterra, aínda que a súa taxa a 14 días é propia do nivel alto, xa que, non obstante, a súa taxa a 7 días



xa é de nivel medio, cunha evolución da súa incidencia a 7 e a 14 días en descenso e unha razón de taxas a 7 días por debaixo do 1, o que indica a non aparición de casos novos. Tamén descenden ao nivel medio, tal como están a indicar as súas taxas a 7 e a 14 días, os concellos de Betanzos, O Barco de Valdeorras e Nigrán.

Por outra banda, descenden ao nivel medio baixo os concellos de Rábade, Cariño e Sober xa que evolucionan favorablemente con rapidez, presentando xa taxas a 7 días propias do nivel medio-baixo.

III

Sentado o anterior, debe insistirse en que, mediante esta orde, se prorroga a eficacia e se modifica a Orde do 21 de xullo 2021 para adaptala á realidade da evolución epidemiolóxica de determinados concellos, tal e como se establece no punto cuarto desta, en que se consagran os principios de necesidade e proporcionalidade con base nos cales as medidas recollidas nela deben ser obxecto de seguimento e avaliación continua para garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

Debe salientarse, ademais, que tanto a prórroga como a modificación da Orde do 21 de xullo de 2021 precisan de autorización xudicial para a súa eficacia, de acordo co disposto na redacción vixente do número 8 do artigo 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, polo que só se procederá á publicación da orde unha vez obtida a referida autorización.

A eficacia desta orde comezará ás 00.00 horas do día seguinte ao da súa publicación e estenderase durante o período en que se manteña a vixencia da Orde do 21 de xullo de 2021, que modifica, sen prexuízo do seguimento e avaliación continua a que están sometidas, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

Destácase finalmente que, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para adoptar as medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica existente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, coa urxencia que a protección da saúde pública demanda.

Na súa virtude, en aplicación do punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise



sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. Prórroga da eficacia das medidas previstas na Orde de 21 de xullo pola que se establecen medidas cualificadas de prevención para facer fronte á evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e que precisan de autorización xudicial para a súa eficacia

Atendendo á evolución da situación epidemiolóxica, prorrógase ata as 00.00 horas do día 18 de setembro de 2021 a eficacia das medidas previstas na Orde de 21 de xullo pola que se establecen medidas cualificadas de prevención para facer fronte á evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e que precisan de autorización xudicial para a súa eficacia, sen prexuízo do indicado no punto segundo desta orde.

Segundo. Modificación do anexo da Orde do 21 de xullo pola que se establecen medidas cualificadas de prevención para facer fronte á evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e que precisan de autorización xudicial para a súa eficacia

Modifícase o anexo da Orde do 21 de xullo pola que se establecen medidas cualificadas de prevención para facer fronte á evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e que precisan de autorización xudicial para a súa eficacia, que queda redactado segundo o anexo desta orde.

Terceiro. Autorización xudicial, publicación e eficacia

1. Solicitarase a autorización xudicial da prórroga e modificación previstas nesta orde, de acordo co disposto na redacción vixente do número 8 do artigo 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e publicarase a orde unha vez obtida a referida autorización.

2. As medidas previstas nesta orde terán efectos desde as 00.00 horas do día seguinte ao da súa publicación.



3. En cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas previstas nesta orde serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser prorrogadas, modificadas ou levantadas por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Santiago de Compostela, 1 de setembro de 2021

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade

ANEXO

«ANEXO

Concellos en que son aplicables as limitacións de permanencia de grupos de persoas aos constituídos exclusivamente por persoas conviventes entre a 1.00 e as 6.00 horas

A) Concellos con nivel de restrición máxima:

Ordes
Melide
Monforte de Lemos

B) Concellos con nivel de restrición alta:

Agolada
Antas de Ulla
Ares
Arzúa
Cañiza (A)
Castro de Rei
Cee
Cerceda
Curtis
Lalín



Meira

Monterroso

Muxía

Palas de Rei

Pastoriza (A)

Pino (O)

Pobra de Trives (A)

Saviñao (O)

Trazo

Viana do Bolo

Vilalba»



I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 27 de agosto de 2021 pola que se modifica o anexo II da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

I

A evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia fai necesario que as autoridades sanitarias autonómicas sigan adoptando determinadas medidas de prevención orientadas a conter a propagación da infección e dirixidas a facer fronte á crise sanitaria derivada da COVID-19.

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto dese acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Con esta finalidade poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade. Establécese, ademais, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de conformidade coa normativa aplicable e en vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou en parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia

CVE-DOG: rdsuo692-mbr7-saf7-njo9-vfaru9e8u008



e que modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación das medidas concretas contidas no anexo do citado acordo.

Con base no disposto no citado punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, adoptáronse, mediante a Orde do 25 de xuño de 2021, unha serie de medidas que teñen por obxecto regular distintas actividades coa finalidade de que se poidan desenvolver en condicións de seguridade, minimizando ao máximo o risco de contaxio e a propagación da enfermidade.

Estas medidas específicas tradúcense, en moitos casos, no establecemento de capacidades máximas e na regulación destas, xa que se demostrou que para lograr o fin proposto resulta imprescindible evitar as aglomeracións e garantir o mantemento en todo momento da distancia de seguridade, reducindo o contacto físico ou a proximidade en condicións favorecedoras do contaxio. A evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma exixiu modificar determinados aspectos da orde coa finalidade de adaptar as medidas contidas nela á realidade actual, o que se fixo mediante a Orde do 1 de xullo de 2021.

Posteriormente, mediante a Orde do 8 de xullo de 2021 introducíronse novas modificacións e prorrogouse a eficacia da Orde do 25 de xuño ata as 00.00 horas do 24 de xullo de 2021, e mediante a Orde do 15 de xullo de 2021 modificáronse a Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, e a Orde do 1 de xullo de 2021 pola que se aproba o Protocolo para a reactivación do lecer nocturno no marco da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19. Neste marco, e coa finalidade de que as medidas de prevención fronte á COVID-19 sigan adaptándose á evolución da situación epidemiolóxica, mediante a Orde do 22 de xullo de 2021 acometeuse unha nova prórroga e modificación da Orde do 25 de xuño, de conformidade coa previsión contida no punto noveno da citada Orde do 25 de xuño de 2021, segundo a cal, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas previstas nela deben ser obxecto de seguimento e avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria, e modificouse a Orde do 1 de xullo de 2021 pola que se aproba o Protocolo para a reactivación do lecer nocturno no marco da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19.

Mediante a Orde do 29 de xullo de 2021 modificouse o anexo II da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma



de Galicia. Así mesmo, mediante a Orde do 5 de agosto de 2021 introducíronse novas modificacións e prorrogouse a Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, cuxa vixencia se estende ata as 00.00 horas do día 21 de agosto. O anexo II da Orde do 25 de xuño de 2021 foi novamente modificado coa mesma finalidade de adaptalo á evolución da situación epidemiolóxica mediante as ordes do 13 de agosto de 2021, do 16 de agosto de 2021, do 20 de agosto de 2021 e do 25 de agosto de 2021. Débese salientar, ademais, que mediante a Orde do 20 de agosto de 2021 tamén se prorrogou a eficacia da Orde do 25 de xuño ata as 00.00 horas do día 4 de setembro.

II

En particular, na Orde do 25 de agosto antes citada, logo de escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, e con base no Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 24 de agosto de 2021, acordouse que o concello de Santiago de Compostela descenda ao nivel medio-baixo de restricións.

Porén, á vista do empeoramento da situación epidemiolóxica do concello de Santiago de Compostela desde o día 24 de agosto (día en que tivo lugar a reunión do Comité) ata a data da elaboración desta orde, acórdase que o dito concello ascenda ao nivel medio de restricións desde o nivel medio-baixo que establecía a dita Orde do 25 de agosto de 2021.

Así se reflicte no Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 27 de agosto de 2021, no cal se constata un empeoramento da situación que afecta tanto o concello de Santiago de Compostela como a súa área sanitaria. Este empeoramento non se reflicte directamente nas súas taxas a sete ou catorce días (que son as propias do nivel medio-baixo), pero aconsella o mantemento do concello no nivel medio de restricións.

Destácase, no que respecta á situación epidemiolóxica da Área de Santiago de Compostela, que é a área en que se produciu un maior aumento dos casos na última semana, que se mantén unha tendencia ascendente. Concretamente, indícase que se produciron múltiples gromos en diferentes concellos próximos ao concello de Santiago de Compostela, posiblemente froito do aumento das interaccións sociais durante as festividades pasadas, que poden irradiar a este concello e mesmo terse producido nel. Existe risco de que estes gromos, por outra banda, repercutan sobre a situación epidemiolóxica deste concello.



Tamén se indica, no que atinxe ao Rt da área sanitaria, que a partir do día 22 de agosto de 2021 ascendeu por riba do 1, cun 1,3 exactamente, o que significa que por cada caso se producirán 1,3 casos, é dicir, unha persoa poderá contaxiar máis dunha persoa, o que indica claramente un aumento da transmisión. Este aumento de transmisión é, sobre todo, por conta do grupo de idade de 15 a 29 anos. Este grupo de idade presenta unha maior mobilidade e tendencia á socialización, polo que é máis doado que entre eles aumente a transmisión.

Pola súa banda, a situación na unidade de críticos do hospital de referencia (Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela) non mellora segundo o esperado, xa que pasou, en catro días, dunha ocupación dun 4 % a un 5 %.

Polo que respecta ao concello de Santiago de Compostela, o informe indica que a súa taxa a sete días está a empeorar, o que reflicte unha mala tendencia a curto prazo. Ademais, a porcentaxe de positividade deste concello aumentou en 4 días un punto porcentual, o que supón un dato adicional de empeoramento da súa situación epidemiolóxica.

Igualmente, a súa razón de taxas a 7 días está a aumentar de novo, ao pasar de 0,85 o día 21 de agosto a poñerse por riba do 1 (1,20) o día 25 de agosto, o que significa un aumento da transmisión a 7 días, cun incremento dun 20 % en só 4 días.

O informe conclúe que, á vista dos datos da situación epidemiolóxica da Área Sanitaria de Santiago de Compostela e da propia evolución do concello de Santiago de Compostela, é necesario, con base no principio de precaución, manter unha vixilancia especial neste concello e deixalo no nivel medio de restricións mentres non se observe unha clara tendencia á mellora na súa situación epidemiolóxica.

Isto exige a modificación do anexo II da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

A eficacia desta orde comezará ás 00.00 horas do día 28 de agosto de 2021 e estenderase durante o período en que se manteña a eficacia da Orde do 25 de xuño de 2021, sen prexuízo do seguimento e da avaliación continua a que están sometidas, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.



III

As medidas que se adoptan nesta orde teñen o seu fundamento normativo no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 a 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para adoptar as medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica existente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, coa urxencia que a protección da saúde pública demanda.

Na súa virtude, en aplicación do punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. Modificación do anexo II da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia

Modifícase o anexo II da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, no sentido de excluír Santiago de Compostela do nivel medio-baixo de restricións e incluílo no nivel medio.

Segundo. Eficacia

As medidas previstas nesta orde terán efectos desde as 00.00 horas do día 28 de agosto de 2021.

Santiago de Compostela, 27 de agosto de 2021

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade



I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 25 de agosto de 2021 pola que se modifica o anexo da Orde do 21 de xullo de 2021 pola que se establecen medidas cualificadas de prevención para facer fronte á evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e que precisan de autorización xudicial para a súa eficacia.

I

No *Diario Oficial de Galicia* núm. 140-Bis, do venres 23 de xullo de 2021, a Consellería de Sanidade publicou a Orde do 21 de xullo de 2021 pola que se establecen medidas cualificadas de prevención para facer fronte á evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e que precisan de autorización xudicial para a súa eficacia.

A dita orde ditouse consonte o disposto no punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, en que se establece que as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Con esta finalidade poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade. Tamén establece que a persoa titular da consellería competente na dita materia, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de conformidade coa normativa aplicable e en vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias das previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou en parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación das medidas concretas contidas no anexo.

A adopción das medidas recollidas na Orde do 21 de xullo de 2021 veu determinada pola evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia, tal e como se xustifica na súa exposición de motivos. Para facer fronte a ela, a dita Orde do 21 de xullo de 2021 recolleu unha serie de medidas limitativas de dereitos fundamentais que consisten no establecemento de limitacións de permanencia de grupos de persoas



no territorio de todos os concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, cun máximo de seis persoas nos espazos interiores e dez persoas en espazos exteriores, agás que sexan conviventes ou estean conformados, como máximo, por dúas unidades de convivencia. Por outra banda, para os concellos con nivel de restrición máximo e alto, entre a 1.00 horas (hora de peche da actividade de hostalaría e restauración nestes concellos, nos cales está pechado o lecer nocturno) e as 6.00 horas, a permanencia de grupos de persoas en espazos pechados e en espazos abertos ou ao aire libre, sexan de uso público ou privado, queda limitada aos constituídos exclusivamente por persoas conviventes. Así mesmo, respecto dos concellos con nivel de restrición medio e medio-baixo, a permanencia de grupos de persoas en espazos pechados e en espazos abertos ou ao aire libre, sexan de uso público ou privado, queda limitada aos constituídos exclusivamente por persoas conviventes entre as 3.00 horas (hora de peche da actividade do lecer nocturno nestes concellos) e as 6.00 horas. As citadas medidas foron ratificadas mediante o Auto 88/2021, da Sección Terceira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Cómpre indicar que o número 3 do punto cuarto da Orde do 21 de xullo de 2021 dispón que, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas previstas na citada orde serán obxecto de seguimento e avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser prorrogadas, modificadas ou levantadas por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade. Por tanto, a Orde do 21 de xullo de 2020 prevé expresamente a posibilidade de prorrogala e de acometer a súa modificación coa finalidade de adaptala á realidade da evolución da pandemia.

Así, mediante a Orde do 29 de xullo de 2021, modificouse o anexo da Orde do 21 de xullo de 2021 pola que se establecen medidas cualificadas de prevención para facer fronte á evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e que precisan de autorización xudicial para a súa eficacia, para os efectos de incluír no nivel de restricións que en cada caso correspondía os concellos segundo a súa situación epidemiolóxica. As citadas medidas foron tamén autorizadas mediante o Auto 94/2021, da Sección Terceira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Posteriormente, mediante a Orde do 4 de agosto acometeuse unha nova modificación do anexo da Orde do 21 de xullo coa finalidade de adaptalo á realidade da situación epidemiolóxica. Tamén se prorrogou a súa eficacia estendendo a súa vixencia ata as 00.00 horas do 21 de agosto. Mediante o Auto 95/2021, da Sección Terceira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, autorizáronse as ditas medidas.

CVE-DOG: k0uqzw70-k0y7-a5h0-6oh8-sekrmhpy5wu17



Mediante a Orde do 11 de agosto de 2021 levouse a cabo unha nova modificación do anexo da Orde do 21 de xullo para adaptalo á realidade actual. Igual que nos casos anteriores, a dita modificación foi autorizada polo Auto 96/2021, da Sección Terceira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Pola súa banda, mediante a Orde do 19 de agosto prorrogouse ata as 00.00 horas do día 4 de setembro a eficacia da Orde do 21 de xullo, e introduciuse, ademais, unha nova modificación do seu anexo, que foi autorizada mediante o Auto 98/2021.

II

Débase salientar, non obstante, que a concreta evolución da situación epidemiolóxica de determinados concellos da Comunidade Autónoma mudou, o que exige acometer unha nova modificación do anexo da Orde do 21 de xullo coa finalidade de incluír no nivel de restricións que en cada caso corresponda os concellos en que variou a situación. Así resulta do Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 24 de agosto de 2021, do cal se pode destacar o seguinte:

O número reprodutivo instantáneo (R_t), que indica o número de contaxios orixinados por un caso activo, segue a manterse por debaixo de 1, o que indica unha diminución na transmisión da infección. As áreas de Santiago de Compostela, Lugo e Ourense están por riba do 1, e na Área da Coruña e na de Vigo, o descenso é moi marcado.

Do total de concellos de Galicia, 40 non notificaron casos nos últimos 14 días. O número de concellos sen casos nos últimos 7 días foi de 71. Isto supón un descenso en 1 concello a 14 días e en 3 concellos a 7 días desde hai unha semana, que era de 41 e 74 a 14 e 7 días.

Entre o 9 de agosto e o 16 de agosto de 2021 realizáronse 60.768 probas diagnósticas de infección activa polo virus SARS-CoV-2 (40.760 PCR e 20.008 tests de antíxenos) cunha porcentaxe de positividade a sete días do 9,4 %, lixeiramente inferior á da semana previa, que era do 9,99 %, cunha porcentaxe de variación do 5,9 %.

A incidencia acumulada a 7 e 14 días é de 145 e 325 casos por cen mil habitantes, respectivamente, valores inferiores aos observados hai unha semana, que era de 166 e 416 casos por cen mil habitantes, respectivamente (descenso do 12,7 % a 7 días e do 21,9 % a 14 días).

A tendencia diaria mostra, desde o 28 de decembro, catro tramos, primeiro crecente a un ritmo do 0,6 % ata o 1 de marzo, e despois decrecente cunha porcentaxe de cambio



diaria (PCD) de 2,1 %; séguese outro tramo de tendencia lixeiramente crecente, cunha PCD do 10,4 %, e o 21 de xullo detéctase outro cambio en sentido decrecente cunha PCD do -3,7 %.

En canto á evolución por grupos de idade, obsérvase que a incidencia acumulada por grupos de idade está a descender en todos os grupos máis novos, agás nos de 12 a 19 anos, nos cales se observa unha estabilización e non o descenso anterior. Os grupos maiores de 60 anos estabilízanse, incluído o de 80 e máis anos, ou descenden.

Polo que respecta á situación das áreas sanitarias, as taxas a 14 días das áreas están entre os 194,03 casos por 100.000 habitantes de Ourense e os 419,62 da Coruña. As taxas de incidencia a 14 días seguen a diminuír con respecto ás de hai 7 días. Todas as áreas presentan taxas a 14 días con valores superiores aos 200 casos por 100.000 habitantes e taxas a 7 días superiores aos 100 casos por 100.000 habitantes. As áreas sanitarias de Santiago de Compostela, Ferrol, Lugo e Ourense aumentaron as súas taxas a 7 días con respecto á semana previa. Todas as áreas diminuíron as súas taxas a 14 días en relación coa semana previa.

No que atinxe á evolución da incidencia por grupos de idade e por áreas sanitarias, na Área de Santiago de Compostela aumenta a incidencia nos grupos de 0 a 29 anos e obsérvase unha estabilización no descenso dos de 30 a 49 e 80 e máis anos. Na Área de Ferrol aumenta a incidencia no grupo de 0 a 14 anos. Na de Lugo, nos de 15 a 29 e nos de 80 e máis anos. Na de Ourense obsérvase un lixeiro aumento nos de 15 a 29 anos.

No que respecta á hospitalización dos casos COVID-19, a media de pacientes COVID-19 en hospitalización de agudos nos últimos 7 días foi de 231,6, o que supón un descenso do 5,5 % con respecto aos datos de hai sete días. A taxa de pacientes COVID-19 en hospitalización de agudos é de 8,6 ingresados por 100.000 habitantes, practicamente a mesma que hai 7 días. En canto aos ingresos COVID-19 nas unidades de críticos (UCI) nos últimos 7 días, a media foi de 54,7 e a taxa a 7 días de ingresados nas UCI é de 2,0 ingresados por 100.000 habitantes, o que supón un descenso do 9,7 % con respecto aos datos de hai sete días na media e practicamente a mesma taxa que hai 7 días. Pola súa banda, o grupo de idade de 15 a 64 anos é o que presenta máis ingresos, pero os grupos de idades maiores, especialmente os de 80 e máis anos, teñen un número de ingresos importante, o que se explica porque ante incidencias elevadas, como as que estamos a ter, este grupo de idade ten risco de enfermarse de gravidade, a pesar da vacinación, xa que a vacina non evita que aconteza e os maiores teñen máis probabilidade de non desenvolver anticorpos de xeito igualmente eficiente que os máis novos debido á senescencia do sistema inmune.



As defuncións pola COVID-19 están a aumentar, aínda que a onda está a descender, debido a que tanto as hospitalizacións como as defuncións levan un atraso a respecto da incidencia de casos. Nos últimos 14 días hai 7 defuncións máis que no Informe do 18 de agosto.

En canto á situación epidemiolóxica dos concellos de Galicia, cómpre salientar que nos concellos con poboación igual ou maior de 10.000 habitantes, 32 presentan unha taxa axustada de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes, fronte aos 24 do informe anterior, 3 superan os 500 casos por 100.000 habitantes. No que se refire aos concellos de menos de 10.000 habitantes, 104 presentan unha taxa axustada de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes, fronte aos 55 do informe anterior. Deles, 14 presentan taxas axustadas de incidencia iguais ou superiores a 500 casos por cen mil habitantes. No que atinxe ás comarcas, as de Terra de Lemos, Ordes e Viana encóntranse no nivel máximo.

Desde a posta en marcha da vixilancia da prevalencia das variantes en Galicia, baseada na aplicación dunhas PCR específicas sobre unha mostra aleatoria das mostras positivas para SARS-CoV-2 por PCR da semana previa, identificadas nos servizos de microbioloxía dos hospitais CHUAC, CHUS, CHUVI, CHUO, HULA e Vithas (Vigo), na semana epidemiolóxica 32/2021 (do 9 ao 15 de agosto) a porcentaxe de positividade para a posible variante Alfa foi dun 3 % (IC95 %: 2-4 %) e para a variante Delta foi do 96 %. (IC95 %: 95-97 %). Polas diferenzas nas fraccións de mostraxe entre áreas sanitarias, a prevalencia axustouse ao número de casos en cadansúa área, que é notablemente diferente á prevalencia sen axustar 97 % (IC95 %: 96-98 %) e 2 % (IC95 %: 1-3 %) para as variantes Delta e Alfa, respectivamente. Ata a semana 32, incluída, das variantes de preocupación (VOC) identificáronse 947 casos da variante Alfa con secuenciación completa; 42 da variante Beta (B.1.351 ou surafricana); 82 da variante Gamma (P1 ou brasileira); 494 da variante Delta (B.1.617.2 ou india). Ademais das VOC, tense constancia de 3 mostras coa variante Eta (B.1.525 ou nixeriana); 9 mostras coa variante Iota (B.1.526 ou de Nova York); 21 mostras coa variante Lambda (C.37) e 51 mostras con variante B.1.621 (colombiana).

O informe conclúe que a taxa de incidencia diminúe tanto a 7 como a 14 días. A tendencia amosou un novo cambio cara ao descenso, cunha porcentaxe de cambio diario do -4,1 %, a partir do 21 de xullo. O Rt no global de Galicia segue por debaixo do 1. A información do modelo de predición indica que a incidencia vai diminuír tanto a 7 como a 14 días.

A taxa de incidencia a 14 días, no global de Galicia, está nos 325 casos por cen mil habitantes. Todas as áreas sanitarias diminúen a súa incidencia a 14 días. As áreas sanitarias



de Santiago de Compostela, Ferrol, Lugo e Ourense aumentaron as súas taxas a 7 días respecto á semana previa. En canto á evolución da incidencia por grupos de idade e área sanitaria, obsérvase un aumento nos grupos de idade de 0 a 29 anos na Área de Santiago de Compostela, no de 0 a 14 na de Ferrol e no de 15 a 29 na de Lugo. No que atinxe aos concellos de máis de 10.000 habitantes, xa aplicando o axuste de taxas, hai 32 concellos con taxas de incidencia a 14 días iguais ou superiores a 250 casos por cen mil habitantes. Nos de menos de 10.000, hai 104 concellos que superan unha taxa de incidencia de 250 casos por cen mil habitantes. Isto supón un aumento con respecto á última semana.

Neste momento, a variante Delta (india) é a prevalente e pódese considerar que é a que circula, xa que a Alfa ten unha prevalencia do 3 %. Posto que a variante Delta ten unha maior transmisibilidade, isto explica, entre outros posibles motivos, a alta incidencia, especialmente nos máis novos, que son os que teñen unha maior mobilidade.

Cómpre indicar que o criterio que se vén utilizando para determinar os niveis de restrición aplicables a cada un dos concellos da Comunidade Autónoma é, ademais do da situación sanitaria, o da taxa de incidencia acumulada segundo os casos por cada 100.000 habitantes, tanto a 14 días como a 7 días; esta última permite reaccionar con maior rapidez e eficacia fronte aos gromos. Desta maneira establecéronse os seguintes niveis de restricións: nivel de restricións máximo, alto, medio e medio-baixo.

Atendendo ás taxas de incidencia acumulada a 14 días, sitúanse no nivel medio-baixo os concellos con taxas por debaixo dos 150 casos por cada 100.000 habitantes; no medio, os concellos con taxas que se encontren entre os 150 e por debaixo dos 250 casos por cada 100.000 habitantes; no alto, os concellos con taxas que se encontren entre os 250 e por debaixo dos 500 casos por cada 100.000 habitantes, e no nivel de restrición máxima, os concellos cuxas taxas de incidencia acumulada sexan máis de 500 casos por 100.000 habitantes. Pola súa banda, atendendo ás taxas de incidencia acumulada a 7 días, sitúanse no nivel medio-baixo os concellos que se encontren por debaixo dos 75 casos por cada 100.000 habitantes; no medio, os concellos que se encontren entre os 75 e por debaixo dos 125 casos por cada 100.000 habitantes; no nivel alto, os concellos que se encontren entre os 125 e por debaixo dos 250 casos por cada 100.000 habitantes, e no nivel de restrición máxima, os concellos cuxas taxas de incidencia acumulada sexan máis de 500 casos por 100.000 habitantes.

A taxa de incidencia acumulada non é o único criterio que se ten en conta para determinar o nivel aplicable a cada concello, xa que este dato se modula en función doutros factores e da análise da situación do propio concello. Así, o criterio da incidencia vese



completado coa consideración de criterios demográficos (pois debe terse en conta que en concellos de escasa poboación poucos casos poden dar lugar a taxas moi elevadas, que deben ser postas no debido contexto). Ademais, os servizos de saúde pública e o Comité e o Subcomité Clínico veñen analizando as características específicas de cada gromo. Neste sentido, véñse prestando unha especial atención á existencia de gromos non controlados ou de casos sen vínculo epidemiolóxico, así como ao feito de que non se observe unha melloría clara na evolución da situación epidemiolóxica.

Actualmente, o avance da campaña de vacinación masiva está a conseguir protexer a poboación e retomar actividades económicas e sociais ata o de agora limitadas para evitar un maior número de contaxios. Non obstante, e mentres non se alcance a inmunidade de grupo, é necesario seguir adoptando medidas preventivas e de control que permitan garantir as máximas condicións de seguridade e reducir o risco de contaxio e propagación da COVID-19. Estas medidas deben ser adecuadas e eficaces de acordo coa evolución da situación epidemiolóxica e de capacidade do sistema asistencial.

Tendo en conta o expresado en relación con que existe unha porcentaxe moi elevada de poboación vacinada, o cal permitiu unha redución importante de hospitalizacións e falecementos, foi necesario actualizar os indicadores de risco establecidos antes do inicio da campaña de vacinación. Deste xeito, a partir da adopción destes novos criterios, as medidas de prevención e control pretenden adaptarse ao novo escenario, onde prevalecen os casos entre a poboación máis nova e na cal unha porcentaxe maioritaria non ten consecuencias clínicas importantes.

Non obstante, dada a situación actual da onda epidémica, en que os dous terzos dos casos se están a dar entre os 15 e 39 anos de idade, que a situación da carga asistencial hospitalaria, a pesar das taxas de incidencia elevadas, está en taxas de 3,2 e 0,6 ingresos por 100.000 habitantes en hospitalización de agudos e en unidades de críticos, respectivamente, o que está a indicar que esta onda ten un menor impacto nos ingresos pola COVID-19, feito atribuíble tanto á vacinación nos maiores como á idade dos casos, que teñen un menor risco de padecer enfermidade grave, decidiuse axustar as taxas de incidencia calculadas con base nun factor de corrección.

Para establecer a modificación dos niveis de restrición recollidos nesta orde, tivéronse en conta as taxas de incidencia a 14 e 7 días axustadas, mais mantendo as mesmas taxas de incidencia previas ao axuste. Para o axuste, calculouse un factor de corrección que se interpreta como o risco relativo de ingreso no período comprendido entre agosto de 2020 e marzo de 2021 (período de referencia) comparado co momento actual. Este factor é supe-



rior a 1, debido á vacinación e á diferente distribución por idade dos casos, que actualmente se concentran fundamentalmente na poboación de 15 a 29 anos. Para axustar a incidencia a 7 e 14 días dos concellos, divídese a taxa bruta polo factor de corrección. O factor de corrección calcúlase, para cada día, como o cociente entre a taxa bruta de ingresos nos últimos 28 días e a taxa axustada por idade, aplicando o método directo e usando como poboación estándar o número de casos do período de referencia. A taxa bruta de ingresos a 28 días é a porcentaxe de casos que ingresaron entre os casos con diagnóstico por PCR ou test de antixeno acumulados nos últimos 28 días. As taxas específicas de ingreso por idade calcúlanse do mesmo xeito pero no grupo de idade correspondente. A taxa axustada de ingresos calcúlase aplicando as taxas específicas de ingreso por idade a 28 días á poboación de referencia. A suma dos valores obtidos por idade divídese entre o total de casos do período de referencia (97.996) e o resultado interprétase como a porcentaxe de casos que terían ingresado se tivesen a mesma distribución por idade que no período de referencia (taxa de ingresos axustada). Igualmente, para o descenso de nivel de restrición terase en conta a evolución das súas taxas de incidencia, que indique un claro descenso desta incidencia e se a aparición de casos novos está dentro do esperado no contexto dos gromos que se estean a desenvolver nos concellos.

A cada un dos distintos niveis de restrición seranlle de aplicación as medidas xerais e específicas previstas para cada caso nas disposicións vixentes, aprobadas polas autoridades sanitarias competentes, tendo en conta, ademais, que actualmente está cientificamente constatado que mentres non exista unha alta cobertura poboacional de vacinación as intervencións non farmacolóxicas son as intervencións de saúde pública máis efectivas contra a COVID-19, medidas que se poderán ir suavizando na súa aplicación á vista da situación epidemiolóxica no territorio e do aumento da cobertura vacinal. Débese salientar, ao fío do anterior, que Galicia conta cunha poboación especialmente envellecida, cunha porcentaxe de persoas de 65 e máis anos (ano 2020) do 25,4 % fronte ao 19,6 % do conxunto de España. Porén, tamén hai que ter en consideración que, aínda que esta cobertura se obteña en determinados grupos, a distribución poboacional pode ser desigual se se ten en conta toda a poboación e non os grupos de idade prioritarios que se están a vacinar en primeiro lugar. Tampouco se pode esquecer que mentres non se consiga conter a pandemia no mundo, con países con alta circulación do virus, poden aparecer novas variantes do virus que poidan ter a capacidade de escapar á inmunidade proporcionada polas vacinas actuais. Ademais, a circulación da variante Delta (india) pode facer que haxa escape á inmunidade naquelas persoas que non estean completamente vacinadas e certo escape nas completamente vacinadas, sen esquecer que esta variante se considera que é un 40-60 % máis transmisible que a variante Alfa (británica).



Non obstante, estas medidas aplicaranse con criterios epidemiolóxicos pero tamén de proporcionalidade, e estarán en vixencia só polo tempo preciso para asegurar que a evolución desta situación epidemiolóxica é boa e se está a cortar a transmisión, que é o obxectivo destas medidas.

En atención ao exposto, tendo en conta o indicado no citado informe da Dirección Xeral de Saúde Pública e logo de escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, acórdase que ascendan ao nivel máximo de restricións os concellos de Ordes e Monforte de Lemos, polas súas taxas axustadas a 7 e 14 días. Nestes dous concellos o aumento da incidencia foi explosivo na última semana.

Pola súa banda, acórdase manter no nivel alto os seguintes concellos:

Laxe, Muxía e Rábade, xa que, aínda que a súa taxa a 7 e 14 días é propia do nivel máximo de restricións, a evolución da súa situación epidemiolóxica está a mellorar e os casos forman parte de gromos coñecidos.

Fisterra e A Cañiza xa que, aínda que as súas taxas axustadas a 14 días son propias do nivel máximo, a súa situación mellorou nos últimos 7 días, mesmo presentando unha taxa a 7 días propia do nivel alto, polo que se considera que este nivel é suficiente para o control da situación.

Ares, aínda que a súa taxa a 7 días é propia do nivel máximo, xa que os casos se están a dar entre contactos corentenados que forman parte dun gromo de orixe coñecida.

Trazo e Cariño, aínda que as súas taxas a 7 e/ou 14 días son propias do nivel máximo, xa que nestes concellos con pouca poboación a incidencia aumenta inmediatamente. Ademais, os casos destes concellos pertencen a gromos e están ben rastrexados.

Betanzos, Camariñas, Cee, Sada, Vimianzo, Pontedeume e Nigrán, polas súas taxas a 7 e 14 días.

A Rúa, Ponte Caldelas e O Rosal, polas súas taxas a 14 días. A pesar de que a súa situación epidemiolóxica mellorou a 7 días, non foi o suficiente como para asegurar a tendencia ao descenso da súa incidencia.

O Barco de Valdeorras, pola súa taxa a 7 días, o que indica que este concello empeorou a súa situación epidemiolóxica na última semana.

Así mesmo, acórdase que ascendan ao nivel alto os seguintes concellos:

O Saviñao, Pantón, Sober e Cerdedo-Cotobade, actualmente no nivel medio-baixo, polas súas taxas a 7 días. Nos concellos pertencentes á Área Sanitaria de Lugo deuse un



aumento explosivo de casos, que se relacionou coas festas do concello de Monforte de Lemos, xa que, ou son concellos da mesma comarca, ou próximos. No caso de Cerdedo-Cotobade, polo de agora estase a investigar a orixe do gromo, pero, dado o tamaño de poboación deste concello, considérase que se pode manter neste nivel alto.

Carral e Cerceda, actualmente no nivel medio, tal como indican as súas taxas a 7 e 14 días. Nestes concellos a incidencia aumentou de súpeto nos últimos 7 días.

Melide, A Pastoriza, Castro de Rei e Meira, aínda que as súas taxas a 7 días son propias do nivel máximo, debido a que se considera que este nivel podería ser suficiente, polo de agora, para o control da súa incidencia, que aumentou a raíz das festas patronais que tiveron lugar no mesmo concello ou nos veciños.

Viana do Bolo, aínda que as súas taxas a 7 e 14 días son propias do nivel máximo, debido a que os casos se están a dar en gromos controlados de reunións festivas familiares e con persoas procedentes de fóra de Galicia.

Por último, acórdase que descendan ao nivel medio, desde o nivel alto, os seguintes concellos:

Arteixo, Cabana de Bergantiños, Malpica de Bergantiños, Miño, Ponteareas e Redondela, aínda que as súas taxas a 14 días son propias do nivel alto, porque as súas taxas a 7 días xa son de nivel medio e a evolución da súa situación epidemiolóxica é favorable e está en claro descenso a súa incidencia.

Cabanas, Bueu, Arbo, As Neves, Tomiño e Tui, tal e como indican as súas taxas.

III

Sentado o anterior, débese insistir en que mediante esta orde se modifica a Orde do 21 de xullo 2021 para adaptala á realidade da evolución epidemiolóxica de determinados concellos, tal e como se establece no punto cuarto desta, no cal se consagran os principios de necesidade e proporcionalidade con base nos cales as medidas recollidas nela deben ser obxecto de seguimento e avaliación continua para garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

Débese salientar, ademais, que a modificación da Orde do 21 de xullo de 2021, no que se refire aos cambios nas situacións epidemiolóxicas dos concellos, precisa de autorización xudicial para a súa eficacia, de acordo co disposto na redacción vixente do número 8 do artigo 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición conten-



cioso-administrativa, polo que só se procederá á publicación da orde unha vez obtida a referida autorización.

Cómpre precisar que a necesidade de obter a autorización xudicial prevista no citado artigo 10.8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, se circunscribe, neste caso, ao cambio de situación operada nos concellos de Ordes, Monforte de Lemos, O Saviñao, Pantón, Sober, Cerdedo-Cotobade, Carral, Cerceda, Melide, A Pastoriza, Castro de Rei, Meira e Viana do Bolo. O ascenso destes concellos aos niveis máximo e alto de restricións determina que, soamente nestes concellos, pasen a aplicarse medidas limitativas de dereitos fundamentais propias dos ditos niveis de restricións en que agora se inclúen e que, ata este momento, non rexían para eles, xa que as ditas medidas non se aplican nos niveis medio e medio-baixo de que estes concellos proceden. A inclusión do resto dos concellos que figuran nos niveis máximo e alto de restricións do anexo desta orde e, polo tanto, a aplicación a estes das medidas limitativas de dereitos fundamentais propias dos ditos niveis xa foi autorizada mediante os correspondentes autos da Sección Terceira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

A eficacia desta orde comezará ás 00.00 horas do día seguinte ao da súa publicación e estenderase durante o período en que se manteña a vixencia da Orde do 21 de xullo de 2021, que modifica, sen prexuízo do seguimento e avaliación continua a que están sometidas, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

Destácase finalmente que, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para adoptar as medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica existente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, coa urxencia que a protección da saúde pública demanda.

Na súa virtude, en aplicación do punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. *Modificación da Orde do 21 de xullo pola que se establecen medidas cualificadas de prevención para facer fronte á evolución da situación epidemiolóxica derivada*



da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e que precisan de autorización xudicial para a súa eficacia

Modifícase o anexo da Orde do 21 de xullo pola que se establecen medidas cualificadas de prevención para facer fronte á evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e que precisan de autorización xudicial para a súa eficacia, que queda redactado segundo o anexo desta orde.

Segundo. *Autorización xudicial, publicación e eficacia*

1. Solicitarase a autorización xudicial da prórroga e modificación previstas nesta orde, de acordo co disposto na redacción vixente do número 8 do artigo 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e publicarase a orde unha vez obtida a referida autorización.

2. As medidas previstas nesta orde terán efectos desde as 00.00 horas do día seguinte ao da súa publicación.

3. En cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas previstas nesta orde serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser prorrogadas, modificadas ou levantadas por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Santiago de Compostela, 25 de agosto de 2021

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade

ANEXO

«ANEXO

Concellos en que son aplicables as limitacións de permanencia de grupos de persoas aos constituídos exclusivamente por persoas conviventes entre a 1.00 e as 6.00 horas

A) Concellos con nivel de restrición máxima:

Ordes
Monforte de Lemos



B) Concellos con nivel de restrición alta:

Ares
Barco de Valdeorras (O)
Betanzos
Camarifñas
Cañiza (A)
Cariño
Carral
Castro de Rei
Cee
Cerceda
Cerdedo-Cotobade
Fisterra
Laxe
Meira
Melide
Muxía
Nigrán
Pantón
Pastoriza (A)
Ponte Caldelas
Pontedeume
Rábade
Rúa (A)
Rosal (O)
Sada
Saviñao (O)
Sober
Trazo
Viana do Bolo
Vimianzo»



I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 25 de agosto de 2021 pola que se modifica o anexo II da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

I

A evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia fai necesario que as autoridades sanitarias autonómicas sigan adoptando determinadas medidas de prevención orientadas a conter a propagación da infección e dirixidas a facer fronte á crise sanitaria derivada da COVID-19.

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto dese acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Con esta finalidade poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade. Establécese, ademais, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de conformidade coa normativa aplicable e en vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou en parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e que modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación das medidas concretas contidas no anexo do citado acordo.



Con base no disposto no citado punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, adoptáronse, mediante a Orde do 25 de xuño de 2021, unha serie de medidas que teñen por obxecto regular distintas actividades coa finalidade de que se poidan desenvolver en condicións de seguridade, minimizando ao máximo o risco de contaxio e a propagación da enfermidade.

Estas medidas específicas tradúcense, en moitos casos, no establecemento de capacidades máximas e na regulación destas, xa que se demostrou que para lograr o fin proposto resulta imprescindible evitar as aglomeracións e garantir o mantemento en todo momento da distancia de seguridade, reducindo o contacto físico ou a proximidade en condicións favorecedoras do contaxio.

A evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma exixiu modificar determinados aspectos da orde coa finalidade de adaptar as medidas contidas nela á realidade actual, o que se fixo mediante a Orde do 1 de xullo de 2021. Posteriormente, mediante a Orde do 8 de xullo de 2021 introducíronse novas modificacións e prorrogouse a eficacia da Orde do 25 de xuño ata as 00.00 horas do 24 de xullo de 2021, e mediante a Orde do 15 de xullo de 2021 modificáronse a Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e a Orde do 1 de xullo de 2021 pola que se aproba o Protocolo para a reactivación do lecer nocturno no marco da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19.

Mediante a Orde do 29 de xullo de 2021 modificouse o anexo II da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia. A continuación, mediante a Orde do 5 de agosto de 2021 introducíronse novas modificacións e prorrogouse a Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

Pola súa banda, mediante a Orde do 13 de agosto de 2021 suspendeuse a exigencia da exhibición de documentación para o acceso a determinados establecementos, recollida na Orde do 25 de xuño de 2021 e na Orde do 1 de xullo de 2021 pola que se aproba o Protocolo para a reactivación do lecer nocturno no marco da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, ata que o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia se pronunciase sobre a autorización da medida. Na dita orde substituíase esta obriga por unha regulación transitoria e provisional aplicable ás actividades desenvolvidas nos establecementos para cuxo acceso estaba prevista



a exhibición dos ditos certificados. A Orde do 23 de agosto tamén modificaba o anexo II da Orde do 25 de xullo, coa finalidade de adaptalo á realidade da situación epidemiolóxica. Este anexo foi novamente modificado, co mesmo fin, mediante a Orde do 16 de agosto de 2021.

Finalmente, mediante a Orde do 20 de agosto de 2021 prorrogouse a eficacia da Orde do 25 de xuño ata as 00.00 horas do día 4 de setembro. Tamén se mantiña, na dita orde, a suspensión da exixencia da exhibición de documentación para o acceso a determinados establecementos e, á espera dunha resolución xudicial firme que se pronuncie sobre a autorización da medida da exixencia de certificado, a dita orde actualiza a regulación transitoria e provisional ditada en substitución da referida obriga, coa finalidade de adaptala á evolución favorable da situación epidemiolóxica. A Orde do 20 de agosto inclúe tamén, coa mesma finalidade, unha modificación do anexo II da Orde do 25 de xuño.

Unha vez sentado o anterior, débese destacar que, en termos xerais, se mantén na Comunidade Autónoma a situación epidemiolóxica que motivou a adopción das medidas recollidas na citada orde, aínda que a evolución concreta da situación epidemiolóxica de determinados concellos mudou e cómpre agora acometer unha modificación daquelas coa finalidade de incluír no nivel de restricións que en cada caso corresponda os concellos en que variou a situación.

II

A adopción das medidas contidas nesta orde vén determinada pola evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria da Comunidade Autónoma. Así resulta do Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 24 de agosto de 2021, do cal se destacan os seguintes datos:

O número reprodutivo instantáneo (Rt), que indica o número de contaxios orixinados por un caso activo, segue a manterse por debaixo do 1, o que indica unha diminución na transmisión da infección. As áreas de Santiago de Compostela, Lugo e Ourense están por riba do 1, e na Área da Coruña e na de Vigo o descenso é moi marcado.

Do total de concellos de Galicia, 40 non notificaron casos nos últimos 14 días. O número de concellos sen casos nos últimos 7 días foi de 71. Isto supón un descenso en 1 concello a 14 días e en 3 concellos a 7 días desde hai unha semana, que era de 41 e 74 a 14 e a 7 días.

Entre o 9 de agosto e o 16 de agosto de 2021 realizáronse 60.768 probas diagnósticas de infección activa polo virus SARS-CoV-2 (40.760 PCR e 20.008 tests de antíxenos)



cunha porcentaxe de positividade a sete días do 9,4 %, lixeiramente inferior á da semana previa, que era do 9,99 %, cunha porcentaxe de variación do 5,9 %.

A incidencia acumulada a 7 e a 14 días é de 145 e 325 casos por cen mil habitantes, respectivamente, valores inferiores aos observados hai unha semana, que eran de 166 e 416 casos por cen mil habitantes, respectivamente (descenso do 12,7 % a 7 días e do 21,9 % a 14 días).

A tendencia diaria mostra, desde o 28 de decembro, catro tramos, primeiro crecente a un ritmo do 0,6 % ata o 1 de marzo, e despois decrecente cunha porcentaxe de cambio diaria (PCD) do 2,1 %; séguese outro tramo de tendencia lixeiramente crecente, cunha PCD do 10,4 %, e o 21 de xullo detéctase outro cambio en sentido decrecente cunha PCD do -3,7 %.

En canto á evolución por grupos de idade, obsérvase que a incidencia acumulada por grupos de idade está a descender en todos os grupos máis novos, agás nos de 12 a 19 anos, nos cales se observa unha estabilización e non o descenso anterior. Os grupos maiores de 60 anos estabilízanse, incluído o de 80 e máis anos, ou descenden.

Polo que respecta á situación das áreas sanitarias, as taxas a 14 días das áreas están entre os 194,03 casos por 100.000 habitantes de Ourense e os 419,62 da Coruña. As taxas de incidencia a 14 días seguen a diminuír con respecto ás de hai 7 días. Todas as áreas presentan taxas a 14 días con valores superiores aos 200 casos por 100.000 habitantes e taxas a 7 días superiores aos 100 casos por 100.000 habitantes. As áreas sanitarias de Santiago de Compostela, Ferrol, Lugo e Ourense aumentaron as súas taxas a 7 días con respecto á semana previa. Todas as áreas diminuíron as súas taxas a 14 días en relación coa semana previa.

No que atinxe á evolución da incidencia por grupos de idade e por áreas sanitarias, na Área de Santiago de Compostela aumenta a incidencia nos grupos de 0 a 29 anos e obsérvase unha estabilización no descenso dos de 30 a 49 e 80 e máis anos. Na Área de Ferrol aumenta a incidencia no grupo de 0 a 14 anos. Na de Lugo, nos de 15 a 29 e nos de 80 e máis anos. Na de Ourense obsérvase un lixeiro aumento nos de 15 a 29 anos.

No que respecta á hospitalización dos casos COVID-19, a media de pacientes coa COVID-19 en hospitalización de agudos nos últimos 7 días foi de 231,6, o que supón un descenso do 5,5 % con respecto aos datos de hai sete días. A taxa de pacientes coa COVID-19 en hospitalización de agudos é de 8,6 ingresados por 100.000 habitantes,



practicamente a mesma que hai 7 días. En canto aos ingresos COVID-19 nas unidades de críticos (UCI) nos últimos 7 días, a media foi de 54,7 e a taxa a 7 días de ingresados nas UCI é de 2,0 ingresados por 100.000 habitantes, o que supón un descenso do 9,7 % con respecto aos datos de hai sete días na media e practicamente a mesma taxa que hai 7 días. Pola súa banda, o grupo de idade de 15 a 64 anos é o que presenta máis ingresos, pero os grupos de idades maiores, especialmente os de 80 e máis anos, teñen un número de ingresos importante, o que se explica porque ante incidencias elevadas, como as que estamos a ter, este grupo de idade ten risco de enfermarse de gravidade, a pesar da vacinación, xa que a vacina non evita que aconteza e os maiores teñen máis probabilidade de non desenvolver anticorpos de xeito igualmente eficiente que os máis novos debido á senescencia do sistema inmune.

As defuncións pola COVID-19 están a aumentar, aínda que a onda está a descender, debido a que tanto as hospitalizacións como as defuncións levan un atraso a respecto da incidencia de casos. Nos últimos 14 días hai 7 defuncións máis que no Informe do 18 de agosto.

En canto á situación epidemiolóxica dos concellos de Galicia, cómpre salientar que nos concellos con poboación igual ou maior de 10.000 habitantes, 32 presentan unha taxa axustada de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes, fronte aos 24 do informe anterior, 3 superan os 500 casos por 100.000 habitantes. No que se refire aos concellos de menos de 10.000 habitantes, 104 presentan unha taxa axustada de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes, fronte aos 55 do informe anterior. Deles, 14 presentan taxas axustadas de incidencia iguais ou superiores a 500 casos por cen mil habitantes. No que atinxe ás comarcas, as de Terra de Lemos, Ordes e Viana encóntranse no nivel máximo.

Desde a posta en marcha da vixilancia da prevalencia das variantes en Galicia, baseada na aplicación dunhas PCR específicas sobre unha mostra aleatoria das mostras positivas para SARS-CoV-2 por PCR da semana previa, identificadas nos servizos de microbioloxía dos hospitais CHUAC, CHUS, CHUVI, CHUO, HULA e Vithas (Vigo), na semana epidemiolóxica 32/2021 (do 9 ao 15 de agosto) a porcentaxe de positividade para a posible variante Alfa foi dun 3 % (IC95 %: 2-4 %) e para a variante Delta foi do 96 %. (IC95 %: 95-97 %). Polas diferenzas nas fraccións de mostraxe entre áreas sanitarias, a prevalencia axustouse ao número de casos en cadansúa área, que é notablemente diferente á prevalencia sen axustar 97 % (IC95 %: 96-98 %) e 2 % (IC95 %: 1-3 %) para as variantes Delta e Alfa, respectivamente. Ata a semana 32, incluída, das variantes de preocupación (VOC) identificáronse 947 casos da variante Alfa con secuenciación completa; 42 da variante Beta (B.1.351 ou surafricana); 82 da variante Gamma (P1 ou brasileira); 494 da variante Delta



(B.1.617.2 ou india). Ademais das VOC, tense constancia de 3 mostras coa variante Eta (B.1.525 ou nixeriana); 9 mostras coa variante Iota (B.1.526 ou de Nova York); 21 mostras coa variante Lambda (C.37) e 51 mostras con variante B.1.621 (colombiana).

O informe conclúe que a taxa de incidencia diminúe tanto a 7 como a 14 días. A tendencia amosou un novo cambio cara ao descenso, cunha porcentaxe de cambio diaria do -4,1 % a partir do 21 de xullo. O R_t no global de Galicia segue por debaixo do 1. A información do modelo de predición indica que a incidencia vai diminuír tanto a 7 como a 14 días.

A taxa de incidencia a 14 días, no global de Galicia, está nos 325 casos por cen mil habitantes. Todas as áreas sanitarias diminúen a súa incidencia a 14 días. As áreas sanitarias de Santiago, Ferrol, Lugo e Ourense aumentaron as súas taxas a 7 días respecto á semana previa. En canto á evolución da incidencia por grupos de idade e área sanitaria, obsérvase un aumento nos grupos de idade de 0 a 29 anos na Área de Santiago de Compostela, no de 0 a 14 na de Ferrol e no de 15 a 29 na de Lugo. No que atinxe aos concellos de máis de 10.000 habitantes, xa aplicando o axuste de taxas, hai 32 concellos con taxas de incidencia a 14 días iguais ou superiores a 250 casos por cen mil habitantes. Nos de menos de 10.000, hai 104 concellos que superan unha taxa de incidencia de 250 casos por cen mil habitantes. Isto supón un aumento con respecto á última semana.

Neste momento, a variante Delta (india) é a prevalente e pódese considerar que é a que circula, xa que a Alfa ten unha prevalencia do 3 %. Posto que a variante Delta ten unha maior transmisibilidade, isto explica, entre outros posibles motivos, a alta incidencia, especialmente nos máis novos, que son os que teñen unha maior mobilidade.

Cómpre indicar que o criterio que se vén utilizando para determinar os niveis de restrición aplicables a cada un dos concellos da Comunidade Autónoma é, ademais do da situación sanitaria, o da taxa de incidencia acumulada segundo os casos por cada 100.000 habitantes, tanto a 14 días como a 7 días; esta última permite reaccionar con maior rapidez e eficacia fronte aos gromos. Desta maneira establecéronse os seguintes niveis de restricións: nivel de restricións máximo, alto, medio e medio-baixo.

Atendendo ás taxas de incidencia acumulada a 14 días, sitúanse no nivel medio-baixo os concellos con taxas por debaixo dos 150 casos por cada 100.000 habitantes; no medio, os concellos con taxas que se encontren entre os 150 e por debaixo dos 250 casos por cada 100.000 habitantes; no alto, os concellos con taxas que se atopan entre os 250 e por debaixo dos 500 casos por cada 100.000 habitantes, e no nivel de restrición máxima, os concellos cuxas taxas de incidencia acumulada sexan máis de 500 casos por 100.000 ha-



bitantes. Pola súa banda, atendendo ás taxas de incidencia acumulada a 7 días, sitúanse no nivel medio-baixo os concellos que se encontren por debaixo dos 75 casos por cada 100.000 habitantes; no medio, os concellos que se encontren entre os 75 e por debaixo dos 125 casos por cada 100.000 habitantes; no nivel alto, os concellos que se encontren entre os 125 e por debaixo dos 250 casos por cada 100.000 habitantes, e no nivel de restrición máxima, os concellos cuxas taxas de incidencia acumulada sexan máis de 500 casos por 100.000 habitantes.

A taxa de incidencia acumulada non é o único criterio que se ten en conta para determinar o nivel aplicable a cada concello, xa que este dato se modula en función doutros factores e da análise da situación do propio concello. Así, o criterio da incidencia vese completado coa consideración de criterios demográficos (pois debe terse en conta que en concellos de escasa poboación poucos casos poden dar lugar a taxas moi elevadas, que deben ser postas no debido contexto). Ademais, os servizos de saúde pública e o Comité e o Subcomité Clínico veñen analizando as características específicas de cada gromo. Neste sentido, véñese prestando unha especial atención á existencia de gromos non controlados ou de casos sen vínculo epidemiolóxico, así como ao feito de que non se observe unha melloría clara na evolución da situación epidemiolóxica.

Actualmente, o avance da campaña de vacinación masiva está a conseguir protexer a poboación e retomar actividades económicas e sociais ata o de agora limitadas para evitar un maior número de contaxios. Non obstante, e mentres non se alcance a inmunidade de grupo, é necesario seguir adoptando medidas preventivas e de control que permitan garantir as máximas condicións de seguridade e reducir o risco de contaxio e propagación da COVID-19. Estas medidas deben ser adecuadas e eficaces de acordo coa evolución da situación epidemiolóxica e de capacidade do sistema asistencial.

Tendo en conta o expresado en relación con que existe unha porcentaxe moi elevada de poboación vacinada, o cal permitiu unha redución importante de hospitalizacións e falecementos, foi necesario actualizar os indicadores de risco establecidos antes do inicio da campaña de vacinación. Deste xeito, a partir da adopción destes novos criterios, as medidas de prevención e control pretenden adaptarse ao novo escenario, onde prevalecen os casos entre a poboación máis nova e na cal unha porcentaxe maioritaria non ten consecuencias clínicas importantes.

Non obstante, dada a situación actual da onda epidémica, en que os dous terzos dos casos se están a dar entre os 15 e 39 anos de idade, que a situación da carga asistencial hospitalaria, a pesar das taxas de incidencia elevadas, está en taxas de 3,2 e 0,6 ingresos por



100.000 habitantes en hospitalización de agudos e en unidades de críticos, respectivamente, o que está a indicar que esta onda ten un menor impacto nos ingresos pola COVID-19, feito atribuíble tanto á vacinación nos maiores como á idade dos casos, que teñen un menor risco de padecer enfermidade grave, decidiuse axustar as taxas de incidencia calculadas con base nun factor de corrección.

Para establecer a modificación dos niveis de restrición recollidos nesta orde, tivéronse en conta as taxas de incidencia a 14 e a 7 días axustadas, mais mantendo as mesmas taxas de incidencia previas ao axuste. Para o axuste, calculouse un factor de corrección que se interpreta como o risco relativo de ingreso no período comprendido entre agosto de 2020 e marzo de 2021 (período de referencia) comparado co momento actual. Este factor é superior a 1, debido á vacinación e á diferente distribución por idade dos casos, que actualmente se concentran fundamentalmente na poboación de 15 a 29 anos. Para axustar a incidencia a 7 e a 14 días dos concellos, divídese a taxa bruta polo factor de corrección. O factor de corrección calcúlase, para cada día, como o cociente entre a taxa bruta de ingresos nos últimos 28 días e a taxa axustada por idade, aplicando o método directo e usando como poboación estándar o número de casos do período de referencia. A taxa bruta de ingresos a 28 días é a porcentaxe de casos que ingresaron entre os casos con diagnóstico por PCR ou tests de antíxenos acumulados nos últimos 28 días. As taxas específicas de ingreso por idade calcúlanse do mesmo xeito pero no grupo de idade correspondente. A taxa axustada de ingresos calcúlase aplicando as taxas específicas de ingreso por idade a 28 días á poboación de referencia. A suma dos valores obtidos por idade divídese entre o total de casos do período de referencia (97.996) e o resultado interprétase como a porcentaxe de casos que terían ingresado se tivesen a mesma distribución por idade que no período de referencia (taxa de ingresos axustada). Igualmente, para o descenso do nivel de restrición terase en conta a evolución das súas taxas de incidencia, que indique un claro descenso desta incidencia e se a aparición de casos novos está dentro do esperado no contexto dos gromos que se estean a desenvolver nos concellos.

A cada un dos distintos niveis de restrición seranlle de aplicación as medidas xerais e específicas previstas para cada caso nas disposicións vixentes, aprobadas polas autoridades sanitarias competentes, tendo en conta, ademais, que actualmente está cientificamente constatado que, mentres non exista unha alta cobertura poboacional de vacinación, as intervencións non farmacolóxicas son as intervencións de saúde pública máis efectivas contra a COVID-19, medidas que se poderán ir suavizando na súa aplicación á vista da situación epidemiolóxica no territorio e do aumento da cobertura vacinal. Débese salientar, ao fío do anterior, que Galicia conta cunha poboación especialmente envellecida, cunha porcentaxe de persoas de 65 e máis anos (ano 2020) do 25,4 % fronte ao 19,6 % do



conxunto de España. Porén, tamén hai que ter en consideración que, aínda que esta cobertura se obteña en determinados grupos, a distribución poboacional pode ser desigual, se se ten en conta toda a poboación e non os grupos de idade prioritarios que se están a vacinar en primeiro lugar. Tampouco se pode esquecer que mentres non se consiga conter a pandemia no mundo, con países con alta circulación do virus, poden aparecer novas variantes do virus que poidan ter a capacidade de escapar á inmunidade proporcionada polas vacinas actuais. Ademais, a circulación da variante Delta (india) pode facer que haxa escape á inmunidade naquelas persoas que non estean completamente vacinadas e certo escape nas completamente vacinadas, sen esquecer que esta variante se considera que é un 40-60 % máis transmisible que a variante Alfa (británica).

Non obstante, estas medidas aplicaranse con criterios epidemiolóxicos, pero tamén de proporcionalidade, e estarán en vixencia só durante o tempo preciso para asegurar que a evolución desta situación epidemiolóxica é boa e se está a cortar a transmisión, que é o obxectivo destas medidas.

En atención ao exposto, tendo en conta o indicado no citado informe da Dirección Xeral de Saúde Pública e logo de escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, acórdase que ascendan ao nivel máximo de restricións os concellos de Ordes e Monforte de Lemos, polas súas taxas axustadas a 7 e a 14 días. Nestes dous concellos o aumento da incidencia foi explosivo na última semana.

Pola súa banda, acórdase manter no nivel alto os seguintes concellos:

Laxe, Muxía e Rábade, xa que, aínda que a súa taxa a 7 e a 14 días é propia do nivel máximo de restricións, a evolución da súa situación epidemiolóxica está a mellorar e os casos forman parte de gromos coñecidos.

Fisterra e A Cañiza xa que, aínda que as súas taxas axustadas a 14 días son propias do nivel máximo, a súa situación mellorou nos últimos 7 días, mesmo presentando unha taxa a 7 días propia do nivel alto, polo que se considera que este nivel é suficiente para o control da situación.

Ares, aínda que a súa taxa a 7 días é propia do nivel máximo, xa que os casos se están a dar entre contactos corentenados que forman parte dun gromo de orixe coñecida.

Trazo e Cariño, aínda que as súas taxas a 7 e/ou 14 días son propias do nivel máximo, xa que nestes concellos con pouca poboación a incidencia aumenta inmediatamente. Ademais, os casos destes concellos pertencen a gromos e están ben rastrexados.



Betanzos, Camariñas, Cee, Sada, Vimianzo, Pontedeume e Nigrán, polas súas taxas a 7 e a 14 días.

A Rúa, Ponte Caldelas e O Rosal, polas súas taxas a 14 días. A pesar de que a súa situación epidemiolóxica mellorou a 7 días, non foi o suficiente como para asegurar a tendencia ao descenso da súa incidencia.

O Barco de Valdeorras, pola súa taxa a 7 días, o que indica que este concello empeorou a súa situación epidemiolóxica na última semana.

Así mesmo, acórdase que ascendan ao nivel alto os seguintes concellos:

O Saviñao, Pantón, Sober e Cerdedo-Cotobade, actualmente no nivel medio-baixo, polas súas taxas a 7 días. Nos concellos pertencentes á Área Sanitaria de Lugo deuse un aumento explosivo de casos, que se relacionou coas festas do concello de Monforte de Lemos, xa que ou son concellos da mesma comarca, ou próximos. No caso de Cerdedo-Cotobade, polo de agora estase a investigar a orixe do gromo, pero, dado o tamaño de poboación deste concello, considérase que se pode manter neste nivel alto.

Carral e Cerceda, actualmente no nivel medio, tal como indican as súas taxas a 7 e a 14 días. Nestes concellos a incidencia aumentou de súpeto nos últimos 7 días.

Melide, A Pastoriza, Castro de Rei e Meira, aínda que as súas taxas a 7 días son propias do nivel máximo, debido a que se considera que este nivel podería ser suficiente, polo de agora, para o control da súa incidencia, que aumentou a raíz das festas patronais que tiveron lugar no mesmo concello ou nos veciños.

Viana do Bolo, aínda que as súas taxas a 7 e a 14 días son propias do nivel máximo, debido a que os casos se están a dar en gromos controlados de reunións festivas familiares e con persoas procedentes de fóra de Galicia.

Por último, acórdase que descendan ao nivel medio, desde o nivel alto, os seguintes concellos:

Arteixo, Cabana de Bergantiños, Malpica de Bergantiños, Miño, Pontearreas e Redondela, aínda que as súas taxas a 14 días son propias do nivel alto, porque as súas taxas a 7 días xa son de nivel medio e a evolución da súa situación epidemiolóxica é favorable e está en claro descenso a súa incidencia.

Cabanas, Bueu, Arbo, As Neves, Tomiño e Tui, tal e como indican as súas taxas.



Mantéñense no nivel medio os seguintes concellos:

Coirós, Zas e A Veiga xa que, aínda que as súas taxas a 7 e a 14 días son propias do nivel máximo, son concellos con pouca poboación e neles, ou ben están a mellorar as súas taxas de incidencia a 7 días, ou ben os casos existentes forman parte dun gromo controlado.

A Coruña, Corcubión, Oza-Cesuras, Ponteceso, Ferrol, Chantada, Outeiro de Rei, A Lama, Soutomaior, Pazos de Borbén e Vigo xa que, a pesar de que as súas taxas a 7 e/ou 14 días son propias do nivel alto, ou ben as súas taxas a 7 días son de nivel medio, ou ben os seus casos pertencen a gromos controlados, ou ben o aumento da súa incidencia a 7 días non é elevado, polo que polo de agora se poden manter neste nivel.

Cambre, Carballo, Culleredo, Oleiros, Boiro, Rianxo, Santa Comba, Silleda, Fene, Narón, Lugo, Allariz, O Carballiño, Verín, Xinzo de Limia, Caldas de Reis, Catoira, Marín, Poio, Pontevedra, Sanxenxo, Gondomar, O Porriño e Salceda de Caselas, tal e como indican as súas taxas a 7 e/ou a 14 días.

Oroso, Porto do Son e Mugar dos xa que, aínda que as súas taxas a 7 días son propias do nivel alto, se considera oportuno esperar a coñecer a evolución da súa situación epidemiolóxica antes de ascendelos ao nivel alto.

Begonte, aínda que as súas taxas a 7 e 14 días son propias do nivel alto, xa que os casos están relacionados entre si e dado o seu tamaño de poboación, considérase que, de momento, se pode manter neste nivel e non ascender ao nivel alto.

Ourense, aínda que as súas taxas son propias do nivel medio-baixo, dado que a incidencia, sen acadar o nivel medio, aumentou nestes últimos días e adoita ser un concello que, cando comeza a ascender a súa incidencia, logo non descende con facilidade, polo que é preferible esperar uns días para observar se a súa evolución cambia de novo ou, polo contrario, segue en ascenso.

Pola súa banda, descenden do nivel medio ao nivel medio-baixo os seguintes concellos:

A Laracha, Abegondo, Coristanco, Curtis, Touro, Monterroso, Coles, Portas e Salvaterra de Miño, xa que as súas taxas a 7 días son propias do dito nivel medio-baixo.

Meis e O Grove xa que, aínda que as súas taxas a 14 días son propias do nivel medio, as taxas a 7 días son de nivel medio-baixo e a evolución da súa incidencia leva días manifestando un claro descenso.



Avión, aínda que a súa taxa a 14 días indica o nivel alto, xa que o gromo deste concello está en resolución e dado o tamaño da súa poboación, considérase que pode descender a este nivel.

O resto de concellos de Galicia inclúense no nivel medio-baixo de restricións.

A eficacia desta orde comezará ás 00.00 horas do día 28 de agosto de 2021 e estenderase durante o período en que se manteña a eficacia da Orde do 25 de xuño de 2021, sen prexuízo do seguimento e da avaliación continua a que está sometida co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

III

As medidas que se adoptan nesta orde teñen o seu fundamento normativo no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 a 38.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para adoptar as medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica existente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, coa urxencia que a protección da saúde pública demanda.

Na súa virtude, en aplicación do punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. *Modificación da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia*

Modifícase o anexo II da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica



derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado segundo o anexo desta orde.

Segundo. *Eficacia*

1. As medidas previstas nesta orde terán efectos desde as 00.00 horas do día 28 de agosto de 2021.

2. No caso das celebracións e eventos en establecementos de restauración para os días 28 e 29 de agosto que xa estivesen concertados antes do día 26 de agosto, non serán aplicables as limitacións que sexan consecuencia da elevación do nivel de restrición, ben que estas celebracións e eventos deberán ser comunicados polos titulares dos establecementos á correspondente xefatura territorial da Consellería de Sanidade para que se poidan adoptar as medidas ou efectuar as recomendacións pertinentes.

3. En cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas previstas nesta orde serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser prorrogadas, modificadas ou levantadas por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Santiago de Compostela, 25 de agosto de 2021

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade

ANEXO

«ANEXO II

A) Concellos con nivel de restrición máxima:

Ordes

Monforte de Lemos

B) Concellos con nivel de restrición alta:

Ares

Barco de Valdeorras (O)



Betanzos
Camariñas
Cañiza (A)
Cariño
Carral
Castro de Rei
Cee
Cerceda
Cerdedo-Cotobade
Fisterra
Laxe
Meira
Melide
Muxía
Nigrán
Pantón
Pastoriza (A)
Ponte Caldelas
Pontedeume
Rábade
Rúa (A)
Rosal (O)
Sada
Saviñao (O)
Sober
Trazo
Viana do Bolo
Vimianzo

C) Concellos con nivel de restrición media:

Allariz
Arbo
Arteixo
Begonte
Boiro
Bueu
Cabana de Bergantiños



Cabanas
Caldas de Reis
Cambre
Carballiño (O)
Carballo
Catoira
Chantada
Coirós
Corcubión
Coruña (A)
Culleredo
Fene
Ferrol
Gondomar
Lama (A)
Lugo
Malpica de Bergantiños
Marín
Miño
Mugardos
Narón
Neves (As)
Oleiros
Oroso
Ourense
Outeiro de Rei
Oza-Cesuras
Pazos de Borbén
Poio
Ponteareas
Ponteceso
Pontevedra
Porriño (O)
Porto do Son
Redondela
Rianxo
Salceda de Caselas



Santa Comba
Sanxenxo
Silleda
Soutomaior
Tomiño
Tui
Veiga (A)
Verín
Vigo
Xinzo de Limia
Zas

D) Concellos con nivel de restrición media-baixa:

Abadín
Abegondo
Agolada
Alfoz
Ames
Amoeiro
Antas de Ulla
Aranga
Arnoia (A)
Arzúa
Avión
Baiona
Baleira
Baltar
Bande
Baña (A)
Baños de Molgas
Baralla
Barbadás
Barreiros
Barro
Beade
Beariz
Becerreá



Bergondo
Blancos (Os)
Boborás
Bola (A)
Bolo (O)
Boqueixón
Bóveda
Boimorto
Brión
Burela
Calvos de Randín
Cambados
Campo Lameiro
Cangas
Capela (A)
Carballeda de Avia
Carballeda de Valdeorras
Carballedo
Carnota
Cartelle
Castrelo de Miño
Castrelo do Val
Castro Caldelas
Castroverde
Cedeira
Celanova
Cenlle
Cerdido
Cervantes
Cervo
Chandrexa de Queixa
Coles
Corgo (O)
Coristanco
Cortegada
Cospeito
Covelo



Crecente
Cualedro
Cuntis
Curtis
Dodro
Dozón
Dumbría
Entrimo
Esgos
Estrada (A)
Folgozo do Courel
Fonsagrada (A)
Forcarei
Fornelos de Montes
Foz
Frades
Friol
Gomesende
Grove (O)
Guarda (A)
Gudiña (A)
Guitiriz
Guntín
Illa de Arousa (A)
Incio (O)
Irixo (O)
Irixoa
Lalín
Láncara
Laracha (A)
Larouco
Laza
Leiro
Lobeira
Lobios
Lourenzá
Lousame



Maceda
Manzaneda
Mañón
Maside
Mazaricos
Meaño
Meis
Melón
Merca (A)
Mesía
Mezquita (A)
Moaña
Moeche
Mondariz
Mondariz-Balneario
Mondoñedo
Monfero
Montederramo
Monterrei
Monterroso
Moraña
Mos
Muíños
Muras
Muros
Navia de Suarna
Neda
Negreira
Negreira de Muñiz
Nogais (As)
Nogueira de Ramuín
Noia
Oia
Oímbra
Ortigueira
Ouro
Outes



Paderne
Paderne de Allariz
Padrenda
Padrón
Palas de Rei
Parada de Sil
Paradela
Páramo (O)
Pedrafita do Cebreiro
Pereiro de Aguiar (O)
Peroxa (A)
Petín
Pino (O)
Piñor
Pobra de Trives (A)
Pobra do Brollón (A)
Pobra do Caramiñal (A)
Pol
Pontecesures
Pontedeiva
Pontenova (A)
Pontes de García Rodríguez (As)
Porqueira
Portas
Portomarín
Punxín
Quintela de Leirado
Quiroga
Rairiz de Veiga
Ramirás
Ribadavia
Ribadeo
Ribadumia
Ribas de Sil
Ribeira
Ribeira de Piquín
Riós



Riotorto
Rodeiro
Rois
Rubiá
Salvaterra de Miño
Samos
San Amaro
San Cibrao das Viñas
San Cristovo de Cea
Sandiás
San Sadurniño
Santiago de Compostela
Santiso
San Xoán de Río
Sarreaus
Sarria
Sobrado
Somozas (As)
Taboada
Taboadela
Teixeira (A)
Teo
Toén
Toques
Tordoia
Touro
Trabada
Trasmiras
Triacastela
Valadouro (O)
Val do Dubra
Valdoviño
Valga
Vedra
Verea
Vicedo (O)
Vilaboa



Vila de Cruces
Vilagarcía de Arousa
Vilalba
Vilamarín
Vilamartín de Valdeorras
Vilanova de Arousa
Vilar de Barrio
Vilar de Santos
Vilardevos
Vilariño de Conso
Vilarmaior
Vilasantar
Viveiro
Xermade
Xove
Xunqueira de Ambía
Xunqueira de Espadanedo»



I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 20 de agosto de 2021 pola que se prorroga e se modifica a Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e se mantén a suspensión da exigencia da exhibición de documentación para o acceso a determinados establecementos prevista nela e na Orde do 1 de xullo de 2021 pola que se aproba o Protocolo para a reactivación do lecer nocturno no marco da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, e se substitúe por unha regulación transitoria e provisional.

I

A evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia fai necesario que as autoridades sanitarias autonómicas sigan adoptando determinadas medidas de prevención orientadas a conter a propagación da infección e dirixidas a facer fronte á crise sanitaria derivada da COVID-19.

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020 sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto dese acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Con esta finalidade poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade. Establécese, ademais, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de conformidade coa normativa aplicable e en vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou



complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou en parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e que modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación das medidas concretas contidas no anexo do citado acordo.

Con base no disposto no citado punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020, adoptáronse, mediante a Orde do 25 de xuño de 2021, unha serie de medidas que teñen por obxecto regular distintas actividades coa finalidade de que se poidan desenvolver en condicións de seguridade, minimizando ao máximo o risco de contaxio e a propagación da enfermidade.

Estas medidas específicas tradúcense, en moitos casos, no establecemento de capacidades máximas e na regulación destas, xa que se demostrou que para lograr o fin proposto resulta imprescindible evitar as aglomeracións e garantir o mantemento en todo momento da distancia de seguridade, reducindo o contacto físico ou a proximidade en condicións favorecedoras do contaxio. A evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma exixiu modificar determinados aspectos da orde coa finalidade de adaptar as medidas contidas nela á realidade actual, o que se fixo mediante a Orde do 1 de xullo de 2021.

Posteriormente, mediante a Orde do 8 de xullo de 2021 introducíronse novas modificacións e prorrogouse a eficacia da Orde do 25 de xuño ata as 00.00 horas do 24 de xullo de 2021, e mediante a Orde do 15 de xullo de 2021 modificáronse a Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e a Orde do 1 de xullo de 2021 pola que se aproba o Protocolo para a reactivación do lecer nocturno no marco da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19.

Neste marco, e coa finalidade de que as medidas de prevención fronte á COVID-19 si gan adaptándose á evolución da situación epidemiolóxica, mediante a Orde do 22 de xullo de 2021 acometeuse unha nova prórroga e modificación da Orde do 25 de xuño, de conformidade coa previsión contida no punto noveno da citada Orde do 25 de xuño de 2021, segundo a cal, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas previstas nela deben ser obxecto de seguimento e avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria, e modificouse a Orde do 1 de xullo de 2021 pola que se aproba o Protocolo para a reactivación do lecer nocturno no marco da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19.



Mediante a Orde do 29 de xullo de 2021 modificouse o anexo II da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

Finalmente, mediante a Orde do 5 de agosto de 2021 introducíronse novas modificacións e prorrogouse a Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

Así mesmo, debe terse en conta que o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en dous autos notificados o día 12 de agosto de 2021, que resolven solicitudes de medidas cautelárisimas presentadas en recursos contencioso-administrativos presentados contra a Orde do 22 de xullo de 2021 pola que se prorroga e se modifica a Orde do 25 de xuño de 2021, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, e se modifica a Orde do 1 de xullo de 2021 pola que se aproba o Protocolo para a reactivación do lecer nocturno no marco da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, denega as medidas de suspensión solicitadas, pero nos seus fundamentos de dereito entende que as medidas referidas á obriga de presentar un certificado emitido polo Servizo Público de Saúde que acredite as circunstancias que se apuntan en relación coa hostalaría e a restauración (vacinação, recuperación ou proba diagnóstica de infección activa negativa) requirirían de autorización xudicial preceptiva conforme o disposto na nova redacción do artigo 10.8 da LXCA dada pola Lei 3/2020, do 18 de setembro, de medidas procesuais organizativas para facer fronte á COVID-19, por consideralas como medidas restritivas de dereitos. Polo exposto, o Tribunal entende que estas medidas carecen de vixencia na Comunidade Autónoma de Galicia, por canto non se someteron a autorización da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

A Administración autonómica considerou no seu día que o contido destas medidas non precisaba de autorización xudicial preceptiva, ao non limitar ou restrinxir dereitos fundamentais e basearse no artigo 38.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia. Porén, tendo en conta o criterio manifestado nestes autos polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a Administración autonómica considerou que o procedente era solicitar a dita autorización, para evitar calquera dúbida en relación coa vixencia e eficacia da existencia destes certificados e fomentar, así, a seguridade xurídica.



Debe lembrarse que, en todo caso, o empeño da Administración autonómica é garantir o libre exercicio das actividades económicas concernidas, compatibilizándoo coa maior seguridade sanitaria posible. Así mesmo, cabe lembrar que a existencia deste certificado permitiu a apertura dos interiores da hostalaría e restauración en situacións en que antes estaban pechados, así como do lecer nocturno, en circunstancias en que antes estaba suspendida. Por iso, enténdese que a existencia de certificados é, en todo caso, unha medida alternativa menos gravosa ao peche destas actividades.

Deste modo, á espera do pronunciamento do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre a autorización da existencia dos certificados anteditos, mediante a Orde do 13 de agosto de 2021 suspendeuse expresamente, por razóns de coherencia, a eficacia das previsións da regulación vixente en que se prevía a existencia destes certificados e substituíuse esta existencia por unha regulación transitoria e provisional.

A Orde de 13 de agosto resaltaba na súa exposición de motivos o carácter transitorio e provisional desta regulación, que non prexulgaba, polo tanto, de ningún xeito, a súa conformación definitiva no caso de non ser autorizada a medida de existencia de certificados. Neste sentido, expresábase que no caso de que non se autorizase a medida de existencia de certificados, esta regulación sería revisada na seguinte reunión do Comité Clínico.

Con data do 14 de agosto de 2021, notificouse providencia da Sección Terceira da Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en que se adiantaba a denegación da autorización xudicial da medida da existencia de certificados. O Auto 97/2021 polo que se denega a autorización das medidas consistentes na exhibición de documentación para o acceso a determinados establecementos previstos na Orde de 13 de agosto de 2021 foi ditado o día 20 de agosto de 2021 e notificado nesta data. Á vista desta situación, e á espera da existencia dunha decisión xudicial firme que se pronuncie sobre esta cuestión, debe manterse a regulación transitoria e provisional ditada en substitución da existencia de exhibición de documentación acreditativa de determinadas circunstancias, coas adaptacións que se recollen nesta orde, tendo en conta a evolución favorable da situación epidemiolóxica.

Posteriormente, mediante a Orde do 16 de agosto de 2021 modificouse o anexo II da Orde do 25 de xuño para adaptalo á situación derivada da evolución da pandemia.

Na reunión do Comité Clínico do día 18 de agosto de 2021 revisouse tanto a evolución da situación epidemiolóxica como a indicada regulación transitoria e provisional. Mediante a presente orde mantéñense a suspensión da existencia da exhibición de documentación,



así como as medidas adoptadas na Orde do 13 de agosto, adaptadas á evolución favorable da situación epidemiolóxica.

Ademais, dado que, en termos xerais, malia a evolución favorable, se mantén na Comunidade Autónoma a situación epidemiolóxica que motivou a adopción das medidas recollidas na Orde do 25 de xuño, óptase por prorrogar a súa eficacia, ata as 00.00 horas do día 4 de setembro, e por introducir determinadas modificacións coa finalidade de adaptala á concreta evolución da situación epidemiolóxica de determinados concellos, incluídos no nivel de restricións que en cada caso corresponda os concellos en que variou a situación.

En concreto, na regulación transitoria e provisional que se aproba nesta orde en substitución da exigencia de exhibición de documentación para o acceso a determinados establecementos, introdúcense tamén determinadas modificacións que son xa posibles neste momento, tendo en conta a evolución da situación epidemiolóxica. Así, nos establecementos de hostalaría e restauración, xogo, lecer nocturno e albergues, coa finalidade de continuar avanzando na modulación de determinadas restricións e compatibilizar o desenvolvemento das correspondentes actividades coa seguridade sanitaria, óptase por aumentar a capacidade máxima permitida en determinados casos, e todo isto sen prexuízo das medidas máis permisivas que se poidan aprobar se finalmente se autoriza a medida consiste na exigencia da exhibición de documentación para o acceso a determinados establecementos, polas maiores garantías de seguridade sanitaria que ofrece esta medida.

II

A adopción das medidas contidas nesta orde vén determinada pola evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria da Comunidade Autónoma. Así resulta do informe da Dirección Xeral de Saúde Pública do 19 de agosto de 2021, do cal se destacan os seguintes datos:

O número reprodutivo instantáneo (Rt), que indica o número de contaxios orixinados por un caso activo, está por debaixo do 1, o que indica unha diminución na transmisión da infección. Todas as áreas están por debaixo do 1.

Do total de concellos de Galicia, 41 non notificaron casos nos últimos 14 días. O número de concellos sen casos nos últimos 7 días foi de 74. Isto supón un aumento en 9 concellos a 14 días e en 14 concellos a 7 días desde o día 8 de agosto, que era de 32 e 60, a 14 e 7 días.



Entre o 6 e o 12 de agosto realizáronse 70.281 probas diagnósticas de infección activa polo virus SARS-CoV-2 (46.087 PCR e 24,194 tests de antíxenos) cunha porcentaxe de positividade a sete días do 9,99 %, o que supón un descenso do 13,7 %, con respecto a entre o 27 de xullo e o 2 de agosto, que era do 11,57 %.

A incidencia acumulada a 7 e 14 días é de 166 e 416 casos por cen mil habitantes, respectivamente, valores inferiores aos observados no reflectido no informe do día 8 de agosto, en que eran de 253 e 547 casos por cen mil habitantes, respectivamente (descenso do 34 % a 7 días e do 24 % a 14 días).

A tendencia diaria mostra, desde o 1 de marzo, un primeiro tramo de crecemento lento, cunha porcentaxe de cambio diaria (PCD) do 0,6 %, un segundo tramo decrecente, a un ritmo non moi rápido, cunha PCD do -2,2 % e un terceiro, a partir do 19 de xuño, de crecemento cunha PCD do 10,4 %, e a partir do 21 de xullo un decrecemento cunha PCD do 4,1 %. Segundo este modelo espérase que a incidencia siga a diminuír tanto a 7 como a 14 días. Aínda que os intervalos de confianza seguen a ser amplos.

En canto á evolución por grupos de idade, obsérvase que a incidencia acumulada por grupos de idade está a descender en todos os grupos máis novos, lixeiro descenso nos de 40 a 59 anos de idade e certa estabilización, tras o ascenso observado previamente, nos grupos de 50 e máis anos.

Polo que respecta á situación das áreas sanitarias, as taxas a 14 días das áreas están entre os 205,12 casos por 100.000 habitantes de Ourense e os 616,14 da Coruña. Pola súa banda, as taxas de incidencia a 14 días seguen a diminuír con respecto a hai 7 días. As áreas sanitarias de Santiago e Ourense descenderon dos 100 casos por 100.000 habitantes a 7 días e dos 250 casos por 100.000 habitantes a 14 días.

No que atinxe á evolución da incidencia por grupos de idade e por áreas sanitarias, os grupos de idade de 50 a 79 e de 80 e máis anos, en xeral, aumentaron en todas as áreas, aínda que se observa un descenso nos de 50 a 79 nas áreas de Santiago, Ourense e Pontevedra. Tamén se observa un descenso nos de 80 e máis anos na área de Pontevedra. No grupo de idade de 80 e máis anos obsérvase que nas áreas da Coruña e Vigo segue en aumento. Nas áreas de Lugo e Pontevedra obsérvase un novo incremento tras o descenso previo.

No que respecta á hospitalización dos casos COVID-19, a media de pacientes COVID-19 en hospitalización de agudos nos últimos 7 días foi de 245, o que significa un descenso do



que é notablemente diferente á prevalencia sen axustar 93 % (IC95 %: 92-94 %) e 5 % (IC95 %: 4-6 %) para as variantes Delta e Alfa, respectivamente. Ata a semana 301, incluída, das variantes de preocupación (VOC) identificáronse 9934 casos da variante Alfa con secuenciación completa; 36 da variante Beta (B.1.351 ou surafricana) por secuenciación completa; 82 da variante Gamma (P1 ou brasileira) por secuenciación completa; 395 da variante Delta (B.1.617.2 ou india). Ademais das VOC, tense constancia de 4 mostras coa variante Eta (B.1.525 ou nixeriana); 9 mostras coa variante Iota (B.1.526 ou de Nova York); 21 mostras coa variante Lambda (C.37) e 32 mostras con variante B.1.621 (colombiana).

O informe conclúe que a taxa de incidencia diminúe tanto a 7 como a 14 días. A tendencia amosou un novo cambio cara ao descenso, cunha porcentaxe de cambio diaria do 4,1 %, a partir do 21 de xullo. O Rt no global de Galicia segue debaixo do 1, o mesmo que en todas as áreas sanitarias. A información do modelo de predición indica que a incidencia vai diminuír tanto a 7 como a 14 días.

A taxa de incidencia a 14 días, no global de Galicia, está nos 416 casos por cen mil habitantes. Todas as áreas sanitarias diminúen a súa incidencia tanto a 7 como a 14. Santiago e Ourense teñen unha incidencia a 7 días menor dos 100 casos por 100.000 habitantes.

En canto á evolución da incidencia por grupos de idade e área sanitaria, obsérvase un descenso nos grupos por debaixo dos 40 anos. No grupo de idade de 80 e máis anos, nas áreas da Coruña e Vigo, a incidencia segue en aumento. Nas áreas de Lugo e Pontevedra obsérvase un novo incremento tras o descenso previo.

No que atinxe aos concellos de máis de 10.000 habitantes, xa aplicando o axuste de taxas, hai 24 concellos con taxas de incidencia a 14 días iguais ou superiores a 250 casos por cen mil habitantes. Nos de menos de 10.000 hai 55 concellos que superen unha taxa de incidencia de 250 casos por cen mil habitantes.

Neste momento, a variante Delta (india) é a prevalente e a prevalencia da Alfa (británica) segue a diminuír. O feito de que a variante Delta teña unha maior transmisibilidade explica, entre outros posibles motivos, a alta incidencia.

Cómpre indicar que o criterio que se vén utilizando para determinar os niveis de restrición aplicables a cada un dos concellos da Comunidade Autónoma é, ademais do da situación sanitaria, o da taxa de incidencia acumulada segundo os casos por cada 100.000 habitantes, tanto a 14 días como a 7 días; esta última permite reaccionar con maior rapidez



e eficacia fronte aos gromos. Desta maneira, establecéronse os seguintes niveis de restricións: nivel de restricións máximo, alto, medio e medio-baixo.

Atendendo ás taxas de incidencia acumulada a 14 días, sitúanse no nivel medio-baixo os concellos con taxas por debaixo dos 150 casos por cada 100.000 habitantes; no medio, os concellos con taxas que se atopen entre os 150 e por debaixo dos 250 casos por cada 100.000 habitantes; no alto, os concellos con taxas que se atopen entre os 250 e por debaixo dos 500 casos por cada 100.000 habitantes, e no nivel de restrición máxima, os concellos cuxas taxas de incidencia acumulada sexan máis de 500 casos por 100.000 habitantes.

Pola súa banda, atendendo ás taxas de incidencia acumulada a 7 días, sitúanse no nivel medio-baixo os concellos que se atopen por debaixo dos 75 casos por cada 100.000 habitantes; no medio, os concellos que se atopen entre os 75 e por debaixo dos 125 casos por cada 100.000 habitantes; no nivel alto, os concellos que se atopen entre os 125 e por debaixo dos 250 casos por cada 100.000 habitantes, e no nivel de restrición máxima, os concellos cuxas taxas de incidencia acumulada sexan máis de 500 casos por 100.000 habitantes.

A taxa de incidencia acumulada non é o único criterio que se ten en conta para determinar o nivel aplicable a cada concello, xa que este dato se modula en función doutros factores e da análise da situación do propio concello. Así, o criterio da incidencia vese completado coa consideración de criterios demográficos (pois debe terse en conta que en concellos de escasa poboación poucos casos poden dar lugar a taxas moi elevadas, que deben ser postas no debido contexto). Ademais, os servizos de saúde pública e o Comité e o Subcomité Clínico veñen analizando as características específicas de cada gromo. Neste sentido, véñse prestando unha especial atención á existencia de gromos non controlados ou de casos sen vínculo epidemiolóxico, así como ao feito de que non se observe unha melloría clara na evolución da situación epidemiolóxica.

Actualmente, o avance da campaña de vacinación masiva está a conseguir protexer a poboación e retomar actividades económicas e sociais ata o de agora limitadas para evitar un maior número de contaxios. Non obstante, e mentres non se alcance a inmunidade de grupo, é necesario seguir adoptando medidas preventivas e de control que permitan garantir as máximas condicións de seguridade e reducir o risco de contaxio e propagación da COVID-19. Estas medidas deben ser adecuadas e eficaces de acordo coa evolución da situación epidemiolóxica e de capacidade do sistema asistencial. Tendo en conta o expresado en relación con que existe unha porcentaxe moi elevada de poboación vacinada,



o cal permitiu unha redución importante de hospitalizacións e falecementos, foi necesario actualizar os indicadores de risco establecidos antes do inicio da campaña de vacinación.

Deste xeito, a partir da adopción destes novos criterios, as medidas de prevención e control pretenden adaptarse ao novo escenario en que nos atopamos, onde prevalecen os casos entre a poboación máis nova e na cal unha porcentaxe maioritaria non ten consecuencias clínicas importantes. Neste sentido, salientase que dous terzos dos casos se están a dar entre os 15 e os 39 anos de idade e que existe un menor risco de padecer a enfermidade grave nesas franxas de idade.

Na situación actual concorren, en definitiva, determinadas circunstancias que aconsellan axustar as taxas de incidencia acumulada mediante a aplicación dun factor de corrección baseado no risco de ingreso hospitalario, xa que a situación da carga asistencial hospitalaria é, neste momento, de 3,2 e 0,6 ingresos por 100.000 en hospitalización de agudos e en unidades de críticos, respectivamente, a pesar das taxas de incidencia elevadas que se están a observar. Isto indica que a onda ten un menor impacto nos ingresos pola COVID-19, o que se atribúe aos factores aludidos de vacinación dos maiores e á idade dos casos.

Para reflectir este feito, a partir da adopción deste novo criterio, a incidencia acumulada global a 14 e 7 días axustarase segundo evolucione o risco de ingreso en cada momento. A consideración do risco de ingreso como factor permitirá manter os niveis de restricións establecidos na súa forma actual (nivel máximo, nivel alto, nivel medio e nivel medio-baixo), pero cunha actualización dos valores que provocan a entrada nun ou noutro nivel segundo o factor expresado do risco de ingreso, o que permitirá ter en conta en cada momento de forma dinámica os efectos positivos do avance da campaña de vacinación. Para determinar nesta orde os concellos de nivel de restrición máximo e alto tivéronse en conta as taxas de incidencia a 14 e 7 días axustadas, mais mantendo as mesmas taxas de incidencia previas ao axuste.

A metodoloxía utilizada para o cálculo da incidencia acumulada axustada por risco de ingreso parte do cálculo dun factor de corrección que se interpreta como o risco relativo de ingreso no período comprendido entre agosto de 2020 e marzo de 2021 (período de referencia) comparado co momento actual. Este factor é superior a 1, debido á vacinación e á diferente distribución por idade dos casos, que actualmente se concentran fundamentalmente na poboación de 15 a 29 anos.

Para axustar a incidencia a 7 e a 14 días dos concellos, divídese a taxa bruta polo factor de corrección. O factor de corrección calcúlase, para cada día, como o cociente entre a



taxa bruta de ingresos nos últimos 28 días e a taxa axustada por idade, aplicando o método directo e usando como poboación estándar o número de casos do período de referencia.

A taxa bruta de ingresos a 28 días é a porcentaxe de casos que ingresaron entre os casos con diagnóstico por PCR ou tests de antixenos acumulados nos últimos 28 días. As taxas específicas de ingreso por idade calcúlanse do mesmo xeito, pero no grupo de idade correspondente. A taxa axustada de ingresos calcúlase aplicando as taxas específicas de ingreso por idade a 28 días á poboación de referencia.

A suma dos valores obtidos por idade divídese entre o total de casos do período de referencia (97.996) e o resultado interprétase como a porcentaxe de casos que terían ingresado se tivesen a mesma distribución por idade ca no período de referencia (taxa de ingresos axustada).

Igualmente, para o descenso do nivel de restrición, terase en conta a evolución das súas taxas de incidencia que indique un claro descenso desta incidencia e se a aparición de casos novos entra dentro do esperado no contexto dos gromos que se estean a desenvolver nos concellos. A cada un dos distintos niveis de restrición seranlle de aplicación as medidas xerais e específicas previstas para cada caso nas disposicións vixentes, aprobadas polas autoridades sanitarias competentes, tendo en conta, ademais, que actualmente está cientificamente constatado que, mentres non exista unha alta cobertura poboacional de vacinación, as intervencións non farmacolóxicas son as intervencións de saúde pública máis efectivas contra a COVID-19, medidas que se poderán ir suavizando na súa aplicación en vista da situación epidemiolóxica no territorio e do aumento da cobertura vacinal.

Debe destacarse, ao fío do anterior, que Galicia conta cunha poboación especialmente envellecida, cunha porcentaxe de persoas de 65 e máis anos (ano 2020) do 25,4 % fronte ao 19,6 % do conxunto de España. Porén, tamén hai que ter en consideración que, aínda que esta cobertura se obteña en determinados grupos, a distribución poboacional pode ser desigual, se se ten en conta toda a poboación e non os grupos de idade prioritarios que se están a vacinar en primeiro lugar. Tampouco se pode esquecer que mentres non se consiga conter a pandemia no mundo, con países con alta circulación do virus, poden aparecer novas variantes do virus que poidan ter a capacidade de escapar á inmunidade proporcionada polas vacinas actuais. Ademais, a circulación da variante Delta pode facer que haxa escape á inmunidade naquelas persoas que non estean completamente vacinadas e certo escape nas completamente vacinadas, sen esquecer que esta variante se considera que é un 40-60 % máis transmisible ca a variante Alfa. Non obstante, estas medidas aplicaranse con criterios epidemiolóxicos, pero tamén de proporcionalidade, e estarán en vixencia só



durante o tempo preciso para asegurar que a evolución desta situación epidemiolóxica é boa e se está a cortar a transmisión, que é o obxectivo destas medidas.

En atención ao exposto, tendo en conta o indicado no citado informe da Dirección Xeral de Saúde Pública e logo de escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, acórdase manter no nivel alto de restricións a Fisterra, Laxe, Malpica de Bergantiños, Cabanas, Arteixo, Betanzos, Cee, Miño, Sada, Pontedeume, Meis, Redondela, Tomiño, Tui, Bueu, O Grove, Arbo, As Neves, Nigrán e O Barco de Valdeorras.

Os concellos de Fisterra e Laxe presentan taxas axustadas a 7 e 14 días propias do nivel máximo, non obstante as súas taxas a 7 días melloraron, descendendo a incidencia desde o día 8 de agosto de 2021, polo que se considera que este nivel é suficiente, polo que agora, para controlar a evolución da súa incidencia.

Os concellos de Malpica de Bergantiños e Cabanas presentan taxas a 14 días propias do nivel máximo, non obstante a súa taxa axustada a 7 días é propia do nivel alto de restricións. A isto únese que a evolución da súa incidencia nos últimos 7 días é descendente, polo que se considera suficiente mantelos no nivel alto.

Tamén se manteñen no nivel alto os concellos de Arteixo, Betanzos, Cee, Miño, Sada, Pontedeume, Meis, Redondela, Tomiño, e Tui, polas súas taxas a 7 e a 14 días. En xeral, nestes concellos hai unha melloría da incidencia a 7 días, a pesar de que as súas taxas aínda son de nivel alto, pero espérase que, de seguir esta evolución, é posible que poidan descender de nivel proximamente.

Pola súa banda, os concellos de Bueu, O Grove, Arbo, As Neves e Nigrán permanecen no nivel alto polas súas taxas a 14 días. Todos eles melloraron a súa incidencia a 7 días e, de feito, esta taxa axustada sería, nestes concellos, de nivel medio, pero aínda non están o suficientemente preto do límite inferior do rango desta taxa como para descender de nivel, xa que é preciso asegurar a consolidación da boa evolución da súa situación epidemiolóxica.

Igualmente, mantense neste nivel alto o concello do Barco de Valdeorras, porque, malia a diminución da súa incidencia ata taxas propias do nivel medio, non se observa unha clara melloría como no resto de concellos que si descenden ao nivel medio. Ademais, este concello é a cabeceira da comarca e, en canto volve aumentar, por pouco que sexa, a súa incidencia irradia casos aos concellos do resto da comarca.



Acórdase que ascendan a nivel alto de restricións os concellos de Cabana de Bergantiños e Muxía, A Rúa, A Cañiza, Rábade, Camariñas, Vimianzo, Ares, Ponte Caldelas, Pontearreas e O Rosal, polos seguintes motivos:

Os concellos de Cabana de Bergantiños e Muxía, desde o nivel medio actual, porque aínda que presentan taxas a 7 e 14 días propias do nivel máximo, os casos existentes débense a gromos de orixe coñecida e controlada e os novos casos están a darse en casos previamente en corentena e, polo tanto, este nivel considérase suficiente para o control da incidencia, polo de agora, e máis se temos en conta o tamaño da súa poboación. Non obstante, manteranse en vixilancia para observar a evolución da súa situación epidemiolóxica.

O concello da Rúa, a pesar de que presenta unha taxa axustada a 7 días propia do nivel máximo, xa que os gromos existentes, que se producen fundamentalmente en xente nova e con transmisión secundaria nas súas familias, teñen orixe coñecida. Porén, debido ao tamaño poboacional deste concello, considérase que este nivel podería ser suficiente para o control da súa situación epidemiolóxica.

Os concellos da Cañiza e Rábade, desde o nivel medio-baixo actual, a pesar de que as súas taxas a 7 días son propias do nivel máximo. Particularmente, no caso da Cañiza polo tamaño da súa poboación (uns 5.000 habitantes) e á espera de coñecer a evolución da súa situación epidemiolóxica, decidiuse, polo de agora, ascendelo a este nivel e non ao máximo, a pesar de que non todos os casos teñen vínculo con gromos de orixe coñecida. No caso de Rábade, que ten 1.500 habitantes, posto que os casos están asociados a un bar e se atopan xa baixo control, considérase que este nivel podería ser suficiente para o control do gromo. Manterase en observación ata realizar o cribado pertinente entre os usuarios do bar e a veciñanza do concello.

Os concellos de Camariñas, Vimianzo, Ares, Ponte Caldelas e Pontearreas, polas súas taxas a 7 e 14 días. Todos estes concellos empeoraron a súa situación epidemiolóxica nos últimos 7 días, a pesar de estar no nivel medio de restricións.

O concello do Rosal, pola súa taxa a 7 días, xa que este concello, que descendeu ao nivel medio o día 14 de agosto, volveu presentar un aumento de casos nos últimos 7 días, polo que se considera preciso volver ascendelo ao nivel alto ata que a súa situación epidemiolóxica estea baixo control.



Finalmente, acórdase que descendan a nivel medio, desde o nivel alto actual, os seguintes concellos:

Por unha banda, os concellos de Carballo, Ames, Ribeira, Chantada, Lugo, Verín, Cambados, Marín, Poio, Vilagarcía de Arousa, Gondomar e Salvaterra do Miño, polas súas taxas axustadas a 7 e 14 días.

Por outra banda, os concellos da Laracha, Cambre, Culleredo, Oleiros, Ferrol, Outeiro de Rei, Ribadeo, Viveiro, Pontevedra, Portas, Sanxenxo, Soutomaior, A Guarda, Baiona e O Porriño presentan taxas a 14 días que son propias do nivel alto; non obstante, acórdase que descendan ao nivel medio de restricións debido á clara melloría da súa situación epidemiolóxica, tanto a 7 como a 14 días, e a que as súas taxas a 7 días ou ben son propias do nivel medio ou do nivel medio-baixo, ou ben están moi próximas ao límite inferior do rango desta taxa no nivel alto, de tal xeito que a dita taxa practicamente se corresponde co nivel medio.

Polo que se refire aos concellos da Coruña e Vigo, no momento da reunión do Comité Clínico e de emisión do Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública do día 19 de agosto, a súa situación era propia do nivel alto, ben que xa se advertía que a súa evolución era favorable e que era posible que puidesen descender de nivel nos seguintes días. Esta evolución favorable pode constatarase o día de adopción desta orde, segundo resulta dos datos que se recollen no Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública do día 20 de agosto. Concretamente, no caso de Vigo, salientase que a súa taxa de incidencia axustada a 7 días é propia do nivel medio de restricións; ademais, neste concello a razón de taxas a 7 días está por debaixo do 1 (concretamente é de 0,68), o que confirma a boa evolución da situación. O concello da Coruña tamén amosa unha mellora importante da súa situación epidemiolóxica, cunha evolución moi favorable que se reflicte nunha razón de taxas a 7 días por debaixo do 1 (concretamente, 0,60), o que significa que a incidencia a 7 días está a descender, cunha redución do 40 % con respecto á semana anterior. Os datos expostos determinan que se acorde a baixada de Vigo e A Coruña ao nivel medio de restricións.

Esta situación exige que, ademais de incluír estas cidades no nivel medio do anexo desta orde, se modifique tamén o anexo da Orde do 19 de agosto de 2021 pola que se prorroga e se modifica o anexo da Orde do 21 de xullo de 2021 pola que se establecen medidas cualificadas de prevención para facer fronte á evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e que precisan de autorización xudicial para a súa eficacia. En particular, polo que se refire a esta última orde, cabe



destacar que a modificación non supón un aumento do nivel de restricións que afectan dereitos fundamentais.

Pola súa banda, mantéñense no nivel medio de restricións os concellos de Coirós, Corcubión, Avión, A Lama, Abegondo, Coristanco, Curtis, Oza-Cesuras, Ponteceso, Boiro, Silleda, Touro, Narón, Neda, Monterroso, Catoira, Mondariz, Pazos de Borbén, Carral, Cerceda, Fene, Padrón, Rianxo, Mondoñedo, Monforte de Lemos, Sarria, Allariz, Coles, Xinzo da Limia, A Illa de Arousa, Cangas, Moaña, Santiago de Compostela, Mos, Salceda de Caselas, Cariño, O Carballiño, Zas, A Veiga, Trazo, Barreiros, Santa Comba e Caldas de Reis.

Os concellos de Coirós, Corcubión, Avión e A Lama mantéñense no nivel medio xa que, aínda que as súas taxas a 7 e/ou a 14 días son propias do nivel máximo de restricións, trátase de concellos con pouca poboación, nos cales poucos casos aumentan as súas taxas artificialmente e, en todos eles, os casos pertencen a gromos de orixe coñecida e están ben rastrexados e, nos que se deu algún caso novo, é entre contactos xa en corentena.

Os concellos de Abegondo, Coristanco, Curtis, Oza-Cesuras, Ponteceso, Boiro, Silleda, Touro, Narón, Neda, Monterroso, Catoira, Mondariz e Pazos de Borbén, a pesar de que as súas taxas a 7 e/ou 14 días son propias do nivel alto, xa que se trata de concellos, en xeral, pequenos, nos cales poucos casos aumentan as súas taxas. Ademais, na meirande parte deles, os casos están rastrexados e asociados a gromos.

Os concellos de Carral, Cerceda, Fene, Padrón, Rianxo, Mondoñedo, Monforte de Lemos, Sarria, Allariz, Coles, Xinzo da Limia, A Illa de Arousa, Cangas e Moaña mantéñense no nivel medio polas súas taxas a 7 e a 14 días.

Os concellos de Santiago de Compostela, Mos e Salceda de Caselas mantéñense no nivel medio pola súa taxa axustada a 14 días, xa que, a pesar da melloría da taxa a 7 días, considérase preciso asegurar que a boa evolución é estable e mantida no tempo.

Mantense neste nivel o concello de Cariño, pola súa taxa a 7 días, que supón un certo empeoramento da súa situación epidemiolóxica, aínda que se trata dun concello pequeno, mais nesta época recibe visitantes, polo que se considera que é necesario que siga neste nivel ata observar unha clara melloría na súa situación epidemiolóxica.

Os concellos do Carballiño e Ourense presentan taxas propias do nivel medio-baixo; non obstante, dado que entraron no nivel medio o día 14 de agosto de 2021, considérase



necesario mantelos nel para asegurar a súa boa evolución, posto que, tradicionalmente, se trata de concellos que aparentemente baixan a súa incidencia para, en moi pouco tempo, ascender de novo.

Pola súa banda, ascenden ao nivel medio os seguintes concellos:

O concello de Zas, actualmente no nivel medio-baixo, aínda que as súas taxas a 7 e a 14 días son propias do nivel máximo, xa que os gromos que se están a dar están ben rastrexados e algún deles importado doutros concellos ou provincias, polo que os casos que orixinan o gromo se infectan fóra do concello. Polo tanto, considérase que este nivel, dadas as características epidemiolóxicas, podería ser suficiente para o control da incidencia.

O concello da Veiga, actualmente no nivel medio-baixo, a pesar de que as súas taxas a 7 e a 14 días son propias do nivel máximo, xa que se trata dun concello de menos de 1.000 habitantes no cal poucos casos elevan a súa taxa. Non obstante, a aparición de todos os casos en dous días fai pensar nun gromo que, polo de agora, está baixo investigación e que parece que está asociado a un bar dun lugar concreto, polo cal se considera, de momento, este nivel e non o máximo.

Os concellos de Trazo e Barreiros tamén ascenden a este nivel, aínda que as súas taxas a 7 e/ou a 14 días son propias do nivel alto. Ambos os concellos presentan casos que están asociados a gromos coñecidos e teñen pouca poboación, polo que, polo de agora, este nivel medio se consideraría suficiente para o control.

Os concellos de Santa Comba e Caldas de Reis ascenden a este nivel polas súas taxas a 14 días e a 7 e a 14 días, respectivamente. O concello de Santa Comba xerou casos noutros concellos, polo que se considera que debe estar neste nivel para evitar, na medida do posible, a irradiación de casos. Por outra banda, salientase que a situación epidemiolóxica de Caldas de Reis empeorou nos últimos 7 días.

O resto de concellos de Galicia inclúense no nivel medio-baixo de restricións.

A eficacia desta orde comezará ás 00.00 horas do día 21 de agosto de 2021 e estenderase durante o período en que se prorroga a eficacia da Orde do 25 de xuño de 2021 nesta orde, sen prexuízo do seguimento e da avaliación continua a que está sometida co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.



III

As medidas que se adoptan nesta orde teñen o seu fundamento normativo no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 a 38.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para adoptar as medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica existente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, coa urxencia que a protección da saúde pública demanda.

Na súa virtude, en aplicación do punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. Prórroga da eficacia das medidas previstas na Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia

Atendendo á evolución da situación epidemiolóxica, prorrógase ata as 00.00 horas do día 4 de setembro de 2021 a eficacia das medidas previstas na Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, sen prexuízo do indicado no punto segundo desta orde.

Segundo. Mantemento da suspensión da exixencia da exhibición de documentación para o acceso a determinados establecementos prevista na Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e na Orde do 1 de xullo de 2021 pola que se aproba o Protocolo para a reactivación



Terceiro. *Modificación do parágrafo 1 do punto 3.22 (Hostalaría e restauración) do anexo I da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia*

Modifícase o parágrafo 1 do punto 3.22 (Hostalaría e restauración) do anexo I da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado como segue:

«1. A prestación de servizos de hostalaría e restauración en bares, cafeterías e restaurantes axustarase ás seguintes regras, en función dos datos epidemiolóxicos existentes nos correspondentes concellos:

a) Nos concellos enumerados na letra A do anexo II da presente orde, os establecementos poderán prestar servizos de recollida no local e de consumo a domicilio, de entrega a domicilio e de terraza co cincuenta por cento da capacidade máxima permitida con base na correspondente licenza municipal ou do que sexa autorizado para este ano, no caso de que a licenza sexa concedida por primeira vez. Estes establecementos permanecerán pechados ao público para o consumo no interior do local.

En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia de seguridade interpersoal entre as mesas ou, de ser o caso, as agrupacións de mesas, e a ocupación máxima será de dez persoas na terraza, por mesa ou agrupación de mesas. Así mesmo, controlarase que consumidores e empregados manteñan a distancia de seguridade establecida co fin de evitar posibles contaxios.

O horario de peche ao público será ás 23.00 horas. Os establecementos que utilicen a opción de ampliar o seu horario ata a 1.00 horas deberán cumprir os requisitos que se determinan para este caso no número 2 deste punto e nas medidas aprobadas pola consellería competente en materia de sanidade no marco do Plan de hostalaría segura, e sen que se poidan admitir novos clientes a partir das 00.00 horas.

b) Nos concellos enumerados na letra B do anexo II da presente orde, os establecementos poderán prestar servizos de recollida no local e de consumo a domicilio, de entrega a domicilio e de terraza co setenta e cinco por cento da capacidade máxima permitida con base na correspondente licenza municipal ou do que sexa autorizado para este ano, no



nestes establecementos deberá ser a estritamente necesaria. En todo caso, evítanse aglomeracións e controlárase que os consumidores e empregados manteñan a distancia de seguridade establecida co fin de evitar posibles contaxios.

d) Nos concellos enumerados na letra D do anexo II da presente orde, os establecementos poderán prestar servizos de recollida no local e de consumo a domicilio, de entrega a domicilio e de terraza co cen por cento da capacidade máxima permitida con base na correspondente licenza municipal ou do que sexa autorizado para este ano, no caso de que a licenza sexa concedida por primeira vez, e tamén de servizo no interior cunha ocupación do setenta e cinco por cento. Só se poderá utilizar a barra para solicitar e recoller consumicións por parte das persoas usuarias, pero non para realizar o consumo nela.

En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia de seguridade interpersoal entre as mesas ou, de ser o caso, as agrupacións de mesas, e a ocupación máxima será de seis persoas no interior e dez persoas na terraza, por mesa ou agrupación de mesas.

O horario de peche ao público será ás 23.00 horas. Os establecementos que utilicen a opción de ampliar o seu horario ata a 1.00 horas deberán cumprir os requisitos que se determinan para este caso no número 2 deste punto e nas medidas aprobadas pola consellería competente en materia de sanidade no marco do Plan de hostalaría segura, e sen que se poidan admitir novos clientes a partir das 00.00 horas.

Os establecementos poderán prestar servizos de recollida no local e de consumo a domicilio ou ben servizo de entrega a domicilio ata a 1.00 horas. Neste caso, a permanencia nestes establecementos deberá ser a estritamente necesaria. En todo caso, evítanse aglomeracións e controlárase que consumidores e empregados manteñan a distancia de seguridade establecida co fin de evitar posibles contaxios.»

Cuarto. Modificación dos números 1 e 2 da epígrafe III.2.1 do punto 4.1 do anexo I da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia

Modifícanse os números 1 e 2 da epígrafe III.2.1 do punto 4.1 do anexo I da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como conse-



cuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que quedan redactados como segue:

«1. Nos concellos enumerados na letra A do anexo II, os establecementos de xogos colectivos de diñeiro e de azar, salóns de xogo, salas de bingo, salóns recreativos, rifas e tómbolas, locais específicos de apostas e outros locais e instalacións asimilables aos de actividade recreativa de xogos e apostas, conforme estableza a normativa sectorial en materia de xogo, estarán pechados temporalmente.

2. Nos concellos enumerados nas letras B, C e D do anexo II, os establecementos de xogos colectivos de diñeiro e de azar, salóns de xogo, salas de bingo, salóns recreativos, rifas e tómbolas, locais específicos de apostas e outros locais e instalacións asimilables aos de actividade recreativa de xogos e apostas, conforme estableza a normativa sectorial en materia de xogo, poderán realizar a súa actividade. Nos concellos enumerados na letra B do anexo II non se poderá superar o 30 % da súa capacidade permitida. Nos concellos enumerados na letra C do anexo II non poderán superar o cincuenta por cento da súa capacidade permitida. Nos concellos enumerados na letra D do anexo II non poderán superar o setenta e cinco por cento da súa capacidade permitida».

Quinto. *Regulación transitoria dos establecementos de lecer nocturno*

1. Durante o período a que se estenda a eficacia desta regulación, de acordo co establecido no número 1 do punto sétimo desta orde, e en substitución das capacidades máximas permitidas no número 1 do epígrafe III.2.7 do punto 4.1 do anexo I da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, e en substitución das capacidades máximas establecidas no número 4.3.2 do anexo da Orde do 1 de xullo de 2021 pola que se aproba o Protocolo para a reactivación do lecer nocturno no marco da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, os establecementos de lecer nocturno situados nos concellos enumerados nas letras A e B do anexo II da dita orde poderán prestar servizos de terraza co setenta e cinco por cento da capacidade máxima permitida.

2. Durante o período a que se estenda a eficacia desta regulación, de acordo co establecido no número 1 do punto sétimo desta orde, e en substitución das capacidades máximas permitidas na letra a) do número 2 da epígrafe III.2.7 do punto 4.1 do anexo I da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comu-



nidade Autónoma de Galicia, e en substitución das capacidades máximas establecidas no número 4.3.2 do anexo da Orde do 1 de xullo de 2021 pola que se aproba o Protocolo para a reactivación do lecer nocturno no marco da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, os establecementos de lecer nocturno situados nos concellos enumerados na letra C do anexo II da dita orde poderán prestar servizos de terraza co setenta e cinco por cento da capacidade máxima permitida. Os establecementos situados nos concellos enumerados na letras D do anexo II poderán prestar servizos de terraza co cen por cento da capacidade máxima permitida. En ambos os casos, para o servizo no interior a ocupación máxima será do cincuenta por cento da capacidade máxima permitida.

Sexto. Suprímese a letra j) do número 2 da epígrafe III.2.7 do punto 4.1 do anexo I da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia

Sétimo. Modificación do número 2 do punto 3.10 do anexo I da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia

Modifícase o número 2 do punto 3.10 (hoteis, albergues, aloxamentos turísticos) do anexo I da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado como segue:

«2.Os albergues poderán manter a ocupación máxima das prazas dos espazos de aloxamento de uso compartido sempre que os peregrinos realicen o Camiño en todas as súas etapas no territorio galego nun mesmo grupo «burbulla» ou de convivencia estable. Para estes efectos, fomentárase a constitución destes grupos de convivencia estable para a realización do Camiño e o aloxamento compartido na rede pública e privada de albergues de Galicia. Para a acreditación da constitución dos grupos de convivencia estable para o aloxamento compartido admitirase a declaración responsable por parte dos membros do grupo, sen que, unha vez feita, poidan admitirse novos membros.

Cando o aloxamento compartido non sexa dun grupo de convivencia estable, a ocupación máxima das prazas nos espazos de aloxamento compartido será do 50 %».



Oitavo. *Modifícase o anexo II da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado segundo o anexo desta orde*

Noveno. *Modificación do anexo da Orde do 19 de agosto de 2021 pola que se prorroga e se modifica o anexo da Orde do 21 de xullo de 2021 pola que se establecen medidas cualificadas de prevención para facer fronte á evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e que precisan de autorización xudicial para a súa eficacia*

Modifícase o anexo da Orde do 19 de agosto de 2021, pola que se prorroga e se modifica o anexo da Orde do 21 de xullo de 2021 pola que se establecen medidas cualificadas de prevención para facer fronte á evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e que precisan de autorización xudicial para a súa eficacia, no sentido de excluír A Coruña e Vigo do nivel alto de restricións e incluílas no nivel medio.

Décimo. *Eficacia*

1. As medidas previstas nesta orde terán efectos desde as 00.00 horas do día 21 de agosto.

2. A eficacia da regulación transitoria e provisional, substitutiva da medida de prevención consistente na exixencia da exhibición de documentación para o acceso a determinados establecementos, recollida nos puntos segundo, terceiro, cuarto, quinto e sexto, estenderase ata o momento en que se publique a orde que levante a suspensión da indicada medida de prevención, unha vez que sexa autorizada xudicialmente, de ser o caso. No caso de non ser autorizada xudicialmente, a eficacia desta regulación transitoria e provisional manterase ata súa substitución polas correspondentes medidas de prevención que estableza a Consellería de Sanidade.

3. No caso das celebracións e eventos en establecementos de restauración para os días 21 e 22 de agosto que xa estivesen concertados antes do día 20 de agosto, non serán aplicables as limitacións que sexan consecuencia da elevación do nivel de restrición, ben que estas celebracións e eventos deberán ser comunicados polos titulares dos establecementos á correspondente xefatura territorial da Consellería de Sanidade para que se poidan adoptar as medidas ou efectuar as recomendacións pertinentes.

4. En cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas previstas nesta orde serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir



a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser prorrogadas, modificadas ou levantadas por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Santiago de Compostela, 20 de agosto de 2021

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade

ANEXO

«ANEXO II

A) Concellos con nivel de restrición máxima:

B) Concellos con nivel de restrición alta:

Arbo
Ares
Arteixo
Barco de Valdeorras (O)
Betanzos
Bueu
Cabana de Bergantiños
Cabanas
Camariñas
Cañiza (A)
Cee
Fisterra
Grove (O)
Laxe
Malpica de Bergantiños
Meis
Miño
Muxía
Neves (As)
Nigrán
Ponteareas
Ponte Caldelas



Pontedeume
Rábade
Redondela
Rúa (A)
Rosal (O)
Sada
Tomiño
Tui
Vimianzo

C) Concellos con nivel de restrición media:

Abegondo
Allariz
Ames
Avión
Baiona
Barreiros
Boiro
Caldas de Reis
Cambre
Cangas
Cambados
Carballiño (O)
Carballo
Cariño
Carral
Catoira
Cerceda
Chantada
Coirós
Coles
Corcubión
Coristanco
Coruña (A)
Culleredo
Curtis
Fene



Ferrol
Gondomar
Guarda (A)
Illa de Arousa (A)
Lama (A)
Laracha (A)
Lugo
Marín
Moaña
Mondariz
Mondoñedo
Monforte de Lemos
Monterroso
Mos
Narón
Neda
Oleiros
Ourense
Outeiro de Rei
Oza-Cesuras
Padrón
Pazos de Borbén
Poio
Ponteceso
Pontevedra
Porriño (O)
Portas
Rianxo
Ribadeo
Ribeira
Salceda de Caselas
Salvaterra de Miño
Santa Comba
Santiago de Compostela
Sanxenxo
Sarria
Silleda



Soutomaior
Touro
Trazo
Veiga (A)
Verín
Vigo
Vilagarcía de Arousa
Viveiro
Xinzo de Limia
Zas

D) Concellos con nivel de restrición media-baixa:

Abadín
Agolada
Alfoz
Amoeiro
Antas de Ulla
Aranga
Arnoia (A)
Arzúa
Baleira
Baltar
Bande
Baña (A)
Baños de Molgas
Baralla
Barbadás
Barro
Beade
Beariz
Becerreá
Begonte
Bergondo
Blancos (Os)
Boborás
Bola (A)
Bolo (O)



Boqueixón
Bóveda
Boimorto
Brión
Burela
Calvos de Randín
Campo Lameiro
Capela (A)
Carballeda de Avia
Carballeda de Valdeorras
Carballedo
Carnota
Cartelle
Castrelo de Miño
Castrelo do Val
Castro Caldelas
Castro de Rei
Castroverde
Cedeira
Celanova
Cenlle
Cerdedo-Cotobade
Cerdido
Cervantes
Cervo
Chandrexa de Queixa
Corgo (O)
Cortegada
Cospeito
Covelo
Crecente
Cualedro
Cuntis
Dodro
Dozón
Dumbría
Entrimo



Esgos
Estrada (A)
Folgozo do Courel
Fonsagrada (A)
Forcarei
Fornelos de Montes
Foz
Frades
Friol
Gomesende
Gudiña (A)
Guitiriz
Guntín
Incio (O)
Irixo (O)
Irixoa
Lalín
Láncara
Larouco
Laza
Leiro
Lobeira
Lobios
Lourenzá
Lousame
Maceda
Manzaneda
Mañón
Maside
Mazaricos
Meaño
Meira
Melide
Melón
Merca (A)
Mesía
Mezquita (A)



Moeche
Mondariz-Balneario
Monfero
Montederramo
Monterrei
Moraña
Mugardos
Muíños
Muras
Muros
Navia de Suarna
Negreira
Negueira de Muñiz
Nogais (As)
Nogueira de Ramuín
Noia
Oia
Oímbra
Ordes
Oroso
Ortigueira
Ouro
Outes
Paderne
Paderne de Allariz
Padrenda
Palas de Rei
Pantón
Parada de Sil
Paradela
Páramo (O)
Pastoriza (A)
Pedrafita do Cebreiro
Pereiro de Aguiar (O)
Peroxa (A)
Petín
Pino (O)



Piñor
Pobra de Trives (A)
Pobra do Brollón (A)
Pobra do Caramiñal (A)
Pol
Pontecesures
Pontedeiva
Pontenova (A)
Pontes de García Rodríguez (As)
Porqueira
Porto do Son
Portomarín
Punxín
Quintela de Leirado
Quiroga
Rairiz de Veiga
Ramirás
Ribadavia
Ribadumia
Ribas de Sil
Ribeira de Piquín
Ríós
Riotorto
Rodeiro
Rois
Rubiá
Samos
San Amaro
San Cibrao das Viñas
San Cristovo de Cea
Sandiás
San Sadurniño
Santiso
San Xoán de Río
Sarreaus
Saviñao (O)
Sober



Sobrado
Somozas (As)
Taboada
Taboadela
Teixeira (A)
Teo
Toén
Toques
Tordoia
Trabada
Trasmiras
Triacastela
Valadouro (O)
Val do Dubra
Valdoviño
Valga
Vedra
Verea
Viana do Bolo
Vicedo (O)
Vilaboa
Vila de Cruces
Vilalba
Vilamarín
Vilamartín de Valdeorras
Vilanova de Arousa
Vilar de Barrio
Vilar de Santos
Vilardevós
Vilariño de Conso
Vilarmaior
Vilasantar
Xermade
Xove
Xunqueira de Ambía
Xunqueira de Espadanedo»



I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 19 de agosto de 2021 pola que se prorroga e se modifica o anexo da Orde do 21 de xullo de 2021 pola que se establecen medidas cualificadas de prevención para facer fronte á evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e que precisan de autorización xudicial para a súa eficacia.

I

No *Diario Oficial de Galicia* número 140-bis, do venres 23 de xullo de 2021, a Consellería de Sanidade publicou a Orde do 21 de xullo de 2021 pola que se establecen medidas cualificadas de prevención para facer fronte á evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e que precisan de autorización xudicial para a súa eficacia.

A dita orde ditouse consonte o disposto no punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, en que se establece que as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Con esta finalidade poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade. Tamén se establece que a persoa titular da consellería competente na dita materia, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de conformidade coa normativa aplicable e en vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias.

Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou en parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e que modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación das medidas concretas contidas no anexo.

A adopción das medidas recollidas na Orde do 21 de xullo de 2021 veu determinada pola evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia, tal e como se xustifica na súa exposición de motivos.



Para facer fronte a ela, a dita orde do 21 de xullo de 2021 recolleu unha serie de medidas limitativas de dereitos fundamentais que consisten no establecemento de limitacións de permanencia de grupos de persoas no territorio de todos os concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, cun máximo de seis persoas nos espazos interiores e dez persoas en espazos exteriores, agás que sexan conviventes ou estean conformados, como máximo, por dúas unidades de convivencia.

Por outra banda, para os concellos con nivel de restrición máximo e alto, entre a 1.00 horas (hora de peche da actividade de hostalaría e restauración nestes concellos, nos cales está pechado o lecer nocturno) e as 6.00 horas, a permanencia de grupos de persoas en espazos pechados e en espazos abertos ou ao aire libre, sexan de uso público ou privado, queda limitada aos constituídos exclusivamente por persoas conviventes. Así mesmo, respecto dos concellos con nivel de restrición medio e medio-baixo, a permanencia de grupos de persoas en espazos pechados e en espazos abertos ou ao aire libre, sexan de uso público ou privado, queda limitada aos constituídos exclusivamente por persoas conviventes entre as 3.00 horas (hora de peche da actividade do lecer nocturno nestes concellos) e as 6.00 horas. As citadas medidas foron ratificadas mediante o Auto 88/2021, da Sección Terceira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Cómpre indicar que o número 3 do punto cuarto da Orde do 21 de xullo de 2021 dispón que, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas previstas na citada orde serán obxecto de seguimento e avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser prorrogadas, modificadas ou levantadas por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Polo tanto, a Orde do 21 de xullo de 2020 prevé expresamente a posibilidade de prorrogala e de acometer a súa modificación coa finalidade de adaptala á realidade da evolución da pandemia. Así, mediante a Orde do 29 de xullo de 2021 modificouse o anexo da Orde do 21 de xullo de 2021 pola que se establecen medidas cualificadas de prevención para facer fronte á evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e que precisan de autorización xudicial para a súa eficacia, para os efectos de incluír no nivel de restricións que en cada caso correspondía os concellos segundo a súa situación epidemiolóxica. As citadas medidas foron tamén autorizadas mediante o Auto 94/2021, da Sección Terceira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.



Posteriormente, mediante a Orde do 4 de agosto acometeuse unha nova modificación do anexo da Orde do 21 de xullo coa finalidade de adaptalo á realidade da situación epidemiolóxica. Tamén se prorrogou a súa eficacia, estendéndose a súa vixencia ata as 00.00 horas do 21 de agosto. Mediante o Auto 95/2021 da Sección Terceira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia foron autorizadas as ditas medidas.

Mediante a Orde do 11 de agosto de 2021 levouse a cabo unha nova modificación do anexo da Orde do 21 de xullo para adaptalo á realidade actual. Ao igual que nos casos anteriores, a dita modificación foi autorizada polo Auto 96/2021 da Sección Terceira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

II

Debe salientarse que, neste momento, resulta necesario prorrogar a eficacia da Orde do 21 de xullo xa que se mantén, en termos xerais, a situación que determinou a adopción das medidas previstas nela; non obstante, a concreta evolución da situación epidemiolóxica de determinados concellos da Comunidade Autónoma mudou, o que exige acometer unha nova modificación do anexo da dita orde coa finalidade de incluír no nivel de restricións que en cada caso corresponda os concellos en que variou a situación. Así resulta do Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública do 19 de agosto de 2021, do cal pode destacarse o seguinte:

O número reprodutivo instantáneo (Rt), que indica o número de contaxios orixinados por un caso activo, está por debaixo do 1, o que indica unha diminución na transmisión da infección. Todas as áreas están por debaixo do 1.

Do total de concellos de Galicia, 41 non notificaron casos nos últimos 14 días. O número de concellos sen casos nos últimos 7 días foi de 74. Isto supón un aumento en 9 concellos a 14 días e en 14 concellos a 7 días desde o día 8 de agosto, que era de 32 e 60, a 14 e a 7 días.

Entre o 6 e o 12 de agosto realizáronse 70.281 probas diagnósticas de infección activa polo virus SARS-CoV-2 (46.087 PCR e 24,194 tests de antíxenos) cunha porcentaxe de positividade a sete días do 9,99 %, o que supón un descenso do 13,7 % con respecto a entre o 27 de xullo e o 2 de agosto, que era do 11,57 %.



A incidencia acumulada a 7 e a 14 días é de 166 e 416 casos por cen mil habitantes, respectivamente, valores inferiores aos observados no reflectido no informe do día 8 de agosto, en que eran de 253 e 547 casos por cen mil habitantes, respectivamente (descenso do 34 % a 7 días e do 24 % a 14 días).

A tendencia diaria mostra, desde o 1 de marzo, un primeiro tramo de crecemento lento, cunha porcentaxe de cambio diaria (PCD) do 0,6 %, un segundo tramo decrecente, a un ritmo non moi rápido, cunha PCD do -2,2 % e un terceiro, a partir do 19 de xuño, de crecemento cunha PCD do 10,4 %, e a partir do 21 de xullo un decrecemento cunha PCD do 4,1 %. Segundo este modelo, espérase que a incidencia siga a diminuír tanto a 7 como a 14 días, aínda que os intervalos de confianza seguen a ser amplos.

En canto á evolución por grupos de idade, obsérvase que a incidencia acumulada por grupos de idade está a descender en todos os grupos máis novos, lixeiro descenso nos de 40 a 59 anos de idade e certa estabilización, tras o ascenso observado previamente, nos grupos de 50 e máis anos.

Polo que respecta á situación das áreas sanitarias, as taxas a 14 días das áreas están entre os 205,12 casos por 100.000 habitantes de Ourense e os 616,14 da Coruña. Pola súa banda, as taxas de incidencia a 14 días seguen a diminuír a respecto de hai 7 días. As áreas sanitarias de Santiago e Ourense descendieron dos 100 casos por 100.000 habitante a 7 días e dos 250 casos por 100.000 habitantes a 14 días.

No que atinxe á evolución da incidencia por grupos de idade e por áreas sanitarias, os grupos de idade de 50 a 79 e de 80 e máis anos, en xeral, aumentaron en todas ás áreas, aínda que se observa un descenso nos de 50 a 79 nas áreas de Santiago, Ourense e Pontevedra. Tamén se observa un descenso nos de 80 e máis anos na área de Pontevedra. No grupo de idade de 80 e máis anos obsérvase que nas áreas da Coruña e Vigo segue en aumento. Nas áreas de Lugo e Pontevedra obsérvase un novo incremento tras o descenso previo.

No que respecta á hospitalización dos casos COVID-19, a media de pacientes coa COVID-19 en hospitalización de agudos nos últimos 7 días foi de 245, o que significa un descenso do 5 % a respecto do día 8 de agosto. A taxa de pacientes coa COVID-19 en hospitalización de agudos é de 9,1 ingresados por 100.000 habitantes, cun descenso, tamén, do 5 % a respecto do informe do día 8 de agosto. En canto aos ingresos COVID-19 nas unidades de críticos (UCI) nos últimos 7 días, a media foi de 54,7 e a taxa a 7 días de ingresados nas UCI é de 2,0 ingresados por 100.000 habitantes, o que supón un aumento



do 11 % a respecto do 8 de agosto, tanto na media como na taxa. Concretamente, no que respecta ao número de ingresos por grupo de idade, destácase que o grupo de idade de 15 a 64 anos é o que presenta máis ingresos, pero os grupos de idades máis avanzadas, especialmente os de 80 e máis anos, tamén teñen un peso importante, o que se explica porque ante incidencias elevadas, como as que estamos a ter, este grupo de idade ten risco de enfermarse de gravidade, a pesar da vacinación, xa que a vacina non evita que aconteza e os maiores teñen máis probabilidade de non desenvolver anticorpos de xeito igualmente eficiente que os máis novos debido á senescencia do sistema inmune.

Así mesmo, as defuncións pola COVID-19 están a aumentar, aínda que a onda está a descender, debido a que tanto as hospitalizacións como as defuncións levan un atraso con respecto á incidencia de casos.

Sobre a situación epidemiolóxica nos concellos de Galicia, debe terse en conta que dos concellos con poboación igual ou maior de 10.000 habitantes (54), 24 presentan unha taxa axustada de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes, fronte aos 34 do informe anterior. Ningún deles supera os 500 casos por 100.000 habitantes. Pola súa banda, dos concellos de menos de 10.000 habitantes (259), 55 presentan unha taxa axustada de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes, fronte aos 69 do día 8 de agosto. Deles, 11 presentan taxas axustadas de incidencia iguais ou superiores a 500 casos por cen mil habitantes. No que atinxe ás comarcas, só a de Fisterra se encontra no nivel máximo. Atópanse no nivel alto as comarcas de Vigo, A Paradanta, O Condado, O Baixo Miño, A Mariña Oriental, Terra de Soneira, Ferrol, Eume, A Coruña, Betanzos e Bergantiños.

En relación coas variantes do virus SARS-CoV-2, desde a posta en marcha da vixilancia da prevalencia das variantes en Galicia, baseada na aplicación dunhas PCR específicas sobre unha mostra aleatoria das mostras positivas para SARS-CoV-2 por PCR da semana previa, identificadas nos servizos de microbioloxía dos hospitais CHUAC, CHUS, CHUVI, CHUO, HULA e Vithas (Vigo), na semana epidemiolóxica 31/2021 (do 2 ao 8 de agosto) a porcentaxe de positividade para a posible variante Alfa foi dun 7 % (IC95 %: 6-8 %) e para a variante Delta foi do 91 %. (IC95 %: 89-92 %). Polas diferenzas nas fraccións de mostraxe entre áreas sanitarias, a prevalencia axustouse ao número de casos en cadansúa área, que é notablemente diferente á prevalencia sen axustar 93 % (IC95 %: 92-94 %) e 5 % (IC95 %: 4-6 %) para as variantes Delta e Alfa, respectivamente. Ata a semana 301, incluída, das variantes de preocupación (VOC) identificáronse 9.934 casos da variante Alfa con secuenciación completa; 36 da variante Beta (B.1.351 ou surafricana) por secuenciación completa; 82 da variante Gamma (P1 ou brasileira) por secuenciación completa; 395 da



variante Delta (B.1.617.2 ou india). Ademais das VOC, tense constancia de 4 mostras coa variante Eta (B.1.525 ou nixeriana); 9 mostras coa variante Iota (B.1.526 ou de Nova York); 21 mostras coa variante Lambda (C.37) e 32 mostras coa variante B.1.621 (colombiana).

O informe conclúe que a taxa de incidencia diminúe tanto a 7 como a 14 días. A tendencia amosou un novo cambio cara ao descenso, cunha porcentaxe de cambio diaria do 4,1 %, a partir do 21 de xullo. O R_t no global de Galicia segue debaixo do 1, o mesmo que en todas as áreas sanitarias. A información do modelo de predición indica que a incidencia vai diminuír tanto a 7 como a 14 días.

A taxa de incidencia a 14 días, no global de Galicia, está nos 416 casos por cen mil habitantes. Todas as áreas sanitarias diminúen a súa incidencia tanto a 7 como a 14 días. Santiago e Ourense teñen unha incidencia a 7 días menor dos 100 casos por 100.000 habitantes.

En canto á evolución da incidencia por grupos de idade e área sanitaria, obsérvase un descenso nos grupos por debaixo dos 40 anos. No grupo de idade de 80 e máis anos, nas áreas da Coruña e Vigo, a incidencia segue en aumento. Nas áreas de Lugo e Pontevedra obsérvase un novo incremento tras o descenso previo.

No que atinxe aos concellos de máis de 10.000 habitantes, xa aplicando o axuste de taxas, hai 24 concellos con taxas de incidencia a 14 días iguais ou superiores a 250 casos por cen mil habitantes. Nos de menos de 10.000 hai 55 concellos que superan unha taxa de incidencia de 250 casos por cen mil habitantes.

Neste momento, a variante Delta (india) é a prevalente e a prevalencia da Alfa (británica) segue a diminuír. O feito de que a variante Delta teña unha maior transmisibilidade explica, entre outros posibles motivos, a alta incidencia.

Cómpre indicar que o criterio que se vén utilizando para determinar os niveis de restrición aplicables a cada un dos concellos da Comunidade Autónoma é, ademais do da situación sanitaria, o da taxa de incidencia acumulada segundo os casos por cada 100.000 habitantes, tanto a 14 días como a 7 días; esta última permite reaccionar con maior rapidez e eficacia fronte aos gromos. Desta maneira, establecéronse os seguintes niveis de restricións: nivel de restricións máximo, alto, medio e medio-baixo.

Atendendo ás taxas de incidencia acumulada a 14 días, sitúanse no nivel medio-baixo os concellos con taxas por debaixo dos 150 casos por cada 100.000 habitantes; no me-



dio, os concellos con taxas que se atopen entre os 150 e por debaixo dos 250 casos por cada 100.000 habitantes; no alto, os concellos con taxas que se atopen entre os 250 e por debaixo dos 500 casos por cada 100.000 habitantes, e no nivel de restrición máxima, os concellos cuxas taxas de incidencia acumulada sexan máis de 500 casos por 100.000 habitantes.

Pola súa banda, atendendo ás taxas de incidencia acumulada a 7 días, sitúanse no nivel medio-baixo os concellos que se atopen por debaixo dos 75 casos por cada 100.000 habitantes; no medio, os concellos que se atopen entre os 75 e por debaixo dos 125 casos por cada 100.000 habitantes; no nivel alto, os concellos que se atopen entre os 125 e por debaixo dos 250 casos por cada 100.000 habitantes, e no nivel de restrición máxima, os concellos cuxas taxas de incidencia acumulada sexan máis de 500 casos por 100.000 habitantes.

A taxa de incidencia acumulada non é o único criterio que se ten en conta para determinar o nivel aplicable a cada concello, xa que este dato se modula en función doutros factores e da análise da situación do propio concello. Así, o criterio da incidencia vese completado coa consideración de criterios demográficos (pois debe terse en conta que en concellos de escasa poboación poucos casos poden dar lugar a taxas moi elevadas, que deben ser postas no debido contexto). Ademais, os servizos de saúde pública e o Comité e o Subcomité Clínico veñen analizando as características específicas de cada gromo. Neste sentido, véñse prestando unha especial atención á existencia de gromos non controlados ou de casos sen vínculo epidemiolóxico, así como ao feito de que non se observe unha melloría clara na evolución da situación epidemiolóxica.

Actualmente, o avance da campaña de vacinación masiva está a conseguir protexer a poboación e retomar actividades económicas e sociais ata o de agora limitadas para evitar un maior número de contaxios. Non obstante, e mentres non se alcance a inmunidade de grupo, é necesario seguir adoptando medidas preventivas e de control que permitan garantir as máximas condicións de seguridade e reducir o risco de contaxio e propagación da COVID-19. Estas medidas deben ser adecuadas e eficaces de acordo coa evolución da situación epidemiolóxica e de capacidade do sistema asistencial. Tendo en conta o expresado en relación con que existe unha porcentaxe moi elevada de poboación vacinada, o cal permitiu unha redución importante de hospitalizacións e falecementos, foi necesario actualizar os indicadores de risco establecidos antes do inicio da campaña de vacinación.

Deste xeito, a partir da adopción destes novos criterios, as medidas de prevención e control pretenden adaptarse ao novo escenario en que nos atopamos, onde prevalecen



os casos entre a poboación máis nova e na cal unha porcentaxe maioritaria non ten consecuencias clínicas importantes. Neste sentido, salientase que dous terzos dos casos se están a dar entre os 15 e os 39 anos de idade e que existe un menor risco de padecer a enfermidade grave nesas franxas de idade.

Na situación actual concorren, en definitiva, determinadas circunstancias que aconsellan axustar as taxas de incidencia acumulada mediante a aplicación dun factor de corrección baseado no risco de ingreso hospitalario, xa que a situación da carga asistencial hospitalaria é, neste momento, de 3,2 e 0,6 ingresos por 100.000 en hospitalización de agudos e en unidades de críticos, respectivamente, a pesar das taxas de incidencia elevadas que se están a observar. Isto indica que a onda ten un menor impacto nos ingresos pola COVID-19, o que se atribúe aos factores aludidos de vacinación dos maiores e á idade dos casos.

Para reflectir este feito, a partir da adopción deste novo criterio, a incidencia acumulada global a 14 e a 7 días axustarase segundo evolucione o risco de ingreso en cada momento. A consideración do risco de ingreso como factor permitirá manter os niveis de restricións establecidos na súa forma actual (nivel máximo, nivel alto, nivel medio e nivel medio-baixo), pero cunha actualización dos valores que provocan a entrada nun ou noutro nivel segundo o factor expresado do risco de ingreso, o que permitirá ter en conta en cada momento de forma dinámica os efectos positivos do avance da campaña de vacinación. Para determinar nesta orde os concellos de nivel de restrición máximo e alto tivéronse en conta as taxas de incidencia a 14 e a 7 días axustadas, mais mantendo as mesmas taxas de incidencia previas ao axuste.

A metodoloxía utilizada para o cálculo da incidencia acumulada axustada por risco de ingreso parte do cálculo dun factor de corrección que se interpreta como o risco relativo de ingreso no período comprendido entre agosto de 2020 e marzo de 2021 (período de referencia) comparado co momento actual. Este factor é superior a 1, debido á vacinación e á diferente distribución por idade dos casos, que actualmente se concentran fundamentalmente na poboación de 15 a 29 anos.

Para axustar a incidencia a 7 e a 14 días dos concellos, divídese a taxa bruta polo factor de corrección. O factor de corrección calcúlase, para cada día, como o cociente entre a taxa bruta de ingresos nos últimos 28 días e a taxa axustada por idade, aplicando o método directo e usando como poboación estándar o número de casos do período de referencia.

A taxa bruta de ingresos a 28 días é a porcentaxe de casos que ingresaron entre os casos con diagnóstico por PCR ou tests de antíxenos acumulados nos últimos 28 días. As ta-



xas específicas de ingreso por idade calcúlanse do mesmo xeito, pero no grupo de idade correspondente. A taxa axustada de ingresos calcúlase aplicando as taxas específicas de ingreso por idade a 28 días á poboación de referencia.

A suma dos valores obtidos por idade divídese entre o total de casos do período de referencia (97.996) e o resultado interprétase como a porcentaxe de casos que terían ingresado se tivesen a mesma distribución por idade ca no período de referencia (taxa de ingresos axustada).

Igualmente, para o descenso do nivel de restrición, terase en conta a evolución das súas taxas de incidencia que indique un claro descenso desta incidencia e se a aparición de casos novos entra dentro do esperado no contexto dos gromos que se estean a desenvolver nos concellos. A cada un dos distintos niveis de restrición seranlle de aplicación as medidas xerais e específicas previstas para cada caso nas disposicións vixentes, aprobadas polas autoridades sanitarias competentes, tendo en conta, ademais, que actualmente está cientificamente constatado que, mentres non exista unha alta cobertura poboacional de vacinación, as intervencións non farmacolóxicas son as intervencións de saúde pública máis efectivas contra a COVID-19, medidas que se poderán ir suavizando na súa aplicación en vista da situación epidemiolóxica no territorio e do aumento da cobertura vacinal.

Debe destacarse, ao fío do anterior, que Galicia conta cunha poboación especialmente envellecida, cunha porcentaxe de persoas de 65 e máis anos (ano 2020) do 25,4 % fronte ao 19,6 % do conxunto de España. Porén, tamén hai que ter en consideración que, aínda que esta cobertura se obteña en determinados grupos, a distribución poboacional pode ser desigual, se se ten en conta toda a poboación e non os grupos de idade prioritarios que se están a vacinar en primeiro lugar. Tampouco se pode esquecer que mentres non se consiga conter a pandemia no mundo, con países con alta circulación do virus, poden aparecer novas variantes do virus que poidan ter a capacidade de escapar á inmunidade proporcionada polas vacinas actuais. Ademais, a circulación da variante Delta pode facer que haxa escape á inmunidade naquelas persoas que non estean completamente vacinadas e certo escape nas completamente vacinadas, sen esquecer que esta variante se considera que é un 40-60 % máis transmisíbel ca a variante Alfa. Non obstante, estas medidas aplicaranse con criterios epidemiolóxicos, pero tamén de proporcionalidade, e estarán en vixencia só durante o tempo preciso para asegurar que a evolución desta situación epidemiolóxica é boa e que se está a cortar a transmisión, que é o obxectivo destas medidas.



En atención ao exposto, tendo en conta o indicado no citado informe da Dirección Xeral de Saúde Pública e logo de escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, acórdase manter no nivel alto de restricións a Fisterra, Laxe, Malpica de Bergantiños, Cabanas, A Coruña, Arteixo, Betanzos, Cee, Miño, Sada, Pontedeume, Meis, Redondela, Tomiño, Tui, Vigo, Bueu, O Grove, Arbo, As Neves, Nigrán e O Barco de Valdeorras.

Os concellos de Fisterra e Laxe presentan taxas axustadas a 7 e a 14 días propias do nivel máximo; non obstante, as súas taxas a 7 días melloraron, descendendo a incidencia desde o día 8 de agosto de 2021, polo que se considera que este nivel é suficiente, polo que agora, para controlar a evolución da súa incidencia.

Os concellos de Malpica de Bergantiños e Cabanas presentan taxas a 14 días propias do nivel máximo; non obstante, a súa taxa axustada a 7 días é propia do nivel alto de restricións. A isto únese que a evolución da súa incidencia nos últimos 7 días é descendente, polo que se considera suficiente mantelos no nivel alto.

Tamén se manteñen no nivel alto os concellos da Coruña, Arteixo, Betanzos, Cee, Miño, Sada, Pontedeume, Meis, Redondela, Tomiño, Tui e Vigo, polas súas taxas a 7 e a 14 días. En xeral, nestes concellos hai unha melloría da incidencia a 7 días, a pesar de que as súas taxas aínda son de nivel alto, pero espérase que, de seguir esta evolución, sexa posible que poidan descender de nivel proximamente.

Pola súa banda, os concellos de Bueu, O Grove, Arbo, As Neves e Nigrán permanecen no nivel alto polas súas taxas a 14 días. Todos eles melloraron a súa incidencia a 7 días e, de feito, esta taxa axustada sería, nestes concellos, de nivel medio, pero aínda non están o suficientemente preto do límite inferior do rango desta taxa como para descender de nivel, xa que é preciso asegurar a consolidación da boa evolución da súa situación epidemiolóxica.

Igualmente, mantense neste nivel alto o concello do Barco de Valdeorras porque, a pesar da diminución da súa incidencia ata taxas propias do nivel medio, non se observa unha clara melloría como no resto de concellos que si descenden ao nivel medio. Ademais, este concello é a cabeceira da comarca e, en canto volve aumentar, por pouco que sexa, a súa incidencia irradia casos aos concellos do resto da comarca.



Acórdase que ascendan a nivel alto de restricións os concellos de Cabana de Bergantiños e Muxía, A Rúa, A Cañiza, Rábade, Camariñas, Vimianzo, Ares, Ponte Caldelas, Pontearreas e O Rosal, polos seguintes motivos:

Os concellos de Cabana de Bergantiños e Muxía, desde o nivel medio actual, porque aínda que presentan taxas a 7 e a 14 días propias do nivel máximo, os casos existentes se deben a gromos de orixe coñecida e controlada e os novos casos están a darse en casos previamente en corentena e, polo tanto, este nivel considérase suficiente para o control da incidencia, polo de agora, e máis se temos en conta o tamaño da súa poboación. Non obstante, manteranse en vixilancia para observar a evolución da súa situación epidemiolóxica.

O concello da Rúa, a pesar de que presenta unha taxa axustada a 7 días propia do nivel máximo, xa que os gromos existentes, que se producen fundamentalmente en xente nova e con transmisión secundaria nas súas familias, teñen orixe coñecida. Porén, debido ao tamaño poboacional deste concello, considérase que este nivel podería ser suficiente para o control da súa situación epidemiolóxica.

Os concellos da Cañiza e Rábade, desde o nivel medio baixo actual, a pesar de que as súas taxas a 7 días son propias do nivel máximo. Particularmente, no caso da Cañiza, polo tamaño da súa poboación (uns 5.000 habitantes) e á espera de coñecer a evolución da súa situación epidemiolóxica, decidiuse, polo de agora, ascendelo a este nivel e non ao máximo, a pesar de que non todos os casos teñen vínculo con gromos de orixe coñecida. No caso de Rábade, que ten 1.500 habitantes, posto que os casos están asociados a un bar e están xa baixo control, considérase que este nivel podería ser suficiente para o control do gromo. Manterase en observación ata realizar o cribado pertinente entre os usuarios do bar e a veciñanza do concello.

Os concellos de Camariñas, Vimianzo, Ares, Ponte Caldelas e Pontearreas, polas súas taxas a 7 e 14 días. Todos estes concellos empeoraron a súa situación epidemiolóxica nos últimos 7 días, a pesar de estar no nivel medio de restricións.

O concello do Rosal, pola súa taxa a 7 días, xa que este concello, que descendeu ao nivel medio o día 14 de agosto, volveu presentar un aumento de casos nos últimos 7 días, polo que se considera preciso volver ascendelo ao nivel alto ata que a súa situación epidemiolóxica estea baixo control.



Finalmente, acórdase que descendan ao nivel medio desde o nivel alto actual os seguintes concellos:

Por unha banda, os concellos de Carballo, Ames, Ribeira, Chantada, Lugo, Verín, Cambados, Marín, Poio, Vilagarcía de Arousa, Gondomar e Salvaterra de Miño, polas súas taxas axustadas a 7 e a 14 días.

Por outra banda, os concellos da Laracha, Cambre, Culleredo, Oleiros, Ferrol, Outeiro de Rei, Ribadeo, Viveiro, Pontevedra, Portas, Sanxenxo, Soutomaior, A Guarda, Baiona e O Porriño presentan taxas a 14 días que son propias do nivel alto; porén, acórdase que descendan ao nivel medio de restricións debido á clara melloría da súa situación epidemiolóxica, tanto a 7 como a 14 días, e a que as súas taxas a 7 días ou ben son propias do nivel medio ou do nivel medio baixo, ou ben están moi próximas ao límite inferior do rango desta taxa no nivel alto, de tal xeito que a dita taxa practicamente se corresponde co nivel medio.

III

Sentado o anterior, debe insistirse en que, mediante esta orde, se prorroga a eficacia e se modifica a Orde do 21 de xullo 2021 para adaptala á realidade da evolución epidemiolóxica de determinados concellos, tal e como se establece no punto cuarto desta, en que se consagran os principios de necesidade e proporcionalidade con base nos cales as medidas recollidas nela deben ser obxecto de seguimento e avaliación continua para garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

Debe salientarse, ademais, que tanto a prórroga como a modificación da Orde do 21 de xullo de 2021 precisan de autorización xudicial para a súa eficacia, de acordo co disposto na redacción vixente do número 8 do artigo 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, polo que só se procederá á publicación da orde unha vez obtida a referida autorización.

A eficacia desta orde comezará ás 00.00 horas do día seguinte ao da súa publicación e estenderase durante o período en que se manteña a vixencia da Orde do 21 de xullo de 2021, que modifica, sen prexuízo do seguimento e avaliación continua a que están sometidas, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.



Destácase finalmente que, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para adoptar as medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica existente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, coa urxencia que a protección da saúde pública demanda.

Na súa virtude, en aplicación do punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. Prórroga da eficacia das medidas previstas na Orde de 21 de xullo pola que se establecen medidas cualificadas de prevención para facer fronte á evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e que precisan de autorización xudicial para a súa eficacia

Atendendo á evolución da situación epidemiolóxica, prorrógase ata as 00.00 horas do día 4 de setembro de 2021 a eficacia das medidas previstas na Orde de 21 de xullo pola que se establecen medidas cualificadas de prevención para facer fronte á evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e que precisan de autorización xudicial para a súa eficacia, sen prexuízo do indicado no punto segundo desta orde.

Segundo. Modificación do anexo da Orde do 21 de xullo pola que se establecen medidas cualificadas de prevención para facer fronte á evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e que precisan de autorización xudicial para a súa eficacia

Modifícase o anexo da Orde do 21 de xullo pola que se establecen medidas cualificadas de prevención para facer fronte á evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e que precisan de autorización xudicial para a súa eficacia, que queda redactado segundo o anexo desta orde.

Terceiro. Autorización xudicial, publicación e eficacia

1. Solicitarase a autorización xudicial da prórroga e modificación previstas nesta orde, de acordo co disposto na redacción vixente do número 8 do artigo 10 da Lei 29/1998, do 13



de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e publicarase a orde unha vez obtida a referida autorización.

2. As medidas previstas nesta orde terán efectos desde as 00.00 horas do día seguinte ao da súa publicación.

3. En cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas previstas nesta orde serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser prorrogadas, modificadas ou levantadas por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Santiago de Compostela, 19 de agosto de 2021

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade

ANEXO

«ANEXO

Concellos en que son aplicables as limitacións de permanencia de grupos de persoas aos constituídos exclusivamente por persoas conviventes entre a 1.00 e as 6.00 horas

A) Concellos con nivel de restrición máxima:

B) Concellos con nivel de restrición alta:

Arbo

Ares

Arteixo

Barco de Valdeorras (O)

Betanzos

Bueu

Cabana de Bergantiños

Cabanas

Camariñas

Cañiza (A)



Cee
Coruña (A)
Fisterra
Grove (O)
Laxe
Malpica de Bergantiños
Meis
Miño
Muxía
Neves (As)
Nigrán
Ponteareas
Ponte Caldelas
Pontedeume
Rábade
Redondela
Rúa (A)
Rosal (O)
Sada
Tomiño
Tui
Vigo
Vimianzo»



I. DISPOSICIÓN XERAIS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

ORDE do 16 de agosto de 2021 pola que se modifican o anexo II da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, e o anexo da Orde do 21 de xullo de 2021 pola que se establecen medidas cualificadas de prevención para facer fronte á evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e que precisan de autorización xudicial para a súa eficacia.

I

A evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia fai necesario que as autoridades sanitarias autonómicas sigan adoptando determinadas medidas de prevención orientadas a conter a propagación da infección e dirixidas a facer fronte á crise sanitaria derivada da COVID-19.

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto dese acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Con esta finalidade poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade. Establécese, ademais, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de conformidade coa normativa aplicable e en vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación



quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou en parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e que modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación das medidas concretas contidas no anexo do citado acordo.

Con base no disposto no citado punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, adoptáronse, mediante a Orde do 25 de xuño de 2021, unha serie de medidas que teñen por obxecto regular distintas actividades coa finalidade de que se poidan desenvolver en condicións de seguridade, minimizando ao máximo o risco de contaxio e a propagación da enfermidade.

Estas medidas específicas tradúcense, en moitos casos, no establecemento de capacidades máximas e na regulación destas, xa que se demostrou que para lograr o fin proposto resulta imprescindible evitar as aglomeracións e garantir o mantemento en todo momento da distancia de seguridade, reducindo o contacto físico ou a proximidade en condicións favorecedoras do contaxio. A evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma exixiu modificar determinados aspectos da orde coa finalidade de adaptar as medidas contidas nela á realidade actual, o que se fixo mediante a Orde do 1 de xullo de 2021.

Posteriormente, mediante a Orde do 8 de xullo de 2021 introducíronse novas modificacións e prorrogouse a eficacia da Orde do 25 de xuño ata as 00.00 horas do 24 de xullo de 2021, e mediante a Orde do 15 de xullo de 2021 modificáronse a Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, e a Orde do 1 de xullo de 2021 pola que se aproba o Protocolo para a reactivación do lecer nocturno no marco da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19.

Neste marco, e coa finalidade de que as medidas de prevención fronte á COVID-19 sigan adaptándose á evolución da situación epidemiolóxica, mediante a Orde do 22 de xullo de 2021 acometeuse unha nova prórroga e modificación da Orde do 25 de xuño, de conformidade coa previsión contida no punto noveno da citada Orde do 25 de xuño de 2021, segundo a cal, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas previstas nela deben ser obxecto de seguimento e avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria, e modificouse a Orde do 1 de xullo de 2021 pola que se aproba o Protocolo para a reactivación do lecer nocturno no marco da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19.



Mediante a Orde do 29 de xullo de 2021 modificouse o anexo II da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

Así mesmo, mediante a Orde do 5 de agosto de 2021 introducíronse novas modificacións e prorrogouse a Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, cuxa vixencia se estende ata as 00.00 horas do día 21 de agosto.

Finalmente, mediante a Orde do 13 de agosto de 2021 modificouse a Orde do 25 de xuño de 2021, en atención á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria da Comunidade Autónoma, de acordo co indicado no Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública do 11 de agosto de 2021.

II

No *Diario Oficial de Galicia* núm. 140-bis, do venres 23 de xullo de 2021, a Consellería de Sanidade publicou a Orde do 21 de xullo de 2021 pola que se establecen medidas cualificadas de prevención para facer fronte á evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e que precisan de autorización xudicial para a súa eficacia.

A dita Orde do 21 de xullo de 2021 recolleu unha serie de medidas limitativas de dereitos fundamentais que foron ratificadas mediante o Auto 88/2021, da Sección Terceira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Mediante a Orde do 29 de xullo de 2021 modificouse o anexo da Orde do 21 de xullo de 2021, para os efectos de incluír, no nivel de restricións que en cada caso correspondía, os concellos segundo a súa situación epidemiolóxica. As citadas medidas foron tamén autorizadas mediante o Auto 94/2021, da Sección Terceira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Posteriormente, mediante a Orde do 4 de agosto acometeuse unha nova modificación do anexo da Orde do 21 de xullo coa finalidade de adaptalo á realidade da situación epidemiolóxica. Tamén se prorrogou a súa eficacia, estendéndose a súa vixencia ata as 00.00 horas do 21 de agosto. Mediante o Auto 95/2021, da Sección Terceira da Sala do Con-



tencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, autorizáronse as ditas medidas.

Finalmente, mediante a Orde do 11 de agosto de 2021 modificouse tamén o anexo da Orde do 21 de xullo de 2021, á vista da concreta evolución da situación epidemiolóxica de determinados concellos da Comunidade Autónoma, coa finalidade de incluír, no nivel de restricións que en cada caso correspondía, os concellos en que variou a situación, con base no Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública do 11 de agosto de 2021. Mediante o Auto 96/2021, do 13 de agosto, da Sección Terceira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, autorizáronse as ditas medidas.

III

En particular, tanto na Orde do 11 de agosto de 2021 como na Orde do 13 de agosto, antes citadas, logo de escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, e con base no Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública do 11 de agosto de 2021, acordouse manter no nivel máximo de restrición o concello do Grove, pola súa taxa axustada de incidencia a 14 días e á espera de que a evolución da súa situación epidemiolóxica consolidase o descenso da incidencia, como se expresa na súa exposición de motivos.

Porén, á vista da evolución da incidencia desde o día 10 de agosto, día da reunión do Comité, na data da elaboración desta orde, á vista do descenso da incidencia, resulta posible que O Grove descenda ao nivel alto de restricións. Así, a súa taxa de incidencia axustada a 7 días é de 116,28 casos por cada cen mil habitantes, e a súa taxa de incidencia axustada a 14 días é de 315,12 casos por cada cen mil habitantes, segundo os datos dispoñibles do día 15 de agosto. Isto exige a modificación do anexo II da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, e do anexo da Orde do 21 de xullo de 2021 pola que se establecen medidas cualificadas de prevención para facer fronte á evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e que precisan de autorización xudicial para a súa eficacia. En particular, polo que se refire a esta última orde, cabe destacar que a modificación non supón un aumento do nivel de restricións que afectan dereitos fundamentais.

A eficacia desta orde comezará ás 00.00 horas do día 17 de agosto de 2021 e estenderase durante o período en que se manteña a eficacia da Orde do 25 de xuño de 2021 e da Orde do 21 de xullo de 2021, sen prexuízo do seguimento e da avaliación continua a que



están sometidas, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

IV

As medidas que se adoptan nesta orde teñen o seu fundamento normativo no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 a 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para adoptar as medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica existente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, coa urxencia que a protección da saúde pública demanda.

Na súa virtude, en aplicación do punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. Modificación do anexo II da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia

Modifícase o anexo II da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, no sentido de excluír O Grove do nivel extremo de restricións e incluílo no nivel alto.

Segundo. Modificación do anexo da Orde do 21 de xullo de 2021 pola que se establecen medidas cualificadas de prevención para facer fronte á evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e que precisan de autorización xudicial para a súa eficacia

Modifícase o anexo da Orde do 21 de xullo de 2021 pola que se establecen medidas cualificadas de prevención para facer fronte á evolución da situación epidemiolóxica deri-



vada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e que precisan de autorización xudicial para a súa eficacia, no sentido de excluír O Grove do nivel extremo de restricións e incluílo no nivel alto.

Terceiro. *Eficacia*

As medidas previstas nesta orde terán efectos desde as 00.00 horas do día 17 de agosto de 2021.

Santiago de Compostela, 16 de agosto de 2021

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade



I. DISPOSICIÓN XERAIS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

ORDE do 13 de agosto de 2021 pola que se modifica a Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e se suspende a exigencia da exhibición de documentación para o acceso a determinados establecementos prevista nela e na Orde do 1 de xullo de 2021 pola que se aproba o Protocolo para a reactivación do lecer nocturno no marco da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, e se substitúe por unha regulación transitoria e provisional.

I

A evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia fai necesario que as autoridades sanitarias autonómicas sigan adoptando determinadas medidas de prevención orientadas a conter a propagación da infección e dirixidas a facer fronte á crise sanitaria derivada da COVID-19.

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020 sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto dese acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Con esta finalidade poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade. Establécese, ademais, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de conformidade coa normativa aplicable e en vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou



complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou en parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e que modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación das medidas concretas contidas no anexo do citado acordo.

Con base no disposto no citado punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020, adoptáronse, mediante a Orde do 25 de xuño de 2021, unha serie de medidas que teñen por obxecto regular distintas actividades coa finalidade de que se poidan desenvolver en condicións de seguridade, minimizando ao máximo o risco de contaxio e a propagación da enfermidade.

Estas medidas específicas tradúcense, en moitos casos, no establecemento de capacidades máximas e na regulación destas, xa que se demostrou que para lograr o fin proposto resulta imprescindible evitar as aglomeracións e garantir o mantemento en todo momento da distancia de seguridade, reducindo o contacto físico ou a proximidade en condicións favorecedoras do contaxio. A evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma exixiu modificar determinados aspectos da orde coa finalidade de adaptar as medidas contidas nela á realidade actual, o que se fixo mediante a Orde do 1 de xullo de 2021.

Posteriormente, mediante a Orde do 8 de xullo de 2021 introducíronse novas modificacións e prorrogouse a eficacia da Orde do 25 de xuño ata as 00.00 horas do 24 de xullo de 2021, e mediante a Orde do 15 de xullo de 2021 modificáronse a Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e a Orde do 1 de xullo de 2021 pola que se aproba o Protocolo para a reactivación do lecer nocturno no marco da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19.

Neste marco, e coa finalidade de que as medidas de prevención fronte á COVID-19 si gan adaptándose á evolución da situación epidemiolóxica, mediante a Orde do 22 de xullo de 2021 acometeuse unha nova prórroga e modificación da Orde do 25 de xuño, de conformidade coa previsión contida no punto noveno da citada Orde do 25 de xuño de 2021, segundo a cal, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas previstas nela deben ser obxecto de seguimento e avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria, e modificouse a Orde do 1 de xullo de 2021 pola que se aproba o Protocolo para a reactivación do lecer nocturno no marco da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19.



Mediante a Orde do 29 de xullo de 2021 modificouse o anexo II da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

Finalmente, mediante a Orde do 5 de agosto de 2021 introducíronse novas modificacións e prorrogouse a Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, cuxa vixencia se estende ata as 00.00 horas do día 21 de agosto.

Unha vez sentado o anterior, débese destacar que, en termos xerais, se mantén na Comunidade Autónoma a situación epidemiolóxica que motivou a adopción das medidas recollidas na citada orde, ben que resulta necesario introducir determinadas modificacións coa finalidade de adaptala á concreta evolución da situación epidemiolóxica de determinados concellos, coa finalidade de incluír no nivel de restricións que en cada caso corresponda os concellos en que variou a situación.

Así mesmo, debe terse en conta que o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en dous autos notificados o día 12 de agosto de 2021, que resolven solicitudes de medidas cautelárisimas presentadas en recursos contencioso-administrativos presentados contra a Orde do 22 de xullo de 2021 pola que se prorroga e se modifica a Orde do 25 de xuño de 2021, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, e se modifica a Orde do 1 de xullo de 2021 pola que se aproba o Protocolo para a reactivación do lecer nocturno no marco da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, denega as medidas de suspensión solicitadas, pero, nos seus fundamentos de dereito entende que as medidas referidas á obriga de presentar un certificado emitido polo Servizo Público de Saúde que acredite as circunstancias que se apuntan en relación coa hostalaría e a restauración (vacinação, recuperación ou proba diagnóstica de infección activa negativa) requirirían de autorización xudicial preceptiva conforme o disposto na nova redacción do artigo 10.8 da LXCA dada pola Lei 3/2020, do 18 de setembro, de medidas procesuais organizativas para facer fronte á COVID-19, por consideralas como medidas restritivas de dereitos. Polo exposto, o Tribunal entende que estas medidas carecen de vixencia na Comunidade Autónoma de Galicia, por canto non se someteron a autorización á Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.



A Administración autonómica considerou no seu día que o contido destas medidas non precisaba de autorización xudicial preceptiva, ao non limitar ou restrinxir dereitos fundamentais e basearse no artigo 38.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia. Porén, tendo en conta o criterio manifestado nestes autos polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a Administración autonómica considera que o procedente é solicitar, canto antes, a dita autorización, para evitar calquera dúbida en relación coa vixencia e eficacia da existencia destes certificados e fomentar así a seguridade xurídica.

Debe lembrarse que, en todo caso, o empeño da Administración autonómica é garantir o libre exercicio das actividades económicas concernidas, compatibilizándoo coa maior seguridade sanitaria posible. Así mesmo, cabe lembrar que a existencia deste certificado permitiu a apertura dos interiores da hostalaría e restauración en situacións en que antes estaban pechados, así como do lecer nocturno, en circunstancias en que antes estaba suspendida. Por iso, enténdese que a existencia de certificados é, en todo caso, unha medida alternativa menos gravosa ao peche destas actividades.

Deste modo, mentres non se pronuncie o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre a autorización da existencia dos certificados anteditos, cuxa solicitude se presentou neste mesmo día debe suspenderse expresamente, por razóns de coherencia, a eficacia das previsións da regulación vixente en que se prevía a existencia destes certificados, e substituír esta existencia por unha regulación transitoria e provisional. Debe resaltarse o carácter transitorio e provisional desta regulación, que non prexulga, polo tanto, de ningún xeito, a conformación definitiva que terá esta regulación, no caso de non ser autorizada a medida de existencia de certificados. Neste sentido, no caso de non autorizarse a medida de existencia de certificados, esta regulación será revisada na próxima reunión do Comité Clínico. Para o comezo da eficacia desta regulación transitoria e provisional debe darse un tempo suficiente que permita o seu coñecemento e a adaptación a esta regulación dos sectores afectados.

II

A adopción das medidas contidas nesta orde vén determinada pola evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria da Comunidade Autónoma. Así resulta do informe da Dirección Xeral de Saúde Pública do 11 de agosto de 2021, do cal se destacan os seguintes datos:

En relación coa situación epidemiolóxica de Galicia, o número reprodutivo instantáneo (Rt), que indica o número de contaxios orixinados por un caso activo, está por debaixo do 1, o que indica unha diminución na transmisión da infección. Todas as áreas están por debaixo do 1, agás as da Coruña e Ferrol que superan o 1.



Do total de concellos de Galicia, 32 non notificaron casos nos últimos 14 días. O número de concellos sen casos nos últimos 7 días foi de 60. Isto supón un aumento en 10 concellos a 14 días e en 16 concellos a 7 días desde hai unha semana, que era de 135 e 180, a 14 e 7 días.

Entre o 27 de xullo e o 2 de agosto, realizáronse 78.745 probas diagnósticas de infección activa polo virus SARS-CoV-2 (54.269 PCR e 24.476 test de antíxenos) cunha porcentaxe de positividade a sete días do 11,57 %, o que supón un descenso do 7,5 %, respecto a entre o 20 e o 26 de xullo, que era do 12,51 %.

A incidencia acumulada a 7 e 14 días é de 253 e 547 casos por cen mil habitantes, respectivamente, valores inferiores aos observados hai unha semana, en que eran de 294 e 628 casos por cen mil habitantes, respectivamente (descenso do 14 % a 7 días e do 13 % a 14 días).

A tendencia diaria mostra, desde o 1 de marzo, un primeiro tramo de crecemento lento, cunha porcentaxe de cambio diaria (PCD) do 0,6 %, un segundo tramo decrecente, a un ritmo non moi rápido, cunha PCD do -2,2 %, e un terceiro, a partir do 19 de xuño, de crecemento cunha PCD do 11,2 %, e a partir do 17 de xullo un decrecemento lento cunha PCD do -1,4 %.

En canto á evolución por grupos de idade, obsérvase que a incidencia acumulada nos grupos de idade de 12 a 39 anos está descender, especialmente nos de 20 a 39 anos. Non obstante estase a observar un incremento na incidencia dos grupos de idade de 70 e máis anos. O incremento observado nos de 0 a 11 anos parece que se estabiliza, o mesmo que nos grupos de 40 a 69 anos.

Así, segundo o modelo de predición espérase un descenso tanto a 7 como a 14 días, aínda que a 7 días semella que haberá unha ralentización. Non obstante, hai que tomalo con precaución, pois a amplitude dos intervalos de confianza volveu ampliarse, o que implicaría que a evolución podería ir en calquera sentido (ascende, estabilízase, descende).

No que respecta á situación das áreas sanitarias, as taxas a 14 días están entre os 330,67 casos por 100.000 habitantes de Ourense e os 719,61 da Coruña. As taxas de incidencia a 14 días seguen a diminuír con respecto ás de hai 7 días, agás nas áreas sanitarias da Coruña (onde aumentan a 7 e 14 días) e na de Ferrol (que aumenta a 7 días, aínda que en menor medida). As áreas de Santiago e Ourense baixaron de 150 casos por 100.000 habitantes a 7 días.



No que respecta á hospitalización dos casos COVID-19, a media de pacientes en hospitalización de agudos nos últimos 7 días foi de 233,4, o que significa un descenso do -1,0 % con respecto ás de hai sete días. A taxa de pacientes en hospitalización de agudos é de 8,6 ingresados por 100.000 habitantes, cun descenso, tamén, do -1,0 % con respecto a hai 7 días. En canto aos ingresos COVID-19 nas unidades de críticos (UCI) nos últimos 7 días, a media foi de 49,1 e a taxa a 7 días de ingresados nas UCI é de 1,8 ingresados por 100.000 habitantes, o que supón un aumento do 37,6 % con respecto a hai sete días, tanto na media como na taxa.

As defuncións pola COVID-19 están a aumentar, aínda que a onda está a descender, debido a que tanto as hospitalizacións como as defuncións levan un atraso a respecto da incidencia de casos.

No que se refire á situación epidemiolóxica dos concellos de Galicia, naqueles con poboación igual ou maior de 10.000 habitantes (54), 34 presentan unha taxa axustada de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes, fronte aos 43 do informe anterior, 3 superan os 500 casos por 100.000 habitantes, Viveiro, O Grove e Sanxenxo. Pola súa banda, dos concellos de menos de 10.000 habitantes (259), 69 presentan unha taxa axustada de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes, fronte aos 61 de hai unha semana. Deles, 8 presentan taxas axustadas de incidencia iguais ou superiores a 500 casos por cen mil habitantes (A Capela, Cee, Fisterra, Pontedeume, Alfoz, A Pobra do Brollón, Larouco e Riós).

No que atinxe ás comarcas, só a comarca de Fisterra se atopa no nivel máximo. No nivel alto están as comarcas de: Vigo, O Salnés, Pontevedra, O Morrazo, O Condado, O Baixo Miño, Verín, Terra de Caldelas, A Ulloa, A Mariña Occidental, A Mariña Central, Lugo, Chantada, Terra de Soneira, Muros, Eume, Betanzos e Bergantiños.

En relación coas variantes do virus SARS-CoV-2, desde a posta en marcha da vixilancia da prevalencia das variante en Galicia, baseada na aplicación dunhas PCR específicas sobre unha mostra aleatoria das mostras positivas para SARS-CoV-2 por PCR da semana previa, identificadas nos servizos de microbioloxía dos hospitais CHUAC, CHUS, CHUVI, CHUO, HULA e Vithas (Vigo), na semana epidemiolóxica 30/2021 (do 26 de xullo ao 1 de agosto), a porcentaxe de positividade para a posible variante Alfa foi dun 15 % (IC95 %: 14-17 %) e para a variante Delta foi do 82 % (IC95 %: 81-84 %).

Polas diferenzas nas fraccións de mostraxe entre áreas sanitarias, a prevalencia axustouse ao número de casos en cadansúa área, que é notablemente diferente á prevalencia



sen axustar 90 % (IC95 %: 89-91 %) e 9 % (IC95 %: 8-10 %) para as variantes Delta e Alfa, respectivamente.

Ata a semana 30, incluída, das variantes de preocupación (VOC) identificáronse 921 casos da variante Alfa con secuenciación completa; da variante Beta (B.1.351 ou surafricana), 34 por secuenciación completa; da variante Gamma (P1 ou brasileira), 82 casos por secuenciación completa; e da variante Delta (B.1.617.2 ou india), 227 casos. Ademais das VOC, tense constancia de 4 mostras coa variante Eta (B.1.525 ou nixeriana); 9 mostras coa variante Iota (B.1.526 ou de Nova York); 21 mostras coa variante Lambda (C.37) e 26 mostras con variante B.1.621 (colombiana).

O informe conclúe que a taxa de incidencia diminúe tanto a 7 como a 14 días. A tendencia amosou un novo cambio cara ao descenso, cunha porcentaxe de cambio diaria do -1,4 %, a partir do 17 de xullo. O Rt no global de Galicia segue por debaixo do 1. A taxa de incidencia a 14 días, no global de Galicia, está nos 547 casos por cen mil habitantes. Todas as áreas sanitarias diminúen a súa incidencia tanto a 7 como a 14, agás a da Coruña que aumenta a 7 e 14, e a de Ferrol, que o fai a 7 días.

No que atinxe aos concellos de máis de 10.000 habitantes, xa aplicando o axuste de taxas, hai 32 concellos con taxas de incidencia a 14 días iguais ou superiores a 250 casos por cen mil habitantes. Nos de menos de 10.000 hai 60 concellos que superen unha taxa de incidencia de 250 casos por cen mil habitantes.

Neste momento, a variante Delta é a prevalente e a prevalencia da Alfa segue a diminuír. O feito de que a variante Delta teña unha maior transmisibilidade explica, entre outros posibles motivos, a alta incidencia.

Cómpre indicar que o criterio que se vén utilizando para determinar os niveis de restrición aplicables a cada un dos concellos da Comunidade Autónoma é, ademais do da situación sanitaria, o da taxa de incidencia acumulada segundo os casos por cada 100.000 habitantes, tanto a 14 días como a 7 días; esta última permite reaccionar con maior rapidez e eficacia fronte aos gromos.

Desta maneira establecéronse os seguintes niveis de restricións: nivel de restricións máximo, alto, medio e medio-baixo.

Atendendo ás taxas de incidencia acumulada a 14 días, sitúanse no nivel medio-baixo os concellos con taxas por debaixo dos 150 casos por cada 100.000 habitantes; no me-



dio, os concellos con taxas que se atopen entre os 150 e por debaixo dos 250 casos por cada 100.000 habitantes; no alto, os concellos con taxas que se atopen entre os 250 e por debaixo dos 500 casos por cada 100.000 habitantes, e no nivel de restrición máxima, os concellos cuxas taxas de incidencia acumulada sexan máis de 500 casos por 100.000 habitantes.

Pola súa banda, atendendo ás taxas de incidencia acumulada a 7 días, sitúanse no nivel medio-baixo os concellos que se atopen por debaixo dos 75 casos por cada 100.000 habitantes; no medio, os concellos que se atopen entre os 75 e por debaixo dos 125 casos por cada 100.000 habitantes; no nivel alto, os concellos que se atopen entre os 125 e por debaixo dos 250 casos por cada 100.000 habitantes, e no nivel de restrición máxima, os concellos cuxas taxas de incidencia acumulada sexan máis de 500 casos por 100.000 habitantes.

A taxa de incidencia acumulada non é o único criterio que se ten en conta para determinar o nivel aplicable a cada concello, xa que este dato se modula en función doutros factores e da análise da situación do propio concello. Así, o criterio da incidencia vese completado coa consideración de criterios demográficos (pois debe terse en conta que en concellos de escasa poboación poucos casos poden dar lugar a taxas moi elevadas, que deben ser postas no debido contexto). Ademais, os servizos de saúde pública e o Comité e o Subcomité Clínico veñen analizando as características específicas de cada gromo. Neste sentido, véñse prestando unha especial atención á existencia de gromos non controlados ou de casos sen vínculo epidemiolóxico, así como ao feito de que non se observe unha melloría clara na evolución da situación epidemiolóxica.

Actualmente, o avance da campaña de vacinación masiva esta a conseguir protexer a poboación e retomar actividades económicas e sociais ata o de agora limitadas para evitar un maior número de contaxios. Non obstante, e mentres non se alcance a inmunidade de grupo, é necesario seguir adoptando medidas preventivas e de control que permitan garantir as máximas condicións de seguridade e reducir o risco de contaxio e propagación da COVID-19. Estas medidas deben ser adecuadas e eficaces de acordo coa evolución da situación epidemiolóxica e de capacidade do sistema asistencial.

Tendo en conta o expresado en relación con que existe unha porcentaxe moi elevada de poboación vacinada, o cal permitiu unha redución importante de hospitalizacións e falecementos, foi necesario actualizar os indicadores de risco establecidos antes do inicio da campaña de vacinación. Deste xeito, a partir da adopción destes novos criterios, as medidas de prevención e control pretenden adaptarse ao novo escenario en que nos atopamos,



onde prevalecen os casos entre a poboación máis nova, na cal unha porcentaxe maioritaria non ten consecuencias clínicas importantes. Neste sentido, salientase que dous terzos dos casos se están a dar entre os 15 e os 39 anos de idade e que existe un menor risco de padecer a enfermidade grave nesas franxas de idade.

Na situación actual concorren, en definitiva, determinadas circunstancias que aconsellan axustar as taxas de incidencia acumulada mediante a aplicación dun factor de corrección baseado no risco de ingreso hospitalario, xa que a situación da carga asistencial hospitalaria é, neste momento, de 3,2 e 0,6 ingresos por 100.000 habitantes en hospitalización de agudos e en unidades de críticos, respectivamente, a pesar das taxas de incidencia elevadas que se están a observar. Isto indica que a onda ten un menor impacto nos ingresos pola COVID-19, o que se atribúe aos factores aludidos de vacinación dos maiores e á idade dos casos.

Para reflectir este feito, a partir da adopción deste novo criterio, a incidencia acumulada global a 14 e 7 días axustarase segundo evolucione o risco de ingreso en cada momento. A consideración do risco de ingreso como factor permitirá manter os niveis de restricións establecidos na súa forma actual (nivel máximo, nivel alto, nivel medio e nivel medio-baixo), pero cunha actualización dos valores que provocan a entrada nun ou noutro nivel segundo o factor expresado do risco de ingreso, o que permitirá ter en conta en cada momento de forma dinámica os efectos positivos do avance da campaña de vacinación.

Para determinar nesta orde os concellos de nivel de restrición máximo e alto tivéronse en conta as taxas de incidencia a 14 e 7 días axustadas, mais mantendo as mesmas taxas de incidencia previas ao axuste.

A metodoloxía utilizada para o cálculo da incidencia acumulada axustada por risco de ingreso parte do cálculo dun factor de corrección que se interpreta como o risco relativo de ingreso no período comprendido entre agosto de 2020 e marzo de 2021 (período de referencia) comparado co momento actual. Este factor é superior a 1, debido á vacinación e á diferente distribución por idade dos casos, que actualmente se concentran fundamentalmente na poboación de 15 a 29 anos. Para axustar a incidencia a 7 e 14 días dos concellos, divídese a taxa bruta polo factor de corrección.

O factor de corrección calcúlase, para cada día, como o cociente entre a taxa bruta de ingresos nos últimos 28 días e a taxa axustada por idade, aplicando o método directo e usando como poboación estándar o número de casos do período de referencia.



A taxa bruta de ingresos a 28 días é a porcentaxe de casos que ingresaron entre os casos con diagnóstico por PCR ou tests de antíxenos acumulados nos últimos 28 días. As taxas específicas de ingreso por idade calcúlanse do mesmo xeito pero no grupo de idade correspondente.

A taxa axustada de ingresos calcúlase aplicándolle as taxas específicas de ingreso por idade a 28 días á poboación de referencia. A suma dos valores obtidos por idade divídese entre o total de casos do período de referencia (97.996) e o resultado interprétase como a porcentaxe de casos que terían ingresado se tivesen a mesma distribución por idade ca no período de referencia (taxa de ingresos axustada).

Igualmente, para o descenso de nivel de restrición, terase en conta a evolución das súas taxas de incidencia que indique un claro descenso desta e se a aparición de casos novos entra dentro do esperado no contexto dos gromos que se estean a desenvolver nos concellos.

A cada un dos distintos niveis de restrición seranlle de aplicación as medidas xerais e específicas previstas para cada caso nas disposicións vixentes, aprobadas polas autoridades sanitarias competentes, tendo en conta, ademais, que no día de hoxe está cientificamente constatado que, mentres non exista unha alta cobertura poboacional de vacinación, as intervencións non farmacolóxicas son as intervencións de saúde pública máis efectivas contra a COVID-19, medidas que se poderán ir suavizando na súa aplicación en vista da situación epidemiolóxica no territorio e do aumento da cobertura vacinal.

Debe destacarse, ao fío do anterior, que Galicia conta cunha poboación especialmente envellecida, cunha porcentaxe de persoas de 65 e máis anos (ano 2020) do 25,4 % fronte ao 19,6 % do conxunto de España.

Porén, tamén hai que ter en consideración que, aínda que esta cobertura se obteña en determinados grupos, a distribución poboacional pode ser desigual, se se ten en conta toda a poboación e non os grupos de idade prioritarios que se están a vacinar en primeiro lugar. Tampouco se pode esquecer que mentres non se consiga conter a pandemia no mundo, con países con alta circulación do virus, poden aparecer novas variantes do virus que poidan ter a capacidade de escapar á inmunidade proporcionada polas vacinas actuais. Ademais, a circulación da variante Delta pode facer que haxa escape á inmunidade naquelas persoas que non estean completamente vacinadas e certo escape nas completamente vacinadas, sen esquecer que esta variante se considera que é un 40-60 % máis transmisible que a variante Alfa.



Non obstante, estas medidas aplicaranse con criterios epidemiolóxicos pero tamén de proporcionalidade e estarán en vixencia só polo tempo preciso para asegurar que a evolución desta situación epidemiolóxica é boa e se está a cortar a transmisión, que é o obxectivo destas medidas.

En atención ao exposto, tendo en conta o indicado no citado informe da Dirección Xeral de Saúde Pública e logo de escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, acórdase manter no nivel máximo de restrición, o concello do Grove, pola súa taxa axustada de incidencia a 14 días e á espera de que a evolución da súa situación epidemiolóxica consolide o descenso da incidencia.

Pola súa banda, descenden ao nivel alto de restrición, desde o máximo actual, os concellos de Muros, Burela, Foz, Meaño e Sanxenxo, pola súa taxa axustada a 14 días. Tamén descenden ao nivel alto de restricións, pola súa taxa axustada a 7 e 14 días, os concellos de Baiona e Viveiro.

Mantéñense no nivel alto de restrición os concellos da Coruña, A Laracha, Arteixo, Betanzos, Cambre, Carballo, Culleredo, Oleiros, Sada, Ames, Ferrol, Lugo, Ribadeo, Xove, Bueu, Cambados, Marín, Meis, Pontevedra, Portas, Soutomaior, Vilagarcía de Arousa, A Guarda, Nigrán, O Porriño, Redondela, Tui e Vigo, polas súas taxas axustadas a 7 e 14 días. Tamén se manteñen no nivel alto de restrición, polas súas taxas a 14 días, os concellos de Ribeira, Chantada, O Barco de Valdeorras, Verín, Poio, Vilaboa, Gondomar e Salvaterra de Miño. A pesar de que as súas taxas a 7 días están a mellorar considérase preciso que continúen neste nivel ata asegurar o descenso na súa incidencia, co fin de evitar que a súa incidencia volva ascender.

Tamén se manteñen neste nivel alto, aínda que as súas taxas a 7 e 14 días indican o nivel máximo, os concellos de Cee, Fisterra e Pontedeume, xa que os casos nestes tres concellos están asociados a gromos de orixe coñecida, está a mellorar a incidencia a 7 días nos concellos de Cee e Pontedeume e, no concello de Fisterra, os poucos casos novos que se deron desde hai unha semana son en contactos xa corentenados, polo que se considera que este nivel sería suficiente para estes tres concellos.

Ascenden ao nivel alto de restrición, desde o nivel medio en que estaban, os concellos de Miño, Outeiro de Rei, Arbo, As Neves e Tomiño, polas súas taxas a 7 e 14 días. Nestes concellos observouse que os seus casos case se duplicaron nunha semana, a pesar de atoparse xa no nivel medio. No caso de Tomiño, ademais, acababa de descender do nivel alto ao medio, tal como indicaban as súas taxas naquel momento. O concello de Laxe,



desde o nivel medio, aínda que a súa taxa a 7 días indica o nivel máximo, debido a que se trata dun concello pequeno en que poucos casos aumentan rapidamente a súa incidencia, polo que se considera que, polo de agora, sería suficiente o nivel alto de restricións.

Igualmente, ascende ao nivel alto desde o nivel medio-baixo actual, e non ao máximo que indica a súa taxa a 7 días, o concello de Malpica de Bergantiños, xa que a maior parte dos casos están asociados a un gromo relacionado co ocio nocturno e o resto de casos ou son importados doutras provincias ou están agrupados en pequenos gromos de orixe coñecida. Polo tanto, considérase que este nivel, polo de agora podería ser suficiente para o control da súa incidencia.

Tamén ascende ao nivel alto de restrición, e non o máximo que indica a súa taxa a 7 días, o concello de Cabanas (no nivel medio-baixo actualmente), posto que se considerou necesario ver a evolución da súa incidencia antes de ascendelo ao nivel máximo, xa que se trata dun concello con pouco menos de 3.000 habitantes.

Mantéñense no nivel medio de restricións, polas súas taxas a 7 e 14 días, os concellos de Bergondo, Curtis, Carnota, Rianxo, Silleda, As Pontes de García Rodríguez, Cedeira, Guitiriz, Mondoñedo, Sarria, Vilalba, Coles, Caldas de Reis, Catoira, Cangas, Pontearreas e Salceda de Caselas; pola súa taxa a 14 días, os concellos de Oroso e Celanova; tamén se manteñen neste nivel o concello de Corcubión, aínda que a súa taxa a 7 días indica o nivel máximo, xa que os seus casos están dentro dun gromo de orixe controlada. Ademais, trátase dun concello con pouca poboación en que poucos casos aumentan a súa incidencia de xeito artificial.

Igualmente, segue no nivel medio o concello de Riós, aínda que a súa taxa a 14 días indica o nivel máximo, xa que sae trata dun concello de pouca poboación e no cal os casos xa están a diminuír, polo que se considera que, dadas as características do concello, pode manterse neste nivel e non ir a niveis superiores. O mesmo ocorre cos concellos de Coristanco, Muxía, Oza-Cesuras, Vimianzo, Touro, Cospeito, A Rúa, Monterrei, Xinzo de Limia, A Lama, Cuntis e Mondariz, a pesar de que as súas taxas a 7 e/ou 14 días indican o nivel alto. Nestes concellos a evolución da súa situación epidemiolóxica nos últimos 7 días é boa, polo que se considera que poden manterse neste nivel sen necesidade de ascendelos ao nivel alto que indican as súas taxas, xa que, polo de agora, parece suficiente este nivel medio para o control da incidencia neles. En xeral, son concellos pequenos ou medianos, agás o de Xinzo de Limia que é o que rolda os 10.000 habitantes, pero no cal os casos se deben a gromos de orixe coñecida e controlados, polo que as medidas de nivel medio parecen axeitadas para o control.



Mantéñense no nivel medio os concellos de Narón e Neda, aínda que a súa taxa a 7 días aumentou en ambos os concellos desde hai unha semana, porque se considera, no caso de Narón, que é un concello de case 40.000 habitantes, que se pode esperar a ver a evolución da súa situación epidemiolóxica antes de ascendelo ao nivel alto e, no caso de Neda, concello con pouca poboación, tamén se pode esperar. Non obstante estes concellos manteranse en vixilancia nos vindeiros días, por se é preciso ascendelos.

Ascenden ao nivel medio de restricións, desde o nivel medio-baixo, os concellos de Paderne e Ponteceso, aínda que a súa taxa a 7 días indica o nivel máximo, xa que se considera que se podería esperar a ver a evolución da súa situación epidemiolóxica debido a que os seus casos están en gromos de orixe coñecida e deberíase manter a vixilancia sobre eles antes de ascendelos a un nivel superior. O mesmo sucede cos concellos de Abegondo, Cabana de Bergantiños, Coirós, Ares e Pazos de Borbén, nos cales as súas taxas indicarían o nivel alto, pero non se trata de concellos grandes, e nos cales ademais os casos están ben asociados a gromos ou se trata de casos importados doutras provincias, polo que se podería considerar, de momento, este nivel medio de restricións e non o alto que indican as súas taxas de incidencia.

Tamén se sitúan no nivel medio, tal como indican as súas taxas a 7 e/ou 14 días, os concellos de Camariñas, Carral, Cerceda, Fene e Allariz.

Descende desde o nivel máximo ao nivel medio de restricións o concello de Monterroso, a pesar de que a súa taxa a 14 días indica o nivel alto, xa que a súa taxa a 7 días xa é de nivel medio-baixo e os casos, que formaban parte dun gromo de orixe coñecida, xa están a diminuír, polo que, dado o tamaño deste concello considérase que podería descender ao nivel medio en vez de ao alto. Tamén descenden desde o nivel alto ao medio os concellos de Palas de Rei e Avión, aínda que as súas taxas seguen a indicar este nivel alto, xa que se trata de concellos que teñen os gromos xa controlados, cos casos a diminuír, sen apareceren casos novos e tratarse de concellos con pouca poboación. Así mesmo, descende ao nivel medio desde o nivel alto o concello da Illa de Arousa, aínda que a súa taxa a 7 e 14 días indique o nivel alto, posto que este concello ten a taxa a 7 días preto do límite inferior do rango da taxa a 7 días. Este concello foi evolucionando ben e a súa situación epidemiolóxica está a mellorar, tal como indica a non aparición de casos novos e a diminución dos casos a 14 días.

Finalmente, descenden desde o nivel alto ao nivel medio de restricións os seguintes concellos, tal como indican as súas taxas: A Pobra do Caramiñal, Boiro, Melide, Padrón, Santiago de Compostela, Teo, Valga, Cariño, Ortigueira, Cervo, Monforte de Lemos, O Carballiño, Ourense, Barro, Ponte Caldelas, Vilanova de Arousa, Moaña, Mos e O Rosal.



Para o resto de concellos de Galicia recoméndase o nivel medio-baixo de restricións.

A eficacia desta orde comezará ás 00.00 horas do día 14 de agosto de 2021 e estende-rase durante o período en que se manteña a eficacia da Orde do 25 de xuño de 2021, sen prexuízo do seguimento e da avaliación continua a que está sometida co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

III

As medidas que se adoptan nesta orde teñen o seu fundamento normativo no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 a 38.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para adoptar as medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situa-ción epidemiolóxica existente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, coa urxen-cia que a protección da saúde pública demanda.

Na súa virtude, en aplicación do punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transi-ción cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. Suspensión da exigencia da exhibición de documentación para o acceso a determinados establecementos prevista na Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se esta-blecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e na Orde do 1 de xullo de 2021 pola que se aproba o protocolo para a reactivación do lecer nocturno no marco da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, e substitución por unha regulación transitoria e provisional

1. Suspéndese a exigencia da exhibición de documentación para o acceso a determina-dos establecementos prevista nos números 3.22, III.2.1. e III.2.7 do punto 4.1 do anexo I da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na



Comunidade Autónoma de Galicia, así como no número 4.1 do anexo da Orde do 1 de xullo de 2021 pola que se aproba o protocolo para a reactivación do lecer nocturno no marco da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19.

2. A existencia desta documentación substituirase pola regulación transitoria e provisional establecida nos puntos segundo, terceiro, cuarto e quinto desta orde.

3. Sen prexuízo do indicado, as autoridades sanitarias, coa finalidade de compatibilizar o desenvolvemento das correspondentes actividades coa seguridade sanitaria e asegurar un nivel elevado de protección da cidadanía, recomendan que só se acceda ao interior dos locais de hostalaría e restauración e xogos e apostas situados nos concellos con nivel alto de restrición, recollidos na letra B do anexo II da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, cando cumpra algunha das seguintes condicións:

1º. Que a persoa conta coa pauta completa dunha vacina contra a COVID-19 para a cal se concedeu unha autorización de comercialización de conformidade co Regulamento (CE) nº 726/2004.

2º. Que a persoa dispón dunha proba diagnóstica de infección activa (PDIA) negativa. No caso dos tests rápidos de antíxenos, deberán estar enumerados na lista común e actualizada de tests rápidos de antíxenos da COVID-19 establecida sobre a base da Recomendación 2021/ C 24/01, do Consello de Europa. A proba debe ser realizada nas últimas 72 horas anteriores.

3º. Que a persoa se recuperou dunha infección polo SARS-CoV-2 diagnosticada e está no período comprendido entre o día 11 e o 180, ambos incluídos, despois da PDIA positiva.

Segundo. Modificación das letras a) e b) do parágrafo 1 do punto 3.22 (hostalaría e restauración) do anexo I da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia

Modifícanse as letras a) e b) do parágrafo 1 do punto 3.22 (hostalaría e restauración) do anexo I da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que quedan redactadas como segue:



«a) Nos concellos enumerados na letra A do anexo II da presente orde, os establecementos poderán prestar servizos de recollida no local e de consumo a domicilio, de entrega a domicilio e de terraza co cincuenta por cento da capacidade máxima permitida con base na correspondente licenza municipal ou do que sexa autorizado para este ano, no caso de que a licenza sexa concedida por primeira vez. Estes establecementos permanecerán pechados ao público para o consumo no interior do local.

En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia de seguridade interpersoal entre as mesas ou, de ser o caso, as agrupacións de mesas, e a ocupación máxima será de dez persoas na terraza, por mesa ou agrupación de mesas. Así mesmo, controlarase que consumidores e empregados manteñan a distancia de seguridade establecida co fin de evitar posibles contaxios.

O horario de peche ao público será ás 23.00 horas. Os establecementos que utilicen a opción de ampliar o seu horario ata a 1.00 horas deberán cumprir os requisitos que se determinan para este caso no número 2 deste punto e nas medidas aprobadas pola consellería competente en materia de sanidade no marco do Plan de hostalaría segura, e sen que se poidan admitir novos clientes a partir das 00.00 horas.

b) Nos concellos enumerados na letra B do anexo II da presente orde, os establecementos poderán prestar servizos de recollida no local e de consumo a domicilio, de entrega a domicilio e de terraza co cincuenta por cento da capacidade máxima permitida con base na correspondente licenza municipal ou do que sexa autorizado para este ano, no caso de que a licenza sexa concedida por primeira vez, e tamén de servizo no interior cunha ocupación do trinta por cento. Non se poderá prestar servizo na barra.

En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia de seguridade interpersoal entre as mesas ou, de ser o caso, as agrupacións de mesas, e a ocupación máxima será de seis persoas no interior e dez persoas na terraza, por mesa ou agrupación de mesas. Así mesmo, controlarase que consumidores e empregados manteñan a distancia de seguridade establecida co fin de evitar posibles contaxios.

O horario de peche ao público será ás 23.00 horas. Os establecementos que utilicen a opción de ampliar o seu horario ata a 1.00 horas deberán cumprir os requisitos que se determinan para este caso no número 2 deste punto e nas medidas aprobadas pola consellería competente en materia de sanidade no marco do Plan de hostalaría segura, e sen que se poidan admitir novos clientes a partir das 00.00 horas».



Terceiro. *Modificación dos números 1 e 2 da epígrafe III.2.1 do punto 4.1 do anexo I da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia*

Modifícanse os números 1 e 2 da epígrafe III.2.1 do punto 4.1 do anexo I da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que quedan redactados como segue:

«1. Nos concellos enumerados na letra A do anexo II, os establecementos de xogos colectivos de diñeiro e de azar, salóns de xogo, salas de bingo, salóns recreativos, rifas e tómbolas, locais específicos de apostas e outros locais e instalacións asimilables aos de actividade recreativa de xogos e apostas, conforme estableza a normativa sectorial en materia de xogo, estarán pechados temporalmente.

2. Nos concellos enumerados nas letras B, C e D do anexo II, os establecementos de xogos colectivos de diñeiro e de azar, salóns de xogo, salas de bingo, salóns recreativos, rifas e tómbolas, locais específicos de apostas e outros locais e instalacións asimilables aos de actividade recreativa de xogos e apostas, conforme estableza a normativa sectorial en materia de xogo, poderán realizar a súa actividade. Nos concellos enumerados na letra B do anexo II non se poderá superar o 30 % da súa capacidade permitida. Nos concellos enumerados na letra C e D do anexo II non poderán superar o cincuenta por cento da súa capacidade permitida».

Cuarto. *Regulación transitoria dos establecementos de lecer nocturno*

Durante o período a que se estenda a eficacia desta regulación, de acordo co establecido no número 1 do punto sétimo desta orde, e en substitución do disposto na letra a) do número 2 da epígrafe III.2.7 do punto 4.1 do anexo I da Orde de 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, e en substitución das capacidades máximas establecidas no número 4.3.2 do anexo da Orde do 1 de xullo de 2021 pola que se aproba o protocolo para a reactivación do lecer nocturno no marco da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, os establecementos de lecer nocturno, situados nos concellos enumerados na letra C do anexo II da dita orde, poderán prestar servizos de terraza co cincuenta por cento da capacidade máxima permitida. Os establecementos situados nos concellos enumerados na letras D do anexo II poderán



prestar servizos de terraza co cen por cento da capacidade máxima permitida. En ambos os casos, para o servizo no interior a ocupación máxima será do trinta por cento da capacidade máxima permitida.

Quinto. *Suprímese a letra j) do número 2 da epígrafe III.2.7 do punto 4.1 do anexo I da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia*

Sexto. *Modifícase o anexo II da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado segundo o anexo desta orde*

Sétimo. *Eficacia*

1. As medidas previstas nesta orde terán efectos desde as 00.00 horas do día 14 de agosto. Porén, a eficacia da regulación transitoria e provisional establecida no punto primeiro, segundo, terceiro, cuarto e quinto desta orde comezará ás 00.00 horas do día 17 de agosto, e estenderase ata o momento en que teña efectos a Orde do 13 de agosto de 2021 pola se modifica a Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia no que se refire ás medidas de prevención consistentes na exhibición de documentación para o acceso a determinados establecementos, que será obxecto de publicación, se é o caso, unha vez que sexa autorizada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. No caso de non ser autorizada a orde citada, a eficacia desta regulación transitoria e provisional manterase ata súa substitución polas correspondentes medidas de prevención que estableza a Consellería de Sanidade.

2. No caso das celebracións e eventos en establecementos de restauración para os días 14 e 15 de agosto que xa estivesen concertados antes do día 13 de agosto, non serán aplicables as limitacións que sexan consecuencia da elevación do nivel de restrición, ben que estas celebracións e eventos deberán ser comunicados polos titulares dos establecementos á correspondente xefatura territorial da Consellería de Sanidade para que se poidan adoptar as medidas ou efectuar as recomendacións pertinentes.

3. En cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas previstas nesta orde serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuen-



cia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser prorrogadas, modificadas ou levantadas por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Santiago de Compostela, 13 de agosto de 2021

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade

ANEXO

«ANEXO II

A) Concellos con nivel de restrición máxima:

Grove (O)

B) Concellos con nivel de restrición alta:

Ames
Arbo
Arteixo
Baiona
Barco de Valdeorras (O)
Betanzos
Bueu
Burela
Cabanas
Cambados
Cambre
Carballo
Cee
Chantada
Coruña (A)
Culleredo
Ferrol
Fisterra
Foz
Gondomar
Guarda (A)



Laracha (A)
Laxe
Lugo
Malpica de Bergantiños
Marín
Meaño
Meis
Miño
Muros
Neves (As)
Nigrán
Oleiros
Outeiro de Rei
Poio
Pontedeume
Pontevedra
Porriño (O)
Portas
Redondela
Ribadeo
Ribeira
Sada
Salvaterra de Miño
Sanxenxo
Soutomaior
Tomiño
Tui
Verín
Vigo
Vilaboa
Vilagarcía de Arousa
Viveiro
Xove

C) Concellos con nivel de restrición media:

Abegondo
Allariz



Ares
Avión
Barro
Bergondo
Boiro
Cabana de Bergantiños
Camariñas
Cangas
Carballiño (O)
Cariño
Carnota
Carral
Catoira
Cedeira
Celanova
Cereda
Cervo
Coirós
Coles
Corcubión
Coristanco
Cospeito
Cuntis
Curtis
Fene
Guitiriz
Illa de Arousa (A)
Lama (A)
Melide
Moaña
Mondariz
Mondoñedo
Monforte de Lemos
Monterrei
Monterroso
Mos
Muxía

CVE-DOG: c1s0rib3-tb58-d8r5-nnq0-poooztcuqii1



Narón
Neda
Oroso
Ortigueira
Ourense
Oza-Cesuras
Paderne
Padrón
Palas de Rei
Pazos de Borbén
Pobra do Caramiñal (A)
Ponteareas
Ponte Caldelas
Ponteceso
Pontes de García Rodríguez (As)
Rianxo
Riós
Rosal (O)
Rúa (A)
Salceda de Caselas
Santiago de Compostela
Sarria
Silleda
Teo
Touro
Valga
Vilalba
Vilanova de Arousa
Vimianzo
Xinzo de Limia

D) Concellos con nivel de restrición media-baixa:

Abadín
Agolada
Alfoz
Amoeiro
Antas de Ulla



Aranga
Arnoia (A)
Arzúa
Baleira
Baltar
Bande
Baña (A)
Baños de Molgas
Baralla
Barbadás
Barreiros
Beade
Beariz
Becerreá
Begonte
Blancos (Os)
Boborás
Bola (A)
Bolo (O)
Boqueixón
Bóveda
Boimorto
Brión
Caldas de Reis
Calvos de Randín
Campo Lameiro
Cañiza (A)
Capela (A)
Carballeda de Avia
Carballeda de Valdeorras
Carballedo
Cartelle
Castrelo de Miño
Castrelo do Val
Castro Caldelas
Castro de Rei
Castroverde



Cenlle
Cerdedo-Cotobade
Cerdido
Cervantes
Chandrexa de Queixa
Corgo (O)
Cortegada
Covelo
Crecente
Cualedro
Dodro
Dozón
Dumbría
Entrimo
Esgos
Estrada (A)
Folgoso do Courel
Fonsagrada (A)
Forcarei
Fornelos de Montes
Frades
Friol
Gomesende
Gudiña (A)
Guntín
Incio (O)
Irixo (O)
Irixoa
Lalín
Láncara
Larouco
Laza
Leiro
Lobeira
Lobios
Lourenzá
Lousame

CVE-DOG: c1s0rib3-tb58-d8r5-nnq0-poooztcuqij1



Maceda
Manzaneda
Mañón
Maside
Mazaricos
Meira
Melón
Merca (A)
Mesía
Mezquita (A)
Moeche
Mondariz-Balneario
Monfero
Montederramo
Moraña
Mugardos
Muíños
Muras
Navia de Suarna
Negreira
Negueira de Muñiz
Nogais (As)
Nogueira de Ramuín
Noia
Oia
Oímbra
Ordes
Ouro
Outes
Paderne de Allariz
Padrenda
Pantón
Parada de Sil
Paradela
Páramo (O)
Pastoriza (A)
Pedrafita do Cebreiro



Pereiro de Aguiar (O)
Peroxa (A)
Petín
Pino (O)
Piñor
Pobra de Trives (A)
Pobra do Brollón (A)
Pol
Pontecesures
Pontedeiva
Pontenova (A)
Porqueira
Porto do Son
Portomarín
Punxín
Quintela de Leirado
Quiroga
Rábade
Rairiz de Veiga
Ramirás
Ribadavia
Ribadumia
Ribas de Sil
Ribeira de Piquín
Riotorto
Rodeiro
Rois
Rubiá
Samos
San Amaro
San Cibrao das Viñas
San Cristovo de Cea
Sandiás
San Sadurniño
Santa Comba
Santiso
San Xoán de Río



Sarreaus
Saviñao (O)
Sober
Sobrado
Somozas (As)
Taboada
Taboadela
Teixeira (A)
Toén
Toques
Tordoia
Trabada
Trasmiras
Trazo
Triacastela
Valadouro (O)
Val do Dubra
Valdoviño
Vedra
Veiga (A)
Verea
Viana do Bolo
Vicedo (O)
Vila de Cruces
Vilamarín
Vilamartín de Valdeorras
Vilar de Barrio
Vilar de Santos
Vilardevós
Vilariño de Conso
Vilarmaior
Vilasantar
Xermade
Xunqueira de Ambía
Xunqueira de Espadanedo
Zas»



I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 11 de agosto de 2021 pola que se modifica o anexo da Orde do 21 de xullo de 2021 pola que se establecen medidas cualificadas de prevención para facer fronte á evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e que precisan de autorización xudicial para a súa eficacia.

I

No *Diario Oficial de Galicia* núm. 140-bis, do venres 23 de xullo de 2021, a Consellería de Sanidade publicou a Orde do 21 de xullo de 2021 pola que se establecen medidas cualificadas de prevención para facer fronte á evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e que precisan de autorización xudicial para a súa eficacia.

A dita orde ditouse consonte o disposto no punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, en que se establece que as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Con esta finalidade poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade. Tamén establece que a persoa titular da consellería competente na dita materia, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de conformidade coa normativa aplicable e en vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou en parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación das medidas concretas contidas no anexo.

A adopción das medidas recollidas na Orde do 21 de xullo de 2021 veu determinada pola evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia, tal e como se xustifica na súa exposición de motivos.

Para facer fronte a ela, a dita orde do 21 de xullo de 2021 recolleu unha serie de medidas limitativas de dereitos fundamentais que consisten no establecemento de limitacións



de permanencia de grupos de persoas no territorio de todos os concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, cun máximo de seis persoas nos espazos interiores e dez persoas en espazos exteriores, agás que sexan conviventes ou estean conformados, como máximo, por dúas unidades de convivencia. Por outra banda, para os concellos con nivel de restrición máximo e alto, entre a 1.00 horas (hora de peche da actividade de hostalaría e restauración nestes concellos, nos cales está pechado o lecer nocturno) e as 6.00 horas, a permanencia de grupos de persoas en espazos pechados e en espazos abertos ou ao aire libre, sexan de uso público ou privado, queda limitada aos constituídos exclusivamente por persoas conviventes. Así mesmo, respecto dos concellos con nivel de restrición medio e medio-baixo, a permanencia de grupos de persoas en espazos pechados e en espazos abertos ou ao aire libre, sexan de uso público ou privado, queda limitada aos constituídos exclusivamente por persoas conviventes entre as 3.00 horas (hora de peche da actividade do lecer nocturno nestes concellos) e as 6.00 horas.

As citadas medidas foron ratificadas mediante o Auto 88/2021, da Sección Terceira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Cómpre indicar que o número 3 do punto cuarto da Orde do 21 de xullo de 2021 dispón que, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas previstas na citada orde serán obxecto de seguimento e avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser prorrogadas, modificadas ou levantadas por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade. Polo tanto, a Orde do 21 de xullo de 2020 prevé expresamente a posibilidade de prorrogala e de acometer a súa modificación coa finalidade de adaptala á realidade da evolución da pandemia.

Así, mediante a Orde do 29 de xullo de 2021, modificouse o anexo da Orde do 21 de xullo de 2021 pola que se establecen medidas cualificadas de prevención para facer fronte á evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e que precisan de autorización xudicial para a súa eficacia, para os efectos de incluír no nivel de restricións que en cada caso correspondía os concellos segundo a súa situación epidemiolóxica. As citadas medidas foron tamén autorizadas mediante o Auto 94/2021, da Sección Terceira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Posteriormente, mediante Orde do 4 de agosto acometeuse unha nova modificación do anexo da Orde do 21 de xullo coa finalidade de adaptalo á realidade da situación



epidemiolóxica. Tamén se prorrogou a súa eficacia, estendéndose a súa vixencia ata as 00.00 horas do 21 de agosto. Mediante o Auto 95/2021 da Sección Terceira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, autorizáronse as ditas medidas.

II

Debe salientarse, non obstante, que a concreta evolución da situación epidemiolóxica de determinados concellos da Comunidade Autónoma mudou, o que exige acometer unha nova modificación do anexo da Orde do 21 de xullo coa finalidade de incluír no nivel de restricións que en cada caso corresponda os concellos en que variou a situación. Así resulta do Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública do 11 de agosto de 2021, do cal pode destacarse o seguinte:

O número reprodutivo instantáneo (R_t), que indica o número de contaxios orixinados por un caso activo, está por debaixo do 1, o que indica unha diminución na transmisión da infección. Todas as áreas están por debaixo do 1, agás as da Coruña e Ferrol que superan o 1.

Do total de concellos de Galicia, 32 non notificaron casos nos últimos 14 días. O número de concellos sen casos nos últimos 7 días foi de 60. Isto supón un aumento en 10 concellos a 14 días e en 16 concellos a 7 días desde hai unha semana, que era de 135 e 180, a 14 e 7 días.

Entre o 27 de xullo e o 2 de agosto, realizáronse 78.745 probas diagnósticas de infección activa polo virus SARS-CoV-2 (54.269 PCR e 24.476 test de antixeno) cunha porcentaxe de positividade a sete días do 11,57 %, o que supón un descenso do 7,5 %, a respecto de entre o 20 e o 26 de xullo, que era do 12,51 %.

A incidencia acumulada a 7 e 14 días é de 253 e 547 casos por cen mil habitantes, respectivamente, valores inferiores aos observados hai unha semana, no que eran de 294 e 628 casos por cen mil habitantes, respectivamente (descenso do 14 % a 7 días e do 13 % a 14 días).

A tendencia diaria mostra, desde o 1 de marzo, un primeiro tramo de crecemento lento, cunha porcentaxe de cambio diario (PCD) do 0,6 %, un segundo tramo decrecente, a un ritmo non moi rápido, cunha PCD do -2,2 % e un terceiro, a partir do 19 de xuño, de crece-



mento cunha PCD do 11,2 %, e a partir do 17 de xullo un decrecemento lento cunha PCD do -1,4 %.

Polo que respecta á situación das áreas sanitaria as taxas de incidencia acumulada a 14 días están entre os 330,67 casos por 100.000 habitantes de Ourense e os 719,61 da Coruña. As taxas de incidencia a 14 días seguen a diminuír con respecto ás de hai 7 días, agás nas áreas da Coruña, que aumentan a 7 e 14 días, e de Ferrol, que aumenta a 7 días, aínda que en menor medida. As taxas a 7 días das áreas de Santiago e Ourense, no entanto, baixaron de 150 casos por 100.000 habitantes.

No que respecta á hospitalización dos casos COVID-19, a media de pacientes COVID-19 en hospitalización de agudos nos últimos 7 días foi de 233,4, o que supón un descenso do 1 % con respecto á situación de hai sete días. A taxa de pacientes COVID-19 en hospitalización de agudos é de 8,6 ingresados por 100.000 habitantes, cun descenso, tamén, do 1 % con respecto á situación de hai 7 días. En canto aos ingresos COVID-19 nas unidades de críticos (UCI) nos últimos 7 días, a media foi de 49,1 e a taxa a 7 días de ingresados nas UCI é de 1,8 ingresados por 100.000 habitantes, o que supón un aumento do 37,6 % con respecto á situación de hai sete días, tanto na media como na taxa.

As defuncións por Covid-19 están a aumentar, aínda que a onda está a descender, debido a que tanto as hospitalizacións como as defuncións levan un retraso a respecto da incidencia de casos.

En canto á situación epidemiolóxica dos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, debe salientarse que nos concellos con poboación igual ou maior de 10.000 habitantes (54), 34 presentan unha taxa axustada de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes, fronte aos 43 do informe anterior, 3 superan os 500 casos por 100.000 habitantes, Viveiro, O Grove e Sanxenxo. Pola súa banda, dos concellos de menos de 10.000 habitantes (259), 69 presentan unha taxa axustada de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes, fronte aos 61 de hai unha semana. Deles, 8 presentan taxas axustadas de incidencia iguais ou superiores a 500 casos por cen mil habitantes (A Capela, Cee, Fisterra, Pontedeume, Alfoz, A Pobra do Brollón, Larouco e Riós). No que atinxe as comarcas, só a comarca de Fisterra atópase no nivel máximo. No nivel alto están as comarcas de: Vigo, Salnés, Pontevedra, O Morrazo, O Condado, O Baixo Miño, Verín, Terra de Caldelas, A Ulloa, A Mariña Occidental, A Mariña Central, Lugo, Chantada, Terra de Soneira, Muros, Eume, Betanzos e Bergantiños.



En relación coas variantes do virus SARS-CoV-2, desde a posta en marcha da vixilancia da prevalencia das variante en Galicia, baseada na aplicación dunhas PCR específicas sobre unha mostra aleatoria das mostras positivas para SARS-CoV-2 por PCR da semana previa, identificadas nos servizos de microbioloxía dos hospitais CHUAC, CHUS, CHUVI, CHUO, HULA e Vithas (Vigo), na semana epidemiolóxica 30/2021 (do 26 de xullo ao 1 de agosto) a porcentaxe de positividade para a posible variante Alfa foi dun 15 % (IC95 %: 14-17 %) e para a variante Delta foi do 82 % (IC95 %: 81-84 %).

Polas diferenzas nas fraccións de mostraxe entre áreas sanitarias, a prevalencia axustouse ao número de casos en cadansúa área, que é notablemente diferente á prevalencia sen axustar 90 % (IC95 %: 89-91 %) e 9 % (IC95 %: 8-10 %) para as variantes Delta e Alpha, respectivamente.

Ata a semana 30, incluída, das variantes de preocupación (VOC) identificáronse 921 casos da variante Alfa con secuenciación completa, 34 da variante Beta (B.1.351 ou Sudafricana) por secuenciación completa; 82 da variante Gamma (P1 ou Brasileira) por secuenciación completa e 227 da variante Delta (B.1.617.2 ou India). Ademais das VOC, tense constancia de 4 mostras coa variante Eta (B.1.525 ou Nixeriana); 9 mostras coa variante Iota (B.1.526 ou de Nova York); 21 mostras coa variante Lambda (C.37) e 26 mostras con variante B.1.621 (Colombiana).

O informe conclúe que a taxa de incidencia diminúe tanto a 7 como a 14 días. A tendencia amosou un novo cambio cara ao descenso, cunha porcentaxe de cambio diario do -1,4 %, a partir do 17 de xullo. A Rt no global de Galicia, segue debaixo do 1. A información do modelo de predición indica que a incidencia vai diminuír tanto a 7 como a 14 días.

A taxa de incidencia a 14 días, no global de Galicia, está nos 547 casos por cen mil habitantes. Todas as áreas sanitarias diminúen a súa incidencia tanto a 7 como a 14, agás a da Coruña que aumenta a 7 e 14 e a de Ferrol que o fai a 7 días.

No que atinxe aos concellos de máis de 10.000 habitantes, xa aplicando o axuste de taxas, hai 32 concellos con taxas de incidencia a 14 días iguais ou superiores a 250 casos por cen mil habitantes. Nos de menos de 10.000 hai 60 concellos que superen unha taxa de incidencia de 250 casos por cen mil habitantes.

Neste momento, a variante Delta (India) é a prevalente. A maior transmisibilidade desta variante explica, entre outros posibles motivos, a alta incidencia.



Cómpre indicar que o criterio que se vén utilizando para determinar os niveis de restrición aplicables a cada un dos concellos da Comunidade Autónoma é, ademais do da situación sanitaria, o da taxa de incidencia acumulada segundo os casos por cada 100.000 habitantes, tanto a 14 días como a 7 días; esta última permite reaccionar con maior rapidez e eficacia fronte aos gromos.

Desta maneira establecéronse os seguintes niveis de restricións: nivel de restricións máximo, alto, medio e medio-baixo.

Atendendo ás taxas de incidencia acumulada a 14 días, sitúanse no nivel medio-baixo os concellos con taxas por debaixo dos 150 casos por cada 100.000 habitantes; no medio, os concellos con taxas que se atopen entre os 150 e por debaixo dos 250 casos por cada 100.000 habitantes; no alto, os concellos con taxas que se atopen entre os 250 e por debaixo dos 500 casos por cada 100.000 habitantes, e no nivel de restrición máxima, os concellos cuxas taxas de incidencia acumulada sexan máis de 500 casos por 100.000 habitantes.

Pola súa banda, atendendo ás taxas de incidencia acumulada a 7 días, sitúanse no nivel medio-baixo os concellos que se atopen por debaixo dos 75 casos por cada 100.000 habitantes; no medio, os concellos que se atopen entre os 75 e por debaixo dos 125 casos por cada 100.000 habitantes; no nivel alto, os concellos que se atopen entre os 125 e por debaixo dos 250 casos por cada 100.000 habitantes, e no nivel de restrición máxima, os concellos cuxas taxas de incidencia acumulada sexan máis de 500 casos por 100.000 habitantes.

A taxa de incidencia acumulada non é o único criterio que se ten en conta para determinar o nivel aplicable a cada concello, xa que este dato se modula en función doutros factores e da análise da situación do propio concello. Así, o criterio da incidencia vese completado coa consideración de criterios demográficos (pois debe terse en conta que en concellos de escasa poboación poucos casos poden dar lugar a taxas moi elevadas, que deben ser postas no debido contexto). Ademais, os servizos de saúde pública e o Comité e o Subcomité Clínico veñen analizando as características específicas de cada gromo. Neste sentido, véñse prestando unha especial atención á existencia de gromos non controlados ou de casos sen vínculo epidemiolóxico, así como ao feito de que non se observe unha melloría clara na evolución da situación epidemiolóxica.

Actualmente, o avance da campaña de vacinación masiva está a conseguir protexer a poboación e retomar actividades económicas e sociais ata o de agora limitadas para evitar



un maior número de contaxios. Non obstante, e mentres non se alcance a inmunidade de grupo, é necesario seguir adoptando medidas preventivas e de control que permitan garantir as máximas condicións de seguridade e reducir o risco de contaxio e propagación da COVID-19. Estas medidas deben ser adecuadas e eficaces de acordo coa evolución da situación epidemiolóxica e de capacidade do sistema asistencial.

Tendo en conta o expresado en relación con que existe unha porcentaxe moi elevada de poboación vacinada, o cal permitiu unha redución importante de hospitalizacións e falecementos, foi necesario actualizar os indicadores de risco establecidos antes do inicio da campaña de vacinación. Deste xeito, a partir da adopción destes novos criterios, as medidas de prevención e control pretenden adaptarse ao novo escenario en que nos atopamos, onde prevalecen os casos entre a poboación máis nova e na cal unha porcentaxe maioritaria non ten consecuencias clínicas importantes. Neste sentido, salientase que dous terzos dos casos se están a dar entre os 15 e os 39 anos de idade e que existe un menor risco de padecer a enfermidade grave nesas franxas de idade.

Na situación actual concorren, en definitiva, determinadas circunstancias que aconsellan axustar as taxas de incidencia acumulada mediante a aplicación dun factor de corrección baseado no risco de ingreso hospitalario, xa que a situación da carga asistencial hospitalaria é, neste momento, de 3,2 e 0,6 ingresos por 100.000 en hospitalización de agudos e en unidades de críticos, respectivamente, a pesar das taxas de incidencia elevadas que se están a observar. Isto indica que a onda ten un menor impacto nos ingresos pola COVID-19, o que se atribúe aos factores aludidos de vacinación dos maiores e á idade dos casos.

Para reflectir este feito, a partir da adopción deste novo criterio, a incidencia acumulada global a 14 e 7 días axustarase segundo evolucione o risco de ingreso en cada momento. A consideración do risco de ingreso como factor permitirá manter os niveis de restricións establecidos na súa forma actual (nivel máximo, nivel alto, nivel medio e nivel medio-baixo), pero cunha actualización dos valores que provocan a entrada nun ou noutro nivel segundo o factor expresado do risco de ingreso, o que permitirá ter en conta en cada momento de forma dinámica os efectos positivos do avance da campaña de vacinación.

Para determinar nesta orde os concellos de nivel de restrición máximo e alto tivéronse en conta as taxas de incidencia a 14 e 7 días axustadas, mais mantendo as mesmas taxas de incidencia previas ao axuste.



A metodoloxía utilizada para o cálculo da incidencia acumulada axustada por risco de ingreso parte do cálculo dun factor de corrección que se interpreta como o risco relativo de ingreso no período comprendido entre agosto de 2020 e marzo de 2021 (período de referencia) comparado co momento actual. Este factor é superior a 1, debido á vacinación e á diferente distribución por idade dos casos, que actualmente se concentran fundamentalmente na poboación de 15 a 29 anos. Para axustar a incidencia a 7 e 14 días dos concellos, divídese a taxa bruta polo factor de corrección.

O factor de corrección calcúlase, para cada día, como o cociente entre a taxa bruta de ingresos nos últimos 28 días e a taxa axustada por idade, aplicando o método directo e usando como poboación estándar o número de casos do período de referencia.

A taxa bruta de ingresos a 28 días é a porcentaxe de casos que ingresaron entre os casos con diagnóstico por PCR ou tests de antíxenos acumulados nos últimos 28 días. As taxas específicas de ingreso por idade calcúlanse do mesmo xeito, pero no grupo de idade correspondente.

A taxa axustada de ingresos calcúlase aplicando as taxas específicas de ingreso por idade a 28 días á poboación de referencia. A suma dos valores obtidos por idade divídese entre o total de casos do período de referencia (97.996) e o resultado interprétase como a porcentaxe de casos que terían ingresado se tivesen a mesma distribución por idade ca no período de referencia (taxa de ingresos axustada).

Igualmente, para o descenso do nivel de restrición, terase en conta a evolución das súas taxas de incidencia que indique un claro descenso desta incidencia e se a aparición de casos novos entra dentro do esperado no contexto dos gromos que se estean a desenvolver nos concellos.

A cada un dos distintos niveis de restrición seranlle de aplicación as medidas xerais e específicas previstas para cada caso nas disposicións vixentes, aprobadas polas autoridades sanitarias competentes, tendo en conta, ademais, que no día de hoxe está cientificamente constatado que, mentres non exista unha alta cobertura poboacional de vacinación, as intervencións non farmacolóxicas son as intervencións de saúde pública máis efectivas contra a COVID-19, medidas que se poderán ir suavizando na súa aplicación en vista da situación epidemiolóxica no territorio e do aumento da cobertura vacinal.

Debe destacarse, ao fío do anterior, que Galicia conta cunha poboación especialmente envellecida, cunha porcentaxe de persoas de 65 e máis anos (ano 2020) do 25,4 % fronte ao 19,6 % do conxunto de España.



Porén, tamén hai que ter en consideración que, aínda que esta cobertura se obteña en determinados grupos, a distribución poboacional pode ser desigual, se se ten en conta toda a poboación e non os grupos de idade prioritarios que se están a vacinar en primeiro lugar. Tampouco se pode esquecer que mentres non se consiga conter a pandemia no mundo, con países con alta circulación do virus, poden aparecer novas variantes do virus que poidan ter a capacidade de escapar á inmunidade proporcionada polas vacinas actuais. Ademais, a circulación da variante Delta pode facer que haxa escape á inmunidade naquelas persoas que non estean completamente vacinadas e certo escape nas completamente vacinadas, sen esquecer que esta variante se considera que é un 40-60 % máis transmisible ca a variante Alfa.

Non obstante, estas medidas aplicaranse con criterios epidemiolóxicos, pero tamén de proporcionalidade, e estarán en vixencia só durante o tempo preciso para asegurar que a evolución desta situación epidemiolóxica é boa e se está a cortar a transmisión, que é o obxectivo destas medidas.

En atención ao exposto, tendo en conta o indicado no citado informe da Dirección Xeral de Saúde Pública e logo de escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, acórdase manter no nivel máximo de restricións ao concello do Grove, pola súa taxa axustada de incidencia a 14 días e á espera de que a evolución da súa situación epidemiolóxica consolide o descenso da incidencia.

Pola súa banda, descenden ao nivel alto de restricións, desde o máximo actual os concellos de Muros, Burela, Foz, Meaño e Sanxenxo pola súa taxa axustada a 14 días. Tamén descenden a este nivel os concellos de Baiona e Viveiro pola súa taxa axustada a 7 e 14 días.

Mantéñense no nivel alto os concellos da Coruña, A Laracha, Arteixo, Betanzos, Cambre, Carballo, Culleredo, Oleiros, Sada, Ames, Ferrol, Lugo, Ribadeo, Xove, Bueu, Cambados, Marín, Meis, Pontevedra, Portas, Soutomaior, Vilagarcía de Arousa, A Guarda, Nigrán, O Porriño, Redondela, Tui e Vigo pola súa taxa axustada a 7 e 14 días. Tamén se manteñen neste nivel pola súa taxa a 14 días, os concellos de Ribeira, Chantada, O Barco de Valdeorras, Verín, Poio, Vilaboa, Gondomar e Salvaterra de Miño. A pesar de que as súas taxas a 7 días están a mellorar considérase preciso que continúen neste nivel ata asegurar o descenso na súa incidencia, co fin de evitar que a súa incidencia volva ascender.

Tamén se manteñen neste nivel, aínda que as súas taxas a 7 e 14 días son propias do nivel máximo, os concellos de Cee, Fisterra e Pontedeume, xa que os casos nestes tres



concellos están asociados a abrochos de orixe coñecida. Ademais nos concellos de Cee e Pontedeume está a mellorar a incidencia a 7 días e no concello de Fisterra, os poucos casos novos que se deron desde hai unha semana son en contactos xa corentenados.

Ascenderían ao nivel alto desde o nivel medio os concellos de Miño, Outeiro de Rei, Arbo, As Neves, Tomiño e Laxe polas súas taxas a 7 e/ou 14 días. Así, os concellos de Miño, Outeiro de Rei, Arbo, As Neves e Tomiño ascenden ao nivel alto polas súas taxas a 7 e 14 días. Nestes concellos os casos duplicáronse nunha semana. No caso de Tomiño, ademais, acababa de descender do nivel alto ao medio, tal como indicaban as súas taxas naquel momento. O concello de Laxe ascende ao nivel alto, aínda que a súa taxa a 7 días é propia do nivel máximo, debido a que se trata dun concello pequeno no que poucos casos tende a aumentar rapidamente a súa incidencia, polo que se considera que, polo de agora, sería suficiente o nivel alto de restricións.

Igualmente, ascende desde o nivel medio baixo actual ao nivel alto, e non o máximo que indica a súa taxa a 7 días, o concello de Malpica de Bergantiños, xa que a meirande parte dos casos están asociados a un abrocho relacionado co ocio nocturno e o resto de casos ou son importados doutras provincias ou están agrupados en pequenos abrochos de orixe coñecida. Polo tanto, considérase que este nivel, polo de agora podería ser suficiente para o control da súa incidencia.

Tamén ascende ao nivel alto e non ao máximo que indica a súa taxa a 7 días, o concello de Cabanas (no nivel medio baixo actualmente), posto que se considerou necesario ver a evolución da súa incidencia antes de ascendelo ao nivel máximo, xa que se trata dun concello con pouco menos de 3.000 habitantes.

Por último, debe salientarse que diversos concellos que ata o de agora estaban no nivel máximo ou no nivel alto de restricións descenden ao nivel medio como consecuencia da mellora da súa situación epidemiolóxica. É o caso dos concellos de Monterroso, Palas de Rei, Avión, A Illa de Arousa, A Pobra do Caramiñal, Boiro, Melide, Padrón, Santiago de Compostela, Teo, Valga, Cariño, Ortigueira, Cervo, Monforte de Lemos, O Carballiño, Ourense, Barro, Ponte Caldelas, Vilanova de Arousa, Moaña, Mos e O Rosal.

III

Sentado o anterior, debe insistirse en que, mediante esta orde, se modifica a Orde do 21 de xullo 2021 para adaptala á realidade da evolución epidemiolóxica de determinados concellos, tal e como se establece no punto cuarto desta, no que se consagran os principios de



necesidade e proporcionalidade con base nos cales as medidas recollidas nela deben ser obxecto de seguimento e a avaliación continua para garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

Debe salientarse ademais que a modificación da Orde do 21 de xullo de 2021, no que se refire aos cambios nas situacións epidemiolóxicas dos concellos, precisa de autorización xudicial para a súa eficacia, de acordo co disposto na redacción vixente do número 8 do artigo 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, polo que só se procederá á publicación da orde,, unha vez obtida a referida autorización. Cómpre precisar que a necesidade de obter a autorización xudicial prevista no citado artigo 10.8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, circunscríbese, neste caso, ao cambio de situación operada nos concellos de Arbo, Cabanas, Laxe, Malpica de Bergantiños, As Neves, Tomiño, Outeiro de Rei e Miño. O ascenso destes concellos ao nivel alto de restricións determina que, soamente nestes concellos, pasen a aplicarse medidas limitativas de dereitos fundamentais propias do dito nivel alto de restricións no que agora se inclúen que, ata este momento non rexían para eles, xa que as ditas medidas non se aplican nos niveis medio e medio-baixo dos que estes concellos proceden. A inclusión do resto dos concellos que figuran nos niveis máximo e alto de restricións do anexo desta orde e, polo tanto, a aplicación a estes das medidas limitativas de dereitos fundamentais propias dos ditos niveis, xa foi autorizada pola Sección Terceira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia nos autos 88/2021, 94/2021 e 95/2021.

A eficacia desta orde comezará ás 00.00 horas do día seguinte ao da súa publicación e estenderase durante o período en que se manteña a vixencia da Orde do 21 de xullo de 2021, que modifica, sen prexuízo do seguimento e avaliación continua a que están sometidas, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

Destácase finalmente que, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para adoptar as medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica existente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, coa urxencia que a protección da saúde pública demanda.

Na súa virtude, en aplicación do punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise



sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. Modificación da Orde do 21 de xullo pola que se establecen medidas cualificadas de prevención para facer fronte á evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e que precisan de autorización xudicial para a súa eficacia

Modifícase o anexo da Orde do 21 de xullo pola que se establecen medidas cualificadas de prevención para facer fronte á evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e que precisan de autorización xudicial para a súa eficacia, que queda redactado segundo o anexo desta orde.

Segundo. Autorización xudicial, publicación e eficacia

1. Solicitarase a autorización xudicial da prórroga e modificación previstas nesta orde, de acordo co disposto na redacción vixente do número 8 do artigo 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e publicarase a orde unha vez obtida a referida autorización.

2. As medidas previstas nesta orde terán efectos desde as 00.00 horas do día seguinte ao da súa publicación.

3. En cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas previstas nesta orde serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser prorrogadas, modificadas ou levantadas por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Santiago de Compostela, 11 de agosto de 2021

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade



ANEXO

«ANEXO

Concellos en que son aplicables as limitacións de permanencia de grupos de persoas aos constituídos exclusivamente por persoas conviventes entre a 1.00 e as 6.00 horas**A) Concellos con nivel de restrición máxima:**

Grove (O)

B) Concellos con nivel de restrición alta:

Ames

Arbo

Arteixo

Baiona

Barco de Valdeorras (O)

Betanzos

Bueu

Burela

Cabanas

Cambados

Cambre

Carballo

Cee

Chantada

Coruña (A)

Culleredo

Ferrol

Fisterra

Foz

Gondomar

Guarda (A)

Laracha (A)



Laxe
Lugo
Malpica de Bergantiños
Marín
Meaño
Meis
Miño
Muros
Neves (As)
Nigrán
Oleiros
Outeiro de Rei
Poio
Pontedeume
Pontevedra
Porriño (O)
Portas
Redondela
Ribadeo
Ribeira
Sada
Salvaterra de Miño
Sanxenxo
Soutomaior
Tomiño
Tui
Verín
Vigo
Vilaboia
Vilagarcía de Arousa
Viveiro
Xove».



I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 4 de agosto de 2021 pola que se prorroga a Orde do 21 de xullo de 2021 pola que se establecen medidas cualificadas de prevención para facer fronte á evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e que precisan de autorización xudicial para a súa eficacia, e pola que se modifica o seu anexo.

I

No *Diario Oficial de Galicia* núm. 140-bis, do venres 23 de xullo de 2021, a Consellería de Sanidade publicou a Orde do 21 de xullo de 2021 pola que se establecen medidas cualificadas de prevención para facer fronte á evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e que precisan de autorización xudicial para a súa eficacia.

A dita orde ditouse consonte o disposto no punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, en que se establece que as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Con esta finalidade poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade. Tamén establece que a persoa titular da consellería competente na dita materia, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de conformidade coa normativa aplicable e en vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou en parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación das medidas concretas contidas no anexo.

A adopción das medidas recollidas na Orde do 21 de xullo de 2021 veu determinada pola evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia, tal e como se xustifica na súa exposición de motivos.

Para facer fronte a ela, a dita Orde do 21 de xullo de 2021 recolleu unha serie de medidas limitativas de dereitos fundamentais que consisten: por un lado, no establecemento



de limitacións de permanencia de grupos de persoas no territorio de todos os concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, cun máximo de seis persoas nos espazos interiores e dez persoas en espazos exteriores, agás que sexan conviventes ou estean conformados, como máximo, por dúas unidades de convivencia; e por outro lado, para os concellos con nivel de restrición máximo e alto, entre a 1.00 horas (hora de peche da actividade de hostalaría e restauración nestes concellos, nos cales está pechado o lecer nocturno) e as 6.00 horas, a permanencia de grupos de persoas en espazos pechados e en espazos abertos ou ao aire libre, sexan de uso público ou privado, queda limitada aos constituídos exclusivamente por persoas conviventes. Así mesmo, respecto do resto dos concellos da Comunidade Autónoma, a permanencia de grupos de persoas en espazos pechados e en espazos abertos ou ao aire libre, sexan de uso público ou privado, queda limitada aos constituídos exclusivamente por persoas conviventes entre as 3.00 horas (hora de peche da actividade do lecer nocturno nestes concellos) e as 6.00 horas.

As citadas medidas foron ratificadas mediante o Auto 88/2021, da Sección Terceira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Cómpre indicar, por outra banda, que o número 3 do punto cuarto da Orde do 21 de xullo de 2021 dispón que, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas previstas na citada orde serán obxecto de seguimento e avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser prorrogadas, modificadas ou levantadas por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade. Polo tanto, a Orde do 21 de xullo de 2020 prevé expresamente a posibilidade de acometer a súa modificación coa finalidade de adaptala á realidade da evolución da pandemia.

Posteriormente, mediante a Orde do 29 de xullo de 2021 modificouse o anexo da Orde do 21 de xullo de 2021 pola que se establecen medidas cualificadas de prevención para facer fronte á evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e que precisan de autorización xudicial para a súa eficacia, para os efectos de incluír no nivel de restricións que en cada caso correspondía os concellos segundo a súa situación epidemiolóxica.

As citadas medidas foron tamén ratificadas mediante o Auto 94/2021, da Sección Terceira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.



Nesta liña, débese salientar que, en termos xerais, se mantén na Comunidade Autónoma a situación epidemiolóxica que motivou a adopción das medidas recollidas nas citadas ordes, polo que cómpre proceder á súa prórroga. Así mesmo, a concreta evolución da situación epidemiolóxica de determinados concellos mudou, polo que tamén se fai necesario acometer unha modificación daquelas coa finalidade de incluír no nivel de restricións que en cada caso corresponda os concellos en que variou a situación, atendendo aos datos recollidos no Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública do 4 de agosto de 2021, do cal pode destacarse o seguinte:

O número reprodutivo instantáneo (Rt), que indica o número de contaxios orixinados por un caso activo, está por debaixo do 1, o que indica unha diminución na transmisión da infección. Todas as áreas están por debaixo do 1, agás a da Coruña, que está no 1.

Do total de concellos de Galicia (N = 313), 16 non notificaron casos nos últimos 14 días. O número de concellos sen casos nos últimos 7 días foi de 49. Isto supón o mesmo número de concellos a 14 días e un aumento en 14 concellos a 7 días desde hai unha semana, que era de 16 e 35, a 14 e 7 días.

Entre o 20 e o 26 de xullo, realizáronse 82.981 probas diagnósticas de infección activa polo virus SARS-CoV-2 (52.501 PCR e 30.480 tests de antíxenos) cunha porcentaxe de positividade a sete días do 12,51 %, o que supón un aumento do 16 % a respecto de entre o 13 e o 19 de xullo, que era do 7,59 %.

A incidencia acumulada a 7 e 14 días é de 294 e 628 casos por cen mil habitantes, respectivamente, valores inferiores a 7 días e superiores a 14, a respecto dos observados hai unha semana, en que eran de 334 e 602 casos por cen mil habitantes, respectivamente (diminución do 12 % a 7 días e aumento do 4,3 % a 14 días).

A tendencia diaria mostra, desde o 1 de marzo, un primeiro tramo de crecemento lento, cunha porcentaxe de cambio diaria (PCD) do 0,6 %, un segundo tramo decrecente, a un ritmo non moi rápido, cunha PCD do -2,2 %, e un terceiro tramo, a partir do 19 de xuño, de crecemento cunha PCD do 11,2 %, e a partir do 17 de xullo un decrecemento lento cunha PCD do -1,1 %.

En canto á situación das áreas sanitarias, as taxas a 14 días das áreas están entre os 469,17 casos por 100.000 habitantes de Santiago e os 825,83 de Pontevedra.



As taxas de incidencia a 14 días seguen a diminuír a respecto de hai 7 días. Todas as áreas presentan taxas a 14 días con valores superiores aos 450 casos por 100.000 habitantes. A 7 días as taxas son superiores aos 200 casos por 100.000 habitantes. En todas as áreas descenden as taxas a 7 días, agás na da Coruña, desde hai unha semana. A 14 días descendieron as das áreas de Ourense, Pontevedra e Vigo.

No que respecta á hospitalización dos casos COVID-19, a media de pacientes con COVID-19 en hospitalización de agudos nos últimos 7 días foi de 235,9, o que significa un aumento do 43,8 % a respecto de hai sete días. A taxa de pacientes con COVID-19 en hospitalización de agudos é de 8,7 ingresados por 100.000 habitantes, cun aumento, tamén, do 43,8 % a respecto de hai 7 días.

En canto aos ingresos por COVID-19 nas unidades de críticos (UCI) nos últimos 7 días, a media foi de 35,7 e a taxa a 7 días de ingresados nas UCI é de 1,3 ingresados por 100.000 habitantes, o que supón un aumento do 64,5 % a respecto de hai sete días, tanto na media como na taxa.

Respecto das defuncións pola COVID-19, están a aumentar, aínda que a onda está a descender, debido a que tanto as hospitalizacións como as defuncións levan un atraso a respecto da incidencia de casos. Así, na provincia da Coruña, nos últimos 14 días, as defuncións ascenderon a un total de 10 persoas, na de Lugo a 4 persoas, na de Ourense a 3 persoas e na de Pontevedra a 15 persoas. O total en Galicia das defuncións a 14 días é de 32 persoas e de 22 persoas nos últimos 7 días.

Respecto da situación epidemiolóxica nos concellos de Galicia, naqueles con poboación igual ou maior de 10.000 habitantes (54), 43 presentan unha taxa axustada de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes, fronte aos 32 do informe anterior, 6 superan os 500 casos por 100.000 habitantes: Foz, Viveiro, Baiona, Cambados, Sanxenxo e O Grove. No que se refire aos concellos de menos de 10.000 habitantes (259), 61 presentan unha taxa axustada de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes, fronte aos 44 de hai unha semana. Deles, 13 presentan taxas axustadas de incidencia iguais ou superiores a 500 casos por cen mil habitantes.

En relación coas variantes do virus, desde a posta en marcha da vixilancia da prevalencia das variantes en Galicia, baseada na aplicación dunhas PCR específicas sobre unha mostra aleatoria das mostras positivas para SARS-CoV-2 por PCR da semana previa, identificadas nos servizos de microbioloxía dos hospitais CHUAC, CHUS, CHUVI, CHUO, HULA e Vithas (Vigo), na semana epidemiolóxica 29/2021 (do 19 ao 25 de xullo) a porcen-



taxe de positividade para a posible variante Alfa foi dun 28 % (IC95 %: 26-30 %) e para a variante Delta foi do 69 % (IC95 %: 68-71 %).

Polas diferenzas nas fraccións de mostraxe entre áreas sanitarias, a prevalencia axustouse ao número de casos en cada área, que é notablemente diferente á prevalencia sen axustar 83 % (IC95 %: 81-84 %) e 15 % (IC95 %: 14-17 %) para as variantes Delta e Alfa, respectivamente.

Ata a semana 29, incluída, das variantes de preocupación (VOC) identificáronse: 908 casos da variante Alfa con secuenciación completa. Da variante Beta (B.1.351), 31 por secuenciación completa. Da variante Gamma (P1), 82 casos por secuenciación completa. Da variante Delta (B.1.617.2), 265 casos. Ademais, durante a semana 29 notificáronse por PCR 16 mostras con perfil compatible coa variante Beta, dúas coa variante Gamma, 5 coa B.1.621 e outras 5 máis compatibles con Beta, Gamma e B.1.621. Xuntas, estas mostras supoñen unha prevalencia (sen axustar) do 1 %. Ademais das VOC, tense constancia de 4 mostras coa variante Eta (B.1.525); 9 mostras coa variante Iota (B.1.526); 19 mostras coa variante Lambda (C.37) e 23 mostras coa variante B.1.621.

Cómpre indicar que o criterio que se vén utilizando para determinar os niveis de restrición aplicables a cada un dos concellos da Comunidade Autónoma é, ademais do da situación sanitaria, o da taxa de incidencia acumulada segundo os casos por cada 100.000 habitantes, tanto a 14 días como a 7 días; esta última permite reaccionar con maior rapidez e eficacia fronte aos gromos.

Desta maneira establecéronse os seguintes niveis de restricións: nivel de restricións máximo, alto, medio e medio-baixo.

Atendendo ás taxas de incidencia acumulada a 14 días, sitúanse no nivel medio-baixo os concellos con taxas por debaixo dos 150 casos por cada 100.000 habitantes; no medio, os concellos con taxas que se atopan entre os 150 e por debaixo dos 250 casos por cada 100.000 habitantes; no alto, os concellos con taxas que se atopan entre os 250 e por debaixo dos 500 casos por cada 100.000 habitantes, e no nivel de restrición máxima, os concellos cuxas taxas de incidencia acumulada sexan máis de 500 casos por 100.000 habitantes.

Pola súa banda, atendendo ás taxas de incidencia acumulada a 7 días, sitúanse no nivel medio-baixo os concellos que se atopan por debaixo dos 75 casos por cada 100.000 habitantes; no medio, os concellos que se atopan entre os 75 e por debaixo dos 125 casos



por cada 100.000 habitantes; no nivel alto, os concellos que se atopen entre os 125 e por debaixo dos 250 casos por cada 100.000 habitantes, e no nivel de restrición máxima, os concellos cuxas taxas de incidencia acumulada sexan máis de 500 casos por 100.000 habitantes.

A taxa de incidencia acumulada non é o único criterio que se ten en conta para determinar o nivel aplicable a cada concello, xa que este dato se modula en función doutros factores e da análise da situación do propio concello. Así, o criterio da incidencia vese completado coa consideración de criterios demográficos (pois debe terse en conta que en concellos de escasa poboación poucos casos poden dar lugar a taxas moi elevadas, que deben ser postas no debido contexto). Ademais, os servizos de saúde pública e o Comité e o Subcomité Clínico veñen analizando as características específicas de cada gromo. Neste sentido, véñse prestando unha especial atención á existencia de gromos non controlados ou de casos sen vínculo epidemiolóxico, así como ao feito de que non se observe unha melloría clara na evolución da situación epidemiolóxica.

Actualmente, o avance da campaña de vacinación masiva está a conseguir protexer a poboación e retomar actividades económicas e sociais ata o de agora limitadas para evitar un maior número de contaxios. Non obstante, e mentres non se alcance a inmunidade de grupo, é necesario seguir adoptando medidas preventivas e de control que permitan garantir as máximas condicións de seguridade e reducir o risco de contaxio e propagación da COVID-19. Estas medidas deben ser adecuadas e eficaces de acordo coa evolución da situación epidemiolóxica e de capacidade do sistema asistencial.

Tendo en conta o expresado en relación con que existe unha porcentaxe moi elevada de poboación vacinada, o cal permitiu unha redución importante de hospitalizacións e falecementos, foi necesario actualizar os indicadores de risco establecidos antes do inicio da campaña de vacinación. Deste xeito, a partir da adopción destes novos criterios, as medidas de prevención e control pretenden adaptarse ao novo escenario en que nos atopamos, onde prevalecen os casos entre a poboación máis nova e na cal unha porcentaxe maioritaria non ten consecuencias clínicas importantes. Neste sentido, salientase que dous terzos dos casos se están a dar entre os 15 e os 39 anos de idade e que existe un menor risco de padecer a enfermidade grave nesas franxas de idade.

Na situación actual concorren, en definitiva, determinadas circunstancias que aconsellan axustar as taxas de incidencia acumulada mediante a aplicación dun factor de corrección baseado no risco de ingreso hospitalario, xa que a situación da carga asistencial hospitalaria é, neste momento, de 3,2 e 0,6 ingresos por 100.000 en hospitalización de agudos e en



unidades de críticos, respectivamente, a pesar das taxas de incidencia elevadas que se están a observar. Isto indica que a onda ten un menor impacto nos ingresos pola COVID-19, o que se atribúe aos factores aludidos de vacinación dos maiores e á idade dos casos.

Para reflectir este feito, a partir da adopción deste novo criterio, a incidencia acumulada global a 14 e 7 días axustarase segundo evolucione o risco de ingreso en cada momento. A consideración do risco de ingreso como factor permitirá manter os niveis de restricións establecidos na súa forma actual (nivel máximo, nivel alto, nivel medio e nivel medio-baixo), pero cunha actualización dos valores que provocan a entrada nun ou noutro nivel segundo o factor expresado do risco de ingreso, o que permitirá ter en conta en cada momento de forma dinámica os efectos positivos do avance da campaña de vacinación.

Para determinar nesta orde os concellos de nivel de restrición máximo e alto tivéronse en conta as taxas de incidencia a 14 e 7 días axustadas, mais mantendo as mesmas taxas de incidencia previas ao axuste.

A metodoloxía utilizada para o cálculo da incidencia acumulada axustada por risco de ingreso parte do cálculo dun factor de corrección que se interpreta como o risco relativo de ingreso no período comprendido entre agosto de 2020 e marzo de 2021 (período de referencia) comparado co momento actual. Este factor é superior a 1, debido á vacinación e á diferente distribución por idade dos casos, que actualmente se concentran fundamentalmente na poboación de 15 a 29 anos. Para axustar a incidencia a 7 e 14 días dos concellos, divídese a taxa bruta polo factor de corrección.

O factor de corrección calcúlase, para cada día, como o cociente entre a taxa bruta de ingresos nos últimos 28 días e a taxa axustada por idade, aplicando o método directo e usando como poboación estándar o número de casos do período de referencia.

A taxa bruta de ingresos a 28 días é a porcentaxe de casos que ingresaron entre os casos con diagnóstico por PCR ou tests de antíxenos acumulados nos últimos 28 días. As taxas específicas de ingreso por idade calcúlanse do mesmo xeito pero no grupo de idade correspondente.

A taxa axustada de ingresos calcúlase aplicando as taxas específicas de ingreso por idade a 28 días á poboación de referencia. A suma dos valores obtidos por idade divídese entre o total de casos do período de referencia (97.996) e o resultado interprétase como a porcentaxe de casos que terían ingresado se tivesen a mesma distribución por idade ca no período de referencia (taxa de ingresos axustada).



Igualmente, para o descenso do nivel de restrición, terase en conta a evolución das súas taxas de incidencia que indique un claro descenso desta incidencia e se a aparición de casos novos entra dentro do esperado no contexto dos gromos que se estean a desenvolver nos concellos.

A cada un dos distintos niveis de restrición seranlle de aplicación as medidas xerais e específicas previstas para cada caso nas disposicións vixentes, aprobadas polas autoridades sanitarias competentes, tendo en conta, ademais, que no día de hoxe está cientificamente constatado que, mentres non exista unha alta cobertura poboacional de vacinación, as intervencións non farmacolóxicas son as intervencións de saúde pública máis efectivas contra a COVID-19, medidas que se poderán ir suavizando na súa aplicación en vista da situación epidemiolóxica no territorio e do aumento da cobertura vacinal.

Debe destacarse, ao fío do anterior, que Galicia conta cunha poboación especialmente envellecida, cunha porcentaxe de persoas de 65 e máis anos (ano 2020) do 25,4 % fronte ao 19,6 % do conxunto de España.

Porén, tamén hai que ter en consideración que, aínda que esta cobertura se obteña en determinados grupos, a distribución poboacional pode ser desigual, se se ten en conta toda a poboación e non os grupos de idade prioritarios que se están a vacinar en primeiro lugar. Tampouco se pode esquecer que mentres non se consiga conter a pandemia no mundo, con países con alta circulación do virus, poden aparecer novas variantes do virus que poidan ter a capacidade de escapar á inmunidade proporcionada polas vacinas actuais. Ademais, a circulación da variante Delta pode facer que haxa escape á inmunidade naquelas persoas que non estean completamente vacinadas e certo escape nas completamente vacinadas, sen esquecer que esta variante se considera que é un 40-60 % máis transmisible ca a variante Alfa.

Non obstante, estas medidas aplicaranse con criterios epidemiolóxicos pero tamén de proporcionalidade, e estarán en vixencia só durante o tempo preciso para asegurar que a evolución desta situación epidemiolóxica é boa e se está a cortar a transmisión, que é o obxectivo destas medidas.

En atención ao exposto, tendo en conta o indicado no citado informe da Dirección Xeral de Saúde Pública e logo de escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, acórdase manter no nivel máximo de restricións, pola súa taxa axustada a 7 e 14 días, os concellos de Burela, Foz, Viveiro, O Grove e Sanxenxo, a pesar de que



nestes concellos a taxa a 7 días está a diminuír, ben que non acadan aínda o limiar que indicaría o nivel alto.

Así mesmo, manteríanse no nivel máximo de restricións pola súa taxa a 14 días os concellos de Muros, Monterroso, Meaño e Baiona. Nestes concellos a súa taxa a 7 días mellorou mais mantéñense taxas a 14 días superiores aos 500 casos por 100.000 habitantes, polo que se considera que deberían permanecer neste nivel máximo un pouco máis á espera de ver a consolidación da evolución da súa situación epidemiolóxica, e de seguir nesta liña é probable que en pouco tempo poidan descender de nivel.

Por outra banda, manteríanse no nivel alto de restricións, polas súas taxas a 7 e 14 días, os concellos da Coruña, Arteixo, Cambre, Carballo, Culleredo, Fisterra e Oleiros, da Área Sanitaria da Coruña, área en que na última semana empeorou a súa incidencia a 7 días.

Igualmente, polas súas taxas a 7 e 14 días, manteríanse neste nivel os concellos de Melide, Chantada, Lugo, O Carballiño, Ourense, Verín, A Illa de Arousa, Bueu, Marín, Meis, Poio, Pontevedra, Vilagarcía de Arousa, A Guarda, Gondomar, Nigrán, O Porriño, Redondela e Vigo, concellos pertencentes ás áreas de Santiago, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo, e a pesar de que nelas se observa unha melloría da incidencia a 7 días esta segue a ser alta, xa que se superan, en todas elas, os 200 casos por 100.000 habitantes, o que indica unha alta transmisión do virus.

No mesmo sentido, manteríanse tamén no citado nivel polas súas taxas axustadas a 14 días, xa que se considera necesario esperar para asegurar a evolución favorable da taxa a 7 días, os concellos da Pobra do Caramiñal, Ames, Ribeira, Santiago de Compostela, Ferrol, Ortigueira, Cervo, Monforte de Lemos, Ribadeo, Barbadás, Ponte Caldelas, Soutomaior, Vilanova de Arousa, Moaña, Mos e O Rosal.

E por último, mantéñense neste nivel alto os concellos de Cariño e Avión, aínda que as súas taxas a 7 e/ou 14 días indican o nivel máximo, xa que son concellos pequenos e cos casos asociados a gromos. Ademais, a evolución destes dous concellos é favorable desde que están neste nivel, polo que se considera suficiente para o control da incidencia neles.

Por outro lado, aumentarían a nivel alto, desde o medio actual, en vez de ao máximo que indican as súas taxas, os concellos de Cee e Pontedeume. En ambos os dous concellos os casos están rastrexados: a meirande parte vinculados a gromos e parte deles son casos importados doutras provincias de España, polo que se considera que, polo de agora,



este nivel alto podería ser suficiente para o control da incidencia. Non obstante, estes concellos manteranse en vixilancia por se é preciso aumentalos ao nivel máximo.

Así mesmo, aumentarían a este nivel, desde o nivel medio-baixo actual, e non ao máximo que indica a súa taxa a 7 días, os concellos de Palas de Rei e Xove, xa que se trata de concellos de pouco máis de 3.000 habitantes e poucos casos xa os sitúan nun nivel moi alto, polo que se considera que poderían, polo de agora, aumentar a este nivel alto e mantelo en vixilancia. Ademais, a meirande parte dos casos están rastrexados e asociados a gromos de orixe coñecida.

Igualmente, propónse aumentar ao nivel alto desde o nivel medio actual os concellos de Sada, Padrón, Teo, Barro e Vilaboa, polas súas taxas a 7 e/ou 14 días, xa que en todos eles se observou un aumento de casos nos últimos 7 días, polo que se considera preciso aumentalos de nivel para controlar a súa situación epidemiolóxica xa que o nivel medio non se mostra suficiente, posto que a incidencia seguiu a aumentar.

Tamén se propón aumentar a este nivel alto de restricións, desde o nivel medio-baixo actual, os concellos de Betanzos e Valga, polas súas taxas axustadas a 7 días, e A Larcha, Portas e Salvaterra de Miño, polas súas taxas axustadas a 7 e 14 días. Nestes concellos observouse unha evolución desfavorable desde hai unha semana, polo que este nivel alto se considera o axeitado para o control da súa incidencia no menor tempo posible. Neste momento aínda hai casos sen vínculo epidemiolóxico, polo cal se prevé que poida estenderse máis.

Por outra banda, descenderían ao nivel alto de restricións, desde o nivel máximo actual, os concellos de Cambados, Boiro e O Barco de Valdeorras, os cales mostraron unha evolución favorable da súa incidencia desde que están no nivel máximo.

En relación co nivel medio de restricións, manteríanse neste nivel, polas súas taxas a 7 e 14 días, os concellos de Bergondo, Coristanco, Vimianzo, Carnota, Oroso, Outes, Pontecesures, Rianxo, Silleda, Narón, Sarria, Vilalba, Caldas de Reis, As Neves, Cangas e Ponteareas. Pola súa taxa a 7 días os concellos de Pontecesures e O Pereiro de Aguiar e pola súa taxa a 14 días, ata que se consolide a boa evolución da súa incidencia a 7 días, os concellos de Cedeira e Coles.

Respecto aos concellos da Capela, Beariz, Monterrei e Riós, aínda que as súas taxas indican o nivel máximo, trátase de concellos con pouca poboación e gromos de orixe coñecida, polo que se considera que poden seguir neste nivel medio. E tamén se manterían



no nivel medio os concellos en que, aínda que as súas taxas indican o nivel alto, a súa situación epidemiolóxica está a mellorar. Tales concellos serían o de Corcubión, Curtis, Mondoñedo, A Pobra de Trives, A Rúa, Boborás, Celanova, Vilamartín de Valdeorras, A Lama e Arbo.

Por outro lado, aumentarían ao nivel medio de restricións e non ao máximo como indican as súas taxas, xa que se trata de concellos pequenos con casos rastrexados, os concellos de Tordoia e Esgos.

Igualmente, proponse este nivel medio, e non o alto que indican as súas taxas, para os concellos de Laxe, Muxía, Oza-Cesuras, Boqueixón, Touro, Neda, Cospeito, Outeiro de Rei, Xinzo de Limia, Catoira, Cuntis e Mondariz.

Tamén se propón aumentar a este nivel os concellos de Miño e Salceda de Caselas, tal como indican as súas taxas a 7 e 14 días.

E, finalmente, descenderían ao nivel medio desde o nivel alto actual, tal como indican as súas taxas, os concellos das Pontes de García Rodríguez, Arzúa, Ribadumia e Tomiño.

Para o resto de concellos de Galicia recoméndase o nivel medio-baixo de restricións.

II

Sentado o anterior, debe insistirse en que, mediante esta orde, se prorroga a Orde do 21 de xullo 2021 e se adapta á realidade da evolución epidemiolóxica de determinados concellos. Non se modifican as medidas adoptadas na referida orde, senón que soamente se prorroga a súa eficacia ata as 00.00 horas do 21 de agosto de 2021, tendo en conta a situación epidemiolóxica antes sinalada.

Non obstante, tal e como se indica no punto cuarto da dita orde, consonte o seguimento e a avaliación continua da situación que se está a realizar para garantir o respecto aos principios de necesidade e de proporcionalidade, adáptase a orde á realidade actual.

Debe salientarse que a prórroga da eficacia das medidas previstas na Orde de 21 de xullo de 2021, así como a súa modificación, no que se refire aos cambios nas situacións epidemiolóxicas dos concellos, precisan de autorización xudicial para a súa eficacia, de acordo co disposto na redacción vixente do número 8 do artigo 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, polo que só se procederá á publicación da orde unha vez obtida a referida autorización.



A eficacia desta orde comezará ás 00.00 horas do día seguinte ao da súa publicación e estenderase ata as 00.00 horas do 21 de agosto de 2021.

Destácase finalmente que, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para adoptar as medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica existente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, coa urxencia que a protección da saúde pública demanda.

Na súa virtude, en aplicación do punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. Prórroga da eficacia das medidas previstas na Orde de 21 de xullo pola que se establecen medidas cualificadas de prevención para facer fronte á evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e que precisan de autorización xudicial para a súa eficacia

Atendendo á evolución da situación epidemiolóxica, prorrógase ata as 00.00 horas do día 21 de agosto de 2021 a eficacia das medidas previstas na Orde de 21 de xullo pola que se establecen medidas cualificadas de prevención para facer fronte á evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e que precisan de autorización xudicial para a súa eficacia, sen prexuízo do indicado no punto segundo desta orde.

Segundo. Modificación da Orde de 21 de xullo pola que se establecen medidas cualificadas de prevención para facer fronte á evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e que precisan de autorización xudicial para a súa eficacia

Modifícase o anexo da Orde do 21 de xullo pola que se establecen medidas cualificadas de prevención para facer fronte á evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e que precisan de autorización xudicial para a súa eficacia, que queda redactada segundo o anexo desta orde.



Terceiro. Autorización xudicial, publicación e eficacia

1. Solicitarase a autorización xudicial da prórroga e modificación previstas nesta orde, de acordo co disposto na redacción vixente do número 8 do artigo 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e publicarase a orde unha vez obtida a referida autorización.

2. As medidas previstas nesta orde terán efectos desde as 00.00 horas do día seguinte ao da súa publicación.

3. En cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas previstas nesta orde serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser prorrogadas, modificadas ou levantadas por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Santiago de Compostela, 4 de agosto de 2021

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade

ANEXO**«ANEXO**

Concellos en que son aplicables as limitacións de permanencia de grupos de persoas aos constituídos exclusivamente por persoas conviventes entre a 1.00 e as 6.00 horas

A) Concellos con nivel de restrición máxima:

Baiona
Burela
Foz
Grove (O)
Meaño
Monterroso
Muros
Sanxenxo
Viveiro



B) Concellos con nivel de restrición alta:

Ames
Arteixo
Avión
Barbadás
Barco de Valdeorras (O)
Barro
Betanzos
Boiro
Bueu
Cambados
Cambre
Carballiño (O)
Carballo
Cariño
Cee
Cervo
Chantada
Coruña (A)
Culleredo
Ferrol
Fisterra
Gondomar
Guarda (A)
Illa de Arousa (A)
Laracha (A)
Lugo
Marín
Meis
Melide
Moaña
Monforte de Lemos
Mos
Nigrán
Oleiros
Ortigueira



Ourense
Padrón
Palas de Rei
Pobra do Caramiñal (A)
Poio
Ponte Caldelas
Pontedeume
Pontevedra
Porriño (O)
Portas
Redondela
Ribadeo
Ribeira
Rosal (O)
Sada
Salvaterra de Miño
Santiago de Compostela
Soutomaior
Teo
Tui
Valga
Verín
Vigo
Vilaboa
Vilagarcía de Arousa
Vilanova de Arousa
Xove»



I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 5 de agosto de 2021 pola que se prorroga e se modifica a Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

I

A evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia fai necesario que as autoridades sanitarias autonómicas sigan adoptando determinadas medidas de prevención orientadas a conter a propagación da infección e dirixidas a facer fronte á crise sanitaria derivada da COVID-19.

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020 sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto dese acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Con esta finalidade poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade. Establécese, ademais, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de conformidade coa normativa aplicable e en vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou en parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia



e que modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación das medidas concretas contidas no anexo do citado acordo.

Con base no disposto no citado punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020, adoptáronse, mediante a Orde do 25 de xuño de 2021, unha serie de medidas que teñen por obxecto regular distintas actividades coa finalidade de que se poidan desenvolver en condicións de seguridade, minimizando ao máximo o risco de contaxio e a propagación da enfermidade.

Estas medidas específicas tradúcense, en moitos casos, no establecemento de capacidades máximas e na regulación destas, xa que se demostrou que para lograr o fin proposto resulta imprescindible evitar as aglomeracións e garantir o mantemento en todo momento da distancia de seguridade, reducindo o contacto físico ou a proximidade en condicións favorecedoras do contaxio. A evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma exixiu modificar determinados aspectos da orde coa finalidade de adaptar as medidas contidas nela á realidade actual, o que se fixo mediante a Orde do 1 de xullo de 2021.

Posteriormente, mediante a Orde do 8 de xullo de 2021 introducíronse novas modificacións e prorrogouse a eficacia da Orde do 25 de xuño ata as 00.00 horas do 24 de xullo de 2021, e mediante a Orde do 15 de xullo de 2021 modificáronse a Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e a Orde do 1 de xullo de 2021 pola que se aproba o Protocolo para a reactivación do lecer nocturno no marco da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19.

Neste marco, e coa finalidade de que as medidas de prevención fronte á COVID-19 si gan adaptándose á evolución da situación epidemiolóxica, mediante a Orde do 22 de xullo de 2021 acometeuse unha nova prórroga e modificación da Orde do 25 de xuño, de conformidade coa previsión contida no punto noveno da citada Orde do 25 de xuño de 2021, segundo a cal, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas previstas nela deben ser obxecto de seguimento e avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria, e modificouse a Orde do 1 de xullo de 2021 pola que se aproba o Protocolo para a reactivación do lecer nocturno no marco da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19.

Finalmente, mediante a Orde do 29 de xullo de 2021 modificouse o anexo II da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como



consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

Unha vez sentado o anterior, débese destacar que, en termos xerais, se mantén na Comunidade Autónoma a situación epidemiolóxica que motivou a adopción das medidas recollidas nas citadas ordes polo que cómpre agora proceder á prórroga da citada Orde do 25 de xuño de 2021. Así mesmo, a concreta evolución da situación epidemiolóxica de determinados concellos mudou, polo que tamén se fai necesario acometer unha modificación daquelas coa finalidade de incluír no nivel de restricións que en cada caso corresponda os concellos en que variou a situación.

Por último, introdúcese unha serie de modificacións puntuais que afectan as atraccións de feira no sentido de posibilitar a apertura respecto dos concellos con nivel alto de restricións.

II

A adopción das medidas contidas nesta orde vén determinada pola evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria da Comunidade Autónoma. Así resulta do informe da Dirección Xeral de Saúde Pública do 4 de agosto de 2021, do cal se destacan os seguintes datos:

O número reprodutivo instantáneo (Rt), que indica o número de contaxios orixinados por un caso activo, está por debaixo do 1, o que indica unha diminución na transmisión da infección. Todas as áreas están por debaixo do 1, agás a da Coruña, que está no 1.

Do total de concellos de Galicia (N= 313), 16 non notificaron casos nos últimos 14 días. O número de concellos sen casos nos últimos 7 días foi de 49. Isto supón o mesmo número de concellos a 14 días e un aumento en 14 concellos a 7 días desde hai unha semana, que era de 16 e 35, a 14 e 7 días.

Entre o 20 e o 26 de xullo realizáronse 82.981 probas diagnósticas de infección activa polo virus SARS-CoV-2 (52.501 PCR e 30.480 test de antíxenos) cunha porcentaxe de positividade a sete días do 12,51 %, o que supón un aumento do 16 % respecto de entre o 13 e o 19 de xullo, que era do 7,59 %.

A incidencia acumulada a 7 e 14 días é de 294 e 628 casos por cen mil habitantes, respectivamente, valores inferiores a 7 días e superiores a 14, a respecto dos observados hai



unha semana, en que eran de 334 e 602 casos por cen mil habitantes, respectivamente (diminución do 12 % a 7 días e aumento do 4,3 % a 14 días).

A tendencia diaria mostra, desde o 1 de marzo, un primeiro tramo de crecemento lento, cunha porcentaxe de cambio diaria (PCD) do 0,6 %, un segundo tramo decrecente, a un ritmo non moi rápido, cunha PCD do -2,2 %, e un terceiro, a partir do 19 de xuño, de crecemento cunha PCD do 11,2%, e a partir do 17 de xullo un decrecemento lento cunha PCD do -1,1 %.

En canto á situación das áreas sanitarias, as taxas a 14 días das áreas están entre os 469,17 casos por 100.000 habitantes de Santiago e os 825,83 de Pontevedra.

As taxas de incidencia a 14 días seguen a diminuír respecto a hai 7 días. Todas as áreas presentan taxas a 14 días con valores superiores aos 450 casos por 100.000 habitantes. A 7 días as taxas son superiores aos 200 casos por 100.000 habitantes. En todas as áreas descenden as taxas a 7 días, agás na da Coruña, desde hai unha semana. A 14 días descenderon as das áreas de Ourense, Pontevedra e Vigo.

No que respecta á hospitalización dos casos COVID-19, a media de pacientes COVID-19 en hospitalización de agudos nos últimos 7 días foi de 235,9, o que significa un aumento do 43,8 % respecto a hai sete días. A taxa de pacientes COVID-19 en hospitalización de agudos é de 8,7 ingresados por 100.000 habitantes, cun aumento, tamén, do 43,8 % respecto a hai 7 días.

En canto aos ingresos COVID-19 nas unidades de críticos (UCI) nos últimos 7 días, a media foi de 35,7 e a taxa a 7 días de ingresados nas UCI é de 1,3 ingresados por 100.000 habitantes, o que supón un aumento do 64,5 % respecto a hai sete días, tanto na media como na taxa.

Respecto ás defuncións por COVID-19 están a aumentar, aínda que a onda está a descender, debido a que tanto as hospitalizacións como as defuncións levan un atraso respecto á incidencia de casos. Así, na provincia da Coruña nos últimos 14 días, as defuncións ascenderon a un total de 10 persoas, na de Lugo a 4 persoas, na de Ourense a 3 persoas e na de Pontevedra a 15 persoas. O total en Galicia das defuncións a 14 días é de 32 persoas e de 22 persoas nos últimos 7 días.

Respecto á situación epidemiolóxica nos concellos de Galicia, naqueles con poboación igual ou maior de 10.000 habitantes (54), 43 presentan unha taxa axustada de incidencia



a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes, fronte aos 32 do informe anterior, 6 superan os 500 casos por 100.000 habitantes: Foz, Viveiro, Baiona, Cambados, Sanxenxo e O Grove. No que se refire aos concellos de menos de 10.000 habitantes (259), 61 presentan unha taxa axustada de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes, fronte aos 44 de hai unha semana. Deles, 13 presentan taxas axustadas de incidencia iguais ou superiores a 500 casos por cen mil habitantes.

En relación coas variantes do virus, desde a posta en marcha da vixilancia da prevalencia das variantes en Galicia, baseada na aplicación dunhas PCR específicas sobre unha mostra aleatoria das mostras positivas para SARS-CoV-2 por PCR da semana previa, identificadas nos servizos de microbioloxía dos hospitais CHUAC, CHUS, CHUVI, CHUO, HULA e Vithas (Vigo), na semana epidemiolóxica 29/2021 (do 19 ao 25 de xullo) a porcentaxe de positividade para a posible variante Alfa foi dun 28 % (IC95 %: 26-30 %) e para a variante Delta foi do 69 % (IC95 %: 68-71 %).

Polas diferenzas nas fraccións de mostraxe entre áreas sanitarias, a prevalencia axustouse ao número de casos en cada área, que é notablemente diferente á prevalencia sen axustar 83 % (IC95 %: 81-84 %) e 15 % (IC95 %: 14-17 %) para as variantes Delta e Alfa, respectivamente.

Ata a semana 29, incluída, das variantes de preocupación (VOC) identificáronse: 908 casos da variante Alfa con secuenciación completa. Da variante Beta (B.1.351), 31 por secuenciación completa. Da variante Gamma (P1), 82 casos por secuenciación completa. Da variante Delta (B.1.617.2), 265 casos. Ademais, durante a semana 29, por PCR notificáronse 16 mostras con perfil compatible coa variante Beta, dúas coa variante Gamma, 5 coa B.1.621 e outras 5 máis compatibles con Beta, Gamma e B.1.621. Xuntas, estas mostras supoñen unha prevalencia (sen axustar) do 1 %. Ademais das VOC, tense constancia de 4 mostras coa variante Eta (B.1.525); 9 mostras coa variante Iota (B.1.526); 19 mostras coa variante Lambda (C.37) e 23 mostras con variante B.1.621.

O informe conclúe que, segundo os datos reflectidos nel, a taxa de incidencia diminúe a 7 días e segue a aumentar a 14 días. A tendencia amosou un novo cambio cara ao descenso, cunha porcentaxe de cambio diaria do -1,1 %, a partir do 17 de xullo. O Rt no global de Galicia segue por baixo do 1.

A información do modelo de predición indica que a incidencia vai diminuír tanto a 7 como a 14 días.



A taxa de incidencia a 14 días, no global de Galicia, está nos 602 casos por cen mil habitantes. Todas as áreas sanitarias presentan taxas a 14 días superiores aos 450 casos por 100.000 habitantes. A 7 días, diminúe a incidencia en todas as áreas, agás na da Coruña.

As hospitalizacións e defuncións están a aumentar, sen chegar a ser un número como nas anteriores ondas previas á vacinación.

No que atinxe aos concellos de máis de 10.000 habitantes, xa aplicando o axuste de taxas, hai 43 concellos con taxas de incidencia a 14 días iguais ou superiores a 250 por cen mil habitantes. Nos de menos de 10.000 hai 61 concellos que superan unha taxa de incidencia de 250 por cen mil habitantes.

Neste momento, a variante Delta é a prevalente e a prevalencia da Alfa segue a diminuír. O feito de que a variante Delta teña unha maior transmisibilidade explica, entre outros posibles motivos, a alta incidencia.

Cómpre indicar que o criterio que se vén utilizando para determinar os niveis de restrición aplicables a cada un dos concellos da Comunidade Autónoma é, ademais do da situación sanitaria, o da taxa de incidencia acumulada segundo os casos por cada 100.000 habitantes, tanto a 14 días como a 7 días; esta última permite reaccionar con maior rapidez e eficacia fronte aos gromos.

Desta maneira establecéronse os seguintes niveis de restricións: nivel de restricións máximo, alto, medio e medio-baixo.

Atendendo ás taxas de incidencia acumulada a 14 días, sitúanse no nivel medio-baixo os concellos con taxas por debaixo dos 150 casos por cada 100.000 habitantes; no medio, os concellos con taxas que se atopan entre os 150 e por debaixo dos 250 casos por cada 100.000 habitantes; no alto, os concellos con taxas que se atopan entre os 250 e por debaixo dos 500 casos por cada 100.000 habitantes, e no nivel de restrición máxima, os concellos cuxas taxas de incidencia acumulada sexan máis de 500 casos por 100.000 habitantes.

Pola súa banda, atendendo ás taxas de incidencia acumulada a 7 días, sitúanse no nivel medio-baixo os concellos que se atopan por debaixo dos 75 casos por cada 100.000 habitantes; no medio, os concellos que se atopan entre os 75 e por debaixo dos 125 casos por cada 100.000 habitantes; no nivel alto, os concellos que se atopan entre os 125 e por debaixo dos 250 casos por cada 100.000 habitantes, e no nivel de restrición máxima,



os concellos cuxas taxas de incidencia acumulada sexan máis de 500 casos por 100.000 habitantes.

A taxa de incidencia acumulada non é o único criterio que se ten en conta para determinar o nivel aplicable a cada concello, xa que este dato se modula en función doutros factores e da análise da situación do propio concello. Así, o criterio da incidencia vese completado coa consideración de criterios demográficos (pois debe terse en conta que en concellos de escasa poboación poucos casos poden dar lugar a taxas moi elevadas, que deben ser postas no debido contexto). Ademais, os servizos de saúde pública e o Comité e o Subcomité Clínico veñen analizando as características específicas de cada gromo. Neste sentido, véñse prestando unha especial atención á existencia de gromos non controlados ou de casos sen vínculo epidemiolóxico, así como ao feito de que non se observe unha melloría clara na evolución da situación epidemiolóxica.

Actualmente, o avance da campaña de vacinación masiva esta a conseguir protexer a poboación e retomar actividades económicas e sociais ata o de agora limitadas para evitar un maior número de contaxios. Non obstante, e mentres non se alcance a inmunidade de grupo, é necesario seguir adoptando medidas preventivas e de control que permitan garantir as máximas condicións de seguridade e reducir o risco de contaxio e propagación da COVID-19. Estas medidas deben ser adecuadas e eficaces de acordo coa evolución da situación epidemiolóxica e de capacidade do sistema asistencial.

Tendo en conta o expresado en relación con que existe unha porcentaxe moi elevada de poboación vacinada, o cal permitiu unha redución importante de hospitalizacións e falecementos, foi necesario actualizar os indicadores de risco establecidos antes do inicio da campaña de vacinación. Deste xeito, a partir da adopción destes novos criterios, as medidas de prevención e control pretenden adaptarse ao novo escenario en que nos atopamos, onde prevalecen os casos entre a poboación máis nova, na cal unha porcentaxe maioritaria non ten consecuencias clínicas importantes. Neste sentido, salientase que dous terzos dos casos se están a dar entre os 15 e os 39 anos de idade e que existe un menor risco de padecer a enfermidade grave nesas franxas de idade.

Na situación actual concorren, en definitiva, determinadas circunstancias que aconsellan axustar as taxas de incidencia acumulada mediante a aplicación dun factor de corrección baseado no risco de ingreso hospitalario, xa que a situación da carga asistencial hospitalaria é, neste momento, de 3,2 e 0,6 ingresos por 100.000 habitantes en hospitalización de agudos e en unidades de críticos, respectivamente, a pesar das taxas de incidencia elevadas que se están a observar. Isto indica que a onda ten un menor impacto nos ingre-



sos por COVID-19, o que se atribúe aos factores aludidos de vacinación dos maiores e á idade dos casos.

Para reflectir este feito, a partir da adopción deste novo criterio, a incidencia acumulada global a 14 e 7 días axustarase segundo evolucione o risco de ingreso en cada momento. A consideración do risco de ingreso como factor permitirá manter os niveis de restricións establecidos na súa forma actual (nivel máximo, nivel alto, nivel medio e nivel medio-baixo), pero cunha actualización dos valores que provocan a entrada nun ou noutro nivel segundo o factor expresado do risco de ingreso, o que permitirá ter en conta en cada momento de forma dinámica os efectos positivos do avance da campaña de vacinación.

Para determinar nesta orde os concellos de nivel de restrición máximo e alto tivéronse en conta as taxas de incidencia a 14 e 7 días axustadas, mais mantendo as mesmas taxas de incidencia previas ao axuste.

A metodoloxía utilizada para o cálculo da incidencia acumulada axustada por risco de ingreso parte do cálculo dun factor de corrección que se interpreta como o risco relativo de ingreso no período comprendido entre agosto de 2020 e marzo de 2021 (período de referencia) comparado co momento actual. Este factor é superior a 1, debido á vacinación e á diferente distribución por idade dos casos, que actualmente se concentran fundamentalmente na poboación de 15 a 29 anos. Para axustar a incidencia a 7 e 14 días dos concellos, divídese a taxa bruta polo factor de corrección.

O factor de corrección calcúlase, para cada día, como o cociente entre a taxa bruta de ingresos nos últimos 28 días e a taxa axustada por idade, aplicando o método directo e usando como poboación estándar o número de casos do período de referencia.

A taxa bruta de ingresos a 28 días é a porcentaxe de casos que ingresaron entre os casos con diagnóstico por PCR ou tests de antíxenos acumulados nos últimos 28 días. As taxas específicas de ingreso por idade calcúlanse do mesmo xeito pero no grupo de idade correspondente.

A taxa axustada de ingresos calcúlase aplicándolle as taxas específicas de ingreso por idade a 28 días á poboación de referencia. A suma dos valores obtidos por idade divídese entre o total de casos do período de referencia (97.996) e o resultado interprétase como a porcentaxe de casos que terían ingresado se tivesen a mesma distribución por idade ca no período de referencia (taxa de ingresos axustada).



Igualmente, para o descenso de nivel de restrición, terase en conta a evolución das súas taxas de incidencia que indique un claro descenso desta e se a aparición de casos novos entra dentro do esperado no contexto dos gromos que se estean a desenvolver nos concellos.

A cada un dos distintos niveis de restrición seranlle de aplicación as medidas xerais e específicas previstas para cada caso nas disposicións vixentes, aprobadas polas autoridades sanitarias competentes, tendo en conta, ademais, que no día de hoxe está cientificamente constatado que, mentres non exista unha alta cobertura poboacional de vacinación, as intervencións non farmacolóxicas son as intervencións de saúde pública máis efectivas contra a COVID-19, medidas que se poderán ir suavizando na súa aplicación en vista da situación epidemiolóxica no territorio e do aumento da cobertura vacinal.

Debe destacarse, ao fío do anterior, que Galicia conta cunha poboación especialmente envellecida, cunha porcentaxe de persoas de 65 e máis anos (ano 2020) do 25,4 % fronte ao 19,6 % do conxunto de España.

Porén, tamén hai que ter en consideración que, aínda que esta cobertura se obteña en determinados grupos, a distribución poboacional pode ser desigual, se se ten en conta toda a poboación e non os grupos de idade prioritarios que se están a vacinar en primeiro lugar. Tampouco se pode esquecer que mentres non se consiga conter a pandemia no mundo, con países con alta circulación do virus, poden aparecer novas variantes do virus que poidan ter a capacidade de escapar á inmunidade proporcionada polas vacinas actuais. Ademais, a circulación da variante Delta pode facer que haxa escape á inmunidade naquelas persoas que non estean completamente vacinadas e certo escape nas completamente vacinadas, sen esquecer que esta variante se considera que é un 40-60 % máis transmisible ca a variante Alfa.

Non obstante, estas medidas aplicaranse con criterios epidemiolóxicos pero tamén de proporcionalidade, e estarán en vixencia só polo tempo preciso para asegurar que a evolución desta situación epidemiolóxica é boa e se está a cortar a transmisión, que é o obxectivo destas medidas.

En atención ao exposto, tendo en conta o indicado no citado informe da Dirección Xeral de Saúde Pública e logo de escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, acórdase manter no nivel máximo de restrición, pola súa taxa axustada a 7 e 14 días, os concellos de Burela, Foz, Viveiro, O Grove e Sanxenxo, a pesar de que nestes



concellos a taxa a 7 días está a diminuír, ben que non alcanzan aínda o limiar que indicaría o nivel alto.

Así mesmo, manteríanse no nivel máximo de restricións pola súa taxa a 14 días os concellos de Muros, Monterroso, Meaño e Baiona. Nestes concellos a súa taxa a 7 días mellorou mais mantéñense taxas a 14 días superiores aos 500 casos por 100.000 habitantes, polo que se considera que deberían permanecer neste nivel máximo un pouco máis á espera de ver a consolidación da evolución da súa situación epidemiolóxica, que, de seguir nesta liña, é probable que en pouco tempo poidan descender de nivel.

Por outra banda, manteríanse no nivel alto de restricións, polas súas taxas a 7 e 14 días, os concellos da Coruña, Arteixo, Cambre, Carballo, Culleredo, Fisterra e Oleiros, da Área Sanitaria da Coruña, área en que na última semana empeorou a súa incidencia a 7 días.

Igualmente, polas súas taxas a 7 e 14 días, manteríanse neste nivel os concellos de Melide, Chantada, Lugo, O Carballiño, Ourense, Verín, A Illa de Arousa, Bueu, Marín, Meis, Poio, Pontevedra, Vilagarcía de Arousa, A Guarda, Gondomar, Nigrán, O Porriño, Redondela e Vigo, concellos pertencentes ás áreas de Santiago, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo, que a pesar de que nelas se observa unha melloría da incidencia a 7 días esta segue a ser alta, xa que se superan, en todas elas, os 200 casos por 100.000 habitantes, o que indica unha alta transmisión do virus.

No mesmo sentido, manteríanse tamén no citado nivel, polas súas taxas axustadas a 14 días, xa que se considera necesario esperar para asegurar a evolución favorable da taxa a 7 días, os concellos da Pobra do Caramiñal, Ames, Ribeira, Santiago de Compostela, Ferrol, Ortigueira, Cervo, Monforte de Lemos, Ribadeo, Barbadás, Ponte Caldelas, Soutomaior, Vilanova de Arousa, Moaña, Mos e O Rosal.

E, por último, mantéñense neste nivel alto os concellos de Cariño e Avión, aínda que as súas taxas a 7 e/ou 14 días indican o nivel máximo, xa que son concellos pequenos e cos casos asociados a gromos. Ademais, a evolución destes dous concellos é favorable desde que están neste nivel, polo que se considera suficiente para o control da incidencia neles.

Por outro lado, aumentarían a nivel alto, desde o medio actual, en vez de ao máximo que indican as súas taxas, os concellos de Cee e Pontedeume. En ambos os dous concellos os casos están trazados e a maior parte vinculados a gromos e parte deles son casos importados doutras provincias de España, polo que se considera que, polo de agora, este



nivel alto podería ser suficiente para o control da incidencia. Non obstante, estes concellos manteranse en vixilancia por se é preciso aumentalos ao nivel máximo.

Así mesmo, aumentarían a este nivel, desde o nivel medio-baixo actual, e non ao máximo que indica a súa taxa a 7 días, os concellos de Palas de Rei e Xove, xa que se trata de concellos de pouco máis de 3.000 habitantes e poucos casos xa os sitúan nun nivel moi alto, polo que se considera que poderían, polo de agora, aumentar a este nivel alto e mantelos en vixilancia. Ademais, a maior parte dos casos están trazados e asociados a gromos de orixe coñecida.

Igualmente, propónse aumentar ao nivel alto desde o nivel medio actual os concellos de Sada, Padrón, Teo, Barro, Vilaboa e Tui, polas súas taxas a 7 e/ou 14 días, xa que en todos eles se observou un aumento de casos nos últimos 7 días, polo que se considera preciso aumentalos de nivel para controlar a súa situación epidemiolóxica xa que o nivel medio non se mostra suficiente, posto que a incidencia seguiu a aumentar.

Tamén se propón aumentar a este nivel alto de restrición, desde o nivel medio-baixo actual, os concellos de Betanzos e Valga, polas súas taxas axustadas a 7 días, e A Laracha, Portas e Salvaterra de Miño, polas súas taxas axustadas a 7 e 14 días. Nestes concellos observouse unha evolución desfavorable desde hai unha semana, polo que este nivel alto se considera o axeitado para o control da súa incidencia no menor tempo posible. Neste momento, aínda hai casos sen vínculo epidemiolóxico, polo cal se prevé que poida estenderse máis.

Por outra banda, descenderían ao nivel alto de restricións desde o nivel máximo actual, os concellos de Cambados, Boiro e O Barco de Valdeorras, os cales mostraron unha evolución favorable da súa incidencia desde que están no nivel máximo.

En relación co nivel medio de restricións, manteríanse neste nivel, polas súas taxas a 7 e 14 días, os concellos de Bergondo, Coristanco, Vimianzo, Carnota, Oroso, Outes, Rianxo, Silleda, Narón, Sarria, Vilalba, Caldas de Reis, As Neves, Cangas e Pontearreas. Pola súa taxa a 7 días, os concellos de Pontecesures e O Pereiro de Aguiar e, pola súa taxa a 14 días, ata que se consolide a boa evolución da súa incidencia a 7 días, os concellos de Cedeira e Coles.

Respecto aos concellos da Capela, Beariz, Monterrei e Riós, aínda que as súas taxas indican o nivel máximo, xa que se trata de concellos con pouca poboación e gromos de orixe coñecida, considérase que poden seguir neste nivel medio. E tamén se manterían no



nivel medio os concellos que, aínda que as súas taxas indican o nivel alto, a súa situación epidemiolóxica está a mellorar. Tales concellos serían o de Corcubión, Curtis, Mondoñedo, Maceda, A Pobra de Trives, A Rúa, Boborás, Celanova, Vilamartín de Valdeorras, A Lama e Arbo.

Por outro lado, aumentarían ao nivel medio de restricións e non ao máximo como indican as súas taxas, xa que se trata de concellos pequenos con casos trazados os concellos de Tordoia e Esgos.

Igualmente, propónse este nivel medio, e non o alto que indican as súas taxas, para os concellos de Laxe, Muxía, Oza-Cesuras, Boqueixón, Touro, Neda, Cospeito, Outeiro de Rei, Xinzo de Limia, Catoira, Cuntis e Mondariz.

Tamén se propón aumentar a este nivel os concellos de Miño e Salceda de Caselas, tal como indican as súas taxas a 7 e 14 días.

E, finalmente, descenderían ao nivel medio desde o nivel alto actual, tal como indican as súas taxas, os concellos das Pontes de García Rodríguez, Arzúa, Ribadumia e Tomiño.

Para o resto de concellos de Galicia recoméndase o nivel medio-baixo de restricións.

A eficacia desta orde comezará ás 00.00 horas do día 7 de agosto de 2021 e estenderase durante o período en que se manteña a eficacia da Orde do 25 de xuño de 2021, sen prexuízo do seguimento e da avaliación continua a que está sometida co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

III

As medidas que se adoptan nesta orde teñen o seu fundamento normativo no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 a 38.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para adoptar as medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica existente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, coa urxencia que a protección da saúde pública demanda.



Na súa virtude, en aplicación do punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. Prórroga da eficacia das medidas previstas na Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia

Atendendo á evolución da situación epidemiolóxica, prorrógase ata as 00.00 horas do día 21 de agosto de 2021 a eficacia das medidas previstas na Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, sen prexuízo do indicado no punto segundo desta orde.

Segundo. Modificación da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia

Un. Modificación do punto 3.29 do anexo I da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

Modifícase o punto 3.29 do anexo I da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado como segue:

«3.29. Atraccións de feira.

Nos concellos enumerados na letra A do anexo II da presente orde manterase o peche das atraccións de feira.



No caso dos concellos enumerados nas letras B, C e D do anexo II da presente orde, poderán desenvolver a súa actividade cumprindo coas seguintes medidas:

a) Nos espazos en que se instalen atraccións de feira respectaranse a distancia de seguridade interpersonal e as medidas hixiénicas exixibles a cada instalación ou actividade. Para tal efecto, nos espazos comúns de tránsito respectarase a ratio dunha persoa por cada tres metros cadrados de superficie útil, descontando a superficie ocupada polas estruturas instaladas.

b) Deberase sinalizar o espazo en que se desenvolvan as atraccións de tal maneira que se facilite o establecemento de puntos diferenciados para a entrada e saída, que deberán estar identificados con claridade.

c) A autoridade sanitaria local verificará o respecto da capacidade nos espazos comúns e adoptará as medidas necesarias para evitar aglomeracións.

d) Deberán establecerse as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersonal nas atraccións e postos instalados.

e) Tanto os asistentes como o persoal das atraccións deberán levar máscara de maneira obrigatoria e lembraráselles aos asistentes, por medio de carteis visibles e mensaxes de megafonía, a dita obrigatoriedade, así como as normas de hixiene e prevención que deben observar.

f) No caso das atraccións en que, polas súas características e configuración, quede garantido en todo momento o mantemento da distancia de seguridade interpersonal entre as persoas usuarias, poderán ocuparse todas as prazas dispoñibles.

En caso contrario, naquelas atraccións que dispoñan de asentos, poderá ocuparse ata un máximo que permita manter a distancia de seguridade interpersonal entre os ocupantes e reducirase ao cincuenta por cento o número de asentos de cada fila que se poidan ocupar, en caso de que esta distancia non se poida asegurar. Esta limitación non será de aplicación no caso de persoas conviventes. No caso de atraccións que non teñan asentos incorporados, a súa capacidade máxima será do trinta por cento da capacidade máxima da atracción.

g) Disporanse dispensadores de xeles hidroalcohólicos ou desinfectantes con actividade viricida debidamente autorizados e rexistrados en cada unha das atraccións.



h) Cada atracción deberá aplicar as medidas de limpeza e desinfección adecuadas ao tipo de actividade, á frecuencia e ás condicións de uso polas persoas usuarias, prestando especial atención ás superficies de contacto directo. En todo caso, cada atracción someterase a unha limpeza ao remate de cada xornada de uso.

i) Non se permitirán as piscinas de bólas, por mor da dificultade da súa limpeza, e poderá dedicarse o espazo correspondente a outra actividade lúdica para o público infantil. Respecto das atraccións inchables, estarán permitidas ata un 50 % da súa capacidade».

Dous. Modifícase o anexo II da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado segundo o anexo desta orde.

Terceiro. *Eficacia*

1. As medidas previstas nesta orde terán efectos desde as 00.00 horas do día 7 de agosto.

2. No caso das celebracións e eventos en establecementos de restauración para os días 7 e 8 de agosto que xa estivesen concertados antes do día 6 de agosto, non serán aplicables as limitacións que sexan consecuencia da elevación do nivel de restrición, ben que estas celebracións e eventos deberán ser comunicados polos titulares dos establecementos á correspondente xefatura territorial da Consellería de Sanidade para que se poidan adoptar as medidas ou efectuar as recomendacións pertinentes.

3. En cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas previstas nesta orde serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser prorrogadas, modificadas ou levantadas por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Santiago de Compostela, 5 de agosto de 2021

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade



ANEXO

«ANEXO II

A) Concellos con nivel de restricción máxima:

Baiona
Burela
Foz
Grove (O)
Meaño
Monterroso
Muros
Sanxenxo
Viveiro

B) Concellos con nivel de restricción alta:

Ames
Arteixo
Avión
Barbadás
Barco de Valdeorras (O)
Barro
Betanzos
Boiro
Bueu
Cambados
Cambre
Carballiño (O)
Carballo
Cariño
Cee
Cervo
Chantada
Coruña (A)
Culleredo
Ferrol



Fisterra
Gondomar
Guarda (A)
Illa de Arousa (A)
Laracha (A)
Lugo
Marín
Meis
Melide
Moaña
Monforte de Lemos
Mos
Nigrán
Oleiros
Ortigueira
Ourense
Padrón
Palas de Rei
Pobra do Caramiñal (A)
Poio
Ponte Caldelas
Pontedeume
Pontevedra
Porriño (O)
Portas
Redondela
Ribadeo
Ribeira
Rosal (O)
Sada
Salvaterra de Miño
Santiago de Compostela
Soutomaior
Teo
Tui
Valga
Verín



Vigo
Vilaboa
Vilagarcía de Arousa
Vilanova de Arousa
Xove

C) Concellos con nivel de restricción media:

Arbo
Arzúa
Beariz
Bergondo
Boborás
Boqueixón
Caldas de Reis
Cangas
Capela (A)
Carnota
Catoira
Cedeira
Celanova
Coles
Corcubión
Coristanco
Cospeito
Cuntis
Curtis
Esgos
Lama (A)
Laxe
Maceda
Miño
Mondariz
Mondoñedo
Monterrei
Muxía
Narón
Neda



Neves (As)
Oroso
Outeiro de Rei
Outes
Oza-Cesuras
Pereiro de Aguiar (O)
Pobra de Trives (A)
Ponteareas
Pontecesures
Pontes de García Rodríguez (As)
Rianxo
Ribadumia
Riós
Rúa (A)
Salceda de Caselas
Sarria
Silleda
Tomiño
Tordoia
Touro
Vilalba
Vilamartín de Valdeorras
Vimianzo
Xinzo de Limia

D) Concellos con nivel de restrición media-baixa:

Abadín
Abegondo
Agolada
Alfoz
Allariz
Amoeiro
Antas de Ulla
Aranga
Ares
Arnoia (A)
Baleira



Baltar
Bande
Baña (A)
Baños de Molgas
Baralla
Barreiros
Beade
Becerreá
Begonte
Blancos (Os)
Bola (A)
Bolo (O)
Bóveda
Boimorto
Brión
Cabana de Bergantiños
Cabanas
Calvos de Randín
Camariñas
Campo Lameiro
Cañiza (A)
Carballeda de Avia
Carballeda de Valdeorras
Carballedo
Carral
Cartelle
Castrelo de Miño
Castrelo do Val
Castro Caldelas
Castro de Rei
Castroverde
Cenlle
Cerceda
Cerdedo-Cotobade
Cerdido
Cervantes
Chandrexa de Queixa



Coirós
Corgo (O)
Cortegada
Covelo
Crecente
Cualedro
Dodro
Dozón
Dumbría
Entrimo
Estrada (A)
Fene
Folgozo do Courel
Fonsagrada (A)
Forcarei
Fornelos de Montes
Frades
Friol
Gomesende
Gudiña (A)
Guitiriz
Guntín
Incio (O)
Irixo (O)
Irixoa
Lalín
Láncara
Larouco
Laza
Leiro
Lobeira
Lobios
Lourenzá
Lousame
Malpica de Bergantiños
Manzaneda
Mañón



Maside
Mazaricos
Meira
Melón
Merca (A)
Mesía
Mezquita (A)
Moeche
Mondariz-Balneario
Monfero
Montederramo
Moraña
Mugardos
Muíños
Muras
Navia de Suarna
Negreira
Negueira de Muñiz
Nogais (As)
Nogueira de Ramuín
Noia
Oia
Oímbra
Ordes
Ouro
Paderne de Allariz
Paderne
Padrenda
Pantón
Parada de Sil
Paradela
Páramo (O)
Pastoriza (A)
Pazos de Borbén
Pedrafita do Cebreiro
Peroxa (A)
Petín



Pino (O)
Piñor
Pobra do Brollón (A)
Pol
Ponteceso
Pontedeva
Pontenova (A)
Porqueira
Porto do Son
Portomarín
Punxín
Quintela de Leirado
Quiroga
Rábade
Rairiz de Veiga
Ramirás
Ribadavia
Ribas de Sil
Ribeira de Piquín
Riotorto
Rodeiro
Rois
Rubiá
Samos
San Amaro
San Cibrao das Viñas
San Cristovo de Cea
Sandiás
San Sadurniño
Santa Comba
Santiso
San Xoán de Río
Sarreaus
Saviñao (O)
Sober
Sobrado
Somozas (As)



Taboada
Taboadela
Teixeira (A)
Toén
Toques
Trabada
Trasmiras
Trazo
Triacastela
Valadouro (O)
Val do Dubra
Valdoviño
Vedra
Veiga (A)
Verea
Viana do Bolo
Vicedo (O)
Vila de Cruces
Vilamarín
Vilar de Barrio
Vilar de Santos
Vilardevós
Vilariño de Conso
Vilarmaior
Vilasantar
Xermade
Xunqueira de Ambía
Xunqueira de Espadanedo
Zas».



I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 29 de xullo de 2021 pola que se modifica o anexo da Orde do 21 de xullo de 2021 pola que se establecen medidas cualificadas de prevención para facer fronte á evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e que precisan da autorización xudicial para a súa eficacia.

I

No *Diario Oficial de Galicia* número 140-bis, do venres 23 de xullo de 2021, a Consellería de Sanidade publicou a Orde do 21 de xullo de 2021 pola que se establecen medidas cualificadas de prevención para facer fronte á evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e que precisan da autorización xudicial para a súa eficacia.

A dita orde ditouse consonte o disposto no punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, en que se establece que as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Con esta finalidade poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade. Tamén establece que a persoa titular da consellería competente na dita materia, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de conformidade coa normativa aplicable e en vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou en parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e que modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación das medidas concretas contidas no anexo.

A adopción das medidas recollidas na Orde do 21 de xullo de 2021 veu determinada pola evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia, tal e como se xustifica na súa exposición de motivos.



Para facer fronte a esta, a dita Orde do 21 de xullo de 2021 recolleu unha serie de medidas limitativas de dereitos fundamentais que consisten: por un lado, no establecemento de limitacións de permanencia de grupos de persoas no territorio de todos os concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, cun máximo de seis persoas nos espazos interiores e dez persoas en espazos exteriores, agás que sexan conviventes ou estean conformados, como máximo, por dúas unidades de convivencia; e por outro lado, para os concellos con nivel de restrición máximo e alto, entre as 1.00 horas (hora de peche da actividade da hostalaría e restauración nestes concellos, nos cales está pechado o lecer nocturno) e as 6.00 horas, a permanencia de grupos de persoas en espazos pechados e en espazos abertos ou ao aire libre, sexan de uso público ou privado, queda limitada aos constituídos exclusivamente por persoas conviventes. Así mesmo, respecto do resto dos concellos da Comunidade Autónoma, a permanencia de grupos de persoas en espazos pechados e en espazos abertos ou ao aire libre, sexan de uso público ou privado, queda limitada aos constituídos exclusivamente por persoas conviventes entre as 3.00 horas (hora de peche da actividade do lecer nocturno nestes concellos) e as 6.00 horas.

As citadas medidas foron ratificadas mediante o Auto 88/2021, da Sección Terceira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Cómpre indicar, por outra banda, que o número 3 do punto cuarto da Orde do 21 de xullo de 2021 dispón que, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas previstas na citada orde serán obxecto de seguimento e avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser prorrogadas, modificadas ou levantadas por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade. Polo tanto, a Orde do 21 de xullo de 2020 prevé expresamente a posibilidade de acometer a súa modificación coa finalidade de adaptala á realidade da evolución da pandemia.

Nesta liña, débese salientar que, en termos xerais, se mantén na Comunidade Autónoma a situación epidemiolóxica que motivou a adopción das medidas recollidas na citada orde, aínda que a concreta evolución da situación epidemiolóxica de determinados concellos mudou e se fai necesario acometer unha modificación daquelas coa finalidade de incluír no nivel de restricións que en cada caso corresponda os concellos en que variou a situación, atendendo aos datos recollidos no Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 29 de xullo de 2021, do que pode destacarse o seguinte:

Respecto da situación epidemiolóxica de Galicia, o número reprodutivo instantáneo (R_t), que indica o número de contaxios orixinados por un caso activo, segue por riba do 1 desde



o 18 de xuño, aínda que en descenso desde o 16 de xullo, o que indica un aumento na transmisión da infección. A Área Sanitaria de Ourense está por debaixo do 1 e a de Pontevedra está a achegarse.

Do total de concellos de Galicia (N= 313), 16 non notificaron casos nos últimos 14 días. O número de concellos sen casos nos últimos 7 días foi de 35. Isto supón un aumento en 21 concellos, tanto a 14 días como a 7 días.

Entre o 13 e 19 de xullo, realizáronse 80.831 probas diagnósticas de infección activa polo virus SARS-CoV-2 (49.625 PCR e 31.206 tests de antíxenos) cunha porcentaxe de positividade a sete días do 10,78 %, o que supón un aumento do 42 % respecto de entre o 6 e o 16 de xullo, que era do 7,59 %.

A incidencia acumulada a 7 e 14 días é de 334 e 602 casos por cen mil habitantes, respectivamente, valores superiores aos observados hai unha semana, en que eran de 268 e 389 casos por cen mil habitantes, respectivamente (aumento do 25 % a 7 días e do 55 % a 14 días).

A tendencia diaria mostra, desde o 1 de marzo, un primeiro tramo de crecemento lento, cunha porcentaxe de cambio diaria (PCD) do 0,6 %, un segundo tramo decrecente, a un ritmo non moi rápido, cunha PCD do -2,2 %, e un terceiro, a partir do 19 de xuño, de crecemento rápido cunha PCD do 11,2 %, e a partir do 15 de xullo un crecemento máis lento cunha PCD do 2,6 %.

No que atinxe á situación das áreas sanitarias, as taxas a 14 días están entre os 408,28 casos por 100.000 habitantes de Ferrol e os 885,52 de Pontevedra.

As taxas de incidencia a 14 días seguen a aumentar respecto de hai 7 días e todas as áreas presentan taxas a 14 días superiores aos 400 casos por 100.000 habitantes e taxas a 7 días superiores aos 250 casos por 100.000 habitantes. Na Área Sanitaria de Ourense descendeu a súa taxa a 7 días un 24 % desde hai unha semana.

No que se refire aos datos acumulados de hospitalización a 7 días, hai un total de 214 casos nas unidades de hospitalización de agudos e 24 casos nas unidades de críticos.



Por áreas sanitarias, a Área da Coruña presenta 50 casos en agudos e 11 en críticos; a Área de Ferrol presenta 10 casos en agudos e 2 en críticos; a Área de Santiago ten 20 casos en agudos e 2 en críticos; a Área de Lugo ten 28 casos en agudos; a Área de Ourense ten 47 casos en agudos e 2 casos en críticos; a Área de Pontevedra ten 29 casos en agudos e 4 en críticos, e a Área de Vigo 28 casos en agudos e 3 en críticos.

A media de pacientes con COVID-19 en hospitalización de agudos nos últimos 7 días foi de 164,0, o que significa un aumento do 117,0 % a respecto de hai sete días. A taxa de pacientes con COVID-19 en hospitalización de agudos é de 6,1 ingresados por 100.000 habitantes, cun aumento, tamén, do 117,0 % a respecto de hai 7 días.

En canto aos ingresos COVID-19 nas unidades de críticos (UCI) nos últimos 7 días, a media foi de 21,7 e a taxa a 7 días de ingresados nas UCI é de 0,8 ingresados por 100.000 habitantes, o que supón un aumento do 36,9 % respecto de hai sete días, tanto na media como na taxa.

No que atinxe aos datos de mortalidade, rexistráronse 6 falecementos nos últimos sete días e 9 falecementos nos últimos catorce.

En relación coa situación epidemiolóxica nos concellos de Galicia, daqueles con poboación igual ou maior de 10.000 habitantes (54), 32 presentan unha taxa axustada de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes, fronte aos 8 do informe anterior, e 7 superan os 500 casos por 100.000 habitantes (Boiro, Foz, Viveiro, O Barco de Valdeorras, Cambados, O Grove e Sanxenxo).

No que se refire aos concellos de menos de 10.000 habitantes (259), 44 presentan unha taxa axustada de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes, os mesmos que hai unha semana e un máis que no informe do 6 de xuño. Deles, 5 presentan taxas axustadas de incidencia iguais ou superiores a 500 casos por cen mil habitantes (Toques, Monterroso, Burela, Avión, Meaño).

No que atinxe ás comarcas, atópanse no nivel máximo: as de: O Salnés, A Mariña Occidental e a Mariña Central. No nivel alto están 21 comarcas: Vigo, Pontevedra, O Morrazo, O Baixo Miño, Verín, Valdeorras, Terra de Trives, Ourense, O Carballiño, A Ulloa, A Mariña Oriental, Lugo, Chantada, Terra de Melide, Santiago, Ortegá, Muros, Eume, A Coruña, Barbanza e Arzúa.



No nivel medio atópanse 12 comarcas: Caldas, O Ribeiro, Allariz-Maceda, Terra de Lemos, Sarria, A Fonsagrada, Ordes, Noia, Fisterra, Ferrol, Betanzos e Bergantiños.

Desde a posta en marcha da vixilancia da prevalencia das variantes en Galicia, baseada na aplicación dunhas PCR específicas sobre unha mostra aleatoria das mostras positivas para SARS-CoV-2 por PCR da semana previa, identificadas nos servizos de microbioloxía dos hospitais CHUAC, CHUS, CHUVI, CHUO, HULA e Vithas (Vigo), na semana epidemiolóxica 28/2021 (do 12 ao 18 de xullo) a porcentaxe de positividade para a posible variante Alfa foi dun 28 % (IC95 %: 26-30 %) e para a variante Delta foi do 66 %. (IC95 %: 64-68 %).

Polas diferenzas nas fraccións de mostraxe entre áreas sanitarias, a prevalencia axustouse ao número de casos en cadansúa área, que é notablemente diferente á prevalencia sen axustar 72 % (IC95 %: 70-74 %) e 24 % (IC95 %: 22-26 %) para as variantes Delta e Alfa, respectivamente.

Ata a semana 27, incluída, das variantes de preocupación (VOC) identificáronse 888 casos da variante alfa con secuenciación completa; da variante Beta (B.1.351), 58 casos (28 por secuenciación e 24 con patrón compatible por PCR); da variante Gamma (P1), 83 casos: (82 por secuenciación e 1 con patrón compatible por PCR); e da variante Delta (B.1.617.2), 175 casos.

Ademais, hai 3 mostras con patrón compatible con Beta e Gamma; 9 con patrón compatible con Beta, Gamma e B.1.621 e 11 con patrón compatible coa variante B.1.621.

Ademais das VOC, tense constancia de 4 mostras coa variante Eta (B.1.525); 9 mostras coa variante Iota (B.1.526); 15 mostras coa variante Lambda (C.37) e 18 mostras coa variante B.1.621.

Cómpre indicar que o criterio que se vén utilizando para determinar os niveis de restrición aplicables a cada un dos concellos da Comunidade Autónoma é, ademais do da situación sanitaria, o da taxa de incidencia acumulada segundo os casos por cada 100.000 habitantes, tanto a 14 días como a 7 días; esta última permite reaccionar con maior rapidez e eficacia fronte aos gromos.

Desta maneira establecéronse os seguintes niveis de restricións: nivel de restricións máximo, alto, medio e medio-baixo.



Atendendo ás taxas de incidencia acumulada a 14 días, sitúanse no nivel medio-baixo os concellos con taxas por debaixo dos 150 casos por cada 100.000 habitantes; no medio, os concellos con taxas que se atopan entre os 150 e por debaixo dos 250 casos por cada 100.000 habitantes; no alto, os concellos con taxas que se atopan entre os 250 e por debaixo dos 500 casos por cada 100.000 habitantes, e no nivel de restrición máxima, os concellos cuxas taxas de incidencia acumulada sexan máis de 500 casos por 100.000 habitantes.

Pola súa banda, atendendo ás taxas de incidencia acumulada a 7 días, sitúanse no nivel medio-baixo os concellos que se atopan por debaixo dos 75 casos por cada 100.000 habitantes; no medio, os concellos que se atopan entre os 75 e por debaixo dos 125 casos por cada 100.000 habitantes; no nivel alto, os concellos que se atopan entre os 125 e por debaixo dos 250 casos por cada 100.000 habitantes, e no nivel de restrición máxima, os concellos cuxas taxas de incidencia acumulada sexan máis de 500 casos por 100.000 habitantes.

A taxa de incidencia acumulada non é o único criterio que se ten en conta para determinar o nivel aplicable a cada concello, xa que este dato se modula en función doutros factores e da análise da situación do propio concello. Así, o criterio da incidencia vese completado coa consideración de criterios demográficos (pois debe terse en conta que en concellos de escasa poboación poucos casos poden dar lugar a taxas moi elevadas, que deben ser postas no debido contexto). Ademais, os servizos de saúde pública e o Comité e o Subcomité Clínico veñen analizando as características específicas de cada gromo. Neste sentido, véñese prestando unha especial atención á existencia de gromos non controlados ou de casos sen vínculo epidemiolóxico, así como ao feito de que non se observe unha melloría clara na evolución da situación epidemiolóxica.

Actualmente, o avance da campaña de vacinación masiva está a conseguir protexer a poboación e retomar actividades económicas e sociais ata o de agora limitadas para evitar un maior número de contaxios. Non obstante, e mentres non se alcance a inmunidade de grupo, é necesario seguir adoptando medidas preventivas e de control que permitan garantir as máximas condicións de seguridade e reducir o risco de contaxio e propagación da COVID-19. Estas medidas deben ser adecuadas e eficaces de acordo coa evolución da situación epidemiolóxica e de capacidade do sistema asistencial.

Tendo en conta o expresado en relación con que existe unha porcentaxe moi elevada de poboación vacinada, o cal permitiu unha redución importante de hospitalizacións e falecementos, foi necesario actualizar os indicadores de risco establecidos antes do inicio



da campaña de vacinación. Deste xeito, a partir da adopción destes novos criterios, as medidas de prevención e control pretenden adaptarse ao novo escenario en que nos atopamos, onde prevalecen os casos entre a poboación máis nova e na cal unha porcentaxe maioritaria non ten consecuencias clínicas importantes. Neste sentido, salientase que dous terzos dos casos se están a dar entre os 15 e os 39 anos de idade e que existe un menor risco de padecer a enfermidade grave nesas franxas de idade.

Na situación actual concorren, en definitiva, determinadas circunstancias que aconsellan axustar as taxas de incidencia acumulada mediante a aplicación dun factor de corrección baseado no risco de ingreso hospitalario, xa que a situación da carga asistencial hospitalaria é, neste momento, de 3,2 e 0,6 ingresos por 100.000 habitantes en hospitalización de agudos e en unidades de críticos, respectivamente, a pesar das taxas de incidencia elevadas que se están a observar. Isto indica que a onda ten un menor impacto nos ingresos pola COVID-19, o que se atribúe aos factores aludidos de vacinación dos maiores e á idade dos casos.

Para reflectir este feito, a partir da adopción deste novo criterio, a incidencia acumulada global a 14 e 7 días axustarase segundo evolucione o risco de ingreso en cada momento. A consideración do risco de ingreso como factor permitirá manter os niveis de restricións establecidos na súa forma actual (nivel máximo, nivel alto, nivel medio e nivel medio-baixo), pero cunha actualización dos valores que provocan a entrada nun ou noutro nivel segundo o factor expresado do risco de ingreso, o que permitirá ter en conta en cada momento de forma dinámica os efectos positivos do avance da campaña de vacinación.

Para determinar nesta orde os concellos de nivel de restrición máxima e alta tivéronse en conta as taxas de incidencia a 14 e 7 días axustadas, mais mantendo as mesmas taxas de incidencia previas ao axuste.

A metodoloxía utilizada para o cálculo da incidencia acumulada axustada por risco de ingreso parte do cálculo dun factor de corrección que se interpreta como o risco relativo de ingreso no período comprendido entre agosto de 2020 e marzo de 2021 (período de referencia) comparado co momento actual. Este factor é superior a 1, debido á vacinación e á diferente distribución por idade dos casos, que actualmente se concentran fundamentalmente na poboación de 15 a 29 anos. Para axustar a incidencia a 7 e 14 días dos concellos, divídese a taxa bruta polo factor de corrección.

O factor de corrección calcúlase, para cada día, como o cociente entre a taxa bruta de ingresos nos últimos 28 días e a taxa axustada por idade, aplicando o método directo e usando como poboación estándar o número de casos do período de referencia.



A taxa bruta de ingresos a 28 días é a porcentaxe de casos que ingresaron entre os casos con diagnóstico por PCR ou tests de antíxenos acumulados nos últimos 28 días. As taxas específicas de ingreso por idade calcúlanse do mesmo xeito, pero no grupo de idade correspondente.

A taxa axustada de ingresos calcúlase aplicando as taxas específicas de ingreso por idade a 28 días á poboación de referencia. A suma dos valores obtidos por idade divídese entre o total de casos do período de referencia (97.996) e o resultado interprétase como a porcentaxe de casos que terían ingresado se tivesen a mesma distribución por idade que no período de referencia (taxa de ingresos axustada).

Igualmente, para o descenso do nivel de restrición, terase en conta a evolución das súas taxas de incidencia que indique un claro descenso desta incidencia e se a aparición de casos novos entra dentro do esperado no contexto dos abrochos que se estean a desenvolver nos concellos.

A cada un dos distintos niveis de restrición seranlle de aplicación as medidas xerais e específicas previstas para cada caso nas disposicións vixentes, aprobadas polas autoridades sanitarias competentes, tendo en conta, ademais, que no día de hoxe está cientificamente constatado que, mentres non exista unha alta cobertura poboacional de vacinación, as intervencións non farmacolóxicas son as intervencións de saúde pública máis efectivas contra a COVID-19, medidas que se poderán ir suavizando na súa aplicación en vista da situación epidemiolóxica no territorio e do aumento da cobertura vacinal.

Debe destacarse, ao fío do anterior, que Galicia conta cunha poboación especialmente envellecida, cunha porcentaxe de persoas de 65 e máis anos (ano 2020) do 25,4 % fronte ao 19,6 % do conxunto de España.

Porén, tamén hai que ter en consideración que, aínda que esta cobertura se obteña en determinados grupos, a distribución poboacional pode ser desigual, se se ten en conta toda a poboación e non os grupos de idade prioritarios que se están a vacinar en primeiro lugar. Tampouco se pode esquecer que mentres non se consiga conter a pandemia no mundo, con países con alta circulación do virus, poden aparecer novas variantes que poidan ter a capacidade de escapar á inmunidade proporcionada polas vacinas actuais. Ademais, a circulación da variante Delta pode facer que haxa escape á inmunidade naquelas persoas que non estean completamente vacinadas e certo escape nas completamente vacinadas, sen esquecer que esta variante se considera que é un 40-60 % máis transmisible que a variante Alfa.



Non obstante, estas medidas aplicaranse con criterios epidemiolóxicos, pero tamén de proporcionalidade, e estarán en vixencia só durante o tempo preciso para asegurar que a evolución desta situación epidemiolóxica é boa e se está a cortar a transmisión, que é o obxectivo destas medidas.

En atención ao exposto, tendo en conta o indicado no citado informe da Dirección Xeral de Saúde Pública e logo de escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, acórdase manter no nivel máximo de restrición os concellos de Cambados, Meaño, O Grove e Sanxenxo, polas súas taxas axustadas a 7 e 14 días, así como os concellos de Boiro e O Barco de Valdeorras, polas súas taxas a 14 días.

Ascender ao nivel máximo de restrición, desde o nivel alto actual, os concellos de Burela, Foz e Viveiro, polas súas taxas axustadas a 7 e 14 días, e o concello de Baiona, polas súas taxas a 7 días.

Tamén ascenden a este nivel, desde o nivel medio actual, o concello de Muros, pola súa taxa axustada a 7 días e, desde o nivel medio baixo actual, o concello de Monterroso polas súas taxas axustadas a 7 e 14 días.

Mantéñense no nivel alto de restricións o concello de Avión, aínda que as súas taxas axustadas indican o nivel máximo, debido a que os casos forman parte dun abrocho que, neste momento, xa está en remisión, e os concellos de Carballo, Fisterra, Oleiros, Arzúa, Melide, Ribeira, Cervo, Ribadeo, Barbadás, O Carballiño, Ourense, A Illa de Arousa, Marín, Poio, Pontevedra, Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa, Gondomar, Nigrán, O Rosal, Tomiño e Vigo, polas súas taxas axustadas a 7 e 14 días.

Ascenden, desde o nivel medio actual ao nivel alto, os concellos da Coruña, Cambre, Culleredo, Santiago de Compostela, Bueu, Meis, Ribadumia, A Guarda, Moaña, O Porriño e Redondela, polas súas taxas axustadas a 7 e 14 días, e os concellos de Ames, Ferrol, Lugo, Ponte Caldelas e Mos, polas súas taxas axustadas a 7 días.

Sitúase no nivel alto de restricións o concello de Cariño, aínda que as súas taxas indican o nivel máximo. Neste caso, considérase preciso esperar para coñecer a evolución da súa situación epidemiolóxica, xa que se trata dun concello de poucos habitantes, polo que a súa taxa aumenta moi rápido cun número de casos que non afectarían do mesmo xeito concellos con máis poboación. Tamén ascenden ao nivel alto desde o nivel medio baixo actual os concellos de Chantada e Soutomaior pola súa taxa axustada a 7 e 14 días; e os



concellos de Arteixo, As Pontes de García Rodríguez, Ortigueira, Monforte de Lemos e Verín, pola súa taxa a 7 días.

Descendería desde o nivel máximo ao nivel alto de restricións o concello da Pobra do Caramiñal, polas súas taxas a 7 e 14 días.

Por outra banda, mantéñense no nivel medio de restricións os concellos de Oroso, Teo, Vilalba, Ribadavia, Caldas de Reis e Tui, polas súas taxas axustadas a 7 e 14 días; os concellos de Pontecesures, Silleda, Sarria, O Pereiro de Aguiar e San Cibrao das Viña polas súas taxas axustadas a 14 días; e os concellos de Sada, Noia, Mondoñedo, Beariz, Boborás, Maceda e Vilamartín de Valdeorras, a pesar de que as súas taxas indican un nivel alto.

Ascenden desde o nivel medio-baixo actual ao nivel medio, a pesar de que as súas taxas axustadas indican o nivel máximo de restricións, os concellos de Toques, A Capela, Rábade, Monterrei e Riós. Trátase de concellos pequenos de menos de 2.500 habitantes, en que poucos casos alteran a súa taxa de incidencia. Nos concellos cun número máis elevado de casos, como son os de Rábade e Monterrei, os casos teñen vínculo epidemiolóxico cunha orixe coñecida. Polo tanto, en todos eles, considérase que se podería esperar a ver a evolución da súa situación epidemiolóxica e, polo de agora, ascendelos só a nivel medio.

Tamén ascenden a nivel medio, a pesar de que as súas taxas axustadas indican o nivel alto de restricións, os concellos de Corcubión, Barreiros, O Valadouro, A Pobra de Trives e Coles, xa que se considera preciso esperar, dado o tamaño poboacional destes concellos e o número de casos, a observar a evolución da súa situación epidemiolóxica, xa que a meirande parte dos casos ten unha orixe coñecida. Tamén sucede o mesmo cos concellos de Curtis, Rianxo, Pontedeume, Barreiros, A Rúa, A Lama, Barro e Vilaboa, que son concellos con máis casos que os anteriores debido a que, na meirande parte, os casos están rastrexados e que se considera que se pode esperar ata ver a evolución da súa situación epidemiolóxica.

Ascenden ao nivel medio desde o nivel medio baixo actual, tal como indican as súas taxas a 7 e/ou 14 días, os concellos de Bergondo, Cee, Coristanco, Brión, Carnota, Outes, Padrón, Cedeira, Narón, Valdoviño, Celanova, A Cañiza, Arbo, As Neves, Cangas e Pontareas.

Por outra banda, descende ao nivel medio desde o nivel alto actual, tal como indican as súas taxas, o concello de Vimianzo.



Para o resto de concellos de Galicia recoméndase o nivel medio-baixo de restricións.

II

Sentado o anterior, debe insistirse en que, mediante esta orde, se adapta a Orde do 21 de xullo 2021 á realidade da evolución epidemiolóxica de determinados concellos. Non se modifican as medidas adoptadas na referida orde, cuxa eficacia se estende ata as 00.00 horas do 7 de agosto e que, polo tanto, se manteñen.

Non obstante, tal e como se indica no punto cuarto da dita orde, consonte o seguimento e a avaliación continua da situación que se está a realizar para garantir o respecto aos principios de necesidade e de proporcionalidade, adáptase a orde á realidade actual.

Debe salientarse, no que se refire aos cambios nas situacións epidemiolóxicas dos concellos e que motivan a necesidade dunha nova solicitude de autorización xudicial, que serían aqueles cambios que afectarían unicamente os niveis máximo e alto de restricións respecto daqueles concellos que se atopaban nos niveis inferiores (medio e medio-baixo). Así, en relación cos concellos incluídos no máximo nivel de restricións, que se incorporan agora desde os niveis medio e medio-baixo, serían os concellos de Muros e Monterroso xa que Burela, Foz, Viveiro, Baiona xa se atopaban no nivel alto de restricións.

Por outro lado, ascenderían ao nivel alto desde un nivel medio: A Coruña, Cambre, Culleredo, Santiago de Compostela, Bueu, Meis, Ribadumia, A Guarda, Moaña, O Porriño e Redondela, Ames, Ferrol, Lugo, Ponte Caldelas e Mos, e desde un nivel medio-baixo: Cariño, Chantada, Soutomaior, Arteixo, As Pontes de García Rodríguez, Ortigueira, Monforte de Lemos e Verín.

A eficacia desta orde comezará ás 00.00 horas do día seguinte ao da súa publicación e estenderase durante o período en que se manteña a vixencia da Orde do 21 de xullo de 2021, que modifica, sen prexuízo do seguimento e avaliación continua a que están sometidas, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

Destácase finalmente que, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para adoptar as medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica existente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, coa urxencia que a protección da saúde pública demanda.



Na súa virtude, en aplicación do punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. Modificación da Orde do 21 de xullo de 2021 pola que se establecen medidas cualificadas de prevención para facer fronte á evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e que precisan da autorización xudicial para a súa eficacia

Modifícase o Anexo da Orde do 21 de xullo de 2021 pola que se establecen medidas cualificadas de prevención para facer fronte á evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e que precisan da autorización xudicial para a súa eficacia, que queda redactado segundo o anexo desta orde.

Segundo. Autorización xudicial, publicación e eficacia

1. Solicitarase a autorización xudicial da modificación prevista nesta orde, de acordo co disposto na redacción vixente do número 8 do artigo 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e procederase á publicación da orde unha vez obtida a referida autorización.

2. As medidas previstas nesta orde terán efectos desde as 00.00 horas do día seguinte ao da súa publicación.

3. En cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas previstas nesta orde serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser prorrogadas, modificadas ou levantadas por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Santiago de Compostela, 29 de xullo de 2021

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade



ANEXO**«ANEXO****Concellos en que son aplicables as limitacións de permanencia de grupos de persoas aos constituídos exclusivamente por persoas conviventes entre a 1.00 e as 6.00 horas****A) Concellos con nivel de restrición máxima:**

Baiona
Barco de Valdeorras (O)
Boiro
Burela
Cambados
Foz
Grove (O)
Meaño
Monterroso
Muros
Sanxenxo
Viveiro

B) Concellos con nivel de restrición alta:

Ames
Arteixo
Arzúa
Avión
Barbadás
Bueu
Cambre
Carballiño (O)
Carballo
Cariño
Cervo
Chantada
Coruña (A)
Culleredo



Ferrol
Fisterra
Gondomar
Guarda (A)
Illa de Arousa (A)
Lugo
Marín
Meis
Melide
Moaña
Monforte de Lemos
Mos
Nigrán
Oleiros
Ortigueira
Ourense
Pobra do Caramiñal (A)
Poio
Ponte Caldelas
Pontes de García Rodríguez (As)
Pontevedra
Porriño (O)
Redondela
Ribadeo
Ribadumia
Ribeira
Rosal (O)
Santiago de Compostela
Soutomaior
Tomiño
Verín
Vigo
Vilagarcía de Arousa
Vilanova de Arousa»



I. DISPOSICIÓNS XERAIS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

ORDE do 29 de xullo de 2021 pola que se modifica o anexo II da Orde do 25 de xuño de 2021, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

I

A evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia fai necesario que as autoridades sanitarias autonómicas sigan adoptando determinadas medidas de prevención orientadas a conter a propagación da infección e dirixidas a facer fronte á crise sanitaria derivada da COVID-19.

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición a unha nova normalidade. O obxecto dese acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Con esta finalidade poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade. Establécese, ademais, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de conformidade coa normativa aplicable e en vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou en parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e que modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación das medidas concretas contidas no anexo do citado acordo.



Con base no disposto no citado punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020, adoptáronse, mediante a Orde do 25 de xuño de 2021, unha serie de medidas que teñen por obxecto regular distintas actividades coa finalidade de que se poidan desenvolver en condicións de seguridade, minimizando ao máximo o risco de contaxio e a propagación da enfermidade.

Estas medidas específicas tradúcense, en moitos casos, no establecemento de capacidades máximas e na regulación destas, xa que se demostrou que para lograr o fin proposto resulta imprescindible evitar as aglomeracións e garantir o mantemento en todo momento da distancia de seguridade, reducindo o contacto físico ou a proximidade en condicións favorecedoras do contaxio. A evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma exixiu modificar determinados aspectos da orde coa finalidade de adaptar as medidas contidas nela á realidade actual, o que se fixo mediante a Orde do 1 de xullo de 2021. Posteriormente, mediante a Orde do 8 de xullo de 2021 introducíronse novas modificacións e prorrogouse a eficacia da Orde do 25 de xuño ata as 00.00 horas do 24 de xullo de 2021, e mediante a Orde do 15 de xullo de 2021 modificáronse a Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e a Orde do 1 de xullo de 2021 pola que se aproba o Protocolo para a reactivación do lecer nocturno no marco da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19.

Neste marco, e coa finalidade de que as medidas de prevención fronte á COVID-19 si gan adaptándose á evolución da situación epidemiolóxica, mediante a Orde do 22 de xullo de 2021 acometeuse unha nova prórroga e modificación da Orde do 25 de xuño, de conformidade coa previsión contida no punto noveno da citada Orde do 25 de xuño de 2021, segundo a cal, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas previstas nela deben ser obxecto de seguimento e avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria, e modificouse a Orde do 1 de xullo de 2021, pola que se aproba o Protocolo para a reactivación do lecer nocturno no marco da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19.

Unha vez sentado o anterior, débese destacar que, en termos xerais, se mantén na Comunidade Autónoma a situación epidemiolóxica que motivou a adopción das medidas recollidas na citada orde, aínda que a evolución concreta da situación epidemiolóxica de determinados concellos mudou e cómpre agora acometer unha modificación daquelas coa finalidade de incluír no nivel de restricións que en cada caso corresponda os concellos en que variou a situación.



II

A adopción das medidas contidas nesta orde vén determinada pola evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria da Comunidade Autónoma. Así resulta do informe da Dirección Xeral de Saúde Pública do 29 de xullo de 2021, do cal se destacan os seguintes datos:

Respecto da situación epidemiolóxica de Galicia, o número reprodutivo instantáneo (Rt), que indica o número de contaxios orixinados por un caso activo, segue por riba de 1 desde o 18 de xuño, aínda que en descenso desde o 16 de xullo, o que indica un aumento na transmisión da infección. A área sanitaria de Ourense está por debaixo de 1 e a de Pontevedra está a achegarse.

Do total de concellos de Galicia (N= 313), 16 non notificaron casos nos últimos 14 días. O número de concellos sen casos nos últimos 7 días foi de 35. Isto supón un aumento en 21 concellos, tanto a 14 días como a 7 días.

Entre o 13 e 19 de xullo realizáronse 80.831 probas diagnósticas de infección activa polo virus SARS-CoV-2 (49.625 PCR e 31.206 tests de antíxenos) cunha porcentaxe de positividade a 7 días do 10,78 %, o que supón un aumento do 42 % respecto de entre o 6 e o 16 de xullo, que era do 7,59 %.

A incidencia acumulada a 7 e 14 días é de 334 e 602 casos por 100.000 habitantes, respectivamente, valores superiores aos observados hai unha semana, en que eran de 268 e 389 casos por 100.000 habitantes, respectivamente (aumento do 25 % a 7 días e do 55 % a 14 días).

A tendencia diaria mostra, desde o 1 de marzo, un primeiro tramo de crecemento lento, cunha porcentaxe de cambio diaria (PCD) do 0,6 %; un segundo tramo decrecente, a un ritmo non moi rápido, cunha PCD do -2,2 %; un terceiro, a partir do 19 de xuño, de crecemento rápido, cunha PCD do 11,2 %, e a partir do 15 de xullo cun crecemento máis lento, cunha PCD do 2,6 %.

No que atinxe á situación das áreas sanitarias, as taxas a 14 días están entre os 408,28 casos por 100.000 habitantes de Ferrol e os 885,52 de Pontevedra.

As taxas de incidencia a 14 días seguen a aumentar respecto de hai 7 días e todas as áreas presentan taxas a 14 días superiores aos 400 casos por 100.000 habitantes, e taxas



a 7 días superiores aos 250 casos por 100.000 habitantes. Na área sanitaria de Ourense descendeu a súa taxa a 7 días un 24 % desde hai unha semana.

No que se refire aos datos acumulados de hospitalización a 7 días, hai un total de 214 casos nas unidades de hospitalización de agudos e 24 casos nas unidades de críticos.

Por áreas sanitarias, a área da Coruña presenta 50 casos en agudos e 11 en críticos; á área de Ferrol presenta 10 casos en agudos e 2 en críticos; a área de Santiago ten 20 casos en agudos e 2 en críticos; a área de Lugo ten 28 casos en agudos; a área de Ourense ten 47 casos en agudos e 2 casos en críticos; a área de Pontevedra ten 29 casos en agudos e 4 en críticos, e a área de Vigo, 28 casos en agudos e 3 en críticos.

A media de pacientes COVID-19 en hospitalización de agudos nos últimos 7 días foi de 164,0, o que significa un aumento do 117 % respecto de hai 7 días. A taxa de pacientes COVID-19 en hospitalización de agudos é de 6,1 ingresados por 100.000 habitantes, cun aumento, tamén, do 117 % respecto de hai 7 días.

En canto aos ingresos COVID-19 nas unidades de críticos (UCI) nos últimos 7 días, a media foi de 21,7 e a taxa a 7 días de ingresados nas UCI é de 0,8 ingresados por 100.000 habitantes, o que supón un aumento do 36,9 % respecto de hai 7 días, tanto na media como na taxa.

No que atinxe aos datos de mortalidade, rexistráronse seis falecementos nos últimos 7 días e 9 falecementos nos últimos 14 días.

En relación coa situación epidemiolóxica nos concellos de Galicia, aqueles con poboación igual ou maior de 10.000 habitantes (54), 32 presentan unha taxa axustada de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por 100.000 habitantes, fronte aos 8 do informe anterior, 7 superan os 500 casos por 100.000 habitantes (Boiro, Foz, Viveiro, O Barco de Valdeorras, Cambados, O Grove e Sanxenxo).

No que se refire aos concellos de menos de 10.000 habitantes (259), 44 presentan unha taxa axustada de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por 100.000 habitantes, os mesmos ca hai unha semana e un máis que no informe do 6 de xuño. Deles, 5 presentan taxas axustadas de incidencia iguais ou superiores a 500 casos por 100.000 habitantes (Toques, Monterroso, Burela, Avión e Meaño).



No que atinxe ás comarcas, atópanse no nivel máximo as do Salnés, A Mariña Occidental e a Mariña Central. No nivel alto están 21 comarcas: Vigo, Pontevedra, O Morrazo, O Baixo Miño, Verín, Valdeorras, Terra de Trives, Ourense, O Carballiño, A Ulloa, A Mariña Oriental, Lugo, Chantada, Terra de Melide, Santiago, Ortegá, Muros, Eume, A Coruña, Barbanza e Arzúa.

No nivel medio atópanse 12 comarcas: Caldas, O Ribeiro, Allariz-Maceda, Terra de Lemos, Sarria, A Fonsagrada, Ordes, Noia, Fisterra, Ferrol, Betanzos e Bergantiños.

Desde a posta en marcha da vixilancia da prevalencia das variantes en Galicia, baseada na aplicación dunhas PCR específicas sobre unha mostra aleatoria das mostras positivas para SARS-CoV-2 por PCR da semana previa, identificadas nos servizos de Microbioloxía dos hospitais CHUAC, CHUS, CHUVI, CHUO, HULA e Vithas (Vigo), na semana epidemiolóxica 28/2021 (do 12 ao 18 de xullo) a porcentaxe de positividade para a posible variante Alfa foi dun 28 % (IC95 %: 26-30 %) e para a variante Delta foi do 66 % (IC95 %: 64-68 %).

Polas diferenzas nas fraccións de mostraxe entre as áreas sanitarias, a prevalencia axustouse ao número de casos en cadansúa área, que é notablemente diferente á prevalencia sen axustar, o 72 % (IC95 %: 70-74 %) e o 24 % (IC95 %: 22-26 %) para as variantes Delta e Alfa, respectivamente.

Ata a semana 27 incluída, das variantes de preocupación (VOC) identificáronse 888 casos da variante Alfa con secuenciación completa; da variante Beta (B.1.351), 58 casos (28 por secuenciación e 24 con patrón compatible por PCR); da variante Gamma (P1), 83 casos (82 por secuenciación e 1 con patrón compatible por PCR), e da variante Delta (B.1.617.2), 175 casos.

Ademais, hai tres mostras con patrón compatible con Beta e Gamma; 9 con patrón compatible con Beta, Gamma e B.1.621 e 11 con patrón compatible coa variante B.1.621.

Ademais das VOC, tense constancia de catro mostras coa variante Eta (B.1.525); nove mostras coa variante Iota (B.1.526); 15 mostras coa variante Lambda (C.37) e 18 mostras con variante B.1.621.

Cómpre indicar que o criterio que se vén utilizando para determinar os niveis de restrición aplicables a cada un dos concellos da Comunidade Autónoma é, ademais do da situación sanitaria, o da taxa de incidencia acumulada segundo os casos por cada 100.000 habitantes, tanto a 14 días como a 7 días; esta última permite reaccionar con maior rapidez e eficacia fronte aos gromos.



Desta maneira establecéronse os seguintes niveis de restricións: nivel de restricións máximo, alto, medio e medio-baixo.

Atendendo ás taxas de incidencia acumulada a 14 días, sitúanse no nivel medio-baixo os concellos con taxas por debaixo dos 150 casos por cada 100.000 habitantes; no medio, os concellos con taxas que se atopen entre os 150 e por debaixo dos 250 casos por cada 100.000 habitantes; no alto, os concellos con taxas que se atopen entre os 250 e por debaixo dos 500 casos por cada 100.000 habitantes, e no nivel de restrición máxima, os concellos cuxas taxas de incidencia acumulada sexan máis de 500 casos por 100.000 habitantes.

Pola súa banda, atendendo ás taxas de incidencia acumulada a 7 días, sitúanse no nivel medio-baixo os concellos que se atopen por debaixo dos 75 casos por cada 100.000 habitantes; no medio, os concellos que se atopen entre os 75 e por debaixo dos 125 casos por cada 100.000 habitantes; no nivel alto, os concellos que se atopen entre os 125 e por debaixo dos 250 casos por cada 100.000 habitantes, e no nivel de restrición máxima, os concellos cuxas taxas de incidencia acumulada sexan máis de 500 casos por 100.000 habitantes.

A taxa de incidencia acumulada non é o único criterio que se ten en conta para determinar o nivel aplicable a cada concello, xa que este dato se modula en función doutros factores e da análise da situación do propio concello. Así, o criterio da incidencia vese completado coa consideración de criterios demográficos (pois debe terse en conta que en concellos de escasa poboación poucos casos poden dar lugar a taxas moi elevadas, que deben ser postas no debido contexto). Ademais, os servizos de saúde pública e o Comité e o Subcomité Clínico veñen analizando as características específicas de cada gromo. Neste sentido, véñse prestando unha especial atención á existencia de gromos non controlados ou de casos sen vínculo epidemiolóxico, así como ao feito de que non se observe unha melloría clara na evolución da situación epidemiolóxica.

Actualmente, o avance da campaña de vacinación masiva esta a conseguir protexer a poboación e retomar actividades económicas e sociais ata o de agora limitadas para evitar un maior número de contaxios. Non obstante, e mentres non se alcance a inmunidade de grupo, é necesario seguir adoptando medidas preventivas e de control que permitan garantir as máximas condicións de seguridade e reducir o risco de contaxio e propagación da COVID-19. Estas medidas deben ser adecuadas e eficaces de acordo coa evolución da situación epidemiolóxica e de capacidade do sistema asistencial.



Tendo en conta o expresado en relación con que existe unha porcentaxe moi elevada de poboación vacinada, o cal permitiu unha redución importante de hospitalizacións e falecementos, foi necesario actualizar os indicadores de risco establecidos antes do inicio da campaña de vacinación. Deste xeito, a partir da adopción destes novos criterios, as medidas de prevención e control pretenden adaptarse ao novo escenario en que nos atopamos, onde prevalecen os casos entre a poboación máis nova, na cal unha porcentaxe maioritaria non ten consecuencias clínicas importantes. Neste sentido, salientase que dous terzos dos casos se están a dar entre os 15 e os 39 anos de idade e que existe un menor risco de padecer a enfermidade grave nesas franxas de idade.

Na situación actual concorren, en definitiva, determinadas circunstancias que aconsellan axustar as taxas de incidencia acumulada mediante a aplicación dun factor de corrección baseado no risco de ingreso hospitalario, xa que a situación da carga asistencial hospitalaria é, neste momento, de 3,2 e 0,6 ingresos por 100.000 habitantes en hospitalización de agudos e en unidades de críticos, respectivamente, a pesar das taxas de incidencia elevadas que se están a observar. Isto indica que a onda ten un menor impacto nos ingresos por COVID-19, o que se atribúe aos factores aludidos de vacinación dos maiores e á idade dos casos.

Para reflectir este feito, a partir da adopción deste novo criterio, a incidencia acumulada global a 14 e 7 días axustarase segundo evolucione o risco de ingreso en cada momento. A consideración do risco de ingreso como factor permitirá manter os niveis de restricións establecidos na súa forma actual (nivel máximo, nivel alto, nivel medio e nivel medio-baixo), pero cunha actualización dos valores que provocan a entrada nun ou noutro nivel segundo o factor expresado do risco de ingreso, o que permitirá ter en conta en cada momento de forma dinámica os efectos positivos do avance da campaña de vacinación.

Para determinar nesta orde os concellos de nivel de restrición máximo e alto tivéronse en conta as taxas de incidencia a 14 e 7 días axustadas, mais mantendo as mesmas taxas de incidencia previas ao axuste.

A metodoloxía utilizada para o cálculo da incidencia acumulada axustada por risco de ingreso parte do cálculo dun factor de corrección que se interpreta como o risco relativo de ingreso no período comprendido entre agosto de 2020 e marzo de 2021 (período de referencia) comparado co momento actual. Este factor é superior a 1, debido á vacinación e á diferente distribución por idade dos casos, que actualmente se concentran fundamentalmente na poboación de 15 a 29 anos. Para axustar a incidencia a 7 e 14 días dos concellos, divídese a taxa bruta polo factor de corrección.



O factor de corrección calcúlase, para cada día, como o cociente entre a taxa bruta de ingresos nos últimos 28 días e a taxa axustada por idade, aplicando o método directo e usando como poboación estándar o número de casos do período de referencia.

A taxa bruta de ingresos a 28 días é a porcentaxe de casos que ingresaron entre os casos con diagnóstico por PCR ou tests de antíxenos acumulados nos últimos 28 días. As taxas específicas de ingreso por idade calcúlanse do mesmo xeito pero no grupo de idade correspondente.

A taxa axustada de ingresos calcúlase aplicándolle as taxas específicas de ingreso por idade a 28 días á poboación de referencia. A suma dos valores obtidos por idade divídese entre o total de casos do período de referencia (97.996) e o resultado interprétase como a porcentaxe de casos que terían ingresado se tivesen a mesma distribución por idade ca no período de referencia (taxa de ingresos axustada).

Igualmente, para o descenso de nivel de restrición, terase en conta a evolución das súas taxas de incidencia que indique un claro descenso desta e se a aparición de casos novos entra dentro do esperado no contexto dos gromos que se estean a desenvolver nos concellos.

A cada un dos distintos niveis de restrición seranlle de aplicación as medidas xerais e específicas previstas para cada caso nas disposicións vixentes, aprobadas polas autoridades sanitarias competentes, tendo en conta, ademais, que no día de hoxe está cientificamente constatado que, mentres non exista unha alta cobertura poboacional de vacinación, as intervencións non farmacolóxicas son as intervencións de saúde pública máis efectivas contra a COVID-19, medidas que se poderán ir suavizando na súa aplicación en vista da situación epidemiolóxica no territorio e do aumento da cobertura vacinal.

Debe destacarse, ao fío do anterior, que Galicia conta cunha poboación especialmente envellecida, cunha porcentaxe de persoas de 65 e máis anos (ano 2020) do 25,4 % fronte ao 19,6 % do conxunto de España.

Porén, tamén hai que ter en consideración que, aínda que esta cobertura se obteña en determinados grupos, a distribución poboacional pode ser desigual, se se ten en conta toda a poboación e non os grupos de idade prioritarios que se están a vacinar en primeiro lugar. Tampouco se pode esquecer que mentres non se consiga conter a pandemia no mundo, con países con alta circulación do virus, poden aparecer novas variantes do virus que poidan ter a capacidade de escapar á inmunidade proporcionada polas vacinas ac-



tuais. Ademais, a circulación da variante Delta pode facer que haxa escape á inmunidade naquelas persoas que non estean completamente vacinadas e certo escape nas completamente vacinadas, sen esquecer que esta variante se considera que é un 40-60 % máis transmisible ca a variante Alfa.

Non obstante, estas medidas aplicaranse con criterios epidemiolóxicos pero tamén de proporcionalidade, e estarán en vixencia só polo tempo preciso para asegurar que a evolución desta situación epidemiolóxica é boa e se está a cortar a transmisión, que é o obxectivo destas medidas.

En atención ao exposto, tendo en conta o indicado no citado informe da Dirección Xeral de Saúde Pública e logo de escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, acórdase manter no nivel máximo de restrición os concellos de Cambados, Meaño, O Grove e Sanxenxo, polas súas taxas axustadas a 7 e 14 días, así como os concellos de Boiro e O Barco de Valdeorras, polas súas taxas a 14 días.

Ascender ao nivel máximo de restrición, desde o nivel alto actual, os concellos de Burela, Foz e Viveiro, polas súas taxas axustadas a 7 e 14 días, e o concello de Baiona, polas súas taxas a 7 días.

Tamén ascenden a este nivel, desde o nivel medio actual, o concello de Muros, pola súa taxa axustada a 7 días, e desde o nivel medio-baixo actual, o concello de Monterroso polas súas taxas axustadas a 7 e 14 días.

Mantéñense no nivel alto de restricións, o concello de Avión, aínda que as súas taxas axustadas indican o nivel máximo, debido a que os casos forman parte dun gromo que, neste momento, xa está en remisión, e os concellos de Carballo, Fisterra, Oleiros, Arzúa, Melide, Ribeira, Cervo, Ribadeo, Barbadás, O Carballiño, Ourense, A Illa de Arousa, Marín, Poio, Pontevedra, Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa, Gondomar, Nigrán, O Rosal, Tomiño e Vigo, polas súas taxas axustadas a 7 e 14 días.

Ascenden, desde o nivel medio actual ao nivel alto, os concellos da Coruña, Cambre, Culleredo, Santiago de Compostela, Bueu, Meis, Ribadumia, A Guarda, Moaña, O Porriño e Redondela, polas súas taxas axustadas a 7 e 14 días, e os concellos de Ames, Ferrol, Lugo, Ponte Caldelas e Mos, polas súas taxas axustadas a 7 días.

Sitúase no nivel alto de restricións o concello de Cariño, aínda que as súas taxas indican o nivel máximo. Neste caso, considérase preciso esperar para coñecer a evolución da



súa situación epidemiolóxica, xa que se trata dun concello de poucos habitantes, polo que a súa taxa aumenta moi rápido cun número de casos que non afectarían do mesmo xeito concellos con máis poboación. Tamén ascenden ao nivel alto, desde o nivel medio-baixo actual, os concellos de Chantada e Soutomaior, pola súa taxa axustada a 7 e 14 días, e os concellos de Arteixo, As Pontes de García Rodríguez, Ortigueira, Monforte de Lemos e Verín, pola súa taxa a 7 días.

Descendería desde o nivel máximo ao nivel alto de restrición o concello da Pobra do Caramiñal, polas súas taxas a 7 e 14 días.

Por outra banda, mantéñense no nivel medio de restricións os concellos de Oroso, Teo, Vilalba, Ribadavia, Caldas de Reis e Tui, polas súas taxas axustadas a 7 e 14 días; os concellos de Pontecesures, Silleda, Sarria, O Pereiro de Aguiar e San Cibrao das Viñas, polas súas taxas axustadas a 14 días; e os concellos de Sada, Noia, Mondoñedo, Beariz, Boborás, Maceda e Vilamartín de Valdeorras, a pesar de que as súas taxas indican un nivel alto.

Ascenden desde o nivel medio-baixo actual ao nivel medio, a pesar de que as súas taxas axustadas indican o nivel máximo de restricións, os concellos de Toques, A Capela, Rábade, Monterrei e Riós. Trátase de concellos pequenos de menos de 2.500 habitantes, nos cales poucos casos alteran a súa taxa de incidencia. Nos concellos cun número máis elevado de casos, como son os de Rábade e Monterrei, os casos teñen vínculo epidemiolóxico cunha orixe coñecida. Polo tanto, en todos eles, considérase que se podería esperar a ver a evolución da súa situación epidemiolóxica e, polo de agora, ascendelos só ao nivel medio.

Tamén ascenden ao nivel medio, a pesar de que as súas taxas axustadas indican o nivel alto de restricións, os concellos de Corcubión, Barreiros, O Valadouro, A Pobra de Trives e Coles, xa que se considera preciso esperar, dado o tamaño poboacional destes concellos e o número de casos, a observar a evolución da súa situación epidemiolóxica, xa que a meirande parte dos casos teñen unha orixe coñecida. Tamén sucede o mesmo cos concellos de Curtis, Rianxo, Pontedeume, Barreiros, A Rúa, A Lama, Barro e Vilaboa, que son concellos con máis casos ca os anteriores debido a que, na meirande parte, os casos están trazados e se considera que se pode esperar ata ver a evolución da súa situación epidemiolóxica.

Ascenden ao nivel medio desde o nivel medio-baixo actual, tal como indican as súas taxas a 7 e/ou 14 días, os concellos de Bergondo, Cee, Coristanco, Brión, Carnota, Outes, Padrón, Cedeira, Narón, Valdoviño, Celanova, A Cañiza, Arbo, As Neves, Cangas e Pontareas.



Por outro lado, descende ao nivel medio desde o nivel alto actual, tal como indican as súas taxas, o concello de Vimianzo.

Para o resto de concellos de Galicia recoméndase o nivel medio-baixo de restricións.

A eficacia desta orde comezará ás 00.00 horas do día 31 de xullo de 2021 e estende-rase durante o período en que se manteña a eficacia da Orde do 25 de xuño de 2021, sen prexuízo do seguimento e da avaliación continua a que está sometida co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

III

As medidas que se adoptan nesta orde teñen o seu fundamento normativo no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 a 38.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para adoptar as medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica existente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, coa urxencia que a protección da saúde pública demanda.

Na súa virtude, en aplicación do punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición a unha nova normalidade, na súa redacción vixente, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. *Modificación da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia*

Modifícase o anexo II da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado segundo o anexo desta orde.



Segundo. Eficacia

1. As medidas previstas nesta orde terán efectos desde as 00.00 horas do día 31 de xullo.

2. No caso das celebracións e eventos en establecementos de restauración para os días 31 de xullo e 1 de agosto que xa estivesen concertados antes do día 29 de xullo, non serán aplicables as limitacións que sexan consecuencia da elevación do nivel de restrición, ben que estas celebracións e eventos deberán ser comunicados polos titulares dos establecementos á correspondente xefatura territorial da Consellería de Sanidade para que se poidan adoptar as medidas ou efectuar as recomendacións pertinentes.

3. En cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas previstas nesta orde serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser prorrogadas, modificadas ou levantadas por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Santiago de Compostela, 29 de xullo de 2021

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade

ANEXO**«ANEXO II****A) Concellos con nivel de restrición máxima:**

Baiona

Barco de Valdeorras (O)

Boiro

Burela

Cambados

Foz

Grove (O)

Meaño

Monterroso



Muros
Sanxenxo
Viveiro

B) Concellos con nivel de restrición alta:

Ames
Arteixo
Arzúa
Avión
Barbadás
Bueu
Cambre
Carballiño (O)
Carballo
Cariño
Cervo
Chantada
Coruña (A)
Culleredo
Ferrol
Fisterra
Gondomar
Guarda (A)
Illa de Arousa (A)
Lugo
Marín
Meis
Melide
Moaña
Monforte de Lemos
Mos
Nigrán



Oleiros
Ortigueira
Ourense
Pobra do Caramiñal (A)
Poio
Ponte Caldelas
Pontes de García Rodríguez (As)
Pontevedra
Porriño (O)
Redondela
Ribadeo
Ribadumia
Ribeira
Rosal (O)
Santiago de Compostela
Soutomaior
Tomiño
Verín
Vigo
Vilagarcía de Arousa
Vilanova de Arousa

C) Concellos con nivel de restrición media:

Arbo
Barreiros
Barro
Beariz
Bergondo
Boborás
Brión
Caldas de Reis
Cangas



Cañiza (A)
Capela (A)
Carnota
Cedeira
Cee
Celanova
Coles
Corcubión
Coristanco
Curtis
Lama (A)
Maceda
Mondoñedo
Monterrei
Narón
Neves (As)
Noia
Oroso
Outes
Padrón
Pereiro de Aguiar (O)
Pobra de Trives (A)
Ponteareas
Pontecesures
Pontedeume
Rábade
Rianxo
Ribadavia
Riós
Rúa (A)
Sada
San Cibrao das Viñas



Sarria
Silleda
Teo
Toques
Tui
Valadouro (O)
Valdoviño
Vilaboa
Vilalba
Vilamartín de Valdeorras
Vimianzo

D) Concellos con nivel de restrición media-baixa:

Abadín
Abegondo
Agolada
Alfoz
Allariz
Amoeiro
Antas de Ulla
Aranga
Ares
Arnoia (A)
Baleira
Baltar
Bande
Baña (A)
Baños de Molgas
Baralla
Beade
Becerreá
Begonte



Betanzos
Blancos (Os)
Bola (A)
Bolo (O)
Bóveda
Boimorto
Boqueixón
Cabana de Bergantiños
Cabanas
Calvos de Randín
Camariñas
Campo Lameiro
Carballeda de Avia
Carballeda de Valdeorras
Carballedo
Carral
Cartelle
Castrelo de Miño
Castrelo do Val
Castro Caldelas
Castro de Rei
Castroverde
Catoira
Cenlle
Cerceda
Cerdedo-Cotobade
Cerdido
Cervantes
Chandrexela de Queixa
Coirós
Corgo (O)
Cortegada



Cospeito
Covelo
Crecente
Cualedro
Cuntis
Dodro
Dozón
Dumbría
Entrimo
Esgos
Estrada (A)
Fene
Folgo do Courel
Fonsagrada (A)
Forcarei
Fornelos de Montes
Frades
Friol
Gomesende
Gudiña (A)
Guitiriz
Guntín
Incio (O)
Irixo (O)
Irixoa
Lalín
Láncara
Laracha (A)
Larouco
Laxe
Laza
Leiro



Lobeira
Lobios
Lourenzá
Lousame
Malpica de Bergantiños
Manzaneda
Mañón
Maside
Mazaricos
Meira
Melón
Merca (A)
Mesía
Mezquita (A)
Miño
Moeche
Mondariz-Balneario
Mondariz
Monfero
Montederramo
Moraña
Mugardos
Muíños
Muras
Muxía
Navia de Suarna
Neda
Negreira
Negueira de Muñiz
Nogais (As)
Nogueira de Ramuín
Oia



Oímbra
Ordes
Ourol
Outeiro de Rei
Oza-Cesuras
Paderne de Allariz
Paderne
Padrenda
Palas de Rei
Pantón
Parada de Sil
Paradela
Páramo (O)
Pastoriza (A)
Pazos de Borbén
Pedrafita do Cebreiro
Peroxa (A)
Petín
Pino (O)
Piñor
Pobra do Brollón (A)
Pol
Ponteceso
Pontedeva
Pontenova (A)
Porqueira
Portas
Porto do Son
Portomarín
Punxín
Quintela de Leirado
Quiroga



Rairiz de Veiga
Ramirás
Ribas de Sil
Ribeira de Piquín
Riotorto
Rodeiro
Rois
Rubíá
Salceda de Caselas
Salvaterra de Miño
Samos
San Amaro
San Cristovo de Cea
San Sadurniño
Santiso
San Xoán de Río
Sandiás
Santa Comba
Sarreaus
Saviñao (O)
Sober
Sobrado
Somozas (As)
Taboada
Taboadela
Teixeira (A)
Toén
Tordoia
Touro
Trabada
Trasmiras
Trazo



Triacastela
Val do Dubra
Valga
Vedra
Veiga (A)
Verea
Viana do Bolo
Vicedo (O)
Vila de Cruces
Vilamarín
Vilar de Barrio
Vilar de Santos
Vilardevós
Vilariño de Conso
Vilarmaior
Vilasantar
Xermade
Xinzo de Limia
Xove
Xunqueira de Ambía
Xunqueira de Espadanedo
Zas».



I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

CORRECCIÓN DE ERROS. Orde do 22 de xullo de 2021 pola que se prorroga e se modifica a Orde do 25 de xuño de 2021, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, e se modifica a Orde do 1 de xullo de 2021 pola que se aproba o Protocolo para a reactivación do lecer nocturno no marco da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19.

Advertidos erros no *Diario Oficial de Galicia* número 139-bis, do xoves 22 de xullo de 2021, cómpre facer as seguintes correccións:

Na páxina 37625, onde di:

«j) O acceso ao interior dos locais requirirá da presentación dun certificado emitido polo servizo público de saúde ou, no caso do ordinal 2º, por un laboratorio oficial autorizado, que acredite a concorrencia de calquera das seguintes circunstancias:»

debe dicir:

«j) O acceso aos locais requirirá da presentación dun certificado emitido polo servizo público de saúde ou, no caso do ordinal 2º, por un laboratorio oficial autorizado, que acredite a concorrencia de calquera das seguintes circunstancias:».

Na páxina 37626, onde di:

«O acceso ao interior dos establecementos de lecer nocturno nestes concellos requirirá da presentación dun certificado emitido polo servizo público de saúde ou, no caso do ordinal 2º, por un laboratorio oficial autorizado, que acredite a concorrencia de calquera das seguintes circunstancias:»

debe dicir:

«O acceso aos establecementos de lecer nocturno nestes concellos requirirá da presentación dun certificado emitido polo servizo público de saúde ou, no caso do ordinal 2º, por un laboratorio oficial autorizado, que acredite a concorrencia de calquera das seguintes circunstancias:».



I. DISPOSICIÓNS XERAIS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

ORDE do 21 de xullo de 2021 pola que se establecen medidas cualificadas de prevención para facer fronte á evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e que precisan da autorización xudicial para a súa eficacia.

I

A evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia fai necesario que as autoridades sanitarias autonómicas sigan adoptando determinadas medidas de prevención orientadas a conter a propagación da infección e dirixidas a facer fronte á crise sanitaria derivada da COVID-19.

Para estes efectos, debe terse en conta que, mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, se deu publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición a unha nova normalidade. O obxecto do devandito acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Con esta finalidade poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade. Establécese, ademais, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de conformidade coa normativa aplicable e en vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou en parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia



e que modifiquen ou, de xeito puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación das medidas concretas contidas no anexo.

II

De conformidade co exposto, debe salientarse que a adopción das medidas recollidas nesta orde vén determinada pola evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Así resulta do informe da evolución da epidemia da Dirección Xeral de Saúde Pública do 21 de xullo de 2021, do cal se destacan os seguintes datos:

O número reprodutivo instantáneo (R_t), que indica o número de contaxios orixinados por un caso activo, segue a manterse por riba de 1 desde o 18 de xuño, aínda que cun descenso desde o día 14 de xullo, o cal indica un aumento na transmisión da infección. A área de Ourense está a achegarse a 1.

Do total de concellos de Galicia ($N = 313$), 29 non notificaron casos nos últimos 14 días. O número de concellos sen casos nos últimos 7 días foi de 51. Isto supón un aumento en 23 concellos a 14 días e en 48 concellos a 7 días desde hai unha semana, que era de 53 e 109, a 14 e 7 días.

Entre o 9 e o 15 de xullo realizáronse 77.999 probas diagnósticas de infección activa polo virus SARS-CoV-2 (45.959 PCR e 27.040 tests de antíxenos) cunha porcentaxe de positividade a sete días do 8,86 %, fronte ao 6,30 % de entre o 4 e o 10 de xullo, o que supón un aumento do 41 % na porcentaxe de positividade desde hai unha semana.

A incidencia acumulada a 7 e 14 días é de 278 e 418 casos por 100.000 habitantes, respectivamente, valores superiores aos observados hai unha semana, en que eran de 179 e 252 casos por 100.000 habitantes, respectivamente (aumento do 55 % a 7 días e do 66 % a 14 días).

A tendencia diaria mostra, desde o 1 de marzo, un primeiro tramo de crecemento lento, cunha porcentaxe de cambio diaria (PCD) do 0,6 %; un segundo tramo decrecente, a un ritmo non moi rápido, cunha PCD do -2,2 %, e un terceiro, a partir do 19 de xuño, de crecemento rápido, cunha PCD do 10,7 %.

En relación coas áreas sanitarias, as taxas a 14 días están entre os 239,01 casos por 100.000 habitantes de Ferrol e os 653,51 de Ourense. As taxas de incidencia a 14 días seguen a aumentar respecto de hai 7 días. Todas as áreas presentan taxas a 14 días con valores superiores aos 250 casos por 100.000 habitantes e taxas a 7 días superiores aos



150 casos por 100.000 habitantes. As áreas de Ourense e Pontevedra presentan taxas a 14 días superiores aos 500 casos por 100.000 habitantes.

No que respecta á hospitalización dos casos COVID-19, a media de pacientes con COVID-19 en hospitalización de agudos nos últimos 7 días foi de 85,1, o que significa un aumento do 70,3 % respecto de hai sete días. A taxa de pacientes con COVID-19 en hospitalización de agudos é de 3,2 ingresados por 100.000 habitantes, cun aumento, tamén, do 70,3 % respecto de hai 7 días.

En canto aos ingresos COVID-19 nas unidades de críticos (UCI) nos últimos 7 días, a media foi de 17,4 e a taxa a 7 días de ingresados nas UCI é de 0,6 ingresados por 100.000 habitantes, o que supón un aumento do 62,7 % respecto de hai sete días, tanto na media como na taxa.

En canto á situación epidemiolóxica dos concellos, nos concellos con poboación igual ou maior a 10.000 habitantes (54), 14 presentan unha taxa axustada de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por 100.000 habitantes, fronte aos oito do informe anterior, e dous superan os 500 casos por 100.000 habitantes, O Barco de Valdeorras e Sanxenxo.

No que se refire aos concellos de menos de 10.000 habitantes (259), 17 presentan unha taxa axustada de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por 100.000 habitantes, fronte aos cinco de hai unha semana. Deles, un presenta taxas axustadas de incidencia iguais ou superiores aos 500 casos por 100.000 habitantes, o de Avión.

No que atinxe ás comarcas, aplicando os mesmos niveis de incidencia que para os concellos e tendo en conta as taxas axustadas, está no nivel máximo O Salnés. No nivel alto atópanse as comarcas de Vigo, Pontevedra, O Baixo Miño, Valdeorras, Ourense, O Carballiño, A Mariña Oriental, A Mariña Central, A Mariña Occidental, Terra de Melide e A Barbanza. Atópanse no nivel medio, desde hai máis dun día, as comarcas do Morrazo, O Ribeiro, A Baixa Limia, Allariz-Maceda, Sarria, Meira, Lugo, Santiago, Noia, Fisterra, A Coruña e Bergantiños.

Por outro lado, en canto ás variantes, o informe sinala que desde a posta en marcha da vixilancia da prevalencia das variantes en Galicia, baseada na aplicación dunhas PCR específicas sobre unha mostra aleatoria das mostras positivas para SARS-CoV-2 por PCR da semana previa, identificadas nos servizos de Microbioloxía dos hospitais CHUAC, CHUS, Chuvi, CHUO, HULA e Vithas (Vigo), na semana epidemiolóxica 27/2021



(do 5 ao 11 de xullo), a porcentaxe de positividade para a posible variante Alfa foi dun 43 % (IC95 %: 40-45 %) e para a variante Delta foi do 47 % (IC95 %: 44-49 %).

Polas diferenzas nas fraccións de mostraxe entre áreas sanitarias, a prevalencia axustouse ao número de casos en cadansúa área, que é notablemente diferente á prevalencia sen axustar 57 % (IC95 %: 54-59 %) e 39 % (IC95 %: 37-42 %) para as variantes Delta e Alfa, respectivamente.

Ata a semana 27, incluída, das variantes de preocupación (VOC) identificáronse 874 casos da variante Alfa con secuenciación completa, da variante Beta, 55 casos (28 por secuenciación e 27 con patrón compatible por PCR); da variante Gamma, 107 casos: 82 por secuenciación e 15 con patrón compatible por PCR); da variante Delta, 153 casos. Ademais das VOC, tense constancia de catro mostrax coa variante Eta, nove mostrax coa variante Iota, 15 mostrax coa variante Lambda (C.37) e 18 mostrax con variante B.1.621.

Segundo os datos reflectidos no informe, este conclúe que a taxa de incidencia segue a aumentar tanto a 7 como a 14 días. A tendencia amosou un novo cambio cara ao ascenso, cunha porcentaxe de cambio diario do 10,7 %, a partir do 19 de xuño. O Rt no global de Galicia segue por riba de 1.

A información do modelo de predición indica que a incidencia parece ter unha certa estabilización a 7 días e seguiría a aumentar a 14 días.

A taxa de incidencia a 14 días, no global de Galicia, está nos 418 casos por 100.000 habitantes. As áreas sanitarias de Ourense, Pontevedra y Vigo presentan taxas a 14 días superiores aos 400 casos por 100.000 habitantes.

No que atinxe aos concellos de máis de 10.000 habitantes, xa aplicando o axuste de taxas, hai 14 concellos con taxas de incidencia a 14 días iguais ou superiores a 250 por 100.000 habitantes. Nos de menos de 10.000, hai 17 concellos que superan unha taxa de incidencia de 250 por 100.000 habitantes.

Neste momento a circulación da cepa Alfa segue a diminuír e a variante Delta xa é a de maior prevalencia (47 % Delta, 43 % Alfa), e posto que ten unha transmisibilidade maior ca a británica, pode ser, entre outros motivos, o que estea a influír nun aumento da transmisión.



III

Cómpre indicar que o criterio que se vén utilizando para determinar os niveis de restrición aplicables a cada un dos concellos da Comunidade Autónoma é, ademais do da situación sanitaria, o da taxa de incidencia acumulada segundo os casos por cada 100.000 habitantes, tanto a 14 días como a 7 días; esta última permite reaccionar con maior rapidez e eficacia fronte aos gromos.

Desta maneira establecéronse os seguintes niveis de restricións: nivel de restricións máximo, alto, medio e medio-baixo.

Atendendo ás taxas de incidencia acumulada a 14 días, sitúanse no nivel medio-baixo os concellos con taxas por debaixo dos 150 casos por cada 100.000 habitantes; no medio, os concellos con taxas que se atopen entre os 150 e por debaixo dos 250 casos por cada 100.000 habitantes; no alto, os concellos con taxas que se atopen entre os 250 e por debaixo dos 500 casos por cada 100.000 habitantes, e no nivel de restrición máxima, os concellos cuxas taxas de incidencia acumulada sexan máis dos 500 casos por 100.000 habitantes.

Pola súa banda, atendendo ás taxas de incidencia acumulada a 7 días, sitúanse no nivel medio-baixo os concellos que se atopen por debaixo dos 75 casos por cada 100.000 habitantes; no medio, os concellos que se atopen entre os 75 e por debaixo dos 125 casos por cada 100.000 habitantes; no nivel alto, os concellos que se atopen entre os 125 e por debaixo dos 250 casos por cada 100.000 habitantes, e no nivel de restrición máxima, os concellos cuxas taxas de incidencia acumulada sexan máis de 500 casos por 100.000 habitantes.

A taxa de incidencia acumulada non é o único criterio que se ten en conta para determinar o nivel aplicable a cada concello, xa que este dato se modula en función doutros factores e da análise da situación do propio concello. Así, o criterio da incidencia vese completado coa consideración de criterios demográficos (pois debe terse en conta que en concellos de escasa poboación poucos casos poden dar lugar a taxas moi elevadas, que deben ser postas no debido contexto). Ademais, os servizos de saúde pública e o Comité e o Subcomité Clínico veñen analizando as características específicas de cada gromo. Neste sentido, véñse prestando unha especial atención á existencia de gromos non controlados ou de casos sen vínculo epidemiolóxico, así como ao feito de que non se observe unha melloría clara na evolución da situación epidemiolóxica.



Actualmente, o avance da campaña de vacinación masiva esta a conseguir protexer a poboación e retomar actividades económicas e sociais ata o de agora limitadas para evitar un maior número de contaxios. Non obstante, e mentres non se alcance a inmunidade de grupo, é necesario seguir adoptando medidas preventivas e de control que permitan garantir as máximas condicións de seguridade e reducir o risco de contaxio e propagación da COVID-19. Estas medidas deben ser adecuadas e eficaces de acordo coa evolución da situación epidemiolóxica e de capacidade do sistema asistencial.

Tendo en conta o expresado en relación con que existe unha porcentaxe moi elevada de poboación vacinada, o cal permitiu unha redución importante de hospitalizacións e falecementos, foi necesario actualizar os indicadores de risco establecidos antes do inicio da campaña de vacinación. Deste xeito, a partir da adopción destes novos criterios, as medidas de prevención e control pretenden adaptarse ao novo escenario en que nos atopamos, onde prevalecen os casos entre a poboación máis nova e no cal unha porcentaxe maioritaria non ten consecuencias clínicas importantes. Neste sentido, salientase que dous terzos dos casos se están a dar entre os 15 e os 39 anos de idade e que existe un menor risco de padecer a enfermidade grave nesas franxas de idade.

Na situación actual concorren, en definitiva, determinadas circunstancias que aconsellan axustar as taxas de incidencia acumulada mediante a aplicación dun factor de corrección baseado no risco de ingreso hospitalario, xa que a situación da carga asistencial hospitalaria é, neste momento, de 3,2 e 0,6 ingresos por 100.000 en hospitalización de agudos e en unidades de críticos, respectivamente, a pesar das taxas de incidencia elevadas que se están a observar. Isto indica que a onda ten un menor impacto nos ingresos pola COVID-19, o que se atribúe aos factores aludidos de vacinación dos maiores e á idade dos casos.

Para reflectir este feito, a partir da adopción deste novo criterio, a incidencia acumulada global a 14 e 7 días axustarase segundo evolucione o risco de ingreso en cada momento. A consideración do risco de ingreso como factor permitirá manter os niveis de restricións establecidos na súa forma actual (nivel máximo, nivel alto, nivel medio e nivel medio-baixo), pero cunha actualización dos valores que provocan a entrada nun ou noutro nivel, segundo o factor expresado do risco de ingreso, o que permitirá ter en conta en cada momento de forma dinámica os efectos positivos do avance da campaña de vacinación.

Para determinar nesta orde os concellos de nivel de restrición máxima e alta tivéronse en conta as taxas de incidencia a 14 e a 7 días axustadas, mais mantendo as mesmas taxas de incidencia previas ao axuste.



A metodoloxía utilizada para o cálculo da incidencia acumulada axustada polo risco de ingreso parte do cálculo dun factor de corrección que se interpreta como o risco relativo de ingreso no período comprendido entre agosto de 2020 e marzo de 2021 (período de referencia) comparado co momento actual. Este factor é superior a 1, debido á vacinación e á diferente distribución por idade dos casos, que actualmente se concentran fundamentalmente na poboación de 15 a 29 anos. Para axustar a incidencia a 7 e 14 días dos concellos, divídese a taxa bruta polo factor de corrección.

O factor de corrección calcúlase, para cada día, como o cociente entre a taxa bruta de ingresos nos últimos 28 días e a taxa axustada por idade, aplicando o método directo e usando como poboación estándar o número de casos do período de referencia.

A taxa bruta de ingresos a 28 días é a porcentaxe de casos que ingresaron entre os casos con diagnóstico por PCR ou tests de antíxenos acumulados nos últimos 28 días. As taxas específicas de ingreso por idade calcúlanse do mesmo xeito pero no grupo de idade correspondente.

A taxa axustada de ingresos calcúlase aplicando as taxas específicas de ingreso por idade a 28 días á poboación de referencia. A suma dos valores obtidos por idade divídese entre o total de casos do período de referencia (97.996) e o resultado interprétase como a porcentaxe de casos que terían ingresado se tivesen a mesma distribución por idade ca no período de referencia (taxa de ingresos axustada).

Igualmente, para o descenso de nivel de restrición, terase en conta a evolución das súas taxas de incidencia que indique un claro descenso desta incidencia e se a aparición de casos novos entra dentro do esperado no contexto dos abrochos que se estean a desenvolver nos concellos.

A cada un dos distintos niveis de restrición seranlle de aplicación as medidas xerais e específicas previstas para cada caso nas disposicións vixentes, aprobadas polas autoridades sanitarias competentes, tendo en conta, ademais, que no día de hoxe está cientificamente constatado que, mentres non exista unha alta cobertura poboacional de vacinación, as intervencións non farmacolóxicas son as intervencións de saúde pública máis efectivas contra a COVID-19, medidas que se poderán ir suavizando na súa aplicación á vista da situación epidemiolóxica no territorio e do aumento da cobertura vacinal.

Debe destacarse, ao fío do anterior, que Galicia conta cunha poboación especialmente envellecida, cunha porcentaxe de persoas de 65 e máis anos (ano 2020) do 25,4 % fronte ao 19,6 % do conxunto de España.



Porén, tamén hai que ter en consideración que, aínda que esta cobertura se obteña en determinados grupos, a distribución poboacional pode ser desigual, se se ten en conta toda a poboación e non os grupos de idade prioritarios que se están a vacinar en primeiro lugar. Tampouco se pode esquecer que mentres non se consiga conter a pandemia no mundo, con países con alta circulación do virus, poden aparecer novas variantes que poidan ter a capacidade de escapar á inmunidade proporcionada polas vacinas actuais. Ademais, a circulación da variante Delta pode facer que haxa escape á inmunidade naquelas persoas que non estean completamente vacinadas e certo escape nas completamente vacinadas, sen esquecer que esta variante se considera que é un 40-60 % máis transmisible ca a variante Alfa.

Non obstante, estas medidas aplicaranse con criterios epidemiolóxicos pero tamén de proporcionalidade, e estarán en vixencia só durante o tempo preciso para asegurar que a evolución desta situación epidemiolóxica é boa e se está a cortar a transmisión, que é o obxectivo destas medidas.

En atención ao exposto, tendo en conta o indicado no citado informe da Dirección Xeral de Saúde Pública e logo de escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, acórdase adoptar as medidas que se recollen nesta orde.

En particular, tendo en conta a aplicación de medidas máis restritivas nos concellos con niveis de restricións máximo e alto, recóllese a seguir a mención aos concellos que se atopan nestes niveis, de acordo co recollido no informe da Dirección Xeral de Saúde Pública.

Así, procede ascender ao nivel máximo de restricións, polas súas taxas axustadas a 7 e 14 días, os concellos do Barco de Valdeorras e Sanxenxo.

Tamén ascenderían a este nivel, polas súas taxas axustadas a 7 días, os concellos da Pobra do Caramiñal, Boiro, Cambados, Meaño e O Grove.

En todos estes concellos, agás no de Cambados, o aumento da incidencia comeza a observarse a partir do 5 de xullo, que pasa de taxas a 7 días de 22,3 (O Barco de Valdeorras); 17,2 (Sanxenxo); 17,2 (A Pobra do Caramiñal); 37,1 (Boiro); 75,2 (Meaño) e 66,6 (O Grove), a taxas de 685; 1.148,5; 901,5; 1.000,8; 901,9 e 751,1, respectivamente, o 19 de xullo.

No concello de Cambados a incidencia a primeiros de xullo xa era de 233,2 e este concello entrara no nivel medio de restricións o día 3 de xullo, e no alto o día 9 de xullo.



Nestes concellos, dada a incidencia, está sendo dificultoso o rastrexo dos casos, é dicir, coñecer cal puido ser o seu caso fonte, porque as actividades están a centrarse na identificación de contactos, que dado o aumento das interaccións sociais tamén aumenta en número.

Respecto do concello do Barco de Valdeorras, a incidencia comezou a aumentar desde principios de xullo, a raíz dun abrocho orixinado nun establecemento de lecer nocturno que dá conta de 70 casos e cuxo caso fonte é importado dunha provincia de fóra de Galicia. O aumento da incidencia coincide co regreso dos estudantes e o aumento de relacións entre eles. Ademais, teñen identificados cinco abrochos familiares, dos que dous afectan a familia estendida e non só o núcleo familiar de convivencia estable.

Respecto do concello de Sanxenxo, só se puideron rastrexar e vincular os abrochos do 12 % dos casos. Só se teñen identificados tres abrochos de amigos, seis familiares e un laboral nunha discoteca. Dentro dos casos sen asociar a abrochos, os técnicos responsables da Xefatura Territorial identifican casos relacionados coa hostalaría, como casos en taperías, cafetarías, tabernas, pubs, discotecas e unha instalación recreativa.

En relación coa Pobra do Caramiñal, hai un 14 % de casos sen asociar a abrochos e sen vínculo epidemiolóxico. Un total de 68 casos están asociados a oito abrochos de diferentes ámbitos, onde predominan os de tipo social.

En relación co concello de Boiro, hai un 22 % de casos sen asociar a abrochos e sen vínculo epidemiolóxico. Actualmente están identificados 117 abrochos, familiares e sociais, aínda que se poderían englobar nun grande abrocho relacionado coa celebración das festas de Boiro do 2 ao 7 de xullo, o que desencadeou a transmisión comunitaria sostida.

Respecto do concello de Cambados, só se puido vincular a abrochos o 28 % dos casos. Teñen identificados tres abrochos de amigos, dous familiares e un laboral. Na investigación de casos observan que hai relación coas reunións sociais e cos campamentos e as actividades de verán.

En relación co concello de Meaño, só se conseguiu vincular a abrochos o 18 % dos casos. Identificaron un brote de amigos e un familiar, dous casos de traballadores dunha discoteca de Sanxenxo, onde hai un abrocho entre os traballadores, e seis casos en traballadores da hostalaría, bares e cafetarías.



Por último, en relación co concello do Grove, só se conseguiu vincular a abrochos o 4 % dos casos. Identificaron un abrocho laboral dunha orquestra que ía participar nun concerto, un abrocho familiar e un abrocho de amigos. Ademais, hai oito casos na contorna laboral da hostalaría, bares e cafetarías.

Por outra banda, manteríanse no nivel alto de restricións os concellos de Barbadás, A Illa de Arousa, Vilagarcía de Arousa e Vilanova de Arousa, tal como amosan as súas taxas axustadas a 7 e 14 días.

Respecto de Ourense, aínda que a súa taxa axustada a 7 días indica o nivel máximo de restricións, debido a que se observou unha melloría na evolución da súa incidencia que pasa dunha razón de taxas a 7 días, é dicir, a taxa actual a 7 días respecto de hai unha semana é de 3,85 a 1,30, o que significaría que, practicamente, xa non se están a xerar casos novos, considérase que se podería manter neste nivel alto.

Por outro lado, ascenderían ao nivel alto de restricións Melide, Burela, Viveiro e Avión. Ben que aínda que estes concellos deberían estar no nivel máximo polas súas taxas axustadas, considérase que poderían estar neste nivel polo de agora e na espera de observar a evolución das súas taxas de incidencia, debido a que, nos tres primeiros concellos, o ascenso a máximo se debe só á taxa a 7 días.

No caso de Avión, decídese esperar antes de ascendelo ao nivel máximo, xa que se trata dun concello de menos de 2.000 habitantes e todos os casos están asociados a un abrocho de orixe coñecida.

Así mesmo, aumentarían do nivel medio actual ao nivel alto, tal como indican as súas taxas axustadas a 7 e/ou 14 días, os seguintes concellos: Porto do Son, O Carballiño, Marín, Poio, Pontevedra e Vigo.

Tamén aumentarían do nivel medio-baixo actual ao nivel alto, tal como indican as súas taxas axustadas a 7 e/ou 14 días, os concellos de Carballo, Fisterra, Oleiros, Vimianzo, Arzúa, Ribeira, Cervo, Foz, Ribadeo, Baiona, Gondomar, Nigrán, O Rosal e Tomiño.

IV

As medidas contidas nesta orde son necesarias, adecuadas e proporcionadas ao fin perseguido, que non é outro que o de controlar e evitar a maior difusión dunha enfermidade como a COVID-19, altamente contaxiosa, respecto da cal a diferenza entre persoas enfermas e sas resulta difusa, dada a posible asintomatoloxía ou levidade dos síntomas



e a existencia dun período no cal non hai indicios externos da enfermidade. A experiencia acumulada avala, ademais, que as medidas son eficaces e útiles para acadar o obxectivo proposto de protección da saúde pública e do sistema sanitario. Imperan na adopción destas os principios de proporcionalidade e precaución que impregnan a regulación desta materia na lexislación sanitaria.

Así mesmo, tendo en conta os datos contidos no informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, faise imprescindible adoptar un conxunto de medidas que se orientan a reducir ao máximo a interacción social en todo o territorio galego, xa que só así se ten demostrado que é posible acadar a mellora da situación epidemiolóxica.

Particular mención exige o establecemento de medidas máis restritivas nos concellos en que a situación epidemiolóxica presenta unha maior gravidade, cunha taxa de incidencia acumulada a 14 días de máis de 500 casos por cada 100.000 habitantes ou cunha taxa de incidencia acumulada a 7 días de máis de 250 casos por cada 100.000 habitantes, e que se corresponden cos concellos que, de conformidade co anexo desta orde, quedan sometidos ao nivel máximo e alto de restricións.

Por conseguinte, resulta necesario establecer limitacións de permanencia de grupos de persoas no territorio de todos os concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, cun máximo de seis persoas nos espazos interiores e dez persoas en espazos exteriores, agás que sexan conviventes ou estean conformados, como máximo, por dúas unidades de convivencia.

É importante destacar que as limitacións de agrupacións de persoas recollidas nesta orde non son limitacións absolutas, senón que se recollen na propia orde diversos supostos que permiten excepcións na súa aplicación.

As limitacións de grupos de persoas son, ademais, medidas menos disruptivas das actividades esenciais, económicas, laborais e profesionais ca outras, como as limitacións á liberdade de circulación ou os confinamentos, que se deben aplicar nas situacións de maior risco. Debe lembrarse, neste sentido, que o Auto 40/2020, do 30 de abril, do Tribunal Constitucional, no seu fundamento xurídico cuarto, ao ponderar a relevancia das especiais circunstancias derivadas da crise sanitaria creada pola pandemia no exercicio do dereito de reunión, salientou como, ante a incerteza sobre as formas de contaxio, sobre o impacto real da propagación do virus, así como sobre as consecuencias a medio e longo prazo para a saúde das persoas que se viron afectadas, as medidas de distanciamento social, confinamento domiciliario e limitación extrema dos contactos e das actividades grupais son



as únicas que se teñen demostrado eficaces para limitar os efectos dunha pandemia de dimensións descoñecidas ata esta data.

Debe terse en conta que a adopción de medidas en toda a Comunidade Autónoma resulta necesaria atendendo á situación epidemiolóxica actual, caracterizada polo ascenso das taxas de incidencia de forma xeneralizada en practicamente todo o territorio galego, o que xustifica a necesidade de adoptar medidas tamén xerais. Así mesmo, debe ponderarse que non se opta nesta orde por medidas de limitación da liberdade de circulación, como peches perimetrais nos concellos de maior incidencia, polas razóns anteditas do seu carácter máis disruptivo das actividades esenciais, económicas, laborais e profesionais, o que determina a necesidade de aplicar as restricións relativas ás agrupacións de persoas en todo o territorio, coa finalidade de non incentivar nesta situación epidemiolóxica os desprazamentos de poboación para evitar as restricións.

Por outra banda, para os concellos con nivel de restrición máximo e alto que se relacionan no anexo da presente orde, entre a 1.00 horas (hora de peche da actividade da hostalaría e restauración nestes concellos, nos cales está pechado o lecer nocturno) e as 6.00 horas, a permanencia de grupos de persoas en espazos pechados e en espazos abertos ou ao aire libre, sexan de uso público ou privado, quedará limitada aos constituídos exclusivamente por persoas conviventes. Así mesmo, respecto do resto dos concellos da Comunidade Autónoma, a permanencia de grupos de persoas en espazos pechados e en espazos abertos ou ao aire libre, sexan de uso público ou privado, quedará limitada aos constituídos exclusivamente por persoas conviventes entre as 3.00 horas (hora de peche da actividade do lecer nocturno nestes concellos) e as 6.00 horas.

Debe terse en conta que boa parte dos encontros de risco teñen lugar en horario nocturno, tendo en conta a importante relaxación que se ten constatado neste horario no cumprimento das medidas estipuladas para evitar a transmisión do SARS-CoV-2. Neste sentido así o constatou a exposición de motivos do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. Por este motivo, a prohibición de manter reunións de non conviventes considérase unha medida proporcionada cun potencial impacto positivo no control da transmisión, ao evitar situacións de contacto de risco vinculadas a contornos sociais.

Co obxecto de dar cumprimento ao mandato contido no artigo 38 ter.3 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, que exige unha especial xustificación da proporcionalidade das limitacións de dereitos fundamentais e liberdades públicas adoptadas, debe



indicarse que as devanditas medidas son adecuadas, no sentido de útiles, para conseguir o fin proposto de protección da saúde pública, xa que a experiencia amosa que este tipo de medidas, que son as que de forma xeral se veñen adoptando a nivel nacional e internacional para a contención da pandemia, son eficaces para controlar a transmisión e acadan os obxectivos de diminución de casos e a mellora da situación epidemiolóxica cada vez que se acordan e manteñen durante o tempo necesario.

Debe indicarse igualmente que a doutrina científica ditaminou que, mentres non exista unha alta cobertura poboacional de vacinación, as intervencións non farmacolóxicas son as intervencións de saúde pública máis efectivas contra a COVID-19.

Son necesarias no sentido de que non existe outra medida alternativa menos gravosa para a consecución de tal fin con igual eficacia.

As medidas son ponderadas e equilibradas por derivaren delas máis beneficios ou vantaxes para o interese xeral ca prexuízos sobre outros bens ou valores en conflito, atendidas a gravidade da inxerencia nos dereitos fundamentais e as liberdades públicas e as circunstancias persoais de quen as sofre. O control da pandemia e a mellora da situación epidemiolóxica, xunto coa protección do sistema sanitario, son bens superiores que, nun contexto como o actual, priman sobre determinados dereitos individuais que, aínda que se limitan, non son restrinxidos de forma absoluta e establécense excepcións que permiten o desenvolvemento, cando sexa necesario, de determinadas actividades de especial importancia, tal e como se pode observar ao analizar as excepcións que a propia orde determina ao regular as limitacións da permanencia de grupos de persoas en espazos públicos ou privados.

Ademais, a adopción destas medidas require a necesaria garantía xudicial conforme o disposto no artigo 10.8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Debe insistirse en que, de acordo co establecido na recente Sentenza do Tribunal Supremo nº 719/2021, a ratificación das medidas limitativas de dereitos fundamentais debe ser previa, de tal xeito que estas medidas non despregan efectos nin son aplicables mentres non sexan ratificadas xudicialmente. Tal e como se recolle no Auto nº 64/2021, da Sección Terceira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que ratificou as medidas limitativas de dereitos fundamentais contidas na Orde do 21 de maio de 2021, «esta declaración do Tribunal Supremo á hora de interpretar o artigo 10.8 da LXCA terá para o futuro influencia na desexable sincronía que deberá producirse entre a publicación da norma e o seu sometemento á ratificación xudicial, para evitar lapsos de tempo carentes de eficacia das medidas que se



pretendan implementar e durante os cales perdesen hipoteticamente vixencia as anteriores medidas, se é que se agarda pola caducidade para a súa novación ou renovación». Precisamente, coa finalidade de dar cumprimento ao disposto no devandito auto e tendo en conta, polo tanto, que as medidas contidas na presente orde soamente poderán ser eficaces a partir da súa autorización xudicial. Respecto desta cuestión pronunciouse a Sección Terceira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior Xustiza de Galicia mediante o Auto nº 70/2021, no cal se establece que «A Xunta de Galicia pretende conseguir esa sincronía pola vía da autorización, fórmula que tamén recolle o artigo 10.8 da LXCA e que se proxecta sobre unhas medidas xa adoptadas a través dunha orde asinada polo órgano competente (Consellería de Sanidade), pero pendente de publicar. Deste xeito, a publicación da orde é a que vai marcar o inicio da eficacia das medidas, en liña co criterio xeral sobre a eficacia de disposicións administrativas, segundo o cal se deberán publicar no diario oficial correspondente para que entren en vigor e produzan efectos xurídicos (artigo 131 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas). A sincronía preténdese conseguir, como dicimos, pola vía da autorización xudicial, fórmula que permite o artigo 10.8 da LXCA e que, segundo a Administración, a xulgar polo *iter* da súa actuación (adopción ou establecemento das medidas+autorización xudicial+publicación), se diferencia da ratificación en que a orde que as adopta ou establece estea ou non publicada. Esta sucesión de actuacións sitúa os tribunais na tesitura de resolver a autorización de medidas antes da publicación da orde, de cuxa publicación vai depender a súa eficacia, o que exige da Administración autonómica a máxima urxencia na presentación da solicitude e cunha prisa tal que lles permita aos tribunais resolvela nun prazo razoable dentro do prazo legalmente establecido (...). E é que, en efecto, se a orde que recolle as medidas xa foi publicada, non tería sentido pedir unha autorización xudicial. E, canto á ratificación, se as medidas non poden producir efectos mentres non teña lugar a ratificación xudicial, a fórmula da autorización convértese, daquela, na máis adecuada para evitar os indeseados lapsos de tempo en que as medidas que se pretenden implementar carecen de eficacia e durante os cales xa perderon hipoteticamente vixencia as anteriores; e ademais, non menos importante, podemos comprobar que a fórmula da autorización se converte na máis adecuada para evitar as situacións de inseguridade xurídica que se lle xera á cidadanía cando se publican unhas medidas nun boletín oficial e se fixa un período de vixencia que se anuncia a través dos medios de comunicación e, en cambio, a súa eficacia está aínda pendente de ratificación xudicial».

Finalmente, debemos destacar que, de acordo co disposto no punto cuarto, a eficacia das medidas adoptadas se estende por un período temporal concreto, desde o día seguín-



te ao da data de publicación da orde, que será posterior á súa autorización xudicial, ata as 00.00 horas do día 7 de agosto; sen prexuízo de que, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, estas medidas sexan obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria, e que poidan ser prorrogadas, modificadas ou levantadas por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

V

As medidas que se adoptan nesta orde teñen o seu fundamento normativo na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 a 38.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Concretamente, o artigo 38.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, establece que, co obxecto de protexer a saúde pública, as autoridades sanitarias autonómicas e locais, dentro do ámbito das súas competencias, poderán adoptar medidas preventivas de obrigado cumprimento cando exista ou se sospeite razoablemente a existencia dun risco inminente e grave para a saúde da poboación. Pola súa banda, o artigo 38.ter.3 establece especiais exixencias de motivación que se deben observar no caso de se adoptaren medidas limitativas de dereitos fundamentais. A interpretación de ambos os preceptos, cuxa eficacia non está suspendida a consecuencia da interposición do recurso de inconstitucionalidade formulado polo Goberno español contra a lei autonómica, lévanos a concluír que é posible a adopción destas medidas restritivas por parte da Comunidade Autónoma.

Conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para adoptar as medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica existente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia coa urxencia que a protección da saúde pública demanda.

Na súa virtude, en aplicación do punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transi-



ción a unha nova normalidade, na súa redacción vixente, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:**Primeiro. *Obxecto e alcance***

Constitúe o obxecto desta orde establecer medidas cualificadas de prevención para facer fronte á evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo. *Limitación da permanencia de grupos de persoas en espazos públicos ou privados*

1. No territorio dos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia limitarase a permanencia de grupos de persoas a un máximo de seis en espazos pechados e de dez en espazos abertos ou ao aire libre, sexan de uso público ou privado, agás que se trate de conviventes, ou agás que os encontros se produzan exclusivamente entre persoas de dúas unidades de convivencia diferentes.

Non obstante, nos concellos con nivel de restrición máximo e alto que se relacionan no anexo, entre a 1.00 e as 6.00 horas, a permanencia de grupos de persoas en espazos pechados e en espazos abertos ou ao aire libre, sexan de uso público ou privado, quedará limitada aos constituídos exclusivamente por persoas conviventes. Así mesmo, respecto do resto dos concellos da Comunidade Autónoma, a permanencia de grupos de persoas en espazos pechados e en espazos abertos ou ao aire libre, sexan de uso público ou privado, quedará limitada aos constituídos exclusivamente por persoas conviventes entre as 3.00 e as 6.00 horas.

2. As limitacións establecidas nos puntos anteriores exceptúanse nos seguintes supostos e situacións:

a) As persoas que viven soas, que poderán formar parte dunha única unidade de convivencia ampliada. Cada unidade de convivencia pode integrar soamente unha única persoa que viva soa.

b) A reunión de persoas menores de idade cos seus proxenitores, no caso de que estes non convivan no mesmo domicilio.



c) A reunión de persoas con vínculo matrimonial ou de parella cando estes vivan en domicilios diferentes.

d) A reunión para o coidado, a atención, a asistencia ou o acompañamento a persoas menores de idade, persoas maiores ou dependentes, con discapacidade ou especialmente vulnerables.

e) No caso de actividades laborais, institucionais, empresariais, profesionais, sindicais, de representación de traballadores e administrativas, actividades en centros universitarios, educativos, de formación e ocupacionais, así como no caso da práctica do deporte federado, sempre que se adopten as medidas previstas nos correspondentes protocolos de funcionamento.

f) As actividades previstas no anexo da orde da Consellería de Sanidade pola que se establezan medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, vixentes en cada momento, respecto das cales se prevexa a posibilidade de grupos de persoas que non sexan conviventes.

g) Por causa de forza maior ou situación de necesidade.

3. O disposto neste punto entenderase sen prexuízo das competencias estatais en relación coas reunións en lugares de tránsito público e as manifestacións realizadas no exercicio do dereito fundamental regulado no artigo 21 da Constitución española.

Terceiro. *Control do cumprimento das medidas e réxime sancionador*

1. A vixilancia, a inspección e o control do cumprimento das medidas de prevención que se recollen nesta orde e a garantía dos dereitos e deberes sanitarios da cidadanía corresponderán aos respectivos concellos dentro das súas competencias e sen prexuízo das competencias da Consellería de Sanidade, tendo en conta a condición de autoridade sanitaria dos alcaldes e alcaldesas de acordo co artigo 33.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, e as competencias dos concellos de control sanitario de actividades e servizos que impacten na saúde da súa cidadanía e dos lugares de convivencia humana, de acordo co artigo 80.3 do mesmo texto legal, así como da súa competencia para a ordenación e o control do dominio público.



2. Así mesmo, os órganos de inspección da Administración autonómica, no ámbito das súas competencias, poderán realizar as actividades de inspección e control oportunas para a vixilancia e comprobación do cumprimento das medidas de prevención aplicables.

3. As forzas e os corpos de seguridade trasladarán as denuncias que formulen polo incumprimento das medidas de prevención ás autoridades competentes.

Cuarto. Autorización xudicial, publicación e eficacia

1. Solicitarase a autorización xudicial das medidas previstas nesta orde, de acordo co disposto na redacción vixente do número 8 do artigo 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e procederase á publicación da orde unha vez obtida a referida autorización.

2. As medidas previstas nesta orde terán efectos desde as 00.00 horas do día seguinte ao da súa publicación ata as 00.00 horas do 7 de agosto.

3. En cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas previstas nesta orde serán obxecto de seguimento e avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser prorrogadas, modificadas ou levantadas por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Santiago de Compostela, 21 de xullo de 2021

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade

ANEXO

Concellos en que son aplicables as limitacións de permanencia de grupos de persoas aos constituídos exclusivamente por persoas conviventes entre a 1.00 e as 6.00 horas

A) Concellos con nivel de restrición máxima:

- Barco de Valdeorras (O)
- Boiro
- Cambados
- Grove (O)
- Meaño



- Pobra do Caramiñal (A)
- Sanxenxo

B) Concellos con nivel de restrición alta:

- Arzúa
- Avión
- Baiona
- Barbadás
- Burela
- Carballiño (O)
- Carballo
- Cervo
- Fisterra
- Foz
- Gondomar
- Illa de Arousa (A)
- Marín
- Melide
- Nigrán
- Oleiros
- Ourense
- Poio
- Pontevedra
- Porto do Son
- Ribadeo
- Ribeira
- Rosal (O)
- Tomiño
- Vigo
- Vilagarcía de Arousa
- Vilanova de Arousa
- Vimianzo
- Viveiro



I. DISPOSICIÓN XERAIS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

ORDE do 22 de xullo de 2021 pola que se prorroga e se modifica a Orde do 25 de xuño de 2021, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, e se modifica a Orde do 1 de xullo de 2021 pola que se aproba o Protocolo para a reactivación do lecer nocturno no marco da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19.

I

A evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia fai necesario que as autoridades sanitarias autonómicas sigan adoptando determinadas medidas de prevención orientadas a conter a propagación da infección e dirixidas a facer fronte á crise sanitaria derivada da COVID-19.

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición a unha nova normalidade. O obxecto dese acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Con esta finalidade poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade. Establécese, ademais, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de conformidade coa normativa aplicable e en vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución



da situación sanitaria en todo ou en parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e que modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación das medidas concretas contidas no anexo do citado acordo.

Con base no disposto no citado punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020, adoptáronse, mediante a Orde do 25 de xuño de 2021, unha serie de medidas que teñen por obxecto regular distintas actividades coa finalidade de que se poidan desenvolver en condicións de seguridade, minimizando ao máximo o risco de contaxio e a propagación da enfermidade.

Estas medidas específicas tradúcense, en moitos casos, no establecemento de capacidades máximas e na regulación destas, xa que se demostrou que para lograr o fin proposto resulta imprescindible evitar as aglomeracións e garantir o mantemento en todo momento da distancia de seguridade, reducindo o contacto físico ou a proximidade en condicións favorecedoras do contaxio. A evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma exixiu modificar determinados aspectos da orde coa finalidade de adaptar as medidas contidas nela á realidade actual, o que se fixo mediante a Orde do 1 de xullo de 2021. Posteriormente, mediante a Orde do 8 de xullo de 2021 introducíronse novas modificacións e prorrogouse a eficacia da Orde do 25 de xuño ata as 00.00 horas do 24 de xullo de 2021, e mediante a Orde do 15 de xullo de 2021 modificáronse a Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e a Orde do 1 de xullo de 2021 pola que se aproba o Protocolo para a reactivación do lecer nocturno no marco da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19.

Neste marco, e coa finalidade de que as medidas de prevención fronte á COVID-19 sigan adaptándose á evolución da situación epidemiolóxica, acométese unha nova prórroga e modificación da Orde de 25 de xuño, de conformidade coa previsión contida no punto noveno da citada Orde do 25 de xuño de 2021, segundo a cal, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas previstas nela deben ser obxecto de seguimento e avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

Tamén se introducen unha serie de modificacións no anexo I da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.



Así, modifícase o número 5 do punto 3.21 do citado anexo I, para harmonizar a redacción deste punto no que atinxe á celebración dos espectáculos musicais/artísticos ao aire libre, coas previsións existentes respecto do resto dos espectáculos musicais e os respectivos protocolos.

Outras modificacións teñen por obxecto adaptar a regulación da orde ás posibles limitacións de grupos de persoas que se establezan de acordo coas medidas de prevención vixentes en cada momento.

Así mesmo, modifícase o punto 3.22 do anexo I, en relación coa hostalaría e restauración, de xeito que se produce unha variación nas capacidades máximas permitidas no interior e no exterior e se permite o funcionamento dos establecementos tanto no interior coma no exterior en todos os niveis. A apertura dos interiores da hostalaría nos niveis de restricións máximo e alto permítese ao establecer a existencia da necesidade de presentación de documentación xustificativa de vacinación, proba diagnóstica negativa ou superación de enfermidade, como medida de seguridade sanitaria para o desenvolvemento destas actividades co obxecto de protexer a saúde pública. Este requisito non será exigible para as persoas menores de 12 anos.

Do mesmo xeito, modifícase a regulación dos establecementos de xogo para adaptala ás determinacións aplicables á hostalaría e restauración.

Por último, modifícanse as medidas aplicables aos establecementos de lecer nocturno para permitir a apertura das terrazas ata a 1.00 horas nos niveis de restrición máximo e alto e adaptala á regulación da hostalaría que se efectúa nesta orde. Modifícase tamén a Orde do 1 de xullo de 2021 pola que se aproba o Protocolo para a reactivación do lecer nocturno no marco da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 para adaptala á regulación desta orde.

II

De conformidade co exposto, salientase que a adopción das medidas contidas nesta orde vén determinada pola evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria da Comunidade Autónoma. Así resulta do informe da Dirección Xeral de Saúde Pública do 21 de xullo de 2021, do cal se destacan os seguintes datos:

O número reprodutivo instantáneo (R_t), que indica o número de contaxios orixinados por un caso activo, segue a manterse por riba de 1 desde o 18 de xuño, aínda que cun descen-



so desde o día 14 de xullo, o cal indica un aumento na transmisión da infección. A área de Ourense está a achegarse a 1.

Do total de concellos de Galicia (N = 313), 29 non notificaron casos nos últimos 14 días. O número de concellos sen casos nos últimos 7 días foi de 51. Isto supón un aumento en 23 concellos a 14 días e en 48 concellos a 7 días desde hai unha semana, que era de 53 e 109, a 14 e 7 días.

Entre o 9 e o 15 de xullo realizáronse 77.999 probas diagnósticas de infección activa polo virus SARS-CoV-2 (45.959 PCR e 27.040 tests de antíxenos), cunha porcentaxe de positividade a sete días do 8,86 %, fronte ao 6,30 % de entre o 4 e o 10 de xullo, o que supón un aumento do 41 % na porcentaxe de positividade desde hai unha semana.

A incidencia acumulada a 7 e 14 días é de 278 e 418 casos por 100.000 habitantes, respectivamente, valores superiores aos observados hai unha semana, que eran de 179 e 252 casos por 100.000 habitantes, respectivamente (aumento do 55 % a 7 días e do 66 % a 14 días).

A tendencia diaria mostra, desde o 1 de marzo, un primeiro tramo de crecemento lento, cunha porcentaxe de cambio diaria (PCD) do 0,6 %; un segundo tramo decrecente, a un ritmo non moi rápido, cunha PCD do -2,2 %, e un terceiro, a partir do 19 de xuño, de crecemento rápido cunha PCD do 10,7 %.

En relación coas áreas sanitarias, as taxas a 14 días están entre os 239,01 casos por 100.000 habitantes de Ferrol e os 653,51 de Ourense. As taxas de incidencia a 14 días seguen a aumentar respecto de hai 7 días. Todas as áreas presentan taxas a 14 días con valores superiores aos 250 casos por 100.000 habitantes e taxas a 7 días superiores aos 150 casos por 100.000 habitantes. As áreas de Ourense e Pontevedra presentan taxas a 14 días superiores aos 500 casos por 100.000 habitantes.

No que respecta á hospitalización dos casos COVID-19, a media de pacientes con COVID-19 en hospitalización de agudos nos últimos 7 días foi de 85,1, o que significa un aumento do 70,3 % respecto de hai 7 días. A taxa de pacientes con COVID-19 en hospitalización de agudos é de 3,2 ingresados por 100.000 habitantes, cun aumento, tamén, do 70,3 % respecto de hai 7 días.

En canto aos ingresos COVID-19 nas unidades de críticos (UCI) nos últimos 7 días, a media foi de 17,4 e a taxa a 7 días de ingresados nas UCI é de 0,6 ingresados por



100.000 habitantes, o que supón un aumento do 62,7 % respecto de hai 7 días, tanto na media como na taxa.

En canto á situación epidemiolóxica dos concellos, nos concellos con poboación igual ou maior de 10.000 habitantes (54), 14 presentan unha taxa axustada de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por 100.000 habitantes, fronte aos oito do informe anterior, e dous superan os 500 casos por 100.000 habitantes, O Barco de Valdeorras e Sanxenxo.

No que se refire aos concellos de menos de 10.000 habitantes (259), 17 presentan unha taxa axustada de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por 100.000 habitantes, fronte aos 5 de hai unha semana. Deles, un presenta taxas axustadas de incidencia iguais ou superiores a 500 casos por 100.000 habitantes, o de Avión.

No que atinxe ás comarcas, aplicando os mesmos niveis de incidencia que para os concellos e tendo en conta as taxas axustadas, está no nivel máximo O Salnés. No nivel alto atópanse as comarcas de Vigo, Pontevedra, O Baixo Miño, Valdeorras, Ourense, O Carballiño, A Mariña Oriental, A Mariña Central, A Mariña Occidental, Terra de Melide e Barbanza. Atópanse no nivel medio, desde hai máis dun día, as comarcas do Morrazo, O Ribeiro, A Baixa Limia, Allariz-Maceda, Sarria, Meira, Lugo, Santiago, Noia, Fisterra, A Coruña e Bergantiños.

Por outro lado, en canto ás variantes, o informe sinala que desde a posta en marcha da vixilancia da prevalencia das variantes en Galicia, baseada na aplicación dunhas PCR específicas sobre unha mostra aleatoria das mostras positivas para SARS-CoV-2 por PCR da semana previa, identificadas nos servizos de microbioloxía dos hospitais CHUAC, CHUS, Chuvi, CHUO, HULA e Vithas (Vigo), na semana epidemiolóxica 27/2021 (do 5 ao 11 de xullo), a porcentaxe de positividade para a posible variante Alfa foi dun 43 % (IC95 %: 40-45 %) e para a variante Delta foi do 47 % (IC95 %: 44-49 %).

Polas diferenzas nas fraccións de mostraxe entre áreas sanitarias, a prevalencia axustouse ao número de casos en cadansúa área, que é notablemente diferente á prevalencia sen axustar, 57 % (IC95 %: 54-59 %) e 39 % (IC95 %: 37-42 %) para as variantes Delta e Alfa, respectivamente.

Ata a semana 27, incluída, das variantes de preocupación (VOC) identificáronse 874 casos da variante Alfa con secuenciación completa, da variante Beta, 55 casos (28 por secuenciación e 27 con patrón compatible por PCR); da variante Gamma, 107 casos, 82 por secuenciación e 15 con patrón compatible por PCR); da variante Delta, 153 casos.



Ademais das VOC, tense constancia de catro mostras coa variante Eta, nove mostras coa variante Iota, 15 mostras coa variante Lambda (C.37) e 18 mostras con variante B.1.621.

Segundo os datos reflectidos no informe, este conclúe que a taxa de incidencia segue a aumentar tanto a 7 como a 14 días. A tendencia amosou un novo cambio cara ao ascenso, cunha porcentaxe de cambio diario do 10,7 %, a partir do 19 de xuño. O Rt no global de Galicia segue por riba de 1.

A información do modelo de predición indica que a incidencia parece ter unha certa estabilización a 7 días e seguiría a aumentar a 14 días.

A taxa de incidencia a 14 días, no global de Galicia, está nos 418 casos por 100.000 habitantes. As áreas sanitarias da Ourense, Pontevedra e Vigo presentan taxas a 14 días superiores aos 400 casos por 100.000 habitantes.

No que atinxe aos concellos de máis de 10.000 habitantes, xa aplicando o axuste de taxas, hai 14 concellos con taxas de incidencia a 14 días iguais ou superiores a 250 por 100.000 habitantes. Nos de menos de 10.000, hai 17 concellos que superen unha taxa de incidencia de 250 por 100.000 habitantes.

Neste momento a circulación da cepa Alfa segue a diminuír e a variante Delta xa é a de maior prevalencia (47 % Delta, 43 % Alfa), e posto que ten unha transmisibilidade maior ca a británica, pode ser, entre outros motivos, o que estea a influír nun aumento da transmisión.

Cómpre indicar que o criterio que se vén utilizando para determinar os niveis de restrición aplicables a cada un dos concellos da Comunidade Autónoma é, ademais do da situación sanitaria, o da taxa de incidencia acumulada segundo os casos por cada 100.000 habitantes, tanto a 14 días como a 7 días; esta última permite reaccionar con maior rapidez e eficacia fronte aos gromos.

Desta maneira establecéronse os seguintes niveis de restricións: nivel de restricións máximo, alto, medio e medio-baixo.

Atendendo ás taxas de incidencia acumulada a 14 días, sitúanse no nivel medio-baixo os concellos con taxas por debaixo dos 150 casos por cada 100.000 habitantes; no medio, os concellos con taxas que se atopan entre os 150 e por debaixo dos 250 casos por cada 100.000 habitantes; no alto, os concellos con taxas que se atopan entre os 250 e por



debaixo dos 500 casos por cada 100.000 habitantes, e no nivel de restrición máxima, os concellos cuxas taxas de incidencia acumulada sexan máis de 500 casos por 100.000 habitantes.

Pola súa banda, atendendo ás taxas de incidencia acumulada a 7 días, sitúanse no nivel medio-baixo os concellos que se atopen por debaixo dos 75 casos por cada 100.000 habitantes; no medio, os concellos que se atopen entre os 75 e por debaixo dos 125 casos por cada 100.000 habitantes; no nivel alto, os concellos que se atopen entre os 125 e por debaixo dos 250 casos por cada 100.000 habitantes, e no nivel de restrición máxima, os concellos cuxas taxas de incidencia acumulada sexan máis de 500 casos por 100.000 habitantes.

A taxa de incidencia acumulada non é o único criterio que se ten en conta para determinar o nivel aplicable a cada concello, xa que este dato se modula en función doutros factores e da análise da situación do propio concello. Así, o criterio da incidencia vese completado coa consideración de criterios demográficos (pois debe terse en conta que en concellos de escasa poboación poucos casos poden dar lugar a taxas moi elevadas, que deben ser postas no debido contexto). Ademais, os servizos de saúde pública e o Comité e o Subcomité Clínico veñen analizando as características específicas de cada gromo. Neste sentido, véñse prestando unha especial atención á existencia de gromos non controlados ou de casos sen vínculo epidemiolóxico, así como ao feito de que non se observe unha melloría clara na evolución da situación epidemiolóxica.

Actualmente, o avance da campaña de vacinación masiva esta a conseguir protexer a poboación e retomar actividades económicas e sociais ata o de agora limitadas para evitar un maior número de contaxios. Non obstante, e mentres non se alcance a inmunidade de grupo, é necesario seguir adoptando medidas preventivas e de control que permitan garantir as máximas condicións de seguridade e reducir o risco de contaxio e propagación da COVID-19. Estas medidas deben ser adecuadas e eficaces de acordo coa evolución da situación epidemiolóxica e de capacidade do sistema asistencial.

Tendo en conta o expresado en relación con que existe unha porcentaxe moi elevada de poboación vacinada, o cal permitiu unha redución importante de hospitalizacións e falecementos, foi necesario actualizar os indicadores de risco establecidos antes do inicio da campaña de vacinación. Deste xeito, a partir da adopción destes novos criterios, as medidas de prevención e control pretenden adaptarse ao novo escenario en que nos atopamos, onde prevalecen os casos entre a poboación máis nova e na que unha porcentaxe maioritaria non ten consecuencias clínicas importantes. Neste sentido, saliéntase que dous



terzos dos casos se están a dar entre os 15 e os 39 anos de idade e que existe un menor risco de padecer a enfermidade grave nesas franxas de idade.

Na situación actual concorren, en definitiva, determinadas circunstancias que aconsellan axustar as taxas de incidencia acumulada mediante a aplicación dun factor de corrección baseado no risco de ingreso hospitalario, xa que a situación da carga asistencial hospitalaria é, neste momento, de 3,2 e 0,6 ingresos por 100.000 en hospitalización de agudos e en unidades de críticos, respectivamente, a pesar das taxas de incidencia elevadas que se están a observar. Isto indica que a onda ten un menor impacto nos ingresos por COVID-19, o que se atribúe aos factores aludidos de vacinación dos maiores e á idade dos casos.

Para reflectir este feito, a partir da adopción deste novo criterio, a incidencia acumulada global a 14 e 7 días axustarase segundo evolucione o risco de ingreso en cada momento. A consideración do risco de ingreso como factor permitirá manter os niveis de restricións establecidos na súa forma actual (nivel máximo, nivel alto, nivel medio e nivel medio-baixo), pero cunha actualización dos valores que provocan a entrada nun ou noutro nivel segundo o factor expresado do risco de ingreso, o que permitirá ter en conta en cada momento de forma dinámica os efectos positivos do avance da campaña de vacinación.

Para determinar nesta orde os concellos de nivel de restrición máximo e alto tivéronse en conta as taxas de incidencia a 14 e 7 días axustadas, mais mantendo as mesmas taxas de incidencia previas ao axuste.

A metodoloxía utilizada para o cálculo da incidencia acumulada axustada por risco de ingreso parte do cálculo dun factor de corrección que se interpreta como o risco relativo de ingreso no período comprendido entre agosto de 2020 e marzo de 2021 (período de referencia) comparado co momento actual. Este factor é superior a 1, debido á vacinación e á diferente distribución por idade dos casos, que actualmente se concentran fundamentalmente na poboación de 15 a 29 anos. Para axustar a incidencia a 7 e 14 días dos concellos, divídese a taxa bruta polo factor de corrección.

O factor de corrección calcúlase, para cada día, como o cociente entre a taxa bruta de ingresos nos últimos 28 días e a taxa axustada por idade, aplicando o método directo e usando como poboación estándar o número de casos do período de referencia.

A taxa bruta de ingresos a 28 días é a porcentaxe de casos que ingresaron entre os casos con diagnóstico por PCR ou tests de antixenos acumulados nos últimos 28 días. As



taxas específicas de ingreso por idade calcúlanse do mesmo xeito pero no grupo de idade correspondente.

A taxa axustada de ingresos calcúlase aplicando as taxas específicas de ingreso por idade a 28 días á poboación de referencia. A suma dos valores obtidos por idade divídese entre o total de casos do período de referencia (97.996) e o resultado interprétase como a porcentaxe de casos que terían ingresado se tivesen a mesma distribución por idade ca no período de referencia (taxa de ingresos axustada).

Igualmente, para o descenso de nivel de restrición, terase en conta a evolución das súas taxas de incidencia que indique un claro descenso desta incidencia e se a aparición de casos novos entra dentro do esperado no contexto dos abrochos que se estean a desenvolver nos concellos.

A cada un dos distintos niveis de restrición seranlle de aplicación as medidas xerais e específicas previstas para cada caso nas disposicións vixentes, aprobadas polas autoridades sanitarias competentes, tendo en conta, ademais, que no día de hoxe está cientificamente constatado que, mentres non exista unha alta cobertura poboacional de vacinación, as intervencións non farmacolóxicas son as intervencións de saúde pública máis efectivas contra a COVID-19, medidas que se poderán ir suavizando na súa aplicación en vista da situación epidemiolóxica no territorio e do aumento da cobertura vacinal.

Debe destacarse, ao fío do anterior, que Galicia conta cunha poboación especialmente envellecida, cunha porcentaxe de persoas de 65 e máis anos (ano 2020) do 25,4 % fronte ao 19,6 % do conxunto de España.

Porén, tamén hai que ter en consideración que, aínda que esta cobertura se obteña en determinados grupos, a distribución poboacional pode ser desigual, se se ten en conta toda a poboación e non os grupos de idade prioritarios que se están a vacinar en primeiro lugar. Tampouco se pode esquecer que mentres non se consiga conter a pandemia no mundo, con países con alta circulación do virus, poden aparecer novas variantes do virus que poidan ter a capacidade de escapar á inmunidade proporcionada polas vacinas actuais. Ademais, a circulación da variante Delta pode facer que haxa escape á inmunidade naquelas persoas que non estean completamente vacinadas e certo escape nas completamente vacinadas, sen esquecer que esta variante se considera que é un 40-60 % máis transmisible ca a variante Alfa.



Non obstante, estas medidas aplicaranse con criterios epidemiolóxicos pero tamén de proporcionalidade, e estarán en vixencia só polo tempo preciso para asegurar que a evolución desta situación epidemiolóxica é boa e se está a cortar a transmisión, que é o obxectivo destas medidas.

En atención ao exposto, tendo en conta o indicado no citado informe da Dirección Xeral de Saúde Pública e logo de escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, acórdase ascender ao nivel máximo de restricións os concellos do Barco de Valdeorras e Sanxenxo, polas súas taxas axustadas a 7 e 14 días; e aos concellos da Pobra do Caramiñal, Boiro, Cambados, Meaño e O Grove, polas súas taxas axustadas a 7 días.

En todos estes concellos, agás no de Cambados, o aumento da incidencia comeza a observarse a partir do 5 de xullo, que pasa de taxas a 7 días de 22,3 (O Barco de Valdeorras), 17,2 (Sanxenxo), 17,2 (A Pobra do Caramiñal), 37,1 (Boiro), 75,2 (Meaño) 66,6 (O Grove), a taxas de 685, 1.148,5; 901,5; 1000,8; 901,9 e 751,1, respectivamente, o 19 de xullo.

No concello de Cambados a incidencia a primeiros de xullo xa era de 233,2 e este concello entrara no nivel medio de restricións o día 3 de xullo, e no alto o día 9 de xullo.

Nestes concellos, dada a incidencia, está sendo dificultoso o rastrexo dos casos, é dicir, coñecer cal puido ser o seu caso fonte, porque as actividades están a centrarse na identificación de contactos, que dado o aumento das interaccións sociais tamén aumenta en número.

Respecto do concello do Barco de Valdeorras, a incidencia comezou a aumentar desde principios de xullo, a raíz dun abrocho orixinado nun establecemento de lecer nocturno que dá conta de 70 casos e cuxo caso fonte é importado dunha provincia de fóra de Galicia. O aumento da incidencia coincide co regreso dos estudantes e o aumento de relacións entre eles. Ademais, teñen identificados cinco abrochos familiares, dos que dous afectan a familia estendida e non só o núcleo familiar de convivencia estable.

Respecto do concello de Sanxenxo, só se puideron rastrexar e vincular os abrochos do 12 % dos casos. Só se teñen identificados tres abrochos de amigos, seis familiares e un laboral nunha discoteca. Dentro dos casos sen asociar a abrochos, os técnicos responsables da Xefatura Territorial identifican casos relacionados coa hostalaría como casos en taperías, cafetarías, tabernas, pubs, discotecas e unha instalación recreativa.



En relación coa Pobra do Caramiñal, hai un 14 % de casos sen asociar a abrochos e sen vínculo epidemiolóxico. Un total de 68 casos están asociados a oito abrochos de diferentes ámbitos, onde predominan os de tipo social.

En relación co concello de Boiro, hai un 22 % de casos sen asociar a abrochos e sen vínculo epidemiolóxico. Actualmente están identificados 117 abrochos, familiares e sociais, aínda que se poderían englobar nun gran abrocho relacionado coa celebración das festas de Boiro do 2 ao 7 de xullo, o que desencadeou a transmisión comunitaria sostida.

Respecto do concello de Cambados, só se puido vincular a abrochos o 28 % dos casos. Teñen identificados tres abrochos de amigos, dous familiares e un laboral. Na investigación de casos observan que hai relación coas reunións sociais e cos campamentos e as actividades de verán.

En relación co concello de Meaño, só se conseguiu vincular a abrochos o 18 % dos casos. Identificaron un brote de amigos e un familiar, dous casos de traballadores dunha discoteca de Sanxenxo, onde hai un abrocho entre os traballadores, e seis casos en traballadores da hostalaría, bares e cafetarías.

Por último, en relación co concello do Grove, só se conseguiu vincular a abrochos o 4 % dos casos. Identificaron un abrocho laboral dunha orquestra que ía participar nun concerto, un abrocho familiar e un abrocho de amigos. Ademais, hai oito casos na contorna laboral da hostalaría, bares e cafetarías.

Por outra banda, manteríanse no nivel alto de restricións os concellos de Barbadás, A Illa de Arousa, Vilagarcía de Arousa e Vilanova de Arousa, tal como amosan as súas taxas axustadas a 7 e 14 días.

Respecto de Ourense, aínda que a súa taxa axustada a 7 días indica o nivel máximo de restricións, debido a que se observou unha melloría na evolución da súa incidencia que pasa dunha razón de taxas a 7 días, é dicir, a taxa actual a 7 días respecto de hai unha semana é de 3,85 a 1,30, o que significaría que, practicamente, xa non se están a xerar casos novos, considérase que se podería manter neste nivel alto.

Por outro lado, ascenderían ao nivel alto de restricións Melide, Burela, Viveiro e Avión. Ben que aínda que estes concellos deberían estar no nivel máximo polas súas taxas axustadas, considérase que poderían estar neste nivel polo de agora e na espera de observar



a evolución das súas taxas de incidencia, debido a que, nos tres primeiros concellos, o ascenso a máximo se debe só á taxa a 7 días.

No caso de Avión, decídese esperar antes de ascendelo ao nivel máximo, xa que se trata dun concello de menos de 2.000 habitantes e todos os casos están asociados a un abrocho de orixe coñecida.

Así mesmo, aumentarían do nivel medio actual ao nivel alto, tal como indican as súas taxas axustadas a 7 e/ou 14 días, os seguintes concellos: Porto do Son, O Carballiño, Marín, Poio, Pontevedra e Vigo.

Tamén aumentarían do nivel medio-baixo actual ao nivel alto, tal como indican as súas taxas axustadas a 7 e/ou 14 días, os concellos de Carballo, Fisterra, Oleiros, Vimianzo, Arzúa, Ribeira, Cervo, Foz, Ribadeo, Baiona, Gondomar, Nigrán, O Rosal e Tomiño.

En relación cos concellos que se manterían no nivel medio de restricións, son os concellos de Culleredo, Sarria, Caldas de Reis e Redondela, tal como indican as súas taxas axustadas a 7 e 14 días. Tamén se mantería neste nivel medio Ribadavia, pola súa taxa a 14 días e na espera de que a súa evolución favorable se consolide antes de descendelo de nivel.

Respecto dos concellos que ascenderían ao nivel medio de restricións son Beariz e Entrimo. Ben que as súas taxas axustadas a 7 días indicarían o nivel máximo de restricións, non obstante, ao tratarse de dous concellos de ao redor de 1.000 habitantes e ao ser un número pequeno de casos que aumenta artificialmente a súa taxa de incidencia, considérase que, polo de agora e mentres a súa situación epidemiolóxica non cambie, poderían ascender ao nivel medio.

Así mesmo, aumentarían a este nivel medio, a pesar de que as súas taxas axustadas indican o nivel alto, os concellos de Pontecesures, Mondoñedo, Boborás, Maceda, O Pereiro de Aguiar, San Cibrao das Viñas, Vilamartín de Valdeorras, Meis e Ribadumia. Todos eles concellos de menos de 5.500 habitantes, posto que se considerou preciso esperar a coñecer a evolución da súa situación epidemiolóxica antes de ascendelos de nivel, polo que se manterán baixo vixilancia.

Ademais, nestes concellos a meirande parte dos casos están asociados a abrochos de orixe controlada e, nalgúns casos, como nos concellos da provincia de Ourense, a partir de casos importados doutras provincias de Galicia ou de fóra de Galicia.



O concello da Coruña, aínda que a súa taxa a 7 días indica o nivel alto, debido a que está moi próxima ao limiar dos 125 casos por 100.000 habitantes, ademais de que non se observou un incremento exponencial na súa incidencia, como acontece noutros concellos, considérase que se pode esperar a coñecer como evoluciona a súa incidencia e se esta se consolida cara ao ascenso.

Finalmente, ascenderían desde o nivel medio baixo actual, tal como indican as súas taxas axustadas a 7 e/ou 14 días, os seguintes concellos: Cambre, Sada, Ames, Muros, Noia, Oroso, Santiago de Compostela, Silleda, Teo, Fene, Ferrol, Mugar dos, Lugo, Vilalba, Bueu, Ponte Caldelas, A Guarda, Moaña, Mos, O Porriño e Tui.

Para o resto de concellos de Galicia recoméndase o nivel medio-baixo de restricións.

A eficacia desta orde comezará ás 00.00 horas do día 24 de xullo de 2021 e estenderase durante o período en que se manteña a eficacia da Orde do 25 de xuño de 2021, sen prexuízo do seguimento e da avaliación continua a que está sometida co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

III

As medidas que se adoptan nesta orde teñen o seu fundamento normativo no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 a 38.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para adoptar as medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica existente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, coa urxencia que a protección da saúde pública demanda.

Na súa virtude, en aplicación do punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición a unha nova normalidade, na súa redacción vixente, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. *Prórroga da eficacia das medidas previstas na Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da*



evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia

Atendendo á evolución da situación epidemiolóxica, prorrógase ata as 00.00 horas do día 7 de agosto de 2021 a eficacia das medidas previstas na Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, sen prexuízo do indicado no punto segundo desta orde.

Segundo. Modificación da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia

Un. Suprímese o punto cuarto da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

Dous. Modifícase o número 1 do punto 3.15 do anexo I da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado como segue:

«3.15. Actividade deportiva.

1. A realización da actividade física e deportiva non federada axustarase ás seguintes regras, en función dos datos epidemiolóxicos existentes nos correspondentes concellos:

a) Nos concellos enumerados na letra A do anexo II da presente orde, a práctica da actividade física e deportiva non federada só se poderá realizar ao aire libre ou en instalacións deportivas ao aire libre respectando as limitacións de grupos de persoas aplicables no respectivo concello, e coa utilización de máscara de acordo co disposto no punto 1.4 do anexo I da presente orde.

b) Nos concellos enumerados nas letras B e C do anexo II da presente orde, a práctica da actividade física e deportiva non federada, ao aire libre, poderá realizarse de forma individual ou colectiva, coa utilización da máscara, de acordo co disposto no punto 1.4 do anexo I da presente orde. No caso da práctica de forma colectiva, os grupos deberán respectar as limitacións de grupos de persoas aplicables no respectivo concello, sen contar, de ser o caso, o monitor.



Nas instalacións e nos centros deportivos pechados poderase realizar actividade deportiva en grupos de ata seis persoas, sexan ou non conviventes, sen contar o monitor, coa utilización da máscara e sempre que non se supere o cincuenta por cento da capacidade máxima permitida. Deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade.

Tamén se permite o uso deportivo das piscinas ao aire libre ou cubertas, cunha ocupación máxima do 50 %.

c) Nos concellos enumerados na letra D do anexo II, a práctica da actividade física e deportiva non federada, ao aire libre, poderá realizarse de forma individual ou colectiva, e coa utilización de máscara, de acordo co disposto no punto 1.4 do anexo I da presente orde. No caso da práctica de forma colectiva, os grupos deberán respectar as limitacións de grupos de persoas aplicables no respectivo concello, sen contar, de ser o caso, o monitor.

No caso da práctica da actividade física e deportiva non federada en instalacións e en centros deportivos pechados, poderase realizar en grupos de ata seis persoas, sexan ou non conviventes, sen contar o monitor, coa utilización da máscara e sempre que non se supere o setenta e cinco por cento da capacidade máxima permitida. Deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade.

Tamén se permite o uso deportivo das piscinas ao aire libre ou cubertas cunha ocupación máxima do 75 %».

Tres. Modifícase o número 5 do punto 3.21 do anexo I da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado como segue:

«5. No referente á celebración dos espectáculos musicais/artísticos ao aire libre, aqueles organizados con público de pé, unicamente poderán desenvolverse nos concellos enumerados na letra D do anexo II sen superar o 33 % da superficie útil do recinto, de xeito que cada persoa dispoña de tres metros cadrados, cun límite máximo de asistentes de 2.000 persoas.

Aqueles espectáculos musicais organizados con público sentado poderán desenvolverse, sen superar o cincuenta por cento da capacidade permitida e cun límite máximo de



2.500 persoas nos concellos enumerados na letra A e B do anexo II. Nos concellos enumerados nas letras C e D do anexo II, estas actividades poderán desenvolverse sen superar o setenta e cinco por cento da capacidade permitida, cun límite máximo de 5.000 persoas.

No relativo ás medidas preventivas e de seguridade destes espectáculos musicais ao aire libre con público sentado ou de pé serán de aplicación así mesmo as indicadas nos protocolos publicados no seguinte enderezo electrónico:

<https://coronavirus.sergas.gal/Contidos/Espectaculos-musicais-airelibre>».

Catro. Modifícase o número 1 do punto 3.22 do anexo I da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado como segue:

«3.22. Hostalaría e restauración.

1. A prestación de servizos de hostalaría e restauración en bares, cafetarías e restaurantes axustarase ás seguintes regras, en función dos datos epidemiolóxicos existentes nos correspondentes concellos:

a) Nos concellos enumerados na letra A do anexo II da presente orde, os establecementos poderán prestar servizos de recollida no local e de consumo a domicilio, de entrega a domicilio e de terraza co cincuenta por cento da capacidade máxima permitida con base na correspondente licenza municipal ou do que sexa autorizado para este ano, no caso de que a licenza sexa concedida por primeira vez, e tamén de servizo no interior cunha ocupación do trinta por cento. Non se poderá prestar servizo na barra.

Para o consumo no interior do local requiriráselles ás persoas maiores de 12 anos a presentación dun certificado emitido polo servizo público de saúde ou, no caso do ordinal 2º, por un laboratorio oficial autorizado, que acredite a concorrencia de calquera das seguintes circunstancias:

1º. Que recibiron a pauta completa dunha vacina contra a COVID-19 para a cal se concedeu unha autorización de comercialización de conformidade co Regulamento (CE) nº 726/2004.

2º. Que dispoñen dunha proba diagnóstica de infección activa (PDIA) negativa. No caso dos tests rápidos de antixenos, deberán estar enumerados na lista común e actualizada



de tests rápidos de antíxenos da COVID-19 establecida sobre a base da Recomendación 2021/ C 24/01, do Consello de Europa. A proba debe ser realizada nas últimas 72 horas anteriores.

3º. Que o titular se recuperou dunha infección polo SARS-CoV-2 diagnosticada e está no período comprendido entre o día 11 e o 180, ambos incluídos, despois da PDIA positiva.

Así mesmo, para acreditar a circunstancia do ordinal 2º, ademais da presentación dun certificado, admitirase a exhibición da comunicación remitida polo servizo público de saúde do resultado negativo da PDIA realizada nas 72 horas anteriores.

Para os efectos do establecido neste punto, a exhibición da información a que se refire este só poderá ser solicitada no momento de acceso. Non se conservarán estes datos nin se crearán ficheiros con eles.

En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia de seguridade interpersonal entre as mesas ou, de ser o caso, as agrupacións de mesas, e a ocupación máxima será de seis persoas no interior e dez persoas na terraza, por mesa ou agrupación de mesas.

Así mesmo, controlarase que consumidores e empregados manteñan a distancia de seguridade establecida co fin de evitar posibles contaxios.

O horario de peche ao público será ás 23.00 horas. Os establecementos que utilicen a opción de ampliar o seu horario ata a 1.00 horas deberán cumprir os requisitos que se determinan para este caso no número 2 deste punto e nas medidas aprobadas pola consellería competente en materia de sanidade no marco do Plan de hostalaría segura, e sen que se poidan admitir novos clientes a partir das 00.00 horas.

b) Nos concellos enumerados na letra B do anexo II da presente orde, os establecementos poderán prestar servizos de recollida no local e de consumo a domicilio, de entrega a domicilio e de terraza co cincuenta por cento da capacidade máxima permitida con base na correspondente licenza municipal ou do que sexa autorizado para este ano, no caso de que a licenza sexa concedida por primeira vez, e tamén de servizo no interior cunha ocupación do cincuenta por cento. Non se poderá prestar servizo na barra.

Para o consumo no interior do local requiriráselles ás persoas maiores de 12 anos a presentación dun certificado emitido polo servizo público de saúde ou, no caso do ordinal 2º,



por un laboratorio oficial autorizado, que acredite a concorrencia de calquera das seguintes circunstancias:

1º. Que recibiron a pauta completa dunha vacina contra a COVID-19 para a cal se concedeu unha autorización de comercialización de conformidade co Regulamento (CE) nº 726/2004.

2º. Que dispoñen dunha proba diagnóstica de infección activa (PDIA) negativa. No caso dos tests rápidos de antíxenos, deberán estar enumerados na lista común e actualizada de tests rápidos de antíxenos da COVID-19 establecida sobre a base da Recomendación 2021/ C 24/01, do Consello de Europa. A proba debe ser realizada nas últimas 72 horas anteriores.

3º. Que o titular se recuperou dunha infección polo SARS-CoV-2 diagnosticada e está no período comprendido entre o día 11 e o 180, ambos incluídos, despois da PDIA positiva.

Así mesmo, para acreditar a circunstancia do ordinal 2º, ademais da presentación dun certificado, admitirase a exhibición da comunicación remitida polo servizo público de saúde do resultado negativo da PDIA realizada nas 72 horas anteriores.

Para os efectos do establecido neste punto, a exhibición da información a que se refire este só poderá ser solicitada no momento de acceso. Non se conservarán estes datos nin se crearán ficheiros con eles.

En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia de seguridade interpersonal entre as mesas ou, de ser o caso, as agrupacións de mesas, e a ocupación máxima será de seis persoas no interior e dez persoas na terraza, por mesa ou agrupación de mesas.

Así mesmo, controlarase que consumidores e empregados manteñan a distancia de seguridade establecida co fin de evitar posibles contaxios.

O horario de peche ao público será ás 23.00 horas. Os establecementos que utilicen a opción de ampliar o seu horario ata a 1.00 horas deberán cumprir os requisitos que se determinan para este caso no número 2 deste punto e nas medidas aprobadas pola consellería competente en materia de sanidade no marco do Plan de hostalaría segura, e sen que se poidan admitir novos clientes a partir das 00.00 horas.



c) Nos concellos enumerados na letra C do anexo II da presente orde, os establecementos poderán prestar servizos de recollida no local e de consumo a domicilio, de entrega a domicilio e de terraza co cincuenta por cento da capacidade máxima permitida con base na correspondente licenza municipal ou do que sexa autorizado para este ano, no caso de que a licenza sexa concedida por primeira vez, e tamén de servizo no interior cunha ocupación do cincuenta por cento. Non se poderá prestar servizo na barra.

En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia de seguridade interpersoal entre as mesas ou, de ser o caso, as agrupacións de mesas, e a ocupación máxima será de seis persoas no interior e dez persoas na terraza, por mesa ou agrupación de mesas.

Así mesmo, controlárase que consumidores e empregados manteñan a distancia de seguridade establecida co fin de evitar posibles contaxios.

O horario de peche ao público será ás 23.00 horas. Os establecementos que utilicen a opción de ampliar o seu horario ata a 1.00 horas deberán cumprir os requisitos que se determinan para este caso no número 2 deste punto e nas medidas aprobadas pola consellería competente en materia de sanidade no marco do Plan de hostalaría segura, e sen que se poidan admitir novos clientes a partir das 00.00 horas.

Os establecementos poderán prestar servizos de recollida no local e de consumo a domicilio ou ben servizo de entrega a domicilio ata a 1.00 horas. Neste caso, a permanencia nestes establecementos deberá ser a estritamente necesaria. En todo caso, evítanse aglomeracións e controlárase que os consumidores e empregados manteñan a distancia de seguridade establecida co fin de evitar posibles contaxios.

d) Nos concellos enumerados na letra D do anexo II da presente orde, os establecementos poderán prestar servizos de recollida no local e de consumo a domicilio, de entrega a domicilio e de terraza co cen por cento da capacidade máxima permitida con base na correspondente licenza municipal ou do que sexa autorizado para este ano, no caso de que a licenza sexa concedida por primeira vez, e tamén de servizo no interior cunha ocupación do cincuenta por cento. Só se poderá utilizar a barra para solicitar e recoller consumicións por parte das persoas usuarias, pero non para realizar o consumo nela.

En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia de seguridade interpersoal entre as mesas ou, de ser o caso, as agrupacións de mesas, e a ocupa-



ción máxima será de seis persoas no interior e dez persoas na terraza, por mesa ou agrupación de mesas.

O horario de peche ao público será ás 23.00 horas. Os establecementos que utilicen a opción de ampliar o seu horario ata a 1.00 horas deberán cumprir os requisitos que se determinan para este caso no número 2 deste punto e nas medidas aprobadas pola consellería competente en materia de sanidade no marco do Plan de hostalaría segura, e sen que se poidan admitir novos clientes a partir das 00.00 horas.

Os establecementos poderán prestar servizos de recollida no local e de consumo a domicilio ou ben servizo de entrega a domicilio ata a 1.00 horas. Neste caso, a permanencia nestes establecementos deberá ser a estritamente necesaria. En todo caso, evítanse aglomeracións e controlárase que consumidores e empregados manteñan a distancia de seguridade establecida co fin de evitar posibles contaxios».

Cinco. Modifícase o número 3 do punto 3.27 do anexo I da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado como segue:

«3. A situación dos obxectos persoais, toallas, hamacas e elementos similares nas zonas de estadia das piscinas e praias levarase a cabo de forma que se poida manter a distancia de seguridade interpersonal con respecto a outros usuarios. Así mesmo, deberán respectarse as limitacións de grupos de persoas aplicables no respectivo concello».

Seis. Modifícase a epígrafe III.2. do punto 4.1 do anexo I da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado como segue:

«III.2. Establecementos de actividades recreativas.

III.2.1. Establecementos de xogo.

III.2.1.1. Casinos.

III.2.1.2. Salas de bingo.

III.2.1.3. Salóns de xogo.



III.2.1.4. Tendas de apostas.

1. Nos concellos enumerados na letra A do anexo II, os establecementos de xogos colectivos de diñeiro e de azar, salóns de xogo, salas de bingo, salóns recreativos, rifas e tómbolas, locais específicos de apostas e outros locais e instalacións asimilables aos de actividade recreativa de xogos e apostas, conforme estableza a normativa sectorial en materia de xogo, poderán realizar a súa actividade sempre que non se supere o trinta por cento da súa capacidade permitida.

Para o acceso ao interior do local requirirase a presentación dun certificado emitido polo servizo público de saúde ou, no caso do ordinal 2º, por un laboratorio oficial autorizado, que acredite a concorrencia de calquera das seguintes circunstancias:

1º. Que recibiron a pauta completa dunha vacina contra a COVID-19 para a cal se concedeu unha autorización de comercialización de conformidade co Regulamento (CE) nº 726/2004.

2º. Que dispoñen dunha proba diagnóstica de infección activa (PDIA) negativa. No caso dos tests rápidos de antíxenos, deberán estar enumerados na lista común e actualizada de tests rápidos de antíxenos da COVID-19 establecida sobre a base da Recomendación 2021/ C 24/01, do Consello de Europa. A proba debe ser realizada nas últimas 72 horas anteriores.

3º. Que o titular se recuperou dunha infección polo SARS-CoV-2 diagnosticada e está no período comprendido entre o día 11 e o 180, ambos incluídos, despois da PDIA positiva.

Así mesmo, para acreditar a circunstancia do ordinal 2º, ademais da presentación dun certificado, admitirase a exhibición da comunicación remitida polo servizo público de saúde do resultado negativo da PDIA realizada nas 72 horas anteriores.

Para os efectos do establecido neste punto, a exhibición da información a que se refire este só poderá ser solicitada no momento de acceso. Non se conservarán estes datos nin se crearán ficheiros con eles.

2. Nos concellos enumerados na letra B, C e D do anexo II, os establecementos de xogos colectivos de diñeiro e de azar, salóns de xogo, salas de bingo, salóns recreativos, rifas e tómbolas, locais específicos de apostas e outros locais e instalacións asimilables aos de actividade recreativa de xogos e apostas, conforme estableza a normativa sectorial en



materia de xogo, poderán realizar a súa actividade sempre que non se supere o cincuenta por cento da súa capacidade permitida.

Para o acceso ao interior dos locais nos concellos enumerados na letra B do anexo II requirirase a presentación dun certificado emitido polo servizo público de saúde ou, no caso do ordinal 2º, por un laboratorio oficial autorizado que acredite a concorrencia de calquera das seguintes circunstancias:

1º. Que recibiron a pauta completa dunha vacina contra a COVID-19 para a cal se concedeu unha autorización de comercialización de conformidade co Regulamento (CE) nº 726/2004.

2º. Que dispoñen dunha proba diagnóstica de infección activa (PDIA) negativa. No caso dos tests rápidos de antíxenos, deberán estar enumerados na lista común e actualizada de tests rápidos de antíxenos da COVID-19 establecida sobre a base da Recomendación 2021/ C 24/01, do Consello de Europa. A proba debe ser realizada nas últimas 72 horas anteriores.

3º. Que o titular se recuperou dunha infección polo SARS-CoV-2 diagnosticada e está no período comprendido entre o día 11 e o 180, ambos incluídos, despois da PDIA positiva.

Así mesmo, para acreditar a circunstancia do ordinal 2º, ademais da presentación dun certificado, admitirase a exhibición da comunicación remitida polo servizo público de saúde do resultado negativo da PDIA realizada nas 72 horas anteriores.

Para os efectos do establecido neste punto, a exhibición da información a que se refire este só poderá ser solicitada no momento de acceso. Non se conservarán estes datos nin se crearán ficheiros con eles.

3. En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia de seguridade interpersonal entre as mesas ou, de ser o caso, agrupacións de mesas. A ocupación máxima será de seis persoas por mesa ou agrupación de mesas.

Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersonal nas súas instalacións, especialmente na disposición e no uso das máquinas ou de calquera outro dispositivo de xogo nos locais e establecementos en que se desenvolvan actividades, de acordo co previsto no punto 1.3. O uso da máscara será



obligatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersoal indicada, nos termos previstos na normativa vixente.

Ademais do cumprimento xeral das medidas de hixiene e prevención, no caso de que se preste algún tipo de servizo de hostalaría e restauración, o réxime e horario de prestación deste servizo axustarase ao disposto para os establecementos de hostalaría neste anexo.

Neste sentido, o horario de peche ao público será ás 23.00 horas. Os establecementos que utilicen a opción de ampliar o seu horario ata a 1.00 horas deberán cumprir os requisitos que se determinan para este caso no número 2 do punto 3.22 e nas medidas aprobadas pola consellería competente en materia de sanidade no marco do Plan de hostalaría segura».

Sete. Modifícase a epígrafe III.2.3.1 do punto 4.1 do anexo I da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactada como segue:

«III.2.3.1. Parques de atraccións e temáticos.

Nos concellos enumerados nas letras A e B do anexo II, os parques de atraccións e temáticos permanecerán pechados.

Nos concellos enumerados nas letras C e D do anexo II poderán desenvolver a súa actividade cunha capacidade do 50 % respecto da súa capacidade máxima. Estableceranse os oportunos mecanismos de control de acceso, tanto nas entradas e saídas do recinto como nos accesos ás distintas atraccións, de xeito que se eviten aglomeracións e se manteña obrigatoriamente a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros.

Así mesmo, deberán respectarse as limitacións de grupos de persoas aplicables no respectivo concello.

A entidade titular da instalación intensificará a limpeza e a desinfección dos elementos de uso compartido.

Aqueles establecementos que ofrezan servizos de hostalaría ou restauración nas súas instalacións observarán as regras establecidas no punto 3.22 do anexo I para este tipo de servizos.



O uso da máscara rexeráse polo establecido no punto 1.4.

Respecto do uso de vestiarios e aseos en todas as instalacións, poderáse utilizar o 100 % naqueles que dispoñan de cabinas ou o 50 %, se non dispoñen delas».

Oito. Modifícase o número 3 da epígrafe III.2.3.2 do punto 4.1 do anexo I da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado como segue:

«3. A situación dos obxectos persoais, toallas, hamacas e elementos similares nas zonas de estadia e espazos comúns levaráse a cabo de forma que se poida manter a distancia de seguridade interpersonal con respecto a outros usuarios. Así mesmo, deberán respectarse as limitacións de grupos de persoas aplicables no respectivo concello».

Nove. Modifícase a epígrafe III.2.7. do punto 4.1 do anexo I da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado como segue:

«III.2.7. Establecementos de lecer e entretemento.

III.2.7.1. Salas de festas.

III.2.7.2. Discotecas.

III.2.7.3. Pubs.

III.2.7.4. Cafés-espectáculo.

1. Nos concellos enumerados nas letras A e B do anexo II, os establecementos de lecer nocturno, tales como discotecas, pubs, cafés-espectáculo, salas de festas, así como as salas de concertos que desenvolvan as súas actividades de forma análoga aos anteriores, poderán prestar unicamente servizo nas terrazas ao aire libre, para o consumo e o servizo sentado na mesa, co cincuenta por cento da capacidade máxima permitida con base na



correspondente licenza municipal ou do que sexa autorizado para este ano, no caso de que a licenza sexa concedida por primeira vez.

Consideraranse terrazas ao aire libre todo espazo exterior ao local non cuberto ou todo espazo que, estando cuberto, estea rodeado lateralmente por un máximo de dúas paredes, muros ou paramentos.

Non estará permitida a instalación de barras para o consumo ou o servizo nelas a clientes da terraza.

En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia de seguridade interpersoal entre as mesas ou, de ser o caso, as agrupacións de mesas. A ocupación máxima será de dez persoas por mesa ou agrupación de mesas. A mesa ou agrupación de mesas que se utilice para este fin deberá ser acorde co número de persoas e permitir que se respecte a distancia mínima de seguridade interpersoal entre elas.

O horario máximo de peche dos establecementos de lecer nocturno nestes concellos será á 1.00 horas.

2. Nos concellos enumerados nas letras C e D do anexo II, estes establecementos poderán desenvolver a súa actividade cumprindo as seguintes medidas xerais:

a) Os establecementos poderán prestar servizos de terraza co cen por cento da capacidade máxima permitida. Para o servizo no interior, a ocupación máxima será do 50 % da capacidade máxima permitida.

Serán aplicables os puntos segundo, terceiro e cuarto da Orde do 25 de febreiro de 2021, pola que se establecen as actuacións necesarias para a posta en marcha do Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia, no referido a capacidades máximas e responsabilidade, capacidade interior e porcentaxe máxima de uso, e capacidade exterior e porcentaxe máxima de uso.

A distribución das mesas e das persoas será homoxénea entre as diferentes estancias e andares, se existen.

b) Poderase consumir sentado/a ou de pé. Non se poderá prestar servizo na barra. Só se poderá utilizar a barra para solicitar e recoller consumicións por parte das persoas usua-



rias, pero non para realizar o consumo nela. Na barra deberán respectarse as distancias de seguridade e impedirase a formación de aglomeracións.

c) Deberá manterse a debida distancia de seguridade interpersoal de acordo co establecido no punto 1.3 e evitar, en particular, a formación de aglomeracións. Así mesmo, deberá manterse a distancia de seguridade de 1,5 metros nas mesas ou, de ser o caso, nas agrupacións de mesas. A ocupación máxima será de seis persoas no interior e dez persoas na terraza por mesa ou agrupación de mesas.

d) No caso de existir pista de baile, permitirase o seu uso cunha ocupación que en ningún caso será superior á que resulte da asignación de dous metros cadrados da pista por cada usuario.

e) Na entrada e na saída dos asistentes deben establecerse os mecanismos necesarios para impedir as aglomeracións de persoas e respectar as distancias de seguridade.

f) O horario máximo de peche dos establecementos de lecer nocturno será ás 3.00 horas.

g) O uso de máscara será obrigatorio en todo momento. Só se poderá exceptuar o uso da máscara exclusivamente nos momentos estritamente necesarios para comer ou beber.

h) Os establecementos deberán usar dispositivos medidores de CO₂, que deberán dispor dunha pantalla que mostre os niveis de CO₂ en tempo real nunha zona visible para os usuarios. Estes dispositivos deberán levar a marcación CE.

A localización do medidor deberá axustarse ás indicacións técnicas aplicables e ter en conta o tamaño e a forma do espazo, as súas entradas de aire e o fluxo da ventilación. Non se situarán preto das fiestras, portas ou doutros puntos de ventilación.

No caso de sistemas mecánicos de ventilación, débese asegurar en todo caso o nivel de CO₂ interior e persoal cualificado documentará o mantemento adecuado e as actuacións realizadas.

Tanto nos casos de ventilación natural coma nos de mecánica ou mixta, non se deberán superar no interior as 1.000 p.p.m. de concentración de CO₂, e será responsabilidade do local adoptar as medidas precisas de renovación do aire, a partir das 800 p.p.m., para que non se supere a cifra antes indicada.



i) Os establecementos deberán dispor dun rexistro de clientes nas condicións que se establezan mediante a orde da Consellería de Sanidade que aprobe o Protocolo de lecer nocturno.

j) O acceso ao interior dos locais requirirá da presentación dun certificado emitido polo servizo público de saúde ou, no caso do ordinal 2º, por un laboratorio oficial autorizado, que acredite a concorrencia de calquera das seguintes circunstancias:

1º. Que recibiron a pauta completa dunha vacina contra a COVID-19 para a cal se concedeu unha autorización de comercialización de conformidade co Regulamento (CE) nº 726/2004.

2º. Que dispoñen dunha proba diagnóstica de infección activa (PDIA) negativa. No caso dos tests rápidos de antíxenos, deberán estar enumerados na lista común e actualizada de tests rápidos de antíxenos da COVID-19 establecida sobre a base da Recomendación 2021/ C 24/01, do Consello de Europa. A proba debe ser realizada nas últimas 72 horas anteriores.

3º. Que o titular se recuperou dunha infección polo SARS-CoV-2 diagnosticada e está no período comprendido entre o día 11 e o 180, ambos incluídos, despois da PDIA positiva.

Así mesmo, para acreditar a circunstancia do ordinal 2º, ademais da presentación dun certificado, admitirase a exhibición da comunicación remitida polo servizo público de saúde do resultado negativo da PDIA realizada nas 72 horas anteriores.

Para os efectos do establecido neste punto, a exhibición da información a que se refire este só poderá ser solicitada no momento de acceso. Non se conservarán estes datos nin se crearán ficheiros con eles.

3. As medidas xerais recollidas nos puntos anteriores serán desenvolvidas pola orde da Consellería de Sanidade que aprobe o Protocolo de lecer nocturno e poderán ser revisadas en función da evolución da situación epidemiolóxica».

Dez. Modifícase o anexo II da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado segundo o anexo desta orde.



Terceiro. *Modificación da Orde do 1 de xullo de 2021 pola que se aproba o Protocolo para a reactivación do lecer nocturno no marco da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19*

Modifícase o punto 4.1 da Orde do 1 de xullo de 2021 pola que se aproba o Protocolo para a reactivación do lecer nocturno no marco da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, que queda redactado como segue:

«4.1. Nivel epidemiolóxico.

Os establecementos de lecer nocturno nos concellos enumerados nas letras A e B do anexo II da Orde pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia poderán prestar unicamente servizo nas terrazas ao aire libre, para o consumo e o servizo sentado na mesa.

Os establecementos de lecer nocturno poderán desenvolver a súa actividade tanto no interior coma na terraza nos concellos con nivel de restrición medio ou medio-baixo recollidos nas letras C e D do anexo II da Orde pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, vixente en cada momento.

O acceso ao interior dos establecementos de lecer nocturno nestes concellos requirirá da presentación dun certificado emitido polo servizo público de saúde ou, no caso do ordinal 2º, por un laboratorio oficial autorizado, que acredite a concorrencia de calquera das seguintes circunstancias:

1º. Que recibiron a pauta completa dunha vacina contra a COVID-19 para a cal se concedeu unha autorización de comercialización de conformidade co Regulamento (CE) nº 726/2004.

2º. Que dispoñen dunha proba diagnóstica de infección activa (PDIA) negativa. No caso dos tests rápidos de antíxenos, deberán estar enumerados na lista común e actualizada de tests rápidos de antíxenos da COVID-19 establecida sobre a base da Recomendación 2021/ C 24/01, do Consello de Europa. A proba debe ser realizada nas últimas 72 horas anteriores.

3º. Que o titular se recuperou dunha infección polo SARS-CoV-2 diagnosticada e está no período comprendido entre o día 11 e o 180, ambos incluídos, despois da PDIA positiva.



Así mesmo, para acreditar a circunstancia do ordinal 2º, ademais da presentación dun certificado, admitirase a exhibición da comunicación remitida polo servizo público de saúde do resultado negativo da PDIA realizada nas 72 horas anteriores.

Para os efectos do establecido neste punto, a exhibición da información a que se refire este só poderá ser solicitada no momento de acceso. Non se conservarán estes datos nin se crearán ficheiros con eles».

Cuarto. *Eficacia*

1. As medidas previstas nesta orde terán efectos desde as 00.00 horas do día 24 de xullo.

2. No caso das celebracións e eventos en establecementos de restauración para os días 24 e 25 de xullo que xa estivesen concertados antes do día 23 de xullo, non serán aplicables as limitacións que sexan consecuencia da elevación do nivel de restrición, ben que estas celebracións e eventos deberán ser comunicados polos titulares dos establecementos á correspondente xefatura territorial da Consellería de Sanidade para que se poidan adoptar as medidas ou efectuar as recomendacións pertinentes.

3. En cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas previstas nesta orde serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser prorrogadas, modificadas ou levantadas por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Santiago de Compostela, 22 de xullo de 2021

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade

ANEXO

ANEXO II

A) Concellos con nivel de restrición máxima:

Barco de Valdeorras (O)

Boiro



Cambados
Grove (O)
Meaño
Pobra do Caramiñal (A)
Sanxenxo

B) Concellos con nivel de restrición alta:

Arzúa
Avión
Baiona
Barbadás
Burela
Carballiño (O)
Carballo
Cervo
Fisterra
Foz
Gondomar
Illa de Arousa (A)
Marín
Melide
Nigrán
Oleiros
Ourense
Poio
Pontevedra
Porto do Son
Ribadeo
Ribeira
Rosal (O)
Tomiño
Vigo
Vilagarcía de Arousa
Vilanova de Arousa
Vimianzo
Viveiro



C) Concellos con nivel de restrición media:

Ames
Beariz
Boborás
Bueu
Caldas de Reis
Cambre
Coruña (A)
Culleredo
Entrimo
Fene
Ferrol
Guarda (A)
Lugo
Maceda
Meis
Moaña
Mondoñedo
Mugardos
Muros
Mos
Noia
Oroso
Pereiro de Aguiar (O)
Ponte Caldelas
Pontecesures
Porriño (O)
Redondela
Ribadavia
Ribadumia
Sada
San Cibrao das Viñas
Santiago de Compostela
Sarria
Silleda
Teo



Tui
Vilalba
Vilamartín de Valdeorras

D) Concellos con nivel de restrición media-baixa:

Abadín
Abegondo
Agolada
Alfoz
Allariz
Amoeiro
Antas de Ulla
Aranga
Arbo
Ares
Arnoia (A)
Arteixo
Baleira
Baltar
Bande
Baña (A)
Baños de Molgas
Baralla
Barreiros
Barro
Bede
Becerreá
Begonte
Bergondo
Betanzos
Blancos (Os)
Bola (A)
Bolo (O)
Bóveda
Boimorto
Boqueixón



Brión
Cabana de Bergantiños
Cabanas
Calvos de Randín
Camariñas
Campo Lameiro
Cangas
Cañiza (A)
Capela (A)
Carballeda de Avia
Carballeda de Valdeorras
Carballedo
Cariño
Carnota
Carral
Cartelle
Castrelo de Miño
Castrelo do Val
Castro Caldelas
Castro de Rei
Castroverde
Catoira
Cedeira
Cee
Celanova
Cenlle
Cereda
Cerdedo-Cotobade
Cerdido
Cervantes
Chandrexa de Queixa
Chantada
Coirós
Coles
Corcubión
Corgo (O)
Coristanco



Cortegada
Cospeito
Covelo
Crecente
Cualedro
Cuntis
Curtis
Dodro
Dozón
Dumbría
Esgos
Estrada (A)
Folgo do Courel
Fonsagrada (A)
Forcarei
Fornelos de Montes
Frades
Friol
Gomesende
Gudiña (A)
Guitiriz
Guntín
Incio (O)
Irixo (O)
Irixoa
Lalín
Lama (A)
Láncara
Laracha (A)
Larouco
Laxe
Laza
Leiro
Lobeira
Lobios
Lourenzá
Lousame



Malpica de Bergantiños
Manzaneda
Mañón
Maside
Mazaricos
Meira
Melón
Merca (A)
Mesía
Mezquita (A)
Miño
Moeche
Mondariz-Balneario
Mondariz
Monfero
Monforte de Lemos
Montederramo
Monterrei
Monterroso
Moraña
Muíños
Muras
Muxía
Narón
Navia de Suarna
Neda
Negreira
Negreira de Muñiz
Neves (As)
Nogais (As)
Nogueira de Ramuín
Oia
Oímbra
Ordes
Ortigueira
Ouro
Outeiro de Rei



Outes
Oza-Cesuras
Paderne de Allariz
Paderne
Padrenda
Padrón
Palas de Rei
Pantón
Parada de Sil
Paradela
Páramo (O)
Pastoriza (A)
Pazos de Borbén
Pedrafita do Cebreiro
Peroxa (A)
Petín
Pino (O)
Piñor
Pobra de Trives (A)
Pobra do Brollón (A)
Pol
Ponteareas
Ponteceso
Pontedeume
Pontedeva
Pontenova (A)
Pontes de García Rodríguez (As)
Porqueira
Portas
Portomarín
Punxín
Quintela de Leirado
Quiroga
Rábade
Rairiz de Veiga
Ramirás
Rianxo



Ribas de Sil
Ribeira de Piquín
Riós
Riotorto
Rodeiro
Rois
Rúa (A)
Rubiá
Salceda de Caselas
Salvaterra de Miño
Samos
San Amaro
San Cristovo de Cea
San Sadurniño
Santiso
San Xoán de Río
Sandiás
Santa Comba
Sarreaus
Saviñao (O)
Sober
Sobrado
Somozas (As)
Soutomaior
Taboada
Taboadela
Teixeira (A)
Toén
Toques
Tordoia
Touro
Trabada
Trasmiras
Trazo
Triacastela
Val do Dubra
Valadouro (O)



Valdoviño
Valga
Vedra
Veiga (A)
Verea
Verín
Viana do Bolo
Vicedo (O)
Vilaboa
Vila de Cruces
Vilamarín
Vilar de Barrio
Vilar de Santos
Vilardevós
Vilariño de Conso
Vilarmaior
Vilasantar
Xermade
Xinzo de Limia
Xove
Xunqueira de Ambía
Xunqueira de Espadanedo
Zas



I. DISPOSICIÓN XERAIS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

ORDE do 15 de xullo de 2021 pola que se modifican a Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e a Orde do 1 de xullo de 2021 pola que se aproba o Protocolo para a reactivación do lecer nocturno no marco da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19.

I

A evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia fai necesario que as autoridades sanitarias autonómicas sigan adoptando determinadas medidas de prevención orientadas a conter a propagación da infección e dirixidas a facer fronte á crise sanitaria derivada da COVID-19.

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto dese acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Con esta finalidade poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade. Establécese, ademais, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de conformidade coa normativa aplicable e en vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación



quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou en parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e que modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación das medidas concretas contidas no anexo do citado acordo.

Con base no disposto no citado punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, adoptáronse, mediante a Orde do 25 de xuño de 2021, unha serie de medidas que teñen por obxecto regular distintas actividades coa finalidade de que se poidan desenvolver en condicións de seguridade, minimizando ao máximo o risco de contaxio e a propagación da enfermidade.

Estas medidas específicas tradúcense, en moitos casos, no establecemento de capacidades máximas e na regulación destas, xa que se demostrou que para lograr o fin proposto resulta imprescindible evitar as aglomeracións e garantir o mantemento en todo momento da distancia de seguridade, reducindo o contacto físico ou a proximidade en condicións favorecedoras do contaxio. A evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma exixiu modificar determinados aspectos da dita orde coa finalidade de adaptar as medidas contidas nela á realidade actual, o que se fixo mediante a Orde do 1 de xullo de 2021. Posteriormente, mediante a Orde do 8 de xullo de 2021 introducíronse novas modificacións e prorrogouse a eficacia da dita Orde do 25 de xuño ata as 00.00 horas do 24 de xullo de 2021.

Neste marco, e coa finalidade de que as medidas de prevención fronte á COVID-19 sigan adaptándose á evolución da situación epidemiolóxica, acométese unha nova modificación da Orde de 25 de xuño, de conformidade coa previsión contida no punto noveno da citada Orde do 25 de xuño de 2021, segundo a cal, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas previstas nela deben ser obxecto de seguimento e avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

Mediante esta orde modifícanse as recomendacións relativas á permanencia de grupos de persoas en espazos públicos ou privados, fixando en dez o número máximo recomendado de persoas que se poden reunir en espazos abertos; mantense, no entanto, o número máximo de persoas recomendado para as reunións en espazos pechados, que xa estaba fixado en seis. Esta modificación exige, por motivos de coherencia, adaptar as recomendacións relativas a grupos de persoas contidas na regulación de determinadas actividades da Orde do 25 de xuño. Co mesmo obxectivo imponse, ben que neste caso con carácter



obligatorio, a redución da ocupación máxima por mesas ou agrupación de mesas no exterior dos establecementos de hostalaría, restauración e lecer nocturno, que pasa de quince a dez persoas.

Acométese tamén a modificación da Orde do 1 de xullo de 2021, pola que se aproba o Protocolo para a reactivación do lecer nocturno no marco da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, cunha dobre finalidade: para adaptar o protocolo ás novas normas sobre ocupación máxima de persoas por mesas e agrupación de mesas antes indicada e, por outra banda, para estender aos concellos con nivel de restrición media-baixa os requisitos de acceso a estes establecementos, consistentes en ter pasado a COVID-19, ter recibido a pauta completa de vacinación ou dispor dunha proba diagnóstica de infección activa negativa. O cumprimento destes requisitos, que xa se viña exixindo para o acceso aos establecementos de lecer nocturno situados en concellos con nivel de restrición media, terá efectos para os establecementos dos concellos con nivel de restrición media-baixa a partir das 00.00 horas do día 21 de xullo.

II

De conformidade co exposto, salientase que a adopción das medidas contidas nesta orde vén determinada pola evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria da Comunidade Autónoma. Así resulta do Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 14 de xullo de 2021, do cal se destacan os seguintes datos:

Con respecto á situación epidemiolóxica da Comunidade Autónoma de Galicia, indícase que o número reprodutivo instantáneo (Rt), que sinala o número de contaxios orixinados por un caso activo, segue por riba do 1 desde o 18 de xuño, o que implica un aumento na transmisión da infección. Todas as áreas sanitarias están por riba do 1, con Ourense e Vigo preto do 2.

Do total de concellos de Galicia, 65 non notificaron casos nos últimos 14 días. O número de concellos sen casos nos últimos 7 días foi de 85. Isto supón un descenso nos concellos sen casos en 59 concellos a 14 días e en 58 concellos a 7 días desde hai unha semana, en que era de 124 e 143, a 14 e 7 días.

Entre o 2 e o 8 de xullo realizáronse 50.626 probas diagnósticas de infección activa polo virus SARS-CoV-2 (31.116 PCR e 14.519 tests de antíxenos), cunha porcentaxe de positividade a sete días do 6,09 %, o que supón un incremento do 59 % a respecto do período entre o 25 de xuño e o 1 de xullo, que era do 3,84 %.



A incidencia acumulada a 7 e 14 días é de 140 e 199 casos por cen mil habitantes, respectivamente, valores superiores aos observados hai unha semana, en que eran de 59 e 91 casos por cen mil habitantes, respectivamente (aumento do 137 % a 7 días e do 119 % a 14 días).

A tendencia diaria mostra, desde o 1 de marzo, un primeiro tramo de crecemento lento, cunha porcentaxe de cambio diaria (PCD) do 0,6 %, un segundo tramo decrecente, a un ritmo non moi rápido, cunha PCD do -2,2 %, e un terceiro, a partir do 19 de xuño, de crecemento rápido, cunha PCD do 10,7 %.

No que atinxe á situación das áreas sanitarias, as taxas a 14 días están entre os 110,19 casos por 100.000 habitantes de Ferrol e os 352,19 de Ourense. As taxas de incidencia a 14 días seguen a aumentar con respecto ás de hai 7 días. Todas as áreas presentan taxas a 14 días con valores superiores aos 100 casos por 100.000 habitantes e taxas a 7 días superiores aos 70 casos por 100.000 habitantes. As áreas sanitarias da Coruña, Ourense, Pontevedra, Vigo e Santiago presentan taxas a 14 días superiores aos 150 casos por 100.000 habitantes, con Ourense e Pontevedra por riba dos 300.

A media de pacientes COVID-19 en hospitalización de agudos nos últimos 7 días foi de 50,0, o que significa un descenso do -15,1 % a respecto de hai sete días. A taxa de pacientes COVID-19 en hospitalización de agudos é de 1,9 ingresados por 100.000 habitantes, cun descenso, tamén, do -15,1 % a respecto de hai 7 días. En canto aos ingresos COVID-19 nas unidades de críticos (UCI) nos últimos 7 días, a media foi de 10,7 e a taxa a 7 días de ingresados nas UCI é de 0,4 ingresados por 100.000 habitantes, o que supón un descenso do -2,7 % a respecto de hai sete días, tanto na media como na taxa.

En relación coa situación epidemiolóxica dos concellos de Galicia, cómpre indicar que naqueles con poboación igual ou maior de 10.000 habitantes (54), 17 presentan unha taxa de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes, fronte aos 3 do informe anterior, e hai 4 que superan os 500 casos por 100.000 habitantes (Barbadás, O Barco de Valdeorras, Ourense e Cambados). Pola súa banda, nos concellos de menos de 10.000 habitantes (259), 30 presentan unha taxa de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes, fronte aos 8 de hai unha semana. Presentan taxas de incidencia iguais ou superiores a 500 casos por cen mil habitantes 6 destes concellos. No que atinxe ás comarcas, están no nivel máximo Valdeorras e Ourense. No nivel alto están Vigo, O Salnés, Pontevedra, Allariz-Maceda, O Ribeiro, O Carballiño, Sarria, Meira, Lugo e A Barbanza. No nivel medio están O Morrazo, Deza, Caldas, O Baixo Miño,



Terra de Celanova, A Limia, A Terra Chá, O Sar, Ordes, Noia, Ferrol, A Coruña, Betanzos, Bergantiños e Arzúa.

O informe conclúe que a taxa de incidencia segue a aumentar tanto a 7 como a 14 días. A tendencia amosou un novo cambio cara ao ascenso, cunha porcentaxe de cambio diaria do 10,7 %, a partir do 14 de xuño. A Rt no global de Galicia segue por riba do 1. Sinala, ademais, que a información do modelo de predición indica que a incidencia aumentaría tanto a 7 como a 14 días. A amplitude dos intervalos de confianza a 7 días comeza a ser menor, polo que semella que o modelo está a predicir un aumento da incidencia nos vindeiros 7 días.

Por outra banda, a taxa de incidencia a 14 días, no global de Galicia, está nos 199 casos por cen mil habitantes. As áreas sanitarias de Ourense e Pontevedra están por riba dos 250 casos por cen mil habitantes a 14 días, e a 7 días, a de Ourense tamén está por riba dos 250 casos por cen mil habitantes. No que atinxe aos concellos de máis de 10.000 habitantes, hai 17 concellos con taxas de incidencia a 14 días iguais ou superiores a 250 casos por cen mil habitantes. Nos de menos de 10.000 hai 30 concellos que superan unha taxa de incidencia de 250 casos por cen mil habitantes.

Destácase, ademais, que neste momento a circulación da cepa alfa (británica) segue a diminuír, pero están a aparecer outras variantes, especialmente a delta (India), que ten unha transmisibilidade maior que a británica, que pode ser, entre outros motivos, o que está a influír nun aumento da transmisión. Concretamente a circulación da variante delta pode facer que haxa un certo escape á inmunidade naquelas persoas que non estean completamente vacinadas, sen esquecer que esta variante se considera que é un 40-60 % máis transmisible que a variante alfa.

Tanto para o establecemento como para o inicio da desescalada das medidas que mostraron ser efectivas para facer fronte á pandemia, véñense tendo en conta tanto criterios epidemiolóxicos como de capacidade asistencial, así como as características da poboación onde se van implantar ou eliminar estas medidas.

Así, no momento actual existen catro niveis de restricións. Os ditos niveis denomínanse nivel máximo, nivel alto, nivel medio e nivel medio-baixo. O criterio básico que se vén utilizando para determinar os niveis de restrición aplicables a cada un dos concellos da Comunidade Autónoma é o da taxa de incidencia acumulada segundo os casos por cada cen mil habitantes a 14 días. Sitúase, así, o nivel medio-baixo por debaixo de 150 casos



por cada cen mil habitantes; o medio, entre 150 e por debaixo de 250 casos por cada cen mil habitantes; o alto, entre 250 e por debaixo de 500 casos por cada cen mil habitantes, e o máximo, na cifra de 500 casos por cada cen mil habitantes. Así mesmo, co obxecto de reaccionar con maior rapidez e eficacia fronte aos gromos, véñse tendo en conta tamén a taxa de incidencia acumulada a 7 días. De acordo con este criterio, sitúase o nivel medio-baixo por debaixo de 75 casos por cada cen mil habitantes; o medio, entre 75 e por debaixo de 125 casos por cada cen mil habitantes; o alto, entre 125 e por debaixo de 250 casos por cada cen mil habitantes, e o máximo, na cifra de 250 casos por cada cen mil habitantes.

Cómpre ter en conta que os resultados en atención á incidencia acumulada se modulan en función doutros factores e da análise da situación de cada concello. Así, o criterio da incidencia véñse completando coa consideración de criterios demográficos (pois debe terse en conta que en concellos de escasa poboación poucos casos poden dar lugar a taxas moi elevadas, que deben ser postas no debido contexto). Ademais, os servizos de saúde pública e o Comité e o Subcomité Clínico veñen analizando as características específicas de cada gromo. Neste sentido, véñse prestando unha especial atención á existencia de gromos non controlados ou de casos sen vínculo epidemiolóxico, así como ao feito de que non se observe unha melloría clara na evolución da situación epidemiolóxica.

Actualmente, grazas á campaña de vacinación masiva, estase conseguindo protexer a poboación e retomar actividades económicas e sociais ata o de agora limitadas para evitar un maior número de contaxios. Non obstante, e mentres non se acade a inmunidade de grupo, cómpre seguir adoptando medidas preventivas e de control que permitan garantir as máximas condicións de seguridade e reducir o risco de contaxio e propagación da COVID-19. Estas medidas deben ser adecuadas e eficaces de acordo coa evolución da situación epidemiolóxica e de capacidade do sistema asistencial.

Tendo en conta o expresado en relación con que existe unha porcentaxe moi elevada de poboación vacinada, o cal permitiu unha redución importante de hospitalizacións e falecementos, faise necesario actualizar os indicadores de risco establecidos antes do inicio da campaña de vacinación. Deste xeito, a partir da adopción destes novos criterios, as medidas de prevención e control pretenden adaptarse ao novo escenario en que nos atopamos, onde prevalecen os casos entre a poboación máis nova e na cal unha porcentaxe maioritaria non ten consecuencias clínicas importantes. Neste sentido, salientase que dous terzos dos casos se están a dar entre os 15 e 39 anos de idade, e que existe un menor risco de padecer enfermidade grave nesas franxas de idade.



Na situación actual concorren, en definitiva, determinadas circunstancias que aconsellan axustar as taxas de incidencia acumulada mediante a aplicación dun factor de corrección baseado no risco de ingreso hospitalario, xa que a situación da carga asistencial hospitalaria é, neste momento, de 1,9 e 0,4 ingresos por cada 100.000 habitantes en hospitalización de agudos e en unidades de críticos, respectivamente, a pesar das taxas de incidencia elevadas que se están a observar. Isto indica que a onda ten un menor impacto nos ingresos pola COVID-19, o que se atribúe aos factores aludidos de vacinación dos maiores e á idade dos casos.

Para reflectir este feito, a partir da adopción deste novos criterios a incidencia acumulada global a 14 e 7 días axustarase segundo evolucione o risco de ingreso en cada momento. A consideración do risco de ingreso como factor permitirá manter os niveis de restricións establecidos na súa forma actual (nivel máximo, nivel alto, nivel medio e nivel medio-baixo), pero cunha actualización dos valores que provocan a entrada nun ou noutro nivel, segundo o factor expresado do risco de ingreso, o que permitirá reflectir en cada momento de forma dinámica os efectos positivos do avance da campaña de vacinación.

A metodoloxía utilizada para o cálculo da incidencia acumulada axustada por risco de ingreso parte do cálculo da relación existente entre os casos por cada cen mil habitantes a 7 e 14 días e os ingresos hospitalarios antes do inicio da campaña de vacinación. En segundo lugar, a partir dos modelos axustados no primeiro paso, considérase o número de ingresos por cada cen mil habitantes en Galicia que corresponde a cada un dos valores limiar de incidencia acumulada de casos a 7 e 14 días dos niveis de restricións actualmente establecidos.

Por último, utilízanse os datos do momento actual en que comeza o novo aumento de casos e no cal xa existe unha elevada porcentaxe de poboación vacunada (datos posteriores ao 24 de xuño de 2021), para calcular a nova relación existente entre o número de casos e o de ingresos.

Este cálculo permite axustar os valores de incidencia acumulada de casos en función do risco de ingreso actual. É dicir, a incidencia acumulada de casos a 7 e 14 días axústase de xeito que as actuais taxas axustadas reflectan o mesmo nivel de risco de ingreso hospitalario que as taxas sen axustar utilizadas no periodo previo ao inicio da vacinación.

Finalmente, a taxa de incidencia acumulada corrixida en función do risco de ingreso modúlase tendo en conta indicadores como a incidencia acumulada en persoas maiores



de 65 anos; a porcentaxe de probas diagnósticas de infección activa a 7 días; a evolución no número de casos, poboación e características dos gromos; a porcentaxe de ocupación de camas de críticos pola COVID superior; e a porcentaxe de pacientes atendidos no circuito COVID nos servizos de urxencias hospitalarias.

Nesta orde, ademais dos factores expresados, para a decisión sobre o mantemento dos niveis de restrición actualmente existentes, decididos de acordo co sistema que se viña aplicando ata o de agora, e para evitar un descenso do nivel de restricións automático pola aplicación dos novos criterios, tense en conta a evolución das taxas de incidencia en cada concello, que debe indicar un claro descenso da incidencia e, en particular, se a aparición de casos novos está dentro do esperado no contexto dos gromos que se estean a desenvolver neles.

En atención ao exposto, tendo en conta o indicado no citado informe da Dirección Xeral de Saúde Pública e logo de escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, acórdase manter no nivel alto de restricións o concello da Illa de Arousa, tal como indican as súas taxas, axustadas mediante a aplicación do factor de corrección baseado no risco de ingreso hospitalario antes expresado.

Os concellos de Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa e Cambados, aínda que as súas taxas axustadas indican un nivel medio, entraron no nivel alto o día 9 de xullo e un dos criterios que se vén mantendo ao longo da pandemia é que, unha vez que un concello entra nun determinado nivel, para desescalar cara a un nivel inferior é preceptivo que se asegure que a evolución positiva da súa situación epidemiolóxica estea consolidada. Isto tradúcese en que debe continuar coas taxas do nivel inferior polo menos durante 10-15 días. Por outra banda, a razón de taxas a 7 días (relación da taxa actual respecto á taxa de hai 7 días) está por riba do 1, o que está a indicar que aínda se están a xerar novos casos, polo que é necesario mantelo neste nivel alto para observar a evolución da súa incidencia.

Ascenden ao nivel alto de restricións os concellos de Barbadás, O Barco de Valdeorras e Ourense, actualmente no nivel medio de restricións, segundo indican as súas taxas axustadas.

Por outra banda, mantéñense no nivel medio de restricións os concellos de Ribadavia (aínda que a súa taxa axustada a 14 días indica un nivel alto, debido a que os casos deste concello se están a dar entre os contactos dun gromo inicial, e a súa razón de taxas a 7 días está por debaixo do 1, o que indica que non se están a xerar novos casos, pero é pre-



ciso mantelo no nivel en que se encontra para observar a súa evolución); Poio (aínda que a súa taxa axustada a 7 días indica un nivel alto, dado que se considera que se debe manter en vixilancia para comprobar que a tendencia á alza nos últimos 7 días se consolida); así como os concellos de Culleredo, Caldas de Reis, Marín, Pontevedra, Redondela e Salceda de Caselas (aínda que as súas taxas axustadas indicarían o nivel medio-baixo, debido a que a razón de taxas a 7 días está por riba do 1, polo que hai que esperar para observar a evolución da súa situación epidemiolóxica e mantelos en vixilancia).

Ascenden ao nivel medio de restricións os concellos de Boiro, A Pobra do Caramiñal, Porto do Son, O Carballiño e Vigo, tal como indican as súas taxas axustadas a 7 e/ou 14 días.

O Concello de Sanxenxo ten unha situación particular, xa que a súa situación epidemiolóxica, que anteriormente estaba nun nivel medio baixo polas súas taxas a 7 e a 14 días, experimentou un ascenso brusco que se reflicte, loxicamente, na súa taxa a 7 días pero non a 14 días. A taxa deste concello a 7 días é similar á súa taxa a 14 días, o que supón que a maior parte dos casos son moi recentes e, polo tanto, non é posible que os técnicos que realizan o estudo de casos e gromos determinen o risco real deste ascenso nin as características dos casos nin o seu risco de extensión ou evolución a curto prazo. Decidiuse, polo tanto, aplicar o nivel medio de restricións e manter este concello baixo estrita vixilancia ata poder realizar a avaliación destes factores.

Finalmente, descende ao nivel medio de restricións o concello de Sarria, tal como indica a súa taxa axustada a 14 días.

O resto dos concellos de Galicia encóntrase no nivel medio-baixo de restricións con base nos criterios epidemiolóxicos aplicados.

A eficacia desta orde comezará ás 00.00 horas do día 17 de xullo de 2021 e estenderase durante o período en que se manteña a eficacia da Orde do 25 de xuño de 2021, sen prexuízo do seguimento e da avaliación continua a que está sometida co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

III

As medidas que se adoptan nesta orde teñen o seu fundamento normativo no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 a 38.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.



Conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para adoptar as medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica existente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, coa urxencia que a protección da saúde pública demanda.

Na súa virtude, en aplicación do punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. Modificación da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia

Un. Modifícase o punto cuarto da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado como segue:

«Cuarto. Recomendacións relativas á permanencia de grupos de persoas en espazos públicos ou privados

No territorio dos concellos indicados nas letras B, C e D do anexo II recoméndase que os grupos non superen as seis persoas, como máximo, en espazos pechados, e as dez persoas, como máximo, en espazos abertos ou ao aire libre, sexan de uso público ou privado, agás que se trate de conviventes».

Dous. Modifícase o número un do punto 3.15 do anexo I da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado como segue:

«3.15. Actividade deportiva.

1. A realización da actividade física e deportiva non federada axustarase ás seguintes regras, en función dos datos epidemiolóxicos existentes nos correspondentes concellos:



a) Nos concellos enumerados na letra A do anexo II da presente orde, a práctica da actividade física e deportiva non federada só se poderá realizar ao aire libre ou en instalacións deportivas ao aire libre, de forma individual ou con persoas conviventes, e coa utilización de máscara de acordo co disposto no punto 1.4 do anexo I da presente orde.

b) Nos concellos enumerados nas letras B e C do anexo II da presente orde, a práctica da actividade física e deportiva non federada, ao aire libre, poderá realizarse de forma individual ou colectiva, coa utilización de máscara, de acordo co disposto no punto 1.4 do anexo I da presente orde. No caso da práctica de forma colectiva, recoméndase que os grupos non superen as dez persoas como máximo de forma simultánea, sexan ou non conviventes, sen contar, de ser o caso, o monitor.

Nas instalacións e nos centros deportivos pechados poderase realizar actividade deportiva en grupos de ata seis persoas, sexan ou non conviventes, sen contar o monitor, coa utilización de máscara e sempre que non se supere o cincuenta por cento da capacidade máxima permitida. Deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade.

Tamén se permite o uso deportivo das piscinas ao aire libre ou cubertas, cunha ocupación máxima do 50 %.

c) Nos concellos enumerados na letra D do anexo II, a práctica da actividade física e deportiva non federada, ao aire libre, poderá realizarse de forma individual ou colectiva, e coa utilización de máscara, de acordo co disposto no punto 1.4 do anexo I da presente orde. No caso da práctica de forma colectiva, recoméndase que os grupos non superen as dez persoas como máximo de forma simultánea, sexan ou non conviventes, sen contar, de ser o caso, o monitor.

No caso da práctica da actividade física e deportiva non federada nas instalacións e nos centros deportivos pechados, poderase realizar en grupos de ata seis persoas, sexan ou non conviventes, sen contar o monitor, coa utilización de máscara e sempre que non se supere o setenta e cinco por cento da capacidade máxima permitida. Deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade.

Tamén se permite o uso deportivo das piscinas ao aire libre ou cubertas cunha ocupación máxima do 75 %».



Tres. Modifícase o número 1 do punto 3.22 do anexo I da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado como segue:

«3.22. Hostalaría e restauración.

1. A prestación de servizos de hostalaría e restauración en bares, cafeterías e restaurantes axustarase ás seguintes regras, en función dos datos epidemiolóxicos existentes nos correspondentes concellos:

a) Nos concellos enumerados na letra A do anexo II da presente orde, os citados establecementos permanecerán pechados ao público e poderán prestar exclusivamente servizos de recollida no local e de consumo a domicilio ata as 22.30 horas, ou ben servizo de entrega a domicilio. O servizo de entrega a domicilio poderá realizarse ata as 24.00 horas.

A permanencia nestes establecementos deberá ser a estritamente necesaria. En todo caso, evitanse aglomeracións e controlárase que os consumidores e empregados manteñan a distancia de seguridade establecida co fin de evitar posibles contaxios.

b) Nos concellos enumerados na letra B do anexo II da presente orde, os establecementos poderán prestar unicamente servizos de recollida no local e de consumo a domicilio, de entrega a domicilio e, así mesmo, de terraza co cincuenta por cento da capacidade máxima permitida con base na correspondente licenza municipal ou do que sexa autorizado para este ano, no caso de que a licenza sexa concedida por primeira vez.

En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia de seguridade interpersonal entre as mesas ou, de ser o caso, as agrupacións de mesas, e a ocupación máxima será de dez persoas por mesa ou agrupación de mesas.

O horario de peche ao público será ás 23.00 horas. Os establecementos que utilicen a opción de ampliar o seu horario ata as 1.00 horas deberán cumprir os requisitos que se determinan para este caso no número 2 deste punto e nas medidas aprobadas pola consellería competente en materia de sanidade no marco do Plan de hostalaría segura, e sen que se poidan admitir novos clientes a partir das 00.00 horas.

Os establecementos poderán prestar servizos de recollida no local e de consumo a domicilio ou ben servizo de entrega a domicilio ata as 1.00 horas. Neste caso, a permanencia



nestes establecementos deberá ser a estritamente necesaria. En todo caso, evítanse aglomeracións e controlárase que consumidores e empregados manteñan a distancia de seguridade establecida co fin de evitar posibles contaxios.

c) Nos concellos enumerados na letra C do anexo II da presente orde, os establecementos poderán prestar servizos de recollida no local e de consumo a domicilio, de entrega a domicilio, de terraza co cincuenta por cento da capacidade máxima permitida con base na correspondente licenza municipal ou do que sexa autorizado para este ano, no caso de que a licenza sexa concedida por primeira vez, e tamén de servizo no interior cunha ocupación do 30 %. Non se poderá prestar servizo na barra.

En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia de seguridade interpersoal entre as mesas ou, de ser o caso, as agrupacións de mesas, e a ocupación máxima será de seis persoas no interior e dez persoas na terraza, por mesa ou agrupación de mesas.

O horario de peche ao público será ás 23.00 horas. Os establecementos que utilicen a opción de ampliar o seu horario ata as 1.00 horas deberán cumprir os requisitos que se determinan para este caso no número 2 deste punto e nas medidas aprobadas pola consellería competente en materia de sanidade no marco do Plan de hostalaría segura, e sen que se poidan admitir novos clientes a partir das 00.00 horas.

Os establecementos poderán prestar servizos de recollida no local e de consumo a domicilio ou ben servizo de entrega a domicilio ata as 1.00 horas. Neste caso, a permanencia nestes establecementos deberá ser a estritamente necesaria. En todo caso, evítanse aglomeracións e controlárase que os consumidores e empregados manteñan a distancia de seguridade establecida co fin de evitar posibles contaxios.

d) Nos concellos enumerados na letra D do anexo II da presente orde, os establecementos poderán prestar servizos de recollida no local e de consumo a domicilio, de entrega a domicilio, de terraza co cen por cento da capacidade máxima permitida con base na correspondente licenza municipal ou do que sexa autorizado para este ano, no caso de que a licenza sexa concedida por primeira vez, e tamén de servizo no interior cunha ocupación do 50 %. Só se poderá utilizar a barra para solicitar e recoller consumicións por parte das persoas usuarias, pero non para realizar o consumo nela.

En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia de seguridade interpersoal entre as mesas ou, de ser o caso, as agrupacións de mesas, e a ocupación



máxima será de seis persoas no interior e dez persoas na terraza, por mesa ou agrupación de mesas.

O horario de peche ao público será ás 23.00 horas. Os establecementos que utilicen a opción de ampliar o seu horario ata as 1.00 horas deberán cumprir os requisitos que se determinan para este caso no número 2 deste punto e nas medidas aprobadas pola consellería competente en materia de sanidade no marco do Plan de hostalaría segura, e sen que se poidan admitir novos clientes a partir das 00.00 horas.

Os establecementos poderán prestar servizos de recollida no local e de consumo a domicilio ou ben servizo de entrega a domicilio ata as 1.00 horas. Neste caso, a permanencia nestes establecementos deberá ser a estritamente necesaria. En todo caso, evitanse aglomeracións e controlarase que consumidores e empregados manteñan a distancia de seguridade establecida co fin de evitar posibles contaxios».

Catro. Modifícase o número 4 do punto 3.22 do anexo I da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado como segue:

«4. Os servizos de cafetería, bar e restaurante dos centros sanitarios ou de traballo non poderán superar o cincuenta por cento da súa capacidade. O consumo dentro do local poderá realizarse unicamente sentado na mesa ou nas agrupacións de mesas e deberase asegurar o mantemento da debida distancia de seguridade interpersoal entre clientes. A ocupación máxima será de seis persoas no interior e dez persoas na terraza, por mesa ou agrupación de mesas.

Nos concellos enumerados nas letras A e B do anexo II da presente orde, estes establecementos de restauración deberán limitar a súa actividade, nas condicións establecidas no número anterior, aos traballadores destes ou, no caso dos centros sanitarios, tamén a acompañantes de doentes. Nos concellos enumerados na letra A do anexo II, as persoas da mesa deberán ser todas conviventes ou persoas traballadoras que formen un grupo de convivencia estable dentro do centro de traballo.

No caso de establecementos de hostalaría situados en centros educativos, aplicaranse as regras previstas nos parágrafos precedentes.

Estas regras non serán aplicables aos comedores escolares, que se rexerán pola súa normativa específica».



Cinco. Modifícase o punto 3.25 do anexo I da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado como segue:

«3.25. Centros de lecer infantil.

Enténdese por centros de lecer infantil os establecementos abertos ao público que se destinen a ofrecer xogos e atraccións recreativas deseñados especificamente para público de idade igual ou inferior a 12 anos, os espazos de xogo e entretemento, así como á celebración de festas infantís.

Estes centros cumprirán o protocolo aprobado pola Orde do 30 de xuño de 2020 pola que se restablece a actividade dos centros de lecer infantil e se aproba o Protocolo en materia de lecer infantil para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, coas especialidades que a seguir se establecen:

a) Nos concellos indicados nas letras A e B do anexo II non se poderán desenvolver actividades no interior dos centros de lecer. Aqueles establecementos que dispoñan de terraza ou xardín exterior poderán utilizala para actividades dirixidas e obradoiros, cunha capacidade máxima do 50 %, e en grupos dun máximo de dez nenos/nenas por grupo.

Os nenos/as dun grupo non poderán interactuar cos que integren outros grupos.

b) Nos concellos indicados nas letras C e D do anexo II, os centros de lecer infantil poderán desenvolver a súa actividade cunha capacidade máxima do 75 % e unha ratio dun monitor por cada dez participantes.

Os grupos serán de dez nenos/nenas nas actividades no exterior e de seis no interior.

Os nenos/as dun grupo non poderán interactuar cos que integren outros grupos».

Seis. Modifícase o número 3 do punto 3.27 do anexo I da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado como segue:

«3. A situación dos obxectos persoais, toallas, hamacas e elementos similares nas zonas de estadia das piscinas e praias levarase a cabo de forma que se poida manter



a distancia de seguridade interpersonal con respecto a outros usuarios. Así mesmo, recoméndase que os grupos non superen as dez persoas, excepto no caso de persoas conviventes».

Sete. Modifícase o número III.2.3.1 do punto 4.1 do anexo I da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado como segue:

«III.2.3.1. Parques de atraccións e temáticos.

Nos concellos enumerados nas letras A e B do anexo II, os parques de atraccións e temáticos permanecerán pechados.

Nos concellos enumerados nas letras C e D do anexo II poderán desenvolver a súa actividade cunha capacidade do 50 % respecto da súa capacidade máxima. Estableceranse os oportunos mecanismos de control de acceso, tanto nas entradas e saídas do recinto como nos accesos ás distintas atraccións, de xeito que se eviten aglomeracións e se manteña obrigatoriamente a distancia de seguridade interpersonal de 1,5 metros.

Así mesmo, recoméndase que os grupos non superen as dez persoas, excepto no caso de persoas conviventes.

A entidade titular da instalación intensificará a limpeza e a desinfección dos elementos de uso compartido.

Aqueles establecementos que ofrezan servizos de hostalaría ou restauración nas súas instalacións observarán as regras establecidas no punto 3.22 do anexo I para este tipo de servizos.

O uso da máscara rexerese polo establecido no punto 1.4.

Respecto do uso de vestiarios e aseos en todas as instalacións, poderase utilizar o 100 % naqueles que dispoñan de cabinas ou o 50 %, se non dispoñen delas».

Oito. Modifícase o parágrafo terceiro do número III.2.3.2 do punto 4.1 do anexo I da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas



como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado como segue:

«3. A situación dos obxectos persoais, toallas, hamacas e elementos similares nas zonas de estadía e espazos comúns levarase a cabo de forma que se poida manter a distancia de seguridade interpersoal con respecto a outros usuarios. Así mesmo, recoméndase que os grupos non superen as dez persoas, excepto no caso de persoas conviventes».

Nove. Modificación da letra c) do parágrafo 2 do número III.2.7 do punto 4.1 do anexo I da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactada como segue:

«c) Deberá manterse a debida distancia de seguridade interpersoal de acordo co establecido no punto 1.3 e evitar, en particular, a formación de aglomeracións. Así mesmo, deberá manterse a distancia de seguridade de 1,5 metros nas mesas ou, de ser o caso, nas agrupacións de mesas. A ocupación máxima será de seis persoas no interior e dez persoas na terraza, por mesa ou agrupación de mesas.(...)».

Dez. Modificación da letra j) do parágrafo 2 do número III.2.7 do punto 4.1 do anexo I da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactada como segue:

«j) O acceso aos locais requirirá da presentación dun certificado emitido polo servizo público de saúde ou, no caso do ordinal 2º, por un laboratorio oficial autorizado, que acredite a concorrencia de calquera das seguintes circunstancias:

1º. Que recibiron a pauta completa dunha vacina contra a COVID-19 para a cal se concedeu unha autorización de comercialización de conformidade co Regulamento (CE) nº 726/2004, e sempre que transcorresen, polo menos, 14 días desde a última dose desta.

2º. Que dispoñen dunha proba diagnóstica de infección activa (PDIA) negativa. No caso dos tests rápidos de antíxenos, deberán estar enumerados na lista común e actualizada de tests rápidos de antíxenos da COVID-19 establecida sobre a base da Recomendación 2021/ C 24/01, do Consello de Europa. A proba debe ser realizada nas últimas 72 horas anteriores.

3º. Que o titular se recuperou dunha infección polo SARS-CoV-2 diagnosticada e está no período comprendido entre o día 11 e o 180, ambos incluídos, despois da PDIA positiva.



Así mesmo, para acreditar a circunstancia do ordinal 2º, ademais da presentación dun certificado, admitirase a exhibición da comunicación remitida polo servizo público de saúde do resultado negativo da PDIA realizada nas 72 horas anteriores.

Para os efectos do establecido neste punto, a exhibición da información a que se refire este só poderá ser solicitada no momento de acceso. Non se conservarán estes datos nin se crearán ficheiros con eles».

Once. Modificación do punto 4.6 do anexo I da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado como segue:

«4.6 Mantense nos concellos enumerados nas letras A, B e C do anexo II o peche das actividades de festas, verbenas e outros eventos populares.

Nos concellos enumerados na letra D do anexo II poderanse realizar festas, verbenas e eventos populares.

4.6.1. No caso de que nestas actividades se organicen espectáculos musicais ao aire libre, fóra de recintos pechados especificamente habilitados para o efecto, as medidas xerais aplicables serán as seguintes:

a) Deberán realizarse en espazos acoutados, sectorizados, perfectamente delimitados e pechados, aos cales unicamente se poida acceder polos accesos autorizados.

b) Cada sector contará cunha capacidade máxima de 500 asistentes e esta estará repartida homoxeneamente.

c) O número máximo de asistentes fixarase en función da situación epidemiolóxica segundo os límites establecidos nos correspondentes protocolos de espectáculos musicais ao aire libre.

d) Na zona de público non están permitidas as carpas con lonas laterais que impidan a ventilación natural.

e) Pódese bailar, sempre con máscara.

f) Poderá preverse o servizo de comida e bebidas se se realiza en espazos habilitados (que cumpriran as normas de hostalaría e restauración), debidamente dimensionados para o público que reciban. O consumo realizarase fóra da zona de baile. Os organizadores to-



marán as precaucións oportunas para evitar a formación de aglomeracións. Os asistentes só poderán quitar a máscara para o momento específico do consumo.

h) Non está permitido fumar, consumir outros produtos do tabaco nin consumir cigarros electrónicos na área de público.

i) A venda/reserva de entradas, de ser o caso, será por adiantado, con rexistro previo dos asistentes.

Para o resto das medidas específicas serán de aplicación os protocolos de espectáculos musicais ao aire libre, accesibles no seguinte enderezo:

<https://coronavirus.sergas.es/Contidos/Espectaculos-musicais-aire-libre>

4.6.2. A celebración de romarías, desfiles, exhibicións de música ou baile, ou actividades similares en espazos abertos e con acompañamento de público na vía pública deberá desenvolverse nas condicións que deberá determinar a autoridade municipal correspondente. Nestes casos, con carácter previo á celebración, delimitarase o espazo ou o itinerario. Procurarase manter a distancia de seguridade interpersoal entre os participantes entre si e co público asistente, e o uso de máscara será obrigatorio para os participantes e para o público asistente».

Doce. Modifícase o anexo II da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado segundo o anexo desta orde.

Segundo. Modificación da Orde do 1 de xullo de 2021 pola que se aproba o Protocolo para a reactivación do lecer nocturno no marco da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19.

Un. Modifícase o punto 4.1 da Orde do 1 de xullo de 2021 pola que se aproba o Protocolo para a reactivación do lecer nocturno no marco da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, que queda redactado como segue:

«4.1. Nivel epidemiolóxico.

Os establecementos de lecer nocturno poderán desenvolver a súa actividade nos concellos con nivel de restrición medio ou medio-baixo recollidos nas letras C e D do anexo II da Orde pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, vixente en cada momento.



O acceso aos establecementos de lecer nocturno requirirá da presentación dun certificado emitido polo servizo público de saúde ou, no caso do ordinal 2º, por un laboratorio oficial autorizado, que acredite a concorrencia de calquera das seguintes circunstancias:

1º. Que recibiron a pauta completa dunha vacina contra a COVID-19 para a cal se concedeu unha autorización de comercialización de conformidade co Regulamento (CE) nº 726/2004, e sempre que transcorresen, polo menos, 14 días desde a última dose desta.

2º. Que dispoñen dunha proba diagnóstica de infección activa (PDIA) negativa. No caso dos tests rápidos de antíxenos, deberán estar enumerados na lista común e actualizada de tests rápidos de antíxenos da COVID-19 establecida sobre a base da Recomendación 2021/ C 24/01, do Consello de Europa. A proba debe ser realizada nas últimas 72 horas anteriores.

3º. Que o titular se recuperou dunha infección polo SARS-CoV-2 diagnosticada e está no período comprendido entre o día 11 e o 180, ambos incluídos, despois da PDIA positiva.

Así mesmo, para acreditar a circunstancia do ordinal 2º, ademais da presentación dun certificado, admitirase a exhibición da comunicación remitida polo servizo público de saúde do resultado negativo da PDIA realizada nas 72 horas anteriores.

Para os efectos do establecido neste punto, a exhibición da información a que se refire este só poderá ser solicitada no momento de acceso. Non se conservarán estes datos nin se crearán ficheiros con eles».

Dous. Modifícase o punto 4.3.2 a Orde do 1 de xullo de 2021 pola que se aproba o Protocolo para a reactivación do lecer nocturno no marco da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, que queda redactado como segue:

«4.3.2. Límite de capacidade.

A capacidade dependerá da capacidade do local e do nivel epidemiolóxico do concello, e establécese un máximo de 1.000 persoas.

A distribución da capacidade será homoxénea entre diferentes estancias e andares, se existen, e respectaranse, ademais, os límites nas agrupacións de persoas e a separación de seguridade de, polo menos, 1,5 metros.



O número de persoas no interior do establecemento non poderá superar o 50 % da súa capacidade.

Nas terrazas ao aire libre destes establecementos poderán ocuparse ao 100 % as mesas permitidas no ano inmediatamente anterior con base na correspondente licenza municipal ou o que sexa autorizado para este ano, no caso de que a licenza sexa concedida por primeira vez.

Considerarase terraza ao aire libre todo espazo exterior ao local non cuberto ou todo espazo que, estando cuberto, estea rodeado lateralmente por un máximo de dúas paredes, muros ou paramentos. O consumo nas terrazas deberá realizarse sentado e facendo uso das mesas dispoñibles. En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia de seguridade interpersoal entre as mesas ou, se é o caso, agrupacións de mesas.

A ocupación máxima será de 6 persoas no interior e dez persoas na terraza, por mesa ou agrupación de mesas.

No caso de existir zona de baile, permitirase o seu uso cunha ocupación que en ningún caso será superior á que resulte da asignación de dous metros cadrados da pista por cada usuario.

Non se permite o consumo na barra, aínda que si o servizo aos clientes a través desta, respectando as distancias de seguridade e impedindo a formación de aglomeracións.

A ocupación máxima para o uso dos aseos será dunha persoa para espazos de ata 4 metros cadrados, salvo naqueles supostos de persoas que poidan precisar asistencia. Nese caso, tamén se permitirá a utilización por parte do seu acompañante. Para aseos de máis de catro metros cadrados que contén con máis dunha cabina ou urinario, a ocupación máxima será do 50 % do número de cabinas e urinarios que teña a estancia e deberá manterse durante o seu uso a distancia de seguridade interpersoal. Deberanse establecer sistemas para controlar a afluencia dos clientes a esa zona.

Para a determinación das capacidades interiores e exteriores do establecemento, a persoa responsable deberá computar a superficie destinada aos usuarios, en metros cadrados, excluídos deste cómputo os metros correspondentes aos aseos, á barra e á zona interior da barra, almacéns, gardarroupas, cociñas e outras superficies onde non pode acceder o cliente».



Terceiro. Eficacia

1. As medidas previstas nesta orde terán efectos desde as 00.00 horas do día 17 de xullo. Porén, o establecido no número dez do punto primeiro desta orde, en canto ao acceso aos establecementos de lecer nocturno, terá efectos a partir das 00.00 horas do día 21 de xullo para os concellos enumerados na letra D do anexo II.

2. No caso das celebracións e eventos en establecementos de restauración para os días 17 e 18 de xullo, que xa estivesen concertados antes do día 15 de xullo, nos concellos que soben o seu nivel de restricións, non serán aplicables as limitacións que sexan consecuencia da referida elevación de nivel, ben que estas celebracións e eventos deberán ser comunicados polos titulares dos establecementos á correspondente xefatura territorial da Consellería de Sanidade para que se poidan adoptar as medidas ou efectuar as recomendacións pertinentes.

3. En cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas previstas nesta orde serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser prorrogadas, modificadas ou levantadas por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 2021

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade

ANEXO

ANEXO II

A) Concellos con nivel de restrición máxima.

...

B) Concellos con nivel de restrición alta.

Illa de Arousa (A)

Barbadás

Barco de Valdeorras (O)



Cambados
Ourense
Vilagarcía de Arousa
Vilanova de Arousa

C) Concellos con nivel de restrición media.

Boiro
Caldas de Reis
Carballiño (O)
Culleredo
Marín
Pobra do Caramiñal (A)
Poio
Porto do Son
Pontevedra
Redondela
Ribadavia
Salceda de Caselas
Sanxenxo
Sarria
Vigo

D) Concellos con nivel de restrición media-baixa.

Abadín
Abegondo
Agolada
Alfoz
Allariz
Ames
Amoeiro
Antas de Ulla
Aranga
Arbo
Ares
Arnoia (A)
Arteixo



Arzúa
Avión
Baiona
Baleira
Baltar
Bande
Baña (A)
Baños de Molgas
Baralla
Barreiros
Barro
Beade
Beariz
Becerreá
Begonte
Bergondo
Betanzos
Blancos (Os)
Boborás
Bola (A)
Bolo (O)
Bóveda
Boimorto
Boqueixón
Brión
Bueu
Burela
Cabana de Bergantiños
Cabanas
Calvos de Randín
Camariñas
Cambre
Campo Lameiro
Cangas
Cañiza (A)
Capela (A)
Carballada de Avia



Carballeda de Valdeorras
Carballedo
Carballo
Cariño
Carnota
Carral
Cartelle
Castrelo de Miño
Castrelo do Val
Castro Caldelas
Castro de Rei
Castroverde
Catoira
Cedeira
Cee
Celanova
Cenlle
Cereda
Cerdedo-Cotobade
Cerdido
Cervantes
Cervo
Chandrexa de Queixa
Chantada
Coirós
Coles
Corcubión
Corgo (O)
Coristanco
Cortegada
Coruña (A)
Cospeito
Covelo
Crecente
Cualedro
Cuntis
Curtis



Dodro
Dozón
Dumbría
Entrimo
Esgos
Estrada (A)
Fene
Ferrol
Fisterra
Folgozo do Courel
Fonsagrada (A)
Forcarei
Fornelos de Montes
Foz
Frades
Friol
Gondomar
Gomesende
Grove (O)
Guarda (A)
Gudiña (A)
Guitiriz
Guntín
Incio (O)
Irixo (O)
Irixoa
Lalín
Lama (A)
Láncara
Laracha (A)
Larouco
Laxe
Laza
Leiro
Lobeira
Lobios
Lourenzá



Lousame
Lugo
Maceda
Malpica de Bergantiños
Manzaneda
Mañón
Maside
Mazaricos
Meaño
Meira
Meis
Melide
Melón
Merca (A)
Mesía
Mezquita (A)
Miño
Moaña
Moeche
Mondariz-Balneario
Mondariz
Mondoñedo
Monfero
Monforte de Lemos
Montederramo
Monterrei
Monterroso
Moraña
Mos
Mugardos
Muiños
Muras
Muros
Muxía
Narón
Navia de Suarna
Neda



Negreira
Negueira de Muñiz
Neves (As)
Nigrán
Noia
Nogais (As)
Nogueira de Ramuín
Oia
Oímbra
Oleiros
Ordes
Oroso
Ortigueira
Ouro
Outeiro de Rei
Outes
Oza-Cesuras
Paderne de Allariz
Paderne
Padrenda
Padrón
Palas de Rei
Pantón
Parada de Sil
Paradela
Páramo (O)
Pastoriza (A)
Pazos de Borbén
Pedrafita do Cebreiro
Pereiro de Aguiar (O)
Peroxa (A)
Petín
Pino (O)
Piñor
Pobra de Trives (A)
Pobra do Brollón (A)
Pol



Ponteareas
Ponte Caldelas
Pontecesures
Ponteceso
Pontedeume
Pontedeva
Pontenova (A)
Pontes de García Rodríguez (As)
Porqueira
Porriño (O)
Portas
Portomarín
Punxín
Quintela de Leirado
Quiroga
Rábade
Rairiz de Veiga
Ramirás
Rianxo
Ribadeo
Ribadumia
Ribas de Sil
Ribeira
Ribeira de Piquín
Riós
Riotorto
Rodeiro
Rois
Rosal (O)
Rúa (A)
Rubiá
Sada
Salvaterra de Miño
Samos
San Amaro
San Cibrao das Viñas
San Cristovo de Cea



San Sadurniño
Santiso
San Xoán de Río
Sandiás
Santa Comba
Santiago de Compostela
Sarreaus
Saviñao (O)
Silleda
Sober
Sobrado
Somozas (As)
Soutomaior
Taboada
Taboadela
Teixeira (A)
Teo
Toén
Tomiño
Toques
Tordoia
Touro
Trabada
Trasmiras
Trazo
Triacastela
Tui
Val do Dubra
Valadouro (O)
Valdoviño
Valga
Vedra
Veiga (A)
Verea
Verín
Viana do Bolo
Vicedo (O)



Vilaboa
Vila de Cruces
Vilalba
Vilamarín
Vilamartín de Valdeorras
Vilar de Barrio
Vilar de Santos
Vilardevós
Vilariño de Conso
Vilarmaior
Vilasantar
Vimianzo
Viveiro
Xermade
Xinzo de Limia
Xove
Xunqueira de Ambía
Xunqueira de Espadanedo
Zas



I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

CORRECCIÓN DE ERROS. Orde do 8 de xullo de 2021 pola que se prorroga a eficacia e se modifica a Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e pola que se modifica a Orde do 1 de xullo de 2021, pola que se aproba o Protocolo para a reactivación do lecer nocturno no marco da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19.

Advertidos erros no *Diario Oficial de Galicia* número 129 bis, do xoves 8 de xullo de 2021, cómpre facer as seguintes correccións:

Nas páxinas 34981 e 34982, onde di:

«5. Os espectáculos musicais ao aire libre con público sentado, cuxo número de asistentes sexa inferior a mil persoas, rexeranse polo disposto no número 1.

Unicamente se poderán celebrar espectáculos musicais ao aire libre con público de pé ou ben con público sentado cando, neste último suposto, o número de asistentes sexa superior a mil persoas, nos concellos enumerados na letra D do anexo II, sempre e cando o mesmo día do evento as taxas de incidencia acumulada a 7 e 14 días na Comunidade Autónoma de Galicia sexan menores a 75 e 150 casos por cada 100.000 habitantes respectivamente.

A estes espectáculos musicais ao aire libre seranlles de aplicación os protocolos publicados no seguinte enderezo electrónico: <https://coronavirus.sergas.gal/Contidos/Espectaculos-musicais-aire-libre>».

Debe dicir:

«5. Aos espectáculos musicais ao aire libre con público sentado ou con público de pé seranlles de aplicación os protocolos publicados no seguinte enderezo electrónico: <https://coronavirus.sergas.gal/Contidos/Espectaculos-musicais-aire-libre>».



I. DISPOSICIÓN XERAIS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

ORDE do 8 de xullo de 2021 pola que se prorroga a eficacia e se modifica a Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e pola que se modifica a Orde do 1 de xullo de 2021, pola que se aproba o Protocolo para a reactivación do lecer nocturno no marco da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19.

I

A evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia fai necesario que as autoridades sanitarias autonómicas sigan adoptando determinadas medidas de prevención orientadas a conter a propagación da infección e dirixidas a facer fronte á crise sanitaria derivada da COVID-19.

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto dese acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Con esta finalidade poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade. Establécese, ademais, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de conformidade coa normativa aplicable e en vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación

CVE-DOG: 4y0fxp4-wgm4-5cx4-7vg4-axyjhh2309e4



quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou en parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e que modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación das medidas concretas contidas no anexo do citado acordo.

Con base no disposto no citado punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020 adóptanse, mediante Orde do 25 de xuño de 2021, unha serie de medidas que teñen por obxecto regular distintas actividades coa finalidade de que se poidan desenvolver en condicións de seguridade, minimizando ao máximo o risco de contaxio e a propagación da enfermidade. Estas medidas específicas tradúcense, en moitos casos, no establecemento de capacidades máximas e na regulación destas, xa que se demostrou que para lograr o fin proposto resulta imprescindible evitar as aglomeracións e garantir o mantemento en todo momento da distancia de seguridade, reducindo o contacto físico ou a proximidade en condicións favorecedoras do contaxio. A eficacia da dita orde, que foi modificada mediante a Orde do 1 de xullo de 2021, esténdese ata as 00.00 horas do día 10 de xullo de 2021. A evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma exige prorrogar aquela, así como modificarlle determinados aspectos coa finalidade de adaptar as medidas contidas nela á realidade actual.

Modifícase tamén a Orde do 1 de xullo de 2021, pola que se aproba o Protocolo para a reactivación do lecer nocturno no marco da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, coa finalidade de adaptala aos cambios introducidos mediante a presente orde na Orde do 25 de xuño.

II

De conformidade co exposto, salientase que a adopción das medidas contidas nesta orde vén determinada pola evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria da Comunidade Autónoma. Así resulta do informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 7 de xullo de 2021, do cal se destacan os seguintes datos:

O número reprodutivo instantáneo (R_t), que indica o número de contaxios orixinados por un caso activo, está a aumentar en Galicia, está preto do 1,4, o que indica un aumento na transmisión da infección. Está por riba do 1 en todas as áreas sanitarias, as que o teñen máis elevado son Ourense, Santiago, Pontevedra e Vigo.

Do total de concellos de Galicia, 124 non notificaron casos nos últimos 14 días. O número de concellos sen casos nos últimos 7 días foi de 143. Isto supón un descenso nos



concellos sen casos en 42 concellos a 14 días e en 59 concellos a 7 días desde hai unha semana, que eran de 166 e 202, a 14 e 7 días.

Entre o 25 de xuño e o 1 de xullo realizáronse 36.938 probas diagnósticas de infección activa polo virus SARS-CoV-2 (25.658 PCR e 11.280 tests de antíxenos) cunha porcentaxe de positividade a 7 días do 3,84 %, o que supón un aumento do 53 % a respecto do período comprendido entre o 18 e o 24 de xuño, que era do 2,51 %.

A incidencia acumulada a 7 e 14 días é de 59 e 91 casos por 100.000 habitantes, respectivamente. Estes valores son superiores aos observados hai unha semana, na cal os valores eran de 32 e 53 casos por 100.000 habitantes, respectivamente (aumento do 84 % a 7 días e do 72 % a 14 días. Igualmente, hai un aumento do 7 % a 7 e 14 días a respecto do informe de onte, en que era de 55 e 85, respectivamente).

No que se refire á situación das áreas sanitarias, as taxas a 14 días están entre os 47,91 casos por 100.000 habitantes de Ferrol e os 174,82 de Pontevedra. As taxas de incidencia a 14 días seguen a aumentar a respecto de hai 7 días. Hai dúas áreas (Pontevedra e Ourense) con taxas a 14 días con valores iguais ou superiores aos 100 casos por 100.000 habitantes. Pontevedra, igualmente, presenta unha taxa a 7 días superior aos 100 casos por 100.000 habitantes.

No que respecta á hospitalización dos casos COVID-19, a media de pacientes COVID-19 en hospitalización de agudos nos últimos 7 días foi de 43,4, o que significa un descenso do -30,5 % con respecto á de hai 7 días. A taxa de pacientes COVID-19 en hospitalización de agudos é de 1,6 ingresados por 100.000 habitantes, cun descenso, tamén, do -30,5 % con respecto á de hai 7 días. En canto aos ingresos COVID-19 nas unidades de críticos (UCI) nos últimos 7 días, a media foi de 10,4 e a taxa a 7 días de ingresados nas UCI é de 0,4 ingresados por 100.000 habitantes, o que supón un descenso do -7,6 % con respecto á de hai 7 días, tanto na media como na taxa.

En canto á situación epidemiolóxica nos concellos de Galicia, naqueles con poboación igual ou maior de 10.000 habitantes (54), 3 presentan unha taxa de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por 100.000 habitantes e existe ademais un concello (Sarría) que supera os 500 casos por 100.000 habitantes. No que se refire aos concellos de menos de 10.000 habitantes (259), 8 presentan unha taxa de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por 100.000 habitantes, fronte aos 3 de hai unha semana. Dous deles (Carnota e A Illa de Arousa) presentan unha taxa de incidencia igual ou superior a 500 casos por 100.000 habitantes. Non obstante, o concello de Carnota ten unha taxa a 7



días de 25,6 casos por 100.000 habitantes. No que atinxe ás comarcas, atópanse no nivel alto as de O Salnés, O Ribeiro e Sarria. No nivel medio están as de Pontevedra, Caldas, Ourense, Chantada e Muros.

O informe conclúe que a taxa de incidencia segue a aumentar tanto a 7 como a 14 días. A tendencia amosou un novo cambio cara ao ascenso, cunha porcentaxe de cambio diario do 6,8 %, a partir do 14 de xuño. O R_t no global de Galicia segue por riba do 1.

A información do modelo de predición indica que a incidencia aumentaría tanto a 7 como a 14 días. Como os intervalos de confianza a 7 días seguen a ser amplos, hai que tomala con cautela, posto que, de momento, a incidencia podería ir en varios sentidos, aumento, estabilización ou descenso.

A taxa de incidencia a 14 días, no global de Galicia, está nos 91 casos por 100.000 habitantes. A área sanitaria de Pontevedra está por riba dos 100 casos por 100.000 habitantes, tanto a 7 como a 14 días, e a de Ourense está nos 100 casos por 100.000 habitantes. No que atinxe aos concellos de máis de 10.000 habitantes, hai 3 concellos con taxas de incidencia a 14 días iguais ou superiores a 250 casos por 100.000 habitantes, os de Sarria, Cambados e Vilanova de Arousa. Nos de menos de 10.000 habitantes, hai 8 concellos que superan unha taxa de incidencia de 250 casos por 100.000 habitantes e 2 deles presentan unha taxa a 14 días superior aos 500 casos por 100.000 habitantes.

Neste momento a circulación da cepa alfa está a diminuír, pero están a aparecer outras variantes, especialmente a delta, que ten unha transmisibilidade maior ca a alfa e que pode ser o que estea a influír nun aumento da transmisión.

Cómpre tamén indicar que o criterio utilizado para determinar os niveis de restrición aplicables a cada un dos concellos da Comunidade Autónoma é, ademais do da situación sanitaria, o da taxa de incidencia acumulada segundo os casos por cada 100.000 habitantes, tanto a 14 días como a 7 días; esta última permite reaccionar con maior rapidez e eficacia fronte aos gromos. A análise da situación de cada concello complétase coa consideración de criterios demográficos, pois debe terse en conta que en concellos de escasa poboación poucos casos poden dar lugar a taxas moi elevadas, que deben ser postas no debido contexto. Ademais, os servizos de saúde pública e o Comité e o Subcomité Clínico analizarán as características específicas de cada gromo. Neste sentido, préstase unha especial atención á existencia de gromos non controlados ou de casos sen vínculo epidemiolóxico, así como ao feito de que non se observe unha melloría clara na evolución da situación epidemiolóxica.



En atención ao exposto, tendo en conta o indicado no citado informe da Dirección Xeral de Saúde Pública e logo de escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, acórdase manter o concello de Sarria no nivel alto de restricións xa que, aínda que as súas taxas a 7 e 14 días son propias do nivel máximo, os casos existentes neste concello están asociados a un abrocho relacionado con celebracións e relacións sociais dentro da contorna do grupo.

Pola súa banda, ascenden ao nivel alto de restricións os concellos da Illa de Arousa, Vilanova de Arousa, Cambados e Vilagarcía de Arousa. Así, o concello da Illa de Arousa, que se atopaba ata a entrada en vigor desta orde no nivel medio-baixo, presenta taxas de incidencia acumulada a 7 e 14 días que, aínda que son propias do nivel máximo de restricións, no entanto, os casos existentes pertencen a dous abrochos perfectamente controlados, polo que se considera que as restricións propias do nivel alto son suficientes para controlar a evolución da situación epidemiolóxica. Por outra parte, o concello de Vilanova de Arousa pasa ao nivel alto procedente do medio, e aínda que a súa taxa a 7 días é propia do nivel máximo, considérase preciso observar a evolución da súa situación epidemiolóxica antes de ascendelo ao nivel que indica a súa taxa. O concello de Cambados, actualmente no nivel medio, tamén pasa a nivel alto pola súa taxa a 7 días, xa que hai un incremento dos casos dun 68 % no prazo dunha semana. Finalmente, o concello de Vilagarcía de Arousa, actualmente no nivel medio-baixo, ascende ao nivel alto polas súas taxas a 7 e 14 días. Ten un incremento explosivo de casos a 7 días, cun aumento na súa taxa do 341 %, con casos asociados a diferentes ámbitos e unha irradiación de casos cara aos concellos da súa comarca, a do Salnés, que neste momento se atopa nunha situación epidemiolóxica que se corresponde ao nivel alto, segundo as súas taxas.

Mantéñense no nivel medio de restricións os concellos de Poio e Pontevedra, debido as súas taxas a 7 e 14 días.

Por último, ascenden ao nivel medio de restricións os concellos de Ribadavia, Caldas de Reis, Culleredo, Marín, Salceda de Caselas, Barbadás, Ourense e Redondela.

Polo que atinxe ao concello de Ribadavia, cómpre salientar que aínda que a súa taxa a 7 días é propia do nivel máximo de restricións, considérase suficiente incluílo no nivel medio debido xa que os casos existentes pertencen a un abrocho de ámbito social controlado.

Pola súa banda, o concello de Caldas de Reis presenta unha taxa a 7 días propia do nivel alto, pero debido a que os casos están asociados a abrochos controlados, considé-



rase suficiente aplicarlle as restricións do nivel medio polo de agora para controlar a súa situación epidemiolóxica.

Os concellos de Culleredo, Marín e Salceda de Caselas ascenden a este nivel pola súa taxa a 7 días, dado que existen casos e abrochos en diferentes ámbitos que poden provocar transmisión comunitaria, xa que hai casos en idades novas, que teñen unha maior mobilidade. Finalmente, os concellos de Barbadás, Ourense e Redondela ascenden a este nivel polas súas taxas a 7 e 14 días. Ademais, nos concellos de Ourense e Barbadás dáse unha estreita relación entre ambos, son limítrofes e pertencen á mesma comarca, polo que o aumento da incidencia nun concello inflúe na do outro.

O resto dos concellos de Galicia encóntrase no nivel medio-baixo de restricións con base nos criterios epidemiolóxicos aplicados.

A eficacia desta orde comezará ás 00.00 horas do día 10 de xullo de 2021 e estenderase durante o período en que se manteña a eficacia da Orde do 25 de xuño de 2021, o cal modifica, sen prexuízo do seguimento e da avaliación continua a que está sometida co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

III

As medidas que se adoptan nesta orde teñen o seu fundamento normativo no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 a 38.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para adoptar as medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica existente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, coa urxencia que a protección da saúde pública demanda.

Na súa virtude, en aplicación do punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,



DISPOÑO:

Primeiro. *Prórroga da eficacia das medidas previstas na Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia*

Atendendo á evolución da situación epidemiolóxica, prorrógase ata as 00.00 horas do día 24 de xullo de 2021 a eficacia das medidas previstas na Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, sen prexuízo do indicado no punto segundo desta orde.

Segundo. *Modificación da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia*

Un. Modifícase o punto 3.21 do anexo I da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado como segue:

«3.21. Celebración de competicións deportivas con público, actividades en cines, teatros, auditorios e espazos similares, así como en recintos ao aire libre e noutros locais e establecementos destinados a espectáculos públicos e actividades recreativas.

1. A celebración de competicións deportivas con público, actividades en cines, teatros, auditorios e espazos similares, así como en recintos ao aire libre e noutros locais e establecementos destinados a espectáculos públicos e actividades recreativas, poderá desenvolverse, sen superar o cincuenta por cento da capacidade permitida nos concellos da letra A do anexo II, sempre que o público asistente permaneza sentado e cun límite máximo de duascenas cincuenta persoas para lugares pechados e de cincocentas persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Non obstante, nos concellos enumerados nas letras B, C e D do anexo II, estas actividades poderán desenvolverse, sen superar o setenta e cinco por cento da capacidade permitida, sempre que o público asistente permaneza sentado e cun límite máximo de



cincocentas persoas para lugares pechados e de mil persoas se se trata de actividades ao aire libre.

En todo caso deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersoal nas instalacións de acordo co establecido no punto 1.3. O uso de máscara será obrigatorio nos termos previstos no número 1.4 do anexo I desta orde.

2. Deberán realizarse tarefas de ventilación nas instalacións cubertas por espazo de, polo menos, 30 minutos ao comezo e ao final de cada xornada, así como de forma frecuente durante esta e obrigatoriamente ao finalizar cada actividade. No caso da utilización de sistemas de ventilación mecánica, deberá aumentarse a subministración de aire fresco e limitarse ao mínimo indispensable a función de recirculación do aire interior.

Deberán intensificarse as medidas de limpeza e desinfección das instalacións con produtos debidamente autorizados e rexistrados.

3. Deberá existir un rexistro de asistentes ao evento, que deberá ser custodiado durante o mes seguinte, coa información de contacto, dispoñible para as autoridades sanitarias, e cumprir coas normas de protección de datos de carácter persoal.

4. En todo caso, nas actividades a que se refire o presente punto nas cales se pretendan superar as capacidades máximas previstas conforme cada nivel de restricións, a Dirección Xeral de Saúde Pública, logo de solicitude dos titulares ou promotores da actividade, disporá a realización dunha avaliación do risco para outorgar a autorización de acordo co disposto nas Recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade por COVID-19 en España, acordado na Comisión de Saúde Pública do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde. O prazo para realizar a avaliación do risco será de 10 días, sen prexuízo dunha revisión de oficio posterior, se a situación epidemiolóxica así o exige.

5. Os espectáculos musicais ao aire libre con público sentado, cuxo número de asistentes sexa inferior a mil persoas, rexeranse polo disposto no número 1.

Unicamente se poderán celebrar espectáculos musicais ao aire libre con público de pé ou ben con público sentado cando, neste último suposto, o número de asistentes sexa superior a mil persoas, nos concellos enumerados na letra D do anexo II, sempre e cando o mesmo día do evento as taxas de incidencia acumulada a 7 e 14 días na Comunidade Autónoma de Galicia sexan menores a 75 e 150 casos por cada 100.000 habitantes respectivamente.



A estes espectáculos musicais ao aire libre seranlles de aplicación os protocolos publicados no seguinte enderezo electrónico: <https://coronavirus.sergas.gal/Contidos/Espectaculos-musicais-aire-libre>».

Dous. Engádesse un punto 3.31 ao anexo I da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

Engádesse un punto 3.31 ao anexo I da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, coa seguinte redacción:

«3.31. Uso seguro de lugares e espazos públicos.

1. Os concellos deberán adoptar medidas que coadruen ao control das aglomeracións de persoas en lugares e espazos públicos en que non se respecten as medidas de seguridade e de distanciamento persoal, polos riscos que presentan para a saúde pública, especialmente cando se realicen actividades prohibidas como o consumo en grupo de bebidas alcohólicas na vía pública, nos parques, xardíns e prazas públicas e noutros lugares de tránsito público.

2. De acordo co previsto no número anterior, nas rúas ou zonas de concentración de actividades de hostalaría e restauración, ou nos establecementos de lecer nocturno, os concellos deberán adoptar medidas de control e vixilancia para evitar que se produzan as aglomeracións de persoas antes indicadas, tanto durante o desenvolvemento das actividades de hostalaría e restauración ou de lecer nocturno coma na súa finalización ao chegar o horario do seu peche, coa finalidade de evitar o uso indebido dos lugares e espazos públicos como continuación destas actividades.

3. En particular, e de acordo co establecido na letra f) do número 1 do artigo 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, coa mesma finalidade de coadruar no control das aglomeracións de persoas en lugares e espazos públicos en que non se respecten as medidas de seguridade e de distanciamento persoal, e das actividades prohibidas relacionadas co consumo de bebidas alcohólicas, os concellos procederán ao peche dos parques e xardíns públicos e dos lugares similares, así como das praias, a partir das 00.00 horas ata as 6.00 horas. Recoméndase, así mesmo, a adopción desta medida nas prazas públicas que sexan punto de concentración habitual para a realización das indicadas actividades».



Tres. Suprímense as epígrafes I e II do número 4.1 do anexo I da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

Catro. Suprímense os puntos III.1, III.1.4 e III.1.5 do número 4.1 do anexo I da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

Cinco. Modifícase o punto III.2.3.1. do número 4.1 do anexo I da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado como segue:

«III.2.3.1. Parques de atraccións e temáticos:

Nos concellos enumerados nas letras A e B do anexo II os parques de atraccións e temáticos permanecerán pechados.

Nos concellos enumerados nas letras C e D do anexo II poderán desenvolver a súa actividade cunha capacidade do 50 % respecto da súa capacidade máxima. Estableceranse os oportunos mecanismos de control de acceso, tanto nas entradas e saídas do recinto como nos accesos ás distintas atraccións, de xeito que se eviten aglomeracións e se manteña obrigatoriamente a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros.

Así mesmo, recoméndase que os grupos non superen as quince persoas, excepto no caso de persoas conviventes.

A entidade titular da instalación intensificará a limpeza e a desinfección dos elementos de uso compartido.

Aqueles establecementos que ofrezan servizos de hostalaría ou restauración nas súas instalacións observarán as regras establecidas no punto 3.22 do anexo I para este tipo de servizos.

O uso da máscara rexerese polo establecido no punto 1.4.

Respecto do uso de vestiarios e aseos en todas as instalacións, poderase utilizar o 100 % naqueles que dispoñan de cabinas ou o 50 %, se non dispoñen delas».



Seis. Suprímese o punto III.2.3.3. do número 4.1 do anexo I da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

Sete. Modifícase o punto III.2.3.4. do número 4.1 do anexo I da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado como segue:

«III.2.3.4. Parques multiocio. Seranlles de aplicación as medidas previstas no punto III.2.3.1 para os parques de atraccións e temáticos».

Oito. Modifícase o punto III.2.7. do número 4.1 do anexo I da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado como segue:

«III.2.7. Establecementos de lecer e entretemento.

III.2.7.1. Salas de festas.

III.2.7.2. Discotecas.

III.2.7.3. Pubs.

III.2.7.4. Cafés-espectáculo.

1. Nos concellos enumerados nas letras A e B do anexo II, os establecementos de lecer nocturno, tales como discotecas, pubs, cafés-espectáculo, salas de festas, así como as salas de concertos que desenvolvan as súas actividades de forma análoga aos anteriores, permanecerán pechados.

2. Nos concellos enumerados nas letras C e D do anexo II, estes establecementos poderán desenvolver a súa actividade a partir do 1 de xullo cumprindo as seguintes medidas xerais:

a) Os establecementos poderán prestar servizos de terraza co cen por cento da capacidade máxima permitida. Para o servizo no interior, a ocupación máxima será do 50 % da capacidade máxima permitida.



Serán aplicables os puntos segundo, terceiro e cuarto da Orde do 25 de febreiro de 2021, pola que se establecen as actuacións necesarias para a posta en marcha do Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia, no referido a capacidades máximas e responsabilidade, capacidade interior e porcentaxe máxima de uso, e capacidade exterior e porcentaxe máxima de uso.

A distribución das mesas e das persoas será homoxénea entre as diferentes estancias e andares, se existen.

b) Poderase consumir sentado/a ou de pé. Non se poderá prestar servizo na barra. Só se poderá utilizar a barra para solicitar e recoller consumicións por parte das persoas usuarias, pero non para realizar o consumo nela. Na barra deberán respectarse as distancias de seguridade e impedirse a formación de aglomeracións.

c) Deberá manterse a debida distancia de seguridade interpersoal de acordo co establecido no punto 1.3 e evitar, en particular, a formación de aglomeracións. Así mesmo, deberá manterse a distancia de seguridade de 1,5 metros nas mesas ou, de ser o caso, nas agrupacións de mesas. A ocupación máxima será de 6 persoas no interior e 15 persoas na terraza, por mesa ou agrupación de mesas.

d) No caso de existir pista de baile, permitirase o seu uso cunha ocupación que en ningún caso será superior á que resulte da asignación de dous metros cadrados da pista por cada usuario.

e) Na entrada e na saída dos asistentes deben establecerse os mecanismos necesarios para impedir as aglomeracións de persoas e respectar as distancias de seguridade.

f) O horario máximo de peche dos establecementos de lecer nocturno será ás 3.00 horas.

g) O uso de máscara será obrigatorio en todo momento. Só se poderá exceptuar o uso da máscara exclusivamente nos momentos estritamente necesarios para comer ou beber.

h) Os establecementos deberán usar dispositivos medidores de CO₂, que deberán dispor dunha pantalla que mostre os niveis de CO₂ en tempo real nunha zona visible para os usuarios. Estes dispositivos deberán levar a marcación CE.



A localización do medidor deberá axustarse ás indicacións técnicas aplicables e ter en conta o tamaño e a forma do espazo, as súas entradas de aire e o fluxo da ventilación. Non se situarán preto das fiestras, portas ou outros puntos de ventilación.

No caso de sistemas mecánicos de ventilación, débese asegurar en todo caso o nivel de CO₂ interior e persoal cualificado documentará o mantemento adecuado e as actuacións realizadas.

Tanto nos casos de ventilación natural coma nos de mecánica ou mixta, non se deberán superar no interior as 1.000 p.p.m. de concentración de CO₂, e será responsabilidade do local adoptar as medidas precisas de renovación do aire, a partir de 800 p.p.m., para que non se supere a cifra antes indicada.

i) Os establecementos deberán dispor dun rexistro de clientes nas condicións que se establezan pola orde da Consellería de Sanidade que aprobe o protocolo de lecer nocturno.

j) En particular, no caso dos concellos enumerados na letra C do anexo II, o acceso aos locais requirirá da presentación dun certificado emitido polo servizo público de saúde, ou, no caso do ordinal 2º, por un laboratorio oficial autorizado, que acredite a concorrencia de calquera das seguintes circunstancias:

1º. Que recibiron a pauta completa dunha vacina contra a COVID-19 para a cal se concedeu unha autorización de comercialización de conformidade co Regulamento (CE) nº 726/2004, e sempre que transcorresen, polo menos, 14 días desde a última dose desta.

2º. Que dispoñen dunha proba diagnóstica de infección activa (PDIA) negativa. No caso dos tests rápidos de antíxenos, deberán estar enumerados na lista común e actualizada de tests rápidos de antíxenos da COVID-19 establecida sobre a base da Recomendación 2021/ C 24/01, do Consello de Europa. A proba debe ser realizada nas últimas 72 horas anteriores.

3º. Que o titular se recuperou dunha infección polo SARS-CoV-2 diagnosticada e está no período comprendido entre o día 11 e o 180, ambos incluídos, despois da PDIA positiva.

Así mesmo, para acreditar a circunstancia do ordinal 2º, ademais da presentación dun certificado, admitirase a exhibición da comunicación remitida polo servizo público de saúde do resultado negativo da PDIA realizada nas 72 horas anteriores.



Para os efectos do establecido neste punto, a exhibición da información a que se refire este só poderá ser solicitada no momento de acceso. Non se conservarán estes datos nin se crearán ficheiros con eles.

3. As medidas xerais recollidas nos puntos anteriores serán desenvolvidas pola orde da Consellería de Sanidade que aprobe o Protocolo de lecer nocturno e poderán ser revisadas en función da evolución da situación epidemiolóxica».

Nove. Modifícase o anexo II da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado segundo o anexo desta orde.

Terceiro. *Modificación da Orde do 1 de xullo de 2021 pola que se aproba o Protocolo para a reactivación do lecer nocturno no marco da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19*

Modifícase o punto 4.1 do anexo da Orde do 1 de xullo de 2021, pola que se aproba o Protocolo para a reactivación do lecer nocturno no marco da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, que queda redactado como segue:

«4.1. Nivel epidemiolóxico.

Os establecementos de lecer nocturno poderán desenvolver a súa actividade nos concellos con nivel de restrición medio ou medio-baixo recollidos nas letras C e D do anexo II da Orde pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, vixente en cada momento.

Nos concellos con nivel de restrición medio recollidos na letra C do anexo II da devandita orde, o acceso aos establecementos de lecer nocturno requirirá da presentación dun certificado emitido polo servizo público de saúde ou, no caso do ordinal 2º, por un laboratorio oficial autorizado, que acredite a concorrencia de calquera das seguintes circunstancias:

1º. Que recibiron a pauta completa dunha vacina contra a COVID-19 para a cal se concedeu unha autorización de comercialización de conformidade co Regulamento (CE) nº 726/2004, e sempre que transcorresen, polo menos, 14 días desde a última dose desta.

2º. Que dispoñen dunha proba diagnóstica de infección activa (PDIA) negativa. No caso dos tests rápidos de antíxenos, deberán estar enumerados na lista común e actualizada



de tests rápidos de antíxenos da COVID-19 establecida sobre a base da Recomendación 2021/ C 24/01, do Consello de Europa. A proba debe ser realizada nas últimas 72 horas anteriores.

3º. Que o titular se recuperou dunha infección polo SARS-CoV-2 diagnosticada e está no período comprendido entre o día 11 e o 180, ambos incluídos, despois da PDIA positiva.

Así mesmo, para acreditar a circunstancia do ordinal 2º, ademais da presentación dun certificado, admitirase a exhibición da comunicación remitida polo servizo público de saúde do resultado negativo da PDIA realizada nas 72 horas anteriores.

Para os efectos do establecido neste punto, a exhibición da información a que se refire este só poderá ser solicitada no momento de acceso. Non se conservarán estes datos nin se crearán ficheiros con eles».

Cuarto. *Eficacia*

1. As medidas previstas nesta orde terán efectos desde as 00.00 horas do día 10 de xullo.

2. No caso das celebracións e eventos en establecementos de restauración para os días 10 e 11 de xullo, que xa estivesen concertados antes do día 9 de xullo, nos concellos que soben o seu nivel de restricións, non serán aplicables as limitacións que sexan consecuencia da referida elevación de nivel, ben que estas celebracións e eventos deberán ser comunicados polos titulares dos establecementos á correspondente xefatura territorial da Consellería de Sanidade para que se poidan adoptar as medidas ou efectuar as recomendacións pertinentes.

3. En cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas previstas nesta orde serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser prorrogadas, modificadas ou levantadas por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Santiago de Compostela, 8 de xullo de 2021

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade



ANEXO

ANEXO II

A) Concellos con nivel de restrición máxima.

...

B) Concellos con nivel de restrición alta.

Illa de Arousa (A)

Cambados

Sarria

Vilagarcía de Arousa

Vilanova de Arousa

C) Concellos con nivel de restrición media.

Barbadás

Caldas de Reis

Culleredo

Marín

Ourense

Poio

Pontevedra

Redondela

Ribadavia

Salceda de Caselas

D) Concellos con nivel de restrición media-baixa.

Abadín

Abegondo

Agolada

Alfoz

Allariz

Ames

Amoeiro

Antas de Ulla



Aranga
Arbo
Ares
Arnoia (A)
Arteixo
Arzúa
Avión
Baiona
Baleira
Baltar
Bande
Baña (A)
Baños de Molgas
Baralla
Barco de Valdeorras (O)
Barreiros
Barro
Beade
Beariz
Becerreá
Begonte
Bergondo
Betanzos
Blancos (Os)
Boborás
Boiro
Bola (A)
Bolo (O)
Bóveda
Boimorto
Boqueixón
Brión
Bueu
Burela
Cabana de Bergantiños
Cabanas
Calvos de Randín



Camariñas
Cambre
Campo Lameiro
Cangas
Cañiza (A)
Capela (A)
Carballeda de Avia
Carballeda de Valdeorras
Carballedo
Carballiño (O)
Carballo
Cariño
Carnota
Carral
Cartelle
Castrelo de Miño
Castrelo do Val
Castro Caldelas
Castro de Rei
Castroverde
Catoira
Cedeira
Cee
Celanova
Cenlle
Cerceda
Cerdedo-Cotobade
Cerdido
Cervantes
Cervo
Chandrexa de Queixa
Chantada
Coirós
Coles
Corcubión
Corgo (O)
Coristanco



Cortegada
Coruña (A)
Cospeito
Covelo
Crecente
Cualedro
Cuntis
Curtis
Dodro
Dozón
Dumbría
Entrimo
Esgos
Estrada (A)
Fene
Ferrol
Fisterra
Folgozo do Courel
Fonsagrada (A)
Forcarei
Fornelos de Montes
Foz
Frades
Friol
Gondomar
Gomesende
Grove (O)
Guarda (A)
Gudiña (A)
Guitiriz
Guntín
Incio (O)
Irixo (O)
Irixoa
Lalín
Lama (A)
Láncara



Laracha (A)
Larouco
Laxe
Laza
Leiro
Lobeira
Lobios
Lourenzá
Lousame
Lugo
Maceda
Malpica de Bergantiños
Manzaneda
Mañón
Maside
Mazaricos
Meaño
Meira
Meis
Melide
Melón
Merca (A)
Mesía
Mezquita (A)
Miño
Moaña
Moeche
Mondariz-Balneario
Mondariz
Mondoñedo
Monfero
Monforte de Lemos
Montederramo
Monterrei
Monterroso
Moraña
Mos



Mugardos
Muíños
Muras
Muros
Muxía
Narón
Navia de Suarna
Neda
Negreira
Negueira de Muñiz
Neves (As)
Nigrán
Noia
Nogais (As)
Nogueira de Ramuín
Oia
Oímbra
Oleiros
Ordes
Oroso
Ortigueira
Ouro
Outeiro de Rei
Outes
Oza-Cesuras
Paderne de Allariz
Paderne
Padrenda
Padrón
Palas de Rei
Pantón
Parada de Sil
Paradela
Páramo (O)
Pastoriza (A)
Pazos de Borbén
Pedrafita do Cebreiro



Pereiro de Aguiar (O)
Peroxa (A)
Petín
Pino (O)
Piñor
Pobra de Trives (A)
Pobra do Brollón (A)
Pobra do Caramiñal (A)
Pol
Ponteareas
Ponte Caldelas
Pontecesures
Ponteceso
Pontedeume
Pontedeva
Pontenova (A)
Pontes de García Rodríguez (As)
Porqueira
Porriño (O)
Portas
Porto do Son
Portomarín
Punxín
Quintela de Leirado
Quiroga
Rábade
Rairiz de Veiga
Ramirás
Rianxo
Ribadeo
Ribadumia
Ribas de Sil
Ribeira
Ribeira de Piquín
Riós
Riotorto
Rodeiro



Rois
Rosal (O)
Rúa (A)
Rubiá
Sada
Salvaterra de Miño
Samos
San Amaro
San Cibrao das Viñas
San Cristovo de Cea
San Sadurniño
Santiso
Sanxenxo
San Xoán de Río
Sandiás
Santa Comba
Santiago de Compostela
Sarreaus
Saviñao (O)
Silleda
Sober
Sobrado
Somozas (As)
Soutomaior
Taboada
Taboadela
Teixeira (A)
Teo
Toén
Tomiño
Toques
Tordoia
Touro
Trabada
Trasmiras
Trazo
Triacastela



Tui
Val do Dubra
Valadouro (O)
Valdoviño
Valga
Vedra
Veiga (A)
Verea
Verín
Viana do Bolo
Vicedo (O)
Vigo
Vilaboa
Vila de Cruces
Vilalba
Vilamarín
Vilamartín de Valdeorras
Vilar de Barrio
Vilar de Santos
Vilardevós
Vilariño de Conso
Vilarmaior
Vilasantar
Vimianzo
Viveiro
Xermade
Xinzo de Limia
Xove
Xunqueira de Ambía
Xunqueira de Espadanedo
Zas



I. DISPOSICIÓNS XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 1 de xullo de 2021 pola que se modifica a Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

I

A evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia fai necesario que as autoridades sanitarias autonómicas sigan adoptando determinadas medidas de prevención orientadas a conter a propagación da infección e dirixidas a facer fronte á crise sanitaria derivada da COVID-19.

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto dese acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Con esta finalidade poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade. Establécese, ademais, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de conformidade coa normativa aplicable e en vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou en parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e que modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmen-

CVE-DOG: rum6yek7-8fb0-wrp8-s5u3-8ul5alu5w1n7



te limitado, impliquen o desprazamento da aplicación das medidas concretas contidas no anexo do citado acordo.

Con base no disposto no citado punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020 adóptanse, mediante esta orde, unha serie de medidas que teñen por obxecto regular distintas actividades coa finalidade de que se poidan desenvolver en condicións de seguridade, minimizando ao máximo o risco de contaxio e a propagación da enfermidade. Estas medidas específicas tradúcense, en moitos casos, no establecemento de capacidades máximas e na regulación destas, xa que se demostrou que para lograr o fin proposto resulta imprescindible evitar as aglomeracións e garantir o mantemento en todo momento da distancia de seguridade, reducindo o contacto físico ou a proximidade en condicións favorecedoras do contaxio.

A recente Sentenza do Tribunal Supremo número 719/2021, do 24 de maio, estableceu que as medidas limitativas de dereitos fundamentais non producen efectos nin son aplicables mentres non sexan ratificadas xudicialmente e aclarou que unicamente serán obxecto de ratificación as medidas que non están xa previstas, sexa pola lexislación sanitaria sexa pola de policía administrativa ou pola correspondente a outras materias. É o caso, entre outras, das disposicións relativas a horarios e capacidades en establecementos públicos, das actividades educativas, das que miran por preservar os espazos públicos e por impedir que neles se consuma alcohol, das que teñen por obxecto evitar a contaminación acústica ou doutra natureza e, en xeral, das dirixidas a manter a convivencia.

En vista do pronunciamento do Tribunal Supremo e para os efectos dunha mellor operatividade na tramitación das medidas, optouse por distinguir entre aquelas que precisaban da correspondente autorización xudicial previa e aquelas que non, diferenciando dous tipos de ordes.

Así, mediante a Orde do 25 de xuño de 2021, establecéronse medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, sen ser necesaria nese momento a adopción de medidas limitativas de dereitos fundamentais.

II

De conformidade coa previsión contida no punto noveno da citada Orde do 25 de xuño de 2021, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medi-



das previstas nela deben ser obxecto de seguimento e avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

Por conseguinte, a presente orde modifica a Orde do 25 de xuño de 2021 co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

A evolución da situación epidemiolóxica non require, tampouco neste momento, adoptar medidas limitativas de dereitos fundamentais que, en todo caso e de conformidade co exposto, están suxeitas á obtención da correspondente autorización xudicial previa.

Nesa liña, débese salientar que, en termos xerais, se mantén na Comunidade Autónoma a situación epidemiolóxica que motivou a adopción das medidas recollidas na Orde do 25 de maio, aínda que a concreta evolución da situación epidemiolóxica de determinados concellos mudou e cómpre acometer unha modificación da citada orde coa finalidade de incluír no nivel de restricións que en cada caso corresponda os concellos en que variou a situación.

De conformidade co disposto no Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 30 de xuño de 2021, a adopción das medidas vén determinada pola evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Destácanse os seguintes datos recollidos no dito informe:

No que atinxe á situación epidemiolóxica de Galicia, o número reprodutivo instantáneo (R_t), que indica o número de contaxios orixinados por un caso activo, sitúase por riba do 1, entre o 1,2 e o 1,4, o cal indica un ascenso no nivel de transmisión en Galicia, en relación coa semana previa. Todas as áreas sanitarias, excepto a da Coruña, superaron o 1 e destaca a área de Vigo, cun R_t entre o 1,5 e o 2.

Do total de concellos de Galicia ($N=313$), 166 non notificaron casos nos últimos 14 días. O número de concellos sen casos nos últimos 7 días foi de 202. Isto supón un descenso en 3 concellos a 14 días e en 10 concellos a 7 días desde hai unha semana, que era de 169 e 212, a 14 e 7 días.

Entre o 18 e o 24 de xuño realizáronse 32.956 probas diagnósticas de infección activa polo virus SARS-CoV-2 (22.861 PCR e 10.095 tests de antíxenos) cunha porcentaxe de positividade a sete días do 2,51 %, superior á do período entre o 11 e o 17 de xuño, que era do 1,91 %.



A incidencia acumulada a 7 e 14 días é de 32 e 53 casos por cen mil habitantes, respectivamente, valores superiores aos observados hai unha semana, en que eran de 21 e 41 casos por cen mil habitantes, respectivamente (ascenso do 34,4 % a 7 días e do 22,6 % a 14 días).

A tendencia diaria mostra, desde o 28 de decembro, catro tramos, dous deles con tendencia oposta, primeiro crecente a un ritmo do 7,1 % ata o 27 de xaneiro e despois decrecente cunha porcentaxe de cambio diario (PCD) de -6 %, séguelle outro tramo de tendencia lixeiramente crecente, cunha PCD do 1 %, e o 22 de abril detéctase outro cambio en sentido decrecente cunha PCD do -1,2 %.

Respecto da situación das áreas sanitarias, as taxas a 14 días están entre os 31,94 casos por 100.000 habitantes de Ferrol e os 75,09 da Coruña.

As taxas de incidencia a 14 días seguen a aumentar con respecto a hai 7 días. Ningunha das áreas presenta taxas a 14 días con valores superiores aos 100 casos por 100.000 habitantes e a área de Pontevedra presenta taxas a 7 días superiores aos 40 casos por 100.000 habitantes. Todas as áreas aumentaron as súas taxas a 14 días e todas, excepto a da Coruña, aumentaron as taxas a 7 días, desde hai unha semana.

No que respecta á hospitalización dos casos COVID-19, a media de pacientes con COVID-19 en hospitalización de agudos nos últimos 7 días foi de 33,3, o que significa un descenso do -12,4 % con respecto a hai 7 días. A taxa de pacientes con COVID-19 en hospitalización de agudos é de 1,2 ingresados por 100.000 habitantes, cun descenso, tamén, do -12,4 % con respecto a hai 7 días.

En canto aos ingresos COVID-19 nas unidades de críticos (UCI) nos últimos 7 días, a media foi de 11,3 e a taxa a 7 días de ingresados nas UCI é de 0,4 ingresados por 100.000 habitantes, o que supón un descenso do -22,5 % con respecto a hai 7 días, tanto na media coma na taxa.

En relación coa situación epidemiolóxica nos concellos de Galicia, o informe indica que naqueles con poboación igual ou maior de 10.000 habitantes (54), só 1 presenta unha taxa de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes, fronte aos 0 do informe anterior, e sen superar os 500 casos por 100.000 habitantes.

No que se refire aos concellos de menos de 10.000 habitantes (259), 3 presentan unha taxa de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes, os



mesmos que hai unha semana, e un máis que no informe do 6 de xuño. Un deles presenta taxas de incidencia iguais ou superiores a 500 casos por cen mil habitantes.

No que atinxe ás comarcas, as de Quiroga, Pontevedra e Chantada encóntranse no nivel medio e as de Sarria e Muros, no nivel alto.

O informe conclúe que a taxa de incidencia está a aumentar, tanto a 7 como a 14 días. A tendencia amosou un novo cambio cara ao ascenso, cunha porcentaxe de cambio diario aínda decrecente (-1,2 %), mais a semana previa a tendencia decrecente era do -2,3 %, polo que houbo un ascenso do 1,1 %. A Rt no global de Galicia está por riba do 1, entre o 1,2 e o 1,4.

O informe sinala que a información do modelo de predición indica que a incidencia aumentaría a 7 e a 14 días. Así mesmo, engade que como os intervalos de confianza seguen a ser amplos hai que tomala con cautela, xa que parte exclusivamente dos casos, polo que poderían darse todos os escenarios (estabilización, ascenso ou descenso da onda).

A taxa de incidencia a 14 días, no global de Galicia, está nos 53 casos por cen mil habitantes ($c/10^5h$). Todas as áreas sanitarias, menos a da Coruña, aumentaron as súas taxas a 7 días e todas aumentaron as taxas a 14 días.

O informe destaca que o feito de que a cepa que está a circular, fundamentalmente, sexa a cepa alfa pode influír nun aumento da transmisión, ao cal se suma a aparición de novas variantes como a P1 gamma e a beta e agora tamén a delta, aínda que de momento os casos onde se illou están ben trazados, pero tamén son máis transmisibles.

Debe salientarse, ao fío do anterior, que Galicia conta cunha poboación especialmente envellecida, cunha porcentaxe de persoas de 65 e máis anos (ano 2020) do 25,4 % fronte ao 19,6 % do conxunto de España, e que no noso territorio o virus circulou menos que noutros territorios do Estado, polo que existe un menor nivel de inmunidade natural, ao cal se une o feito de que, como xa se indicou, aínda non se completou o proceso de vacinación e, polo tanto, non se acadou a porcentaxe de inmunidade desexable, aínda que esta cobertura está a aumentar cada vez máis, especialmente na poboación máis maior, que é a que presenta as coberturas máis amplas, que nos grupos máis avellentados son moi elevadas.

Porén, tamén hai que ter en consideración que, aínda que esta cobertura se obteña en determinados grupos, a distribución poboacional pode ser desigual, se se ten en conta toda a poboación e non os grupos de idade prioritarios que se están a vacinar en primeiro lugar.



Tampouco se pode esquecer que mentres non se consiga conter a pandemia no mundo, con países con alta circulación do virus, poden aparecer novas variantes do virus que poñan ter a capacidade de escapar á inmunidade proporcionada polas vacinas actuais.

En consecuencia, á vista destes datos e das citadas circunstancias, o informe realiza determinadas propostas no que atinxe aos niveis de restricións de determinados concellos.

Así, respecto do concello de Carnota, aínda que presenta taxas superiores a 500 casos por 105 habitantes polo que lle correspondería o nivel máximo de restricións, propónse establecer o nivel alto dado que os casos parecen estar xa trazados. Respecto do concello de Sarria, polo tempo que leva e polas súas taxas, recoméndase tamén manter o nivel alto de restricións.

Situaríanse no nivel medio de restricións os concellos de Cambre, polas súas taxas e por non levar tempo suficiente neste nivel medio para garantir o mantemento dunha evolución positiva; Barro, polas súas taxas de incidencia (154,5 a 14 días); Cambados, polas súas taxas nos últimos 7 días e por ter aínda casos en investigación; Pontevedra, polas súas taxas (93,7 e 112,9 a 7 e 14 días); Vilaboia, polas súas taxas a 7 días; Vilanova de Arousa, polas súas taxas a 7 días e porque aínda hai casos que non están trazados; Oia, polas súas taxas a 7 e 14 días; Castroverde, porque aínda non leva tempo abondo neste nivel para garantir o mantemento dunha evolución positiva, e polas taxas a 14 días, aínda que presenta moi boa evolución cun único caso a 7 días, e Poio, polas súas taxas (111,3 e 193,3 a 7 e 14 días) e por non levar tempo suficiente neste nivel para garantir o mantemento dunha evolución positiva.

O resto de concellos de Galicia encóntrase no nivel medio-baixo de restricións con base nos criterios epidemiolóxicos aplicados.

Finalmente, tamén se introducen dúas modificacións puntuais nos números 3.15 (instalacións deportivas) e 3.27 (praias e piscinas de uso recreativo) do anexo I da Orde do 25 de xuño de 2021, co obxecto de unificar criterios no que atinxe ao uso de duchas e vestiarios nesas actividades.

A eficacia desta orde comezará ás 00.00 horas do día 3 de xullo de 2021 e estenderase durante o período en que se manteña a da Orde do 25 de xuño de 2021 o cal modifica, sen prexuízo do seguimento e avaliación continua a que está sometida, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.



III

As medidas que se adoptan nesta orde teñen o seu fundamento normativo no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 a 38.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para adoptar as medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica existente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, coa urxencia que a protección da saúde pública demanda.

Na súa virtude, en aplicación do punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. *Modificación da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia*

Un. Modifícase o punto 3 do número 3.15 do anexo I da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado como segue:

«3. O uso de duchas e lavapés ao aire libre limitarase a unha persoa por dispositivo, sempre que se poida manter a distancia de seguridade interpersoal, agás no caso de menores ou persoas que precisen asistencia, as cales poderán contar co seu acompañante. No caso de zonas de ducha en instalacións pechadas, poderase usar o 50 % delas, teñan ou non cabina.

Respecto do uso de vestiarios e aseos en todas as instalacións, poderase utilizar o 100 % naqueles que dispoñan de cabinas, ou o 50 % se non dispoñen delas».

Dous. Modifícase o punto 5 do número 3.27 do anexo I da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evo-



lución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado como segue:

«5. O uso de duchas e lavapés ao aire libre limitarase a unha persoa por dispositivo, sempre que se poida manter a distancia de seguridade interpersoal, agás no caso de menores ou persoas que precisen asistencia, as cales poderán contar co seu acompañante. No caso de zonas de ducha en instalacións pechadas, poderase usar o 50 % delas, teñan ou non cabina.

Respecto do uso de vestiarios e aseos en todas as instalacións, poderase utilizar o 100 % naqueles que dispoñan de cabinas, ou o 50 % se non dispoñen delas».

Tres. Modifícase o anexo II da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado segundo o anexo desta orde.

Segundo. *Eficacia*

1. As medidas previstas nesta orde terán efectos desde as 00.00 horas do día 3 de xullo.

2. En cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas previstas nesta orde serán obxecto de seguimento e avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser prorrogadas, modificadas ou levantadas por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Santiago de Compostela, 1 de xullo de 2021

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade

ANEXO

«ANEXO II

A) Concellos con nivel de restrición máxima.

...



B) Concellos con nivel de restrición alta.

Sarria
Carnota

C) Concellos con nivel de restrición media.

Barro
Cambados
Cambre
Castroverde
Oia
Poio
Pontevedra
Vilaboa
Vilanova de Arousa

D) Concellos con nivel de restrición media-baixa.

Abadín
Abegondo
Agolada
Alfoz
Allariz
Ames
Amoeiro
Antas de Ulla
Aranga
Arbo
Ares
Arnoia (A)
Arteixo
Arzúa
Avión
Baiona
Baleira
Baltar
Bande



Baña (A)
Baños de Molgas
Baralla
Barbadás
Barco de Valdeorras (O)
Barreiros
Beadé
Beariz
Becerreá
Begonte
Bergondo
Betanzos
Blancos (Os)
Boborás
Boiro
Bola (A)
Bolo (O)
Bóveda
Boimorto
Boqueixón
Brión
Bueu
Burela
Cabana de Bergantiños
Cabanas
Caldas de Reis
Calvos de Randín
Camariñas
Campo Lameiro
Cangas
Cañiza (A)
Capela (A)
Carballeda de Avia
Carballeda de Valdeorras
Carballedo
Carballiño (O)
Carballo



Cariño
Carral
Cartelle
Castrelo de Miño
Castrelo do Val
Castro Caldelas
Castro de Rei
Catoira
Cedeira
Cee
Celanova
Cenlle
Cerdeira
Cerdedo-Cotobade
Cerdido
Cervantes
Cervo
Chandrexa de Queixa
Chantada
Coirós
Coles
Corcubión
Corgo (O)
Coristanco
Cortegada
Coruña (A)
Cospeito
Covelo
Crecente
Cualedro
Culleredo
Cuntis
Curtis
Dodro
Dozón
Dumbría
Entrimo



Esgos
Estrada (A)
Fene
Ferrol
Fisterra
Folgozo do Courel
Fonsagrada (A)
Forcarei
Fornelos de Montes
Foz
Frades
Friol
Gondomar
Gomesende
Grove (O)
Guarda (A)
Gudiña (A)
Guitiriz
Guntín
Illa de Arousa (A)
Incio (O)
Irixo (O)
Irixoa
Lalín
Lama (A)
Láncara
Laracha (A)
Larouco
Laxe
Laza
Leiro
Lobeira
Lobios
Lourenzá
Lousame
Lugo
Maceda



Malpica de Bergantiños
Manzaneda
Mañón
Marín
Maside
Mazaricos
Meaño
Meira
Meis
Melide
Melón
Merca (A)
Mesía
Mezquita (A)
Miño
Moaña
Moeche
Mondariz-Balneario
Mondariz
Mondoñedo
Monfero
Monforte de Lemos
Montederramo
Monterrei
Monterroso
Moraña
Mos
Mugardos
Muíños
Muras
Muros
Muxía
Narón
Navia de Suarna
Neda
Negreira
Negueira de Muñiz



Neves (As)
Nigrán
Noia
Nogais (As)
Nogueira de Ramuín
Oímbra
Oleiros
Ordes
Oroso
Ortigueira
Ourense
Ouro
Outeiro de Rei
Outes
Oza-Cesuras
Paderne de Allariz
Paderne
Padrenda
Padrón
Palas de Rei
Pantón
Parada de Sil
Paradela
Páramo (O)
Pastoriza (A)
Pazos de Borbén
Pedrafita do Cebreiro
Pereiro de Aguiar (O)
Peroxa (A)
Petín
Pino (O)
Piñor
Pobra de Trives (A)
Pobra do Brollón (A)
Pobra do Caramiñal (A)
Pol
Ponteareas



Ponte Caldelas
Pontecesures
Ponteceso
Pontedeume
Pontedeva
Pontenova (A)
Pontes de García Rodríguez (As)
Porqueira
Porriño (O)
Portas
Porto do Son
Portomarín
Punxín
Quintela de Leirado
Quiroga
Rábade
Rairiz de Veiga
Ramirás
Redondela
Rianxo
Ribadavia
Ribadeo
Ribadumia
Ribas de Sil
Ribeira
Ribeira de Piquín
Riós
Riotorto
Rodeiro
Rois
Rosal (O)
Rúa (A)
Rubiá
Sada
Salceda de Caselas
Salvaterra de Miño
Samos



San Amaro
San Cibrao das Viñas
San Cristovo de Cea
San Sadurniño
Santiso
Sanxenxo
San Xoán de Río
Sandiás
Santa Comba
Santiago de Compostela
Sarreaus
Saviñao (O)
Silleda
Sober
Sobrado
Somozas (As)
Soutomaior
Taboada
Taboadela
Teixeira (A)
Teo
Toén
Tomiño
Toques
Tordoia
Touro
Trabada
Trasmiras
Trazo
Triacastela
Tui
Val do Dubra
Valadouro (O)
Valdoviño
Valga
Vedra
Veiga (A)



Verea
Verín
Viana do Bolo
Vicedo (O)
Vigo
Vila de Cruces
Vilagarcía de Arousa
Vilalba
Vilamarín
Vilamartín de Valdeorras
Vilar de Barrio
Vilar de Santos
Vilardevós
Vilariño de Conso
Vilarmaior
Vilasantar
Vimianzo
Viveiro
Xermade
Xinzo de Limia
Xove
Xunqueira de Ambía
Xunqueira de Espadanedo
Zas»



I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

I

A evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia fai necesario que as autoridades sanitarias autonómicas sigan adoptando determinadas medidas de prevención orientadas a conter a propagación da infección e dirixidas a facer fronte á crise sanitaria derivada da COVID-19.

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto dese acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Con esta finalidade poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade. Establécese, ademais, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de conformidade coa normativa aplicable e en vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou en parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e que modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación das medidas concretas contidas no anexo do citado acordo.

CVE-DOG: xxesf553-ijj3-mku3-hbu5-1od4f6ivkr19



Con base no disposto no citado punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020 adóptanse, mediante este orde, unha serie de medidas que teñen por obxecto regular distintas actividades coa finalidade de que se poidan desenvolver en condicións de seguridade, minimizando ao máximo o risco de contaxio e a propagación da enfermidade. Estas medidas específicas tradúcense, en moitos casos, no establecemento de capacidades máximas e na regulación destas, xa que se demostrou que, para lograr o fin proposto, resulta imprescindible evitar as aglomeracións e garantir o mantemento en todo momento da distancia de seguridade, reducindo o contacto físico ou a proximidade en condicións favorecedoras do contaxio.

A recente Sentenza do Tribunal Supremo nº 719/2021, do 24 de maio, estableceu que as medidas limitativas de dereitos fundamentais non producen efectos nin son aplicables mentres non sexan ratificadas xudicialmente e aclarou que unicamente serán obxecto de ratificación as medidas que non están xa previstas, sexa pola lexislación sanitaria sexa pola de policía administrativa ou pola correspondente a outras materias. É o caso, entre outras, das disposicións relativas a horarios e capacidades en establecementos públicos, ás actividades educativas, das que miran por preservar os espazos públicos e por impedir que neles se consuma alcol, das que teñen por obxecto evitar a contaminación acústica ou doutra natureza e, en xeral, das dirixidas a manter a convivencia.

En vista do pronunciamento do Tribunal Supremo e para os efectos dunha mellor operatividade na tramitación das medidas, optouse por distinguir entre aquelas que precisaban da correspondente autorización xudicial previa e aquelas que non, diferenciando dous tipos de ordes.

A evolución da situación epidemiolóxica non require, neste momento, adoptar medidas limitativas de dereitos fundamentais que, en todo caso e de conformidade co exposto, están suxeitas á obtención da autorización xudicial previa; no entanto mantéñense, nos anexos I e II desta orde, referencias aos concellos de nivel máximo (aínda que na actualidade non existe na Comunidade Autónoma ningún concello que se atope nesta situación) e regras específicas que serían de aplicación neles no caso de se producir un empeoramento da situación epidemiolóxica que así o exixa.

Neste sentido, a presente orde substitúe, no que respecta ás medidas de prevención específicas non limitativas de dereitos fundamentais, a Orde do 28 de maio de 2021, que foi modificada polas ordes do 2, 4 e 10 de xuño de 2021 e prorrogada pola Orde do 10 de xuño do mesmo ano, cuxa eficacia finaliza ás 00.00 horas do 26 de xuño. Esta orde tamén



se adapta, ademais, á realidade da evolución epidemiolóxica e sanitaria da Comunidade Autónoma.

Finalmente, debe indicarse que, en cumprimento do disposto no artigo 38.ter.4 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, as medidas recollidas nesta orde terán unha duración determinada, tal e como se establece no seu punto oitavo. Ademais, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, serán obxecto de seguimento e avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

II

As medidas contidas nesta orde resultan adecuadas e eficaces de acordo cos datos expostos sobre a evolución da situación epidemiolóxica e, por tanto, útiles para conseguir o fin proposto de protección da saúde pública, na espera de que a campaña de vacinación acadade os resultados que se perseguen.

Tamén resultan necesarias, adecuadas e proporcionadas para o fin perseguido, que non é outro que controlar e evitar a maior difusión dunha enfermidade altamente contaxiosa, respecto da cal a diferenza entre persoas enfermas e sas resulta difusa, dada a posible asintomatoloxía ou levidade dos síntomas e a existencia dun período no cal non hai indicios externos da enfermidade.

En concreto, trátase de evitar especialmente aglomeracións ou encontros entre persoas, co fin de garantir o mantemento da distancia de seguridade e de reducir o risco de contacto físico ou a proximidade en condicións favorecedoras do contaxio. Debe lembrarse, neste sentido, que o Auto 40/2020, do 30 de abril, do Tribunal Constitucional, no seu fundamento xurídico cuarto, ao ponderar a relevancia das especiais circunstancias derivadas da crise sanitaria creada pola pandemia no exercicio do dereito de reunión, salientou como, ante a incerteza sobre as formas de contaxio, sobre o impacto real da propagación do virus, así como sobre as consecuencias a medio e longo prazo para a saúde das persoas que se viron afectadas, as medidas de distanciamento social e de limitación extrema dos contactos e das actividades grupais son as únicas que se teñen demostrado eficaces para limitar os efectos dunha pandemia de dimensións descoñecidas ata a data.

Deste xeito, as medidas de limitación de determinadas actividades van dirixidas a limitar os contactos e a interacción social e, polo tanto, a transmisión da enfermidade en



situacións nas cales cabe apreciar un maior risco polas circunstancias en que se realizan, especialmente en lugares pechados.

Nese sentido, a presente orde establece, segundo se indicou anteriormente, unha serie de medidas específicas que teñen por obxecto a regulación de distintas actividades coa finalidade de que se poidan desenvolver en condicións de seguridade, minimizando ao máximo o risco de contaxio e a propagación da enfermidade. Para lograr ese fin resulta imprescindible evitar as aglomeracións, garantir o mantemento en todo momento da distancia de seguridade e reducir o contacto físico ou a proximidade en condicións favorecedoras do contaxio.

Estas medidas específicas consisten, en moitos casos, na fixación de capacidades máximas e determinación de regras que se deben observar para o desenvolvemento das distintas actividades recollidas no anexo I, xa que as evidencias científicas apoian as políticas de control de limitación e capacidades e a súa eficacia fronte a outras políticas sen esta limitación pero con redución xeneralizada da mobilidade, o que apoia a efectividade e a eficiencia das medidas de control focalizadas nos sectores de maior risco. A isto únese que a maior parte dos gromos se produce nun contexto social, como consecuencia de exposicións prolongadas ás secrecións respiratorias que se emiten en forma de aerosois que conteñen o virus. Nesta liña hai estudos que proban que, dentro das intervencións non farmacolóxicas, as relacionadas coa diminución dos contactos sociais no interior de establecementos teñen a capacidade de lentificar a velocidade de transmisión.

No contexto actual, marcado pola mellora da evolución da situación epidemiolóxica na Comunidade Autónoma, lévase a cabo con carácter xeral unha ampliación desas capacidades máximas. Do amplo catálogo de medidas específicas recollidas no anexo I desta orde, destácanse as que permitirán retomar o desenvolvemento de actividades tales como as de lecer nocturno ou, en determinados casos, as festas, verbenas e outros eventos populares.

Tamén se adapta nesta orde a regulación do uso de máscara ás novidades que sobre esta materia introduciu o Real decreto lei 13/2021, do 24 de xuño, polo que se modifican a Lei 2/2021, do 29 de marzo, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, e o Real decreto lei 26/2020, do 7 de xullo, de medidas de reactivación económica para facer fronte ao impacto da COVID-19 nos ámbitos de transportes e vivenda, no cal se exceptúa o uso da máscara en espazos ao aire libre sempre que se poida manter a distancia mínima interpersonal de 1,5 metros.



III

De conformidade co disposto no Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 23 de xuño de 2021, a adopción das medidas recollidas nesta orde vén determinada pola evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Destácanse os seguintes datos recollidos no dito informe:

En canto á situación epidemiolóxica da Comunidade Autónoma de Galicia, o número reprodutivo instantáneo (R_t), que indica o número de contaxios orixinados por un caso activo, segue a manterse no 1, tal e como figuraba no Informe do 16 de xuño, o cal indica unha estabilización no nivel de transmisión en Galicia, agás nas áreas da Coruña, Santiago de Compostela e Pontevedra, onde se superou o 1.

Do total de concellos de Galicia, 169 non notificaron casos nos últimos 14 días (4 máis que hai unha semana). O número de concellos sen casos nos últimos 7 días foi de 212 (tamén 4 máis que hai unha semana).

Entre o 11 e o 17 de xuño realizáronse 36.025 probas diagnósticas de infección activa polo virus SARS-CoV-2 (23.720 PCR e 12.305 tests de antíxenos) cunha porcentaxe de positividade a sete días do 1,91 %, lixeiramente superior á do período entre o 4 e o 10 de xuño, que era do 1,73 %.

A incidencia acumulada a 7 e 14 días é de 21 e 41 casos por cen mil habitantes, respectivamente, valores similares aos observados hai unha semana, que era de 20 e 41 casos por cen mil habitantes, respectivamente (ascenso do 4,8 % a 7 días).

A tendencia diaria mostra, desde o 28 de decembro, catro tramos, dous deles con tendencia oposta. Primeiro crecente, a un ritmo do 7,1 % ata o 27 de xaneiro, e despois decrecente, cunha porcentaxe de cambio diaria (PCD) de -6 %; séguelle outro tramo de tendencia lixeiramente crecente, cunha PCD do 0,8 %, e o 5 de maio detéctase outro cambio en sentido decrecente, cunha PCD do -2,2 %.

No que atinxe á situación das áreas sanitarias, as taxas a 14 días están entre os 18,36 casos por 100.000 habitantes de Santiago de Compostela e os 73,65 da Coruña. As taxas de incidencia acumulada a 14 días están estabilizadas con respecto ás de hai 7 días. Ningunha das áreas presenta taxas a 14 días con valores superiores aos 100 casos por 100.000 habitantes nin taxas a 7 días superiores aos 40 casos por 100.000 habitantes. As



áreas sanitarias da Coruña, Santiago de Compostela, Lugo, Pontevedra e Ourense aumentaron as súas taxas a 7 días, e a da Coruña 14 días, desde hai unha semana.

Pola súa banda, a media de pacientes COVID-19 en hospitalización de agudos nos últimos 7 días foi de 38,0, o que supón un descenso do 20,6 % con respecto aos datos de hai sete días. A taxa de pacientes COVID-19 en hospitalización de agudos é de 1,4 ingresados por 100.000 habitantes, o que tamén supón un descenso do 20,6 % con respecto aos datos de hai 7 días. En canto aos ingresos COVID-19 nas unidades de críticos (UCI) nos últimos 7 días, a media foi de 14,6 e a taxa a 7 días de ingresados nas UCI é de 0,5 ingresados por 100.000 habitantes, o que supón un descenso do -4,1 % a respecto de hai sete días, tanto na media como na taxa.

Polo que respecta á situación epidemiolóxica dos concellos de Galicia, cómpre indicar que ningún dos concellos con poboación igual ou superior a dez mil habitantes presenta unha taxa de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes, igual que no informe anterior. No que se refire aos concellos de menos de 10.000 habitantes (259), 6 presentan unha taxa de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes, 4 máis que hai unha semana. Ningún deles presenta taxas de incidencia iguais ou superiores a 500 casos por cen mil habitantes. Todas as comarcas se encontran en nivel medio-baixo.

O informe conclúe que as taxas de incidencia a 14 días están a aumentar na Área Sanitaria da Coruña tanto a 7 como a 14 días. A tendencia amosou un novo cambio cara ao descenso, cunha porcentaxe de cambio diaria do 2,2 %, a partir do 5 de maio. O Rt no global de Galicia está un pouco por riba do 1 e parece que está subindo nas áreas da Coruña, Santiago de Compostela e Pontevedra, tal e como o indican as súas taxas a 7 días.

A información do modelo de predición indica que a incidencia aumenta lixeiramente a 7 e tería unha certa estabilización a 14 días. Como os intervalos de confianza seguen a ser amplos, hai que tomala con cautela, xa que parte exclusivamente dos casos, polo que se poderían dar todos os escenarios (estabilización, ascenso ou descenso da onda).

A taxa de incidencia a 14 días, no global de Galicia, está nos 41 casos por cen mil habitantes, polo que se mantén estable desde hai una semana.

No que atinxe aos concellos de máis de 10.000 habitantes, non hai ningún concello con taxas de incidencia a 14 días iguais ou superiores a 250 casos por cada cen mil habitantes. Nos de menos de dez mil, hai 6 concellos que superan unha taxa de incidencia de 250 ca-



sos por cada cen mil habitantes, pero ningún presenta unha taxa a 14 días superior aos 500 casos por cada cen mil habitantes.

O feito de que a cepa que está a circular, fundamentalmente, sexa a cepa británica pode influír nun aumento da transmisión, ao que se suma a aparición de novas variantes como a P1 do Brasil e a de Suráfrica e agora tamén a delta, aínda que os resultados da secuenciación non se poden interpretar en termos de prevalencia de cepas, xa que non obedece a unha mostraxe aleatoria.

Cómpre tamén indicar que o criterio utilizado para determinar os niveis de restrición aplicables a cada un dos concellos da Comunidade Autónoma é, ademais do da situación sanitaria, o da taxa de incidencia acumulada segundo os casos por cada cen mil habitantes tanto a 14 días como a 7 días; esta última permite reaccionar con maior rapidez e eficacia fronte aos gromos.

A análise da situación de cada concello complétase coa consideración de criterios demográficos, pois debe terse en conta que en concellos de escasa poboación poucos casos poden dar lugar a taxas moi elevadas, que deben ser postas no debido contexto.

Ademais, os servizos de saúde pública e o Comité e o Subcomité Clínico analizarán as características específicas de cada gromo. Neste sentido, préstase unha especial atención á existencia de gromos non controlados ou de casos sen vínculo epidemiolóxico, así como ao feito de que non se observe unha melloría clara na evolución da situación epidemiolóxica.

En atención ao exposto, tendo en conta o indicado no citado informe da Dirección Xeral de Saúde Pública e logo de escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, acórdase que suban ao nivel medio de restrición os concellos de Castroverde, Poio e Cambre.

Polo que respecta ao concello de Castroverde debe salientarse que, aínda que as súas taxas de incidencia acumulada son as propias do nivel máximo, se considera suficiente aplicarlle as restricións propias do nivel medio, xa que o incremento das taxas se debe a un gromo de orixe coñecida, con motivo do cal se fixo un cribado no concello que abarcou a 450 persoas, resultando negativas todas as probas. Tamén ascenden ao nivel medio os concellos de Poio e Cambre polas súas taxas de incidencia acumulada a 7 días. En Cambre, ademais, obsérvanse dous gromos que aínda non están ben trazados.



Mantéñense no nivel medio de restricións os concellos de Camariñas e Malpica de Bergantiños, xa que, a pesar da boa evolución da situación, deben permanecer no nivel medio de restricións polas súas taxas de incidencia acumulada a 14 días.

Polo demais, o día 25 de xuño constátase un empeoramento da situación epidemiolóxica do concello de Sarria, polo que, logo de informe da Dirección Xeral de Saúde Pública e reunión do Subcomité Clínico reunido para estes efectos, se adopta a medida de incluír este concello no nivel alto de restricións. En efecto, neste concello detéctase un gromo de COVID-19 de rápida evolución, xa que se obteña un ascenso rápido nos últimos 3 días do número de casos. Este gromo orixinou 17 casos nos últimos 3 días, o que supón unha taxa de 127,46 casos por 100.000 habitantes. As taxas a sete e 14 días son de 142,45 casos por cen mil habitantes e 202,43 casos por cen mil habitantes, respectivamente. A taxa a 7 días é a propia do nivel alto de restricións, tendo en conta, así mesmo, que o gromo aínda non está claramente delimitado e que se está levando á cabo un cribado de diferentes establecementos que pode, con alta probabilidade, detectar novos casos nos próximos días.

O resto de concellos de Galicia encóntrase no nivel medio-baixo de restricións con base nos criterios epidemiolóxicos aplicados.

IV

As medidas que se adoptan nesta orde teñen o seu fundamento normativo no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 a 38.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para adoptar as medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica existente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, coa urxencia que a protección da saúde pública demanda.

Cómpre indicar tamén que as medidas recollidas nesta orde sobre o uso da máscara e as limitacións de capacidade encontran, así mesmo, o seu fundamento no disposto na Lei 2/2021, do 29 de marzo, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19.



Na súa virtude, en aplicación do punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:**Primeiro. *Obxecto***

1. Constitúe o obxecto desta orde establecer medidas de prevención específicas, atendida a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. As medidas contidas nesta orde son complementarias das previstas na correspondente orde pola que se establecen medidas cualificadas de prevención para facer fronte á evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia que precisan para a súa eficacia da autorización xudicial, que se encontre vixente en cada momento.

En todo o non previsto na dita disposición e nesta orde, e no que sexa compatible con ela, aplicárase o disposto no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente.

Segundo. *Alcance*

1. Serán de aplicación no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia as medidas de prevención específicas recollidas no anexo I.

2. As medidas específicas aplicables recollidas no anexo I virán condicionadas pola situación epidemiolóxica dos distintos concellos, de conformidade co indicado no anexo II.

Terceiro. *Medidas de prevención en relación coa chegada á Comunidade Autónoma de Galicia de persoas procedentes doutros territorios*

1. De acordo co establecido no artigo 38.1.k) da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, as persoas desprazadas a Galicia deberán cumprir o establecido na Orde do 27



de xullo de 2020 pola que se establecen medidas de prevención para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, en relación coa chegada á Comunidade Autónoma de Galicia de persoas procedentes doutros territorios.

Por conseguinte, as persoas que cheguen á Comunidade Autónoma de Galicia despois de ter estado, dentro do período dos catorce días naturais anteriores á dita chegada, en territorios cunha alta incidencia da COVID-19 en comparación coa existente na Comunidade Autónoma, deberán comunicar, no prazo máximo de 24 horas desde a súa chegada á Comunidade Autónoma de Galicia, os datos de contacto e de estadía na Comunidade Autónoma de Galicia na forma establecida na orde.

Mediante a resolución da persoa titular da dirección xeral competente en materia de saúde pública determinaranse os territorios a que se refire o parágrafo anterior. A dita resolución será obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web do Servizo Galego de Saúde, e deberá ser obxecto de actualización, como mínimo, cada 15 días naturais.

2. Os datos subministrados serán empregados polas autoridades sanitarias autonómicas exclusivamente para contactar coas ditas persoas para o cumprimento de finalidades de saúde pública, para os efectos de facilitarlles a información e as recomendacións sanitarias que procedan, así como, de ser o caso, en atención ás concretas circunstancias concorrentes, para a adopción das medidas sanitarias que resulten necesarias, sempre de acordo coa lexislación aplicable e buscando, de maneira preferente, a colaboración voluntaria da persoa afectada coas autoridades sanitarias.

3. En particular, de acordo co indicado no número anterior, entre as medidas aplicables estará o ofrecemento da realización dunha proba diagnóstica de infección activa a estas persoas, salvo que poidan acreditar documentalmente a través dun certificado emitido polo servizo público de saúde competente, ou, no caso da letra b), por un laboratorio oficial autorizado, a concorrencia de calquera das seguintes circunstancias:

a) Que recibiron a pauta completa dunha vacina contra a COVID-19 para a cal se concedeu unha autorización de comercialización de conformidade co Regulamento (CE) nº 726/2004, e sempre que transcorresen, polo menos, 10 días desde a última dose desta.

b) Que dispoñen dunha proba diagnóstica de infección activa (PDIA) negativa. No caso dos tests rápidos de antíxenos, deberán estar enumerados na lista común e actualizada de tests rápidos de antíxenos da COVID-19 establecida sobre a base da Reco-



mendación 2021/ C 24/01 do Consello de Europa. A proba debe ser realizada nas últimas 72 horas anteriores á chegada a Galicia.

c) Que o titular se recuperou dunha infección polo SARS-CoV-2 diagnosticada e está no período comprendido entre o día 11 e o 180, ambos incluídos, despois da PDIA positiva. Esta situación acreditarase a través do certificado oportuno emitido polo seu servizo de saúde.

Para os efectos do establecido neste punto, a exhibición dos certificados só poderá ser solicitada cando as persoas interesadas aleguen as circunstancias que acrediten. Non se conservarán os datos a que se refiren os certificados nin se crearán ficheiros con eles.

4. As persoas desprazadas a Galicia, unha vez que estean no lugar a que se despracen, deberán cumprir as limitacións de entrada e saída previstas, se é o caso, nesta orde, ademais do resto das medidas aplicables.

Cuarto. Recomendacións relativas á permanencia de grupos de persoas en espazos públicos ou privados

No territorio dos concellos indicados nas letras B, C e D do anexo II recoméndase que os grupos non superen as seis persoas, como máximo, en espazos pechados e as quince persoas, como máximo, en espazos abertos ou ao aire libre, sexan de uso público ou privado, agás que se trate de conviventes.

Quinto. Control do cumprimento das medidas e réxime sancionador

1. A vixilancia, inspección e control do cumprimento das medidas de prevención que se recollen nesta orde e a garantía dos dereitos e deberes sanitarios da cidadanía corresponderán aos respectivos concellos dentro das súas competencias e sen prexuízo das competencias da Consellería de Sanidade, tendo en conta a condición de autoridade sanitaria dos alcaldes e alcaldesas de acordo co artigo 33.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, e as competencias dos concellos de control sanitario de actividades e servizos que impacten na saúde da súa cidadanía e dos lugares de convivencia humana, de acordo co artigo 80.3 do mesmo texto legal, así como da súa competencia para a ordenación e control do dominio público.

2. Así mesmo, os órganos de inspección da Administración autonómica, no ámbito das súas competencias, poderán realizar as actividades de inspección e control oportunas para a vixilancia e comprobación do cumprimento das medidas de prevención aplicables.



3. As forzas e corpos de seguridade darán traslado das denuncias que formulen, polo incumprimento das medidas de prevención, ás autoridades competentes.

Sexto. *Plan de hostalaría segura*

1. A Xunta de Galicia, a través da consellería competente en materia sanitaria, continuará desenvolvendo o «Plan de hostalaría segura» posto en marcha a través da Orde do 25 de febreiro de 2021, baseado nas seguintes liñas fundamentais:

a) Corresponsabilidade dos operadores económicos na aplicación, cumprimento e seguimento do plan e na colaboración no establecemento de medidas e instrumentos que contribúan ao control e seguimento de posibles gromos, incluída a rastrexabilidade dos posibles contactos, co obxecto de garantir unha actividade nas adecuadas condicións de seguridade.

b) Definición de criterios claros e precisos para a organización e utilización de espazos, condicións de adecuada ventilación que velen pola calidade do aire interior e determinación de ocupación para efectos da aplicación das medidas sanitarias de prevención.

c) Colaboración coas entidades representativas do sector para o estudo, deseño e implementación das medidas de prevención aplicables, incluída a promoción da existencia de mecanismos de autocontrol e auditoría de cumprimento.

d) Xeración de confianza nos usuarios, así como información e concienciación deles sobre as medidas de prevención e o seu necesario cumprimento.

e) Establecemento dun plan de control e inspección autonómico e a adecuada colaboración coas entidades locais nas súas competencias de control e inspección, especialmente con aquelas de menor tamaño e medios.

f) Colaboración das forzas e corpos de seguridade no control e inspección.

2. O Plan de hostalaría segura terá a consideración de plan sanitario para os efectos do previsto no artigo 80 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, polo que as entidades locais participarán na súa aplicación e cumprimento mediante o exercicio das súas competencias de control sanitario establecidas na lei.



Sétimo. *Teletraballo*

Tendo en conta a evolución da situación epidemiolóxica, desde o día 5 de xullo de 2021 será aplicable o réxime ordinario de teletraballo previsto no Acordo sobre a prestación de servizos na modalidade de teletraballo na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 3 de decembro de 2020, publicado pola Orde do 14 decembro de 2020 da Consellería de Facenda e Administración Pública.

Sen prexuízo do indicado, no caso de que o persoal da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia incluído dentro do ámbito de aplicación do indicado acordo tivese autorizado o teletraballo polo réxime especial e tivese solicitado o teletraballo ordinario con anterioridade á data de comezo da eficacia desta orde de acordo co seu punto noveno, e aínda non o tivese concedido, entenderase prorrogada a eficacia das resolucións de teletraballo ditadas polas distintas consellerías e entidades do sector público autonómico por razón da situación sanitaria derivada da COVID-19, ata a resolución do procedemento de autorización. Durante esta prórroga serán de aplicación no teletraballo as condicións recollidas no réxime especial establecido no artigo 12 do Acordo sobre a prestación de servizos na modalidade de teletraballo na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

A prórroga establecida no parágrafo anterior non será aplicable cando os postos de traballo non sexan susceptibles de ser desempeñados en réxime de teletraballo de acordo co previsto no número 2 do artigo 3 do acordo, e sen prexuízo das excepcións establecidas nese artigo.

Oitavo. *Derrogación da Orde do 30 de xuño de 2020 pola que se aproba o Protocolo en materia de lecer nocturno, festas, verbenas e outros eventos populares e atraccións de feiras para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19*

Derrógase a Orde do 30 de xuño de 2020 pola que se aproba o Protocolo en materia de lecer nocturno, festas, verbenas e outros eventos populares e atraccións de feiras para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19.

Noveno. *Eficacia*

1. As medidas previstas nesta orde terán efectos desde as 00.00 horas do día 26 de xuño ata as 00.00 horas do día 10 de xullo.



2. En cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas previstas nesta orde serán obxecto de seguimento e avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser prorrogadas, modificadas ou levantadas por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Santiago de Compostela, 25 de xuño de 2021

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade

ANEXO I

Medidas de prevención específicas aplicables na Comunidade Autónoma de Galicia

Serán de aplicación no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia as medidas de prevención específicas recollidas neste anexo.

1. Obrigas xerais.

1.1. Obrigas de cautela e protección.

Todos os cidadáns deberán adoptar as medidas necesarias para evitar a xeración de riscos de propagación da enfermidade da COVID-19, así como a propia exposición aos ditos riscos.

Este deber de cautela e protección será igualmente exixible aos titulares de calquera actividade.

Así mesmo, deberán respectarse as medidas de seguridade e hixiene establecidas polas autoridades sanitarias para a prevención da COVID-19.

1.2. Persoas con sintomatoloxía.

Calquera persoa que experimente algún dos síntomas máis comúns compatibles coa COVID-19, tales como febre, calafríos, tose, sensación de falta de aire, diminución do olfacto e do gusto, dor de gorxa, dores musculares, dor de cabeza, debilidade xeral, diarrea ou vómitos deberá permanecer no seu domicilio e comunicalo ao seu servizo sanitario o antes posible.

Igualmente, se existen conviventes no domicilio, deberá evitar o contacto con eles e, se é posible, usar un cuarto de forma exclusiva ata recibir instrucións do seu servizo sanitario.



1.3. Distancia de seguridade interpersoal.

Na organización das distintas actividades deberán adoptarse as medidas necesarias para garantir a distancia interpersoal mínima de 1,5 metros, establecida pola Lei 2/2021, do 29 de marzo, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 entre grupos de persoas non conviventes. Cando, polas condicións de desenvolvemento da actividade e capacidade máxima autorizadas en cada caso de acordo coas medidas de prevención previstas neste anexo, non sexa posible manter a dita distancia de seguridade, deberá usarse máscara en todo momento, garantir unha adecuada ventilación e o cumprimento das medidas de prevención e hixiene aplicables, de acordo co establecido neste anexo, sen prexuízo de que se deba procurar manter a máxima separación posible entre os diferentes grupos de persoas non conviventes, así como o debido control para evitar as aglomeracións.

Así mesmo, nas actividades que se efectúan cos asistentes sentados en espazos pechados será suficiente que se manteña un asento de separación, ou un espazo equivalente á dimensión dun asento no caso de que estes non sexan fixos, entre os distintos grupos de persoas conviventes asistentes sentados na mesma fila de asentos, así como inmediatamente diante e detrás, sempre que se cumpran as seguintes condicións:

- a) Que se conte con asento preasignado.
- b) Que se utilice sempre a máscara.
- c) Que se utilicen medidas de ventilación adecuada.
- d) Que se cumpran as medidas de prevención, capacidade máxima e hixiene aplicables.
- e) Que non se permita o consumo de alimentos e bebidas.

1.4. Obrigatoriedade do uso de máscaras.

Será obrigatorio o uso da máscara nas seguintes condicións:

- a) Regras xerais.

Para as persoas de seis ou máis anos será obrigatorio o uso da máscara en todo momento nos seguintes supostos:

1ª) Cando estean en espazos pechados de uso público ou que se encontren abertos ao público, aínda que se poida garantir a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros.



2ª) Cando estean na vía pública e en espazos ao aire libre e, en ambos os casos, pola aglomeración de persoas non resulte posible manter a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros entre persoas non conviventes.

Para os efectos do indicado no parágrafo anterior, entenderase que non é posible garantir o mantemento dunha distancia de seguridade interpersoal de, polo menos, 1,5 metros e, polo tanto, será obrigatorio o uso da máscara sempre que se transite ou se estea en movemento pola vía pública e en espazos ao aire libre e, pola concorrencia doutras persoas, non se poida garantir, atendendo ao número de persoas e ás dimensións do lugar, o mantemento da distancia de seguridade.

3ª) Nos medios de transporte aéreo, marítimo, en autobús e por ferrocarril, incluídas as estacións de viaxeiros e as súas plataformas, así como nos transportes públicos e privados complementarios de viaxeiros en vehículos de ata 9 prazas, incluído o condutor.

4ª) Nos eventos multitudinarios ao aire libre, cando os asistentes estean de pé ou, se están sentados, cando non se poida manter 1,5 metros de distancia entre persoas non conviventes.

5ª) Nos concellos que se encontren no nivel de restrición máxima de acordo co establecido na letra A) do anexo II, tanto cando estean na vía pública e en espazos ao aire libre como cando estean en espazos pechados de uso público ou que se encontren abertos ao público, aínda que se poida garantir a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros.

b) Regras específicas.

1ª) Na realización de adestramentos e na celebración de competicións dentro da actividade deportiva federada de competencia autonómica aplicarase, respecto ao uso da máscara, o recollido especificamente no protocolo das federacións deportivas respectivas.

2ª) No caso de colectivos artísticos que desenvolvan actos e espectáculos culturais, aplicarase as regras específicas do número 2.9 do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020 e, respecto da produción e rodaxe de obras audiovisuais, aplicarase as medidas previstas no número 2.10 do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020.

3ª) No caso dos coros e agrupacións vocais de canto, das orquestras, bandas e outras agrupacións musicais, da celebración de congresos, encontros, reunións de negocio, con-



ferencias, eventos e actos similares e da actividade formativa en conservatorios, escolas de música e danza, observarase o indicado especificamente nas medidas recollidas nos números 2.11, 2.12, 3.34 e 3.42 do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, respectivamente.

4ª) Nos centros docentes observarase, respecto ao uso da máscara, o recollido especificamente no correspondente protocolo.

5ª) Co obxecto de evitar a propagación de contaxios e asegurar o mantemento dos servizos, na prestación de asistencia ou axuda no fogar a persoas dependentes será obrigatorio o uso de máscara tanto por parte do persoal prestador do servizo como por parte das persoas dependentes e daquelas que se encontren no seu domicilio. A dita obriga non será exigible cando se trate de persoas dependentes que presenten algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria que se poida ver agravada polo uso da máscara ou que, pola súa situación de discapacidade ou dependencia, non dispoñan de autonomía para quitar a máscara, ou ben presenten alteracións de conduta que fagan inviable a súa utilización.

6ª) Nas actividades no ámbito laboral desenvolvidas en espazos comúns ou de uso colectivo ou en calquera outra dependencia en que estean varios traballadores/as ou traballadores/as e/ou clientes será obrigatorio o uso da máscara.

7ª) Non será exigible o uso de máscara naqueles lugares ou espazos pechados de uso público que formen parte do lugar de residencia dos colectivos que alí se reúnan, como son as institucións para a atención de persoas maiores ou con diversidade funcional, as dependencias destinadas a residencia colectiva de traballadores esenciais ou outros colectivos que reúnan características similares, sempre e cando os ditos colectivos e os traballadores que alí exerzan as súas funcións teñan coberturas de vacinación contra o SARS-CoV-2 superiores ao 80 % con pauta completa, acreditado pola autoridade sanitaria competente.

Esta última excepción non será de aplicación aos visitantes externos nin aos traballadores dos centros residenciais de persoas maiores ou con diversidade funcional.

c) Condicións de uso da máscara.

Deberá darse un uso axeitado á máscara, é dicir, esta deberá cubrir desde parte do tabique nasal ata o queixo, incluído.



Ademais, a máscara que se debe empregar non deberá estar provista de válvula exhalatoria, agás nos usos profesionais para os cales este tipo de máscara poida estar recomendada.

d) Excepcións á obriga de uso da máscara.

A obriga de uso de máscara non será exixible nos seguintes supostos:

1º) Cando se trate de persoas que presenten algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria que se poida ver agravada polo uso da máscara ou que, pola súa situación de discapacidade ou dependencia, non dispoñan de autonomía para quitar a máscara, ou ben presenten alteracións de conduta que fagan inviable a súa utilización.

2º) Nos vehículos de turismo, cando todas as persoas ocupantes convivan no mesmo domicilio.

3º) No mar, praias e piscinas, no exterior ou cubertas, lagos, encoros, ríos ou noutras zonas de baño, durante o baño, e mentres se permaneza nun espazo determinado, e sempre que se poida garantir o respecto da distancia de seguridade interpersoal entre todas as persoas usuarias non conviventes.

En calquera caso, será obrigatorio o uso de máscara para os accesos, desprazamentos e paseos nas praias e piscinas, lagos e demais contornos acuáticos, así como para o uso de vestiarios de piscinas públicas ou comunitarias, salvo nas duchas, cando non se poida manter a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros entre persoas non conviventes.

Para os efectos do indicado no parágrafo anterior, entenderase que non é posible garantir o mantemento dunha distancia de seguridade interpersoal de, polo menos, 1,5 metros e, polo tanto, será obrigatorio o uso da máscara sempre que se transite ou se estea en movemento polos espazos indicados e, pola concorrencia doutras persoas, non se poida garantir, atendendo ao número de persoas e ás dimensións do lugar, o mantemento da distancia de seguridade.

Entenderase por actividades incompatibles co uso da máscara as actividades de socorismo ou rescate cando requiran acceder ao medio acuático.

4º) Nos establecementos de hostalaría e restauración, por parte dos clientes do establecemento exclusivamente nos momentos estritamente necesarios para comer ou beber.



5º) No interior dos cuartos de establecementos de aloxamento turístico e outros espazos similares, cando unicamente se encontren neles persoas que se aloxen no cuarto.

6º) Nos buques e embarcacións de transporte de competencia autonómica, no interior dos camarotes, cando unicamente se encontren neles persoas que se aloxen no camarote.

7º) No caso do exercicio de deporte individual en espazos ao aire libre e na vía pública, exclusivamente durante a realización da práctica deportiva, sempre que, tendo en conta a posible concorrencia de persoas e as dimensións do lugar, se poida garantir o mantemento da distancia de 1,5 metros con outras persoas ou deportistas non conviventes.

Seralles de aplicación o establecido no parágrafo anterior ás actividades que supoñan un esforzo físico de carácter non deportivo equiparable a este, ao aire libre e de forma individual.

8º) En supostos de forza maior ou situación de necesidade ou cando, pola propia natureza das actividades, o uso da máscara resulte incompatible, conforme as indicacións das autoridades sanitarias.

9º) No caso particular de consumo de tabaco ou de cigarros electrónicos, ou alimentos e bebidas, na vía pública ou en espazos ao aire libre, só se poderá exceptuar o uso de máscara, e exclusivamente durante o indicado consumo, sempre que a persoa o efectúe parada e fóra dos lugares habituais de circulación dos viandantes, de tal xeito que, tendo en conta a posible concorrencia de persoas e as dimensións do lugar, se poida garantir o mantemento, en todo momento, da distancia de dous metros con outras persoas. O anterior será aplicable tamén para o uso de calquera dispositivo de inhalación de tabaco, pipas de auga, cachimbas e asimilados.

10º) Na práctica de deporte no medio acuático, sexa este natural ou artificial.

e) Recomendacións sobre reunións de grupos de persoas en espazos privados.

Nos espazos privados, abertos ou pechados, de uso privado, recoméndase o uso de máscara, no caso de reunións ou de posible confluencia de persoas non conviventes, así como o mantemento da distancia de seguridade interpersonal e a aplicación de medidas de ventilación e hixiene.



1.5. Medidas específicas para casos e contactos estreitos.

As persoas que sexan consideradas caso sospeitoso ou probable de infección polo virus SARS-CoV-2, por teren infección respiratoria aguda grave con cadro clínico ou radiolóxico compatible coa COVID-19, ou que estean pendentes dos resultados de probas diagnósticas por este motivo, as que sexan consideradas como caso confirmado con infección activa e as consideradas contacto estreito dun caso sospeitoso, probable ou confirmado, deberán seguir as condicións de illamento ou corentena que lles sexan indicadas desde os dispositivos asistenciais ou de saúde pública, sen poder abandonar o seu domicilio ou lugar de illamento ou corentena en ningún caso, salvo autorización expresa do servizo sanitario por causas debidamente xustificadas.

1.6. Obrigatoriedade de levar máscara.

Para os efectos de posibilitar o uso da máscara sempre que sexa necesario de acordo co establecido nas regras previstas neste anexo, as persoas maiores de 6 anos obrigadas ao uso da máscara deberán levala sempre que saian á vía pública e en espazos ao aire libre.

2. Medidas xerais de hixiene e prevención.

Sen prexuízo das normas ou protocolos específicos que se establezan, serán aplicables a todos os establecementos, locais de negocio, instalacións e espazos de uso público e actividades de carácter público as medidas xerais de hixiene e prevención establecidas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na redacción vixente.

3. Limitacións de capacidade e medidas de prevención específicas por sectores.

3.1. Medidas en materia de control de capacidade.

1. Os establecementos, instalacións e locais deberán expor ao público a capacidade máxima e asegurar que a dita capacidade e a distancia de seguridade interpersonal se respecta no seu interior, polo que se deberán establecer procedementos que permitan o recuento e control da capacidade, de forma que esta non sexa superada en ningún momento.



No caso do sector da hostalaría e restauración, aplicarase tamén o que establece a Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen as actuacións necesarias para a posta en marcha do Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia, nomeadamente no relativo á distribución de espazos, ocupacións, mobiliario e outros elementos de seguridade.

2. A organización da circulación de persoas e a distribución de espazos deberá procurar a posibilidade de manter a distancia de seguridade interpersoal. Na medida do posible, estableceranse itinerarios para dirixir a circulación de clientes e usuarios e evitar aglomeracións en determinadas zonas, tanto no interior como no exterior, e prever o contacto entre eles. Cando se dispoña de dúas ou máis portas, procurarase establecer un uso diferenciado para a entrada e a saída, co obxecto de reducir o risco de formación de aglomeracións.

3. Cando se dispoña de aparcadoiros propios para traballadores e usuarios, establecerase un control de accesos para mellor seguimento das normas de capacidade. Na medida do posible, as portas que se encontren no percorrido entre o aparcadoiro e o acceso á tenda ou aos vestiarios dos traballadores disporán de sistemas automáticos de apertura ou permanecerán abertas para evitar a manipulación dos mecanismos de apertura.

4. De ser o caso, o persoal de seguridade velará por que se respecte a distancia interpersoal de seguridade e evitará a formación de grupos numerosos e aglomeracións, prestando especial atención ás zonas de escaleiras mecánicas, ascensores, zonas comúns de paso e zonas recreativas.

5. En caso necesario, poderanse utilizar valos ou sistemas de sinalización equivalentes para un mellor control dos accesos e xestión das persoas para os efectos de evitar calquera aglomeración.

6. En calquera caso, a sinalización de percorridos obrigatorios e independentes ou outras medidas que se establezan realizaranse tendo en conta o cumprimento das condicións de evacuación exixibles na normativa aplicable.

3.2. Control de capacidade en centros e parques comerciais e grandes superficies.

Os centros e parques comerciais, así como os establecementos que teñan a consideración de grandes superficies, deberán dispor de sistemas ou dispositivos que permitan coñecer en todo momento o número de persoas usuarias existente no seu interior, así como o control da capacidade máxima permitida nas citadas instalacións.



O cumprimento da citada obriga será responsabilidade das persoas, físicas ou xurídicas, titulares das citadas instalacións ou das que teñan atribuída a súa xestión.

3.3. Velorios e enterros.

1. Os velorios poderán realizarse en todo tipo de instalacións, públicas ou privadas, debidamente habilitadas cun límite máximo, en cada momento, de 10 persoas por túmulo, sexan ou non conviventes.

2. A participación na comitiva para o enterramento ou despedida para cremación da persoa falecida restrínxese a un máximo de cincuenta persoas, sexan ou non conviventes, ademais de, se é o caso, o ministro de culto ou persoa asimilada da confesión respectiva para a práctica dos ritos funerarios de despedida do defunto.

3. Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersoal nas instalacións de acordo co establecido no punto 1.3. O uso de máscara será obrigatorio nos termos previstos no punto 1.4.

4. As zonas comúns de paso utilizaranse unicamente para o tránsito de entrada e saída, sen que poida haber aglomeracións de persoas nelas. O tempo de estadía nas instalacións reducirase ao estritamente necesario para expresar as debidas condolencias, evitando permanecer nas zonas de paso.

5. Os servizos de hostalaría existentes nos establecementos funerarios rexeranse polo disposto no punto 3.22.

3.4. Lugares de culto.

1. Na Comunidade Autónoma de Galicia, a asistencia a lugares de culto non poderá superar o setenta e cinco por cento da súa capacidade, salvo nos concellos recollidos na letra A do anexo II, en que non poderá superar o cincuenta por cento da súa capacidade.

Deberán establecerse as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersoal nas súas instalacións de acordo co establecido no punto 1.3.

2. Deberán establecerse medidas para ordenar e controlar as entradas e saídas aos lugares de culto para evitar aglomeracións e situacións que non permitan cumprir coa distancia de seguridade.



3. As limitacións previstas nos números anteriores non poderán afectar en ningún caso o exercicio privado e individual da liberdade relixiosa.

4. Nas actuacións e nas actividades de ensaio que impliquen a participación de coros e agrupacións vocais de canto deberá asegurarse que se respecte en todo momento a distancia de seguridade interpersonal entre os integrantes do coro ou da agrupación e, polo menos, de 3 metros entre estes e o público. Será obrigatorio, en calquera caso, o uso de máscara durante toda a actuación e nas actividades de ensaio.

5. Sen prexuízo das recomendacións de cada confesión en que se teñan en conta as súas particularidades, na celebración dos actos de culto deberanse observar as seguintes medidas de hixiene e prevención:

a) Procurarase manter a distancia de seguridade interpersonal entre os participantes entre si e co público asistente, e o uso de máscara será obrigatorio consonte o disposto no punto 1.4.

b) Diariamente deberanse realizar tarefas de desinfección dos espazos utilizados ou que se vaian utilizar e, de xeito regular, reiterarase a desinfección dos obxectos que se tocan con maior frecuencia.

c) Organizaranse as entradas e saídas para evitar aglomeracións de persoas nos accesos e inmediacións dos lugares de culto.

d) Poranse á disposición do público dispensadores de xeles hidroalcohólicos ou desinfectantes con actividade viricida, debidamente autorizados e rexistrados en lugares accesibles e visibles e, en todo caso, na entrada do lugar de culto, que deberán estar sempre en condicións de uso.

e) Non se permitirá o uso de auga bendita e as ablucións rituais deberán realizarse na casa.

f) Facilitarase no interior dos lugares de culto a distribución dos asistentes sinalizando, se for necesario, os asentos ou zonas utilizables en función da capacidade permitida en cada momento.

g) Nos casos en que os asistentes se sitúen directamente no chan e se descalcen antes de entrar no lugar de culto, usaranse alfombras persoais e situarase o calzado nos lugares estipulados, embolsado e separado.



h) Limitarase ao menor tempo posible a duración dos encontros ou celebracións.

i) Durante o desenvolvemento das reunións ou celebracións evitarase o contacto persoal, tocar ou bicar obxectos de devoción ou outros obxectos que habitualmente se manexen.

6. A utilización do exterior dos edificios ou da vía pública para a celebración de actos de culto con acompañamento de público deberá desenvolverse nas condicións que determine a autoridade municipal, á cal lle corresponde a súa autorización. Nestes casos, con carácter previo á celebración, delimitarase o espazo ou itinerario e a asistencia de público estará limitada a un máximo de 1.000 persoas. Procurarase manter a distancia de seguridade interpersoal entre os participantes entre si e co público asistente, e o uso de máscara será obrigatorio para os participantes e para o público asistente.

3.5. Cerimonias nupciais e outras celebracións relixiosas ou civís.

1. As cerimonias nupciais e demais celebracións relixiosas ou civís deberán respectar as regras de capacidade e as medidas de hixiene e prevención que sexan de aplicación ao lugar onde se desenvolvan.

2. As celebracións que poidan ter lugar tras a cerimonia en establecementos de hostalaría e restauración axustaranse ás condicións e á capacidade previstas para a prestación do servizo nestes establecementos.

3.6. Establecementos e locais comerciais retallistas e de actividades de servizos profesionais abertos ao público que non formen parte de centros ou parques comerciais.

1. Os establecementos e locais comerciais retallistas e de actividades de servizos profesionais abertos ao público que non formen parte de centros ou parques comerciais non poderán superar o cincuenta por cento da súa capacidade total nos concellos enumerados na letra A do anexo II, nin do setenta e cinco por cento nos concellos enumerados nas letras B, C e D do mesmo anexo II. No caso de establecementos ou locais distribuídos en varios andares, a presenza de clientes en cada un deles deberá gardar esta mesma proporción.

Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersoal nos locais e establecementos de acordo co establecido no punto 1.3. O uso da máscara será obrigatorio en todo momento, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersoal.



2. O horario de peche dos ditos establecementos e locais será o que teñan fixado de acordo coa normativa vixente e deben respectar, se é o caso, as limitacións establecidas para a mobilidade nocturna.

3. Deberán prestar un servizo de atención preferente a maiores de 75 anos, o cal se deberá concretar en medidas como o control de accesos ou caixas de pagamento específicas, e/ou en horarios determinados que aseguren a dita preferencia na atención. A existencia do servizo de atención preferente deberá sinalarse de forma visible neses establecementos e locais.

4. Os establecementos que teñan consideración de gran superficie, entendendo por tales os que teñan máis de 2.500 metros cadrados de superficie, deberán dispor de sistemas ou dispositivos que permitan coñecer, en todo momento, o número de persoas usuarias existente no seu interior, así como o control da capacidade máxima permitida nas citadas instalacións.

O cumprimento da citada obriga será responsabilidade das persoas, físicas ou xurídicas, titulares das citadas instalacións.

3.7. Establecementos que teñan a condición de centros e parques comerciais ou que formen parte deles.

1. Os establecementos e locais comerciais retallistas e de actividades de servizos profesionais abertos ao público situados en centros e parques comerciais non poderán superar o cincuenta por cento da súa capacidade total nos concellos enumerados na letra A do anexo II, nin do setenta e cinco por cento nos concellos enumerados nas letras B, C e D do mesmo anexo II. No caso de establecementos ou locais distribuídos en varios andares, a presenza de clientes en cada un deles deberá gardar esta mesma proporción.

Para estes efectos, entenderanse por centros e parques comerciais os establecementos comerciais de carácter colectivo definidos no número 2 do artigo 23 da Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia.

2. A capacidade das zonas comúns dos centros e parques comerciais queda limitada ao cincuenta por cento nos concellos enumerados na letra A do anexo II, e ao setenta e cinco por cento nos concellos enumerados nas letras B, C e D do mesmo anexo II. Non se permitirá a permanencia de clientes nas zonas comúns, excepto para o tránsito entre os establecementos. Nos concellos enumerados nas letras B, C e D permitirase a utilización



de zonas recreativas, como poden ser zonas infantís, ludotecas ou áreas de descanso, respectando en todo caso a capacidade permitida para as zonas comúns.

3. O horario de peche dos centros e parques comerciais será o que teñan fixado de acordo coa normativa vixente e deben respectar, se é o caso, as limitacións establecidas para a mobilidade nocturna.

4. Deberanse establecer as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersoal no interior dos locais e establecementos e nas zonas comúns de acordo co establecido no punto 1.3. O uso de máscara será obrigatorio en todo momento, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersoal indicada, nos termos previstos no número 1.4 deste anexo. Ademais, deberán evitarse as aglomeracións de persoas que comprometan o cumprimento destas medidas.

5. Os centros e parques comerciais deberán dispor de sistemas ou dispositivos que permitan coñecer, en todo momento, o número de persoas usuarias existente no seu interior, así como o control da capacidade máxima permitida nas citadas instalacións.

O cumprimento da citada obriga será responsabilidade das persoas, físicas ou xurídicas, titulares das citadas instalacións ou das que teñan atribuída a súa xestión.

6. Deberán prestar un servizo de atención preferente a maiores de 75 anos, o cal se deberá concretarse en medidas como o control de accesos ou caixas de pagamento específicas, e/ou en horarios determinados que aseguren a dita preferencia na atención. A existencia do servizo de atención preferente deberá sinalarse de forma visible neses establecementos e locais.

3.8. Mercados que desenvolven a súa actividade na vía pública.

1. No caso dos mercados que desenvolven a súa actividade na vía pública ao aire libre ou de venda non sedentaria, coñecidos como feiras, a capacidade virá determinada polo número de postos autorizados do xeito seguinte:

a) Nos mercados con menos de 250 postos autorizados, poderán dispor do 100 % dos postos habituais ou autorizados.

b) Nos mercados que teñan máis de 250 postos autorizados, poderán dispor do 75 % dos postos habituais ou autorizados.



En todo caso, limitarán a afluencia de clientes de maneira que se asegure o mantemento da distancia de seguridade interpersonal.

Os concellos poderán aumentar a superficie habilitada ou habilitar novos días para o exercicio desta actividade para compensar as limitacións previstas anteriormente, e prestarán especial atención á vixilancia do cumprimento das medidas sanitarias e dos protocolos aplicables nestes contornos.

Os concellos establecerán requisitos de distanciamento entre os postos e as condicións de delimitación do mercado, co obxectivo de procurar manter a distancia de seguridade interpersonal entre traballadores, clientes e viandantes, de acordo co establecido no punto 1.3. O uso da máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersonal.

2. Deberá sinalarse de forma clara a distancia de seguridade interpersonal entre clientes, con marcas no chan ou mediante o uso de balizas, cartalaría e sinalización para aqueles casos en que sexa posible a atención individualizada de máis dun cliente ao mesmo tempo.

3. Recoméndase a posta á disposición de dispensadores de xeles hidroalcohólicos ou desinfectantes con actividade viricida debidamente autorizados e rexistrados nas inmediacións dos mercados ao aire libre ou de venda non sedentaria na vía pública.

4. Realizarase, polo menos unha vez ao día, unha limpeza e desinfección das instalacións con especial atención ás superficies de contacto máis frecuentes, especialmente mostradores e mesas ou outros elementos dos postos, anteparos, de ser o caso, teclados, terminais de pagamento, pantallas táctiles, ferramentas de traballo e outros elementos susceptibles de manipulación, prestando especial atención a aqueles utilizados por máis dun traballador.

5. Procurarase evitar a manipulación directa dos produtos por parte dos clientes.

3.9. Actividades en academias, autoescolas e centros privados de ensino non regrado e centros de formación.

1. A actividade que se realice en academias, autoescolas e centros privados de ensino non regrado e centros de formación non incluídos no ámbito de aplicación do artigo 9 da Lei 2/2021, do 29 de marzo, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, inscritos no correspon-



dente rexistro, poderá impartirse dun modo presencial sempre que non se supere unha capacidade do setenta e cinco por cento respecto do máximo permitido.

Nestes centros priorizarase a realización da actividade lectiva non presencial, por medios telemáticos (en liña) sempre que sexa posible.

2. Deberán establecerse as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersoal nas súas instalacións de acordo co establecido no punto 1.3.

3. No caso de utilización de vehículos, será obrigatorio o uso da máscara tanto polo persoal docente como polo alumnado ou o resto de ocupantes do vehículo.

3.10. Hoteis, albergues, aloxamentos turísticos.

1. Os hoteis, albergues e establecementos turísticos permanecerán abertos sen prexuízo das limitacións vixentes de entrada e saída de persoas en determinados ámbitos territoriais, que se deberán respectar en todo caso. Os clientes procedentes dalgún dos ámbitos territoriais aos cales se lles apliquen as ditas limitacións soamente se poderán ter desprazado aos establecementos situados fóra dese ámbito territorial polos motivos xustificadas establecidos na normativa vixente.

2. Os albergues poderán manter a ocupación máxima das prazas dos espazos de aloxamento de uso compartido sempre que os peregrinos realicen o Camiño en todas as súas etapas no territorio galego nun mesmo grupo «burbulla» ou de convivencia estable. Para estes efectos, fomentárase a constitución destes grupos de convivencia estable para a realización do Camiño e o aloxamento compartido na rede pública e privada de albergues de Galicia. Para a acreditación da constitución dos grupos de convivencia estable para o aloxamento compartido admitirase a declaración responsable por parte dos membros do grupo, sen que, unha vez feita, poidan admitirse novos membros.

Cando o aloxamento compartido non sexa dun grupo de convivencia estable, a ocupación máxima das prazas nos espazos de aloxamento compartido será do 30 %.

3. A ocupación das zonas comúns dos hoteis, albergues e aloxamentos turísticos non poderá superar o cincuenta por cento da súa capacidade.

Para iso, cada establecemento deberá determinar a capacidade dos distintos espazos comúns, así como aqueles lugares en que se poderán realizar eventos e as condicións



máis seguras para a súa realización conforme a capacidade máxima prevista e de acordo coas medidas de hixiene, protección e distancia mínima establecidas.

4. Poderán facilitar servizos de hostalaría e restauración para os clientes aloxados nestes establecementos. Para o resto de clientes, resultará de aplicación o disposto no punto 3.22.

5. No caso de instalacións deportivas de hoteis, albergues e aloxamentos turísticos, tales como piscinas ou ximnasios, rexeranse polas regras aplicables a este tipo de instalacións en función da incidencia acumulada do respectivo concello, de conformidade co previsto no punto 3.15

3.11. Actividade cinexética.

1. Está permitida a actividade cinexética en todas as súas modalidades sempre que se axuste ás limitacións de grupos de persoas aplicables no respectivo concello.

2. En todo caso, a realización das ditas actividades estará sometida ás restricións perimetrais que poidan estar vixentes en cada momento.

3.12. Pesca fluvial e marítima, deportiva e recreativa.

1. Está permitida a práctica da pesca fluvial e marítima, deportiva e recreativa, en todas as súas modalidades, sempre que se axuste ás limitacións de grupos de persoas aplicables no respectivo concello.

2. En todo caso, a realización das ditas actividades estará sometida ás restricións perimetrais que poidan estar vixentes en cada momento.

3.13. Parques e zonas deportivas de uso público ao aire libre.

1. Os parques infantís, parques biosaudables, zonas deportivas, pistas de skate ou espazos de uso público ao aire libre similares poderán estar abertos ao público sempre que neles se respecte unha capacidade máxima estimada dunha persoa por cada catro metros cadrados de espazo computable de superficie do recinto.

2. Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersonal nas instalacións de acordo co establecido no punto 1.3. O uso de máscara será obrigatorio nos termos previstos no número 1.4 do anexo I desta orde.



3. Recoméndase dispor neses espazos, especialmente no que se refire a parques infantís, de dispensadores de xeles hidroalcohólicos ou desinfectantes con actividade viricida, debidamente autorizados e rexistrados, ou dunha solución xabonosa no caso de espazos para menores de dous anos de idade.

3.14. Realización de actos e reunións laborais, institucionais, académicos ou profesionais, congresos e outros eventos.

1. A realización de actos e reunións laborais, institucionais, académicos, profesionais, sindicais, de representación de traballadores e administrativos, actividades en centros universitarios, educativos, de formación e ocupacionais, congresos e outros eventos poderá desenvolverse, sen superar o cincuenta por cento da capacidade permitida nos concellos da letra A do anexo II, sempre que o público asistente permaneza sentado e cun límite máximo de duascentas cincuenta persoas para lugares pechados e de cincocentas persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Non obstante, nos concellos enumerados nas letras B, C e D do anexo II, estas actividades poderán desenvolverse, sen superar o setenta e cinco por cento da capacidade permitida, sempre que o público asistente permaneza sentado e cun límite máximo de cincocentas persoas para lugares pechados e de mil persoas se se trata de actividades ao aire libre.

En todo caso, deberán establecerse as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersoal de acordo co establecido no punto 1.3 .

2. Nos supostos previstos no número anterior poderase ampliar o límite indicado logo de autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. Neste caso, a solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir xunto cun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade pola COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueloutros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

3. O recollido neste número será tamén de aplicación para as reunións de xuntas de comunidades de propietarios.



3.15. Actividade deportiva.

1. A realización da actividade física e deportiva non federada axustarase ás seguintes regras, en función dos datos epidemiolóxicos existentes nos correspondentes concellos:

a) Nos concellos enumerados na letra A do anexo II da presente orde, a práctica da actividade física e deportiva non federada só se poderá realizar ao aire libre ou en instalacións deportivas ao aire libre, de forma individual ou con persoas conviventes, e coa utilización de máscara de acordo co disposto no punto 1.4 do anexo I da presente orde.

b) Nos concellos enumerados nas letras B e C do anexo II da presente orde, a práctica da actividade física e deportiva non federada, ao aire libre, poderá realizarse de forma individual ou colectiva, coa utilización de máscara, de acordo co disposto no punto 1.4 do anexo I da presente orde. No caso da práctica de forma colectiva, recoméndase que os grupos non superen as quince persoas como máximo de forma simultánea, sexan ou non conviventes, sen contar, de ser o caso, o monitor.

Nas instalacións e nos centros deportivos pechados poderase realizar actividade deportiva en grupos de ata seis persoas, sexan ou non conviventes, sen contar o monitor, coa utilización de máscara e sempre que non se supere o cincuenta por cento da capacidade máxima permitida. Deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersonal durante o desenvolvemento da actividade.

Tamén se permite o uso deportivo das piscinas ao aire libre ou cubertas, cunha ocupación máxima do 50 %.

c) Nos concellos enumerados na letra D do anexo II, a práctica da actividade física e deportiva non federada, ao aire libre, poderá realizarse de forma individual ou colectiva, e coa utilización de máscara, de acordo co disposto no punto 1.4 do anexo I da presente orde. No caso da práctica de forma colectiva, recoméndase que os grupos non superen as quince persoas como máximo de forma simultánea, sexan ou non conviventes, sen contar, de ser o caso, o monitor.

No caso da práctica da actividade física e deportiva non federada nas instalacións e nos centros deportivos pechados, poderase realizar en grupos de ata seis persoas, sexan ou non conviventes, sen contar o monitor, coa utilización de máscara e sempre que non se supere o setenta e cinco por cento da capacidade máxima permitida. Deberanse estable-



cer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade.

Tamén se permite o uso deportivo das piscinas ao aire libre ou cubertas cunha ocupación máxima do 75 %.

2. Deberán realizarse tarefas de ventilación nas instalacións cubertas durante un mínimo de 30 minutos ao inicio e ao remate de cada xornada, así como de forma frecuente durante esta e, obrigatoriamente, ao remate de cada clase ou actividade de grupo. No caso da utilización de sistemas de ventilación mecánica, deberá aumentarse a subministración de aire fresco e limitarse ao mínimo indispensable a función de recirculación do aire interior.

3. Os vestiarios e zonas de ducha poderán usarse cunha ocupación de ata o 50 % da capacidade máxima permitida. O uso de duchas limitarse a 1 persoa por dispositivo, sempre que se poida manter a distancia de seguridade interpersoal, agás no caso de menores ou persoas que precisen asistencia, as cales poderán contar co seu acompañante.

4. A práctica da actividade deportiva federada de ámbito autonómico, adestramentos e competicións axustarase aos correspondentes protocolos Fisicovid-Dxtgalego aprobados.

5. As competicións deportivas federadas de nivel nacional e os seus adestramentos desenvolveranse de acordo co establecido pola Administración competente e de conformidade coas limitacións establecidas nos protocolos federativos correspondentes.

No ámbito das competicións deportivas oficiais non profesionais de ámbito estatal de modalidades deportivas que poidan implicar contacto, que se realicen na Comunidade Autónoma de Galicia, serán de aplicación as seguintes medidas:

a) Os equipos e deportistas galegos que participen nas ditas competicións deberán realizar os adestramentos e a competición en grupos de composición estable e, en todo caso, deberán realizar tests serolóxicos ou probas similares cada 14 días naturais.

b) A totalidade dos membros da expedición dos equipos e deportistas procedente doutras comunidades autónomas que se despracen á Comunidade Autónoma de Galicia para participen nas ditas competicións deberán realizar tests serolóxicos ou probas similares en orixe polo menos entre 72 e 24 horas previas á celebración da proba/partido/competición.

Así mesmo, deberán comunicar con idéntica antelación ás autoridades sanitarias autonómicas a relación das persoas integrantes da expedición trasladada a Galicia, a data e a



hora de chegada á Comunidade Autónoma galega e o lugar de aloxamento, así como o tipo de proba de detección da COVID-19 a que foron sometidas as ditas persoas.

As medidas previstas deben entenderse dentro do necesario respecto ás competencias das autoridades deportivas e sanitarias estatais, polo que serán aplicables sempre que resulten compatibles coas adoptadas polas ditas autoridades e mentres non existan medidas obrigatorias dimanantes delas que ofrezan un nivel de protección equivalente ou similar.

3.16. Centros, servizos e establecementos sanitarios.

1. Os titulares ou directores dos distintos centros, servizos e establecementos sanitarios, de natureza pública ou privada, deberán adoptar as medidas organizativas, de prevención e hixiene necesarias do seu persoal traballador e dos pacientes, co obxecto de aplicar as recomendacións emitidas nesta materia, relativas á distancia de seguridade interpersoal, ao uso de máscaras en sitios pechados de uso público, á capacidade, hixiene de mans e respiratoria, así como calquera outra medida que establezan as autoridades competentes.

2. Estas medidas deberán aplicarse na xestión dos espazos do centro, nos accesos, nas zonas de espera e na xestión das citas dos pacientes, así como na regulación de acompañantes ou visitas, tendo en conta a situación e actividade de cada centro. Para tal efecto, só se permitirá a presenza dunha persoa acompañante por usuario/a. Tamén se permitirá unha visita por paciente na UCI non COVID.

3. Así mesmo, adoptarán as medidas necesarias para garantir a protección da seguridade e saúde do seu persoal traballador, a limpeza e desinfección das áreas utilizadas e a eliminación de residuos, así como o mantemento adecuado dos equipamentos e instalacións.

4. Estarán obrigados a colaborar coas autoridades sanitarias e de política social nos labores de vixilancia, prevención e control da COVID-19.

3.17. Lonxas.

Nas lonxas deberán establecerse as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersoal, de acordo co disposto no punto 1.3. O uso de máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersoal indicada, nos termos previstos no punto 1.4.



3.18. Transportes.

1. As condicións de capacidade dos vehículos e embarcacións que realicen servizos colectivos de transporte de viaxeiros de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, isto é, o transporte en autobús –de carácter interurbano e urbano, sexa de uso xeral, de uso especial ou discrecional– e o transporte marítimo en augas interiores, quedan establecidas do seguinte xeito:

a) Nos vehículos e nas embarcacións que dispoñan de asentos poderase ocupar a totalidade dos asentos. Deberase manter a máxima separación entre as persoas usuarias cando o nivel de ocupación o permita.

b) Nos vehículos e nas embarcacións que teñan autorizadas prazas de pé procurarase que as persoas manteñan entre si a máxima distancia posible, e establécese como límite de ocupación máxima o dun terzo das prazas de pé.

2. Como medidas adicionais aplicables aos modos de transporte establécense as seguintes:

a) Durante toda a duración do traxecto, cando esta sexa inferior a dúas horas, as persoas usuarias non poderán consumir alimentos no interior dos vehículos ou embarcacións e deberán, igualmente e na medida do posible, evitar consumir bebidas, conversar ou manter calquera outro contacto directo con outras persoas ocupantes do dito vehículo ou embarcación.

b) Na prestación de servizos colectivos regulares de transporte de viaxeiros de carácter interurbano de uso xeral, cando non estean autorizadas prazas de pé, e na prestación de calquera servizo de transporte marítimo en augas interiores da competencia da Comunidade Autónoma de Galicia será obrigatoria a expedición de billete coa identificación do servizo concreto de transporte de que se trate e do vehículo ou da embarcación que o preste.

Igualmente, todos os anteriores vehículos e embarcacións deberán ter numerados os seus asentos de forma clara e visible para as persoas usuarias.

Naqueles servizos respecto dos cales non haxa unha asignación previa de asento recoméndaselles ás persoas viaxeiras que anoten no seu billete o número de asento que ocupen e que o conserven durante os 14 días posteriores ao da viaxe.



c) As empresas concesionarias procurarán a máxima ventilación do vehículo, sen recirculación do aire, mantendo as fiestras abertas sempre que non se produzan correntes de aire.

Para tal efecto, os vehículos que realicen varias viaxes en diferentes quendas horarias deberán proceder á ventilación deste antes de cada quenda e, sempre que for posible, á súa limpeza e desinfección. En todo caso, realizarase como mínimo unha limpeza diaria, empregando produtos e procedementos previstos no plan de limpeza e desinfección.

d) Tanto as empresas concesionarias como as persoas usuarias observarán en todo momento as medidas de protección e o uso da máscara, e as demais medidas de prevención, evitando condutas como levantarse, interactuar, berrar, compartir obxectos, tocar superficies comúns ou outras condutas que poidan xerar risco de contaxio ou transmisión.

3. Nos desprazamentos en vehículo particular respectaranse as limitacións que se establezan nesta orde para grupos de persoas no correspondente ámbito territorial.

Para tal efecto, serán de aplicación as seguintes regras:

a) Nos concellos enumerados na letra A do anexo II poderán desprazarse nun mesmo vehículo só as persoas conviventes, ben que estará permitido o desprazamento nun vehículo particular de persoas non conviventes que traballen xuntas e só para o traxecto de ida e volta ao centro de traballo, así como para que os menores poidan acudir a centros de ensino. Nestes casos, só se permitirán dúas persoas por fila de asentos e deberán usar todas máscara.

b) No resto dos concellos enumerados no anexo II respectaranse as limitacións para grupos de persoas no correspondente ámbito territorial e deberase usar sempre máscara dentro do vehículo cando se trate de persoas non conviventes.

4. Nos concellos enumerados na letra A do anexo II, os taxis e vehículos VTC poderán prestar servizos de transporte para persoas conviventes, así como escolares, persoal sanitario, pacientes ou traballadores non conviventes; nestes casos poderán desprazarse tantas persoas como prazas teña o vehículo e procurarse, cando o nivel de ocupación o permita, a máxima separación entre as persoas usuarias. En todos os casos será obrigatorio o uso da máscara.



No resto dos concellos poderán desprazarse tantas persoas como prazas teña o vehículo e procurarse, cando o nivel de ocupación o permita, a máxima separación entre as persoas usuarias. En todos os casos será obrigatorio o uso de máscara.

3.19. Áreas de servizo para profesionais do transporte.

1. Ás áreas de servizo para profesionais do transporte resultaranlles aplicables as medidas establecidas no número 3.22.

2. Adicionalmente, co obxecto de posibilitar os descansos adecuados en cumprimento da normativa de tempos de condución e descanso, imprescindibles para poder levar a cabo as operacións de transporte, e facilitarlles aos transportistas profesionais un servizo de restauración, aqueles establecementos situados en centros loxísticos e nas áreas de servizo da Rede de estradas do Estado en Galicia, vías de alta capacidade e Rede primaria básica de estradas de Galicia que dispoñan de cociña, servizos de restauración ou expendedores de comida preparada poderán permanecer abertos alén das limitacións horarias establecidas no número 3.22, incluído o horario nocturno de acordo coa súa regulación específica, para os únicos efectos de dar cumprimento a esta finalidade.

Para o acceso a estes establecementos, neste caso, será obrigatoria a presentación da tarxeta de profesional do transporte CAP, a consumición no interior deberá realizarse de xeito individual e sentado e non se poderá realizar a venda ou dispensación de bebidas alcohólicas.

3.20. Bibliotecas, arquivos, museos e salas de exposicións, monumentos e outros equipamentos culturais.

1. Nas bibliotecas, arquivos, museos e salas de exposicións, monumentos e outros equipamentos culturais, tanto de titularidade pública como privada, situados nos concellos enumerados na letra A do anexo II da presente orde, poderán realizarse actividades presenciais sen superar o cincuenta por cento da capacidade máxima permitida.

Nos concellos enumerados nas letras B, C e D do anexo II da presente orde, as actividades presenciais poderán acadar unha capacidade máxima do setenta e cinco por cento da capacidade máxima permitida.

2. Este límite de ocupación será aplicable tamén á realización de actividades culturais nestes espazos e cun máximo de ata vinte persoas nas actividades de grupos, sexan ou



non conviventes, excluído o monitor ou guía, e deberán establecerse as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade, agás no caso de persoas conviventes.

3.21. Celebración de competicións deportivas con público, actividades en cines, teatros, auditorios e espazos similares, así como en recintos ao aire libre e noutros locais e establecementos destinados a espectáculos públicos e actividades recreativas.

A celebración de competicións deportivas con público, actividades en cines, teatros, auditorios, e espazos similares, así como en recintos ao aire libre e noutros locais e establecementos destinados a espectáculos públicos e actividades recreativas, poderán desenvolverse, sen superar o cincuenta por cento da capacidade permitida nos concellos da letra A do anexo II, sempre que o público asistente permaneza sentado e cun límite máximo de duascenas cincuenta persoas para lugares pechados e de cincocentas persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Non obstante, nos concellos enumerados nas letras B, C e D do anexo II, estas actividades poderán desenvolverse, sen superar o setenta e cinco por cento da capacidade permitida, sempre que o público asistente permaneza sentado e cun límite máximo de cincocentas persoas para lugares pechados e de mil persoas se se trata de actividades ao aire libre.

En todo caso, deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersoal nas instalacións de acordo co establecido no punto 1.3. O uso de máscara será obrigatorio nos termos previstos no número 1.4 do anexo I desta orde.

Deberán realizarse tarefas de ventilación nas instalacións cubertas por espazo de, polo menos, 30 minutos ao comezo e ao final de cada xornada, así como de forma frecuente durante esta e obrigatoriamente ao finalizar cada actividade. No caso da utilización de sistemas de ventilación mecánica, deberá aumentarse a subministración de aire fresco e limitarse ao mínimo indispensable a función de recirculación do aire interior.

Deberá existir un rexistro de asistentes ao evento, que deberá ser custodiado durante o mes seguinte coa información de contacto, dispoñible para as autoridades sanitarias e cumprindo coas normas de protección de datos de carácter persoal.



Deberán intensificarse as medidas de limpeza e desinfección das instalacións con produtos debidamente autorizados e rexistrados.

En todo caso, nas actividades a que se refire o presente punto nas cales se pretenda superar as capacidades máximas previstas conforme cada nivel de restricións, a Dirección Xeral de Saúde Pública, logo de solicitude dos titulares ou promotores da actividade, disporá a realización dunha avaliación do risco para outorgar a autorización de acordo co disposto nas «Recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade por COVID-19 en España», acordado na Comisión de Saúde Pública do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde. O prazo para realizar a avaliación do risco será de 10 días, sen prexuízo dunha revisión de oficio posterior, se a situación epidemiolóxica así o exige.

Na celebración de espectáculos musicais ao aire libre teranse en conta os protocolos publicados na páxina <https://coronavirus.sergas.gal/Contidos/Espectaculos-musicais-aire-libre>.

3.22. Hostalaría e restauración.

1. A prestación de servizos de hostalaría e restauración en bares, cafetarías e restaurantes axustarase ás seguintes regras, en función dos datos epidemiolóxicos existentes nos correspondentes concellos:

a) Nos concellos enumerados na letra A do anexo II da presente orde, os citados establecementos permanecerán pechados ao público e poderán prestar exclusivamente servizos de recollida no local e de consumo a domicilio ata as 22.30 horas, ou ben servizo de entrega a domicilio. O servizo de entrega a domicilio poderá realizarse ata as 24.00 horas.

A permanencia nestes establecementos deberá ser a estritamente necesaria. En todo caso, evitanse aglomeracións e controlarase que os consumidores e empregados manteñan a distancia de seguridade establecida co fin de evitar posibles contaxios.

b) Nos concellos enumerados na letra B do anexo II da presente orde, os establecementos poderán prestar unicamente servizos de recollida no local e de consumo a domicilio, de entrega a domicilio e, así mesmo, de terraza co cincuenta por cento da capacidade máxima permitida con base na correspondente licenza municipal ou do que sexa autorizado para este ano, no caso de que a licenza sexa concedida por primeira vez.



En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia de seguridade interpersonal entre as mesas ou, de ser o caso, as agrupacións de mesas, a ocupación máxima será de 15 persoas por mesa ou agrupación de mesas.

O horario de peche ao público será ás 23.00 horas. Os establecementos que utilicen a opción de ampliar o seu horario ata as 1.00 horas deberán cumprir os requisitos que se determinan para este caso no número 2 deste punto e nas medidas aprobadas pola consellería competente en materia de sanidade no marco do Plan de hostalaría segura e sen que se poidan admitir novos clientes a partir das 00.00 horas.

Os establecementos poderán prestar servizos de recollida no local e de consumo a domicilio ou ben servizo de entrega a domicilio ata as 1.00 horas. Neste caso, a permanencia nestes establecementos deberá ser a estritamente necesaria. En todo caso, evitanse aglomeracións e controlarase que consumidores e empregados manteñan a distancia de seguridade establecida co fin de evitar posibles contaxios.

c) Nos concellos enumerados na letra C do anexo II da presente orde, os establecementos poderán prestar servizos de recollida no local e de consumo a domicilio, de entrega a domicilio, de terraza co cincuenta por cento da capacidade máxima permitida con base na correspondente licenza municipal ou do que sexa autorizado para este ano, no caso de que a licenza sexa concedida por primeira vez, e tamén de servizo no interior cunha ocupación do 30 %. Non se poderá prestar servizo na barra.

En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia de seguridade interpersonal entre as mesas ou, de ser o caso, as agrupacións de mesas, e a ocupación máxima será de 6 persoas no interior e 15 persoas na terraza, por mesa ou agrupación de mesas.

O horario de peche ao público será ás 23.00 horas. Os establecementos que utilicen a opción de ampliar o seu horario ata as 1.00 horas deberán cumprir os requisitos que se determinan para este caso no número 2 deste punto e nas medidas aprobadas pola consellería competente en materia de sanidade no marco do Plan de hostalaría segura, e sen que se poidan admitir novos clientes a partir das 00.00 horas.

Os establecementos poderán prestar servizos de recollida no local e de consumo a domicilio ou ben servizo de entrega a domicilio ata as 1.00 horas. Neste caso, a permanencia nestes establecementos deberá ser a estritamente necesaria. En todo caso, evitanse aglomeracións e controlarase que os consumidores e empregados manteñan a distancia de seguridade establecida co fin de evitar posibles contaxios.



d) Nos concellos enumerados na letra D do anexo II da presente orde, os establecementos poderán prestar servizos de recollida no local e de consumo a domicilio, de entrega a domicilio, de terraza co cen por cento da capacidade máxima permitida con base na correspondente licenza municipal ou do que sexa autorizado para este ano, no caso de que a licenza sexa concedida por primeira vez, e tamén de servizo no interior cunha ocupación do 50 %. Só se poderá utilizar a barra para solicitar e recoller consumicións por parte das persoas usuarias, pero non para realizar o consumo nela.

En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia de seguridade interpersonal entre as mesas ou, de ser o caso, as agrupacións de mesas, e a ocupación máxima será de 6 persoas no interior e 15 persoas na terraza, por mesa ou agrupación de mesas.

O horario de peche ao público será ás 23.00 horas. Os establecementos que utilicen a opción de ampliar o seu horario ata as 1.00 horas deberán cumprir os requisitos que se determinan para este caso no número 2 deste punto e nas medidas aprobadas pola consellería competente en materia de sanidade no marco do Plan de hostalaría segura, e sen que se poidan admitir novos clientes a partir das 00.00 horas.

Os establecementos poderán prestar servizos de recollida no local e de consumo a domicilio ou ben servizo de entrega a domicilio ata as 1.00 horas. Neste caso, a permanencia nestes establecementos deberá ser a estritamente necesaria. En todo caso, evítanse aglomeracións e controlárase que consumidores e empregados manteñan a distancia de seguridade establecida co fin de evitar posibles contaxios.

2. Para poder utilizar a opción de ampliar o seu horario ata as 1.00 horas, os establecementos de hostalaría e restauración deberán usar dispositivos medidores de CO₂, que deberán dispor dunha pantalla que mostre os niveis de CO₂ en tempo real nunha zona visible para os usuarios. Estes dispositivos deberán levar a marcación CE.

A localización do medidor deberá axustarse ás indicacións técnicas aplicables e ter en conta o tamaño e a forma do espazo, as súas entradas de aire e o fluxo da ventilación. Non se situarán preto das fiestras, portas ou outros puntos de ventilación.

No caso de sistemas mecánicos de ventilación, débese asegurar en todo caso o nivel de CO₂ interior e persoal cualificado documentará o mantemento adecuado e as actuacións realizadas.



Tanto nos casos de ventilación natural como nos de mecánica ou mixta non se deberán superar no interior as 800 p.p.m. de concentración de CO₂, e será responsabilidade do local adoptar as medidas precisas de renovación do aire para que non se supere a cifra indicada.

Naqueles supostos en que, por non se utilizar a opción de ampliar o horario ata as 1.00 horas, non sexa requisito necesario o uso dos dispositivos medidores de CO₂, recoméndase a súa utilización na prestación de servizos de hostalaría e restauración, nas condicións establecidas na presente orde. Esta recomendación entenderase sen prexuízo de que en posteriores actualizacións da orde se poida establecer o uso destes medidores como requisito, no marco das condicións que se establezan.

3. Para o cálculo das ocupacións, así como para a aplicación doutras medidas específicas, observaranse as medidas aprobadas pola consellería competente en materia de sanidade no marco do Plan de hostalaría segura.

4. Os establecementos de restauración de centros sanitarios ou de traballo poderán manter o servizo de cafetería, bar e restaurante. Non poderán superar o cincuenta por cento da súa capacidade. O consumo dentro do local poderá realizarse unicamente sentado na mesa ou nas agrupacións de mesas e deberase asegurar o mantemento da debida distancia de seguridade interpersoal entre clientes. A ocupación máxima será de 6 persoas no interior e 15 persoas na terraza, por mesa ou agrupación de mesas.

Nos concellos enumerados nas letras A e B do anexo II da presente orde, estes establecementos de restauración deberán limitar a súa actividade, nas condicións establecidas no número anterior, aos traballadores destes ou, no caso dos centros sanitarios, tamén a acompañantes de doentes. Nos concellos enumerados na letra A do anexo II, as persoas da mesa deberán ser todas conviventes ou persoas traballadoras que formen un grupo de convivencia estable dentro do centro de traballo.

No caso de establecementos de hostalaría situados en centros educativos, aplicaranse as regras previstas nos parágrafos precedentes.

Estas regras non será aplicables aos comedores escolares, que se rexerán pola súa normativa específica.



3.23. Realización de procesos selectivos polas administracións públicas e entidades do sector público.

A realización de procesos selectivos poderá desenvolverse, sempre que os asistentes permanezan sentados e que se establezan as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersonal de acordo co punto 1.3 do anexo, cun límite máximo de cincocentas persoas aspirantes.

Adoptaranse medidas para evitar aglomeracións e deberase manter a máxima separación posible entre as persoas aspirantes. Haberá unha planificación adecuada para controlar os accesos e o fluxo de circulación dos asistentes. Debe preverse a apertura de todas as portas dispoñibles coa antelación suficiente. Organizaranse as entradas e saídas para evitar aglomeracións de persoas, tanto nos accesos como nas inmediacións, e distribuiranse proporcionalmente as persoas entre as portas dispoñibles.

O uso de máscara será obrigatorio nos termos previstos no número 1.4 do anexo I desta orde.

Deberán realizarse tarefas de ventilación nas instalacións cubertas por un prazo de, polo menos, 30 minutos ao comezo e ao final de cada xornada, así como de forma frecuente durante esta e obrigatoriamente ao finalizar cada actividade. No caso da utilización de sistemas de ventilación mecánica, deberá aumentarse a subministración de aire fresco e non se poderá empregar a función de recirculación do aire interior.

Deberá existir un rexistro de asistentes e custodialo durante un mes despois do evento, coa información do contacto dispoñible para as autoridades sanitarias, cumprindo coas normas de protección de datos de carácter persoal.

Deberán intensificarse as medidas de limpeza e desinfección das instalacións con produtos debidamente autorizados e rexistrados.

No caso de realización de procesos selectivos de máis de cincocentos aspirantes, ou se as probas non se realizan coas persoas sentadas en todo momento, solicitarase autorización á Dirección Xeral de Saúde Pública en que se comuniquen o evento, as datas, as actividades que se van realizar e as medidas concretas organizativas e de seguridade propostas para os riscos de contaxio.



A solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir xunto cun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade pola COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueles outros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

3.24. Especificidades para determinadas actividades turísticas, centros de interpretación e visitantes, aulas da natureza, casetas e puntos de información.

1. Poderán realizarse actividades de turismo ao aire libre, organizadas por empresas habilitadas para iso, e a actividade de guía turístico para grupos de ata un máximo de vinte persoas máis o monitor, sexan ou non conviventes, e deberán establecerse as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade, excepto no caso de persoas conviventes.

2. Nos centros de interpretación e visitantes, nas aulas da natureza, nas casetas e nos puntos de información da Rede galega de espazos protexidos e espazos similares non se poderá exceder o cincuenta por cento da súa capacidade e deberá respectarse o máximo de dez persoas nas actividades grupais no interior ou de vinte persoas nas actividades no exterior, sexan ou non conviventes. Ademais, deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade, excepto no caso de persoas conviventes.

3.25. Centros de lecer infantil.

1. Enténdense por centros de lecer infantil os establecementos abertos ao público que se destinen a ofrecer xogos e atraccións recreativas deseñados especificamente para público de idade igual ou inferior a 12 anos, os espazos de xogo e entretemento, así como á celebración de festas infantís.

Estes centros cumprirán o protocolo aprobado pola Orde do 30 de xuño de 2020 pola que se restablece a actividade dos centros de lecer infantil e se aproba o Protocolo en materia de lecer infantil para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, coas especialidades que a seguir se establecen:

a) Nos concellos indicados nas letras A e B do anexo II non se poderán desenvolver actividades no interior dos centros de lecer. Aqueles establecementos que dispoñan de



terraza ou xardín exterior poderán utilizala para actividades dirixidas e obradoiros, cunha capacidade máxima do 50 %, e en grupos dun máximo de quince nenos/nenas por grupo.

Os nenos/nenas dun grupo non poderán interactuar cos que integren outros grupos.

b) Nos concellos indicados nas letras C e D do anexo II, os centros de lecer infantil poderán desenvolver a súa actividade cunha capacidade máxima do 75 % e unha ratio dun monitor por cada dez participantes.

Os grupos serán de quince nenos/nenas nas actividades no exterior e de seis no interior.

Os nenos/nenas dun grupo non poderán interactuar cos que integren outros grupos.

3.26. Actividades de tempo libre dirixidas á poboación infantil e xuvenil e albergues e campamentos xuvenís.

1. Poderanse realizar actividades de tempo libre destinadas á poboación infantil e xuvenil sempre que se limite o número de participantes ao setenta por cento da capacidade máxima, cun máximo de cento vinte e cinco participantes, excluído o persoal monitor, cando estas actividades se leven a cabo ao aire libre.

2. Cando se realicen unicamente en espazos pechados, non se deberá superar o setenta por cento da capacidade máxima do recinto e cun máximo de cincuenta participantes, excluído o persoal monitor.

3. As actividades poderán realizarse en ambos os supostos en grupos de ata dez participantes, excluído o persoal monitor correspondente, que deberán traballar sen contacto entre os demais grupos. Cada grupo terá asignado, cando menos, un monitor, que se relacionará sempre co seu mesmo grupo. Así mesmo, primaranse as actividades que non requiran contacto físico e non se poderán realizar actividades que impliquen contacto físico constante entre participantes.

4. Os albergues e campamentos xuvenís poderán manter unha ocupación de ata o 70 % da súa capacidade máxima.

Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersoal nas instalacións de acordo co establecido no punto 1.3.



No caso dos campamentos, a ocupación nas tendas de campaña será do 50 % da súa capacidade máxima habitual, garantindo sempre a distancia interpersoal.

3.27. Uso das praias e piscinas de uso recreativo.

1. O concello respectivo deberá establecer limitacións tanto de acceso como de capacidade das praias co fin de asegurar que se poida respectar a distancia interpersoal de seguridade entre usuarios. Para os efectos de calcular a capacidade máxima permitida por cada praia, considerarase que a superficie de praia que vai ocupar cada usuario será de, polo menos, tres metros cadrados.

2. Nos concellos incluídos nas letras A, B e C do anexo II, as piscinas ao aire libre ou cubertas de uso recreativo deberán respectar o límite do cincuenta por cento da súa capacidade, tanto no relativo ao acceso como durante a propia práctica deportiva ou recreativa. Nos concellos incluídos na letra D do anexo II, o límite será do setenta e cinco por cento da súa capacidade. Quedan exentas destas limitacións as piscinas unifamiliares de uso privado. A capacidade máxima deberá publicarse en lugar visible do establecemento.

Habilitaranse sistemas de acceso que eviten a aglomeración de persoas e que cumpran coas medidas de seguridade e protección sanitaria.

3. A situación dos obxectos persoais, toallas, hamacas e elementos similares nas zonas de estadia das piscinas e praias levarase a cabo de forma que se poida manter a distancia de seguridade interpersoal con respecto a outros usuarios. Así mesmo, recoméndase que os grupos non superen as quince persoas, excepto no caso de persoas conviventes.

4. O uso de máscaras rexerese polo establecido no punto 1.4.

5. O uso de duchas e lavapés ao aire libre limitarase a 1 persoa por dispositivo, sempre que se poida manter a distancia de seguridade interpersoal, agás no caso de menores ou persoas que precisen asistencia, as cales poderán contar co seu acompañante. No caso de zonas de ducha en instalacións pechadas, poderase usar o 50 % delas, teñan ou non cabina.

3.28. Acuorios, establecementos e actividades zoolóxicas, botánicas ou xeolóxicas.

1. Os acuorios, establecementos e actividades zoolóxicas, botánicas ou xeolóxicas, soamente poderán realizar a súa actividade cun límite máximo do 50 % de ocupación nos



concellos enumerados na letra B do anexo II da presente orde, e dun 75 % nos concellos enumerados nas letras C e D do citado anexo II.

Nos concellos enumerados na letra A do anexo I permanecerán pechados.

2. Deberá respectarse o máximo de dez persoas nas actividades grupais no interior ou vinte persoas nas actividades no exterior, sexan ou non conviventes. Ademais, deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersonal durante o desenvolvemento da actividade, de acordo co disposto no punto 1.3.

3. Ademais do cumprimento xeral das medidas de hixiene e prevención establecidas, no caso de que se preste algún tipo de servizo de hostalaría e restauración, a dita prestación deste axustarase ao previsto no punto 3.22.

3.29. Atraccións de feira.

Nos concellos enumerados nas letras A e B do anexo II da presente orde manterase o peche das atraccións de feira.

No caso dos concellos enumerados nas letras C e D do anexo II da presente orde, poderán desenvolver a súa actividade cumprindo coas seguintes medidas:

a) Nos espazos en que se instalen atraccións de feira respectaranse a distancia de seguridade interpersonal e as medidas hixiénicas exixibles a cada instalación ou actividade. Para tal efecto, nos espazos comúns de tránsito respectarase a ratio dunha persoa por cada tres metros cadrados de superficie útil, descontando a superficie ocupada polas estruturas instaladas.

b) Deberase sinalizar o espazo en que se desenvolvan as atraccións de tal maneira que se facilite o establecemento de puntos diferenciados para a entrada e saída, que deberán estar identificados con claridade.

c) A autoridade sanitaria local verificará o respecto da capacidade nos espazos comúns e adoptará as medidas necesarias para evitar aglomeracións.

d) Deberán establecerse as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersonal nas atraccións e postos instalados.



e) Tanto os asistentes como o persoal das atraccións deberán levar máscara de maneira obrigatoria e lembraráselles aos asistentes, por medio de carteis visibles e mensaxes de megafonía, a dita obrigatoriedade, así como as normas de hixiene e prevención que deben observar.

f) No caso das atraccións en que, polas súas características e configuración, quede garantido en todo momento o mantemento da distancia de seguridade interpersoal entre as persoas usuarias, poderán ocuparse todas as prazas dispoñibles.

En caso contrario, naquelas atraccións que dispoñan de asentos, poderá ocuparse ata un máximo que permita manter a distancia de seguridade interpersoal entre os ocupantes e reducirase ao cincuenta por cento o número de asentos de cada fila que se poidan ocupar, en caso de que esta distancia non se poida asegurar. Esta limitación non será de aplicación no caso de persoas conviventes. No caso de atraccións que non teñan asentos incorporados, a súa capacidade máxima será do trinta por cento da capacidade máxima da atracción.

g) Disporanse dispensadores de xeles hidroalcohólicos ou desinfectantes con actividade viricida debidamente autorizados e rexistrados en cada unha das atraccións.

h) Cada atracción deberá aplicar as medidas de limpeza e desinfección adecuadas ao tipo de actividade, á frecuencia e ás condicións de uso polas persoas usuarias, prestando especial atención ás superficies de contacto directo. En todo caso, cada atracción someterase a unha limpeza ao remate de cada xornada de uso.

i) Non se permitirán as piscinas de bólas, por mor da dificultade da súa limpeza, e poderá dedicarse o espazo correspondente a outra actividade lúdica para o público infantil. Respecto das atraccións inchables, estarán permitidas ata un 50 % da súa capacidade.

3.30. Celebración de eventos deportivos e outras actividades deportivas non federadas de carácter organizado como campus deportivos, campamentos deportivos e outras actividades análogas.

1. A celebración de eventos deportivos recollidos no artigo 22 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, poderá desenvolverse, sen superar o cincuenta por cento da capacidade permitida nos concellos da letra A do anexo II, sempre que o público asistente permaneza sentado e cun límite máximo de duascenas cincuenta persoas para lugares pechados e de cincocenas persoas se se trata de actividades ao aire libre.



Non obstante, nos concellos enumerados nas letras B, C e D do anexo II, estas actividades poderán desenvolverse, sen superar o setenta e cinco por cento da capacidade permitida, sempre que o público asistente permaneza sentado e cun límite máximo de cincocentas persoas para lugares pechados e de mil persoas se se trata de actividades ao aire libre.

En todo caso, deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersonal nas instalacións, de acordo co establecido no punto 1.3. O uso de máscara será obrigatorio nos termos previstos no número 1.4 do anexo I desta orde.

2. Os organizadores dos eventos deportivos e actividades deportivas non federadas de carácter organizado, como campus deportivos, campamentos deportivos e actividades análogas, recollidas no presente punto, deberán contar cun protocolo específico no ámbito da COVID-19, que será trasladado á autoridade competente e comunicado aos seus participantes.

Os protocolos, elaborados baixo a responsabilidade dos organizadores, deberán axustarse, con carácter mínimo, aos requirimentos que sexan de aplicación á concreta modalidade deportiva segundo o establecido nos protocolos aprobados consonte a Resolución do 15 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se aproba o protocolo Fisicovid-Dxtgalego.

3. Deberán realizarse tarefas de ventilación nas instalacións cubertas por espazo de, polo menos, 30 minutos ao comezo e ao final de cada xornada, así como de forma frecuente durante esta e, obrigatoriamente, ao finalizar cada actividade. No caso da utilización de sistemas de ventilación mecánica, deberá aumentarse a subministración de aire fresco e limitarse ao mínimo indispensable a función de recirculación do aire interior.

4. No caso de eventos realizados en recintos, sexan pechados ou ao aire libre, deberá existir un rexistro de asistentes e custodialo durante un mes despois do evento, coa información do contacto dispoñible para as autoridades sanitarias e cumprindo coas normas de protección de datos de carácter persoal.

5. Deberán intensificarse as medidas de limpeza e desinfección das instalacións con produtos debidamente autorizados e rexistrados.



6. En todo caso, nas actividades a que se refire o presente punto nas cales se pretenda superar as capacidades máximas previstas conforme cada nivel de restricións, a Dirección Xeral de Saúde Pública, logo de solicitude dos titulares ou promotores da actividade, disporá a realización dunha avaliación do risco para outorgar a autorización de acordo co disposto nas «Recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade por COVID-19 en España», acordado na Comisión de Saúde Pública do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde. O prazo para realizar a avaliación do risco será de 10 días, sen prexuízo dunha revisión de oficio posterior, se a situación epidemiolóxica así o exige.

4. Medidas especiais para determinadas actividades.

4.1. Adóptase a medida de peche temporal, durante o período a que se estende a eficacia da medida conforme o punto décimo primeiro da orde, das seguintes actividades, conforme as definicións contidas no anexo do Decreto 124/2019, do 5 de setembro, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos abertos ao público da Comunidade Autónoma de Galicia e se establecen determinadas disposicións xerais de aplicación na materia:

I. Espectáculos públicos:

I.3. Espectáculos taurinos.

I.4. Espectáculos circenses.

I.6. Espectáculos feirais e de exhibición.

I.7. Espectáculos pirotécnicos.

II. Actividades recreativas:

II.3. Actividades de lecer e entretemento.

II.4. Atraccións recreativas.

III. Establecementos abertos ao público:

III.1. Establecementos de espectáculos públicos.

III.1.4. Circos.



III.1.5. Prazas de touros.

III.2. Establecementos de actividades recreativas.

III.2.1. Establecementos de xogo.

III.2.1.1. Casinos.

III.2.1.2. Salas de bingo.

III.2.1.3. Salóns de xogo.

III.2.1.4. Tendas de apostas.

Nos concellos enumerados na letra C do anexo II, os establecementos de xogos colectivos de diñeiro e de azar, salóns de xogo, salas de bingo, salóns recreativos, rifas e tómbolas, locais específicos de apostas e outros locais e instalacións asimilables aos de actividade recreativa de xogos e apostas, conforme estableza a normativa sectorial en materia de xogo, poderán realizar a súa actividade sempre que non se supere o trinta por cento da súa capacidade permitida e ata as 1.00 horas.

Nos concellos enumerados na letra D do anexo II, os establecementos de xogos colectivos de diñeiro e de azar, salóns de xogo, salas de bingo, salóns recreativos, rifas e tómbolas, locais específicos de apostas e outros locais e instalacións asimilables aos de actividade recreativa de xogos e apostas, conforme estableza a normativa sectorial en materia de xogo, poderán realizar a súa actividade sempre que non se supere o cincuenta por cento da súa capacidade permitida e ata as 1.00 horas.

En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia de seguridade interpersoal entre as mesas ou, de ser o caso, agrupacións de mesas. A ocupación máxima será de seis persoas por mesa ou agrupación de mesas.

Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersoal nas súas instalacións, especialmente na disposición e uso das máquinas ou de calquera outro dispositivo de xogo nos locais e establecementos en que se desenvolvan actividades, de acordo co previsto no punto 1.3. O uso de máscara será obri-



gatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersoal indicada, nos termos previstos na normativa vixente.

Ademais do cumprimento xeral das medidas de hixiene e prevención, no caso de que se preste algún tipo de servizo de hostalaría e restauración, o réxime e horario de prestación deste servizo axustarase ao disposto para os establecementos de hostalaría neste anexo.

Nese sentido, o horario de peche ao público será ás 23.00 horas. Os establecementos que utilicen a opción de ampliar o seu horario ata as 1.00 horas deberán cumprir os requisitos que se determinan para este caso no número 2 do punto 3.22 e nas medidas aprobadas pola consellería competente en materia de sanidade no marco do Plan de hostalaría segura.

III.2.3. Establecementos para atraccións e xogos recreativos.

III.2.3.1. Parques de atraccións e temáticos.

III.2.3.2. Parques acuáticos.

1. Nos concellos enumerados nas letras A, B do anexo II, os parques acuáticos permanecerán pechados.

Nos concellos enumerados nas letras C e D do anexo II, os parques acuáticos poderán desenvolver a súa actividade cunha capacidade do 50 % respecto da súa capacidade máxima. Estableceranse os oportunos mecanismos de control de accesos, tanto nas entradas e saídas do recinto como nos accesos ás distintas atraccións, de xeito que se eviten aglomeracións e se manteña obrigatoriamente a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros.

2. O emprego de flotadores ou outros elementos nas atraccións farase de xeito individual, agás no caso de menores ou persoas que precisen de asistencia. A entidade titular da instalación intensificará a limpeza e a desinfección respecto destes elementos de uso compartido.

3. A situación dos obxectos persoais, toallas, hamacas e elementos similares nas zonas de estadia e espazos comúns levarase a cabo de forma que se poida manter a distancia de seguridade interpersoal con respecto a outros usuarios. Así mesmo, recoméndase que os grupos non superen as quince persoas, excepto no caso de persoas conviventes.



4. Aqueles establecementos que ofrezan servizos de hostalaría ou restauración nas súas instalacións observarán as regras establecidas no punto 3.22 do anexo I para este tipo de servizos.

5. O uso da máscara rexeráse polo establecido no punto 1.4.

6. O uso de duchas e lavapés ao aire libre limitarase a 1 persoa por dispositivo, sempre que se poida manter a distancia de seguridade interpersoal, agás no caso de menores ou persoas que precisen asistencia, as cales poderán contar co seu acompañante. No caso de zonas de ducha en instalacións pechadas, poderase usar o 50 % delas, teñan ou non cabina.

7. Respecto do uso de vestiarios e aseos en todas as instalacións, poderase utilizar o 100 % naqueles que dispoñan de cabinas, ou o 50 % se non dispoñen delas.

III.2.3.3. Salóns recreativos.

III.2.3.4. Parques multiocio.

III.2.7. Establecementos de lecer e entretemento.

III.2.7.1. Salas de festas.

III.2.7.2. Discotecas.

III.2.7.3. Pubs.

III.2.7.4. Cafés-espectáculo.

1. Nos concellos enumerados nas letras A, B e C do anexo II, os establecementos de lecer nocturno, tales como discotecas, pubs, cafés-espectáculo, salas de festas, así como as salas de concertos que desenvolvan as súas actividades de forma análoga aos anteriores, permanecerán pechados.

2. Nos concellos enumerados na letra D do anexo II, estes establecementos poderán desenvolver a súa actividade a partir do 1 de xullo cumprindo as seguintes medidas xerais:

a) Os establecementos poderán prestar servizos de terraza co cen por cento da capacidade máxima permitida. Para o servizo no interior, a ocupación máxima será do 50 % da capacidade máxima permitida.



Serán aplicables os puntos segundo, terceiro e cuarto da Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen as actuacións necesarias para a posta en marcha do Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia, no referido a capacidades máximas e responsabilidade, capacidade interior e porcentaxe máxima de uso e capacidade exterior e porcentaxe máxima de uso.

A distribución das mesas e persoas será homoxénea entre as diferentes estancias e andares se existen.

b) Poderá consumirse sentado ou de pé. Non se poderá prestar servizo na barra. Só se poderá utilizar a barra para solicitar e recoller consumicións por parte das persoas usuarias, pero non para realizar o consumo nela. Na barra deberá respectarse as distancias de seguridade e impedirse a formación de aglomeracións.

c) Deberá manterse a debida distancia de seguridade interpersonal de acordo co establecido no punto 1.3, e evitar, en particular, a formación de aglomeracións. Así mesmo, deberá manterse a distancia de seguridade de 1,5 metros nas mesas ou, de ser o caso, nas agrupacións de mesas. A ocupación máxima será de 6 persoas no interior e 15 persoas na terraza, por mesa ou agrupación de mesas.

d) No caso de existir pista de baile, permitirase o seu uso cunha ocupación que en ningún caso será superior á que resulte da asignación de dous metros cadrados da pista por cada usuario.

e) Na entrada e na saída dos asistentes deben establecerse os mecanismos necesarios para impedir as aglomeracións de persoas e respectar as distancias de seguridade.

f) O horario máximo de peche dos establecementos de lecer nocturno será ás 3.00 horas.

g) O uso de máscara será obrigatorio en todo momento. Só se poderá exceptuar o uso da máscara exclusivamente nos momentos estritamente necesarios para comer ou beber.

h) Os establecementos deberán usar dispositivos medidores de CO₂, que deberán dispor dunha pantalla que mostre os niveis de CO₂ en tempo real nunha zona visible para os usuarios. Estes dispositivos deberán levar a marcación CE.

A localización do medidor deberá axustarse ás indicacións técnicas aplicables e ter en conta o tamaño e a forma do espazo, as súas entradas de aire e o fluxo da ventilación. Non se situarán preto das fiestras, portas ou outros puntos de ventilación.



No caso de sistemas mecánicos de ventilación, débese asegurar en todo caso o nivel de CO₂ interior e persoal cualificado documentará o mantemento adecuado e as actuacións realizadas.

Tanto nos casos de ventilación natural coma nos de mecánica ou mixta non se deberán superar no interior as 1000 p.p.m. de concentración de CO₂, e será responsabilidade do local adoptar as medidas precisas de renovación do aire, a partir de 800 p.p.m. para que non se supere a cifra antes indicada.

i) Os establecementos deberán dispor dun rexistro de clientes nas condicións que se establezan pola orde da Consellería de Sanidade que aprobe o protocolo de lecer nocturno.

3. As medidas xerais recollidas nos puntos anteriores serán desenvolvidas pola orde da Consellería de Sanidade que aprobe o protocolo de lecer nocturno e poderán ser revisadas en función da evolución da situación epidemiolóxica.

III.2.7.5. Furanchos. A estes establecementos resultaranlles de aplicación as regras previstas no punto 3.22 do presente anexo.

4.2. Manterán o seu funcionamento con actividade lectiva presencial os seguintes centros educativos de réxime especial:

- 1º) Escolas oficiais de idiomas.
- 2º) Escolas de arte e superior de deseño.
- 3º) Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais.
- 4º) Escola Superior de Arte Dramática.
- 5º) Conservatorios de música.
- 6º) Conservatorios de danza.
- 7º) Escolas de música.
- 8º) Escolas de danza.



9º) Centros autorizados de deportes, centros autorizados de fútbol, centros autorizados de fútbol sala.

10º) Centros autorizados de artes plásticas e deseño.

11º) Centros autorizados de música e centros autorizados de danza, salvo que estean integrados en centros docentes que permanezan abertos e que limiten a súa actividade ao alumnado dos ditos centros docentes.

12º) Escolas de música privadas e escolas de danza privadas.

Os establecementos de arte dramática, música, danza e deportes antes enumerados poderán desenvolver a súa actividade con contacto físico.

4.3. A actividade ao público dos centros de interpretación e visitantes, das aulas da natureza, casetas e puntos de información da Rede galega de espazos protexidos levarase a cabo nas condicións establecidas no punto 3.24.

4.4. Nos centros sociocomunitarios, centros cívicos, centros de convivencia, centros sociais e demais de natureza análoga permanecerá suspendida a súa actividade ao público agás nos concellos enumerados nas letras C e D do anexo II da presente orde, que poderán realizar a súa actividade sempre que se limite a súa capacidade total ao 50 % e se extremen as medidas de protección nas actividades de tipo grupal que se realizan neles, cun máximo de seis persoas sexan ou non conviventes, excluído o monitor ou guía, para as actividades grupais. En todo caso, será obrigatorio o uso da máscara tanto en actividades individuais como grupais.

Permanecerán abertos, en todo caso, os centros de día de maiores e persoas con discapacidade e os ocupacionais, así como as casas do maior.

4.5. Aqueles centros de atención á infancia que se encontren regulados e inscritos de conformidade co previsto no Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia, poderán manter os seus servizos observando as normas de prevención hixiénico-sanitarias previstas nos seus protocolos e as previstas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente.



4.6. Mantense nos concellos enumerados nas letras A, B e C do anexo II o peche das actividades de festas, verbenas e outros eventos populares.

Nos concellos enumerados na letra D do anexo II poderanse realizar festas, verbenas e eventos populares sempre e cando as incidencias acumuladas a 7 e 14 días da Comunidade Autónoma de Galicia sexan, respectivamente, o mesmo día do evento, menores a 75 e 150 casos por 100.000 habitantes.

4.6.1. No caso de que nestas actividades se organicen espectáculos musicais ao aire libre, fóra de recintos pechados especificamente habilitados para o efecto, as medidas xerais aplicables serán as seguintes:

a) Deberán realizarse en espazos acoutados, sectorizados, perfectamente delimitados e pechados, aos que unicamente se poida acceder polos accesos autorizados.

b) Cada sector contará cunha capacidade máxima de 500 asistentes, e esta estará repartida homoxeneamente.

c) O número máximo de asistentes fixarase en función da situación epidemiolóxica segundo os límites establecidos nos correspondentes protocolos de espectáculos musicais ao aire libre.

d) Na zona de público non están permitidas as carpas con lonas laterais que impidan a ventilación natural.

e) Pódese bailar, sempre con máscara.

f) Poderá preverse o servizo de comida e bebidas se se realiza en espazos habilitados (que cumpriran as normas de hostalaría e restauración), debidamente dimensionados para o público que reciban. O consumo realizarase fóra da zona de baile. Os organizadores tomarán as precaucións oportunas para evitar a formación de aglomeracións. Os asistentes só poderán quitar a máscara para o momento específico do consumo.

h) Non está permitido fumar, consumir outros produtos do tabaco nin consumir cigarros electrónicos na área de público.

i) A venda/reserva de entradas, de ser o caso, será por adiantado, con rexistro previo dos asistentes.



Para o resto das medidas específicas serán de aplicación os protocolos de espectáculos musicais ao aire libre, accesibles no seguinte enderezo <https://coronavirus.sergas.es/Contidos/Espectaculos-musicais-aire-libre>

4.6.2. A celebración de romarías, desfiles, exhibicións de música ou baile ou actividades similares en espazos abertos e con acompañamento de público na vía pública deberá desenvolverse nas condicións que deberá determinar a autoridade municipal correspondente. Nestes casos, con carácter previo á celebración, delimitarase o espazo ou o itinerario. Procurarase manter a distancia de seguridade interpersoal entre os participantes entre si e co público asistente, e o uso de máscara será obrigatorio para os participantes e para o público asistente.

ANEXO II

A) Concellos con nivel de restrición máxima.

...

B) Concellos con nivel de restrición alta.

Sarria

C) Concellos con nivel de restrición media.

Camariñas

Cambre

Castroverde

Malpica de Bergantiños

Poio

D) Concellos con nivel de restrición media-baixa.

Abadín

Abegondo

Agolada

Alfoz

Allariz

Ames



Amoeiro
Antas de Ulla
Aranga
Arbo
Ares
Arnoia (A)
Arteixo
Arzúa
Avión
Baiona
Baleira
Baltar
Bande
Baña (A)
Baños de Molgas
Baralla
Barbadás
Barco de Valdeorras (O)
Barreiros
Barro
Beade
Beariz
Becerreá
Begonte
Bergondo
Betanzos
Blancos (Os)
Boborás
Boiro
Bola (A)
Bolo (O)
Bóveda
Boimorto
Boqueixón
Brión
Bueu
Burela



Cabana de Bergantiños
Cabanas
Caldas de Reis
Calvos de Randín
Cambados
Campo Lameiro
Cangas
Cañiza (A)
Capela (A)
Carballeda de Avia
Carballeda de Valdeorras
Carballedo
Carballiño (O)
Carballo
Cariño
Carnota
Carral
Cartelle
Castrelo de Miño
Castrelo do Val
Castro Caldelas
Castro de Rei
Catoira
Cedeira
Cee
Celanova
Cenlle
Cerceda
Cerdedo-Cotobade
Cerdido
Cervantes
Cervo
Chandrexa de Queixa
Chantada
Coirós
Coles
Corcubión



Corgo (O)
Coristanco
Cortegada
Coruña (A)
Cospeito
Covelo
Crecente
Cualedro
Culleredo
Cuntis
Curtis
Dodro
Dozón
Dumbría
Entrimo
Esgos
Estrada (A)
Fene
Ferrol
Fisterra
Folgo do Courel
Fonsagrada (A)
Forcarei
Fornelos de Montes
Foz
Frades
Friol
Gondomar
Gomesende
Grove (O)
Guarda (A)
Gudiña (A)
Guitiriz
Guntín
Illa de Arousa (A)
Incio (O)
Irixo (O)



Irixoa
Lalín
Lama (A)
Láncara
Laracha (A)
Larouco
Laxe
Laza
Leiro
Lobeira
Lobios
Lourenzá
Lousame
Lugo
Maceda
Manzaneda
Mañón
Marín
Maside
Mazaricos
Meaño
Meira
Meis
Melide
Melón
Merca (A)
Mesía
Mezquita (A)
Miño
Moaña
Moeche
Mondariz-Balneario
Mondariz
Mondoñedo
Monfero
Monforte de Lemos
Montederramo



Monterrei
Monterroso
Moraña
Mos
Mugardos
Muíños
Muras
Muros
Muxía
Narón
Navia de Suarna
Neda
Negreira
Negueira de Muñiz
Neves (As)
Nigrán
Noia
Nogais (As)
Nogueira de Ramuín
Oia
Oímbra
Oleiros
Ordes
Oroso
Ortigueira
Ourense
Ouro
Outeiro de Rei
Outes
Oza-Cesuras
Paderne de Allariz
Paderne
Padrenda
Padrón
Palas de Rei
Pantón
Parada de Sil



Paradela
Páramo (O)
Pastoriza (A)
Pazos de Borbén
Pedrafita do Cebreiro
Pereiro de Aguiar (O)
Peroxa (A)
Petín
Pino (O)
Piñor
Pobra de Trives (A)
Pobra do Brollón (A)
Pobra do Caramiñal (A)
Pol
Ponteareas
Ponte Caldelas
Pontecesures
Ponteceso
Pontedeume
Pontedeva
Pontenova (A)
Pontes de García Rodríguez (As)
Pontevedra
Porqueira
Porriño (O)
Portas
Porto do Son
Portomarín
Punxín
Quintela de Leirado
Quiroga
Rábade
Rairiz de Veiga
Ramirás
Redondela
Rianxo
Ribadavia
Ribadeo
Ribadumia



Ribas de Sil
Ribeira
Ribeira de Piquín
Riós
Riotorto
Rodeiro
Rois
Rosal (O)
Rúa (A)
Rubia
Sada
Salceda de Caselas
Salvaterra de Miño
Samos
San Amaro
San Cibrao das Viñas
San Cristovo de Cea
San Sadurniño
Santiso
Sanxenxo
San Xoán de Río
Sandiás
Santa Comba
Santiago de Compostela
Sarreaus
Saviñao (O)
Silleda
Sober
Sobrado
Somozas (As)
Soutomaior
Taboada
Taboadela
Teixeira (A)
Teo
Toén
Tomiño
Toques
Tordoia



Touro
Trabada
Trasmiras
Trazo
Triacastela
Tui
Val do Dubra
Valadouro (O)
Valdoviño
Valga
Vedra
Veiga (A)
Verea
Verín
Viana do Bolo
Vicedo (O)
Vigo
Vilaboa
Vila de Cruces
Vilagarcía de Arousa
Vilalba
Vilamarín
Vilamartín de Valdeorras
Vilanova de Arousa
Vilar de Barrio
Vilar de Santos
Vilardevós
Vilariño de Conso
Vilarmaior
Vilasantar
Vimianzo
Viveiro
Xermade
Xinzo de Limia
Xove
Xunqueira de Ambía
Xunqueira de Espadanedo
Zas



I. DISPOSICIÓNS XERAIS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

ORDE do 17 de xuño de 2021 pola que se modifica a Orde do 28 de maio de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

I

A evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia fai necesario que as autoridades sanitarias autonómicas sigan adoptando determinadas medidas de prevención orientadas a conter a propagación da infección e dirixidas a facer fronte á crise sanitaria derivada da COVID-19.

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto dese acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Con esta finalidade poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade. Establécese, ademais, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de conformidade coa normativa aplicable e en vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou en parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia

CVE-DOG: 4tec9f19-y839-mzo2-q8x9-frtqh2qpeud4



e que modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación das medidas concretas contidas no anexo do citado acordo.

II

No *Diario Oficial de Galicia* núm. 99 bis, do venres 28 de maio de 2021, a Consellería de Sanidade publicou a Orde do 26 de maio de 2021 pola que se establecen medidas cualificadas de prevención para facer fronte á evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e que precisan da autorización xudicial para a súa eficacia, e a Orde do 28 de maio de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

A adopción das medidas recollidas nestas ordes veu determinada pola evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia, tal e como se xustifica nas respectivas exposicións de motivos. A eficacia das dúas ordes estendíase ata as 00.00 horas do 12 de xuño e establecíase expresamente no seu punto sétimo que, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas previstas nas citadas ordes serán obxecto de seguimento e avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser prorrogadas, modificadas ou levantadas por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Debe salientarse que a recente sentenza do Tribunal Supremo nº 719/2021, do 24 de maio, estableceu como doutrina que a ratificación das medidas limitativas de dereitos fundamentais debe ser previa, de tal xeito que tales medidas non despregan efectos nin son aplicables mentres non sexan ratificadas xudicialmente. Así mesmo, aclaraba que as que deben ser obxecto de ratificación son as que non están xa previstas, sexa pola lexislación sanitaria sexa pola de policía administrativa ou pola correspondente a outras materias. É o caso, entre outras, das disposicións relativas a horarios e capacidades en establecementos públicos, ás actividades educativas, das que miran por preservar os espazos públicos e por impedir que neles se consuma alcol, das que teñen por obxecto evitar a contaminación acústica ou doutra natureza e, en xeral, das dirixidas a manter a convivencia.

En vista do pronunciamento do Tribunal Supremo e para os efectos dunha mellor operatividade na tramitación das medidas, optouse por distinguir entre aquelas que precisaban da correspondente autorización xudicial previa e aquelas que non, e aprobáronse dúas ordes diferenciadas.



Por un lado, a Orde do 26 de maio de 2021 recollía unha serie de medidas limitativas de dereitos fundamentais que poden clasificarse en dous grupos: por unha banda, as que afectan aqueles concellos que se atopan en situación de risco máximo e que inclúen o peche perimetral dos seus ámbitos territoriais, as limitacións de grupos de persoas a conviventes e o chamado toque de recollida e, por outra banda, as medidas menos restritivas, que limitaban os grupos de persoas e que se aplicaban no resto dos concellos da Comunidade Autónoma. Cómpre salientar neste momento que, en cumprimento do disposto no artigo 10.8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, as medidas recollidas na Orde do 26 de maio foron ratificadas mediante o Auto 70/2021, da Sección Terceira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Por outro lado, na Orde do 28 de maio de 2021 recollíase un amplo catálogo de medidas específicas que teñen por obxecto regular distintas actividades coa finalidade de que se poidan desenvolver en condicións de seguridade, minimizando ao máximo o risco de contaxio e a propagación da enfermidade. Estas medidas específicas tradúcense, en moitos casos, no establecemento de capacidades máximas e na regulación destas, xa que se demostrou que, para lograr o fin proposto, resulta imprescindible evitar as aglomeracións e garantir o mantemento en todo momento da distancia de seguridade, reducindo o contacto físico ou a proximidade en condicións favorecedoras do contaxio.

Estas ordes foron modificadas posteriormente polas ordes do 2 de xuño e do 4 de xuño de 2021 polas que se modificou o anexo da Orde do 26 de maio de 2021 pola que se establecen medidas cualificadas de prevención para facer fronte á evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e que precisan da autorización xudicial para a súa eficacia, e o anexo II da Orde do 28 de maio de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

Pola súa banda, no *Diario Oficial de Galicia* núm. 109 bis, do xoves 10 de xuño de 2021, a Consellería de Sanidade publicou a Orde do 10 de xuño de 2021 pola que se prorroga a eficacia e se modifica a Orde do 28 de maio de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, e se modifica a Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen as actuacións necesarias para a posta en marcha do Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia. Esta última orde modificou a citada Orde de 28 de maio e prorrogou a súa eficacia ata as 00:00 horas do



26 de xuño; porén, a mellora da situación epidemiolóxica experimentada na Comunidade Autónoma permitiu que non se adoptasen nese momento novas medidas limitativas de dereitos fundamentais, rematando a vixencia das recollidas na Orde do 26 de maio ás 00:00 horas do 12 de xuño.

Esta orde dítase no marco do seguimento e avaliación continua de que son obxecto as medidas recollidas na Orde do 28 de maio, coa finalidade de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

Introdúcense, ademais, dúas modificacións puntuais: a primeira delas ten por obxecto posibilitar a reapertura das instalacións dos parques acuáticos nos concellos das letras C e D do anexo II, establecendo as regras hixiénico-sanitarias básicas para tal efecto. Isto supón tamén eliminar a referencia aos parques acuáticos contida no número 4.1 do anexo I e que impedía a súa actividade. A segunda modificación consiste en equiparar o horario de peche dos establecementos de xogo co dos establecementos de hostalaría, posibilitando a apertura ata a 1.00 horas daqueles establecementos situados en concellos enumerados nas letras C e D do anexo II.

Finalmente, debe indicarse que, en cumprimento do disposto no artigo 38.ter.4 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, as medidas recollidas nesta orde terán unha duración determinada, coincidente coa duración da orde que se modifica. Ademais, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, serán obxecto de seguimento e avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

III

Unha vez sentado o anterior, de conformidade co exposto, debe salientarse que a adopción das medidas recollidas nesta orde vén determinada pola evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Así resulta do Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública do 16 de xuño de 2021, do cal se destacan os seguintes datos:

Polo que respecta á situación epidemiolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia, o número reprodutivo instantáneo (R_t), que indica o número de contaxios orixinados por un caso activo, segue a manterse por debaixo de 1, o que indica unha diminución na transmisión da infección. Unicamente a área da Coruña supera o 1 e a área de Ferrol está no 1.



Do total de concellos de Galicia, 165 non notificaron casos nos últimos 14 días. O número de concellos sen casos nos últimos 7 días foi de 208. Isto supón un aumento en 13 concellos a 14 días e en 4 concellos a 7 días dende hai unha semana, cando era de 152 e 204, a 14 e 7 días.

Entre o 4 e o 10 de xuño realizáronse 41.059 probas diagnósticas de infección activa polo virus SARS-CoV-2 (27.995 PCR e 13.064 tests de antíxenos) cunha porcentaxe de positividade a 7 días do 1,73 %, inferior á do período entre o 28 de maio ao 6 de xuño, que era do 2 %.

A incidencia acumulada a 7 e 14 días é de 20 e 41 casos por cen mil habitantes, respectivamente, valores inferiores aos observados hai unha semana, en que eran de 21 e 50 casos por cen mil habitantes, respectivamente (descenso do -5 % a 7 días e do -22 % a 14 días).

A tendencia diaria mostra, dende o 28 de decembro, catro tramos, dous deles con tendencia oposta, primeiro crecente a un ritmo do 7,1 % ata o 27 de xaneiro e despois decrecente cunha porcentaxe de cambio diario (PCD) de -6 %, séguelle outro tramo de tendencia lixeiramente crecente, cunha PCD do 0,8 % e o 5 de maio detéctase outro cambio en sentido decrecente cun PCD do -2,6 %.

No que se refire á situación das áreas sanitarias, as taxas a 14 días están entre os 23,51 casos por 100.000 habitantes de Santiago e os 60,90 de A Coruña. As taxas de incidencia a 14 días seguen a diminuír a respecto de hai 7 días. Ningunha das áreas presenta taxas a 14 días con valores superiores aos 100 casos por 100.000 habitantes nin taxas a 7 días superiores aos 40 casos por 100.000 habitantes. As áreas sanitarias da Coruña e Ferrol aumentaron as súas taxas a 7 días, e a da Coruña a 14 días, desde hai unha semana.

A media de pacientes COVID-19 en hospitalización de agudos nos últimos 7 días foi de 47,9, o que significa un descenso do -35,8 % a respecto de hai sete días. A taxa de pacientes COVID-19 en hospitalización de agudos é de 1,8 ingresados por 100.000 habitantes, cun descenso, tamén, do -35,8 % a respecto de hai 7 días. Pola súa banda, a media de ingresos COVID-19 nas unidades de críticos (UCI) nos últimos 7 días foi de 14,0 e a taxa a 7 días de ingresados nas UCI é de 0,5 ingresados por 100.000 habitantes, o que supón un descenso do -3,0 % a respecto de hai sete días, tanto na media como na taxa.

No que atinxe á situación epidemiolóxica dos concellos de Galicia, naqueles con poboación igual ou maior de 10.000 habitantes (54), ningún presenta unha taxa de incidencia



a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes, fronte a un do informe anterior. No que se refire aos concellos de menos de 10.000 habitantes (259), 2 presentan unha taxa de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes, 5 menos que hai unha semana. Ningún deles presenta taxas de incidencia iguais ou superiores a 500 casos por cen mil habitantes. Todas as comarcas se atopan en nivel medio baixo.

O informe conclúe que as taxas de incidencia a 7 días e a 14 días diminúen. A tendencia segue en descenso dende o 5 de maio, cunha porcentaxe de cambio diario do -2,6 %. A Rt no global de Galicia segue por debaixo do 1.

A taxa de incidencia a 14 días, no global de Galicia, está nos 41 casos por cen mil habitantes e todas as áreas sanitarias están por debaixo dos 100 casos por cen mil habitantes. Non hai ningún concello de máis de dez mil habitantes con taxas de incidencia a 14 días iguais ou superiores a 250 casos por cen mil habitantes; porén, existen dous concellos de menos de dez mil habitantes que superan a taxa de incidencia de 250 casos por cen mil habitantes, aínda que ningún deles presenta unha taxa a 14 días superior aos 500 casos por cen mil habitantes .

O feito de que a cepa que está a circular, fundamentalmente, sexa a cepa británica pode influír nun aumento da transmisión, ao que se suma a aparición de novas variantes como a P1 de Brasil e a de Suráfrica e agora tamén a da India.

Cómpre tamén indicar que o criterio utilizado para determinar os niveis de restrición aplicables a cada un dos concellos da Comunidade Autónoma é, ademais do da situación sanitaria, o da taxa de incidencia acumulada segundo os casos por cada cen mil habitantes tanto a 14 días como a 7 días; esta última permite reaccionar con maior rapidez e eficacia fronte aos gromos.

A análise da situación de cada concello complétase coa consideración de criterios demográficos, pois debe terse en conta que en concellos de escasa poboación poucos casos poden dar lugar a taxas moi elevadas, que deben ser postas no debido contexto. Ademais, os servizos de saúde pública e o comité e o subcomité clínico analizarán as características específicas de cada gromo. Neste sentido, préstase unha especial atención á existencia de gromos non controlados ou de casos sen vínculo epidemiolóxico, así como ao feito de que non se observe unha melloría clara na evolución da situación epidemiolóxica.

En atención ao exposto, tendo en conta o indicado no citado informe da Dirección Xeral de Saúde Pública e logo de escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para



estes efectos, acórdase que suban ao nivel medio de restrición os concellos de Camariñas e Malpica de Bergantiños.

Polo que respecta a Camariñas salientase que, aínda que a taxa de incidencia acumulada a 7 días é propia do nivel alto, se considera que este nivel é suficiente para controlar o abrocho existente, xa que os casos son de orixe coñecida.

A taxa de incidencia acumulada a 7 días do concello de Malpica de Bergantiños tamén é propia do nivel alto, pero considérase que o nivel medio é suficiente para controlar o abrocho debido a que hai casos importados e o resto están relacionados con dous abrochos de orixe coñecida.

Tamén se acorda manter no nivel medio de restrición actual o concello de Soutomaior, da Área Sanitaria de Pontevedra, debido á súa taxa de incidencia acumulada a 14 días.

O resto de concellos de Galicia atópase no nivel medio-baixo de restricións con base nos criterios reflectidos anteriormente.

IV

As medidas contidas nesta orde resultan adecuadas e eficaces de acordo cos datos expostos sobre a evolución da situación epidemiolóxica e, por tanto, útiles para conseguir o fin proposto de protección da saúde pública, na espera de que a campaña de vacinación acadade os resultados que se perseguen.

Tamén resultan necesarias, adecuadas e proporcionadas para o fin perseguido, que non é outro que controlar e evitar a maior difusión dunha enfermidade altamente contaxiosa, respecto da cal a diferenza entre persoas enfermas e sas resulta difusa, dada a posible asintomatoloxía ou levidade dos síntomas e a existencia dun período no cal non hai indicios externos da enfermidade.

En concreto, trátase de evitar especialmente aglomeracións ou encontros entre persoas, co fin de garantir o mantemento da distancia de seguridade e de reducir o risco de contacto físico ou a proximidade en condicións favorecedoras do contaxio. Debe lembrarse, neste sentido, que o Auto 40/2020, do 30 de abril, do Tribunal Constitucional, no seu fundamento xurídico cuarto, ao ponderar a relevancia das especiais circunstancias derivadas da crise sanitaria creada pola pandemia no exercicio do dereito de reunión, salientou como, ante a incerteza sobre as formas de contaxio, sobre o impacto real da propagación do virus, así



como sobre as consecuencias a medio e longo prazo para a saúde das persoas que se viron afectadas, as medidas de distanciamento social e de limitación extrema dos contactos e das actividades grupais son as únicas que se teñen demostrado eficaces para limitar os efectos dunha pandemia de dimensións descoñecidas ata a data.

Deste xeito, as medidas de limitación de determinadas actividades van dirixidas a limitar os contactos e a interacción social e, por tanto, a transmisión da enfermidade en situacións nas cales cabe apreciar un maior risco polas circunstancias en que se realizan, especialmente en lugares pechados.

Nese sentido, a presente orde establece unha serie de medidas específicas que teñen por obxecto a regulación de distintas actividades coa finalidade de que poidan desenvolverse en condicións de seguridade, minimizando ao máximo o risco de contaxio e a propagación da enfermidade. Para lograr ese fin resulta imprescindible evitar as aglomeracións, garantir o mantemento en todo momento da distancia de seguridade e reducir o contacto físico ou a proximidade en condicións favorecedoras do contaxio.

Estas medidas específicas tradúcense, en moitos casos, no establecemento de capacidades máximas. As evidencias científicas apoian as políticas de control de limitación e capacidades e a súa eficacia fronte a outras políticas sen esta limitación pero con redución xeneralizada da mobilidade, o que apoia a efectividade e a eficiencia das medidas de control focalizadas nos sectores de maior risco. A isto únese que a maior parte dos gromos se produce nun contexto social, como consecuencia de exposicións prolongadas ás secrecións respiratorias que se emiten en forma de aerosois que conteñen o virus. Nesta liña hai estudos que proban que, dentro das intervencións non farmacolóxicas, as relacionadas coa diminución dos contactos sociais no interior de establecementos teñen a capacidade de ralentizar a velocidade de transmisión.

V

As medidas que se adoptan nesta orde teñen o seu fundamento normativo no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 a 38.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para adoptar as medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situa-



ción epidemiolóxica existente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, coa urxencia que a protección da saúde pública demanda.

Cómpre indicar tamén que as medidas recollidas nesta orde sobre o uso da máscara e as limitacións de capacidade atopan, así mesmo, o seu fundamento no disposto na Lei 2/2021, do 29 de marzo, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19.

Na súa virtude, en aplicación do punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. Modificación da Orde do 28 de maio de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia

Un. Modifícase o punto III.2.1 do número 4.1 do anexo I da Orde do 28 de maio de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado como segue:

«III.2.1. Establecementos de xogo.

III.2.1.1. Casinos.

III.2.1.2. Salas de bingo.

III.2.1.3. Salóns de xogo.

III.2.1.4. Tendas de apostas.

Nos concellos enumerados na letra C do anexo II, os establecementos de xogos colectivos de diñeiro e de azar, salóns de xogo, salas de bingo, salóns recreativos, rifas e tómbolas, locais específicos de apostas e outros locais e instalacións asimilables aos de actividade recreativa de xogos e apostas, conforme establece a normativa sectorial en



materia de xogo, poderán realizar a súa actividade sempre que non se supere o trinta por cento da súa capacidade permitida e ata a 1.00 horas.

Nos concellos enumerados na letra D do anexo II, os establecementos de xogos colectivos de diñeiro e de azar, salóns de xogo, salas de bingo, salóns recreativos, rifas e tómbolas, locais específicos de apostas e outros locais e instalacións asimilables aos de actividade recreativa de xogos e apostas, conforme establece a normativa sectorial en materia de xogo, poderán realizar a súa actividade sempre que non se supere o cincuenta por cento da súa capacidade permitida e ata a 1.00 horas.

En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia de seguridade interpersonal entre as mesas ou, de ser o caso, agrupacións de mesas. A ocupación máxima será de seis persoas por mesa ou agrupación de mesas.

Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersonal nas súas instalacións, especialmente na disposición e uso das máquinas ou de calquera outro dispositivo de xogo nos locais e establecementos en que se desenvolvan actividades ou, na súa falta, para a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso de máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersonal indicada, nos termos previstos na normativa vixente.

Ademais do cumprimento xeral das medidas de hixiene e prevención, no caso de que se preste algún tipo de servizo de hostalaría e restauración, o réxime e horario de prestación deste servizo axustarase ao disposto para os establecementos de hostalaría neste anexo. Nese sentido, o horario de peche ao público será ás 23.00 horas. Os establecementos que utilicen a opción de ampliar o seu horario ata a 1.00 horas deberán cumprir os requisitos que se determinan para este caso no número 2 do punto 3.22 e nas medidas aprobadas pola consellería competente en materia de sanidade no marco do Plan de hostalaría segura».

Dous. Modifícase o punto III.2.3 do número 4.1 do anexo I da Orde do 28 de maio de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado como segue:

«III.2.3. Establecementos para atraccións e xogos recreativos.

III.2.3.1. Parques de atraccións e temáticos.



III.2.3.2. Parques acuáticos.

1. Nos concellos enumerados nas letras C e D do anexo II os parques acuáticos poderán desenvolver a súa actividade cunha capacidade do 50 % respecto da súa capacidade máxima. Estableceranse os oportunos mecanismos de control de accesos, tanto nas entradas e saídas do recinto coma nos accesos ás distintas atraccións, de xeito que se eviten aglomeracións e se manteña obrigatoriamente a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros.

2. O emprego de flotadores ou outros elementos nas atraccións farase de xeito individual, agás no caso de menores ou persoas que precisen de asistencia. A entidade titular da instalación intensificará a limpeza e a desinfección respecto destes elementos de uso compartido.

3. A situación dos obxectos persoais, toallas, hamacas e elementos similares nas zonas de estadia e espazos comúns levarase a cabo de forma que se poida manter a distancia de seguridade interpersoal con respecto a outros usuarios. Así mesmo, recoméndase que os grupos non superen as quince persoas, excepto no caso de persoas conviventes.

4. Aqueles establecementos que ofrezan servizos de hostalaría ou restauración nas súas instalacións observarán as regras establecidas no punto 3.22 do anexo I para este tipo de servizos.

5. Exceptúase unicamente o uso da máscara durante o baño ou no uso das atraccións acuáticas, e tamén mentres se permaneza nun espazo determinado, sen desprazarse e sempre que se poida garantir o respecto da distancia de seguridade interpersoal entre todas as persoas usuarias non conviventes. En calquera caso, será obrigatorio o uso da máscara para os accesos, desprazamentos e paseos nas zonas comúns de tránsito.

6. O uso das duchas e lavapés ao aire libre limitarase a 1 persoa por dispositivo, agás no caso de persoas que precisen asistencia. No caso de zonas de ducha en instalacións pechadas, poderase usar o 50 % delas, teñan ou non cabina.

7. Respecto do uso de vestiarios e aseos en todas as instalacións, poderase utilizar o 100 % naqueles que dispoñan de cabinas, ou o 50 % se non dispoñen delas.

III.2.3.3. Salóns recreativos.

III.2.3.4. Parques multiocio».



Tres. Modifícase o anexo II da Orde do 28 de maio de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado segundo o anexo desta orde.

Segundo. *Eficacia*

1. As medidas previstas nesta orde terán efectos desde as 00.00 horas do día 19 de xuño. Non obstante, a opción de ampliación de horario ata as 1.00 horas prevista no punto un do ordinal primeiro terá efectos desde as 23.00 horas do día 18 de xuño de 2021.

2. En cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas previstas nesta orde serán obxecto de seguimento e avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser prorrogadas, modificadas ou levantadas por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Santiago de Compostela, 17 de xuño de 2021

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade

ANEXO

«ANEXO II

A) Concellos con nivel de restrición máxima.

.....

B) Concellos con nivel de restrición alta.

.....

C) Concellos con nivel de restrición media.

Camariñas
Malpica de Bergantiños
Soutomaior



D) Concellos con nivel de restrición media-baixa.

Abadín
Abegondo
Agolada
Alfoz
Allariz
Ames
Amoeiro
Antas de Ulla
Aranga
Arbo
Ares
Arnoia (A)
Arteixo
Arzúa
Avión
Baiona
Baleira
Baltar
Bande
Baña (A)
Baños de Molgas
Baralla
Barbadás
Barco de Valdeorras (O)
Barreiros
Barro
Beade
Beariz
Becerreá
Begonte
Bergondo
Betanzos
Blancos (Os)
Boborás
Boiro



Bola (A)
Bolo (O)
Bóveda
Boimorto
Boqueixón
Brión
Bueu
Burela
Cabana de Bergantiños
Cabanas
Caldas de Reis
Calvos de Randín
Cambados
Cambre
Campo Lameiro
Cangas
Cañiza (A)
Capela (A)
Carballeda de Avia
Carballeda de Valdeorras
Carballedo
Carballiño (O)
Carballo
Cariño
Carnota
Carral
Cartelle
Castrelo de Miño
Castrelo do Val
Castro Caldelas
Castro de Rei
Castroverde
Catoira
Cedeira
Cee
Celanova
Cenlle



Cerceda
Cerdedo-Cotobade
Cerdido
Cervantes
Cervo
Chandrexa de Queixa
Chantada
Coirós
Coles
Corcubión
Corgo (O)
Coristanco
Cortegada
Coruña (A)
Cospeito
Covelo
Crecente
Cualedro
Culleredo
Cuntis
Curtis
Dodro
Dozón
Dumbría
Entrimo
Esgos
Estrada (A)
Fene
Ferrol
Fisterra
Folgo do Courel
Fonsagrada (A)
Forcarei
Fornelos de Montes
Foz
Frades
Friol



Gondomar
Gomesende
Grove (O)
Guarda (A)
Gudiña (A)
Guitiriz
Guntín
Illa de Arousa (A)
Incio (O)
Irixo (O)
Irixoa
Lalín
Lama (A)
Láncara
Laracha (A)
Larouco
Laxe
Laza
Leiro
Lobeira
Lobios
Lourenzá
Lousame
Lugo
Maceda
Manzaneda
Mañón
Marín
Maside
Mazaricos
Meaño
Meira
Meis
Melide
Melón
Merca (A)
Mesía



Mezquita (A)
Miño
Moaña
Moeche
Mondariz-Balneario
Mondariz
Mondoñedo
Monfero
Monforte de Lemos
Montederramo
Monterrei
Monterroso
Moraña
Mos
Mugardos
Muíños
Muras
Muros
Muxía
Narón
Navia de Suarna
Neda
Negreira
Negreira de Muñiz
Neves (As)
Nigrán
Noia
Nogais (As)
Nogueira de Ramuín
Oia
Oímbra
Oleiros
Ordes
Oroso
Ortigueira
Ourense
Ouro



Outeiro de Rei
Outes
Oza-Cesuras
Paderne de Allariz
Paderne
Padrenda
Padrón
Palas de Rei
Pantón
Parada de Sil
Paradela
Páramo (O)
Pastoriza (A)
Pazos de Borbén
Pedrafita do Cebreiro
Pereiro de Aguiar (O)
Peroxa (A)
Petín
Pino (O)
Piñor
Pobra de Trives (A)
Pobra do Brollón (A)
Pobra do Caramiñal (A)
Poio
Pol
Ponteareas
Ponte Caldelas
Pontecesures
Ponteceso
Pontedeume
Pontedeva
Pontenova (A)
Pontes de García Rodríguez (As)
Pontevedra
Porqueira
Porriño (O)
Portas



Porto do Son
Portomarín
Punxín
Quintela de Leirado
Quiroga
Rábade
Rairiz de Veiga
Ramirás
Redondela
Rianxo
Ribadavia
Ribadeo
Ribadumia
Ribas de Sil
Ribeira
Ribeira de Piquín
Ríós
Riotorto
Rodeiro
Rois
Rosal (O)
Rúa (A)
Rubiá
Sada
Salceda de Caselas
Salvaterra de Miño
Samos
San Amaro
San Cibrao das Viñas
San Cristovo de Cea
San Sadurniño
Santiso
Sanxenxo
San Xoán de Río
Sandiás
Santa Comba
Santiago de Compostela



Sarreaus
Sarria
Saviñao (O)
Silleda
Sober
Sobrado
Somozas (As)
Taboada
Taboadela
Teixeira (A)
Teo
Toén
Tomiño
Toques
Tordoia
Touro
Trabada
Trasmiras
Trazo
Triacastela
Tui
Val do Dubra
Valadouro (O)
Valdoviño
Valga
Vedra
Veiga (A)
Verea
Verín
Viana do Bolo
Vicedo (O)
Vigo
Vilaboa
Vila de Cruces
Vilagarcía de Arousa
Vilalba
Vilamarín



Vilamartín de Valdeorras
Vilanova de Arousa
Vilar de Barrio
Vilar de Santos
Vilardevós
Vilariño de Conso
Vilarmaior
Vilasantar
Vimianzo
Viveiro
Xermade
Xinzo de Limia
Xove
Xunqueira de Ambía
Xunqueira de Espadanedo
Zas»



I. DISPOSICIÓNS XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

CORRECCIÓN DE ERROS. Orde do 10 de xuño de 2021 pola que se prorroga a eficacia e se modifica a Orde do 28 de maio de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, e se modifica a Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen as actuacións necesarias para a posta en marcha do Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia.

Advertidos erros na dita orde publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 109-bis, do 10 de xuño de 2021, cómpre facer a seguinte corrección:

Na páxina 28920, onde di:

«1. As medidas previstas nesta orde terán efectos desde as 00.00 horas do día 12 de xuño de 2021 ata as 00.00 horas do 26 de xuño de 2021».

Debe dicir:

«1. As medidas previstas nesta orde terán efectos desde as 00.00 horas do día 12 de xuño de 2021 ata as 00.00 horas do 26 de xuño de 2021. Non obstante, a opción de ampliación de horario ata as 1.00 horas prevista no ordinal quinto do punto segundo terá efectos desde as 23.00 horas do día 11 de xuño de 2021».



I. DISPOSICIÓNS XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 10 de xuño de 2021 pola que se prorroga a eficacia e se modifica a Orde do 28 de maio de 2021, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, e se modifica a Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen as actuacións necesarias para a posta en marcha do Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia.

I

A evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia fai necesario que se sigan adoptando por parte das autoridades sanitarias autonómicas determinadas medidas de prevención orientadas a conter a propagación da infección e dirixidas a facer fronte á crise sanitaria derivada da COVID-19.

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición a unha nova normalidade. O obxecto dese acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Con esta finalidade poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade. Establécese, ademais, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de conformidade coa normativa aplicable e en vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación



quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou en parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e que modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación das medidas concretas contidas no anexo do citado acordo.

II

No *Diario Oficial de Galicia* núm. 99 bis, do venres 28 maio de 2021, a Consellería de Sanidade publicou a Orde do 26 de maio de 2021 pola que se establecen medidas cualificadas de prevención para facer fronte á evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e que precisan da autorización xudicial para a súa eficacia, e a Orde do 28 de maio de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

A adopción das medidas recollidas nestas ordes veu determinada pola evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia, tal e como se xustifica nas respectivas exposicións de motivos. A eficacia das dúas ordes estendíase ata as 00.00 horas do 12 de xuño e establecíase expresamente no seu punto sétimo que, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas previstas nas citadas ordes serán obxecto de seguimento e avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser prorrogadas, modificadas ou levantadas por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Debe salientarse que a recente sentenza do Tribunal Supremo nº 719/2021, do 24 de maio, estableceu como doutrina que a ratificación das medidas limitativas de dereitos fundamentais debe ser previa, de tal xeito que tales medidas non despregan efectos nin son aplicables mentres non sexan ratificadas xudicialmente. Así mesmo, aclaraba que as que deben ser obxecto de ratificación son as que non están xa previstas, sexa pola lexislación sanitaria sexa pola de policía administrativa ou pola correspondente a outras materias. É o caso, entre outras, das disposicións relativas a horarios e capacidades en establecementos públicos, ás actividades educativas, das que miran por preservar os espazos públicos e por impedir que neles se consuma alcol, das que teñen por obxecto evitar a contaminación acústica ou doutra natureza e, en xeral, das dirixidas a manter a convivencia.

En vista do pronunciamento do Tribunal Supremo e para os efectos dunha mellor operatividade na tramitación das medidas, optouse por distinguir entre aquelas que precisaban



da correspondente autorización xudicial previa e aquelas que non e aprobáronse dúas ordes diferenciadas.

Por un lado, a Orde do 26 de maio de 2021 recollía unha serie de medidas limitativas de dereitos fundamentais que poden clasificarse en dous grupos: por unha banda, as que afectan aqueles concellos que se atopan en situación de risco máximo e que inclúen o peche perimetral dos seus ámbitos territoriais, as limitacións de grupos de persoas a conviventes e o chamado toque de recollida e, por outra banda, as medidas menos restritivas que limitaban os grupos de persoas e que se aplicaban no resto dos concellos da Comunidade Autónoma. Cómpre salientar neste momento que, en cumprimento do disposto no artigo 10.8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, as medidas recollidas na Orde do 26 de maio foron ratificadas mediante o Auto 70/2021, da Sección Terceira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Por outro lado, na Orde do 28 de maio de 2021 recollíase un amplo catálogo de medidas específicas que teñen por obxecto regular distintas actividades coa finalidade de que se poidan desenvolver en condicións de seguridade, minimizando ao máximo o risco de contaxio e a propagación da enfermidade. Estas medidas específicas tradúcense, en moitos casos, no establecemento de capacidades máximas e na regulación destas, xa que se demostrou que, para lograr o fin proposto, resulta imprescindible evitar as aglomeracións e garantir o mantemento en todo momento da distancia de seguridade, reducindo o contacto físico ou a proximidade en condicións favorecedoras do contaxio.

A evolución da pandemia fai que sexa necesario prorrogar a Orde do 28 de maio de 2021, así como que se modifiquen determinados aspectos concretos do seu contido coa finalidade de adaptalos á situación actual; porén, a mellora experimentada permite que non se adopten neste momento novas medidas limitativas de dereitos fundamentais e rematar a eficacia das vixentes ás 00.00 horas do día 12 de xuño. A modificación das medidas específicas contidas na Orde do 28 de maio de 2021 enmárcase, por tanto, no seguimento e na avaliación continua de que son obxecto e ten como finalidade adaptalas á realidade actual e á desaparición das limitacións da permanencia de grupos de persoas en espazos públicos e privados.

Finalmente, debe indicarse que, en cumprimento do disposto no artigo 38.ter.4 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, as medidas recollidas nesta orde terán unha duración determinada, tal e como se establece no punto terceiro da orde. Ademais, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, serán obxecto de



seguimento e avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

III

Unha vez sentado o anterior, de conformidade co exposto, debe salientarse que a adopción das medidas recollidas nesta orde vén determinada pola evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Así resulta do informe da Dirección Xeral de Saúde Pública do 9 de xuño de 2021, do cal se destacan os seguintes datos:

O número reprodutivo instantáneo (Rt), que indica o número de contaxios orixinados por un caso activo, segue a manterse por debaixo de 1 desde o 29 de xaneiro, o que indica unha diminución na transmisión da infección. As áreas da Coruña e Ourense superaron o 1.

Do total de concellos de Galicia, 152 non notificaron casos nos últimos 14 días. O número de concellos sen casos nos últimos 7 días foi de 204. Isto supón un aumento en 10 concellos a 14 días e en 16 concellos a 7 días desde hai unha semana, que era de 142 e 185, a 14 e 7 días.

Entre o 28 de maio e o 6 de xuño realizáronse 45.810 probas diagnósticas de infección activa polo virus SARS-CoV-2 (32.111 PCR e 16.699 tests de antíxenos) cunha porcentaxe de positividade a sete días do 2 %, practicamente a mesma porcentaxe que entre o 21 e o 27 de maio, que era do 2,02 %.

A incidencia acumulada a 7 e 14 días é de 21 e 50 casos por cen mil habitantes, respectivamente; valores inferiores aos observados hai unha semana en que eran de 28 e 67 casos por cen mil habitantes, respectivamente (descenso do 33,3 % a 7 días e do 34 % a 14 días).

A tendencia diaria mostra, desde o 28 de decembro, catro tramos, dous deles con tendencia oposta, o primeiro crecente a un ritmo do 7,1 % ata o 27 de xaneiro e despois decrecente cunha porcentaxe de cambio diario (PCD) de -6 %, séguelle outro tramo de tendencia lixeiramente crecente, cunha PCD do 0,8 %, e o 7 de maio detéctase outro cambio en sentido decrecente cunha PCD do -2,8 %.

En canto á situación das áreas sanitarias, destácase que as taxas a 14 días das áreas están entre os 43,11 casos por 100.000 habitantes da Coruña e os 60,05 de Vigo. As taxas de incidencia a 14 días seguen a diminuír respecto de hai 7 días. Ningunha das áreas



presenta taxas a 14 días con valores superiores aos 100 casos por 100.000 habitantes nin taxas a 7 días superiores aos 40 casos por 100.000 habitantes. As áreas sanitarias da Coruña e Ourense aumentaron as súas taxas a 7 días, e a de Ferrol a 14 días, desde hai unha semana.

No que respecta á hospitalización dos casos COVID-19, a media de pacientes COVID-19 en hospitalización de agudos nos últimos 7 días foi de 74,6, o que significa un descenso do -12,6 % respecto de hai sete días. A taxa de pacientes COVID-19 en hospitalización de agudos é de 2,8 ingresados por 100.000 habitantes, cun descenso, tamén, do -12,6 % respecto de hai 7 días. Pola súa banda, nos ingresos COVID-19 nas unidades de críticos (UCI) nos últimos 7 días a media foi de 14,4 e a taxa a 7 días de ingresados nas UCI é de 0,5 ingresados por 100.000 habitantes, o que supón un descenso do -40,9 % respecto de hai sete días, tanto na media como na taxa.

Nos concellos da Comunidade Autónoma con poboación igual ou maior de 10.000 habitantes (54), un presenta unha taxa de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por 100.000 habitantes, fronte aos dous do informe anterior, e sen superar os 500 casos por 100.000 habitantes; mentres que nos concellos de menos de 10.000 habitantes (259), sete presentan unha taxa de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por 100.000 habitantes, os mesmos que hai unha semana e un máis ca no informe do 6 de xuño. Ningún deles presenta taxas de incidencia iguais ou superiores a 500 casos por 100.000 habitantes. No que atinxe ás comarcas, só a da Mariña Occidental se atopa no nivel medio.

O informe conclúe que a taxa de incidencia segue a diminuír tanto a 7 como a 14 días. A tendencia amosou un novo cambio cara ao descenso cunha porcentaxe de cambio diario do -2,8 % a partir do 7 de maio. O Rt no global de Galicia segue por debaixo de 1; no entanto, a información do modelo de predición indica que a incidencia aumentaría lixeiramente a 7 e tería unha certa estabilización a 14 días. Como os intervalos de confianza seguen a ser amplos, o que se pode derivar da baixa incidencia actual, esta hai que tomala con cautela.

A taxa de incidencia a 14 días, no global de Galicia, está nos 50 casos por cen mil habitantes. Neste momento ningunha área sanitaria supera os 100 casos por cen mil habitantes. No que atinxe aos concellos de máis de 10.000 habitantes, soamente o concello de Mos presenta taxas de incidencia a 14 días iguais ou superiores a 250 casos por cen mil habitantes. Nos de menos de 10.000 hai sete concellos que superan unha taxa de incidencia de 250 casos por cen mil habitantes, mais ningún deles presenta unha taxa a 14 días superior aos 500 casos por cen mil habitantes.



O feito de que a cepa que está a circular, fundamentalmente, sexa a británica pode influír nun posible aumento da transmisión, ao cal se suma a aparición de novas variantes como a P1 de Brasil e a de Suráfrica, e agora tamén a da India. Non obstante, a súa vixilancia permite estar atentos a cambios na variante que circula maioritariamente en Galicia e, por tanto, a posibles aumentos da incidencia asociados a esta.

Cómpre tamén indicar que o criterio utilizado para determinar os niveis de restrición aplicables a cada un dos concellos da Comunidade Autónoma é, ademais do da situación sanitaria, o da taxa de incidencia acumulada segundo os casos por cada cen mil habitantes tanto a 14 días como a 7 días, esta última permite reaccionar con maior rapidez e eficacia fronte aos gromos.

A análise da situación de cada concello complétase coa consideración de criterios demográficos, pois debe terse en conta que en concellos de escasa poboación poucos casos poden dar lugar a taxas moi elevadas, que deben ser postas no debido contexto. Ademais, os servizos de saúde pública e o Comité e o Subcomité Clínico analizarán as características específicas de cada gromo. Neste sentido préstase unha especial atención á existencia de gromos non controlados ou de casos sen vínculo epidemiolóxico, así como ao feito de que non se observe unha melloría clara na evolución da situación epidemiolóxica.

En atención ao exposto, tendo en conta o indicado no citado informe da Dirección Xeral de Saúde Pública e logo de escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, acórdase que o concello de Mos descenda desde o nivel alto ao nivel medio de restricións xa que, aínda que a súa taxa de incidencia acumulada a 14 días é a propia do nivel alto de restricións, atópase moi preto á do nivel medio, e a taxa a 7 días é propia do nivel medio baixo. Ademais, este concello diminuíu a súa incidencia entre os días 3 e 7 de xuño nun 61 % a 14 días e nun 220 % a 7 días e estas taxas pasaron de 418,2 a 258,9 casos por 100.000 habitantes a 14 días, e de 106,2 a 33,2 casos por 100.000 habitantes a 7 días, polo que o previsible é que, cando entren en vigor estas medidas, o concello xa se atope en nivel medio.

Mantéñense no nivel medio de restrición os concellos de Xove, segundo indica a súa taxa a 14 días, e Oroso, aínda que a súa taxa de incidencia a 14 días indica un nivel alto, xa que esta está próxima á de nivel medio. Ademais, os casos deste concello están asociados a abrochos de orixe coñecida e controlada, polo que se considera que este nivel medio de restrición é suficiente para o control da súa situación epidemiolóxica.



Descende do nivel alto ao nivel medio de restrición o concello de Viveiro, tal como indica a súa taxa a 14 días. Ademais, a evolución da súa situación epidemiolóxica, desde que entrou no nivel alto de restrición, mellorou claramente como amosa o descenso da súa taxa de incidencia a 7 días que, neste momento, é de nivel medio baixo.

Ascendería do nivel medio baixo actual ao nivel medio de restrición o concello de Soutomaior, a pesar de que a súa taxa a 7 días indica un nivel alto, xa que os casos existentes están asociados a abrochos de orixe coñecida e os casos que están a aparecer danse entre os contactos estreitos identificados, polo que se considera suficiente, polo de agora, este nivel medio para o control da súa situación epidemiolóxica.

O resto de concellos de Galicia atópase no nivel medio-baixo de restricións con base nos criterios reflectidos anteriormente.

Así mesmo, modifícase a Orde do 25 de febreiro de 2021, pola que se establecen as actuacións necesarias para a posta en marcha do Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia, suprimindo o seu punto sétimo bis cuxo contido pasa a estar recollido directamente na Orde do 28 de maio de 2021, debidamente adaptado á situación actual.

IV

As medidas contidas nesta orde resultan adecuadas e eficaces de acordo cos datos expostos sobre a evolución da situación epidemiolóxica e, por tanto, útiles para conseguir o fin proposto de protección da saúde pública, na espera de que a campaña de vacinación acadade os resultados que se perseguen.

Tamén resultan necesarias, adecuadas e proporcionadas para o fin perseguido, que non é outro que controlar e evitar a maior difusión dunha enfermidade altamente contaxiosa, respecto da cal a diferenza entre persoas enfermas e sas resulta difusa, dada a posible asintomatoloxía ou levidade dos síntomas e a existencia dun período no cal non hai indicios externos da enfermidade.

En concreto, trátase de evitar especialmente aglomeracións ou encontros entre persoas, co fin de garantir o mantemento da distancia de seguridade e de reducir o risco de contacto físico ou a proximidade en condicións favorecedoras do contaxio. Debe lembrarse, neste sentido, que o Auto 40/2020, do 30 de abril, do Tribunal Constitucional, no seu fundamento xurídico cuarto, ao ponderar a relevancia das especiais circunstancias derivadas da crise sanitaria creada pola pandemia no exercicio do dereito de reunión, salientou como, ante a



incerteza sobre as formas de contaxio, sobre o impacto real da propagación do virus, así como sobre as consecuencias a medio e longo prazo para a saúde das persoas que se viron afectadas, as medidas de distanciamento social e de limitación extrema dos contactos e das actividades grupais son as únicas que se teñen demostrado eficaces para limitar os efectos dunha pandemia de dimensións descoñecidas ata a data.

Deste xeito, as medidas de limitación de determinadas actividades van dirixidas a limitar os contactos e a interacción social e, por tanto, a transmisión da enfermidade en situacións nas cales cabe apreciar un maior risco polas circunstancias en que se realizan, especialmente en lugares pechados.

Nese sentido, a presente orde establece unha serie de medidas específicas que teñen por obxecto a regulación de distintas actividades coa finalidade de que poidan desenvolverse en condicións de seguridade, minimizando ao máximo o risco de contaxio e a propagación da enfermidade. Para lograr ese fin resulta imprescindible evitar as aglomeracións, garantir o mantemento en todo momento da distancia de seguridade e reducir o contacto físico ou a proximidade en condicións favorecedoras do contaxio.

Estas medidas específicas tradúcense, en moitos casos, no establecemento de capacidades máximas. As evidencias científicas apoian as políticas de control de limitación e capacidades e a súa eficacia fronte a outras políticas sen esta limitación pero con redución xeneralizada da mobilidade, o que apoia a efectividade e a eficiencia das medidas de control focalizadas nos sectores de maior risco. A isto únese que a maior parte dos gromos se produce nun contexto social, a consecuencia de exposicións prolongadas ás secrecións respiratorias que se emiten en forma de aerosois que conteñen o virus. Nesta liña hai estudos que proban que, dentro das intervencións non farmacolóxicas, as relacionadas coa diminución dos contactos sociais no interior de establecementos teñen a capacidade de lentificar a velocidade de transmisión.

V

As medidas que se adoptan nesta orde teñen o seu fundamento normativo no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 a 38.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para adoptar as medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situa-



ción epidemiolóxica existente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, coa urxencia que a protección da saúde pública demanda.

Cómpre indicar tamén que as medidas recollidas nesta orde sobre o uso da máscara e as limitacións de capacidade atopan así mesmo o seu fundamento no disposto na Lei 2/2021, do 29 de marzo, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19.

Na súa virtude, en aplicación do punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición a unha nova normalidade, na súa redacción vixente, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. A prórroga da eficacia das medidas previstas na Orde do 28 de maio de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, coas modificacións que a seguir se indican

E atendendo á evolución da situación epidemiolóxica, prorrógase ata as 00.00 horas do día 26 de xuño de 2021 a eficacia das medidas previstas na Orde do 28 de maio de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, sen prexuízo do indicado no punto segundo desta orde.

Segundo. A modificación da Orde do 28 de maio de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia

Un. Engádesse un novo punto terceiro bis na Orde do 28 de maio de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, coa seguinte redacción:

«Terceiro.bis. Recomendacións relativas á permanencia de grupos de persoas en espazos públicos ou privados

1. No territorio dos concellos indicados nas letras B, C e D do anexo II recoméndase que os grupos non superen as seis persoas coma máximo en espazos pechados e as quince



persoas coma máximo en espazos abertos ou ao aire libre, sexan de uso público ou privado, agás que se trate de conviventes.

2. Así mesmo, nestes mesmos concellos recoméndase que, entre a 1.00 e as 6.00 horas, a permanencia de grupos de persoas en espazos de uso público, tanto pechados coma abertos ou ao aire libre, e en espazos de uso privado se limite aos constituídos exclusivamente por persoas conviventes.

Dous. Modifícase o parágrafo 1 do punto 3.8 do anexo I da Orde do 28 de maio de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado como segue:

«3.8. Mercados que desenvolven a súa actividade na vía pública.

1. No caso dos mercados que desenvolven a súa actividade na vía pública ao aire libre ou de venda non sedentaria, coñecidos como feiras, a capacidade virá determinada polo número de postos autorizados do xeito seguinte:

a) Nos mercados con menos de 250 postos autorizados, poderán dispor do 100 % dos postos habituais ou autorizados.

b) Nos mercados que teñan máis de 250 postos autorizados, poderán dispor do 75 % dos postos habituais ou autorizados.

En todo caso, limitarán a afluencia de clientes de maneira que se asegure o mantemento da distancia de seguridade interpersoal.

Os concellos poderán aumentar a superficie habilitada ou habilitar novos días para o exercicio desta actividade para compensar as limitacións previstas anteriormente, e prestarán especial atención á vixilancia do cumprimento das medidas sanitarias e dos protocolos aplicables nestes contornos.

Os concellos establecerán requisitos de distanciamento entre os postos e as condicións de delimitación do mercado co obxectivo de procurar manter a distancia de seguridade interpersoal entre traballadores, clientes e viandantes ou, na súa falta, será precisa a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso da máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersoal indicada nos termos previstos no número 1.4 do anexo I desta orde».



Tres. Modifícase o punto 3.10 do anexo I da Orde do 28 de maio de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado como segue:

«3.10. Hoteis, albergues, aloxamentos turísticos.

1. Os hoteis, albergues e establecementos turísticos permanecerán abertos sen prexuízo das limitacións vixentes de entrada e saída de persoas en determinados ámbitos territoriais, que deberán respectarse en todo caso. Os clientes procedentes dalgún dos ámbitos territoriais aos cales se lles apliquen as devanditas limitacións soamente poderán terse desprazado aos establecementos situados fóra dese ámbito territorial polos motivos xustificadas establecidos na normativa vixente.

2. Os albergues poderán manter a ocupación máxima das prazas dos espazos de aloxamento de uso compartido sempre que os peregrinos realicen o Camiño en todas as súas etapas no territorio galego nun mesmo grupo «burbulla» ou de convivencia estable. Para estes efectos, fomentárase a constitución destes grupos de convivencia estable para a realización do Camiño e o aloxamento compartido na rede pública e privada de albergues de Galicia. Para a acreditación da constitución dos grupos de convivencia estable para o aloxamento compartido admitirase a declaración responsable por parte dos membros do grupo, sen que unha vez feita poidan admitirse novos membros.

Cando o aloxamento compartido non sexa dun grupo de convivencia estable, a ocupación máxima das prazas nos espazos de aloxamento compartido será do 30 %.

3. A ocupación das zonas comúns dos hoteis, albergues e aloxamentos turísticos non poderá superar o cincuenta por cento da súa capacidade.

Para iso, cada establecemento deberá determinar a capacidade dos distintos espazos comúns, así como aqueles lugares en que se poderán realizar eventos e as condicións máis seguras para a súa realización conforme a capacidade máxima prevista e de acordo coas medidas de hixiene, protección e distancia mínima establecidas.

4. Poderán facilitar servizos de hostalaría e restauración para os clientes aloxados nestes establecementos. Para o resto de clientes resultará de aplicación o disposto no punto 3.22.



5. No caso de instalacións deportivas de hoteis, albergues e aloxamentos turísticos, tales como piscinas ou ximnasios, rexeranse polas regras aplicables a este tipo de instalacións en función da incidencia acumulada do respectivo concello, de conformidade co previsto no punto 3.15».

Catro. Modifícase o parágrafo 1 do punto 3.15 do anexo I da Orde do 28 de maio de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado como segue:

«3.15. Actividade deportiva.

1. A realización da actividade física e deportiva non federada axustarase ás seguintes regras, en función dos datos epidemiolóxicos existentes nos correspondentes concellos:

a) Nos concellos enumerados na letra A do anexo II da presente orde, a práctica da actividade física e deportiva non federada só se poderá realizar ao aire libre ou en instalacións deportivas ao aire libre, de forma individual ou con persoas conviventes, e coa utilización de máscara de acordo co disposto no punto 1.4 do anexo I da presente orde.

b) Nos concellos enumerados nas letras B e C do anexo II da presente orde, a práctica da actividade física e deportiva non federada, ao aire libre, poderá realizarse de forma individual ou colectiva, sen contacto físico e coa utilización de máscara, de acordo co disposto no punto 1.4 do anexo I da presente orde. No caso da práctica de forma colectiva, recoméndase que os grupos non superen as quince persoas como máximo de forma simultánea, sexan ou non conviventes, sen contar, de ser o caso, o monitor.

Nas instalacións e nos centros deportivos pechados poderase realizar actividade deportiva en grupos de ata seis persoas, sexan ou non conviventes, sen contar o monitor, sen contacto físico, coa utilización de máscara e sempre que non se supere o trinta por cento da capacidade máxima permitida. Deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersonal durante o desenvolvemento da actividade.

Tamén se permite o uso deportivo das piscinas ao aire libre ou cubertas, cunha ocupación máxima do 30 %.

c) Nos concellos enumerados na letra D do anexo II, a práctica da actividade física e deportiva non federada, ao aire libre, poderá realizarse de forma individual ou colectiva, sen



contacto físico e coa utilización de máscara, de acordo co disposto no punto 1.4 do anexo I da presente orde. No caso da práctica de forma colectiva, recoméndase que os grupos non superen as quince persoas como máximo de forma simultánea, sexan ou non conviventes, sen contar, de ser o caso, o monitor.

No caso da práctica da actividade física e deportiva non federada nas instalacións e nos centros deportivos pechados, poderase realizar en grupos de ata seis persoas, sexan ou non conviventes, sen contar o monitor, sen contacto físico, coa utilización de máscara e sempre que non se supere o cincuenta por cento da capacidade máxima permitida. Deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade.

Tamén se permite o uso deportivo das piscinas ao aire libre ou cubertas cunha ocupación máxima do 50 %».

Cinco. Modifícase o punto 3.22 do anexo I da Orde do 28 de maio de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado como segue:

«3.22. Hostalaría e restauración.

1. A prestación de servizos de hostalaría e restauración en bares, cafeterías e restaurantes axustarase ás seguintes regras, en función dos datos epidemiolóxicos existentes nos correspondentes concellos:

a) Nos concellos enumerados na letra A do anexo II da presente orde, os citados establecementos permanecerán pechados ao público e poderán prestar exclusivamente servizos de recollida no local e de consumo a domicilio ata as 22.30 horas, ou ben servizo de entrega a domicilio. O servizo de entrega a domicilio poderá realizarse ata as 24.00 horas.

A permanencia nestes establecementos deberá ser a estritamente necesaria. En todo caso, evitanse aglomeracións e controlarase que os consumidores e empregados manteñan a distancia de seguridade establecida co fin de evitar posibles contaxios.

b) Nos concellos enumerados na letra B do anexo II da presente orde, os establecementos poderán prestar unicamente servizos de recollida no local e de consumo a domicilio, de entrega a domicilio e, así mesmo, de terraza co cincuenta por cento (50 %) da capacidade



máxima permitida con base na correspondente licenza municipal ou do que sexa autorizado para este ano, no caso de que a licenza sexa concedida por primeira vez.

En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia de seguridade interpersonal entre as mesas ou, de ser o caso, as agrupacións de mesas, a ocupación máxima será de 15 persoas por mesa ou agrupación de mesas.

O horario de peche ao público será ás 23.00 horas. Os establecementos que utilicen a opción de ampliar o seu horario ata a 1.00 horas deberán cumprir os requisitos que se determinan para este caso no número 2 deste punto e nas medidas aprobadas pola consellería competente en materia de sanidade no marco do Plan de hostalaría segura e sen que poidan admitirse novos clientes a partir das 00.00 horas.

Os establecementos poderán prestar servizos de recollida no local e de consumo a domicilio ou ben servizo de entrega a domicilio ata a 1.00 horas. Neste caso, a permanencia nestes establecementos deberá ser a estritamente necesaria. En todo caso, evitanse aglomeracións e controlarase que consumidores e empregados manteñan a distancia de seguridade establecida co fin de evitar posibles contaxios.

c) Nos concellos enumerados na letra C do anexo II da presente orde, os establecementos poderán prestar servizos de recollida no local e de consumo a domicilio, de entrega a domicilio, de terraza co cincuenta por cento (50 %) da capacidade máxima permitida con base na correspondente licenza municipal ou do que sexa autorizado para este ano, no caso de que a licenza sexa concedida por primeira vez, e tamén de servizo no interior cunha ocupación do 30 %. Non se poderá prestar servizo na barra.

En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia de seguridade interpersonal entre as mesas ou, de ser o caso, as agrupacións de mesas, e a ocupación máxima será de 6 persoas no interior e 15 persoas na terraza, por mesa ou agrupación de mesas.

O horario de peche ao público será ás 23.00 horas. Os establecementos que utilicen a opción de ampliar o seu horario ata a 1.00 horas deberán cumprir os requisitos que se determinan para este caso no número 2 deste punto e nas medidas aprobadas pola consellería competente en materia de sanidade no marco do Plan de hostalaría segura e sen que poidan admitirse novos clientes a partir das 00.00 horas.

Os establecementos poderán prestar servizos de recollida no local e de consumo a domicilio ou ben servizo de entrega a domicilio ata a 1.00 horas. Neste caso, a permanencia



nestes establecementos deberá ser a estritamente necesaria. En todo caso, evítanse aglomeracións e controlárase que os consumidores e empregados manteñan a distancia de seguridade establecida co fin de evitar posibles contaxios.

d) Nos concellos enumerados na letra D do anexo II da presente orde, os establecementos poderán prestar servizos de recollida no local e de consumo a domicilio, de entrega a domicilio, de terraza co setenta e cinco por cento (75 %) da capacidade máxima permitida con base na correspondente licenza municipal ou do que sexa autorizado para este ano, no caso de que a licenza sexa concedida por primeira vez, e tamén de servizo no interior cunha ocupación do 50 %. Non se poderá prestar servizo na barra.

En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia de seguridade interpersoal entre as mesas ou, de ser o caso, as agrupacións de mesas, e a ocupación máxima será de 6 persoas no interior e 15 persoas na terraza, por mesa ou agrupación de mesas.

O horario de peche ao público será ás 23.00 horas. Os establecementos que utilicen a opción de ampliar o seu horario ata a 1.00 horas deberán cumprir os requisitos que se determinan para este caso no número 2 deste punto e nas medidas aprobadas pola consellería competente en materia de sanidade no marco do Plan de hostalaría segura e sen que poidan admitirse novos clientes a partir das 00.00 horas.

Os establecementos poderán prestar servizos de recollida no local e de consumo a domicilio ou ben servizo de entrega a domicilio ata a 1.00 horas. Neste caso, a permanencia nestes establecementos deberá ser a estritamente necesaria. En todo caso, evítanse aglomeracións e controlárase que consumidores e empregados manteñan a distancia de seguridade establecida co fin de evitar posibles contaxios.

2. Para poder utilizar a opción de ampliar o seu horario ata a 1.00 horas, os establecementos de hostalaría e restauración deberán usar dispositivos medidores de CO₂, que deberán dispor dunha pantalla que mostre os niveis de CO₂ en tempo real nunha zona visible para os usuarios. Estes dispositivos deberán levar a marcación CE.

A localización do medidor deberá axustarse ás indicacións técnicas aplicables e ter en conta o tamaño e a forma do espazo, as súas entradas de aire e o fluxo da ventilación. Non se situarán preto das xanelas, portas ou outros puntos de ventilación.

No caso de sistemas mecánicos de ventilación, débese asegurar en todo caso o nivel de CO₂ interior e persoal cualificado documentará o mantemento adecuado e as actuacións realizadas.



Tanto nos casos de ventilación natural coma nos de mecánica ou mixta non se deberán superar no interior as 800 p.p.m. de concentración de CO₂, e será responsabilidade do local adoptar as medidas precisas de renovación do aire para que non se supere a cifra indicada.

Naqueles supostos en que, por non se utilizar a opción de ampliar o horario ata a 1.00 horas, non sexa requisito necesario o uso dos dispositivos medidores de CO₂, recoméndase a súa utilización na prestación de servizos de hostalaría e restauración, nas condicións establecidas na presente orde. Esta recomendación entenderase sen prexuízo de que en posteriores actualizacións da orde se poida establecer o uso destes medidores como requisito, no marco das condicións que se establezan.

3. Para o cálculo das ocupacións, así como para a aplicación doutras medidas específicas, observaranse as medidas aprobadas pola consellería competente en materia de sanidade no marco do Plan de hostalaría segura.

4. Os establecementos de restauración de centros sanitarios ou de traballo poderán manter o servizo de cafetaría, bar e restaurante. Non poderán superar o cincuenta por cento da súa capacidade. O consumo dentro do local poderá realizarse unicamente sentado na mesa ou nas agrupacións de mesas e deberase asegurar o mantemento da debida distancia de seguridade interpersoal entre clientes. A ocupación máxima será de 6 persoas no interior e 15 persoas na terraza, por mesa ou agrupación de mesas.

Nos concellos enumerados nas letras A e B do anexo II da presente orde, estes establecementos de restauración deberán limitar a súa actividade, nas condicións establecidas no número anterior, aos traballadores destes ou, no caso dos centros sanitarios, tamén a acompañantes de doentes. Nos concellos enumerados na letra A do anexo II, as persoas da mesa deberán ser todas conviventes ou persoas traballadoras que formen un grupo de convivencia estable dentro do centro de traballo.

No caso de establecementos de hostalaría situados en centros educativos, aplicaranse as regras previstas nos parágrafos precedentes.

Estas regras non será aplicables aos comedores escolares, que se rexerán pola súa normativa específica».

Seis. Modifícase o punto 3.25 do anexo I da Orde do 28 de maio de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación



epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado como segue:

«3.25. Centros de lecer infantil.

1. Os centros de lecer infantil poderán desenvolver a súa actividade nas condicións que a seguir se establecen:

2. Enténdense por centros de lecer infantil os establecementos abertos ao público que se destinen a ofrecer xogos e atraccións recreativas deseñados especificamente para público de idade igual ou inferior a 12 anos, os espazos de xogo e entretemento, así como á celebración de festas infantís.

Para tal efecto, cumprirán o protocolo aprobado pola Orde do 30 de xuño de 2020 pola que se restablece a actividade dos centros de lecer infantil e se aproba o Protocolo en materia de lecer infantil para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, coas especialidades que a seguir se establecen:

a) Nos concellos indicados nas letras A e B do anexo II non se poderán desenvolver actividades no interior dos centros de lecer. Aqueles establecementos que dispoñan de terraza ou xardín exterior poderán utilizala para actividades dirixidas e obradoiros, cunha capacidade máxima do 30 %, e en grupos dun máximo de quince nenos/nenas por grupo.

Os nenos/nenas dun grupo non poderán interactuar cos que integren outros grupos.

b) Nos concellos indicados na letra C do anexo II, os centros de lecer infantil poderán desenvolver a súa actividade cunha capacidade máxima do 30 % e en grupos dun máximo de quince nenos/nenas por grupo no exterior e de seis no interior.

Os nenos/nenas dun grupo non poderán interactuar cos que integren outros grupos.

Só se poderán realizar actividades dirixidas e obradoiros, e só se permitirá o uso de inchables no exterior.

c) Nos concellos indicados na letra D do anexo II, os centros de lecer infantil poderán desenvolver a súa actividade cunha capacidade máxima do 50 % e unha ratio dun monitor por cada dez participantes.

Os grupos serán de quince nenos/nenas nas actividades no exterior e de seis no interior.



Os nenos/nenas dun grupo non poderán interactuar cos que integren outros grupos».

Sete. Modifícase o punto 3.26 do anexo I da Orde do 28 de maio de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado como segue:

«3.26. Actividades de tempo libre dirixidas á poboación infantil e xuvenil e albergues e campamentos xuvenís.

1. Poderanse realizar actividades de tempo libre destinadas á poboación infantil e xuvenil sempre que se limite o número de participantes ao setenta por cento da capacidade máxima, cun máximo de cento vinte e cinco participantes, excluído o persoal monitor, cando estas actividades se leven a cabo ao aire libre.

2. Cando se realicen unicamente en espazos pechados, non se deberá superar o setenta por cento da capacidade máxima do recinto e cun máximo de cincuenta participantes, excluído o persoal monitor.

3. As actividades poderán realizarse en ambos os supostos en grupos de ata dez participantes, excluído o persoal monitor correspondente, que deberán traballar sen contacto entre os demais grupos. Cada grupo terá asignado, cando menos, un monitor, que se relacionará sempre co seu mesmo grupo. Así mesmo, primaranse as actividades que non requiran contacto físico e non se poderán realizar actividades que impliquen contacto físico constante entre participantes.

4. Os albergues e campamentos xuvenís poderán manter unha ocupación de ata o 70 % da súa capacidade máxima, sempre que se respecte a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros nas instalacións e na ocupación das habitacións, así como o resto de medidas de hixiene e prevención en vigor.

No caso dos campamentos, a ocupación nas tendas de campaña será do 50 % da súa capacidade máxima habitual, garantindo sempre a distancia interpersoal».

Oito. Modifícase o punto 3.27 do anexo I da Orde do 28 de maio de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situa-



ción epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado como segue:

«3.27. Uso das praias.

1. O concello respectivo deberá establecer limitacións tanto de acceso como de capacidade das praias co fin de asegurar que se poida respectar a distancia interpersoal de seguridade entre usuarios. Para os efectos de calcular a capacidade máxima permitida por cada praia, considerarase que a superficie de praia que vai ocupar cada usuario será de, polo menos, catro metros cadrados.

2. A situación dos obxectos persoais, toallas, hamacas e elementos similares nas zonas de estadia das piscinas e praias levarase a cabo de forma que se poida manter a distancia de seguridade interpersoal con respecto a outros usuarios. Así mesmo, recoméndase que os grupos non superen as quince persoas, excepto no caso de persoas conviventes.

3. Exceptúase o uso da máscara durante o baño e mentres se permaneza nun espazo determinado, sen desprazarse e sempre que se poida garantir o respecto da distancia de seguridade interpersoal entre todas as persoas usuarias non conviventes. En calquera caso, será obrigatorio o uso da máscara para os accesos, desprazamentos e paseos nas praias».

Nove. Modifícase o anexo II da Orde do 28 de maio de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado segundo o anexo desta orde.

Terceiro. Modificación da Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen as actuacións necesarias para a posta en marcha do Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia.

Suprímese o punto sétimo bis da Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen as actuacións necesarias para a posta en marcha do Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia.

Cuarto. *Eficacia*

1. As medidas previstas nesta orde terán efectos desde as 00.00 horas do día 12 de xuño de 2021 ata as 00.00 horas do 26 de xuño de 2021.



2. En cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas previstas nesta orde serán obxecto de seguimento e avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser prorrogadas, modificadas ou levantadas por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 2021

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade

ANEXO

«ANEXO II

A) Concellos con nivel de restrición máxima.

.....

B) Concellos con nivel de restrición alta.

.....

C) Concellos con nivel de restrición media.

Mos
Oroso
Soutomaior
Viveiro
Xove

D) Concellos con nivel de restrición media-baixa.

Abadín
Abegondo
Agolada
Alfoz
Allariz
Ames



Amoeiro
Antas de Ulla
Aranga
Arbo
Ares
Arnoia (A)
Arteixo
Arzúa
Avión
Baiona
Baleira
Baltar
Bande
Baña (A)
Baños de Molgas
Baralla
Barbadás
Barco de Valdeorras (O)
Barreiros
Barro
Beade
Beariz
Becerreá
Begonte
Bergondo
Betanzos
Blancos (Os)
Boborás
Boiro
Bola (A)
Bolo (O)
Bóveda
Boimorto
Boqueixón
Brión
Bueu
Burela



Cabana de Bergantiños
Cabanas
Caldas de Reis
Calvos de Randín
Camariñas
Cambados
Cambre
Campo Lameiro
Cangas
Cañiza (A)
Capela (A)
Carballeda de Avia
Carballeda de Valdeorras
Carballedo
Carballiño (O)
Carballo
Cariño
Carnota
Carral
Cartelle
Castrelo de Miño
Castrelo do Val
Castro Caldelas
Castro de Rei
Castroverde
Catoira
Cedeira
Cee
Celanova
Cenlle
Cerdeira
Cerdedo-Cotobade
Cerdido
Cervantes
Cervo
Chandrexa de Queixa
Chantada



Coirós
Coles
Corcubión
Corgo (O)
Coristanco
Cortegada
Coruña (A)
Cospeito
Covelo
Crecente
Cualedro
Culleredo
Cuntis
Curtis
Dodro
Dozón
Dumbría
Entrimo
Esgos
Estrada (A)
Fene
Ferrol
Fisterra
Folgozo do Courel
Fonsagrada (A)
Forcarei
Fornelos de Montes
Foz
Frades
Friol
Gondomar
Gomesende
Grove (O)
Guarda (A)
Gudiña (A)
Guitiriz
Guntín



Illa de Arousa (A)
Incio (O)
Irixo (O)
Irixoa
Lalín
Lama (A)
Láncara
Laracha (A)
Larouco
Laxe
Laza
Leiro
Lobeira
Lobios
Lourenzá
Lousame
Lugo
Maceda
Malpica de Bergantiños
Manzaneda
Mañón
Marín
Maside
Mazaricos
Meaño
Meira
Meis
Melide
Melón
Merca (A)
Mesía
Mezquita (A)
Miño
Moaña
Moeche
Mondariz-Balneario
Mondariz



Mondoñedo
Monfero
Monforte de Lemos
Montederramo
Monterrei
Monterroso
Moraña
Mugardos
Muíños
Muras
Muros
Muxía
Narón
Navia de Suarna
Neda
Negreira
Negueira de Muñiz
Neves (As)
Nigrán
Noia
Nogais (As)
Nogueira de Ramuín
Oia
Oímbra
Oleiros
Ordes
Ortigueira
Ourense
Ouro
Outeiro de Rei
Outes
Oza-Cesuras
Paderne de Allariz
Paderne
Padrenda
Padrón
Palas de Rei



Pantón
Parada de Sil
Paradela
Páramo (O)
Pastoriza (A)
Pazos de Borbén
Pedrafita do Cebreiro
Pereiro de Aguiar (O)
Peroxa (A)
Petín
Pino (O)
Piñor
Pobra de Trives (A)
Pobra do Brollón (A)
Pobra do Caramiñal (A)
Poio
Pol
Ponteareas
Ponte Caldelas
Pontecesures
Ponteceso
Pontedeume
Pontedeva
Pontenova (A)
Pontes de García Rodríguez (As)
Pontevedra
Porqueira
Porriño (O)
Portas
Porto do Son
Portomarín
Punxín
Quintela de Leirado
Quiroga
Rábade
Rairiz de Veiga
Ramirás



Redondela
Rianxo
Ribadavia
Ribadeo
Ribadumia
Ribas de Sil
Ribeira
Ribeira de Piquín
Riós
Riotorto
Rodeiro
Rois
Rosal (O)
Rúa (A)
Rubiá
Sada
Salceda de Caselas
Salvaterra de Miño
Samos
San Amaro
San Cibrao das Viñas
San Cristovo de Cea
San Sadurniño
Santiso
Sanxenxo
San Xoán de Río
Sandiás
Santa Comba
Santiago de Compostela
Sarreaus
Sarria
Saviñao (O)
Silleda
Sober
Sobrado
Somozas (As)
Taboada



Taboadela
Teixeira (A)
Teo
Toén
Tomiño
Toques
Tordoia
Touro
Trabada
Trasmiras
Trazo
Triacastela
Tui
Val do Dubra
Valadouro (O)
Valdoviño
Valga
Vedra
Veiga (A)
Verea
Verín
Viana do Bolo
Vicedo (O)
Vigo
Vilaboa
Vila de Cruces
Vilagarcía de Arousa
Vilalba
Vilamarín
Vilamartín de Valdeorras
Vilanova de Arousa
Vilar de Barrio
Vilar de Santos
Vilardevós
Vilariño de Conso
Vilarmaior
Vilasantar



Vimianzo
Xermade
Xinzo de Limia
Xunqueira de Ambía
Xunqueira de Espadanedo
Zas»

CVE-DOG: iwyataq0-iwg9+ksf1-bl81-30aidf3eo5s4



I. DISPOSICIÓNS XERAIS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

ORDE do 2 de xuño de 2021 pola que se modifican o anexo da Orde do 26 de maio de 2021 pola que se establecen medidas cualificadas de prevención para facer fronte á evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e que precisan da autorización xudicial para a súa eficacia, e o anexo II da Orde do 28 de maio de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

I

No *Diario Oficial de Galicia* núm. 99-bis, do venres 28 maio de 2021, a Consellería de Sanidade publicou a Orde do 26 de maio de 2021 pola que se establecen medidas cualificadas de prevención para facer fronte á evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e que precisan da autorización xudicial para a súa eficacia, e a Orde do 28 de maio de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

As ditas ordes ditáronse consonte o disposto no punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, en que se establece que as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Con esta finalidade poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade. Tamén establece que a persoa titular da consellería competente na dita materia, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de conformidade coa normativa aplicable e en vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou en parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación das medidas concretas contidas no anexo.



A adopción das medidas recollidas nas ordes do 26 e do 28 de maio de 2021 veu determinada pola evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia, tal e como se xustifica nas respectivas exposicións de motivos.

Para facer fronte a esta, a dita Orde do 26 de maio de 2021 recolle unha serie de medidas limitativas de dereitos fundamentais que poden clasificarse en dous grupos: por unha banda, as que afectan aqueles concellos que se atopan en situación de risco máximo e que inclúen o peche perimetral dos seus ámbitos territoriais, as limitacións de grupos de persoas a conviventes e o chamado toque de recollida e, por outra banda, as medidas menos restritivas que limitativas dos grupos de persoas, que se aplican no resto dos concellos da Comunidade Autónoma. Cómpre salientar neste momento que, en cumprimento do disposto no artigo 10.8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, as medidas recollidas na Orde do 26 de maio foron ratificadas mediante o Auto 70/2021, da Sección Terceira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Pola súa parte, na Orde do 28 de maio de 2021 recóllese un amplo catálogo de medidas específicas que teñen por obxecto regular distintas actividades coa finalidade de que poidan desenvolverse en condicións de seguridade, minimizando ao máximo o risco de contaxio e a propagación da enfermidade. Estas medidas específicas tradúcense, en moitos casos, no establecemento de capacidades máximas e na regulación destas, xa que se demostrou que, para lograr o fin proposto, resulta imprescindible evitar as aglomeracións e garantir o mantemento en todo momento da distancia de seguridade, reducindo o contacto físico ou proximidade en condicións favorecedoras do contaxio. A necesidade e proporcionalidade das medidas adoptadas xustifícase tamén na exposición de motivos da devandita orde, á cal nos remitimos.

Cómpre indicar, por outra banda, que o número 3 do punto sétimo da Orde do 26 de maio de 2021 e o número 2 do punto sétimo da Orde do 28 de maio de 2021 dispoñen que, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas previstas nas citadas ordes serán obxecto de seguimento e avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser prorrogadas, modificadas ou levantadas por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade. Polo tanto, as ordes do 26 e do 28 de maio de 2020 prevén expresamente a posibilidade de acometer a súa modificación coa finalidade de adaptalas á realidade da evolución da pandemia.



Nesta liña, débese salientar que, en termos xerais, se mantén na Comunidade Autónoma a situación epidemiolóxica que motivou a adopción das medidas recollidas nas ditas ordes, aínda que a concreta evolución da situación epidemiolóxica de determinados concellos mudou e se fixo necesario acometer unha modificación daquelas coa finalidade de incluír no nivel de restricións que en cada caso corresponda os concellos en que variou a situación, atendendo aos datos recollidos no Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 2 de xuño de 2021, do que pode destacarse o seguinte:

O número reprodutivo instantáneo (R_t), que indica o número de contaxios orixinados por un caso activo, está por debaixo do 1, o que indica unha diminución da transmisión da infección. A área de Ferrol supera o 1 e Ourense aproxímase.

Do total de concellos de Galicia ($N= 313$), 142 non notificaron casos nos últimos 14 días. O número de concellos sen casos nos últimos 7 días foi de 185. Isto supón un aumento en 3 a 14 días e de 5 a 7 días, desde hai 7 días, que era de 139 e 180, a 14 e 7 días. A respecto de onte, diminuíron en 5, tanto a 7 como a 14 días.

Entre o 21 e o 27 de maio realizáronse 54.386 probas diagnósticas de infección activa polo virus SARS-CoV-2 (40.562 PCR e 13.824 tests de antíxenos) cunha porcentaxe de positividade a sete días do 2,06, cun descenso de 3,5 puntos porcentuais a respecto de entre o 14 e 20 de maio, que era do 2,45 %.

A incidencia acumulada a 7 e 14 días é de 28 e 67 casos por cen mil habitantes, valores que son un 39,3 e 11,9 inferiores a 7 e 14 días, a respecto de hai unha semana, cando era de 39 e 75 casos por cen mil habitantes.

A tendencia diaria mostra, desde o 28 de decembro, catro tramos, con tendencia oposta, primeiro crecente a un ritmo do 7,1 % ata o 22 de xaneiro, logo unha decrecente cunha porcentaxe de cambio diario (PCD) de -6 %, unha nova crecente pero de baixo ritmo (PCD: 0,8 %) e, finalmente, o 5 de maio detecta outro cambio en sentido decrecente cunha PCD do -2,4 %, o que se corresponde co descenso de casos observados en maio.

Segundo este modelo, espérase un lixeiro aumento a 7 días e certa estabilización a 14 días. Con todo, os datos do modelo hai que tomalos con precaución debido á amplitude dos intervalos de confianza, especialmente cando a incidencia é baixa, como neste momento, xa que o modelo pode non axustarse perfectamente á evolución da onda.



Respecto da situación das áreas sanitarias, as taxas a 14 días das áreas están entre os 42,59 casos por cen mil habitantes de Ferrol e os 97,10 de Vigo.

As taxas de incidencia a 14 días seguen a diminuír a respecto de hai 7 días. Ningunha das áreas presenta taxas a 14 días con valores superiores aos 100 casos por cen mil habitantes nin taxas a 7 días superiores aos 50 casos por cen mil habitantes. A área de Santiago de Compostela aumenta a súa incidencia a 7 días, e as de Santiago de Compostela, Ferrol e Lugo a 14 días.

No que respecta á hospitalización dos casos COVID-19, a media de pacientes COVID-19 en hospitalización de agudos nos últimos 7 días foi de 85,3, o que significa un descenso do -13,1 % a respecto de hai sete días. A taxa de pacientes COVID-19 en hospitalización de agudos é de 3,2 ingresados por cen mil habitantes, cun descenso, tamén, do -13,1 % a respecto de hai 7 días.

En canto aos ingresos COVID-19 nas unidades de críticos (UCI) nos últimos 7 días, a media foi de 24,4 e a taxa a 7 días de ingresados nas UCI é de 0,9 ingresados por cen mil habitantes, o que supón un descenso do -11,9 % a respecto de hai sete días, tanto na media como na taxa.

Respecto da situación epidemiolóxica nos concellos de Galicia, nos concellos con poboación igual ou maior de 10.000 habitantes (54), 2 presentan unha taxa de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes, fronte a un do informe de hai unha semana e os mesmos que no informe de onte. Un concello, o de Mos, presenta unha incidencia por riba do 500 casos por cen mil habitantes.

No que se refire aos concellos de menos de 10.000 habitantes (259), 7 presentan unha taxa de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes, 3 máis que hai unha semana. Ningún destes concellos presenta taxas iguais ou superiores aos 500 casos por 100.000 habitantes.

No que atinxe ás comarcas, a da Mariña Occidental está nun nivel alto e a da Barbanza no medio. O resto de comarcas atópase actualmente no nivel medio-baixo.

O informe conclúe que, segundo os datos sinalados, a taxa de incidencia segue a diminuír tanto a 7 como a 14 días. A tendencia amosa un novo cambio cara ao descenso, cunha porcentaxe de cambio diario do -2,4 %, a partir do 5 de maio. A Rt no global de Galicia segue por debaixo do 1.



O informe destaca que a información do modelo de predición indica que a incidencia aumentaría a 7 e que se estabilizaría a 14 días. Tamén engade que, como os intervalos de confianza seguen a ser amplos, hai que tomala con cautela, xa que parte exclusivamente dos casos e en situacións de baixa incidencia, como a actual, polo que pode non predicir axeitadamente, e de aí esa amplitude de intervalos.

A taxa de incidencia a 14 días, no global de Galicia, segue por debaixo dos 100 casos por cen mil habitantes, mesmo xa baixou dos 80 por cen mil habitantes. A Área Sanitaria de Vigo descendeu por debaixo dos 100 casos por cen mil habitantes xa desde onte.

No que atinxe aos concellos de máis de 10.000 habitantes, hai dous concellos con taxas de incidencia a 14 días iguais ou superiores a 250 por cen mil habitantes, os de Mos e Viveiro e, no caso de Mos, esta incidencia é superior aos 500 por cen mil habitantes. Nos de menos de 10.000, hai 7 concellos que superan unha taxa de incidencia de 250 por cen mil habitantes, mais ningún presenta unha taxa a 14 días superior aos 500 por cen mil habitantes.

O feito de que a cepa que está a circular, fundamentalmente, sexa a cepa británica pode influír nun aumento da transmisión, ao que se suma a aparición de novas variantes tamén máis transmisibles, como a P1 do Brasil e a de Suráfrica e agora tamén a da India, aínda que, de momento, cos casos onde se illou rastrexados.

Sinala o informe, ademais, que o criterio utilizado para determinar os niveis de restrición aplicables a cada un dos concellos da Comunidade Autónoma é, xunto co da situación sanitaria, o da taxa de incidencia segundo os casos por cada cen mil habitantes a 14 días. Sitúase así o nivel medio baixo por debaixo de 150 casos por cada cen mil habitantes; o medio, entre 150 e por debaixo de 250 casos por cada cen mil habitantes; o alto, entre 250 e por debaixo de 500 casos por cada cen mil habitantes, e o máximo, na cifra de 500 casos por cada cen mil habitantes. Así mesmo, co obxecto de reaccionar con maior rapidez e eficacia fronte aos gromos, tense en conta tamén a taxa de incidencia a 7 días.

A análise da situación de cada concello complétase coa consideración de criterios demográficos, pois debe terse en conta que en concellos de escasa poboación, poucos casos poden dar lugar a taxas moi elevadas, que deben ser postas no debido contexto, analizando, ademais, os servizos de saúde pública e o comité e subcomité clínico as características específicas de cada gromo. Neste sentido, préstase unha especial atención á existencia de gromos non controlados ou de casos sen vínculo epidemiolóxico, así como ao feito de que non se observe unha melloría clara na evolución da situación epidemiolóxica.



En atención ao exposto, tendo en conta o indicado no citado informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, e tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, acórdase manter no nivel máximo de restricións os concellos de Mos e A Pobra do Caramiñal.

En efecto, mantense no nivel máximo de restrición o concello de Mos, da Área Sanitaria de Vigo, xa que neste concello a incidencia a 14 días segue en nivel máximo de restrición, con 630,7 casos por cen mil habitantes. O 31 de maio de 2021, o concello de Mos rexistrou un total de 95 casos positivos nos últimos 14 días, con 34 notificados nos últimos 7 días.

Con todo, obsérvase un descenso dos casos a 7 días, que pasou de representar o 80 % do total de casos detectados a 14 días no concello ao 35,8 %, o que constitúe un indicador de mellora neste concello, polo que sería de esperar que nun prazo curto de tempo, probablemente, poida abandonar este nivel máximo de restrición.

Porén, cómpre que siga neste nivel, tal como indica a súa taxa a 14 días, xa que aínda non están dados de alta todos os contactos estreitos corentenados, polo que poden aparecer novos casos ao facer a proba PCR para darlles a alta da corentena.

O feito de que Mos forme parte da comarca e da área metropolitana de Vigo e que limite ao norte con Redondela (IA7 41; IA14 51) e Pazos de Borbén (IA7 0; IA 14, 34), ao sur co Porriño (IA7 35; IA14 75), ao oeste con Vigo (IA7 45; IA14 102) e ao leste con Pontearreas (IA 7 22; IA14 109), aconsella mantelo en tal nivel, xa que todos estes concellos teñen taxas moi inferiores tanto a 7 como a 14 días, ademais de que esta incidencia descendeu nos últimos 7 días.

Así mesmo, cómpre salientar que a economía de Mos posúe un carácter fortemente industrial, debido en boa parte ao desenvolvemento de empresas dada a súa posición central no eixe Vigo-Porriño e a súa dotación en infraestruturas, xa que presenta importantes polígonos industriais como os do Rebullón, Puxeiros, Montefaquiña e A Veigadaña.

Isto supón, desde o punto de vista epidemiolóxico, unha trasfega importante de traballadores do propio concello e dos concellos limítrofes. Aínda que os sectores empresariais son diversos (empresas da automoción, químico-farmacéuticas, pequena industria aeroespacial...), o sector servizos ten cada vez máis importancia. A pesar de carecer dun núcleo urbano, destacan establecementos de restauración, corredorías de seguros, talleres e servizos de compravenda de vehículos, salóns de peiteado, almacéns de venda de produtos para a agricultura e gandaría, panadarías, etc.



Cómpre destacar tamén que os gromos activos neste concello están a darse no ámbito familiar, educativo e social. Este tipo de gromos poden producir casos en ámbitos laborais.

Así mesmo, este concello é demograficamente un concello novo, cunha porcentaxe de persoas de 65 anos ou máis, a respecto do total da súa poboación, do 21 %, e cun 23 de índice de avellentamento, é dicir, proporción de persoas de 65 e máis anos a respecto dos de 0 a 14, do 154 %. En canto á proporción de vacinados, con pauta completa, contra a COVID-19, nos menores de 65 anos é do 4 % e nos de 65 e máis anos do 76 % (21 % no global da poboación), o que significa que aínda se está lonxe de adquirir a inmunidade de grupo na poboación máis nova, que é a que ten máis mobilidade, tanto por razóns de traballo como de ocio, o que inflúe nun aumento da transmisión.

En canto á Pobra do Caramiñal, da Área Sanitaria de Santiago de Compostela, tamén se mantén no nivel de máximas restricións. Ben que as súas taxas xa están a indicar o nivel alto de medidas de restrición, non obstante, este concello entrou no nivel máximo o día 29 de maio, polo que non leva o tempo suficiente neste nivel para asegurar que a evolución da súa situación epidemiolóxica sexa a axeitada. A súa incidencia acumulada (IA) a 7 días é de 107,3 casos por 100.000 habitantes e a 14 días é de 418,5 casos por cen mil habitantes.

O día 31 de maio, este concello rexistrou 39 casos a 14 días e 10 a 7 días, o que supuxo un descenso na súa incidencia do 191 % a 7 días e do 13 % a 14 días.

Esta mellora a 7 días fai prever que, se segue nesta liña de descenso e non seguen a aparecer novos casos, en pouco tempo podería reducir o nivel de restrición. Non obstante, hai que ter precaución debido a que nos concellos limítrofes de Boiro e Ribeira, aínda que melloraron a súa situación epidemiolóxica, esta non é óptima, xa que en ambos os dous concellos seguen a aparecer casos case de continuo. Ademais, a comarca da Barbanza, á cal pertence este concello, atópase nunha situación global de nivel medio, se se lle aplican as mesmas taxas para os diferentes niveis que aos concellos.

Desde o punto de vista epidemiolóxico, débese ter en conta que se trata dun concello cuxa maior actividade económica está relacionada coa actividade e industria pesqueira e da acuicultura (armadores, mariñeiros, conserveiras, mariscadoras). Isto fai que a poboación teña unhas características específicas como alta mobilidade entre concellos limítrofes, parte de poboación de difícil acceso (embarcados, etc.); a peculiaridade do traballo realizado no mar e a súa industria derivada establecen múltiples interrelacións tanto no eido laboral coma no social, o que complica a rastrexabilidade dos casos. De feito, a idade media dos casos é 39 anos e todos os casos son menores de 60 anos (rango de 7



a 60 anos). Ademais, un 68 % dos casos son menores de 45 anos. Isto implica que a poboación máis afectada é nova e, polo tanto, con maior mobilidade.

Neste momento están detectados 9 gromos activos. Trátase de gromos familiares, pero a maior parte son laborais e sociais. Os laborais afectan industrias da pesca, fundamentalmente conserveiras, onde é difícil manter a distancia de seguridade, ademais de ser un ambiente con alta humidade e baixa temperatura que facilita a transmisión do virus.

Aa baixa participación nos cribados, a alta porcentaxe de resultados positivos e o elevado número de casos, fan pensar que poden existir casos activos leves ou asintomáticos sen identificar, polo que convén ser cautos á hora de levantar as medidas de restrición.

Este concello, por outra banda, presenta unha porcentaxe de persoas de 65 e máis anos do 24 %, cun índice de avellentamento do 210,13 %, é dicir, é unha poboación relativamente nova.

A porcentaxe de vacinados con pauta completa é do 21 %. Nos menores de 65 anos teñen a pauta completa o 5 % e nos de 65 e máis anos o 75 %, polo que o aumento de vacinados, con pauta completa, nos últimos 7 días, é dun punto porcentual.

En relación co nivel alto, manteríanse neste nivel o concello de Viveiro, da Área Sanitaria de Lugo, tal como indican as súas taxas a 7 e 14 días, porque a súa situación epidemiolóxica desde que ascendeu a este nivel o 29 de maio segue con peores indicadores, xa que a súa taxa a 14 días aumentou de 240 a 357 casos por cen mil habitantes.

E tamén se mantería no nivel alto o concello de Ordes, da Área Sanitaria de Santiago de Compostela, a pesar de que as súas taxas indican un nivel medio, debido a que non pasou o tempo suficiente para asegurar a melloría da súa situación epidemiolóxica, xa que entrou neste nivel o 29 de maio de 2021, e cun descenso de casos a 14 días de 4 na última semana. Así mesmo, tendo en conta que este concello xa pasou de nivel medio a alto, cómpre asegurar que realmente a súa situación é de clara melloría para que descenda de nivel.

Por outra banda, manteríanse no nivel medio os concellos de Boiro, da Área Sanitaria de Santiago de Compostela, Vilalba, da Área Sanitaria de Lugo, e O Barco de Valdeorras, da Área Sanitaria de Ourense, tal como indican as súas taxas a 14 días, nos dous primeiros concellos, e a 7 e 14 días, no terceiro concello.



Así mesmo, manteríanse neste mesmo nivel medio Monforte de Lemos, da Área Sanitaria de Lugo, e Pontearreas, da Área Sanitaria de Vigo, a pesar de que as súas taxas indican un nivel medio-baixo de medidas de restrición. Non obstante, debido a que non levan o tempo suficiente neste nivel, no cal entraron o 29 de maio de 2021, manteranse no citado nivel para asegurar que a evolución da súa situación epidemiolóxica é axeitada, posto que aínda hai contactos estreitos de casos en seguimento.

Ademais, descenderían do nivel alto actual a este nivel medio de restrición, tal como indican as súas taxas a 7 e/ou 14 días e por ter estado no nivel alto o tempo suficiente para poder asegurar a melloría da súa situación epidemiolóxica, os concellos de Moraña, da Área Sanitaria de Pontevedra, e Ribeira, da Área Sanitaria de Santiago.

Tamén se propón aumentar a este nivel medio, en vez de ao nivel máximo que están a indicar as súas taxas, o concello de Cenlle, da Área Sanitaria de Ourense, xa que os casos forman parte dun gromo familiar e é un concello de 1.000 habitantes, o que fai que poucos casos dean lugar a taxas moi elevadas.

Por último, propónse aumentar ou manter neste nivel medio, en vez de no nivel alto, tal como exirían as súas taxas, os concellos de Oroso e Xove, xa que se trata de casos asociados a gromos coñecidos e de orixe controlada. No primeiro concello, que ascendería desde o nivel medio baixo, considérase que se pode aumentar, de momento, a este nivel medio, á espera de ver a súa evolución. No caso de Xove, manteríase neste nivel xa que se trata de gromos controlados e os casos novos son entre os contactos en corentena.

En relación con Lobios, da Área Sanitaria de Ourense, que tería que descender ao nivel alto desde o máximo nivel en que estaba, descende agora ata o nivel medio xa que se considera que o gromo deste concello está en resolución, dado o descenso de casos tanto a 7 como a 14 días, xa que pasou de 3 e 18 casos a 7 e 14 días, hai unha semana, aos 2 e 5 actuais.

Finalmente, para o resto dos concellos de Galicia recoméndase o nivel medio-baixo de restricións, con base nos criterios reflectidos anteriormente.

II

Sentado o anterior, debe insistirse en que, mediante esta orde, se adaptan a Orde do 26 de maio e a Orde do 28 de maio de 2021 á realidade da evolución epidemiolóxica de de-



terminados concellos. Non se modifican as medidas adoptadas nas referidas ordes, cuxa eficacia se estende ata as 00.00 horas do 12 de xuño e que, polo tanto, se manteñen.

Non obstante, tal e como indica no punto sétimo das ditas ordes, consonte o seguimento e a avaliación continua da situación que se está a realizar para garantir o respecto aos principios de necesidade e de proporcionalidade, adáptanse as ordes á realidade actual. En concreto, e para acadar unha maior claridade, óptase por publicar de novo a totalidade do anexo da Orde do 26 de maio e do anexo II da Orde do 28 de maio, actualizando así a listaxe completa dos concellos incluídos en cada nivel de restrición.

Debe salientarse, no que se refire aos concellos incluídos no máximo nivel de restricións, que non se produce ningunha incorporación a ese nivel de ningún novo concello que non estivese incluído nel, e mantéñense neste os concellos de Mos e A Pobra do Caramiñal, que xa figuraban na Orde do 26 de maio. Pola contra, sae do nivel máximo o concello de Lobios, como consecuencia da mellora da súa situación. A este último concello seranlle de aplicación as medidas menos restritivas que se establecen na Orde do 26 de maio con carácter xeral para todo o territorio da Comunidade Autónoma e que foron ratificadas mediante o Auto 70/2021, da Sección Terceira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. A aplicación das medidas menos restritivas que tamén limitan dereitos fundamentais é común ao resto do territorio da Comunidade Autónoma e foi obxecto de ratificación xudicial mediante o citado auto.

A eficacia desta orde comezará ás 00.00 horas do día 5 de xuño de 2021 e estenderase durante o período en que se manteña a vixencia da Orde do 26 de maio e da Orde do 28 de maio de 2021, que modifica, sen prexuízo do seguimento e avaliación continua a que están sometidas, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

Destácase finalmente que, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para adoptar as medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica existente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, coa urxencia que a protección da saúde pública demanda.

Na súa virtude, en aplicación do punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise



sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. Modificación da Orde do 26 de maio de 2021 pola que se establecen medidas cualificadas de prevención para facer fronte á evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e que precisan da autorización xudicial para a súa eficacia

Modifícase o anexo da Orde do 26 de maio de 2021 pola que se establecen medidas cualificadas de prevención para facer fronte á evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e que precisan da autorización xudicial para a súa eficacia, que queda redactado segundo o anexo I desta orde.

Segundo. Modificación da Orde do 28 de maio de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia

Modifícase o anexo II da Orde do 28 de maio de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado segundo o anexo II desta orde.

Terceiro. Eficacia

1. O previsto nesta orde terá efectos desde as 00.00 horas do día 5 de xuño.

2. En cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas serán obxecto de seguimento e avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser prorrogadas, modificadas ou levantadas por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Santiago de Compostela, 2 de xuño de 2021

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade



ANEXO I

«ANEXO

Concellos en que son aplicables as limitacións da entrada e saída de persoas, limitacións específicas da permanencia de grupos de persoas en espazos públicos ou privados e limitacións da mobilidade nocturna

1. A Pobra do Caramiñal

2. Mos»

ANEXO II

«ANEXO II

A) Concellos con nivel de restrición máxima.

Mos

Pobra do Caramiñal (A)

B) Concellos con nivel de restrición alta.

Ordes

Viveiro

C) Concellos con nivel de restrición media.

Barco de Valdeorras (O)

Boiro

Cenlle

Lobios

Monforte de Lemos

Moraña

Oroso

Ponteareas

Ribeira

Vilalba

Xove



D) Concellos con nivel de restrición media-baixa.

Abadín
Abegondo
Agolada
Alfoz
Allariz
Ames
Amoeiro
Antas de Ulla
Aranga
Arbo
Ares
Arnoia (A)
Arteixo
Arzúa
Avión
Baiona
Baleira
Baltar
Bande
Baña (A)
Baños de Molgas
Baralla
Barbadás
Barreiros
Barro
Bede
Beariz
Becerreá
Begonte
Bergondo
Betanzos
Blancos (Os)
Boborás
Bola (A)
Bolo (O)
Bóveda



Boimorto
Boqueixón
Brión
Bueu
Burela
Cabana de Bergantiños
Cabanas
Caldas de Reis
Calvos de Randín
Camarifñas
Cambados
Cambre
Campo Lameiro
Cangas
Cañiza (A)
Capela (A)
Carballeda de Avia
Carballeda de Valdeorras
Carballedo
Carballiño (O)
Carballo
Cariño
Carnota
Carral
Cartelle
Castrelo de Miño
Castrelo do Val
Castro Caldelas
Castro de Rei
Castroverde
Catoira
Cedeira
Cee
Celanova
Cerceda
Cerdedo-Cotobade
Cerdido
Cervantes



Cervo
Chandrexa de Queixa
Chantada
Coirós
Coles
Corcubión
Corgo (O)
Coristanco
Cortegada
Coruña (A)
Cospeito
Covelo
Crecente
Cualedro
Culleredo
Cuntis
Curtis
Dodro
Dozón
Dumbría
Entrimo
Esgos
Estrada (A)
Fene
Ferrol
Fisterra
Folgoso do Courel
Fonsagrada (A)
Forcarei
Fornelos de Montes
Foz
Frades
Friol
Gondomar
Gomesende
Grove (O)
Guarda (A)
Gudiña (A)



Guitiriz
Guntín
Illa de Arousa (A)
Incio (O)
Irixo (O)
Irixoa
Lalín
Lama (A)
Láncara
Laracha (A)
Larouco
Laxe
Laza
Leiro
Lobeira
Lourenzá
Lousame
Lugo
Maceda
Malpica de Bergantiños
Manzaneda
Mañón
Marín
Maside
Mazaricos
Meaño
Meira
Meis
Melide
Melón
Merca (A)
Mesía
Mezquita (A)
Miño
Moaña
Moeche
Mondariz-Balneario
Mondariz



Mondoñedo
Monfero
Montederramo
Monterrei
Monterroso
Mugardos
Muíños
Muras
Muros
Muxía
Narón
Navia de Suarna
Neda
Negreira
Negueira de Muñiz
Neves (As)
Nigrán
Noia
Nogais (As)
Nogueira de Ramuín
Oia
Oímbra
Oleiros
Ortigueira
Ourense
Ouroi
Outeiro de Rei
Outes
Oza-Cesuras
Paderne de Allariz
Paderne
Padrenda
Padrón
Palas de Rei
Pantón
Parada de Sil
Paradela
Páramo (O)



Pastoriza (A)
Pazos de Borbén
Pedrafita do Cebreiro
Pereiro de Aguiar (O)
Peroxa (A)
Petín
Pino (O)
Piñor
Pobra de Trives (A)
Pobra do Brollón (A)
Poio
Pol
Ponte Caldelas
Pontecesures
Ponteceso
Pontedeume
Pontedeva
Pontenova (A)
Pontes de García Rodríguez (As)
Pontevedra
Porqueira
Porriño (O)
Portas
Porto do Son
Portomarín
Punxín
Quintela de Leirado
Quiroga
Rábade
Rairiz de Veiga
Ramirás
Redondela
Rianxo
Ribadavia
Ribadeo
Ribadumia
Ribas de Sil
Ribeira de Piquín



Riós
Riotorto
Rodeiro
Rois
Rosal (O)
Rúa (A)
Rubiá
Sada
Salceda de Caselas
Salvaterra de Miño
Samos
San Amaro
San Cibrao das Viñas
San Cristovo de Cea
San Sadurniño
Santiso
Sanxenxo
San Xoán de Río
Sandiás
Santa Comba
Santiago de Compostela
Sarreaus
Sarria
Saviñao (O)
Silleda
Sober
Sobrado
Somozas (As)
Soutomaior
Taboada
Taboadela
Teixeira (A)
Teo
Toén
Tomíño
Toques
Tordoia
Touro



Trabada
Trasmiras
Trazo
Triacastela
Tui
Val do Dubra
Valadouro (O)
Valdoviño
Valga
Vedra
Veiga (A)
Verea
Verín
Viana do Bolo
Vicedo (O)
Vigo
Vilaboa
Vila de Cruces
Vilagarcía de Arousa
Vilamarín
Vilamartín de Valdeorras
Vilanova de Arousa
Vilar de Barrio
Vilar de Santos
Vilardevós
Vilariño de Conso
Vilarmaior
Vilasantar
Vimianzo
Xermade
Xinzo de Limia
Xunqueira de Ambía
Xunqueira de Espadanedo
Zas»



I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 12 de maio de 2021 pola que se modifica o anexo II da Orde do 7 de maio de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia tendo en conta a finalización da prórroga do estado de alarma establecida polo Real decreto 956/2020, do 3 de novembro.

I

No *Diario Oficial de Galicia* núm. 86-bis, do venres 7 maio de 2021, a Consellería de Sanidade publicou a Orde do 7 de maio de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia tendo en conta a finalización da prórroga do estado de alarma establecida polo Real decreto 956/2020, do 3 de novembro.

A dita orde ditouse consonte o disposto no punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, en que se establece que as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Con esta finalidade poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade. Tamén establece que a persoa titular da consellería competente na dita materia, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de conformidade coa normativa aplicable e en vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou en parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación das medidas concretas contidas no anexo.

A adopción das medidas recollidas na Orde do 7 de maio de 2021 veu determinada pola evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia, tal e como se xustifica na súa exposición de motivos. Para facer fronte a esta, a dita orde recolle dous tipos de medidas: por unha banda, establécense diversas medidas limita-



tivas de dereitos fundamentais e, por outra, un amplo catálogo de medidas específicas que teñen por obxecto a regulación de distintas actividades coa finalidade de que poidan desenvolverse en condicións de seguridade, minimizando ao máximo o risco de contaxio e a propagación da enfermidade. Estas medidas específicas tradúcense, en moitos casos, no establecemento de capacidades máximas e regulación destas, xa que se demostrou que, para lograr o fin proposto, resulta imprescindible evitar as aglomeracións e garantir o mantemento en todo momento da distancia de seguridade reducindo o contacto físico ou proximidade en condicións favorecedoras do contaxio. A necesidade e proporcionalidade das medidas adoptadas xustifícase tamén na exposición de motivos da devandita orde, á cal nos remitimos. Baste salientar neste momento que, en cumprimento do disposto no artigo 10.8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, as medidas recollidas nos puntos segundo, terceiro e cuarto da Orde do 7 de maio foron ratificadas mediante o Auto 57/2021 da Sección Terceira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Cómpre indicar, por outra banda, que o número 2 do punto décimo primeiro da citada Orde do 7 de maio de 2021 dispón que, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas previstas na citada orde serán obxecto de seguimento e avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser prorrogadas, modificadas ou levantadas por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Polo tanto, a Orde do 7 maio de 2020 prevé expresamente a posibilidade de acometer a súa modificación coa finalidade de adaptala á realidade da evolución da pandemia. Nesta liña, débese salientar que, en termos xerais, se mantén na comunidade autónoma a situación epidemiolóxica que motivou a adopción das medidas recollidas na Orde do 7 de maio, aínda que a concreta evolución da situación epidemiolóxica de determinados concellos mudou e fíxose necesario acometer unha modificación da citada orde coa finalidade de incluír no nivel de restricións que en cada caso corresponda os concellos en que variou a situación, atendendo aos datos recollidos no informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 12 de maio de 2021, do que pode destacarse o seguinte:

En canto á situación epidemiolóxica de Galicia, o informe sinala que o número reprodutivo instantáneo (R_t), que indica o número de contaxios orixinados por un caso activo, volveu subir do 1, o que indica que, de manterse así, podería aumentar a transmisión. Unicamente as áreas de Lugo, Ourense e Pontevedra están por debaixo do 1.



Do total de concellos de Galicia, 135 non notificaron casos nos últimos 14 días. O número de concellos sen casos nos últimos 7 días foi de 177. Isto supón unha diminución en 5 concellos a 14 días e un aumento nun concello a 7 días. Os valores na semana precedente foron de 140 e 176, a 14 e 7 días.

Entre o 30 de abril e o 6 de maio realizáronse 65.031 probas diagnósticas de infección activa polo virus SARS-CoV-2 (50.690 PCR e 14.341 test de antíxenos) cunha porcentaxe de positividade a sete días do 2,28, practicamente igual que hai unha semana, que era do 2,27 %.

A incidencia acumulada a 7 e 14 días é de 46 e 91 casos por cen mil habitantes, respectivamente, valores lixeiramente superiores a 7 días e inferiores a 14 días, con respecto a hai unha semana, en que era de 43 e 94 casos por cen mil habitantes.

A tendencia diaria mostra, desde o 28 de decembro, tres tramos, un deles con tendencia oposta, primeiro crecente, a un ritmo do 7,1 % ata o 22 de xaneiro, e despois unha primeira decrecente, cunha porcentaxe de cambio diaria de -6 % e outra, cun lixeiro ascenso, cunha porcentaxe de cambio diaria de 0,7 %.

En canto á situación das áreas sanitarias, as taxas a 14 días das áreas están entre os 37,79 casos por 100.000 habitantes de Ferrol e os 135,03 de Pontevedra. As taxas a 14 días superan os 100 casos por 100.000 habitantes nas áreas Pontevedra e Vigo. Con respecto a hai unha semana, aumentou a taxa a 14 días na Área de Santiago. A 7 días fixérono nas áreas da Coruña, Santiago, Ferrol, Pontevedra e Vigo.

No que respecta á hospitalización dos casos COVID-19, a media de pacientes COVID-19 en hospitalización de agudos nos últimos 7 días foi de 143,0, o que significa un descenso do -9,2 % con respecto a hai sete días. A taxa de pacientes COVID-19 en hospitalización de agudos é de 5,3 ingresados por 100.000 habitantes, cun descenso, tamén, do -9,2 % con respecto a hai 7 días. En canto aos ingresos COVID-19 nas unidades de críticos (UCI) nos últimos 7 días, a media foi de 40,4 e a taxa a 7 días de ingresados nas UCI é de 1,5 ingresados por 100.000 habitantes, o que supón un descenso do -8,4 % con respecto a hai sete días, tanto na media como na taxa.

En canto á situación epidemiolóxica nos concellos de Galicia, o informe destaca que nos concellos con poboación igual ou maior de 10.000 habitantes (54), 3 presentan unha taxa de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes, o mesmo número que no informe de hai unha semana. Ademais, o concello de Cambados presenta



unha taxa a 14 días maior de 500 casos por 100.000 habitantes. No que se refire aos concellos de menos de 10.000 habitantes (259), 8 presentan unha taxa de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes, 1 menos que a semana anterior. Acádanse taxas de incidencia iguais ou superiores aos 500 casos por cen mil habitantes en 3 destes concellos.

Respecto das comarcas, mantense en nivel alto a do Sar. Están en nivel medio as do Salnés, O Morrazo, Verín, A Baixa Limia, Chantada e Caldas.

Por conseguinte, o informe conclúe que, segundo os datos reflectidos, semella que a tendencia da taxa de incidencia está aumentado lixeiramente a 14 días, desde o cambio de tendencia observado a partir do 7 de marzo. De todos os xeitos, as taxas de incidencia a 14 días si baixaron lixeiramente con respecto a hai unha semana. Non obstante, o Rt no global de Galicia volveu subir por riba de 1.

O informe segue insistindo en que a información do modelo de predición, que indica que a incidencia aumentaría tanto a 7 como a 14 días, hai que tomala con cautela, xa que parte exclusivamente dos casos e non ten en conta as medidas de restrición que se tomen en cada momento.

A taxa de incidencia a 14 días, no global de Galicia, segue por debaixo dos 100 casos por cen mil habitantes. As áreas sanitarias de Pontevedra e Vigo presentan unha incidencia superior aos 100 casos por cen mil habitantes.

No que atinxe aos concellos de máis de 10.000 habitantes, hai tres concellos con taxas de incidencia iguais ou superiores a 250 por cen mil habitantes, cun deles cunha taxa superior aos 500 por cen mil habitantes. Nos de menos de 10.000, hai 8 concellos que superan unha taxa de incidencia de 250 por cen mil habitantes, con 3 deles cunha taxa a 14 días superior aos 500 por cen mil habitantes.

O informe engade tamén que o feito de que a cepa que está a circular, fundamentalmente, sexa a cepa británica pode influír nun aumento da transmisión, ao que se suma a aparición de novas variantes como a P1 do Brasil e a de Sudáfrica e agora tamén a da India, tamén máis transmisibles.

Sinala o informe, ademais, que o criterio utilizado para determinar os niveis de restrición aplicables a cada un dos concellos da comunidade autónoma é, xunto co da situación sanitaria, o da taxa de incidencia segundo os casos por cada cen mil habitantes a 14 días.



Sitúase así o nivel medio baixo por debaixo de 150 casos por cada cen mil habitantes; o medio, entre 150 e por debaixo de 250 casos por cada cen mil habitantes; o alto, entre 250 e por debaixo de 500 casos por cada cen mil habitantes, e o máximo, na cifra de 500 casos por cada cen mil habitantes. Así mesmo, co obxecto de reaccionar con maior rapidez e eficacia fronte aos gromos, tense en conta tamén a taxa de incidencia a 7 días.

A análise da situación de cada concello complétase coa consideración de criterios demográficos, pois debe terse en conta que, en concellos de escasa poboación, poucos casos poden dar lugar a taxas moi elevadas, que deben ser postas no debido contexto, analizando, ademais, os servizos de saúde pública e o Comité e Subcomité Clínico as características específicas de cada gromo. Neste sentido, préstase unha especial atención á existencia de gromos non controlados ou de casos sen vínculo epidemiolóxico, así como ao feito de que non se observe unha melloría clara na evolución da situación epidemiolóxica.

En atención ao exposto, tendo en conta o indicado no citado informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, e tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, acórdase manter no nivel máximo de restricións o concello de Laza (Área Sanitaria de Ourense) e o de Cambados (Área Sanitaria de Pontevedra) polas súas taxas a 7 e 14 días. Tamén se mantén neste nivel máximo de restrición, aínda que as súas taxas indican un nivel alto, o concello Padrón (Área Sanitaria de Santiago), debido a que non leva tempo suficiente neste nivel para garantir que a evolución da súa situación epidemiolóxica sexa boa dabondo de cara á diminución da transmisión da infección neste concello.

Pola súa banda, mantéñense no nivel alto o concello da Laracha (Área Sanitaria da Coruña), que non baixaría ao nivel medio que lle correspondería polas súas taxas de incidencia por non levar o tempo suficiente para garantir que a evolución da súa situación epidemiolóxica leve a unha diminución da transmisión no concello, e o concello de Ribeira (Área Sanitaria de Santiago) porque a súa evolución epidemiolóxica cara a unha diminución da súa taxa de incidencia non está clara, dada a aparición constante de casos a 7 días.

Por outra parte, soben ao nivel alto desde o nivel medio-baixo ou medio os concellos de Oleiros (Área Sanitaria da Coruña) e Cangas (Área Sanitaria de Vigo), polas súas taxas a 7 e/ou 14 días.

Tamén sobe ao nivel alto o concello de Lobios, aínda que polas súas taxas a 7 e 14 días lle correspondería o nivel máximo, debido a que os casos notificados forman parte dun brote con orixe coñecida.



Por outra parte, descendería a este nivel alto o concello de Vilanova de Arousa, actualmente no máximo, tal como indican as súas taxas a 7 e 14 días, ao ter pasado nese nivel o tempo suficiente para asegurar que a evolución da súa situación permite o cambio.

Pola súa banda, mantéñense no nivel medio, polas súas taxas a 7 e/ou 14 días, os concellos de Betanzos (Área Sanitaria da Coruña); Ordes, Lalín e Silleda (Área Sanitaria de Santiago); Toén (Área Sanitaria de Ourense); Cerdedo-Cotobade e Soutomaior (Área Sanitaria de Pontevedra), e Tomiño (Área Sanitaria de Vigo).

Tamén se manteñen neste nivel por non levaren o tempo suficiente para garantir a melloría da evolución da súa situación epidemiolóxica os concellos de Ames, Melide e Noia (Área Sanitaria de Santiago).

Igualmente, mantéñense no nivel medio os concellos de Gondomar e Salceda de Caselas (Área Sanitaria de Vigo), debido á continua aparición de casos novos a 7 días que impiden a estabilización da súa situación cara a un claro descenso da incidencia.

No mesmo sentido, mantense no nivel medio o concello de Fornelos de Montes, aínda que polas súas taxas lle correspondería o nivel máximo, debido á melloría que presenta, con só 3 casos nos últimos 7 días, que pertencen a un brote controlado. E mantéñense tamén neste nivel medio o concello de Chantada (Área Sanitaria de Lugo) e o de Carballeda de Valdeorras (Área Sanitaria de Ourense), debido, no primeiro suposto, a que os casos se deben a un brote controlado e, no segundo, porque a evolución das taxas a 7 e 14 días, tendo en conta o tamaño da súa poboación, permitiría non subilo ao nivel alto tal como lle correspondería.

Por outra parte, soben desde o nivel medio baixo ao nivel medio de restricións os concellos de Fisterra (Área Sanitaria da Coruña), Barbadás (Área Sanitaria de Ourense), Bueu e Moraña (Área Sanitaria de Pontevedra) e Moaña (Área Sanitaria de Vigo), polas súas taxas a 7 e/ou 14 días.

Tamén sobe a este nivel medio o concello de Santiso (Área Sanitaria de Santiago), aínda que lle correspondería o nivel máximo, debido a que os casos pertencen a un brote de orixe coñecida.

No que respecta aos concellos de Carral (Área Sanitaria da Coruña), Valga (Área Sanitaria de Santiago), Cuntis e Ponte Caldelas (Área Sanitaria de Pontevedra), soben tamén a



este nivel medio aínda que lles correspondería un nivel alto, debido a que os casos tamén pertencen a brotes controlados.

Por último, descende a este nivel medio de restricións o concello de Cualedro (Área Sanitaria de Ourense), desde o máximo actual, debido á boa evolución da súa situación epidemiolóxica, a pesar de que as súas taxas indican o nivel alto. Tamén o concello da Pastoriza (Área Sanitaria de Lugo), desde o nivel alto actual, igualmente pola súa boa evolución, aínda que as súas taxas indican que se mantería nese nivel, e o concello de Marín (Área Sanitaria de Pontevedra), que descendería do nivel alto actual, tal como mostran as súas taxas.

O resto dos concellos de Galicia permanece no nivel medio baixo de restricións, con base nos criterios reflectidos anteriormente e á espera de comprobar a evolución da súa situación epidemiolóxica.

II

Sentado o anterior, debe insistirse en que, mediante esta orde, se adapta a Orde do 7 de maio de 2021 á realidade da evolución epidemiolóxica de determinados concellos. Non se modifican as medidas adoptadas na referida orde, cuxa eficacia se estende ata as 00.00 horas do 22 de maio e que, polo tanto, se manteñen. Non obstante, tal e como indica o número 1 do seu punto décimo primeiro, consonte o seguimento e avaliación continua da situación que se está a realizar para garantir o respecto aos principios de necesidade e de proporcionalidade, adáptase a orde á realidade actual. En concreto, e para acadar unha maior claridade, óptase por publicar de novo a totalidade do anexo II, actualizando así a listaxe completa dos concellos incluídos en cada nivel de restrición.

Debe salientarse, no que se refire aos concellos incluídos no máximo nivel de restricións, que non se produce ningunha incorporación a ese nivel de ningún novo concello que non estivese incluído nel, e mantéñense neste os concellos de Cambados, Laza e Padrón, que xa figuraban na Orde do 7 de maio. Pola contra, saen do nivel máximo os concellos de Vilanova de Arousa e Cualedro, a consecuencia da mellora da súa situación. A estes últimos concellos seranlles de aplicación as medidas menos restritivas que se establecen na Orde do 7 de maio con carácter xeral para todo o territorio da comunidade autónoma e que foron ratificadas mediante o Auto 57/2021 da Sección Terceira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. A aplicación das medidas menos restritivas que tamén limitan dereitos fundamentais é común ao resto do territorio da comunidade autónoma e foi obxecto de ratificación xudicial mediante o citado auto.



A eficacia desta orde comezará ás 00.00 horas do día 14 de maio de 2021 e estenderase durante o período en que se manteña a da Orde do 7 de maio de 2021 á que modifica, sen prexuízo do seguimento e avaliación continua a que está sometida, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

Destácase finalmente que, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para adoptar as medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica existente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, coa urxencia que a protección da saúde pública demanda.

Na súa virtude, en aplicación do punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. Modificación do anexo II da Orde do 7 de maio de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia tendo en conta a finalización da prórroga do estado de alarma establecida polo Real decreto 956/2020, do 3 de novembro

Modifícase o anexo II da Orde do 7 de maio de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia tendo en conta a finalización da prórroga do estado de alarma establecida polo Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, que queda redactado segundo o anexo desta orde.

Segundo. Eficacia

As medidas previstas nesta orde terán efectos desde as 00.00 horas do día 14 de maio de 2021.

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2021

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade



ANEXO II

A) Concellos con nivel de restricción máxima.

Cambados

Laza

Padrón

B) Concellos con nivel de restricción alta.

Cangas

Laracha (A)

Lobios

Oleiros

Ribeira

Vilanova de Arousa

C) Concellos con nivel de restricción media.

Ames

Barbadás

Betanzos

Bueu

Carballada de Valdeorras

Carral

Cerdedo-Cotobade

Chantada

Cualedro

Cuntis

Fisterra

Fornelos de Montes

Gondomar

Lalín

Marín

Melide

Moaña

Moraña

Noia

Ordes



Pastoriza (A)
Ponte Caldelas
Salceda de Caselas
Santiso
Silleda
Soutomaior
Toén
Tomiño
Valga

D) Concellos con nivel de restrición media-baixa.

Abadín
Abegondo
Agolada
Alfoz
Allariz
Amoeiro
Antas de Ulla
Aranga
Arbo
Ares
Arnoia (A)
Arteixo
Arzúa
Avión
Baiona
Baleira
Baltar
Bande
Baña (A)
Baños de Molgas
Baralla
Barco de Valdeorras (O)
Barreiros
Barro
Beade
Beariz



Becerreá
Begonte
Bergondo
Blancos (Os)
Boborás
Boiro
Bola (A)
Bolo (O)
Boqueixón
Bóveda
Boimorto
Brión
Burela
Cabana de Bergantiños
Cabanas
Caldas de Reis
Calvos de Randín
Camarifñas
Cambre
Campo Lameiro
Cañiza (A)
Capela (A)
Carballeda de Avia
Carballedo
Carballiño (O)
Carballo
Cariño
Carnota
Cartelle
Castrelo de Miño
Castrelo do Val
Castro Caldelas
Castro de Rei
Castroverde
Catoira
Cedeira
Cee



Celanova
Cenlle
Cereda
Cerdido
Cervantes
Cervo
Chandrexa de Queixa
Coirós
Coles
Corcubión
Corgo (O)
Coristanco
Cortegada
Coruña (A)
Cospeito
Covelo
Crecente
Culleredo
Curtis
Dodro
Dozón
Dumbría
Entrimo
Esgos
Estrada (A)
Fene
Ferrol
Folgozo do Courel
Fonsagrada (A)
Forcarei
Foz
Frades
Friol
Gomesende
Grove (O)
Guarda (A)
Gudiña (A)



Guitiriz
Guntín
Illa de Arousa (A)
Incio (O)
Irixo (O)
Irixoa
Lama (A)
Láncara
Larouco
Laxe
Leiro
Lobeira
Lourenzá
Lousame
Lugo
Maceda
Malpica de Bergantiños
Manzaneda
Mañón
Maside
Mazaricos
Meaño
Meira
Meis
Melón
Merca (A)
Mesía
Mezquita (A)
Miño
Moeche
Mondariz-Balneario
Mondariz
Mondoñedo
Monfero
Monforte de Lemos
Montederramo
Monterrei



Monterroso
Mos
Mugardos
Muíños
Muras
Muros
Muxía
Narón
Navia de Suarna
Neda
Negreira
Negueira de Muñiz
Neves (As)
Nigrán
Nogais (As)
Nogueira de Ramuín
Oia
Oímbra
Oroso
Ortigueira
Ourense
Ouro
Outeiro de Rei
Outes
Oza-Cesuras
Paderne de Allariz
Paderne
Padrenda
Palas de Rei
Pantón
Parada de Sil
Paradela
Páramo (O)
Pazos de Borbén
Pedrafita do Cebreiro
Pereiro de Aguiar (O)
Peroxa (A)



Petín
Pino (O)
Piñor
Pobra de Trives (A)
Pobra do Brollón (A)
Pobra do Caramiñal (A)
Poio
Pol
Ponteareas
Pontecesures
Ponteceso
Pontedeume
Pontedeva
Pontenova (A)
Pontes de García Rodríguez (As)
Pontevedra
Porqueira
Porriño (O)
Portas
Porto do Son
Portomarín
Punxín
Quintela de Leirado
Quiroga
Rábade
Rairiz de Veiga
Ramirás
Redondela
Rianxo
Ribadavia
Ribadeo
Ribadumia
Ribas de Sil
Ribeira de Piquín
Riós
Riotorto
Rodeiro



Rois
Rosal (O)
Rúa (A)
Rubiá
Sada
Salvaterra de Miño
Samos
San Amaro
San Cibrao das Viñas
San Cristovo de Cea
San Sadurniño
Sanxenxo
San Xoán de Río
Sandiás
Santa Comba
Santiago de Compostela
Sarreaus
Sarria
Saviñao (O)
Sober
Sobrado
Somozas (As)
Taboada
Taboadela
Teixeira (A)
Teo
Toques
Tordoia
Touro
Trabada
Trasmiras
Trazo
Triacastela
Tui
Val do Dubra
Valadouro (O)
Valdoviño



Vedra
Veiga (A)
Verea
Verín
Viana do Bolo
Vicedo (O)
Vigo
Vilaboa
Vila de Cruces
Vilagarcía de Arousa
Vilalba
Vilamarín
Vilamartín de Valdeorras
Vilar de Barrio
Vilar de Santos
Vilardevós
Vilariño de Conso
Vilarmaior
Vilasantar
Vimianzo
Viveiro
Xermade
Xinzo de Limia
Xove
Xunqueira de Ambía
Xunqueira de Espadanedo
Zas



I. DISPOSICIÓN XERAIS**PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA**

DECRETO 77/2021, do 7 de maio, polo que se declara a perda de efectos a partir das 00.00 do 9 de maio de 2021 das medidas adoptadas pola Presidencia da Xunta de Galicia na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2 no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Mediante o Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, declarouse o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

Conforme o artigo 2 dese real decreto, para os efectos do estado de alarma, a autoridade competente é o Goberno da Nación. En cada comunidade autónoma e cidade con estatuto de autonomía, a autoridade competente delegada será quen exerza a presidencia da comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía, nos termos establecidos no real decreto. As autoridades competentes delegadas quedan habilitadas para ditaren, por delegación do Goberno da Nación, as ordes, resolucións e disposicións para a aplicación do previsto nos artigos 5 a 11 do real decreto, sen que para iso sexa precisa a tramitación de ningún procedemento administrativo, nin se aplique o disposto no segundo parágrafo do artigo 8.6 e no artigo 10.8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Durante a vixencia do estado de alarma e das súas prórrogas, foron adoptadas polo presidente da Comunidade Autónoma, mediante sucesivos decretos ditados no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, e na súa condición de autoridade competente delegada, diversas medidas para facer fronte á crise sanitaria en Galicia.

A declaración do estado de alarma afectou todo o territorio nacional e a súa duración inicial estendeuse, conforme o disposto no seu artigo 4, ata as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020. O 29 de outubro de 2020, o Congreso dos Deputados autorizou a súa prórroga ata as 00.00 horas do día 9 de maio de 2021, o que se recolleu no artigo 2 do Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.



De acordo co exposto, resulta oportuno dispoñer a perda de efectos a partir das 00.00 horas do día 9 de maio das medidas recollidas no Decreto 45/2021, do 17 de marzo, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

Así mesmo, tendo en conta a existencia actualmente na Comunidade Autónoma de Galicia dunha limitación da mobilidade nocturna que comeza ás 23.00 horas, para evitar a distorsión de que no día 8 de maio esta limitación produza efectos a partir desa hora para desaparecer ás 00.00 horas do día 9, resulta oportuno, así mesmo, dispoñer a perda anticipada de efectos nos concellos galegos desta medida de limitación da mobilidade nocturna con efectos das 6.00 horas do día 8 de maio, salvo nos concellos recollidos no anexo do Decreto 45/2021, do 17 de marzo, na súa redacción vixente, dado que nestes se pretende que continúe a indicada limitación a partir das indicadas 00.00 horas do día 9 de maio, de acordo co establecido na orde que se menciona no parágrafo seguinte.

O decaemento do estado de alarma debe levar consigo a adopción, por parte das administracións competentes, das necesarias medidas de prevención que permitan seguir facendo fronte e controlando a pandemia, tendo en conta a subsistencia dunha situación de crise sanitaria, polo que o afrontamento da crise seguirá efectuándose en Galicia a Administración autonómica no pleno exercicio das súas competencias, de acordo coas potestades que lle reconece a lexislación sanitaria e de emerxencias. Deste modo, no marco indicado, serán aplicables as medidas contidas na Orde do 7 de maio de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, tendo en conta a finalización da prórroga do estado de alarma establecida polo Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, e no que sexa compatible con ela, aplicarase o disposto no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente.

De acordo co exposto, por proposta do conselleiro de Sanidade, e na condición de autoridade competente delegada, por delegación do Goberno da Nación, conforme o disposto nos artigos 2, 5, 6, 7, 8, 9 e 10 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo



que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2,

DISPOÑO:

Primeiro. Perda de efectos das medidas derivadas da declaración do estado de alarma

Sen prexuízo do establecido no punto segundo deste decreto, de acordo co establecido no artigo 2 do Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, a partir das 00.00 horas do día 9 de maio perderán eficacia as medidas adoptadas no Decreto 45/2021, do 17 de marzo, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

Segundo. Perda anticipada de efectos nos concellos galegos da medida recollida no punto cuarto do Decreto 45/2021, do 17 de marzo, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2

A medida recollida no punto cuarto, «limitación da mobilidade nocturna», do Decreto 45/2021, do 17 de marzo, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, perderá efectos ás 6.00 horas do día 8 de maio, salvo nos concellos recollidos no anexo do decreto indicado, na súa redacción vixente.

Terceiro. Afrontamento da crise sanitaria por parte da Administración autonómica no pleno exercicio das súas competencias, de acordo coas potestades que lle recoñece a lexislación sanitaria e de emerxencias

O decaemento do estado de alarma debe levar consigo a adopción, por parte das administracións competentes, das necesarias medidas de prevención que permitan seguir fa-



cendo fronte e controlando a pandemia, tendo en conta a subsistencia dunha situación de crise sanitaria, polo que o afrontamento da crise seguirá efectuándose en Galicia a Administración autonómica no pleno exercicio das súas competencias, de acordo coas potestades que lle reconece a lexislación sanitaria e de emerxencias.

Deste modo, no marco indicado, serán aplicables as medidas contidas na Orde do 7 de maio de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, tendo en conta a finalización da prórroga do estado de alarma establecida polo Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, e no que sexa compatible con ela, aplicarase o disposto no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente.

Cuarto. *Eficacia*

Este decreto terá eficacia desde o momento da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Quinto. *Recursos*

Contra este decreto poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, conforme os artigos 12.1.a) e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, sete de maio de dous mil vinte e un

Alberto Núñez Feijóo
Presidente da Xunta de Galicia



I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 7 de maio de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia tendo en conta a finalización da prórroga do estado de alarma establecida polo Real decreto 956/2020, do 3 de novembro.

I

O Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, declarou o estado de alarma en todo o territorio nacional coa finalidade de conter a propagación das infeccións causadas polo SARS-CoV-2. O 29 de outubro de 2020, o Congreso dos Deputados autorizou a súa prórroga ata as 00.00 horas do día 9 de maio de 2021, consonte o disposto no artigo 2 do Real decreto 956/2020, do 3 de novembro. Ante o inminente decaemento do estado de alarma e dado que a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia así o exige, resulta imprescindible a adopción por parte das autoridades sanitarias autonómicas de medidas de prevención coas cales facer fronte á crise sanitaria derivada da COVID-19.

Para estes efectos debe terse en conta que mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, se lle deu publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto do dito acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Con esta finalidade poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade.



Establécese ademais que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de conformidade coa normativa aplicable e en vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou en parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación das medidas concretas contidas no anexo.

II

De conformidade co exposto, debe salientarse que a adopción das medidas recollidas nesta orde vén determinada pola evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Así resulta do Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública do 6 de maio de 2021, do que se destacan os seguintes datos:

O número reprodutivo instantáneo (R_t), que indica o número de contaxios orixinados por un caso activo, baixou do 1, o que indica, de manterse así, a diminución da transmisión. Unicamente as áreas de Santiago, Pontevedra e Lugo están arredor do 1.

Do total de concellos de Galicia, 139 non notificaron casos nos últimos 14 días. O número de concellos sen casos nos últimos 7 días foi de 169. Isto supón un aumento nun concello a 14 días, e unha diminución en 10 concellos a 7 días. Os valores na semana precedente foron de 138 e 179, a 14 e 7 días.

Entre o 23 e o 29 de abril, realizáronse 69.810 probas diagnósticas de infección activa polo virus SARS-CoV-2 (56.050 PCR e 13.760 test de antíxenos), cunha porcentaxe de positividade do 2,42 %, que resulta lixeiramente inferior á que existía entre o 16 e o 22 de abril (2,46 %).

A incidencia acumulada a 7 e 14 días é de 44 e 94 casos por cen mil habitantes, respectivamente, valores lixeiramente inferiores aos de hai unha semana (50 e 97 casos por cen mil habitantes, respectivamente) o que supón un descenso do -13,6 % a 7 días, e do -3,2 % a 14 días.

A tendencia diaria mostra, desde o 28 de decembro, tres tramos, un deles con tendencia oposta, primeiro crecente, a un ritmo do 7,1 % ata o 22 de xaneiro, e despois unha primeira



decrecente, cunha porcentaxe de cambio diario de -6 % e outra, cun aumento que semella máis unha estabilización, cunha porcentaxe de cambio diario de 0,8 %.

No que atinxe á situación das áreas sanitarias, as taxas a 14 días das áreas sanitarias están entre os 38,33 casos por 100.000 habitantes de Ferrol, e os 134,05 de Pontevedra. As taxas de incidencia a 14 días seguen a diminuír respecto das existentes hai 7 días. As taxas a 14 días son iguais ou superan os 100 casos por 100.000 habitantes nas áreas da Coruña, Pontevedra e Vigo. Só aumentaron as taxas a 14 días nas áreas de Santiago, Ourense e Pontevedra. A 7 días fixérono as das áreas de Santiago, Lugo e Pontevedra.

No que respecta á hospitalización dos casos COVID-19 a media de pacientes COVID-19 en hospitalización de agudos nos últimos 7 días foi de 157,6, o que significa un descenso do -2,7 %. A taxa total de pacientes COVID-19 en hospitalización de agudos é de 5,8 ingresados por 100.000 habitantes, cun descenso do -2,7 %. En canto aos ingresos COVID-19 nas unidades de críticos (UCI) nos últimos 7 días, a media foi de 44,1 e a taxa total no mesmo período foi de 1,6 ingresados por 100.000 habitantes, o que supón un descenso do -10,4 % tanto na media coma na taxa.

Pola súa banda, nos concellos con poboación igual ou maior de 10.000 habitantes (54), 3 manteñen unha taxa de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes. Son os concellos de Cambados, Marín e Vilanova de Arousa. No que se refire aos concellos de menos de 10.000 habitantes (259), 11 presentan unha taxa de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes, os mesmos que no informe de hai unha semana. Acádanse taxas de incidencia iguais ou maiores a 500 casos por cen mil habitantes en 2 destes concellos: Cualedro e Laza. No que respecta ás comarcas, está no nivel alto a comarca do Sar, que xa leva 6 días neste nivel.

Están no nivel medio as comarcas do Salnés, O Morrazo, Verín e Bergantiños (que volveu a este nivel). Están no nivel medio-baixo as comarcas seguintes: Vigo (4 días); Deza (2 días); Valdeorras (7 días); A Baixa Limia (4 días); Meira (4 días); Terra de Melide (3 días); Ortegá (1 día) e Muros (6 días).

En conclusión, segundo os datos reflectidos neste informe, semella que a tendencia da taxa de incidencia está a ascender a 14 días, pero moi lentamente, desde o cambio de tendencia observado a partir do 7 de marzo, en que se mostraba un ascenso, que semellaba máis ben estable. É posible que o modelo de regresión empregado para observar a tendencia aínda non mostre un punto de cambio. En calquera caso, as taxas de incidencia



baixaron lixeiramente respecto da semana precedente e, igualmente, obsérvase que o Rt no global de Galicia está por debaixo do 1.

A taxa de incidencia a 14 días, no global de Galicia, segue por debaixo dos 100 casos por cen mil habitantes. Só as áreas sanitarias da Coruña, Pontevedra e Vigo presentan unha incidencia igual ou superior os 100 casos por cen mil habitantes.

No que atinxe aos concellos de máis de 10.000 habitantes, unicamente hai tres concellos con taxas de incidencia iguais ou superiores a 250 casos por cen mil habitantes. Nos de menos de 10.000 só hai 11 concellos que superen unha taxa de incidencia de 250 casos por cen mil habitantes, e unicamente 2 deles presentan unha taxa a 14 días superior aos 500 casos por cen mil habitantes.

O feito de que a cepa que está a circular sexa, fundamentalmente, a cepa británica, pode influír nun aumento da transmisión, factor ao que se suma a aparición de novas variantes como a P1 do Brasil e a de Sudáfrica, e agora tamén a da India, variantes con alta transmisibilidade.

A ocupación por pacientes COVID-19 na hospitalización de agudos e unidades de cuidados críticos segue a diminuír.

Cómpre indicar que o criterio utilizado para determinar os niveis de restrición aplicables a cada un dos concellos da comunidade autónoma é, ademais do da situación sanitaria, o da taxa de incidencia segundo os casos por cada cen mil habitantes a 14 días: sitúase así o nivel medio baixo por debaixo de 150 casos por cada cen mil habitantes; o medio, entre 150 e por debaixo de 250 casos por cada cen mil habitantes; o alto, entre 250 e por debaixo de 500 casos por cada cen mil habitantes, e o máximo, na cifra de 500 casos por cada cen mil habitantes. Así mesmo, co obxecto de reaccionar con maior rapidez e eficacia fronte aos gromos, tense en conta tamén a taxa de incidencia a 7 días.

A análise da situación de cada concello complétase coa consideración de criterios demográficos, pois debe terse en conta que, en concellos de escasa poboación, poucos casos poden dar lugar a taxas moi elevadas, que deben ser postas no debido contexto, analizando ademais os servizos de saúde pública e o Comité e Subcomité Clínico as características específicas de cada gromo. Neste sentido préstase unha especial atención a existencia de gromos non controlados ou de casos sen vínculo epidemiolóxico, así como ao feito de que non se observe unha melloría clara na evolución da situación epidemiolóxica.



En atención ao exposto, tendo en conta o indicado no citado informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, e tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, acórdase incluír no máximo nivel de restrición o concello de Padrón, en atención á súa taxa de incidencia acumulada a 7 días; ademais, observouse un importante aumento na súa incidencia, que duplicou a súa taxa a 14 días nunha semana. Acórdase manter no máximo nivel de restricións os concellos de Cualedro (pola súa taxa de incidencia acumulada a 14 días), Laza (pola súa taxa de incidencia acumulada a 7 e 14 días), Cambados (pola súa taxa de incidencia acumulada a 7 días) e Vilanova de Arousa. Neste último caso, aínda que as súas taxas de incidencia acumulada son as propias do nivel alto, concorren outros factores que xustifican a adopción desta decisión, tales como a existencia de gromos sen relación entre si que aumentan o risco de transmisión e que van unidos a que a evolución da situación epidemiolóxica do concello non é boa abondo para garantir a diminución do risco de transmisión da infección, observándose un aumento de casos, novamente, nos últimos días. A isto únese que comarca do Salnés, a que pertence este concello, se atopa nunha situación epidemiolóxica que non progresa axeitadamente desde hai case 4 semanas.

Pola súa banda, acórdase manter no nivel alto de restrición os concellos de Coristanco (pertencente a Área Sanitaria da Coruña), Mesía (pertencente a Área Sanitaria de Santiago), A Merca (pertencente a Área Sanitaria de Ourense), Marín (pertencente a Área Sanitaria de Pontevedra), Gondomar e Salceda de Caselas (pertencentes a Área Sanitaria de Vigo), polas súas taxas de incidencia acumulada a 7 e/ou 14 días ou por non levar o tempo suficiente para consolidar que a evolución da súa situación epidemiolóxica garanta a diminución da transmisión no concello, aínda que as súas taxas indiquen que poderían baixar ao nivel medio. Debe manterse tamén no nivel alto, no cal está na actualidade, o concello da Pastoriza, pertencente á Área Sanitaria de Lugo, a pesar de que as súas taxas indican que debería ascender ao nivel máximo, debido a que os casos que se están a dar neste concello forman parte de abrochos ben controlados, cunha orixe coñecida e que os novos casos se están a dar, unicamente, entre os contactos estreitos identificados. Igualmente, correspóndelle a aplicación das restricións propias do nivel alto ao concello de Ribeira, pertencente á Área Sanitaria de Santiago, xa que a pesar de que, polas súas taxas de incidencia acumulada a 14 e 7 días lle correspondería estar no nivel medio, houbo un empeoramento da súa situación epidemiolóxica na última semana, con novos casos nos últimos 7 días, que supoñen practicamente o 50 % dos casos a 14 días e, unha evolución tórpida da súa situación, o que fai necesario mantelo neste nivel para asegurar un cambio da tendencia da súa incidencia cara á estabilidade. Tamén continúa no nivel alto o concello da Laracha, pertencente á Área Sanitaria da Coruña, pola súa taxa de incidencia acumulada



da a 7 días, cun empeoramento da súa situación e aparición de casos novos, mentres se mantíña no nivel medio.

Deben ascender ao nivel medio de restrición os concellos de Ames (da Área Sanitaria de Santiago) e Tomiño (da Área Sanitaria de Vigo) en atención ás súas taxas de incidencia acumulada a 7 días e debido ao empeoramento das respectivas situacións epidemiolóxicas. Concretamente, no concello de Ames triplicouse a dita taxa nos últimos 7 días, mentres que en Tomiño a taxa a 7 días é de case catro veces a de hai unha semana e a taxa a 14 días duplicouse neste mesmo tempo.

Deben manterse no nivel medio actual, ben polas súas taxas de incidencia acumulada a 7 e/ou 14 días, ben por non levaren tempo suficiente neste nivel, a pesar de que as súas taxas indiquen que poderían descender ao nivel medio baixo, para garantir unha boa evolución da súa situación epidemiolóxica, os concellos de: Betanzos, Cambre e Carballo (da Área Sanitaria da Coruña); Melide, Ordes, Lalín e Silleda (pertencentes á Área Sanitaria de Santiago); Chantada e Meira (pertencentes á Área Sanitaria de Lugo); Allariz, Verín e Xinzo da Limia (pertencentes á Área Sanitaria de Ourense); Vilagarcía de Arousa (pertencente á Área Sanitaria de Pontevedra); Cangas, Nigrán, O Porriño, Tui e Vigo (pertencentes á Área Sanitaria de Vigo).

Mantéñense neste nivel medio, aínda que as súas taxas son as propias do nivel alto, debido a que os seus casos teñen un descenso acusado, especialmente nos últimos 7 días, os concellos de Carballeda de Valdeorras, Muíños e Vereá, pertencentes á Área Sanitaria de Ourense, tendo en conta que son concellos pequenos en que un número reducido de casos pode provocar unha distorsión artificial das taxas.

Tamén debe manterse neste nivel medio, en vez de ascender ao alto que lle correspondería polas súas taxas, o concello de Cerdedo-Cotobade, xa que os casos forman parte dun abrocho cuxas características aconsellan esperar uns días a ver a súa evolución. Igualmente, proponse para este nivel, e non para o máximo que indican as súas taxas, o concello de Fornelos de Montes, porque os casos tamén forman parte dun abrocho e trátase dun concello de pouca poboación polo que as taxas aumentan rapidamente.

Polas súas taxas de incidencia acumulada a 7 e/ou 14 deben manterse no nivel medio os concellos de Noia, da Área Sanitaria de Santiago; Toén, da Área Sanitaria de Ourense, e Soutomaior, da Área Sanitaria de Pontevedra.



O resto dos concellos de Galicia permanece no nivel medio baixo de restricións, con base nos criterios reflectidos anteriormente e á espera de comprobar a evolución da súa situación epidemiolóxica.

III

As medidas adoptadas deben analizarse no contexto actual que está marcado polo ritmo a que avanza a campaña de vacinación e polo decaemento de determinadas medidas vinculadas á declaración do estado de alarma, como son o peche perimetral da comunidade autónoma e as limitacións á mobilidade nocturna que se aplicaban ata o momento con carácter xeral a toda Galicia. Esta última circunstancia achega un importante nivel de incerteza, xa que descoñecemos cales serán as consecuencias da non aplicación destas medidas na evolución da situación epidemiolóxica do noso territorio. A isto hai que engadir que os actuais niveis de transmisión non son aínda os propios dunha situación de risco baixo. A suma de todos estes factores require a adopción das medidas contidas nesta orde, que se revelan como necesarias, adecuadas e proporcionadas ao fin perseguido, que non é outro que o de controlar e evitar a maior difusión dunha enfermidade altamente contagiosa respecto da cal a diferenza entre persoas enfermas e sas resulta difusa, dada a posible asintomatoloxía ou levidade dos síntomas e a existencia dun período no cal non hai indicios externos da enfermidade. A experiencia acumulada avala, ademais, que as medidas son eficaces e útiles para acadar o obxectivo proposto de protección da saúde pública e do sistema sanitario.

Imperan na adopción destas os principios de prudencia e precaución que impregnan a regulación desta materia na lexislación sanitaria e téñense en conta as especificidades propias da comunidade autónoma: Galicia conta cunha poboación especialmente envellecida e no noso territorio o virus circulou menos que noutros territorios do Estado, polo que existe un menor nivel de inmunidade natural, ao que se une o feito de que, como xa se indicou, aínda non se completou o proceso de vacinación e, polo tanto, non se acadaron aínda os índices de inmunidade desexables.

Particular mención exige o establecemento de medidas máis restritivas nos concellos en que a situación epidemiolóxica presenta unha maior gravidade, cunha taxa de incidencia acumulada a 14 días de máis de 500 casos por cada cen mil habitantes ou cunha taxa de incidencia acumulada a 7 días de máis de 250 casos por cada cen mil habitantes e que se corresponden cos concellos que, de conformidade co anexo II desta orde, quedan sometidos ao máximo nivel restricións. A súa situación fai imprescindible adoptar un conxunto de medidas que se orientan a reducir ao máximo a interacción social, xa que só así se ten



demostrado que é posible acadar a mellora das respectivas situacións epidemiolóxicas. Con esta finalidade, unicamente nesas concellos que presentan unha situación de maior risco e gravidade se prevé a aplicación conxunta de tres tipos de medidas máis restritivas:

Por unha banda, limítase á entrada e saída de persoas dos seus respectivos ámbitos territoriais, aínda que con certas excepcións, co obxecto controlar a transmisión da enfermidade e conter a irradiación a outros lugares.

Por outra banda, limítase á mobilidade nocturna, de tal xeito que durante o período comprendido entre as 23.00 e as 6.00 horas unicamente se poida circular polas vías ou espazos de uso público para realizar as actividades que se determinan na orde. Cómpre indicar con respecto á eficacia deste tipo de limitacións que o propio Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma indica expresamente na súa exposición de motivos que diferentes estudos, entre os cales se atopan os realizados polo Centro Europeo para a Prevención e Control de Enfermidades, establecen que boa parte dos encontros de risco teñen lugar en horario nocturno, no que se ten constatado unha importante relaxación do cumprimento das medidas estipuladas para evitar a transmisión do SARS-CoV-2. Por este motivo, a restrición da mobilidade nocturna naqueles concellos galegos que presentan unha situación de máximo risco considérase unha medida proporcionada con un potencial impacto positivo no control da transmisión, ao evitárense situacións de contacto de risco vinculadas a contornos sociais.

Por último, resulta necesario establecer tamén nos concellos sometidos ao máximo nivel de restricións, limitacións da permanencia de grupos de persoas, que terán que estar conformados só por conviventes, tanto en espazos de uso público coma de uso privado, agás determinados supostos excepcionais e xustificados previstos na orde.

É importante destacar que as limitacións de mobilidade e de agrupacións de persoas non son, limitacións absolutas, senón que a propia orde prevé diversos supostos que permiten excepcións na súa aplicación.

Cómpre insistir ademais en que a experiencia destes últimos meses constatou a eficacia da adopción conxunta das medidas limitativas da entrada e saída de determinados ámbitos territoriais, da mobilidade nocturna e das agrupacións conformadas soamente por persoas conviventes. Hoxe en día non é posible determinar tecnicamente o peso que ten cada unha delas individualmente considerada na consecución do fin perseguido, que non é outro que o de lograr mellorar a evolución da situación epidemiolóxica no concreto ámbito territorial en que se establecen. O que si está probado é que a adopción conxunta de todas elas re-



sulta eficaz xa que, sempre que se acordou, mellorou a situación epidemiolóxica do correspondente ámbito territorial. É certo que son medidas especialmente restritivas, pero a súa aplicación queda reservada única e exclusivamente a aqueles concellos que se atopan na situación de máximo risco. Esta tese vén referendada pola propia doutrina científica que, en diferentes estudos realizados nos últimos meses, tratou de estimar de xeito diferenciado a efectividade das medidas de control da transmisión nos distintos sectores, coa finalidade de achegar datos que fosen de axuda na toma de decisións relativas á súa adopción, advertindo que resulta extremadamente complicado extraer conclusións sobre a efectividade de medidas concretas debido a que na práctica foron implementadas conxuntamente.

Pola súa banda, e coa mesma finalidade de reducir a interacción social e o risco de transmisión, no resto dos concellos da comunidade autónoma e sen prexuízo das excepcións establecidas na orde, permítense a reunión de ata catro persoas en espazos pechados de uso público e de seis en espazos abertos de uso público.

Tamén se prevé para a totalidade do territorio da comunidade autónoma (coa única excepción dos concellos que se atopan no máximo nivel de restricións, aos cales se lles aplican as medidas máis restritivas descritas anteriormente) que, no período comprendido entre as 1.00 e as 6.00 horas, as agrupacións de persoas queden limitadas unicamente a conviventes.

A finalidade desta medida é suavizar os efectos derivados do decaemento das limitacións de mobilidade nocturna que rexían ata agora mediante a adopción doutra medida menos restritiva, que non impide saír á rúa, pero coa que se limitan as interaccións sociais ao reducilas ao núcleo de convivencia xa que, con carácter xeral, pode afirmarse que as medidas de limitación das agrupacións de persoas van dirixidas a previr ou, polo menos, restrinxir numericamente a participación en reunións familiares ou sociais nas cales se aprecia un maior risco de transmisión polas circunstancias en que se realizan, dado que habitualmente existe máis confianza e relaxación das medidas de seguridade, ao que contribúe o feito de que acostuman desenvolverse fóra de ambientes protocolizados, coma son os profesionais e laborais, en que está previsto o uso de máscara e que se rodean doutras garantías que dificultan a transmisión e o contaxio. As limitacións de grupos de persoas son, ademais, medidas menos disruptivas das actividades esenciais, económicas, laborais e profesionais ca outras, como as limitacións á liberdade de circulación ou confinamentos, que deben aplicarse nas situacións de maior risco.

Debe lembrarse, neste sentido, que o Auto 40/2020, do 30 de abril de 2020, do Tribunal Constitucional, no seu fundamento xurídico cuarto, ao ponderar a relevancia das especiais



circunstancias derivadas da crise sanitaria creada pola pandemia no exercicio do dereito de reunión, salientou como, ante a incerteza sobre as formas de contaxio, sobre o impacto real da propagación do virus, así como sobre as consecuencias a medio e longo prazo para a saúde das persoas que se viron afectadas, as medidas de distanciamento social, confinamento domiciliario e limitación extrema dos contactos e actividades grupais son as únicas que se teñen demostrado eficaces para limitar os efectos dunha pandemia de dimensións descoñecidas ata a data.

Co obxecto de dar cumprimento ao mandato contido no artigo 38 ter.3 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, que exige unha especial xustificación da proporcionalidade das limitacións de dereitos fundamentais e liberdades públicas adoptadas, debe indicarse que as ditas medidas son adecuadas, no sentido de útiles para conseguir o fin proposto de protección da saúde pública xa que a experiencia amosa que este tipo de medidas, que son as que de forma xeral se están adoptando a nivel nacional e internacional para a contención da pandemia, son eficaces para controlar a transmisión acadando os obxectivos de diminución de casos e mellora da situación epidemiolóxica cada vez que se acordan e manteñen durante o tempo necesario. Debe indicarse igualmente que a doutrina científica ditaminou que mentres non exista unha alta cobertura poboacional de vacinación, as intervencións non farmacolóxicas son as intervencións de saúde pública máis efectivas contra a COVID-19.

Son necesarias, no sentido de que non existe outra medida alternativa menos gravosa para a consecución do dito fin con igual eficacia; debe indicarse ademais que, como xa se expuxo, naqueles supostos en que foi posible adoptáronse medidas alternativas de efecto equivalente e menos restritivas dos dereitos fundamentais, como é o caso das limitacións de grupos de persoas restrinxidas a conviventes entre as 1.00 horas e as 6.00 horas, ao considerar que teñen unha menor incidencia nos citados dereitos fundamentais que as limitacións de mobilidade nocturna. Insistimos tamén en que unicamente existen evidencias científicas da eficacia das medidas que se recollen nesta orde, xa que son estas e non outras as que veñen aplicándose desde o inicio da pandemia.

As medidas son ponderadas e equilibradas por derivaren delas máis beneficios ou vantaxes para o interese xeral que prexuízos sobre outros bens ou valores en conflito, atendidas a gravidade da inxerencia nos dereitos fundamentais e liberdades públicas e as circunstancias persoais de quen as sofre. O control da pandemia e a mellora da situación epidemiolóxica, xunto coa protección do sistema sanitario, son bens superiores que, nun contexto coma o actual, priman sobre determinados dereitos individuais que, aínda que se limitan, non son restrinxidos de forma absoluta, establecéndose excepcións que permiten o



desenvolvemento, cando sexa necesario, de determinadas actividades de especial importancia, tal e como pode observarse ao analizar as excepcións que a propia orde determina ao regular as limitacións á entrada e saída de persoas en determinados ámbitos territoriais, as limitación da permanencia de grupos de persoas en espazos públicos ou privados e as limitacións da mobilidade nocturna.

Ademais, a adopción destas medidas require a necesaria garantía xudicial conforme o disposto na lexislación procesual aplicable. Neste sentido, debe indicarse que con anterioridade á entrada en vigor do estado de alarma declarado mediante o Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, foron adoptadas pola Consellería de Sanidade, na Comunidade Autónoma de Galicia, medidas similares ás recollidas nesta orde.

Poden citarse, a modo de exemplo, as recollidas nas seguintes ordes: Orde do 5 de xullo de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención nos concellos de Alfoz, Barreiros, Burela, Cervo, Foz, Lourenzá, Mondoñedo, Ourense, Ribadeo, Trabada, O Valadouro, O Vicedo, Viveiro e Xove, como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19; Orde do 2 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 no concello de Santiago de Compostela; Orde do 7 de outubro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 nas comarcas de Allariz-Maceda, O Carballiño, Ourense, O Ribeiro, Valdeorras e Verín, na provincia de Ourense; Orde do 14 outubro de 2020 pola que se establece unha medida de prevención específica como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia. Dado que nas ordes citadas se establecían restricións á mobilidade e ás agrupacións de persoas solicitouse a preceptiva ratificación xudicial, na medida en que as ditas medidas eran susceptibles de incidir en determinados dereitos fundamentais. As devanditas ordes foron ratificadas pola Sección Terceira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza mediante os correspondentes autos.

Pola súa banda, o anexo I establece unha serie de medidas específicas que teñen por obxecto a regulación de distintas actividades coa finalidade de que poidan desenvolverse en condicións de seguridade, minimizando ao máximo o risco de contaxio e propagación da enfermidade. Para lograr ese fin resulta imprescindible evitar as aglomeracións e garantir o mantemento en todo momento da distancia de seguridade e reducindo o contacto físico ou proximidade en condicións favorecedoras do contaxio.



Estas medidas específicas tradúcense, en moitos casos, no establecemento de capacidades máximas. As evidencias científicas apoian as políticas de control de limitación e capacidades e a súa eficacia fronte a outras políticas sen esta limitación pero con redución xeneralizada da mobilidade, o que apoia a efectividade e eficiencia das medidas de control focalizadas nos sectores de maior risco. A isto únese que a maior parte dos gromos se produce nun contexto social, a consecuencia de exposicións prolongadas ás secrecións respiratorias que se emiten en forma de aerosois que conteñen o virus. Nesta liña, hai estudos que evidencian que, dentro das intervencións non farmacolóxicas, as relacionadas coa diminución dos contactos sociais no interior de establecementos teñen a capacidade de lentificar a velocidade de transmisión.

Especial mención debe facerse ao peche da hostalaría nos concellos que presentan unha situación epidemiolóxica de maior risco. Diversos estudos indican o impacto dos peches de locais de hostalaría na diminución da incidencia, o que apoia a afirmación de que esta medida é unha das máis efectivas dentro do conxunto das intervencións non farmacolóxicas.

Ademais, os estudos de rastrexo de contactos amosan a capacidade dos establecementos de hostalaría e restauración para xerar eventos de supercontaxio, á vez que enfatizan a importancia de controlar as correntes de aire e a correcta ventilación do interior dos establecementos. A transmisión vese favorecida en lugares cerrados, mal ventilados, con afluencia de moitas persoas e onde non se observan as medidas de distanciamento e hixiene e prevención durante todo o tempo, especialmente o uso da máscara. É precisamente por este motivo polo que, naqueles supostos en que non se prevé como requisito necesario o uso dos dispositivos medidores de CO₂ na Orde de 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen as actuacións necesarias para a posta en marcha do Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia, se introduce a recomendación de que se estes dispositivos se usen na prestación de servizos de hostalaría e restauración, nas condicións establecidas na orde citada, co obxecto de garantir unha correcta ventilación dos locais. Esta recomendación entenderase sen prexuízo de que en posteriores actualizacións da orde se poida establecer o uso destes medidores como requisito, no marco das condicións de ampliación de horario de peche e capacidade máxima que se establezan.

Finalmente, debe salientarse que, en cumprimento do disposto no artigo 38.ter.4 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, as medidas recollidas nesta orde terán unha duración determinada, tal e como se establece no punto décimo primeiro da orde. Ademais, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, serán



obxecto de seguimento e avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

IV

As medidas que se adoptan nesta orde teñen o seu fundamento normativo na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 a 38.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Concretamente, o artigo 38.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, establece que co obxecto de protexer a saúde pública, as autoridades sanitarias autonómicas e locais, dentro do ámbito das súas competencias, poderán adoptar medidas preventivas de obrigado cumprimento cando exista ou se sospeite razoablemente a existencia dun risco inminente e grave para a saúde da poboación. Pola súa banda, o artigo 38.ter.3 establece especiais exixencias de motivación que deben observarse no caso de adoptárense medidas limitativas de dereitos fundamentais. A interpretación de ambos os preceptos, cuxa eficacia non está suspendida a consecuencia da interposición do recurso de inconstitucionalidade formulado polo Goberno español contra a lei autonómica, lévanos a concluír que é posible a adopción das ditas medidas restritivas por parte da comunidade autónoma.

Ao respecto desta cuestión, o propio Consello de Estado dixo no seu ditame sobre o recurso de inconstitucionalidade contra determinados preceptos da lei galega que a forza normativa dos feitos indica que, antes da actual epidemia e tamén durante esta, as autoridades sanitarias estatais e autonómicas adoptaron, ao amparo da lei orgánica e sen fundamento na declaración do estado de alarma, medidas limitativas de dereitos fundamentais e liberdades públicas baixo o control da xurisdicción contencioso administrativa. Particularmente expresivo é o Consello de Estado cando, ao respecto das medidas de limitación ou restrición da circulación ou da entrada e saída e das zonas afectadas, establece que: «A «limitación ou restrición da libre circulación das persoas» está mencionada como unha das medidas susceptibles de adopción no marco do estado de alarma pola Lei orgánica 4/1981 (artigo 11.a). Esta medida non está expresamente recollida na Lei orgánica 3/1986, pero é indubidablemente unha «das medidas oportunas para o control dos enfermos, das persoas que estean ou estivesen en contacto con estes e do ambiente inmediato» a que se refire o seu artigo 3.



Cómpre indicar tamén que as medidas recollidas nesta orde sobre o uso de máscara e limitacións de capacidade atopan o seu fundamento no disposto na Lei 2/2021, do 29 de marzo, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19.

Conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para adoptar as medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica existente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, coa urxencia que a protección da saúde pública demanda.

Na súa virtude, en aplicación do punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. *Obxecto e alcance*

1. Constitúe o obxecto desta orde establecer medidas de prevención específicas, atendida a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia tendo en conta a finalización do estado de alarma establecida polo Real decreto 956/2020, do 3 de novembro.

2. En todo o non previsto nesta orde, e no que sexa compatible con ela, aplicarase o disposto no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente.

Segundo. *Limitacións da entrada e saída de persoas en determinados ámbitos territoriais*

1. Quedan restrinxidas a entrada e a saída de persoas do ámbito territorial de cada un dos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, considerados individualmente, que se relacionan na letra A do anexo II.



2. Quedan exceptuados das anteriores limitacións aqueles desprazamentos, adecuadamente xustificadas, que se produzan por algún dos seguintes motivos:

- a) Asistencia a centros, servizos e establecementos sanitarios.
- b) Cumprimento de obrigas laborais, profesionais, empresariais, institucionais, sindicais e de representación de traballadores ou legais.
- c) Asistencia a centros universitarios, docentes e educativos, incluídas as escolas de educación infantil.
- d) Retorno ao lugar de residencia habitual ou familiar.
- e) Asistencia e coidado, incluído o acompañamento, a maiores, menores, dependentes, persoas con discapacidade ou persoas especialmente vulnerables.
- f) Desprazamento a entidades financeiras e de seguros ou estacións de servizo en territorios limítrofes.
- g) Actuacións requiridas ou urxentes ante os órganos públicos, xudiciais ou notariais.
- h) Renovacións de permisos e documentación oficial, así como outros trámites administrativos inaprazables.
- i) Realización de exames ou probas oficiais inaprazables.
- j) Coidado de hortas e animais.
- k) Asistencia a academias, autoescolas e centros privados de ensino non regrado e centros de formación.
- l) Desprazamento a establecementos comerciais polo miúdo de alimentación, bebidas, produtos e bens de primeira necesidade en territorios limítrofes cando non exista alternativa no propio concello.
- m) Por causa de forza maior ou situación de necesidade.
- n) Adestramentos ou competicións de ámbito federado profesional ou non profesional permitidos nesta orde. Para estes efectos, a Secretaría Xeral para o Deporte poderá esta-



blecer requisitos, condicións e limitacións aos desprazamentos correspondentes á actividade deportiva federada de ámbito autonómico.

ñ) Calquera outra actividade de análoga natureza, debidamente acreditada.

3. Non estará sometida a ningunha restrición a circulación en tránsito a través dos ámbitos territoriais, sen que resulten de aplicación as limitacións previstas no número 1.

Terceiro. *Limitación da permanencia de grupos de persoas en espazos públicos ou privados*

1. No territorio dos concellos que se relacionan na letra A do anexo II, a permanencia de grupos de persoas en espazos de uso público, tanto pechados como abertos ou ao aire libre, e en espazos de uso privado quedará limitada aos constituídos exclusivamente por persoas conviventes. Polo tanto, permítense unicamente as reunións familiares, sociais e lúdicas, de carácter informal non regrado, das persoas que pertencen ao mesmo núcleo ou grupo de convivencia, con independencia de que se desenvolvan ao aire libre, e no ámbito público ou privado, en locais pechados ou vehículos privados particulares.

2. No territorio dos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia non incluídos no punto anterior limitarase a permanencia de grupos de persoas a un máximo de catro en espazos pechados, e de seis en espazos abertos ou ao aire libre, sexan de uso público ou privado, agás que se trate de conviventes. No caso de agrupacións en que se inclúan tanto persoas conviventes como persoas non conviventes, o número máximo destas será de catro ou seis persoas en función de se se reúnen en espazos pechados ou abertos. No obstante, nestes concellos entre a 1.00 e as 6.00 horas a permanencia de grupos de persoas en espazos de uso público, tanto pechados como abertos ou ao aire libre, e en espazos de uso privado quedará limitada aos constituídos exclusivamente por persoas conviventes.

3. As limitacións establecidas nos puntos anteriores exceptúanse nos seguintes supostos e situacións:

a) As persoas que viven soas, que poderán formar parte dunha única unidade de convivencia ampliada. Cada unidade de convivencia pode integrar soamente unha única persoa que viva soa.

b) A reunión de persoas menores de idade cos seus proxenitores, no caso de que estes non convivan no mesmo domicilio.



c) A reunión de persoas con vínculo matrimonial ou de parella cando estes vivan en domicilios diferentes.

d) A reunión para o coidado, a atención, a asistencia ou o acompañamento a persoas menores de idade, persoas maiores ou dependentes, con discapacidade ou especialmente vulnerables.

e) No caso de actividades laborais, institucionais, empresariais, profesionais, sindicais, de representación de traballadores e administrativas, actividades en centros universitarios, educativos, de formación e ocupacionais, así como no caso da práctica do deporte federado, sempre que se adopten as medidas previstas nos correspondentes protocolos de funcionamento.

f) As actividades previstas no anexo da Orde da Consellería de Sanidade, do 17 de marzo de 2021, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, respecto das cales se prevexa a posibilidade de grupos de persoas que non sexan conviventes.

g) Por causa de forza maior ou situación de necesidade.

Cuarto. *Limitación da mobilidade nocturna*

1. No territorio dos concellos que se relacionan na letra A do anexo II, durante o período comprendido entre as 23.00 e as 6.00 horas as persoas unicamente poderán circular polas vías ou espazos de uso público para realizaren as seguintes actividades:

a) Adquisición de medicamentos, produtos sanitarios e outros bens de primeira necesidade.

b) Asistencia a centros, servizos e establecementos sanitarios.

c) Asistencia a centros de atención veterinaria por motivos de urxencia.

d) Cumprimento de obrigas laborais, profesionais, empresariais, institucionais ou legais.

e) Retorno ao lugar de residencia habitual, tras realizar algunhas das actividades previstas neste punto.



f) Asistencia e coidado a maiores, menores, dependentes, persoas con discapacidade ou persoas especialmente vulnerables.

g) Por causa de forza maior ou situación de necesidade.

h) Calquera outra actividade de análoga natureza, debidamente acreditada.

i) Abastecemento en gasolineras ou estacións de servizo, cando resulte necesario para a realización das actividades previstas nos parágrafos anteriores.

2. Nos restantes concellos da Comunidade Autónoma de Galicia non resultará aplicable a dita limitación.

Quinto. *Actividade cinexética do xabaril e do lobo*

1. Quedan exceptuadas das limitacións á entrada e saída de persoas dos ámbitos territoriais previstos no punto segundo, así como das restricións á permanencia de grupos de persoas en espazos públicos previstas no punto terceiro, as accións de caza colectiva que se realicen exclusivamente sobre as especies cinexéticas do xabaril e do lobo, nos seguintes supostos:

a) Accións de caza sobre o xabaril de acordo coa planificación aprobada para a tempada de caza 2020/21 nos plans anuais de aproveitamento cinexético dos Tecor, e accións autorizadas especificamente en terreos de réxime cinexético común.

b) Accións de caza con ocasión de danos á agricultura ou á gandería ocasionados polo xabaril e/ou o lobo, logo da súa comprobación por parte das xefaturas territoriais da consellería competente en materia de ambiente.

c) Accións de caza como consecuencia de accidentes graves de tráfico reiterados nun mesmo punto quilométrico.

2. En todo caso, durante o desenvolvemento destas accións de caza deberán cumprirse as condicións establecidas pola consellería competente en materia de ambiente, así como as medidas de prevención que adicionalmente poidan ser establecidas polas autoridades sanitarias.



Sexto. *Medidas de prevención en relación coa chegada á Comunidade Autónoma de Galicia de persoas procedentes doutros territorios*

1. De acordo co establecido no artigo 38.1.k) da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, as persoas desprazadas a Galicia deberán cumprir o establecido na Orde do 27 de xullo de 2020 pola que se establecen medidas de prevención para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, en relación coa chegada á Comunidade Autónoma de Galicia de persoas procedentes doutros territorios.

Por conseguinte, as persoas que cheguen á Comunidade Autónoma de Galicia despois de ter estado, dentro do período dos catorce días naturais anteriores á dita chegada, en territorios cunha alta incidencia da COVID-19 en comparación coa existente na Comunidade Autónoma, deberán comunicar, no prazo máximo de 24 horas desde a súa chegada á Comunidade Autónoma de Galicia, os datos de contacto e de estadía na Comunidade Autónoma de Galicia na forma establecida na orde.

Mediante resolución da persoa titular da dirección xeral competente en materia de saúde pública determinaranse os territorios a que se refire o parágrafo anterior. A dita resolución será obxecto de publicación no Diario Oficial de Galicia e na páxina web do Servizo Galego de Saúde, e deberá ser obxecto de actualización, como mínimo, cada 15 días naturais.

2. Os datos subministrados serán empregados polas autoridades sanitarias autonómicas exclusivamente para contactar coas ditas persoas para o cumprimento de finalidades de saúde pública, para os efectos de facilitarlles a información e as recomendacións sanitarias que procedan, así como, de ser o caso, en atención ás concretas circunstancias concorrentes, para a adopción das medidas sanitarias que resulten necesarias, sempre de acordo coa lexislación aplicable e buscando, de maneira preferente, a colaboración voluntaria da persoa afectada coas autoridades sanitarias.

3. En particular, de acordo co indicado no número anterior, entre as medidas aplicables estará o ofrecemento da realización dunha proba diagnóstica de infección activa a estas persoas, salvo que poidan acreditar documentalmente a través dun certificado emitido polo servizo público de saúde competente, ou, no caso da letra b), por un laboratorio oficial autorizado, a concurrencia de calquera das seguintes circunstancias:

a) Que recibiron a pauta completa dunha vacina contra a COVID-19 para a que se concedeu unha autorización de comercialización de conformidade co Regulamento (CE) nº 726/2004, e sempre que transcorresen polo menos 10 días desde a última dose desta.



b) Que dispoñen dunha proba diagnóstica de infección activa (PDIA) negativa. No caso dos test rápidos de antíxenos deberán estar enumerados na lista común e actualizada de test rápidos de antíxenos da COVID-19 establecida sobre a base da Recomendación 2021/ C 24/01 do Consello de Europa. A proba debe ser realizada nas últimas 72 horas anteriores á chegada a Galicia.

c) Que o titular se recuperou dunha infección polo SARS- CoV-2 diagnosticada e está no período comprendido entre o día 11 e o 180, ambos inclusive, despois da PDIA positiva. Esta situación acreditarase a través do certificado oportuno emitido polo seu servizo de saúde.

Para os efectos do establecido neste punto, a exhibición dos certificados só poderá ser solicitada cando as persoas interesadas aleguen as circunstancias que acrediten. Non se conservarán os datos a que se refiren os certificados nin se crearán ficheiros con eles.

4. As persoas desprazadas a Galicia, unha vez que estean no lugar a que se despracen, deberán cumprir as limitacións de entrada e saída previstas, se é o caso, nesta orde, ademais do resto das medidas aplicables.

Sétimo. *Outras medidas de prevención específicas*

1. Así mesmo, serán de aplicación no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia as medidas de prevención específicas recollidas no anexo I.

2. As medidas específicas aplicables recollidas no anexo I virán condicionadas pola situación epidemiolóxica dos distintos concellos, de conformidade co indicado no anexo II.

Oitavo. *Control do cumprimento das medidas e réxime sancionador*

1. A vixilancia, inspección e control do cumprimento das medidas de prevención que se recollen nesta orde, e a garantía dos dereitos e deberes sanitarios da cidadanía, corresponderán aos respectivos concellos dentro das súas competencias e sen prexuízo das competencias da Consellería de Sanidade, tendo en conta a condición de autoridade sanitaria dos alcaldes e alcaldesas de acordo co artigo 33.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, e as competencias dos concellos de control sanitario de actividades e servizos que impacten na saúde da súa cidadanía e dos lugares de convivencia humana, de acordo co artigo 80.3 do mesmo texto legal, así como da súa competencia para a ordenación e control do dominio público.



2. Así mesmo, os órganos de inspección da Administración autonómica, no ámbito das súas competencias, poderán realizar as actividades de inspección e control oportunas para a vixilancia e comprobación do cumprimento das medidas de prevención aplicables.

3. As forzas e corpos de seguridade darán traslado das denuncias que formulen, polo incumprimento das medidas de prevención, ás autoridades competentes.

Noveno. *Plan de hostalaría segura*

1. A Xunta de Galicia, a través da consellería competente en materia sanitaria continuará desenvolvendo o «Plan de hostalaría segura» posto en marcha a través da Orde do 25 de febreiro de 2021 baseado nas seguintes liñas fundamentais:

a) Corresponsabilidade dos operadores económicos na aplicación, cumprimento e seguimento do plan e na colaboración no establecemento de medidas e instrumentos que contribúan ao control e seguimento de posibles gromos, incluída a rastrexabilidade dos posibles contactos, co obxecto de garantir unha actividade nas adecuadas condicións de seguridade.

b) Definición de criterios claros e precisos para a organización e utilización de espazos, condicións de adecuada ventilación que velen pola calidade do aire interior e determinación de ocupación para efectos da aplicación das medidas sanitarias de prevención.

c) Colaboración coas entidades representativas do sector para o estudo, deseño e implementación das medidas de prevención aplicables, incluída a promoción da existencia de mecanismos de autocontrol e auditoría de cumprimento.

d) Xeración de confianza nos usuarios, así como información e concienciación deles sobre as medidas de prevención e o seu necesario cumprimento.

e) Establecemento dun plan de control e inspección autonómico e a adecuada colaboración coas entidades locais nas súas competencias de control e inspección, especialmente con aquelas de menor tamaño e medios.

f) Colaboración das forzas e corpos de seguridade no control e inspección.

2. O Plan de hostalaría segura terá a consideración de plan sanitario para os efectos do previsto no artigo 80 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, polo que as enti-



dades locais participarán na súa aplicación e cumprimento mediante o exercicio das súas competencias de control sanitario establecidas na lei.

Décimo. *Teletraballo*

Tendo en conta o establecido no artigo 12 do Acordo sobre a prestación de servizos na modalidade de teletraballo na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 3 de decembro de 2020, publicado pola Orde do 14 decembro de 2020 da Consellería de Facenda e Administración Pública, que establece un réxime especial de autorización, que pode ser aplicable, entre outros motivos, por razóns de declaración da situación de emerxencia, e tendo en conta a existencia dunha declaración de situación de emerxencia sanitaria en vigor, á vista da evolución da situación epidemiolóxica, e coa finalidade de coadxuvar nun maior control da transmisión, entenderase prorrogada a eficacia das resolucións de teletraballo ditadas polas distintas consellerías e entidades do sector público autonómico por razón da situación sanitaria derivada da COVID-19. Serán de aplicación no teletraballo as condicións recollidas no réxime especial establecido no artigo 12 do Acordo sobre a prestación de servizos na modalidade de teletraballo na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

Décimo primeiro. *Eficacia*

1. As medidas previstas nesta orde terán efectos desde as 00.00 horas do día 9 de maio de 2021 ata as 00.00 horas do 22 de maio. No obstante, as medidas de prevención específicas recollidas no punto 3.22 do anexo I da presente Orde terán efectos desde as 6.00 horas do día 8 de maio de 2021 ata as 00.00 horas do 22 de maio.

2. En cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas previstas nesta orde serán obxecto de seguimento e avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser prorrogadas, modificadas ou levantadas por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Décimo segundo. *Ratificación xudicial*

Solicitarase a ratificación xudicial das medidas previstas nos puntos segundo, terceiro e cuarto, de acordo co disposto na redacción vixente do número 8 do artigo 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.



Décimo terceiro. Derrogación

Queda derogada a Orde do 17 de maio de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, e cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto na presente orde.

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2021

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade

ANEXO I**Medidas de prevención específicas aplicables na Comunidade Autónoma de Galicia**

Serán de aplicación no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia as medidas de prevención específicas recollidas neste anexo.

1. Obrigas xerais.**1.1. Obrigas de cautela e protección.**

Todos os cidadáns deberán adoptar as medidas necesarias para evitar a xeración de riscos de propagación da enfermidade da COVID-19, así como a propia exposición aos ditos riscos.

Este deber de cautela e protección será igualmente exixible aos titulares de calquera actividade.

Así mesmo, deberán respectarse as medidas de seguridade e hixiene establecidas polas autoridades sanitarias para a prevención da COVID-19.

1.2. Persoas con sintomatoloxía.

Calquera persoa que experimente algún dos síntomas máis comúns compatibles coa COVID-19, tales como febre, calafríos, tose, sensación de falta de aire, diminución do olfacto e do gusto, dor de gorxa, dores musculares, dor de cabeza, debilidade xeral, diarrea ou vómitos deberá permanecer no seu domicilio e comunicalo ao seu servizo sanitario o antes posible.



Igualmente, se existen conviventes no domicilio, deberá evitar o contacto con eles e, se é posible, usar un cuarto de forma exclusiva ata recibir instrucións do seu servizo sanitario.

1.3. Distancia de seguridade interpersonal.

Deberá cumprirse a medida de mantemento da distancia de seguridade interpersonal establecida pola Lei 2/2021, de 29 de marzo, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, de polo menos, 1,5 metros ou, na súa falta, medidas alternativas de protección física con uso de máscara, de hixiene adecuada e etiqueta respiratoria.

1.4. Obrigatoriedade do uso de máscaras.

Será obrigatorio o uso da máscara nas seguintes condicións:

a) Obriga xeral.

Para as persoas de seis ou máis anos será obrigatorio o uso da máscara en todo momento, tanto cando se estea na vía pública e en espazos ao aire libre como cando se estea en espazos pechados de uso público ou que se encontren abertos ao público, aínda que se poida garantir a distancia de seguridade interpersonal de 1,5 metros.

Así mesmo, de conformidade co artigo 6.1.b) da Lei 2/2021, do 29 de marzo, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, para as persoas de seis ou máis anos será obrigatorio o uso de máscara nos medios de transporte aéreo, marítimo, en autobús ou por ferrocarril, así como nos transportes públicos e privados complementarios de viaxeiros en vehículos de ata nove prazas, incluído o condutor.

b) Regras específicas.

1ª) Na realización de adestramentos e na celebración de competicións dentro da actividade deportiva federada de competencia autonómica aplicarase, respecto ao uso da máscara, o recollido especificamente no protocolo das federacións deportivas respectivas.

2ª) No caso de colectivos artísticos que desenvolvan actos e espectáculos culturais, aplicarase as regras específicas do número 2.9 do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020 e, respecto da produción e rodaxe de obras audiovisuais, apli-



caranse as medidas previstas no número 2.10 do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020.

3ª) No caso dos coros e agrupacións vocais de canto, das orquestras, bandas e outras agrupacións musicais, da celebración de congresos, encontros, reunións de negocio, conferencias, eventos e actos similares e da actividade formativa en conservatorios, escolas de música e danza, observarase o indicado especificamente nas medidas recollidas nos números 2.11, 2.12, 3.33 e 3.41 do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, respectivamente.

4ª) Nos centros docentes observarase, respecto ao uso da máscara, o recollido especificamente no correspondente protocolo.

5ª) Co obxecto de evitar a propagación de contaxios e asegurar o mantemento dos servizos, na prestación de asistencia ou axuda no fogar a persoas dependentes, será obrigatorio o uso de máscara tanto por parte do persoal prestador do servizo como por parte das persoas dependentes e daquelas que se atopen no seu domicilio. A dita obriga non será exigible cando se trate de persoas dependentes que presenten algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria que se poida ver agravada polo uso da máscara ou que, pola súa situación de discapacidade ou dependencia, non dispoñan de autonomía para quitar a máscara, ou ben presenten alteracións de conduta que fagan inviable a súa utilización.

c) Condicións de uso da máscara.

Deberá darse un uso axeitado á máscara, é dicir, esta deberá cubrir desde parte do tabique nasal ata o queixo, incluído.

Ademais, a máscara que se debe empregar non deberá estar provista de válvula exhalatoria, agás nos usos profesionais para os cales este tipo de máscara poida estar recomendada.

d) Excepcións á obriga de uso da máscara.

A obriga de uso de máscara non será exigible nos seguintes supostos:

1º) Cando se trate de persoas que presenten algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria que se poida ver agravada polo uso da máscara ou que, pola súa situación de discapacidade ou dependencia, non dispoñan de autonomía para quitar a máscara, ou ben presenten alteracións de conduta que fagan inviable a súa utilización.



2º) Nos vehículos de turismo, cando todas as persoas ocupantes convivan no mesmo domicilio.

3º) No mar, praias e piscinas, no exterior ou cubertas, lagos, embalses, ríos ou noutras zonas de baño, durante o baño, e mentres se permaneza nun espazo determinado, sen desprazarse, e sempre que se poida garantir o respecto da distancia de seguridade interpersonal entre todas as persoas usuarias non conviventes.

En calquera caso, será obrigatorio o uso de máscara para os accesos, desprazamentos e paseos nas praias e piscinas, lagos e demais contornos acuáticos, así como para o uso de vestiarios de piscinas públicas ou comunitarias, salvo nas duchas.

Entenderase por actividades incompatibles co uso da máscara as actividades de socorismo ou rescate cando requiran acceder ao medio acuático.

4º) Nos establecementos de hostalaría e restauración, por parte dos clientes do establecemento exclusivamente nos momentos estritamente necesarios para comer ou beber.

5º) No interior dos cuartos de establecementos de aloxamento turístico e outros espazos similares, cando unicamente se atopen neles persoas que se aloxen no cuarto.

6º) Nos buques e embarcacións de transporte de competencia autonómica, no interior dos camarotes, cando unicamente se atopen neles persoas que se aloxen no camarote.

7º) No caso do exercicio de deporte individual en espazos ao aire libre, exclusivamente durante a realización da práctica deportiva, sempre que, tendo en conta a posible concorrencia de persoas e as dimensións do lugar, poida garantirse o mantemento, en todo momento, da distancia de 1,5 metros con outras persoas ou deportistas non conviventes. Non obstante, debera usarse a máscara na práctica do deporte nas vías públicas, como rúas, avenidas, paseos, prazas e camiños de tránsito público, ou outros ámbitos que sexan lugar de circulación habitual de viandantes e polos que circulen de feito nese momento.

Seralles de aplicación o establecido no parágrafo anterior ás actividades que supoñan un esforzo físico de carácter non deportivo equiparable a este, ao aire libre e de forma individual.

8º) En supostos de forza maior ou situación de necesidade ou cando, pola propia natureza das actividades, o uso da máscara resulte incompatible, conforme as indicacións das autoridades sanitarias.



9º) No caso particular de consumo de tabaco ou de cigarros electrónicos, ou alimentos e bebidas, na vía pública ou en espazos ao aire libre, só se poderá exceptuar a obriga de uso de máscara, e exclusivamente durante o indicado consumo, sempre que a persoa o efectúe parada e fóra dos lugares habituais de circulación dos viandantes, de tal xeito que, tendo en conta a posible concorrencia de persoas e as dimensións do lugar, poida garantirse o mantemento, en todo momento, da distancia de dous metros con outras persoas. O anterior será aplicable tamén para o uso de calquera dispositivo de inhalación de tabaco, pipas de auga, cachimbas e asimilados.

10º) Na práctica de deporte no medio acuático, sexa este natural ou artificial.

e) Recomendacións sobre reunións de grupos de persoas en espazos privados.

Nos espazos privados, abertos ou pechados, de uso privado, recoméndase o uso de máscara, no caso de reunións ou de posible confluencia de persoas non conviventes, así como o mantemento da distancia de seguridade interpersonal e a aplicación de medidas de hixiene.

1.5. Medidas específicas para casos e contactos estreitos.

As persoas que sexan consideradas caso sospeitoso ou probable de infección polo virus SARS-CoV-2, por teren infección respiratoria aguda grave con cadro clínico ou radiolóxico compatible coa COVID-19, ou que estean pendentes dos resultados de probas diagnósticas por este motivo, as que sexan consideradas como caso confirmado con infección activa e as consideradas contacto estreito dun caso sospeitoso, probable ou confirmado, deberán seguir as condicións de illamento ou corentena que lles sexan indicadas desde os dispositivos asistenciais ou de saúde pública, sen poderen abandonar o seu domicilio ou lugar de illamento ou corentena en ningún caso, salvo autorización expresa do servizo sanitario por causas debidamente xustificadas.

2. Medidas xerais de hixiene e prevención.

Sen prexuízo das normas ou protocolos específicos que se establezan, serán aplicables a todos os establecementos, locais de negocio, instalacións e espazos de uso público e actividades de carácter público, as medidas xerais de hixiene e prevención establecidas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na redacción vixente.



3. Limitacións de capacidade e medidas de prevención específicas por sectores.

3.1. Medidas en materia de control de capacidade.

1. Os establecementos, instalacións e locais deberán expor ao público a capacidade máxima, e asegurar que a dita capacidade e a distancia de seguridade interpersonal se respecta no seu interior, polo que se deberán establecer procedementos que permitan o recuento e control da capacidade, de forma que esta non sexa superada en ningún momento.

No caso do sector da hostalaría e restauración, aplicarase tamén o que establece a Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen as actuacións necesarias para a posta en marcha do Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia, nomeadamente, no relativo á distribución de espazos, ocupacións, mobiliario e outros elementos de seguridade.

2. A organización da circulación de persoas e a distribución de espazos deberá procurar a posibilidade de manter a distancia de seguridade interpersonal. Na medida do posible, estableceranse itinerarios para dirixir a circulación de clientes e usuarios e evitar aglomeracións en determinadas zonas, tanto no interior como no exterior, e previr o contacto entre eles. Cando se dispoña de dúas ou máis portas, procurarase establecer un uso diferenciado para a entrada e a saída, co obxecto de reducir o risco de formación de aglomeracións.

3. Cando se dispoña de aparcadoiros propios para traballadores e usuarios, establececese un control de accesos para mellor seguimento das normas de capacidade. Na medida do posible, as portas que se atopen no percorrido entre o aparcadoiro e o acceso á tenda ou aos vestiarios dos traballadores disporán de sistemas automáticos de apertura ou permanecerán abertas para evitar a manipulación dos mecanismos de apertura.

4. De ser o caso, o persoal de seguridade velará para que se respecte a distancia interpersonal de seguridade e evitará a formación de grupos numerosos e aglomeracións, prestando especial atención ás zonas de escaleiras mecánicas, ascensores, zonas comúns de paso e zonas recreativas.

5. En caso necesario, poderanse utilizar valos ou sistemas de sinalización equivalentes para un mellor control dos accesos e xestión das persoas para os efectos de evitar calquera aglomeración.



6. En calquera caso, a sinalización de percorridos obrigatorios e independentes ou outras medidas que se establezan realizaranse tendo en conta o cumprimento das condicións de evacuación exixibles na normativa aplicable.

3.2. Control de capacidade en centros e parques comerciais e grandes superficies.

Os centros e parques comerciais, así como os establecementos que teñan a consideración de grandes superficies, deberán dispoñer de sistemas ou dispositivos que permitan coñecer en todo momento o número de persoas usuarias existente no seu interior, así como o control da capacidade máxima permitida nas citadas instalacións.

O cumprimento da citada obriga será responsabilidade das persoas, físicas ou xurídicas, titulares das citadas instalacións ou das que teñan atribuída a súa xestión.

3.3. Velorios e enterros.

1. Os velorios poderán realizarse en todo tipo de instalacións, públicas ou privadas, debidamente habilitadas cun límite máximo, en cada momento, de 10 persoas por túmulo, sexan ou non conviventes, e 25 persoas no exterior, sexan ou non conviventes.

2. A participación na comitiva para o enterramento ou despedida para cremación da persoa falecida restrínxese a un máximo de vinte e cinco persoas, sexan ou non conviventes, ademais de, se é o caso, o ministro de culto ou persoa asimilada da confesión respectiva para a práctica dos ritos funerarios de despedida do defunto.

3. Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersonal nas instalacións ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso de máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersonal indicada, nos termos previstos no punto 1.4 do anexo I desta orde.

4. As zonas comúns de paso utilizaranse unicamente para o tránsito de entrada e saída, sen que poida haber grupos de persoas neles. O tempo de estadía nas instalacións reducirase ao estritamente necesario para expresar as debidas condolencias, evitando permanecer nas zonas de paso.

5. Os servizos de hostalaría existentes nos establecementos funerarios rexeranse polo disposto no punto 3.22.



3.4. Lugares de culto.

1. Na Comunidade Autónoma de Galicia, a asistencia a lugares de culto non poderá superar o cincuenta por cento da súa capacidade, salvo nos concello recollidos na letra A do anexo II, en que non poderá superar o terzo da súa capacidade. Deberá garantirse, en todo caso, o mantemento da distancia de seguridade de 1,5 metros entre as persoas asistentes. A capacidade máxima deberá publicarse en lugar visible do espazo destinado ao culto.

2. Deberán establecerse medidas para ordenar e controlar as entradas e saídas aos lugares de culto para evitar aglomeracións e situacións que non permitan cumprir coa distancia de seguridade.

3. As limitacións previstas nos números anteriores non poderán afectar en ningún caso o exercicio privado e individual da liberdade relixiosa.

4. Nas actuacións e nas actividades de ensaio que impliquen a participación de coros e agrupacións vocais de canto deberá asegurarse que se respecte en todo momento a distancia de seguridade interpersonal entre os integrantes do coro ou da agrupación e, polo menos, de 3 metros entre estes e o público. Será obrigatorio, en calquera caso, o uso de máscara durante toda a actuación e nas actividades de ensaio.

5. Sen prexuízo das recomendacións de cada confesión en que se teñan en conta as súas particularidades, na celebración dos actos de culto deberanse observar as seguintes medidas de hixiene e prevención:

a) Procurarase manter a distancia de seguridade interpersonal entre os participantes entre si e co público asistente e o uso de máscara será obrigatorio consonte o disposto no punto 1.4 do anexo I desta orde.

b) Diariamente deberanse realizar tarefas de desinfección dos espazos utilizados ou que se vaian utilizar e de xeito regular reiterarase a desinfección dos obxectos que se tocan con maior frecuencia.

c) Organizaranse as entradas e saídas para evitar aglomeracións de persoas nos accesos e inmediacións dos lugares de culto.

d) Poranse á disposición do público dispensadores de xeles hidroalcohólicos ou desinfectantes con actividade viricida debidamente autorizados e rexistrados en lugares accesi-



bles e visibles e, en todo caso, na entrada do lugar de culto, que deberán estar sempre en condicións de uso.

e) Non se permitirá o uso de auga bendita e as ablucións rituais deberán realizarse na casa.

f) Facilitarase no interior dos lugares de culto a distribución dos asistentes sinalizando, se for necesario, os asentos ou zonas utilizables en función da capacidade permitida en cada momento.

g) Nos casos en que os asistentes se sitúen directamente no chan e se descalcen antes de entrar no lugar de culto, usaranse alfombras persoais e situarase o calzado nos lugares estipulados, embolsado e separado.

h) Limitarase ao menor tempo posible a duración dos encontros ou celebracións.

i) Durante o desenvolvemento das reunións ou celebracións evitase o contacto persoal, tocar ou bicar obxectos de devoción ou outros obxectos que habitualmente se manexen.

3.5. Cerimonias nupciais e outras celebracións relixiosas ou civís.

As cerimonias nupciais e demais celebracións relixiosas ou civís deberán respectar as regras de capacidade e as medidas de hixiene e prevención que sexan de aplicación ao lugar onde se desenvolvan.

3.6. Establecementos e locais comerciais retallistas e de actividades de servizos profesionais abertos ao público que non formen parte de centros ou parques comerciais.

1. Os establecementos e locais comerciais retallistas e de actividades de servizos profesionais abertos ao público que non formen parte de centros ou parques comerciais non poderán superar o cincuenta por cento da súa capacidade total. No caso de establecementos ou locais distribuídos en varios andares, a presenza de clientes en cada un deles deberá gardar esta mesma proporción.

Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersonal nos locais e establecementos ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso da máscara será obrigatorio en todo momento, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersonal.



2. O horario de peche dos ditos establecementos e locais será o que teñan fixado de acordo coa normativa vixente, debendo respectar, se é o caso, as limitacións establecidas para a mobilidade nocturna.

3. Deberán prestar un servizo de atención preferente a maiores de 75 anos, o cal deberá concretarse en medidas como control de accesos ou caixas de pagamento específicas, e/ou en horarios determinados que aseguren a dita preferencia na atención. A existencia do servizo de atención preferente deberá sinalarse de forma visible nos ditos establecementos e locais.

4. Os establecementos que teñan consideración de gran superficie, e entendendo por tales os que teñan máis de 2.500 metros cadrados de superficie, deberán dispor de sistemas ou dispositivos que permitan coñecer, en todo momento, o número de persoas usuarias existente no seu interior, así como o control da capacidade máxima permitida nas citadas instalacións.

O cumprimento da citada obriga será responsabilidade das persoas, físicas ou xurídicas, titulares das citadas instalacións.

3.7. Establecementos que teñan a condición de centros e parques comerciais ou que formen parte deles.

1. Os establecementos e locais comerciais retallistas e de actividades de servizos profesionais abertos ao público situados en centros e parques comerciais non poderán superar o cincuenta por cento da súa capacidade total. No caso de establecementos ou locais distribuídos en varios andares, a presenza de clientes en cada un deles deberá gardar esta mesma proporción.

Para estes efectos, entenderase por centros e parques comerciais, os establecementos comerciais de carácter colectivo definidos no número 2 do artigo 23 da Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia.

2. A capacidade das zonas comúns dos centros e parques comerciais queda limitada ao 30 %. Non se permitirá a permanencia de clientes nas zonas comúns, excepto para o tránsito entre os establecementos. Queda prohibida a utilización de zonas recreativas, como poden ser zonas infantís, ludotecas ou áreas de descanso, que deben permanecer pechadas.



3. O horario de peche dos centros e parques comerciais será o que teñan fixado de acordo coa normativa vixente, debendo respectar, se é o caso, as limitacións establecidas para a mobilidade nocturna.

4. Deberanse establecer as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersonal no interior dos locais e establecementos e nas zonas comúns ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso de máscara será obrigatorio en todo momento, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersonal indicada, nos termos previstos no número 1.4 deste anexo. Ademais, deberán evitarse as aglomeracións de persoas que comprometan o cumprimento destas medidas.

5. Os centros e parques comerciais deberán dispor de sistemas ou dispositivos que permitan coñecer, en todo momento, o número de persoas usuarias existente no seu interior, así como o control da capacidade máxima permitida nas citadas instalacións.

O cumprimento da citada obriga será responsabilidade das persoas, físicas ou xurídicas, titulares das citadas instalacións ou das que teñan atribuída a súa xestión.

6. Deberán prestar un servizo de atención preferente a maiores de 75 anos, o cal deberá concretarse en medidas como control de accesos ou caixas de pagamento específicas, e/ ou en horarios determinados que aseguren a dita preferencia na atención. A existencia do servizo de atención preferente deberá sinalarse de forma visible nos ditos establecementos e locais.

3.8. Mercados que desenvolven a súa actividade na vía pública.

1. No caso dos mercados que desenvolven a súa actividade na vía pública ao aire libre ou de venda non sedentaria, coñecidos como feiras, a capacidade virá determinada polo número de postos autorizados do xeito seguinte:

a) Nos mercados con menos de 150 postos autorizados, poderán dispoñer do 100 % dos postos habituais ou autorizados.

b) Nos mercados que teñan entre 150 e 250 postos autorizados, poderán dispoñer do 75 % dos postos habituais ou autorizados.

c) Nos mercados que teñan máis de 250 postos autorizados, poderán dispoñer do 50 % dos postos habituais ou autorizados.



En todo caso, limitarán a afluencia de clientes de maneira que se asegure o mantemento da distancia de seguridade interpersonal.

Os concellos poderán aumentar a superficie habilitada ou habilitar novos días para o exercicio desta actividade para compensar as limitacións previstas anteriormente, prestando especial atención á vixilancia do cumprimento das medidas sanitarias e protocolos aplicables nestes contornos.

Os concellos establecerán requisitos de distanciamento entre postos e condicións de delimitación do mercado co obxectivo de procurar manter a distancia de seguridade interpersonal entre traballadores, clientes e viandantes ou, na súa falta, será precisa a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso de máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersonal indicada, nos termos previstos no número 1.4 do anexo I desta orde.

2. Durante todo o proceso de atención ao consumidor deberá manterse a distancia de seguridade interpersonal establecida entre o vendedor e o consumidor, que poderá ser dun metro cando se conte con elementos de protección ou barreira.

3. Deberá sinalarse de forma clara a distancia de seguridade interpersonal entre clientes, con marcas no chan ou mediante o uso de balizas, cartellaría e sinalización para aqueles casos en que sexa posible a atención individualizada de máis dun cliente ao mesmo tempo.

4. Recoméndase a posta á disposición de dispensadores de xeles hidroalcohólicos ou desinfectantes con actividade viricida debidamente autorizados e rexistrados nas inmediacións dos mercados ao aire libre ou de venda non sedentaria na vía pública.

5. Realizarase, polo menos unha vez ao día, unha limpeza e desinfección das instalacións con especial atención ás superficies de contacto máis frecuentes, especialmente mostradores e mesas ou outros elementos dos postos, anteparos, de ser o caso, teclados, terminais de pagamento, pantallas táctiles, ferramentas de traballo e outros elementos susceptibles de manipulación, prestando especial atención a aqueles utilizados por máis dun traballador.

6. Procurarase evitar a manipulación directa dos produtos por parte dos clientes.



3.9. Actividades en academias, autoescolas e centros privados de ensino non regrado e centros de formación.

1. A actividade que se realice en academias, autoescolas e centros privados de ensino non regrado e centros de formación non incluídos no ámbito de aplicación do artigo 9 do Lei 2/2021, do 29 de marzo, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, inscritos no correspondente rexistro, poderá impartirse dun modo presencial sempre que non se supere unha capacidade do cincuenta por cento respecto do máximo permitido.

Nestes centros priorizarase a realización da actividade lectiva non presencial, por medios telemáticos (en liña) sempre que sexa posible.

2. Deberán establecerse as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersonal nas súas instalacións ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso de máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersonal indicada, nos termos previstos no número 1.4 do anexo I desta orde.

3. No caso de utilización de vehículos será obrigatorio o uso de máscara tanto polo persoal docente como polo alumnado ou o resto de ocupantes do vehículo.

3.10. Hoteis, albergues e aloxamentos turísticos.

1. Os hoteis, albergues e establecementos turísticos permanecerán abertos, sen prexuízo das limitacións vixentes de entrada e saída de persoas en determinados ámbitos territoriais, que deberán respectarse en todo caso. Os clientes procedentes dalgún dos ámbitos territoriais aos cales se lles apliquen as devanditas limitacións soamente poderán terse desprazado aos establecementos situados fóra dese ámbito territorial polos motivos xustificadas establecidos na normativa vixente.

2. Os albergues poderán manter unha ocupación máxima do 30 % das prazas nos espazos de aloxamento compartido.

3. A ocupación das zonas comúns dos hoteis, albergues e aloxamentos turísticos non poderá superar o cincuenta por cento da súa capacidade.

Para iso, cada establecemento deberá determinar a capacidade dos distintos espazos comúns, así como aqueles lugares en que se poderán realizar eventos e as condicións



máis seguras para a súa realización conforme a capacidade máxima prevista e de acordo coas medidas de hixiene, protección e distancia mínima establecidas.

4. Poderán facilitar servizos de hostalaría e restauración para os clientes aloxados nos ditos establecementos. Para o resto de clientes, resultará de aplicación o disposto no punto 3.22.

5. No caso de instalacións deportivas de hoteis, albergues e aloxamentos turísticos, tales como piscinas ou ximnasios, rexeranse polas regras aplicables a este tipo de instalacións en función da incidencia acumulada do respectivo concello, de conformidade co previsto no punto 3.15.

3.11. Actividade cinexética.

1. Está permitida a actividade cinexética en todas as súas modalidades sempre que se axuste ás limitacións de grupos de persoas aplicables no respectivo concello.

2. En todo caso, a realización das ditas actividades estará sometida ás restricións perimetrais actualmente vixentes.

3.12. Pesca fluvial e marítima, deportiva e recreativa.

1. Está permitida a práctica da pesca fluvial e marítima, deportiva e recreativa, en todas as súas modalidades, sempre que se axuste ás limitacións de grupos de persoas aplicables no respectivo concello.

2. En todo caso, a realización das ditas actividades estará sometida ás restricións perimetrais actualmente vixentes.

3.13. Parques e zonas deportivas de uso público ao aire libre.

1. Os parques infantís, parques biosaudables, zonas deportivas, pistas de skate ou espazos de uso público ao aire libre similares poderán estar abertos ao público sempre que neles se respecte unha capacidade máxima estimada dunha persoa por cada catro metros cadrados de espazo computable de superficie do recinto.

2. Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersonal nas instalacións ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso de máscara será obrigatorio, aínda que se mantenha



a distancia de seguridade interpersoal indicada, nos termos previstos no número 1.4 do anexo I desta orde.

3. Deberán aplicarse as medidas de hixiene e prevención establecidas, especialmente no que se refire a proceder diariamente á limpeza e desinfección destes espazos nas áreas de contacto das zonas comúns, tales como xogos das zonas infantís, aparellos de actividade física ou outro mobiliario urbano de uso compartido.

4. Recoméndase dispor neses espazos, especialmente no que se refire a parques infantís, de dispensadores de xeles hidroalcohólicos ou desinfectantes con actividade viricida, debidamente autorizados e rexistrados, ou dunha solución xabonosa no caso de espazos para menores de dous anos de idade.

3.14. Realización de actos e reunións laborais, institucionais, académicos ou profesionais.

A realización de actos e reunións laborais, institucionais, académicos, profesionais, sindicais, de representación de traballadores e administrativos, actividades en centros universitarios, educativos, de formación e ocupacional poderanse levar a cabo sempre que se adopten as medidas previstas nos correspondentes protocolos de funcionamento, ben que se recomenda que se realicen de forma telemática sempre que sexa posible.

Nos concellos enumerados nas letras A, B e C do anexo II da presente orde, na realización dos citados actos non se poderá superar o trinta por cento da capacidade autorizada do local. En calquera caso, deberase respectar un máximo de 75 persoas para lugares pechados e de 150 persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Nos concellos enumerados na letra D do anexo II da presente orde, nas ditas actividades non se poderá superar o cincuenta por cento da capacidade autorizada do local e, en todo caso, deberase respectar un máximo de 150 persoas para lugares pechados e de 300 persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Non obstante, poderase ampliar o límite indicado logo de autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. Neste caso, por solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade pola COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias



Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueloutros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

O recollido neste número será tamén de aplicación para as reunións de xuntas de comunidades de propietarios.

3.15. Actividade deportiva.

1. A realización da actividade física e deportiva non federada axustarase ás seguintes regras, en función dos datos epidemiolóxicos existentes nos correspondentes concellos:

a) Nos concellos enumerados na letra A do anexo II da presente orde, a práctica da actividade física e deportiva non federada só poderá realizarse ao aire libre ou en instalacións deportivas ao aire libre, de forma individual ou con persoas conviventes, e coa utilización de máscara de acordo co disposto no punto 1.4 do anexo I da presente orde.

b) Nos concellos enumerados nas letras B e C do anexo II da presente orde, a práctica da actividade física e deportiva non federada, ao aire libre, poderá realizarse de forma individual ou colectiva, sen contacto físico e coa utilización de máscara, de acordo co disposto no punto 1.4 do anexo I da presente orde. No caso da práctica de forma colectiva, o máximo será de seis persoas de forma simultánea, sexan ou non conviventes, sen contar, de ser o caso, o monitor.

Nas instalacións e centros deportivos pechados poderase realizar actividade deportiva en grupos de ata catro persoas, sexan ou non conviventes, e sen contar o monitor, sen contacto físico, coa utilización de máscara e sempre que non se supere o trinta por cento da capacidade máxima permitida. Deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade.

Tamén se permite o uso deportivo das piscinas ao aire libre ou cubertas, cunha ocupación máxima do 30 %.

c) Nos concellos enumerados na letra D do anexo II, a práctica da actividade física e deportiva non federada, ao aire libre, poderá realizarse de forma individual ou colectiva, sen contacto físico e coa utilización de máscara, de acordo co disposto no punto 1.4 do anexo I da presente orde. No caso da práctica de forma colectiva, o máximo será de seis persoas de forma simultánea, sexan ou non conviventes, sen contar, de ser o caso, o monitor.



No caso da práctica da actividade física e deportiva non federada nas instalacións e centros deportivos pechados poderase realizar en grupos de ata catro persoas, sexan ou non conviventes, e sen contar o monitor, sen contacto físico, coa utilización de máscara e sempre que non se supere o cincuenta por cento da capacidade máxima permitida. Deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade.

Tamén se permite o uso deportivo das piscinas ao aire libre ou cubertas, cunha ocupación máxima do 50 %.

2. Deberán realizarse tarefas de ventilación nas instalacións cubertas durante un mínimo de 30 minutos ao inicio e ao remate de cada xornada, así como de forma frecuente durante esta e, obrigatoriamente, ao remate de cada clase ou actividade de grupo. No caso da utilización de sistemas de ventilación mecánica, deberá aumentarse a subministración de aire fresco e non se poderá empregar a función de recirculación do aire interior.

3. Os vestiarios e zonas de ducha poderán usarse cunha ocupación de ata o 30 % da capacidade máxima permitida, e procederase á limpeza e desinfección despois de cada uso e ao final da xornada.

4. A práctica da actividade deportiva federada de ámbito autonómico, adestramentos e competicións, axustarase aos correspondentes protocolos Físicovid-Dxtgalego aprobados.

5. As competicións deportivas federadas de nivel nacional e os seus adestramentos desenvolveranse de acordo co establecido pola Administración competente e de conformidade coas limitacións establecidas nos protocolos federativos correspondentes.

6. As competicións deportivas federadas de nivel nacional e os seus adestramentos desenvolveranse de acordo co establecido pola Administración competente e de conformidade coas limitacións establecidas nos protocolos federativos correspondentes.

No ámbito das competicións deportivas oficiais non profesionais de ámbito estatal de modalidades deportivas que poidan implicar contacto que se realicen na Comunidade Autónoma de Galicia serán de aplicación as seguintes medidas:

a) Os equipos e deportistas galegos que participen nas ditas competicións deberán realizar os adestramentos e a competición en grupos de composición estable e, en todo caso, deberán realizar tests serolóxicos ou probas similares cada 14 días naturais.



b) A totalidade dos membros da expedición dos equipos e deportistas procedente doutras comunidades autónomas que se despracen á Comunidade Autónoma de Galicia para participaren nas ditas competicións deberán realizar tests serolóxicos ou probas similares en orixe polo menos entre 72 e 24 horas previas á celebración da proba/partido/competición.

Así mesmo, deberán comunicar con idéntica antelación ás autoridades sanitarias autonómicas a relación das persoas integrantes da expedición trasladada a Galicia, a data e a hora de chegada á Comunidade Autónoma galega e o lugar de aloxamento, así como o tipo de proba de detección de COVID-19 a que foron sometidas as ditas persoas.

As medidas previstas deben entenderse dentro do necesario respecto ás competencias das autoridades deportivas e sanitarias estatais, polo que serán aplicables sempre que resulten compatibles coas adoptadas polas ditas autoridades e mentres non existan medidas obrigatorias dimanantes delas que ofrezan un nivel de protección equivalente ou similar.

3.16. Centros, servizos e establecementos sanitarios.

1. Os titulares ou directores dos distintos centros, servizos e establecementos sanitarios, de natureza pública ou privada, deberán adoptar as medidas organizativas, de prevención e hixiene necesarias do seu persoal traballador e dos pacientes, co obxecto de aplicar as recomendacións emitidas nesta materia, relativas á distancia de seguridade interpersoal, uso de máscaras en sitios pechados de uso público, capacidade, hixiene de mans e respiratoria, así como calquera outra medida que establezan as autoridades competentes.

2. Estas medidas deberán aplicarse na xestión dos espazos do centro, accesos, zonas de espera e na xestión das citas dos pacientes, así como na regulación de acompañantes ou visitas, tendo en conta a situación e actividade de cada centro. Para tal efecto, só se permitirá a presenza dunha persoa acompañante por usuario/a no caso de menores, maiores dependentes ou mulleres xestantes.

Sen prexuízo do anterior, permitirase unha visita por paciente en UCI non COVID.

3. Así mesmo, adoptarán as medidas necesarias para garantir a protección da seguridade e saúde do seu persoal traballador, a limpeza e desinfección das áreas utilizadas e a eliminación de residuos, así como o mantemento adecuado dos equipamentos e instalacións.



4. Estarán obrigados a colaborar coas autoridades sanitarias e de política social nos labores de vixilancia, prevención e control da COVID-19.

3.17. Lonxas.

Nas lonxas deberán establecerse as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersonal ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso de máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersonal indicada, nos termos previstos no punto 1.4 do anexo I da presente orde.

3.18. Transportes.

1. As condicións de capacidade dos vehículos e embarcacións que realicen servizos colectivos de transporte de viaxeiros de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, isto é, o transporte en autobús –de carácter interurbano e urbano, sexa de uso xeral, de uso especial ou discrecional– e o transporte marítimo en augas interiores, quedan establecidas do seguinte xeito:

a) Nos vehículos e embarcacións que dispoñan de asentos poderase ocupar a totalidade dos asentos. Deberase manter a máxima separación entre as persoas usuarias cando o nivel de ocupación o permita.

b) Nos vehículos e embarcacións que teñan autorizadas prazas de pé procurarase que as persoas manteñan entre si a máxima distancia posible e establécese como límite de ocupación máxima a dunha sexta parte das prazas de pé.

2. Como medidas adicionais aplicables aos modos de transporte establécense as seguintes:

a) Durante toda a duración do traxecto, cando esta sexa inferior a dúas horas, as persoas usuarias non poderán consumir alimentos no interior dos vehículos ou embarcacións e deberán, igualmente e na medida do posible, evitar consumir bebidas, conversar ou manter calquera outro contacto directo con outras persoas ocupantes do dito vehículo ou embarcación.

b) Na prestación de servizos colectivos regulares de transporte de viaxeiros de carácter interurbano de uso xeral, cando non estean autorizadas prazas de pé, e na prestación de calquera servizo de transporte marítimo en augas interiores da competencia da Comuni-



dade Autónoma de Galicia será obrigatoria a expedición de billete coa identificación do servizo concreto de transporte de que se trate e do vehículo ou embarcación que o preste.

Igualmente, todos os anteriores vehículos e embarcacións deberán ter numerados os seus asentos de forma clara e visible para as persoas usuarias.

Naqueles servizos respecto dos cales non haxa unha asignación previa de asento, recoméndase ás persoas viaxeiras que anoten no seu billete o número de asento que ocupen e que o conserven durante os 14 días posteriores ao da viaxe.

c) As empresas concesionarias procurarán a máxima ventilación do vehículo, sen recirculación do aire, mantendo as fiestras abertas sempre que non se produzan correntes de aire.

Para tal efecto, os vehículos que realicen varias viaxes en diferentes quendas horarias deberán proceder á ventilación deste antes de cada quenda e, sempre que for posible, á súa limpeza e desinfección. En todo caso, realizarase como mínimo unha limpeza diaria, empregando produtos e procedementos previstos no plan de limpeza e desinfección.

d) Tanto as empresas concesionarias como as persoas usuarias observarán en todo momento as medidas de protección, e o uso da máscara, e as demais medidas de prevención, evitando condutas como levantarse, interactuar, berrar, compartir obxectos, tocar superficies comúns ou outras condutas que poidan xerar risco de contaxio ou transmisión.

3. Nos desprazamentos en vehículo particular respectaranse as limitacións que se establezan nesta orde, para grupos de persoas no correspondente ámbito territorial.

Para tal efecto, serán de aplicación as seguintes regras:

a) Nos concellos enumerados na letra A do anexo II poderán desprazarse nun mesmo vehículo só as persoas conviventes, ben que estará permitido o desprazamento nun vehículo particular de persoas non conviventes que traballen xuntas e só para o traxecto de ida e volta ao centro de traballo, así como para que os menores poidan acudir a centros de ensino. Nestes casos, só se permitirán dúas persoas por fila de asentos e deberán usar todas máscara.

b) No resto dos concellos enumerados no anexo II, respectaranse as limitacións para grupos de persoas no correspondente ámbito territorial e deberase usar sempre máscara dentro do vehículo cando se trate de persoas non conviventes.



4. Nos concellos enumerados na parte A do anexo II, os taxis e vehículos VTC poderán prestar servizos de transporte para persoas conviventes, así como escolares, persoal sanitario, pacientes ou traballadores non conviventes; nestes casos poderán desprazarse tantas persoas como prazas teña o vehículo e procurarse, cando o nivel de ocupación o permita, a máxima separación entre as persoas usuarias. En todos os casos, será obrigatorio o uso de máscara.

No resto dos concellos poderán desprazarse tantas persoas como prazas teña o vehículo e procurarse, cando o nivel de ocupación o permita, a máxima separación entre as persoas usuarias. En todos os casos, será obrigatorio o uso de máscara.

3.19. Áreas de servizo para profesionais do transporte.

1. Ás áreas de servizo para profesionais do transporte resultaranlles aplicables as medidas establecidas no número 3.22.

2. Adicionalmente, co obxecto de posibilitar os descansos adecuados en cumprimento da normativa de tempos de condución e descanso, imprescindibles para poder levar a cabo as operacións de transporte, e facilitar aos transportistas profesionais un servizo de restauración, aqueles establecementos situados en centros loxísticos e nas áreas de servizo da Rede de estradas do Estado en Galicia, vías de alta capacidade e Rede primaria básica de estradas de Galicia que dispoñan de cociña, servizos de restauración ou expendedores de comida preparada poderán permanecer abertos alén das limitacións horarias establecidas no número 3.22, incluído en horario nocturno de acordo coa súa regulación específica, para os únicos efectos de dar cumprimento a esta finalidade.

Para o acceso a estes establecementos neste caso será obligatoria a presentación da tarxeta de profesional do transporte CAP, a consumición no interior deberá realizarse de xeito individual e sentado e non se poderá realizar venda ou dispensación de bebidas alcohólicas.

3.20. Bibliotecas, arquivos, museos e salas de exposicións, monumentos e outros equipamentos culturais.

1. Nas bibliotecas, arquivos, museos e salas de exposicións, monumentos e outros equipamentos culturais, tanto de titularidade pública como privada, situados nos concellos enumerados nas letras A, B e C do anexo II da presente orde, poderán realizarse actividades presenciais sen superar o trinta por cento da capacidade máxima permitida.



Nos concellos enumerados na letra D do anexo II da presente orde, as actividades presenciais poderán acadar unha capacidade máxima do cincuenta por cento da capacidade máxima permitida.

2. Este límite de ocupación será aplicable tamén á realización de actividades culturais nestes espazos e cun máximo de ata catro persoas nas actividades de grupos, sexan ou non conviventes, excluído o monitor ou guía, e deberán establecerse as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade, agás no caso de persoas conviventes.

3.21. Celebración de competicións deportivas con público, actividades en cines, teatros, auditorios, congresos e outros eventos, e espazos similares, así como en recintos ao aire libre e noutros locais e establecemento destinados a espectáculos públicos e actividades recreativas.

A celebración de competicións deportivas con público, actividades en cines, teatros, auditorios, congresos e outros eventos e espazos similares, así como en recintos ao aire libre e noutros locais e establecementos destinados a espectáculos públicos e actividades recreativas, poderá desenvolverse, sen superar o trinta por cento da capacidade permitida, con público, sempre que este permaneza sentado e que a capacidade se calcule, dentro da capacidade permitida, de forma que se garde sempre a distancia mínima de seguridade de 1,5 m nas catro direccións entre os asistentes, salvo que se trate de persoas conviventes, cun límite máximo de duascenas cincuenta persoas para lugares pechados e de cincocentas persoas, se se trata de actividades ao aire libre.

No obstante, nos concellos enumerados na letra D do anexo II o límite máximo poderá chegar ás cincocentas persoas para lugares pechados e ás mil persoas, se se trata de actividades ao aire libre, sen superar o cincuenta por cento da capacidade permitida.

Co fin de evitar aglomeracións, a distribución dos asistentes será homoxénea polas butacas e haberá unha planificación axeitada para controlar os accesos e o fluxo de circulación dos asistentes. Debe preverse a apertura de todas as portas dispoñibles coa antelación suficiente.

Deberán establecerse as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersoal no resto das instalacións ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física.



O uso da máscara será obrigatorio en todo momento, mesmo no caso de que se manteña a distancia de seguridade interpersonal nos termos previstos nas medidas hixiénico-sanitarias.

Nas butacas ou asentos preasignados, as persoas asistentes non poderán quitar a máscara.

Deberán realizarse tarefas de ventilación nas instalacións cubertas por espazo de, polo menos, 30 minutos ao comezo e ao final de cada xornada, así como de forma frecuente durante esta e obrigatoriamente ao finalizar cada actividade. No caso da utilización de sistemas de ventilación mecánica, deberá aumentarse a subministración de aire fresco e non se poderá empregar a función de recirculación do aire interior.

Deberá existir un rexistro de asistentes ao evento e custodialo durante un mes despois do evento, coa información do contacto dispoñible para as autoridades sanitarias, cumprindo coas normas de protección de datos de carácter persoal.

Deberán intensificarse as medidas de limpeza e desinfección das instalacións con produtos debidamente autorizados e rexistrados.

No caso de celebración de congresos, encontros, eventos e actos similares, se os asistentes non permanecen sentados en todo momento, solicitarase autorización á Dirección Xeral de Saúde Pública en que se comuniquen o evento, as datas, as actividades que se van realizar e as medidas concretas organizativas e de seguridade propostas para os riscos de contaxio.

En todo caso, nas actividades a que se refire o presente punto nas cales se pretenda superar as capacidades máximas previstas conforme a cada nivel de restricións, a Dirección Xeral de Saúde Pública, logo de solicitude dos titulares ou promotores da actividade, disporá a realización dunha avaliación do risco para outorgar a autorización de acordo co disposto nas «Recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade por COVID-19 en España», acordado na Comisión de Saúde Pública do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde. O prazo para realizar a avaliación do risco será de 10 días, sen prexuízo dunha revisión de oficio posterior, se a situación epidemiolóxica así o exige.



3.22. Hostalaría e restauración.

1. A prestación de servizos de hostalaría e restauración en bares, cafetarías e restaurantes axustarase ás seguintes regras, en función dos datos epidemiolóxicos existentes nos correspondentes concellos:

a) Nos concellos enumerados na letra A do anexo II da presente orde, os citados establecementos permanecerán pechados ao público e poderán prestar exclusivamente servizos de recollida no local e consumo a domicilio ata as 22.30 horas, ou ben servizo de entrega a domicilio. O servizo de entrega a domicilio poderá realizarse ata as 24.00 horas.

A permanencia nestes establecementos deberá ser a estritamente necesaria. En todo caso, evitanse aglomeracións e controlárase que consumidores e empregados manteñan a distancia de seguridade establecida co fin de evitar posibles contaxios.

b) Nos concellos enumerados na letra B do anexo II da presente orde, os establecementos poderán prestar unicamente servizos de recollida no local e consumo a domicilio, de entrega a domicilio e, así mesmo, de terraza co cincuenta por cento (50 %) da capacidade máxima permitida con base na correspondente licenza municipal ou do que sexa autorizado para este ano, no caso de que a licenza sexa concedida por primeira vez.

En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia de seguridade interpersoal entre as mesas ou, de ser so caso, agrupacións de mesas, e respectarase nas mesas as limitacións que se establezan para grupos de persoas no correspondente ámbito territorial.

O horario de peche ao público será ás 23.00 horas. Os establecementos que teñan título municipal habilitante de restaurante disporán da opción de ampliar o seu horario ata as 1.00 horas exclusivamente para o servizo de ceas, sempre que cumpran os requisitos que se determinen para este caso nas medidas aprobadas pola consellería competente en materia de sanidade no marco do Plan de hostalaría segura e sen que poidan admitirse novos clientes a partir das 00.00 horas.

Os establecementos poderán prestar servizos de recollida no local e consumo a domicilio ou ben servizo de entrega a domicilio ata as 1.00 horas. Neste caso, a permanencia nestes establecementos deberá ser a estritamente necesaria. En todo caso, evitanse aglomeracións e controlárase que consumidores e empregados manteñan a distancia de seguridade establecida co fin de evitar posibles contaxios.



c) Nos concellos enumerados na letra C do anexo II da presente orde, os establecementos poderán prestar servizos de recollida no local e consumo a domicilio, de entrega a domicilio, de terraza co cincuenta por cento (50 %) da capacidade máxima permitida con base na correspondente licenza municipal ou do que sexa autorizado para este ano, no caso de que a licenza sexa concedida por primeira vez, e tamén servizo no interior cunha ocupación do 30 %. Non se poderá prestar servizo na barra.

En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia de seguridade interpersonal entre as mesas ou, de ser so caso, agrupacións de mesas, e respectaranse nas mesas as limitacións que se establezan para grupos de persoas no correspondente ámbito territorial.

O horario de peche ao público será ás 23.00 horas. Os establecementos que teñan título municipal habilitante de restaurante disporán da opción de ampliar o seu horario ata as 1.00 horas exclusivamente para o servizo de ceas, sempre que cumpran os requisitos que se determinen para este caso nas medidas aprobadas pola consellería competente en materia de sanidade no marco do Plan de hostalaría segura e sen que poidan admitirse novos clientes a partir das 00.00 horas.

Os establecementos poderán prestar servizos de recollida no local e consumo a domicilio ou ben servizo de entrega a domicilio ata as 1.00 horas. Neste caso, a permanencia nestes establecementos deberá ser a estritamente necesaria. En todo caso, evitanse aglomeracións e controlarase que consumidores e empregados manteñan a distancia de seguridade establecida co fin de evitar posibles contaxios.

d) Nos concellos enumerados na letra D do anexo II da presente orde, os establecementos poderán prestar servizos de recollida no local e consumo a domicilio, de entrega a domicilio, de terraza co setenta e cinco por cento (75 %) da capacidade máxima permitida con base na correspondente licenza municipal ou do que sexa autorizado para este ano, no caso de que a licenza sexa concedida por primeira vez, e tamén servizo no interior cunha ocupación do 50 %. Non se poderá prestar servizo na barra.

En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia de seguridade interpersonal entre as mesas ou, de ser so caso, agrupacións de mesas, e respectaranse nas mesas as limitacións que se establezan para grupos de persoas no correspondente ámbito territorial.



O horario de peche ao público será ás 23.00 horas. Os establecementos que teñan título municipal habilitante de restaurante disporán da opción de ampliar o seu horario ata as 1.00 horas exclusivamente para o servizo de ceas, sempre que cumpran os requisitos que se determinen para este caso nas medidas aprobadas pola consellería competente en materia de sanidade no marco do Plan de hostalaría segura e sen que poidan admitirse novos clientes a partir das 00.00 horas.

Os establecementos poderán prestar servizos de recollida no local e consumo a domicilio ou ben servizo de entrega a domicilio ata as 1.00 horas. Neste caso, a permanencia nestes establecementos deberá ser a estritamente necesaria. En todo caso, evitanse aglomeracións e controlárase que consumidores e empregados manteñan a distancia de seguridade establecida co fin de evitar posibles contaxios.

2. Naqueles supostos en que non se prevé como requisito necesario o uso dos dispositivos medidores de CO₂ na Orde de 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen as actuacións necesarias para a posta en marcha do Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia, recoméndase a súa utilización na prestación de servizos de hostalaría e restauración, nas condicións establecidas na orde citada, co obxecto de garantir unha correcta ventilación dos locais. Esta recomendación entenderase sen prexuízo de que en posteriores actualizacións da orde se poida establecer o uso destes medidores como requisito, no marco das condicións de ampliación de horario de peche e capacidade máxima que se establezan.

3. Para o cálculo das ocupacións, así como para a aplicación doutras medidas específicas, observaranse as medidas aprobadas pola consellería competente en materia de sanidade no marco do Plan de hostalaría segura.

4. Os establecementos de restauración de centros sanitarios ou de traballo poderán manter o servizo de cafetería, bar e restaurante. Non poderán superar o cincuenta por cento da súa capacidade. O consumo dentro do local poderá realizarse unicamente sentado na mesa, ou agrupacións de mesas, e deberase asegurar o mantemento da debida distancia de seguridade interpersoal entre clientes, e respectaranse nas mesas as limitacións que se establezan para grupos de persoas no correspondente ámbito territorial.

Nos concellos enumerados nas letras A e B do anexo II da presente orde, estes establecementos de restauración deberán limitar a súa actividade, nas condicións establecidas no número anterior, aos traballadores destes ou, no caso dos centros sanitarios, tamén a acompañantes de doentes.



Respectaranse as limitacións que se establezan e nos concellos enumerados na letra A do anexo II deberán ser todas conviventes ou persoas traballadoras que formen un grupo de convivencia estable dentro do centro de traballo.

No caso de establecementos de hostalaría situados en centros educativos, aplicaranse as regras previstas nos parágrafos precedentes.

Estas regras non será aplicables aos comedores escolares, que se rexerán pola súa normativa específica.

3.23. Realización de procesos selectivos polas administracións públicas e entidades do sector público.

A realización de procesos selectivos poderá desenvolverse, sempre que os asistentes permanezan sentados e que a capacidade se calcule, dentro da capacidade permitida, de forma que se garde sempre a distancia mínima de seguridade de 1,5 m en todas as direccións, cun límite máximo de duascenas cincuenta persoas aspirantes.

Co fin de evitar aglomeracións, a distribución dos asistentes será homoxénea polos asentos e haberá unha planificación axeitada para controlar os accesos e o fluxo de circulación dos asistentes. Debe preverse a apertura de todas as portas dispoñibles coa antelación suficiente. Organizaranse as entradas e saídas para evitar aglomeracións de persoas, tanto nos accesos como nas inmediacións, e distribuiranse proporcionalmente as persoas entre as portas dispoñibles.

Deberán establecerse as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersoal no resto das instalacións ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física.

O uso da máscara será obrigatorio en todo momento, mesmo no caso de que se manteña a distancia de seguridade interpersoal nos termos previstos nas medidas hixiénico-sanitarias.

Deberán realizarse tarefas de ventilación nas instalacións cubertas por un prazo de, polo menos, 30 minutos ao comezo e ao final de cada xornada, así como de forma frecuente durante esta e obrigatoriamente ao finalizar cada actividade. No caso da utilización de sistemas de ventilación mecánica, deberá aumentarse a subministración de aire fresco e non se poderá empregar a función de recirculación do aire interior.



Deberá existir un rexistro de asistentes e custodialo durante un mes despois do evento, coa información do contacto dispoñible para as autoridades sanitarias, cumprindo coas normas de protección de datos de carácter persoal.

Deberán intensificarse as medidas de limpeza e desinfección das instalacións con produtos debidamente autorizados e rexistrados.

No caso de realización de procesos selectivos de máis de 250 aspirantes, ou se as probas non se realizan coas persoas sentadas en todo momento, solicitarase autorización á Dirección Xeral de Saúde Pública en que se comuniquen o evento, as datas, as actividades que se van realizar e as medidas concretas organizativas e de seguridade propostas para os riscos de contaxio.

A solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade pola COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueles outros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

3.24. Especificidades para determinadas actividades turísticas, centros de interpretación e visitantes, aulas da natureza, casetas e puntos de información.

1. Poderán realizarse actividades de turismo ao aire libre, organizadas por empresas habilitadas para iso, e a actividade de guía turístico, para grupos de ata un máximo de oito persoas máis o monitor, sexan ou non conviventes, e deberán establecerse as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade, excepto no caso de persoas conviventes.

2. Nos centros de interpretación e visitantes, nas aulas da natureza, casetas e puntos de información da Rede galega de espazos protexidos e espazos similares, non se poderá exceder o cincuenta por cento da súa capacidade e deberá respectarse o máximo de seis persoas nas actividades de grupos, sexan ou non conviventes. Ademais, deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade, excepto no caso de persoas conviventes.



3.25. Centros de lecer infantil.

1. Os centros de lecer infantil poderán desenvolver a súa actividade nas condicións que a seguir se establecen.

2. Enténdese por centros de lecer infantil os establecementos abertos ao público que se destinen a ofrecer xogos e atraccións recreativas deseñados especificamente para público de idade igual ou inferior a 12 anos, espazos de xogo e entretemento, así como á celebración de festas infantís.

Para tal efecto, cumprirán o protocolo aprobado pola Orde do 30 de xuño de 2020 pola que se restablece a actividade dos centros de lecer infantil e se aproba o Protocolo en materia de lecer infantil para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, coas especialidades que a seguir se establecen:

a) Nos concellos indicados nas letras A e B do anexo II non se poderán desenvolver actividades no interior dos centros de lecer. Aqueles establecementos que dispoñan de terraza ou xardín exterior poderán utilizala para actividades dirixidas e obradoiros, cunha capacidade máxima do 30 %, e en grupos dun máximo de seis nenos/nenas por grupo.

Os nenos/nenas dun grupo non poderán interactuar cos que integren outros grupos.

b) Nos concellos indicados na letra C do anexo II, os centros de lecer infantil poderán desenvolver a súa actividade cunha capacidade máxima do 30 %, e en grupos dun máximo de seis nenos/nenas por grupo no exterior, e de catro no interior.

Os nenos/nenas dun grupo non poderán interactuar cos que integren outros grupos.

Só se poderán realizar actividades dirixidas e obradoiros, e só se permitirá o uso de inchables no exterior.

c) Nos concellos indicados na letra D do anexo II, os centros de lecer infantil poderán desenvolver a súa actividade cunha capacidade máxima do 50 %, e unha ratio de 1 monitor por cada dez participantes.

Os grupos serán de seis nenos/nenas nas actividades no exterior e de catro no interior.

Os nenos/nenas dun grupo non poderán interactuar cos que integren outros grupos.



3.26. Actividades de tempo libre dirixidas á poboación infantil e xuvenil.

Poderanse realizar actividades de tempo libre destinadas á poboación infantil e xuvenil cando estas se leven a cabo ao aire libre, sempre que se limite o número de participantes ao cincuenta por cento da súa capacidade máxima, cun máximo de cincuenta participantes, excluídos os monitores. Cando estas actividades se realicen en espazos pechados, non se deberá superar o cincuenta por cento da capacidade máxima do recinto, cun máximo de vinte e cinco participantes, excluídos os monitores.

As actividades deberán realizarse no interior en grupos de ata catro persoas participantes e no exterior en grupos de seis participantes, sexan ou non conviventes e excluídos os monitores correspondentes, que deberán traballar sen contacto entre os demais grupos.

3.27. Uso das praias.

1. O concello respectivo deberá establecer limitacións tanto de acceso como de capacidade das praias co fin de asegurar que se poida respectar a distancia interpersoal de seguridade entre usuarios. Para os efectos de calcular a capacidade máxima permitida por cada praia, considerarase que a superficie de praia que vai ocupar cada usuario será de, polo menos, catro metros cadrados.

2. A situación dos obxectos persoais, toallas, hamacas e elementos similares nas zonas de estadia das piscinas e praias levarase a cabo de forma que se poida manter a distancia de seguridade interpersoal con respecto a outros usuarios. Deberá, ademais, respectarse o límite máximo de seis persoas por grupo, excepto no caso de persoas conviventes, en que non se aplicará esta limitación.

3. Exceptúase o uso da máscara durante o baño e mentres se permaneza nun espazo determinado, sen desprazarse, e sempre que se poida garantir o respecto da distancia de seguridade interpersoal entre todas as persoas usuarias non conviventes. En calquera caso, será obrigatorio o uso de máscara para os accesos, desprazamentos e paseos nas praias.

3.28. Acuorios, establecementos e actividades zoolóxicas, botánicas ou xeolóxicas.

1. Os acuorios, establecementos e actividades zoolóxicas, botánicas ou xeolóxicas, soamente poderán realizar a súa actividade cun límite máximo do 30 % de ocupación nos



concellos enumerados na letra B do anexo II da presente orde, e dun 50 % nos concellos enumerados nas letras C e D do citado anexo II.

Nos concellos enumerados na letra A do anexo I permanecerán pechados.

2. Nas actividades grupais respectaranse as limitacións de permanencia de grupos de persoas en espazos públicos ou privados que estean vixentes no respectivo ámbito territorial e deberán establecerse as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersonal durante o desenvolvemento da actividade ou, na súa falta, medidas alternativas de protección física. En todo caso, o uso de máscara será obrigatorio.

3. Ademais do cumprimento xeral das medidas de hixiene e prevención establecidas, no caso de que se preste algún tipo de servizo de hostalaría e restauración, a dita prestación deste axustarase ao previsto no punto 3.22.

3.29. Atraccións de feira.

1. Nos concellos enumerados nas letras A e B do anexo II da presente orde manterase o peche das atraccións de feira.

No caso dos concellos enumerados nas letras C e D do anexo II da presente orde, poderán iniciar a súa actividade cumprindo coas seguintes medidas:

a) Nos recintos en que se desenvolvan atraccións de feira respectarase unha capacidade máxima dunha persoa por cada tres metros cadrados de superficie útil do recinto, ata un máximo de 500 persoas para os espazos cunha superficie útil menor ou igual a 8.000 metros cadrados. No caso de que a superficie do recinto sexa superior aos 8.000 metros cadrados, o límite máximo será de 1.000 persoas, sempre que se manteña a capacidade dunha persoa por cada tres metros cadrados de superficie. Para o cálculo da superficie útil do recinto, non se terá en conta a superficie ocupada por todas as estruturas instaladas.

b) Deberase acoutar o espazo destinado ao recinto en que se desenvolvan as atraccións de tal maneira que se facilite o establecemento de puntos diferenciados para a entrada e saída do recinto, que deberán estar identificados con claridade.

c) Estableceranse controis da capacidade nas entradas e saídas do recinto e adoptaranse as medidas necesarias para evitar aglomeracións nestes puntos. Nese sentido, poderanse empregar métodos como subministrar pulseiras ou entradas para facilitar o control da capacidade.



d) Deberán establecerse as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersoal no interior e no exterior do recinto e para evitar aglomeracións, e poderán establecerse medidas para acoutar ou sectorizar zonas, tendo en conta, en calquera caso, a normativa de seguridade que sexa de aplicación.

e) Tanto os asistentes como o persoal das atraccións deberán portar máscara de maneira obrigatoria e lembraráselles aos asistentes, por medio de carteis visibles e mensaxes de megafonía, a dita obrigatoriedade, así como as normas de hixiene e prevención que deben observar. A organización non deberá permitir a presenza no recinto daquelas persoas que incumpran esta obriga.

f) No caso das atraccións que dispoñan de asentos, poderá ocuparse ata un máximo que permita manter a distancia de seguridade interpersoal entre os ocupantes e reducirase ao cincuenta por cento o número de asentos de cada fila que se poidan ocupar, en caso de que esta distancia non se poida asegurar. Esta limitación non será de aplicación no caso de persoas conviventes.

No caso de atraccións que non teñan asentos incorporados, a súa capacidade máxima será do trinta por cento da capacidade máxima da atracción.

g) Disporanse dispensadores de xeles hidroalcohólicos ou desinfectantes con actividade viricida debidamente autorizados e rexistrados nos puntos de entrada e saída do recinto e de cada unha das atraccións. No caso de que só exista unha única atracción será suficiente na entrada e saída da citada atracción.

2. Será de aplicación supletoria o previsto para as atraccións de feira na Orde do 30 de xuño de 2020 pola que se aproba o Protocolo en materia de lecer nocturno, festas, verbenas e outros eventos populares e atraccións de feira para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19.

4. Medidas especiais para determinadas actividades.

4.1. Adóptase a medida de peche temporal, durante o período a que se estende a eficacia da medida conforme o punto decimo primeiro da orde, das seguintes actividades, conforme as definicións contidas no anexo do Decreto 124/2019, do 5 de setembro, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos



abertos ao público da Comunidade Autónoma de Galicia e se establecen determinadas disposicións xerais de aplicación na materia:

I. Espectáculos públicos:

I.3. Espectáculos taurinos.

I.4. Espectáculos circenses.

I.6. Espectáculos feirais e de exhibición.

I.7. Espectáculos pirotécnicos.

II. Actividades recreativas:

II.3. Actividades de lecer e entretemento.

II.4. Atraccións recreativas.

III. Establecementos abertos ao público:

III.1. Establecementos de espectáculos públicos.

III.1.4. Circos.

III.1.5. Prazas de touros.

III.2. Establecementos de actividades recreativas.

III.2.1. Establecementos de xogo.

III.2.1.1. Casinos.

III.2.1.2. Salas de bingo.

III.2.1.3. Salóns de xogo.

III.2.1.4. Tendas de apostas.

Nos concellos enumerados na letra C do anexo II, os establecementos de xogos colectivos de diñeiro e de azar, salóns de xogo, salas de bingo, salóns recreativos, rifas e tómbolas, locais específicos de apostas e outros locais e instalacións asimilables aos de actividade recreativa de xogos e apostas, conforme estableza a normativa sectorial en materia de xogo, poderán realizar a súa actividade sempre que non se supere o trinta por cento da súa capacidade permitida e ata as 23.00 horas.

Nos concellos enumerados na letra D do anexo II, os establecementos de xogos colectivos de diñeiro e de azar, salóns de xogo, salas de bingo, salóns recreativos, rifas e tómbolas, locais específicos de apostas e outros locais e instalacións asimilables aos de actividade recreativa de xogos e apostas, conforme estableza a normativa sectorial en materia de xogo, poderán realizar a súa actividade sempre que non se supere o cincuenta por cento da súa capacidade permitida e ata as 23.00 horas.

En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia de seguridade interpersonal entre as mesas ou, de ser o caso, agrupacións de mesas. A ocupación máxima será de catro persoas por mesa ou agrupación de mesas.



Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersonal nas súas instalacións, especialmente na disposición e uso das máquinas ou de calquera outro dispositivo de xogo nos locais e establecementos en que se desenvolvan actividades ou, na súa falta, para a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso de máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersonal indicada, nos termos previstos na normativa vixente.

Ademais do cumprimento xeral das medidas de hixiene e prevención, no caso de que se preste algún tipo de servizo de hostalaría e restauración, o réxime e horario de prestación deste servizo axustarase ao disposto para os establecementos de hostalaría neste anexo.

III.2.3. Establecementos para atraccións e xogos recreativos.

III.2.3.1. Parques de atraccións e temáticos.

III.2.3.2. Parques acuáticos.

III.2.3.3. Salóns recreativos.

III.2.3.4. Parques multiocio.

III.2.7. Establecementos de lecer e entretemento.

III.2.7.1. Salas de festas.

III.2.7.2. Discotecas.

III.2.7.3. Pubs.

III.2.7.4. Cafés espectáculo.

III.2.7.5. Furanchos. A estes establecementos resultaranlles de aplicación as regras previstas no punto 3.22 do presente anexo.

4.2. Manterán o seu funcionamento con actividade lectiva presencial os seguintes centros educativos de réxime especial:

1º) Escolas oficiais de idiomas.

2º) Escolas de arte e superior de deseño.

3º) Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais.

4º) Escola Superior de Arte Dramática.

5º) Conservatorios de música.

6º) Conservatorios de danza.



7º) Escolas de música.

8º) Escolas de danza.

9º) Centros autorizados de deportes, centros autorizados de fútbol, centros autorizados de fútbol sala.

10º) Centros autorizados de artes plásticas e deseño.

11º) Centros autorizados de música e centros autorizados de danza, salvo que estean integrados en centros docentes que permanezan abertos e que limiten a súa actividade ao alumnado dos ditos centros docentes.

12º) Escolas de música privadas e escolas de danza privadas

4.3. A actividade ao público dos centros de interpretación e visitantes, das aulas da natureza, casetas e puntos de información da Rede galega de espazos protexidos levarase a cabo nas condicións establecidas no apartado 3.24.

4.4. Nos centros sociocomunitarios, centros cívicos, centros de convivencia, centros sociais e demais de natureza análoga permanecerá suspendida a súa actividade ao público agás nos concellos enumerados nas letras C e D do anexo II da presente orde, que poderán realizar a súa actividade sempre que se limite a súa capacidade total ao 30 % e se extremen as medidas de protección nas actividades de tipo grupal que se realizan neles, cun máximo de catro persoas sexan ou non conviventes, excluído o monitor ou guía, para as actividades grupais. En todo caso, será obrigatorio o uso da máscara tanto en actividades individuais como grupais.

Permanecerán abertos, en todo caso, os centros de día de maiores e persoas con discapacidade e os ocupacionais, así como as casas do maior.

4.5. Aqueles centros de atención á infancia que se atopen regulados e inscritos de conformidade co previsto no Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia, poderán manter os seus servizos observando as normas de prevención hixiénico-sanitarias previstas nos seus protocolos e as previstas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición a unha nova normalidade, na súa redacción vixente.



4.6 Mantense, en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, o peche das actividades de festas, verbenas e outros eventos populares.

ANEXO II**A) Concellos con nivel de restrición máxima.**

Cambados
Cualedro
Laza
Padrón
Vilanova de Arousa

B) Concellos con nivel de restrición alta.

Coristanco
Gondomar
A Laracha
Marín
A Merca
Mesía
A Pastoriza
Ribeira
Salceda de Caselas

C) Concellos con nivel de restrición media.

Allariz
Ames
Betanzos
Cambre
Cangas
Carballeda de Valdeorras
Carballo
Cerdedo-Cotobade
Chantada
Fornelos de Montes
Lalín



Meira
Melide
Muíños
Noia
Nigrán
O Porriño
Ordes
Silleda
Soutomaior
Toén
Tomiño
Tui
Verea
Verín
Vigo
Vilagarcía de Arousa
Xinzo de Limia

D) Concellos con nivel de restrición media-baixa.

Abadín
Abegondo
Agolada
Alfoz
Amoeiro
Antas de Ulla
Aranga
Arbo
Ares
Arnoia (A)
Arteixo
Arzúa
Avión
Baiona
Baleira
Baltar
Bande



Baña (A)
Baños de Molgas
Baralla
Barbadás
Barco de Valdeorras (O)
Barreiros
Barro
Beade
Beariz
Becerreá
Begonte
Bergondo
Blancos (Os)
Boborás
Boiro
Bola (A)
Bolo (O)
Boqueixón
Bóveda
Boimorto
Brión
Bueu
Burela
Cabana de Bergantiños
Cabanas
Caldas de Reis
Calvos de Randín
Camarifñas
Campo Lameiro
Cañiza (A)
Capela (A)
Carballeda de Avia
Carballedo
Carballiño (O)
Cariño
Carnota
Carral



Cartelle
Castrelo de Miño
Castrelo do Val
Castro Caldelas
Castro de Rei
Castroverde
Catoira
Cedeira
Cee
Celanova
Cenlle
Cereda
Cerdido
Cervantes
Cervo
Chandrexa de Queixa
Coirós
Coles
Corcubión
Corgo (O)
Cortegada
Coruña (A)
Cospeito
Covelo
Crecente
Culleredo
Cuntis
Curtis
Dodro
Dozón
Dumbría
Entrimo
Esgos
Estrada (A)
Fene
Ferrol
Fisterra



Folgoso do Courel
Fonsagrada (A)
Forcarei
Foz
Frades
Friol
Gomesende
Grove (O)
Guarda (A)
Gudiña (A)
Guitiriz
Guntín
Illa de Arousa (A)
Incio (O)
Irixo (O)
Irixoa
Lama (A)
Láncara
Larouco
Laxe
Leiro
Lobeira
Lobios
Lourenzá
Lousame
Lugo
Maceda
Malpica de Bergantiños
Manzaneda
Mañón
Maside
Mazaricos
Meaño
Meis
Melón
Mezquita (A)
Miño



Moaña
Moeche
Mondariz-Balneario
Mondariz
Mondoñedo
Monfero
Monforte de Lemos
Montederramo
Monterrei
Monterroso
Moraña
Mos
Mugardos
Muras
Muros
Muxía
Narón
Navia de Suarna
Neda
Negreira
Negueira de Muñiz
Neves (As)
Nogais (As)
Nogueira de Ramuín
Oia
Oímbra
Oleiros
Oroso
Ortigueira
Ourense
Ourol
Outeiro de Rei
Outes
Oza-Cesuras
Paderne de Allariz
Paderne
Padrenda



Palas de Rei
Pantón
Parada de Sil
Paradela
Páramo (O)
Pazos de Borbén
Pedrafita do Cebreiro
Pereiro de Aguiar (O)
Peroxa (A)
Petín
Pino (O)
Piñor
Pobra de Trives (A)
Pobra do Brollón (A)
Pobra do Caramiñal (A)
Poio
Pol
Ponteareas
Ponte Caldelas
Pontecesures
Ponteceso
Pontedeume
Pontedeva
Pontenova (A)
Pontes de García Rodríguez (As)
Pontevedra
Porqueira
Portas
Porto do Son
Portomarín
Punxín
Quintela de Leirado
Quiroga
Rábade
Rairiz de Veiga
Ramirás
Redondela



Rianxo
Ribadavia
Ribadeo
Ribadumia
Ribas de Sil
Ribeira de Piquín
Riós
Riotorto
Rodeiro
Rois
Rosal (O)
Rúa (A)
Rubiá
Sada
Salvaterra de Miño
Samos
San Amaro
San Cibrao das Viñas
San Cristovo de Cea
San Sadurniño
Sanxenxo
San Xoán de Río
Sandiás
Santa Comba
Santiago de Compostela
Santiso
Sarreaus
Sarria
Saviñao (O)
Sober
Sobrado
Somozas (As)
Taboada
Taboadela
Teixeira (A)
Teo
Toques



Tordoia
Touro
Trabada
Trasmiras
Trazo
Triacastela
Val do Dubra
Valadouro (O)
Valdoviño
Valga
Vedra
Veiga (A)
Viana do Bolo
Vicedo (O)
Vilaboa
Vila de Cruces
Vilalba
Vilamarín
Vilamartín de Valdeorras
Vilar de Barrio
Vilar de Santos
Vilardevós
Vilariño de Conso
Vilarmaior
Vilasantar
Vimianzo
Viveiro
Xermade
Xove
Xunqueira de Ambía
Xunqueira de Espadanedo
Zas



I. DISPOSICIÓNS XERAIS**PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA**

DECRETO 76/2021, do 5 de maio, polo que se modifica o Decreto 45/2021, do 17 de marzo, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

I

A expansión do coronavirus COVID-19 xerou unha crise sanitaria sen precedentes recentes. Así, tras a elevación pola Organización Mundial da Saúde da situación de emerxencia de saúde pública pola dita causa a nivel de pandemia internacional e a adopción, por algunhas comunidades autónomas como a galega, de medidas de prevención, mediante o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, declarouse o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, declaración que afectou todo o territorio nacional, cunha duración inicial de quince días naturais, pero que foi obxecto de sucesivas prórrogas autorizadas polo Congreso dos Deputados.

O levantamento dese estado de alarma, con todo, non puxo fin á crise sanitaria, o que xustificou a adopción de medidas como as previstas, no ámbito estatal, no Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, así como as medidas de prevención que foron adoptando as diferentes comunidades autónomas. En concreto, no caso da Comunidade Autónoma de Galicia, a resposta á crise sanitaria foi, fundamentalmente, ademais do mantemento da declaración de situación de emerxencia sanitaria efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, a adopción, ao abeiro da lexislación sanitaria, ordinaria e orgánica, de medidas de prevención tanto de carácter xeral, para todo o territorio autonómico, como, de maneira específica, a través de diferentes ordes da persoa titular da Consellería de Sanidade, en atención á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

Mediante o Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, declarouse o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. Esa declaración afectou todo o territorio nacional e a súa duración inicial estendíase, conforme o disposto no seu artigo 4, ata as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020.



Conforme o artigo 2 do dito real decreto, para os efectos do estado de alarma, a autoridade competente será o Goberno da Nación. En cada comunidade autónoma e cidade con estatuto de autonomía, a autoridade competente delegada será quen desempeñe a presidencia da comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía, nos termos establecidos no real decreto. As autoridades competentes delegadas quedan habilitadas para ditaren, por delegación do Goberno da Nación, as ordes, resolucións e disposicións para a aplicación do previsto nos artigos 5 ao 11 do real decreto, sen que para iso sexa preciso tramitar ningún procedemento administrativo, nin será de aplicación o previsto no segundo parágrafo do artigo 8.6 e no artigo 10.8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

En concreto, o artigo 6 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, prevé que a autoridade competente delegada que corresponda poderá limitar a entrada e saída de persoas no territorio de cada comunidade autónoma ou en ámbitos territoriais de carácter xeograficamente inferiores á comunidade autónoma, coas excepcións previstas no artigo 6.1.

Pola súa banda, o artigo 7 do mesmo texto normativo dispón que a permanencia de grupos de persoas en espazos de uso público, tanto pechados como ao aire libre, quedará condicionada a que non se supere o número máximo de seis persoas, salvo que se trate de conviventes, e sen prexuízo das excepcións que se establezan en relación con dependencias, instalacións e establecementos abertos ao público. A permanencia de grupos de persoas en espazos de uso privado quedará condicionada a que non se supere o número máximo de seis persoas, salvo que se trate de conviventes. No caso das agrupacións en que se inclúan tanto persoas conviventes como persoas non conviventes, o número máximo será de seis persoas. Conforme o artigo 9, a eficacia desta medida nunha comunidade autónoma producirase cando a autoridade competente delegada o determine. Ademais, o artigo 7 recolle a posibilidade de que a autoridade competente delegada correspondente determine, no seu ámbito territorial, en vista da evolución dos indicadores sanitarios, epidemiolóxicos, sociais, económicos e de mobilidade, logo de comunicación ao Ministerio de Sanidade e de acordo co previsto no artigo 13, que o número máximo sexa inferior a seis persoas, salvo que se trate de conviventes. Así mesmo, as autoridades competentes delegadas poderán, no seu ámbito territorial, establecer excepcións respecto das persoas menores ou dependentes, así como calquera outra flexibilización da limitación.

De acordo co artigo 8 do real decreto, a autoridade competente delegada poderá limitar a permanencia de persoas en lugares de culto mediante a fixación da limitación de capacidade para reunións, celebracións e encontros relixiosos, atendendo ao risco de transmi-



sión que poida resultar dos encontros colectivos, sen que tal limitación poida afectar, en ningún caso, o exercicio privado e individual da liberdade relixiosa.

E, conforme o artigo 10 da norma, a autoridade competente delegada en cada comunidade autónoma poderá, no seu ámbito territorial, en vista da evolución dos indicadores sanitarios, epidemiolóxicos, sociais, económicos e de mobilidade, logo de comunicación ao Ministerio de Sanidade, e de acordo co previsto no artigo 13, modular, flexibilizar e suspender a aplicación das medidas previstas nos artigos 6, 7 e 8, co alcance e ámbito territorial que determine.

O 29 de outubro de 2020, o Congreso dos Deputados autorizou a prórroga do estado de alarma ata o 9 de maio de 2021. Conforme o artigo 2 do Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, a prórroga establecida no dito real decreto estenderase desde as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020 ata as 00.00 horas do día 9 de maio de 2021, e someterase ás condicións establecidas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, e nos decretos que, se é o caso, se adopten en uso da habilitación conferida pola disposición derradeira primeira do citado Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, sen prexuízo do establecido nas disposicións que recolle o propio real decreto de prórroga.

En consecuencia, durante a vixencia do estado de alarma e da súa prórroga, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, deberán adoptarse, na condición de autoridade competente delegada, nos termos previstos no dito real decreto e no real decreto de prórroga.

Non obstante, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, non esgotan todas as que se poden adoptar para facer fronte á crise sanitaria. Neste sentido, como prevé expresamente o seu artigo 12, cada Administración conservará as competencias que lle outorga a lexislación vixente, así como a xestión dos seus servizos e do seu persoal, para adoptar as medidas que considere necesarias, sen prexuízo do establecido no real decreto.

Polo tanto, como destaca a propia exposición de motivos do real decreto, durante a vixencia do estado de alarma as administracións sanitarias competentes en saúde pública, no non previsto nesa norma, deberán continuar adoptando as medidas necesarias para afrontar a situación de emerxencia de saúde pública ocasionada pola COVID-19, conforme a lexislación sanitaria, en particular, a Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas



especiais en materia de saúde pública, a Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, e a Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, así como a normativa autonómica correspondente.

II

Neste contexto normativo derivado do estado de alarma vixente, e ante a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia, ditouse o Decreto 45/2021, do 17 de marzo, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

Coa finalidade de manter as medidas contidas neste decreto adaptadas á evolución da situación epidemiolóxica, o Decreto 45/2021, do 17 de marzo, foi obxecto de sucesivas modificacións polos seguintes decretos: Decreto 49/2021, do 24 de marzo; Decreto 51/2021, do 26 de marzo; Decreto 54/2021, do 7 de abril; Decreto 58/2021, do 9 de abril; Decreto 59/2021, do 14 de abril; Decreto 60/2021, do 16 de abril; Decreto 64/2021, do 23 de abril; Decreto 68/2021, do 28 de abril, e Decreto 73/2021, do 30 de abril, polos que se modifica o Decreto 45/2021, do 17 de marzo, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

III

A evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia fai necesario que o presidente da Xunta de Galicia adopte novas medidas na condición de autoridade competente delegada, sen prexuízo das que, de modo complementario e compatible con elas, adopte a persoa titular da Consellería de Sanidade en exercicio das súas competencias como autoridade sanitaria autonómica.

O Comité Clínico, na súa reunión do 4 de maio de 2021, revisou a situación epidemiolóxica e sanitaria da Comunidade Autónoma.



Así, do Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 5 de maio de 2021, destácanse os seguintes datos:

No que se refire á situación epidemiolóxica de Galicia, o informe indica que se constatou que o número reprodutivo instantáneo (Rt), que indica o número de contaxios orixinados por un caso activo, baixou do 1 e unicamente as áreas sanitarias de Santiago de Compostela, Pontevedra e Lugo están preto dese nivel. Este dato, de manterse nese nivel, sería un indicativo da diminución da transmisión.

Tamén se constatou que, do total de concellos de Galicia, 139 concellos non notificaron casos nos últimos 14 días e que o número de concellos sen casos nos últimos 7 días foi de 169, o que supón o aumento na cifra de concellos que non notificaron casos nos últimos 14 días (esta cifra era de 138 a semana pasada) e unha diminución do número dos que non os notificaron nos últimos 7 días (esta cifra era de 179 a semana pasada).

Entre o 23 e o 29 de abril realizáronse 69.810 probas diagnósticas de infección activa polo virus SARS-CoV-2 (56.050 PCR e 13.760 tests de antíxenos), cunha porcentaxe de positividade do 2,42 %, que é lixeiramente inferior que a detectada entre o 16 e o 22 de abril (2,46 %).

Ademais, as cifras de incidencia acumulada a 7 e 14 días foron de 44 e 94 casos por cen mil habitantes, respectivamente, que son valores inferiores aos de hai unha semana (50 e 97 casos por cen mil habitantes, respectivamente) Prodúcese, polo tanto, un descenso do -13,6 % nas taxas de incidencia acumulada a 7 días e do -3,2 % nas taxas de incidencia acumulada a 14 días.

No que atinxe á situación das áreas sanitarias, as taxas a 14 días sitúanse entre os 38,33 casos por 100.000 habitantes de Ferrol e os 134,05 casos de Pontevedra.

As taxas de incidencia a 14 días seguen a diminuír con respecto ás de hai 7 días. As taxas a 14 días son iguais ou superan os 100 casos por 100.000 habitantes nas áreas da Coruña, Pontevedra e Vigo. Só aumentaron as taxas a 14 días nas áreas de Santiago de Compostela, Ourense e Pontevedra. As taxas a 7 días aumentaron nas áreas de Santiago de Compostela, Lugo e Pontevedra.

A media de pacientes COVID-19 en hospitalización de agudos nos últimos 7 días foi de 157,6. Este dato pon de manifesto un descenso do -2,7 % respecto dos datos no período anterior. A taxa total de pacientes COVID-19 en hospitalización de agudos foi de



5,8 ingresados por 100.000 habitantes, o que supón tamén un descenso do -2,7 % no mesmo período. En canto á taxa de ingresos COVID-19 nas unidades de críticos (UCI) nos últimos 7 días, a media foi de 44,1 e a taxa a 7 días foi de 1,6 por cada 100.000 habitantes, o que supón un descenso do -10,4 %.

Sobre a situación epidemiolóxica nos concellos de Galicia, daqueles con poboación igual ou maior de 10.000 habitantes (54), só os concellos de Cambados, Marín e Vilanova de Arousa presentan unha taxa de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes. No que se refire aos concellos de menos de 10.000 habitantes (259), só 11 concellos presentan unha taxa de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes. Porén, acádanse taxas de incidencia iguais ou maiores de 500 casos por cen mil habitantes nos concellos de Cualedro e Laza.

No que se refire aos datos por comarcas, mantense no nivel alto de incidencia a comarca do Sar. Están no nivel medio de incidencia as comarcas do Salnés, O Morrazo, Deza e Verín, mentres que descenden ao nivel medio-baixo as comarcas de Vigo, O Condado, Viana, Valdeorras, Baixa Limia, Quiroga, Meira, A Mariña Oriental, Chantada, Terra de Melide, Muros, Bergantiños e A Barbanza.

O informe conclúe que as taxas de incidencia baixaron respecto das constatadas a semana precedente, e obsérvase que o número reprodutivo instantáneo no global de Galicia se sitúa por debaixo de 1. A taxa de incidencia a 14 días, no global de Galicia, segue por debaixo dos 100 casos por cen mil habitantes e só as áreas sanitarias da Coruña, Pontevedra e Vigo presentan unha incidencia igual ou superior aos 100 casos por cen mil habitantes.

Ademais, no que atinxe aos concellos de máis de 10.000 habitantes, só tres concellos presentan taxas de incidencia iguais ou superiores a 250. Nos concellos de menos de 10.000 habitantes só hai 11 concellos que superan unha taxa de incidencia de 250 casos por cada cen mil habitantes e unicamente 2 deles presentan unha taxa a 14 días superior aos 500.

O feito de que a cepa que está a circular, fundamentalmente, sexa a cepa británica pode influír nun aumento da transmisión, ao que se suma a aparición de novas variantes como a P1 do Brasil, a de Suráfrica e agora tamén os contados casos da variante da India.

Pola súa banda, a ocupación por pacientes COVID-19 na hospitalización de agudos e en unidades de coidados críticos segue a diminuír.



O criterio utilizado para aplicar os niveis de restrición aos concellos, ademais do da situación sanitaria, é o da taxa de incidencia segundo os casos por cada cen mil habitantes. Así mesmo, co obxecto de reaccionar con rapidez e eficacia fronte aos gromos, utilízase tamén como criterio o da taxa de incidencia a 7 días. Concretamente, sitúanse no nivel máximo os concellos cunha taxa de incidencia acumulada a 14 días de 500 casos por cada cen mil habitantes e/ou a 7 días de 250 casos por cada cen mil habitantes. A análise da situación de cada concello complétase coa consideración de criterios demográficos, pois debe terse en conta que en concellos de escasa poboación poucos casos poden dar lugar a taxas moi elevadas, que deben ser postas no debido contexto e co estudo por parte dos servizos de saúde pública e do comité ou do subcomité clínico das características específicas de cada gromo. Téñense en conta, ademais, outros criterios tales como a existencia de gromos non controlados ou de casos sen vínculo epidemiolóxico, así como o feito de que non se observe unha melloría clara na evolución da situación epidemiolóxica, unido a unha tendencia nas súas taxas que non vai claramente en descenso.

Non se debe esquecer que nos encontramos nun contexto de desescalada, que debe ser gradual, progresiva e segura, guiada polo principio de prudencia, para evitar así comprometer os logros acadados. Galicia conta cunha poboación especialmente envellecida e no noso territorio o virus circulou menos que noutros territorios do Estado, polo que existe un menor nivel de inmunidade natural, á espera de que o proceso de vacinación en marcha acade os resultados esperados. Aínda que a presión hospitalaria segue descendendo, hai que manter a precaución, xa que un incremento na incidencia pode comprometer esta evolución. Resulta imprescindible ser cautelosos e consolidar no tempo as medidas adoptadas recentemente, de tal xeito que sexa posible ir analizando e reaccionando fronte aos efectos que delas deriven; non obstante, a estabilización da situación permite seguir avanzando neste proceso de desescalada.

En vista dos datos contidos no informe, mantéñense no nivel máximo de restricións os concellos de Cualedro (pola súa taxa a 14 días), Laza (polas súas taxas tanto a 7 como a 14 días) e Vilanova de Arousa, debido a que a evolución da situación epidemiolóxica deste concello non é boa abondo para garantir a diminución da transmisión da infección; de feito, constatouse un novo aumento dos casos nos últimos días. Pola súa banda, sobe, ademais, ao nivel máximo de restricións o concello de Cambados, pertencente á Área Sanitaria de Pontevedra, polas súas taxas de incidencia a 7 días.

Por tal motivo, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, cómpre modificar o



anexo do Decreto 45/2021, do 17 de marzo, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

IV

Tendo en conta o indicado, a situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia determina que procede ditar un novo decreto en que se adapten as medidas existentes á indicada situación.

De acordo co exposto, por proposta do conselleiro de Sanidade, e na condición de autoridade competente delegada, por delegación do Goberno da Nación, conforme o disposto nos artigos 2, 5, 6, 7, 8, 9 e 10 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2,

DISPOÑO:

Primeiro. *Modificación do anexo do Decreto 45/2021, do 17 de marzo, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2*

Modifícase o anexo do Decreto 45/2021, do 17 de marzo, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, que queda redactado nos termos previstos no anexo deste decreto.

Segundo. *Eficacia, seguimento e avaliación*

A eficacia das medidas previstas neste decreto comezará ás 00.00 horas do día 7 de maio de 2021.

Non obstante o anterior, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas deberán ser obxecto de seguimento e de avaliación continua, co fin



de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria e para os efectos, de ser necesario, da súa modificación ou levantamento.

Terceiro. *Recursos*

Contra este decreto poderase interpor recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, conforme os artigos 12.1.a) e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, cinco de maio de dous mil vinte e un

Alberto Núñez Feijóo
Presidente da Xunta de Galicia

ANEXO

Concellos en que son aplicables limitacións específicas de entrada e saída de persoas, de permanencia de grupos de persoas en espazos públicos ou privados e de permanencia en lugares de culto

Cambados.

Cualedro.

Laza.

Vilanova de Arousa.



I. DISPOSICIÓNS XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 5 de maio de 2021 pola que se modifica o anexo II da Orde do 17 de marzo de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

I

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.

O obxecto do dito acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade.

Así mesmo, indícase no dito punto sexto, na redacción vixente, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de acordo coa normativa aplicable e en vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou en parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación das medidas concretas contidas no anexo.



Mediante o Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, declarouse o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. Esta declaración afectou todo o territorio nacional e a súa duración inicial estendeuse, conforme o disposto no seu artigo 4, ata as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020.

Conforme o artigo 2 dese real decreto, para os efectos do estado de alarma, a autoridade competente será o Goberno da Nación. En cada comunidade autónoma e cidade con estatuto de autonomía, a autoridade competente delegada será quen exerza a presidencia da comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía, nos termos establecidos no real decreto. As autoridades competentes delegadas quedan habilitadas para ditaren, por delegación do Goberno da Nación, as ordes, resolucións e disposicións para a aplicación do previsto nos artigos 5 a 11 do real decreto, sen que para iso sexa precisa a tramitación de ningún procedemento administrativo, nin será de aplicación o previsto no segundo parágrafo do artigo 8.6 e no artigo 10.8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O 29 de outubro de 2020, o Congreso dos Deputados autorizou a prórroga do estado de alarma ata o día 9 de maio de 2021. Conforme o artigo 2 do Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, a prórroga establecida no dito real decreto estenderase desde as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020 ata as 00.00 horas do día 9 de maio de 2021, e someterase ás condicións establecidas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, e nos decretos que, se é o caso, se adopten en uso da habilitación conferida pola disposición derradeira primeira do citado Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, sen prexuízo do establecido nas disposicións que recolle o propio real decreto de prórroga.

En consecuencia, durante a vixencia do estado de alarma e da súa prórroga, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, deberán adoptarse, na condición de autoridade competente delegada, nos termos previstos no dito real decreto e no real decreto de prórroga.

Non obstante, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, non esgotan todas as que poden ser adoptadas para facer fronte á crise sanitaria. Neste sentido, como prevé expresamente o seu artigo 12, cada Administración conservará as competencias que lle outorga a lexislación vixente, así como a xestión dos seus servizos e do seu persoal, para adoptar as medidas que considere necesarias, sen prexuízo do establecido no real decreto.



Polo tanto, durante a vixencia do estado de alarma e das súas prórrogas, as medidas que sexa necesario adoptar para facer fronte, na Comunidade Autónoma, á crise sanitaria serán as que poida acordar, ao abeiro da normativa do estado de alarma, o presidente da Comunidade Autónoma, como autoridade competente delegada, e as complementarias que poidan adoptar, no exercicio das súas competencias propias, as autoridades sanitarias autonómicas e, entre elas, a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, ao abeiro do disposto no punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020 citado.

II

Sentado o anterior, no contexto normativo derivado do estado de alarma vixente e ante a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia, ditouse o Decreto 31/2021, do 25 de febreiro, polo que se adoptaron medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

Esas medidas debían ser complementadas, como indica o propio decreto, con outras que procede que adopte a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade no exercicio das súas competencias propias como autoridade sanitaria autonómica.

Estas medidas complementarias establecéronse mediante a Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia. Esta orde prevía que as medidas serían obxecto de revisión constante co obxecto de avaliar a situación e adecualas á incidencia real da epidemia.

Posteriormente, revisáronse as medidas acordadas, co obxecto de adecualas á situación epidemiolóxica, e ditouse a Orde do 4 de marzo de 2021, que incluíu pequenas modificacións das medidas adoptadas e do anexo II da Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia; a Orde do 5 de marzo de 2021, por medio da cal se modificou o anexo II da Orde do 25 de febreiro de 2021; a Orde do 10 de marzo de 2021, coa cal se modificaron diversos puntos do anexo I e do anexo II da Orde do 25 de febreiro de 2021, e a Orde do 12 de marzo de 2021, que modificou unicamente o anexo II.



Paralelamente, estas modificacións tiveron reflexo tamén no Decreto 39/2021, do 5 de marzo, no Decreto 40/2001, do 10 de marzo, e no Decreto 41/2021, do 12 de marzo, polos que se modificou o Decreto 31/2021, do 25 de febreiro, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

En cumprimento do compromiso acadado en relación coa revisión das medidas acordadas, co obxecto de adecualas á situación epidemiolóxica, ditáronse o Decreto 45/2021, do 17 de marzo, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2 (modificado polo Decreto 49/2021, do 24 de marzo; polo Decreto 51/2021, do 26 de marzo; polo Decreto 54/2021, do 7 de abril; polo Decreto 58/2021, do 9 de abril; polo Decreto 59/2021, do 14 de abril, e polo Decreto 60/2021, do 16 de abril), e a Orde do 17 de marzo de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, modificada polas ordes do 24 de marzo de 2021, do 26 de marzo de 2021, do 31 de marzo de 2021, do 7 de abril de 2021, do 9 de abril de 2021, do 14 de abril de 2021, do 16 de abril de 2021, do 21 de abril de 2021, do 23 de abril de 2021 e do 28 de abril de 2021.

Posteriormente, realizouse unha nova revisión da situación epidemiolóxica dos concellos de Galicia, que tivo o oportuno reflexo na Orde do 30 de abril de 2021 pola que se modifica a Orde do 17 de marzo de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

III

De conformidade co compromiso acadado, procede realizar unha nova revisión da situación epidemiolóxica dos distintos concellos.

Así, no Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 5 de maio de 2021, establécese o seguinte:

No que se refire á situación epidemiolóxica de Galicia, constatouse que o número reprodutivo instantáneo (Rt), que indica o número de contaxios orixinados por un caso



activo, baixou do 1. Este dato, de manterse nese nivel, sería un indicativo da diminución da transmisión.

Neste sentido, cómpre salientar que unicamente as áreas sanitarias de Santiago de Compostela, Pontevedra e Lugo se encontran preto dese nivel.

Tamén se constou que, do total de concellos de Galicia, 139 concellos non notificaron casos nos últimos 14 días e que o número de concellos sen casos nos últimos 7 días foi de 169, o que supón o aumento na cifra de concellos que non notificaron casos nos últimos 14 días (esta cifra era de 138 a semana pasada) e unha diminución do número dos que non os notificaron nos últimos 7 días (esta cifra era de 179 a semana pasada).

Cómpre indicar tamén que entre o 23 e o 29 de abril se realizaron 69.810 probas diagnósticas de infección activa polo virus SARS-CoV-2 (56.050 PCR e 13.760 tests de antíxenos), cunha porcentaxe de positividade do 2,42 %, que é lixeiramente inferior á detectada entre o 16 e o 22 de abril (2,46 %).

Ademais, as cifras de incidencia acumulada a 7 e 14 días foron de 44 e 94 casos por cen mil habitantes, respectivamente, que son valores inferiores aos de hai unha semana (50 e 97 casos por cen mil habitantes, respectivamente). Prodúcese, polo tanto, un descenso do -13,6 % nas taxas de incidencia acumulada a 7 días e do -3,2 % nas taxas de incidencia acumulada a 14 días.

No que atinxe á situación das áreas sanitarias, as taxas a 14 días sitúanse entre os 38,33 casos por 100.000 habitantes de Ferrol e os 134,05 casos de Pontevedra.

Así mesmo, as taxas de incidencia a 14 días seguen a diminuír con respecto ás de hai 7 días. As taxas a 14 días son iguais ou superan os 100 casos por 100.000 habitantes nas áreas da Coruña, Pontevedra e Vigo e só aumentaron as taxas a 14 días nas áreas de Santiago de Compostela, Ourense e Pontevedra. As taxas a 7 días aumentaron nas das áreas de Santiago de Compostela, Lugo e Pontevedra.

A media de pacientes COVID-19 en hospitalización de agudos nos últimos 7 días foi de 157,6. Este dato pon de manifesto un descenso do - 2,7 % respecto dos datos no período anterior.

A taxa total de pacientes COVID-19 en hospitalización de agudos foi de 5,8 ingresados por 100.000 habitantes, o que supón tamén un descenso do -2,7 % no mesmo período.



En canto á taxa de ingresos COVID-19 nas unidades de críticos (UCI) nos últimos 7 días, a media foi de 44,1 e a taxa a 7 días foi de 1,6 por cada 100.000 habitantes, o que supón un descenso do -10,4 %.

Sobre a situación epidemiolóxica nos concellos de Galicia, daqueles con poboación igual ou maior de 10.000 habitantes (54), só os concellos de Cambados, Marín e Vilanova de Arousa presentan unha taxa de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes.

No que se refire aos concellos de menos de 10.000 habitantes (259), só 11 concellos presentan unha taxa de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes.

Porén, acádanse taxas de incidencia iguais ou maiores de 500 casos por cen mil habitantes nos concellos de Cualedro e Laza.

No que se refire aos datos por comarcas, mantense no nivel alto de incidencia a comarca do Sar.

Están no nivel medio de incidencia, as comarcas do Salnés, O Morrazo, Deza e Verín, mentres que descenden ao nivel medio-baixo as comarcas de Vigo, O Condado, Viana, Valdeorras, Baixa Limia, Quiroga, Meira, A Mariña Oriental, Chantada, Terra de Melide, Muros, Bergantiños e A Barbanza.

O informe conclúe que as taxas de incidencia baixaron lentamente respecto das constatadas a semana precedente, e obsérvase que o número reprodutivo instantáneo no global de Galicia se sitúa por debaixo de 1. A taxa de incidencia a 14 días, no global de Galicia, segue por debaixo dos 100 casos por cen mil habitantes e só as áreas sanitarias da Coruña, Pontevedra e Vigo presentan unha incidencia igual ou superior aos 100 casos por cen mil habitantes.

Ademais, no que atinxe aos concellos de máis de 10.000 habitantes, só tres concellos presentan taxas de incidencia iguais ou superiores a 250 casos por cada cen mil habitantes.

Nos concellos de menos de 10.000 habitantes só hai 11 concellos que superan unha taxa de incidencia de 250 casos por cada cen mil habitantes e unicamente 2 deles presentan unha taxa a 14 días superior aos 500 casos por cada cen mil habitantes.



O informe segue a destacar que o feito de que a cepa que está a circular, fundamentalmente, sexa a cepa británica pode influír nun aumento da transmisión, ao cal se suma a aparición de novas variantes como a P1 do Brasil, a de Suráfrica e agora tamén os contados casos da variante da India.

Finalmente, a ocupación por pacientes COVID-19 na hospitalización de agudos e en unidades de coidados críticos segue a diminuír.

Non se debe esquecer que nos encontramos nun contexto de desescalada que debe ser gradual, progresiva e segura, guiada polo principio de prudencia, para evitar así comprometer os logros acadados. Galicia conta cunha poboación especialmente envellecida e no noso territorio o virus circulou menos que noutros territorios do Estado, polo que existe un menor nivel de inmunidade natural, á espera de que o proceso de vacinación en marcha acade os resultados esperados. Resulta imprescindible ser cautelosos e consolidar no tempo as medidas adoptadas recentemente, de tal xeito que sexa posible ir analizando e reaccionando fronte aos efectos que delas deriven.

O criterio utilizado para aplicar os niveis de restrición aos concellos, ademais do da situación sanitaria, é o da taxa de incidencia segundo os casos por cada cen mil habitantes a 14 días, situando o nivel medio baixo por debaixo de 150; o medio, entre 150 e por debaixo de 250; o alto, entre 250 e por debaixo de 500, e o máximo, na cifra de 500. Así mesmo, co obxecto de reaccionar con rapidez e eficacia fronte aos gromos, utilízase tamén como criterio o da taxa de incidencia a 7 días. A análise da situación de cada concello prevese coa consideración de criterios demográficos, pois debe terse en conta que en concellos de escasa poboación poucos casos poden dar lugar a taxas moi elevadas, que deben ser postas no debido contexto, e co estudo polos servizos de saúde pública e polo comité e subcomité clínico das características específicas de cada gromo. Téñense en conta, ademais, outros criterios tales como a existencia de gromos non controlados ou de casos sen vínculo epidemiolóxico, así como o feito de que non se observe unha melloría clara na evolución da situación epidemiolóxica, unido a unha tendencia nas súas taxas que non vai claramente en descenso.

Por conseguinte, en vista do indicado no citado informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, e tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, coa situación epidemiolóxica e sanitaria da Comunidade Autónoma de Galicia, fórmulanse as seguintes propostas:

Manter no nivel máximo de restricións os concellos de Cualedro (pola súa taxa a 14 días), Laza (pola súa taxa tanto a 7 como a 14 días) e Vilanova de Arousa debido a que a evolu-



ción da súa situación epidemiolóxica non garante a diminución da transmisión da infección e que mesmo se constatou un aumento de casos nos últimos días.

Subir ao nivel máximo de restricións o concello de Cambados (Área Sanitaria de Pontevedra) polas súas taxas de incidencia a 7 días.

Manter no nivel alto de restricións os concellos de Coristanco, Mesía, A Merca, Marín, Gondomar e Salceda de Caselas, polas súas taxas a 7 e/ou 14 días e porque aínda non levan neste nivel o tempo necesario para garantir unha evolución positiva da situación epidemiolóxica.

Tamén se propón manter no nivel alto de restricións os concellos de Padrón e A Pastoriza xa que, malia que as súas taxas indican que deberían pasar ao nivel máximo, cómpre ter en conta que os casos detectados forman parte de gromos ben controlados e cunha orixe coñecida.

Igualmente, propónse manter no nivel alto de restricións o concello de Ribeira, logo de terse constatado un empeoramento da súa situación epidemiolóxica na última semana, con novos casos nos últimos 7 días, que constitúen practicamente o 50 % dos casos a 14 días. Ademais, a evolución da situación epidemiolóxica é tórpida, o que fai necesario manter o concello no nivel alto de restricións para posibilitar un cambio de tendencia.

Tamén se propón subir ao nivel alto de restricións o concello da Laracha polas súas taxas a 7 días, en que se constata un empeoramento da súa situación e a aparición de casos novos.

Propónse manter no nivel medio de restricións os concellos de Betanzos, Cambre e Carballo (Área Sanitaria da Coruña); Melide, Ordes, Lalín e Silleda (Área Sanitaria de Santiago de Compostela); Chantada e Meira (Área Sanitaria de Lugo); Allariz, Verín e Xinzo de Limia (Área Sanitaria de Ourense); Vilagarcía de Arousa (Área Sanitaria de Pontevedra); Cangas, Nigrán, O Porriño, Tui e Vigo (Área Sanitaria de Vigo). O informe considera que estes concellos se deben manter no nivel medio polas súas taxas de incidencia a 7 e/ou 14 días e para garantir unha boa evolución da súa situación epidemiolóxica.

Por outra banda, propónse manter neste nivel medio de restricións os concellos de Carballeda de Valdeorras, Muíños e Vereá (Área Sanitaria de Ourense), debido a que son



concellos con pouca poboación nos cales os casos presentan un descenso acusado, especialmente nos últimos 7 días.

Tamén se situarían neste nivel medio de restricións os concellos de Cerdedo-Cotobade e de Fornelos de Montes, xa que os casos constados forman parte de gromos controlados en concellos de pouca densidade de poboación, polo que resulta conveniente observar a súa evolución antes de adoptar outras medidas.

Situaríanse no nivel medio de restricións os concellos de Noia (Área Sanitaria de Santiago de Compostela), Toén (Área Sanitaria de Ourense) e Soutomaior (Área Sanitaria de Pontevedra) polas súas taxas de incidencia a 7 e/ou 14 días.

O resto dos concellos de Galicia permanece no nivel medio baixo de restricións, con base nos criterios reflectidos anteriormente ou á espera de comprobar a evolución da súa situación epidemiolóxica.

Debe insistirse, en particular, en que as medidas resultan adecuadas e eficaces de acordo cos datos expostos sobre a evolución da situación epidemiolóxica e, polo tanto, útiles para acadar o fin proposto de protección da saúde pública, na espera de que a campaña de vacinación acade os resultados que se perseguen. Debe ponderarse que aínda non estamos en niveis de transmisión que se poidan entender de risco baixo.

Así mesmo, debe manterse a protección do sistema sanitario. As medidas de limitación de determinadas actividades resultan necesarias, adecuadas e proporcionadas para o fin perseguido, que non é outro que controlar e evitar a maior difusión dunha enfermidade altamente contagiosa respecto da cal a diferenza entre persoas enfermas e sas resulta difusa, dada a posible asintomatoloxía ou levidade dos síntomas e a existencia dun período no cal non hai indicios externos da enfermidade.

En concreto, trátase de evitar especialmente aglomeracións ou encontros entre persoas, co fin de garantir o mantemento da distancia de seguridade e reducir o risco de contacto físico ou proximidade en condicións favorecedoras do contaxio. Debe lembrarse, neste sentido, que o Auto 40/2020, do 30 de abril, do Tribunal Constitucional, no seu fundamento xurídico cuarto, ao ponderar a relevancia das especiais circunstancias derivadas da crise sanitaria creada pola pandemia no exercicio do dereito de reunión, salientou como, ante a incerteza sobre as formas de contaxio, sobre o impacto real da propagación do virus, así como sobre as consecuencias a medio e longo prazo para a saúde das persoas que se viron afectadas, as medidas de distanciamento social e de limitación extrema dos contactos



e actividades grupais son as únicas que se demostraron eficaces para limitar os efectos dunha pandemia de dimensións descoñecidas ata a data. Deste modo, as medidas de limitación de determinadas actividades van dirixidas a limitar os contactos e a interacción social e, polo tanto, a transmisión da enfermidade en situacións nas cales cabe apreciar un maior risco polas circunstancias en que se realizan, especialmente en lugares pechados.

Tendo en conta o exposto, e tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, e visto o informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, procede reiterar as medidas xa aprobadas coas modificacións previstas nesta orde.

IV

As medidas que se adoptan nesta orde teñen o seu fundamento normativo na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 a 38.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para adoptar as medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica existente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, coa urxencia que a protección da saúde pública demanda.

Na súa virtude, en aplicación do punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. *Modifícase o anexo II da Orde do 17 de marzo de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado segundo o anexo desta orde*

Segundo. *Eficacia*

As medidas previstas nesta orde terán efectos desde as 00.00 horas do día 7 de maio de 2021. Non obstante o anterior, en cumprimento dos principios de necesidade e de pro-



porcionalidade, serán obxecto de seguimento e avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser modificadas ou levantadas mediante orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Santiago de Compostela, 5 de maio de 2021

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade

ANEXO II

A) Concellos con nivel de restrición máxima.

Cambados
Cualedro
Laza
Vilanova de Arousa

B) Concellos con nivel de restrición alta.

Coristanco
Gondomar
Laracha (A)
Marín
Merca (A)
Mesía
Padrón
Pastoriza (A)
Ribeira
Salceda de Caselas

C) Concellos con nivel de restrición media.

Allariz
Betanzos
Cambre
Cangas
Carballada de Valdeorras



Carballo
Cerdedo-Cotobade
Chantada
Fornelos de Montes
Lalín
Meira
Melide
Muíños
Nigrán
Noia
Ordes
Porriño (O)
Silleda
Soutomaior
Toén
Tui
Verea
Verín
Vigo
Vilagarcía de Arousa
Xinzo de Limia

D) Concellos con nivel de restrición media baixa.

Abadín
Abegondo
Agolada
Alfoz
Ames
Amoeiro
Antas de Ulla
Aranga
Arbo
Ares
Arnoia (A)
Arteixo
Arzúa
Avión



Baiona
Baleira
Baltar
Bande
Baña (A)
Baños de Molgas
Baralla
Barbadás
Barco de Valdeorras (O)
Barreiros
Barro
Beadé
Beariz
Becerreá
Begonte
Bergondo
Blancos (Os)
Boborás
Boiro
Bola (A)
Bolo (O)
Boqueixón
Bóveda
Boimorto
Brión
Bueu
Burela
Cabana de Bergantiños
Cabanas
Caldas de Reis
Calvos de Randín
Camariñas
Campo Lameiro
Cañiza (A)
Capela (A)
Carballeda de Avia
Carballedo



Carballiño (O)
Cariño
Carnota
Carral
Cartelle
Castrelo de Miño
Castrelo do Val
Castro Caldelas
Castro de Rei
Castroverde
Catoira
Cedeira
Cee
Celanova
Cenlle
Cerceda
Cerdido
Cervantes
Cervo
Chandrexa de Queixa
Coirós
Coles
Corcubión
Corgo (O)
Cortegada
Coruña (A)
Cospeito
Covelo
Crecente
Culleredo
Cuntis
Curtis
Dodro
Dozón
Dumbría
Entrimo
Esgos



Estrada (A)
Fene
Ferrol
Fisterra
Folgoso do Courel
Fonsagrada (A)
Forcarei
Foz
Frades
Friol
Gomesende
Grove (O)
Guarda (A)
Gudiña (A)
Guitiriz
Guntín
Illa de Arousa (A)
Incio (O)
Irixo (O)
Irixoa
Lama (A)
Láncara
Larouco
Laxe
Leiro
Lobeira
Lobios
Lourenzá
Lousame
Lugo
Maceda
Malpica de Bergantiños
Manzaneda
Mañón
Maside
Mazaricos
Meaño



Meis
Melón
Mezquita (A)
Miño
Moaña
Moeche
Mondariz-Balneario
Mondariz
Mondoñedo
Monfero
Monforte de Lemos
Montederramo
Monterrei
Monterroso
Moraña
Mos
Mugardos
Muras
Muros
Muxía
Narón
Navia de Suarna
Neda
Negreira
Negreira de Muñiz
Neves (As)
Nogais (As)
Nogueira de Ramuín
Oia
Oímbra
Oleiros
Oroso
Ortigueira
Ourense
Ourol
Outeiro de Rei
Outes



Oza-Cesuras
Paderne de Allariz
Paderne
Padrenda
Palas de Rei
Pantón
Parada de Sil
Paradela
Páramo (O)
Pazos de Borbén
Pedrafita do Cebreiro
Pereiro de Aguiar (O)
Peroxa (A)
Petín
Pino (O)
Piñor
Pobra de Trives (A)
Pobra do Brollón (A)
Pobra do Caramiñal (A)
Poio
Pol
Ponteareas
Ponte Caldelas
Pontecesures
Ponteceso
Pontedeume
Pontedeva
Pontenova (A)
Pontes de García Rodríguez (As)
Pontevedra
Porqueira
Portas
Porto do Son
Portomarín
Punxín
Quintela de Leirado
Quiroga



Rábade
Rairiz de Veiga
Ramirás
Redondela
Rianxo
Ribadavia
Ribadeo
Ribadumia
Ribas de Sil
Ribeira de Piquín
Riós
Riotorto
Rodeiro
Rois
Rosal (O)
Rúa (A)
Rubíá
Sada
Salvaterra de Miño
Samos
San Amaro
San Cibrao das Viñas
San Cristovo de Cea
San Sadurniño
Sanxenxo
San Xoán de Río
Sandiás
Santa Comba
Santiago de Compostela
Santiso
Sarreaus
Sarria
Saviñao (O)
Sober
Sobrado
Somozas (As)
Taboada



Taboadela
Teixeira (A)
Teo
Tomiño
Toques
Tordoia
Touro
Trabada
Trasmiras
Trazo
Triacastela
Val do Dubra
Valadouro (O)
Valdoviño
Valga
Vedra
Veiga (A)
Viana do Bolo
Vicedo (O)
Vilaboa
Vila de Cruces
Vilalba
Vilamarín
Vilamartín de Valdeorras
Vilar de Barrio
Vilar de Santos
Vilardevós
Vilariño de Conso
Vilarmaior
Vilasantar
Vimianzo
Viveiro
Xermade
Xove
Xunqueira de Ambía
Xunqueira de Espadanedo
Zas



I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 30 de abril de 2021 pola que se modifica a Orde do 17 de marzo de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

I

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.

O obxecto do dito acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade.

Así mesmo, indícase no dito punto sexto, na redacción vixente, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de acordo coa normativa aplicable e en vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou en parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación das medidas concretas contidas no anexo.



Mediante o Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, declarouse o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. Esta declaración afectou todo o territorio nacional e a súa duración inicial estendeuse, conforme o disposto no seu artigo 4, ata as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020.

Conforme o artigo 2 dese real decreto, para os efectos do estado de alarma, a autoridade competente será o Goberno da Nación. En cada comunidade autónoma e cidade con estatuto de autonomía, a autoridade competente delegada será quen exerza a presidencia da comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía, nos termos establecidos no real decreto. As autoridades competentes delegadas quedan habilitadas para ditaren, por delegación do Goberno da Nación, as ordes, resolucións e disposicións para a aplicación do previsto nos artigos 5 a 11 do real decreto, sen que para iso sexa precisa a tramitación de ningún procedemento administrativo, nin será de aplicación o previsto no segundo parágrafo do artigo 8.6 e no artigo 10.8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O 29 de outubro de 2020, o Congreso dos Deputados autorizou a prórroga do estado de alarma ata o día 9 de maio de 2021. Conforme o artigo 2 do Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, a prórroga establecida no dito real decreto estenderase desde as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020 ata as 00.00 horas do día 9 de maio de 2021, e someterase ás condicións establecidas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, e nos decretos que, se é o caso, se adopten en uso da habilitación conferida pola disposición derradeira primeira do citado Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, sen prexuízo do establecido nas disposicións que recolle o propio real decreto de prórroga.

En consecuencia, durante a vixencia do estado de alarma e da súa prórroga, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, deberán adoptarse, na condición de autoridade competente delegada, nos termos previstos no dito real decreto e no real decreto de prórroga.

Non obstante, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, non esgotan todas as que poden ser adoptadas para facer fronte á crise sanitaria. Neste sentido, como prevé expresamente o seu artigo 12, cada Administración conservará as competencias que lle outorga a lexislación vixente, así como a xestión dos seus servizos e do seu persoal, para adoptar as medidas que considere necesarias, sen prexuízo do establecido no real decreto.



Polo tanto, durante a vixencia do estado de alarma e das súas prórrogas, as medidas que sexa necesario adoptar para facer fronte, na Comunidade Autónoma, á crise sanitaria serán as que poida acordar, ao abeiro da normativa do estado de alarma, o presidente da Comunidade Autónoma, como autoridade competente delegada, e as complementarias que poidan adoptar, no exercicio das súas competencias propias, as autoridades sanitarias autonómicas e, entre elas, a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, ao abeiro do disposto no punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020 citado.

II

Sentado o anterior, no contexto normativo derivado do estado de alarma vixente e ante a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia, ditouse o Decreto 31/2021, do 25 de febreiro, polo que se adoptaron medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

Esas medidas debían ser complementadas, como indica o propio decreto, con outras que procede que adopte a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade no exercicio das súas competencias propias como autoridade sanitaria autonómica.

Estas medidas complementarias establecéronse mediante a Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia. Esta orde prevía que as medidas serían obxecto de revisión constante co obxecto de avaliar a situación e adecualas á incidencia real da epidemia.

Posteriormente, revisáronse as medidas acordadas, co obxecto de adecualas á situación epidemiolóxica, e ditouse a Orde do 4 de marzo de 2021, que incluíu pequenas modificacións das medidas adoptadas e do anexo II da Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia; a Orde do 5 de marzo de 2021, por medio da cal se modificou o anexo II da Orde do 25 de febreiro de 2021; a Orde do 10 de marzo de 2021, coa cal se modificaron diversos puntos do anexo I e do anexo II da Orde do 25 de febreiro de 2021, e a Orde do 12 de marzo de 2021, que modificou unicamente o anexo II.



Paralelamente, estas modificacións tiveron reflexo tamén no Decreto 39/2021, do 5 de marzo, no Decreto 40/2001, do 10 de marzo, e no Decreto 41/2021, do 12 de marzo, polos que se modificou o Decreto 31/2021, do 25 de febreiro, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

En cumprimento do compromiso acadado en relación coa revisión das medidas acordadas, co obxecto de adecualas á situación epidemiolóxica, ditáronse o Decreto 45/2021, do 17 de marzo, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2 (modificado polo Decreto 49/2021, do 24 de marzo, polo Decreto 51/2021, do 26 de marzo, polo Decreto 54/2021, do 7 de abril, polo Decreto 58/2021, do 9 de abril, polo Decreto 59/2021, do 14 de abril, e polo Decreto 60/2021, do 16 de abril), e a Orde do 17 de marzo de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, modificada polas ordes do 24 de marzo de 2021, do 26 de marzo de 2021, do 31 de marzo de 2021, do 7 de abril de 2021, do 9 de abril de 2021, do 14 de abril de 2021, do 16 de abril de 2021, do 21 de abril de 2021 e do 23 de abril de 2021.

Posteriormente, realizouse unha nova revisión da situación epidemiolóxica dos concellos de Galicia, que tivo o oportuno reflexo na Orde do 28 de abril de 2021 pola que se modifica a Orde do 17 de marzo de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

III

De conformidade co compromiso acadado, procede realizar unha nova revisión da situación epidemiolóxica dos distintos concellos.

Así, no Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública do 30 de abril de 2021 establécese o seguinte:

No que se refire á situación epidemiolóxica de Galicia, o informe indica que o número reprodutivo instantáneo (Rt), que reflicte o número de contaxios orixinados por un caso



activo, sitúase practicamente no 1, o que constata unha diminución da transmisión. Unicamente as áreas de Santiago e Lugo superan o número reprodutivo indicado.

Do total de concellos de Galicia, 140 non notificaron casos novos nos últimos 14 días. O número de concellos sen casos nos últimos 7 días foi de 169. Isto supón un aumento de 4 concellos na declaración de casos a 14 días e unha diminución de 9 concellos a 7 días. Porén, a semana precedente os casos declarados situáronse nos 136 e 178, a 14 e 7 días, respectivamente.

Entre o 18 e o 24 de abril realizáronse 67.269 probas diagnósticas de infección activa polo virus SARS-CoV-2 (53.248 PCR e 14.021 tests de antíxenos), cunha porcentaxe de positividade do 2,43%, que é practicamente a mesma que a constatada entre o 11 e o 17 de abril (2,42 %).

Respecto da incidencia acumulada a 7 e 14 días, os valores situáronse en 49 e 98 casos por cada cen mil habitantes, respectivamente, sendo lixeiramente superiores a 14 días (3 % de aumento), respecto dos declarados na semana anterior.

Desde o 28 de decembro de 2020, a tendencia diaria mostra tres tramos: un deles crecente a un ritmo do 7,1 % ata o 22 de xaneiro, despois un tramo decrecente cunha porcentaxe de cambio diario de -6% e finalmente outro tramo cun aumento que semella máis unha estabilización (porcentaxe de cambio diario de 0,9).

No que atinxe á situación nas áreas sanitarias, as taxas a 14 días sitúanse entre os 42,05 casos por 100.000 habitantes de Ferrol e os 140,99 de Vigo.

As taxas de incidencia a 14 días presentan un lixeiro aumento respecto dos mesmos valores a 7 días, agás nas áreas sanitarias de Santiago, Ferrol e Ourense, en que diminuíron, mentres que as áreas da Coruña, Pontevedra e Vigo presentan taxas a 14 días superiores aos 100 casos por 100.000 habitantes.

No que respecta á hospitalización dos casos COVID-19, a media de pacientes con COVID-19 en hospitalización de agudos nos últimos 7 días foi de 155,1, o que indica un descenso de -0,5 % respecto dos valores de hai sete días. Así, a taxa de pacientes con COVID-19 en hospitalización de agudos é de 5,7 ingresados por 100.000 habitantes, cun descenso (-0,5 %) respecto dos datos de hai 7 días.



En canto aos ingresos COVID-19 nas unidades de críticos (UCI) nos últimos 7 días, a media foi de 40,9 e a taxa a 7 días é de 1,5 ingresados por 100.000 habitantes, o que supón un descenso dun 27,1 % respecto de hai sete días, tanto nos valores medios como na taxa total.

Sobre a situación epidemiolóxica, a nivel de concellos, daqueles con poboación igual ou superior a 10.000 habitantes (54), só Marín e Vilanova de Arousa presentan unha taxa de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes.

No caso dos concellos de menos de 10.000 habitantes (259), 10 presentan unha taxa de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes, o que supón 3 concellos menos que a semana precedente.

Por outra banda, acádanse taxas de incidencia iguais ou maiores a 500 casos por cen mil habitantes en 3 concellos deste tramo poboacional.

No que atinxe ás comarcas, atópanse no nivel medio as de Vigo, O Salnés, O Morrazo, Verín, Muros, Meira e A Baixa Limia, ás que se sumaron as de Sar, Terra de Melide e Bergantiños, mentres que a comarca da Barbanza baixou ao nivel medio baixo hai 4 días.

O informe conclúe que a tendencia a 14 días da taxa de incidencia está a ascender moi lentamente, ao tempo que o número reprodutivo instantáneo (Rt) no global de Galicia se mantén practicamente no 1. Ademais, conséntase que a taxa de incidencia a 14 días no global de Galicia segue preto pero por debaixo dos 100 casos por cen mil habitantes, e unicamente as áreas sanitarias da Coruña, Pontevedra e Vigo presentan unha incidencia superior aos 100 casos por cen mil habitantes.

Ademais, o informe destaca que o feito de que a cepa que está a circular sexa, fundamentalmente, a cepa británica pode influír nun aumento da transmisión, ao que se suma a aparición de novas variantes como a P1 de Brasil e a de Suráfrica, que se amosan como máis transmisibles.

Así mesmo, a ocupación por pacientes con COVID-19 na hospitalización de agudos e unidades de coidados críticos segue a diminuír

Non se debe esquecer que nos encontramos nun contexto de desescalada que debe ser gradual, progresiva e segura, guiada polo principio de prudencia, para evitar así comprometer os logros acadados. Galicia conta cunha poboación especialmente envellecida e



no noso territorio o virus circulou menos que noutros territorios do Estado, polo que existe un menor nivel de inmunidade natural, á espera de que o proceso de vacinación en marcha acade os resultados esperados. Resulta imprescindible ser cautelosos e consolidar no tempo as medidas adoptadas recentemente, de tal xeito que sexa posible ir analizando e reaccionando fronte aos efectos que delas deriven.

O criterio utilizado para aplicar os niveis de restrición aos concellos, ademais do da situación sanitaria, é o da taxa de incidencia segundo os casos por cada cen mil habitantes a 14 días, situando o nivel medio baixo por debaixo de 150; o medio, entre 150 e por debaixo de 250; o alto, entre 250 e por debaixo de 500, e o máximo, na cifra de 500. Así mesmo, co obxecto de reaccionar con rapidez e eficacia fronte aos gromos, utilízase tamén como criterio o da taxa de incidencia a 7 días. A análise da situación de cada concello prevese coa consideración de criterios demográficos, pois debe terse en conta que en concellos de escasa poboación poucos casos poden dar lugar a taxas moi elevadas, que deben ser postas no debido contexto, e co estudo polos servizos de saúde pública e polo comité e subcomité clínico das características específicas de cada gromo. Téñense en conta, ademais, outros criterios tales como a existencia de gromos non controlados ou de casos sen vínculo epidemiolóxico, así como o feito de que non se observe unha melloría clara na evolución da situación epidemiolóxica, unido a unha tendencia nas súas taxas que non vai claramente en descenso.

Por conseguinte, en vista do indicado no citado informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, e tras escoitar as recomendacións do subcomité clínico reunido para estes efectos, coa situación epidemiolóxica e sanitaria da Comunidade Autónoma de Galicia, fórmulanse as seguintes propostas:

Propónse manter no nivel máximo de restricións o concello de Cualedro (Área Sanitaria de Ourense) debido ás súas taxas de incidencia a 7 e 14 días.

Aínda que as súas taxas de incidencia serían propias do nivel alto, propónse manter no nivel máximo de restrición o concello de Vilanova de Arousa (Área Sanitaria de Pontevedra), debido a que non leva o tempo suficiente neste nivel como para asegurar que a evolución da súa situación epidemiolóxica é a axeitada para garantir a diminución da transmisión da infección neste concello. Ademais, o concello atópase nunha comarca, a do Salnés, cunha situación epidemiolóxica desfavorable desde hai 3 semanas.

Igualmente, tamén se propón ascender ao nivel máximo o concello de Laza, da Área Sanitaria de Ourense, pola súa taxa a 7 días. Ademais, está a acontecer un abrocho asociado ao ámbito da hostalaría e que afecta persoas de idades novas.



Manteríanse no nivel alto, polas súas taxas a 7 e/ou 14 días, os concellos de Coristanco (Área Sanitaria da Coruña), A Merca e Petín (Área Sanitaria de Ourense), Marín (Área Sanitaria de Pontevedra) e Salceda de Caselas (Área Sanitaria de Vigo).

Tamén se propón manter neste nivel alto os concellos do Grove e Meaño, da Área Sanitaria de Pontevedra, por mor da súa situación xeográfica (comarca do Salnés) e por non levar o tempo suficiente neste nivel como para asegurar que a evolución da súa situación epidemiolóxica se estabilice.

Neste nivel alto tamén se mantería o concello de Pontearreas, dado que non leva o tempo suficiente neste nivel como para asegurar unha boa evolución da súa situación epidemiolóxica.

Igualmente, propónse manter no nivel alto o concello de Ribeira (Área Sanitaria de Santiago), debido a que nos últimos 7 días se notificaron 17 casos e aínda non se considera estabilizada a súa situación epidemiolóxica. Ademais, na comarca da Barbanza o descenso de casos está a ser moi lento e conflúen as cepas británica e surafricana, que son altamente transmisibles.

Tamén se mantería no nivel alto o concello de Mesía, en vez de aumentalo ao nivel máximo de acordo coas súas taxas, xa que os casos declarados forman parte do gromo que xa era coñecido.

Por outra banda, aumentarían a este nivel alto, tal como indican as súas taxas a 7 e/ou 14 días e por unha evolución da incidencia desfavorable desde hai unha semana, os concellos da Pastoriza, da Área Sanitaria de Lugo; Padrón, da Área Sanitaria de Santiago; Cambados, da Área Sanitaria de Pontevedra e Gondomar, da Área Sanitaria de Vigo.

No que atinxe ao nivel medio, propónse manter neste nivel medio os concellos da Laxa, Betanzos e Carballo (Área Sanitaria da Coruña); Ares (Área Sanitaria de Ferrol); Rianxo (Área Sanitaria de Santiago); Chantada (Área Sanitaria de Lugo); Cartelle, Lobios, Verín e Xinzo da Limia (Área Sanitaria de Ourense); Poio (Área Sanitaria de Ourense); Cangas, Nigrán, O Porriño, Tui e Vigo (Área Sanitaria de Vigo). Esta proposta fundaméntase nas taxas de incidencia a 7 e/ou 14 días, ou ben por non levar tempo suficiente neste nivel e para garantir a boa evolución da súa situación epidemiolóxica.

Tamén se propón manter neste nivel medio os concellos do Barco de Valdeorras, da Área Sanitaria de Ourense, e o concello de Vilagarcía de Arousa, da Área Sanitaria de



Pontevedra, debido a que é necesario asegurar unha boa evolución da súa situación epidemiolóxica e dado que as comarcas onde están situados atravesan unha situación epidemiolóxica desfavorable, sendo ambos os concellos, ademais, cabeceira de comarca.

Ademais, propónse baixar ao nivel medio (desde o nivel alto actual) os concellos de Muíños e Vereá, da Área Sanitaria de Ourense, debido a que a evolución dos casos detectados nestes concellos é boa e por tratarse de gromos xa controlados en concellos con baixa poboación.

Tamén se propón baixar a este nivel medio os concellos de Meira, da Área Sanitaria de Lugo, actualmente en nivel alto, e o concello de Carballeda de Valdeorras, actualmente no nivel máximo, posto que a evolución da súa incidencia é moi favorable, con taxas a 7 días propias do nivel medio-baixo, o que indica que a súa situación epidemiolóxica continuará a mellorar.

Por outra banda, baixarían ao nivel medio os concellos de Cambre (Área Sanitaria da Coruña), A Pobra do Caramiñal (Área Sanitaria de Santiago) e Ribadumia (Área Sanitaria de Pontevedra), xa que amosan unha evolución moi favorable nas súas taxas a 7 e/ou 14 días.

Propónse manter neste nivel medio o concello de Carnota, xa que o gromo declarado ten unha orixe coñecida, e porque xa leva neste nivel medio desde o 26 de abril e a súa incidencia está a mellorar.

Ademais, tamén se propón aumentar a este nivel medio o concello de Melide, porque o gromo detectado neste concello ten unha orixe coñecida, está controlado e se espera que o paso a este nivel medio sexa suficiente para o control da situación.

Finalmente, aumentarían a este nivel medio, tal como indican as súas taxas a 7 e/ou 14 días, os concellos de Lalín, Ordes e Silleda, da Área Sanitaria de Santiago, e o concello de Allariz, da Área Sanitaria de Ourense.

O resto dos concellos de Galicia permanece no nivel medio baixo de restricións, con base nos criterios reflectidos anteriormente ou á espera de comprobar a evolución da súa situación epidemiolóxica.

Debe insistirse, en particular, en que as medidas resultan adecuadas e eficaces de acordo cos datos expostos sobre a evolución da situación epidemiolóxica e, polo tanto, útiles



para acadar o fin proposto de protección da saúde pública, na espera de que a campaña de vacinación acade os resultados que se perseguen. Debe ponderarse que aínda non estamos en niveis de transmisión que se poidan entender de risco baixo.

Así mesmo, debe manterse a protección do sistema sanitario. As medidas de limitación de determinadas actividades resultan necesarias, adecuadas e proporcionadas para o fin perseguido, que non é outro que controlar e evitar a maior difusión dunha enfermidade altamente contagiosa respecto da cal a diferenza entre persoas enfermas e sas resulta difusa, dada a posible asintomatoloxía ou levidade dos síntomas e a existencia dun período no cal non hai indicios externos da enfermidade.

En concreto, trátase de evitar especialmente aglomeracións ou encontros entre persoas, co fin de garantir o mantemento da distancia de seguridade e reducir o risco de contacto físico ou proximidade en condicións favorecedoras do contaxio. Debe lembrarse, neste sentido, que o Auto 40/2020, do 30 de abril, do Tribunal Constitucional, no seu fundamento xurídico cuarto, ao ponderar a relevancia das especiais circunstancias derivadas da crise sanitaria creada pola pandemia no exercicio do dereito de reunión, salientou como, ante a incerteza sobre as formas de contaxio, sobre o impacto real da propagación do virus, así como sobre as consecuencias a medio e longo prazo para a saúde das persoas que se viron afectadas, as medidas de distanciamento social e de limitación extrema dos contactos e actividades grupais son as únicas que se demostraron eficaces para limitar os efectos dunha pandemia de dimensións descoñecidas ata a data. Deste modo, as medidas de limitación de determinadas actividades van dirixidas a limitar os contactos e a interacción social e, polo tanto, a transmisión da enfermidade en situacións nas cales cabe apreciar un maior risco polas circunstancias en que se realizan, especialmente en lugares pechados.

Tendo en conta o exposto, e tras escoitar as recomendacións do comité clínico reunido para estes efectos, e visto o informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, procede reiterar as medidas xa aprobadas coas modificacións previstas na presente orde.

IV

As medidas que se adoptan nesta orde teñen o seu fundamento normativo na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 a 38.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.



Conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para adoptar as medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica existente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, coa urxencia que a protección da saúde pública demanda.

Na súa virtude, en aplicación do punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. Modifícase o anexo II da Orde do 17 de marzo de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado segundo o anexo desta orde

Segundo. Eficacia

As medidas previstas nesta orde terán efectos desde as 00.00 horas do día 3 de maio de 2021. Non obstante o anterior, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, serán obxecto de seguimento e avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser modificadas ou levantadas mediante orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Santiago de Compostela, 30 de abril de 2021

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade

ANEXO II

A) Concellos con nivel de restrición máxima.

Cualedro

Laza

Vilanova de Arousa



B) Concellos con nivel de restricción alta.

Cambados
Coristanco
Gondomar
Grove (O)
Marín
Meaño
Merca (A)
Mesía
Padrón
Pastoriza (A)
Petín
Ponteareas
Ribeira
Salceda de Caselas

C) Concellos con nivel de restricción media.

Allariz
Ares
Barco de Valdeorras (O)
Betanzos
Cambre
Cangas
Carballeda de Valdeorras
Carballo
Carnota
Cartelle
Chantada
Lalín
Laracha (A)
Lobios
Meira
Melide
Muíños
Nigrán
Ordes



Pobra do Caramiñal (A)

Poio

Porriño (O)

Rianxo

Ribadumia

Silleda

Tui

Verea

Verín

Vigo

Vilagarcía de Arousa

Xinzo de Limia

D) Concellos con nivel de restricción media baixa.

Abadín

Abegondo

Agolada

Alfoz

Ames

Amoeiro

Antas de Ulla

Aranga

Arbo

Arnoia (A)

Arteixo

Arzúa

Avión

Baiona

Baleira

Baltar

Bande

Baña (A)

Baños de Molgas

Baralla

Barbadás

Barreiros

Barro



Beade
Beariz
Becerreá
Begonte
Bergondo
Blancos (Os)
Boborás
Boiro
Bola (A)
Bolo (O)
Boqueixón
Bóveda
Boimorto
Brión
Bueu
Burela
Cabana de Bergantiños
Cabanas
Caldas de Reis
Calvos de Randín
Camariñas
Campo Lameiro
Cañiza (A)
Capela (A)
Carballeda de Avia
Carballedo
Carballiño (O)
Cariño
Carral
Castrelo de Miño
Castrelo do Val
Castro Caldelas
Castro de Rei
Castroverde
Catoira
Cedeira
Cee



Celanova
Cenlle
Cereda
Cerdedo-Cotobade
Cerdido
Cervantes
Cervo
Chandrexa de Queixa
Coirós
Coles
Corcubión
Corgo (O)
Cortegada
Coruña (A)
Cospeito
Covelo
Crecente
Culleredo
Cuntis
Curtis
Dodro
Dozón
Dumbría
Entrimo
Esgos
Estrada (A)
Fene
Ferrol
Fisterra
Folgozo do Courel
Fonsagrada (A)
Forcarei
Fornelos de Montes
Foz
Frades
Friol
Gomesende



Guarda (A)
Gudiña (A)
Guitiriz
Guntín
Illa de Arousa (A)
Incio (O)
Irixo (O)
Irixoa
Lama (A)
Láncara
Larouco
Laxe
Leiro
Lobeira
Lourenzá
Lousame
Lugo
Maceda
Malpica de Bergantiños
Manzaneda
Mañón
Maside
Mazaricos
Meis
Melón
Mezquita (A)
Miño
Moaña
Moeche
Mondariz-Balneario
Mondariz
Mondoñedo
Monfero
Monforte de Lemos
Montederramo
Monterrei
Monterroso



Moraña
Mos
Mugardos
Muras
Muros
Muxía
Narón
Navia de Suarna
Neda
Negreira
Negueira de Muñiz
Neves (As)
Nogais (As)
Nogueira de Ramuín
Noia
Oia
Oímbra
Oleiros
Oroso
Ortigueira
Ourense
Ouro
Outeiro de Rei
Outes
Oza-Cesuras
Paderne de Allariz
Paderne
Padrenda
Palas de Rei
Pantón
Parada de Sil
Paradela
Páramo (O)
Pazos de Borbén
Pedrafita do Cebreiro
Pereiro de Aguiar (O)
Peroxa (A)



Pino (O)
Piñor
Pobra de Trives (A)
Pobra do Brollón (A)
Pol
Ponte Caldelas
Pontecesures
Ponteceso
Pontedeume
Pontedeva
Pontenova (A)
Pontes de García Rodríguez (As)
Pontevedra
Porqueira
Portas
Porto do Son
Portomarín
Punxín
Quintela de Leirado
Quiroga
Rábade
Rairiz de Veiga
Ramirás
Redondela
Ribadavia
Ribadeo
Ribas de Sil
Ribeira de Piquín
Riós
Riotorto
Rodeiro
Rois
Rosal (O)
Rúa (A)
Rubiá
Sada
Salvaterra de Miño



Samos
San Amaro
San Cibrao das Viñas
San Cristovo de Cea
San Sadurniño
Sanxenxo
San Xoán de Río
Sandiás
Santa Comba
Santiago de Compostela
Santiso
Sarreaus
Sarria
Saviñao (O)
Sober
Sobrado
Somozas (As)
Soutomaior
Taboada
Taboadela
Teixeira (A)
Teo
Toén
Tomiño
Toques
Tordoia
Touro
Trabada
Trasmiras
Trazo
Triacastela
Val do Dubra
Valadouro (O)
Valdoviño
Valga
Vedra
Veiga (A)



Viana do Bolo
Vicedo (O)
Vilaboa
Vila de Cruces
Vilalba
Vilamarín
Vilamartín de Valdeorras
Vilar de Barrio
Vilar de Santos
Vilardevós
Vilariño de Conso
Vilarmaior
Vilasantar
Vimianzo
Viveiro
Xermade
Xove
Xunqueira de Ambía
Xunqueira de Espadanedo
Zas



I. DISPOSICIÓN XERAIS**PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA**

DECRETO 73/2021, do 30 de abril, polo que se modifica o Decreto 45/2021, do 17 de marzo, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

I

A expansión do coronavirus COVID-19 xerou unha crise sanitaria sen precedentes recentes. Así, tras a elevación pola Organización Mundial da Saúde da situación de emerxencia de saúde pública pola dita causa a nivel de pandemia internacional e a adopción, por algunhas comunidades autónomas como a galega, de medidas de prevención, mediante o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, declarouse o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, declaración que afectou todo o territorio nacional, cunha duración inicial de quince días naturais, pero que foi obxecto de sucesivas prórrogas autorizadas polo Congreso dos Deputados.

O levantamento dese estado de alarma, con todo, non puxo fin á crise sanitaria, o que xustificou a adopción de medidas como as previstas, no ámbito estatal, no Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, así como as medidas de prevención que foron adoptando as diferentes comunidades autónomas. En concreto, no caso da Comunidade Autónoma de Galicia, a resposta á crise sanitaria foi, fundamentalmente, ademais do mantemento da declaración de situación de emerxencia sanitaria efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, a adopción, ao abeiro da lexislación sanitaria, ordinaria e orgánica, de medidas de prevención tanto de carácter xeral, para todo o territorio autonómico, como, de maneira específica, a través de diferentes ordes da persoa titular da Consellería de Sanidade, en atención á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

Mediante o Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, declarouse o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. Esa declaración afectou todo o territorio nacional e a súa duración inicial estendíase, conforme o disposto no seu artigo 4, ata as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020.



Conforme o artigo 2 do dito real decreto, para os efectos do estado de alarma, a autoridade competente será o Goberno da Nación. En cada comunidade autónoma e cidade con estatuto de autonomía, a autoridade competente delegada será quen desempeñe a presidencia da comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía, nos termos establecidos no real decreto. As autoridades competentes delegadas quedan habilitadas para ditaren, por delegación do Goberno da Nación, as ordes, resolucións e disposicións para a aplicación do previsto nos artigos 5 ao 11 do real decreto, sen que para iso sexa preciso tramitar ningún procedemento administrativo, nin será de aplicación o previsto no segundo parágrafo do artigo 8.6 e no artigo 10.8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

En concreto, o artigo 6 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, prevé que a autoridade competente delegada que corresponda poderá limitar a entrada e saída de persoas no territorio de cada comunidade autónoma ou en ámbitos territoriais de carácter xeograficamente inferiores á comunidade autónoma, coas excepcións previstas no artigo 6.1.

Pola súa banda, o artigo 7 do mesmo texto normativo dispón que a permanencia de grupos de persoas en espazos de uso público, tanto pechados como ao aire libre, quedará condicionada a que non se supere o número máximo de seis persoas, salvo que se trate de conviventes, e sen prexuízo das excepcións que se establezan en relación con dependencias, instalacións e establecementos abertos ao público. A permanencia de grupos de persoas en espazos de uso privado quedará condicionada a que non se supere o número máximo de seis persoas, salvo que se trate de conviventes. No caso das agrupacións en que se inclúan tanto persoas conviventes como persoas non conviventes, o número máximo será de seis persoas. Conforme o artigo 9, a eficacia desta medida nunha comunidade autónoma producirase cando a autoridade competente delegada o determine. Ademais, o artigo 7 recolle a posibilidade de que a autoridade competente delegada correspondente determine, no seu ámbito territorial, en vista da evolución dos indicadores sanitarios, epidemiolóxicos, sociais, económicos e de mobilidade, logo de comunicación ao Ministerio de Sanidade e de acordo co previsto no artigo 13, que o número máximo sexa inferior a seis persoas, salvo que se trate de conviventes. Así mesmo, as autoridades competentes delegadas poderán, no seu ámbito territorial, establecer excepcións respecto das persoas menores ou dependentes, así como calquera outra flexibilización da limitación.

De acordo co artigo 8 do real decreto, a autoridade competente delegada poderá limitar a permanencia de persoas en lugares de culto mediante a fixación da limitación de capacidade para reunións, celebracións e encontros relixiosos, atendendo ao risco de transmi-



sión que poida resultar dos encontros colectivos, sen que tal limitación poida afectar, en ningún caso, o exercicio privado e individual da liberdade relixiosa.

E, conforme o artigo 10 da norma, a autoridade competente delegada en cada comunidade autónoma poderá, no seu ámbito territorial, en vista da evolución dos indicadores sanitarios, epidemiolóxicos, sociais, económicos e de mobilidade, logo de comunicación ao Ministerio de Sanidade, e de acordo co previsto no artigo 13, modular, flexibilizar e suspender a aplicación das medidas previstas nos artigos 6, 7 e 8, co alcance e ámbito territorial que determine.

O 29 de outubro de 2020, o Congreso dos Deputados autorizou a prórroga do estado de alarma ata o 9 de maio de 2021. Conforme o artigo 2 do Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, a prórroga establecida no dito real decreto estenderase desde as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020 ata as 00.00 horas do día 9 de maio de 2021, e someterase ás condicións establecidas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, e nos decretos que, se é o caso, se adopten en uso da habilitación conferida pola disposición derradeira primeira do citado Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, sen prexuízo do establecido nas disposicións que recolle o propio real decreto de prórroga.

En consecuencia, durante a vixencia do estado de alarma e da súa prórroga, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, deberán adoptarse, na condición de autoridade competente delegada, nos termos previstos no dito real decreto e no real decreto de prórroga.

Non obstante, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, non esgotan todas as que se poden adoptar para facer fronte á crise sanitaria. Neste sentido, como prevé expresamente o seu artigo 12, cada Administración conservará as competencias que lle outorga a lexislación vixente, así como a xestión dos seus servizos e do seu persoal, para adoptar as medidas que considere necesarias, sen prexuízo do establecido no real decreto.

Polo tanto, como destaca a propia exposición de motivos do real decreto, durante a vixencia do estado de alarma as administracións sanitarias competentes en saúde pública, no non previsto nesa norma, deberán continuar adoptando as medidas necesarias para afrontar a situación de emerxencia de saúde pública ocasionada pola COVID-19, confor-



me a lexislación sanitaria, en particular, a Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública, a Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, e a Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, así como a normativa autonómica correspondente.

II

Neste contexto normativo derivado do estado de alarma vixente, e ante a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia, ditouse o Decreto 45/2021, do 17 de marzo, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

Coa finalidade de manter as medidas contidas neste decreto adaptadas á evolución da situación epidemiolóxica, o Decreto 45/2021, do 17 de marzo, foi obxecto de sucesivas modificacións polos seguintes decretos: Decreto 49/2021, do 24 de marzo; Decreto 51/2021, do 26 de marzo; Decreto 54/2021, do 7 de abril; Decreto 58/2021, do 9 de abril; Decreto 59/2021, do 14 de abril; Decreto 60/2021, do 16 de abril, Decreto 64/2021, do 23 de abril, e Decreto 68/2021, do 28 de abril, polos que se modifica o Decreto 45/2021, do 17 de marzo, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

III

A evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia fai necesario que o presidente da Xunta de Galicia adopte novas medidas na condición de autoridade competente delegada, sen prexuízo das que, de modo complementario e compatible con elas, adopte a persoa titular da Consellería de Sanidade en exercicio das súas competencias como autoridade sanitaria autonómica.

O subcomité clínico, na súa reunión do 30 de abril de 2021, revisou a situación epidemiolóxica e sanitaria da Comunidade Autónoma.



Así, do Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 30 de abril de 2021, destácanse os seguintes datos:

No que se refire á situación epidemiolóxica de Galicia, o informe indica que o número reprodutivo instantáneo (Rt), que reflicte o número de contaxios orixinados por un caso activo, sitúase practicamente no 1, o que constata unha diminución da transmisión. Unicamente as áreas de Santiago e Lugo superan o número reprodutivo indicado.

Do total de concellos de Galicia, 140 non notificaron casos novos nos últimos 14 días e 169 non o fixeron nos últimos 7 días. Isto supón un aumento de 4 concellos na declaración de casos a 14 días e unha diminución de 9 concellos a 7 días. Porén, a semana precedente os casos declarados situáronse nos 136 e 178, a 14 e 7 días, respectivamente.

Entre o 18 e o 24 de abril realizáronse 67.269 probas diagnósticas de infección activa polo virus SARS-CoV-2 (53.248 PCR e 14.021 tests de antíxenos), cunha porcentaxe de positividade do 2,43%, que é practicamente a mesma que a constatada entre o 11 e o 17 de abril (2,42 %).

Respecto da incidencia acumulada a 7 e 14 días, os valores situáronse en 49 e 98 casos por cada cen mil habitantes, respectivamente, sendo lixeiramente superiores a 14 días (3 % de aumento), respecto dos declarados na semana anterior.

Desde o 28 de decembro de 2020, a tendencia diaria mostra tres tramos: un deles crecente a un ritmo do 7,1 % ata o 22 de xaneiro, despois un tramo decrecente cunha porcentaxe de cambio diario de -6%, e finalmente outro tramo cun aumento que semella máis unha estabilización (porcentaxe de cambio diario de 0,9 %).

No que atinxe á situación nas áreas sanitarias, as taxas a 14 días sitúanse entre os 42,05 casos por 100.000 habitantes de Ferrol e os 140,99 de Vigo. As taxas de incidencia a 14 días presentan un lixeiro aumento respecto dos mesmos valores a 7 días, agás nas áreas sanitarias de Santiago, Ferrol e Ourense, en que diminuíron, mentres que as áreas da Coruña, Pontevedra e Vigo presentan taxas a 14 días superiores aos 100 casos por 100.000 habitantes.

A media de pacientes con COVID-19 en hospitalización de agudos nos últimos 7 días foi de 155,1, o que indica un descenso de -0,5 % respecto dos valores de hai sete días. Así, a taxa de pacientes con COVID-19 en hospitalización de agudos é de 5,7 ingresados por 100.000 habitantes, cun descenso (-0,5 %) respecto dos datos de hai 7 días. En canto aos



ingresos COVID-19 nas unidades de críticos (UCI) nos últimos 7 días, a media foi de 40,9, e a taxa a 7 días é de 1,5 ingresados por 100.000 habitantes, o que supón un descenso dun 27,1 % respecto de hai sete días, tanto nos valores medios como na taxa total.

Sobre a situación dos concellos debe indicarse que daqueles con poboación igual ou superior a 10.000 habitantes (54), só Marín e Vilanova de Arousa presentan unha taxa de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes. No caso dos concellos de menos de 10.000 habitantes (259), 10 presentan unha taxa de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes, o que supón 3 concellos menos que a semana precedente. Por outra banda, acádanse taxas de incidencia iguais ou maiores a 500 casos por cen mil habitantes en 3 concellos deste tramo poboacional.

No que atinxe ás comarcas, atópanse no nivel medio as de Vigo, O Salnés, O Morrazo, Verín, Muros, Meira e A Baixa Limia, ás que se sumaron as de Sar, Terra de Melide e Bergantiños, mentres que a comarca da Barbanza baixou ao nivel medio baixo hai 4 días.

O informe conclúe que a tendencia a 14 días da taxa de incidencia está a ascender moi lentamente, ao tempo que o número reprodutivo instantáneo (Rt) no global de Galicia se mantén practicamente no 1. Ademais, constátase que a taxa de incidencia a 14 días no global de Galicia segue preto pero por debaixo dos 100 casos por cen mil habitantes, e unicamente as áreas sanitarias da Coruña, Pontevedra e Vigo presentan unha incidencia superior aos 100 casos por cen mil habitantes. No que atinxe aos concellos de máis de 10.000 habitantes, hai dous concellos con taxas de incidencia iguais ou superiores a 250 c/10⁵h. Nos de menos de 10.000 hai 10 concellos que superen unha taxa de incidencia de 250 c/10⁵h, con 3 deles cunha taxa a 14 días superior aos 500 casos por cada cen mil habitantes.

Ademais, o feito de que a cepa que está a circular sexa, fundamentalmente, a cepa británica pode influír nun aumento da transmisión, ao que se suma a aparición de novas variantes como a P1 de Brasil e a de Suráfrica, que se amosan como máis transmisibles.

O criterio utilizado para aplicar os niveis de restrición aos concellos, ademais do da situación sanitaria, é o da taxa de incidencia segundo os casos por cada cen mil habitantes. Así mesmo, co obxecto de reaccionar con rapidez e eficacia fronte aos gromos, utilízase tamén como criterio o da taxa de incidencia a 7 días. Concretamente, sitúanse no nivel máximo os concellos cunha taxa de incidencia acumulada a 14 días de 500 casos por cada



cen mil habitantes e/ou a 7 días de 250 casos por cada cen mil habitantes. A análise da situación de cada concello complétase coa consideración de criterios demográficos, pois debe terse en conta que en concellos de escasa poboación poucos casos poden dar lugar a taxas moi elevadas, que deben ser postas no debido contexto e co estudo por parte dos servizos de saúde pública e do comité ou do subcomité clínico das características específicas de cada gromo. Téñense en conta, ademais, outros criterios tales como a existencia de gromos non controlados ou de casos sen vínculo epidemiolóxico, así como o feito de que non se observe unha melloría clara na evolución da situación epidemiolóxica, unido a unha tendencia nas súas taxas que non vai claramente en descenso.

Non se debe esquecer que nos encontramos nun contexto de desescalada, que debe ser gradual, progresiva e segura, guiada polo principio de prudencia, para evitar así comprometer os logros acadados. Galicia conta cunha poboación especialmente envellecida e no noso territorio o virus circulou menos que noutros territorios do Estado, polo que existe un menor nivel de inmunidade natural, á espera de que o proceso de vacinación en marcha acadade os resultados esperados. Aínda que a presión hospitalaria segue descendendo, hai que manter a precaución, xa que un incremento na incidencia pode comprometer esta evolución. Resulta imprescindible ser cautelosos e consolidar no tempo as medidas adoptadas recentemente, de tal xeito que sexa posible ir analizando e reaccionando fronte aos efectos que delas deriven; non obstante, a estabilización da situación permite seguir avanzando neste proceso de desescalada.

En vista dos datos contidos no informe, óptase por manter no nivel máximo de restricións o concello de Cualedro (Área Sanitaria de Ourense) debido ás súas taxas de incidencia a 7 e 14 días.

Ademais, aínda que as súas taxas de incidencia serían propias do nivel alto, propónse manter no nivel máximo de restrición o concello de Vilanova de Arousa (Área Sanitaria de Pontevedra), debido a que non leva o tempo suficiente neste nivel como para asegurar que a evolución da súa situación epidemiolóxica é a axeitada para garantir a diminución da transmisión da infección neste concello. Ademais, o concello atópase nunha comarca, a do Salnés, cunha situación epidemiolóxica desfavorable desde hai 3 semanas.

Tamén se propón ascender a este nivel máximo o concello de Laza, da Área Sanitaria de Ourense, pola súa taxa de incidencia a 7 días, asociada a un gromo detectado no ámbito da hostalaría.



Por tal motivo, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, cómpre modificar o anexo do Decreto 45/2021, do 17 de marzo, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

IV

Tendo en conta o indicado, a situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia determina que procede ditar un novo decreto en que se adapten as medidas existentes á indicada situación.

De acordo co exposto, por proposta do conselleiro de Sanidade, e na condición de autoridade competente delegada, por delegación do Goberno da Nación, conforme o disposto nos artigos 2, 5, 6, 7, 8, 9 e 10 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2,

DISPOÑO:

Primeiro. Modificación do anexo do Decreto 45/2021, do 17 de marzo, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2

Modifícase o anexo do Decreto 45/2021, do 17 de marzo, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, que queda redactado nos termos previstos no anexo deste decreto.

Segundo. Eficacia, seguimento e avaliación

A eficacia das medidas previstas neste decreto comezará ás 00.00 horas do día 3 de maio de 2021.



Non obstante o anterior, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas deberán ser obxecto de seguimento e de avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria e para os efectos, de ser necesario, da súa modificación ou levantamento.

Terceiro. *Recursos*

Contra este decreto poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, conforme os artigos 12.1.a) e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, trinta de abril de dous mil vinte e un

Alberto Núñez Feijóo
Presidente da Xunta de Galicia

ANEXO

Concellos en que son aplicables limitacións específicas de entrada e saída de persoas, de permanencia de grupos de persoas en espazos públicos ou privados e de permanencia en lugares de culto

Cualedro

Laza

Vilanova de Arousa



I. DISPOSICIÓN XERAIS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

ORDE do 28 de abril de 2021 pola que se modifica a Orde do 17 de marzo de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

I

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.

O obxecto do dito acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade.

Así mesmo, indícase no dito punto sexto, na redacción vixente, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de acordo coa normativa aplicable e en vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou en parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación das medidas concretas contidas no anexo.



Mediante o Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, declarouse o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. Esta declaración afectou todo o territorio nacional e a súa duración inicial estendeuse, conforme o disposto no seu artigo 4, ata as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020.

Conforme o artigo 2 dese real decreto, para os efectos do estado de alarma, a autoridade competente será o Goberno da Nación. En cada comunidade autónoma e cidade con estatuto de autonomía, a autoridade competente delegada será quen exerza a presidencia da comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía, nos termos establecidos no real decreto. As autoridades competentes delegadas quedan habilitadas para ditaren, por delegación do Goberno da Nación, as ordes, resolucións e disposicións para a aplicación do previsto nos artigos 5 a 11 do real decreto, sen que para iso sexa precisa a tramitación de ningún procedemento administrativo, nin será de aplicación o previsto no segundo parágrafo do artigo 8.6 e no artigo 10.8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O 29 de outubro de 2020, o Congreso dos Deputados autorizou a prórroga do estado de alarma ata o día 9 de maio de 2021. Conforme o artigo 2 do Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, a prórroga establecida no dito real decreto estenderase desde as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020 ata as 00.00 horas do día 9 de maio de 2021, e someterase ás condicións establecidas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, e nos decretos que, se é o caso, se adopten en uso da habilitación conferida pola disposición derradeira primeira do citado Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, sen prexuízo do establecido nas disposicións que recolle o propio real decreto de prórroga.

En consecuencia, durante a vixencia do estado de alarma e da súa prórroga, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, deberán adoptarse, na condición de autoridade competente delegada, nos termos previstos no dito real decreto e no real decreto de prórroga.

Non obstante, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, non esgotan todas as que poden ser adoptadas para facer fronte á crise sanitaria. Neste sentido, como prevé expresamente o seu artigo 12, cada Administración conservará as competencias que lle outorga a lexislación vixente, así como a xestión dos seus servizos e do seu persoal, para adoptar as medidas que considere necesarias, sen prexuízo do establecido no real decreto.



Polo tanto, durante a vixencia do estado de alarma e das súas prórrogas, as medidas que sexa necesario adoptar para facer fronte, na Comunidade Autónoma, á crise sanitaria serán as que poida acordar, ao abeiro da normativa do estado de alarma, o presidente da Comunidade Autónoma, como autoridade competente delegada, e as complementarias que poidan adoptar, no exercicio das súas competencias propias, as autoridades sanitarias autonómicas e, entre elas, a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, ao abeiro do disposto no punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020 citado.

II

Sentado o anterior, no contexto normativo derivado do estado de alarma vixente e ante a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia, ditouse o Decreto 31/2021, do 25 de febreiro, polo que se adoptaron medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

Esas medidas debían ser complementadas, como indica o propio decreto, con outras que procede que adopte a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade no exercicio das súas competencias propias como autoridade sanitaria autonómica.

Estas medidas complementarias establecéronse mediante a Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia. Esta orde prevía que as medidas serían obxecto de revisión constante co obxecto de avaliar a situación e adecualas á incidencia real da epidemia.

Posteriormente, revisáronse as medidas acordadas, co obxecto de adecualas á situación epidemiolóxica, e ditouse a Orde do 4 de marzo de 2021, que incluíu pequenas modificacións das medidas adoptadas e do anexo II da Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia; a Orde do 5 de marzo de 2021, por medio da cal se modificou o anexo II da Orde do 25 de febreiro de 2021; a Orde do 10 de marzo de 2021 coa cal se modificaron diversos puntos do anexo I e do anexo II da Orde do 25 de febreiro de 2021, e a Orde do 12 de marzo de 2021, que modificou unicamente o anexo II.



Paralelamente, estas modificacións tiveron reflexo tamén no Decreto 39/2021, do 5 de marzo, no Decreto 40/2021, do 10 de marzo, e no Decreto 41/2021, do 12 de marzo, polos que se modificou o Decreto 31/2021, do 25 de febreiro, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

En cumprimento do compromiso acadado en relación coa revisión das medidas acordadas, co obxecto de adecualas á situación epidemiolóxica, ditáronse o Decreto 45/2021, do 17 de marzo, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2 (modificado polo Decreto 49/2021, do 24 de marzo; polo Decreto 51/2021, do 26 de marzo; polo Decreto 54/2021, do 7 de abril; polo Decreto 58/2021, do 9 de abril; polo Decreto 59/2021, do 14 de abril, e polo Decreto 60/2021, do 16 de abril), e a Orde do 17 de marzo de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, modificada polas ordes do 24 de marzo de 2021, do 26 de marzo de 2021, do 31 de marzo de 2021, do 7 de abril de 2021, do 9 de abril de 2021, do 14 de abril de 2021, do 16 de abril de 2021 e do 21 de abril de 2021.

Posteriormente, realizouse unha nova revisión da situación epidemiolóxica dos concellos de Galicia, que tivo o oportuno reflexo na Orde do 23 de abril de 2021 pola que se modifica a Orde do 17 de marzo de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

III

De conformidade co compromiso acadado, procede realizar unha nova revisión da situación epidemiolóxica dos distintos concellos.

Así, no Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 28 de abril de 2021, establécese o seguinte:

O número reprodutivo instantáneo (Rt), que indica o número de contaxios orixinados por un caso activo, segue a manterse por riba do 1, o que indica un aumento na transmisión da infección. Unicamente as áreas de Ferrol, Lugo e Pontevedra se manteñen por debaixo do 1.



Do total de concellos de Galicia, 138 non notificaron casos nos últimos 14 días. O número de concellos sen casos nos últimos 7 días foi de 179. Isto supón un aumento en tres concellos a 14 días e unha diminución en 4 concellos a 7 días desde hai unha semana, que era de 135 e 175, a 14 e 7 días.

Entre o 16 e o 22 de abril realizáronse 65.263 probas diagnósticas de infección activa polo virus SARS-CoV-2 (49.593 PCR e 15.760 tests de antíxenos), cunha porcentaxe de positividade do 2,46, practicamente a mesma porcentaxe que a de entre o 9 e 15 de abril, en que era do 2,40 %.

A incidencia acumulada a 7 e 14 días é de 50 e 97 casos por cen mil habitantes, respectivamente, valores lixeiramente superiores aos observados hai 7 días, en que eran de 47 e 89 casos por cen mil habitantes, respectivamente, o que significa un aumento do 6 % e do 8 % aos 7 días e 14 días, respectivamente.

A tendencia diaria mostra, desde o 28 de decembro, tres tramos, un deles con tendencia oposta, primeiro crecente a un ritmo do 7,1 % ata o 22 de xaneiro e despois unha primeira decrecente cunha porcentaxe de cambio diario de -6 % e outro, cun aumento máis lento que semella máis unha estabilización, cunha porcentaxe de cambio diario de 0,9 %.

No que se refire á situación das áreas sanitarias, as taxas a 14 días das áreas están entre os 42,05 casos por 100.000 habitantes de Ferrol e os 139,94 de Vigo.

As taxas de incidencia a 14 días aumentaron con respecto a hai unha semana, agás nas áreas de Ferrol e Lugo, onde diminuíron. As áreas sanitarias da Coruña, Pontevedra e Vigo superan os 100 casos por 100.000 habitantes. Aumentaron todas as áreas a súa incidencia a 7 días, agás as áreas sanitarias de Ferrol, Lugo e Pontevedra.

No que respecta á hospitalización dos casos COVID-19, a media de pacientes COVID-19 en hospitalización de agudos nos últimos 7 días foi de 153,4, o que significa un descenso do -1,2 % con respecto a hai sete días. A taxa de pacientes COVID-19 en hospitalización de agudos é de 5,7 ingresados por 100.000 habitantes, cun descenso, tamén, do -1,2 % con respecto a hai 7 días.

En canto aos ingresos COVID-19 nas unidades de críticos (UCI) nos últimos 7 días, a media foi de 40,0 e a taxa a 7 días de ingresados nas UCI é de 1,5 ingresados por 100.000 habitantes, o que supón un descenso do 45,1 % con respecto a hai sete días, tanto na media como na taxa.



En canto á situación epidemiolóxica dos concellos de Galicia, naqueles con poboación igual ou maior de 10.000 habitantes (54), 3 presentan unha taxa de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes, os mesmos que hai unha semana. Estes concellos son O Grove, Marín e Vilanova de Arousa.

No que se refire aos concellos de menos de 10.000 habitantes (259), 11 presentan unha taxa de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes, 2 menos que no informe anterior. Acádanse taxas de incidencia iguais ou maiores de 500 casos por cen mil habitantes en 6 destes concellos.

En canto ás comarcas, están no nivel medio: Vigo, O Salnés, O Morrazo, Valdeorras, Chantada, Muros e Bergantiños, cun día en nivel medio. Estaría no nivel alto A Baixa Limia. Baixaron ao nivel medio Meira (hai 3 días) e Verín (1 día).

Baixaron ao nivel medio baixo as de Quiroga (hai 5 días), A Mariña Oriental (desde hai 4 días), O Condado (3 días); A Barbanza (desde hai 2 días) e Chantada, que baixou 1 día, volveu ao nivel medio no seguinte e agora leva 2 día en medio baixo.

O informe conclúe que a tendencia da taxa de incidencia está a ascender, pero moi lentamente, desde o cambio de tendencia observado a partir do 7 de marzo. Igualmente, obsérvase un lixeiro aumento na Rt no global de Galicia, que está por riba do 1.

A taxa de incidencia a 14 días, no global de Galicia, segue por debaixo dos 100 casos por cen mil habitantes, pero estase a achegar. As áreas sanitarias da Coruña, Pontevedra e Vigo presentan unha incidencia superior aos 100 casos por cen mil habitantes.

No que atinxe aos concellos de máis de 10.000 habitantes, hai tres concellos con taxas de incidencia iguais ou superiores a 250 por cen mil habitantes. Nos de menos de 10.000, hai 11 concellos que superan unha taxa de incidencia de 250 por cen mil habitantes, e 6 deles cunha taxa a 14 días superior aos 500 c/10⁵h.

O informe segue a destacar que o feito de que a cepa que está a circular, fundamentalmente, sexa a cepa británica pode influír nun aumento da transmisión, ao cal se suma a aparición de novas variantes como a P1 do Brasil e a de Suráfrica, tamén máis transmisibles.

A ocupación por pacientes COVID-19 na hospitalización de agudos e unidades de coitados críticos segue a diminuír.



Non se debe esquecer que nos encontramos nun contexto de desescalada que debe ser gradual, progresiva e segura, guiada polo principio de prudencia, para evitar así comprometer os logros acadados. Galicia conta cunha poboación especialmente envellecida e no noso territorio o virus circulou menos que noutros territorios do Estado, polo que existe un menor nivel de inmunidade natural, á espera de que o proceso de vacinación en marcha acade os resultados esperados. Resulta imprescindible ser cautelosos e consolidar no tempo as medidas adoptadas recentemente, de tal xeito que sexa posible ir analizando e reaccionando fronte aos efectos que delas deriven.

O criterio utilizado para aplicar os niveis de restrición aos concellos, ademais do da situación sanitaria, é o da taxa de incidencia segundo os casos por cada cen mil habitantes a 14 días, situando o nivel medio baixo por debaixo de 150; o medio, entre 150 e por debaixo de 250; o alto, entre 250 e por debaixo de 500, e o máximo, na cifra de 500. Así mesmo, co obxecto de reaccionar con rapidez e eficacia fronte aos gromos, utilízase tamén como criterio o da taxa de incidencia a 7 días. A análise da situación de cada concello prevese coa consideración de criterios demográficos, pois debe terse en conta que en concellos de escasa poboación poucos casos poden dar lugar a taxas moi elevadas, que deben ser postas no debido contexto, e co estudo polos servizos de saúde pública e polo comité e subcomité clínico das características específicas de cada gromo. Téñense en conta, ademais, outros criterios tales como a existencia de gromos non controlados ou de casos sen vínculo epidemiolóxico, así como o feito de que non se observe unha melloría clara na evolución da situación epidemiolóxica, unido a unha tendencia nas súas taxas que non vai claramente en descenso.

Por conseguinte, en vista do indicado no citado informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, e tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, coa situación epidemiolóxica e sanitaria da Comunidade Autónoma de Galicia, fórmulanse as seguintes propostas:

Manteríanse neste nivel máximo de restricións os concellos de Carballeda de Valdeorras e Cualedro (Área Sanitaria de Ourense) debido ás súas taxas de incidencia a 7 e 14 días.

Tamén se propón manter neste nivel máximo de restrición, aínda que as súas taxas indiquen un nivel alto, o concello de Vilanova de Arousa, debido a que non leva o tempo suficiente neste nivel para asegurar que a evolución da súa situación epidemiolóxica é axeitada para garantir a diminución da transmisión da infección neste concello, que foi ascendendo de nivel sucesivamente. Cómpre sinalar tamén que hai que ter en conta que



este concello está nunha comarca, a do Salnés, cunha situación epidemiolóxica desfavorable desde hai 3 semanas.

Manteríanse no nivel alto de restricións, no cal xa están na actualidade, polas súas taxas a 7 e/ou 14 días, os concellos de Meira (Área Sanitaria de Lugo); Petín (Área Sanitaria de Ourense) e Ribadumia e Marín (Área Sanitaria de Pontevedra).

Tamén se propón manter neste nivel os concellos de Meaño e Meis da Área Sanitaria de Pontevedra, malia que as súas taxas indican que poderían baixar ao nivel medio. As razóns encóntranse no feito de non levar o tempo suficiente neste nivel para asegurar que a evolución da súa situación epidemiolóxica se estabiliza a un claro descenso da súa incidencia. Así mesmo, cómpre sinalar que se encontran na comarca do Salnés que, como xa se indicou, presenta unha situación epidemiolóxica desfavorable.

Tamén se manterían neste nivel alto os concellos de Cambre (Área Sanitaria da Coruña) e de Pontearreas (Área Sanitaria de Vigo), en vez de descender ao nivel medio que lles correspondería polas súas taxas. O motivo está no feito de que non levan o tempo suficiente neste nivel, de xeito que se asegure e consolide a boa evolución epidemiolóxica. Igualmente, manteríanse neste nivel alto, aínda que as súas taxas indican un nivel medio, os concellos da Pobra do Caramiñal, que actualmente se encontra no nivel máximo de restricións, e Ribeira, actualmente no nivel alto (Área Sanitaria de Santiago de Compostela), pola necesidade de asegurar que o nivel que indican as súas taxas se consolida nos vindeiros días, xa que se encontran nunha comarca, a da Barbanza, especialmente afectada e na cal se está a dar circulación das cepas británica e surafricana, especialmente transmisibles.

Proponse, ademais, que se manteña neste nivel alto o concello de Muíños, da Área Sanitaria de Ourense, en vez de aumentalo ao máximo tal como indican as súas taxas, xa que os casos que se están a dar neste concello forman parte dun gromo cunha boa evolución.

Proponse aumentar a este nivel alto o concello da Merca, da Área Sanitaria de Ourense, tal como indican as súas taxas a 7 días. Así mesmo, proponse aumentar a este nivel alto, en vez de ao máximo, tal como indican as súas taxas, o concello de Vereas, tamén da Área Sanitaria de Ourense, debido a que é un concello cun gromo con orixe coñecida e cun tamaño de poboación que fai que uns poucos casos o fagan aumentar de nivel rapidamente, polo que a situación indicaría este nivel a que se propón ascender.

Tamén aumentarían a este nivel alto, tal como indican as súas taxas a 7 e/ou 14 días e polos gromos que se están a desenvolver neles, os concellos de Coristanco, da Área Sanitaria da Coruña, e o concello de Salceda de Caselas, da Área Sanitaria de Vigo.



Ademais, descendería ao nivel alto, desde o máximo actual, o concello do Grove, da Área Sanitaria de Pontevedra, debido á evolución favorable da súa incidencia, tal como indican as súas taxas e por pasar xa tempo suficiente no nivel máximo de restrición, o que permite baixalo a este nivel.

Por outra banda, propónse manter no nivel medio, tal como indican as súas taxas de incidencia a 7 e/ou 14 días ou, nalgún deles, por non levar tempo suficiente neste nivel, aínda que a súa evolución lles permitise baixalos ao nivel medio baixo, como acontece nos concellos de Barreiros, Cartelle e Lobios, con 0 ou 1 caso a 7 días, os concellos de Carral (Área Sanitaria da Coruña); Barreiros e Chantada (Área Sanitaria de Lugo); Cartelle, Lobios e Verín (Área Sanitaria de Ourense), Cambados (Área Sanitaria de Pontevedra), e os concellos de Cangas, Gondomar e Vigo (Área Sanitaria de Vigo).

Manteríanse neste nivel medio, en vez de descendelos ao nivel medio baixo, tal como indican as súas taxas, os concellos de Rianxo (Área Sanitaria de Santiago de Compostela) e Poio e Vilagarcía de Arousa (Área Sanitaria de Pontevedra). As razóns desta decisión estriban en que non levan tempo suficiente neste nivel para garantir a súa boa evolución da situación epidemiolóxica, ademais de encontrarse nas comarcas da Barbanza e O Salnés, das cales xa se comentou que presentan unha situación epidemiolóxica complicada.

Tamén se mantería neste nivel medio en que está na actualidade, en vez de aumentalo ao máximo que lle correspondería polas súas taxas, o concello de Trabada, da Área Sanitaria de Lugo, porque se trata dun gromo de orixe coñecida, controlado e con boa evolución.

No que respecta ao concello de Carnota, da Área Sanitaria de Santiago de Compostela, manteríase no nivel medio actual, en vez de aumentalo ao nivel alto que lle corresponde polas súas taxas, dado que, ao igual que o anterior concello, os casos pertencen a un gromo controlado e, igualmente, con boa evolución.

Propónse manter no nivel medio actual, en vez de baixar ao nivel medio baixo que lle corresponde polas súas taxas, o concello de Sanxenxo, da Área Sanitaria de Pontevedra, debido á necesidade de asegurar que a situación epidemiolóxica do concello se estabiliza por encontrarse na comarca do Salnés, cos seus concellos en diferentes niveis de restrición.

Igualmente, aumentarían ao nivel medio, tal como indican as súas taxas a 7 e/ou 14 días, os concellos da Laracha, Betanzos e Carballo (Área Sanitaria da Coruña); Ares (Área Sanitaria de Ferrol); Xinzo de Limia (Área Sanitaria de Ourense), e os de Nigrán e Tui (Área Sanitaria de Vigo).



Propónse aumentar ao nivel medio de restrición, en lugar de ao máximo que lle correspondería polas taxas a 7 e 14 días, o concello de Mesía, xa que os casos se deben a un gromo con orixe coñecida e perfectamente controlado.

Igualmente, aumentaría ao nivel medio o concello do Porriño, da Área Sanitaria de Vigo, debido a que, aínda que as súas taxas non indican este nivel, a situación epidemiolóxica deste concello está a evolucionar mal desde hai varios días e se están a desenvolver gromos que indican o empeoramento da súa situación nos vindeiros días.

Tamén se propón descender ao nivel medio, a pesar de que as súas taxas indican un nivel máximo e actualmente se encontra no nivel alto, o concello de Lobeira, da Área Sanitaria de Ourense, debido á boa evolución do gromo que alí se estaba a desenvolver, do cal xa non hai casos nos últimos 7 días, ao tratarse, ademais, dun concello cun pequeno tamaño de poboación que aumenta as súas taxas con facilidade.

Por último, baixaría ao nivel medio desde o nivel alto actual o concello do Barco de Valdeorras, da Área Sanitaria de Ourense malia que as súas taxas indican un nivel medio baixo, debido á necesidade de asegurar que a súa evolución epidemiolóxica se consolida e, así mesmo, por encontrarse nunha comarca, a de Valdeorras, que leva tempo cunha situación epidemiolóxica complicada.

O resto dos concellos de Galicia permanecen no nivel medio baixo de restricións, con base nos criterios reflectidos anteriormente ou á espera de comprobar a evolución da súa situación epidemiolóxica.

Debe insistirse, en particular, en que as medidas resultan adecuadas e eficaces de acordo cos datos expostos sobre a evolución da situación epidemiolóxica e, polo tanto, útiles para acadar o fin proposto de protección da saúde pública, na espera de que a campaña de vacinación acade os resultados que se perseguen. Debe ponderarse que aínda non estamos en niveis de transmisión que se poidan entender de risco baixo.

Así mesmo, debe manterse a protección do sistema sanitario. As medidas de limitación de determinadas actividades resultan necesarias, adecuadas e proporcionadas para o fin perseguido, que non é outro que controlar e evitar a maior difusión dunha enfermidade altamente contaxiosa respecto da cal a diferenza entre persoas enfermas e sas resulta difusa, dada a posible asintomatoloxía ou levidade dos síntomas e a existencia dun período no cal non hai indicios externos da enfermidade.



En concreto, trátase de evitar especialmente aglomeracións ou encontros entre persoas, co fin de garantir o mantemento da distancia de seguridade e reducir o risco de contacto físico ou proximidade en condicións favorecedoras do contaxio. Debe lembrarse, neste sentido, que o Auto 40/2020, do 30 de abril, do Tribunal Constitucional, no seu fundamento xurídico cuarto, ao ponderar a relevancia das especiais circunstancias derivadas da crise sanitaria creada pola pandemia no exercicio do dereito de reunión, salientou como, ante a incerteza sobre as formas de contaxio, sobre o impacto real da propagación do virus, así como sobre as consecuencias a medio e longo prazo para a saúde das persoas que se viron afectadas, as medidas de distanciamento social e de limitación extrema dos contactos e actividades grupais son as únicas que se demostraron eficaces para limitar os efectos dunha pandemia de dimensións descoñecidas ata a data. Deste modo, as medidas de limitación de determinadas actividades van dirixidas a limitar os contactos e a interacción social e, polo tanto, a transmisión da enfermidade, en situacións nas cales cabe apreciar un maior risco polas circunstancias en que se realizan, especialmente en lugares pechados.

Tendo en conta o exposto, e tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, e visto o informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, procede reiterar as medidas xa aprobadas coas modificacións previstas na presente orde.

IV

As medidas que se adoptan nesta orde teñen o seu fundamento normativo na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 a 38 ter da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para adoptar as medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica existente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, coa urxencia que a protección da saúde pública demanda.

Na súa virtude, en aplicación do punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transi-



ción cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. *Modifícase o anexo II da Orde do 17 de marzo de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado segundo o anexo desta orde*

Segundo. *Eficacia*

As medidas previstas nesta orde terán efectos desde as 00.00 horas do día 30 de abril de 2021. Non obstante o anterior, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, serán obxecto de seguimento e avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser modificadas ou levantadas mediante orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Santiago de Compostela, 28 de abril de 2021

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade

ANEXO II**A) Concellos con nivel de restrición máxima.**

Carballeda de Valdeorras
Cualedro
Vilanova de Arousa

B) Concellos con nivel de restrición alta.

Cambre
Coristanco
Grove (O)
Marín
Meaño



Meira
Meis
Merca (A)
Muíños
Petín
Pobra do Caramiñal (A)
Ponteareas
Ribadumia
Ribeira
Salceda de Caselas
Verea

C) Concellos con nivel de restrición media.

Ares
Barco de Valdeorras (O)
Barreiros
Betanzos
Cambados
Cangas
Carballo
Carnota
Carral
Cartelle
Chantada
Gondomar
Laracha (A)
Lobios
Lobeira
Mesía
Nigrán
Poio
Porriño (O)
Rianxo
Sanxenxo
Trabada
Tui



Verín
Vigo
Vilagarcía de Arousa
Xinzo de Limia

D) Concellos con nivel de restrición media baixa.

Abadín
Abegondo
Agolada
Alfoz
Allariz
Ames
Amoeiro
Antas de Ulla
Aranga
Arbo
Arnoia (A)
Arteixo
Arzúa
Avión
Baiona
Baleira
Baltar
Bande
Baña (A)
Baños de Molgas
Baralla
Barbadás
Barro
Beade
Beariz
Becerreá
Begonte
Bergondo
Blancos (Os)
Boborás



Boiro
Bola (A)
Bolo (O)
Boqueixón
Bóveda
Boimorto
Brión
Bueu
Burela
Cabana de Bergantiños
Cabanas
Caldas de Reis
Calvos de Randín
Camariñas
Campo Lameiro
Cañiza (A)
Capela (A)
Carballeda de Avia
Carballedo
Carballiño (O)
Cariño
Castrelo de Miño
Castrelo do Val
Castro Caldelas
Castro de Rei
Castroverde
Catoira
Cedeira
Cee
Celanova
Cenlle
Cerceda
Cerdedo-Cotobade
Cerdido
Cervantes
Cervo
Chandrexa de Queixa



Coirós
Coles
Corcubión
Corgo (O)
Cortegada
Coruña (A)
Cospeito
Covelo
Crecente
Culleredo
Cuntis
Curtis
Dodro
Dozón
Dumbría
Entrimo
Esgos
Estrada (A)
Fene
Ferrol
Fisterra
Folgozo do Courel
Fonsagrada (A)
Forcarei
Fornelos de Montes
Foz
Frades
Friol
Gomesende
Guarda (A)
Gudiña (A)
Guitiriz
Guntín
Illa de Arousa (A)
Incio (O)
Irixo (O)
Irixoa



Lalín
Lama (A)
Láncara
Larouco
Laxe
Laza
Leiro
Lourenzá
Lousame
Lugo
Maceda
Malpica de Bergantiños
Manzaneda
Mañón
Maside
Mazaricos
Melide
Melón
Mezquita (A)
Miño
Moaña
Moeche
Mondariz-Balneario
Mondariz
Mondoñedo
Monfero
Monforte de Lemos
Montederramo
Monterrei
Monterroso
Moraña
Mos
Mugardos
Muras
Muros
Muxía
Narón



Navia de Suarna
Neda
Negreira
Negueira de Muñiz
Neves (As)
Nogais (As)
Nogueira de Ramuín
Noia
Oia
Oímbra
Oleiros
Ordes
Oroso
Ortigueira
Ourense
Ouroi
Outeiro de Rei
Outes
Oza-Cesuras
Paderne de Allariz
Paderne
Padrenda
Padrón
Palas de Rei
Pantón
Parada de Sil
Paradela
Páramo (O)
Pastoriza (A)
Pazos de Borbén
Pedrafita do Cebreiro
Pereiro de Aguiar (O)
Peroxa (A)
Pino (O)
Piñor
Pobra de Trives (A)
Pobra do Brollón (A)



Pol
Ponte Caldelas
Pontecesures
Ponteceso
Pontedeume
Pontedeva
Pontenova (A)
Pontes de García Rodríguez (As)
Pontevedra
Porqueira
Portas
Porto do Son
Portomarín
Punxín
Quintela de Leirado
Quiroga
Rábade
Rairiz de Veiga
Ramirás
Redondela
Ribadavia
Ribadeo
Ribas de Sil
Ribeira de Piquín
Riós
Riotorto
Rodeiro
Rois
Rosal (O)
Rúa (A)
Rubiá
Sada
Salvaterra de Miño
Samos
San Amaro
San Cibrao das Viñas
San Cristovo de Cea



San Sadurniño
San Xoán de Río
Sandiás
Santa Comba
Santiago de Compostela
Santiso
Sarreaus
Sarria
Saviñao (O)
Silleda
Sober
Sobrado
Somozas (As)
Soutomaior
Taboada
Taboadela
Teixeira (A)
Teo
Toén
Tomiño
Toques
Tordoia
Touro
Trasmiras
Trazo
Triacastela
Val do Dubra
Valadouro (O)
Valdoviño
Valga
Vedra
Veiga (A)
Viana do Bolo
Vicedo (O)
Vilaboa
Vila de Cruces
Vilalba



Vilamarín
Vilamartín de Valdeorras
Vilar de Barrio
Vilar de Santos
Vilardevós
Vilariño de Conso
Vilarmaior
Vilasantar
Vimianzo
Viveiro
Xermade
Xove
Xunqueira de Ambía
Xunqueira de Espadanedo
Zas

CVE-DOG: rqhdnei5-rjd1-ogk9-1vp9-ujtw05czmsu1



I. DISPOSICIÓN XERAIS**PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA**

DECRETO 68/2021, do 28 de abril, polo que se modifica o Decreto 45/2021, do 17 de marzo, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

I

A expansión do coronavirus COVID-19 xerou unha crise sanitaria sen precedentes recentes. Así, tras a elevación pola Organización Mundial da Saúde da situación de emerxencia de saúde pública pola dita causa a nivel de pandemia internacional e a adopción, por algunhas comunidades autónomas como a galega, de medidas de prevención, mediante o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, declarouse o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, declaración que afectou todo o territorio nacional, cunha duración inicial de quince días naturais, pero que foi obxecto de sucesivas prórrogas autorizadas polo Congreso dos Deputados.

O levantamento dese estado de alarma, con todo, non puxo fin á crise sanitaria, o que xustificou a adopción de medidas como as previstas, no ámbito estatal, no Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, así como as medidas de prevención que foron adoptando as diferentes comunidades autónomas. En concreto, no caso da Comunidade Autónoma de Galicia, a resposta á crise sanitaria foi, fundamentalmente, ademais do mantemento da declaración de situación de emerxencia sanitaria efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, a adopción, ao abeiro da lexislación sanitaria, ordinaria e orgánica, de medidas de prevención tanto de carácter xeral, para todo o territorio autonómico, como, de maneira específica, a través de diferentes ordes da persoa titular da Consellería de Sanidade, en atención á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

Mediante o Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, declarouse o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. Esa declaración afectou todo o territorio nacional e a súa duración inicial estendíase, conforme o disposto no seu artigo 4, ata as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020.



Conforme o artigo 2 do dito real decreto, para os efectos do estado de alarma, a autoridade competente será o Goberno da Nación. En cada comunidade autónoma e cidade con estatuto de autonomía, a autoridade competente delegada será quen desempeñe a presidencia da comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía, nos termos establecidos no real decreto. As autoridades competentes delegadas quedan habilitadas para ditaren, por delegación do Goberno da Nación, as ordes, resolucións e disposicións para a aplicación do previsto nos artigos 5 ao 11 do real decreto, sen que para iso sexa preciso tramitar ningún procedemento administrativo, nin será de aplicación o previsto no segundo parágrafo do artigo 8.6 e no artigo 10.8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

En concreto, o artigo 6 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, prevé que a autoridade competente delegada que corresponda poderá limitar a entrada e saída de persoas no territorio de cada comunidade autónoma ou en ámbitos territoriais de carácter xeograficamente inferiores á comunidade autónoma, coas excepcións previstas no artigo 6.1.

Pola súa banda, o artigo 7 do mesmo texto normativo dispón que a permanencia de grupos de persoas en espazos de uso público, tanto pechados como ao aire libre, quedará condicionada a que non se supere o número máximo de seis persoas, salvo que se trate de conviventes, e sen prexuízo das excepcións que se establezan en relación con dependencias, instalacións e establecementos abertos ao público. A permanencia de grupos de persoas en espazos de uso privado quedará condicionada a que non se supere o número máximo de seis persoas, salvo que se trate de conviventes. No caso das agrupacións en que se inclúan tanto persoas conviventes como persoas non conviventes, o número máximo será de seis persoas. Conforme o artigo 9, a eficacia desta medida nunha comunidade autónoma producirase cando a autoridade competente delegada o determine. Ademais, o artigo 7 recolle a posibilidade de que a autoridade competente delegada correspondente determine, no seu ámbito territorial, en vista da evolución dos indicadores sanitarios, epidemiolóxicos, sociais, económicos e de mobilidade, logo de comunicación ao Ministerio de Sanidade e de acordo co previsto no artigo 13, que o número máximo sexa inferior a seis persoas, salvo que se trate de conviventes. Así mesmo, as autoridades competentes delegadas poderán, no seu ámbito territorial, establecer excepcións respecto das persoas menores ou dependentes, así como calquera outra flexibilización da limitación.

De acordo co artigo 8 do real decreto, a autoridade competente delegada poderá limitar a permanencia de persoas en lugares de culto mediante a fixación de limitación de capacidade para reunións, celebracións e encontros relixiosos, atendendo ao risco de transmi-



sión que poida resultar dos encontros colectivos, sen que tal limitación poida afectar, en ningún caso, o exercicio privado e individual da liberdade relixiosa.

E, conforme o artigo 10 da norma, a autoridade competente delegada en cada comunidade autónoma poderá, no seu ámbito territorial, en vista da evolución dos indicadores sanitarios, epidemiolóxicos, sociais, económicos e de mobilidade, logo de comunicación ao Ministerio de Sanidade, e de acordo co previsto no artigo 13, modular, flexibilizar e suspender a aplicación das medidas previstas nos artigos 6, 7 e 8, co alcance e ámbito territorial que determine.

O 29 de outubro de 2020, o Congreso dos Deputados autorizou a prórroga do estado de alarma ata o 9 de maio de 2021. Conforme o artigo 2 do Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, a prórroga establecida no dito real decreto estenderase desde as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020 ata as 00.00 horas do día 9 de maio de 2021, e someterase ás condicións establecidas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, e nos decretos que, se é o caso, se adopten en uso da habilitación conferida pola disposición derradeira primeira do citado Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, sen prexuízo do establecido nas disposicións que recolle o propio real decreto de prórroga.

En consecuencia, durante a vixencia do estado de alarma e da súa prórroga, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, deberán adoptarse, na condición de autoridade competente delegada, nos termos previstos no dito real decreto e no real decreto de prórroga.

Non obstante, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, non esgotan todas as que se poden adoptar para facer fronte á crise sanitaria. Neste sentido, como prevé expresamente o seu artigo 12, cada Administración conservará as competencias que lle outorga a lexislación vixente, así como a xestión dos seus servizos e do seu persoal, para adoptar as medidas que considere necesarias, sen prexuízo do establecido no real decreto.

Polo tanto, como destaca a propia exposición de motivos do real decreto, durante a vixencia do estado de alarma as administracións sanitarias competentes en saúde pública, no non previsto nesa norma, deberán continuar adoptando as medidas necesarias para afrontar a situación de emerxencia de saúde pública ocasionada pola COVID-19, conforme a lexislación sanitaria, en particular, a Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas



especiais en materia de saúde pública, a Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, e a Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, así como a normativa autonómica correspondente.

II

Neste contexto normativo derivado do estado de alarma vixente, e ante a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia, ditouse o Decreto 45/2021, do 17 de marzo, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

Coa finalidade de manter as medidas contidas neste decreto adaptadas á evolución da situación epidemiolóxica, o Decreto 45/2021, do 17 de marzo, foi obxecto de sucesivas modificacións polos seguintes decretos: Decreto 49/2021, do 24 de marzo; Decreto 51/2021, do 26 de marzo; Decreto 54/2021, do 7 de abril; Decreto 58/2021, do 9 de abril; Decreto 59/2021, do 14 de abril; Decreto 60/2021, do 16 de abril, e Decreto 64/2021, do 23 de abril, polos que se modifica o Decreto 45/2021, do 17 de marzo, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

III

A evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia fai necesario que o presidente da Xunta de Galicia adopte novas medidas na condición de autoridade competente delegada, sen prexuízo das que, de modo complementario e compatible con elas, adopte a persoa titular da Consellería de Sanidade en exercicio das súas competencias como autoridade sanitaria autonómica.

O Comité Clínico, na súa reunión do 27 de abril de 2021, revisou a situación epidemiolóxica e sanitaria da Comunidade Autónoma.



Así, do Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 28 de abril de 2021, destácanse os seguintes datos:

O número reprodutivo instantáneo (Rt), que indica o número de contaxios orixinados por un caso activo, segue a manterse por riba do 1, o que indica un aumento na transmisión da infección. Unicamente as áreas de Ferrol, Lugo e Pontevedra se manteñen por debaixo do 1.

Do total de concellos de Galicia, 138 non notificaron casos nos últimos 14 días. O número de concellos sen casos nos últimos 7 días foi de 179. Isto supón un aumento en tres concellos a 14 días e una diminución en 4 concellos a 7 días desde hai unha semana, que era de 135 e 175, a 14 e 7 días.

Entre o 16 e o 22 de abril realizáronse 65.263 probas diagnósticas de infección activa polo virus SARS-CoV-2 (49.593 PCR e 15.760 tests de antíxenos), cunha porcentaxe de positividade do 2,46, practicamente a mesma porcentaxe que a de entre o 9 e o 15 de abril, en que era do 2,40 %.

A incidencia acumulada a 7 e 14 días é de 50 e 97 casos por cen mil habitantes, respectivamente, valores lixeiramente superiores aos observados hai 7 días, en que eran de 47 e 89 casos por cen mil habitantes, respectivamente, o que significa un aumento do 6 % e do 8 % aos 7 días e 14 días, respectivamente.

A tendencia diaria mostra, desde o 28 de decembro, tres tramos, un deles con tendencia oposta, primeiro crecente a un ritmo do 7,1 % ata o 22 de xaneiro e despois unha primeira decrecente cunha porcentaxe de cambio diario de -6 % e outro, cun aumento máis lento que semella máis unha estabilización, cunha porcentaxe de cambio diario de 0,9 %.

No que se refire á situación das áreas sanitarias, as taxas a 14 días das áreas están entre os 42,05 casos por 100.000 habitantes de Ferrol e os 139,94 de Vigo.

As taxas de incidencia a 14 días aumentaron con respecto ás de hai unha semana, agás nas áreas de Ferrol e Lugo, onde diminuíron. As áreas sanitarias da Coruña, Pontevedra e Vigo superan os 100 casos por 100.000 habitantes. Aumentaron todas as áreas a súa incidencia a 7 días, agás as áreas sanitarias de Ferrol, Lugo e Pontevedra.

A media de pacientes con COVID-19 en hospitalización de agudos nos últimos 7 días foi de 153,4, o que significa un descenso do -1,2 % con respecto a hai sete días. A taxa de



pacientes con COVID-19 en hospitalización de agudos é de 5,7 ingresados por 100.000 habitantes, cun descenso, tamén, do -1,2 % con respecto a hai 7 días. En canto aos ingresos COVID-19 nas unidades de críticos (UCI) nos últimos 7 días, a media foi de 40,0 e a taxa a 7 días de ingresados nas UCI é de 1,5 ingresados por 100.000 habitantes, o que supón un descenso do 45,1 % con respecto a hai sete días, tanto na media como na taxa.

En canto á situación epidemiolóxica dos concellos de Galicia, naqueles con poboación igual ou superior a 10.000 habitantes (54), 3 presentan unha taxa de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes, os mesmos que hai unha semana. Estes concellos son O Grove, Marín e Vilanova de Arousa. No que se refire aos concellos de menos de 10.000 habitantes (259), 11 presentan unha taxa de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes, 2 menos que no informe anterior. Acádanse taxas de incidencia iguais ou maiores de 500 casos por cen mil habitantes en 6 destes concellos.

En canto ás comarcas, están no nivel medio Vigo, O Salnés, O Morrazo, Valdeorras, Chantada, Muros e Bergantiños, cun día en nivel medio. Estaría no nivel alto A Baixa Limia. Baixaron ao nivel medio, Meira (hai 3 días) e Verín (1 día). Baixaron ao nivel medio baixo as de Quiroga (hai 5 días), A Mariña Oriental (desde hai 4 días), O Condado (3 días), A Barbanza (desde hai 2 días) e Chantada, que baixou 1 día, volveu ao nivel medio no seguinte e agora leva 2 días en medio baixo.

O informe conclúe que a tendencia da taxa de incidencia está a ascender, pero moi lentamente, desde o cambio de tendencia observado a partir do 7 de marzo. Igualmente, obsérvase un lixeiro aumento na Rt no global de Galicia, que está por riba do 1.

A taxa de incidencia a 14 días, no global de Galicia, segue por debaixo dos 100 casos por cen mil habitantes, pero estase a achegar. As áreas sanitarias da Coruña, Pontevedra e Vigo presentan unha incidencia superior aos 100 casos por cen mil habitantes. No que atinxe aos concellos de máis de 10.000 habitantes, hai tres concellos con taxas de incidencia iguais ou superiores a 250 casos por cen mil habitantes. Nos de menos de 10.000, hai 11 concellos que superan unha taxa de incidencia de 250 casos por cen mil habitantes, e 6 deles cunha taxa a 14 días superior aos 500 casos por cen mil habitantes.

O feito de que a cepa que está a circular, fundamentalmente, sexa a cepa británica pode influír nun aumento da transmisión, ao que se suma a aparición de novas variantes como a P1 do Brasil e a de Suráfrica, tamén máis transmisibles.



A ocupación por pacientes con COVID-19 na hospitalización de agudos e unidades de cuidados críticos segue a diminuír.

O criterio utilizado para aplicar os niveis de restrición aos concellos, ademais do da situación sanitaria, é o da taxa de incidencia segundo os casos por cada cen mil habitantes. Así mesmo, co obxecto de reaccionar con rapidez e eficacia fronte aos gromos, utilízase tamén como criterio o da taxa de incidencia a 7 días. Concretamente, sitúanse no nivel máximo os concellos cunha taxa de incidencia acumulada a 14 días de 500 casos por cada cen mil habitantes e/ou a 7 días de 250 casos por cada cen mil habitantes. A análise da situación de cada concello complétase coa consideración de criterios demográficos, pois debe terse en conta que en concellos de escasa poboación poucos casos poden dar lugar a taxas moi elevadas, que deben ser postas no debido contexto e co estudo por parte dos servizos de saúde pública e do comité ou do subcomité clínico das características específicas de cada gromo. Téñense en conta, ademais, outros criterios tales como a existencia de gromos non controlados ou de casos sen vínculo epidemiolóxico, así como o feito de que non se observe unha melloría clara na evolución da situación epidemiolóxica, unido a unha tendencia nas súas taxas que non vai claramente en descenso.

Non se debe esquecer que nos encontramos nun contexto de desescalada, que debe ser gradual, progresiva e segura, guiada polo principio de prudencia, para evitar así comprometer os logros acadados. Galicia conta cunha poboación especialmente envellecida e no noso territorio o virus circulou menos que noutros territorios do Estado, polo que existe un menor nivel de inmunidade natural, á espera de que o proceso de vacinación en marcha acade os resultados esperados. Aínda que a presión hospitalaria segue descendendo, hai que manter a precaución, xa que un incremento na incidencia pode comprometer esta evolución. Resulta imprescindible ser cautelosos e consolidar no tempo as medidas adoptadas recentemente, de tal xeito que sexa posible ir analizando e reaccionando fronte aos efectos que delas deriven; non obstante, a estabilización da situación permite seguir avanzando neste proceso de desescalada.

En vista dos datos contidos no informe, óptase por manter no nivel máximo de restricións os concellos de Carballeda de Valdeorras e Cualedro (Área Sanitaria de Ourense) debido ás súas taxas de incidencia a 7 e 14 días. Tamén se propón manter neste nivel máximo de restrición, aínda que as súas taxas indican un nivel alto, o concello de Vilanova de Arousa, debido a que non leva o tempo suficiente neste nivel para asegurar que a evolución da súa situación epidemiolóxica é a axeitada para garantir a diminución da transmisión da infección neste concello, que foi ascendendo de nivel sucesivamente, ademais de estar nunha comarca, a do Salnés, cunha situación epidemiolóxica desfavorable desde hai 3 semanas.



Por tal motivo, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, cómpre modificar o anexo do Decreto 45/2021, do 17 de marzo, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

IV

Tendo en conta o indicado, a situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia determina que procede ditar un novo decreto en que se adapten as medidas existentes á indicada situación.

De acordo co exposto, por proposta do conselleiro de Sanidade, e na condición de autoridade competente delegada, por delegación do Goberno da Nación, conforme o disposto nos artigos 2, 5, 6, 7, 8, 9 e 10 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2,

DISPOÑO:

Primeiro. *Modificación do anexo do Decreto 45/2021, do 17 de marzo, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2*

Modifícase o anexo do Decreto 45/2021, do 17 de marzo, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, que queda redactado nos termos previstos no anexo deste decreto.



Segundo. Eficacia, seguimento e avaliación

A eficacia das medidas previstas neste decreto comezará ás 00.00 horas do día 30 de abril de 2021.

Non obstante o anterior, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas deberán ser obxecto de seguimento e de avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria e para os efectos, de ser necesario, da súa modificación ou levantamento.

Terceiro. Recursos

Contra este decreto poderase interpor recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, conforme os artigos 12.1.a) e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, vinte e oito de abril de dous mil vinte e un

Alberto Núñez Feijóo
Presidente da Xunta de Galicia

ANEXO

Concellos en que son aplicables limitacións específicas de entrada e saída de persoas, de permanencia de grupos de persoas en espazos públicos ou privados e de permanencia en lugares de culto.

Carballeda de Valdeorras

Cualedro

Vilanova de Arousa



I. DISPOSICIÓN XERAIS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

ORDE do 23 de abril de 2021 pola que se modifica a Orde do 17 de marzo de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

I

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.

O obxecto do dito acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade.

Así mesmo, indícase no dito punto sexto, na redacción vixente, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de acordo coa normativa aplicable e en vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou en parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación das medidas concretas contidas no anexo.



Mediante o Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, declarouse o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. Esta declaración afectou todo o territorio nacional e a súa duración inicial estendeuse, conforme o disposto no seu artigo 4, ata as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020.

Conforme o artigo 2 dese real decreto, para os efectos do estado de alarma, a autoridade competente será o Goberno da Nación. En cada comunidade autónoma e cidade con estatuto de autonomía, a autoridade competente delegada será quen exerza a presidencia da comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía, nos termos establecidos no real decreto. As autoridades competentes delegadas quedan habilitadas para ditaren, por delegación do Goberno da Nación, as ordes, resolucións e disposicións para a aplicación do previsto nos artigos 5 a 11 do real decreto, sen que para iso sexa precisa a tramitación de ningún procedemento administrativo, nin será de aplicación o previsto no segundo parágrafo do artigo 8.6 e no artigo 10.8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O 29 de outubro de 2020, o Congreso dos Deputados autorizou a prórroga do estado de alarma ata o día 9 de maio de 2021. Conforme o artigo 2 do Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, a prórroga establecida no dito real decreto estenderase desde as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020 ata as 00.00 horas do día 9 de maio de 2021, e someterase ás condicións establecidas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, e nos decretos que, se é o caso, se adopten en uso da habilitación conferida pola disposición derradeira primeira do citado Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, sen prexuízo do establecido nas disposicións que recolle o propio real decreto de prórroga.

En consecuencia, durante a vixencia do estado de alarma e da súa prórroga, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, deberán adoptarse, na condición de autoridade competente delegada, nos termos previstos no dito real decreto e no real decreto de prórroga.

Non obstante, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, non esgotan todas as que poden ser adoptadas para facer fronte á crise sanitaria. Neste sentido, como prevé expresamente o seu artigo 12, cada Administración conservará as competencias que lle outorga a lexislación vixente, así como a xestión dos seus servizos e do seu persoal, para adoptar as medidas que considere necesarias, sen prexuízo do establecido no real decreto.



Polo tanto, durante a vixencia do estado de alarma e das súas prórrogas, as medidas que sexa necesario adoptar para facer fronte, na Comunidade Autónoma, á crise sanitaria serán as que poida acordar, ao abeiro da normativa do estado de alarma, o presidente da Comunidade Autónoma, como autoridade competente delegada, e as complementarias que poidan adoptar, no exercicio das súas competencias propias, as autoridades sanitarias autonómicas e, entre elas, a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, ao abeiro do disposto no punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020 citado.

II

Sentado o anterior, no contexto normativo derivado do estado de alarma vixente e ante a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia, ditouse o Decreto 31/2021, do 25 de febreiro, polo que se adoptaron medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

Esas medidas debían ser complementadas, como indica o propio decreto, con outras que procede que adopte a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade no exercicio das súas competencias propias como autoridade sanitaria autonómica.

Estas medidas complementarias establecéronse mediante a Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia. Esta orde prevía que as medidas serían obxecto de revisión constante co obxecto de avaliar a situación e adecualas á incidencia real da epidemia.

Posteriormente, revisáronse as medidas acordadas, co obxecto de adecualas á situación epidemiolóxica, e ditouse a Orde do 4 de marzo de 2021, que incluíu pequenas modificacións das medidas adoptadas e do anexo II da Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia; a Orde do 5 de marzo de 2021 por medio da cal se modificou o anexo II da Orde do 25 de febreiro de 2021; a Orde do 10 de marzo de 2021 coa que se modificaron diversos puntos do anexo I e do anexo II da Orde do 25 de febreiro de 2021, e a Orde do 12 de marzo de 2021, que modificou unicamente o anexo II.



Paralelamente, estas modificacións tiveron reflexo tamén no Decreto 39/2021, do 5 de marzo, no Decreto 40/2001, do 10 de marzo, e no Decreto 41/2021, do 12 de marzo, polos que se modificou o Decreto 31/2021, do 25 de febreiro, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

En cumprimento do compromiso acadado en relación coa revisión das medidas acordadas, co obxecto de adecualas á situación epidemiolóxica, ditáronse o Decreto 45/2021, do 17 de marzo, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2 (modificado polo Decreto 49/2021, do 24 de marzo, polo Decreto 51/2021, do 26 de marzo, polo Decreto 54/2021, do 7 de abril, polo Decreto 58/2021, do 9 de abril, polo Decreto 59/2021, do 14 de abril, e polo Decreto 60/2021, do 16 de abril), e a Orde do 17 de marzo de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, modificada polas ordes do 24 de marzo de 2021, do 26 de marzo de 2021, do 31 de marzo de 2021, do 7 de abril de 2021, do 9 de abril de 2021, do 14 de abril de 2021, e do 16 de abril de 2021.

Posteriormente, realizouse unha nova revisión da situación epidemiolóxica dos concellos de Galicia, que tivo o oportuno reflexo na Orde do 21 de abril de 2021 pola que se modifica a Orde do 17 de marzo de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

III

De conformidade co compromiso acadado, procede realizar unha nova revisión da situación epidemiolóxica dos distintos concellos.

Así, no Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 23 de abril de 2021, establécese o seguinte:

O número reprodutivo instantáneo (R_t), que indica o número de contaxios orixinados por un caso activo, ascendeu por riba do 1, o que indica que pode aumentar a transmi-



sión da infección. Nas áreas de Ferrol e Santiago está por debaixo do 1. Non obstante, a estabilización das taxas desde o 28 de febreiro pode afectar a que o Rt se achegue ao 1 ou o supere.

Do total de concellos de Galicia, 136 non notificaron casos nos últimos 14 días. O número de concellos sen casos nos últimos 7 días foi de 178. Isto supón unha diminución de 3 concellos a 14 días e de 5 concellos a 7 días sen casos, desde hai unha semana, que eran de 141 e 181, a 14 e 7 días.

A incidencia acumulada a 7 e 14 días é de 49 e 95 casos por cen mil habitantes, respectivamente, valores superiores aos observados hai 7 días, cando eran de 46 e 78 casos por cen mil habitantes, respectivamente, o que significa un aumento do 6 % aos 7 días e do 17,1 % aos 14.

A tendencia diaria mostra, desde o 28 de decembro, tres tramos, un deles con tendencia oposta, primeiro crecente, a un ritmo do 7,1 % ata o 22 de xaneiro, e despois unha primeira decrecente cunha porcentaxe de cambio diaria de -6 % e outra, cun aumento máis lento, cunha porcentaxe de cambio diaria de 0,9 %.

No que atinxe á situación das áreas sanitarias, subiron as súas taxas a 14 días, e só a Área de Santiago baixou a taxa a 7 días, con respecto a hai unha semana. Ningunha das áreas presenta taxas a 14 días con valores superiores aos 250 casos por 100.000 habitantes nin taxas a 7 días superiores aos 100 casos por 100.000 habitantes.

As taxas a 14 días das áreas están entre os 50,57 casos por 100.000 habitantes de Ferrol e os 129,81 de Pontevedra.

A media de pacientes con COVID-19 en hospitalización de agudos nos últimos 7 días foi de 155,9, o que significa un descenso do 8,2 % desde hai unha semana. A taxa de pacientes con COVID-19 en hospitalización de agudos é de 5,8 ingresados por 100.000 habitantes, cun descenso, tamén, do 8,2 % con respecto a hai 7 días.

En canto aos ingresos COVID-19 nas unidades de críticos (UCI) nos últimos 7 días, a media foi de 32,1 e a taxa a 7 días de ingresados nas UCI é de 1,2 ingresados por 100.000 habitantes, o que supón un descenso do 33,1 % con respecto a hai unha semana, tanto na media como na taxa.



No que respecta á situación dos concellos de Galicia, naqueles con poboación igual ou maior de 10.000 habitantes (54), 4 presentan unha taxa de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes, cando hai unha semana era 1. Ningún deles presenta unha taxa superior aos 500 casos por 100.000 habitantes.

No que se refire aos concellos de menos de 10.000 habitantes (259), 13 presentan unha taxa de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes, 1 máis que na semana pasada. Acádanse taxas de incidencia iguais ou maiores a 500 casos por cen mil habitantes en 6 destes concellos.

O informe conclúe que a tendencia da taxa de incidencia parece que volve ascender moi lentamente, despois do descenso observado a partir do cumio da onda o 22 de xaneiro. Igualmente, obsérvase un aumento no Rt, que no global de Galicia está por riba do 1.

O informe segue a destacar que a información do modelo de predición, en que indica que a incidencia aumentaría a modo, tanto a 7 como a 14 días, hai que tomala con cautela, xa que parte exclusivamente dos casos e non ten en conta as medidas de restrición que se están a tomar.

A taxa de incidencia a 14 días, no global de Galicia, segue por debaixo dos 100 casos por cen mil habitantes, pero estase a achegar. As áreas sanitarias de Pontevedra e Vigo presentan unha incidencia superior aos 100 casos por cen mil habitantes.

O informe sinala que o feito de que a cepa que está a circular, fundamentalmente, sexa a cepa británica pode influír nun aumento da transmisión, ao que se suma a aparición de novas variantes como a P1 de Brasil e a de Sudáfrica.

A ocupación por pacientes con COVID-19 na hospitalización de agudos e unidades de coidados críticos segue a diminuír. Non obstante, hai que manter a precaución, xa que un incremento na incidencia pode comprometer esta evolución.

Non debe esquecerse que nos atopamos nun contexto de desescalada que debe ser gradual, progresiva e segura, guiada polo principio de prudencia, para evitar así comprometer os logros acadados. Galicia conta cunha poboación especialmente envellecida e no noso territorio o virus circulou menos que noutros territorios do Estado, polo que existe un menor nivel de inmunidade natural, á espera de que o proceso de vacinación en marcha acade os resultados esperados. Resulta imprescindible ser cautelosos e consolidar no



tempo as medidas adoptadas recentemente, de tal xeito que sexa posible ir analizando e reaccionando fronte aos efectos que delas deriven.

O criterio utilizado para aplicar os niveis de restrición aos concellos, ademais do da situación sanitaria, é o da taxa de incidencia segundo os casos por cada cen mil habitantes a 14 días, situando o nivel medio baixo por debaixo de 150; o medio, entre 150 e por debaixo de 250; o alto, entre 250 e por debaixo de 500, e o máximo, na cifra de 500. Así mesmo, co obxecto de reaccionar con rapidez e eficacia fronte aos gromos, utilízase tamén como criterio o da taxa de incidencia a 7 días. A análise da situación de cada concello prevese coa consideración de criterios demográficos, pois debe terse en conta que en concellos de escasa poboación poucos casos poden dar lugar a taxas moi elevadas, que deben ser postas no debido contexto, e co estudo polos servizos de saúde pública e polo Comité e Subcomité Clínico das características específicas de cada gromo. Téñense en conta, ademais, outros criterios tales como a existencia de brotes non controlados ou de casos sen vínculo epidemiolóxico, así como o feito de que non se observe unha mellora clara na evolución da situación epidemiolóxica unido a unha tendencia nas súas taxas que non vai claramente en descenso.

Por conseguinte, en vista do indicado no citado informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, e tras escoitar as recomendacións do Subcomité Clínico reunido para estes efectos, coa situación epidemiolóxica e sanitaria da Comunidade Autónoma de Galicia, fórmulanse as seguintes propostas:

Manteríanse no nivel máximo de restricións os concellos de Carballada de Valdeorras e Cualedro (Área Sanitaria de Ourense) debido ás súas taxas de incidencia a 7 e 14 días.

Tamén se propón manter no nivel máximo, en lugar de baixalo ao nivel alto debido ás súas taxas de incidencia, os concellos do Grove (Área Sanitaria de Pontevedra) e da Pobra do Caramiñal (Área Sanitaria de Santiago). Os motivos son que se atopan en dúas comarcas cunha situación epidemiolóxica en que pode producirse un aumento da incidencia. No caso da Pobra do Caramiñal, ademais, estase a desenvolver un abrocho, con polo menos 117 casos, no que se identificaron as variantes británica e sudafricana, altamente transmisibles, polo que o risco de aumento da incidencia é moi alto e, finalmente, porque é preciso asegurar que a súa evolución segue a ser boa.

Propónse ascender do nivel alto actual ao nivel máximo o concello de Vilanova de Arousa debido a que a situación epidemiolóxica está a amosar unha evolución desfavorable desde hai varios días. Así mesmo, as razóns débense tamén a que se atopa na comarca



do Salnés, na cal a práctica totalidade dos concellos teñen medidas de restrición media ou alta, este concello resulta ser a cabeceira da comarca e, ademais, ten activos diferentes abrochos sen relación entre eles, o que implica unha elevada transmisión.

Manteríanse no nivel alto, en que xa están na actualidade e aínda que as súas taxas indican un nivel máximo, os concellos de Meira (Área Sanitaria de Lugo), Lobeira, Muíños e Petín (Área Sanitaria de Ourense). A razón é que os casos destes concellos pertencen a abrochos controlados e os seus casos a 7 días están a diminuír.

Tamén se manterían neste nivel alto, en vez de descender ao nivel medio que lles correspondería polas súas taxas, os concellos do Barco de Valdeorras (Área Sanitaria de Ourense) e Ribeira (Área Sanitaria de Santiago), xa que é preciso consolidar a evolución da situación epidemiolóxica nos dous concellos que, ademais, están en dúas comarcas cunha situación desfavorable.

Igualmente, manteríanse neste nivel alto, polas súas taxas a 7 e/ou 14 días, os concellos de Cambre (Área Sanitaria da Coruña), Marín, Meaño e Ribadumia, da Área Sanitaria de Pontevedra.

Aumentarían do nivel medio actual ao nivel alto, polas súas taxas a 7 e/ou 14 días, os concellos de Meis (Área Sanitaria de Pontevedra) e Pontearreas (Área Sanitaria de Vigo).

Propónse manter no nivel medio, tal como indican as súas taxas de incidencia a 7 e/ou 14 días ou por non levar tempo suficiente neste nivel para asegurar o control da transmisión, os concellos de Lobios (Área Sanitaria de Ourense), Carral (Área Sanitaria da Coruña), Catoira, A Illa de Arousa, Cambados, Vilagarcía de Arousa e Poio, da Área Sanitaria de Pontevedra, e os concellos de Gondomar e Vigo (Área Sanitaria de Vigo).

Tamén se propón manter no nivel medio actual, aínda que as súas taxas indicarían o nivel máximo ou alto, os concellos de Trabada e Barreiros, da Área Sanitaria de Lugo, e Cartelle, Cortegada e Padrenda, da Área Sanitaria de Ourense, porque os casos están controlados nun abrocho de orixe coñecida.

Igualmente, propónse manter neste nivel medio, aínda que as súas taxas indicarían o seu posible descenso ao nivel medio baixo, xa que ou non levan o tempo suficiente neste nivel ou é preciso asegurar que a súa situación epidemiolóxica está baixo control, os concellos de Boiro e Rianxo, da Área Sanitaria de Santiago de Compostela.



Así mesmo, propónse manter neste nivel medio o concello de Sanxenxo, da Área Sanitaria de Pontevedra, xa que, ademais de atoparse na comarca do Salnés, presenta en global unha mala evolución da súa incidencia e cómpre asegurar que a súa situación está perfectamente controlada.

Tamén se mantería neste nivel o concello de Cangas, pola necesidade de garantir que a súa incidencia se estabiliza na tendencia á baixa.

Aumentarían a este nivel medio polas súas taxas a 7 e/ou 14 días os concellos de Carnota (Área Sanitaria de Santiago), Chantada, da Área Sanitaria de Lugo, e Verín, da Área Sanitaria de Ourense.

O resto de concellos de Galicia permanecen no nivel medio baixo de restricións, con base nos criterios reflectidos anteriormente ou á espera de comprobar a evolución da súa situación epidemiolóxica.

Por outra banda, tamén se recolle na presente orde a modificación do punto 3.21 do anexo I da Orde do 17 de marzo, relativo á celebración de competicións deportivas con público, actividades en cines, teatros, auditorios, congresos e outros eventos, e espazos similares, así como en recintos ao aire libre e noutros locais e establecementos destinados a espectáculos públicos e actividades recreativas. A modificación introducida consiste en incorporar, xa que por erro non se incorporou na orde anterior, para os concellos enumerados na letra D do anexo II, a limitación do 50 % que xa se introducira na corrección de erros da Orde do 17 de marzo de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 53-bis, do 18 de marzo).

Debe insistirse, en particular, en que as medidas resultan adecuadas e eficaces de acordo cos datos expostos sobre a evolución da situación epidemiolóxica e, polo tanto, útiles para acadar o fin proposto de protección da saúde pública, na espera de que a campaña de vacinación acade os resultados que se perseguen. Debe ponderarse que aínda non estamos en niveis de transmisión que se poidan entender de risco baixo.

Así mesmo, debe manterse a protección do sistema sanitario. As medidas de limitación de determinadas actividades resultan necesarias, adecuadas e proporcionadas para o fin perseguido, que non é outro que controlar e evitar a maior difusión dunha enfermidade altamente contaxiosa respecto da cal a diferenza entre persoas enfermas e sas resulta difu-



sa, dada a posible asintomatoloxía ou levidade dos síntomas e a existencia dun período no cal non hai indicios externos da enfermidade.

En concreto, trátase de evitar especialmente aglomeracións ou encontros entre persoas, co fin de garantir o mantemento da distancia de seguridade e reducir o risco de contacto físico ou proximidade en condicións favorecedoras do contaxio. Debe lembrarse, neste sentido, que o Auto 40/2020, do 30 de abril de 2020, do Tribunal Constitucional, no seu fundamento xurídico cuarto, ao ponderar a relevancia das especiais circunstancias derivadas da crise sanitaria creada pola pandemia no exercicio do dereito de reunión, salientou como, ante a incerteza sobre as formas de contaxio, sobre o impacto real da propagación do virus, así como sobre as consecuencias a medio e longo prazo para a saúde das persoas que se viron afectadas, as medidas de distanciamento social e de limitación extrema dos contactos e actividades grupais son as únicas que se demostraron eficaces para limitar os efectos dunha pandemia de dimensións descoñecidas ata a data. Deste modo, as medidas de limitación de determinadas actividades van dirixidas a limitar os contactos e a interacción social e, polo tanto, a transmisión da enfermidade, en situacións nas cales cabe apreciar un maior risco polas circunstancias en que se realizan, especialmente en lugares pechados.

Tendo en conta o exposto, e tras escoitar as recomendacións do Subcomité Clínico reunido para estes efectos e visto o informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, procede reiterar as medidas xa aprobadas coas modificacións previstas na presente orde.

IV

As medidas que se adoptan nesta orde teñen o seu fundamento normativo na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 a 38 ter da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para adoptar as medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica existente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, coa urxencia que a protección da saúde pública demanda.



Na súa virtude, en aplicación do punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. Modificación da Orde do 17 de marzo de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia

Un. Modifícase o parágrafo segundo do punto 3.21 do anexo I da Orde do 17 de marzo pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado do xeito seguinte:

«Non obstante, nos concellos enumerados na letra D do anexo II, o límite máximo poderá chegar ás cincocentas persoas para lugares pechados e ás mil persoas se se trata de actividades ao aire libre, sen superar o cincuenta por cento da capacidade permitida.».

Dous. Modifícase o anexo II da Orde do 17 de marzo de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado segundo o anexo da presente orde.

Segundo. Eficacia

As medidas previstas nesta orde terán efectos desde as 00.00 horas do día 26 de abril de 2021. Non obstante o anterior, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, serán obxecto de seguimento e avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser modificadas ou levantadas mediante orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2021

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade



ANEXO II**A) Concellos con nivel de restricción máxima.**

Carballeda de Valdeorras
Cualedro
Grove (O)
Pobra do Caramiñal (A)
Vilanova de Arousa

B) Concellos con nivel de restricción alta.

Barco de Valdeorras (O)
Cambre
Lobeira
Marín
Meaño
Meira
Meis
Muíños
Petín
Ponteareas
Ribadumia
Ribeira

C) Concellos con nivel de restricción media.

Barreiros
Boiro
Cambados
Cangas
Carnota
Carral
Cartelle
Catoira
Chantada
Cortegada
Gondomar



Illa de Arousa (A)
Lobios
Padrenda
Poio
Rianxo
Sanxenxo
Trabada
Verín
Vigo
Vilagarcía de Arousa

D) Concellos con nivel de restrición media baixa.

Abadín
Abegondo
Agolada
Alfoz
Allariz
Ames
Amoeiro
Antas de Ulla
Aranga
Arbo
Ares
Arnoia (A)
Arteixo
Arzúa
Avión
Baiona
Baleira
Baltar
Bande
Baña (A)
Baños de Molgas
Baralla
Barbadás
Barro



Beade
Beariz
Becerreá
Begonte
Bergondo
Betanzos
Blancos (Os)
Boborás
Bola (A)
Bolo (O)
Boqueixón
Bóveda
Boimorto
Brión
Bueu
Burela
Cabana de Bergantiños
Cabanas
Caldas de Reis
Calvos de Randín
Camariñas
Campo Lameiro
Cañiza (A)
Capela (A)
Carballeda de Avia
Carballedo
Carballiño (O)
Carballo
Cariño
Castrelo de Miño
Castrelo do Val
Castro Caldelas
Castro de Rei
Castroverde
Cedeira
Cee
Celanova



Cenlle
Cereda
Cerdedo-Cotobade
Cerdido
Cervantes
Cervo
Chandrexa de Queixa
Coirós
Coles
Corcubión
Corgo (O)
Coristanco
Coruña (A)
Cospeito
Covelo
Crecente
Culleredo
Cuntis
Curtis
Dodro
Dozón
Dumbría
Entrimo
Esgos
Estrada (A)
Fene
Ferrol
Fisterra
Folgo do Courel
Fonsagrada (A)
Forcarei
Fornelos de Montes
Foz
Frades
Friol
Gomesende
Guarda (A)



Gudiña (A)
Guitiriz
Guntín
Incio (O)
Irixe (O)
Irixoa
Lalín
Lama (A)
Láncara
Laracha (A)
Larouco
Laxe
Laza
Leiro
Lourenzá
Lousame
Lugo
Maceda
Malpica de Bergantiños
Manzaneda
Mañón
Maside
Mazaricos
Melide
Melón
Merca (A)
Mesía
Mezquita (A)
Miño
Moaña
Moeche
Mondariz-Balneario
Mondariz
Mondoñedo
Monfero
Monforte de Lemos
Montederramo



Monterrei
Monterroso
Moraña
Mos
Mugardos
Muras
Muros
Muxía
Narón
Navia de Suarna
Neda
Negreira
Negueira de Muñiz
Neves (As)
Nigrán
Nogais (As)
Nogueira de Ramuín
Noia
Oia
Oímbra
Oleiros
Ordes
Oroso
Ortigueira
Ourense
Ouroi
Outeiro de Rei
Outes
Oza-Cesuras
Paderne de Allariz
Paderne
Padrón
Palas de Rei
Pantón
Parada de Sil
Paradela
Páramo (O)



Pastoriza (A)
Pazos de Borbén
Pedrafita do Cebreiro
Pereiro de Aguiar (O)
Peroxa (A)
Pino (O)
Piñor
Pobra de Trives (A)
Pobra do Brollón (A)
Pol
Ponte Caldelas
Pontecesures
Ponteceso
Pontedeume
Pontedeva
Pontenova (A)
Pontes de García Rodríguez (As)
Pontevedra
Porqueira
Porriño (O)
Portas
Porto do Son
Portomarín
Punxín
Quintela de Leirado
Quiroga
Rábade
Rairiz de Veiga
Ramirás
Redondela
Ribadavia
Ribadeo
Ribas de Sil
Ribeira de Piquín
Riós
Riotorto
Rodeiro



Rois
Rosal (O)
Rúa (A)
Rubiá
Sada
Salceda de Caselas
Salvaterra de Miño
Samos
San Amaro
San Cibrao das Viñas
San Cristovo de Cea
San Sadurniño
San Xoán de Río
Sandiás
Santa Comba
Santiago de Compostela
Santiso
Sarreaus
Sarria
Saviñao (O)
Silleda
Sober
Sobrado
Somozas (As)
Soutomaior
Taboada
Taboadela
Teixeira (A)
Teo
Toén
Tomiño
Toques
Tordoia
Touro
Trasmiras
Trazo
Triacastela



Tui
Val do Dubra
Valadouro (O)
Valdoviño
Valga
Vedra
Veiga (A)
Verea
Viana do Bolo
Vicedo (O)
Vilaboa
Vila de Cruces
Vilalba
Vilamarín
Vilamartín de Valdeorras
Vilar de Barrio
Vilar de Santos
Vilardevós
Vilariño de Conso
Vilarmaior
Vilasantar
Vimianzo
Viveiro
Xermade
Xinzo de Limia
Xove
Xunqueira de Ambía
Xunqueira de Espadanedo
Zas



I. DISPOSICIÓN XERAIS**PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA**

DECRETO 64/2021, do 23 de abril, polo que se modifica o Decreto 45/2021, do 17 de marzo, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

I

A expansión do coronavirus COVID-19 xerou unha crise sanitaria sen precedentes recentes. Así, tras a elevación pola Organización Mundial da Saúde da situación de emerxencia de saúde pública pola dita causa a nivel de pandemia internacional e a adopción, por algunhas comunidades autónomas como a galega, de medidas de prevención, mediante o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, declarouse o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, declaración que afectou todo o territorio nacional, cunha duración inicial de quince días naturais, pero que foi obxecto de sucesivas prórrogas autorizadas polo Congreso dos Deputados.

O levantamento dese estado de alarma, con todo, non puxo fin á crise sanitaria, o que xustificou a adopción de medidas como as previstas, no ámbito estatal, no Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, así como as medidas de prevención que foron adoptando as diferentes comunidades autónomas. En concreto, no caso da Comunidade Autónoma de Galicia, a resposta á crise sanitaria foi, fundamentalmente, ademais do mantemento da declaración de situación de emerxencia sanitaria efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, a adopción, ao abeiro da lexislación sanitaria, ordinaria e orgánica, de medidas de prevención tanto de carácter xeral, para todo o territorio autonómico, como, de maneira específica, a través de diferentes ordes da persoa titular da Consellería de Sanidade, en atención á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

Mediante o Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, declarouse o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. Esa declaración afectou todo o territorio nacional e a súa duración inicial estendíase, conforme o disposto no seu artigo 4, ata as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020.



Conforme o artigo 2 do dito real decreto, para os efectos do estado de alarma, a autoridade competente será o Goberno da Nación. En cada comunidade autónoma e cidade con estatuto de autonomía, a autoridade competente delegada será quen desempeñe a presidencia da comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía, nos termos establecidos no real decreto. As autoridades competentes delegadas quedan habilitadas para ditaren, por delegación do Goberno da Nación, as ordes, resolucións e disposicións para a aplicación do previsto nos artigos 5 ao 11 do real decreto, sen que para iso sexa preciso tramitar ningún procedemento administrativo, nin será de aplicación o previsto no segundo parágrafo do artigo 8.6 e no artigo 10.8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

En concreto, o artigo 6 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, prevé que a autoridade competente delegada que corresponda poderá limitar a entrada e saída de persoas no territorio de cada comunidade autónoma ou en ámbitos territoriais de carácter xeograficamente inferiores á comunidade autónoma, coas excepcións previstas no artigo 6.1.

Pola súa banda, o artigo 7 do mesmo texto normativo dispón que a permanencia de grupos de persoas en espazos de uso público, tanto pechados como ao aire libre, quedará condicionada a que non se supere o número máximo de seis persoas, salvo que se trate de conviventes, e sen prexuízo das excepcións que se establezan en relación con dependencias, instalacións e establecementos abertos ao público. A permanencia de grupos de persoas en espazos de uso privado quedará condicionada a que non se supere o número máximo de seis persoas, salvo que se trate de conviventes. No caso das agrupacións en que se inclúan tanto persoas conviventes como persoas non conviventes, o número máximo será de seis persoas. Conforme o artigo 9, a eficacia desta medida nunha comunidade autónoma producirase cando a autoridade competente delegada o determine. Ademais, o artigo 7 recolle a posibilidade de que a autoridade competente delegada correspondente determine, no seu ámbito territorial, en vista da evolución dos indicadores sanitarios, epidemiolóxicos, sociais, económicos e de mobilidade, logo de comunicación ao Ministerio de Sanidade e de acordo co previsto no artigo 13, que o número máximo sexa inferior a seis persoas, salvo que se trate de conviventes. Así mesmo, as autoridades competentes delegadas poderán, no seu ámbito territorial, establecer excepcións respecto das persoas menores ou dependentes, así como calquera outra flexibilización da limitación.

De acordo co artigo 8 do real decreto, a autoridade competente delegada poderá limitar a permanencia de persoas en lugares de culto mediante a fixación de limitación de capacidade para reunións, celebracións e encontros relixiosos, atendendo ao risco de transmi-



sión que poida resultar dos encontros colectivos, sen que tal limitación poida afectar, en ningún caso, o exercicio privado e individual da liberdade relixiosa.

E, conforme o artigo 10 da norma, a autoridade competente delegada en cada comunidade autónoma poderá, no seu ámbito territorial, en vista da evolución dos indicadores sanitarios, epidemiolóxicos, sociais, económicos e de mobilidade, logo de comunicación ao Ministerio de Sanidade, e de acordo co previsto no artigo 13, modular, flexibilizar e suspender a aplicación das medidas previstas nos artigos 6, 7 e 8, co alcance e ámbito territorial que determine.

O 29 de outubro de 2020, o Congreso dos Deputados autorizou a prórroga do estado de alarma ata o 9 de maio de 2021. Conforme o artigo 2 do Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, a prórroga establecida no dito real decreto estenderase desde as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020 ata as 00.00 horas do día 9 de maio de 2021, e someterase ás condicións establecidas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, e nos decretos que, se é o caso, se adopten en uso da habilitación conferida pola disposición derradeira primeira do citado Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, sen prexuízo do establecido nas disposicións que recolle o propio real decreto de prórroga.

En consecuencia, durante a vixencia do estado de alarma e da súa prórroga, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, deberán adoptarse, na condición de autoridade competente delegada, nos termos previstos no dito real decreto e no real decreto de prórroga.

Non obstante, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, non esgotan todas as que se poden adoptar para facer fronte á crise sanitaria. Neste sentido, como prevé expresamente o seu artigo 12, cada Administración conservará as competencias que lle outorga a lexislación vixente, así como a xestión dos seus servizos e do seu persoal, para adoptar as medidas que considere necesarias, sen prexuízo do establecido no real decreto.

Polo tanto, como destaca a propia exposición de motivos do real decreto, durante a vixencia do estado de alarma as administracións sanitarias competentes en saúde pública, no non previsto nesa norma, deberán continuar adoptando as medidas necesarias para afrontar a situación de emerxencia de saúde pública ocasionada pola COVID-19, confor-



me a lexislación sanitaria, en particular, a Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública, a Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, e a Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, así como a normativa autonómica correspondente.

II

Neste contexto normativo derivado do estado de alarma vixente, e ante a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia, ditouse o Decreto 45/2021, do 17 de marzo, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

Coa finalidade de manter as medidas contidas neste decreto adaptadas á evolución da situación epidemiolóxica, o Decreto 45/2021, do 17 de marzo, foi obxecto de sucesivas modificacións polos seguintes decretos: Decreto 49/2021, do 24 de marzo; Decreto 51/2021, do 26 de marzo; Decreto 54/2021, do 7 de abril; Decreto 58/2021, do 9 de abril; Decreto 59/2021, do 14 de abril, e Decreto 60/2021, do 16 de abril, polo que se modifica o Decreto 45/2021, do 17 de marzo, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

III

A evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia fai necesario que o presidente da Xunta de Galicia adopte novas medidas na condición de autoridade competente delegada, sen prexuízo das que, de modo complementario e compatible con elas, adopte a persoa titular da Consellería de Sanidade en exercicio das súas competencias como autoridade sanitaria autonómica.

O Subcomité Clínico, na súa reunión do 23 de abril de 2021, revisou a situación epidemiolóxica e sanitaria da Comunidade Autónoma.



Así, do Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública do 23 de abril de 2021 destácanse os seguintes datos:

O número reprodutivo instantáneo (Rt), que indica o número de contaxios orixinados por un caso activo, ascendeu por riba do 1, o que indica que pode aumentar a transmisión da infección. Nas áreas de Ferrol e Santiago está por debaixo do 1. Non obstante, a estabilización das taxas desde o 28 de febreiro pode afectar a que o Rt se achegue ao 1 ou o supere.

Do total de concellos de Galicia, 136 non notificaron casos nos últimos 14 días. O número de concellos sen casos nos últimos 7 días foi de 178. Isto supón unha diminución de 3 concellos a 14 días e de 5 concellos a 7 días sen casos, desde hai una semana, en que eran de 141 e 181, a 14 e 7 días.

A incidencia acumulada a 7 e 14 días é de 49 e 95 casos por cen mil habitantes, respectivamente, valores superiores aos observados hai 7 días, cando eran de 46 e 78 casos por cen mil habitantes, respectivamente, o que significa un aumento do 6 % aos 7 días e do 17,1 % aos 14 días.

A tendencia diaria mostra, desde o 28 de decembro, tres tramos, un deles con tendencia oposta, primeiro crecente, a un ritmo do 7,1 % ata o 22 de xaneiro, e despois unha primeira decrecente, cunha porcentaxe de cambio diaria de -6 % e outro, cun aumento máis lento, cunha porcentaxe de cambio diaria de 0,9 %.

No que atinxe á situación das áreas sanitarias, subiron as súas taxas a 14 días, e só a Área de Santiago baixou a taxa a 7 días, a respecto de hai unha semana. Ningunha das áreas presenta taxas a 14 días con valores superiores aos 250 casos por 100.000 habitantes nin taxas a 7 días superiores aos 100 casos por 100.000 habitantes. As taxas a 14 días das áreas están entre os 50,57 casos por 100.000 habitantes de Ferrol e os 129,81 de Pontevedra.

A media de pacientes COVID-19 en hospitalización de agudos nos últimos 7 días foi de 155,9, o que significa un descenso do 8,2 % desde hai unha semana. A taxa de pacientes COVID-19 en hospitalización de agudos é de 5,8 ingresados por 100.000 habitantes, cun descenso, tamén, do 8,2 % a respecto de hai 7 días. En canto aos ingresos COVID-19 nas unidades de críticos (UCI) nos últimos 7 días, a media foi de 32,1 e a taxa a 7 días de ingresados nas UCI é de 1,2 ingresados por 100.000 habitantes, o que supón un descenso do 33,1 % a respecto de hai unha semana, tanto na media como na taxa.



No que respecta á situación dos concellos de Galicia, naqueles con poboación igual ou maior de 10.000 habitantes (54), 4 presentan unha taxa de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes, cando hai unha semana era 1. Ningún deles presenta unha taxa superior aos 500 casos por 100.000 habitantes. No que se refire aos concellos de menos de 10.000 habitantes (259), 13 presentan unha taxa de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes, 1 máis que na semana pasada. Acádanse taxas de incidencia iguais ou maiores a 500 casos por cen mil habitantes en 6 destes concellos.

O informe conclúe que a tendencia da taxa de incidencia parece que volve ascender moi lentamente, despois do descenso observado a partir do cumio da onda o 22 de xaneiro. Igualmente, obsérvase un aumento no Rt, que no global de Galicia está por riba do 1. A taxa de incidencia a 14 días, no global de Galicia, segue por debaixo dos 100 casos por cen mil habitantes, pero estase a achegar. As áreas sanitarias de Pontevedra e Vigo presentan unha incidencia superior aos 100 casos por cen mil habitantes.

O feito de que a cepa que está a circular, fundamentalmente, sexa a cepa británica pode influír nun aumento da transmisión, ao que se suma a aparición de novas variantes como a P1 de Brasil e a de Sudáfrica.

A ocupación por pacientes COVID-19 na hospitalización de agudos e unidades de cuidados críticos segue a diminuír. Non obstante, hai que manter a precaución, xa que un incremento na incidencia pode comprometer esta evolución.

O criterio utilizado para aplicar os niveis de restrición aos concellos, ademais do da situación sanitaria, é o da taxa de incidencia segundo os casos por cada cen mil habitantes. Así mesmo, co obxecto de reaccionar con rapidez e eficacia fronte aos gromos, utilízase tamén como criterio o da taxa de incidencia a 7 días. Concretamente, sitúanse no nivel máximo os concellos cunha taxa de incidencia acumulada a 14 días de 500 casos por cada cen mil habitantes e/ou a 7 días de 250 casos por cada cen mil habitantes. A análise da situación de cada concello complétase coa consideración de criterios demográficos, pois debe terse en conta que en concellos de escasa poboación poucos casos poden dar lugar a taxas moi elevadas, que deben ser postas no debido contexto, e co estudo por parte dos servizos de saúde pública e do Comité ou do Subcomité Clínico das características específicas de cada gromo. Téñense en conta, ademais, outros criterios tales como a existencia de brotes non controlados ou de casos sen vínculo epidemiolóxico, así como o feito de que non se observe unha mellora clara na evolución da situación epidemiolóxica, unido a unha tendencia nas súas taxas que non vai claramente en descenso.



Non se debe esquecer que nos encontramos nun contexto de desescalada, que debe ser gradual, progresiva e segura, guiada polo principio de prudencia, para evitar así comprometer os logros acadados. Galicia conta cunha poboación especialmente envellecida e no noso territorio o virus circulou menos que noutros territorios do Estado, polo que existe un menor nivel de inmunidade natural, á espera de que o proceso de vacinación en marcha acade os resultados esperados. Aínda que a presión hospitalaria segue descendendo, hai que manter a precaución, xa que un incremento na incidencia pode comprometer esta evolución. Resulta imprescindible ser cautelosos e consolidar no tempo as medidas adoptadas recentemente, de tal xeito que sexa posible ir analizando e reaccionando fronte aos efectos que delas deriven; non obstante, a estabilización da situación permite seguir avanzando neste proceso de desescalada.

En vista dos datos contidos no informe, óptase por manter no nivel máximo de restricións os concellos de Carballeda de Valdeorras e Cualedro (Área Sanitaria de Ourense) debido ás súas taxas de incidencia a 7 e 14 días. Tamén se propón manter no nivel máximo, en lugar de baixalo ao nivel alto que indican as súas taxas, os concellos do Grove (Área Sanitaria de Pontevedra) e A Pobra do Caramiñal (Área Sanitaria de Santiago), debido a que se atopan en dúas comarcas cunha situación epidemiolóxica en que se pode producir un aumento da incidencia. No caso da Pobra do Caramiñal, ademais, estase a desenvolver un abrocho, con polo menos 117 casos, en que se identificaron as variantes británica e sudafricana, altamente transmisibles, polo que o risco de aumento da incidencia é moi alto e, finalmente, é preciso asegurar que a súa evolución segue a ser boa.

Tamén ascende do nivel alto actual ao nivel máximo o concello de Vilanova de Arousa, xa que a situación epidemiolóxica está a amosar unha evolución desfavorable desde hai varios días, e se encontra na comarca do Salnés, na cal a práctica totalidade dos concellos teñen medidas de restrición media ou alta, é a cabeceira da comarca e ten activos diferentes abrochos sen relación entre eles, o que implica unha elevada transmisión.

Por tal motivo, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, cómpre modificar o punto cuarto (limitación da mobilidade nocturna) do Decreto 45/2021, do 17 de marzo, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto



polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

IV

Tendo en conta o indicado, a situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia determina que procede ditar un novo decreto en que se adapten as medidas existentes á indicada situación.

De acordo co exposto, por proposta do conselleiro de Sanidade, e na condición de autoridade competente delegada, por delegación do Goberno da Nación, conforme o disposto nos artigos 2, 5, 6, 7, 8, 9 e 10 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2,

DISPOÑO:

Primeiro. Modificación do anexo do Decreto 45/2021, do 17 de marzo, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2

Modifícase o anexo do Decreto 45/2021, do 17 de marzo, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, que queda redactado nos termos previstos no anexo deste decreto.

Segundo. Eficacia, seguimento e avaliación

A eficacia das medidas previstas neste decreto comezará ás 00.00 horas do día 26 de abril de 2021.

Non obstante o anterior, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas deberán ser obxecto de seguimento e de avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria e para os efectos, de ser necesario, da súa modificación ou levantamento.



Terceiro. Recursos

Contra este decreto poderase interpor recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, conforme os artigos 12.1.a) e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, vinte e tres de abril de dous mil vinte e un

Alberto Núñez Feijóo
Presidente da Xunta de Galicia

ANEXO**Concellos en que son aplicables limitacións específicas de entrada e saída de persoas, de permanencia de grupos de persoas en espazos públicos ou privados e de permanencia en lugares de culto**

Carballeda de Valdeorras.

Cualedro.

Grove (O).

Pobra do Caramiñal (A).

Vilanova de Arousa.



I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 21 de abril de 2021 pola que se modifica a Orde do 17 de marzo de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

I

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.

O obxecto do dito acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade.

Así mesmo, indícase no dito punto sexto, na redacción vixente, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de acordo coa normativa aplicable e en vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou en parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación das medidas concretas contidas no anexo.

CVE-DOG: 8snzkic7-ccc0-ban9-ceh9-gbsz5ivzjxv6



Mediante o Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, declarouse o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. Esta declaración afectou todo o territorio nacional e a súa duración inicial estendeuse, conforme o disposto no seu artigo 4, ata as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020.

Conforme o artigo 2 dese real decreto, para os efectos do estado de alarma, a autoridade competente será o Goberno da Nación. En cada comunidade autónoma e cidade con estatuto de autonomía, a autoridade competente delegada será quen exerza a presidencia da comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía, nos termos establecidos no real decreto. As autoridades competentes delegadas quedan habilitadas para ditaren, por delegación do Goberno da Nación, as ordes, resolucións e disposicións para a aplicación do previsto nos artigos 5 ao 11 do real decreto, sen que para iso sexa precisa a tramitación de ningún procedemento administrativo, nin será de aplicación o previsto no segundo parágrafo do artigo 8.6 e no artigo 10.8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O 29 de outubro de 2020, o Congreso dos Deputados autorizou a prórroga do estado de alarma ata o día 9 de maio de 2021. Conforme o artigo 2 do Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, a prórroga establecida no dito real decreto estenderase desde as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020 ata as 00.00 horas do día 9 de maio de 2021, e someterase ás condicións establecidas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, e nos decretos que, se é o caso, se adopten en uso da habilitación conferida pola disposición derradeira primeira do citado Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, sen prexuízo do establecido nas disposicións que recolle o propio real decreto de prórroga.

En consecuencia, durante a vixencia do estado de alarma e da súa prórroga, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, deberán adoptarse, na condición de autoridade competente delegada, nos termos previstos no dito real decreto e no real decreto de prórroga.

Non obstante, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, non esgotan todas as que poden ser adoptadas para facer fronte á crise sanitaria. Neste sentido, como prevé expresamente o seu artigo 12, cada Administración conservará as competencias que lle outorga a lexislación vixente, así como a xestión dos seus servizos e do seu persoal, para adoptar as medidas que considere necesarias, sen prexuízo do establecido no real decreto.



Polo tanto, durante a vixencia do estado de alarma e das súas prórrogas, as medidas que sexa necesario adoptar para facer fronte, na Comunidade Autónoma, á crise sanitaria serán as que poida acordar, ao abeiro da normativa do estado de alarma, o presidente da Comunidade Autónoma, como autoridade competente delegada, e as complementarias que poidan adoptar, no exercicio das súas competencias propias, as autoridades sanitarias autonómicas e, entre elas, a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, ao abeiro do disposto no punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020 citado.

II

Sentado o anterior, no contexto normativo derivado do estado de alarma vixente e ante a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia, ditouse o Decreto 31/2021, do 25 de febreiro, polo que se adoptaron medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

Esas medidas debían ser complementadas, como indica o propio decreto, con outras que procede que adopte a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade no exercicio das súas competencias propias como autoridade sanitaria autonómica.

Estas medidas complementarias establecéronse mediante a Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia. Esta orde prevía que as medidas serían obxecto de revisión constante co obxecto de avaliar a situación e adecualas á incidencia real da epidemia.

Posteriormente, revisáronse as medidas acordadas, co obxecto de adecualas á situación epidemiolóxica, e ditouse a Orde do 4 de marzo de 2021, que incluíu pequenas modificacións das medidas adoptadas e do anexo II da Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia; a Orde do 5 de marzo de 2021 por medio da cal se modificou o anexo II da Orde do 25 de febreiro de 2021; a Orde do 10 de marzo de 2021 coa que se modificaron diversos puntos do anexo I e do anexo II da Orde do 25 de febreiro de 2021, e a Orde do 12 de marzo de 2021, que modificou unicamente o anexo II.



Paralelamente, estas modificacións tiveron reflexo tamén no Decreto 39/2021, do 5 de marzo, no Decreto 40/2001, do 10 de marzo, e no Decreto 41/2021, do 12 de marzo, polos que se modificou o Decreto 31/2021, do 25 de febreiro, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

En cumprimento do compromiso acadado en relación coa revisión das medidas acordadas, co obxecto de adecualas á situación epidemiolóxica, ditáronse o Decreto 45/2021, do 17 de marzo, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2 (modificado polo Decreto 49/2021, do 24 de marzo, polo Decreto 51/2021, do 26 de marzo, polo Decreto 54/2021, do 7 de abril, polo Decreto 58/2021, do 9 de abril, polo Decreto 59/2021, do 14 de abril, e polo Decreto 60/2021, do 16 de abril), e a Orde do 17 de marzo de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, modificada polas ordes do 24 de marzo de 2021, do 26 de marzo de 2021, do 31 de marzo de 2021, do 7 de abril de 2021, do 9 de abril de 2021, e do 14 de abril de 2021.

Posteriormente, realizouse unha nova revisión da situación epidemiolóxica dos concellos de Galicia, que tivo o oportuno reflexo na Orde do 16 de abril de 2021 pola que se modifica o anexo II da Orde do 17 de marzo de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

III

De conformidade co compromiso acadado, procede realizar unha nova revisión da situación epidemiolóxica dos distintos concellos.

Así, no Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 21 de abril de 2021, establécese o seguinte:

O número reprodutivo instantáneo (R_t), que indica o número de contaxios orixinados por un caso activo, está por riba do 1, con todas as áreas sanitarias superándoo, agás as de



Santiago, Ferrol e Ourense, en que baixou do 1. Non obstante, a relativa estabilización das taxas pode afectar que o Rt se achegue ao 1 ou o supere.

Do total de concellos de Galicia, 135 non notificaron casos nos últimos 14 días. O número de concellos sen casos nos últimos 7 días foi de 175. Isto supón unha diminución en 7 concellos a 14 días e o mesmo número de concellos a 7 días desde hai unha semana, que era de 142 e 175, a 14 e 7 días, respectivamente.

Entre o 9 e o 15 de abril, realizáronse 61.745 probas diagnósticas de infección activa polo virus SARS-CoV-2 (44.315 PCR e 17.430 tests de antíxenos). A porcentaxe de positividade é practicamente a mesma que a de entre o 2 e o 8 de abril, que era do 2,40 %.

A incidencia acumulada a 7 e 14 días é de 47 e 89 casos por cen mil habitantes, respectivamente, valores superiores aos observados hai 7 días, en que eran de 42 e 75 casos por cen mil habitantes, respectivamente, o que significa un aumento do 10,6 % aos 7 días e do 15,7 % aos 14.

A tendencia diaria mostra, desde o 28 de decembro, tres tramos, un deles con tendencia oposta, primeiro crecente a un ritmo do 7,1 % ata o 22 de xaneiro e despois unha primeira decrecente cunha porcentaxe de cambio diaria de -6 % e outro, cun aumento máis lento, cunha porcentaxe de cambio diaria de 0,8 %.

No que atinxe á situación das áreas sanitarias, as taxas de incidencia a 14 días aumentaron respecto de hai 7 días. A Área de Santiago diminuíu a súa taxa a 7 días. Ningunha das áreas presenta taxas a 14 días con valores superiores aos 250 casos por 100.000 habitantes, non obstante, a 14 días as áreas sanitarias de Pontevedra e Vigo superan os 100 casos por 100.000 habitantes. Ningunha das áreas sanitarias ten taxas a 7 días superiores aos 100 casos por 100.000 habitantes.

As taxas a 14 días das áreas están entre os 50,04 casos por 100.000 habitantes de Ferrol e os 129,81 de Pontevedra.

A media de pacientes con COVID-19 en hospitalización de agudos nos últimos 7 días foi de 155,3, o que significa un descenso do 11,3 % a respecto de hai sete días. A taxa de pacientes con COVID-19 en hospitalización de agudos é de 5,7 ingresados por 100.000 habitantes, cun descenso, tamén, do 11,3 % a respecto de hai 7 días.



En canto aos ingresos COVID-19 nas unidades de críticos (UCI) nos últimos 7 días, a media foi de 27,6 e a taxa a 7 días de ingresados nas UCI é de 1,0 ingresados por 100.000 habitantes, o que supón un descenso do 10,3 % a respecto de hai sete días, tanto na media como na taxa.

No que atinxe á situación epidemiolóxica dos concellos de Galicia, naqueles con poboación igual ou maior de 10.000 habitantes (54), 3 presentan unha taxa de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes, o que supón 2 concellos máis que hai 7 días. Estes concellos son Cambre, O Grove e Vilanova de Arousa. O Grove presenta unha taxa a 14 días superior aos 500 casos por 100.000 habitantes.

No que se refire aos concellos de menos de 10.000 habitantes (259), 13 presentan unha taxa de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes, 6 máis que hai unha semana. Acádanse taxas de incidencia iguais ou maiores a 500 casos por cen mil habitantes en 6 destes concellos.

O informe conclúe que a tendencia da taxa de incidencia parece que presenta un lixeiro ascenso, despois do descenso observado a partir do cumio da onda o 22 de xaneiro. Igualmente, obsérvase un aumento no Rt, que no global de Galicia está por riba do 1, pero practicamente igual que hai 7 días.

O informe destaca que a información do modelo de predición, en que indica que a incidencia a 7 días permanece estable e a 14 días semella que tamén, hai que tomala con cautela, xa que parte exclusivamente dos casos e non ten en conta as medidas de restrición que se están a tomar.

A taxa de incidencia a 14 días, no global de Galicia, segue por debaixo dos 100 casos por cen mil habitantes ($c/10^5h$), e as áreas sanitarias de Pontevedra e Vigo presentan unha incidencia superior aos 100 casos por cen mil habitantes.

No que atinxe aos concellos de máis de 10.000 habitantes, hai tres concellos con taxas de incidencia iguais ou superiores a 250 por cen mil habitantes. Nos de menos de 10.000, hai 13 concellos que superen unha taxa de incidencia de 250 por cen mil habitantes, con 6 deles cunha taxa a 14 días superior aos 500 por cen mil habitantes.

O informe engade que o feito de que a cepa que está a circular, fundamentalmente, sexa a cepa británica pode influír nun aumento da transmisión, ao que se suma a aparición de novas variantes como a P1 de Brasil e a de Sudáfrica.



A ocupación por pacientes con COVID-19 na hospitalización de agudos e unidades de cuidados críticos segue a diminuír.

Non debe esquecerse que nos atopamos nun contexto de desescalada que debe ser gradual, progresiva e segura, guiada polo principio de prudencia, para evitar así comprometer os logros acadados. Galicia conta cunha poboación especialmente envellecida e no noso territorio o virus circulou menos que noutros territorios do Estado, polo que existe un menor nivel de inmunidade natural, á espera de que o proceso de vacinación en marcha acade os resultados esperados. Resulta imprescindible ser cautelosos e consolidar no tempo as medidas adoptadas recentemente, de tal xeito que sexa posible ir analizando e reaccionando fronte aos efectos que delas deriven.

O criterio utilizado para aplicar os niveis de restrición aos concellos, ademais do da situación sanitaria, é o da taxa de incidencia segundo os casos por cada cen mil habitantes a 14 días, situando o nivel medio baixo por debaixo de 150; o medio, entre 150 e por debaixo de 250; o alto, entre 250 e por debaixo de 500, e o máximo, na cifra de 500. Así mesmo, co obxecto de reaccionar con rapidez e eficacia fronte aos gromos, utilízase tamén como criterio o da taxa de incidencia a 7 días. A análise da situación de cada concello prevese coa consideración de criterios demográficos, pois debe terse en conta que en concellos de escasa poboación poucos casos poden dar lugar a taxas moi elevadas, que deben ser postas no debido contexto, e co estudo polos servizos de saúde pública e polo comité e subcomité clínico das características específicas de cada gromo.

Por conseguinte, en vista do indicado no citado informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, e tras escoitar as recomendacións do comité clínico reunido para estes efectos, coa situación epidemiolóxica e sanitaria da Comunidade Autónoma de Galicia, fórmulanse as seguintes propostas:

Manteríanse no nivel máximo de restricións os concellos do Grove (Área Sanitaria de Pontevedra), os concellos de Carballeda de Valdeorras e Cualedro (Área Sanitaria de Ourense) debido ás súas taxas de incidencia a 7 e/ou 14 días. Tamén se propón manter no nivel máximo, en lugar de baixalo ao nivel alto que indican as súas taxas, ao concello da Pobra do Caramiñal, da Área Sanitaria de Santiago, debido á existencia dun abrocho con, polo menos, 79 casos, en que se identificaron as variantes británica e sudafricana, altamente transmisibles, polo que o risco de aumento da incidencia é moi alto.

Manteríanse no nivel alto de risco, ben polas súas taxas a 7 e/ou 14 días, ben por non ter estado neste nivel o tempo suficiente para asegurar unha evolución favorable da súa



situación epidemiolóxica, mesmo se, nalgún deles, as súas taxas indican que poden baixar de nivel, os concellos de Cambre (Área Sanitaria da Coruña); Padrenda, na Área Sanitaria de Ourense; O Barco de Valdeorras e Rubiá, tamén da Área Sanitaria de Ourense. Nestes dous últimos concellos porque, ademais de non levaren tempo suficiente neste nivel para asegurar unha boa evolución da súa situación epidemiolóxica, e que poidan baixar ao nivel que xa indican as súas taxas, pertencen a unha comarca que no seu global estaría afectada por abrochos que se estenderon entre os seus diferentes concellos.

Igualmente, manteríase neste nivel, aínda que as súas taxas indican un nivel máximo, o concello de Cortegada (Área Sanitaria de Ourense), dado que no abrocho que alí se desenvolveu todo parece indicar que está en vías de resolución. Non obstante, mantense neste nivel alto debido á necesidade de asegurar a súa boa evolución. Tamén se mantén no nivel alto o concello de Lobeira, debido a que os casos están nun abrocho perfectamente delimitado e se trata dun concello de pouca poboación, co cal as súas taxas aumentan con facilidade.

Proponse aumentar ao nivel alto, tal como indican as súas taxas a 7 e/ou 14 días, porque os casos que conforman os abrochos que alí se desenvolven non están perfectamente controlados, ou non se coñece ben a súa orixe, os concellos de Meaño, Ribadumia, Vila nova de Arousa e Marín, da Área Sanitaria de Pontevedra.

Tamén se propón que estean neste nivel alto, aínda que polas súas taxas lles correspondería estar no nivel máximo, os concellos de Muíños e Petín (Área Sanitaria de Ourense) e Meira (Área Sanitaria de Lugo), debido a que os casos que están notificados nestes concellos pertencen a abrochos en que se coñece a súa orixe, polo que se considera que non é preciso un nivel máximo de restrición, xa que se considera que coas medidas do nivel que se propoñen sería suficiente para o control da súa situación epidemiolóxica. Ademais, son concellos de pequeno tamaño de poboación co cal un número pequeno de casos aumenta artificialmente a súa taxa de incidencia.

Igualmente, proponse aumentar ao nivel alto de restrición, en lugar de mantelo no nivel medio actual, o concello de Ribeira, na Área Sanitaria de Santiago, debido a que a situación dos casos do concello, dispersos en varios abrochos sen relación entre eles, e cabeceira da comarca da Barbanza, en que a situación epidemiolóxica non é boa, xa que no concello da Pobra do Caramiñal, da mesma comarca, se identificaron casos de variante británica e sudafricana, que facilmente se puideron expandir dada a alta interconectividade entre os concellos desta comarca. Todos estes datos aconsellan elevar o nivel de restrición



para tentar controlar a situación epidemiolóxica deste concello e, polo tanto, de toda a comarca da Barbanza.

Proponse manter no nivel medio, tal como indican as súas taxas de incidencia a 7 e/ou 14 días e para asegurar unha boa evolución da súa situación epidemiolóxica, se non levan tempo suficiente neste nivel para que isto aconteza, ou porque o/os abrochos que se están a desenvolver neles non se pode considerar que están baixo control: os concellos de Carral e Muxía da Área Sanitaria da Coruña; Cambados, Catoira, Vilagarcía de Arousa, da Área Sanitaria de Pontevedra; e os concellos de Cangas e Gondomar, da Área Sanitaria de Vigo.

Tamén se propón manter no nivel medio actual, aínda que as súas taxas indicarían o nivel máximo, porque os casos están controlados nun abrocho de orixe coñecida, o concello de Trabada da Área Sanitaria de Lugo.

Igualmente, proponse manter neste nivel, aínda que as súas taxas indicarían o seu posible descenso ao nivel medio baixo, xa que non levan o tempo suficiente neste nivel para asegurar que a situación epidemiolóxica nestes concellos está baixo control, os concellos das Pontes de García Rodríguez e Ortigueira, da Área Sanitaria de Ferrol.

Nesta mesma situación de manter no nivel medio quedarían os concellos da Illa de Arousa, Meis e Sanxenxo, da Área Sanitaria de Pontevedra, debido a que, ou ben non levan o tempo suficiente neste nivel para garantir a evolución da súa situación epidemiolóxica e/ou a situación da comarca a que pertencen, O Salnés, está a padecer unha serie de abrochos que afectan os concellos que a conforman, que ten unha alta mobilidade entre os concellos, cun concello en nivel máximo e unha situación epidemiolóxica que fai que sexa a que contribúe a aumentar a taxa de incidencia de toda a área sanitaria.

Proponse, tamén, aumentar a este nivel medio, desde o medio baixo actual, tal como indican as súas taxas a 7 e/ou 14 días, e porque a súa situación epidemiolóxica foi, nalgúns deles, como os de Rianxo, Pontearreas e Vigo empeorando paulatinamente, os concellos de: Lobios (Área Sanitaria de Ourense), Rianxo (Área Sanitaria de Santiago) e Pontearreas e Vigo da Área Sanitaria de Vigo.

Tamén se propón para este nivel medio, aínda que polas súas taxas lle correspondería o nivel alto, o concello de Cartelle da Área Sanitaria de Ourense, xa que neste concello se está a desenvolver un abrocho, de orixe importada, perfectamente controlado.



Proponse descender, a este nivel medio, desde o alto actual, os concellos de Boiro (Área Sanitaria de Santiago), xa que as súas taxas e a evolución dos casos así o indican, e o de Barreiros, da Área Sanitaria de Lugo, aínda que as súas taxas indican o nivel alto, debido a que os casos pertencen a un abrocho de orixe importada, que se mantén no mesmo número de casos desde hai uns días, e as cribaxes realizadas na zona onde están os casos deron resultados negativos, polo que se espera que o brote se extinga.

O resto de concellos de Galicia permanecen no nivel medio baixo de restricións, con base nos criterios reflectidos anteriormente ou á espera de comprobar a evolución da súa situación epidemiolóxica.

Por outra banda, dentro do proceso de desescalada gradual, progresiva e segura, o comité abordou tamén a necesidade de incorporar medidas concretas respecto de actividades determinadas, ben para reinicialas ou ben para establecer parámetros máis acaídos á evolución da situación, respectando sempre os principios de prudencia e de revisión continua.

Así, o comité abordou a necesidade de avanzar tamén a regulación da actividade dos mercados que desenvolven a súa actividade na vía pública ao aire libre ou de venda non sedentaria, coñecidos como mercadillos (punto 3.8 do anexo I da Orde do 17 de marzo de 2021), co obxecto de adaptala á evolución da situación sanitaria. Neste sentido, distínguese a capacidade en función do número de postos habilitados, establecendo que os mercados con menos de 150 postos autorizados poderán dispor do 100 % dos postos habituais ou autorizados, os mercados que teñan entre 150 e 250 postos autorizados poderán dispor do 75 % dos postos habituais ou autorizados, e os que teñan máis de 250 postos autorizados poderán dispor do 50 % dos postos habituais ou autorizados.

Por outra banda, tamén tratou a modificación do punto 3.21 do anexo I da citada Orde do 17 de marzo, relativo á celebración de competicións deportivas con público, actividades en cines, teatros, auditorios, congresos e outros eventos, e espazos similares, así como en recintos ao aire libre e noutros locais e establecementos destinados a espectáculos públicos e actividades recreativas. A modificación introducida consiste na ampliación da capacidade a 500 persoas en espazos pechados, no caso de eventos realizados nos concellos enumerados na letra D do anexo II da Orde do 17 de marzo de 2021, na súa redacción vixente.

Finalmente, o comité aprobou tamén o reinicio da actividade das atraccións de feira, establecendo unhas condicións sanitarias de aplicación a este tipo de estruturas, tendo en



conta tamén o Protocolo aprobado pola Orde do 30 de xuño de 2020, en materia de lecer nocturno, festas, verbenas e outros eventos populares e atraccións de feiras para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19. Para tal efecto, modifícase o número dous do punto segundo da Orde e engádese un punto 3.29 ao anexo I da Orde do 17 de marzo de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, equiparando as capacidades ás existentes para a realización doutros eventos.

Debe insistirse, en particular, en que as medidas resultan adecuadas e eficaces de acordo cos datos expostos sobre a evolución da situación epidemiolóxica e, polo tanto, útiles para acadar o fin proposto de protección da saúde pública, na espera de que a campaña de vacinación acade os resultados que se perseguen. Debe ponderarse que aínda non estamos en niveis de transmisión que se poidan entender de risco baixo.

Así mesmo, debe manterse a protección do sistema sanitario. As medidas de limitación de determinadas actividades resultan necesarias, adecuadas e proporcionadas para o fin perseguido, que non é outro que controlar e evitar a maior difusión dunha enfermidade altamente contaxiosa respecto da cal a diferenza entre persoas enfermas e sas resulta difusa, dada a posible asintomatoloxía ou levidade dos síntomas e a existencia dun período no cal non hai indicios externos da enfermidade.

En concreto, trátase de evitar especialmente aglomeracións ou encontros entre persoas, co fin de garantir o mantemento da distancia de seguridade e reducir o risco de contacto físico ou proximidade en condicións favorecedoras do contaxio. Debe lembrarse, neste sentido, que o Auto 40/2020, do 30 de abril de 2020, do Tribunal Constitucional, no seu fundamento xurídico cuarto, ao ponderar a relevancia das especiais circunstancias derivadas da crise sanitaria creada pola pandemia no exercicio do dereito de reunión, salientou como, ante a incerteza sobre as formas de contaxio, sobre o impacto real da propagación do virus, así como sobre as consecuencias a medio e longo prazo para a saúde das persoas que se viron afectadas, as medidas de distanciamento social e de limitación extrema dos contactos e actividades grupais son as únicas que se teñen demostrado eficaces para limitar os efectos dunha pandemia de dimensións descoñecidas ata a data. Deste modo, as medidas de limitación de determinadas actividades van dirixidas a limitar os contactos e a interacción social e, polo tanto, a transmisión da enfermidade, en situacións nas cales cabe apreciar un maior risco polas circunstancias en que se realizan, especialmente en lugares pechados.



Tendo en conta o exposto, e tras escoitar as recomendacións do comité clínico reunido para estes efectos e visto o informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, procede reiterar as medidas xa aprobadas coas modificacións previstas na presente orde.

IV

As medidas que se adoptan nesta orde teñen o seu fundamento normativo na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 a 38 ter da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para adoptar as medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica existente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, coa urxencia que a protección da saúde pública demanda.

Na súa virtude, en aplicación do punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. Modificación da Orde do 17 de marzo de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia

Un. Modifícase o número dous do punto segundo da Orde do 17 de marzo de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado como segue:

«2. Mantense, en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, o peche das actividades de festas, verbenas e outros eventos populares».



Dous. Modifícase o número primeiro do punto 3.8 do anexo I da Orde do 17 de marzo de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado como segue:

«3.8.Mercados que desenvolven a súa actividade na vía pública.

1. No caso dos mercados que desenvolven a súa actividade na vía pública ao aire libre ou de venda non sedentaria, coñecidos como feiras, a capacidade virá determinada polo número de postos autorizados do xeito seguinte:

a) Nos mercados con menos de 150 postos autorizados, poderán dispoñer do 100 % dos postos habituais ou autorizados.

b) Nos mercados que teñan entre 150 e 250 postos autorizados, poderán dispoñer do 75 % dos postos habituais ou autorizados.

c) Nos mercados que teñan máis de 250 postos autorizados, poderán dispoñer do 50 % dos postos habituais ou autorizados.

En todo caso, limitarán a afluencia de clientes de maneira que se asegure o mantemento da distancia de seguridade interpersoal.

Os concellos poderán aumentar a superficie habilitada ou habilitar novos días para o exercicio desta actividade para compensar as limitacións previstas anteriormente, prestando especial atención á vixilancia do cumprimento das medidas sanitarias e protocolos aplicables nestes contornos.

Os concellos establecerán requisitos de distanciamento entre postos e condicións de delimitación do mercado co obxectivo de procurar manter a distancia de seguridade interpersoal entre traballadores, clientes e viandantes ou, na súa falta, será precisa a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso de máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersoal indicada, nos termos previstos no número 1.3 do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, na súa redacción vixente».

Tres. Modifícase o punto 3.21 do anexo I da Orde do 17 de marzo pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epi-



demiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado do xeito seguinte:

«3.21. Celebración de competicións deportivas con público, actividades en cines, teatros, auditorios, congresos e outros eventos, e espazos similares, así como en recintos ao aire libre e noutros locais e establecemento destinados a espectáculos públicos e actividades recreativas.

A celebración de competicións deportivas con público, actividades en cines, teatros, auditorios, congresos e outros eventos e espazos similares, así como en recintos ao aire libre e noutros locais e establecementos destinados a espectáculos públicos e actividades recreativas, poderá desenvolverse, sen superar o trinta por cento da capacidade permitida, con público, sempre que este permaneza sentado e que a capacidade se calcule, dentro da capacidade permitida, de forma que se garde sempre a distancia mínima de seguridade de 1,5 m nas catro direccións entre os asistentes, salvo que se trate de persoas conviventes, cun límite máximo de duascentas cincuenta persoas para lugares pechados e de cincocentas persoas, se se trata de actividades ao aire libre.

No obstante, nos concellos enumerados na letra D do anexo II o límite máximo poderá chegar ás cincocentas persoas para lugares pechados e ás mil persoas, se se trata de actividades ao aire libre.

Co fin de evitar aglomeracións, a distribución dos asistentes será homoxénea polas butacas e haberá unha planificación axeitada para controlar os accesos e o fluxo de circulación dos asistentes. Debe preverse a apertura de todas as portas dispoñibles coa antelación suficiente.

Deberán establecerse as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersoal no resto das instalacións ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física.

O uso da máscara será obrigatorio en todo momento, mesmo no caso de que se manteña a distancia de seguridade interpersoal nos termos previstos nas medidas hixiénico-sanitarias.

Nas butacas ou asentos preasignados, as persoas asistentes non poderán quitar a máscara.



Deberán realizarse tarefas de ventilación nas instalacións cubertas por espazo de, polo menos, 30 minutos ao comezo e ao final de cada xornada, así como de forma frecuente durante esta e obrigatoriamente ao finalizar cada actividade. No caso da utilización de sistemas de ventilación mecánica, deberá aumentarse a subministración de aire fresco e non se poderá empregar a función de recirculación do aire interior.

Deberá existir un rexistro de asistentes ao evento e custodialo durante un mes despois do evento, coa información do contacto dispoñible para as autoridades sanitarias, cumprindo coas normas de protección de datos de carácter persoal.

Deberán intensificarse as medidas de limpeza e desinfección das instalacións con produtos debidamente autorizados e rexistrados.

No caso de celebración de congresos, encontros, eventos e actos similares, se os asistentes non permanecen sentados en todo momento, solicitarase autorización á Dirección Xeral de Saúde Pública en que se comuniquen o evento, as datas, as actividades que se van realizar e as medidas concretas organizativas e de seguridade propostas para os riscos de contaxio.

En todo caso, nas actividades a que se refire o presente punto nas cales se pretenda superar as capacidades máximas previstas conforme a cada nivel de restricións, a Dirección Xeral de Saúde Pública, logo de solicitude dos titulares ou promotores da actividade, disporá a realización dunha avaliación do risco para outorgar a autorización de acordo co disposto nas «Recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade por COVID-19 en España», acordado na Comisión de Saúde Pública do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde. O prazo para realizar a avaliación do risco será de 10 días, sen prexuízo dunha revisión de oficio posterior, se a situación epidemiolóxica así o exige».

Catro. Engádese un punto 3.29 no anexo I da Orde do 17 de marzo de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, co seguinte contido:

«3.29. Atraccións de feira.

1. Nos concellos enumerados nas letras A e B do anexo II da presente orde manterase o peche das atraccións de feira.



No caso dos concellos enumerados nas letras C e D do anexo II da presente orde, poderán iniciar a súa actividade cumprindo coas seguintes medidas:

a) Nos recintos en que se desenvolvan atraccións de feira respectarase unha capacidade máxima dunha persoa por cada tres metros cadrados de superficie útil do recinto, ata un máximo de 500 persoas para os espazos cunha superficie útil menor ou igual a 8.000 metros cadrados. No caso de que a superficie do recinto sexa superior aos 8.000 metros cadrados, o límite máximo será de 1.000 persoas, sempre que se manteña a capacidade dunha persoa por cada tres metros cadrados de superficie. Para o cálculo da superficie útil do recinto, non se terá en conta a superficie ocupada por todas as estruturas instaladas.

b) Deberase acoutar o espazo destinado ao recinto en que se desenvolvan as atraccións de tal maneira que se facilite o establecemento de puntos diferenciados para a entrada e saída do recinto, que deberán estar identificados con claridade.

c) Estableceranse controis da capacidade nas entradas e saídas do recinto e adoptaranse as medidas necesarias para evitar aglomeracións nestes puntos. Nese sentido, poderanse empregar métodos como subministrar pulseiras ou entradas para facilitar o control da capacidade.

d) Deberán establecerse as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersoal no interior e no exterior do recinto e para evitar aglomeracións, e poderán establecerse medidas para acoutar ou sectorizar zonas, tendo en conta, en calquera caso, a normativa de seguridade que sexa de aplicación.

e) Tanto os asistentes como o persoal das atraccións deberán portar máscara de maneira obrigatoria e lembraráselles aos asistentes, por medio de carteis visibles e mensaxes de megafonía, a dita obrigatoriedade, así como as normas de hixiene e prevención que deben observar. A organización non deberá permitir a presenza no recinto daquelas persoas que incumpran esta obriga.

f) No caso das atraccións que dispoñan de asentos, poderá ocuparse ata un máximo que permita manter a distancia de seguridade interpersoal entre os ocupantes e reducirase ao cincuenta por cento o número de asentos de cada fila que se poidan ocupar, en caso de que esta distancia non se poida asegurar. Esta limitación non será de aplicación no caso de persoas conviventes.



No caso de atraccións que non teñan asentos incorporados, a súa capacidade máxima será do trinta por cento da capacidade máxima da atracción.

g) Disporanse dispensadores de xeles hidroalcohólicos ou desinfectantes con actividade viricida debidamente autorizados e rexistrados nos puntos de entrada e saída do recinto e de cada unha das atraccións. No caso de que só exista unha única atracción será suficiente na entrada e saída da citada atracción.

2. Será de aplicación supletoria o previsto para as atraccións de feira na Orde do 30 de xuño de 2020 pola que se aproba o Protocolo en materia de lecer nocturno, festas, verbenas e outros eventos populares e atraccións de feira para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19».

Cinco. Modifícase o anexo II da Orde do 17 de marzo de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado segundo o anexo da presente orde.

Segundo. *Eficacia*

As medidas previstas nesta orde terán efectos desde as 00.00 horas do día 23 de abril de 2021. Non obstante o anterior, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, serán obxecto de seguimento e avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser modificadas ou levantadas mediante orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Santiago de Compostela, 21 de abril de 2021

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade

ANEXO II

A) Concellos con nivel de restrición máxima.

Carballada de Valdeorras
Cualedro
Grove (O)
Pobra do Caramiñal (A)



B) Concellos con nivel de restricción alta.

Barco de Valdeorras (O)
Cambre
Cortegada
Lobeira
Marín
Meaño
Meira
Muíños
Padrenda
Petín
Ribadumia
Ribeira
Rubiá
Vilanova de Arousa

C) Concellos con nivel de restricción media.

Barreiros
Boiro
Cambados
Cangas
Carral
Cartelle
Catoira
Gondomar
Illa de Arousa (A)
Lobios
Meis
Muxía
Ortigueira
Ponteareas
Pontes de García Rodríguez (As)
Rianxo
Sanxenxo
Trabada



Vigo

Vilagarcía de Arousa

D) Concellos con nivel de restrición media baixa.

Abadín

Abegondo

Agolada

Alfoz

Allariz

Ames

Amoeiro

Antas de Ulla

Aranga

Arbo

Ares

Arnoia (A)

Arteixo

Arzúa

Avión

Baiona

Baleira

Baltar

Bande

Baña (A)

Baños de Molgas

Baralla

Barbadás

Barro

Beade

Beariz

Becerreá

Begonte

Bergondo

Betanzos

Blancos (Os)

Boborás



Bola (A)
Bolo (O)
Boqueixón
Bóveda
Boimorto
Brión
Bueu
Burela
Cabana de Bergantiños
Cabanas
Caldas de Reis
Calvos de Randín
Camariñas
Campo Lameiro
Cañiza (A)
Capela (A)
Carballeda de Avia
Carballedo
Carballiño (O)
Carballo
Cariño
Carnota
Castrelo de Miño
Castrelo do Val
Castro Caldelas
Castro de Rei
Castroverde
Cedeira
Cee
Celanova
Cenlle
Cerceda
Cerdedo-Cotobade
Cerdido
Cervantes
Cervo
Chandrexa de Queixa



Chantada
Coirós
Coles
Corcubión
Corgo (O)
Coristanco
Coruña (A)
Cospeito
Covelo
Crecente
Culleredo
Cuntis
Curtis
Dodro
Dozón
Dumbría
Entrimo
Esgos
Estrada (A)
Fene
Ferrol
Fisterra
Folgozo do Courel
Fonsagrada (A)
Forcarei
Fornelos de Montes
Foz
Frades
Friol
Gomesende
Guarda (A)
Gudiña (A)
Guitiriz
Guntín
Incio (O)
Irixo (O)
Irixoa



Lalín
Lama (A)
Láncara
Laracha (A)
Larouco
Laxe
Laza
Leiro
Lourenzá
Lousame
Lugo
Maceda
Malpica de Bergantiños
Manzaneda
Mañón
Maside
Mazaricos
Melide
Melón
Merca (A)
Mesía
Mezquita (A)
Miño
Moaña
Moeche
Mondariz-Balneario
Mondariz
Mondoñedo
Monfero
Monforte de Lemos
Montederramo
Monterrei
Monterroso
Moraña
Mos
Mugardos
Muras



Muros
Narón
Navia de Suarna
Neda
Negreira
Negueira de Muñiz
Neves (As)
Nigrán
Nogais (As)
Nogueira de Ramuín
Noia
Oia
Oímbra
Oleiros
Ordes
Oroso
Ourense
Ouro
Outeiro de Rei
Outes
Oza-Cesuras
Paderne de Allariz
Paderne
Padrón
Palas de Rei
Pantón
Parada de Sil
Paradela
Páramo (O)
Pastoriza (A)
Pazos de Borbén
Pedrafita do Cebreiro
Pereiro de Aguiar (O)
Peroxa (A)
Pino (O)
Piñor
Pobra de Trives (A)



Pobra do Brollón (A)
Poio
Pol
Ponte Caldelas
Pontecesures
Ponteceso
Pontedeume
Pontedeva
Pontenova (A)
Pontevedra
Porqueira
Porriño (O)
Portas
Porto do Son
Portomarín
Punxín
Quintela de Leirado
Quiroga
Rábade
Rairiz de Veiga
Ramirás
Redondela
Ribadavia
Ribadeo
Ribas de Sil
Ribeira de Piquín
Ríós
Riotorto
Rodeiro
Rois
Rosal (O)
Rúa (A)
Sada
Salceda de Caselas
Salvaterra de Miño
Samos
San Amaro



San Cibrao das Viñas
San Cristovo de Cea
San Sadurniño
San Xoán de Río
Sandiás
Santa Comba
Santiago de Compostela
Santiso
Sarreaus
Sarria
Saviñao (O)
Silleda
Sober
Sobrado
Somozas (As)
Soutomaior
Taboada
Taboadela
Teixeira (A)
Teo
Toén
Tomiño
Toques
Tordoia
Touro
Trasmiras
Trazo
Triacastela
Tui
Val do Dubra
Valadouro (O)
Valdoviño
Valga
Vedra
Veiga (A)
Verea
Verín



Viana do Bolo
Vicedo (O)
Vilaboa
Vila de Cruces
Vilalba
Vilamarín
Vilamartín de Valdeorras
Vilar de Barrio
Vilar de Santos
Vilardevos
Vilariño de Conso
Vilarmaior
Vilasantar
Vimianzo
Viveiro
Xermade
Xinzo de Limia
Xove
Xunqueira de Ambía
Xunqueira de Espadanedo
Zas



I. DISPOSICIÓN XERAIS**PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA**

DECRETO 60/2021, do 16 de abril, polo que se modifica o Decreto 45/2021, do 17 de marzo, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

I

A expansión do coronavirus COVID-19 xerou unha crise sanitaria sen precedentes recentes. Así, tras a elevación pola Organización Mundial da Saúde da situación de emerxencia de saúde pública pola dita causa a nivel de pandemia internacional e a adopción, por algunhas comunidades autónomas como a galega, de medidas de prevención, mediante o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, declarouse o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, declaración que afectou todo o territorio nacional, cunha duración inicial de quince días naturais, pero que foi obxecto de sucesivas prórrogas autorizadas polo Congreso dos Deputados.

O levantamento dese estado de alarma, con todo, non puxo fin á crise sanitaria, o que xustificou a adopción de medidas como as previstas, no ámbito estatal, no Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, así como as medidas de prevención que foron adoptando as diferentes comunidades autónomas. En concreto, no caso da Comunidade Autónoma de Galicia, a resposta á crise sanitaria foi, fundamentalmente, ademais do mantemento da declaración de situación de emerxencia sanitaria efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, a adopción, ao abeiro da lexislación sanitaria, ordinaria e orgánica, de medidas de prevención tanto de carácter xeral, para todo o territorio autonómico, como, de maneira específica, a través de diferentes ordes da persoa titular da Consellería de Sanidade, en atención á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

Mediante o Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, declarouse o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. Esa declaración



afectou todo o territorio nacional e a súa duración inicial estendíase, conforme o disposto no seu artigo 4, ata as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020.

Conforme o artigo 2 do dito real decreto, para os efectos do estado de alarma, a autoridade competente será o Goberno da Nación. En cada comunidade autónoma e cidade con estatuto de autonomía, a autoridade competente delegada será quen desempeñe a presidencia da comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía, nos termos establecidos no real decreto. As autoridades competentes delegadas quedan habilitadas para ditaren, por delegación do Goberno da Nación, as ordes, resolucións e disposicións para a aplicación do previsto nos artigos 5 ao 11 do real decreto, sen que para iso sexa preciso tramitar ningún procedemento administrativo, nin será de aplicación o previsto no segundo parágrafo do artigo 8.6 e no artigo 10.8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

En concreto, o artigo 6 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, prevé que a autoridade competente delegada que corresponda poderá limitar a entrada e saída de persoas no territorio de cada comunidade autónoma ou en ámbitos territoriais de carácter xeograficamente inferiores á comunidade autónoma, coas excepcións previstas no artigo 6.1.

Pola súa banda, o artigo 7 do mesmo texto normativo dispón que a permanencia de grupos de persoas en espazos de uso público, tanto pechados como ao aire libre, quedará condicionada a que non se supere o número máximo de seis persoas, salvo que se trate de conviventes, e sen prexuízo das excepcións que se establezan en relación con dependencias, instalacións e establecementos abertos ao público. A permanencia de grupos de persoas en espazos de uso privado quedará condicionada a que non se supere o número máximo de seis persoas, salvo que se trate de conviventes. No caso das agrupacións en que se inclúan tanto persoas conviventes como persoas non conviventes, o número máximo será de seis persoas. Conforme o artigo 9, a eficacia desta medida nunha comunidade autónoma producirase cando a autoridade competente delegada o determine. Ademais, o artigo 7 recolle a posibilidade de que a autoridade competente delegada correspondente determine, no seu ámbito territorial, en vista da evolución dos indicadores sanitarios, epidemiolóxicos, sociais, económicos e de mobilidade, logo de comunicación ao Ministerio de Sanidade e de acordo co previsto no artigo 13, que o número máximo sexa inferior a seis persoas, salvo que se trate de conviventes. Así mesmo, as autoridades competentes delegadas poderán, no seu ámbito territorial, establecer excepcións respecto das persoas menores ou dependentes, así como calquera outra flexibilización da limitación.



De acordo co artigo 8 do real decreto, a autoridade competente delegada poderá limitar a permanencia de persoas en lugares de culto mediante a fixación de limitación de capacidade para reunións, celebracións e encontros relixiosos, atendendo ao risco de transmisión que poida resultar dos encontros colectivos, sen que tal limitación poida afectar, en ningún caso, o exercicio privado e individual da liberdade relixiosa.

E, conforme o artigo 10 da norma, a autoridade competente delegada en cada comunidade autónoma poderá, no seu ámbito territorial, en vista da evolución dos indicadores sanitarios, epidemiolóxicos, sociais, económicos e de mobilidade, logo de comunicación ao Ministerio de Sanidade, e de acordo co previsto no artigo 13, modular, flexibilizar e suspender a aplicación das medidas previstas nos artigos 6, 7 e 8, co alcance e ámbito territorial que determine.

O 29 de outubro de 2020, o Congreso dos Deputados autorizou a prórroga do estado de alarma ata o 9 de maio de 2021. Conforme o artigo 2 do Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, a prórroga establecida no dito real decreto estenderase desde as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020 ata as 00.00 horas do día 9 de maio de 2021, e someterase ás condicións establecidas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, e nos decretos que, se é o caso, se adopten en uso da habilitación conferida pola disposición derradeira primeira do citado Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, sen prexuízo do establecido nas disposicións que recolle o propio real decreto de prórroga.

En consecuencia, durante a vixencia do estado de alarma e da súa prórroga, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, deberán adoptarse, na condición de autoridade competente delegada, nos termos previstos no dito real decreto e no real decreto de prórroga.

Non obstante, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, non esgotan todas as que se poden adoptar para facer fronte á crise sanitaria. Neste sentido, como prevé expresamente o seu artigo 12, cada Administración conservará as competencias que lle outorga a lexislación vixente, así como a xestión dos seus servizos e do seu persoal, para adoptar as medidas que considere necesarias, sen prexuízo do establecido no real decreto.



Polo tanto, como destaca a propia exposición de motivos do real decreto, durante a vixencia do estado de alarma as administracións sanitarias competentes en saúde pública, no non previsto nesa norma, deberán continuar adoptando as medidas necesarias para afrontar a situación de emerxencia de saúde pública ocasionada pola COVID-19, conforme a lexislación sanitaria, en particular, a Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; a Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, e a Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, así como a normativa autonómica correspondente.

II

Neste contexto normativo derivado do estado de alarma vixente, e ante a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia, ditouse o Decreto 179/2020, do 4 de novembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

Posteriormente, ante a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia, ditáronse o Decreto 202/2020, do 3 de decembro, o Decreto 8/2021, do 26 de xaneiro, e o Decreto 31/2021, do 25 de febreiro, do presidente da Xunta de Galicia, polos que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

Estes decretos foron obxecto de diversas modificacións para manter as medidas adaptadas á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria da Comunidade Autónoma.

III

Por outra banda, a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria permite no momento actual que, ao abeiro do marco normativo derivado do estado de alarma, o presidente da Comunidade Autónoma adopte novas medidas na condición de autoridade competente



delegada, sen prexuízo das que, de modo complementario e compatible con elas, adopte con esta mesma data a persoa titular da Consellería de Sanidade en exercicio das súas competencias como autoridade sanitaria autonómica, e respectando, en todo caso, as medidas obrigatorias recollidas no Acordo do Consello Interterritorial de Saúde.

Neste contexto ditouse o Decreto 45/2021, do 17 de marzo, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, modificado polo Decreto 49/2021, do 24 de marzo, polo Decreto 51/2021, do 26 de marzo, polo Decreto 54/2021, do 7 de abril, polo Decreto 58/2021, do 9 de abril, e polo Decreto 59/2021, do 14 de abril.

IV

A evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia fai necesario que o presidente da Xunta de Galicia adopte novas medidas na condición de autoridade competente delegada, sen prexuízo das que, de modo complementario e compatible con elas, adopte a persoa titular da Consellería de Sanidade en exercicio das súas competencias como autoridade sanitaria autonómica.

O Subcomité Clínico, na súa reunión do 16 de abril de 2021, procedeu á revisión da situación epidemiolóxica e sanitaria da Comunidade Autónoma.

Así, do Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 16 de abril, destácanse os seguintes datos:

O número reprodutivo instantáneo (R_t), que indica o número de contaxios orixinados por un caso activo, ascendeu por riba do 1 e achégase ao 1,2, o que indica que pode aumentar a transmisión da infección. Non obstante, a estabilización das taxas desde o 28 de febreiro pode afectar que a R_t se achegue ao 1 ou o supere.

Do total de concellos de Galicia, 141 non notificaron casos nos últimos 14 días. O número de concellos sen casos nos últimos 7 días foi de 173. Isto supón 2 concellos menos que hai 7 días e 14 menos que hai 7 días, en que as taxas eran de 143 e 187 a 14 e 7 días.



Entre o 3 e o 10 de abril realizáronse 58.041 probas diagnósticas de infección activa polo virus SARS-CoV-2 (43.159 PCR e 14.882 tests de antíxenos) cunha porcentaxe de positividade a sete días do 2,46, o que supón unha diminución do 4,5 % con respecto á de entre o 28 de marzo e o 3 de abril, que era do 2,57 %.

A incidencia acumulada a 7 e 14 días é de 46 e 78 casos por cen mil habitantes, respectivamente, valores superiores aos observados hai 7 días, en que era de 32 e 69 casos por cen mil habitantes, respectivamente, o que significa un aumento do 30,4 % aos 7 días e do 11,5 % aos 14.

A tendencia diaria mostra, desde o 28 de decembro, tres tramos, un deles con tendencia oposta, primeiro crecente a un ritmo do 6,8 % ata o 22 de xaneiro, e despois una primeira decrecente cunha porcentaxe de cambio diario (PCD) de -6,4 % e outro, cun ascenso máis lento, cunha PCD do 0,8 %.

En relación coa situación das áreas sanitarias, as taxas de incidencia a 14 días seguen a diminuír con respecto a hai 7 días, e ningunha das áreas presenta taxas a 14 días con valores superiores aos 250 casos por 100.000 habitantes. Só a Área Sanitaria de Pontevedra presenta unha taxa superior aos 100 casos por 100.000 habitantes aos 7 días. As taxas a 14 días das áreas están entre os 43,12 casos por 100.000 habitantes de Ferrol e os 118,72 de Pontevedra.

A media de pacientes COVID-19 en hospitalización de agudos nos últimos 7 días foi de 144,0, o que significa un descenso do -5,9 % con respecto a hai sete días. A taxa de pacientes COVID-19 en hospitalización de agudos é de 5,3 ingresados por 100.000 habitantes, cun descenso, tamén, do -5,9 % con respecto a hai 7 días. En canto aos ingresos COVID-19 nas unidades de críticos (UCI) nos últimos 7 días, a media foi de 24,1 e a taxa a 7 días de ingresados nas UCI é de 0,9 ingresados por 100.000 habitantes, o que supón un descenso do -13,8 % con respecto a hai sete días, tanto na media como na taxa.

No que atinxe á situación epidemiolóxica dos concellos de Galicia, daqueles con poboación igual ou maior de 10.000 habitantes (54), só un presenta unha taxa de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes, igual que hai 7 días; este concello é o do Grove.

No que se refire aos concellos de menos de 10.000 habitantes (259), 12 presentan unha taxa de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes, 6 máis



que hai 7 días. Acádanse taxas de incidencia iguais ou maiores de 500 casos por cen mil habitantes en 5 destes concellos.

O informe conclúe que o cambio na tendencia da taxa de incidencia parece que volve ascender, despois do descenso observado a partir do cumio da onda o 22 de xaneiro. Obsérvase igualmente un aumento na R_t , que no global de Galicia está a aproximarse ao 1,2.

O informe tamén sinala que a información do modelo de predición, que indica que a incidencia iría en aumento, hai que tomala con cautela, xa que parte exclusivamente dos casos e non ten en conta as medidas de restrición que se están a tomar. Ademais, a amplitude dos seus intervalos de confianza indican que poderían darse todos os escenarios (estabilización, ascenso ou descenso da onda).

A taxa de incidencia a 14 días, no global de Galicia, segue por debaixo dos 100 casos por cen mil habitantes, e só coa Área Sanitaria de Pontevedra, cunha incidencia superior aos 100 casos por cen mil habitantes.

No que atinxe aos concellos de máis de 10.000 habitantes, hai só un concello con taxas de incidencia iguais ou superiores a 250 por cen mil habitantes. Nos de menos de 10.000, hai 12 concellos que superan unha taxa de incidencia de 250 por cen mil habitantes, e 5 deles cunha taxa a 14 días superior aos 500 por cen mil habitantes.

O informe segue a destacar que o feito de que a cepa que está a circular, fundamentalmente, sexa a cepa británica pode influír nun aumento da transmisión.

Así mesmo, indica que a ocupación por pacientes COVID-19 na hospitalización de agudos e unidades de coidados críticos segue a diminuír. Non obstante, engade que hai que manter a precaución, xa que un incremento na incidencia pode comprometer esta evolución.

O criterio utilizado para aplicar os niveis de restrición aos concellos, ademais do da situación sanitaria, é o da taxa de incidencia segundo os casos por cada cen mil habitantes. Así mesmo, co obxecto de reaccionar con rapidez e eficacia fronte aos gromos, utilízase tamén como criterio o da taxa de incidencia a 7 días. Concretamente, sitúanse no nivel máximo os concellos cunha taxa de incidencia acumulada a 14 días de 500 casos por cada



cen mil habitantes e/ou a 7 días de 250 casos por cada cen mil habitantes. A análise da situación de cada concello complétase coa consideración de criterios demográficos, pois debe terse en conta que en concellos de escasa poboación poucos casos poden dar lugar a taxas moi elevadas, que deben ser postas no debido contexto, e co estudo por parte dos servizos de saúde pública e do comité ou do subcomité clínico das características específicas de cada gromo.

Non se debe esquecer que nos encontramos nun contexto de desescalada, que debe ser gradual, progresiva e segura, guiada polo principio de prudencia, para evitar así comprometer os logros acadados. Galicia conta cunha poboación especialmente envellecida e no noso territorio o virus circulou menos que noutros territorios do Estado, polo que existe un menor nivel de inmunidade natural, á espera de que o proceso de vacinación en marcha acade os resultados esperados. Aínda que a presión hospitalaria segue descendendo, hai que manter a precaución, xa que un incremento na incidencia pode comprometer esta evolución. Resulta imprescindible ser cautelosos e consolidar no tempo as medidas adoptadas recentemente, de tal xeito que sexa posible ir analizando e reaccionando fronte aos efectos que delas deriven; non obstante, a estabilización da situación permite seguir avanzando neste proceso de desescalada.

En vista dos datos contidos no informe, óptase por manter no nivel máximo de restricións os concellos da Pobra do Caramiñal, da Área Sanitaria de Santiago de Compostela, pola súa taxa a 14 días, e os concellos do Grove (Área Sanitaria de Pontevedra) e Carballeda de Valdeorras (Área Sanitaria de Ourense) debido ás súas taxas de incidencia a 7 e/ou 14 días. Sobe ao nivel máximo de restrición o concello de Cualedro, debido ás súas taxas a 7 e 14 días. A situación epidemiolóxica deste concello non está controlada e o gromo non está ben delimitado.

Por tal motivo, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, cómpre modificar o punto cuarto (limitación da mobilidade nocturna) do Decreto 45/2021, do 17 de marzo, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.



V

Tendo en conta o indicado, a situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia determina que procede ditar un novo decreto en que se adapten as medidas existentes á indicada situación.

De acordo co exposto, por proposta do conselleiro de Sanidade, e na condición de autoridade competente delegada, por delegación do Goberno da Nación, conforme o disposto nos artigos 2, 5, 6, 7, 8, 9 e 10 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2,

DISPOÑO:

Primeiro. Modificación do anexo do Decreto 45/2021, do 17 de marzo, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2

Modifícase o anexo do Decreto 45/2021, do 17 de marzo, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, que queda redactado nos termos previstos no anexo deste decreto.

Segundo. Eficacia, seguimento e avaliación

A eficacia das medidas previstas neste decreto comezará ás 00.00 horas do día 19 de abril de 2021.

Non obstante o anterior, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas deberán ser obxecto de seguimento e de avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria e para os efectos, de ser necesario, da súa modificación ou levantamento.



Terceiro. Recursos

Contra este decreto poderase interpor recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, conforme os artigos 12.1.a) e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, dezaseis de abril de dous mil vinte e un

Alberto Núñez Feijóo
Presidente da Xunta de Galicia

ANEXO**Concellos en que son aplicables limitacións específicas de entrada e saída de persoas, de permanencia de grupos de persoas en espazos públicos ou privados e de permanencia en lugares de culto**

Carballeda de Valdeorras.

Cualedro.

Grove (O).

Pobra do Caramiñal (A).



I. DISPOSICIÓN XERAIS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

ORDE do 16 de abril de 2021 pola que se modifica o anexo II da Orde do 17 de marzo de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

I

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.

O obxecto do dito acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade.

Así mesmo, indícase no dito punto sexto, na redacción vixente, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de acordo coa normativa aplicable e en vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou en parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación das medidas concretas contidas no anexo.



Mediante o Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, declarouse o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. Esta declaración afectou todo o territorio nacional e a súa duración inicial estendeuse, conforme o disposto no seu artigo 4, ata as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020.

Conforme o artigo 2 dese real decreto, para os efectos do estado de alarma, a autoridade competente será o Goberno da Nación. En cada comunidade autónoma e cidade con estatuto de autonomía, a autoridade competente delegada será quen exerza a presidencia da comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía, nos termos establecidos no real decreto. As autoridades competentes delegadas quedan habilitadas para ditaren, por delegación do Goberno da Nación, as ordes, resolucións e disposicións para a aplicación do previsto nos artigos 5 ao 11 do real decreto, sen que para iso sexa precisa a tramitación de ningún procedemento administrativo, nin será de aplicación o previsto no segundo parágrafo do artigo 8.6 e no artigo 10.8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O 29 de outubro de 2020, o Congreso dos Deputados autorizou a prórroga do estado de alarma ata o día 9 de maio de 2021. Conforme o artigo 2 do Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, a prórroga establecida no dito real decreto estenderase desde as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020 ata as 00.00 horas do día 9 de maio de 2021, e someterase ás condicións establecidas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, e nos decretos que, se é o caso, se adopten en uso da habilitación conferida pola disposición derradeira primeira do citado Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, sen prexuízo do establecido nas disposicións que recolle o propio real decreto de prórroga.

En consecuencia, durante a vixencia do estado de alarma e da súa prórroga, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, deberán adoptarse, na condición de autoridade competente delegada, nos termos previstos no dito real decreto e no real decreto de prórroga.

Non obstante, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, non esgotan todas as que poden ser adoptadas para facer fronte á crise sanitaria. Neste sentido, como prevé expresamente o seu artigo 12, cada Administración conservará as competencias que lle outorga a lexislación vixente, así como a xestión dos seus servizos e do seu persoal, para adoptar as medidas que considere necesarias, sen prexuízo do establecido no real decreto.



Polo tanto, durante a vixencia do estado de alarma e das súas prórrogas, as medidas que sexa necesario adoptar para facer fronte, na Comunidade Autónoma, á crise sanitaria serán as que poida acordar, ao abeiro da normativa do estado de alarma, o presidente da Comunidade Autónoma, como autoridade competente delegada, e as complementarias que poidan adoptar, no exercicio das súas competencias propias, as autoridades sanitarias autonómicas e, entre elas, a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, ao abeiro do disposto no punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020 citado.

II

Sentado o anterior, no contexto normativo derivado do estado de alarma vixente e ante a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia, ditouse o Decreto 31/2021, do 25 de febreiro, polo que se adoptaron medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

Esas medidas debían ser complementadas, como indica o propio decreto, con outras que procede que adopte a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade no exercicio das súas competencias propias como autoridade sanitaria autonómica.

Estas medidas complementarias establecéronse mediante a Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia. Esta orde prevía que as medidas serían obxecto de revisión constante co obxecto de avaliar a situación e adecualas á incidencia real da epidemia.

Posteriormente, revisáronse as medidas acordadas, co obxecto de adecualas á situación epidemiolóxica, e ditouse a Orde do 4 de marzo de 2021, que incluíu pequenas modificacións das medidas adoptadas e do anexo II da Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia; a Orde do 5 de marzo de 2021 por medio da cal se modificou o anexo II da Orde do 25 de febreiro de 2021; a Orde do 10 de marzo de 2021, coa que se modificaron diversos puntos do anexo I e do anexo II da Orde do 25 de febreiro de 2021, e a Orde do 12 de marzo de 2021, que modificou unicamente o anexo II.



Paralelamente, estas modificacións tiveron reflexo tamén no Decreto 39/2021, do 5 de marzo, no Decreto 40/2001, do 10 de marzo, e no Decreto 41/2021, do 12 de marzo, polos que se modificou o Decreto 31/2021, do 25 de febreiro, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

En cumprimento do compromiso acadado en relación coa revisión das medidas acordadas, co obxecto de adecualas á situación epidemiolóxica, ditáronse o Decreto 45/2021, do 17 de marzo, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2 (modificado polo Decreto 49/2021, do 24 de marzo, polo Decreto 51/2021, do 26 de marzo, polo Decreto 54/2021, do 7 de abril, polo Decreto 58/2021, do 9 de abril, e polo Decreto 59/2021, do 14 de abril), e a Orde do 17 de marzo de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, modificada polas ordes do 24 de marzo de 2021, do 26 de marzo de 2021, do 31 de marzo de 2021, do 7 de abril de 2021, e do 9 de abril de 2021.

Posteriormente, realizouse unha nova revisión da situación epidemiolóxica dos concellos de Galicia, que tivo o oportuno reflexo na Orde do 14 de abril de 2021 pola que se modifica a Orde do 17 de marzo de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

III

De conformidade co compromiso acadado, procede realizar unha nova revisión da situación epidemiolóxica dos distintos concellos.

Así, no Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 16 de abril de 2021, establécese o seguinte:

O número reprodutivo instantáneo (R_t), que indica o número de contaxios orixinados por un caso activo, ascendeu por riba do 1, achegándose ao 1,2, que indica que pode au-



mentar a transmisión da infección. Non obstante, a estabilización das taxas desde o 28 de febreiro pode afectar a que a Rt se achegue ao 1 ou o supere.

Do total de concellos de Galicia, 141 non notificaron casos nos últimos 14 días. O número de concellos sen casos nos últimos 7 días foi de 173. Isto supón 2 concellos menos que hai 7 días e 14 menos que hai 7 días, en que as taxas eran de 143 e 187, a 14 e 7 días.

Entre o 3 e o 10 de abril, realizáronse 58.041 probas diagnósticas de infección activa polo virus SARS-CoV-2 (43.159 PCR e 14.882 tests de antíxenos) cunha porcentaxe de positividade a sete días do 2,46, o que supón unha diminución do 4,5 % a respecto da de entre o 28 de marzo e o 3 de abril, que era do 2,57 %.

A incidencia acumulada a 7 e 14 días é de 46 e 78 casos por cen mil habitantes, respectivamente, valores superiores aos observados hai 7 días, en que eran de 32 e 69 casos por cen mil habitantes, respectivamente, o que significa un aumento do 30,4 % aos 7 días e do 11,5% aos 14.

A tendencia diaria mostra, desde o 28 de decembro, tres tramos, un deles con tendencia oposta, primeiro, crecente a un ritmo do 6,8 % ata o 22 de xaneiro e, despois, unha primeira decrecente cunha porcentaxe de cambio diario (PCD) de -6,4 % e outro, cun ascenso máis lento cunha PCD do 0,8 %.

En relación coa situación das áreas sanitarias, as taxas de incidencia a 14 días seguen a diminuír a respecto de hai 7 días, e ningunha das áreas presenta taxas a 14 días con valores superiores aos 250 casos por 100.000 habitantes. Só a Área Sanitaria de Pontevedra presenta unha taxa superior aos 100 casos por 100.000 habitantes aos 7 días.

As taxas a 14 días das áreas están entre os 43,12 casos por 100.000 habitantes de Ferrol e os 118,72 de Pontevedra.

No que respecta á hospitalización, a media de pacientes con COVID-19 en hospitalización de agudos nos últimos 7 días foi de 144,0, o que significa un descenso do -5,9 % a respecto de hai sete días. A taxa de pacientes con COVID-19 en hospitalización de agudos é de 5,3 ingresados por 100.000 habitantes, cun descenso, tamén, do -5,9 % a respecto de hai 7 días.

En canto aos ingresos COVID-19 nas unidades de críticos (UCI) nos últimos 7 días, a media foi de 24,1 e a taxa a 7 días de ingresados nas UCI é de 0,9 ingresados por cen



mil habitantes, o que supón un descenso do -13,8 % a respecto de hai sete días, tanto na media como na taxa.

No que atinxe á situación epidemiolóxica dos concellos de Galicia, daqueles con poboación igual ou maior de 10.000 habitantes (54), só un presenta unha taxa de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes, igual que hai 7 días este concello é o do Grove.

No que se refire aos concellos de menos de 10.000 habitantes (259), 12 presentan unha taxa de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes, 6 máis que hai 7 días. Acádanse taxas de incidencia iguais ou maiores a 500 casos por cen mil habitantes en 5 destes concellos.

O informe conclúe que o cambio na tendencia da taxa de incidencia parece que volve ascender, despois do descenso observado a partir do cumio da onda o 22 de xaneiro. Igualmente, obsérvase un aumento na Rt, que no global de Galicia está a aproximarse ao 1,2.

O informe tamén sinala que a información do modelo de predición, en que indica que a incidencia iría en aumento, hai que tomala con cautela, xa que parte exclusivamente dos casos e non ten en conta as medidas de restrición que se están a tomar. Ademais, a amplitude dos seus intervalos de confianza indica que poderían darse todos os escenarios (estabilización, ascenso ou descenso da onda).

A taxa de incidencia a 14 días, no global de Galicia, segue por debaixo dos 100 casos por cen mil habitantes, e só coa Área Sanitaria de Pontevedra cunha incidencia superior os 100 casos por cen mil habitantes.

No que atinxe aos concellos de máis de 10.000 habitantes, hai só un concello con taxas de incidencia iguais ou superiores a 250 por cen mil habitantes. Nos de menos de 10.000 hai 12 concellos que superan unha taxa de incidencia de 250 por cen mil habitantes, con 5 deles cunha taxa a 14 días superior aos 500 por cen mil habitantes.

O informe segue a destacar que o feito de que a cepa que está a circular, fundamentalmente, sexa a cepa británica pode influír nun aumento da transmisión.

Así mesmo, indica que a ocupación por pacientes con COVID-19 na hospitalización de agudos e unidades de coidados críticos segue a diminuír. Non obstante, engade que hai que manter a precaución, xa que un incremento na incidencia pode comprometer esta evolución.



Non debe esquecerse que nos atopamos nun contexto de desescalada que debe ser gradual, progresiva e segura, guiada polo principio de prudencia, para evitar así comprometer os logros acadados. Galicia conta cunha poboación especialmente envellecida e no noso territorio o virus circulou menos que noutros territorios do Estado, polo que existe un menor nivel de inmunidade natural, á espera de que o proceso de vacinación en marcha acade os resultados esperados. A presión hospitalaria, aínda que vai descendendo, debe baixar máis. Resulta imprescindible ser cautelosos e consolidar no tempo as medidas adoptadas recentemente, de tal xeito que sexa posible ir analizando e reaccionando fronte aos efectos que delas deriven.

O criterio utilizado para aplicar os niveis de restrición aos concellos, ademais do da situación sanitaria, é o da taxa de incidencia segundo os casos por cada cen mil habitantes a 14 días, situando o nivel medio baixo por debaixo de 150; o medio, entre 150 e por debaixo de 250; o alto, entre 250 e por debaixo de 500, e o máximo, na cifra de 500. Así mesmo, co obxecto de reaccionar con rapidez e eficacia fronte aos gromos, utilízase tamén como criterio o da taxa de incidencia a 7 días. A análise da situación de cada concello prevese coa consideración de criterios demográficos, pois debe terse en conta que en concellos de escasa poboación poucos casos poden dar lugar a taxas moi elevadas, que deben ser postas no debido contexto, e co estudo polos servizos de saúde pública e polo comité e subcomité clínico das características específicas de cada gromo.

Por conseguinte, en vista do indicado no citado informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, e tras escoitar as recomendacións do subcomité clínico reunido para estes efectos, coa situación epidemiolóxica e sanitaria da Comunidade Autónoma de Galicia, propónse:

Manteríanse no nivel máximo de restricións os concellos da Pobra do Caramiñal, da Área Sanitaria de Santiago, pola súa taxa a 14 días; o concello do Grove (Área Sanitaria de Pontevedra) e o concello de Carballeda de Valdeorras (Área Sanitaria de Ourense), debido ás súas taxas de incidencia a 7 e/ou 14 días.

Subiría ao nivel máximo de restrición o concello de Cualedro, debido ás súas taxas a 7 e 14 días e porque a súa situación epidemiolóxica non está controlada e o gromo non está ben delimitado.

Manteríanse no nivel alto, ben polas súas taxas a 7 e/ou 14 días, ben por non ter estado neste nivel o tempo suficiente para asegurar unha evolución favorable da súa situación epidemiolóxica, aínda que as súas taxas indiquen que poden baixar de nivel, como acontece cos concellos de Boiro e a Illa de Arousa, os concellos de Boimorto e Boiro (Área Sanitaria



de Santiago), Barreiros (Área Sanitaria de Lugo) O Barco de Valdeorras e Rubiá (Área Sanitaria de Ourense).

Ademais, propónse manter no nivel alto de restricións os concellos de Cortegada e Padrenda, da Área Sanitaria de Ourense, malia que polas súas taxas a 7 e/ou 14 días Cortegada ascendería a nivel máximo e Padrenda a nivel alto. As razóns fundamentalmente débense a que os casos forman parte de brotes controlados, con orixe coñecida, ademais de seren concellos en que polo seu tamaño de poboación, un número pequeno de casos afecta inmediatamente as súas taxas.

Igualmente, propónse aumentar ao nivel alto o concello de Cambre, da Área Sanitaria da Coruña, debido fundamentalmente ás súas taxas a 7 días, a que os seus casos pertencen a gromos diversos, algúns sen fonte coñecida, e a que os seus casos están a aumentar desde hai unha semana, o que fai que a súa situación epidemiolóxica estea mal controlada.

Tamén se propón aumentar a este nivel alto, en vez de ao máximo que lle correspondería polas súas taxas, o concello de Lobeira, xa que os casos están na contorna dunha familia, e esperaríase para ver a súa evolución, xa que ademais se trata dun concello de menos de 1.000 habitantes en que os 4 casos que hai aumentan artificialmente a súa taxa de incidencia.

Propónse manter no nivel medio, ben polas súas taxas de incidencia, ou ben por non ter estado tempo suficiente neste nivel para asegurar a estabilidade da súa situación epidemiolóxica, aínda que as súas taxas indiquen que poderían descender deste nivel, ou mesmo xa con tempo suficiente é preciso esperar para ter a evolución da incidencia controlada, os concellos de: Muxía (Área Sanitaria da Coruña), Ortigueira (Área Sanitaria de Ferrol), Ribeira (Área Sanitaria de Santiago) A Pobra do Brollón (Área Sanitaria de Lugo), Marín, Sanxenxo, Ribadumia, Meaño, Soutomaior, Vilaboa e Vilanova de Arousa (Área Sanitaria de Pontevedra) e As Neves da Área Sanitaria de Vigo.

Igualmente, propónse manter no nivel medio, aínda que polas súas taxas deberían estar no nivel máximo, os concellos de Meira e Trabada (Lugo), porque se trata de brotes en que se está a esperar a ver a súa evolución, dado o número pequeno de casos, estar asociados a casos cuxa orixe é coñecida ou esperar a realización do cribado poboacional programado. Igualmente, manteríase neste nivel medio, aínda que pola súa taxa lle correspondería o nivel alto, o concello do Irixo, debido á evolución favorable da súa situación epidemiolóxica, e o concello de Meis, da Área Sanitaria de Pontevedra, xa que os casos, tamén, pertencen a un gromo con orixe coñecida.



Tamén se propón manter no nivel medio, aínda que pola súa taxa lle correspondería baixar de nivel, o concello de Gondomar, xa que se está pendente dos resultados dun cribado e, dadas as características epidemiolóxicas dos casos actuais, se decidiu mantelo nese nivel medio ata ter os resultados dese cribado.

Aumentarían ao nivel medio desde o nivel medio baixo, tal como indican as súas taxas, os concellos das Pontes (Área Sanitaria de Ferrol), Cambados (Área Sanitaria de Pontevedra) e Cangas (Área Sanitaria de Vigo), tal como indican as súas taxas a 7 e/ou 14 días.

Aumentaría a este nivel medio, desde o nivel medio baixo actual, aínda que a súa taxa indica que debería estar no nivel alto, o concello de Catoira, xa que a situación dos seus casos teñen unha orixe coñecida e forman parte dun gromo.

Proponse pasar a este nivel medio desde o alto actual, os concellos de Carral (Área Sanitaria da Coruña) e o da Illa de Arousa, da Área Sanitaria de Pontevedra, dada a súa boa evolución epidemiolóxica, e que as súas taxas indican este nivel medio.

Igualmente, pasaría ao nivel medio o concello de Vilagarcía de Arousa, xa que a evolución dos casos nos últimos 7 días comeza a preocupar, xa que aparecen novos casos diariamente, ademais de que moitos deles son casos sen fonte coñecida, para tratar de frear a transmisión.

O resto de concellos de Galicia permanecen no nivel medio baixo de restricións, con base nos criterios reflectidos anteriormente ou á espera de comprobar a evolución da súa situación epidemiolóxica.

Debe insistirse, en particular, en que as medidas resultan adecuadas e eficaces de acordo cos datos expostos sobre a evolución da situación epidemiolóxica e, polo tanto, útiles para acadar o fin proposto de protección da saúde pública, na espera de que a campaña de vacinación acade os resultados que se perseguen. Debe ponderarse que aínda non estamos en niveis de transmisión que se poidan entender de risco baixo.

Así mesmo, debe manterse a protección do sistema sanitario. As medidas de limitación de determinadas actividades resultan necesarias, adecuadas e proporcionadas para o fin perseguido, que non é outro que controlar e evitar a maior difusión dunha enfermidade altamente contaxiosa respecto da cal a diferenza entre persoas enfermas e sas resulta difusa, dada a posible asintomatoloxía ou levidade dos síntomas e a existencia dun período no cal non hai indicios externos da enfermidade.



En concreto, trátase de evitar especialmente aglomeracións ou encontros entre persoas, co fin de garantir o mantemento da distancia de seguridade e reducir o risco de contacto físico ou proximidade en condicións favorecedoras do contaxio. Debe lembrarse, neste sentido, que o Auto 40/2020, do 30 de abril de 2020, do Tribunal Constitucional, no seu fundamento xurídico cuarto, ao ponderar a relevancia das especiais circunstancias derivadas da crise sanitaria creada pola pandemia no exercicio do dereito de reunión, salientou como, ante a incerteza sobre as formas de contaxio, sobre o impacto real da propagación do virus, así como sobre as consecuencias a medio e longo prazo para a saúde das persoas que se viron afectadas, as medidas de distanciamento social e de limitación extrema dos contactos e actividades grupais son as únicas que se teñen demostrado eficaces para limitar os efectos dunha pandemia de dimensións descoñecidas ata a data. Deste modo, as medidas de limitación de determinadas actividades van dirixidas a limitar os contactos e a interacción social e, polo tanto, a transmisión da enfermidade, en situacións nas cales cabe apreciar un maior risco polas circunstancias en que se realizan, especialmente en lugares pechados.

Tendo en conta o exposto, e tras escoitar as recomendacións do subcomité clínico reunido para estes efectos e visto o informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, procede reiterar as medidas xa aprobadas coas modificacións previstas na presente orde.

IV

As medidas que se adoptan nesta orde teñen o seu fundamento normativo na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 a 38 ter da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para adoptar as medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica existente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, coa urxencia que a protección da saúde pública demanda.

Na súa virtude, en aplicación do punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transi-



ción cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. *Modifícase o anexo II da Orde do 17 de marzo de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado segundo o anexo da presente orde*

Segundo. Eficacia

As medidas previstas nesta orde terán efectos desde as 00.00 horas do día 19 de abril de 2021. Non obstante o anterior, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, serán obxecto de seguimento e avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser modificadas ou levantadas mediante orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2021

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade

ANEXO II**A) Concellos con nivel de restrición máxima.**

Carballada de Valdeorras
Cualedro
Grove (O)
Pobra do Caramiñal (A)

B) Concellos con nivel de restrición alta.

Barco de Valdeorras (O)
Barreiros
Boimorto
Boiro



Cambre
Cortegada
Lobeira
Padrenda
Rubiá

C) Concellos con nivel de restricción media.

Cambados
Cangas
Carral
Catoira
Gondomar
Illa de Arousa (A)
Irixo (O)
Marín
Meaño
Meira
Meis
Muxía
Neves (As)
Ortigueira
Pobra do Brollón (A)
Pontes de García Rodríguez (As)
Ribadumia
Ribeira
Sanxenxo
Soutomaior
Trabada
Vilaboa
Vilagarcía de Arousa
Vilanova de Arousa

D) Concellos con nivel de restricción media baixa.

Abadín
Abegondo
Agolada



Alfoz
Allariz
Ames
Amoeiro
Antas de Ulla
Aranga
Arbo
Ares
Arnoia (A)
Arteixo
Arzúa
Avión
Baiona
Baleira
Baltar
Bande
Baña (A)
Baños de Molgas
Baralla
Barbadás
Barro
Beade
Beariz
Becerreá
Begonte
Bergondo
Betanzos
Blancos (Os)
Boborás
Bola (A)
Bolo (O)
Boqueixón
Bóveda
Brión
Bueu
Burela
Cabana de Bergantiños



Cabanas
Caldas de Reis
Calvos de Randín
Camariñas
Campo Lameiro
Cañiza (A)
Capela (A)
Carballeda de Avia
Carballeda de Valdeorras
Carballedo
Carballiño (O)
Carballo
Cariño
Carnota
Cartelle
Castrelo de Miño
Castrelo do Val
Castro Caldelas
Castro de Rei
Castroverde
Cedeira
Cee
Celanova
Cenlle
Cerceda
Cerdedo-Cotobade
Cerdido
Cervantes
Cervo
Chandrea de Queixa
Chantada
Coirós
Coles
Corcubión
Corgo (O)
Coristanco
Coruña (A)



Cospeito
Covelo
Crecente
Culleredo
Cuntis
Curtis
Dodro
Dozón
Dumbría
Entrimo
Esgos
Estrada (A)
Fene
Ferrol
Fisterra
Folgo do Courel
Fonsagrada (A)
Forcarei
Fornelos de Montes
Foz
Frades
Friol
Gomesende
Guarda (A)
Gudiña (A)
Guitiriz
Guntín
Incio (O)
Irixoa
Lalín
Lama (A)
Láncara
Laracha (A)
Larouco
Laxe
Laza
Leiro



Lobios
Lourenzá
Lousame
Lugo
Maceda
Malpica de Bergantiños
Manzaneda
Mañón
Maside
Mazaricos
Melide
Melón
Merca (A)
Mesía
Mezquita (A)
Miño
Moaña
Moeche
Mondariz-Balneario
Mondariz
Mondoñedo
Monfero
Monforte de Lemos
Montederramo
Monterrei
Monterroso
Moraña
Mos
Mugardos
Muíños
Muras
Muros
Narón
Navia de Suarna
Neda
Negreira
Negueira de Muñiz



Nigrán
Nogais (As)
Nogueira de Ramuín
Noia
Oia
Oímbra
Oleiros
Ordes
Oroso
Ourense
Ouro
Outeiro de Rei
Outes
Oza-Cesuras
Paderne de Allariz
Paderne
Padrón
Palas de Rei
Pantón
Parada de Sil
Paradela
Páramo (O)
Pastoriza (A)
Pazos de Borbén
Pedrafita do Cebreiro
Pereiro de Aguiar (O)
Peroxa (A)
Petín
Pino (O)
Piñor
Pobra de Trives (A)
Poio
Pol
Ponte Caldelas
Pontecesures
Ponteareas
Ponteceso



Pontedeume
Pontedeua
Pontenova (A)
Pontevedra
Porqueira
Porriño (O)
Portas
Porto do Son
Portomarín
Punxín
Quintela de Leirado
Quiroga
Rábade
Rairiz de Veiga
Ramirás
Redondela
Rianxo
Ribadavia
Ribadeo
Ribas de Sil
Ribeira de Piquín
Riós
Riotorto
Rodeiro
Rois
Rosal (O)
Rúa (A)
Sada
Salceda de Caselas
Salvaterra de Miño
Samos
San Amaro
San Cibrao das Viñas
San Cristovo de Cea
San Sadurniño
San Xoán de Río
Sandiás



Santa Comba
Santiago de Compostela
Santiso
Sarreaus
Sarria
Saviñao (O)
Silleda
Sober
Sobrado
Somozas (As)
Taboada
Taboadela
Teixeira (A)
Teo
Toén
Tomiño
Toques
Tordoia
Touro
Trasmiras
Trazo
Triacastela
Tui
Val do Dubra
Valadouro (O)
Valdoviño
Valga
Vedra
Veiga (A)
Verea
Verín
Viana do Bolo
Vicedo (O)
Vigo
Vila de Cruces
Vilalba
Vilamarín



Vilamartín de Valdeorras
Vilar de Barrio
Vilar de Santos
Vilardevos
Vilariño de Conso
Vilarmaior
Vilasantar
Vimianzo
Viveiro
Xermade
Xinzo de Limia
Xove
Xunqueira de Ambía
Xunqueira de Espadanedo
Zas



I. DISPOSICIÓN XERAIS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

ORDE do 14 de abril de 2021 pola que se modifica a Orde do 17 de marzo de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

I

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.

O obxecto do dito acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade.

Así mesmo, indícase no dito punto sexto, na redacción vixente, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de acordo coa normativa aplicable e en vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou en parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación das medidas concretas contidas no anexo.



Mediante o Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, declarouse o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. Esta declaración afectou todo o territorio nacional e a súa duración inicial estendeuse, conforme o disposto no seu artigo 4, ata as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020.

Conforme o artigo 2 dese real decreto, para os efectos do estado de alarma, a autoridade competente será o Goberno da Nación. En cada comunidade autónoma e cidade con estatuto de autonomía, a autoridade competente delegada será quen exerza a presidencia da comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía, nos termos establecidos no real decreto. As autoridades competentes delegadas quedan habilitadas para ditaren, por delegación do Goberno da Nación, as ordes, resolucións e disposicións para a aplicación do previsto nos artigos 5 ao 11 do real decreto, sen que para iso sexa precisa a tramitación de ningún procedemento administrativo, nin será de aplicación o previsto no segundo parágrafo do artigo 8.6 e no artigo 10.8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O 29 de outubro de 2020, o Congreso dos Deputados autorizou a prórroga do estado de alarma ata o día 9 de maio de 2021. Conforme o artigo 2 do Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, a prórroga establecida no dito real decreto estenderase desde as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020 ata as 00.00 horas do día 9 de maio de 2021, e someterase ás condicións establecidas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, e nos decretos que, se é o caso, se adopten en uso da habilitación conferida pola disposición derradeira primeira do citado Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, sen prexuízo do establecido nas disposicións que recolle o propio real decreto de prórroga.

En consecuencia, durante a vixencia do estado de alarma e da súa prórroga, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, deberán adoptarse, na condición de autoridade competente delegada, nos termos previstos no dito real decreto e no real decreto de prórroga.

Non obstante, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, non esgotan todas as que poden ser adoptadas para facer fronte á crise sanitaria. Neste sentido, como prevé expresamente o seu artigo 12, cada Administración conservará as competencias que lle outorga a lexislación vixente, así como a xestión dos seus servizos e do seu persoal, para adoptar as medidas que considere necesarias, sen prexuízo do establecido no real decreto.



Polo tanto, durante a vixencia do estado de alarma e das súas prórrogas, as medidas que sexa necesario adoptar para facer fronte, na Comunidade Autónoma, á crise sanitaria serán as que poida acordar, ao abeiro da normativa do estado de alarma, o presidente da Comunidade Autónoma, como autoridade competente delegada, e as complementarias que poidan adoptar, no exercicio das súas competencias propias, as autoridades sanitarias autonómicas e, entre elas, a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, ao abeiro do disposto no punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020 citado.

II

Sentado o anterior, no contexto normativo derivado do estado de alarma vixente e ante a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia, ditouse o Decreto 31/2021, do 25 de febreiro, polo que se adoptaron medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

Esas medidas debían ser complementadas, como indica o propio decreto, con outras que procede que adopte a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade no exercicio das súas competencias propias como autoridade sanitaria autonómica.

Estas medidas complementarias establecéronse mediante a Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia. Esta orde prevía que as medidas serían obxecto de revisión constante co obxecto de avaliar a situación e adecualas á incidencia real da epidemia.

Posteriormente, revisáronse as medidas acordadas, co obxecto de adecualas á situación epidemiolóxica, e ditouse a Orde do 4 de marzo de 2021, que incluíu pequenas modificacións das medidas adoptadas e do anexo II da Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia; a Orde do 5 de marzo de 2021 por medio da cal se modificou o anexo II da Orde do 25 de febreiro de 2021; a Orde do 10 de marzo de 2021, coa que se modificaron diversos puntos do anexo I e do anexo II da Orde do 25 de febreiro de 2021, e a Orde do 12 de marzo de 2021, que modificou unicamente o anexo II.



Paralelamente, estas modificacións tiveron reflexo tamén no Decreto 39/2021, do 5 de marzo, no Decreto 40/2001, do 10 de marzo, e no Decreto 41/2021, do 12 de marzo, polos que se modificou o Decreto 31/2021, do 25 de febreiro, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

En cumprimento do compromiso acadado en relación coa revisión das medidas acordadas, co obxecto de adecualas á situación epidemiolóxica, ditáronse o Decreto 45/2021, do 17 de marzo, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2 (modificado polo Decreto 49/2021, do 24 de marzo, polo Decreto 51/2021, do 26 de marzo, polo Decreto 54/2021, do 7 de abril, e polo Decreto 58/2021, do 9 de abril), e a Orde do 17 de marzo de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, modificada polas ordes do 24 de marzo de 2021, do 26 de marzo de 2021, do 31 de marzo de 2021, e do 7 de abril de 2021.

Posteriormente, realizouse unha nova revisión da situación epidemiolóxica dos concellos de Galicia, que tivo o oportuno reflexo na Orde do 9 de abril de 2021 pola que se modifican o anexo do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, e a Orde do 17 de marzo de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

III

De conformidade co compromiso acadado, procede realizar unha nova revisión da situación epidemiolóxica dos distintos concellos.

Así, no Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 14 de abril de 2021, establécese o seguinte:

O número reprodutivo instantáneo (R_t), que indica o número de contaxios orixinados por un caso activo, volveu subir do 1, con todas as áreas sanitarias superándoo. Non obstante,



a relativa estabilización das taxas desde o 28 de febreiro pode afectar a que o R_t se achegue ao 1 ou o supere.

Do total de concellos de Galicia, 142 non notificaron casos nos últimos 14 días. O número de concellos sen casos nos últimos 7 días foi de 175. Isto supón o mesmo número de concellos a 14 días e unha diminución de 14 concellos a 7 días, desde a semana pasada, que era de 142 e 189, a 14 e 7 días, respectivamente.

Entre o 2 e o 8 de abril realizáronse 48.929 probas diagnósticas de infección activa polo virus SARS-CoV-2 (36.735 PCR e 12.194 tests de antíxenos) cunha porcentaxe de positividade a sete días do 2,48, o que supón un pequeno aumento con respecto á de entre o 26 de marzo e o 3 de abril, que era do 2,4 %.

A incidencia acumulada a 7 e 14 días é de 42 e 75 casos por cen mil habitantes, respectivamente, valores superiores aos observados hai 7 días, cando era de 34 e 68 casos por cen mil habitantes, respectivamente, o que significa un aumento do 19 % aos 7 días e do 9,3 % aos 14.

A tendencia diaria mostra, desde o 28 de decembro, tres tramos, un deles con tendencia oposta, primeiro crecente a un ritmo do 6,8 % ata o 22 de xaneiro, e despois unha primeira decrecente cunha porcentaxe de cambio diario de -6,8 % e outra cun lixeiro cambio na tendencia ascendente a partir do 5 de marzo, cunha porcentaxe de cambio diario de 0,4 %.

No que atinxe á situación das áreas sanitarias, as taxas de incidencia a 14 días seguen a diminuír con respecto a hai 7 días, agás nas áreas sanitarias de Lugo, Ourense e Pontevedra, e ningunha das áreas presenta taxas a 14 días con valores superiores aos 250 casos por 100.000 habitantes. Só a Área Sanitaria de Pontevedra supera os 100 casos por 100.000 habitantes.

As taxas a 14 días das áreas están entre os 39,92 casos por 100.000 habitantes de Ferrol e os 109,59 de Pontevedra.

A media de pacientes con COVID-19 en hospitalización de agudos nos últimos 7 días foi de 139,6, o que significa un descenso do -12,1 % con respecto a hai sete días. A taxa de pacientes con COVID-19 en hospitalización de agudos é de 5,2 ingresados por 100.000 habitantes, cun descenso, tamén, do -12,1 % con respecto a hai 7 días.



En canto aos ingresos COVID-19 nas unidades de críticos (UCI) nos últimos 7 días, a media foi de 25,0 e a taxa a 7 días de ingresados nas UCI é de 0,9 ingresados por 100.000 habitantes, o que supón un descenso do -12,1 % con respecto a hai sete días, tanto na media como na taxa.

Respecto á situación epidemiolóxica dos concellos de Galicia, naqueles con poboación igual ou maior de 10.000 habitantes (54), só un presenta unha taxa de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes, igual que hai 7 días. Este concello é o do Grove.

No que se refire aos concellos de menos de 10.000 habitantes (259), 7 presentan unha taxa de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes, un máis que hai unha semana. Acádanse taxas de incidencia iguais ou maiores a 500 casos por cen mil habitantes en 3 destes concellos: A Pobra do Caramiñal, Carballeda de Valdeorras e Cortegada.

O informe conclúe que o cambio na tendencia da taxa de incidencia aumentou lixeiramente nesta última semana, superado o cumio da onda o 22 de xaneiro. Non obstante, obsérvase un aumento do R_t , por riba do 1, mais este dato en situacións de baixa incidencia pode ser moi inestable.

Así mesmo, destaca que a tendencia da incidencia amosa, de momento, unha estabilización desta, o que resulta compatible con poder adoptar medidas no contexto dunha desescalada progresiva e segura.

A taxa de incidencia a 14 días, no global de Galicia, segue por debaixo dos 100 casos por cen mil habitantes ($c/10^5h$), cunha área sanitaria, a de Pontevedra, cunha incidencia superior aos 100 casos por cen mil habitantes.

No que atinxe aos concellos de máis de 10.000 habitantes, só hai un concello coa taxa de incidencia a 14 días igual ou superior a 250 $c/10^5h$. Nos de menos de 10.000, hai 7 concellos que superan unha taxa de incidencia de 250 $c/10^5h$, con 3 deles cunha taxa a 14 días superior aos 500 $c/10^5h$.

O informe sinala que o feito de que a cepa que está a circular, fundamentalmente, sexa a cepa británica pode influír nun aumento da transmisión.



A ocupación por pacientes con COVID-19 na hospitalización de agudos e unidades de cuidados críticos segue a diminuír con respecto a hai sete días.

Non debe esquecerse que nos atopamos nun contexto de desescalada que debe ser gradual, progresiva e segura, guiada polo principio de prudencia, para evitar así comprometer os logros acadados. Galicia conta cunha poboación especialmente envellecida e no noso territorio o virus circulou menos que noutros territorios do Estado, polo que existe un menor nivel de inmunidade natural, á espera de que o proceso de vacinación en marcha acade os resultados esperados. A presión hospitalaria, aínda que vai descendendo, debe baixar máis. Resulta imprescindible ser cautelosos e consolidar no tempo as medidas adoptadas recentemente, de tal xeito que sexa posible ir analizando e reaccionando fronte aos efectos que delas deriven.

O criterio utilizado para aplicar os niveis de restrición aos concellos, ademais do da situación sanitaria, é o da taxa de incidencia segundo os casos por cada cen mil habitantes a 14 días, situando o nivel medio baixo por debaixo de 150; o medio, entre 150 e por debaixo de 250; o alto, entre 250 e por debaixo de 500, e o máximo, na cifra de 500. Así mesmo, co obxecto de reaccionar con rapidez e eficacia fronte aos gromos, utilízase tamén como criterio o da taxa de incidencia a 7 días. A análise da situación de cada concello prevese coa consideración de criterios demográficos, pois debe terse en conta que en concellos de escasa poboación poucos casos poden dar lugar a taxas moi elevadas, que deben ser postas no debido contexto, e co estudo polos servizos de saúde pública e polo Comité e Subcomité Clínico das características específicas de cada gromo.

Por conseguinte, en vista do indicado no citado informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, e tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, coa situación epidemiolóxica e sanitaria da Comunidade Autónoma de Galicia, propónse:

Manteríanse no nivel máximo de restricións o concello da Pobra do Caramiñal (Área Sanitaria de Santiago), o concello do Grove (Área Sanitaria de Pontevedra) e o concello de Carballeda de Valdeorras (Área Sanitaria de Ourense), debido ás súas taxas de incidencia a 7 e/ou 14 días.

Manteríanse no nivel alto, ben polas súas taxas a 7 e/ou 14 días, ben por non ter estado neste nivel o tempo suficiente para asegurar unha evolución favorable da súa situación epidemiolóxica, mesmo se as súas taxas indican que poden baixar de nivel, os concellos de Carral (Área Sanitaria da Coruña), Boimorto e Boiro (Área Sanitaria de Santiago), Ba-



rreiros (Área Sanitaria de Lugo), Monterrei (Área Sanitaria de Ourense) e A Illa de Arousa (Área Sanitaria de Pontevedra).

Ademais, ascenderían do nivel medio actual ao nivel alto o concello de Cortegada (Área Sanitaria de Ourense), respecto do cal, aínda que pola súa taxa a 7 e 14 días lle correspondería estar no nivel máximo, cómpre sinalar que os casos forman parte dun brote controlado, e o concello de Padrenda (Área Sanitaria de Ourense) pola súa taxa a 7 días.

Finalmente, ascenderían do nivel medio baixo actual ao nivel alto os concellos do Barco de Valdeorras e Rubiá (Área Sanitaria de Ourense), polas súas taxas a 7 e/ou 14 días.

Manteríanse no nivel medio os concellos de Meis, Ribadumia, Sanxenxo, Vilanova de Arousa, Soutomaior e Vilaboa (Área Sanitaria de Pontevedra), ben polas súas taxas de incidencia ou ben por non ter estado tempo suficiente neste nivel para asegurar a estabilidade da súa situación epidemiolóxica, mesmo se as súas taxas poden indicar que poderían descender de nivel. Tamén se manteñen neste nivel, polas mesmas razóns, os concellos das Neves e Gondomar, da Área Sanitaria de Vigo.

Descenderían ao nivel medio, desde o nivel alto actual, o concello do Irixo (Área Sanitaria de Ourense) porque, ben que lle correspondería manterse no nivel alto pola súa taxa a 14 días, a situación epidemiolóxica do concello, cun brote xa controlado, permitiría baixalo a este nivel. Igualmente, proponse descender a este nivel o concello da Pobra do Brollón (Área Sanitaria de Lugo), polas súas taxas que xa indican este nivel e leva tempo suficiente no nivel alto.

Aumentarían a este nivel medio desde o nivel medio baixo actual, polas súas taxas a 7 e/ou 14 días, os concellos de Cambre (Área Sanitaria da Coruña), Ortigueira (Área Sanitaria de Ferrol), Ribeira (Área Sanitaria de Santiago), Meaño e Marín (Área Sanitaria de Pontevedra).

Igualmente, aumentarían a este nivel medio, aínda que polas súas taxas lles correspondería estar no nivel alto, debido a que os seus casos pertencen a brotes controlados, os concellos de Muxía (Área Sanitaria da Coruña) e Meira (Área Sanitaria de Lugo). Por outra banda, tamén se propuxo aumentar a este nivel medio, a pesar de que a súa taxa indica o nivel máximo, o concello de Trabada, da Área Sanitaria de Lugo, pola mesma razón que nos anteriores concellos.



O resto de concellos de Galicia permanecen no nivel medio baixo de restricións, con base nos criterios reflectidos anteriormente ou á espera de comprobar a evolución da súa situación epidemiolóxica.

Por outra banda, propónse tamén adaptar as regras específicas aplicables para os establecementos e locais comerciais (punto 3.6 do anexo I da Orde do 17 de marzo), para os centros e parques comerciais (punto 3.7 do anexo I da Orde do 17 de marzo) e na hostalaría e restauración (punto 3.22 do anexo I da Orde do 17 de marzo), co obxecto de adaptalas ás modificacións realizadas no ámbito das limitacións de mobilidade nocturna.

Debe insistirse, en particular, en que as medidas resultan adecuadas e eficaces de acordo cos datos expostos sobre a evolución da situación epidemiolóxica e, polo tanto, útiles para acadar o fin proposto de protección da saúde pública, na espera de que a campaña de vacinación acade os resultados que se perseguen. Debe ponderarse que aínda non estamos en niveis de transmisión que se poidan entender de risco baixo.

Así mesmo, debe manterse a protección do sistema sanitario. As medidas de limitación de determinadas actividades resultan necesarias, adecuadas e proporcionadas para o fin perseguido, que non é outro que controlar e evitar a maior difusión dunha enfermidade altamente contaxiosa respecto da cal a diferenza entre persoas enfermas e sas resulta difusa, dada a posible asintomatoloxía ou levidade dos síntomas e a existencia dun período no cal non hai indicios externos da enfermidade.

En concreto, trátase de evitar especialmente aglomeracións ou encontros entre persoas, co fin de garantir o mantemento da distancia de seguridade e reducir o risco de contacto físico ou proximidade en condicións favorecedoras do contaxio. Debe lembrarse, neste sentido, que o Auto 40/2020, do 30 de abril de 2020, do Tribunal Constitucional, no seu fundamento xurídico cuarto, ao ponderar a relevancia das especiais circunstancias derivadas da crise sanitaria creada pola pandemia no exercicio do dereito de reunión, salientou como, ante a incerteza sobre as formas de contaxio, sobre o impacto real da propagación do virus, así como sobre as consecuencias a medio e longo prazo para a saúde das persoas que se viron afectadas, as medidas de distanciamento social e de limitación extrema dos contactos e actividades grupais son as únicas que se teñen demostrado eficaces para limitar os efectos dunha pandemia de dimensións descoñecidas ata a data. Deste modo, as medidas de limitación de determinadas actividades van dirixidas a limitar os contactos e a interacción social e, polo tanto, a transmisión da enfermidade, en situacións nas cales cabe apreciar un maior risco polas circunstancias en que se realizan, especialmente en lugares pechados.



Tendo en conta o exposto, e tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos e visto o informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, procede reiterar as medidas xa aprobadas coas modificacións previstas na presente orde.

IV

As medidas que se adoptan nesta orde teñen o seu fundamento normativo na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 a 38 ter da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para adoptar as medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica existente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, coa urxencia que a protección da saúde pública demanda.

Na súa virtude, en aplicación do punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. Modificación da Orde do 17 de marzo de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia

Un. Modifícase o ordinal segundo do punto 3.6 do anexo I da Orde do 17 de marzo de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado como segue.

«2. O horario de peche dos ditos establecementos e locais será o que teñan fixado de acordo coa normativa vixente, debendo respectar en todo caso as limitacións establecidas para a mobilidade nocturna».



Dous. Modifícase o ordinal terceiro do punto 3.7 do anexo I da Orde do 17 de marzo de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado como segue.

«3. O horario de peche dos centros e parques comerciais será o que teñan fixado de acordo coa normativa vixente, debendo respectar en todo caso as limitacións establecidas para a mobilidade nocturna».

Tres. Modifícase o punto 3.22 do anexo I da Orde do 17 de marzo de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado como segue.

«3.22. Hostalaría e restauración.

1. A prestación de servizos de hostalaría e restauración en bares, cafetarías e restaurantes axustarase ás seguintes regras, en función dos datos epidemiolóxicos existentes nos correspondentes concellos:

a) Nos concellos enumerados na letra A do anexo II da presente orde, os citados establecementos permanecerán pechados ao público e poderán prestar exclusivamente servizos de recollida no local e consumo a domicilio ata as 22.30 horas, ou ben servizo de entrega a domicilio. O servizo de entrega a domicilio poderá realizarse ata as 24.00 horas.

A permanencia nestes establecementos deberá ser a estritamente necesaria. En todo caso, evitanse aglomeracións e controlárase que consumidores e empregados manteñan a distancia de seguridade establecida co fin de evitar posibles contaxios.

b) Nos concellos enumerados na letra B do anexo II da presente orde, os establecementos poderán prestar unicamente servizos de recollida no local e consumo a domicilio, de entrega a domicilio e, así mesmo, de terraza co cincuenta por cento (50 %) da capacidade máxima permitida con base na correspondente licenza municipal ou do que sexa autorizado para este ano, no caso de que a licenza sexa concedida por primeira vez.

En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia de seguridade interpersoal entre as mesas ou, de ser so caso, agrupacións de mesas, e respectaran-



se nas mesas as limitacións que se establezan para grupos de persoas no correspondente ámbito territorial.

O horario de peche ao público será ás 21.00 horas. Os establecementos que teñan título municipal habilitante de restaurante disporán da opción de ampliar o seu horario ata as 23.00 horas exclusivamente para o servizo de ceas, sempre que cumpran os requisitos que se determinen para este caso nas medidas aprobadas pola consellería competente en materia de sanidade no marco do Plan de hostalaría segura.

Non obstante, poderán prestar servizos de recollida no local e consumo a domicilio ata as 22.30 horas, ou ben servizo de entrega a domicilio. O servizo de entrega a domicilio poderá realizarse ata as 24.00 horas. Neste caso, a permanencia nestes establecementos deberá ser a estritamente necesaria. En todo caso, evitanse aglomeracións e controlárase que consumidores e empregados manteñan a distancia de seguridade establecida co fin de evitar posibles contaxios.

c) Nos concellos enumerados na letra C do anexo II da presente orde, os establecementos poderán prestar servizos de recollida no local e consumo a domicilio, de entrega a domicilio, de terraza co cincuenta por cento (50 %) da capacidade máxima permitida con base na correspondente licenza municipal ou do que sexa autorizado para este ano, no caso de que a licenza sexa concedida por primeira vez, e tamén servizo no interior cunha ocupación do 30 %. Non se poderá prestar servizo na barra.

En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia de seguridade interpersoal entre as mesas ou, de ser so caso, agrupacións de mesas, e respectaranse nas mesas as limitacións que se establezan para grupos de persoas no correspondente ámbito territorial.

O horario de peche ao público será ás 21.00 horas. Os establecementos que teñan título municipal habilitante de restaurante disporán da opción de ampliar o seu horario ata as 23.00 horas exclusivamente para o servizo de ceas, sempre que cumpran os requisitos que se determinen para este caso nas medidas aprobadas pola consellería competente en materia de sanidade no marco do Plan de hostalaría segura.

Non obstante, poderán prestar servizos de recollida no local e consumo a domicilio ata as 22.30 horas, ou ben servizo de entrega a domicilio. O servizo de entrega a domicilio poderá realizarse ata as 24.00 horas. Neste caso, a permanencia nestes establecementos deberá ser a estritamente necesaria. En todo caso, evitanse aglomeracións e controlá-



rasede consumidores e empregados manteñan a distancia de seguridade establecida co fin de evitar posibles contaxios.

d) Nos concellos enumerados na letra D do anexo II da presente orde, os establecementos poderán prestar servizos de recollida no local e consumo a domicilio, de entrega a domicilio, de terraza co setenta e cinco por cento (75 %) da capacidade máxima permitida con base na correspondente licenza municipal ou do que sexa autorizado para este ano, no caso de que a licenza sexa concedida por primeira vez, e tamén servizo no interior cunha ocupación do 50 %. Non se poderá prestar servizo na barra.

En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia de seguridade interpersonal entre as mesas ou, de ser so caso, agrupacións de mesas, e respectaranse nas mesas as limitacións que se establezan para grupos de persoas no correspondente ámbito territorial.

O horario de peche ao público será ás 21.00 horas. Os establecementos que teñan título municipal habilitante de restaurante disporán da opción de ampliar o seu horario ata as 23.00 horas exclusivamente para o servizo de ceas, sempre que cumpran os requisitos que se determinen para este caso nas medidas aprobadas pola consellería competente en materia de sanidade no marco do Plan de hostalaría segura.

Non obstante, poderán prestar servizos de recollida no local e consumo a domicilio ata as 22.30 horas, ou ben servizo de entrega a domicilio. O servizo de entrega a domicilio poderá realizarse ata as 24.00 horas. Neste caso, a permanencia nestes establecementos deberá ser a estritamente necesaria. En todo caso, evitanse aglomeracións e controlarase que consumidores e empregados manteñan a distancia de seguridade establecida co fin de evitar posibles contaxios.

2. Para o cálculo das ocupacións, así como para a aplicación doutras medidas específicas, observarase ás medidas aprobadas pola consellería competente en materia de sanidade no marco do Plan de hostalaría segura.

3. Os establecementos de restauración de centros sanitarios ou de traballo poderán manter o servizo de cafetaría, bar e restaurante. Non poderán superar o cincuenta por cento da súa capacidade. O consumo dentro do local poderá realizarse unicamente sentado na mesa, ou agrupacións de mesas, e deberase asegurar o mantemento da debida distancia de seguridade interpersonal entre clientes, e respectaranse nas mesas as limitacións que se establezan para grupos de persoas no correspondente ámbito territorial.



Nos concellos enumerados nas letras A e B do anexo II da presente orde, estes establecementos de restauración deberán limitar a súa actividade, nas condicións establecidas no número anterior, aos traballadores destes ou, no caso dos centros sanitarios, tamén a acompañantes de doentes.

Respectaranse as limitacións que se establezan e, nos concellos enumerados na letra A do anexo II, deberán ser todas conviventes ou persoas traballadoras que formen un grupo de convivencia estable dentro do centro de traballo.

No caso de establecementos de hostalaría situados en centros educativos, aplicaranse as regras previstas nos parágrafos precedentes.

Estas regras non será aplicables aos comedores escolares, que se rexerán pola súa normativa específica».

Catro. Modifícase o anexo II da Orde do 17 de marzo de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado segundo o anexo da presente orde.

Segundo. *Eficacia*

As medidas previstas nesta orde terán efectos desde as 00.00 horas do día 16 de abril de 2021. Non obstante o anterior, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, serán obxecto de seguimento e avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser modificadas ou levantadas mediante orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Santiago de Compostela, 14 de abril de 2021

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade

ANEXO II

A) Concellos con nivel de restrición máxima.

Carballeda de Valdeorras.

Grove (O)

Pobra do Caramiñal (A)



B) Concellos con nivel de restricción alta.

Barco de Valdeorras (O)
Barreiros
Boimorto
Boiro
Carral
Cortegada
Illa de Arousa (A)
Monterrei
Padrenda
Rubiá

C) Concellos con nivel de restricción media.

Cambre
Gondomar
Irixo (O)
Marín
Meaño
Meira
Meis
Muxía
Neves (As)
Ortigueira
Pobra do Brollón (A)
Ribadumia
Ribeira
Sanxenxo
Soutomaior
Trabada
Vilaboa
Vilanova de Arousa

D) Concellos con nivel de restricción media baixa.

Abadín
Abegondo



Agolada
Alfoz
Allariz
Ames
Amoeiro
Antas de Ulla
Aranga
Arbo
Ares
Arnoia (A)
Arteixo
Arzúa
Avión
Baiona
Baleira
Baltar
Bande
Baña (A)
Baños de Molgas
Baralla
Barbadás
Barro
Bede
Beariz
Becerreá
Begonte
Bergondo
Betanzos
Blancos (Os)
Boborás
Bola (A)
Bolo (O)
Boqueixón
Bóveda
Brión
Bueu
Burela



Cabana de Bergantiños
Cabanas
Caldas de Reis
Calvos de Randín
Cangas
Camariñas
Cambados
Campo Lameiro
Cañiza (A)
Capela (A)
Carballeda de Avia
Carballeda de Valdeorras
Carballedo
Carballiño (O)
Carballo
Cariño
Carnota
Cartelle
Castrelo de Miño
Castrelo do Val
Castro Caldelas
Castro de Rei
Castroverde
Catoira
Cedeira
Cee
Celanova
Cenlle
Cerceda
Cerdedo-Cotobade
Cerdido
Cervantes
Cervo
Chandrexa de Queixa
Chantada
Coirós
Coles



Corcubión
Corgo (O)
Coristanco
Coruña (A)
Cospeito
Covelo
Crecente
Cualedro
Culleredo
Cuntis
Curtis
Dodro
Dozón
Dumbría
Entrimo
Esgos
Estrada (A)
Fene
Ferrol
Fisterra
Folgozo do Courel
Fonsagrada (A)
Forcarei
Fornelos de Montes
Foz
Frades
Friol
Gomesende
Guarda (A)
Gudiña (A)
Guitiriz
Guntín
Incio (O)
Irixoa
Lalín
Lama (A)
Láncara



Laracha (A)
Larouco
Laxe
Laza
Leiro
Lobeira
Lobios
Lourenzá
Lousame
Lugo
Maceda
Malpica de Bergantiños
Manzaneda
Mañón
Maside
Mazaricos
Melide
Melón
Merca (A)
Mesía
Mezquita (A)
Miño
Moaña
Moeche
Mondariz-Balneario
Mondariz
Mondoñedo
Monfero
Monforte de Lemos
Montederramo
Monterroso
Moraña
Mos
Mugardos
Muíños
Muras
Muros



Narón
Navia de Suarna
Neda
Negreira
Negueira de Muñiz
Nigrán
Nogais (As)
Nogueira de Ramuín
Noia
Oia
Oímbra
Oleiros
Ordes
Oroso
Ourense
Ourol
Outeiro de Rei
Outes
Oza-Cesuras
Paderne de Allariz
Paderne
Padrón
Palas de Rei
Pantón
Parada de Sil
Paradela
Páramo (O)
Pastoriza (A)
Pazos de Borbén
Pedrafita do Cebreiro
Pereiro de Aguiar (O)
Peroxa (A)
Petín
Pino (O)
Piñor
Pobra de Trives (A)
Poio



Pol
Ponte Caldelas
Pontecesures
Ponteareas
Ponteceso
Pontedeume
Pontedeva
Pontenova (A)
Pontes de García Rodríguez (As)
Pontevedra
Porqueira
Porriño (O)
Portas
Porto do Son
Portomarín
Punxín
Quintela de Leirado
Quiroga
Rábade
Rairiz de Veiga
Ramirás
Redondela
Rianxo
Ribadavia
Ribadeo
Ribas de Sil
Ribeira de Piquín
Riós
Riotorto
Rodeiro
Rois
Rosal (O)
Rúa (A)
Sada
Salceda de Caselas
Salvaterra de Miño
Samos



San Amaro
San Cibrao das Viñas
San Cristovo de Cea
San Sadurniño
San Xoán de Río
Sandiás
Santa Comba
Santiago de Compostela
Santiso
Sarreaus
Sarria
Saviñao (O)
Silleda
Sober
Sobrado
Somozas (As)
Taboada
Taboadela
Teixeira (A)
Teo
Toén
Tomiño
Toques
Tordoia
Touro
Trasmiras
Trazo
Triacastela
Tui
Val do Dubra
Valadouro (O)
Valdoviño
Valga
Vedra
Veiga (A)
Verea
Verín



Viana do Bolo
Vicedo (O)
Vigo
Vila de Cruces
Vilagarcía de Arousa
Vilalba
Vilamarín
Vilamartín de Valdeorras
Vilar de Barrio
Vilar de Santos
Vilardevós
Vilariño de Conso
Vilarmaior
Vilasantar
Vimianzo
Viveiro
Xermade
Xinzo de Limia
Xove
Xunqueira de Ambía
Xunqueira de Espadanedo
Zas



I. DISPOSICIÓNS XERAIS**PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA**

DECRETO 59/2021, do 14 de abril, polo que se modifica o Decreto 45/2021, do 17 de marzo, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

I

A expansión do coronavirus COVID-19 xerou unha crise sanitaria sen precedentes recentes. Así, tras a elevación pola Organización Mundial da Saúde da situación de emerxencia de saúde pública pola dita causa a nivel de pandemia internacional e a adopción, por algunhas comunidades autónomas como a galega, de medidas de prevención, mediante o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, declarouse o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, declaración que afectou todo o territorio nacional, cunha duración inicial de quince días naturais, pero que foi obxecto de sucesivas prórrogas autorizadas polo Congreso dos Deputados.

O levantamento dese estado de alarma, con todo, non puxo fin á crise sanitaria, o que xustificou a adopción de medidas como as previstas, no ámbito estatal, no Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, así como as medidas de prevención que foron adoptando as diferentes comunidades autónomas. En concreto, no caso da Comunidade Autónoma de Galicia, a resposta á crise sanitaria foi, fundamentalmente, ademais do mantemento da declaración de situación de emerxencia sanitaria efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, a adopción, ao abeiro da lexislación sanitaria, ordinaria e orgánica, de medidas de prevención tanto de carácter xeral, para todo o territorio autonómico, como, de maneira específica, a través de diferentes ordes da persoa titular da Consellería de Sanidade, en atención á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

Mediante o Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, declarouse o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. Esa declaración afectou todo o territorio nacional e a súa duración inicial estendíase, conforme o disposto no seu artigo 4, ata as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020.



Conforme o artigo 2 do dito real decreto, para os efectos do estado de alarma, a autoridade competente será o Goberno da Nación. En cada comunidade autónoma e cidade con estatuto de autonomía, a autoridade competente delegada será quen desempeñe a presidencia da comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía, nos termos establecidos no real decreto. As autoridades competentes delegadas quedan habilitadas para ditaren, por delegación do Goberno da Nación, as ordes, resolucións e disposicións para a aplicación do previsto nos artigos 5 ao 11 do real decreto, sen que para iso sexa preciso tramitar ningún procedemento administrativo, nin será de aplicación o previsto no segundo parágrafo do artigo 8.6 e no artigo 10.8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

En concreto, o artigo 6 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, prevé que a autoridade competente delegada que corresponda poderá limitar a entrada e saída de persoas no territorio de cada comunidade autónoma ou en ámbitos territoriais de carácter xeograficamente inferiores á comunidade autónoma, coas excepcións previstas no artigo 6.1.

Pola súa banda, o artigo 7 do mesmo texto normativo dispón que a permanencia de grupos de persoas en espazos de uso público, tanto pechados como ao aire libre, quedará condicionada a que non se supere o número máximo de seis persoas, salvo que se trate de conviventes, e sen prexuízo das excepcións que se establezan en relación con dependencias, instalacións e establecementos abertos ao público. A permanencia de grupos de persoas en espazos de uso privado quedará condicionada a que non se supere o número máximo de seis persoas, salvo que se trate de conviventes. No caso das agrupacións en que se inclúan tanto persoas conviventes como persoas non conviventes, o número máximo será de seis persoas. Conforme o artigo 9, a eficacia desta medida nunha comunidade autónoma producirase cando a autoridade competente delegada o determine. Ademais, o artigo 7 recolle a posibilidade de que a autoridade competente delegada correspondente determine, no seu ámbito territorial, en vista da evolución dos indicadores sanitarios, epidemiolóxicos, sociais, económicos e de mobilidade, logo de comunicación ao Ministerio de Sanidade e de acordo co previsto no artigo 13, que o número máximo sexa inferior a seis persoas, salvo que se trate de conviventes. Así mesmo, as autoridades competentes delegadas poderán, no seu ámbito territorial, establecer excepcións respecto das persoas menores ou dependentes, así como calquera outra flexibilización da limitación.

De acordo co artigo 8 do real decreto, a autoridade competente delegada poderá limitar a permanencia de persoas en lugares de culto mediante a fixación de limitación de capacidade para reunións, celebracións e encontros relixiosos, atendendo ao risco de transmi-



sión que poida resultar dos encontros colectivos, sen que tal limitación poida afectar, en ningún caso, o exercicio privado e individual da liberdade relixiosa.

E, conforme o artigo 10 da norma, a autoridade competente delegada en cada comunidade autónoma poderá, no seu ámbito territorial, en vista da evolución dos indicadores sanitarios, epidemiolóxicos, sociais, económicos e de mobilidade, logo de comunicación ao Ministerio de Sanidade, e de acordo co previsto no artigo 13, modular, flexibilizar e suspender a aplicación das medidas previstas nos artigos 6, 7 e 8, co alcance e ámbito territorial que determine.

O 29 de outubro de 2020, o Congreso dos Deputados autorizou a prórroga do estado de alarma ata o 9 de maio de 2021. Conforme o artigo 2 do Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, a prórroga establecida no dito real decreto estenderase desde as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020 ata as 00.00 horas do día 9 de maio de 2021, e someterase ás condicións establecidas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, e nos decretos que, se é o caso, se adopten en uso da habilitación conferida pola disposición derradeira primeira do citado Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, sen prexuízo do establecido nas disposicións que recolle o propio real decreto de prórroga.

En consecuencia, durante a vixencia do estado de alarma e da súa prórroga, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, deberán adoptarse, na condición de autoridade competente delegada, nos termos previstos no dito real decreto e no real decreto de prórroga.

Non obstante, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, non esgotan todas as que se poden adoptar para facer fronte á crise sanitaria. Neste sentido, como prevé expresamente o seu artigo 12, cada Administración conservará as competencias que lle outorga a lexislación vixente, así como a xestión dos seus servizos e do seu persoal, para adoptar as medidas que considere necesarias, sen prexuízo do establecido no real decreto.

Polo tanto, como destaca a propia exposición de motivos do real decreto, durante a vixencia do estado de alarma as administracións sanitarias competentes en saúde pública, no non previsto nesa norma, deberán continuar adoptando as medidas necesarias para afrontar a situación de emerxencia de saúde pública ocasionada polo COVID-19, conforme a lexislación sanitaria, en particular, a Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas



especiais en materia de saúde pública; a Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, e a Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, así como a normativa autonómica correspondente.

II

Neste contexto normativo derivado do estado de alarma vixente, e ante a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia, ditouse o Decreto 179/2020, do 4 de novembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

Posteriormente, ante a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia, ditáronse o Decreto 202/2020, do 3 de decembro, o Decreto 8/2021, do 26 de xaneiro, e o Decreto 31/2021, do 25 de febreiro, do presidente da Xunta de Galicia, polos que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

Estes decretos foron obxecto de diversas modificacións para manter as medidas adaptadas á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria da Comunidade Autónoma.

III

Por outra banda, a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria permite no momento actual que, ao abeiro do marco normativo derivado do estado de alarma, o presidente da Comunidade Autónoma adopte novas medidas na condición de autoridade competente delegada, sen prexuízo das que, de modo complementario e compatible con elas, adopte con esta mesma data a persoa titular da Consellería de Sanidade en exercicio das súas competencias como autoridade sanitaria autonómica, e respectando, en todo caso, as medidas obrigatorias recollidas no Acordo do Consello Interterritorial de Saúde.

Neste contexto ditouse o Decreto 45/2021, do 17 de marzo, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a pro-



pagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, modificado polos decretos 49/2021, do 24 de marzo, 51/2021, do 26 de marzo, 54/2021, do 7 de abril, e polo Decreto 58/2021, do 9 de abril.

IV

A evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia fai necesario que o presidente da Xunta de Galicia adopte novas medidas na condición de autoridade competente delegada, sen prexuízo das que, de modo complementario e compatible con elas, adopte a persoa titular da Consellería de Sanidade en exercicio das súas competencias como autoridade sanitaria autonómica.

O Comité Clínico, na súa reunión do 13 de abril de 2021, procedeu á revisión da situación epidemiolóxica e sanitaria da Comunidade Autónoma.

Así, do Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 14 de abril, destácanse os seguintes datos:

O número reprodutivo instantáneo (R_t), que indica o número de contaxios orixinados por un caso activo, volveu subir do 1, con todas as áreas sanitarias superándoo. Non obstante a relativa estabilización das taxas desde o 28 de febreiro pode afectar a que o R_t se achegue ao 1 ou o supere.

Do total de concellos de Galicia, 142 non notificaron casos nos últimos 14 días. O número de concellos sen casos nos últimos 7 días foi de 175. Isto supón o mesmo número de concellos a 14 días e unha diminución de 14 concellos a 7 días, desde a semana pasada, que era de 142 e 189, a 14 e 7 días, respectivamente.

Entre o 2 e o 8 de abril realizáronse 48.929 probas diagnósticas de infección activa polo virus SARS-CoV-2 (36.735 PCR e 12.194 test de antíxenos) cunha porcentaxe de positividade a sete días do 2,48, o que supón un pequeno aumento con respecto á de entre o 26 de marzo e o 3 de abril, que era do 2,4 %.

A incidencia acumulada a 7 e 14 días é de 42 e 75 casos por cen mil habitantes, respectivamente; valores superiores aos observados hai 7 días, cando eran de 34 e 68 casos por cen mil habitantes, respectivamente, o que significa un aumento do 19 % aos 7 días e do 9,3 % aos 14.



A tendencia diaria mostra, desde o 28 de decembro, tres tramos, un deles con tendencia oposta, primeiro crecente a un ritmo do 6,8 % ata o 22 de xaneiro, e despois unha primeira decrecente cunha porcentaxe de cambio diaria de -6,8 % e outra, cun lixeiro cambio na tendencia ascendente a partir do 5 de marzo, cunha porcentaxe de cambio diaria de 0,4 %.

No que atinxe á situación das áreas sanitarias, as taxas de incidencia a 14 días seguen a diminuír con respecto a hai 7 días, agás nas áreas sanitarias de Lugo, Ourense e Pontevedra, e ningunha das áreas presenta taxas a 14 días con valores superiores aos 250 casos por 100.000 habitantes. Só a Área Sanitaria de Pontevedra supera os 100 casos por 100.000 habitantes. As taxas a 14 días das áreas están entre os 39,92 casos por 100.000 habitantes de Ferrol e os 109,59 de Pontevedra.

A media de pacientes COVID-19 en hospitalización de agudos nos últimos 7 días foi de 139,6, o que significa un descenso do -12,1 % con respecto a hai sete días. A taxa de pacientes COVID-19 en hospitalización de agudos é de 5,2 ingresados por 100.000 habitantes, cun descenso, tamén, do -12,1 % con respecto a hai 7 días. En canto aos ingresos COVID-19 nas unidades de críticos (UCI) nos últimos 7 días, a media foi de 25,0 e a taxa a 7 días de ingresados nas UCI é de 0,9 ingresados por 100.000 habitantes, o que supón un descenso do -12,1 % con respecto a hai sete días, tanto na media como na taxa.

Respecto da situación epidemiolóxica dos concellos de Galicia, naqueles con poboación igual ou maior de 10.000 habitantes (54), só un presenta unha taxa de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes, igual que hai 7 días. Este concello é o do Grove.

No que se refire aos concellos de menos de 10.000 habitantes (259), 7 presentan unha taxa de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes, un máis que hai unha semana. Acádanse taxas de incidencia iguais ou maiores a 500 casos por cen mil habitantes en 3 destes concellos, A Pobra do Caramiñal, Carballeda de Valdeorras e Cortegada.

O informe conclúe que, cos datos reflectidos neste informe, o cambio na tendencia da taxa de incidencia aumentou lixeiramente nesta última semana, superado o cumio da onda o 22 de xaneiro. Non obstante, obsérvase un aumento do Rt, por riba do 1, mais este dato en situacións de baixa incidencia pode ser moi inestable. A tendencia da incidencia amosa, de momento, unha estabilización da situación, o que resulta compatible con poder adoptar medidas no contexto dunha desescalada progresiva e segura.



A taxa de incidencia a 14 días, no global de Galicia, segue por debaixo dos 100 casos por cen mil habitantes, cunha área sanitaria, a de Pontevedra, cunha incidencia superior os 100 casos por cen mil habitantes. No que atinxe aos concellos de máis de 10.000 habitantes, só hai un concello coa taxa de incidencia a 14 días igual ou superior a 250 casos por cen mil habitantes. Nos de menos de 10.000, hai 7 concellos que superen unha taxa de incidencia de 250 casos por cen mil habitantes, con 3 deles cunha taxa a 14 días superior aos 500 casos por cen mil habitantes.

O feito de que a cepa que está a circular, fundamentalmente, sexa a cepa británica pode influír nun aumento da transmisión. A ocupación por pacientes COVID-19 na hospitalización de agudos e unidades de coidados críticos segue a diminuír con respecto a hai sete días. Non obstante, hai que manter a precaución, xa que un incremento na incidencia pode comprometer esta evolución.

O criterio utilizado para aplicar os niveis de restrición aos concellos, ademais do da situación sanitaria, é o da taxa de incidencia segundo os casos por cada cen mil habitantes. Así mesmo, co obxecto de reaccionar con rapidez e eficacia fronte aos gromos, utilízase tamén como criterio o da taxa de incidencia a 7 días. Concretamente, sitúanse no nivel máximo os concellos cunha taxa de incidencia acumulada a 14 días de 500 casos por cada cen mil habitantes e/ou a 7 días de 250 casos por cada cen mil habitantes. A análise da situación de cada concello complétase coa consideración de criterios demográficos, pois debe terse en conta que en concellos de escasa poboación poucos casos poden dar lugar a taxas moi elevadas, que deben ser postas no debido contexto, e co estudo por parte dos servizos de saúde pública e do Comité ou do Subcomité Clínico das características específicas de cada gromo.

Non se debe esquecer que nos encontramos nun contexto de desescalada, que debe ser gradual, progresiva e segura, guiada polo principio de prudencia, para evitar así comprometer os logros acadados. Galicia conta cunha poboación especialmente envellecida e no noso territorio o virus circulou menos que noutros territorios do Estado, polo que existe un menor nivel de inmunidade natural, á espera de que o proceso de vacinación en marcha acade os resultados esperados. Aínda que a presión hospitalaria segue descendendo, hai que manter a precaución, xa que un incremento na incidencia pode comprometer esta evolución. Resulta imprescindible ser cautelosos e consolidar no tempo as medidas adoptadas recentemente, de tal xeito que sexa posible ir analizando e reaccionando fronte aos efectos que delas deriven; non obstante, a estabilización da situación permite seguir avanzando neste proceso de desescalada.



En vista dos datos contidos no informe, óptase por manter no máximo nivel de restricións os concellos da Pobra do Caramiñal, O Grove e Carballeda de Valdeorras debido ás súas taxas de incidencia a 7 e/ou 14 días. Tamén se reduce o período durante o cal se establecen limitacións á mobilidade nocturna, que pasa a ser o comprendido entre as 22.00 ás 6.00 horas.

Por tal motivo, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, cómpre modificar o punto cuarto (limitación da mobilidade nocturna) do Decreto 45/2021, do 17 de marzo, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

V

Tendo en conta o indicado, a situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia determina que procede ditar un novo decreto en que se adapten as medidas existentes á indicada situación.

De acordo co exposto, por proposta do conselleiro de Sanidade, e na condición de autoridade competente delegada, por delegación do Goberno da Nación, conforme o disposto nos artigos 2, 5, 6, 7, 8, 9 e 10 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2,

DISPOÑO:

Primeiro. Modificación do punto cuarto do Decreto 45/2021, do 17 de marzo, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2

Modifícase o punto cuarto do Decreto 45/2021, do 17 de marzo, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real



decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, que queda redactado como segue:

«Cuarto. *Limitación da mobilidade nocturna*

Tendo en conta a evolución epidemiolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia, e de conformidade co previsto no artigo 5 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, durante o período comprendido entre as 23.00 e as 6.00 horas as persoas unicamente poderán circular polas vías ou espazos de uso público para realizaren as seguintes actividades:

a) Adquisición de medicamentos, produtos sanitarios e outros bens de primeira necesidade.

b) Asistencia a centros, servizos e establecementos sanitarios.

c) Asistencia a centros de atención veterinaria por motivos de urxencia.

d) Cumprimento de obrigas laborais, profesionais, empresariais, institucionais ou legais.

e) Retorno ao lugar de residencia habitual, tras realizar algunhas das actividades previstas neste punto.

f) Asistencia e coidado a maiores, menores, dependentes, persoas con discapacidade ou persoas especialmente vulnerables.

g) Por causa de forza maior ou situación de necesidade.

h) Calquera outra actividade de análoga natureza, debidamente acreditada.

i) Abastecemento en gasolineras ou estacións de servizo, cando resulte necesario para a realización das actividades previstas nos parágrafos anteriores».

Segundo. *Eficacia, seguimento e avaliación*

A eficacia das medidas previstas neste decreto comezará ás 00.00 horas do día 16 de abril de 2021.



Non obstante o anterior, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas deberán ser obxecto de seguimento e de avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria e para os efectos, de ser necesario, da súa modificación ou levantamento.

Terceiro. *Recursos*

Contra este decreto poderase interpor recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, conforme os artigos 12.1.a) e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, catorce de abril de dous mil vinte e un

Alberto Núñez Feijóo
Presidente da Xunta de Galicia



I. DISPOSICIÓN XERAIS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

ORDE do 9 de abril de 2021 pola que se modifican o anexo do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, e a Orde do 17 de marzo de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

I

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto do dito acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade.

Así mesmo, indícase no dito punto sexto, na redacción vixente, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de acordo coa normativa aplicable e en vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou en parte do territorio da Comunidade Autónoma



de Galicia e modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación das medidas concretas contidas no anexo.

Mediante o Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, declarouse o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. Esta declaración afectou todo o territorio nacional e a súa duración inicial estendeuse, conforme o disposto no seu artigo 4, ata as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020.

Conforme o artigo 2 dese real decreto, para os efectos do estado de alarma, a autoridade competente será o Goberno da Nación. En cada comunidade autónoma e cidade con estatuto de autonomía, a autoridade competente delegada será quen exerza a presidencia da comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía, nos termos establecidos no real decreto. As autoridades competentes delegadas quedan habilitadas para ditaren, por delegación do Goberno da Nación, as ordes, resolucións e disposicións para a aplicación do previsto nos artigos 5 ao 11 do real decreto, sen que para iso sexa precisa a tramitación de ningún procedemento administrativo, nin será de aplicación o previsto no segundo parágrafo do artigo 8.6 e no artigo 10.8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O 29 de outubro de 2020, o Congreso dos Deputados autorizou a prórroga do estado de alarma ata o día 9 de maio de 2021. Conforme o artigo 2 do Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, a prórroga establecida no dito real decreto estenderase desde as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020 ata as 00.00 horas do día 9 de maio de 2021, e someterase ás condicións establecidas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, e nos decretos que, se é o caso, se adopten en uso da habilitación conferida pola disposición derradeira primeira do citado Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, sen prexuízo do establecido nas disposicións que recolle o propio real decreto de prórroga.

En consecuencia, durante a vixencia do estado de alarma e da súa prórroga, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, deberán adoptarse, na condición de autoridade competente delegada, nos termos previstos no dito real decreto e no real decreto de prórroga.

Non obstante, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, non esgotan todas as que poden ser adoptadas para facer fronte á crise sanitaria. Neste sentido, como prevé expresamente o seu artigo 12, cada Administración conservará as compe-



tencias que lle outorga a lexislación vixente, así como a xestión dos seus servizos e do seu persoal, para adoptar as medidas que considere necesarias, sen prexuízo do establecido no real decreto.

Polo tanto, durante a vixencia do estado de alarma e das súas prórrogas, as medidas que sexa necesario adoptar para facer fronte, na Comunidade Autónoma, á crise sanitaria serán as que poida acordar, ao abeiro da normativa do estado de alarma, o presidente da Comunidade Autónoma, como autoridade competente delegada, e as complementarias que poidan adoptar, no exercicio das súas competencias propias, as autoridades sanitarias autonómicas e, entre elas, a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, ao abeiro do disposto no punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020 citado.

II

Sentado o anterior, no contexto normativo derivado do estado de alarma vixente e ante a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia, ditouse o Decreto 31/2021, do 25 de febreiro, polo que se adoptaron medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

Esas medidas debían ser complementadas, como indica o propio decreto, con outras que procede que adopte a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade no exercicio das súas competencias propias como autoridade sanitaria autonómica.

Estas medidas complementarias establecéronse mediante a Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia. Esta orde prevía que as medidas serían obxecto de revisión constante co obxecto de avaliar a situación e adecualas á incidencia real da epidemia.

Posteriormente, revisáronse as medidas acordadas, co obxecto de adecualas á situación epidemiolóxica, e ditouse a Orde do 4 de marzo de 2021, que incluíu pequenas modificacións das medidas adoptadas e do anexo II da Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia;



a Orde do 5 de marzo de 2021 por medio da cal se modificou o anexo II da Orde do 25 de febreiro de 2021; a Orde do 10 de marzo de 2021, coa que se modificaron diversos puntos do anexo I e do anexo II da Orde do 25 de febreiro de 2021, e a Orde do 12 de marzo de 2021, que modificou unicamente o anexo II.

Paralelamente, estas modificacións tiveron reflexo tamén no Decreto 39/2021, do 5 de marzo, no Decreto 40/2001, do 10 de marzo, e no Decreto 41/2021, do 12 de marzo, polos que se modificou o Decreto 31/2021, do 25 de febreiro, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

En cumprimento do compromiso acadado en relación coa revisión das medidas acordadas, co obxecto de adecualas á situación epidemiolóxica, ditáronse o Decreto 45/2021, do 17 de marzo, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2 (modificado polo Decreto 49/2021, do 24 de marzo; polo Decreto 51/2021, do 26 de marzo, e polo Decreto 54/2021, do 7 de abril), e a Orde do 17 de marzo de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, modificada pola Orde do 24 de marzo de 2021, pola Orde do 26 de marzo de 2021, e pola Orde do 31 de marzo de 2021.

Posteriormente, realizouse unha nova revisión da situación epidemiolóxica dos concellos de Galicia que tivo o oportuno reflexo na Orde do 7 de abril de 2021 pola que se modifica a Orde do 17 de marzo de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

III

De conformidade co compromiso acadado, procede realizar unha nova revisión da situación epidemiolóxica dos distintos concellos.



Así, no Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 9 de abril de 2021, establécese o seguinte:

O número reprodutivo instantáneo (Rt), que indica o número de contaxios orixinados por un caso activo, volve achegarse ao 1. As áreas sanitarias de Santiago e Pontevedra superaron o 1 estes últimos días. Non obstante, a estabilización das taxas desde o 28 de febreiro pode afectar a que o Rt se achegue ao 1 ou o supere.

Do total de concellos de Galicia, 143 non notificaron casos nos últimos 14 días. O número de concellos sen casos nos últimos 7 días foi de 187. Isto supón un aumento nun concello a 14 días e unha diminución en 2 concellos a 7 días desde o informe anterior.

Entre o 28 de marzo e o 3 de abril, realizáronse 43.476 probas diagnósticas de infección activa polo virus SARS-CoV-2 (32.404 PCR e 11.072 test de antíxenos) cunha porcentaxe de positividade a sete días do 2,57, o que supón un 11 % menos que a de entre o 26 de marzo e o 3 de abril, que era do 2,4 %.

A incidencia acumulada a 7 e 14 días é de 32 e 69 casos por cen mil habitantes, respectivamente, valores inferiores aos observados no informe anterior, en que era de 34 e 68 casos por cen mil habitantes, respectivamente.

A tendencia diaria mostra, desde o 28 de decembro, tres tramos, un deles con tendencia oposta, primeiro crecente a un ritmo do 6,8 % ata o 22 de xaneiro e despois, unha primeira decrecente cunha porcentaxe de cambio diaria de -6,8 % e, outra, cun descenso máis lento, cunha porcentaxe de cambio diaria de -0,4 %.

Polo que atinxe á situación das áreas sanitarias, as taxas de incidencia a 14 días seguen a diminuír con respecto ás de hai 7 días. Ningunha das áreas presenta taxas a 14 días con valores superiores aos 100 casos por 100.000 habitantes, e só a Área Sanitaria de Pontevedra supera os 50 casos por 100.000 habitantes a 7 días. As taxas a 14 días das áreas están entre os 28,21 casos por 100.000 habitantes de Ferrol e os 93,94 de Vigo.

No que respecta á hospitalización dos casos COVID-19, a media de pacientes COVID-19 en hospitalización de agudos nos últimos 7 días foi de 153. A taxa de pacientes COVID-19 en hospitalización de agudos é de 5,7 ingresados por 100.000 habitantes. En canto aos ingresos COVID-19 nas unidades de críticos (UCI) nos últimos 7 días, a media foi de 28 e a taxa a 7 días de ingresados nas UCI é de 1 ingresado por 100.000 habitantes. Os datos mostran descensos lentos pero continuos, tanto na hospitalización de agudos como de críticos.



Pola súa banda, nos concellos con poboación igual ou maior de 10.000 habitantes (54), un presenta unha taxa de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes, igual que hai 7 días. Hoxe en día, este concello segue a ser o do Grove. No que se refire aos concellos de menos de 10.000 habitantes (259), 5 presentan unha taxa de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes, un menos que no informe anterior. Acádanse taxas de incidencia iguais ou maiores a 500 casos por cen mil habitantes en dous destes concellos.

En conclusión, segundo os datos reflectidos no informe, o cambio na tendencia da taxa de incidencia segue a manterse en descenso, superado o cumio da onda o 22 de xaneiro. Non obstante, obsérvase un aumento do Rt, aínda que no global de Galicia non chegou a 1. A información do modelo de predición hai que tomala con cautela, xa que parte exclusivamente dos casos e non ten en conta as medidas de restrición que se están a tomar. Ademais, a amplitude dos seus intervalos de confianza indica que poderían darse todos os escenarios (estabilización, ascenso ou descenso da onda).

A taxa de incidencia a 14 días, no global de Galicia, segue por debaixo dos 100 casos por cen mil habitantes, sen ningunha área cunha incidencia superior os 100 casos por cen mil habitantes. A taxa de incidencia a 14 días máis elevada é a da Área Sanitaria de Vigo. No que atinxe aos concellos de máis de 10.000 habitantes, hai só un concello con taxas de incidencia iguais ou superiores a 250 casos por cen mil habitantes. Nos de menos de 10.000 hai 9 concellos que superan unha taxa de incidencia de 250 casos por cen mil habitantes, con 2 deles cunha taxa a 14 días superior aos 500 casos por cen mil habitantes.

O informe indica que o feito de que estea a circular cada vez máis a cepa británica pode influír nun aumento da transmisión. A ocupación por pacientes COVID-19 na hospitalización de agudos e unidades de coidados críticos segue a diminuír. Non obstante, hai que manter a precaución, xa que un incremento na incidencia pode comprometer esta evolución.

Non debe esquecerse que nos atopamos nun contexto de desescalada que debe ser gradual, progresiva e segura, guiada polo principio de prudencia, para evitar así comprometer os logros acadados. Galicia conta cunha poboación especialmente envellecida e no noso territorio o virus circulou menos que noutros territorios do Estado, polo que existe un menor nivel de inmunidade natural, á espera de que o proceso de vacinación en marcha acade os resultados esperados. A presión hospitalaria, aínda que vai descendendo, debe baixar máis. Resulta imprescindible ser cautelosos e consolidar no tempo as medidas adoptadas recentemente, de tal xeito que sexa posible ir analizando e reaccionando fronte aos efectos que delas deriven.



O criterio utilizado para aplicar os niveis de restrición aos concellos, ademais do da situación sanitaria, é o da taxa de incidencia segundo os casos por cada cen mil habitantes a 14 días, situando o nivel medio baixo por debaixo de 150, o medio entre 150 e por debaixo de 250, o alto entre 250 e por debaixo de 500, e o máximo na cifra de 500. Así mesmo, co obxecto de reaccionar con rapidez e eficacia fronte aos gromos, utilízase tamén como criterio o da taxa de incidencia a 7 días. A análise da situación de cada concello prevese coa consideración de criterios demográficos, pois debe terse en conta que en concellos de escasa poboación poucos casos poden dar lugar a taxas moi elevadas, que deben ser postas no debido contexto, e co estudo polos servizos de saúde pública e polo Comité e Subcomité Clínico das características específicas de cada gromo.

Por conseguinte, en vista do indicado no citado informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, e tras escoitar as recomendacións do Subcomité Clínico reunido para estes efectos, coa situación epidemiolóxica e sanitaria da Comunidade Autónoma de Galicia, propónse manter no nivel máximo de restricións ao concello da Pobra do Caramiñal, da Área Sanitaria de Santiago, e ao concello do Grove, debido ás súas taxas de incidencia a 7 días.

Ademais, ascendería do nivel medio baixo actual ao nivel máximo, e non ao alto que lle correspondería polas súas taxas de incidencia a 7 e 14 días, o concello de Carballeda de Valdeorras (Área Sanitaria de Ourense). O motivo de ascender a este nivel máximo é a existencia dun brote cuxa investigación epidemiolóxica levou á identificación de máis casos que indican que o brote non está controlado e, polo tanto, hai risco de difusión.

Manteríanse no nivel alto, ben polas súas taxas a 7 e/ou 14 días, ben por non ter estado neste nivel o tempo suficiente para asegurar unha evolución favorable da súa situación epidemiolóxica os concellos da Pobra do Brollón (Área Sanitaria de Lugo), Carral (Área Sanitaria da Coruña), A Illa de Arousa (Área Sanitaria de Pontevedra) e O Irixo e Monterrei (Área Sanitaria de Ourense).

Ademais, ascendería do nivel medio actual ao nivel alto o concello de Boimorto (Área Sanitaria de Santiago) polas súas taxas a 7 e 14 días.

Finalmente, ascenderían do nivel medio baixo actual ao nivel alto o concello de Barreiros (Área Sanitaria de Lugo), pola súa taxa de incidencia a 7 días, e o de Boiro (Área Sanitaria de Santiago), que, aínda que lle correspondería ascender ao nivel medio se observamos a súa taxa a 7 días, mostra un empeoramento da súa situación epidemiolóxica que fai necesario establecer medidas máis restritivas.



Manteríanse no nivel medio os concellos de Meis (Área Sanitaria de Pontevedra) e Gondomar, polas súas taxas de incidencia a 14 días.

Así mesmo, manteríanse no nivel medio os concellos do Carballiño (Área Sanitaria de Ourense), Baiona (Área Sanitaria de Vigo) e Sanxenxo (Área Sanitaria de Pontevedra) a pesar de que polo valor das súas taxas poderían descender ao nivel medio baixo, debido a que se considera preciso agardar á estabilización da súa situación epidemiolóxica e así asegurar unha boa evolución.

Da Área Sanitaria de Ourense tamén se manterían no nivel medio os concellos de Cortegada e Padrenda debido a que, aínda que polas taxas de incidencia poderían baixar ao nivel medio baixo, a última información recibida da Xefatura Territorial de Ourense indica a aparición de novos casos o que apunta a un empeoramento da situación epidemiolóxica nestes concellos.

Así mesmo, descendería do nivel alto actual ao nivel medio o concello de Rábade (Área Sanitaria de Lugo) a pesar de que pola súa taxa a 14 días debería manterse nel, debido a que o brote xa está controlado e a situación nos últimos 7 días mellorou considerablemente, sen que se notificase ningún caso novo. E ascenderían do nivel medio baixo actual ao nivel medio, debido ás súas taxas a 7 e/ou a 14 días, os concellos de Noia (Área Sanitaria de Santiago), Ribadumia, Soutomaior, Vilaboa, Vilanova de Arousa (Área Sanitaria de Pontevedra) e As Neves (Área Sanitaria de Vigo).

O resto de concellos de Galicia permanecen no nivel medio baixo de restricións, con base nos criterios reflectidos anteriormente ou á espera de comprobar a evolución da súa situación epidemiolóxica.

Debe insistirse, en particular, en que as medidas resultan adecuadas e eficaces de acordo cos datos expostos sobre a evolución da situación epidemiolóxica e, polo tanto, útiles para acadar o fin proposto de protección da saúde pública, na espera de que a campaña de vacinación acade os resultados que se perseguen. Debe ponderarse que aínda non estamos en niveis de transmisión que se poidan entender de risco baixo.

Así mesmo, debe manterse a protección do sistema sanitario. As medidas de limitación de determinadas actividades resultan necesarias, adecuadas e proporcionadas para o fin perseguido, que non é outro que controlar e evitar a maior difusión dunha enfermidade altamente contaxiosa respecto da cal a diferenza entre persoas enfermas e sas resulta difusa,



dada a posible asintomatoloxía ou levidade dos síntomas e a existencia dun período no cal non hai indicios externos da enfermidade.

En concreto, trátase de evitar especialmente aglomeracións ou encontros entre persoas, co fin de garantir o mantemento da distancia de seguridade e reducir o risco de contacto físico ou proximidade en condicións favorecedoras do contaxio. Debe lembrarse, neste sentido, que o Auto 40/2020, do 30 de abril de 2020, do Tribunal Constitucional, no seu fundamento xurídico cuarto, ao ponderar a relevancia das especiais circunstancias derivadas da crise sanitaria creada pola pandemia no exercicio do dereito de reunión, salientou como, ante a incerteza sobre as formas de contaxio, sobre o impacto real da propagación do virus, así como sobre as consecuencias a medio e longo prazo para a saúde das persoas que se viron afectadas, as medidas de distanciamento social e de limitación extrema dos contactos e actividades grupais son as únicas que se teñen demostrado eficaces para limitar os efectos dunha pandemia de dimensións descoñecidas ata a data. Deste modo, as medidas de limitación de determinadas actividades van dirixidas a limitar os contactos e a interacción social e, polo tanto, a transmisión da enfermidade, en situacións nas cales cabe apreciar un maior risco polas circunstancias en que se realizan, especialmente en lugares pechados.

Tendo en conta o exposto, e tras escoitar as recomendacións do Subcomité Clínico reunido para estes efectos e visto o informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, procede reiterar as medidas xa aprobadas coas modificacións previstas na presente orde.

Así mesmo, na sesión do 7 de abril de 2021 o Pleno do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde acordou aprobar unha serie de criterios de aplicación do artigo 6.2, segundo parágrafo, da Lei 2/2021, do 29 de marzo, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte a crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

Por conseguinte, compre adaptar tamén o Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.

A modificación realizase na presente orde ao abeiro do disposto expresamente no punto sexto do citado acordo.

En particular, adáptanse as medidas recollidas no citado acordo ás medidas aprobadas polo Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde no que se refire ao uso da máscara na práctica deportiva non federada ao aire libre de forma individual, de acordo co establecido no artigo 6 da Lei 2/2021, do 29 de marzo, tendo en conta que este artigo



distingue entre as vías públicas e os espazos ao aire libre e refire a excepción da máscara para a práctica deportiva só á actividade nestes últimos e non nas vías públicas.

IV

As medidas que se adoptan nesta orde teñen o seu fundamento normativo na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 a 38 ter da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para adoptar as medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica existente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, coa urxencia que a protección da saúde pública demanda.

Na súa virtude, en aplicación do punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. Modificación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade

Modifícase o punto 1.3 do anexo do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, que queda redactado como segue:

«1.3. Obrigatoriedade do uso de máscaras.

a) Obriga xeral.

Para as persoas de seis ou máis anos será obrigatorio o uso da máscara en todo momento, tanto cando se estea na vía pública e en espazos ao aire libre como cando se estea



en espazos pechados de uso público ou que se encontren abertos ao público, aínda que se poida garantir a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros.

Así mesmo, de conformidade co artigo 6.1.b) da Lei 2/2021, do 29 de marzo, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, para as persoas de seis ou máis anos será obrigatorio o uso de máscara nos medios de transporte aéreo, marítimo, en autobús ou por ferrocarril, así como nos transportes públicos e privados complementarios de viaxeiros en vehículos de ata nove prazas, incluído o condutor.

b) Regras específicas.

1ª) Na realización de adestramentos e na celebración de competicións dentro da actividade deportiva federada de competencia autonómica, aplicarase, respecto ao uso da máscara, o recollido especificamente no protocolo das federacións deportivas respectivas.

2ª) No caso de colectivos artísticos que desenvolvan actos e espectáculos culturais, aplicaranse as regras específicas do número 2.9 e, respecto da produción e rodaxe de obras audiovisuais, aplicaranse as medidas previstas no número 2.10.

3ª) No caso dos coros e agrupacións vocais de canto, das orquestras, bandas e outras agrupacións musicais, da celebración de congresos, encontros, reunións de negocio, conferencias, eventos e actos similares e da actividade formativa en conservatorios, escolas de música e danza, observarase o indicado especificamente nas medidas recollidas nos números 2.11, 2.12, 3.33 e 3.41, respectivamente.

4ª) Nos centros docentes observarase, respecto ao uso da máscara, o recollido especificamente no correspondente protocolo.

5ª) Co obxecto de evitar a propagación de contaxios e asegurar o mantemento dos servizos, na prestación de asistencia ou axuda no fogar a persoas dependentes, será obrigatorio o uso de máscara tanto por parte do persoal prestador do servizo como por parte das persoas dependentes e daquelas que se atopen no seu domicilio. A dita obriga non será exigible cando se trate de persoas dependentes que presenten algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria que se poida ver agravada polo uso da máscara ou que, pola súa situación de discapacidade ou dependencia, non dispoñan de autonomía para quitar a máscara, ou ben presenten alteracións de conduta que fagan inviable a súa utilización.



c) Condicións de uso da máscara.

Deberá darse un uso axeitado á máscara, é dicir, esta deberá cubrir desde parte do tabique nasal ata o queixo, incluído.

Ademais, a máscara que se debe empregar non deberá estar provista de válvula exhalatoria, agás nos usos profesionais para os cales este tipo de máscara poida estar recomendada.

d) Excepcións á obriga de uso da máscara.

A obriga de uso de máscara non será exigible nos seguintes supostos:

1º) Cando se trate de persoas que presenten algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria que se poida ver agravada polo uso da máscara ou que, pola súa situación de discapacidade ou dependencia, non dispoñan de autonomía para quitar a máscara, ou ben presenten alteracións de conduta que fagan inviable a súa utilización.

2º) Nos vehículos de turismo, cando todas as persoas ocupantes convivan no mesmo domicilio.

3º) No mar, praias e piscinas, no exterior ou cubertas, lagos, embalses, ríos ou noutras zonas de baño, durante o baño, e mentres se permaneza nun espazo determinado, sen desprazarse, e sempre que se poida garantir o respecto da distancia de seguridade interpersonal entre todas as persoas usuarias non conviventes.

En calquera caso, será obrigatorio o uso de máscara para os accesos, desprazamentos e paseos nas praias e piscinas, lagos e demais contornos acuáticos, así como para o uso de vestiarios de piscinas públicas ou comunitarias, salvo nas duchas.

Entenderase por actividades incompatibles co uso da máscara as actividades de socorrista ou rescate cando requiran acceder ao medio acuático.

4º) Nos establecementos de hostalaría e restauración, por parte dos clientes do establecemento exclusivamente nos momentos estritamente necesarios para comer ou beber.

5º) No interior dos cuartos de establecementos de aloxamento turístico e outros espazos similares, cando unicamente se atopen neles persoas que se aloxen no cuarto.



6º) Nos buques e embarcacións de transporte de competencia autonómica, no interior dos camarotes, cando unicamente se atopen neles persoas que se aloxen no camarote.

7º) No caso do exercicio de deporte individual en espazos ao aire libre, exclusivamente durante a realización da práctica deportiva, sempre que, tendo en conta a posible concorrencia de persoas e as dimensións do lugar, poida garantirse o mantemento, en todo momento, da distancia de 1,5 metros con outras persoas ou deportistas non conviventes. Non obstante, debera usarse a máscara na práctica do deporte nas vías públicas, como rúas, avenidas, paseos, prazas e camiños de tránsito público, ou outros lugares que sexan lugar de circulación habitual de viandantes e polos que circulen de feito nese momento.

Seralles de aplicación o establecido no parágrafo anterior ás actividades que supoñan un esforzo físico de carácter non deportivo equiparable a este, ao aire libre e de forma individual.

8º) En supostos de forza maior ou situación de necesidade ou cando, pola propia natureza das actividades, o uso da máscara resulte incompatible, conforme as indicacións das autoridades sanitarias.

9º) No caso particular de consumo de tabaco ou de cigarros electrónicos, ou alimentos e bebidas, na vía pública ou en espazos ao aire libre, só se poderá exceptuar a obriga de uso de máscara, e exclusivamente durante o indicado consumo, sempre que a persoa o efectúe parada e fóra dos lugares habituais de circulación dos viandantes, de tal xeito que, tendo en conta a posible concorrencia de persoas e as dimensións do lugar, poida garantirse o mantemento, en todo momento, da distancia de dous metros con outras persoas. O anterior será aplicable tamén para o uso de calquera dispositivo de inhalación de tabaco, pipas de auga, cachimbas e asimilados.

10º) Na práctica de deporte no medio acuático, sexa este natural ou artificial.

e) Recomendacións sobre reunións de grupos de persoas en espazos privados.

Nos espazos privados, abertos ou pechados, de uso privado, recoméndase o uso de máscara, no caso de reunións ou de posible confluencia de persoas non conviventes, así como o mantemento da distancia de seguridade interpersonal e a aplicación de medidas de hixiene».



Segundo. *Modificación da Orde do 17 de marzo de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia*

Un. Modifícase o punto 1.4 do anexo I da Orde do 17 de marzo de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado como segue:

«1.4. Obrigatoriedade do uso de máscaras.

Será obrigatorio o uso da máscara nas condicións establecidas no número 1.3 do anexo do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade».

Dous. Modifícase o número 1 do punto 3.15 do anexo I da Orde do 17 de marzo de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado como segue:

«3.15. Actividade deportiva.

1. A realización da actividade física e deportiva non federada axustarase ás seguintes regras, en función dos datos epidemiolóxicos existentes nos correspondentes concellos:

a) Nos concellos enumerados na letra A do anexo II da presente orde, a práctica da actividade física e deportiva non federada só poderá realizarse ao aire libre ou en instalacións deportivas ao aire libre, de forma individual ou con persoas conviventes, e coa utilización de máscara de acordo co disposto no punto 1.3 do anexo do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020.

b) Nos concellos enumerados nas letras B e C do anexo II da presente orde, a práctica da actividade física e deportiva non federada, ao aire libre, poderá realizarse de forma individual ou colectiva, sen contacto físico e coa utilización de máscara, de acordo co disposto no punto 1.3 do anexo do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020. No caso da práctica de forma colectiva, o máximo será de seis persoas de forma simultánea, sexan ou non conviventes, sen contar, de ser o caso, o monitor.



Nas instalacións e centros deportivos pechados poderase realizar actividade deportiva en grupos de ata catro persoas, sexan ou non conviventes, e sen contar o monitor, sen contacto físico, coa utilización de máscara e sempre que non se supere o trinta por cento da capacidade máxima permitida. Deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade.

Tamén se permite o uso deportivo das piscinas ao aire libre ou cubertas, cunha ocupación máxima do 30 %.

c) Nos concellos enumerados na letra D do anexo II, a práctica da actividade física e deportiva non federada, ao aire libre, poderá realizarse de forma individual ou colectiva, sen contacto físico e coa utilización de máscara, de acordo co disposto no punto 1.3 do anexo do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020. No caso da práctica de forma colectiva, o máximo será de seis persoas de forma simultánea, sexan ou non conviventes, sen contar, de ser o caso, o monitor.

No caso da práctica da actividade física e deportiva non federada nas instalacións e centros deportivos pechados poderase realizar en grupos de ata catro persoas, sexan ou non conviventes, e sen contar o monitor, sen contacto físico, coa utilización de máscara e sempre que non se supere o cincuenta por cento da capacidade máxima permitida. Deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade.

Tamén se permite o uso deportivo das piscinas ao aire libre ou cubertas, cunha ocupación máxima do 50 %».

Tres. Modifícase o anexo II da Orde do 17 de marzo de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado segundo o anexo da presente orde.

Terceiro. *Eficacia*

As medidas previstas nesta orde terán efectos desde as 00.00 horas do día 12 de abril de 2021. Non obstante o anterior, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, serán obxecto de seguimento e avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuencia deste



seguimento e avaliación, as medidas poderán ser modificadas ou levantadas mediante orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2021

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade

ANEXO II

A) Concellos con nivel de restrición máxima.

Carballeda de Valdeorras
Grove (O)
Pobra do Caramiñal (A)

B) Concellos con nivel de restrición alta.

Barreiros
Boimorto
Boiro
Carral
Illa de Arousa (A)
Irixo (O)
Monterrei
Pobra do Brollón (A)

C) Concellos con nivel de restrición media.

Baiona
Carballiño (O)
Cortegada
Gondomar
Meis
Neves (As)
Noia
Padrenda
Rábade



Ribadumia
Sanxenxo
Soutomaior
Vilaboa
Vilanova de Arousa

D) Concellos con nivel de restrición media baixa.

Abadín
Abegondo
Agolada
Alfoz
Allariz
Ames
Amoeiro
Antas de Ulla
Aranga
Arbo
Ares
Arnoia (A)
Arteixo
Arzúa
Avión
Baleira
Baltar
Bande
Baña (A)
Baños de Molgas
Baralla
Barbadás
Barco de Valdeorras (O)
Barro
Beade
Beariz
Becerreá
Begonte
Bergondo



Betanzos
Blancos (Os)
Boborás
Bola (A)
Bolo (O)
Boqueixón
Bóveda
Brión
Bueu
Burela
Cabana de Bergantiños
Cabanas
Caldas de Reis
Calvos de Randín
Camariñas
Cambados
Cambre
Campo Lameiro
Cangas
Cañiza (A)
Capela (A)
Carballeda de Avia
Carballedo
Carballo
Cariño
Carnota
Cartelle
Castrelo de Miño
Castrelo do Val
Castro Caldelas
Castro de Rei
Castroverde
Catoira
Cedeira
Cee
Celanova
Cenlle



Cerceda
Cerdedo-Cotobade
Cerdido
Cervantes
Cervo
Chandrexa de Queixa
Chantada
Coirós
Coles
Corcubión
Corgo (O)
Coristanco
Coruña (A)
Cospeito
Covelo
Crecente
Cualedro
Culleredo
Cuntis
Curtis
Dodro
Dozón
Dumbría
Entrimo
Esgos
Estrada (A)
Fene
Ferrol
Fisterra
Folgo do Courel
Fonsagrada (A)
Forcarei
Fornelos de Montes
Foz
Frades
Friol
Gomesende



Guarda (A)
Gudiña (A)
Guitiriz
Guntín
Incio (O)
Irixoa
Lalín
Lama (A)
Láncara
Laracha (A)
Larouco
Laxe
Laza
Leiro
Lobeira
Lobios
Lourenzá
Lousame
Lugo
Maceda
Malpica de Bergantiños
Manzaneda
Mañón
Marín
Maside
Mazaricos
Meaño
Meira
Melide
Melón
Merca (A)
Mesía
Mezquita (A)
Miño
Moaña
Moeche
Mondariz-Balneario



Mondariz
Mondoñedo
Monfero
Monforte de Lemos
Montederramo
Monterroso
Moraña
Mos
Mugardos
Muíños
Muras
Muros
Muxía
Narón
Navia de Suarna
Neda
Negreira
Negueira de Muñiz
Nigrán
Nogais (As)
Nogueira de Ramuín
Oia
Oímbra
Oleiros
Ordes
Oroso
Ortigueira
Ourense
Ouro
Outeiro de Rei
Outes
Oza-Cesuras
Paderne de Allariz
Paderne
Padrón
Palas de Rei
Pantón



Parada de Sil
Paradela
Páramo (O)
Pastoriza (A)
Pazos de Borbén
Pedrafita do Cebreiro
Pereiro de Aguiar (O)
Peroxa (A)
Petín
Pino (O)
Piñor
Pobra de Trives (A)
Poio
Pol
Ponte Caldelas
Pontecesures
Ponteareas
Ponteceso
Pontedeume
Pontedeva
Pontenova (A)
Pontes de García Rodríguez (As)
Pontevedra
Porqueira
Porriño (O)
Portas
Porto do Son
Portomarín
Punxín
Quintela de Leirado
Quiroga
Rairiz de Veiga
Ramirás
Redondela
Rianxo
Ribadavia
Ribadeo



Ribas de Sil
Ribeira de Piquín
Ribeira
Riós
Riotorto
Rodeiro
Rois
Rosal (O)
Rúa (A)
Rubiá
Sada
Salceda de Caselas
Salvaterra de Miño
Samos
San Amaro
San Cibrao das Viñas
San Cristovo de Cea
San Sadurniño
San Xoán de Río
Sandiás
Santa Comba
Santiago de Compostela
Santiso
Sarreaus
Sarria
Saviñao (O)
Silleda
Sober
Sobrado
Somozas (As)
Taboada
Taboadela
Teixeira (A)
Teo
Toén
Tomiño
Toques



Tordoia
Touro
Trabada
Trasmiras
Trazo
Triacastela
Tui
Val do Dubra
Valadouro (O)
Valdoviño
Valga
Vedra
Veiga (A)
Verea
Verín
Viana do Bolo
Vicedo (O)
Vigo
Vila de Cruces
Vilagarcía de Arousa
Vilalba
Vilamarín
Vilamartín de Valdeorras
Vilar de Barrio
Vilar de Santos
Vilardevós
Vilariño de Conso
Vilarmaior
Vilasantar
Vimianzo
Viveiro
Xermade
Xinzo de Limia
Xove
Xunqueira de Ambía
Xunqueira de Espadanedo
Zas



I. DISPOSICIÓN XERAIS**PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA**

DECRETO 58/2021, do 9 de abril, polo que se modifica o Decreto 45/2021, do 17 de marzo, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

I

A expansión do coronavirus COVID-19 xerou unha crise sanitaria sen precedentes recentes. Así, tras a elevación pola Organización Mundial da Saúde da situación de emerxencia de saúde pública pola dita causa a nivel de pandemia internacional e a adopción, por algunhas comunidades autónomas como a galega, de medidas de prevención, mediante o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, declarouse o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, declaración que afectou todo o territorio nacional, cunha duración inicial de quince días naturais, pero que foi obxecto de sucesivas prórrogas autorizadas polo Congreso dos Deputados.

O levantamento dese estado de alarma, con todo, non puxo fin á crise sanitaria, o que xustificou a adopción de medidas como as previstas, no ámbito estatal, no Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, así como as medidas de prevención que foron adoptando as diferentes comunidades autónomas. En concreto, no caso da Comunidade Autónoma de Galicia, a resposta á crise sanitaria foi, fundamentalmente, ademais do mantemento da declaración de situación de emerxencia sanitaria efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, a adopción, ao abeiro da lexislación sanitaria, ordinaria e orgánica, de medidas de prevención tanto de carácter xeral, para todo o territorio autonómico, como, de maneira específica, a través de diferentes ordes da persoa titular da Consellería de Sanidade, en atención á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

Mediante o Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, declarouse o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. Esa declaración afectou todo o territorio nacional e a súa duración inicial estendíase, conforme o disposto no seu artigo 4, ata as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020.



Conforme o artigo 2 do dito real decreto, para os efectos do estado de alarma, a autoridade competente será o Goberno da Nación. En cada comunidade autónoma e cidade con estatuto de autonomía, a autoridade competente delegada será quen desempeñe a presidencia da comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía, nos termos establecidos no real decreto. As autoridades competentes delegadas quedan habilitadas para ditaren, por delegación do Goberno da Nación, as ordes, resolucións e disposicións para a aplicación do previsto nos artigos 5 ao 11 do real decreto, sen que para iso sexa preciso tramitar ningún procedemento administrativo, nin será de aplicación o previsto no segundo parágrafo do artigo 8.6 e no artigo 10.8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

En concreto, o artigo 6 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, prevé que a autoridade competente delegada que corresponda poderá limitar a entrada e saída de persoas no territorio de cada comunidade autónoma ou en ámbitos territoriais de carácter xeograficamente inferiores á comunidade autónoma, coas excepcións previstas no artigo 6.1.

Pola súa banda, o artigo 7 do mesmo texto normativo dispón que a permanencia de grupos de persoas en espazos de uso público, tanto pechados como ao aire libre, quedará condicionada a que non se supere o número máximo de seis persoas, salvo que se trate de conviventes, e sen prexuízo das excepcións que se establezan en relación con dependencias, instalacións e establecementos abertos ao público. A permanencia de grupos de persoas en espazos de uso privado quedará condicionada a que non se supere o número máximo de seis persoas, salvo que se trate de conviventes. No caso das agrupacións en que se inclúan tanto persoas conviventes como persoas non conviventes, o número máximo será de seis persoas. Conforme o artigo 9, a eficacia desta medida nunha comunidade autónoma producirase cando a autoridade competente delegada o determine. Ademais, o artigo 7 recolle a posibilidade de que a autoridade competente delegada correspondente determine, no seu ámbito territorial, en vista da evolución dos indicadores sanitarios, epidemiolóxicos, sociais, económicos e de mobilidade, logo de comunicación ao Ministerio de Sanidade e de acordo co previsto no artigo 13, que o número máximo sexa inferior a seis persoas, salvo que se trate de conviventes. Así mesmo, as autoridades competentes delegadas poderán, no seu ámbito territorial, establecer excepcións respecto das persoas menores ou dependentes, así como calquera outra flexibilización da limitación.

De acordo co artigo 8 do real decreto, a autoridade competente delegada poderá limitar a permanencia de persoas en lugares de culto mediante a fixación de limitación de capacidade para reunións, celebracións e encontros relixiosos, atendendo ao risco de transmisión que poida resultar dos encontros colectivos, sen que tal limitación poida afectar, en ningún caso, o exercicio privado e individual da liberdade relixiosa.



E, conforme o artigo 10 da norma, a autoridade competente delegada en cada comunidade autónoma poderá, no seu ámbito territorial, en vista da evolución dos indicadores sanitarios, epidemiolóxicos, sociais, económicos e de mobilidade, logo de comunicación ao Ministerio de Sanidade, e de acordo co previsto no artigo 13, modular, flexibilizar e suspender a aplicación das medidas previstas nos artigos 6, 7 e 8, co alcance e ámbito territorial que determine.

O 29 de outubro de 2020, o Congreso dos Deputados autorizou a prórroga do estado de alarma ata o 9 de maio de 2021. Conforme o artigo 2 do Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, a prórroga establecida no dito real decreto estenderase desde as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020 ata as 00.00 horas do día 9 de maio de 2021, e someterase ás condicións establecidas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, e nos decretos que, se é o caso, se adopten en uso da habilitación conferida pola disposición derradeira primeira do citado Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, sen prexuízo do establecido nas disposicións que recolle o propio real decreto de prórroga.

En consecuencia, durante a vixencia do estado de alarma e da súa prórroga, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, deberán adoptarse, na condición de autoridade competente delegada, nos termos previstos no dito real decreto e no real decreto de prórroga.

Non obstante, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, non esgotan todas as que se poden adoptar para facer fronte á crise sanitaria. Neste sentido, como prevé expresamente o seu artigo 12, cada Administración conservará as competencias que lle outorga a lexislación vixente, así como a xestión dos seus servizos e do seu persoal, para adoptar as medidas que considere necesarias, sen prexuízo do establecido no real decreto.

Polo tanto, como destaca a propia exposición de motivos do real decreto, durante a vixencia do estado de alarma as administracións sanitarias competentes en saúde pública, no non previsto nesa norma, deberán continuar adoptando as medidas necesarias para afrontar a situación de emerxencia de saúde pública ocasionada polo COVID-19, conforme a lexislación sanitaria, en particular, a Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; a Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, e a Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, así como a normativa autonómica correspondente.



II

Neste contexto normativo derivado do estado de alarma vixente, e ante a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia, ditouse o Decreto 179/2020, do 4 de novembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

Posteriormente, ante a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia, ditáronse o Decreto 202/2020, do 3 de decembro, o Decreto 8/2021, do 26 de xaneiro, e o Decreto 31/2021, do 25 de febreiro, do presidente da Xunta de Galicia, polos que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

Estes decretos foron obxecto de diversas modificacións para manter as medidas adaptadas á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria da Comunidade Autónoma.

III

Por outra banda, a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria permite no momento actual que, ao abeiro do marco normativo derivado do estado de alarma, o presidente da Comunidade Autónoma adopte novas medidas na condición de autoridade competente delegada, sen prexuízo das que, de modo complementario e compatible con elas, adopte con esta mesma data a persoa titular da Consellería de Sanidade en exercicio das súas competencias como autoridade sanitaria autonómica, e respectando, en todo caso, as medidas obrigatorias recollidas no Acordo do Consello Interterritorial de Saúde.

Neste contexto ditouse o Decreto 45/2021, do 17 de marzo, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, modificado polos decretos 49/2021, do 24 de marzo, 51/2021, do 26 de marzo, e 54/2021, do 7 de abril.



IV

A evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia fai necesario que o presidente da Xunta de Galicia adopte novas medidas na condición de autoridade competente delegada, sen prexuízo das que, de modo complementario e compatible con elas, adopte a persoa titular da Consellería de Sanidade en exercicio das súas competencias como autoridade sanitaria autonómica.

O Subcomité Clínico, na súa reunión do 9 de abril de 2021, procedeu á revisión da situación epidemiolóxica e sanitaria da Comunidade Autónoma.

Así, do Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 9 de abril, destácanse os seguintes datos:

O número reprodutivo instantáneo (R_t), que indica o número de contaxios orixinados por un caso activo, volve achegarse ao 1. As áreas sanitarias de Santiago e Pontevedra superaron o 1 estes últimos días. Non obstante, a estabilización das taxas desde o 28 de febreiro pode afectar a que o R_t se achegue ao 1 ou o supere.

Do total de concellos de Galicia, 143 non notificaron casos nos últimos 14 días. O número de concellos sen casos nos últimos 7 días foi de 187. Isto supón un aumento nun concello a 14 días e unha diminución en 2 concellos a 7 días desde o informe anterior.

Entre o 28 de marzo e o 3 de abril, realizáronse 43.476 probas diagnósticas de infección activa polo virus SARS-CoV-2 (32.404 PCR e 11.072 tests de antíxenos), cunha porcentaxe de positividade a sete días do 2,57, o que supón un 11 % menos que a de entre o 26 de marzo e o 3 de abril, que era do 2,4 %.

A incidencia acumulada a 7 e 14 días é de 32 e 69 casos por cen mil habitantes, respectivamente, valores inferiores aos observados no informe anterior, en que era de 34 e 68 casos por cen mil habitantes, respectivamente.

A tendencia diaria mostra, desde o 28 de decembro, tres tramos, un deles con tendencia oposta, primeiro crecente a un ritmo do 6,8 % ata o 22 de xaneiro e despois, unha primeira decrecente cunha porcentaxe de cambio diario de -6,8 % e, outra, cun descenso máis lento, cunha porcentaxe de cambio diario de -0,4 %.

Polo que atinxe á situación das áreas sanitarias, as taxas de incidencia a 14 días seguen a diminuír con respecto ás de hai 7 días. Ningunha das áreas presenta taxas a 14 días con



valores superiores aos 100 casos por 100.000 habitantes, e só a Área Sanitaria de Pontevedra supera os 50 casos por 100.000 habitantes a 7 días. As taxas a 14 días das áreas están entre os 28,21 casos por 100.000 habitantes de Ferrol e os 93,94 de Vigo.

No que respecta á hospitalización dos casos COVID-19, a media de pacientes con COVID-19 en hospitalización de agudos nos últimos 7 días foi de 153. A taxa de pacientes con COVID-19 en hospitalización de agudos é de 5,7 ingresados por 100.000 habitantes. En canto aos ingresos por COVID-19 nas unidades de críticos (UCI) nos últimos 7 días, a media foi de 28 e a taxa a 7 días de ingresados nas UCI é de 1 ingresado por 100.000 habitantes. Os datos mostran descenso lento pero continuo, tanto na hospitalización de agudos como de críticos.

Pola súa banda, nos concellos con poboación igual ou maior de 10.000 habitantes (54), un presenta unha taxa de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes, igual que hai 7 días. Hoxe en día, este concello segue a ser o do Grove. No que se refire aos concellos de menos de 10.000 habitantes (259), 5 presentan unha taxa de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes, un menos que no informe anterior. Acádanse taxas de incidencia iguais ou maiores a 500 casos por cen mil habitantes en dous destes concellos.

En conclusión, segundo os datos reflectidos no informe, o cambio na tendencia da taxa de incidencia segue a manterse en descenso, superado o cumio da onda o 22 de xaneiro. Non obstante, obsérvase un aumento da Rt, aínda que no global de Galicia non chegou a 1. A información do modelo de predición hai que tomala con cautela, xa que parte exclusivamente dos casos e non ten en conta as medidas de restrición que se están a tomar. Ademais, a amplitude dos seus intervalos de confianza indican que poderían darse todos os escenarios (estabilización, ascenso ou descenso da onda).

A taxa de incidencia a 14 días, no global de Galicia, segue por debaixo dos 100 casos por cen mil habitantes, sen ningunha área cunha incidencia superior aos 100 casos por cen mil habitantes. A taxa de incidencia a 14 días máis elevada é a da Área Sanitaria de Vigo. No que atinxe aos concellos de máis de 10.000 habitantes, hai só un concello con taxas de incidencia iguais ou superiores a 250 casos por cen mil habitantes. Nos de menos de 10.000, hai 9 concellos que superan unha taxa de incidencia de 250 casos por cen mil habitantes, con 2 deles cunha taxa a 14 días superior aos 500 casos por cen mil habitantes.

O informe indica que o feito de que estea a circular cada vez máis a cepa británica pode influír nun aumento da transmisión. A ocupación por pacientes con COVID-19 na hospitalización de agudos e unidades de coidados críticos segue a diminuír. Non obstante,



hai que manter a precaución, xa que un incremento na incidencia pode comprometer esta evolución.

O criterio utilizado para aplicar os niveis de restrición aos concellos, ademais do da situación sanitaria, é o da taxa de incidencia segundo os casos por cada cen mil habitantes a 14 días, situando o nivel máximo na cifra de 500. Así mesmo, co obxecto de reaccionar con rapidez e eficacia fronte aos gromos, utilízase tamén como criterio o da taxa de incidencia a 7 días. A análise da situación de cada concello complétase coa consideración de criterios demográficos, pois debe terse en conta que en concellos de escasa poboación poucos casos poden dar lugar a taxas moi elevadas, que deben ser postas no debido contexto, e co estudo por parte dos servizos de saúde pública e do Comité ou do Subcomité Clínico das características específicas de cada gromo.

Non se debe esquecer que nos encontramos nun contexto de desescalada, que debe ser gradual, progresiva e segura, guiada polo principio de prudencia, para evitar así comprometer os logros acadados. Galicia conta cunha poboación especialmente envellecida e no noso territorio o virus circulou menos que noutros territorios do Estado, polo que existe un menor nivel de inmunidade natural, á espera de que o proceso de vacinación en marcha acade os resultados esperados. Aínda que a presión hospitalaria segue descendendo, hai que manter a precaución, xa que un incremento na incidencia pode comprometer esta evolución. Resulta imprescindible ser cautelosos e consolidar no tempo as medidas adoptadas recentemente, de tal xeito que sexa posible ir analizando e reaccionando fronte aos efectos que delas deriven.

En particular, o informe recomenda manter no nivel máximo de restricións o concello da Pobra do Caramiñal, da Área Sanitaria de Santiago, e o concello do Grove, debido ás súas taxas de incidencia a 7 días. Pola súa banda, o concello de Carballeda de Valdeorras pasa do nivel baixo ao máximo nivel de restricións polas súas taxas de incidencia a 7 e 14 días. O motivo de ascender a este nivel máximo é a existencia dun brote cuxa investigación epidemiolóxica levou á identificación de máis casos, que indican que o brote non está controlado e, polo tanto, hai risco de difusión.

V

Tendo en conta o indicado, a situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia determina que procede ditar un novo decreto en que se adapten as medidas existentes á indicada situación.

De acordo co exposto, por proposta do conselleiro de Sanidade, e na condición de autoridade competente delegada, por delegación do Goberno da Nación, conforme o disposto nos



artigos 2, 5, 6, 7, 8, 9 e 10 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2,

DISPOÑO:

Primeiro. *Modificación do anexo do Decreto 45/2021, do 17 de marzo, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2*

Modifícase o anexo do Decreto 45/2021, do 17 de marzo, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, que queda redactado nos termos previstos no anexo deste decreto.

Segundo. *Eficacia, seguimento e avaliación*

A eficacia das medidas previstas neste decreto comezará ás 00.00 horas do día 12 de abril de 2021.

Non obstante o anterior, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas deberán ser obxecto de seguimento e de avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria e para os efectos, de ser necesario, da súa modificación ou levantamento.

Terceiro. *Recursos*

Contra este decreto poderase interpor recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, conforme os artigos 12.1.a) e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, nove de abril de dous mil vinte e un

Alberto Núñez Feijóo
Presidente da Xunta de Galicia



ANEXO

Concellos en que son aplicables limitacións específicas de entrada e saída de persoas, de permanencia de grupos de persoas en espazos públicos ou privados e de permanencia en lugares de culto.

Carballada de Valdeorras.

Grove (O).

Pobra do Caramiñal (A).



I. DISPOSICIÓN XERAIS**PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA**

DECRETO 54/2021, do 7 de abril, polo que se modifica o Decreto 45/2021, do 17 de marzo, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

I

A expansión do coronavirus COVID-19 xerou unha crise sanitaria sen precedentes recentes. Así, tras a elevación pola Organización Mundial da Saúde da situación de emerxencia de saúde pública pola dita causa a nivel de pandemia internacional e a adopción, por algunhas comunidades autónomas como a galega, de medidas de prevención, mediante o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, declarouse o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, declaración que afectou todo o territorio nacional, cunha duración inicial de quince días naturais, pero que foi obxecto de sucesivas prórrogas autorizadas polo Congreso dos Deputados.

O levantamento dese estado de alarma, con todo, non puxo fin á crise sanitaria, o que xustificou a adopción de medidas como as previstas, no ámbito estatal, no Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, así como as medidas de prevención que foron adoptando as diferentes comunidades autónomas. En concreto, no caso da Comunidade Autónoma de Galicia, a resposta á crise sanitaria foi, fundamentalmente, ademais do mantemento da declaración de situación de emerxencia sanitaria efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, a adopción, ao abeiro da lexislación sanitaria, ordinaria e orgánica, de medidas de prevención tanto de carácter xeral, para todo o territorio autonómico, como, de maneira específica, a través de diferentes ordes da persoa titular da Consellería de Sanidade, en atención á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

Mediante o Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, declarouse o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. Esa declaración afectou todo o territorio nacional e a súa duración inicial estendíase, conforme o disposto no seu artigo 4, ata as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020.



Conforme o artigo 2 do dito real decreto, para os efectos do estado de alarma, a autoridade competente será o Goberno da Nación. En cada comunidade autónoma e cidade con estatuto de autonomía, a autoridade competente delegada será quen desempeñe a presidencia da comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía, nos termos establecidos no real decreto. As autoridades competentes delegadas quedan habilitadas para ditaren, por delegación do Goberno da Nación, as ordes, resolucións e disposicións para a aplicación do previsto nos artigos 5 ao 11 do real decreto, sen que para iso sexa preciso tramitar ningún procedemento administrativo, nin será de aplicación o previsto no segundo parágrafo do artigo 8.6 e no artigo 10.8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

En concreto, o artigo 6 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, prevé que a autoridade competente delegada que corresponda poderá limitar a entrada e saída de persoas no territorio de cada comunidade autónoma ou en ámbitos territoriais de carácter xeograficamente inferiores á comunidade autónoma, coas excepcións previstas no artigo 6.1.

Pola súa banda, o artigo 7 do mesmo texto normativo dispón que a permanencia de grupos de persoas en espazos de uso público, tanto pechados como ao aire libre, quedará condicionada a que non se supere o número máximo de seis persoas, salvo que se trate de conviventes, e sen prexuízo das excepcións que se establezan en relación con dependencias, instalacións e establecementos abertos ao público. A permanencia de grupos de persoas en espazos de uso privado quedará condicionada a que non se supere o número máximo de seis persoas, salvo que se trate de conviventes. No caso das agrupacións en que se inclúan tanto persoas conviventes como persoas non conviventes, o número máximo será de seis persoas. Conforme o artigo 9, a eficacia desta medida nunha comunidade autónoma producirase cando a autoridade competente delegada o determine. Ademais, o artigo 7 recolle a posibilidade de que a autoridade competente delegada correspondente determine, no seu ámbito territorial, en vista da evolución dos indicadores sanitarios, epidemiolóxicos, sociais, económicos e de mobilidade, logo de comunicación ao Ministerio de Sanidade e de acordo co previsto no artigo 13, que o número máximo sexa inferior a seis persoas, salvo que se trate de conviventes. Así mesmo, as autoridades competentes delegadas poderán, no seu ámbito territorial, establecer excepcións respecto das persoas menores ou dependentes, así como calquera outra flexibilización da limitación.

De acordo co artigo 8 do real decreto, a autoridade competente delegada poderá limitar a permanencia de persoas en lugares de culto mediante a fixación de limitación de capacidade para reunións, celebracións e encontros relixiosos, atendendo ao risco de transmi-



sión que poida resultar dos encontros colectivos, sen que tal limitación poida afectar, en ningún caso, o exercicio privado e individual da liberdade relixiosa.

E, conforme o artigo 10 da norma, a autoridade competente delegada en cada comunidade autónoma poderá, no seu ámbito territorial, en vista da evolución dos indicadores sanitarios, epidemiolóxicos, sociais, económicos e de mobilidade, logo de comunicación ao Ministerio de Sanidade, e de acordo co previsto no artigo 13, modular, flexibilizar e suspender a aplicación das medidas previstas nos artigos 6, 7 e 8, co alcance e ámbito territorial que determine.

O 29 de outubro de 2020, o Congreso dos Deputados autorizou a prórroga do estado de alarma ata o 9 de maio de 2021. Conforme o artigo 2 do Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, a prórroga establecida no dito real decreto estenderase desde as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020 ata as 00.00 horas do día 9 de maio de 2021, e someterase ás condicións establecidas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, e nos decretos que, se é o caso, se adopten en uso da habilitación conferida pola disposición derradeira primeira do citado Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, sen prexuízo do establecido nas disposicións que recolle o propio real decreto de prórroga.

En consecuencia, durante a vixencia do estado de alarma e da súa prórroga, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, deberán adoptarse, na condición de autoridade competente delegada, nos termos previstos no dito real decreto e no real decreto de prórroga.

Non obstante, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, non esgotan todas as que se poden adoptar para facer fronte á crise sanitaria. Neste sentido, como prevé expresamente o seu artigo 12, cada Administración conservará as competencias que lle outorga a lexislación vixente, así como a xestión dos seus servizos e do seu persoal, para adoptar as medidas que considere necesarias, sen prexuízo do establecido no real decreto.

Polo tanto, como destaca a propia exposición de motivos do real decreto, durante a vixencia do estado de alarma as administracións sanitarias competentes en saúde pública, no non previsto nesa norma, deberán continuar adoptando as medidas necesarias para afrontar a situación de emerxencia de saúde pública ocasionada pola COVID-19, conforme a lexislación sanitaria, en particular, a Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas



especiais en materia de saúde pública; a Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, e a Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, así como a normativa autonómica correspondente.

II

Neste contexto normativo derivado do estado de alarma vixente, e ante a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia, ditouse o Decreto 179/2020, do 4 de novembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

Posteriormente, ante a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia, ditáronse o Decreto 202/2020, do 3 de decembro, o Decreto 8/2021, do 26 de xaneiro, e o Decreto 31/2021, do 25 de febreiro, do presidente da Xunta de Galicia, polos que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

Estes decretos foron obxecto de diversas modificacións para manter as medidas adaptadas á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria da Comunidade Autónoma.

III

Por outra banda, a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria permite no momento actual que, ao abeiro do marco normativo derivado do estado de alarma, o presidente da Comunidade Autónoma adopte novas medidas na condición de autoridade competente delegada, sen prexuízo das que, de modo complementario e compatible con elas, adopte con esta mesma data a persoa titular da Consellería de Sanidade en exercicio das súas competencias como autoridade sanitaria autonómica, e respectando, en todo caso, as medidas obrigatorias recollidas no Acordo do Consello Interterritorial de Saúde.

Neste contexto ditouse o Decreto 45/2021, do 17 de marzo, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a pro-



pagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, modificado polos decretos 49/2021, do 24 de marzo, e 51/2021, do 26 de marzo.

IV

A evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia fai necesario que o presidente da Xunta de Galicia adopte novas medidas na condición de autoridade competente delegada, sen prexuízo das que, de modo complementario e compatible con elas, adopte a persoa titular da Consellería de Sanidade en exercicio das súas competencias como autoridade sanitaria autonómica.

O Comité Clínico, na súa reunión do 6 de abril de 2021, procedeu á revisión da situación epidemiolóxica e sanitaria da Comunidade Autónoma.

Así, do Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 7 de abril, destácanse os seguintes datos:

O número reprodutivo instantáneo (Rt), que indica o número de contaxios orixinados por un caso activo, volve achegarse ao 1, e as áreas sanitarias de Santiago, Ourense e Pontevedra superaron ese valor nos últimos días. Non obstante mantense o proceso de estabilización das taxas desde o 28 de febreiro.

Do total de concellos de Galicia, 142 non notificaron casos nos últimos 14 días. O número de concellos sen casos nos últimos 7 días foi de 189. Isto supón un aumento en 3 e 2 concellos, respectivamente, desde onte, e un aumento en 10 concellos a 7 días, que era de 140 e 180, a 14 e 7 días, respectivamente.

Entre o 26 de marzo e o 3 de abril realizáronse 51.199 probas diagnósticas de infección activa polo virus SARS-CoV-2 (38.457 PCR e 12.742 test de antíxeno) cunha porcentaxe de positividade a 7 días do 2,4 %, o que supón, practicamente, a mesma porcentaxe que no informe de onte, que era do 2,34 %.

A incidencia acumulada a 7 e 14 días é de 34 e 78 casos por cen mil habitantes, respectivamente, valores inferiores aos observados hai 7 días, no que eran de 35 e 70 casos por cen mil habitantes.

A tendencia diaria mostra, desde o 28 de decembro, tres tramos, un deles con tendencia oposta, primeiro, crecente a un ritmo do 6,8 % ata o 22 de xaneiro e, despois, unha primeira



decrecente cunha porcentaxe de cambio diario de -6,7 % e outro, cun descenso máis lento, cunha porcentaxe de cambio diaria de -0,5 %.

No que atinxe á situación das áreas sanitarias, indícase que as taxas de incidencia a 14 días seguen a diminuír a respecto de hai 7 días, pois ningunha das áreas presenta taxas a 14 días con valores superiores aos 100 casos por 100.000 habitantes nin taxas a 7 días superiores aos 50 casos por 100.000 habitantes. As taxas a 14 días das áreas están entre os 36,20 casos por 100.000 habitantes de Ferrol e os 94,99 de Vigo.

Polo que respecta á hospitalización, a media de pacientes COVID-19 en hospitalización de agudos nos últimos 7 días foi de 158,9, o que supón unha taxa de 5,9 ingresados por 100.000 habitantes. En canto aos ingresos COVID-19 nas unidades de críticos (UCI) nos últimos 7 días, a media foi de 28,4 e a taxa a 7 días de ingresados nas UCI é de 1,1 ingresados por 100.000 habitantes. Os datos mostran descensos lentos, pero continuos, tanto na hospitalización de agudos como de críticos.

Sobre a situación epidemiolóxica a nivel dos concellos de Galicia, aqueles con poboación igual ou maior de 10.000 habitantes (54), un presentan unha taxa de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes, igual que hai 7 días. A día de hoxe atópase nesta situación o concello de O Grove. No que se refire aos concellos de menos de 10.000 habitantes (259), 6 presentan unha taxa de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes, igual que hai 7 días. Entre os que se atopan nesta situación está o concello da Pobra do Caramiñal.

Segundo os datos reflectidos neste informe, o cambio na tendencia da taxa de incidencia segue a manterse en descenso, superado o cumio da onda o 22 de xaneiro. Non obstante, obsérvase variacións na Rt, que poden ser esperables en situación de baixa incidencia. O modelo de predición mostra que a onda manterase estable nos próximos sete e catorce días. Non obstante, a información do modelo hai que tomala con cautela, xa que parte exclusivamente dos casos e non ten en conta as medidas de restrición que se están a tomar. Así, ao observar os intervalos de confianza, poderían darse todos os escenarios (estabilización, ascenso ou descenso da onda). A taxa de incidencia a 14 días, no global de Galicia, segue por debaixo dos 100 casos por cen mil habitantes, sen ningunha área cunha incidencia superior os 100 casos por cen mil habitantes. A taxa de incidencia a 14 días máis elevada é a da área sanitaria de Vigo.

No que atinxe aos concellos de máis de 10.000 habitantes só hai un concello coa taxa de incidencia a 14 días igual ou superior a 250 casos por cen mil habitantes. Nos de menos



de 10.000 hai 6 concellos que superan unha taxa de incidencia de 250 casos por cen mil habitantes, con 2 deles cunha taxa a 14 días superior aos 500 casos por cen mil habitantes.

O feito de que a cepa británica sexa a predominante en Galicia pode influír nun aumento da transmisión.

A ocupación por pacientes COVID-19 na hospitalización de agudos e unidades de cuidados críticos segue a diminuír con respecto a hai sete días. Non obstante, hai que manter a precaución, xa que un incremento na incidencia pode comprometer esta evolución.

O criterio utilizado para aplicar os niveis de restrición aos concellos, ademais do da situación sanitaria, é o da taxa de incidencia segundo os casos por cada cen mil habitantes a 14 días, situando o nivel máximo na cifra de 500. Así mesmo, co obxecto de reaccionar con rapidez e eficacia fronte aos gromos, utilízase tamén como criterio o da taxa de incidencia a 7 días. A análise da situación de cada concello complétase coa consideración de criterios demográficos, pois debe terse en conta que, en concellos de escasa poboación, poucos casos poden dar lugar a taxas moi elevadas que deben ser postas no debido contexto, e co estudo por parte dos servizos de saúde pública e do comité ou do subcomité clínico das características específicas de cada gromo.

Non se debe esquecer que nos encontramos nun contexto de desescalada que debe ser gradual, progresiva e segura, guiada polo principio de prudencia, para evitar así comprometer os logros acadados. Galicia conta cunha poboación especialmente envellecida e no noso territorio o virus circulou menos que noutros territorios do Estado, polo que existe un menor nivel de inmunidade natural, á espera de que o proceso de vacinación en marcha acade os resultados esperados. Aínda que a presión hospitalaria segue descendendo, hai que manter a precaución, xa que un incremento na incidencia pode comprometer esta evolución. Resulta imprescindible ser cautelosos e consolidar no tempo as medidas adoptadas recentemente, de tal xeito que sexa posible ir analizando e reaccionando fronte aos efectos que delas deriven.

En particular, o informe recomenda aplicar o nivel máximo de restricións aos concellos de A Pobra do Caramiñal (área sanitaria de Santiago de Compostela) e o concello de O Grove (área sanitaria de Pontevedra) debido ás súas taxas a 7 días.

V

Tendo en conta o indicado, a situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia determina que procede ditar un novo decreto en que se adapten as medidas existentes á indicada situación.



De acordo co exposto, por proposta do conselleiro de Sanidade, e na condición de autoridade competente delegada, por delegación do Goberno da Nación, conforme o disposto nos artigos 2, 5, 6, 7, 8, 9 e 10 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2,

DISPOÑO:

Primeiro. Modificación do Decreto 45/2021, do 17 de marzo, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2

Un. Modifícase o apartado 2 do punto segundo do Decreto 45/2021, do 17 de marzo, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, que queda redactado como segue:

«2. No territorio dos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia non incluídos no punto anterior limitarase a permanencia de grupos de persoas a un máximo de catro en espazos pechados, e de seis en espazos abertos ou ao aire libre, sexan de uso público ou privado, agás que se trate de conviventes. No caso de agrupacións en que se inclúan tanto persoas conviventes como persoas non conviventes, o número máximo destas será de catro ou seis persoas en función de si se reúnen en espazos pechados ou abertos».

Dous. Modifícase o anexo do Decreto 45/2021, do 17 de marzo, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, que queda redactado nos termos previstos no anexo deste decreto.

Segundo. Eficacia, seguimento e avaliación

A eficacia das medidas previstas neste decreto comezará ás 00.00 horas do día 8 de abril de 2021, agás no que atinxe á modificación prevista no apartado un do punto primeiro, que producirá efectos a partires das 00.00 horas do día 10 de abril de 2021.



Non obstante o anterior, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas deberán ser obxecto de seguimento e de avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria e para os efectos, de ser necesario, da súa modificación ou levantamento.

Terceiro. *Recursos*

Contra este decreto poderase interpor recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, conforme os artigos 12.1.a) e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, sete de abril de dous mil vinte e un

Alberto Núñez Feijóo
Presidente da Xunta de Galicia

ANEXO

Concellos en que son aplicables limitacións específicas de entrada e saída de persoas, de permanencia de grupos de persoas en espazos públicos ou privados e de permanencia en lugares de culto.

Grove (O).

Pobra do Caramiñal (A).



I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 7 de abril de 2021 pola que se modifica a Orde do 17 de marzo de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

I

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto do dito acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade.

Así mesmo, indícase no dito punto sexto, na redacción vixente, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de acordo coa normativa aplicable e en vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou en parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación das medidas concretas contidas no anexo.



Mediante o Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, declarouse o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. Esta declaración afectou todo o territorio nacional e a súa duración inicial estendeuse, conforme o disposto no seu artigo 4, ata as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020.

Conforme o artigo 2 dese real decreto, para os efectos do estado de alarma, a autoridade competente será o Goberno da Nación. En cada comunidade autónoma e cidade con estatuto de autonomía, a autoridade competente delegada será quen exerza a presidencia da comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía, nos termos establecidos no real decreto. As autoridades competentes delegadas quedan habilitadas para ditaren, por delegación do Goberno da Nación, as ordes, resolucións e disposicións para a aplicación do previsto nos artigos 5 ao 11 do real decreto, sen que para iso sexa precisa a tramitación de ningún procedemento administrativo, nin será de aplicación o previsto no segundo parágrafo do artigo 8.6 e no artigo 10.8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O 29 de outubro de 2020, o Congreso dos Deputados autorizou a prórroga do estado de alarma ata o día 9 de maio de 2021. Conforme o artigo 2 do Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, a prórroga establecida no dito real decreto estenderase desde as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020 ata as 00.00 horas do día 9 de maio de 2021, e someterase ás condicións establecidas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, e nos decretos que, se é o caso, se adopten en uso da habilitación conferida pola disposición derradeira primeira do citado Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, sen prexuízo do establecido nas disposicións que recolle o propio real decreto de prórroga.

En consecuencia, durante a vixencia do estado de alarma e da súa prórroga, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, deberán adoptarse, na condición de autoridade competente delegada, nos termos previstos no dito real decreto e no real decreto de prórroga.

Non obstante, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, non esgotan todas as que poden ser adoptadas para facer fronte á crise sanitaria. Neste sentido, como prevé expresamente o seu artigo 12, cada Administración conservará as competencias que lle outorga a lexislación vixente, así como a xestión dos seus servizos e do seu persoal, para adoptar as medidas que considere necesarias, sen prexuízo do establecido no real decreto.



Polo tanto, durante a vixencia do estado de alarma e das súas prórrogas, as medidas que sexa necesario adoptar para facer fronte, na Comunidade Autónoma, á crise sanitaria serán as que poida acordar, ao abeiro da normativa do estado de alarma, o presidente da Comunidade Autónoma, como autoridade competente delegada, e as complementarias que poidan adoptar, no exercicio das súas competencias propias, as autoridades sanitarias autonómicas e, entre elas, a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, ao abeiro do disposto no punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020 citado.

II

Sentado o anterior, no contexto normativo derivado do estado de alarma vixente e ante a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia, ditouse o Decreto 31/2021, do 25 de febreiro, polo que se adoptaron medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

Esas medidas debían ser complementadas, como indica o propio decreto, con outras que procede que adopte a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade no exercicio das súas competencias propias como autoridade sanitaria autonómica.

Estas medidas complementarias establecéronse mediante a Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia. Esta orde prevía que as medidas serían obxecto de revisión constante co obxecto de avaliar a situación e adecualas á incidencia real da epidemia.

Posteriormente, revisáronse as medidas acordadas, co obxecto de adecualas á situación epidemiolóxica, e ditouse a Orde do 4 de marzo de 2021, que incluíu pequenas modificacións das medidas adoptadas e do anexo II da Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia; a Orde do 5 de marzo de 2021 por medio da cal se modificou o anexo II da Orde do 25 de febreiro de 2021; a Orde do 10 de marzo de 2021, coa que se modificaron diversos puntos do anexo I e do anexo II da Orde do 25 de febreiro de 2021, e a Orde do 12 de marzo de 2021, que modificou unicamente o anexo II.



Paralelamente, estas modificacións tiveron reflexo tamén no Decreto 39/2021, do 5 de marzo, no Decreto 40/2021, do 10 de marzo, e no Decreto 41/2021, do 12 de marzo, polos que se modificou o Decreto 31/2021, do 25 de febreiro, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

En cumprimento do compromiso acadado en relación coa revisión das medidas acordadas, co obxecto de adecualas á situación epidemiolóxica, ditáronse o Decreto 45/2021, do 17 de marzo, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2 (modificado polo Decreto 49/2021, do 24 de marzo, e polo Decreto 51/2021, do 26 de marzo), e a Orde do 17 de marzo de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, modificada pola Orde do 24 de marzo de 2021 e pola Orde do 26 de marzo de 2021.

Posteriormente, realizouse unha nova revisión da situación epidemiolóxica dos concellos de Galicia que tivo o oportuno reflexo na Orde do 31 de marzo de 2021 pola que se modifica a Orde do 17 de marzo de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

III

De conformidade co compromiso acadado, procede realizar unha nova revisión da situación epidemiolóxica dos distintos concellos.

Así, no Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 7 de abril de 2021, establécese o seguinte:

O número reprodutivo instantáneo (Rt), que indica o número de contaxios orixinados por un caso activo, volve achegarse ao 1, e as áreas sanitarias de Santiago, Ourense e Pontevedra superaron ese valor nos últimos días. Non obstante, mantense o proceso de estabilización das taxas desde o 28 de febreiro.



Do total de concellos de Galicia, 142 non notificaron casos nos últimos 14 días. O número de concellos sen casos nos últimos 7 días foi de 189. Isto supón un aumento en 3 e 2 concellos, respectivamente, desde onte, e un aumento en 10 concellos a 7 días, que era de 140 e 180, a 14 e 7 días, respectivamente.

Entre o 26 de marzo e o 3 de abril realizáronse 51.199 probas diagnósticas de infección activa polo virus SARS-CoV-2 (38.457 PCR e 12.742 test de antíxeno) cunha porcentaxe de positividade a 7 días do 2,4 %, o que supón, practicamente a mesma porcentaxe que no informe de onte, que era do 2,34 %.

A incidencia acumulada a 7 e 14 días é de 34 e 68 casos por cen mil habitantes, respectivamente, valores inferiores aos observados hai 7 días, en que eran de 35 e 70 casos por cen mil habitantes.

A tendencia diaria mostra, desde o 28 de decembro, tres tramos, un deles con tendencia oposta, primeiro, crecente a un ritmo do 6,8 % ata o 22 de xaneiro e, despois, unha primeira decrecente cunha porcentaxe de cambio diario de -6,7 % e outro, cun descenso máis lento, cunha porcentaxe de cambio diaria de -0,5 %.

No que atinxe á situación das áreas sanitarias, indícase que as taxas de incidencia a 14 días seguen a diminuír respecto de hai 7 días, pois ningunha das áreas presenta taxas a 14 días con valores superiores aos 100 casos por 100.000 habitantes nin taxas a 7 días superiores aos 50 casos por 100.000 habitantes. As taxas a 14 días das áreas están entre os 36,20 casos por 100.000 habitantes de Ferrol e os 94,99 de Vigo.

No que respecta á hospitalización, a media de pacientes COVID-19 en hospitalización de agudos nos últimos 7 días foi de 158,9, o que supón unha taxa de 5,9 ingresados por 100.000 habitantes.

En canto aos ingresos COVID-19 nas unidades de críticos (UCI) nos últimos 7 días, a media foi de 28,4 e a taxa a 7 días de ingresados nas UCI é de 1,1 ingresados por 100.000 habitantes.

Os datos mostran descensos lentos, pero continuos, tanto na hospitalización de agudos como de críticos.

Sobre a situación epidemiolóxica no nivel dos concellos de Galicia, aqueles con po-boación igual ou maior de 10.000 habitantes (54), un presenta unha taxa de incidencia a



14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes, igual que hai 7 días. A día de hoxe atópase nesta situación o concello do Grove.

No que se refire aos concellos de menos de 10.000 habitantes (259), 6 presentan unha taxa de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes, igual que hai 7 días. Entre os que se atopan nesta situación está o concello da Pobra do Caramiñal.

Segundo os datos reflectidos no informe, o cambio na tendencia da taxa de incidencia segue a manterse en descenso, superado o cumio da onda o 22 de xaneiro. Non obstante, obsérvanse variacións na Rt, que poden ser esperables en situación de baixa incidencia.

O modelo de predición mostra que a onda se manterá estable nos próximos sete e catorce días. Non obstante, a información do modelo hai que tomala con cautela, xa que parte exclusivamente dos casos e non teñen en conta as medidas de restrición que se están a tomar. Así, ao observar os intervalos de confianza, poderían darse todos os escenarios (estabilización, ascenso ou descenso da onda).

A taxa de incidencia a 14 días, no global de Galicia, segue por debaixo dos 100 casos por cen mil habitantes, sen ningunha área cunha incidencia superior os 100 casos por cen mil habitantes. A taxa de incidencia a 14 días máis elevada é a da Área Sanitaria de Vigo.

No que atinxe aos concellos de máis de 10.000 habitantes, só hai un concello coa taxa de incidencia a 14 días igual ou superior a 250 por cen mil habitantes. Nos de menos de 10.000 hai 6 concellos que superan unha taxa de incidencia de 250 por cen mil habitantes, con 2 deles cunha taxa a 14 días superior aos 500 por cen mil habitantes.

O feito de que a cepa británica sexa a predominante en Galicia pode influír nun aumento da transmisión.

A ocupación por pacientes COVID-19 na hospitalización de agudos e unidades de cuidados críticos segue a diminuír con respecto a hai sete días. Non obstante, o informe destaca que hai que manter a precaución, xa que un incremento na incidencia pode comprometer esta evolución.

Non debe esquecerse que nos atopamos nun contexto de desescalada que debe ser gradual, progresiva e segura, guiada polo principio de prudencia, para evitar así comprometer os logros acadados. Galicia conta cunha poboación especialmente envellecida e no noso territorio o virus circulou menos que noutros territorios do Estado, polo que existe un menor nivel de inmunidade natural, á espera de que o proceso de vacinación en mar-



cha acade os resultados esperados. A presión hospitalaria, aínda que vai descendendo, debe baixar máis. Resulta imprescindible ser cautelosos e consolidar no tempo as medidas adoptadas recentemente, de tal xeito que sexa posible ir analizando e reaccionando fronte aos efectos que delas deriven.

O criterio utilizado para aplicar os niveis de restrición aos concellos, ademais do da situación sanitaria, é o da taxa de incidencia segundo os casos por cada cen mil habitantes a 14 días, situando o nivel medio baixo por debaixo de 150, o medio entre 150 e por debaixo de 250, o alto entre 250 e por debaixo de 500, e o máximo na cifra de 500. Así mesmo, co obxecto de reaccionar con rapidez e eficacia fronte aos gromos, utilízase tamén como criterio o da taxa de incidencia a 7 días. A análise da situación de cada concello prevese coa consideración de criterios demográficos, pois debe terse en conta que en concellos de escasa poboación poucos casos poden dar lugar a taxas moi elevadas, que deben ser postas no debido contexto, e co estudo polos servizos de saúde pública e polo comité e subcomité clínico das características específicas de cada gromo.

Por conseguinte, en vista do indicado no citado informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, e tras escoitar as recomendacións do comité clínico reunido para estes efectos, coa situación epidemiolóxica e sanitaria da Comunidade Autónoma de Galicia, propónse:

Subir ao nivel máximo de restricións os concellos da Pobra do Caramiñal (Área Sanitaria de Santiago de Compostela) e o concello do Grove (Área Sanitaria de Pontevedra) debido ás súas taxas a 7 días.

Manter no nivel alto, ben polas súas taxas a 7 e 14 días, ben por non ter estado neste nivel o tempo suficiente para asegurar unha evolución favorable da súa situación epidemiolóxica, os concellos da Pobra do Brollón e Rábade (Área Sanitaria de Lugo) e O Irixo (Área Sanitaria de Ourense).

Ascenderían do nivel medio-baixo actual ao nivel alto os concellos de Carral (Área Sanitaria da Coruña), Monterrei (Área Sanitaria de Ourense) e A Illa de Arousa (Área Sanitaria de Pontevedra), polas súas taxas a 7 e 14 días.

Manteríanse no nivel medio os concellos de Boimorto (Área Sanitaria de Santiago), O Carballiño (Área Sanitaria de Ourense), Meis (Área Sanitaria de Pontevedra) e Gondomar, Moaña e Cangas da Área Sanitaria de Vigo, debido a que as súas taxas indican este nivel, ou que aínda non levan tempo suficiente neste nivel para aseguraren unha boa evolución da súa situación epidemiolóxica.



Ademais, propúxose que descendesen do nivel alto actual ao nivel medio, debido ás súas taxas a 7 e 14 días ou para comprobar a estabilidade da súa situación epidemiolóxica, os concellos de Cortegada e Padrenda da Área Sanitaria de Ourense; Sanxenxo da Área Sanitaria de Pontevedra e Baiona da Área Sanitaria de Vigo.

Igualmente, propúxose baixar do nivel alto máximo actual ao nivel medio o concello de Beade da Área Sanitaria de Ourense, xa que ten cero casos a 7 días e 1 caso a 14, ademais de ter unha poboación de menos de 500 habitantes, polo que un só caso afecta as súas taxas.

O resto de concellos de Galicia permanecen no nivel medio-baixo de restricións, con base nos criterios reflectidos anteriormente ou á espera de comprobar a evolución da súa situación epidemiolóxica.

Debe insistirse, en particular, en que as medidas resultan adecuadas e eficaces de acordo cos datos expostos sobre a evolución da situación epidemiolóxica e, polo tanto, útiles para acadar o fin proposto de protección da saúde pública, na espera de que a campaña de vacinación acade os resultados que se perseguen. Debe ponderarse que aínda non estamos en niveis de transmisión que se poidan entender de risco baixo.

Así mesmo, debe manterse a protección do sistema sanitario. As medidas de limitación de determinadas actividades resultan necesarias, adecuadas e proporcionadas para o fin perseguido, que non é outro que controlar e evitar a maior difusión dunha enfermidade altamente contaxiosa respecto da cal a diferenza entre persoas enfermas e sas resulta difusa, dada a posible asintomatoloxía ou levidade dos síntomas e a existencia dun período no cal non hai indicios externos da enfermidade.

En concreto, trátase de evitar especialmente aglomeracións ou encontros entre persoas, co fin de garantir o mantemento da distancia de seguridade e reducir o risco de contacto físico ou proximidade en condicións favorecedoras do contaxio. Debe lembrarse, neste sentido, que o Auto 40/2020, do 30 de abril de 2020, do Tribunal Constitucional, no seu fundamento xurídico cuarto, ao ponderar a relevancia das especiais circunstancias derivadas da crise sanitaria creada pola pandemia no exercicio do dereito de reunión, salientou como, ante a incerteza sobre as formas de contaxio, sobre o impacto real da propagación do virus, así como sobre as consecuencias a medio e longo prazo para a saúde das persoas que se viron afectadas, as medidas de distanciamento social e de limitación extrema dos contactos e actividades grupais son as únicas que se teñen demostrado eficaces para limitar os efectos dunha pandemia de dimensións descoñecidas ata a data. Deste modo, as medidas de limitación de determinadas actividades van dirixidas a limitar os contactos



e a interacción social e, polo tanto, a transmisión da enfermidade, en situacións nas cales cabe apreciar un maior risco polas circunstancias en que se realizan, especialmente en lugares pechados.

Así mesmo, modifícase o punto 3.18 do anexo I da orde en materia de transportes de vehículos particulares, dadas as consultas recibidas en relación á redacción do citado precepto.

Tendo en conta o exposto, e tras escoitar as recomendacións do comité clínico reunido para estes efectos e visto o informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, procede reiterar as medidas xa aprobadas coas modificacións previstas na presente orde.

IV

As medidas que se adoptan nesta orde teñen o seu fundamento normativo na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 a 38 ter da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para adoptar as medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica existente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, coa urxencia que a protección da saúde pública demanda.

Na súa virtude, en aplicación do punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. *Modificación da Orde do 17 de marzo de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia*

Un. Modifícanse os puntos 3 do punto 3.18 do anexo I da Orde do 17 de marzo de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evo-



lución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que quedan redactados como segue.

«3. Nos desprazamentos en vehículo particular respectaranse as limitacións que se establezan mediante decreto pola autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, para grupos de persoas no correspondente ámbito territorial.

Para tal efecto, serán de aplicación as seguintes regras:

a) Nos concellos enumerados na letra A do anexo II poderán desprazarse nun mesmo vehículo só as persoas conviventes, ben que estará permitido o desprazamento nun vehículo particular de persoas non conviventes que traballen xuntas e só para o traxecto de ida e volta ao centro de traballo, así como para que os menores poidan acudir a centros de ensino. Nestes casos, só se permitirán dúas persoas por fila de asentos e deberán usar todas máscara.

b) No resto dos concellos enumerados no anexo II, respectaranse as limitacións para grupos de persoas no correspondente ámbito territorial e deberase usar sempre máscara dentro do vehículo cando se trate de persoas non conviventes».

Dous. Modifícase o anexo II da Orde do 17 de marzo de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado segundo o anexo da presente orde.

Segundo. *Eficacia*

As medidas previstas nesta orde terán efectos desde as 00.00 horas do día 8 de abril de 2021, agás no que atinxe á modificación prevista no punto un do punto primeiro, que producirá efectos a partir das 00:00 horas do día 10 de abril de 2021. Non obstante o anterior, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, serán obxecto de seguimento e avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser modificadas ou levantadas mediante orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Santiago de Compostela, 7 de abril de 2021

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade



ANEXO II

A) Concellos con nivel de restrición máxima.

Grove (O)

Pobra do Caramiñal (A)

B) Concellos con nivel de restrición alta.

Carral

Illa de Arousa (A)

Irixo (O)

Monterrei

Pobra do Brollón (A)

Rábade

C) Concellos con nivel de restrición media.

Baiona

Beadé

Boimorto

Cangas

Carballiño (O)

Cortegada

Gondomar

Meis

Moaña

Padrenda

Sanxenxo

D) Concellos con nivel de restrición media-baixa.

Abadín

Abegondo

Agolada

Alfoz

Allariz

Ames



Amoeiro
Antas de Ulla
Aranga
Arbo
Ares
Arnoia (A)
Arteixo
Arzúa
Avión
Baleira
Baltar
Bande
Baña (A)
Baños de Molgas
Baralla
Barbadás
Barco de Valdeorras (O)
Barreiros
Barro
Beariz
Becerreá
Begonte
Bergondo
Betanzos
Blancos (Os)
Boborás
Boiro
Bola (A)
Bolo (O)
Boqueixón
Bóveda
Brión
Bueu
Burela
Cabana de Bergantiños
Cabanas
Caldas de Reis



Calvos de Randín
Camariñas
Cambados
Cambre
Campo Lameiro
Cañiza (A)
Capela (A)
Carballeda de Avia
Carballeda de Valdeorras
Carballedo
Carballo
Cariño
Carnota
Cartelle
Castrelo de Miño
Castrelo do Val
Castro Caldelas
Castro de Rei
Castroverde
Catoira
Cedeira
Cee
Celanova
Cenlle
Cereda
Cerdedo-Cotobade
Cerdido
Cervantes
Cervo
Chandrea de Queixa
Chantada
Coirós
Coles
Corcubión
Corgo (O)
Coristanco
Coruña (A)



Cospeito
Covelo
Crecente
Cualedro
Culleredo
Cuntis
Curtis
Dodro
Dozón
Dumbría
Entrimo
Esgos
Estrada (A)
Fene
Ferrol
Fisterra
Folgozo do Courel
Fonsagrada (A)
Forcarei
Fornelos de Montes
Foz
Frades
Friol
Gomesende
Guarda (A)
Gudiña (A)
Guitiriz
Guntín
Incio (O)
Irixoa
Lalín
Lama (A)
Láncara
Laracha (A)
Larouco
Laxe
Laza



Leiro
Lobeira
Lobios
Lourenzá
Lousame
Lugo
Maceda
Malpica de Bergantiños
Manzaneda
Mañón
Marín
Maside
Mazaricos
Meaño
Meira
Melide
Melón
Merca (A)
Mesía
Mezquita (A)
Miño
Moeche
Mondariz-Balneario
Mondariz
Mondoñedo
Monfero
Monforte de Lemos
Montederramo
Monterroso
Moraña
Mos
Mugardos
Muíños
Muras
Muros
Muxía
Narón



Navia de Suarna
Neda
Negreira
Negueira de Muñiz
Neves (As)
Nigrán
Nogais (As)
Nogueira de Ramuín
Noia
Oia
Oímbra
Oleiros
Ordes
Oroso
Ortigueira
Ourense
Ouroi
Outeiro de Rei
Outes
Oza-Cesuras
Paderne de Allariz
Paderne
Padrón
Palas de Rei
Pantón
Parada de Sil
Paradela
Páramo (O)
Pastoriza (A)
Pazos de Borbén
Pedrafita do Cebreiro
Pereiro de Aguiar (O)
Peroxa (A)
Petín
Pino (O)
Piñor
Pobra de Trives (A)



Poio
Pol
Ponte Caldelas
Pontecesures
Ponteareas
Ponteceso
Pontedeume
Pontedeva
Pontenova (A)
Pontes de García Rodríguez (As)
Pontevedra
Porqueira
Porriño (O)
Portas
Porto do Son
Portomarín
Punxín
Quintela de Leirado
Quiroga
Rairiz de Veiga
Ramirás
Redondela
Rianxo
Ribadavia
Ribadeo
Ribadumia
Ribas de Sil
Ribeira de Piquín
Ribeira
Riós
Riotorto
Rodeiro
Rois
Rosal (O)
Rúa (A)
Rubiá
Sada



Salceda de Caselas
Salvaterra de Miño
Samos
San Amaro
San Cibrao das Viñas
San Cristovo de Cea
San Sadurniño
San Xoán de Río
Sandiás
Santa Comba
Santiago de Compostela
Santiso
Sarreaus
Sarria
Saviñao (O)
Silleda
Sober
Sobrado
Somozas (As)
Soutomaior
Taboada
Taboadela
Teixeira (A)
Teo
Toén
Tomiño
Toques
Tordoia
Touro
Trabada
Trasmiras
Trazo
Triacastela
Tui
Val do Dubra
Valadouro (O)
Valdoviño



Valga
Vedra
Veiga (A)
Verea
Verín
Viana do Bolo
Vicedo (O)
Vigo
Vila de Cruces
Vilaboa
Vilagarcía de Arousa
Vilalba
Vilamarín
Vilamartín de Valdeorras
Vilanova de Arousa
Vilar de Barrio
Vilar de Santos
Vilardevós
Vilariño de Conso
Vilarmaior
Vilasantar
Vimianzo
Viveiro
Xermade
Xinzo de Limia
Xove
Xunqueira de Ambía
Xunqueira de Espadanedo
Zas



I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 31 de marzo de 2021 pola que se modifica a Orde do 17 de marzo de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

I

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto do dito acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade.

Así mesmo, indícase no dito punto sexto, na redacción vixente, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de acordo coa normativa aplicable e en vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou en parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación das medidas concretas contidas no anexo.



Mediante o Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, declarouse o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. Esta declaración afectou todo o territorio nacional e a súa duración inicial estendeuse, conforme o disposto no seu artigo 4, ata as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020.

Conforme o artigo 2 dese real decreto, para os efectos do estado de alarma, a autoridade competente será o Goberno da Nación. En cada comunidade autónoma e cidade con estatuto de autonomía, a autoridade competente delegada será quen exerza a presidencia da comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía, nos termos establecidos no real decreto. As autoridades competentes delegadas quedan habilitadas para ditaren, por delegación do Goberno da Nación, as ordes, resolucións e disposicións para a aplicación do previsto nos artigos 5 ao 11 do real decreto, sen que para iso sexa precisa a tramitación de procedemento administrativo ningún, nin será de aplicación o previsto no segundo parágrafo do artigo 8.6 e no artigo 10.8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O 29 de outubro de 2020, o Congreso dos Deputados autorizou a prórroga do estado de alarma ata o día 9 de maio de 2021. Conforme o artigo 2 do Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, a prórroga establecida no dito real decreto estenderase desde as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020 ata as 00.00 horas do día 9 de maio de 2021, e someterase ás condicións establecidas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, e nos decretos que, se é o caso, se adopten en uso da habilitación conferida pola disposición derradeira primeira do citado Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, sen prexuízo do establecido nas disposicións que recolle o propio real decreto de prórroga.

En consecuencia, durante a vixencia do estado de alarma e da súa prórroga, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, deberán adoptarse, na condición de autoridade competente delegada, nos termos previstos no dito real decreto e no real decreto de prórroga.

Non obstante, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, non esgotan todas as que poden ser adoptadas para facer fronte á crise sanitaria. Neste sentido, como prevé expresamente o seu artigo 12, cada Administración conservará as competencias que lle outorga a lexislación vixente, así como a xestión dos seus servizos e do seu persoal, para adoptar as medidas que considere necesarias, sen prexuízo do establecido no real decreto.



Polo tanto, durante a vixencia do estado de alarma e das súas prórrogas, as medidas que sexa necesario adoptar para facer fronte, na Comunidade Autónoma, á crise sanitaria serán as que poida acordar, ao abeiro da normativa do estado de alarma, o presidente da Comunidade Autónoma, como autoridade competente delegada, e as complementarias que poidan adoptar, no exercicio das súas competencias propias, as autoridades sanitarias autonómicas e, entre elas, a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, ao abeiro do disposto no punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020 citado.

II

Sentado o anterior, no contexto normativo derivado do estado de alarma vixente e ante a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia, ditouse o Decreto 31/2021, do 25 de febreiro, polo que se adoptaron medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

Esas medidas debían ser complementadas, como indica o propio decreto, con outras que procede que adopte a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade no exercicio das súas competencias propias como autoridade sanitaria autonómica.

Estas medidas complementarias establecéronse mediante a Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia. Esta orde prevía que as medidas serían obxecto de revisión constante co obxecto de avaliar a situación e adecualas á incidencia real da epidemia.

Posteriormente, revisáronse as medidas acordadas, co obxecto de adecualas á situación epidemiolóxica, e ditouse a Orde do 4 de marzo de 2021, que incluíu pequenas modificacións das medidas adoptadas e do anexo II da Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia; a Orde do 5 de marzo de 2021 por medio da cal se modificou o anexo II da Orde do 25 de febreiro de 2021; a Orde do 10 de marzo de 2021, coa que se modificaron diversos puntos do anexo I e do anexo II da Orde do 25 de febreiro de 2021, e a Orde do 12 de marzo de 2021, que modificou unicamente o anexo II.



Paralelamente, estas modificacións tiveron reflexo tamén no Decreto 39/2021, do 5 de marzo, no Decreto 40/2001, do 10 de marzo, e no Decreto 41/2021, do 12 de marzo, polos que se modificou o Decreto 31/2021, do 25 de febreiro, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

Por outra banda, ante a proximidade da ponte de San Xosé e Semana Santa, o día 10 de marzo tivo lugar o Pleno do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, no cal se acordaron unha serie de medidas e recomendacións que foron declaradas polo Ministerio de Sanidade, mediante a Orde comunicada do 11 de marzo de 2021, como actuacións coordinadas en saúde pública, conforme o establecido no artigo 65 da Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema nacional de saúde, e que teñen por obxecto responder á situación de especial risco de transmisión da COVID-19 derivada do incremento da mobilidade da poboación e do aumento das celebracións, agrupacións e reunións de persoas durante os festivos indicados. O Acordo do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde foi publicado mediante a Resolución do 11 de marzo de 2021, da Secretaría de Estado de Sanidade (BOE do 12 de marzo).

Cabe destacar que, de acordo co número 2 do artigo 65 da Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema nacional de saúde, as medidas contidas na declaración de actuacións coordinadas polo Ministerio de Sanidade resultan de obrigado cumprimento e, polo tanto, deben ser asumidas polas comunidades autónomas, aínda que no propio acordo se determina que lles corresponde ás propias comunidades ou cidades autónomas en que estean en vigor medidas máis restritivas que as previstas no dito acordo decidir sobre a conveniencia de flexibilizalas ou non «tendo en conta que iso suporía unha modificación dos hábitos establecidos ata agora e que están a ser cumpridas pola cidadanía».

En cumprimento do compromiso acadado en relación coa revisión das medidas acordadas, co obxecto de adecualas á situación epidemiolóxica, ditáronse o Decreto 45/2021, do 17 de marzo, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2 (modificado polo Decreto 49/2021, do 24 de marzo, e polo Decreto 51/2021, do 26 de marzo), e a Orde do 17 de marzo de 2021 pola que se establecen medidas de preven-



ción específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, modificada pola Orde do 24 de marzo de 2021 e pola Orde do 26 de marzo de 2021.

III

De conformidade co compromiso acadado, procede realizar unha nova revisión da situación epidemiolóxica dos distintos concellos.

Así, no Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública do 30 de marzo de 2021 establécese o seguinte:

O número reprodutivo instantáneo (Rt), que indica o número de contaxios orixinados por un caso activo, mantense por debaixo de 1 desde o 29 de xaneiro, aínda que nestes últimos días subiu do 1. As áreas sanitarias da Coruña, Lugo e Vigo tamén superaron o 1 estes últimos días. Non obstante, a estabilización das taxas desde o 28 de febreiro pode afectar que a Rt se achegue ao 1.

Do total de concellos de Galicia, 140 non notificaron casos nos últimos 14 días. O número de concellos sen casos nos últimos 7 días foi de 180. Isto supón unha diminución en 1 concello a 14 días e de 4 concellos a 7 días a respecto de hai 7 días, que era de 141 e 184, a 14 e 7 días.

Entre o 16 e o 22 de marzo realizáronse 46.968 probas diagnósticas de infección activa polo virus SARS-CoV-2 (35.867 PCR e 11.101 tests de antíxenos) cunha porcentaxe de positividade a sete días do 2,73, o que supón un lixeiro aumento a respecto da de entre o 12 e o 18 de marzo, que era do 3,53 %.

A incidencia acumulada a 7 e 14 días é de 35 e 70 casos por cen mil habitantes, respectivamente, valores inferiores aos observados hai 7 días, en que eran de 38 e 74 casos por cen mil habitantes, respectivamente (descenso do 8 % a 7 días e do 5,4 % a 14 días).

A tendencia diaria mostra, desde o 28 de decembro, tres tramos, un deles con tendencia oposta, primeiro crecente a un ritmo do 6,8 % ata o 22 de xaneiro e despois unha primeira decrecente cunha porcentaxe de cambio diario de -6,7 %, e outro, cun descenso máis lento, cunha porcentaxe de cambio diario de -0,7 %, menor, neste terceiro tramo, respecto de hai 7 días, no que era de -1,3, o que parece indicar a estabilización da tendencia neste tramo, a pesar de que aínda se identifique un comportamento descendente.



No que atinxe á situación das áreas sanitarias, as taxas de incidencia a 14 días seguen a diminuír a respecto de hai 7 días, e ningunha presenta taxas a 14 días con valores superiores aos 250 casos por 100.000 habitantes nin taxas a 7 días superiores aos 100 casos por 100.000 habitantes.

As taxas a 14 días das áreas están entre os 39,13 casos por 100.000 habitantes no caso de Ourense e os 105,98 da Coruña, que continúa en descenso.

A media de pacientes coa COVID-19 en hospitalización de agudos nos últimos 7 días foi de 163,4, o que significa un descenso do -19,3 % a respecto de hai sete días. A taxa de pacientes coa COVID-19 en hospitalización de agudos é de 6,0 ingresados por 100.000 habitantes, cun descenso, tamén, do -19,3 % respecto de hai 7 días. En canto aos ingresos pola COVID-19 nas unidades de críticos (UCI) nos últimos 7 días, a media foi de 30,7 e a taxa a 7 días de ingresados nas UCI é de 1,1 ingresados por 100.000 habitantes, o que supón un descenso do -39,1 % a respecto de hai sete días, tanto na media como na taxa.

A nivel de concellos, cómpre indicar que Sanxenxo presenta unha taxa de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes.

No que se refire aos concellos de menos de 10.000 habitantes (259), 6 presentan unha taxa de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes, os mesmos que hai 7 días. Acádanse taxas de incidencia iguais ou maiores a 500 casos por cen mil habitantes en 2 destes concellos: Beade e Cortegada.

En conclusión, o cambio na tendencia da taxa de incidencia segue a manterse en descenso, superado o cumio da onda o 22 de xaneiro. Non obstante, obsérvase un aumento do Rt no global de Galicia, que nestes últimos días superou 1. Estas oscilacións cando a incidencia é baixa son esperables.

O modelo de predición mostra que a onda se manterá estable nos próximos sete e catorce días. Non obstante, a información do modelo hai que tomala con cautela, xa que parte exclusivamente dos casos e non ten en conta as medidas de restrición que se están a tomar. Así, ao observar os intervalos de confianza, poderían darse todos os escenarios (estabilización, ascenso ou descenso da onda).

A taxa de incidencia a 14 días, no global de Galicia, segue por debaixo dos 100 casos por cen mil habitantes, sen ningunha área cunha incidencia superior aos 250 casos por cen



mil habitantes. A taxa de incidencia a 14 días máis elevada segue a ser a da área sanitaria da Coruña.

No que atinxe aos concellos de máis de 10.000 habitantes, nesta semana hai un concello con incidencia superior a 250 casos por cen mil habitantes. Nos de menos de 10.000 hai 6 concellos que superan unha taxa de incidencia de 250 casos por cen mil habitantes, con 2 deles cunha taxa a 14 días superior aos 500 casos por cen mil habitantes.

O informe indica que o feito de que estea a circular cada vez máis a cepa británica pode influír nun aumento da transmisión.

A ocupación por pacientes coa COVID-19 na hospitalización de agudos e unidades de cuidados críticos segue a diminuír a respecto de hai sete días. Non obstante, hai que manter a precaución, xa que un incremento na incidencia pode comprometer esta evolución.

Non debe esquecerse que nos atopamos nun contexto de desescalada que debe ser gradual, progresiva e segura, guiada polo principio de prudencia, para evitar así comprometer os logros acadados. Galicia conta cunha poboación especialmente envellecida e no noso territorio o virus circulou menos que noutros territorios do Estado, polo que existe un menor nivel de inmunidade natural, á espera de que o proceso de vacinación en marcha acade os resultados esperados. A presión hospitalaria, aínda que vai descendendo, debe baixar máis. Resulta imprescindible ser cautelosos e consolidar no tempo as medidas adoptadas recentemente, de tal xeito que sexa posible ir analizando e reaccionando fronte aos efectos que delas deriven.

O criterio utilizado para aplicar os niveis de restrición aos concellos, ademais do da situación sanitaria, é o da taxa de incidencia segundo os casos por cada cen mil habitantes a 14 días, situando o nivel medio baixo por debaixo de 150, o medio entre 150 e por debaixo de 250, o alto entre 250 e por debaixo de 500, e o máximo na cifra de 500. Así mesmo, co obxecto de reaccionar con rapidez e eficacia fronte aos gromos, utilízase tamén como criterio o da taxa de incidencia a 7 días. A análise da situación de cada concello prevese coa consideración de criterios demográficos, pois debe terse en conta que en concellos de escasa poboación poucos casos poden dar lugar a taxas moi elevadas, que deben ser postas no debido contexto, e co estudo polos servizos de saúde pública e polo Comité ou Subcomité Clínico das características específicas de cada gromo.



Por conseguinte, en vista do indicado no citado informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, e tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, coa situación epidemiolóxica e sanitaria da Comunidade Autónoma de Galicia, propónse manter o concello de Beade no nivel máximo de restricións debido ás súas taxas a 7 e 14 días.

Por outra banda, manteríanse no nivel alto, ben polas súas taxas a 7 e 14 días, ben por non ter estado neste nivel o tempo suficiente para asegurar unha evolución favorable da súa situación epidemiolóxica, os concellos de Abegondo, Ortigueira, O Saviñao, Padrenda, Sanxenxo, Pazos de Borbén e Baiona.

Soben ao nivel alto os concellos da Pobra do Brollón, Rábade e O Irixe xa que, a pesar de que as súas taxas a 7 e 14 días son as propias do nivel máximo de restricións, dado o tamaño e a poboación destes concellos, unido ao feito de que os casos proceden de brotes controlados, se considera suficiente o seu sometemento ao nivel alto de restricións. Polo mesmo motivo, mantense no nivel alto, e non pasa ao nivel de máximas restricións, o concello de Cortegada.

O Comité Clínico propón tamén manter no nivel medio os concellos de Bergondo, Carral, A Coruña, A Laracha, Arteixo, Betanzos, Camariñas, Boimorto, Celanova e O Carballiño, debido ou a que as súas taxas indican este nivel ou a que aínda non levan tempo suficiente nel para asegurar unha boa evolución da súa situación epidemiolóxica. O concello de Vilardevós debe pasar do nivel alto ao medio tendo en conta as súas taxas a 7 e 14 días. Pola súa banda, pasan do nivel medio baixo ao nivel medio os concellos de Meis, Moaña e Gondomar debido ás súas taxas a 7 e 14 días .

Debe insistirse, en particular, en que as medidas resultan adecuadas e eficaces de acordo cos datos expostos sobre a evolución da situación epidemiolóxica e, polo tanto, útiles para conseguir o fin proposto de protección da saúde pública, na espera de que a campaña de vacinación acade os resultados que se perseguen. Debe ponderarse que aínda non estamos en niveis de transmisión que se poidan entender de risco baixo.

Así mesmo, debe manterse a protección do sistema sanitario. As medidas de limitación de determinadas actividades resultan necesarias, adecuadas e proporcionadas para o fin perseguido, que non é outro que controlar e evitar a maior difusión dunha enfermidade altamente contaxiosa respecto da cal a diferenza entre persoas enfermas e sas resulta difusa, dada a posible asintomatoloxía ou levidade dos síntomas e a existencia dun período no cal non hai indicios externos da enfermidade.



En concreto, trátase de evitar especialmente aglomeracións ou encontros entre persoas, co fin de garantir o mantemento da distancia de seguridade e reducir o risco de contacto físico ou proximidade en condicións favorecedoras do contaxio. Debe lembrarse, neste sentido, que o Auto 40/2020, do 30 de abril de 2020, do Tribunal Constitucional, no seu fundamento xurídico cuarto, ao ponderar a relevancia das especiais circunstancias derivadas da crise sanitaria creada pola pandemia no exercicio do dereito de reunión, salientou como, ante a incerteza sobre as formas de contaxio, sobre o impacto real da propagación do virus, así como sobre as consecuencias a medio e longo prazo para a saúde das persoas que se viron afectadas, as medidas de distanciamento social e de limitación extrema dos contactos e actividades grupais son as únicas que se teñen demostrado eficaces para limitar os efectos dunha pandemia de dimensións descoñecidas ata a data. Deste modo, as medidas de limitación de determinadas actividades van dirixidas a limitar os contactos e a interacción social e, polo tanto, a transmisión da enfermidade, en situacións nas cales cabe apreciar un maior risco polas circunstancias en que se realizan, especialmente en lugares pechados.

Tendo en conta o exposto, e tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos e visto o informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, procede reiterar as medidas xa aprobadas na anterior orde coas modificacións do anexo II na redacción dada na presente orde.

IV

As medidas que se adoptan nesta orde teñen o seu fundamento normativo na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 a 38 ter da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para adoptar as medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica existente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, coa urxencia que a protección da saúde pública demanda.

Na súa virtude, en aplicación do punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transi-



ción cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. Modificación da Orde do 17 de marzo de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia

Un. Modificación do punto 1 do número 3.28 do anexo I da Orde do 17 de marzo de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia

As referencias ao anexo I recollidas no punto 1 do número 3.28 do anexo I da Orde do 17 de marzo de 2021, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, entenderanse realizadas ao anexo II da mesma orde.

Dous. Modificación do anexo II da Orde do 17 de marzo de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia

Modifícase o anexo II da Orde do 17 de marzo de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado segundo o anexo da presente orde.

Segundo. Eficacia

As medidas previstas nesta orde terán efectos desde as 00.00 horas do día 2 de abril de 2021. Non obstante o anterior, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, serán obxecto de seguimento e avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser modificadas ou levantadas mediante orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 2021

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade



ANEXO II

A) Concellos con nivel de restricción máxima.

Beade

B) Concellos con nivel de restricción alta.

Abegondo

Baiona

Cortegada

Irixo (O)

Ortigueira

Padrenda

Pazos de Borbén

Pobra do Brollón (A)

Rábade

Sanxenxo

Saviñao (O)

C) Concellos con nivel de restricción media.

Arteixo

Bergondo

Betanzos

Boimorto

Camariñas

Cangas

Carballiño (O)



Carral

Celanova

Coruña (A)

Gondomar

Laracha (A)

Meis

Moaña

Ribadavia

Vilardevos

Xinzo de Limia

D) Concellos con nivel de restrición media-baixa.

Abadín

Agolada

Alfoz

Allariz

Ames

Amoeiro

Antas de Ulla

Aranga

Arbo

Ares

Arnoia (A)

Arzúa

Avión



Baleira
Baltar
Bande
Baña (A)
Baños de Molgas
Baralla
Barbadás
Barco de Valdeorras (O)
Barreiros
Barro
Beariz
Becerreá
Begonte
Blancos (Os)
Boborás
Boiro
Bola (A)
Bolo (O)
Boqueixón
Bóveda
Brión
Bueu
Burela
Cabana de Bergantiños
Cabanas



Caldas de Reis
Calvos de Randín
Cambados
Cambre
Campo Lameiro
Cañiza (A)
Capela (A)
Carballeda de Avia
Carballeda de Valdeorras
Carballedo
Carballo
Cariño
Carnota
Cartelle
Castrelo de Miño
Castrelo do Val
Castro Caldelas
Castro de Rei
Castroverde
Catoira
Cedeira
Cee
Cenlle
Cerceda
Cerdedo-Cotobade



Cerdido
Cervantes
Cervo
Chandrea de Queixa
Chantada
Coirós
Coles
Corcubión
Corgo (O)
Coristanco
Cospeito
Covelo
Crecente
Cualedro
Culleredo
Cuntis
Curtis
Dodro
Dozón
Dumbría
Entrimo
Esgos
Estrada (A)
Fene
Ferrol



Fisterra
Folgoso do Courel
Fonsagrada (A)
Forcarei
Fornelos de Montes
Foz
Frades
Friol
Gomesende
Grove (O)
Guarda (A)
Gudiña (A)
Guitiriz
Guntín
Illa de Arousa (A)
Incio (O)
Irixoa
Lalín
Lama (A)
Láncara
Larouco
Laxe
Laza
Leiro
Lobeira



Lobios
Lourenzá
Lousame
Lugo
Maceda
Malpica de Bergantiños
Manzaneda
Mañón
Marín
Maside
Mazaricos
Meaño
Meira
Melide
Melón
Merca (A)
Mesía
Mezquita (A)
Miño
Moeche
Mondariz-Balneario
Mondariz
Mondoñedo
Monfero
Monforte de Lemos



Montederramo
Monterrei
Monterroso
Moraña
Mos
Mugardos
Muíños
Muras
Muros
Muxía
Narón
Navia de Suarna
Neda
Negreira
Negueira de Muñiz
Neves (As)
Nigrán
Nogais (As)
Nogueira de Ramuín
Noia
Oia
Oímbra
Oleiros
Ordes
Oroso



Ourense
Ouro
Outeiro de Rei
Outes
Oza-Cesuras
Paderne de Allariz
Paderne
Padrón
Palas de Rei
Pantón
Parada de Sil
Paradela
Páramo (O)
Pastoriza (A)
Pedrafita do Cebreiro
Pereiro de Aguiar (O)
Peroxa (A)
Petín
Pino (O)
Piñor
Pobra de Trives (A)
Pobra do Caramiñal (A)
Poio
Pol
Ponte Caldelas



Pontecesures
Ponteareas
Ponteceso
Pontedeume
Pontedeva
Pontenova (A)
Pontes de García Rodríguez (As)
Pontevedra
Porqueira
Porriño (O)
Portas
Porto do Son
Portomarín
Punxín
Quintela de Leirado
Quiroga
Rairiz de Veiga
Ramirás
Redondela
Rianxo
Ribadeo
Ribadumia
Ribas de Sil
Ribeira de Piquín
Ribeira



Riós
Riotorto
Rodeiro
Rois
Rosal (O)
Rúa (A)
Rubiá
Sada
Salceda de Caselas
Salvaterra de Miño
Samos
San Amaro
San Cibrao das Viñas
San Cristovo de Cea
San Sadurniño
San Xoán de Río
Sandiás
Santa Comba
Santiago de Compostela
Santiso
Sarreaus
Sarria
Silleda
Sober
Sobrado



Somozas (As)

Soutomaior

Taboada

Taboadela

Teixeira (A)

Teo

Toén

Tomiño

Toques

Tordoia

Touro

Trabada

Trasmiras

Trazo

Triacastela

Tui

Val do Dubra

Valadouro (O)

Valdoviño

Valga

Vedra

Veiga (A)

Verea

Verín

Viana do Bolo



Vicedo (O)
Vigo
Vila de Cruces
Vilaboa
Vilagarcía de Arousa
Vilalba
Vilamarín
Vilamartín de Valdeorras
Vilanova de Arousa
Vilar de Barrio
Vilar de Santos
Vilariño de Conso
Vilarmaior
Vilasantar
Vimianzo
Viveiro
Xermade
Xove
Xunqueira de Ambía
Xunqueira de Espadanedo
Zas.



I. DISPOSICIÓN XERAIS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

ORDE do 26 de marzo de 2021 pola que se modifica a Orde do 17 de marzo de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

I

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto do dito acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade.

Así mesmo, indícase no dito punto sexto, na redacción vixente, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de acordo coa normativa aplicable e en vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou en parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación das medidas concretas contidas no anexo.



Mediante o Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, declarouse o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. Esta declaración afectou todo o territorio nacional e a súa duración inicial estendeuse, conforme o disposto no seu artigo 4, ata as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020.

Conforme o artigo 2 dese real decreto, para os efectos do estado de alarma, a autoridade competente será o Goberno da Nación. En cada comunidade autónoma e cidade con estatuto de autonomía, a autoridade competente delegada será quen exerza a presidencia da comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía, nos termos establecidos no real decreto. As autoridades competentes delegadas quedan habilitadas para ditaren, por delegación do Goberno da Nación, as ordes, resolucións e disposicións para a aplicación do previsto nos artigos 5 ao 11 do real decreto, sen que para iso sexa precisa a tramitación de procedemento administrativo ningún, nin será de aplicación o previsto no segundo parágrafo do artigo 8.6 e no artigo 10.8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O 29 de outubro de 2020, o Congreso dos Deputados autorizou a prórroga do estado de alarma ata o día 9 de maio de 2021. Conforme o artigo 2 do Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, a prórroga establecida no dito real decreto estenderase desde as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020 ata as 00.00 horas do día 9 de maio de 2021, e someterase ás condicións establecidas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, e nos decretos que, se é o caso, se adopten en uso da habilitación conferida pola disposición derradeira primeira do citado Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, sen prexuízo do establecido nas disposicións que recolle o propio real decreto de prórroga.

En consecuencia, durante a vixencia do estado de alarma e da súa prórroga, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, deberán adoptarse, na condición de autoridade competente delegada, nos termos previstos no dito real decreto e no real decreto de prórroga.

Non obstante, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, non esgotan todas as que poden ser adoptadas para facer fronte á crise sanitaria. Neste sentido, como prevé expresamente o seu artigo 12, cada Administración conservará as competencias que lle outorga a lexislación vixente, así como a xestión dos seus servizos e do seu persoal, para adoptar as medidas que considere necesarias, sen prexuízo do establecido no real decreto.



Polo tanto, durante a vixencia do estado de alarma e das súas prórrogas, as medidas que sexa necesario adoptar para facer fronte, na Comunidade Autónoma, á crise sanitaria serán as que poida acordar, ao abeiro da normativa do estado de alarma, o presidente da Comunidade Autónoma, como autoridade competente delegada, e as complementarias que poidan adoptar, no exercicio das súas competencias propias, as autoridades sanitarias autonómicas e, entre elas, a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, ao abeiro do disposto no punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020 citado.

II

Sentado o anterior, no contexto normativo derivado do estado de alarma vixente e ante a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia, ditouse o Decreto 31/2021, do 25 de febreiro, polo que se adoptaron medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

Esas medidas debían ser complementadas, como indica o propio decreto, con outras que procede que adopte a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade no exercicio das súas competencias propias como autoridade sanitaria autonómica.

Estas medidas complementarias establecéronse mediante a Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia. Esta orde prevía que as medidas serían obxecto de revisión constante co obxecto de avaliar a situación e adecualas á incidencia real da epidemia.

Posteriormente, revisáronse as medidas acordadas, co obxecto de adecualas á situación epidemiolóxica, e ditouse a Orde do 4 de marzo de 2021, que incluíu pequenas modificacións das medidas adoptadas e do anexo II da Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia; a Orde do 5 de marzo de 2021 por medio da cal se modificou o anexo II da Orde do 25 de febreiro de 2021; a Orde do 10 de marzo de 2021, coa que se modificaron diversos puntos do anexo I e do anexo II da Orde do 25 de febreiro de 2021, e a Orde do 12 de marzo de 2021, que modificou unicamente o anexo II.



Paralelamente, estas modificacións tiveron reflexo tamén no Decreto 39/2021, do 5 de marzo, no Decreto 40/2001, do 10 de marzo, e no Decreto 41/2021, do 12 de marzo, polos que se modificou o Decreto 31/2021, do 25 de febreiro, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

Por outra banda, ante a proximidade da ponte de San Xosé e Semana Santa, o día 10 de marzo tivo lugar o Pleno do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, no cal se acordaron unha serie de medidas e recomendacións que foron declaradas polo Ministerio de Sanidade, mediante a Orde comunicada do 11 de marzo de 2021, como actuacións coordinadas en saúde pública, conforme o establecido no artigo 65 da Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema nacional de saúde, e que teñen por obxecto responder á situación de especial risco de transmisión da COVID-19 derivada do incremento da mobilidade da poboación e do aumento das celebracións, agrupacións e reunións de persoas durante os festivos indicados. O Acordo do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde foi publicado mediante a Resolución do 11 de marzo de 2021, da Secretaría de Estado de Sanidade (BOE do 12 de marzo).

Cabe destacar que, de acordo co número 2 do artigo 65 da Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema nacional de saúde, as medidas contidas na declaración de actuacións coordinadas polo Ministerio de Sanidade resultan de obrigado cumprimento e, polo tanto, deben ser asumidas polas comunidades autónomas, aínda que no propio acordo se determina que lles corresponde ás propias comunidades ou cidades autónomas en que estean en vigor medidas máis restritivas que as previstas no dito acordo decidir sobre a conveniencia de flexibilizalas ou non «tendo en conta que iso suporía unha modificación dos hábitos establecidos ata agora e que están a ser cumpridas pola cidadanía».

En cumprimento do compromiso acadado en relación coa revisión das medidas acordadas, co obxecto de adecualas á situación epidemiolóxica, ditáronse o Decreto 45/2021, do 17 de marzo, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, modificado polo Decreto 49/2021, do 24 de marzo; e a Orde do 17 de marzo de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución



da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, modificada pola Orde do 24 de marzo de 2021.

III

De conformidade co compromiso acadado, procede realizar unha nova revisión da situación epidemiolóxica dos distintos concellos.

Así, no Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública do 26 de marzo de 2021 establécese o seguinte:

O número reprodutivo instantáneo (R_t), que indica o número de contaxios orixinados por un caso activo, segue a manterse por debaixo de 1 desde o 29 de xaneiro, o que indica unha diminución na transmisión da infección. Non obstante, está a achegarse cada vez máis ao 1 e o seu intervalo de confianza superior está a superalo nestes últimos días. Non obstante, a estabilización das taxas desde o 28 de febreiro pode afectar que a R_t se achegue ao 1.

Do total de concellos de Galicia, 142 non notificaron casos nos últimos 14 días. O número de concellos sen casos nos últimos 7 días foi de 183. Isto supón un aumento en 5 e 4 concellos a 7 e 14 días, respectivamente.

Entre o 14 e o 20 de marzo realizáronse 50.416 probas diagnósticas de infección activa polo virus SARS-CoV-2 (39.053 PCR e 11.363 tests de antíxenos) cunha porcentaxe de positividade a sete días do 2,58, o que supón tres décimas máis que a reflectida no informe do 18 de marzo con datos entre o 8 e 14 de marzo, que era do 2,33 %.

A incidencia acumulada a 7 e 14 días é de 35 e 72 casos por cen mil habitantes, respectivamente, un pouco inferiores aos observados no anterior informe, en que eran de 38 e 74 casos por cen mil habitantes, respectivamente.

A tendencia diaria mostra, desde o 28 de decembro, tres tramos, un deles con tendencia oposta, primeiro crecente a un ritmo do 6,8 % ata o 22 de xaneiro e despois unha primeira decrecente cunha porcentaxe de cambio diario de -6,7 % e outro, cun descenso máis lento, cunha porcentaxe de cambio diaria de -0,8 %.

No que atinxe ás áreas sanitarias, as taxas de incidencia a 14 días seguen a diminuír a respecto de hai 7 días. Ningunha das áreas presenta taxas a 14 días con valores superio-



res aos 250 casos por 100.000 habitantes nin taxas a 7 días superiores aos 100 casos por 100.000 habitantes.

As taxas a 14 días das áreas están entre os 38,52 casos por 100.000 habitantes da área de Santiago e os 117,30 da área da Coruña.

Respecto dos datos de hospitalización, a media de pacientes COVID-19 en agudos nos últimos 7 días foi de 193,6, o que significa un descenso do -21,4 % respecto de hai sete días, o que sitúa a taxa de pacientes COVID-19 en hospitalización de agudos en 7,2 ingresados por 100.000 habitantes, cun descenso, tamén, do -21,4 % a respecto de hai 7 días.

En canto aos ingresos COVID-19 nas unidades de críticos (UCI) nos últimos 7 días, a media foi de 48,3 e a taxa a 7 días de ingresados nas UCI é de 1,8 ingresados por 100.000 habitantes, o que supón un descenso do -28,1 % a respecto de hai sete días, tanto na media como na taxa.

Respecto da situación epidemiolóxica nos concellos de Galicia, naqueles con poboación igual ou maior de 10.000 habitantes (54), e ao igual que se observou hai unha semana, ningún presenta unha taxa de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes.

No que se refire aos concellos de menos de 10.000 habitantes (259), 6 presentan unha taxa de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes, un máis que no informe anterior. Acádanse taxas de incidencia iguais ou maiores a 500 casos por cen mil habitantes nun destes concellos, que é o de Beade.

O informe constata que o cambio na tendencia da taxa de incidencia parece estabilizarse, superado o cumio da onda o 22 de xaneiro. Non obstante, obsérvase un aumento da Rt en varias áreas sanitarias, aínda que no global de Galicia non acada o 1. Non obstante, a pesar do sinalado respecto á Rt, cando as incidencias son baixas hai que observala con precaución, porque pode ter maior variabilidade.

O modelo de predición mostra que a onda se manterá estable nos próximos sete e catorce días. Non obstante, a información do modelo hai que tomala con cautela, xa que parte exclusivamente dos casos e non ten en conta as medidas de restrición que se están a tomar. Así, ao observar os intervalos de confianza, poderían darse todos os escenarios (estabilización, ascenso ou descenso da onda).



A taxa de incidencia a 14 días, no global de Galicia, segue por debaixo dos 100 casos por cen mil habitantes (c/10⁵h), sen ningunha área cunha incidencia superior aos 250 c/10⁵h, e agás a da Área Sanitaria da Coruña todas están por debaixo de 100 c/10⁵h. Non obstante, esta área tamén está a diminuír a súa taxa.

O feito de que estea a circular cada vez máis a cepa británica pode influír nun aumento da transmisión.

Non debe esquecerse que nos atopamos nun contexto de desescalada que debe ser gradual, progresiva e segura, guiada polo principio de prudencia, para evitar así comprometer os logros acadados. Galicia conta cunha poboación especialmente envellecida e no noso territorio o virus circulou menos que noutros territorios do Estado, polo que existe un menor nivel de inmunidade natural, á espera de que o proceso de vacinación en marcha acade os resultados esperados. A presión hospitalaria, aínda que vai descendendo, debe baixar máis. Resulta imprescindible ser cautelosos e consolidar no tempo as medidas adoptadas recentemente, de tal xeito que sexa posible ir analizando e reaccionando fronte aos efectos que delas deriven.

O criterio utilizado para aplicar os niveis de restrición aos concellos, ademais do da situación sanitaria, é o da taxa de incidencia segundo os casos por cada cen mil habitantes a 14 días, situando o nivel medio baixo por debaixo de 150, o medio entre 150 e por debaixo de 250, o alto entre 250 e por debaixo de 500, e o máximo na cifra de 500. Así mesmo, co obxecto de reaccionar con rapidez e eficacia fronte aos gromos, utilízase tamén como criterio o da taxa de incidencia a 7 días. A análise da situación de cada concello prevese coa consideración de criterios demográficos, pois debe terse en conta que en concellos de escasa poboación poucos casos poden dar lugar a taxas moi elevadas, que deben ser postas no debido contexto, e co estudo polos servizos de saúde pública e o comité ou o subcomité clínico das características específicas de cada gromo.

Por conseguinte, en vista do indicado no citado informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, e tras escoitar as recomendacións do subcomité clínico reunido para estes efectos, coa situación epidemiolóxica e sanitaria da Comunidade Autónoma de Galicia, propónse manter no nivel máximo de restrición o concello de Beade, na Área Sanitaria de Ourense, debido ás súas taxas a 7 e 14 días.

O concello de Maside, da Área Sanitaria de Ourense, descendería do nivel máximo actual ao nivel alto de restrición polas súas taxas de incidencia a 7 e 14 días.



Tamén se propón manter no nivel alto, polas súas taxas a 7 e 14 días ou por non ter estado neste nivel o tempo abondo para asegurar unha evolución favorable da súa situación epidemiolóxica, os concellos de Abegondo, Baiona, Ortigueira, Sanxenxo, O Saviñao e Vilardevós.

Ademais, ascenden do nivel medio baixo actual ao nivel alto os concellos de Cortegada e Padrenda, da Área Sanitaria de Ourense, debido, ademais das súas taxas a 7 e 14 días, pola evolución da situación epidemiolóxica dos dous concellos, que son limítrofes e a relación entre os casos de ambos.

Igualmente, ascende a este nivel alto o concello de Pazos de Borbén, da Área Sanitaria de Vigo, debido ao incremento nas súas taxas a 7 e 14 días.

No nivel medio, manteríanse os concellos de Arteixo, A Coruña, Bergondo, Betanzos, Boimorto, Camariñas, Cangas, O Carballiño, Carral, Celanova, Culleredo, A Laracha, Laxe, Neda, Pantón, Ribadavia, Sober e Xinzo de Limia.

Ascenderían a nivel medio, desde o medio-baixo actual, os concellos de Carral (Área Sanitaria da Coruña) e Celanova (Área Sanitaria de Ourense), debido ás súas taxas a 7 e 14 días.

Finalmente, baixaría desde o nivel alto actual a este nivel medio, debido á melloría da súa situación epidemiolóxica, o concello de Neda, da Área Sanitaria de Ferrol.

O resto de concellos de Galicia permanecerá no nivel medio-baixo de restricións, con base nos criterios epidemiolóxicos.

Por outra banda, para os concellos enumerados nas letras B, C e D do anexo II da orde déixase sen efecto a medida de peche temporal das actividades zoolóxicas, botánicas e xeolóxicas (epígrafe II.8 do número 4.1 do punto 4 do anexo I da Orde do 17 de marzo de 2021), e dos establecementos para as citadas actividades (epígrafe III.2.6 do número 4.1 do punto 4 do citado anexo I), por tratarse de actividades ao aire libre en que, observando as limitacións de grupos vixentes, non se aprecia a concorrencia de niveis de risco sanitario distintos doutras actividades que se atopan permitidas.

Debe insistirse, en particular, en que as medidas resultan adecuadas e eficaces de acordo cos datos expostos sobre a evolución da situación epidemiolóxica e, polo tanto, útiles para conseguir o fin proposto de protección da saúde pública, na espera de que a campaña



de vacinación acade os resultados que se perseguen. Debe ponderarse que aínda non estamos en niveis de transmisión que se poidan entender de risco baixo.

Así mesmo, debe manterse a protección do sistema sanitario, que soporta niveis altos de ocupación, sobre todo en determinadas áreas sanitarias. As medidas de limitación de determinadas actividades resultan necesarias, adecuadas e proporcionadas para o fin perseguido, que non é outro que controlar e evitar a maior difusión dunha enfermidade altamente contaxiosa, respecto da cal a diferenza entre persoas enfermas e sas resulta difusa, dada a posible asintomatoloxía ou levidade dos síntomas e a existencia dun período no cal non hai indicios externos da enfermidade.

En concreto, trátase de evitar especialmente aglomeracións ou encontros entre persoas, co fin de garantir o mantemento da distancia de seguridade e reducir o risco de contacto físico ou proximidade en condicións favorecedoras do contaxio. Debe lembrarse, neste sentido, que o Auto 40/2020, do 30 de abril de 2020, do Tribunal Constitucional, no seu fundamento xurídico cuarto, ao ponderar a relevancia das especiais circunstancias derivadas da crise sanitaria creada pola pandemia no exercicio do dereito de reunión, salientou como, ante a incerteza sobre as formas de contaxio, sobre o impacto real da propagación do virus, así como sobre as consecuencias a medio e longo prazo para a saúde das persoas que se viron afectadas, as medidas de distanciamento social e de limitación extrema dos contactos e actividades grupais son as únicas que se teñen demostrado eficaces para limitar os efectos dunha pandemia de dimensións descoñecidas ata a data. Deste modo, as medidas de limitación de determinadas actividades van dirixidas a limitar os contactos e a interacción social e, polo tanto, a transmisión da enfermidade, en situacións nas cales cabe apreciar un maior risco polas circunstancias en que se realizan, especialmente en lugares pechados.

Tendo en conta o exposto, e tras escoitar as recomendacións do subcomité clínico reunido para estes efectos e visto o informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, procede reiterar as medidas xa aprobadas na anterior orde coas modificacións do anexo II na redacción dada na presente orde.

IV

As medidas que se adoptan nesta orde teñen o seu fundamento normativo na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011,



do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 a 38 ter da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para adoptar as medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica existente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, coa urxencia que a protección da saúde pública demanda.

Na súa virtude, en aplicación do punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. Modificación da Orde do 17 de marzo de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactada segundo o anexo da presente orde

Un. Modifícase o número 4.1 do punto 4 do anexo I da Orde do 17 de marzo de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado como segue:

«4.1. Adóptase a medida de peche temporal, durante o período a que se estende a eficacia da medida conforme o punto quinto da orde, das seguintes actividades, conforme as definicións contidas no anexo do Decreto 124/2019, do 5 de setembro, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos abertos ao público da Comunidade Autónoma de Galicia e se establecen determinadas disposicións xerais de aplicación na materia:

- I. Espectáculos públicos:
- I.3. Espectáculos taurinos.
- I.4. Espectáculos circenses.
- I.6. Espectáculos feirais e de exhibición.
- I.7. Espectáculos pirotécnicos.



II. Actividades recreativas:**II.3. Actividades de lecer e entretemento.****II.4. Atraccións recreativas.****III. Establecementos abertos ao público:****III.1. Establecementos de espectáculos públicos.****III.1.4. Circos.****III.1.5. Prazas de touros.****III.2. Establecementos de actividades recreativas.****III.2.1. Establecementos de xogo.****III.2.1.1. Casinos.****III.2.1.2. Salas de bingo.****III.2.1.3. Salóns de xogo.****III.2.1.4. Tendas de apostas.**

Nos concellos enumerados nas letras C do anexo II, os establecementos de xogos colectivos de diñeiro e de azar, salóns de xogo, salas de bingo, salóns recreativos, rifas e tómbolas, locais específicos de apostas e outros locais e instalacións asimilables aos de actividade recreativa de xogos e apostas, conforme estableza a normativa sectorial en materia de xogo, poderán realizar a súa actividade sempre que non se supere o trinta por cento da súa capacidade permitida e ata as 21.00 horas.

Nos concellos enumerados nas letras D do anexo II, os establecementos de xogos colectivos de diñeiro e de azar, salóns de xogo, salas de bingo, salóns recreativos, rifas e tómbolas, locais específicos de apostas e outros locais e instalacións asimilables aos de actividade recreativa de xogos e apostas, conforme estableza a normativa sectorial en materia de xogo, poderán realizar a súa actividade sempre que non se supere o cincuenta por cento da súa capacidade permitida e ata as 21.00 horas.

En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia de seguridade interpersoal entre as mesas ou, de ser o caso, agrupacións de mesas. A ocupación máxima será de catro persoas por mesa ou agrupación de mesas.

Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersoal nas súas instalacións, especialmente na disposición e uso das máquinas ou de calquera outro dispositivo de xogo nos locais e establecementos en que se desenvolvan actividades ou, na súa falta, para a utilización de medidas alternativas de



protección física. O uso de máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersoal indicada, nos termos previstos na normativa vixente.

Ademais do cumprimento xeral das medidas de hixiene e prevención, no caso de que se preste algún tipo de servizo de hostalaría e restauración, o réxime e horario de prestación deste servizo axustarase ao disposto para os establecementos de hostalaría.

III.2.3. Establecementos para atraccións e xogos recreativos.

III.2.3.1. Parques de atraccións e temáticos.

III.2.3.2. Parques acuáticos.

III.2.3.3. Salóns recreativos.

III.2.3.4. Parques multiocio.

III.2.7. Establecementos de lecer e entretemento.

III.2.7.1. Salas de festas.

III.2.7.2. Discotecas.

III.2.7.3. Pubs.

III.2.7.4. Cafés espectáculo.

III.2.7.5. Furanchos. A estes establecementos resultaranlles de aplicación as regras previstas no punto 3.22 do presente anexo.».

Dous. Engádese un punto 3.28 ao anexo I da Orde do 17 de marzo de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, coa seguinte redacción.

«3.28. Acuarios, establecementos e actividades zoolóxicas, botánicas ou xeolóxicas.

1. Os acuarios, establecementos e actividades zoolóxicas, botánicas ou xeolóxicas, soamente poderán realizar a súa actividade cun límite máximo do 30 % de ocupación nos concellos enumerados na letra B do anexo I da presente orde, e dun 50 % nos concellos enumerados nas letras C e D do citado anexo I.

Nos concellos enumerados na letra A do anexo I permanecerán pechados.

2. Nas actividades grupais respectaranse as limitacións de permanencia de grupos de persoas en espazos públicos ou privados que estean vixentes no respectivo ámbito territorial e deberán establecerse as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade



interpersoal durante o desenvolvemento da actividade ou, na súa falta, medidas alternativas de protección física. En todo caso, o uso de máscara será obrigatorio.

3. Ademais do cumprimento xeral das medidas de hixiene e prevención establecidas, no caso de que se preste algún tipo de servizo de hostalaría e restauración, a dita prestación deste axustarase ao previsto no punto 3.22.».

Tres. Modifícase o anexo II da Orde do 17 de marzo de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado segundo o anexo da presente orde.

Segundo. *Eficacia*

As medidas previstas nesta orde terán efectos desde as 00.00 horas do día 29 de marzo de 2021. Non obstante o anterior, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, serán obxecto de seguimento e avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser modificadas ou levantadas mediante orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Santiago de Compostela, 26 de marzo de 2021

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade

«ANEXO II

A) Concellos con nivel de restrición máxima.

Beade

B) Concellos con nivel de restrición alta.

Abegondo

Baiona

Cortegada

Maside

Ortigueira



Padrenda
Pazos de Borbén
Sanxenxo
Saviñao (O)
Vilardevós

C) Concellos con nivel de restricción media.

Arteixo
Coruña (A)
Bergondo
Betanzos
Boimorto
Camariñas
Cangas
Carballiño (O)
Carral
Celanova
Culleredo
Laracha (A)
Laxe
Neda
Pantón
Ribadavia
Sober
Xinzo de Limia

D) Concellos con nivel de restricción media-baixa.

Abadín
Agolada
Alfoz
Allariz
Ames
Amoeiro
Antas de Ulla
Aranga
Arbo



Ares
Arnoia (A)
Arzúa
Avión
Baleira
Baltar
Bande
Baña (A)
Baños de Molgas
Baralla
Barbadás
Barco de Valdeorras (O)
Barreiros
Barro
Beariz
Becerreá
Begonte
Blancos (Os)
Boborás
Boiro
Bola (A)
Bolo (O)
Boqueixón
Bóveda
Brión
Bueu
Burela
Cabana de Bergantiños
Cabanas
Caldas de Reis
Calvos de Randín
Cambados
Cambre
Campo Lameiro
Cañiza (A)
Capela (A)
Carballeda de Avia



Carballeda de Valdeorras
Carballedo
Carballo
Cariño
Carnota
Cartelle
Castrelo de Miño
Castrelo do Val
Castro Caldelas
Castro de Rei
Castroverde
Catoira
Cedeira
Cee
Cenlle
Cerceda
Cerdedo-Cotobade
Cerdido
Cervantes
Cervo
Chandrexa de Queixa
Chantada
Coirós
Coles
Corcubión
Corgo (O)
Coristanco
Cospeito
Covelo
Crecente
Cualedro
Cuntis
Curtis
Dodro
Dozón
Dumbría
Entrimo



Esgos
Estrada (A)
Fene
Ferrol
Fisterra
Folgozo do Courel
Fonsagrada (A)
Forcarei
Fornelos de Montes
Foz
Frades
Friol
Gomesende
Gondomar
Grove (O)
Guarda (A)
Gudiña (A)
Guitiriz
Guntín
Illa de Arousa (A)
Incio (O)
Irixo (O)
Irixoa
Lalín
Lama (A)
Láncara
Larouco
Laza
Leiro
Lobeira
Lobios
Lourenzá
Lousame
Lugo
Maceda
Malpica de Bergantiños
Manzaneda

CVE-DOG: a14wgqk3-nzi3-ie10-es07-8oedpxzgcdo0



Mañón
Marín
Mazaricos
Meaño
Meira
Meis
Melide
Melón
Merca (A)
Mesía
Mezquita (A)
Miño
Moaña
Moeche
Mondariz-Balneario
Mondariz
Mondoñedo
Monfero
Monforte de Lemos
Montederramo
Monterrei
Monterroso
Moraña
Mos
Mugardos
Muíños
Muras
Muros
Muxía
Narón
Navia de Suarna
Negreira
Negueira de Muñiz
Neves (As)
Nigrán
Nogais (As)
Nogueira de Ramuín



Noia
Oia
Oímbra
Oleiros
Ordes
Oroso
Ourense
Ouro
Outeiro de Rei
Outes
Oza-Cesuras
Paderne de Allariz
Paderne
Padrón
Palas de Rei
Parada de Sil
Paradela
Páramo (O)
Pastoriza (A)
Pedrafita do Cebreiro
Pereiro de Aguiar (O)
Peroxa (A)
Petín
Pino (O)
Piñor
Pobra de Trives (A)
Pobra do Brollón (A)
Pobra do Caramiñal (A)
Poio
Pol
Ponte Caldelas
Pontecesures
Ponteareas
Ponteceso
Pontedeume
Pontedeva
Pontenova (A)



Pontes de García Rodríguez (As)

Pontevedra

Porqueira

Porriño (O)

Portas

Porto do Son

Portomarín

Punxín

Quintela de Leirado

Quiroga

Rábade

Rairiz de Veiga

Ramirás

Redondela

Rianxo

Ribadeo

Ribadumia

Ribas de Sil

Ribeira de Piquín

Ribeira

Riós

Riotorto

Rodeiro

Rois

Rosal (O)

Rúa (A)

Rubíá

Sada

Salceda de Caselas

Salvaterra de Miño

Samos

San Amaro

San Cibrao das Viñas

San Cristovo de Cea

San Sadurniño

San Xoán de Río

Sandiás



Santa Comba
Santiago de Compostela
Santiso
Sarreaus
Sarria
Silleda
Sobrado
Somozas (As)
Soutomaior
Taboada
Taboadela
Teixeira (A)
Teo
Toén
Tomiño
Toques
Tordoia
Touro
Trabada
Trasmiras
Trazo
Triacastela
Tui
Val do Dubra
Valadouro (O)
Valdoviño
Valga
Vedra
Veiga (A)
Verea
Verín
Viana do Bolo
Vicedo (O)
Vigo
Vila de Cruces
Vilaboa
Vilagarcía de Arousa



Vilalba
Vilamarín
Vilamartín de Valdeorras
Vilanova de Arousa
Vilar de Barrio
Vilar de Santos
Vilariño de Conso
Vilarmaior
Vilasantar
Vimianzo
Viveiro
Xermade
Xove
Xunqueira de Ambía
Xunqueira de Espadanedo
Zas».



I. DISPOSICIÓN XERAIS**PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA**

DECRETO 51/2021, do 26 de marzo, polo que se modifica o Decreto 45/2021, do 17 de marzo, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

I

A expansión do coronavirus COVID-19 xerou unha crise sanitaria sen precedentes recentes. Así, tras a elevación pola Organización Mundial da Saúde da situación de emerxencia de saúde pública pola dita causa a nivel de pandemia internacional e a adopción, por algunhas comunidades autónomas como a galega, de medidas de prevención, mediante o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, declarouse o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, declaración que afectou todo o territorio nacional, cunha duración inicial de quince días naturais, pero que foi obxecto de sucesivas prórrogas autorizadas polo Congreso dos Deputados.

O levantamento dese estado de alarma, con todo, non puxo fin á crise sanitaria, o que xustificou a adopción de medidas como as previstas, no ámbito estatal, no Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, así como as medidas de prevención que foron adoptando as diferentes comunidades autónomas. En concreto, no caso da Comunidade Autónoma de Galicia, a resposta á crise sanitaria foi, fundamentalmente, ademais do mantemento da declaración de situación de emerxencia sanitaria efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, a adopción, ao abeiro da lexislación sanitaria, ordinaria e orgánica, de medidas de prevención tanto de carácter xeral, para todo o territorio autonómico, como, de maneira específica, a través de diferentes ordes da persoa titular da Consellería de Sanidade, en atención á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

Mediante o Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, declarouse o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. Esa declaración afectou todo o territorio nacional e a súa duración inicial estendíase, conforme o disposto no seu artigo 4, ata as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020.



Conforme o artigo 2 do dito real decreto, para os efectos do estado de alarma, a autoridade competente será o Goberno da Nación. En cada comunidade autónoma e cidade con estatuto de autonomía, a autoridade competente delegada será quen desempeñe a presidencia da comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía, nos termos establecidos no real decreto. As autoridades competentes delegadas quedan habilitadas para ditaren, por delegación do Goberno da Nación, as ordes, resolucións e disposicións para a aplicación do previsto nos artigos 5 ao 11 do real decreto, sen que para iso sexa preciso tramitar ningún procedemento administrativo, nin será de aplicación o previsto no segundo parágrafo do artigo 8.6 e no artigo 10.8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

En concreto, o artigo 6 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, prevé que a autoridade competente delegada que corresponda poderá limitar a entrada e saída de persoas no territorio de cada comunidade autónoma ou en ámbitos territoriais de carácter xeograficamente inferiores á comunidade autónoma, coas excepcións previstas no artigo 6.1.

Pola súa banda, o artigo 7 do mesmo texto normativo dispón que a permanencia de grupos de persoas en espazos de uso público, tanto pechados como ao aire libre, quedará condicionada a que non se supere o número máximo de seis persoas, salvo que se trate de conviventes, e sen prexuízo das excepcións que se establezan en relación con dependencias, instalacións e establecementos abertos ao público. A permanencia de grupos de persoas en espazos de uso privado quedará condicionada a que non se supere o número máximo de seis persoas, salvo que se trate de conviventes. No caso das agrupacións en que se inclúan tanto persoas conviventes como persoas non conviventes, o número máximo será de seis persoas. Conforme o artigo 9, a eficacia desta medida nunha comunidade autónoma producirase cando a autoridade competente delegada o determine. Ademais, o artigo 7 recolle a posibilidade de que a autoridade competente delegada correspondente determine, no seu ámbito territorial, en vista da evolución dos indicadores sanitarios, epidemiolóxicos, sociais, económicos e de mobilidade, logo de comunicación ao Ministerio de Sanidade e de acordo co previsto no artigo 13, que o número máximo sexa inferior a seis persoas, salvo que se trate de conviventes. Así mesmo, as autoridades competentes delegadas poderán, no seu ámbito territorial, establecer excepcións respecto das persoas menores ou dependentes, así como calquera outra flexibilización da limitación.

De acordo co artigo 8 do real decreto, a autoridade competente delegada poderá limitar a permanencia de persoas en lugares de culto mediante a fixación de limitación de capacidade para reunións, celebracións e encontros relixiosos, atendendo ao risco de transmi-



sión que poida resultar dos encontros colectivos, sen que tal limitación poida afectar, en ningún caso, o exercicio privado e individual da liberdade relixiosa.

E, conforme o artigo 10 da norma, a autoridade competente delegada en cada comunidade autónoma poderá, no seu ámbito territorial, en vista da evolución dos indicadores sanitarios, epidemiolóxicos, sociais, económicos e de mobilidade, logo de comunicación ao Ministerio de Sanidade, e de acordo co previsto no artigo 13, modular, flexibilizar e suspender a aplicación das medidas previstas nos artigos 6, 7 e 8, co alcance e ámbito territorial que determine.

O 29 de outubro de 2020, o Congreso dos Deputados autorizou a prórroga do estado de alarma ata o 9 de maio de 2021. Conforme o artigo 2 do Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, a prórroga establecida no dito real decreto estenderase desde as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020 ata as 00.00 horas do día 9 de maio de 2021, e someterase ás condicións establecidas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, e nos decretos que, se é o caso, se adopten en uso da habilitación conferida pola disposición derradeira primeira do citado Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, sen prexuízo do establecido nas disposicións que recolle o propio real decreto de prórroga.

En consecuencia, durante a vixencia do estado de alarma e da súa prórroga, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, deberán adoptarse, na condición de autoridade competente delegada, nos termos previstos no dito real decreto e no real decreto de prórroga.

Non obstante, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, non esgotan todas as que se poden adoptar para facer fronte á crise sanitaria. Neste sentido, como prevé expresamente o seu artigo 12, cada Administración conservará as competencias que lle outorga a lexislación vixente, así como a xestión dos seus servizos e do seu persoal, para adoptar as medidas que considere necesarias, sen prexuízo do establecido no real decreto.

Polo tanto, como destaca a propia exposición de motivos do real decreto, durante a vixencia do estado de alarma as administracións sanitarias competentes en saúde pública, no non previsto nesa norma, deberán continuar adoptando as medidas necesarias para afrontar a situación de emerxencia de saúde pública ocasionada pola COVID-19, conforme a lexislación sanitaria, en particular, a Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas



especiais en materia de saúde pública; a Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, e a Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, así como a normativa autonómica correspondente.

II

Neste contexto normativo derivado do estado de alarma vixente, e ante a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia, ditouse o Decreto 179/2020, do 4 de novembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

Posteriormente, ante a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia, ditáronse o Decreto 202/2020, do 3 de decembro, o Decreto 8/2021, do 26 de xaneiro, e o Decreto 31/2021, do 25 de febreiro, do presidente da Xunta de Galicia, polos que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

Estes decretos foron obxecto de diversas modificacións para manter as medidas adaptadas á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria da Comunidade Autónoma.

III

Por outra banda, ante a proximidade da ponte de San Xosé e Semana Santa, o día 10 de marzo tivo lugar o Pleno do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, no cal se acordaron unha serie de medidas e recomendacións que foron declaradas polo Ministerio de Sanidade, mediante a Orde comunicada do 11 de marzo de 2021, como actuacións coordinadas en saúde pública, conforme o establecido no artigo 65 da Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema nacional de saúde, e que teñen por obxecto responder á situación de especial risco de transmisión da COVID-19 derivada do incremento da mobilidade da poboación e do aumento das celebracións, agrupacións e reunións de persoas durante os festivos indicados. O Acordo do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde foi publicado mediante a Resolución do 11 de marzo de 2021, da Secretaría de Estado de Sanidade (BOE do 12 de marzo).



Cabe destacar que, de acordo co número 2 do artigo 65 da Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema nacional de saúde, as medidas contidas na declaración de actuacións coordinadas polo Ministerio de Sanidade resultan de obrigado cumprimento e, polo tanto, deben ser asumidas polas comunidades autónomas aínda que no propio acordo se determina que lles corresponde ás propias comunidades ou cidades autónomas nas cales estean en vigor medidas máis restritivas que as recollidas no dito acordo decidir sobre a conveniencia de flexibilizalas ou non «tendo en conta que iso suporía unha modificación dos hábitos establecidos ata agora e que está a cumprir a cidadanía».

A evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria permite no momento actual que, ao abeiro do marco normativo derivado do estado de alarma, o presidente da Comunidade Autónoma adopte novas medidas na condición de autoridade competente delegada, sen prexuízo das que, de modo complementario e compatible con elas, adopte con esta mesma data a persoa titular da Consellería de Sanidade en exercicio das súas competencias como autoridade sanitaria autonómica, e respectando, en todo caso, as medidas obrigatorias recollidas no Acordo do Consello Interterritorial de Saúde.

Neste contexto ditouse o Decreto 45/2021, do 17 de marzo, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, modificado polo Decreto 49/2021, do 24 de marzo.

IV

A evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia fai necesario que o presidente da Xunta de Galicia adopte novas medidas na condición de autoridade competente delegada, sen prexuízo das que, de modo complementario e compatible con elas, adopte a persoa titular da Consellería de Sanidade en exercicio das súas competencias como autoridade sanitaria autonómica.

O Subcomité Clínico, na súa reunión do 26 de marzo de 2021, procedeu á revisión da situación epidemiolóxica e sanitaria da Comunidade Autónoma.



Así, do Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 26 de marzo, destácanse os seguintes datos:

O número reprodutivo instantáneo (Rt), que indica o número de contaxios orixinados por un caso activo, segue a manterse por debaixo de 1 desde o 29 de xaneiro, o que indica unha diminución na transmisión da infección. Non obstante, está a achegarse cada vez máis ao 1 e o seu intervalo de confianza superior está a superalo nestes últimos días. Non obstante, a estabilización das taxas desde o 28 de febreiro pode afectar que a Rt se achegue ao 1.

Do total de concellos de Galicia, 142 non notificaron casos nos últimos 14 días. O número de concellos sen casos nos últimos 7 días foi de 183. Isto supón un aumento en 5 e 4 concellos a 7 e 14 días, respectivamente.

Entre o 14 e o 20 de marzo realizáronse 50.416 probas diagnósticas de infección activa polo virus SARS-CoV-2 (39.053 PCR e 11.363 tests de antíxenos) cunha porcentaxe de positividade a sete días do 2,58, o que supón tres décimas máis que a reflectida no Informe do 18 de marzo con datos entre o 8 e 14 de marzo, que era do 2,33 %.

A incidencia acumulada a 7 e 14 días é de 35 e 72 casos por cen mil habitantes, respectivamente, un pouco inferiores aos observados no anterior informe, que era de 38 e 74 casos por cen mil habitantes, respectivamente.

A tendencia diaria mostra, desde o 28 de decembro, tres tramos, un deles con tendencia oposta, primeiro crecente a un ritmo do 6,8 % ata o 22 de xaneiro e despois una primeira decrecente cunha porcentaxe de cambio diaria de -6,7 % e outro, cun descenso máis lento, cunha porcentaxe de cambio diaria de -0,8 %.

No que atinxe ás áreas sanitarias, as taxas de incidencia a 14 días seguen a diminuír con respecto ás de hai 7 días. Ningunha das áreas presenta taxas a 14 días con valores superiores aos 250 casos por 100.000 habitantes nin taxas a 7 días superiores aos 100 casos por 100.000 habitantes. As taxas a 14 días das áreas están entre os 38,52 casos por 100.000 habitantes da área de Santiago de Compostela e os 117,30 da área da Coruña.

Respecto dos datos de hospitalización, a media de pacientes COVID-19 en agudos nos últimos 7 días foi de 193,6, o que significa un descenso do -21,4 % con respecto a hai sete días e sitúa a taxa de pacientes COVID-19 en hospitalización de agudos en 7,2 ingresados por 100.000 habitantes, cun descenso, tamén, do -21,4 % con respecto a hai 7 días. En



canto aos ingresos COVID-19 nas unidades de críticos (UCI) nos últimos 7 días, a media foi de 48,3 e a taxa a 7 días de ingresados nas UCI é de 1,8 ingresados por 100.000 habitantes, o que supón un descenso do -28,1 % con respecto a hai sete días, tanto na media como na taxa.

Respecto da situación epidemiolóxica nos concellos de Galicia, naqueles con poboación igual ou maior de 10.000 habitantes (54), e igual que se observou hai unha semana, ningún presenta unha taxa de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes.

No que se refire aos concellos de menos de 10.000 habitantes (259), 6 presentan unha taxa de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes, un máis que no informe anterior. Acádanse taxas de incidencia iguais ou maiores a 500 casos por cen mil habitantes nun destes concellos, que é o de Beade.

O informe constata que o cambio na tendencia da taxa de incidencia parece estabilizarse, superado o cumio da onda o 22 de xaneiro. Non obstante, obsérvase un aumento da Rt en varias áreas sanitarias, aínda que no global de Galicia non acada o 1. Non obstante, a Rt, cando as incidencias son baixas, hai que observala con precaución, porque pode ter maior variabilidade. O modelo de predición mostra que a onda se manterá estable nos próximos sete e catorce días. Porén, a información do modelo hai que tomala con cautela, xa que parte exclusivamente dos casos e non ten en conta as medidas de restrición que se están a tomar. Así, ao observar os intervalos de confianza, poderían darse todos os escenarios (estabilización, ascenso ou descenso da onda).

A taxa de incidencia a 14 días, no global de Galicia, segue por debaixo dos 100 casos por cen mil habitantes, sen ningunha área cunha incidencia superior aos 250 casos por cen mil habitantes e, agás a da Área Sanitaria da Coruña, todas están por debaixo de 100 casos por cen mil habitantes. Non obstante, esta área tamén está a diminuír a súa taxa.

Ademais, o feito de que estea a circular cada vez máis a cepa británica pode influír nun aumento da transmisión.

Non se debe esquecer que nos encontramos nun contexto de desescalada que debe ser gradual, progresiva e segura, guiada polo principio de prudencia, para evitar así comprometer os logros acadados. Galicia conta cunha poboación especialmente envellecida e no noso territorio o virus circulou menos que noutros territorios do Estado, polo que existe un menor nivel de inmunidade natural, á espera de que o proceso de vacinación en marcha



acade os resultados esperados. Aínda que a presión hospitalaria segue descendendo, hai que manter a precaución, xa que un incremento na incidencia pode comprometer esta evolución. Resulta imprescindible ser cautelosos e consolidar no tempo as medidas adoptadas recentemente, de tal xeito que sexa posible ir analizando e reaccionando fronte aos efectos que delas deriven.

En particular, o informe recomenda manter o concello de Beade no nivel máximo de restrición, debido ás súas taxas a 7 e/ou 14 días e ao pouco tempo transcorrido desde a aplicación deste nivel. Pola contra, a mellora da situación epidemiolóxica constatada no concello de Maside permite que saia do máximo nivel de restricións.

V

Tendo en conta o indicado, a situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia determina que procede ditar un novo decreto en que se adapten as medidas existentes á indicada situación.

De acordo co exposto, por proposta do conselleiro de Sanidade, e na condición de autoridade competente delegada, por delegación do Goberno da Nación, conforme o disposto nos artigos 2, 5, 6, 7, 8, 9 e 10 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2,

DISPOÑO:

Primeiro. Modificación do anexo do Decreto 45/2021, do 17 de marzo, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2

Modifícase o anexo do Decreto 45/2021, do 17 de marzo, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, que queda redactado nos termos previstos no anexo deste decreto.



Segundo. *Eficacia, seguimento e avaliación*

A eficacia das medidas previstas neste decreto comezará ás 00.00 horas do día 29 de marzo de 2021.

Non obstante o anterior, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas deberán ser obxecto de seguimento e de avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria e para os efectos, de ser necesario, da súa modificación ou levantamento.

Terceiro. *Recursos*

Contra este decreto poderase interpor recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, conforme os artigos 12.1.a) e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, vinte e seis de marzo de dous mil vinte e un

Alberto Núñez Feijóo
Presidente da Xunta de Galicia

ANEXO

Concellos en que son aplicables limitacións específicas de entrada e saída de persoas, de permanencia de grupos de persoas en espazos públicos ou privados e de permanencia en lugares de culto

Beade.

CVE-DOG: ve3hyc15-rb16-6yi1-enc9-gygbgtvdac5



I. DISPOSICIÓN XERAIS**PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA**

DECRETO 49/2021, do 24 de marzo, polo que se modifica o Decreto 45/2021, do 17 de marzo, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

I

A expansión do coronavirus COVID-19 xerou unha crise sanitaria sen precedentes recentes. Así, tras a elevación pola Organización Mundial da Saúde da situación de emerxencia de saúde pública pola dita causa a nivel de pandemia internacional e a adopción, por algunhas comunidades autónomas como a galega, de medidas de prevención, mediante o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, declarouse o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, declaración que afectou todo o territorio nacional, cunha duración inicial de quince días naturais, pero que foi obxecto de sucesivas prórrogas autorizadas polo Congreso dos Deputados.

O levantamento dese estado de alarma, con todo, non puxo fin á crise sanitaria, o que xustificou a adopción de medidas como as previstas, no ámbito estatal, no Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, así como as medidas de prevención que foron adoptando as diferentes comunidades autónomas. En concreto, no caso da Comunidade Autónoma de Galicia, a resposta á crise sanitaria foi, fundamentalmente, ademais do mantemento da declaración de situación de emerxencia sanitaria efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, a adopción, ao abeiro da lexislación sanitaria, ordinaria e orgánica, de medidas de prevención tanto de carácter xeral, para todo o territorio autonómico, como, de maneira específica, a través de diferentes ordes da persoa titular da Consellería de Sanidade, en atención á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

Mediante o Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, declarouse o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. Esa declaración afectou todo o territorio nacional e a súa duración inicial estendíase, conforme o disposto no seu artigo 4, ata as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020.



Conforme o artigo 2 do dito real decreto, para os efectos do estado de alarma, a autoridade competente será o Goberno da Nación. En cada comunidade autónoma e cidade con estatuto de autonomía, a autoridade competente delegada será quen desempeñe a presidencia da comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía, nos termos establecidos no real decreto. As autoridades competentes delegadas quedan habilitadas para ditaren, por delegación do Goberno da Nación, as ordes, resolucións e disposicións para a aplicación do previsto nos artigos 5 ao 11 do real decreto, sen que para iso sexa preciso tramitar ningún procedemento administrativo, nin será de aplicación o previsto no segundo parágrafo do artigo 8.6 e no artigo 10.8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

En concreto, o artigo 6 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, prevé que a autoridade competente delegada que corresponda poderá limitar a entrada e saída de persoas no territorio de cada comunidade autónoma ou en ámbitos territoriais de carácter xeograficamente inferiores á comunidade autónoma, coas excepcións previstas no artigo 6.1.

Pola súa banda, o artigo 7 do mesmo texto normativo dispón que a permanencia de grupos de persoas en espazos de uso público, tanto pechados como ao aire libre, quedará condicionada a que non se supere o número máximo de seis persoas, salvo que se trate de conviventes, e sen prexuízo das excepcións que se establezan en relación con dependencias, instalacións e establecementos abertos ao público. A permanencia de grupos de persoas en espazos de uso privado quedará condicionada a que non se supere o número máximo de seis persoas, salvo que se trate de conviventes. No caso das agrupacións en que se inclúan tanto persoas conviventes como persoas non conviventes, o número máximo será de seis persoas. Conforme o artigo 9, a eficacia desta medida nunha comunidade autónoma producirase cando a autoridade competente delegada o determine. Ademais, o artigo 7 recolle a posibilidade de que a autoridade competente delegada correspondente determine, no seu ámbito territorial, en vista da evolución dos indicadores sanitarios, epidemiolóxicos, sociais, económicos e de mobilidade, logo de comunicación ao Ministerio de Sanidade e de acordo co previsto no artigo 13, que o número máximo sexa inferior a seis persoas, salvo que se trate de conviventes. Así mesmo, as autoridades competentes delegadas poderán, no seu ámbito territorial, establecer excepcións respecto das persoas menores ou dependentes, así como calquera outra flexibilización da limitación.

De acordo co artigo 8 do real decreto, a autoridade competente delegada poderá limitar a permanencia de persoas en lugares de culto mediante a fixación de limitación de capacidade para reunións, celebracións e encontros relixiosos, atendendo ao risco de transmi-



sión que poida resultar dos encontros colectivos, sen que tal limitación poida afectar, en ningún caso, o exercicio privado e individual da liberdade relixiosa.

E, conforme o artigo 10 da norma, a autoridade competente delegada en cada comunidade autónoma poderá, no seu ámbito territorial, en vista da evolución dos indicadores sanitarios, epidemiolóxicos, sociais, económicos e de mobilidade, logo de comunicación ao Ministerio de Sanidade, e de acordo co previsto no artigo 13, modular, flexibilizar e suspender a aplicación das medidas previstas nos artigos 6, 7 e 8, co alcance e ámbito territorial que determine.

O 29 de outubro de 2020, o Congreso dos Deputados autorizou a prórroga do estado de alarma ata o 9 de maio de 2021. Conforme o artigo 2 do Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, a prórroga establecida no dito real decreto estenderase desde as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020 ata as 00.00 horas do día 9 de maio de 2021, e someterase ás condicións establecidas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, e nos decretos que, se é o caso, se adopten en uso da habilitación conferida pola disposición derradeira primeira do citado Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, sen prexuízo do establecido nas disposicións que recolle o propio real decreto de prórroga.

En consecuencia, durante a vixencia do estado de alarma e da súa prórroga, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, deberán adoptarse, na condición de autoridade competente delegada, nos termos previstos no dito real decreto e no real decreto de prórroga.

Non obstante, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, non esgotan todas as que se poden adoptar para facer fronte á crise sanitaria. Neste sentido, como prevé expresamente o seu artigo 12, cada Administración conservará as competencias que lle outorga a lexislación vixente, así como a xestión dos seus servizos e do seu persoal, para adoptar as medidas que considere necesarias, sen prexuízo do establecido no real decreto.

Polo tanto, como destaca a propia exposición de motivos do real decreto, durante a vixencia do estado de alarma as administracións sanitarias competentes en saúde pública, no non previsto nesa norma, deberán continuar adoptando as medidas necesarias para afrontar a situación de emerxencia de saúde pública ocasionada pola COVID-19, conforme a lexislación sanitaria, en particular, a Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas



especiais en materia de saúde pública; a Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, e a Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, así como a normativa autonómica correspondente.

II

Neste contexto normativo derivado do estado de alarma vixente, e ante a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia, ditouse o Decreto 179/2020, do 4 de novembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

Posteriormente, ante a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia, ditáronse o Decreto 202/2020, do 3 de decembro, o Decreto 8/2021, do 26 de xaneiro, e o Decreto 31/2021, do 25 de febreiro, do presidente da Xunta de Galicia, polos que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

Estes decretos foron obxecto de diversas modificacións para manter as medidas adaptadas á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria da Comunidade Autónoma.

III

Por outra banda, ante a proximidade da ponte de San Xosé e Semana Santa, o día 10 de marzo tivo lugar o Pleno do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, no cal se acordaron unha serie de medidas e recomendacións que foron declaradas polo Ministerio de Sanidade, mediante a Orde comunicada do 11 de marzo de 2021, como actuacións coordinadas en saúde pública, conforme o establecido no artigo 65 da Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema nacional de saúde, e que teñen por obxecto responder á situación de especial risco de transmisión da COVID-19 derivada do incremento da mobilidade da poboación e do aumento das celebracións, agrupacións e reunións de persoas durante os festivos indicados. O Acordo do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde foi publicado mediante a Resolución do 11 de marzo de 2021, da Secretaría de Estado de Sanidade (BOE do 12 de marzo).



Cabe destacar que, de acordo co número 2 do artigo 65 da Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema nacional de saúde, as medidas contidas na declaración de actuacións coordinadas polo Ministerio de Sanidade resultan de obrigado cumprimento e, polo tanto, deben ser asumidas polas comunidades autónomas aínda que no propio acordo se determina que lles corresponde ás propias comunidades ou cidades autónomas, nas cales estean en vigor medidas máis restritivas que as recollidas no dito acordo, decidir sobre a conveniencia de flexibilizalas ou non «tendo en conta que iso suporía unha modificación dos hábitos establecidos ata agora e que está a cumprir a cidadanía».

A evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria permite no momento actual que, ao abeiro do marco normativo derivado do estado de alarma, o presidente da Comunidade Autónoma adopte novas medidas na condición de autoridade competente delegada, sen prexuízo das que, de modo complementario e compatible con elas, adopte con esta mesma data a persoa titular da Consellería de Sanidade en exercicio das súas competencias como autoridade sanitaria autonómica, e respectando, en todo caso, as medidas obrigatorias recollidas no Acordo do Consello Interterritorial de Saúde.

Neste contexto ditouse o Decreto 45/2021, do 17 de marzo, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

IV

A evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia fai necesario que o presidente da Xunta de Galicia adopte novas medidas na condición de autoridade competente delegada, sen prexuízo das que, de modo complementario e compatible con elas, adopte a persoa titular da Consellería de Sanidade en exercicio das súas competencias como autoridade sanitaria autonómica.

O Comité Clínico, na súa reunión do 23 de marzo de 2021, procedeu á revisión da situación epidemiolóxica e sanitaria da Comunidade Autónoma.

Así, do Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 24 de marzo, destácanse os seguintes datos:

O número reprodutivo instantáneo (R_t), que indica o número de contaxios orixinados por un caso activo, segue a manterse por debaixo de 1 desde o 29 de xaneiro, o que in-



dica unha diminución na transmisión da infección. Non obstante, está a achegarse cada vez máis ao 1 e o seu intervalo de confianza superior está a superalo nestes últimos días. Non obstante, a estabilización das taxas desde o 28 de febreiro pode afectar que a Rt se achegue ao 1.

Do total de concellos de Galicia, 141 non notificaron casos nos últimos 14 días. O número de concellos sen casos nos últimos 7 días foi de 184. Isto supón un aumento en 6 concellos a 14 días e unha diminución en 8 concellos.

Entre o 12 e o 18 de marzo realizáronse 53.783 probas diagnósticas de infección activa polo virus SARS-CoV-2 (41.565 PCR e 12.218 test de antíxeno) cunha porcentaxe de positividade a sete días do 2,53 %, o que supón un aumento de case un punto porcentual máis con respecto ao 16 de marzo, con datos entre o 5 e o 11 de marzo, que era do 1,87 %.

A incidencia acumulada a 7 e 14 días é de 38 e 74 casos por cen mil habitantes, respectivamente, manténdose a taxa a 7 días e diminuíndo a de a 14 días, que era de 36 e 78 casos por cen mil habitantes, respectivamente.

A tendencia diaria mostra, desde o 28 de decembro, tres tramos, un deles con tendencia oposta, primeiro crecente a un ritmo do 6,8 % ata o 22 de xaneiro e despois unha primeira decrecente cunha porcentaxe de cambio diaria de -6,7 % e outro, cun descenso máis lento, cunha porcentaxe de cambio diaria de -1,3 %.

Respecto da situación nas áreas sanitarias, o informe indica que as taxas de incidencia a 14 días seguen a diminuír con respecto ás de hai 7 días. Ningunha das áreas presenta taxas a 14 días con valores superiores aos 250 casos por 100.000 habitantes nin taxas a 7 días superiores aos 100 casos por 100.000 habitantes, e as taxas a 14 días das áreas están entre os 38,07 casos por 100.000 habitantes de Santiago de Compostela e os 119,81 da Área Sanitaria da Coruña.

No que respecta á hospitalización dos casos COVID-19, a media de pacientes COVID-19 en hospitalización de agudos nos últimos 7 días foi de 193,6, o que significa un descenso do -21,4 % con respecto a hai sete días. A taxa de pacientes COVID-19 en hospitalización de agudos é de 7,2 ingresados por 100.000 habitantes, cun descenso, tamén, do -21,4 % con respecto a hai 7 días. Pola súa banda, nos ingresos COVID-19 nas unidades de críticos (UCI) nos últimos 7 días, a media foi de 48,3 e a taxa a 7 días de ingresados nas UCI é de 1,8 ingresados por 100.000 habitantes, o que supón un descenso do -28,1 % con respecto a hai sete días, tanto na media como na taxa.



Sobre a situación epidemiolóxica nos concellos de Galicia, conséntase que nos concellos con poboación igual ou maior de 10.000 habitantes (54), igual que o observado hai unha semana, ningún presenta unha taxa de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes. No que se refire aos concellos de menos de 10.000 habitantes (259), 5 presentan unha taxa de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes, 4 menos que no informe anterior. Acádanse taxas de incidencia iguais ou maiores a 500 casos por cen mil habitantes nun destes concellos.

Segundo os datos reflectidos no informe, conséntase que a taxa de incidencia parece estabilizarse, superado o cumio da onda o 22 de xaneiro. Non obstante, obsérvase un aumento da R_t en varias áreas sanitarias, aínda que no global de Galicia non acada o 1.

O modelo de predición mostra que a onda se manterá estable nos próximos sete e catorce días. Non obstante, a información do modelo hai que tomala con cautela, xa que parte exclusivamente dos casos e non ten en conta as medidas de restrición que se están a tomar. Así, ao observar os intervalos de confianza, poderían darse todos os escenarios (estabilización, ascenso ou descenso da onda).

A taxa de incidencia a 14 días, no global de Galicia, segue por debaixo dos 100 casos por cen mil habitantes, sen ningunha área cunha incidencia superior aos 250 casos por cen mil habitantes. A taxa de incidencia a 14 días máis elevada segue a ser a da Área Sanitaria da Coruña, aínda que en descenso.

No que atinxe aos concellos de máis de 10.000 habitantes, ningún presenta unha taxa de incidencia igual ou superior a 250 casos por cen mil habitantes. Nos de menos de 10.000, hai 5 concellos que superan unha taxa de incidencia de 250 casos por cen mil habitantes, con só un deles cunha taxa a 14 días superior aos 500 casos por cen mil habitantes.

O feito de que estea a circular cada vez máis a cepa británica pode influír nun aumento da transmisión.

A ocupación por pacientes COVID-19 na hospitalización de agudos e unidades de cuidados críticos segue a diminuír con respecto a hai sete días. Non obstante, hai que manter a precaución, xa que un incremento na incidencia pode comprometer esta evolución.

Non se debe esquecer que nos encontramos nun contexto de desescalada que debe ser gradual, progresiva e segura, guiada polo principio de prudencia, para evitar así comprometer os logros acadados. Galicia conta cunha poboación especialmente envellecida e



no noso territorio o virus circulou menos que noutros territorios do Estado, polo que existe un menor nivel de inmunidade natural, á espera de que o proceso de vacinación en marcha acade os resultados esperados. A presión hospitalaria, aínda que vai descendendo, debe baixar máis. Resulta imprescindible ser cautelosos e consolidar no tempo as medidas adoptadas recentemente, de tal xeito que sexa posible ir analizando e reaccionando fronte aos efectos que delas deriven.

En particular, o informe recomenda manter o concello de Maside no nivel máximo de restrición, debido ás súas taxas a 7 e/ou 14 días, e ao pouco tempo transcorrido desde a aplicación deste nivel. Así mesmo, debido ás súas taxas de incidencia a 7 e/ou 14 días, o informe recomenda elevar ao nivel máximo de restricións o concello de Beade. Pola contra, a mellora da situación epidemiolóxica constatada nos concellos de Paradela e Vilardevós permítelles saír do máximo nivel de restricións.

V

Tendo en conta o indicado, a situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia determina que procede ditar un novo decreto en que se adopten as medidas existentes á indicada situación.

De acordo co exposto, por proposta do conselleiro de Sanidade, e na condición de autoridade competente delegada, por delegación do Goberno da Nación, conforme o disposto nos artigos 2, 5, 6, 7, 8, 9 e 10 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2,

DISPOÑO:

Primeiro. *Modificación do anexo do Decreto 45/2021, do 17 de marzo, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2*

Modifícase o anexo do Decreto 45/2021, do 17 de marzo, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, que queda redactado nos termos previstos no anexo deste decreto.



Segundo. Eficacia, seguimento e avaliación

A eficacia das medidas previstas neste decreto comezará ás 00.00 horas do día 26 de marzo de 2021.

Non obstante o anterior, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas deberán ser obxecto de seguimento e de avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria e para os efectos, de ser necesario, da súa modificación ou levantamento.

Terceiro. Recursos

Contra este decreto poderase interpor recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, conforme os artigos 12.1.a) e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, vinte e catro de marzo de dous mil vinte e un

Alberto Núñez Feijóo
Presidente da Xunta de Galicia

ANEXO**Concellos en que son aplicables limitacións específicas de entrada e saída de persoas, de permanencia de grupos de persoas en espazos públicos ou privados e de permanencia en lugares de culto**

1. Beade.
2. Maside.



I. DISPOSICIÓN XERAIS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

ORDE do 24 de marzo de 2021 pola que se modifica o anexo II da Orde do 17 de marzo de 2021, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

I

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto do dito acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade.

Así mesmo, indícase no dito punto sexto, na redacción vixente, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de acordo coa normativa aplicable e en vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou en parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación das medidas concretas contidas no anexo.



Mediante o Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, declarouse o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. Esta declaración afectou todo o territorio nacional e a súa duración inicial estendeuse, conforme o disposto no seu artigo 4, ata as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020.

Conforme o artigo 2 dese real decreto, para os efectos do estado de alarma, a autoridade competente será o Goberno da Nación. En cada comunidade autónoma e cidade con estatuto de autonomía, a autoridade competente delegada será quen exerza a presidencia da comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía, nos termos establecidos no real decreto. As autoridades competentes delegadas quedan habilitadas para ditaren, por delegación do Goberno da Nación, as ordes, resolucións e disposicións para a aplicación do previsto nos artigos 5 ao 11 do real decreto, sen que para iso sexa precisa a tramitación de procedemento administrativo ningún, nin será de aplicación o previsto no segundo parágrafo do artigo 8.6 e no artigo 10.8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O 29 de outubro de 2020, o Congreso dos Deputados autorizou a prórroga do estado de alarma ata o día 9 de maio de 2021. Conforme o artigo 2 do Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, a prórroga establecida no dito real decreto estenderase desde as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020 ata as 00.00 horas do día 9 de maio de 2021, e someterase ás condicións establecidas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, e nos decretos que, se é o caso, se adopten en uso da habilitación conferida pola disposición derradeira primeira do citado Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, sen prexuízo do establecido nas disposicións que recolle o propio real decreto de prórroga.

En consecuencia, durante a vixencia do estado de alarma e da súa prórroga, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, deberán adoptarse, na condición de autoridade competente delegada, nos termos previstos no dito real decreto e no real decreto de prórroga.

Non obstante, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, non esgotan todas as que poden ser adoptadas para facer fronte á crise sanitaria. Neste sentido, como prevé expresamente o seu artigo 12, cada Administración conservará as competencias que lle outorga a lexislación vixente, así como a xestión dos seus servizos e do seu persoal, para adoptar as medidas que considere necesarias, sen prexuízo do establecido no real decreto.



Polo tanto, durante a vixencia do estado de alarma e das súas prórrogas, as medidas que sexa necesario adoptar para facer fronte, na Comunidade Autónoma, á crise sanitaria serán as que poida acordar, ao abeiro da normativa do estado de alarma, o presidente da Comunidade Autónoma, como autoridade competente delegada, e as complementarias que poidan adoptar, no exercicio das súas competencias propias, as autoridades sanitarias autonómicas e, entre elas, a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, ao abeiro do disposto no punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020 citado.

II

Sentado o anterior, no contexto normativo derivado do estado de alarma vixente e ante a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia, ditouse o Decreto 31/2021, do 25 de febreiro, polo que se adoptaron medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

Esas medidas debían ser complementadas, como indica o propio decreto, con outras que procede que adopte a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade no exercicio das súas competencias propias como autoridade sanitaria autonómica.

Estas medidas complementarias establecéronse mediante a Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia. Esta orde prevía que as medidas serían obxecto de revisión constante co obxecto de avaliar a situación e adecualas á incidencia real da epidemia.

Posteriormente, revisáronse as medidas acordadas, co obxecto de adecualas á situación epidemiolóxica, e ditouse a Orde do 4 de marzo de 2021, que incluíu pequenas modificacións das medidas adoptadas e do anexo II da Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia; a Orde do 5 de marzo de 2021 por medio da cal se modificou o anexo II da Orde do 25 de febreiro de 2021; a Orde do 10 de marzo de 2021, coa que se modificaron diversos puntos do anexo I e do anexo II da Orde do 25 de febreiro do 2021, e a Orde do 12 de marzo de 2021, que modificou unicamente o anexo II.



Paralelamente, estas modificacións tiveron reflexo tamén no Decreto 39/2021, do 5 de marzo, no Decreto 40/2021, do 10 de marzo, e no Decreto 41/2021, do 12 de marzo, polos que se modificou o Decreto 31/2021, do 25 de febreiro, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

Por outra banda, ante a proximidade da ponte de San Xosé e Semana Santa, o día 10 de marzo tivo lugar o Pleno do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, no cal se acordaron unha serie de medidas e recomendacións que foron declaradas polo Ministerio de Sanidade, mediante a Orde comunicada do 11 de marzo de 2021, como actuacións coordinadas en saúde pública conforme o establecido no artigo 65 da Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema nacional de saúde, e que teñen por obxecto responder á situación de especial risco de transmisión da COVID-19 derivada do incremento da mobilidade da poboación e do aumento das celebracións, agrupacións e reunións de persoas durante os festivos indicados. O Acordo do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde foi publicado mediante a Resolución do 11 de marzo de 2021, da Secretaría de Estado de Sanidade (BOE do 12 de marzo).

Cabe destacar que, de acordo co número 2 do artigo 65 da Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema nacional de saúde, as medidas contidas na declaración de actuacións coordinadas polo Ministerio de Sanidade resultan de obrigado cumprimento e, polo tanto, deben ser asumidas polas comunidades autónomas, aínda que no propio acordo se determina que lles corresponde ás propias comunidades ou cidades autónomas en que estean en vigor medidas máis restritivas que as previstas no dito acordo decidir sobre a conveniencia de flexibilizalas ou non «tendo en conta que iso suporía unha modificación dos hábitos establecidos ata agora e que están a ser cumpridas pola cidadanía».

En cumprimento do compromiso acadado en relación coa revisión das medidas acordadas, co obxecto de adecualas á situación epidemiolóxica, ditáronse o Decreto 45/2021, do 17 de marzo, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, e a Orde do 17 de marzo de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.



III

De conformidade co compromiso acadado, procede realizar unha nova revisión da situación epidemiolóxica dos distintos concellos.

Así, no Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública do 24 de marzo de 2021 establécese o seguinte:

O número reprodutivo instantáneo (Rt), que indica o número de contaxios orixinados por un caso activo, segue a manterse por debaixo de 1 desde o 29 de xaneiro, o que indica unha diminución na transmisión da infección. Non obstante, está a achegarse cada vez máis ao 1 e o seu intervalo de confianza superior está a superalo nestes últimos días. Non obstante, a estabilización das taxas desde o 28 de febreiro pode afectar que a Rt se achegue ao 1.

Do total de concellos de Galicia, 141 non notificaron casos nos últimos 14 días. O número de concellos sen casos nos últimos 7 días foi de 184. Isto supón un aumento en 6 concellos a 14 días e unha diminución en 8 concellos.

Entre o 12 e o 18 de marzo realizáronse 53.783 probas diagnósticas de infección activa polo virus SARS-CoV-2 (41.565 PCR e 12.218 tests de antíxenos) cunha porcentaxe de positividade a sete días do 2,53 %, o que supón un aumento de case un punto porcentual máis a respecto do 16 de marzo, con datos entre o 5 e o 11 de marzo, que era do 1,87 %.

A incidencia acumulada a 7 e 14 días é de 38 e 74 casos por cen mil habitantes, respectivamente, manténdose a taxa a 7 días e diminuíndo a de a 14 días, en que eran de 36 e 78 casos por cen mil habitantes, respectivamente.

A tendencia diaria mostra, desde o 28 de decembro, tres tramos, un deles con tendencia oposta, primeiro crecente a un ritmo do 6,8 % ata o 22 de xaneiro e despois unha primeira decrecente cunha porcentaxe de cambio diario de -6,7 %, e outro, cun descenso máis lento, cunha porcentaxe de cambio diaria de -1,3 %.

Respecto da situación nas áreas sanitarias, o informe indica que as taxas de incidencia a 14 días seguen a diminuír a respecto de hai 7 días. Ningunha das áreas presenta taxas a 14 días con valores superiores aos 250 casos por 100.000 habitantes nin taxas a 7 días superiores aos 100 casos por 100.000 habitantes, e as taxas a 14 días das áreas están entre os 38,07 casos por 100.000 habitantes de Santiago e os 119,81 da Área Sanitaria da Coruña.



No que respecta á hospitalización dos casos COVID-19, a media de pacientes con COVID-19 en hospitalización de agudos nos últimos 7 días foi de 193,6, o que significa un descenso do -21,4% con respecto de hai sete días. A taxa de pacientes con COVID-19 en hospitalización de agudos é de 7,2 ingresados por 100.000 habitantes, cun descenso, tamén, do -21,4 % con respecto de hai 7 días. En canto aos ingresos por COVID-19 nas unidades de críticos (UCI) nos últimos 7 días, a media foi de 48,3 e a taxa a 7 días de ingresados nas UCI é de 1,8 ingresados por 100.000 habitantes, o que supón un descenso do -28,1 % con respecto a hai sete días, tanto na media como na taxa.

Sobre a situación epidemiolóxica nos concellos de Galicia, conséntase que nos concellos con poboación igual ou maior de 10.000 habitantes (54), igual que o observado hai unha semana, ningún presenta unha taxa de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes.

No que se refire aos concellos de menos de 10.000 habitantes (259), 5 presentan unha taxa de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes, 4 menos que no informe anterior. Acádanse taxas de incidencia iguais ou maiores a 500 casos por cen mil habitantes nun destes concellos.

Segundo os datos reflectidos no informe, conséntase que a taxa de incidencia parece estabilizarse, superado o cumio da onda o 22 de xaneiro. Non obstante, obsérvase un aumento da R_t en varias áreas sanitarias, aínda que no global de Galicia non acada o 1.

O modelo de predición mostra que a onda se manterá estable nos próximos sete e catorce días. Non obstante, a información do modelo hai que tomala con cautela, xa que parte exclusivamente dos casos e non ten en conta as medidas de restrición que se están a tomar. Así, ao observar os intervalos de confianza, poderían darse todos os escenarios (estabilización, ascenso ou descenso da onda).

A taxa de incidencia a 14 días, no global de Galicia, segue por debaixo dos 100 casos por cen mil habitantes ($c/10^5h$), sen ningunha área cunha incidencia superior aos 250 $c/10^5h$. A taxa de incidencia a 14 días máis elevada segue a ser a da Área Sanitaria da Coruña, aínda que en descenso.

No que atinxe aos concellos de máis de 10.000 habitantes, ningún presenta unha taxa de incidencia igual ou superior a 250 $c/10^5h$. Nos de menos de 10.000 hai 5 concellos que superan unha taxa de incidencia de 250 $c/10^5h$, con só un deles cunha taxa a 14 días superior aos 500 $c/10^5h$.



O informe destaca tamén que o feito de que estea a circular cada vez máis a cepa británica pode influír nun aumento da transmisión.

A ocupación por pacientes con COVID-19 na hospitalización de agudos e unidades de cuidados críticos segue a diminuír a respecto de hai sete días. Non obstante, hai que manter a precaución, xa que un incremento na incidencia pode comprometer esta evolución.

Non debe esquecerse que nos atopamos nun contexto de desescalada que debe ser gradual, progresiva e segura, guiada polo principio de prudencia, para evitar así comprometer os logros acadados. Galicia conta cunha poboación especialmente envellecida e no noso territorio o virus circulou menos que noutros territorios do Estado, polo que existe un menor nivel de inmunidade natural, á espera de que o proceso de vacinación en marcha acade os resultados esperados. A presión hospitalaria, aínda que vai descendendo, debe baixar máis. Resulta imprescindible ser cautelosos e consolidar no tempo as medidas adoptadas recentemente, de tal xeito que sexa posible ir analizando e reaccionando fronte aos efectos que delas deriven.

O criterio utilizado para aplicar os niveis de restrición aos concellos, ademais do da situación sanitaria, é o da taxa de incidencia segundo os casos por cada cen mil habitantes a 14 días, situando o nivel medio baixo por debaixo de 150, o medio entre 150 e por debaixo de 250, o alto entre 250 e por debaixo de 500, e o máximo na cifra de 500. Así mesmo, co obxecto de reaccionar con rapidez e eficacia fronte aos gromos, utilízase tamén como criterio o da taxa de incidencia a 7 días. A análise da situación de cada concello prevese coa consideración de criterios demográficos, pois debe terse en conta que en concellos de escasa poboación poucos casos poden dar lugar a taxas moi elevadas, que deben ser postas no debido contexto, e co estudo polos servizos de saúde pública e o comité ou o subcomité clínico das características específicas de cada gromo.

Por conseguinte, en vista do indicado no citado informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, e tras escoitar as recomendacións do comité clínico reunido para estes efectos, coa situación epidemiolóxica e sanitaria da Comunidade Autónoma de Galicia, proponse, debido ás súas taxas a 7 e/ou 14 días, elevar o concello de Beade ao nivel máximo de restricións e manter o de Maside neste nivel, en particular, neste último caso, debido ao pouco tempo transcorrido desde a aplicación deste nivel.

Tamén se propón baixar do nivel máximo actual ao nivel alto de restrición, debido ás súas taxas a 7 e 14 días, o concello de Vilardevós, da Área Sanitaria de Ourense.



Igualmente, propónse manter no nivel alto o concello de Neda, da Área Sanitaria de Ferrol, e ascender a este nivel os concellos de Ortigueira, O Saviñao, Sanxenxo e Baiona, debido ás súas taxas a 7 e 14 días, e, en particular, no caso de Neda, debido a que aínda non pasou o tempo suficiente neste nivel para observar a evolución da súa situación epidemiolóxica.

Tamén pola súa taxa de incidencia ascende ao nivel alto o concello de Abegondo.

En relación cos concellos, tamén procede manter, baixar ou ascender do seu nivel actual, con base nas súas taxas a 7 e 14 días, ou tempo que levan neste nivel, os que actualmente están no nivel medio, se non pasaron o tempo suficiente nel, coa finalidade de comprobar a estabilización da súa situación epidemiolóxica.

Así mesmo, propónse manter no nivel medio de restrición con base nas súas taxas a 7 e/o 14 días ou, de ser o caso, no tempo que levan neste nivel, se non pasaron o tempo suficiente nel coa finalidade de comprobar a estabilización da súa situación epidemiolóxica, os concellos de Bergondo, Culleredo, Laxe, Ponteceso, A Coruña, Valdoviño, Boimorto, Sober, Pantón, Coles e Soutomaior. Ascenderían a este nivel os concellos da Laracha, Betanzos, Camariñas, Xinzo de Limia, O Carballiño, Ribadavia e Cangas. Finalmente, descendería a este nivel o concello de Arteixo.

O resto de concellos de Galicia permanecerá no nivel medio-baixo de restricións, con base nos criterios epidemiolóxicos.

Debe insistirse, en particular, en que as medidas resultan adecuadas e eficaces de acordo cos datos expostos sobre a evolución da situación epidemiolóxica e, polo tanto, útiles para conseguir o fin proposto de protección da saúde pública, na espera de que a campaña de vacinación acade os resultados que se perseguen. Debe ponderarse que aínda non estamos en niveis de transmisión que se poidan entender de risco baixo. Así mesmo, debe manterse a protección do sistema sanitario, que soporta niveis altos de ocupación, sobre todo en determinadas áreas sanitarias. As medidas de limitación de determinadas actividades resultan necesarias, adecuadas e proporcionadas para o fin perseguido, que non é outro que controlar e evitar a maior difusión dunha enfermidade altamente contaxiosa, respecto da cal a diferenza entre persoas enfermas e sas resulta difusa, dada a posible asintomatoloxía ou levidade dos síntomas e a existencia dun período no cal non hai indicios externos da enfermidade. En concreto, trátase de evitar especialmente aglomeracións ou encontros entre persoas, co fin de garantir o mantemento da distancia de seguridade e reducir o risco de contacto físico ou proximi-



dade en condicións favorecedoras do contaxio. Debe lembrarse, neste sentido, que o Auto 40/2020, do 30 de abril de 2020, do Tribunal Constitucional, no seu fundamento xurídico cuarto, ao ponderar a relevancia das especiais circunstancias derivadas da crise sanitaria creada pola pandemia no exercicio do dereito de reunión, salientou como, ante a incerteza sobre as formas de contaxio, sobre o impacto real da propagación do virus, así como sobre as consecuencias a medio e longo prazo para a saúde das persoas que se viron afectadas, as medidas de distanciamento social e de limitación extrema dos contactos e actividades grupais son as únicas que se teñen demostrado eficaces para limitar os efectos dunha pandemia de dimensións descoñecidas ata a data. Deste modo, as medidas de limitación de determinadas actividades van dirixidas a limitar os contactos e a interacción social e, polo tanto, a transmisión da enfermidade, en situacións nas cales cabe apreciar un maior risco polas circunstancias en que se realizan, especialmente en lugares pechados.

Tendo en conta o exposto, e tras escoitar as recomendacións do comité clínico reunido para estes efectos e visto o informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, procede reiterar as medidas xa aprobadas na anterior orde coas modificacións do anexo II na redacción dada na presente orde.

IV

As medidas que se adoptan nesta orde teñen o seu fundamento normativo na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 a 38 ter da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para adoptar as medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica existente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, coa urxencia que a protección da saúde pública demanda.

Na súa virtude, en aplicación do punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transi-



ción cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. *Modificación do anexo II da Orde do 17 de marzo de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado segundo o anexo da presente orde*

Segundo. Eficacia

As medidas previstas nesta orde terán efectos desde as 00.00 horas do día 26 de marzo de 2021. Non obstante o anterior, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, serán obxecto de seguimento e avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser modificadas ou levantadas mediante orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Santiago de Compostela, 24 de marzo de 2021

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade

ANEXO II**A) Concellos con nivel de restrición máxima.**

Beade
Maside

B) Concellos con nivel de restrición alta.

Abegondo
Baiona
Neda
Ortigueira
Sanxenxo
Saviñao (O)
Vilardevós



C) Concellos con nivel de restricción media.

Arteixo
Coruña (A)
Bergondo
Betanzos
Boimorto
Camariñas
Cangas
Carballiño (O)
Coles
Culleredo
Laracha (A)
Laxe
Pantón
Ponteceso
Ribadavia
Sober
Soutomaior
Valdoviño
Xinzo de Limia

D) Concellos con nivel de restricción media-baixa.

Abadín
Agolada
Alfoz
Allariz
Ames
Amoeiro
Antas de Ulla
Aranga
Arbo
Ares
Arnoia (A)
Arzúa
Avión



Baleira
Baltar
Bande
Baña (A)
Baños de Molgas
Baralla
Barbadás
Barco de Valdeorras (O)
Barreiros
Barro
Beariz
Becerreá
Begonte
Blancos (Os)
Boborás
Boiro
Bola (A)
Bolo (O)
Boqueixón
Bóveda
Brión
Bueu
Burela
Cabana de Bergantiños
Cabanas
Caldas de Reis
Calvos de Randín
Cambados
Cambre
Campo Lameiro
Cañiza (A)
Capela (A)
Carballeda de Avia
Carballeda de Valdeorras
Carballedo
Carballo
Cariño



Carnota
Carral
Cartelle
Castrelo de Miño
Castrelo do Val
Castro Caldelas
Castro de Rei
Castroverde
Catoira
Cedeira
Cee
Celanova
Cenlle
Cerceda
Cerdedo-Cotobade
Cerdido
Cervantes
Cervo
Chandrexa de Queixa
Chantada
Coirós
Corcubión
Corgo (O)
Coristanco
Cortegada
Cospeito
Covelo
Crecente
Cualedro
Cuntis
Curtis
Dodro
Dozón
Dumbría
Entrimo
Esgos
Estrada (A)



Fene
Ferrol
Fisterra
Folgoso do Courel
Fonsagrada (A)
Forcarei
Fornelos de Montes
Foz
Frades
Friol
Gomesende
Gondomar
Grove (O)
Guarda (A)
Gudiña (A)
Guitiriz
Guntín
Illa de Arousa (A)
Incio (O)
Irixo (O)
Irixoa
Lalín
Lama (A)
Láncara
Larouco
Laza
Leiro
Lobeira
Lobios
Lourenzá
Lousame
Lugo
Maceda
Malpica de Bergantiños
Manzaneda
Mañón
Marín



Mazaricos
Meaño
Meira
Meis
Melide
Melón
Merca (A)
Mesía
Mezquita (A)
Miño
Moaña
Moeche
Mondariz-Balneario
Mondariz
Mondoñedo
Monfero
Monforte de Lemos
Montederramo
Monterrei
Monterroso
Moraña
Mos
Mugardos
Muíños
Muras
Muros
Muxía
Narón
Navia de Suarna
Negreira
Negueira de Muñiz
Neves (As)
Nigrán
Nogais (As)
Nogueira de Ramuín
Noia
Oia



Oímbra
Oleiros
Ordes
Oroso
Ourense
Ourol
Outeiro de Rei
Outes
Oza-Cesuras
Paderne de Allariz
Paderne
Padrenda
Padrón
Palas de Rei
Parada de Sil
Paradela
Páramo (O)
Pastoriza (A)
Pazos de Borbén
Pedrafita do Cebreiro
Pereiro de Aguiar (O)
Peroxa (A)
Petín
Pino (O)
Piñor
Pobra de Trives (A)
Pobra do Brollón (A)
Pobra do Caramiñal (A)
Poio
Pol
Ponte Caldelas
Pontecesures
Ponteareas
Pontedeume
Pontedeva
Pontenova (A)
Pontes de García Rodríguez (As)



Pontevedra
Porqueira
Porriño (O)
Portas
Porto do Son
Portomarín
Punxín
Quintela de Leirado
Quiroga
Rábade
Rairiz de Veiga
Ramirás
Redondela
Rianxo
Ribadeo
Ribadumia
Ribas de Sil
Ribeira de Piquín
Ribeira
Riós
Riotorto
Rodeiro
Rois
Rosal (O)
Rúa (A)
Rubiá
Sada
Salceda de Caselas
Salvaterra de Miño
Samos
San Amaro
San Cibrao das Viñas
San Cristovo de Cea
San Sadurniño
San Xoán de Río
Sandiás
Santa Comba



Santiago de Compostela
Santiso
Sarreaus
Sarria
Silleda
Sobrado
Somozas (As)
Taboada
Taboadela
Teixeira (A)
Teo
Toén
Tomiño
Toques
Tordoia
Touro
Trabada
Trasmiras
Trazo
Triacastela
Tui
Val do Dubra
Valadouro (O)
Valga
Vedra
Veiga (A)
Verea
Verín
Viana do Bolo
Vicedo (O)
Vigo
Vila de Cruces
Vilaboa
Vilagarcía de Arousa
Vilalba
Vilamarín
Vilamartín de Valdeorras



Vilanova de Arousa
Vilar de Barrio
Vilar de Santos
Vilariño de Conso
Vilarmaior
Vilasantar
Vimianzo
Viveiro
Xermade
Xove
Xunqueira de Ambía
Xunqueira de Espadanedo
Zas



I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

CORRECCIÓN DE ERROS. Orde do 17 de marzo de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

Advertidos erros na dita orde, publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 52 Bis, do 17 de marzo de 2021, cómpre facer a seguinte corrección:

Na páxina 15328, na segunda liña, onde di:

«...No obstante, nos concellos enumerados na letra D do anexo II o límite máximo poderán chegar as trescentas persoas para lugares pechados e de mil persoas se se trata de actividades ao aire libre.».

Debe dicir:

«...Non obstante, nos concellos enumerados na letra D do anexo II, o límite máximo poderá chegar ás trescentas persoas para lugares pechados e ás mil persoas se se trata de actividades ao aire libre, sen superar o cincuenta por cento da capacidade permitida.».



I. DISPOSICIÓN XERAIS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

ORDE do 17 de marzo de 2021 pola que se modifica a Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen as actuacións necesarias para a posta en marcha do Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia.

I

A expansión do coronavirus COVID-19 xerou unha crise sanitaria sen precedentes. Así, tras a elevación pola Organización Mundial da Saúde da situación de emerxencia de saúde pública pola devandita causa a nivel de pandemia internacional e a adopción, por algunhas comunidades autónomas como a galega, de medidas de prevención, mediante o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, declarouse o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, declaración que afectou todo o territorio nacional, cunha duración inicial de quince días naturais, pero que foi obxecto de sucesivas prórrogas autorizadas polo Congreso dos Deputados.

O levantamento dese estado de alarma, con todo, non puxo fin á crise sanitaria, o que xustificou a adopción de medidas como as previstas, no ámbito estatal, no Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, así como as medidas de prevención que foron adoptando as diferentes comunidades autónomas.

En concreto, no caso da Comunidade Autónoma de Galicia, a resposta á crise sanitaria foi, fundamentalmente, ademais do mantemento da declaración de situación de emerxencia sanitaria efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020, a adopción, ao abeiro da lexislación sanitaria, ordinaria e orgánica, de medidas de prevención tanto de carácter xeral, para todo o territorio autonómico, como, de maneira específica, a través de diferentes ordes da persoa titular da Consellería de Sanidade, en atención á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

Mediante o Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, declarouse o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. Esa declaración afectou todo o territorio nacional e a súa duración inicial estendiase, conforme o disposto no seu artigo 4, ata as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020.



Conforme o artigo 2 do devandito real decreto, para os efectos do estado de alarma, a autoridade competente será o Goberno da nación. En cada comunidade autónoma e cidade con estatuto de autonomía, a autoridade competente delegada será quen desempeñe a presidencia da comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía, nos termos establecidos no real decreto.

As autoridades competentes delegadas quedan habilitadas para ditaren, por delegación do Goberno da nación, as ordes, resolucións e disposicións para a aplicación do previsto nos artigos 5 ao 11 do real decreto, sen que para iso sexa preciso tramitar ningún procedemento administrativo, nin será de aplicación o previsto no segundo parágrafo do artigo 8.6 e no artigo 10.8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Conforme o artigo 10 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, a autoridade competente delegada en cada comunidade autónoma poderá, no seu ámbito territorial, en vista da evolución dos indicadores sanitarios, epidemiolóxicos, sociais, económicos e de mobilidade, logo de comunicación ao Ministerio de Sanidade e de acordo co previsto no artigo 13, modular, flexibilizar e suspender a aplicación das medidas previstas nos artigos 6, 7 e 8, co alcance e ámbito territorial que determine.

O 29 de outubro de 2020, o Congreso dos Deputados autorizou a prórroga do estado de alarma ata o 9 de maio de 2021. Conforme o artigo 2 do Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, a prórroga establecida nese real decreto estenderase desde as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020 ata as 00.00 horas do día 9 de maio de 2021, e someterase ás condicións establecidas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, e nos decretos que, se é o caso, se adopten en uso da habilitación conferida pola disposición derradeira primeira do citado Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, sen prexuízo do establecido nas disposicións que recolle o propio real decreto de prórroga.

En consecuencia, durante a vixencia do estado de alarma e da súa prórroga, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, deberán adoptarse na condición de autoridade competente delegada, nos termos previstos no devandito real decreto e no real decreto de prórroga.

Non obstante, estas medidas non esgotan todas as que se poden adoptar para facer fronte á crise sanitaria.



Neste sentido, como prevé expresamente o seu artigo 12, cada Administración conservará as competencias que lle outorga a lexislación vixente, así como a xestión dos seus servizos e do seu persoal, para adoptar as medidas que considere necesarias, sen prexuízo do establecido no real decreto.

Polo tanto, como destaca a propia exposición de motivos do real decreto, durante a vixencia do estado de alarma, as administracións sanitarias competentes en saúde pública, no non previsto nesa norma, deberán continuar adoptando as medidas necesarias para afrontar a situación de emerxencia de saúde pública ocasionada polo COVID-19, conforme a lexislación sanitaria, en particular, a Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; a Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, e a Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, así como a normativa autonómica correspondente.

II

Debe terse en conta que a situación epidemiolóxica actual se caracteriza por unha elevada presión hospitalaria, cun número de persoas ingresadas nas UCI superior ao rexistrado no peor momento da primeira onda da pandemia, así como un nivel de hospitalizacións superior ao da segunda onda. Debe terse tamén presente que a situación de contaxio explosivo pode deberse á circulación en Galicia de novas variantes do virus.

Resulta, pois, necesario manter medidas que tendan á protección da cidadanía e do sistema sanitario, especialmente nunha comunidade autónoma como a galega, que conta cunha poboación envellecida e na cal o virus circulou menos ca noutros territorios do Estado, polo que existe un menor nivel de inmunidade natural, en espera de que o proceso de vacinación en marcha acade os resultados esperados.

Debe destacarse que a evolución recente da situación epidemiolóxica demostra a eficacia das medidas adoptadas e, en particular, das recollidas no Decreto 8/2021, do 26 de xaneiro, e na Orde da Consellería de Sanidade do 26 de febreiro de 2021, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

As medidas preventivas resultan necesarias, adecuadas e proporcionadas para o fin perseguido, que non é outro que controlar e evitar a maior difusión dunha enfermidade altamente contaxiosa, respecto da cal a diferenza entre persoas enfermas e sas resulta difusa, dada a posible asintomatoloxía ou levidade dos síntomas e a existencia dun pe-



ríodo no cal non hai indicios externos da enfermidade. Estas medidas deben implantarse na totalidade do territorio da Comunidade Autónoma, independentemente do seu carácter urbano ou rural.

En concreto, trátase de evitar especialmente encontros de carácter familiar ou social entre persoas non conviventes, co fin de garantir o mantemento da distancia de seguridade e reducir o risco de contacto físico ou proximidade en condicións favorecedoras do contaxio.

Debe lembrarse, neste sentido, que o Auto 40/2020, do 30 de abril, do Tribunal Constitucional, no seu fundamento xurídico cuarto, ao ponderar a relevancia das especiais circunstancias derivadas da crise sanitaria creada pola pandemia no exercicio do dereito de reunión, salientou como, ante a incerteza sobre as formas de contaxio, sobre o impacto real da propagación do virus, así como sobre as consecuencias a medio e longo prazo para a saúde das persoas que se viron afectadas, as medidas de distanciamento social, confinamento domiciliario e limitación extrema dos contactos e actividades grupais son as únicas que se teñen demostrado eficaces para limitar os efectos dunha pandemia de dimensións descoñecidas ata a data.

En particular, a medida da limitación das agrupacións de persoas, tanto en lugares de uso público coma privado, vai dirixida a previr ou, polo menos, restrinxir numericamente a participación en reunións familiares ou sociais nas cales cabe apreciar un maior risco de transmisión polas circunstancias en que se realizan, por existir unha maior confianza e relaxación das medidas de seguridade, xa que teñen lugar fóra de ambientes profesionais, laborais ou outros protocolizados en que se debe usar máscara e que se rodean doutras garantías que dificultan a transmisión e o contaxio.

Os establecementos de hostalaría e restauración son ambientes que favorecen os encontros entre persoas que comparten un mesmo espazo, con proximidade, e durante os cales se produce o consumo de alimentos ou bebidas e a consecuente necesidade de retirar a máscara nese momento.

Así, faise necesario velar polo cumprimento das medidas na totalidade dos locais de hostalaría da nosa Comunidade, dado o seu carácter de lugares de convivencia e interacción social, e establecer controis por parte dos corpos de inspección sanitarios e polos corpos e forzas de seguridade que operan en Galicia.

En efecto, na situación actual, na cal existe unha taxa de incidencia que se considera relevante en canto ao risco de infección, resulta imprescindible manter as medidas, tenden-



tes en definitiva a limitar a interacción social e, polo tanto, a limitar os niveis de transmisión, con vistas a que se dean as condicións para unha apertura gradual, progresiva e segura.

III

Por outra banda, cómpre considerar a importancia socioeconómica deste sector en Galicia e a súa contribución ao PIB galego e ao mantemento dos niveis de ocupación, tendo en conta que na nosa Comunidade existen case 23.000 restaurantes, bares e establecementos de aloxamento.

O impacto da crise sanitaria no sector é tamén proporcional á súa importancia económica, polo que as medidas preventivas provocadas pola situación epidemiolóxica teñen un impacto directo e significativo na súa actividade e proxección.

A Xunta de Galicia, consciente da importancia do sector e da necesidade de manter a súa viabilidade, ten acordado cos representantes do sector hostaleiro de Galicia un compromiso de reactivación segura que se fundamentará en tres piares básicos: acadar a máxima seguridade no acceso aos establecementos, o máximo seguimento de posibles gromos e posibilitar o máximo control no cumprimento das disposicións sanitarias vixentes.

Para tal efecto, e co obxectivo de garantir a máxima seguridade tanto para as persoas traballadoras coma para as persoas usuarias, cómpre incidir no control dos niveis de ocupación e na necesidade de manter en todo momento as normas hixiénico-sanitarias básicas de limpeza de mans e superficies, nas distancias de seguridade interpersoal, no uso de máscara e na limitación dos tempos de contacto.

Ao mesmo tempo, cómpre establecer mecanismos que faciliten un rápido e eficaz rastrexo dos contactos no caso de detección de positivos, para a contención da propagación da enfermidade entre o resto das persoas traballadoras e usuarias.

Todo isto debe completarse tamén coa necesaria información que debe transmitirse ás persoas usuarias en relación coas capacidades dos locais e cos niveis de ocupación, tanto no interior como no exterior, lembrándolles en todo momento a necesidade de observar as medidas básicas de prevención, como xa temos manifestado.

Por tales motivos, ditouse a Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen as actuacións necesarias para a posta en marcha do Plan de hostalaría segura da Comuni-



dade Autónoma de Galicia, na cal se conteñen as medidas necesarias para garantir unha apertura progresiva e segura do sector hostaleiro.

Desde a súa posta en marcha, téñense establecido canles de colaboración permanentes co sector, non só para garantir o cumprimento adecuado das medidas acordadas, senón tamén para ter información fluída sobre o impacto destas nos establecementos, co obxecto de posibilitar a realización dos axustes necesarios, facendo compatibles o mantemento dos niveis de seguridade necesarios e as necesidades e dúbidas dos operadores na súa posta en marcha e aplicación diaria.

Froito desta colaboración, xurdiron algúns mecanismos que cómpre axustar e outros aspectos que precisan de maior aclaración.

Neste sentido, a presente orde pretende abordar unha modificación puntual en relación coa eliminación do requisito da entrega de códigos QR personalizados, así como a eficacia demorada das disposicións modificativas que incidan nos niveis de ocupación ou nos mecanismos ou ferramentas de control destes.

IV

As medidas que se adoptan nesta orde teñen o seu fundamento normativo na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 e 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para adoptar as medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica existente, no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, coa urxencia que a protección da saúde pública demanda.

Na súa virtude, en aplicación do punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transi-



ción cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. Modificación da Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen as actuacións necesarias para a posta en marcha do Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia

Un. Modifícase o punto sétimo da Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen as actuacións necesarias para a posta en marcha do Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia, suprimindo a alínea terceira, polo que queda redactado como segue:

«Sétimo. *Rastrexabilidade*

1. A persoa titular do establecemento obterá un código QR na páxina web:

<https://coronavirus.sergas.gal/>

2. A través da aplicación da Xunta de Galicia Passcovid, os usuarios do establecemento poderán rexistrar a súa presenza nel mediante a captura do código QR, o cal axudará a detectar posibles concentracións de contaxios con maior rapidez».

Dous. Modifícase o número 2 do punto quinto da Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen as actuacións necesarias para a posta en marcha do Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado como segue:

«2. A persoa responsable do establecemento virá obrigada a manter actualizada esta información cada vez que se produza un cambio no nivel de restricións aplicables ao ámbito territorial en que se atope o local, tanto na capacidade interior coma na exterior. Para estes efectos, disporán dun prazo de 3 días contados desde a data da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* para actualizar esta información».

Segundo. Eficacia

As medidas previstas nesta orde terán efectos a partir das 00.00 do 19 de marzo de 2021. En cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas previstas nesta orde serán obxecto de seguimento e avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

Santiago de Compostela, 17 de marzo de 2021

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade



I. DISPOSICIÓN XERAIS**PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA**

DECRETO 45/2021, do 17 de marzo, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

I

A expansión do coronavirus COVID-19 xerou unha crise sanitaria sen precedentes recentes. Así, tras a elevación pola Organización Mundial da Saúde da situación de emerxencia de saúde pública pola dita causa a nivel de pandemia internacional e a adopción, por algunhas comunidades autónomas como a galega, de medidas de prevención, mediante o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, declarouse o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, declaración que afectou todo o territorio nacional, cunha duración inicial de quince días naturais, pero que foi obxecto de sucesivas prórrogas autorizadas polo Congreso dos Deputados.

O levantamento dese estado de alarma, con todo, non puxo fin á crise sanitaria, o que xustificou a adopción de medidas como as previstas, no ámbito estatal, no Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, así como as medidas de prevención que foron adoptando as diferentes comunidades autónomas. En concreto, no caso da Comunidade Autónoma de Galicia, a resposta á crise sanitaria foi, fundamentalmente, ademais do mantemento da declaración de situación de emerxencia sanitaria efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, a adopción, ao abeiro da lexislación sanitaria, ordinaria e orgánica, de medidas de prevención tanto de carácter xeral, para todo o territorio autonómico, como, de maneira específica, a través de diferentes ordes da persoa titular da Consellería de Sanidade, en atención á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

Mediante o Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, declarouse o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. Esa declaración afectou todo o territorio nacional e a súa duración inicial estendíase, conforme o disposto no seu artigo 4, ata as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020.



Conforme o artigo 2 do dito real decreto, para os efectos do estado de alarma, a autoridade competente será o Goberno da Nación. En cada comunidade autónoma e cidade con estatuto de autonomía, a autoridade competente delegada será quen desempeñe a presidencia da comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía, nos termos establecidos no real decreto. As autoridades competentes delegadas quedan habilitadas para ditaren, por delegación do Goberno da Nación, as ordes, resolucións e disposicións para a aplicación do previsto nos artigos 5 ao 11 do real decreto, sen que para iso sexa preciso tramitar ningún procedemento administrativo, nin será de aplicación o previsto no segundo parágrafo do artigo 8.6 e no artigo 10.8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

En concreto, o artigo 6 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, prevé que a autoridade competente delegada que corresponda poderá limitar a entrada e saída de persoas no territorio de cada comunidade autónoma ou en ámbitos territoriais de carácter xeograficamente inferiores á comunidade autónoma, coas excepcións previstas no artigo 6.1.

Pola súa banda, o artigo 7 do mesmo texto normativo dispón que a permanencia de grupos de persoas en espazos de uso público, tanto pechados como ao aire libre, quedará condicionada a que non se supere o número máximo de seis persoas, salvo que se trate de conviventes, e sen prexuízo das excepcións que se establezan en relación con dependencias, instalacións e establecementos abertos ao público. A permanencia de grupos de persoas en espazos de uso privado quedará condicionada a que non se supere o número máximo de seis persoas, salvo que se trate de conviventes. No caso das agrupacións en que se inclúan tanto persoas conviventes como persoas non conviventes, o número máximo será de seis persoas. Conforme o artigo 9, a eficacia desta medida nunha comunidade autónoma producirase cando a autoridade competente delegada o determine. Ademais, o artigo 7 recolle a posibilidade de que a autoridade competente delegada correspondente determine, no seu ámbito territorial, en vista da evolución dos indicadores sanitarios, epidemiolóxicos, sociais, económicos e de mobilidade, logo de comunicación ao Ministerio de Sanidade e de acordo co previsto no artigo 13, que o número máximo sexa inferior a seis persoas, salvo que se trate de conviventes. Así mesmo, as autoridades competentes delegadas poderán, no seu ámbito territorial, establecer excepcións respecto das persoas menores ou dependentes, así como calquera outra flexibilización da limitación.

De acordo co artigo 8 do real decreto, a autoridade competente delegada poderá limitar a permanencia de persoas en lugares de culto mediante a fixación de limitación de capacidade para reunións, celebracións e encontros relixiosos, atendendo ao risco de transmi-



sión que poida resultar dos encontros colectivos, sen que tal limitación poida afectar, en ningún caso, o exercicio privado e individual da liberdade relixiosa.

E, conforme o artigo 10 da norma, a autoridade competente delegada en cada comunidade autónoma poderá, no seu ámbito territorial, en vista da evolución dos indicadores sanitarios, epidemiolóxicos, sociais, económicos e de mobilidade, logo de comunicación ao Ministerio de Sanidade, e de acordo co previsto no artigo 13, modular, flexibilizar e suspender a aplicación das medidas previstas nos artigos 6, 7 e 8, co alcance e ámbito territorial que determine.

O 29 de outubro de 2020, o Congreso dos Deputados autorizou a prórroga do estado de alarma ata o 9 de maio de 2021. Conforme o artigo 2 do Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, a prórroga establecida no dito real decreto estenderase desde as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020 ata as 00.00 horas do día 9 de maio de 2021, e someterase ás condicións establecidas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, e nos decretos que, se é o caso, se adopten en uso da habilitación conferida pola disposición derradeira primeira do citado Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, sen prexuízo do establecido nas disposicións que recolle o propio real decreto de prórroga.

En consecuencia, durante a vixencia do estado de alarma e da súa prórroga, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, deberán adoptarse na condición de autoridade competente delegada, nos termos previstos no dito real decreto e no real decreto de prórroga.

Non obstante, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, non esgotan todas as que se poden adoptar para facer fronte á crise sanitaria. Neste sentido, como prevé expresamente o seu artigo 12, cada Administración conservará as competencias que lle outorga a lexislación vixente, así como a xestión dos seus servizos e do seu persoal, para adoptar as medidas que considere necesarias, sen prexuízo do establecido no real decreto.

Polo tanto, como destaca a propia exposición de motivos do real decreto, durante a vixencia do estado de alarma as administracións sanitarias competentes en saúde pública, no non previsto nesa norma, deberán continuar adoptando as medidas necesarias para afrontar a situación de emerxencia de saúde pública ocasionada pola COVID-19, conforme a lexislación sanitaria, en particular, a Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas



especiais en materia de saúde pública; a Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, e a Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, así como a normativa autonómica correspondente.

II

Neste contexto normativo derivado do estado de alarma vixente, e ante a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia, ditouse o Decreto 179/2020, do 4 de novembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

Posteriormente, ante a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia, ditáronse o Decreto 202/2020, do 3 de decembro, o Decreto 8/2021, do 26 de xaneiro, e o Decreto 31/2021, do 25 de febreiro, do presidente da Xunta de Galicia, polos que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

Estes decretos foron obxecto de diversas modificacións, para manter as medidas adaptadas á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria da Comunidade Autónoma.

III

Por outra banda, ante a proximidade da ponte de San Xosé e Semana Santa, o día 10 de marzo tivo lugar o Pleno do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, no cal se acordaron unha serie de medidas e recomendacións que foron declaradas polo Ministerio de Sanidade, mediante Orde comunicada do 11 de marzo de 2021, como actuacións coordinadas en saúde pública conforme o establecido no artigo 65 da Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema nacional de saúde, e que teñen por obxecto responder á situación de especial risco de transmisión da COVID-19 derivada do incremento da mobilidade da poboación e do aumento das celebracións, agrupacións e reunións de persoas durante os festivos indicados. O Acordo do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde foi publicado mediante a Resolución do 11 de marzo de 2021, da Secretaría de Estado de Sanidade (BOE do 12 de marzo).



Cabe destacar que, de acordo co número 2 do artigo 65 da Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema nacional de saúde, as medidas contidas na declaración de actuacións coordinadas polo Ministerio de Sanidade resultan de obrigado cumprimento e, polo tanto, deben ser asumidas polas comunidades autónomas aínda que no propio acordo se determina que lles corresponde ás propias comunidades ou cidades autónomas, nas cales estean en vigor medidas máis restritivas que as recollidas no dito acordo, decidir sobre a conveniencia de flexibilizalas ou non «tendo en conta que iso suporía unha modificación dos hábitos establecidos ata agora e que está a cumprir a cidadanía».

A evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria permite no momento actual que, ao abeiro do marco normativo derivado do estado de alarma, o presidente da Comunidade Autónoma adopte novas medidas na condición de autoridade competente delegada, sen prexuízo das que, de modo complementario e compatible con elas, adopte con esta mesma data a persoa titular da Consellería de Sanidade en exercicio das súas competencias como autoridade sanitaria autonómica, e respectando, en todo caso, as medidas obrigatorias recollidas no Acordo do Consello Interterritorial de Saúde.

Debe terse en conta que o Acordo do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde se refire só a medidas que se deben aplicar durante o período comprendido entre o 17 e o 21 de marzo de 2021 naqueles territorios en que sexa festivo o día 19 de marzo, e desde o 26 de marzo ao 9 de abril de 2021. Porén, debe terse en conta que a opción que se adopta neste decreto é a de non establecer excepcións ás medidas ou aprobar medidas concretas para determinados períodos de tempo considerados festivos, polo que se aproban medidas xerais, adaptadas á situación epidemiolóxica actual, sen distinguir entre festividades.

De acordo co Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 17 de marzo de 2021, obsérvase o seguinte:

O número reprodutivo instantáneo (R_t), que indica o número de contaxios orixinados por un caso activo, segue a manterse por debaixo de 1 desde o 29 de xaneiro, o que indica unha diminución na transmisión da infección. Non obstante, está a achegarse cada vez máis ao 1 e o seu intervalo de confianza superior está a superalo nestes últimos días. As áreas de Ferrol e Lugo xa superaron o 1 e o resto das áreas están próximas, e algunhas co seu intervalo de confianza superior por riba do 1.

Do total de concellos de Galicia (313), 140 non notificaron casos nos últimos 14 días. O número de concellos sen casos nos últimos 7 días foi de 182. Isto supón un aumento en 2 concellos a 7 días e en 5 concellos en 14 días.



Entre o 5 e o 11 de marzo realizáronse 67.648 probas diagnósticas de infección activa polo virus SARS-CoV-2 (46.659 PCR e 20.989 test de antíxeno) cunha porcentaxe de positividade a sete días do 2,06, practicamente sen variación con respecto á de entre o 2 e o 8 de marzo, que era do 1,78 %.

A incidencia acumulada a 7 e 14 días é de 36 e 78 casos por cen mil habitantes, respectivamente, valores inferiores aos observados hai 7 días, que eran de 42 e 96 casos por cen mil habitantes, respectivamente (descenso do 14,3 % a 7 días e do 18,8 % a 14 días).

A tendencia diaria mostra, desde o 28 de decembro, tres tramos, un deles con tendencia oposta, primeiro crecente a un ritmo do 6,8 % ata o 22 de xaneiro, e despois unha primeira decrecente cunha porcentaxe de cambio diario de -6,4 %, e outro, cun descenso máis lento, cunha porcentaxe de cambio diaria de -1,7 %.

Nas áreas sanitarias as taxas de incidencia a 14 días seguen a diminuír con respecto a hai 7 días. Ningunha das áreas presenta taxas a 14 días con valores superiores aos 250 casos por 100.000 habitantes nin taxas a 7 días superiores aos 100 casos por 100.000 habitantes. Concretamente, as taxas a 14 días das áreas están entre os 43,89 casos por cada cen mil habitantes de Santiago e os 148,56 da Coruña.

No que respecta á hospitalización dos casos COVID-19, a media de pacientes COVID-19 en hospitalización de agudos nos últimos 7 días foi de 206, o que significa un descenso do -20 % con respecto a hai sete días. A taxa de pacientes COVID-19 en hospitalización de agudos é de 9,1 ingresados por 100.000 habitantes, cun descenso, tamén, do -20 % con respecto a hai 7 días. En canto aos ingresos COVID-19 nas unidades de críticos (UCI) nos últimos 7 días, a media foi de 67 e a taxa a 7 días de ingresados nas UCI é de 2,5 ingresados por 100.000 habitantes, o que supón un descenso do -15,9 % con respecto a hai sete días, tanto na media como na taxa.

Nos concellos con poboación igual ou maior de 10.000 habitantes (54), ningún deles presentou unha taxa de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes, mentres que nos concellos de menos de 10.000 habitantes (259), 9 presentan unha taxa de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes, 2 menos que no informe do 9 de marzo. Acádanse taxas de incidencia iguais ou maiores a 500 casos por cen mil habitantes en 2 destes concellos.

Segundo os datos reflectidos neste informe, o cambio na tendencia da taxa de incidencia segue a manterse en descenso, superado o cumio da onda o 22 de xaneiro. Non obstante, obsérvase un aumento da Rt, aínda que no global de Galicia non chegou a 1.



O modelo de predición mostra que a onda está nun lixeiro aumento, pero os seus intervalos de confianza son moi amplos, polo que non se pode predicir ben a súa evolución nos próximos sete e catorce días. A información do modelo hai que tomala con cautela, xa que parte exclusivamente dos casos e non ten en conta as medidas de restrición que se están a tomar.

A taxa de incidencia a 14 días, no global de Galicia, segue por debaixo dos 100 casos por cen mil habitantes ($c/10^5h$), sen ningunha área cunha incidencia superior aos 250 casos por cen mil habitantes. A taxa de incidencia a 14 días máis elevada segue a ser a da Área Sanitaria da Coruña.

No que atinxe aos concellos de máis de 10.000 habitantes, hai 0 concellos con taxas de incidencia iguais ou superiores a $250 c/10^5h$. Nos de menos de 10.000, hai 9 concellos que superan unha taxa de incidencia de $250 c/10^5h$, con 2 deles cunha taxa a 14 días superior aos 500 casos por cada cen mil habitantes.

O feito de que estea a circular cada vez máis a cepa británica pode influír nun aumento da transmisión.

A ocupación por pacientes COVID-19 na hospitalización de agudos e unidades de coidados críticos segue a diminuír con respecto á de hai sete días. Non obstante, hai que manter a precaución, xa que un incremento na incidencia pode comprometer esta evolución.

O criterio utilizado para aplicar os niveis de restrición aos concellos, ademais do da situación sanitaria, é o da taxa de incidencia segundo os casos por cada cen mil habitantes a 14 días, situando o nivel máximo na cifra de 500. Así mesmo, co obxecto de reaccionar con rapidez e eficacia fronte aos gromos, utilízase tamén como criterio o da taxa de incidencia a 7 días. A análise da situación de cada concello complétase coa consideración de criterios demográficos, pois debe terse en conta que, en concellos de escasa poboación, poucos casos poden dar lugar a taxas moi elevadas que deben ser postas no debido contexto, e co estudo por parte dos servizos de saúde pública e do comité ou do subcomité clínico das características específicas de cada gromo.

En conclusión, os datos recollidos no informe permiten constatar que, en liñas xerais, a situación epidemiolóxica segue mellorando, o que amosa, inequivocamente, a eficacia das medidas adoptadas, pero non se debe esquecer que nos atopamos nun contexto de desescalada que debe ser gradual, progresiva e segura, guiada polo principio de prudencia, para evitar así comprometer os logros acadados. Galicia conta cunha poboación espe-



cialmente envellecida e no noso territorio o virus circulou menos que noutros territorios do Estado, polo que existe un menor nivel de inmunidade natural, á espera de que o proceso de vacinación en marcha acade os resultados esperados. A presión hospitalaria, aínda que vai descendendo, segue a ser alta, cun elevado número de persoas ingresadas nas UCI, que aínda debe baixar máis. Resulta imprescindible ser cautelosos e consolidar no tempo as medidas adoptadas recentemente, de tal xeito que sexa posible ir analizando e reaccionando fronte aos efectos que delas deriven.

En particular, debido ás súas taxas a 7 e/ou 14 días, o informe recomenda manter aos concellos de Paradela, da Área Sanitaria de Lugo, e de Vilardevós, da Área Sanitaria de Ourense, no nivel máximo de restrición. Así mesmo, igualmente debido á súa taxa a 7 e 14 días, e posto que os casos a 7 días representan a maioría dos casos a 14 días, o informe recomenda elevar ao nivel máximo de restrición o concello de Maside, da Área Sanitaria de Ourense.

Por conseguinte, á vista do indicado no citado informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, e tras escoitar as recomendacións do comité clínico reunido para estes efectos, a situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia permite a adopción das seguintes medidas:

a) Limitacións á entrada e saída de persoas no ámbito territorial de determinados concellos en que a situación epidemiolóxica presenta unha maior gravidade, agás certas excepcións, coa finalidade de controlar a transmisión da enfermidade e de conter a irradiación a outros lugares.

b) Limitación da permanencia de grupos de persoas, que terán que estar conformados unicamente por conviventes, en espazos de uso público e de uso privado, agás en determinados supostos excepcionais e xustificados, naqueles concellos en que tamén se establecen limitacións de entrada e saída do seu ámbito territorial individualmente considerado. No resto dos concellos da Comunidade Autónoma, sen prexuízo das excepcións establecidas, permítese a reunión de ata catro persoas en espazos pechados de uso público e de seis en espazos abertos de uso público, mentres que nos espazos de uso privado unicamente se poderán reunir conviventes. A medida de limitación de grupos resulta necesaria, adecuada e proporcionada para o fin perseguido, que non é outro que controlar e evitar a maior difusión dunha enfermidade altamente contaxiosa, respecto da cal a diferenza entre persoas enfermas e sas resulta difusa, dada a posible asintomatoloxía ou levidade dos síntomas e a existencia dun período no cal non hai indicios externos da enfermidade. En concreto, trátase de evitar especialmente aglomeracións ou encontros de carácter familiar ou social, co



fin de garantir o mantemento da distancia de seguridade e reducir o risco de contacto físico ou proximidade en condicións favorecedoras do contaxio. Debe lembrarse, neste sentido, que o Auto 40/2020, do 30 de abril de 2020, do Tribunal Constitucional, no seu fundamento xurídico cuarto, ao ponderar a relevancia das especiais circunstancias derivadas da crise sanitaria creada pola pandemia no exercicio do dereito de reunión, salientou como, ante a incerteza sobre as formas de contaxio, sobre o impacto real da propagación do virus, así como sobre as consecuencias a medio e longo prazo para a saúde das persoas que se viron afectadas, as medidas de distanciamento social, confinamento domiciliario e limitación extrema dos contactos e actividades grupais son as únicas que se teñen demostrado eficaces para limitar os efectos dunha pandemia de dimensións descoñecidas ata a data. En particular, a medida de limitación das agrupacións de persoas vai dirixida a previr ou, polo menos, restrinxir numericamente a participación en reunións familiares ou sociais nas cales cabe apreciar un maior risco de transmisión polas circunstancias en que se realizan, por existir unha maior confianza e relaxación das medidas de seguridade, xa que teñen lugar fóra de ambientes profesionais, laborais ou outros protocolizados en que se debe usar máscara e que se rodean doutras garantías que dificultan a transmisión e o contaxio. Procede insistir, ademais, en que a medida de limitación de grupos non é absoluta, senón que seguirá estando matizada por unha serie de importantes excepcións.

c) Limitación da permanencia de persoas en lugares de culto de tal xeito que non se supere o cincuenta por cento da súa capacidade con carácter xeral no territorio da Comunidade Autónoma, ben que se prevé unha limitación do trinta por cento da súa capacidade nos concellos en que a situación epidemiolóxica presenta maior gravidade. Trátase así de evitar concentracións de persoas e de manter a coherencia cos límites de capacidade que se establecen para outras actividades, co fin de previr e reducir o risco de transmisión.

d) Limitación da mobilidade nocturna no período comprendido entre as 22.00 e as 6.00 horas, durante o cal soamente se poderá circular polas vías e polos espazos públicos para a realización de determinadas actividades.

e) Limitación da entrada e saída de persoas do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia coa finalidade de evitar desprazamentos de poboación, salvo nos supostos adecuadamente xustificadas que se produzan por algún dos motivos previstos no número 2 do punto primeiro deste decreto, e sen prexuízo da circulación en tránsito prevista no número 3 do mesmo punto primeiro. De acordo co artigo 9 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, dado que o peche perimetral pretendido afecta a fronteira terrestre cun terceiro Estado, comunicárase a adopción da medida, con carácter previo, ao Ministerio do Interior e ao Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación.



f) Como excepción ás limitacións de entrada e saída de persoas do ámbito territorial de cada un dos concellos galegos e de permanencia en grupos constituídos soamente por conviventes, mantense a posibilidade de levar a cabo accións de caza colectiva sobre as especies cinxéticas do xabril e do lobo nos supostos expresamente recollidos no punto sexto do Decreto 8/2021, do 26 de xaneiro. Por último, cómpre indicar que estas medidas terán efecto a partir das 00.00 horas do día 26 de febreiro de 2021.

En cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, estas serán obxecto de seguimento e de avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria, para os efectos, de ser necesario, da súa modificación ou levantamento.

IV

Tendo en conta o indicado, a situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia determina que procede ditar un novo decreto en que se adapten as medidas existentes á indicada situación.

De acordo co exposto, por proposta do conselleiro de Sanidade, e na condición de autoridade competente delegada, por delegación do Goberno da Nación, conforme o disposto nos artigos 2, 5, 6, 7, 8, 9 e 10 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2,

DISPOÑO:

Primeiro. *Limitacións da entrada e saída de persoas en determinados ámbitos territoriais*

1. Quedan restrinxidas a entrada e a saída de persoas do ámbito territorial de cada un dos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, considerados individualmente, que se relacionan no anexo.

2. Quedan exceptuados das anteriores limitacións aqueles desprazamentos, adecuadamente xustificadas, que se produzan por algún dos seguintes motivos:

- a) Asistencia a centros, servizos e establecementos sanitarios.
- b) Cumprimento de obrigas laborais, profesionais, empresariais, institucionais, sindicais e de representación de traballadores ou legais.



c) Asistencia a centros universitarios, docentes e educativos, incluídas as escolas de educación infantil.

d) Retorno ao lugar de residencia habitual ou familiar.

e) Asistencia e coidado, incluído o acompañamento, a maiores, menores, dependentes, persoas con discapacidade ou persoas especialmente vulnerables.

f) Desprazamento a entidades financeiras e de seguros ou estacións de servizo en territorios limítrofes.

g) Actuacións requiridas ou urxentes ante os órganos públicos, xudiciais ou notariais.

h) Renovacións de permisos e documentación oficial, así como outros trámites administrativos inaprazables.

i) Realización de exames ou probas oficiais inaprazables.

j) Coidado de hortas e animais.

k) Asistencia a academias, autoescolas e centros privados de ensino non regrado e centros de formación.

l) Desprazamento a establecementos comerciais polo miúdo de alimentación, bebidas, produtos e bens de primeira necesidade en territorios limítrofes cando non exista alternativa no propio concello.

m) Por causa de forza maior ou situación de necesidade.

n) Adestramentos ou competicións de ámbito federado profesional ou non profesional permitidos pola Orde da Consellería de Sanidade, do 17 de marzo de 2021, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia. Para estes efectos, a Secretaría Xeral para o Deporte poderá establecer requisitos, condicións e limitacións aos desprazamentos correspondentes á actividade deportiva federada de ámbito autonómico.

ñ) Calquera outra actividade de análoga natureza, debidamente acreditada.



3. Non estará sometida a ningunha restrición a circulación en tránsito a través dos ámbitos territoriais sen que resulten de aplicación as limitacións previstas no número 1.

4. En todo caso, recoméndase limitar a mobilidade o máximo posible.

Segundo. *Limitación da permanencia de grupos de persoas en espazos públicos ou privados*

1. No territorio dos concellos que se relacionan no anexo, a permanencia de grupos de persoas en espazos de uso público, tanto pechados como abertos ou ao aire libre, e en espazos de uso privado quedará limitada aos constituídos exclusivamente por persoas conviventes. Polo tanto, permítense unicamente as reunións familiares, sociais e lúdicas, de carácter informal non regrado, das persoas que pertencen ao mesmo núcleo ou grupo de convivencia, con independencia de que se desenvolvan ao aire libre, e no ámbito público ou privado, en locais pechados ou vehículos privados particulares.

2. No territorio dos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia non incluídos no punto anterior limitarase a permanencia de grupos de persoas a un máximo de catro en espazos pechados de uso público e de seis en espazos abertos ou ao aire libre de uso público. En espazos de uso privado, a permanencia de grupos de persoas quedará limitada aos constituídos exclusivamente por persoas conviventes.

3. As limitacións establecidas nos puntos anteriores exceptúanse nos seguintes supostos e situacións:

a) As persoas que viven soas, que poderán formar parte dunha única unidade de convivencia ampliada. Cada unidade de convivencia pode integrar soamente unha única persoa que viva soa.

b) A reunión de persoas menores de idade cos seus proxenitores, no caso de que estes non convivan no mesmo domicilio.

c) A reunión de persoas con vínculo matrimonial ou de parella cando estes vivan en domicilios diferentes.

d) A reunión para o coidado, a atención, a asistencia ou o acompañamento a persoas menores de idade, persoas maiores ou dependentes, con discapacidade ou especialmente vulnerables.



e) No caso de actividades laborais, institucionais, empresariais, profesionais, sindicais, de representación de traballadores e administrativas, actividades en centros universitarios, educativos, de formación e ocupacionais, así como no caso da práctica do deporte federado, sempre que se adopten as medidas previstas nos correspondentes protocolos de funcionamento.

f) As actividades previstas no anexo da Orde da Consellería de Sanidade, do 17 de marzo de 2021, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, respecto das cales se prevexa a posibilidade de grupos de persoas que non sexan conviventes.

g) Por causa de forza maior ou situación de necesidade.

4. En todo caso, recoméndase restrinxir ao máximo a interacción social e que os encontros queden limitados unicamente á unidade de convivencia.

Terceiro. *Limitacións á permanencia de persoas en lugares de culto*

1. Na Comunidade Autónoma de Galicia, a asistencia a lugares de culto non poderá superar o cincuenta por cento da súa capacidade, salvo nos concello recollidos no anexo, en que non poderá superar o terzo da súa capacidade. Deberá garantirse, en todo caso, o mantemento da distancia de seguridade de 1,5 metros entre as persoas asistentes. A capacidade máxima deberá publicarse en lugar visible do espazo destinado ao culto.

2. Deberán establecerse medidas para ordenar e controlar as entradas e saídas aos lugares de culto para evitar aglomeracións e situacións que non permitan cumprir coa distancia de seguridade.

3. As limitacións previstas nos números anteriores non poderán afectar en ningún caso o exercicio privado e individual da liberdade relixiosa.

Cuarto. *Limitación da mobilidade nocturna*

Tendo en conta a evolución epidemiolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia, e de conformidade co previsto no artigo 5 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, durante o período comprendido entre as 22.00 e as 6.00 horas as per-



soas unicamente poderán circular polas vías ou espazos de uso público para realizaren as seguintes actividades:

- a) Adquisición de medicamentos, produtos sanitarios e outros bens de primeira necesidade.
- b) Asistencia a centros, servizos e establecementos sanitarios.
- c) Asistencia a centros de atención veterinaria por motivos de urxencia.
- d) Cumprimento de obrigas laborais, profesionais, empresariais, institucionais ou legais.
- e) Retorno ao lugar de residencia habitual, tras realizar algunhas das actividades previstas neste punto.
- f) Asistencia e coidado a maiores, menores, dependentes, persoas con discapacidade ou persoas especialmente vulnerables.
- g) Por causa de forza maior ou situación de necesidade.
- h) Calquera outra actividade de análoga natureza, debidamente acreditada.
- i) Abastecemento en gasolineras ou estacións de servizo, cando resulte necesario para a realización das actividades previstas nos parágrafos anteriores.

Quinto. *Limitación temporal da entrada e saída de persoas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia*

1. Establécese unha limitación de entrada e saída na Comunidade Autónoma de Galicia, salvo para aqueles desprazamentos, adecuadamente xustificados, que se produzan por algún dos motivos previstos no número 4 do punto primeiro deste decreto.

2. En particular, as persoas desprazadas a Galicia deberán cumprir o establecido na Orde do 27 de xullo de 2020 pola que se establecen medidas de prevención para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, en relación coa chegada á Comunidade Autónoma de Galicia de persoas procedentes doutros territorios, polo que as persoas que cheguen á Comunidade Autónoma de Galicia despois de ter estado, dentro do período dos catorce días naturais anteriores á dita chegada, en territorios cunha alta incidencia da COVID-19 en comparación coa existente na Comunidade Autónoma, deberán comu-



nicar, no prazo máximo de 24 horas desde a súa chegada á Comunidade Autónoma de Galicia, os datos de contacto e de estadía na Comunidade Autónoma de Galicia na forma establecida na orde.

3. As persoas desprazadas a Galicia, unha vez que estean no lugar a que se despracen, deberán cumprir as limitacións de entrada e saída previstas, se é o caso, neste decreto, ademais do resto das medidas aplicables.

4. En todo caso, recoméndase evitar ou reducir a mobilidade xeográfica o máximo posible.

Sexto. *Actividade cinexética do xabaril e do lobo*

1. Quedan exceptuadas das limitacións á entrada e saída de persoas dos ámbitos territoriais previstos no punto primeiro, así como das restricións á permanencia de grupos de persoas en espazos públicos previstas no punto segundo, as accións de caza colectiva que se realicen exclusivamente sobre as especies cinexéticas do xabaril e do lobo, nos seguintes supostos:

a) Accións de caza sobre o xabaril de acordo coa planificación aprobada para a tempada de caza 2020/21 nos plans anuais de aproveitamento cinexético dos Tecor, e accións autorizadas especificamente en terreos de réxime cinexético común.

b) Accións de caza con ocasión de danos á agricultura ou á gandaría ocasionados polo xabaril e/ou o lobo, logo da súa comprobación por parte das xefaturas territoriais da consellería competente en materia de ambiente.

c) Accións de caza como consecuencia de accidentes graves de tráfico reiterados nun mesmo punto quilométrico.

2. En todo caso, durante o desenvolvemento destas accións de caza deberán cumprirse as condicións establecidas pola consellería competente en materia de ambiente, así como as medidas de prevención que adicionalmente poidan ser establecidas polas autoridades sanitarias.

Sétimo. *Eficacia, seguimento e avaliación*

A eficacia das medidas previstas neste decreto comezará ás 00.00 horas do día 19 de marzo de 2021.



Non obstante o anterior, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas deberán ser obxecto de seguimento e de avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria e para os efectos, de ser necesario, da súa modificación ou levantamento.

Oitavo. *Derrogación do Decreto 31/2021, do 25 de febreiro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2*

Queda derogado o Decreto 31/2021, do 25 de febreiro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

Noveno. *Recursos*

Contra este decreto poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, conforme os artigos 12.1.a) e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, dezasete de marzo de dous mil vinte e un

Alberto Núñez Feijóo
Presidente da Xunta de Galicia

ANEXO

Concellos en que son aplicables limitacións específicas de entrada e saída de persoas, de permanencia de grupos de persoas en espazos públicos ou privados e de permanencia en lugares de culto

1. Maside.
2. Paradela.
3. Vilardevós.



I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 17 de marzo de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

I

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto do dito acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderán ser obxecto de modificación ou supresión, mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade.

Así mesmo, indícase no dito punto sexto, na redacción vixente, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de acordo coa normativa aplicable e en vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou en parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación das medidas concretas contidas no anexo.

Mediante o Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, declarouse o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. Esta declaración



afectou todo o territorio nacional e a súa duración inicial estendeuse, conforme o disposto no seu artigo 4, ata as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020.

Conforme o artigo 2 dese real decreto, para os efectos do estado de alarma, a autoridade competente será o Goberno da Nación. En cada comunidade autónoma e cidade con estatuto de autonomía, a autoridade competente delegada será quen exerza a presidencia da comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía, nos termos establecidos no real decreto. As autoridades competentes delegadas quedan habilitadas para ditaren, por delegación do Goberno da Nación, as ordes, resolucións e disposicións para a aplicación do previsto nos artigos 5 ao 11 do real decreto, sen que para iso sexa precisa a tramitación de procedemento administrativo ningún, nin será de aplicación o previsto no segundo parágrafo do artigo 8.6 e no artigo 10.8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O 29 de outubro de 2020, o Congreso dos Deputados autorizou a prórroga do estado de alarma ata o día 9 de maio de 2021. Conforme o artigo 2 do Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, a prórroga establecida no dito real decreto estenderase desde as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020 ata as 00.00 horas do día 9 de maio de 2021, e someterase ás condicións establecidas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, e nos decretos que, se é o caso, se adopten en uso da habilitación conferida pola disposición derradeira primeira do citado Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, sen prexuízo do establecido nas disposicións que recolle o propio real decreto de prórroga.

En consecuencia, durante a vixencia do estado de alarma e da súa prórroga, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, deberán adoptarse, na condición de autoridade competente delegada, nos termos previstos no dito real decreto e no real decreto de prórroga.

Non obstante, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, non esgotan todas as que poden ser adoptadas para facer fronte á crise sanitaria. Neste sentido, como prevé expresamente o seu artigo 12, cada Administración conservará as competencias que lle outorga a lexislación vixente, así como a xestión dos seus servizos e do seu persoal, para adoptar as medidas que considere necesarias, sen prexuízo do establecido no real decreto.



Polo tanto, durante a vixencia do estado de alarma e das súas prórrogas, as medidas que sexa necesario adoptar para facer fronte, na Comunidade Autónoma, á crise sanitaria serán as que poida acordar, ao abeiro da normativa do estado de alarma, o presidente da Comunidade Autónoma, como autoridade competente delegada, e as complementarias que poidan adoptar, no exercicio das súas competencias propias, as autoridades sanitarias autonómicas e, entre elas, a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, ao abeiro do disposto no punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020 citado.

II

Sentado o anterior, no contexto normativo derivado do estado de alarma vixente e ante a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia, ditouse o Decreto 31/2021, do 25 de febreiro, polo que se adoptaron medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

Esas medidas debían ser complementadas, como indica o propio decreto, con outras que procede que adopte a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade no exercicio das súas competencias propias como autoridade sanitaria autonómica.

Estas medidas complementarias establecéronse mediante a Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia. Esta orde prevía que as medidas serían obxecto de revisión constante co obxecto de avaliar a situación e adecualas á incidencia real da epidemia.

Posteriormente, revisáronse as medidas acordadas, co obxecto de adecualas á situación epidemiolóxica, ditándose a Orde do 4 de marzo de 2021, que incluíu pequenas modificacións das medidas adoptadas e do anexo II da Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, a Orde do 5 de marzo de 2021 por medio da cal se modificou o anexo II da Orde do 25 de febreiro de 2021, a Orde do 10 de marzo de 2021 modificáronse diversos puntos do anexo I e do anexo II da Orde do 25 de febreiro do 2021 e finalmente a Orde do 12 de marzo de 2021 que modificou unicamente o anexo II.



Paralelamente, estas modificacións tiveron reflexo tamén nos decretos 39/2021, do 5 de marzo, e no Decreto 40/2001, do 10 de marzo, e no Decreto 41/2021, do 12 de marzo, polos que se modificou o Decreto 31/2021, do 25 de febreiro, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

Por outra banda, ante a proximidade da ponte de San Xosé e Semana Santa, o día 10 de marzo celebrouse o Pleno do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde no que se acordaron unha serie de medidas e recomendacións que foron declaradas polo Ministerio de Sanidade, mediante a Orde comunicada do 11 de marzo de 2021, como actuacións coordinadas en saúde pública conforme o establecido no artigo 65 da Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema nacional de saúde, e que teñen por obxecto responder á situación de especial risco de transmisión da COVID-19 derivada do incremento da mobilidade da poboación e do aumento das celebracións, agrupacións e reunións de persoas durante os festivos indicados. O Acordo do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde foi publicado pola Resolución do 11 de marzo de 2021, da Secretaría de Estado de Sanidade (BOE do 12 de marzo).

Cabe destacar que, de acordo co número 2 do artigo 65 da Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema nacional de saúde, as medidas contidas na declaración de actuacións coordinadas polo Ministerio de Sanidade resultan de obrigado cumprimento e, polo tanto, deben ser asumidas polas comunidades autónomas aínda que no propio acordo se determina que lles corresponde ás propias comunidades ou cidades autónomas nas que estean en vigor medidas máis restritivas que as previstas no devandito acordo, decidir sobre a conveniencia de flexibilizalas ou non «tendo en conta que iso suporía unha modificación dos hábitos establecidos ata agora e que están a cumprirse pola cidadanía».

III

En cumprimento do compromiso acadado en relación coa revisión das medidas acordadas, co obxecto de adecualas á situación epidemiolóxica, o 17 de marzo de 2021 reuniuse o comité clínico co obxecto de revisar a situación epidemiolóxica dos distintos concellos.



Así, o Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 17 de marzo de 2021, destaca os seguintes datos:

O número reprodutivo instantáneo (Rt), que indica o número de contaxios orixinados por un caso activo, segue a manterse por debaixo de 1 desde o 29 de xaneiro, o que indica unha diminución na transmisión da infección. Non obstante, está a achegarse cada vez máis ao 1 e o seu intervalo de confianza superior está a superalo nestes últimos días. As áreas de Ferrol e Lugo xa superaron o 1 e o resto de áreas están próximas e algunhas co seu intervalo de confianza superior por riba do 1.

Do total de concellos de Galicia (313), 140 non notificaron casos nos últimos 14 días. O número de concellos sen casos nos últimos 7 días foi de 182. Isto supón un aumento en 2 concellos a 7 días e en 5 concellos en 14 días.

Entre o 5 e o 11 de marzo, realizáronse 67.648 probas diagnósticas de infección activa polo virus SARS-CoV-2 (46.659 PCR e 20.989 test de antíxeno) cunha porcentaxe de positividade a sete días do 2,06, practicamente sen variación con respecto da de entre 2 e o 8 de marzo, que era do 1,78 %.

A incidencia acumulada a 7 e 14 días é de 36 e 78 casos por cen mil habitantes, respectivamente, valores inferiores aos observados hai 7 días, no que eran de 42 e 96 casos por cen mil habitantes, respectivamente (descenso do 14,3 % a 7 días e do 18,8 % a 14 días).

A tendencia diaria mostra, desde o 28 de decembro, tres tramos, un deles con tendencia oposta, primeiro crecente a un ritmo do 6,8 % ata o 22 de xaneiro e despois una primeira decrecente cunha porcentaxe de cambio diario de -6,4 % e outro, cun descenso máis lento, cunha porcentaxe de cambio diaria de -1,7 % .

Nas áreas sanitarias as taxas de incidencia a 14 días seguen a diminuír con respecto de hai 7 días. Ningunha das áreas presenta taxas a 14 días con valores superiores aos 250 casos por 100.000 habitantes nin taxas a 7 días superiores aos 100 casos por 100.000 habitantes. Concretamente, as taxas a 14 días das áreas están entre os 43,89 casos por cada cen mil habitantes de Santiago e os 148,56 da Coruña.

No que respecta á hospitalización dos casos COVID-19 a media de pacientes COVID-19 en hospitalización de agudos nos últimos 7 días foi de 206, o que significa un descenso do -20 % con respecto de hai sete días. A taxa de pacientes COVID-19 en hospitalización de agudos é de 9,1 ingresados por 100.000 habitantes, cun descenso, tamén, do -20% con



respecto de hai 7 días. En canto aos ingresos COVID-19 nas unidades de críticos (UCI) nos últimos 7 días, a media foi de 67 e a taxa a 7 días de ingresados nas UCI é de 2,5 ingresados por 100.000 habitantes, o que supón un descenso do -15,9 % con respecto de hai sete días, tanto na media como na taxa.

Nos concellos con poboación igual ou maior de 10.000 habitantes (54), ningún deles presentou unha taxa de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes, mentres que nos concellos de menos de 10.000 habitantes (259), 9 presentan unha taxa de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes, 2 menos que no informe do 9 de marzo. Acádanse taxas de incidencia iguais ou maiores a 500 casos por cen mil habitantes en 2 destes concellos.

Segundo os datos reflectidos neste informe, o cambio na tendencia da taxa de incidencia segue a manterse en descenso, superado o cumio da onda o 22 de xaneiro. Non obstante, obsérvase un aumento da R_t , aínda que no global de Galicia non chegou a 1.

O modelo de predición mostra que a onda está nun lixeiro aumento, pero os seus intervalos de confianza son moi amplos polo que non se pode predicir ben a súa evolución nos próximos sete e catorce días. A información do modelo hai que tomala con cautela, xa que parte exclusivamente dos casos e non ten en conta as medidas de restrición que se están a tomar.

A taxa de incidencia a 14 días, no global de Galicia, segue por debaixo dos 100 casos por cen mil habitantes ($c/10^5h$), sen ningunha área cunha incidencia superior os 250 casos por cen mil habitantes. A taxa de incidencia a 14 días máis elevada segue a ser a da Área Sanitaria da Coruña.

No que atinxe aos concellos de máis de 10.000 habitantes hai 0 concellos con taxas de incidencia iguais ou superiores a 250 $c/10^5h$. Nos de menos de 10.000 hai 9 concellos que superen unha taxa de incidencia de 250 $c/10^5h$, con 2 deles cunha taxa a 14 días superior aos 500 casos por cada cen mil habitantes.

O informe salienta, ademais, que o feito de que estea a circular cada vez máis a cepa británica pode influír nun aumento da transmisión.

A ocupación por pacientes COVID-19 na hospitalización de agudos e unidades de coidados críticos segue a diminuír con respecto á de hai sete días. Non obstante, hai que manter a precaución, xa que un incremento na incidencia pode comprometer esta evolución.

En conclusión, aínda que os datos recollidos no informe permiten constatar que, en liñas xerais, a situación epidemiolóxica segue mellorando, o que amosa, inequivocamente,



a eficacia das medidas adoptadas, non debe esquecerse que nos atopamos nun contexto de desescalada que debe ser gradual, progresiva e segura, guiada polo principio de prudencia, para evitar así comprometer os logros acadados. Galicia conta cunha poboación especialmente envellecida e no noso territorio o virus circulou menos que noutros territorios do Estado, polo que existe un menor nivel de inmunidade natural, á espera de que o proceso de vacinación en marcha acade os resultados esperados. A presión hospitalaria, aínda que vai descendendo, segue a ser alta, cun elevado número de persoas ingresadas nas UCI, que aínda debe baixar máis. Resulta imprescindible ser cautelosos e consolidar no tempo as medidas adoptadas recentemente, de tal xeito que sexa posible ir analizando e reaccionando fronte aos efectos que delas deriven.

O criterio utilizado para aplicar os niveis de restrición aos concellos, ademais do da situación sanitaria, é o da taxa de incidencia segundo os casos por cada cen mil habitantes a 14 días, situando o nivel medio baixo por debaixo de 150, o medio entre 150 e por debaixo de 250, o alto entre 250 e por debaixo de 500, e o máximo na cifra de 500. Así mesmo, co obxecto de reaccionar con rapidez e eficacia fronte aos gromos, utilízase tamén como criterio o da taxa de incidencia a 7 días. A análise da situación de cada concello prevese coa consideración de criterios demográficos, pois debe terse en conta que en concellos de escasa poboación poucos casos poden dar lugar a taxas moi elevadas que deben ser postas no debido contexto, e co estudo polos servizos de saúde pública e o Comité ou o Subcomité Clínico das características específicas de cada brote.

Así, á vista da situación epidemiolóxica de Galicia e da evolución da COVID-19, e logo da reunión do comité clínico, propónse manter no nivel máximo de restricións aos concellos de Paradela, Vilardevós e Maside. En efecto, debido ás súas taxas a 7 e/ou 14 días, acórdase manter aos concellos de Paradela da Área Sanitaria de Lugo, e o Vilardevós, da Área Sanitaria de Ourense, no nivel máximo de restrición. Ademais, igualmente debido á súa taxa a 7 e 14 días e, posto que os casos a 7 días representan a maioría dos casos a 14 días, aumentaría do nivel medio actual ao nivel máximo de restrición o concello de Maside da Área Sanitaria de Ourense.

Así mesmo, aproveitase para adaptar algunhas das medidas adoptadas na Orde do 25 de febreiro de 2021 á situación e evolución epidemiolóxica logo dos datos indicados no citado informe e da análise realizada polo comité clínico.

En conclusión, aínda que os datos recollidos no informe permiten constatar que, en liñas xerais, a situación epidemiolóxica segue mellorando, o que amosa, inequivocamente, a eficacia das medidas adoptadas, non debe esquecerse que nos atopamos nun contexto



de desescalada que debe ser gradual, progresiva e segura, guiada polo principio de prudencia, para evitar así comprometer os logros acadados. Galicia conta cunha poboación especialmente envellecida e no noso territorio o virus circulou menos que noutros territorios do Estado, polo que existe un menor nivel de inmunidade natural, á espera de que o proceso de vacinación en marcha acade os resultados esperados. A presión hospitalaria, aínda que vai descendendo, segue a ser alta, cun elevado número de persoas ingresadas nas UCI, que aínda debe baixar máis. Resulta imprescindible ser cautelosos e consolidar no tempo as medidas adoptadas recentemente, de tal xeito que sexa posible ir analizando e reaccionando fronte aos efectos que delas deriven.

Por conseguinte, en vista do indicado no citado informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, e tras escoitar as recomendacións do comité clínico reunido para estes efectos, coa situación epidemiolóxica e sanitaria da Comunidade Autónoma de Galicia óptase por manter, con carácter xeral, o modelo de limitacións que se viñan aplicando ata o momento, aínda que adaptadas á evolución da situación nos diferentes ámbitos territoriais da Comunidade Autónoma nestes últimos días desde a anterior revisión. Con esta finalidade, actualízase o anexo da orde no cal se relacionan os concellos da Comunidade Autónoma aos cales lles son de aplicación as diferentes limitacións.

Debe insistirse, en particular, en que as medidas resultan adecuadas e eficaces de acordo cos datos expostos sobre a evolución da situación epidemiolóxica e, polo tanto, útiles para conseguir o fin proposto de protección da saúde pública, na espera de que a campaña de vacinación acade os resultados que se perseguen. Debe ponderarse que aínda non estamos en niveis de transmisión que se poidan entender de risco baixo. Así mesmo, debe manterse a protección do sistema sanitario, que soporta niveis altos de ocupación, sobre todo en determinadas áreas sanitarias. As medidas de limitación de determinadas actividades resultan necesarias, adecuadas e proporcionadas para o fin perseguido, que non é outro que controlar e evitar a maior difusión dunha enfermidade altamente contaxiosa, respecto da cal a diferenza entre persoas enfermas e sas resulta difusa, dada a posible asintomatoloxía ou levidade dos síntomas e a existencia dun período no cal non hai indicios externos da enfermidade. En concreto, trátase de evitar especialmente aglomeracións ou encontros entre persoas, co fin de garantir o mantemento da distancia de seguridade e reducir o risco de contacto físico ou proximidade en condicións favorecedoras do contaxio. Debe lembrarse, neste sentido, que o Auto 40/2020, do 30 de abril de 2020, do Tribunal Constitucional, no seu fundamento xurídico cuarto, ao ponderar a relevancia das especiais circunstancias derivadas da crise sanitaria creada pola pandemia no exercicio do dereito de reunión, salientou como, ante a incerteza sobre as formas de contaxio, sobre o impacto real da propagación do virus, así como sobre as consecuencias a medio e longo prazo para



a saúde das persoas que se viron afectadas, as medidas de distanciamento social e de limitación extrema dos contactos e actividades grupais son as únicas que se teñen demostrado eficaces para limitar os efectos dunha pandemia de dimensións descoñecidas ata a data. Deste modo, as medidas de limitación de determinadas actividades van dirixidas a limitar os contactos e a interacción social e, polo tanto, a transmisión da enfermidade, en situacións nas cales cabe apreciar un maior risco polas circunstancias en que se realizan, especialmente en lugares pechados.

Tendo en conta o exposto, e tras escoitar as recomendacións do comité clínico reunido para estes efectos e visto o informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, procede reiterar as medidas xa aprobadas na anterior Orde do 25 de febreiro coas modificacións e na redacción dada na presente orde.

IV

As medidas que se adoptan nesta orde teñen o seu fundamento normativo na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 a 38 ter da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para adoptar as medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica existente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, coa urxencia que a protección da saúde pública demanda.

Na súa virtude, en aplicación do punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. *Obxecto e alcance*

1. Constitúe o obxecto desta orde establecer medidas de prevención específicas, atendida a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia.



2. As medidas contidas nesta orde son complementarias das previstas no Decreto 45/2021, do 17 de marzo, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

En todo o non previsto nas ditas disposicións e nesta orde, e no que sexa compatible con ambas, aplicarase o disposto no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente.

Segundo. Medidas de prevención específicas

1. En todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, recoméndaselles ás persoas maiores de 75 anos, ás persoas vulnerables á COVID-19 e a aquelas que presenten algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria que se poida ver agravada polo uso da máscara ou que presenten algunha alteración que faga inviable a súa utilización, que eviten na súa actividade diaria as saídas nas horas de previsible afluencia ou concentración de persoas na vía pública e en espazos ou establecementos abertos ao público, co fin de reducir os riscos derivados da coincidencia con outras persoas.

2. Mantense, en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, o peche das actividades de festas, verbenas e outros eventos populares, así como das atraccións de feiras.

3. Así mesmo, serán de aplicación, no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, as medidas de prevención específicas recollidas no anexo I.

4. As medidas terán a duración temporal prevista no punto sexto.

5. As medidas específicas aplicables virán condicionadas pola situación epidemiolóxica dos distintos concellos, de conformidade co indicado no anexo II.

Terceiro. Control do cumprimento das medidas e réxime sancionador

1. A vixilancia, inspección e control do cumprimento das medidas de prevención que se recollen nesta orde, e a garantía dos dereitos e deberes sanitarios da cidadanía, responderán aos respectivos concellos dentro das súas competencias e sen prexuízo



das competencias da Consellería de Sanidade, tendo en conta a condición de autoridade sanitaria dos alcaldes e alcaldesas de acordo co artigo 33.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, e as competencias dos concellos de control sanitario de actividades e servizos que impacten na saúde da súa cidadanía e dos lugares de convivencia humana, de acordo co artigo 80.3 do mesmo texto legal, así como da súa competencia para a ordeación e control do dominio público.

2. Así mesmo, os órganos de inspección da Administración autonómica, no ámbito das súas competencias, poderán realizar as actividades de inspección e control oportunas para a vixilancia e comprobación do cumprimento das medidas de prevención aplicables.

3. As forzas e corpos de seguridade darán traslado das denuncias que formulen, polo incumprimento das medidas de prevención, ás autoridades competentes.

Cuarto. *Plan de hostalaría segura*

1. A Xunta de Galicia, a través da consellería competente en materia sanitaria continuará desenvolvendo o «plan de hostalaría segura» baseado nas seguintes liñas fundamentais:

a) Corresponsabilidade dos operadores económicos na aplicación, cumprimento e seguimento do plan e na colaboración no establecemento de medidas e instrumentos que contribúan ao control e seguimento de posibles gromos, incluíndo a rastrexabilidade dos posibles contactos, co obxecto de garantir unha actividade nas adecuadas condicións de seguridade.

b) Definición de criterios claros e precisos para a organización e utilización de espazos, condicións de adecuada ventilación que velen pola calidade do aire interior, e determinación de ocupación para efectos da aplicación das medidas sanitarias de prevención.

c) Colaboración coas entidades representativas do sector para o estudo, deseño e implementación das medidas de prevención aplicables, incluída a promoción da existencia de mecanismos de autocontrol e auditoría de cumprimento.

d) Xeración de confianza nos usuarios, así como información e concienciación deles sobre as medidas de prevención e o seu necesario cumprimento.

e) Establecemento dun plan de control e inspección autonómico e a adecuada colaboración coas entidades locais nas súas competencias de control e inspección, especialmente con aquelas de menor tamaño e medios.



f) Colaboración das forzas e corpos e forzas de seguridade no control e inspección.

2. O Plan de hostalaría segura terá a consideración de plan sanitario para os efectos do previsto no artigo 80 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, polo que as entidades locais participarán na súa aplicación e cumprimento mediante o exercicio das súas competencias de control sanitario establecidas na lei.

3. O Plan de hostalaría segura porase en coñecemento das entidades locais a través das súas entidades representativas.

Quinto. *Teletraballo.*

Tendo en conta o establecido no artigo 12 do Acordo sobre a prestación de servizos na modalidade de teletraballo na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 3 de decembro de 2020, publicado pola Orde do 14 decembro de 2020 da Consellería de Facenda e Administracións públicas, que establece un réxime especial de autorización, que pode ser aplicable, entre outros motivos, por razóns de declaración da situación de emerxencia, e tendo en conta a existencia dunha declaración de situación de emerxencia sanitaria en vigor, á vista da evolución da situación epidemiolóxica, e coa finalidade de coaduxuar a un maior control da transmisión, entenderase prorrogada a eficacia das resolucións de teletraballo ditadas polas distintas consellerías e entidades do sector público autonómico por razón da situación sanitaria derivada da COVID-19. Serán de aplicación no teletraballo as condicións recollidas no réxime especial establecido no artigo 12 do Acordo sobre a prestación de servizos na modalidade de teletraballo na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

Sexto. *Eficacia*

As medidas previstas nesta orde terán efectos desde as 00.00 horas do día 19 de marzo de 2021. Non obstante o anterior, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, serán obxecto de seguimento e avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser modificadas ou levantadas por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Sétimo. *Derrogación*

Queda derrogada a Orde do 25 de febreiro de 2021, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica de-



rivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, e cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto na presente orde.

Santiago de Compostela, 17 de marzo de 2021

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade

ANEXO I

Medidas de prevención específicas aplicables na Comunidade Autónoma de Galicia

Serán de aplicación no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia as medidas de prevención específicas recollidas neste anexo.

1. Obrigas xerais.

1.1. Obrigas de cautela e protección.

Todos os cidadáns deberán adoptar as medidas necesarias para evitar a xeración de riscos de propagación da enfermidade da COVID-19, así como a propia exposición aos ditos riscos.

Este deber de cautela e protección será igualmente exixible aos titulares de calquera actividade.

Así mesmo, deberán respectarse as medidas de seguridade e hixiene establecidas polas autoridades sanitarias para a prevención da COVID-19.

1.2. Persoas con sintomatoloxía.

Calquera persoa que experimente algún dos síntomas máis comúns compatibles coa COVID19, tales como febre, calafríos, tose, sensación de falta de aire, diminución do olfacto e do gusto, dor de gorxa, dores musculares, dor de cabeza, debilidade xeral, diarrea ou vómitos deberá permanecer no seu domicilio e comunicalo ao seu servizo sanitario o antes posible.

Igualmente, se existen conviventes no domicilio, deberá evitar o contacto con eles e, se é posible, usar un cuarto de forma exclusiva ata recibir instrucións do seu servizo sanitario.



1.3. Distancia de seguridade interpersonal.

Deberá cumprirse a medida de mantemento da distancia de seguridade interpersonal establecida polo Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, de, polo menos, 1,5 metros ou, na súa falta, medidas alternativas de protección física con uso de máscara, de hixiene adecuada e etiqueta respiratoria.

1.4. Obrigatoriedade do uso de máscaras.

Será obrigatorio o uso da máscara nas condicións establecidas no número 1.3 do anexo do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na redacción vixente, coas regras especiais seguintes:

1º) A obriga de uso de máscara será exixible en todo momento durante a realización da práctica deportiva individual ao aire libre.

2º) No caso particular de consumo de tabaco ou de cigarros electrónicos, ou alimentos e bebidas, na vía pública ou en espazos ao aire libre, só se poderá exceptuar a obriga de uso de máscara, e exclusivamente durante o indicado consumo, sempre que a persoa o efectúe parada e fóra dos lugares habituais de circulación dos viandantes, de tal xeito que, tendo en conta a posible concorrencia de persoas e as dimensións do lugar, poida garantirse o mantemento, en todo momento, da distancia de dous metros con outras persoas. O anterior será aplicable tamén para o uso de calquera dispositivo de inhalación de tabaco, pipas de auga, cachimbas e asimilados.

3º) Co obxecto de evitar a propagación de contaxios e asegurar o mantemento dos servizos, na prestación de asistencia ou axuda no fogar a persoas dependentes, será obrigatorio o uso de máscara tanto por parte do persoal prestador do servizo como por parte das persoas dependentes e daquelas que se atopen no seu domicilio. A dita obriga non será exixible cando se trate de persoas dependentes que presenten algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria que se poida ver agravada polo uso da máscara ou que, pola súa situación de discapacidade ou dependencia, non dispoñan de autonomía para quitar a máscara, ou ben presenten alteracións de conduta que fagan inviable a súa utilización.



1.5. Medidas específicas para casos e contactos estreitos.

As persoas que sexan consideradas caso sospeitoso ou probable de infección polo virus SARS-CoV-2, por teren infección respiratoria aguda grave con cadro clínico ou radiolóxico compatible coa COVID-19, ou que estean pendentes dos resultados de probas diagnósticas por este motivo, as que sexan consideradas como caso confirmado con infección activa e as consideradas contacto estreito dun caso sospeitoso, probable ou confirmado, deberán seguir as condicións de illamento ou corentena que lles sexan indicadas desde os dispositivos asistenciais ou de saúde pública, sen poderen abandonar o seu domicilio ou lugar de illamento ou corentena en ningún caso, salvo autorización expresa do servizo sanitario por causas debidamente xustificadas.

2. Medidas xerais de hixiene e prevención.

Sen prexuízo das normas ou protocolos específicos que se establezan, serán aplicables a todos os establecementos, locais de negocio, instalacións e espazos de uso público e actividades de carácter público, as medidas xerais de hixiene e prevención establecidas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na redacción vixente.

3. Limitacións de capacidade e medidas de prevención específicas por sectores.

3.1. Medidas en materia de control de capacidade.

1. Os establecementos, instalacións e locais deberán expor ao público a capacidade máxima, e asegurar que a dita capacidade e a distancia de seguridade interpersoal se respecta no seu interior, polo que se deberán establecer procedementos que permitan o recuento e control da capacidade, de forma que esta non sexa superada en ningún momento.

No caso do sector da hostalaría e restauración, aplicarase tamén o que establece a Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen as actuacións necesarias para a posta en marcha do Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia, nomeadamente, no relativo á distribución de espazos, ocupacións, mobiliario e outros elementos de seguridade.

2. A organización da circulación de persoas e a distribución de espazos deberá procurar a posibilidade de manter a distancia de seguridade interpersoal. Na medida do posible,



estableceranse itinerarios para dirixir a circulación de clientes e usuarios e evitar aglomeracións en determinadas zonas, tanto no interior como no exterior, e previr o contacto entre eles. Cando se dispoña de dúas ou máis portas, procurarase establecer un uso diferenciado para a entrada e a saída, co obxecto de reducir o risco de formación de aglomeracións.

3. Cando se dispoña de aparcadoiros propios para traballadores e usuarios, establececese un control de accesos para mellor seguimento das normas de capacidade. Na medida do posible, as portas que se atopen no percorrido entre o aparcadoiro e o acceso á tenda ou aos vestiarios dos traballadores disporán de sistemas automáticos de apertura ou permanecerán abertas para evitar a manipulación dos mecanismos de apertura.

4. De ser o caso, o persoal de seguridade velará para que se respecte a distancia interpersonal de seguridade e evitará a formación de grupos numerosos e aglomeracións, prestando especial atención ás zonas de escaleiras mecánicas, ascensores, zonas comúns de paso e zonas recreativas.

5. En caso necesario, poderanse utilizar valos ou sistemas de sinalización equivalentes para un mellor control dos accesos e xestión das persoas para os efectos de evitar calquera aglomeración.

6. En calquera caso, a sinalización de percorridos obrigatorios e independentes ou outras medidas que se establezan realizaranse tendo en conta o cumprimento das condicións de evacuación exixibles na normativa aplicable.

3.2. Control de capacidade en centros e parques comerciais e grandes superficies.

Os centros e parques comerciais, así como os establecementos que teñan a consideración de grandes superficies, deberán dispoñer de sistemas ou dispositivos que permitan coñecer en todo momento o número de persoas usuarias existente no seu interior, así como o control da capacidade máxima permitida nas citadas instalacións.

O cumprimento da citada obriga será responsabilidade das persoas, físicas ou xurídicas, titulares das citadas instalacións ou das que teñan atribuída a súa xestión.

3.3. Velorios e enterros.

1. Os velorios poderán realizarse en todo tipo de instalacións, públicas ou privadas, debidamente habilitadas cun límite máximo, en cada momento, de 10 persoas por túmulo, sexan ou non conviventes, e 25 persoas no exterior, sexan ou non conviventes.



2. A participación na comitiva para o enterramento ou despedida para cremación da persoa falecida restrínxese a un máximo de vinte e cinco persoas, sexan ou non conviventes, ademais de, se é o caso, o ministro de culto ou persoa asimilada da confesión respectiva para a práctica dos ritos funerarios de despedida do defunto.

3. Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersonal nas instalacións ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso de máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersonal indicada, nos termos previstos no Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020, na súa redacción vixente.

4. As zonas comúns de paso utilizaranse unicamente para o tránsito de entrada e saída, sen que poida haber grupos de persoas neles. O tempo de estadía nas instalacións reducirase ao estritamente necesario para expresar as debidas condolencias, evitando permanecer nas zonas de paso.

5. Os servizos de hostalaría existentes nos establecementos funerarios rexeranse polo disposto no punto 3.22.

3.4. Lugares de culto.

1. A capacidade máxima dos espazos destinados ao culto deberá publicarse nun lugar visible destes.

2. Non se poderá utilizar o exterior dos edificios ou da vía pública para a celebración de actos de culto con acompañamento de público, nin para a celebración de eventos masivos de calquera índole que impliquen aglomeración ou concentración de persoas, de conformidade coa Resolución do 11 de marzo de 2021, da Secretaría de Estado de Sanidade, pola que se publica o Acordo do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde sobre a declaración de actuacións coordinadas fronte á COVID-19 con motivo da festividade de San Xosé e da Semana Santa de 2021.

3. Non se poderán realizar actuacións de coros o agrupacións vocais de canto.

4. Sen prexuízo das recomendacións de cada confesión en que se teñan en conta as súas particularidades, na celebración dos actos de culto deberanse observar as seguintes medidas de hixiene e prevención:

a) Procurarase manter a distancia de seguridade interpersonal entre os participantes entre si e co público asistente e o uso de máscara será obrigatorio consonte o disposto



no número 1.3. do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente.

b) Diariamente deberanse realizar tarefas de desinfección dos espazos utilizados ou que se vaian utilizar e de xeito regular reiterarase a desinfección dos obxectos que se tocan con maior frecuencia.

c) Organizaranse as entradas e saídas para evitar aglomeracións de persoas nos accesos e inmediacións dos lugares de culto.

d) Poranse á disposición do público dispensadores de xeles hidroalcohólicos ou desinfectantes con actividade viricida debidamente autorizados e rexistrados en lugares accesibles e visibles e, en todo caso, na entrada do lugar de culto, que deberán estar sempre en condicións de uso.

e) Non se permitirá o uso de auga bieita e as ablucións rituais deberán realizarse na casa.

f) Facilitarase no interior dos lugares de culto a distribución dos asistentes sinalizando, se for necesario, os asentos ou zonas utilizables en función da capacidade permitida en cada momento.

g) Nos casos en que os asistentes se sitúen directamente no chan e se descalcen antes de entrar no lugar de culto, usaranse alfombras persoais e situarase o calzado nos lugares estipulados, embolsado e separado.

h) Limitarase ao menor tempo posible a duración dos encontros ou celebracións.

i) Durante o desenvolvemento das reunións ou celebracións evitárase o contacto persoal, tocar ou bicar obxectos de devoción ou outros obxectos que habitualmente se manexen.

3.5. Cerimonias nupciais e outras celebracións relixiosas ou civís.

As cerimonias nupciais e demais celebracións relixiosas ou civís deberán respectar as regras de capacidade e as medidas de hixiene e prevención que sexan de aplicación ao lugar onde se desenvolvan.



3.6. Establecementos e locais comerciais retallistas e de actividades de servizos profesionais abertos ao público que non formen parte de centros ou parques comerciais.

1. Os establecementos e locais comerciais retallistas e de actividades de servizos profesionais abertos ao público que non formen parte de centros ou parques comerciais non poderán superar o cincuenta por cento da súa capacidade total. No caso de establecementos ou locais distribuídos en varios andares, a presenza de clientes en cada un deles deberá gardar esta mesma proporción.

Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersonal nos locais e establecementos ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso da máscara será obrigatorio en todo momento, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersonal.

2. Os ditos establecementos e locais pecharán ás 21.30 horas, agás que teñan fixado, de acordo coa normativa vixente, un horario inferior ou superior.

3. Deberán prestar un servizo de atención preferente a maiores de 75 anos, o cal deberá concretarse en medidas como control de accesos ou caixas de pagamento específicos, e/ ou en horarios determinados que aseguren a dita preferencia na atención. A existencia do servizo de atención preferente deberá sinalarse de forma visible nos ditos establecementos e locais.

4. Os establecementos que teñan consideración de grande superficie, e entendendo por tales os que teñan máis de 2.500 metros cadrados de superficie, deberán dispor de sistemas ou dispositivos que permitan coñecer, en todo momento, o número de persoas usuarias existente no seu interior, así como o control da capacidade máxima permitida nas citadas instalacións.

O cumprimento da citada obriga será responsabilidade das persoas, físicas ou xurídicas, titulares das citadas instalacións.

3.7. Establecementos que teñan a condición de centros e parques comerciais ou que formen parte deles.

1. Os establecementos e locais comerciais retallistas e de actividades de servizos profesionais abertos ao público situados en centros e parques comerciais non poderán superar o cincuenta por cento da súa capacidade total. No caso de establecementos ou locais dis-



tribuídos en varios andares, a presenza de clientes en cada un deles deberá gardar esta mesma proporción.

Para estes efectos, entenderase por centros e parques comerciais, os establecementos comerciais de carácter colectivo definidos no número 2 do artigo 23 da Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia.

2. A capacidade das zonas comúns dos centros e parques comerciais queda limitada ao 30 %. Non se permitirá a permanencia de clientes nas zonas comúns, excepto para o tránsito entre os establecementos. Queda prohibida a utilización de zonas recreativas, como poden ser zonas infantís, ludotecas ou áreas de descanso, que deben permanecer pechadas.

3. Os centros e parques comerciais deberán pechar ao público as 21.30 horas, agás que teñan fixado, de acordo coa normativa vixente, un horario inferior.

4. Deberanse establecer as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersonal no interior dos locais e establecementos e nas zonas comúns ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso de máscara será obrigatorio en todo momento, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersonal indicada, nos termos previstos no número 1.4 deste anexo. Ademais, deberán evitarse as aglomeracións de persoas que comprometan o cumprimento destas medidas.

5. Os centros e parques comerciais deberán dispor de sistemas ou dispositivos que permitan coñecer, en todo momento, o número de persoas usuarias existente no seu interior, así como o control da capacidade máxima permitida nas citadas instalacións.

O cumprimento da citada obriga será responsabilidade das persoas, físicas ou xurídicas, titulares das citadas instalacións ou das que teñan atribuída a súa xestión.

6. Deberán prestar un servizo de atención preferente a maiores de 75 anos, o cal deberá concretarse en medidas como control de accesos ou caixas de pagamento específicos, e/ ou en horarios determinados que aseguren a dita preferencia na atención. A existencia do servizo de atención preferente deberá sinalarse de forma visible nos ditos establecementos e locais.



3.8. Mercados que desenvolven a súa actividade na vía pública.

1. No caso dos mercados que desenvolven a súa actividade na vía pública ao aire libre ou de venda non sedentaria, coñecidos como feiras, a capacidade virá determinada polo número de postos autorizados do xeito seguinte:

a) Nos mercados con menos de 50 postos autorizados, poderán dispoñer do 100 % dos postos habituais ou autorizados.

b) Nos mercados que teñan entre 50 e 100 postos autorizados, poderán dispoñer do 75 % dos postos habituais ou autorizados.

c) Nos mercados que teñan máis de 100 postos autorizados, poderán dispoñer do 50 % dos postos habituais ou autorizados.

En todo caso, limitarán a afluencia de clientes de maneira que se asegure o mantemento da distancia de seguridade interpersonal.

Os concellos poderán aumentar a superficie habilitada ou habilitar novos días para o exercicio desta actividade para compensar as limitacións previstas anteriormente, prestando especial atención á vixilancia do cumprimento das medidas sanitarias e protocolos aplicables nestes contornos.

Á hora de determinar os comerciantes que poden exercer a súa actividade, o concello poderá priorizar aqueles que comercializan produtos alimentarios e de primeira necesidade, asegurando que non se manipulen os produtos comercializados neles por parte dos consumidores.

Os concellos establecerán requisitos de distanciamento entre postos e condicións de delimitación do mercado co obxectivo de procurar manter a distancia de seguridade interpersonal entre traballadores, clientes e viandantes ou, na súa falta, será precisa a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso de máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersonal indicada, nos termos previstos no número 1.3 do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, na súa redacción vixente.

2. Durante todo o proceso de atención ao consumidor deberá manterse a distancia de seguridade interpersonal establecida entre o vendedor e o consumidor, que poderá ser dun metro cando se conte con elementos de protección ou barreira.



3. Deberá sinalarse de forma clara a distancia de seguridade interpersonal entre clientes, con marcas no chan ou mediante o uso de balizas, cartellaría e sinalización para aqueles casos en que sexa posible a atención individualizada de máis dun cliente ao mesmo tempo.

4. Recoméndase a posta á disposición de dispensadores de xeles hidroalcohólicos ou desinfectantes con actividade viricida debidamente autorizados e rexistrados nas inmediacións dos mercados ao aire libre ou de venda non sedentaria na vía pública.

5. Realizarase, polo menos unha vez ao día, unha limpeza e desinfección das instalacións con especial atención ás superficies de contacto máis frecuentes, especialmente mostradores e mesas ou outros elementos dos postos, anteparos, de ser o caso, teclados, terminais de pagamento, pantallas táctiles, ferramentas de traballo e outros elementos susceptibles de manipulación, prestando especial atención a aqueles utilizados por máis dun traballador.

6. Procurarase evitar a manipulación directa dos produtos por parte dos clientes.

3.9. Actividades en academias, autoescolas e centros privados de ensino non regrado e centros de formación.

1. A actividade que se realice en academias, autoescolas e centros privados de ensino non regrado e centros de formación non incluídos no ámbito de aplicación do artigo 9 do Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, inscritos no correspondente rexistro, poderá impartirse dun modo presencial sempre que non se supere unha capacidade do cincuenta por cento respecto do máximo permitido.

Nestes centros priorizarase a realización da actividade lectiva non presencial, por medios telemáticos (en liña) sempre que sexa posible.

2. Deberán establecerse as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersonal nas súas instalacións ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso de máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersonal indicada, nos termos previstos no número 1.3. do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, na súa redacción vixente.

3. No caso de utilización de vehículos será obrigatorio o uso de máscara tanto polo persoal docente como polo alumnado ou o resto de ocupantes do vehículo.



3.10. Hoteis, albergues e aloxamentos turísticos.

1. Os hoteis, albergues e establecementos turísticos permanecerán abertos, sen prexuízo das limitacións vixentes de entrada e saída de persoas en determinados ámbitos territoriais, que deberán respectarse en todo caso. Os clientes procedentes dalgún dos ámbitos territoriais aos cales se lles apliquen as devanditas limitacións soamente poderán terse desprazado aos establecementos situados fóra dese ámbito territorial polos motivos xustificadas establecidos na normativa vixente.

2. Os albergues poderán manter unha ocupación máxima do 30 % das prazas nos espazos de aloxamento compartido.

3. A ocupación das zonas comúns dos hoteis, albergues e aloxamentos turísticos non poderá superar o cincuenta por cento da súa capacidade.

Para iso, cada establecemento deberá determinar a capacidade dos distintos espazos comúns, así como aqueles lugares en que se poderán realizar eventos e as condicións máis seguras para a súa realización conforme a capacidade máxima prevista e de acordo coas medidas de hixiene, protección e distancia mínima establecidas.

4. Poderán facilitar servizos de hostalaría e restauración para os clientes aloxados nos ditos establecementos. Para o resto de clientes, resultará de aplicación o disposto no punto 3.22.

5. No caso de instalacións deportivas de hoteis, albergues e aloxamentos turísticos, tales como piscinas ou ximnasios, rexeranse polas regras aplicables a este tipo de instalacións en función da incidencia acumulada do respectivo concello, de conformidade co previsto no punto 3.15.

3.11. Actividade cinexética.

1. Está permitida a actividade cinexética en todas as súas modalidades sempre que se axusten ás limitacións de grupos de persoas aplicables no respectivo concello.

2. En todo caso, a realización das ditas actividades estará sometida ás restricións perimetrais actualmente vixentes.



3.12. Pesca fluvial e marítima, deportiva e recreativa.

1. Está permitida a práctica da pesca fluvial e marítima, deportiva e recreativa, en todas as súas modalidades, sempre que se axusten ás limitacións de grupos de persoas aplicables no respectivo concello.

2. En todo caso, a realización das ditas actividades estará sometida ás restricións perimetrais actualmente vixentes.

3.13. Parques e zonas deportivas de uso público ao aire libre.

1. Os parques infantís, parques biosaudables, zonas deportivas, pistas de skate ou espazos de uso público ao aire libre similares poderán estar abertos ao público sempre que neles se respecte unha capacidade máxima estimada dunha persoa por cada catro metros cadrados de espazo computable de superficie do recinto.

2. Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersonal nas instalacións ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso de máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersonal indicada, nos termos previstos no número 1.3 do Acordo do Consello da Xunta, do 12 de xuño de 2020, na súa redacción vixente.

3. Deberán aplicarse as medidas de hixiene e prevención establecidas, especialmente no que se refire a proceder diariamente á limpeza e desinfección destes espazos nas áreas de contacto das zonas comúns, tales como xogos das zonas infantís, aparellos de actividade física ou outro mobiliario urbano de uso compartido.

4. Recoméndase dispor neses espazos, especialmente no que se refire a parques infantís, de dispensadores de xeles hidroalcohólicos ou desinfectantes con actividade viricida, debidamente autorizados e rexistrados, ou dunha solución xabonosa no caso de espazos para menores de dous anos de idade.

3.14. Realización de actos e reunións laborais, institucionais, académicos ou profesionais.

A realización de actos e reunións laborais, institucionais, académicos, profesionais, sindicais, de representación de traballadores e administrativos, actividades en centros universitarios, educativos, de formación e ocupacional poderanse realizar sempre que se adop-



ten as medidas previstas nos correspondentes protocolos de funcionamento, ben que se recomenda que se realicen de forma telemática sempre que sexa posible.

Nos concellos enumerados nas letras A, B e C do anexo II da presente orde, a realización dos citados actos non se poderá superar o trinta por cento da capacidade autorizada do local. En calquera caso, deberase respectar un máximo de 75 persoas para lugares pechados e de 150 persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Nos concellos enumerados na letra D do anexo II da presente orde, as ditas actividades poderán realizarse cunha capacidade do cincuenta por cento sempre respectando o número máximo de persoas previsto no parágrafo anterior.

Non obstante, poderase ampliar o límite indicado logo de autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. Neste caso, por solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade pola COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueles outros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

O recollido neste número será tamén de aplicación para as reunións de xuntas de comunidades de propietarios.

3.15. Actividade deportiva.

1. A realización da actividade física e deportiva non federada axustarase ás seguintes regras, en función dos datos epidemiolóxicos existentes nos correspondentes concellos:

a) Nos concellos enumerados na letra A do anexo II da presente orde, a práctica da actividade física e deportiva non federada só poderá realizarse ao aire libre ou en instalacións deportivas ao aire libre, de forma individual ou con persoas conviventes, e coa utilización de máscara.

b) Nos concellos enumerados nas letras B e C do anexo II da presente orde, a práctica da actividade física e deportiva non federada, ao aire libre, poderá realizarse de forma individual ou colectiva, sen contacto físico e coa utilización de máscara. No caso da práctica



de forma colectiva, o máximo será de seis persoas de forma simultánea, sexan ou non conviventes, sen contar, de ser o caso, o monitor.

Nas instalacións e centros deportivos pechados poderase realizar actividade deportiva en grupos de ata catro persoas, sexan ou non conviventes, e sen contar o monitor, sen contacto físico, coa utilización de máscara e sempre que non se supere o trinta por cento da capacidade máxima permitida. Deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade.

Tamén se permite o uso deportivo das piscinas ao aire libre ou cubertas, cunha ocupación máxima do 30 %.

c) Nos concellos enumerados na letra D do anexo II, a práctica da actividade física e deportiva non federada, ao aire libre, poderá realizarse de forma individual ou colectiva, sen contacto físico e coa utilización de máscara. No caso da práctica de forma colectiva, o máximo será de seis persoas de forma simultánea, sexan ou non conviventes, sen contar, de ser o caso, o monitor.

No caso da práctica da actividade física e deportiva non federada nas instalacións e centros deportivos pechados poderase realizar en grupos de ata catro persoas, sexan ou non conviventes, e sen contar o monitor, sen contacto físico, coa utilización de máscara e sempre que non se supere o cincuenta por cento da capacidade máxima permitida. Deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade.

Tamén se permite o uso deportivo das piscinas ao aire libre ou cubertas, cunha ocupación máxima do 50 %.

2. Deberán realizarse tarefas de ventilación nas instalacións cubertas durante un mínimo de 30 minutos ao inicio e ao remate de cada xornada, así como de forma frecuente durante esta e, obrigatoriamente, ao remate de cada clase ou actividade de grupo. No caso da utilización de sistemas de ventilación mecánica, deberá aumentarse a subministración de aire fresco e non se poderá empregar a función de recirculación do aire interior.

3. Os vestiarios e zonas de ducha poderán usarse cunha ocupación de ata o 30 % da capacidade máxima permitida, e procederase á limpeza e desinfección despois de cada uso e ao final da xornada.



4. A práctica da actividade deportiva federada de ámbito autonómico, adestramentos e competicións, axustarase aos correspondentes protocolos Fisicovid-Dxtgalego aprobados.

5. As competicións deportivas federadas de nivel nacional e os seus adestramentos desenvolveranse de acordo co establecido pola Administración competente e de conformidade coas limitacións establecidas nos protocolos federativos correspondentes.

6. As competicións deportivas federadas de nivel nacional e os seus adestramentos desenvolveranse de acordo co establecido pola Administración competente e de conformidade coas limitacións establecidas nos protocolos federativos correspondentes.

No ámbito das competicións deportivas oficiais non profesionais de ámbito estatal de modalidades deportivas que poidan implicar contacto que se realicen na Comunidade Autónoma de Galicia serán de aplicación as seguintes medidas:

a) Os equipos e deportistas galegos que participen nas ditas competicións deberán realizar os adestramentos e a competición en grupos de composición estable e, en todo caso, deberán realizar tests serolóxicos ou probas similares cada 14 días naturais.

b) A totalidade dos membros da expedición dos equipos e deportistas procedente doutras comunidades autónomas que se despracen á Comunidade Autónoma de Galicia para participaren nas ditas competicións deberán realizar tests serolóxicos ou probas similares en orixe polo menos entre 72 e 24 horas previas á celebración da proba/partido/competición.

Así mesmo, deberán comunicar con idéntica antelación ás autoridades sanitarias autonómicas a relación das persoas integrantes da expedición trasladada a Galicia, a data e a hora de chegada á Comunidade Autónoma galega e o lugar de aloxamento, así como o tipo de proba de detección de COVID-19 a que foron sometidas as ditas persoas.

As medidas previstas deben entenderse dentro do necesario respecto ás competencias das autoridades deportivas e sanitarias estatais, polo que serán aplicables sempre que resulten compatibles coas adoptadas polas ditas autoridades e mentres non existan medidas obrigatorias dimanantes delas que ofrezan un nivel de protección equivalente ou similar.

3.16. Centros, servizos e establecementos sanitarios.

1. Os titulares ou directores dos distintos centros, servizos e establecementos sanitarios, de natureza pública ou privada, deberán adoptar as medidas organizativas, de prevención



e hixiene necesarias do seu persoal traballador e dos pacientes, co obxecto de aplicar as recomendacións emitidas nesta materia, relativas á distancia de seguridade interpersoal, uso de máscaras en sitios pechados de uso público, capacidade, hixiene de mans e respiratoria, así como calquera outra medida que establezan as autoridades competentes.

2. Estas medidas deberán aplicarse na xestión dos espazos do centro, accesos, zonas de espera e na xestión das citas dos pacientes, así como na regulación de acompañantes ou visitas, tendo en conta a situación e actividade de cada centro. Para tal efecto, só se permitirá a presenza dunha persoa acompañante por usuario/a no caso de menores, maiores dependentes ou mulleres xestantes.

Sen prexuízo do anterior, permitirase unha visita por paciente en UCI non COVID.

3. Así mesmo, adoptarán as medidas necesarias para garantir a protección da seguridade e saúde do seu persoal traballador, a limpeza e desinfección das áreas utilizadas e a eliminación de residuos, así como o mantemento adecuado dos equipamentos e instalacións.

4. Estarán obrigados a colaborar coas autoridades sanitarias e de política social nos labores de vixilancia, prevención e control da COVID-19.

3.17. Lonxas.

Nas lonxas deberán establecerse as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersoal ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso de máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersoal indicada, nos termos previstos no número 1.3 do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, na súa redacción vixente.

3.18. Transportes.

1. As condicións de capacidade dos vehículos e embarcacións que realicen servizos colectivos de transporte de viaxeiros de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, isto é, o transporte en autobús –de carácter interurbano e urbano, sexa de uso xeral, de uso especial ou discrecional– e o transporte marítimo en augas interiores, quedan establecidas do seguinte xeito:

a) Nos vehículos e embarcacións que dispoñan de asentos poderase ocupar a totalidade dos asentos. Deberase manter a máxima separación entre as persoas usuarias cando o nivel de ocupación o permita.



b) Nos vehículos e embarcacións que teñan autorizadas prazas de pé procurarase que as persoas manteñan entre si a máxima distancia posible e establécese como límite de ocupación máxima a dunha sexta parte das prazas de pé.

2. Como medidas adicionais aplicables aos modos de transporte establécense as seguintes:

a) Durante toda a duración do traxecto, cando esta sexa inferior a dúas horas, as persoas usuarias non poderán consumir alimentos no interior dos vehículos ou embarcacións e deberán, igualmente e na medida do posible, evitar consumir bebidas, conversar ou manter calquera outro contacto directo con outras persoas ocupantes do dito vehículo ou embarcación.

b) Na prestación de servizos colectivos regulares de transporte de viaxeiros de carácter interurbano de uso xeral, cando non estean autorizadas prazas de pé, e na prestación de calquera servizo de transporte marítimo en augas interiores da competencia da Comunidade Autónoma de Galicia será obrigatoria a expedición de billete coa identificación do servizo concreto de transporte de que se trate e do vehículo ou embarcación que o preste.

Igualmente, todos os anteriores vehículos e embarcacións deberán ter numerados os seus asentos de forma clara e visible para as persoas usuarias.

Naqueles servizos respecto dos cales non haxa unha asignación previa de asento, recoméndase ás persoas viaxeiras que anoten no seu billete o número de asento que ocupen e que o conserven durante os 14 días posteriores ao da viaxe.

c) As empresas concesionarias procurarán a máxima ventilación do vehículo, sen recirculación do aire, mantendo as fiestras abertas sempre que non se produzan correntes de aire.

Para tal efecto, os vehículos que realicen varias viaxes en diferentes quendas horarias deberán proceder á ventilación deste antes de cada quenda e, sempre que for posible, á súa limpeza e desinfección. En todo caso, realizarase como mínimo unha limpeza diaria, empregando produtos e procedementos previstos no plan de limpeza e desinfección.

d) Tanto as empresas concesionarias como as persoas usuarias observarán en todo momento as medidas de protección, e o uso da máscara, e as demais medidas de pre-



vención, evitando condutas como levantarse, interactuar, berrar, compartir obxectos, tocar superficies comúns ou outras condutas que poidan xerar risco de contaxio ou transmisión.

3. Nos desprazamentos en vehículo particular respectaranse as limitacións que se establezan mediante decreto pola autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, para grupos de persoas no correspondente ámbito territorial.

Non obstante, está permitido o desprazamento nun vehículo particular de persoas non conviventes que traballen xuntas e só para o traxecto de ida e volta ao centro de traballo, así como para que os menores poidan acudir a centros de ensino. Nestes casos, só se permitirán dúas persoas por fila de asentos, e deberán usar todas máscara.

4. Nos concellos enumerados na parte A do anexo II os taxis e vehículos VTC poderán prestar servizos de transporte para persoas conviventes, así como escolares, persoal sanitario, pacientes ou traballadores non conviventes; nestes casos poderán desprazarse tantas persoas como prazas teña o vehículo e procurarase, cando o nivel de ocupación o permita, a máxima separación entre as persoas usuarias. En todos os casos, será obrigatorio o uso de máscara.

No resto dos concellos poderán desprazarse tantas persoas como prazas teña o vehículo e procurarase, cando o nivel de ocupación o permita, a máxima separación entre as persoas usuarias. En todos os casos, será obrigatorio o uso de máscara.

3.19. Áreas de servizo para profesionais do transporte.

1. Ás áreas de servizo para profesionais do transporte resultaranlles aplicables as medidas establecidas no número 3.22.

2. Adicionalmente, co obxecto de posibilitar os descansos adecuados en cumprimento da normativa de tempos de condución e descanso, imprescindibles para poder levar a cabo as operacións de transporte, e facilitar aos transportistas profesionais un servizo de restauración, aqueles establecementos situados en centros loxísticos e nas áreas de servizo da Rede de estradas do Estado en Galicia, vías de alta capacidade e Rede primaria básica de estradas de Galicia que dispoñan de cociña, servizos de restauración ou expendedores de comida preparada poderán permanecer abertos alén das limitacións horarias establecidas



no número 3.22, incluído en horario nocturno de acordo coa súa regulación específica, para os únicos efectos de dar cumprimento a esta finalidade.

Para o acceso a estes establecementos neste caso será obrigatoria a presentación da tarxeta de profesional do transporte CAP, a consumición no interior deberá realizarse de xeito individual e sentado e non se poderá realizar venda ou dispensación de bebidas alcohólicas.

3.20. Bibliotecas, arquivos, museos e salas de exposicións, monumentos e outros equipamentos culturais.

1. Nas bibliotecas, arquivos, museos e salas de exposicións, monumentos e outros equipamentos culturais, tanto de titularidade pública como privada, situados nos concellos enumerados nas letras A, B e C do anexo II da presente orde, poderán realizarse actividades presenciais sen superar o trinta por cento da capacidade máxima permitida.

Nos concellos enumerados na letra D do anexo II da presente orde, as actividades presenciais poderán acadar unha capacidade máxima do cincuenta por cento da capacidade máxima permitida.

2. Este límite de ocupación será aplicable tamén á realización de actividades culturais nestes espazos e cun máximo de ata catro persoas nas actividades de grupos, sexan ou non conviventes, excluído o monitor ou guía, e deberán establecerse as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade, agás no caso de persoas conviventes.

3.21. Celebración de competicións deportivas con público, actividades en cines, teatros, auditorios, congresos e outros eventos, e espazos similares, así como en recintos ao aire libre e noutros locais e establecemento destinados a espectáculos públicos e actividades recreativas.

A celebración de competicións deportivas con público, actividades en cines, teatros, auditorios, congresos e outros eventos e espazos similares, así como en recintos ao aire libre e noutros locais e establecementos destinados a espectáculos públicos e actividades recreativas, poderá desenvolverse, sen superar o trinta por cento da capacidade permitida, con público, sempre que este permaneza sentado e que a capacidade se calcule, dentro da capacidade permitida, de forma que se garde sempre a distancia mínima de seguridade de 1,5 m nas catro direccións entre os asistentes, salvo que se trate de persoas conviventes,



cun límite máximo de duascentas cincuenta persoas para lugares pechados e de cincocentas persoas se se trata de actividades ao aire libre. No obstante, nos concellos enumerados na letra D do anexo II o límite máximo poderán chegar as trescentas persoas para lugares pechados e de mil persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Co fin de evitar aglomeracións, a distribución dos asistentes será homoxénea polas butacas e haberá unha planificación axeitada para controlar os accesos e o fluxo de circulación dos asistentes. Debe preverse a apertura de todas as portas dispoñibles coa antelación suficiente.

Deberán establecerse as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersonal no resto das instalacións ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física.

O uso da máscara será obrigatorio en todo momento, mesmo no caso de que se mantña a distancia de seguridade interpersonal nos termos previstos nas medidas hixiénico-sanitarias.

Nas butacas ou asentos preasignados, as persoas asistentes non poderán quitar a máscara.

Deberán realizarse tarefas de ventilación nas instalacións cubertas por espazo de polo menos 30 minutos ao comezo e ao final de cada xornada, así como de forma frecuente durante esta e obrigatoriamente ao finalizar cada actividade. No caso da utilización de sistemas de ventilación mecánica, deberá aumentarse a subministración de aire fresco e non se poderá empregar a función de recirculación do aire interior.

Deberá existir un rexistro de asistentes ao evento e custodialo durante un mes despois do evento, coa información do contacto dispoñible para as autoridades sanitarias, cumprindo coas normas de protección de datos de carácter persoal.

Deberán intensificarse as medidas de limpeza e desinfección das instalacións con produtos debidamente autorizados e rexistrados.

No caso de celebración de congresos, encontros, eventos e actos similares, se os asistentes non permanecen sentados en todo momento, solicitarase autorización á Dirección Xeral de Saúde Pública en que se comuniquen o evento, as datas, as actividades que se



van realizar e as medidas concretas organizativas e de seguridade propostas para os riscos de contaxio.

A solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade pola COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueloutros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

3.22. Hostalaría e restauración.

1. A prestación de servizos de hostalaría e restauración en bares, cafetarías e restaurantes, axustarase ás seguintes regras, en función dos datos epidemiolóxicos existentes nos correspondentes concellos:

a) Nos concellos enumerados na letra A do anexo II da presente orde, os citados establecementos permanecerán pechados ao público e poderán prestar exclusivamente servizos de recollida no local e consumo a domicilio ata as 21.30 horas, ou ben servizo de entrega a domicilio. O servizo de entrega a domicilio poderá realizarse ata as 24.00 horas.

A permanencia nestes establecementos deberá ser a estritamente necesaria. En todo caso, evitanse aglomeracións e controlárase que consumidores e empregados manteñan a distancia de seguridade establecida co fin de evitar posibles contaxios.

b) Nos concellos enumerados na letra B do anexo II da presente orde, os establecementos poderán prestar unicamente servizos de recollida no local e consumo a domicilio, de entrega a domicilio e, así mesmo, de terraza co cincuenta por cento (50 %) da capacidade máxima permitida con base na correspondente licenza municipal ou do que sexa autorizado para este ano, no caso de que a licenza sexa concedida por primeira vez.

En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia de seguridade interpersonal entre as mesas ou, de ser so caso, agrupacións de mesas. A ocupación máxima será de seis persoas por mesa ou agrupación de mesas no exterior, no caso de persoas non conviventes.



O horario de peche ao público será ás 21.00 horas. Non obstante, poderán prestar servizos de recollida no local e consumo a domicilio ata as 21.30 horas, ou ben servizo de entrega a domicilio. O servizo de entrega a domicilio poderá realizarse ata as 24.00 horas.

A permanencia nestes establecementos deberá ser a estritamente necesaria. En todo caso, evitanse aglomeracións e controlárase que consumidores e empregados manteñan a distancia de seguridade establecida co fin de evitar posibles contaxios.

c) Nos concellos enumerados na letra C do anexo II da presente orde, os establecementos poderán prestar servizos de recollida no local e consumo a domicilio, de entrega a domicilio, de terraza co cincuenta por cento (50 %) da capacidade máxima permitida con base na correspondente licenza municipal ou do que sexa autorizado para este ano, no caso de que a licenza sexa concedida por primeira vez, e tamén servizo no interior cunha ocupación do 30 %. Non se poderá prestar servizo na barra.

En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia de seguridade interpersoal entre as mesas ou, de ser so caso, agrupacións de mesas. A ocupación máxima será de seis persoas por mesa ou agrupación de mesas en terraza, ou de catro persoas por mesa ou agrupación de mesas no interior, no caso de persoas non conviventes.

O horario de peche ao público será ás 21:00 horas. Non obstante, poderán prestar servizos de recollida no local e consumo a domicilio ata as 21.30 horas, ou ben servizo de entrega a domicilio. O servizo de entrega a domicilio poderá realizarse ata as 24.00 horas.

A permanencia nestes establecementos deberá ser a estritamente necesaria. En todo caso, evitanse aglomeracións e controlárase que consumidores e empregados manteñan a distancia de seguridade establecida co fin de evitar posibles contaxios.

d) Nos concellos enumerados na letra D do anexo II da presente orde, os establecementos poderán prestar servizos de recollida no local e consumo a domicilio, de entrega a domicilio, de terraza co setenta e cinco por cento (75 %) da capacidade máxima permitida con base na correspondente licenza municipal ou do que sexa autorizado para este ano, no caso de que a licenza sexa concedida por primeira vez, e tamén servizo no interior cunha ocupación do 50 %. Non se poderá prestar servizo na barra.

En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia de seguridade interpersoal entre as mesas ou, de ser so caso, agrupacións de mesas. A ocupación máxima



será de seis persoas por mesa ou agrupación de mesas en terraza, ou de catro persoas por mesa ou agrupación de mesas no interior, no caso de persoas non conviventes.

O horario de peche ao público será ás 21.00 horas. Non obstante, poderán prestar servizos de recollida no local e consumo a domicilio ata as 21.30 horas, ou ben servizo de entrega a domicilio. O servizo de entrega a domicilio poderá realizarse ata as 24.00 horas.

A permanencia nestes establecementos deberá ser a estritamente necesaria. En todo caso, evitanse aglomeracións e controlárase que os consumidores e empregados manteñan a distancia de seguridade establecida co fin de evitar posibles contaxios.

2. Para o cálculo das ocupacións, así como para a aplicación doutras medidas específicas, observaranse ás medidas aprobadas pola da consellería competente en materia de sanidade no marco do Plan de hostalaría segura.

3. Os establecementos de restauración de centros sanitarios ou de traballo poderán manter o servizo de cafetaría, bar e restaurante. Non poderán superar o cincuenta por cento da súa capacidade. O consumo dentro do local poderá realizarse unicamente sentado na mesa, ou agrupacións de mesas, e deberase asegurar o mantemento da debida distancia de seguridade interpersoal entre clientes. A ocupación máxima será de seis persoas por mesa ou agrupación de mesas no exterior, ou de catro persoas por mesa ou agrupación de mesas no interior.

Nos concellos enumerados nas letras A e do B do anexo II da presente orde, estes establecementos de restauración deberán limitar a súa actividade, nas condicións establecidas no número anterior, aos traballadores deles ou, no caso dos centros sanitarios, tamén a acompañantes de doentes. A ocupación máxima será de catro persoas por mesa ou agrupación de mesas e, nos concellos enumerados na letra A do anexo II, deberán ser todas conviventes ou persoas traballadoras que formen un grupo de convivencia estable dentro do centro de traballo.

No caso de establecementos de hostalaría situados en centros educativos, aplicaranse as regras previstas nos parágrafos precedentes.

Estas regras non será aplicables aos comedores escolares, que se rexerán pola súa normativa específica.



3.23. Realización de procesos selectivos polas administracións públicas e entidades do sector público.

A realización de procesos selectivos poderá desenvolverse, sempre que os asistentes permanezan sentados e que a capacidade se calcule, dentro da capacidade permitida, de forma que se garde sempre a distancia mínima de seguridade de 1,5 m en todas as direccións, cun límite máximo de duascenas cincuenta persoas aspirantes.

Co fin de evitar aglomeracións, a distribución dos asistentes será homoxénea polos asentos e haberá unha planificación axeitada para controlar os accesos e o fluxo de circulación dos asistentes. Debe preverse a apertura de todas as portas dispoñibles coa antelación suficiente. Organizaranse as entradas e saídas para evitar aglomeracións de persoas, tanto nos accesos como nas inmediacións, e distribuiranse proporcionalmente as persoas entre as portas dispoñibles.

Deberán establecerse as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersonal no resto das instalacións ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física.

O uso da máscara será obrigatorio en todo momento, mesmo no caso de que se manteña a distancia de seguridade interpersonal nos termos previstos nas medidas hixiénico-sanitarias.

Deberán realizarse tarefas de ventilación nas instalacións cubertas por un prazo de, polo menos, 30 minutos ao comezo e ao final de cada xornada, así como de forma frecuente durante esta e obrigatoriamente ao finalizar cada actividade. No caso da utilización de sistemas de ventilación mecánica, deberá aumentarse a subministración de aire fresco e non se poderá empregar a función de recirculación do aire interior.

Deberá existir un rexistro de asistentes e custodialo durante un mes despois do evento, coa información do contacto dispoñible para as autoridades sanitarias, cumprindo coas normas de protección de datos de carácter persoal.

Deberán intensificarse as medidas de limpeza e desinfección das instalacións con produtos debidamente autorizados e rexistrados.

No caso de realización de procesos selectivos de máis de 250 aspirantes, ou se as probas non se realizan coas persoas sentadas en todo momento, solicitarase autorización á



Dirección Xeral de Saúde Pública en que se comuniquen o evento, as datas, as actividades que se van realizar e as medidas concretas organizativas e de seguridade propostas para os riscos de contaxio.

A solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade pola COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueles outros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

3.24. Especificidades para determinadas actividades turísticas, centros de interpretación e visitantes, aulas da natureza, casetas e puntos de información.

1. Poderán realizarse actividades de turismo ao aire libre, organizadas por empresas habilitadas para iso, e a actividade de guía turístico, para grupos de ata un máximo de oito persoas máis o monitor, sexan ou non conviventes, e deberán establecerse as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade, excepto no caso de persoas conviventes.

2. Nos centros de interpretación e visitantes, nas aulas da natureza, casetas e puntos de información da Rede galega de espazos protexidos e espazos similares, non se poderá exceder o cincuenta por cento da súa capacidade e deberá respectarse o máximo de seis persoas nas actividades de grupos, sexan ou non conviventes. Ademais, deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade, excepto no caso de persoas conviventes.

3.25. Centros de lecer infantil.

1. Os centros de lecer infantil poderán desenvolver a súa actividade nas condicións que de seguido se establecen.

2. Enténdese por centros de lecer infantil os establecementos abertos ao público que se destinen a ofrecer xogos e atraccións recreativas deseñados especificamente para público de idade igual ou inferior a 12 anos, espazos de xogo e entretemento, así como á celebración de festas infantís.



Para tal efecto, cumprirán o protocolo aprobado pola Orde do 30 de xuño de 2020 pola que se restablece a actividade dos centros de lecer infantil e se aproba o Protocolo en materia de lecer infantil para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, coas especialidades que de seguido se establecen:

a) Nos concellos indicados na letra A e B do anexo II, non se poderán desenvolver actividades no interior dos centros de lecer. Aqueles establecementos que dispoñan de terraza ou xardín exterior poderán utilizala para actividades dirixidas e obradoiros, cunha capacidade máxima do 30 %, e en grupos dun máximo de seis nenos/neas por grupo.

Os nenos/neas dun grupo non poderán interactuar cos que integren outros grupos.

b) Nos concellos indicados na letra C do anexo II, os centros de lecer infantil poderán desenvolver a súa actividade cunha capacidade máxima do 30 %, e en grupos dun máximo de seis nenos/neas por grupo no exterior, e de catro no interior.

Os nenos/neas dun grupo non poderán interactuar cos que integren outros grupos.

Só se poderán realizar actividades dirixidas e obradoiros, e só se permitirá o uso de inchables no exterior.

c) Nos concellos indicados na letra D do anexo II, os centros de lecer infantil poderán desenvolver a súa actividade cunha capacidade máxima do 50 %, e unha ratio de 1 monitor por cada dez participantes.

Os grupos serán de seis nenos/neas nas actividades no exterior, e de catro no interior.

Os nenos/neas dun grupo non poderán interactuar cos que integren outros grupos.

3.26. Actividades de tempo libre dirixidas á poboación infantil e xuvenil.

Poderanse realizar actividades de tempo libre destinadas á poboación infantil e xuvenil cando estas se leven a cabo ao aire libre, sempre que se limite o número de participantes ao cincuenta por cento da súa capacidade máxima, cun máximo de cincuenta participantes, excluídos os monitores. Cando estas actividades se realicen en espazos pechados, non se deberá superar o cincuenta por cento da capacidade máxima do recinto, cun máximo de vinte e cinco participantes, excluídos os monitores.



As actividades deberán realizarse no interior en grupos de ata catro persoas participantes e no exterior en grupos de seis participantes, sexan ou non conviventes e excluídos os monitores correspondentes, que deberán traballar sen contacto entre os demais grupos.

3.27. Uso das praias.

1. O concello respectivo deberá establecer limitacións tanto de acceso como de capacidade das praias co fin de asegurar que se poida respectar a distancia interpersoal de seguridade entre usuarios. Para os efectos de calcular a capacidade máxima permitida por cada praia, considerarase que a superficie de praia que vai ocupar cada usuario será de, polo menos, catro metros cadrados.

2. A situación dos obxectos persoais, toallas, hamacas e elementos similares nas zonas de estadia das piscinas e praias levarase a cabo de forma que se poida manter a distancia de seguridade interpersoal con respecto a outros usuarios. Deberá, ademais, respectarse o límite máximo de seis persoas por grupo, excepto no caso de persoas conviventes, en que non se aplicará esta limitación.

3. Exceptúase o uso da máscara durante o baño e mentres se permaneza nun espazo determinado, sen desprazarse, e sempre que se poida garantir o respecto da distancia de seguridade interpersoal entre todas as persoas usuarias non conviventes. En calquera caso, será obrigatorio o uso de máscara para os accesos, desprazamentos e paseos nas praias.

4. Medidas especiais para determinadas actividades.

4.1. Adóptase a medida de peche temporal, durante o período a que se estende a eficacia da medida conforme o punto quinto da orde, das seguintes actividades, conforme as definicións contidas no anexo do Decreto 124/2019, do 5 de setembro, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos abertos ao público da Comunidade Autónoma de Galicia e se establecen determinadas disposicións xerais de aplicación na materia:

I. Espectáculos públicos:

I.3. Espectáculos taurinos.

I.4. Espectáculos circenses.



I.6. Espectáculos feirais e de exhibición.

I.7. Espectáculos pirotécnicos.

II. Actividades recreativas:

II.3. Actividades de lecer e entretemento.

II.4. Atraccións recreativas.

II.8. Actividades zoolóxicas, botánicas e xeolóxicas.

III. Establecementos abertos ao público:

III.1. Establecementos de espectáculos públicos.

III.1.4. Circos.

III.1.5. Prazas de touros.

III.2. Establecementos de actividades recreativas.

III.2.1. Establecementos de xogo.

III.2.1.1. Casinos.

III.2.1.2. Salas de bingo.

III.2.1.3. Salóns de xogo.

III.2.1.4. Tendas de apostas.

Nos concellos enumerados nas letras C do anexo II, os establecementos de xogos colectivos de diñeiro e de azar, salóns de xogo, salas de bingo, salóns recreativos, rifas e tómbolas, locais específicos de apostas e outros locais e instalacións asimilables aos de actividade recreativa de xogos e apostas, conforme estableza a normativa sectorial en materia de xogo, poderán realizar a súa actividade sempre que non se supere o trinta por cento da súa capacidade permitida e ata as 21.00 horas.



Nos concellos enumerados nas letras D do anexo II, os establecementos de xogos colectivos de diñeiro e de azar, salóns de xogo, salas de bingo, salóns recreativos, rifas e tómbolas, locais específicos de apostas e outros locais e instalacións asimilables aos de actividade recreativa de xogos e apostas, conforme estableza a normativa sectorial en materia de xogo, poderán realizar a súa actividade sempre que non se supere o cincuenta por cento da súa capacidade permitida e ata as 21:00 horas.

En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia de seguridade interpersonal entre as mesas ou, de ser o caso, agrupacións de mesas. A ocupación máxima será de catro persoas por mesa ou agrupación de mesas.

Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersonal nas súas instalacións, especialmente na disposición e uso das máquinas ou de calquera outro dispositivo de xogo nos locais e establecementos en que se desenvolvan actividades ou, na súa falta, para a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso de máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersonal indicada, nos termos previstos na normativa vixente.

Ademais do cumprimento xeral das medidas de hixiene e prevención, no caso de que se preste algún tipo de servizo de hostalaría e restauración, o réxime e horario de prestación deste servizo axustarase ao disposto para os establecementos de hostalaría.

III.2.3. Establecementos para atraccións e xogos recreativos.

III.2.3.1. Parques de atraccións e temáticos.

III.2.3.2. Parques acuáticos.

III.2.3.3. Salóns recreativos.

III.2.3.4. Parques multilecer.

III.2.6. Establecementos para actividades zoolóxicas, botánicas e xeolóxicas.

III.2.7. Establecementos de lecer e entretemento.

III.2.7.1. Salas de festas.

III.2.7.2. Discotecas.



III.2.7.3. Pubs.

III.2.7.4. Cafés espectáculo.

III.2.7.5. Furanchos. A estes establecementos resultaranlles de aplicación as regras previstas no punto 3.22 do presente anexo.

4.2. Manterán o seu funcionamento con actividade lectiva presencial os seguintes centros educativos de réxime especial:

1º) Escolas oficiais de idiomas.

2º) Escolas de arte e superior de deseño.

3º) Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais.

4º) Escola Superior de Arte Dramática.

5º) Conservatorios de música.

6º) Conservatorios de danza.

7º) Escolas de música.

8º) Escolas de danza.

9º) Centros autorizados de deportes, centros autorizados de fútbol, centros autorizados de fútbol sala.

10º) Centros autorizados de artes plásticas e deseño.

11º) Centros autorizados de música e centros autorizados de danza, salvo que estean integrados en centros docentes que permanezan abertos e que limiten a súa actividade ao alumnado dos ditos centros docentes.

12º) Escolas de música privadas e escolas de danza privadas

4.3. A actividade ao público dos centros de interpretación e visitantes, das aulas da natureza, casetas e puntos de información da Rede galega de espazos protexidos levarase a cabo nas condicións establecidas no apartado 3.24.



4.4. Nos centros sociocomunitarios, centros cívicos, centros de convivencia, centros sociais e demais de natureza análoga permanecerá suspendida a súa actividade ao público agás nos concellos enumerados nas letras C e D do anexo II da presente orde, que poderán realizar a súa actividade sempre que se limite a súa capacidade total ao 30 % e se extremen as medidas de protección nas actividades de tipo grupal que se realizan neles, cun máximo de catro persoas sexan ou non conviventes, excluído o monitor ou guía, para as actividades grupais. En todo caso, será obrigatorio o uso da máscara tanto en actividades individuais como grupais.

Permanecerán abertos, en todo caso, os centros de día de maiores e persoas con discapacidade e os ocupacionais, así como as casas do maior.

4.5. Aqueles centros de atención á infancia que se atopen regulados e inscritos de conformidade co previsto no Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia, poderán manter os seus servizos observando as normas de prevención hixiénico sanitaria previstas nos seus protocolos e as previstas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición a unha nova normalidade, na súa redacción vixente.

ANEXO II

A) Concellos con nivel de restrición máxima.

Maside
Paradela
Vilardevós

B) Concellos con nivel de restrición alta.

Arteixo
Boborás
Mezquita (A)
Neda
Pontecesures
Sobrado



C) Concellos con nivel de restricción media.

Soutomaior
Pantón
Ponteceso
Coruña (A)
Bergondo
Culleredo
Chantada
Guitiriz
Mugardos
Laxe
Coles
Valdoviño
Boimorto
Sober

D) Concellos con nivel de restricción media-baixa:

Abadín
Abegondo
Agolada
Alfoz
Allariz
Ames
Amoeiro
Antas de Ulla
Aranga
Arbo
Ares
Arnoia (A)
Arzúa
Avión
Baiona
Baleira
Baltar
Bande



Baña (A)
Baños de Molgas
Baralla
Barbadás
Barco de Valdeorras (O)
Barreiros
Barro
Beade
Beariz
Becerreá
Begonte
Betanzos
Blancos (Os)
Boiro
Bola (A)
Bolo (O)
Boqueixón
Bóveda
Brión
Bueu
Burela
Cabana de Bergantiños
Cabanas
Caldas de Reis
Calvos de Randín
Camariñas
Cambados
Cambre
Campo Lameiro
Cangas
Cañiza (A)
Capela (A)
Carballeda de Avia
Carballeda de Valdeorras
Carballedo
Carballiño (O)
Carballo



Cariño
Carnota
Carral
Cartelle
Castrelo de Miño
Castrelo do Val
Castro Caldelas
Castro de Rei
Castroverde
Catoira
Cedeira
Cee
Celanova
Cenlle
Cereda
Cerdedo-Cotobade
Cerdido
Cervantes
Cervo
Chandrexa de Queixa
Coirós
Corcubión
Corgo (O)
Coristanco
Cortegada
Cospeito
Covelo
Crecente
Cualedro
Cuntis
Curtis
Dodro
Dozón
Dumbría
Entrimo
Esgos
Estrada (A)



Fene
Ferrol
Fisterra
Folgoso do Courel
Fonsagrada (A)
Forcarei
Fornelos de Montes
Foz
Frades
Friol
Gomesende
Gondomar
Grove (O)
Guarda (A)
Gudiña (A)
Guntín
Illa de Arousa (A)
Incio (O)
Irixo (O)
Irixoa
Lalín
Lama (A)
Láncara
Laracha (A)
Larouco
Laza
Leiro
Lobeira
Lobios
Lourenzá
Lousame
Lugo
Maceda
Malpica de Bergantiños
Manzaneda
Mañón
Marín



Mazaricos
Meaño
Meira
Meis
Melide
Melón
Merca (A)
Mesía
Miño
Moaña
Moeche
Mondariz-Balneario
Mondariz
Mondoñedo
Monfero
Monforte de Lemos
Montederramo
Monterrei
Monterroso
Moraña
Mos
Muíños
Muras
Muros
Muxía
Narón
Navia de Suarna
Negreira
Negreira de Muñiz
Neves (As)
Nigrán
Nogais (As)
Nogueira de Ramuín
Noia
Oia
Oímbra
Oleiros

CVE-DOG: x7qrdu25-hhn5-43k5-dt85-6uuifjchxhv4



Ordes
Oroso
Ortigueira
Ourense
Ouro
Outeiro de Rei
Outes
Oza-Cesuras
Paderne de Allariz
Paderne
Padrenda
Padrón
Palas de Rei
Parada de Sil
Páramo (O)
Pastoriza (A)
Pazos de Borbén
Pedrafita do Cebreiro
Pereiro de Aguiar (O)
Peroxa (A)
Petín
Pino (O)
Piñor
Pobra de Trives (A)
Pobra do Brollón (A)
Pobra do Caramiñal (A)
Poio
Pol
Ponte Caldelas
Ponteareas
Pontedeume
Pontedeuva
Pontenova (A)
Pontes de García Rodríguez (As)
Pontevedra
Porqueira
Porriño (O)



Portas
Porto do Son
Portomarín
Punxín
Quintela de Leirado
Quiroga
Rábade
Rairiz de Veiga
Ramirás
Redondela
Rianxo
Ribadavia
Ribadeo
Ribadumia
Ribas de Sil
Ribeira de Piquín
Ribeira
Riós
Riotorto
Rodeiro
Rois
Rosal (O)
Rúa (A)
Rubiá
Sada
Salceda de Caselas
Salvaterra de Miño
Samos
San Amaro
San Cibrao das Viñas
San Cristovo de Cea
San Sadurniño
San Xoán de Río
Sandiás
Santa Comba
Santiago de Compostela
Santiso



Sanxenxo
Sarreaus
Sarria
Saviñao (O)
Silleda
Somozas (As)
Taboada
Taboadela
Teixeira (A)
Teo
Toén
Tomiño
Toques
Tordoia
Touro
Trabada
Trasmiras
Trazo
Triacastela
Tui
Val do Dubra
Valadouro (O)
Valga
Vedra
Veiga (A)
Verea
Verín
Viana do Bolo
Vicedo (O)
Vigo
Vila de Cruces
Vilaboa
Vilagarcía de Arousa
Vilalba
Vilamarín
Vilamartín de Valdeorras
Vilanova de Arousa



Vilar de Barrio
Vilar de Santos
Vilariño de Conso
Vilarmaior
Vilasantar
Vimianzo
Viveiro
Xermade
Xinzo de Limia
Xove
Xunqueira de Ambía
Xunqueira de Espadanedo
Zas

CVE-DOG: x7qrdu25-hhn5-43k5-dt85-6uuifjchxhv4



I. DISPOSICIÓN XERAIS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

ORDE do 12 de marzo de 2021 pola que se modifica o anexo II da Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

I

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto do dito acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderán ser obxecto de modificación ou supresión, mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade.

Así mesmo, indícase no dito punto sexto, na redacción vixente, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de acordo coa normativa aplicable e en vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou en parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación das medidas concretas contidas no anexo.

Mediante o Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, declarouse o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. Esta declaración



afectou todo o territorio nacional e a súa duración inicial estendeuse, conforme o disposto no seu artigo 4, ata as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020.

Conforme o artigo 2 dese real decreto, para os efectos do estado de alarma, a autoridade competente será o Goberno da Nación. En cada comunidade autónoma e cidade con estatuto de autonomía, a autoridade competente delegada será quen exerza a presidencia da comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía, nos termos establecidos no real decreto. As autoridades competentes delegadas quedan habilitadas para ditaren, por delegación do Goberno da Nación, as ordes, resolucións e disposicións para a aplicación do previsto nos artigos 5 ao 11 do real decreto, sen que para iso sexa precisa a tramitación de procedemento administrativo ningún, nin será de aplicación o previsto no segundo parágrafo do artigo 8.6 e no artigo 10.8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O 29 de outubro de 2020, o Congreso dos Deputados autorizou a prórroga do estado de alarma ata o día 9 de maio de 2021. Conforme o artigo 2 do Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, a prórroga establecida no dito real decreto estenderase desde as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020 ata as 00.00 horas do día 9 de maio de 2021, e someterase ás condicións establecidas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, e nos decretos que, se é o caso, se adopten en uso da habilitación conferida pola disposición derradeira primeira do citado Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, sen prexuízo do establecido nas disposicións que recolle o propio real decreto de prórroga.

En consecuencia, durante a vixencia do estado de alarma e da súa prórroga, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, deberán adoptarse, na condición de autoridade competente delegada, nos termos previstos no dito real decreto e no real decreto de prórroga.

Non obstante, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, non esgotan todas as que poden ser adoptadas para facer fronte á crise sanitaria. Neste sentido, como prevé expresamente o seu artigo 12, cada Administración conservará as competencias que lle outorga a lexislación vixente, así como a xestión dos seus servizos e do seu persoal, para adoptar as medidas que considere necesarias, sen prexuízo do establecido no real decreto.

Polo tanto, durante a vixencia do estado de alarma e das súas prórrogas, as medidas que sexa necesario adoptar para facer fronte, na Comunidade Autónoma, á crise sanitaria



serán as que poida acordar, ao abeiro da normativa do estado de alarma, o presidente da Comunidade Autónoma, como autoridade competente delegada, e as complementarias que poidan adoptar, no exercicio das súas competencias propias, as autoridades sanitarias autonómicas e, entre elas, a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, ao abeiro do disposto no punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020 citado.

II

Sentado o anterior, no contexto normativo derivado do estado de alarma vixente e ante a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia, ditouse o Decreto 31/2021, do 25 de febreiro, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

Esas medidas debían ser complementadas, como indica o propio decreto, con outras que procede que adopte a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade no exercicio das súas competencias propias como autoridade sanitaria autonómica.

Estas medidas complementarias establecéronse mediante a Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia. Esta orde prevía que as medidas serían obxecto de revisión constante co obxecto de avaliar a situación e adecualas á incidencia real da epidemia.

Posteriormente, revisáronse as medidas acordadas, co obxecto de adecualas á situación epidemiolóxica, e ditouse a Orde do 4 de marzo de 2021, que incluíu pequenas modificacións das medidas adoptadas e do anexo II da Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

Con data do 5 de marzo de 2021 ditouse a orde da mesma data, por medio da cal se modificou o anexo II da Orde do 25 de febreiro de 2021, en canto a tres concellos que pasaron ao nivel de restricións máximas (Boborás, A Mezquita e A Pobra do Brollón), e realizouse a modificación da mobilidade nas áreas sanitarias da Coruña-Cee e de Pontevedra.



Finalmente, mediante a Orde do 10 de marzo de 2021 modificáronse diversos puntos do anexo I da Orde do 25 de febreiro. Así, modificáronse o punto 3.1 (medidas en materia de control de capacidade) para eliminar do cómputo de capacidade o persoal traballador dos establecementos; o punto 3.10 (hoteles, albergues e aloxamentos turísticos) para permitir a reapertura dos albergues cunha capacidade do 30 % nos espazos de aloxamento compartido; engadiuse un punto 3.24 relativo a especificidades para determinadas actividades turísticas, centros e puntos de información, co obxecto de restablecer as actividades turísticas; e modificouse o punto 4.2 co obxecto de permitir as actividades presenciais que impliquen utilización de instrumentos de vento e/ou exercicios de canto.

Tamén se modificou o anexo II da Orde do 25 de febreiro do 2021, co obxecto de establecer as restricións correspondentes ao nivel epidemiolóxico dos distintos concellos. Así, seis concellos (Paradela, A Pobra do Brollón, Boborás, A Mezquita, Vilardevós e Ponteceures) situáronse no nivel máximo de restricións, e outros once (Soutomaior, Ponte Caldelas, Vilanova de Arousa, Guitiriz, Lourenzán, Chantada, Mugardos, Cariño, Arteixo, Miño e Sobrado) quedaron no nivel alto de restricións. O resto dos concellos galegos quedaron no nivel medio.

Paralelamente, estas modificacións tiveron reflexo tamén nos decretos 39/2021, do 5 de marzo, e 40/2021, do 10 de marzo, polos que se modificou o Decreto 31/2021, do 25 de febreiro, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

III

En cumprimento do compromiso acadado en relación coa revisión das medidas acordadas, co obxecto de adecualas á situación epidemiolóxica, o 12 de marzo de 2021 reuniuse o subcomité clínico co obxecto de revisar a situación epidemiolóxica dos distintos concellos.

Así, o Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 12 de marzo de 2021, destaca os seguintes datos:

O número reprodutivo instantáneo (Rt), que indica o número de contaxios orixinados por un caso activo, segue a manterse por debaixo de 1 desde o 29 de xaneiro, o que indica unha diminución na transmisión da infección. Non obstante, hai áreas sanitarias que nalgún momento superan o 1, como son as da Coruña, Ferrol, Santiago e Ourense.



Do total de concellos de Galicia (N=313), 140 non notificaron casos nos últimos 14 días. O número de concellos sen casos nos últimos 7 días foi de 184. Isto supón un aumento de 2 e 23 concellos, respectivamente, desde hai 7 días, que era de 117 e 182, a 14 e 7 días.

Entre o 28 de febreiro e o 6 de marzo realizáronse 91.873 probas diagnósticas de infección activa polo virus SARS-CoV-2 (48.380 PCR e 43.493 tests de antíxenos) cunha porcentaxe de positividade a sete días do 1,64, o que supón un 12,3 % menos que entre o 26 de febreiro e o 4 de marzo, que era do 1,87 %.

A incidencia acumulada a 7 e 14 días é de 38 e 85 casos por cen mil habitantes, respectivamente, valores inferiores aos observados hai 7 días, en que eran de 47 e 119 casos por cen mil habitantes, respectivamente (descenso do 19 % a 7 días e do 29 % a 14 días).

A tendencia diaria mostra, desde o 20 de decembro, dous tramos con tendencia oposta, primeiro crecente a un ritmo do 6,8 % ata o 22 de xaneiro e despois decrecente cunha porcentaxe de cambio diario de -5,9 %, o que segue a indicar un descenso na onda.

No que respecta á situación das áreas sanitarias, as taxas de incidencia a 14 días seguen a diminuír a respecto de hai 7 días. Ningunha das áreas presenta taxas a 14 días con valores superiores aos 250 casos por 100.000 habitantes nin taxas a 7 días superiores aos 100 casos por 100.000 habitantes. As taxas a 14 días das áreas están entre os 47,57 casos por 100.000 habitantes de Lugo e os 151,79 da Coruña.

No que respecta á hospitalización de casos COVID-19, a media de pacientes con COVID-19 en hospitalización de agudos nos últimos 7 días foi de 287, o que significa un descenso do 25,4 % a respecto de hai sete días. A taxa de pacientes con COVID-19 en hospitalización de agudos é de 74,3 ingresados por 100.000 habitantes, cun descenso, tamén, do 25,4 % a respecto de hai 7 días.

En canto aos ingresos COVID-19 nas unidades de críticos (UCI) nos últimos 7 días, a media foi de 73 e a taxa a 7 días de ingresados nas UCI é de 20,7 ingresados por 100.000 habitantes, o que supón un descenso do 18,9 % a respecto de hai sete días. O descenso, tanto na media como na taxa, é do 25,8 % a respecto de hai sete días.

Respecto á situación epidemiolóxica nos concellos, nos concellos con poboación igual ou maior de 10.000 habitantes (54), ningún concello presenta unha taxa de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes, fronte aos 2 de hai 7 días. No que se refire aos concellos de menos de 10.000 habitantes (259), 11 presentan unha



taxa de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes, 8 menos que hai sete días. Acádanse taxas de incidencia iguais ou maiores a 500 casos por cen mil habitantes en 3 destes concellos.

Segundo os datos reflectidos no informe, o cambio na tendencia da taxa de incidencia segue a manterse en descenso, superado o cumio da onda o 22 de xaneiro.

O modelo de predición mostra que a onda continuará descendendo nos próximos sete e catorce días. Non obstante, o informe sinala que a información do modelo hai que tomala con cautela, xa que parte exclusivamente dos casos e non ten en conta as medidas de restrición que se están a tomar.

A taxa de incidencia a 14 días, no global de Galicia, segue por debaixo dos 100 casos por cen mil habitantes ($c/10^5h$), sen ningunha área cunha incidencia superior aos 250 casos por cen mil habitantes. A taxa de incidencia a 14 días máis elevada é a da área sanitaria da Coruña.

No que atinxe aos concellos de máis de 10.000 habitantes, non hai ningún concello con taxas de incidencia iguais ou superiores a $250 c/10^5h$. Nos de menos de 10.000 hai 11 concellos que superan unha taxa de incidencia de $250 c/10^5h$, con 3 deles cunha taxa a 14 días superior aos $500 c/10^5h$.

O informe salienta, ademais, que o feito de que estea a circular cada vez máis a cepa británica pode influír nun aumento da transmisión.

A ocupación por pacientes con COVID-19 na hospitalización de agudos e unidades de coidados críticos segue a diminuír a respecto de hai sete días. Non obstante, o informe engade que hai que manter a precaución, xa que un incremento na incidencia pode comprometer esta evolución.

En conclusión, aínda que os datos recollidos no informe permiten constatar que, en liñas xerais, a situación epidemiolóxica segue mellorando, o que amosa, inequivocamente, a eficacia das medidas adoptadas, non debe esquecerse que nos atopamos nun contexto de desescalada que debe ser gradual, progresiva e segura, guiada polo principio de prudencia, para evitar así comprometer os logros acadados. Galicia conta cunha poboación especialmente envellecida e no noso territorio o virus circulou menos que noutros territorios do Estado, polo que existe un menor nivel de inmunidade natural, á espera de que o proceso de vacinación en marcha acade os resultados esperados. A presión hospitalaria,



aínda que vai descendendo, segue a ser alta, cun elevado número de persoas ingresadas nas UCI, que aínda debe baixar máis. Resulta imprescindible ser cautelosos e consolidar no tempo as medidas adoptadas recentemente, de tal xeito que sexa posible ir analizando e reaccionando fronte aos efectos que delas deriven.

O criterio utilizado para aplicar os niveis de restrición aos concellos, ademais do da situación sanitaria, é o da taxa de incidencia segundo os casos por cada cen mil habitantes a 14 días, situando o nivel alto na cifra de 250 e o máximo na cifra de 500. Así mesmo, co obxecto de reaccionar con rapidez e eficacia fronte aos brotes, utilízase tamén como criterio o da taxa de incidencia a 7 días. A análise da situación de cada concello complétase coa consideración de criterios demográficos, pois debe terse en conta que en concellos de escasa poboación poucos casos poden dar lugar a taxas moi elevadas que deben ser postas no debido contexto, e co estudo polos servizos de saúde pública e o comité ou o subcomité clínico das características específicas de cada brote.

Así, á vista da situación epidemiolóxica de Galicia e da evolución do COVID-19, e logo da reunión do subcomité clínico, proponse manter no nivel máximo de restrición os concellos de Pontecesures, A Mezquita, Boborás, Vilardevós e Paradela. No caso de Pontecesures, a proposta de mantelo vén derivada de que aínda non pasaron 7 días desde que subiu a este nivel, polo que é preciso esperar este tempo para asegurar que as medidas están a ser efectivas, posto que os seus casos a 7 días continúan a ser elevados e é preciso confirmar a súa baixada.

Así mesmo, proponse manter no nivel alto de restrición os concellos de Sobrado, Arteixo, Chantada e Soutomaior. No caso de Arteixo, tamén é debido a que aínda non leva 7 días desde que está neste nivel e a evolución das súas taxas a 7 e 14 días no tempo está a ter oscilacións, con ascensos e descensos, sen observarse un claro descenso dos casos ao longo do tempo. No caso do concello de Chantada, igualmente, non hai 7 días desde a entrada neste nivel, polo que é pronto para comprobar a efectividade das medidas, xa que se observa un número de casos a 7 días que explica máis do 50 % da taxa a 14 días. En ambos os dous concellos é preciso asegurar que esta ben controlada a situación epidemiolóxica.

Por outra banda, baixarían do nivel alto actual ao nivel medio de restrición os concellos de Miño, Cariño, Mugardos, Guitiriz, Lourenzá, Ponte Caldelas e Vilanova de Arousa, debido á evolución das súas taxas a 7 e 14 días, cun número pequeno de casos, dada a súa poboación, e mesmo os concellos de Cariño e Ponte Caldelas, con cero casos nos últimos sete días.



No mesmo sentido, acórdase baixar do nivel máximo actual ao nivel medio de restrición, dadas as súas taxas a 7 e 14 días, o concello da Pobra do Brollón, no que, ademais, nos últimos sete días non houbo ningún caso.

O resto de concellos de Galicia mantéñense no nivel medio de restricións, con base nos criterios reflectidos anteriormente.

Por conseguinte, á vista do indicado no citado informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, e tras escoitar as recomendacións do subcomité clínico reunido para estes efectos, coa situación epidemiolóxica e sanitaria da Comunidade Autónoma de Galicia óptase por manter, con carácter xeral, o modelo de limitacións que se viñan aplicando ata o momento, aínda que adaptadas á evolución da situación nos diferentes ámbitos territoriais da Comunidade Autónoma nestes últimos días desde a anterior revisión. Con esta finalidade, actualízase o anexo da orde no cal se relacionan os concellos da Comunidade Autónoma aos cales lles son de aplicación as diferentes limitacións.

Debe insistirse, en particular, en que as medidas resultan adecuadas e eficaces de acordo cos datos expostos sobre a evolución da situación epidemiolóxica e, polo tanto, útiles para conseguir o fin proposto de protección da saúde pública, á espera de que a campaña de vacinación acade os resultados que se perseguen. Debe ponderarse que aínda non estamos en niveis de transmisión que se poidan entender de risco baixo. Así mesmo, debe manterse a protección do sistema sanitario, que soporta niveis altos de ocupación, sobre todo en determinadas áreas sanitarias. As medidas de limitación de determinadas actividades resultan necesarias, adecuadas e proporcionadas para o fin perseguido, que non é outro que controlar e evitar a maior difusión dunha enfermidade altamente contaxiosa, respecto da cal a diferenza entre persoas enfermas e sas resulta difusa, dada a posible asintomatoloxía ou levidade dos síntomas e a existencia dun período no cal non hai indicios externos da enfermidade. En concreto, trátase de evitar especialmente aglomeracións ou encontros entre persoas, co fin de garantir o mantemento da distancia de seguridade e reducir o risco de contacto físico ou proximidade en condicións favorecedoras do contaxio. Debe lembrarse, neste sentido, que o Auto 40/2020, do 30 de abril de 2020, do Tribunal Constitucional, no seu fundamento xurídico cuarto, ao ponderar a relevancia das especiais circunstancias derivadas da crise sanitaria creada pola pandemia no exercicio do dereito de reunión, salientou como, ante a incerteza sobre as formas de contaxio, sobre o impacto real da propagación do virus, así como sobre as consecuencias a medio e longo prazo para a saúde das persoas que se viron afectadas, as medidas de distanciamento social e de limitación extrema dos contactos e actividades grupais son as únicas que se teñen demostrado eficaces para limitar os efectos dunha pandemia de dimensións descoñecidas ata a



data. Deste modo, as medidas de limitación de determinadas actividades van dirixidas a limitar os contactos e a interacción social e, polo tanto, a transmisión da enfermidade, en situacións nas cales cabe apreciar un maior risco polas circunstancias en que se realizan, especialmente en lugares pechados.

Tendo en conta o exposto, e tras escoitar as recomendacións do subcomité clínico reunido para estes efectos e visto o informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, procede manter as medidas xa aprobadas na anterior Orde do 25 de febreiro, na súa redacción vixente, sen prexuízo das modificacións que se introducen no anexo II da citada orde.

IV

As medidas que se adoptan nesta orde teñen o seu fundamento normativo na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 a 38 ter da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para adoptar as medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica existente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, coa urxencia que a protección da saúde pública demanda.

Na súa virtude, en aplicación do punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. Modifícase o anexo II da Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado segundo o anexo da presente orde



Segundo. Eficacia

As medidas previstas nesta orde terán efectos desde as 00.00 horas do día 15 de marzo de 2021. Non obstante o anterior, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, serán obxecto de seguimento e avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser modificadas ou levantadas por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2021

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade

«ANEXO II**A) Concellos con nivel de restrición máxima.**

Boborás.
Mezquita (A).
Paradela.
Pontecesures.
Vilardevós.

B) Concellos con nivel de restrición alta.

Arteixo.
Chantada.
Sobrado.
Soutomaior.

C) Concellos con nivel de restrición media.

Abadín.
Abegondo.
Agolada.
Alfoz.
Allariz.
Ames.



Amoeiro.
Antas de Ulla.
Aranga.
Arbo.
Ares.
Arnoia (A).
Arzúa.
Avión.
Baiona.
Baleira.
Baltar.
Bande.
Baña (A).
Baños de Molgas.
Baralla.
Barbadás.
Barco de Valdeorras (O).
Barreiros.
Barro.
Beade.
Beariz.
Becerreá.
Begonte.
Bergondo.
Betanzos.
Blancos (Os).
Boimorto.
Boiro.
Bola (A).
Bolo (O).
Boqueixón.
Bóveda.
Brión.
Bueu.
Burela.
Cabana de Bergantiños.
Cabanas.



Caldas de Reis.
Calvos de Randín.
Camariñas.
Cambados.
Cambre.
Campo Lameiro.
Cangas.
Cañiza (A).
Capela (A).
Carballeda de Avia.
Carballeda de Valdeorras.
Carballedo.
Carballiño (O).
Carballo.
Cariño.
Carnota.
Carral.
Cartelle.
Castrelo de Miño.
Castrelo do Val.
Castro Caldelas.
Castro de Rei.
Castroverde.
Catoira.
Cedeira.
Cee.
Celanova.
Cenlle.
Cerceda.
Cerdedo-Cotobade.
Cerdido.
Cervantes.
Cervo.
Chandrexa de Queixa.
Coirós.
Coles.
Corcubión.



Corgo (O).
Coristanco.
Cortegada.
Coruña (A).
Cospeito.
Covelo.
Crecente.
Cualedro.
Culleredo.
Cuntis.
Curtis.
Dodro.
Dozón.
Dumbría.
Entrimo.
Esgos.
Estrada (A).
Fene.
Ferrol.
Fisterra.
Folgozo do Courel.
Fonsagrada (A).
Forcarei.
Fornelos de Montes.
Foz.
Frades.
Friol.
Gomesende.
Gondomar.
Grove (O).
Guarda (A).
Gudiña (A).
Guitiriz.
Guntín.
Illa de Arousa (A).
Incio (O).
Irixo (O).



Irixoa.
Lalín.
Lama (A).
Láncara.
Laracha (A).
Larouco.
Laxe.
Laza.
Leiro.
Lobeira.
Lobios.
Lourenzá.
Lousame.
Lugo.
Maceda.
Malpica de Bergantiños.
Manzaneda.
Mañón.
Marín.
Maside.
Mazaricos.
Meaño.
Meira.
Meis.
Melide.
Melón.
Merca (A).
Mesía.
Miño.
Moaña.
Moeche.
Mondariz-Balneario.
Mondariz.
Mondoñedo.
Monfero.
Monforte de Lemos.
Montederramo.



Monterrei.
Monterroso.
Moraña.
Mos.
Mugardos.
Muíños.
Muras.
Muros.
Muxía.
Narón.
Navia de Suarna.
Neda.
Negreira.
Negueira de Muñiz.
Neves (As).
Nigrán.
Nogais (As).
Nogueira de Ramuín.
Noia.
Oia.
Oímbra.
Oleiros.
Ordes.
Oroso.
Ortigueira.
Ourense.
Ouroi.
Outeiro de Rei.
Outes.
Oza-Cesuras.
Paderne de Allariz.
Paderne.
Padrenda.
Padrón.
Palas de Rei.
Pantón.
Parada de Sil.



Páramo (O).
Pastoriza (A).
Pazos de Borbén.
Pedrafitas do Cebreiro.
Pereiro de Aguiar (O).
Peroxa (A).
Petín.
Pino (O).
Piñor.
Pobra de Trives (A).
Pobra do Brollón (A).
Pobra do Caramiñal (A).
Poio.
Pol.
Ponte Caldelas.
Ponteareas.
Ponteceso.
Pontedeume.
Pontedeva.
Pontenova (A).
Pontes de García Rodríguez (As).
Pontevedra.
Porqueira.
Porriño (O).
Portas.
Porto do Son.
Portomarín.
Punxín.
Quintela de Leirado.
Quiroga.
Rábade.
Rairiz de Veiga.
Ramirás.
Redondela.
Rianxo.
Ribadavia.
Ribadeo.



Ribadumia.
Ribas de Sil.
Ribeira de Piquín.
Ribeira.
Riós.
Riotorto.
Rodeiro.
Rois.
Rosal (O).
Rúa (A).
Rubiá.
Sada.
Salceda de Caselas.
Salvaterra de Miño.
Samos.
San Amaro.
San Cibrao das Viñas.
San Cristovo de Cea.
San Sadurniño.
San Xoán de Río.
Sandiás.
Santa Comba.
Santiago de Compostela.
Santiso.
Sanxenxo.
Sarreaus.
Sarria.
Saviñao (O).
Silleda.
Sober.
Somozas (As).
Taboada.
Taboadela.
Teixeira (A).
Teo.
Toén.
Tomiño.



Toques.
Tordoia.
Touro.
Trabada.
Trasmiras.
Trazo.
Triacastela.
Tui.
Val do Dubra.
Valadouro (O).
Valdoviño.
Valga.
Vedra.
Veiga (A).
Verea.
Verín.
Viana do Bolo.
Vicedo (O).
Vigo.
Vila de Cruces.
Vilaboa.
Vilagarcía de Arousa.
Vilalba.
Vilamarín.
Vilamartín de Valdeorras.
Vilanova de Arousa.
Vilar de Barrio.
Vilar de Santos.
Vilariño de Conso.
Vilarmaior.
Vilasantar.
Vimianzo.
Viveiro.
Xermade.
Xinzo de Limia.
Xove.
Xunqueira de Ambía.
Xunqueira de Espadanedo.
Zas».



I. DISPOSICIÓN XERAIS**PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA**

DECRETO 42/2021, do 12 de marzo, polo que se modifica o Decreto 31/2021, do 25 de febreiro, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

I

A expansión do coronavirus COVID-19 xerou unha crise sanitaria sen precedentes recentes. Así, tras a elevación pola Organización Mundial da Saúde da situación de emerxencia de saúde pública pola dita causa a nivel de pandemia internacional e a adopción, por algunhas comunidades autónomas como a galega, de medidas de prevención, mediante o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, declarouse o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, declaración que afectou todo o territorio nacional, cunha duración inicial de quince días naturais, pero que foi obxecto de sucesivas prórrogas autorizadas polo Congreso dos Deputados.

O levantamento dese estado de alarma, con todo, non puxo fin á crise sanitaria, o que xustificou a adopción de medidas como as previstas, no ámbito estatal, no Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, así como as medidas de prevención que foron adoptando as diferentes comunidades autónomas. En concreto, no caso da Comunidade Autónoma de Galicia, a resposta á crise sanitaria foi, fundamentalmente, ademais do mantemento da declaración de situación de emerxencia sanitaria efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020, a adopción, ao abeiro da lexislación sanitaria, ordinaria e orgánica, de medidas de prevención tanto de carácter xeral, para todo o territorio autonómico, como, de maneira específica, a través de diferentes ordes da persoa titular da Consellería de Sanidade, en atención á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

Mediante o Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, declarouse o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. Esa declaración afectou todo o territorio nacional e a súa duración inicial estendíase, conforme o disposto no seu artigo 4, ata as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020.



Conforme o artigo 2 do dito real decreto, para os efectos do estado de alarma, a autoridade competente será o Goberno da Nación. En cada comunidade autónoma e cidade con estatuto de autonomía, a autoridade competente delegada será quen desempeñe a presidencia da comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía, nos termos establecidos no real decreto. As autoridades competentes delegadas quedan habilitadas para ditaren, por delegación do Goberno da Nación, as ordes, resolucións e disposicións para a aplicación do previsto nos artigos 5 ao 11 do real decreto, sen que para iso sexa preciso tramitar ningún procedemento administrativo, nin será de aplicación o previsto no segundo parágrafo do artigo 8.6 e no artigo 10.8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

En concreto, o artigo 6 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, prevé que a autoridade competente delegada que corresponda poderá limitar a entrada e saída de persoas no territorio de cada comunidade autónoma ou en ámbitos territoriais de carácter xeograficamente inferiores á comunidade autónoma, coas excepcións previstas no artigo 6.1.

Pola súa banda, o artigo 7 do mesmo texto normativo dispón que a permanencia de grupos de persoas en espazos de uso público, tanto pechados como ao aire libre, quedará condicionada a que non se supere o número máximo de seis persoas, salvo que se trate de conviventes, e sen prexuízo das excepcións que se establezan en relación con dependencias, instalacións e establecementos abertos ao público. A permanencia de grupos de persoas en espazos de uso privado quedará condicionada a que non se supere o número máximo de seis persoas, salvo que se trate de conviventes. No caso das agrupacións en que se inclúan tanto persoas conviventes como persoas non conviventes, o número máximo será de seis persoas. Conforme o artigo 9, a eficacia desta medida nunha comunidade autónoma producirase cando a autoridade competente delegada o determine. Ademais, o artigo 7 recolle a posibilidade de que a autoridade competente delegada correspondente determine, no seu ámbito territorial, en vista da evolución dos indicadores sanitarios, epidemiolóxicos, sociais, económicos e de mobilidade, logo de comunicación ao Ministerio de Sanidade e de acordo co previsto no artigo 13, que o número máximo sexa inferior a seis persoas, salvo que se trate de conviventes. Así mesmo, as autoridades competentes delegadas poderán, no seu ámbito territorial, establecer excepcións respecto das persoas menores ou dependentes, así como calquera outra flexibilización da limitación.

De acordo co artigo 8 do real decreto, a autoridade competente delegada poderá limitar a permanencia de persoas en lugares de culto mediante a fixación da limitación de capacidade para reunións, celebracións e encontros relixiosos, atendendo ao risco de transmisión que poida resultar dos encontros colectivos, sen que tal limitación poida afectar, en ningún caso, o exercicio privado e individual da liberdade relixiosa.



E, conforme o artigo 10 da norma, a autoridade competente delegada en cada comunidade autónoma poderá, no seu ámbito territorial, en vista da evolución dos indicadores sanitarios, epidemiolóxicos, sociais, económicos e de mobilidade, logo de comunicación ao Ministerio de Sanidade e de acordo co previsto no artigo 13, modular, flexibilizar e suspender a aplicación das medidas previstas nos artigos 6, 7 e 8, co alcance e ámbito territorial que determine.

O 29 de outubro de 2020, o Congreso dos Deputados autorizou a prórroga do estado de alarma ata o 9 de maio de 2021. Conforme o artigo 2 do Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, a prórroga establecida nese real decreto estenderase desde as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020 ata as 00.00 horas do día 9 de maio de 2021, e someterase ás condicións establecidas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, e nos decretos que, se é o caso, se adopten en uso da habilitación conferida pola disposición derradeira primeira do citado Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, sen prexuízo do establecido nas disposicións que recolle o propio real decreto de prórroga.

En consecuencia, durante a vixencia do estado de alarma e da súa prórroga, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, deberán adoptarse na condición de autoridade competente delegada, nos termos previstos no dito real decreto e no real decreto de prórroga.

Non obstante, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, non esgotan todas as que se poden adoptar para facer fronte á crise sanitaria. Neste sentido, como prevé expresamente o seu artigo 12, cada Administración conservará as competencias que lle outorga a lexislación vixente, así como a xestión dos seus servizos e do seu persoal, para adoptar as medidas que considere necesarias, sen prexuízo do establecido no real decreto.

Polo tanto, como destaca a propia exposición de motivos do real decreto, durante a vixencia do estado de alarma as administracións sanitarias competentes en saúde pública, no non previsto nesa norma, deberán continuar adoptando as medidas necesarias para afrontar a situación de emerxencia de saúde pública ocasionada polo COVID-19, conforme a lexislación sanitaria, en particular, a Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; a Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, e a Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, así como a normativa autonómica correspondente.



II

Neste contexto normativo derivado do estado de alarma vixente e ante a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia, ditouse o Decreto 31/2021, do 25 de febreiro, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, que foi modificado mediante o Decreto 37/2021, do 4 de marzo, o Decreto 39/2021, do 5 de marzo, e o Decreto 40/2021, do 10 de marzo, coa finalidade de revisar as medidas adoptadas e mantelas adaptadas á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria da Comunidade Autónoma.

III

A evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia fai necesario que o presidente da Xunta de Galicia adopte novas medidas na condición de autoridade competente delegada, sen prexuízo das que, de modo complementario e compatible con elas, adopte a persoa titular da Consellería de Sanidade, en exercicio das súas competencias como autoridade sanitaria autonómica.

O subcomité clínico, na súa reunión do 12 de marzo de 2021, revisou a situación epidemiolóxica e sanitaria da Comunidade Autónoma.

Así, do informe de saúde pública do 12 de marzo destácanse os seguintes datos:

O número reprodutivo instantáneo (R_t), que indica o número de contaxios orixinados por un caso activo, segue a manterse por debaixo de 1 desde o 29 de xaneiro, o que indica unha diminución na transmisión da infección. Non obstante, hai áreas sanitarias que nalgún momento superan o 1, como son as da Coruña, Ferrol, Santiago e Ourense.

Do total de concellos de Galicia ($N=313$), 140 non notificaron casos nos últimos 14 días. O número de concellos sen casos nos últimos 7 días foi de 184. Isto supón un aumento de 2 e 23 concellos, respectivamente, desde hai 7 días, que era de 117 e 182, a 14 e 7 días.

Entre o 28 de febreiro e o 6 de marzo realizáronse 91.873 probas diagnósticas de infección activa polo virus SARS-CoV-2 (48.380 PCR e 43.493 tests de antíxenos) cunha porcentaxe de positividade a sete días do 1,64, o que supón un 12,3 % menos que a de entre o 26 de febreiro e o 4 de marzo, que era do 1,87 %.



A incidencia acumulada a 7 e 14 días é de 38 e 85 casos por cen mil habitantes, respectivamente, valores inferiores aos observados hai 7 días, en que eran de 47 e 119 casos por cen mil habitantes, respectivamente (descenso do 19 % a 7 días e do 29 % a 14 días).

A tendencia diaria mostra, desde o 20 de decembro, dous tramos con tendencia oposta, primeiro crecente, a un ritmo do 6,8 % ata o 22 de xaneiro, e despois decrecente, cunha porcentaxe de cambio diario de -5,9 %, o que segue a indicar un descenso na onda.

No que se refire ás áreas sanitarias, as taxas de incidencia a 14 días seguen a diminuír a respecto de hai 7 días. Ningunha das áreas presenta taxas a 14 días con valores superiores aos 250 casos por 100.000 habitantes nin taxas a 7 días superiores aos 100 casos por 100.000 habitantes. As taxas a 14 días das áreas están entre os 47,57 casos por 100.000 habitantes de Lugo e os 151,79 da Coruña.

No que respecta á hospitalización de casos COVID-19, a media de pacientes con COVID-19 en hospitalización de agudos nos últimos 7 días foi de 287, o que significa un descenso do 25,4 % a respecto de hai sete días. A taxa de pacientes con COVID-19 en hospitalización de agudos é de 74,3 ingresados por 100.000 habitantes, cun descenso, tamén, do 25,4 % a respecto de hai 7 días. Pola súa banda, canto aos ingresos por COVID-19 nas unidades de críticos (UCI) nos últimos 7 días, a media foi de 73 e a taxa a 7 días de ingresados nas UCI é de 20,7 ingresados por 100.000 habitantes, o que supón un descenso do 18,9 % a respecto de hai sete días. O descenso, tanto na media como na taxa é do 25,8 %, a respecto de hai sete días. Polo tanto, aínda que a ocupación por pacientes con COVID-19 na hospitalización de agudos e unidades de coidados críticos segue a diminuír con respecto á de hai sete días, debe manterse a precaución, xa que un incremento na incidencia pode comprometer esta evolución.

Nos concellos con poboación igual ou maior de 10.000 habitantes (54), ningún concello presenta unha taxa de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes, fronte aos 2 de hai 7 días. No que se refire aos concellos de menos de 10.000 habitantes (259), 11 presentan unha taxa de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes, 8 menos que hai sete días. Acádanse taxas de incidencia iguais ou maiores a 500 casos por cen mil habitantes en 3 destes concellos.

O modelo de predición mostra que a onda continuará descendendo nos próximos sete e catorce días. Non obstante, a información do modelo hai que tomala con cautela, xa que parte exclusivamente dos casos e non ten en conta as medidas de restrición que se están a tomar.



A taxa de incidencia a 14 días, no global de Galicia, segue por debaixo dos 100 casos por cen mil habitantes, sen ningunha área cunha incidencia superior aos 250 casos por cen mil habitantes. A taxa de incidencia a 14 días máis elevada é a da área sanitaria da Coruña. No que atinxe aos concellos de máis de 10.000 habitantes, non hai ningún concello con taxas de incidencia iguais ou superiores a 250 casos por cen mil habitantes. Nos de menos de 10.000 hai 11 concellos que superan unha taxa de incidencia de 250 casos por cen mil habitantes, con 3 deles cunha taxa a 14 días superior aos 500 casos por cen mil habitantes.

Insístese, ademais, en que o feito de que estea a circular cada vez máis a cepa británica pode influír nun aumento da transmisión.

O criterio utilizado para aplicar os niveis de restrición aos concellos, ademais do da situación sanitaria, é o da taxa de incidencia segundo os casos por cada cen mil habitantes a 14 días, situando o nivel alto na cifra de 250 e o máximo na cifra de 500. Así mesmo, co obxecto de reaccionar con rapidez e eficacia fronte aos brotes, utilízase tamén como criterio o da taxa de incidencia a 7 días. A análise da situación de cada concello complétase coa consideración de criterios demográficos, pois debe terse en conta que en concellos de escasa poboación poucos casos poden dar lugar a taxas moi elevadas, que deben ser postas no debido contexto, e co estudo polos servizos de saúde pública e o comité ou o subcomité clínico das características específicas de cada brote.

En conclusión, aínda que os datos recollidos no informe permiten constatar que, en liñas xerais, a situación epidemiolóxica segue mellorando, o que amosa, inequivocamente, a eficacia das medidas adoptadas, non debe esquecerse que nos atopamos nun contexto de desescalada, que debe ser gradual, progresiva e segura, guiada polo principio de prudencia para evitar así comprometer os logros acadados. Galicia conta cunha poboación especialmente envellecida e no noso territorio o virus circulou menos que noutros territorios do Estado, polo que existe un menor nivel de inmunidade natural, á espera de que o proceso de vacinación en marcha acade os resultados esperados. A presión hospitalaria, aínda que vai descendendo, segue a ser alta, cun elevado número de persoas ingresadas nas UCI, que aínda debe baixar máis. Resulta imprescindible ser cautelosos e consolidar no tempo as medidas adoptadas recentemente, de tal xeito que sexa posible ir analizando e reaccionando fronte aos efectos que delas deriven.

Así, á vista da situación epidemiolóxica de Galicia e da evolución do COVID-19, e logo da reunión do subcomité clínico, obsérvase unha mellora na situación epidemiolóxica dos concellos da Pobra do Brollón (que ata este momento estaba sometido ás máximas restricións en canto a mobilidade e tiña limitadas as reunións unicamente a conviventes) Cariño,



Guitiriz, Lourenzán, Miño, Mugarzos, Ponte Caldelas e Vilanova de Arousa (todos eles incluídos ata este momento no nivel alto de restricións). Esta mellora determina a súa inclusión no nivel medio de restricións.

Por conseguinte, en vista do indicado no citado informe da Dirección Xeral de Saúde Pública e logo de escoitar as recomendacións do subcomité clínico reunido para estes efectos, óptase por actualizar o anexo do decreto en que se relacionan os concellos da Comunidade Autónoma aos cales lles son de aplicación as diferentes limitacións, coa finalidade de adaptalo á situación actual.

IV

Tendo en conta o indicado, a situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia determina que procede ditar un novo decreto en que se adapten as medidas existentes á indicada situación. De acordo co exposto, por proposta do conselleiro de Sanidade e na condición de autoridade competente delegada, por delegación do Goberno da Nación, conforme o disposto nos artigos 2, 5, 6, 7, 8, 9 e 10 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2,

DISPOÑO:

Primeiro. Modificación do anexo do Decreto 31/2021, do 25 de febreiro, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2

Modifícase o anexo do Decreto 31/2021, do 25 de febreiro, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, que queda redactado nos termos previstos no anexo do presente decreto.

Segundo. Eficacia, seguimento e avaliación

A eficacia das medidas previstas neste decreto comezará ás 00.00 horas do día 15 de marzo de 2021.



Non obstante o anterior, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas deberán ser obxecto de seguimento e de avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria e para os efectos, de ser necesario, da súa modificación ou levantamento.

Terceiro. *Recursos*

Contra o presente decreto poderá interperse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, conforme os artigos 12.1.a) e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, doce de marzo de dous mil vinte e un

Alberto Núñez Feijóo
Presidente da Xunta de Galicia

ANEXO

A. Concellos de ámbito territorial individualmente delimitado:

Boborás.
Mezquita (A).
Paradela.
Pontecesures.
Vilardevós.

B. Ámbito territorial conxuntamente delimitado formado polos seguintes concellos:

(Sen contido).

C. Concellos entre os cales está permitida a mobilidade atendendo á súa similar situación epidemiolóxica:

1) Concellos con nivel alto de restricións:

Arteixo.
Chantada.
Sobrado.
Soutomaior.



2) Concellos con nivel medio de restricións:

Abadín.

Abegondo.

Agolada.

Alfoz.

Allariz.

Ames.

Amoeiro.

Antas de Ulla.

Aranga.

Arbo.

Ares.

Arnoia (A).

Arzúa.

Avión.

Baiona.

Baleira.

Baltar.

Bande.

Baña (A).

Baños de Molgas.

Baralla.

Barbadás.

Barco de Valdeorras (O).

Barreiros.

Barro.

Beade.

Beariz.

Becerreá.

Begonte.

Bergondo.

Betanzos.



Blancos (Os).
Boimorto.
Boiro.
Bola (A).
Bolo (O).
Boqueixón.
Bóveda.
Brión.
Bueu.
Burela.
Cabana de Bergantiños.
Cabanas.
Caldas de Reis.
Calvos de Randín.
Camariñas.
Cambados.
Cambre.
Campo Lameiro.
Cangas.
Cañiza (A).
Capela (A).
Carballeda de Avia.
Carballeda de Valdeorras.
Carballedo.
Carballiño (O).
Carballo.
Cariño.
Carnota.
Carral.
Cartelle.
Castrelo de Miño.
Castrelo do Val.



Castro Caldelas.
Castro de Rei.
Castroverde.
Catoira.
Cedeira.
Cee.
Celanova.
Cenlle.
Cerceda.
Cerdedo-Cotobade.
Cerdido.
Cervantes.
Cervo.
Chandrea de Queixa.
Coirós.
Coles.
Corcubión.
Corgo (O).
Coristanco.
Cortegada.
Coruña (A).
Cospeito.
Covelo.
Crecente.
Cualedro.
Culleredo.
Cuntis.
Curtis.
Dodro.
Dozón.
Dumbría.
Entrimo.



Esgos.
Estrada (A).
Fene.
Ferrol.
Fisterra.
Folgoso do Courel.
Fonsagrada (A).
Forcarei.
Fornelos de Montes.
Foz.
Frades.
Friol.
Gomesende.
Gondomar.
Grove (O).
Guarda (A).
Gudiña (A).
Guitiriz.
Guntín.
Illa de Arousa (A).
Incio (O).
Irixo (O).
Irixoa.
Lalín.
Lama (A).
Láncara.
Laracha (A).
Larouco.
Laxe.
Laza.
Leiro.
Lobeira.



Lobios.
Lourenzá.
Lousame.
Lugo.
Maceda.
Malpica de Bergantiños.
Manzaneda.
Mañón.
Marín.
Maside.
Mazaricos.
Meaño.
Meira.
Meis.
Melide.
Melón.
Merca (A).
Mesía.
Miño.
Moaña.
Moeche.
Mondariz-Balneario.
Mondariz.
Mondoñedo.
Monfero.
Monforte de Lemos.
Montederramo.
Monterrei.
Monterroso.
Moraña.
Mos.
Mugardos.



Muíños.
Muras.
Muros.
Muxía.
Narón.
Navia de Suarna.
Neda.
Negreira.
Negueira de Muñiz.
Neves (As).
Nigrán.
Nogais (As).
Nogueira de Ramuín.
Noia.
Oia.
Oímbra.
Oleiros.
Ordes.
Oroso.
Ortigueira.
Ourense.
Ourol.
Outeiro de Rei.
Outes.
Oza-Cesuras.
Paderne de Allariz.
Paderne.
Padrenda.
Padrón.
Palas de Rei.
Pantón.
Parada de Sil.



Páramo (O).
Pastoriza (A).
Pazos de Borbén.
Pedrafitas do Cebreiro.
Pereiro de Aguiar (O).
Peroxa (A).
Petín.
Pino (O).
Piñor.
Pobra de Trives (A).
Pobra do Brollón (A).
Pobra do Caramiñal (A).
Poio.
Pol.
Ponte Caldelas.
Ponteareas.
Ponteceso.
Pontedeume.
Pontedeua.
Pontenova (A).
Pontes de García Rodríguez (As).
Pontevedra.
Porqueira.
Porriño (O).
Portas.
Porto do Son.
Portomarín.
Punxín.
Quintela de Leirado.
Quiroga.
Rábade.
Rairiz de Veiga.



Ramirás.
Redondela.
Rianxo.
Ribadavia.
Ribadeo.
Ribadumia.
Ribas de Sil.
Ribeira de Piquín.
Ribeira.
Ríós.
Riotorto.
Rodeiro.
Rois.
Rosal (O).
Rúa (A).
Rubiá.
Sada.
Salceda de Caselas.
Salvaterra de Miño.
Samos.
San Amaro.
San Cibrao das Viñas.
San Cristovo de Cea.
San Sadurniño.
San Xoán de Río.
Sandiás.
Santa Comba.
Santiago de Compostela.
Santiso.
Sanxenxo.
Sarreaus.
Sarria.



Saviñao (O).
Silleda.
Sober.
Somozas (As).
Taboada.
Taboadela.
Teixeira (A).
Teo.
Toén.
Tomiño.
Toques.
Tordoia.
Touro.
Trabada.
Trasmiras.
Trazo.
Triacastela.
Tui.
Val do Dubra.
Valadouro (O).
Valdoviño.
Valga.
Vedra.
Veiga (A).
Verea.
Verín.
Viana do Bolo.
Vicedo (O).
Vigo.
Vila de Cruces.
Vilaboa.
Vilagarcía de Arousa.



Vilalba.
Vilamarín.
Vilamartín de Valdeorras.
Vilanova de Arousa.
Vilar de Barrio.
Vilar de Santos.
Vilariño de Conso.
Vilarmaior.
Vilasantar.
Vimianzo.
Viveiro.
Xermade.
Xinzo de Limia.
Xove.
Xunqueira de Ambía.
Xunqueira de Espadanedo.
Zas.



I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 10 de marzo de 2021 pola que se modifica a Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

I

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto do dito acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderán ser obxecto de modificación ou supresión, mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade.

Así mesmo, indícase no dito punto sexto, na redacción vixente, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de acordo coa normativa aplicable e en vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou en parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación das medidas concretas contidas no anexo.



Mediante o Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, declarouse o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. Esta declaración afectou todo o territorio nacional e a súa duración inicial estendeuse, conforme o disposto no seu artigo 4, ata as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020.

Conforme o artigo 2 dese real decreto, para os efectos do estado de alarma, a autoridade competente será o Goberno da Nación. En cada comunidade autónoma e cidade con estatuto de autonomía, a autoridade competente delegada será quen exerza a presidencia da comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía, nos termos establecidos no real decreto. As autoridades competentes delegadas quedan habilitadas para ditaren, por delegación do Goberno da Nación, as ordes, resolucións e disposicións para a aplicación do previsto nos artigos 5 ao 11 do real decreto, sen que para iso sexa precisa a tramitación de procedemento administrativo ningún, nin será de aplicación o previsto no segundo parágrafo do artigo 8.6 e no artigo 10.8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O 29 de outubro de 2020, o Congreso dos Deputados autorizou a prórroga do estado de alarma ata o día 9 de maio de 2021. Conforme o artigo 2 do Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, a prórroga establecida no devandito real decreto estenderase desde as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020 ata as 00.00 horas do día 9 de maio de 2021, e someterase ás condicións establecidas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, e nos decretos que, se é o caso, se adopten en uso da habilitación conferida pola disposición derradeira primeira do citado Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, sen prexuízo do establecido nas disposicións que recolle o propio real decreto de prórroga.

En consecuencia, durante a vixencia do estado de alarma e da súa prórroga, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, deberán adoptarse, na condición de autoridade competente delegada, nos termos previstos no devandito real decreto e no real decreto de prórroga.

Non obstante, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, non esgotan todas as que poden ser adoptadas para facer fronte á crise sanitaria. Neste sentido, como prevé expresamente o seu artigo 12, cada Administración conservará as competencias que lle outorga a lexislación vixente, así como a xestión dos seus servizos e do seu persoal, para adoptar as medidas que considere necesarias, sen prexuízo do establecido no real decreto.



Polo tanto, durante a vixencia do estado de alarma e das súas prórrogas, as medidas que sexa necesario adoptar para facer fronte, na Comunidade Autónoma, á crise sanitaria serán as que poida acordar, ao abeiro da normativa do estado de alarma, o presidente da Comunidade Autónoma, como autoridade competente delegada, e as complementarias que poidan adoptar, no exercicio das súas competencias propias, as autoridades sanitarias autonómicas e, entre elas, a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, ao abeiro do disposto no punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020 citado.

II

Sentado o anterior, no contexto normativo derivado do estado de alarma vixente e ante a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia, ditouse o Decreto 31/2021, do 25 de febreiro, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

Esas medidas debían ser complementadas, como indica o propio decreto, con outras que procede que adopte a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade no exercicio das súas competencias propias como autoridade sanitaria autonómica.

Estas medidas complementarias establecéronse mediante a Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia. Esta orde prevía que as medidas serían obxecto de revisión constante co obxecto de avaliar a situación e adecualas á incidencia real da epidemia.

Posteriormente, revisáronse as medidas acordadas, co obxecto de adecualas á situación epidemiolóxica, e ditouse a Orde do 4 de marzo de 2021, que incluíu pequenas modificacións das medidas adoptadas e do anexo II da Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

Finalmente, con data do 5 de marzo de 2021 ditouse a orde da mesma data, por medio da que se procedeu a modificar o anexo II da Orde do 25 de febreiro de 2021, en canto a tres concellos que pasaron ao nivel de restricións máximas (Boborás, A Mezquita e A Pobra



do Brollón), e procedeuse á modificación da mobilidade nas áreas sanitarias de A Coruña-Cee e de Pontevedra.

Paralelamente, estas modificacións tiveron reflexo tamén no Decreto 39/2021, do 5 de marzo, polo que se modifica o Decreto 31/2021, do 25 de febreiro, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

III

En cumprimento do compromiso acadado en relación coa revisión das medidas acordadas, co obxecto de adecualas á situación epidemiolóxica, o 9 de marzo de 2021 reuniuse o Comité Clínico co obxecto de revisar a situación epidemiolóxica dos distintos concellos, para os efectos de establecer as medidas de mobilidade e restricións correspondentes a cada situación.

Así, o Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 10 de marzo de 2021, destaca os seguintes datos:

O número reprodutivo instantáneo (R_t), que indica o número de contaxios orixinados por un caso activo, segue a manterse por debaixo de 1 desde o 29 de xaneiro, o que indica unha diminución na transmisión da infección. Non obstante, hai áreas sanitarias que nalgún momento superan o 1, como son as de A Coruña, Ferrol e Ourense.

Do total de concellos de Galicia ($N=313$), 135 non notificaron casos nos últimos 14 días. Se temos en conta os casos notificados (con centros sociosanitarios), serían 133 concellos (30 máis a respecto do día 3 de marzo). O número de concellos sen casos nos últimos 7 días aumentou a 180 (sen centros sociosanitarios) 9 máis que o día 3 de febreiro. Con centros sociosanitarios, este valor sería de 179, 10 concellos máis que no informe anterior.

Entre o 26 de febreiro e o 4 de marzo, realizáronse 88.077 probas diagnósticas de infección activa polo virus SARS-CoV-2 (45.853 PCR e 42.224 test de antíxenos) cunha porcentaxe de positividade a sete días do 1,87, o que supón un 50,8 % menos que a de entre o 19 e o 25 de febreiro, que era do 3,8 %.

A incidencia acumulada a 7 e 14 días é de 42 e 96 casos por cen mil habitantes, respectivamente, valores inferiores aos observados no informe anterior, en que era de 47 e



119 casos por cen mil habitantes a 7 e 14 días, respectivamente (descenso do 10,6 % a 7 días e do 19,3 % a 14 días).

A tendencia diaria mostra, desde o 20 de decembro, dous tramos con tendencia oposta, primeiro crecente a un ritmo do 6,8 % ata o 22 de xaneiro e despois decrecente cunha porcentaxe de cambio diario de -6,1 % o que segue a indicar un descenso continuo.

No que respecta á situación das áreas sanitarias, as taxas de incidencia a 14 días diminuíron respecto do informe de día 1 (ao igual que as taxas de incidencia a 7 días). Ningunha das áreas presenta taxas a 14 días con valores superiores aos 250 casos por 100.000 habitantes nin taxas a 7 días superiores aos 100 casos por 100.000 habitantes.

As taxas a 14 días das áreas están entre os 56,11 casos por 100.000 habitantes de Lugo e os 160,59 da Coruña.

No que respecta á hospitalización, a media de pacientes COVID-19 en hospitalización de agudos nos últimos 7 días foi de 308,4 o que significa un descenso de 19,7 % a respecto do informe do 3 de marzo. A taxa de pacientes COVID-19 en hospitalización de agudos é de 79,9 ingresados por 100.000 habitantes nos últimos 7 días, cun descenso do 19,8 a respecto do día 3 de marzo.

En canto aos ingresos COVID-19 nas unidades de críticos (UCI) nos últimos 7 días, a media foi de 79,9 o que supón un descenso do 18,8 % a respecto do informe anterior. A taxa a 7 días de ingresados nas UCI é de 20,7 ingresados por 100.000 habitantes, cun descenso do 18,9 % a respecto do informe anterior

No que respecta á situación epidemiolóxica, nos concellos con poboación igual ou maior de 10.000 habitantes (54), 1 presenta unha taxa de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes, fronte aos 4 do informe anterior.

No que se refire aos concellos de menos de 10.000 habitantes (259), 13 presentan unha taxa de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes, 5 menos que no informe anterior. Acádanse taxas de incidencia iguais ou maiores a 500 casos por cen mil habitantes en 4 destes concellos.

Segundo os datos reflectidos no informe, este sinala que o cambio na tendencia da taxa de incidencia segue a manterse en descenso, superado o cumio da onda o 22 de xaneiro.



O modelo de predición mostra que a onda continuará descendendo nos próximos sete e catorce días. Non obstante, advirte que a información do modelo hai que tomala con cautela, xa que parte exclusivamente dos casos e non ten en conta as medidas de restrición que se están a tomar.

A taxa de incidencia a 14 días, no global de Galicia, sitúase por debaixo dos 100 casos por cen mil habitantes (c/105h), sen ningunha área cunha incidencia superior os 250 casos por cen mil habitantes. A taxa de incidencia a 14 días máis elevada é a da área sanitaria da Coruña.

No que atinxe aos concellos de máis de 10.000 habitantes, só hai un concello que supera unha taxa de incidencia de 250 c/105h, o de Vilanova de Arousa. Nos de menos de 10.000, hai 13 concellos que superen unha taxa de incidencia de 250 c/105h, con 4 deles cunha taxa a 14 días superior aos 500 c/105h.

O informe salienta, ademais, que o feito de que estea a circular cada vez máis a cepa británica pode influír nun aumento da transmisión.

En conclusión, aínda que os datos recollidos no informe permiten constatar que, en liñas xerais, a situación epidemiolóxica segue mellorando, o que amosa, inequivocamente, a eficacia das medidas adoptadas, non debe esquecerse que nos atopamos nun contexto de desescalada que debe ser gradual, progresiva e segura, guiada polo principio de prudencia para evitar así comprometer os logros acadados. Galicia conta cunha poboación especialmente envellecida e no noso territorio o virus circulou menos que noutros territorios do Estado, polo que existe un menor nivel de inmunidade natural, á espera de que o proceso de vacinación en marcha acade os resultados esperados. A presión hospitalaria, aínda que vai descendendo, segue a ser alta, cun elevado número de persoas ingresadas nas UCI, que aínda debe baixar máis. Resulta imprescindible ser cautelosos e consolidar no tempo as medidas adoptadas recentemente, de tal xeito que sexa posible ir analizando e reaccionando fronte aos efectos que delas deriven.

O criterio utilizado para aplicar os niveis de restrición aos concellos, ademais do da situación sanitaria, é o da taxa de incidencia segundo os casos por cada cen mil habitantes a 14 días, situando o nivel alto na cifra de 250 e o máximo na cifra de 500. Así mesmo, co obxecto de reaccionar con rapidez e eficacia fronte aos brotes, utilízase tamén como criterio o da taxa de incidencia a 7 días. A análise da situación de cada concello complétase coa consideración de criterios demográficos, pois debe terse en conta que en concellos de escasa poboación poucos casos poden dar lugar a taxas moi elevadas que deben ser



postas no debido contexto, e co estudo polos servizos de saúde pública e o comité ou o Subcomité Clínico das características específicas de cada brote.

Así, á vista da situación epidemiolóxica de Galicia e da evolución do COVID-19, e logo da reunión do Comité, propónse que un total de seis concellos teñan un nivel máximo de restricións: Paradela, A Pobra do Brollón, Boborás, A Mezquita, Vilardevós e Pontecesures.

Ademais, outros once concellos propónse para o nivel alto de restricións: Soutomaior, Ponte Caldelas, Vilanova de Arousa, Guitiriz, Lourenzá, Chantada, Mugar dos, Cariño, Arteixo, Miño e Sobrado.

O resto dos concellos galegos quedarían en nivel medio.

Así mesmo, propónse algunhas modificacións relativas ao cálculo da capacidade dos establecementos, instalacións e locais no sentido de non incluír os propios traballadores, á apertura dos albergues turísticos, por similitude cos hoteis e demais aloxamentos turísticos, á apertura dos centros educativos de réxime especial que impliquen utilización de instrumentos de vento e/ou exercicios de canto, e regúlanse determinadas especificidades para determinadas actividades turísticas, centros e puntos de información.

Por conseguinte, á vista do indicado no citado informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, e tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, coa situación epidemiolóxica e sanitaria da Comunidade Autónoma de Galicia óptase por manter, con carácter xeral, o modelo de limitacións que se viñan aplicando ata o momento, aínda que adaptadas á evolución da situación nos diferentes ámbitos territoriais da Comunidade Autónoma nestes últimos días desde a anterior revisión. Con esta finalidade, actualízase o anexo da orde no cal se relacionan os concellos da Comunidade Autónoma aos cales lles son de aplicación as diferentes limitacións.

Debe insistirse, en particular, que as medidas resultan adecuadas e eficaces de acordo cos datos expostos sobre a evolución da situación epidemiolóxica e, polo tanto, útiles para conseguir o fin proposto de protección da saúde pública, á espera de que a campaña de vacinación acade os resultados que se perseguen. Debe ponderarse que aínda non estamos en niveis de transmisión que se poidan entender de risco baixo. Así mesmo, debe manterse a protección do sistema sanitario, que soporta niveis altos de ocupación, sobre todo en determinadas áreas sanitarias. As medidas de limitación de determinadas actividades resultan necesarias, adecuadas e proporcionadas para o fin perseguido, que non é outro que controlar e evitar a maior difusión dunha enfermidade altamente contaxiosa,



respecto da cal a diferenza entre persoas enfermas e sas resulta difusa, dada a posible asintomatoloxía ou levidade dos síntomas e a existencia dun período no cal non hai indicios externos da enfermidade. En concreto, trátase de evitar especialmente aglomeracións ou encontros entre persoas, co fin de garantir o mantemento da distancia de seguridade e reducir o risco de contacto físico ou proximidade en condicións favorecedoras do contaxio. Debe lembrarse, neste sentido, que o Auto 40/2020, do 30 de abril de 2020, do Tribunal Constitucional, no seu fundamento xurídico cuarto, ao ponderar a relevancia das especiais circunstancias derivadas da crise sanitaria creada pola pandemia no exercicio do dereito de reunión, salientou como, ante a incerteza sobre as formas de contaxio, sobre o impacto real da propagación do virus, así como sobre as consecuencias a medio e longo prazo para a saúde das persoas que se viron afectadas, as medidas de distanciamento social e de limitación extrema dos contactos e actividades grupais son as únicas que se teñen demostrado eficaces para limitar os efectos dunha pandemia de dimensións descoñecidas ata a data. Deste modo, as medidas de limitación de determinadas actividades van dirixidas a limitar os contactos e a interacción social e, polo tanto, a transmisión da enfermidade, en situacións nas cales cabe apreciar un maior risco polas circunstancias en que se realizan, especialmente en lugares pechados.

Tendo en conta o exposto, e tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos e visto o informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, procede manter as medidas xa aprobadas na anterior Orde do 25 de febreiro, na súa redacción vixente, sen prexuízo das modificacións que se introducen nalgúns puntos e no anexo II da citada orde.

IV

As medidas que se adoptan nesta orde teñen o seu fundamento normativo na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 a 38 ter da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para adoptar as medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica existente, no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, coa urxencia que a protección da saúde pública demanda.



Na súa virtude, en aplicación do punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. Modificación da Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia

Un. Modifícase o parágrafo 1 do punto 3.1 do anexo I da Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado como segue:

«3.1. Medidas en materia de control de capacidade.

1. Os establecementos, instalacións e locais deberán expor ao público a capacidade máxima, e asegurar que a dita capacidade e a distancia de seguridade interpersoal se respecta no seu interior, polo que se deberán establecer procedementos que permitan o recuento e control da capacidade, de forma que esta non sexa superada en ningún momento.

No caso do sector da hostalaría e restauración, aplicarase tamén o que estableza o Plan de hostalaría segura, nomeadamente, no relativo á distribución de espazos, ocupacións, mobiliario e outros elementos de seguridade.».

Dous. Modifícase o punto 3.10 do anexo I da Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado como segue:

«3.10. Hoteis, albergues e aloxamentos turísticos.

1. Os hoteis, albergues e establecementos turísticos permanecerán abertos, sen prexuízo das limitacións vixentes de entrada e saída de persoas en determinados ámbitos territoriais, que deberán respectarse en todo caso. Os clientes procedentes dalgún dos ámbitos territoriais aos cales se lles apliquen as devanditas limitacións soamente poderán terse



desprazado aos establecementos situados fóra dese ámbito territorial polos motivos xustificadas establecidos na normativa vixente.

2. Os albergues poderán manter unha ocupación máxima do 30 % das prazas nos espazos de aloxamento compartido.

3. A ocupación das zonas comúns dos hoteis, albergues e aloxamentos turísticos non poderá superar o cincuenta por cento da súa capacidade.

Para iso, cada establecemento deberá determinar a capacidade dos distintos espazos comúns, así como aqueles lugares en que se poderán realizar eventos e as condicións máis seguras para a súa realización conforme a capacidade máxima prevista e de acordo coas medidas de hixiene, protección e distancia mínima establecidas.

4. Poderán facilitar servizos de hostalaría e restauración para os clientes aloxados nos ditos establecementos. Para o resto de clientes, resultará de aplicación o disposto no punto 3.22.

5. No caso de instalacións deportivas de hoteis, albergues e aloxamentos turísticos, tales como piscinas ou ximnasios, rexeranse polas regras aplicables a este tipo de instalacións en función da incidencia acumulada do respectivo concello, de conformidade co previsto no punto 3.15.».

Tres. Engádesse un novo punto 3.24 ao anexo I da Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, coa seguinte redacción:

«3.24. Especificidades para determinadas actividades turísticas, centros e puntos de información.

Poderán realizarse actividades de turismo, organizadas por empresas habilitadas para iso, e a actividade de guía turístico, para grupos de ata un máximo de catro persoas sexan ou non conviventes e deberán establecerse as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade excepto no caso de persoas conviventes.

Nos centros de información, casetas e puntos de información e espazos similares non se poderá exceder o cincuenta por cento da súa capacidade e deberá respectarse o máxi-



mo de catro persoas nas actividades de grupos, sexan ou non conviventes. Ademais, deberán establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade, excepto no caso de persoas conviventes.».

Catro. Modifícase o punto 4.2 do anexo I da Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado como segue:

«4.2. Manterán o seu funcionamento con actividade lectiva presencial os seguintes centros educativos de réxime especial:

1º) Escolas oficiais de idiomas.

2º) Escolas de arte e superior de deseño.

3º) Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais.

4º) Escola Superior de Arte Dramática.

5º) Conservatorios de música.

6º) Conservatorios de danza.

7º) Escolas de música.

8º) Escolas de danza.

9º) Centros autorizados de deportes, centros autorizados de fútbol, centros autorizados de fútbol sala.

10º) Centros autorizados de artes plásticas e deseño.

11º) Centros autorizados de música e centros autorizados de danza, salvo que estean integrados en centros docentes que permanezan abertos e que limiten a súa actividade ao alumnado dos ditos centros docentes.

12º) Escolas de música privadas e escolas de danza privadas.».



Cinco. Suprímese o punto 4.3 do anexo I da Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda sen contido.

Seis. Modifícase o anexo II da Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado segundo o anexo da presente orde.

Segundo. *Eficacia*

As medidas previstas nesta orde terán efectos desde as 00.00 horas do día 12 de marzo de 2021. Non obstante o anterior, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, serán obxecto de seguimento e avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser modificadas ou levantadas por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Santiago de Compostela, 10 de marzo de 2021

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade

«ANEXO II

A) Concellos con nivel de restrición máxima.

Boborás.
Mezquita (A).
Paradela.
Pobra do Brollón (A).
Pontecesures.
Vilardevós.

B) Concellos con nivel de restrición alta.

Arteixo.
Cariño.



Chantada.
Guitiriz.
Lourenzá.
Miño.
Mugardos.
Ponte Caldelas.
Sobrado.
Soutomaior.
Vilanova de Arousa.

C) Concellos con nivel de restrición media.

Abadín.
Abegondo.
Agolada.
Alfoz.
Allariz.
Ames.
Amoeiro.
Antas de Ulla.
Aranga.
Arbo.
Ares.
Arnoia (A).
Arzúa.
Avión.
Baiona.
Baleira.
Baltar.
Bande.
Baña (A).
Baños de Molgas.
Baralla.
Barbadás.
Barco de Valdeorras (O).
Barreiros.
Barro.



Beade.
Beariz.
Becerreá.
Begonte.
Bergondo.
Betanzos.
Blancos (Os).
Boimorto.
Boiro.
Bola (A).
Bolo (O).
Boqueixón.
Bóveda.
Brión.
Bueu.
Burela.
Cabana de Bergantiños.
Cabanas.
Caldas de Reis.
Calvos de Randín.
Camariñas.
Cambados.
Cambre.
Campo Lameiro.
Cangas.
Cañiza (A).
Capela (A).
Carballeda de Avia.
Carballeda de Valdeorras.
Carballedo.
Carballiño (O).
Carballo.
Carnota.
Carral.
Cartelle.
Castrelo de Miño.
Castrelo do Val.



Castro Caldelas.
Castro de Rei.
Castroverde.
Catoira.
Cedeira.
Cee.
Celanova.
Cenlle.
Cerceda.
Cerdedo-Cotobade.
Cerdido.
Cervantes.
Cervo.
Chandrexa de Queixa.
Coirós.
Coles.
Corcubión.
Corgo (O).
Coristanco.
Cortegada.
Coruña (A).
Cospeito.
Covelo.
Crecente.
Cualedro.
Culleredo.
Cuntis.
Curtis.
Dodro.
Dozón.
Dumbría.
Entrimo.
Esgos.
Estrada (A).
Fene.
Ferrol.
Fisterra.



Folgoso do Courel.
Fonsagrada (A).
Forcarei.
Fornelos de Montes.
Foz.
Frades.
Friol.
Gomesende.
Gondomar.
Grove (O).
Guarda (A).
Gudiña (A).
Guntín.
Illa de Arousa (A).
Incio (O).
Irixo (O).
Irixoa.
Lalín.
Lama (A).
Láncara.
Laracha (A).
Larouco.
Laxe.
Laza.
Leiro.
Lobeira.
Lobios.
Lousame.
Lugo.
Maceda.
Malpica de Bergantiños.
Manzaneda.
Mañón.
Marín.
Maside.
Mazaricos.
Meaño.



Meira.
Meis.
Melide.
Melón.
Merca (A).
Mesía.
Moaña.
Moeche.
Mondariz-Balneario.
Mondariz.
Mondoñedo.
Monfero.
Monforte de Lemos.
Montederramo.
Monterrei.
Monterroso.
Moraña.
Mos.
Muíños.
Muras.
Muros.
Muxía.
Narón.
Navia de Suarna.
Neda.
Negreira.
Negueira de Muñiz.
Neves (As).
Nigrán.
Nogais (As).
Nogueira de Ramuín.
Noia.
Oia.
Oímbra.
Oleiros.
Ordes.
Oroso.



Ortigueira.
Ourense.
Ouro.
Outeiro de Rei.
Outes.
Oza-Cesuras.
Paderne de Allariz.
Paderne.
Padrenda.
Padrón.
Palas de Rei.
Pantón.
Parada de Sil.
Páramo (O).
Pastoriza (A).
Pazos de Borbén.
Pedrafita do Cebreiro.
Pereiro de Aguiar (O).
Peroxa (A).
Petín.
Pino (O).
Piñor.
Pobra de Trives (A).
Pobra do Caramiñal (A).
Poio.
Pol.
Ponteareas.
Ponteceso.
Pontedeume.
Pontedeva.
Pontenova (A).
Pontes de García Rodríguez (As).
Pontevedra.
Porqueira.
Porriño (O).
Portas.
Porto do Son.



Portomarín.
Punxín.
Quintela de Leirado.
Quiroga.
Rábade.
Rairiz de Veiga.
Ramirás.
Redondela.
Rianxo.
Ribadavia.
Ribadeo.
Ribadumia.
Ribas de Sil.
Ribeira de Piquín.
Ribeira.
Riós.
Riotorto.
Rodeiro.
Rois.
Rosal (O).
Rúa (A).
Rubiá.
Sada.
Salceda de Caselas.
Salvaterra de Miño.
Samos.
San Amaro.
San Cibrao das Viñas.
San Cristovo de Cea.
San Sadurniño.
San Xoán de Río.
Sandiás.
Santa Comba.
Santiago de Compostela.
Santiso.
Sanxenxo.
Sarreaus.



Sarria.
Saviñao (O).
Silleda.
Sober.
Somozas (As).
Taboada.
Taboadela.
Teixeira (A).
Teo.
Toén.
Tomiño.
Toques.
Tordoia.
Touro.
Trabada.
Trasmiras.
Trazo.
Triacastela.
Tui.
Val do Dubra.
Valadouro (O).
Valdoviño.
Valga.
Vedra.
Veiga (A).
Verea.
Verín.
Viana do Bolo.
Vicedo (O).
Vigo.
Vila de Cruces.
Vilaboa.
Vilagarcía de Arousa.
Vilalba.
Vilarmaior.
Vilamarín.
Vilamartín de Valdeorras.



Vilar de Barrio.
Vilar de Santos.
Vilariño de Conso.
Vilasantar.
Vimianzo.
Viveiro.
Xermade.
Xinzo de Limia.
Xove.
Xunqueira de Ambía.
Xunqueira de Espadanedo.
Zas».



I. DISPOSICIÓN XERAIS**PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA**

DECRETO 40/2021, do 10 de marzo, polo que se modifica o Decreto 31/2021, do 25 de febreiro, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

I

A expansión do coronavirus COVID-19 xerou unha crise sanitaria sen precedentes recentes. Así, tras a elevación pola Organización Mundial da Saúde da situación de emerxencia de saúde pública pola devandita causa a nivel de pandemia internacional e a adopción, por algunhas comunidades autónomas como a galega, de medidas de prevención, mediante o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, declarouse o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, declaración que afectou todo o territorio nacional, cunha duración inicial de quince días naturais, pero que foi obxecto de sucesivas prórrogas autorizadas polo Congreso dos Deputados.

O levantamento dese estado de alarma, con todo, non puxo fin á crise sanitaria, o que xustificou a adopción de medidas como as previstas, no ámbito estatal, no Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, así como as medidas de prevención que foron adoptando as diferentes comunidades autónomas. En concreto, no caso da Comunidade Autónoma de Galicia, a resposta á crise sanitaria foi, fundamentalmente, ademais do mantemento da declaración de situación de emerxencia sanitaria efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020, a adopción, ao abeiro da lexislación sanitaria, ordinaria e orgánica, de medidas de prevención tanto de carácter xeral, para todo o territorio autonómico, como, de maneira específica, a través de diferentes ordes da persoa titular da Consellería de Sanidade, en atención á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

Mediante o Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, declarouse o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. Esa declaración afectou todo o territorio nacional e a súa duración inicial estendíase, conforme o disposto no seu artigo 4, ata as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020.



Conforme o artigo 2 do devandito real decreto, para os efectos do estado de alarma, a autoridade competente será o Goberno da nación. En cada comunidade autónoma e cidade con estatuto de autonomía, a autoridade competente delegada será quen desempeñe a presidencia da comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía, nos termos establecidos no real decreto. As autoridades competentes delegadas quedan habilitadas para ditaren, por delegación do Goberno da nación, as ordes, resolucións e disposicións para a aplicación do previsto nos artigos 5 ao 11 do real decreto, sen que para iso sexa preciso tramitar ningún procedemento administrativo, nin será de aplicación o previsto no segundo parágrafo do artigo 8.6 e no artigo 10.8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

En concreto, o artigo 6 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, prevé que a autoridade competente delegada que corresponda poderá limitar a entrada e saída de persoas no territorio de cada comunidade autónoma ou en ámbitos territoriais de carácter xeograficamente inferiores á comunidade autónoma, coas excepcións previstas no artigo 6.1.

Pola súa banda, o artigo 7 do mesmo texto normativo dispón que a permanencia de grupos de persoas en espazos de uso público, tanto pechados como ao aire libre, quedará condicionada a que non se supere o número máximo de seis persoas, salvo que se trate de conviventes, e sen prexuízo das excepcións que se establezan en relación con dependencias, instalacións e establecementos abertos ao público. A permanencia de grupos de persoas en espazos de uso privado quedará condicionada a que non se supere o número máximo de seis persoas, salvo que se trate de conviventes. No caso das agrupacións en que se inclúan tanto persoas conviventes como persoas non conviventes, o número máximo será de seis persoas. Conforme o artigo 9, a eficacia desta medida nunha comunidade autónoma producirase cando a autoridade competente delegada o determine. Ademais, o artigo 7 recolle a posibilidade de que a autoridade competente delegada correspondente determine, no seu ámbito territorial, en vista da evolución dos indicadores sanitarios, epidemiolóxicos, sociais, económicos e de mobilidade, logo de comunicación ao Ministerio de Sanidade e de acordo co previsto no artigo 13, que o número máximo sexa inferior a seis persoas, salvo que se trate de conviventes. Así mesmo, as autoridades competentes delegadas poderán, no seu ámbito territorial, establecer excepcións respecto das persoas menores ou dependentes, así como calquera outra flexibilización da limitación.

De acordo co artigo 8 do real decreto, a autoridade competente delegada poderá limitar a permanencia de persoas en lugares de culto mediante a fixación da limitación de capacidade para reunións, celebracións e encontros relixiosos, atendendo ao risco de transmi-



sión que poida resultar dos encontros colectivos, sen que tal limitación poida afectar, en ningún caso, o exercicio privado e individual da liberdade relixiosa.

E, conforme o artigo 10 da norma, a autoridade competente delegada en cada comunidade autónoma poderá, no seu ámbito territorial, en vista da evolución dos indicadores sanitarios, epidemiolóxicos, sociais, económicos e de mobilidade, logo de comunicación ao Ministerio de Sanidade e de acordo co previsto no artigo 13, modular, flexibilizar e suspender a aplicación das medidas previstas nos artigos 6, 7 e 8, co alcance e ámbito territorial que determine.

O 29 de outubro de 2020, o Congreso dos Deputados autorizou a prórroga do estado de alarma ata o 9 de maio de 2021. Conforme o artigo 2 do Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, a prórroga establecida nese real decreto estenderase desde as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020 ata as 00.00 horas do día 9 de maio de 2021, e someterase ás condicións establecidas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, e nos decretos que, se é o caso, se adopten en uso da habilitación conferida pola disposición derradeira primeira do citado Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, sen prexuízo do establecido nas disposicións que recolle o propio real decreto de prórroga.

En consecuencia, durante a vixencia do estado de alarma e da súa prórroga, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, deberán adoptarse na condición de autoridade competente delegada, nos termos previstos no devandito real decreto e no real decreto de prórroga.

Non obstante, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, non esgotan todas as que se poden adoptar para facer fronte á crise sanitaria. Neste sentido, como prevé expresamente o seu artigo 12, cada Administración conservará as competencias que lle outorga a lexislación vixente, así como a xestión dos seus servizos e do seu persoal, para adoptar as medidas que considere necesarias, sen prexuízo do establecido no real decreto.

Polo tanto, como destaca a propia exposición de motivos do real decreto, durante a vixencia do estado de alarma, as administracións sanitarias competentes en saúde pública, no non previsto nesa norma, deberán continuar adoptando as medidas necesarias para afrontar a situación de emerxencia de saúde pública ocasionada polo COVID-19, conforme a lexislación sanitaria, en particular, a Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; a Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, e



a Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, así como a normativa autonómica correspondente.

II

Neste contexto normativo derivado do estado de alarma vixente e ante a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia, ditouse o Decreto 31/2021, do 25 de febreiro, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, que foi modificado mediante o Decreto 37/2021, do 4 de marzo, e o Decreto 39/2021, do 5 de marzo, coa finalidade de revisar as medidas adoptadas e mantelas adaptadas á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria da Comunidade Autónoma.

III

A evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia fai necesario que o presidente da Xunta de Galicia adopte novas medidas na condición de autoridade competente delegada, sen prexuízo das que, de modo complementario e compatible con elas, adopte a persoa titular da Consellería de Sanidade, en exercicio das súas competencias como autoridade sanitaria autonómica.

O Comité Clínico, na súa reunión do 9 de marzo de 2021, procedeu á revisión da situación epidemiolóxica e sanitaria da Comunidade Autónoma.

Así, do informe de saúde pública do 10 de marzo, destácanse os seguintes datos:

O número reprodutivo instantáneo (R_t), que indica o número de contaxios orixinados por un caso activo, segue a manterse por debaixo de 1 desde o 29 de xaneiro, o que indica unha diminución na transmisión da infección. Non obstante, hai áreas sanitarias que nalgún momento superan o 1, como son as da Coruña, Ferrol e Ourense.

Do total de concellos de Galicia ($N=313$), 135 non notificaron casos nos últimos 14 días. Se temos en conta os casos notificados (con centros sociosanitarios) serían 133 concellos, 30 máis respecto do día 3 de marzo. O número de concellos sen casos nos últimos 7 días aumentou a 180 (sen centros sociosanitarios), 9 máis que o día 3 de febreiro. Con centros sociosanitarios, este valor sería de 179, 10 concellos máis que no informe anterior.



Entre o 26 de febreiro e o 4 de marzo realizáronse 88.077 probas diagnósticas de infección activa polo virus SARS-CoV-2 (45.853 PCR e 42.224 test de antíxenos) cunha porcentaxe de positividade a sete días do 1,87, o que supón un 50,8 % menos que a de entre o 19 e o 25 de febreiro, que era do 3,8 %.

A incidencia acumulada a 7 e 14 días é de 42 e 96 casos por cen mil habitantes, respectivamente, valores inferiores aos observados no informe anterior, en que era de 47 e 119 casos por cen mil habitantes a 7 e 14 días, respectivamente (descenso do 10,6 % a 7 días e do 19,3 % a 14 días).

A tendencia diaria mostra, desde o 20 de decembro, dous tramos con tendencia oposta, primeiro crecente a un ritmo do 6,8 % ata o 22 de xaneiro e despois decrecente cunha porcentaxe de cambio diario de -6,1 %, o que segue a indicar un descenso continuo.

No que respecta á situación das áreas sanitarias, as taxas de incidencia a 14 días diminuíron respecto do informe do día 1 (ao igual que as taxas de incidencia a 7 días). Ningunha das áreas presenta taxas a 14 días con valores superiores aos 250 casos por 100.000 habitantes nin taxas a 7 días superiores aos 100 casos por 100.000 habitantes. As taxas a 14 días das áreas están entre os 56,11 casos por 100.000 habitantes de Lugo e os 160,59 da Coruña.

No que respecta á hospitalización, a media de pacientes COVID-19 en hospitalización de agudos nos últimos 7 días foi de 308,4, o que significa un descenso de 19,7 % respecto do informe do 3 de marzo. A taxa de pacientes COVID-19 en hospitalización de agudos é de 79,9 ingresados por 100.000 habitantes nos últimos 7 días, cun descenso do 19,8 a respecto do día 3 de marzo. En canto aos ingresos COVID-19 nas unidades de críticos (UCI) nos últimos 7 días, a media foi de 79,9, o que supón un descenso do 18,8 % respecto do informe anterior. A taxa a 7 días de ingresados nas UCI é de 20,7 ingresados por 100.000 habitantes, cun descenso do 18,9 % respecto do informe anterior.

No que respecta á situación epidemiolóxica, nos concellos con poboación igual ou maior de 10.000 habitantes (54), 1 presenta unha taxa de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes, fronte aos 4 do informe anterior. No que se refire aos concellos de menos de 10.000 habitantes (259), 13 presentan unha taxa de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes, 5 menos que no informe anterior. Acádanse taxas de incidencia iguais ou maiores a 500 casos por cen mil habitantes en 4 destes concellos.



Segundo os datos reflectidos no informe, este sinala que o cambio na tendencia da taxa de incidencia segue a manterse en descenso, superado o cumio da onda o 22 de xaneiro. O modelo de predición mostra que a onda continuará descendendo nos próximos sete e catorce días. Non obstante, advírtese que a información do modelo hai que tomala con cautela, xa que parte exclusivamente dos casos e non ten en conta as medidas de restrición que se están a tomar.

A taxa de incidencia a 14 días, no global de Galicia, sitúase por debaixo dos 100 casos por cen mil habitantes (c/105h), sen ningunha área cunha incidencia superior os 250 casos por cen mil habitantes. A taxa de incidencia a 14 días máis elevada é a da área sanitaria da Coruña.

No que atinxe aos concellos de máis de 10.000 habitantes, só hai un concello que supera unha taxa de incidencia de 250 casos por cada cen mil habitantes, o de Vilanova de Arousa. Nos de menos de 10.000, hai 13 concellos que superen unha taxa de incidencia de 250 c/105h, con 4 deles cunha taxa a 14 días superior aos 500 c/105h.

O informe salienta, ademais, que o feito de que estea a circular cada vez máis a cepa británica pode influír nun aumento da transmisión.

O criterio utilizado para aplicar os niveis de restrición aos concellos, ademais do da situación sanitaria, é o da taxa de incidencia segundo os casos por cada cen mil habitantes a 14 días, situando o nivel alto na cifra de 250 e o máximo na cifra de 500. Así mesmo, co obxecto de reaccionar con rapidez e eficacia fronte aos brotes, utilízase tamén como criterio o da taxa de incidencia a 7 días. A análise da situación de cada concello complétase coa consideración de criterios demográficos, pois debe terse en conta que en concellos de escasa poboación poucos casos poden dar lugar a taxas moi elevadas que deben ser postas no debido contexto, e co estudo polos servizos de saúde pública e o Comité ou o Subcomité Clínico das características específicas de cada brote.

En conclusión, aínda que os datos recollidos no informe permiten constatar que, en liñas xerais, a situación epidemiolóxica segue mellorando, o que amosa, inequivocamente, a eficacia das medidas adoptadas, non debe esquecerse que nos atopamos nun contexto de desescalada que debe ser gradual, progresiva e segura, guiada polo principio de prudencia para evitar así comprometer os logros acadados. Galicia conta cunha poboación especialmente envellecida e no noso territorio o virus circulou menos que noutros territorios do Estado, polo que existe un menor nivel de inmunidade natural, á espera de que o proceso de vacinación en marcha acade os resultados esperados. A presión hospitalaria,



aínda que vai descendendo, segue a ser alta, cun elevado número de persoas ingresadas nas UCI, que aínda debe baixar máis. Resulta imprescindible ser cautelosos e consolidar no tempo as medidas adoptadas recentemente, de tal xeito que sexa posible ir analizando e reaccionando fronte aos efectos que delas deriven.

Así, á vista da situación epidemiolóxica de Galicia e da evolución do COVID-19, e logo da reunión do Comité, faise necesario que os concellos de Paradela, A Pobra do Brollón, Boborás, A Mezquita, Vilardevós e Pontecesures queden sometidos ao máximo nivel de restricións de mobilidade e reunión, que queda limitada unicamente a conviventes.

Pola súa banda, os concellos de Soutomaior, Ponte Caldelas, Vilanova de Arousa, Guiriz, Lourenzá, Chantada, Mugardos, Cariño, Arteixo, Miño e Sobrado sométense ao nivel alto de restricións, quedando o resto de concellos da comunidade autónoma en nivel medio.

Por conseguinte, en vista do indicado no citado informe da Dirección Xeral de Saúde Pública e logo de escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, óptase por actualizar o anexo do decreto en que se relacionan os concellos da Comunidade Autónoma aos cales lles son de aplicación as diferentes limitacións, coa finalidade de adaptalo á situación actual.

IV

Tendo en conta o indicado, a situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia determina que procede ditar un novo decreto en que se adapten as medidas existentes á indicada situación. De acordo co exposto, por proposta do conselleiro de Sanidade e na condición de autoridade competente delegada, por delegación do Goberno da nación, conforme o disposto nos artigos 2, 5, 6, 7, 8, 9 e 10 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2,

DISPOÑO:

Primeiro. Modificación do anexo do Decreto 31/2021, do 25 de febreiro, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2

Modifícase o anexo do Decreto 31/2021, do 25 de febreiro, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria,



na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, que queda redactado nos termos previstos no anexo do presente decreto.

Segundo. Eficacia, seguimento e avaliación

A eficacia das medidas previstas neste decreto comezará ás 00.00 horas do día 12 de marzo de 2021.

Non obstante o anterior, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas deberán ser obxecto de seguimento e de avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria e para os efectos, de ser necesario, da súa modificación ou levantamento.

Terceiro. Recursos

Contra o presente decreto poderá interporse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, conforme os artigos 12.1.a) e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, dez de marzo de dous mil vinte e un

Alberto Núñez Feijóo
Presidente da Xunta de Galicia

ANEXO

A. Concellos de ámbito territorial individualmente delimitado:

Boborás.

Mezquita (A).

Paradela

Pobra do Brollón (A).

Pontecesures.

Vilardevós.



B. Ámbito territorial conxuntamente delimitado formado polos seguintes concellos:

(Sen contido).

C. Concellos entre os cales está permitida a mobilidade atendendo á súa similar situación epidemiolóxica:**1) Concellos con nivel alto de restricións:**

Arteixo.
Cariño.
Chantada.
Guitiriz.
Lourenzá.
Miño.
Mugardos.
Ponte Caldelas.
Sobrado.
Soutomaior.
Vilanova de Arousa.

2) Concellos con nivel medio de restricións:

Abadín.
Abegondo.
Agolada.
Alfoz.
Allariz.
Ames.
Amoeiro.
Antas de Ulla.
Aranga.
Arbo.
Ares.
Arnoia (A).



Arzúa.
Avión.
Baiona.
Baleira.
Baltar.
Bande.
Baña (A).
Baños de Molgas.
Baralla.
Barbadás.
Barco de Valdeorras (O).
Barreiros.
Barro.
Beade.
Beariz.
Becerreá.
Begonte.
Bergondo.
Betanzos.
Blancos (Os).
Boimorto.
Boiro.
Bola (A).
Bolo (O).
Boqueixón.
Bóveda.
Brión.
Bueu.
Burela.
Cabana de Bergantiños.
Cabanas.
Caldas de Reis.



Calvos de Randín.
Camariñas.
Cambados.
Cambre.
Campo Lameiro.
Cangas.
Cañiza (A).
Capela (A).
Carballeda de Avia.
Carballeda de Valdeorras.
Carballedo.
Carballiño (O).
Carballo.
Carnota.
Carral.
Cartelle.
Castrelo de Miño.
Castrelo do Val.
Castro Caldelas.
Castro de Rei.
Castroverde.
Catoira.
Cedeira.
Cee.
Celanova.
Cenlle.
Cerdeira.
Cerdedo-Cotobade.
Cerdido.
Cervantes.
Cervo.
Chandrexa de Queixa.



Coirós.
Coles.
Corcubión.
Corgo (O).
Coristanco.
Cortegada.
Coruña (A).
Cospeito.
Covelo.
Crecente.
Cualedro.
Culleredo.
Cuntis.
Curtis.
Dodro.
Dozón.
Dumbría.
Entrimo.
Esgos.
Estrada (A).
Fene.
Ferrol.
Fisterra.
Folgoso do Courel.
Fonsagrada (A).
Forcarei.
Fornelos de Montes.
Foz.
Frades.
Friol.
Gomesende.
Gondomar.



Grove (O).
Guarda (A).
Gudiña (A).
Guntín.
Illa de Arousa (A).
Incio (O).
Irixo (O).
Irixoa.
Lalín.
Lama (A).
Láncara.
Laracha (A).
Larouco.
Laxe.
Laza.
Leiro.
Lobeira.
Lobios.
Lousame.
Lugo.
Maceda.
Malpica de Bergantiños.
Manzaneda.
Mañón.
Marín.
Maside.
Mazaricos.
Meaño.
Meira.
Meis.
Melide.
Melón.



Merca (A).
Mesía.
Moaña.
Moeche.
Mondariz-Balneario.
Mondariz.
Mondoñedo.
Monfero.
Monforte de Lemos.
Montederramo.
Monterrei.
Monterroso.
Moraña.
Mos.
Muíños.
Muras.
Muros.
Muxía.
Narón.
Navia de Suarna.
Neda.
Negreira.
Negueira de Muñiz.
Neves (As).
Nigrán.
Nogais (As).
Nogueira de Ramuín.
Noia.
Oia.
Oímbra.
Oleiros.
Ordes.



Oroso.
Ortigueira.
Ourense.
Ourol.
Outeiro de Rei.
Outes.
Oza-Cesuras.
Paderne de Allariz.
Paderne.
Padrenda.
Padrón.
Palas de Rei.
Pantón.
Parada de Sil.
Páramo (O).
Pastoriza (A).
Pazos de Borbén.
Pedrafita do Cebreiro.
Pereiro de Aguiar (O).
Peroxa (A).
Petín.
Pino (O).
Piñor.
Pobra de Trives (A).
Pobra do Caramiñal (A).
Poio.
Pol.
Ponteareas.
Ponteceso.
Pontedeume.
Pontedeva.
Pontenova (A).



Pontes de García Rodríguez (As).

Pontevedra.

Porqueira.

Porriño (O).

Portas.

Porto do Son.

Portomarín.

Punxín.

Quintela de Leirado.

Quiroga.

Rábade.

Rairiz de Veiga.

Ramirás.

Redondela.

Rianxo.

Ribadavia.

Ribadeo.

Ribadumia.

Ribas de Sil.

Ribeira de Piquín.

Ribeira.

Riós.

Riotorto.

Rodeiro.

Rois.

Rosal (O).

Rúa (A).

Rubiá.

Sada.

Salceda de Caselas.

Salvaterra de Miño.

Samos.



San Amaro.
San Cibrao das Viñas.
San Cristovo de Cea.
San Sadurniño.
San Xoán de Río.
Sandiás.
Santa Comba.
Santiago de Compostela.
Santiso.
Sanxenxo.
Sarreaus.
Sarria.
Saviñao (O).
Silleda.
Sober.
Somozas (As).
Taboada.
Taboadela.
Teixeira (A).
Teo.
Toén.
Tomiño.
Toques.
Tordoia.
Touro.
Trabada.
Trasmiras.
Trazo.
Triacastela.
Tui.
Val do Dubra.
Valadouro (O).



Valdoviño.
Valga.
Vedra.
Veiga (A).
Verea.
Verín.
Viana do Bolo.
Vicedo (O).
Vigo.
Vila de Cruces.
Vilaboa.
Vilagarcía de Arousa.
Vilalba.
Vilarmaior.
Vilamarín.
Vilamartín de Valdeorras.
Vilar de Barrio.
Vilar de Santos.
Vilariño de Conso.
Vilasantar.
Vimianzo.
Viveiro.
Xermade.
Xinzo de Limia.
Xove.
Xunqueira de Ambía.
Xunqueira de Espadanedo.
Zas.



I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

CORRECCIÓN DE ERROS. Orde do 4 de marzo de 2021 pola que se modifican a Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e a Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen as actuacións necesarias para a posta en marcha do Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia.

Advertidos erros no *Diario Oficial de Galicia* número 43-bis, do 4 de marzo de 2021, cómpre facer as seguintes correccións:

Nas páxinas 13001 e 13002, onde di:

«B1. Concellos con nivel de restrición alta da Área Sanitaria da Coruña-Cee: Aranga, Arteixo, Cambre, Carballo, Carral, Coruña (A), Culleredo, Laracha (A), Malpica de Bergantiños, Miño, Muxía, Paderne, Sada, Vilasantar, Abegondo, Bergondo, Betanzos, Cabana de Bergantiños, Camariñas, Cee, Cerceda, Coirós, Coristanco, Dumbría, Fisterra, Irixoa, Laxe, Oleiros, Oza-Cesuras, Sobrado, Vilamaior, Vimianzo, Zas».,

debe dicir:

«B1. Concellos con nivel de restrición alta da Área Sanitaria da Coruña-Cee: Aranga, Arteixo, Cambre, Carballo, Carral, Coruña (A), Culleredo, Laracha (A), Malpica de Bergantiños, Miño, Muxía, Paderne, Sada, Vilasantar, Abegondo, Bergondo, Betanzos, Cabana de Bergantiños, Camariñas, Cee, Cerceda, Coirós, Coristanco, Dumbría, Fisterra, Irixoa, Laxe, Oleiros, Oza-Cesuras, Sobrado, Vilarmaior, Vimianzo, Zas, Corcubión, Curtis, Ponteceso».

Na páxina 13014, onde di:

«Tomiño, Tui, Vigo, Corcubión, Curtis, Ponteceso, Moeche, Corgo (O), Gomesende, Gudiña (A), Peroxa (A), Toques, Cedeira, Ferrol, Narón, Neda, Pontes de García Rodríguez (As), San Sadurniño, Ares, Cabanas...»,

debe dicir:

«Tomiño, Tui, Vigo, Moeche, Corgo (O), Gomesende, Gudiña (A), Peroxa (A), Toques, Cedeira, Ferrol, Narón, Neda, Pontes de García Rodríguez (As), San Sadurniño, Ares, Cabanas...».



I. DISPOSICIÓN XERAIS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

ORDE do 5 de marzo de 2021 pola que se modifica o anexo II da Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

I

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto do dito acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderán ser obxecto de modificación ou supresión, mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade.

Así mesmo, indícase no dito punto sexto, na redacción vixente, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de acordo coa normativa aplicable e en vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou en parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación das medidas concretas contidas no anexo.



Mediante o Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, declarouse o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. Esta declaración afectou todo o territorio nacional e a súa duración inicial estendeuse, conforme o disposto no seu artigo 4, ata as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020.

Conforme o artigo 2 dese real decreto, para os efectos do estado de alarma, a autoridade competente será o Goberno da Nación. En cada comunidade autónoma e cidade con estatuto de autonomía, a autoridade competente delegada será quen exerza a presidencia da comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía, nos termos establecidos no real decreto. As autoridades competentes delegadas quedan habilitadas para ditaren, por delegación do Goberno da Nación, as ordes, resolucións e disposicións para a aplicación do previsto nos artigos 5 ao 11 do real decreto, sen que para iso sexa precisa a tramitación de procedemento administrativo ningún, nin será de aplicación o previsto no segundo parágrafo do artigo 8.6 e no artigo 10.8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O 29 de outubro de 2020, o Congreso dos Deputados autorizou a prórroga do estado de alarma ata o día 9 de maio de 2021. Conforme o artigo 2 do Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, a prórroga establecida no devandito real decreto estenderase desde as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020 ata as 00.00 horas do día 9 de maio de 2021, e someterase ás condicións establecidas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, e nos decretos que, se é o caso, se adopten en uso da habilitación conferida pola disposición derradeira primeira do citado Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, sen prexuízo do establecido nas disposicións que recolle o propio real decreto de prórroga.

En consecuencia, durante a vixencia do estado de alarma e da súa prórroga, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, deberán adoptarse, na condición de autoridade competente delegada, nos termos previstos no devandito real decreto e no real decreto de prórroga.

Non obstante, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, non esgotan todas as que poden ser adoptadas para facer fronte á crise sanitaria. Neste sentido, como prevé expresamente o seu artigo 12, cada Administración conservará as competencias que lle outorga a lexislación vixente, así como a xestión dos seus servizos e do seu persoal, para adoptar as medidas que considere necesarias, sen prexuízo do establecido no real decreto.



Polo tanto, durante a vixencia do estado de alarma e das súas prórrogas, as medidas que sexa necesario adoptar para facer fronte, na Comunidade Autónoma, á crise sanitaria serán as que poida acordar, ao abeiro da normativa do estado de alarma, o presidente da Comunidade Autónoma, como autoridade competente delegada, e as complementarias que poidan adoptar, no exercicio das súas competencias propias, as autoridades sanitarias autonómicas e, entre elas, a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, ao abeiro do disposto no punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020 citado.

II

Sentado o anterior, no contexto normativo derivado do estado de alarma vixente e ante a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia, ditouse o Decreto 31/2021, do 25 de febreiro, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

Esas medidas debían ser complementadas, como indica o propio decreto, con outras que procede que adopte a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade no exercicio das súas competencias propias como autoridade sanitaria autonómica.

Estas medidas complementarias establecéronse mediante a Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia. Esta orde prevía que as medidas serían obxecto de revisión constante co obxecto de avaliar a situación e adecualas á incidencia real da epidemia.

Posteriormente revisáronse as medidas acordadas, co obxecto de adecualas á situación epidemiolóxica, e ditouse a Orde do 4 de marzo de 2021, que incluíu pequenas modificacións das medidas adoptadas e do anexo II da Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

III

En cumprimento do compromiso acadado en relación coa revisión das medidas acordadas, co obxecto de adecualas á situación epidemiolóxica, o 5 de marzo de 2021 reuniuse o



subcomité clínico co obxecto de revisar a situación epidemiolóxica dos distintos concellos, para os efectos de establecer as medidas de mobilidade e restricións correspondentes a cada situación.

Así, o Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 5 de marzo de 2021, destaca os seguintes datos:

O número reprodutivo instantáneo (Rt), que indica o número de contaxios orixinados por un caso activo, segue a manterse por debaixo de 1 dende o 29 de xaneiro, o que indica unha diminución na transmisión da infección. Todas as áreas sanitarias, agás Ourense, se manteñen por debaixo do 1.

Do total de concellos de Galicia (N=313), 104 non notificaron casos nos últimos 14 días. Se temos en conta os casos notificados nos centros socio-sanitarios, serían 103 concellos (11 máis respecto do día 1 de marzo). O número de concellos sen casos nos últimos 7 días aumentou a 171, excluídos os casos notificados nos centros socio-sanitarios (167 o día 1 de febreiro). Tendo en conta os casos notificados nos centros socio-sanitarios, este valor sería de 169.

Entre o 21 e 27 de febreiro realizáronse 61.594 probas diagnósticas de infección activa polo virus SARS-CoV-2 (43.332 PCR e 18.262 tests de antíxenos) cunha porcentaxe de positividade a sete días do 3,8 % igual á obtida entre o 19 e o 25 de febreiro.

A incidencia acumulada a 7 e 14 días é de 47 e 119 casos por cen mil habitantes, respectivamente, valores inferiores aos observados o día 1 de marzo (54 e 131 casos por cen mil habitantes a 7 e 14 días, respectivamente).

A tendencia diaria mostra, dende o 20 de decembro, dous tramos con tendencia oposta, primeiro crecente a un ritmo do 6,8 % ata o 22 de xaneiro e despois decrecente cunha porcentaxe de cambio diario de -6,5 %, o que segue a indicar un descenso continuo, xa que a 20 de febreiro a porcentaxe de cambio diaria observada era a mesma.

Nas distintas áreas sanitarias as taxas de incidencia a 14 e 7 días diminuíron respecto do informe de día 1. Ningunha delas presenta taxas a 14 días con valores superiores aos 250 casos por 100.000 habitantes nin taxas a 7 días superiores aos 100 casos por 100.000 habitantes. Os valores das taxas a 14 días oscilan entre os 68,48 casos por 100.000 habitantes de Ourense e os 175 da Coruña.



No que atinxe á hospitalización, a media de pacientes COVID-19 en hospitalización de agudos nos últimos 7 días foi de 384,3, o que supón un descenso de 8,3 % respecto do informe do 1 de marzo. A taxa de pacientes COVID-19 en hospitalización de agudos é de 99,6 ingresados por 100.000 habitantes nos últimos 7 días, cun descenso do 8,2 respecto do día 1 de marzo. En canto aos ingresos COVID-19 nas unidades de críticos (UCI) nos últimos 7 días, a media foi de 98,4, o que supón un descenso do 6,2 % respecto do informe anterior. A taxa a 7 días de ingresados nas UCI é de 25,5 ingresados por 100.000 habitantes, cun descenso do 9,8 % respecto do informe anterior. A pesar desta diminución, o número de ingresos debe baixar máis, especialmente nas unidades de críticos, xa que un incremento na incidencia pode comprometer a evolución.

Nos concellos con poboación igual ou maior de 10.000 habitantes (54), 4 presentan unha taxa de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes, fronte aos 5 do informe anterior. Só un concello acada unha taxa a 14 días superior aos 300 casos por cen mil habitantes, que é Vilanova de Arousa. Por outra banda, polo que se refire aos concellos de menos de 10.000 habitantes (259), 18 presentan unha taxa de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes, 5 menos que no informe anterior. Acádanse taxas de incidencia iguais ou maiores a 500 casos por cen mil habitantes en 4 destes concellos.

O informe salienta, ademais, que o feito de que estea a circular cada vez máis a cepa británica pode influír nun aumento da transmisión.

En conclusión, aínda que os datos recollidos no informe permiten constatar que, en liñas xerais, a situación epidemiolóxica segue mellorando, o que amosa, inequivocamente, a eficacia das medidas adoptadas, non debe esquecerse que nos atopamos nun contexto de desescalada que debe ser gradual, progresiva e segura, guiada polo principio de prudencia para evitar así comprometer os logros acadados. Galicia conta cunha poboación especialmente envellecida e no noso territorio o virus circulou menos que noutros territorios do Estado, polo que existe un menor nivel de inmunidade natural, á espera de que o proceso de vacinación en marcha acade os resultados esperados. A presión hospitalaria, aínda que vai descendendo, segue a ser alta, cun elevado número de persoas ingresadas nas UCI, que aínda debe baixar máis. Resulta imprescindible ser cautelosos e consolidar no tempo as medidas adoptadas recentemente, de tal xeito que sexa posible ir analizando e reaccionando fronte aos efectos que delas deriven.

O criterio utilizado para aplicar os niveis de restrición aos concellos, ademais do da situación sanitaria, é o da taxa de incidencia segundo os casos por cada cen mil habitantes



a 14 días, situando o nivel alto na cifra de 250 e o máximo na cifra de 500. Así mesmo, co obxecto de reaccionar con rapidez e eficacia fronte aos brotes, utilízase tamén como criterio o da taxa de incidencia a 7 días. A análise da situación de cada concello complétase coa consideración de criterios demográficos, pois debe terse en conta que en concellos de escasa poboación poucos casos poden dar lugar a taxas moi elevadas que deben ser postas no debido contexto, e co estudo polos servizos de saúde pública e o comité ou o subcomité clínico das características específicas de cada brote.

Así, na Área Sanitaria da Coruña, propónse establecer medidas de nivel alto de restrición nos seguintes concellos da área sanitaria: Miño, Arteixo, Sobrado e Ponteceso. O resto dos concellos quedaría con medidas de nivel medio de restrición.

Na Área Sanitaria de Ferrol adoptaríanse medidas de nivel alto de restrición para os concellos de Cariño e Mugaros e medidas de nivel medio de restrición para o resto de concellos da área sanitaria.

Na Área Sanitaria de Santiago de Compostela propóñense medidas de nivel medio de restrición para todos os concellos da área sanitaria, incluídos Frades e Tordoia, que actualmente estaban en nivel alto.

Na Área Sanitaria de Lugo propónse aplicar medidas de nivel máximo para o concello da Pobra do Brollón, actualmente en nivel alto, e medidas de nivel alto de restrición para os concellos de Guitiriz, Lourenzá e Paradela. Porén, quedaría con medidas de nivel medio de restrición o resto dos concellos da área sanitaria.

Respecto da Área Sanitaria de Ourense propónse aplicar medidas de nivel máximo para os concellos da Mezquita (actualmente en nivel medio) e Boborás, actualmente en nivel alto. Porén, quedaría con medidas de nivel medio de restrición o resto dos concellos da área sanitaria.

En relación coa Área Sanitaria de Pontevedra propónse manter medidas de nivel máximo para o concello de Soutomaior e medidas de nivel alto de restrición para os concellos de Cambados, Ponte Caldelas e Vilanova de Arousa. Porén, quedaría con medidas de nivel medio de restrición o resto dos concellos da área sanitaria.

Por conseguinte, á vista do indicado no citado informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, e tras escoitar as recomendacións do subcomité clínico reunido para estes efectos, coa situación epidemiolóxica e sanitaria da Comunidade Autónoma de Galicia óptase por



manter, con carácter xeral, o modelo de limitacións que se viñan aplicando ata o momento, aínda que adaptadas á evolución da situación nos diferentes ámbitos territoriais da Comunidade Autónoma nestes últimos días dende a anterior revisión. Con esta finalidade, actualízase o anexo desta orde no cal se relacionan os concellos da Comunidade Autónoma aos cales lles son de aplicación as diferentes limitacións.

Debe insistirse, en particular, que as medidas resultan adecuadas e eficaces de acordo cos datos expostos sobre a evolución da situación epidemiolóxica e, polo tanto, útiles para conseguir o fin proposto de protección da saúde pública, á espera de que a campaña de vacinación acade os resultados que se perseguen. Debe ponderarse que aínda non estamos en niveis de transmisión que se poidan entender de risco baixo. Así mesmo, debe manterse a protección do sistema sanitario, que soporta niveis altos de ocupación, sobre todo en determinadas áreas sanitarias. As medidas de limitación de determinadas actividades resultan necesarias, adecuadas e proporcionadas para o fin perseguido, que non é outro que controlar e evitar a maior difusión dunha enfermidade altamente contaxiosa, respecto da cal a diferenza entre persoas enfermas e sas resulta difusa, dada a posible asintomatoloxía ou levidade dos síntomas e a existencia dun período no cal non hai indicios externos da enfermidade. En concreto, trátase de evitar especialmente aglomeracións ou encontros entre persoas, co fin de garantir o mantemento da distancia de seguridade e reducir o risco de contacto físico ou proximidade en condicións favorecedoras do contaxio. Debe lembrarse, neste sentido, que o Auto 40/2020, do 30 de abril de 2020, do Tribunal Constitucional, no seu fundamento xurídico cuarto, ao ponderar a relevancia das especiais circunstancias derivadas da crise sanitaria creada pola pandemia no exercicio do dereito de reunión, salientou como, ante a incerteza sobre as formas de contaxio, sobre o impacto real da propagación do virus, así como sobre as consecuencias a medio e longo prazo para a saúde das persoas que se viron afectadas, as medidas de distanciamento social e de limitación extrema dos contactos e actividades grupais son as únicas que se teñen demostrado eficaces para limitar os efectos dunha pandemia de dimensións descoñecidas ata a data. Deste modo, as medidas de limitación de determinadas actividades van dirixidas a limitar os contactos e a interacción social e, polo tanto, a transmisión da enfermidade, en situacións nas cales cabe apreciar un maior risco polas circunstancias en que se realizan, especialmente en lugares pechados.

Tendo en conta o exposto, e tras escoitar as recomendacións do subcomité clínico reunido para estes efectos e visto o informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, procede manter as medidas xa aprobadas na anterior Orde do 25 de febreiro, na súa redacción vixente, sen prexuízo das modificacións que se introducen no anexo II da citada orde.



IV

As medidas que se adoptan nesta orde teñen o seu fundamento normativo na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 a 38 ter da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para adoptar as medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica existente, no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, coa urxencia que a protección da saúde pública demanda.

Na súa virtude, en aplicación do punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. *Modificación da Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia*

Un. Modifícase o anexo II da Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado segundo o anexo da presente orde.

Segundo. *Eficacia*

As medidas previstas nesta orde terán efectos desde as 00.00 horas do día 8 de marzo de 2021. Non obstante o anterior, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, serán obxecto de seguimento e avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuencia deste



seguimento e avaliación, as medidas poderán ser modificadas ou levantadas por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Santiago de Compostela, 5 de marzo de 2021

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade

«ANEXO II

A) Concellos con nivel de restrición máxima.

Boborás.

Mezquita (A).

Pobra do Brollón (A).

Soutomaior.

B) Concellos con nivel de restrición alta.

Arteixo.

Cambados.

Cariño.

Guitiriz.

Lourenzá.

Miño.

Mos.

Mugardos.

Paradela.



Ponte Caldelas.

Ponteceso.

Sobrado.

Vilanova de Arousa.

C) Concellos con nivel de restricción media.

Abadín.

Abegondo.

Agolada.

Alfoz.

Allariz.

Ames.

Amoeiro.

Antas de Ulla.

Aranga.

Arbo.

Ares.

Arnoia (A).

Arzúa.

Avión.

Baiona.



Baleira.

Baltar.

Bande.

Baña (A).

Baños de Molgas.

Baralla.

Barbadás.

Barco de Valdeorras (O).

Barreiros.

Barro.

Beade.

Beariz.

Becerreá.

Begonte.

Bergondo.

Betanzos.

Blancos (Os).

Boimorto.

Boiro.

Bola (A).



Bolo (O).

Boqueixón.

Bóveda.

Brión.

Bueu.

Burela.

Cabana de Bergantiños.

Cabanas.

Caldas de Reis.

Calvos de Randín.

Camariñas.

Cambre.

Campo Lameiro.

Cangas.

Cañiza (A).

Capela (A).

Carballeda de Avia.

Carballeda de Valdeorras.

Carballedo.

Carballiño (O).



Carballo.

Carnota.

Carral.

Cartelle.

Castrelo de Miño.

Castrelo do Val.

Castro Caldelas.

Castro de Rei.

Castroverde.

Catoira.

Cedeira.

Cee.

Celanova.

Cenlle.

Cerceda.

Cerdedo-Cotobade.

Cerdido.

Cervantes.

Cervo.

Chandreja de Queixa.



Chantada.

Coirós.

Coles.

Corcubión.

Corgo (O).

Coristanco.

Cortegada.

Coruña (A).

Cospeito.

Covelo.

Crecente.

Cualedro.

Culleredo.

Cuntis.

Curtis.

Dodro.

Dozón.

Dumbría.

Entrimo.

Esgos.



Estrada (A).

Fene.

Ferrol.

Fisterra.

Folgozo do Courel.

Fonsagrada (A).

Forcarei.

Fornelos de Montes.

Foz.

Frades.

Friol.

Gomesende.

Gondomar.

Grove (O).

Guarda (A).

Gudiña (A).

Guntín.

Illa de Arousa (A).

Incio (O).

Irixo (O).



Irixoa.

Lalín.

Lama (A).

Láncara.

Laracha (A).

Larouco.

Laxe.

Laza.

Leiro.

Lobeira.

Lobios.

Lousame.

Lugo.

Maceda.

Malpica de Bergantiños.

Manzaneda.

Mañón.

Marín.

Maside.

Mazaricos.



Meaño.

Meira.

Meis.

Melide.

Melón.

Merca (A).

Mesía.

Moaña.

Moeche.

Mondariz-Balneario.

Mondariz.

Mondoñedo.

Monfero.

Monforte de Lemos.

Montederramo.

Monterrei.

Monterroso.

Moraña.

Muíños.

Muras.



Muros.

Muxía.

Narón.

Navia de Suarna.

Neda.

Negreira.

Negueira de Muñiz.

Neves (As).

Nigrán.

Nogais (As).

Nogueira de Ramuín.

Noia.

Oia.

Oímbra.

Oleiros.

Ordes.

Oroso.

Ortigueira.

Ourense.

Ourol.



Outeiro de Rei.

Outes.

Oza-Cesuras.

Paderne de Allariz.

Paderne.

Padrenda.

Padrón.

Palas de Rei.

Pantón.

Parada de Sil.

Páramo (O).

Pastoriza (A).

Pazos de Borbén.

Pedrafita do Cebreiro.

Pereiro de Aguiar (O).

Peroxa (A).

Petín.

Pino (O).

Piñor.

Pobra de Trives (A).



Pobra do Caramiñal (A).

Poio.

Pol.

Ponteareas.

Pontecesures.

Pontedeume.

Pontedeva.

Pontenova (A).

Pontes de García Rodríguez (As).

Pontevedra.

Porqueira.

Porriño (O).

Portas.

Porto do Son.

Portomarín.

Punxín.

Quintela de Leirado.

Quiroga.

Rábade.

Rairiz de Veiga.



Ramirás.

Redondela.

Rianxo.

Ribadavia.

Ribadeo.

Ribadumia.

Ribas de Sil.

Ribeira de Piquín.

Ribeira.

Riós.

Riotorto.

Rodeiro.

Rois.

Rosal (O).

Rúa (A).

Rubiá.

Sada.

Salceda de Caselas.

Salvaterra de Miño.

Samos.



San Amaro.

San Cibrao das Viñas.

San Cristovo de Cea.

San Sadurniño.

San Xoán de Río.

Sandiás.

Santa Comba.

Santiago de Compostela.

Santiso.

Sanxenxo.

Sarreaus.

Sarria.

Saviñao (O).

Silleda.

Sober.

Somozas (As).

Taboada.

Taboadela.

Teixeira (A).

Teo.



Toén.

Tomiño.

Toques.

Tordoia.

Touro.

Trabada.

Trasmiras.

Trazo.

Triacastela.

Tui.

Val do Dubra.

Valadouro (O).

Valdoviño.

Valga.

Vedra.

Veiga (A).

Verea.

Verín.

Viana do Bolo.

Vicedo (O).



Vigo.

Vila de Cruces.

Vilaboa.

Vilagarcía de Arousa.

Vilalba.

Vilarmaior.

Vilamarín.

Vilamartín de Valdeorras.

Vilar de Barrio.

Vilar de Santos.

Vilardevós.

Vilariño de Conso.

Vilasantar.

Vimianzo.

Viveiro.

Xermade.

Xinzo de Limia.

Xove.

Xunqueira de Ambía.

Xunqueira de Espadanedo.

Zas».



I. DISPOSICIÓN XERAIS**PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA**

CORRECCIÓN DE ERROS. Decreto 37/2021, do 4 de marzo, polo que se modifica o Decreto 31/2021, do 25 de febreiro, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

Advertidos erros no dito decreto, publicado no *Diario Oficial de Galicia* número 43-bis, do xoves 4 de marzo de 2021, cómpre facer as seguintes correccións:

Na páxina 12986, onde di:

«B. Ámbito territorial conxuntamente delimitado formado polos seguintes concellos:

1) Ámbito territorial conxuntamente delimitado formado polos seguintes concellos da área sanitaria da Coruña: Aranga, Arteixo, Cambre, Carballo, Carral, A Coruña, Culleredo, A Laracha, Malpica de Bergantiños, Miño, Muxía, Paderne, Sada, Vilasantar, Abegondo, Bergondo, Betanzos, Cabana de Bergantiños, Camariñas, Cee, Cerceda, Coirós, Coristanco, Dumbría, Fisterra, Irixoa, Laxe, Oleiros, Oza-Cesuras, Sobrado, Vilarmaior, Vimianzo, Zas».,

debe dicir:

«B. Ámbito territorial conxuntamente delimitado formado polos seguintes concellos:

1) Ámbito territorial conxuntamente delimitado formado polos seguintes concellos da área sanitaria da Coruña: Aranga, Arteixo, Cambre, Carballo, Carral, A Coruña, Culleredo, A Laracha, Malpica de Bergantiños, Miño, Muxía, Paderne, Sada, Vilasantar, Abegondo, Bergondo, Betanzos, Cabana de Bergantiños, Camariñas, Cee, Cerceda, Coirós, Coristanco, Dumbría, Fisterra, Irixoa, Laxe, Oleiros, Oza-Cesuras, Sobrado, Vilamaior, Vimianzo, Zas, Corcubión, Curtis, Ponteceso».

Nas páxinas 12986 e 12987, onde di:

«C. Concellos entre os cales está permitida a mobilidade atendendo á súa similar situación epidemiolóxica:

1) A Pobra do Brollón, Guitiriz, Lourenzá, Porto do Son, Tordoia, Mos, Mondariz, Pazos de Borbén, Cariño, Boborás.



2) Abadín, Alfoz, Antas de Ulla, Baleira, Barreiros, Becerreá, Begonte, Bóveda, Burela, Carballedo, Castro de Rei, Castroverde, Cervantes, Cervo, Chantada, Cospeito, Folgoso do Courel, A Fonsagrada, Foz, Friol, O Incio, Lán cara, Lourenz á, Lugo, Meira, Mondoñe-do, Monterroso, Muras, Navia de Suarna, Negueira de Muñiz, As Nogais, Oourol, Palas de Rei, Pantón, Paradela, O Páramo, A Pastoriza, Pedrafita do Cebreiro, Pol, Portomarín, Quiroga, Ribadeo, Ribas de Sil, Ribeira de Piquín, Riotorto, Samos, Sarria, O Saviñao, Taboada, Trabada, Triacastela, O Valadouro, O Vicedo, Vilalba, Viveiro, Xermade, Xove, Allariz, Amoeiro, A Arnoia, Avión, Baltar, Baños de Molgas, Barbadás, O Barco de Valdeorras, Beariz, Os Blancos, Boborás, A Bola, O Bolo, Calvos de Randín, Carballeda de Avia, Carballeda de Valdeorras, O Carballiño, Cartelle, Castrelo de Miño, Castrelo do Val, Castro Caldelas, Cenlle, Chandrexa de Queixa, Coles, Cortegada, Cualedro, Entrimo, Esgos, O Irixo, Larouco, Laza, Leiro, Lobeira, Lobios, Maceda, Manzaneda, Maside, Melón, Montederramo, Monterrei, Muíños, Nogueira de Ramuín, Oímbra, Ourense, Paderne de Allariz, Padrenda, Parada de Sil, O Pereiro de Aguiar, Petín, Piñor, A Pobra de Trives, Pontedeva, Porqueira, Quintela de Leirado, Rairiz de Veiga, Ramirás, Ribadavia, Riós, A Rúa, Rubiá, San Amaro, San Cibrao das Viñas, San Cristovo de Cea, San Xoán de Río, Sarreaus, A Teixeira, Toén, Trasmiras, A Veiga, Verín, Vilamarín, Vilamartín de Valdeorras, Vilar de Barrio, Vilar de Santos, Vilardevós, Vilariño de Conso, Xinzo de Limia, Xunqueira de Ambía, Ames, A Baña, Boimorto, Boiro, Boqueixón, Brión, Carnota, Lousame, Mazaricos, Melide, Mesía, Muros, Negreira, Noia, Oroso, Outes, Padrón, O Pino, A Pobra do Caramiñal, Porto do Son, Rianxo, Ribeira, Santa Comba, Santiago de Compostela, Santiso, Teo, Touro, Trazo, Val do Dubra, Vedra, Agolada, Dozón, A Estrada, Lalín, Pontecesures, Rodeiro, Silleda, Valga, Vila de Cruces, Arbo, Baiona, Cangas, A Cañiza, Covelo, Crecente, Fornelos de Montes, Gondomar, A Guarda, Mondariz, Mondariz-Balneario, Mos, As Neves, Nigrán, Pazos de Borbén, Pontearreas, O Porriño, O Rosal, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Tomiño, Tui, Vigo, Cedeira, Ferrol, Narón, Neda, As Pontes de García Rodríguez, San Sadurniño, Ares, Cabanas, A Capela, Cariño, Cerdido, Fene, Mañón, Monfero, Mugardos, Ortigueira, Pontedeume, As Somozas, Valdoviño, Corcubión, Curtis, Ponteceso, Moeche, O Corgo, Gomesende, A Gudiña, A Peroxa, Toques, Baralla, Guntín, Monforte de Lemos, Outeiro de Rei, A Pontenova, Rábade, Sober, Bande, Beade, Celanova, A Merca, A Mezquita, Punxín, Sandiás, Taboadela, Viana do Bolo, Vereá, Xunqueira de Espadanedo, Arzúa, Dodro, Frades, Ordes, Rois, Moaña, Oia, Redondela».,

debe dicir:

«C. Concellos entre os cales está permitida a mobilidade atendendo á súa similar situación epidemiolóxica:

1) A Pobra do Brollón, Guitiriz, Lourenz á, Porto do Son, Tordoia, Mos, Mondariz, Pazos de Borbén, Cariño, Boborás.



2) Abadín, Alfoz, Antas de Ulla, Baleira, Barreiros, Becerreá, Begonte, Bóveda, Burela, Carballedo, Castro de Rei, Castroverde, Cervantes, Cervo, Chantada, Cospeito, Folgoso do Courel, A Fonsagrada, Foz, Friol, O Incio, Láncara, Lugo, Meira, Mondoñedo, Monterroso, Muras, Navia de Suarna, Negueira de Muñiz, As Nogais, Oulol, Palas de Rei, Pantón, Paradela, O Páramo, A Pastoriza, Pedrafita do Cebreiro, Pol, Portomarín, Quiroga, Ribadeo, Ribas de Sil, Ribeira de Piquín, Riotorto, Samos, Sarria, O Saviñao, Taboada, Trabada, Triacastela, O Valadouro, O Vicedo, Vilalba, Viveiro, Xermade, Xove, Allariz, Amoeiro, A Arnoia, Avión, Baltar, Baños de Molgas, Barbadás, O Barco de Valdeorras, Beariz, Os Blancos, A Bola, O Bolo, Calvos de Randín, Carballeda de Avia, Carballeda de Valdeorras, O Carballiño, Cartelle, Castrelo de Miño, Castrelo do Val, Castro Caldelas, Cenlle, Chandrexa de Queixa, Coles, Cortegada, Cualedro, Entrimo, Esgos, O Irixe, Larouco, Laza, Leiro, Lobeira, Lobios, Maceda, Manzaneda, Maside, Melón, Montederramo, Monterrei, Muíños, Nogueira de Ramuín, Oímbra, Ourense, Paderne de Allariz, Padrenda, Parada de Sil, O Pereiro de Aguiar, Petín, Piñor, A Pobra de Trives, Pontedeiva, Porqueira, Quintela de Leirado, Rairiz de Veiga, Ramirás, Ribadavia, Riós, A Rúa, Rubiá, San Amaro, San Cibrao das Viñas, San Cristovo de Cea, San Xoán de Río, Sarreaus, A Teixeira, Toén, Trasmiras, A Veiga, Verín, Vilamarín, Vilamartín de Valdeorras, Vilar de Barrio, Vilar de Santos, Vilardevós, Vilariño de Conso, Xinzo de Limia, Xunqueira de Ambía, Ames, A Baña, Boimorto, Boiro, Boqueixón, Brión, Carnota, Lousame, Mazaricos, Melide, Mesía, Muros, Negreira, Noia, Oroso, Outes, Padrón, O Pino, A Pobra do Caramiñal, Rianxo, Ribeira, Santa Comba, Santiago de Compostela, Santiso, Teo, Touro, Trazo, Val do Dubra, Vedra, Agolada, Dozón, A Estrada, Lalín, Pontecesures, Rodeiro, Silleda, Valga, Vila de Cruces, Arbo, Baiona, Cangas, A Cañiza, Covelo, Crecente, Fornelos de Montes, Gondomar, A Guarda, Mondariz-Balneario, As Neves, Nigrán, Pontearreas, O Porriño, O Rosal, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Tomiño, Tui, Vigo, Cedeira, Ferrol, Narón, Neda, As Pontes de García Rodríguez, San Sadurniño, Ares, Cabanas, A Capela, Cerdido, Fene, Mañón, Monfero, Mugaros, Ortigueira, Pontedeume, As Somozas, Valdoviño, Moeche, O Corgo, Gomesende, A Gudiña, A Peroxa, Toques, Baralla, Guntín, Monforte de Lemos, Outeiro de Rei, A Pontenova, Rábade, Sober, Bande, Beade, Celanova, A Merca, A Mezquita, Punxín, Sandiás, Taboadela, Viana do Bolo, Vereá, Xunqueira de Espadanedo, Arzúa, Dodro, Frades, Ordes, Rois, Moaña, Oia, Redondela».



I. DISPOSICIÓN XERAIS**PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA**

DECRETO 39/2021, do 5 de marzo, polo que se modifica o Decreto 31/2021, do 25 de febreiro, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

I

A expansión do coronavirus COVID-19 xerou unha crise sanitaria sen precedentes recentes. Así, tras a elevación pola Organización Mundial da Saúde da situación de emerxencia de saúde pública pola devandita causa a nivel de pandemia internacional e a adopción, por algunhas comunidades autónomas como a galega, de medidas de prevención, mediante o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, declarouse o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, declaración que afectou todo o territorio nacional, cunha duración inicial de quince días naturais, pero que foi obxecto de sucesivas prórrogas autorizadas polo Congreso dos Deputados.

O levantamento dese estado de alarma, con todo, non puxo fin á crise sanitaria, o que xustificou a adopción de medidas como as previstas, no ámbito estatal, no Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, así como as medidas de prevención que foron adoptando as diferentes comunidades autónomas. En concreto, no caso da Comunidade Autónoma de Galicia, a resposta á crise sanitaria foi, fundamentalmente, ademais do mantemento da declaración de situación de emerxencia sanitaria efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020, a adopción, ao abeiro da lexislación sanitaria, ordinaria e orgánica, de medidas de prevención tanto de carácter xeral, para todo o territorio autonómico, como, de maneira específica, a través de diferentes ordes da persoa titular da Consellería de Sanidade, en atención á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

Mediante o Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, declarouse o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. Esa declaración afectou todo o territorio nacional e a súa duración inicial estendíase, conforme o disposto no seu artigo 4, ata as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020.



Conforme o artigo 2 do devandito real decreto, para os efectos do estado de alarma, a autoridade competente será o Goberno da nación. En cada comunidade autónoma e cidade con estatuto de autonomía, a autoridade competente delegada será quen desempeñe a presidencia da comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía, nos termos establecidos no real decreto. As autoridades competentes delegadas quedan habilitadas para ditaren, por delegación do Goberno da nación, as ordes, resolucións e disposicións para a aplicación do previsto nos artigos 5 ao 11 do real decreto, sen que para iso sexa preciso tramitar ningún procedemento administrativo, nin será de aplicación o previsto no segundo parágrafo do artigo 8.6 e no artigo 10.8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

En concreto, o artigo 6 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, prevé que a autoridade competente delegada que corresponda poderá limitar a entrada e saída de persoas no territorio de cada comunidade autónoma ou en ámbitos territoriais de carácter xeograficamente inferiores á comunidade autónoma, coas excepcións previstas no artigo 6.1.

Pola súa banda, o artigo 7 do mesmo texto normativo dispón que a permanencia de grupos de persoas en espazos de uso público, tanto pechados como ao aire libre, quedará condicionada a que non se supere o número máximo de seis persoas, salvo que se trate de conviventes, e sen prexuízo das excepcións que se establezan en relación con dependencias, instalacións e establecementos abertos ao público. A permanencia de grupos de persoas en espazos de uso privado quedará condicionada a que non se supere o número máximo de seis persoas, salvo que se trate de conviventes. No caso das agrupacións en que se inclúan tanto persoas conviventes como persoas non conviventes, o número máximo será de seis persoas. Conforme o artigo 9, a eficacia desta medida nunha comunidade autónoma producirase cando a autoridade competente delegada o determine. Ademais, o artigo 7 recolle a posibilidade de que a autoridade competente delegada correspondente determine, no seu ámbito territorial, en vista da evolución dos indicadores sanitarios, epidemiolóxicos, sociais, económicos e de mobilidade, logo de comunicación ao Ministerio de Sanidade e de acordo co previsto no artigo 13, que o número máximo sexa inferior a seis persoas, salvo que se trate de conviventes. Así mesmo, as autoridades competentes delegadas poderán, no seu ámbito territorial, establecer excepcións respecto das persoas menores ou dependentes, así como calquera outra flexibilización da limitación.

De acordo co artigo 8 do real decreto, a autoridade competente delegada poderá limitar a permanencia de persoas en lugares de culto mediante a fixación da limitación de capacidade para reunións, celebracións e encontros relixiosos, atendendo ao risco de transmi-



sión que poida resultar dos encontros colectivos, sen que tal limitación poida afectar, en ningún caso, o exercicio privado e individual da liberdade relixiosa.

E, conforme o artigo 10 da norma, a autoridade competente delegada en cada comunidade autónoma poderá, no seu ámbito territorial, en vista da evolución dos indicadores sanitarios, epidemiolóxicos, sociais, económicos e de mobilidade, logo de comunicación ao Ministerio de Sanidade e de acordo co previsto no artigo 13, modular, flexibilizar e suspender a aplicación das medidas previstas nos artigos 6, 7 e 8, co alcance e ámbito territorial que determine.

O 29 de outubro de 2020, o Congreso dos Deputados autorizou a prórroga do estado de alarma ata o 9 de maio de 2021. Conforme o artigo 2 do Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, a prórroga establecida nese real decreto estenderase desde as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020 ata as 00.00 horas do día 9 de maio de 2021, e someterase ás condicións establecidas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro e nos decretos que, se é o caso, se adopten en uso da habilitación conferida pola disposición derradeira primeira do citado Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, sen prexuízo do establecido nas disposicións que recolle o propio real decreto de prórroga.

En consecuencia, durante a vixencia do estado de alarma e da súa prórroga, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, deberán adoptarse na condición de autoridade competente delegada, nos termos previstos no devandito real decreto e no real decreto de prórroga.

Non obstante, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, non esgotan todas as que se poden adoptar para facer fronte á crise sanitaria. Neste sentido, como prevé expresamente o seu artigo 12, cada Administración conservará as competencias que lle outorga a lexislación vixente, así como a xestión dos seus servizos e do seu persoal, para adoptar as medidas que considere necesarias, sen prexuízo do establecido no real decreto.

Polo tanto, como destaca a propia exposición de motivos do real decreto, durante a vixencia do estado de alarma, as administracións sanitarias competentes en saúde pública, no non previsto nesa norma, deberán continuar adoptando as medidas necesarias para afrontar a situación de emerxencia de saúde pública ocasionada polo COVID-19, confor-



me a lexislación sanitaria, en particular, a Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; a Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, e a Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, así como a normativa autonómica correspondente.

II

Neste contexto normativo derivado do estado de alarma vixente e ante a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia, ditouse o Decreto 31/2021, do 25 de febreiro, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, que foi modificado mediante o Decreto 37/2021, do 4 de marzo coa finalidade de revisar as medidas adoptadas e mantelas adaptadas á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria da Comunidade Autónoma.

III

A evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia fai necesario que o presidente da Xunta de Galicia adopte novas medidas na condición de autoridade competente delegada, sen prexuízo das que, de modo complementario e compatible con elas, adopte a persoa titular da Consellería de Sanidade, en exercicio das súas competencias como autoridade sanitaria autonómica.

O Subcomité Clínico, na súa reunión do 5 de marzo de 2021, procedeu á revisión da situación epidemiolóxica e sanitaria da Comunidade Autónoma. Así, do informe de saúde pública do 5 de marzo de 2021 destácanse os seguintes datos:

O número reprodutivo instantáneo (R_t), que indica o número de contaxios orixinados por un caso activo, segue a manterse por debaixo de 1 desde o 29 de xaneiro, o que indica unha diminución na transmisión da infección. Todas as áreas sanitarias, agás Ourense, se manteñen por debaixo de 1.

Do total de concellos de Galicia ($N=313$), 104 non notificaron casos nos últimos 14 días. Se temos en conta os casos notificados nos centros sociosanitarios, serían 103 concellos (11 máis a respecto do día 1 de marzo). O número de concellos sen casos nos últimos 7 días aumentou a 171, excluídos os casos notificados nos centros sociosanitarios



(167 o día 1 de febreiro). Tendo en conta os casos notificados nos centros sociosanitarios, este valor sería de 169.

Entre o 21 e o 27 de febreiro realizáronse 61.594 probas diagnósticas de infección activa polo virus SARS-CoV-2 (43.332 PCR e 18.262 test de antixeno), cunha porcentaxe de positividade a sete días do 3,8 % igual á de entre o 19 e o 25 de febreiro.

A incidencia acumulada a 7 e 14 días é de 47 e 119 casos por cen mil habitantes, respectivamente, valores inferiores aos observados o día 1 de marzo (54 e 131 casos por cen mil habitantes a 7 e 14 días, respectivamente).

A tendencia diaria mostra, desde o 20 de decembro, dous tramos con tendencia oposta, primeiro crecente a un ritmo do 6,8 % ata o 22 de xaneiro e despois decrecente cunha porcentaxe de cambio diario de -6,5 %, o que segue a indicar un descenso continuo xa que no 20 de febreiro a porcentaxe de cambio diaria observada era a mesma.

Nas distintas áreas sanitarias, as taxas de incidencia a 14 e 7 días diminuíron respecto do informe do día 1. Ningunha delas presenta taxas a 14 días con valores superiores aos 250 casos por 100.000 habitantes nin taxas a 7 días superiores aos 100 casos por 100.000 habitantes, oscilando os valores das taxas a 14 días entre os 68,48 casos por 100.000 habitantes de Ourense e os 175 da Coruña.

No que atinxe á hospitalización, a media de pacientes COVID-19 en hospitalización de agudos nos últimos 7 días foi de 384,3, o que supón un descenso do 8,3 % respecto do informe do 1 de marzo. A taxa de pacientes COVID-19 en hospitalización de agudos é de 99,6 ingresados por 100.000 habitantes nos últimos 7 días, cun descenso do 8,2 a respecto do día 1 de marzo. En canto aos ingresos COVID-19 nas unidades de críticos (UCI) nos últimos 7 días, a media foi de 98,4, o que supón un descenso do 6,2 % respecto do informe anterior. A taxa a 7 días de ingresados nas UCI é de 25,5 ingresados por 100.000 habitantes, cun descenso do 9,8 % respecto do informe anterior. A pesar desta diminución, o número de ingresos debe baixar máis, especialmente nas unidades de críticos, xa que un incremento na incidencia pode comprometer a evolución.

Nos concellos con poboación igual ou maior de 10.000 habitantes (54), 4 presentan unha taxa de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes, fronte aos 5 do informe anterior. Só un concello acada unha taxa a 14 días superior aos 300 casos por cen mil habitantes, que é Vilanova de Arousa. Por outra banda, no que



se refire aos concellos de menos de 10.000 habitantes (259), 18 presentan unha taxa de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes, 5 menos que no informe anterior. Acádanse taxas de incidencia iguais ou maiores a 500 casos por cen mil habitantes en 4 destes concellos.

O informe salienta ademais que o feito de que estea a circular cada vez máis a cepa británica pode influír nun aumento da transmisión.

En conclusión, aínda que os datos recollidos no informe permiten constatar que, en liñas xerais, a situación epidemiolóxica segue mellorando, o que amosa, inequivocamente, a eficacia das medidas adoptadas, non debe esquecerse que nos atopamos nun contexto de desescalada que debe ser gradual, progresiva e segura, guiada polo principio de prudencia para evitar así comprometer os logros acadados. Galicia conta cunha poboación especialmente envellecida, e no noso territorio o virus circulou menos que noutros territorios do Estado, polo que existe un menor nivel de inmunidade natural, na espera de que o proceso de vacinación en marcha acade os resultados esperados. A presión hospitalaria, aínda que vai descendendo, segue a ser alta, cun elevado número de persoas ingresadas nas UCI, que aínda debe baixar máis. Resulta imprescindible ser cautelosos e consolidar no tempo as medidas adoptadas recentemente, de tal xeito que sexa posible ir analizando e reaccionando fronte os efectos que delas deriven.

Por conseguinte, en vista do indicado no citado informe da Dirección Xeral de Saúde Pública e logo de escoitar as recomendacións do Subcomité Clínico reunido para estes efectos, óptase por actualizar o anexo do decreto en que se relacionan os concellos da Comunidade Autónoma aos cales lles son de aplicación as diferentes limitacións, coa finalidade de adaptalo á situación actual.

Así, por unha banda, consolídase a mellora da situación epidemiolóxica dos concellos que ata este momento conformaban os ámbitos territoriais conxuntamente delimitados das áreas sanitarias da Coruña e de Pontevedra, que quedara pendente de revisión polo Subcomité. Esta mellora determina que os devanditos concellos pasen a incluírse nas letras correspondentes do anexo, segundo a súa taxa de incidencia e, polo tanto, modifícanse as limitacións de mobilidade que se lles aplicaban ata este momento, de forma que a partir da entrada en vigor deste decreto queda permitida a entrada e saída de persoas a todos os demais concellos que estean na mesma situación ca o concello de orixe.

O criterio utilizado para aplicar os niveis de restrición aos concellos, ademais do da situación sanitaria, é o das taxas de incidencia segundo os casos por cada cen mil habitantes



a 14 días, situando o nivel alto na cifra de 250 e o máximo na cifra de 500. Así mesmo, co obxecto de reaccionar con rapidez e eficacia fronte aos brotes, utilízase tamén como criterio o da taxa de incidencia a 7 días. A análise da situación de cada concello complétase coa consideración de criterios demográficos, pois debe terse en conta que en concellos de escasa poboación poucos casos poden dar lugar a taxas moi elevadas que deben ser postas no debido contexto, e co estudo por parte dos servizos de saúde pública e do Comité ou do Subcomité Clínico das características específicas de cada brote.

De acordo con estes criterios, cabe destacar, en particular, a situación dos concellos da Mezquita, Boborás e A Pobra do Brollón, que fai necesario que se inclúan na letra A do anexo e, polo tanto, aplicaráselles as máximas restricións en canto á mobilidade e reunión, que queda limitada aos conviventes.

IV

Tendo en conta o indicado, a situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia determina que procede ditar un novo decreto en que se adapten as medidas existentes á indicada situación. De acordo co exposto, por proposta do conselleiro de Sanidade e na condición de autoridade competente delegada, por delegación do Goberno da nación, conforme o disposto nos artigos 2, 5, 6, 7, 8, 9 e 10 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2,

DISPOÑO:

Primeiro. Modificación do anexo do Decreto 31/2021, do 25 de febreiro, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2

Modifícase o anexo do Decreto 31/2021, do 25 de febreiro, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, que queda redactado nos termos previstos no anexo do presente decreto.



Segundo. Eficacia, seguimento e avaliación

A eficacia das medidas previstas neste decreto comezará ás 00.00 horas do día 8 de marzo de 2021.

Non obstante o anterior, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas deberán ser obxecto de seguimento e de avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria e para os efectos, de ser necesario, da súa modificación ou levantamento.

Terceiro. Recursos

Contra o presente decreto poderá interperse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, conforme os artigos 12.1.a) e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, cinco de marzo de dous mil vinte e un

Alberto Núñez Feijóo
Presidente da Xunta de Galicia

ANEXO**A. Concellos de ámbito territorial individualmente determinado:**

Boborás
A Mezquita
A Pobra do Brollón
Soutomaior

B. Ámbito territorial conxuntamente delimitado formado polos seguintes concellos:

(Sen contido)

C. Concellos entre os cales está permitida a mobilidade atendendo á súa similar situación epidemiolóxica:**1. Concellos con nivel alto de restricións:**

Arteixo
Cambados



Cariño
Guitiriz
Lourenzá
Miño
Mos
Mugardos
Paradela
Ponte Caldelas
Ponteceso
Sobrado
Vilanova de Arousa

2. Concellos con nivel medio de restricións:

Abadín
Abegondo
Agolada
Alfoz
Allariz
Ames
Amoeiro
Antas de Ulla
Aranga
Arbo
Ares
Arnoia (A)
Arzúa
Avión
Baiona
Baleira
Baltar
Bande
Baña (A)
Baños de Molgas
Baralla
Barbadás
Barco de Valdeorras (O)
Barreiros



Barro
Beade
Beariz
Becerreá
Begonte
Bergondo
Betanzos
Blancos (Os)
Boimorto
Boiro
Bola (A)
Bolo (O)
Boqueixón
Bóveda
Brión
Bueu
Burela
Cabana de Bergantiños
Cabanas
Caldas de Reis
Calvos de Randín
Camariñas
Cambre
Campo Lameiro
Cangas
Cañiza (A)
Capela (A)
Carballeda de Avia
Carballeda de Valdeorras
Carballedo
Carballiño (O)
Carballo
Carnota
Carral
Cartelle
Castrelo de Miño
Castrelo do Val



Castro Caldelas
Castro de Rei
Castroverde
Catoira
Cedeira
Cee
Celanova
Cenlle
Cereda
Cerdedo-Cotobade
Cerdido
Cervantes
Cervo
Chandrea de Queixa
Chantada
Coirós
Coles
Corcubión
Corgo (O)
Coristanco
Cortegada
Coruña (A)
Cospeito
Covelo
Crecente
Cualedro
Culleredo
Cuntis
Curtis
Dodro
Dozón
Dumbría
Entrimo
Esgos
Estrada (A)
Fene
Ferrol



Fisterra
Folgo do Courel
Fonsagrada (A)
Forcarei
Fornelos de Montes
Foz
Frades
Friol
Gomesende
Gondomar
Grove (O)
Guarda (A)
Gudiña (A)
Guntín
Illa de Arousa (A)
Incio (O)
Irixo (O)
Irixoa
Lalín
Lama (A)
Láncara
Laracha (A)
Larouco
Laxe
Laza
Leiro
Lobeira
Lobios
Lousame
Lugo
Maceda
Malpica de Bergantiños
Manzaneda
Mañón
Marín
Maside
Mazaricos



Meaño
Meira
Meis
Melide
Melón
Merca (A)
Mesía
Moaña
Moeche
Mondariz-Balneario
Mondariz
Mondoñedo
Monfero
Monforte de Lemos
Montederramo
Monterrei
Monterroso
Moraña
Muíños
Muras
Muros
Muxía
Narón
Navia de Suarna
Neda
Negreira
Negueira de Muñiz
Neves (As)
Nigrán
Nogais (As)
Nogueira de Ramuín
Noia
Oia
Oímbra
Oleiros
Ordes
Oroso



Ortigueira
Ourense
Ouro
Outeiro de Rei
Outes
Oza-Cesuras
Paderne de Allariz
Paderne
Padrenda
Padrón
Palas de Rei
Pantón
Parada de Sil
Páramo (O)
Pastoriza (A)
Pazos de Borbén
Pedrafita do Cebreiro
Pereiro de Aguiar (O)
Peroxa (A)
Petín
Pino (O)
Piñor
Pobra de Trives (A)
Pobra do Caramiñal (A)
Poio
Pol
Ponteareas
Pontecesures
Pontedeume
Pontedeva
Pontenova (A)
Pontes de García Rodríguez (As)
Pontevedra
Porqueira
Porriño (O)
Portas
Porto do Son



Portomarín
Punxín
Quintela de Leirado
Quiroga
Rábade
Rairiz de Veiga
Ramirás
Redondela
Rianxo
Ribadavia
Ribadeo
Ribadumia
Ribas de Sil
Ribeira de Piquín
Ribeira
Riós
Riotorto
Rodeiro
Rois
Rosal (O)
Rúa (A)
Rubiá
Sada
Salceda de Caselas
Salvaterra de Miño
Samos
San Amaro
San Cibrao das Viñas
San Cristovo de Cea
San Sadurniño
San Xoán de Río
Sandiás
Santa Comba
Santiago de Compostela
Santiso
Sanxenxo
Sarreaus



Sarria
Saviñao (O)
Silleda
Sober
Somozas (As)
Taboada
Taboadela
Teixeira (A)
Teo
Toén
Tomiño
Toques
Tordoia
Touro
Trabada
Trasmiras
Trazo
Triacastela
Tui
Val do Dubra
Valadouro (O)
Valdoviño
Valga
Vedra
Veiga (A)
Verea
Verín
Viana do Bolo
Vicedo (O)
Vigo
Vila de Cruces
Vilaboa
Vilagarcía de Arousa
Vilalba
Vilamarín
Vilamartín de Valdeorras
Vilar de Barrio



Vilar de Santos
Vilardevós
Vilariño de Conso
Vilarmaior
Vilasantar
Vimianzo
Viveiro
Xermade
Xinzo de Limia
Xove
Xunqueira de Ambía
Xunqueira de Espadanedo
Zas



I. DISPOSICIÓN XERAIS**PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA**

DECRETO 37/2021, do 4 de marzo, polo que se modifica o Decreto 31/2021, do 25 de febreiro, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

I

A expansión do coronavirus COVID-19 xerou unha crise sanitaria sen precedentes recentes. Así, tras a elevación pola Organización Mundial da Saúde da situación de emerxencia de saúde pública pola dita causa no nivel de pandemia internacional e a adopción, por algunhas comunidades autónomas como a galega, de medidas de prevención, mediante o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, declarouse o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, declaración que afectou todo o territorio nacional, cunha duración inicial de quince días naturais, pero que foi obxecto de sucesivas prórrogas autorizadas polo Congreso dos Deputados.

O levantamento dese estado de alarma, con todo, non puxo fin á crise sanitaria, o que xustificou a adopción de medidas como as previstas, no ámbito estatal, no Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, así como as medidas de prevención que foron adoptando as diferentes comunidades autónomas. En concreto, no caso da Comunidade Autónoma de Galicia, a resposta á crise sanitaria foi, fundamentalmente, ademais do mantemento da declaración de situación de emerxencia sanitaria efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, a adopción, ao abeiro da lexislación sanitaria, ordinaria e orgánica, de medidas de prevención tanto de carácter xeral, para todo o territorio autonómico, como, de maneira específica, a través de diferentes ordes da persoa titular da Consellería de Sanidade, en atención á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

Mediante o Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, declarouse o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. Esa declaración afectou todo o territorio nacional e a súa duración inicial estendíase, conforme o disposto no seu artigo 4, ata as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020.



Conforme o artigo 2 do dito real decreto, para os efectos do estado de alarma, a autoridade competente será o Goberno da Nación. En cada comunidade autónoma e cidade con estatuto de autonomía, a autoridade competente delegada será quen desempeñe a presidencia da comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía, nos termos establecidos no real decreto. As autoridades competentes delegadas quedan habilitadas para ditaren, por delegación do Goberno da Nación, as ordes, resolucións e disposicións para a aplicación do previsto nos artigos 5 ao 11 do real decreto, sen que para iso sexa preciso tramitar ningún procedemento administrativo, nin será de aplicación o previsto no segundo parágrafo do artigo 8.6 e no artigo 10.8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

En concreto, o artigo 6 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, prevé que a autoridade competente delegada que corresponda poderá limitar a entrada e saída de persoas no territorio de cada comunidade autónoma ou en ámbitos territoriais de carácter xeograficamente inferiores á comunidade autónoma, coas excepcións previstas no artigo 6.1.

Pola súa banda, o artigo 7 do mesmo texto normativo dispón que a permanencia de grupos de persoas en espazos de uso público, tanto pechados como ao aire libre, quedará condicionada a que non se supere o número máximo de seis persoas, salvo que se trate de conviventes, e sen prexuízo das excepcións que se establezan en relación con dependencias, instalacións e establecementos abertos ao público. A permanencia de grupos de persoas en espazos de uso privado quedará condicionada a que non se supere o número máximo de seis persoas, salvo que se trate de conviventes. No caso das agrupacións en que se inclúan tanto persoas conviventes como persoas non conviventes, o número máximo será de seis persoas. Conforme o artigo 9, a eficacia desta medida nunha comunidade autónoma producirase cando a autoridade competente delegada o determine. Ademais, o artigo 7 recolle a posibilidade de que a autoridade competente delegada correspondente determine, no seu ámbito territorial, en vista da evolución dos indicadores sanitarios, epidemiolóxicos, sociais, económicos e de mobilidade, logo de comunicación ao Ministerio de Sanidade e de acordo co previsto no artigo 13, que o número máximo sexa inferior a seis persoas, salvo que se trate de conviventes. Así mesmo, as autoridades competentes delegadas poderán, no seu ámbito territorial, establecer excepcións respecto das persoas menores ou dependentes, así como calquera outra flexibilización da limitación.

De acordo co artigo 8 do real decreto, a autoridade competente delegada poderá limitar a permanencia de persoas en lugares de culto mediante a fixación de limitación de capacidade para reunións, celebracións e encontros relixiosos, atendendo ao risco de transmi-



sión que poida resultar dos encontros colectivos, sen que tal limitación poida afectar, en ningún caso, o exercicio privado e individual da liberdade relixiosa.

E, conforme o artigo 10 da norma, a autoridade competente delegada en cada comunidade autónoma poderá, no seu ámbito territorial, en vista da evolución dos indicadores sanitarios, epidemiolóxicos, sociais, económicos e de mobilidade, logo de comunicación ao Ministerio de Sanidade, e de acordo co previsto no artigo 13, modular, flexibilizar e suspender a aplicación das medidas previstas nos artigos 6, 7 e 8, co alcance e ámbito territorial que determine.

O 29 de outubro de 2020, o Congreso dos Deputados autorizou a prórroga do estado de alarma ata o 9 de maio de 2021. Conforme o artigo 2 do Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, a prórroga establecida no dito real decreto estenderase desde as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020 ata as 00.00 horas do día 9 de maio de 2021, e someterase ás condicións establecidas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, e nos decretos que, se é o caso, se adopten en uso da habilitación conferida pola disposición derradeira primeira do citado Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, sen prexuízo do establecido nas disposicións que recolle o propio real decreto de prórroga.

En consecuencia, durante a vixencia do estado de alarma e da súa prórroga, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, deberán adoptarse na condición de autoridade competente delegada, nos termos previstos no dito real decreto e no real decreto de prórroga.

Non obstante, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, non esgotan todas as que se poden adoptar para facer fronte á crise sanitaria. Neste sentido, como prevé expresamente o seu artigo 12, cada Administración conservará as competencias que lle outorga a lexislación vixente, así como a xestión dos seus servizos e do seu persoal, para adoptar as medidas que considere necesarias, sen prexuízo do establecido no real decreto.

Polo tanto, como destaca a propia exposición de motivos do real decreto, durante a vixencia do estado de alarma as administracións sanitarias competentes en saúde pública, no non previsto nesa norma, deberán continuar adoptando as medidas necesarias para afrontar a situación de emerxencia de saúde pública ocasionada pola COVID-19, conforme a lexislación sanitaria, en particular, a Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas



especiais en materia de saúde pública; a Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, e a Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, así como a normativa autonómica correspondente.

II

Neste contexto normativo derivado do estado de alarma vixente, e ante a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia, ditouse o Decreto 179/2020, do 4 de novembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

Posteriormente, ante a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia, ditouse o Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

Finalmente, coa finalidade de adaptar as medidas adoptadas á evolución da situación, ditáronse o Decreto 8/2021, do 26 de xaneiro, e o Decreto 31/2021, do 25 de febreiro, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

Estes decretos foron obxecto de diversas modificacións, para manter as medidas adaptadas á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria da Comunidade Autónoma.

III

A evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia fai necesario que o presidente da Xunta de Galicia adopte novas medidas na condición de autoridade competente delegada, sen prexuízo das que, de modo complementario e compatible con elas, adopte a persoa titular da Consellería de Sanidade, en exercicio das súas competencias como autoridade sanitaria autonómica.



Así, de acordo co informe da Dirección Xeral de Saúde Pública do 3 de marzo de 2021, obsérvase o seguinte:

En canto á situación epidemiolóxica da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, o número reprodutivo instantáneo (Rt), que indica o número de contaxios orixinados por un caso activo, segue a manterse por debaixo de 1 desde o 29 de xaneiro, o que indica unha diminución na transmisión da infección. Todas as áreas sanitarias se manteñen por debaixo do 1.

Do total de concellos de Galicia (N=313), 91 non tiveron casos nos últimos 14 días, o que supón 36 máis con respecto ao día 20 de febreiro. O número de concellos sen casos nos últimos 7 días aumentou a 165 (107 a día 20 de febreiro).

Entre o 19 e o 25 de febreiro realizáronse 69.230 probas diagnósticas de infección activa polo virus SARS-CoV-2 (46.280 PCR e 22.950 test de antíxeno) cunha porcentaxe de positividade a sete días do 3,77 %, o que supón un 6,2 % menos que a reflectida entre o 9 e 15 de febreiro, onde era do 4,02 %.

A incidencia acumulada a 7 e 14 días é de 54 e 131 casos por cen mil habitantes, respectivamente, valores inferiores aos observados o día 20 de febreiro (88 e 239 casos por cen mil habitantes a 7 e 14 días, respectivamente). A diminución da incidencia foi do 38,6 e 45,2 %, a 7 e 14 días, respectivamente.

A tendencia diaria mostra, desde o 20 de decembro, dous tramos con tendencia oposta, primeiro crecente a un ritmo do 6,8 % ata o 22 de xaneiro e despois decrecente cunha porcentaxe de cambio diario de -6,4 %, o que segue a indicar un descenso continuo, xa que en 20 de febreiro a porcentaxe de cambio diaria observada era a mesma.

No que respecta á hospitalización de casos COVID-19, a media de pacientes COVID-19 en hospitalización de agudos nos últimos 7 días foi de 418,9, o que significa un descenso de 34,9 % a respecto do informe do 20 de febreiro, no que era de 643,9. A taxa de pacientes COVID19 en hospitalización de agudos é de 108,6 ingresados por 100.000 habitantes nos últimos 7 días, cun descenso do 35 % con respecto aos ingresados hai 8 días que foi de 167. En canto aos ingresos COVID-19 nas unidades de críticos (UCI) nos últimos 7 días, a media foi de 104,9, o que supón un descenso do 36,6 % con respecto á semana anterior que foi de 165,3. A taxa a 7 días de ingresados nas UCI é de 28,3 ingresados por 100.000 habitantes, cun descenso do 25,3 % a respecto de hai 8 días no que era de 28,3 ingresados en UCI por 100.000 habitantes.



Respecto da situación epidemiolóxica máis concreta nos concellos de Galicia, o informe sinala que nos concellos con poboación igual ou maior de 10.000 habitantes (54), 5 presentan unha taxa de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes, fronte aos 22 do informe anterior. Só un concello acada unha taxa a 14 días superior aos 300 casos por cen mil habitantes, que é Vilanova de Arousa, o que supón unha melloría con respecto ao día 20 de febreiro onde eran 22 os concellos con esta taxa. No que se refire aos concellos de menos de 10.000 habitantes (259), 23 presentan unha taxa de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes (9 % do total dos concellos), 39 menos que no informe anterior. Acádanse taxas de incidencia iguais ou maiores a 500 casos por cen mil habitantes en 5 destes concellos (2 % dos concellos de menos de 10.000 habitantes), 9 concellos menos que no informe anterior.

Á vista dos datos reflectidos, o informe destaca que o cambio na tendencia da taxa de incidencia segue a manterse en descenso, superado o cumio da onda o 22 de xaneiro.

O modelo de predición mostra que a onda continuará descendendo nos próximos sete e catorce días. Non obstante, o informe destaca que a información do modelo hai que tomala con cautela, xa que parte exclusivamente dos casos e non ten en conta as medidas de restrición que se están a tomar.

O informe indica que o feito de que estea a circular cada vez máis a cepa británica pode influír nun aumento da transmisión.

A ocupación por pacientes COVID-19 na hospitalización de agudos e unidades de cuidados críticos segue a diminuír con respecto ao informe anterior. Non obstante, o informe sinala que o número de ingresos debería baixar máis (especialmente nas unidades de críticos) xa que un incremento na incidencia pode comprometer esta evolución.

Os datos recollidos no informe permiten constatar que se está a producir unha mellora na situación epidemiolóxica, o que demostra, inequivocamente, a eficacia das medidas adoptadas.

Atopámonos pois nun contexto de desescalada que permite seguir dando pasos de cara a unha apertura gradual, progresiva e segura que, en todo caso, debe estar guiada polo principio de prudencia para non comprometer os logros acadados. Non pode esquecerse que Galicia conta cunha poboación especialmente envellecida, e no noso territorio o virus circulou menos que noutros territorios do Estado, polo que existe un menor nivel de inmunidade natural, á espera de que o proceso de vacinación en marcha acade os resultados



esperados. A presión hospitalaria, cun alto número de persoas ingresadas nas UCI segue a ser elevada, sobre todo en determinadas áreas sanitarias. Resulta imprescindible ser cautelosos e permitir que as medidas adoptadas recentemente se consoliden, de tal maneira que sexa posible ir analizando os efectos que delas deriven.

Por conseguinte, á vista do indicado no citado informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, e tras escoitar as recomendacións do comité clínico reunido para estes efectos, coa situación epidemiolóxica e sanitaria da Comunidade Autónoma de Galicia óptase por manter, con carácter xeral, o modelo de limitacións que se viñan aplicando ata o momento, aínda que adaptadas á evolución da situación nos diferentes ámbitos territoriais da Comunidade Autónoma. Con esta finalidade actualízase o anexo do decreto en que se relacionan os concellos da Comunidade Autónoma aos cales lle son de aplicación as diferentes limitacións.

Así, a mellora da situación epidemiolóxica dos concellos de Corcubión, Curtis, Ponteceoso, Moeche, O Corgo, Gomesende, A Gudiña, A Peroxa, Toques e Guitiriz determina que pasen de estar sometidos ás máximas restricións (con limitacións de entrada e saída dos propios concellos e coa permanencia de grupos de persoas condicionada aos conviventes) a incluírse nos concellos recollidos na letra C do anexo e, polo tanto, suavízanse respecto deles as limitacións de mobilidade e admítense as reunións de ata catro non conviventes. Empeora, pola contra, a situación do concello de Soutomaior, que pasa a incluírse na letra A do anexo e, polo tanto, aplicaráselle ás máximas restricións en canto a mobilidade e reunión, que queda limitada aos conviventes.

Por outra banda, a mellora da situación epidemiolóxica dos concellos da área sanitaria de Ferrol que, ata agora estaban incluídos na letra B do anexo e que, polo tanto, estaban sometidos a limitacións de mobilidade segundo as cales se restrinxía a entrada e saída de persoas deses ámbitos territoriais conxuntamente delimitados (Cedeira, Ferrol, Narón, Neda, As Pontes de García Rodríguez, San Sadurniño, Ares, Cabanas, A Capela, Cariño, Cerdido, Fene, Mañón, Monfero, Mugardos, Ortigueira, Pontedeume, As Somozas e Valdoviño) pasan a integrarse na letra C.

Finalmente, actualízase a listaxe dos concellos que integran os puntos 1 e 2 da letra C do anexo, atendendo á súa evolución epidemiolóxica e tendo en conta, ademais, que nos concellos incluídos en cada un deses puntos, a mobilidade queda limitada unicamente aos demais concellos que estean na mesma situación.

Dentro do contexto de desescalada gradual e progresiva antes aludido, cómpre indicar, de acordo cos principios de necesidade e de proporcionalidade, en particular, que non se



modifica neste decreto a situación das áreas sanitarias da Coruña e Pontevedra, tendo en conta fundamentalmente a situación hospitalaria e, en particular, de ocupación de UCI por pacientes COVID-19, de acordo cos datos tidos en conta na elaboración deste decreto, que aconsellan esperar a que se produza unha melloría. Porén, as medidas vixentes respecto destas áreas serán obxecto de seguimento e de avaliación no seguinte subcomité clínico, co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria, para os efectos, de ser necesario, da súa modificación ou levantamento nos próximos días, se se confirma e consolida a boa evolución apreciada.

Aprovéitase tamén este decreto para corrixir dous erros materiais de remisión advertidos no Decreto 31/2021, do 25 de febreiro, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

IV

Tendo en conta o indicado, a situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia determina que procede ditar un novo decreto en que se adapten as medidas existentes á indicada situación.

De acordo co exposto, por proposta do conselleiro de Sanidade, e na condición de autoridade competente delegada, por delegación do Goberno da Nación, conforme o disposto nos artigos 2, 5, 6, 7, 8, 9 e 10 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2,

DISPOÑO:

Primeiro. Modificación do Decreto 31/2021, do 25 de febreiro, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2

O Decreto 31/2021, do 25 de febreiro, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de



outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, queda redactado como segue:

Un. Modifícase o número 5 do punto primeiro, que queda coa seguinte redacción:

«5. Non estará sometida a ningunha restrición a circulación en tránsito a través dos ámbitos territoriais nos que resulten de aplicación as limitacións previstas nos números 1, 2 e 3.».

Dous. Modifícase o número 1 do punto quinto, que queda coa seguinte redacción:

«1. Establécese unha limitación de entrada e saída na Comunidade Autónoma de Galicia, salvo para aqueles desprazamentos, adecuadamente xustificadas, que se produzan por algún dos motivos previstos no número 4 do punto primeiro deste decreto.».

Tres. Modifícase o anexo do Decreto 31/2021, do 25 de febreiro, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, que queda coa redacción do anexo deste decreto.

Segundo. *Eficacia, seguimento e avaliación*

A eficacia das medidas previstas neste decreto comezará ás 00.00 horas do día 5 de marzo de 2021.

Non obstante o anterior, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas deberán ser obxecto de seguimento e de avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria e para os efectos, de ser necesario, da súa modificación ou levantamento.

Terceiro. *Recursos*

Contra o presente decreto poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, conforme os artigos 12.1.a) e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, catro de marzo de dous mil vinte e un

Alberto Núñez Feijóo
Presidente da Xunta de Galicia



ANEXO**A. Concellos en cuxo ámbito territorial queda restrinxida a entrada e saída de persoas:**

Soutomaior.

B. Ámbito territorial conxuntamente delimitado formado polos seguintes concellos:

1) Ámbito territorial conxuntamente delimitado formado polos seguintes concellos da área sanitaria da Coruña: Aranga, Arteixo, Cambre, Carballo, Carral, A Coruña, Culleredo, A Laracha, Malpica de Bergantiños, Miño, Muxía, Paderne, Sada, Vilasantar, Abegondo, Bergondo, Betanzos, Cabana de Bergantiños, Camariñas, Cee, Cerceda, Coirós, Coristanco, Dumbría, Fisterra, Irixoa, Laxe, Oleiros, Oza-Cesuras, Sobrado, Vilarmaior, Vimianzo, Zas.

2) Ámbito territorial conxuntamente delimitado formado polos seguintes concellos da área sanitaria de Pontevedra: Barro, Cambados, Catoira, Cerdedo-Cotobade, Cuntis, A Lama, Marín, Meaño, Meis, Ponte Caldelas, Vilaboa, Vilanova de Arousa, Bueu, Caldas de Reis, Campo Lameiro, Forcarei, O Grove, A Illa de Arousa, Moraña, Poio, Pontevedra, Portas, Ribadumia, Sanxenxo, Vilagarcía de Arousa.

C. Concellos entre os cales está permitida a mobilidade atendendo á súa similar situación epidemiolóxica:

1) A Pobra do Brollón, Guitiriz, Lourenzá, Porto do Son, Tordoia, Mos, Mondariz, Pazos de Borbén, Cariño, Boborás.

2) Abadín, Alfoz, Antas de Ulla, Baleira, Barreiros, Becerreá, Begonte, Bóveda, Burela, Carballedo, Castro de Rei, Castroverde, Cervantes, Cervo, Chantada, Cospeito, Folgoso do Courel, A Fonsagrada, Foz, Friol, O Incio, Láncara, Lourenzá, Lugo, Meira, Mondoñedo, Monterroso, Muras, Navia de Suarna, Negueira de Muñiz, As Nogais, Ourel, Palas de Rei, Pantón, Paradela, O Páramo, A Pastoriza, Pedrafita do Cebreiro, Pol, Portomarín, Quiroga, Ribadeo, Ribas de Sil, Ribeira de Piquín, Riotorto, Samos, Sarria, O Saviñao, Taboada, Trabada, Triacastela, O Valadouro, O Vicedo, Vilalba, Viveiro, Xermade, Xove, Allariz, Amoeiro, A Arnoia, Avión, Baltar, Baños de Molgas, Barbadás, O Barco de Valdeorras, Beariz, Os Blancos, Boborás, A Bola, O Bolo, Calvos de Randín, Carballeda de Avia, Carballeda de Valdeorras, O Carballiño, Cartelle, Castrelo de Miño, Castrelo do Val, Castro Caldelas, Cenlle, Chandrexa de Queixa, Coles, Cortegada, Cualedro, Entrimo, Esgos, O Irixo, La-



rouco, Laza, Leiro, Lobeira, Lobios, Maceda, Manzaneda, Maside, Melón, Montederramo, Monterrei, Muíños, Nogueira de Ramuín, Ómbra, Ourense, Paderne de Allariz, Padrenda, Parada de Sil, O Pereiro de Aguiar, Petín, Piñor, A Pobra de Trives, Pontedeuva, Porqueira, Quintela de Leirado, Rairiz de Veiga, Ramirás, Ribadavia, Riós, A Rúa, Rubiá, San Amaro, San Cibrao das Viñas, San Cristovo de Cea, San Xoán de Río, Sarreaus, A Teixeira, Toén, Trasmiras, A Veiga, Verín, Vilamarín, Vilamartín de Valdeorras, Vilar de Barrio, Vilar de Santos, Vilardevós, Vilariño de Conso, Xinzo de Limia, Xunqueira de Ambía, Ames, A Baña, Boimorto, Boiro, Boqueixón, Brión, Carnota, Lousame, Mazaricos, Melide, Mesía, Muros, Negreira, Noia, Oroso, Outes, Padrón, O Pino, A Pobra do Caramiñal, Porto do Son, Rianxo, Ribeira, Santa Comba, Santiago de Compostela, Santiso, Teo, Touro, Trazo, Val do Dubra, Vedra, Agolada, Dozón, A Estrada, Lalín, Pontecesures, Rodeiro, Silleda, Valga, Vila de Cruces, Arbo, Baiona, Cangas, A Cañiza, Covelo, Crecente, Fornelos de Montes, Gondomar, A Guarda, Mondariz, Mondariz-Balneario, Mos, As Neves, Nigrán, Pazos de Borbén, Ponteareas, O Porriño, O Rosal, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Tomiño, Tui, Vigo, Cedeira, Ferrol, Narón, Neda, As Pontes de García Rodríguez, San Sadurniño, Ares, Cabanas, A Capela, Cariño, Cerdido, Fene, Mañón, Monfero, Mugarodos, Ortigueira, Pontedeume, As Somozas, Valdoviño, Corcubión, Curtis, Ponteceso, Moeche, O Corgo, Gomesende, A Gudiña, A Peroxa, Toques, Baralla, Guntín, Monforte de Lemos, Outeiro de Rei, A Pontenova, Rábade, Sober, Bande, Beade, Celanova, A Merca, A Mezquita, Punxín, Sandiás, Taboadela, Viana do Bolo, Vereá, Xunqueira de Espadanedo, Arzúa, Dodro, Frades, Ordes, Rois, Moaña, Oia, Redondela.



I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 4 de marzo de 2021 pola que se modifican a Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e a Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen as actuacións necesarias para a posta en marcha do Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia.

I

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto do dito acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderán ser obxecto de modificación ou supresión, mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade.

Así mesmo, indícase no dito punto sexto, na redacción vixente, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de acordo coa normativa aplicable e en vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou en parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación das medidas concretas contidas no anexo.



Mediante o Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, declarouse o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. Esta declaración afectou todo o territorio nacional e a súa duración inicial estendeuse, conforme o disposto no seu artigo 4, ata as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020.

Conforme o artigo 2 dese real decreto, para os efectos do estado de alarma, a autoridade competente será o Goberno da Nación. En cada comunidade autónoma e cidade con estatuto de autonomía, a autoridade competente delegada será quen exerza a presidencia da comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía, nos termos establecidos no real decreto. As autoridades competentes delegadas quedan habilitadas para ditaren, por delegación do Goberno da Nación, as ordes, resolucións e disposicións para a aplicación do previsto nos artigos 5 ao 11 do real decreto, sen que para iso sexa precisa a tramitación de procedemento administrativo ningún, nin será de aplicación o previsto no segundo parágrafo do artigo 8.6 e no artigo 10.8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O 29 de outubro de 2020, o Congreso dos Deputados autorizou a prórroga do estado de alarma ata o día 9 de maio de 2021. Conforme o artigo 2 do Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, a prórroga establecida no devandito real decreto estenderase desde as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020 ata as 00.00 horas do día 9 de maio de 2021, e someterase ás condicións establecidas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, e nos decretos que, se é o caso, se adopten en uso da habilitación conferida pola disposición derradeira primeira do citado Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, sen prexuízo do establecido nas disposicións que recolle o propio real decreto de prórroga.

En consecuencia, durante a vixencia do estado de alarma e da súa prórroga, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, deberán adoptarse, na condición de autoridade competente delegada, nos termos previstos no devandito real decreto e no real decreto de prórroga.

Non obstante, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, non esgotan todas as que poden ser adoptadas para facer fronte á crise sanitaria. Neste sentido, como prevé expresamente o seu artigo 12, cada Administración conservará as competencias que lle outorga a lexislación vixente, así como a xestión dos seus servizos e do seu persoal, para adoptar as medidas que considere necesarias, sen prexuízo do establecido no real decreto.



Polo tanto, durante a vixencia do estado de alarma e das súas prórrogas, as medidas que sexa necesario adoptar para facer fronte, na Comunidade Autónoma, á crise sanitaria serán as que poida acordar, ao abeiro da normativa do estado de alarma, o presidente da Comunidade Autónoma, como autoridade competente delegada, e as complementarias que poidan adoptar, no exercicio das súas competencias propias, as autoridades sanitarias autonómicas e, entre elas, a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, ao abeiro do disposto no punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020 citado.

II

Sentado o anterior, no contexto normativo derivado do estado de alarma vixente e ante a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia, ditouse o Decreto 31/2021, do 25 de febreiro, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

Esas medidas debían ser complementadas, como indica o propio decreto, con outras que procede que adopte a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade no exercicio das súas competencias propias como autoridade sanitaria autonómica.

Estas medidas complementarias establecéronse mediante a Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia. Esta orde prevía que as medidas serían obxecto de revisión constante co obxecto de avaliar a situación e adecualas á incidencia real da epidemia.

III

De conformidade co compromiso acadado en relación coa revisión das medidas acordadas, co obxecto de adecualas á situación epidemiolóxica, cómpre axustalas co obxecto de manter a súa eficacia.

Así, o Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 3 de marzo de 2021, sinala o seguinte:

En canto á situación epidemiolóxica da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, o número reprodutivo instantáneo (Rt), que indica o número de contaxios orixinados



por un caso activo, segue a manterse por debaixo de 1 desde o 29 de xaneiro, o que indica unha diminución na transmisión da infección. Todas as áreas sanitarias se manteñen por debaixo do 1.

Do total de concellos de Galicia (N=313), 91 non tiveron casos nos últimos 14 días, o que supón 36 máis con respecto ao día 20 de febreiro. O número de concellos sen casos nos últimos 7 días aumentou a 165 (107 con data do 20 de febreiro).

Entre o 19 e o 25 de febreiro, realizáronse 69.230 probas diagnósticas de infección activa polo virus SARS-CoV-2 (46.280 PCR e 22.950 test de antíxeno) cunha porcentaxe de positividade a sete días é do 3,77 %, o que supón un 6,2 % menos que a reflectida entre o 9 e 15 de febreiro, onde era do 4,02 %.

A incidencia acumulada a 7 e 14 días é de 54 e 131 casos por cen mil habitantes, respectivamente, valores inferiores aos observados o día 20 de febreiro (88 e 239 casos por cen mil habitantes a 7 e 14 días, respectivamente). A diminución da incidencia foi do 38,6 e 45,2 %, a 7 e 14 días, respectivamente.

A tendencia diaria mostra, desde o 20 de decembro, dous tramos con tendencia oposta, primeiro crecente, a un ritmo do 6,8 % ata o 22 de xaneiro, e despois decrecente, cunha porcentaxe de cambio diario de -6,4 %, o que segue a indicar un descenso continuo, xa que o 20 de febreiro a porcentaxe de cambio diaria observada era a mesma.

No que respecta á hospitalización de casos COVID-19, a media de pacientes COVID-19 en hospitalización de agudos nos últimos 7 días foi de 418,9, o que significa un descenso de 34,9 % con respecto ao informe do 20 de febreiro, no cal era de 643,9. A taxa de pacientes COVID19 en hospitalización de agudos é de 108,6 ingresados por 100.000 habitantes nos últimos 7 días, cun descenso do 35 % con respecto aos ingresados hai 8 días, que foi de 167. En canto aos ingresos COVID-19 nas unidades de críticos (UCI) nos últimos 7 días, a media foi de 104,9, o que supón un descenso do 36,6 % con respecto á semana anterior, que foi de 165,3. A taxa a 7 días de ingresados nas UCI é de 28,3 ingresados por 100.000 habitantes, cun descenso do 25,3 % con respecto a hai 8 días, en que era de 28,3 ingresados en UCI por 100.000 habitantes.

Respecto da situación epidemiolóxica máis concreta nos concellos de Galicia, o informe sinala que nos concellos con poboación igual ou maior de 10.000 habitantes (54), 5 presentan unha taxa de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes, fronte aos 22 do informe anterior. Só un concello acada unha taxa a 14 días su-



perior aos 300 casos por cen mil habitantes, que é Vilanova de Arousa, o que supón unha melloría con respecto ao día 20 de febreiro, onde eran 22 os concellos con esta taxa. No que se refire aos concellos de menos de 10.000 habitantes (259), 23 presentan unha taxa de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes (9 % do total dos concellos), 39 menos que no informe anterior. Acádanse taxas de incidencia iguais ou maiores a 500 casos por cen mil habitantes en 5 destes concellos (2 % dos concellos de menos de 10.000 habitantes), 9 concellos menos que no informe anterior.

Á vista dos datos reflectidos, o informe destaca que o cambio na tendencia da taxa de incidencia segue a manterse en descenso, superado o cumio da onda o 22 de xaneiro.

O modelo de predición mostra que a onda continuará descendendo nos próximos sete e catorce días. Non obstante, o informe destaca que a información do modelo hai que tomala con cautela, xa que parte exclusivamente dos casos e non ten en conta as medidas de restrición que se están a tomar.

O informe destaca que o feito de que estea a circular cada vez máis a cepa británica pode influír nun aumento da transmisión.

A ocupación por pacientes COVID-19 na hospitalización de agudos e unidades de cuidados críticos segue a diminuír con respecto ao informe anterior. Non obstante, o informe sinala que o número de ingresos debería baixar máis (especialmente nas unidades de críticos) xa que un incremento na incidencia pode comprometer esta evolución.

Os datos recollidos no informe permiten constatar que se está a producir unha mellora na situación epidemiolóxica, o que demostra, inequivocamente, a eficacia das medidas adoptadas.

Atopámonos, pois, nun contexto de desescalada que permite seguir dando pasos de cara a unha apertura gradual, progresiva e segura que, en todo caso, debe estar guiada polo principio de prudencia para non comprometer os logros acadados. Non se pode esquecer que Galicia conta cunha poboación especialmente envellecida e que no noso territorio o virus circulou menos que noutros territorios do Estado, polo que existe un menor nivel de inmunidade natural, á espera de que o proceso de vacinación en marcha acade os resultados esperados. A presión hospitalaria, cun alto número de persoas ingresadas nas UCI, segue a ser elevada, sobre todo en determinadas áreas sanitarias. En efecto, en virtude do principio de precaución, cómpre, con carácter xeral, manter as medidas adoptadas



posto que aínda transcorreu pouco tempo desde a súa entrada en vigor, e é pronto para medir os seus efectos.

Por conseguinte, á vista do indicado no citado informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, e tras escoitar as recomendacións do comité clínico reunido para estes efectos, coa situación epidemiolóxica e sanitaria da Comunidade Autónoma de Galicia óptase por manter, con carácter xeral, o modelo de limitacións que se viñan aplicando ata o momento, aínda que adaptadas á evolución da situación nos diferentes ámbitos territoriais da Comunidade Autónoma. Con esta finalidade, actualízase o anexo desta orde no cal se relacionan os concellos da Comunidade Autónoma aos cales lles son de aplicación as diferentes limitacións.

Cabe destacar a mellora da situación epidemiolóxica dos concellos de Corcubión, Curtis, Ponteceso, Moeche, O Corgo, Gomesende, A Gudiña, A Peroxa, Toques e Guitiriz, que determina que deixen de estar sometidos ás máximas restricións. Empeora, pola contra, a situación do concello de Soutomaior, que pasa a incluírse na letra A do anexo e, polo tanto, a aplicárselle o nivel de máximas restricións.

Dentro do contexto de desescalada gradual e progresiva antes aludido, cómpre indicar, de acordo cos principios de necesidade e de proporcionalidade, en particular, que non se modifica nesta orde a situación dos concellos das áreas sanitarias da Coruña e Pontevedra, tendo en conta fundamentalmente a situación hospitalaria e, en particular, de ocupación de UCI por pacientes COVID-19, de acordo cos datos tidos en conta na elaboración desta orde, que aconsellan esperar a que se produza unha melloría. Porén, as medidas vixentes respecto destas áreas serán obxecto de seguimento e de avaliación no seguinte subcomité clínico, co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria, para os efectos, de ser necesario, da súa modificación ou levantamento nos próximos días se se confirma e consolida a boa evolución apreciada.

En canto ás medidas que se manteñen, debe insistirse, en particular, que resultan adecuadas e eficaces de acordo cos datos expostos sobre a evolución da situación epidemiolóxica e descenso do número de casos e, polo tanto, útiles para conseguir o fin proposto de protección da saúde pública, á espera de que a campaña de vacinación acade os resultados que se perseguen. Debe ponderarse que aínda non estamos en niveis de transmisión que se poidan entender de risco baixo. Así mesmo, debe manterse a protección do sistema sanitario, que soporta niveis altos de ocupación, sobre todo en determinadas áreas sanitarias. As medidas de limitación de determinadas actividades resultan necesarias, adecuadas e proporcionadas para o fin perseguido, que non é outro que controlar e evitar a



maior difusión dunha enfermidade altamente contaxiosa, respecto da cal a diferenza entre persoas enfermas e sas resulta difusa, dada a posible asintomatoloxía ou levidade dos síntomas e a existencia dun período no cal non hai indicios externos da enfermidade. En concreto, trátase de evitar especialmente aglomeracións ou encontros entre persoas, co fin de garantir o mantemento da distancia de seguridade e reducir o risco de contacto físico ou proximidade en condicións favorecedoras do contaxio. Debe lembrarse, neste sentido, que o Auto 40/2020, do 30 de abril de 2020, do Tribunal Constitucional, no seu fundamento xurídico cuarto, ao ponderar a relevancia das especiais circunstancias derivadas da crise sanitaria creada pola pandemia no exercicio do dereito de reunión, salientou como, ante a incerteza sobre as formas de contaxio, sobre o impacto real da propagación do virus, así como sobre as consecuencias a medio e longo prazo para a saúde das persoas que se viron afectadas, as medidas de distanciamento social e de limitación extrema dos contactos e actividades grupais son as únicas que se teñen demostrado eficaces para limitar os efectos dunha pandemia de dimensións descoñecidas ata a data. Deste modo, as medidas de limitación de determinadas actividades van dirixidas a limitar os contactos e a interacción social, e, polo tanto, a transmisión da enfermidade, en situacións nas cales cabe apreciar un maior risco polas circunstancias en que se realizan, especialmente en lugares pechados.

Tendo en conta o exposto, e tras escoitar as recomendacións do comité clínico reunido para estes efectos, procede manter as medidas xa aprobadas na anterior Orde do 25 de febreiro, sen prexuízo das modificacións que se introducen nesta orde.

Entre as medidas que se adoptan nesta orde atópanse a ampliación do número de persoas nos velorios e enterros, a adaptación das regras sobre número de postos nos mercados que desenvolven a súa actividade na vía pública, modificacións no número máximo de persoas nos actos e reunións laborais, institucionais, académicos ou profesionais, o establecemento de medidas que cómpre adoptar na celebración de procesos selectivos e a apertura en determinados concellos dos centros sociocomunitarios, centros cívicos, centros de convivencia, centros sociais e demais de natureza análoga.

En calquera caso, as medidas serán obxecto de revisión constante co obxecto de avaliar a situación e adecualas á incidencia real da epidemia, ou mesmo deixar sen efecto as medidas de alivio en caso necesario.

Por outra banda, apróveitase esta orde para modificar a Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen as actuacións necesarias para a posta en marcha do Plan de hospitalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia, no sentido de prorrogar a obriga recollida no punto quinto, en canto á obriga de dispor dun cartel, e sétimo, en canto á obriga de



obter un código QR ou de dispor dun código QR personalizado, e conceder un novo prazo dadas as dificultades tecnolóxicas acontecidas na descarga masiva dos citados elementos.

IV

As medidas que se adoptan nesta orde teñen o seu fundamento normativo na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 a 38 ter da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para adoptar as medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica existente, no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, coa urxencia que a protección da saúde pública demanda.

Na súa virtude, en aplicación do punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. Modificación da Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia

Un. Modifícanse os números 1 e 2 do punto 3.3 do anexo I da Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que quedan redactados como segue:

«3.3. Velorios e enterros.

1. Os velorios poderán realizarse en todo tipo de instalacións, públicas ou privadas, debidamente habilitadas cun límite máximo, en cada momento, de 10 persoas por túmulo, sexan ou non conviventes, e 25 persoas no exterior, sexan ou non conviventes.



2. A participación na comitiva para o enterramento ou despedida para cremación da persoa falecida restrínxese a un máximo de vinte e cinco persoas, sexan ou non conviventes, entre familiares e achegados, ademais de, se é o caso, o ministro de culto ou persoa asimilada da confesión respectiva para a práctica dos ritos funerarios de despedida do defunto.».

Dous. Modifícase o número 1 do punto 3.8 do anexo I da Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado como segue:

«3.8. Mercados que desenvolven a súa actividade na vía pública.

1. No caso dos mercados que desenvolven a súa actividade na vía pública ao aire libre ou de venda non sedentaria, coñecidos como feiras, a capacidade virá determinada polo número de postos autorizados do xeito seguinte:

a) Nos mercados con menos de 50 postos autorizados, poderán dispoñer do 100 % dos postos habituais ou autorizados.

b) Nos mercados que teñan entre 50 e 100 postos autorizados, poderán dispoñer do 75 % dos postos habituais ou autorizados.

c) Nos mercados que teñan máis de 100 postos autorizados, poderán dispoñer do 50 % dos postos habituais ou autorizados.

En todo caso, limitarán a afluencia de clientes de maneira que se asegure o mantemento da distancia de seguridade interpersonal.

Os concellos poderán aumentar a superficie habilitada ou habilitar novos días para o exercicio desta actividade para compensar as limitacións previstas anteriormente, prestando especial atención á vixilancia do cumprimento das medidas sanitarias e protocolos aplicables nestes contornos.

Á hora de determinar os comerciantes que poden exercer a súa actividade, o concello poderá priorizar aqueles que comercializan produtos alimentarios e de primeira necesidade, asegurando que non se manipulen os produtos comercializados neles por parte dos consumidores.



Os concellos establecerán requisitos de distanciamento entre postos e condicións de delimitación do mercado co obxectivo de procurar manter a distancia de seguridade interpersoal entre traballadores, clientes e viandantes ou, na súa falta, será precisa a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso de máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersoal indicada, nos termos previstos no número 1.3 do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, na súa redacción vixente.».

Tres. Modifícase o punto 3.14 do anexo I da Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado como segue:

«3.14. Realización de actos e reunións laborais, institucionais, académicos ou profesionais.

A realización de actos e reunións laborais, institucionais, académicos, profesionais, sindicais, de representación de traballadores e administrativos, actividades en centros universitarios, educativos, de formación e ocupacional poderanse realizar sempre que se adopten as medidas previstas nos correspondentes protocolos de funcionamento, ben que se recomenda que se realicen de forma telemática sempre que sexa posible.

Non se poderá superar o trinta por cento da capacidade autorizada do local. En calquera caso, deberase respectar un máximo de 75 persoas para lugares pechados e de 150 persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Non obstante, poderase ampliar o límite indicado logo de autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. Neste caso, por solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade pola COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueloutros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.».

O recollido neste número será tamén de aplicación para as reunións de xuntas de comunidades de propietarios.



Catro. Engádesse un punto 3.23 no anexo I da Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, coa seguinte redacción:

«3.22. Realización de procesos selectivos polas administracións públicas e entidades do sector público.

A realización de procesos selectivos poderá desenvolverse, sempre que os asistentes permanezan sentados e que a capacidade se calcule, dentro da capacidade permitida, de forma que se garde sempre a distancia mínima de seguridade de 1,5 m en todas as direccións, cun límite máximo de duascenas cincuenta persoas aspirantes.

Co fin de evitar aglomeracións, a distribución dos asistentes será homoxénea polos asentos e haberá unha planificación axeitada para controlar os accesos e o fluxo de circulación dos asistentes. Debe preverse a apertura de todas as portas dispoñibles coa antelación suficiente. Organizaranse as entradas e saídas para evitar aglomeracións de persoas, tanto nos accesos como nas inmediacións, e distribuiranse proporcionalmente as persoas entre as portas dispoñibles.

Deberán establecerse as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersoal no resto das instalacións ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física.

O uso da máscara será obrigatorio en todo momento, mesmo no caso de que se manteña a distancia de seguridade interpersoal nos termos previstos nas medidas hixiénico-sanitarias.

Deberán realizarse tarefas de ventilación nas instalacións cubertas por un prazo de, polo menos, 30 minutos ao comezo e ao final de cada xornada, así como de forma frecuente durante esta e obrigatoriamente ao finalizar cada actividade. No caso da utilización de sistemas de ventilación mecánica, deberá aumentarse a subministración de aire fresco e non se poderá empregar a función de recirculación do aire interior.

Deberá existir un rexistro de asistentes e custodialo durante un mes despois do evento, coa información do contacto dispoñible para as autoridades sanitarias, cumprindo coas normas de protección de datos de carácter persoal.



Deberán intensificarse as medidas de limpeza e desinfección das instalacións con produtos debidamente autorizados e rexistrados.

No caso de realización de procesos selectivos de máis de 250 aspirantes, ou se as probas non se realizan coas persoas sentadas en todo momento, solicitarase autorización á Dirección Xeral de Saúde Pública en que se comuniquen o evento, as datas, as actividades que se van realizar e as medidas concretas organizativas e de seguridade propostas para os riscos de contaxio.

A solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade pola COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueles outros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.».

Cinco. Modifícase o punto 4.6 do anexo I da Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado como segue:

«4.6. Nos centros sociocomunitarios, centros cívicos, centros de convivencia, centros sociais e demais de natureza análoga permanecerá suspendida a súa actividade ao público agás nos concellos enumerados na parte C do anexo II da presente orde, que poderán realizar a súa actividade sempre que se limite a súa capacidade total ao 30 % e se extremen as medidas de protección nas actividades de tipo grupal que se realizan neles, cun máximo de catro persoas sexan ou non conviventes, excluído o monitor ou guía, para as actividades grupais. En todo caso, será obrigatorio o uso da máscara tanto en actividades individuais como grupais.

Permanecerán abertos, en todo caso, os centros de día de maiores e persoas con discapacidade e os ocupacionais, así como as casas do maior.».

Seis. Modifícase o anexo II da Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado segundo o anexo da presente orde.



Segundo. *Modificación da Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen as actuacións necesarias para a posta en marcha do Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia*

Modifícase o punto noveno da Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen as actuacións necesarias para a posta en marcha do Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado como segue:

Noveno. *Eficacia*

As medidas previstas nesta orde terán efectos a partir das 00.00 do 26 de febreiro de 2021. Malia o anterior, as medidas recollidas nos puntos quinto, en canto á obriga de dispor dun cartel, e sétimo, en canto á obriga de obter un código QR ou de dispor dun código QR personalizado, terán efectos a partir das 00.00 horas do día 12 de marzo de 2021, polo que as actuacións de control que con anterioridade se efectúen se limitarán a informar da súa exixibilidade a partir da indicada data, sen que proceda dar inicio a ningún procedemento sancionador por estas causas ata a indicada data. En cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas previstas nesta orde serán obxecto de seguimento e avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

Terceiro. *Eficacia*

As medidas previstas nesta orde terán efectos desde as 00.00 horas do día 5 de marzo de 2021. Non obstante o anterior, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

Santiago de Compostela, 4 de marzo de 2021

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade

«ANEXO II

A) Concellos con nivel de restrición máxima.

Soutomaior.



B) Concellos con nivel de restrición alta.

B1. Concellos con nivel de restrición alta da Área Sanitaria da Coruña-Cee:

Aranga.

Arteixo.

Cambre.

Carballo.

Carral.

Coruña (A).

Culleredo.

Laracha (A).

Malpica de Bergantiños.

Miño.

Muxía.

Paderne.

Sada.

Vilasantar.

Abegondo.

Bergondo.

Betanzos.

Cabana de Bergantiños.



Camariñas.

Cee.

Cerceda.

Coirós.

Coristanco.

Dumbría.

Fisterra.

Irixoa.

Laxe.

Oleiros.

Oza-Cesuras.

Sobrado.

Vilamaior.

Vimianzo.

Zas.

B.2. Concellos con nivel de restrición alta da Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés:

Barro.

Cambados.

Catoira.

Cerdedo-Cotobade.



Cuntis.

Lama (A).

Marín.

Meaño.

Meis.

Ponte Caldelas.

Vilaboa.

Vilanova de Arousa.

Bueu.

Caldas de Reis.

Campo Lameiro.

Forcarei.

Grove (O).

Illa de Arousa (A).

Moraña.

Poio.

Pontevedra.

Portas.

Ribadumia.

Sanxenxo.

Vilagarcía de Arousa.



B.3. Concellos con nivel de restrición alta noutras áreas sanitarias.

Pobra do Brollón (A).

Guitiriz.

Lourenzá.

Porto do Son.

Tordoia.

Mos.

Mondariz.

Pazos de Borbén.

Cariño.

Boborás.

C) Concellos con nivel de restrición media.

Abadín.

Alfoz.

Antas de Ulla.

Baleira.

Barreiros.

Becerreá.

Begonte.

Bóveda.



Burela.

Carballedo.

Castro de Rei.

Castroverde.

Cervantes.

Cervo.

Chantada.

Cospeito.

Folgo do Courel.

Fonsagrada (A).

Foz.

Friol.

Incio (O).

Láncara.

Lugo.

Meira.

Mondoñedo.

Monterroso.

Muras.

Navia de Suarna.



Negueira de Muñiz.

Nogais (As).

Ourol.

Palas de Rei.

Pantón.

Paradela.

Páramo (O).

Pastoriza (A).

Pedrafita do Cebreiro.

Pol.

Portomarín.

Quiroga.

Ribadeo.

Ribas de Sil.

Ribeira de Piquín.

Riotorto.

Samos.

Sarria.

Saviñao (O).

Taboada.



Trabada.

Triacastela.

Valadouro (O).

Vicedo (O).

Vilalba.

Viveiro.

Xermade.

Xove.

Allariz.

Amoeiro.

Arnoia (A).

Avión.

Baltar.

Baños de Molgas.

Barbadás.

Barco de Valdeorras (O).

Beariz.

Blancos (Os).

Bola (A).

Bolo (O).



Calvos de Randín.

Carballeda de Avia.

Carballeda de Valdeorras.

Carballiño (O).

Cartelle.

Castrelo de Miño.

Castrelo do Val.

Castro Caldelas.

Cenlle.

Chandrea de Queixa.

Coles.

Cortegada.

Cualedro.

Entrimo.

Esgos.

Irixo (O).

Larouco.

Laza.

Leiro.

Lobeira.



Lobios.

Maceda.

Manzaneda.

Maside.

Melón.

Montederramo.

Monterrei.

Muíños.

Nogueira de Ramuín.

Oímbra.

Ourense.

Paderne de Allariz.

Padrenda.

Parada de Sil.

Pereiro de Aguiar (O).

Petín.

Piñor.

Pobra de Trives (A).

Pontedeva.

Porqueira.



Quintela de Leirado.

Rairiz de Veiga.

Ramirás.

Ribadavia.

Riós.

Rúa (A).

Rubiá.

San Amaro.

San Cibrao das Viñas.

San Cristovo de Cea.

San Xoán de Río.

Sarreaus.

Teixeira (A).

Toén.

Trasmiras.

Veiga (A).

Verín.

Vilamarín.

Vilamartín de Valdeorras.

Vilar de Barrio.



Vilar de Santos.

Vilardevós.

Vilariño de Conso.

Xinzo de Limia.

Xunqueira de Ambía.

Ames.

Baña (A).

Boimorto.

Boiro.

Boqueixón.

Brión.

Carnota.

Lousame.

Mazaricos.

Melide.

Mesía.

Muros.

Negreira.

Noia.

Oroso.



Outes.

Padrón.

Pino (O).

Pobra do Caramiñal (A).

Rianxo.

Ribeira.

Santa Comba.

Santiago de Compostela.

Santiso.

Teo.

Touro.

Trazo.

Val do Dubra.

Vedra.

Agolada.

Dozón.

Estrada (A).

Lalín.

Pontecesures.

Rodeiro.



Silleda.

Valga.

Vila de Cruces.

Arbo.

Baiona.

Cangas.

Cañiza (A).

Covelo.

Crecente.

Fornelos de Montes.

Gondomar.

Guarda (A).

Mondariz-Balneario.

Neves (As).

Nigrán.

Ponteareas.

Porriño (O).

Rosal (O).

Salceda de Caselas.

Salvaterra de Miño.



Tomíño.

Tui.

Vigo.

Corcubión.

Curtis.

Ponteceso.

Moeche.

Corgo (O).

Gomesende.

Gudiña (A).

Peroxa (A).

Toques.

Cedeira.

Ferrol.

Narón.

Neda.

Pontes de García Rodríguez (As).

San Sadurniño.

Ares.

Cabanas.



Capela (A).

Cerdido.

Fene.

Mañón.

Monfero.

Mugardos.

Ortigueira.

Pontedeume.

Somozas (As).

Valdoviño.

Baralla.

Guntín.

Monforte de Lemos.

Outeiro de Rei.

Pontenova (A).

Rábade.

Sober.

Bande.

Beade.

Celanova.



Merca (A).

Mezquita (A).

Punxín.

Sandiás.

Taboadela.

Viana do Bolo.

Verea.

Xunqueira de Espadanedo.

Arzúa.

Dodro.

Frades.

Ordes.

Rois.

Moaña.

Oia.

Redondela.



I. DISPOSICIÓN XERAIS**PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA**

DECRETO 31/2021, do 25 de febreiro, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

I

A expansión do coronavirus COVID-19 xerou unha crise sanitaria sen precedentes recentes. Así, tras a elevación pola Organización Mundial da Saúde da situación de emerxencia de saúde pública pola dita causa a nivel de pandemia internacional e a adopción, por algunhas comunidades autónomas como a galega, de medidas de prevención, mediante o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, declarouse o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, declaración que afectou todo o territorio nacional, cunha duración inicial de quince días naturais, pero que foi obxecto de sucesivas prórrogas autorizadas polo Congreso dos Deputados.

O levantamento dese estado de alarma, con todo, non puxo fin á crise sanitaria, o que xustificou a adopción de medidas como as previstas, no ámbito estatal, no Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, así como as medidas de prevención que foron adoptando as diferentes comunidades autónomas. En concreto, no caso da Comunidade Autónoma de Galicia, a resposta á crise sanitaria foi, fundamentalmente, ademais do mantemento da declaración de situación de emerxencia sanitaria efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, a adopción, ao abeiro da lexislación sanitaria, ordinaria e orgánica, de medidas de prevención tanto de carácter xeral, para todo o territorio autonómico, como, de maneira específica, a través de diferentes ordes da persoa titular da Consellería de Sanidade, en atención á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

Mediante o Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, declarouse o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. Esa declaración afectou todo o territorio nacional e a súa duración inicial estendíase, conforme o disposto no seu artigo 4, ata as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020.



Conforme o artigo 2 do dito real decreto, para os efectos do estado de alarma, a autoridade competente será o Goberno da Nación. En cada comunidade autónoma e cidade con estatuto de autonomía, a autoridade competente delegada será quen desempeñe a presidencia da comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía, nos termos establecidos no real decreto. As autoridades competentes delegadas quedan habilitadas para ditaren, por delegación do Goberno da Nación, as ordes, resolucións e disposicións para a aplicación do previsto nos artigos 5 ao 11 do real decreto, sen que para iso sexa preciso tramitar ningún procedemento administrativo, nin será de aplicación o previsto no segundo parágrafo do artigo 8.6 e no artigo 10.8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

En concreto, o artigo 6 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, prevé que a autoridade competente delegada que corresponda poderá limitar a entrada e saída de persoas no territorio de cada comunidade autónoma ou en ámbitos territoriais de carácter xeograficamente inferiores á comunidade autónoma, coas excepcións previstas no artigo 6.1.

Pola súa banda, o artigo 7 do mesmo texto normativo dispón que a permanencia de grupos de persoas en espazos de uso público, tanto pechados como ao aire libre, quedará condicionada a que non se supere o número máximo de seis persoas, salvo que se trate de conviventes, e sen prexuízo das excepcións que se establezan en relación con dependencias, instalacións e establecementos abertos ao público. A permanencia de grupos de persoas en espazos de uso privado quedará condicionada a que non se supere o número máximo de seis persoas, salvo que se trate de conviventes. No caso das agrupacións en que se inclúan tanto persoas conviventes como persoas non conviventes, o número máximo será de seis persoas. Conforme o artigo 9, a eficacia desta medida nunha comunidade autónoma producirase cando a autoridade competente delegada o determine. Ademais, o artigo 7 recolle a posibilidade de que a autoridade competente delegada correspondente determine, no seu ámbito territorial, en vista da evolución dos indicadores sanitarios, epidemiolóxicos, sociais, económicos e de mobilidade, logo de comunicación ao Ministerio de Sanidade e de acordo co previsto no artigo 13, que o número máximo sexa inferior a seis persoas, salvo que se trate de conviventes. Así mesmo, as autoridades competentes delegadas poderán, no seu ámbito territorial, establecer excepcións respecto das persoas menores ou dependentes, así como calquera outra flexibilización da limitación.

De acordo co artigo 8 do real decreto, a autoridade competente delegada poderá limitar a permanencia de persoas en lugares de culto mediante a fixación de limitación de capacidade para reunións, celebracións e encontros relixiosos, atendendo ao risco de transmi-



sión que poida resultar dos encontros colectivos, sen que tal limitación poida afectar, en ningún caso, o exercicio privado e individual da liberdade relixiosa.

E, conforme o artigo 10 da norma, a autoridade competente delegada en cada comunidade autónoma poderá, no seu ámbito territorial, en vista da evolución dos indicadores sanitarios, epidemiolóxicos, sociais, económicos e de mobilidade, logo de comunicación ao Ministerio de Sanidade, e de acordo co previsto no artigo 13, modular, flexibilizar e suspender a aplicación das medidas previstas nos artigos 6, 7 e 8, co alcance e ámbito territorial que determine.

O 29 de outubro de 2020, o Congreso dos Deputados autorizou a prórroga do estado de alarma ata o 9 de maio de 2021. Conforme o artigo 2 do Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, a prórroga establecida no dito real decreto estenderase desde as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020 ata as 00.00 horas do día 9 de maio de 2021, e someterase ás condicións establecidas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, e nos decretos que, se é o caso, se adopten en uso da habilitación conferida pola disposición derradeira primeira do citado Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, sen prexuízo do establecido nas disposicións que recolle o propio real decreto de prórroga.

En consecuencia, durante a vixencia do estado de alarma e da súa prórroga, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, deberán adoptarse na condición de autoridade competente delegada, nos termos previstos no dito real decreto e no real decreto de prórroga.

Non obstante, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, non esgotan todas as que se poden adoptar para facer fronte á crise sanitaria. Neste sentido, como prevé expresamente o seu artigo 12, cada Administración conservará as competencias que lle outorga a lexislación vixente, así como a xestión dos seus servizos e do seu persoal, para adoptar as medidas que considere necesarias, sen prexuízo do establecido no real decreto.

Polo tanto, como destaca a propia exposición de motivos do real decreto, durante a vixencia do estado de alarma as administracións sanitarias competentes en saúde pública, no non previsto nesa norma, deberán continuar adoptando as medidas necesarias para afrontar a situación de emerxencia de saúde pública ocasionada polo COVID-19, conforme a lexislación sanitaria, en particular, a Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas



especiais en materia de saúde pública; a Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, e a Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, así como a normativa autonómica correspondente.

II

Neste contexto normativo derivado do estado de alarma vixente, e ante a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia, ditouse o Decreto 179/2020, do 4 de novembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

Posteriormente, ante a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia, ditouse o Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

Estes decretos foron obxecto de diversas modificacións, para manter as medidas adaptadas á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria da Comunidade Autónoma.

Finalmente, ditouse o Decreto 8/2021, do 26 de xaneiro, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, e que posteriormente foi modificado polo Decreto 26/2021, do 15 de febreiro.

III

A evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia impón no momento actual a necesidade de que, ao abeiro do marco normativo derivado do estado de alarma, o presidente da Comunidade Autónoma adopte novas medidas na condición de autoridade competente delegada, sen prexuízo das que, de modo complemen-



tario e compatible con elas, adopte con esta mesma data a persoa titular da Consellería de Sanidade, en exercicio das súas competencias como autoridade sanitaria autonómica.

De acordo co informe da Dirección Xeral de Saúde Pública do 22 de febreiro de 2021, obsérvase o seguinte:

O número reprodutivo instantáneo (Rt), que indica o número de contaxios orixinados por un caso activo, segue a manterse por debaixo de 1 desde o 29 de xaneiro, o que indica unha diminución na transmisión da infección. Todas as áreas sanitarias se manteñen por debaixo do 1.

Do total de concellos de Galicia (313), 64 non tiveron casos nos últimos 14 días, o que supón 32 máis respecto do día 13 de febreiro. O número de concellos sen casos nos últimos 7 días aumentou a 116 (90 o día 13 de febreiro).

Entre o 12 e o 18 de febreiro realizáronse 89.759 probas diagnósticas de infección activa polo virus SARS-CoV-2 (50.591 PCR e 39.168 tests de antíxenos) cunha porcentaxe de positividade a sete días do 4,07 %, o que supón 0,55 puntos porcentuais menos que a reflectida no informe anterior, que era do 4,62 % entre o 2 e o 8 de febreiro.

A incidencia acumulada a 7 e 14 días é de 88 e 239 casos por cen mil habitantes, respectivamente, valores inferiores aos observados o día 7 de febreiro (150 e 410 casos por cen mil habitantes a 7 e 14 días, respectivamente). A diminución da incidencia foi do 41 e 42 %, a 7 e 14 días, respectivamente.

A tendencia diaria mostra, desde o 20 de decembro, dous tramos con tendencia oposta, primeiro crecente a un ritmo do 6,8 % ata o 22 de xaneiro e despois decrecente cunha porcentaxe de cambio diario de -7,0 %, o que está a indicar un descenso continuo, xa que en 13 de febreiro a porcentaxe de cambio diaria observada era de -5,8 %.

Á vista da situación existente, o informe da Dirección Xeral de Saúde Pública recomenda a flexibilización das medidas de restrición existentes.

En efecto, debe terse en conta que a situación actual se caracteriza por unha mellora da situación epidemiolóxica que permite dar pasos de cara a unha apertura gradual, progresiva e segura. As medidas adoptadas deben ter en conta que aínda existe unha elevada presión hospitalaria, cun alto número de persoas ingresadas nas UCI en determinadas áreas sanitarias.



Resulta, pois, necesario que esas medidas tendan á protección da cidadanía e do sistema sanitario, especialmente nunha comunidade autónoma como a galega, que conta cunha poboación envellecida e na cal o virus circulou menos que noutros territorios do Estado, polo que existe un menor nivel de inmunidade natural, á espera de que o proceso de vacinación en marcha acade os resultados esperados.

Non obstante, a evolución recente da situación epidemiolóxica demostra a eficacia das medidas adoptadas e, en particular, das recollidas no Decreto 8/2021, do 26 de xaneiro, e na Orde da Consellería de Sanidade, do 26 de febreiro de 2021, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

Por conseguinte, á vista do indicado no citado informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, e tras escoitar as recomendacións do comité clínico reunido para estes efectos, a situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia permite a adopción das seguintes medidas:

a) Limitacións á entrada e saída de persoas en determinados ámbitos territoriais, agás certas excepcións, coa finalidade de controlar a transmisión da enfermidade e de conter a irradiación a outros lugares. Así, por unha banda, restrínxense as entradas e saídas de determinados concellos da Comunidade Autónoma de Galicia en que a situación epidemiolóxica presenta unha maior gravidade.

Por outra banda, queda restrinxida a entrada e saída de persoas de certos ámbitos territoriais conxuntamente definidos, que coinciden coas áreas sanitarias que neste momento presentan unha maior taxa de incidencia acumulada e un maior número de ingresos nas UCI.

Finalmente, límitase a mobilidade entre os demais concellos non incluídos en ningún dos grupos anteriores, de tal xeito que unicamente serán posibles os desprazamentos entre concellos que teñan unha situación similar segundo os datos que resultan do Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública.

b) Limitación da permanencia de grupos de persoas, que terán que estar conformados unicamente por conviventes, en espazos de uso público e de uso privado, agás en determinados supostos excepcionais e xustificados, naqueles concellos en que tamén se establecen limitacións de entrada e saída do seu ámbito territorial individualmente considerado.

No resto dos concellos da Comunidade Autónoma permítese a reunión de ata catro persoas non conviventes, e prevense tamén determinadas excepcións.



A medida de limitación de grupos resulta necesaria, adecuada e proporcionada para o fin perseguido, que non é outro que controlar e evitar a maior difusión dunha enfermidade altamente contaxiosa, respecto da cal a diferenza entre persoas enfermas e sas resulta difusa, dada a posible asintomatoloxía ou levidade dos síntomas e a existencia dun período no cal non hai indicios externos da enfermidade. En concreto, trátase de evitar especialmente aglomeracións ou encontros de carácter familiar ou social, co fin de garantir o mantemento da distancia de seguridade e reducir o risco de contacto físico ou proximidade en condicións favorecedoras do contaxio. Debe lembrarse, neste sentido, que o Auto 40/2020, do 30 de abril de 2020, do Tribunal Constitucional, no seu fundamento xurídico cuarto, ao ponderar a relevancia das especiais circunstancias derivadas da crise sanitaria creada pola pandemia no exercicio do dereito de reunión, salientou como, ante a incerteza sobre as formas de contaxio, sobre o impacto real da propagación do virus, así como sobre as consecuencias a medio e longo prazo para a saúde das persoas que se viron afectadas, as medidas de distanciamento social, confinamento domiciliario e limitación extrema dos contactos e actividades grupais son as únicas que se teñen demostrado eficaces para limitar os efectos dunha pandemia de dimensións descoñecidas ata a data. En particular, a medida de limitación das agrupacións de persoas vai dirixida a previr ou, polo menos, restrinxir numericamente a participación en reunións familiares ou sociais nas cales cabe apreciar un maior risco de transmisión polas circunstancias en que se realizan, por existir unha maior confianza e relaxación das medidas de seguridade, xa que teñen lugar fóra de ambientes profesionais, laborais ou outros protocolizados en que se debe usar máscara e que se rodean doutras garantías que dificultan a transmisión e o contaxio.

Procede insistir, ademais, en que a medida de limitación de grupos non é absoluta, senón que seguirá estando matizada por unha serie de importantes excepcións.

c) Limitación da permanencia de persoas en lugares de culto. Trátase de manter os límites de capacidade que se viñan aplicando actualmente na Comunidade Autónoma de Galicia, adaptando a súa aplicación á situación existente. Todo isto co fin de evitar concentracións de persoas e de manter a coherencia cos límites de capacidade que se prevén para outras actividades co fin de previr e reducir o risco de transmisión.

d) Limitación da mobilidade nocturna no período comprendido entre as 22.00 e as 6.00 horas, durante o cal soamente se poderá circular polas vías e polos espazos públicos para a realización de determinadas actividades.

e) Limitación da entrada e saída de persoas do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia coa finalidade de evitar desprazamentos de poboación, salvo nos supostos adecuadamente xustificadas que se produzan por algún dos motivos previstos no número 4 do



punto primeiro deste decreto, e sen prexuízo da circulación en tránsito prevista no número 5 do mesmo punto primeiro.

De acordo co artigo 9 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, dado que o peche perimetral pretendido afecta a fronteira terrestre cun terceiro Estado, comunicárase a adopción da medida, con carácter previo, ao Ministerio do Interior e ao Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación.

f) Como excepción ás limitacións de entrada e saída de persoas do ámbito territorial de cada un dos concellos galegos e de permanencia en grupos constituídos soamente por conviventes, mantense a posibilidade de levar a cabo accións de caza colectiva sobre as especies cinexéticas do xabaril e do lobo nos supostos expresamente recollidos no punto sexto do Decreto 8/2021, do 26 de xaneiro.

Por último, cómpre indicar que estas medidas terán efecto a partir das 00.00 horas do día 26 de febreiro de 2021. En cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, estas serán obxecto de seguimento e de avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria, para os efectos, de ser necesario, da súa modificación ou levantamento.

IV

Tendo en conta o indicado, a situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia determina que procede ditar un novo decreto en que se adapten as medidas existentes á indicada situación.

De acordo co exposto, por proposta do conselleiro de Sanidade, e na condición de autoridade competente delegada, por delegación do Goberno da Nación, conforme o disposto nos artigos 2, 5, 6, 7, 8, 9 e 10 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2,

DISPOÑO:

Primeiro. *Limitacións da entrada e saída de persoas en determinados ámbitos territoriais*

1. Quedan restrinxidas a entrada e a saída de persoas do ámbito territorial de cada un dos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, considerados individualmente, que se relacionan na letra A do anexo.



2. Quedan restrinxidas a entrada e saída de persoas de cada un dos ámbitos territoriais conxuntamente delimitados que se establecen nas letras B.1), B.2) e B.3) do anexo, respectivamente.

3. A entrada e saída de persoas do ámbito territorial de cada un dos concellos que se relacionan nas letras C.1) e C.2) do anexo unicamente poderá ter orixe e destino noutro dos concellos que figuran na mesma epígrafe que o concello de procedencia.

4. Quedan exceptuados das anteriores limitacións aqueles desprazamentos, adecuadamente xustificados, que se produzan por algún dos seguintes motivos:

a) Asistencia a centros, servizos e establecementos sanitarios.

b) Cumprimento de obrigas laborais, profesionais, empresariais, institucionais, sindicais e de representación de traballadores ou legais.

c) Asistencia a centros universitarios, docentes e educativos, incluídas as escolas de educación infantil.

d) Retorno ao lugar de residencia habitual ou familiar.

e) Asistencia e coidado, incluído o acompañamento, a maiores, menores, dependentes, persoas con discapacidade ou persoas especialmente vulnerables.

f) Desprazamento a entidades financeiras e de seguros ou estacións de servizo en territorios limítrofes.

g) Actuacións requiridas ou urxentes ante os órganos públicos, xudiciais ou notariais.

h) Renovacións de permisos e documentación oficial, así como outros trámites administrativos inaprazables.

i) Realización de exames ou probas oficiais inaprazables.

j) Coidado de hortas e animais.

k) Asistencia a academias, autoescolas e centros privados de ensino non regrado e centros de formación.



l) Desprazamento a establecementos comerciais polo miúdo de alimentación, bebidas, produtos e bens de primeira necesidade en territorios limítrofes cando non exista alternativa no propio concello.

m) Por causa de forza maior ou situación de necesidade.

n) Adestramentos ou competicións de ámbito federado profesional ou non profesional permitidos pola Orde da Consellería de Sanidade, do 25 de febreiro de 2021, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia. Para estes efectos, a Secretaría Xeral para o Deporte poderá establecer requisitos, condicións e limitacións aos desprazamentos correspondentes á actividade deportiva federada de ámbito autonómico.

ñ) Calquera outra actividade de análoga natureza, debidamente acreditada.

5. Non estará sometida a restrición ningunha a circulación en tránsito a través dos ámbitos territoriais en que resulten de aplicación as limitacións previstas no número 1.

6. En todo caso, recoméndase limitar a mobilidade o máximo posible.

Segundo. Limitación da permanencia de grupos de persoas en espazos públicos ou privados

1. No territorio dos concellos que se relacionan na letra A do anexo, a permanencia de grupos de persoas en espazos de uso público, tanto pechados como ao aire libre, e en espazos de uso privado quedará condicionada aos constituídos exclusivamente por persoas conviventes.

Polo tanto, permítense unicamente as reunións familiares, sociais e lúdicas, de carácter informal non regrado, das persoas que pertencen ao mesmo núcleo ou grupo de convivencia, con independencia de que se desenvolvan ao aire libre, e no ámbito público ou privado, en locais cerrados ou vehículos privados particulares.

2. No territorio dos concellos que se relacionan nas letras B e C do anexo, a permanencia de grupos de persoas en espazos de uso público, tanto pechados como ao aire libre, e en espazos de uso privado, quedará condicionada a que non se supere o número máximo de catro persoas, agás que se trate de persoas conviventes. No caso de agrupacións en



que se inclúan tanto persoas conviventes como persoas non conviventes, o número máximo a que se refire o parágrafo anterior será de catro persoas.

3. As limitacións establecidas nos puntos anteriores exceptúanse nos seguintes supostos e situacións:

a) As persoas que viven soas, que poderán formar parte dunha única unidade de convivencia ampliada. Cada unidade de convivencia pode integrar soamente unha única persoa que viva soa.

b) A reunión de persoas menores de idade cos seus proxenitores, no caso de que estes non convivan no mesmo domicilio.

c) A reunión de persoas con vínculo matrimonial ou de parella cando estes vivan en domicilios diferentes.

d) A reunión para o coidado, a atención, a asistencia ou o acompañamento a persoas menores de idade, persoas maiores ou dependentes, con discapacidade ou especialmente vulnerables.

e) No caso de actividades laborais, institucionais, empresariais, profesionais, sindicais, de representación de traballadores e administrativas, actividades en centros universitarios, educativos, de formación e ocupacionais, así como no caso da práctica do deporte federado, sempre que se adopten as medidas previstas nos correspondentes protocolos de funcionamento.

f) As actividades previstas no anexos da Orde da Consellería de Sanidade, do 25 de febreiro de 2021, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, respecto das cales se prevexa a posibilidade de grupos de persoas que non sexan conviventes.

g) Por causa de forza maior ou situación de necesidade.

4. En todo caso, recoméndase restrinxir ao máximo a interacción social e que os encontros queden limitados unicamente á unidade de convivencia.



Terceiro. *Limitacións á permanencia de persoas en lugares de culto*

1. Na Comunidade Autónoma de Galicia, a asistencia a lugares de culto non poderá superar o terzo da súa capacidade e deberase garantir, en todo caso, o mantemento da distancia de seguridade de 1,5 metros entre as persoas asistentes. A capacidade máxima deberá publicarse en lugar visible do espazo destinado ao culto.

Non se poderá utilizar o exterior dos edificios nin a vía pública para a celebración de actos de culto.

2. Deberán establecerse medidas para ordenar e controlar as entradas e saídas aos lugares de culto para evitar aglomeracións e situacións que non permitan cumprir coa distancia de seguridade.

3. As limitacións previstas nos números anteriores non poderán afectar en ningún caso o exercicio privado e individual da liberdade relixiosa.

Cuarto. *Limitación da mobilidade nocturna*

Tendo en conta a evolución epidemiolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia, e de conformidade co previsto no artigo 5 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, durante o período comprendido entre as 22.00 e as 6.00 horas as persoas unicamente poderán circular polas vías ou espazos de uso público para realizar as seguintes actividades:

a) Adquisición de medicamentos, produtos sanitarios e outros bens de primeira necesidade.

b) Asistencia a centros, servizos e establecementos sanitarios.

c) Asistencia a centros de atención veterinaria por motivos de urxencia.

d) Cumprimento de obrigas laborais, profesionais, empresariais, institucionais ou legais.

e) Retorno ao lugar de residencia habitual, tras realizar algunhas das actividades previstas neste punto.



f) Asistencia e coidado a maiores, menores, dependentes, persoas con discapacidade ou persoas especialmente vulnerables.

g) Por causa de forza maior ou situación de necesidade.

h) Calquera outra actividade de análoga natureza, debidamente acreditada.

i) Abastecemento en gasolinerías ou estacións de servizo, cando resulte necesario para a realización das actividades previstas nos parágrafos anteriores.

Quinto. *Limitación temporal da entrada e saída de persoas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia*

1. Establécese unha limitación de entrada e saída na Comunidade Autónoma de Galicia, salvo para aqueles desprazamentos, adecuadamente xustificados, que se produzan por algún dos motivos previstos no número 2 do punto primeiro deste decreto.

2. En particular, as persoas desprazadas a Galicia deberán cumprir o establecido na Orde do 27 de xullo de 2020 pola que se establecen medidas de prevención para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, en relación coa chegada á Comunidade Autónoma de Galicia de persoas procedentes doutros territorios, polo que as persoas que cheguen á Comunidade Autónoma de Galicia despois de ter estado, dentro do período dos catorce días naturais anteriores á dita chegada, en territorios cunha alta incidencia do COVID-19 en comparación coa existente na Comunidade Autónoma deberán comunicar, no prazo máximo de 24 horas desde a súa chegada á Comunidade Autónoma de Galicia, os datos de contacto e de estadía na Comunidade Autónoma de Galicia na forma establecida na orde.

3. As persoas desprazadas a Galicia, unha vez que estean no lugar a que se despracen, deberán cumprir as limitacións de entrada e saída previstas, se é o caso, neste decreto, ademais do resto das medidas aplicables.

4. En todo caso, recoméndase evitar ou reducir a mobilidade xeográfica o máximo posible.

Sexto. *Actividade cinexética do xabaril e do lobo*

1. Quedan exceptuadas das limitacións á entrada e saída de persoas dos ámbitos territoriais previstos nos números 1, 2 e 3 do punto primeiro, así como das restricións á permanencia de grupos de persoas en espazos públicos previstas no punto segundo, as accións



de caza colectiva que se realicen exclusivamente sobre as especies cinexéticas do xabaril e do lobo, nos seguintes supostos:

a) Accións de caza sobre o xabaril de acordo coa planificación aprobada para a tempada de caza 2020/21 nos plans anuais de aproveitamento cinexético dos Tecor, e accións autorizadas especificamente en terreos de réxime cinexético común.

b) Accións de caza con ocasión de danos á agricultura ou á gandaría ocasionados polo xabaril e/ou o lobo, logo da súa comprobación por parte das xefaturas territoriais da consellería competente en materia de ambiente.

c) Accións de caza como consecuencia de accidentes graves de tráfico reiterados nun mesmo punto quilométrico.

2. En todo caso, durante o desenvolvemento destas accións de caza deberán cumprirse as condicións establecidas pola consellería competente en materia de ambiente, así como as medidas de prevención que adicionalmente poidan ser establecidas polas autoridades sanitarias.

Sétimo. *Eficacia, seguimento e avaliación*

A eficacia das medidas previstas neste decreto comezará ás 00.00 horas do día 26 de febreiro de 2021.

Non obstante o anterior, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas deberán ser obxecto de seguimento e de avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria e para os efectos, de ser necesario, da súa modificación ou levantamento.

Oitavo. *Derrogación do Decreto 8/2021, do 26 de xaneiro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2*

Queda derogado o Decreto 8/2021, do 26 de xaneiro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco



do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

Noveno. *Recursos*

Contra o presente decreto poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, conforme os artigos 12.1.a) e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, vinte e cinco de febreiro de dous mil vinte e un

Alberto Núñez Feijóo
Presidente da Xunta de Galicia

ANEXO

A. Concellos en cuxo ámbito territorial quedan restrinxidas a entrada e saída de persoas:

1. Corcubión.
2. Curtis.
3. Ponteceso.
4. Moeche.
5. O Corgo.
6. Guitiriz.
7. Gomesende.
8. A Gudiña.
9. A Peroxa.
10. Toques.



B. Ámbito territorial conxuntamente delimitado formado polos seguintes concellos:

1) Ámbito territorial conxuntamente delimitado formado polos seguintes concellos da área sanitaria da Coruña: Aranga, Arteixo, Cambre, Carballo, Carral, A Coruña, Culleredo, A Laracha, Malpica de Bergantiños, Miño, Muxía, Paderne, Sada, Vilasantar, Abegondo, Bergondo, Betanzos, Cabana de Bergantiños, Camariñas, Cee, Cerceda, Coirós, Coristanco, Dumbría, Fisterra, Irixoa, Laxe, Oleiros, Oza-Cesuras, Sobrado, Vilarmador, Vimianzo, Zas.

2) Ámbito territorial conxuntamente delimitado formado polos seguintes concellos da área sanitaria de Ferrol: Cedeira, Ferrol, Narón, Neda, As Pontes de García Rodríguez, San Sadurniño, Ares, Cabanas, A Capela, Cariño, Cerdido, Fene, Mañón, Monfero, Mugaros, Ortigueira, Pontedeume, As Somozas, Valdoviño.

3) Ámbito territorial conxuntamente delimitado formado polos seguintes concellos da área sanitaria de Pontevedra: Barro, Cambados, Catoira, Cerdido-Cotobade, Cuntis, A Lama, Marín, Meaño, Meis, Ponte Caldelas, Soutomaior, Vilaboa, Vilanova de Arousa, Bueu, Caldas de Reis, Campo Lameiro, Forcarei, O Grove, A Illa de Arousa, Moraña, Poio, Pontevedra, Portas, Ribadumia, Sanxenxo, Vilagarcía de Arousa.

C. Concellos entre os cales está permitida a mobilidade atendendo á súa similar situación epidemiolóxica:

1) Baralla, Guntín, Monforte de Lemos, Outeiro de Rei, A Pobra do Brollón, A Pontenova, Rábade, Sober, Bande, Beade, Celanova, A Merca, A Mezquita, Punxín, Sandiás, Taboadela, Viana do Bolo, Vereia, Xunqueira de Espadanedo, Arzúa, Dodro, Frades, Ordes, Rois, Tordoia, Moaña, Oia, Redondela.

2) Abadín, Alfoz, Antas de Ulla, Baleira, Barreiros, Becerreá, Begonte, Bóveda, Burela, Carballedo, Castro de Rei, Castroverde, Cervantes, Cervo, Chantada, Cospeito, Folgoso do Courel, A Fonsagrada, Foz, Friol, O Incio, Lánacara, Lourenzá, Lugo, Meira, Mondoñedo, Monterroso, Muras, Navia de Suarna, Negueira de Muñiz, As Nogais, Oulol, Palas de Rei, Pantón, Paradela, O Páramo, A Pastoriza, Pedrafita do Cebreiro, Pol, Portomarín, Quiroga, Ribadeo, Ribas de Sil, Ribeira de Piquín, Riotorto, Samos, Sarria, O Saviñao, Taboada, Trabada, Triacastela, O Valadouro, O Vicedo, Vilalba, Viveiro, Xermade, Xove, Allariz, Amoeiro, A Arnoia, Avión, Baltar, Baños de Molgas, Barbadás, O Barco de Valdeorras, Beariz, Os Blancos, Boborás, A Bola, O Bolo, Calvos de Randín, Carballeda de Avia, Carballeda de Valdeorras, O Carballiño, Cartelle, Castrelo de Miño, Castrelo do Val, Castro



Caldelas, Cenlle, Chandrexa de Queixa, Coles, Cortegada, Cualedro, Entrimo, Esgos, O Irixo, Larouco, Laza, Leiro, Lobeira, Lobios, Maceda, Manzaneda, Maside, Melón, Montederramo, Monterrei, Muíños, Nogueira de Ramuín, Oímbra, Ourense, Paderne de Allariz, Padrenda, Parada de Sil, O Pereiro de Aguiar, Petín, Piñor, A Pobra de Trives, Pontedeiva, Porqueira, Quintela de Leirado, Rairiz de Veiga, Ramirás, Ribadavia, Riós, A Rúa, Rubiá, San Amaro, San Cibrao das Viñas, San Cristovo de Cea, San Xoán de Río, Sarreaus, A Teixeira, Toén, Trasmiras, A Veiga, Verín, Vilamarín, Vilamartín de Valdeorras, Vilar de Barrio, Vilar de Santos, Vilardevós, Vilariño de Conso, Xinzo de Limia, Xunqueira de Ambía, Ames, A Baña, Boimorto, Boiro, Boqueixón, Brión, Carnota, Lousame, Mazaricos, Melide, Mesía, Muros, Negreira, Noia, Oroso, Outes, Padrón, O Pino, A Pobra do Caramiñal, Porto do Son, Rianxo, Ribeira, Santa Comba, Santiago de Compostela, Santiso, Teo, Touro, Trazo, Val do Dubra, Vedra, Agolada, Dozón, A Estrada, Lalín, Pontecesures, Rodeiro, Silleda, Valga, Vila de Cruces, Arbo, Baiona, Cangas, A Cañiza, Covelo, Crecente, Fornelos de Montes, Gondomar, A Guarda, Mondariz, Mondariz-Balneario, Mos, As Neves, Nigrán, Pazos de Borbén, Pontearreas, O Porriño, O Rosal, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Tomiño, Tui, Vigo.



I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

I

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición a unha nova normalidade. O obxecto do dito acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderán ser obxecto de modificación ou supresión, mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade.

Así mesmo, indícase no dito punto sexto, na redacción vixente, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de acordo coa normativa aplicable e en vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou en parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación das medidas concretas contidas no anexo.

Mediante o Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, declarouse o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. Esta declaración



afectou todo o territorio nacional e a súa duración inicial estendeuse, conforme o disposto no seu artigo 4, ata as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020.

Conforme o artigo 2 dese real decreto, para os efectos do estado de alarma, a autoridade competente será o Goberno da Nación. En cada comunidade autónoma e cidade con estatuto de autonomía, a autoridade competente delegada será quen exerza a presidencia da comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía, nos termos establecidos no real decreto. As autoridades competentes delegadas quedan habilitadas para ditaren, por delegación do Goberno da Nación, as ordes, resolucións e disposicións para a aplicación do previsto nos artigos 5 ao 11 do real decreto, sen que para iso sexa precisa a tramitación de procedemento administrativo ningún, nin será de aplicación o previsto no segundo parágrafo do artigo 8.6 e no artigo 10.8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O 29 de outubro de 2020, o Congreso dos Deputados autorizou a prórroga do estado de alarma ata o día 9 de maio de 2021. Conforme o artigo 2 do Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, a prórroga establecida no devandito real decreto estenderase desde as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020 ata as 00.00 horas do día 9 de maio de 2021, e someterase ás condicións establecidas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, e nos decretos que, se é o caso, se adopten en uso da habilitación conferida pola disposición derradeira primeira do citado Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, sen prexuízo do establecido nas disposicións que recolle o propio real decreto de prórroga.

En consecuencia, durante a vixencia do estado de alarma e da súa prórroga, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, deberán adoptarse, na condición de autoridade competente delegada, nos termos previstos no devandito real decreto e no real decreto de prórroga.

Non obstante, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, non esgotan todas as que poden ser adoptadas para facer fronte á crise sanitaria. Neste sentido, como prevé expresamente o seu artigo 12, cada Administración conservará as competencias que lle outorga a lexislación vixente, así como a xestión dos seus servizos e do seu persoal, para adoptar as medidas que considere necesarias, sen prexuízo do establecido no real decreto.



Polo tanto, durante a vixencia do estado de alarma e das súas prórrogas, as medidas que sexa necesario adoptar para facer fronte, na Comunidade Autónoma, á crise sanitaria serán as que poida acordar, ao abeiro da normativa do estado de alarma, o presidente da Comunidade Autónoma, como autoridade competente delegada, e as complementarias que poidan adoptar, no exercicio das súas competencias propias, as autoridades sanitarias autonómicas e, entre elas, a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, ao abeiro do disposto no punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020 citado.

II

Sentado o anterior, no contexto normativo derivado do estado de alarma vixente e ante a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia, ditouse o Decreto 179/2020, do 4 de novembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas en determinados ámbitos territoriais da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

Tales medidas consistiron no establecemento de limitacións de entrada e saída de persoas de determinados ámbitos territoriais e en limitacións da permanencia de persoas en espazos de uso público e de uso privado, e en lugares de culto. Conforme o punto quinto do decreto, a eficacia destas medidas estendíase ata as 15.00 horas do día 4 de decembro de 2020, sen prexuízo de que debían ser obxecto de seguimento e de avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria para os efectos, de ser necesario, da súa modificación ou levantamento. Ademais, esas medidas debían ser complementadas, como indica o propio decreto, con outras que procede que adopte a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade no exercicio das súas competencias propias como autoridade sanitaria autonómica.

Estas medidas complementarias establecéronse mediante a Orde do 4 de novembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que foi modificada en diversas ocasións.

III

A situación da evolución epidemiolóxica xeral na Comunidade Autónoma de Galicia, unida á necesidade de adaptar as medidas que se adoptaran desde a Orde do 3 de decembro



de 2020 e as súas sucesivas modificacións, fixo necesario acometer unha revisión delas mediante a Orde de 26 de xaneiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia. Nesta orde adoptáronse medidas máis restritivas, consonte o que recollía o Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 25 de xaneiro de 2021. Nel reflectíase un empeoramento da situación: o conxunto da Comunidade Autónoma de Galicia presentaba, no día 24 de xaneiro, unha taxa de incidencia a 14 días de case 700 casos por 100.000 habitantes, o que significaba unha suba de 1,4 veces respecto dos datos dos informes anteriores.

Por outra banda, o número reprodutivo instantáneo (R_t), que indica o número de casos secundarios que ocorren por cada caso activo, continuaba amosando valores superiores ao limiar situado en 1 en todas as áreas sanitarias e no global de Galicia, o que indicaba que seguía a haber transmisión.

Así mesmo, observáronse abrochos identificados que estaban en vixilancia epidemiolóxica e baixo medidas restritivas, pero a situación caracterizábase pola presenza de casos en practicamente case todos os concellos. Así, do total de concellos ($N=313$), detectáronse casos de COVID-19 en todos eles, agás en 19, o que significaba que o número de concellos sen casos se reduciu practicamente á metade desde o día 17 de xaneiro, en que eran 34.

IV

O punto cuarto da Orde do 26 de xaneiro de 2021, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, prevé que a eficacia das medidas contidas nela se estenderá ata o 18 de febreiro de 2021.

Non obstante o anterior, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, establécese que serán obxecto de seguimento e avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser modificadas ou levantadas por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

De acordo co informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 15 de febreiro de 2021, observouse o seguinte:



– A incidencia acumulada a 7 e 14 días é de 150 e 410 casos por cen mil habitantes, respectivamente, valores inferiores aos observados o día 7 de febreiro (235 e 591 casos por cen mil habitantes a 7 e 14 días, respectivamente).

– A tendencia diaria mostra, desde o 20 de decembro, dous tramos con tendencia oposta, primeiro crecente a un ritmo do 6,8 % ata o 22 de xaneiro e despois decrecente cunha porcentaxe de cambio diario de -5,8 %, o que está a indicar un descenso continuo xa que no 7 de febreiro a porcentaxe de cambio diaria observada era de 5,3 %.

– O número reprodutivo instantáneo (Rt), que indica o número de contaxios orixinados por un caso activo, continúa mostrando unha tendencia descendente que baixa de 1 desde o 29 de xaneiro, o que indica unha diminución na transmisión da infección.

– No que respecta á hospitalización de casos de COVID-19, a media de pacientes con COVID-19 en hospitalización de agudos nos últimos 7 días foi de 862,7, o que significa un descenso do 14,6 % a respecto dos acumulados no día 7 de febreiro, en que era de 1.009,7. A taxa de pacientes con COVID-19 en hospitalización de agudos é de 223,7 ingresados acumulados por 100.000 habitantes nos últimos 7 días, cun descenso do 14,6 % respecto dos acumulados no día 7 de febreiro, que era de 261,8.

– En canto aos ingresos por COVID-19 nas unidades de críticos (UCI) nos últimos 7 días, a media foi de 220,1 o que supón un descenso de 3,4 % respecto do día 7 de febreiro, en que foi de 235,3. A taxa a 7 días de ingresados nas UCI é de 57,1 ingresados por 100.000 habitantes, cun descenso do 6,4 respecto do día 7, en que era de 61 ingresados en UCI por 100.000 habitantes.

– Nos concellos con poboación igual ou maior de 10.000 habitantes (54), 41 presentan unha taxa de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes. O 25 % destes concellos (14 concellos) acadan taxas iguais ou maiores de 500 casos por cen mil habitantes, o que supón unha melloría respecto do día 7 de febreiro, onde eran 34 os concellos con esta taxa (o 62 % do total dos concellos).

– No que se refire aos concellos de menos de 10.000 habitantes (259), 137 presentan unha taxa de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes (53 % do total dos concellos), 50 menos que no día 7 de febreiro. Acádanse taxas de incidencia iguais ou maiores de 500 casos por cen mil habitantes en 60 destes concellos (23 % dos concellos de menos de 10.000 habitantes), 52 concellos menos que o día 7 de febreiro.



Segundo os datos reflectidos neste informe, o cambio na tendencia da taxa de incidencia mantívose en descenso e superou o cumio da onda desde o 22 de xaneiro.

A pesar do descenso da incidencia, a taxa a 14 días seguía a ser superior aos 250 casos por cen mil habitantes, nivel que se considera de alto risco de transmisión, e hai áreas sanitarias cunha incidencia que supera os 500 casos por cen mil habitantes, sen que ningunha baixe dos 300 casos por cen mil habitantes.

Ademais, a incidencia a 7 días segue por riba dos 100 casos por 100.000 habitantes.

A ocupación por pacientes de COVID-19 na hospitalización de agudos e unidades de cuidados críticos segue a diminuír respecto do 7 de febreiro. Non obstante, o número de ingresos é elevado (especialmente nas unidades de críticos) e un incremento na incidencia pode comprometer esta evolución.

Á vista da situación existente, o informe da Dirección Xeral de Saúde Pública recomendaba o mantemento das medidas de restrición existentes desde o día 27 de xaneiro, polo que se ditou a Orde do 15 de febreiro de 2021 pola que se dispuxo a prórroga e a modificación das medidas de prevención específicas previstas na Orde do 26 de xaneiro de 2021, como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

En efecto, debe terse en conta que a situación viña caracterizada por unha elevada presión hospitalaria, cun número de persoas ingresadas nas UCI superior ao rexistrado no peor momento da primeira onda da pandemia, así como un nivel de hospitalizacións superior ao da segunda onda. Debe terse tamén presente que a situación de contaxio explosivo pode deberse á circulación en Galicia de novas variantes do virus.

Resultaba, pois, necesario manter medidas tendentes á protección da cidadanía e do sistema sanitario, especialmente nunha comunidade autónoma como a galega que conta cunha poboación envellecida e na cal o virus circulou menos que noutros territorios do Estado, polo que existe un menor nivel de inmunidade natural, á espera de que o proceso de vacinación en marcha acade os resultados esperados.

Debe destacarse que a evolución recente da situación epidemiolóxica demostra a eficacia das medidas adoptadas e, en particular das recollidas no Decreto 8/2021, do 26 de xaneiro, e na Orde da Consellería de Sanidade, do 26 de febreiro de 2021, pola que se es-



tablecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

En efecto, na situación recente, en que existe unha taxa de incidencia que se considera de alto risco de infección, resultaba aínda imprescindible manter as medidas, tendentes en definitiva a limitar a interacción social e, polo tanto, limitar os niveis de transmisión, con vistas a que se dean as condicións para unha apertura gradual, progresiva e segura.

V

De acordo co informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 22 de febreiro de 2021, obsérvase o seguinte:

O número reprodutivo instantáneo (R_t), que indica o número de contaxios orixinados por un caso activo, segue a manterse por debaixo de 1 desde o 29 de xaneiro, o que indica unha diminución na transmisión da infección. Todas as áreas sanitarias mantéñense por debaixo do 1.

Do total de concellos de Galicia (313), 64 non tiveron casos nos últimos 14 días, o que supón 32 máis respecto do día 13 de febreiro. O número de concellos sen casos nos últimos 7 días aumentou a 116 (90 a día 13 de febreiro).

Entre o 12 e o 18 de febreiro, realizáronse 89.759 probas diagnósticas de infección activa polo virus SARS-CoV-2 (50.591 PCR e 39.168 test de antíxeno) cunha porcentaxe de positividade a sete días do 4,07 %, o que supón 0,55 puntos porcentuais menos que a reflectida no informe anterior, que era do 4,62 % entre o 2 e o 8 de febreiro.

A incidencia acumulada a 7 e 14 días é de 88 e 239 casos por cen mil habitantes, respectivamente, valores inferiores aos observados o día 7 de febreiro (150 e 410 casos por cen mil habitantes a 7 e 14 días, respectivamente). A diminución da incidencia foi do 41 e 42 %, a 7 e 14 días, respectivamente.

A tendencia diaria mostra, desde o 20 de decembro, dous tramos con tendencia oposta, primeiro crecente a un ritmo do 6,8 % ata o 22 de xaneiro e despois decrecente cunha porcentaxe de cambio diario de -7,0 % o que está a indicar un descenso continuo xa que no 13 de febreiro a porcentaxe de cambio diaria observada era de -5,8 %.

Á vista da situación existente, o informe da Dirección Xeral de Saúde Pública recomenda, a flexibilización das medidas de restrición existentes.



En efecto, debe terse en conta que a situación actual se caracteriza unha mellora da situación epidemiolóxica que permite dar pasos cara a unha apertura gradual, progresiva e segura. As medidas adoptadas deben ter en conta que todavía existe unha elevada presión hospitalaria, cun alto número de persoas ingresadas nas UCI en determinadas áreas sanitarias.

Resulta, pois, necesario que esas medidas tendan á protección da cidadanía e do sistema sanitario, especialmente nunha comunidade autónoma como a galega, que conta cunha poboación envellecida e na cal o virus circulou menos que noutros territorios do Estado, polo que existe un menor nivel de inmunidade natural, á espera de que o proceso de vacinación en marcha acade os resultados esperados.

Non obstante, a evolución recente da situación epidemiolóxica demostra a eficacia das medidas adoptadas e, en particular das recollidas no Decreto 8/2021, do 26 de xaneiro, e na Orde da Consellería de Sanidade, do 26 de febreiro de 2021, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

Tendo en conta o indicado no devandito informe e tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, procede, en consecuencia, establecer as medidas de prevención específicas adaptadas á evolución da situación epidemiolóxica na nosa Comunidade Autónoma, con carácter progresivo, seguro e revogable.

Así, as principais novidades que se establecen na presente orde afectan a tres elementos fundamentais.

Por unha banda, elimínase a obriga de peche da actividade dos centros comerciais durante as fins de semana e festivos, equiparando a actividade destes establecementos coas grandes superficies que, na última modificación, podían abrir neses espazos temporais.

Por outra banda, a apertura progresiva da hostalaría e a restauración terá tres escenarios que virán determinados pola situación epidemiolóxica do ámbito territorial en que se atopen os establecementos, e de conformidade cun plan de hostalaría segura consensuado cos axentes económicos e autoridades locais, que se aprobará mediante o correspondente instrumento. O dito documento terá a consideración de plan sanitario para os efectos do previsto no artigo 80 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.



Estes tres escenarios, coas respectivas posibilidades de apertura, irán desde prestar exclusivamente servizos de entrega a domicilio ou para a súa recollida no local e consumo a domicilio (en concellos con incidencia acumulada a 14 días por riba dos 500 casos por cada cen mil habitantes), o servizo en terraza cunha ocupación do 50 % até as 18.00 horas (en concellos con incidencia acumulada a 14 días entre 250 e 500 casos), até a apertura en terraza ao 50 % e servizo en interior ao 30 % (en concellos con incidencia acumulada a 14 días por baixo dos 250 casos).

O terceiro dos elementos sobre os cales inciden as novas medidas é o relativo á actividade en instalacións deportivas e piscinas. Neste tipo de establecementos establécense dous escenarios en función das taxas de incidencia acumulada.

Así, en concellos con incidencia acumulada a 14 días por riba dos 500 casos por cen mil habitantes, estas instalacións permanecerán pechadas, mentres que se a incidencia baixa dos 500 casos poderán abrir cunha ocupación limitada do 30 % e permítense actividades grupais de ata catro persoas non conviventes (sen contar o monitor/a).

En calquera caso, as medidas serán obxecto de revisión constante co obxecto de avaliar a situación e adecualas á incidencia real da epidemia, ou mesmo deixar sen efecto as medidas de alivio en caso necesario.

VI

As medidas que se adoptan nesta orde teñen o seu fundamento normativo na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 e 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para adoptar as medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica existente, no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, coa urxencia que a protección da saúde pública demanda.

Na súa virtude, en aplicación do punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transi-



ción a unha nova normalidade, na súa redacción vixente, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:**Primeiro. *Obxecto e alcance***

1. Constitúe o obxecto desta orde establecer medidas de prevención aplicables en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, así como determinar as actividades non esenciais que deben quedar suspendidas, atendida a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

2. As medidas contidas nesta orde son complementarias das previstas no Decreto 31/2021, do 25 de febreiro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

En todo o non previsto nas ditas disposicións e nesta orde, e no que sexa compatible con ambas, aplicarase o disposto no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición a unha nova normalidade, na súa redacción vixente.

Segundo. *Medidas de prevención aplicables*

1. En todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia recoméndase ás persoas maiores de 75 anos, ás persoas vulnerables á COVID-19 e a aquelas que presenten algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria que se poida ver agravada polo uso da máscara ou que presenten algunha alteración que faga inviable a súa utilización, que eviten na súa actividade diaria as saídas nas horas de previsible afluencia ou concentración de persoas na vía pública e en espazos ou establecementos abertos ao público, co fin de reducir os riscos derivados da coincidencia con outras persoas.

2. Mantense en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia o peche das actividades de festas, verbenas e outros eventos populares, así como das atraccións de feiras.



3. Así mesmo, serán de aplicación no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia as medidas de prevención específicas recollidas no anexo da presente orde.

4. As medidas terán a duración temporal prevista no punto sexto.

Terceiro. *Control do cumprimento das medidas e réxime sancionador*

1. A vixilancia, inspección e control do cumprimento das medidas de prevención que se recollen nesta orde e a garantía dos dereitos e deberes sanitarios da cidadanía corresponderán aos respectivos concellos dentro das súas competencias e sen prexuízo das competencias da Consellería de Sanidade, tendo en conta a condición de autoridade sanitaria dos alcaldes e alcaldesas de acordo co artigo 33.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, e as competencias dos concellos de control sanitario de actividades e servizos que impacten na saúde da súa cidadanía e dos lugares de convivencia humana, de acordo co artigo 80.3 do mesmo texto legal, así como da súa competencia para a ordenación e control do dominio público.

2. Así mesmo, os órganos de inspección da Administración autonómica, no ámbito das súas competencias, poderán realizar as actividades de inspección e control oportunas para a vixilancia e comprobación do cumprimento das medidas de prevención aplicables.

3. As forzas e corpos de seguridade darán traslado das denuncias que formulen polo incumprimento das medidas de prevención ás autoridades competentes.

Cuarto. *Plan de hostalaría segura*

1. A Xunta de Galicia, a través da consellería competente en materia sanitaria porá en marcha un «plan de hostalaría segura» baseado nas seguintes liñas fundamentais:

a) Corresponsabilidade dos operadores económicos na aplicación, cumprimento e seguimento do plan e na colaboración no establecemento de medidas e instrumentos que contribúan ao control e seguimento de posibles abrochos, incluíndo a rastrexabilidade dos posibles contactos, co obxecto de garantir unha actividade nas adecuadas condicións de seguridade.

b) Definición de criterios claros e precisos para a organización e utilización de espazos, condicións de adecuada ventilación que velen pola calidade do aire interior, e determinación de ocupación para efectos da aplicación das medidas sanitarias de prevención.



c) Colaboración coas entidades representativas do sector para o estudo, deseño e implementación das medidas de prevención aplicables, incluída a promoción da existencia de mecanismos de autocontrol e auditoría de cumprimento.

d) Xeración de confianza nos usuarios, así como información e concienciación deles sobre as medidas de prevención e o seu necesario cumprimento.

e) Establecemento dun plan de control e inspección autonómico e a adecuada colaboración coas entidades locais nas súas competencias de control e inspección, especialmente con aquelas de menor tamaño e medios.

f) Colaboración das forzas e corpos e forzas de seguridade no control e inspección.

2. O Plan de hostalaría segura terá a consideración de plan sanitario para os efectos do previsto no artigo 80 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, polo que as entidades locais, participarán na súa aplicación e cumprimento mediante o exercicio das súas competencias de control sanitario establecidas na lei.

3. O Plan de hostalaría segura porase en coñecemento das entidades locais a través das súas entidades representativas.

Quinto. *Teletraballo*

Tendo en conta o establecido no artigo 12 do Acordo sobre a prestación de servizos na modalidade de teletraballo na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 3 de decembro de 2020, publicado pola Orde do 14 decembro de 2020 da Consellería de Facenda e Administracións públicas, que establece un réxime especial de autorización, que pode ser aplicable, entre outros motivos, por razóns de declaración da situación de emerxencia, e tendo en conta a existencia dunha declaración de situación de emerxencia sanitaria en vigor, á vista da evolución da situación epidemiolóxica, e coa finalidade de coaduxar a un maior control da transmisión, entenderase prorrogada a eficacia das resolucións de teletraballo ditadas polas distintas consellerías e entidades do sector público autonómico por razón da situación sanitaria derivada da COVID-19. Serán de aplicación no teletraballo as condicións recollidas no réxime especial establecido no artigo 12 do Acordo sobre a prestación de servizos na modalidade de teletraballo na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.



Sexto. Eficacia

As medidas previstas nesta orde terán efectos desde as 00.00 horas do día 26 de febreiro de 2021. Non obstante o anterior, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, serán obxecto de seguimento e avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser modificadas ou levantadas por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Sétimo. Derrogación

Queda derrogada a Orde do 26 de xaneiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto na presente orde.

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 2021

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade

ANEXO I**Medidas de prevención específicas aplicables
na Comunidade Autónoma de Galicia**

Serán de aplicación no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia as medidas de prevención específicas recollidas neste anexo.

1. Obrigas xerais.**1.1. Obrigas de cautela e protección.**

Todos os cidadáns deberán adoptar as medidas necesarias para evitar a xeración de riscos de propagación da enfermidade da COVID-19, así como a propia exposición aos ditos riscos. Este deber de cautela e protección será igualmente exixible aos titulares de calquera actividade.

Así mesmo, deberán respectarse as medidas de seguridade e hixiene establecidas polas autoridades sanitarias para a prevención da COVID-19.



1.2. Persoas con sintomatoloxía.

Calquera persoa que experimente algún dos síntomas máis comúns compatibles coa COVID-19, tales como febre, calafríos, tose, sensación de falta de aire, diminución do olfacto e do gusto, dor de gorxa, dores musculares, dor de cabeza, debilidade xeral, diarrea ou vómitos deberá permanecer no seu domicilio e comunicalo ao seu servizo sanitario o antes posible.

Igualmente, se existen conviventes no domicilio, deberá evitar o contacto con eles e, se é posible, usar un cuarto de forma exclusiva ata recibir instrucións do seu servizo sanitario.

1.3. Distancia de seguridade interpersoal.

Deberá cumprirse a medida de mantemento da distancia de seguridade interpersoal establecida polo Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, de, polo menos, 1,5 metros ou, na súa falta, medidas alternativas de protección física con uso de máscara, de hixiene adecuada e etiqueta respiratoria.

1.4. Obrigatoriedade do uso de máscaras.

Será obrigatorio o uso da máscara nas condicións establecidas no número 1.3 do anexo do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición a unha nova normalidade, na redacción vixente, coas regras especiais seguintes:

1º) A obriga de uso de máscara será exigible en todo momento durante a realización da práctica deportiva individual ao aire libre.

2º) No caso particular de consumo de tabaco ou de cigarros electrónicos, ou alimentos e bebidas, na vía pública ou en espazos ao aire libre, só se poderá exceptuar a obriga de uso de máscara, e exclusivamente durante o indicado consumo, sempre que a persoa o efectúe parada e fóra dos lugares habituais de circulación dos viandantes, de tal xeito que, tendo en conta a posible concorrencia de persoas e as dimensións do lugar, poida garantirse o mantemento, en todo momento, da distancia de dous metros con outras persoas. O anterior será aplicable tamén para o uso de calquera dispositivo de inhalación de tabaco, pipas de auga, cachimbas e asimilados.



3º) Co obxecto de evitar a propagación de contaxios e asegurar o mantemento dos servizos, na prestación de asistencia ou axuda no fogar a persoas dependentes, será obrigatorio o uso de máscara tanto por parte do persoal prestador do servizo coma por parte das persoas dependentes e daquelas que se atopen no seu domicilio. A dita obriga non será exigible cando se trate de persoas dependentes que presenten algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria que se poida ver agravada polo uso da máscara ou que, pola súa situación de discapacidade ou dependencia, non dispoñan de autonomía para quitar a máscara, ou ben presenten alteracións de conduta que fagan inviable a súa utilización.

1.5. Medidas específicas para casos e contactos estreitos.

As persoas que sexan consideradas caso sospeitoso ou probable de infección polo virus SARS-CoV-2, por teren infección respiratoria aguda grave con cadro clínico ou radiolóxico compatible coa COVID-19, ou que estean pendentes dos resultados de probas diagnósticas por este motivo, as que sexan consideradas como caso confirmado con infección activa e as consideradas contacto estreito dun caso sospeitoso, probable ou confirmado, deberán seguir as condicións de illamento ou corentena que lles sexan indicadas desde os dispositivos asistenciais ou de saúde pública, sen poderen abandonar o seu domicilio ou lugar de illamento ou corentena en ningún caso, salvo autorización expresa do servizo sanitario por causas debidamente xustificadas.

2. Medidas xerais de hixiene e prevención.

Sen prexuízo das normas ou protocolos específicos que se establezan, serán aplicables a todos os establecementos, locais de negocio, instalacións e espazos de uso público e actividades de carácter público, as medidas xerais de hixiene e prevención establecidas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición a unha nova normalidade, na redacción vixente.

3. Limitacións de capacidade e medidas de prevención específicas por sectores.

3.1. Medidas en materia de control de capacidade.

1. Os establecementos, instalacións e locais deberán expor ao público a capacidade máxima, que deberá incluír os propios traballadores e asegurar que a dita capacidade e a distancia de seguridade interpersonal se respecta no seu interior, polo que se deberán esta-



blecer procedementos que permitan o reconto e control da capacidade, de forma que esta non sexa superada en ningún momento.

No caso do sector da hostalaría e restauración, aplicarase tamén o que estableza o Plan de hostalaría segura, nomeadamente, no relativo á distribución de espazos, ocupacións, mobiliario, e outros elementos de seguridade.

2. A organización da circulación de persoas e a distribución de espazos deberá procurar a posibilidade de manter a distancia de seguridade interpersonal. Na medida do posible, estableceranse itinerarios para dirixir a circulación de clientes e usuarios e evitar aglomeracións en determinadas zonas, tanto no interior como no exterior, e prever o contacto entre eles. Cando se dispoña de dúas ou máis portas, procurarase establecer un uso diferenciado para a entrada e a saída, co obxecto de reducir o risco de formación de aglomeracións.

3. Cando se dispoña de aparcadoiros propios para traballadores e usuarios, establececese un control de accesos para mellor seguimento das normas de capacidade. Na medida do posible, as portas que se atopen no percorrido entre o aparcadoiro e o acceso á tenda ou aos vestiarios dos traballadores disporán de sistemas automáticos de apertura ou permanecerán abertas para evitar a manipulación dos mecanismos de apertura.

4. De ser o caso, o persoal de seguridade velará para que se respecte a distancia interpersonal de seguridade e evitará a formación de grupos numerosos e aglomeracións, prestando especial atención ás zonas de escaleiras mecánicas, ascensores, zonas comúns de paso e zonas recreativas.

5. En caso necesario, poderanse utilizar valos ou sistemas de sinalización equivalentes para un mellor control dos accesos e xestión das persoas para os efectos de evitar calquera aglomeración.

6. En calquera caso, a sinalización de percorridos obrigatorios e independentes ou outras medidas que se establezan realizaranse tendo en conta o cumprimento das condicións de evacuación exixibles na normativa aplicable.

3.2. Control de capacidade en centros e parques comerciais e grandes superficies.

Os centros e parques comerciais, así como os establecementos que teñan a consideración de grandes superficies, deberán dispoñer de sistemas ou dispositivos que permitan



coñecer en todo momento o número de persoas usuarias existente no seu interior, así como o control da capacidade máxima permitida nas citadas instalacións.

O cumprimento da citada obriga será responsabilidade das persoas, físicas ou xurídicas, titulares das citadas instalacións ou das que teñan atribuída a súa xestión.

3.3. Velorios e enterros.

1. Os velorios poderán realizarse en todo tipo de instalacións, públicas ou privadas, debidamente habilitadas cun límite máximo, en cada momento, de 5 persoas por túmulo, agás conviventes, e 15 persoas no exterior.

2. A participación na comitiva para o enterramento ou despedida para cremación da persoa falecida restrínxese a un máximo de quince persoas non conviventes, entre familiares e achegados, ademais de, se é o caso, o ministro de culto ou persoa asimilada da confesión respectiva para a práctica dos ritos funerarios de despedida do defunto.

3. Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersonal nas instalacións ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso de máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersonal indicada, nos termos previstos no Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020, na súa redacción vixente.

4. As zonas comúns de paso utilizaranse unicamente para o tránsito de entrada e saída, sen que poida haber grupos de persoas neles. O tempo de estada nas instalacións reducirase ao estritamente necesario para expresar as debidas condolencias, evitando permanecer nas zonas de paso.

5. Os servizos de hostalaría existentes nos establecementos funerarios rexeranse polo disposto no punto 3.22.

3.4. Lugares de culto.

1. A capacidade máxima dos espazos destinados ao culto deberá publicarse nun lugar visible destes.

2. Non se poderá utilizar o exterior dos edificios ou da vía pública para a celebración de actos de culto con acompañamento de público.



3. Non se poderán realizar actuacións de coros o agrupacións vocais de canto.

4. Sen prexuízo das recomendacións de cada confesión en que se teñan en conta as súas particularidades, na celebración dos actos de culto deberanse observar as seguintes medidas de hixiene e prevención:

a) Procurarase manter a distancia de seguridade interpersoal entre os participantes entre si e co público asistente e o uso de máscara será obrigatorio consonte o disposto no número 1.3. do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición a unha nova normalidade, na súa redacción vixente.

b) Diariamente deberanse realizar tarefas de desinfección dos espazos utilizados ou que se vaian utilizar e de xeito regular reiterarase a desinfección dos obxectos que se tocan con maior frecuencia.

c) Organizaranse as entradas e saídas para evitar aglomeracións de persoas nos accesos e inmediacións dos lugares de culto.

d) Poranse á disposición do público dispensadores de xeles hidroalcohólicos ou desinfectantes con actividade viricida debidamente autorizados e rexistrados en lugares accesibles e visibles e, en todo caso, na entrada do lugar de culto, que deberán estar sempre en condicións de uso.

e) Non se permitirá o uso de auga bieita e as ablucións rituais deberán realizarse na casa.

f) Facilitarase no interior dos lugares de culto a distribución dos asistentes sinalizando, se for necesario, os asentos ou zonas utilizables en función da capacidade permitida en cada momento.

g) Nos casos en que os asistentes se sitúen directamente no chan e se descalcen antes de entrar no lugar de culto, usaranse alfombras persoais e situarase o calzado nos lugares estipulados, embolsado e separado.

h) Limitarase ao menor tempo posible a duración dos encontros ou celebracións.



i) Durante o desenvolvemento das reunións ou celebracións evitárase o contacto persoal, tocar ou bicar obxectos de devoción ou outros obxectos que habitualmente se manexen.

3.5. Cerimonias nupciais e outras celebracións relixiosas ou civís.

As cerimonias nupciais e demais celebracións relixiosas ou civís deberán respectar as regras de capacidade e as medidas de hixiene e prevención que sexan de aplicación ao lugar onde se desenvolvan.

3.6. Establecementos e locais comerciais retallistas e de actividades de servizos profesionais abertos ao público que non formen parte de centros ou parques comerciais.

1. Os establecementos e locais comerciais retallistas e de actividades de servizos profesionais abertos ao público que non formen parte de centros ou parques comerciais non poderán superar o cincuenta por cento da súa capacidade total. No caso de establecementos ou locais distribuídos en varios andares, a presenza de clientes en cada un deles deberá gardar esta mesma proporción.

Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersoal nos locais e establecementos ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso da máscara será obrigatorio en todo momento, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersoal.

2. Os ditos establecementos e locais pecharán ás 21.30 horas, agás que teñan fixado, de acordo coa normativa vixente, un horario inferior ou superior.

3. Deberán prestar un servizo de atención preferente a maiores de 75 anos, o cal deberá concretarse en medidas como control de accesos ou caixas de pagamento específicos, e/ ou en horarios determinados que aseguren a dita preferencia na atención. A existencia do servizo de atención preferente deberá sinalarse de forma visible nos ditos establecementos e locais.

4. Os establecementos que teñan consideración de grande superficie, e entendendo por tales os que teñan máis de 2.500 metros cadrados de superficie, deberán dispor de sistemas ou dispositivos que permitan coñecer, en todo momento, o número de persoas usuarias existente no seu interior, así como o control da capacidade máxima permitida nas citadas instalacións.



O cumprimento da citada obriga será responsabilidade das persoas, físicas ou xurídicas, titulares das citadas instalacións.

3.7. Establecementos que teñan a condición de centros e parques comerciais ou que formen parte deles.

1. Os establecementos e locais comerciais retallistas e de actividades de servizos profesionais abertos ao público situados en centros e parques comerciais non poderán superar o trinta por cento da súa capacidade total. No caso de establecementos ou locais distribuídos en varios andares, a presenza de clientes en cada un deles deberá gardar esta mesma proporción.

Para estes efectos, entenderase por centros e parques comerciais, os establecementos comerciais de carácter colectivo definidos no número 2 do artigo 23 da Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia.

2. A capacidade das zonas comúns dos centros e parques comerciais queda limitada ao 30 %.

Non se permitirá a permanencia de clientes nas zonas comúns, excepto para o tránsito entre os establecementos. Queda prohibida a utilización de zonas recreativas, como poden ser zonas infantís, ludotecas ou áreas de descanso, que deben permanecer pechadas.

3. Os centros e parques comerciais deberán pechar ao público as 21.30 horas, agás que teñan fixado, de acordo coa normativa vixente, un horario inferior.

4. Deberanse establecer as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersoal no interior dos locais e establecementos e nas zonas comúns ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso de máscara será obrigatorio en todo momento, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersoal indicada, nos termos previstos no número 1.4 deste anexo. Ademais, deberán evitarse as aglomeracións de persoas que comprometan o cumprimento destas medidas.

5. Os centros e parques comerciais deberán dispor de sistemas ou dispositivos que permitan coñecer, en todo momento, o número de persoas usuarias existente no seu interior, así como o control da capacidade máxima permitida nas citadas instalacións.

O cumprimento da citada obriga será responsabilidade das persoas, físicas ou xurídicas, titulares das citadas instalacións ou das que teñan atribuída a súa xestión.



6. Deberán prestar un servizo de atención preferente a maiores de 75 anos, o cal deberá concretarse en medidas como control de accesos ou caixas de pagamento específicos, e/ou en horarios determinados que aseguren a dita preferencia na atención. A existencia do servizo de atención preferente deberá sinalarse de forma visible nos ditos establecementos e locais.

3.8. Mercados que desenvolven a súa actividade na vía pública.

1. No caso dos mercados que desenvolven a súa actividade na vía pública ao aire libre ou de venda non sedentaria, coñecidos como feiras, non poderán superar o cincuenta por cento dos postos habituais ou autorizados e limitarán a afluencia de clientes de maneira que se asegure o mantemento da distancia de seguridade interpersoal.

Os concellos poderán aumentar a superficie habilitada ou habilitar novos días para o exercicio desta actividade para compensar esta limitación, prestando especial atención á vixilancia do cumprimento das medidas sanitarias e protocolos aplicables nestes contornos.

Á hora de determinar os comerciantes que poden exercer a súa actividade, o concello poderá priorizar aqueles que comercializan produtos alimentarios e de primeira necesidade, asegurando que non se manipulen os produtos comercializados neles por parte dos consumidores.

Os concellos establecerán requisitos de distanciamento entre postos e condicións de delimitación do mercado co obxectivo de procurar manter a distancia de seguridade interpersoal entre traballadores, clientes e viandantes ou, na súa falta, será precisa a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso de máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersoal indicada, nos termos previstos no número 1.3 do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, na súa redacción vixente.

2. Durante todo o proceso de atención ao consumidor deberá manterse a distancia de seguridade interpersoal establecida entre o vendedor e o consumidor, que poderá ser dun metro cando se conte con elementos de protección ou barreira.

3. Deberá sinalarse de forma clara a distancia de seguridade interpersoal entre clientes, con marcas no chan ou mediante o uso de balizas, cartelaría e sinalización para aqueles casos en que sexa posible a atención individualizada de máis dun cliente ao mesmo tempo.



4. Recoméndase a posta á disposición de dispensadores de xeles hidroalcohólicos ou desinfectantes con actividade viricida debidamente autorizados e rexistrados nas inmediacións dos mercados ao aire libre ou de venda non sedentaria na vía pública.

5. Realizarase, polo menos unha vez ao día, unha limpeza e desinfección das instalacións con especial atención ás superficies de contacto máis frecuentes, especialmente mostradores e mesas ou outros elementos dos postos, anteparos, de ser o caso, teclados, terminais de pagamento, pantallas táctiles, ferramentas de traballo e outros elementos susceptibles de manipulación, prestando especial atención a aqueles utilizados por máis dun traballador.

6. Procurarase evitar a manipulación directa dos produtos por parte dos clientes.

3.9. Actividades en academias, autoescolas e centros privados de ensino non regrado e centros de formación.

1. A actividade que se realice en academias, autoescolas e centros privados de ensino non regrado e centros de formación non incluídos no ámbito de aplicación do artigo 9 do Real decreto lei 21/2020, de 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, inscritos no correspondente rexistro, poderá impartirse dun modo presencial sempre que non se supere unha capacidade do cincuenta por cento respecto do máximo permitido.

Nestes centros priorizarase a realización da actividade lectiva non presencial, por medios telemáticos (en liña) sempre que sexa posible.

2. Deberán establecerse as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersonal nas súas instalacións ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso de máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersonal indicada, nos termos previstos no número 1.3. do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, na súa redacción vixente.

3. No caso de utilización de vehículos será obrigatorio o uso de máscara tanto polo persoal docente como polo alumnado ou o resto de ocupantes do vehículo.

3.10. Hoteis e aloxamentos turísticos.

1. Os hoteis e establecementos turísticos permanecerán abertos, sen perxuízo das limitacións vixentes de entrada e saída de persoas en determinados ámbitos territoriais, que



deberán respectarse en todo caso. Os clientes procedentes dalgún dos ámbitos territoriais aos cales se lles apliquen as devanditas limitacións soamente poderán terse desprazado aos establecementos situados fóra dese ámbito territorial polos motivos xustificadas establecidos na normativa vixente.

2. A ocupación das zonas comúns dos hoteis e aloxamentos turísticos non poderá superar o cincuenta por cento da súa capacidade.

Para iso cada establecemento deberá determinar a capacidade dos distintos espazos comúns, así como aqueles lugares en que se poderán realizar eventos e as condicións máis seguras para a súa realización conforme a capacidade máxima prevista e de acordo coas medidas de hixiene, protección e distancia mínima establecidas.

3. Poderán facilitar servizos de hostalaría e restauración para os clientes aloxados nos ditos establecementos. Para o resto de clientes resultará de aplicación o disposto no punto 3.22.

4. No caso de instalacións deportivas de hoteis e aloxamentos turísticos, tales como piscinas ou ximnasios, rexeranse polas regras aplicables a este tipo de instalacións en función da incidencia acumulada do respectivo concello, de conformidade co previsto no punto 3.15.

3.11. Actividade cinexética.

1. Está permitida a actividade cinexética en todas as súas modalidades sempre que se axusten ás limitacións de grupos de persoas aplicables no respectivo concello.

2. En todo caso, a realización das ditas actividades estará sometida ás restricións perimetrais actualmente vixentes.

3.12. Pesca fluvial e marítima, deportiva e recreativa.

1. Está permitida a práctica da pesca fluvial e marítima, deportiva e recreativa, en todas as súas modalidades, sempre que se axusten ás limitacións de grupos de persoas aplicables no respectivo concello.

2. En todo caso, a realización de ditas actividades estará sometida ás restricións perimetrais actualmente vixentes.



3.13. Parques e zonas deportivas de uso público ao aire libre.

1. Os parques infantís, parques biosaudables, zonas deportivas, pistas de skate ou espazos de uso público ao aire libre similares poderán estar abertos ao público sempre que neles se respecte unha capacidade máxima estimada dunha persoa por cada catro metros cadrados de espazo computable de superficie do recinto.

2. Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersonal nas instalacións ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso de máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersonal indicada, nos termos previstos no número 1.3 do Acordo do Consello da Xunta, do 12 de xuño de 2020, na súa redacción vixente.

3. Deberán aplicarse as medidas de hixiene e prevención establecidas, especialmente no que se refire a proceder diariamente á limpeza e desinfección destes espazos nas áreas de contacto das zonas comúns, tales como xogos das zonas infantís, aparellos de actividade física ou outro mobiliario urbano de uso compartido.

4. Recoméndase dispor neses espazos, especialmente no que se refire a parques infantís, de dispensadores de xeles hidroalcohólicos ou desinfectantes con actividade viricida, debidamente autorizados e rexistrados, ou dunha solución xabonosa no caso de espazos para menores de dous anos de idade.

3.14. Realización de actos e reunións laborais, institucionais, académicos ou profesionais.

A realización de actos e reunións laborais, institucionais, académicas, profesionais, sindicais, de representación de traballadores e administrativas, actividades en centros universitarios, educativos, de formación e ocupacionai poderanse realizar sempre que se adopten as medidas previstas nos correspondentes protocolos de funcionamento, ben que se recomenda que se realicen de forma telemática sempre que sexa posible. Non se poderá superar o trinta por cento da capacidade autorizada do local. En calquera caso, deberase respectar un máximo de 30 persoas para lugares pechados e de 75 persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Non obstante, poderase ampliar o límite indicado logo de autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. Neste caso, por solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan



de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade pola COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueles outros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

3.15. Actividade deportiva.

1. A realización da actividade física e deportiva non federada axustarase ás seguintes regras, en función dos datos epidemiolóxicos existentes nos correspondentes concellos:

a) Nos concellos enumerados na parte A do anexo II da presente orde, a práctica da actividade física e deportiva non federada so poderá realizarse ao aire libre ou en instalacións deportivas ao aire libre, de forma individual ou con persoas conviventes, e coa utilización de máscara.

b) Nos concellos enumerados nas partes B e C do anexo II da presente orde, a práctica da actividade física e deportiva non federada, ao aire libre, poderá realizarse de forma individual ou colectiva, sen contacto físico. No caso da práctica de forma colectiva, o máximo será de catro persoas de forma simultánea, sexan ou non conviventes, sen contar, de ser o caso, o monitor.

Nas instalacións e centros deportivos poderase realizar actividade deportiva en grupos de ata catro persoas, sexan ou non conviventes, e sen contar o monitor, sen contacto físico, e sempre que non se supere o trinta por cento da capacidade máxima permitida. Deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade.

Tamén se permite o uso deportivo das piscinas ao aire libre ou cubertas, cunha ocupación máxima do 30 %.

Deberán realizarse tarefas de ventilación nas instalacións cubertas durante un mínimo de 30 minutos ao inicio e ao remate de cada xornada, así como de forma frecuente durante esta e, obrigatoriamente, ao remate de cada clase ou actividade de grupo. No caso da utilización de sistemas de ventilación mecánica, deberá aumentarse a subministración de aire fresco e non se poderá empregar a función de recirculación do aire interior.

Os vestiarios e zonas de ducha poderán usarse cunha ocupación de ata o 30 % da capacidade máxima permitida, e procederase á limpeza e desinfección despois de cada uso e ao final da xornada.



2. A práctica da actividade deportiva federada de ámbito autonómico, adestramentos e competicións, axustarase aos correspondentes protocolos Fisicovid-Dxtgalego aprobados.

3. As competicións deportivas federadas de nivel nacional e os seus adestramentos desenvolveranse de acordo co establecido pola Administración competente e de conformidade coas limitacións establecidas nos protocolos federativos correspondentes.

4. As competicións deportivas federadas de nivel nacional e os seus adestramentos desenvolveranse de acordo co establecido pola Administración competente e de conformidade coas limitacións establecidas nos protocolos federativos correspondentes.

No ámbito das competicións deportivas oficiais non profesionais de ámbito estatal de modalidades deportivas que poidan implicar contacto que se realicen na Comunidade Autónoma de Galicia serán de aplicación as seguintes medidas:

a) Os equipos e deportistas galegos que participen nas ditas competicións deberán realizar os adestramentos e a competición en grupos de composición estable e, en todo caso, deberán realizar tests serolóxicos ou probas similares cada 14 días naturais.

b) A totalidade dos membros da expedición dos equipos e deportistas procedente doutras comunidades autónomas que se despracen á Comunidade Autónoma de Galicia para participen nas ditas competicións deberán realizar tests serolóxicos ou probas similares en orixe polo menos entre 72 e 24 horas previas á celebración da proba/partido/competición.

Así mesmo, deberán comunicar con idéntica antelación ás autoridades sanitarias autonómicas a relación das persoas integrantes da expedición trasladada a Galicia, a data e a hora de chegada á Comunidade Autónoma galega e o lugar de aloxamento, así como o tipo de proba de detección de COVID-19 a que foron sometidas as ditas persoas.

As medidas previstas deben entenderse dentro do necesario respecto ás competencias das autoridades deportivas e sanitarias estatais, polo que serán aplicables sempre que resulten compatibles coas adoptadas polas ditas autoridades e mentres non existan medidas obrigatorias dimanantes delas que ofrezan un nivel de protección equivalente ou similar.

3.16. Centros, servizos e establecementos sanitarios.

1. Os titulares ou directores dos distintos centros, servizos e establecementos sanitarios, de natureza pública ou privada, deberán adoptar as medidas organizativas, de prevención



e hixiene necesarias do seu persoal traballador e dos pacientes, co obxecto de aplicar as recomendacións emitidas nesta materia, relativas á distancia de seguridade interpersoal, uso de máscaras en sitios pechados de uso público, capacidade, hixiene de mans e respiratoria, así como calquera outra medida que establezan as autoridades competentes.

2. Estas medidas deberán aplicarse na xestión dos espazos do centro, accesos, zonas de espera e na xestión das citas dos pacientes, así como na regulación de acompañantes ou visitas, tendo en conta a situación e actividade de cada centro. Para tal efecto, só se permitirá a presenza dunha persoa acompañante por usuario/a no caso de menores, maiores dependentes ou mulleres xestantes.

3. Así mesmo, adoptarán as medidas necesarias para garantir a protección da seguridade e saúde do seu persoal traballador, a limpeza e desinfección das áreas utilizadas e a eliminación de residuos, así como o mantemento adecuado dos equipamentos e instalacións.

4. Estarán obrigados a colaborar coas autoridades sanitarias e de política social nos labores de vixilancia, prevención e control da COVID-19.

3.17. Lonxas.

Nas lonxas deberán establecerse as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersoal ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso de máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersoal indicada, nos termos previstos no número 1.3 do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, na súa redacción vixente.

3.18. Transportes.

1. As condicións de capacidade dos vehículos e embarcacións que realicen servizos colectivos de transporte de viaxeiros de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, isto é, o transporte en autobús –de carácter interurbano e urbano, sexa de uso xeral, de uso especial ou discrecional– e o transporte marítimo en augas interiores, quedan establecidas do seguinte modo:

a) Nos vehículos e embarcacións que dispoñan de asentos poderase ocupar a totalidade dos asentos. Deberase manter a máxima separación entre as persoas usuarias cando o nivel de ocupación o permita.



b) Nos vehículos e embarcacións que teñan autorizadas prazas de pé procurarase que as persoas manteñan entre si a máxima distancia posible, e establécese como límite de ocupación máxima a dunha sexta parte das prazas de pé.

2. Como medidas adicionais aplicables aos modos de transporte establécense as seguintes:

a) Durante toda a duración do traxecto, cando esta sexa inferior a dúas horas, as persoas usuarias non poderán consumir alimentos no interior dos vehículos ou embarcacións e deberán, igualmente e na medida do posible, evitar consumir bebidas, conversar ou manter calquera outro contacto directo con outras persoas ocupantes do dito vehículo ou embarcación.

b) Na prestación de servizos colectivos regulares de transporte de viaxeiros de carácter interurbano de uso xeral, cando non estean autorizadas prazas de pé, e na prestación de calquera servizo de transporte marítimo en augas interiores da competencia da Comunidade Autónoma de Galicia será obrigatoria a expedición de billete coa identificación do servizo concreto de transporte de que se trate e do vehículo ou embarcación que o preste.

Igualmente, todos os anteriores vehículos e embarcacións deberán ter numerados os seus asentos de forma clara e visible para as persoas usuarias.

Naqueles servizos respecto dos cales non haxa unha asignación previa de asento, recoméndase ás persoas viaxeiras que anoten no seu billete o número de asento que ocupen e que o conserven durante os 14 días posteriores ao da viaxe.

c) As empresas concesionarias procurarán a máxima ventilación do vehículo, sen recirculación do aire, mantendo as fiestras abertas sempre que non se produzan correntes de aire.

Para tal efecto, os vehículos que realicen varias viaxes en diferentes quendas horarias deberán proceder á ventilación deste antes de cada quenda e, sempre que for posible, á súa limpeza e desinfección. En todo caso, realizarase como mínimo unha limpeza diaria, empregando produtos e procedementos previstos no plan de limpeza e desinfección.

d) Tanto as empresas concesionarias coma as persoas usuarias observarán en todo momento as medidas de protección, e o uso da máscara, e as demais medidas de prevención, evitando condutas como levantarse, interactuar, berrar, compartir obxectos, tocar superficies comúns ou outras condutas que poidan xerar risco de contaxio ou transmisión.



3. Nos desprazamentos en vehículo particular respectaranse as limitacións que se establezan para grupos de persoas no correspondente ámbito territorial no Decreto 31/2021, do 25 de febreiro, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

Non obstante, está permitido o desprazamento nun vehículo particular de persoas non conviventes que traballen xuntas e só para o traxecto de ida e volta ao centro de traballo, así como para que os menores poidan acudir a centros de ensino. Nestes casos, só se permitirán dúas persoas por fila de asentos, e deberán usar todas máscara.

4. Nos concellos enumerados na parte A do anexo II os taxis e vehículos VTC poderán prestar servizos de transporte para persoas conviventes, así como escolares, persoal sanitario, pacientes ou traballadores non conviventes; nestes casos poderán desprazarse tantas persoas como prazas teña o vehículo e procurarase, cando o nivel de ocupación o permita, a máxima separación entre as persoas usuarias. En todos os casos, será obrigatorio o uso de máscara.

No resto dos concellos, poderán desprazarse tantas persoas como prazas teña o vehículo e procurarase, cando o nivel de ocupación o permita, a máxima separación entre as persoas usuarias. En todos os casos, será obrigatorio o uso de máscara.

3.19. Áreas de servizo para profesionais do transporte.

1. Ás áreas de servizo para profesionais do transporte lles resultarán aplicables as medidas establecidas no número 3.22.

2. Adicionalmente, co obxecto de posibilitar os descansos adecuados en cumprimento da normativa de tempos de condución e descanso, imprescindibles para poder levar a cabo as operacións de transporte, e facilitar aos transportistas profesionais un servizo de restauración, aqueles establecementos situados en centros loxísticos e nas áreas de servizo da Rede de estradas do Estado en Galicia, vías de alta capacidade e Rede primaria básica de estradas de Galicia que dispoñan de cociña, servizos de restauración ou expendedores de comida preparada poderán permanecer abertos alén das limitacións horarias establecidas no número 3.22, incluído en horario nocturno de acordo coa súa regulación específica, para os únicos efectos de dar cumprimento a esta finalidade.



Para o acceso a estes establecementos neste caso será obrigatoria a presentación da tarxeta de profesional do transporte CAP, a consumición no interior deberá realizarse de xeito individual e sentado e non se poderá realizar venda ou dispensación de bebidas alcohólicas.

3.20. Bibliotecas, arquivos, museos e salas de exposicións, monumentos e outros equipamentos culturais.

1. Nas bibliotecas, arquivos, museos e salas de exposicións, monumentos e outros equipamentos culturais, tanto de titularidade pública como privada, poderán realizarse actividades presenciais sen superar o trinta por cento da capacidade máxima permitida.

2. Este límite de ocupación será aplicable tamén á realización de actividades culturais nestes espazos e cun máximo de ata catro persoas nas actividades de grupos, sexan ou non conviventes, excluído o monitor ou guía, e deberán establecerse as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade, excepto no caso de persoas conviventes.

3.21. Celebración de competicións deportivas con público, actividades en cines, teatros, auditorios, congresos e outros eventos, e espazos similares, así como en recintos ao aire libre e noutros locais e establecemento destinados a espectáculos públicos e actividades recreativas.

A celebración de competicións deportivas con público, actividades en cines, teatros, auditorios, congresos e outros eventos e espazos similares, así como en recintos ao aire libre e noutros locais e establecementos destinados a espectáculos públicos e actividades recreativas, poderá desenvolverse, sen superar o trinta por cento da capacidade permitida, con público, sempre que este permaneza sentado e que a capacidade se calcule, dentro da capacidade permitida, de forma que se garde sempre a distancia mínima de seguridade de 1,5 m nas catro direccións entre os asistentes, salvo que se trate de persoas conviventes, cun límite máximo de duascenas cincuenta persoas para lugares pechados e de cincocenas persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Co fin de evitar aglomeracións, a distribución dos asistentes será homoxénea polas butacas e haberá unha planificación axeitada para controlar os accesos e o fluxo de circulación dos asistentes. Debe preverse a apertura de todas as portas dispoñibles coa antelación suficiente.



Deberán establecerse as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersonal no resto das instalacións ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física.

O uso da máscara será obrigatorio en todo momento, mesmo no caso de que se manteña a distancia de seguridade interpersonal nos termos previstos nas medidas hixiénico-sanitarias.

Nas butacas ou asentos preasignados, as persoas asistentes non poderán quitar a máscara.

Deberán realizarse tarefas de ventilación nas instalacións cubertas por espazo de polo menos 30 minutos ao comezo e ao final de cada xornada, así como de forma frecuente durante esta e obrigatoriamente ao finalizar cada actividade. No caso da utilización de sistemas de ventilación mecánica, deberá aumentarse a subministración de aire fresco e non se poderá empregar a función de recirculación do aire interior.

Deberá existir un rexistro de asistentes ao evento e custodialo durante un mes despois do evento, coa información do contacto dispoñible para as autoridades sanitarias, cumprindo coas normas de protección de datos de carácter persoal.

Deberán intensificarse as medidas de limpeza e desinfección das instalacións con produtos debidamente autorizados e rexistrados.

No caso de celebración de congresos, encontros, eventos e actos similares, se os asistentes non permanecen sentados en todo momento, solicitarase autorización á Dirección Xeral de Saúde Pública en que se comuniquen o evento, as datas, as actividades que se van realizar e as medidas concretas organizativas e de seguridade propostas para os riscos de contaxio.

A solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade pola COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueles outros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.



3.22. Hostalaría e restauración.

1. A prestación de servizos de hostalaría e restauración en bares, cafetarías e restaurantes, axustarase ás seguintes regras, en función dos datos epidemiolóxicos existentes nos correspondentes concellos:

a) Nos concellos enumerados na parte A do anexo II da presente orde, os citados establecementos permanecerán pechados ao público e poderán prestar exclusivamente servizos de recollida no local e consumo a domicilio ata as 21.30 horas, ou ben servizo de entrega a domicilio. O servizo de entrega a domicilio poderá realizarse ata as 24.00 horas.

A permanencia nestes establecementos deberá ser a estritamente necesaria. En todo caso, evitanse aglomeracións e controlárase que consumidores e empregados manteñan a distancia de seguridade establecida co fin de evitar posibles contaxios.

b) Nos concellos enumerados na parte B do anexo II da presente orde, os establecementos poderán prestar unicamente servizos de recollida no local e consumo a domicilio, de entrega a domicilio e, así mesmo, de terraza co cincuenta por cento (50 %) da capacidade máxima permitida con base na correspondente licenza municipal ou do que sexa autorizado para este ano, no caso de que a licenza sexa concedida por primeira vez.

En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia de seguridade interpersoal entre as mesas ou, de ser so caso, agrupacións de mesas. A ocupación máxima será de catro persoas por mesa ou agrupación de mesas, no caso de persoas non conviventes.

O horario de peche ao público será ás 18.00 horas. Non obstante, poderán prestar servizos de recollida no local e consumo a domicilio ata as 21.30 horas, ou ben servizo de entrega a domicilio. O servizo de entrega a domicilio poderá realizarse ata as 24.00 horas.

A permanencia nestes establecementos deberá ser a estritamente necesaria. En todo caso, evitanse aglomeracións e controlárase que consumidores e empregados manteñan a distancia de seguridade establecida co fin de evitar posibles contaxios.

c) Nos concellos enumerados na parte C do anexo II da presente orde, os establecementos poderán prestar servizos de recollida no local e consumo a domicilio, de entrega a domicilio, de terraza co cincuenta por cento (50 %) da capacidade máxima permitida con base na correspondente licenza municipal ou do que sexa autorizado para este ano, no



caso de que a licenza sexa concedida por primeira vez, e tamén servizo no interior cunha ocupación do 30 %. Non se poderá prestar servizo na barra.

En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia de seguridade interpersonal entre as mesas ou, de ser so caso, agrupacións de mesas. A ocupación máxima será de catro persoas por mesa ou agrupación de mesas, no caso de persoas non conviventes.

O horario de peche ao público será ás 18.00 horas. Non obstante, poderán prestar servizos de recollida no local e consumo a domicilio ata as 21.30 horas, ou ben servizo de entrega a domicilio. O servizo de entrega a domicilio poderá realizarse ata as 24.00 horas.

A permanencia nestes establecementos deberá ser a estritamente necesaria. En todo caso, evitanse aglomeracións e controlárase que consumidores e empregados manteñan a distancia de seguridade establecida co fin de evitar posibles contaxios.

2. Para o cálculo das ocupacións, así como para a aplicación doutras medidas específicas, observaranse ás medidas aprobadas pola da consellería competente en materia de sanidade no marco do Plan de hostalaría segura.

3. Os establecementos de restauración de centros sanitarios ou de traballo poderán manter o servizo de cafetaría, bar e restaurante. Non poderán superar o cincuenta por cento da súa capacidade. O consumo dentro do local poderá realizarse unicamente sentado na mesa, ou agrupacións de mesas, e deberase asegurar o mantemento da debida distancia de seguridade interpersonal entre clientes. A ocupación máxima será de catro persoas por mesa ou agrupación de mesas.

Nos concellos enumerados nas partes A e B do anexo II da presente orde, estes establecementos de restauración deberán limitar a súa actividade, nas condicións establecidas no número anterior, aos traballadores deles ou, no caso dos centros sanitarios, tamén a acompañantes de doentes. A ocupación máxima será de catro persoas por mesa ou agrupación de mesas e deberán ser todas conviventes ou persoas traballadoras que formen un grupo de convivencia estable dentro do centro de traballo.

No caso de establecementos de hostalaría situados en centros educativos, aplicaranse as regras previstas nos parágrafos precedentes.



Estas regras non será aplicables aos comedores escolares, que se rexerán pola súa normativa específica.

4. Medidas especiais para determinadas actividades.

4.1. Adóptase a medida de peche temporal, durante o período a que se estende a eficacia da medida conforme o punto quinto da orde, das seguintes actividades, conforme as definicións contidas no anexo do Decreto 124/2019, do 5 de setembro, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos abertos ao público da Comunidade Autónoma de Galicia e se establecen determinadas disposicións xerais de aplicación na materia:

I. Espectáculos públicos:

I.3. Espectáculos taurinos.

I.4. Espectáculos circenses.

I.6. Espectáculos feirais e de exhibición.

I.7. Espectáculos pirotécnicos.

II. Actividades recreativas:

II.3. Actividades de lecer e entretemento.

II.4. Atraccións recreativas.

II.8. Actividades zoolóxicas, botánicas e xeolóxicas.

III. Establecementos abertos ao público:

III.1. Establecementos de espectáculos públicos.

III.1.4. Circos.

III.1.5. Prazas de touros.

III.2. Establecementos de actividades recreativas.



III.2.1. Establecementos de xogo.

III.2.1.1. Casinos.

III.2.1.2. Salas de bingo.

III.2.1.3. Salóns de xogo.

III.2.1.4. Tendas de apostas.

Nos concellos enumerados na parte C do anexo II, os establecementos de xogos colectivos de diñeiro e de azar, salóns de xogo, salas de bingo, salóns recreativos, rifas e tómbolas, locais específicos de apostas e outros locais e instalacións asimilables aos de actividade recreativa de xogos e apostas, conforme establece a normativa sectorial en materia de xogo, poderán realizar a súa actividade sempre que non se supere o trinta por cento da súa capacidade permitida e ata as 18.00 horas.

En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia de seguridade interpersonal entre as mesas ou, de ser o caso, agrupacións de mesas. A ocupación máxima será de catro persoas por mesa ou agrupación de mesas.

Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersonal nas súas instalacións, especialmente na disposición e uso das máquinas ou de calquera outro dispositivo de xogo nos locais e establecementos en que se desenvolvan actividades ou, na súa falta, para a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso de máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersonal indicada, nos termos previstos na normativa vixente.

Ademais do cumprimento xeral das medidas de hixiene e prevención, no caso de que se preste algún tipo de servizo de hostalaría e restauración, o réxime e horario de prestación deste servizo axustarase ao disposto para os establecementos de hostalaría.

III.2.3. Establecementos para atraccións e xogos recreativos.

III.2.3.1. Parques de atraccións e temáticos.

III.2.3.2. Parques acuáticos.



III.2.3.3. Salóns recreativos.

III.2.3.4. Parques multilecer.

III.2.6. Establecementos para actividades zoolóxicas, botánicas e xeolóxicas.

III.2.7. Establecementos de lecer e entretemento.

III.2.7.1. Salas de festas.

III.2.7.2. Discotecas.

III.2.7.3. Pubs.

III.2.7.4. Cafés espectáculo.

III.2.7.5. Furanchos. A estes establecementos resultaranlles de aplicación as regras previstas no punto 3.22 do presente anexo.

III.2.8. Centros de lecer infantil.

4.2. Manterán o seu funcionamento con actividade lectiva presencial os seguintes centros educativos de réxime especial:

1º) Escolas oficiais de idiomas.

2º) Escolas de arte e superior de deseño.

3º) Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais.

4º) Escola Superior de Arte Dramática.

5º) Conservatorios de música.

6º) Conservatorios de danza.

7º) Escolas de música.

8º) Escolas de danza.



9º) Centros autorizados de deportes, centros autorizados de fútbol; centros autorizados de fútbol sala.

10º) Centros autorizados de artes plásticas e deseño.

11º) Centros autorizados de música e centros autorizados de danza, salvo que estean integrados en centros docentes que permanezan abertos e que limiten a súa actividade ao alumnado dos ditos centros docentes.

12º) Escolas de música privadas e escolas de danza privadas.

Non obstante, e respecto dos centros relacionados anteriormente, continúan suspendidas as actividades presenciais que impliquen utilización de instrumentos de vento e/ou exercicios de canto.

4.3. Adóptase a medida de peche temporal ao público dos albergues turísticos durante o período a que se estende a eficacia da medida conforme o punto quinto da orde.

4.4. A actividade docente nas ensinanzas universitarias restablecerase en modalidade presencial a partir das 00.00 horas do día 1 de marzo.

4.5. Suspéndese a actividade ao público dos centros de interpretación e visitantes, das aulas da natureza, casetas e puntos de información da Rede galega de espazos protexidos.

4.6. Suspéndese a actividade ao público dos centros sociais, sociocomunitarios, clubs de xubilados e centros de natureza análoga. Permanecerán abertos, en todo caso, os centros de día de maiores e persoas con discapacidade e os ocupacionais, así como as casas do maior.

4.7. Aqueles centros de atención á infancia que se atopen regulados e inscritos de conformidade co previsto no Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia, poderán manter os seus servizos observando as normas de prevención hixiénico sanitarias previstas nos seus protocolos e as previstas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición a unha nova normalidade, na súa redacción vixente.



ANEXO II

A) Concellos con nivel de restrición máxima.

Corcubión
Curtis
Ponteceso
Moeche
Corgo (O)
Guitiriz
Gomesende
Gudiña (A)
Peroxa (A)
Toques

B) Concellos con nivel de restrición alta.

B1. Concellos con nivel de restrición alta da Área Sanitaria da Coruña-Cee:

Aranga
Arteixo
Cambre
Carballo
Carral
Coruña (A)
Culleredo
Laracha (A)
Malpica de Bergantiños
Miño
Muxía
Paderne
Sada
Vilasantar
Abegondo
Bergondo
Betanzos
Cabana de Bergantiños
Camariñas



Cee
Cereda
Coirós
Coristanco
Dumbría
Fisterra
Irixoa
Laxe
Oleiros
Oza-Cesuras
Sobrado
Vilamaior
Vimianzo
Zas

B.2. Concellos con nivel de restrición alta da Área Sanitaria de Ferrol:

Cedeira
Ferrol
Narón
Neda
Pontes de García Rodríguez (As)
San Sadurniño
Ares
Cabanas
Capela (A)
Cariño
Cerdido
Fene
Mañón
Monfero
Mugardos
Ortigueira
Pontedeume
Somozas (As)
Valdoviño



B.3. Concellos con nivel de restrición alta da Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés:

Barro
Cambados
Catoira
Cerdedo-Cotobade
Cuntis
Lama (A)
Marín
Meaño
Meis
Ponte Caldelas
Soutomaior
Vilaboa
Vilanova de Arousa.
Bueu
Caldas de Reis
Campo Lameiro
Forcarei
Grove (O)
Illa de Arousa
Moraña
Poio
Pontevedra
Portas
Ribadumia
Sanxenxo
Vilagarcía de Arousa

B.4. Concellos con nivel de restrición alta da Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos, da Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras, da Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza, e da Área Sanitaria de Vigo:

Baralla
Guntín
Monforte de Lemos
Outeiro de Rei



Pobra de Brollón (A)
Pontenova (A)
Rábade
Sober
Bande
Beade
Celanova
Merca (A)
Mezquita (A)
Punxín
Sandiás
Taboadela
Viana do Bolo
Verea
Xunqueira de Espadanedo

Arzúa
Dodro
Frades
Ordes
Rois
Tordoia

Moaña
Oia
Redondela

C) Concellos con nivel de restricción media.

Abadín
Alfoz
Antas de Ulla
Baleira
Barreiros
Becerreá
Begonte
Bóveda
Burela



Carballedo
Castro de Rei
Castroverde
Cervantes
Cervo
Chantada
Cospeito
Folgozo do Courel
Fonsagrada (A)
Foz
Friol
Incio (O)
Láncara
Lourenzá
Lugo
Meira
Mondoñedo
Monterroso
Muras
Navia de Suarna
Negueira de Muñiz
Nogais (As)
Ouro
Palas de Rei
Pantón
Paradela
Páramo (O)
Pastoriza (A)
Pedrafita do Cebreiro
Pol
Portomarín
Quiroga
Ribadeo
Ribas de Sil
Ribeira de Piquín
Riotorto
Samos



Sarria
Saviñao (O)
Taboada
Trabada
Triacastela
Valadouro (O)
Vicedo (O)
Vilalba
Viveiro
Xermade
Xove

Allariz
Amoeiro
Arnoia
Avión
Baltar
Baños de Molgas
Barbadás
Barco de Valdeorras (O)
Bearíz
Blancos (Os)
Boborás
Bola (A)
Bolo (O)
Calvos de Randín
Carballeda de Avia
Carballeda de Valdeorras
Carballiño (O)
Cartelle
Castrelo de Miño
Castrelo do Val
Castro Caldelas
Cenlle
Chandrexa de Queixa
Coles
Cortegada



Cualedro
Entrimo
Esgos
Irixo (O)
Larouco
Laza
Leiro
Lobeira
Lobios
Maceda
Manzaneda
Maside
Melón
Montederramo
Monterrei
Muíños
Nogueira de Ramuín
Oímbra
Ourense
Paderne de Allaríz
Padrenda
Parada de Sil
Pereiro de Aguiar
Petín
Piñor
Pobra de Trives (A)
Pontedeva
Porqueira
Quintela de Leirado
Rairiz de Veiga
Ramirás
Ribadavia
Riós
Rúa (A)
Rubiá
San Amaro
San Cibrao das Viñas
San Cristovo de Cea



San Xoán de Río
Sarreaus
Teixeira (A)
Toén
Trasmiras
Veiga (A)
Verín
Vilamarín
Vilamartín de Valdeorras
Vilar de Barrio
Vilar de Santos
Vilardevós
Vilariño de Conso
Xinzo de Limia
Xunqueira de Ambía.

Ames
Baña (A)
Boimorto
Boiro
Boqueixón
Brión
Carnota
Lousame
Mazaricos
Melide
Mesía
Muros
Negreira
Noia
Oroso
Outes
Padrón
Pino (O)
Pobra do Caramiñal (A)
Porto do Son
Rianxo
Ribeira
Santa Comba



Santiago de Compostela

Santiso

Teo

Touro

Trazo

Val do Dubra

Vedra

Agolada

Dozón

Estrada (A)

Lalín

Pontecesures

Rodeiro

Silleda

Valga

Vila de Cruces

Arbo

Baiona

Cangas

Cañiza (A)

Covelo (O)

Crecente

Fornelos de Montes

Gondomar

Guarda (A)

Mondariz

Mondariz-Balneario

Mos

Neves (As)

Nigrán

Pazos de Borbén

Ponteareas

Porriño (O)

Rosal (O)

Salceda de Caselas

Salvaterra de Miño

Tomiño

Tui

Vigo



I. DISPOSICIÓN XERAIS**PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA**

DECRETO 26/2021, do 15 de febreiro, polo que se modifica o Decreto 8/2021, do 26 de xaneiro, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

I

A expansión do coronavirus COVID-19 xerou unha crise sanitaria sen precedentes recentes. Así, tras a elevación pola Organización Mundial da Saúde da situación de emerxencia de saúde pública pola dita causa a nivel de pandemia internacional e a adopción, por algunhas comunidades autónomas como a galega, de medidas de prevención, mediante o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, declarouse o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, declaración que afectou todo o territorio nacional, cunha duración inicial de quince días naturais, pero que foi obxecto de sucesivas prórrogas autorizadas polo Congreso dos Deputados.

O levantamento dese estado de alarma, con todo, non puxo fin á crise sanitaria, o que xustificou a adopción de medidas como as previstas, no ámbito estatal, no Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, así como as medidas de prevención que foron adoptando as diferentes comunidades autónomas. En concreto, no caso da Comunidade Autónoma de Galicia, a resposta á crise sanitaria foi, fundamentalmente, ademais do mantemento da declaración de situación de emerxencia sanitaria efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, a adopción, ao abeiro da lexislación sanitaria, ordinaria e orgánica, de medidas de prevención tanto de carácter xeral, para todo o territorio autonómico, como, de maneira específica, a través de diferentes ordes da persoa titular da Consellería de Sanidade, en atención á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

Mediante o Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, declarouse o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. Esa declaración afectou todo o territorio nacional e a súa duración inicial estendíase, conforme o disposto no seu artigo 4, ata as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020.



Conforme o artigo 2 do dito real decreto, para os efectos do estado de alarma, a autoridade competente será o Goberno da Nación. En cada comunidade autónoma e cidade con estatuto de autonomía, a autoridade competente delegada será quen desempeñe a presidencia da comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía, nos termos establecidos no real decreto. As autoridades competentes delegadas quedan habilitadas para ditaren, por delegación do Goberno da Nación, as ordes, resolucións e disposicións para a aplicación do previsto nos artigos 5 ao 11 do real decreto, sen que para iso sexa preciso tramitar ningún procedemento administrativo, nin será de aplicación o previsto no segundo parágrafo do artigo 8.6 e no artigo 10.8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

En concreto, o artigo 6 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, prevé que a autoridade competente delegada que corresponda poderá limitar a entrada e saída de persoas no territorio de cada comunidade autónoma ou en ámbitos territoriais de carácter xeograficamente inferiores á comunidade autónoma, coas excepcións previstas no artigo 6.1.

Pola súa banda, o artigo 7 do mesmo texto normativo dispón que a permanencia de grupos de persoas en espazos de uso público, tanto pechados como ao aire libre, quedará condicionada a que non se supere o número máximo de seis persoas, salvo que se trate de conviventes, e sen prexuízo das excepcións que se establezan en relación con dependencias, instalacións e establecementos abertos ao público. A permanencia de grupos de persoas en espazos de uso privado quedará condicionada a que non se supere o número máximo de seis persoas, salvo que se trate de conviventes. No caso das agrupacións en que se inclúan tanto persoas conviventes como persoas non conviventes, o número máximo será de seis persoas. Conforme o artigo 9, a eficacia desta medida nunha comunidade autónoma producirase cando a autoridade competente delegada o determine. Ademais, o artigo 7 recolle a posibilidade de que a autoridade competente delegada correspondente determine, no seu ámbito territorial, en vista da evolución dos indicadores sanitarios, epidemiolóxicos, sociais, económicos e de mobilidade, logo de comunicación ao Ministerio de Sanidade e de acordo co previsto no artigo 13, que o número máximo sexa inferior a seis persoas, salvo que se trate de conviventes. Así mesmo, as autoridades competentes delegadas poderán, no seu ámbito territorial, establecer excepcións respecto das persoas menores ou dependentes, así como calquera outra flexibilización da limitación.

De acordo co artigo 8 do real decreto, a autoridade competente delegada poderá limitar a permanencia de persoas en lugares de culto mediante a fixación de limitación de capacidade para reunións, celebracións e encontros relixiosos, atendendo ao risco de transmi-



sión que poida resultar dos encontros colectivos, sen que tal limitación poida afectar, en ningún caso, o exercicio privado e individual da liberdade relixiosa.

E, conforme o artigo 10 da norma, a autoridade competente delegada en cada comunidade autónoma poderá, no seu ámbito territorial, en vista da evolución dos indicadores sanitarios, epidemiolóxicos, sociais, económicos e de mobilidade, logo de comunicación ao Ministerio de Sanidade, e de acordo co previsto no artigo 13, modular, flexibilizar e suspender a aplicación das medidas previstas nos artigos 6, 7 e 8, co alcance e ámbito territorial que determine.

O 29 de outubro de 2020, o Congreso dos Deputados autorizou a prórroga do estado de alarma ata o 9 de maio de 2021. Conforme o artigo 2 do Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, a prórroga establecida no dito real decreto estenderase desde as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020 ata as 00.00 horas do día 9 de maio de 2021, e someterase ás condicións establecidas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, e nos decretos que, se é o caso, se adopten en uso da habilitación conferida pola disposición derradeira primeira do citado Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, sen prexuízo do establecido nas disposicións que recolle o propio real decreto de prórroga.

En consecuencia, durante a vixencia do estado de alarma e da súa prórroga, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, deberán adoptarse na condición de autoridade competente delegada, nos termos previstos no dito real decreto e no real decreto de prórroga.

Non obstante, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, non esgotan todas as que se poden adoptar para facer fronte á crise sanitaria. Neste sentido, como prevé expresamente o seu artigo 12, cada Administración conservará as competencias que lle outorga a lexislación vixente, así como a xestión dos seus servizos e do seu persoal, para adoptar as medidas que considere necesarias, sen prexuízo do establecido no real decreto.

Polo tanto, como destaca a propia exposición de motivos do real decreto, durante a vixencia do estado de alarma as administracións sanitarias competentes en saúde pública, no non previsto nesa norma, deberán continuar adoptando as medidas necesarias para afrontar a situación de emerxencia de saúde pública ocasionada polo COVID-19, conforme a lexislación sanitaria, en particular, a Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas



especiais en materia de saúde pública; a Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, e a Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, así como a normativa autonómica correspondente.

II

Neste contexto normativo derivado do estado de alarma vixente, e ante a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia, ditouse o Decreto 179/2020, do 4 de novembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

Posteriormente, ante a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia, ditouse o Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

Estes decretos foron obxecto de diversas modificacións, para manter as medidas adaptadas á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria da Comunidade Autónoma.

Finalmente, ditouse o Decreto 8/2021, do 26 de xaneiro polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

III

A evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia impón no momento actual a necesidade de que, ao abeiro do marco normativo derivado do estado de alarma, o presidente da Comunidade Autónoma adopte novas medidas na condición de autoridade competente delegada, sen prexuízo das que, de modo complementario e compatible con elas, adopte con esta mesma data a persoa titular da Consellería de Sanidade, en exercicio das súas competencias como autoridade sanitaria autonómica.



De acordo co informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 15 de febreiro de 2021, obsérvase o seguinte:

– A incidencia acumulada a 7 e 14 días é de 150 e 410 casos por cen mil habitantes, respectivamente, valores inferiores aos observados o día 7 de febreiro (235 e 591 casos por cen mil habitantes a 7 e 14 días, respectivamente).

– A tendencia diaria mostra, desde o 20 de decembro, dous tramos con tendencia oposta, primeiro crecente a un ritmo do 6,8 % ata o 22 de xaneiro, e despois decrecente cunha porcentaxe de cambio diario de -5,8 %, o que está a indicar un descenso continuo, xa que o 7 de febreiro a porcentaxe de cambio diaria observada era de 5,3 %.

– O número reprodutivo instantáneo (Rt), que indica o número de contaxios orixinados por un caso activo, continúa mostrando unha tendencia descendente que baixa de 1 desde o 29 de xaneiro, o que indica unha diminución na transmisión da infección.

– No que respecta á hospitalización de casos COVID-19, a media de pacientes COVID-19 en hospitalización de agudos nos últimos 7 días foi de 862,7, o que significa un descenso de 14,6 % respecto dos acumulados con data do 7 de febreiro, en que era de 1009,7. A taxa de pacientes COVID-19 en hospitalización de agudos é de 223,7 ingresados acumulados por 100.000 habitantes nos últimos 7 días, cun descenso do 14,6 % respecto dos acumulados con data do 7 de febreiro, que era de 261,8.

– En canto aos ingresos COVID-19 nas unidades de críticos (UCI) nos últimos 7 días, a media foi de 220,1 o que supón un descenso de 3,4 % a respecto do día 7 de febreiro, que foi de 235,3. A taxa a 7 días de ingresados nas UCI é de 57,1 ingresados por 100.000 habitantes, cun descenso do 6,4 respecto do día 7, en que era de 61 ingresados en UCI por 100.000 habitantes.

– Nos concellos con poboación igual ou maior de 10.000 habitantes (54), 41 presentan unha taxa de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes. O 25 % destes concellos (14 concellos) acadan taxas iguais ou maiores aos 500 casos por cen mil habitantes, o que supón unha melloría respecto do día 7 de febreiro, en que eran 34 os concellos con esta taxa (o 62 % do total dos concellos).

– No que se refire aos concellos de menos de 10.000 habitantes (259), 137 presentan unha taxa de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes (53 % do total dos concellos), 50 menos que no día 7 de febreiro. Acádanse taxas de inci-



dencia iguais ou maiores a 500 casos por cen mil habitantes en 60 destes concellos (23 % dos concellos de menos de 10.000 habitantes), 52 concellos menos que o día 7 de febreiro.

Segundo os datos reflectidos neste informe, o cambio na tendencia da taxa de incidencia mantense en descenso, superando o cumio da onda desde o 22 de xaneiro.

A pesar do descenso da incidencia, a taxa a 14 días segue a ser superior aos 250 casos por cen mil habitantes, nivel que se considera de alto risco de transmisión, e hai áreas sanitarias cunha incidencia que supera os 500 casos por cen mil habitantes, sen que ningunha baixe dos 300 casos por cen mil habitantes.

Ademais, a incidencia a 7 días segue por riba dos 100 casos por 100.000 habitantes.

A ocupación por pacientes COVID-19 na hospitalización de agudos e unidades de cuidados críticos segue a diminuír respecto do 7 de febreiro. Non obstante, o número de ingresos é elevado (especialmente nas unidades de críticos) e un incremento na incidencia pode comprometer esta evolución.

Á vista da situación existente, o informe da Dirección Xeral de Saúde Pública recomenda, polo momento, o mantemento das medidas de restrición existentes desde o día 27 de xaneiro.

En efecto, debe terse en conta que a situación actual se caracteriza por unha elevada presión hospitalaria, cun número de persoas ingresadas nas UCI superior ao rexistrado no peor momento da primeira onda da pandemia, así como un nivel de hospitalizacións superior ao da segunda onda. Debe terse tamén presente que a situación de contaxio explosivo pode deberse á circulación en Galicia de novas variantes do virus.

Resulta, pois, necesario manter medidas que tenden á protección da cidadanía e do sistema sanitario, especialmente nunha comunidade autónoma como a galega, que conta cunha poboación envellecida e na cal o virus circulou menos que noutros territorios do Estado, polo que existe un menor nivel de inmunidade natural, á espera de que o proceso de vacinación en marcha acade os resultados esperados.

Debe destacarse que a evolución recente da situación epidemiolóxica demostra a eficacia das medidas adoptadas e, en particular das recollidas no Decreto 8/2021, do 26 de xaneiro, e na Orde da Consellería de Sanidade, do 26 de febreiro de 2021, pola que se es-



tablecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

En efecto, na situación actual, na cal existe unha taxa de incidencia que se considera de alto risco de infección, resulta aínda imprescindible manter as medidas, tendentes en definitiva a limitar a interacción social e, polo tanto limitar os niveis de transmisión, con vistas a que se dean as condicións para unha apertura gradual, progresiva e segura.

Por conseguinte, á vista do indicado no citado informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, e tras escoitar as recomendacións do comité clínico reunido para estes efectos, a situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia exige a o mantemento da eficacia das seguintes medidas adoptadas no Decreto 8/2021, do 26 de xaneiro, na condición de autoridade competente delegada, coas modificacións que se recollen no presente decreto:

a) Limitacións á entrada e saída de persoas do ámbito territorial de cada un dos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, agás certas excepcións, coa finalidade de controlar a transmisión da enfermidade e de conter a irradiación a outros lugares limítrofes dos correspondentes ámbitos territoriais delimitados.

b) Limitación con carácter xeral, no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, da permanencia de grupos de persoas, que terán que estar conformados unicamente por conviventes, en espazos de uso público e de uso privado, agás en determinados supostos excepcionais e xustificados.

A medida de limitación de grupos resulta necesaria, adecuada e proporcionada para o fin perseguido, que non é outro que controlar e evitar a maior difusión dunha enfermidade altamente contaxiosa, respecto da cal a diferenza entre persoas enfermas e sas resulta difusa, dada a posible asintomatoloxía ou levidade dos síntomas e a existencia dun período no cal non hai indicios externos da enfermidade. En concreto, trátase de evitar especialmente aglomeracións ou encontros de carácter familiar ou social entre persoas non conviventes, co fin de garantir o mantemento da distancia de seguridade e reducir o risco de contacto físico ou proximidade en condicións favorecedoras do contaxio. Debe lembrarse, neste sentido, que o Auto 40/2020, do 30 de abril de 2020, do Tribunal Constitucional, no seu fundamento xurídico cuarto, ao ponderar a relevancia das especiais circunstancias derivadas da crise sanitaria creada pola pandemia no exercicio do dereito de reunión, salientou como, ante a incerteza sobre as formas de contaxio, sobre o impacto real da propagación do virus, así como sobre as consecuencias a medio e longo prazo para a saúde das



persoas que se viron afectadas, as medidas de distanciamento social, confinamento domiciliario e limitación extrema dos contactos e actividades grupais son as únicas que se teñen demostrado eficaces para limitar os efectos dunha pandemia de dimensións descoñecidas ata a data. En particular, a medida de limitación das agrupacións de persoas vai dirixida a previr ou, polo menos, restrinxir numericamente a participación en reunións familiares ou sociais nas cales cabe apreciar un maior risco de transmisión polas circunstancias en que se realizan, por existir unha maior confianza e relaxación das medidas de seguridade, xa que teñen lugar fóra de ambientes profesionais, laborais ou outros protocolizados en que se debe usar máscara e que se rodean doutras garantías que dificultan a transmisión e o contaxio.

Procede advertir, ademais, de que a medida de limitación de grupos non é absoluta, senón que seguirá estando matizada por unha serie de importantes excepcións.

c) Como excepción ás limitacións de entrada e saída de persoas do ámbito territorial de cada un dos concellos galegos e de permanencia en grupos constituídos soamente por conviventes, mantense a posibilidade de levar a cabo accións de caza colectiva sobre as especies cinexéticas do xabaril e do lobo nos supostos expresamente recollidos no punto sexto do Decreto 8/2021, do 26 de xaneiro.

d) Limitación da permanencia de persoas en lugares de culto. Trátase de manter os límites de capacidade que se viñan aplicando actualmente na Comunidade Autónoma de Galicia, adaptando a súa aplicación á nova situación existente. Todo isto co fin de evitar concentracións de persoas e de manter a coherencia cos límites de capacidade que se prevén para outras actividades co fin de previr e reducir o risco de transmisión.

e) Limitación da mobilidade nocturna no período comprendido entre as 22.00 e as 6.00 horas, durante o cal soamente se poderá circular polas vías e polos espazos públicos para a realización de determinadas actividades.

f) Limitación da entrada e saída de persoas do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia coa finalidade de evitar desprazamentos de poboación, salvo nos supostos adecuadamente xustificadas que se produzan por algún dos motivos previstos no número 2 do punto primeiro deste decreto, e sen prexuízo da circulación en tránsito prevista no número 3 do punto primeiro.

De acordo co artigo 9 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, dado que o peche perimetral pretendido afecta a fronteira terrestre cun terceiro Estado, comunicárase a



adopción da medida, con carácter previo, ao Ministerio do Interior e ao Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación.

Por último, cómpre indicar que estas medidas terán efecto entre as 00.00 horas do día 17 de febreiro de 2021 e as 00.00 horas do día 3 de marzo de 2021. En cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, estas serán obxecto de seguimento e de avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria, para os efectos, de ser necesario, da súa modificación ou levantamento.

IV

Tendo en conta o indicado, a situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia determina que procede ditar un novo decreto en que se adapten as medidas existentes á indicada situación.

De acordo co exposto, por proposta do conselleiro de Sanidade, e na condición de autoridade competente delegada, por delegación do Goberno da Nación, conforme o disposto nos artigos 2, 5, 6, 7, 8, 9 e 10 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2,

DISPOÑO:

Primeiro. Modificación do Decreto 8/2021, do 26 de xaneiro, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2

1. A letra n) do número 2 do punto primeiro do Decreto 8/2021, do 26 de xaneiro, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, queda redactado como segue:

«Adestramentos ou competicións de ámbito federado profesional ou non profesional permitidos pola Orde da Consellería de Sanidade, do 15 de febreiro de 2021, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situa-



ción epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia. Para estes efectos, a Secretaría Xeral para o Deporte poderá establecer requisitos, condicións e limitacións os desprazamentos correspondentes á actividade deportiva federada de ámbito autonómico.».

2. A actual letra n) do número 2 do punto primeiro do Decreto 8/2021, do 26 de xaneiro, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, pasa a ser a letra ñ).

3. O As letras e) e f) do número 2 do punto segundo do Decreto 8/2021, do 26 de xaneiro, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, queda redactado como segue:

«e) No caso de actividades laborais, institucionais, empresariais, profesionais, sindicais, de representación de traballadores e administrativas, actividades en centros universitarios, educativos, de formación e ocupacionais, así como no caso da práctica do deporte federado, sempre que se adopten as medidas previstas nos correspondentes protocolos de funcionamento.».

«f) As actividades previstas no anexo da Orde da Consellería de Sanidade, do 15 de febreiro de 2021, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, respecto das cales se prevexa a posibilidade de grupos de persoas que non sexan conviventes.».

4. O número 1 do punto quinto do Decreto 8/2021, do 26 de xaneiro, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, queda redactado como segue:

«1. Entre o día 17 de febreiro de 2021, ás 00.00 horas, e o día 3 de marzo de 2021, ás 00.00 horas, establécese unha limitación de entrada e saída na Comunidade Autónoma de



Galicia, salvo para aqueles desprazamentos, adecuadamente xustificados, que se produzan por algún dos motivos previstos no número 2 do punto primeiro deste decreto.».

5. O punto sétimo do Decreto 8/2021, do 26 de xaneiro, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, queda redactado como segue:

«Sétimo. *Eficacia, seguimento e avaliación*

A eficacia das medidas previstas neste decreto rematará ás 00.00 horas do día 3 de marzo de 2021, sen prexuízo da súa posible prórroga.

Non obstante o anterior, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas deberán ser obxecto de seguimento e de avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria e para os efectos, de ser necesario, da súa modificación ou levantamento.».

Segundo. *Eficacia*

Este decreto producirá efectos desde ás 00.00 horas do día 17 de febreiro de 2021.

Terceiro. *Recursos*

Contra este decreto poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, conforme os artigos 12.1.a) e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, quince de febreiro de dous mil vinte e un

Alberto Núñez Feijóo
Presidente da Xunta de Galicia



I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 15 de febreiro de 2021 pola que se dispón a prórroga e a modificación das medidas de prevención específicas previstas na Orde do 26 de xaneiro de 2021, como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

I

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto do dito acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderán ser obxecto de modificación ou supresión, mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade.

Así mesmo, indícase no dito punto sexto, na redacción vixente, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de acordo coa normativa aplicable e en vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou en parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación das medidas concretas contidas no anexo.



Mediante o Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, declarouse o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. Esta declaración afectou todo o territorio nacional e a súa duración inicial estendeuse, conforme o disposto no seu artigo 4, ata as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020.

Conforme o artigo 2 dese real decreto, para os efectos do estado de alarma, a autoridade competente será o Goberno da Nación. En cada comunidade autónoma e cidade con estatuto de autonomía, a autoridade competente delegada será quen exerza a presidencia da comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía, nos termos establecidos no real decreto. As autoridades competentes delegadas quedan habilitadas para ditar, por delegación do Goberno da Nación, as ordes, resolucións e disposicións para a aplicación do previsto nos artigos 5 ao 11 do real decreto, sen que para iso sexa precisa a tramitación de procedemento administrativo ningún, nin será de aplicación o previsto no segundo parágrafo do artigo 8.6 e no artigo 10.8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O 29 de outubro de 2020, o Congreso dos Deputados autorizou a prórroga do estado de alarma ata o día 9 de maio de 2021. Conforme o artigo 2 do Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, a prórroga establecida no devandito real decreto estenderase desde as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020 ata as 00.00 horas do día 9 de maio de 2021, e someterase ás condicións establecidas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, e nos decretos que, se é o caso, se adopten en uso da habilitación conferida pola disposición derradeira primeira do citado Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, sen prexuízo do establecido nas disposicións que recolle o propio real decreto de prórroga.

En consecuencia, durante a vixencia do estado de alarma e da súa prórroga, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, deberán adoptarse, na condición de autoridade competente delegada, nos termos previstos no devandito real decreto e no real decreto de prórroga.

Non obstante, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, non esgotan todas as que poden ser adoptadas para facer fronte á crise sanitaria. Neste sentido, como prevé expresamente o seu artigo 12, cada Administración conservará as compe-



tencias que lle outorga a lexislación vixente, así como a xestión dos seus servizos e do seu persoal, para adoptar as medidas que considere necesarias, sen prexuízo do establecido no real decreto.

Polo tanto, durante a vixencia do estado de alarma e das súas prórrogas, as medidas que sexa necesario adoptar para facer fronte, na Comunidade Autónoma, á crise sanitaria serán as que poida acordar, ao abeiro da normativa do estado de alarma, o presidente da Comunidade Autónoma, como autoridade competente delegada, e as complementarias que poidan adoptar, no exercicio das súas competencias propias, as autoridades sanitarias autonómicas e, entre elas, a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, ao abeiro do disposto no punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020 citado.

II

Sentado o anterior, no contexto normativo derivado do estado de alarma vixente e ante a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia, ditouse o Decreto 179/2020, do 4 de novembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas en determinados ámbitos territoriais da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. Tales medidas consistiron no establecemento de limitacións de entrada e saída de persoas de determinados ámbitos territoriais e en limitacións da permanencia de persoas en espazos de uso público e de uso privado, e en lugares de culto. Conforme o punto quinto do decreto, a eficacia destas medidas estendíase ata as 15.00 horas do día 4 de decembro de 2020, sen prexuízo de que debían ser obxecto de seguimento e de avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria para os efectos, de ser necesario, da súa modificación ou levantamento. Ademais, esas medidas debían ser complementadas, como indica o propio decreto, con outras que procede que adopte a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade no exercicio das súas competencias propias como autoridade sanitaria autonómica. Estas medidas complementarias establecéronse mediante a Orde do 4 de novembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que foi modificada en diversas ocasións.



III

A situación da evolución epidemiolóxica xeral na Comunidade Autónoma de Galicia, unida á necesidade de adaptar as medidas que se adoptaran desde a Orde do 3 de decembro de 2020 e as súas sucesivas modificacións, fixo necesario acometer unha revisión delas mediante a Orde de 26 de xaneiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia. Nesta orde adoptáronse medidas máis restritivas, consonte o que recollía o Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 25 de xaneiro de 2021. Nel reflectíase un empeoramento da situación: o conxunto da Comunidade Autónoma de Galicia presentaba, en día 24 de xaneiro, unha taxa de incidencia a 14 días de case 700 casos por 100.000 habitantes, o que significaba unha suba de 1,4 veces respecto dos datos dos informes anteriores.

Por outra banda, o número reprodutivo instantáneo (R_t), que indica o número de casos secundarios que ocorren por cada caso activo, continuaba amosando valores superiores ao limiar situado no 1 en todas as áreas sanitarias e no global de Galicia, o que indicaba que seguía a haber transmisión.

Así mesmo, observáronse brotes identificados que estaban en vixilancia epidemiolóxica e baixo medidas restritivas, pero a situación caracterizábase pola presenza de casos en practicamente case todos os concellos. Así, do total de concellos ($N=313$), detectáronse casos de COVID-19 en todos eles, agás en 19, o que significaba que o número de concellos sen casos se reduciu practicamente á metade desde o día 17 de xaneiro, en que eran 34.

IV

O punto cuarto da Orde do 26 de xaneiro de 2021, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, prevé que a eficacia das medidas contidas nela se estenderá ata o 18 de febreiro de 2021.

Non obstante o anterior, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, establécese que serán obxecto de seguimento e avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser modificadas ou levantadas por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.



De acordo co informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 15 de febreiro de 2021, obsérvase o seguinte:

– A incidencia acumulada a 7 e 14 días é de 150 e 410 casos por cen mil habitantes, respectivamente, valores inferiores aos observados o día 7 de febreiro (235 e 591 casos por cen mil habitantes a 7 e 14 días, respectivamente).

– A tendencia diaria mostra, desde o 20 de decembro, dous tramos con tendencia oposta, primeiro crecente a un ritmo do 6,8 % ata o 22 de xaneiro e despois decrecente cunha porcentaxe de cambio diario de -5,8 %, o que está a indicar un descenso continuo xa que en 7 de febreiro a porcentaxe de cambio diaria observada era de 5,3 %.

– O número reprodutivo instantáneo (Rt), que indica o número de contaxios orixinados por un caso activo, continúa mostrando unha tendencia descendente que baixa de 1 desde o 29 de xaneiro, o que indica unha diminución na transmisión da infección.

– No que respecta á hospitalización de casos COVID-19, a media de pacientes COVID-19 en hospitalización de agudos nos últimos 7 días foi de 862,7, o que significa un descenso do 14,6 % a respecto dos acumulados en día 7 de febreiro, no que era de 1.009,7. A taxa de pacientes COVID-19 en hospitalización de agudos é de 223,7 ingresados acumulados por 100.000 habitantes nos últimos 7 días, cun descenso do 14,6 % a respecto dos acumulados en día 7 de febreiro, que era de 261,8.

– En canto aos ingresos COVID-19 nas unidades de críticos (UCI) nos últimos 7 días, a media foi de 220,1 o que supón un descenso de 3,4 % a respecto do día 7 de febreiro, en que foi de 235,3. A taxa a 7 días de ingresados nas UCI é de 57,1 ingresados por 100.000 habitantes, cun descenso do 6,4 a respecto do día 7, en que era de 61 ingresados en UCI por 100.000 habitantes.

– Nos concellos con poboación igual ou maior de 10.000 habitantes (54), 41 presentan unha taxa de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes. O 25 % destes concellos (14 concellos) acadan taxas iguais ou maiores aos 500 casos por cen mil habitantes, o que supón unha melloría a respecto do día 7 de febreiro, onde eran 34 os concellos con esta taxa (o 62 % do total dos concellos).

– No que se refire aos concellos de menos de 10.000 habitantes (259), 137 presentan unha taxa de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes



(53 % do total dos concellos), 50 menos que no día 7 de febreiro. Acádanse taxas de incidencia iguais ou maiores a 500 casos por cen mil habitantes en 60 destes concellos (23 % dos concellos de menos de 10.000 habitantes), 52 concellos menos que o día 7 de febreiro.

Segundo os datos reflectidos neste informe, o cambio na tendencia da taxa de incidencia mantense en descenso, superando o cumio da onda desde o 22 de xaneiro.

A pesar do descenso da incidencia, a taxa a 14 días segue a ser superior aos 250 casos por cen mil habitantes, nivel que se considera de alto risco de transmisión, e hai áreas sanitarias cunha incidencia que supera os 500 casos por cen mil habitantes, sen que ningunha baixe dos 300 casos por cen mil habitantes.

Ademais, a incidencia a 7 días segue por riba dos 100 casos por 100.000 habitantes.

A ocupación por pacientes COVID-19 na hospitalización de agudos e unidades de coitados críticos segue a diminuír respecto do 7 de febreiro. Non obstante, o número de ingresos é elevado (especialmente nas unidades de críticos) e un incremento na incidencia pode comprometer esta evolución.

Á vista da situación existente, o informe da Dirección Xeral de Saúde Pública recomenda, polo momento, o mantemento das medidas de restrición existentes desde o día 27 de xaneiro.

En efecto, debe terse en conta que a situación actual se caracteriza por unha elevada presión hospitalaria, cun número de persoas ingresadas nas UCI superior ao rexistrado no peor momento da primeira onda da pandemia, así como un nivel de hospitalizacións superior ao da segunda onda. Debe terse tamén presente que a situación de contaxio explosivo pode deberse á circulación en Galicia de novas variantes do virus.

Resulta pois necesario manter medidas que tenden á protección da cidadanía e do sistema sanitario, especialmente nunha comunidade autónoma como a galega que conta cunha poboación envellecida e na cal o virus circulou menos que noutros territorios do Estado, polo que existe un menor nivel de inmunidade natural, á espera de que o proceso de vacinación en marcha acade os resultados esperados.

Debe destacarse que a evolución recente da situación epidemiolóxica demostra a eficacia das medidas adoptadas e, en particular das recollidas no Decreto 8/2021, do 26 de



xaneiro, e na Orde da Consellería de Sanidade, do 26 de febreiro de 2021, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

En efecto, na situación actual, en que existe unha taxa de incidencia que se considera de alto risco de infección, resulta aínda imprescindible manter as medidas, tendentes en definitiva a limitar a interacción social e, polo tanto, limitar os niveis de transmisión, con vistas a que se dean as condicións para unha apertura gradual, progresiva e segura.

Tendo en conta o indicado no devandito informe e tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, procede, en consecuencia, prorrogar as medidas que se viñan aplicando en toda a Comunidade Autónoma de Galicia, co obxecto de estabilizar a evolución positiva da epidemia e rebaixar os seus indicadores.

Por outra banda, cómpre tamén introducir algunhas modificacións no anexo da Orde do 26 de xaneiro de 2021, co obxecto de precisar algunhas cuestións que foron obxecto de numerosas consultas por parte dos destinatarios das medidas.

Así, sucede cos horarios de apertura de establecementos retallistas, centros e parques comerciais ou grandes superficies, que pasan a concretarse mediante a modificación dos puntos 3.6 e 3.7 do anexo da citada orde, ou coa aclaración do punto 3.18 no que atinxe aos vehículos de taxi e VTC.

Introdúcese unha modificación no punto 3.15 para posibilitar a práctica deportiva federada de ámbito autonómico, adestramentos e competicións.

Tamén se recolle no punto 3.19 a posibilidade de prestación de servizos de hostalaría e restauración ás/aos profesionais do transporte en centros loxísticos ou nas áreas de servizo da Rede de estradas do Estado en Galicia, vías de alta capacidade e Rede primaria básica de estradas de Galicia, que poderán permanecer abertos, incluído en horario nocturno de acordo coa súa regulación específica, para os efectos de que os/as profesionais do transporte dispoñan dun servizo de comidas. Neses establecementos de hostalaría e restauración, e para os citados profesionais, poderase realizar o consumo de alimentos e bebidas no interior.

Finalmente, modifícase o punto 4 do anexo da citada Orde do 26 de xaneiro de 2021, no relativo ao restablecemento de certas actividades culturais.



V

As medidas que se adoptan nesta orde teñen o seu fundamento normativo na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 e 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para adoptar as medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica existente, no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, coa urxencia que a protección da saúde pública demanda.

Na súa virtude, en aplicación do punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. Prórroga

Prorrógase a eficacia das medidas previstas na Orde do 26 de xaneiro de 2021, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, nos termos previstos no punto terceiro da presente orde, coas modificacións que a seguir se establecen.

Segundo. Modificación da Orde do 26 de xaneiro de 2021, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia

Un. Modifícase o punto 3.6 do anexo da Orde do 26 de xaneiro de 2021, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación



epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado como segue:

«3.6. Establecementos e locais comerciais retalistas e de actividades de servizos profesionais abertos ao público que non formen parte de centros ou parques comerciais.

1. Os establecementos e locais comerciais retalistas e de actividades de servizos profesionais abertos ao público que non formen parte de centros ou parques comerciais non poderán superar o cincuenta por cento da súa capacidade total. No caso de establecementos ou locais distribuídos en varios andares, a presenza de clientes en cada un deles deberá gardar esta mesma proporción.

Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersoal nos locais e establecementos ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso da máscara será obrigatorio en todo momento, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersoal.

2. Os ditos establecementos e locais pecharán ás 21.30 horas, agás que teñan fixado, de acordo coa normativa vixente, un horario inferior.

3. Deberán prestar un servizo de atención preferente a maiores de 65 anos, o cal deberá concretarse en medidas como control de accesos ou caixas de pagamento específicos, e/ ou en horarios determinados que aseguren a dita preferencia na atención. A existencia do servizo de atención preferente deberá sinalarse de forma visible nos ditos establecementos e locais.

4. Os establecementos que teñan consideración de grande superficie, e entendendo por tales os que teñan máis de 2500 metros cadrados de superficie, deberán dispor de sistemas ou dispositivos que permitan coñecer, en todo momento, o número de persoas usuarias existente no seu interior, así como o control da capacidade máxima permitida nas citadas instalacións.

O cumprimento da citada obriga será responsabilidade das persoas, físicas ou xurídicas, titulares das citadas instalacións».

Dous. Modifícase o punto 3.7 do anexo da Orde do 26 de xaneiro de 2021, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da



situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado como segue:

«3.7. Establecementos que teñan a condición de centros e parques comerciais ou que formen parte deles.

1. Os establecementos e locais comerciais retalistas e de actividades de servizos profesionais abertos ao público situados en centros e parques comerciais non poderán superar o trinta por cento da súa capacidade total. No caso de establecementos ou locais distribuídos en varios andares, a presenza de clientes en cada un deles deberá gardar esta mesma proporción.

Para estes efectos, entenderanse por centros e parques comerciais os establecementos comerciais de carácter colectivo definidos no número 2 do artigo 23 da Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia.

2. A capacidade das zonas comúns dos centros e parques comerciais queda limitada ao 30 %. Non se permitirá a permanencia de clientes nas zonas comúns, excepto para o tránsito entre os establecementos. Queda prohibida a utilización de zonas recreativas, como poden ser zonas infantís, ludotecas ou áreas de descanso, que deben permanecer pechadas.

3. Os centros e parques comerciais deberán pechar ao público as 21.30 horas, agás que teñan fixado, de acordo coa normativa vixente, un horario inferior ou superior. Así mesmo, pecharán os sábados, domingos e festivos.

4. Exceptúanse do disposto no punto anterior en canto ao peche de sábados, domingos e festivos as seguintes actividades comerciais:

a) Comercio polo miúdo en establecementos non especializados con predominio en produtos alimenticios, bebidas e tabaco.

b) Comercio polo miúdo de froitas e hortalizas en establecementos especializados.

c) Comercio polo miúdo de carne e produtos cárnicos en establecementos especializados.

d) Comercio polo miúdo de peixes e mariscos en establecementos especializados.



e) Comercio polo miúdo de pan e produtos de panadaría, confeitaría e pastelería en establecementos especializados.

f) Comercio polo miúdo de bebidas en establecementos especializados.

g) Outro comercio polo miúdo de produtos alimenticios en establecementos especializados.

h) Comercio polo miúdo de combustible para a automoción en establecementos especializados.

i) Comercio polo miúdo de artigos médicos e ortopédicos en establecementos especializados.

j) Comercio polo miúdo de produtos farmacéuticos en establecementos especializados.

k) Comercio polo miúdo de alimentos para animais de compañía en establecementos especializados.

l) Comercio polo miúdo de produtos hixiénicos.

5. Deberanse establecer as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersonal no interior dos locais e establecementos e nas zonas comúns ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso de máscara será obrigatorio en todo momento, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersonal indicada, nos termos previstos no número 1.4 deste anexo. Ademais, deberán evitarse as aglomeracións de persoas que comprometan o cumprimento destas medidas.

6. Os centros e parques comerciais deberán dispor de sistemas ou dispositivos que permitan coñecer, en todo momento, o número de persoas usuarias existente no seu interior, así como o control da capacidade máxima permitida nas citadas instalacións.

O cumprimento da citada obriga será responsabilidade das persoas, físicas ou xurídicas, titulares das citadas instalacións ou das quen teñan atribuída a súa xestión.

7. Deberán prestar un servizo de atención preferente a maiores de 65 anos, o cal deberá concretarse en medidas como control de accesos ou caixas de pagamento específicos, e/ ou en horarios determinados que aseguren a dita preferencia na atención. A existencia do servizo de atención preferente deberá sinalarse de forma visible nos ditos establecementos e locais».



Tres. Modifícase o punto 3.15 do anexo da Orde do 26 de xaneiro de 2021, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado como segue:

«3.15. Actividade deportiva e competicións deportivas federadas e os seus adestramentos.

1. A práctica da actividade física e deportiva non federada so poderá realizarse ao aire libre ou en instalacións deportivas ao aire libre, de forma individual ou con persoas conviventes e coa utilización de máscara.

2. A práctica da actividade deportiva federada de ámbito autonómico, adestramentos e competicións, axustarase aos correspondentes protocolos Fisicovid-Dxtgalego aprobados, e os deportistas participantes e demais persoal autorizado non estarán suxeitos ás limitacións de entrada e saída existentes en determinados ámbitos territoriais e ás limitacións establecidas á liberdade de circulación das persoas en horario nocturno nos casos en que exista causa xustificada.

3. As competicións deportivas federadas de nivel nacional e os seus adestramentos desenvolveranse de acordo co establecido pola Administración competente e de conformidade coas limitacións establecidas nos protocolos federativos correspondentes.

4. As competicións deportivas federadas de nivel nacional e os seus adestramentos desenvolveranse sen público de acordo co establecido pola Administración competente e de conformidade coas limitacións establecidas nos protocolos federativos correspondentes.

No ámbito das competicións deportivas oficiais non profesionais de ámbito estatal de modalidades deportivas que poidan implicar contacto que se realicen na Comunidade Autónoma de Galicia serán de aplicación as seguintes medidas:

a) Os equipos e deportistas galegos que participen nas ditas competicións deberán realizar os adestramentos e a competición en grupos de composición estable e, en todo caso, deberán realizar tests serolóxicos ou probas similares cada 14 días naturais.

b) A totalidade dos membros da expedición dos equipos e deportistas procedente doutras comunidades autónomas que se despracen á Comunidade Autónoma de Galicia para



participar nas ditas competicións deberán realizar tests serolóxicos ou probas similares en orixe polo menos entre 72 e 24 horas previas á celebración da proba/partido/competición. Así mesmo, deberán comunicar con idéntica antelación ás autoridades sanitarias autonómicas a relación das persoas integrantes da expedición trasladada a Galicia, a data e a hora de chegada á Comunidade Autónoma galega e o lugar de aloxamento, así como o tipo de proba de detección COVID-19 a que foron sometidas as ditas persoas.

As medidas previstas deben entenderse dentro do necesario respecto ás competencias das autoridades deportivas e sanitarias estatais, polo que serán aplicables sempre que resulten compatibles coas adoptadas polas ditas autoridades e mentres non existan medidas obrigatorias dimanantes delas que ofrezan un nivel de protección equivalente ou similar».

Catro. Modifícase o número 4 do punto 3.18 do anexo da Orde do 26 de xaneiro de 2021, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado como segue:

«4. Os taxis e vehículos VTC poderán prestar servizos de transporte para persoas conviventes, así como para escolares, persoal sanitario, pacientes ou traballadores non conviventes; poderán desprazarse tantas persoas como prazas teña o vehículo e procurarse, cando o nivel de ocupación o permita, a máxima separación entre as persoas usuarias. En todos os casos, será obrigatorio o uso de máscara».

Cinco. Modifícase o punto 3.19 do anexo da Orde do 26 de xaneiro de 2021, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado como segue:

«3.19. Áreas de servizo para profesionais do transporte.

Co obxecto de posibilitar os descansos adecuados en cumprimento da normativa de tempos de condución e descanso, imprescindibles para poder levar a cabo as operacións de transporte, e facilitarlles aos transportistas profesionais un servizo de catering, aqueles establecementos situados en centros loxísticos e nas áreas de servizo da Rede de estradas do Estado en Galicia, vías de alta capacidade e Rede primaria básica de estradas de Galicia que dispoñan de cociña, servizos de restauración, ou expendedores de comida preparada, poderán permanecer abertos, incluído en horario nocturno de acordo coa súa regulación específica, para os únicos efectos de dar cumprimento a esta finalidade.



Para o acceso a estes establecementos será obrigatorio a presentación da tarxeta de profesional do transporte CAP.

En todo caso, a consumición no interior destes establecementos deberá realizarse de xeito individual e sentado e non se poderá realizar venda ou dispensación de bebidas alcohólicas».

Seis. Engádesse un punto 3.20 do anexo da Orde do 26 de xaneiro de 2021, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado como segue:

«3.20. Bibliotecas, arquivos, museos e salas de exposicións, monumentos e outros equipamentos culturais.

1. Nas bibliotecas, arquivos, museos e salas de exposicións, monumentos e outros equipamentos culturais, tanto de titularidade pública como privada, poderán realizarse actividades presenciais sen superar o trinta por cento da capacidade máxima permitida.

2. Este límite de ocupación será aplicable tamén á realización de actividades culturais nestes espazos e cun máximo de ata catro persoas nas actividades de grupos, sexan ou non conviventes, excluído o monitor ou guía, e deberán establecerse as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade, excepto no caso de persoas conviventes».

Sete. Engádesse un punto 3.21 do anexo da Orde do 26 de xaneiro de 2021, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado como segue:

«3.21. Celebración de actividades en cines, teatros, auditorios, congresos e outros eventos, e espazos similares, así como en recintos ao aire libre e noutros locais e establecemento destinados a espectáculos públicos e actividades recreativas.

A celebración de actividades en cines, teatros, auditorios, congresos e outros eventos e espazos similares, así como en recintos ao aire libre e noutros locais e establecementos destinados a espectáculos públicos e actividades recreativas, poderá desenvolverse, sen superar o trinta por cento da capacidade permitida, con público sempre que este permane-



za sentado, e que a capacidade se calcule, dentro da capacidade permitida, de forma que se garde sempre a distancia mínima de seguridade de 1,5 m nas catro direccións entre os asistentes, salvo que se trate de persoas conviventes, cun límite máximo de duascentas cincuenta persoas para lugares pechados e de cincocentas persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Co fin de evitar aglomeracións, a distribución dos asistentes será homoxénea polas butacas, e haberá unha planificación axeitada para controlar os accesos e o fluxo de circulación dos asistentes. Debe preverse a apertura de todas as portas dispoñibles coa antelación suficiente.

Deberán establecerse as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersoal no resto das instalacións ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física.

O uso da máscara será obrigatorio en todo momento, mesmo no caso de que se manteña a distancia de seguridade interpersoal nos termos previstos nas medidas hixiénico-sanitarias. Nas butacas ou asentos preasignados, as persoas asistentes non poderán quitar a máscara.

Deberán realizarse tarefas de ventilación nas instalacións cubertas por espazo de polo menos 30 minutos ao comezo e ao final de cada xornada, así como de forma frecuente durante esta e obrigatoriamente ao finalizar cada actividade. No caso da utilización de sistemas de ventilación mecánica, deberá aumentarse a subministración de aire fresco e non se poderá empregar a función de recirculación do aire interior.

Deberá existir un rexistro de asistentes ao evento e custodiar este durante un mes despois do evento, coa información do contacto dispoñible para as autoridades sanitarias, cumprindo coas normas de protección de datos de carácter persoal.

Deberán intensificarse as medidas de limpeza e desinfección das instalacións con produtos debidamente autorizados e rexistrados.

No caso de celebración de congresos, encontros, eventos e actos similares, se os asistentes non permanecen sentados en todo momento, solicitarase autorización á Dirección Xeral de Saúde Pública en que se comuniquen o evento, as datas, as actividades que se van realizar e as medidas concretas organizativas e de seguridade propostas para os riscos de contaxio. A solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades,



públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade polo COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueles outros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan».

Oito. Modifícase o punto 4 do anexo da Orde do 26 de xaneiro de 2021, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado como segue:

«4. Medidas especiais para determinadas actividades.

4.1. Adóptase a medida de peche temporal, durante o período a que se estende a eficacia da medida conforme o punto cuarto da orde, das seguintes actividades, conforme as definicións contidas no anexo do Decreto 124/2019, do 5 de setembro, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos abertos ao público da Comunidade Autónoma de Galicia e se establecen determinadas disposicións xerais de aplicación na materia:

I. Espectáculos públicos:

I.3. Espectáculos taurinos.

I.4. Espectáculos circenses.

I.5. Espectáculos deportivos.

I.6. Espectáculos feirais e de exhibición.

I.7. Espectáculos pirotécnicos.

II. Actividades recreativas:

II.2. Actividades deportivas.



II.3. Actividades de lecer e entretemento.

II.4. Atraccións recreativas.

II.7. Actividades de restauración.

II.8. Actividades zoolóxicas, botánicas e xeolóxicas.

III. Establecementos abertos ao público:

III.1. Establecementos de espectáculos públicos.

III.1.4. Circos.

III.1.5. Prazas de touros.

III.1.6. Establecementos de espectáculos deportivos.

III.1.7. Recintos feirais.

III.2. Establecementos de actividades recreativas.

III.2.1. Establecementos de xogo.

III.2.1.1. Casinos.

III.2.1.2. Salas de bingo.

III.2.1.3. Salóns de xogo.

III.2.1.4. Tendas de apostas.

III.2.2. Establecementos para actividades deportivas.

III.2.2.1. Estadios deportivos.

III.2.2.2. Pavillóns deportivos.

III.2.2.3. Recintos deportivos.



III.2.2.4. Pistas de patinaxe.

III.2.2.5. Ximnasiaos.

III.2.2.6. Piscinas de competición.

III.2.2.7. Piscinas recreativas de uso colectivo.

Poderán permanecer abertas as instalacións deportivas ao aire libre para a práctica deportiva individual.

Poderán permanecer abertas as instalacións deportivas en que se celebren adestramentos ou competicións de ámbito federado, profesional ou non profesional, cuxos vestuarios e zonas de ducha poderán ser usados cunha ocupación de ata o 30 % da capacidade máxima permitida, e procederase á limpeza e desinfección despois de cada uso e ao final da xornada. En todo caso, queda prohibida a asistencia de público ás competicións e adestramentos, sen prexuízo do disposto no número 2 do artigo 15 do Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

III.2.3. Establecementos para atraccións e xogos recreativos.

III.2.3.1. Parques de atraccións e temáticos.

III.2.3.2. Parques acuáticos.

III.2.3.3. Salóns recreativos.

III.2.3.4. Parques multilecer.

III.2.5. Establecementos de restauración.

III.2.5.1. Restaurantes.

III.2.5.1.1. Salóns de banquetes.

III.2.5.2. Cafetarías.

III.2.5.3. Bares.



Os establecementos de hostalaría e restauración (bares, cafetarías, restaurantes) permanecerán pechados ao público e poderán prestar exclusivamente servizos de entrega a domicilio ou para a súa recollida no local e consumo a domicilio. O servizo de entrega a domicilio poderá realizarse ata as 24.00 horas. A permanencia nestes establecementos deberá ser a estritamente necesaria. En todo caso, evítanse aglomeracións e controlárase que consumidores e empregados manteñan a distancia de seguridade establecida co fin de evitar posibles contaxios.

Os establecementos de restauración de centros sanitarios ou de traballo que limiten a súa actividade aos traballadores deles, ou, no caso dos centros sanitarios, tamén a acompañantes de doentes, poderán manter o servizo de cafetería, bar e restaurante. Non poderán superar o cincuenta por cento da súa capacidade. O consumo dentro do local poderá realizarse unicamente sentado na mesa, ou agrupacións de mesas, e deberase asegurar o mantemento da debida distancia de seguridade interpersoal entre clientes. A ocupación máxima será de catro persoas por mesa ou agrupación de mesas, e deberán ser todas elas conviventes ou persoas traballadoras que formen un grupo de convivencia estable dentro do centro de traballo.

No caso de establecementos de hostalaría situados en centros educativos, aplicaranse as regras previstas no parágrafo precedente para os docentes e traballadores do centro. O alumnado só poderá facer recollida de alimentos ou bebida. Estas regras non serán aplicables aos comedores escolares, que se rexerán pola súa normativa específica.

III.2.6. Establecementos para actividades zoolóxicas, botánicas e xeolóxicas.

III.2.7. Establecementos de lecer e entretemento.

III.2.7.1. Salas de festas.

III.2.7.2. Discotecas.

III.2.7.3. Pubs.

III.2.7.4. Cafés espectáculo.

III.2.7.5. Furanchos.

III.2.8. Centros de lecer infantil.



4.2. Restablécese a actividade lectiva presencial a partir das 00.00 horas do día 22 de febreiro de 2021 nos seguintes centros educativos de réxime especial:

1º) Escolas oficiais de idiomas.

2º) Escolas de arte e superior de deseño.

3º) Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais.

4º) Escola Superior de Arte Dramática.

5º) Conservatorios de música.

6º) Conservatorios de danza.

7º) Escolas de música.

8º) Escolas de danza.

9º) Centros autorizados de deportes, centros autorizados de fútbol; centros autorizados de fútbol sala.

10º) Centros autorizados de artes plásticas e deseño.

11º) Centros autorizados de música e centros autorizados de danza, salvo que estean integrados en centros docentes que permanezan abertos e que limiten a súa actividade ao alumnado dos ditos centros docentes.

12º) Escolas de música privadas e escolas de danza privadas.

Non obstante, e respecto dos centros relacionados anteriormente, continúan suspendidas as actividades presenciais que impliquen utilización de instrumentos de vento e/ou exercicios de canto.

4.3. Adóptase a medida de peche temporal ao público dos albergues turísticos durante o período a que se estende a eficacia da medida conforme o punto cuarto da orde.

4.4. A actividade docente nas ensinanzas universitarias restablecerase en modalidade presencial a partir das 00.00 horas do día 1 de marzo.



4.5. Suspéndese a actividade ao público dos centros de interpretación e visitantes, das aulas da natureza, casetas e puntos de información da Rede galega de espazos protexidos.

4.6. Suspéndese a actividade ao público dos centros sociais, sociocomunitarios, clubs de xubilados e centros de natureza análoga. Permanecerán abertos, en todo caso, os centros de día de maiores e persoas con discapacidade e os ocupacionais, así como as casas do maior».

Terceiro. *Eficacia*

As medidas previstas nesta orde terán efectos desde as 00.00 horas do día 17 de febreiro de 2021 e estenderán a súa eficacia ata as 00.00 horas do día 3 de marzo de 2021, sen prexuízo da súa posible prórroga. Non obstante o anterior, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, serán obxecto de seguimento e avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser modificadas ou levantadas por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2021

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade



I. DISPOSICIÓNS XERAIS**PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA**

DECRETO 8/2021, do 26 de xaneiro, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

I

A expansión do coronavirus COVID-19 xerou unha crise sanitaria sen precedentes recentes. Así, tras a elevación pola Organización Mundial da Saúde da situación de emerxencia de saúde pública pola dita causa a nivel de pandemia internacional e a adopción, por algunhas comunidades autónomas como a galega, de medidas de prevención, mediante o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, declarouse o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, declaración que afectou todo o territorio nacional, cunha duración inicial de quince días naturais, pero que foi obxecto de sucesivas prórrogas autorizadas polo Congreso dos Deputados.

O levantamento dese estado de alarma, con todo, non puxo fin á crise sanitaria, o que xustificou a adopción de medidas como as previstas, no ámbito estatal, no Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, así como as medidas de prevención que foron adoptando as diferentes comunidades autónomas. En concreto, no caso da Comunidade Autónoma de Galicia, a resposta á crise sanitaria foi, fundamentalmente, ademais do mantemento da declaración de situación de emerxencia sanitaria efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, a adopción, ao abeiro da lexislación sanitaria, ordinaria e orgánica, de medidas de prevención tanto de carácter xeral, para todo o territorio autonómico, como de maneira específica, a través de diferentes ordes da persoa titular da Consellería de Sanidade, en atención á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

Mediante o Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, declarouse o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. Esa declaración afectou todo o territorio nacional e a súa duración inicial estendíase, conforme o disposto no seu artigo 4, ata as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020.



Conforme o artigo 2 do dito real decreto, para os efectos do estado de alarma, a autoridade competente será o Goberno da Nación. En cada comunidade autónoma e cidade con estatuto de autonomía, a autoridade competente delegada será quen desempeñe a presidencia da comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía, nos termos establecidos no real decreto. As autoridades competentes delegadas quedan habilitadas para ditaren, por delegación do Goberno da Nación, as ordes, resolucións e disposicións para a aplicación do previsto nos artigos 5 ao 11 do real decreto, sen que para iso sexa preciso tramitar ningún procedemento administrativo, nin será de aplicación o previsto no segundo parágrafo do artigo 8.6 e no artigo 10.8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

En concreto, o artigo 6 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, prevé que a autoridade competente delegada que corresponda poderá limitar a entrada e saída de persoas no territorio de cada comunidade autónoma ou en ámbitos territoriais de carácter xeograficamente inferiores á comunidade autónoma, coas excepcións previstas no artigo 6.1.

Pola súa banda, o artigo 7 do mesmo texto normativo dispón que a permanencia de grupos de persoas en espazos de uso público, tanto pechados como ao aire libre, quedará condicionada a que non se supere o número máximo de seis persoas, salvo que se trate de conviventes, e sen prexuízo das excepcións que se establezan en relación con dependencias, instalacións e establecementos abertos ao público. A permanencia de grupos de persoas en espazos de uso privado quedará condicionada a que non se supere o número máximo de seis persoas, salvo que se trate de conviventes. No caso das agrupacións en que se inclúan tanto persoas conviventes como persoas non conviventes, o número máximo será de seis persoas. Conforme o artigo 9, a eficacia desta medida nunha comunidade autónoma producirase cando a autoridade competente delegada o determine. Ademais, o artigo 7 recolle a posibilidade de que a autoridade competente delegada correspondente determine, no seu ámbito territorial, en vista da evolución dos indicadores sanitarios, epidemiolóxicos, sociais, económicos e de mobilidade, logo de comunicación ao Ministerio de Sanidade e de acordo co previsto no artigo 13, que o número máximo sexa inferior a seis persoas, salvo que se trate de conviventes. Así mesmo, as autoridades competentes delegadas poderán, no seu ámbito territorial, establecer excepcións respecto das persoas menores ou dependentes, así como calquera outra flexibilización da limitación.

De acordo co artigo 8 do real decreto, a autoridade competente delegada poderá limitar a permanencia de persoas en lugares de culto mediante a fixación de limitación de capacidade para reunións, celebracións e encontros relixiosos, atendendo ao risco de transmi-



sión que poida resultar dos encontros colectivos, sen que tal limitación poida afectar, en ningún caso, o exercicio privado e individual da liberdade relixiosa.

E, conforme o artigo 10 da norma, a autoridade competente delegada en cada comunidade autónoma poderá, no seu ámbito territorial, en vista da evolución dos indicadores sanitarios, epidemiolóxicos, sociais, económicos e de mobilidade, logo de comunicación ao Ministerio de Sanidade e de acordo co previsto no artigo 13, modular, flexibilizar e suspender a aplicación das medidas previstas nos artigos 6, 7 e 8, co alcance e ámbito territorial que determine.

O 29 de outubro de 2020, o Congreso dos Deputados autorizou a prórroga do estado de alarma ata o 9 de maio de 2021. Conforme o artigo 2 do Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, a prórroga establecida no devandito real decreto estenderase desde as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020 ata as 00.00 horas do día 9 de maio de 2021, e someterase ás condicións establecidas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, e nos decretos que, se é o caso, se adopten en uso da habilitación conferida pola disposición derradeira primeira do citado Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, sen prexuízo do establecido nas disposicións que recolle o propio real decreto de prórroga.

En consecuencia, durante a vixencia do estado de alarma e da súa prórroga, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, deberán adoptarse na condición de autoridade competente delegada, nos termos previstos no dito real decreto e no real decreto de prórroga.

Non obstante, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, non esgotan todas as que se poden adoptar para facer fronte á crise sanitaria. Neste sentido, como prevé expresamente o seu artigo 12, cada Administración conservará as competencias que lle outorga a lexislación vixente, así como a xestión dos seus servizos e do seu persoal, para adoptar as medidas que considere necesarias, sen prexuízo do establecido no real decreto.

Polo tanto, como destaca a propia exposición de motivos do real decreto, durante a vixencia do estado de alarma as administracións sanitarias competentes en saúde pública, no non previsto nesa norma, deberán continuar adoptando as medidas necesarias para afrontar a situación de emerxencia de saúde pública ocasionada polo COVID-19, conforme a lexislación sanitaria, en particular, a Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas



especiais en materia de saúde pública; a Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, e a Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, así como a normativa autonómica correspondente.

II

Neste contexto normativo derivado do estado de alarma vixente, e ante a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia, ditouse o Decreto 179/2020, do 4 de novembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

Posteriormente, ante a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia, ditouse o Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

Estes decretos foron obxecto de diversas modificacións, para manter as medidas adaptadas á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria da Comunidade Autónoma.

III

A evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia impón no momento actual a necesidade de que, ao abeiro do marco normativo derivado do estado de alarma, o presidente da Comunidade Autónoma adopte novas medidas na condición de autoridade competente delegada, sen prexuízo das que, de modo complementario e compatible con elas, adopte con esta mesma data a persoa titular da Consellería de Sanidade, en exercicio das súas competencias como autoridade sanitaria autonómica.

De acordo co informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 25 de xaneiro de 2021, obsérvase que, na Comunidade Autónoma de Galicia, as taxas de incidencia a 3, 7 e 14 días, presentan valores moi superiores aos anteriores, chegando a 176,37; 405,41 e 696,35 casos por cen mil habitantes respectivamente.



Polo tanto, o conxunto de Galicia presenta, o día 24 de xaneiro, unha taxa de incidencia a 14 días de case 700 casos por cen mil habitantes, o que significa unha subida de 1,4 veces respecto dos datos dos informes anteriores.

Por áreas sanitarias, as taxas a 14 días acadan valores superiores aos 500 casos por 100.000 habitantes en todas elas, agás a de Lugo, pero que está próxima (492,13 casos por 100.000 habitantes) superando incluso os 600 casos por cen mil habitantes en 5 delas: A Coruña, Santiago, Ferrol, Ourense e Vigo.

No grupo de idade de máis de 64 anos, tamén se superan os 500 casos por cen mil habitantes en todas as áreas sanitarias, agás nas de Lugo e Pontevedra, con 409,36 e 485,32 casos por cen mil habitantes, respectivamente.

Por outra banda, o número reprodutivo instantáneo (Rt), que indica o número de casos secundarios que ocorren por cada caso activo, continúa mostrando valores superiores ao limiar situado no 1 en todas as áreas sanitarias e no global de Galicia, o que indica que segue a haber transmisión.

En canto á porcentaxe de positividade do total das probas PCR realizadas en Galicia, obsérvanse valores superiores ao 7 % nos últimos 14 días, estando no momento de realizar este informe no 10,8 %.

Así mesmo, obsérvanse, na actualidade, brotes identificados que están en vixilancia epidemiolóxica e baixo medidas restritivas, pero a situación actual caracterízase pola presenza de casos en practicamente case todos os concellos. Así, do total de concellos (N = 313), nos últimos 14 días houbo casos de COVID-19 en todos eles, agás en 19, o que significa que o número de concellos sen casos se reduciu practicamente á metade desde o día 17 de xaneiro, cando eran 34.

En relación coas hospitalizacións, nos últimos 28 días (desde o día 28.12.2020 ao 24.1.2021) superáronse os 20 ingresos diarios, rexistrándose máis de 55 ingresos en 20 deses días e chegando a superar os 100 ingresos en cinco deles.

Así mesmo, cómpre ter en conta a maior porcentaxe de persoas de idade entre os hospitalizados e que, na actualidade, todas as áreas sanitarias teñen casos ingresados nas UCI.

Por conseguinte, á vista do indicado no citado informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, e tras escoitar as recomendacións do comité clínico reunido para estes efectos, a si-



tuación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia exige a adopción, na condición de autoridade competente delegada, das seguintes medidas:

a) Limitacións á entrada e saída de persoas do ámbito territorial de cada un dos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia con efectos desde as 00.00 horas do día 27 de xaneiro de 2021, agás certas excepcións, coa finalidade de controlar a transmisión da enfermidade e de conter a irradiación a outros lugares limítrofes dos correspondentes ámbitos territoriais delimitados.

b) Limitación, con efectos desde as 00.00 horas do día 27 de xaneiro de 2021, e con carácter xeral no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, da permanencia de grupos de persoas, que terán que estar conformados unicamente por conviventes, en espazos de uso público e de uso privado, agás en determinados supostos excepcionais e xustificadas.

A medida de limitación de grupos resulta necesaria, adecuada e proporcionada para o fin perseguido, que non é outro que controlar e evitar a maior difusión dunha enfermidade altamente contagiosa, respecto da cal a diferenza entre persoas enfermas e sas resulta difusa, dada a posible asintomatoloxía ou levidade dos síntomas e a existencia dun período no cal non hai indicios externos da enfermidade. En concreto, trátase de evitar especialmente aglomeracións ou encontros de carácter familiar ou social entre persoas non conviventes, co fin de garantir o mantemento da distancia de seguridade e reducir o risco de contacto físico ou proximidade en condicións favorecedoras do contaxio. Debe lembrarse, neste sentido, que o Auto 40/2020, do 30 de abril de 2020, do Tribunal Constitucional, no seu fundamento xurídico cuarto, ao ponderar a relevancia das especiais circunstancias derivadas da crise sanitaria creada pola pandemia no exercicio do dereito de reunión, salientou como, ante a incerteza sobre as formas de contaxio, sobre o impacto real da propagación do virus, así como sobre as consecuencias a medio e longo prazo para a saúde das persoas que se viron afectadas, as medidas de distanciamento social, confinamento domiciliario e limitación extrema dos contactos e actividades grupais son as únicas que se teñen demostrado eficaces para limitar os efectos dunha pandemia de dimensións descoñecidas ata a data. En particular, a medida de limitación das agrupacións de persoas vai dirixida a previr ou, polo menos, restrinxir numericamente a participación en reunións familiares ou sociais nas cales cabe apreciar un maior risco de transmisión polas circunstancias en que se realizan, por existir unha maior confianza e relaxación das medidas de seguridade, xa que teñen lugar fóra de ambientes profesionais, laborais ou outros protocolizados en que se debe usar máscara e que se rodean doutras garantías que dificultan a transmisión e o contaxio.



Procede advertir, ademais, de que a medida de limitación de grupos non é absoluta, senón que seguirá estando matizada por unha serie de importantes excepcións.

c) Como excepción ás limitacións de entrada e saída de persoas do ámbito territorial de cada un dos concellos galegos e de permanencia en grupos constituídos soamente por conviventes, prevese no punto sexto deste decreto, a posibilidade de levar a cabo accións de caza colectiva sobre as especies cinexéticas do xabaril e do lobo nos supostos expresamente recollidos no devandito punto sexto.

d) Limitación da permanencia de persoas en lugares de culto. Trátase de manter, con efectos desde as 00.00 horas do día 27 de xaneiro de 2021, os límites de capacidade que se viñan aplicando actualmente na Comunidade Autónoma de Galicia, adaptando a súa aplicación á nova situación existente. Todo isto co fin de evitar concentracións de persoas e de manter a coherencia cos límites de capacidade que se prevén para outras actividades co fin de previr e reducir o risco de transmisión.

e) Limitación da mobilidade nocturna no período comprendido entre as 22.00 e as 6.00 horas, durante o cal soamente se poderá circular polas vías e espazos públicos para a realización de determinadas actividades.

f) Limitación da entrada e saída de persoas do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia desde as 00.00 horas do día 27 de xaneiro ata as 00.00 horas do día 17 de febreiro coa finalidade de evitar desprazamentos de poboación, salvo nos supostos adecuadamente xustificadas que se produzan por algún dos motivos previstos no número 2 do punto primeiro deste decreto, e sen prexuízo da circulación en tránsito prevista no número 3 do punto primeiro.

De acordo co artigo 9 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, dado que o peche perimetral pretendido afecta a fronteira terrestre cun terceiro Estado, comunicárase a adopción da medida, con carácter previo, ao Ministerio do Interior e ao Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación.

Por último, cómpre indicar que estas medidas terán efecto entre as 00.00 horas do día 27 de xaneiro de 2021 e as 00.00 horas do día 17 de febreiro de 2021. En cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, estas serán obxecto de seguimento e de avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria, para os efectos, de ser necesario, da súa modificación ou levantamento.



IV

Tendo en conta o indicado, a situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia determina que proceda ditar un novo decreto en que se adapten as medidas existentes á indicada situación.

De acordo co exposto, por proposta do conselleiro de Sanidade, e na condición de autoridade competente delegada, por delegación do Goberno da Nación, conforme o disposto nos artigos 2, 5, 6, 7, 8, 9 e 10 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2,

DISPOÑO:

Primeiro. *Limitacións da entrada e saída de persoas en determinados ámbitos territoriais*

1. Quedan restrinxidas a entrada e a saída de persoas do ámbito territorial de cada un dos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia considerados individualmente.

2. Quedan exceptuados das anteriores limitacións aqueles desprazamentos, adecuadamente xustificados, que se produzan por algún dos seguintes motivos:

- a) Asistencia a centros, servizos e establecementos sanitarios.
- b) Cumprimento de obrigas laborais, profesionais, empresariais, institucionais, sindicais e de representación de traballadores ou legais.
- c) Asistencia a centros universitarios, docentes e educativos, incluídas as escolas de educación infantil.
- d) Retorno ao lugar de residencia habitual ou familiar.
- e) Asistencia e coidado, incluído o acompañamento, a maiores, menores, dependentes, persoas con discapacidade ou persoas especialmente vulnerables.
- f) Desprazamento a entidades financeiras e de seguros ou estacións de servizo en territorios limítrofes.
- g) Actuacións requiridas ou urxentes ante os órganos públicos, xudiciais ou notariais.



h) Renovacións de permisos e documentación oficial, así como outros trámites administrativos inaprazables.

i) Realización de exames ou probas oficiais inaprazables.

j) Coidado de hortas e animais.

k) Asistencia a academias, autoescolas e centros privados de ensino non regrado e centros de formación.

l) Desprazamento a establecementos comerciais polo miúdo de alimentación, bebidas, produtos e bens de primeira necesidade en territorios limítrofes cando non exista alternativa no propio concello.

m) Por causa de forza maior ou situación de necesidade.

n) Calquera outra actividade de análoga natureza, debidamente acreditada.

3. Non estará sometida a restrición ningunha a circulación en tránsito a través dos ámbitos territoriais en que resulten de aplicación as limitacións previstas no número 1.

4. En todo caso, recoméndase limitar a mobilidade o máximo posible.

Segundo. Limitación da permanencia de grupos de persoas en espazos públicos ou privados

1. No territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, a permanencia de grupos de persoas en espazos de uso público, tanto pechados como ao aire libre, e en espazos de uso privado quedará condicionada aos constituídos exclusivamente por persoas conviventes.

Polo tanto, permítense unicamente as reunións familiares, sociais e lúdicas, de carácter informal non regrado, das persoas que pertencen ao mesmo núcleo ou grupo de convivencia, con independencia de que se desenvolvan ao aire libre, e no ámbito público ou privado, en locais cerrados ou vehículos privados particulares.

2. As limitacións establecidas no punto anterior exceptúanse nos seguintes supostos e situacións:

a) As persoas que viven soas, que poderán formar parte dunha única unidade de convivencia ampliada. Cada unidade de convivencia pode integrar soamente unha única persoa que viva soa.



b) A reunión de persoas menores de idade cos seus proxenitores, no caso de que estes non convivan no mesmo domicilio.

c) A reunión de persoas con vínculo matrimonial ou de parella cando estes vivan en domicilios diferentes.

d) A reunión para o coidado, a atención, a asistencia ou o acompañamento a persoas menores de idade, persoas maiores ou dependentes, con discapacidade ou especialmente vulnerables.

e) No caso de actividades laborais, institucionais, empresariais, profesionais, sindicais, de representación de traballadores e administrativas, actividades en centros universitarios, educativos, de formación e ocupacionais, sempre que se adopten as medidas previstas nos correspondentes protocolos de funcionamento.

f) As actividades previstas no anexos da Orde da Consellería de Sanidade, do 26 de xaneiro de 2021, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, respecto das cales se prevexa a posibilidade de grupos de persoas que non sexan conviventes.

g) Por causa de forza maior ou situación de necesidade.

3. En todo caso, recoméndase restrinxir ao máximo a interacción social e que os encontros queden limitados unicamente á unidade de convivencia.

Terceiro. *Limitacións á permanencia de persoas en lugares de culto*

1. Na Comunidade Autónoma de Galicia, a asistencia a lugares de culto non poderá superar o terzo da súa capacidade e deberase garantir, en todo caso, o mantemento da distancia de seguridade de 1,5 metros entre as persoas asistentes. A capacidade máxima deberá publicarse en lugar visible do espazo destinado ao culto.

Non se poderá utilizar o exterior dos edificios nin a vía pública para a celebración de actos de culto.

2. Deberán establecerse medidas para ordenar e controlar as entradas e saídas aos lugares de culto para evitar aglomeracións e situacións que non permitan cumprir coa distancia de seguridade.



3. As limitacións previstas nos números anteriores non poderán afectar en ningún caso o exercicio privado e individual da liberdade relixiosa.

Cuarto. *Limitación da mobilidade nocturna*

Tendo en conta a evolución epidemiolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia, e de conformidade co previsto no artigo 5 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, durante o período comprendido entre as 22.00 e as 6.00 horas, as persoas unicamente poderán circular polas vías ou espazos de uso público para a realización das seguintes actividades:

- a) Adquisición de medicamentos, produtos sanitarios e outros bens de primeira necesidade.
- b) Asistencia a centros, servizos e establecementos sanitarios.
- c) Asistencia a centros de atención veterinaria por motivos de urxencia.
- d) Cumprimento de obrigas laborais, profesionais, empresariais, institucionais ou legais.
- e) Retorno ao lugar de residencia habitual, tras realizar algunhas das actividades previstas neste punto.
- f) Asistencia e coidado a maiores, menores, dependentes, persoas con discapacidade ou persoas especialmente vulnerables.
- g) Por causa de forza maior ou situación de necesidade.
- h) Calquera outra actividade de análoga natureza, debidamente acreditada.
- i) Abastecemento en gasolineras ou estacións de servizo, cando resulte necesario para a realización das actividades previstas nos parágrafos anteriores.

Quinto. *Limitación temporal da entrada e saída de persoas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia*

1. Entre o día 27 de xaneiro de 2021 ás 00.00 horas e o día 17 de febreiro de 2021 ás 00.00 horas, establécese unha limitación de entrada e saída na Comunidade Autónoma de



Galicia, salvo para aqueles desprazamentos, adecuadamente xustificados, que se produzan por algún dos motivos previstos no número 2 do punto primeiro deste decreto.

2. En particular, as persoas desprazadas a Galicia deberán cumprir o establecido na Orde do 27 de xullo de 2020 pola que se establecen medidas de prevención para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, en relación coa chegada á Comunidade Autónoma de Galicia de persoas procedentes doutros territorios, polo que as persoas que cheguen á Comunidade Autónoma de Galicia despois de ter estado, dentro do período dos catorce días naturais anteriores á dita chegada, en territorios cunha alta incidencia do COVID-19 en comparación coa existente na Comunidade Autónoma deberán comunicar, no prazo máximo de 24 horas desde a súa chegada á Comunidade Autónoma de Galicia, os datos de contacto e de estadía na Comunidade Autónoma de Galicia na forma establecida na orde.

3. As persoas desprazadas a Galicia, unha vez no lugar a que se despracen, deberán cumprir as limitacións de entrada e saída previstas, se é o caso, neste decreto, ademais do resto das medidas aplicables.

4. En todo caso, recoméndase evitar ou reducir a mobilidade xeográfica o máximo posible.

Sexto. *Actividade cinexética do xabaril e do lobo*

1. Quedan exceptuadas das limitacións á entrada e saída de persoas dos ámbitos territoriais previstos no número 1 do punto primeiro, así como das restricións á permanencia de grupos de persoas en espazos públicos previstas no punto segundo, as accións de caza colectiva que se realicen exclusivamente sobre as especies cinexéticas do xabaril e do lobo, nos seguintes supostos:

a) Accións de caza sobre o xabaril de acordo coa planificación aprobada para a tempada de caza 2020/2021 nos plans anuais de aproveitamento cinexético dos Tecor, e accións autorizadas especificamente en terreos de réxime cinexético común.

b) Accións de caza con ocasión de danos á agricultura ou á gandaría ocasionados polo xabaril e/ou o lobo, logo da súa comprobación por parte das xefaturas territoriais da consellería competente en materia de ambiente.

c) Accións de caza como consecuencia de accidentes graves de tráfico reiterados nun mesmo punto quilométrico.



2. En todo caso, durante o desenvolvemento destas accións de caza deberán cumprirse as condicións establecidas pola consellería competente en materia de ambiente, así como as medidas de prevención que adicionalmente poidan ser establecidas polas autoridades sanitarias.

Sétimo. *Eficacia, seguimento e avaliación*

A eficacia das medidas previstas neste decreto comezará ás 00.00 horas do día 27 de xaneiro de 2021 e terminará ás 00.00 horas do día 17 de febreiro de 2021.

Non obstante o anterior, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas deberán ser obxecto de seguimento e de avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria e para os efectos, de ser necesario, da súa modificación ou levantamento.

Oitavo. *Derrogación do Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2*

Queda derogado o Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

Noveno. *Recursos*

Contra o presente decreto poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, conforme os artigos 12.1.a) e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, vinte e seis de xaneiro de dous mil vinte e un

Alberto Núñez Feijóo
Presidente da Xunta de Galicia



I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 26 de xaneiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

I

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto do devandito acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderán ser obxecto de modificación ou supresión, mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade.

Así mesmo, indícase no dito punto sexto, na redacción vixente, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de acordo coa normativa aplicable e en vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou en parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación das medidas concretas contidas no anexo.

Mediante o Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, declarouse o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. Esta declaración



afectou todo o territorio nacional e a súa duración inicial estendeuse, conforme o disposto no seu artigo 4, ata as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020.

Conforme o artigo 2 dese real decreto, para os efectos do estado de alarma, a autoridade competente será o Goberno da Nación. En cada comunidade autónoma e cidade con estatuto de autonomía, a autoridade competente delegada será quen exerza a presidencia da comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía, nos termos establecidos no real decreto. As autoridades competentes delegadas quedan habilitadas para ditar, por delegación do Goberno da Nación, as ordes, resolucións e disposicións para a aplicación do previsto nos artigos 5 ao 11 do real decreto, sen que para iso sexa precisa a tramitación de procedemento administrativo ningún, nin será de aplicación o previsto no segundo parágrafo do artigo 8.6 e no artigo 10.8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O 29 de outubro de 2020, o Congreso dos Deputados autorizou a prórroga do estado de alarma ata o día 9 de maio de 2021. Conforme o artigo 2 do Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, a prórroga establecida no devandito real decreto estenderase desde as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020 ata as 00.00 horas do día 9 de maio de 2021, e someterase ás condicións establecidas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, e nos decretos que, se é o caso, se adopten en uso da habilitación conferida pola disposición derradeira primeira do citado Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, sen prexuízo do establecido nas disposicións que recolle o propio real decreto de prórroga.

En consecuencia, durante a vixencia do estado de alarma e da súa prórroga, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, deberán adoptarse, na condición de autoridade competente delegada, nos termos previstos no devandito real decreto e no real decreto de prórroga.

Non obstante, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, non esgotan todas as que poden ser adoptadas para facer fronte á crise sanitaria. Neste sentido, como prevé expresamente o seu artigo 12, cada Administración conservará as competencias que lle outorga a lexislación vixente, así como a xestión dos seus servizos e do seu persoal, para adoptar as medidas que considere necesarias, sen prexuízo do establecido no real decreto.



Polo tanto, durante a vixencia do estado de alarma e das súas prórrogas, as medidas que sexa necesario adoptar para facer fronte, na Comunidade Autónoma, á crise sanitaria serán as que poida acordar, ao abeiro da normativa do estado de alarma, o presidente da Comunidade Autónoma, como autoridade competente delegada, e as complementarias que poidan adoptar, no exercicio das súas competencias propias, as autoridades sanitarias autonómicas e, entre elas, a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, ao abeiro do disposto no punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020 citado.

II

Sentado o anterior, no contexto normativo derivado do estado de alarma vixente e ante a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia, ditouse o Decreto 179/2020, do 4 de novembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas en determinados ámbitos territoriais da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. Tales medidas consistiron no establecemento de limitacións de entrada e saída de persoas de determinados ámbitos territoriais e en limitacións da permanencia de persoas en espazos de uso público e de uso privado, e en lugares de culto. Conforme o punto quinto do decreto, a eficacia destas medidas estendíase ata as 15.00 horas do día 4 de decembro de 2020, sen prexuízo de que debían ser obxecto de seguimento e de avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria para os efectos, de ser necesario, da súa modificación ou levantamento. Ademais, esas medidas debían ser complementadas, como indica o propio decreto, con outras que procede que adopte a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade no exercicio das súas competencias propias como autoridade sanitaria autonómica. Estas medidas complementarias establecéronse mediante a Orde do 4 de novembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que foi modificada en diversas ocasións.

III

A situación da evolución epidemiolóxica xeral na Comunidade Autónoma de Galicia, unida á necesidade de adaptar as medidas que se tiñan adoptado desde a Orde do 3 de decembro de 2020 e as súas sucesivas modificacións, facía necesario acometer unha revisión delas.



De acordo co informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 25 de xaneiro de 2021, obsérvase que, na Comunidade Autónoma de Galicia, as taxas de incidencia a 3, 7 e 14 días, presentan valores moi superiores aos anteriores, chegando a 176,37; 405,41 e 696,35 casos por cen mil habitantes, respectivamente.

Polo tanto, o conxunto de Galicia presenta, a día 24 de xaneiro, unha taxa de incidencia a 14 días de case 700 casos por 100.000 habitantes, o que significa unha subida de 1,4 veces respecto dos datos dos informes anteriores.

Por áreas sanitarias, as taxas a 14 días acadan valores superiores aos 500 casos por 100.000 habitantes en todas elas, agás na de Lugo, pero que está próxima (492,13 casos por 100.000 habitantes) superando incluso os 600 casos por 100.000 habitantes en 5 delas, A Coruña, Santiago, Ferrol, Ourense e Vigo.

No grupo de idade de máis de 64 anos tamén se superan os 500 casos por 100.000 habitantes en todas as áreas sanitarias, agás Lugo e Pontevedra, con 409,36 e 485,32 casos por 100.000 habitantes, respectivamente.

Por outra banda, o número reprodutivo instantáneo (Rt), que indica o número de casos secundarios que ocorren por cada caso activo, continúa mostrando valores superiores ao lintel situado no 1 en todas as áreas sanitarias e no global de Galicia, o que indica que segue a haber transmisión.

En canto á porcentaxe de positividade do total das probas PCR realizadas en Galicia, obsérvanse valores superiores ao 7 % nos últimos 14 días, que están, no momento de realizar este informe, no 10,8 %.

Así mesmo, obsérvanse na actualidade brotes identificados que están en vixilancia epidemiolóxica e baixo medidas restritivas, pero a situación actual caracterízase pola presenza de casos en practicamente case todos os concellos. Así, do total de concellos (N= 313), nos últimos 14 días houbo casos de COVID-19 en todos eles agás en 19, o que significa que o número de concellos sen casos se reduciu practicamente á metade desde o día 17 de xaneiro, en que eran 34.

En relación coas hospitalizacións, nos últimos 28 días (desde o día 28.12.2020 ao 24.1.2021) superáronse os 20 ingresos diarios. Rexistráronse máis de 55 ingresos en 20 deses días e chegaron a superarse os 100 ingresos en cinco deles.



Así mesmo, cómpre ter en conta a maior porcentaxe de persoas de idade entre os hospitalizados e que, na actualidade, todas as áreas sanitarias teñen casos ingresados nas UCI.

Por conseguinte, á vista do indicado no citado informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, e tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, a situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia exige unha intensificación das medidas que se adoptan.

Nese sentido, toda a Comunidade Autónoma pasará ao nivel de restrición máximo cun conxunto de medidas reforzadas.

IV

Tendo en conta o indicado nos devanditos informes, e tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos procede, en consecuencia, establecer nun único texto as medidas que se van aplicar a curto prazo en toda a Comunidade Autónoma de Galicia, co obxecto de frear a evolución da epidemia e rebaixar os seus indicadores de xeito inmediato.

Cómpre salientar tamén que, coa finalidade de acadar unha maior claridade e seguridade xurídica, se opta por recoller nesta orde a relación completa das medidas específicas de prevención que se van aplicar en todo o territorio da comunidade autónoma sen que, polo tanto, se identifiquen concellos concretos e niveis de intensidade, como viña sucedendo ata o de agora.

V

As medidas que se adoptan nesta orde teñen o seu fundamento normativo na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 e 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para adoptar as medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica existente, no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, coa urxencia que a protección da saúde pública demanda.



Na súa virtude, en aplicación do punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:**Primeiro. *Obxecto e alcance***

1. Constitúe o obxecto desta orde establecer medidas de prevención aplicables en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, así como determinar as actividades non esenciais que deben quedar suspendidas, atendida a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

2. As medidas contidas nesta orde son complementarias das previstas no Decreto 8/2021, do 26 de xaneiro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

En todo o non previsto nas ditas disposicións e nesta orde, e no que sexa compatible con ambas, aplicarase o disposto no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente.

Segundo. *Medidas de prevención aplicables*

1. En todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, recoméndaselles ás persoas maiores de 75 anos, ás persoas vulnerables ao COVID-19 e a aquelas que presenten algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria que se poida ver agravada polo uso da máscara ou que presenten algunha alteración que faga inviable a súa utilización, que eviten na súa actividade diaria as saídas nas horas de previsible afluencia ou concentración de persoas na vía pública e en espazos ou establecementos abertos ao público, co fin de reducir os riscos derivados da coincidencia con outras persoas.



2. Mantense, en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, o peche das actividades de festas, verbenas e outros eventos populares, así como das atraccións de feiras.

3. Así mesmo, serán de aplicación, no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, as medidas de prevención específicas recollidas no anexo da presente orde.

4. As medidas terán a duración temporal prevista no punto cuarto.

Terceiro. *Control do cumprimento das medidas e réxime sancionador*

1. A vixilancia, inspección e control do cumprimento das medidas de prevención que se recollen nesta orde, e a garantía dos dereitos e deberes sanitarios da cidadanía, co-responderán aos respectivos concellos dentro das súas competencias e sen prexuízo das competencias da Consellería de Sanidade, tendo en conta a condición de autoridade sanitaria dos alcaldes e alcaldesas de acordo co artigo 33.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, e as competencias dos concellos de control sanitario de actividades e servizos que impacten na saúde da súa cidadanía e dos lugares de convivencia humana, de acordo co artigo 80.3 do mesmo texto legal, así como da súa competencia para a ordenación e control do dominio público.

2. Así mesmo, os órganos de inspección da Administración autonómica, no ámbito das súas competencias, poderán realizar as actividades de inspección e control oportunas para a vixilancia e comprobación do cumprimento das medidas de prevención aplicables.

3. As forzas e corpos de seguridade darán traslado das denuncias que formulen, polo incumprimento das medidas de prevención, ás autoridades competentes.

Cuarto. *Eficacia*

As medidas previstas nesta orde terán efectos desde as 00.00 horas do día 27 de xaneiro de 2021, e estenderán a súa eficacia ata o 17 de febreiro de 2021. Non obstante o anterior, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, serán obxecto de seguimento e avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser modificadas ou levantadas por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.



Quinto. Derrogación

Queda derrogada a Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, e cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto na presente orde.

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2021

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade

ANEXO**Medidas de prevención específicas aplicables
na Comunidade Autónoma de Galicia**

Serán de aplicación, no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, as medidas de prevención específicas recollidas neste anexo.

1. Obrigas xerais.**1.1. Obrigas de cautela e protección.**

Todos os cidadáns deberán adoptar as medidas necesarias para evitar a xeración de riscos de propagación da enfermidade COVID-19, así como a propia exposición aos ditos riscos. Este deber de cautela e protección será igualmente exixible aos titulares de calquera actividade.

Así mesmo, deberán respectarse as medidas de seguridade e hixiene establecidas polas autoridades sanitarias para a prevención do COVID-19.

1.2. Persoas con sintomatoloxía.

Calquera persoa que experimente algún dos síntomas máis comúns compatibles co COVID-19, tales como febre, calafríos, tose, sensación de falta de aire, diminución do olfacto e do gusto, dor de gorxa, dores musculares, dor de cabeza, debilidade xeral, diarrea ou vómitos deberá permanecer no seu domicilio e comunicalo ao seu servizo sanitario o antes posible.

Igualmente, se existen conviventes no domicilio, deberá evitar o contacto con eles e, se é posible, usar un cuarto de forma exclusiva ata recibir instrucións do seu servizo sanitario.



1.3. Distancia de seguridade interpersoal.

Deberá cumprirse a medida de mantemento da distancia de seguridade interpersoal establecida polo Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, de, polo menos, 1,5 metros ou, na súa falta, medidas alternativas de protección física con uso de máscara, de hixiene adecuada e etiqueta respiratoria.

1.4. Obrigatoriedade do uso de máscaras.

Será obrigatorio o uso da máscara nas condicións establecidas no número 1.3 do anexo do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na redacción vixente, coas regras especiais seguintes:

1º) A obriga de uso de máscara será exigible en todo momento durante a realización da práctica deportiva individual ao aire libre.

2º) No caso particular de consumo de tabaco ou de cigarros electrónicos, ou alimentos e bebidas, na vía pública ou en espazos ao aire libre, só se poderá exceptuar a obriga de uso de máscara, e exclusivamente durante o indicado consumo, sempre que a persoa o efectúe parada e fóra dos lugares habituais de circulación dos viandantes, de tal xeito que, tendo en conta a posible concorrencia de persoas e as dimensións do lugar, poida garantirse o mantemento, en todo momento, da distancia de dous metros con outras persoas. O anterior será aplicable tamén para o uso de calquera dispositivo de inhalación de tabaco, pipas de auga, cachimbas e asimilados.

3º) Co obxecto de evitar a propagación de contaxios e asegurar o mantemento dos servizos, na prestación de asistencia ou axuda no fogar a persoas dependentes, será obrigatorio o uso de máscara tanto por parte do persoal prestador do servizo coma por parte das persoas dependentes e daquelas que se atopen no seu domicilio. A dita obriga non será exigible cando se trate de persoas dependentes que presenten algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria que se poida ver agravada polo uso da máscara ou que, pola súa situación de discapacidade ou dependencia, non dispoñan de autonomía para quitar a máscara, ou ben presenten alteracións de conduta que fagan inviable a súa utilización.



1.5. Medidas específicas para casos e contactos estreitos.

As persoas que sexan consideradas caso sospeitoso ou probable de infección polo virus SARS-CoV-2, por teren infección respiratoria aguda grave con cadro clínico ou radiolóxico compatible co COVID-19, ou que estean pendentes dos resultados de probas diagnósticas por este motivo, as que sexan consideradas como caso confirmado con infección activa e as consideradas contacto estreito dun caso sospeitoso, probable ou confirmado, deberán seguir as condicións de illamento ou corentena que lles sexan indicadas desde os dispositivos asistenciais ou de saúde pública, sen poder abandonar o seu domicilio ou lugar de illamento ou corentena en ningún caso, salvo autorización expresa do servizo sanitario por causas debidamente xustificadas.

2. Medidas xerais de hixiene e prevención.

Sen prexuízo das normas ou protocolos específicos que se establezan, serán aplicables a todos os establecementos, locais de negocio, instalacións e espazos de uso público e actividades de carácter público, as medidas xerais de hixiene e prevención establecidas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na redacción vixente.

3. Limitacións de capacidade e medidas de prevención específicas por sectores.

3.1. Medidas en materia de control de capacidade.

1. Os establecementos, instalacións e locais deberán expor ao público a capacidade máxima, que deberá incluír os propios traballadores e asegurar que a dita capacidade e a distancia de seguridade interpersonal se respecta no seu interior, polo que se deberán establecer procedementos que permitan o recuento e control da capacidade, de forma que esta non sexa superada en ningún momento.

2. A organización da circulación de persoas e a distribución de espazos deberá procurar a posibilidade de manter a distancia de seguridade interpersonal. Na medida do posible, estableceranse itinerarios para dirixir a circulación de clientes e usuarios e evitar aglomeracións en determinadas zonas, tanto no interior como no exterior, e previr o contacto entre eles. Cando se dispoña de dúas ou máis portas, procurarase establecer un uso diferenciado para a entrada e a saída, co obxecto de reducir o risco de formación de aglomeracións.



3. Cando se dispoña de aparcadoiros propios para traballadores e usuarios, establececese un control de accesos para mellor seguimento das normas de capacidade. Na medida do posible, as portas que se atopen no percorrido entre o aparcadoiro e o acceso á tenda ou aos vestiarios dos traballadores disporán de sistemas automáticos de apertura ou permanecerán abertas para evitar a manipulación dos mecanismos de apertura.

4. De ser o caso, o persoal de seguridade velará para que se respecte a distancia interpersonal de seguridade e evitará a formación de grupos numerosos e aglomeracións, prestando especial atención ás zonas de escaleiras mecánicas, ascensores, zonas comúns de paso e zonas recreativas.

5. En caso necesario, poderanse utilizar valos ou sistemas de sinalización equivalentes para un mellor control dos accesos e xestión das persoas para os efectos de evitar calquera aglomeración.

6. En calquera caso, a sinalización de percorridos obrigatorios e independentes ou outras medidas que se establezan realizaranse tendo en conta o cumprimento das condicións de evacuación exixibles na normativa aplicable.

3.2. Control de capacidade en centros e parques comerciais e grandes superficies.

Os centros e parques comerciais, así como nos establecementos que teñan a consideración de grandes superficies, deberán dispoñer de sistemas ou dispositivos que permitan coñecer en todo momento o número de persoas usuarias existente no seu interior, así como o control da capacidade máxima permitida nas citadas instalacións.

O cumprimento da citada obriga será responsabilidade das persoas, físicas ou xurídicas, titulares das citadas instalacións ou das quen teñan atribuída a súa xestión.

3.3. Velorios e enterros.

1. Os velorios poderán realizarse en todo tipo de instalacións, públicas ou privadas, debidamente habilitadas cun límite máximo, en cada momento, de 5 persoas por túmulo, agás conviventes, e 15 persoas no exterior.

2. A participación na comitiva para o enterramento ou despedida para cremación da persoa falecida restrínxese a un máximo de quince persoas non conviventes, entre familiares e achegados, ademais de, se é o caso, o ministro de culto ou persoa asimilada da confesión respectiva para a práctica dos ritos funerarios de despedida do defunto.



3. Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersonal nas instalacións ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso de máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersonal indicada, nos termos previstos no Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020, na súa redacción vixente.

4. As zonas comúns de paso utilizaranse unicamente para o tránsito de entrada e saída, sen que poida haber grupos de persoas neles. O tempo de estancia nas instalacións reducirase ao estritamente necesario para expresar as debidas condolencias, evitando permanecer nas zonas de paso.

5. Os servizos de hostalaría existentes nos establecementos funerarios permanecerán pechados ao público.

3.4. Lugares de culto.

1. A capacidade máxima dos espazos destinados ao culto deberá publicarse nun lugar visible destes.

2. Non se poderá utilizar o exterior dos edificios ou da vía pública para a celebración de actos de culto con acompañamento de público.

3. Non se poderán realizar actuacións de coros o agrupacións vocais de canto.

4. Sen prexuízo das recomendacións de cada confesión en que se teñan en conta as súas particularidades, na celebración dos actos de culto deberanse observar as seguintes medidas de hixiene e prevención:

a) Procurarase manter a distancia de seguridade interpersonal entre os participantes entre si e co público asistente e o uso de máscara será obrigatorio consonte o disposto no número 1.3. do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente.

b) Diariamente deberanse realizar tarefas de desinfección dos espazos utilizados ou que se vaian utilizar e de xeito regular reiterarase a desinfección dos obxectos que se tocan con maior frecuencia.



c) Organizaranse as entradas e saídas para evitar aglomeracións de persoas nos accesos e inmediacións dos lugares de culto.

d) Poranse á disposición do público dispensadores de xeles hidroalcohólicos ou desinfectantes con actividade viricida debidamente autorizados e rexistrados en lugares accesibles e visibles, e, en todo caso, na entrada do lugar de culto, que deberán estar sempre en condicións de uso.

e) Non se permitirá o uso de auga bendicida e as ablucións rituais deberán realizarse na casa.

f) Facilitarase no interior dos lugares de culto a distribución dos asistentes sinalizando, se for necesario, os asentos ou zonas utilizables en función da capacidade permitida en cada momento.

g) Nos casos en que os asistentes se sitúen directamente no chan e se descalcen antes de entrar no lugar de culto, usaranse alfombras persoais e situarase o calzado nos lugares estipulados, embolsado e separado.

h) Limitarase ao menor tempo posible a duración dos encontros ou celebracións.

i) Durante o desenvolvemento das reunións ou celebracións evitarase o contacto persoal, tocar ou bicar obxectos de devoción ou outros obxectos que habitualmente se manexen.

3.5. Cerimonias nupciais e outras celebracións relixiosas ou civís.

1. As cerimonias nupciais e demais celebracións relixiosas ou civís deberán respectar as regras de capacidade e as medidas de hixiene e prevención que sexan de aplicación ao lugar onde se desenvolvan.

2. Ás celebracións que poidan ter lugar tras a cerimonia só poderán acudir as persoas conviventes.

3.6. Establecementos e locais comerciais retalista e de actividades de servizos profesionais abertos ao público que non formen parte de centros ou parques comerciais.

1. Os establecementos e locais comerciais retalistas e de actividades de servizos profesionais abertos ao público que non formen parte de centros ou parques comerciais non po-



derán superar o cincuenta por cento da súa capacidade total. No caso de establecementos ou locais distribuídos en varios andares, a presenza de clientes en cada un deles deberá gardar esta mesma proporción.

2. Os establecementos e locais comerciais retallistas abertos ao público que non formen parte de centros ou parques comerciais pecharán ás 18.00 horas, salvo que teñan fixado, de acordo coa normativa vixente, un horario inferior.

3. Exceptúanse do disposto no punto anterior as seguintes actividades comerciais, que poderán pechar ás 21.30 horas, salvo que teñan fixado, de acordo coa normativa vixente, un horario inferior ou superior.

a) Comercio polo miúdo en establecementos non especializados, con predominio en produtos alimenticios, bebidas e tabaco.

b) Comercio polo miúdo de froitas e hortalizas en establecementos especializados.

c) Comercio polo miúdo de carne e produtos cárnicos en establecementos especializados.

d) Comercio polo miúdo de peixes e mariscos en establecementos especializados.

e) Comercio polo miúdo de pan e produtos de panadería, confeitaría e pastelería en establecementos especializados.

f) Comercio polo miúdo de bebidas en establecementos especializados.

g) Outro comercio polo miúdo de produtos alimenticios en establecementos especializados.

h) Comercio polo miúdo de combustible para a automoción en establecementos especializados.

i) Comercio polo miúdo de artigos médicos e ortopédicos en establecementos especializados.

j) Comercio polo miúdo de produtos farmacéuticos en establecementos especializados.



k) Comercio polo miúdo de alimentos para animais de compañía en establecementos especializados.

4. Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersonal nos locais e establecementos ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso de máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersonal indicada, nos termos previstos no apartado 1.3 do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020, na súa redacción vixente.

5. Deberá prestarse un servizo de atención preferente a maiores de 65 anos.

3.7. Establecementos que teñan a condición de centros e parques comerciais ou que formen parte deles e grandes superficies.

1. Os establecementos e locais comerciais retallistas e de actividades de servizos profesionais abertos ao público situados en centros e parques comerciais, así como as grandes superficies, non poderán superar o trinta por cento da súa capacidade total. No caso de establecementos ou locais distribuídos en varios andares, a presenza de clientes en cada un deles deberá gardar esta mesma proporción.

Para estes efectos, entenderase por centros e parques comerciais, os establecementos comerciais de carácter colectivo definidos no número 2 do artigo 23 da Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia. Entenderase como grandes superficies as que superen os 2500 metros cadrados.

2. A capacidade das zonas comúns dos centros e parques comerciais queda limitada ao 30 %. Non se permitirá a permanencia de clientes nas zonas comúns excepto para o tránsito entre os establecementos. Queda prohibida a utilización de zonas recreativas, como poden ser zonas infantís, ludotecas ou áreas de descanso, que deben permanecer pechadas.

3. Os establecementos e locais comerciais retallistas abertos ao público situados en centros e parques comerciais, así como as grandes superficies, deberán pechar ao público ás 18.00 horas, salvo que teñan fixado, de acordo coa normativa vixente, un horario inferior. Así mesmo, deberán pechar os sábados, domingos e festivos.

4. As regras establecidas no punto anterior non será de aplicación aos establecementos recollidos no número 3.6.3.



5. Deberanse establecer as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersonal no interior dos locais e establecementos e nas zonas comúns ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso de máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersonal indicada, nos termos previstos no número 1.4 deste anexo. Ademais, deberán evitarse as aglomeracións de persoas que comprometan o cumprimento destas medidas.

6. Os centros e parques comerciais, así como os establecementos que teñan a consideración de grandes superficies, deberán de dispoñer de sistemas ou dispositivos que permitan coñecer, en todo momento, o número de persoas usuarias existente no seu interior, así como o control da capacidade máxima permitida nas citadas instalacións.

O cumprimento da citada obriga será responsabilidade das persoas, físicas ou xurídicas, titulares das citadas instalacións ou das quen teñan atribuída a súa xestión.

7. Deberán prestar un servizo de atención preferente a maiores de 75 anos, o cal deberá concretarse en medidas como control de accesos ou caixas de pagamento específicos, e/ou en horarios determinados que aseguren a dita preferencia na atención. A existencia do servizo de atención preferente deberá sinalarse de forma visible nos ditos establecementos e locais.

3.8. Mercados que desenvolven a súa actividade na vía pública.

1. No caso dos mercados que desenvolven a súa actividade na vía pública ao aire libre ou de venda non sedentaria, coñecidos como feiras, non poderán superar o cincuenta por cento dos postos habituais ou autorizados, limitando a afluencia de clientes de maneira que se asegure o mantemento da distancia de seguridade interpersonal.

Os concellos poderán aumentar a superficie habilitada ou habilitar novos días para o exercicio desta actividade para compensar esta limitación, debendo prestar especial atención á vixilancia do cumprimento das medidas sanitarias e protocolos aplicables nestes contornos.

Á hora de determinar os comerciantes que poden exercer a súa actividade, o concello poderá priorizar aqueles que comercializan produtos alimentarios e de primeira necesidade, asegurando que non se manipulen os produtos comercializados neles por parte dos consumidores.



Os concellos establecerán requisitos de distanciamento entre postos e condicións de delimitación do mercado co obxectivo de procurar manter a distancia de seguridade interpersoal entre traballadores, clientes e viandantes ou, na súa falta, será precisa a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso de máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersoal indicada, nos termos previstos no número 1.3 do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, na súa redacción vixente.

2. Durante todo o proceso de atención ao consumidor deberá manterse a distancia de seguridade interpersoal establecida entre o vendedor e o consumidor, que poderá ser dun metro cando se conte con elementos de protección ou barreira.

3. Deberá sinalarse de forma clara a distancia de seguridade interpersoal entre clientes, con marcas no chan ou mediante o uso de balizas, cartelaría e sinalización para aqueles casos en que sexa posible a atención individualizada de máis dun cliente ao mesmo tempo.

4. Recoméndase a posta á disposición de dispensadores de xeles hidroalcohólicos ou desinfectantes con actividade viricida debidamente autorizados e rexistrados nas inmediacións dos mercados ao aire libre ou de venda non sedentaria na vía pública.

5. Realizárase, polo menos unha vez ao día, unha limpeza e desinfección das instalacións con especial atención ás superficies de contacto máis frecuentes, especialmente mostradores e mesas ou outros elementos dos postos, anteparos, de ser o caso, teclados, terminais de pagamento, pantallas táctiles, ferramentas de traballo e outros elementos susceptibles de manipulación, prestando especial atención a aqueles utilizados por máis dun traballador.

6. Procurárase evitar a manipulación directa dos produtos por parte dos clientes.

3.9. Actividades en academias, autoescolas e centros privados de ensino non regrado e centros de formación.

1. A actividade que se realice en academias, autoescolas e centros privados de ensino non regrado e centros de formación non incluídos no ámbito de aplicación do artigo 9 do Real decreto lei 21/2020, de 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, inscritos no correspondente rexistro, poderá impartirse dun modo presencial sempre que non se supere unha capacidade do cincuenta por cento respecto do máximo permitido.



Nestes centros priorizarase a realización da actividade lectiva non presencial, por medios telemáticos (en liña) sempre que sexa posible.

2. Deberán establecerse as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersoal nas súas instalacións ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso de máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersoal indicada, nos termos previstos no número 1.3. do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, na súa redacción vixente.

3. No caso de utilización de vehículos será obrigatorio o uso de máscara tanto polo persoal docente como polo alumnado ou o resto de ocupantes do vehículo.

3.10. Hoteis e aloxamentos turísticos.

1. Estes establecementos poderán manter a súa actividade para clientes que se teñan desprazado por motivos xustificadas segundo a normativa vixente.

2. A ocupación das zonas comúns dos hoteis e aloxamentos turísticos non poderá superar o cincuenta por cento da súa capacidade.

Para iso cada establecemento deberá determinar a capacidade dos distintos espazos comúns, así como aqueles lugares en que se poderán realizar eventos e as condicións máis seguras para a súa realización conforme a capacidade máxima prevista e de acordo coas medidas de hixiene, protección e distancia mínima establecidas.

3. Poderán facilitar unicamente servizos de hostalaría e restauración para os clientes aloxados nos ditos establecementos.

4. No caso de instalacións deportivas de hoteis e aloxamentos turísticos, tales como piscinas o ximnasios, estas permanecerán pechadas.

3.11. Actividade cinexética.

1. Está permitida a actividade cinexética en todas as súas modalidades sempre que se realice con carácter individual ou con persoas conviventes.

2. En todo caso, a realización das ditas actividades estará sometida ás restricións perimetrais actualmente vixentes.



3.12. Pesca fluvial e marítima, deportiva e recreativa.

1. Está permitida a práctica da pesca fluvial e marítima, deportiva e recreativa, en todas as súas modalidades, sempre que se realice con carácter individual ou con persoas conviventes.

2. En todo caso, a realización de ditas actividades estará sometida ás restricións perimetrais actualmente vixentes.

3.13. Parques e zonas deportivas de uso público ao aire libre.

1. Os parques infantís, parques biosaudables, zonas deportivas, pistas skate ou espazos de uso público ao aire libre similares poderán estar abertos ao público sempre que neles se respecte unha capacidade máxima estimada dunha persoa por cada catro metros cadrados de espazo computable de superficie do recinto.

2. Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersoal nas instalacións ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso de máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersoal indicada, nos termos previstos no número 1.3 do Acordo do Consello da Xunta, do 12 de xuño de 2020, na súa redacción vixente.

3. Deberán aplicarse as medidas de hixiene e prevención establecidas, especialmente no que se refire a proceder diariamente á limpeza e desinfección destes espazos nas áreas de contacto das zonas comúns, tales como xogos das zonas infantís, aparellos de actividade física ou outro mobiliario urbano de uso compartido.

4. Recoméndase dispor neses espazos, especialmente no que se refire a parques infantís, de dispensadores de xeles hidroalcohólicos ou desinfectantes con actividade viricida, debidamente autorizados e rexistrados, ou dunha solución xabonosa no caso de espazos para menores de dous anos de idade.

3.14. Realización de actos e reunións laborais, institucionais, académicos ou profesionais.

A realización de actos e reunións laborais, institucionais, académicas, profesionais, sindicais, de representación de traballadores e administrativas, actividades en centros universitarios, educativos, de formación e ocupacionais, poderanse realizar sempre que se adopten as medidas previstas nos correspondentes protocolos de funcionamento, ben que se



recomenda que se realicen de forma telemática sempre que sexa posible. Non se poderá superar o trinta por cento da capacidade autorizada do local. En calquera caso, deberase respectar un máximo de 30 persoas para lugares pechados e de 75 persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Non obstante, poderase ampliar o límite indicado logo de autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. Neste caso, a solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade por COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueloutros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

3.15. Actividade deportiva e competicións deportivas federadas e os seus adestramentos.

1. A práctica da actividade física e deportiva non federada so poderá realizarse ao aire libre de forma individual ou con persoas conviventes e coa utilización de máscara.

2. Quedan suspendidas as competicións deportivas de nivel autonómico. Os correspondentes adestramentos quedarán sometidos ás mesmas limitacións ca o resto da actividade física e deportiva prevista neste punto, debendo respectarse as limitacións de entrada e saída existentes en determinados ámbitos territoriais e as limitacións establecidas á liberdade de circulación das persoas en horario nocturno.

3. As competicións deportivas federadas de nivel nacional e os seus adestramentos desenvolveranse de acordo co establecido pola Administración competente e de conformidade coas limitacións establecidas nos protocolos federativos correspondentes.

4. As competicións deportivas federadas de nivel nacional e os seus adestramentos desenvolveranse sen público de acordo co establecido pola Administración competente e de conformidade coas limitacións establecidas nos protocolos federativos correspondentes.

No ámbito das competicións deportivas oficiais non profesionais de ámbito estatal de modalidades deportivas que poidan implicar contacto que se celebren na Comunidade Autónoma de Galicia, serán de aplicación as seguintes medidas:



a) Os equipos e deportistas galegos que participen nas devanditas competicións deberán realizar os adestramentos e a competición en grupos de composición estable e, en todo caso, deberán realizar test serolóxicos ou probas similares cada 14 días naturais.

b) A totalidade dos membros da expedición dos equipos e deportistas procedente doutras comunidades autónomas que se despracen á Comunidade Autónoma de Galicia para participar nas devanditas competicións deberán realizar test serolóxicos ou probas similares en orixe polo menos entre 72 e 24 horas previas á celebración da proba/partido/competición. Así mesmo, deberán comunicar con idéntica antelación ás autoridades sanitarias autonómicas a relación das persoas integrantes da expedición trasladada a Galicia, a data e a hora de chegada á Comunidade Autónoma galega e o lugar de aloxamento, así como o tipo de proba de detección COVID-19 a que foron sometidas as ditas persoas.

As medidas previstas deben entenderse dentro do necesario respecto ás competencias das autoridades deportivas e sanitarias estatais, polo que serán aplicables sempre que resulten compatibles coas adoptadas por ditas autoridades e mentres non existan medidas obrigatorias dimanantes delas que ofrezan un nivel de protección equivalente ou similar.

3.16. Centros, servizos e establecementos sanitarios.

1. Os titulares ou directores dos distintos centros, servizos e establecementos sanitarios, de natureza pública ou privada, deberán adoptar as medidas organizativas, de prevención e hixiene necesarias do seu persoal traballador e dos pacientes, co obxecto de aplicar as recomendacións emitidas nesta materia, relativas á distancia de seguridade interpersoal, uso de máscaras en sitios pechados de uso público, capacidade, hixiene de mans e respiratoria, así como calquera outra medida que establezan as autoridades competentes.

2. Estas medidas deberán aplicarse na xestión dos espazos do centro, accesos, zonas de espera e na xestión das citas dos pacientes, así como na regulación de acompañantes ou visitas, tendo en conta a situación e actividade de cada centro. Para tal efecto, só se permitirá a presenza dunha persoa acompañante por usuario/a no caso de menores, maiores dependentes ou mulleres xestantes.

3. Así mesmo, adoptarán as medidas necesarias para garantir a protección da seguridade e saúde do seu persoal traballador, a limpeza e desinfección das áreas utilizadas e a eliminación de residuos, así como o mantemento adecuado dos equipamentos e instalacións.

4. Estarán obrigados a colaborar coas autoridades sanitarias e de política social nos labores de vixilancia, prevención e control do COVID-19.



3.17. Lonxas.

Nas lonxas deberán establecerse as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersonal ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso de máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersonal indicada, nos termos previstos no número 1.3 do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, na súa redacción vixente.

3.18. Transportes.

1. As condicións de capacidade dos vehículos e embarcacións que realicen servizos colectivos de transporte de viaxeiros de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, isto é, o transporte en autobús –de carácter interurbano e urbano, sexa de uso xeral, de uso especial ou discrecional– e o transporte marítimo en augas interiores, quedan establecidas do seguinte modo:

a) Nos vehículos e embarcacións que dispoñan de asentos, poderase ocupar a totalidade dos asentos. Deberase manter a máxima separación entre as persoas usuarias cando o nivel de ocupación o permita.

b) Nos vehículos e embarcacións que teñan autorizadas prazas de pé, procurarase que as persoas manteñan entre si a máxima distancia posible, e establécese como límite de ocupación máxima a dunha sexta parte das prazas de pé.

2. Como medidas adicionais aplicables aos modos de transporte establécense as seguintes:

a) Durante toda a duración do traxecto, cando esta sexa inferior a dúas horas, as persoas usuarias non poderán consumir alimentos no interior dos vehículos ou embarcacións e deberán, igualmente e na medida do posible, evitar consumir bebidas, conversar ou manter calquera outro contacto directo con outras persoas ocupantes do dito vehículo ou embarcación.

b) Na prestación de servizos colectivos regulares de transporte de viaxeiros de carácter interurbano, de uso xeral, cando non estean autorizadas prazas de pé, e na prestación de calquera servizo de transporte marítimo en augas interiores da competencia da Comunidade Autónoma de Galicia será obrigatoria a expedición de billete coa identificación do servizo concreto de transporte de que se trate e do vehículo ou embarcación que o preste.



Igualmente, todos os anteriores vehículos e embarcacións deberán ter numerados os seus asentos de forma clara e visible para as persoas usuarias.

Naqueles servizos respecto dos cales non haxa unha asignación previa de asento, recoméndaselles ás persoas viaxeiras que anoten no seu billete o número de asento que ocupen e que o conserven durante os 14 días posteriores ao da viaxe.

c) As empresas concesionarias procuraran a máxima ventilación do vehículo, sen recirculación do aire, mantendo as fiestras abertas sempre que non se produzan correntes de aire.

Para tal efecto, os vehículos que realicen varias viaxes en diferentes quendas horarias deberán proceder á ventilación deste antes de cada quenda e, sempre que fose posible, á súa limpeza e desinfección. En todo caso, realizarase como mínimo unha limpeza diaria, empregando produtos e procedementos previstos no plan de limpeza e desinfección.

d) Tanto as empresas concesionarias coma as persoas usuarias observarán en todo momento as medidas de protección, e o uso da máscara, e as demais medidas de prevención, evitando condutas como levantarse, interactuar, berrar, compartir obxectos, tocar superficies comúns, ou outras condutas que poidan xerar risco de contaxio ou transmisión.

3. Está permitido o desprazamento nun vehículo particular de persoas non conviventes que traballen xuntas e só para o traxecto de ida e volta ao centro de traballo, así como para que os menores poidan acudir a centros de ensino.

Nestes casos, só se permitirán dúas persoas por fila de asentos, e deberán usar todas máscara.

4. No caso de taxis, non poderá utilizarse o asento dianteiro, e non poderán desprazarse nun mesmo vehículo persoas que non sexan conviventes. O uso de máscara é obrigatorio.

3.19. Areas de servizo para profesionais do transporte.

Co obxecto de posibilitar os descansos axeitados en cumprimento da normativa de tempos de condución e descanso imprescindibles para poder levar a cabo as operacións de transporte, e facilitar aos/ás transportistas profesionais un servizo de entrega de alimentos, aqueles establecementos de hostalaría e restauración que dispoñan de cociña, servizo de restauración ou de expendedores de comida preparada, localizados en centros loxísticos ou nas áreas de servizo da rede de estradas do Estado en Galicia, vías de alta capacidade



e rede primaria básica de estradas de Galicia, poderán permanecer abertos, incluído en horario nocturno de acordo coa súa regulación específica, para os únicos efectos de dar cumprimento á dita finalidade.

En todo caso, non se poderá realizar venda ou dispensación de bebidas alcohólicas nos ditos establecementos.

4. Medidas especiais para determinadas actividades.

4.1. Adóptase a medida de peche temporal, durante o período a que se estende a eficacia da medida conforme o punto cuarto da orde, das seguintes actividades, conforme as definicións contidas no anexo do Decreto 124/2019, do 5 de setembro, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos abertos ao público da Comunidade Autónoma de Galicia e se establecen determinadas disposicións xerais de aplicación na materia:

I. Espectáculos públicos:

I.1. Espectáculos cinematográficos.

I.2. Espectáculos teatrais e musicais.

I.3. Espectáculos taurinos.

I.4. Espectáculos circenses.

I.5. Espectáculos deportivos.

I.6. Espectáculos feirais e de exhibición.

I.7. Espectáculos pirotécnicos.

II. Actividades recreativas:

II.1. Actividades culturais e sociais.

II.2. Actividades deportivas.

II.3. Actividades de lecer e entretemento.



II.4. Atraccións recreativas.

II.7. Actividades de restauración.

II.8. Actividades zoolóxicas, botánicas e xeolóxicas.

III. Establecementos abertos ao público:

III.1. Establecementos de espectáculos públicos.

III.1.1. Cines.

III.1.2. Teatros.

III.1.3. Auditorios.

III.1.4. Circos.

III.1.5. Prazas de touros.

III.1.6. Establecementos de espectáculos deportivos.

III.1.7. Recintos feirais.

III.2. Establecementos de actividades recreativas.

III.2.1. Establecementos de xogo.

III.2.1.1. Casinos.

III.2.1.2. Salas de bingo.

III.2.1.3. Salóns de xogo.

III.2.1.4. Tendas de apostas.

III.2.2. Establecementos para actividades deportivas.

III.2.2.1 Estadios deportivos.



III.2.2.2. Pavillóns deportivos.

III.2.2.3. Recintos deportivos.

III.2.2.4. Pistas de patinaxe.

III.2.2.5. Ximnasiaos.

III.2.2.6. Piscinas de competición.

III.2.2.7. Piscinas recreativas de uso colectivo.

Poderán permanecer abertas as instalacións deportivas en que se celebren adestramentos ou competicións de ámbito estatal, profesional ou non profesional, cuxos vestiarios e zonas de ducha poderán ser usados cunha ocupación de ata o 30 % da capacidade máxima permitida, procedéndose á limpeza e desinfección despois de cada uso e ao final da xornada. En todo caso, queda prohibida a asistencia de público ás competicións e adestramentos, sen prexuízo do disposto no número 2 do artigo 15 do Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

III.2.3. Establecementos para atraccións e xogos recreativos.

III.2.3.1. Parques de atraccións e temáticos.

III.2.3.2. Parques acuáticos.

III.2.3.3. Salóns recreativos.

III.2.3.4. Parques multilecer.

III.2.4. Establecementos para actividades culturais e sociais.

III.2.4.1. Museos.

III.2.4.2. Bibliotecas.

III.2.4.3. Salas de conferencias.

III.2.4.4. Salas polivalentes.



III.2.4.5. Salas de concertos.

III.2.5. Establecementos de restauración.

III.2.5.1. Restaurantes.

III.2.5.1.1. Salóns de banquetes.

III.2.5.2. Cafetarías.

III.2.5.3. Bares.

Os establecementos de hostalaría e restauración (bares, cafetarías, restaurantes) permanecerán pechados ao público e poderán prestar exclusivamente servizos de entrega a domicilio ou para a súa recollida no local e consumo a domicilio. O servizo de entrega a domicilio poderá realizarse ata as 24.00 horas. A permanencia nestes establecementos deberá ser a estritamente necesaria. En todo caso, evitaranse aglomeracións e controlárase que consumidores e empregados manteñan a distancia de seguridade establecida co fin de evitar posibles contaxios.

Os establecementos de restauración de centros sanitarios ou de traballo que limiten a súa actividade aos traballadores deles ou, no caso dos centros sanitarios, tamén a acompañantes de doentes poderán manter o servizo de cafetería, bar e restaurante. Non poderán superar o cincuenta por cento da súa capacidade. O consumo dentro do local poderá realizarse unicamente sentado na mesa, ou agrupacións de mesas, e deberase asegurar o mantemento da debida distancia de seguridade interpersoal entre clientes. A ocupación máxima será de catro persoas por mesa ou agrupación de mesas, e deberán ser todas elas conviventes ou persoas traballadoras que formen un grupo de convivencia estable dentro do centro de traballo.

No caso de establecementos de hostalaría situados en centros educativos, aplicaranse as regras previstas no parágrafo preferente para os docentes e traballadores do centro. O alumnado só poderá facer recollida de alimentos ou bebida. Estas regras non serán aplicables aos comedores escolares, que se rexerán pola súa normativa específica.

III.2.6. Establecementos para actividades zoolóxicas, botánicas e xeolóxicas.

III.2.7. Establecementos de lecer e entretemento.



III.2.7.1. Salas de festas.

III.2.7.2. Discotecas.

III.2.7.3. Pubs.

III.2.7.4. Cafés-espectáculo.

III.2.7.5. Furanchos.

III.2.8. Centros de lecer infantil.

4.2. Suspendese a actividade lectiva presencial durante o período a que se estenda a eficacia da medida, conforme o punto cuarto da orde, nos seguintes centros educativos de réxime especial:

1º) Escolas oficiais de idiomas.

2º) Escolas de arte e superior de deseño.

3º) Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais.

4º) Escola Superior de Arte Dramática

5º) Conservatorios de música.

6º) Conservatorios de danza.

7º) Escolas de música.

8º) Escolas de danza.

9º) Centros autorizados de deportes, centros autorizados de fútbol; centros autorizados de fútbol sala.

10º) Centros autorizados de artes plásticas e deseño.

11º) Centros autorizados de música e centros autorizados de danza, salvo que estean integrados en centros docentes que permanezan abertos e que limiten a súa actividade ao alumnado dos ditos centros docentes.

12º) Escolas de música privadas e escolas de danza privadas.



4.3. Adóptase a medida de peche temporal ao público dos albergues turísticos durante o período a que se estende a eficacia da medida conforme o punto cuarto da orde.

4.4. A actividade docente nas ensinanzas universitarias correspondente ao segundo cuatrimestre comezará, nas tres universidades públicas galegas, o luns 8 de febreiro. A docencia restablecerase exclusivamente en modalidade non presencial durante o período a que se estenda a eficacia da medida conforme o punto cuarto da orde. As probas de avaliación das materias do primeiro cuatrimestre poderán manterse nas datas e modalidades previstas en cada universidade.

4.5. Suspéndese a actividade ao público dos centros de interpretación e visitantes, das aulas da natureza, casetas e puntos de información da Rede galega de espazos protexidos.

4.6. Suspéndese a actividade ao público dos centros sociais, sociocomunitarios, clubs de xubilados e centros de natureza análoga. Permanecerán abertos, en todo caso, os centros de día de maiores e persoas con discapacidade e os ocupacionais, así como as casas do maior.



I. DISPOSICIÓN XERAIS

PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA

DECRETO 5/2021, do 19 de xaneiro, polo que se modifica o Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

I

A expansión do coronavirus COVID-19 xerou unha crise sanitaria sen precedentes recentes. Así, tras a elevación pola Organización Mundial da Saúde da situación de emerxencia de saúde pública pola dita causa a nivel de pandemia internacional e a adopción, por algunhas comunidades autónomas como a galega, de medidas de prevención, mediante o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, declarouse o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, declaración que afectou todo o territorio nacional, cunha duración inicial de quince días naturais, pero que foi obxecto de sucesivas prórrogas autorizadas polo Congreso dos Deputados.

O levantamento dese estado de alarma, con todo, non puxo fin á crise sanitaria, o que xustificou a adopción de medidas como as previstas, no ámbito estatal, no Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, así como as medidas de prevención que foron adoptando as diferentes comunidades autónomas. En concreto, no caso da Comunidade Autónoma de Galicia, a resposta á crise sanitaria foi, fundamentalmente, ademais do mantemento da declaración de situación de emerxencia sanitaria efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, a adopción, ao abeiro da lexislación sanitaria, ordinaria e orgánica, de medidas de prevención tanto de carácter xeral, para todo o territorio autonómico, como de maneira específica, a través de diferentes ordes da persoa titular da Consellería de Sanidade, en atención á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

Mediante o Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, declarouse o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. Esa declaración afectou todo o territorio nacional e a súa duración inicial estendíase, conforme o disposto no seu artigo 4, ata as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020.



Conforme o artigo 2 do dito real decreto, para os efectos do estado de alarma, a autoridade competente será o Goberno da Nación. En cada comunidade autónoma e cidade con estatuto de autonomía, a autoridade competente delegada será quen desempeñe a presidencia da comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía, nos termos establecidos no real decreto. As autoridades competentes delegadas quedan habilitadas para ditaren, por delegación do Goberno da Nación, as ordes, resolucións e disposicións para a aplicación do previsto nos artigos 5 ao 11 do real decreto, sen que para iso sexa preciso tramitar ningún procedemento administrativo, nin será de aplicación o previsto no segundo parágrafo do artigo 8.6 e no artigo 10.8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

En concreto, o artigo 6 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, prevé que a autoridade competente delegada que corresponda poderá limitar a entrada e saída de persoas no territorio de cada comunidade autónoma ou en ámbitos territoriais de carácter xeograficamente inferiores á comunidade autónoma, coas excepcións previstas no artigo 6.1.

Pola súa banda, o artigo 7 do mesmo texto normativo dispón que a permanencia de grupos de persoas en espazos de uso público, tanto pechados como ao aire libre, quedará condicionada a que non se supere o número máximo de seis persoas, salvo que se trate de conviventes, e sen prexuízo das excepcións que se establezan en relación con dependencias, instalacións e establecementos abertos ao público. A permanencia de grupos de persoas en espazos de uso privado quedará condicionada a que non se supere o número máximo de seis persoas, salvo que se trate de conviventes. No caso das agrupacións en que se inclúan tanto persoas conviventes como persoas non conviventes, o número máximo será de seis persoas. Conforme o artigo 9, a eficacia desta medida nunha comunidade autónoma producirase cando a autoridade competente delegada o determine. Ademais, o artigo 7 recolle a posibilidade de que a autoridade competente delegada correspondente determine, no seu ámbito territorial, en vista da evolución dos indicadores sanitarios, epidemiolóxicos, sociais, económicos e de mobilidade, logo de comunicación ao Ministerio de Sanidade e de acordo co previsto no artigo 13, que o número máximo sexa inferior a seis persoas, salvo que se trate de conviventes. Así mesmo, as autoridades competentes delegadas poderán, no seu ámbito territorial, establecer excepcións respecto de persoas menores ou dependentes, así como calquera outra flexibilización da limitación.

De acordo co artigo 8 do real decreto, a autoridade competente delegada poderá limitar a permanencia de persoas en lugares de culto mediante a fixación de limitación de capacidade para reunións, celebracións e encontros relixiosos, atendendo ao risco de transmi-



sión que poida resultar dos encontros colectivos, sen que tal limitación poida afectar, en ningún caso, o exercicio privado e individual da liberdade relixiosa.

E, conforme o artigo 10 da norma, a autoridade competente delegada en cada comunidade autónoma poderá, no seu ámbito territorial, en vista da evolución dos indicadores sanitarios, epidemiolóxicos, sociais, económicos e de mobilidade, logo de comunicación ao Ministerio de Sanidade e de acordo co previsto no artigo 13, modular, flexibilizar e suspender a aplicación das medidas previstas nos artigos 6, 7 e 8, co alcance e ámbito territorial que determine.

O 29 de outubro de 2020, o Congreso dos Deputados autorizou a prórroga do estado de alarma ata o 9 de maio de 2021. Conforme o artigo 2 do Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, a prórroga establecida no devandito real decreto estenderase desde as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020 ata as 00.00 horas do día 9 de maio de 2021, e someterase ás condicións establecidas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, e nos decretos que, se é o caso, se adopten en uso da habilitación conferida pola disposición derradeira primeira do citado Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, sen prexuízo do establecido nas disposicións que recolle o propio real decreto de prórroga.

En consecuencia, durante a vixencia do estado de alarma e da súa prórroga, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, deberán adoptarse na condición de autoridade competente delegada, nos termos previstos no dito real decreto e no real decreto de prórroga.

Non obstante, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, non esgotan todas as que se poden adoptar para facer fronte á crise sanitaria. Neste sentido, como prevé expresamente o seu artigo 12, cada Administración conservará as competencias que lle outorga a lexislación vixente, así como a xestión dos seus servizos e do seu persoal, para adoptar as medidas que considere necesarias, sen prexuízo do establecido no real decreto.

Polo tanto, como destaca a propia exposición de motivos do real decreto, durante a vixencia do estado de alarma as administracións sanitarias competentes en saúde pública, no non previsto nesa norma, deberán continuar adoptando as medidas necesarias para afrontar a situación de emerxencia de saúde pública ocasionada polo COVID-19, confor-



me a lexislación sanitaria, en particular, a Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; a Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, e a Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, así como a normativa autonómica correspondente.

II

Neste contexto normativo derivado do estado de alarma vixente, e ante a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia, ditouse o Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

Así, o dito decreto respondeu á situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia mediante a adopción, na condición de autoridade competente delegada, das seguintes medidas:

a) Establecemento, con efectos desde as 00.00 horas do día 4 de decembro de 2020, de limitacións da entrada e saída de persoas en determinados ámbitos territoriais, agás certas excepcións, coa finalidade de controlar a transmisión da enfermidade e de conter a irradiación a outros lugares limítrofes dos correspondentes ámbitos territoriais delimitados.

b) Limitación, con efectos desde as 00.00 horas do día 4 de decembro de 2020, e con carácter xeral no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, da permanencia de grupos de persoas en espazos de uso público e de uso privado, agás supostos excepcionais e xustificados, aos formados por un máximo de seis persoas, agás que sexan persoas conviventes.

Malia o anterior, en determinados ámbitos territoriais e unha vez atendida a situación epidemiolóxica e sanitaria máis desfavorable existente neles ou en concellos cos cales existe unha forte interrelación, estableceuse a medida máis restritiva consistente na limitación de grupos aos constituídos por catro persoas, agás que fosen persoas conviventes.

c) Limitación da permanencia de persoas en lugares de culto. Mantivéronse, con efectos desde as 00.00 horas do día 4 de decembro de 2020, os límites de capacidade que se



viñan aplicando actualmente na Comunidade Autónoma de Galicia, adaptando a súa aplicación á nova situación existente. Todo isto co fin de evitar concentracións de persoas e de manter a coherencia cos límites de capacidade que se prevén para outras actividades, co obxectivo de prever e reducir o risco de transmisión.

Respecto da eficacia das medidas, de acordo co punto quinto do decreto, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, estas deben ser obxecto de seguimento e de avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria, para os efectos, de ser necesario, da súa modificación ou levantamento.

Por último, adoptáronse medidas temporais restritivas da mobilidade de entrada e saída de persoas do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia desde as 00.00 horas do día 4 de decembro de 2020 ata as 00.00 horas do día 9 de decembro de 2020.

Posteriormente, ditouse o Decreto 203/2020, do 4 de decembro, polo que se modifica o Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. Neste decreto, dada a evolución favorable que se produciu nos concellos de Oleiros, Burela, Fene, Neda, Lalín e Oroso, levantáronse neles a limitación perimetral, así como as limitacións máis restritivas ás agrupacións de persoas en espazos de uso público e de uso privado e en lugares de culto que eran de aplicación nalgún deles, de acordo co número 2 do punto segundo e co número 2 do punto terceiro do Decreto 202/2020, do 3 de decembro. Por outra banda, a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria do concello de Boiro determinou a necesidade de aplicar nese concello, con urxencia, as limitacións de entrada e saída de persoas previstas no punto primeiro do Decreto 202/2020, do 3 de decembro, e as limitacións máis restritivas ás agrupacións de persoas en espazos de uso público e de uso privado e en lugares de culto, contidas, respectivamente, no número 2 do punto segundo e no número 2 do punto terceiro do dito decreto.

Así mesmo, mediante o Decreto 212/2020, do 11 de decembro, modificouse de novo o Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter



a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. Así, dada a evolución favorable que se produciu nos concellos de Silleda, Ribadavia, A Laracha, Malpica de Bergantiños, Cabana de Bergantiños, Vilanova de Arousa e Xinzo de Limia, determinouse que se levantasen neses concellos a limitación perimetral, así como as limitacións máis restritivas ás agrupacións de persoas en espazos de uso público e de uso privado e en lugares de culto, que eran de aplicación nalgún deles de acordo co número 2 do punto segundo e co número 2 do punto terceiro do Decreto 202/2020, do 3 de decembro. Así mesmo, dada tamén a melloría observada no concello de Lugo, determinouse que se levantasen nese concello as limitacións máis restritivas ás agrupacións de persoas en espazos de uso público e de uso privado e en lugares de culto, que eran de aplicación nel de acordo co número 2 do punto segundo e co número 2 do punto terceiro do Decreto 202/2020, do 3 de decembro. Adicionalmente, a melloría observada no concello de Narón determinou que puidese pasar a integrarse no peche perimetral conxuntamente co concello de Ferrol e, tamén, a melloría do concello do Porriño permitiu que pasase a formar parte do peche perimetral que está xa establecido cos concellos de Mos, Vigo, Nigrán e Gondomar. Por outra banda, a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria desfavorable dos concellos de Camariñas, Zas, Tomiño, O Rosal, Sarreaus e A Rúa determinou a necesidade de aplicar neses concellos, con urxencia, as limitacións de entrada e saída de persoas previstas no punto primeiro do Decreto 202/2020, do 3 de decembro.

Posteriormente, mediante o Decreto 213/2020, do 16 de decembro, modificouse o Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

Así, de acordo cos informes da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 16 de decembro de 2020, os concellos de Barro, Carballo, Coristanco, Laxe, Ponteceso e Cee pasaron a un nivel de restricións básico.

No relativo á comarca de Fisterra, na cal existía restrición perimetral conxunta dos concellos de Cee, Dumbría e Muxía, polo descenso observado no concello de Cee dispúxose a súa saída do peche perimetral.

Así mesmo, detectáronse determinados concellos en que, debido aos seus valores altos nas taxas acumuladas a 14 días, se adoptaron medidas do nivel de restrición medio-alto e



peche perimetral individualizado para cada un deles. Estes concellos foron os de Rodeiro, A Illa de Arousa, Fisterra e Carnota.

Ademais, dada a taxa acumulada a 14 días observada no concello de Mazaricos e os valores das taxas acumuladas a 14 días de Santa Comba e Negreira, adoptáronse tamén nestes tres concellos restricións de nivel medio-alto e peche perimetral conxunto entre eles.

Na comarca da Barbanza, polo ascenso observado no concello de Ribeira, adoptouse neste concello o nivel de restricións máximo.

Na comarca do Morrazo, dada a taxa acumulada a 14 días no concello de Bueu, adoptouse neste concello o nivel de restricións máximo.

E na comarca de Vigo, no concello de Baiona, adoptáronse tamén as restricións máximas.

Por último, respecto do concello de Santiago de Compostela, dado o ascenso nos valores estimados das taxas a 3, 7 e 14 días, adoptáronse para tal concello medidas de nivel de restricións medio con peche perimetral do concello.

A evolución epidemiolóxica e sanitaria de diversos concellos fixo necesaria unha nova modificación do Decreto 202/2020, do 3 de decembro, polo que se ditou o Decreto 222/2020, do 22 de decembro.

Nesa modificación, dada a súa evolución favorable, os concellos de Meis, Ribadumia, Muxía, Cerdedo-Cotobade, Vilaboa e Ponte Caldelas pasaron ao nivel de restricións básico; o concello de Moaña pasou a nivel medio; os concellos de Vilalba, Tui e Pontearreas pasaron a nivel medio-alto. O concello de Rianxo, que estaba no nivel básico de restricións, pasou ao nivel de máximas restricións.

Por outra banda, en cumprimento do Acordo do 2 de decembro de 2020, do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, adoptáronse unha serie de medidas especiais aplicables no período das festas de Nadal, debido a unha intensificación da interacción social e mobilidade da poboación nas citadas datas, relativas ás seguintes materias:

a) Limitación temporal da entrada e saída de persoas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia entre o día 23 de decembro de 2020, ás 00.00 horas, e o día 7 de xaneiro de 2021, ás 00.00 horas.



b) Encontros con familiares para celebrar as comidas e ceas de Nadal dos días 24 e 25 de decembro de 2020.

c) Limitación da mobilidade nocturna na noite do 24 ao 25 de decembro de 2020.

Así mesmo, recolleuse unha medida especial relativa á mobilidade dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia entre o día 23 de decembro, ás 00.00 horas, e o día 25 de decembro, ás 23.00 horas.

Con posterioridade, ditouse o Decreto 226/2020, do 29 de decembro, polo que se modifica o Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

Nese decreto, Pontareas, Rodeiro e Lugo pasaron ao nivel de restricións básico. Redondela baixou do nivel de restricións máximas a medio-alto, polo que pasou a integrarse no ámbito territorial delimitado cos concellos de Vigo, Mos, Nigrán, Gondomar e O Porriño. Por outra banda, noutros concellos elevouse o nivel de restricións existente. Tal foi o caso dos concellos de Barro, Xinzo de Limia, Muros, A Pobra do Caramiñal, Carral e Xove, en que se adoptaron as medidas correspondentes ao nivel de restricións medio-alto. Así mesmo, nos concellos de Lousame, Noia, Outes e Porto do Son adoptáronse medidas do nivel de restricións medio-alto. As limitacións de entrada e saída aplicáronse no ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Porto do Son e Outes, e no ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Noia e Lousame. Pola súa parte, o concello de Viveiro pasou ao nivel de máximas restricións. Tamén nos concellos de Verín, Cualedro, Castrelo do Val e Monterrei se elevaron as medidas ao nivel de máximas restricións e se procedeu ao peche perimetral conxunto dos catro concellos.

Posteriormente, o Decreto 1/2021, do 4 de xaneiro, polo que se modificou o Decreto 202/2020, do 3 de decembro, dispuxo que os concellos das Pontes de García Rodríguez e Carnota pasasen ao nivel de restricións básico, polo que se eliminaron as limitacións de entrada e saída nestes concellos e se dispuxo a aplicación neles da regra xeral de limitación da permanencia de grupos de persoas en espazos de uso público ou privados nun número máximo de seis persoas, agás que se tratase de persoas conviventes. Así mesmo, dada a melloría dos datos epidemiolóxicos do concello de Narón, reduciuse o seu nivel de restricións a medio, polo que se separou do ámbito territorial delimitado co concello de



Ferrol no cal se integraba. Por outra banda, vista a evolución da situación epidemiolóxica, estendeuse a medida de limitación temporal de entrada e saída de persoas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia ata o día 11 de xaneiro de 2021, ás 00.00 horas.

Mediante o Decreto 2/2021, do 8 de xaneiro, modificouse novamente o Decreto 202/2020, do 3 de decembro. Neste sentido, de acordo cos informes da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 8 de xaneiro de 2021, tendo en conta o valor das taxas acumuladas a 14 días no ámbito territorial formado polos concellos da Coruña, Culleredo, Arteixo e Cambre, no ámbito territorial formado polos concellos de Ourense e Barbadás, e no ámbito territorial formado polos concellos de Santiago de Compostela, Ames e Teo, propúxose que se adoptase o nivel de restricións que inclúe medidas de peche perimetral dos ámbitos indicados e limitación da permanencia de grupos de persoas en espazos de uso público ou privado a un número máximo de catro persoas, agás que se tratase de persoas conviventes.

Finalmente, mediante o Decreto 3/2021, do 13 de xaneiro, modificouse o Decreto 202/2020, do 3 de decembro. Neste sentido, de acordo co Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 13 de xaneiro de 2020, observouse que as taxas de incidencia acumuladas a 3, 7 e 14 días estaban, para o conxunto de Galicia, en niveis moi elevados, con valores de 81,9, 192,4 e 306,3 casos por cen mil habitantes, respectivamente. A media de casos acumulados a 7 días para os últimos 28 días amosaba unha clara tendencia ascendente.

Por áreas sanitarias, as taxas a 14 días acadaron valores superiores aos 250 casos por 100.000 habitantes en todas elas, agás Lugo e Pontevedra, que, aínda así, amosaban tamén valores altos ao acadaren taxas por riba dos 230 casos por 100.000 habitantes. Para o grupo de idade de máis de 64 anos, as taxas a 14 días estaban por riba dos 250 casos por 100.000 habitantes en todas as áreas sanitarias, agás Pontevedra, que, aínda así, amosaba tamén valores altos ao superar os 180 casos por 100.000 habitantes.

Por outra banda, o número reprodutivo instantáneo (Rt), que indica o número de casos secundarios que ocorren por cada caso activo, amosaba unha tendencia ascendente e acadaba un valor próximo a 1,4 para o global de Galicia, manténdose por riba do valor 1 en todas as áreas sanitarias, o que indicaba o mantemento da transmisión.

A porcentaxe de positividade do total das probas PCR realizadas en Galicia amosaba valores superiores ao 7 % nos últimos 12 días.

A nivel global, o informe recomendaba que a Comunidade continuase con peche perimetral e se limitase a mobilidade o máximo posible, só para facer exclusivamente o esen-



cial, como ir ao médico, ao colexio, atender as persoas maiores e facer a compra do indispensable. Ademais, recomendaba adiantar a hora do toque de queda ás 22.00 horas.

En particular, o informe recomendaba adoptar as medidas correspondentes ao nivel máximo de restricións nos concellos de máis de 10.000 habitantes que tivesen unha incidencia acumulada a 14 días superior a 250 casos por cada cen mil habitantes, ou que evolucionasen de xeito acelerado cara a ese nivel. Así mesmo, considerouse necesario elevar as restricións ata o nivel máximo nos concellos de menos de 10.000 habitantes que presentasen unha incidencia a 14 días superior a 250 casos por cen mil habitantes nos cales concorresen circunstancias específicas na evolución da súa incidencia acumulada, no número de casos activos e nas características específicas dos seus gromos.

En todos os concellos con este nivel máximo de restricións estableceuse o peche perimetral para o ámbito territorial correspondente a cada concello.

Así mesmo, no resto dos concellos de Galicia o informe consideraba que debía establecerse o nivel medio-alto de restricións e, aínda que non recomendaba, salvo necesidade, permitir a mobilidade entre eles, agás no caso dos concellos de Lugo, Pontevedra e Vigo, nos cales se estableceu o peche perimetral para o ámbito territorial correspondente ao concello.

A aplicación destes niveis de restricións supuxo que en todo o territorio da Comunidade Autónoma as limitacións de permanencia de grupos de persoas en espazos públicos ou privados quedaba condicionada a que non se superase o número máximo de catro persoas, agás que se tratase de persoas conviventes, coas excepcións que se establecesen. Tamén supoñía que a asistencia a lugares de culto non podería superar o terzo da súa capacidade.

III

O proceso constante de revisión da situación sanitaria e epidemiolóxica resulta indispensable para manter un nivel de perfecta correspondencia entre as medidas adoptadas e a situación sanitaria que as xustifica. Neste sentido, a evolución epidemiolóxica e sanitaria de diversos concellos fixo necesaria unha nova modificación do Decreto 202/2020, do 3 de decembro.

Neste sentido, de acordo co Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 19 de xaneiro de 2021, as taxas de incidencia a 3, 7 e 14 días na Comunidade Autónoma de Galicia presentan valores moi superiores aos reflectidos no anterior informe, 134,4, 290,9 e 471,9 casos por cen mil habitantes, respectivamente.



Por áreas sanitarias, as taxas a 14 días acadan valores superiores aos 250 casos por 100.000 habitantes en todas elas, superando incluso os 500 casos por 100.000 habitantes nas áreas sanitarias da Coruña, Santiago, Ferrol e Ourense. No grupo de idade de máis de 64 anos, tamén se superan os 250 casos por 100.000 habitantes en todas as áreas sanitarias.

Por outra banda, o número reprodutivo instantáneo (Rt), que indica o número de casos secundarios que ocorren por cada caso activo, parece que comeza a inverter a tendencia ascendente que viña presentando ata o de agora. Non obstante, continúa mostrando valores superiores ao limiar situado no 1 en todas as áreas sanitarias e no global de Galicia, o que indica que segue a haber transmisión.

En canto á porcentaxe de positividade do total das probas PCR realizadas en Galicia, obsérvanse valores superiores ao 7 % nos últimos 17 días e no momento de realizar este informe están no 11,4 %.

En Galicia temos na actualidade gromos identificados que están en vixilancia epidemiolóxica e baixo medidas restritivas, pero a situación actual caracterízase pola presenza de casos en practicamente case todos os concellos. Así, do total de concellos (N=313), nos últimos 14 días houbo casos de COVID-19 en todos eles agás en 34.

En relación coas hospitalizacións, nos últimos 28 días (desde o día 21 de decembro de 2020 ao 17 de xaneiro de 2021) superáronse os 20 ingresos diarios, rexistráronse máis de 35 ingresos en 20 deses días e chegaron a superar os 80 ingresos en tres deles. Así mesmo, cómpre ter en conta a maior porcentaxe de persoas de idade entre os hospitalizados e que, na actualidade, todas as áreas sanitarias teñen casos ingresados nas UCI.

Á vista da situación epidemiolóxica actual descrita con anterioridade, o informe considera conveniente continuar coa adopción de medidas de control no conxunto de Galicia. Así mesmo, recomenda a adopción de medidas correspondentes ao nivel máximo de restricións nos concellos de máis de 10.000 habitantes que tivesen unha incidencia acumulada a 14 días superior a 250 casos por cada cen mil habitantes, ou que evolucionasen de xeito acelerado cara a ese nivel. Así mesmo, considera necesario elevar as restricións ata o nivel máximo nos concellos de menos de 10.000 habitantes que presentan unha incidencia a 14 días superior a 250 casos por cen mil habitantes, nos cales concorren circunstancias específicas na evolución da súa incidencia acumulada, no número de casos activos e nas características específicas dos seus gromos.

En todos os concellos con este nivel máximo de restricións establécese o peche perimetral para o ámbito territorial correspondente a cada concello.



Por outra banda, nos concellos de Arteixo, Xinzo de Limia e Viveiro, debido á evolución da súa situación epidemiolóxica e sanitaria, o número de casos activos e as características específicas dos seus gromos, o informe recomenda adoptar medidas excepcionais, consistentes na limitación de grupos de persoas aos constituídos exclusivamente por persoas conviventes.

Polo demais, precísanse neste decreto as excepcións aos peches perimetrais e agrupacións de persoas, en particular no que se refire á actividade cinexética do xabaril e do lobo.

Tendo en conta o indicado no informe antes citado, e logo de escoitar as recomendacións do comité clínico reunido para estes efectos, procede, en consecuencia, modificar o Decreto 202/2020, do 3 de decembro.

Coa finalidade de acadar unha maior claridade e seguridade xurídica, óptase por unha reprodución completa dos puntos obxecto de modificación da norma anterior, na cal se recolle a enumeración total dos concellos afectados polas correspondentes limitacións, coa finalidade de mellorar a súa comprensión e estruturación.

De acordo co exposto, por proposta do conselleiro de Sanidade e na condición de autoridade competente delegada, por delegación do Goberno da Nación, conforme o disposto nos artigos 2, 5, 6, 7, 8, 9 e 10 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2,

DISPOÑO:

Primeiro. *Modificación do Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2*

Un. Modifícase o número 2 do punto primeiro do Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro,



polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, que queda redactado como segue:

«2. Recoméndase limitar a mobilidade o máximo posible. Quedan restrinxidas a entrada e a saída de persoas do ámbito territorial dos seguintes concellos, considerados individualmente:

2.1. Da provincia da Coruña:

- a) A Baña.
- b) Abegondo.
- c) A Coruña.
- d) A Laracha.
- e) Ames.
- f) A Pobra do Caramiñal.
- g) Arteixo.
- h) Arzúa.
- i) Betanzos.
- j) Boiro.
- k) Cabana de Bergantiños.
- l) Cabanas.
- m) Camariñas.
- n) Cambre.
- ñ) Carballo.
- o) Cariño.



- p) Cedeira.
- q) Cee.
- r) Cerceda.
- s) Cerdido.
- t) Coristanco.
- u) Culleredo.
- v) Dodro.
- w) Dumbría.
- x) Fene.
- y) Ferrol.
- z) Laxe.
- aa) Mañón.
- ab) Melide.
- ac) Moeche.
- ad) Mugardos.
- ae) Muxía.
- af) Narón.
- ag) Neda.
- ah) Negreira.
- ai) Noia.



- aj) Oleiros.
- ak) Ordes.
- al) Oroso.
- am) Ortigueira.
- an) Outes.
- añ) Oza-Cesuras.
- ao) Padrón.
- ap) Pontedeume.
- aq) Porto do Son.
- ar) Rianxo.
- as) Ribeira.
- at) Rois.
- au) Sada.
- av) San Sadurniño.
- aw) Santiago de Compostela.
- ax) Sobrado.
- ay) Teo.
- az) Trazo.
- aaa) Touro.
- aab) Val do Dubra.



aac) Valdoviño.

aad) Vilasantar.

aae) Vimianzo.

2.2. Da provincia de Lugo:

a) Burela.

b) Cervo.

c) O Vicedo.

d) Vilalba.

e) Viveiro.

f) Xove.

2.3. Da provincia de Ourense:

a) Allariz.

b) Barbadás.

c) Monterrei.

d) O Carballiño.

e) Ourense.

f) Verín.

g) Xinzo de Limia.

h) Celanova.

i) Porqueira.



j) Ribadavia.

k) Trasmiras.

l) Vilar de Santos.

2.4. Da provincia de Pontevedra:

a) A Cañiza.

b) A Estrada.

c) A Guarda.

d) A Illa de Arousa.

e) A Lama.

f) Arbo.

g) As Neves.

h) Baiona.

i) Bueu.

j) Caldas de Reis.

k) Catoira.

l) Crecente.

m) Cuntis.

n) Forcarei.

ñ) Gondomar.

o) Meis.



- p) Moaña.
- q) Mondariz.
- r) Moraña.
- s) Mos.
- t) Nigrán.
- u) Oia.
- v) O Porriño.
- w) O Rosal.
- x) Poio.
- y) Ponteareas.
- z) Pontecesures.
- aa) Pontevedra.
- ab) Redondela.
- ac) Salceda de Caselas.
- ad) Salvaterra de Miño.
- ae) Silleda.
- af) Tomiño.
- ag) Tui.
- ah) Valga.
- ai) Vigo.



aj) Vilagarcía de Arousa.

ak) Vilanova de Arousa».

Dous. Modifícase o número 3 do punto primeiro do Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, que queda redactado como segue:

«3. Quedan exceptuados das anteriores limitacións aqueles desprazamentos, adecuadamente xustificadas, que se produzan por algún dos seguintes motivos:

- a) Asistencia a centros, servizos e establecementos sanitarios.
- b) Cumprimento de obrigas laborais, profesionais, empresariais, institucionais, sindicais e de representación de traballadores ou legais.
- c) Asistencia a centros universitarios, docentes e educativos, incluídas as escolas de educación infantil.
- d) Retorno ao lugar de residencia habitual ou familiar.
- e) Asistencia e coidado, incluído o acompañamento, a maiores, menores, dependentes, persoas con discapacidade ou persoas especialmente vulnerables.
- f) Desprazamento a entidades financeiras e de seguros ou estacións de servizo en territorios limítrofes.
- g) Actuacións requiridas ou urxentes ante os órganos públicos, xudiciais ou notariais.
- h) Renovacións de permisos e documentación oficial, así como outros trámites administrativos inaprazables.
- i) Realización de exames ou probas oficiais inaprazables.
- j) Coidado de hortas e animais.



k) Asistencia a academias de idiomas, clases de reforzo educativo de materias incluídas nos plans de estudos da educación regrada, conservatorios e escolas de música, ou para a preparación de procesos selectivos en academias ou centros de formación.

l) Por causa de forza maior ou situación de necesidade.

m) Calquera outra actividade de análoga natureza, debidamente acreditada».

Tres. O punto segundo do Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, que queda redactado como segue:

«1. Recoméndase restrinxir ao máximo a interacción social e que os encontros queden limitados unicamente á unidade de convivencia. No territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, a permanencia de grupos de persoas en espazos de uso público, tanto pechados como ao aire libre, quedará condicionada a que non se supere o número máximo de catro persoas, agás que se trate de persoas conviventes. A permanencia de grupos de persoas en espazos de uso privado quedará condicionada a que non se supere o número máximo de catro persoas, agás que se trate de persoas conviventes.

A limitación prevista neste número non será de aplicación no caso de actividades laborais, institucionais, empresariais, profesionais, sindicais, de representación de traballadores e administrativas, actividades en centros universitarios, educativos, de formación e ocupacionais, sempre que se adopten as medidas previstas nos correspondentes protocolos de funcionamento.

Respecto das actividades previstas nos anexos da Orde da Consellería de Sanidade, do 3 de decembro de 2020, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, serán de aplicación as limitacións de capacidade máxima e/ou de número global de persoas asistentes ou participantes previstas neles. A limitación de grupos dun máximo de catro persoas, agás conviventes, contida neste número, só se aplicará aos límites específicos para actividades grupais recollidos nos ditos anexos.



2. Non obstante o indicado no número anterior, a permanencia de grupos de persoas en espazos de uso público, tanto pechados como ao aire libre, e en espazos de uso privado quedará condicionada aos constituídos exclusivamente por persoas conviventes, nos concellos seguintes:

- a) Arteixo.
- b) Viveiro.
- c) Xinzo de Limia.

A limitación prevista neste número non será de aplicación no caso de actividades laborais, institucionais, empresariais, profesionais, sindicais, de representación de traballadores e administrativas, actividades en centros universitarios, educativos, de formación e ocupacionais, sempre que se adopten as medidas previstas nos correspondentes protocolos de funcionamento.

Esta limitación non impedirá a reunión con persoas non conviventes que se produza por motivos de asistencia, acompañamento e coidado a maiores, dependentes ou persoas con discapacidade, ou por causa de forza maior ou situación de necesidade.

Tampouco será aplicable esta limitación respecto das actividades previstas nos anexos da Orde da Consellería de Sanidade, do 3 de decembro de 2020, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, respecto das cales se prevea a posibilidade de grupos de persoas que non sexan conviventes».

Catro. O punto sexto bis do Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, queda redactado como segue:

«Sexto bis. *Actividade cinexética do xabaril e do lobo*

1. Quedan exceptuadas das limitacións á entrada e saída de persoas dos ámbitos territoriais previstos no número 2 do punto primeiro, así como das restricións á permanencia de



grupos de persoas en espazos públicos previstas no punto segundo, as accións de caza colectiva que se realicen exclusivamente sobre as especies cinexéticas do xabaril e do lobo, nos seguintes supostos:

a) Accións de caza sobre o xabaril de acordo coa planificación aprobada para a tempada de caza 2020/2021 nos plans anuais de aproveitamento cinexético dos Tecor, e accións autorizadas especificamente en terreos de réxime cinexético común.

b) Accións de caza con ocasión de danos á agricultura ou á gandería ocasionados polo xabaril e/ou o lobo, logo da súa comprobación por parte das xefaturas territoriais da consellería competente en materia de ambiente.

c) Accións de caza como consecuencia de accidentes graves de tráfico reiterados nun mesmo punto quilométrico.

2. En todo caso, durante o desenvolvemento destas accións de caza deberán cumprirse as condicións establecidas pola consellería competente en materia de ambiente, así como as medidas de prevención que adicionalmente poidan ser establecidas polas autoridades sanitarias».

Segundo. *Eficacia*

Este decreto terá efectos desde as 00.00 horas do día 21 de xaneiro de 2021.

Terceiro. *Recursos*

Contra este decreto poderase interpor recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, conforme os artigos 12.1.a) e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, dezanove de xaneiro de dous mil vinte e un

Alberto Núñez Feijóo
Presidente da Xunta de Galicia



I. DISPOSICIÓNS XERAIS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

ORDE do 19 de xaneiro de 2021 pola que se modifica a Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

I

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto do devandito acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderán ser obxecto de modificación ou supresión, mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade.

Así mesmo, indícase no dito punto sexto, na redacción vixente, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de acordo coa normativa aplicable e en vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou en parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación das medidas concretas contidas no anexo.



Mediante o Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, declarouse o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. Esta declaración afectou todo o territorio nacional e a súa duración inicial estendeuse, conforme o disposto no seu artigo 4, ata as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020.

Conforme o artigo 2 dese real decreto, para os efectos do estado de alarma, a autoridade competente será o Goberno da Nación. En cada comunidade autónoma e cidade con estatuto de autonomía, a autoridade competente delegada será quen exerza a presidencia da comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía, nos termos establecidos no real decreto. As autoridades competentes delegadas quedan habilitadas para ditar, por delegación do Goberno da Nación, as ordes, resolucións e disposicións para a aplicación do previsto nos artigos 5 ao 11 do real decreto, sen que para iso sexa precisa a tramitación de procedemento administrativo ningún, nin será de aplicación o previsto no segundo parágrafo do artigo 8.6 e no artigo 10.8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O 29 de outubro de 2020, o Congreso dos Deputados autorizou a prórroga do estado de alarma ata o día 9 de maio de 2021. Conforme o artigo 2 do Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, a prórroga establecida no devandito real decreto entenderase desde as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020 ata as 00.00 horas do día 9 de maio de 2021, e someterase ás condicións establecidas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, e nos decretos que, se é o caso, se adopten en uso da habilitación conferida pola disposición derradeira primeira do citado Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, sen prexuízo do establecido nas disposicións que recolle o propio real decreto de prórroga.

En consecuencia, durante a vixencia do estado de alarma e da súa prórroga, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, deberán adoptarse, na condición de autoridade competente delegada, nos termos previstos no devandito real decreto e no real decreto de prórroga.

Non obstante, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, non esgotan todas as que poden ser adoptadas para facer fronte á crise sanitaria. Neste sentido, como prevé expresamente o seu artigo 12, cada Administración conservará as competencias que lle outorga a lexislación vixente, así como a xestión dos seus servizos e do seu persoal, para adoptar as medidas que considere necesarias, sen prexuízo do establecido no real decreto.



Polo tanto, durante a vixencia do estado de alarma e das súas prórrogas, as medidas que sexa necesario adoptar para facer fronte, na Comunidade Autónoma, á crise sanitaria serán as que poida acordar, ao abeiro da normativa do estado de alarma, o presidente da Comunidade Autónoma, como autoridade competente delegada, e as complementarias que poidan adoptar, no exercicio das súas competencias propias, as autoridades sanitarias autonómicas e, entre elas, a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, ao abeiro do disposto no punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020 citado.

II

Sentado o anterior, no contexto normativo derivado do estado de alarma vixente e ante a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia, ditouse o Decreto 179/2020, do 4 de novembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas en determinados ámbitos territoriais da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. Tales medidas consistiron no establecemento de limitacións de entrada e saída de persoas de determinados ámbitos territoriais e en limitacións da permanencia de persoas en espazos de uso público e de uso privado, e en lugares de culto. Conforme o punto quinto do decreto, a eficacia destas medidas estendíase ata as 15.00 horas do día 4 de decembro de 2020, sen prexuízo de que debían ser obxecto de seguimento e de avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria para os efectos, de ser necesario, da súa modificación ou levantamento. Ademais, esas medidas debían ser complementadas, como indica o propio decreto, con outras que procede que adopte a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade no exercicio das súas competencias propias como autoridade sanitaria autonómica. Estas medidas complementarias establecéronse mediante a Orde do 4 de novembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que foi modificada en diversas ocasións.

III

A situación da evolución epidemiolóxica xeral na Comunidade Autónoma de Galicia, xunto coa duración inicial das medidas que se viñan aplicando, facía necesario acometer unha revisión delas, tanto das previstas con carácter xeral para a Comunidade Autónoma



de Galicia como das particulares aplicables en ámbitos territoriais concretos. Por outra banda, valorouse tamén a incidencia acumulada que a aplicación das medidas viña supoñendo para sectores concretos da actividade económica e o impacto que estaban a ter na realidade socioeconómica de Galicia.

En concreto, en vista do indicado nos informes da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 3 de decembro de 2020, e logo de escoitar as recomendacións do comité clínico reunido para estes efectos, a situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia exixía a adopción das medidas que se estableceron na Orde do 3 de decembro de 2020, baseadas na distinción de diversos niveis de restrición, consistentes nun nivel básico, aplicable con carácter xeral en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, e duns niveis medio, medio-alto e de máximas restricións, aplicables de forma progresiva e graduada naqueles concellos cunha situación epidemiolóxica máis desfavorable.

Tamén se tiveron en conta a regulación e as limitacións en canto aos grupos de persoas que recolle o Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, de tal xeito que na orde se realizou unha revisión das medidas vixentes en canto aos grupos de persoas nas distintas actividades previstas nas medidas de prevención.

Coa finalidade de garantir a adecuación das medidas recollidas na Orde do 3 de decembro de 2020 á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria da Comunidade Autónoma, estas son obxecto dun continuo seguimento e avaliación, que se plasma nas sucesivas modificacións operadas na devandita orde desde a súa entrada en vigor ata o día de hoxe.

Así, mediante a Orde do 4 de decembro de 2020 modificouse a Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, na cal se fixo constar a evolución favorable da situación dos concellos de Oleiros, Burela, Fene, Neda, Lalín e Oroso, que permitiu a aplicación neles das medidas previstas no anexo I da Orde do 3 de decembro de 2020, así como a evolución negativa do concello de Boiro, onde se pasou a aplicar o máximo nivel de restricións.

A continuación, mediante a Orde do 11 de decembro de 2020 levouse a cabo unha nova modificación da Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas



de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, con base na cal pasaron ao nivel básico de restricións os concellos de Silleda, Ribadavia, A Laracha, Cabana de Bergantiños, Malpica de Bergantiños, Vilanova de Arousa e Xinzo de Limia. Tamén mellorou a situación nos concellos de Pontevedra, O Porriño, Narón e Ferrol, que pasaron a un nivel de restricións medio-alto, e de Lugo, que pasou ao nivel medio. Por outro lado, empeorou a situación nos concellos de Camariñas, Vimianzo e Zas, Tomiño e O Rosal, A Guarda, Sarreaus e A Rúa, nos cales se adoptaron medidas de nivel de restricións medio-alto.

Pola súa banda, na Orde do 16 de decembro de 2020 acométese outra modificación da Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia. Nesta orde reflíctese a melloría da situación epidemiolóxica dos concellos de Barro, Coristanco, Cee, Laxe, Carballo e Ponteceso, que pasaron a un nivel básico de restricións. Pola contra, o empeoramento da situación epidemiolóxica fixo necesario elevar o nivel de restricións doutros concellos: Santiago de Compostela pasou ao nivel medio de restricións, mentres que Santa Comba, Mazaricos, Negreira, Carnota, Rodeiro, A Illa de Arousa e Fisterra pasaron ao nivel medio-alto e adoptáronse medidas de máxima restrición en Ribeira, Bueu e Baiona.

Posteriormente, mediante a Orde do 22 de decembro de 2020 volveuse modificar a Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia. Esta orde recolleu a melloría da situación dos concellos de Meis, Ribadumia, Muxía, Cerdedo-Cotobade, Vilaboa e Ponte Caldelas, que pasaron ao nivel básico; de Moaña, que se atopaba no nivel de máximas restricións e pasou ao nivel medio de restricións, e de Vilalba, Tui e Ponteareas, nos cales se reduciron as restricións aplicables ao pasar do nivel máximo ao nivel medio-alto. Tamén recolleu o empeoramento da situación do concello de Rianxo, que ata este momento se encontraba no nivel básico de restricións e pasou ao máximo nivel de restricións.

Mediante a Orde do 29 de decembro de 2020 realizouse unha nova modificación da citada Orde do 3 de decembro de 2020. Así, de acordo co informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 29 de decembro de 2020, constatouse a evolución da situación epidemiolóxica positiva en diferentes concellos como Ponteareas, Rodeiro e Lugo, que pasaron ao nivel básico de restricións, e Redondela, que ata ese momento se atopaba no nivel de máxima restrición e que pasou ao nivel medio-alto.



Distinta foi a situación dos concellos de Barro, Xinzo de Limia, Muros, A Pobra do Caramiñal, Carral, Xove, Porto do Son, Outes, Noia e Lousame, nos cales se observou un empeoramento da evolución epidemiolóxica que fixo necesaria a adopción das medidas máis restritivas correspondentes ao nivel medio-alto. Pola súa parte, os concellos de Viveiro, Verín, Cualedro, Castrelo do Val e Monterrei, da comarca de Verín, pasaron ao nivel de máximas restricións.

Por outro lado, flexibilizáronse as restricións aplicables á hostalaría nos niveis de restrición medio-alto e de máximas restricións e ampliouse o horario de apertura das 17.00 horas ás 18.00 horas, para o cal se modificaron os anexos III e IV da Orde do 3 de decembro de 2020.

Así mesmo, adoptáronse medidas especiais para a hostalaría os días 31 de decembro de 2020 e 1 de xaneiro de 2021. Así, o día 31 de decembro de 2020, nos ámbitos territoriais en que se aplicaran as medidas previstas nos anexos I (nivel básico) e II (nivel medio) da Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, na súa redacción vixente, os clientes dos establecementos de hostalaría e restauración debían abandonar os citados establecementos antes das 23.00 horas. A mesma medida sería aplicable nos establecementos e locais de xogo e apostas nos ámbitos territoriais en que se aplicaran as medidas previstas nos anexos I (nivel básico), II (nivel medio) e III (nivel medio-alto) da Orde do 3 de decembro de 2020. Por outra banda, o día 1 de xaneiro os establecementos de hostalaría e restauración non puideron abrir antes das 11.00 horas.

Mediante a Orde do 4 de xaneiro de 2021 modificouse a Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

Así, de acordo co informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 4 de xaneiro de 2021, a mellora da evolución epidemiolóxica nos concellos de Carnota e das Pontes de García Rodríguez determinou que estes concellos pasasen do nivel de restricións medio-alto e máximo, respectivamente, ao nivel básico. Tamén se observou unha evolución positiva no concello de Narón, ao cal pasaron a aplicárselle as medidas restritivas propias do nivel medio.



Mediante a Orde do 8 de xaneiro de 2021 modificouse novamente a Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

Neste sentido de acordo cos informes da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 8 de xaneiro de 2021, tendo en conta o valor das taxas acumuladas a 14 días, nos concellos de Santiago de Compostela, Ames e Teo, propúxose que estes concellos pasasen ao nivel de máximas restricións previstas no anexo IV da Orde do 3 de decembro de 2020, na súa redacción vixente.

Por outra banda, atendida a situación epidemiolóxica nos concellos da Coruña, Cambre, Culleredo e Arteixo, procedía que os citados concellos pasasen ao nivel de restricións medio-alto previsto no anexo III da Orde do 3 de decembro de 2020, na súa redacción vixente.

Polos mesmos motivos, e atendendo a situación epidemiolóxica nos concellos de Ourense e Barbadás, os citados concellos pasaron ao nivel de restricións medio-alto previsto no anexo III da Orde do 3 de decembro de 2020, na súa redacción vixente.

Mediante a Orde do 13 de xaneiro de 2021 modificouse novamente a Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

Así, de acordo cos informes da Dirección Xeral de Saúde Pública, observouse que as taxas de incidencia acumuladas a 3, 7 e 14 días estaban, para o conxunto de Galicia, en niveis moi elevados, obténdose valores de 81,9, 192,4 e 306,3 casos por cen mil habitantes respectivamente. A media de casos acumulados a 7 días para os últimos 28 días amosaba unha clara tendencia ascendente.

Por áreas sanitarias, as taxas a 14 días acadaron valores superiores aos 250 casos por cen mil habitantes en todas elas, agás Lugo e Pontevedra, que, aínda así, amosaban tamén valores altos ao acadar taxas por riba dos 230 casos por cen mil habitantes.

Por outro lado, o número reprodutivo instantáneo (Rt), que indica o número de casos secundarios que ocorren por cada caso activo, amosaba unha tendencia ascendente, e acadaba un valor próximo a 1,4 para o global de Galicia e mantíñase por riba do valor 1 en todas as áreas sanitarias, o que indicaba a progresión da transmisión.



O número de ingresos en camas de hospitalización e tamén en camas de coidados críticos estaba tamén a aumentar coa previsión de que seguise esta mesma tendencia nos próximos días e semanas, sometendo ao sistema asistencial a un aumento de presión que terá repercusións evidentes sobre a saúde da poboación, especialmente dos máis vulnerables.

Por conseguinte, recomendábase adoptar as medidas correspondentes ao nivel máximo de restricións nos concellos de máis de 10.000 habitantes que tiñan xa unha incidencia acumulada a 14 días superior a 250 casos por cen mil habitantes, ou que evolucionaban de xeito acelerado cara ese nivel. Estes concellos foron: A Coruña, Arteixo, Cambre, Culleredo, Oleiros, Carballo, Santiago de Compostela, Ames, Ribeira, Boiro, Rianxo, Noia, Ferrol, Narón e Fene, Vilalba e Viveiro, Ourense, Barbadás, Verín, O Carballiño, A Estrada, Poio, Bueu, Moaña, Baiona, Pontearreas, Redondela, A Guarda, Tomiño, Tui, Vilagarcía e Vilanova.

Así mesmo, no relativo aos concellos de menos de 10.000 habitantes, cunha incidencia a 14 días superior a 250 casos por cen mil habitantes, nos que a evolución da súa incidencia acumulada, o número de casos activos e as características específicas dos seus brotes, considerouse necesario elevar as súas restricións ata o nivel máximo de restricións.

Estes concellos foron: Cee, Camariñas, Cerceda, Laxe, Vimianzo, Cabanas, Pontedeume, Ortigueira, Outes, Porto do Son, A Pobra do Caramiñal, Melide, Oroso, Trazo e Val do Dubra, Xove, Allariz, Monterrei e Xinzo de Limia, A Illa de Arousa, Valga, Pontecesures, Caldas de Reis, Cuntis, Oia, O Rosal e Salvaterra de Miño.

Por outra banda, engadíronse algunhas medidas coa finalidade mellorar o control e intensificar as restricións na interacción social da poboación.

Entre tales medidas atópanse as destinadas aos centros e parques comerciais que deberán de dispoñer de sistemas ou dispositivos que permitan coñecer, en todo momento, o número de persoas usuarias existente no seu interior, así como o control da capacidade máxima permitida nas citadas instalacións, limitacións da apertura dos establecementos e locais comerciais ata as 21.30 h, limitación de capacidade ao 30% respecto dos centros ou parques comerciais ou que formen parte deles ou medidas orientadas no transporte para procurar aumentar a ventilación dos vehículos.



IV

A evolución epidemiolóxica e sanitaria de diversos concellos fai necesaria, neste momento, unha nova modificación da Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

Así de acordo co informe da Dirección Xeral de Saúde pública do 19 de xaneiro de 2021 observase que, na Comunidade Autónoma de Galicia, as taxas de incidencia a 3, 7 e 14 días seguen a presentar un incremento de valores con datos de 134,4, 290,9 e 471,9 casos por cen mil habitantes respectivamente

Por áreas sanitarias, as taxas a 14 días acadan valores superiores aos 250 casos por 100.000 habitantes en todas elas, superando incluso os 500 casos por 100.000 habitantes nas áreas sanitarias da Coruña, Santiago, Ferrol e Ourense.

Por outra banda, o número reprodutivo instantáneo (R_t), que indica o número de casos secundarios que ocorren por cada caso activo, parece que comeza a invertir a tendencia ascendente que viña presentando ata o de agora. Non obstante, continúa mostrando valores superiores ao limiar situado no 1 en todas as áreas sanitarias e no global de Galicia, o que indica que segue a haber transmisión.

En canto á porcentaxe de positividade do total das probas PCR realizadas en Galicia, obsérvanse valores superiores ao 7% nos últimos 17 días, estando no 11,4%. En Galicia temos, na actualidade, brotes identificados que están en vixilancia epidemiolóxica e baixo medidas restritivas, pero a situación actual caracterízase pola presenza de casos en practicamente case todos os concellos. Así, do total de concellos nos últimos 14 días, houbo casos de COVID-19 en todos eles agás en 34.

En relación coas hospitalizacións, nos últimos 28 días superáronse os 20 ingresos diarios; rexistrándose máis de 35 ingresos en 20 deses días e chegando a superar os 80 ingresos en tres deles. Así mesmo, cómpre ter en conta a maior porcentaxe de persoas de idade entre os hospitalizados e que, na actualidade, todas as áreas sanitarias teñen casos ingresados nas UCI.

Á vista da situación epidemiolóxica actual descrita con anterioridade, o informe considera conveniente continuar coa adopción de medidas de control no conxunto de Galicia. Así mesmo, recomenda a adopción de medidas correspondentes ao nivel máximo de restri-



cións nos concellos de máis de 10.000 habitantes que tivesen unha incidencia acumulada a 14 días superior a 250 casos por cada cen mil habitantes, ou que evolucionasen de xeito acelerado cara a ese nivel. Así mesmo, considera necesario elevar as restricións ata o nivel máximo nos concellos de menos de 10.000 habitantes que presentan unha incidencia a 14 días superior a 250 casos por cen mil habitantes nos cales concorren circunstancias específicas na evolución da súa incidencia acumulada, no número de casos activos e nas características específicas dos seus brotes.

Así mesmo, debido á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria, o número de casos activos e as características específicas dos brotes de determinados concellos, entre os que se atopan os concellos de Arteixo, Xinzo de Limia e Viveiro, obriga a adoptar unha serie de medidas máis excepcionais dentro do nivel de máximas restricións.

Por último, o informe tamén recomenda no relativo ao deporte federado de ámbito autonómico a suspensión das competicións e no tocante aos adestramentos que deban respectar as limitacións de entrada e saída existentes nos correspondentes ámbitos territoriais e as limitacións establecidas á liberdade de circulación das persoas en horario nocturno. Respecto das competicións estatais e os seus adestramentos desenvolveranse de acordo co establecido pola administración competente e de conformidade coas limitacións establecidas nos seus protocolos federativos.

Tendo en conta o indicado nos devanditos informes, e tras escoitar as recomendacións do comité clínico reunido para estes efectos, procede, en consecuencia, modificar a Orde do 3 de decembro de 2020.

Cómpre salientar tamén que, coa finalidade de acadar unha maior claridade e seguridade xurídica, se opta por recoller nesta orde a relación completa dos concellos aos cales lles son de aplicación en cada caso as medidas específicas de prevención que se corresponden cos niveis de restrición sen que, polo tanto, se identifiquen unicamente os concellos concretos cuxas medidas específicas de prevención cambian porque pasan a quedar sometidos a maiores ou menores restricións que as que se lles viñan aplicando ata este momento.

V

As medidas que se adoptan nesta orde teñen o seu fundamento normativo na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do



4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 e 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para adoptar as medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica existente, no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, coa urxencia que a protección da saúde pública demanda.

Na súa virtude, en aplicación do punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. Modificación do número 6 do punto segundo da Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia

O número 6 do punto segundo da Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, queda redactado como segue:

«6. Serán de aplicación as medidas máis restritivas do anexo IV e, no que sexan compatibles con elas, as previstas no anexo III no ámbito territorial dos concellos que se relacionan de acordo coa clasificación recollida no presente punto. Así mesmo, no que sexa compatible cos dous anexos citados, serán de aplicación as medidas recollidas no anexo I

6.1. Serán de aplicación as medidas do anexo IV recollidas na súa letra A) aos seguintes concellos:

Da provincia da Coruña:

a) A Baña.



- b) Abegondo.
- c) A Coruña.
- d) A Laracha.
- e) Ames.
- f) A Pobra do Caramiñal.
- g) Arteixo.
- h) Arzúa
- i) Betanzos
- j) Boiro.
- k) Cabana de Bergantiños.
- l) Cabanas.
- m) Camariñas.
- n) Cambre.
- ñ) Carballo.
- o) Cariño
- p) Cedeira.
- q) Cee.
- r) Cerceda.
- s) Cerdido.
- t) Coristanco.



- u) Culleredo.
- v) Dodro.
- w) Dumbría.
- x) Fene.
- y) Ferrol.
- z) Laxe.
- aa) Mañón.
- ab) Melide.
- ac) Moeche.
- ad) Mugar dos.
- ae) Muxía.
- af) Narón.
- ag) Neda.
- ah) Negreira.
- ai) Noia.
- aj) Oleiros.
- ak) Ordes.
- al) Oroso.
- am) Ortigueira.
- an) Outes.



- añ) Oza-Cesuras.
- ao) Padrón.
- ap) Pontedeume.
- aq) Porto do Son.
- ar) Rianxo.
- as) Ribeira.
- at) Rois.
- au) Sada.
- av) San Sadurniño.
- aw) Santiago de Compostela.
- ax) Sobrado.
- ay) Teo.
- az) Trazo.
- aaa) Touro.
- aab) Val do Dubra.
- aac) Valdoviño.
- aad) Vilasantar.
- aae) Vimianzo.
- Da provincia de Lugo:
- a) Burela.



b) Cervo.

c) O Vicedo.

d) Vilalba.

e) Viveiro.

f) Xove.

Da provincia de Ourense:

a) Allariz.

b) Barbadás.

c) Monterrei.

d) O Carballiño.

e) Ourense.

f) Verín.

g) Xinzo de Limia.

h) Celanova.

i) Porqueira.

j) Ribadavia.

k) Trasmiras.

l) Vilar de Santos.

Da provincia de Pontevedra:

a) A Cañiza.



- b) A Estrada.
- c) A Guarda.
- d) A Illa de Arousa.
- e) A Lama.
- f) Arbo.
- g) As Neves.
- h) Baiona.
- i) Bueu.
- j) Caldas de Reis.
- k) Catoira.
- l) Crecente.
- m) Cuntis.
- n) Forcarei.
- ñ) Gondomar.
- o) Meis.
- p) Moaña.
- q) Mondariz.
- r) Moraña.
- s) Mos.
- t) Nigrán.



- u) Oia.
- v) O Porriño.
- w) O Rosal.
- x) Poio.
- y) Pontearreas.
- z) Pontecesures.
- aa) Pontevedra.
- ab) Redondela.
- ac) Salceda de Caselas.
- ad) Salvaterra do Miño.
- ae) Silleda.
- af) Tomiño.
- ag) Tui.
- ah) Valga.
- ai) Vigo.
- aj) Vilagarcía de Arousa.
- ak) Vilanova de Arousa.

6.2. Serán de aplicación as medidas do anexo IV recollidas na súa letra B) aos seguintes concellos:

- a) Arteixo.
- b) Viveiro.



c) Xinzo de Limia.

Segundo. *Modifícase o número 4 do punto 1 do anexo III da Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia*

Modifícase o número catro do punto 1 (establecementos de hostalaría e restauración) do anexo III da Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado como segue:

4. O horario de peche ao público será ás 18.00 horas. Non obstante, poderán prestar servizos de entrega a domicilio ou para a súa recollida no local e consumo a domicilio. O servizo de entrega a domicilio poderá realizarse ata as 24.00 horas. A permanencia nestes establecementos deberá ser a estritamente necesaria. En todo caso, evítaranse aglomeracións e controlárase que consumidores e empregados manteñan a distancia de seguridade establecida co fin de evitar posibles contaxios».

Terceiro. *Modifícase o punto 6 do anexo III da Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia*

Modifícase o punto 6 do anexo III da Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado como segue:

«6. Actividades e instalacións deportivas.

A práctica da actividade física e deportiva non federada, ao aire libre, poderá realizarse de forma individual ou colectiva ata un máximo de catro persoas sexan ou non conviventes, excluído o monitor.

Nas instalacións e centros deportivos poderase realizar actividade deportiva de forma individual, ou colectiva cun máximo de catro persoas, sexan ou non conviventes, excluído o monitor, sen contacto físico, e sempre que non se supere o cincuenta por cento da capacidade máxima permitida. Deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersonal durante o desenvolvemento da actividade.



En ningún caso se abrirán aos usuarios os vestiarios e zonas de duchas, podendo habilitarse, nos casos estritamente necesarios, espazos auxiliares. A ocupación máxima dos devanditos espazos será dunha persoa, salvo naqueles supostos de persoas que poidan precisar asistencia, nese caso tamén se permitirá a utilización polo seu acompañante. Deberá procederse á limpeza e desinfección dos referidos espazos inmediatamente despois de cada uso, así como á finalización da xornada.

Quedan suspendidas as competicións deportivas de nivel autonómico. Os correspondentes adestramentos quedarán sometidos ás mesmas limitacións co resto da actividade física e deportiva prevista neste punto, debendo respectarse as limitacións de entrada e saída existentes en determinados ámbitos territoriais e as limitacións establecidas á liberdade de circulación das persoas en horario nocturno.

As competicións deportivas federadas de nivel nacional e os seus adestramentos desenvolveranse de acordo co establecido pola administración competente e de conformidade coas limitacións establecidas nos protocolos federativos correspondentes».

Cuarto. Modifícase o anexo IV da Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia que se adxunta coma anexo á presente orde.

Quinto. Eficacia

As medidas previstas nesta orde terán efectos desde as 00.00 horas do día 21 de xaneiro de 2021.

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2021

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade

ANEXO IV. NIVEL DE MÁXIMAS RESTRICIÓN

Medidas de prevención específicas nos concellos a que se refire o número 6 do punto segundo desta orde, correspondente a un nivel de restricións máximas

Nos concellos previstos no número 6 do punto segundo desta orde serán de aplicación as medidas máis restritivas deste anexo, e, no que sexan compatibles con elas, as previstas no anexo III, de acordo coa clasificación recollida a continuación. Así mesmo, no que



sexa compatible cos dous anexos indicados, serán de aplicación as medidas recollidas no anexo I.

A) Nos concellos previstos no número 6.1 do punto segundo desta orde adóptase a medida de peche temporal, durante o período a que se estenda a eficacia da medida conforme o punto cuarto da orde, das seguintes actividades (conforme as definicións contidas no anexo do Decreto 124/2019, do 5 de setembro, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos abertos ao público da Comunidade Autónoma de Galicia e se establecen determinadas disposicións xerais de aplicación na materia):

I. Espectáculos públicos:

I.3. Espectáculos taurinos.

I.4. Espectáculos circenses.

I.6. Espectáculos feirais e de exhibición.

I.7. Espectáculos pirotécnicos.

II. Actividades recreativas:

II.1. Actividades culturais e sociais.

II.3. Actividades de lecer e entretemento.

II.4. Atraccións recreativas.

II.7. Actividades de restauración.

II.8. Actividades zoolóxicas, botánicas e xeolóxicas.

III. Establecementos abertos ao público:

III.1. Establecementos de espectáculos públicos.

III.1.4. Circos.

III.1.5. Prazas de touros.



III.1.7. Recintos feirais.

III.2. Establecementos de actividades recreativas.

III.2.1. Establecementos de xogo.

III.2.1.1. Casinos.

III.2.1.2. Salas de bingo.

III.2.1.3. Salóns de xogo.

III.2.1.4. Tendas de apostas.

III.2.2. Establecementos para actividades deportivas.

III.2.2.4. Pistas de patinaxe.

III.2.2.7. Piscinas recreativas de uso colectivo.

III.2.3. Establecementos para atraccións e xogos recreativos.

III.2.3.1. Parques de atraccións e temáticos.

III.2.3.2. Parques acuáticos.

III.2.3.3. Salóns recreativos.

III.2.3.4. Parques multilecer.

III.2.4. Establecementos para actividades culturais e sociais.

III.2.4.5. Salas de concertos.

III.2.5. Establecementos de restauración.

III.2.5.1. Restaurantes.

III.2.5.1.1. Salóns de banquetes.



III.2.5.2. Cafetarías.

III.2.5.3. Bares.

O interior dos establecementos de restauración permanecerá pechado ao público e só poderán abrir as terrazas ata un máximo do 50 % ata as 18.00 horas. Non obstante, poderán prestar servizos de entrega a domicilio ou para a súa recollida no local e consumo a domicilio. O servizo de entrega a domicilio poderá realizarse ata as 24.00 horas. A permanencia nestes establecementos deberá ser a estritamente necesaria. En todo caso, evitaranse aglomeracións e controlárase que consumidores e empregados manteñan a distancia de seguridade establecida co fin de evitar posibles contaxios.

Os establecementos de restauración de centros sanitarios ou de traballo que limiten a súa actividade aos traballadores deles ou, no caso dos centros sanitarios, tamén a acompañantes de doentes, poderán manter o servizo de cafetería, bar e restaurante. Non poderán superar o cincuenta por cento da súa capacidade. O consumo dentro do local poderá realizarse unicamente sentado na mesa, ou agrupacións de mesas e deberase asegurar o mantemento da debida distancia de seguridade interpersoal entre clientes. A ocupación máxima será de catro persoas por mesa ou agrupación de mesas».

III.2.6. Establecementos para actividades zoolóxicas, botánicas e xeolóxicas.

III.2.7. Establecementos de lecer e entretemento.

III.2.7.1. Salas de festas.

III.2.7.2. Discotecas.

III.2.7.3. Pubs.

III.2.7.4. Cafés-espectáculo.

III.2.7.5. Furanchos.

III.2.8. Centros de lecer infantil.

2. Quedan, por tanto, exceptuados destas limitacións as seguintes actividades e establecementos, que poderán continuar abertos:

I. Espectáculos públicos:



I.1. Espectáculos cinematográficos.

I.2. Espectáculos teatrais e musicais.

I.5. Espectáculos deportivos.

II. Actividades recreativas:

II.2. Actividades deportivas.

III. Establecementos abertos ao público:

III.1.1. Cine.

III.1.2. Teatro.

III.1.3. Auditorios.

III.1.6. Establecementos de espectáculos deportivos.

III.2.2.1. Estadios deportivos.

III.2.2.2. Pavillóns deportivos.

III.2.2.3. Recintos deportivos.

III.2.2.5. Ximnasios.

III.2.2.6. Piscinas de competición.

III.2.4.1. Museos.

III.2.4.2. Bibliotecas.

III.2.4.3. Salas de conferencias.

III.2.4.4. Salas polivalentes.

B) Nos concellos previstos no número 6.2 do punto segundo desta orde adóptase a medida de peche temporal, durante o período a que se estenda a eficacia da medida



conforme o punto cuarto da orde, das seguintes actividades (conforme as definicións contidas no anexo do Decreto 124/2019, do 5 de setembro, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos abertos ao público da Comunidade Autónoma de Galicia e se establecen determinadas disposicións xerais de aplicación na materia):

I. Espectáculos públicos:

I.1. Espectáculos cinematográficos.

I.2. Espectáculos teatrais e musicais.

I.3. Espectáculos taurinos.

I.4. Espectáculos circenses.

I.5. Espectáculos deportivos.

I.6. Espectáculos feriais e de exhibición.

I.7. Espectáculos pirotécnicos.

II. Actividades recreativas:

II.1. Actividades culturais e sociais.

II.2. Actividades deportivas.

II.3. Actividades de ocio e entretemento.

II.4. Atraccións recreativas.

II.7. Actividades de restauración.

II.8. Actividades zoolóxicas, botánicas e xeolóxicas.

III. Establecementos abertos ao público:

III.1. Establecementos de espectáculos públicos.



III.1.1. Cines.

III.1.2. Teatros.

III.1.3. Auditorios.

III.1.4. Circos.

III.1.5. Prazas de touros.

III.1.6. Establecementos de espectáculos deportivos.

III.1.7. Recintos feriais.

III.2. Establecementos de actividades recreativas.

III.2.1. Establecementos de xogo.

III.2.1.1. Casinos.

III.2.1.2. Salas de bingo.

III.2.1.3. Salóns de xogo.

III.2.1.4. Tendas de apostas.

III.2.2. Establecementos para actividades deportivas.

III.2.2.1 Estadios deportivos.

III.2.2.2. Pavillóns deportivos.

III.2.2.3. Recintos deportivos.

III.2.2.4. Pistas de patinaxe.

III.2.2.5. Ximnasios.

III.2.2.6. Piscinas de competición.



III.2.2.7. Piscinas recreativas de uso colectivo.

III.2.3. Establecementos para atraccións e xogos recreativos.

III.2.3.1. Parques de atraccións e temáticos.

III.2.3.2. Parques acuáticos.

III.2.3.3. Salóns recreativos.

III.2.3.4. Parques multilecer.

III.2.4. Establecementos para actividades culturais e sociais.

III.2.4.1. Museos.

III.2.4.2. Bibliotecas.

III.2.4.3. Salas de conferencias.

III.2.4.4. Salas polivalentes.

III.2.4.5. Salas de concertos.

III.2.5. Establecementos de restauración.

III.2.5.1. Restaurantes.

III.2.5.1.1. Salóns de banquetes.

III.2.5.2. Cafetarías.

III.2.5.3. Bares.

Os establecementos de hostalaría e restauración (bares, cafetarías, restaurantes) permanecerán pechados ao público e poderán prestar exclusivamente servizos de entrega a domicilio ou para a súa recollida no local e consumo a domicilio. O servizo de entrega a domicilio poderá realizarse ata as 24.00 horas. A permanencia nestes establecementos deberá ser a estritamente necesaria. En todo caso, evitanse aglomeracións e controlárase que consumidores e empregados manteñan a distancia de seguridade establecida co fin de evitar posibles contaxios.



Os establecementos de restauración de centros sanitarios ou de traballo que limiten a súa actividade aos traballadores deles ou, no caso dos centros sanitarios, tamén a acompañantes de doentes poderán manter o servizo de cafetería, bar e restaurante. Non poderán superar o cincuenta por cento da súa capacidade. O consumo dentro do local poderá realizarse unicamente sentado na mesa, ou agrupacións de mesas, e deberase asegurar o mantemento da debida distancia de seguridade interpersoal entre clientes. A ocupación máxima será de catro persoas por mesa ou agrupación de mesas».

III.2.6. Establecementos para actividades zoolóxicas, botánicas e xeolóxicas.

III.2.7. Establecementos de ocio e entretemento.

III.2.7.1. Salas de festas.

III.2.7.2. Discotecas.

III.2.7.3. Pubs.

III.2.7.4. Cafés-espectáculo.

III.2.7.5. Furanchos.

III.2.8. Centros de lecer infantil.



I. DISPOSICIÓN XERAIS**PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA**

DECRETO 3/2021, do 13 de xaneiro, polo que se modifica o Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

I

A expansión do coronavirus COVID-19 xerou unha crise sanitaria sen precedentes recentes. Así, tras a elevación pola Organización Mundial da Saúde da situación de emerxencia de saúde pública pola devandita causa a nivel de pandemia internacional e a adopción, por algunhas comunidades autónomas como a galega, de medidas de prevención, mediante o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, declarouse o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, declaración que afectou todo o territorio nacional, cunha duración inicial de quince días naturais, pero que foi obxecto de sucesivas prórrogas autorizadas polo Congreso dos Deputados.

O levantamento dese estado de alarma, con todo, non puxo fin á crise sanitaria, o que xustificou a adopción de medidas como as previstas, no ámbito estatal, no Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, así como as medidas de prevención que foron adoptando as diferentes comunidades autónomas. En concreto, no caso da Comunidade Autónoma de Galicia, a resposta á crise sanitaria foi, fundamentalmente, ademais do mantemento da declaración de situación de emerxencia sanitaria efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, a adopción, ao abeiro da lexislación sanitaria, ordinaria e orgánica, de medidas de prevención tanto de carácter xeral, para todo o territorio autonómico, como de maneira específica, a través de diferentes ordes da persoa titular da Consellería de Sanidade, en atención á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

Mediante o Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, declarouse o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. Esa declaración afectou todo o territorio nacional e a súa duración inicial estendíase, conforme o disposto no seu artigo 4, ata as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020.



Conforme o artigo 2 do dito real decreto, para os efectos do estado de alarma, a autoridade competente será o Goberno da Nación. En cada comunidade autónoma e cidade con estatuto de autonomía, a autoridade competente delegada será quen desempeñe a presidencia da comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía, nos termos establecidos no real decreto. As autoridades competentes delegadas quedan habilitadas para ditaren, por delegación do Goberno da Nación, as ordes, resolucións e disposicións para a aplicación do previsto nos artigos 5 ao 11 do real decreto, sen que para iso sexa preciso tramitar ningún procedemento administrativo, nin será de aplicación o previsto no segundo parágrafo do artigo 8.6 e no artigo 10.8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

En concreto, o artigo 6 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, prevé que a autoridade competente delegada que corresponda poderá limitar a entrada e saída de persoas no territorio de cada comunidade autónoma ou en ámbitos territoriais de carácter xeograficamente inferiores á comunidade autónoma, coas excepcións previstas no artigo 6.1.

Pola súa banda, o artigo 7 do mesmo texto normativo dispón que a permanencia de grupos de persoas en espazos de uso público, tanto pechados como ao aire libre, quedará condicionada a que non se supere o número máximo de seis persoas, salvo que se trate de conviventes, e sen prexuízo das excepcións que se establezan en relación con dependencias, instalacións e establecementos abertos ao público. A permanencia de grupos de persoas en espazos de uso privado quedará condicionada a que non se supere o número máximo de seis persoas, salvo que se trate de conviventes. No caso das agrupacións en que se inclúan tanto persoas conviventes como persoas non conviventes, o número máximo será de seis persoas. Conforme o artigo 9, a eficacia desta medida nunha comunidade autónoma producirase cando a autoridade competente delegada o determine. Ademais, o artigo 7 recolle a posibilidade de que a autoridade competente delegada correspondente determine, no seu ámbito territorial, en vista da evolución dos indicadores sanitarios, epidemiolóxicos, sociais, económicos e de mobilidade, logo de comunicación ao Ministerio de Sanidade e de acordo co previsto no artigo 13, que o número máximo sexa inferior a seis persoas, salvo que se trate de conviventes. Así mesmo, as autoridades competentes delegadas poderán, no seu ámbito territorial, establecer excepcións respecto de persoas menores ou dependentes, así como calquera outra flexibilización da limitación.

De acordo co artigo 8 do real decreto, a autoridade competente delegada poderá limitar a permanencia de persoas en lugares de culto mediante a fixación de limitación de capacidade para reunións, celebracións e encontros relixiosos, atendendo ao risco de transmi-



sión que poida resultar dos encontros colectivos, sen que tal limitación poida afectar, en ningún caso, o exercicio privado e individual da liberdade relixiosa.

E, conforme o artigo 10 da norma, a autoridade competente delegada en cada comunidade autónoma poderá, no seu ámbito territorial, en vista da evolución dos indicadores sanitarios, epidemiolóxicos, sociais, económicos e de mobilidade, logo de comunicación ao Ministerio de Sanidade e de acordo co previsto no artigo 13, modular, flexibilizar e suspender a aplicación das medidas previstas nos artigos 6, 7 e 8, co alcance e ámbito territorial que determine.

O 29 de outubro de 2020, o Congreso dos Deputados autorizou a prórroga do estado de alarma ata o 9 de maio de 2021. Conforme o artigo 2 do Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, a prórroga establecida no devandito real decreto estenderase desde as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020 ata as 00.00 horas do día 9 de maio de 2021, e someterase ás condicións establecidas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, e nos decretos que, se é o caso, se adopten en uso da habilitación conferida pola disposición derradeira primeira do citado Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, sen prexuízo do establecido nas disposicións que recolle o propio real decreto de prórroga.

En consecuencia, durante a vixencia do estado de alarma e da súa prórroga, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, deberán adoptarse na condición de autoridade competente delegada, nos termos previstos no devandito real decreto e no real decreto de prórroga.

Non obstante, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, non esgotan todas as que se poden adoptar para facer fronte á crise sanitaria. Neste sentido, como prevé expresamente o seu artigo 12, cada Administración conservará as competencias que lle outorga a lexislación vixente, así como a xestión dos seus servizos e do seu persoal, para adoptar as medidas que considere necesarias, sen prexuízo do establecido no real decreto.

Polo tanto, como destaca a propia exposición de motivos do real decreto, durante a vixencia do estado de alarma as administracións sanitarias competentes en saúde pública, no non previsto nesa norma, deberán continuar adoptando as medidas necesarias para afrontar a situación de emerxencia de saúde pública ocasionada polo COVID-19, confor-



me a lexislación sanitaria, en particular, a Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; a Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, e a Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, así como a normativa autonómica correspondente.

II

Neste contexto normativo derivado do estado de alarma vixente, e ante a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia, ditouse o Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

Así, o dito decreto respondeu á situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia mediante a adopción, na condición de autoridade competente delegada, das seguintes medidas:

a) Establecemento, con efectos desde as 00.00 horas do día 4 de decembro de 2020, de limitacións da entrada e saída de persoas en determinados ámbitos territoriais, agás certas excepcións, coa finalidade de controlar a transmisión da enfermidade e de conter a irradiación a outros lugares limítrofes dos correspondentes ámbitos territoriais delimitados.

b) Limitación, con efectos desde as 00.00 horas do día 4 de decembro de 2020, e con carácter xeral no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, da permanencia de grupos de persoas en espazos de uso público e de uso privado, agás supostos excepcionais e xustificados, aos formados por un máximo de seis persoas, agás que sexan persoas conviventes.

Malia o anterior, en determinados ámbitos territoriais e unha vez atendida a situación epidemiolóxica e sanitaria máis desfavorable existente neles ou en concellos cos cales existe unha forte interrelación, estableceuse a medida máis restritiva consistente na limitación de grupos aos constituídos por catro persoas, agás que fosen persoas conviventes.

c) Limitación da permanencia de persoas en lugares de culto. Mantivéronse, con efectos desde as 00.00 horas do día 4 de decembro de 2020, os límites de capacidade que se viñan aplicando actualmente na Comunidade Autónoma de Galicia, adaptando a súa apli-



cación á nova situación existente. Todo isto co fin de evitar concentracións de persoas e de manter a coherencia cos límites de capacidade que se prevén para outras actividades, co obxectivo de previr e reducir o risco de transmisión.

Respecto da eficacia das medidas, de acordo co punto quinto do decreto, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, estas deben ser obxecto de seguimento e de avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria, para os efectos, de ser necesario, da súa modificación ou levantamento.

Por último, adoptáronse medidas temporais restritivas da mobilidade de entrada e saída de persoas do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia desde as 00.00 horas do día 4 de decembro de 2020 ata as 00.00 horas do día 9 de decembro de 2020.

Posteriormente, ditouse o Decreto 203/2020, do 4 de decembro, polo que se modifica o Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. Neste decreto, dada a evolución favorable que se produciu nos concellos de Oleiros, Burela, Fene, Neda, Lalín e Oroso, levantáronse neles a limitación perimetral, así como as limitacións máis restritivas ás agrupacións de persoas en espazos de uso público e de uso privado e en lugares de culto que eran de aplicación nalgún deles, de acordo co número 2 do punto segundo e co número 2 do punto terceiro do Decreto 202/2020, do 3 de decembro. Por outra banda, a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria do concello de Boiro determinou a necesidade de aplicar nese concello, con urxencia, as limitacións de entrada e saída de persoas previstas no punto primeiro do Decreto 202/2020, do 3 de decembro, e as limitacións máis restritivas ás agrupacións de persoas en espazos de uso público e de uso privado e en lugares de culto, contidas, respectivamente, no número 2 do punto segundo e no número 2 do punto terceiro do devandito decreto.

Así mesmo, mediante o Decreto 212/2020, do 11 de decembro, modificouse de novo o Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. Así, dada a evolución favorable



que se produciu nos concellos de Silleda, Ribadavia, A Laracha, Malpica de Bergantiños, Cabana de Bergantiños, Vilanova de Arousa e Xinzo de Limia, determinouse que se levantasen neses concellos a limitación perimetral, así como as limitacións máis restritivas ás agrupacións de persoas en espazos de uso público e de uso privado e en lugares de culto, que eran de aplicación nalgún deles de acordo co número 2 do punto segundo e co número 2 do punto terceiro do Decreto 202/2020, do 3 de decembro. Así mesmo, dada tamén a melloría observada no concello de Lugo, determinouse que se levantasen nese concello as limitacións máis restritivas ás agrupacións de persoas en espazos de uso público e de uso privado e en lugares de culto, que eran de aplicación nel de acordo co número 2 do punto segundo e co número 2 do punto terceiro do Decreto 202/2020, do 3 de decembro. Adicionalmente, a melloría observada no concello de Narón determinou que puidese pasar a integrarse no peche perimetral conxuntamente co concello de Ferrol e, tamén, a melloría do concello do Porriño permitiu que pasase a formar parte do peche perimetral que está xa establecido cos concellos de Mos, Vigo, Nigrán e Gondomar. Por outra banda, a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria desfavorable dos concellos de Camariñas, Zas, Tomiño, O Rosal, Sarreaus e A Rúa determinou a necesidade de aplicar neses concellos, con urxencia, as limitacións de entrada e saída de persoas previstas no punto primeiro do Decreto 202/2020, do 3 de decembro.

Posteriormente, mediante o Decreto 213/2020, do 16 de decembro, modificouse o Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

Así, de acordo cos informes da Dirección Xeral de Saúde Pública do 16 de decembro de 2020, os concellos de Barro, Carballo, Coristanco, Laxe, Ponteceso e Cee pasaron a un nivel de restricións básico.

No relativo á comarca de Fisterra, na cal existía restrición perimetral conxunta dos concellos de Cee, Dumbría e Muxía, polo descenso observado no concello de Cee dispúxose a súa saída do peche perimetral.

Así mesmo, detectáronse determinados concellos en que, debido aos seus valores altos nas taxas acumuladas a 14 días, se adoptaron medidas do nivel de restrición medio-alto e peche perimetral individualizado para cada un deles. Estes concellos foron os concellos de Rodeiro, A Illa de Arousa, Fisterra e Carnota.



Ademais, dada a taxa acumulada a 14 días observada no concello de Mazaricos e os valores das taxas acumuladas a 14 días de Santa Comba e Negreira, adoptáronse tamén nestes tres concellos restricións de nivel medio-alto e peche perimetral conxunto entre eles.

Na comarca da Barbanza, polo ascenso observado no concello de Ribeira, adoptouse neste concello o nivel de restricións máximo.

Na comarca do Morrazo, dada a taxa acumulada a 14 días no concello de Bueu, adoptouse neste concello o nivel de restricións máximo.

E na comarca de Vigo, no concello de Baiona, adoptáronse tamén as restricións máximas.

Por último, respecto do concello de Santiago de Compostela, dado o ascenso nos valores estimados das taxas a 3, 7 e 14 días, adoptáronse para tal concello medidas de nivel de restricións medio con peche perimetral do concello.

A evolución epidemiolóxica e sanitaria de diversos concellos fixo necesaria unha nova modificación do Decreto 202/2020, do 3 de decembro, polo que se ditou o Decreto 222/2020, do 22 de decembro.

Nesa modificación, dada a súa evolución favorable, os concellos de Meis, Ribadumia, Muxía, Cerdedo-Cotobade, Vilaboa e Ponte Caldelas pasaron ao nivel de restricións básico; o concello de Moaña pasou a nivel medio; os concellos de Vilalba, Tui e Pontearreas pasaron a nivel medio-alto. O concello de Rianxo, que estaba no nivel básico de restricións, pasou ao nivel de máximas restricións.

Por outra banda, en cumprimento do Acordo do 2 de decembro de 2020, do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, adoptáronse unha serie de medidas especiais aplicables no período das festas de Nadal, debido a unha intensificación da interacción social e mobilidade da poboación nas citadas datas, relativas ás seguintes materias:

a) Limitación temporal da entrada e saída de persoas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia entre o día 23 de decembro de 2020 ás 00.00 horas e o día 7 de xaneiro de 2021 ás 00.00 horas.

b) Encontros con familiares para celebrar as comidas e ceas de Nadal dos días 24 e 25 de decembro de 2020.



c) Limitación da mobilidade nocturna na noite do 24 ao 25 de decembro de 2020.

Así mesmo, recolleuse unha medida especial relativa á mobilidade dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia entre o día 23 de decembro ás 00.00 horas e o día 25 de decembro ás 23.00 horas.

Con posterioridade, ditouse o Decreto 226/2020, do 29 de decembro, polo que se modifica o Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

Nese decreto, Pontareas, Rodeiro e Lugo pasaron ao nivel de restricións básico. Rondonela baixou do nivel de restricións máximas a medio-alto, polo que pasou a integrarse no ámbito territorial delimitado cos concellos de Vigo, Mos, Nigrán, Gondomar e O Porriño. Por outra banda, noutros concellos elevouse o nivel de restricións existente. Tal foi o caso dos concellos de Barro, Xinzo de Limia, Muros, A Pobra do Caramiñal, Carral e Xove, en que se adoptaron as medidas correspondentes ao nivel de restricións medio-alto. Así mesmo, nos concellos de Lousame, Noia, Outes e Porto do Son adoptáronse medidas do nivel de restricións medio-alto. As limitacións de entrada e saída aplicáronse no ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Porto do Son e Outes, e no ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Noia e Lousame. Pola súa parte, o concello de Viveiro pasou ao nivel de máximas restricións. Tamén nos concellos de Verín, Cualedro, Castrelo do Val e Monterrei se elevaron as medidas ao nivel de máximas restricións e se procedeu ao peche perimetral conxunto dos catro concellos.

Posteriormente, o Decreto 1/2021, do 4 de xaneiro, polo que se modificou o Decreto 202/2020, do 3 de decembro, dispuxo que os concellos das Pontes de García Rodríguez e Carnota pasasen ao nivel de restricións básico, polo que se eliminaron as limitacións de entrada e saída nestes concellos, e dispúxose a aplicación neles da regra xeral de limitación da permanencia de grupos de persoas en espazos de uso público ou privados nun número máximo de seis persoas, agás que se tratase de persoas conviventes. Así mesmo, dada a melloría dos datos epidemiolóxicos do concello de Narón, reduciuse o seu nivel de restricións a medio, polo que se separou do ámbito territorial delimitado co concello de Ferrol no cal se integraba. Por outra banda, vista a evolución da situación epidemiolóxica, estendeuse a medida de limitación temporal de entrada e saída de persoas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia ata o día 11 de xaneiro de 2021 ás 00.00 horas.



Finalmente, mediante o Decreto 2/2021, do 8 de xaneiro, modificouse novamente o Decreto 202/2020, do 3 de decembro. Neste sentido, de acordo cos informes da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 8 de xaneiro de 2021, tendo en conta o valor das taxas acumuladas a 14 días no ámbito territorial formado polos concellos da Coruña, Culleredo, Arteixo e Cambre, no ámbito territorial formado polos concellos de Ourense e Barbadás, e no ámbito territorial formado polos concellos de Santiago de Compostela, Ames e Teo, propúxose que se adoptase o nivel de restricións que inclúe medidas de peche perimetral dos ámbitos indicados e limitación da permanencia de grupos de persoas en espazos de uso público ou privados a un número máximo de catro persoas, agás que se tratase de persoas conviventes.

III

O proceso constante de revisión da situación sanitaria e epidemiolóxica resulta indispensable para manter un nivel de perfecta correspondencia entre as medidas adoptadas e a situación sanitaria que as xustifica. Neste sentido, a evolución epidemiolóxica e sanitaria de diversos concellos fixo necesaria unha nova modificación do Decreto 202/2020, do 3 de decembro.

Neste sentido, de acordo co informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 13 de xaneiro de 2020, obsérvase que as taxas de incidencia acumuladas a 3, 7 e 14 días están, para o conxunto de Galicia, en niveis moi elevados, obténdose valores de 81,9, 192,4 e 306,3 casos por cen mil habitantes, respectivamente. A media de casos acumulados a 7 días para os últimos 28 días amosa unha clara tendencia ascendente.

Por áreas sanitarias, as taxas a 14 días acadan valores superiores aos 250 casos por 100.000 habitantes en todas elas, agás Lugo e Pontevedra, que, aínda así, amosan tamén valores altos ao acadar taxas por riba dos 230 casos por 100.000 habitantes. Para o grupo de idade de máis de 64 anos, as taxas a 14 días están por riba dos 250 casos por 100.000 habitantes en todas as áreas sanitarias, agás Pontevedra, que, aínda así, amosa tamén valores altos ao superar os 180 casos por 100.000 habitantes.

Por outra banda, o número reprodutivo instantáneo (R_t), que indica o número de casos secundarios que ocorren por cada caso activo, mostra unha tendencia ascendente e acada un valor próximo a 1,4 para o global de Galicia e mantense por riba do valor 1 en todas as áreas sanitarias, o que indica que continúa a haber transmisión.



A porcentaxe de positividade do total das probas PCR realizadas en Galicia mostra valores superiores ao 7 % nos últimos 12 días.

En Galicia temos, na actualidade, brotes identificados que están en vixilancia epidemiolóxica e baixo medidas restritivas, pero a situación actual caracterízase pola presenza de casos en practicamente todos os concellos da xeografía galega.

En relación coas hospitalizacións, nos últimos 28 días (desde o día 15.12.2020 ao 10.1.2021) superáronse os 20 ingresos diarios, rexistrándose máis de 35 ingresos en 12 deses días e chegando a superar os 50 ingresos nun deles. Así mesmo, cómpre ter en conta a maior porcentaxe de persoas de idade entre os hospitalizados e que, na actualidade, todas as áreas sanitarias teñen casos ingresados nas UCI.

O informe conclúe que a situación epidemiolóxica actual amosa taxas de incidencia en niveis elevados e con tendencia ascendente en todas as áreas sanitarias e cun número reprodutivo instantáneo superior ao 1 en todas elas, o que indica que cada caso podería deixar máis dun caso secundario e, polo tanto, a tendencia a curto prazo do número de casos será ascendente. O número de ingresos en camas de hospitalización e tamén en camas de coidados críticos está tamén a aumentar e prevese que siga esta mesma tendencia nos próximos días e semanas, sometendo o sistema asistencial a un aumento de presión que terá repercusións evidentes sobre a saúde da poboación, especialmente da máis vulnerable.

A nivel global, o informe recomenda que a comunidade continúe con peche perimetral e se limite a mobilidade ao máximo posible, só para facer exclusivamente o esencial, como ir ao médico, ao colexio, atender as persoas maiores e facer a compra do indispensable. Ademais, recomenda adiantar a hora do toque de queda ás 22.00 horas.

En particular, o informe recomenda adoptar as medidas correspondentes ao nivel máximo de restricións nos concellos de máis de 10.000 habitantes que teñen xa unha incidencia acumulada a 14 días superior a 250 casos por cada cen mil habitantes, ou que evolucionan de xeito acelerado cara a ese nivel. Así mesmo, considérase necesario elevar as restricións ata o nivel máximo nos concellos de menos de 10.000 habitantes que presentan unha incidencia a 14 días superior a 250 casos por cen mil habitantes nos cales concorren circunstancias específicas na evolución da súa incidencia acumulada, no número de casos activos e nas características específicas dos seus brotes.

En todos os concellos con este nivel máximo de restricións debe establecerse o peche perimetral para o ámbito territorial correspondente a cada concello.



Así mesmo, no resto dos concellos de Galicia o informe considera que debe establecerse o nivel medio-alto de restricións e, aínda que non se recomenda, salvo necesidade, permitírase a mobilidade entre eles, agás no caso dos concellos de Lugo, Pontevedra e Vigo, nos que se establece o peche perimetral para o ámbito territorial correspondente ao concello.

A aplicación destes niveis de restricións supón que en todo o territorio da Comunidade Autónoma as limitacións de permanencia de grupos de persoas en espazos públicos ou privados queda condicionada a que non se supere o número máximo de catro persoas, agás que se trate de persoas conviventes, coas excepcións que se establecen. Tamén supón que a asistencia a lugares de culto non poderá superar o terzo da súa capacidade.

Tendo en conta o indicado no informe, e logo de escoitar as recomendacións do comité clínico reunido para estes efectos, procede, en consecuencia, modificar o Decreto 202/2020, do 3 de decembro.

Coa finalidade de acadar unha maior claridade e seguridade xurídica, óptase por unha reprodución completa dos puntos obxecto de modificación da norma anterior, na cal se recolle a enumeración total dos concellos afectados polas correspondentes limitacións, coa finalidade de mellorar a súa comprensión e estruturación.

De acordo co exposto, por proposta do conselleiro de Sanidade e na condición de autoridade competente delegada, por delegación do Goberno da Nación, conforme o disposto nos artigos 2, 5, 6, 7, 8, 9 e 10 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2,

DISPOÑO:

Primeiro. *Modificación do Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2*

Un. Déixase sen contido o número 1 do punto primeiro do Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de auto-



ridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

Dous. Modifícase o número 2 do punto primeiro do Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, que queda redactado como segue:

«2. Recoméndase limitar a mobilidade o máximo posible. Queda restrinxida a entrada e a saída de persoas do ámbito territorial dos seguintes concellos, considerados individualmente:

1. Da provincia da Coruña:

- a) A Coruña.
- b) Ames.
- c) A Pobra do Caramiñal.
- d) Arteixo.
- e) Boiro.
- f) Cabanas.
- g) Camariñas.
- h) Cambre.
- i) Carballo.
- j) Cee.
- k) Cerceda.
- l) Culleredo.
- m) Fene.



- n) Ferrol.
 - ñ) Laxe.
 - o) Melide.
 - p) Narón.
 - q) Noia.
 - r) Oleiros.
 - s) Oroso.
 - t) Ortigueira.
 - u) Outes.
 - v) Pontedeume.
 - w) Porto do Son.
 - x) Rianxo.
 - y) Ribeira.
 - z) Santiago de Compostela.
 - aa) Trazo.
 - ab) Val do Dubra.
 - ac) Vimianzo.
2. Da provincia de Lugo:
- a) Lugo.
 - b) Vilalba.
 - c) Viveiro.
 - d) Xove.



3. Da provincia de Ourense:

- a) Allariz.
- b) Barbadás.
- c) Monterrei.
- d) O Carballiño.
- e) Ourense.
- f) Verín.
- g) Xinzo de Limia.

4. Da provincia de Pontevedra:

- a) A Estrada.
- b) A Guarda.
- c) A Illa de Arousa.
- d) Baiona.
- e) Bueu.
- f) Caldas de Reis.
- g) Cuntis.
- h) Moaña.
- i) Oia.
- j) O Rosal.
- k) Poio.



- l) Pontearreas.
- m) Pontecesures.
- n) Pontevedra.
- ñ) Redondela.
- o) Salvaterra do Miño.
- p) Tomiño.
- q) Tui.
- r) Valga.
- s) Vigo.
- t) Vilagarcía de Arousa.
- u) Vilanova de Arousa».

Tres. O punto segundo do Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, que queda redactado como segue:

«Recoméndase restrinxir ao máximo a interacción social e que os encontros queden limitados unicamente á unidade de convivencia. No territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, a permanencia de grupos de persoas en espazos de uso público, tanto pechados como ao aire libre, quedará condicionada a que non se supere o número máximo de catro persoas, agás que se trate de persoas conviventes. A permanencia de grupos de persoas en espazos de uso privado quedará condicionada a que non se supere o número máximo de catro persoas, agás que se trate de persoas conviventes.

A limitación prevista neste punto non será de aplicación no caso de actividades laborais, institucionais, empresariais, profesionais, sindicais, de representación de traballadores e



administrativas, actividades en centros universitarios, educativos, de formación e ocupacionais, así como no caso da práctica do deporte federado, sempre que se adopten as medidas previstas nos correspondentes protocolos de funcionamento.

Respecto das actividades previstas nos anexos I e II da Orde do 3 de decembro de 2020, serán de aplicación as limitacións de capacidade máxima e/ou de número global de persoas asistentes ou participantes previstas neles. A limitación de grupos dun máximo de catro persoas, agás conviventes, contida neste número 1, só se aplicará aos límites específicos para actividades grupais recollidos nos ditos anexos».

Catro. O punto terceiro do Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, queda redactado como segue:

«Terceiro. *Limitacións á permanencia de persoas en lugares de culto*

1. Na Comunidade Autónoma de Galicia, a asistencia a lugares de culto non poderá superar o terzo da súa capacidade e deberase garantir, en todo caso, o mantemento da distancia de seguridade de 1,5 metros entre as persoas asistentes. A capacidade máxima deberá publicarse en lugar visible do espazo destinado ao culto.

Non se poderá utilizar o exterior dos edificios nin a vía pública para a celebración de actos de culto.

2. Deberán establecerse medidas para ordenar e controlar as entradas e saídas aos lugares de culto para evitar aglomeracións e situacións que non permitan cumprir coa distancia de seguridade.

3. As limitacións previstas nos números anteriores non poderán afectar en ningún caso o exercicio privado e individual da liberdade relixiosa».

Cinco. O punto cuarto do Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Ga-



licia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, queda redactado como segue:

«Cuarto. *Limitación da mobilidade nocturna*

Tendo en conta a evolución epidemiolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia, e de conformidade co previsto no artigo 5 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, durante o período comprendido entre as 22.00 e as 6.00 horas, as persoas unicamente poderán circular polas vías ou espazos de uso público para a realización das seguintes actividades:

- a) Adquisición de medicamentos, produtos sanitarios e outros bens de primeira necesidade.
- b) Asistencia a centros, servizos e establecementos sanitarios.
- c) Asistencia a centros de atención veterinaria por motivos de urxencia.
- d) Cumprimento de obrigas laborais, profesionais, empresariais, institucionais ou legais.
- e) Retorno ao lugar de residencia habitual, tras realizar algunhas das actividades previstas neste punto.
- f) Asistencia e coidado a maiores, menores, dependentes, persoas con discapacidade ou persoas especialmente vulnerables.
- g) Por causa de forza maior ou situación de necesidade.
- h) Calquera outra actividade de análoga natureza, debidamente acreditada.
- i) Abastecemento en gasolineras ou estacións de servizo, cando resulte necesario para a realización das actividades previstas nos parágrafos anteriores».



Segundo. *Eficacia*

Este decreto terá efectos desde as 00.00 horas do día 15 de xaneiro de 2021.

Terceiro. *Recursos*

Contra o presente decreto poderá interperse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, conforme os artigos 12.1.a) e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, trece de xaneiro de dous mil vinte e un

Alberto Núñez Feijóo
Presidente da Xunta de Galicia



I. DISPOSICIÓNS XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 13 de xaneiro de 2021 pola que se modifica a Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

I

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto do devandito acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderán ser obxecto de modificación ou supresión, mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade.

Así mesmo, indícase no dito punto sexto, na redacción vixente, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de acordo coa normativa aplicable e en vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou en parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación das medidas concretas contidas no anexo.



Mediante o Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, declarouse o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. Esta declaración afectou todo o territorio nacional e a súa duración inicial estendeuse, conforme o disposto no seu artigo 4, ata as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020.

Conforme o artigo 2 dese real decreto, para os efectos do estado de alarma, a autoridade competente será o Goberno da Nación. En cada comunidade autónoma e cidade con estatuto de autonomía, a autoridade competente delegada será quen exerza a presidencia da comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía, nos termos establecidos no real decreto. As autoridades competentes delegadas quedan habilitadas para ditar, por delegación do Goberno da Nación, as ordes, resolucións e disposicións para a aplicación do previsto nos artigos 5 ao 11 do real decreto, sen que para iso sexa precisa a tramitación de procedemento administrativo ningún, nin será de aplicación o previsto no segundo parágrafo do artigo 8.6 e no artigo 10.8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O 29 de outubro de 2020, o Congreso dos Deputados autorizou a prórroga do estado de alarma ata o día 9 de maio de 2021. Conforme o artigo 2 do Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, a prórroga establecida no devandito real decreto entenderase desde as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020 ata as 00.00 horas do día 9 de maio de 2021, e someterase ás condicións establecidas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, e nos decretos que, se é o caso, se adopten en uso da habilitación conferida pola disposición derradeira primeira do citado Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, sen prexuízo do establecido nas disposicións que recolle o propio real decreto de prórroga.

En consecuencia, durante a vixencia do estado de alarma e da súa prórroga, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, deberán adoptarse, na condición de autoridade competente delegada, nos termos previstos no devandito real decreto e no real decreto de prórroga.

Non obstante, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, non esgotan todas as que poden ser adoptadas para facer fronte á crise sanitaria. Neste sentido, como prevé expresamente o seu artigo 12, cada Administración conservará as competencias que lle outorga a lexislación vixente, así como a xestión dos seus servizos e do seu persoal, para adoptar as medidas que considere necesarias, sen prexuízo do establecido no real decreto.



Polo tanto, durante a vixencia do estado de alarma e das súas prórrogas, as medidas que sexa necesario adoptar para facer fronte, na Comunidade Autónoma, á crise sanitaria serán as que poida acordar, ao abeiro da normativa do estado de alarma, o presidente da Comunidade Autónoma, como autoridade competente delegada, e as complementarias que poidan adoptar, no exercicio das súas competencias propias, as autoridades sanitarias autonómicas e, entre elas, a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, ao abeiro do disposto no punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020 citado.

II

Sentado o anterior, no contexto normativo derivado do estado de alarma vixente e ante a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia, ditouse o Decreto 179/2020, do 4 de novembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas en determinados ámbitos territoriais da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. Tales medidas consistiron no establecemento de limitacións de entrada e saída de persoas de determinados ámbitos territoriais e en limitacións da permanencia de persoas en espazos de uso público e de uso privado, e en lugares de culto. Conforme o punto quinto do decreto, a eficacia destas medidas estendíase ata as 15.00 horas do día 4 de decembro de 2020, sen prexuízo de que debían ser obxecto de seguimento e de avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria para os efectos, de ser necesario, da súa modificación ou levantamento. Ademais, esas medidas debían ser complementadas, como indica o propio decreto, con outras que procede que adopte a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade no exercicio das súas competencias propias como autoridade sanitaria autonómica. Estas medidas complementarias establecéronse mediante a Orde do 4 de novembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que foi modificada en diversas ocasións.

III

A situación da evolución epidemiolóxica xeral na Comunidade Autónoma de Galicia, xunto coa duración inicial das medidas que se viñan aplicando, facía necesario acometer unha revisión delas, tanto das previstas con carácter xeral para a Comunidade Autónoma



de Galicia como das particulares aplicables en ámbitos territoriais concretos. Por outra banda, valorouse tamén a incidencia acumulada que a aplicación das medidas viña supoñendo para sectores concretos da actividade económica e o impacto que estaban a ter na realidade socioeconómica de Galicia.

En concreto, en vista do indicado nos informes da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 3 de decembro de 2020, e logo de escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, a situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia exixía a adopción das medidas que se estableceron na Orde do 3 de decembro de 2020, baseadas na distinción de diversos niveis de restrición, consistentes nun nivel básico, aplicable con carácter xeral en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, e duns niveis medio, medio-alto e de máximas restricións, aplicables de forma progresiva e graduada naqueles concellos cunha situación epidemiolóxica máis desfavorable.

Tamén se tiveron en conta a regulación e as limitacións en canto aos grupos de persoas que recolle o Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, de tal xeito que na orde se realizou unha revisión das medidas vixentes en canto aos grupos de persoas nas distintas actividades previstas nas medidas de prevención.

Coa finalidade de garantir a adecuación das medidas recollidas na Orde do 3 de decembro de 2020 á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria da Comunidade Autónoma, estas son obxecto dun continuo seguimento e avaliación, que se plasma nas sucesivas modificacións operadas na devandita orde desde a súa entrada en vigor ata o día de hoxe.

Así, mediante a Orde do 4 de decembro de 2020 modificouse a Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, na cal se fixo constar a evolución favorable da situación dos concellos de Oleiros, Burela, Fene, Neda, Lalín e Oroso, que permitiu a aplicación neles das medidas previstas no anexo I da Orde do 3 de decembro de 2020, así como a evolución negativa do concello de Boiro, onde se pasou a aplicar o máximo nivel de restricións.

A continuación, mediante a Orde do 11 de decembro de 2020 levouse a cabo unha nova modificación da Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas



de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, con base na cal pasaron ao nivel básico de restricións os concellos de Silleda, Ribadavia, A Laracha, Cabana de Bergantiños, Malpica de Bergantiños, Vilanova de Arousa e Xinzo de Limia. Tamén mellorou a situación nos concellos de Pontevedra, O Porriño, Narón e Ferrol, que pasaron a un nivel de restricións medio-alto, e de Lugo, que pasou ao nivel medio. Por outro lado, empeorou a situación nos concellos de Camariñas, Vimianzo e Zas, Tomiño e O Rosal, A Guarda, Sarreaus e A Rúa, nos cales se adoptaron medidas de nivel de restricións medio-alto.

Pola súa banda, na Orde do 16 de decembro de 2020 acométese outra modificación da Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia. Nesta orde reflíctese a melloría da situación epidemiolóxica dos concellos de Barro, Coristanco, Cee, Laxe, Carballo e Ponteceso, que pasaron a un nivel básico de restricións. Pola contra, o empeoramento da situación epidemiolóxica fixo necesario elevar o nivel de restricións doutros concellos: Santiago de Compostela pasou ao nivel medio de restricións, mentres que Santa Comba, Mazaricos, Negreira, Carnota, Rodeiro, A Illa de Arousa e Fisterra pasaron ao nivel medio-alto e adoptáronse medidas de máxima restrición en Ribeira, Bueu e Baiona.

Posteriormente, mediante a Orde do 22 de decembro de 2020 volveuse modificar a Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia. Esta orde recolleu a melloría da situación dos concellos de Meis, Ribadumia, Muxía, Cerdedo-Cotobade, Vilaboa e Ponte Caldelas, que pasaron ao nivel básico; de Moaña, que se atopaba no nivel de máximas restricións e pasou ao nivel medio de restricións, e de Vilalba, Tui e Ponteareas, nos cales se reduciron as restricións aplicables ao pasar do nivel máximo ao nivel medio-alto. Tamén recolleu o empeoramento da situación do concello de Rianxo, que ata este momento se encontraba no nivel básico de restricións e pasou ao máximo nivel de restricións.

Mediante a Orde do 29 de decembro de 2020 realizouse unha nova modificación da citada Orde do 3 de decembro de 2020. Así, de acordo co informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 29 de decembro de 2020, constatouse a evolución da situación epidemiolóxica positiva en diferentes concellos como Ponteareas, Rodeiro e Lugo, que pasaron ao nivel básico de restricións, e Redondela, que ata ese momento se atopaba no nivel de máxima restrición e que pasou ao nivel medio-alto.



Distinta foi a situación dos concellos de Barro, Xinzo de Limia, Muros, A Pobra do Caramiñal, Carral, Xove, Porto do Son, Outes, Noia e Lousame, nos cales se observou un empeoramento da evolución epidemiolóxica que fixo necesaria a adopción das medidas máis restritivas correspondentes ao nivel medio-alto. Pola súa parte, os concellos de Viveiro, Verín, Cualedro, Castrelo do Val e Monterrei, da comarca de Verín, pasaron ao nivel de máximas restricións.

Por outro lado, flexibilizáronse as restricións aplicables á hostalaría nos niveis de restrición medio-alto e de máximas restricións e ampliouse o horario de apertura das 17.00 horas ás 18.00 horas, para o cal se modificaron os anexos III e IV da Orde do 3 de decembro de 2020.

Así mesmo, adoptáronse medidas especiais para a hostalaría os días 31 de decembro de 2020 e 1 de xaneiro de 2021. Así, o día 31 de decembro de 2020, nos ámbitos territoriais en que se aplicaran as medidas previstas nos anexos I (nivel básico) e II (nivel medio) da Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, na súa redacción vixente, os clientes dos establecementos de hostalaría e restauración debían abandonar os citados establecementos antes das 23.00 horas. A mesma medida sería aplicable nos establecementos e locais de xogo e apostas nos ámbitos territoriais en que se aplicaran as medidas previstas nos anexos I (nivel básico), II (nivel medio) e III (nivel medio-alto) da Orde do 3 de decembro de 2020. Por outra banda, o día 1 de xaneiro os establecementos de hostalaría e restauración non puideron abrir antes das 11.00 horas.

Mediante a Orde do 4 de xaneiro de 2021 modificouse a Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

Así, de acordo co informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 4 de xaneiro de 2021, a mellora da evolución epidemiolóxica nos concellos de Carnota e das Pontes de García Rodríguez determinou que estes concellos pasasen do nivel de restricións medio-alto e máximo, respectivamente, ao nivel básico. Tamén se observou unha evolución positiva no concello de Narón, ao cal pasaron a aplicárselle as medidas restritivas propias do nivel medio.



Por Orde do 8 de xaneiro de 2021 modificouse novamente a Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

Neste sentido de acordo cos informes da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 8 de xaneiro de 2021, tendo en conta o valor das taxas acumuladas a 14 días, nos concellos de Santiago de Compostela, Ames e Teo, propúxose que estes concellos pasasen ao nivel de máximas restricións previstas no anexo IV da Orde do 3 de decembro de 2020, na súa redacción vixente.

Por outra banda, atendida a situación epidemiolóxica nos concellos da Coruña, Cambre, Culleredo e Arteixo, procedía que os citados concellos pasasen ao nivel de restricións medio-alto previsto no anexo III da Orde do 3 de decembro de 2020, na súa redacción vixente.

Polos mesmos motivos, e atendendo á situación epidemiolóxica nos concellos de Ourense e Barbadás, os citados concellos pasaron ao nivel de restricións medio-alto previsto no anexo III da Orde do 3 de decembro de 2020, na súa redacción vixente.

IV

A evolución epidemiolóxica e sanitaria de diversos concellos fai necesaria, neste momento, unha nova modificación da Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

Neste sentido de acordo cos informes da Dirección Xeral de Saúde Pública, obsérvase que as taxas de incidencia acumuladas a 3, 7 e 14 días están, para o conxunto de Galicia, en niveis moi elevados, obténdose valores de 81,9, 192,4 e 306,3 casos por cen mil habitantes respectivamente. A media de casos acumulados a 7 días para os últimos 28 días amosa unha clara tendencia ascendente.

Por áreas sanitarias, as taxas a 14 días acadan valores superiores aos 250 casos por cen mil habitantes en todas elas, agás Lugo e Pontevedra, que, aínda así, amosan tamén valores altos ao acadar taxas por riba dos 230 casos por cen mil habitantes.

Por outro lado, o número reprodutivo instantáneo (R_t), que indica o número de casos secundarios que ocorren por cada caso activo, mostra unha tendencia ascendente, e acada



un valor próximo a 1,4 para o global de Galicia e se mantén por riba do valor 1 en todas as áreas sanitarias, o que indica que continúa a haber transmisión.

O número de ingresos en camas de hospitalización e tamén en camas de coidados críticos está tamén a aumentar e prevese que siga esta mesma tendencia nos próximos días e semanas, sometendo ao sistema asistencial a un aumento de presión que terá repercusións evidentes sobre a saúde da poboación, especialmente dos máis vulnerables.

Por conseguinte, recoméndase adoptar as medidas correspondentes ao nivel máximo de restricións nos concellos de máis de 10.000 habitantes que teñen xa unha incidencia acumulada a 14 días superior a 250 casos por cen mil habitantes, ou que evolucionan de xeito acelerado cara ese nivel. Estes concellos son: A Coruña, Arteixo, Cambre, Culleredo, Oleiros, Carballo, Santiago de Compostela, Ames, Ribeira, Boiro, Rianxo, Noia, Ferrol, Narón e Fene, Vilalba e Viveiro, Ourense, Barbadás, Verín, O Carballiño, A Estrada, Poio, Bueu, Moaña, Baiona, Pontearreas, Redondela, A Guarda, Tomiño, Tui, Vilagarcía e Vilanova.

Así mesmo, no relativo aos concellos de menos de 10.000 habitantes, cunha incidencia a 14 días superior a 250 casos por cen mil habitantes, nos que a evolución da súa incidencia acumulada, o número de casos activos e as características específicas dos seus brotes, considérase necesario elevar as súas restricións ata o nivel máximo de restricións.

Estes concellos son: Cee, Camariñas, Cerceda, Laxe, Vimianzo, Cabanas, Pontedeume, Ortigueira, Outes, Porto do Son, A Pobra do Caramiñal, Melide, Oroso, Trazo e Val do Dubra, Xove, Allariz, Monterrei e Xinzo de Limia, A Illa de Arousa, Valga, Pontecesures, Caldas de Reis, Cuntis, Oia, O Rosal e Salvaterra de Miño.

Por outra banda, engádense algunhas medidas coa finalidade mellorar o control e intensificar as restricións na interacción social da poboación.

Entre tales medidas atópanse as destinadas aos centros e parques comerciais que deberán de dispoñer de sistemas ou dispositivos que permitan coñecer en todo momento o número de persoas usuarias existente no seu interior, así como o control do aforo máximo permitido nas citadas instalacións, limitacións da apertura dos establecementos e locais comerciais ata as 21.30h, limitación de aforo ao 30% respecto dos centros ou parques comerciais ou que formen parte deles ou medidas orientadas no transporte para procurar aumentar a ventilación dos vehículos.



Tendo en conta o indicado nos devanditos informes, e tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, procede, en consecuencia, modificar a Orde do 3 de decembro de 2020.

Cómpre salientar tamén que, coa finalidade de acadar unha maior claridade e seguridade xurídica, se opta por recoller nesta orde a relación completa dos concellos aos cales lles son de aplicación en cada caso as medidas específicas de prevención que se corresponden cos niveis de restrición sen que, polo tanto, se identifiquen unicamente os concellos concretos cuxas medidas específicas de prevención cambian porque pasan a quedar sometidos a maiores ou menores restricións que as que se lles viñan aplicando ata este momento.

V

As medidas que se adoptan nesta orde teñen o seu fundamento normativo na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 e 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para adoptar as medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica existente, no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, coa urxencia que a protección da saúde pública demanda.

Na súa virtude, en aplicación do punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. *Modificación do número 3 do punto segundo da Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia*

O número 3 do punto segundo da Orde do 3 de decembro de 2020, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación



epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, queda redactado como segue:

«3. Así mesmo, serán de aplicación, no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, as medidas de prevención específicas recollidas no anexo III, e no que sexan compatibles con elas, as previstas no anexo I.».

Segundo. Déixase sen contido o número 4 do punto segundo da Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, tendo en conta que toda a Comunidade Autónoma de Galicia queda sometida ás medidas de prevención específicas recollidas no Anexo III da Orde do 3 de decembro de 2020

Terceiro. Déixase sen contido o número 5 do punto segundo da Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, tendo en conta que toda a Comunidade Autónoma de Galicia queda sometida ás medidas de prevención específicas recollidas no Anexo III da Orde do 3 de decembro de 2020

Cuarto. Modificación do número 6 do punto segundo da Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia

O número 6 do punto segundo da Orde do 3 de decembro de 2020, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, queda redactado como segue:

«6. Serán de aplicación as medidas máis restritivas do anexo IV e, no que sexan compatibles con elas, as previstas no anexo III no ámbito territorial dos concellos que se relacionan a seguir. Así mesmo, no que sexa compatible cos dous anexos citados, serán de aplicación as medidas recollidas no anexo I:

6.1. Da provincia da Coruña:

a) A Coruña.



- b) Ames.
- c) A Pobra do Caramiñal.
- d) Arteixo.
- e) Boiro.
- f) Cabanas.
- g) Camariñas.
- h) Cambre.
- i) Carballo.
- j) Cee.
- k) Cerceda.
- l) Culleredo.
- m) Fene.
- n) Ferrol.
- ñ) Laxe.
- o) Melide.
- p) Narón.
- q) Noia.
- r) Oleiros.
- s) Oroso.
- t) Ortigueira.



- u) Outes.
- v) Pontedeume.
- w) Porto do Son.
- x) Rianxo.
- y) Ribeira.
- z) Santiago de Compostela.
- aa) Trazo.
- ab) Val do Dubra.
- ac) Vimianzo.

6.2. Da provincia de Lugo:

- a) Vilalba.
- b) Viveiro.
- c) Xove.

6.3. Da provincia de Ourense:

- a) Allariz.
- b) Barbadás.
- c) Monterrei.
- d) O Carballiño.
- e) Ourense.
- f) Verín.



g) Xinzo de Limia.

6.4. Da provincia de Pontevedra:

a) A Estrada.

b) A Guarda.

c) A Illa de Arousa.

d) Baiona.

e) Bueu.

f) Caldas de Reis.

g) Cuntis.

h) Moaña.

i) Oia

j) O Rosal.

k) Poio.

l) Pontearreas.

m) Pontecesures.

n) Redondela.

ñ) Salvaterra do Miño.

o) Tomiño.

p) Tui.

q) Valga.

r) Vilagarcía de Arousa.

s) Vilanova de Arousa.



Quinto. *Engádese un novo punto 5 na epígrafe 3.4 no Anexo I da Orde do 3 de decembro de 2020, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia*

Engádese un novo punto 5 no apartado 3.4 no Anexo I da Orde do 3 de decembro de 2020, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, co seguinte contido:

«5. Os centros e parques comerciais, así como os establecementos que teñan a consideración de grandes superficies, deberán de dispoñer de sistemas ou dispositivos que permitan coñecer, en todo momento, o número de persoas usuarias existente no seu interior, así como o control do aforo máximo permitido nas citadas instalacións.

O cumprimento da citada obriga será responsabilidade das persoas, físicas ou xurídicas, titulares das citadas instalacións ou das quen teñan atribuída a súa xestión.».

Sexto. *Modificación do punto 3.23 do Anexo I da Orde do 3 de decembro de 2020, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia*

Engádense as alíneas c) e d) no parágrafo 2 do punto 3.23 do Anexo I da Orde do 3 de decembro de 2020, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, quedando redactado como segue:

«3.23. Transportes.

(.....)

2. Como medidas adicionais aplicables aos modos de transporte previstos no número 1, establécense as seguintes:

(...)

c) As empresas concesionarias procurarán a máxima ventilación do vehículo, sen recirculación do aire, mantendo as fiestras abertas sempre que non se produzan correntes de aire.



Para tal efecto, os vehículos que realicen varias viaxes en diferentes quendas horarias deberán proceder á ventilación deste antes de cada quenda e, sempre que sexa posible, á súa limpeza e desinfección. En todo caso, realizarase, como mínimo, unha limpeza diaria, empregando produtos e procedementos previstos no Plan de limpeza e desinfección.

d) Tanto as empresas concesionarias coma as persoas usuarias observarán, en todo momento, as medidas de protección, e o uso da máscara, e as demais medidas de prevención, evitando condutas como levantarse, interactuar, berrar, compartir obxectos, tocar superficies comúns, ou outras condutas que poidan xerar risco de contaxio ou transmisión.».

Sétimo. Engádese un punto 3.24 no Anexo I da Orde do 3 de decembro de 2020, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia

Engádese un punto 3.24 no anexo I da Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, co seguinte contido:

«3.24. Centros, servizos e establecementos sanitarios:

1. Os titulares ou directores dos distintos centros, servizos e establecementos sanitarios, de natureza pública ou privada, deberán adoptar as medidas organizativas, de prevención e hixiene necesarias do seu persoal traballador e dos pacientes, co obxecto de aplicar as recomendacións emitidas nesta materia, relativas á distancia de seguridade interpersonal, uso de máscaras en sitios pechados de uso público, capacidade, hixiene de mans e respiratoria, así como calquera outra medida que establezan as autoridades competentes.

2. Estas medidas deberán aplicarse na xestión dos espazos do centro, accesos, zonas de espera e na xestión das citas dos pacientes, así como na regulación de acompañantes ou visitas, tendo en conta a situación e actividade de cada centro. Para tal efecto, só se permitirá a presenza dunha persoa acompañante por usuario/a.

3. Así mesmo, adoptarán as medidas necesarias para garantir a protección da seguridade e saúde do seu persoal traballador, a limpeza e desinfección das áreas utilizadas e a eliminación de residuos, así como o mantemento adecuado dos equipamentos e instalacións.

4. Estarán obrigados a colaborar coas autoridades sanitarias e de política social nos labores de vixilancia, prevención e control do COVID-19.».



Oitavo. *Engádese un punto 13 no anexo III da Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia*

Engádese un punto 13 no Anexo III da Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, co seguinte contido:

«13. Establecementos e locais comerciais retalistas e de actividades de servizos profesionais abertos ao público que non formen parte de centros ou parques comerciais.

Os establecementos e locais comerciais retalistas e de actividades de servizos profesionais abertos ao público que non formen parte de centros ou parques comerciais deberán pechar ao público ás 21:30 horas, salvo que teñan fixado de acordo coa normativa vixente un horario inferior.».

Noveno. *Engádese un punto 14 no Anexo III da Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia*

Engádese un punto 14 no Anexo III da Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, co seguinte contido:

«14. Establecementos que teñan a condición de centros e parques comerciais ou que formen parte deles.

1. Os establecementos e locais comerciais retalistas e de actividades de servizos profesionais abertos ao público situados en centros e parques comerciais non poderán superar o trinta por cento da súa capacidade total. No caso de establecementos ou locais distribuídos en varios andares, a presenza de clientes en cada un deles deberá gardar esta mesma proporción.

Para estes efectos, entenderase por centros e parques comerciais, os establecementos comerciais de carácter colectivo definidos no número 2 do artigo 23 da Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia.



2. Non se permitirá a permanencia de clientes nas zonas comúns excepto para o tránsito entre os establecementos, salvo na actividade de hostalaría e restauración que se leve a cabo nas ditas zonas, a cal se deberá axustar ao previsto especificamente para estas actividades.

A capacidade das zonas comúns dos centros e parques comerciais queda limitada ao 30 %. Queda prohibida a utilización de zonas recreativas, como poden ser zonas infantís, ludotecas ou áreas de descanso, que deben permanecer pechadas.

3. Os establecementos e locais comerciais retalistas e de actividades de servizos profesionais abertos ao público situados en centros e parques comerciais deberán pechar ao público ás 21:30 horas, salvo que teñan fixado de acordo coa normativa vixente un horario inferior.» .

Décimo. *Eficacia*

As medidas previstas nesta orde terán efectos desde as 00.00 horas do día 15 de xaneiro de 2021.

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2021

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade



I. DISPOSICIÓNS XERAIS**PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA**

DECRETO 2/2021, do 8 de xaneiro, polo que se modifica o Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

I

A expansión do coronavirus COVID-19 xerou unha crise sanitaria sen precedentes recentes. Así, tras a elevación pola Organización Mundial da Saúde da situación de emerxencia de saúde pública pola devandita causa a nivel de pandemia internacional e a adopción, por algunhas comunidades autónomas como a galega, de medidas de prevención, mediante o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, declarouse o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, declaración que afectou todo o territorio nacional, cunha duración inicial de quince días naturais, pero que foi obxecto de sucesivas prórrogas autorizadas polo Congreso dos Deputados.

O levantamento dese estado de alarma, con todo, non puxo fin á crise sanitaria, o que xustificou a adopción de medidas como as previstas, no ámbito estatal, no Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, así como as medidas de prevención que foron adoptando as diferentes comunidades autónomas. En concreto, no caso da Comunidade Autónoma de Galicia, a resposta á crise sanitaria foi, fundamentalmente, ademais do mantemento da declaración de situación de emerxencia sanitaria efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, a adopción, ao abeiro da lexislación sanitaria, ordinaria e orgánica, de medidas de prevención tanto de carácter xeral, para todo o territorio autonómico, como de maneira específica, a través de diferentes ordes da persoa titular da Consellería de Sanidade, en atención á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

Mediante o Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, declarouse o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. Esa declaración



afectou todo o territorio nacional e a súa duración inicial estendiase, conforme o disposto no seu artigo 4, ata as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020.

Conforme o artigo 2 do dito real decreto, para os efectos do estado de alarma, a autoridade competente será o Goberno da Nación. En cada comunidade autónoma e cidade con estatuto de autonomía, a autoridade competente delegada será quen desempeñe a presidencia da comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía, nos termos establecidos no real decreto. As autoridades competentes delegadas quedan habilitadas para ditaren, por delegación do Goberno da Nación, as ordes, resolucións e disposicións para a aplicación do previsto nos artigos 5 ao 11 do real decreto, sen que para iso sexa preciso tramitar ningún procedemento administrativo, nin será de aplicación o previsto no segundo parágrafo do artigo 8.6 e no artigo 10.8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

En concreto, o artigo 6 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, prevé que a autoridade competente delegada que corresponda poderá limitar a entrada e saída de persoas no territorio de cada comunidade autónoma ou en ámbitos territoriais de carácter xeograficamente inferiores á comunidade autónoma, coas excepcións previstas no artigo 6.1.

Pola súa banda, o artigo 7 do mesmo texto normativo dispón que a permanencia de grupos de persoas en espazos de uso público, tanto pechados como ao aire libre, quedará condicionada a que non se supere o número máximo de seis persoas, salvo que se trate de conviventes, e sen prexuízo das excepcións que se establezan en relación con dependencias, instalacións e establecementos abertos ao público. A permanencia de grupos de persoas en espazos de uso privado quedará condicionada a que non se supere o número máximo de seis persoas, salvo que se trate de conviventes. No caso das agrupacións en que se inclúan tanto persoas conviventes como persoas non conviventes, o número máximo será de seis persoas. Conforme o artigo 9, a eficacia desta medida nunha comunidade autónoma producirase cando a autoridade competente delegada o determine. Ademais, o artigo 7 recolle a posibilidade de que a autoridade competente delegada correspondente determine, no seu ámbito territorial, en vista da evolución dos indicadores sanitarios, epidemiolóxicos, sociais, económicos e de mobilidade, logo de comunicación ao Ministerio de Sanidade e de acordo co previsto no artigo 13, que o número máximo sexa inferior a seis persoas, salvo que se trate de conviventes. Así mesmo, as autoridades competentes delegadas poderán, no seu ámbito territorial, establecer excepcións respecto de persoas menores ou dependentes, así como calquera outra flexibilización da limitación.



De acordo co artigo 8 do real decreto, a autoridade competente delegada poderá limitar a permanencia de persoas en lugares de culto mediante a fixación de limitación de capacidade para reunións, celebracións e encontros relixiosos, atendendo ao risco de transmisión que poida resultar dos encontros colectivos, sen que tal limitación poida afectar, en ningún caso, o exercicio privado e individual da liberdade relixiosa.

E, conforme o artigo 10 da norma, a autoridade competente delegada en cada comunidade autónoma poderá, no seu ámbito territorial, en vista da evolución dos indicadores sanitarios, epidemiolóxicos, sociais, económicos e de mobilidade, logo de comunicación ao Ministerio de Sanidade e de acordo co previsto no artigo 13, modular, flexibilizar e suspender a aplicación das medidas previstas nos artigos 6, 7 e 8, co alcance e ámbito territorial que determine.

O 29 de outubro de 2020, o Congreso dos Deputados autorizou a prórroga do estado de alarma ata o 9 de maio de 2021. Conforme o artigo 2 do Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, a prórroga establecida no devandito real decreto estenderase desde as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020 ata as 00.00 horas do día 9 de maio de 2021, e someterase ás condicións establecidas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, e nos decretos que, se é o caso, se adopten en uso da habilitación conferida pola disposición derradeira primeira do citado Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, sen prexuízo do establecido nas disposicións que recolle o propio real decreto de prórroga.

En consecuencia, durante a vixencia do estado de alarma e da súa prórroga, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, deberán adoptarse na condición de autoridade competente delegada, nos termos previstos no devandito real decreto e no real decreto de prórroga.

Non obstante, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, non esgotan todas as que se poden adoptar para facer fronte á crise sanitaria. Neste sentido, como prevé expresamente o seu artigo 12, cada Administración conservará as competencias que lle outorga a lexislación vixente, así como a xestión dos seus servizos e do seu persoal, para adoptar as medidas que considere necesarias, sen prexuízo do establecido no real decreto.

Polo tanto, como destaca a propia exposición de motivos do real decreto, durante a vixencia do estado de alarma as administracións sanitarias competentes en saúde pública,



no non previsto nesa norma, deberán continuar adoptando as medidas necesarias para afrontar a situación de emerxencia de saúde pública ocasionada polo COVID-19, conforme a lexislación sanitaria, en particular, a Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; a Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, e a Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, así como a normativa autonómica correspondente.

II

Neste contexto normativo derivado do estado de alarma vixente, e ante a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia, ditouse o Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

Así, o dito decreto respondeu á situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia mediante a adopción, na condición de autoridade competente delegada, das seguintes medidas:

a) Establecemento, con efectos desde as 00.00 horas do día 4 de decembro de 2020, de limitacións da entrada e saída de persoas en determinados ámbitos territoriais, agás certas excepcións, coa finalidade de controlar a transmisión da enfermidade e de conter a irradiación a outros lugares limítrofes dos correspondentes ámbitos territoriais delimitados.

b) Limitación, con efectos desde as 00.00 horas do día 4 de decembro de 2020, e con carácter xeral no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, da permanencia de grupos de persoas en espazos de uso público e de uso privado, agás supostos excepcionais e xustificados, aos formados por un máximo de seis persoas, agás que sexan persoas conviventes.

Malia o anterior, en determinados ámbitos territoriais e unha vez atendida a situación epidemiolóxica e sanitaria máis desfavorable existente neles ou en concellos cos cales existe unha forte interrelación, estableceuse a medida máis restritiva consistente na limitación de grupos aos constituídos por catro persoas, agás que fosen persoas conviventes.



c) Limitación da permanencia de persoas en lugares de culto. Mantivéronse, con efectos desde as 00.00 horas do día 4 de decembro de 2020, os límites de capacidade que se viñan aplicando actualmente na Comunidade Autónoma de Galicia, adaptando a súa aplicación á nova situación existente. Todo isto co fin de evitar concentracións de persoas e de manter a coherencia cos límites de capacidade que se prevén para outras actividades, co obxectivo de previr e reducir o risco de transmisión.

Respecto da eficacia das medidas, de acordo co punto quinto do decreto, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, estas deben ser obxecto de seguimento e de avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria, para os efectos, de ser necesario, da súa modificación ou levantamento.

Por último, adoptáronse medidas temporais restritivas da mobilidade de entrada e saída de persoas do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia desde as 00.00 horas do día 4 de decembro de 2020 ata as 00.00 horas do día 9 de decembro de 2020.

Posteriormente, ditouse o Decreto 203/2020, do 4 de decembro, polo que se modifica o Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. Neste decreto, dada a evolución favorable que se produciu nos concellos de Oleiros, Burela, Fene, Neda, Lalín e Oroso, levantáronse neles a limitación perimetral, así como as limitacións máis restritivas ás agrupacións de persoas en espazos de uso público e de uso privado e en lugares de culto que eran de aplicación nalgún deles, de acordo co número 2 do punto segundo e co número 2 do punto terceiro do Decreto 202/2020, do 3 de decembro. Por outra banda, a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria do concello de Boiro determinou a necesidade de aplicar nese concello, con urxencia, as limitacións de entrada e saída de persoas previstas no punto primeiro do Decreto 202/2020, do 3 de decembro, e as limitacións máis restritivas ás agrupacións de persoas en espazos de uso público e de uso privado e en lugares de culto, contidas, respectivamente, no número 2 do punto segundo e no número 2 do punto terceiro do devandito decreto.

Así mesmo, mediante o Decreto 212/2020, do 11 de decembro, modificouse de novo o Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real



decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. Así, dada a evolución favorable que se produciu nos concellos de Silleda, Ribadavia, A Laracha, Malpica de Bergantiños, Cabana de Bergantiños, Vilanova de Arousa e Xinzo de Limia, determinouse que se levantasen neses concellos a limitación perimetral, así como as limitacións máis restritivas ás agrupacións de persoas en espazos de uso público e de uso privado e en lugares de culto, que eran de aplicación nalgún deles de acordo co número 2 do punto segundo e co número 2 do punto terceiro do Decreto 202/2020, do 3 de decembro. Así mesmo, dada tamén a melloría observada no concello de Lugo, determinouse que se levantasen nese concello as limitacións máis restritivas ás agrupacións de persoas en espazos de uso público e de uso privado e en lugares de culto, que eran de aplicación nel de acordo co número 2 do punto segundo e co número 2 do punto terceiro do Decreto 202/2020, do 3 de decembro. Adicionalmente, a melloría observada no concello de Narón determinou que puidese pasar a integrarse no peche perimetral conxuntamente co concello de Ferrol e, tamén, a mellora do concello do Porriño permitiu que pasase a formar parte do peche perimetral que está xa establecido cos concellos de Mos, Vigo, Nigrán e Gondomar. Por outra banda, a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria desfavorable dos concellos de Camariñas, Zas, Tomiño, O Rosal, Sarreaus e A Rúa determinou a necesidade de aplicar neses concellos, con urxencia, as limitacións de entrada e saída de persoas previstas no punto primeiro do Decreto 202/2020, do 3 de decembro.

Posteriormente, mediante o Decreto 213/2020, do 16 de decembro, modificouse o Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

Así, de acordo cos informes da Dirección Xeral de Saúde Pública do 16 de decembro de 2020, os concellos de Barro, Carballo, Coristanco, Laxe, Ponteceso e Cee pasaron a un nivel de restricións básico.

No relativo á comarca de Fisterra, na cal existía restrición perimetral conxunta dos concellos de Cee, Dumbría e Muxía, polo descenso observado no concello de Cee dispúxose a súa saída do peche perimetral.

Así mesmo, detectáronse determinados concellos en que, debido aos seus valores altos nas taxas acumuladas a 14 días, se adoptaron medidas do nivel de restrición medio-alto e



peche perimetral individualizado para cada un deles. Estes concellos foron os concellos de Rodeiro, A Illa de Arousa, Fisterra e Carnota.

Ademais, dada a taxa acumulada a 14 días observada no concello de Mazaricos e os valores das taxas acumuladas a 14 días de Santa Comba e Negreira, adoptáronse tamén nestes tres concellos restricións de nivel medio-alto e peche perimetral conxunto entre eles.

Na comarca da Barbanza, polo ascenso observado no concello de Ribeira, adoptouse neste concello o nivel de restricións máximo.

Na comarca do Morrazo, dada a taxa acumulada a 14 días no concello de Bueu, adoptouse neste concello o nivel de restricións máximo.

E na comarca de Vigo, no concello de Baiona, adoptáronse tamén as restricións máximas.

Por último, respecto do concello de Santiago de Compostela, dado o ascenso nos valores estimados das taxas a 3, 7 e 14 días, adoptáronse para tal concello medidas de nivel de restricións medio con peche perimetral do concello.

A evolución epidemiolóxica e sanitaria de diversos concellos fixo necesaria unha nova modificación do Decreto 202/2020, do 3 de decembro, polo que se ditou o Decreto 222/2020, do 22 de decembro.

Nesa modificación, dada a súa evolución favorable, os concellos de Meis, Ribadumia, Muxía, Cerdedo-Cotobade, Vilaboa e Ponte Caldelas pasaron ao nivel de restricións básico; o concello de Moaña pasou a nivel medio; os concellos de Vilalba, Tui e Pontearreas pasaron a nivel medio-alto. O concello de Rianxo, que estaba no nivel básico de restricións, pasou ao nivel de máximas restricións.

Por outra banda, en cumprimento do Acordo do 2 de decembro de 2020, do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, adoptáronse unha serie de medidas especiais aplicables no período das festas de Nadal, debido a unha intensificación da interacción social e mobilidade da poboación nas citadas datas, relativas ás seguintes materias:

a) Limitación temporal da entrada e saída de persoas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia entre o día 23 de decembro de 2020 ás 00.00 horas e o día 7 de xaneiro de 2021 ás 00.00 horas.



b) Encontros con familiares para celebrar as comidas e ceas de Nadal dos días 24 e 25 de decembro de 2020.

c) Limitación da mobilidade nocturna na noite do 24 ao 25 de decembro de 2020.

Así mesmo, recolleuse unha medida especial relativa á mobilidade dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia entre o día 23 de decembro ás 00.00 horas e o día 25 de decembro ás 23.00 horas.

Con posterioridade, ditouse o Decreto 226/2020, do 29 de decembro, polo que se modifica o Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

Nese decreto, Pontareas, Rodeiro e Lugo pasaron ao nivel de restricións básico. Redondela baixou do nivel de restricións máximas a medio-alto, polo que pasou a integrarse no ámbito territorial delimitado cos concellos de Vigo, Mos, Nigrán, Gondomar e O Porriño. Por outra banda, noutros concellos elevouse o nivel de restricións existente. Tal foi o caso dos concellos de Barro, Xinzo de Limia, Muros, A Pobra do Caramiñal, Carral e Xove, en que se adoptaron as medidas correspondentes ao nivel de restricións medio-alto. Así mesmo, nos concellos de Lousame, Noia, Outes e Porto do Son adoptáronse medidas do nivel de restricións medio-alto. As limitacións de entrada e saída aplicáronse no ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Porto do Son e Outes, e no ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos Noia e Lousame. Pola súa parte, o concello de Viveiro pasou ao nivel de máximas restricións. Tamén nos concellos de Verín, Cualedro, Castrelo do Val e Monterrei se elevaron as medidas ao nivel de máximas restricións, e procedeuse ao peche perimetral conxunto dos catro concellos.

Por último, ditouse o Decreto 1/2021, do 4 de xaneiro, polo que se modifica o Decreto 202/2020, do 3 de decembro, en que nos concellos das Pontes de García Rodríguez e Carnota pasaron ao nivel de restricións básico, polo que se eliminaron as limitacións de entrada e saída nestes concellos, e dispúxose a aplicación neles da regra xeral de limitación da permanencia de grupos de persoas en espazos de uso público ou privados nun número máximo de seis persoas, agás que se trate de persoas conviventes. Así mesmo, dada a melloría dos datos epidemiolóxicos do concello de Narón reduciuse ou seu nivel de restricións a medio, polo que se separou do ámbito territorial delimitado co concello de



Ferrol no cal se integraba. Por outra banda, vista a evolución da situación epidemiolóxica, estendeuse a medida de limitación temporal de entrada e saída de persoas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia ata o día 11 de xaneiro de 2021 ás 00.00 horas.

III

O proceso constante de revisión da situación sanitaria e epidemiolóxica resulta indispensable para manter un nivel de perfecta correspondencia entre as medidas adoptadas e a situación sanitaria que as xustifica. Neste sentido, a evolución epidemiolóxica e sanitaria de diversos concellos fixo necesaria unha nova modificación do Decreto 202/2020, do 3 de decembro.

Neste sentido de acordo cos informes da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 8 de xaneiro de 2021, tendo en conta o valor das taxas acumuladas a 14 días no ámbito territorial formado polos concellos da Coruña, Culleredo, Arteixo e Cambre, no ámbito territorial formado polos concellos de Ourense e Barbadás, e no ámbito territorial formado polos concellos de Santiago de Compostela, Ames e Teo, propónse que se adopte o nivel de restricións que inclúe medidas de peche perimetral dos ámbitos indicados e limitación da permanencia de grupos de persoas en espazos de uso público ou privados a un número máximo de catro persoas, agás que se trate de persoas conviventes.

Tendo en conta o indicado nestes informes e logo de escoitar as recomendacións do Subcomité Clínico reunido para estes efectos, procede, en consecuencia, modificar o Decreto 202/2020, do 3 de decembro, no que atinxe aos concellos citados anteriormente.

Así mesmo, coa finalidade de acadar unha maior claridade e seguridade xurídica, óptase por unha reprodución completa dos puntos obxecto de modificación da norma anterior, na cal se recolle a enumeración total dos concellos afectados polas correspondentes limitacións, coa finalidade de mellorar a súa comprensión e estruturación.

Por outra banda, vista a evolución da situación epidemiolóxica e logo de escoitar o Subcomité Clínico, esténdese a medida de limitación temporal de entrada e saída de persoas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia prevista na redacción actual do punto sexto do Decreto 202/2020, do 3 de decembro, ata o día 1 de febreiro de 2021 ás 00.00 horas.



De acordo co exposto, por proposta do conselleiro de Sanidade e na condición de autoridade competente delegada, por delegación do Goberno da Nación, conforme o disposto nos artigos 2, 6, 7, 8, 9 e 10 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2,

DISPOÑO:

Primeiro. Modificación do Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2

Un. Modifícase o número 1 do punto primeiro do Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, que queda redactado como segue:

«1. Queda restrinxida a entrada e a saída de persoas dos seguintes ámbitos territoriais delimitados de forma conxunta:

a) Do ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos da Coruña, Culleredo, Arteixo e Cambre.

b) Do ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Pontevedra, Marín e Poio.

c) Do ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Vigo, Mos, Nigrán, Gondomar, O Porriño e Redondela.

d) Do ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Sanxenxo e O Grove.

e) Do ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Santa Comba, Mazaricos e Negreira.



f) Do ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Vimianzo, Camariñas e Zas.

g) Do ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos da Guarda, Tomiño e O Rosal.

h) Do ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Noia e Lousame.

i) Do ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Verín, Monterrei, Cualedro e Castrelo do Val.

j) Do ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Ourense e Barbadás.

k) Do ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Santiago de Compostela, Ames e Teo.».

Dous. Modifícase o número 2 do punto primeiro do Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, que queda redactado como segue:

«2. Queda restrinxida a entrada e a saída de persoas dos seguintes ámbitos territoriais:

a) Do ámbito territorial do concello de Sarreaus.

b) Do ámbito territorial do concello de Porto do Son.

c) Do ámbito territorial do concello de Cangas.

d) Do ámbito territorial do concello de Boiro.

e) Do ámbito territorial do concello da Rúa.

f) Do ámbito territorial do concello de Moaña.



- g) Do ámbito territorial do concello de Tui.
- h) Do ámbito territorial do concello de Vilalba.
- i) Do ámbito territorial do concello de Cambados.
- j) Do ámbito territorial do concello de Ferrol.
- k) Do ámbito territorial do concello de Ribeira.
- l) Do ámbito territorial do concello de Bueu.
- m) Do ámbito territorial do concello de Baiona.
- n) Do ámbito territorial do concello de Soutomaior.
- ñ) Do ámbito territorial do concello de Meaño.
- o) Do ámbito territorial do concello de Dumbría.
- p) Do ámbito territorial do concello de Narón.
- q) Do ámbito territorial do concello da Illa de Arousa.
- r) Do ámbito territorial do concello de Fisterra.
- s) Do ámbito territorial do concello de Vilagarcía de Arousa.
- t) Do ámbito territorial do concello de Rianxo.
- u) Do ámbito territorial do concello de Viveiro.
- v) Do ámbito territorial do concello de Carral.
- x) Do ámbito territorial do concello da Pobra do Caramiñal.
- y) Do ámbito territorial do concello de Xove.
- z) Do ámbito territorial do concello de Muros.



aa) Do ámbito territorial do concello de Xinzo de Limia.

ab) Do ámbito territorial do concello de Outes.

ac) Do ámbito territorial do concello de Barro.».

Tres. Modifícase o número 2 do punto segundo do Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, que queda redactado como segue:

«2. A permanencia de grupos de persoas en espazos de uso público, tanto pechados como ao aire libre, e en espazos de uso privado quedará condicionada a que non se supere o número máximo de catro persoas, agás que se trate de persoas conviventes, nos concellos seguintes:

a) Ferrol.

b) Vigo, Mos, Nigrán, O Porriño, Gondomar e Redondela.

c) Vilagarcía de Arousa.

d) A Rúa.

e) Pontevedra, Marín e Poio.

f) Cangas.

g) Meaño.

h) Dumbría.

i) Vimianzo, Camariñas e Zas.

j) Sarreaus.

k) A Illa de Arousa.



- l) Outes.
- m) Fisterra.
- n) Santa Comba, Mazaricos e Negreira.
- ñ) A Guarda, Tomiño e O Rosal.
- o) Ribeira.
- p) Sanxenxo e O Grove.
- q) Tui.
- r) Barro.
- s) Rianxo.
- t) Vilalba.
- u) Bueu.
- v) Porto do Son.
- x) Baiona.
- y) Cambados.
- z) Boiro.
- aa) Noia e Lousame.
- ab) Verín, Monterrei, Cualedro e Castrelo do Val.
- ac) Viveiro.
- ad) Carral.
- ae) A Pobra do Caramiñal.
- af) Xove.
- ag) Muros.



ah) Xinzo de Limia.

ai) A Coruña, Culleredo, Arteixo e Cambre.

aj) Ourense e Barbadás.

ak) Santiago de Compostela, Ames e Teo.

No caso de agrupacións en que se inclúan tanto persoas conviventes como persoas non conviventes, o número máximo a que se refire o parágrafo anterior será de catro persoas.

A limitación prevista neste número non será de aplicación no caso de actividades laborais, institucionais, empresariais, profesionais, sindicais, de representación de traballadores e administrativas, actividades en centros universitarios, educativos, de formación e ocupacionais, así como no caso da práctica do deporte federado, sempre que se adopten as medidas previstas nos correspondentes protocolos de funcionamento.

Respecto das actividades previstas nos anexos III e IV da Orde do 3 de decembro de 2020, serán de aplicación as limitacións de capacidade máxima e/ou de número máximo global de persoas asistentes ou participantes previstas neles. A limitación de grupos dun máximo de catro persoas, excepto conviventes, contida neste número, só se aplicará aos límites específicos para actividades grupais recollidos nos ditos anexos».

Catro. Modifícase o punto sexto do Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, que queda redactado como segue:

«Sexto. *Limitación temporal da entrada e saída de persoas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia*

Entre o día 23 de decembro de 2020 ás 00.00 horas e o día 1 de febreiro de 2021 ás 00.00 horas, establécese unha limitación de entrada e saída na Comunidade Autónoma de Galicia, salvo para aqueles desprazamentos, adecuadamente xustificados, que se produzan por algún dos motivos previstos no número 3 do punto primeiro deste decreto.



En particular, as persoas desprazadas a Galicia deberán cumprir o establecido na Orde do 27 de xullo de 2020 pola que se establecen medidas de prevención para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, en relación coa chegada á Comunidade Autónoma de Galicia de persoas procedentes doutros territorios, polo que as persoas que cheguen á Comunidade Autónoma de Galicia despois de ter estado, dentro do período dos catorce días naturais anteriores á dita chegada, en territorios cunha alta incidencia do COVID-19 en comparación coa existente na Comunidade Autónoma deberán comunicar, no prazo máximo de 24 horas desde a súa chegada á Comunidade Autónoma de Galicia, os datos de contacto e de estadía na Comunidade Autónoma de Galicia na forma establecida na orde.

As persoas desprazadas a Galicia, unha vez no lugar a que se despracen, deberán cumprir as limitacións de entrada e saída previstas, se é o caso, neste decreto, ademais do resto das medidas aplicables.

En todo caso, recoméndase evitar ou reducir a mobilidade xeográfica o máximo posible».

Cinco. Déixase sen contido o punto sexto bis do Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

Segundo. *Eficacia*

Este decreto terá efectos desde as 00.00 horas do día 9 de xaneiro de 2021.

Terceiro. *Recursos*

Contra o presente decreto poderá interperse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, conforme os artigos 12.1.a) e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, oito de xaneiro de dous mil vinte e un

Alberto Núñez Feijóo
Presidente da Xunta de Galicia



I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 8 de xaneiro de 2021 pola que se modifica a Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

I

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto do devandito acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderán ser obxecto de modificación ou supresión, mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade.

Así mesmo, indícase no dito punto sexto, na redacción vixente, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de acordo coa normativa aplicable e en vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou en parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación das medidas concretas contidas no anexo.



Mediante o Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, declarouse o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. Esta declaración afectou todo o territorio nacional e a súa duración inicial estendeuse, conforme o disposto no seu artigo 4, ata as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020.

Conforme o artigo 2 dese real decreto, para os efectos do estado de alarma, a autoridade competente será o Goberno da Nación. En cada comunidade autónoma e cidade con estatuto de autonomía, a autoridade competente delegada será quen exerza a presidencia da comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía, nos termos establecidos no real decreto. As autoridades competentes delegadas quedan habilitadas para ditar, por delegación do Goberno da Nación, as ordes, resolucións e disposicións para a aplicación do previsto nos artigos 5 ao 11 do real decreto, sen que para iso sexa precisa a tramitación de procedemento administrativo ningún, nin será de aplicación o previsto no segundo parágrafo do artigo 8.6 e no artigo 10.8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O 29 de outubro de 2020, o Congreso dos Deputados autorizou a prórroga do estado de alarma ata o día 9 de maio de 2021. Conforme o artigo 2 do Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, a prórroga establecida no devandito real decreto estenderase desde as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020 ata as 00.00 horas do día 9 de maio de 2021, e someterase ás condicións establecidas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, e nos decretos que, se é o caso, se adopten en uso da habilitación conferida pola disposición derradeira primeira do citado Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, sen prexuízo do establecido nas disposicións que recolle o propio real decreto de prórroga.

En consecuencia, durante a vixencia do estado de alarma e da súa prórroga, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, deberán adoptarse, na condición de autoridade competente delegada, nos termos previstos no devandito real decreto e no real decreto de prórroga.

Non obstante, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, non esgotan todas as que poden ser adoptadas para facer fronte á crise sanitaria. Neste sentido, como prevé expresamente o seu artigo 12, cada Administración conservará as competencias que lle outorga a lexislación vixente, así como a xestión dos seus servizos e do seu persoal, para adoptar as medidas que considere necesarias, sen prexuízo do establecido no real decreto.



Polo tanto, durante a vixencia do estado de alarma e das súas prórrogas, as medidas que sexa necesario adoptar para facer fronte, na Comunidade Autónoma, á crise sanitaria serán as que poida acordar, ao abeiro da normativa do estado de alarma, o presidente da Comunidade Autónoma, como autoridade competente delegada, e as complementarias que poidan adoptar, no exercicio das súas competencias propias, as autoridades sanitarias autonómicas e, entre elas, a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, ao abeiro do disposto no punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020 citado.

II

Sentado o anterior, no contexto normativo derivado do estado de alarma vixente e ante a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia, ditouse o Decreto 179/2020, do 4 de novembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas en determinados ámbitos territoriais da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. Tales medidas consistiron no establecemento de limitacións de entrada e saída de persoas de determinados ámbitos territoriais e en limitacións da permanencia de persoas en espazos de uso público e de uso privado, e en lugares de culto. Conforme o punto quinto do decreto, a eficacia destas medidas estendíase ata as 15.00 horas do día 4 de decembro de 2020, sen prexuízo de que debían ser obxecto de seguimento e de avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria para os efectos, de ser necesario, da súa modificación ou levantamento. Ademais, esas medidas debían ser complementadas, como indica o propio decreto, con outras que procede que adopte a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade no exercicio das súas competencias propias como autoridade sanitaria autonómica. Estas medidas complementarias establecéronse mediante a Orde do 4 de novembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que foi modificada en diversas ocasións.

III

A situación da evolución epidemiolóxica xeral na Comunidade Autónoma de Galicia, xunto coa duración inicial das medidas que se viñan aplicando, facía necesario acometer unha revisión delas, tanto das previstas con carácter xeral para a Comunidade Autónoma



de Galicia como das particulares aplicables en ámbitos territoriais concretos. Por outra banda, valorouse tamén a incidencia acumulada que a aplicación das medidas viña supoñendo para sectores concretos da actividade económica e o impacto que estaban a ter na realidade socioeconómica de Galicia.

En concreto, en vista do indicado nos informes da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 3 de decembro de 2020, e logo de escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, a situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia exixía a adopción das medidas que se estableceron na Orde do 3 de decembro de 2020, baseadas na distinción de diversos niveis de restrición, consistentes nun nivel básico, aplicable con carácter xeral en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, e duns niveis medio, medio-alto e de máximas restricións, aplicables de forma progresiva e graduada naqueles concellos cunha situación epidemiolóxica máis desfavorable.

Tamén se tiveron en conta a regulación e as limitacións en canto aos grupos de persoas que recolle o Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, de tal xeito que na orde se realizou unha revisión das medidas vixentes en canto aos grupos de persoas nas distintas actividades previstas nas medidas de prevención.

Coa finalidade de garantir a adecuación das medidas recollidas na Orde do 3 de decembro de 2020 á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria da Comunidade Autónoma, estas son obxecto dun continuo seguimento e avaliación, que se plasma nas sucesivas modificacións operadas na devandita orde desde a súa entrada en vigor ata o día de hoxe.

Así, mediante a Orde do 4 de decembro de 2020 modificouse a Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, na cal se fixo constar a evolución favorable da situación dos concellos de Oleiros, Burela, Fene, Neda, Lalín e Oroso, que permitiu a aplicación neles das medidas previstas no anexo I da Orde do 3 de decembro de 2020, así como a evolución negativa do concello de Boiro, onde se pasou a aplicar o máximo nivel de restricións.

A continuación, mediante a Orde do 11 de decembro de 2020 levouse a cabo unha nova modificación da Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas



de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, con base na cal pasaron ao nivel básico de restricións os concellos de Silleda, Ribadavia, A Laracha, Cabana de Bergantiños, Malpica de Bergantiños, Vilanova de Arousa e Xinzo de Limia. Tamén mellorou a situación nos concellos de Pontevedra, O Porriño, Narón e Ferrol, que pasaron a un nivel de restricións medio-alto, e de Lugo, que pasou ao nivel medio. Por outro lado, empeorou a situación nos concellos de Camariñas, Vimianzo e Zas, Tomiño e O Rosal, A Guarda, Sarreaus e A Rúa, nos cales se adoptaron medidas de nivel de restricións medio-alto.

Pola súa banda, na Orde do 16 de decembro de 2020 acométese outra modificación da Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia. Nesta orde reflíctese a melloría da situación epidemiolóxica dos concellos de Barro, Coristanco, Cee, Laxe, Carballo e Ponteceso, que pasaron a un nivel básico de restricións. Pola contra, o empeoramento da situación epidemiolóxica fixo necesario elevar o nivel de restricións doutros concellos: Santiago de Compostela pasou ao nivel medio de restricións, mentres que Santa Comba, Mazaricos, Negreira, Carnota, Rodeiro, A Illa de Arousa e Fisterra pasaron ao nivel medio-alto e adoptáronse medidas de máxima restrición en Ribeira, Bueu e Baiona.

Posteriormente, mediante a Orde do 22 de decembro de 2020 volveuse modificar a Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia. Esta orde recolleu a melloría da situación dos concellos de Meis, Ribadumia, Muxía, Cerdedo-Cotobade, Vilaboa e Ponte Caldelas, que pasaron ao nivel básico; de Moaña, que se atopaba no nivel de máximas restricións e pasou ao nivel medio de restricións, e de Vilalba, Tui e Ponteareas, nos cales se reduciron as restricións aplicables ao pasar do nivel máximo ao nivel medio-alto. Tamén recolleu o empeoramento da situación do concello de Rianxo, que ata este momento se encontraba no nivel básico de restricións e pasou ao máximo nivel de restricións.

Mediante a Orde do 29 de decembro de 2020 realizouse unha nova modificación da citada Orde do 3 de decembro de 2020. Así, de acordo co informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 29 de decembro de 2020, constatouse a evolución da situación epidemiolóxica positiva en diferentes concellos como Ponteareas, Rodeiro e Lugo, que pasaron ao nivel básico de restricións, e Redondela, que ata ese momento se atopaba no nivel de máxima restrición e que pasou ao nivel medio-alto.



Distinta foi a situación dos concellos de Barro, Xinzo de Limia, Muros, A Pobra do Caramiñal, Carral, Xove, Porto do Son, Outes, Noia e Lousame, nos cales se observou un empeoramento da evolución epidemiolóxica que fixo necesaria a adopción das medidas máis restritivas correspondentes ao nivel medio-alto. Pola súa parte, os concellos de Viveiro, Verín, Cualedro, Castrelo do Val e Monterrei, da comarca de Verín, pasaron ao nivel de máximas restricións.

Por outro lado, flexibilizáronse as restricións aplicables á hostalaría nos niveis de restrición medio-alto e de máximas restricións e ampliouse o horario de apertura das 17.00 horas ás 18.00 horas, para o cal se modificaron os anexos III e IV da Orde do 3 de decembro de 2020.

Así mesmo, adoptáronse medidas especiais para a hostalaría os días 31 de decembro de 2020 e 1 de xaneiro de 2021. Así, o día 31 de decembro de 2020, nos ámbitos territoriais en que se aplicaran as medidas previstas nos anexos I (nivel básico) e II (nivel medio) da Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, na súa redacción vixente, os clientes dos establecementos de hostalaría e restauración debían abandonar os citados establecementos antes das 23.00 horas. A mesma medida sería aplicable nos establecementos e locais de xogo e apostas nos ámbitos territoriais en que se aplicarases as medidas previstas nos anexos I (nivel básico), II (nivel medio) e III (nivel medio-alto) da Orde do 3 de decembro de 2020. Por outra banda, o día 1 de xaneiro os establecementos de hostalaría e restauración non puideron abrir antes das 11.00 horas.

Mediante a Orde do 4 de xaneiro de 2021 modificouse a Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

Así, de acordo co informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 4 de xaneiro de 2021, a mellora da evolución epidemiolóxica nos concellos de Carnota e das Pontes de García Rodríguez determinou que estes concellos pasasen do nivel de restricións medio-alto e máximo, respectivamente, ao nivel básico. Tamén se observou unha evolución positiva no concello de Narón, ao cal pasaron a aplicárselle as medidas restritivas propias do nivel medio.



IV

A evolución epidemiolóxica e sanitaria de diversos concellos fai necesaria, neste momento, unha nova modificación da Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

Neste sentido de acordo cos informes da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 8 de xaneiro de 2021, tendo en conta o valor das taxas acumuladas a 14 días, nos concellos de Santiago de Compostela, Ames e Teo, propónse que estes concellos pasen ao nivel de máximas restricións previstas no anexo IV da Orde do 3 de decembro de 2020, na súa redacción vixente.

Por outra banda, atendida a situación epidemiolóxica nos concellos da Coruña, Cambre, Culleredo e Arteixo, procede que os citados concellos pasen ao nivel de restricións medio-alto previsto no anexo III da Orde do 3 de decembro de 2020, na súa redacción vixente.

Polos mesmos motivos, e atendendo á situación epidemiolóxica nos concellos de Ourense e Barbadás, procede que os citados concellos pasen ao nivel de restricións medio-alto previsto no anexo III da Orde do 3 de decembro de 2020, na súa redacción vixente.

Tendo en conta o indicado nos devanditos informes, e tras escoitar as recomendacións do Subcomité Clínico reunido para estes efectos, procede, en consecuencia, modificar a Orde do 3 de decembro de 2020.

Cómpre salientar tamén que, coa finalidade de acadar unha maior claridade e seguridade xurídica, se opta por recoller nos artigos desta orde a relación completa dos concellos aos cales lles son de aplicación en cada caso as medidas específicas de prevención que se corresponden cos niveis medio, medio-alto e de máxima restrición sen que, polo tanto, se identifiquen unicamente os concellos concretos cuxas medidas específicas de prevención cambian porque pasan a quedar sometidos a maiores ou menores restricións que as que se lles viñan aplicando ata este momento.

V

As medidas que se adoptan nesta orde teñen o seu fundamento normativo na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do



4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 e 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para adoptar as medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica existente, no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, coa urxencia que a protección da saúde pública demanda.

Na súa virtude, en aplicación do punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro *Modificación do número 4 do punto segundo da Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia*

O número 4 do punto segundo da Orde do 3 de decembro de 2020, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, queda redactado como segue:

«4. Serán de aplicación as medidas máis restritivas do anexo II e, no que sexan compatibles con elas, as previstas no anexo I no ámbito territorial dos seguintes concellos:

- a) Soutomaior.
- b) Moaña.
- c) Narón»

Segundo. *Modificación do número 5 do punto segundo da Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuen-*



cia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia

O número 5 do punto segundo da Orde do 3 de decembro de 2020, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, queda redactado como segue:

«5. Serán de aplicación as medidas máis restritivas do anexo III e, no que sexan compatibles con elas, as previstas no anexo I no ámbito territorial dos seguintes concellos:

- a) Ferrol.
- b) Vigo, Mos, Nigrán, O Porriño, Gondomar e Redondela.
- c) Vilagarcía de Arousa.
- d) A Rúa.
- e) Pontevedra, Marín e Poio.
- f) Cangas.
- g) Meaño.
- h) Dumbría.
- i) Vimianzo, Camariñas e Zas.
- j) Sarreaus.
- k) A Illa de Arousa.
- l) Porto do Son.
- m) Fisterra.
- n) Santa Comba, Mazaricos e Negreira.
- ñ) A Guarda, Tomiño e O Rosal.



- o) Tui.
- p) Vilalba.
- q) A Pobra do Caramiñal.
- r) Barro.
- s) Xinzo de Limia.
- t) Carral.
- u) Xove.
- v) Muros.
- w) Outes
- x) Ourense e Barbadás.
- y) A Coruña, Cambre, Culleredo e Arteixo».

Terceiro. *Modificación do número 6 do punto segundo da Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia*

O número 6 do punto segundo da Orde do 3 de decembro de 2020, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, queda redactado como segue:

«6. Serán de aplicación as medidas máis restritivas do anexo IV e, no que sexan compatibles con elas, as previstas no anexo III no ámbito territorial dos concellos que se relacionan a seguir. Así mesmo, no que sexa compatible cos dous anexos citados, serán de aplicación as medidas recollidas no anexo I:

- a) Ribeira.
- b) Sanxenxo e O Grove.



- c) Bueu.
- d) Baiona.
- e) Cambados.
- f) Boiro.
- g) Rianxo.
- h) Viveiro.
- i) Noia e Lousame.
- j) Verín, Monterrei, Cualedro e Castrelo do Val
- k) Santiago de Compostela, Ames e Teo».

Cuarto. *Eficacia*

As medidas previstas nesta orde terán efectos desde as 00.00 horas do día 9 de xaneiro de 2021.

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2021

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade



I. DISPOSICIÓN XERAIS**PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA**

DECRETO 1/2021, do 4 de xaneiro, polo que se modifica o Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

I

A expansión do coronavirus COVID-19 xerou unha crise sanitaria sen precedentes recentes. Así, tras a elevación pola Organización Mundial da Saúde da situación de emerxencia de saúde pública pola devandita causa a nivel de pandemia internacional e a adopción, por algunhas comunidades autónomas como a galega, de medidas de prevención, mediante o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, declarouse o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, declaración que afectou todo o territorio nacional, cunha duración inicial de quince días naturais, pero que foi obxecto de sucesivas prórrogas autorizadas polo Congreso dos Deputados.

O levantamento dese estado de alarma, con todo, non puxo fin á crise sanitaria, o que xustificou a adopción de medidas como as previstas, no ámbito estatal, no Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, así como as medidas de prevención que foron adoptando as diferentes comunidades autónomas. En concreto, no caso da Comunidade Autónoma de Galicia, a resposta á crise sanitaria foi, fundamentalmente, ademais do mantemento da declaración de situación de emerxencia sanitaria efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, a adopción, ao abeiro da lexislación sanitaria, ordinaria e orgánica, de medidas de prevención tanto de carácter xeral, para todo o territorio autonómico, como de maneira específica, a través de diferentes ordes da persoa titular da Consellería de Sanidade, en atención á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

Mediante o Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, declarouse o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. Esa declaración afectou todo o territorio nacional e a súa duración inicial estendíase, conforme o disposto no seu artigo 4, ata as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020.



Conforme o artigo 2 do dito real decreto, para os efectos do estado de alarma, a autoridade competente será o Goberno da Nación. En cada comunidade autónoma e cidade con estatuto de autonomía, a autoridade competente delegada será quen desempeñe a presidencia da comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía, nos termos establecidos no real decreto. As autoridades competentes delegadas quedan habilitadas para ditaren, por delegación do Goberno da Nación, as ordes, resolucións e disposicións para a aplicación do previsto nos artigos 5 ao 11 do real decreto, sen que para iso sexa preciso tramitar ningún procedemento administrativo, nin será de aplicación o previsto no segundo parágrafo do artigo 8.6 e no artigo 10.8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

En concreto, o artigo 6 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, prevé que a autoridade competente delegada que corresponda poderá limitar a entrada e saída de persoas no territorio de cada comunidade autónoma ou en ámbitos territoriais de carácter xeograficamente inferiores á comunidade autónoma, coas excepcións previstas no artigo 6.1.

Pola súa banda, o artigo 7 do mesmo texto normativo dispón que a permanencia de grupos de persoas en espazos de uso público, tanto pechados como ao aire libre, quedará condicionada a que non se supere o número máximo de seis persoas, salvo que se trate de conviventes, e sen prexuízo das excepcións que se establezan en relación con dependencias, instalacións e establecementos abertos ao público. A permanencia de grupos de persoas en espazos de uso privado quedará condicionada a que non se supere o número máximo de seis persoas, salvo que se trate de conviventes. No caso das agrupacións en que se inclúan tanto persoas conviventes como persoas non conviventes, o número máximo será de seis persoas. Conforme o artigo 9, a eficacia desta medida nunha comunidade autónoma producirase cando a autoridade competente delegada o determine. Ademais, o artigo 7 recolle a posibilidade de que a autoridade competente delegada correspondente determine, no seu ámbito territorial, en vista da evolución dos indicadores sanitarios, epidemiolóxicos, sociais, económicos e de mobilidade, logo de comunicación ao Ministerio de Sanidade e de acordo co previsto no artigo 13, que o número máximo sexa inferior a seis persoas, salvo que se trate de conviventes. Así mesmo, as autoridades competentes delegadas poderán, no seu ámbito territorial, establecer excepcións respecto de persoas menores ou dependentes, así como calquera outra flexibilización da limitación.

De acordo co artigo 8 do real decreto, a autoridade competente delegada poderá limitar a permanencia de persoas en lugares de culto mediante a fixación de limitación de capacidade para reunións, celebracións e encontros relixiosos, atendendo ao risco de transmisión que poida resultar dos encontros colectivos, sen que tal limitación poida afectar, en ningún caso, o exercicio privado e individual da liberdade relixiosa.



E, conforme o artigo 10 da norma, a autoridade competente delegada en cada comunidade autónoma poderá, no seu ámbito territorial, en vista da evolución dos indicadores sanitarios, epidemiolóxicos, sociais, económicos e de mobilidade, logo de comunicación ao Ministerio de Sanidade e de acordo co previsto no artigo 13, modular, flexibilizar e suspender a aplicación das medidas previstas nos artigos 6, 7 e 8, co alcance e ámbito territorial que determine.

O 29 de outubro de 2020, o Congreso dos Deputados autorizou a prórroga do estado de alarma ata o 9 de maio de 2021. Conforme o artigo 2 do Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, a prórroga establecida no devandito real decreto estenderase desde as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020 ata as 00.00 horas do día 9 de maio de 2021, e someterase ás condicións establecidas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, e nos decretos que, se é o caso, se adopten en uso da habilitación conferida pola disposición derradeira primeira do citado Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, sen prexuízo do establecido nas disposicións que recolle o propio real decreto de prórroga.

En consecuencia, durante a vixencia do estado de alarma e da súa prórroga, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, deberán adoptarse na condición de autoridade competente delegada, nos termos previstos no devandito real decreto e no real decreto de prórroga.

Non obstante, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, non esgotan todas as que se poden adoptar para facer fronte á crise sanitaria. Neste sentido, como prevé expresamente o seu artigo 12, cada Administración conservará as competencias que lle outorga a lexislación vixente, así como a xestión dos seus servizos e do seu persoal, para adoptar as medidas que considere necesarias, sen prexuízo do establecido no real decreto.

Polo tanto, como destaca a propia exposición de motivos do real decreto, durante a vixencia do estado de alarma as administracións sanitarias competentes en saúde pública, no non previsto nesa norma, deberán continuar adoptando as medidas necesarias para afrontar a situación de emerxencia de saúde pública ocasionada polo COVID-19, conforme a lexislación sanitaria, en particular, a Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; a Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, e a Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, así como a normativa autonómica correspondente.



II

Neste contexto normativo derivado do estado de alarma vixente, e ante a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia, ditouse o Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

Así, o dito decreto respondeu á situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia mediante a adopción, na condición de autoridade competente delegada, das seguintes medidas:

a) Establecemento, con efectos desde as 00.00 horas do día 4 de decembro de 2020, de limitacións da entrada e saída de persoas en determinados ámbitos territoriais, agás certas excepcións, coa finalidade de controlar a transmisión da enfermidade e de conter a irradiación a outros lugares limítrofes dos correspondentes ámbitos territoriais delimitados.

b) Limitación, con efectos desde as 00.00 horas do día 4 de decembro de 2020, e con carácter xeral no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, da permanencia de grupos de persoas en espazos de uso público e de uso privado, agás supostos excepcionais e xustificadas, aos formados por un máximo de seis persoas, agás que sexan persoas conviventes.

Malia o anterior, en determinados ámbitos territoriais e unha vez atendida a situación epidemiolóxica e sanitaria máis desfavorable existente neles ou en concellos cos cales existe unha forte interrelación, estableceuse a medida máis restritiva consistente na limitación de grupos aos constituídos por catro persoas, agás que fosen persoas conviventes.

c) Limitación da permanencia de persoas en lugares de culto. Mantivéronse, con efectos desde as 00.00 horas do día 4 de decembro de 2020, os límites de capacidade que se viñan aplicando actualmente na Comunidade Autónoma de Galicia, adaptando a súa aplicación á nova situación existente. Todo isto co fin de evitar concentracións de persoas e de manter a coherencia cos límites de capacidade que se prevén para outras actividades, co obxectivo de previr e reducir o risco de transmisión.



Respecto da eficacia das medidas, de acordo co punto quinto do decreto, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, estas deben ser obxecto de seguimento e de avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria, para os efectos, de ser necesario, da súa modificación ou levantamento.

Por último, adoptáronse medidas temporais restritivas da mobilidade de entrada e saída de persoas do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia desde as 00.00 horas do día 4 de decembro de 2020 ata as 00.00 horas do día 9 de decembro de 2020.

Posteriormente, ditouse o Decreto 203/2020, do 4 de decembro, polo que se modifica o Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. Neste decreto, dada a evolución favorable que se produciu nos concellos de Oleiros, Burela, Fene, Neda, Lalín e Oroso, levantáronse neles a limitación perimetral, así como as limitacións máis restritivas ás agrupacións de persoas en espazos de uso público e de uso privado e en lugares de culto que eran de aplicación nalgún deles, de acordo co número 2 do punto segundo e co número 2 do punto terceiro do Decreto 202/2020, do 3 de decembro. Por outra banda, a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria do concello de Boiro determinou a necesidade de aplicar nese concello, con urxencia, as limitacións de entrada e saída de persoas previstas no punto primeiro do Decreto 202/2020, do 3 de decembro, e as limitacións máis restritivas ás agrupacións de persoas en espazos de uso público e de uso privado e en lugares de culto, contidas, respectivamente, no número 2 do punto segundo e no número 2 do punto terceiro do devandito decreto.

Así mesmo, mediante o Decreto 212/2020, do 11 de decembro, modificouse de novo o Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. Así, dada a evolución favorable que se produciu nos concellos de Silleda, Ribadavia, A Laracha, Malpica de Bergantiños, Cabana de Bergantiños, Vilanova de Arousa e Xinzo de Limia, determinouse que se levantasen neses concellos a limitación perimetral, así como as limitacións máis restritivas ás agrupacións de persoas en espazos de uso público e de uso privado e en lugares de culto,



que eran de aplicación nalgún deles de acordo co número 2 do punto segundo e co número 2 do punto terceiro do Decreto 202/2020, do 3 de decembro. Así mesmo, dada tamén a melloría observada no concello de Lugo, determinouse que se levantasen nese concello as limitacións máis restritivas ás agrupacións de persoas en espazos de uso público e de uso privado e en lugares de culto, que eran de aplicación nel de acordo co número 2 do punto segundo e co número 2 do punto terceiro do Decreto 202/2020, do 3 de decembro. Adicionalmente, a melloría observada no concello de Narón determinou que puidese pasar a integrarse no peche perimetral conxuntamente co concello de Ferrol e, tamén, a mellora do concello do Porriño permitiu que pasase a formar parte do peche perimetral que está xa establecido cos concellos de Mos, Vigo, Nigrán e Gondomar. Por outra banda, a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria desfavorable dos concellos de Camariñas, Zas, Tomiño, O Rosal, Sarreaus e A Rúa determinou a necesidade de aplicar neses concellos, con urxencia, as limitacións de entrada e saída de persoas previstas no punto primeiro do Decreto 202/2020, do 3 de decembro.

Posteriormente, mediante o Decreto 213/2020, do 16 de decembro, modificouse o Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

Así, de acordo cos informes da Dirección Xeral de Saúde Pública do 16 de decembro de 2020, os concellos de Barro, Carballo, Coristanco, Laxe, Ponteceso e Cee pasaron a un nivel de restricións básico.

No relativo á comarca de Fisterra, na cal existía restrición perimetral conxunta dos concellos de Cee, Dumbría e Muxía, polo descenso observado no concello de Cee dispúxose a súa saída do peche perimetral.

Así mesmo, detectáronse determinados concellos en que, debido aos seus valores altos nas taxas acumuladas a 14 días, se adoptaron medidas do nivel de restrición medio-alto e peche perimetral individualizado para cada un deles. Estes concellos foron os concellos de Rodeiro, A Illa de Arousa, Fisterra e Carnota.

Ademais, dada a taxa acumulada a 14 días observada no concello de Mazaricos e os valores das taxas acumuladas a 14 días de Santa Comba e Negreira, adoptáronse tamén nestes tres concellos restricións de nivel medio-alto e peche perimetral conxunto entre eles.



Na comarca da Barbanza, polo ascenso observado no concello de Ribeira, adoptouse neste concello o nivel de restricións máximo.

Na comarca do Morrazo, dada a taxa acumulada a 14 días no concello de Bueu, adoptouse neste concello o nivel de restricións máximo.

E na comarca de Vigo, no concello de Baiona, adoptáronse tamén as restricións máximas.

Por último, respecto do concello de Santiago de Compostela, dado o ascenso nos valores estimados das taxas a 3, 7 e 14 días, adoptáronse para tal concello medidas de nivel de restricións medio con peche perimetral do concello.

A evolución epidemiolóxica e sanitaria de diversos concellos fixo necesaria unha nova modificación do Decreto 202/2020, do 3 de decembro, polo que se ditou o Decreto 222/2020, do 22 de decembro.

Nesa modificación, dada a súa evolución favorable, os concellos de Meis, Ribadumia, Muxía, Cerdedo-Cotobade, Vilaboa e Ponte Caldelas pasaron ao nivel de restricións básico; o concello de Moaña pasou a nivel medio; os concellos de Vilalba, Tui e Pontearreas pasaron a nivel medio-alto. O concello de Rianxo, que estaba no nivel básico de restricións, pasou ao nivel de máximas restricións.

Por outra banda, en cumprimento do Acordo do 2 de decembro de 2020, do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, adoptáronse unha serie de medidas especiais aplicables no período das festas de Nadal, debido a unha intensificación da interacción social e mobilidade da poboación nas citadas datas, relativas ás seguintes materias:

a) Limitación temporal da entrada e saída de persoas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia entre o día 23 de decembro de 2020 ás 00.00 horas e o día 7 de xaneiro de 2021 ás 00.00 horas.

b) Encontros con familiares para celebrar as comidas e ceas de Nadal dos días 24 e 25 de decembro de 2020.

c) Limitación da mobilidade nocturna na noite do 24 ao 25 de decembro de 2020.

Así mesmo, recolleuse unha medida especial relativa á mobilidade dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia entre o día 23 de decembro ás 00.00 horas e o día 25 de decembro ás 23.00 horas.



Por último, ditouse o Decreto 226/2020, do 29 de decembro, polo que se modifica o Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

Nese decreto, Ponteareas, Rodeiro e Lugo pasaron ao nivel de restricións básico. Rondonela baixou do nivel de restricións máximas a medio-alto, polo que pasou a integrarse no ámbito territorial delimitado cos concellos de Vigo, Mos, Nigrán, Gondomar e O Porriño. Por outra banda, noutros concellos elevouse o nivel de restricións existente. Tal foi o caso dos concellos de Barro, Xinzo de Limia, Muros, A Pobra do Caramiñal, Carral e Xove, nos que se adoptaron as medidas correspondentes ao nivel de restricións medio-alto. Así mesmo, nos concellos de Lousame, Noia, Outes e Porto do Son adoptáronse medidas do nivel de restricións medio-alto. As limitacións de entrada e saída aplicáronse no ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Porto do Son e Outes, e no ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos Noia e Lousame. Pola súa parte, o concello de Viveiro pasou ao nivel de máximas restricións. Tamén nos concellos de Verín, Cualedro, Castrelo do Val e Monterrei se elevaron as medidas ao nivel de máximas restricións, e procedeuse ao peche perimetral conxunto dos catro concellos.

III

O proceso constante de revisión da situación sanitaria e epidemiolóxica resulta indispensable para manter un nivel de perfecta correspondencia entre as medidas adoptadas e a situación sanitaria que as xustifica. Neste sentido, a evolución epidemiolóxica e sanitaria de diversos concellos fixo necesaria unha nova modificación do Decreto 202/2020, do 3 de decembro.

Neste sentido de acordo cos informes da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 4 de xaneiro de 2021, tendo en conta o valor das taxas acumuladas a 14 días alcanzadas nos concellos das Pontes de García Rodríguez e Carnota, propónse que estes concellos adopten o nivel de restricións básico, polo que procede eliminar as limitacións de entrada e saída nestes concellos, e será de aplicación neles a regra xeral de limitación da permanencia de grupos de persoas en espazos de uso público ou privados nun número máximo de seis persoas, agás que se trate de persoas conviventes. Así mesmo, a melloría dos datos epidemiolóxicos do concello de Narón determina que se propoña a redución do nivel de



restricións de nivel medio-alto actualmente aplicable a medio, polo que pasa a separarse do ámbito territorial delimitado co concello de Ferrol no cal se integraba.

Tendo en conta o indicado nestes informes e logo de escoitar as recomendacións do subcomité clínico reunido para estes efectos, procede, en consecuencia, modificar o Decreto 202/2020, do 3 de decembro, no que atinxe aos concellos citados anteriormente.

Así mesmo, coa finalidade de acadar unha maior claridade e seguridade xurídica, óptase por unha reprodución completa dos puntos obxecto de modificación da norma anterior, na cal se recolle a enumeración total dos concellos afectados polas correspondentes limitacións, coa finalidade de mellorar a súa comprensión e estruturación.

Por outra banda, vista a evolución da situación epidemiolóxica e logo de escoitar o subcomité clínico, esténdese a medida de limitación temporal de entrada e saída de persoas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia prevista na redacción actual do punto sexto do Decreto 202/2020, do 3 de decembro, ata o día o día 11 de xaneiro de 2021 ás 00.00 horas.

Así mesmo, recóllese unha medida especial relativa á mobilidade dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para festividade do día 6 de xaneiro de 2021, desde as 6.00 horas ata as 23.00 horas.

De acordo co exposto, por proposta do conselleiro de Sanidade e na condición de autoridade competente delegada, por delegación do Goberno da Nación, conforme o disposto nos artigos 2, 6, 7, 8, 9 e 10 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2,

DISPOÑO:

Primeiro. *Modificación do Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2*

Un. Modifícase o número 1 do punto primeiro do Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade



competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, que queda redactado como segue:

«1. Queda restrinxida a entrada e a saída de persoas dos seguintes ámbitos territoriais delimitados de forma conxunta:

a) Do ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos da Coruña, Culleredo, Arteixo e Cambre.

b) Do ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Pontevedra, Marín e Poio.

c) Do ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Vigo, Mos, Nigrán, Gondomar, O Porriño e Redondela.

d) Do ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Sanxenxo e O Grove.

e) Do ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Santa Comba, Mazaricos e Negreira.

f) Do ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Vimianzo, Camariñas e Zas.

g) Do ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos da Guarda, Tomiño e O Rosal.

h) Do ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Noia e Lousame.

i) Do ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Verín, Monterrei, Cualedro e Castrelo do Val.».

Dous. Modifícase o número 2 do punto primeiro do Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro,



polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, que queda redactado como segue:

«2. Queda restrinxida a entrada e a saída de persoas dos seguintes ámbitos territoriais:

- a) Do ámbito territorial do concello de Sarreaus.
- b) Do ámbito territorial do concello de Porto do Son.
- c) Do ámbito territorial do concello de Cangas.
- d) Do ámbito territorial do concello de Boiro.
- e) Do ámbito territorial do concello da Rúa.
- f) Do ámbito territorial do concello de Moaña.
- g) Do ámbito territorial do concello de Tui.
- h) Do ámbito territorial do concello de Vilalba.
- i) Do ámbito territorial do concello de Cambados.
- j) Do ámbito territorial do concello de Ferrol.
- k) Do ámbito territorial do concello de Santiago de Compostela.
- l) Do ámbito territorial do concello de Ribeira.
- m) Do ámbito territorial do concello de Bueu.
- n) Do ámbito territorial do concello de Baiona.
- o) Do ámbito territorial do concello de Soutomaior.
- p) Do ámbito territorial do concello de Meaño.
- q) Do ámbito territorial do concello de Dumbría.
- r) Do ámbito territorial do concello de Narón.



- s) Do ámbito territorial do concello da Illa de Arousa.
- t) Do ámbito territorial do concello de Fisterra.
- u) Do ámbito territorial do concello de Vilagarcía de Arousa.
- v) Do ámbito territorial do concello de Rianxo.
- w) Do ámbito territorial do concello de Viveiro.
- x) Do ámbito territorial do concello de Carral.
- y) Do ámbito territorial do concello da Pobra do Caramiñal.
- z) Do ámbito territorial do concello de Xove.
- aa) Do ámbito territorial do concello de Muros.
- ab) Do ámbito territorial do concello de Xinzo de Limia.
- ac) Do ámbito territorial do concello de Outes.
- ad) Do ámbito territorial do concello de Barro.».

Tres. Modifícase o número 2 do punto segundo do Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, que queda redactado como segue:

«2. A permanencia de grupos de persoas en espazos de uso público, tanto pechados como ao aire libre, e en espazos de uso privado quedará condicionada a que non se supere o número máximo de catro persoas, agás que se trate de persoas conviventes, nos concellos seguintes:

- a) Ferrol.
- b) Vigo, Mos, Nigrán, O Porriño, Gondomar e Redondela.



- c) Vilagarcía de Arousa.
- d) A Rúa.
- e) Pontevedra, Marín e Poio.
- f) Cangas.
- g) Meaño.
- h) Dumbría.
- i) Vimianzo, Camariñas e Zas.
- j) Sarreaus.
- k) A Illa de Arousa.
- l) Outes.
- m) Fisterra.
- n) Santa Comba, Mazaricos e Negreira.
- ñ) A Guarda, Tomiño e O Rosal.
- o) Ribeira.
- p) Sanxenxo e O Grove.
- q) Tui.
- r) Barro.
- s) Rianxo.
- t) Vilalba.
- u) Bueu.



- v) Porto do Son.
- w) Baiona.
- x) Cambados.
- y) Boiro.
- z) Noia e Lousame.
- aa) Verín, Monterrei, Cualedro e Castrelo do Val.
- ab) Viveiro.
- ac) Carral.
- ad) A Pobra do Caramiñal.
- ae) Xove.
- af) Muros.
- ag) Xinzo de Limia.

No caso de agrupacións en que se inclúan tanto persoas conviventes como persoas non conviventes, o número máximo a que se refire o parágrafo anterior será de catro persoas.

A limitación prevista neste número non será de aplicación no caso de actividades laborais, institucionais, empresariais, profesionais, sindicais, de representación de traballadores e administrativas, actividades en centros universitarios, educativos, de formación e ocupacionais, así como no caso da práctica do deporte federado, sempre que se adopten as medidas previstas nos correspondentes protocolos de funcionamento.

Respecto das actividades previstas nos anexos III e IV da Orde do 3 de decembro de 2020, serán de aplicación as limitacións de capacidade máxima e/ou de número máximo global de persoas asistentes ou participantes previstas neles. A limitación de grupos dun máximo de catro persoas, excepto conviventes, contida neste número, só se aplicará aos límites específicos para actividades grupais recollidos nos ditos anexos».



Catro. Modifícase o punto sexto do Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, que queda redactado como segue:

«Sexto. *Limitación temporal da entrada e saída de persoas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia*

Entre o día 23 de decembro de 2020 ás 00.00 horas e o día 11 de xaneiro de 2021 ás 00.00 horas, establécese unha limitación de entrada e saída na Comunidade Autónoma de Galicia, salvo para aqueles desprazamentos, adecuadamente xustificadas, que se produzan por algún dos motivos previstos no número 3 do punto primeiro deste decreto. Así mesmo, exceptuaranse das limitacións de entrada e saída os desprazamentos a territorios que sexan lugar de residencia habitual de familiares de quen se desprace, entre o día 5 de xaneiro de 2021 ás 00.00 horas e o día 7 de xaneiro de 2021 ás 00.00 horas, e aínda que estes lugares estean sometidos a limitacións de entrada e saída de acordo con este decreto.

En particular, as persoas desprazadas a Galicia deberán cumprir o establecido na Orde do 27 de xullo de 2020 pola que se establecen medidas de prevención para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, en relación coa chegada á Comunidade Autónoma de Galicia de persoas procedentes doutros territorios, polo que as persoas que cheguen á Comunidade Autónoma de Galicia despois de ter estado, dentro do período dos catorce días naturais anteriores á dita chegada, en territorios cunha alta incidencia do COVID-19 en comparación coa existente na Comunidade Autónoma deberán comunicar, no prazo máximo de 24 horas desde a súa chegada á Comunidade Autónoma de Galicia, os datos de contacto e de estadía na Comunidade Autónoma de Galicia na forma establecida na orde.

As persoas desprazadas a Galicia, unha vez no lugar a que se despracen, deberán cumprir as limitacións de entrada e saída previstas, se é o caso, neste decreto, ademais do resto das medidas aplicables.

En todo caso, recoméndase evitar ou reducir a mobilidade xeográfica o máximo posible».



Cinco. Modifícase o punto sexto bis do Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, que queda redactado como segue:

«Sexto bis. *Medidas especiais aplicables o 6 de xaneiro de 2021*

1. Mobilidade dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

O día 6 de xaneiro de 2021 entre as 6.00 horas e as 23.00 horas, para os ámbitos territoriais previstos no punto primeiro deste decreto, quedan exceptuados das limitacións de entrada e saída aqueles desprazamentos, adecuadamente xustificados, que se produzan a territorios que sexan lugar de residencia habitual de familiares de quen se desprace.

Nos encontros familiares previstos neste número deberá terse especial precaución e coidado coas persoas en situación de vulnerabilidade para o COVID-19.

2. Aplicabilidade das medidas xerais de prevención.

En todo o non previsto neste punto serán de aplicación as medidas de prevención previstas neste decreto, na Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, e as demais medidas aplicables na Comunidade Autónoma de Galicia».

Segundo. *Eficacia*

Este decreto terá efectos desde as 00.00 horas do día 5 de xaneiro de 2021.

Terceiro. Recursos

Contra o presente decreto poderá interporse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, conforme os artigos 12.1.a) e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, catro de xaneiro de dous mil vinte e un

Alberto Núñez Feijóo
Presidente da Xunta de Galicia



I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 4 de xaneiro de 2021 pola que se modifica a Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

I

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto do devandito acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderán ser obxecto de modificación ou supresión, mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade.

Así mesmo, indícase no dito punto sexto, na redacción vixente, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de acordo coa normativa aplicable e en vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou en parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación das medidas concretas contidas no anexo.



Mediante o Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, declarouse o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. Esta declaración afectou todo o territorio nacional e a súa duración inicial estendeuse, conforme o disposto no seu artigo 4, ata as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020.

Conforme o artigo 2 dese real decreto, para os efectos do estado de alarma, a autoridade competente será o Goberno da Nación. En cada comunidade autónoma e cidade con estatuto de autonomía, a autoridade competente delegada será quen exerza a presidencia da comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía, nos termos establecidos no real decreto. As autoridades competentes delegadas quedan habilitadas para ditar, por delegación do Goberno da Nación, as ordes, resolucións e disposicións para a aplicación do previsto nos artigos 5 ao 11 do real decreto, sen que para iso sexa precisa a tramitación de procedemento administrativo ningún, nin será de aplicación o previsto no segundo parágrafo do artigo 8.6 e no artigo 10.8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O 29 de outubro de 2020, o Congreso dos Deputados autorizou a prórroga do estado de alarma ata o día 9 de maio de 2021. Conforme o artigo 2 do Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, a prórroga establecida no devandito real decreto estenderase desde as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020 ata as 00.00 horas do día 9 de maio de 2021, e someterase ás condicións establecidas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, e nos decretos que, se é o caso, se adopten en uso da habilitación conferida pola disposición derradeira primeira do citado Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, sen prexuízo do establecido nas disposicións que recolle o propio real decreto de prórroga.

En consecuencia, durante a vixencia do estado de alarma e da súa prórroga, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, deberán adoptarse, na condición de autoridade competente delegada, nos termos previstos no devandito real decreto e no real decreto de prórroga.

Non obstante, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, non esgotan todas as que poden ser adoptadas para facer fronte á crise sanitaria. Neste sentido, como prevé expresamente o seu artigo 12, cada Administración conservará as compe-



tencias que lle outorga a lexislación vixente, así como a xestión dos seus servizos e do seu persoal, para adoptar as medidas que considere necesarias, sen prexuízo do establecido no real decreto.

Polo tanto, durante a vixencia do estado de alarma e das súas prórrogas, as medidas que sexa necesario adoptar para facer fronte, na Comunidade Autónoma, á crise sanitaria serán as que poida acordar, ao abeiro da normativa do estado de alarma, o presidente da Comunidade Autónoma, como autoridade competente delegada, e as complementarias que poidan adoptar, no exercicio das súas competencias propias, as autoridades sanitarias autonómicas e, entre elas, a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, ao abeiro do disposto no punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020 citado.

II

Sentado o anterior, no contexto normativo derivado do estado de alarma vixente e ante a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia, ditouse o Decreto 179/2020, do 4 de novembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas en determinados ámbitos territoriais da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. Tales medidas consistiron no establecemento de limitacións de entrada e saída de persoas de determinados ámbitos territoriais e en limitacións da permanencia de persoas en espazos de uso público e de uso privado, e en lugares de culto. Conforme o punto quinto do decreto, a eficacia destas medidas estendíase ata as 15.00 horas do día 4 de decembro de 2020, sen prexuízo de que debían ser obxecto de seguimento e de avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria para os efectos, de ser necesario, da súa modificación ou levantamento. Ademais, esas medidas debían ser complementadas, como indica o propio decreto, con outras que procede que adopte a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade no exercicio das súas competencias propias como autoridade sanitaria autonómica. Estas medidas complementarias establecéronse mediante a Orde do 4 de novembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que foi modificada en diversas ocasións.



III

A situación da evolución epidemiolóxica xeral na Comunidade Autónoma de Galicia, xunto coa duración inicial das medidas que se viñan aplicando, facía necesario acometer unha revisión delas, tanto das previstas con carácter xeral para a Comunidade Autónoma de Galicia como das particulares aplicables en ámbitos territoriais concretos. Por outra banda, valorouse tamén a incidencia acumulada que a aplicación das medidas viña supoñendo para sectores concretos da actividade económica e o impacto que estaban a ter na realidade socioeconómica de Galicia.

En concreto, en vista do indicado nos informes da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 3 de decembro de 2020, e logo de escoitar as recomendacións do comité clínico reunido para estes efectos, a situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia exixía a adopción das medidas que se estableceron na Orde do 3 de decembro de 2020, baseadas na distinción de diversos niveis de restrición, consistentes nun nivel básico, aplicable con carácter xeral en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, e duns niveis medio, medio-alto e de máximas restricións, aplicables de forma progresiva e graduada naqueles concellos cunha situación epidemiolóxica máis desfavorable.

Tamén se tiveron en conta a regulación e as limitacións en canto aos grupos de persoas que recolle o Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, de tal xeito que na orde se realizou unha revisión das medidas vixentes en canto aos grupos de persoas nas distintas actividades previstas nas medidas de prevención.

Coa finalidade de garantir a adecuación das medidas recollidas na Orde do 3 de decembro de 2020 á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria da Comunidade Autónoma, estas son obxecto dun continuo seguimento e avaliación, que se plasma nas sucesivas modificacións operadas na devandita orde desde a súa entrada en vigor ata o día de hoxe.

Así, mediante a Orde do 4 de decembro de 2020 modificouse a Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autóno-



ma de Galicia, na cal se fixo constar a evolución favorable da situación dos concellos de Oleiros, Burela, Fene, Neda, Lalín e Oroso, que permitiu a aplicación neles das medidas previstas no anexo I da Orde do 3 de decembro de 2020, así como a evolución negativa do concello de Boiro, onde se pasou a aplicar o máximo nivel de restricións.

A continuación, mediante a Orde do 11 de decembro de 2020 levouse a cabo unha nova modificación da Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, con base na cal pasaron ao nivel básico de restricións os concellos de Silleda, Ribadavia, A Laracha, Cabana de Bergantiños, Malpica de Bergantiños, Vilanova de Arousa e Xinzo de Limia. Tamén mellorou a situación nos concellos de Pontevedra, O Porriño, Narón e Ferrol, que pasaron a un nivel de restricións medio-alto, e de Lugo, que pasou ao nivel medio. Por outro lado, empeorou a situación nos concellos de Camariñas, Vimianzo e Zas, Tomiño e O Rosal, A Guarda, Sarreaus e A Rúa, nos cales se adoptaron medidas de nivel de restricións medio-alto.

Pola súa banda, na Orde do 16 de decembro de 2020 acométese outra modificación da Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia. Nesta orde reflíctese a melloría da situación epidemiolóxica dos concellos de Barro, Coristanco, Cee, Laxe, Carballo e Ponteceso, que pasaron a un nivel básico de restricións. Pola contra, o empeoramento da situación epidemiolóxica fixo necesario elevar o nivel de restricións doutros concellos: Santiago de Compostela pasou ao nivel medio de restricións, mentres que Santa Comba, Mazaricos, Negreira, Carnota, Rodeiro, A Illa de Arousa e Fisterra pasaron ao nivel medio-alto e adoptáronse medidas de máxima restrición en Ribeira, Bueu e Baiona.

Posteriormente, mediante a Orde do 22 de decembro de 2020 volveuse modificar a Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia. Esta orde recolleu a melloría da situación dos concellos de Meis, Ribadumia, Muxía, Cerdedo-Cotobade, Vilaboa e Ponte Caldelas, que pasaron ao nivel básico; de Moaña, que se atopaba no nivel de máximas restricións e pasou ao nivel medio de restricións, e de Vilalba, Tui e Pontearreas, nos cales se reduciron as restricións aplicables ao pasar do nivel máximo ao nivel medio-alto. Tamén recolleu o empeoramento da situación do concello de Rianxo, que ata este momento se encontraba no nivel básico de restricións e pasou ao máximo nivel de restricións.



Mediante a Orde do 29 de decembro de 2020 realizouse unha nova modificación da citada Orde do 3 de decembro de 2020. Así, de acordo co informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 29 de decembro de 2020, constatouse a evolución da situación epidemiolóxica positiva en diferentes concellos como Pontearreas, Rodeiro e Lugo, que pasaron ao nivel básico de restricións, e Redondela, que ata ese momento se atopaba no nivel de máxima restrición e que pasou ao nivel medio-alto.

Distinta foi a situación dos concellos de Barro, Xinzo de Limia, Muros, A Pobra do Caramiñal, Carral, Xove, Porto do Son, Outes, Noia e Lousame, nos cales se observou un empeoramento da evolución epidemiolóxica que fixo necesaria a adopción das medidas máis restritivas correspondentes ao nivel medio-alto. Pola súa parte, os concellos de Viveiro, Verín, Cualedro, Castrelo do Val e Monterrei, da comarca de Verín, pasaron ao nivel de máximas restricións.

Por outro lado, flexibilizáronse as restricións aplicables á hostalaría nos niveis de restrición medio-alto e de máximas restricións e ampliouse o horario de apertura das 17.00 horas ás 18.00 horas, para o cal se modificaron os anexos III e IV da Orde do 3 de decembro de 2020.

Así mesmo, adoptáronse medidas especiais para a hostalaría os días 31 de decembro de 2020 e 1 de xaneiro de 2021. Así, o día 31 de decembro de 2020, nos ámbitos territoriais en que se aplicaran as medidas previstas nos anexos I (nivel básico) e II (nivel medio) da Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, na súa redacción vixente, os clientes dos establecementos de hostalaría e restauración deberían abandonar os citados establecementos antes das 23.00 horas. A mesma medida sería aplicable nos establecementos e locais de xogo e apostas nos ámbitos territoriais en que se aplicaran as medidas previstas nos anexos I (nivel básico), II (nivel medio) e III (nivel medio-alto) da Orde do 3 de decembro de 2020. Por outra banda, o día 1 de xaneiro os establecementos de hostalaría e restauración non puideron abrir antes das 11.00 horas.

IV

A evolución epidemiolóxica e sanitaria de diversos concellos fai necesaria, neste momento, unha nova modificación da Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.



De acordo co informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 4 de xaneiro de 2021, a mellora da evolución epidemiolóxica nos concellos de Carnota e das Pontes de García Rodríguez determinou que estes concellos pasen do nivel de restricións medio-alto e máximo, respectivamente, ao nivel básico. Tamén se observa unha evolución positiva no concello de Narón, ao que pasan a aplicárselle as medidas restritivas propias do nivel medio.

Tendo en conta o indicado nos devanditos informes, e tras escoitar as recomendacións do subcomité clínico reunido para estes efectos, procede, en consecuencia, modificar a Orde do 3 de decembro de 2020.

Cómpre salientar tamén que, coa finalidade de acadar unha maior claridade e seguridade xurídica, se opta por recoller nos artigos desta orde a relación completa dos concellos aos cales lles son de aplicación en cada caso as medidas específicas de prevención que se corresponden cos niveis medio, medio-alto e de máxima restrición sen que, polo tanto, se identifiquen unicamente os concellos concretos cuxas medidas específicas de prevención cambian porque pasan a quedar sometidos a maiores ou menores restricións ca as que se lles viñan aplicando ata este momento.

V

As medidas que se adoptan nesta orde teñen o seu fundamento normativo na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 e 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para adoptar as medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica existente, no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, coa urxencia que a protección da saúde pública demanda.

Na súa virtude, en aplicación do punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transi-



ción cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. Modificación do número 4 do punto segundo da Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia

O número 4 do punto segundo da Orde do 3 de decembro de 2020, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, queda redactado como segue:

«4. Serán de aplicación as medidas máis restritivas do anexo II e, no que sexan compatibles con elas, as previstas no anexo I, no ámbito territorial dos seguintes concellos:

- a) A Coruña, Culleredo, Arteixo e Cambre.
- b) Santiago de Compostela.
- c) Soutomaior.
- d) Moaña.
- e) Narón».

Segundo. Modificación do número 5 do punto segundo da Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia

O número 5 do punto segundo da Orde do 3 de decembro de 2020, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación



epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, queda redactado como segue:

«5. Serán de aplicación as medidas máis restritivas do anexo III e, no que sexan compatibles con elas, as previstas no anexo I, no ámbito territorial dos seguintes concellos:

- a) Ferrol.
- b) Vigo, Mos, Nigrán, O Porriño, Gondomar e Redondela.
- c) Vilagarcía de Arousa.
- d) A Rúa.
- e) Pontevedra, Marín e Poio.
- f) Cangas.
- g) Meaño.
- h) Dumbría.
- i) Vimianzo, Camariñas e Zas.
- j) Sarreaus.
- k) A Illa de Arousa.
- l) Porto do Son.
- m) Fisterra.
- n) Santa Comba, Mazaricos e Negreira.
- ñ) A Guarda, Tomiño e O Rosal.
- o) Tui.
- p) Vilalba.



- q) A Pobra do Caramiñal.
- r) Barro.
- s) Xinzo de Limia.
- t) Carral.
- u) Xove.
- v) Muros.
- w) Outes».

Terceiro. *Modificación do número 6 do punto segundo da Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia*

O número 6 do punto segundo da Orde do 3 de decembro de 2020, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, queda redactado como segue:

«6. Serán de aplicación as medidas máis restritivas do anexo IV e, no que sexan compatibles con elas, as previstas no anexo III, no ámbito territorial dos concellos que se relacionan a seguir. Así mesmo, no que sexa compatible cos dous anexos citados, serán de aplicación as medidas recollidas no anexo I:

- a) Ribeira.
- b) Sanxenxo e O Grove.
- c) Bueu.
- d) Baiona.
- e) Cambados.
- f) Boiro.



- g) Rianxo.
- h) Viveiro.
- i) Noia e Lousame.
- j) Verín, Monterrei, Cualedro e Castrelo do Val».

Cuarto. *Eficacia*

As medidas previstas nesta orde terán efectos desde as 00.00 horas do día 5 de xaneiro de 2021.

Santiago de Compostela, 4 de xaneiro de 2021

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade



I. DISPOSICIÓN XERAIS**PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA**

DECRETO 226/2020, do 29 de decembro, polo que se modifica o Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

I

A expansión do coronavirus COVID-19 xerou unha crise sanitaria sen precedentes recentes. Así, tras a elevación pola Organización Mundial da Saúde da situación de emerxencia de saúde pública pola devandita causa a nivel de pandemia internacional e a adopción, por algunhas comunidades autónomas como a galega, de medidas de prevención, mediante o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, declarouse o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, declaración que afectou todo o territorio nacional, cunha duración inicial de quince días naturais, pero que foi obxecto de sucesivas prórrogas autorizadas polo Congreso dos Deputados.

O levantamento dese estado de alarma, con todo, non puxo fin á crise sanitaria, o que xustificou a adopción de medidas como as previstas, no ámbito estatal, no Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, así como as medidas de prevención que foron adoptando as diferentes comunidades autónomas. En concreto, no caso da Comunidade Autónoma de Galicia, a resposta á crise sanitaria foi, fundamentalmente, ademais do mantemento da declaración de situación de emerxencia sanitaria efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, a adopción, ao abeiro da lexislación sanitaria, ordinaria e orgánica, de medidas de prevención tanto de carácter xeral, para todo o territorio autonómico, como de maneira específica, a través de diferentes ordes da persoa titular da Consellería de Sanidade, en atención á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

Mediante o Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, declarouse o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. Esa declaración



afectou todo o territorio nacional e a súa duración inicial estendiase, conforme o disposto no seu artigo 4, ata as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020.

Conforme o artigo 2 do dito real decreto, para os efectos do estado de alarma, a autoridade competente será o Goberno da Nación. En cada comunidade autónoma e cidade con estatuto de autonomía, a autoridade competente delegada será quen desempeñe a presidencia da comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía, nos termos establecidos no real decreto. As autoridades competentes delegadas quedan habilitadas para ditar, por delegación do Goberno da Nación, as ordes, resolucións e disposicións para a aplicación do previsto nos artigos 5 ao 11 do real decreto, sen que para iso sexa preciso tramitar ningún procedemento administrativo, nin será de aplicación o previsto no segundo parágrafo do artigo 8.6 e no artigo 10.8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

En concreto, o artigo 6 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, prevé que a autoridade competente delegada que corresponda poderá limitar a entrada e saída de persoas no territorio de cada comunidade autónoma ou en ámbitos territoriais de carácter xeograficamente inferiores á comunidade autónoma, coas excepcións previstas no artigo 6.1.

Pola súa banda, o artigo 7 do mesmo texto normativo dispón que a permanencia de grupos de persoas en espazos de uso público, tanto pechados como ao aire libre, quedará condicionada a que non se supere o número máximo de seis persoas, salvo que se trate de conviventes, e sen prexuízo das excepcións que se establezan en relación con dependencias, instalacións e establecementos abertos ao público. A permanencia de grupos de persoas en espazos de uso privado quedará condicionada a que non se supere o número máximo de seis persoas, salvo que se trate de conviventes. No caso das agrupacións en que se inclúan tanto persoas conviventes como persoas non conviventes, o número máximo será de seis persoas. Conforme o artigo 9, a eficacia desta medida nunha comunidade autónoma producirase cando a autoridade competente delegada o determine. Ademais, o artigo 7 recolle a posibilidade de que a autoridade competente delegada correspondente determine, no seu ámbito territorial, en vista da evolución dos indicadores sanitarios, epidemiolóxicos, sociais, económicos e de mobilidade, logo de comunicación ao Ministerio de Sanidade e de acordo co previsto no artigo 13, que o número máximo sexa inferior a seis persoas, salvo que se trate de conviventes. Así mesmo, as autoridades competentes delegadas poderán, no seu ámbito territorial, establecer excepcións respecto de persoas menores ou dependentes, así como calquera outra flexibilización da limitación.



De acordo co artigo 8 do real decreto, a autoridade competente delegada poderá limitar a permanencia de persoas en lugares de culto mediante a fixación de limitación de capacidade para reunións, celebracións e encontros relixiosos, atendendo ao risco de transmisión que poida resultar dos encontros colectivos, sen que tal limitación poida afectar, en ningún caso, o exercicio privado e individual da liberdade relixiosa.

E, conforme o artigo 10 da norma, a autoridade competente delegada en cada comunidade autónoma poderá, no seu ámbito territorial, en vista da evolución dos indicadores sanitarios, epidemiolóxicos, sociais, económicos e de mobilidade, logo de comunicación ao Ministerio de Sanidade e de acordo co previsto no artigo 13, modular, flexibilizar e suspender a aplicación das medidas previstas nos artigos 6, 7 e 8, co alcance e ámbito territorial que determine.

O 29 de outubro de 2020, o Congreso dos Deputados autorizou a prórroga do estado de alarma ata o 9 de maio de 2021. Conforme o artigo 2 do Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, a prórroga establecida no devandito real decreto estenderase desde as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020 ata as 00.00 horas do día 9 de maio de 2021, e someterase ás condicións establecidas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, e nos decretos que, se é o caso, se adopten en uso da habilitación conferida pola disposición derradeira primeira do citado Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, sen prexuízo do establecido nas disposicións que recolle o propio real decreto de prórroga.

En consecuencia, durante a vixencia do estado de alarma e da súa prórroga, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, deberán adoptarse na condición de autoridade competente delegada, nos termos previstos no devandito real decreto e no real decreto de prórroga.

Non obstante, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, non esgotan todas as que se poden adoptar para facer fronte á crise sanitaria. Neste sentido, como prevé expresamente o seu artigo 12, cada Administración conservará as competencias que lle outorga a lexislación vixente, así como a xestión dos seus servizos e do seu persoal, para adoptar as medidas que considere necesarias, sen prexuízo do establecido no real decreto.

Polo tanto, como destaca a propia exposición de motivos do real decreto, durante a vixencia do estado de alarma as administracións sanitarias competentes en saúde pública,



no non previsto nesa norma, deberán continuar adoptando as medidas necesarias para afrontar a situación de emerxencia de saúde pública ocasionada polo COVID-19, conforme a lexislación sanitaria, en particular, a Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública, a Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, e a Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, así como a normativa autonómica correspondente.

II

Neste contexto normativo derivado do estado de alarma vixente, e ante a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia, ditouse o Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

Así, o dito decreto respondeu á situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia mediante a adopción, na condición de autoridade competente delegada, das seguintes medidas:

a) Establecemento, con efectos desde as 00.00 horas do día 4 de decembro de 2020, de limitacións da entrada e saída de persoas en determinados ámbitos territoriais, agás certas excepcións, coa finalidade de controlar a transmisión da enfermidade e de conter a irradiación a outros lugares limítrofes dos correspondentes ámbitos territoriais delimitados.

b) Limitación, con efectos desde as 00.00 horas do día 4 de decembro de 2020, e con carácter xeral no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, da permanencia de grupos de persoas en espazos de uso público e de uso privado, agás supostos excepcionais e xustificados, aos formados por un máximo de seis persoas, agás que sexan persoas conviventes.

Malia o anterior, en determinados ámbitos territoriais e unha vez atendida a situación epidemiolóxica e sanitaria máis desfavorable existente neles ou en concellos cos cales existe unha forte interrelación, estableceuse a medida máis restritiva consistente na limitación de grupos aos constituídos por catro persoas, agás que fosen persoas conviventes.



c) Limitación da permanencia de persoas en lugares de culto. Mantivéronse, con efectos desde as 00.00 horas do día 4 de decembro de 2020, os límites de capacidade que se viñan aplicando actualmente na Comunidade Autónoma de Galicia, adaptando a súa aplicación á nova situación existente. Todo isto co fin de evitar concentracións de persoas e de manter a coherencia cos límites de capacidade que se prevén para outras actividades, co obxectivo de previr e reducir o risco de transmisión.

Respecto da eficacia das medidas, de acordo co punto quinto do decreto, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, estas deben ser obxecto de seguimento e de avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria, para os efectos, de ser necesario, da súa modificación ou levantamento.

Por último, adoptáronse medidas temporais restritivas da mobilidade de entrada e saída de persoas do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia desde as 00.00 horas do día 4 de decembro de 2020 ata as 00.00 horas do día 9 de decembro de 2020.

Posteriormente, ditouse o Decreto 203/2020, do 4 de decembro, polo que se modifica o Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. Neste decreto, dada a evolución favorable que se produciu nos concellos de Oleiros, Burela, Fene, Neda, Lalín e Oroso, levantáronse neles a limitación perimetral, así como as limitacións máis restritivas ás agrupacións de persoas en espazos de uso público e de uso privado e en lugares de culto que eran de aplicación nalgún deles, de acordo co número 2 do punto segundo e co número 2 do punto terceiro do Decreto 202/2020, do 3 de decembro. Por outra banda, a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria do concello de Boiro determinou a necesidade de aplicar nese concello, con urxencia, as limitacións de entrada e saída de persoas previstas no punto primeiro do Decreto 202/2020, do 3 de decembro, e as limitacións máis restritivas ás agrupacións de persoas en espazos de uso público e de uso privado e en lugares de culto, contidas, respectivamente, no número 2 do punto segundo e no número 2 do punto terceiro do devandito decreto.

Así mesmo, mediante o Decreto 212/2020, do 11 de decembro, modificouse de novo o Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise



sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. Así, dada a evolución favorable que se produciu nos concellos de Silleda, Ribadavia, A Laracha, Malpica de Bergantiños, Cabana de Bergantiños, Vilanova de Arousa e Xinzo de Limia, determinouse que se levantasen neses concellos a limitación perimetral, así como as limitacións máis restritivas ás agrupacións de persoas en espazos de uso público e de uso privado e en lugares de culto, que eran de aplicación nalgún deles de acordo co número 2 do punto segundo e co número 2 do punto terceiro do Decreto 202/2020, do 3 de decembro. Así mesmo, dada tamén a melloría observada no concello de Lugo, determinouse que se levantasen nese concello as limitacións máis restritivas ás agrupacións de persoas en espazos de uso público e de uso privado e en lugares de culto, que eran de aplicación nel de acordo co número 2 do punto segundo e co número 2 do punto terceiro do Decreto 202/2020, do 3 de decembro. Adicionalmente, a melloría observada no concello de Narón determinou que puidese pasar a integrarse no peche perimetral conxuntamente co concello de Ferrol e, tamén, a mellora do concello do Porriño permitiu que pasase a formar parte do peche perimetral que está xa establecido cos concellos de Mos, Vigo, Nigrán e Gondomar. Por outra banda, a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria desfavorable dos concellos de Camariñas, Zas, Tomiño, O Rosal, Sarreaus e A Rúa determinou a necesidade de aplicar neses concellos, con urxencia, as limitacións de entrada e saída de persoas previstas no punto primeiro do Decreto 202/2020, do 3 de decembro.

Posteriormente, mediante o Decreto 213/2020, do 16 de decembro, modificouse o Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

Así, de acordo cos informes da Dirección Xeral de Saúde Pública do 16 de decembro de 2020, os concellos de Barro, Carballo, Coristanco, Laxe, Ponteceso e Cee pasaron a un nivel de restricións básico.

No relativo á comarca de Fisterra, na cal existía restrición perimetral conxunta dos concellos de Cee, Dumbría e Muxía, polo descenso observado no concello de Cee dispúxose a súa saída do peche perimetral.

Así mesmo, detectáronse determinados concellos en que, debido aos seus valores altos nas taxas acumuladas a 14 días, se adoptaron medidas do nivel de restrición medio-alto e



peche perimetral individualizado para cada un deles. Estes concellos foron os concellos de Rodeiro, A Illa de Arousa, Fisterra e Carnota.

Ademais, dada a taxa acumulada a 14 días observada no concello de Mazaricos e os valores das taxas acumuladas a 14 días de Santa Comba e Negreira, adoptáronse tamén nestes tres concellos restricións de nivel medio-alto e peche perimetral conxunto entre eles.

Na comarca da Barbanza, polo ascenso observado no concello de Ribeira, adoptouse neste concello o nivel de restricións máximo.

Na comarca do Morrazo, dada a taxa acumulada a 14 días no concello de Bueu, adoptouse neste concello o nivel de restricións máximo.

E na comarca de Vigo, no concello de Baiona, adoptáronse tamén as restricións máximas.

Por último, respecto do concello de Santiago de Compostela, dado o ascenso nos valores estimados das taxas a 3, 7 e 14 días, adoptáronse para tal concello medidas de nivel de restricións medio con peche perimetral do concello.

A evolución epidemiolóxica e sanitaria de diversos concellos fixo necesaria unha nova modificación do Decreto 202/2020, do 3 de decembro, polo que se ditou o Decreto 222/2020, do 22 de decembro.

Nesa modificación, dada a súa evolución favorable, os concellos de Meis, Ribadumia, Muxía, Cerdedo-Cotobade, Vilaboa e Ponte Caldelas pasaron ao nivel de restricións básico; o concello de Moaña pasou a nivel medio; os concellos de Vilalba, Tui e Pontearreas pasaron a nivel medio-alto. O concello de Rianxo, que estaba no nivel básico de restricións, pasou ao nivel de máximas restricións.

Por outra banda, en cumprimento do Acordo do 2 de decembro de 2020, do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, adoptáronse unha serie de medidas especiais aplicables no período das festas de Nadal, debido a unha intensificación da interacción social e mobilidade da poboación nas citadas datas, relativas ás seguintes materias:

a) Limitación temporal da entrada e saída de persoas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia entre o día 23 de decembro de 2020 ás 00.00 horas e o día 7 de xaneiro de 2021 ás 00.00 horas.



b) Encontros con familiares para celebrar as comidas e ceas de Nadal dos días 24 e 25 de decembro de 2020.

c) Limitación da mobilidade nocturna na noite do 24 ao 25 de decembro de 2020.

Así mesmo, recolleuse unha medida especial relativa á mobilidade dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia entre o día 23 de decembro ás 00.00 horas e o día 25 de decembro ás 23.00 horas.

III

O proceso constante de revisión da situación sanitaria e epidemiolóxica resulta indispensable para manter un nivel de perfecta correspondencia entre as medidas adoptadas e a situación sanitaria que as xustifica. Neste sentido, a evolución epidemiolóxica e sanitaria de diversos concellos fai necesaria unha nova modificación do Decreto 202/2020, do 3 de decembro.

Así, de acordo cos informes da Dirección Xeral de Saúde Pública do 29 de decembro de 2020, tendo en conta o valor das taxas acumuladas a 14 días acadadas nos concellos de Pontearreas, Rodeiro e Lugo, propónse que estes concellos adopten o nivel de restricións básico, polo que se propón eliminar as limitacións de entrada e saída nestes concellos, e será de aplicación a regra xeral de limitación da permanencia de grupos de persoas en espazos de uso público ou privados nun número máximo de seis persoas, agás que se trate de persoas conviventes.

Así mesmo, a melloría dos datos epidemiolóxicos do concello de Redondela determina que se propoña a redución do nivel de restricións máximas actualmente aplicable a medio-alto, polo que pasa a integrarse no ámbito territorial delimitado cos concellos de Vigo, Mos, Nigrán, Gondomar e O Porriño.

Noutros concellos procede elevar o nivel de restricións existente. Así, o concello de Barro aumentou a súa taxa de incidencia a 14 días, desde o día 21 de decembro, de 217,4 casos por cada cen mil habitantes a 815,2, o que significa un aumento de case catro veces en só unha semana. O Concello de Xinzo de Limia aumentou a súa taxa de incidencia, desde o 21 de decembro, de 205,9 casos por cada cen mil habitantes a 380,9, o que supón case duplicar a súa incidencia nesta última semana. O concello de Muros pasou dunha taxa de incidencia, o día 21 de decembro, de 280,5 casos por cada cen mil habitantes a 315,6. O concello da Pobra do Caramiñal aumentou a súa taxa de incidencia a 14 días, desde o 22



de decembro, de 128,5 casos por cada cen mil habitantes a 246,3 o día 27. O concello de Carral, o día 20 de decembro, presentaba unha taxa de 249,7 casos por cada cen mil habitantes e o día 27 presenta unha taxa de 530,6. O concello de Xove pasou dunha taxa de incidencia de 297,2 casos por cada cen mil habitantes, o día 20 de decembro, a 1069,4 o día 27, o que significa un aumento de case tres veces a súa incidencia nun período de 7 días. Así, dados os ascensos das taxas acumuladas a 14 días dos concellos de Barro, Xinzo de Limia, Muros, A Pobra do Caramiñal, Carral e Xove, que implican un empeoramento da súa situación epidemiolóxica, o informe propón a adopción das medidas do nivel de restricións medio-alto, o que comporta, entre outras medidas, a aplicación de limitacións de entrada e saída e de limitación de grupos de persoas a 4, salvo que se trate de persoas conviventes.

Así mesmo, os concellos da comarca de Noia aumentaron as súas taxas de incidencia, desde o 21 de decembro, de 179,7 casos por cada cen mil habitantes (Lousame); 315,5 casos por cada cen mil habitantes (Noia); 254,7 casos por cada cen mil habitantes (Outes) e 327,1 casos por cada cen mil habitantes (Porto do Son) a 419,4; 343,5; 525,3 e 479,8, o día 28 de decembro, respectivamente. Dado o ascenso das taxas acumuladas a 14 días dos concellos de Porto do Son, Outes, Noia e Lousame, o que implica un empeoramento da súa situación epidemiolóxica, o informe propón a adopción das medidas do nivel de restricións medio-alto. As limitacións de entrada e saída aplicaranse neste caso no ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Porto do Son e Outes, e no ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos Noia e Lousame.

Pola súa parte, o concello de Viveiro presenta una taxa de incidencia de 355,6 casos por cada cen mil habitantes, o que significa un aumento do 20% en 7 días e de 5 veces en 14. Este aumento na taxa e, polo tanto, o empeoramento da situación epidemiolóxica deste concello levan a propoñer o aumento ao nivel de máximas restricións.

Os concellos de Verín, Cualedro, Castrelo do Val e Monterrei, da comarca de Verín, aumentaron as súas taxas de incidencia, a 14 días, desde o 20 de decembro. Verín pasou de 225,9 casos por cada cen mil habitantes a 349,8 o día 27; Cualedro aumentou de 119,1 casos por cada cen mil habitantes a 714,7; Castrelo do Val, de 0 casos a 609,8 casos por cada cen mil habitantes, e Monterrei de 158,2 casos por cada cen mil habitantes a 593,1. Estes datos da situación epidemiolóxica destes concellos, cun aumento da súa taxa de incidencia que indica un empeoramento notable da situación en concellos que no momento actual están con medidas de restricións de nivel básico, fan que no informe se propoña que se eleven as medidas ao nivel de máximas restricións. En particular, proponse o peche perimetral conxunto dos catro concellos.



Tendo en conta o indicado nestes informes e logo de escoitar as recomendacións do comité clínico reunido para estes efectos, procede, en consecuencia, modificar o Decreto 202/2020, do 3 de decembro, no que atinxe aos concellos citados anteriormente.

Así mesmo, coa finalidade de acadar unha maior claridade e seguranza xurídica, óptase por unha reprodución completa dos puntos obxecto de modificación da norma anterior, na cal se recolle a enumeración total dos concellos afectados polas correspondentes limitacións, coa finalidade de mellorar a súa comprensión e estruturación.

Por outra banda, vista a evolución da situación epidemiolóxica, e en cumprimento do Acordo do 2 de decembro de 2020, do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, e logo de escoitar o comité clínico, mantéñense e adáptanse ao período actual as medidas especiais aplicables no período das festas de Nadal, recollidas no Decreto 222/2020, do 22 de decembro de 2020, relativas ás seguintes materias:

a) Limitación temporal da entrada e saída de persoas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia entre o día 23 de decembro de 2020 ás 00.00 horas e o día 7 de xaneiro de 2021 ás 00.00 horas.

b) Encontros con familiares para celebrar as comidas e ceas dos días 31 de decembro de 2020 e 1 de xaneiro de 2021.

c) Limitación da mobilidade nocturna na noite do 31 de decembro de 2020 ao 1 de xaneiro de 2021.

Así mesmo, recóllese unha medida especial relativa á mobilidade dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia entre o día 30 de decembro de 2020 ás 00.00 horas e o día 1 de xaneiro ás 23.00 horas.

De acordo co exposto, por proposta do conselleiro de Sanidade e na condición de autoridade competente delegada, por delegación do Goberno da Nación, conforme o disposto nos artigos 2, 6, 7, 8, 9 e 10 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2,

DISPOÑO:

Primeiro. *Modificación do Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente*



delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2

Un. Modifícase o número 1 do punto primeiro do Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, que queda redactado como segue:

«1. Queda restrinxida a entrada e a saída de persoas dos seguintes ámbitos territoriais delimitados de forma conxunta:

a) Do ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos da Coruña, Culleredo, Arteixo e Cambre.

b) Do ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Pontevedra, Marín e Poio.

c) Do ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Vigo, Mos, Nigrán, Gondomar, O Porriño e Redondela.

d) Do ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Ferrol e Narón.

e) Do ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Sanxenxo e O Grove.

f) Do ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Santa Comba, Mazaricos e Negreira.

g) Do ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Vimianzo, Camariñas e Zas.

h) Do ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos da Guarda, Tomiño e O Rosal.

i) Do ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Noia e Lousame.



j) Do ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Verín, Monterrei, Cualedro e Castrelo do Val.».

Dous. Modifícase o número 2 do punto primeiro do Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, que queda redactado como segue:

«2. Queda restrinxida a entrada e a saída de persoas dos seguintes ámbitos territoriais:

- a) Do ámbito territorial do concello de Sarreaus.
- b) Do ámbito territorial do concello de Porto do Son.
- c) Do ámbito territorial do concello de Cangas.
- d) Do ámbito territorial do concello de Boiro.
- e) Do ámbito territorial do concello da Rúa.
- f) Do ámbito territorial do concello de Moaña.
- g) Do ámbito territorial do concello de Tui.
- h) Do ámbito territorial do concello de Vilalba.
- i) Do ámbito territorial do concello de Cambados.
- j) Do ámbito territorial do concello das Pontes de García Rodríguez.
- k) Do ámbito territorial do concello de Santiago de Compostela.
- l) Do ámbito territorial do concello de Ribeira.
- m) Do ámbito territorial do concello de Bueu.
- n) Do ámbito territorial do concello de Baiona.



- o) Do ámbito territorial do concello de Soutomaior.
- p) Do ámbito territorial do concello de Meaño.
- q) Do ámbito territorial do concello de Dumbría.
- r) Do ámbito territorial do concello de Carnota.
- s) Do ámbito territorial do concello da Illa de Arousa.
- t) Do ámbito territorial do concello de Fisterra.
- u) Do ámbito territorial do concello de Vilagarcía de Arousa.
- v) Do ámbito territorial do concello de Rianxo.
- w) Do ámbito territorial do concello de Viveiro.
- x) Do ámbito territorial do concello de Carral.
- y) Do ámbito territorial do concello da Pobra do Caramiñal.
- z) Do ámbito territorial do concello de Xove.
- aa) Do ámbito territorial do concello de Muros.
- ab) Do ámbito territorial do concello de Xinzo de Limia.
- ac) Do ámbito territorial do concello de Outes.
- ad) Do ámbito territorial do concello de Barro.».

Tres. Modifícase o número 2 do punto segundo do Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, que queda redactado como segue:

«2. A permanencia de grupos de persoas en espazos de uso público, tanto pechados como ao aire libre, e en espazos de uso privado quedará condicionada a que non se su-



pere o número máximo de catro persoas, agás que se trate de persoas conviventes, nos concellos seguintes:

- a) Ferrol e Narón.
- b) Vigo, Mos, Nigrán, O Porriño, Gondomar e Redondela.
- c) Vilagarcía de Arousa.
- d) A Rúa.
- e) Pontevedra, Marín e Poio.
- f) Cangas.
- g) Carnota.
- h) Meaño.
- i) Dumbría.
- j) Vimianzo, Camariñas e Zas.
- k) Sarreaus.
- l) A Illa de Arousa.
- m) Outes.
- n) Fisterra.
- o) Santa Comba, Mazaricos e Negreira.
- p) A Guarda, Tomiño e O Rosal.
- q) Ribeira.
- r) Sanxenxo e O Grove.
- s) Tui.



- t) Barro.
- u) Rianxo.
- v) Vilalba.
- w) Bueu.
- x) Porto do Son.
- y) Baiona.
- z) Cambados.
- aa) As Pontes de García Rodríguez.
- ab) Boiro.
- ac) Noia e Lousame.
- ad) Verín, Monterrei, Cualedro e Castrelo do Val.
- ae) Viveiro.
- af) Carral.
- ag) A Pobra do Caramiñal.
- ah) Xove.
- ai) Muros.
- aj) Xinzo de Limia.

No caso de agrupacións en que se inclúan tanto persoas conviventes como persoas non conviventes, o número máximo a que se refire o parágrafo anterior será de catro persoas.

A limitación prevista neste número non será de aplicación no caso de actividades laborais, institucionais, empresariais, profesionais, sindicais, de representación de traballadores e administrativas, actividades en centros universitarios, educativos, de formación e



ocupacionais, así como no caso da práctica do deporte federado, sempre que se adopten as medidas previstas nos correspondentes protocolos de funcionamento.

Respecto das actividades previstas nos anexos III e IV da Orde do 3 de decembro de 2020, serán de aplicación as limitacións de capacidade máxima e/ou de número máximo global de persoas asistentes ou participantes previstas neles. A limitación de grupos dun máximo de catro persoas, excepto conviventes, contida neste número, só se aplicará aos límites específicos para actividades grupais recollidos nos ditos anexos».

Catro. Modifícase o punto sexto do Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, que queda redactado como segue:

«Sexto. *Limitación temporal da entrada e saída de persoas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia*

Entre o día 23 de decembro de 2020 ás 00.00 horas e o día 7 de xaneiro de 2021 ás 00.00 horas, establécese unha limitación de entrada e saída na Comunidade Autónoma de Galicia, salvo para aqueles desprazamentos, adecuadamente xustificadas, que se produzan por algún dos motivos previstos no número 3 do punto primeiro deste decreto. Así mesmo, exceptuaranse das limitacións de entrada e saída os desprazamentos a territorios que sexan lugar de residencia habitual de familiares de quen se desprace, entre o día 30 de decembro de 2020 ás 00.00 horas e o día 5 de xaneiro de 2021 ás 00.00 horas, sen prexuízo da ulterior revisión desta excepción para os efectos de decidir ou non o seu mantemento, e aínda que estes lugares estean sometidos a limitacións de entrada e saída de acordo con este decreto.

En particular, as persoas desprazadas a Galicia deberán cumprir o establecido na Orde do 27 de xullo de 2020 pola que se establecen medidas de prevención para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, en relación coa chegada á Comunidade Autónoma de Galicia de persoas procedentes doutros territorios, polo que as persoas que cheguen á Comunidade Autónoma de Galicia despois de ter estado, dentro do período dos catorce días naturais anteriores á dita chegada, en territorios cunha alta incidencia do COVID-19 en comparación coa existente na Comunidade Autónoma deberán comunicar, no prazo máximo de 24 horas desde a súa chegada á Comunidade Autónoma



de Galicia, os datos de contacto e de estadía na Comunidade Autónoma de Galicia na forma establecida na orde.

As persoas desprazadas a Galicia, unha vez no lugar a que se despracen, deberán cumprir as limitacións de entrada e saída previstas, se é o caso, neste decreto, ademais do resto das medidas aplicables.

En todo caso, recoméndase evitar ou reducir a mobilidade xeográfica o máximo posible».

Cinco. Modifícase o punto sexto bis do Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, que queda redactado como segue:

«Sexto bis. *Medidas especiais aplicables no período das festas de Nadal*

1. Mobilidade dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Entre o día 30 de decembro ás 00.00 horas e o día 1 de xaneiro ás 23.00 horas, para os ámbitos territoriais previstos no punto primeiro deste decreto, quedan exceptuados das limitacións de entrada e saída aqueles desprazamentos, adecuadamente xustificados, que se produzan a territorios que sexan lugar de residencia habitual de familiares de quen se desprace.

2. Encontros con familiares.

En relación coas limitacións da permanencia de grupos de persoas prevista no punto segundo deste decreto, os encontros con familiares para celebrar as comidas e ceas do 31 de decembro de 2020 e o 1 de xaneiro de 2021 quedarán sometidos aos seguintes condicionantes:

a) En todo caso, recoméndase que os encontros familiares se limiten á unidade de convivencia.

b) No caso de que os encontros familiares se produzan entre persoas de dúas unidades de convivencia diferentes, estarán suxeitos á limitación de que non superen o número máximo de dez persoas.



c) No caso de que os encontros se produzan entre persoas de máis de dúas unidades de convivencia diferentes, estarán suxeitos á limitación de que non superen o número máximo de seis persoas. Dentro deste número máximo de seis persoas non computarán os nenos e nenas menores de dez anos. En todo caso, os encontros estarán suxeitos á limitación de que non superen o número máximo de dez persoas.

Nos encontros familiares previstos neste número, deberá terse especial precaución e coidado coas persoas en situación de vulnerabilidade para o COVID-19.

3. Limitación da mobilidade nocturna.

Na noite do 31 de decembro de 2020 ao 1 de xaneiro de 2021, a hora de comezo da limitación da liberdade de circulación das persoas en horario nocturno prevista no artigo 5 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, amplíase ata as 1.30 horas, unicamente para permitir o regreso ao domicilio. En ningún caso se utilizará esta ampliación horaria para desprazarse a diferentes encontros sociais.

4. Aplicabilidade das medidas xerais de prevención.

En todo o non previsto neste punto serán de aplicación as medidas de prevención previstas neste decreto, na Orde do 3 de decembro de 2020, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, e as demais medidas aplicables na Comunidade Autónoma de Galicia.

5. Medidas aplicables entre os días 5 e 6 de xaneiro de 2021.

As medidas especiais aplicables para o período comprendido entre os días 5 e 6 de xaneiro de 2021 serán establecidas á vista da evolución da situación epidemiolóxica.

6. Revisión destas medidas.

En todo caso, as medidas especiais previstas neste punto para o período das festas de Nadal deberán ser obxecto de seguimento e de avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria e para os efectos, de ser necesario, da súa modificación ou levantamento».



Segundo. Eficacia

Este decreto terá efectos desde as 00.00 horas do día 30 de decembro de 2020.

Terceiro. Recursos

Contra o presente decreto poderá interperse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, conforme os artigos 12.1.a) e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, vinte e nove de decembro de dous mil vinte

Alberto Núñez Feijóo
Presidente da Xunta de Galicia



I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 29 de decembro de 2020 pola que se modifica a Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

I

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto do dito acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderán ser obxecto de modificación ou supresión, mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade.

Así mesmo, indícase no dito punto sexto, na redacción vixente, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de acordo coa normativa aplicable e á vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou en parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación das medidas concretas contidas no anexo.



Mediante o Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, declarouse o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. A dita declaración afectou todo o territorio nacional e a súa duración inicial estendeuse, conforme o disposto no seu artigo 4, ata as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020.

Conforme o artigo 2 do dito real decreto, para os efectos do estado de alarma, a autoridade competente será o Goberno da Nación. En cada comunidade autónoma e cidade con estatuto de autonomía, a autoridade competente delegada será quen exerza a presidencia da comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía, nos termos establecidos no real decreto. As autoridades competentes delegadas quedan habilitadas para ditar, por delegación do Goberno da Nación, as ordes, resolucións e disposicións para a aplicación do previsto nos artigos 5 a 11 do real decreto, sen que para iso sexa precisa a tramitación de procedemento administrativo ningún, nin será de aplicación o previsto no segundo parágrafo do artigo 8.6 e no artigo 10.8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O 29 de outubro de 2020, o Congreso dos Deputados autorizou a prórroga do estado de alarma ata o día 9 de maio de 2021. Conforme o artigo 2 do Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, a prórroga establecida no dito real decreto estenderase desde as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020 ata as 00.00 horas do día 9 de maio de 2021 e someterase ás condicións establecidas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, e nos decretos que, se é o caso, se adopten en uso da habilitación conferida pola disposición derradeira primeira do citado Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, sen prexuízo do establecido nas disposicións que recolle o propio real decreto de prórroga.

En consecuencia, durante a vixencia do estado de alarma e da súa prórroga, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, deberán adoptarse, na condición de autoridade competente delegada, nos termos previstos no dito real decreto e no real decreto de prórroga.

Non obstante, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, non esgotan todas as que poden ser adoptadas para facer fronte á crise sanitaria. Neste sentido, como prevé expresamente o seu artigo 12, cada Administración conservará as competencias que lle outorga a lexislación vixente, así como a xestión dos seus servizos e do seu persoal, para adoptar as medidas que considere necesarias, sen prexuízo do establecido no real decreto.



Polo tanto, durante a vixencia do estado de alarma e das súas prórrogas, as medidas que sexa necesario adoptar para facer fronte, na Comunidade Autónoma, á crise sanitaria serán as que poida acordar, ao abeiro da normativa do estado de alarma, o presidente da Comunidade Autónoma, como autoridade competente delegada, e as complementarias que poidan adoptar, no exercicio das súas competencias propias, as autoridades sanitarias autonómicas e, entre elas, a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, ao abeiro do disposto no punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020 citado.

II

Sentado o anterior, no contexto normativo derivado do estado de alarma vixente, e ante a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia, ditouse o Decreto 179/2020, do 4 de novembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas en determinados ámbitos territoriais da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. As ditas medidas consistiron no establecemento de limitacións de entrada e saída de persoas de determinados ámbitos territoriais e en limitacións da permanencia de persoas en espazos de uso público e de uso privado, e en lugares de culto. Conforme o punto quinto do decreto, a eficacia destas medidas estendíase ata as 15.00 horas do día 4 de decembro de 2020, sen prexuízo de que debían ser obxecto de seguimento e de avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria para os efectos, de ser necesario, da súa modificación ou levantamento. Ademais, as ditas medidas debían ser complementadas, como indica o propio decreto, con outras que procede que adopte a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade no exercicio das súas competencias propias como autoridade sanitaria autonómica. Estas medidas complementarias establecéronse mediante a Orde do 4 de novembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que foi modificada en diversas ocasións.

III

A situación da evolución epidemiolóxica xeral na Comunidade Autónoma de Galicia, xunto coa duración inicial das medidas que se viñan aplicando, facía necesario acometer



unha revisión delas, tanto das previstas con carácter xeral para a Comunidade Autónoma de Galicia como das particulares aplicables en ámbitos territoriais concretos. Por outra banda, valorouse tamén a incidencia acumulada que a aplicación das medidas viña supoñendo para sectores concretos da actividade económica e o impacto que estaban a ter na realidade socioeconómica de Galicia.

En concreto, á vista do indicado nos informes da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 3 de decembro de 2020, e tras escoitar as recomendacións do comité clínico reunido para estes efectos, a situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia exixía a adopción das medidas que se estableceron na Orde do 3 de decembro de 2020, baseadas na distinción de diversos niveis de restrición, consistentes nun nivel básico, aplicable con carácter xeral en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, e duns niveis medio, medio-alto e de máximas restricións, aplicables de forma progresiva e graduada naqueles concellos cunha máis desfavorable situación epidemiolóxica.

Tamén se tiveron en conta a regulación e as limitacións en canto aos grupos de persoas que recolle o Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, de tal modo que na orde se realizou unha revisión das medidas vixentes en canto aos grupos de persoas nas distintas actividades previstas nas medidas de prevención.

Coa finalidade de garantir a adecuación das medidas recollidas na Orde do 3 de decembro á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria da Comunidade Autónoma, estas son obxecto dun continuo seguimento e avaliación, que se plasma nas sucesivas modificacións operadas na dita orde desde a súa entrada en vigor ata o día de hoxe.

Así, mediante a Orde do 4 de decembro de 2020 modificouse a Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, na cal se fixo constar a evolución favorable da situación dos concellos de Oleiros, Burela, Fene, Neda, Lalín e Oroso, que permitiu a aplicación neles das medidas previstas no anexo I da Orde do 3 de decembro de 2020, así como a evolución negativa do concello de Boiro, onde se pasou a aplicar o máximo nivel de restricións.



A continuación, mediante a Orde do 11 de decembro de 2020 levouse a cabo unha nova modificación da Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia con base na cal pasaron a nivel básico de restricións os concellos de Silleda, Ribadavia, A Laracha, Cabana de Bergantiños, Malpica de Bergantiños, Vilanova de Arousa e Xinzo de Limia. Tamén mellorou a situación nos concellos de Pontevedra, O Porriño, Narón e Ferrol, que pasaron a un nivel de restricións medio-alto, e de Lugo, que pasou ao nivel medio. Por outro lado, empeorou a situación nos concellos de Camariñas, Vimianzo e Zas, Tomiño e O Rosal, A Guarda, Sarreaus e A Rúa, nos cales se adoptaron medidas de nivel de restricións medio-alto.

Pola súa banda, na Orde do 16 de decembro de 2020 acométese outra modificación da Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia. Nesta orde reflíctese a melloría da situación epidemiolóxica dos concellos de Barro, Coristanco, Cee, Laxe, Carballo e Ponteceso, que pasaron a un nivel básico de restricións. Pola contra, o empeoramento da situación epidemiolóxica fixo necesario elevar o nivel de restricións doutros concellos: Santiago de Compostela pasou a nivel medio de restricións, mentres que Santa Comba, Mazaricos, Negreira, Carnota, Rodeiro, A Illa de Arousa e Fisterra pasaron ao nivel medio-alto e adoptáronse medidas de máxima restrición en Ribeira, Bueu e Baiona.

Posteriormente, mediante a Orde do 22 de decembro de 2020 volveuse modificar a Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia. Esta orde recolleu a melloría da situación dos concellos de Meis, Ribadumia, Muxía, Cerdedo-Cotobade, Vilaboa e Ponte Caldelas, que pasaron a nivel básico; de Moaña, que se atopaba no nivel de máximas restricións e pasou ao nivel medio de restricións, e de Vilalba, Tui e Pontearreas, nos cales se reduciron as restricións aplicables ao pasar do nivel máximo ao nivel medio-alto. Tamén recolleu o empeoramento da situación do concello de Rianxo, que ata este momento se encontraba no nivel básico de restricións e pasou ao máximo nivel de restricións.

IV

A evolución epidemiolóxica e sanitaria de diversos concellos fai necesaria, neste momento, unha nova modificación da Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen



medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

De acordo co Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 29 de decembro de 2020, a evolución da situación epidemiolóxica é positiva en diferentes concellos. Así ocorre nos concellos de Pontearreas, Rodeiro e Lugo, que pasan ao nivel básico de restricións, e en Redondela, que ata este momento se atopaba no nivel de máxima restrición e que pasa ao nivel medio-alto.

Distinta da anterior é a situación dos concellos de Barro, Xinzo de Limia, Muros, A Pobra do Caramiñal, Carral, Xove, Porto do Son, Outes, Noia e Lousame, nos cales se observa un empeoramento da evolución epidemiolóxica que fai necesaria a adopción das medidas máis restritivas correspondentes ao nivel medio-alto. Nas últimas datas a taxa de incidencia acumulada ascendeu a 815,2 casos por cada cen mil habitantes no concello de Barro; a 380,9 casos por cada cen mil habitantes en Xinzo de Limia; a 315,6 casos por cada cen mil habitantes en Muros; a 246,3 casos por cada cen mil habitantes no concello da Pobra do Caramiñal; a 530,6 casos por cada cen mil habitantes no concello de Carral; a 1.069,4 casos por cada cen mil habitantes no concello de Xove; a 419,4 casos por cada cen mil habitantes no concello de Lousame; a 343,5 casos por cada cen mil habitantes no de Noia; a 525,3 casos por cada cen mil habitantes no concello de Outes, e a 479,8 casos por cada cen mil habitantes no de Porto do Son. Este incremento determina que o comité clínico propoña nestes concellos a adopción das medidas do nivel de restrición medio-alto. Tamén se incrementa a taxa de incidencia acumulada a 14 días no concello de Viveiro, que sobe ata os 355,6 casos por cada cen mil habitantes, o que amosa o empeoramento da situación epidemiolóxica deste concello, que pasa, en consecuencia, ao nivel de máximas restricións.

Pola súa parte, os concellos de Verín, Cualedro, Castrelo do Val e Monterrei, da comarca de Verín, aumentaron as súas taxas de incidencia, a 14 días, desde o 20 de decembro, pasando Verín de 225,9 casos por cada cen mil habitantes a 349,8 o día 27; Cualedro aumentou de 119,1 casos por cada cen mil habitantes a 714,7; Castrelo do Val de cero casos a 609,8 casos por cada cen mil habitantes e Monterrei de 158,2 casos por cada cen mil habitantes a 593,1. Estes datos da situación epidemiolóxica destes concellos, cun aumento da súa taxa de incidencia, que indica un empeoramento notable da situación, en concellos que no momento actual están con medidas de restrición de nivel básico, fan que no informe se propoña que se eleven as medidas ao nivel de máximas restricións.

Por outro lado, flexibilízanse as restricións aplicables á hostalaría nos niveis de restrición medio-alto e de máximas restricións, ampliando o horario de apertura das 17.00 horas



ás 18.00 horas, para o cal se modifican os anexos III e IV da Orde do 3 de decembro de 2020.

Así mesmo, adóptanse medidas especiais para a hostalaría os días 31 de decembro de 2020 e 1 de xaneiro de 2021. Así, o día 31 de decembro de 2020, nos ámbitos territoriais en que resulten de aplicación as medidas previstas nos anexos I (nivel básico) e II (nivel medio) da Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, na súa redacción vixente, os clientes dos establecementos de hostalaría e restauración deberán abandonar os citados establecementos antes das 23.00 horas. A mesma medida será aplicable nos establecementos e locais de xogo e apostas nos ámbitos territoriais en que resulten de aplicación as medidas previstas nos anexos I (nivel básico), II (nivel medio) e III (nivel medio-alto) da Orde do 3 de decembro de 2020. Por outra banda, o día 1 de xaneiro os establecementos de hostalaría e restauración non poderán abrir antes das 11.00 horas.

Tendo en conta o indicado nos ditos informes, e tras escoitar as recomendacións do comité clínico reunido para estes efectos, procede, en consecuencia, modificar a Orde do 3 de decembro de 2020 no que atinxe aos concellos citados anteriormente.

Cómpre salientar tamén que, coa finalidade de acadar unha maior claridade e seguridade xurídica, se opta por recoller no articulado desta orde a relación completa dos concellos aos cales lles son de aplicación en cada caso as medidas específicas de prevención que se corresponden cos niveis medio, medio-alto e de máxima restrición sen que, polo tanto, se identifiquen unicamente os concellos concretos cuxas medidas específicas de prevención cambian porque pasan a quedar sometidos a maiores ou menores restricións que as que se lles viñan aplicando ata este momento.

V

As medidas que se adoptan nesta orde teñen o seu fundamento normativo na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 e 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para adoptar



as medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica existente, no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, coa urxencia que a protección da saúde pública demanda.

Na súa virtude, en aplicación do punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. Modificación do número 4 do punto segundo da Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia

O número 4 do punto segundo da Orde do 3 de decembro de 2020, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, queda redactado como segue:

«4. Serán de aplicación as medidas máis restritivas do anexo II, e no que sexan compatibles con elas as previstas no anexo I, no ámbito territorial dos seguintes concellos:

- a) A Coruña, Culleredo, Arteixo e Cambre.
- b) Santiago de Compostela.
- c) Soutomaior.
- d) Moaña.».

Segundo. Modificación do número 5 do punto segundo da Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia

O número 5 do punto segundo da Orde do 3 de decembro de 2020, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación



epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, queda redactado como segue:

«5. Serán de aplicación as medidas máis restritivas do anexo III, e no que sexan compatibles con elas as previstas no anexo I, no ámbito territorial dos seguintes concellos:

- a) Ferrol e Narón.
- b) Vigo, Mos, Nigrán, O Porriño, Gondomar e Redondela.
- c) Vilagarcía de Arousa.
- d) A Rúa.
- e) Pontevedra, Marín e Poio.
- f) Cangas.
- g) Carnota.
- h) Meaño.
- i) Dumbría.
- j) Vimianzo, Camariñas e Zas.
- k) Sarreaus.
- l) A Illa de Arousa.
- m) Porto do Son.
- n) Fisterra.
- ñ) Santa Comba, Mazaricos e Negreira.
- o) A Guarda, Tomiño e O Rosal.
- p) Tui.



- q) Vilalba.
- r) A Pobra do Caramiñal.
- s) Barro.
- t) Xinzo de Limia.
- u) Carral.
- v) Xove.
- w) Muros.
- x) Outes.».

Terceiro. *Modificación do número 6 do punto segundo da Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia*

O número 6 do punto segundo da Orde do 3 de decembro de 2020, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, queda redactado como segue:

«6. Serán de aplicación as medidas máis restritivas do anexo IV, e no que sexan compatibles con elas as previstas no anexo III, no ámbito territorial dos concellos que se relacionan a continuación. Así mesmo, no que sexa compatible cos dous anexos citados serán de aplicación as medidas recollidas no anexo I:

- a) Ribeira.
- b) Sanxenxo e O Grove.
- c) Bueu.
- d) Baiona.
- e) Cambados.



- f) As Pontes de García Rodríguez.
- g) Boiro.
- h) Rianxo.
- i) Viveiro.
- j) Noia e Lousame.
- k) Verín, Monterrei, Cualedro e Castrelo do Val.».

Cuarto. Modificación do número 4 do punto 1 do anexo III da Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia

O punto 4 do punto 1 do anexo III da Orde do 3 de decembro de 2020, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, queda redactado como segue:

«4. O horario de peche ao público será ás 18.00 horas. Non obstante, poderán prestar servizos de entrega a domicilio ou para a súa recollida no local e consumo a domicilio. A permanencia nestes establecementos deberá ser a estritamente necesaria. En todo caso, evitanse aglomeracións e controlárase que consumidores e empregados manteñan a distancia de seguridade establecida co fin de evitar posibles contaxios.».

Quinto. Modificación do punto 1 do anexo IV da Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia

O punto 1 do anexo IV da Orde do 3 de decembro de 2020, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, queda redactado como segue:

«1. Nos concellos a que se refire o número 6 do punto segundo desta orde adóptase a medida de peche temporal, durante o período a que se estenda a eficacia da medida



conforme o punto cuarto da orde, das seguintes actividades (conforme as definicións contidas no anexo do Decreto 124/2019, do 5 de setembro, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos abertos ao público da Comunidade Autónoma de Galicia e se establecen determinadas disposicións xerais de aplicación na materia):

I. Espectáculos públicos:

I.3. Espectáculos taurinos.

I.4. Espectáculos circenses.

I.6. Espectáculos feirais e de exhibición.

I.7. Espectáculos pirotécnicos.

II. Actividades recreativas:

II.1. Actividades culturais e sociais.

II.3. Actividades de lecer e entretemento.

II.4. Atraccións recreativas.

II.7. Actividades de restauración.

II.8. Actividades zoolóxicas, botánicas e xeolóxicas.

III. Establecementos abertos ao público:

III.1. Establecementos de espectáculos públicos.

III.1.4. Circos.

III.1.5. Prazas de touros.

III.1.7. Recintos feirais.

III.2. Establecementos de actividades recreativas.

III.2.1. Establecementos de xogo.

III.2.1.1. Casinos.



III.2.1.2. Salas de bingo.

III.2.1.3. Salóns de xogo.

III.2.1.4. Tendas de apostas.

III.2.2. Establecementos para actividades deportivas.

III.2.2.4. Pistas de patinaxe.

III.2.2.7. Piscinas recreativas de uso colectivo.

III.2.3. Establecementos para atraccións e xogos recreativos.

III.2.3.1. Parques de atraccións e temáticos.

III.2.3.2. Parques acuáticos.

III.2.3.3. Salóns recreativos.

III.2.3.4. Parques multiocio.

III.2.4. Establecementos para actividades culturais e sociais.

III.2.4.5. Salas de concertos.

III.2.5. Establecementos de restauración.

III.2.5.1. Restaurantes.

III.2.5.1.1. Salóns de banquetes.

III.2.5.2. Cafetarías.

III.2.5.3. Bares.

O interior dos establecementos de restauración permanecerá pechado ao público e só poderán abrir as terrazas ata un máximo do 50 % ata as 18.00 horas. Non obstante, poderán prestar servizos de entrega a domicilio ou para a súa recollida no local e consumo a domicilio. A permanencia nestes establecementos deberá ser a estritamente necesaria.



En todo caso, evítaranse aglomeracións e controlárase que consumidores e empregados manteñan a distancia de seguridade establecida co fin de evitar posibles contaxios.

Os establecementos de restauración de centros sanitarios ou de traballo que limiten a súa actividade aos traballadores deles ou, no caso dos centros sanitarios, tamén a acompañantes de doentes poderán manter o servizo de cafetería, bar e restaurante. Non poderán superar o cincuenta por cento da súa capacidade. O consumo dentro do local poderá realizarse unicamente sentado na mesa, ou agrupacións de mesas, e deberase asegurar o mantemento da debida distancia de seguridade interpersoal entre clientes. A ocupación máxima será de catro persoas por mesa ou agrupación de mesas.

III.2.6. Establecementos para actividades zoolóxicas, botánicas e xeolóxicas.

III.2.7. Establecementos de lecer e entretemento.

III.2.7.1. Salas de festas.

III.2.7.2. Discotecas.

III.2.7.3. Pubs.

III.2.7.4. Cafés-espectáculo.

III.2.7.5. Furanchos.

III.2.8. Centros de lecer infantil. ».

Sexto. *Medidas especiais para a hostalaría e os establecementos e locais de xogo e apostas os días 31 de decembro de 2020 e 1 de xaneiro de 2021*

1. Establecementos de hostalaría e restauración:

O día 31 de decembro de 2020, nos ámbitos territoriais en que resulten de aplicación as medidas previstas nos anexos I (nivel básico) e II (nivel medio) da Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, na súa redacción vixente, os clientes dos establecementos de hostalaría e restauración deberán abandonar os citados establecementos antes das 23.00 horas.



O día 1 de xaneiro os establecementos de hostalaría e restauración non poderán abrir antes das 11.00 horas.

2. Establecementos e locais de xogo e apostas:

O día 31 de decembro de 2020, nos ámbitos territoriais en que resulten de aplicación as medidas previstas nos anexos I (nivel básico) II (nivel medio) e III (nivel medio-alto) da Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, na súa redacción vixente, os clientes dos establecementos e locais de xogo e apostas deberán abandonar os citados establecementos antes das 23.00 horas.

Sétimo. *Eficacia*

As medidas previstas nesta orde terán efectos desde as 00.00 horas do día 30 de decembro de 2020.

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2020

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade



I. DISPOSICIÓN XERAIS**PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA**

DECRETO 222/2020, do 22 de decembro, polo que se modifica o Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

I

A expansión do coronavirus COVID-19 xerou unha crise sanitaria sen precedentes recentes. Así, tras a elevación pola Organización Mundial da Saúde da situación de emerxencia de saúde pública pola devandita causa a nivel de pandemia internacional e a adopción, por algunhas comunidades autónomas como a galega, de medidas de prevención, mediante o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, declarouse o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, declaración que afectou todo o territorio nacional, cunha duración inicial de quince días naturais, pero que foi obxecto de sucesivas prórrogas autorizadas polo Congreso dos Deputados.

O levantamento dese estado de alarma, non obstante, non puxo fin á crise sanitaria, o que xustificou a adopción de medidas, como as previstas, no ámbito estatal, no Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, así como as medidas de prevención que foron adoptando as diferentes comunidades autónomas. En concreto, no caso da Comunidade Autónoma de Galicia, a resposta á crise sanitaria foi, fundamentalmente, ademais do mantemento da declaración de situación de emerxencia sanitaria efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, a adopción, ao abeiro da lexislación sanitaria, ordinaria e orgánica, de medidas de prevención, tanto de carácter xeral, para todo o territorio autonómico, como de maneira específica, a través de diferentes ordes da persoa titular da Consellería de Sanidade, en atención á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

Mediante o Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, declarouse o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. Esa declaración



afectou todo o territorio nacional e a súa duración inicial esténdese, conforme o disposto no seu artigo 4, ata as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020.

Conforme o artigo 2 do devandito real decreto, para os efectos do estado de alarma, a autoridade competente será o Goberno da Nación. En cada comunidade autónoma e cidade con estatuto de autonomía, a autoridade competente delegada será quen desempeñe a presidencia da comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía, nos termos establecidos no real decreto. As autoridades competentes delegadas quedan habilitadas para ditar, por delegación do Goberno da Nación, as ordes, resolucións e disposicións para a aplicación do previsto nos artigos 5 ao 11 do real decreto, sen que para iso sexa preciso tramitar ningún procedemento administrativo, nin será de aplicación o previsto no segundo parágrafo do artigo 8.6 e no artigo 10.8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

En concreto, o artigo 6 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, prevé que a autoridade competente delegada que corresponda poderá limitar a entrada e saída de persoas no territorio de cada comunidade autónoma ou en ámbitos territoriais de carácter xeograficamente inferiores á comunidade autónoma, coas excepcións previstas no artigo 6.1.

Pola súa banda, o artigo 7 do mesmo texto normativo dispón que a permanencia de grupos de persoas en espazos de uso público, tanto pechados como ao aire libre, quedará condicionada a que non se supere o número máximo de seis persoas, salvo que se trate de conviventes, e sen prexuízo das excepcións que se establezan en relación con dependencias, instalacións e establecementos abertos ao público. A permanencia de grupos de persoas en espazos de uso privado quedará condicionada a que non se supere o número máximo de seis persoas, salvo que se trate de conviventes. No caso das agrupacións en que se inclúan tanto persoas conviventes como persoas non conviventes, o número máximo será de seis persoas. Conforme o artigo 9, a eficacia desta medida nunha comunidade autónoma producirase cando a autoridade competente delegada o determine. Ademais, o artigo 7 recolle a posibilidade de que a autoridade competente delegada correspondente determine, no seu ámbito territorial, en vista da evolución dos indicadores sanitarios, epidemiolóxicos, sociais, económicos e de mobilidade, logo de comunicación ao Ministerio de Sanidade e de acordo co previsto no artigo 13, que o número máximo sexa inferior a seis persoas, salvo que se trate de conviventes. Así mesmo, as autoridades competentes delegadas poderán, no seu ámbito territorial, establecer excepcións respecto de persoas menores ou dependentes, así como calquera outra flexibilización da limitación.



De acordo co artigo 8 do real decreto, a autoridade competente delegada poderá limitar a permanencia de persoas en lugares de culto mediante a fixación de limitación de capacidade para reunións, celebracións e encontros relixiosos, atendendo ao risco de transmisión que poida resultar dos encontros colectivos, sen que tal limitación poida afectar, en ningún caso, o exercicio privado e individual da liberdade relixiosa.

E, conforme o artigo 10 da norma, a autoridade competente delegada en cada comunidade autónoma poderá, no seu ámbito territorial, en vista da evolución dos indicadores sanitarios, epidemiolóxicos, sociais, económicos e de mobilidade, logo de comunicación ao Ministerio de Sanidade e de acordo co previsto no artigo 13, modular, flexibilizar e suspender a aplicación das medidas previstas nos artigos 6, 7 e 8, co alcance e ámbito territorial que determine.

O 29 de outubro de 2020, o Congreso dos Deputados autorizou a prórroga do estado de alarma ata o 9 de maio de 2021. Conforme o artigo 2 do Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, a prórroga establecida no devandito real decreto estenderase desde as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020 ata as 00.00 horas do día 9 de maio de 2021, e someterase ás condicións establecidas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, e nos decretos que, se é o caso, se adopten en uso da habilitación conferida pola disposición derradeira primeira do citado Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, sen prexuízo do establecido nas disposicións que recolle o propio real decreto de prórroga.

En consecuencia, durante a vixencia do estado de alarma e da súa prórroga, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, deberán adoptarse na condición de autoridade competente delegada, nos termos previstos no devandito real decreto e no real decreto de prórroga.

Non obstante, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, non esgotan todas as que poden ser adoptadas para facer fronte á crise sanitaria. Neste sentido, como prevé expresamente o seu artigo 12, cada Administración conservará as competencias que lle outorga a lexislación vixente, así como a xestión dos seus servizos e do seu persoal, para adoptar as medidas que considere necesarias, sen prexuízo do establecido no real decreto.

Polo tanto, como destaca a propia exposición de motivos do real decreto, durante a vixencia do estado de alarma, as administracións sanitarias competentes en saúde pública,



no non previsto nesa norma, deberán continuar adoptando as medidas necesarias para afrontar a situación de emerxencia de saúde pública ocasionada polo COVID-19, conforme a lexislación sanitaria, en particular, a Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; a Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, e a Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, así como a normativa autonómica correspondente.

II

Neste contexto normativo derivado do estado de alarma vixente, e ante a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia, ditouse o Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

Así, o devandito decreto respondeu á situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia mediante a adopción, na condición de autoridade competente delegada, das seguintes medidas:

a) Establecemento, con efectos desde as 00.00 horas do día 4 de decembro de 2020, de limitacións da entrada e saída de persoas en determinados ámbitos territoriais, agás certas excepcións, coa finalidade de controlar a transmisión da enfermidade e de conter a irradiación a outros lugares limítrofes dos correspondentes ámbitos territoriais delimitados.

b) Limitación, con efectos desde as 00.00 horas do día 4 de decembro de 2020, e con carácter xeral no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, da permanencia de grupos de persoas en espazos de uso público e de uso privado, agás supostos excepcionais e xustificados, aos formados por un máximo de seis persoas, agás que sexan persoas conviventes.

Malia o anterior, en determinados ámbitos territoriais e unha vez atendida a situación epidemiolóxica e sanitaria máis desfavorable existente neles ou en concellos cos cales existe unha forte interrelación, procedeuse a establecer a medida máis restritiva consistente na limitación de grupos aos constituídos por catro persoas, agás que sexan persoas conviventes.



c) Limitación da permanencia de persoas en lugares de culto. Mantivéronse, con efectos desde as 00.00 horas do día 4 de decembro de 2020, os límites de capacidade que se viñan aplicando actualmente na Comunidade Autónoma de Galicia, adaptando a súa aplicación á nova situación existente. Todo isto co fin de evitar concentracións de persoas e de manter a coherencia cos límites de capacidade que se prevén para outras actividades co obxectivo de previr e reducir o risco de transmisión.

Respecto da eficacia das medidas, de acordo co punto quinto do decreto, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, estas deben ser obxecto de seguimento e de avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria, para os efectos, de ser necesario, da súa modificación ou levantamento.

Por último, adoptáronse medidas temporais restritivas da mobilidade da entrada e saída de persoas do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia desde as 00.00 horas do día 4 de decembro de 2020 ata as 00.00 horas do día 9 de decembro de 2020.

Posteriormente ditouse o Decreto 203/2020, do 4 de decembro, polo que se modifica o Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. Neste decreto, dada a evolución favorable que se produciu nos concellos de Oleiros, Burela, Fene, Neda, Lalín e Oroso, levantáronse neles a limitación perimetral, así como as limitacións máis restritivas ás agrupacións de persoas en espazos de uso público e de uso privado e en lugares de culto que eran de aplicación nalgún deles de acordo co número 2 do punto segundo e co número 2 do punto terceiro do Decreto 202/2020, do 3 de decembro. Por outra banda, a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria do concello de Boiro determinou a necesidade de aplicación nese concello, con urxencia, das limitacións de entrada e saída de persoas previstas no punto primeiro do Decreto 202/2020, do 3 de decembro, e das limitacións máis restritivas ás agrupacións de persoas en espazos de uso público e de uso privado e en lugares de culto, contidas, respectivamente, no número 2 do punto segundo e no número 2 do punto terceiro do devandito decreto.

Así mesmo, mediante o Decreto 212/2020, do 11 de decembro, modificouse de novo o Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise



sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. Así, dada a evolución favorable que se produciu nos concellos de Silleda, Ribadavia, A Laracha, Malpica de Bergantiños, Cabana de Bergantiños, Vilanova de Arousa e Xinzo de Limia, determinou que se levantasen, neses concellos, a limitación perimetral, así como as limitacións máis restritivas ás agrupacións de persoas en espazos de uso público e de uso privado e en lugares de culto, que eran de aplicación nalgún deles de acordo co número 2 do punto segundo e co número 2 do punto terceiro do Decreto 202/2020, do 3 de decembro. Así mesmo, dada tamén a melloría observada no concello de Lugo, determinou que se levantasen nese concello as limitacións máis restritivas ás agrupacións de persoas en espazos de uso público e de uso privado e en lugares de culto, que eran de aplicación nel de acordo co número 2 do punto segundo e co número 2 do punto terceiro do Decreto 202/2020, do 3 de decembro. Adicionalmente, a melloría observada no concello de Narón determinou que puidese pasar a integrarse no peche perimetral conxuntamente co concello de Ferrol e, tamén, a mellora do concello do Porriño permitiu que pasase a formar parte do peche perimetral que está xa establecido cos concellos de Mos, Vigo, Nigrán e Gondomar. Por outra banda, a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria desfavorable dos concellos de Camariñas, Zas, Tomiño, O Rosal, Sarreaus e A Rúa determinou a necesidade de aplicación neses concellos, con urxencia, das limitacións de entrada e saída de persoas previstas no punto primeiro do Decreto 202/2020, do 3 de decembro.

Posteriormente, por Decreto 213/2020, do 16 de decembro, modificouse o Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

Así, de acordo cos informes da Dirección Xeral de Saúde Pública do 16 de decembro de 2020, os concellos de Barro, Carballo, Coristanco, Laxe, Ponteceso e Cee pasaron a un nivel de restrición básico.

No relativo á comarca de Fisterra, na cal existía restrición perimetral conxunta dos concellos de Cee, Dumbría e Muxía, polo descenso observado no concello de Cee, dispúxose a súa saída do peche perimetral.



Así mesmo, detectáronse determinados concellos en que, dado os seus valores altos nas taxas acumuladas a 14 días, adoptáronse medidas do nivel de restrición medio-alto e peche perimetral individualizado para cada un de tales concellos. Estes concellos foron os concello de Rodeiro, A Illa de Arousa, Fisterra e Carnota.

Ademais, dada a taxa acumulada a 14 días observada no concello de Mazaricos e os valores das taxas acumuladas a 14 días de Santa Comba e Negreira adoptáronse tamén nestes tres concellos restricións de nivel medio-alto e peche perimetral conxunto entre eles.

Na comarca da Barbanza, polo ascenso observado no concello de Ribeira, adoptouse neste concello o nivel de restrición máximo.

Na comarca do Morrazo, dada taxa acumulada a 14 días no concello de Bueu, adoptouse neste concello o nivel de restrición máximo.

E na comarca de Vigo, no concello de Baiona, adoptáronse tamén as restricións máximas.

Por último, respecto do concello de Santiago, dado o ascenso nos valores estimados das taxas a 3, 7 e 14 días, adoptáronse para tal concello medidas de nivel de restrición medio con peche perimetral do concello.

III

O proceso constante de revisión da situación sanitaria e epidemiolóxica resulta indispensable para manter un nivel de perfecta correspondencia entre as medidas adoptadas e a situación sanitaria que as xustifica. Neste sentido, a evolución epidemiolóxica e sanitaria de diversos concellos fai necesaria unha modificación do Decreto 202/2020, do 3 de decembro.

Así, de acordo cos informes da Dirección Xeral de Saúde Pública do 21 de decembro de 2020, dada a evolución favorable e o valor das taxas acumuladas a 14 días nos concellos de Meis, Ribadumia, Muxía, Cerdedo-Cotobade, Vilaboa e Ponte Caldelas, recoméndase que estes concellos adopten o nivel de restrición básico.

Respecto do concello de Moaña, na comarca do Morrazo, atópase en nivel de restrición máximo mais a evolución dos seus datos epidemiolóxicos, no que os casos a 14 días pasa-



ron a 22, o que se traduce nunha taxa acumulada a 14 días de 113,4 por cen mil habitantes, son favorables.

Polo tanto, a evolución das taxas deste concello fan recomendar que a situación de risco pase a ser de nivel medio, o que implica a adopción de medidas de restrición menos limitativas como a posibilidade de agrupacións máximas de 6 persoas, agás que sexan conviventes.

Asi mesmo, a evolución dos datos epidemiolóxicos dos concellos de Vilalba, Tui e Ponteareas, cun descenso nas súas taxas a 14 días, fan que se propoña reducir o nivel de restrición para estes concellos de nivel máximo actual ao de medio-alto. Así, no concello de Vilalba a taxa a 14 días baixou de 284,3 por cen mil habitantes a 184'8. No concello de Tui, da comarca do Baixo Miño, a taxa acumulada a 14 días atópase nun valor de 191,6 por cen mil habitantes e no concello de Ponteareas amosou un descenso a 174,2 por cen mil habitantes.

Por último, respecto do concello de Rianxo, que estaba ata agora no nivel básico de restricións, o ascenso da incidencia acumulada a 14 días observada neste concello, que acadou valores 1,5 veces maiores á da semana anterior pasando a ter 308,2 casos por cen mil habitantes, leva a recomendar a adopción do nivel de máximas restricións neste concello. Dentro destas medidas inclúense, entre outras, a do peche temporal das actividades non esenciais, o peche do interior dos establecementos de restauración, a limitación de capacidade e as agrupacións de persoas ata un máximo de 4 persoas, agás que sexan conviventes.

Tendo en conta o indicado nestes informes e logo de escoitar as recomendacións do comité clínico reunido para estes efectos, procede, en consecuencia, modificar o Decreto 202/2020, do 3 de decembro, no que atinxe aos concellos citados anteriormente.

Así mesmo, coa finalidade de acadar unha maior claridade e seguridade xurídica, óptase no presente decreto por unha reprodución completa dos puntos obxecto de modificación da norma anterior na cal se recolle a enumeración total dos concellos afectados polas correspondentes limitacións coa finalidade de mellorar a súa comprensión e estrutura.

Por outra banda, en cumprimento do Acordo do 2 de decembro de 2020, do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, deben adoptarse unha serie de medidas



especiais aplicables no período das festas de Nadal, debido á unha intensificación da interactuación social e mobilidade da poboación nas citadas datas, relativas ás seguintes materias:

a) Limitación temporal da entrada e saída de persoas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia entre o día 23 de decembro de 2020 ás 00.00 horas e o día 7 de xaneiro de 2021 ás 00.00 horas.

b) Encontros con familiares para celebrar as comidas e ceas de Nadal dos días 24 e 25 de decembro de 2020.

c) Limitación da mobilidade nocturna na noite do 24 ao 25 de decembro de 2020.

Así mesmo, recóllese unha medida especial relativa á mobilidade dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia entre o día 23 de decembro ás 00.00 horas e o día 25 de decembro ás 23.00 horas.

De acordo co exposto, por proposta do conselleiro de Sanidade e na condición de autoridade competente delegada, por delegación do Goberno da Nación, conforme o disposto nos artigos 2, 6, 7, 8, 9 e 10 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2,

DISPOÑO:

Primeiro. Modificación do Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2

Un. Modifícase o número 1 do punto primeiro do Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro,



polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, que queda redactado como segue:

«1. Queda restrinxida a entrada e a saída de persoas dos seguintes ámbitos territoriais delimitados de forma conxunta:

a) Do ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos da Coruña, Culleredo, Arteixo e Cambre.

b) Do ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Pontevedra, Marín e Poio.

c) Do ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Vigo, Mos, Nigrán, Gondomar e O Porriño.

d) Do ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Ferrol e Narón.

e) Do ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Sanxenxo e O Grove.

f) Do ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Santa Comba, Mazaricos e Negreira.

g) Do ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Vimianzo, Camariñas e Zas.

h) Do ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos da Guarda, Tomiño e O Rosal».

Dous. Modifícase o número 2, no punto primeiro do Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, que queda redactado como segue:

«2. Queda restrinxida a entrada e a saída de persoas dos seguintes ámbitos territoriais:

a) Do ámbito territorial do concello de Lugo.



- b) Do ámbito territorial do concello de Sarreaus.
- c) Do ámbito territorial do concello de Redondela.
- d) Do ámbito territorial do concello de Cangas.
- e) Do ámbito territorial do concello de Ponteareas.
- f) Do ámbito territorial do concello de Boiro.
- g) Do ámbito territorial do concello da Rúa.
- h) Do ámbito territorial do concello de Moaña.
- i) Do ámbito territorial do concello de Tui.
- j) Do ámbito territorial do concello de Vilalba.
- k) Do ámbito territorial do concello de Cambados.
- l) Do ámbito territorial do concello das Pontes de García Rodríguez.
- m) Do ámbito territorial do concello de Santiago de Compostela.
- n) Do ámbito territorial do concello de Ribeira.
- o) Do ámbito territorial do concello de Bueu.
- p) Do ámbito territorial do concello de Baiona.
- q) Do ámbito territorial do concello de Soutomaior.
- r) Do ámbito territorial do concello de Meaño.
- s) Do ámbito territorial do concello de Dumbría.
- t) Do ámbito territorial do concello de Carnota.
- u) Do ámbito territorial do concello da Illa de Arousa.



- v) Do ámbito territorial do concello de Rodeiro.
- w) Do ámbito territorial do concello de Fisterra.
- x) Do ámbito territorial do concello de Vilagarcía de Arousa.
- y) Do ámbito territorial do concello de Rianxo».

Tres. Modifícase o número 2 do punto segundo do Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, que queda redactado como segue:

«2. A permanencia de grupos de persoas en espazos de uso público, tanto pechados como ao aire libre, e en espazos de uso privado quedará condicionada a que non se supere o número máximo de catro persoas, agás que se trate de persoas conviventes, nos concellos seguintes:

- a) Ferrol e Narón.
- b) Vigo, Mos, Nigrán, O Porriño e Gondomar.
- c) Vilagarcía de Arousa.
- d) A Rúa.
- e) Pontevedra, Marín e Poio.
- f) Cangas.
- g) Carnota.
- h) Meaño.
- i) Dumbría.
- j) Vimianzo, Camariñas e Zas.



- k) Sarreaus.
- l) A Illa de Arousa.
- m) Rodeiro.
- n) Fisterra.
- o) Santa Comba, Mazaricos e Negreira.
- p) A Guarda, Tomiño e O Rosal.
- q) Ribeira.
- r) Sanxenxo e O Grove.
- s) Tui.
- t) Ponteareas.
- u) Rianxo.
- v) Vilalba.
- w) Bueu.
- x) Redondela.
- y) Baiona.
- z) Cambados.
- aa) As Pontes de García Rodríguez.
- ab) Boiro.

No caso de agrupacións en que se inclúan tanto persoas conviventes como persoas non conviventes, o número máximo a que se refire o parágrafo anterior será de catro persoas.



A limitación prevista neste número non será de aplicación no caso de actividades laborais, institucionais, empresariais, profesionais, sindicais, de representación de traballadores e administrativas, actividades en centros universitarios, educativos, de formación e ocupacionais, así como no caso da práctica do deporte federado, sempre que se adopten as medidas previstas nos correspondentes protocolos de funcionamento.

Respecto das actividades previstas nos anexos III e IV da Orde do 3 de decembro de 2020, serán de aplicación as limitacións de capacidade máxima e/ou de número máximo global de persoas asistentes ou participantes previstas neles. A limitación de grupos dun máximo de catro persoas, excepto conviventes, contida neste número, só se aplicará aos límites específicos para actividades grupais recollidos nos ditos anexos».

Catro. Modifícase o punto sexto do Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, que queda redactado como segue:

«Sexto. *Limitación temporal da entrada e saída de persoas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia*

Entre o día 23 de decembro de 2020 ás 00.00 horas e o día 7 de xaneiro de 2021 ás 00.00 horas, establécese unha limitación de entrada e saída na Comunidade Autónoma de Galicia, salvo para aqueles desprazamentos, adecuadamente xustificados que se produzan por algún dos motivos previstos no número 3 do punto primeiro deste decreto. Así mesmo, excepciónaranse das limitacións de entrada e saída os desprazamentos a territorios que sexan lugar de residencia habitual de familiares de quen se desprace, entre o día 23 de decembro de 2020 ás 00.00 horas e o día 30 de decembro de 2020 ás 00.00 horas, sen prexuízo da ulterior revisión desta excepción para os efectos de decidir ou non o seu mantemento, e aínda que estes lugares estean sometidos a limitacións de entrada e saída de acordo con este decreto.

En particular, as persoas desprazadas a Galicia deberán cumprir o establecido na Orde do 27 de xullo de 2020 pola que se establecen medidas de prevención para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, en relación coa chegada á Comunidade Autónoma de Galicia de persoal procedentes doutros territorios, polo que as persoas que cheguen á Comunidade Autónoma de Galicia despois de ter estado, dentro do período



dos catorce días naturais anteriores á dita chegada, en territorios cunha alta incidencia do COVID-19 en comparación coa existente na Comunidade Autónoma, deberán comunicar, no prazo máximo de 24 horas desde a súa chegada á Comunidade Autónoma de Galicia, os datos de contacto e de estadía na Comunidade Autónoma de Galicia na forma establecida na orde.

As persoas desprazadas a Galicia, unha vez no lugar a que se despracen, deberán cumprir as limitacións de entrada e saída previstas, se é o caso, neste decreto, ademais do resto das medidas aplicables.

En todo caso, recoméndase evitar ou reducir a mobilidade xeográfica o máximo posible».

Cinco. Engádesse un novo punto sexto bis ao Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, que queda redactado como segue:

«Sexto bis. *Medidas especiais aplicables no período das festas de Nadal*

1. Mobilidade dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Entre o día 23 de decembro ás 00.00 horas e o día 25 de decembro ás 23.00 horas, para os ámbitos territoriais previstos no punto primeiro deste decreto, quedan exceptuados das limitacións de entrada e saída aqueles desprazamentos, adecuadamente xustificadas, que se produzan a territorios que sexan lugar de residencia habitual de familiares de quen se desprace.

2. Encontros con familiares.

En relación coas limitacións da permanencia de grupos de persoas prevista no punto segundo deste decreto, os encontros con familiares para celebrar as comidas e ceas de Nadal dos días 24 e 25 de decembro de 2020 quedarán sometidos aos seguintes condicionantes:

a) En todo caso, recoméndase que os encontros familiares se limiten á unidade de convivencia.



b) No caso de que os encontros familiares se produzan entre persoas de dúas unidades de convivencia diferentes, estarán suxeitos á limitación de que non superen o número máximo de dez persoas.

c) No caso de que os encontros se produzan entre persoas de máis de dúas unidades de convivencia diferentes estarán suxeitos á limitación de que non superen o número máximo de seis persoas. Dentro deste número máximo de seis persoas non computarán os nenos e nenas menores de dez anos. En todo caso, os encontros estarán suxeitos á limitación de que non superen o número máximo de dez persoas.

Nos encontros familiares previstos neste número, deberá terse especial precaución e coidado coas persoas en situación de vulnerabilidade para o COVID-19.

3. Limitación da mobilidade nocturna.

Na noite do 24 ao 25 de decembro de 2020, a hora de comezo da limitación da liberdade de circulación das persoas en horario nocturno prevista no artigo 5 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, amplíase ata as 1.30 horas, unicamente para permitir o regreso ao domicilio. En ningún caso se utilizará esta ampliación horaria para desprazarse a diferentes encontros sociais.

4. Aplicabilidade das medidas xerais de prevención.

En todo o non previsto neste punto será de aplicación as medidas de prevención previstas neste decreto, na Orde do 3 de decembro de 2020, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, e demais medidas aplicables na Comunidade Autónoma de Galicia.

5. Medidas aplicables entre o día 30 de decembro e o 6 de xaneiro.

As medidas especiais aplicables para o período comprendido entre o día 30 de decembro e o 6 de xaneiro serán establecidas á vista da evolución da situación epidemiolóxica.

6. Revisión destas medidas.

En todo caso, as medidas especiais previstas neste punto para o período das festas de Nadal deberán ser obxecto de seguimento e de avaliación continua, co fin de garantir a súa



adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria e para os efectos, de ser necesario, da súa modificación ou levantamento».

Segundo. *Eficacia*

Este decreto terá efectos desde as 00.00 horas do día 23 de decembro de 2020.

Terceiro. *Recursos*

Contra o presente decreto poderá interporse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, conforme os artigos 12.1.a) e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, vinte e dous de decembro de dous mil vinte

Alberto Núñez Feijóo
Presidente da Xunta de Galicia



I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 22 de decembro de 2020 pola que se modifica a Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

I

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto do dito acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderán ser obxecto de modificación ou supresión, mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade.

Así mesmo, indícase no dito punto sexto, na redacción vixente, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de acordo coa normativa aplicable e á vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou en parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación das medidas concretas contidas no anexo.



Mediante o Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, declarouse o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. A dita declaración afectou todo o territorio nacional e a súa duración inicial estendeuse, conforme o disposto no seu artigo 4, ata as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020.

Conforme o artigo 2 do dito real decreto, para os efectos do estado de alarma, a autoridade competente será o Goberno da Nación. En cada comunidade autónoma e cidade con estatuto de autonomía, a autoridade competente delegada será quen exerza a presidencia da comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía, nos termos establecidos no real decreto. As autoridades competentes delegadas quedan habilitadas para ditar, por delegación do Goberno da Nación, as ordes, resolucións e disposicións para a aplicación do previsto nos artigos 5 a 11 do real decreto, sen que para iso sexa precisa a tramitación de procedemento administrativo ningún, nin será de aplicación o previsto no segundo parágrafo do artigo 8.6 e no artigo 10.8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O 29 de outubro de 2020, o Congreso dos Deputados autorizou a prórroga do estado de alarma ata o día 9 de maio de 2021. Conforme o artigo 2 do Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, a prórroga establecida no dito real decreto estenderase desde as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020 ata as 00.00 horas do día 9 de maio de 2021 e someterase ás condicións establecidas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, e nos decretos que, se é o caso, se adopten en uso da habilitación conferida pola disposición derradeira primeira do citado Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, sen prexuízo do establecido nas disposicións que recolle o propio real decreto de prórroga.

En consecuencia, durante a vixencia do estado de alarma e da súa prórroga, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, deberán adoptarse, na condición de autoridade competente delegada, nos termos previstos no dito real decreto e no real decreto de prórroga.

Non obstante, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, non esgotan todas as que poden ser adoptadas para facer fronte á crise sanitaria. Neste sentido, como prevé expresamente o seu artigo 12, cada Administración conservará as competencias que lle outorga a lexislación vixente, así como a xestión dos seus servizos e do seu persoal, para adoptar as medidas que considere necesarias, sen prexuízo do establecido no real decreto.



Polo tanto, durante a vixencia do estado de alarma e das súas prórrogas, as medidas que sexa necesario adoptar para facer fronte, na Comunidade Autónoma, á crise sanitaria serán as que poida acordar, ao abeiro da normativa do estado de alarma, o presidente da Comunidade Autónoma como autoridade competente delegada, e as complementarias que poidan adoptar, no exercicio das súas competencias propias, as autoridades sanitarias autonómicas e, entre elas, a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, ao abeiro do disposto no punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020 citado.

II

Sentado o anterior, no contexto normativo derivado do estado de alarma vixente, e ante a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia, ditouse o Decreto 179/2020, do 4 de novembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas en determinados ámbitos territoriais da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. As ditas medidas consistiron no establecemento de limitacións de entrada e saída de persoas de determinados ámbitos territoriais e en limitacións da permanencia de persoas en espazos de uso público e de uso privado, e en lugares de culto. Conforme o punto quinto do decreto, a eficacia destas medidas estendíase ata as 15.00 horas do día 4 de decembro de 2020, sen prexuízo de que debían ser obxecto de seguimento e de avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria para os efectos, de ser necesario, da súa modificación ou levantamento. Ademais, as ditas medidas debían ser complementadas, como indica o propio decreto, con outras que procede que adopte a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade no exercicio das súas competencias propias como autoridade sanitaria autonómica. Estas medidas complementarias establecéronse mediante a Orde do 4 de novembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que foi modificada en diversas ocasións.

III

A situación da evolución epidemiolóxica xeral na Comunidade Autónoma de Galicia, xunto coa duración inicial das medidas que se viñan aplicando, facía necesario acometer unha revisión delas, tanto das previstas con carácter xeral para a Comunidade Autónoma



de Galicia como das particulares aplicables en ámbitos territoriais concretos. Por outra banda, valorouse tamén a incidencia acumulada que a aplicación das medidas viña supoñendo para sectores concretos da actividade económica e o impacto que estaban a ter na realidade socioeconómica de Galicia.

En concreto, á vista do indicado nos informes da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 3 de decembro de 2020, e tras escoitar as recomendacións do comité clínico reunido para estes efectos, a situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia exixía a adopción das medidas que se estableceron na Orde do 3 de decembro de 2020, baseadas na distinción de diversos niveis de restrición, consistentes nun nivel básico, aplicable con carácter xeral en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, e duns niveis medio, medio-alto e de máximas restricións, aplicables de forma progresiva e graduada naqueles concellos cunha máis desfavorable situación epidemiolóxica.

Tamén se tiveron en conta a regulación e as limitacións en canto aos grupos de persoas que recolle o Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, de tal modo que na orde se realizou unha revisión das medidas vixentes en canto aos grupos de persoas nas distintas actividades previstas nas medidas de prevención.

Tendo en conta o anterior, ditouse a Orde do 4 de decembro de 2020 pola que se modifica a Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

Así, en primeiro lugar, de acordo cos informes da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 4 de decembro de 2020, a evolución favorable que se producira nos concellos de Oleiros, Burela, Fene, Neda, Lalín e Oroso permitía a aplicación neles das medidas previstas no anexo I da Orde do 3 de decembro de 2020 e, en consecuencia, levantáronse as medidas máis restritivas que se viñan aplicando nestes concellos.

Por outra banda, o concello de Boiro amosaba unha evolución negativa, o que obrigou a aplicar as medidas máis restritivas previstas no anexo IV da citada orde e, no que sexan compatibles con elas, as previstas no anexo III.



A evolución epidemiolóxica e sanitaria de diversos concellos fixo necesaria unha nova modificación da Orde do 3 de decembro de 2020, que se levou a cabo mediante a Orde do 11 de decembro de 2020 pola que se modifica a Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

Nesta orde, a melloría observada nas taxas a 14 días dos concellos de Silleda, Ribadavia, A Laracha, Cabana de Bergantiños, Malpica de Bergantiños, Vilanova de Arousa e Xinzo de Limia determinou que tales concellos pasasen a un nivel de restrición básico.

No que se refire ao concello de Pontevedra, e dada a melloría observada nas taxas acumuladas, levantáronse as medidas restritivas de máximas restricións para pasar a un nivel de restrición medio-alto.

Así mesmo, no concello de Lugo, dada a melloría observada tamén nas taxas acumuladas, abandonáronse as medidas restritivas de nivel medio-alto para pasar a un nivel de restrición medio.

Pola súa banda, Narón, que tiña un nivel de restrición máximo, ao amosar unha clara melloría na situación, pasou a un nivel de restrición medio-alto, en que tamén está o concello de Ferrol.

Respecto do Porriño, dado o descenso observado na taxa a 14 días, levantáronse as medidas de nivel máximo que se lle aplicaban, para pasar a ser de aplicación medidas de nivel medio-alto.

Por outro lado, debido á súa situación epidemiolóxica, noutros concellos aumentouse o nivel de restricións. Así, nos concellos de Camariñas, Vimianzo e Zas, Tomiño e O Rosal, A Guarda, Sarreaus e A Rúa adoptáronse medidas de nivel de restrición medio-alto.

IV

Mediante a Orde do 16 de decembro de 2020 modificouse novamente a Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.



Na devandita orde, de acordo co Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 16 de decembro de 2020, e tendo en conta a melloría observada nas taxas a 14 días dos concellos de Barro, Coristanco, Cee, Laxe, Carballo e Ponteceso, foi posible que estes concellos pasasen a un nivel básico de restricións.

Por outra banda, o empeoramento da situación epidemiolóxica fixo necesario elevar o nivel de restricións doutros concellos. Así, o concello de Santiago de Compostela pasou a nivel medio de restricións, xa que amosaba unha tendencia ascendente cunha taxa acumulada a 14 días de 138,8 casos por cada 100.000 habitantes.

Os concellos de Santa Comba, Mazaricos, Negreira, Carnota, Rodeiro, A Illa de Arousa e Fisterra pasaron a un nivel medio-alto de restricións. Así, os valores tan altos das taxas acumuladas a 14 días dos concellos de Rodeiro (1.354,1 casos por cada cen mil habitantes), A Illa de Arousa (771,4 casos por cada cen mil habitantes), Fisterra (770,9 casos por cada cen mil habitantes) e Carnota (353,8 casos por cada cen mil habitantes) exixían a adopción das medidas do nivel de restrición medio-alto. O mesmo aconteceu nos casos de Mazaricos, Santa Comba e Negreira, con valores das taxas acumuladas a 14 días superiores aos 450 casos por cada cen mil habitantes.

A evolución epidemiolóxica nos concellos de Ribeira, cunha taxa acumulada a 14 días superior a 293,8 casos por cada cen mil habitantes; Bueu, cunha taxa acumulada a 14 días de 358,1 casos por cada cen mil habitantes, e Baiona, cunha taxa acumulada a 14 días superior a 300 casos por cada cen mil habitantes, fixeron necesaria a adopción das medidas de máxima restrición, dado que se trata de concellos de máis de dez mil habitantes.

V

A evolución epidemiolóxica e sanitaria de diversos concellos fai necesaria, neste momento, unha nova modificación da Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

De acordo co Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 21 de decembro de 2020, o valor das taxas acumuladas a 14 días amosa unha melloría que determina que pasen a un nivel básico de restricións os concellos de Meis, Ribadumia, Muxía, Cerdedo-Cotobade, Vilaboa e Ponte Caldelas.



Pola súa banda, a evolución epidemiolóxica do concello de Moaña, que se atopaba no nivel de máximas restricións, é favorable, xa que na actualidade a taxa de incidencia acumulada a 14 días é de 113,4 casos por cada cen mil habitantes, o que determina que pase a un nivel medio de restricións.

Tamén é favorable a evolución epidemiolóxica dos concellos de Vilalba, Tui e Pontearreas, cuxa taxa de incidencia acumulada a 14 días baixou a 184,8, 191,6 e 174,2 casos por cada cen mil habitantes, respectivamente, o que aconsella que se reduzan as restricións aplicables nestes concellos, que pasan do nivel máximo ao nivel medio-alto.

Distinto dos anteriores é o caso do concello de Rianxo, que ata este momento se atopaba no nivel básico de restricións; no entanto, o ascenso da incidencia acumulada a 14 días ata valores de 308,2 casos por cada cen mil habitantes fai que o comité clínico recomende a adopción neste concello do máximo nivel de restricións.

Tendo en conta o indicado nos ditos informes, e tras escoitar as recomendacións do comité clínico reunido para estes efectos, procede, en consecuencia, modificar a Orde do 3 de decembro de 2020 no que atinxe aos concellos citados anteriormente.

Cómpre salientar tamén que, coa finalidade de acadar unha maior claridade e seguridade xurídica, se opta por recoller no articulado desta orde a relación completa dos concellos aos cales lles son de aplicación en cada caso as medidas específicas de prevención que se corresponden cos niveis medio, medio-alto e de máxima restrición sen que, polo tanto, se identifiquen unicamente os concellos concretos cuxas medidas específicas de prevención cambian porque pasan a quedar sometidos a maiores ou menores restricións que as que se lles viñan aplicando ata este momento.

VI

Polo demais, recóllense nesta orde unhas medidas especiais aplicables entre o 23 de decembro de 2020 e o 6 de xaneiro de 2021, de acordo co establecido no Acordo do 2 de decembro de 2020, do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, en relación coa celebración de eventos no Nadal.

VII

As medidas que se adoptan nesta orde teñen o seu fundamento normativo na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011,



do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 e 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para adoptar as medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica existente, no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, coa urxencia que a protección da saúde pública demanda.

Na súa virtude, en aplicación do punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. Modificación do número 4 do punto segundo da Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia

O número 4 do punto segundo da Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia queda redactado como segue:

«4. Serán de aplicación as medidas máis restritivas do anexo II e, no que sexan compatibles con elas, as previstas no anexo I, no ámbito territorial dos seguintes concellos:

- a) A Coruña, Culleredo, Arteixo e Cambre.
- b) Lugo.
- c) Santiago de Compostela.
- d) Soutomaior.
- e) Moaña.».



Segundo. *Modificación do número 5 do punto segundo da Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia*

O número 5 do punto segundo da Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia queda redactado como segue:

«5. Serán de aplicación as medidas máis restritivas do anexo III e, no que sexan compatibles con elas, as previstas no anexo I, no ámbito territorial dos seguintes concellos:

- a) Ferrol e Narón.
- b) Vigo, Mos, Nigrán, O Porriño e Gondomar.
- c) Vilagarcía de Arousa.
- d) A Rúa.
- e) Pontevedra, Marín e Poio.
- f) Cangas.
- g) Carnota.
- h) Meaño.
- i) Dumbría.
- j) Vimianzo, Camariñas e Zas.
- k) Sarreaus.
- l) A Illa de Arousa.
- m) Rodeiro.
- n) Fisterra.



ñ) Santa Comba, Mazaricos e Negreira.

o) A Guarda, Tomiño e O Rosal.

p) Tui.

q) Pontearreas.

r) Vilalba.».

Terceiro. *Modificación do número 6 do punto segundo da Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia*

O número 6 do punto segundo da Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia queda redactado como segue:

«6. Serán de aplicación as medidas máis restritivas do anexo IV e, no que sexan compatibles con elas, as previstas no anexo III, no ámbito territorial dos concellos que se relacionan a continuación. Así mesmo, no que sexa compatible cos dous anexos citados serán de aplicación as medidas recollidas no anexo I:

a) Ribeira.

b) Sanxenxo e O Grove.

c) Bueu.

d) Redondela.

e) Baiona.

f) Cambados.

g) As Pontes de García Rodríguez.

h) Boiro.

i) Rianxo.».



Cuarto. *Medidas especiais de Nadal*

Entre o 23 de decembro de 2020 e o 6 de xaneiro de 2021 non se permitirá a celebración de eventos presenciais con elevada afluencia de público ou que provoquen aglomeracións, salvo que se garanta o cumprimento do establecido no documento de «Recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade por COVID-19 en España».

Así mesmo, recoméndanse celebracións que poidan garantir o cumprimento das normas de hixiene e prevención en lugares onde se poida controlar o acceso, ou retransmisión de eventos de Nadal por televisión ou outras opcións telemáticas.

De forma xeral, a autoridade sanitaria deberá avaliar os riscos de transmisión de SARS-CoV-2 asociados a eventos ou actividades multitudinarias e prever a adopción de medidas oportunas para reducir o risco.

Quinto. *Eficacia*

As medidas previstas nesta orde terán efectos desde as 00.00 horas do día 23 de decembro de 2020.

Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2020

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade



III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

RESOLUCIÓN do 22 de decembro de 2020, da Dirección Xeral de Saúde Pública, pola que se determinan os territorios para os efectos da aplicación da obriga de comunicación prevista na Orde do 27 de xullo de 2020 pola que se establecen medidas de prevención para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, en relación coa chegada á Comunidade Autónoma de Galicia de persoas procedentes doutros territorios.

Mediante a Orde da Consellería de Sanidade do 27 de xullo de 2020 establécense medidas de prevención para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 en relación coa chegada á Comunidade Autónoma de Galicia de persoas procedentes doutros territorios. Estas medidas son de aplicación en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e enténdense dentro do necesario respecto ás competencias doutras administracións públicas e ás medidas que, no exercicio de tales competencias, estas adopten.

De conformidade co disposto no punto cuarto da dita orde, as persoas que cheguen á Comunidade Autónoma de Galicia despois de ter estado, dentro do período dos catorce días naturais anteriores a esa chegada, en territorios cunha alta incidencia do COVID-19 en comparación coa existente na Comunidade Autónoma galega ou respecto dos cales non se dispoña de información ou de datos fiables sobre a situación epidemiolóxica existente neles deberán comunicar, nun prazo máximo de 24 horas desde a súa chegada, os datos de contacto e da súa estadía na Comunidade Autónoma de Galicia a través do formulario dispoñible no enderezo <https://coronavirus.sergas.gal/viaxeiros>, ou ben chamando ao teléfono 881 00 20 21. Así mesmo, tamén será posible a comunicación dos datos de contacto a través da aplicación que para estes efectos poida habilitar a Consellería de Sanidade.

Os citados datos serán empregados polas autoridades sanitarias autonómicas exclusivamente para contactar con esas persoas para o cumprimento de finalidades de saúde pública cos efectos de facilitarlles a información e as recomendacións sanitarias que procedan, así como, de ser o caso, en atención ás concretas circunstancias concorrentes, para adoptar as medidas sanitarias que resulten necesarias, sempre de acordo coa lexislación aplicable e buscando, de maneira preferente, a colaboración voluntaria da persoa afectada coas autoridades sanitarias.

A determinación dos territorios debe efectuarse mediante resolución da persoa titular da dirección xeral competente en materia de saúde pública, os cales poderán ser territorios per-



tencentes a outras comunidades autónomas, países estranxeiros ou territorios dentro deles. Esta resolución será publicada no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web do Servizo Gallego de Saúde e deberá ser obxecto de actualización, como mínimo, cada 15 días naturais.

Con data do 27 de xullo de 2020, a Dirección Xeral de Saúde Pública ditou a resolución en que se determinaron os territorios para os efectos da aplicación desta obriga de comunicación prevista na Orde do 27 de xullo de 2020. Nesa resolución prevese a súa actualización nun prazo máximo de quince días naturais, prazo que, tendo en conta o seu carácter de máximo, non impide que a actualización se poida efectuar con anterioridade, de se considerar necesario. Neste sentido, mediante a Resolución do 5 de agosto de 2020 procedeuse á actualización dos países incluídos na Resolución do 27 de xullo de 2020.

Tendo en conta a evolución dos datos epidemiolóxicos dalgúns territorios, así como a experiencia na aplicación da Orde do 27 de xullo de 2020, procede ditar unha nova resolución e actualizar as ditadas os días 27 de xullo, 5 de agosto, 19 de agosto, 2 de setembro, 16 de setembro, 1 de outubro, 15 de outubro, 11 de novembro, 24 de novembro e 9 de decembro de 2020.

Na determinación dos territorios que se realiza na presente resolución mantense o criterio de incluír aqueles países e territorios cunha incidencia acumulada (IA) de casos de COVID-19 por 100.000 habitantes nos últimos 14 días superior a 250, de acordo cos datos do Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias do Ministerio de Sanidade, e coa información sobre países do mundo da mesma data do Centro Europeo para a Prevención e o Control das Enfermidades (ECDC). Así mesmo, tal e como se indica na Orde do 27 de xullo de 2020, en aplicación do principio de precaución, inclúense tamén aqueles países respecto dos cales se carece de información ou de datos fiables sobre a situación epidemiolóxica existente neles.

En atención ao exposto,

RESOLVO:

Primeiro. *Determinación dos territorios para os efectos da aplicación da obriga de comunicación prevista na Orde do 27 de xullo de 2020 pola que se establecen medidas de prevención para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 en relación coa chegada á Comunidade Autónoma de Galicia de persoas procedentes doutros territorios*

De acordo co punto cuarto da Orde do 27 de xullo de 2020 pola que se establecen medidas de prevención para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 en



relación coa chegada á Comunidade Autónoma de Galicia de persoas procedentes doutros territorios, deberán comunicar os datos de contacto e da súa estadia na Comunidade Autónoma de Galicia previstos no anexo da dita orde, nun prazo máximo de 24 horas desde a súa chegada, as persoas que cheguen á Comunidade Autónoma de Galicia despois de ter estado, dentro do período dos catorce días naturais anteriores á dita chegada, nos seguintes territorios:

a) En calquera dos países do continente africano.

b) Nos seguintes territorios do continente americano: Belice, Brasil, Costa Rica, Curaçao, Ecuador, Estados Unidos, O Salvador, Guatemala, Honduras, Panamá, Paraguai, Porto Rico, Venezuela, Haití, Xamaica, Nicaragua, República Dominicana e St. Martin.

c) Nos seguintes territorios de Asia: Bangladesh, India, Irán, Iraq, Kazakstán, Kirguistán, Líbano, Omán, Palestina, Filipinas, Afganistán, Bután, Brunei, Camboxa, Indonesia, Laos, Mongolia, Myanmar, Nepal, Paquistán, Siria, Tailandia, Iemen, Vietnam e Xordania.

d) Nos seguintes territorios de Europa: Acerbaixán, Albania, Alemaña, Andorra, Armenia, Austria, Bélxica, Bosnia, Bulgaria, Chipre, Croacia, Dinamarca, Eslovaquia, Eslovenia, Estonia, Holanda, Hungría, Italia, Jersey, Kosovo, Letonia, Liechtenstein, Lituania, Luxemburgo, Macedonia do Norte, Malta, Moldavia, Montenegro, Polonia, Portugal, República Checa, Reino Unido, Romanía, Rusia, San Marino, Serbia, Suíza, Suecia, Ucraína, Xeorxia e Xibraltar.

e) Nos seguintes territorios de Oceanía: Guam e a Polinesia Francesa.

f) Nas comunidades autónomas e cidades autónomas de España: Illes Balears, Castilla-La Mancha, Cataluña, Comunidade Valenciana, Extremadura e Madrid.

Segundo. *Actualización*

A presente resolución será obxecto de actualización nun prazo máximo de 15 días naturais.

Terceiro. *Eficacia*

A presente resolución producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.



Cuarto. *Recursos*

Contra a presente resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase recorrer en alzada ante a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2020

Carmen Durán Parrondo
Directora xeral de Saúde Pública



I. DISPOSICIÓN XERAIS**PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA**

DECRETO 213/2020, do 16 de decembro, polo que se modifica o Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

I

A expansión do coronavirus COVID-19 xerou unha crise sanitaria sen precedentes recentes. Así, tras a elevación pola Organización Mundial da Saúde da situación de emerxencia de saúde pública pola devandita causa a nivel de pandemia internacional e a adopción, por algunhas comunidades autónomas como a galega, de medidas de prevención, mediante o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, declarouse o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, declaración que afectou todo o territorio nacional, cunha duración inicial de quince días naturais, pero que foi obxecto de sucesivas prórrogas autorizadas polo Congreso dos Deputados.

O levantamento dese estado de alarma, non obstante, non puxo fin á crise sanitaria, o que xustificou a adopción de medidas, como as previstas, no ámbito estatal, no Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, así como as medidas de prevención que foron adoptando as diferentes comunidades autónomas. En concreto, no caso da Comunidade Autónoma de Galicia, a resposta á crise sanitaria foi, fundamentalmente, ademais do mantemento da declaración de situación de emerxencia sanitaria efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, a adopción, ao abeiro da lexislación sanitaria, ordinaria e orgánica, de medidas de prevención, tanto de carácter xeral, para todo o territorio autonómico, como de maneira específica, a través de diferentes ordes da persoa titular da Consellería de Sanidade, en atención á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

Mediante o Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, declarouse o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. Esa declaración



afectou todo o territorio nacional e a súa duración inicial esténdese, conforme o disposto no seu artigo 4, ata as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020.

Conforme o artigo 2 do devandito real decreto, para os efectos do estado de alarma, a autoridade competente será o Goberno da nación. En cada comunidade autónoma e cidade con Estatuto de autonomía, a autoridade competente delegada será quen desempeñe a presidencia da comunidade autónoma ou cidade con Estatuto de autonomía, nos termos establecidos no real decreto. As autoridades competentes delegadas quedan habilitadas para ditar, por delegación do Goberno da nación, as ordes, resolucións e disposicións para a aplicación do previsto nos artigos 5 ao 11 do real decreto, sen que para iso sexa preciso tramitar ningún procedemento administrativo, nin será de aplicación o previsto no segundo parágrafo do artigo 8.6 e no artigo 10.8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

En concreto, o artigo 6 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, prevé que a autoridade competente delegada que corresponda poderá limitar a entrada e saída de persoas no territorio de cada comunidade autónoma ou en ámbitos territoriais de carácter xeograficamente inferiores á comunidade autónoma, coas excepcións previstas no artigo 6.1.

Pola súa banda, o artigo 7 do mesmo texto normativo dispón que a permanencia de grupos de persoas en espazos de uso público, tanto pechados como ao aire libre, quedará condicionada a que non se supere o número máximo de seis persoas, salvo que se trate de conviventes, e sen prexuízo das excepcións que se establezan en relación con dependencias, instalacións e establecementos abertos ao público. A permanencia de grupos de persoas en espazos de uso privado quedará condicionada a que non se supere o número máximo de seis persoas, salvo que se trate de conviventes. No caso das agrupacións en que se inclúan tanto persoas conviventes como persoas non conviventes, o número máximo será de seis persoas. Conforme o artigo 9, a eficacia desta medida nunha comunidade autónoma producirase cando a autoridade competente delegada o determine. Ademais, o artigo 7 recolle a posibilidade de que a autoridade competente delegada correspondente determine, no seu ámbito territorial, en vista da evolución dos indicadores sanitarios, epidemiolóxicos, sociais, económicos e de mobilidade, logo de comunicación ao Ministerio de Sanidade e de acordo co previsto no artigo 13, que o número máximo sexa inferior a seis persoas, salvo que se trate de conviventes. Así mesmo, as autoridades competentes delegadas poderán, no seu ámbito territorial, establecer excepcións respecto de persoas menores ou dependentes, así como calquera outra flexibilización da limitación.



De acordo co artigo 8 do Real decreto, a autoridade competente delegada poderá limitar a permanencia de persoas en lugares de culto mediante a fixación de limitación de capacidade para reunións, celebracións e encontros relixiosos, atendendo ao risco de transmisión que poida resultar dos encontros colectivos, sen que tal limitación poida afectar, en ningún caso, o exercicio privado e individual da liberdade relixiosa.

E, conforme o artigo 10 da norma, a autoridade competente delegada en cada comunidade autónoma poderá, no seu ámbito territorial, en vista da evolución dos indicadores sanitarios, epidemiolóxicos, sociais, económicos e de mobilidade, logo de comunicación ao Ministerio de Sanidade e de acordo co previsto no artigo 13, modular, flexibilizar e suspender a aplicación das medidas previstas nos artigos 6, 7 e 8, co alcance e ámbito territorial que determine.

O 29 de outubro de 2020, o Congreso dos Deputados autorizou a prórroga do estado de alarma ata o 9 de maio de 2021. Conforme o artigo 2 do Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, a prórroga establecida no devandito real decreto entenderase desde as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020 ata as 00.00 horas do día 9 de maio de 2021, e someterase ás condicións establecidas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, e nos decretos que, se é o caso, se adopten en uso da habilitación conferida pola disposición derradeira primeira do citado Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, sen prexuízo do establecido nas disposicións que recolle o propio real decreto de prórroga.

En consecuencia, durante a vixencia do estado de alarma e da súa prórroga, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, deberán adoptarse na condición de autoridade competente delegada, nos termos previstos no devandito real decreto e no real decreto de prórroga.

Non obstante, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, non esgotan todas as que poden ser adoptadas para facer fronte á crise sanitaria. Neste sentido, como prevé expresamente o seu artigo 12, cada Administración conservará as competencias que lle outorga a lexislación vixente, así como a xestión dos seus servizos e do seu persoal, para adoptar as medidas que considere necesarias, sen prexuízo do establecido no real decreto.

Polo tanto, como destaca a propia exposición de motivos do real decreto, durante a vixencia do estado de alarma, as administracións sanitarias competentes en saúde pública,



no non previsto nesa norma, deberán continuar adoptando as medidas necesarias para afrontar a situación de emerxencia de saúde pública ocasionada polo COVID-19, conforme a lexislación sanitaria, en particular, a Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; a Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, e a Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, así como a normativa autonómica correspondente.

II

Neste contexto normativo derivado do estado de alarma vixente, e ante a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia, ditouse o Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

Así, o devandito decreto respondeu á situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia mediante a adopción, na condición de autoridade competente delegada, das seguintes medidas:

a) Establecemento, con efectos desde as 00.00 horas do día 4 de decembro de 2020, de limitacións da entrada e saída de persoas en determinados ámbitos territoriais, agás certas excepcións, coa finalidade de controlar a transmisión da enfermidade e de conter a irradiación a outros lugares limítrofes dos correspondentes ámbitos territoriais delimitados.

b) Limitación, con efectos desde as 00.00 horas do día 4 de decembro de 2020, e con carácter xeral no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, da permanencia de grupos de persoas en espazos de uso público e de uso privado, agás supostos excepcionais e xustificados, aos formados por un máximo de seis persoas, agás que sexan persoas conviventes.

Malia o anterior, en determinados ámbitos territoriais e unha vez atendida a situación epidemiolóxica e sanitaria máis desfavorable existente neles ou en concellos cos cales existe unha forte interrelación, procedeuse a establecer a medida máis restritiva consistente na limitación de grupos aos constituídos por catro persoas, agás que sexan persoas conviventes.



c) Limitación da permanencia de persoas en lugares de culto. Mantivéronse, con efectos desde as 00.00 horas do día 4 de decembro de 2020, os límites de capacidade que se viñan aplicando actualmente na Comunidade Autónoma de Galicia, adaptando a súa aplicación á nova situación existente. Todo isto co fin de evitar concentracións de persoas e de manter a coherencia cos límites de capacidade que se prevén para outras actividades co obxectivo de previr e reducir o risco de transmisión.

Respecto da eficacia das medidas, de acordo co punto quinto do decreto, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, estas deben ser obxecto de seguimento e de avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria, para os efectos, de ser necesario, da súa modificación ou levantamento.

Por último, adoptáronse medidas temporais restritivas da mobilidade da entrada e saída de persoas do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia desde as 00.00 horas do día 4 de decembro de 2020 ata as 00.00 horas do día 9 de decembro de 2020.

Posteriormente ditouse o Decreto 203/2020, do 4 de decembro, polo que se modifica o Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. Neste decreto, dada a evolución favorable que se produciu nos concellos de Oleiros, Burela, Fene, Neda, Lalín e Oroso, levantáronse neles a limitación perimetral, así como as limitacións máis restritivas ás agrupacións de persoas en espazos de uso público e de uso privado e en lugares de culto que eran de aplicación nalgún deles de acordo co número 2 do punto segundo e co número 2 do punto terceiro do Decreto 202/2020, do 3 de decembro. Por outra banda, a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria do concello de Boiro determinou a necesidade de aplicación nese concello, con urxencia, das limitacións de entrada e saída de persoas previstas no punto primeiro do Decreto 202/2020, do 3 de decembro, e das limitacións máis restritivas ás agrupacións de persoas en espazos de uso público e de uso privado e en lugares de culto, contidas, respectivamente, no número 2 do punto segundo e no número 2 do punto terceiro do devandito decreto.

Así mesmo, mediante o Decreto 212/2020, do 11 de decembro, modificouse de novo o Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise



sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. Así, dada a evolución favorable que se produciu nos concellos de Silleda, Ribadavia, A Laracha, Malpica de Bergantiños, Cabana de Bergantiños, Vilanova de Arousa e Xinzo de Limia, determinou que se levantasen, neses concellos, a limitación perimetral, así como as limitacións máis restritivas ás agrupacións de persoas en espazos de uso público e de uso privado e en lugares de culto, que eran de aplicación nalgún deles de acordo co número 2 do punto segundo e co número 2 do punto terceiro do Decreto 202/2020, do 3 de decembro. Así mesmo, dada tamén a melloría observada no concello de Lugo determinou que se levantasen nese concello as limitacións máis restritivas ás agrupacións de persoas en espazos de uso público e de uso privado e en lugares de culto, que eran de aplicación nel de acordo co número 2 do punto segundo e co número 2 do punto terceiro do Decreto 202/2020, do 3 de decembro. Adicionalmente, a melloría observada no concello de Narón determinou que puidese pasar a integrarse no peche perimetral conxuntamente co concello de Ferrol e, tamén, a mellora do concello do Porriño permitiu que pasase a formar parte do peche perimetral que está xa establecido cos concellos de Mos, Vigo, Nigrán e Gondomar. Por outra banda, a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria desfavorable dos concellos de Camariñas, Zas, Tomiño, O Rosal, Sarreaus e A Rúa determinou a necesidade de aplicación neses concellos, con urxencia, das limitacións de entrada e saída de persoas previstas no punto primeiro do Decreto 202/2020, do 3 de decembro.

III

O proceso constante de revisión da situación sanitaria e epidemiolóxica resulta indispensable para manter un nivel de perfecta correspondencia entre as medidas adoptadas e a situación sanitaria que as xustifica. Neste sentido, a evolución epidemiolóxica e sanitaria de diversos concellos fai necesaria unha modificación do Decreto 202/2020, do 3 de decembro.

Así, de acordo cos informes da Dirección Xeral de Saúde Pública do 16 de decembro de 2020, destacan os datos favorables dos concellos de Barro, Carballo, Coristanco, Laxe, Ponteceso e Cee, respecto dos que se propón que adopten un nivel de restrición básico.

No relativo á comarca de Fisterra, na cal existía restrición perimetral conxunta dos concellos de Cee, Dumbría e Muxía, cómpre destacar o descenso observado nas taxas acumuladas a 14 días no concello de Cee, no cal, nestes últimos 14 días só se declararon



7 casos, que se traduce nunha taxa cun valor de 92,8 casos por cada cen mil habitantes, polo que posibilita a súa saída do peche perimetral.

Así mesmo, detectáronse determinados concellos en que, dado os seus valores altos nas taxas acumuladas a 14 días, se propón a adopción de medidas do nivel de restrición medio-alto e peche perimetral individualizado para cada un de tales concellos. Estes concellos son: o concello de Rodeiro, A Illa de Arousa, Fisterra e Carnota.

Ademais, dada a taxa acumulada a 14 días observada no concello de Mazaricos e os valores das taxas acumuladas a 14 días superiores aos 450 por cada cen mil habitantes de Santa Comba e Negreira, concellos en que se declararon casos en 13 dos últimos 14 días, recoméndase adoptar tamén nestes tres concellos restricións de nivel medio-alto e establecer un peche perimetral conxunto entre eles.

Estas medidas de restrición medio-alta inclúen, entre outras, unha limitación da capacidade da hostalaría e unha agrupación máxima de 4 persoas, agás que sexan persoas conviventes.

Respecto ás medidas de máxima restrición, cómpre salientar os datos de determinados concellos nas comarcas da Barbanza, do Morrazo e de Vigo.

Na comarca da Barbanza destacan as taxas altas acadadas en Boiro, concello que ten o nivel de restrición máximo e o ascenso observado no concello de Ribeira, que acada valores 1,92 veces maiores (ao pasar dunha taxa acumulada a 14 días de 152,2 a 293,8 por cada cen mil habitantes), cun total de 79 casos acumulados nos últimos 14 días, razón pola cal se recomenda que o concello adopte o nivel de restrición máximo.

Na comarca do Morrazo observouse tamén un ascenso de 1,86 veces na taxa acumulada a 14 días no concello de Bueu, polo que, igualmente, se recomenda que o citado concello adopte o nivel de restrición máximo.

E na comarca de Vigo, destacan os concellos de Baiona e Soutomaior, con taxas acumuladas a 14 días superiores aos 300 casos por cada cen mil habitantes. En ambos os dous casos as taxas aumentaron, pero é especialmente relevante o feito de que no concello de Baiona o número total de casos acumulados a 14 días foi maior e, sobre todo, foi diario, xa que todos os días dos últimos 14 días se detectaron casos novos, razóns polas que se recomenda que no concello de Baiona se adopten tamén as restricións máximas.



Estas restricións máximas que se propoñen que se adopten nestes tres concellos (Ribeira, Bueu e Baiona) inclúen, entre outras medidas, unha agrupación máxima de 4 persoas, agás que sexan persoas conviventes.

Por último, respecto do concello de Santiago, obsérvase un ascenso nos valores estimados das taxas a 3, 7 e 14 días, sendo as taxas máis altas acadadas no grupo de idade de 20-24 anos, grupo en que a enfermidade pode ser asintomática ou pauciasintomática e, deste xeito, favorecer a transmisión ao pasar esta desapercibida. Visto o anterior, recoméndase adoptar para tal concello medidas de nivel de restrición medio con peche perimetral do concello. Estas medidas de restrición media inclúen, entre outras, a limitación de capacidade e agrupación máxima de 6 persoas, agás que sexan persoas conviventes.

Tendo en conta o indicado nestes informes e logo de escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, procede, en consecuencia, modificar o Decreto 202/2020, do 3 de decembro, no que atinxe aos concellos citados anteriormente.

Así mesmo, coa finalidade de acadar unha maior claridade e seguridade xurídica, óptase no presente decreto por unha reprodución completa dos puntos obxecto de modificación da norma anterior no cal se recolle a enumeración total dos concellos afectados polas correspondentes limitacións coa finalidade de mellorar a súa comprensión e estruturación.

De acordo co exposto, por proposta do conselleiro de Sanidade e na condición de autoridade competente delegada, por delegación do Goberno da Nación, conforme o disposto nos artigos 2, 6, 7, 8, 9 e 10 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2,

DISPOÑO:

Primeiro. *Modificación do punto primeiro do Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2*

Un. Modifícase o número 1 do punto primeiro do Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro,



polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, que queda redactado como segue:

«1. Queda restrinxida a entrada e a saída de persoas dos seguintes ámbitos territoriais delimitados de forma conxunta:

a) Do ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos da Coruña, Culleredo, Arteixo e Cambre.

b) Do ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Pontevedra, Marín e Poio.

c) Do ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Vigo, Mos, Nigrán, Gondomar e O Porriño.

d) Do ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Ferrol e Narón.

e) Do ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Sanxenxo e O Grove.

f) Do ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Santa Comba, Mazaricos e Negreira.

g) Do ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Dumbría e Muxía.

h) Do ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Meaño, Meis e Ribadumia.

i) Do ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Vimianzo, Camariñas e Zas.

j) Do ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos da Guarda, Tomiño e O Rosal».

Dous. Modifícase o número 2 do punto primeiro do Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro,



polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, que queda redactado como segue:

«2. Queda restrinxida a entrada e a saída de persoas dos seguintes ámbitos territoriais:

- a) Do ámbito territorial do concello de Lugo.
- b) Do ámbito territorial do concello de Sarreaus.
- c) Do ámbito territorial do concello de Redondela.
- d) Do ámbito territorial do concello de Cangas.
- e) Do ámbito territorial do concello de Ponteareas.
- f) Do ámbito territorial do concello de Boiro.
- g) Do ámbito territorial do concello da Rúa.
- h) Do ámbito territorial do concello de Moaña.
- i) Do ámbito territorial do concello de Tui.
- j) Do ámbito territorial do concello de Vilalba.
- k) Do ámbito territorial do concello de Cambados.
- l) Do ámbito territorial do concello das Pontes de García Rodríguez.
- m) Do ámbito territorial do concello de Santiago de Compostela.
- n) Do ámbito territorial do concello de Ribeira.
- o) Do ámbito territorial do concello de Bueu.
- p) Do ámbito territorial do concello de Baiona.
- q) Do ámbito territorial do concello de Soutomaior.
- r) Do ámbito territorial do concello de Vilaboa.



- s) Do ámbito territorial do concello de Cerdedo-Cotobade.
- t) Do ámbito territorial do concello de Ponte Caldelas.
- u) Do ámbito territorial do concello de Carnota.
- v) Do ámbito territorial do concello da Illa de Arousa.
- w) Do ámbito territorial do concello de Rodeiro.
- x) Do ámbito territorial do concello de Fisterra.
- y) Do ámbito territorial do concello de Vilagarcía de Arousa».

Segundo. Modificación do número 2 do punto segundo do Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

Modifícase o número 2 do punto segundo do Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, que queda redactado como segue:

«2. A permanencia de grupos de persoas en espazos de uso público, tanto pechados como ao aire libre, e en espazos de uso privado quedará condicionada a que non se supere o número máximo de catro persoas, agás que se trate de persoas conviventes, nos concellos seguintes:

- a) Ferrol e Narón.
- b) Vigo, Mos, Nigrán, O Porriño e Gondomar.
- c) Vilagarcía de Arousa.



- d) A Rúa.
- e) Pontevedra, Marín e Poio.
- f) Cangas.
- g) Carnota.
- h) Meis, Meaño e Ribadumia.
- i) Dumbría e Muxía.
- j) Vimianzo, Camariñas e Zas.
- k) Sarreaus.
- l) A Illa de Arousa.
- m) Vilaboa.
- n) Rodeiro.
- o) Fisterra.
- p) Santa Comba, Mazaricos e Negreira.
- q) A Guarda, Tomiño e O Rosal.
- r) Ribeira.
- s) Sanxenxo e O Grove.
- t) Tui.
- u) Pontearreas.
- v) Moaña.
- w) Vilalba.
- x) Bueu.



- y) Redondela.
- z) Baiona.
- aa) Cambados.
- ab) As Pontes de García Rodríguez.
- ac) Boiro.

No caso de agrupacións en que se inclúan tanto persoas conviventes como persoas non conviventes, o número máximo a que se refire o parágrafo anterior será de catro persoas.

A limitación prevista neste número non será de aplicación no caso de actividades laborais, institucionais, empresariais, profesionais, sindicais, de representación de traballadores e administrativas, actividades en centros universitarios, educativos, de formación e ocupacionais, así como no caso da práctica do deporte federado, sempre que se adopten as medidas previstas nos correspondentes protocolos de funcionamento.

Respecto das actividades previstas nos anexos III e IV da Orde do 3 de decembro de 2020, serán de aplicación as limitacións de capacidade máxima e/ou de número máximo global de persoas asistentes ou participantes previstas neles. A limitación de grupos dun máximo de catro persoas, excepto conviventes, contida neste número, só se aplicará aos límites específicos para actividades grupais recollidos nos ditos anexos».

Terceiro. *Eficacia*

Este decreto terá efectos desde as 00.00 horas do día 17 de decembro de 2020.

Cuarto. *Recursos*

Contra o presente decreto poderá interporse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, conforme os artigos 12.1.a) e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, dezaseis de decembro de dous mil vinte

Alberto Núñez Feijóo
Presidente da Xunta de Galicia



I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 16 de decembro de 2020 pola que se modifica a Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

I

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto do dito acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderán ser obxecto de modificación ou supresión, mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade.

Así mesmo, indícase no dito punto sexto, na redacción vixente, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de acordo coa normativa aplicable e á vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou en parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación das medidas concretas contidas no anexo.



Mediante o Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, declarouse o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. A dita declaración afectou todo o territorio nacional e a súa duración inicial estendeuse, conforme o disposto no seu artigo 4, ata as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020.

Conforme o artigo 2 do dito real decreto, para os efectos do estado de alarma, a autoridade competente será o Goberno da Nación. En cada comunidade autónoma e cidade con estatuto de autonomía, a autoridade competente delegada será quen exerza a presidencia da comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía, nos termos establecidos no real decreto. As autoridades competentes delegadas quedan habilitadas para ditar, por delegación do Goberno da Nación, as ordes, resolucións e disposicións para a aplicación do previsto nos artigos 5 a 11 do real decreto, sen que para iso sexa precisa a tramitación de procedemento administrativo ningún, nin será de aplicación o previsto no segundo parágrafo do artigo 8.6 e no artigo 10.8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O 29 de outubro de 2020, o Congreso dos Deputados autorizou a prórroga do estado de alarma ata o día 9 de maio de 2021. Conforme o artigo 2 do Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, a prórroga establecida no dito real decreto estenderase desde as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020 ata as 00.00 horas do día 9 de maio de 2021 e someterase ás condicións establecidas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, e nos decretos que, se é o caso, se adopten en uso da habilitación conferida pola disposición derradeira primeira do citado Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, sen prexuízo do establecido nas disposicións que recolle o propio real decreto de prórroga.

En consecuencia, durante a vixencia do estado de alarma e da súa prórroga, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, deberán adoptarse, na condición de autoridade competente delegada, nos termos previstos no dito real decreto e no real decreto de prórroga.

Non obstante, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, non esgotan todas as que poden ser adoptadas para facer fronte á crise sanitaria. Neste sentido, como prevé expresamente o seu artigo 12, cada Administración conservará as competencias que lle outorga a lexislación vixente, así como a xestión dos seus servizos e do seu persoal, para adoptar as medidas que considere necesarias, sen prexuízo do establecido no real decreto.



Polo tanto, durante a vixencia do estado de alarma e das súas prórrogas, as medidas que sexa necesario adoptar para facer fronte, na Comunidade Autónoma, á crise sanitaria serán as que poida acordar, ao abeiro da normativa do estado de alarma, o presidente da Comunidade Autónoma como autoridade competente delegada, e as complementarias que poidan adoptar, no exercicio das súas competencias propias, as autoridades sanitarias autonómicas e, entre elas, a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, ao abeiro do disposto no punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020 citado.

II

Sentado o anterior, no contexto normativo derivado do estado de alarma vixente, e ante a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia, ditouse o Decreto 179/2020, do 4 de novembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas en determinados ámbitos territoriais da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. As ditas medidas consistiron no establecemento de limitacións de entrada e saída de persoas de determinados ámbitos territoriais e en limitacións da permanencia de persoas en espazos de uso público e de uso privado, e en lugares de culto. Conforme o punto quinto do decreto, a eficacia destas medidas estendíase ata as 15.00 horas do día 4 de decembro de 2020, sen prexuízo de que debían ser obxecto de seguimento e de avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria para os efectos, de ser necesario, da súa modificación ou levantamento. Ademais, as ditas medidas debían ser complementadas, como indica o propio decreto, con outras que procede que adopte a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade no exercicio das súas competencias propias como autoridade sanitaria autonómica. Estas medidas complementarias establecéronse mediante a Orde do 4 de novembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que foi modificada en diversas ocasións.

III

A situación da evolución epidemiolóxica xeral na Comunidade Autónoma de Galicia, xunto coa duración inicial das medidas que se viñan aplicando, facía necesario acometer unha revisión delas, tanto das previstas con carácter xeral para a Comunidade Autónoma



de Galicia como das particulares aplicables en ámbitos territoriais concretos. Por outra banda, valorouse tamén a incidencia acumulada que a aplicación das medidas viña supoñendo para sectores concretos da actividade económica e o impacto que estaban a ter na realidade socioeconómica de Galicia.

En concreto, á vista do indicado nos informes da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 3 de decembro de 2020, e tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, a situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia exixía a adopción das medidas que se estableceron na Orde do 3 de decembro de 2020, baseadas na distinción de diversos niveis de restrición, consistentes nun nivel básico, aplicable con carácter xeral en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, e duns niveis medio, medio-alto e de máximas restricións, aplicables de forma progresiva e graduada naqueles concellos cunha máis desfavorable situación epidemiolóxica.

Tamén se tiveron en conta a regulación e as limitacións en canto aos grupos de persoas que recolle o Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, de tal modo que na orde se realizou unha revisión das medidas vixentes en canto aos grupos de persoas nas distintas actividades previstas nas medidas de prevención.

Tendo en conta o anterior, ditouse a Orde do 4 de decembro de 2020 pola que se modifica a Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

Así, en primeiro lugar, de acordo cos informes da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 4 de decembro de 2020, a evolución favorable que se producira nos concellos de Oleiros, Burela, Fene, Neda, Lalín e Oroso permitía a aplicación neles das medidas previstas no anexo I da Orde do 3 de decembro de 2020 e, en consecuencia, levantáronse as medidas máis restritivas que se viñan aplicando nestes concellos.

Por outra banda, o concello de Boiro amosaba unha evolución negativa, o que obrigou á aplicación das medidas máis restritivas previstas no anexo IV da citada orde e, no que sexan compatibles con elas, das previstas no anexo III.



A evolución epidemiolóxica e sanitaria de diversos concellos fixo necesaria unha nova modificación da Orde do 3 de decembro de 2020, que se levou a cabo mediante a Orde do 11 de decembro de 2020 pola que se modifica a Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

Nesta orde, a melloría observada nas taxas a 14 días dos concellos de Silleda, Ribadavia, A Laracha, Cabana de Bergantiños, Malpica de Bergantiños, Vilanova de Arousa e Xinzo de Limia determinou que tales concellos pasasen a un nivel de restrición básico.

No que se refire ao concello de Pontevedra, e dada a melloría observada nas taxas acumuladas, levantáronse as medidas restritivas de máximas restricións para pasar a un nivel de restrición medio-alto.

Así mesmo, no concello de Lugo, dada a melloría observada tamén nas taxas acumuladas, abandonáronse as medidas restritivas de nivel medio-alto para pasar a un nivel de restrición medio.

Pola súa banda, Narón, que tiña un nivel de restrición máximo, ao amosar unha clara melloría na situación, pasou a un nivel de restrición medio-alto, en que tamén está o concello de Ferrol.

Respecto do Porriño, dado o descenso observado na taxa a 14 días, levantáronse as medidas de nivel máximo que se lle aplicaban, para pasar a ser de aplicación medidas de nivel medio-alto.

Por outro lado, debido á súa situación epidemiolóxica, noutros concellos aumentouse o nivel de restricións. Así, nos concellos de Camariñas, Vimianzo e Zas, Tomiño e O Rosal, A Guarda, Sarreaus e A Rúa, adoptáronse medidas de nivel de restrición medio-alto.

IV

A evolución epidemiolóxica e sanitaria de diversos concellos fai necesaria, neste momento, unha nova modificación da Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.



De acordo co Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 16 de decembro de 2020, a melloría observada nas taxas a 14 días dos concellos de Barro, Coristanco, Cee, Laxe, Carballo e Ponteceso fai posible que estes concellos pasen a un nivel básico de restricións.

Por outra banda, o empeoramento da situación epidemiolóxica fai necesario elevar o nivel de restricións doutros concellos. Así, o concello de Santiago de Compostela pasa a nivel medio de restricións, xa que amosa unha tendencia ascendente cunha taxa acumulada a 14 días de 138,8 casos por cada 100.000 habitantes.

Os concellos de Santa Comba, Mazaricos, Negreira, Carnota, Rodeiro, A Illa e Fisterra pasan a un nivel medio alto de restricións. Así, os valores tan altos das taxas acumuladas a 14 días dos concellos de Rodeiro (1.354,1 casos por cada cen mil habitantes), A Illa de Arousa (771,4 casos por cada cen mil habitantes), Fisterra (770,9 casos por cada cen mil habitantes) e Carnota (353,8 casos por cada cen mil habitantes) exixen a adopción das medidas do nivel de restrición medio-alto. O mesmo acontece nos casos de Mazaricos, Santa Comba e Negreira, con valores das taxas acumuladas a 14 días superiores aos 450 casos por cada cen mil habitantes.

A evolución epidemiolóxica nos concellos de Ribeira, cunha taxa acumulada a 14 días superior a 293,8 casos por cada cen mil habitantes; Bueu, cunha taxa acumulada a 14 días de 358,1 casos por cada cen mil habitantes, e Baiona, cunha taxa acumulada a 14 días superior a 300 casos por cada cen mil habitantes, fan necesaria a adopción das medidas de máxima restrición, dado que se trata de concellos de máis de dez mil habitantes.

Tendo en conta o indicado nos ditos informes e tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, procede, en consecuencia, modificar a Orde do 3 de decembro de 2020 no que atinxe aos concellos citados anteriormente.

Cómpre salientar tamén que, coa finalidade de acadar unha maior claridade e seguridade xurídica, óptase por recoller no articulado desta orde a relación completa dos concellos aos cales lles son de aplicación en cada caso as medidas específicas de prevención que se corresponden cos niveis medio, medio-alto e de máxima restrición sen que, polo tanto, se identifiquen unicamente os concellos concretos cuxas medidas específicas de prevención cambian porque pasan a quedar sometidos a maiores ou menores restricións que as que se lles viñan aplicando ata este momento.



V

As medidas que se adoptan nesta orde teñen o seu fundamento normativo na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 e 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para adoptar as medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica existente, no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, coa urxencia que a protección da saúde pública demanda.

Na súa virtude, en aplicación do punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. Modificación do número 4 do punto segundo da Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia

O número 4 do punto segundo da Orde do 3 de decembro de 2020, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, queda redactado como segue:

«4. Serán de aplicación as medidas máis restritivas do **anexo II** e, no que sexan compatibles con elas, as previstas no anexo I, no ámbito territorial dos seguintes concellos:

- a) A Coruña, Culleredo, Arteixo e Cambre.
- b) Lugo.



- c) Santiago de Compostela.
- d) Soutomaior.
- e) Ponte Caldelas.
- f) Cerdedo-Cotobade».

Segundo. *Modificación do número 5 do punto segundo da Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia*

O número 5 do punto segundo da Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia queda redactado como segue:

«5. Serán de aplicación as medidas máis restritivas do **anexo III** e, no que sexan compatibles con elas, as previstas no anexo I, no ámbito territorial dos seguintes concellos:

- a) Ferrol e Narón.
- b) Vigo, Mos, Nigrán, O Porriño e Gondomar.
- c) Vilagarcía de Arousa.
- d) A Rúa.
- e) Pontevedra, Marín e Poio.
- f) Cangas.
- g) Carnota.
- h) Meis, Meaño e Ribadumia.
- i) Dumbría e Muxía.



- j) Vimianzo, Camariñas e Zas.
- k) Sarreaus.
- l) A Illa de Arousa.
- m) Vilaboa.
- n) Rodeiro.
- ñ) Fisterra.
- o) Santa Comba, Mazaricos e Negreira.
- p) A Guarda, Tomiño e O Rosal».

Terceiro. *Modificación do número 6 do punto segundo da Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia*

O número 6 do punto segundo da Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia queda redactado como segue:

«6. Serán de aplicación as medidas máis restritivas do **anexo IV** e, no que sexan compatibles con elas, as previstas no anexo III, no ámbito territorial dos concellos que se relacionan a continuación. Así mesmo, no que sexa compatible cos dous anexos citados serán de aplicación as medidas recollidas no anexo I:

- a) Ribeira.
- b) Sanxenxo e O Grove.
- c) Tui.
- d) Pontearreas.
- e) Moaña.



- f) Vilalba.
- g) Bueu.
- h) Redondela.
- i) Baiona.
- j) Cambados.
- k) As Pontes de García Rodríguez.
- l) Boiro».

Cuarto. *Eficacia*

As medidas previstas nesta orde terán efectos desde as 00.00 horas do día 17 de decembro de 2020.

Santiago de Compostela, 16 de decembro de 2020

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade



I. DISPOSICIÓN XERAIS**PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA**

DECRETO 212/2020, do 11 de decembro, polo que se modifica o Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

I

A expansión do coronavirus COVID-19 xerou unha crise sanitaria sen precedentes recentes. Así, tras a elevación pola Organización Mundial da Saúde da situación de emerxencia de saúde pública pola devandita causa a nivel de pandemia internacional e a adopción, por algunhas comunidades autónomas como a galega, de medidas de prevención, mediante o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, declarouse o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, declaración que afectou todo o territorio nacional, cunha duración inicial de quince días naturais, pero que foi obxecto de sucesivas prórrogas autorizadas polo Congreso dos Deputados.

O levantamento dese estado de alarma, non obstante, non puxo fin á crise sanitaria, o que xustificou a adopción de medidas, como as previstas, no ámbito estatal, no Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, así como as medidas de prevención que foron adoptando as diferentes comunidades autónomas. En concreto, no caso da Comunidade Autónoma de Galicia, a resposta á crise sanitaria foi, fundamentalmente, ademais do mantemento da declaración de situación de emerxencia sanitaria efectuada polo acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, a adopción, ao abeiro da lexislación sanitaria, ordinaria e orgánica, de medidas de prevención, tanto de carácter xeral, para todo o territorio autonómico, como de maneira específica, a través de diferentes ordes da persoa titular da Consellería de Sanidade, en atención á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

Mediante o Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, declarouse o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. Esa declaración



afectou todo o territorio nacional e a súa duración inicial esténdese, conforme o disposto no seu artigo 4, ata as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020.

Conforme o artigo 2 do devandito real decreto, para os efectos do estado de alarma, a autoridade competente será o Goberno da nación. En cada comunidade autónoma e cidade con Estatuto de autonomía, a autoridade competente delegada será quen desempeñe a presidencia da comunidade autónoma ou cidade con Estatuto de autonomía, nos termos establecidos no real decreto. As autoridades competentes delegadas quedan habilitadas para ditar, por delegación do Goberno da nación, as ordes, resolucións e disposicións para a aplicación do previsto nos artigos 5 ao 11 do real decreto, sen que para iso sexa preciso tramitar ningún procedemento administrativo, nin será de aplicación o previsto no segundo parágrafo do artigo 8.6 e no artigo 10.8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

En concreto, o artigo 6 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, prevé que a autoridade competente delegada que corresponda poderá limitar a entrada e saída de persoas no territorio de cada comunidade autónoma ou en ámbitos territoriais de carácter xeograficamente inferiores á comunidade autónoma, coas excepcións previstas no artigo 6.1.

Pola súa banda, o artigo 7 do mesmo texto normativo dispón que a permanencia de grupos de persoas en espazos de uso público, tanto pechados coma ao aire libre, quedará condicionada a que non se supere o número máximo de seis persoas, salvo que se trate de conviventes, e sen prexuízo das excepcións que se establezan en relación con dependencias, instalacións e establecementos abertos ao público. A permanencia de grupos de persoas en espazos de uso privado quedará condicionada a que non se supere o número máximo de seis persoas, salvo que se trate de conviventes. No caso das agrupacións en que se inclúan tanto persoas conviventes como persoas non conviventes, o número máximo será de seis persoas. Conforme o artigo 9, a eficacia desta medida nunha comunidade autónoma producirase cando a autoridade competente delegada o determine. Ademais, o artigo 7 recolle a posibilidade de que a autoridade competente delegada correspondente determine, no seu ámbito territorial, en vista da evolución dos indicadores sanitarios, epidemiolóxicos, sociais, económicos e de mobilidade, logo de comunicación ao Ministerio de Sanidade e de acordo co previsto no artigo 13, que o número máximo sexa inferior a seis persoas, salvo que se trate de conviventes. Así mesmo, as autoridades competentes delegadas poderán, no seu ámbito territorial, establecer excepcións respecto de persoas menores ou dependentes, así como calquera outra flexibilización da limitación.



De acordo co artigo 8 do real decreto, a autoridade competente delegada poderá limitar a permanencia de persoas en lugares de culto mediante a fixación de limitación de capacidade para reunións, celebracións e encontros relixiosos, atendendo ao risco de transmisión que poida resultar dos encontros colectivos, sen que tal limitación poida afectar en ningún caso o exercicio privado e individual da liberdade relixiosa.

E, conforme o artigo 10 da norma, a autoridade competente delegada en cada comunidade autónoma poderá, no seu ámbito territorial, en vista da evolución dos indicadores sanitarios, epidemiolóxicos, sociais, económicos e de mobilidade, logo de comunicación ao Ministerio de Sanidade e de acordo co previsto no artigo 13, modular, flexibilizar e suspender a aplicación das medidas previstas nos artigos 6, 7 e 8, co alcance e ámbito territorial que determine.

O 29 de outubro de 2020, o Congreso dos Deputados autorizou a prórroga do estado de alarma ata o 9 de maio de 2021. Conforme o artigo 2 do Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, a prórroga establecida no devandito real decreto estenderase desde as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020 ata as 00.00 horas do día 9 de maio de 2021, e someterase ás condicións establecidas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, e nos decretos que, se é o caso, se adopten en uso da habilitación conferida pola disposición derradeira primeira do citado Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, sen prexuízo do establecido nas disposicións que recolle o propio real decreto de prórroga.

En consecuencia, durante a vixencia do estado de alarma e da súa prórroga, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, deberán adoptarse na condición de autoridade competente delegada, nos termos previstos no devandito real decreto e no real decreto de prórroga.

Non obstante, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, non esgotan todas as que poden ser adoptadas para facer fronte á crise sanitaria. Neste sentido, como prevé expresamente o seu artigo 12, cada Administración conservará as competencias que lle outorga a lexislación vixente, así como a xestión dos seus servizos e do seu persoal, para adoptar as medidas que considere necesarias, sen prexuízo do establecido no real decreto.

Polo tanto, como destaca a propia exposición de motivos do real decreto, durante a vixencia do estado de alarma, as administracións sanitarias competentes en saúde pública,



no non previsto nesa norma, deberán continuar adoptando as medidas necesarias para afrontar a situación de emerxencia de saúde pública ocasionada polo COVID-19, conforme a lexislación sanitaria, en particular, a Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; a Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, e a Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, así como a normativa autonómica correspondente.

II

Neste contexto normativo derivado do estado de alarma vixente, e ante a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia, ditouse o Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

Así, o devandito decreto respondeu á situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia mediante a adopción, na condición de autoridade competente delegada, das seguintes medidas:

a) Establecemento, con efectos desde as 00.00 horas do día 4 de decembro de 2020, de limitacións da entrada e saída de persoas en determinados ámbitos territoriais, agás certas excepcións, coa finalidade de controlar a transmisión da enfermidade e de conter a irradiación a outros lugares limítrofes dos correspondentes ámbitos territoriais delimitados.

b) Limitación, con efectos desde as 00.00 horas do día 4 de decembro de 2020, e con carácter xeral no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, da permanencia de grupos de persoas en espazos de uso público e de uso privado, agás supostos excepcionais e xustificadas, aos formados por un máximo de seis persoas, agás que sexan persoas conviventes.

Malia o anterior, en determinados ámbitos territoriais e unha vez atendida a situación epidemiolóxica e sanitaria máis desfavorable existente neles ou en concellos cos cales existe unha forte interrelación, procedeuse a establecer a medida máis restritiva consistente na limitación de grupos aos constituídos por catro persoas, agás que sexan persoas conviventes.



c) Limitación da permanencia de persoas en lugares de culto. Mantivéronse, con efectos desde as 00.00 horas do día 4 de decembro de 2020, os límites de capacidade que se viñan aplicando actualmente na Comunidade Autónoma de Galicia, adaptando a súa aplicación á nova situación existente. Todo isto co fin de evitar concentracións de persoas e de manter a coherencia cos límites de capacidade que se prevén para outras actividades co obxectivo de previr e reducir o risco de transmisión.

Respecto da eficacia das medidas, de acordo co punto quinto do decreto, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, estas deben ser obxecto de seguimento e de avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria, para os efectos, de ser necesario, da súa modificación ou levantamento.

Por último, adoptáronse medidas temporais restritivas da mobilidade da entrada e saída de persoas do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia desde as 00.00 horas do día 4 de decembro de 2020 ata as 00.00 horas do día 9 de decembro de 2020.

Posteriormente ditouse o Decreto 203/2020, do 4 de decembro, polo que se modifica o Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. Neste decreto, dada a evolución favorable que se produciu nos concellos de Oleiros, Burela, Fene, Neda, Lalín e Oroso, levantouse neles a limitación perimetral, así como as limitacións máis restritivas ás agrupacións de persoas en espazos de uso público e de uso privado e en lugares de culto que eran de aplicación nalgún deles de acordo co número 2 do punto segundo e co número 2 do punto terceiro do Decreto 202/2020, do 3 de decembro. Por outra banda, a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria do concello de Boiro determinou a necesidade de aplicación nese concello, con urxencia, das limitacións de entrada e saída de persoas previstas no punto primeiro do Decreto 202/2020, do 3 de decembro, e das limitacións máis restritivas ás agrupacións de persoas en espazos de uso público e de uso privado e en lugares de culto, contidas, respectivamente, no número 2 do punto segundo e no número 2 do punto terceiro do devandito decreto.

III

O proceso constante de revisión da situación sanitaria e epidemiolóxica resulta indispensable para manter un nivel de perfecta correspondencia entre as medidas adoptadas e



a situación sanitaria que as xustifica. Neste sentido, a evolución epidemiolóxica e sanitaria de diversos concellos fai necesaria unha modificación do Decreto 202/2020, do 3 de decembro.

Así, en primeiro lugar, de acordo co informe da Dirección Xeral de Saúde Pública do 11 de decembro de 2020, a evolución favorable que se produciu nos concellos de Silleda, Ribadavia, A Laracha, Malpica de Bergantiños, Cabana de Bergantiños, Vilanova de Arousa e Xinzo de Limia, determina que se deba levantar, nestes concellos, a limitación perimetral, así como as limitacións máis restritivas ás agrupacións de persoas en espazos de uso público e de uso privado e en lugares de culto que eran de aplicación nalgún deles de acordo co número 2 do punto segundo e co número 2 do punto terceiro do Decreto 202/2020, do 3 de decembro.

Así mesmo, de acordo co citado informe, a melloría observada no concello de Lugo determina que se deban levantar neste concello as limitacións máis restritivas ás agrupacións de persoas en espazos de uso público e de uso privado e en lugares de culto que eran de aplicación nel de acordo co número 2 do punto segundo e co número 2 do punto terceiro do Decreto 202/2020, do 3 de decembro.

Adicionalmente, a melloría observada no concello de Narón determina que poida pasar a integrarse no peche perimetral conxuntamente co concello de Ferrol. Tamén, a mellora do concello do Porriño permite que pase a formar parte do peche perimetral que está xa establecido cos concellos de Mos, Vigo, Nigrán e Gondomar.

Por outra banda, a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria desfavorable dos concellos de Camariñas, Zas, Tomiño, O Rosal, Sarreaus e A Rúa, determina a necesidade de aplicación nestes concellos, con urxencia, das limitacións de entrada e saída de persoas previstas no punto primeiro do Decreto 202/2020, do 3 de decembro, na forma disposta no presente decreto que prevé no caso dos catro primeiros a súa integración nun peche perimetral xa existente. Así mesmo, deben aplicarse en todos os indicados concellos as limitacións máis restritivas ás agrupacións de persoas en espazos de uso público e de uso privado e en lugares de culto, contidas, respectivamente, no número 2 do punto segundo e no número 2 do punto terceiro do devandito decreto.

En particular, Camariñas e Zas presentan taxas a 14 días por riba dos 300 casos por cada cen mil habitantes, con máis de 20 casos declarados nos últimos 14 días en cada un destes concellos; a taxa acumulada a 7 días amosa así unha tendencia ascendente. Tomiño, cunha taxa acumulada a 14 días de 274,1 casos por cada cen mil habitantes, amosa



un ascenso. O Rosal segue a presentar valores maiores aos 250 casos por cada cen mil habitantes. O concello de Sarreaus presenta unha taxa a 14 días de máis de 3.600 casos por cada cen mil habitantes e o concello da Rúa unha taxa a 14 días de máis de 340 casos por cada cen mil habitantes.

Tendo en conta o indicado nestes informes e logo de escoitar as recomendacións do Subcomité Clínico reunido para estes efectos, procede, en consecuencia, modificar o Decreto 202/2020, do 3 de decembro, no que atinxe aos concellos citados anteriormente.

De acordo co exposto, por proposta do conselleiro de Sanidade e na condición de autoridade competente delegada, por delegación do Goberno da nación, conforme o disposto nos artigos 2, 6, 7, 8, 9 e 10 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2,

DISPOÑO:

Primeiro. Modificación do Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2

O Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, queda modificado como segue:

Un. Tendo en conta a situación epidemiolóxica e sanitaria no concello do Porriño, o devandito concello queda sometido á aplicación das limitacións de entrada e saída de persoas contidas no número 1 do punto primeiro do Decreto 202/2020, do 3 de decembro, xunto cos concellos de Vigo, Mos, Nigrán e Gondomar, polo que cómpre modificar para tal fin a letra c) do citado número 1 do punto primeiro, que queda redactada como segue:

«c) Do ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Vigo, Mos, Nigrán, Gondomar e O Porriño».



Dous. Tendo en conta a situación epidemiolóxica e sanitaria no concello de Narón, este concello queda sometido á aplicación das limitacións de entrada e saída de persoas contidas no número 1 do punto primeiro do Decreto 202/2020, do 3 de decembro, xunto co concello de Ferrol, polo que cómpre modificar para tal fin a letra d) do citado número 1 do punto primeiro, que queda redactada como segue:

«d) Do ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Ferrol e Narón».

Tres. Tendo en conta a situación epidemiolóxica e sanitaria no concello de Vilanova de Arousa, exclúese este concello da aplicación das limitacións de entrada e saída de persoas contidas no número 1 do punto primeiro do Decreto 202/2020, do 3 de decembro, polo que procede modificar para tal fin a letra e) do citado número 1 do punto primeiro, que queda redactada como segue:

«e) Do ámbito territorial do concello de Vilagarcía de Arousa».

Catro. Tendo en conta a situación epidemiolóxica e sanitaria no concello da Laracha, exclúese este concello da aplicación das limitacións de entrada e saída de persoas contidas no número 1 do punto primeiro do Decreto 202/2020, do 3 de decembro, e modifícase para tal fin a letra g) do citado número 1 do punto primeiro, que queda redactado como segue:

«g) Do ámbito territorial do concello de Carballo».

Cinco. Tendo en conta a situación epidemiolóxica e sanitaria nos concellos de Cabana de Bergantiños e Malpica de Bergantiños, exclúense estes concellos da aplicación das limitacións de entrada e saída de persoas contidas no número 1 do punto primeiro do Decreto 202/2020, do 3 de decembro, e modifícase para tal fin a letra h) do citado número 1 do punto primeiro, que queda redactada como segue:

«h) Do ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Coristanco e Ponteceso».

Seis. Tendo en conta a situación epidemiolóxica e sanitaria dos concellos de Vimianzo, Zas e Camariñas, deben ser de aplicación no ámbito territorial delimitado conxuntamente polos devanditos concellos as limitacións de entrada e saída de persoas contidas no número



ro 1 do punto primeiro do Decreto 202/2020, do 3 de decembro, polo que se debe introducir unha letra k) no citado número 1 do punto primeiro, coa seguinte redacción:

«k) Do ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Vimianzo, Zas e Camariñas».

Sete. Tendo en conta a situación epidemiolóxica e sanitaria dos concellos da Guarda, Tomiño e O Rosal, deben ser de aplicación no ámbito territorial delimitado conxuntamente polos devanditos concellos as limitacións de entrada e saída de persoas contidas no número 1 do punto primeiro do Decreto 202/2020, do 3 de decembro, polo que se debe introducir unha letra l) no citado número 1 do punto primeiro, coa seguinte redacción:

«l) Do ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos da Guarda, Tomiño e o Rosal».

Oito. Tendo en conta o disposto no punto dous respecto das aplicacións das limitacións de entrada e saída no ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Ferrol e Narón, cómpre modificar a letra b) do número 2 do punto primeiro do Decreto 202/2020, do 3 de decembro, que queda sen contido.

Nove. Tendo en conta o disposto no punto un respecto do concello do Porriño e en vista da evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria do concello da Rúa, que determina a aplicación no ámbito territorial deste último concello das limitacións de entrada e saída de persoas contidas no número 2 do punto primeiro do Decreto 202/2020, do 3 de decembro, a letra g) do citado número 2 do punto primeiro queda coa seguinte redacción:

«g) Do ámbito territorial do concello da Rúa».

Dez. Tendo en conta o disposto no punto sete respecto do concello da Guarda e en vista da evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria do concello de Sarreaus, que determina a aplicación no ámbito territorial deste último concello das limitacións de entrada e saída de persoas contidas no número 2 do punto primeiro do Decreto 202/2020, do 3 de decembro, a letra m) do citado número 2 do punto primeiro queda coa seguinte redacción:

«m) Do ámbito territorial do concello de Sarreaus».



Once. Tendo en conta a situación epidemiolóxica e sanitaria no concello de Xinzo de Limia, nese concello queda sen efecto a aplicación das limitacións de entrada e saída de persoas contidas no número 2 do punto primeiro do Decreto 202/2020, do 3 de decembro, polo que cómpre modificar para tal fin a letra n) do citado número 2 do punto primeiro, que queda sen contido.

Doce. Tendo en conta a situación epidemiolóxica e sanitaria no concello de Silleda, nese concello queda sen efecto a aplicación das limitacións de entrada e saída de persoas contidas no número 2 do punto primeiro do Decreto 202/2020, do 3 de decembro, polo que cómpre modificar para tal fin a letra o) do citado número 2 do punto primeiro, que queda sen contido.

Trece. Tendo en conta o disposto no punto seis en canto ao concello de Vimianzo, cómpre modificar a letra r) do número 2 do punto primeiro, do Decreto 202/2020, do 3 de decembro, que queda sen contido.

Catorce. Tendo en conta a situación epidemiolóxica e sanitaria no concello de Ribadavia, nese concello queda sen efecto a aplicación das limitacións de entrada e saída de persoas contidas no número 2 do punto primeiro do Decreto 202/2020, do 3 de decembro, polo que cómpre modificar para tal fin a letra v) do citado número 2 do punto primeiro, que queda sen contido.

Quince. Tendo en conta a situación epidemiolóxica e sanitaria no concello de Vilanova de Arousa, exclúese este concello da aplicación das limitacións da permanencia de grupos de persoas en espazos públicos ou privados contidas no número 2 do punto segundo do Decreto 202/2020, do 3 de decembro, polo que cómpre modificar a letra d) do número 2 do punto segundo, que queda redactada como segue:

«d) Concello de Vilagarcía de Arousa».

Dezaseis. Tendo en conta a situación epidemiolóxica e sanitaria no concello da Larcha, exclúese este concello da aplicación das limitacións da permanencia de grupos de persoas en espazos públicos ou privados contidas no número 2 do punto segundo do Decreto 202/2020, do 3 de decembro, polo que cómpre modificar a letra f) do número 2 do punto segundo, que queda redactada como segue:

«f) Concello de Carballo».



Dezasete. Tendo en conta a situación epidemiolóxica e sanitaria nos concellos de Cabana de Bergantiños e Malpica de Bergantiños, exclúense os devanditos concellos da aplicación das limitacións da permanencia de grupos de persoas en espazos públicos ou privados contidas no número 2 do punto segundo do Decreto 202/2020, do 3 de decembro, polo que cómpre modificar a letra g) do número 2 do punto segundo, que queda redactada como segue:

«g) Concellos de Coristanco e Ponteceso».

Dezaioito. Tendo en conta a situación epidemiolóxica e sanitaria no concello de Lugo, exclúese este concello da aplicación das limitacións da permanencia de grupos de persoas en espazos públicos ou privados contidas no número 2 do punto segundo do Decreto 202/2020, do 3 de decembro. Así mesmo, tendo en conta a situación epidemiolóxica e sanitaria no concello da Rúa, deben aplicarse neste concello as limitacións da permanencia de grupos de persoas en espazos públicos ou privados contidas no número 2 do punto segundo do Decreto 202/2020, do 3 de decembro, polo que cómpre modificar a letra j) do número 2 do punto segundo do devandito decreto, que queda redactada como segue:

«j) Concello da Rúa».

Dezanove. Tendo en conta a situación epidemiolóxica e sanitaria nos concellos de Tomiño e O Rosal, deben aplicarse nestes concello as limitacións da permanencia de grupos de persoas en espazos públicos ou privados contidas no número 2 do punto segundo do Decreto 202/2020, do 3 de decembro, polo que cómpre modificar a letra u) do número 2 do punto segundo do devandito decreto, que queda redactada como segue:

«u) Concello da Guarda, Tomiño e O Rosal».

Vinte. Tendo en conta a situación epidemiolóxica e sanitaria no concello de Xinzo de Limia, exclúese este concello da aplicación das limitacións da permanencia de grupos de persoas en espazos públicos ou privados contidas no número 2 do punto segundo do Decreto 202/2020, do 3 de decembro, polo que cómpre modificar para tal fin a letra v) do citado número 2 do punto segundo, que queda sen contido.

Vinte e un. Tendo en conta a situación epidemiolóxica e sanitaria no concello de Sareaus, deben aplicarse neste concello as limitacións da permanencia de grupos de persoas en espazos públicos ou privados contidas no número 2 do punto segundo do Decre-



to 202/2020, do 3 de decembro, polo que cómpre modificar a letra w) do número 2 do punto segundo do dito decreto, que queda redactada como segue:

«w) Concello de Sarreaus».

Vinte e dous. Tendo en conta a situación epidemiolóxica e sanitaria nos concellos de Zas e Camariñas, deben aplicarse nestes concellos as limitacións da permanencia de grupos de persoas en espazos públicos ou privados contidas no número 2 do punto segundo do Decreto 202/2020, do 3 de decembro, polo que cómpre modificar a letra x) do número 2 do punto segundo do devandito decreto, que queda redactada como segue:

«x) Concellos de Vimianzo, Zas e Camariñas».

Vinte e tres. Tendo en conta a situación epidemiolóxica e sanitaria no concello de Ribadavia, exclúese este concello da aplicación das limitacións da permanencia de grupos de persoas en espazos públicos ou privados contidas no número 2 do punto segundo do Decreto 202/2020, do 3 de decembro, polo que cómpre modificar para tal fin a letra z) do citado número 2 do punto segundo, que queda sen contido.

Segundo. *Eficacia*

Este decreto terá efectos desde as 00.00 horas do día 12 de decembro de 2020.

Terceiro. *Recursos*

Contra o presente decreto poderá interporse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, conforme os artigos 12.1.a) e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, once de decembro de dous mil vinte

Alberto Núñez Feijóo
Presidente da Xunta de Galicia



I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 11 de decembro de 2020 pola que se modifica a Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

I

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto do dito acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderán ser obxecto de modificación ou supresión, mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade.

Así mesmo, indícase no dito punto sexto, na redacción vixente, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de acordo coa normativa aplicable e á vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou en parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación das medidas concretas contidas no anexo.

Mediante o Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, declarouse o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. A dita declaración



afectou todo o territorio nacional e a súa duración inicial estendeuse, conforme o disposto no seu artigo 4, ata as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020.

Conforme o artigo 2 do dito real decreto, para os efectos do estado de alarma, a autoridade competente será o Goberno da Nación. En cada comunidade autónoma e cidade con estatuto de autonomía, a autoridade competente delegada será quen exerza a presidencia da comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía, nos termos establecidos no real decreto. As autoridades competentes delegadas quedan habilitadas para ditar, por delegación do Goberno da Nación, as ordes, resolucións e disposicións para a aplicación do previsto nos artigos 5 a 11 do real decreto, sen que para iso sexa precisa a tramitación de procedemento administrativo ningún, nin será de aplicación o previsto no segundo parágrafo do artigo 8.6 e no artigo 10.8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O 29 de outubro de 2020, o Congreso dos Deputados autorizou a prórroga do estado de alarma ata o 9 de maio de 2021. Conforme o artigo 2 do Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, a prórroga establecida no dito real decreto estenderase desde as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020 ata as 00.00 horas do día 9 de maio de 2021 e someterase ás condicións establecidas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, e nos decretos que, se é o caso, se adopten en uso da habilitación conferida pola disposición derradeira primeira do citado Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, sen prexuízo do establecido nas disposicións que recolle o propio real decreto de prórroga.

En consecuencia, durante a vixencia do estado de alarma e da súa prórroga, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, deberán adoptarse, na condición de autoridade competente delegada, nos termos previstos no dito real decreto e no real decreto de prórroga.

Non obstante, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, non esgotan todas as que poden ser adoptadas para facer fronte á crise sanitaria. Neste sentido, como prevé expresamente o seu artigo 12, cada Administración conservará as competencias que lle outorga a lexislación vixente, así como a xestión dos seus servizos e do seu persoal, para adoptar as medidas que considere necesarias, sen prexuízo do establecido no real decreto.

Polo tanto, durante a vixencia do estado de alarma e das súas prórrogas, as medidas que sexa necesario adoptar para facer fronte, na Comunidade Autónoma, á crise sanitaria



serán as que poida acordar, ao abeiro da normativa do estado de alarma, o presidente da comunidade autónoma como autoridade competente delegada, e as complementarias que poidan adoptar, no exercicio das súas competencias propias, as autoridades sanitarias autonómicas e, entre elas, a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, ao abeiro do disposto no punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020 citado.

II

Sentado o anterior, no contexto normativo derivado do estado de alarma vixente, e ante a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia, ditouse o Decreto 179/2020, do 4 de novembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas en determinados ámbitos territoriais da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. As ditas medidas consistiron no establecemento de limitacións de entrada e saída de persoas de determinados ámbitos territoriais e en limitacións da permanencia de persoas en espazos de uso público e de uso privado, e en lugares de culto. Conforme o punto quinto do decreto, a eficacia destas medidas estendíase ata as 15.00 horas do día 4 de decembro de 2020, sen prexuízo de que debían ser obxecto de seguimento e de avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria para os efectos, de ser necesario, da súa modificación ou levantamento. Ademais, as ditas medidas debían ser complementadas, como indica o propio decreto, con outras que procede que adopte a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade no exercicio das súas competencias propias como autoridade sanitaria autonómica. Estas medidas complementarias establecéronse mediante a Orde do 4 de novembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que foi modificada en diversas ocasións.

III

A situación da evolución epidemiolóxica xeral na Comunidade Autónoma de Galicia, xunto coa duración inicial das medidas que se viñan aplicando, facía necesario acometer unha revisión delas, tanto das previstas con carácter xeral para a Comunidade Autónoma de Galicia como das particulares aplicables en ámbitos territoriais concretos. Por outra



banda, valorouse tamén a incidencia acumulada que a aplicación das medidas viña supoñendo para sectores concretos da actividade económica e o impacto que estaban a ter na realidade socioeconómica de Galicia.

En concreto, á vista do indicado nos informes da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 3 de decembro de 2020, e tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, a situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia exixía a adopción das medidas que se estableceron na Orde do 3 de decembro de 2020, baseadas na distinción de diversos niveis de restrición, consistentes nun nivel básico, aplicable con carácter xeral en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, e duns niveis medio, medio-alto e de máximas restricións, aplicables de forma progresiva e graduada naqueles concellos cunha máis desfavorable situación epidemiolóxica.

Tamén tiveron en conta a regulación e as limitacións en canto aos grupos de persoas que recolle o Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, de tal modo que na orde se realizou unha revisión das medidas vixentes en canto aos grupos de persoas nas distintas actividades previstas nas medidas de prevención.

Tendo en conta o anterior, ditouse a Orde do 4 de decembro de 2020 pola que se modifica a Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

Así, en primeiro lugar, de acordo cos informes da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 4 de decembro de 2020, a evolución favorable que se producira nos concellos de Oleiros, Burela, Fene, Neda, Lalín e Oroso permitía a aplicación neles das medidas previstas no anexo I da Orde do 3 de decembro de 2020 e, en consecuencia, levantáronse as medidas máis restritivas que se viñan aplicando nestes concellos.

Por outra banda, o concello de Boiro amosaba unha evolución negativa, o que obrigou á aplicación das medidas máis restritivas previstas no anexo IV da citada orde e, no que sexan compatibles con elas, das previstas no anexo III.



IV

A evolución epidemiolóxica e sanitaria de diversos concellos fai necesaria unha nova modificación da Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

De acordo co Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 11 de decembro de 2020, a melloría observada nas taxas a 14 días dos concellos de Silleda, Ribadavia, A Laracha, Cabana de Bergantiños, Malpica de Bergantiños, Vilanova de Arousa e Xinzo de Limia recomenda que tales concellos pasen a un nivel de restrición básico.

No que se refire ao concello de Pontevedra, e dada a melloría observada nas taxas acumuladas, recoméndase que se abandonen as medidas restritivas de máximas restricións para pasar a un nivel de restrición medio-alto.

Así mesmo, no concello de Lugo, dada a melloría observada tamén nas taxas acumuladas, recoméndase que se abandonen as medidas restritivas de nivel medio-alto para pasar a un nivel de restrición medio.

Pola súa banda, Narón, que tiña un nivel de restrición máximo, ao amosar unha clara melloría na situación, recoméndase que pase a un nivel de restrición medio-alto, en que tamén está o concello de Ferrol.

Respecto do Porriño, dado o descenso observado na taxa a 14 días, recoméndase que neste concello se restrinxan as medidas de nivel máximo que se lle aplicaban, para pasar a recomendar que se lle apliquen medidas de nivel medio-alto. Deste xeito, o concello do Porriño pasaría a formar parte do peche perimetral que está xa establecido cos concellos de Mos, Vigo, Nigrán e Gondomar.

Por outro lado, debido á súa situación epidemiolóxica, recoméndase a outros concellos aumentar o seu nivel de restricións. Así, os concellos de Camariñas, Vimianzo e Zas, Tomiño e O Rosal, que se unen á Guarda, Sarreaus e A Rúa, adoptarán medidas de nivel de restrición medio-alto.

En particular, Camariñas e Zas presentan taxas a 14 días por riba dos 300 casos por cada cen mil habitantes, con máis de 20 casos declarados nos últimos 14 días en cada un destes concellos, e a taxa acumulada a 7 días amosa unha tendencia ascendente. Tomiño, cunha taxa acumulada a 14 días de 274,1 casos por cada cen mil habitantes, amosa un ascenso. O Rosal segue a presentar valores maiores aos 250 casos por cada cen mil



habitantes. O concello de Sarreaus presenta unha taxa a 14 días de máis de 3.600 casos por cada cen mil habitantes e o concello da Rúa, unha taxa a 14 días de máis de 340 casos por cada cen mil habitantes.

Tendo en conta o indicado nos ditos informes e tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, procede, en consecuencia, modificar a Orde do 3 de decembro de 2020 no que atinxe aos concellos citados anteriormente.

V

As medidas que se adoptan nesta orde teñen o seu fundamento normativo na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 e 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para adoptar as medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica existente, no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, coa urxencia que a protección da saúde pública demanda.

Na súa virtude, en aplicación do punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. Modificación da Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia

A Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia queda modificada como segue:

Un. Tendo en conta a situación epidemiolóxica e sanitaria no concello de Lugo, quedan sen efecto no dito concello as medidas máis restritivas do anexo III e serán de aplicación nel as medidas previstas no anexo II da dita orde.



En consecuencia, procede modificar a letra d) do número 5 do punto segundo da Orde do 3 de decembro citada e a letra b) do número 4 do punto segundo da Orde do 3 de decembro citada, que queda redactada como segue:

«b) Lugo».

Dous. Tendo en conta a situación epidemiolóxica e sanitaria no concello de Silleda, quedan sen efecto no dito concello as medidas máis restritivas do anexo II e serán de aplicación nel as medidas previstas no anexo I da dita orde.

En consecuencia, procede modificar a letra d) do número 4 do punto segundo da Orde do 3 de decembro citada, que queda sen contido.

Tres. Tendo en conta a situación epidemiolóxica e sanitaria no concello de Narón, quedan sen efecto no dito concello as medidas máis restritivas do anexo IV e serán de aplicación nel as medidas previstas no anexo III da dita orde.

En consecuencia, procede modificar a letra h) do número 6 do punto segundo da Orde do 3 de decembro citada, que queda sen contido, e modificar a letra a) do número 5 do punto segundo da Orde do 3 de decembro citada, que queda redactada como segue:

«a) Ferrol e Narón».

Catro. Tendo en conta a situación epidemiolóxica e sanitaria no concello do Porriño, quedan sen efecto no dito concello as medidas máis restritivas do anexo IV e serán de aplicación nel as medidas previstas no anexo III da dita orde.

En consecuencia, procede modificar a letra j) do número 6 do punto segundo da Orde do 3 de decembro citada, que queda sen contido, e modificar a letra b) do número 5 do punto segundo da Orde do 3 de decembro citada, que queda redactada como segue:

«b) Vigo, Mos, Nigrán, O Porriño e Gondomar».

Cinco. Tendo en conta a situación epidemiolóxica e sanitaria no concello de Vilanova de Arousa, quedan sen efecto no dito concello as medidas máis restritivas do anexo III e serán de aplicación nel as medidas previstas no anexo I da dita orde.

En consecuencia, procede modificar a letra c) do número 5 do punto segundo da Orde do 3 de decembro citada, que queda redactada como segue:

«c) Vilagarcía de Arousa».



Seis. Tendo en conta a situación epidemiolóxica e sanitaria no concello da Rúa, seranlle de aplicación as medidas máis restritivas previstas no citado anexo III.

En consecuencia, procede modificar a letra d) do número 5 do punto segundo da Orde do 3 de decembro citada, que queda redactada como segue:

«d) A Rúa».

Sete. Tendo en conta a situación epidemiolóxica e sanitaria nos concellos de Pontevedra, Marín e Poio, quedan sen efecto nos ditos concellos as medidas máis restritivas do anexo IV e serán de aplicación neles as medidas previstas no anexo III da dita orde.

En consecuencia, procede modificar a letra a) do número 6 do punto segundo da Orde do 3 de decembro citada, que queda sen contido, e modificar a letra e) do número 5 do punto segundo da Orde do 3 de decembro citada, que queda redactada como segue:

«e) Pontevedra, Marín e Poio».

Oito. Tendo en conta a situación epidemiolóxica e sanitaria nos concellos de Cabana de Bergantiños e Malpica de Bergantiños, quedan sen efecto nos ditos concellos as medidas máis restritivas do anexo III e serán de aplicación neles as medidas previstas no anexo I da dita orde.

En consecuencia, procede modificar a letra g) do número 5 do punto segundo da Orde do 3 de decembro citada, que queda redactada como segue:

«g) Coristanco e Ponteceso».

Nove. Tendo en conta a situación epidemiolóxica e sanitaria nos concellos de Camariñas e Zas, resultan de aplicación nos ditos concellos as medidas máis restritivas do anexo III da dita orde.

En consecuencia, procede modificar a letra k) do número 5 do punto segundo da Orde do 3 de decembro citada, que queda redactada como segue:

«k) Vimianzo, Camariñas e Zas».

Dez. Tendo en conta a situación epidemiolóxica e sanitaria no concello de Ribadavia, quedan sen efecto no dito concello as medidas máis restritivas do anexo III e serán de aplicación nel as medidas previstas no anexo I da dita orde. Por outra banda, tendo en conta



a situación epidemiolóxica e sanitaria no concello de Sarreaus, serán de aplicación neste concello as medidas máis restritivas previstas no citado anexo III.

En consecuencia, procede modificar a letra l) do número 5 do punto segundo da Orde do 3 de decembro citada, que queda redactada como segue:

«l) Sarreaus».

Once. Tendo en conta a situación epidemiolóxica e sanitaria no concello de Xinzo de Limia, quedan sen efecto no dito concello as medidas máis restritivas do anexo III e serán de aplicación nel as medidas previstas no anexo I da dita orde.

En consecuencia, procede modificar a letra m) do número 5 do punto segundo da Orde do 3 de decembro citada, que queda sen contido.

Doce. Tendo en conta a situación epidemiolóxica e sanitaria nos concellos de Tomiño e O Rosal, aplicaranse nos ditos concellos as medidas máis restritivas do anexo III da dita orde.

En consecuencia, procede modificar a letra o) do número 5 do punto segundo da Orde do 3 de decembro citada, que queda redactada como segue:

«o) A Guarda, Tomiño e O Rosal».

Trece. Tendo en conta a situación epidemiolóxica e sanitaria no concello da Laracha, quedan sen efecto no dito concello as medidas máis restritivas do anexo IV e serán de aplicación nel as medidas previstas no anexo I da dita orde.

En consecuencia, procede modificar a letra c) do número 6 do punto segundo da Orde do 3 de decembro citada, que queda redactada como segue:

«c) Carballo».

Segundo. *Eficacia*

As medidas previstas nesta orde terán efectos desde as 00.00 horas do día 12 de decembro de 2020.

Santiago de Compostela, 11 de decembro de 2020

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade



I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 4 de decembro de 2020 pola que se modifica a Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

I

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto do dito acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderán ser obxecto de modificación ou supresión, mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade.

Así mesmo, indícase no dito punto sexto, na redacción vixente, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de acordo coa normativa aplicable e á vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou en parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación das medidas concretas contidas no anexo.



Mediante o Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, declarouse o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. A dita declaración afectou todo o territorio nacional e a súa duración inicial estendeuse, conforme o disposto no seu artigo 4, ata as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020.

Conforme o artigo 2 do dito real decreto, para os efectos do estado de alarma, a autoridade competente será o Goberno da Nación. En cada comunidade autónoma e cidade con estatuto de autonomía, a autoridade competente delegada será quen exerza a presidencia da comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía, nos termos establecidos no real decreto. As autoridades competentes delegadas quedan habilitadas para ditar, por delegación do Goberno da Nación, as ordes, resolucións e disposicións para a aplicación do previsto nos artigos 5 a 11 do real decreto, sen que para iso sexa precisa a tramitación de procedemento administrativo ningún, nin será de aplicación o previsto no segundo parágrafo do artigo 8.6 e no artigo 10.8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O 29 de outubro de 2020, o Congreso dos Deputados autorizou a prórroga do estado de alarma ata o 9 de maio de 2021. Conforme o artigo 2 do Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, a prórroga establecida no dito real decreto estenderase desde as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020 ata as 00.00 horas do día 9 de maio de 2021 e someterase ás condicións establecidas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, e nos decretos que, se é o caso, se adopten en uso da habilitación conferida pola disposición derradeira primeira do citado Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, sen prexuízo do establecido nas disposicións que recolle o propio real decreto de prórroga.

En consecuencia, durante a vixencia do estado de alarma e da súa prórroga, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, deberán adoptarse, na condición de autoridade competente delegada, nos termos previstos no dito real decreto e no real decreto de prórroga.

Non obstante, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, non esgotan todas as que poden ser adoptadas para facer fronte á crise sanitaria. Neste sentido, como prevé expresamente o seu artigo 12, cada Administración conservará as competencias que lle outorga a lexislación vixente, así como a xestión dos seus servizos e do seu persoal, para adoptar as medidas que considere necesarias, sen prexuízo do establecido no real decreto.



Polo tanto, durante a vixencia do estado de alarma e das súas prórrogas, as medidas que sexa necesario adoptar para facer fronte, na Comunidade Autónoma, á crise sanitaria serán as que poida acordar, ao abeiro da normativa do estado de alarma, o presidente da comunidade autónoma como autoridade competente delegada, e as complementarias que poidan adoptar, no exercicio das súas competencias propias, as autoridades sanitarias autonómicas e, entre elas, a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, ao abeiro do disposto no punto sexto do Acordo do Consello da Xunta do 12 de xuño de 2020 citado.

II

Sentado o anterior, no contexto normativo derivado do estado de alarma vixente, e ante a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia, ditouse o Decreto 179/2020, do 4 de novembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas en determinados ámbitos territoriais da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. As ditas medidas consistiron no establecemento de limitacións de entrada e saída de persoas de determinados ámbitos territoriais e en limitacións da permanencia de persoas en espazos de uso público e de uso privado, e en lugares de culto. Conforme o punto quinto do decreto, a eficacia destas medidas estendíase ata as 15.00 horas do 4 de decembro de 2020, sen prexuízo de que debían ser obxecto de seguimento e de avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria para os efectos, de ser necesario, da súa modificación ou levantamento. Ademais, as ditas medidas debían ser complementadas, como indica o propio decreto, con outras que procede que adopte a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade no exercicio das súas competencias propias como autoridade sanitaria autonómica. Estas medidas complementarias establecéronse mediante a Orde do 4 de novembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que foi modificada en diversas ocasións.

III

A situación da evolución epidemiolóxica xeral na Comunidade Autónoma de Galicia, xunto coa duración inicial das medidas que se viñan aplicando, facía necesario acometer unha revisión delas, tanto das previstas con carácter xeral para a Comunidade Autónoma



de Galicia como das particulares aplicables en ámbitos territoriais concretos. Por outra banda, valorouse tamén a incidencia acumulada que a aplicación das medidas viña supoñendo para sectores concretos da actividade económica e o impacto que estaban a ter na realidade socioeconómica de Galicia.

En concreto, á vista do indicado nos informes da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 3 de decembro de 2020, e tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, a situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia exixía a adopción das medidas que se estableceron na Orde do 3 de decembro de 2020, baseadas na distinción de diversos niveis de restrición, consistentes nun nivel básico, aplicable con carácter xeral en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, e duns niveis medio, medio-alto e de máximas restricións, aplicables de forma progresiva e graduada naqueles concellos cunha máis desfavorable situación epidemiolóxica.

Tamén tiveron en conta a regulación e as limitacións en canto aos grupos de persoas que recolle o Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, de tal modo que na orde se realizou unha revisión das medidas vixentes en canto aos grupos de persoas nas distintas actividades previstas nas medidas de prevención.

IV

A evolución epidemiolóxica e sanitaria de diversos concellos fai necesaria unha modificación da Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

Así, en primeiro lugar, de acordo cos informes da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 4 de decembro de 2020, a evolución favorable que se produciu nos concellos de Oleiros, Burela, Fene, Neda, Lalín e Oroso permite a aplicación neles das medidas previstas no anexo I da Orde do 3 de decembro de 2020 e, en consecuencia, levántanse as medidas máis restritivas que se viñan aplicando nestes concellos.

Por outra banda, o concello de Boiro amosa unha evolución negativa, o que obriga á aplicación das medidas máis restritivas previstas no anexo IV da citada orde e, no que



sexan compatibles con elas, das previstas no anexo III. Así mesmo, no que sexa compatible cos dous anexos citados, serán de aplicación as medidas recollidas no anexo I da dita orde.

Neste sentido, o Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 4 de decembro de 2020, sobre a comarca da Barbanza, indica que no concello de Boiro a taxa de incidencia acumulada a 14 días é de 366,3 casos por cada cen mil habitantes, cunha declaración diaria de casos nos últimos 14 días e unha media de 10 casos/día nos últimos tres días. As idades coa porcentaxe de positividade máis elevada son as de 35 a 39 anos e o grupo de 25 a 29 anos é o que presenta a maior taxa de incidencia. Nestes grupos de idade, a enfermidade podería presentarse dun xeito asintomático ou pauciasintomático, o que facilita a difusión do virus. De acordo co indicado, dado que Boiro é un concello con máis de 10.000 habitantes que presenta unha incidencia acumulada a 14 días de máis de 250 casos por cada cen mil habitantes, o informe recomenda que se lle aplique o nivel de máximas restricións da Orde do 3 de decembro.

Tendo en conta o indicado nos ditos informes, e tras escoitar as recomendacións do Subcomité Clínico reunido para estes efectos, procede, en consecuencia, modificar a Orde do 3 de decembro de 2020 no que atinxe aos concellos citados anteriormente.

V

As medidas que se adoptan nesta orde teñen o seu fundamento normativo na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 e 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para adoptar as medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica existente, no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, coa urxencia que a protección da saúde pública demanda.

Na súa virtude, en aplicación do punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transi-



ción cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. Modificación da Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia

A Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia queda modificada como segue:

Un. Tendo en conta a situación epidemiolóxica e sanitaria no concello de Oleiros, quedan sen efecto no dito concello as medidas máis restritivas do anexo II e serán de aplicación nel as medidas previstas no anexo I da dita orde.

En consecuencia, procede modificar a letra a) do número 4 do punto segundo da Orde do 3 de decembro citada, que queda redactada como segue:

«a) A Coruña, Culleredo, Arteixo e Cambre».

Dous. Tendo en conta a situación epidemiolóxica e sanitaria no concello de Burela, quedan sen efecto no dito concello as medidas máis restritivas do anexo II e serán de aplicación nel as medidas previstas no anexo I da dita orde.

En consecuencia, procede modificar a letra b) do número 4 do punto segundo da Orde do 3 de decembro citada, que queda sen contido.

Tres. Tendo en conta a situación epidemiolóxica e sanitaria nos concellos de Fene e Neda, quedan sen efecto nos ditos concellos as medidas máis restritivas do anexo II e serán de aplicación neles as medidas previstas no anexo I da dita orde.

En consecuencia, procede modificar a letra a) do número 5 do punto segundo da Orde do 3 de decembro citada, que queda redactada como segue:

«a) Ferrol».



Catro. Tendo en conta a situación epidemiolóxica e sanitaria no concello de Lalín, quedan sen efecto no dito concello as medidas máis restritivas do anexo III e serán de aplicación nel as medidas previstas no anexo I da dita orde.

En consecuencia, procede modificar a letra e) do número 5 do punto segundo da Orde do 3 de decembro citada, que queda sen contido.

Cinco. Tendo en conta a situación epidemiolóxica e sanitaria no concello de Oroso, quedan sen efecto no dito concello as medidas máis restritivas do anexo III e serán de aplicación nel as medidas previstas no anexo I da dita orde.

En consecuencia, procede modificar a letra j) do número 5 do punto segundo da Orde do 3 de decembro citada, que queda sen contido.

Seis. Tendo en conta a situación epidemiolóxica e sanitaria no concello de Boiro, resultan de aplicación no dito concello as medidas máis restritivas previstas no anexo IV e, no que sexan compatibles con elas, as previstas no anexo III da Orde do 3 de decembro de 2020. Así mesmo, no que sexa compatible cos dous anexos citados, serán de aplicación as medidas recollidas no anexo I da dita orde.

En consecuencia, procede engadir unha letra m) ao número 6 do punto segundo da Orde do 3 de decembro citada, coa seguinte redacción:

«m) Boiro».

Segundo. *Eficacia*

As medidas previstas nesta orde terán efectos desde as 00.00 horas do día 5 de decembro de 2020.

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2020

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade



I. DISPOSICIÓN XERAIS**PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA**

DECRETO 203/2020, do 4 de decembro, polo que se modifica o Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

I

A expansión do coronavirus COVID-19 xerou unha crise sanitaria sen precedentes recentes. Así, tras a elevación pola Organización Mundial da Saúde da situación de emerxencia de saúde pública pola dita causa a nivel de pandemia internacional e a adopción, por algunhas comunidades autónomas como a galega, de medidas de prevención, mediante o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, declarouse o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, declaración que afectou todo o territorio nacional, cunha duración inicial de quince días naturais, pero que foi obxecto de sucesivas prórrogas autorizadas polo Congreso dos Deputados.

O levantamento dese estado de alarma, non obstante, non puxo fin á crise sanitaria, o que xustificou a adopción de medidas, como as previstas, no ámbito estatal, no Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, así como as medidas de prevención que foron adoptando as diferentes comunidades autónomas. En concreto, no caso da Comunidade Autónoma de Galicia, a resposta á crise sanitaria foi, fundamentalmente, ademais do mantemento da declaración de situación de emerxencia sanitaria efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, a adopción, ao abeiro da lexislación sanitaria, ordinaria e orgánica, de medidas de prevención, tanto de carácter xeral, para todo o territorio autonómico, como de maneira específica, a través de diferentes ordes da persoa titular da Consellería de Sanidade, en atención á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

Mediante o Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, declarouse o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. A dita declaración afectou todo o territorio nacional e a súa duración inicial esténdese, conforme o disposto no seu artigo 4, ata as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020.



Conforme o artigo 2 do dito real decreto, para os efectos do estado de alarma, a autoridade competente será o Goberno da Nación. En cada comunidade autónoma e cidade con estatuto de autonomía, a autoridade competente delegada será quen desempeñe a presidencia da comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía, nos termos establecidos no real decreto. As autoridades competentes delegadas quedan habilitadas para ditar, por delegación do Goberno da Nación, as ordes, resolucións e disposicións para a aplicación do previsto nos artigos 5 a 11 do real decreto, sen que para iso sexa preciso tramitar ningún procedemento administrativo, nin será de aplicación o previsto no segundo parágrafo do artigo 8.6 e no artigo 10.8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

En concreto, o artigo 6 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, prevé que a autoridade competente delegada que corresponda poderá limitar a entrada e saída de persoas no territorio de cada comunidade autónoma ou en ámbitos territoriais de carácter xeograficamente inferiores á comunidade autónoma, coas excepcións previstas no artigo 6.1.

Pola súa banda, o artigo 7 do mesmo texto normativo dispón que a permanencia de grupos de persoas en espazos de uso público, tanto pechados como ao aire libre, quedará condicionada a que non se supere o número máximo de seis persoas, salvo que se trate de conviventes, e sen prexuízo das excepcións que se establezan en relación con dependencias, instalacións e establecementos abertos ao público. A permanencia de grupos de persoas en espazos de uso privado quedará condicionada a que non se supere o número máximo de seis persoas, salvo que se trate de conviventes. No caso das agrupacións en que se inclúan tanto persoas conviventes como persoas non conviventes, o número máximo será de seis persoas. Conforme o artigo 9, a eficacia desta medida nunha comunidade autónoma producirase cando a autoridade competente delegada o determine. Ademais, o artigo 7 recolle a posibilidade de que a autoridade competente delegada correspondente determine, no seu ámbito territorial, á vista da evolución dos indicadores sanitarios, epidemiolóxicos, sociais, económicos e de mobilidade, logo de comunicación ao Ministerio de Sanidade, e de acordo co previsto no artigo 13, que o número máximo sexa inferior a seis persoas, salvo que se trate de conviventes. Así mesmo, as autoridades competentes delegadas poderán, no seu ámbito territorial, establecer excepcións respecto de persoas menores ou dependentes, así como calquera outra flexibilización da limitación.

De acordo co artigo 8 do real decreto, a autoridade competente delegada poderá limitar a permanencia de persoas en lugares de culto mediante a fixación de limitación de capacidade para reunións, celebracións e encontros relixiosos, atendendo ao risco de transmisión que poida resultar dos encontros colectivos, sen que a dita limitación poida afectar en ningún caso o exercicio privado e individual da liberdade relixiosa.



E, conforme o artigo 10 da norma, a autoridade competente delegada en cada comunidade autónoma poderá, no seu ámbito territorial, á vista da evolución dos indicadores sanitarios, epidemiolóxicos, sociais, económicos e de mobilidade, logo de comunicación ao Ministerio de Sanidade, e de acordo co previsto no artigo 13, modular, flexibilizar e suspender a aplicación das medidas previstas nos artigos 6, 7 e 8, co alcance e ámbito territorial que determine.

O 29 de outubro de 2020, o Congreso dos Deputados autorizou a prórroga do estado de alarma ata o 9 de maio de 2021. Conforme o artigo 2 do Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, a prórroga establecida no dito real decreto estenderase desde as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020 ata as 00.00 horas do día 9 de maio de 2021, e someterase ás condicións establecidas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, e nos decretos que, se é o caso, se adopten en uso da habilitación conferida pola disposición derradeira primeira do citado Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, sen prexuízo do establecido nas disposicións que recolle o propio real decreto de prórroga.

En consecuencia, durante a vixencia do estado de alarma e da súa prórroga, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, deberán adoptarse na condición de autoridade competente delegada, nos termos previstos no dito real decreto e no real decreto de prórroga.

Non obstante, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, non esgotan todas as que poden ser adoptadas para facer fronte á crise sanitaria. Neste sentido, como prevé expresamente o seu artigo 12, cada Administración conservará as competencias que lle outorga a lexislación vixente, así como a xestión dos seus servizos e do seu persoal, para adoptar as medidas que considere necesarias, sen prexuízo do establecido no real decreto.

Polo tanto, como destaca a propia exposición de motivos do real decreto, durante a vixencia do estado de alarma, as administracións sanitarias competentes en saúde pública, no non previsto nesa norma, deberán continuar adoptando as medidas necesarias para afrontar a situación de emerxencia de saúde pública ocasionada polo COVID-19, conforme a lexislación sanitaria, en particular, a Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; a Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, e a Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, así como a normativa autonómica correspondente.



II

Neste contexto normativo derivado do estado de alarma vixente, e ante a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia, ditouse o Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

Así, o dito decreto respondeu á situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia mediante a adopción, na condición de autoridade competente delegada, das seguintes medidas:

a) Establecemento, con efectos desde as 00.00 horas do día 4 de decembro de 2020, de limitacións da entrada e saída de persoas en determinados ámbitos territoriais, agás certas excepcións, coa finalidade de controlar a transmisión da enfermidade e de conter a irradiación a outros lugares limítrofes dos correspondentes ámbitos territoriais delimitados.

b) Limitación, con efectos desde as 00.00 horas do día 4 de decembro de 2020, e con carácter xeral no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, da permanencia de grupos de persoas en espazos de uso público e de uso privado, agás supostos excepcionais e xustificados, aos formados por un máximo de seis persoas, agás que sexan persoas conviventes.

Non obstante o anterior, en determinados ámbitos territoriais e atendida a situación epidemiolóxica e sanitaria máis desfavorable existente neles ou en concellos cos cales existe unha forte interrelación, procedeuse a establecer a medida máis restritiva consistente na limitación de grupos aos constituídos por catro persoas, agás que sexan persoas conviventes.

c) Limitación da permanencia de persoas en lugares de culto. Mantivéronse, con efectos desde as 00.00 horas do día 4 de decembro de 2020, os límites de capacidade que se viñan aplicando actualmente na Comunidade Autónoma de Galicia, adaptando a súa aplicación á nova situación existente. Todo isto co fin de evitar concentracións de persoas e de manter a coherencia cos límites de capacidade que se prevén para outras actividades co obxectivo de previr e reducir o risco de transmisión.



Respecto da eficacia das medidas, de acordo co punto quinto do decreto, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, estas deben ser obxecto de seguimento e de avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria, para os efectos, de ser necesario, da súa modificación ou levantamento.

Por último, procede indicar que o Comité Clínico, á vista da evolución da pandemia no norte de Portugal e da súa situación epidemiolóxica, moi diferente á de Galicia, instou a Administración autonómica á adopción de medidas temporais restritivas da mobilidade para evitar desprazamentos de poboación entre estes territorios, tendo en conta razóns sanitarias e epidemiolóxicas e, en particular, valorando a proximidade dunha ponte festiva en que é previsible que se produza un aumento dos desprazamentos por razóns meramente recreativas, turísticas ou de ocio. Con esta finalidade de evitar desprazamentos de poboación nas vindeiras festividades, restrínxese no Decreto 202/2020, do 3 de decembro, de forma temporal, a entrada e saída de persoas do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia desde as 00.00 horas do día 4 de decembro de 2020 ata as 00.00 horas do día 9 de decembro de 2020, salvo para aqueles desprazamentos, adecuadamente xustificados, que se produzan por algún dos motivos previstos no número 3 do punto primeiro do decreto, e sen prexuízo da circulación en tránsito prevista no número 4 do seu punto primeiro.

III

O proceso constante de revisión da situación sanitaria e epidemiolóxica resulta indispensable para manter un nivel de perfecta correspondencia entre as medidas adoptadas e a situación sanitaria que as xustifica. Neste sentido, a evolución epidemiolóxica e sanitaria de diversos concellos fai necesaria unha modificación do Decreto 202/2020, do 3 de decembro.

Así, en primeiro lugar, de acordo cos informes da Dirección Xeral de Saúde Pública do 4 de decembro de 2020, a evolución favorable que se produciu nos concellos de Oleiros, Burela, Fene, Neda, Lalín e Oroso determina que deba levantarse, nos ditos concellos, a limitación perimetral, así como as limitacións máis restritivas ás agrupacións de persoas en espazos de uso público e de uso privado e en lugares de culto que eran de aplicación nalgún deles de acordo co número 2 do punto segundo e co número 2 do punto terceiro do Decreto 202/2020, do 3 de decembro.

Por outra banda, a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria do concello de Boiro determina a necesidade de aplicación no dito concello, con urxencia, das limitacións



de entrada e saída de persoas previstas no punto primeiro do Decreto 202/2020, do 3 de decembro, e das limitacións máis restritivas ás agrupacións de persoas en espazos de uso público e de uso privado e en lugares de culto, contidas, respectivamente, no número 2 do punto segundo e no número 2 do punto terceiro do dito decreto.

Neste sentido, o Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 4 de decembro de 2020, sobre a comarca da Barbanza, indica que no concello de Boiro a taxa de incidencia acumulada a 14 días é de 366,3 casos por cada cen mil habitantes, cunha declaración diaria de casos nos últimos 14 días e unha media de 10 casos/día nos últimos tres días. As idades coa porcentaxe de positividade máis elevada son as de 35 a 39 anos, sendo o grupo de 25 a 29 anos o que presenta a maior taxa de incidencia. Nestes grupos de idade a enfermidade podería presentarse dun xeito asintomático ou pauciasintomático, o que facilita a difusión do virus. De acordo co indicado, dado que Boiro é un concello con máis de 10.000 habitantes que presenta unha incidencia acumulada a 14 días de máis de 250 casos por cada cen mil habitantes, o informe recomenda que se lle apliquen medidas máis restritivas.

Tendo en conta o indicado nos ditos informes e tras escoitar as recomendacións do Subcomité Clínico reunido para estes efectos, procede, en consecuencia, modificar o Decreto 202/2020, do 3 de decembro, no que atinxe aos concellos citados anteriormente.

De acordo co exposto, por proposta do conselleiro de Sanidade, e na condición de autoridade competente delegada, por delegación do Goberno da Nación, conforme o disposto nos artigos 2, 6, 7, 8, 9 e 10 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2,

DISPOÑO:

Primeiro. Modificación do Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2

O Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise



sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, queda modificado como segue:

Un. Tendo en conta a situación epidemiolóxica e sanitaria no concello de Oleiros, exclúese o dito concello da aplicación das limitacións de entrada e saída de persoas contidas no número 1 do punto primeiro do Decreto 202/2020, do 3 de decembro, modificando para tal fin a letra a) do citado número 1 do punto primeiro, que queda redactada como segue:

«a) Do ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos da Coruña, Culleredo, Arteixo e Cambre».

Dous. Tendo en conta a situación epidemiolóxica e sanitaria nos concellos de Neda e Fene, exclúense os ditos concellos da aplicación das limitacións de entrada e saída de persoas contidas no número 1 do punto primeiro do Decreto 202/2020, do 3 de decembro, modificando para tal fin a letra d) do citado número 1 do punto primeiro, que queda redactada como segue:

«d) Do ámbito territorial do concello de Ferrol».

Tres. Tendo en conta a situación epidemiolóxica e sanitaria no concello de Lalín, exclúese o dito concello da aplicación das limitacións de entrada e saída de persoas contidas no número 2 do punto primeiro do Decreto 202/2020, do 3 de decembro. Por outra banda, tendo en conta a situación epidemiolóxica e sanitaria do concello de Boiro, resulta necesario aplicar neste concello as citadas limitacións de entrada e saída de persoas, polo que procede modificar para tal fin a letra f) do citado número 2 do punto primeiro, que queda redactada como segue:

«f) Do ámbito territorial do concello de Boiro».

Catro. Tendo en conta a situación epidemiolóxica e sanitaria no concello de Burela, exclúese o dito concello da aplicación das limitacións de entrada e saída de persoas contidas no número 2 do punto primeiro do Decreto 202/2020, do 3 de decembro, modificando para tal fin a letra ñ) do citado número 2 do punto primeiro, que queda sen contido.

Cinco. Tendo en conta a situación epidemiolóxica e sanitaria no concello de Oroso, exclúese o dito concello da aplicación das limitacións de entrada e saída de persoas contidas



no número 2 do punto primeiro do Decreto 202/2020, do 3 de decembro, modificando para tal fin a letra p) do citado número 2 do punto primeiro, que queda sen contido.

Seis. Tendo en conta a situación epidemiolóxica e sanitaria nos concellos de Neda e Fene, exclúense os ditos concellos da aplicación das limitacións da permanencia de grupos de persoas en espazos públicos ou privados contidas no número 2 do punto segundo do Decreto 202/2020, do 3 de decembro, modificando para tal fin a letra c) do citado número 2 do punto segundo, que queda redactada como segue:

«c) Concello de Ferrol».

Sete. Tendo en conta a situación epidemiolóxica e sanitaria no concello de Lalín, exclúese o dito concello da aplicación das limitacións da permanencia de grupos de persoas en espazos públicos ou privados contidas no número 2 do punto segundo do Decreto 202/2020, do 3 de decembro.

Por outra banda, tendo en conta a situación sanitaria e epidemiolóxica no concello de Boiro, procede a aplicación neste último das limitacións da permanencia de grupos de persoas en espazos públicos ou privados contidas no número 2 do punto segundo do Decreto 202/2020, do 3 de decembro, modificando para tal fin a letra ñ) do citado número 2 do punto segundo, que queda redactada como segue:

«ñ) Concello de Boiro».

Oito. Tendo en conta a situación epidemiolóxica e sanitaria no concello de Oroso, exclúese o dito concello da aplicación das limitacións da permanencia de grupos de persoas en espazos públicos ou privados contidas no número 2 do punto segundo do Decreto 202/2020, do 3 de decembro, modificando para tal fin a letra w) do citado número 2 do punto segundo, que queda sen contido.

Segundo. *Eficacia*

Este decreto terá efectos desde as 00.00 horas do día 5 de decembro de 2020.

Terceiro. *Recursos*

Contra o presente decreto poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo, no prazo de dous meses con-



tados desde o día seguinte ao da súa publicación, conforme os artigos 12.1.a) e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, catro de decembro de dous mil vinte

Alberto Núñez Feijóo
Presidente da Xunta de Galicia

CVE-DOG: vyzs7mg8-wnw4-fff1-4293-8clcovsxbz5



I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

I

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto do dito acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderán ser obxecto de modificación ou supresión, mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade.

Así mesmo, indícase no dito punto sexto, na redacción vixente, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de acordo coa normativa aplicable e á vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou en parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación das medidas concretas contidas no anexo.

Mediante o Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, declarouse o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. A dita declaración



afectou todo o territorio nacional e a súa duración inicial estendeuse, conforme o disposto no seu artigo 4, ata as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020.

Conforme o artigo 2 do dito real decreto, para os efectos do estado de alarma, a autoridade competente será o Goberno da Nación. En cada comunidade autónoma e cidade con estatuto de autonomía, a autoridade competente delegada será quen exerza a presidencia da comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía, nos termos establecidos no real decreto. As autoridades competentes delegadas quedan habilitadas para ditar, por delegación do Goberno da Nación, as ordes, resolucións e disposicións para a aplicación do previsto nos artigos 5 a 11 do real decreto, sen que para iso sexa precisa a tramitación de procedemento administrativo ningún, nin será de aplicación o previsto no segundo parágrafo do artigo 8.6 e no artigo 10.8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O 29 de outubro de 2020, o Congreso dos Deputados autorizou a prórroga do estado de alarma ata o 9 de maio de 2021. Conforme o artigo 2 do Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, a prórroga establecida no dito real decreto estenderase desde as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020 ata as 00.00 horas do día 9 de maio de 2021, e someterase ás condicións establecidas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, e nos decretos que, se é o caso, se adopten en uso da habilitación conferida pola disposición derradeira primeira do citado Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, sen prexuízo do establecido nas disposicións que recolle o propio real decreto de prórroga.

En consecuencia, durante a vixencia do estado de alarma e da súa prórroga, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, deberán adoptarse, na condición de autoridade competente delegada, nos termos previstos no dito real decreto e no real decreto de prórroga.

Non obstante, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, non esgotan todas as que poden ser adoptadas para facer fronte á crise sanitaria. Neste sentido, como prevé expresamente o seu artigo 12, cada Administración conservará as competencias que lle outorga a lexislación vixente, así como a xestión dos seus servizos e do seu persoal, para adoptar as medidas que considere necesarias, sen prexuízo do establecido no real decreto.



Polo tanto, durante a vixencia do estado de alarma e das súas prórrogas, as medidas que sexa necesario adoptar para facer fronte, na Comunidade Autónoma, á crise sanitaria serán as que poida acordar, ao abeiro da normativa do estado de alarma, o presidente da Comunidade Autónoma como autoridade competente delegada, e as complementarias que poidan adoptar, no exercicio das súas competencias propias, as autoridades sanitarias autonómicas e, entre elas, a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, ao abeiro do disposto no punto sexto do Acordo do Consello da Xunta do 12 de xuño de 2020 citado.

II

Sentado o anterior, no contexto normativo derivado do estado de alarma vixente, e ante a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia, ditouse o Decreto 179/2020, do 4 de novembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas en determinados ámbitos territoriais da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. As ditas medidas consistiron no establecemento de limitacións de entrada e saída de persoas de determinados ámbitos territoriais e en limitacións da permanencia de persoas en espazos de uso público e de uso privado e en lugares de culto. Conforme o punto quinto do decreto, a eficacia destas medidas estendíase ata as 15.00 horas do 4 de decembro de 2020, sen prexuízo do cal debían ser obxecto de seguimento e de avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria para os efectos, de ser necesario, da súa modificación ou levantamento. Ademais, as ditas medidas debían ser complementadas, como indica o propio decreto, con outras que procede que adopte a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade no exercicio das súas competencias propias como autoridade sanitaria autonómica. Estas medidas complementarias establecéronse mediante a Orde do 4 de novembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que foi modificada en diversas ocasións.

III

A situación da evolución epidemiolóxica xeral na Comunidade Autónoma de Galicia, xunto coa duración inicial das medidas que se viñan aplicando, fai necesario acometer unha revisión delas, tanto das previstas con carácter xeral para a Comunidade Autónoma



de Galicia como das particulares aplicables en ámbitos territoriais concretos. Por outra banda, cómpre valorar tamén a incidencia acumulada que a aplicación das medidas viña supoñendo para sectores concretos da actividade económica, e o impacto que estaban a ter na realidade socioeconómica de Galicia.

En concreto, á vista do indicado nos informes da Dirección Xeral de Saúde Pública do 3 de decembro de 2020 e tras escoitar as recomendacións do comité clínico reunido para estes efectos, a situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia exige a adopción das medidas que se establecen nesta orde, baseadas na distinción de diversos niveis de restrición, consistentes nun nivel básico, aplicable con carácter xeral en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, e duns niveis medio, medio-alto e de máximas restricións, aplicables de forma progresiva e graduada naqueles concellos cunha máis desfavorable situación epidemiolóxica.

En particular, esta orde determina o concreto nivel en que se atopan os concellos que presentan a indicada situación máis desfavorable, tendo en conta diversos criterios como os datos de incidencia acumulada en diversos períodos de tempo ou no colectivo de persoas maiores de 65 anos, modulados en atención a diversos factores como a porcentaxe de PCR positivas durante determinados períodos, a evolución no número de casos, a poboación e características dos abrochos, a porcentaxe de ocupación de camas de críticos por COVID, a porcentaxe de pacientes atendidos no circuito COVID nos servizos de urxencias hospitalarias ou a porcentaxe de casos que previamente estaban corentenados.

En relación co nivel de restricións aplicable actualmente, de acordo co disposto na redacción vixente da Orde do 4 de novembro de 2020, cabe destacar que, dada a evolución favorable dos concellos de Ourense, Barbadás e O Pereiro de Aguiar, se levantan neste ámbito territorial as medidas máis restritivas que lles eran aplicables e pasa a serlles aplicable o nivel básico de restricións. Tamén pasa a ser aplicable este nivel no ámbito territorial dos concellos de Ames, Santiago de Compostela e Teo.

Así mesmo, pasan ao nivel básico o concello da Estrada e o concello de Ares, tendo en conta a evolución favorable da súa situación epidemiolóxica.

Por outro lado, tendo en conta a taxa de incidencia acumulada a 14 días das Pontes de García Rodríguez (de máis de 250 casos por cada cen mil habitantes), deben aplicarse neste concello, de acordo co informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, medidas máis restritivas, correspondentes ao nivel de máximas restricións.



Ademais, o concello da Guarda presenta unha taxa acumulada a 14 días de 370,9 casos por cada cen mil habitantes, polo que o informe da Dirección Xeral de Saúde Pública recomenda a aplicación de medidas máis restritivas, correspondentes coa aplicación do nivel de restricións medio-alto.

Tamén se realiza unha revisión dos distintos niveis de restricións aplicables a determinados concellos para adaptalos á súa situación epidemiolóxica. Así, pasan a aplicarse medidas menos restritivas, dada a súa evolución favorable, noutros concellos, como A Coruña, Culleredo, Arteixo, Oleiros, Cambre, Burela, Laxe, Silleda, Soutomaior, Ponte Caldelas, Barro e Cerdedo-Cotobade, que quedan situados nun nivel de restricións medio.

Polo demais, tendo en conta a regulación e as limitacións en canto aos grupos de persoas que recolle o Decreto 202/2020, do 3 de decembro de 2020, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, realízase unha revisión das medidas vixentes en canto aos grupos de persoas nas distintas actividades previstas nas medidas de prevención.

Debe destacarse, en particular, en relación coa situación anterior, que se efectúa unha nova regulación das medidas aplicables á hostalaría nos distintos niveis, tendo en conta a evolución da situación sanitaria, de tal modo que se posibilita nos niveis medio, medio-alto e incluso de restricións máximas, o desempeño da actividade flexibilizando as medidas ata o de agora existentes. Así, elimínase a medida de prevención que se viña aplicando no anterior nivel elevado de restricións, consistente en que as mesas debían estar conformadas por persoas conviventes, e permítese a apertura do interior ou de terrazas, con determinadas capacidades máximas ou ata determinadas horas, segundo o nivel de restricións aplicable, en supostos en que antes non era posible.

IV

As medidas que se adoptan nesta orde teñen o seu fundamento normativo na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 e 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.



Na dita lexislación sanitaria non se recolle unha lista pechada de medidas de prevención, senón que se poderán adoptar, de acordo cos principios de precaución e de proporcionalidade que deben rexer as actuacións en materia de saúde, as necesarias para facer fronte ao concreto risco sanitario de que se trate.

Por outra banda, as medidas de prevención que se recollen nesta orde teñen un evidente fundamento sanitario, dados os riscos de transmisión dunha enfermidade contaxiosa como a que nos ocupa, e a vixilancia, inspección e control do seu cumprimento corresponde aos concellos, sen prexuízo das competencias da Consellería de Sanidade, tendo en conta a condición de autoridade sanitaria dos alcaldes e alcaldesas (artigo 33.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia), das competencias dos concellos do control sanitario de actividades e servizos que impacten na saúde da súa cidadanía, dos lugares de convivencia humana (artigo 80.3 da lei citada), así como da súa competencia para a ordenación e control do dominio público.

Polo tanto, os alcaldes e alcaldesas, como autoridade sanitaria, deben garantir nas referidas actividades, servizos e lugares de convivencia humana os dereitos e deberes sanitarios da cidadanía (artigo 33.2 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia) e, polo tanto, garantir a vixilancia, inspección e control do cumprimento das medidas preventivas aprobadas pola Administración autonómica e daquelas que, no seu desenvolvemento e atendendo á situación concreta, poida establecer o correspondente concello.

Así mesmo, as forzas e corpos de seguridade teñen un papel fundamental no necesario control do cumprimento das medidas de prevención, papel que veñen desempeñando durante toda esta crise sanitaria, a través da formulación das correspondentes denuncias e remisión ás autoridades competentes, nos casos en que se detecte o seu incumprimento. Debe recordarse a este respecto que o Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, declarou a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e activou o Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19. Tendo en conta a existencia dunha declaración de emerxencia sanitaria, resulta esencial a colaboración das forzas e corpos de seguridade coa finalidade de preservar a seguridade e a convivencia cidadás.

Conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para adoptar as medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da si-



tuación epidemiolóxica existente, no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, coa urxencia que a protección da saúde pública demanda.

Na súa virtude, en aplicación do punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. *Obxecto e alcance*

1. Constitúe o obxecto desta orde establecer medidas de prevención específicas, atendida a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. As medidas contidas nesta orde son complementarias das previstas no Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

En todo o non previsto nas ditas disposicións e nesta orde, e no que sexa compatible con ambas, aplicarase o disposto no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente.

Segundo. *Medidas de prevención específicas*

1. En todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, recoméndaselles ás persoas maiores de 75 anos, ás persoas vulnerables ao COVID-19 e a aquelas que presenten algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria que se poida ver agravada polo uso da máscara ou que presenten algunha alteración que faga inviable a súa utilización, que eviten na súa actividade diaria as saídas nas horas de previsible afluencia ou concentración de persoas na vía pública e en espazos ou establecementos abertos ao público, co fin de reducir os riscos derivados da coincidencia con outras persoas.



2. Mantense, en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, o peche das actividades de festas, verbenas e outros eventos populares, así como das atraccións de feiras.

3. Así mesmo, serán de aplicación, no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, as medidas de prevención específicas recollidas no anexo I.

4. Serán de aplicación as medidas máis restritivas do anexo II e, no que sexan compatibles con elas, as previstas no anexo I, no ámbito territorial dos seguintes concellos:

- a) A Coruña, Culleredo, Arteixo, Oleiros e Cambre.
- b) Burela.
- c) Laxe.
- d) Silleda.
- e) Soutomaior.
- f) Ponte Caldelas.
- g) Barro.
- h) Cerdedo-Cotobade.

5. Serán de aplicación as medidas máis restritivas do anexo III e, no que sexan compatibles con elas, as previstas no anexo I, no ámbito territorial dos seguintes concellos:

- a) Ferrol, Fene e Neda.
- b) Vigo, Mos, Nigrán e Gondomar.
- c) Vilagarcía de Arousa e Vilanova de Arousa.
- d) Lugo.
- e) Lalín.
- f) Cangas.



g) Coristanco, Cabana de Bergantiños, Malpica e Ponteceso.

h) Meis, Meaño e Ribadumia.

i) Cee, Dumbría e Muxía.

j) Oroso.

k) Vimianzo.

l) Ribadavia.

m) Xinzo de Limia.

n) Vilaboa.

o) A Guarda.

6. Serán de aplicación as medidas máis restritivas do anexo IV e, no que sexan compatibles con elas, as previstas no anexo III, no ámbito territorial dos concellos que se relacionan a continuación. Así mesmo, no que sexa compatible cos dous anexos citados serán de aplicación as medidas recollidas no anexo I.

a) Pontevedra, Marín e Poio.

b) Sanxenxo e O Grove.

c) Carballo e A Laracha.

d) Tui.

e) Pontearreas.

f) Moaña.

g) Vilalba.

h) Narón.

i) Redondela.



j) O Porriño.

k) Cambados.

l) As Pontes de García Rodríguez.

7. As medidas terán a duración temporal prevista no punto cuarto.

Terceiro. *Control do cumprimento das medidas e réxime sancionador*

1. A vixilancia, inspección e control do cumprimento das medidas de prevención que se recollen nesta orde, e a garantía dos dereitos e deberes sanitarios da cidadanía, co-responderán aos respectivos concellos dentro das súas competencias e sen prexuízo das competencias da Consellería de Sanidade, tendo en conta a condición de autoridade sanitaria dos alcaldes e alcaldesas de acordo co artigo 33.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, e as competencias dos concellos de control sanitario de actividades e servizos que impacten na saúde da súa cidadanía e dos lugares de convivencia humana, de acordo co artigo 80.3 do mesmo texto legal, así como da súa competencia para a ordenación e control do dominio público.

2. Así mesmo, os órganos de inspección da Administración autonómica, no ámbito das súas competencias, poderán realizar as actividades de inspección e control oportunas para a vixilancia e comprobación do cumprimento das medidas de prevención aplicables.

3. As forzas e corpos de seguridade darán traslado das denuncias que formulen, polo incumprimento das medidas de prevención, ás autoridades competentes.

Cuarto. *Eficacia*

As medidas previstas nesta orde terán efectos desde as 00.00 horas do día 4 de decembro de 2020. Non obstante o anterior, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, serán obxecto de seguimento e avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser modificadas ou levantadas por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Santiago de Compostela, 3 de decembro de 2020

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade



ANEXO I: NIVEL BÁSICO**Medidas de prevención específicas aplicables na Comunidade Autónoma de Galicia**

Serán de aplicación, no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, as medidas de prevención específicas recollidas neste anexo.

1. Obrigas xerais.**1.1. Obrigas de cautela e protección.**

Todos os cidadáns deberán adoptar as medidas necesarias para evitar a xeración de riscos de propagación da enfermidade COVID-19, así como a propia exposición aos ditos riscos. Este deber de cautela e protección será igualmente exigible aos titulares de calquera actividade.

Así mesmo, deberán respectarse as medidas de seguridade e hixiene establecidas polas autoridades sanitarias para a prevención do COVID-19.

1.2. Persoas con sintomatoloxía.

Calquera persoa que experimente algún dos síntomas máis comúns compatibles co COVID-19, tales como febre, calafríos, tose, sensación de falta de aire, diminución do olfacto e do gusto, dor de gorxa, dores musculares, dor de cabeza, debilidade xeral, diarrea ou vómitos deberá permanecer no seu domicilio e comunicalo ao seu servizo sanitario o antes posible.

Igualmente, se existen conviventes no domicilio, deberá evitar o contacto con eles e, se é posible, usar un cuarto de forma exclusiva ata recibir instrucións do seu servizo sanitario.

1.3. Distancia de seguridade interpersoal.

Deberá cumprirse a medida de mantemento da distancia de seguridade interpersoal establecida polo Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, de, polo menos, 1,5 metros ou, na súa falta, medidas alternativas de protección física con uso de máscara, de hixiene adecuada e etiqueta respiratoria.



1.4. Obrigatoriedade do uso de máscaras.

Será obrigatorio o uso da máscara nas condicións establecidas no número 1.3 do anexo do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na redacción vixente.

Os titulares dos establecementos, espazos ou locais deberán garantir o cumprimento desta obriga neles.

1.5. Medidas específicas para casos e contactos estreitos.

As persoas que sexan consideradas caso sospeitoso ou probable de infección polo virus SARS-CoV-2, por teren infección respiratoria aguda grave con cadro clínico ou radiolóxico compatible co COVID-19, ou que estean pendentes dos resultados de probas diagnósticas por este motivo, as que sexan consideradas como caso confirmado con infección activa e as consideradas contacto estreito dun caso sospeitoso, probable ou confirmado, deberán seguir as condicións de illamento ou corentena que lles sexan indicadas desde os dispositivos asistenciais ou de saúde pública, sen poder abandonar o seu domicilio ou lugar de illamento ou corentena en ningún caso, salvo autorización expresa do servizo sanitario por causas debidamente xustificadas.

2. Medidas xerais de hixiene e prevención.

Sen prexuízo das normas ou protocolos específicos que se establezan, serán aplicables a todos os establecementos, locais de negocio, instalacións e espazos de uso público e actividades de carácter público, as medidas xerais de hixiene e prevención establecidas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na redacción vixente.

3. Limitacións de capacidade e medidas de prevención específicas por sectores.

3.1. Velorios e enterros.

1. Os velorios poderán realizarse en todo tipo de instalacións, públicas ou privadas, debidamente habilitadas, cun límite máximo, en cada momento, de vinte e cinco persoas en espazos ao aire libre ou de dez persoas en espazos pechados, sexan ou non conviventes.



2. A participación na comitiva para o enterramento ou despedida para cremación da persoa falecida restrínxese a un máximo de vinte e cinco persoas, entre familiares e achedados, sexan ou non conviventes, ademais, de ser o caso, do ministro de culto ou persoa asimilada da confesión respectiva para a práctica dos ritos funerarios de despedida do defunto.

3.2. Celebracións con motivo de cerimoniais relixiosas ou civís.

1. As celebracións que poidan ter lugar tras a cerimonia en establecementos de hostalaría e restauración axustaranse ás condicións e á capacidade previstas para a prestación do servizo nestes establecementos.

2. En calquera caso, nestas celebracións posteriores á cerimonia propiamente dita deberase respectar un máximo de cen persoas en espazos ao aire libre ou de cincuenta persoas en espazos pechados.

3.3. Establecementos e locais comerciais retalistas e de actividades de servizos profesionais abertos ao público que non formen parte de centros ou parques comerciais.

1. Os establecementos e locais comerciais retalistas e de actividades de servizos profesionais abertos ao público que non formen parte de centros ou parques comerciais non poderán superar o cincuenta por cento da súa capacidade total. No caso de establecementos ou locais distribuídos en varios andares, a presenza de clientes en cada un deles deberá gardar esta mesma proporción.

Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersonal nos locais e establecementos ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso da máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersonal indicada, nos termos previstos no número 1.4 deste anexo.

2. Deberán prestar un servizo de atención preferente a maiores de 75 anos, o cal deberá concretarse en medidas como control de accesos ou caixas de pagamento específicos, e/ou en horarios determinados que aseguren a dita preferencia na atención. A existencia do servizo de atención preferente deberá sinalarse de forma visible nos ditos establecementos e locais.



3.4. Establecementos que teñan a condición de centros e parques comerciais ou que formen parte deles.

1. Os establecementos e locais comerciais retallistas e de actividades de servizos profesionais abertos ao público situados en centros e parques comerciais non poderán superar o cincuenta por cento da súa capacidade total. No caso de establecementos ou locais distribuídos en varios andares, a presenza de clientes en cada un deles deberá gardar esta mesma proporción.

2. Non se permitirá a permanencia de clientes nas zonas comúns excepto para o tránsito entre os establecementos, salvo na actividade de hostalaría e restauración que se leve a cabo nas ditas zonas, a cal se deberá axustar ao previsto especificamente para estas actividades.

A capacidade das zonas comúns dos centros e parques comerciais queda limitada ao 33 %. Queda prohibida a utilización de zonas recreativas, como poden ser zonas infantís, ludotecas ou áreas de descanso, que deben permanecer pechadas.

3. Deberanse establecer as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersonal no interior dos locais e establecementos e nas zonas comúns ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso de máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersonal indicada, nos termos previstos no número 1.4 deste anexo. Ademais, deberán evitarse as aglomeracións de persoas que comprometan o cumprimento destas medidas.

4. Deberán prestar un servizo de atención preferente a maiores de 75 anos, o cal deberá concretarse en medidas como control de accesos ou caixas de pagamento específicos, e/ ou en horarios determinados que aseguren a dita preferencia na atención. A existencia do servizo de atención preferente deberá sinalarse de forma visible nos ditos establecementos e locais.

3.5. Mercados que desenvolven a súa actividade na vía pública.

No caso dos mercados que desenvolven a súa actividade na vía pública ao aire libre ou de venda non sedentaria, coñecidos como feiras, non poderán superar o cincuenta por cento dos postos habituais ou autorizados e limitarán a afluencia de clientes de maneira que se asegure o mantemento da distancia de seguridade interpersonal.



Os concellos poderán aumentar a superficie habilitada ou habilitar novos días para o exercicio desta actividade para compensar esta limitación.

Á hora de determinar os comerciantes que poden exercer a súa actividade, o concello poderá dar prioridade a aqueles que comercializan produtos alimenticios e de primeira necesidade, asegurando que os consumidores non manipulen os produtos comercializados neles.

3.6. Actividades en academias, autoescolas e centros privados de ensino non re-grado e centros de formación e actividade formativa xestionada ou financiada pola Administración autonómica en centros e entidades de formación.

A actividade que se realice nestes centros poderá impartirse dun modo presencial sempre que non se supere unha capacidade do cincuenta por cento respecto do máximo permitido.

3.7. Establecementos de hostalaría e restauración.

1. Os establecementos de hostalaría e restauración non poderán superar o cincuenta por cento da súa capacidade para consumo no interior do local.

2. O consumo dentro do local poderá realizarse unicamente sentado na mesa, ou agrupacións de mesas, e deberase asegurar o mantemento da debida distancia de seguridade interpersoal entre clientes. Non está permitido o consumo na barra.

3. As terrazas ao aire libre dos establecementos de hostalaría e restauración limitarán a súa capacidade ao setenta e cinco por cento das mesas permitidas no ano inmediatamente anterior con base na correspondente licenza municipal ou do que sexa autorizado para este ano, no caso de que a licenza sexa concedida por primeira vez.

Considerarase terraza ao aire libre todo espazo non cuberto ou todo espazo que, estando cuberto, estea rodeado lateralmente por un máximo de dúas paredes, muros ou paramentos.

No caso de que o establecemento de hostalaría e restauración obtivese o permiso do concello para incrementar a superficie destinada a terraza ao aire libre, poderase incrementar o número de mesas previsto no primeiro parágrafo deste número 3, respectando, en todo caso, unha proporción do setenta e cinco por cento entre mesas e superficie dispoñible e sempre que se manteña o espazo necesario para a circulación peonil no tramo da vía pública en que se sitúe a terraza.



4. En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia de seguridade interpersonal entre as mesas ou, de ser o caso, agrupacións de mesas. A ocupación máxima será de seis persoas por mesa ou agrupación de mesas.

A mesa ou agrupación de mesas que se utilice para este fin deberá ser acorde co número de persoas e permitir que se respecte a distancia mínima de seguridade interpersonal entre elas.

5. Os establecementos de hostalaría e restauración deberán pechar non máis tarde da unha da madrugada, sen que se poida permitir o acceso de ningún cliente desde as 00.00 horas. No caso de que estea en vigor unha limitación da liberdade de circulación das persoas en horario nocturno, os clientes deberán abandonar o establecemento antes da hora de comezo da limitación.

6. As medidas contidas nos números 3, 4 e 5 serán tamén de aplicación ás terrazas dos establecementos de lecer nocturno.

3.8. Condicións para ocupación de zonas comúns de hoteis e aloxamentos turísticos.

1. A ocupación das zonas comúns dos hoteis e aloxamentos turísticos non poderá superar o cincuenta por cento da súa capacidade.

Para iso, cada establecemento deberá determinar a capacidade dos distintos espazos comúns, así como aqueles lugares en que poderán ter lugar eventos e as condicións máis seguras para a súa realización conforme a capacidade máxima prevista e de acordo coas medidas de hixiene, protección e distancia mínima establecidas.

2. As actividades de animación ou clases grupais deberán deseñarse e planificarse cunha capacidade máxima de seis persoas, sexan ou non conviventes, e excluídos os monitores, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersonal durante o desenvolvemento da actividade, excepto no caso de persoas conviventes.

3.9. Albergues turísticos.

Na modalidade de aloxamento turístico de albergue permitirase unha capacidade máxima do cincuenta por cento da máxima permitida.



3.10. Bibliotecas, arquivos, museos e salas de exposicións, monumentos e outros equipamentos culturais.

1. Nas bibliotecas, arquivos, museos e salas de exposicións, monumentos e outros equipamentos culturais, tanto de titularidade pública como privada, poderán realizarse actividades presenciais sen superar o cincuenta por cento da capacidade máxima permitida.

2. Este límite de ocupación será aplicable tamén á realización de actividades culturais nestes espazos e cun máximo de ata seis persoas nas actividades de grupos, sexan ou non conviventes, e excluído o monitor ou guía, e deberán establecerse as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade, excepto no caso de persoas conviventes.

3.11. Centros de lecer infantil.

Os centros de lecer infantil poderán levar a cabo a súa actividade cumprindo o Protocolo en materia de lecer infantil para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, aprobado pola Orde da Consellería de Sanidade, do 30 de xuño de 2020.

Para as actividades, a ocupación máxima será do cincuenta por cento da capacidade máxima deste.

Os grupos deben ser dun máximo de seis persoas, excluídos os monitores.

3.12. Actividades e instalacións deportivas.

A práctica da actividade física e deportiva non federada, ao aire libre, poderá realizarse de forma individual ou colectiva, sen contacto físico. No caso da práctica de forma colectiva, o máximo será de seis persoas de forma simultánea, sen contar, de ser o caso, o monitor.

Nas instalacións e centros deportivos poderase realizar actividade deportiva en grupos de ata seis persoas, sexan ou non conviventes, e sen contar o monitor, sen contacto físico, e sempre que non se supere o cincuenta por cento da capacidade máxima permitida, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade.

Deberán realizarse tarefas de ventilación nas instalacións cubertas durante un mínimo de 30 minutos ao inicio e ao remate de cada xornada, así como de forma frecuente durante esta e obrigatoriamente ao remate de cada clase ou actividade de grupo. No caso da utili-



zación de sistemas de ventilación mecánica, deberá aumentarse a subministración de aire fresco e non se poderá empregar a función de recirculación do aire interior.

3.13. Celebración de eventos deportivos, competicións deportivas con público, actividades en cines, teatros, auditorios, congresos e outros eventos, circos de toldo e espazos similares, así como en recintos ao aire libre e noutros locais e establecementos destinados a espectáculos públicos e actividades recreativas.

A celebración de eventos deportivos, competicións deportivas con público, actividades en cines, teatros, auditorios, congresos e outros eventos, circos de toldo e espazos similares, así como en recintos ao aire libre e noutros locais e establecementos destinados a espectáculos públicos e actividades recreativas, poderán desenvolverse con público sempre que este permaneza sentado e que a capacidade se calcule, dentro da capacidade permitida, de forma que se garde sempre a distancia mínima de seguridade de 1,5 m nas catro direccións entre os asistentes, salvo que se trate de persoas conviventes, cun límite máximo de 500 persoas para lugares pechados e de mil persoas se se trata de actividades ao aire libre.

O establecido no parágrafo anterior entenderase sen prexuízo das competencias atribuídas no artigo 15.2 do Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

Co fin de evitar aglomeracións, a distribución dos asistentes será homoxénea polas butacas, e haberá unha planificación axeitada para controlar os accesos e o fluxo de circulación dos asistentes. Debe preverse a apertura de todas as portas dispoñibles coa antelación suficiente.

Deberán establecerse as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersoal no resto das instalacións ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física.

O uso da máscara será obrigatorio en todo momento, mesmo no caso de que se manteña a distancia de seguridade interpersoal nos termos previstos nas medidas hixiénico-sanitarias. Nas butacas ou asentos preasignados, as persoas asistentes non poderán quitar a máscara, agás para beber e só no momento do consumo.



Ademais do cumprimento xeral das medidas de hixiene e prevención establecidas, no caso de que nas instalacións se preste algún tipo de servizo de hostalaría e restauración, a prestación deste servizo axustarase ao previsto para tal efecto respecto dos establecementos de hostalaría e restauración.

Deberán realizarse tarefas de ventilación nas instalacións cubertas por espazo de polo menos 30 minutos ao comezo e ao final de cada xornada, así como de forma frecuente durante esta e obrigatoriamente ao finalizar cada actividade. No caso da utilización de sistemas de ventilación mecánica, deberá aumentarse a subministración de aire fresco e non se poderá empregar a función de recirculación do aire interior.

Deberá existir un rexistro de asistentes ao evento e custodiar este durante un mes despois do evento, coa información do contacto dispoñible para as autoridades sanitarias, cumprindo coas normas de protección de datos de carácter persoal.

Deberán intensificarse as medidas de limpeza e desinfección das instalacións con produtos debidamente autorizados e rexistrados.

No caso de celebración de congresos, encontros, eventos e actos similares, se os asistentes non permanecen sentados en todo momento, solicitarase autorización á Dirección Xeral de Saúde Pública en que se comuniquen o evento, as datas, as actividades que se van realizar e as medidas concretas organizativas e de seguridade propostas para os riscos de contaxio. A solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade polo COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueles outros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

O recollido neste número será tamén de aplicación para reunións profesionais, xuntas de comunidades de propietarios e eventos similares.

3.14. Praias e piscinas.

1. O concello respectivo deberá establecer limitacións tanto de acceso como de capacidade das praias co fin de asegurar que se poida respectar a distancia interpersonal de seguridade entre usuarios. Para os efectos de calcular a capacidade máxima permitida por



cada praia, considerarase que a superficie de praia que vai ocupar cada usuario será de, polo menos, catro metros cadrados.

2. As piscinas ao aire libre ou cubertas, para uso deportivo ou recreativo, deberán respectar o límite do cincuenta por cento da súa capacidade, tanto no relativo ao acceso como durante a propia práctica deportiva ou recreativa, e sen que poidan exceder o límite de 100 persoas de ocupación. Quedan exentas destas limitacións as piscinas unifamiliares de uso privado.

3. A situación dos obxectos persoais, toallas, hamacas e elementos similares nas zonas de estadia das piscinas e praias levarase a cabo de forma que se poida manter a distancia de seguridade interpersoal con respecto a outros usuarios. Deberá, ademais, respectarse o límite máximo de seis persoas por grupo, excepto no caso de persoas conviventes, en que non se aplicará esta limitación.

4. Exceptúase o uso da máscara durante o baño e mentres se permaneza nun espazo determinado, sen desprazarse, e sempre que se poida garantir o respecto da distancia de seguridade interpersoal entre todas as persoas usuarias non conviventes. En calquera caso, será obrigatorio o uso de máscara para os accesos, desprazamentos e paseos nas piscinas e praias.

3.15. Especificidades para determinadas actividades turísticas.

Poderán realizarse actividades de turismo, organizadas por empresas habilitadas para iso, e a actividade de guía turístico, para grupos de ata un máximo de seis persoas, sexan ou non conviventes, e deberán establecerse as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade excepto no caso de persoas conviventes.

3.16. Centros de información, casetas e puntos de información.

Nos centros de información, casetas e puntos de información e espazos similares non se poderá exceder o cincuenta por cento da súa capacidade e deberá respectarse o máximo de seis persoas nas actividades de grupos, sexan ou non conviventes, excluído o monitor ou guía. Ademais, deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade, excepto no caso de persoas conviventes.



3.17. Realización de actividades de tempo libre dirixidas á poboación infantil e xuvenil.

1. Poderanse realizar actividades de tempo libre destinadas á poboación infantil e xuvenil, cando estas se leven a cabo ao aire libre, sempre que se limite o número de participantes ao 50 % da súa capacidade, cun máximo de 100 participantes, excluídos os monitores. Cando estas actividades se realicen en espazos pechados, non se deberá superar o cincuenta por cento da capacidade máxima do recinto, cun máximo de 50 participantes, excluídos os monitores.

2. As actividades deberán realizarse en grupos de ata seis persoas participantes, sexan ou non conviventes, e excluídos os monitores correspondentes, que deberán traballar sen contacto entre os demais grupos.

3.18. Uso de espazos públicos.

1. Os centros cívicos e sociais poderán realizar a súa actividade sempre que se limite a súa capacidade total ao cincuenta por cento e que se extremen as medidas de protección nas actividades socioculturais de tipo grupal que se realizan neles cun máximo de seis persoas, sexan ou non conviventes, e incluído o monitor ou guía para as actividades grupais.

2. Deberán adoptarse as medidas que coaduxen no control das agrupacións de persoas en lugares públicos, e das actividades prohibidas relacionadas co consumo de bebidas alcohólicas en parques e noutros lugares de tránsito público, polos riscos que presenta para a saúde pública, relacionados coa aglomeración incontrolada de persoas e coa ausencia ou relaxación de medidas de seguridade e de distanciamento persoal. Recoméndase o peche dos parques públicos e espazos similares a partir das 22.00 horas ata as 6.00 horas.

3.19. Centros recreativos turísticos ou similares.

1. Os centros recreativos turísticos ou similares poderán realizar a súa actividade sempre que se limite a súa capacidade total ao cincuenta por cento.

2. As visitas de grupos serán dun máximo de seis persoas, sexan ou non conviventes e excluído o monitor ou guía, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade, excepto no caso de persoas conviventes.



3.20. Parques e zonas deportivas de uso público ao aire libre.

Sen prexuízo do establecido no número 3.18.2, os parques infantís, parques biosaudables, zonas deportivas, pistas skate ou espazos de uso público ao aire libre similares poderán estar abertos ao público sempre que neles se respecte unha capacidade máxima estimada dunha persoa por cada catro metros cadrados de espazo computable de superficie do recinto.

3.21. Establecementos e locais de xogo e apostas.

1. Os establecementos de xogos colectivos de diñeiro e de azar, salóns de xogo, salas de bingo, salóns recreativos, rifas e tómbolas, locais específicos de apostas e outros locais e instalacións asimilables aos de actividade recreativa de xogos e apostas, conforme establece a normativa sectorial en materia de xogo, poderán realizar a súa actividade sempre que non se supere o cincuenta por cento da capacidade permitida.

2. En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia de seguridade interpersoal entre as mesas ou, de ser o caso, agrupacións de mesas. A ocupación máxima será de seis persoas por mesa ou agrupación de mesas.

3. Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersoal nas súas instalacións, especialmente na disposición e uso das máquinas ou de calquera outro dispositivo de xogo nos locais e establecementos en que se desenvolvan actividades ou, na súa falta, para a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso de máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersoal indicada, nos termos previstos na normativa vixente.

4. Ademais do cumprimento xeral das medidas de hixiene e prevención, no caso de que se preste algún tipo de servizo de hostalaría e restauración, o réxime e horario de prestación deste servizo axustarase ao disposto para os establecementos de hostalaría.

5. Os establecementos e locais deberán pechar non máis tarde das 00.30 horas, sen que se poida permitir o acceso de ningún cliente desde esa hora, e cun período máximo de desaloxo de 30 minutos. No caso de que estea en vigor unha limitación da liberdade de circulación das persoas en horario nocturno, os clientes deberán abandonar o establecemento antes da hora de comezo da limitación.



3.22. Limitación de capacidade para outros locais ou establecementos comerciais.

1. Con carácter xeral, calquera outro local ou establecemento comercial para o cal non se recollan expresamente unhas condicións de capacidade nesta orde, nin en protocolos ou normativa específica que lle sexa aplicable, non poderá superar o cincuenta por cento da capacidade autorizada ou establecida. En calquera caso, deberase respectar un máximo de cen persoas para lugares pechados e de duascenas persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Non obstante, poderase ampliar o límite indicado logo de autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. Neste caso, a solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade por COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueloutros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

2. As actividades en grupo deberán realizarse cun máximo de seis persoas participantes, sexan ou non conviventes e excluídos os monitores, guías ou encargados correspondentes, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade, excepto no caso de persoas conviventes.

3. En calquera caso, poderase suspender a actividade de calquera establecemento que, ao xuízo da autoridade competente, poida supor un risco de contaxio polas condicións en que se estea desenvolvendo.

3.23. Transportes.

1. As condicións de capacidade dos vehículos e embarcacións que realicen servizos colectivos de transporte de viaxeiros de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, isto é, o transporte en autobús –de carácter interurbano e urbano, sexa de uso xeral, de uso especial ou discrecional– e o transporte marítimo en augas interiores, quedan establecidas do seguinte modo:

a) Nos vehículos e embarcacións que dispoñan de asentos, poderase ocupar a totalidade dos asentos. Deberase manter a máxima separación entre as persoas usuarias cando o nivel de ocupación o permita.



b) Nos vehículos e embarcacións que teñan autorizadas prazas de pé, procurarase que as persoas manteñan entre si a máxima distancia posible, e establécese como límite de ocupación máxima a dunha sexta parte das prazas de pé.

2. Como medidas adicionais aplicables aos modos de transporte previstos no número 1 establécense as seguintes:

a) Durante toda a duración do traxecto, cando esta sexa inferior a dúas horas, as persoas usuarias non poderán consumir alimentos no interior dos vehículos ou embarcacións e deberán, igualmente e na medida do posible, evitar consumir bebidas, conversar ou manter calquera outro contacto directo con outras persoas ocupantes do dito vehículo ou embarcación.

b) Na prestación de servizos colectivos regulares de transporte de viaxeiros de carácter interurbano, de uso xeral, cando non estean autorizadas prazas de pé, e na prestación de calquera servizo de transporte marítimo en augas interiores da competencia da Comunidade Autónoma de Galicia será obrigatoria a expedición de billete coa identificación do servizo concreto de transporte de que se trate e do vehículo ou embarcación que o preste.

Igualmente, todos os anteriores vehículos e embarcacións deberán ter numerados os seus asentos de forma clara e visible para as persoas usuarias.

Naqueles servizos respecto dos cales non haxa unha asignación previa de asento, recoméndaselles ás persoas viaxeiras que anoten no seu billete o número de asento que ocupen e que o conserven durante os 14 días posteriores ao da viaxe.

ANEXO II: NIVEL MEDIO

Medidas de prevención específicas nos concellos a que se refire o número 4 do punto segundo da presente orde.

Nos concellos previstos no número 4 do punto segundo da presente orde aplicaranse as restricións previstas no anexo I, así como as específicas previstas a continuación.

1. Establecementos de hostalaría e restauración.

1. Os establecementos de hostalaría e restauración non poderán superar o corenta por cento da súa capacidade para consumo no interior do local.



2. As terrazas ao aire libre dos establecementos de hostalaría e restauración limitarán a súa capacidade ao cincuenta por cento das mesas permitidas no ano inmediatamente anterior con base na correspondente licenza municipal ou do que sexa autorizado para este ano, no caso de que a licenza sexa concedida por primeira vez.

2. Establecementos e locais de xogo e apostas.

Os establecementos de xogos colectivos de diñeiro e de azar, salóns de xogo, salas de bingo, salóns recreativos, rifas e tómbolas, locais específicos de apostas e outros locais e instalacións asimilables aos de actividade recreativa de xogos e apostas, conforme esta-bleza a normativa sectorial en materia de xogo, poderán realizar a súa actividade sempre que non se supere o corenta por cento da capacidade permitida.

ANEXO III: NIVEL MEDIO-ALTO

Medidas de prevención específicas nos concellos a que se refire o número 5 do punto segundo desta orde, correspondentes a un nivel medio-alto de restrición

Nos concellos previstos no número 5 do punto segundo desta orde aplicaranse as seguintes restricións e, no que sexan compatibles con elas, as previstas no anexo I:

1. Establecementos de hostalaría e restauración.

1. Os establecementos de hostalaría e restauración non poderán superar o trinta por cento da súa capacidade para consumo no interior do local.

2. As terrazas ao aire libre dos establecementos de hostalaría e restauración limitarán a súa capacidade ao cincuenta por cento das mesas permitidas no ano inmediatamente anterior con base na correspondente licenza municipal ou do que sexa autorizado para este ano, no caso de que a licenza sexa concedida por primeira vez.

3. En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia de seguridade interpersoal entre as mesas ou, de ser o caso, agrupacións de mesas. A ocupación máxima será de catro persoas por mesa ou agrupación de mesas.

4. O horario de peche ao público será ás 17.00 horas. No obstante, poderán prestar servizos de entrega a domicilio ou para a súa recollida no local e consumo a domicilio. A permanencia nestes establecementos deberá ser a estritamente necesaria. En todo caso, evitanse aglomeracións e controlárase que consumidores e empregados manteñan a distancia de seguridade establecida co fin de evitar posibles contaxios.



5. Os establecementos de restauración de centros sanitarios ou de traballo que limiten a súa actividade aos traballadores deles ou, no caso dos centros sanitarios, tamén a acompañantes de doentes, poderán manter o servizo de cafetería, bar e restaurante. Non poderán superar o cincuenta por cento da súa capacidade. O consumo dentro do local poderá realizarse unicamente sentado na mesa, ou agrupacións de mesas, e deberase asegurar o mantemento da debida distancia de seguridade interpersoal entre clientes. A ocupación máxima será de 4 persoas por mesa ou agrupación de mesas.

2. Establecementos e locais de xogo e apostas.

Os establecementos de xogos colectivos de diñeiro e de azar, salóns de xogo, salas de bingo, salóns recreativos, rifas e tómbolas, locais específicos de apostas e outros locais e instalacións asimilables aos de actividade recreativa de xogos e apostas, conforme estableza a normativa sectorial en materia de xogo, poderán realizar a súa actividade sempre que non se supere o trinta por cento da capacidade permitida.

Ademais do cumprimento xeral das medidas de hixiene e prevención establecidas, no caso de que se preste algún tipo de servizo de hostalaría e restauración, a prestación deste axustarase ao previsto nas condicións para a prestación do servizo nos establecementos de hostalaría e restauración no número anterior deste anexo.

3. Condicións para ocupación de zonas comúns de hotéis e aloxamentos turísticos.

As actividades de animación ou clases grupais deberán deseñarse e planificarse cunha capacidade máxima de catro persoas, sexan ou non conviventes, excluídos os monitores, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade, excepto no caso de persoas conviventes.

4. Bibliotecas, arquivos, museos e salas de exposicións, monumentos e outras infraestruturas culturais.

No caso de realizarse actividades culturais nestes espazos en grupos, so poderán ter como máximo catro persoas, sexan ou non conviventes, excluído o monitor ou guía.

5. Celebración de eventos deportivos, competicións deportivas con público, actividades en cines, teatros, auditorios, congresos e outros eventos, circos de todo



e espazos similares, así como en recintos ao aire libre e noutros locais e establecementos destinados a espectáculos públicos e actividades recreativas.

A celebración de eventos deportivos, competicións deportivas con público, actividades en cines, teatros, auditorios, congresos e outros eventos, circos de todo e espazos similares, así como en recintos ao aire libre e noutros locais e establecementos destinados a espectáculos públicos e actividades recreativas, poderán desenvolverse con público sempre que este permaneza sentado e que a capacidade se calcule, dentro da capacidade permitida, de forma que se garde sempre a distancia mínima de seguridade de 1,5 m. nas catro direccións entre os asistentes, salvo que se trate de persoas conviventes, cun límite máximo de duascentas cincuenta persoas para lugares pechados e de cincocentas persoas se se trata de actividades ao aire libre.

O establecido no parágrafo anterior entenderase sen prexuízo das competencias atribuídas no artigo 15.2 do Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

O recollido neste número será tamén de aplicación para reunións profesionais, xuntas de comunidades de propietarios e eventos similares.

6. Actividades e instalacións deportivas.

A práctica da actividade física e deportiva non federada, ao aire libre, poderá realizarse de forma individual ou colectiva ata un máximo de catro persoas sexan ou non conviventes, excluído, o monitor.

Nas instalacións e centros deportivos poderase realizar actividade deportiva de forma individual, ou colectiva cun máximo de catro persoas, sexan ou non conviventes, excluído o monitor, sen contacto físico, e sempre que non se supere o cincuenta por cento da capacidade máxima permitida. Deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersonal durante o desenvolvemento da actividade.

7. Especificidades para determinadas actividades turísticas.

Poderán realizarse actividades de turismo, organizadas por empresas habilitadas para iso, e a actividade de guía turístico, para grupos de ata un máximo de catro persoas, sexan ou non conviventes, excluído o monitor ou guía, e deberán establecerse as medidas nece-



sarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade, excepto no caso de persoas conviventes.

8. Centros de información, casetas e puntos de información.

Nos centros de información, casetas e puntos de información e espazos similares non se poderá exceder o cincuenta por cento da súa capacidade e deberá respectarse o máximo de catro persoas nas actividades de grupos, sexan ou non conviventes e excluído o monitor ou guía. Ademais, deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade, excepto no caso de persoas conviventes.

9. Realización de actividades de tempo libre dirixidas á poboación infantil e xuvenil.

1. Poderanse realizar actividades de tempo libre destinadas á poboación infantil e xuvenil cando estas se leven a cabo ao aire libre, sempre que se limite o número de participantes ao cincuenta por cento da súa capacidade máxima, cun máximo de cincuenta participantes, excluídos os monitores. Cando estas actividades se realicen en espazos pechados, non se deberá superar o cincuenta por cento da capacidade máxima do recinto, cun máximo de vinte e cinco participantes, excluídos os monitores.

2. As actividades deberán realizarse en grupos de ata catro persoas participantes, sexan ou non conviventes e excluíndo os monitores correspondentes, que deberán traballar sen contacto entre os demais grupos.

10. Uso de espazos públicos.

Os centros cívicos e sociais poderán realizar a súa actividade sempre que se limite a súa capacidade total ao cincuenta por cento e que se extremen as medidas de protección nas actividades socioculturais de tipo grupal que se realizan neles cun máximo de catro persoas, sexan ou non conviventes, e excluído o monitor ou guía para as actividades grupais.

11. Centros recreativos turísticos ou similares.

As visitas de grupos serán dun máximo de catro persoas, sexan ou non conviventes e excluído o monitor ou guía, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade, excepto no caso de persoas conviventes.



12. Limitación de capacidade para outros locais ou establecementos comerciais.

1. Con carácter xeral, calquera outro local ou establecemento comercial para o cal non se recollan expresamente unhas condicións de capacidade nesta orde, nin en protocolos ou normativa específica que lle sexa aplicable, non poderá superar o cincuenta por cento da capacidade autorizada ou establecida. En calquera caso, deberase respectar un máximo de cincuenta persoas para lugares pechados e de cen persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Non obstante, poderase ampliar o límite indicado logo de autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. Neste caso, a solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade por COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueloutros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

2. As actividades en grupos deberán realizarse cun máximo de catro persoas participantes, sexan ou non conviventes, e excluídos os monitores, guías ou encargados correspondentes, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade excepto no caso de persoas conviventes.

ANEXO IV: NIVEL DE MÁXIMAS RESTRICIÓN**Medidas de prevención específicas nos concellos a que se refire o número 6 do punto segundo desta orde, correspondente a un nivel de restricións máximas**

Nos concellos previstos no número 6 do punto segundo desta orde serán de aplicación as medidas máis restritivas deste anexo, e, no que sexan compatibles con elas, as previstas no anexo III. Así mesmo, no que sexa compatible cos dous anexos indicados, serán de aplicación as medidas recollidas no anexo I.

1. Nos concellos a que se refire o número 6 do punto segundo desta orde adóptase a medida de peche temporal, durante o período a que se estenda a eficacia da medida conforme o punto cuarto da orde, das seguintes actividades (conforme as definicións contidas no anexo do Decreto 124/2019, do 5 de setembro, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos abertos ao público da



Comunidade Autónoma de Galicia e se establecen determinadas disposicións xerais de aplicación na materia):

I. Espectáculos públicos:

I.3. Espectáculos taurinos.

I.4. Espectáculos circenses.

I.6. Espectáculos feirais e de exhibición.

I.7. Espectáculos pirotécnicos.

II. Actividades recreativas:

II.1. Actividades culturais e sociais.

II.3. Actividades de lecer e entretemento.

II.4. Atraccións recreativas.

II.7. Actividades de restauración.

II.8. Actividades zoolóxicas, botánicas e xeolóxicas.

III. Establecementos abertos ao público:

III.1. Establecementos de espectáculos públicos.

III.1.4. Circos.

III.1.5. Prazas de touros.

III.1.7. Recintos feirais.

III.2. Establecementos de actividades recreativas.

III.2.1. Establecementos de xogo.

III.2.1.1. Casinos.



III.2.1.2. Salas de bingo.

III.2.1.3. Salóns de xogo.

III.2.1.4. Tendas de apostas.

III.2.2. Establecementos para actividades deportivas.

III.2.2.4. Pistas de patinaxe.

III.2.2.7. Piscinas recreativas de uso colectivo.

III.2.3. Establecementos para atraccións e xogos recreativos.

III.2.3.1. Parques de atraccións e temáticos.

III.2.3.2. Parques acuáticos.

III.2.3.3. Salóns recreativos.

III.2.3.4. Parques multiocio.

III.2.4. Establecementos para actividades culturais e sociais.

III.2.4.5. Salas de concertos.

III.2.5. Establecementos de restauración.

III.2.5.1. Restaurantes.

III.2.5.1.1. Salóns de banquetes.

III.2.5.2. Cafetarías.

III.2.5.3. Bares.

O interior dos establecementos de restauración permanecerá pechado ao público e só poderán abrir as terrazas ata un máximo do 50 % ata as 17.00 horas. Non obstante, poderán prestar servizos de entrega a domicilio ou para a súa recollida no local e consumo a domicilio. A permanencia nestes establecementos deberá ser a estritamente necesaria.



En todo caso, evítaranse aglomeracións e controlárase que consumidores e empregados manteñan a distancia de seguridade establecida co fin de evitar posibles contaxios.

Os establecementos de restauración de centros sanitarios ou de traballo que limiten a súa actividade aos traballadores deles ou, no caso dos centros sanitarios, tamén a acompañantes de doentes, poderán manter o servizo de cafetería, bar e restaurante. Non poderán superar o cincuenta por cento da súa capacidade. O consumo dentro do local poderá realizarse unicamente sentado na mesa, ou agrupacións de mesas, e deberase asegurar o mantemento da debida distancia de seguridade interpersoal entre clientes. A ocupación máxima será de catro persoas por mesa ou agrupación de mesas.

III.2.6. Establecementos para actividades zoolóxicas, botánicas e xeolóxicas.

III.2.7. Establecementos de lecer e entretemento.

III.2.7.1. Salas de festas.

III.2.7.2. Discotecas.

III.2.7.3. Pubs.

III.2.7.4. Cafés-espectáculo.

III.2.7.5. Furanchos.

III.2.8. Centros de lecer infantil.

2. Quedan, por tanto, exceptuados destas limitacións as seguintes actividades e establecementos, que poderán continuar abertos:

I. Espectáculos públicos:

I.1. Espectáculos cinematográficos.

I.2. Espectáculos teatrais e musicais.

I.5. Espectáculos deportivos.

II. Actividades recreativas:



II.2. Actividades deportivas.

III. Establecementos abertos ao público:

III.1.1. Cine.

III.1.2. Teatro.

III.1.3. Auditorios.

III.1.6. Establecementos de espectáculos deportivos.

III.2.2.1. Estadios deportivos.

III.2.2.2. Pavillóns deportivos.

III.2.2.3. Recintos deportivos.

III.2.2.5. Ximnasios.

III.2.2.6. Piscinas de competición.

III.2.4.1. Museos.

III.2.4.2. Bibliotecas.

III.2.4.3. Salas de conferencias.

III.2.4.4. Salas polivalentes.



I. DISPOSICIÓN XERAIS**PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA**

DECRETO 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

I

A expansión do coronavirus COVID-19 xerou unha crise sanitaria sen precedentes recentes. Así, tras a elevación pola Organización Mundial da Saúde da situación de emerxencia de saúde pública pola dita causa a nivel de pandemia internacional e a adopción, por algunhas comunidades autónomas como a galega, de medidas de prevención, mediante o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, declarouse o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, declaración que afectou todo o territorio nacional, cunha duración inicial de quince días naturais, pero que foi obxecto de sucesivas prórrogas autorizadas polo Congreso dos Deputados.

O levantamento dese estado de alarma, non obstante, non puxo fin á crise sanitaria, o que xustificou a adopción de medidas, como as previstas, no ámbito estatal, no Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, así como as medidas de prevención que foron adoptando as diferentes comunidades autónomas. En concreto, no caso da Comunidade Autónoma de Galicia, a resposta á crise sanitaria foi, fundamentalmente, ademais do mantemento da declaración de situación de emerxencia sanitaria efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, a adopción, ao abeiro da lexislación sanitaria, ordinaria e orgánica, de medidas de prevención, tanto de carácter xeral, para todo o territorio autonómico, como de maneira específica, a través de diferentes ordes da persoa titular da Consellería de Sanidade, en atención á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

Mediante o Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, declarouse o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. A dita declaración afectou todo o territorio nacional e a súa duración inicial esténdese, conforme o disposto no seu artigo 4, ata as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020.



Conforme o artigo 2 do dito real decreto, para os efectos do estado de alarma, a autoridade competente será o Goberno da Nación. En cada comunidade autónoma e cidade con estatuto de autonomía, a autoridade competente delegada será quen desempeñe a presidencia da comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía, nos termos establecidos no real decreto. As autoridades competentes delegadas quedan habilitadas para ditar, por delegación do Goberno da Nación, as ordes, resolucións e disposicións para a aplicación do previsto nos artigos 5 a 11 do real decreto, sen que para iso sexa preciso tramitar ningún procedemento administrativo, nin será de aplicación o previsto no segundo parágrafo do artigo 8.6 e no artigo 10.8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

En concreto, o artigo 6 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, prevé que a autoridade competente delegada que corresponda poderá limitar a entrada e saída de persoas no territorio de cada comunidade autónoma ou en ámbitos territoriais de carácter xeograficamente inferiores á comunidade autónoma, coas excepcións previstas no artigo 6.1.

Pola súa banda, o artigo 7 do mesmo texto normativo dispón que a permanencia de grupos de persoas en espazos de uso público, tanto pechados como ao aire libre, quedará condicionada a que non se supere o número máximo de seis persoas, salvo que se trate de conviventes, e sen prexuízo das excepcións que se establezan en relación con dependencias, instalacións e establecementos abertos ao público. A permanencia de grupos de persoas en espazos de uso privado quedará condicionada a que non se supere o número máximo de seis persoas, salvo que se trate de conviventes. No caso das agrupacións en que se inclúan tanto persoas conviventes como persoas non conviventes, o número máximo será de seis persoas. Conforme o artigo 9, a eficacia desta medida nunha comunidade autónoma producirase cando a autoridade competente delegada o determine. Ademais, o artigo 7 recolle a posibilidade de que a autoridade competente delegada correspondente determine, no seu ámbito territorial, á vista da evolución dos indicadores sanitarios, epidemiolóxicos, sociais, económicos e de mobilidade, logo de comunicación ao Ministerio de Sanidade, e de acordo co previsto no artigo 13, que o número máximo sexa inferior a seis persoas, salvo que se trate de conviventes. Así mesmo, as autoridades competentes delegadas poderán, no seu ámbito territorial, establecer excepcións respecto de persoas menores ou dependentes, así como calquera outra flexibilización da limitación.

De acordo co artigo 8 do real decreto, a autoridade competente delegada poderá limitar a permanencia de persoas en lugares de culto mediante a fixación de limitación de capacidade para reunións, celebracións e encontros relixiosos, atendendo ao risco de transmi-



sión que poida resultar dos encontros colectivos, sen que a dita limitación poida afectar en ningún caso o exercicio privado e individual da liberdade relixiosa.

E, conforme o artigo 10 da norma, a autoridade competente delegada en cada comunidade autónoma poderá, no seu ámbito territorial, á vista da evolución dos indicadores sanitarios, epidemiolóxicos, sociais, económicos e de mobilidade, logo de comunicación ao Ministerio de Sanidade, e de acordo co previsto no artigo 13, modular, flexibilizar e suspender a aplicación das medidas previstas nos artigos 6, 7 e 8, co alcance e ámbito territorial que determine.

O 29 de outubro de 2020, o Congreso dos Deputados autorizou a prórroga do estado de alarma ata o 9 de maio de 2021. Conforme o artigo 2 do Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, a prórroga establecida no dito real decreto estenderase desde as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020 ata as 00.00 horas do día 9 de maio de 2021, e someterase ás condicións establecidas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, e nos decretos que, se é o caso, se adopten en uso da habilitación conferida pola disposición derradeira primeira do citado Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, sen prexuízo do establecido nas disposicións que recolle o propio real decreto de prórroga.

En consecuencia, durante a vixencia do estado de alarma e da súa prórroga, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, deberán adoptarse na condición de autoridade competente delegada, nos termos previstos no dito real decreto e no real decreto de prórroga.

Non obstante, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, non esgotan todas as que poden ser adoptadas para facer fronte á crise sanitaria. Neste sentido, como prevé expresamente o seu artigo 12, cada Administración conservará as competencias que lle outorga a lexislación vixente, así como a xestión dos seus servizos e do seu persoal, para adoptar as medidas que considere necesarias, sen prexuízo do establecido no real decreto.

Polo tanto, como destaca a propia exposición de motivos do real decreto, durante a vixencia do estado de alarma, as administracións sanitarias competentes en saúde pública, no non previsto nesa norma, deberán continuar adoptando as medidas necesarias para afrontar a situación de emerxencia de saúde pública ocasionada polo COVID-19, conforme a lexislación sanitaria, en particular, a Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas



especiais en materia de saúde pública, a Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, e a Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, así como na normativa autonómica correspondente.

II

Neste contexto normativo derivado do estado de alarma vixente, e ante a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia, ditouse o Decreto 179/2020, do 4 de novembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

En concreto, no dito decreto recóllense tres tipos de limitacións:

a) Limitacións de entrada e saída de persoas en determinados ámbitos territoriais, agás certas excepcións.

b) Limitacións da permanencia de grupos de persoas en espazos de uso público e de uso privado, agás supostos excepcionais e xustificados. Con carácter xeral, establécese unha limitación de grupos aos formados por un máximo de seis persoas, agás que sexan persoas conviventes. Non obstante, en determinados ámbitos territoriais e tendo en conta a situación epidemiolóxica e sanitaria máis desfavorable existente neles ou en concellos cos cales existe unha forte interrelación, é aplicable a medida máis restritiva, consistente na limitación de grupos aos constituídos só por persoas conviventes.

c) Limitacións da permanencia de persoas en lugares de culto, contidas no punto terceiro do decreto, no cal se establecen limitacións de capacidade de carácter xeral para o territorio autonómico e limitacións de capacidade máis restritivas nos ámbitos territoriais en que rexen as limitacións de entrada e saída de persoas.

Conforme o punto quinto do decreto, as medidas previstas nel manterán a súa eficacia ata as 15.00 horas do día 4 de decembro de 2020. Non obstante o anterior, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas deben ser obxecto de seguimento e de avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria e para os efectos, de ser necesario, da súa modificación ou levantamento. Deste modo, ditáronse diversos decretos modificativos do Decreto 179/2020, do 4 de novembro.



III

A evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia impón no momento actual a necesidade de que, ao abeiro do marco normativo derivado do estado de alarma, o presidente da Comunidade Autónoma adopte novas medidas na condición de autoridade competente delegada, sen prexuízo das que, de modo complementario e compatible con elas, adopte con esta mesma data a persoa titular da Consellería de Sanidade, en exercicio das súas competencias como autoridade sanitaria autonómica.

En concreto, á vista do indicado nos informes da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 3 de decembro de 2020, e tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, a situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia exige a adopción, na condición de autoridade competente delegada, das seguintes medidas:

a) Establecemento, con efectos desde as 00.00 horas do día 4 de decembro de 2020, de limitacións da entrada e saída de persoas en determinados ámbitos territoriais, agás certas excepcións, coa finalidade de controlar a transmisión da enfermidade e de conter a irradiación a outros lugares limítrofes dos correspondentes ámbitos territoriais delimitados.

Estes ámbitos territoriais son coincidentes cos actualmente establecidos, ben que con certas variacións. Neste sentido, na situación actual, dada a evolución favorable dos concellos de Ourense, Barbadás e O Pereiro de Aguiar, levántanse neste ámbito territorial as medidas máis restritivas que lles eran aplicables relativas á entrada e saída de persoas. Igualmente, levántanse estas medidas no ámbito territorial dos concellos de Ames, Santiago de Compostela e Teo.

Así mesmo, levántanse as limitacións de entrada e saída existentes no concello da Estrada, tendo en conta a evolución favorable da súa situación epidemiolóxica. Pola mesma razón, exclúese o concello de Ares do ámbito territorial delimitado en que se incluía, co que se levantan neste concello as restricións á entrada e saída de persoas.

Por outro lado, tendo en conta a taxa de incidencia acumulada a 14 días das Pontes de García Rodríguez (de máis de 250 casos por cada cen mil habitantes), deben aplicarse neste concello, de acordo co informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, medidas máis restritivas, como a súa inclusión nos ámbitos territoriais con restrición de entrada e saída, sen prexuízo da aplicación das excepcións previstas neste decreto.



Ademais, o concello da Guarda presenta unha taxa acumulada a 14 días de 370,9 casos por cada cen mil habitantes, polo que o informe da Dirección Xeral de Saúde Pública recomenda a aplicación de medidas máis restritivas, que inclúen limitacións de entrada e saída.

Tamén se realizan adaptacións nos ámbitos territoriais existentes para adaptalos á situación epidemiolóxica dos diferentes concellos.

b) Limitación, con efectos desde as 00.00 horas do día 4 de decembro de 2020, e con carácter xeral no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, da permanencia de grupos de persoas en espazos de uso público e de uso privado, agás supostos excepcionais e xustificados, aos formados por un máximo de seis persoas, agás que sexan persoas conviventes.

Polas razóns antes expresadas, esta medida pasa a aplicarse nos concellos de Ourense, Barbadás, O Pereiro de Aguiar, Ames, Santiago de Compostela e Teo, A Estrada e Ares.

Tamén pasa a aplicarse esta medida, menos restritiva que a que se viña aplicando neles, dada a súa evolución favorable, noutros concellos, como A Coruña, Culleredo, Arteixo, Oleiros, Cambre, Burela, Laxe, Silleda, Soutomaior, Ponte Caldelas, Barro e Cerdedo-Cotobade, pese a que manteñen os peches perimetrais que os afectan.

Non obstante o anterior, en determinados ámbitos territoriais e atendida a situación epidemiolóxica e sanitaria máis desfavorable existente neles ou en concellos cos que existe unha forte interrelación, procede establecer a medida máis restritiva consistente na limitación de grupos aos constituídos por catro persoas, agás que sexan persoas conviventes.

Debe destacarse, en relación coa situación anterior, que se modifica o tipo de medida aplicable aos concellos en que se adoptan medidas máis restritivas, dado que de limitar os grupos aos constituídos exclusivamente por persoas conviventes se pasa a limitar os grupos a un máximo de catro persoas, agás que se trate de conviventes, dada a evolución da situación epidemiolóxica.

Así mesmo, procede destacar, en relación coa situación existente, que a medida máis restritiva consistente na limitación de grupos aos constituídos por catro persoas, agás que sexan persoas conviventes, pasa a aplicarse tamén aos concellos das Pontes de García Rodríguez e da Guarda, tendo en conta a súa evolución desfavorable e o aumento neles da taxa de incidencia, como antes se indicou.



A medida de limitación de grupos resulta necesaria, adecuada e proporcionada para o fin perseguido, que non é outro que controlar e evitar a maior difusión dunha enfermidade altamente contaxiosa, respecto da cal a diferenza entre persoas enfermas e sas resulta difusa, dada a posible asintomatoloxía ou levidade dos síntomas e a existencia dun período no cal non hai indicios externos da enfermidade. En concreto, trátase de evitar especialmente aglomeracións ou encontros de carácter familiar ou social por riba dun determinado número de persoas co fin de garantir o mantemento da distancia de seguridade e reducir o risco de contacto físico ou proximidade en condicións favorecedoras do contaxio. Debe recordarse, neste sentido, que o Auto 40/2020, do 30 de abril de 2020, do Tribunal Constitucional, no seu fundamento xurídico cuarto, ao ponderar a relevancia das especiais circunstancias derivadas da crise sanitaria creada pola pandemia no exercicio do dereito de reunión, salientou como, ante a incerteza sobre as formas de contaxio, sobre o impacto real da propagación do virus, así como sobre as consecuencias a medio e longo prazo para a saúde das persoas que se viron afectadas, as medidas de distanciamento social, confinamento domiciliario e limitación extrema dos contactos e actividades grupais son as únicas que se teñen demostrado eficaces para limitar os efectos dunha pandemia de dimensións descoñecidas ata a data. En particular, a medida de limitación das agrupacións de persoas vai dirixida a previr ou, polo menos, restrinxir numericamente a participación en reunións familiares ou sociais nas cales cabe apreciar un maior risco de transmisión polas circunstancias en que se realizan, por existir unha maior confianza e relaxación das medidas de seguridade, xa que teñen lugar fóra de ambientes profesionais, laborais ou outros protocolizados en que se debe usar máscara e que se rodean doutras garantías que dificultan a transmisión e o contaxio.

Procede advertir, ademais, de que a medida de limitación de grupos non é absoluta, senón que seguirá estando matizada por unha serie de importantes excepcións.

c) Limitación da permanencia de persoas en lugares de culto. Trátase de manter, con efectos desde as 00.00 horas do día 4 de decembro de 2020, os límites de capacidade que se viñan aplicando actualmente na Comunidade Autónoma de Galicia, adaptando a súa aplicación á nova situación existente. Todo isto co fin de evitar concentracións de persoas e de manter a coherencia cos límites de capacidade que se prevén para outras actividades co fin de previr e reducir o risco de transmisión.

Respecto da eficacia das medidas, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, serán obxecto de seguimento e de avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria, para os efectos, de ser necesario, da súa modificación ou levantamento.



Por último, procede indicar que o Comité Clínico, á vista da evolución da pandemia no norte de Portugal e da súa situación epidemiolóxica, moi diferente á de Galicia, instou a Administración autonómica á adopción de medidas temporais restritivas da mobilidade para evitar desprazamentos de poboación entre estes territorios, tendo en conta razóns sanitarias e epidemiolóxicas e, en particular, valorando a proximidade dunha ponte festiva en que é previsible que se produza un aumento dos desprazamentos por razóns meramente recreativas, turísticas ou de ocio. Con esta finalidade de evitar desprazamentos de poboación nas vindeiras festividades, restrínxese de forma temporal a entrada e saída de persoas do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia desde as 00.00 horas do día 4 de decembro de 2020 ata as 00.00 horas do día 9 de decembro de 2020, salvo para aqueles desprazamentos, adecuadamente xustificados, que se produzan por algún dos motivos previstos no número 3 do punto primeiro deste decreto, e sen prexuízo da circulación en tránsito prevista no número 4 do punto primeiro.

De acordo co artigo 9 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, dado que o peche perimetral pretendido afecta a fronteira terrestre cun terceiro Estado, comunicouse a adopción da medida, con carácter previo, ao Ministerio do Interior e ao Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación.

IV

Tendo en conta o indicado, a situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia determina que proceda ditar un novo decreto en que se adapten as medidas existentes á indicada situación.

De acordo co exposto, por proposta do conselleiro de Sanidade, e na condición de autoridade competente delegada, por delegación do Goberno da Nación, conforme o disposto nos artigos 2, 6, 7, 8, 9 e 10 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2,

DISPOÑO:

Primeiro. *Limitacións da entrada e saída de persoas en determinados ámbitos territoriais*

1. Queda restrinxida a entrada e a saída de persoas dos seguintes ámbitos territoriais delimitados de forma conxunta:

a) Do ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos da Coruña, Culleredo, Arteixo, Oleiros e Cambre.



b) Do ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Pontevedra, Marín e Poio.

c) Do ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Vigo, Mos, Nigrán e Gondomar.

d) Do ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Ferrol, Neda e Fene.

e) Do ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Vilagarcía de Arousa e Vilanova de Arousa.

f) Do ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Sanxenxo e O Grove.

g) Do ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Carballo e A Laracha.

h) Do ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Cabana de Bergantiños, Coristanco, Malpica de Bergantiños e Ponteceso.

i) Do ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Cee, Dumbría e Muxía.

j) Do ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Meaño, Meis e Ribadumia.

2. Queda restrinxida a entrada e a saída de persoas dos seguintes ámbitos territoriais:

a) Do ámbito territorial do concello de Lugo.

b) Do ámbito territorial do concello de Narón.

c) Do ámbito territorial do concello de Redondela.

d) Do ámbito territorial do concello de Cangas.

e) Do ámbito territorial do concello de Pontearreas.



- f) Do ámbito territorial do concello de Lalín.
- g) Do ámbito territorial do concello do Porriño.
- h) Do ámbito territorial do concello de Moaña.
- i) Do ámbito territorial do concello de Tui.
- j) Do ámbito territorial do concello de Vilalba.
- k) Do ámbito territorial do concello de Cambados.
- l) Do ámbito territorial do concello das Pontes de García Rodríguez.
- m) Do ámbito territorial do concello da Guarda.
- n) Do ámbito territorial do concello de Xinzo de Limia.
- ñ) Do ámbito territorial do concello de Burela.
- o) Do ámbito territorial do concello de Silleda.
- p) Do ámbito territorial do concello de Oroso.
- q) Do ámbito territorial do concello de Soutomaior.
- r) Do ámbito territorial do concello de Vimianzo.
- s) Do ámbito territorial do concello de Vilaboa.
- t) Do ámbito territorial do concello de Cerdedo-Cotobade.
- u) Do ámbito territorial do concello de Ponte Caldelas.
- v) Do ámbito territorial do concello de Ribadavia.
- w) Do ámbito territorial do concello de Barro.
- x) Do ámbito territorial do concello de Laxe.



3. Quedan exceptuados das anteriores limitacións aqueles desprazamentos, adecuadamente xustificadas, que se produzan por algún dos seguintes motivos:

- a) Asistencia a centros, servizos e establecementos sanitarios.
- b) Cumprimento de obrigas laborais, profesionais, empresariais, institucionais, sindicais e de representación de traballadores ou legais.
- c) Asistencia a centros universitarios, docentes e educativos, incluídas as escolas de educación infantil.
- d) Retorno ao lugar de residencia habitual ou familiar.
- e) Asistencia e coidado, incluído o acompañamento, a maiores, menores, dependentes, persoas con discapacidade ou persoas especialmente vulnerables.
- f) Desprazamento a entidades financeiras e de seguros ou estacións de servizo en territorios limítrofes.
- g) Actuacións requiridas ou urxentes ante os órganos públicos, xudiciais ou notariais.
- h) Renovacións de permisos e documentación oficial, así como outros trámites administrativos inaprazables.
- i) Realización de exames ou probas oficiais inaprazables.
- j) Por causa de forza maior ou situación de necesidade.
- k) Calquera outra actividade de análoga natureza, debidamente acreditada.

4. Non estará sometida a restrición ningunha a circulación en tránsito a través dos ámbitos territoriais en que resulten de aplicación as limitacións previstas nos números 1 e 2.

Segundo. *Limitación da permanencia de grupos de persoas en espazos públicos ou privados*

1. No territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, agás nos concellos citados no número 2, a permanencia de grupos de persoas en espazos de uso público, tanto pechados como ao aire libre, quedará condicionada a que non se supere o número máximo



de seis persoas, agás que se trate de persoas conviventes. A permanencia de grupos de persoas en espazos de uso privado quedará condicionada a que non se supere o número máximo de seis persoas, agás que se trate de persoas conviventes.

No caso de agrupacións en que se inclúan tanto persoas conviventes como persoas non conviventes, o número máximo a que se refire o parágrafo anterior será de seis persoas.

A limitación prevista neste número non será de aplicación no caso de actividades laborais, institucionais, empresariais, profesionais, sindicais, de representación de traballadores e administrativas, actividades en centros universitarios, educativos, de formación e ocupacionais, así como no caso da práctica do deporte federado, sempre que se adopten as medidas previstas nos correspondentes protocolos de funcionamento.

Respecto das actividades previstas no anexo I e II da Orde do 3 de decembro de 2020, serán de aplicación as limitacións de capacidade máxima e/ou de número máximo global de persoas asistentes ou participantes previstas neles. A limitación de grupos dun máximo de seis persoas, excepto conviventes, contida neste número 1, só se aplicará aos límites específicos para actividades grupais recollidos nos ditos anexos.

2. A permanencia de grupos de persoas en espazos de uso público, tanto pechados como ao aire libre, e en espazos de uso privado quedará condicionada a que non se supere o número máximo de catro persoas, agás que se trate de persoas conviventes, nos concellos seguintes:

- a) Concellos de Pontevedra, Marín e Poio.
- b) Concellos de Vigo, Mos, Nigrán e Gondomar.
- c) Concellos de Ferrol, Neda e Fene.
- d) Concellos de Vilagarcía de Arousa e Vilanova de Arousa.
- e) Concellos de Sanxenxo e O Grove.
- f) Concellos de Carballo e A Laracha.
- g) Concellos de Cabana de Bergantiños, Coristanco, Malpica de Bergantiños e Ponteceso.



- h) Concellos de Cee, Dumbría e Muxía.
- i) Concellos de Meaño, Meis e Ribadumia.
- j) Concello de Lugo.
- k) Concello de Narón.
- l) Concello de Redondela.
- m) Concello de Cangas.
- n) Concello de Pontearreas.
- ñ) Concello de Lalín.
- o) Concello do Porriño.
- p) Concello de Moaña.
- q) Concello de Tui.
- r) Concello de Vilalba.
- s) Concello de Cambados.
- t) Concello das Pontes de García Rodríguez.
- u) Concello da Guarda.
- v) Concello de Xinzo de Limia.
- w) Concello de Oroso.
- x) Concello de Vimianzo.
- y) Concello de Vilaboa.
- z) Concello de Ribadavia.



No caso de agrupacións en que se inclúan tanto persoas conviventes como persoas non conviventes, o número máximo a que se refire o parágrafo anterior será de catro persoas.

A limitación prevista neste número non será de aplicación no caso de actividades laborais, institucionais, empresariais, profesionais, sindicais, de representación de traballadores e administrativas, actividades en centros universitarios, educativos, de formación e ocupacionais, así como no caso da práctica do deporte federado, sempre que se adopten as medidas previstas nos correspondentes protocolos de funcionamento.

Respecto das actividades previstas nos anexos III e IV da Orde do 3 de decembro de 2020, serán de aplicación as limitacións de capacidade máxima e/ou de número máximo global de persoas asistentes ou participantes previstas neles. A limitación de grupos dun máximo de catro persoas, excepto conviventes, contida neste número, só se aplicará aos límites específicos para actividades grupais recollidos nos ditos anexos.

Terceiro. *Limitacións á permanencia de persoas en lugares de culto*

1. Na Comunidade Autónoma de Galicia, a asistencia a lugares de culto non poderá superar o cincuenta por cento da súa capacidade e deberase garantir, en todo caso, o mantemento da distancia de seguridade de 1,5 metros entre as persoas asistentes. A capacidade máxima deberá publicarse en lugar visible do espazo destinado ao culto.

Non se poderá utilizar o exterior dos edificios nin a vía pública para a celebración de actos de culto.

2. A asistencia a lugares de culto, nas condicións establecidas no número anterior, non poderá superar o terzo da súa capacidade nos concellos enumerados no número 2 do punto segundo deste decreto.

3. Deberán establecerse medidas para ordenar e controlar as entradas e saídas aos lugares de culto para evitar aglomeracións e situacións que non permitan cumprir coa distancia de seguridade.

4. As limitacións previstas nos números anteriores non poderán afectar en ningún caso o exercicio privado e individual da liberdade relixiosa.



Cuarto. *Persoas procedentes de fóra do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia*

As persoas procedentes de fóra do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia deberán cumprir as disposicións establecidas neste decreto, polo que, en particular, só poderán entrar nos ámbitos territoriais delimitados no punto primeiro nos supostos nel previstos.

Quinto. *Eficacia, seguimento e avaliación*

A eficacia das medidas previstas neste decreto comezará ás 00.00 horas do día 4 de decembro de 2020.

Non obstante o anterior, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas deberán ser obxecto de seguimento e de avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria e para os efectos, de ser necesario, da súa modificación ou levantamento.

Sexto. *Limitación temporal da entrada e saída de persoas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia*

Coa finalidade de evitar desprazamentos de poboación nas vindeiras festividades, por razóns derivadas das grandes diferenzas na situación epidemiolóxica entre o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e outros territorios que a rodean, restrínxese de forma temporal a entrada e saída de persoas do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia desde as 00.00 horas do día 4 de decembro de 2020 ata as 00.00 horas do día 9 de decembro de 2020, salvo para aqueles desprazamentos, adecuadamente xustificados, que se produzan por algún dos motivos previstos no número 3 do punto primeiro deste decreto, e sen prexuízo da circulación en tránsito prevista no número 4 do punto primeiro.

Sétimo. *Recursos*

Contra o presente decreto poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, conforme os artigos 12.1.a) e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, tres de decembro de dous mil vinte

Alberto Núñez Feijóo
Presidente da Xunta de Galicia



I. DISPOSICIÓN XERAIS

PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA

DECRETO 197/2020, do 27 de novembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se modifica o Decreto 179/2020, do 4 de novembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

I

Mediante o Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, declarouse o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. A dita declaración afectou todo o territorio nacional e a súa duración inicial estendeuse, conforme o disposto no seu artigo 4, ata as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020.

Conforme o artigo 2 do dito real decreto, para os efectos do estado de alarma, a autoridade competente será o Goberno da Nación. En cada comunidade autónoma e cidade con estatuto de autonomía, a autoridade competente delegada será quen desempeñe a presidencia da comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía, nos termos establecidos no real decreto. As autoridades competentes delegadas quedan habilitadas para ditar, por delegación do Goberno da Nación, as ordes, resolucións e disposicións para a aplicación do previsto nos artigos 5 a 11 do real decreto sen que para iso sexa preciso tramitar ningún procedemento administrativo, nin será de aplicación o previsto no segundo parágrafo do artigo 8.6 e no artigo 10.8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

En concreto, o artigo 6.2 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, prevé que a autoridade competente delegada que corresponda poderá limitar a entrada e saída de persoas en ámbitos territoriais de carácter xeograficamente inferiores á comunidade autónoma, coas excepcións previstas no artigo 6.1.

Pola súa banda, o artigo 7 do mesmo texto normativo dispón que a permanencia de grupos de persoas en espazos de uso público, tanto pechados como ao aire libre, quedará condicionada a que non se supere o número máximo de seis persoas, salvo que se trate de conviventes e sen prexuízo das excepcións que se establezan en relación con depen-



dencias, instalacións e establecementos abertos ao público. A permanencia de grupos de persoas en espazos de uso privado quedará condicionada a que non se supere o número máximo de seis persoas, salvo que se trate de conviventes. No caso das agrupacións en que se inclúan tanto persoas conviventes como persoas non conviventes, o número máximo será de seis persoas. Conforme o artigo 9, a eficacia desta medida nunha comunidade autónoma producirase cando a autoridade competente delegada o determine. Ademais, o artigo 7 recolle a posibilidade de que a autoridade competente delegada correspondente determine, no seu ámbito territorial, á vista da evolución dos indicadores sanitarios, epidemiolóxicos, sociais, económicos e de mobilidade, logo de comunicación ao Ministerio de Sanidade, e de acordo co previsto no artigo 13, que o número máximo sexa inferior a seis persoas, salvo que se trate de conviventes. Así mesmo, as autoridades competentes delegadas poderán, no seu ámbito territorial, establecer excepcións respecto de persoas menores ou dependentes, así como calquera outra flexibilización da limitación.

De acordo co artigo 8 do real decreto, a autoridade competente delegada poderá limitar a permanencia de persoas en lugares de culto mediante a fixación de limitación de capacidade para reunións, celebracións e encontros relixiosos, atendendo ao risco de transmisión que poida resultar dos encontros colectivos, sen que a dita limitación poida afectar en ningún caso o exercicio privado e individual da liberdade relixiosa.

E, conforme o artigo 10 da norma, a autoridade competente delegada en cada comunidade autónoma poderá, no seu ámbito territorial, á vista da evolución dos indicadores sanitarios, epidemiolóxicos, sociais, económicos e de mobilidade, logo de comunicación ao Ministerio de Sanidade, e de acordo co previsto no artigo 13, modular, flexibilizar e suspender a aplicación das medidas previstas nos artigos 6, 7 e 8, co alcance e ámbito territorial que determine.

O 29 de outubro de 2020, o Congreso dos Deputados autorizou a prórroga do estado de alarma ata o 9 de maio de 2021. Conforme o artigo 2 do Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, a prórroga establecida no dito real decreto estenderase desde as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020 ata as 00.00 horas do día 9 de maio de 2021, e someterase ás condicións establecidas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, e nos decretos que, se é o caso, se adopten en uso da habilitación conferida pola disposición derradeira primeira do citado Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, sen prexuízo do establecido nas disposicións que recolle o propio real decreto de prórroga.



En consecuencia, durante a vixencia do estado de alarma e da súa prórroga, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, deberán adoptarse na condición de autoridade competente delegada, nos termos previstos no dito real decreto e no real decreto de prórroga.

II

Neste contexto normativo derivado do estado de alarma vixente, e ante a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia, ditouse o Decreto 179/2020, do 4 de novembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

En concreto, no dito decreto recóllense, á vista do indicado no Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 4 de novembro de 2020, e tras escoitar as recomendacións do comité clínico reunido para estes efectos, tres tipos de limitacións:

a) Limitacións de entrada e saída de persoas en determinados ámbitos territoriais, agás certas excepcións, contidas no punto primeiro do decreto.

b) Limitacións da permanencia de grupos de persoas en espazos de uso público e de uso privado, agás supostos excepcionais e xustificados, contidas no punto segundo do decreto. Con carácter xeral, establécese unha limitación de grupos aos formados por un máximo de seis persoas, agás que sexan persoas conviventes. Non obstante, en determinados ámbitos territoriais e tendo en conta a situación epidemiolóxica e sanitaria máis desfavorable existente neles ou en concellos cos cales existe unha forte interrelación, é aplicable a medida máis restritiva, consistente na limitación de grupos aos constituídos só por persoas conviventes. Actualmente, estes últimos ámbitos territoriais son os mesmos en que rexen as limitacións de entrada e saída de persoas.

c) Limitacións da permanencia de persoas en lugares de culto, contidas no punto terceiro do decreto, no cal se establecen limitacións de capacidade de carácter xeral para o territorio autonómico e limitacións de capacidade máis restritivas nos ámbitos territoriais en que rexen as limitacións de entrada e saída de persoas.

Conforme o punto quinto do decreto, as medidas previstas nel manterán a súa eficacia ata as 15.00 horas do 4 de decembro de 2020. Non obstante o anterior, en cumprimento



dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas deberán ser obxecto de seguimento e de avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria e para os efectos, de ser necesario, da súa modificación ou levantamento.

Posteriormente ditáronse o Decreto 181/2020, do 9 de novembro, do presidente da Xunta de Galicia, que deu nova redacción ao punto terceiro do Decreto 179/2020, do 4 de novembro, relativo ás limitacións á permanencia de persoas en lugares de culto, e o Decreto 182/2020, do 13 de novembro, polo que se dispuxo a aplicación, nos concellos da comarca de Bergantiños, agás o concello da Laracha, e no concello de Ribadavia, das limitacións de entrada e saída de persoas previstas no punto primeiro do Decreto 179/2020, do 4 de novembro, e das limitacións máis restritivas ás agrupacións de persoas en espazos de uso público e de uso privado e en lugares de culto, contidas, respectivamente, no número 2 do punto segundo e no número 2 do punto terceiro do dito decreto.

Así mesmo, ditouse o Decreto 186/2020, do 18 de novembro, en que se ampliou o ámbito territorial de aplicación das limitacións de entrada e saída de persoas ao ámbito delimitado de forma conxunta polos concellos de Sanxenxo e do Grove, e se estenderon ao concello de Sanxenxo as limitacións máis restritivas ás agrupacións de persoas en espazos de uso público e de uso privado e en lugares de culto, contidas, respectivamente, no número 2 do punto segundo e no número 2 do punto terceiro do Decreto 179/2020, do 4 de novembro, na súa redacción vixente.

Seguidamente, ditouse o Decreto 187/2020, do 20 de novembro, en que, por unha banda, se levantou no concello do Carballiño a limitación perimetral, así como as limitacións máis restritivas ás agrupacións de persoas en espazos de uso público e de uso privado e en lugares de culto, contidas, respectivamente, no número 2 do punto segundo e no número 2 do punto terceiro do Decreto 179/2020, do 4 de novembro. E, por outra banda, dispúxose a aplicación, nos concellos de Vilalba e A Laracha, das ditas limitacións máis restritivas ás agrupacións de persoas en espazos de uso público e de uso privado e en lugares de culto. Ademais, respecto do concello da Laracha, a limitación de entrada e saída de persoas, agás certas excepcións, estableceuse no ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos da comarca de Bergantiños sometidos ao mesmo nivel de restricións. E, no caso de Vilalba, estableceuse a limitación de entrada e saída de persoas, agás certas excepcións, no ámbito territorial do propio concello.

Finalmente, ditouse o Decreto 194/2020, do 25 de novembro, en que se levantaron as medidas máis restritivas do punto primeiro, do número 2 do punto segundo e do número 2



do punto terceiro do Decreto 179/2020, do 4 de novembro, nos concellos de Verín, Monforte de Lemos, Campo Lameiro, Amoeiro, Coles, Boqueixón, Val do Dubra e Trazo, e se acordou a aplicación de tales medidas máis restritivas no concello de Moaña.

III

A evolución da situación nos concellos de Viveiro, Toén, San Cibrao das Viñas, Mugaros, Vedra e O Pino experimentou unha mellora significativa, polo que resulta necesario adaptar as medidas específicas de prevención á situación epidemiolóxica actual nestes concellos. Así, nos informes da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 27 de novembro de 2020, sobre as comarcas respectivas, á vista das taxas acumuladas a 14 días nos concellos antes indicados, recoméndase que se levanten as medidas máis restritivas que se viñan aplicando neles.

Por outro lado, a situación sanitaria e epidemiolóxica nos concellos de Cee, Dumbría, Muxía, Meaño, Meis e Ribadumia fai necesario aplicar nestes concellos medidas máis restritivas.

Neste sentido, o Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 27 de novembro de 2020, sobre a comarca de Fisterra, indica que a taxa de incidencia global dos últimos 14 días para a comarca de Fisterra ten un valor superior ao rexistrado en Galicia. Esta taxa é debida fundamentalmente á situación epidemiolóxica do concello de Muxía, cuxa taxa acumulada a 14 días é de 751,6 casos por cada cen mil habitantes, e dos concellos de Dumbría e Cee, que presentan taxas acumuladas a 14 días de 704 casos por cada cen mil habitantes e 238,5 casos por cada cen mil habitantes, respectivamente. Por outro lado, a media das taxas acumuladas a 3, 7 e 14 días presenta unha tendencia ascendente, ao igual que o valor do número reprodutivo instantáneo que, ademais, amosa un valor por riba do 1. De acordo co exposto, o informe recomenda aplicar medidas máis restritivas nos concellos indicados.

Así mesmo, o Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 27 de novembro de 2020, sobre a comarca do Salnés, indica que a taxa acumulada a 14 días na comarca foi superior á observada no global de Galicia. Ben que a maioría dos concellos desta comarca teñen medidas restritivas adicionais ás establecidas para a Comunidade Autónoma de Galicia, os datos seguen sen mellorar, o que indica que o gromo non está aínda controlado. O valor do número reprodutivo instantáneo aínda amosa un valor por riba do limiar de 1, o que significa que segue a manterse a transmisión. Por outro lado, case todos os indicadores de risco da comarca amosan criterios con valores de alto risco, como a incidencia acu-



mulada a tres días na área e no período estudado, o número de pacientes que ingresan en unidades de hospitalización ou a porcentaxe de PCR positivas entre os contactos estreitos dun caso confirmado. Así mesmo, cómpre destacar que, salvo o concello da Illa de Arousa, o resto dos concellos da comarca presentan taxas acumuladas a 14 días superiores á de Galicia. Así, o concello de Meis amosa unha taxa acumulada a 14 días de 521,8 casos por cada cen mil habitantes, e os de Meaño e Ribadumia, unhas taxas de 493,2 casos por cada cen mil habitantes e 316,7 casos por cada cen mil habitantes, respectivamente. A situación epidemiolóxica actual da comarca do Salnés indica que a transmisión segue a manterse. A presenza de indicadores de gromo en niveis de alto risco e o feito de que o grupo en que se recollen as taxas máis altas sexa a xente nova, en que a infección pode ser asintomática ou pauciasintomática, favorecendo deste xeito a transmisión, indican que a situación na comarca non está controlada. De acordo co exposto, o informe recomenda que todos os concellos da comarca do Salnés manteñan as medidas que xa teñen establecidas, salvo no caso dos concellos de Meis, Meaño e Ribadumia, para os cales se propón adoptar as mesmas medidas restritivas que xa teñen os ámbitos territoriais formados por Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa e Cambados, por un lado, e Sanxenxo e O Grove, por outro.

Tendo en conta o indicado nos ditos informes, e tras escoitar as recomendacións do subcomité clínico reunido para estes efectos, a situación epidemiolóxica e sanitaria nos concellos de Viveiro, Toén, San Cibrao das Viñas, Mugardos, Vedra e O Pino determina que procede levantar, nos ditos concellos, a limitación perimetral, así como as limitacións máis restritivas ás agrupacións de persoas en espazos de uso público e de uso privado e en lugares de culto, contidas, respectivamente, no número 2 do punto segundo e no número 2 do punto terceiro do Decreto 179/2020, do 4 de novembro.

No que atinxe aos concellos de Cee, Dumbría, Muxía, Meaño, Meis e Ribadumia, a situación epidemiolóxica e sanitaria determina a necesidade de aplicación nos ditos concellos, con urxencia, das limitacións de entrada e saída de persoas previstas no punto primeiro do Decreto 179/2020, do 4 de novembro, e das limitacións máis restritivas ás agrupacións de persoas en espazos de uso público e de uso privado e en lugares de culto, contidas, respectivamente, no número 2 do punto segundo e no número 2 do punto terceiro do dito decreto, na súa redacción vixente.

En concreto, a limitación de entrada e saída de persoas, agás certas excepcións, establecece, por unha banda, no ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Cee, Dumbría e Muxía e, por outra banda, no ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Meaño, Meis e Ribadumia, e ten por finalidade controlar a



transmisión da enfermidade e conter a irradiación a outros lugares limítrofes dos ámbitos territoriais delimitados.

A medida, consistente na limitación de agrupacións de persoas ás constituídas só por persoas conviventes, ten por finalidade intentar controlar a transmisión aumentando nos concellos citados no parágrafo precedente o nivel de restrición dos contactos familiares e sociais, tendo en conta a situación epidemiolóxica e sanitaria máis desfavorable existente neles. Debe lembrarse, neste sentido, que o Auto 40/2020, do 30 de abril de 2020, do Tribunal Constitucional, no seu fundamento xurídico cuarto, ao ponderar a relevancia das especiais circunstancias derivadas da crise sanitaria creada pola pandemia no exercicio do dereito de reunión, salientou como, ante a incerteza sobre as formas de contaxio, sobre o impacto real da propagación do virus, así como sobre as consecuencias a medio e longo prazo para a saúde das persoas que se viron afectadas, as medidas de distanciamento social, confinamento domiciliario e limitación extrema dos contactos e actividades grupais son as únicas que se demostraron eficaces para limitar os efectos dunha pandemia de dimensións descoñecidas ata a data. Procede advertir, ademais, que a medida de limitación de grupos non é absoluta, senón que está matizada por unha serie de importantes excepcións.

Na mesma liña, debe estenderse aos concellos indicados a medida máis restritiva de limitación de capacidade nos lugares de culto a un terzo, prevista na redacción vixente do número 2 do punto terceiro do Decreto 179/2020, do 4 de novembro, para os concellos cunha situación epidemiolóxica e sanitaria máis desfavorable, co fin de evitar concentracións de persoas e de manter a coherencia cos límites de capacidade máis restritivos que se prevén para outras actividades, co obxectivo de previr e reducir o risco de transmisión. Cabe indicar, neste sentido, que con esta mesma data se acorda, mediante orde da persoa titular da Consellería de Sanidade, no exercicio das súas competencias propias como autoridade sanitaria autonómica, a extensión aos concellos indicados da aplicación das medidas máis restritivas contidas nos anexos II e III da Orde do 4 de novembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

Procede, en consecuencia, introducir no Decreto 179/2020, do 4 de novembro, as modificacións necesarias, con fundamento normativo nos artigos 2, 6, 7, 8, 9 e 10 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, antes citados.



De acordo co exposto, por proposta do conselleiro de Sanidade, e na condición de autoridade competente delegada, por delegación do Goberno da Nación, conforme o disposto nos artigos 2, 6, 7, 8, 9 e 10 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2,

DISPOÑO:

Primeiro. Modificación do Decreto 179/2020, do 4 de novembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2

O Decreto 179/2020, do 4 de novembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, queda modificado como segue:

Un. Tendo en conta a situación epidemiolóxica e sanitaria no concello de Mugarbos, exclúese o dito concello da aplicación das limitacións de entrada e saída de persoas e das limitacións máis restritivas á permanencia de agrupacións de persoas en espazos de uso público e de uso privado e en lugares de culto, contidas, respectivamente, no punto primeiro, no número 2 do punto segundo e no número 2 do punto terceiro do Decreto 179/2020, do 4 de novembro, na súa redacción vixente, modificando para tal fin a letra d) do número 1 do punto primeiro do dito decreto, que queda redactada como segue:

«d) Do ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Ferrol, Ares, Neda, Narón e Fene».

Dous. Tendo en conta a situación epidemiolóxica e sanitaria nos concellos de San Cibrao das Viñas e Toén, exclúense os ditos concellos da aplicación das limitacións de entrada e saída de persoas e das limitacións máis restritivas á permanencia de agrupacións de persoas en espazos de uso público e de uso privado e en lugares de culto, contidas, respectivamente, no punto primeiro, no número 2 do punto segundo e no número 2 do punto terceiro do Decreto 179/2020, do 4 de novembro, na súa redacción vixente, modificando



para tal fin a letra e) do número 1 do punto primeiro do dito decreto, que queda coa seguinte redacción:

«e) Do ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Ourense, Barbadás e O Pereiro de Aguiar».

Tres. Tendo en conta a situación epidemiolóxica e sanitaria nos concellos do Pino e Vedra, procede excluír os ditos concellos da aplicación das limitacións de entrada e saída de persoas e das limitacións máis restritivas á permanencia de agrupacións de persoas en espazos de uso público e de uso privado e en lugares de culto, contidas, respectivamente, no punto primeiro, no número 2 do punto segundo e no número 2 do punto terceiro do Decreto 179/2020, do 4 de novembro, modificando para tal fin a letra f) do número 1 do punto primeiro do dito decreto, que queda coa seguinte redacción:

«f) Do ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Santiago de Compostela, Ames, Oroso e Teo».

Catro. Tendo en conta a situación epidemiolóxica e sanitaria no concello de Viveiro, exclúese o dito concello da aplicación das limitacións de entrada e saída de persoas e das limitacións máis restritivas á permanencia de agrupacións de persoas en espazos de uso público e de uso privado e en lugares de culto, contidas, respectivamente, no punto primeiro, no número 2 do punto segundo e no número 2 do punto terceiro do Decreto 179/2020, do 4 de novembro, na súa redacción vixente. As ditas limitacións deben, en cambio, ser aplicadas nos concellos de Cee, Dumbría e Muxía tendo en conta a situación epidemiolóxica e sanitaria nos ditos concellos. En consecuencia, modifícase a letra j) do número 1 do punto primeiro do dito decreto, que queda coa seguinte redacción:

«j) Do ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Cee, Dumbría e Muxía».

Cinco. Tendo en conta a situación epidemiolóxica e sanitaria dos concellos de Meaño, Meis e Ribadumia, procede a aplicación nos citados concellos das limitacións de entrada e saída de persoas e das limitacións máis restritivas á permanencia de agrupacións de persoas en espazos de uso público e de uso privado e en lugares de culto, contidas, respectivamente, no punto primeiro, no número 2 do punto segundo e no número 2 do punto terceiro do Decreto 179/2020, do 4 de novembro, na súa redacción vixente, engadindo unha letra u) ao número 1 do punto primeiro do dito decreto coa seguinte redacción:

«u) Do ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Meaño, Meis e Ribadumia».



Segundo. Eficacia

Este decreto terá efectos desde as 00.00 horas do 28 de novembro de 2020.

Terceiro. Recursos

Contra este decreto poderase interpor recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, conforme os artigos 12.1.a) e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, vinte e sete de novembro de dous mil vinte

Alberto Núñez Feijóo
Presidente da Xunta de Galicia



I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 27 de novembro de 2020 pola que se modifica a Orde do 4 de novembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

I

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto do dito acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderán ser obxecto de modificación ou supresión, mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade.

Así mesmo, indícase no dito punto sexto, na redacción vixente, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de acordo coa normativa aplicable e á vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou en parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación das medidas concretas contidas no anexo.



Mediante o Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, declarouse o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. A dita declaración afectou todo o territorio nacional e a súa duración inicial estendeuse, conforme o disposto no seu artigo 4, ata as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020.

Conforme o artigo 2 do dito real decreto, para os efectos do estado de alarma, a autoridade competente será o Goberno da Nación. En cada comunidade autónoma e cidade con estatuto de autonomía, a autoridade competente delegada será quen exerza a presidencia da comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía, nos termos establecidos no real decreto. As autoridades competentes delegadas quedan habilitadas para ditar, por delegación do Goberno da Nación, as ordes, resolucións e disposicións para a aplicación do previsto nos artigos 5 a 11 do real decreto, sen que para iso sexa precisa a tramitación de procedemento administrativo ningún, nin será de aplicación o previsto no segundo parágrafo do artigo 8.6 e no artigo 10.8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O 29 de outubro de 2020, o Congreso dos Deputados autorizou a prórroga do estado de alarma ata o 9 de maio de 2021. Conforme o artigo 2 do Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, a prórroga establecida no dito real decreto estenderase desde as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020 ata as 00.00 horas do día 9 de maio de 2021, e someterase ás condicións establecidas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, e nos decretos que, se é o caso, se adopten en uso da habilitación conferida pola disposición derradeira primeira do citado Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, sen prexuízo do establecido nas disposicións que recolle o propio real decreto de prórroga.

En consecuencia, durante a vixencia do estado de alarma e da súa prórroga, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, deberán adoptarse na condición de autoridade competente delegada, nos termos previstos no dito real decreto e no real decreto de prórroga.

Non obstante, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, non esgotan todas as que poden ser adoptadas para facer fronte á crise sanitaria. Neste sentido, como prevé expresamente o seu artigo 12, cada Administración conservará as competencias que lle outorga a lexislación vixente, así como a xestión dos seus servizos e do seu persoal, para adoptar as medidas que considere necesarias, sen prexuízo do establecido no real decreto.



Polo tanto, durante a vixencia do estado de alarma e das súas prórrogas, as medidas que sexa necesario adoptar para facer fronte, na Comunidade Autónoma, á crise sanitaria serán as que poida acordar, ao abeiro da normativa do estado de alarma, o presidente da Comunidade Autónoma como autoridade competente delegada, e as complementarias que poidan adoptar, no exercicio das súas competencias propias, as autoridades sanitarias autonómicas e, entre elas, a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, ao abeiro do disposto no punto sexto do Acordo do Consello da Xunta do 12 de xuño de 2020 citado.

II

Ao abeiro do marco normativo do estado de alarma ditouse o Decreto 179/2020, do 4 de novembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria. Estas medidas, consistentes en limitacións de entrada e saída de persoas de determinados ámbitos territoriais e en limitacións da permanencia de persoas en espazos de uso público e de uso privado e en lugares de culto, deben ser complementadas, como indica o propio decreto, con outras que procede que adopte a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade no exercicio das súas competencias propias como autoridade sanitaria autonómica.

Así, con fundamento no punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, atendida a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria en Galicia, ditouse a Orde do 4 de novembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

Na dita orde recóllense medidas de prevención específicas para o territorio autonómico sobre a base do indicado no Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública do 4 de novembro de 2020, tras escoitar as recomendacións do comité clínico reunido para estes efectos, e con fundamento normativo na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 e 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

En concreto, por un lado, mantivéronse as medidas de prevención específicas que contiña a Orde do 21 de outubro de 2020 para o territorio autonómico, ben que adaptadas, no procedente, ao novo límite numérico das agrupacións de persoas que recolleu o Decreto 179/2020, do 4 de novembro. Estas medidas consisten, fundamentalmente, no peche de



festas, verbenas, outros eventos populares e atraccións de feiras, así como en limitacións de capacidade para determinadas actividades, medidas necesarias tendo en conta a natureza de tales actividades e os riscos asociados a elas, ao terse revelado, na experiencia acumulada ata o momento na xestión de abrochos, como medidas eficaces de contención e control da transmisión da enfermidade, ao permitir, en especial, evitar aglomeracións e favorecer o cumprimento das medidas de distanciamento interpersoal.

E, por outro lado, a Orde do 4 de novembro de 2020 recolle, nos seus anexos II e III, medidas máis restritivas para certos ámbitos territoriais, tendo en conta a situación epidemiolóxica e sanitaria máis desfavorable de determinados concellos. Trátase de medidas máis restritivas que teñen mostrado a súa eficacia na xestión de abrochos de especial gravidade e que consisten en limitacións máis estritas da capacidade para o desenvolvemento de certas actividades e no peche temporal de actividades non esenciais. En particular, trátase esta última dunha medida temporal, de carácter localizado, ao afectar só os territorios cunha situación epidemiolóxica e sanitaria máis desfavorable ou con forte interrelación con tales concellos, e limitada a certas actividades non esenciais relacionadas co lecer e con actividades recreativas, que constitúe unha medida adicional a outras como a relativa á limitación de agrupacións ás constituídas só por persoas conviventes, contida no Decreto 179/2020, do 4 de novembro, tendente a restrinxir aínda máis os contactos sociais, ao seren estes unha das principais fontes de contaxio.

Conforme se indica no número 4 do punto segundo da orde, neses ámbitos territoriais serán de aplicación as ditas medidas máis restritivas, contidas nos anexos II e III, e, no que sexa compatible con elas, as previstas no anexo I para todo o territorio autonómico.

Finalmente, respecto da duración das medidas contidas na orde, conforme o seu punto cuarto, a eficacia das medidas estenderase ata as 15.00 horas do 4 de decembro de 2020. Non obstante o anterior, serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser modificadas ou levantadas antes do transcurso do período indicado por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

A Orde do 4 de novembro de 2020 foi obxecto de modificación pola Orde do 8 de novembro de 2020 (que deu nova redacción ao último parágrafo do punto III.2.5 do anexo III); pola Orde do 9 de novembro de 2020 (que modificou o número 3.25 do anexo I); pola Orde do 13 de novembro de 2020, que estendeu a aplicación das medidas máis restritivas dos anexos II e III da Orde do 4 de novembro aos concellos de Cabana de Bergantiños, Carballo,



Coristanco, Laxe, Malpica de Bergantiños e Ponteceso, na comarca de Bergantiños, e ao concello de Ribadavia; pola Orde do 18 de novembro de 2020, que estendeu a aplicación das indicadas medidas ao concello de Sanxenxo; pola Orde do 20 de novembro de 2020 pola que se estenderon tamén esas medidas aos concellos de Vilalba e A Laracha, e se dispuxo a aplicación ao concello do Carballiño das medidas xerais previstas para o resto da Comunidade Autónoma de Galicia, e pola Orde do 25 de novembro de 2020 na que se estenderon as medidas máis restritivas ao concello de Moaña, e se dispuxo a aplicación aos concellos de Verín, Monforte de Lemos, Campo Lameiro, Amoeiro, Coles, Boqueixón, Val do Dubra e Trazo das medidas xerais previstas para o resto da Comunidade Autónoma de Galicia.

III

Ante a evolución epidemiolóxica e sanitaria en diversos concellos, faise necesaria unha nova modificación da Orde do 4 de novembro.

Así, en primeiro lugar, a evolución favorable que se produciu nos concellos de Viveiro, Toén, San Cibrao das Viñas, Mugar dos, O Pino e Vedra permite a aplicación neles das medidas previstas no anexo I da Orde do 4 de novembro de 2020, levantando as máis restritivas dos anexos II e III da dita orde que se viñan aplicando nestes concellos. Así, nos informes da Dirección Xeral de Saúde Pública do 27 de novembro de 2020 sobre as comarcas respectivas, á vista das taxas acumuladas a 14 días nos concellos antes indicados, recoméndase que se levanten as medidas máis restritivas que se viñan aplicando neles.

Por outra banda, os concellos de Dumbría, Muxía, Cee, Meaño, Meis e Ribadumia amosan unha evolución negativa, o que obriga á aplicación das medidas máis restritivas contidas nos anexos II e III da citada Orde do 4 de novembro de 2020.

Neste sentido, o Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 27 de novembro de 2020, sobre a comarca de Fisterra, indica que a taxa de incidencia global dos últimos 14 días para a comarca de Fisterra ten un valor superior ao rexistrado en Galicia. Esta taxa é debida fundamentalmente á situación epidemiolóxica do concello de Muxía, cuxa taxa acumulada a 14 días é de 751,6 casos por cada cen mil habitantes, e dos concellos de Dumbría e Cee, que presentan taxas acumuladas a 14 días de 704 casos por cada cen mil habitantes e 238,5 casos por cada cen mil habitantes, respectivamente. Por outro lado, a media das taxas acumuladas a 3, 7 e 14 días presenta unha tendencia ascendente, ao igual que o valor do número reprodutivo instantáneo que, ademais, amosa un valor por



riba do 1. De acordo co exposto, o informe recomenda aplicar medidas máis restritivas nos concellos indicados.

Así mesmo, o Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 27 de novembro de 2020, sobre a comarca do Salnés, indica que a taxa acumulada a 14 días na comarca foi superior á observada no global de Galicia. Ben que a maioría dos concellos desta comarca teñen medidas restritivas adicionais ás establecidas para a Comunidade Autónoma de Galicia, os datos seguen sen mellorar, o que indica que o gromo non está aínda controlado. O valor do número reprodutivo instantáneo aínda amosa un valor por riba do limiar de 1, o que significa que segue a manterse a transmisión. Por outro lado, case todos os indicadores de risco da comarca amosan criterios con valores de alto risco, como a incidencia acumulada a tres días na área e no período estudado, o número de pacientes que ingresan en unidades de hospitalización ou a porcentaxe de PCR positivas entre os contactos estreitos dun caso confirmado. Así mesmo, cómpre destacar que, salvo o concello da Illa de Arousa, o resto dos concellos da comarca presentan taxas acumuladas a 14 días superiores á de Galicia. Así, o concello de Meis amosa unha taxa acumulada a 14 días de 521,8 casos por cada cen mil habitantes, e os de Meaño e Ribadumia, unhas taxas de 493,2 casos por cada cen mil habitantes e 316,7 casos por cada cen mil habitantes, respectivamente. A situación epidemiolóxica actual da comarca do Salnés indica que a transmisión segue a manterse. A presenza de indicadores de gromo en niveis de alto risco e o feito de que o grupo en que se recollen as taxas máis altas sexa a xente nova, en que a infección pode ser asintomática ou pauciasintomática, favorecendo deste xeito a transmisión, indican que a situación na comarca non está controlada. De acordo co exposto, o informe recomenda que todos os concellos da comarca do Salnés manteñan as medidas que xa teñen establecidas, salvo no caso dos concellos de Meis, Meaño e Ribadumia, para os cales se propón adoptar as mesmas medidas restritivas que xa teñen os ámbitos territoriais formados por Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa e Cambados, por un lado, e Sanxenxo e O Grove, por outro.

Tendo en conta o indicado nos ditos informes e tras escoitar as recomendacións do subcomité clínico reunido para estes efectos, procede, en consecuencia, modificar a Orde do 4 de novembro de 2020, no que atinxe aos concellos citados anteriormente.

O fundamento normativo atópase na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 e 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.



Conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para adoptar as medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica e sanitaria existente en determinados concellos.

Na súa virtude, en aplicación do punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. Modificación da Orde do 4 de novembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia

A Orde do 4 de novembro de 2020, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, queda modificada como segue:

Un. Tendo en conta a situación epidemiolóxica e sanitaria no concello de Mugar dos, quedan sen efecto no dito concello as medidas máis restritivas dos anexos II e III da Orde do 4 de novembro de 2020, e serán de aplicación nel as previsións contidas no anexo I da citada orde.

En consecuencia, procede modificar a letra d) do número 4 do punto segundo da Orde do 4 de novembro de 2020 citada, que queda redactada como segue:

«d) No ámbito territorial dos concellos de Ferrol, Ares, Neda, Narón e Fene».

Dous. Tendo en conta a situación epidemiolóxica e sanitaria nos concellos de San Cibrao das Viñas e Toén, quedan sen efecto nos ditos concellos as medidas máis restritivas dos anexos II e III da Orde do 4 de novembro de 2020, e serán de aplicación neles as previsións contidas no anexo I da citada orde.

En consecuencia, procede modificar a letra e) do número 4 do punto segundo da Orde do 4 de novembro de 2020 citada, que queda redactada como segue:

«e) No ámbito territorial dos concellos de Ourense, Barbadás e O Pereiro de Aguiar».



Tres. Tendo en conta a situación epidemiolóxica e sanitaria nos concellos do Pino e Vedra, quedan sen efecto nos ditos concellos as medidas máis restritivas dos anexos II e III da Orde do 4 de novembro de 2020, e serán de aplicación neles as previsións contidas no anexo I da citada orde.

En consecuencia, procede modificar a letra f) do número 4 do punto segundo da Orde do 4 de novembro de 2020 citada, que queda redactada como segue:

«f) No ámbito territorial dos concellos de Santiago de Compostela, Ames, Oroso e Teo».

Catro. Tendo en conta a situación epidemiolóxica e sanitaria no concello de Viveiro, quedan sen efecto no dito concello as medidas máis restritivas dos anexos II e III da Orde do 4 de novembro de 2020, e serán de aplicación neles as previsións contidas no anexo I da citada orde.

En consecuencia, procede modificar a letra i) do número 4 do punto segundo da Orde do 4 de novembro de 2020 citada, que queda redactada como segue:

«i) Nos concellos de Lugo, Burela, Vimianzo, Xinzo de Limia, Cangas, Pontearreas, Tui e O Grove».

Cinco. Tendo en conta a situación epidemiolóxica e sanitaria nos concellos de Meaño, Meis e Ribadumia, serán de aplicación nestes concellos as medidas máis restritivas dos anexos II e III da Orde do 4 de novembro de 2020. En consecuencia, procede modificar a letra g) do número 4 do punto segundo da Orde do 4 de novembro de 2020 citada, que queda redactada como segue:

«g) No ámbito territorial dos concellos de Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa, Cambados, Meaño, Meis e Ribadumia».

Seis. Tendo en conta a situación epidemiolóxica e sanitaria nos concellos de Dumbría, Muxía e Cee, serán de aplicación nestes concellos as medidas máis restritivas dos anexos II e III da Orde do 4 de novembro de 2020. En consecuencia, procede engadir unha nova letra n) ao número 4 do punto segundo da Orde do 4 de novembro de 2020 citada, que queda redactada como segue:

«n) No ámbito territorial dos concellos de Dumbría, Muxía e Cee».



Segundo. *Eficacia*

Esta orde terá efectos desde as 00.00 horas do 28 de novembro de 2020.

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2020

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade



I. DISPOSICIÓN XERAIS**PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA**

DECRETO 194/2020, do 25 de novembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se modifica o Decreto 179/2020, do 4 de novembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

I

Mediante o Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, declarouse o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. A dita declaración afectou todo o territorio nacional e a súa duración inicial estendeuse, conforme o disposto no seu artigo 4, ata as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020.

Conforme o artigo 2 do dito real decreto, para os efectos do estado de alarma, a autoridade competente será o Goberno da Nación. En cada comunidade autónoma e cidade con estatuto de autonomía, a autoridade competente delegada será quen desempeñe a presidencia da comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía, nos termos establecidos no real decreto. As autoridades competentes delegadas quedan habilitadas para ditar, por delegación do Goberno da Nación, as ordes, resolucións e disposicións para a aplicación do previsto nos artigos 5 a 11 do real decreto sen que para iso sexa preciso tramitar ningún procedemento administrativo, nin será de aplicación o previsto no segundo parágrafo do artigo 8.6 e no artigo 10.8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

En concreto, o artigo 6.2 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, prevé que a autoridade competente delegada que corresponda poderá limitar a entrada e saída de persoas en ámbitos territoriais de carácter xeograficamente inferiores á comunidade autónoma, coas excepcións previstas no artigo 6.1.

Pola súa banda, o artigo 7 do mesmo texto normativo dispón que a permanencia de grupos de persoas en espazos de uso público, tanto pechados como ao aire libre, quedará condicionada a que non se supere o número máximo de seis persoas, salvo que se trate de conviventes e sen prexuízo das excepcións que se establezan en relación con depen-



dencias, instalacións e establecementos abertos ao público. A permanencia de grupos de persoas en espazos de uso privado quedará condicionada a que non se supere o número máximo de seis persoas, salvo que se trate de conviventes. No caso das agrupacións en que se inclúan tanto persoas conviventes como persoas non conviventes, o número máximo será de seis persoas. Conforme o artigo 9, a eficacia desta medida nunha comunidade autónoma producirase cando a autoridade competente delegada o determine. Ademais, o artigo 7 recolle a posibilidade de que a autoridade competente delegada correspondente determine, no seu ámbito territorial, á vista da evolución dos indicadores sanitarios, epidemiolóxicos, sociais, económicos e de mobilidade, logo de comunicación ao Ministerio de Sanidade, e de acordo co previsto no artigo 13, que o número máximo sexa inferior a seis persoas, salvo que se trate de conviventes. Así mesmo, as autoridades competentes delegadas poderán, no seu ámbito territorial, establecer excepcións respecto de persoas menores ou dependentes, así como calquera outra flexibilización da limitación.

De acordo co artigo 8 do real decreto, a autoridade competente delegada poderá limitar a permanencia de persoas en lugares de culto mediante a fixación de limitación de capacidade para reunións, celebracións e encontros relixiosos, atendendo ao risco de transmisións que poida resultar dos encontros colectivos, sen que a dita limitación poida afectar en ningún caso o exercicio privado e individual da liberdade relixiosa.

E, conforme o artigo 10 da norma, a autoridade competente delegada en cada comunidade autónoma poderá, no seu ámbito territorial, á vista da evolución dos indicadores sanitarios, epidemiolóxicos, sociais, económicos e de mobilidade, logo de comunicación ao Ministerio de Sanidade, e de acordo co previsto no artigo 13, modular, flexibilizar e suspender a aplicación das medidas previstas nos artigos 6, 7 e 8, co alcance e ámbito territorial que determine.

O 29 de outubro de 2020, o Congreso dos Deputados autorizou a prórroga do estado de alarma ata o 9 de maio de 2021. Conforme o artigo 2 do Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, a prórroga establecida no dito real decreto estenderase desde as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020 ata as 00.00 horas do día 9 de maio de 2021, e someterase ás condicións establecidas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, e nos decretos que, se é o caso, se adopten en uso da habilitación conferida pola disposición derradeira primeira do citado Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, sen prexuízo do establecido nas disposicións que recolle o propio real decreto de prórroga.



En consecuencia, durante a vixencia do estado de alarma e da súa prórroga, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, deberán adoptarse na condición de autoridade competente delegada, nos termos previstos no dito real decreto e no real decreto de prórroga.

II

Neste contexto normativo derivado do estado de alarma vixente, e ante a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia, ditouse o Decreto 179/2020, do 4 de novembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

En concreto, no dito decreto recóllense, á vista do indicado no Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 4 de novembro de 2020, e tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, tres tipos de limitacións:

a) Limitacións de entrada e saída de persoas en determinados ámbitos territoriais, agás certas excepcións, contidas no punto primeiro do decreto.

b) Limitacións da permanencia de grupos de persoas en espazos de uso público e de uso privado, agás supostos excepcionais e xustificados, contidas no punto segundo do decreto. Con carácter xeral, establécese unha limitación de grupos aos formados por un máximo de seis persoas, agás que sexan persoas conviventes. Non obstante, en determinados ámbitos territoriais e atendida a situación epidemiolóxica e sanitaria máis desfavorable existente neles ou en concellos cos cales existe unha forte interrelación, é aplicable a medida máis restritiva, consistente na limitación de grupos aos constituídos só por persoas conviventes. Actualmente, estes últimos ámbitos territoriais son os mesmos en que rexen as limitacións de entrada e saída de persoas.

c) Limitacións da permanencia de persoas en lugares de culto, contidas no punto terceiro do decreto, no cal se establecen limitacións de capacidade de carácter xeral para o territorio autonómico e limitacións de capacidade máis restritivas nos ámbitos territoriais en que rexen as limitacións de entrada e saída de persoas.

Conforme o punto quinto do decreto, as medidas previstas nel manterán a súa eficacia ata as 15.00 horas do 4 decembro de 2020. Non obstante o anterior, en cumprimento



dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas deberán ser obxecto de seguimento e de avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria e para os efectos, de ser necesario, da súa modificación ou levantamento.

Posteriormente ditouse o Decreto 181/2020, do 9 de novembro, do presidente da Xunta de Galicia, que deu nova redacción ao punto terceiro do Decreto 179/2020, do 4 de novembro, relativo ás limitacións á permanencia de persoas en lugares de culto, e o Decreto 182/2020, do 13 de novembro, polo que se dispuxo a aplicación, nos concellos da comarca de Bergantiños, agás o concello da Laracha, e no concello de Ribadavia, das limitacións de entrada e saída de persoas previstas no punto primeiro do Decreto 179/2020, do 4 de novembro, e das limitacións máis restritivas ás agrupacións de persoas en espazos de uso público e de uso privado e en lugares de culto contidas, respectivamente, no número 2 do punto segundo e no número 2 do punto terceiro do dito decreto.

Así mesmo, ditouse o Decreto 186/2020, do 18 de novembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se modifica o Decreto 179/2020, do 4 de novembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, en que se ampliou o ámbito territorial de aplicación das limitacións de entrada e saída de persoas ao ámbito delimitado de forma conxunta polos concellos de Sanxenxo e do Grove, e se estenderon ao concello de Sanxenxo as limitacións máis restritivas ás agrupacións de persoas en espazos de uso público e de uso privado e en lugares de culto contidas, respectivamente, no número 2 do punto segundo e no número 2 do punto terceiro do Decreto 179/2020, do 4 de novembro, na súa redacción vixente.

Por último, ditouse o Decreto 187/2020, do 20 de novembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se modifica o Decreto 179/2020, do 4 de novembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. Neste decreto levantouse no concello do Carballiño a limitación perimetral, así como as limitacións máis restritivas ás agrupacións de persoas en espazos de uso público e de uso privado e en lugares de culto contidas, respectivamente, no número 2 do punto segundo e no número 2 do punto terceiro do Decreto 179/2020, do 4 de novembro.



Así mesmo, no que atinxe aos concellos de Vilalba e A Laracha, a situación epidemiolóxica e sanitaria determinou a necesidade de aplicar nos ditos concellos, con urxencia, as limitacións de entrada e saída de persoas previstas no punto primeiro do Decreto 179/2020, do 4 de novembro, e das limitacións máis restritivas ás agrupacións de persoas en espazos de uso público e de uso privado e en lugares de culto contidas, respectivamente, no número 2 do punto segundo e no número 2 do punto terceiro do dito decreto, na súa redacción vixente. En concreto, no concello da Laracha a limitación de entrada e saída de persoas, agás certas excepcións, estableceuse no ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos da comarca de Bergantiños sometidos ao mesmo nivel de restricións. No caso de Vilalba, a limitación de entrada e saída de persoas, agás certas excepcións, estableceuse no ámbito territorial do propio concello.

III

A evolución da situación nos concellos de Verín, Monforte de Lemos, Campo Lameiro, Amoeiro, Coles, Boqueixón, Val do Dubra e Trazo, ten experimentou unha mellora significativa, polo que resulta necesario adaptar as medidas específicas de prevención á situación epidemiolóxica actual nestes concellos. Así, nos informes da Dirección Xeral de Saúde Pública do 25 de novembro de 2020 sobre as comarcas de Verín, Terra de Lemos, Pontevedra, Ourense, Santiago e Ordes, á vista das taxas acumuladas a 14 días nos concellos antes indicados, recoméndase que se levanten as medidas máis restritivas que se viñan aplicando neles.

Por outro lado, a situación sanitaria e epidemiolóxica no concello de Moaña fai necesario aplicar neste medidas máis restritivas. Neste sentido, o informe da Dirección Xeral de Saúde Pública do 25 de novembro de 2020 sobre a comarca do Salnés destaca que o concello de Moaña ten unha taxa acumulada a 14 días de 443,3 casos por cada cen mil habitantes e cunha declaración continua e diaria de casos. A taxa diaria acumulada a 7 días presenta unha tendencia ascendente. O valor do número reprodutivo instantáneo amosa un valor por riba do 1, o que se traduce en que cada caso podería xerar máis dun caso secundario e, polo tanto, que segue a manterse a transmisión na comunidade. A incidencia acumulada en 3 días e a porcentaxe de PCR positivas entre os contactos estreitos dun caso confirmado amosan valores de risco alto. Ademais, o grupo de idade en que se recollen as taxas de incidencia máis altas é o de 20-24 anos, grupo no cal a clínica pode ser con maior frecuencia pauciasintomática ou asintomática, favorecendo deste xeito a transmisión e dificultando o control. De acordo co exposto, o informe recomenda aplicar medidas máis restritivas no concello de Moaña.



Tendo en conta o indicado nos ditos informes e tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, a situación epidemiolóxica e sanitaria nos concellos de Verín, Monforte de Lemos, Campo Lameiro, Amoeiro, Coles, Boqueixón, Val do Dubra e Trazo determina que procede levantar, nos ditos concellos, a limitación perimetral, así como as limitacións máis restritivas ás agrupacións de persoas en espazos de uso público e de uso privado e en lugares de culto contidas, respectivamente, no número 2 do punto segundo e no número 2 do punto terceiro do Decreto 179/2020, do 4 de novembro.

No que atinxe ao concello de Moaña, a situación epidemiolóxica e sanitaria determina a necesidade de aplicación no dito concello, con urxencia, das limitacións de entrada e saída de persoas previstas no punto primeiro do Decreto 179/2020, do 4 de novembro, e das limitacións máis restritivas ás agrupacións de persoas en espazos de uso público e de uso privado e en lugares de culto contidas, respectivamente, no número 2 do punto segundo e no número 2 do punto terceiro do dito decreto, na súa redacción vixente. En concreto, a limitación de entrada e saída de persoas, agás certas excepcións, establécese no ámbito territorial delimitado polo propio concello e ten por finalidade controlar a transmisión da enfermidade e conter a irradiación a outros lugares limítrofes.

A medida consistente na limitación de agrupacións de persoas ás constituídas só por persoas conviventes ten por finalidade intentar controlar a transmisión, aumentando no concello de Moaña o nivel de restrición dos contactos familiares e sociais, atendida a situación epidemiolóxica e sanitaria máis desfavorable existente nel. Debe recordarse, neste sentido, que o Auto 40/2020, do 30 de abril de 2020, do Tribunal Constitucional, no seu fundamento xurídico cuarto, ao ponderar a relevancia das especiais circunstancias derivadas da crise sanitaria creada pola pandemia no exercicio do dereito de reunión, salientou como, ante a incerteza sobre as formas de contaxio, sobre o impacto real da propagación do virus, así como sobre as consecuencias a medio e longo prazo para a saúde das persoas que se viron afectadas, as medidas de distanciamento social, confinamento domiciliario e limitación extrema dos contactos e actividades grupais son as únicas que se demostraron eficaces para limitar os efectos dunha pandemia de dimensións descoñecidas ata a data. Procede advertir, ademais, que a medida de limitación de grupos non é absoluta, senón que está matizada por unha serie de importantes excepcións.

Procede, en consecuencia, introducir no Decreto 179/2020, do 4 de novembro, as modificacións necesarias, con fundamento normativo nos artigos 2, 6, 7, 8, 9 e 10 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, antes citados.

De acordo co exposto, por proposta do conselleiro de Sanidade, e na condición de autoridade competente delegada, por delegación do Goberno da Nación, conforme o disposto



nos artigos 2, 6, 7, 8, 9 e 10 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2,

DISPOÑO:

Primeiro. *Modificación do Decreto 179/2020, do 4 de novembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2*

O Decreto 179/2020, do 4 de novembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, queda modificado como segue:

Un. Tendo en conta a situación epidemiolóxica e sanitaria no concello de Campo Lameiro, exclúese o dito concello da aplicación das limitacións de entrada e saída de persoas e das limitacións máis restritivas á permanencia de agrupacións de persoas en espazos de uso público e de uso privado e en lugares de culto contidas, respectivamente, no punto primeiro, no número 2 do punto segundo e no número 2 do punto terceiro do Decreto 179/2020, do 4 de novembro, na súa redacción vixente, modificando para tal fin a letra b) do número 1 do punto primeiro do dito decreto, que queda redactada como segue:

«b) Do ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Pontevedra, Marín, Vilaboa, Soutomaior, Ponte Caldelas, Barro, Cerdedo-Cotobade e Poio».

Dous. Tendo en conta a situación epidemiolóxica e sanitaria dos concellos de Amoeiro e Coles exclúense os ditos concellos da aplicación das limitacións de entrada e saída de persoas e das limitacións máis restritivas á permanencia de agrupacións de persoas en espazos de uso público e de uso privado e en lugares de culto contidas, respectivamente, no punto primeiro, no número 2 do punto segundo e no número 2 do punto terceiro do Decreto 179/2020, do 4 de novembro, na súa redacción vixente, modificando a letra e) do número 1 do punto primeiro do dito decreto coa seguinte redacción:

«e) Do ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Ourense, Barbadás, O Pereiro de Aguiar, San Cibrao das Viñas e Toén».



Tres. Tendo en conta a situación epidemiolóxica e sanitaria dos concellos de Boqueixón, Trazo e Val do Dubra, procede excluír os ditos concellos da aplicación das limitacións de entrada e saída de persoas e das limitacións máis restritivas á permanencia de agrupacións de persoas en espazos de uso público e de uso privado e en lugares de culto contidas, respectivamente, no punto primeiro, no número 2 do punto segundo e no número 2 do punto terceiro do Decreto 179/2020, do 4 de novembro, modificando para tal fin a letra f) do número 1 do punto primeiro do dito decreto coa seguinte redacción:

«f) Do ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Santiago de Compostela, Ames, Oroso, O Pino, Teo e Vedra».

Catro. Tendo en conta a situación epidemiolóxica e sanitaria no concello de Monforte de Lemos, exclúese o dito concello da aplicación das limitacións de entrada e saída de persoas e das limitacións máis restritivas á permanencia de agrupacións de persoas en espazos de uso público e de uso privado e en lugares de culto contidas, respectivamente, no punto primeiro, no número 2 do punto segundo e no número 2 do punto terceiro do Decreto 179/2020, do 4 de novembro, na súa redacción vixente. As ditas limitacións deben, en cambio, ser aplicadas no concello de Moaña, tendo en conta a situación epidemiolóxica e sanitaria no dito concello. En consecuencia, modifícase a letra l) do número 1 do punto primeiro do dito decreto, que queda coa seguinte redacción:

«l) Do ámbito territorial do concello de Moaña».

Cinco. Tendo en conta a situación epidemiolóxica e sanitaria do concello de Verín, procede excluír o dito concello da aplicación das limitacións de entrada e saída de persoas e das limitacións máis restritivas á permanencia de agrupacións de persoas en espazos de uso público e de uso privado e en lugares de culto contidas, respectivamente, no punto primeiro, no número 2 do punto segundo e no número 2 do punto terceiro do Decreto 179/2020, do 4 de novembro, suprimindo e deixando sen contido o número 2 do punto primeiro do dito decreto.

Segundo. *Eficacia*

Este decreto terá efectos desde as 00.00 horas do 26 de novembro de 2020.

Terceiro. *Recursos*

Contra o presente decreto poderá interperse recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo, no prazo de dous meses con-



tados desde o día seguinte ao da súa publicación, conforme os artigos 12.1.a) e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, vinte e cinco de novembro de dous mil vinte

Alberto Núñez Feijóo
Presidente da Xunta de Galicia



I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 25 de novembro de 2020 pola que se modifica a Orde do 4 de novembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

I

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto do dito acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderán ser obxecto de modificación ou supresión, mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade.

Así mesmo, indícase no dito punto sexto, na redacción vixente, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de acordo coa normativa aplicable e á vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou en parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación das medidas concretas contidas no anexo.



Mediante o Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, declarouse o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. A dita declaración afectou todo o territorio nacional e a súa duración inicial estendeuse, conforme o disposto no seu artigo 4, ata as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020.

Conforme o artigo 2 do dito real decreto, para os efectos do estado de alarma, a autoridade competente será o Goberno da Nación. En cada comunidade autónoma e cidade con estatuto de autonomía, a autoridade competente delegada será quen exerza a presidencia da comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía, nos termos establecidos no real decreto. As autoridades competentes delegadas quedan habilitadas para ditar, por delegación do Goberno da Nación, as ordes, resolucións e disposicións para a aplicación do previsto nos artigos 5 a 11 do real decreto, sen que para iso sexa precisa a tramitación de procedemento administrativo ningún nin será de aplicación o previsto no segundo parágrafo do artigo 8.6 e no artigo 10.8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O 29 de outubro de 2020, o Congreso dos Deputados autorizou a prórroga do estado de alarma ata o 9 de maio de 2021. Conforme o artigo 2 do Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, a prórroga establecida no dito real decreto estenderase desde as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020 ata as 00.00 horas do día 9 de maio de 2021, e someterase ás condicións establecidas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, e nos decretos que, se é o caso, se adopten en uso da habilitación conferida pola disposición derradeira primeira do citado Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, sen prexuízo do establecido nas disposicións que recolle o propio real decreto de prórroga.

En consecuencia, durante a vixencia do estado de alarma e da súa prórroga, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, deberán adoptarse na condición de autoridade competente delegada, nos termos previstos no dito real decreto e no real decreto de prórroga.

Non obstante, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, non esgotan todas as que poden ser adoptadas para facer fronte á crise sanitaria. Neste sentido, como prevé expresamente o seu artigo 12, cada Administración conservará as competencias que lle outorga a lexislación vixente, así como a xestión dos seus servizos e do seu persoal, para adoptar as medidas que considere necesarias, sen prexuízo do establecido no real decreto.



Polo tanto, durante a vixencia do estado de alarma e das súas prórrogas, as medidas que sexa necesario adoptar para facer fronte, na Comunidade Autónoma, á crise sanitaria serán as que poida acordar, ao abeiro da normativa do estado de alarma, o presidente da Comunidade Autónoma como autoridade competente delegada, e as complementarias que poidan adoptar, no exercicio das súas competencias propias, as autoridades sanitarias autonómicas e, entre elas, a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade ao abeiro do disposto no punto sexto do Acordo do Consello da Xunta do 12 de xuño de 2020 citado.

II

Ao abeiro do marco normativo do estado de alarma ditouse o Decreto 179/2020, do 4 de novembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria. Estas medidas, consistentes en limitacións de entrada e saída de persoas de determinados ámbitos territoriais e en limitacións da permanencia de persoas en espazos de uso público e de uso privado e en lugares de culto, deben ser complementadas, como indica o propio decreto, con outras que procede que adopte a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade no exercicio das súas competencias propias como autoridade sanitaria autonómica.

Así, con fundamento no punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, atendida a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria en Galicia, ditouse a Orde do 4 de novembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

Na dita orde recóllense medidas de prevención específicas para o territorio autonómico sobre a base do indicado no Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública do 4 de novembro de 2020, tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, e con fundamento normativo na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 e 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

En concreto, por un lado, mantivéronse as medidas de prevención específicas que contiña a Orde do 21 de outubro de 2020 para o territorio autonómico, ben que adaptadas, no procedente, ao novo límite numérico das agrupacións de persoas que recolleu o Decreto 179/2020, do 4 de novembro. Estas medidas consisten, fundamentalmente, no peche de



festas, verbenas, outros eventos populares e atraccións de feiras, así como en limitacións de capacidade para determinadas actividades; medidas necesarias tendo en conta a natureza de tales actividades e os riscos asociados a elas, ao terse revelado, na experiencia acumulada ata o momento na xestión de abrochos, como medidas eficaces de contención e control da transmisión da enfermidade, ao permitir, en especial, evitar aglomeracións e favorecer o cumprimento das medidas de distanciamento interpersoal.

E, por outro lado, a Orde do 4 de novembro de 2020 recolle, nos seus anexos II e III, medidas máis restritivas para certos ámbitos territoriais, tendo en conta a situación epidemiolóxica e sanitaria máis desfavorable de determinados concellos. Trátase de medidas máis restritivas que teñen mostrado a súa eficacia na xestión de abrochos de especial gravidade e que consisten en limitacións máis estritas da capacidade para o desenvolvemento de certas actividades e no peche temporal de actividades non esenciais. En particular, trátase esta última dunha medida temporal, de carácter localizado, ao afectar só os territorios cunha situación epidemiolóxica e sanitaria máis desfavorable ou con forte interrelación con tales concellos, e limitada a certas actividades non esenciais relacionadas co lecer e con actividades recreativas, que constitúe unha medida adicional a outras como a relativa á limitación de agrupacións ás constituídas só por persoas conviventes contida no Decreto 179/2020, do 4 de novembro, tendente a restrinxir aínda máis os contactos sociais, ao seren estes unha das principais fontes de contaxio.

Conforme se indica no número 4 do punto segundo da orde, neses ámbitos territoriais serán de aplicación as ditas medidas máis restritivas, contidas nos anexos II e III, e, no que sexa compatible con elas, as previstas no anexo I para todo o territorio autonómico.

Finalmente, respecto da duración das medidas contidas na orde, conforme o seu punto cuarto, a eficacia das medidas estenderase ata as 15.00 horas do 4 de decembro de 2020. Non obstante o anterior, serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser modificadas ou levantadas antes do transcurso do período indicado por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

A Orde do 4 de novembro de 2020 foi obxecto de modificación pola Orde do 8 de novembro de 2020 (que deu nova redacción ao último parágrafo do punto III.2.5 do anexo III); pola Orde do 9 de novembro de 2020 (que modificou o número 3.25 do anexo I); pola Orde do 13 de novembro de 2020, que estendeu a aplicación das medidas máis restritivas dos anexos II e III da Orde do 4 de novembro aos concellos de Cabana de Bergantiños, Carballo,



Coristanco, Laxe, Malpica de Bergantiños e Ponteceso, na comarca de Bergantiños, e ao concello de Ribadavia; pola Orde do 18 de novembro de 2020, que estendeu a aplicación das indicadas medidas ao concello de Sanxenxo, e pola Orde do 20 de novembro de 2020 na que se estenderon tamén esas medidas aos concellos de Vilalba e A Laracha, e se dispuxo a aplicación ao concello do Carballiño das medidas xerais previstas para o resto da Comunidade Autónoma de Galicia.

III

Ante a evolución epidemiolóxica e sanitaria nos concellos de Verín, Monforte de Lemos, Campo Lameiro, Amoeiro, Coles, Boqueixón, Val do Dubra, Trazo e Moaña faise necesaria unha nova modificación da Orde do 4 de novembro.

Así, en primeiro lugar, a evolución favorable que se produciu nos concellos de Verín, Monforte de Lemos, Campo Lameiro, Amoeiro, Coles, Boqueixón, Val do Dubra e Trazo permite a aplicación neles das medidas previstas no anexo I da Orde do 4 de novembro de 2020, levantando as máis restritivas dos anexos II e III da dita orde que se viñan aplicando nestes concellos. Así, nos informes da Dirección Xeral de Saúde Pública do 25 de novembro de 2020 sobre as comarcas de Verín, Terra de Lemos, Pontevedra, Ourense, Santiago e Ordes, á vista das taxas acumuladas a 14 días nos concellos antes indicados, recoméndase que se levanten as medidas máis restritivas que se viñan aplicando neles.

Por outra banda, o concello de Moaña amosa unha evolución negativa, o que obriga á aplicación das medidas máis restritivas contidas nos anexos II e III da citada Orde do 4 de novembro de 2020. Neste sentido, o informe da Dirección Xeral de Saúde Pública do 25 de novembro de 2020 sobre a comarca do Salnés destaca que o concello de Moaña ten unha taxa acumulada a 14 días de 443'3 casos por cada cen mil habitantes e cunha declaración continua e diaria de casos. A taxa diaria acumulada a 7 días presenta unha tendencia ascendente. O valor do número reprodutivo instantáneo amosa un valor por riba do 1, o que se traduce en que cada caso podería xerar máis dun caso secundario e, polo tanto, que se segue a manter a transmisión na comunidade. A incidencia acumulada en 3 días e a porcentaxe de PCR positivas entre os contactos estreitos dun caso confirmado amosan valores de risco alto. Ademais, o grupo de idade nos que se recollen as taxas de incidencia máis altas é o de 20-24 anos, grupo no que a clínica pode ser con maior frecuencia pauciasintomática ou asintomática, favorecendo deste xeito a transmisión e dificultando o control. De acordo co exposto, o informe recomenda aplicar medidas máis restritivas no concello de Moaña.



Tendo en conta o indicado nos ditos informes e tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, procede, en consecuencia, modificar a Orde do 4 de novembro de 2020, no que atinxe aos concellos citados anteriormente.

O fundamento normativo atópase na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 e 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para adoptar as medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica e sanitaria existente en determinados concellos.

Na súa virtude, en aplicación do punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. *Modificación da Orde do 4 de novembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia*

A Orde do 4 de novembro de 2020, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, queda modificada como segue:

Un. Tendo en conta a situación epidemiolóxica e sanitaria no concello de Campo Lameiro, quedan sen efecto no dito concello as medidas máis restritivas dos anexos II e III da Orde do 4 de novembro de 2020, e serán de aplicación nel as previsións contidas no anexo I da citada orde.

En consecuencia, procede modificar a letra b) do número 4 do punto segundo da Orde do 4 de novembro de 2020 citada, que queda redactada como segue:

«b) No ámbito territorial dos concellos de Pontevedra, Marín, Vilaboa, Soutomaior, Ponte Caldelas, Barro, Cerdedo-Cotobade e Poio».



Dous. Tendo en conta a situación epidemiolóxica e sanitaria nos concellos de Amoeiro e Coles, quedan sen efecto nos ditos concellos as medidas máis restritivas dos anexos II e III da Orde do 4 de novembro de 2020, e serán de aplicación neles as previsións contidas no anexo I da citada orde.

En consecuencia, procede modificar a letra e) do número 4 do punto segundo da Orde do 4 de novembro de 2020 citada, que queda redactada como segue:

«e) No ámbito territorial dos concellos de Ourense, Barbadás, O Pereiro de Aguiar, San Cibrao das Viñas e Toén».

Tres. Tendo en conta a situación epidemiolóxica e sanitaria nos concellos de Boqueixón, Trazo e Val do Dubra, quedan sen efecto nos ditos concellos as medidas máis restritivas dos anexos II e III da Orde do 4 de novembro de 2020, e serán de aplicación neles as previsións contidas no anexo I da citada orde.

En consecuencia, procede modificar a letra f) do número 4 do punto segundo da Orde do 4 de novembro de 2020 citada, que queda redactada como segue:

«f) No ámbito territorial dos concellos de Santiago de Compostela, Ames, Oroso, O Pino, Teo e Vedra».

Catro. Tendo en conta a situación epidemiolóxica e sanitaria nos concellos de Verín e Monforte de Lemos, quedan sen efecto nos ditos concellos as medidas máis restritivas dos anexos II e III da Orde do 4 de novembro de 2020, e serán de aplicación neles as previsións contidas no anexo I da citada orde.

En consecuencia, procede modificar a letra i) do número 4 do punto segundo da Orde do 4 de novembro de 2020 citada, que queda redactada como segue:

«i) Nos concellos de Lugo, Viveiro, Burela, Vimianzo, Xinzo de Limia, Cangas, Ponteareas, Tui e O Grove».

Cinco. Tendo en conta a situación epidemiolóxica e sanitaria no concello de Moaña, serán de aplicación neste concello as medidas máis restritivas dos anexos II e III da Orde do 4 de novembro de 2020. En consecuencia, procede engadir unha nova letra m) ao número 4 do punto segundo da Orde do 4 de novembro de 2020 citada e corrixir, ademais, a duplicidade de letra k) existente neste número, polo que as letras k, l) e m) do dito número quedan redactadas como segue:

«k) No concello de Sanxenxo.



l) No concello de Vilalba.

m) No concello de Moaña».

Segundo. *Eficacia*

Esta orde terá efectos desde as 00.00 horas do 26 de novembro de 2020.

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2020

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade



I. DISPOSICIÓNS XERAIS

PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA

DECRETO 187/2020, do 20 de novembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se modifica o Decreto 179/2020, do 4 de novembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

I

Mediante o Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, declarouse o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. A dita declaración afectou todo o territorio nacional e a súa duración inicial estendeuse, conforme o disposto no seu artigo 4, ata as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020.

Conforme o artigo 2 do dito real decreto, para os efectos do estado de alarma, a autoridade competente será o Goberno da Nación. En cada comunidade autónoma e cidade con estatuto de autonomía, a autoridade competente delegada será quen desempeñe a presidencia da comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía, nos termos establecidos no real decreto. As autoridades competentes delegadas quedan habilitadas para ditar, por delegación do Goberno da Nación, as ordes, resolucións e disposicións para a aplicación do previsto nos artigos 5 a 11 do real decreto sen que para iso sexa preciso tramitar ningún procedemento administrativo, nin será de aplicación o previsto no segundo parágrafo do artigo 8.6 e no artigo 10.8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

En concreto, o artigo 6.2 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, prevé que a autoridade competente delegada que corresponda poderá limitar a entrada e saída de persoas en ámbitos territoriais de carácter xeograficamente inferiores á comunidade autónoma, coas excepcións previstas no artigo 6.1.

Pola súa banda, o artigo 7 do mesmo texto normativo dispón que a permanencia de grupos de persoas en espazos de uso público, tanto pechados como ao aire libre, quedará condicionada a que non se supere o número máximo de seis persoas, salvo que se trate de conviventes e sen prexuízo das excepcións que se establezan en relación con depen-



dencias, instalacións e establecementos abertos ao público. A permanencia de grupos de persoas en espazos de uso privado quedará condicionada a que non se supere o número máximo de seis persoas, salvo que se trate de conviventes. No caso das agrupacións en que se inclúan tanto persoas conviventes como persoas non conviventes, o número máximo será de seis persoas. Conforme o artigo 9, a eficacia desta medida nunha comunidade autónoma producirase cando a autoridade competente delegada o determine. Ademais, o artigo 7 recolle a posibilidade de que a autoridade competente delegada correspondente determine, no seu ámbito territorial, á vista da evolución dos indicadores sanitarios, epidemiolóxicos, sociais, económicos e de mobilidade, logo de comunicación ao Ministerio de Sanidade, e de acordo co previsto no artigo 13, que o número máximo sexa inferior a seis persoas, salvo que se trate de conviventes. Así mesmo, as autoridades competentes delegadas poderán, no seu ámbito territorial, establecer excepcións respecto a persoas menores ou dependentes, así como calquera outra flexibilización da limitación.

De acordo co artigo 8 do real decreto, a autoridade competente delegada poderá limitar a permanencia de persoas en lugares de culto mediante a fixación de limitación de capacidade para reunións, celebracións e encontros relixiosos, atendendo ao risco de transmisións que poida resultar dos encontros colectivos, sen que a dita limitación poida afectar en ningún caso o exercicio privado e individual da liberdade relixiosa.

E, conforme o artigo 10 da norma, a autoridade competente delegada en cada comunidade autónoma poderá, no seu ámbito territorial, á vista da evolución dos indicadores sanitarios, epidemiolóxicos, sociais, económicos e de mobilidade, logo de comunicación ao Ministerio de Sanidade, e de acordo co previsto no artigo 13, modular, flexibilizar e suspender a aplicación das medidas previstas nos artigos 6, 7 e 8, co alcance e ámbito territorial que determine.

O 29 de outubro de 2020, o Congreso dos Deputados autorizou a prórroga do estado de alarma ata o 9 de maio de 2021. Conforme o artigo 2 do Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, a prórroga establecida no dito real decreto estenderase desde as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020 ata as 00.00 horas do día 9 de maio de 2021, e someterase ás condicións establecidas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, e nos decretos que, se é o caso, se adopten en uso da habilitación conferida pola disposición derradeira primeira do citado Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, sen prexuízo do establecido nas disposicións que recolle o propio real decreto de prórroga.



En consecuencia, durante a vixencia do estado de alarma e da súa prórroga, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, deberán adoptarse na condición de autoridade competente delegada, nos termos previstos no dito real decreto e no real decreto de prórroga.

II

Neste contexto normativo derivado do estado de alarma vixente, e ante a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia, ditouse o Decreto 179/2020, do 4 de novembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

En concreto, no dito decreto recóllense, á vista do indicado no Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 4 de novembro de 2020, e tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, tres tipos de limitacións:

a) Limitacións de entrada e saída de persoas en determinados ámbitos territoriais, agás certas excepcións, contidas no punto primeiro do decreto.

b) Limitacións da permanencia de grupos de persoas en espazos de uso público e de uso privado, agás supostos excepcionais e xustificados, contidas no punto segundo do decreto. Con carácter xeral, establécese unha limitación de grupos aos formados por un máximo de seis persoas, agás que sexan persoas conviventes. Non obstante, en determinados ámbitos territoriais e atendida a situación epidemiolóxica e sanitaria máis desfavorable existente neles ou en concellos cos cales existe unha forte interrelación, é aplicable a medida máis restritiva, consistente na limitación de grupos aos constituídos só por persoas conviventes. Actualmente, estes últimos ámbitos territoriais son os mesmos en que rexen as limitacións de entrada e saída de persoas.

c) Limitacións da permanencia de persoas en lugares de culto, contidas no punto terceiro do decreto, no cal se establecen limitacións de capacidade de carácter xeral para o territorio autonómico e limitacións de capacidade máis restritivas nos ámbitos territoriais en que rexen as limitacións de entrada e saída de persoas.

Conforme o punto quinto do decreto, as medidas previstas nel manterán a súa eficacia ata as 15.00 horas do 4 decembro de 2020. Non obstante o anterior, en cumprimento



dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas deberán ser obxecto de seguimento e de avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria e para os efectos, de ser necesario, da súa modificación ou levantamento.

Posteriormente ditouse o Decreto 181/2020, do 9 de novembro, do presidente da Xunta de Galicia, que deu nova redacción ao punto terceiro do Decreto 179/2020, do 4 de novembro, relativo ás limitacións á permanencia de persoas en lugares de culto, e o Decreto 182/2020, do 13 de novembro, polo que se dispuxo a aplicación, nos concellos da comarca de Bergantiños, agás o concello da Laracha, e no concello de Ribadavia, das limitacións de entrada e saída de persoas previstas no punto primeiro do Decreto 179/2020, do 4 de novembro, e das limitacións máis restritivas ás agrupacións de persoas en espazos de uso público e de uso privado e en lugares de culto contidas, respectivamente, no número 2 do punto segundo e no número 2 do punto terceiro do dito decreto.

Así mesmo, ditouse o Decreto 186/2020, do 18 de novembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se modifica o Decreto 179/2020, do 4 de novembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, en que se ampliou o ámbito territorial de aplicación das limitacións de entrada e saída de persoas ao ámbito delimitado de forma conxunta polos concellos de Sanxenxo e do Grove, e se estenderon ao concello de Sanxenxo as limitacións máis restritivas ás agrupacións de persoas en espazos de uso público e de uso privado e en lugares de culto contidas, respectivamente, no número 2 do punto segundo e no número 2 do punto terceiro do Decreto 179/2020, do 4 de novembro, na súa redacción vixente.

III

Froito do seguimento e da avaliación previstos no punto quinto do Decreto 179/2020, do 4 de novembro, e ante a evolución epidemiolóxica e sanitaria nos concellos do Carballiño, Vilalba e A Laracha, resulta necesario axustar as medidas preventivas aplicables para adecualas á evolución da pandemia nos distintos ámbitos territoriais.

Así, o Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 20 de novembro de 2020, sobre a comarca do Carballiño, expresa que a incidencia acumulada a 7 e a 3 días vén descendendo dun xeito progresivo nas últimas semanas, ao igual que as medias das taxas



acumuladas a 3, 7 e 14 días. O número reprodutivo instantáneo amosa un valor menor de 1. O informe considera que as medidas implantadas fixeron efecto e que está a diminuír a transmisión do virus. Ademais, o concello do Carballiño amosa, nos 14 últimos días, tan só 13 casos, con ningún caso declarado en 5 dos últimos 7 días. Deste xeito, e dada a situación actual, o informe recomenda o levantamento da limitación perimetral no dito concello e das medidas máis restritivas que veñen aplicándose nel.

Por outra banda, a situación epidemiolóxica nos concellos de Vilalba e A Laracha, amosa unha evolución negativa e un incremento dos contaxios, polo que cómpre aplicar medidas máis restritivas.

Así, o Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 20 de novembro de 2020, sobre o concello de Vilalba indica que a media da taxa acumulada a 14 días amosa unha tendencia ascendente, chegando a acadarse, o día 18 de novembro, un valor 6,7 veces superior ao observado hai 14 días. Así mesmo, a media da taxa acumulada a 3 días amosa, nos últimos 3 días, unha tendencia ascendente. O número reprodutivo instantáneo está, no día 18 de novembro, por debaixo do valor 1 pero presentando o nivel superior do intervalo de confianza por riba do 1, o que se traduce en que cada caso podería xerar máis dun caso secundario e, polo tanto, que segue a manterse a transmisión na comunidade. A porcentaxe máis alta de positividade acádase no grupo de idade de 70-79 anos, máis de 80 anos e no de 60-69 anos; grupos de idade en que a enfermidade pode ser especialmente grave. Por outra banda, os grupos de idade coas taxas máis altas son de 15-19 anos, 20-24 anos e de 70-79 anos. No grupo de 15-24 anos a infección pode ser asintomática ou paucisintomática, favorecendo deste xeito a transmisión e dificultando o control. Por todo isto, o informe recomenda establecer medidas máis restritivas no concello de Vilalba.

O Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 20 de novembro de 2020, sobre a comarca de Bergantiños, indica que a taxa global dos últimos 14 días para o total da comarca foi de 717,2 casos por cada cen mil habitantes, o que supón 2,7 veces o valor acadado para o conxunto de Galicia nese mesmo momento temporal, e segue a amosar unha tendencia ascendente a respecto das taxas de incidencia global estimadas para 14 días calculadas nas tres últimas semanas. O valor do número reprodutivo instantáneo amosa un valor de arredor do 1, cun nivel superior do intervalo de confianza claramente por riba do 1, o que indica que segue a manterse a transmisión na comunidade. A Laracha, pola súa parte, amosa una taxa a 14 días de 317,3 casos por cada cen mil habitantes, fronte aos 123 casos por cada cen mil habitantes que tiña a semana pasada. Os indicadores de xestión do brote da comarca de Bergantiños amosan valores de alto risco, como a incidencia media a tres días, ou a porcentaxe de PCR positivas entre os contactos estreitos dun caso confirmado. O informe recomenda establecer medidas máis restritivas no concello da Laracha.



Tendo en conta o indicado nos ditos informes e tras escoitar as recomendacións do Subcomité Clínico reunido para estes efectos, a situación epidemiolóxica e sanitaria no concello do Carballiño determina que procede levantar, no dito concello, a limitación perimetral, así como as limitacións máis restritivas ás agrupacións de persoas en espazos de uso público e de uso privado e en lugares de culto contidas, respectivamente, no número 2 do punto segundo e no número 2 do punto terceiro do Decreto 179/2020, do 4 de novembro.

No que atinxe aos concellos de Vilalba e A Laracha, a situación epidemiolóxica e sanitaria determina a necesidade de aplicación nos ditos concellos, con urxencia, das limitacións de entrada e saída de persoas previstas no punto primeiro do Decreto 179/2020, do 4 de novembro, e das limitacións máis restritivas ás agrupacións de persoas en espazos de uso público e de uso privado e en lugares de culto contidas, respectivamente, no número 2 do punto segundo e no número 2 do punto terceiro do dito decreto, na súa redacción vixente.

En concreto, no que ao concello da Laracha se refire, a limitación de entrada e saída de persoas, agás certas excepcións, establécese no ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos da comarca de Bergantiños sometidos ao mesmo nivel de restricións e ten por finalidade controlar a transmisión da enfermidade e conter a irradiación a outros lugares limítrofes do correspondente ámbito territorial delimitado.

No caso de Vilalba, a limitación de entrada e saída de persoas, agás certas excepcións, establécese no ámbito territorial do propio concello coa mesma finalidade indicada de conter a transmisión.

A medida consistente na limitación de agrupacións de persoas ás constituídas só por persoas conviventes ten por finalidade intentar controlar a transmisión aumentando no concellos de Vilalba e A Laracha, atendida a situación epidemiolóxica e sanitaria máis desfavorable existente neles, o nivel de restrición dos contactos familiares e sociais. En efecto, nestes contactos cabe apreciar un maior risco de transmisión polas circunstancias en que se realizan, por existir unha maior confianza e relaxación das medidas de seguridade, xa que teñen lugar fóra de ambientes profesionais, laborais ou outros protocolizados en que se debe usar máscara e que se rodean doutras garantías que dificultan a transmisión e o contaxio. Debe recordarse, neste sentido, que o Auto 40/2020, do 30 de abril de 2020, do Tribunal Constitucional, no seu fundamento xurídico cuarto, ao ponderar a relevancia das especiais circunstancias derivadas da crise sanitaria creada pola pandemia no exercicio do dereito de reunión, salientou como, ante a incerteza sobre as formas de contaxio, sobre o impacto real da propagación do virus, así como sobre as consecuencias a medio e longo prazo para a saúde das persoas que se viron afectadas, as medidas de distanciamento social, confinamento domiciliario e



limitación extrema dos contactos e actividades grupais son as únicas que se demostraron eficaces para limitar os efectos dunha pandemia de dimensións descoñecidas ata a data. Procede advertir, ademais, que a medida de limitación de grupos non é absoluta, senón que está matizada por unha serie de importantes excepcións.

Procede, en consecuencia, introducir no Decreto 179/2020, do 4 de novembro, as modificacións necesarias, con fundamento normativo nos artigos 2, 6, 7, 8, 9 e 10 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, antes citados.

De acordo co exposto, por proposta do conselleiro de Sanidade, e na condición de autoridade competente delegada, por delegación do Goberno da Nación, conforme o disposto nos artigos 2, 6, 7, 8, 9 e 10 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2,

DISPOÑO:

Primeiro. *Modificación do Decreto 179/2020, do 4 de novembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2*

O Decreto 179/2020, do 4 de novembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, queda modificado como segue:

Un. Tendo en conta a situación epidemiolóxica e sanitaria do concello da Laracha, amplíase ao dito concello a aplicación das limitacións de entrada e saída de persoas e das limitacións máis restritivas á permanencia de agrupacións de persoas en espazos de uso público e de uso privado e en lugares de culto contidas, respectivamente, no punto primeiro, no número 2 do punto segundo e no número 2 do punto terceiro do Decreto 179/2020, do 4 de novembro, na súa redacción vixente, modificando para tal fin a letra r) do número 1 do punto primeiro do dito decreto, que queda redactada como segue:

«r) Do ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Cabana de Bergantiños, Carballo, Coristanco, A Laracha, Laxe, Malpica de Bergantiños e Ponteceso».



Dous. Tendo en conta a situación epidemiolóxica e sanitaria do concello de Vilalba amplíase ao dito concello a aplicación das limitacións de entrada e saída de persoas e das limitacións máis restritivas á permanencia de agrupacións de persoas en espazos de uso público e de uso privado e en lugares de culto contidas, respectivamente, no punto primeiro, no número 2 do punto segundo e no número 2 do punto terceiro do Decreto 179/2020, do 4 de novembro, na súa redacción vixente, engadindo para tal fin unha letra t) no número 1 do punto primeiro do dito decreto coa seguinte redacción:

«t) Do ámbito territorial do concello de Vilalba».

Tres. Tendo en conta a situación epidemiolóxica e sanitaria do concello do Carballiño, procede excluír o dito concello da aplicación das limitacións de entrada e saída de persoas e das limitacións máis restritivas á permanencia de agrupacións de persoas en espazos de uso público e de uso privado e en lugares de culto contidas, respectivamente, no punto primeiro, no número 2 do punto segundo e no número 2 do punto terceiro do Decreto 179/2020, do 4 de novembro, modificando para tal fin o número 2 do punto primeiro do Decreto 179/2020, do 4 de novembro, que queda redactado como segue:

«2. Ademais, queda restrinxida a entrada e saída de persoas do ámbito territorial do concello de Verín».

Segundo. *Eficacia*

Este decreto terá efectos desde as 00.00 horas do 21 de novembro de 2020.

Terceiro. *Recursos*

Contra o presente decreto poderá interperse recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, conforme os artigos 12.1.a) e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, vinte de novembro de dous mil vinte

Alberto Núñez Feijóo
Presidente da Xunta de Galicia



I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 20 de novembro de 2020 pola que se modifica a Orde do 4 de novembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

I

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto do dito acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderán ser obxecto de modificación ou supresión, mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade.

Así mesmo, indícase no dito punto sexto, na redacción vixente, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de acordo coa normativa aplicable e á vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou en parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación das medidas concretas contidas no anexo.



Mediante o Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, declarouse o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. A dita declaración afectou todo o territorio nacional e a súa duración inicial estendeuse, conforme o disposto no seu artigo 4, ata as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020.

Conforme o artigo 2 do dito real decreto, para os efectos do estado de alarma, a autoridade competente será o Goberno da Nación. En cada comunidade autónoma e cidade con estatuto de autonomía, a autoridade competente delegada será quen exerza a presidencia da comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía, nos termos establecidos no real decreto. As autoridades competentes delegadas quedan habilitadas para ditar, por delegación do Goberno da Nación, as ordes, resolucións e disposicións para a aplicación do previsto nos artigos 5 a 11 do real decreto, sen que para iso sexa precisa a tramitación de procedemento administrativo ningún nin será de aplicación o previsto no segundo parágrafo do artigo 8.6 e no artigo 10.8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O 29 de outubro de 2020, o Congreso dos Deputados autorizou a prórroga do estado de alarma ata o 9 de maio de 2021. Conforme o artigo 2 do Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, a prórroga establecida no dito real decreto estenderase desde as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020 ata as 00.00 horas do día 9 de maio de 2021, e someterase ás condicións establecidas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, e nos decretos que, se é o caso, se adopten en uso da habilitación conferida pola disposición derradeira primeira do citado Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, sen prexuízo do establecido nas disposicións que recolle o propio real decreto de prórroga.

En consecuencia, durante a vixencia do estado de alarma e da súa prórroga, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, deberán adoptarse na condición de autoridade competente delegada, nos termos previstos no dito real decreto e no real decreto de prórroga.

Non obstante, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, non esgotan todas as que poden ser adoptadas para facer fronte á crise sanitaria. Neste sentido, como prevé expresamente o seu artigo 12, cada Administración conservará as competencias que lle outorga a lexislación vixente, así como a xestión dos seus servizos e do seu persoal, para adoptar as medidas que considere necesarias, sen prexuízo do establecido no real decreto.



Polo tanto, durante a vixencia do estado de alarma e das súas prórrogas, as medidas que sexa necesario adoptar para facer fronte, na Comunidade Autónoma, á crise sanitaria serán as que poida acordar, ao abeiro da normativa do estado de alarma, o presidente da Comunidade Autónoma como autoridade competente delegada, e as complementarias que poidan adoptar, no exercicio das súas competencias propias, as autoridades sanitarias autonómicas e, entre elas, a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade ao abeiro do disposto no punto sexto do Acordo do Consello da Xunta do 12 de xuño de 2020 citado.

II

Ao abeiro do marco normativo do estado de alarma ditouse o Decreto 179/2020, do 4 de novembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria. Estas medidas, consistentes en limitacións de entrada e saída de persoas de determinados ámbitos territoriais e en limitacións da permanencia de persoas en espazos de uso público e de uso privado e en lugares de culto, deben ser complementadas, como indica o propio decreto, con outras que procede que adopte a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade no exercicio das súas competencias propias como autoridade sanitaria autonómica.

Así, con fundamento no punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, atendida a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria en Galicia, ditouse a Orde do 4 de novembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

Na dita orde recóllense medidas de prevención específicas para o territorio autonómico sobre a base do indicado no Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública do 4 de novembro de 2020, tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido a estes efectos, e con fundamento normativo na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 e 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

En concreto, por un lado, mantivéronse as medidas de prevención específicas que contiña a Orde do 21 de outubro de 2020 para o territorio autonómico, ben que adaptadas, no procedente, ao novo límite numérico das agrupacións de persoas que recolleu o Decreto 179/2020, do 4 de novembro. Estas medidas consisten, fundamentalmente, no peche de



festas, verbenas, outros eventos populares e atraccións de feiras, así como en limitacións de capacidade para determinadas actividades; medidas necesarias tendo en conta a natureza de tales actividades e os riscos asociados a elas, ao terse revelado, na experiencia acumulada ata o momento na xestión de abrochos, como medidas eficaces de contención e control da transmisión da enfermidade, ao permitir, en especial, evitar aglomeracións e favorecer o cumprimento das medidas de distanciamento interpersoal.

E, por outro lado, a Orde do 4 de novembro de 2020 recolle, nos seus anexos II e III, medidas máis restritivas para certos ámbitos territoriais, tendo en conta a situación epidemiolóxica e sanitaria máis desfavorable de determinados concellos. Trátase de medidas máis restritivas que teñen mostrado a súa eficacia na xestión de abrochos de especial gravidade e que consisten en limitacións máis estritas da capacidade para o desenvolvemento de certas actividades e no peche temporal de actividades non esenciais. En particular, trátase esta última dunha medida temporal, de carácter localizado, ao afectar só os territorios cunha situación epidemiolóxica e sanitaria máis desfavorable ou con forte interrelación con tales concellos, e limitada a certas actividades non esenciais relacionadas co lecer e con actividades recreativas, que constitúe unha medida adicional a outras como a relativa á limitación de agrupacións ás constituídas só por persoas conviventes contida no Decreto 179/2020, do 4 de novembro, tendente a restrinxir aínda máis os contactos sociais, ao seren estes unha das principais fontes de contaxio.

Conforme se indica no número 4 do punto segundo da orde, neses ámbitos territoriais serán de aplicación as ditas medidas máis restritivas, contidas nos anexos II e III, e, no que sexa compatible con elas, as previstas no anexo I para todo o territorio autonómico.

Finalmente, respecto da duración das medidas contidas na orde, conforme o seu punto cuarto, a eficacia das medidas estenderase ata as 15.00 horas do 4 de decembro de 2020. Non obstante o anterior, serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser modificadas ou levantadas antes do transcurso do período indicado por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

A Orde do 4 de novembro de 2020 foi obxecto de modificación pola Orde do 8 de novembro de 2020 (que deu nova redacción ao último parágrafo do punto III.2.5 do anexo III), pola Orde do 9 de novembro de 2020 (que modificou o número 3.25 do anexo I), pola Orde do 13 de novembro de 2020, que estendeu a aplicación das medidas máis restritivas dos anexos II e III da Orde do 4 de novembro aos concellos de Cabana de Bergantiños, Carballo,



Coristanco, Laxe, Malpica de Bergantiños e Ponteceso, na comarca de Bergantiños, e ao concello de Ribadavia, e pola Orde do 18 de novembro de 2020, que estendeu a aplicación das indicadas medidas ao concello de Sanxenxo.

III

Ante a evolución epidemiolóxica e sanitaria nos concellos do Carballiño, Vilalba e A Laracha, resulta necesaria unha nova modificación da Orde do 4 de novembro.

Así, en primeiro lugar, a evolución favorable que se produciu no concello do Carballiño permite a aplicación nel das medidas previstas no anexo I da Orde do 4 de novembro de 2020, levantando as máis restritivas dos anexos II e III da dita orde que se viñan aplicando neste concello ata o de agora.

Neste sentido, o Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 20 de novembro de 2020, sobre a comarca do Carballiño, expresa que a incidencia acumulada a 7 e a 3 días vén descendendo dun xeito progresivo nas últimas semanas, ao igual que as medias das taxas acumuladas a 3, 7 e 14 días. O número reprodutivo instantáneo amosa un valor menor de 1. O informe considera que as medidas implantadas fixeron efecto e que está a diminuír a transmisión do virus. Ademais, o concello do Carballiño amosa, nos 14 últimos días, tan só 13 casos, con ningún caso declarado en 5 dos últimos 7 días. Deste xeito, e dada a situación actual, o informe recomenda o levantamento das medidas máis restritivas que veñen aplicándose neste concello.

Por outra banda, os concellos de Vilalba e A Laracha teñen amosado unha evolución negativa, o que obriga á aplicación das medidas máis restritivas contidas nos anexos II e III da citada Orde do 4 de novembro de 2020.

Así, o Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 20 de novembro de 2020, sobre o concello de Vilalba, indica que a media da taxa acumulada a 14 días amosa unha tendencia ascendente, chegando a acadarse, o día 18 de novembro, un valor 6,7 veces superior ao observado hai 14 días. Así mesmo, a media da taxa acumulada a 3 días amosa, nos últimos 3 días, unha tendencia ascendente. O número reprodutivo instantáneo está, a día 18 de novembro, por debaixo do valor 1 pero presentando o nivel superior do intervalo de confianza por riba do 1, o que se traduce en que cada caso podería xerar máis dun caso secundario e, polo tanto, que segue a manterse a transmisión na comunidade. A porcentaxe máis alta de positividade acádase no grupo de idade de 70-79 anos, máis de 80 anos e no de 60-69 anos; grupos de idade en que a enfermidade pode ser



especialmente grave. Por outra banda, os grupos de idade coas taxas máis altas son de 15-19 anos, 20-24 anos e de 70-79 anos. No grupo de 15-24 anos a infección pode ser asintomática ou paucisintomática, favorecendo deste xeito a transmisión e dificultando o control. Por todo isto, o informe recomenda establecer medidas máis restritivas no concello de Vilalba.

Pola súa parte, o Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 20 de novembro de 2020, sobre a comarca de Bergantiños, indica que a taxa global dos últimos 14 días para o total da comarca foi de 717,2 casos por cada cen mil habitantes, o que supón 2,7 veces o valor acadado para o conxunto de Galicia nese mesmo momento temporal, e segue a amosar unha tendencia ascendente ao respecto das taxas de incidencia global estimadas para 14 días calculadas nas tres últimas semanas. O valor do número reprodutivo instantáneo amosa un valor arredor do 1, cun nivel superior do intervalo de confianza claramente por riba do 1, o que indica que segue a manterse a transmisión na comunidade. A Laracha, pola súa parte, amosa una taxa a 14 días de 317,3 casos por cada cen mil habitantes, fronte aos 123 casos por cada cen mil habitantes que tiña a semana pasada. Os indicadores de xestión do brote da comarca de Bergantiños amosan valores de alto risco, como a incidencia media a tres días, ou a porcentaxe de PCR positivas entre os contactos estreitos dun caso confirmado. O informe recomenda establecer medidas máis restritivas no concello da Laracha.

Tendo en conta o indicado no dito informe e tras escoitar as recomendacións do Subcomité Clínico reunido para estes efectos, procede a aplicación das medidas contidas no anexo I da Orde do 4 de novembro de 2020, na súa redacción vixente, ao concello do Carballiño, e as previstas nos anexos II e III, aos concellos de Vilalba e A Laracha, tendo en conta a distinta evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria nestes concellos.

Procede, en consecuencia, modificar a Orde do 4 de novembro de 2020, no que atinxe aos concellos citados anteriormente.

O fundamento normativo atópase na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 e 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para adoptar as



medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica e sanitaria existente en determinados concellos.

Na súa virtude, en aplicación do punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. Modificación da Orde do 4 de novembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia

A Orde do 4 de novembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia queda modificada como segue:

Un. Tendo en conta a situación epidemiolóxica e sanitaria no concello do Carballiño, quedan sen efecto no dito concello as medidas máis restritivas dos anexos II e III da Orde do 4 de novembro de 2020, e serán de aplicación nel as previsións contidas no anexo I da citada orde. En consecuencia, procede modificar a letra i) do número 4 do punto segundo da Orde do 4 de novembro de 2020 citada, que queda redactada como segue:

«i) Nos concellos de Lugo, Viveiro, Burela, Monforte de Lemos, Vimianzo, Verín, Xinzo de Limia, Cangas, Pontearreas, Tui e O Grove».

Dous. Tendo en conta a evolución epidemiolóxica e sanitaria do concello da Laracha, procede estender ao dito concello a aplicación das medidas contidas nos anexos II e III da Orde do 4 de novembro de 2020, na súa redacción vixente, modificando a letra j) do número 4 do punto segundo da citada orde, que queda redactada como segue:

«j) Nos concellos da Laracha, Cabana de Bergantiños, Carballo, Coristanco, Laxe, Malpica de Bergantiños e Ponteceso, da Comarca de Bergantiños, e no concello de Ribadavia».

Tres. Considerando a evolución epidemiolóxica e sanitaria do concello de Vilalba, procede estender ao dito concello a aplicación das medidas contidas nos anexos II e III da Orde



do 4 de novembro de 2020, na súa redacción vixente, engadindo unha letra k) no número 4 do punto segundo da citada orde, coa seguinte redacción:

«k) No concello de Vilalba».

Segundo. *Eficacia*

Esta orde terá efectos desde as 00.00 horas do 21 de novembro de 2020.

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2020

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade



I. DISPOSICIÓN XERAIS**PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA**

DECRETO 186/2020, do 18 de novembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se modifica o Decreto 179/2020, do 4 de novembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

I

Mediante o Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, declarouse o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. A dita declaración afectou todo o territorio nacional e a súa duración inicial estendeuse, conforme o disposto no seu artigo 4, ata as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020.

Conforme o artigo 2 do dito real decreto, para os efectos do estado de alarma, a autoridade competente será o Goberno da Nación. En cada comunidade autónoma e cidade con estatuto de autonomía, a autoridade competente delegada será quen desempeñe a presidencia da comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía, nos termos establecidos no real decreto. As autoridades competentes delegadas quedan habilitadas para ditar, por delegación do Goberno da Nación, as ordes, resolucións e disposicións para a aplicación do previsto nos artigos 5 a 11 do real decreto, sen que para iso sexa preciso tramitar ningún procedemento administrativo, nin será de aplicación o previsto no segundo parágrafo do artigo 8.6 e no artigo 10.8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

En concreto, o artigo 6.2 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, prevé que a autoridade competente delegada que corresponda poderá limitar a entrada e saída de persoas en ámbitos territoriais de carácter xeograficamente inferiores á comunidade autónoma, coas excepcións previstas no artigo 6.1.

Pola súa banda, o artigo 7 do mesmo texto normativo dispón que a permanencia de grupos de persoas en espazos de uso público, tanto pechados como ao aire libre, quedará condicionada a que non se supere o número máximo de seis persoas, salvo que se trate de conviventes e sen prexuízo das excepcións que se establezan en relación con depen-



dencias, instalacións e establecementos abertos ao público. A permanencia de grupos de persoas en espazos de uso privado quedará condicionada a que non se supere o número máximo de seis persoas, salvo que se trate de conviventes. No caso das agrupacións en que se inclúan tanto persoas conviventes como persoas non conviventes, o número máximo será de seis persoas. Conforme o artigo 9, a eficacia desta medida nunha comunidade autónoma producirase cando a autoridade competente delegada o determine. Ademais, o artigo 7 recolle a posibilidade de que a autoridade competente delegada correspondente determine, no seu ámbito territorial, á vista da evolución dos indicadores sanitarios, epidemiolóxicos, sociais, económicos e de mobilidade, logo de comunicación ao Ministerio de Sanidade, e de acordo co previsto no artigo 13, que o número máximo sexa inferior a seis persoas, salvo que se trate de conviventes. Así mesmo, as autoridades competentes delegadas poderán, no seu ámbito territorial, establecer excepcións respecto de persoas menores ou dependentes, así como calquera outra flexibilización da limitación.

De acordo co artigo 8 do real decreto, a autoridade competente delegada poderá limitar a permanencia de persoas en lugares de culto, mediante a fixación de limitación de capacidade para reunións, celebracións e encontros relixiosos, atendendo ao risco de transmisións que poida resultar dos encontros colectivos, sen que a dita limitación poida afectar en ningún caso o exercicio privado e individual da liberdade relixiosa.

E, conforme o artigo 10 da norma, a autoridade competente delegada en cada comunidade autónoma poderá, no seu ámbito territorial, á vista da evolución dos indicadores sanitarios, epidemiolóxicos, sociais, económicos e de mobilidade, logo de comunicación ao Ministerio de Sanidade, e de acordo co previsto no artigo 13, modular, flexibilizar e suspender a aplicación das medidas previstas nos artigos 6, 7 e 8, co alcance e ámbito territorial que determine.

O 29 de outubro de 2020, o Congreso dos Deputados autorizou a prórroga do estado de alarma ata o 9 de maio de 2021. Conforme o artigo 2 do Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, a prórroga establecida no dito real decreto estenderase desde as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020 ata as 00.00 horas do día 9 de maio de 2021, e someterase ás condicións establecidas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, e nos decretos que, se é o caso, se adopten en uso da habilitación conferida pola disposición derradeira primeira do citado Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, sen prexuízo do establecido nas disposicións que recolle o propio real decreto de prórroga.



En consecuencia, durante a vixencia do estado de alarma e da súa prórroga, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, deberán adoptarse na condición de autoridade competente delegada, nos termos previstos no dito real decreto e no real decreto de prórroga.

II

Neste contexto normativo derivado do estado de alarma vixente, e ante a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia, ditouse o Decreto 179/2020, do 4 de novembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

En concreto, no dito decreto recóllense, á vista do indicado no Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 4 de novembro de 2020, e tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, tres tipos de limitacións:

a) Limitacións de entrada e saída de persoas en determinados ámbitos territoriais, agás certas excepcións, contidas no punto primeiro do decreto.

b) Limitacións da permanencia de grupos de persoas en espazos de uso público e de uso privado, agás supostos excepcionais e xustificados, contidas no punto segundo do decreto. Con carácter xeral, establécese unha limitación de grupos aos formados por un máximo de seis persoas, agás que sexan persoas conviventes. Non obstante, en determinados ámbitos territoriais e atendida a situación epidemiolóxica e sanitaria máis desfavorable existente neles ou en concellos cos cales existe unha forte interrelación, é aplicable a medida máis restritiva, consistente na limitación de grupos aos constituídos só por persoas conviventes. Actualmente, estes últimos ámbitos territoriais son os mesmos en que rexen as limitacións de entrada e saída de persoas.

c) Limitacións da permanencia de persoas en lugares de culto, contidas no punto terceiro do decreto, no cal se establecen limitacións de capacidade de carácter xeral para o territorio autonómico e limitacións de capacidade máis restritivas nos ámbitos territoriais en que rexen as limitacións de entrada e saída de persoas.

Conforme o punto quinto do decreto, as medidas previstas nel manterán a súa eficacia ata as 15.00 horas do 4 decembro de 2020. Non obstante o anterior, en cumprimento



dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas deberán ser obxecto de seguimento e de avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria e para os efectos, de ser necesario, da súa modificación ou levantamento.

Posteriormente ditouse o Decreto 181/2020, do 9 de novembro, do presidente da Xunta de Galicia, que deu nova redacción ao punto terceiro do Decreto 179/2020, do 4 de novembro, relativo ás limitacións á permanencia de persoas en lugares de culto, e o Decreto 182/2020, do 13 de novembro, polo que se dispuxo a aplicación, nos concellos da comarca de Bergantiños, agás o concello da Laracha, e no concello de Ribadavia, das limitacións de entrada e saída de persoas previstas no punto primeiro do Decreto 179/2020, do 4 de novembro, e das limitacións máis restritivas ás agrupacións de persoas en espazos de uso público e de uso privado e en lugares de culto contidas, respectivamente, no número 2 do punto segundo e no número 2 do punto terceiro do dito decreto.

III

Froito do seguimento e da avaliación previstos no punto quinto do Decreto 179/2020, do 4 de novembro, e ante a evolución epidemiolóxica e sanitaria desfavorable que se produciu no concello de Sanxenxo, resulta necesario ampliar o ámbito territorial de aplicación das limitacións de entrada e saída de persoas contidas no punto primeiro daquel decreto, así como as limitacións máis estritas de permanencia de agrupacións de persoas en espazos de uso público e de uso privado e en lugares de culto que actualmente son de aplicación nos ámbitos territoriais onde rexen as limitacións de entrada e saída de persoas.

Neste sentido, no Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 18 de novembro de 2020, sobre a comarca do Salnés, indícase que a incidencia acumulada a 7 días amosa un claro ascenso desde primeiros de novembro para acabar presentando un discreto descenso nos últimos 10 días. A incidencia acumulada a 3 días amosa unha tendencia oscilante onde destacan, na última semana, uns valores (practicamente diarios) por riba dos 50 casos por cada cen mil habitantes. A media da taxa acumulada a 14 días amosa unha tendencia ascendente. O valor do número reprodutivo instantáneo amosa un valor por riba do limiar de 1, o que significa que segue a manterse a transmisión. A taxa acumulada a 14 días na comarca é de 1,10 veces maior que a da semana anterior e 1,5 veces maior que nas dúas semanas previas. Destaca o feito de que no Grove e en Sanxenxo, nos últimos sete días, se declararon casos a diario, así como tamén as súas taxas acumuladas a 14 días. Ademais, Sanxenxo é o concello con maior número de casos nos últimos 14 días. Ambos os dous concellos amosan taxas acumuladas a 3, 7 e 14 días superiores á esti-



mada para o conxunto de Galicia neses mesmos momentos temporais. O grupo de idade coa porcentaxe de positividade máis elevada é o de 20 a 24 anos, que tamén é o grupo de idade coa taxa máis alta. Por outro lado, os indicadores do risco da comarca amosan criterios con valores de alto risco, como a incidencia acumulada a tres días na área e no período estudado ou o número de pacientes que ingresan en unidades de hospitalización; e criterios con valores de risco medio, como porcentaxe de PCR positivas entre os contactos estreitos. O informe considera que a situación na comarca non está controlada e nela destaca claramente a situación nos concellos do Grove e de Sanxenxo. Por tanto, o informe propón que todos os concellos da comarca do Salnés manteñan as medidas que xa teñan establecidas, salvo no caso do concello de Sanxenxo, para o que se propón adoptar as mesmas medidas restritivas que xa ten O Grove, concello co que, ademais, se propón establecer un peche perimetral.

Tendo en conta o indicado no dito informe e tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, a situación epidemiolóxica e sanitaria no concello de Sanxenxo determina a necesidade de aplicación no dito concello, con urxencia, das limitacións de entrada e saída de persoas previstas no punto primeiro do Decreto 179/2020, do 4 de novembro, e das limitacións máis restritivas ás agrupacións de persoas en espazos de uso público e de uso privado e en lugares de culto contidas, respectivamente, no número 2 do punto segundo e no número 2 do punto terceiro do dito decreto, na súa redacción vixente.

En concreto, a limitación de entrada e saída de persoas, agás certas excepcións, establécese no ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Sanxenxo e do Grove (concello, este último, que xa tiña unha limitación deste tipo) e ten por finalidade controlar a transmisión da enfermidade e conter a irradiación a outros lugares limítrofes do correspondente ámbito territorial delimitado.

A medida consistente na limitación de agrupacións de persoas ás constituídas só por persoas conviventes ten por finalidade intentar controlar a transmisión aumentando no concello de Sanxenxo, atendida a situación epidemiolóxica e sanitaria máis desfavorable existente nel, o nivel de restrición dos contactos familiares e sociais. En efecto, nestes contactos cabe apreciar un maior risco de transmisión polas circunstancias en que se realizan, por existir unha maior confianza e relaxación das medidas de seguridade, xa que teñen lugar fóra de ambientes profesionais, laborais ou outros protocolizados, en que se debe usar máscara e que se rodean doutras garantías que dificultan a transmisión e o contaxio. Debe recordarse, neste sentido, que o Auto 40/2020, do 30 de abril de 2020, do Tribunal Constitucional, no seu fundamento xurídico cuarto, ao ponderar a relevancia das especiais circunstancias derivadas da crise sanitaria creada pola pandemia no exercicio do dereito



de reunión, salientou como, ante a incerteza sobre as formas de contaxio, sobre o impacto real da propagación do virus, así como sobre as consecuencias a medio e longo prazo para a saúde das persoas que se viron afectadas, as medidas de distanciamento social, confinamento domiciliario e limitación extrema dos contactos e actividades grupais son as únicas que se demostraron eficaces para limitar os efectos dunha pandemia de dimensións descoñecidas ata a data. Procede advertir, ademais, de que a medida de limitación de grupos non é absoluta, senón que está matizada por unha serie de importantes excepcións.

Na mesma liña, debe estenderse ao concello de Sanxenxo a medida máis restritiva de limitación de capacidade nos lugares de culto a un terzo, prevista na redacción vixente do número 2 do punto terceiro do Decreto 179/2020, do 4 de novembro, para os concellos cunha situación epidemiolóxica e sanitaria máis desfavorable, co fin de evitar concentracións de persoas e de manter a coherencia cos límites de capacidade máis restritivos que se prevén para outras actividades, co obxectivo de previr e reducir o risco de transmisión. Cabe indicar, neste sentido, que con esta mesma data se acorda, mediante orde da persoa titular da Consellería de Sanidade, no exercicio das súas competencias propias como autoridade sanitaria autonómica, a extensión ao concello de Sanxenxo da aplicación das medidas máis restritivas contidas nos anexos II e III da Orde do 4 de novembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

Procede, en consecuencia, introducir no Decreto 179/2020, do 4 de novembro, as modificacións necesarias, con fundamento normativo nos artigos 2, 6, 7, 8, 9 e 10 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, antes citados.

De acordo co exposto, por proposta do conselleiro de Sanidade, e na condición de autoridade competente delegada, por delegación do Goberno da Nación, conforme o disposto nos artigos 2, 6, 7, 8, 9 e 10 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2,

DISPOÑO:

Primeiro. *Modificación do Decreto 179/2020, do 4 de novembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2*

Tendo en conta a situación epidemiolóxica e sanitaria do concello de Sanxenxo, amplíase o ámbito territorial de aplicación das limitacións de entrada e saída de persoas e das



limitacións máis restritivas á permanencia de agrupacións de persoas en espazos de uso público e de uso privado e en lugares de culto contidas, respectivamente, no punto primeiro, no número 2 do punto segundo e no número 2 do punto terceiro do Decreto 179/2020, do 4 de novembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, modificando a letra q) do número 1 do punto primeiro do dito decreto, que pasa a ter a seguinte redacción:

«q) Do ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Sanxenxo e do Grove».

Segundo. *Eficacia*

Este decreto terá efectos desde as 00.00 horas do 19 de novembro de 2020.

Terceiro. *Recursos*

Contra o presente decreto poderá interperse recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, conforme os artigos 12.1.a) e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, dezaioito de novembro de dous mil vinte

Alberto Núñez Feijóo
Presidente da Xunta de Galicia



I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 18 de novembro de 2020 pola que se modifica a Orde do 4 de novembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

I

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto do dito acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderán ser obxecto de modificación ou supresión, mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade.

Así mesmo, indícase no dito punto sexto, na redacción vixente, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de acordo coa normativa aplicable e á vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou en parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación das medidas concretas contidas no anexo.



Mediante o Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, declarouse o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. A dita declaración afectou todo o territorio nacional e a súa duración inicial estendeuse, conforme o disposto no seu artigo 4, ata as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020.

Conforme o artigo 2 do dito real decreto, para os efectos do estado de alarma, a autoridade competente será o Goberno da Nación. En cada comunidade autónoma e cidade con estatuto de autonomía, a autoridade competente delegada será quen exerza a presidencia da comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía, nos termos establecidos no real decreto. As autoridades competentes delegadas quedan habilitadas para ditar, por delegación do Goberno da Nación, as ordes, resolucións e disposicións para a aplicación do previsto nos artigos 5 a 11 do real decreto, sen que para iso sexa precisa a tramitación de procedemento administrativo ningún nin será de aplicación o previsto no segundo parágrafo do artigo 8.6 e no artigo 10.8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O 29 de outubro de 2020, o Congreso dos Deputados autorizou a prórroga do estado de alarma ata o 9 de maio de 2021. Conforme o artigo 2 do Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, a prórroga establecida no dito real decreto estenderase desde as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020 ata as 00.00 horas do día 9 de maio de 2021, e someterase ás condicións establecidas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, e nos decretos que, se é o caso, se adopten en uso da habilitación conferida pola disposición derradeira primeira do citado Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, sen prexuízo do establecido nas disposicións que recolle o propio real decreto de prórroga.

En consecuencia, durante a vixencia do estado de alarma e da súa prórroga, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, deberán adoptarse na condición de autoridade competente delegada, nos termos previstos no dito real decreto e no real decreto de prórroga.

Non obstante, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, non esgotan todas as que poden ser adoptadas para facer fronte á crise sanitaria. Neste sentido, como prevé expresamente o seu artigo 12, cada Administración conservará as competencias que lle outorga a lexislación vixente, así como a xestión dos seus servizos e do seu persoal, para adoptar as medidas que considere necesarias, sen prexuízo do establecido no real decreto.



Polo tanto, durante a vixencia do estado de alarma e das súas prórrogas, as medidas que sexa necesario adoptar para facer fronte, na comunidade autónoma, á crise sanitaria serán as que poida acordar, ao abeiro da normativa do estado de alarma, o presidente da comunidade autónoma como autoridade competente delegada, e as complementarias que poidan adoptar, no exercicio das súas competencias propias, as autoridades sanitarias autonómicas e, entre elas, a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade ao abeiro do disposto no punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020 citado.

II

Ao abeiro do marco normativo do estado de alarma ditouse o Decreto 179/2020, do 4 de novembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria. Estas medidas, consistentes en limitacións de entrada e saída de persoas de determinados ámbitos territoriais e en limitacións da permanencia de agrupacións de persoas en espazos de uso público e de uso privado e en lugares de culto, deben ser complementadas, como indica o propio decreto, con outras que procede que adopte a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade no exercicio das súas competencias propias como autoridade sanitaria autonómica.

Así, con fundamento no punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, tendo en conta a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria en Galicia, ditouse a Orde do 4 de novembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

Na dita orde recóllense medidas de prevención específicas para o territorio autonómico sobre a base do indicado no Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 4 de novembro de 2020, tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, e con fundamento normativo na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 e 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

En concreto, por un lado, mantivéronse as medidas de prevención específicas que contiña a Orde do 21 de outubro de 2020 para o territorio autonómico, ben que adaptadas, no



procedente, ao novo límite numérico das agrupacións de persoas que recolleu o Decreto 179/2020, do 4 de novembro. Estas medidas consisten fundamentalmente no peche de festas, verbenas, outros eventos populares e atraccións de feiras, así como en limitacións de capacidade para determinadas actividades, medidas necesarias tendo en conta a natureza de tales actividades e os riscos asociados a elas, ao se teren revelado, na experiencia acumulada ata o momento na xestión de abrochos, como medidas eficaces de contención e control da transmisión da enfermidade, ao permitir, en especial, evitar aglomeracións e favorecer o cumprimento das medidas de distanciamento interpersoal.

E, por outro lado, a Orde do 4 de novembro de 2020 recolle, nos seus anexos II e III, medidas máis restritivas para certos ámbitos territoriais, tendo en conta a situación epidemiolóxica e sanitaria máis desfavorable de determinados concellos. Trátase de medidas máis restritivas que teñen mostrado a súa eficacia na xestión de abrochos de especial gravidade e que consisten en limitacións máis estritas da capacidade para o desenvolvemento de certas actividades e no peche temporal de actividades non esenciais. En particular, trátase esta última dunha medida temporal, de carácter localizado, ao afectar só os territorios cunha situación epidemiolóxica e sanitaria máis desfavorable ou con forte interrelación con tales concellos, e limitada a certas actividades non esenciais relacionadas co lecer e con actividades recreativas, que constitúe unha medida adicional a outras como a relativa á limitación de agrupacións ás constituídas só por persoas conviventes, contida no Decreto 179/2020, do 4 de novembro, tendente a restrinxir aínda máis os contactos sociais, ao seren estes unha das principais fontes de contaxio.

Conforme se indica no número 4 do punto segundo da orde, neses ámbitos territoriais serán de aplicación as ditas medidas máis restritivas, contidas nos anexos II e III, e, no que sexa compatible con elas, as previstas no anexo I para todo o territorio autonómico.

Finalmente, respecto da duración das medidas contidas na orde, conforme o seu punto cuarto, a eficacia das medidas estenderase ata as 15.00 horas do 4 de decembro de 2020. Non obstante o anterior, serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser modificadas ou levantadas antes do transcurso do período indicado por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

A Orde do 4 de novembro de 2020 foi obxecto de modificación pola Orde do 8 de novembro de 2020 (que deu nova redacción ao último parágrafo do punto III.2.5 do anexo III),



pola Orde do 9 de novembro de 2020 (que modificou o número 3.25 do anexo I) e pola Orde do 13 de novembro de 2020, que estendeu a aplicación das medidas máis restritivas dos anexos II e III da Orde do 4 de novembro aos concellos de Cabana de Bergantiños, Carballo, Coristanco, Laxe, Malpica de Bergantiños e Ponteceso, na comarca de Bergantiños, e ao concello de Ribadavia.

III

Ante a evolución epidemiolóxica e sanitaria desfavorable que se produciu no concello de Sanxenxo, resulta necesario aplicar nel medidas máis restritivas.

Neste sentido, no Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 18 de novembro de 2020, sobre a comarca do Salnés, indícase que a incidencia acumulada a 7 días amosa un claro ascenso desde primeiros de novembro para acabar presentando un discreto descenso nos últimos 10 días. A incidencia acumulada a 3 días amosa unha tendencia oscilante onde destacan, na última semana, uns valores (practicamente diarios) por riba dos 50 casos por cada cen mil habitantes. A media da taxa acumulada a 14 días amosa unha tendencia ascendente. O valor do número reprodutivo instantáneo amosa un valor por riba do limiar de 1, o que significa que segue a manterse a transmisión. A taxa acumulada a 14 días na comarca é 1,10 veces maior que a da semana anterior e 1,5 veces maior que nas dúas semanas previas. Destaca o feito de que no Grove e Sanxenxo, nos últimos sete días, se declararon casos a diario e tamén destacan as súas taxas acumuladas a 14 días. Ademais, Sanxenxo é o concello con maior número de casos nos últimos 14 días. Ambos os concellos amosan taxas acumuladas a 3, 7 e 14 días superiores á estimada para o conxunto de Galicia neses mesmos momentos temporais. O grupo de idade coa porcentaxe de positividade máis elevada é o de 20 a 24 anos, que tamén é o grupo de idade coa taxa máis alta. Por outro lado, os indicadores do risco da comarca amosan criterios con valores de alto risco, como a incidencia acumulada a tres días na área e no período estudado ou o número de pacientes que ingresan en unidades de hospitalización; e criterios con valores de risco medio, como porcentaxe de PCR positivas entre os contactos estreitos. O informe considera que a situación na comarca non está controlada e destaca claramente a situación nos concellos do Grove e Sanxenxo. Por tanto, o informe propón que todos os concellos da comarca do Salnés manteñan as medidas que xa teñan establecidas, salvo no caso do concello de Sanxenxo, para o que se propón adoptar as mesmas medidas restritivas que xa ten O Grove.



Tendo en conta o indicado no dito informe, e tras escoitar as recomendacións clínicas do Comité Clínico reunido para estes efectos, é necesario e urxente estender a aplicación das medidas máis restritivas contidas nos anexos II e III da Orde do 4 de novembro de 2020, na súa redacción vixente, ao concello de Sanxenxo.

Procede, en consecuencia, modificar o número 4 do punto segundo da Orde do 4 de novembro de 2020, co fin de incluír o dito concello entre aqueles aos cales deben aplicarse as medidas máis restritivas dos anexos II e III da orde. O fundamento normativo de tal ampliación atópase na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 e 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para adoptar as medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica e sanitaria existente en determinados concellos.

Na súa virtude, en aplicación do punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. Modificación da Orde do 4 de novembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia

Tendo en conta a situación epidemiolóxica e sanitaria do concello de Sanxenxo, amplíase o ámbito territorial de aplicación das medidas máis restritivas dos anexos II e III da Orde do 4 de novembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, na súa redacción vixente, engadindo, na relación



de concellos aos cales son de aplicación as ditas medidas contidas no número 4 do punto segundo da orde, unha nova letra k) coa seguinte redacción:

«k) No concello de Sanxenxo».

Segundo. *Eficacia*

Esta orde terá efectos desde as 00.00 horas do día 19 de novembro de 2020.

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2020

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade



I. DISPOSICIÓN XERAIS**PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA**

DECRETO 179/2020, do 4 de novembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

I

A expansión do coronavirus COVID-19 xerou unha crise sanitaria sen precedentes recentes. Así, tras a elevación pola Organización Mundial da Saúde da situación de emerxencia de saúde pública pola dita causa a nivel de pandemia internacional e a adopción, por algunhas comunidades autónomas como a galega, de medidas de prevención, mediante o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, declarouse o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, declaración que afectou a todo o territorio nacional, cunha duración inicial de quince días naturais, pero que foi obxecto de sucesivas prórrogas autorizadas polo Congreso dos Deputados.

O levantamento dese estado de alarma, non obstante, non puxo fin á crise sanitaria, o que xustificou a adopción de medidas, como as previstas, a nivel estatal, no Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, así como as medidas de prevención que foron adoptando as diferentes comunidades autónomas. En concreto, no caso da Comunidade Autónoma de Galicia, a resposta á crise sanitaria foi, fundamentalmente, ademais do mantemento da declaración de situación de emerxencia sanitaria efectuada polo Acordo do Consello da Xunta do 13 de marzo de 2020, a adopción, ao abeiro da lexislación sanitaria, ordinaria e orgánica, de medidas de prevención, tanto de carácter xeral para todo o territorio autonómico, como de maneira específica, a través de diferentes ordes da persoa titular da Consellería de Sanidade, en atención á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

Mediante o Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, declarouse o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. A dita declaración afectou a todo o territorio nacional e a súa duración inicial esténdese, conforme o disposto no seu artigo 4, ata as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020.



Conforme o artigo 2 do dito real decreto, para os efectos do estado de alarma, a autoridade competente será o Goberno da Nación. En cada comunidade autónoma e cidade con estatuto de autonomía, a autoridade competente delegada será quen desempeñe a presidencia da comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía, nos termos establecidos no real decreto. As autoridades competentes delegadas quedan habilitadas para ditar, por delegación do Goberno da Nación, as ordes, resolucións e disposicións para a aplicación do previsto nos artigos 5 a 11 do real decreto sen que para iso sexa precisa a tramitación de procedemento administrativo ningún nin será de aplicación o previsto no segundo parágrafo do artigo 8.6 e no artigo 10.8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

En concreto, no artigo 5 recóllese, como medida eficaz en todo o territorio nacional, coa excepción de Canarias, desde a entrada en vigor do real decreto, a limitación da liberdade de circulación das persoas polas vías ou espazos de uso público durante o período comprendido entre as 23.00 e as 6.00 horas, salvo as excepcións previstas no precepto, e coa posibilidade de que a autoridade competente delegada correspondente poida determinar, no seu ámbito territorial, que a hora de comezo da limitación sexa entre as 22.00 e as 00.00 horas e a hora de finalización da dita limitación sexa entre as 5.00 e as 7.00 horas.

E nos artigos 6 a 8 recóllense medidas relacionadas coa limitación da entrada e saída de persoas nas comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía, coa limitación da permanencia de grupos de persoas en espazos públicos e privados e coa limitación da permanencia de persoas en lugares de culto. As ditas medidas, conforme o disposto no artigo 9.1, serán eficaces no territorio de cada comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía cando a autoridade competente delegada respectiva o determine, á vista da evolución dos indicadores sanitarios, epidemiolóxicos, sociais, económicos e de mobilidade, logo de comunicación ao Ministerio de Sanidade e de acordo co previsto no artigo 13, sen que poida ser a eficacia da medida inferior a sete días naturais.

Polo demais, conforme o artigo 10, a autoridade competente delegada respectiva poderá modular, flexibilizar e suspender a aplicación das medidas previstas nos artigos 6, 7 e 8, co alcance e ámbito territorial que determine. Así mesmo, de acordo co artigo 11, poderá impoñer no seu ámbito territorial a realización das prestacións persoais obrigatorias que resulten imprescindibles no ámbito dos seus sistemas sanitarios e sociosanitarios para responder á situación de emerxencia sanitaria que motiva a aprobación do real decreto.



O 29 de outubro de 2020 o Congreso dos Deputados autorizou a prórroga do estado de alarma ata o 9 de maio de 2021. Conforme o artigo 2 do Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-COV-2, a prórroga establecida no dito real decreto estenderase desde as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020 ata as 00.00 horas do día 9 de maio de 2021, e someteráse ás condicións establecidas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, e nos decretos que, se é o caso, se adopten en uso da habilitación conferida pola disposición derradeira primeira do citado Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, sen prexuízo do establecido nas disposicións que recolle o propio real decreto de prórroga. Estas disposicións, que rexerán durante a prórroga do estado de alarma, refírense, en esencia, á inclusión da medida relativa á limitación da liberdade de circulación das persoas en horario nocturno prevista no artigo 5 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, dentro das medidas do estado de alarma cuxa aplicación pode ser obxecto de modulación, flexibilización ou suspensión polas autoridades competentes delegadas nos termos previstos nos artigos 9 e 10 do dito real decreto, sen prexuízo de que a dita medida manteña a súa eficacia nos termos previstos con anterioridade ao comezo da prórroga, en tanto a autoridade competente delegada que corresponda non determine a súa modulación, flexibilización ou suspensión. Ademais, incorpóranse disposicións relativas á rendición de contas e ao tratamento de enclaves.

Respecto do rango e alcance do real decreto de declaración do estado de alarma e das súas eventuais prórrogas, conforme sinalou o Tribunal Constitucional, na súa Sentenza 83/2016, do 28 de abril, estamos ante normas con valor de lei que establece o concreto estatuto xurídico do estado de alarma, constituíndo tamén fonte de habilitación de disposicións e actos administrativos. Dispoñen, polo tanto, da legalidade aplicable durante a vixencia do estado de alarma, integrando en cada caso, xunto coa Constitución e a Lei orgánica 4/1981, do 1 de xuño, dos estados de alarma, excepción e sitio, o sistema de fontes do dereito de excepción que será de aplicación no concreto estado declarado, polo que son de obrigado cumprimento polos poderes públicos.

En consecuencia, durante a vixencia do estado de alarma e da súa prórroga, a adopción das medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, deberán adoptarse na condición de autoridade competente delegada, nos termos previstos no dito real decreto e no real decreto de prórroga.

Non obstante, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, non esgotan todas as que poden ser adoptadas para facer fronte á crise sanitaria. Neste senti-



do, como prevé expresamente o seu artigo 12, cada Administración conservará as competencias que lle outorga a lexislación vixente, así como a xestión dos seus servizos e do seu persoal, para adoptar as medidas que considere necesarias, sen prexuízo do establecido no real decreto.

Polo tanto, como destaca a propia exposición de motivos do real decreto, durante a vixencia do estado de alarma, as administracións sanitarias competentes en saúde pública, no non previsto nesa norma, deberán continuar adoptando as medidas necesarias para afrontar a situación de emerxencia de saúde pública ocasionada polo COVID-19, conforme a lexislación sanitaria, en particular, a Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública, a Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, e a Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, así como na normativa autonómica correspondente.

II

Neste contexto normativo derivado do estado de alarma vixente, e ante a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria en determinados territorios da Comunidade Autónoma de Galicia, ditouse o Decreto 178/2020, do 30 de outubro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas en determinados ámbitos territoriais da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. As ditas medidas consistiron no establecemento de limitacións da entrada e saída de persoas en determinados ámbitos territoriais, así como na limitación da permanencia de grupos de persoas en espazos públicos ou privados en determinados concellos aos constituídos só por persoas conviventes, agás excepcións xustificadas. Conforme o punto terceiro do decreto, as medidas tiveron efecto desde as 15.00 horas do 30 de outubro de 2020 e debían ser obxecto de seguimento e de avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria para os efectos, de ser necesario, da súa modificación ou levantamento. En todo caso, debían ser revisadas nun período máximo de 7 días.

Ademais, tal e como se indicou na parte expositiva do decreto, as medidas que nel se adoptaron non impedían o mantemento da eficacia, no que fose compatible co disposto nel, da Orde do 21 de outubro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que foi ratificada xudicialmente polo Auto 123/2020,



do 23 de outubro, da Sala do Contencioso-Administrativo (Sección 3ª) do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, sen prexuízo da avaliación que de tales medidas debía facerse no período máximo de catorce días naturais desde a súa publicación, conforme o indicado no punto quinto da dita orde.

Entre as medidas previstas na Orde do 21 de outubro de 2020 citada, de aplicación no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, agás naqueles ámbitos territoriais respecto dos que se teñan acordado medidas máis restritivas, atópase a consistente na limitación dos grupos para o desenvolvemento de calquera actividade ou evento de carácter familiar ou social na vía pública, espazos de uso público ou espazos privados, a un máximo de cinco persoas, con determinadas excepcións. Así mesmo, na orde prevese que a asistencia a lugares de culto non poderá superar o cincuenta por cento da súa capacidade, que non se poderá utilizar o exterior dos edificios nin a vía pública para a celebración de actos de culto e que se deberá respectar un máximo de cincuenta persoas.

A evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia impón no momento actual a necesidade de adoptar novas medidas, ao abeiro do marco normativo derivado do estado de alarma, polo presidente da Comunidade Autónoma na condición de autoridade competente delegada, sen prexuízo das que, de modo complementario e compatible con elas, sexan adoptadas con esta mesma data pola persoa titular da Consellería de Sanidade, en exercicio das súas competencias como autoridade sanitaria autonómica.

En concreto, á vista do indicado no informe da Dirección Xeral de Saúde Pública do 4 de novembro de 2020 e tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, a situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia esixe a adopción, na condición de autoridade competente delegada, das seguintes medidas:

a) Establecemento, con efectos desde as 00.00 horas do día 7 de novembro de 2020, de limitacións da entrada e saída de persoas en determinados ámbitos territoriais, agás certas excepcións, coa finalidade de controlar a transmisión da enfermidade e de conter a irradiación a outros lugares limítrofes dos correspondentes ámbitos territoriais delimitados. Ata ese momento, continuarán vixentes as actuais limitacións de entrada e saída de persoas contidas no punto primeiro do Decreto 178/2020, do 30 de outubro, nos termos previstos no dito decreto, con excepción das limitacións relativas ao ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos do Carballiño, O Irixo e Boborás, e ao ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Verín, Oímbra e Vilardevós, as cales quedarán sen efecto ás 00.00 horas do 5 de novembro de 2020, ao ser aplicables desde



ese momento as novas limitacións de entrada e saída do ámbito territorial do concello do Carballeiro e do concello de Verín, por non ser necesarias limitacións de ámbitos territoriais máis amplos nesas zonas.

b) Limitación da permanencia de grupos de persoas en espazos de uso público e de uso privado, agás supostos excepcionais e xustificados, aos formados por un máximo de seis persoas, agás que sexan persoas conviventes. Esta limitación será de aplicación, desde as 00.00 horas do 5 de novembro de 2020, no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, en substitución da existente ata o momento na que o máximo era de cinco persoas, excepto conviventes.

Non obstante o anterior, en determinados ámbitos territoriais e atendida a situación epidemiolóxica e sanitaria máis desfavorable existente neles ou en concellos cos que existe unha forte interrelación, procede establecer a medida máis restritiva consistente na limitación de grupos aos constituídos só por persoas conviventes. Esta medida xa está sendo de aplicación actualmente en determinados concellos, en concreto, nos previstos no punto segundo do Decreto 178/2020, do 30 de outubro, nos cales se mantén a medida (agás nos concellos de Oímbra, Vilardevós, O Barco de Valdeorras, Beariz, Boborás, O Irixo, Maside, Piñor, Punxín, San Amaro e San Cristovo de Cea, nos cales se levanta a medida máis restritiva ao non ser necesaria). Esta medida máis restritiva, a partir das 00.00 horas do 7 de novembro de 2020, esténdese, ademais, a outros concellos nos cales resulta necesaria.

A medida de limitación de grupos resulta necesaria, adecuada e proporcionada para o fin perseguido, que non é outro que controlar e evitar a maior difusión dunha enfermidade altamente contaxiosa, respecto da cal a diferenza entre persoas enfermas e sas resulta difusa, dada a posible asintomatoloxía ou levidade dos síntomas e a existencia dun período no cal non hai indicios externos da enfermidade. En concreto, trátase de evitar especialmente aglomeracións ou encontros de carácter familiar ou social por riba dun determinado número de persoas co fin de garantir o mantemento da distancia de seguridade e reducir o risco de contacto físico ou proximidade en condicións favorecedoras do contaxio. Debe recordarse, neste sentido, que o Auto 40/2020, do 30 de abril de 2020, do Tribunal Constitucional, no seu fundamento xurídico cuarto, ao ponderar a relevancia das especiais circunstancias derivadas da crise sanitaria creada pola pandemia no exercicio do dereito de reunión, salientou como, ante a incerteza sobre as formas de contaxio, sobre o impacto real da propagación do virus, así como sobre as consecuencias a medio e longo prazo para a saúde das persoas que se viron afectadas, as medidas de distanciamento social, confina-



mento domiciliario e limitación extrema dos contactos e actividades grupais son as únicas que se teñen demostrado eficaces para limitar os efectos dunha pandemia de dimensións descoñecidas ata a data. En particular, a medida de limitación das agrupacións de persoas vai dirixida a previr ou, polo menos, restrinxir numericamente a participación en reunións familiares ou sociais nas cales cabe apreciar un maior risco de transmisión polas circunstancias en que se realizan, por existir unha maior confianza e relaxación das medidas de seguridade, xa que teñen lugar fóra de ambientes profesionais, laborais ou outros protocolizados en que se debe usar máscara e que se rodean doutras garantías que dificultan a transmisión e o contaxio. Para maior abastanza, a medida máis restritiva, aplicable en determinados concellos, consistente en limitar os grupos aos constituídos exclusivamente por persoas conviventes, ten como finalidade intentar controlar a transmisión aumentando o nivel de restrición dos contactos familiares e sociais, atendida a situación epidemiolóxica e sanitaria máis desfavorable existentes nos ditos concellos.

Procede advertir, ademais, de que a medida de limitación de grupos non é absoluta, senón que seguirá estando matizada por unha serie de importantes excepcións.

c) Limitación da permanencia de persoas en lugares de culto. Trátase de manter, con efectos desde as 00.00 horas do 5 de novembro de 2020, os límites de capacidade que se viñan aplicando actualmente na Comunidade Autónoma de Galicia en virtude da Orde do 21 de outubro de 2020 antes citada.

Non obstante o anterior e, tal e como se vén facendo nestes meses de xestión da crise, recóllense unhas medidas máis restritivas neste eido para aqueles concellos nos que a situación epidemiolóxica e sanitaria é máis desfavorable ou que teñen unha forte interrelación con eles, con efectos desde as 00.00 horas do 7 de novembro de 2020.

Todo isto co fin de evitar concentracións de persoas e de manter a coherencia cos límites de capacidade que se preven para outras actividades para previr e reducir o risco de transmisión.

Finalmente, respecto da eficacia das medidas, estas terán efectos ata as 15.00 horas do día 4 de decembro, ben que, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas serán obxecto de seguimento e de avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria, para os efectos, de ser necesario, da súa modificación ou levantamento.



III

No que atinxe, finalmente, ao fundamento normativo das medidas, como se adiantou antes, o artigo 6.2 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, prevé que a autoridade competente delegada que corresponda poderá limitar a entrada e saída de persoas en ámbitos territoriais de carácter xeograficamente inferiores á comunidade autónoma, coas excepcións previstas no artigo 6.1.

Pola súa banda, o artigo 7 do mesmo texto normativo dispón que a permanencia de grupos de persoas en espazos de uso público, tanto pechados como ao aire libre, quedará condicionada a que non se supere o número máximo de seis persoas, salvo que se trate de conviventes e sen prexuízo das excepcións que se establezan en relación con dependencias, instalacións e establecementos abertos ao público. A permanencia de grupos de persoas en espazos de uso privado quedará condicionada a que non se supere o número máximo de seis persoas, salvo que se trate de conviventes. No caso das agrupacións en que se inclúan tanto persoas conviventes como persoas non conviventes, o número máximo será de seis persoas. Tal e como se indicou antes, conforme o artigo 9, a eficacia desta medida nunha comunidade autónoma producirase cando a autoridade competente delegada o determine. Ademais, o artigo 7 recolle a posibilidade de que a autoridade competente delegada correspondente determine, no seu ámbito territorial, á vista da evolución dos indicadores sanitarios, epidemiolóxicos, sociais, económicos e de mobilidade, logo de comunicación ao Ministerio de Sanidade e de acordo co previsto no artigo 13, que o número máximo sexa inferior a seis persoas, salvo que se trate de conviventes. Así mesmo, as autoridades competentes delegadas poderán, no seu ámbito territorial, establecer excepcións respecto a persoas menores ou dependentes, así como calquera outra flexibilización da limitación.

De acordo co artigo 8 do real decreto, a autoridade competente delegada poderá limitar a permanencia de persoas en lugares de culto mediante a fixación de capacidade para reunións, celebracións e encontros relixiosos, atendendo ao risco de transmisións que puidese resultar dos encontros colectivos, sen que a dita limitación poida afectar en ningún caso o exercicio privado e individual da liberdade relixiosa.

E conforme o artigo 10 da norma, a autoridade competente delegada en cada comunidade autónoma poderá, no seu ámbito territorial, á vista da evolución dos indicadores sanitarios, epidemiolóxicos, sociais, económicos e de mobilidade, logo de comunicación ao Ministerio de Sanidade e de acordo co previsto no artigo 13, modular, flexibilizar e suspender a aplicación das medidas previstas nos artigos 6, 7 e 8, co alcance e ámbito territorial que determine.



Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Sanidade, e na condición de autoridade competente delegada, por delegación do Goberno da Nación, conforme o disposto nos artigos 2, 6, 7, 8, 9 e 10 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2,

DISPOÑO:

Primeiro. *Limitacións da entrada e saída de persoas en determinados ámbitos territoriais*

1. Con efectos desde as 00.00 horas do 7 de novembro de 2020, queda restrinxida a entrada e a saída de persoas dos seguintes ámbitos territoriais:

a) Do ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Vigo, Mos, Nigrán, Redondela, O Porriño e Gondomar.

b) Do ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Pontevedra, Marín, Vilaboa, Soutomaior, Ponte Caldelas, Barro, Cerdedo-Cotobade, Campo Lameiro e Poio.

c) Do ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos da Coruña, Culleredo, Arteixo, Oleiros e Cambre.

d) Do ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Ferrol, Ares, Neda, Narón, Fene e Mugardos.

e) Do ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Ourense, Amoeiro, Barbadás, Coles, O Pereiro de Aguiar, San Cibrao das Viñas e Toén.

f) Do ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Santiago de Compostela, Ames, Boqueixón, Oroso, O Pino, Teo, Trazo, Val do Dubra e Vedra.

g) Do ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa e Cambados.

h) Do ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Lalín, Silleda e A Estrada.



- i) Do ámbito territorial do concello de Lugo.
- j) Do ámbito territorial do concello de Viveiro.
- k) Do ámbito territorial do concello de Burela.
- l) Do ámbito territorial do concello de Monforte de Lemos.
- m) Do ámbito territorial do concello de Vimianzo.
- n) Do ámbito territorial do concello de Xinzo de Limia.
- ñ) Do ámbito territorial do concello de Cangas.
- o) Do ámbito territorial do concello de Pontearreas.
- p) Do ámbito territorial do concello de Tui.
- q) Do ámbito territorial do concello do Grove.

2. Ademais, con efectos desde as 00.00 horas do 5 de novembro de 2020, queda restrinxida a entrada e a saída de persoas do ámbito territorial do concello do Carballiño e do ámbito territorial do concello de Verín.

3. Quedan exceptuados das anteriores limitacións aqueles desprazamentos, adecuadamente xustificadas, que se produzan por algún dos seguintes motivos:

- a) Asistencia a centros, servizos e establecementos sanitarios.
- b) Cumprimento de obrigas laborais, profesionais, empresariais, institucionais, sindicais e de representación de traballadores ou legais.
- c) Asistencia a centros universitarios, docentes e educativos, incluídas as escolas de educación infantil.
- d) Retorno ao lugar de residencia habitual ou familiar.
- e) Asistencia e coidado, incluído o acompañamento, a maiores, menores, dependentes, persoas con discapacidade ou persoas especialmente vulnerables.



f) Desprazamento a entidades financeiras e de seguros ou estacións de servizo en territorios limítrofes.

g) Actuacións requiridas ou urxentes ante os órganos públicos, xudiciais ou notariais.

h) Renovacións de permisos e documentación oficial, así como outros trámites administrativos inaprazables.

i) Realización de exames ou probas oficiais inaprazables.

j) Por causa de forza maior ou situación de necesidade.

k) Calquera outra actividade de análoga natureza, debidamente acreditada.

4. Non estará sometida a restrición ningunha a circulación en tránsito a través dos ámbitos territoriais en que resulten de aplicación as limitacións previstas nos números 1 e 2.

5. Ata as 00.00 horas do 7 de novembro de 2020 seguirán vixentes as limitacións de entrada e saída de determinados ámbitos territoriais previstas no punto primeiro do Decreto 178/2020, do 30 de outubro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas en determinados ámbitos territoriais da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, nos termos previstos no dito decreto, con excepción das limitacións relativas ao ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos do Carballiño, O Irixo e Boborás, e ao ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Verín, Oímbra e Vilardevós, as cales quedarán sen efecto ás 00.00 horas do 5 de novembro de 2020, ao ser aplicables desde ese momento as limitacións previstas no número 2.

A partir das 00.00 horas do 7 de novembro de 2020 quedarán sen efecto as demais limitacións do punto primeiro do Decreto 178/2020, do 30 de outubro, sendo aplicables desde ese momento as previstas no número 1.

Segundo. Limitación da permanencia de grupos de persoas en espazos públicos ou privados

1. Con efectos desde as 00.00 horas do 5 de novembro de 2020, no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, agás nos concellos citados no número 2, a permanencia de



grupos de persoas en espazos de uso público, tanto pechados como ao aire libre, quedará condicionada a que non se supere o número máximo de seis persoas, agás que se trate de persoas conviventes. A permanencia de grupos de persoas en espazos de uso privado quedará condicionada a que non se supere o número máximo de seis persoas, agás que se trate de persoas conviventes.

No caso de agrupacións en que se inclúan tanto persoas conviventes como persoas non conviventes, o número máximo a que se refire o parágrafo anterior será de seis persoas.

A limitación prevista neste número non será de aplicación no caso de actividades laborais, institucionais, empresariais, profesionais, sindicais, de representación de traballadores, e administrativas, actividades en centros universitarios, educativos, de formación e ocupacionais, así como no caso da práctica do deporte federado, sempre que se adopten as medidas previstas nos correspondentes protocolos de funcionamento.

Respecto das actividades previstas no anexo I da Orde do 4 de novembro de 2020, serán de aplicación as limitacións de capacidade máxima e/ou de número máximo global de persoas asistentes ou participantes previstas nel. A limitación de grupos dun máximo de seis persoas, excepto conviventes, contida neste número 1, só se aplicará aos límites específicos para actividades grupais recollidos no dito anexo.

2. Nos concellos da Coruña, Arteixo, Lugo, Pontevedra, Poio, Marín, Santiago de Compostela, Teo, Ames, Vigo, Ferrol, Narón, Fene, Neda, Ourense, Barbadás, Verín, O Carballiño e Vimianzo, nos cales se mantén, ata as 00.00 horas do 7 de novembro de 2020, a medida, prevista no punto segundo do Decreto 178/2020, do 30 de outubro, de que a permanencia de grupos de persoas en espazos de uso público, tanto pechados como ao aire libre, e en espazos de uso privado, queda limitada aos grupos constituídos só por persoas conviventes.

Desde as 00.00 horas do 7 de novembro de 2020, a permanencia de grupos de persoas en espazos de uso público, tanto pechados como ao aire libre, e en espazos de uso privado, quedará limitada aos grupos constituídos só por persoas conviventes, a todos os concellos enumerados nos números 1 e 2 do punto primeiro deste decreto.

A limitación prevista neste número 2 non impedirá a reunión con persoas non conviventes que se produzan por motivos de asistencia e coidado, incluído o acompañamento a maiores, menores, dependentes ou persoas con discapacidade, ou por causa de forza maior ou situación de necesidade.



Así mesmo, esta limitación non será aplicable no caso de actividades laborais, institucionais, empresariais, profesionais, sindicais, de representación de traballadores e administrativas, actividades en centros universitarios, educativos, de formación e ocupacionais, así como no caso de práctica de deporte federado, sempre que se adopten as medidas previstas nos correspondentes protocolos de funcionamento.

Tampouco resultará de aplicación naquelas actividades no anexo II da Orde do 4 de novembro de 2020 que poidan desenvolverse nos concellos indicados respecto das cales se considere expresamente a posibilidade de que os grupos sexan de conviventes e non conviventes.

Terceiro. *Limitacións á permanencia de persoas en lugares de culto*

1. Con efectos desde as 00.00 horas do 5 de novembro de 2020, na Comunidade Autónoma de Galicia a asistencia a lugares de culto non poderá superar o cincuenta por cento da súa capacidade, debendo respectarse en todo caso o límite máximo de cincuenta persoas. A capacidade máxima deberá publicarse en lugar visible do espazo destinado ao culto.

Non se poderá utilizar o exterior dos edificios nin a vía pública para a celebración de actos de culto.

2. Non obstante o anterior, con efectos desde as 00.00 horas do 7 de novembro de 2020, o límite máximo de persoas asistentes previsto no número 1 será de vinte e cinco persoas, nos concellos enumerados nos números 1 e 2 do punto primeiro deste decreto.

3. As limitacións previstas nos números anteriores non poderán afectar en ningún caso o exercicio privado e individual da liberdade relixiosa.

Cuarto. *Persoas procedentes de fóra do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia*

As persoas procedentes de fóra do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia deberán cumprir as disposicións establecidas neste decreto, polo que, en particular, só poderán entrar nos ámbitos territoriais delimitados no punto primeiro nos supostos nel previstos.



Quinto. *Eficacia, seguimento e avaliación*

A eficacia das medidas previstas neste decreto comezará no momento indicado respecto de cada unha delas nos puntos primeiro, segundo e terceiro, e manterase ata as 15.00 horas do 4 decembro de 2020.

Non obstante o anterior, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas deberán ser obxecto de seguimento e de avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria e para os efectos, de ser necesario, da súa modificación ou levantamento.

Sexto. *Recursos*

Contra o presente decreto poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, conforme os artigos 12.1.a) e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, catro de novembro de dous mil vinte

Alberto Núñez Feijóo
Presidente da Xunta de Galicia



I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 4 de novembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

I

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto do dito acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderán ser obxecto de modificación ou supresión, mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade.

Así mesmo, indícase no dito punto sexto, na redacción vixente, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de acordo coa normativa aplicable e á vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou en parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación das medidas concretas contidas no anexo.

Con fundamento no dito punto, atendida a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria en Galicia, ditouse a Orde do 21 de outubro de 2020 pola que se establecen medidas



de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia. Conforme o punto quinto da orde, as medidas previstas nela tiñan efectos desde as 00.00 horas do 22 de outubro de 2020 e manterían a súa eficacia por un período de catorce días naturais. As medidas limitativas de dereitos fundamentais foron ratificadas xudicialmente polo Auto 123/2020, do 23 de outubro, da Sala do Contencioso-Administrativo (Sección 3ª) do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Conforme o punto primeiro da dita orde, as medidas previstas nela aplícanse no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, agás naqueles ámbitos territoriais en que, atendida a concreta evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria existente neles, se adoptasen ou se adopten, por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, medidas máis estritas. Neste sentido, para ámbitos territoriais concretos, foron ditadas ordes con medidas máis restritivas, como é o caso das ordes da mesma data, do 21 de outubro de 2020, relativas á comarca de Santiago e a certas comarcas da provincia de Ourense.

Con posterioridade ás ordes do 21 de outubro de 2020 citadas, polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, declarouse o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo el SARS-CoV-2. A dita declaración afectou todo o territorio nacional e a súa duración inicial esténdese, conforme o disposto no seu artigo 4, ata as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020.

Conforme o artigo 2 do dito real decreto, para os efectos do estado de alarma, a autoridade competente será o Goberno da Nación. En cada comunidade autónoma e cidade con estatuto de autonomía, a autoridade competente delegada será quen exerza a presidencia da Comunidade Autónoma ou cidade con estatuto de autonomía, nos termos establecidos no real decreto. As autoridades competentes delegadas quedan habilitadas para ditar, por delegación do Goberno da Nación, as ordes, resolucións e disposicións para a aplicación do previsto nos artigos 5 a 11 do real decreto, sen que para iso sexa precisa a tramitación de procedemento administrativo ningún nin será de aplicación o previsto no segundo parágrafo do artigo 8.6 e no artigo 10.8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

En concreto, no artigo 5 recóllese, como medida eficaz en todo o territorio nacional, coa excepción de Canarias, desde a entrada en vigor do real decreto, a limitación da liberdade de circulación das persoas polas vías ou espazos de uso público durante o período comprendido entre as 23.00 e as 6.00 horas, salvo as excepcións previstas no precepto, e coa



posibilidade de que a autoridade competente delegada correspondente poida determinar, no seu ámbito territorial, que a hora de comezo da limitación sexa entre as 22.00 e as 00.00 horas, e a hora de finalización da dita limitación sexa entre as 5.00 e as 7.00 horas. E nos artigos 6 a 8 recóllense medidas relacionadas coa limitación da entrada e saída de persoas nas comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía, coa limitación da permanencia de grupos de persoas en espazos públicos e privados e coa limitación da permanencia de persoas en lugares de culto. As ditas medidas, conforme o disposto no artigo 9.1, serán eficaces no territorio de cada comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía cando a autoridade competente delegada respectiva o determine, á vista da evolución dos indicadores sanitarios, epidemiolóxicos, sociais, económicos e de mobilidade, logo de comunicación ao Ministerio de Sanidade e de acordo co previsto no artigo 13, e a eficacia da medida non poderá ser inferior a sete días naturais. Polo demais, conforme o artigo 10, a autoridade competente delegada respectiva poderá modular, flexibilizar e suspender a aplicación das medidas previstas nos artigos 6, 7 e 8, co alcance e ámbito territorial que determine. Así mesmo, de acordo co artigo 11, poderá impoñer no seu ámbito territorial a realización das prestacións persoais obrigatorias que resulten imprescindibles no ámbito dos seus sistemas sanitarios e sociosanitarios para responder á situación de emerxencia sanitaria que motiva a aprobación do real decreto.

O 29 de outubro de 2020 o Congreso dos Deputados autorizou a prórroga do estado de alarma ata o 9 de maio de 2021. Conforme o artigo 2 do Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-COV-2, a prórroga establecida no dito real decreto estenderase desde as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020 ata as 00.00 horas do día 9 de maio de 2021, e someterase ás condicións establecidas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, e nos decretos que, de ser o caso, se adopten en uso da habilitación conferida pola disposición derradeira primeira do citado Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, sen prexuízo do establecido nas disposicións que recolle o propio real decreto de prórroga. Estas disposicións, que rexerán durante a prórroga do estado de alarma, refírense, en esencia, á inclusión da medida relativa á limitación da liberdade de circulación das persoas en horario nocturno prevista no artigo 5 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, dentro das medidas do estado de alarma cuxa aplicación pode ser obxecto de modulación, flexibilización ou suspensión polas autoridades competentes delegadas nos termos previstos nos artigos 9 e 10 do dito real decreto, sen prexuízo de que a dita medida manteña a súa eficacia nos termos previstos con anterioridade ao comezo da prórroga, en canto a autoridade competente delegada que corresponda non determine a súa modulación, flexibiliza-



ción ou suspensión. Ademais, incorpóranse disposicións relativas á rendición de contas e ao tratamento de enclaves.

En consecuencia, durante a vixencia do estado de alarma e da súa prórroga, a adopción das medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, deberán adoptarse na condición de autoridade competente delegada, nos termos previstos no dito real decreto e no real decreto de prórroga.

Non obstante, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, non esgotan todas as que poden ser adoptadas para facer fronte á crise sanitaria. Neste sentido, como prevé expresamente o seu artigo 12, cada Administración conservará as competencias que lle outorga a lexislación vixente, así como a xestión dos seus servizos e do seu persoal, para adoptar as medidas que considere necesarias, sen prexuízo do establecido no real decreto.

Polo tanto, como destaca a propia exposición de motivos do real decreto, durante a vixencia do estado de alarma as administracións sanitarias competentes en saúde pública, no non previsto nesa norma, deberán continuar adoptando as medidas necesarias para afrontar a situación de emerxencia de saúde pública ocasionada polo COVID-19, conforme a lexislación sanitaria, en particular, a Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública, a Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, e a Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, así como na normativa autonómica correspondente.

En suma, durante a vixencia do estado de alarma e das súas prórrogas, as medidas que sexa necesario adoptar para facer fronte, na Comunidade Autónoma, á crise sanitaria serán as que poida acordar, ao abeiro da normativa do estado de alarma, o presidente da Comunidade Autónoma como autoridade competente delegada, e as complementarias que poidan adoptar, no exercicio das súas competencias propias, as autoridades sanitarias autonómicas e, entre elas, a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade ao abeiro do disposto no punto sexto do acordo do Consello da Xunta do 12 de xuño de 2020 citado.

Sentado o anterior, no contexto normativo derivado do estado de alarma vixente, e ante a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria en determinados territorios da Comunidade Autónoma de Galicia, ditouse o Decreto 178/2020, do 30 de outubro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas en determinados ámbitos territoriais da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de



autoridade competente delegada no marco do estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. As ditas medidas consistiron no establecemento de limitacións da entrada e saída de persoas en determinados ámbitos territoriais, así como na limitación da permanencia de grupos de persoas en espazos públicos ou privados en determinados concellos aos constituídos só por persoas conviventes, agás excepcións xustificadas. Conforme o punto terceiro do decreto, as medidas tiveron efecto desde as 15.00 horas do 30 de outubro de 2020 e debían ser obxecto de seguimento e de avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria para os efectos, de ser necesario, da súa modificación ou levantamento. En todo caso debían ser revisadas nun período máximo de 7 días.

Ademais, tal e como se indicou una parte expositiva do decreto, as medidas que nel se adoptaron debían entenderse sen prexuízo daquelas complementarias que se adoptaron, coa mesma data, por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade. En concreto, trátase das ordes do 30 de outubro de 2020 polas que se estableceron determinadas medidas de prevención nos concellos de Ferrol, Neda, Narón, Fene, Santiago de Compostela, Ames, Teo e Vimianzo. Tamén se deixaron a salvo as medidas, compatibles coas previstas no decreto, que estaban vixentes no momento en que este se ditou, que son a Orde do 21 de outubro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, e a Orde do 21 de outubro de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nas comarcas de Allariz-Maceda, O Carballiño, Ourense, O Ribeiro, Terra de Celanova, Valdeorras e Verín, na provincia de Ourense, ambas cun período de vixencia de catorce días naturais.

II

A evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia impón no momento actual a necesidade de adoptar novas medidas, sobre a base do indicado no Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública do 4 de novembro de 2020 e tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos.

Neste sentido, por unha banda, ao abeiro do marco normativo do estado de alarma, con esta mesma data ditouse o Decreto 179/2020, do 4 de novembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no



marco do estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, no cal se adoptaron tres tipos de medidas: limitacións da entrada e saída de determinados ámbitos territoriais, con certas excepcións; limitación da permanencia de grupos de persoas en espazos públicos ou privados a un máximo de seis persoas, salvo en determinados ámbitos territoriais en que se aplicará a medida máis restritiva de grupos constituídos só por persoas conviventes, e con determinadas excepcións en ambos o casos, e limitacións á permanencia de persoas en lugares de culto.

Estas medidas deben ser complementadas, como indica o propio decreto, con outras que procede que adopte persoa titular da consellería competente en materia de sanidade no exercicio das súas competencias propias como autoridade sanitaria autonómica.

En concreto, por unha banda, procede manter as medidas de prevención específicas que contiña a Orde do 21 de outubro de 2020 para o territorio autonómico, ben que adaptadas, no que proceda, ao novo límite numérico das agrupacións de persoas que recolle o Decreto 179/2020, do 4 de novembro. Estas medidas terán efectos desde as 00.00 horas do 5 de novembro de 2020.

E, por outra banda, atendida a situación epidemiolóxica e sanitaria máis desfavorable de determinados concellos, é necesario recoller medidas máis restritivas en tales concellos e nos concellos de forte interrelación con eles, consistentes no peche de actividades non esenciais e en medidas máis restritivas de limitación de capacidade para o desenvolvemento de certas actividades. Estas medidas terán efectos desde as 00.00 horas do 7 de novembro de 2020. Non obstante o anterior, ata ese momento procede manter as medidas restritivas que actualmente se están aplicando nos concellos de Ferrol, Neda, Narón, Fene, Santiago de Compostela, Ames, Teo e Vimianzo previstas nas ordes do 30 de outubro de 2020 citadas, así como as previstas na Orde do 21 de outubro de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nas comarcas de Allariz-Maceda, O Carballiño, Ourense, O Ribeiro, Terra de Celanova, Valdeorras e Verín, na provincia de Ourense, para os concellos de Ourense, Barbadás e Verín. Finalmente, no que atinxe ao concello do Carballiño serán de aplicación xa, desde as 00.00 horas do 5 de novembro de 2020, as medidas dos anexos II e III da presente orde.

Finalmente, respecto da duración das medidas, estas terán efectos ata as 15.00 horas do 4 de decembro de 2020, ben que, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas serán obxecto de seguimento e de avaliación continua co



fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria, para os efectos, de ser necesario, da súa modificación ou levantamento por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

III

As medidas que se adoptan nesta orde teñen o seu fundamento normativo na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 e 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Na dita lexislación sanitaria non se recolle unha lista pechada de medidas de prevención, senón que se poderán adoptar, de acordo cos principios de precaución e de proporcionalidade que deben rexer as actuacións en materia de saúde, as necesarias para facer fronte ao concreto risco sanitario de que se trate.

Por outra banda, as medidas de prevención que se recollen nesta orde teñen un evidente fundamento sanitario, dados os riscos de transmisión dunha enfermidade contaxiosa como a que nos ocupa, e a vixilancia, inspección e control do seu cumprimento corresponde aos concellos, sen prexuízo das competencias da Consellería de Sanidade, tendo en conta a condición de autoridade sanitaria dos alcaldes e alcaldesas (artigo 33.1 da Lei /2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia), das competencias dos concellos do control sanitario de actividades e servizos que impacten na saúde da súa cidadanía, dos lugares de convivencia humana (artigo 80.3 da lei citada), así como da súa competencia para a ordenación e control do dominio público.

Polo tanto, os alcaldes e alcaldesas, como autoridade sanitaria, deben garantir nas referidas actividades, servizos e lugares de convivencia humana os dereitos e deberes sanitarios da cidadanía (artigo 33.2 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia) e, polo tanto, garantir a vixilancia, inspección e control do cumprimento das medidas preventivas aprobadas pola Administración autonómica e daquelas que, no seu desenvolvemento e atendendo á situación concreta, poida establecer o correspondente concello.

Así mesmo, as forzas e corpos de seguridade teñen un papel fundamental no necesario control do cumprimento das medidas de prevención, papel que veñen desempeñando durante toda esta crise sanitaria, a través da formulación das correspondentes denuncias e remisión ás autoridades competentes, nos casos en que se detecte o seu incumprimento.



Debe recordarse a este respecto que o Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, declarou a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e activou o Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19. Tendo en conta a existencia dunha declaración de emerxencia sanitaria, resulta esencial a colaboración das forzas e corpos de seguridade coa finalidade de preservar a seguridade e a convivencia cidadás.

Conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para adoptar as medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica existente, no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, coa urxencia que a protección da saúde pública demanda.

Na súa virtude, en aplicación do punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. *Obxecto e alcance*

1. Constitúe o obxecto desta orde establecer medidas de prevención específicas, atendida a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. As medidas contidas nesta orde son complementarias das previstas no Decreto 178/2020, do 30 de outubro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas en determinados ámbitos territoriais da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, así como no Decreto 179/2020, do 4 de novembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo



que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, durante o período a que se estendan as ditas medidas.

En todo o non previsto nas ditas disposicións e nesta orde, e no que sexa compatible con ambas, aplicarase o disposto no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente.

Segundo. *Medidas de prevención específicas*

1. En todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, recoméndaselles ás persoas maiores de 75 anos, ás persoas vulnerables ao COVID-19 e a aquelas que presenten algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria que se poida ver agravada polo uso da máscara ou que presenten algunha alteración que faga inviable a súa utilización, que eviten na súa actividade diaria as saídas nas horas de previsible afluencia ou concentración de persoas na vía pública e en espazos ou establecementos abertos ao público, co fin de reducir os riscos derivados da coincidencia con outras persoas.

2. Mantense, en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, o peche das actividades de festas, verbenas e outros eventos populares, así como das atraccións de feiras.

3. Así mesmo, serán de aplicación, no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, as medidas de prevención específicas recollidas no anexo I.

4. Non obstante o anterior, serán de aplicación as medidas máis restritivas dos anexos II e III e, no que sexan compatibles con elas, as previstas no anexo I, nos seguintes ámbitos territoriais:

a) No ámbito territorial dos concellos de Vigo, Mos, Nigrán, Redondela, O Porriño e Gondomar.

b) No ámbito territorial dos concellos de Pontevedra, Marín, Vilaboa, Soutomaior, Ponte Caldelas, Barro, Cerdedo-Cotobade, Campo-Lameiro e Poio.

c) No ámbito territorial dos concellos da Coruña, Culleredo, Arteixo, Oleiros e Cambre.

d) No ámbito territorial dos concellos de Ferrol, Ares, Neda, Narón, Fene e Mugardos.



e) No ámbito territorial dos concellos de Ourense, Amoeiro, Barbadás, Coles, O Pereiro de Aguiar, San Cibrao das Viñas e Toén.

f) No ámbito territorial dos concellos de Santiago de Compostela, Ames, Boqueixón, Oroso, O Pino, Teo, Trazo, Val do Dubra e Vedra.

g) No ámbito territorial dos concellos de Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa e Cambados.

h) No ámbito territorial dos concellos de Lalín, Silleda e A Estrada.

i) Nos concellos de Lugo, Viveiro, Burela, Monforte, Vimianzo, O Carballiño, Verín, Xinzo de Limia, Cangas, Pontearreas, Tui e O Grove.

5. As medidas terán unha duración temporal conforme o previsto no punto cuarto.

Terceiro. *Control do cumprimento das medidas e réxime sancionador*

1. A vixilancia, inspección e control do cumprimento das medidas de prevención que se recollen nesta orde, e a garantía dos dereitos e deberes sanitarios da cidadanía, co-responderán aos respectivos concellos dentro das súas competencias e sen prexuízo das competencias da Consellería de Sanidade, tendo en conta a condición de autoridade sanitaria dos alcaldes e alcaldesas de acordo co artigo 33.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, e as competencias dos concellos de control sanitario de actividades e servizos que impacten na saúde da súa cidadanía e dos lugares de convivencia humana, de acordo co artigo 80.3 do mesmo texto legal, así como da súa competencia para a ordenación e control do dominio público.

2. Así mesmo, os órganos de inspección da Administración autonómica, no ámbito das súas competencias, poderán realizar as actividades de inspección e control oportunas para a vixilancia e comprobación do cumprimento das medidas de prevención aplicables.

3. As forzas e corpos de seguridade darán traslado das denuncias que formulen, polo incumprimento das medidas de prevención, ás autoridades competentes.

Cuarto. *Eficacia*

1. As medidas previstas nos números 1 e 2 do punto segundo e no anexo I para todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia terán efectos desde as 00.00 horas do día



5 de novembro de 2020. Tamén terán efectos desde as 00.00 horas do día 5 de novembro de 2020 as medidas previstas nos anexos II e III no concello do Carballiño.

As medidas dos anexos II e III, nos restantes concellos previstos no número 4 do punto segundo, terán efectos a partir das 00.00 horas do día 7 de novembro de 2020.

A eficacia das medidas estenderase ata as 15.00 horas do 4 de decembro de 2020. Non obstante o anterior, serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser modificadas ou levantadas antes do transcurso do período de indicado por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

2. Ata as 00.00 horas do día 7 de novembro de 2020 serán de aplicación:

a) Nos concellos de Ferrol, Neda, Narón e Fene, as medidas previstas na Orde do 30 de outubro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos de Ferrol, Neda, Narón e Fene.

b) Nos concellos de Santiago de Compostela, Ames e Teo, as medidas previstas na Orde do 30 de outubro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos de Santiago de Compostela, Ames e Teo.

c) No concello de Vimianzo, as medidas previstas na Orde do 30 de outubro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Vimianzo.

d) Nos concellos de Ourense, Barbadás e Verín, as medidas previstas no anexo I da Orde do 21 de outubro de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nas comarcas de Allariz-Maceda, O Carballiño, Ourense, O Ribeiro, Terra de Celanova, Valdeorras e Verín, na provincia de Ourense.

No que sexa compatible coas ditas medidas, serán de aplicación as medidas do anexo I da presente orde.



As ordes citadas nas letras a), b), c) e d) quedarán sen efecto ás 00.00 horas do día 7 de novembro de 2020.

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2020

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade

ANEXO I

Medidas de prevención específicas aplicables na Comunidade Autónoma de Galicia

1. Obrigas xerais.

1.1. Obrigas de cautela e protección.

Todos os cidadáns deberán adoptar as medidas necesarias para evitar a xeración de riscos de propagación da enfermidade COVID-19, así como a propia exposición aos ditos riscos. Este deber de cautela e protección será igualmente exigible aos titulares de calquera actividade.

Así mesmo, deberán respectarse as medidas de seguridade e hixiene establecidas polas autoridades sanitarias para a prevención do COVID-19.

1.2. Persoas con sintomatoloxía.

Calquera persoa que experimente algún dos síntomas máis comúns compatibles co COVID-19, tales como febre, calafríos, tose, sensación de falta de aire, diminución do olfacto e do gusto, dor de gorxa, dores musculares, dor de cabeza, debilidade xeral, diarrea ou vómitos deberá permanecer no seu domicilio e comunicalo ao seu servizo sanitario o antes posible.

Igualmente, se existen conviventes no domicilio, deberá evitar o contacto con eles e, se é posible, usar un cuarto de forma exclusiva ata recibir instrucións do seu servizo sanitario.

1.3. Distancia de seguridade interpersonal.

Deberá cumprirse a medida de mantemento da distancia de seguridade interpersonal establecida polo Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, de, polo menos, 1,5 metros ou, na súa falta, medidas alternativas de protección física con uso de máscara, de hixiene adecuada e etiqueta respiratoria.



1.4. Obrigatoriedade do uso de máscaras.

Será obrigatorio o uso da máscara nas condicións establecidas no número 1.3 do anexo do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na redacción vixente.

Os titulares dos establecementos, espazos ou locais deberán garantir o cumprimento desta obriga neles.

1.5. Medidas específicas para casos e contactos estreitos.

As persoas que sexan consideradas caso sospeitoso ou probable de infección polo virus SARS-CoV-2, por teren infección respiratoria aguda grave con cadro clínico ou radiolóxico compatible co COVID-19, ou que estean pendentes dos resultados de probas diagnósticas por este motivo, as que sexan consideradas como caso confirmado con infección activa e as consideradas contacto estreito dun caso sospeitoso, probable ou confirmado, deberán seguir as condicións de illamento ou corentena que lles sexan indicadas desde os dispositivos asistenciais ou de saúde pública, sen poder abandonar o seu domicilio ou lugar de illamento ou corentena en ningún caso, salvo autorización expresa do servizo sanitario por causas debidamente xustificadas.

2. Medidas xerais de hixiene e prevención.

Sen prexuízo das normas ou protocolos específicos que se establezan, serán aplicables a todos os establecementos, locais de negocio, instalacións e espazos de uso público e actividades de carácter público, as medidas xerais de hixiene e prevención establecidas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na redacción vixente.

3. Limitacións de capacidade e medidas de prevención específicas por sectores.

3.1. Velorios e enterros.

1. Os velorios poderán realizarse en todo tipo de instalacións, públicas ou privadas, debidamente habilitadas, cun límite máximo, en cada momento, de vinte e cinco persoas en espazos ao aire libre ou de dez persoas en espazos pechados, sexan ou non conviventes.



2. A participación na comitiva para o enterramento ou despedida para cremación da persoa falecida restrínxese a un máximo de vinte e cinco persoas, entre familiares e achedados, sexan ou non conviventes, ademais, de ser o caso, do ministro de culto ou persoa asimilada da confesión respectiva para a práctica dos ritos funerarios de despedida do defunto.

3.2. Celebracións con motivo de cerimoniais relixiosas ou civís.

1. As celebracións que poidan ter lugar tras a cerimonia en establecementos de hostalaría e restauración axustaranse ás condicións e á capacidade previstas para a prestación do servizo nestes establecementos.

2. En calquera caso, nestas celebracións posteriores á cerimonia propiamente dita deberase respectar un máximo de cen persoas en espazos ao aire libre ou de cincuenta persoas en espazos pechados.

3.3. Establecementos e locais comerciais retallistas e de actividades de servizos profesionais abertos ao público que non formen parte de centros ou parques comerciais.

1. Os establecementos e locais comerciais retallistas e de actividades de servizos profesionais abertos ao público que non formen parte de centros ou parques comerciais non poderán superar o cincuenta por cento da súa capacidade total. No caso de establecementos ou locais distribuídos en varios andares, a presenza de clientes en cada un deles deberá gardar esta mesma proporción.

Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersonal nos locais e establecementos ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso da máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersonal indicada, nos termos previstos no número 1.4 deste anexo.

2. Deberán prestar un servizo de atención preferente a maiores de 75 anos, o cal deberá concretarse en medidas como control de accesos ou caixas de pagamento específicos, e/ou en horarios determinados que aseguren a dita preferencia na atención. A existencia do servizo de atención preferente deberá sinalarse de forma visible nos ditos establecementos e locais.



3.4. Establecementos que teñan a condición de centros e parques comerciais ou que formen parte deles.

1. Os establecementos e locais comerciais retallistas e de actividades de servizos profesionais abertos ao público situados en centros e parques comerciais non poderán superar o cincuenta por cento da súa capacidade total. No caso de establecementos ou locais distribuídos en varios andares, a presenza de clientes en cada un deles deberá gardar esta mesma proporción.

2. Non se permitirá a permanencia de clientes nas zonas comúns excepto para o tránsito entre os establecementos, salvo na actividade de hostalaría e restauración que se leve a cabo nas ditas zonas, a cal se deberá axustar ao previsto especificamente para estas actividades. A capacidade das zonas comúns dos centros e parques comerciais queda limitada ao 33 %. Queda prohibida a utilización de zonas recreativas como poden ser zonas infantís, ludotecas ou áreas de descanso, que deben permanecer pechadas.

3. Deberanse establecer as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersoal no interior dos locais e establecementos e nas zonas comúns ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso de máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersoal indicada, nos termos previstos no número 1.4 deste anexo. Ademais, deberán evitarse as aglomeracións de persoas que comprometan o cumprimento destas medidas.

4. Deberán prestar un servizo de atención preferente a maiores de 75 anos, o cal deberá concretarse en medidas como control de accesos ou caixas de pagamento específicos, e/ ou en horarios determinados que aseguren a dita preferencia na atención. A existencia do servizo de atención preferente deberá sinalarse de forma visible nos ditos establecementos e locais.

3.5. Mercados que desenvolven a súa actividade na vía pública.

No caso dos mercados que desenvolven a súa actividade na vía pública ao aire libre ou de venda non sedentaria, coñecidos como feiras, non poderán superar o cincuenta por cento dos postos habituais ou autorizados, limitando a afluencia de clientes de maneira que se asegure o mantemento da distancia de seguridade interpersoal.

Os concellos poderán aumentar a superficie habilitada ou habilitar novos días para o exercicio desta actividade para compensar esta limitación.



Á hora de determinar os comerciantes que poden exercer a súa actividade, o concello poderá dar prioridade a aqueles que comercializan produtos alimenticios e de primeira necesidade, asegurando que os consumidores non manipulen os produtos comercializados neles.

3.6. Actividades en academias, autoescolas e centros privados de ensino non regrado e centros de formación e actividade formativa xestionada ou financiada pola Administración autonómica en centros e entidades de formación.

A actividade que se realice nestes centros poderá impartirse dun modo presencial sempre que non se supere unha capacidade do cincuenta por cento respecto do máximo permitido.

3.7. Establecementos de hostalaría e restauración.

1. Os establecementos de hostalaría e restauración non poderán superar o cincuenta por cento da súa capacidade para consumo no interior do local.

2. O consumo dentro do local poderá realizarse unicamente sentado na mesa, ou agrupacións de mesas, e deberase asegurar o mantemento da debida distancia de seguridade interpersoal entre clientes. Non está permitido o consumo na barra.

3. As terrazas ao aire libre dos establecementos de hostalaría e restauración limitarán a súa capacidade ao setenta e cinco por cento das mesas permitidas no ano inmediatamente anterior con base na correspondente licenza municipal ou do que sexa autorizado para este ano, no caso de que a licenza sexa concedida por primeira vez.

Consideraranse terrazas ao aire libre todo espazo non cuberto ou todo espazo que, estando cuberto, estea rodeado lateralmente por un máximo de dúas paredes, muros ou paramentos.

No caso de que o establecemento de hostalaría e restauración obtivese o permiso do Concello para incrementar a superficie destinada a terraza ao aire libre, poderase incrementar o número de mesas previsto no primeiro parágrafo deste número 3, respectando, en todo caso, unha proporción do setenta e cinco por cento entre mesas e superficie dispoñible e sempre que se manteña o espazo necesario para a circulación peonil no tramo da vía pública en que se sitúe a terraza.



4. En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia de seguridade interpersonal entre as mesas ou, de ser o caso, agrupacións de mesas. A ocupación máxima será de seis persoas por mesa ou agrupación de mesas.

A mesa ou agrupación de mesas que se utilice para este fin deberá ser acorde co número de persoas e permitir que se respecte a distancia mínima de seguridade interpersonal entre elas.

5. Os establecementos de hostalaría e restauración deberán pechar non máis tarde da unha da madrugada, sen que se poida permitir o acceso de ningún cliente desde as 00.00 horas. No caso de que estea en vigor unha limitación da liberdade de circulación das persoas en horario nocturno, os clientes deberán abandonar o establecemento antes da hora de comezo da limitación.

6. As medidas contidas nos números 3, 4 e 5 serán tamén de aplicación ás terrazas dos establecementos de lecer nocturno.

3.8. Condicións para ocupación de zonas comúns de hoteis e aloxamentos turísticos.

1. A ocupación das zonas comúns dos hoteis e aloxamentos turísticos non poderá superar o cincuenta por cento da súa capacidade.

Para iso, cada establecemento deberá determinar a capacidade dos distintos espazos comúns, así como aqueles lugares en que poderán ter lugar eventos e as condicións máis seguras para a súa realización conforme a capacidade máxima prevista e de acordo coas medidas de hixiene, protección e distancia mínima establecidas.

2. As actividades de animación ou clases grupais deberán deseñarse e planificarse cunha capacidade máxima de seis persoas, sexan ou non conviventes, e incluídos os monitores, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersonal durante o desenvolvemento da actividade, excepto no caso de persoas conviventes.

3.9. Albergues turísticos.

Na modalidade de aloxamento turístico de albergue permitirase unha capacidade máxima do cincuenta por cento da máxima permitida.



3.10. Bibliotecas, arquivos, museos e salas de exposicións, monumentos e outros equipamentos culturais.

1. Nas bibliotecas, arquivos, museos e salas de exposicións, monumentos e outros equipamentos culturais, tanto de titularidade pública como privada, poderán realizarse actividades presenciais sen superar o cincuenta por cento da capacidade máxima permitida.

2. Este límite de ocupación será aplicable tamén á realización de actividades culturais nestes espazos e cun máximo de ata seis persoas nas actividades de grupos, sexan ou non conviventes, e incluído o monitor ou guía, e deberán establecerse as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade, excepto no caso de persoas conviventes.

3.11. Actividade en cines, teatros, auditorios, circos de todo e espazos similares, así como en recintos ao aire libre e noutros locais e establecementos destinados a espectáculos públicos e actividades recreativas.

1. Os cines, teatros, auditorios, circos de todo e espazos similares poderán desenvolver a súa actividade, contando con butacas preasignadas, sempre que non superen o cincuenta por cento da capacidade permitida en cada sala.

2. No caso doutros recintos, locais e establecementos destinados a espectáculos públicos e actividades recreativas distintos dos previstos no parágrafo anterior, poderán desenvolver a súa actividade sempre que o público permaneza sentado e que non se supere o cincuenta por cento da capacidade permitida.

3. En calquera caso, será de aplicación un límite máximo de sesenta persoas para lugares pechados e de cento cincuenta persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Non obstante, poderase ampliar o límite indicado ata un máximo de cen persoas para lugares pechados e trescentas persoas se se trata de actividades ao aire libre, logo de autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. Neste caso, a solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade polo COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e In-



novación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueloutros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

3.12. Centros de lecer infantil.

Os centros de lecer infantil poderán levar a cabo a súa actividade cumprindo o Protocolo en materia de lecer infantil para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, aprobado pola Orde da Consellería de Sanidade, do 30 de xuño de 2020, e cunha capacidade máxima do cincuenta por cento do seu total.

3.13. Actividades e instalacións deportivas.

A práctica da actividade física e deportiva non federada, ao aire libre, poderá realizarse de forma individual ou colectiva, sen contacto físico. No caso da práctica de forma colectiva, o máximo será de seis persoas de forma simultánea, sen contar, de ser o caso, o monitor.

Nas instalacións e centros deportivos poderase realizar actividade deportiva en grupos de ata seis persoas, sexan ou non conviventes, e sen contar o monitor, sen contacto físico, e sempre que non se supere o cincuenta por cento da capacidade máxima permitida, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade.

3.14. Celebración de eventos deportivos, de adestramentos e de competicións deportivas con público.

A celebración de eventos deportivos, adestramentos, competicións deportivas que se celebren en instalacións deportivas ou na vía pública poderá desenvolverse con público sempre que este permaneza sentado, que non se supere o cincuenta por cento da capacidade permitida da instalación ou do espazo de que se trate e cun límite de sesenta persoas para lugares pechados e de cento cincuenta persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Non obstante, poderase ampliar o límite indicado ata un máximo de cen persoas para lugares pechados e trescentas persoas se se trata de actividades ao aire libre, logo de autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. Neste caso, a solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no



documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade polo COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueloutros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

3.15. Praias e piscinas.

1. O concello respectivo deberá establecer limitacións tanto de acceso como de capacidade das praias co fin de asegurar que se poida respectar a distancia interpersonal de seguridade entre usuarios. Para os efectos de calcular a capacidade máxima permitida por cada praia, considerarase que a superficie de praia que vai ocupar cada usuario será de, polo menos, catro metros cadrados.

2. As piscinas ao aire libre ou cubertas, para uso deportivo ou recreativo, deberán respectar o límite do cincuenta por cento da súa capacidade, tanto no relativo ao acceso como durante a propia práctica deportiva ou recreativa e sen que poidan exceder o límite de cen persoas de ocupación. Quedan exentas destas limitacións as piscinas unifamiliares de uso privado.

3. A situación dos obxectos persoais, toallas, hamacas e elementos similares nas zonas de estadia das piscinas e praias levarase a cabo de forma que se poida manter a distancia de seguridade interpersonal con respecto a outros usuarios. Deberá, ademais, respectarse o límite máximo de seis persoas por grupo, excepto no caso de persoas conviventes, en que non se aplicará esta limitación.

4. Exceptúase o uso da máscara durante o baño e mentres se permaneza nun espazo determinado, sen desprazarse, e sempre que se poida garantir o respecto da distancia de seguridade interpersonal entre todas as persoas usuarias non conviventes. En calquera caso, será obrigatorio o uso de máscara para os accesos, desprazamentos e paseos nas piscinas e praias.

3.16. Especificidades para determinadas actividades turísticas.

Poderán realizarse actividades de turismo, organizadas por empresas habilitadas para iso, e a actividade de guía turístico, para grupos de ata un máximo de seis persoas, sexan ou non conviventes, e deberán establecerse as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersonal durante o desenvolvemento da actividade excepto no caso de persoas conviventes.



3.17. Centros de información, casetas e puntos de información.

Nos centros de información, casetas e puntos de información e espazos similares non se poderá exceder o cincuenta por cento da súa capacidade e deberá respectarse o máximo de seis persoas nas actividades de grupos, sexan ou non conviventes, e incluído o monitor ou guía. Ademais, deberán establecerse as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersonal durante o desenvolvemento da actividade, excepto no caso de persoas conviventes.

3.18. Realización de actividades de tempo libre dirixidas á poboación infantil e xuvenil.

1. Poderanse realizar actividades de tempo libre destinadas á poboación infantil e xuvenil, cando estas se leven a cabo ao aire libre, sempre que se limite o número de participantes ao cincuenta por cento da súa asistencia máxima habitual, cun máximo de cen participantes, incluídos os monitores. Cando estas actividades se realicen en espazos pechados, non se deberá superar o cincuenta por cento da capacidade máxima do recinto, cun máximo de cincuenta participantes, incluídos os monitores.

2. As actividades deberán realizarse en grupos de ata seis persoas participantes, sexan ou non conviventes e incluídos os monitores correspondentes, que deberán traballar sen contacto entre os demais grupos.

3.19. Uso de espazos públicos.

1. Os centros cívicos e sociais poderán realizar a súa actividade sempre que se limite a súa capacidade total ao cincuenta por cento e que se extremen as medidas de protección nas actividades socioculturais de tipo grupal que se realizan neles cun máximo de seis persoas, sexan ou non conviventes, e incluído o monitor ou guía para as actividades grupais.

2. Deberán adoptarse as medidas que coadruen no control das agrupacións de persoas en lugares públicos, e das actividades prohibidas relacionadas co consumo de bebidas alcohólicas en parques e outros lugares de tránsito público, polos riscos que presenta para a saúde pública, relacionados coa aglomeración incontrolada de persoas e coa ausencia ou relaxación de medidas de seguridade e de distanciamento persoal. Recoméndase o peche dos parques públicos e espazos similares a partir das 00.00 horas ata as 6.00 horas.

3.20. Centros recreativos turísticos ou similares.

1. Os centros recreativos turísticos ou similares poderán realizar a súa actividade sempre que se limite a súa capacidade total ao cincuenta por cento.



2. As visitas de grupos serán dun máximo de seis persoas, sexan ou non conviventes e incluído o monitor ou guía, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade, excepto no caso de persoas conviventes.

3.21. Parques e zonas deportivas de uso público ao aire libre.

Sen prexuízo do establecido no número 3.19.2, os parques infantís, parques biosau-dables, zonas deportivas, pistas skate ou espazos de uso público ao aire libre similares poderán estar abertos ao público sempre que neles se respecte unha capacidade máxima estimada dunha persoa por cada catro metros cadrados de espazo computable de superficie do recinto.

3.22. Celebración de congresos, encontros, reunións de negocio, conferencias, eventos e actos similares.

Poderanse celebrar congresos, encontros, reunións de negocio, conferencias e eventos e actos similares promovidos por calquera entidade, de natureza pública ou privada, sempre que non se supere o cincuenta por cento da capacidade permitida do lugar de celebración e cun límite máximo de sesenta persoas para lugares pechados e de cento cincuenta persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Non obstante, poderase ampliar o límite indicado ata un máximo de cen persoas para lugares pechados e trescentas persoas se se trata de actividades ao aire libre, logo de autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. Neste caso, a solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade por COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueles outros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

O recollido neste número será tamén de aplicación para reunións profesionais, xuntas de comunidades de propietarios e eventos similares.



3.23. Establecementos e locais de xogo e apostas.

1. Os establecementos de xogos colectivos de diñeiro e de azar, salóns de xogo, salas de bingo, salóns recreativos, rifas e tómbolas, locais específicos de apostas e outros locais e instalacións asimilables aos de actividade recreativa de xogos e apostas, conforme estableza a normativa sectorial en materia de xogo, poderán realizar a súa actividade sempre que non se supere o cincuenta por cento da capacidade permitida.

2. En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia de seguridade interpersonal entre as mesas ou, de ser o caso, agrupacións de mesas. A ocupación máxima será de seis persoas por mesa ou agrupación de mesas.

En calquera caso, deberase respectar un máximo de cen persoas en espazos ao aire libre ou de cincuenta persoas en espazos pechados.

3. Os establecementos e locais deberán pechar non máis tarde das 00.30 horas, sen que se poida permitir o acceso de ningún cliente nin expedir consumición ningunha desde esa hora, e cun período máximo de desaloxo de trinta minutos. No caso de que estea en vigor unha limitación da liberdade de circulación das persoas en horario nocturno, os clientes deberán abandonar o establecemento antes da hora de comezo da limitación.

3.24. Limitación de capacidade para outros locais ou establecementos comerciais.

1. Con carácter xeral, calquera outro local ou establecemento comercial para o cal non se recollan expresamente unhas condicións de capacidade nesta orde, nin en protocolos ou normativa específica que lle sexa aplicable, non poderá superar o cincuenta por cento da capacidade autorizada ou establecida. En calquera caso, deberase respectar un máximo de sesenta persoas para lugares pechados e de cento cincuenta persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Non obstante, poderase ampliar o límite indicado ata un máximo de cen persoas para lugares pechados e trescentas persoas se se trata de actividades ao aire libre, logo de autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. Neste caso, a solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade por COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de



Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueloutros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

O disposto neste número 1 non será de aplicación nos establecementos comerciais de alimentación, bebidas, produtos e bens de primeira necesidade, establecementos farmacéuticos, servizos médicos ou sanitarios, ópticas, produtos ortopédicos, produtos hixiénicos, salóns de peiteado, prensa e papelería, combustible para a automoción, estancos, equipamentos tecnolóxicos e de telecomunicacións, alimentos para animais de compañía, comercio pola internet, telefónico ou correspondencia, tinturarias e lavandarias, sen prexuízo da necesidade de cumprir as obrigas xerais previstas na presente orde e as medidas xerais de hixiene e protección.

2. As actividades en grupos deberán realizarse cun máximo de seis persoas participantes, sexan ou non conviventes e incluídos os monitores, guías ou encargados correspondentes, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade excepto no caso de persoas conviventes.

3. En calquera caso, poderase suspender a actividade de calquera establecemento que, ao xuízo da autoridade competente, poida supor un risco de contaxio polas condicións en que se estea desenvolvendo.

3.25. Transportes.

1. As condicións de capacidade dos vehículos e embarcacións que realicen servizos colectivos de transporte de viaxeiros de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, quedan establecidas do seguinte modo:

a) Nos vehículos que realicen servizos colectivos de transporte de viaxeiros con reserva de praza, poderase ocupar a totalidade dos asentos reservados, garantindo no resto de prazas que non se ocupen asentos contiguos, agás no caso de persoas que convivan na mesma unidade familiar ou habitacional.

b) Nos vehículos que realicen transporte regular de uso especial de escolares, poderase ocupar a totalidade dos asentos.



c) Nos vehículos e embarcacións que dispoñan de asentos, garantirase que non se ocupen asentos contiguos, agás no caso de persoas que convivan na mesma unidade familiar ou habitacional.

d) Nos vehículos e embarcacións que teñan autorizadas prazas de pé, procurarase que as persoas manteñan entre si a máxima distancia posible, establecéndose como límite de ocupación máxima a dunha sexta parte das prazas de pé en vehículos de clase I e A, e dunha sexta parte das ditas prazas de pé nos de clase II.

ANEXO II

Medidas de prevención específicas nos concellos a que se refire o número catro do punto segundo da presente orde

Nos concellos previstos no número catro do punto segundo da presente orde aplicaranse as restricións específicas previstas a continuación.

1. Actividades en academias, autoescolas e centros privados de ensino non regrado e centros de formación e actividade formativa xestionada ou financiada pola Administración autonómica en centros e entidades de formación.

A actividade que se realice nestes centros poderá impartirse dun modo presencial sempre que non se supere unha capacidade do cincuenta por cento respecto da máxima permitida.

2. Condicións para ocupación de zonas comúns de hoteis e aloxamentos turísticos.

As actividades de animación ou clases grupais deberán deseñarse e planificarse cunha capacidade máxima de seis persoas, sexan ou non conviventes, incluídos os monitores, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade, excepto no caso de persoas conviventes.

3. Bibliotecas, arquivos, museos e salas de exposicións, monumentos e outras infraestruturas culturais.

Non poderán realizarse actividades culturais en grupo nestes espazos, agás que os grupos sexan de conviventes, excluído o monitor ou guía.



4. Actividade en cines, teatros, auditorios, e espazos similares, así como en recintos ao aire libre e noutros locais e establecementos destinados a espectáculos públicos e actividades recreativas non pechadas temporalmente.

En calquera caso, será de aplicación un límite máximo de trinta persoas para lugares pechados e de setenta e cinco persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Non obstante, poderase ampliar o límite indicado ata un máximo de cincuenta persoas para lugares pechados e de cento cincuenta persoas se se trata de actividades ao aire libre, logo de autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. Neste caso, a solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade polo COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueles outros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

5. Actividades e instalacións deportivas.

A práctica da actividade física e deportiva non federada, ao aire libre, poderá realizarse de forma individual ou colectiva, sen contacto físico, sempre que, neste último caso, todas as persoas do grupo sexan conviventes, sen contar, se é o caso, o monitor.

Nas instalacións e centros deportivos poderase realizar actividade deportiva de forma individual, sen contar, se é o caso, o monitor, sen contacto físico, e sempre que non se supere o cincuenta por cento da capacidade máxima permitida. Deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade.

6. Celebración de eventos deportivos, de adestramentos e de competicións deportivas con público.

A celebración de eventos deportivos, adestramentos, competicións deportivas que se celebren en instalacións deportivas ou na vía pública poderán desenvolverse con público sempre que este permaneza sentado, que non se supere o cincuenta por cento da capa-



cidade permitida da instalación ou do espazo de que se trate e cun límite de trinta persoas para lugares pechados e de setenta e cinco persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Non obstante, poderase ampliar o límite indicado ata un máximo de cincuenta persoas para lugares pechados e cento cincuenta persoas se se trata de actividades ao aire libre, logo de autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. Neste caso, a solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade polo COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueles outros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

7. Especificidades para determinadas actividades turísticas.

Poderán realizarse actividades de turismo, organizadas por empresas habilitadas para iso, e a actividade de guía turístico, para grupos de ata un máximo de seis persoas, sexan ou non conviventes, incluído o monitor ou guía, e deberán establecerse as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade, excepto no caso de persoas conviventes.

8. Centros de información, casetas e puntos de información.

Nos centros de información, casetas e puntos de información e espazos similares non se poderá exceder o cincuenta por cento da súa capacidade e deberá respectarse o máximo de seis persoas nas actividades de grupos, sexan ou non conviventes e incluído o monitor ou guía. Ademais, deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade, excepto no caso de persoas conviventes.

9. Realización de actividades de tempo libre dirixidas á poboación infantil e xuvenil.

1. Poderanse realizar actividades de tempo libre destinadas á poboación infantil e xuvenil cando estas se leven a cabo ao aire libre, sempre que se limite o número de participantes ao cincuenta por cento da súa asistencia máxima habitual, cun máximo de cincuenta participantes, incluídos os monitores. Cando estas actividades se realicen en espazos pe-



chados, non se deberá superar o cincuenta por cento da capacidade máxima do recinto, cun máximo de vinte e cinco participantes, incluídos os monitores.

2. As actividades deberán realizarse en grupos de ata seis persoas participantes, sexan ou non conviventes e incluíndo os monitores correspondentes, que deberán traballar sen contacto entre os demais grupos.

10. Uso de espazos públicos.

Os centros cívicos e sociais poderán realizar a súa actividade sempre que se limite a súa capacidade total ao cincuenta por cento e que se extremen as medidas de protección nas actividades socioculturais de tipo grupal que se realizan neles cun máximo de seis persoas, sexan ou non conviventes e incluído o monitor ou guía para as actividades grupais.

11. Centros recreativos turísticos ou similares.

As visitas de grupos serán dun máximo de seis persoas, sexan ou non conviventes e incluído o monitor ou guía, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade, excepto no caso de persoas conviventes.

12. Celebración de congresos, encontros, reunións de negocio, conferencias, eventos e actos similares.

Poderanse celebrar congresos, encontros, reunións de negocio, conferencias e eventos e actos similares promovidos por calquera entidade, de natureza pública ou privada, sempre que non se supere o cincuenta por cento da capacidade permitida do lugar de celebración, e cun límite máximo de trinta persoas para lugares pechados e de setenta e cinco persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Non obstante, poderase ampliar o límite indicado ata un máximo de cincuenta persoas para lugares pechados e cento cincuenta persoas se se trata de actividades ao aire libre, logo de autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. Neste caso, a solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade polo COVID-19 en España, elaborado polo Centro de



Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueles outros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

O recollido neste número será tamén de aplicación para reunións profesionais, xuntas de comunidades de propietarios e eventos similares.

13. Limitación de capacidade para outros locais ou establecementos comerciais.

1. Con carácter xeral, calquera outro local ou establecemento comercial para o cal non se recollan expresamente unhas condicións de capacidade nesta orde, nin en protocolos ou normativa específica que lle sexa aplicable, non poderá superar o cincuenta por cento da capacidade autorizada ou establecida. En calquera caso, deberase respectar un máximo de trinta persoas para lugares pechados e de setenta e cinco persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Non obstante, poderase ampliar o límite indicado ata un máximo de cincuenta persoas para lugares pechados e de cento cincuenta persoas se se trata de actividades ao aire libre, logo de autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. Neste caso, a solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade polo COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueles outros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

O disposto neste número 1 non será de aplicación nos establecementos comerciais de alimentación, bebidas, produtos e bens de primeira necesidade, establecementos farmacéuticos, servizos médicos ou sanitarios, ópticas, produtos ortopédicos, produtos hixiénicos, salóns de peiteado, prensa e papelería, combustible para a automoción, estancos, equipamentos tecnolóxicos e de telecomunicacións, alimentos para animais de compañía, comercio pola internet, telefónico ou correspondencia, tinturarias e lavandarias, sen prexuízo da necesidade de cumprir as obrigas xerais previstas nesta orde e as medidas xerais de hixiene e protección.



2. As actividades en grupos deberán realizarse cun máximo de seis persoas participantes, sexan ou non conviventes e incluídos os monitores, guías ou encargados correspondentes, e deberán establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersonal durante o desenvolvemento da actividade, excepto no caso de persoas conviventes.

3. En calquera caso, poderase suspender a actividade de calquera establecemento que, ao xuízo da autoridade competente, poida supor un risco de contaxio polas condicións en que se estea desenvolvendo.

ANEXO III

Peche temporal de actividades non esenciais nos concellos a que se refire o número catro do punto segundo da presente orde

1. Nos concellos a que se refire o número catro do punto segundo da presente orde adóptase a medida de peche temporal, durante o período a que se estenda a eficacia da medida conforme o punto cuarto da orde, das seguintes actividades (conforme as definicións contidas no anexo do Decreto 124/2019, do 5 de setembro, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos abertos ao público da Comunidade Autónoma de Galicia e se establecen determinadas disposicións xerais de aplicación na materia):

I. Espectáculos públicos:

I.3. Espectáculos taurinos.

I.4. Espectáculos circenses.

I.6. Espectáculos feirais e de exhibición.

I.7. Espectáculos pirotécnicos.

II. Actividades recreativas:

II.1. Actividades culturais e sociais.

II.3. Actividades de ocio e entretemento.

II.4. Atraccións recreativas.



II.7. Actividades de restauración.

II.8. Actividades zoolóxicas, botánicas e xeolóxicas.

III. Establecementos abertos ao público:

III.1. Establecementos de espectáculos públicos.

III.1.4. Circos.

III.1.5. Prazas de touros.

III.1.7. Recintos feirais.

III.2. Establecementos de actividades recreativas.

III.2.1. Establecementos de xogo.

III.2.1.1. Casinos.

III.2.1.2. Salas de bingo.

III.2.1.3. Salóns de xogo.

III.2.1.4. Tendas de apostas.

III.2.2. Establecementos para actividades deportivas.

III.2.2.4. Pistas de patinaxe.

III.2.2.7. Piscinas recreativas de uso colectivo.

III.2.3. Establecementos para atraccións e xogos recreativos.

III.2.3.1. Parques de atraccións e temáticos.

III.2.3.2. Parques acuáticos.

III.2.3.3. Salóns recreativos.

III.2.3.4. Parques multiocio.



III.2.4. Establecementos para actividades culturais e sociais.

III.2.4.5. Salas de concertos.

III.2.5. Establecementos de restauración.

III.2.5.1. Restaurantes.

III.2.5.1.1. Salóns de banquetes.

III.2.5.2. Cafetarías.

III.2.5.3. Bares.

Os establecementos de restauración permanecerán pechados ao público e poderán prestar exclusivamente servizos de entrega a domicilio ou para a súa recollida no local e consumo a domicilio. A permanencia nestes establecementos deberá ser a estritamente necesaria. En todo caso, evitaranse aglomeracións e controlárase que consumidores e empregados manteñan a distancia de seguridade establecida co fin de evitar posibles contactos.

Os establecementos de restauración de centros sanitarios ou de traballo que limiten a súa actividade aos traballadores deles ou, no caso dos centros sanitarios tamén a acompañantes de doentes, poderán manter o servizo de cafetería, bar e restaurante. Non poderán superar o cincuenta por cento da súa capacidade. O consumo dentro do local poderá realizarse unicamente sentado na mesa, ou agrupacións de mesas, e deberase asegurar o mantemento da debida distancia de seguridade interpersoal entre clientes. A ocupación máxima será de seis persoas por mesa ou agrupación de mesas e deberán ser todas elas conviventes.

III.2.6. Establecementos para actividades zoolóxicas, botánicas e xeolóxicas.

III.2.7. Establecementos de ocio e entretemento.

III.2.7.1. Salas de festas.

III.2.7.2. Discotecas.

III.2.7.3. Pubs.



III.2.7.4. Cafés-espectáculo.

III.2.7.5. Furanchos.

III.2.8. Centros de lecer infantil.

2. Quedan por tanto exceptuados destas limitacións as seguintes actividades e establecementos, que poderán continuar abertos:

I. Espectáculos públicos:

I.1. Espectáculos cinematográficos.

I.2. Espectáculos teatrais e musicais.

I.5. Espectáculos deportivos.

II. Actividades recreativas:

II.2. Actividades deportivas.

III. Establecementos abertos ao público:

III.1.1. CINE

III.1.2. TEATRO

III.1.3. AUDITORIOS

III.1.6. Establecementos de espectáculos deportivos

III.2.2.1. ESTADIOS DEPORTIVOS

III.2.2.2. PABILLÓNS DEPORTIVOS

III.2.2.3. RECINTOS DEPORTIVOS

III.2.2.5. XIMNASIOS

III.2.2.6. PISCINAS COMPETICIÓN



III.2.4.1. MUSEOS

III.2.4.2. BIBLIOTECAS

III.2.4.3. SALAS DE CONFERENCIAS

III.2.4.4. SALAS POLIVALENTES

CVE-DOG: 14dkooi6-uck6-fjc6-qqm1-ols3npnoewm3



I. DISPOSICIÓNS XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 30 de outubro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos de Santiago de Compostela, Ames e Teo.

I

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto do dito acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade.

Así mesmo, indícase no dito punto sexto, na redacción vixente, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de acordo coa normativa aplicable e en vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e que modifiquen ou, de xeito puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación de medidas concretas contidas no anexo.

En aplicación do previsto no punto sexto citado, unha vez atendida a evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Santiago de Compostela, sobre



a base do indicado no Informe elaborado pola Dirección Xeral de Saúde Pública o 2 de setembro de 2020, e logo de escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, ditouse a Orde do 2 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Santiago de Compostela.

Tal e como se indicou na orde, o fundamento normativo das medidas encóntrase na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 e 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia

No que atinxe á eficacia das medidas, no punto sexto da orde indicouse que terían efectos desde as 00.00 horas do 3 de setembro de 2020 e que serían obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderían ser obxecto de mantemento, de modificación ou poderían deixarse sen efecto por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Ademais, as medidas limitativas de dereitos fundamentais foron obxecto de ratificación xudicial mediante o Auto 73/2020, do 4 de setembro, do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 1 de Santiago de Compostela.

Froito do seguimento e da avaliación das medidas ditáronse sucesivas ordes.

Así, en virtude da Orde do 9 de setembro de 2020 acordouse, sobre a base do sinalado no Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública da mesma data, e tras escoitar as recomendacións do comité clínico reunido para estes efectos, o mantemento das medidas de prevención e das recomendacións existentes no concello de Santiago de Compostela, con determinadas modificacións puntuais.

As medidas limitativas de dereitos fundamentais foron obxecto de ratificación xudicial mediante o Auto 145/2020, do 11 de setembro, do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 2 de Santiago de Compostela.

Mediante a Orde do 16 de setembro de 2020 dispúxose o mantemento, no concello de Santiago de Compostela, das medidas de prevención nos termos previstos na



Orde do 2 de setembro de 2020, na súa redacción vixente, é dicir, tendo en conta as modificacións introducidas pola Orde do 9 de setembro de 2020. As medidas restritivas de dereitos fundamentais foron ratificadas polo Auto número 88/2020, do 17 de setembro, do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 1 de Santiago de Compostela.

Posteriormente, na Orde do 23 de setembro de 2020 acordouse o mantemento, no concello de Santiago de Compostela, das medidas de prevención nos termos previstos na Orde do 2 de setembro de 2020, na súa redacción vixente, é dicir, tendo en conta as modificacións introducidas pola Orde do 9 de setembro de 2020, así como estender a aplicación das mesmas medidas ao lugar do Milladoiro, parroquia de Biduído (Santa María), no concello de Ames. As medidas limitativas de dereitos fundamentais foron ratificadas xudicialmente polo Auto 86/2020, do 25 de setembro, da Sala do Contencioso-Administrativo (Sección 3ª) do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Na Orde do 30 de setembro de 2020 acordouse o mantemento no concello de Santiago de Compostela e no lugar do Milladoiro (parroquia de Biduído (Santa María), no concello de Ames), da eficacia das medidas de prevención previstas na Orde do 2 de setembro de 2020, na súa redacción vixente. As medidas limitativas de dereitos fundamentais foron ratificadas xudicialmente polo Auto 97/2020, do 5 de outubro, da Sala do Contencioso-Administrativo (Sección 3ª) do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

En virtude da posterior Orde do 7 de outubro de 2020 dispúxose o mantemento, no concello de Santiago de Compostela e no lugar do Milladoiro, parroquia de Biduído (Santa María), no concello de Ames, das mesmas medidas de prevención específicas. As medidas limitativas de dereitos fundamentais foron ratificadas xudicialmente polo Auto 103/2020, do 9 de outubro, da Sala do Contencioso-Administrativo (Sección 3ª) do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Na Orde do 14 de outubro de 2020 acordouse, así mesmo, o mantemento, no concello de Santiago de Compostela e no lugar do Milladoiro, parroquia de Biduído (Santa María), no concello de Ames, das mesmas medidas de prevención específicas. As medidas limitativas de dereitos fundamentais foron ratificadas xudicialmente polo Auto 110/2020, do 16 de outubro, da Sala do Contencioso-Administrativo (Sección 3ª) do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Finalmente, tendo en conta o indicado no Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública sobre a comarca de Santiago, do 21 de outubro de 2020, e tras escoitar as recomen-



dacións do comité clínico reunido para estes efectos, ditouse a Orde do 21 de outubro de 2020 na que se adoptaron, no concello de Santiago de Compostela e no lugar do Milla-doiro (parroquia de Biduído (Santa María) no concello de Ames), medidas de prevención máis restritivas que as aplicables ata ese momento nun dobre sentido. Por unha banda, restrinxíronse os grupos exclusivamente aos constituídos polas persoas conviventes para o desenvolvemento de actividades de carácter familiar e social conectadas co maior risco de xeración de abrochos, con determinadas excepcións. E, por outra banda, establecéronse maiores limitacións de capacidade para determinadas actividades. As medidas limitativas de dereitos fundamentais foron obxecto de ratificación xudicial polo Auto 124/2020, do 23 de outubro, da Sala do Contencioso-Administrativo (Sección 3ª) do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

No non previsto nesa orde, e no que resultase compatible con ela, serían de aplicación as medidas de prevención específicas contidas na Orde do 21 de outubro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e, no que fose compatible con ambas as ordes, no Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020 citado.

Conforme o punto quinto da orde, as medidas debería ser obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a catorce días naturais desde a publicación da orde.

Con posterioridade a ditarse a Orde do 21 de outubro de 2020 citada, polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, declarouse o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo el SARS-CoV-2. A dita declaración afectou todo o territorio nacional e a súa duración inicial esténdese, conforme o disposto no seu artigo 4, ata as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020, tendo sido autorizada a prórroga polo Congreso dos Deputados ata o 9 de maio de 2020.

Conforme o artigo 2 do dito real decreto, para os efectos do estado de alarma, a autoridade competente será o Goberno da Nación. En cada comunidade autónoma e cidade con estatuto de autonomía, a autoridade competente delegada será quen exerza a presidencia da Comunidade Autónoma ou cidade con estatuto de autonomía, nos termos establecidos no real decreto. As autoridades competentes delegadas quedan habilitadas para ditar, por delegación do Goberno da Nación, as ordes, resolucións e disposicións para a aplicación do previsto nos artigos 5 a 11 do real decreto, sen que para iso sexa precisa a tramitación

CVE-DOG: dtsg7ss9-dvz7-xyg2-w8u2-fpra2somid9e2



de procedemento administrativo ningún nin será de aplicación o previsto no segundo parágrafo do artigo 8.6 e no artigo 10.8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

En concreto, no artigo 5 recóllese, como medida eficaz en todo o territorio nacional, coa excepción de Canarias, desde a entrada en vigor do real decreto, a limitación da liberdade de circulación das persoas polas vías ou espazos de uso público durante o período comprendido entre as 23.00 e as 6.00 horas, salvo as excepcións previstas no precepto, e coa posibilidade de que a autoridade competente delegada correspondente poida determinar, no seu ámbito territorial, que a hora de comezo da limitación sexa entre as 22.00 e as 00.00 horas, e a hora de finalización da dita limitación sexa entre as 5.00 e as 7.00 horas. E nos artigos 6 a 8 recóllense medidas relacionadas coa limitación da entrada e saída de persoas nas comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía, coa limitación da permanencia de grupos de persoas en espazos públicos e privados e coa limitación da permanencia de persoas en lugares de culto. As ditas medidas, conforme o disposto no artigo 9.1, serán eficaces no territorio de cada comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía cando a autoridade competente delegada respectiva o determine, á vista da evolución dos indicadores sanitarios, epidemiolóxicos, sociais, económicos e de mobilidade, logo de comunicación ao Ministerio de Sanidade e de acordo co previsto no artigo 13, e a eficacia da medida non poderá ser inferior a sete días naturais. Polo demais, conforme o artigo 10, a autoridade competente delegada respectiva poderá modular, flexibilizar e suspender a aplicación das medidas previstas nos artigos 6, 7 e 8, co alcance e ámbito territorial que determine. Así mesmo, de acordo co artigo 11, poderá impoñer no seu ámbito territorial a realización das prestacións persoais obrigatorias que resulten imprescindibles no ámbito dos seus sistemas sanitarios e sociosanitarios para responder á situación de emerxencia sanitaria que motiva a aprobación do real decreto

Ao abeiro do marco normativo derivado do estado de alarma ditouse o Decreto 178/2020, do 30 de outubro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas en determinados ámbitos territoriais da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

No que atinxe á comarca de Santiago, no dito decreto prevese a medida de limitación de entrada e saída de persoas, agás polas excepcións do artigo 6.1 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, no ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos



concellos de Santiago de Compostela, Ames e Teo. Ademais, nestes tres concellos a permanencia de grupos de persoas en espazos de uso público, tanto pechados como ao aire libre, e en espazos de uso privado, quedará limitada aos grupos constituídos só por persoas conviventes, coas excepcións previstas no punto segundo do dito decreto. Estas medidas producen efectos desde as 15.00 horas do 30 de outubro de 2020 e deberán ser obxecto de seguimento e de avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria e para os efectos, de ser necesario, da súa modificación ou levantamento. En todo caso, serán revisadas nun período máximo de sete días.

Agora ben, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, non esgotan todas as que poden ser adoptadas para facer fronte á crise sanitaria. Neste sentido, como prevé expresamente o artigo 12 do real decreto, cada Administración conservará as competencias que lle outorga a lexislación vixente, así como a xestión dos seus servizos e do seu persoal, para adoptar as medidas que xulgue necesarias, sen prexuízo do establecido no real decreto. No mesmo sentido, salienta a exposición de motivos do real decreto como, durante a vixencia do estado de alarma, as administracións sanitarias competentes en saúde pública, no non previsto nesa norma, deberán continuar adoptando as medidas necesarias para afrontar a situación de emerxencia de saúde pública ocasionada polo COVID-19, conforme a lexislación sanitaria, en particular a Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública, a Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, e a Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, así como na normativa autonómica correspondente.

En consecuencia, como sinala a parte expositiva do Decreto 178/2020, do 30 de outubro, as medidas previstas no dito decreto deben entenderse sen prexuízo daquelas complementarias que se adopten por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade e coas actualmente vixentes, no que sexan compatibles co disposto no decreto.

II

Tendo en conta o disposto anteriormente, procedeuse ao seguimento e á avaliación da situación epidemiolóxica e sanitaria na comarca de Santiago co fin de determinar a necesidade de mantemento, modificación ou levantamento das medidas que actualmente seguen vixentes en determinados concellos da dita comarca ao abeiro do disposto na Orde do 21 de outubro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na comarca de Santiago.



Neste sentido, no Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 30 de outubro de 2020, sobre a comarca de Santiago, indícase que as taxas diarias acumuladas a 3 e 7 días presentan unha tendencia ascendente ao igual que a media de taxas acumuladas a 3, 7 e 14 días. Ademais, o valor do número reprodutivo instantáneo segue a amosar un valor por riba do 1, o que indica que a transmisión segue a manterse. As taxas a 3, 7 e 14 días amosan valores superiores aos acadados no total de Galicia para eses mesmos momentos temporais. Destaca a taxa acumulada a 14 días no concello de Santiago de Compostela, 1,75 veces máis que o valor acadado nese momento temporal no conxunto de Galicia. As outras dúas taxas máis altas observadas foron nos concellos de Ames e Teo. Por outra parte, cómpre destacar que nos concellos de Teo, Ames e Santiago de Compostela se declararon casos diariamente durante os últimos 14 días. As idades coa porcentaxe de positividade máis elevada son as de 20-24 anos, grupo de idade en que tamén se recollen as taxas de incidencia máis altas. Os indicadores de xestión do gromo da comarca de Santiago amosan valores de alto risco, como a incidencia media a tres días, ou a porcentaxe de PCR positivas entre os contactos estreitos dun caso confirmado na área e período de investigación do gromo. A situación epidemiolóxica actual, cunha taxa diaria acumulada na comarca de Santiago a 3 e a 7 días en tendencia ascendente e un R_t cun valor por riba do 1, indica que a transmisión segue a manterse, e a presenza de indicadores de gromo en niveis de alto risco (como a incidencia media a tres días ou a porcentaxe de PCR positivas entre os contactos estreitos do caso confirmado), xunto co feito de que o grupo en que se recollen as taxas máis altas sexa a xente nova, na cal a infección pode ser asintomática ou pauciasintomática, favorecendo deste xeito a transmisión, indican a necesidade de establecer medidas nesta comarca. A taxa acumulada a 14 días de Santiago de Compostela, xunto ás taxas de Ames e Teo, dous concellos cunha convivencia moi estreita entre eles e co de Santiago de Compostela, fai que o informe recomende o mantemento das medidas de prevención específicas respecto de limitacións de capacidade para determinadas actividades que actualmente xa están vixentes no concello de Santiago de Compostela e no lugar do Milladoiro, e a extensión de tales medidas a todo o concello de Ames e ao concello de Teo, así como a limitación de reunións sociais a conviventes e o establecemento dun peche perimetral dos concellos de Santiago de Compostela, Ames e Teo, medidas estas últimas xa adoptadas polo Decreto 178/2020, do 30 de outubro, do presidente da Xunta de Galicia, antes citado.

Polo tanto, tendo en conta o indicado no dito informe, e tras escoitar as recomendacións do subcomité clínico reunido para estes efectos, a situación epidemiolóxica e sanitaria nos concellos de Santiago de Compostela, de Ames e de Teo fai necesario, ademais das medidas previstas no Decreto 178/2020, do 30 de outubro, antes citado, o mantemento das me-



didias de prevención específicas respecto de limitacións de capacidade para determinadas actividades que actualmente xa están vixentes no Concello de Santiago de Compostela e no lugar do Milladoiro, e a extensión de tales medidas a todo o concello de Ames e ao concello de Teo.

No non previsto para os ditos concellos no Decreto 178/2020, do 30 de outubro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas en determinados ámbitos territoriais da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, e nesta orde, e no que resulte compatible con eles, serán de aplicación as medidas de prevención específicas contidas na Orde do 21 de outubro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e, no que sexa compatible co decreto e coas ordes citadas, no acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020 citado.

Por último, as medidas previstas nesta orde terán unha vixencia de catorce días naturais ao ser o período de tempo que se considera necesario para poder valorar debidamente a súa eficacia no control e na contención da evolución da pandemia no ámbito territorial afectado. Non obstante, deberán ser obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun prazo non superior a sete días naturais desde a publicación da presente orde, co fin de garantir a súa adecuación, en todo momento, á situación epidemiolóxica e sanitaria da Comunidade Autónoma, e poderán, en consecuencia, ser modificadas ou levantadas con anterioridade á expiración do dito prazo de catorce días naturais.

III

As medidas que se adoptan nesta orde teñen o seu fundamento normativo na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 e 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Na dita lexislación sanitaria non se recolle unha lista pechada de medidas de prevención, senón que se poderán adoptar, de acordo cos principios de precaución e de proporcionalidade que deben rexer as actuacións en materia de saúde, as necesarias para facer fronte ao concreto risco sanitario de que se trate.



Por outra banda, as medidas de prevención que se recollen nesta orde teñen un evidente fundamento sanitario, dados os riscos de transmisión dunha enfermidade contaxiosa como a que nos ocupa, e a vixilancia, a inspección e o control do seu cumprimento corresponde aos concellos, sen prexuízo das competencias da Consellería de Sanidade, tendo en conta a condición de autoridade sanitaria dos alcaldes e alcaldesas (artigo 33.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia), das competencias dos concellos do control sanitario de actividades e servizos que impacten na saúde da súa cidadanía, dos lugares de convivencia humana (artigo 80.3 da lei citada), así como da súa competencia para a ordenación e control do dominio público.

Polo tanto, os alcaldes e alcaldesas, como autoridade sanitaria, deben garantir nas referidas actividades, servizos e lugares de convivencia humana os dereitos e deberes sanitarios da cidadanía (artigo 33.2 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia) e, polo tanto, garantir a vixilancia, a inspección e o control do cumprimento das medidas preventivas aprobadas pola Administración autonómica e daquelas que, no seu desenvolvemento e atendendo á situación concreta, poida establecer o correspondente concello.

Así mesmo, as forzas e os corpos de seguridade teñen un papel fundamental no necesario control do cumprimento das medidas de prevención, papel que veñen desempeñando durante toda esta crise sanitaria, a través da formulación das correspondentes denuncias e remisión ás autoridades competentes, nos casos en que se detecte o seu incumprimento. Debe lembrarse a este respecto que o Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, declarou a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e activou o Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19. Tendo en conta a existencia dunha declaración de emerxencia sanitaria, resulta esencial a colaboración das forzas e corpos de seguridade coa finalidade de preservar a seguridade e a convivencia cidadás.

Conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para adoptar as medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica existente nos concellos de Santiago de Compostela, Ames e Teo, coa urxencia que a protección da saúde pública demanda.

Na súa virtude, en aplicación do punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise



sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. *Obxecto e alcance*

1. O obxecto desta orde é establecer medidas de prevención específicas, nos concellos de Santiago de Compostela, Ames e Teo, como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos ditos concellos.

2. As medidas contidas nesta orde son complementarias das previstas, en relación con estes concellos, no Decreto 178/2020, do 30 de outubro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas en determinados ámbitos territoriais da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, durante o período a que se estendan as ditas medidas.

En todo o non previsto respecto destes concellos no dito decreto e nesta orde, e no que sexa compatible con ambos, aplicarase o disposto na Orde do 21 de outubro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, así como, no que sexa compatible co referido decreto e con ambas as ordes, o disposto no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente.

Segundo. *Medidas de prevención específicas*

Serán de aplicación, nos concellos de Santiago de Compostela, Ames e Teo, as medidas de prevención específicas recollidas no anexo.

Terceiro. *Control do cumprimento das medidas e réxime sancionador*

1. A vixilancia, inspección e control do cumprimento das medidas de prevención que se recollen nesta orde, e a garantía dos dereitos e deberes sanitarios da cidadanía, co-



responderán aos respectivos concellos dentro das súas competencias e sen prexuízo das competencias da Consellería de Sanidade, tendo en conta a condición de autoridade sanitaria dos alcaldes e alcaldesas de acordo co artigo 33.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, e as competencias dos concellos de control sanitario de actividades e servizos que impacten na saúde da súa cidadanía e dos lugares de convivencia humana, de acordo co artigo 80.3 do mesmo texto legal, así como da súa competencia para a ordenación e control do dominio público.

2. Así mesmo, os órganos de inspección da Administración autonómica, no ámbito das súas competencias, poderán realizar as actividades de inspección e control oportunas para a vixilancia e comprobación do cumprimento das medidas de prevención aplicables.

3. As forzas e corpos de seguridade darán traslado das denuncias que formulen, polo incumprimento das medidas de prevención, ás autoridades competentes.

Cuarto. *Eficacia*

1. Esta orde terá efectos desde as 00.00 horas do 1 de novembro de 2020 e manterá a súa eficacia por un período de catorce días naturais.

Non obstante o anterior, as medidas previstas nesta orde serán obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da presente orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria da comarca de Santiago. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser modificadas ou levantadas antes do transcurso do período de catorce días naturais previsto no parágrafo anterior por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

2. No momento de comezo dos efectos da presente orde quedará sen efecto a Orde do 21 de outubro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na comarca de Santiago.

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2020

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade



ANEXO

Medidas de prevención específicas nos concellos de Santiago de Compostela, Ames e Teo

Nos concellos de Santiago de Compostela, Ames e Teo aplicaranse as restricións específicas previstas a continuación.

1. Celebracións con motivo de cerimoniais relixiosas ou civís.

As celebracións que poidan ter lugar tras cerimoniais relixiosas ou civís en establecementos de hostalaría e restauración axustaranse ás condicións e á capacidade previstas para a prestación do servizo nestes establecementos.

En calquera caso, estas celebracións posteriores á cerimonia propiamente dita deberán respectar un máximo de cincuenta persoas en espazos ao aire libre ou de vinte e cinco persoas en espazos pechados.

2. Actividades en academias, autoescolas e centros privados de ensino non re-grado e centros de formación e actividade formativa xestionada ou financiada pola Administración autonómica en centros e entidades de formación.

A actividade que se realice nestes centros poderá impartirse dun modo presencial sempre que non se supere unha capacidade do cincuenta por cento respecto da máxima permitida.

3. Establecementos de hostalaría e restauración.

1. Os restaurantes non poderán superar o cincuenta por cento da súa capacidade na zona de comedor para o servizo de comida.

Nos bares e cafetarías non se poderá consumir no interior do local.

2. O consumo dentro do local nos restaurantes poderá realizarse unicamente sentado na mesa, ou agrupacións de mesas, e deberase asegurar o mantemento da debida distancia de seguridade interpersoal entre clientes. Non está permitido o consumo na barra e na zona de cafetaría ou bar.

3. As terrazas ao aire libre dos establecementos de hostalaría e restauración limitarán a súa capacidade ao cincuenta por cento das mesas permitidas no ano inmediatamente an-



terior con base na correspondente licenza municipal ou no que sexa autorizado para este ano, no caso de que a licenza sexa concedida por primeira vez.

Consideraranse terrazas ao aire libre todo espazo non cuberto ou todo espazo que, estando cuberto, estea rodeado lateralmente por un máximo de dúas paredes, muros ou paramentos.

No caso de que o establecemento de hostalaría e restauración obtivese o permiso do concello para incrementar a superficie destinada a terraza ao aire libre, poderase incrementar o número de mesas previsto no primeiro parágrafo deste número 3, respectando, en todo caso, unha proporción do cincuenta por cento entre mesas e superficie dispoñible e sempre que se manteña o espazo necesario para a circulación peonil no tramo da vía pública en que se sitúe a terraza.

4. En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia de seguridade interpersoal entre as mesas ou, de ser o caso, agrupacións de mesas. A ocupación máxima será de cinco persoas por mesa ou agrupación de mesas, e deberán ser todas elas conviventes. A mesa ou agrupación de mesas que se utilice para este fin deberá ser acorde co número de persoas e permitir que se respecte a distancia mínima de seguridade interpersoal entre elas.

5. Os establecementos de hostalaría e restauración deberán pechar non máis tarde da unha da madrugada, sen que se poida permitir o acceso de ningún cliente desde as 00.00 horas. No caso de que estea en vigor unha limitación da liberdade de circulación das persoas en horario nocturno, os clientes deberán abandonar o establecemento antes da hora de comezo da limitación.

6. As medidas contidas nos números 3, 4 e 5 serán tamén de aplicación ás terrazas dos establecementos de lecer nocturno.

7. Os establecementos de restauración de centros sanitarios ou de traballo que limiten a súa actividade aos traballadores deles ou, no caso dos centros sanitarios tamén a acompañantes de doentes, poderán manter o servizo de cafetería, bar e restaurante. Non poderán superar o cincuenta por cento da súa capacidade. O consumo dentro do local poderá realizarse unicamente sentado na mesa, ou agrupacións de mesas, e deberase asegurar o mantemento da debida distancia de seguridade interpersoal entre clientes. A ocupación máxima será de cinco persoas por mesa ou agrupación de mesas e deberán ser todas elas conviventes.



4. Condicións para ocupación de zonas comúns de hoteis e aloxamentos turísticos.

As actividades de animación ou clases grupais deberán deseñarse e planificarse cunha capacidade máxima de cinco persoas, sexan ou non conviventes, incluídos os monitores, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade, excepto no caso de persoas conviventes.

5. Bibliotecas, arquivos, museos e salas de exposicións, monumentos e outras infraestruturas culturais.

Na realización de actividades culturais nestes espazos aplicarase un máximo de ata cinco persoas nas actividades de grupos, sexan ou non conviventes e incluído o monitor ou guía, e deberán establecerse as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade, excepto no caso de persoas conviventes.

6. Actividade en cines, teatros, auditorios, circos de toldo e espazos similares, así como en recintos ao aire libre e noutros locais e establecementos destinados a espectáculos públicos e actividades recreativas.

En calquera caso, será de aplicación un límite máximo de trinta persoas para lugares pechados e de setenta e cinco persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Non obstante, poderase ampliar o límite indicado ata un máximo de cincuenta persoas para lugares pechados e de cento cincuenta persoas se se trata de actividades ao aire libre, logo da autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. Neste caso, a solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade polo COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueles outros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.



7. Actividades e instalacións deportivas.

A práctica da actividade física e deportiva non federada, ao aire libre, poderá realizarse de forma individual ou colectiva, sen contacto físico, sempre que, neste último caso, todas as persoas do grupo sexan conviventes, sen contar, se é o caso, o monitor.

Nas instalacións e centros deportivos poderase realizar actividade deportiva en grupos de ata cinco persoas, sexan ou non conviventes, e sen contar o monitor, sen contacto físico, e sempre que non se supere o cincuenta por cento da capacidade máxima permitida, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade.

8. Celebración de eventos deportivos, de adestramentos e de competicións deportivas con público.

A celebración de eventos deportivos, adestramentos, competicións deportivas que se celebren en instalacións deportivas ou na vía pública poderán desenvolverse con público sempre que este permaneza sentado, que non se supere o cincuenta por cento da capacidade permitida da instalación ou do espazo de que se trate e cun límite de trinta persoas para lugares pechados e de setenta e cinco persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Non obstante, poderase ampliar o límite indicado ata un máximo de cincuenta persoas para lugares pechados e cento cincuenta persoas se se trata de actividades ao aire libre, logo de autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. Neste caso, a solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade polo COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueles outros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

9. Piscinas.

Nas zonas de estadia das piscinas establecerase unha distribución espacial para manter distancia de seguridade interpersoal entre os usuarios e os grupos deberán estar constituídos só por persoas conviventes.



10. Especificidades para determinadas actividades turísticas.

Poderán realizarse actividades de turismo, organizadas por empresas habilitadas para iso, e a actividade de guía turístico, para grupos de ata un máximo de cinco persoas, sexan ou non conviventes, e deberán establecerse as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade, excepto no caso de persoas conviventes.

11. Centros de información, casetas e puntos de información.

Nos centros de información, casetas e puntos de información e espazos similares non se poderá exceder o cincuenta por cento da súa capacidade e deberá respectarse o máximo de cinco persoas nas actividades de grupos, sexan ou non conviventes e incluído o monitor ou guía. Ademais, deberán establecerse as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade, excepto no caso de persoas conviventes.

12. Realización de actividades de tempo libre dirixidas á poboación infantil e xuvenil.

1. Poderanse realizar actividades de tempo libre destinadas á poboación infantil e xuvenil cando estas se leven a cabo ao aire libre, sempre que se limite o número de participantes ao cincuenta por cento da súa asistencia máxima habitual, cun máximo de cincuenta participantes, incluídos os monitores. Cando estas actividades se realicen en espazos pechados, non se deberá superar o cincuenta por cento da capacidade máxima do recinto, cun máximo de vinte e cinco participantes, incluídos os monitores.

2. As actividades deberán realizarse en grupos de ata cinco persoas participantes, sexan ou non conviventes e incluíndo os monitores correspondentes, que deberán traballar sen contacto entre os demais grupos.

13. Uso de espazos públicos.

Os centros cívicos e sociais poderán realizar a súa actividade sempre que se limite a súa capacidade total ao cincuenta por cento e que se extremen as medidas de protección nas actividades socioculturais de tipo grupal que se realizan neles cun máximo de cinco persoas, sexan ou non conviventes e incluído o monitor ou guía para as actividades grupais.



14. Centros recreativos turísticos ou similares.

As visitas de grupos serán dun máximo de cinco persoas, sexan ou non conviventes e incluído o monitor ou guía, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade, excepto no caso de persoas conviventes.

15. Celebración de congresos, encontros, reunións de negocio, conferencias, eventos e actos similares.

Poderanse celebrar congresos, encontros, reunións de negocio, conferencias e eventos e actos similares promovidos por calquera entidade, de natureza pública ou privada, sempre que non se supere o cincuenta por cento da capacidade permitida do lugar de celebración, e cun límite máximo de trinta persoas para lugares pechados e de setenta e cinco persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Non obstante, poderase ampliar o límite indicado ata un máximo de cincuenta persoas para lugares pechados e cento cincuenta persoas se se trata de actividades ao aire libre, logo da autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. Neste caso, a solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade polo COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueles outros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

O recollido neste número será tamén de aplicación para reunións profesionais, xuntas de comunidades de propietarios e eventos similares.

16. Establecementos e locais de xogo e apostas.

En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia de seguridade interpersoal entre as mesas ou, de ser o caso, agrupacións de mesas. A ocupación máxima será de cinco persoas por mesa ou agrupación de mesas, e deberán ser todas elas conviventes. En calquera caso, deberase respectar un máximo de cincuenta persoas en espazos ao aire libre ou de vinte e cinco persoas en espazos pechados. En caso de dispoñer tamén de servizos de hostalaría, seralles aplicable a prohibición do consumo no interior do local establecido para os ditos establecementos.



17. Limitación de capacidade para outros locais ou establecementos comerciais.

1. Con carácter xeral, calquera outro local ou establecemento comercial para o cal non se recollan expresamente unhas condicións de capacidade nesta orde, nin en protocolos ou normativa específica que lle sexa aplicable, non poderá superar o cincuenta por cento da capacidade autorizada ou establecida. En calquera caso, deberase respectar un máximo de trinta persoas para lugares pechados e de setenta e cinco persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Non obstante, poderase ampliar o límite indicado ata un máximo de cincuenta persoas para lugares pechados e de cento cincuenta persoas se se trata de actividades ao aire libre, logo de autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. Neste caso, a solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade polo COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueles outros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

O disposto neste número 1 non será de aplicación nos establecementos comerciais de alimentación, bebidas, produtos e bens de primeira necesidade, establecementos farmacéuticos, servizos médicos ou sanitarios, ópticas, produtos ortopédicos, produtos hixiénicos, salóns de peiteado, prensa e papelería, combustible para a automoción, estancos, equipamentos tecnolóxicos e de telecomunicacións, alimentos para animais de compañía, comercio pola internet, telefónico ou correspondencia, tinturarías e lavandarías, sen prexuízo da necesidade de cumprir as obrigas xerais previstas nesta orde e as medidas xerais de hixiene e protección.

2. As actividades en grupos deberán realizarse cun máximo de cinco persoas participantes, sexan ou non conviventes e incluídos os monitores, guías ou encargados correspondentes, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersonal durante o desenvolvemento da actividade, excepto no caso de persoas conviventes.

3. En calquera caso, poderase suspender a actividade de calquera establecemento que, ao xuízo da autoridade competente, poida supor un risco de contaxio polas condicións en que se estea desenvolvendo.



I. DISPOSICIÓNS XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 30 de outubro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos de Ferrol, Neda, Narón e Fene.

I

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto do devandito acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade.

Así mesmo, indícase no dito punto sexto, na redacción vixente, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de acordo coa normativa aplicable e en vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e que modifiquen ou, de xeito puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación de medidas concretas contidas no anexo.

En aplicación do dito punto sexto ditouse a Orde do 21 outubro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia. Na dita orde



prevese que as medidas de prevención contidas nela serán de aplicación no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, de modo temporal, por un período de catorce días naturais desde a publicación da orde. En todo o previsto na dita orde, e no que sexa compatible con ela, serán de aplicación as medidas que, con carácter xeral, se establecen no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente. Non obstante, a orde precisa que, naqueles ámbitos territoriais en que, atendida a concreta evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria existente neles, se adoptasen ou se adopten, por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, medidas máis estritas que as contidas na presente orde, observárase, respecto desas medidas máis estritas, o disposto na orde correspondente durante o período a que se estenda a eficacia de tales medidas.

Con posterioridade, polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, declarouse o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. A dita declaración afectou todo o territorio nacional e a súa duración inicial esténdese, conforme o disposto no seu artigo 4, ata as 00:00 horas do día 9 de novembro de 2020, tendo sido autorizada a prórroga polo Congreso dos Deputados ata o 9 de maio de 2020.

Conforme o artigo 2 do dito real decreto, para os efectos do estado de alarma, a autoridade competente será o Goberno da Nación. En cada comunidade autónoma e cidade con estatuto de autonomía, a autoridade competente delegada será quen desempeñe a presidencia da Comunidade Autónoma ou cidade con estatuto de autonomía, nos termos establecidos no real decreto. As autoridades competentes delegadas quedan habilitadas para ditar, por delegación do Goberno da Nación, as ordes, resolucións e disposicións para a aplicación do previsto nos artigos 5 a 11 do real decreto sen que para iso sexa precisa a tramitación de procedemento administrativo ningún nin será de aplicación o previsto no segundo parágrafo do artigo 8.6 e no artigo 10.8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

En concreto, no artigo 5 recóllese, como medida eficaz en todo o territorio nacional, coa excepción de Canarias, desde a entrada en vigor do real decreto, a limitación da liberdade de circulación das persoas polas vías ou espazos de uso público durante o período comprendido entre as 23.00 e as 6.00 horas, salvo as excepcións previstas no precepto, e coa posibilidade de que a autoridade competente delegada correspondente poida determinar, no seu ámbito territorial, que a hora de comezo da limitación sexa entre as 22.00 e as 00.00 horas e a hora de finalización da dita limitación sexa entre as 5.00 e as 7.00 horas.



E nos artigos 6 a 8 recóllense medidas relacionadas coa limitación da entrada e saída de persoas nas comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía, coa limitación da permanencia de grupos de persoas en espazos públicos e privados e coa limitación da permanencia de persoas en lugares de culto. As ditas medidas, conforme o disposto no artigo 9.1, serán eficaces no territorio de cada comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía cando a autoridade competente delegada respectiva o determine, á vista da evolución dos indicadores sanitarios, epidemiolóxicos, sociais, económicos e de mobilidade, logo de comunicación ao Ministerio de Sanidade e de acordo co previsto no artigo 13, e a eficacia da medida non poderá ser inferior a sete días naturais. Polo demais, conforme o artigo 10, a autoridade competente delegada respectiva poderá modular, flexibilizar e suspender a aplicación das medidas previstas nos artigos 6, 7 e 8, co alcance e ámbito territorial que determine. Así mesmo, de acordo co artigo 11, poderá impoñer no seu ámbito territorial a realización das prestacións persoais obrigatorias que resulten imprescindibles no ámbito dos seus sistemas sanitarios e sociosanitarios para responder á situación de emerxencia sanitaria que motiva a aprobación do real decreto.

Ao abeiro do marco normativo derivado do estado de alarma ditouse o Decreto 178/2020, do 30 de outubro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas en determinados ámbitos territoriais da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

No que atinxe á comarca de Ferrolterra, no dito decreto prevese a medida de limitación de entrada e saída de persoas, agás polas excepcións do artigo 6.1 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, no ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Ferrol, Narón, Fene e Neda. Ademais, nestes catro concellos a permanencia de grupos de persoas en espazos de uso público, tanto pechados como ao aire libre, e en espazos de uso privado, quedará limitada aos grupos constituídos só por persoas conviventes, coas excepcións previstas no punto segundo do dito decreto. As ditas medidas producen efectos desde as 15:00 horas do 30 de outubro de 2020 e deberán ser obxecto de seguimento e de avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria e para os efectos, de ser necesario, da súa modificación ou levantamento. En todo caso, serán revisadas nun período máximo de 7 días.

Agora ben, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, non esgotan todas as que poden ser adoptadas para facer fronte á crise sanitaria. Neste sentido, como prevé expresamente o artigo 12 do real decreto, cada Administración conservará as



competencias que lle outorga a lexislación vixente, así como a xestión dos seus servizos e do seu persoal, para adoptar as medidas que considere necesarias, sen prexuízo do establecido no real decreto. No mesmo sentido, salienta a exposición de motivos do real decreto como, durante a vixencia do estado de alarma, as administracións sanitarias competentes en saúde pública, no non previsto nesa norma, deberán continuar adoptando as medidas necesarias para afrontar a situación de emerxencia de saúde pública ocasionada polo COVID-19, conforme á lexislación sanitaria, en particular, a Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública, a Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, e a Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, así como na normativa autonómica correspondente.

En consecuencia, como sinala a parte expositiva do Decreto 178/2020, do 30 de outubro, as medidas previstas no dito decreto deben entenderse sen prexuízo daquelas complementarias que se adopten por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade e coas actualmente vixentes, no que sexan compatibles co disposto no decreto.

II

Tendo en conta o disposto anteriormente, no informe da Dirección Xeral de Saúde Pública do 30 de outubro de 2020, sobre a comarca de Ferrolterra, indícase que a incidencia acumulada a 3 e 7 días na comarca de Ferrol amosa unha clara tendencia ascendente, cun número reprodutivo instantáneo desde o inicio do brote superior a 1, que indicaría que cada caso pode, pola súa vez, xerar máis dun caso secundario. Destacan sobre todo as taxas acumuladas nos últimos 14 días de Neda e Fene, ademais de Ferrol e Narón, con declaración de casos diariamente nos últimos 14 días. A evolución da taxa estimada para o total da comarca é ascendente nas últimas tres semanas, tanto a 3, 7 como a 14 días. Ao respecto da taxa estimada para Galicia, é 1'9 veces maior a 3 días, 1'8 veces maior a 7 días e 1'5 veces maior a 14 días. Este brote está a presentar características de risco alto tales como a taxa de incidencia a 3 días, o número de contactos con PCR positiva relacionados con 1 caso na área e período de investigación do brote e a porcentaxe de probas PCR positivas na área e período de investigación do brote. Ademais, amosa as taxas máis altas no grupo de idade de 20-24 anos, en que a infección pode ser asintomática ou pauciasintomática, o que pode favorecer a difusión do virus ao non adoptarse as medidas. Por outra banda, Fene, Neda, Narón e Ferrol son concellos cunha convivencia moi estreita entre eles, tanto a nivel laboral como social. Os catro concellos supoñen unha porcentaxe moi elevada da poboación atendida na área sanitaria de Ferrol, o que suporía unha sobrecarga asistencial importante no caso de seguir aumentando o número de casos. Así, á vista da situación epi-



demiolóxica actual, o informe recomenda o establecemento de medidas de prevención específicas respecto de limitacións de capacidade para determinadas actividades, así como a adopción das medidas de peche perimetral de Ferrol, Neda, Fene e Narón e limitación de grupos só a conviventes, medidas estas últimas xa adoptadas polo Decreto 178/2020, do 30 de outubro, do presidente da Xunta de Galicia, antes citado.

Polo tanto, tendo en conta o indicado no dito informe e tras escoitar as recomendacións do subcomité clínico reunido para estes efectos, a situación epidemiolóxica e sanitaria nos concellos de Ferrol, Narón, Fene e Neda fai necesaria, ademais das medidas previstas no Decreto 178/2020, do 30 de outubro, antes citado, a aplicación de medidas máis restritivas respecto da limitación de capacidade para o desenvolvemento de determinadas actividades.

No non previsto para os ditos concellos no Decreto 178/2020, do 30 de outubro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas en determinados ámbitos territoriais da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, e nesta orde, e no que resulte compatible con eles, serán de aplicación as medidas de prevención específicas contidas na Orde do 21 de outubro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e, no que sexa compatible co decreto e coas ordes citadas, no Acordo do Consello da Xunta do 12 de xuño de 2020 citado.

Por último, as medidas previstas nesta orde terán unha vixencia de catorce días naturais ao ser o período de tempo que se considera necesario para poder valorar debidamente a súa eficacia no control e na contención da evolución da pandemia no ámbito territorial afectado. Non obstante, deberán ser obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun prazo non superior a sete días naturais desde a publicación da presente orde, co fin de garantir a súa adecuación, en todo momento, á situación epidemiolóxica e sanitaria da Comunidade Autónoma, e poderán, en consecuencia, ser modificadas ou levantadas con anterioridade á expiración do dito prazo de catorce días naturais.

III

As medidas que se adoptan na presente orde teñen o seu fundamento normativo na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en saúde pública, no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4



de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 e 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Na dita lexislación sanitaria non se recolle unha lista pechada de medidas de prevención, senón que poderán adoptarse, de acordo cos principios de precaución e de proporcionalidade que deben rexer as actuacións en materia de saúde, as necesarias para facer fronte ao concreto risco sanitario de que se trate.

Por outra banda, as medidas de prevención que se recollen nesta orde teñen un evidente fundamento sanitario, dados os riscos de transmisión dunha enfermidade contaxiosa como a que nos ocupa, e a vixilancia, a inspección e o control do seu cumprimento corresponde aos concellos, sen prexuízo das competencias da Consellería de Sanidade, tendo en conta a condición de autoridade sanitaria dos alcaldes e alcaldesas (artigo 33.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia), das competencias dos concellos do control sanitario de actividades e servizos que impacten na saúde da súa cidadanía, dos lugares de convivencia humana (artigo 80.3 da lei citada), así como da súa competencia para a ordenación e control do dominio público.

Polo tanto, os alcaldes e alcaldesas, como autoridade sanitaria, deben garantir nas referidas actividades, servizos e lugares de convivencia humana os dereitos e deberes sanitarios da cidadanía (artigo 33.2 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia) e, polo tanto, garantir a vixilancia, a inspección e o control do cumprimento das medidas preventivas aprobadas pola Administración autonómica e daquelas que, no seu desenvolvemento e atendendo á situación concreta, poida establecer o correspondente concello.

Así mesmo, as forzas e os corpos de seguridade teñen un papel fundamental no necesario control do cumprimento das medidas de prevención, papel que veñen desempeñando durante toda esta crise sanitaria, a través da formulación das correspondentes denuncias e remisión ás autoridades competentes, nos casos en que se detecte o seu incumprimento. Debe recordarse a este respecto que o Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, declarou a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e activou o Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19. Tendo en conta a existencia dunha declaración de emerxencia sanitaria, resulta esencial a colaboración das forzas e corpos de seguridade coa finalidade de preservar a seguridade e a convivencia cidadás.



Conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para adoptar as medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica existente nos concellos de Ferrol, Narón, Fene e Neda, coa urxencia que a protección da saúde pública demanda.

Na súa virtude, en aplicación do punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. *Obxecto e alcance*

1. O obxecto desta orde é establecer medidas de prevención específicas nos concellos de Ferrol, Narón, Fene e Neda como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos ditos concellos.

2. As medidas contidas nesta orde son complementarias das previstas, en relación con estes concellos, no Decreto 178/2020, do 30 de outubro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas en determinados ámbitos territoriais da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, durante o período a que se estendan as ditas medidas.

En todo o non previsto respecto destes concellos no dito decreto e na presente orde, e no que sexa compatible con ambos, aplicarase o disposto na Orde do 21 de outubro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, así como, no que sexa compatible co referido decreto e con ambas as ordes, o disposto no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente.



Segundo. Medidas de prevención específicas

Serán de aplicación, nos concellos de Ferrol, Narón, Fene e Neda, as medidas de prevención específicas recollidas no anexo.

Terceiro. Control do cumprimento das medidas e réxime sancionador

1. A vixilancia, inspección e control do cumprimento das medidas de prevención que se recollen nesta orde, e a garantía dos dereitos e deberes sanitarios da cidadanía, corresponderán aos respectivos concellos dentro das súas competencias e sen prexuízo das competencias da Consellería de Sanidade, tendo en conta a condición de autoridade sanitaria dos alcaldes e alcaldesas de acordo co artigo 33.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, e as competencias dos concellos de control sanitario de actividades e servizos que impacten na saúde da súa cidadanía e dos lugares de convivencia humana, de acordo co artigo 80.3 do mesmo texto legal, así como da súa competencia para a ordeación e control do dominio público.

2. Así mesmo, os órganos de inspección da Administración autonómica, no ámbito das súas competencias, poderán realizar as actividades de inspección e control oportunas para a vixilancia e comprobación do cumprimento das medidas de prevención aplicables.

3. As forzas e corpos de seguridade darán traslado das denuncias que formulen, polo incumprimento das medidas de prevención, ás autoridades competentes.

Cuarto. Eficacia

Esta orde terá efectos desde as 00.00 horas do 1 de novembro de 2020 e manterá a súa eficacia por un período de catorce días naturais.

Non obstante o anterior, as medidas previstas nesta orde serán obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da presente orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria da comarca de Ferrolterra. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser modificadas ou levantadas antes do transcurso do período de catorce días naturais previsto no parágrafo anterior por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2020

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade



ANEXO**Medidas de prevención específicas nos concellos de Ferrol, Narón, Fene e Neda**

Nos concellos de Ferrol, Narón, Fene e Neda aplicaranse as restricións específicas previstas a continuación.

1. Celebracións con motivo de cerimoniais relixiosas ou civís.

As celebracións que poidan ter lugar tras cerimoniais relixiosas ou civís en establecementos de hostalaría e restauración axustaranse ás condicións e á capacidade previstas para a prestación do servizo nestes establecementos.

En calquera caso, estas celebracións posteriores á cerimonia propiamente dita deberán respectar un máximo de cincuenta persoas en espazos ao aire libre ou de vinte e cinco persoas en espazos pechados.

2. Actividades en academias, autoescolas e centros privados de ensino non re-grado e centros de formación e actividade formativa xestionada ou financiada pola Administración autonómica en centros e entidades de formación.

A actividade que se realice nestes centros poderá impartirse dun modo presencial sempre que non se supere unha capacidade do cincuenta por cento respecto da máxima permitida.

3. Establecementos de hostalaría e restauración.

1. Os restaurantes non poderán superar o cincuenta por cento da súa capacidade na zona de comedor para o servizo de comida.

Nos bares e cafetarías non se poderá consumir no interior do local.

2. O consumo dentro do local nos restaurantes poderá realizarse unicamente sentado na mesa, ou agrupacións de mesas, e deberase asegurar o mantemento da debida distancia de seguridade interpersoal entre clientes. Non está permitido o consumo na barra e na zona de cafetería ou bar.

3. As terrazas ao aire libre dos establecementos de hostalaría e restauración limitarán a súa capacidade ao cincuenta por cento das mesas permitidas no ano inmediatamente anterior con base na correspondente licenza municipal ou no que sexa autorizado para este ano, no caso de que a licenza sexa concedida por primeira vez.



Consideraranse terrazas ao aire libre todo espazo non cuberto ou todo espazo que, estando cuberto, estea rodeado lateralmente por un máximo de dúas paredes, muros ou paramentos.

No caso de que o establecemento de hostalaría e restauración obtivese o permiso do concello para incrementar a superficie destinada a terraza ao aire libre, poderase incrementar o número de mesas previsto no primeiro parágrafo deste número 3, respectando, en todo caso, unha proporción do cincuenta por cento entre mesas e superficie dispoñible e sempre que se manteña o espazo necesario para a circulación peonil no tramo da vía pública en que se sitúe a terraza.

4. En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia de seguridade interpersoal entre as mesas ou, de ser o caso, agrupacións de mesas. A ocupación máxima será de cinco persoas por mesa ou agrupación de mesas, e deberán ser todas elas conviventes. A mesa ou agrupación de mesas que se utilice para este fin deberá ser acorde co número de persoas e permitir que se respecte a distancia mínima de seguridade interpersoal entre elas.

5. Os establecementos de hostalaría e restauración deberán pechar non máis tarde da unha da madrugada, sen que se poida permitir o acceso de ningún cliente desde as 00.00 horas. No caso de que estivese en vigor unha limitación da liberdade de circulación das persoas en horario nocturno, os clientes deberán abandonar o establecemento antes da hora de comezo da limitación.

6. As medidas contidas nos números 3, 4 e 5 serán tamén de aplicación ás terrazas dos establecementos de lecer nocturno.

7. Os establecementos de restauración de centros sanitarios ou de traballo que limiten a súa actividade aos traballadores deles ou, no caso dos centros sanitarios, tamén a acompañantes de doentes, poderán manter o servizo de cafetería, bar e restaurante. Non poderán superar o cincuenta por cento da súa capacidade. O consumo dentro do local poderá realizarse unicamente sentado na mesa, ou agrupacións de mesas, e deberase asegurar o mantemento da debida distancia de seguridade interpersoal entre clientes. A ocupación máxima será de cinco persoas por mesa ou agrupación de mesas e deberán ser todas elas conviventes.

4. Condicións para ocupación de zonas comúns de hoteis e aloxamentos turísticos.

As actividades de animación ou clases grupais deberán deseñarse e planificarse cunha capacidade máxima de cinco persoas, sexan ou non conviventes, incluídos os monitores,



e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersonal durante o desenvolvemento da actividade, excepto no caso de persoas conviventes.

5. Bibliotecas, arquivos, museos e salas de exposicións, monumentos e outras infraestruturas culturais.

Na realización de actividades culturais nestes espazos aplicarase un máximo de ata cinco persoas nas actividades de grupos, sexan ou non conviventes e incluído o monitor ou guía, e deberán establecerse as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersonal durante o desenvolvemento da actividade, excepto no caso de persoas conviventes.

6. Actividade en cines, teatros, auditorios, circos de toldo e espazos similares, así como en recintos ao aire libre e noutros locais e establecementos destinados a espectáculos públicos e actividades recreativas.

En calquera caso, será de aplicación un límite máximo de trinta persoas para lugares pechados e de setenta e cinco persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Non obstante, poderase ampliar o límite indicado ata un máximo de cincuenta persoas para lugares pechados e de cento cincuenta persoas se se trata de actividades ao aire libre, logo da autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. Neste caso, a solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade polo COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueloutros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

7. Actividades e instalacións deportivas.

A práctica da actividade física e deportiva non federada, ao aire libre, poderá realizarse de forma individual ou colectiva, sen contacto físico, sempre que, neste último caso, todas as persoas do grupo sexan conviventes, sen contar, se é o caso, o monitor.



Nas instalacións e centros deportivos poderase realizar actividade deportiva en grupos de ata cinco persoas, sexan ou non conviventes, e sen contar o monitor, sen contacto físico, e sempre que non se supere o cincuenta por cento da capacidade máxima permitida, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade.

8. Celebración de eventos deportivos, de adestramentos e de competicións deportivas con público.

A celebración de eventos deportivos, adestramentos, competicións deportivas que se celebren en instalacións deportivas ou na vía pública poderán desenvolverse con público sempre que este permaneza sentado, que non se supere o cincuenta por cento da capacidade permitida da instalación ou do espazo de que se trate e cun límite de trinta persoas para lugares pechados e de setenta e cinco persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Non obstante, poderase ampliar o límite indicado ata un máximo de cincuenta persoas para lugares pechados e cento cincuenta persoas se se trata de actividades ao aire libre, logo de autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. Neste caso, a solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade polo COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueles outros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

9. Praias e piscinas.

Nas praias e nas zonas de estadía das piscinas establecerase unha distribución espacial para manter distancia de seguridade interpersoal entre os usuarios e os grupos deberán estar constituídos só por persoas conviventes.

10. Especificidades para determinadas actividades turísticas.

Poderán realizarse actividades de turismo, organizadas por empresas habilitadas para iso, e a actividade de guía turístico, para grupos de ata un máximo de cinco persoas, sexan ou non conviventes, e deberán establecerse as medidas necesarias para procurar a



distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade, excepto no caso de persoas conviventes.

11. Centros de información, casetas e puntos de información.

Nos centros de información, casetas e puntos de información e espazos similares non se poderá exceder o cincuenta por cento da súa capacidade e deberá respectarse o máximo de cinco persoas nas actividades de grupos, sexan ou non conviventes e incluído o monitor ou guía. Ademais, deberán establecerse as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade, excepto no caso de persoas conviventes.

12. Realización de actividades de tempo libre dirixidas á poboación infantil e xuvenil.

1. Poderanse realizar actividades de tempo libre destinadas á poboación infantil e xuvenil cando estas se leven a cabo ao aire libre, sempre que se limite o número de participantes ao cincuenta por cento da súa asistencia máxima habitual, cun máximo de cincuenta participantes, incluídos os monitores. Cando estas actividades se realicen en espazos pechados, non se deberá superar o cincuenta por cento da capacidade máxima do recinto, cun máximo de vinte e cinco participantes, incluídos os monitores.

2. As actividades deberán realizarse en grupos de ata cinco persoas participantes, sexan ou non conviventes e incluíndo os monitores correspondentes, que deberán traballar sen contacto entre os demais grupos.

13. Uso de espazos públicos.

Os centros cívicos e sociais poderán realizar a súa actividade sempre que se limite a súa capacidade total ao cincuenta por cento e que se extremen as medidas de protección nas actividades socioculturais de tipo grupal que se realizan neles cun máximo de cinco persoas, sexan ou non conviventes e incluído o monitor ou guía para as actividades grupais.

14. Centros recreativos turísticos ou similares.

As visitas de grupos serán dun máximo de cinco persoas, sexan ou non conviventes e incluído o monitor ou guía, e deberán establecerse as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade, excepto no caso de persoas conviventes.



15. Celebración de congresos, encontros, reunións de negocio, conferencias, eventos e actos similares.

Poderanse celebrar congresos, encontros, reunións de negocio, conferencias e eventos e actos similares promovidos por calquera entidade, de natureza pública ou privada, sempre que non se supere o cincuenta por cento da capacidade permitida do lugar de celebración, e cun límite máximo de trinta persoas para lugares pechados e de setenta e cinco persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Non obstante, poderase ampliar o límite indicado ata un máximo de cincuenta persoas para lugares pechados e cento cincuenta persoas se se trata de actividades ao aire libre, logo da autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. Neste caso, a solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade polo COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueles outros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

O recollido neste número será tamén de aplicación para reunións profesionais, xuntas de comunidades de propietarios e eventos similares.

16. Establecementos e locais de xogo e apostas.

En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia de seguridade interpersoal entre as mesas ou, de ser o caso, agrupacións de mesas. A ocupación máxima será de cinco persoas por mesa ou agrupación de mesas, e deberán ser todas elas conviventes. En calquera caso, deberase respectar un máximo de cincuenta persoas en espazos ao aire libre ou de vinte e cinco persoas en espazos pechados. En caso de dispoñer tamén de servizos de hostalaría, seralles aplicable a prohibición do consumo no interior do local establecido para os ditos establecementos.

17. Limitación de capacidade para outros locais ou establecementos comerciais.

1. Con carácter xeral, calquera outro local ou establecemento comercial para o cal non se recollan expresamente unhas condicións de capacidade na presente orde, nin en protocolos ou normativa específica que lle sexa aplicable, non poderá superar o cincuenta por



cento da capacidade autorizada ou establecida. En calquera caso, deberase respectar un máximo de trinta persoas para lugares pechados e de setenta e cinco persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Non obstante, poderase ampliar o límite indicado ata un máximo de cincuenta persoas para lugares pechados e de cento cincuenta persoas se se trata de actividades ao aire libre, logo de autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. Neste caso, a solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade polo COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueloutros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

O disposto neste número 1 non será de aplicación nos establecementos comerciais de alimentación, bebidas, produtos e bens de primeira necesidade, establecementos farmacéuticos, servizos médicos ou sanitarios, ópticas, produtos ortopédicos, produtos hixiénicos, salóns de peiteado, prensa e papelería, combustible para a automoción, estancos, equipamentos tecnolóxicos e de telecomunicacións, alimentos para animais de compañía, comercio pola internet, telefónico ou correspondencia, tinturarias e lavandarias, sen prexuízo da necesidade de cumprir as obrigas xerais previstas nesta orde e as medidas xerais de hixiene e protección.

2. As actividades en grupos deberán realizarse cun máximo de cinco persoas participantes, sexan ou non conviventes e incluídos os monitores, guías ou encargados correspondentes, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersonal durante o desenvolvemento da actividade, excepto no caso de persoas conviventes

3. En calquera caso, poderase suspender a actividade de calquera establecemento que, ao xuízo da autoridade competente, poida supor un risco de contaxio polas condicións en que se estea desenvolvendo.



I. DISPOSICIÓNS XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 30 de outubro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Vimianzo.

I

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto do dito acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade.

Así mesmo, indícase no dito punto sexto, na redacción vixente, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de acordo coa normativa aplicable e en vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e que modifiquen ou, de xeito puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación de medidas concretas contidas no anexo.

En aplicación do dito punto sexto ditouse a Orde do 21 outubro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación



epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia. Na dita orde prevese que as medidas de prevención contidas nela serán de aplicación no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, de modo temporal, por un período de catorce días naturais desde a publicación da orde. En todo o previsto na dita orde, e no que sexa compatible con ela, serán de aplicación as medidas que, con carácter xeral, se establecen no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente. Non obstante, a orde precisa que, naqueles ámbitos territoriais en que, atendida a concreta evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria existente neles, se adoptasen ou se adopten, por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, medidas máis estritas que as contidas na presente orde, se observará, respecto desas medidas máis estritas, o disposto na orde correspondente durante o período a que se estenda a eficacia de tales medidas.

Con posterioridade, polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, declarouse o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo el SARS-CoV-2. A dita declaración afectou todo o territorio nacional e a súa duración inicial esténdese, conforme o disposto no seu artigo 4, ata as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020, tendo sido autorizada a prórroga polo Congreso dos Deputados ata o 9 de maio de 2020.

Conforme o artigo 2 do dito real decreto, para os efectos do estado de alarma, a autoridade competente será o Goberno da Nación. En cada comunidade autónoma e cidade con estatuto de autonomía, a autoridade competente delegada será quen exerza a presidencia da Comunidade Autónoma ou cidade con estatuto de autonomía, nos termos establecidos no real decreto. As autoridades competentes delegadas quedan habilitadas para ditar, por delegación do Goberno da Nación, as ordes, resolucións e disposicións para a aplicación do previstos nos artigos 5 a 11 do real decreto sen que para iso sexa precisa a tramitación de procedemento administrativo ningún, nin será de aplicación o previsto no segundo parágrafo do artigo 8.6 e no artigo 10.8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

En concreto, no artigo 5 recóllese, como medida eficaz en todo o territorio nacional, coa excepción de Canarias, desde a entrada en vigor do real decreto, a limitación da liberdade de circulación das persoas polas vías ou espazos de uso público durante o período comprendido entre as 23.00 e as 6.00 horas, salvo as excepcións previstas no precepto, e coa posibilidade de que a autoridade competente delegada correspondente poida determinar, no seu ámbito territorial, que a hora de comezo da limitación sexa entre as 22.00 e as



00.00 horas e a hora de finalización da dita limitación sexa entre as 5.00 e as 7.00 horas. E nos artigos 6 a 8 recóllense medidas relacionadas coa limitación da entrada e saída de persoas nas comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía, coa limitación da permanencia de grupos de persoas en espazos públicos e privados e coa limitación da permanencia de persoas en lugares de culto. As ditas medidas, conforme o disposto no artigo 9.1, serán eficaces no territorio de cada comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía cando a autoridade competente delegada respectiva o determine, á vista da evolución dos indicadores sanitarios, epidemiolóxicos, sociais, económicos e de mobilidade, logo de comunicación ao Ministerio de Sanidade e de acordo co previsto no artigo 13, e a eficacia da medida non poderá ser inferior a sete días naturais. Polo demais, conforme o artigo 10, a autoridade competente delegada respectiva poderá modular, flexibilizar e suspender a aplicación das medidas previstas nos artigos 6, 7 e 8, co alcance e ámbito territorial que determine. Así mesmo, de acordo co artigo 11, poderá impoñer no seu ámbito territorial a realización das prestacións persoais obrigatorias que resulten imprescindibles no ámbito dos seus sistemas sanitarios e sociosanitarios para responder á situación de emerxencia sanitaria que motiva a aprobación do real decreto

Ao abeiro do marco normativo derivado do estado de alarma ditouse o Decreto 178/2020, do 30 de outubro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas en determinados ámbitos territoriais da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

No que atinxe ao concello de Vimianzo, no dito decreto prevese a medida de limitación de entrada e saída de persoas, agás polas excepcións do artigo 6.1 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, no dito concello. Ademais, no mesmo concello a permanencia de grupos de persoas en espazos de uso público, tanto pechados como ao aire libre, e en espazos de uso privado, quedará limitada aos grupos constituídos só por persoas conviventes, coas excepcións previstas no punto segundo do dito decreto. Estas medidas producen efectos desde as 15.00 horas do 30 de outubro de 2020 e deberán ser obxecto de seguimento e de avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria e para os efectos, de ser necesario, da súa modificación ou levantamento. En todo caso, serán revisadas nun período máximo de sete días.

Agora ben, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, non esgotan todas as que poden ser adoptadas para facer fronte á crise sanitaria. Neste sentido, como prevé expresamente o artigo 12 do real decreto, cada Administración conservará as



competencias que lle outorga a lexislación vixente, así como a xestión dos seus servizos e do seu persoal, para adoptar as medidas que xulgue necesarias, sen prexuízo do establecido no real decreto. No mesmo sentido, salienta a exposición de motivos do real decreto como, durante a vixencia do estado de alarma, as administracións sanitarias competentes en saúde pública, no non previsto nesa norma, deberán continuar adoptando as medidas necesarias para afrontar a situación de emerxencia de saúde pública ocasionada polo COVID-19, conforme a lexislación sanitaria, en particular a Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; a Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, e a Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, así como na normativa autonómica correspondente.

En consecuencia, como sinala a parte expositiva do Decreto 178/2020, do 30 de outubro, as medidas previstas no dito decreto deben entenderse sen prexuízo daquelas complementarias que se adopten por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade e coas actualmente vixentes, no que sexan compatibles co disposto no decreto.

II

Tendo en conta o disposto anteriormente, no Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 30 de outubro de 2020, sobre a comarca de Terra de Soneira, indícase que a situación na comarca amosa unha incidencia acumulada a 3 e 7 días cunha tendencia ascendente. Igualmente, a media da taxa acumulada a 14 días amosa tamén unha tendencia ascendente. O número reprodutivo instantáneo R_t estimado desde o inicio do gromo amosa valores por riba do 1, o que significa que cada caso podería orixinar máis dun caso secundario. A taxa total da comarca a 3, 7 e 14 días acadou valores por riba dos estimados para o conxunto de Galicia neses mesmos momentos temporais. Destaca a taxa acadada a 14 días en Vimianzo. Ademais, en Vimianzo declaráronse casos todos os días durante os últimos 10. Dada a situación existente, con indicadores de gromo en nivel de risco alto, como a porcentaxe de probas PCR positivas na área e período de investigación do brote e a incidencia acumulada a 3 días, cunha incidencia acumulada a 3 e 7 días en tendencia claramente ascendente, así como tendo en conta a taxa acumulada a 14 días no concello de Vimianzo, o informe recomenda a aplicación de medidas máis restritivas respecto da limitación de capacidade para o desenvolvemento de determinadas actividades no concello de Vimianzo, ademais doutras como o peche perimetral do concello de Vimianzo e a limitación dos grupos só a conviventes, medidas estas últimas xa adoptadas polo Decreto 178/2020, do 30 de outubro, do presidente da Xunta de Galicia, antes citado.



Polo tanto, tendo en conta o indicado no dito informe, e tras escoitar as recomendacións do subcomité clínico reunido para estes efectos, a situación epidemiolóxica e sanitaria no concello de Vimianzo fai necesaria, ademais das medidas previstas no Decreto 178/2020, do 30 de outubro, antes citado, a aplicación de medidas máis restritivas respecto da limitación de capacidade para o desenvolvemento de determinadas actividades.

No non previsto para o dito concello no Decreto 178/2020, do 30 de outubro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas en determinados ámbitos territoriais da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, e nesta orde, e no que resulte compatible con eles, serán de aplicación as medidas de prevención específicas contidas na Orde do 21 de outubro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, e, no que sexa compatible co decreto e coas ordes citadas, no Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020 citado.

Por último, as medidas previstas nesta orde terán unha vixencia de catorce días naturais ao ser o período de tempo que se considera necesario para poder valorar debidamente a súa eficacia no control e na contención da evolución da pandemia no ámbito territorial afectado. Non obstante, deberán ser obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun prazo non superior a sete días naturais desde a publicación da presente orde, co fin de garantir a súa adecuación, en todo momento, á situación epidemiolóxica e sanitaria da Comunidade Autónoma, e poderán, en consecuencia, ser modificadas ou levantadas con anterioridade á expiración do dito prazo de catorce días naturais.

III

As medidas que se adoptan nesta orde teñen o seu fundamento normativo na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 e 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Na dita lexislación sanitaria non se recolle unha lista pechada de medidas de prevención, senón que se poderán adoptar, de acordo cos principios de precaución e de proporcionalidade que deben rexer as actuacións en materia de saúde, as necesarias para facer fronte ao concreto risco sanitario de que se trate.



Por outra banda, as medidas de prevención que se recollen nesta orde teñen un evidente fundamento sanitario, dados os riscos de transmisión dunha enfermidade contaxiosa como a que nos ocupa, e a vixilancia, a inspección e o control do seu cumprimento corresponde ao concello, sen prexuízo das competencias da Consellería de Sanidade, tendo en conta a condición de autoridade sanitaria dos alcaldes e alcaldesas (artigo 33.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia), das competencias dos concellos do control sanitario de actividades e servizos que impacten na saúde da súa cidadanía, dos lugares de convivencia humana (artigo 80.3 da lei citada), así como da súa competencia para a ordenación e control do dominio público.

Polo tanto, os alcaldes e alcaldesas, como autoridade sanitaria, deben garantir nas referidas actividades, servizos e lugares de convivencia humana os dereitos e deberes sanitarios da cidadanía (artigo 33.2 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia) e, polo tanto, garantir a vixilancia, a inspección e o control do cumprimento das medidas preventivas aprobadas pola Administración autonómica e daquelas que, no seu desenvolvemento e atendendo á situación concreta, poida establecer o correspondente concello.

Así mesmo, as forzas e os corpos de seguridade teñen un papel fundamental no necesario control do cumprimento das medidas de prevención, papel que veñen desempeñando durante toda esta crise sanitaria, a través da formulación das correspondentes denuncias e remisión ás autoridades competentes, nos casos en que se detecte o seu incumprimento. Debe lembrarse a este respecto que o Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, declarou a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e activou o Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19. Tendo en conta a existencia dunha declaración de emerxencia sanitaria, resulta esencial a colaboración das forzas e corpos de seguridade coa finalidade de preservar a seguridade e a convivencia cidadás.

Conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para adoptar as medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica existente no concello de Vimianzo, coa urxencia que a protección da saúde pública demanda.

Na súa virtude, en aplicación do punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transi-



ción cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:**Primeiro. *Obxecto e alcance***

1. O obxecto desta orde é establecer medidas de prevención específicas no concello de Vimianzo como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no dito concello.

2. As medidas contidas nesta orde son complementarias das previstas, en relación con este concello, no Decreto 178/2020, do 30 de outubro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas en determinados ámbitos territoriais da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, durante o período a que se estendan as ditas medidas.

En todo o non previsto respecto deste concello no dito decreto e na presente orde, e no que sexa compatible con ambos, aplicarase o disposto na Orde do 21 de outubro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, así como, no que sexa compatible co referido decreto e con ambas as ordes, o disposto no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente.

Segundo. *Medidas de prevención específicas*

Serán de aplicación, no concello de Vimianzo, as medidas de prevención específicas recollidas no anexo.

Terceiro. *Control do cumprimento das medidas e réxime sancionador*

1. A vixilancia, inspección e control do cumprimento das medidas de prevención que se recollen nesta orde, e a garantía dos dereitos e deberes sanitarios da cidadanía, corresponderá ao concello dentro das súas competencias e sen prexuízo das competencias da Consellería de Sanidade, tendo en conta a condición de autoridade sanitaria dos alcaldes e alcaldesas



de acordo co artigo 33.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, e as competencias dos concellos de control sanitario de actividades e servizos que impacten na saúde da súa cidadanía e dos lugares de convivencia humana, de acordo co artigo 80.3 do mesmo texto legal, así como da súa competencia para a ordenación e control do dominio público.

2. Así mesmo, os órganos de inspección da Administración autonómica, no ámbito das súas competencias, poderán realizar as actividades de inspección e control oportunas para a vixilancia e comprobación do cumprimento das medidas de prevención aplicables.

3. As forzas e corpos de seguridade darán traslado das denuncias que formulen, polo incumprimento das medidas de prevención, ás autoridades competentes.

Cuarto. *Eficacia*

Esta orde terá efectos desde as 00.00 horas do 1 de novembro de 2020 e manterá a súa eficacia por un período de catorce días naturais.

Non obstante o anterior, as medidas previstas nesta orde serán obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación desta orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria do concello de Vimianzo. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser modificadas ou levantadas antes do transcurso do período de catorce días naturais previsto no parágrafo anterior por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2020

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade

ANEXO

Medidas de prevención específicas no concello de Vimianzo

No concello de Vimianzo aplicaranse as restricións específicas previstas a continuación.

1. Celebracións con motivo de cerimoniais relixiosas ou civís.

As celebracións que poidan ter lugar tras cerimoniais relixiosas ou civís en establecementos de hostalaría e restauración axustaranse ás condicións e á capacidade previstas para a prestación do servizo nestes establecementos.



En calquera caso, estas celebracións posteriores á cerimonia propiamente dita deberán respectar un máximo de cincuenta persoas en espazos ao aire libre ou de vinte e cinco persoas en espazos pechados.

2. Actividades en academias, autoescolas e centros privados de ensino non re-grado e centros de formación e actividade formativa xestionada ou financiada pola Administración autonómica en centros e entidades de formación.

A actividade que se realice nestes centros poderá impartirse dun modo presencial sempre que non se supere unha capacidade do cincuenta por cento respecto da máxima permitida.

3. Establecementos de hostalaría e restauración.

1. Os restaurantes non poderán superar o cincuenta por cento da súa capacidade na zona de comedor para o servizo de comida.

Nos bares e cafetarías non se poderá consumir no interior do local.

2. O consumo dentro do local nos restaurantes poderá realizarse unicamente sentado na mesa, ou agrupacións de mesas, e deberase asegurar o mantemento da debida distancia de seguridade interpersoal entre clientes. Non está permitido o consumo na barra e na zona de cafetería ou bar.

3. As terrazas ao aire libre dos establecementos de hostalaría e restauración limitarán a súa capacidade ao cincuenta por cento das mesas permitidas no ano inmediatamente anterior con base na correspondente licenza municipal ou no que sexa autorizado para este ano, no caso de que a licenza sexa concedida por primeira vez.

Consideraranse terrazas ao aire libre todo espazo non cuberto ou todo espazo que, estando cuberto, estea rodeado lateralmente por un máximo de dúas paredes, muros ou paramentos.

No caso de que o establecemento de hostalaría e restauración obtivese o permiso do concello para incrementar a superficie destinada a terraza ao aire libre, poderase incrementar o número de mesas previsto no primeiro parágrafo deste número 3, respectando, en todo caso, unha proporción do cincuenta por cento entre mesas e superficie dispoñible e sempre que se manteña o espazo necesario para a circulación peonil no tramo da vía pública en que se sitúe a terraza.



4. En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia de seguridade interpersoal entre as mesas ou, de ser o caso, agrupacións de mesas. A ocupación máxima será de cinco persoas por mesa ou agrupación de mesas, e deberán ser todas elas conviventes. A mesa ou agrupación de mesas que se utilice para este fin deberá ser acorde co número de persoas e permitir que se respecte a distancia mínima de seguridade interpersoal entre elas.

5. Os establecementos de hostalaría e restauración deberán pechar non máis tarde da unha da madrugada, sen que se poida permitir o acceso de ningún cliente desde as 00.00 horas. No caso de que estea en vigor unha limitación da liberdade de circulación das persoas en horario nocturno, os clientes deberán abandonar o establecemento antes da hora de comezo da limitación.

6. As medidas contidas nos números 3, 4 e 5 serán tamén de aplicación ás terrazas dos establecementos de lecer nocturno.

7. Os establecementos de restauración de centros sanitarios ou de traballo que limiten a súa actividade aos traballadores deles ou, no caso dos centros sanitarios tamén a acompañantes de doentes, poderán manter o servizo de cafetería, bar e restaurante. Non poderán superar o cincuenta por cento da súa capacidade. O consumo dentro do local poderá realizarse unicamente sentado na mesa, ou agrupacións de mesas, e deberase asegurar o mantemento da debida distancia de seguridade interpersoal entre clientes. A ocupación máxima será de cinco persoas por mesa ou agrupación de mesas e deberán ser todas elas conviventes.

4. Condicións para ocupación de zonas comúns de hoteis e aloxamentos turísticos.

As actividades de animación ou clases grupais deberán deseñarse e planificarse cunha capacidade máxima de cinco persoas, sexan ou non conviventes, incluídos os monitores, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade, excepto no caso de persoas conviventes.

5. Bibliotecas, arquivos, museos e salas de exposicións, monumentos e outras infraestruturas culturais.

Na realización de actividades culturais nestes espazos aplicarase un máximo de ata cinco persoas nas actividades de grupos, sexan ou non conviventes e incluído o monitor ou guía, e deberán establecerse as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade, excepto no caso de persoas conviventes.



6. Actividade en cines, teatros, auditorios, circos de toldo e espazos similares, así como en recintos ao aire libre e noutros locais e establecementos destinados a espectáculos públicos e actividades recreativas.

En calquera caso, será de aplicación un límite máximo de trinta persoas para lugares pechados e de setenta e cinco persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Non obstante, poderase ampliar o límite indicado ata un máximo de cincuenta persoas para lugares pechados e de cento cincuenta persoas se se trata de actividades ao aire libre, logo da autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. Neste caso, a solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade polo COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueles outros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

7. Actividades e instalacións deportivas.

A práctica da actividade física e deportiva non federada, ao aire libre, poderá realizarse de forma individual ou colectiva, sen contacto físico, sempre que, neste último caso, todas as persoas do grupo sexan conviventes, sen contar, se é o caso, o monitor.

Nas instalacións e centros deportivos poderase realizar actividade deportiva en grupos de ata cinco persoas, sexan ou non conviventes, e sen contar o monitor, sen contacto físico, e sempre que non se supere o cincuenta por cento da capacidade máxima permitida, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade.

8. Celebración de eventos deportivos, de adestramentos e de competicións deportivas con público.

A celebración de eventos deportivos, adestramentos, competicións deportivas que se celebren en instalacións deportivas ou na vía pública poderán desenvolverse con público sempre que este permaneza sentado, que non se supere o cincuenta por cento da capa-



cidade permitida da instalación ou do espazo de que se trate e cun límite de trinta persoas para lugares pechados e de setenta e cinco persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Non obstante, poderase ampliar o límite indicado ata un máximo de cincuenta persoas para lugares pechados e cento cincuenta persoas se se trata de actividades ao aire libre, logo de autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. Neste caso, a solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade polo COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueles outros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

9. Praias e piscinas.

Nas praias e nas zonas de estadia das piscinas establecerase unha distribución espacial para manter distancia de seguridade interpersoal entre os usuarios e os grupos deberán estar constituídos só por persoas conviventes.

10. Especificidades para determinadas actividades turísticas.

Poderán realizarse actividades de turismo, organizadas por empresas habilitadas para iso, e a actividade de guía turístico, para grupos de ata un máximo de cinco persoas, sexan ou non conviventes, e deberán establecerse as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade, excepto no caso de persoas conviventes.

11. Centros de información, casetas e puntos de información.

Nos centros de información, casetas e puntos de información e espazos similares non se poderá exceder o cincuenta por cento da súa capacidade e deberá respectarse o máximo de cinco persoas nas actividades de grupos, sexan ou non conviventes e incluído o monitor ou guía. Ademais, deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade, excepto no caso de persoas conviventes.



12. Realización de actividades de tempo libre dirixidas á poboación infantil e xuvenil.

1. Poderanse realizar actividades de tempo libre destinadas á poboación infantil e xuvenil cando estas se leven a cabo ao aire libre, sempre que se limite o número de participantes ao cincuenta por cento da súa asistencia máxima habitual, cun máximo de cincuenta participantes, incluídos os monitores. Cando estas actividades se realicen en espazos pechados, non se deberá superar o cincuenta por cento da capacidade máxima do recinto, cun máximo de vinte e cinco participantes, incluídos os monitores.

2. As actividades deberán realizarse en grupos de ata cinco persoas participantes, sexan ou non conviventes e incluíndo os monitores correspondentes, que deberán traballar sen contacto entre os demais grupos.

13. Uso de espazos públicos.

Os centros cívicos e sociais poderán realizar a súa actividade sempre que se limite a súa capacidade total ao cincuenta por cento e que se extremen as medidas de protección nas actividades socioculturais de tipo grupal que se realizan neles cun máximo de cinco persoas, sexan ou non conviventes e incluído o monitor ou guía para as actividades grupais.

14. Centros recreativos turísticos ou similares.

As visitas de grupos serán dun máximo de cinco persoas, sexan ou non conviventes e incluído o monitor ou guía, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade, excepto no caso de persoas conviventes.

15. Celebración de congresos, encontros, reunións de negocios, conferencias, eventos e actos similares.

Poderanse celebrar congresos, encontros, reunións de negocios, conferencias e eventos e actos similares promovidos por calquera entidade, de natureza pública ou privada, sempre que non se supere o cincuenta por cento da capacidade permitida do lugar de celebración, e cun límite máximo de trinta persoas para lugares pechados e de setenta e cinco persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Non obstante, poderase ampliar o límite indicado ata un máximo de cincuenta persoas para lugares pechados e cento cincuenta persoas se se trata de actividades ao aire libre,



logo da autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. Neste caso, a solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade polo COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueles outros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

O recollido neste número será tamén de aplicación para reunións profesionais, xuntas de comunidades de propietarios e eventos similares.

16. Establecementos e locais de xogo e apostas.

En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia de seguridade interpersoal entre as mesas ou, de ser o caso, agrupacións de mesas. A ocupación máxima será de cinco persoas por mesa ou agrupación de mesas, e deberán ser todas elas conviventes. En calquera caso, deberase respectar un máximo de cincuenta persoas en espazos ao aire libre ou de vinte e cinco persoas en espazos pechados. En caso de dispoñer tamén de servizos de hostalaría, seralles aplicable a prohibición do consumo no interior do local establecido para os ditos establecementos.

17. Limitación de capacidade para outros locais ou establecementos comerciais.

1. Con carácter xeral, calquera outro local ou establecemento comercial para o cal non se recollan expresamente unhas condicións de capacidade nesta orde, nin en protocolos ou normativa específica que lle sexa aplicable, non poderá superar o cincuenta por cento da capacidade autorizada ou establecida. En calquera caso, deberase respectar un máximo de trinta persoas para lugares pechados e de setenta e cinco persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Non obstante, poderase ampliar o límite indicado ata un máximo de cincuenta persoas para lugares pechados e de cento cincuenta persoas se se trata de actividades ao aire libre, logo de autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. Neste caso, a solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios



sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade polo COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueles outros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

O disposto neste número 1 non será de aplicación nos establecementos comerciais de alimentación, bebidas, produtos e bens de primeira necesidade, establecementos farmacéuticos, servizos médicos ou sanitarios, ópticas, produtos ortopédicos, produtos hixiénicos, salóns de peiteado, prensa e papelería, combustible para a automoción, estancos, equipamentos tecnolóxicos e de telecomunicacións, alimentos para animais de compañía, comercio pola internet, telefónico ou correspondencia, tinturarias e lavandarias, sen prexuízo da necesidade de cumprir as obrigas xerais previstas nesta orde e as medidas xerais de hixiene e protección.

2. As actividades en grupos deberán realizarse cun máximo de cinco persoas participantes, sexan ou non conviventes e incluídos os monitores, guías ou encargados correspondentes, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade, excepto no caso de persoas conviventes.

3. En calquera caso, poderase suspender a actividade de calquera establecemento que, ao xuízo da autoridade competente, poida supor un risco de contaxio polas condicións en que se estea desenvolvendo.



I. DISPOSICIÓNS XERAIS**PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA**

DECRETO 178/2020, do 30 de outubro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas en determinados ámbitos territoriais da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

I

A expansión do coronavirus COVID-19 xerou unha crise sanitaria sen precedentes recentes. Así, tras a elevación pola Organización Mundial da Saúde da situación de emerxencia de saúde pública pola dita causa a nivel de pandemia internacional, e a adopción, por algunhas comunidades autónomas como a galega, de medidas de prevención, polo Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, declarouse o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19; declaración que afectou todo o territorio nacional, cunha duración inicial de quince días naturais pero que foi obxecto de sucesivas prórrogas autorizadas polo Congreso dos Deputados.

O levantamento dese estado de alarma, non obstante, non puxo fin á crise sanitaria, o que xustificou a adopción de medidas, como as previstas, a nivel estatal, no Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, así como as medidas de prevención que foron adoptando as diferentes comunidades autónomas. En concreto, no caso da Comunidade Autónoma de Galicia, a resposta á crise sanitaria foi, fundamentalmente, ademais do mantemento da declaración de situación de emerxencia sanitaria efectuada polo Acordo do Consello da Xunta do 13 de marzo de 2020, a adopción, ao abeiro da lexislación sanitaria, ordinaria e orgánica, de medidas de prevención, tanto de carácter xeral para todo o territorio autonómico, como de maneira específica, a través de diferentes ordes da persoa titular da Consellería de Sanidade, en atención á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

Polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, declarouse o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. A dita declaración afectou todo o territorio nacional e a súa duración inicial esténdese, conforme o disposto no seu artigo 4, ata as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020, tendo sido autorizada a prórroga polo Congreso dos Deputados ata o 9 de maio de 2020.



Conforme o artigo 2 do dito real decreto, para os efectos do estado de alarma, a autoridade competente será o Goberno da Nación. En cada comunidade autónoma e cidade con estatuto de autonomía, a autoridade competente delegada será quen desempeñe a presidencia da comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía, nos termos establecidos no real decreto. As autoridades competentes delegadas quedan habilitadas para ditar, por delegación do Goberno da Nación, as ordes, resolucións e disposicións para a aplicación do previsto nos artigos 5 a 11 do real decreto sen que para iso sexa precisa a tramitación de procedemento administración ningún nin será de aplicación o previsto no segundo parágrafo do artigo 8.6 e no artigo 10.8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

En concreto, no artigo 5 recóllese, como medida eficaz en todo o territorio nacional, coa excepción de Canarias, desde a entrada en vigor do real decreto, a limitación da liberdade de circulación das persoas polas vías ou espazos de uso público durante o período comprendido entre as 23.00 e as 6.00 horas, salvo as excepcións previstas no precepto, e coa posibilidade de que a autoridade competente delegada correspondente poida determinar, no seu ámbito territorial, que a hora de comezo da limitación sexa entre as 22.00 e as 00.00 horas e a hora de finalización da dita limitación sexa entre as 5.00 e as 7.00 horas.

E nos artigos 6 a 8 recóllense medidas relacionadas coa limitación da entrada e saída de persoas nas comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía, coa limitación da permanencia de grupos de persoas en espazos públicos e privados e coa limitación da permanencia de persoas en lugares de culto. As ditas medidas, conforme o disposto no artigo 9.1, serán eficaces no territorio de cada comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía cando a autoridade competente delegada respectiva o determine, á vista da evolución dos indicadores sanitarios, epidemiolóxicos, sociais, económicos e de mobilidade, logo de comunicación ao Ministerio de Sanidade e de acordo co previsto no artigo 13, non podendo ser a eficacia da medida inferior a sete días naturais.

Polo demais, conforme o artigo 10, a autoridade competente delegada respectiva poderá modular, flexibilizar e suspender a aplicación das medidas previstas nos artigos 6, 7 e 8, co alcance e ámbito territorial que determine. Así mesmo, de acordo co artigo 11, poderá impoñer no seu ámbito territorial a realización das prestacións persoais obrigatorias que resulten imprescindibles no ámbito dos seus sistemas sanitarios e sociosanitarios para responder á situación de emerxencia sanitaria que motiva a aprobación do real decreto.

Respecto do rango e alcance do real decreto de declaración do estado de alarma e das súas eventuais prórrogas, conforme sinalou o Tribunal Constitucional, na súa Senten-



za 83/2016, do 28 de abril, estamos ante normas con valor de lei que establecen o concreto estatuto xurídico do estado de alarma, constituíndo tamén fonte de habilitación de disposicións e actos administrativos. Dispoñen, polo tanto, a legalidade aplicable durante a vixencia do estado de alarma, integrando en cada caso, xunto coa Constitución e a Lei orgánica 4/1981, do 1 de xuño, dos estados de alarma, excepción e sitio, o sistema de fontes do dereito de excepción que será de aplicación no concreto estado declarado, polo que son de obrigado cumprimento polos poderes públicos.

Non obstante, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, non esgotan todas as que poden ser adoptadas para facer fronte á crise sanitaria. Neste sentido, como prevé expresamente o seu artigo 12, cada Administración conservará as competencias que lle outorga a lexislación vixente, así como a xestión dos seus servizos e do seu persoal, para adoptar as medidas que considere necesarias, sen prexuízo do establecido no real decreto.

Polo tanto, como destaca a propia exposición de motivos do real decreto, durante a vixencia do estado de alarma, as administracións sanitarias competentes en saúde pública, no non previsto nesa norma, deberán continuar adoptando as medidas necesarias para afrontar a situación de emerxencia de saúde pública ocasionada polo COVID-19, conforme a lexislación sanitaria, en particular, a Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública, a Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, e a Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, así como na normativa autonómica correspondente.

II

Neste contexto normativo derivado do estado de alarma vixente, a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria en determinados territorios da Comunidade Autónoma de Galicia impón a necesidade de adoptar medidas ao abeiro do disposto no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, na condición de autoridade competente delegada que desempeña a presidencia da comunidade autónoma. Estas medidas deben entenderse sen prexuízo daquelas complementarias que se adoptan, con esta mesma data, por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, e no que sexa compatible co presente decreto, coas medidas de prevención actualmente vixentes.

Así mesmo, mantén a súa eficacia, ao non terse esgotado aínda, e no que sexa compatible con este decreto, a Orde do 21 de outubro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica



derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, ratificada xudicialmente polo Auto 123/2020, do 23 de outubro, da Sala do Contencioso-Administrativo (Sección 3ª) do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, sen prexuízo da avaliación que de tales medidas deberá facerse no período máximo de catorce días naturais desde a súa publicación, conforme o indicado no punto quinto da dita orde.

No que atinxe, polo tanto, ás medidas que, como autoridade competente delegada do estado de alarma, procede adoptar en determinados ámbitos territoriais da Comunidade Autónoma de Galicia, debe indicarse o seguinte.

O artigo 6.2 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, prevé que a autoridade competente delegada que corresponda poderá limitar a entrada e saída de persoas en ámbitos territoriais de carácter xeograficamente inferiores á comunidade autónoma, coas excepcións previstas no artigo 6.1.

Pola súa banda, o artigo 7 do mesmo texto normativo dispón que a permanencia de grupos de persoas en espazos de uso público, tanto pechados como ao aire libre, quedará condicionada a que non se supere o número máximo de seis persoas, salvo que se trate de conviventes e sen prexuízo das excepcións que se establezan en relación con dependencias, instalacións e establecementos abertos ao público. A permanencia de grupos de persoas en espazos de uso privado quedará condicionada a que non se supere o número máximo de seis persoas, salvo que se trate de conviventes. No caso das agrupacións en que se inclúan tanto persoas conviventes como persoas non conviventes, o número máximo será de seis persoas. Tal e como se indicou antes, conforme o artigo 9, a eficacia desta medida nunha comunidade autónoma producirase cando a autoridade competente delegada o determine. Ademais, o artigo 7 recolle a posibilidade de que a autoridade competente delegada correspondente determine, no seu ámbito territorial, á vista da evolución dos indicadores sanitarios, epidemiolóxicos, sociais, económicos e de mobilidade, logo de comunicación ao Ministerio de Sanidade e de acordo co previsto no artigo 13, que o número máximo sexa inferior a seis persoas, salvo que se trate de conviventes. Así mesmo, as autoridades competentes delegadas poderán, no seu ámbito territorial, establecer excepcións respecto a persoas menores ou dependentes, así como calquera outra flexibilización da limitación.

Como se indicou anteriormente, na actualidade, a situación epidemiolóxica e sanitaria en determinados ámbitos territoriais da Comunidade Autónoma de Galicia exige a adopción de medidas ao abeiro dos ditos artigos 6, 7 e 10 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro.



Tendo en conta a evolución da situación epidemiolóxica posta de manifesto nos informes da Dirección Xeral de Saúde Pública e tras escoitar as recomendacións o Subcomité Clínico reunido para estes efectos, procede a adopción, como autoridade competente delegada, das seguintes medidas ao abeiro do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro:

a) Limitación da entrada e saída de persoas, coas excepcións previstas no artigo 6.1 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, no ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos da Coruña e Arteixo, no ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Pontevedra, Poio e Marín, no ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Santiago de Compostela, Teo e Ames, no ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Ferrol, Narón, Fene e Neda, no ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Ourense e Barbadás, no ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos do Carballiño, O Irixo e Boborás, no ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Verín, Oímbra e Vilardevós, así como nos concellos de Lugo, Vigo e Vimianzo.

b) Limitación da permanencia de grupos de persoas en espazos de uso público e de uso privado, agás supostos excepcionais e xustificados, aos constituídos só por persoas conviventes, nos concellos da Coruña, Arteixo, Lugo, Pontevedra, Poio, Marín, Santiago de Compostela, Teo, Ames, Vigo, Ferrol, Narón, Fene, Neda, Ourense, Barbadás, Verín, Oímbra, Vilardevós, O Barco de Valdeorras, en todos os concellos da comarca do Carballiño e no concello de Vimianzo.

Respecto da eficacia das medidas, as medidas previstas neste decreto terán efectos desde as 15.00 horas do día 30 de outubro de 2020. A prol dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas deberán ser obxecto de seguimento e de avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria e para os efectos, de ser necesario, da súa modificación ou levantamento. En todo caso, serán revisadas nun período máximo de 7 días.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Sanidade, e na condición de autoridade competente delegada, por delegación do Goberno da Nación, conforme o disposto nos artigos 2, 6, 7 e 10 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2,



DISPOÑO:

Primeiro. *Limitacións da entrada e saída de persoas en determinados ámbitos territoriais*

1. Queda restrinxida a entrada e a saída de persoas no ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos da Coruña e Arteixo, no ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Pontevedra, Poio e Marín, no ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Santiago de Compostela, Teo e Ames, no ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Ferrol, Narón, Fene e Neda, no ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Ourense e Barbadás, no ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos do Carballiño, O Irixo e Boborás, no ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Verín, Oímbra e Vilardevós, así como nos concellos de Vigo, Lugo e Vimianzo.

2. Quedan exceptuados da anterior limitación aqueles desprazamentos, adecuadamente xustificadas, que se produzan por algún dos seguintes motivos:

- a) Asistencia a centros, servizos e establecementos sanitarios.
- b) Cumprimento de obrigas laborais, profesionais, empresariais, institucionais ou legais.
- c) Asistencia a centros universitarios, docentes e educativos, incluídas as escolas de educación infantil.
- d) Retorno ao lugar de residencia habitual ou familiar.
- e) Asistencia e coidado a maiores, menores, dependentes, persoas con discapacidade ou persoas especialmente vulnerables.
- f) Desprazamento a entidades financeiras e de seguros ou estacións de servizo en territorios limítrofes.
- g) Actuacións requiridas ou urxentes ante os órganos públicos, xudiciais ou notariais.
- h) Renovacións de permisos e documentación oficial, así como outros trámites administrativos inaprazables.
- i) Realización de exames ou probas oficiais inaprazables.



j) Por causa de forza maior ou situación de necesidade.

k) Calquera outra actividade de análoga natureza, debidamente acreditada.

3. Non estará sometida a restrición ningunha a circulación en tránsito a través dos ámbitos territoriais en que resulte de aplicación a limitación prevista no número anterior.

Segundo. Limitacións da permanencia de grupos de persoas en espazos públicos ou privados en determinados ámbitos territoriais

A permanencia de grupos de persoas en espazos de uso público, tanto pechados como ao aire libre, e en espazos de uso privado, quedará limitada aos grupos constituídos só por persoas conviventes, nos concellos da Coruña, Arteixo, Lugo, Pontevedra, Poio, Marín, Santiago de Compostela, Teo, Ames, Vigo, Ferrol, Narón, Fene, Neda, Ourense, Barbadás, Verín, Oímbra, Vilardevós, O Barco de Valdeorras, en todos os concellos da comarca do Carballiño (Beariz, Boborás, O Carballiño, O Irixo, Maside, Piñor, Punxín, San Amaro e San Cristovo de Cea) e no concello de Vimianzo.

Esta limitación non impedirá a reunión con persoas non conviventes que se produzan por motivos de asistencia e coidado a maiores, menores, dependentes ou persoas con discapacidade, ou por causa de forza maior ou situación de necesidade.

Así mesmo, esta limitación non será aplicable no caso de actividades laborais, institucionais, empresariais, profesionais e administrativas, actividades en centros universitarios, educativos, de formación e ocupacionais, así como no caso de práctica de deporte federado, sempre que se adopten as medidas previstas nos correspondentes protocolos de funcionamento.

Tampouco resultará de aplicación naquelas actividades previstas nas ordes da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade en que se recollan medidas de prevención específicas para estes territorios respecto das cales se considere expresamente a posibilidade de que os grupos sexan de conviventes e non conviventes.

Terceiro. Eficacia, seguimento e avaliación

Este decreto terá efectos desde as 15.00 horas do 30 de outubro de 2020.

A prol dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas deberán ser obxecto de seguimento e de avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á si-



tuación epidemiolóxica e sanitaria e para os efectos, de ser necesario, da súa modificación ou levantamento. En todo caso serán revisadas nun período máximo de 7 días.

Cuarto. *Recursos*

Contra o presente decreto poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, conforme os artigos 12.1.a) e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2020

Alberto Núñez Feijóo
Presidente da Xunta de Galicia



I. DISPOSICIÓNS XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 21 de outubro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na comarca de Santiago.

I

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto do devandito acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade.

Así mesmo, indícase no dito punto sexto, na redacción vixente, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de acordo coa normativa aplicable e en vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e que modifiquen ou, de xeito puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación de medidas concretas contidas no anexo.

En aplicación do previsto no punto sexto citado, unha vez atendida a evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Santiago de Compostela, sobre



a base do indicado no informe elaborado pola Dirección Xeral de Saúde Pública o 2 de setembro de 2020 e logo de escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, ditouse a Orde do 2 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Santiago de Compostela.

Tal e como se indicou na orde, o fundamento normativo das medidas atópase na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 e 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

No que atinxe á eficacia das medidas, no punto sexto da orde indicouse que terían efectos desde as 00.00 horas do 3 de setembro de 2020 e que serían obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderían ser obxecto de mantemento, de modificación ou poderían deixarse sen efecto por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Ademais, as medidas limitativas de dereitos fundamentais foron obxecto de ratificación xudicial mediante o Auto 73/2020, do 4 de setembro, do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 1 de Santiago de Compostela.

Froito do seguimento e da avaliación das medidas ditáronse sucesivas ordes.

Así, en virtude da Orde do 9 de setembro de 2020 acordouse, sobre a base do sinalado no informe da Dirección Xeral de Saúde Pública da mesma data e tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, o mantemento das medidas de prevención e das recomendacións existentes no concello de Santiago de Compostela, con determinadas modificación puntuais.

As medidas limitativas de dereitos fundamentais foron obxecto de ratificación xudicial mediante o Auto 145/2020, do 11 de setembro, do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 2 de Santiago de Compostela.



Mediante a Orde do 16 de setembro de 2020 dispúxose o mantemento, no concello de Santiago de Compostela, das medidas de prevención nos termos previstos na Orde do 2 de setembro de 2020, na súa redacción vixente, é dicir, tendo en conta as modificacións introducidas pola Orde do 9 de setembro de 2020. As medidas restritivas de dereitos fundamentais foron ratificadas polo Auto número 88/2020, do 17 de setembro, do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 1 de Santiago de Compostela.

Posteriormente, na Orde do 23 de setembro de 2020 acordouse o mantemento, no concello de Santiago de Compostela, das medidas de prevención nos termos previstos na Orde do 2 de setembro de 2020, na súa redacción vixente, é dicir, tendo en conta as modificacións introducidas pola Orde do 9 de setembro de 2020, así como estender a aplicación das mesmas medidas ao lugar do Milladoiro, parroquia de Biduído (Santa María), no concello de Ames. As medidas limitativas de dereitos fundamentais foron ratificadas xudicialmente polo Auto 86/2020, do 25 de setembro, da Sala do Contencioso-Administrativo (Sección 3ª) do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Na Orde do 30 de setembro de 2020 acordouse o mantemento no concello de Santiago de Compostela e no lugar do Milladoiro (parroquia de Biduído (Santa María), no concello de Ames), da eficacia das medidas de prevención previstas na Orde do 2 de setembro de 2020, na súa redacción vixente. As medidas limitativas de dereitos fundamentais foron ratificadas xudicialmente polo Auto 97/2020, do 5 de outubro, da Sala do Contencioso-Administrativo (Sección 3ª) do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

En virtude da posterior Orde do 7 de outubro de 2020 dispúxose o mantemento, no concello de Santiago de Compostela e no lugar do Milladoiro, parroquia de Biduído (Santa María), no concello de Ames, das mesmas medidas de prevención específicas. As medidas limitativas de dereitos fundamentais foron ratificadas xudicialmente polo Auto 103/2020, do 9 de outubro, da Sala do Contencioso-Administrativo (Sección 3ª) do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

E, finalmente, na Orde do 14 de outubro de 2020, acordouse, así mesmo, o mantemento, no concello de Santiago de Compostela e no lugar do Milladoiro, parroquia de Biduído (Santa María), no concello de Ames, das mesmas medidas de prevención específicas.

Conforme o punto segundo da orde do 14 de outubro de 2020 as medidas debía ser obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a



sete días naturais desde a publicación da orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

As medidas limitativas de dereitos fundamentais foron ratificadas xudicialmente polo Auto 110/2020, do 16 de outubro, da Sala do Contencioso-Administrativo (Sección 3ª) do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

En cumprimento do previsto no punto segundo da Orde do 14 de outubro de 2020, procedeuse ao seguimento e á avaliación das medidas. Neste sentido, no informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 21 de outubro de 2020, indícase que a taxa de incidencia na comarca segue en aumento. Este aumento da taxa é especialmente destacable nos concellos de Santiago de Compostela e Ames, onde a taxa de incidencia a 14 días é superior á observada para Galicia. Ademais, nestes concellos seguen a aparecer casos diarios de xeito continuo. A estimación puntual do número reprodutivo instantáneo amosa un valor por riba do 1, o que indica que existe unha transmisión que pode ser relevante. O abrocho no concello de Santiago de Compostela está a evolucionar claramente en sentido negativo, xa que a incidencia segue a aumentar desde o último informe. Este abrocho segue a ter características de alto risco como é a taxa de incidencia nos últimos 3 días, a cal aumentou considerablemente con respecto ao informe anterior, ou o número de contactos con PCR positiva relacionados con 1 caso. Así mesmo, presenta indicadores de risco medio como a porcentaxe de positividade de probas PCR realizadas na zona do brote e a porcentaxe de positividade das probas PCR realizadas aos contactos dos casos detectados. Os datos de incidencia observados en Ames e en Santiago de Compostela, xunto co feito de que os indicadores se manteñen en niveis de risco alto e medio, fan preciso actuar dun xeito máis estrito en canto a restricións se refire, xa que as medidas postas en marcha ata o de agora non conseguiron frear o aumento da incidencia. Deste modo, á vista da evolución da situación epidemiolóxica e coa finalidade de controlar a transmisión da enfermidade, o informe recomenda en todo o concello de Santiago de Compostela e nas zonas máis afectadas do concello de Ames –lugar do Milladoiro, parroquia de Biduído (Santa María)–, aumentar as medidas de prevención específicas actualmente establecidas. Así, con carácter xeral, deben limitarse os grupos para o desenvolvemento de calquera actividade ou evento de carácter familiar ou social, na vía pública, espazos de uso público ou espazos privados, aos constituídos exclusivamente por persoas conviventes. Recoméndase tamén establecer limitacións de capacidade en establecementos comerciais e terrazas de hostalaría e restauración ao 50 %. Así mesmo, nos bares e cafetarías non se poderá consumir no interior do local e o consumo dentro do local nos restaurantes poderá realizarse unicamente sentado na mesa.



Así, tendo en conta o indicado no dito informe, e tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, resulta necesario, en consecuencia, adoptar, no concello de Santiago de Compostela e no lugar do Milladoiro (parroquia de Biduído (Santa María) no concello de Ames), medidas de prevención máis restritivas que as aplicables ata o de agora nun dobre sentido. Por unha banda, é necesario restrinxir os grupos exclusivamente aos constituídos polas persoas conviventes para o desenvolvemento de actividades de carácter familiar e social conectadas co maior risco de xeración de abrochos. E, por outra banda, é preciso establecer maiores limitacións de capacidade para determinadas actividades.

En particular, procede salientar que a medida consistente en limitar os grupos para o desenvolvemento de calquera actividade ou evento de carácter familiar ou social, na vía pública, espazos de uso público ou espazos privados, aos constituídos exclusivamente por persoas conviventes ten como finalidade intentar controlar a transmisión aumentando o nivel de restrición dos contactos familiares e sociais, agás os derivados das causas previstas ou outras xustificadas. Debe recordarse, neste sentido, que o Auto 40/2020, do 30 de abril de 2020, do Tribunal Constitucional, no seu fundamento xurídico cuarto, ante a incerteza sobre as formas de contaxio, sobre o impacto real da propagación do virus, así como sobre as consecuencias a medio e longo prazo para a saúde das persoas que se viron afectadas, expresa que as medidas de distanciamento social, confinamento domiciliario e limitación extrema dos contactos e actividades grupais son as únicas que se teñen demostrado eficaces para limitar os efectos dunha pandemia de dimensións descoñecidas ata a data. En particular, a medida que se recolle nesta orde vai dirixida a previr determinadas reunións familiares ou sociais nas cales cabe apreciar un maior risco de transmisión polas circunstancias en que se realizan, por existir unha maior confianza e relaxación das medidas de seguridade, xa que teñen lugar fóra de ambientes profesionais, laborais ou outros protocolizados en que se debe usar máscara e que se rodean doutras garantías que dificultan a transmisión e o contaxio. Esta medida, ademais, resulta menos disruptiva das actividades esenciais, económicas, laborais e profesionais ca outras, como as limitacións á liberdade de circulación ou os confinamentos, que deben reservarse para cando resulta preciso un maior nivel de restrición. Procede advertir, ademais, de que a medida non é absoluta, senón que se ve matizada por unha serie de importantes excepcións, dado que, ante todo, esta limitación non impedirá a reunión con persoas non conviventes que se produzan por motivos de asistencia e coidado a maiores, dependentes ou persoas con discapacidade, ou por causa de forza maior ou situación de necesidade. Así mesmo, esta limitación non será aplicable no caso de actividades laborais, empresariais, profesionais e administrativas, actividades en centros universitarios, educativos, de formación e ocupacionais, así



como no caso da práctica do deporte federado, sempre que se adopten as medidas previstas nos correspondentes protocolos de funcionamento. Tampouco resultará de aplicación en determinadas actividades respecto das cales se preveña a posibilidade de grupos de persoas que non sexan conviventes.

Procede, en consecuencia, adoptar na presente orde medidas de prevención específicas máis restritivas que as actuais, que serán de aplicación no concello de Santiago de Compostela e no lugar do Milladoiro (parroquia de Biduído (Santa María), no concello de Ames), deixando sen efecto as ordes anteriores do 2 e do 9 de setembro de 2020.

O obxecto desta nova orde, polo tanto, é establecer as restricións específicas que serán de aplicación no concello de Santiago de Compostela e no lugar do Milladoiro (parroquia de Biduído (Santa María), no concello de Ames). No non previsto nesta orde, e no que resulte compatible con ela, serán de aplicación as medidas de prevención específicas contidas na Orde do 21 de outubro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, e, no que sexa compatible con ambas ordes, no acordo do Consello da Xunta do 12 de xuño de 2020 citado.

Por último, as medidas previstas nesta orde terán unha vixencia de catorce días naturais ao ser o período de tempo que se estima necesario para poder valorar debidamente a súa eficacia no control e na contención da evolución da pandemia no ámbito territorial afectado. Non obstante, deberán ser obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun prazo non superior a sete días naturais desde a publicación da presente orde, co fin de garantir a súa adecuación, en todo momento, á situación epidemiolóxica e sanitaria da Comunidade Autónoma, e poderán, en consecuencia, ser modificadas ou levantadas con anterioridade á expiración do dito prazo de catorce días naturais.

II

As medidas que se adoptan na presente orde teñen o seu fundamento normativo na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 e 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

En particular, cómpre salientar que a Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, prevé, no seu artigo primeiro, que, co obxecto de protexer a saúde pública e prever a súa perda ou dete-



rioración, as autoridades sanitarias das distintas administracións públicas poderán, dentro do ámbito das súas competencias, adoptar as medidas previstas na dita lei cando así o exixan razóns sanitarias de urxencia ou necesidade.

O artigo segundo habilita as autoridades sanitarias competentes para adoptaren medidas de recoñecemento, tratamento, hospitalización ou control cando se aprecien indicios racionais que permitan supoñer a existencia de perigo para a saúde da poboación debido á situación sanitaria concreta dunha persoa ou grupo de persoas ou polas condicións sanitarias en que se desenvolve unha actividade. E, para o caso concreto de enfermidades transmisibles, o artigo terceiro dispón que, co fin de controlalas, a autoridade sanitaria, ademais de realizar as accións preventivas xerais, poderá adoptar as medidas oportunas para o control dos enfermos, das persoas que estean ou estivesen en contacto con estes e do contorno inmediato, así como as que se consideren necesarias en caso de risco de carácter transmisible. E o artigo 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, prevé que as autoridades sanitarias poderán levar a cabo intervencións públicas nos supostos de riscos para a saúde de terceiras persoas, nos mesmos termos previstos nos artigos 2 e 3 da Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, antes citados.

Non se recolle, pois, unha lista pechada de medidas de prevención, senón que poderán adoptarse, de acordo cos principios de precaución e de proporcionalidade que deben rexer as actuacións en materia de saúde, as necesarias para facer fronte ao concreto risco sanitario de que se trate.

Por outra banda, as medidas de prevención que se recollen nesta orde teñen un evidente fundamento sanitario, dados os riscos de transmisión dunha enfermidade contaxiosa como a que nos ocupa, e a vixilancia, a inspección e o control do seu cumprimento corresponde aos concellos, sen prexuízo das competencias da Consellería de Sanidade, tendo en conta a condición de autoridade sanitaria dos alcaldes e alcaldesas (artigo 33.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia), das competencias dos concellos do control sanitario de actividades e servizos que impacten na saúde da súa cidadanía, dos lugares de convivencia humana (artigo 80.3 da lei citada), así como da súa competencia para a ordenación e control do dominio público.

Polo tanto, os alcaldes e alcaldesas, como autoridade sanitaria, deben garantir nas referidas actividades, servizos e lugares de convivencia humana os dereitos e deberes sanitarios da cidadanía (artigo 33.2 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia) e, polo tanto, garantir a vixilancia, a inspección e o control do cumprimento das medidas preventivas aprobadas pola Administración autonómica e daquelas que, no seu desenvolvemento e atendendo á situación concreta, poida establecer o correspondente concello.



Así mesmo, as forzas e os corpos de seguridade teñen un papel fundamental no necesario control do cumprimento das medidas de prevención, papel que veñen desempeñando durante toda esta crise sanitaria, a través da formulación das correspondentes denuncias e remisión ás autoridades competentes, nos casos en que se detecte o seu incumprimento. Debe recordarse a este respecto que o Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, declarou a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e activou o Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19. Tendo en conta a existencia dunha declaración de emerxencia sanitaria, resulta esencial a colaboración das forzas e corpos de seguridade coa finalidade de preservar a seguridade e a convivencia cidadás.

Conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para adoptar das medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica existente, no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, coa urxencia que a protección da saúde pública demanda.

Na súa virtude, en aplicación do punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. *Obxecto e alcance*

1. O obxecto desta orde é establecer determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Santiago de Compostela e no lugar do Milladoiro (parroquia de Biduído (Santa María), no concello de Ames).

2. No non previsto nesta orde, e no que sexa compatible con ela, aplicarase o disposto na Orde do 21 de outubro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, así como, no que sexa compatible con ambas, o dis-



posto no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente.

Segundo. Restricións ás agrupacións de persoas para a protección da saúde das persoas ante a existencia dun risco de carácter transmisible

1. Á vista da evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria e coa finalidade de controlar a transmisión da enfermidade, adóptanse, no ámbito territorial previsto no punto primeiro e de modo temporal, durante o período ao cal se estenda a eficacia das medidas previstas na presente orde de acordo co seu punto quinto, a medida de limitar os grupos para o desenvolvemento de calquera actividade ou evento de carácter familiar ou social na vía pública, espazos de uso público ou espazos privados, aos constituídos só por persoas conviventes.

Esta limitación non impedirá a reunión con persoas non conviventes que se produzan por motivos de asistencia e coidado a maiores, dependentes ou persoas con discapacidade, ou por causa de forza maior ou situación de necesidade.

Así mesmo, esta limitación non será aplicable no caso de actividades laborais, empresariais, profesionais e administrativas, actividades en centros universitarios, educativos, de formación e ocupacionais, así como no caso da práctica do deporte federado, sempre que se adopten as medidas previstas nos correspondentes protocolos de funcionamento. Tampouco resultará de aplicación naquelas actividades previstas no anexo desta orde ou, no que sexa aplicable, no anexo da Orde do 21 de outubro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, respecto das cales se preveña a posibilidade de grupos de persoas que non sexan conviventes.

2. O incumprimento da medida de prevención establecida neste punto poderá dar lugar á imposición das sancións e a outras responsabilidades previstas no ordenamento xurídico.

3. En particular, para os efectos da execución e control desta medida de prevención, no marco da situación de emerxencia sanitaria declarada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, solicitarase a colaboración das forzas e corpos de seguridade.



4. Solicitarase a ratificación xudicial da medida prevista neste punto, de acordo co previsto na redacción vixente do número 8 do artigo 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Terceiro. *Outras medidas de prevención específicas*

Serán de aplicación as medidas de prevención específicas recollidas no anexo.

Cuarto. *Control do cumprimento da medida e réxime sancionador*

1. A vixilancia, inspección e control do cumprimento das medidas de prevención recollidas nesta orde, e a garantía dos dereitos e deberes sanitarios da cidadanía, corresponderán aos respectivos concellos dentro das súas competencias e sen prexuízo das competencias da Consellería de Sanidade, tendo en conta a condición de autoridade sanitaria dos alcaldes e alcaldesas de acordo co artigo 33.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, e as competencias dos concellos de control sanitario de actividades e servizos que impacten na saúde da súa cidadanía e dos lugares de convivencia humana, de acordo co artigo 80.3 do mesmo texto legal, así como da súa competencia para a ordenación e control do dominio público.

2. Así mesmo, os órganos de inspección da Administración autonómica, no ámbito das súas competencias, poderán realizar as actividades de inspección e control oportunas para a vixilancia e comprobación do cumprimento da medida de prevención.

3. As forzas e corpos de seguridade darán traslado das denuncias que formulen polo incumprimento da medida de prevención ás autoridades competentes.

Quinto. *Eficacia*

1. Esta orde terá efectos desde as 00.00 horas do 22 de outubro de 2020 e manterá a súa eficacia por un período de catorce días naturais.

Non obstante o anterior, as medidas previstas nesta orde serán obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da presente orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria da Comunidade Autónoma de Galicia. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser modificadas ou levantadas antes do transcurso do período de catorce días naturais previsto no parágrafo anterior por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.



2. No caso da celebración de competicións deportivas e das celebracións e eventos en establecementos de restauración para os días 22 a 25 de outubro que xa estivesen concertados con carácter previo ao día 21 de outubro, non serán aplicables as medidas de prevención específicas previstas nesta orde, sempre que non se estivesen aplicando xa as ditas medidas, ben que deberán ser comunicados polos titulares dos establecementos á Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade, para que se poidan adoptar as medidas ou efectuar as recomendacións pertinentes.

3. No momento de comezo dos efectos da presente orde quedarán sen efecto a Orde do 2 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Santiago de Compostela, e a Orde do 9 de setembro de 2020, de modificación daquela.

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2020

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade

ANEXO

Medidas de prevención específicas no concello de Santiago de Compostela e no lugar do Milladoiro (parroquia de Biduído (Santa María), no concello de Ames)

No concello de Santiago de Compostela e no lugar do Milladoiro (parroquia de Biduído (Santa María), no concello de Ames) aplicaranse as restricións específicas previstas a continuación.

1. Cerimonias nupciais e outras celebracións relixiosas ou civís.

En calquera caso, deberase respectar un máximo de cincuenta persoas en espazos ao aire libre ou de vinte e cinco persoas en espazos pechados.

2. Actividades en academias, autoescolas e centros privados de ensino non re-grado e centros de formación e actividade formativa xestionada ou financiada pola Administración autonómica en centros e entidades de formación.

A actividade que se realice nestes centros poderá impartirse dun modo presencial sempre que non se supere unha capacidade do cincuenta por cento respecto da máxima permitida.



3. Establecementos de hostalaría e restauración.

1. Os restaurantes non poderán superar o cincuenta por cento da súa capacidade na zona de comedor para o servizo de comida.

Nos bares e cafetarías non se poderá consumir no interior do local.

2. O consumo dentro do local nos restaurantes poderá realizarse unicamente sentado na mesa, ou agrupacións de mesas, e deberase asegurar o mantemento da debida distancia de seguridade interpersoal entre clientes. Non está permitido o consumo na barra e na zona de cafetería ou bar.

3. As terrazas ao aire libre dos establecementos de hostalaría e restauración limitarán a súa capacidade ao cincuenta por cento das mesas permitidas no ano inmediatamente anterior con base na correspondente licenza municipal ou no que sexa autorizado para este ano, no caso de que a licenza sexa concedida por primeira vez.

Consideraranse terrazas ao aire libre todo espazo non cuberto ou todo espazo que, estando cuberto, estea rodeado lateralmente por un máximo de dúas paredes, muros ou paramentos.

No caso de que o establecemento de hostalaría e restauración obtivese o permiso do concello para incrementar a superficie destinada a terraza ao aire libre, poderase incrementar o número de mesas previsto no primeiro parágrafo deste número 3, respectando, en todo caso, unha proporción do cincuenta por cento entre mesas e superficie dispoñible e sempre que se manteña o espazo necesario para a circulación peonil no tramo da vía pública en que se sitúe a terraza.

4. En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia de seguridade interpersoal entre as mesas ou, de ser o caso, agrupacións de mesas. A ocupación máxima será de cinco persoas por mesa ou agrupación de mesas, e deberán ser todas elas conviventes. A mesa ou agrupación de mesas que se utilice para este fin deberá ser acorde co número de persoas e permitir que se respecte a distancia mínima de seguridade interpersoal entre elas.

5. Os establecementos de hostalaría e restauración deberán pechar non máis tarde da unha da madrugada sen que se poida permitir o acceso de ningún cliente desde as 00.00 horas.



6. As medidas contidas nos números 3, 4 e 5 serán tamén de aplicación ás terrazas dos establecementos de lecer nocturno.

7. Os establecementos de restauración de centros sanitarios ou de traballo que limiten a súa actividade aos traballadores deles ou, no caso dos centros sanitarios tamén a acompañantes de doentes, poderán manter o servizo de cafetería, bar e restaurante. Non poderán superar o cincuenta por cento da súa capacidade. O consumo dentro do local poderá realizarse unicamente sentado na mesa, ou agrupacións de mesas, e deberase asegurar o mantemento da debida distancia de seguridade interpersoal entre clientes. A ocupación máxima será de cinco persoas por mesa ou agrupación de mesas e deberán ser todas elas conviventes.

4. Condicións para ocupación de zonas comúns de hoteis e aloxamentos turísticos.

As actividades de animación ou clases grupais deberán deseñarse e planificarse cunha capacidade máxima de cinco persoas, sexan ou non conviventes, incluídos os monitores, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade, excepto no caso de persoas conviventes.

5. Bibliotecas, arquivos, museos e salas de exposicións, monumentos e outras infraestruturas culturais.

Na realización de actividades culturais nestes espazos aplicarase un máximo de ata cinco persoas nas actividades de grupos, sexan ou non conviventes e incluído o monitor ou guía, e deberán establecerse as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade, excepto no caso de persoas conviventes.

6. Actividade en cines, teatros, auditorios, circos de toldo e espazos similares, así como en recintos ao aire libre e noutros locais e establecementos destinados a espectáculos públicos e actividades recreativas.

En calquera caso, será de aplicación un límite máximo de trinta persoas para lugares pechados e de setenta e cinco persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Non obstante, poderase ampliar o límite indicado ata un máximo de cincuenta persoas para lugares pechados e de cento cincuenta persoas se se trata de actividades ao aire



libre, logo da autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. Neste caso, a solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade polo COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueles outros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

7. Actividades e instalacións deportivas.

A práctica da actividade física e deportiva non federada, ao aire libre, poderá realizarse de forma individual ou colectiva, sen contacto físico, sempre que, neste último caso, todas as persoas do grupo sexan conviventes, sen contar, se é o caso, o monitor.

Nas instalacións e centros deportivos poderase realizar actividade deportiva en grupos de ata cinco persoas, sexan ou non conviventes, e sen contar o monitor, sen contacto físico, e sempre que non se supere o cincuenta por cento da capacidade máxima permitida, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade.

8. Celebración de eventos deportivos, de adestramentos e de competicións deportivas con público.

A celebración de eventos deportivos, adestramentos, competicións deportivas que se celebren en instalacións deportivas ou na vía pública poderán desenvolverse con público sempre que este permaneza sentado, que non se supere o cincuenta por cento da capacidade permitida da instalación ou do espazo de que se trate e cun límite de trinta persoas para lugares pechados e de setenta e cinco persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Non obstante, poderase ampliar o límite indicado ata un máximo de cincuenta persoas para lugares pechados e cento cincuenta persoas se se trata de actividades ao aire libre, logo de autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. Neste caso, a solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou priva-



dos, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade polo COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueles outros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

9. Piscinas.

Nas zonas de estadia das piscinas establecerase unha distribución espacial para manter distancia de seguridade interpersoal entre os usuarios e os grupos deberán estar constituídos só por persoas conviventes.

10. Especificidades para determinadas actividades turísticas.

Poderán realizarse actividades de turismo, organizadas por empresas habilitadas para iso, e a actividade de guía turístico, para grupos de ata un máximo de cinco persoas, sexan ou non conviventes, e deberán establecerse as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade, excepto no caso de persoas conviventes.

11. Centros de información, casetas e puntos de información.

Nos centros de información, casetas e puntos de información e espazos similares non se poderá exceder o cincuenta por cento da súa capacidade e deberá respectarse o máximo de cinco persoas nas actividades de grupos, sexan ou non conviventes e incluído o monitor ou guía. Ademais, deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade, excepto no caso de persoas conviventes.

12. Realización de actividades de tempo libre dirixidas á poboación infantil e xuvenil.

1. Poderanse realizar actividades de tempo libre destinadas á poboación infantil e xuvenil cando estas se leven a cabo ao aire libre, sempre que se limite o número de participantes ao cincuenta por cento da súa asistencia máxima habitual, cun máximo de cincuenta participantes, incluídos os monitores. Cando estas actividades se realicen en espazos pechados, non se deberá superar o cincuenta por cento da capacidade máxima do recinto, cun máximo de vinte e cinco participantes, incluídos os monitores.



2. As actividades deberán realizarse en grupos de ata cinco persoas participantes, sexan ou non conviventes e incluíndo os monitores correspondentes, que deberán traballar sen contacto entre os demais grupos.

13. Uso de espazos públicos.

Os centros cívicos e sociais poderán realizar a súa actividade sempre que se limite a súa capacidade total ao cincuenta por cento e que se extremen as medidas de protección nas actividades socioculturais de tipo grupal que se realizan neles cun máximo de cinco persoas, sexan ou non conviventes e incluído o monitor ou guía para as actividades grupais.

14. Centros recreativos turísticos ou similares.

As visitas de grupos serán dun máximo de cinco persoas, sexan ou non conviventes e incluído o monitor ou guía, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade, excepto no caso de persoas conviventes.

15. Celebración de congresos, encontros, reunións de negocio, conferencias, eventos e actos similares.

Poderanse celebrar congresos, encontros, reunións de negocio, conferencias e eventos e actos similares promovidos por calquera entidade, de natureza pública ou privada, sempre que non se supere o cincuenta por cento da capacidade permitida do lugar de celebración, e cun límite máximo de trinta persoas para lugares pechados e de setenta e cinco persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Non obstante, poderase ampliar o límite indicado ata un máximo de cincuenta persoas para lugares pechados e cento cincuenta persoas se se trata de actividades ao aire libre, logo da autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. Neste caso, a solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade polo COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueles outros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.



O recollido neste número será tamén de aplicación para reunións profesionais, xuntas de comunidades de propietarios e eventos similares.

16. Establecementos e locais de xogo e apostas.

En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia de seguridade interpersonal entre as mesas ou, de ser o caso, agrupacións de mesas. A ocupación máxima será de cinco persoas por mesa ou agrupación de mesas, e deberán ser todas elas conviventes. En calquera caso, deberase respectar un máximo de cincuenta persoas en espazos ao aire libre ou de vinte e cinco persoas en espazos pechados. En caso de dispoñer tamén de servizos de hostalaría, seralles aplicable a prohibición do consumo no interior do local establecido para os ditos establecementos.

17. Limitación de capacidade para outros locais ou establecementos comerciais.

1. Con carácter xeral, calquera outro local ou establecemento comercial para o cal non se recollan expresamente unhas condicións de capacidade na presente orde, nin en protocolos ou normativa específica que lle sexa aplicable, non poderá superar o cincuenta por cento da capacidade autorizada ou establecida. En calquera caso, deberase respectar un máximo de trinta persoas para lugares pechados e de setenta e cinco persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Non obstante, poderase ampliar o límite indicado ata un máximo de cincuenta persoas para lugares pechados e de cento cincuenta persoas se se trata de actividades ao aire libre, logo de autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. Neste caso, a solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade polo COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueles outros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

O disposto neste número 1 non será de aplicación nos establecementos comerciais de alimentación, bebidas, produtos e bens de primeira necesidade, establecementos farmacéuticos, servizos médicos ou sanitarios, ópticas, produtos ortopédicos, produtos hixiénicos, salóns de peiteado, prensa e papelería, combustible para a automoción, estancos,



equipos tecnolóxicos e de telecomunicacións, alimentos para animais de compañía, comercio pola internet, telefónico ou correspondencia, tinturarías e lavandarías, sen prexuízo da necesidade de cumprir as obrigas xerais previstas nesta orde e as medidas xerais de hixiene e protección.

2. As actividades en grupos deberán realizarse cun máximo de cinco persoas participantes, sexan ou non conviventes e incluídos os monitores, guías ou encargados correspondentes, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersonal durante o desenvolvemento da actividade, excepto no caso de persoas conviventes.



I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 21 outubro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

I

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto do dito acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderán ser obxecto de modificación ou supresión, mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade.

Así mesmo, indícase no dito punto sexto, na redacción vixente, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de acordo coa normativa aplicable e á vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou en parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación das medidas concretas contidas no anexo.

Con fundamento no dito punto, atendida a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria en Galicia, sobre a base do indicado no Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública,



do 14 de outubro de 2020, e tras escoitar as recomendacións do comité clínico reunido para estes efectos, ditouse a Orde do 14 de outubro de 2020 na que se acordou a adopción dunha medida de prevención específica consistente na limitación a un máximo de dez persoas dos grupos para o desenvolvemento de calquera actividade ou evento de carácter familiar ou social na vía pública, espazos de uso público ou espazos privados, con determinadas excepcións. A aplicación da dita medida estendeuse ao territorio da Comunidade Autónoma galega. Non obstante, naqueles ámbitos territoriais en que, atendida a concreta evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria existente neles, se adoptasen ou se adopten, por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, medidas máis estritas que as contidas na dita orde respecto das limitacións dos grupos de persoas, previuse que se debería observar o disposto na orde correspondente, durante o período ao cal se estenda a eficacia desas medidas máis estritas.

Conforme o punto cuarto da orde, a medida tivo efectos desde as 00.00 horas do 15 de outubro de 2020, ben que debía ser obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria da Comunidade Autónoma de Galicia.

A medida, limitativa dun dereito fundamental, foi obxecto de ratificación xudicial polo Auto 113/2020, do 16 de outubro, da Sala do Contencioso-Administrativo (Sección 3ª) do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

En cumprimento do disposto no punto cuarto da Orde do 14 de outubro de 2020 citada, procedeuse ao seguimento e á avaliación da medida adoptada.

Neste sentido, no Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 21 de outubro de 2020, indícase que as taxas máis altas en Galicia se obtiveron ao final do mes de agosto, con taxas acumuladas a 7 días de 70 casos \times 100.000, baixando despois lentamente ata os 50 casos por 100.000 habitantes. No entanto, as taxas en Galicia comezaron a aumentar nos últimos días. Desde esta taxa de 50 casos por 100.000 habitantes dos primeiros días do mes de outubro subiron ata 80 casos por 100.000 nunha semana, o que implica unha subida do 60 % nese período de tempo. Hai unha semana, establecéronse para todo o territorio galego restricións respecto ao tamaño dos grupos de calquera actividade ou evento familiar ou social, establecendo un máximo de 10 persoas para grupos non conviventes. No informe desta semana, as taxas, en lugar de reducirse, seguen a aumentar, de xeito que, se as comparamos coas da semana anterior, nos encontramos con que a incidencia a tres días, que era do 27,75 por cen mil habitantes, pasou a ser de 39,82. A taxa



de incidencia nos últimos sete días pasou de 80,46 a 85,57, e a taxa dos últimos 14 días pasou de 133,43 a 164,73. Por outra banda, o número reprodutivo instantáneo, que indica o número de casos secundarios que ocorren por cada caso activo, supera o 1 en todas as áreas sanitarias, agás na área de Ourense, que ten establecidas medidas moi restritivas, incluíndo una redución da mobilidade perimetral nos concellos de Ourense e Barbadás. Este número reprodutivo instantáneo ten, ademais, unha tendencia ascendente tamén en todas as áreas sanitarias excepto na área de Ourense, o que suxire que as restricións adoptadas están a mellorar a situación nesta área. Destes datos dedúcese que a transmisión está a aumentar, polo que se espera que a tendencia de casos e taxas vai seguir aumentando. O % de positividade das probas PCR realizadas vai tamén nesta liña; a pesar de que se incrementou de forma importante o número de tests realizados, subiu de novo respecto ao informe anterior, e neste momento está no 6,5%, máis do dobre do estimado como situación desexable. En Galicia temos varios brotes identificados e que están en vixilancia epidemiolóxica e baixo medidas restritivas, pero a situación actual caracterízase pola presenza de casos en todos os concellos, agás 48 en toda Galicia que non tiveron casos nos últimos 28 días, situación que aconsella a aplicación de medidas restritivas en toda a Comunidade Autónoma. O informe salienta que a tendencia dos indicadores epidemiolóxicos nos indica de forma clara que a tendencia crecente dos últimos días continúa e que a situación vai empeorando de xeito global. O factor máis alarmante é que, de forma progresiva, a enfermidade vai afectando os grupos de poboación de maior idade, con altas taxas de infección. Así, a incidencia acumulada a 7 días en persoas de 80 e máis anos é de 60,45 por cen mil habitantes e a 14 días de 172,05. A porcentaxe de positividade das probas PCR realizadas é tamén moi alta: de 6,3 no grupo de idade de 65 a 79 anos e de 6,8 en persoas de 80 e máis anos. Estes últimos datos significan que está habendo repercusión no sistema asistencial, cun aumento da presión nas áreas hospitalarias, de coidados críticos e tamén na atención de urxencias hospitalarias. Tendo en conta a tendencia actual crecente consolidada durante os últimos días, a necesidade de protexer os grupos máis vulnerables e a necesidade tamén de preservar e protexer o noso sistema asistencial, e en aplicación do principio de precaución e de actuación precoz de cara a poder afrontar os vindeiros meses na mellor situación epidemiolóxica posible (é previsible un aumento da incidencia de casos nos vindeiros meses debido a que a poboación estará máis tempo en ambientes pechados que favorecen a transmisión e a posible coinfección co virus da gripe cuxa tempada epidémica se espera tamén nestes próximos meses), o informe considera necesario tomar medidas tendentes a reducir as interaccións sociais de risco en toda Galicia. Tendo en conta o estudo dos brotes acontecidos en Galicia e a súa tendencia a que o ámbito en que se xeran é predominantemente o ámbito familiar estendido e o ámbito social e de amizade, o informe considera conveniente establecer medidas que reduzan as inte-



raccións sociais, polo que se recomenda establecer para toda Galicia restricións respecto ao tamaño dos grupos de calquera actividade ou evento familiar ou social, establecendo un máximo de 5 persoas para grupos non conviventes. Non será de aplicación esta limitación no caso de actividades laborais, empresariais, profesionais e administrativas, actividades en centros universitarios, educativos e de formación e ocupacionais, sempre que se adopten as medidas previstas nos seus correspondentes protocolos de funcionamento. Tamén se recomendan restricións respecto da capacidade dos establecementos comerciais, hospitalaría e restauración.

Tendo en conta o indicado no dito informe, e tras escoitar as recomendacións do comité clínico reunido para estes efectos, a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, especialmente no que atinxe ao incremento das hospitalizacións, impón, como consecuencia e con carácter urxente, a adopción de medidas específicas máis restritivas que a prevista na Orde do 14 de outubro de 2020, tanto no que atinxe ás limitacións de grupos de persoas como ás limitacións de capacidade e outras restricións respecto de actividades concretas.

En particular, no que respecta aos grupos de persoas, a evolución desfavorable da situación epidemiolóxica e sanitaria apuntada impón a necesidade de restrinxir a cinco o número máximo das persoas integrantes de grupos para o desenvolvemento de actividades de carácter familiar e social. A dita medida resulta necesaria, adecuada e proporcionada para o fin perseguido, que non é outro que controlar e evitar a maior difusión dunha enfermidade altamente contaxiosa, respecto da cal a diferenza entre persoas enfermas e sas resulta difusa, dada a posible asintomatoloxía ou levidade dos síntomas e a existencia dun período no cal non hai indicios externos da enfermidade. En efecto, ante a evolución epidemiolóxica e sanitaria desfavorable que se está a detectar no conxunto do territorio autonómico e, en especial, ante o incremento das hospitalizacións, é preciso ampliar, sen demora, as restricións ao desenvolvemento daquelas actividades que se teñen detectado como de maior risco de transmisión e contaxio da enfermidade. En concreto, trátase de evitar especialmente aglomeracións ou encontros de carácter familiar ou social por riba dun determinado número de persoas co fin de garantir o mantemento da distancia de seguridade e reducir o risco de contacto físico ou proximidade en condicións favorecedoras do contaxio. Debe recordarse, neste sentido, que o Auto 40/2020, do 30 de abril de 2020, do Tribunal Constitucional, no seu fundamento xurídico cuarto, ao ponderar a relevancia das especiais circunstancias derivadas da crise sanitaria creada pola pandemia no exercicio do dereito de reunión, salientou como, ante a incerteza sobre as formas de contaxio, sobre o impacto real da propagación do virus, así como sobre as consecuencias a medio e longo prazo para a saúde das persoas que se viron afectadas, as medidas de distanciamento so-



cial, confinamento domiciliario e limitación extrema dos contactos e actividades grupais son as únicas que se teñen demostrado eficaces para limitar os efectos dunha pandemia de dimensións descoñecidas ata a data. En particular, a medida de limitación das agrupacións de persoas vai dirixida a previr ou, polo menos, restrinxir numericamente a participación en reunións familiares ou sociais nas cales cabe apreciar un maior risco de transmisión polas circunstancias en que se realizan, por existir unha maior confianza e relaxación das medidas de seguridade, xa que teñen lugar fóra de ambientes profesionais, laborais ou outros protocolizados en que se debe usar máscara e que se rodean doutras garantías que dificultan a transmisión e o contaxio.

Esta medida, ademais, resulta menos disruptiva das actividades esenciais, económicas, laborais e profesionais ca outras, como as limitacións á liberdade de circulación ou confinamentos, que se deben reservar para cando resulta preciso un maior nivel de restrición. Procede advertir, ademais, de que a medida non é absoluta, senón que se ve matizada por unha serie de importantes excepcións, dado que o límite de cinco persoas non se aplicará no caso de persoas conviventes, e tampouco será aplicable no caso de actividades laborais, empresariais, profesionais e administrativas, actividades en centros universitarios, educativos, de formación e ocupacionais, así como no caso da práctica do deporte federado, sempre que se adopten as medidas previstas nos correspondentes protocolos de funcionamento.

E, no que respecta ás outras limitacións previstas nesta orde, consistentes, fundamentalmente, no peche de festas, verbenas, outros eventos populares e atraccións de feiras, así como en limitacións de capacidade para determinadas actividades, faise necesaria a súa adopción en todo o territorio autonómico tendo en conta a natureza de tales actividades e os riscos asociados a elas, ao terse revelado, na experiencia acumulada ata o momento na xestión de abrochos, como medidas eficaces de contención e control da transmisión da enfermidade.

Procede, en consecuencia, á vista da evolución epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia, e de acordo cos principios de precaución, necesidade e proporcionalidade, adoptar medidas máis restritivas que as previstas na Orde do 14 de outubro citada, a cal debe quedar sen efecto.

As medidas previstas na presente orde serán de aplicación no territorio da Comunidade Autónoma galega. Non obstante, naqueles ámbitos territoriais en que, atendida a concreta evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria existente neles, se adoptasen ou se adopten, por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, me-



didias máis estritas que as contidas na presente orde, observarase o disposto na orde correspondente, durante o período a que se estenda a eficacia desas medidas máis estritas.

Por último, as medidas terán unha vixencia de catorce días naturais ao ser o período de tempo que se considera necesario para poder valorar debidamente a súa eficacia no control e contención da evolución da pandemia na Comunidade Autónoma galega. Non obstante, deberán ser obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun prazo non superior a sete días naturais desde a publicación desta orde, co fin garantir a súa adecuación, en todo momento, á situación epidemiolóxica e sanitaria da Comunidade Autónoma, polo que, en consecuencia, poderán ser modificadas ou levantadas con anterioridade á expiración do dito prazo de catorce días naturais.

II

As medidas que se adoptan nesta orde teñen o seu fundamento normativo na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 e 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

En particular, cómpre salientar que a Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, prevé, no seu artigo primeiro, que, co obxecto de protexer a saúde pública e previr a súa perda ou deterioración, as autoridades sanitarias das distintas administracións públicas poderán, dentro do ámbito das súas competencias, adoptar as medidas previstas na dita lei cando así o exixan razóns sanitarias de urxencia ou necesidade.

O artigo segundo habilita as autoridades sanitarias competentes para adoptaren medidas de recoñecemento, tratamento, hospitalización ou control cando se aprecien indicios racionais que permitan supoñer a existencia de perigo para a saúde da poboación debido á situación sanitaria concreta dunha persoa ou grupo de persoas ou polas condicións sanitarias en que se desenvolve unha actividade. E, para o caso concreto de enfermidades transmisibles, o artigo terceiro dispón que, co fin de controlalas, a autoridade sanitaria, ademais de realizar as accións preventivas xerais, poderá adoptar as medidas oportunas para o control dos enfermos, das persoas que estean ou estivesen en contacto con estes e do contorno inmediato, así como as que se consideren necesarias en caso de risco de carácter transmisible. E o artigo 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, prevé que as autoridades sanitarias poderán levar a cabo intervencións públicas nos supostos de riscos para a



saúde de terceiras persoas, nos mesmos termos previstos nos artigos 2 e 3 da Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, antes citados.

Non se recolle, pois, unha lista pechada de medidas de prevención, senón que poderán adoptarse, de acordo cos principios de precaución e de proporcionalidade que deben rexer as actuacións en materia de saúde, as necesarias para facer fronte ao concreto risco sanitario de que se trate.

Por outra banda, as medidas de prevención que se recollen nesta orde teñen un evidente fundamento sanitario, dados os riscos de transmisión dunha enfermidade contaxiosa como a que nos ocupa, e a vixilancia, inspección e control do seu cumprimento corresponde aos concellos, sen prexuízo das competencias da Consellería de Sanidade, tendo en conta a condición de autoridade sanitaria dos alcaldes e alcaldesas (artigo 33.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia), das competencias dos concellos do control sanitario de actividades e servizos que impacten na saúde da súa cidadanía, dos lugares de convivencia humana (artigo 80.3 da lei citada), así como da súa competencia para a ordenación e control do dominio público.

Polo tanto, os alcaldes e alcaldesas, como autoridade sanitaria, deben garantir nas referidas actividades, servizos e lugares de convivencia humana os dereitos e deberes sanitarios da cidadanía (artigo 33.2 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia) e, polo tanto, garantir a vixilancia, inspección e control do cumprimento das medidas preventivas aprobadas pola Administración autonómica e daquelas que, no seu desenvolvemento e atendendo á situación concreta, poida establecer o correspondente concello.

Así mesmo, as forzas e corpos de seguridade teñen un papel fundamental no necesario control do cumprimento das medidas de prevención, papel que veñen desempeñando durante toda esta crise sanitaria, a través da formulación das correspondentes denuncias e remisión ás autoridades competentes, nos casos en que se detecte o seu incumprimento. Debe recordarse a este respecto que o Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, declarou a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e activou o Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19. Tendo en conta a existencia dunha declaración de emerxencia sanitaria, resulta esencial a colaboración das forzas e corpos de seguridade coa finalidade de preservar a seguridade e a convivencia cidadás.



Conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para adoptar as medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica existente, no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, coa urxencia que a protección da saúde pública demanda.

Na súa virtude, en aplicación do punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. *Obxecto e alcance*

1. O obxecto desta orde é establecer medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. As ditas medidas serán de aplicación no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, de modo temporal, conforme o indicado no punto quinto desta orde.

Non obstante, naqueles ámbitos territoriais en que, atendida a concreta evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria existente neles, se adoptasen ou se adopten, por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, medidas máis estritas que as contidas na presente orde, observarase, respecto desas medidas máis estritas, o disposto na orde correspondente durante o período a que se estenda a eficacia de tales medidas.

3. En todo o non previsto nesta orde, e no que sexa compatible con ela, serán de aplicación as medidas que, con carácter xeral, se establecen no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente.

Non obstante, naqueles ámbitos territoriais en que, atendida a concreta evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria existente neles, se adoptasen ou se adopten, por orde



da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, medidas máis estritas que as contidas no dito acordo, observárase, respecto desas medidas máis estritas, o disposto na orde correspondente durante o período a que se estenda a eficacia de tales medidas.

Segundo. Restricións ás agrupacións de persoas para a protección da saúde das persoas ante a existencia dun risco de carácter transmisible

1. Á vista da evolución da situación epidemiolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia, e coa finalidade de controlar a transmisión da enfermidade, adóptase, de modo temporal, a medida de limitar os grupos para o desenvolvemento de calquera actividade ou evento de carácter familiar ou social na vía pública, espazos de uso público ou espazos privados, a un máximo de cinco persoas, excepto no caso de persoas conviventes, en que non se aplicará esta limitación.

Tampouco serán aplicable esta limitación no caso de actividades laborais, empresariais, profesionais e administrativas, actividades en centros universitarios, educativos, de formación e ocupacionais, así como no caso da práctica do deporte federado, sempre que se adopten as medidas previstas nos correspondentes protocolos de funcionamento.

Respecto das actividades previstas no anexo, serán de aplicación as limitacións de capacidade máxima e/ou de número máximo global de persoas asistentes ou participantes previstas nel. A limitación de grupos de máximo cinco persoas, excepto conviventes, contida neste número 1 só se aplicará aos límites específicos para actividades grupais recollidos no dito anexo.

2. O incumprimento da medida de prevención establecida neste punto poderá dar lugar á imposición das sancións e a outras responsabilidades previstas no ordenamento xurídico.

3. En particular, para os efectos da execución e control desta medida de prevención, no marco da situación de emerxencia sanitaria declarada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, solicitarase a colaboración das forzas e corpos de seguridade.

4. Solicitarase a ratificación xudicial da medida prevista neste punto, de acordo co previsto na redacción vixente do número 8 do artigo 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.



Terceiro. *Outras medidas de prevención específicas*

1. Recoméndaselles ás persoas maiores de 75 anos, ás persoas vulnerables ao COVID-19 e a aquelas que presenten algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria que se poida ver agravada polo uso da máscara ou que presenten algunha alteración que faga inviable a súa utilización, que eviten na súa actividade diaria as saídas nas horas de previsible afluencia ou concentración de persoas na vía pública e en espazos ou establecementos abertos ao público, co fin de reducir os riscos derivados da coincidencia con outras persoas.

2. Acórdase o peche das actividades de festas, verbenas e outros eventos populares, así como das atraccións de feiras, durante o período a que se estenda a eficacia das medidas previstas na presente orde de acordo co seu punto quinto.

3. Así mesmo, serán de aplicación as medidas de prevención específicas recollidas no anexo.

Cuarto. *Control do cumprimento da medida e réxime sancionador*

1. A vixilancia, inspección e control do cumprimento das medidas de prevención recollidas nesta orde, e a garantía dos dereitos e deberes sanitarios da cidadanía, corresponderán aos respectivos concellos dentro das súas competencias e sen prexuízo das competencias da Consellería de Sanidade, tendo en conta a condición de autoridade sanitaria dos alcaldes e alcaldesas, de acordo co artigo 33.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, e as competencias dos concellos de control sanitario de actividades e servizos que impacten na saúde da súa cidadanía e dos lugares de convivencia humana, de acordo co artigo 80.3 do mesmo texto legal, así como da súa competencia para a ordenación e control do dominio público.

2. Así mesmo, os órganos de inspección da Administración autonómica, no ámbito das súas competencias, poderán realizar as actividades de inspección e control oportunas para a vixilancia e comprobación do cumprimento da medida de prevención.

3. As forzas e corpos de seguridade darán traslado das denuncias que formulen, polo incumprimento da medida de prevención, ás autoridades competentes.

Quinto. *Eficacia*

1. Esta orde terá efectos desde as 00.00 horas do 22 de outubro de 2020 e manterá a súa eficacia por un período de catorce días naturais.



Non obstante o anterior, as medidas previstas nesta orde serán obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da presente orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria da Comunidade Autónoma de Galicia. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser modificadas ou levantadas antes do transcurso do período de catorce días naturais previsto no parágrafo anterior por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

2. No caso das celebracións e eventos en establecementos de restauración para os días 22 a 25 de outubro que xa estivesen concertados con carácter previo ao día 21 de outubro, non serán aplicables as medidas de prevención específicas previstas nesta orde, sempre que non se estivesen aplicando xa as ditas medidas ou outras máis restritivas con anterioridade, ben que deberán ser comunicados polos titulares dos establecementos á Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade, para que se poidan adoptar as medidas ou efectuar as recomendacións pertinentes.

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2020

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade

ANEXO

Medidas de prevención específicas

1. Obrigas xerais.

1.1. Obrigas de cautela e protección.

Todos os cidadáns deberán adoptar as medidas necesarias para evitar a xeración de riscos de propagación da enfermidade COVID-19, así como a propia exposición aos ditos riscos. Este deber de cautela e protección será igualmente exigible aos titulares de calquera actividade.

Así mesmo, deberán respectarse as medidas de seguridade e hixiene establecidas polas autoridades sanitarias para a prevención do COVID-19.

1.2. Persoas con sintomatoloxía.

Calquera persoa que experimente algún dos síntomas máis comúns compatibles co COVID-19, tales como febre, calafríos, tose, sensación de falta de aire, diminución do ol-



facto e do gusto, dor de gorxa, dores musculares, dor de cabeza, debilidade xeral, diarrea ou vómitos deberá permanecer no seu domicilio e comunicalo ao seu servizo sanitario o antes posible.

Igualmente, se existen conviventes no domicilio, deberá evitar o contacto con eles e, se é posible, usar un cuarto de forma exclusiva ata recibir instrucións do seu servizo sanitario.

1.3. Distancia de seguridade interpersoal.

Deberá cumprirse a medida de mantemento da distancia de seguridade interpersoal establecida polo Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, de, polo menos, 1,5 metros ou, na súa falta, medidas alternativas de protección física con uso de máscara, de hixiene adecuada e etiqueta respiratoria.

1.4. Obrigatoriedade do uso de máscaras.

Será obrigatorio o uso da máscara nas condicións establecidas no número 1.3 do anexo do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na redacción vixente.

Os titulares dos establecementos, espazos ou locais deberán garantir o cumprimento desta obriga neles.

1.5. Medidas específicas para casos e contactos estreitos.

As persoas que sexan consideradas caso sospeitoso ou probable de infección polo virus SARS-CoV-2, por teren infección respiratoria aguda grave con cadro clínico ou radiolóxico compatible co COVID-19, ou que estean pendentes dos resultados de probas diagnósticas por este motivo, as que sexan consideradas como caso confirmado con infección activa e as consideradas contacto estreito dun caso sospeitoso, probable ou confirmado, deberán seguir as condicións de illamento ou corentena que lles sexan indicadas desde os dispositivos asistenciais ou de saúde pública, sen poder abandonar o seu domicilio ou lugar de illamento ou corentena en ningún caso, salvo autorización expresa do servizo sanitario por causas debidamente xustificadas.



2. Medidas xerais de hixiene e prevención.

Sen prexuízo das normas ou protocolos específicos que se establezan, serán aplicables a todos os establecementos, locais de negocio, instalacións e espazos de uso público e actividades de carácter público, as medidas xerais de hixiene e prevención establecidas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na redacción vixente.

3. Limitacións de capacidade e medidas de prevención específicas por sectores.

3.1. Velorios e enterros.

1. Os velorios poderán realizarse en todo tipo de instalacións, públicas ou privadas, debidamente habilitadas, cun límite máximo, en cada momento, de vinte e cinco persoas en espazos ao aire libre ou de dez persoas en espazos pechados, sexan ou non conviventes.

2. A participación na comitiva para o enterramento ou despedida para cremación da persoa falecida restrínxese a un máximo de vinte e cinco persoas, entre familiares e achegados, sexan ou non conviventes, ademais, de ser o caso, do ministro de culto ou persoa asimilada da confesión respectiva para a práctica dos ritos funerarios de despedida do defunto.

3.2. Lugares de culto.

1. A asistencia a lugares de culto non poderá superar o cincuenta por cento da súa capacidade. A capacidade máxima deberá publicarse en lugar visible do espazo destinado ao culto.

2. Non se poderá utilizar o exterior dos edificios nin a vía pública para a celebración de actos de culto.

3.3. Cerimonias nupciais e outras celebracións relixiosas ou civís.

1. No caso de que estas cerimonias ou celebracións se leven a cabo en lugares de culto, deberán aplicarse as regras de capacidade e as medidas de hixiene e prevención na celebración de actos de culto relixioso recollidas especificamente nesta orde e, no que sexa compatible co disposto nela, no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de



2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na redacción vixente. Deberanse evitar, en calquera caso, as aglomeracións á entrada e saída dos lugares de culto.

2. As celebracións que poidan ter lugar tras a cerimonia en establecementos de hostalaría e restauración axustaranse ás condicións e á capacidade previstas para a prestación do servizo nestes establecementos.

3. En calquera caso, deberase respectar un máximo de cen persoas en espazos ao aire libre ou de cincuenta persoas en espazos pechados.

3.4. Establecementos e locais comerciais retallistas e de actividades de servizos profesionais abertos ao público que non formen parte de centros ou parques comerciais.

1. Os establecementos e locais comerciais retallistas e de actividades de servizos profesionais abertos ao público que non formen parte de centros ou parques comerciais non poderán superar o cincuenta por cento da súa capacidade total. No caso de establecementos ou locais distribuídos en varios andares, a presenza de clientes en cada un deles deberá gardar esta mesma proporción.

Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersonal nos locais e establecementos ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso da máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersonal indicada, nos termos previstos no número 1.4 deste anexo.

2. Deberán prestar un servizo de atención preferente a maiores de 75 anos, o cal deberá concretarse en medidas como control de accesos ou caixas de pagamento específicos, e/ou en horarios determinados que aseguren a dita preferencia na atención. A existencia do servizo de atención preferente deberá sinalarse de forma visible nos ditos establecementos e locais.

3.5. Establecementos que teñan a condición de centros e parques comerciais ou que formen parte deles.

1. Os establecementos e locais comerciais retallistas e de actividades de servizos profesionais abertos ao público situados en centros e parques comerciais non poderán superar o cincuenta por cento da súa capacidade total. No caso de establecementos ou locais dis-



tribuídos en varios andares, a presenza de clientes en cada un deles deberá gardar esta mesma proporción.

2. Non se permitirá a permanencia de clientes nas zonas comúns excepto para o tránsito entre os establecementos, salvo na actividade de hostalaría e restauración que se leve a cabo nas ditas zonas, a cal se deberá axustar ao previsto especificamente para estas actividades. Queda prohibida a utilización de zonas recreativas como poden ser zonas infantís, ludotecas ou áreas de descanso, que deben permanecer pechadas.

3. Deberanse establecer as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersonal no interior dos locais e establecementos e nas zonas comúns ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso de máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersonal indicada, nos termos previstos no número 1.4 deste anexo. Ademais, deberán evitarse as aglomeracións de persoas que comprometan o cumprimento destas medidas.

4. Deberán prestar un servizo de atención preferente a maiores de 75 anos, o cal deberá concretarse en medidas como control de accesos ou caixas de pagamento específicos, e/ou en horarios determinados que aseguren a dita preferencia na atención. A existencia do servizo de atención preferente deberá sinalarse de forma visible nos ditos establecementos e locais.

3.6. Mercados que desenvolven a súa actividade na vía pública.

No caso dos mercados que desenvolven a súa actividade na vía pública ao aire libre ou de venda non sedentaria, coñecidos como feiras, non poderán superar o cincuenta por cento dos postos habituais ou autorizados, limitando a afluencia de clientes de maneira que se asegure o mantemento da distancia de seguridade interpersonal.

Os concellos poderán aumentar a superficie habilitada ou habilitar novos días para o exercicio desta actividade para compensar esta limitación.

Á hora de determinar os comerciantes que poden exercer a súa actividade, o concello poderá dar prioridade a aqueles que comercializan produtos alimenticios e de primeira necesidade, asegurando que os consumidores non manipulen os produtos comercializados neles.

3.7. Actividades en academias, autoescolas e centros privados de ensino non regrado e centros de formación e actividade formativa xestionada ou financiada pola Administración autonómica en centros e entidades de formación.



A actividade que se realice nestes centros poderá impartirse dun modo presencial sempre que non se supere unha capacidade do cincuenta por cento respecto do máximo permitido.

3.8. Establecementos de hostalaría e restauración.

1. Os establecementos de hostalaría e restauración non poderán superar o cincuenta por cento da súa capacidade para consumo no interior do local.

2. O consumo dentro do local poderá realizarse unicamente sentado na mesa, ou agrupacións de mesas, e deberase asegurar o mantemento da debida distancia de seguridade interpersoal entre clientes. Non está permitido o consumo na barra.

3. As terrazas ao aire libre dos establecementos de hostalaría e restauración limitarán a súa capacidade ao setenta e cinco por cento das mesas permitidas no ano inmediatamente anterior con base na correspondente licenza municipal ou do que sexa autorizado para este ano, no caso de que a licenza sexa concedida por primeira vez.

Consideraranse terrazas ao aire libre todo espazo non cuberto ou todo espazo que, estando cuberto, estea rodeado lateralmente por un máximo de dúas paredes, muros ou paramentos.

No caso de que o establecemento de hostalaría e restauración obtivese o permiso do Concello para incrementar a superficie destinada a terraza ao aire libre, poderase incrementar o número de mesas previsto no primeiro parágrafo deste número 3, respectando, en todo caso, unha proporción do setenta e cinco por cento entre mesas e superficie dispoñible e sempre que se manteña o espazo necesario para a circulación peonil no tramo da vía pública en que se sitúe a terraza.

4. En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia de seguridade interpersoal entre as mesas ou, de ser o caso, agrupacións de mesas. A ocupación máxima será de cinco persoas por mesa ou agrupación de mesas. Todas estas persoas deberán ser conviventes naqueles concellos onde se aplique, en virtude de orde específica da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, a medida máis restritiva de grupos constituídos só por conviventes.

A mesa ou agrupación de mesas que se utilice para este fin deberá ser acorde co número de persoas e permitir que se respecte a distancia mínima de seguridade interpersoal entre elas.



5. Os establecementos de hostalaría e restauración deberán pechar non máis tarde da unha da madrugada, sen que se poida permitir o acceso de ningún cliente desde as 00.00 horas.

6. As medidas contidas nos números 3, 4 e 5 serán tamén de aplicación ás terrazas dos establecementos de lecer nocturno.

3.9. Condicións para ocupación de zonas comúns de hoteis e aloxamentos turísticos.

1. A ocupación das zonas comúns dos hoteis e aloxamentos turísticos non poderá superar o cincuenta por cento da súa capacidade.

Para iso, cada establecemento deberá determinar a capacidade dos distintos espazos comúns, así como aqueles lugares en que se poderán realizar eventos e as condicións máis seguras para a súa realización conforme a capacidade máxima prevista e de acordo coas medidas de hixiene, protección e distancia mínima establecidas.

2. As actividades de animación ou clases grupais deberán deseñarse e planificarse cunha capacidade máxima de cinco persoas, sexan ou non conviventes, e incluídos os monitores, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersonal durante o desenvolvemento da actividade excepto no caso de persoas conviventes.

3.10. Albergues turísticos.

Na modalidade de aloxamento turístico de albergue permitirase unha capacidade máxima do cincuenta por cento da máxima permitida.

3.11. Bibliotecas, arquivos, museos e salas de exposicións, monumentos e outros equipamentos culturais.

1. Nas bibliotecas, arquivos, museos e salas de exposicións, monumentos e outros equipamentos culturais, tanto de titularidade pública como privada, poderán realizarse actividades presenciais sen superar o cincuenta por cento da capacidade máxima permitida.

2. Este límite de ocupación será aplicable tamén á realización de actividades culturais nestes espazos e cun máximo de ata cinco persoas nas actividades de grupos, sexan ou non conviventes, e incluído o monitor ou guía, e deberán establecerse as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersonal durante o desenvolvemento da actividade excepto no caso de persoas conviventes.



3.12. Actividade en cines, teatros, auditorios, circos de todo e espazos similares, así como en recintos ao aire libre e noutros locais e establecementos destinados a espectáculos públicos e actividades recreativas.

1. Os cines, teatros, auditorios, circos de todo e espazos similares poderán desenvolver a súa actividade, contando con butacas preasignadas, sempre que non superen o cincuenta por cento da capacidade permitida en cada sala.

2. No caso doutros recintos, locais e establecementos destinados a espectáculos públicos e actividades recreativas distintos dos previstos no parágrafo anterior, poderán desenvolver a súa actividade sempre que o público permaneza sentado e que non se supere o cincuenta por cento da capacidade permitida.

3. En calquera caso, será de aplicación un límite máximo de sesenta persoas para lugares pechados e de cento cincuenta persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Non obstante, poderase ampliar o límite indicado ata un máximo de cen persoas para lugares pechados e trescentas persoas se se trata de actividades ao aire libre, logo da autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. Neste caso, a solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade polo COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueloutros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

3.13. Centros de lecer infantil.

Os centros de lecer infantil poderán levar a cabo súa actividade cumprindo o Protocolo en materia de lecer infantil para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, aprobado pola Orde da Consellería de Sanidade, do 30 de xuño de 2020, e cunha capacidade máxima do cincuenta por cento do seu total.

3.14. Actividades e instalacións deportivas.

A práctica da actividade física e deportiva non federada, ao aire libre, poderá realizarse de forma individual ou colectiva, sen contacto físico. No caso da práctica de forma colectiva,



o máximo será de cinco persoas de forma simultánea, sen contar, de ser o caso, o monitor. Naqueles concellos en que se aplique, en virtude de orde específica da persoa titular da Consellería de Sanidade, a medida máis restritiva de limitación de grupos aos constituídos só por persoas conviventes, todas as persoas do grupo deben ser conviventes.

Nas instalacións e centros deportivos poderase realizar actividade deportiva en grupos de ata cinco persoas, sexan ou non conviventes, e sen contar o monitor, sen contacto físico, e sempre que non se supere o cincuenta por cento da capacidade máxima permitida, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersonal durante o desenvolvemento da actividade.

3.15. Celebración de eventos deportivos, de adestramentos e de competicións deportivas con público.

A celebración de eventos deportivos, adestramentos, competicións deportivas que se celebren en instalacións deportivas ou na vía pública poderá desenvolverse con público sempre que este permaneza sentado, que non se supere o cincuenta por cento da capacidade permitida da instalación ou do espazo de que se trate e cun límite de sesenta persoas para lugares pechados e de cento cincuenta persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Non obstante, poderase ampliar o límite indicado ata un máximo de cen persoas para lugares pechados e trescentas persoas se se trata de actividades ao aire libre, logo da autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. Neste caso, a solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade polo COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueloutros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

3.16. Praias e piscinas.

1. O concello respectivo deberá establecer limitacións tanto de acceso como de capacidade das praias co fin de asegurar que se poida respectar a distancia interpersonal de seguridade entre usuarios. Para os efectos de calcular a capacidade máxima permitida por



cada praia, considerarase que a superficie de praia que vai ocupar cada usuario será de, polo menos, catro metros cadrados.

2. As piscinas ao aire libre ou cubertas, para uso deportivo ou recreativo, deberán respectar o límite do cincuenta por cento da súa capacidade, tanto no relativo ao acceso como durante a propia práctica deportiva ou recreativa e sen que poidan exceder o límite de cen persoas de ocupación. Quedan exentas destas limitacións as piscinas unifamiliares de uso privado.

3. A situación dos obxectos persoais, toallas, hamacas e elementos similares nas zonas de estadia das piscinas e praias levarase a cabo de forma que se poida manter a distancia de seguridade interpersonal con respecto a outros usuarios. Deberá, ademais, respectarse o límite máximo de cinco persoas por grupo, excepto no caso de persoas conviventes, en que non se aplicará esta limitación. Non obstante, naqueles concellos en que, en virtude de orde específica da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, se aplique a medida máis restritiva de limitación de grupos aos constituídos só por persoas conviventes, os grupos deberán estar constituídos só por persoas conviventes.

4. Exceptúase o uso da máscara durante o baño e mentres se permaneza nun espazo determinado, sen desprazarse, e sempre que se poida garantir o respecto da distancia de seguridade interpersonal entre todas as persoas usuarias non conviventes. En calquera caso, será obrigatorio o uso de máscara para os accesos, desprazamentos e paseos nas piscinas e praias.

3.17. Especificidades para determinadas actividades turísticas.

Poderán realizarse actividades de turismo, organizadas por empresas habilitadas para iso, e a actividade de guía turístico, para grupos de ata un máximo de cinco persoas, sexan ou non conviventes, e deberán establecerse as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersonal durante o desenvolvemento da actividade excepto no caso de persoas conviventes.

3.18. Centros de información, casetas e puntos de información.

Nos centros de información, casetas e puntos de información e espazos similares non se poderá exceder o cincuenta por cento da súa capacidade e deberá respectarse o máximo de cinco persoas nas actividades de grupos, sexan ou non conviventes, e incluído o monitor ou guía. Ademais, deberánse establecer as medidas necesarias para procurar a



distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade, excepto no caso de persoas conviventes.

3.19. Realización de actividades de tempo libre dirixidas á poboación infantil e xuvenil.

1. Poderanse realizar actividades de tempo libre destinadas á poboación infantil e xuvenil, cando estas se leven a cabo ao aire libre, sempre que se limite o número de participantes ao cincuenta por cento da súa asistencia máxima habitual, cun máximo de cen participantes, incluídos os monitores. Cando estas actividades se realicen en espazos pechados, non se deberá superar o cincuenta por cento da capacidade máxima do recinto, cun máximo de cincuenta participantes, incluídos os monitores.

2. As actividades deberán realizarse en grupos de ata cinco persoas participantes, sexan ou non conviventes e incluídos os monitores correspondentes, que deberán traballar sen contacto entre os demais grupos.

3.20. Uso de espazos públicos.

1. Os centros cívicos e sociais poderán realizar a súa actividade sempre que se limite a súa capacidade total ao cincuenta por cento e que se extremen as medidas de protección nas actividades socioculturais de tipo grupal que se realizan neles cun máximo de cinco persoas, sexan ou non conviventes, e incluído o monitor ou guía para as actividades grupais.

2. Deberán adoptarse as medidas que coadruen no control das agrupacións de persoas en lugares públicos, e das actividades prohibidas relacionadas co consumo de bebidas alcohólicas en parques e outros lugares de tránsito público, polos riscos que presenta para a saúde pública, relacionados coa aglomeración incontrolada de persoas e coa ausencia ou relaxación de medidas de seguridade e de distanciamento persoal. Recoméndase o peche dos parques públicos e espazos similares a partir das 00.00 horas ata as 6.00 horas.

3.21. Centros recreativos turísticos ou similares.

1. Os centros recreativos turísticos ou similares poderán realizar a súa actividade sempre que se limite a súa capacidade total ao cincuenta por cento.

2. As visitas de grupos serán dun máximo de cinco persoas, sexan ou non conviventes e incluído o monitor ou guía, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade excepto no caso de persoas conviventes.



3.22. Parques e zonas deportivas de uso público ao aire libre.

Sen prexuízo do establecido no número 3.20.2, os parques infantís, parques biosaudables, zonas deportivas, pistas skate ou espazos de uso público ao aire libre similares poderán estar abertos ao público sempre que neles se respecte unha capacidade máxima estimada dunha persoa por cada catro metros cadrados de espazo computable de superficie do recinto.

3.23. Celebración de congresos, encontros, reunións de negocio, conferencias, eventos e actos similares.

Poderanse celebrar congresos, encontros, reunións de negocio, conferencias e eventos e actos similares promovidos por calquera entidade, de natureza pública ou privada, sempre que non se supere o cincuenta por cento da capacidade permitida do lugar de celebración e cun límite máximo de sesenta persoas para lugares pechados e de cento cincuenta persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Non obstante, poderase ampliar o límite indicado ata un máximo de cen persoas para lugares pechados e trescentas persoas se se trata de actividades ao aire libre, logo da autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. Neste caso, a solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade por COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueles outros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

O recollido neste número será tamén de aplicación para reunións profesionais, xuntas de comunidades de propietarios e eventos similares.

3.24. Establecementos e locais de xogo e apostas.

1. Os establecementos de xogos colectivos de diñeiro e de azar, salóns de xogo, salas de bingo, salóns recreativos, rifas e tómbolas, locais específicos de apostas e outros locais e instalacións asimilables aos de actividade recreativa de xogos e apostas, conforme esta-



bleza a normativa sectorial en materia de xogo, poderán realizar a súa actividade sempre que non se supere o cincuenta por cento da capacidade permitida.

2. En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia de seguridade interpersoal entre as mesas ou, de ser o caso, agrupacións de mesas. A ocupación máxima será de cinco persoas por mesa ou agrupación de mesas, e todas elas deberán ser conviventes naqueles concellos en que, en virtude de orde específica da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, se aplique a medida máis restritiva de limitación de grupos aos constituídos só por persoas conviventes.

En calquera caso, deberase respectar un máximo de cen persoas en espazos ao aire libre ou de cincuenta persoas en espazos pechados.

3. Os establecementos e locais deberán pechar non máis tarde das 00.30 horas, sen que se poida permitir o acceso de ningún cliente nin expedir consumición ningunha desde esa hora, e cun período máximo de desaloxo de trinta minutos.

3.25. Limitación de capacidade para outros locais ou establecementos comerciais.

1. Con carácter xeral, calquera outro local ou establecemento comercial para o cal non se recollan expresamente unhas condicións de capacidade nesta orde, nin en protocolos ou normativa específica que lle sexa aplicable, non poderá superar o cincuenta por cento da capacidade autorizada ou establecida. En calquera caso, deberase respectar un máximo de sesenta persoas para lugares pechados e de cento cincuenta persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Non obstante, poderase ampliar o límite indicado ata un máximo de cen persoas para lugares pechados e trescentas persoas se se trata de actividades ao aire libre, logo da autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. Neste caso, a solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade por COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueloutros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.



O disposto neste número 1 non será de aplicación nos establecementos comerciais de alimentación, bebidas, produtos e bens de primeira necesidade, establecementos farmacéuticos, servizos médicos ou sanitarios, ópticas, produtos ortopédicos, produtos hixiénicos, salóns de peiteado, prensa e papelería, combustible para a automoción, estancos, equipamentos tecnolóxicos e de telecomunicacións, alimentos para animais de compañía, comercio pola internet, telefónico ou correspondencia, tinturarias e lavandarias, sen prexuízo da necesidade de cumprir as obrigas xerais previstas na presente orde e as medidas xerais de hixiene e protección.

2. As actividades en grupos deberán realizarse cun máximo de cinco persoas participantes, sexan ou non conviventes e incluídos os monitores, guías ou encargados correspondentes, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersonal durante o desenvolvemento da actividade excepto no caso de persoas conviventes.

3. En calquera caso, poderase suspender a actividade de calquera establecemento que, ao xuízo da autoridade competente, poida supor un risco de contaxio polas condicións en que se estea desenvolvendo.



I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 21 de outubro de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nas comarcas de Allariz-Maceda, O Carballiño, Ourense, O Ribeiro, Terra de Celanova, Valdeorras e Verín, na provincia de Ourense.

I

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto do dito acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderán ser obxecto de modificación ou supresión, mediante acordo do Consello da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de sanidade.

Así mesmo, indícase no dito punto sexto, na redacción vixente, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de acordo coa normativa aplicable e á vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou en parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación das medidas concretas contidas no anexo.



En aplicación do previsto no punto sexto citado, adoptáronse inicialmente na provincia de Ourense, medidas de prevención específicas nos concellos de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras, sendo ratificadas xudicialmente as medidas limitativas de dereitos fundamentais.

Non obstante, a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na provincia de Ourense puxo de manifesto a necesidade, por unha banda, de adoptar medidas máis restritivas en determinados aspectos nos concellos das comarcas de Ourense, Verín e Valdeorras nos cales xa se estaban aplicando medidas específicas (isto é, Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras) e, por outra banda, de acordar medidas específicas para todos os concellos das ditas comarcas, así como das comarcas do Carballiño, do Ribeiro e Allariz-Maceda. Así, á vista dos informes da Dirección Xeral de Saúde Pública do 7 de outubro de 2020 sobre as ditas comarcas e tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, ditouse a Orde do 7 de outubro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nas comarcas de Allariz-Maceda, O Carballiño, Ourense, O Ribeiro, Valdeorras e Verín, na provincia de Ourense.

En concreto, na dita orde limitouse a entrada e a saída de persoas do ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Ourense e de Barbadás, agás para determinados desprazamentos, adecuadamente xustificadas; limitáronse os grupos para o desenvolvemento de calquera actividade ou evento de carácter familiar ou social na vía pública, espazos de uso público ou espazos privados, aos constituídos exclusivamente por persoas conviventes nos concellos de Ourense, Barbadás, Verín, O Barco de Valdeorras e en todos os concellos da comarca do Carballiño; e nos restantes concellos incluídos dentro do ámbito territorial previsto na orde, os grupos quedaron limitados a un máximo de dez persoas, agás no caso de conviventes. Así mesmo, en todo o ámbito de aplicación da orde acordouse o peche das actividades de festas, verbenas e outros eventos populares, así como das atraccións de feiras, recolléronse, así mesmo, nos anexos da orde, limitacións específicas de capacidade e outras para determinados sectores de actividade.

O fundamento normativo das ditas medidas, tal e se indicou na orde, atópase na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 e 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.



Conforme o punto quinto da orde as medidas tiveron efectos desde as 00.00 horas do 8 de outubro de 2020 e debían ser obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria, e proceder, segundo o caso, ao seu mantemento, modificación ou a deixalas sen efecto.

Ademais, as medidas limitativas de dereitos fundamentais foron ratificadas polo Auto 105/2020, do 9 de outubro, da Sala do Contencioso-Administrativo (Sección 3ª) do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Posteriormente, sobre a base do indicado no informe da Dirección Xeral de Saúde Pública do 9 de outubro de 2020 sobre a comarca do Carballiño, e tras escoitar as recomendacións do Subcomité Clínico reunido para estes efectos, a evolución da situación epidemiolóxica no concello do Carballiño puxo de manifesto a necesidade de aplicar as restricións específicas contidas no anexo II da Orde do 7 de outubro de 2020 citada, previstas inicialmente só para os concellos de Ourense e Barbadás, ao concello do Carballiño. En consecuencia, pola Orde do 9 de outubro de 2020 dispúxose a aplicación de tales restricións específicas ao concello do Carballiño, concello no que seguirían aplicándose as restantes medidas previstas na Orde do 7 de outubro de 2020.

En cumprimento do disposto no punto quinto da Orde do 7 de outubro de 2020 e do punto terceiro da Orde do 9 de outubro de 2020 procedeuse ao seguimento e á avaliación das medidas. Así, sobre a base do indicado nos informes da Dirección de Saúde Pública do 14 de outubro de 2020, sobre as comarcas de Allariz-Maceda, O Carballiño, Ourense, O Ribeiro, Terra de Celanova, Valdeorras e Verín, e tras escoitar as recomendacións do comité clínico reunido para estes efectos, pola Orde do 14 de outubro de 2020 dispúxose o mantemento das medidas previstas na Orde do 7 de outubro de 2020 antes citada, coas seguintes modificacións:

a) Extensión ao concello de Verín das restricións específicas previstas no anexo II da Orde do 7 de outubro de 2020.

b) Establecemento da limitación de circulación dentro do ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos do Carballiño, O Irixe e Boborás, ademais da aplicación neses ditos concellos (non só, polo tanto, no do Carballiño) das restricións específicas do anexo II da Orde do 7 de outubro de 2020.



c) Extensión aos concellos da comarca da Terra de Celanova das medidas relativas á limitación de grupos a un máximo de 10 persoas, salvo no caso de conviventes, e ao peche das actividades de festas, verbenas e outros eventos populares e das atraccións de feiras, así como das medidas de prevención específicas previstas no anexo I da Orde do 7 de outubro de 2020.

As medidas limitativas de dereitos fundamentais foron ratificadas polo Auto 112/2020, do 16 de outubro, da Sala do Contencioso-Administrativo (Sección 3ª) do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Conforme o punto terceiro da Orde do 14 de outubro de 2020 as medidas debían ser obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

Por último, procede ter en conta que na Orde do 21 outubro de 2020 pola que establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, se recollen medidas específicas de limitacións de grupos a un máximo de 5 persoas, con determinadas excepcións, así como limitacións de capacidade para determinadas actividades, e o peche de festas, verbenas, outros eventos populares e atraccións de feiras. Estas medidas serán de aplicación en toda a Comunidade Autónoma de Galicia, agás naqueles ámbitos territoriais concretos para as que sexa necesaria a adopción de medidas máis restritivas

II

En cumprimento do previsto no punto terceiro da Orde do 14 de outubro de 2020 citada procedeuse ao seguimento e á avaliación das medidas específicas que se están a aplicar nas comarcas de Allariz-Maceda, O Carballiño, Ourense, O Ribeiro, Terra de Celanova, Valdeorras e Verín, na provincia de Ourense.

Así, con data do 21 de outubro de 2020 a Dirección Xeral de Saúde Pública emitiu informes sobre a situación epidemiolóxica e sanitaria nas distintas comarcas.

Respecto da comarca de Allariz-Maceda, no informe sobre a dita comarca indícase que a taxa acumulada a 7 días na comarca mostra, na última semana, unha tendencia descendente nos primeiros días, que parece estabilizarse nos últimos 3



días, mentres que a incidencia acumulada a 3 días mostra unha tendencia ascendente nestes últimos 3 días. O valor da taxa acumulada a 14 días para o total da comarca foi inferior á recollida na semana pasada, pero aínda así amosando valores 1,37 veces máis altos que os acadados nese mesmo momento temporal para o conxunto de Galicia. Ademais, o número reprodutivo instantáneo está situado en valores por debaixo do 1, pero amosando o límite superior do intervalo de confianza un valor por encima do 1. A maioría dos concellos desta comarca teñen unha situación demográfica de elevado envellecemento e tendo en conta a súa proximidade ao concello e comarca de Ourense, a situación actual, aínda non controlada, podería aumentar o risco para os colectivos de máis idade. Vista a situación epidemiolóxica desta comarca nos últimos 7 días, con taxas superiores ás globais de Galicia ademais da situación demográfica de elevado envellecemento da comarca e a súa proximidade ao concello e comarca de Ourense, no informe recoméndase que nesta comarca de Allariz-Maceda se apliquen as restricións establecidas para o total da Comunidade Autónoma de Galicia.

En relación coa comarca do Carballiño, o informe indica que a incidencia acumulada a 7 días amosa, desde hai 10 días, valores por riba dos 400 casos por cen mil habitantes, cunha incidencia acumulada a 3 días que vén ascendendo dun xeito progresivo nos últimos 4 días. O valor da taxa acumulada a 14 días para o total da comarca e de 855 casos por cen mil habitantes, o que supón 1,19 veces ao respecto do valor estimado hai nunha semana. En Beariz, Boborás, O Carballiño, O Irixo, Punxín, e en San Cristovo de Cea, a taxa acumulada a 14 días ascende ao comparar os datos actuais cos da semana anterior. Este aumento é destacable en Boborás, no que a taxa actual é 1,67 veces a da semana pasada e no Irixo, no cal é 1,37 veces a da semana pasada. Ademais, por número absoluto de casos destaca O Carballiño, cunha taxa de 1204,8 casos por cen mil habitantes. Así, Boborás, O Carballiño e O Irixo amosan, na actualidade, taxas acumuladas a 14 días por riba de 700 casos por cen mil habitantes. Ademais, a taxa acumulada na comarca, a 3-7-14 días amosa valores moi superiores aos observados para eses mesmos momentos temporais no conxunto de Galicia, concretamente, 4,64 veces máis, 4,68 veces máis e 5,34 veces máis, respectivamente. Os indicadores de seguimento do brote indican que non está baixo control, cunha incidencia acumulada a tres días na área e período de investigación do brote que presenta un valor (218 c/100.000h) moi por riba do que marca un risco alto. O feito de que as taxas acumuladas a 14 días alcanzadas nos concellos do Carballiño e Boborás acaden valores por riba dos 1.000 c/100.000h, e no Irixo estea a superar os 700 c/100.000h, xunto ao feito de que amosen unha tendencia ascendente respecto da semana anterior,



parece indicar que as medidas adoptadas non son suficientes para evitar a difusión do virus entre a poboación e o aumento do número de casos. Esta situación é de moi alto risco, tal e como recolle o indicador de seguimento do abrocho da incidencia acumulada a tres días. Este brote ten unha evolución moi adversa e está a afectar tamén a poboación dos grupos de idade máis avanzados. Así mesmo, as taxas de incidencia acumuladas son moi elevadas nestes grupos de idade. A afectación destes grupos de idade, na que a enfermidade ten máis probabilidades de ser grave, están influíndo nas taxas de hospitalización da área, aumentando a presión asistencial que se está a sufrir. O informe considera imprescindible restrinxir ao máximo as interaccións sociais para protexer esta poboación máis vulnerable. Así, ademais das restricións vixentes, recoméndase o peche de actividades non básicas nos concellos do Carballiño, O Irixe e Boborás.

No que atinxe á comarca de Ourense, no informe indícase que a taxa acumulada a 14 días na comarca foi algo menor da rexistrada na semana anterior, pero que segue a revestir importancia ao ser 2,46 veces maior que a observada no conxunto de Galicia para ese mesmo momento temporal. Destacan as taxas do concello de Ourense e do concello de Barbadás, limítrofe co de Ourense. Nos últimos 14 días, o concello de Ourense presentou unha notificación continua de casos diarios e Barbadás en todos os días agás un. Os indicadores de seguimento do brote indican que este segue sen estar baixo control, xa que tanto o aumento da incidencia como a porcentaxe de positividade entre as probas realizadas aínda amosan valores de risco alto. No informe conclúese que, aínda que a situación nesta comarca de Ourense parece evolucionar ben nos últimos días, a taxa acumulada a 14 días na comarca segue a ser moi superior (2,46) da estimada para o conxunto de Galicia. O feito de que Ourense e Barbadás sigan amosando unha declaración practicamente diaria de casos, xunto ao feito de que os indicadores de seguimento sigan a indicar que o brote non está baixo control, determinan que no informe se recomende manter as restricións específicas de capacidade e a medida consistente na limitación dos grupos para o desenvolvemento de calquera actividade ou evento de carácter familiar ou social na vía pública, espazos de uso público ou espazos privados aos constituídos só por persoas conviventes, con determinadas excepcións, que xa se veñen aplicando nos ditos concellos. Ademais, co fin de controlar a posible irradiación de casos a outros concellos da comarca, recoméndase manter tamén a medida adicional de restrición da mobilidade perimetral para estes dous concellos, agás que sexa por razóns excepcionais e xustificadas.

Respecto do resto dos concellos da comarca, dado que a situación na comarca non está controlada, no informe estímase que as restricións establecidas para o global da Comunidade Autónoma son tamén aptas para eses outros concellos.



Respecto da comarca do Ribeiro, no informe indícase que o valor da taxa acumulada a 14 días para o total da comarca foi menor ao valor reflectido no informe anterior, aínda que segue sendo superior ao observado para o global de Galicia. Dentro da comarca, destacan os concellos de Leiro e Ribadavia polas taxas acumuladas a 14 días e polos casos nos últimos 14 días. O número reprodutivo instantáneo descendeu por debaixo do dintel de 1 e, na actualidade, a porcentaxe de positividade das mostras microbiolóxicas analizadas atópase por debaixo do 3 %. Non obstante, aínda hai algún indicador de risco en nivel alto, como incidencia acumulada a tres días na área e no período estudado e a porcentaxe de PCR positivas entre os contactos estreitos. Con base nos datos anteriores e aínda que se aprecia unha lixeira melloría con respecto á semana anterior en relación ás taxas de incidencia, a taxa de incidencia da comarca nos últimos 14 días continúa a ser superior á do global de Galicia. Non obstante, o informe conclúe que os datos obtidos parecen evidenciar que as medidas restritivas establecidas nesta comarca están a ter efecto e, polo tanto, é preciso continuar con este tipo de medidas co fin de controlar o brote de maneira definitiva. Tendo en conta as restricións establecidas para o global da Comunidade Autónoma galega, o informe considera que estas son tamén aptas para todos os concellos da comarca do Ribeiro.

En relación coa comarca de Terra de Celanova, no informe indícase que a taxa acumulada a 14 días vai en aumento nas tres últimas semanas e é 1,32 veces maior que a taxa acumulada a 14 días rexistrada para o conxunto de Galicia. Por concellos destaca Celanova. A maior porcentaxe de positividade e as taxas máis altas acadáronse no grupo de idade de 20-24 anos. Por outra banda, os indicadores de risco na comarca recollen indicadores de risco alto, tales como a incidencia acumulada a 3 días e a porcentaxe de probas positivas na área e período de investigación do brote. Ademais, nesta comarca cómpre ter en conta a súa proximidade ao concello e comarca de Ourense (onde se recollen incidencias altas); a idade media dos habitantes dos concellos da comarca (xa que son zonas con idades medias altas e isto supón a existencia de colectivos de risco) e o feito de que está afectada sobre todo a poboación nova, o que, polas características da presentación da COVID-19 nesta poboación, pode facilitar a transmisión. Dada a situación actual da comarca de Terra de Celanova, cunha taxa acumulada a 14 días 1,32 veces maior que a observada no conxunto de Galicia, os indicadores de risco que se manteñen e as características da súa poboación, no informe conclúese que as restricións que se aplicarán a toda a Comunidade Autónoma de Galicia son aptas para que esta comarca consiga rebaixar os seus indicadores epidemiolóxicos.



No que atinxe á comarca de Valdeorras, no informe indícase que o valor da taxa acumulada a 14 días para o total da comarca foi lixeiramente inferior a do informe anterior, pero que continúa sendo superior ao de Galicia. Esta taxa débese fundamentalmente ao concello do Barco de Valdeorras, o cal acadou unha taxa de incidencia acumulada aos 14 días tamén inferior á observada hai 7 días, pero superior á global de Galicia. O número reprodutivo instantáneo é algo superior a 1. En canto aos indicadores de risco, aínda hai algún indicador de risco alto, como incidencia acumulada a tres días na área e no período estudado ou a porcentaxe de PCR positivas entre os contactos estreitos. Con base nos datos anteriores e aínda que se aprecia unha lixeira melloría con respecto á semana anterior en relación ás taxas de incidencia, no informe advírtese que hai que ter en conta que a taxa de incidencia da comarca nos últimos 14 días continúa a ser superior á do global de Galicia. Non obstante, os datos obtidos parecen evidenciar que as medidas restritivas establecidas nesta comarca están a ter efecto e, polo tanto, é preciso continuar con este tipo de medidas co fin de controlar o brote de maneira definitiva. Tendo en conta as restricións establecidas para o global da Comunidade Autónoma de Galicia, no informe considérase que tales restricións son tamén aptas para todos os concellos da comarca do Barco de Valdeorras, ben que, para o caso do concello do Barco de Valdeorras, dada a taxa observada no dito concello, recoméndase o mantemento, como medida máis restritiva para este concello, da limitación dos grupos para o desenvolvemento de calquera actividade ou evento de carácter familiar ou social na vía pública, espazos de uso público ou espazos privados aos constituídos só por persoas conviventes, con determinadas excepcións, que xa se vén aplicando no dito concello.

Polo que respecta, finalmente, á comarca de Verín, no informe sobre a dita comarca indícase que o valor da taxa acumulada a 14 días para o total da comarca foi superior o do informe anterior e 4,5 veces o valor acadado para o conxunto de Galicia. Dentro da comarca destaca Verín, por presentar casos todos os días e cunha taxa tamén superior á da semana anterior. Este aumento no concello de Verín tamén repercute no resto de concellos da comarca, como Oímbra e Vilardevós, con taxas que continúan aumentando. Os indicadores de risco da comarca seguen presentando niveis altos de risco. Así, obsérvase unha incidencia a 3 días superior á do informe anterior, ao igual que a porcentaxe de probas positivas entre os contactos, a porcentaxe de PCR positivas ou o número de contactos con PCR positiva relacionados cun caso na área e período de investigación, que tamén son superiores aos da semana anterior. Ademais, o número de casos hospitalizados é alto



para esta zona tan pequena, co engadido de presentar maior risco de enfermidade grave por tratarse dunha poboación moi envellecida. O informe conclúe que as taxas acumuladas continúan aumentando, ao igual que os valores dos indicadores de risco o que indica que, a pesar das medidas restritivas establecidas, o brote non está sendo controlado. Este brote ten unha evolución moi adversa e está a afectar tamén a poboación dos grupos de idade máis avanzada. A afectación destes grupos de idade, nos que a enfermidade ten máis probabilidades de ser grave, están influíndo nas taxas de hospitalización da área, aumentando a presión asistencial que se está a sufrir. É imprescindible restrinxir ao máximo as interaccións sociais para protexer esta poboación máis vulnerable. Ante esta situación, no informe recoméndase manter as medidas máis restritivas de limitación de capacidade e a consistente en limitar os grupos para o desenvolvemento de calquera actividade ou evento de carácter familiar ou social na vía pública, espazos de uso público ou espazos privados aos constituídos só por persoas conviventes, con determinadas excepcións, que xa se veñen aplicando no concello de Verín, e estender tales medidas tamén aos concellos de Oímbra e Vilardevós. Ademais, co fin de controlar a posible irradiación de casos a outros concellos da comarca, recoméndase adoptar a medida adicional de restrición da mobilidade perimetral para estes tres concellos, agás que sexa por razóns excepcionais e xustificadas.

E, respecto do resto de concellos da comarca, o informe estima que estes deben quedar sometidos ás restricións que se establecen con carácter xeral para o conxunto de Galicia.

Atendido, pois, o sinalado nos informes citados, e tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria nas comarcas de Allariz-Maceda, O Carballiño, Ourense, O Ribeiro, Terra de Celanova, Valdeorras e Verín impón, como consecuencia, a necesidade de adoptar medidas máis restritivas que as previstas para o territorio autonómico na Orde do 21 de outubro de 2020 pola que establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, nos concellos de Ourense, Barbadás, O Carballiño, O Irixe, Boborás, Verín, Oímbra e Vilardevós, consistentes no establecemento de limitacións de circulación, restrición de grupos aos constituídos exclusivamente por persoas conviventes e maiores limitacións de capacidade para determinadas actividades. Ademais, a medida de restrición de grupos aos constituídos só por persoas conviventes debe manterse tamén no concello do Barco de Valdeorras e no resto dos concellos da comarca de Carballiño.



Xunto ao anterior, a desfavorable situación existente nos concellos do Carballiño, O Irixo, Boborás fai necesario establecer restricións ao exercicio de actividades de carácter non esencial.

En particular, procede salientar que as limitacións de mobilidade no ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Ourense e Barbadás, por unha banda, e do Carballiño, O Irixo e Boborás, por outra, e de Verín, Oímbra e Vilardevós por outra, resultan necesarias, como se indicou antes, como medida adicional para controlar a transmisión da enfermidade e conter a irradiación a outros concellos.

Pola súa banda, a medida consistente en limitar os grupos para o desenvolvemento de calquera actividade ou evento de carácter familiar ou social na vía pública, espazos de uso público ou espazos privados, aos constituídos exclusivamente por persoas conviventes ten como finalidade intentar controlar a transmisión aumentando o nivel de restrición dos contactos familiares e sociais, agás os derivados das causas previstas ou outras xustificadas. Debe recordarse, neste sentido, que o Auto 40/2020, do 30 de abril de 2020, do Tribunal Constitucional, no seu fundamento xurídico cuarto, ante a incerteza sobre as formas de contaxio, sobre o impacto real da propagación do virus, así como sobre as consecuencias a medio e longo prazo para a saúde das persoas que se viron afectadas, expresa que as medidas de distanciamento social, confinamento domiciliario e limitación extrema dos contactos e actividades grupais son as únicas que se teñen demostrado eficaces para limitar os efectos dunha pandemia de dimensións descoñecidas ata a data. En particular, a medida que se recolle para determinados concellos vai dirixida a previr determinadas reunións familiares ou sociais nas cales cabe apreciar un maior risco de transmisión polas circunstancias en que se realizan, por existir unha maior confianza e relaxación das medidas de seguridade, xa que teñen lugar fóra de ambientes profesionais, laborais ou outros protocolizados en que se debe usar máscara e que se rodean doutras garantías que dificultan a transmisión e contaxio. Esta medida, ademais, resulta menos disruptiva das actividades esenciais, económicas, laborais e profesionais ca outras, como as limitacións á liberdade de circulación ou confinamentos, que deben reservarse para cando resulta preciso un maior nivel de restrición. Procede advertir, ademais, de que a medida non é absoluta, senón que se ve matizada por unha serie de importantes excepcións, dado que, ante todo, esta limitación non impedirá a reunión con persoas non conviventes que se produzan por motivos de asistencia e coidado a maiores, dependentes ou persoas con discapacidade, ou por causa de forza maior ou situación de necesidade. Así mesmo, esta limitación non será aplicable no caso de actividades laborais, empresariais, profesionais e administrativas, actividades en centros universitarios, educativos, de formación e ocupacionais e no



caso da práctica do deporte federado, sempre que se adopten as medidas previstas nos correspondentes protocolos de funcionamento. Tampouco resultará de aplicación naquelas actividades previstas no anexo desta orde e da Orde do 21 de outubro de 2020, pola que establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, respecto das cales se prevexa a posibilidade de grupos de persoas que non sexan conviventes.

No que sexa compatible coas restricións específicas previstas nesta orde, será de aplicación nos ditos concellos a Orde do 21 de outubro de 2020 citada e, no que sexa compatible con ambas ordes, o Acordo do Consello da Xunta do 12 de xuño de 2020 na súa redacción vixente.

No restante ámbito territorial das comarcas de Allariz-Maceda, Ourense, O Ribeiro, Terra de Celanova, Valdeorras e Verín, serán aplicables as medidas previstas na Orde do 21 de outubro do 2020, pola que establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, ao non ser necesarias neste momento maiores restricións.

Por último, as medidas previstas nesta orde terán unha vixencia de catorce días naturais ao ser o período de tempo que se estima necesario para poder valorar debidamente a súa eficacia no control e contención da evolución da pandemia no ámbito territorial afectado. Non obstante, deberán ser obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun prazo non superior a sete días naturais desde a publicación da presente orde, co fin garantir a súa adecuación, en todo momento, á situación epidemiolóxica e sanitaria da Comunidade Autónoma, podendo, en consecuencia, ser modificadas ou levantadas con anterioridade á expiración do dito prazo de catorce días naturais.

III

As medidas que se adoptan na presente orde teñen o seu fundamento normativo na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 e 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

En particular, cómpre salientar que a Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, prevé, no seu artigo primeiro que, co obxecto de protexer a saúde pública e previr a súa perda ou deterio-



ración, as autoridades sanitarias das distintas administracións públicas poderán, dentro do ámbito das súas competencias, adoptar as medidas previstas na dita lei cando así o exixan razóns sanitarias de urxencia ou necesidade.

O artigo segundo habilita as autoridades sanitarias competentes para adoptaren medidas de recoñecemento, tratamento, hospitalización ou control cando se aprecien indicios racionais que permitan supoñer a existencia de perigo para a saúde da poboación debido á situación sanitaria concreta dunha persoa ou grupo de persoas ou polas condicións sanitarias en que se desenvolve unha actividade. E, para o caso concreto de enfermidades transmisibles, o artigo terceiro dispón que, co fin de controlalas, a autoridade sanitaria, ademais de realizar as accións preventivas xerais, poderá adoptar as medidas oportunas para o control dos enfermos, das persoas que estean ou estivesen en contacto con estes e do contorno inmediato, así como as que se consideren necesarias en caso de risco de carácter transmisible. E o artigo 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, prevé que as autoridades sanitarias poderán levar a cabo intervencións públicas nos supostos de riscos para a saúde de terceiras persoas, nos mesmos termos previstos nos artigos 2 e 3 da Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, antes citados.

Non se recolle, pois, unha lista pechada de medidas de prevención, senón que poderán adoptarse, de acordo cos principios de precaución e de proporcionalidade que deben rexer as actuacións en materia de saúde, as necesarias para facer fronte ao concreto risco sanitario de que se trate.

Por outra banda, as medidas de prevención que se recollen nesta orde teñen un evidente fundamento sanitario, dados os riscos de transmisión dunha enfermidade contaxiosa como a que nos ocupa, e a vixilancia, inspección e control do seu cumprimento corresponden aos concellos, sen prexuízo das competencias da Consellería de Sanidade, tendo en conta a condición de autoridade sanitaria dos alcaldes e alcaldesas (artigo 33.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia), das competencias dos concellos do control sanitario de actividades e servizos que impacten na saúde da súa cidadanía, dos lugares de convivencia humana (artigo 80.3 da lei citada), así como da súa competencia para a ordenación e control do dominio público.

Polo tanto, os alcaldes e alcaldesas, como autoridade sanitaria, deben garantir nas referidas actividades, servizos e lugares de convivencia humana os dereitos e deberes sanitarios da cidadanía (artigo 33.2 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia) e, polo tanto, garantir a vixilancia, inspección e control do cumprimento das medidas preventivas



aprobadas pola Administración autonómica e daquelas que, no seu desenvolvemento e atendendo á situación concreta, poida establecer o Concello.

Así mesmo, as forzas e corpos de seguridade teñen un papel fundamental no necesario control do cumprimento das medidas de prevención, papel que veñen desempeñando durante toda esta crise sanitaria, a través da formulación das correspondentes denuncias e remisión ás autoridades competentes, nos casos en que se detecte o seu incumprimento. Debe recordarse a este respecto que o Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, declarou a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e activou o Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19. Tendo en conta a existencia dunha declaración de emerxencia sanitaria, resulta esencial a colaboración das forzas e corpos de seguridade coa finalidade de preservar a seguridade e a convivencia cidadás.

Conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para adoptar medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica existente nos concellos das comarcas de Allariz-Maceda, O Carballiño, Ourense, O Ribeiro, Terra de Celanova, Valdeorras e Verín, coa urxencia que a protección da saúde pública demanda.

Na súa virtude, en aplicación do punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. *Obxecto*

O obxecto desta orde é establecer determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no seguinte ámbito territorial:

a) Comarca de Allariz-Maceda, integrada polos concellos de Allariz, Baños de Molgas, Maceda, Paderne de Allariz, Xunqueira de Ambía e Xunqueira de Espadanedo.



b) Comarca do Carballiño, integrada polos concellos de Beariz, Boborás, O Carballiño, O Irixo, Maside, Piñor, Punxín, San Amaro e San Cristovo de Cea.

c) Comarca de Ourense, integrada polos concellos de Amoeiro, Barbadás, Coles, Espos, Nogueira de Ramuín, Ourense, O Pereiro de Aguiar, A Peroxa, San Cibrao das Viñas, Taboadela, Toén e Vilamarín.

d) Comarca do Ribeiro, integrada polos concellos da Arnoia, Avión, Beade, Carballeda de Avia, Castrelo de Miño, Cenlle, Cortegada, Leiro, Melón e Ribadavia.

e) Comarca de Valdeorras, integrada polos concellos do Barco de Valdeorras, A Rúa, O Bolo, Carballeda de Valdeorras, Larouco, Petín, Rubiá, A Veiga e Vilamartín de Valdeorras.

f) Comarca de Verín, integrada polos concellos de Castrelo do Val, Cualedro, Laza, Monterrei, Oímbra, Riós, Verín e Vilardevós.

g) Comarca da Terra de Celanova, integrada polos concellos de: A Bola, Cartelle, Celanova, Gomesende, A Merca, Padrenda, Pontedeiva, Quintela de Leirado, Ramirás e Vereia.

Segundo. *Restricións á mobilidade e ás agrupacións de persoas para a protección da saúde das persoas ante a existencia dun risco de carácter transmisible*

1. Á vista da evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria e coa finalidade de controlar a transmisión da enfermidade, adóptanse as seguintes medidas de prevención de modo temporal, durante o período ao cal se estenda a eficacia das medidas previstas na presente orde de acordo co seu punto sexto:

a) Limitátese a entrada e a saída de persoas do ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Ourense e Barbadás, do ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos do Carballiño, O Irixo e Boborás así como do ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Verín, Oímbra e Vilardevós, agás para aqueles desprazamentos, adecuadamente xustificadas, que se produzan por algún dos seguintes motivos:

1º) Asistencia a centros, servizos e establecementos sanitarios.

2º) Cumprimento de obrigas laborais, profesionais, empresariais ou legais.



3º) Asistencia a centros universitarios, docentes e educativos, incluídas as escolas de educación infantil.

4º) Retorno ao lugar de residencia habitual.

5º) Asistencia e coidado a maiores, menores, dependentes, persoas con discapacidade ou persoas especialmente vulnerables.

6º) Desprazamento a entidades financeiras e de seguros que non poidan aprazarse.

7º) Actuacións requiridas ou urxentes ante os órganos públicos, xudiciais ou notariais.

8º) Renovacións de permisos e documentación oficial, así como outros trámites administrativos inaprazables.

9º) Realización de exames ou probas oficiais inaprazables.

10º) Por causa de forza maior ou situación de necesidade.

11º) Calquera outra actividade de análoga natureza, debidamente acreditada.

A circulación polas estradas e vías que transcorran ou atravesen os ámbitos territoriais delimitados será posible sempre e cando teña a súa orixe e destino fóra deles.

A circulación de persoas dentro dos ámbitos territoriais delimitados será posible, sempre respectando as medidas de prevención e as recomendacións específicas previstas nesta orde, ben que se recomenda evitar todo movemento ou desprazamento innecesario.

b) Límitanse os grupos para o desenvolvemento de calquera actividade ou evento de carácter familiar ou social na vía pública, espazos de uso público ou espazos privados, nos seguintes termos:

1º) Nos concellos de Ourense, Barbadás, Verín, Oímbra, Vilardevós, O Barco de Valdeorras e todos os concellos da comarca do Carballiño os grupos quedan limitados aos constituídos exclusivamente por persoas conviventes.

Esta limitación non impedirá a reunión con persoas non conviventes que se produzan por motivos de asistencia e coidado a maiores, dependentes ou persoas con discapacidade, ou por causa de forza maior ou situación de necesidade.



Así mesmo, esta limitación non será aplicable no caso de actividades laborais, empresariais, profesionais e administrativas, actividades en centros universitarios, educativos, de formación e ocupacionais, así como no caso da práctica de deporte federado, sempre que se adopten as medidas previstas nos correspondentes protocolos de funcionamento. Tampouco resultará de aplicación naquelas actividades previstas no anexo desta orde ou, no que sexa aplicable, no anexo da Orde do 21 de outubro de 2020, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, respecto das cales se preveña a posibilidade de grupos de persoas que non sexan conviventes.

2º) Nos restantes concellos incluídos dentro do ámbito de aplicación da presente orde será de aplicación a restrición de grupos dun máximo de cinco persoas prevista no punto segundo da Orde do 21 de outubro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. O incumprimento das medidas de prevención establecidas neste punto poderá dar lugar á imposición de sancións e a outras responsabilidades previstas no ordenamento xurídico.

3. En particular, para os efectos da execución e control destas medidas de prevención, no marco da situación de emerxencia sanitaria declarada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, solicitarase a colaboración das forzas e corpos de seguridade.

4. Solicitarase a ratificación xudicial das medidas previstas neste punto, de acordo co disposto na redacción vixente do número 8 do artigo 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Terceiro. *Peche de actividades non esenciais*

Á vista da evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria nos concellos do Carballiño, O Irixe e Boborás, e coa finalidade de controlar a transmisión da enfermidade, adóptase no ámbito territorial dos ditos concellos a medida de peche de todas as actividades non esenciais previstas no anexo II, de modo temporal durante o período ao cal se estenda a eficacia das medidas previstas na presente orde de acordo co seu punto sexto.



Cuarto. *Outras medidas aplicables no ámbito territorial recollido no punto primeiro*

1. Serán de aplicación, nos concellos de Ourense, Barbadás, O Carballiño, O Irixo,, Boborás, Verín, Oímbra e Vilardevós as medidas de prevención específicas recollidas no anexo I.

No non previsto nesta orde para os ditos concellos, e no que sexa compatible con ela, aplicarase o disposto na Orde do 21 de outubro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, así como, no que sexa compatible con ambas, o disposto no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente.

2. Nos restantes concellos incluídos no punto primeiro desta orde serán de aplicación as medidas previstas na Orde do 21 de outubro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, e, no que sexa compatible con ela, o disposto no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente

Quinto. *Control do cumprimento das medidas e réxime sancionador*

1. A vixilancia, inspección e control do cumprimento das medidas de prevención que se recollen nesta orde, e a garantía dos dereitos e deberes sanitarios da cidadanía, corresponderán aos respectivos concellos dentro das súas competencias e sen prexuízo das competencias da Consellería de Sanidade, tendo en conta a condición de autoridade sanitaria dos alcaldes e alcaldesas de acordo co artigo 33.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, e as competencias dos concellos de control sanitario de actividades e servizos que impacten na saúde da súa cidadanía e dos lugares de convivencia humana, de acordo co artigo 80.3 do mesmo texto legal, así como da súa competencia para a ordenación e control do dominio público.

2. Así mesmo, os órganos de inspección da Administración autonómica, no ámbito das súas competencias, poderán realizar as actividades de inspección e control opor-



tunas para a vixilancia e comprobación do cumprimento das medidas de prevención aplicables.

3. As forzas e corpos de seguridade darán traslado das denuncias que formulen polo incumprimento das medidas de prevención ás autoridades competentes.

Sexto. *Eficacia*

1. Esta orde terá efectos desde as 00.00 horas do 22 de outubro de 2020 e manterá a súa eficacia por un período de catorce días naturais.

Non obstante o anterior, as medidas previstas nesta orde serán obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da presente orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria da Comunidade Autónoma de Galicia. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser modificadas ou levantadas antes do transcurso do período de catorce días naturais previsto no parágrafo anterior por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

2. No momento de comezo dos efectos da presente orde quedarán sen efecto as seguintes ordes:

a) Orde do 7 de outubro de 2020, pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nas comarcas de Allariz-Maceda, O Carballiño, Ourense, O Ribeiro, Valdeorras e Verín, na provincia de Ourense.

b) Orde do 14 de outubro de 2020, sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nas comarcas de Allariz-Maceda, O Carballiño, Ourense, O Ribeiro, Terra de Celanova, Valdeorras e Verín, na provincia de Ourense.

3. No caso das competicións deportivas e celebracións e eventos en establecementos de restauración para os días 22 ao 25 outubro que xa estivesen concertados con carácter previo ao día 21 de outubro, non serán aplicables as limitacións establecidas no anexo I, sempre que tales limitacións non estivesen sendo xa aplicables con anterioridade, ben que deberán ser comunicados polos titulares dos establecementos á Xefatura Territorial da



Consellería de Sanidade, para que se poidan adoptar as medidas ou efectuar as recomendacións pertinentes.

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2020

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade

ANEXO I

Medidas de prevención específicas aplicables nos concellos de Ourense, Barbadás, O Carballiño, O Irixo, Boborás, Verín, Oímbra e Vilardevós

Nos concellos de Ourense, Barbadás, O Carballiño, O Irixo, Boborás, Verín, Oímbra e Vilardevós, aplicaranse as restricións específicas previstas a continuación, sen prexuízo do peche temporal de actividades non esenciais previstas no anexo II nos concellos do Carballiño, O Irixo e Boborás.

1. Cerimonias nupciais e outras celebracións relixiosas ou civís.

En calquera caso, deberase respectar un máximo de cincuenta persoas en espazos ao aire libre ou de vinte e cinco persoas en espazos pechados.

2. Actividades en academias, autoescolas e centros privados de ensino non re-grado e centros de formación e actividade formativa xestionada ou financiada pola Administración autonómica en centros e entidades de formación.

A actividade que se realice nestes centros poderá impartirse dun modo presencial sempre que non se supere unha capacidade do cincuenta por cento respecto da máxima permitida.

3. Establecementos de hostalaría e restauración.

1. Os restaurantes non poderán superar o cincuenta por cento da súa capacidade na zona de comedor para o servizo de comida.

Nos bares e cafetarías non se poderá consumir no interior do local.

2. O consumo dentro do local nos restaurantes poderá realizarse unicamente sentado na mesa, ou agrupacións de mesas, e deberase asegurar o mantemento da debida distan-



cia de seguridade interpersonal entre clientes. Non está permitido o consumo na barra e na zona de cafetería ou bar.

3. As terrazas ao aire libre dos establecementos de hostalaría e restauración limitarán a súa capacidade ao cincuenta por cento das mesas permitidas no ano inmediatamente anterior con base na correspondente licenza municipal ou no que sexa autorizado para este ano, no caso de que a licenza sexa concedida por primeira vez.

Consideraranse terrazas ao aire libre todo espazo non cuberto ou todo espazo que, estando cuberto, estea rodeado lateralmente por un máximo de dúas paredes, muros ou paramentos.

No caso de que o establecemento de hostalaría e restauración obtivese o permiso do concello para incrementar a superficie destinada a terraza ao aire libre, poderase incrementar o número de mesas previsto no primeiro parágrafo deste número 3, respectando, en todo caso, unha proporción do cincuenta por cento entre mesas e superficie dispoñible e sempre que se manteña o espazo necesario para a circulación peonil no tramo da vía pública en que se sitúe a terraza.

4. En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia de seguridade interpersonal entre as mesas ou, de ser o caso, agrupacións de mesas. A ocupación máxima será de cinco persoas por mesa ou agrupación de mesas, e deberán ser todas elas conviventes. A mesa ou agrupación de mesas que se utilice para este fin deberá ser acorde co número de persoas e permitir que se respecte a distancia mínima de seguridade interpersonal entre elas.

5. Os establecementos de hostalaría e restauración deberán pechar non máis tarde da unha da madrugada sen que se poida permitir o acceso de ningún cliente desde as 00.00 horas.

6. As medidas contidas nos números 3, 4 e 5 serán tamén de aplicación ás terrazas dos establecementos de lecer nocturno.

7. Os establecementos de restauración de centros sanitarios ou de traballo que limiten a súa actividade aos traballadores deles ou, no caso dos centros sanitarios, tamén a acompañantes de doentes, poderán manter o servizo de cafetería, bar e restaurante. Non poderán superar o cincuenta por cento da súa capacidade. O consumo dentro do local poderá realizarse unicamente sentado na mesa, ou agrupacións de mesas, e deberase asegurar



o mantemento da debida distancia de seguridade interpersoal entre clientes. A ocupación máxima será de cinco persoas por mesa ou agrupación de mesas, e deberán ser todas elas conviventes.

4. Condicións para ocupación de zonas comúns de hoteis e aloxamentos turísticos.

As actividades de animación ou clases grupais deberán deseñarse e planificarse cunha capacidade máxima de cinco persoas, sexan ou non conviventes, incluídos os monitores, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade, excepto no caso de persoas conviventes.

5. Bibliotecas, arquivos, museos e salas de exposicións, monumentos e outros equipamentos culturais.

Na realización de actividades culturais nestes espazos aplicarase un máximo de ata cinco persoas nas actividades de grupos, sexan ou non conviventes e incluído o monitor ou guía, e deberán establecerse as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade, excepto no caso de persoas conviventes.

6. Actividade en cines, teatros, auditorios, circos de todo e espazos similares, así como en recintos ao aire libre e noutros locais e establecementos destinados a espectáculos públicos e actividades recreativas.

En calquera caso, será de aplicación un límite máximo de trinta persoas para lugares pechados e de setenta e cinco persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Non obstante, poderase ampliar o límite indicado ata un máximo de cincuenta persoas para lugares pechados e de cento cincuenta persoas se se trata de actividades ao aire libre, logo da autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. Neste caso, a solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade polo COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueles outros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.



7. Actividades e instalacións deportivas.

A práctica da actividade física e deportiva non federada, ao aire libre, poderá realizarse de forma individual ou colectiva, sen contacto físico, sempre que, neste último caso, todas as persoas do grupo sexan conviventes, sen contar, se é o caso, o monitor

Nas instalacións e centros deportivos poderase realizar actividade deportiva en grupos de ata cinco persoas, sexan ou non conviventes, e sen contar o monitor, sen contacto físico, e sempre que non se supere o cincuenta por cento da capacidade máxima permitida, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade.

8. Celebración de eventos deportivos, de adestramentos e de competicións deportivas con público.

A celebración de eventos deportivos, adestramentos, competicións deportivas que se celebren en instalacións deportivas ou na vía pública poderán desenvolverse con público sempre que este permaneza sentado, que non se supere o cincuenta por cento da capacidade permitida da instalación ou do espazo de que se trate e cun límite de trinta persoas para lugares pechados e de setenta e cinco persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Non obstante, poderase ampliar o límite indicado ata un máximo de cincuenta persoas para lugares pechados e cento cincuenta persoas se se trata de actividades ao aire libre, logo da autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. Neste caso, a solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade polo COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueles outros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

9. Piscinas.

Nas zonas de estancia das piscinas establecerase unha distribución espacial para manter distancia de seguridade interpersoal entre os usuarios e os grupos deberán estar constituídos só por persoas conviventes.



10. Especificidades para determinadas actividades turísticas.

Poderán realizarse actividades de turismo, organizadas por empresas habilitadas para iso, e a actividade de guía turístico, para grupos de ata un máximo de cinco persoas, sexan ou non conviventes, e deberán establecerse as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade excepto no caso de persoas conviventes.

11. Centros de información, casetas e puntos de información.

Nos centros de información, casetas e puntos de información e espazos similares non se poderá exceder o cincuenta por cento da súa capacidade e deberá respectarse o máximo de cinco persoas nas actividades de grupos, sexan ou non conviventes e incluído o monitor ou guía. Ademais, deberán establecerse as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade excepto no caso de persoas conviventes.

12. Realización de actividades de tempo libre dirixidas á poboación infantil e xuvenil.

1. Poderanse realizar actividades de tempo libre destinadas á poboación infantil e xuvenil cando estas se leven a cabo ao aire libre, sempre que se limite o número de participantes ao cincuenta por cento da súa asistencia máxima habitual, cun máximo de cincuenta participantes, incluídos os monitores. Cando estas actividades se realicen en espazos pechados, non se deberá superar o cincuenta por cento da capacidade máxima do recinto, cun máximo de vinte e cinco participantes, incluídos os monitores.

2. As actividades deberán realizarse en grupos de ata cinco persoas participantes, sexan ou non conviventes e incluíndo os monitores correspondentes, que deberán traballar sen contacto entre os demais grupos.

13. Uso de espazos públicos.

Os centros cívicos e sociais poderán realizar a súa actividade sempre que se limite a súa capacidade total ao cincuenta por cento e que se extremen as medidas de protección nas actividades socioculturais de tipo grupal que se realizan neles cun máximo de cinco persoas, sexan ou non conviventes e incluído o monitor ou guía para as actividades grupais.



14. Centros recreativos turísticos ou similares.

As visitas de grupos serán dun máximo de cinco persoas, sexan ou non conviventes e incluído o monitor ou guía, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersonal durante o desenvolvemento da actividade excepto no caso de persoas conviventes.

15. Celebración de congresos, encontros, reunións de negocio, conferencias, eventos e actos similares.

Poderanse celebrar congresos, encontros, reunións de negocio, conferencias e eventos e actos similares promovidos por calquera entidade, de natureza pública ou privada, sempre que non se supere o cincuenta por cento da capacidade permitida do lugar de celebración e cun límite máximo de trinta persoas para lugares pechados e de setenta e cinco persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Non obstante, poderase ampliar o límite indicado ata un máximo de cincuenta persoas para lugares pechados e cento cincuenta persoas se se trata de actividades ao aire libre, logo da autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. Neste caso, a solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade por COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueles outros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

O recollido neste número será tamén de aplicación para reunións profesionais, xuntas de comunidades de propietarios e eventos similares.

16. Establecementos e locais de xogo e apostas.

En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia de seguridade interpersonal entre as mesas ou, de ser o caso, agrupacións de mesas. A ocupación máxima será de cinco persoas por mesa ou agrupación de mesas, e deberán ser todas elas conviventes. En calquera caso, deberase respectar un máximo de cincuenta persoas en espazos ao aire libre ou de vinte e cinco persoas en espazos pechados. En caso de dispoñer



tamén de servizos de hostalaría, seralles aplicable a prohibición do consumo no interior do local establecido para os ditos establecementos.

17. Limitación de capacidade para outros locais ou establecementos comerciais.

1. Con carácter xeral, calquera outro local ou establecemento comercial para o cal non se recollan expresamente unhas condicións de capacidade na presente orde, nin en protocolos ou normativa específica que lle sexa aplicable, non poderá superar o cincuenta por cento da capacidade autorizada ou establecida. En calquera caso, deberase respectar un máximo de trinta persoas para lugares pechados e de setenta e cinco persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Non obstante, poderase ampliar o límite indicado ata un máximo de cincuenta persoas para lugares pechados e cento cincuenta persoas se se trata de actividades ao aire libre, logo da autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. Neste caso, a solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade por COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueles outros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

O disposto neste número 1 non será de aplicación nos establecementos comerciais de alimentación, bebidas, produtos e bens de primeira necesidade, establecementos farmacéuticos, servizos médicos ou sanitarios, ópticas, produtos ortopédicos, produtos hixiénicos, salóns de peiteado, prensa e papelería, combustible para a automoción, estancos, equipamentos tecnolóxicos e de telecomunicacións, alimentos para animais de compañía, comercio pola internet, telefónico ou correspondencia, tinturarias e lavandarias, sen prexuízo da necesidade de cumprir as obrigas xerais previstas nesta orde e as medidas xerais de hixiene e protección.

2. As actividades en grupos deberán realizarse cun máximo de cinco persoas participantes, sexan ou non conviventes e incluídos os monitores, guías ou encargados correspondentes, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersonal durante o desenvolvemento da actividade excepto no caso de persoas conviventes.



ANEXO II**Actividades non esenciais que pechan temporalmente nos concellos do Carballiño, O Irixo e Boborás**

(conforme as definicións contidas no anexo do Decreto 124/2019, do 5 de setembro, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos abertos ao público da Comunidade Autónoma de Galicia e se establecen determinadas disposicións xerais de aplicación na materia).

I. Espectáculos públicos:

I.1. Espectáculos cinematográficos.

I.2. Espectáculos teatrais e musicais.

I.3. Espectáculos taurinos.

I.4. Espectáculos circenses.

I.5. Espectáculos deportivos.

I.6. Espectáculos feirais e de exhibición.

I.7. Espectáculos pirotécnicos.

II. Actividades recreativas:

II.1. Actividades culturais e sociais.

II.2. Actividades deportivas.

II.3. Actividades de ocio e entretemento.

II.4. Atraccións recreativas.

II.7. Actividades de restauración.

II.8. Actividades zoolóxicas, botánicas e xeolóxicas.



III. Establecementos abertos ao público:

III.1. Establecementos de espectáculos públicos.

III.1.1. Cines.

III.1.2. Teatros.

III.1.3. Auditorios.

III.1.4. Circos.

III.1.5. Prazas de touros.

III.1.6. Establecementos de espectáculos deportivos.

III.1.7. Recintos feirais.

III.2. Establecementos de actividades recreativas.

III.2.1. Establecementos de xogo.

III.2.1.1. Casinos.

III.2.1.2. Salas de bingo.

III.2.1.3. Salóns de xogo.

III.2.1.4. Tendas de apostas.

III.2.2. Establecementos para actividades deportivas.

III.2.2.1 Estadios deportivos.

III.2.2.2. Pavillóns deportivos.

III.2.2.3. Recintos deportivos.

III.2.2.4. Pistas de patinaxe.



III.2.2.5. Ximnasios.

III.2.2.6. Piscinas de competición.

III.2.2.7. Piscinas recreativas de uso colectivo.

III.2.3. Establecementos para atraccións e xogos recreativos.

III.2.3.1. Parques de atraccións e temáticos.

III.2.3.2. Parques acuáticos.

III.2.3.3. Salóns recreativos.

III.2.3.4. Parques multiocio.

III.2.4. Establecementos para actividades culturais e sociais.

III.2.4.1. Museos.

III.2.4.2. Bibliotecas.

III.2.4.3. Salas de conferencias.

III.2.4.4. Salas polivalentes.

III.2.4.5. Salas de concertos.

III.2.5. Establecementos de restauración.

III.2.5.1. Restaurantes.

III.2.5.1.1. Salóns de banquetes.

III.2.5.2. Cafetarías.

III.2.5.3. Bares.

Os establecementos de restauración permanecerán cerrados ao público e poderán prestar exclusivamente servizos de entrega a domicilio ou para a súa recollida no local e



consumo a domicilio. A permanencia nestes establecementos deberá ser a estritamente necesaria. En todo caso, evítaranse aglomeracións e controlárase que consumidores e empregados manteñan a distancia de seguridade establecida co fin de evitar posibles contaxios.

III.2.6. Establecementos para actividades zoolóxicas, botánicas e xeolóxicas.

III.2.7. Establecementos de ocio e entretemento.

III.2.7.1. Salas de festas.

III.2.7.2. Discotecas.

III.2.7.3. Pubs.

III.2.7.4. Cafés-espectáculo.

III.2.7.5. Furanchos.

III.2.8. Centros de lecer infantil.



I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 21 de outubro de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos de Pontevedra, Poio e Marín.

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto do dito acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada mediante o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade.

Así mesmo, indícase no dito punto sexto, na redacción vixente, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de acordo coa normativa aplicable, e en vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou en parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e que modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación de medidas concretas contidas no anexo.

En aplicación do previsto no punto sexto citado, unha vez atendida a evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na comarca de Pontevedra, sobre a base do indicado no Informe elaborado pola Dirección Xeral de Saúde Pública o 9 de setembro de



2020, e logo de escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, ditouse a Orde do 9 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Pontevedra.

Tal e como se indicou na orde, o fundamento normativo das medidas atópase na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 e 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

No que atinxe á eficacia das medidas, no punto quinto da orde indicouse que terían efectos desde as 00.00 horas do 10 de setembro de 2020 e que serían obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderían ser obxecto de mantemento, de modificación ou poderían deixarse sen efecto por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

As medidas restritivas de dereitos fundamentais contidas na orde foron obxecto de ratificación xudicial polo Auto número 70/2020, do 11 de setembro, do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 2 de Pontevedra.

Por outra banda, de acordo co Informe elaborado pola Dirección Xeral de Saúde Pública sobre a comarca de Pontevedra, do 11 de setembro de 2020, e tras escoitar as recomendacións do comité clínico reunido para estes efectos, tendo en conta a situación dos concellos de Poio e de Vilaboa e a relación destes concellos entre eles e co concello de Pontevedra, ditouse a Orde do 11 de setembro de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos de Poio e Vilaboa, en que se acordou estender a aplicación das medidas de prevención previstas na Orde do 9 de setembro de 2020, antes citada, a estes dous concellos, e engadir, ademais, medidas específicas respecto das praias destes concellos.

Neste caso, no que atinxe á eficacia das medidas, no punto segundo da orde indicouse que terían efectos desde as 00.00 horas do 12 de setembro de 2020 e que serían obxecto de seguimento e avaliación continua, en todo caso, nun período non superior a cinco días naturais desde a publicación da orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.



As medidas restritivas de dereitos fundamentais foron obxecto de ratificación xudicial polo Auto do 12 de setembro de 2020, do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución número 2 de Pontevedra, respecto do concello de Poio, e polo Auto do 13 de setembro de 2020, do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución número 1 de Cangas, respecto do concello de Vilaboa.

En cumprimento do disposto no punto quinto da Orde do 9 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Pontevedra, e no punto segundo da Orde do 11 de setembro de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos de Poio e Vilaboa, procedeuse ao seguimento e á avaliación das medidas co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria existente. Tendo en conta o indicado nos informes da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 16 de setembro de 2020, sobre as comarcas de Pontevedra e do Morrazo, e tras escoitar as recomendacións do comité clínico reunido para estes efectos, na Orde do 16 de setembro de 2020 dispúxose, unha vez atendida a situación epidemiolóxica e sanitaria, o mantemento das medidas de prevención nos termos previstos nas ordes do 9 e do 11 de setembro de 2020 nos concellos de Pontevedra, Poio e Vilaboa, e a extensión da aplicación das mesmas medidas ao concello de Marín.

O Xulgado do Contencioso-Administrativo número 1 de Pontevedra, no Auto número 103/2020, do 18 de setembro, pronunciouse sobre a ratificación das medidas restritivas de dereitos fundamentais.

De conformidade co punto segundo da Orde do 16 de setembro de 2020, procedeuse ao seguimento e á avaliación das medidas adoptadas para adecualas á evolución epidemiolóxica. Así, tendo en conta o disposto nos informes da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 23 de setembro de 2020, sobre as comarcas de Pontevedra e O Morrazo, e logo de escoitar as recomendacións do comité clínico reunido para estes efectos, mediante a Orde do 23 de setembro de 2020 dispúxose o mantemento, nos concellos de Pontevedra, Poio, Vilaboa e Marín, das medidas de prevención previstas nas ordes do 9 e do 11 de setembro de 2020.

Posteriormente, á vista do indicado nos informes da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 30 de setembro de 2020, sobre as comarcas de Pontevedra e O Morrazo, e logo de escoitar as recomendacións do comité clínico reunido para estes efectos, mediante a Orde do 30 de setembro de 2020 dispúxose o mantemento, nos concellos de Pontevedra, Poio e



Marín, das medidas de prevención previstas nas ordes do 9 e do 11 de setembro de 2020, e deixáronse sen efecto estas medidas no concello de Vilaboa.

Pola posterior Orde do 7 de outubro de 2020 dispúxose o mantemento nos concellos de Pontevedra, Poio e Marín das medidas de prevención específicas que se estaban aplicando nos ditos concellos.

Finalmente, na Orde do 14 de outubro de 2020 mantívose a eficacia, nos concellos de Pontevedra, Poio e Marín, das medidas de prevención específicas previstas nas ordes do 9 e do 11 de setembro de 2020.

Conforme o punto segundo da orde, as medidas debían continuar sendo obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

Coa mesma data que esta orde ditouse a Orde do 21 outubro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, na que se recollen medidas específicas de limitacións de grupos a un máximo de 5 persoas, con determinadas excepcións, así como limitacións de capacidade para determinadas actividades, e o peche de festas, verbenas, outros eventos populares e atraccións de feiras. Estas medidas serán de aplicación en toda a Comunidade Autónoma de Galicia, agás naqueles ámbitos territoriais concretos para os cales sexa necesaria a adopción de medidas máis restritivas.

Sentado o anterior, no Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 21 de outubro de 2020, sobre a comarca de Pontevedra indícase que a taxa acumulada desde o inicio do gromo para o global da comarca de Pontevedra é superior á observada na semana anterior, ao igual que a taxa acumulada para os últimos 14 días. No nivel de concello, Pontevedra e Poio son os concellos que amosan o maior número de casos. Por outro lado, notifícanse casos todos os días durante os últimos 14 en Pontevedra e durante os últimos 10 días en Poio. No relativo aos indicadores de risco, na comarca de Pontevedra obsérvanse indicadores de alto risco, tales como a incidencia acumulada a tres días na área e período de investigación do gromo ou a porcentaxe de PCR positivas entre os contactos estreitos dun caso confirmado na área e período de investigación do gromo. Así mesmo, existe algún indicador de risco medio como a porcentaxe de probas PCR positivas na área e período de investigación do gromo que tamén aumentou con respecto ao informe anterior. En aten-



ción ao anterior, no informe indícase que a situación nos concellos de Pontevedra e Poio aínda non está controlada e que, tendo en conta as restricións establecidas para o global da Comunidade Autónoma galega, se considera que estas son tamén aptas para todos os concellos da comarca de Pontevedra.

Pola súa banda, no Informe Dirección Xeral de Saúde Pública, do 21 de outubro de 2020, sobre a comarca do Morrazo, indícase que a taxa acumulada a 14 días na comarca foi superior á reflectida no informe anterior. Destaca a taxa rexistrada nos concellos de Cangas e de Marín, ben que neste último caso é inferior á do último informe. Así mesmo, Cangas e Marín foron os concellos en que se rexistraron un maior número de casos nos últimos 14 días. A estimación puntual do número reprodutivo instantáneo é do o 1,5. Os grupos de idade máis afectados, que son persoas moi novas, poderían favorecer a transmisión da enfermidade dada a alta proporción de infectados sen síntomas ou pauciasintomáticos. No que se refire aos indicadores de risco, obsérvase algún de risco alto como incidencia acumulada a tres días e indicadores en nivel de risco medio como a porcentaxe de probas PCR positivas na área e período de investigación do gromo e o número de contactos con PCR positiva relacionados cun caso na área e período de investigación do gromo. O informe conclúe que este gromo, a expensas dos concellos de Cangas e Marín, segue a ter características de certo nivel de risco, aínda que os datos obtidos neste último concello mostran certa melloría con respecto ao informe anterior, o que parece evidenciar que as medidas restritivas establecidas están a ter efecto. Polo tanto, é preciso continuar con este tipo de medidas co fin de controlar o gromo de maneira definitiva. Con este obxectivo, recoméndase no informe que todos os concellos da comarca do Morrazo se axusten ás restricións establecidas para o global da Comunidade Autónoma de Galicia.

De acordo co disposto nos ditos informes, a situación epidemiolóxica e sanitaria nos concellos de Pontevedra, Poio e Marín non demanda a aplicación de medidas de prevención máis restritivas que as previstas para o territorio autonómico na Orde do 21 de outubro de 2020 citada.

Procede, en consecuencia, deixar sen efecto formalmente a Orde do 9 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Pontevedra, e a Orde do 11 de setembro de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos de Poio e Vila-boa, de xeito que nos concellos de Pontevedra, Poio e Marín serán aplicables as medidas contidas na Orde do 21 de outubro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do



COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, e, no que sexa compatible con elas, tal e como prevé a dita orde, as previstas no Acordo do 12 de xuño de 2020 sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente.

Na súa virtude, en aplicación do punto segundo da Orde do 14 de outubro de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos de Pontevedra, Poio e Marín, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. *Medidas de prevención nos concellos de Pontevedra, Poio e Marín*

Atendida a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria nos concellos de Pontevedra, Poio e Marín, serán de aplicación, nos ditos concellos, as medidas de prevención previstas na Orde do 21 de outubro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, e, no que sexa compatible con elas, tal e como prevé a dita orde, as previstas no Acordo do 12 de xuño de 2020 sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente.

Segundo. *Eficacia, seguimento e avaliación*

1. Esta orde terá efectos desde as 00.00 horas do 22 de outubro de 2020.

2. Na data de comezo de efectos desta orde quedarán sen efecto a Orde do 9 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Pontevedra, e a Orde do 11 de setembro de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos de Poio e Vilaboa.

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2020

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade



I. DISPOSICIÓNS XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 21 de outubro de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Lugo.

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto do dito acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada mediante o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta, do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade.

Así mesmo, indícase no dito punto sexto, na redacción vixente, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de acordo coa normativa aplicable, e en vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou en parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e que modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación de medidas concretas contidas no anexo.

En aplicación do previsto no punto sexto citado, unha vez atendida a evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Lugo, sobre a base do indicado no Informe elaborado pola Dirección Xeral de Saúde Pública o 28 de agosto de 2020, e tras



escoitar as recomendacións do comité clínico reunido para estes efectos, ditouse a Orde do 28 de agosto de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Lugo.

Tal e como se indicou na orde, o fundamento normativo das medidas encóntrase na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 e 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

No que atinxe á eficacia das medidas, no punto sexto da orde indicouse que terían efectos desde as 00.00 horas do 29 de agosto de 2020, que serían obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a cinco días naturais desde a publicación da orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderían ser obxecto de mantemento, de modificación ou poderían deixarse sen efecto por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Ademais, as medidas limitativas de dereitos fundamentais recollidas na orde foron obxecto de ratificación xudicial polo Auto do Xulgado de Instrución número 1 de Lugo do 29 de agosto de 2020.

Froito do seguimento e avaliación das medidas, sobre a base do indicado nos correspondentes informes da Dirección Xeral de Saúde Pública, e tras escoitar tamén as recomendacións do comité clínico, foron ditadas sucesivas ordes.

Así, en virtude da Orde do 2 de setembro de 2020 acordouse o mantemento das medidas de prevención e das recomendacións existentes no concello de Lugo, con adaptacións puntuais tendentes a precisar o ámbito das restricións ás agrupacións de persoas e a prever o uso de máscaras para a práctica deportiva en ximnasios ou espazos pechados. O mantemento das medidas limitativas de dereitos fundamentais foi obxecto de ratificación xudicial polo Auto 62/2020, do 4 de setembro, do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 2 de Lugo.

Mediante a Orde do 9 de setembro de 2020 acordouse o mantemento das medidas previstas para todo o ámbito territorial do concello de Lugo na Orde do 28 de agosto de 2020, con algunhas modificacións puntuais, e o levantamento das medidas máis restritivas que



aquela orde contiña para o barrio da Milagrosa. O mantemento das medidas limitativas de dereitos fundamentais foi obxecto de ratificación xudicial polo Auto 80/2020, do 11 de setembro, do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 1 de Lugo.

Na posterior Orde do 16 de setembro de 2020 dispúxose o mantemento, no concello de Lugo, das medidas previstas para todo o ámbito territorial do dito concello na Orde do 28 de agosto de 2020, na súa redacción vixente, é dicir, tendo en conta as modificacións introducidas polas ordes do 2 e do 9 de setembro de 2020. As medidas restritivas de dereitos fundamentais foron ratificadas polo Auto 64/2020, do 18 de setembro, do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 2 de Lugo.

Mediante a Orde do 23 de setembro de 2020 acordouse o mantemento, no concello de Lugo, das medidas previstas para todo o ámbito territorial dese concello na Orde do 28 de agosto de 2020, na súa redacción vixente, tendo en conta as modificacións introducidas polas ordes do 2 e do 9 de setembro de 2020. As medidas restritivas de dereitos fundamentais foron obxecto de ratificación xudicial polo Auto 87/2020, do 25 de setembro, da Sala do Contencioso-Administrativo (Sección 3ª) do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

En virtude da posterior Orde do 30 de setembro de 2020 acordouse o mantemento, no concello de Lugo, das mesmas medidas. As medidas restritivas de dereitos fundamentais foron obxecto de ratificación xudicial polo Auto 93/2020, do 2 de outubro, da Sala do Contencioso-Administrativo (Sección 3ª) do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Mediante a Orde do 7 de outubro de 2020 dispúxose o mantemento das medidas sanitarias acordadas respecto do concello de Lugo, nos mesmos termos en que se viñan aplicando. As medidas restritivas de dereitos fundamentais foron obxecto de ratificación xudicial polo Auto 104/2020, do 9 de outubro, da Sala do Contencioso-Administrativo (Sección 3ª) do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

E, finalmente, mediante a Orde do 14 de outubro de 2020 dispúxose igualmente o mantemento das medidas sanitarias acordadas. As medidas restritivas de dereitos fundamentais foron obxecto de ratificación xudicial polo Auto 114/2020, do 16 de outubro, da Sala do Contencioso-Administrativo (Sección 3ª) do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Conforme o punto segundo da dita orde, as medidas debían seguir sendo obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días



naturais desde a publicación da orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria e proceder, segundo o caso, ao seu mantemento, modificación ou a deixalas sen efecto.

Coa mesma data que a presente orde ditouse a Orde do 21 outubro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, na cal se recollen medidas específicas de limitacións de grupos a un máximo de 5 persoas, con determinadas excepcións, así como limitacións de capacidade para determinadas actividades, e o peche de festas, verbenas, outros eventos populares e atraccións de feiras. Estas medidas serán de aplicación en toda a Comunidade Autónoma de Galicia agás naqueles ámbitos territoriais concretos para os cales sexa necesaria a adopción de medidas máis restritivas.

En cumprimento do disposto no punto segundo da Orde do 14 de outubro de 2020, procedeuse ao seguimento e á avaliación das medidas. Neste sentido, no Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 21 de outubro de 2020, sobre a comarca de Lugo, indícase que a taxa de incidencia global dos últimos 14 días na comarca foi máis alta que na semana anterior. Esta taxa é 1,12 veces maior que a taxa global dos últimos 14 días estimada para o conxunto de Galicia. Destacan os datos de casos do concello de Lugo nos últimos 14 días, cunha identificación continua e diaria de casos novos. Trátase do único concello que amosa taxas acumuladas a 3 e 7 días superiores ás taxas acumuladas para eses mesmos momentos temporais para o conxunto de Galicia. Ademais, os indicadores de risco da comarca seguen a amosar algún indicador de alto risco, como a incidencia acumulada a tres días e algún indicador de risco medio, tal como a porcentaxe de probas positivas na área e período de investigación do gromo. A información reflectida anteriormente amosa que a situación no concello de Lugo aínda non está controlada. O informe entende que nos concellos da comarca se poden adoptar as mesmas restricións que as aprobadas con esta mesma data para toda Galicia.

De acordo co disposto no dito informe, a situación epidemiolóxica e sanitaria no concello de Lugo non demanda a aplicación de medidas de prevención máis restritivas que as previstas para o territorio autonómico na Orde do 21 de outubro de 2020 citada.

Procede, en consecuencia, deixar sen efecto formalmente a Orde do 28 de agosto de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Lugo, de xeito que no concello serán aplicables as medidas contidas na Orde do 21 de outubro



de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, e, no que sexa compatible con elas, tal e como prevé a dita orde, as previstas no Acordo do 12 de xuño de 2020 sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente.

En atención ao exposto, en aplicación do punto segundo da Orde do 14 de outubro de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Lugo, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. Medidas de prevención no concello de Lugo

Atendida a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria no concello de Lugo, serán de aplicación no dito concello as medidas de prevención previstas na Orde do 21 de outubro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, e, no que sexa compatible con elas, tal e como prevé a dita orde, as previstas no Acordo do 12 de xuño de 2020 sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente.

Segundo. Eficacia, seguimento e avaliación

1. Esta orde terá efectos desde as 00.00 horas do 22 de outubro de 2020.

2. Na data de comezo de efectos desta orde quedarán sen efecto a Orde do 28 de agosto de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Lugo, así como as ordes do 2 e do 9 de setembro, de modificación daquela.

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2020

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade



I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 21 de outubro de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos de Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa, Sanxenxo, Meis e Cambados.

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto do dito acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada mediante o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade.

Así mesmo, indícase no dito punto sexto, na redacción vixente, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de acordo coa normativa aplicable e á vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou en parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación de medidas concretas contidas no anexo.

En aplicación do sinalado no punto sexto do acordo, atendido o indicado no informe elaborado pola Dirección Xeral de Saúde Pública do 23 de setembro de 2020 e tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, ditouse a Orde do 23



de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Vilagarcía de Arousa.

Tal e como se indicou na orde, as medidas teñen o seu fundamento normativo na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 e 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

En canto á eficacia das medidas, de acordo co punto quinto da orde as medidas tiveron efectos desde as 00.00 horas do 24 de setembro de 2020 e debían ser obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

As medidas limitativas de dereitos fundamentais foron obxecto de ratificación xudicial polo Auto 85/2020, do 25 de setembro, da Sala do Contencioso-Administrativo (Sección 3ª) do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Co mesmo fundamento normativo, tendo en conta o disposto no informe da Dirección Xeral de Saúde Pública do 25 de setembro de 2020 e tras escoitar as recomendacións do Subcomité Clínico reunido para estes efectos, mediante a Orde do 25 de setembro de 2020 establecéronse determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Vilanova de Arousa (medidas que son similares ás previstas na Orde do 23 de setembro de 2020 para o concello de Vilagarcía de Arousa). Conforme o punto quinto da orde, as medidas tiveron efecto desde as 00.00 horas do 26 de setembro de 2020 e debían ser obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, no período máximo de sete días naturais desde a publicación da orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

As medidas limitativas de dereitos fundamentais foron obxecto de ratificación xudicial polo Auto 90/2020, do 30 de setembro, da Sala do Contencioso-Administrativo (Sección 3ª) do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

En cumprimento do disposto no punto quinto da Orde do 23 de setembro de 2020 e da Orde do 25 de setembro de 2020 citadas, procedeuse ao seguimento e á avaliación



das medidas. De acordo co indicado no informe elaborado pola Dirección Xeral de Saúde Pública, do 30 de setembro de 2020, sobre a comarca do Salnés, e tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, mediante a Orde do 30 de setembro de 2020 dispúxose o mantemento, no concello de Vilagarcía de Arousa, das medidas de prevención previstas na Orde do 23 de setembro de 2020 e, no concello de Vilanova de Arousa, das medidas de prevención previstas na Orde do 25 de setembro de 2020, así como a aplicación das mesmas medidas tamén nos concellos de Sanxenxo e Meis.

As medidas limitativas de dereitos fundamentais foron obxecto de ratificación xudicial mediante o Auto 94/2020, do 2 de outubro, da Sala do Contencioso-Administrativo (Sección 3ª) do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

De acordo co informe elaborado pola Dirección Xeral de Saúde Pública sobre a comarca do Salnés, do 2 de outubro de 2020, e tras escoitar as recomendacións do Subcomité Clínico reunido para estes efectos, mediante a Orde do 2 de outubro de 2020 dispúxose a aplicación, no concello de Cambados, das mesmas medidas de prevención específicas que se estaban aplicando nos concellos de Vilagarcía de Arousa, de Vilanova de Arousa, de Sanxenxo e de Meis, contidas na Orde do 23 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Vilagarcía de Arousa, e na Orde do 25 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Vilanova de Arousa. De acordo co punto segundo da orde, as medidas serán reavaliadas nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da orde en función da evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria no concello.

En cumprimento do disposto no punto segundo da Orde do 30 de setembro de 2020 e da Orde do 2 de outubro de 2020 citadas, procedeuse ao seguimento e á avaliación das medidas. Sobre a base do informe elaborado pola Dirección Xeral de Saúde Pública, do 7 de outubro de 2020, sobre a comarca do Salnés, e tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, ditouse a Orde do 7 de outubro de 2020, na que se dispuxo o mantemento, nos concellos de Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa, Sanxenxo, Meis e Cambados, das medidas de prevención previstas na Orde do 23 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Vilagarcía de Arousa, e na Orde do 25 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Vilanova de Arousa. As medidas limitativas de dereitos fundamentais foron ratificadas polo Auto 106/2020, do 9 de outubro, da Sala do Contencioso-Administrativo (Sección 3ª) do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.



Por último, en cumprimento do punto segundo da Orde do 7 de outubro de 2020 procedeuse ao seguimento e á avaliación das medidas. En consecuencia, mediante a Orde do 14 de outubro de 2020 dispúxose o mantemento, nos concellos de Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa, Sanxenxo, Meis e Cambados, das medidas de prevención específicas que se viñan aplicando.

As medidas limitativas de dereitos fundamentais foron ratificadas polo Auto 111/2020, do 16 de outubro, da Sala do Contencioso-Administrativo (Sección 3ª) do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Conforme o punto segundo da orde, as medidas debían seguir sendo obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da presente orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria, e proceder, segundo o caso, ao seu mantemento, modificación ou a deixalas sen efecto.

Coa mesma data que a presente orde ditouse a Orde do 21 outubro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, na que se recollen medidas específicas de limitacións de grupos a un máximo de 5 persoas, con determinadas excepcións, así como limitacións de capacidade para determinadas actividades, e o peche de festas, verbenas, outros eventos populares e atraccións de feiras. Estas medidas serán de aplicación en toda a Comunidade Autónoma de Galicia, agás naqueles ámbitos territoriais concretos para as que sexa necesaria a adopción de medidas máis restritivas.

Sentado o anterior, no informe da Dirección Xeral de Saúde Pública do 21 de outubro de 2020 indícase que a taxa acumulada a 14 días na comarca foi algo maior que a observada no informe anterior e por debaixo da taxa acumulada para o conxunto de Galicia. As taxas acumuladas a 3 e 7 días amosan, nos últimos días, unha tendencia ascendente que, no caso desta última, parece acadar certa estabilización no último día, o mesmo que se observa na media da taxa acumulada a 14 días. A taxa a 14 días de Vilanova de Arousa sobe, sendo este o único concello que presenta taxas a 3, 7 e 14 días superiores ás estimadas para o conxunto de Galicia para eses mesmos tres momentos temporais. Respecto das taxas acumuladas a 14 días recollidas no último informe, do día 11.10.2020, as taxas de Cambados e Meis descenden, mentres Sanxenxo e Vilagarcía de Arousa soben. O valor do número reprodutivo instantáneo amosa un valor por riba do limiar de 1, o que indicaría que cada caso podería dar lugar a máis dun caso. Por outro lado, os indicadores de risco na comarca amosan algúns parámetros de risco alto, como a incidencia acumulada a tres



días, e outros de risco medio, como a porcentaxe de probas positivas na área e período que cómpre considerar. A situación, aínda que mellora parcialmente nalgúns dos concellos, segue amosando criterios de risco, polo que precisa seguir con certas restricións. Deste xeito, recoméndase que nos concellos de Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa, Meis, Sanxenxo e Cambados se adopten as medidas restritivas aplicables a toda Galicia.

De acordo co disposto no dito informe, a situación epidemiolóxica e sanitaria nos concellos de Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa, Sanxenxo, Meis e Cambados non demanda a aplicación de medidas de prevención máis restritivas que as previstas para o territorio autonómico na Orde do 21 de outubro de 2020 citada.

Procede, en consecuencia, deixar sen efecto formalmente a Orde do 23 de setembro de 2020, pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Vilagarcía de Arousa, e a Orde do 25 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Vilanova de Arousa, de xeito que nos concellos Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa, Sanxenxo, Meis e Cambados serán aplicables as medidas contidas na Orde do 21 de outubro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, e, no que sexa compatible con elas, tal e como prevé a dita orde, as previstas no Acordo do 12 de xuño de 2020 sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente.

Na súa virtude, en aplicación do punto segundo da Orde do 14 de outubro de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos de Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa, Sanxenxo, Meis e Cambados, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. Medidas de prevención nos concellos de Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa, Sanxenxo, Meis e Cambados

Atendida a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria nos concellos de Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa, Sanxenxo, Meis e Cambados, serán de aplicación, nos di-



tos concellos, as medidas de prevención previstas na Orde do 21 de outubro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e, no que sexa compatible con elas, tal e como prevé a dita orde, as previstas no Acordo do 12 de xuño de 2020 sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente.

Segundo. *Eficacia, seguimento e avaliación*

1. Esta orde terá efectos desde as 00.00 horas do 22 de outubro de 2020.

2. Na data de comezo de efectos desta orde quedarán sen efecto a Orde do 23 de setembro de 2020, pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Vilagarcía de Arousa, e a Orde do 25 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Vilanova de Arousa.

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2020

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade



I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 14 de outubro de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos de Pontevedra, Poio e Marín.

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto do devandito acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada mediante o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade.

Así mesmo, indícase no dito punto sexto, na redacción vixente, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de acordo coa normativa aplicable e en vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou en parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e que modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación de medidas concretas contidas no anexo.

En aplicación do previsto no punto sexto citado, unha vez atendida a evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na comarca de Pontevedra, sobre a base do



indicado no informe elaborado pola Dirección Xeral de Saúde Pública o 9 de setembro de 2020 e logo de escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, ditouse a Orde do 9 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Pontevedra.

Tal e como se indicou na orde, o fundamento normativo das medidas atópase na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 e 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

No que atinxe á eficacia das medidas, no punto quinto da orde indicouse que terían efectos desde as 00.00 horas do 10 de setembro de 2020 e que serían obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderían ser obxecto de mantemento, de modificación ou poderían deixarse sen efecto por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

As medidas restritivas de dereitos fundamentais contidas na orde foron obxecto de ratificación xudicial polo Auto número 70/2020, do 11 de setembro, do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 2 de Pontevedra.

Por outra banda, de acordo co informe elaborado pola Dirección Xeral de Saúde Pública sobre a comarca de Pontevedra, do 11 de setembro de 2020, e tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, tendo en conta a situación dos concellos de Poio e de Vilaboa e a interrelación destes concellos entre eles e co concello de Pontevedra, ditouse a Orde do 11 de setembro de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos de Poio e Vilaboa, en que se acordou estender a aplicación das medidas de prevención previstas na Orde do 9 de setembro de 2020, antes citada, a estes dous concellos, e engadir, ademais, medidas específicas respecto das praias destes concellos.

Neste caso, no que atinxe á eficacia das medidas, no punto segundo da orde indicouse que terían efectos desde as 00.00 horas do 12 de setembro de 2020 e que serían obxecto de seguimento e avaliación continua, en todo caso, nun período non superior a cinco días



naturais desde a publicación da orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

As medidas restritivas de dereitos fundamentais foron obxecto de ratificación xudicial polo Auto do 12 de setembro de 2020, do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución número 2 de Pontevedra, respecto do concello de Poio, e polo Auto do 13 de setembro de 2020, do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución número 1 de Cangas, respecto do concello de Vilaboa.

En cumprimento do disposto no punto quinto da Orde do 9 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Pontevedra, e no punto segundo da Orde do 11 de setembro de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos de Poio e Vilaboa, procedeuse ao seguimento e á avaliación das medidas co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria existente. Tendo en conta o indicado nos informes da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 16 de setembro de 2020, sobre as comarcas de Pontevedra e do Morrazo, e tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, na Orde do 16 de setembro de 2020 dispúxose, unha vez atendida a situación epidemiolóxica e sanitaria, o mantemento das medidas de prevención nos termos previstos nas ordes do 9 e do 11 de setembro de 2020 nos concellos de Pontevedra, Poio e Vilaboa, e a extensión da aplicación das mesmas medidas ao concello de Marín.

O Xulgado do Contencioso-Administrativo número 1 de Pontevedra, no Auto número 103/2020, do 18 de setembro, pronunciouse sobre a ratificación das medidas restritivas de dereitos fundamentais.

De conformidade co punto segundo da Orde do 16 de setembro de 2020, procedeuse ao seguimento e á avaliación das medidas adoptadas para adecualas á evolución epidemiolóxica. Así, tendo en conta o disposto nos informes da Dirección Xeral de Saúde Pública do 23 de setembro de 2020 sobre as comarcas de Pontevedra e O Morrazo e logo de escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, por Orde do 23 de setembro de 2020 dispúxose o mantemento, nos concellos de Pontevedra, Poio, Vilaboa e Marín, das medidas de prevención previstas nas ordes do 9 e do 11 de setembro de 2020.

Posteriormente, á vista do indicado nos informes da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 30 de setembro de 2020, sobre as comarcas de Pontevedra e O Morrazo, e logo de es-



coitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, mediante a Orde do 30 de setembro de 2020 dispúxose o mantemento, nos concellos de Pontevedra, Poio e Marín, das medidas de prevención previstas nas ordes do 9 e do 11 de setembro de 2020, e deixáronse sen efecto estas medidas no concello de Vilaboa.

De conformidade co punto terceiro da Orde do 30 de setembro de 2020, procedeuse ao seguimento e á avaliación das medidas adoptadas para adecualas á evolución epidemiolóxica e sanitaria. Así, tendo en conta o disposto nos informes da Dirección Xeral de Saúde Pública sobre as comarcas de Pontevedra e O Morrazo, do 7 de outubro de 2020, e tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, pola Orde do 7 de outubro de 2020 dispúxose o mantemento das medidas acordadas respecto dos concellos de Pontevedra, Poio e Marín que se estaban aplicando nos ditos concellos.

Conforme o punto segundo da Orde do 7 de outubro de 2020 procedeuse ao seguimento e á avaliación das medidas. Así, por unha banda, no informe Dirección Xeral de Saúde Pública do 14 de outubro de 2020 sobre a comarca de Pontevedra indícase que a taxa de incidencia global nos últimos 14 días na comarca é menor que a observada na semana anterior. Por concellos, Pontevedra e Poio son os concellos que amosan o maior número de casos. No relativo aos indicadores de risco, na comarca obsérvanse indicadores de alto risco tales como a incidencia acumulada a tres días na área e período de investigación do brote e a porcentaxe de PCR positivas entre os contactos estreitos dun caso confirmado na área e período de investigación do brote; tamén se observa algún indicador de risco medio como a porcentaxe de probas PCR positivas na área e período de investigación do brote. En consecuencia, aínda que a situación actual amosa certa estabilidade tras observarse unha mellora, a presenza de indicadores de alto e medio risco, o feito de que tanto en Pontevedra coma en Poio se teñan identificado casos nos últimos 3 días, xunto con que en Pontevedra se teñan identificado casos diarios nos últimos 14 días e que o número reprodutivo instantáneo volve acadar valores superiores ao 1, determinan que no informe se recomende o mantemento das medidas xa establecidas nos concellos de Pontevedra e Poio.

E no informe da Dirección Xeral de Saúde Pública sobre a comarca do Morrazo, da mesma data, sinálase que na dita comarca destaca a taxa acumulada rexistrada en Marín, moi similar á taxa a 14 días do conxunto de Galicia. De feito, Marín é o concello en que se registrou un maior número de casos nos últimos 14 días. Os grupos de idade máis afectados, que son idades moi novas, poderían favorecer a transmisión da enfermidade dada a alta proporción de infectados sen síntomas ou paucisintomáticos. No que se refire aos indicadores de risco, obsérvase algún de risco como a porcentaxe de PCR positivas entre



os contactos estreitos dun caso confirmado na área e período de investigación do brote e indicadores en nivel de risco medio tales como a porcentaxe de probas PCR positivas na área e período de investigación do brote e o número de contactos con PCR positiva relacionados cun caso na área e período de investigación do brote. Dado que este brote, a expensas do concello de Marín, onde as taxas observadas, aínda que parecen evolucionar adecuadamente, se manteñen altas, segue a ter características de risco, no informe recómendase manter as medidas restritivas establecidas no concello de Marín.

Tendo en conta o indicado nos ditos informes, e tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria impón, como consecuencia, o mantemento, nos concellos de Pontevedra, Poio e Marín, das medidas de prevención previstas nas ordes do 9 e do 11 de setembro de 2020.

Polo demais, as medidas deben seguir sendo obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da presente orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

En atención ao exposto, en aplicación do punto segundo da Orde do 7 de outubro de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos de Pontevedra, Poio e Marín, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. *Mantemento de medidas de prevención específicas nos concellos de Pontevedra, Poio e Marín*

Unha vez atendida a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria, mantense, nos concellos de Pontevedra e Poio, a eficacia das medidas previstas na Orde do 9 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Pontevedra, e na Orde do 11 de setembro de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos de Poio e Vilaboa, así como a eficacia das mesmas medidas no concello de Marín.



Segundo. *Eficacia, seguimento e avaliación*

Esta orde terá efectos desde as 00.00 horas do 15 de outubro de 2020.

As medidas cuxa eficacia se mantén nos concellos de Pontevedra, Poio e Marín serán obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da presente orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

Para estes efectos, poderán ser obxecto de mantemento, de modificación ou poderán deixarse sen efecto por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2020

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade



I. DISPOSICIÓNS XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 14 de outubro de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na comarca de Santiago.

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto do devandito acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade.

Así mesmo, indícase no dito punto sexto, na redacción vixente, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de acordo coa normativa aplicable e en vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e que modifiquen ou, de xeito puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación de medidas concretas contidas no anexo.

En aplicación do previsto no punto sexto citado, unha vez atendida a evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Santiago de Compostela, sobre a base do indicado no informe elaborado pola Dirección Xeral de Saúde Pública o 2 de



setembro de 2020 e logo de escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, ditouse a Orde do 2 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Santiago de Compostela.

Tal e como se indicou na orde, o fundamento normativo das medidas atópase na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 e 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

No que atinxe á eficacia das medidas, no punto sexto da orde indicouse que tería efectos desde as 00.00 horas do 3 de setembro de 2020 e que serían obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos poderían ser obxecto de mantemento, de modificación ou poderían deixarse sen efecto por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Ademais, as medidas limitativas de dereitos fundamentais foron obxecto de ratificación xudicial mediante o Auto 73/2020, do 4 de setembro, do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 1 de Santiago de Compostela.

En cumprimento do disposto no punto sexto da Orde do 2 de setembro de 2020, procedeuse ao seguimento e á avaliación das medidas previstas nela co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria de Santiago de Compostela.

En virtude da Orde do 9 de setembro de 2020 acordouse, sobre a base do sinalado no informe da Dirección Xeral de Saúde Pública da mesma data e tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, o mantemento das medidas de prevención e das recomendacións existentes no concello de Santiago de Compostela, ben que, respecto das terrazas dos establecementos de hostalaría e restauración, se fixou no setenta e cinco por cento a limitación da capacidade e suprimiuse, como medida específica, a relativa ao uso de máscara no caso de actividade física ou deportiva en ximnasios ou espazos pechados, ao ser aplicable, en relación con este último punto, a modificación operada no número 1.3 do anexo do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020 pola Orde do 9 de setembro de 2020.



As medidas limitativas de dereitos fundamentais foron obxecto de ratificación xudicial mediante o Auto 145/2020, do 11 de setembro, do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 2 de Santiago de Compostela.

En cumprimento do disposto no punto terceiro da Orde do 9 de setembro de 2020, procedeuse ao seguimento e á avaliación das medidas co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria existente no concello de Santiago de Compostela. Así, atendido o disposto no informe da Dirección Xeral de Saúde pública, do 16 de setembro de 2020, e logo de escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, mediante a Orde do 16 de setembro de 2020 dispúxose o mantemento, no concello de Santiago de Compostela, das medidas de prevención nos termos previstos na Orde do 2 de setembro de 2020, na súa redacción vixente, é dicir, tendo en conta as modificacións introducidas pola Orde do 9 de setembro de 2020.

As medidas restritivas de dereitos fundamentais foron ratificadas polo Auto número 88/2020, do 17 de setembro, do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 1 de Santiago de Compostela.

En cumprimento do previsto no punto segundo da Orde do 16 de setembro de 2020, procedeuse ao seguimento e á avaliación das medidas. Neste sentido, unha vez atendido o disposto no informe da Dirección Xeral de Saúde Pública do 23 de setembro de 2020 e logo de escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, mediante a Orde do 23 de setembro de 2020 acordouse o mantemento, no concello de Santiago de Compostela, das medidas de prevención nos termos previstos na Orde do 2 de setembro de 2020, na súa redacción vixente, é dicir, tendo en conta as modificacións introducidas pola Orde do 9 de setembro de 2020, así como estender a aplicación das mesmas medidas ao lugar do Milladoiro, parroquia de Santa María de Biduído, no concello de Ames. As medidas limitativas de dereitos fundamentais foron ratificadas xudicialmente polo Auto 86/2020, do 25 de setembro, da Sala do Contencioso-administrativo (Sección 3ª) do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

En cumprimento do previsto no punto segundo da Orde do 23 de setembro de 2020, procedeuse ao seguimento e á avaliación das medidas. Neste sentido, unha vez atendido o disposto no informe da Dirección Xeral de Saúde Pública do 30 de setembro de 2020 e logo de escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, mediante a Orde do 30 de setembro de 2020 acordouse o mantemento, no concello de Santiago de Compostela e no lugar do Milladoiro (parroquia de Santa María de Biduído, no concello de Ames), da eficacia das medidas de prevención previstas na Orde do 2 de setembro de



2020, na súa redacción vixente. As medidas limitativas de dereitos fundamentais foron ratificadas xudicialmente polo Auto 97/2020, do 5 de outubro, da Sala do Contencioso-Administrativo (Sección 3ª) do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

En cumprimento do previsto no punto segundo da Orde do 30 de setembro de 2020, procedeuse ao seguimento e á avaliación das medidas. Neste sentido, o informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 7 de outubro de 2020, recomendaba o mantemento das medidas acordadas, polo que atendido o indicado no devandito informe e logo de escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, mediante a Orde do 7 de outubro de 2020 acordouse o mantemento, no concello de Santiago de Compostela e no lugar do Milladoiro, parroquia de Santa María de Biduído, no concello de Ames, das medidas de prevención nos termos previstos na Orde do 2 de setembro de 2020, na súa redacción vixente, é dicir, tendo en conta as modificacións introducidas pola Orde do 9 de setembro de 2020. As medidas limitativas de dereitos fundamentais foron ratificadas xudicialmente polo Auto 103/2020, do 9 de outubro, da Sala do Contencioso-Administrativo (Sección 3ª) do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Conforme o punto segundo da Orde do 7 de outubro de 2020, as medidas debían ser obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

En cumprimento do previsto no punto segundo da Orde do 7 de outubro de 2020, procedeuse ao seguimento e á avaliación das medidas. Neste sentido, no informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 14 de outubro de 2020, indícase que a taxa de incidencia global dos últimos 14 días na comarca de Santiago acadou un valor superior ao descrito no informe anterior e superior ao observado para o total de Galicia. Destacan claramente as taxas acumuladas a 14 días dos concellos de Santiago de Compostela e Ames, ambos os dous cun goteo constante e diario de declaracións de casos. Así mesmo, tanto o concello de Ames coma o de Santiago de Compostela presentan taxas acumuladas a 3,7 e 14 días superiores ás recollidas para o total da comarca e o global de Galicia neses mesmos momentos temporais. Os datos de incidencia observados en Ames e en Santiago de Compostela, xunto co feito de que se manteñen en niveis de risco alto indicadores como a incidencia acumulada a tres días, en risco medio indicadores como a porcentaxe de PCR positivas entre os contactos estreitos dun caso confirmado e a porcentaxe de probas PCR positivas na área e no período de investigación do gromo, determinan que o informe recomende que se continúe coas medidas xa establecidas no concello de Santiago de Compostela e nas zonas máis afectadas do lugar do Milladoiro (parroquia de Santa María de Biduído) dentro do concello de Ames.



Así, tendo en conta o indicado no devandito informe e logo de escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, resulta necesario, en consecuencia, o mantemento no concello de Santiago de Compostela e no lugar do Milladoiro (parroquia de Santa María de Biduído, no concello de Ames) da eficacia das medidas de prevención previstas na Orde do 2 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Santiago de Compostela, na súa redacción vixente, é dicir, coas modificacións introducidas pola Orde do 9 de setembro de 2020.

Polo demais, as medidas deben seguir sendo obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da presente orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria, e proceder, segundo o caso, ao seu mantemento, modificación ou a deixalas sen efecto.

En atención ao exposto, en aplicación do punto segundo da Orde do 7 de outubro de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na comarca de Santiago, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. *Medidas de prevención na comarca de Santiago*

Unha vez atendida a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na comarca de Santiago, mantense, no concello de Santiago de Compostela e no lugar do Milladoiro (parroquia de Santa María de Biduído, no concello de Ames), a eficacia das medidas de prevención previstas na Orde do 2 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Santiago de Compostela, na súa redacción vixente.

Segundo. *Eficacia, seguimento e avaliación*

Esta orde terá efectos desde as 00.00 horas do 15 de outubro de 2020.

As medidas cuxa eficacia se mantén serán obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da



presente orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

Para estes efectos poderán ser obxecto de mantemento, de modificación ou poderán deixarse sen efecto por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2020

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade

CVE-DOG: atw1xpo6-3as3-nij6-9qp8-bwmfngcq04g9



I. DISPOSICIÓN XERAIS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

ORDE do 14 de outubro de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos de Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa, Sanxenxo, Meis e Cambados.

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto do dito acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada mediante o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta, do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de sanidade.

Así mesmo, indícase no dito punto sexto, na redacción vixente, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de acordo coa normativa aplicable e á vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou en parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación de medidas concretas contidas no anexo.

En aplicación do sinalado no punto sexto do acordo, atendido o indicado no informe elaborado pola Dirección Xeral de Saúde Pública do 23 de setembro de 2020 e tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, ditouse a Orde do 23



de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Vilagarcía de Arousa.

Tal e como se indicou na orde, as medidas teñen o seu fundamento normativo na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 e 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

En canto á eficacia das medidas, de acordo co punto quinto da orde, estas tiveron efectos desde as 00.00 horas do 24 de setembro de 2020, e debían ser obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

As medidas limitativas de dereitos fundamentais foron obxecto de ratificación xudicial polo Auto 85/2020, do 25 de setembro, da Sala do Contencioso-Administrativo (Sección 3ª) do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Co mesmo fundamento normativo, tendo en conta o disposto no informe da Dirección Xeral de Saúde Pública do 25 de setembro de 2020 e tras escoitar as recomendacións do Subcomité Clínico reunido para estes efectos, mediante a Orde do 25 de setembro de 2020 establecéronse determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Vilanova de Arousa (medidas que son similares ás previstas na Orde do 23 de setembro de 2020 para o concello de Vilagarcía de Arousa). Conforme o punto quinto da orde, as medidas tiveron efecto desde as 00.00 horas do 26 de setembro de 2020 e debían ser obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, no período máximo de sete días naturais desde a publicación da orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

As medidas limitativas de dereitos fundamentais foron obxecto de ratificación xudicial polo Auto 90/2020, do 30 de setembro, da Sala do Contencioso-Administrativo (Sección 3ª) do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

En cumprimento do disposto no punto quinto da Orde do 23 de setembro de 2020 e da Orde do 25 de setembro de 2020 citadas, procedeuse ao seguimento e á avaliación das



medidas. De acordo co indicado no informe elaborado pola Dirección Xeral de Saúde Pública, do 30 de setembro de 2020, sobre a comarca do Salnés, e tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, mediante a Orde do 30 de setembro de 2020 dispúxose o mantemento, no concello de Vilagarcía de Arousa, das medidas de prevención previstas na Orde do 23 de setembro de 2020 e, no concello de Vilanova de Arousa, das medidas de prevención previstas na Orde do 25 de setembro de 2020, así como a aplicación das mesmas medidas tamén nos concellos de Sanxenxo e Meis.

As medidas limitativas de dereitos fundamentais foron obxecto de ratificación xudicial mediante o Auto 94/2020, do 2 de outubro, da Sala do Contencioso-Administrativo (Sección 3ª) do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

De acordo co informe elaborado pola Dirección Xeral de Saúde Pública sobre a comarca do Salnés, do 2 de outubro de 2020, e tras escoitar as recomendacións do Subcomité Clínico reunido para estes efectos, mediante a Orde do 2 de outubro de 2020 dispúxose a aplicación, no concello de Cambados, das mesmas medidas de prevención específicas que se estaban aplicando nos concellos de Vilagarcía de Arousa, de Vilanova de Arousa, de Sanxenxo e de Meis, contidas na Orde do 23 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Vilagarcía de Arousa, e na Orde do 25 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Vilanova de Arousa. De acordo co punto segundo da orde, as medidas serán reavaliadas nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da orde en función da evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria no concello.

En cumprimento do disposto no punto segundo da Orde do 30 de setembro de 2020 e da Orde do 2 de outubro de 2020 citadas, procedeuse ao seguimento e á avaliación das medidas. Sobre a base do informe elaborado pola Dirección Xeral de Saúde Pública, do 7 de outubro de 2020, sobre a comarca do Salnés, e tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, ditouse a Orde do 7 de outubro de 2020, na cal se dispuxo o mantemento, nos concellos de Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa, Sanxenxo, Meis e Cambados, das medidas de prevención previstas na Orde do 23 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Vilagarcía de Arousa, e na Orde do 25 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epide-



miolóxica derivada do COVID-19 no concello de Vilanova de Arousa. As medidas limitativas de dereitos fundamentais foron ratificadas polo Auto 106/2020, do 9 de outubro, da Sala do Contencioso-Administrativo (Sección 3ª) do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Conforme o punto segundo da orde, as medidas debían seguir sendo obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da citada orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria, e proceder, segundo o caso, ao seu mantemento, modificación ou a deixalas sen efecto.

En cumprimento do punto segundo da Orde do 7 de outubro de 2020, procedeuse ao seguimento e á avaliación das medidas. Así, no informe da Dirección Xeral de Saúde Pública do 14 de outubro de 2020 sobre a comarca do Salnés indícase que as taxas acumuladas da comarca a 3, 7, 14 días están por debaixo da taxa acumulada a eses mesmos momentos temporais no conxunto de Galicia. Agora ben, destaca a taxa a 14 días de Vilanova de Arousa, Cambados e Meis, todas elas superiores á taxa a 14 días estimada para o total de Galicia. Ademais, en Vilagarcía de Arousa foron notificados casos todos os días dos últimos sete. Por outra banda, os indicadores de risco na comarca amosan algúns parámetros de risco alto, como o número de contactos con PCR positiva relacionados cun caso e outros de risco medio como a incidencia acumulada a tres días ou a porcentaxe de PCR positivas entre os contactos estreitos dun caso confirmado na área e período de investigación do brote. A situación, con ter mellorado, precisa de manter as medidas establecidas, co fin de poder asegurar o control da situación epidemiolóxica, polo que o informe recomenda continuar coas restricións vixentes actualmente en Vilagarcía de Arousa e Vilanova de Arousa, nos concellos de Meis e Sanxenxo e no concello de Cambados.

De acordo co indicado no informe, e tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, a situación epidemiolóxica e sanitaria na comarca do Salnés impón, en consecuencia, o mantemento, nos concellos de Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa, Sanxenxo, Meis e Cambados, das medidas de prevención previstas na Orde do 23 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Vilagarcía de Arousa, e na Orde do 25 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Vilanova de Arousa.



Polo demais, as medidas deben seguir sendo obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da presente orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria, e proceder, segundo o caso, ao seu mantemento, modificación ou a deixalas sen efecto.

Na súa virtude, en aplicación do punto segundo da Orde do 7 de outubro de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos de Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa, Sanxenxo, Meis e Cambados, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. *Medidas de prevención nos concellos de Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa, Sanxenxo, Meis e Cambados*

Atendida a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na comarca do Salnés, mantense a eficacia, nos concellos de Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa, Sanxenxo, Meis e Cambados, das medidas de prevención previstas na Orde do 23 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Vilagarcía de Arousa, e na Orde do 25 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Vilanova de Arousa.

Segundo. *Eficacia, seguimento e avaliación*

Esta orde terá efectos desde as 00.00 horas do 15 de outubro de 2020.

As medidas cuxa eficacia se mantén nos concellos de Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa, Sanxenxo, Meis e Cambados serán obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da presente orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.



Para estes efectos, poderán ser obxecto de mantemento, de modificación ou poderán deixarse sen efecto por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2020

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade



I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 14 de outubro de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Lugo.

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto do dito acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada mediante o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta, do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade.

Así mesmo, indícase no dito punto sexto, na redacción vixente, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de acordo coa normativa aplicable, e en vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou en parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e que modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación de medidas concretas contidas no anexo.

En aplicación do previsto no punto sexto citado, unha vez atendida a evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Lugo, sobre a base do indicado



no informe elaborado pola Dirección Xeral de Saúde Pública o 28 de agosto de 2020, e tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, ditouse a Orde do 28 de agosto de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Lugo.

Tal e como se indicou na orde, o fundamento normativo das medidas encóntrase na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 e 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

No que atinxe á eficacia das medidas, no punto sexto da orde indicouse que terían efectos desde as 00.00 horas do 29 de agosto de 2020, que serían obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a cinco días naturais desde a publicación da orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderían ser obxecto de mantemento, de modificación ou poderían deixarse sen efecto por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Ademais, as medidas limitativas de dereitos fundamentais recollidas na orde foron obxecto de ratificación xudicial polo Auto do Xulgado de Instrución número 1 de Lugo do 29 de agosto de 2020.

Froito do seguimento e avaliación das medidas, sobre a base do indicado nos correspondentes informes da Dirección Xeral de Saúde Pública e tras escoitar tamén as recomendacións do comité clínico, foron ditadas sucesivas ordes.

Así, en virtude da Orde do 2 de setembro de 2020 acordouse o mantemento das medidas de prevención e das recomendacións existentes no concello de Lugo, con adaptacións puntuais tendentes a precisar o ámbito das restricións ás agrupacións de persoas e a prever o uso de máscaras para a práctica deportiva en ximnasios ou espazos pechados. O mantemento das medidas limitativas de dereitos fundamentais foi obxecto de ratificación xudicial polo Auto 62/2020, do 4 de setembro, do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 2 de Lugo.

Mediante a Orde do 9 de setembro de 2020 acordouse o mantemento das medidas previstas para todo o ámbito territorial do concello de Lugo na Orde do 28 de agosto de 2020, con algunhas modificacións puntuais, e o levantamento das medidas máis restritivas que aquela orde contiña para o barrio da Milagrosa. O mantemento das medidas limitativas



de dereitos fundamentais foi obxecto de ratificación xudicial polo Auto 80/2020, do 11 de setembro, do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 1 de Lugo.

Na posterior Orde do 16 de setembro de 2020 dispúxose o mantemento no concello de Lugo das medidas previstas para todo o ámbito territorial do dito concello na Orde do 28 de agosto de 2020, na súa redacción vixente, é dicir, tendo en conta as modificacións introducidas polas ordes do 2 e do 9 de setembro de 2020. As medidas restritivas de dereitos fundamentais foron ratificadas polo Auto 64/2020, do 18 de setembro, do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 2 de Lugo.

Mediante a Orde do 23 de setembro de 2020 acordouse o mantemento, no concello de Lugo, das medidas previstas para todo o ámbito territorial dese concello na Orde do 28 de agosto de 2020, na súa redacción vixente, tendo en conta as modificacións introducidas polas ordes do 2 e do 9 de setembro de 2020. As medidas restritivas de dereitos fundamentais foron obxecto de ratificación xudicial polo Auto 87/2020, do 25 de setembro, da Sala do Contencioso-Administrativo (Sección 3ª) do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

En virtude da posterior Orde do 30 de setembro de 2020 acordouse o mantemento, no concello de Lugo, das mesmas medidas. As medidas restritivas de dereitos fundamentais foron obxecto de ratificación xudicial polo Auto 93/2020, do 2 de outubro, da Sala do Contencioso-Administrativo (Sección 3ª) do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

E, finalmente, pola Orde do 7 de outubro de 2020 dispúxose o mantemento das medidas sanitarias acordadas respecto do concello de Lugo, nos mesmos termos en que se viñan aplicando. As medidas restritivas de dereitos fundamentais foron obxecto de ratificación xudicial polo Auto 104/2020, do 9 de outubro, da Sala do Contencioso-Administrativo (Sección 3ª) do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Conforme o punto segundo da dita orde, as medidas debían seguir sendo obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria e proceder, segundo o caso, ao seu mantemento, modificación ou a deixalas sen efecto.

En cumprimento do disposto no punto segundo da Orde do 7 de outubro de 2020, procedeuse ao seguimento e á avaliación das medidas. Neste sentido, no Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 14 de outubro de 2020, indícase que a taxa de incidencia



global dos últimos 14 días na comarca foi de 1,1 veces o valor acadado para o conxunto de Galicia. A incidencia acumulada a 3 e a 7 días presenta unha tendencia ascendente con respecto ao informe anterior, ao igual que a media da taxa acumulada a 14 días. Destaca o concello de Lugo, onde as taxas acumuladas a 3, 7 e 14 días de Lugo amosan valores superiores ás do total da comarca e ás do total de Galicia. Así mesmo, Lugo ten casos confirmados declarados todos os días nos últimos 14 días. Por outro lado, o número reprodutivo instantáneo aumentou en relación co informe anterior, estando por enriba do limiar de 1. Este brote segue a ter algunha característica de alto risco, como é a incidencia acumulada nos últimos 3 días, que aumentou con respecto ao informe anterior. Ademais, ten características de risco medio en canto á porcentaxe de PCR positivas entre os contactos estreitos dun caso confirmado e a porcentaxe de probas PCR positivas na área e período de investigación do brote. Polo tanto, o informe recomenda continuar coas medidas xa establecidas para o concello de Lugo.

Unha vez atendido o indicado no dito informe, e logo de escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria impón, como consecuencia, o mantemento, no concello de Lugo, das medidas previstas para todo o ámbito territorial dese concello na Orde do 28 de agosto de 2020, na súa redacción vixente, é dicir, tendo en conta as modificacións introducidas polas ordes do 2 e do 9 de setembro de 2020.

Polo demais, as medidas deben seguir sendo obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación desta orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria e proceder, segundo o caso, ao seu mantemento, modificación ou a deixalas sen efecto.

En atención ao exposto, en aplicación do punto segundo da Orde do 7 de outubro de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Lugo, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. *Medidas de prevención no concello de Lugo*

Unha vez atendida a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria no concello de Lugo, mantense no dito concello a eficacia das medidas de prevención previstas na Orde



do 28 de agosto de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Lugo, na súa redacción vixente.

Segundo. Eficacia, seguimento e avaliación

Esta orde terá efectos desde as 00.00 horas do 15 de outubro de 2020.

As medidas cuxa eficacia se mantén serán obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da presente orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria no concello de Lugo.

Para estes efectos, poderán ser obxecto de mantemento, de modificación ou poderán deixarse sen efecto por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2020

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade



I. DISPOSICIÓNS XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 14 de outubro de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nas comarcas de Allariz-Maceda, O Carballiño, Ourense, O Ribeiro, Terra de Celanova, Valdeorras e Verín, na provincia de Ourense.

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto do acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos poderán ser obxecto de modificación ou supresión, mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade.

Así mesmo, indícase no devandito punto sexto, na redacción vixente, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de acordo coa normativa aplicable e en vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou en parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e que modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación das medidas concretas contidas no anexo.

En aplicación do previsto no punto sexto citado, adoptáronse inicialmente na provincia de Ourense medidas de prevención específicas nos concellos de Ourense, Verín e



O Barco de Valdeorras, e foron ratificadas xudicialmente as medidas limitativas de dereitos fundamentais.

Non obstante, a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na provincia de Ourense puxo de manifesto a necesidade, por unha banda, de adoptar medidas máis restritivas en determinados aspectos nos concellos das comarcas de Ourense, Verín e Valdeorras, nos cales xa se estaban aplicando medidas específicas (é dicir, Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras) e, por outra banda, de acordar medidas específicas para todos os concellos desas comarcas, así como das comarcas do Carballiño, do Ribeiro e Allariz-Maceda. Así, en vista dos informes da Dirección Xeral de Saúde Pública do 7 de outubro de 2020 sobre estas comarcas e logo de escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, ditouse a Orde do 7 de outubro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nas comarcas de Allariz-Maceda, O Carballiño, Ourense, O Ribeiro, Valdeorras e Verín, na provincia de Ourense.

O fundamento normativo destas medidas, tal como se indicou na orde, atópase na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 e 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Conforme o punto quinto da orde, as medidas tiveron efectos desde as 00.00 horas do 8 de outubro de 2020, debían ser obxecto de seguimento e avaliación continua, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria, e proceder, segundo o caso, ao seu mantemento, modificación ou a deixalas sen efecto.

Ademais, as medidas limitativas de dereitos fundamentais foron ratificadas polo Auto 105/2020, do 9 de outubro, da Sala do Contencioso-Administrativo (Sección 3ª) do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Posteriormente, sobre a base do indicado no informe da Dirección Xeral de Saúde Pública do 9 de outubro de 2020 sobre a comarca do Carballiño, e logo de escoitar as recomendacións do Subcomité Clínico reunido para estes efectos, a evolución da situación epidemiolóxica no concello do Carballiño puxo de manifesto a necesidade de aplicar as restricións específicas contidas no anexo II da Orde do 7 de outubro de 2020 citada, previstas inicialmente só para os concellos de Ourense e Barbadás, tamén ao concello do Car-



balliño. En consecuencia, mediante a Orde do 9 de outubro de 2020 dispúxose a aplicación de tales restricións específicas ao concello do Carballiño, concello en que se seguirían aplicando as restantes medidas previstas na Orde do 7 de outubro de 2020, igual ca no resto dos concellos das comarcas incluídas no seu ámbito de aplicación, ata que se procedese, conforme o indicado no punto quinto da devandita orde, ao seguimento e á avaliación destas medidas. En coherencia con isto, no punto segundo da Orde do 9 de outubro de 2020 introducíronse as modificacións necesarias da Orde do 7 de outubro de 2020 e, no punto terceiro, da Orde do 9 de outubro de 2020 preveuse que as restricións específicas que se aplicarían no concello do Carballiño terían efecto desde as 00.00 horas do 10 de outubro de 2020 e que tales restricións, así como as restantes medidas aplicables ao devandito concello, en virtude da Orde do 7 de outubro de 2020, serían obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a cinco días naturais desde a publicación da orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

II

En cumprimento do disposto no punto quinto da Orde do 7 de outubro de 2020 e do punto terceiro da Orde do 9 de outubro de 2020, procedeuse ao seguimento e á avaliación das medidas. Con tal fin a Dirección Xeral de Saúde Pública emitiu, o 14 de outubro de 2020, informes sobre a situación epidemiolóxica e sanitaria en distintas comarcas da provincia de Ourense.

Así, no informe relativo á comarca de Allariz-Maceda indícase que o valor da taxa acumulada a 14 días para o total da comarca foi superior ao valor acadado para o conxunto de Galicia. As taxas acumuladas a 3 e 7 días parecen descender nos últimos 3 días, pero este descenso non se considera moi significativo dado que afecta días festivos e fai necesario esperar para ver se este descenso se vai consolidando. O número reprodutivo instantáneo tamén descende por debaixo de 1 nos últimos días pero tamén é necesario esperar para verificar a consolidación deste descenso. Ademais, posto que a maioría dos concellos da comarca teñen unha situación demográfica de elevado envellecemento e tendo en conta a súa proximidade ao concello e á comarca de Ourense, agárdase que poida aumentar non só a incidencia, senón tamén o risco para os colectivos de máis idade. Ante esta situación, no informe recoméndase o mantemento das medidas previstas na Orde do 7 de outubro de 2020 para esta comarca.

No informe sobre a comarca de Ourense se indica que a incidencia na comarca de Ourense segue a aumentar desde o inicio do brote, esta incidencia sitúase nos últimos 14 días



por riba do informe anterior, ademais de estar máis de 3 veces por riba da global de Galicia. Ademais, o concello de Ourense presenta unha incidencia 5 veces superior á de Galicia. O concello de Barbadás tamén presenta unha taxa elevada. Todos os indicadores de seguimento do brote indican que este segue sen estar baixo control, xa que tanto o aumento da incidencia como a porcentaxe de positividade entre as probas realizadas fai pensar que, malia un lixeiro descenso no número de casos, as medidas aplicadas aínda non tiveron o tempo suficiente para frear a transmisión da enfermidade. Pese ao lixeiro descenso na incidencia a 3 e 7 días, este non se produciu de forma uniforme. Ademais, a incidencia a 14 días, máis estable, continúa en ascenso na comarca. Esta situación, xunto cos indicadores do brote en alto risco (incidencia a 3 días, porcentaxe de casos previamente en coarentena, porcentaxe de probas PCR positivas entre contactos, hospitalizacións) fan pensar que a situación nesta comarca non está baixo control. Do mesmo xeito, os concellos máis afectados da comarca, Ourense e Barbadás, continúan a presentar casos de forma diaria na última semana e ambos manteñen incidencias a 14 días elevadas.

Ante esta situación, no informe recoméndase manter, nos concellos de Ourense e de Barbadás, as medidas implantadas o pasado 7 de outubro, así como a consistente na limitación dos grupos para o desenvolvemento de calquera actividade ou evento de carácter familiar ou social na vía pública, espazos de uso público ou espazos privados aos constituídos só por persoas conviventes, coas excepcións que se veñen aplicando ata agora. Ademais, co fin de controlar a posible irradiación de casos a outros concellos da comarca, propónse manter a medida adicional de restrición da mobilidade perimetral para estes dous concellos, agás que sexa por razóns excepcionais e xustificadas.

Doutra banda, e dada a situación epidemiolóxica de risco alto existente na dita comarca e a interrelación entre os distintos concellos que a integran, recoméndase manter as restricións que se están a aplicar para o resto de concellos da comarca.

No informe sobre a comarca do Carballiño indícase que nesta comarca se observa unha incidencia acumulada a 7 días e a media da taxa acumulada a 14 días en ascenso. O valor da taxa acumulada a 14 días para o total da comarca foi 5,8 veces o valor acadado para o conxunto de Galicia. Dentro da comarca destacan os concellos do Carballiño, centro neuráxico da comarca; Boborás e O Irixo, que amosan taxas a 3, 7 e 14 días moi superiores ás observadas no conxunto de Galicia para eses tres momentos temporais. Os indicadores de seguimento do brote indican que non está baixo control e pódese ver como a gran maioría dos indicadores de niveis de risco se atopan en niveis de risco elevado para o conxunto da comarca.



Ante esta situación, no informe recoméndase, para o concello do Carballiño, o mantemento das restricións xa implementadas o pasado 9 de outubro. E, dada a irradiación da situación epidemiolóxica desfavorable a dous concellos limítrofes (Boborás e O Irixo), nos cales os datos empeoran, recoméndase aplicar as mesmas restricións implantadas no concello do Carballiño tamén nos concellos de Boborás e O Irixo. Ademais, recoméndase o establecemento dunha medida adicional, co fin de controlar a irradiación de casos que xa se está a detectar a outros concellos da comarca, consistente no establecemento dunha restrición de mobilidade perimetral para estes tres concellos, agás por causas excepcionais e xustificadas.

Xunto co anterior, unha vez atendida a situación epidemiolóxica de risco alto existente para a comarca, o informe recomenda o mantemento, nos restantes concellos da comarca (Beariz, Maside, Piñor, Punxín, San Amaro e San Cristovo de Cea) das restricións específicas que se veñen aplicando neses concellos en virtude da Orde do 7 de outubro de 2020, así como o mantemento, en todos os concellos da comarca, da medida consistente na limitación dos grupos para o desenvolvemento de calquera actividade ou evento de carácter familiar ou social na vía pública, espazos de uso público ou espazos privados aos constituídos só por persoas conviventes.

No informe sobre a comarca do Ribeiro indícase que o valor da taxa acumulada a 14 días para o total da comarca foi máis de dúas veces o valor acadado para o conxunto de Galicia. Dentro da comarca destaca Ribadavia polo número de casos nos últimos 14 días e pola taxa acumulada a 14 días. Tamén Avión e Leiro pola taxa acumulada nos últimos 14 días. Destacan, ademais, as taxas do grupo de 10 a 29 anos, tanto en homes coma en mulleres, e do grupo de 40 a 44 anos, especialmente en mulleres. Engade o informe que, malia o descenso no número reprodutivo e na porcentaxe de positividade das probas PCR, é preciso continuar vixiando este descenso para comprobar a súa consolidación, ademais de que as taxas de incidencia continúan a ser elevadas, así como algúns dos indicadores. Ante esta situación, no informe recoméndase o mantemento das medidas previstas na Orde do 7 de outubro de 2020 para esta comarca.

O informe sobre a comarca de Valdeorras sinala que o valor da taxa acumulada a 14 días para o total da comarca de Valdeorras foi tres veces superior á taxa global para Galicia; destaca o concello do Barco de Valdeorras, no cal están activos varios abrochos na actualidade, o que contribúe a aumentar a incidencia e o risco de transmisión. Ademais do concello do Barco de Valdeorras, tamén se observou un incremento de casos e, polo tanto tamén da incidencia, nos concellos da Rúa e Vilamartín de Valdeorras, o que pode significar unha irradiación de casos desde o concello do Barco de Valdeorras cara ao resto



da comarca. Este brote, engade o informe, segue a ter características de alto risco, pola incidencia a 3 días, especialmente no concello do Barco de Valdeorras, ademais dunha alta porcentaxe de probas PCR positivas. Ademais, toda a comarca presenta unha demografía claramente envellecida. En consecuencia, no informe recoméndase o mantemento das medidas previstas na Orde do 7 de outubro de 2020 para esta comarca.

No informe sobre a comarca de Verín indíca que o valor da taxa acumulada a 14 días para o total da comarca foi 4,4 veces o valor acadado para o conxunto de Galicia. Dentro da comarca destaca Verín, por presentar casos todos os días e cunha taxa a 14 días superior á da semana anterior. Este aumento no concello de Verín tamén repercute no resto de concellos da comarca, como Cualedro, Vilardevós ou Oímbra, con taxas tamén en aumento. Os indicadores da comarca non son bos, a incidencia a 3 días segue sendo elevada e a porcentaxe de probas positivas entre os contactos continúa estando en risco alto, igual ca o número de casos que requiren hospitalización. Por outro lado, a estimación puntual do número reprodutivo instantáneo amosa un valor por riba de 1, o que indica que existe unha transmisión que pode ser relevante. O envellecemento desta comarca, ademais, aumenta o risco de enfermidade grave na súa poboación. Este brote segue a ter características de alto risco.

Ante esta situación, no informe recoméndase, respecto do concello de Verín, aumentar o nivel das restricións estendendo a ese concello as restricións específicas previstas no anexo II da Orde do 7 de outubro de 2020 e, ademais, manter a medida, que xa se está aplicando no concello, de limitación dos grupos para o desenvolvemento de calquera actividade ou evento de carácter familiar ou social na vía pública, espazos de uso público ou espazos privados aos constituídos só por persoas conviventes, coas excepcións que se veñen aplicando ata agora.

E, dada a situación epidemiolóxica e as características demográficas desta comarca, que conta con poboación moi envellecida, e coa finalidade de crear un cinto de seguridade, recoméndase manter as medidas xa establecidas actualmente para o resto de concellos da comarca (Castrelo do Val, Cualedro, Laza, Monterrei, Oímbra, Riós e Vilardevós).

Por último, no informe sobre a comarca da Terra de Celanova, indícase que o valor da taxa acumulada a 14 días para o total da comarca foi superior ao valor acadado para o conxunto de Galicia. Dentro da comarca destaca Celanova polo número de casos nos últimos 14 días. Ademais, a incidencia acumulada nos últimos tres días indica que se trata dun brote de alto risco. Xunto co anterior, o número reprodutivo instantáneo está nun punto que indica que a transmisión pode ser elevada. Tamén son preocupantes as elevadas porcen-



taxes de positividade das probas PCR realizadas entre os contactos estreitos dos casos (indicador situado no nivel de risco alto), así como a porcentaxe de positividade das probas PCR realizadas na zona e no período do brote (risco alto). Por maior abastanza, tendo en conta a súa proximidade ao concello e á comarca de Ourense, agárdase que poida aumentar non só a incidencia, senón tamén o risco para os colectivos de máis idade. De todos os xeitos, hai que destacar que está afectada sobre todo a poboación nova, o que, polas características da presentación do COVID-19 nesta poboación, pode facilitar a transmisión. Ante esta situación, no informe recoméndase estender aos concellos da comarca as medidas de prevención relativas á limitación de grupos a un máximo de 10 persoas, salvo no caso de conviventes, e ao peche das actividades de festas, verbenas e outros eventos populares e das atraccións de feiras, así como as medidas de prevención específicas previstas no anexo I da Orde do 7 de outubro de 2020.

Tendo en conta, pois, o indicado nos informes citados e logo de escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, a situación epidemiolóxica e sanitaria na provincia de Ourense impón, en consecuencia, o mantemento das medidas previstas na Orde do 7 de outubro de 2020 antes citada, coas seguintes modificacións:

a) Extensión ao concello de Verín das restricións específicas previstas no anexo II da Orde do 7 de outubro de 2020.

b) Establecemento da limitación de circulación dentro do ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos do Carballiño, O Irixo e Boborás, ademais da aplicación neses ditos concellos (non só, polo tanto, no do Carballiño) das restricións específicas do anexo II da Orde do 7 de outubro de 2020.

c) Extensión aos concellos da comarca da Terra de Celanova das medidas relativas á limitación de grupos a un máximo de 10 persoas, salvo no caso de conviventes, e ao peche das actividades de festas, verbenas e outros eventos populares e das atraccións de feiras, así como das medidas de prevención específicas previstas no anexo I da Orde do 7 de outubro de 2020.

En particular, procede salientar que as limitacións de mobilidade no ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Ourense e Barbadás, por unha banda, e do Carballiño, O Irixo e Boborás, por outra banda, resultan necesarias, como se indicou antes, como medida adicional para controlar a transmisión da enfermidade e conter a irradiación a outros concellos.



Pola súa banda, as medidas tendentes a limitar as agrupacións de persoas para o desenvolvemento de calquera actividade ou evento de carácter familiar ou social na vía pública, espazos de uso público ou espazos privados, agás determinadas excepcións, e as limitacións de festas, verbenas e outros eventos populares e multitudinarios deben adoptarse tendo en conta a natureza destas actividades e os riscos asociados a elas. Por maior abastanza, a medida máis restritiva, aplicable en determinados concellos, consistente en limitar os grupos para o desenvolvemento de calquera actividade ou evento de carácter familiar ou social na vía pública, espazos de uso público ou espazos privados aos constituídos exclusivamente por persoas conviventes ten como finalidade intentar controlar a transmisión aumentando o nivel de restrición dos contactos familiares e sociais, agás os derivados das causas previstas ou outras xustificadas. Debe lembrarse, neste sentido, que o Auto 40/2020, do 30 de abril, do Tribunal Constitucional, no seu fundamento xurídico cuarto, ante a incerteza sobre as formas de contaxio, sobre o impacto real da propagación do virus, así como sobre as consecuencias a medio e longo prazo para a saúde das persoas que se viron afectadas, expresa que as medidas de distanciamento social, confinamento domiciliario e limitación extrema dos contactos e actividades grupais son as únicas que se teñen demostrado eficaces para limitar os efectos dunha pandemia de dimensións descoñecidas ata o momento. En particular, a medida que se recolle para determinados concellos vai dirixida a previr determinadas reunións familiares ou sociais nas cales cabe apreciar un maior risco de transmisión polas circunstancias en que se realizan, por existir unha maior confianza e relaxación das medidas de seguridade, xa que teñen lugar fóra de ambientes profesionais, laborais ou outros protocolizados en que se debe usar máscara e que se rodean doutras garantías que dificultan a transmisión e o contaxio. Esta medida, ademais, resulta menos disruptiva das actividades esenciais, económicas, laborais e profesionais ca outras, como as limitacións á liberdade de circulación ou confinamentos, que se deben reservar para cando resulta preciso un maior nivel de restrición. Procede advertir, ademais, que a medida non é absoluta, senón que se ve matizada por unha serie de importantes excepcións, dado que, ante todo, esta limitación non impedirá a reunión con persoas non conviventes que se produzan por motivos de asistencia e coidado a maiores, dependentes ou persoas con discapacidade, ou por causa de forza maior ou situación de necesidade. Así mesmo, esta limitación non será aplicable no caso de actividades laborais, empresariais, profesionais e administrativas, actividades en centros universitarios, educativos, de formación e ocupacionais, sempre que se adopten as medidas previstas nos correspondentes protocolos de funcionamento. Tampouco resultará de aplicación naquelas actividades previstas nos anexos da orde respecto das cales se prevexa a posibilidade de grupos de persoas que non sexan conviventes.

O fundamento normativo das medidas segue estando constituído pola Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26



da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 e 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Polo demais, as medidas deben seguir sendo obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da presente orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria, e proceder, segundo o caso, ao seu mantemento, modificación ou a deixalas sen efecto.

Na súa virtude, en aplicación do punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente; do punto quinto da Orde do 7 de outubro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nas comarcas de Allariz-Maceda, O Carballiño, Ourense, O Ribeiro, Valdeorras e Verín, na provincia de Ourense, e do punto terceiro da Orde do 9 de outubro de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello do Carballiño, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. *Medidas de prevención específicas nas comarcas de Allariz-Maceda, O Carballiño, Ourense, O Ribeiro, Terra de Celanova, Valdeorras e Verín, na provincia de Ourense*

1. Unha vez atendida a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na provincia de Ourense, mantense, nos concellos da comarca de Allariz-Maceda, O Carballiño, Ourense, O Ribeiro, Valdeorras e Verín, a eficacia das medidas previstas na Orde do 7 de outubro de 2020, pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nas comarcas de Allariz-Maceda, O Carballiño, Ourense, O Ribeiro, Valdeorras e Verín, na provincia de Ourense, coas modificacións previstas no punto segundo desta orde.

2. Así mesmo, serán de aplicación nos concellos da comarca da Terra de Celanova as medidas previstas na Orde do 7 de outubro de 2020, pola que se establecen determinadas



medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nas comarcas de Allariz-Maceda, O Carballiño, Ourense, O Ribeiro, Valdeorras e Verín, na provincia de Ourense, nos termos que resultan das modificacións introducidas na devandita orde polo punto segundo da presente orde.

Segundo. Modificación da Orde do 7 de outubro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nas comarcas de Allariz-Maceda, O Carballiño, Ourense, O Ribeiro, Valdeorras e Verín, na provincia de Ourense

A Orde do 7 de outubro de 2020, pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nas comarcas de Allariz-Maceda, O Carballiño, Ourense, O Ribeiro, Valdeorras e Verín, na provincia de Ourense, queda modificada como segue:

Un. O título da orde pasa a ser: «Orde do 7 de outubro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nas comarcas de Allariz-Maceda, O Carballiño, Ourense, O Ribeiro, Terra de Celanova, Valdeorras e Verín, na provincia de Ourense».

Dous. Engádesse unha alínea g) no punto primeiro coa seguinte redacción:

«g) Comarca da Terra de Celanova, integrada polos concellos de: A Bola, Cartelle, Celanova, Gomesende, A Merca, Padrenda, Pontedeiva, Quintela de Leirado, Ramirás e Vereá».

Tres. O punto segundo queda redactado como segue:

«Segundo. *Restricións á mobilidade e ás agrupacións de persoas para a protección da saúde das persoas ante a existencia dun risco de carácter transmisible*

1. En vista da evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria e coa finalidade de controlar a transmisión da enfermidade, adóptanse as seguintes medidas de prevención de modo temporal, durante o período ao cal se estenda a eficacia das medidas previstas na presente orde de acordo co seu punto quinto:

a) Limitase a entrada e a saída de persoas do ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Ourense e de Barbadás e do ámbito territorial delimitado de forma



conxunta polos concellos do Carballiño, O Irixo e Boborás, agás para aqueles desprazamentos, adecuadamente xustificados, que se produzan por algún dos seguintes motivos:

- 1º. Asistencia a centros, servizos e establecementos sanitarios.
- 2º. Cumprimento de obrigas laborais, profesionais, empresariais ou legais.
- 3º. Asistencia a centros universitarios, docentes e educativos, incluídas as escolas de educación infantil.
- 4º. Retorno ao lugar de residencia habitual.
- 5º. Asistencia e coidado a maiores, menores, dependentes, persoas con discapacidade ou persoas especialmente vulnerables.
- 6º. Desprazamento a entidades financeiras e de seguros que non poidan aprazarse.
- 7º. Actuacións requiridas ou urxentes ante os órganos públicos, xudiciais ou notariais.
- 8º. Renovacións de permisos e documentación oficial, así como outros trámites administrativos inaprazables.
- 9º. Realización de exames ou probas oficiais inaprazables.
- 10º. Por causa de forza maior ou situación de necesidade.
- 11º. Calquera outra actividade de análoga natureza, debidamente acreditada.

A circulación polas estradas e vías que transcorran ou atravesen os ámbitos territoriais delimitados será posible sempre e cando teña a súa orixe e destino fóra deles.

A circulación de persoas dentro dos ámbitos territoriais delimitados será posible respectando sempre as medidas de prevención e as recomendacións específicas previstas nesta orde, ben que se recomenda evitar todo movemento ou desprazamento innecesario.

b) Limitáanse os grupos para o desenvolvemento de calquera actividade ou evento de carácter familiar ou social na vía pública, espazos de uso público ou espazos privados, nos seguintes termos:

- 1º. Nos concellos de Ourense, Barbadás, Verín, O Barco de Valdeorras e en todos os concellos da comarca do Carballiño os grupos quedan limitados aos constituídos exclusivamente por persoas conviventes.



Esta limitación non impedirá a reunión con persoas non conviventes que se produzan por motivos de asistencia e coidado a maiores, dependentes ou persoas con discapacidade, ou por causa de forza maior ou situación de necesidade.

Así mesmo, esta limitación non será aplicable no caso de actividades laborais, empresariais, profesionais e administrativas, actividades en centros universitarios, educativos, de formación e ocupacionais, sempre que se adopten as medidas previstas nos correspondentes protocolos de funcionamento. Tampouco resultará de aplicación naquelas actividades previstas nos anexos respecto das cales se prevexa a posibilidade de grupos de persoas que non sexan conviventes.

2º. Nos restantes concellos incluídos dentro do ámbito territorial previsto no punto primeiro desta orde, os grupos quedan limitados a un máximo de dez persoas, excepto no caso de persoas conviventes, en que non se aplicará esta limitación. Tampouco será aplicable esta limitación no caso de actividades laborais, empresariais, profesionais e administrativas, actividades en centros universitarios, educativos, de formación e ocupacionais, sempre que se adopten as medidas previstas nos correspondentes protocolos de funcionamento.

2. O incumprimento das medidas de prevención establecidas neste punto poderá dar lugar á imposición de sancións e a outras responsabilidades previstas no ordenamento xurídico.

3. En particular, para os efectos da execución e control destas medidas de prevención, no marco da situación de emerxencia sanitaria declarada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020, solicitarase a colaboración das forzas e corpos de seguridade.

4. Solicitarase a ratificación xudicial das medidas previstas neste punto, de acordo co disposto na redacción vixente do número 8 do artigo 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa».

Catro. O punto terceiro queda coa seguinte redacción:

«Terceiro. *Outras medidas aplicables no ámbito territorial recollido no punto primeiro*

1. No ámbito territorial previsto no punto primeiro recoméndaselles ás persoas maiores de 75 anos, ás persoas vulnerables ao COVID-19 e a aquelas que presenten algún tipo de



enfermidade ou dificultade respiratoria que se poida ver agravada polo uso da máscara, ou que presenten algunha alteración que faga inviable a súa utilización, que eviten na súa actividade diaria as saídas nas horas de previsible afluencia ou concentración de persoas na vía pública e en espazos ou establecementos abertos ao público, co fin de reducir os riscos derivados da coincidencia con outras persoas.

2. Acórdase, no ámbito territorial incluído no punto primeiro, o peche das actividades de festas, verbenas e outros eventos populares, así como das atraccións de feiras, durante o período a que se estenda a eficacia das medidas previstas na presente orde, de acordo co seu punto quinto.

3. Así mesmo, serán de aplicación, nos concellos de Ourense, Barbadás, O Carballiño, O Irixo, Boborás e Verín, as medidas de prevención específicas recollidas no anexo II e, no restante ámbito territorial previsto no punto primeiro, as medidas de prevención específicas recollidas no anexo I.

4. En todo o non previsto nesta orde, e no que sexa compatible con ela, serán de aplicación, en todo o ámbito territorial previsto no punto primeiro, as medidas que, con carácter xeral, se establecen no Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente».

Cinco. O título do anexo I pasa a ser: «Medidas de prevención específicas aplicables nos concellos das comarcas de Allariz-Maceda, O Carballiño, Ourense, O Ribeiro, Terra de Celanova, Valdeorras e Verín, a excepción dos concellos de Ourense, Barbadás, O Carballiño, O Irixo, Boborás e Verín».

Seis. O título do anexo II pasa a ser: «Medidas de prevención específicas nos concellos de Ourense, Barbadás, O Carballiño, O Irixo, Boborás e Verín».

Terceiro. *Eficacia, seguimento e avaliación*

1. Esta orde terá efectos desde as 00.00 horas do 15 de outubro de 2020. Non obstante, as medidas recollidas nela serán obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da presente orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.



Para estes efectos, poderán ser obxecto de mantemento, de modificación ou poderán deixarse sen efecto por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

2. No caso das celebracións e eventos en establecementos de restauración para os días 15 ao 18 de outubro que xa estivesen concertados con carácter previo ao día 14 de outubro, non serán aplicables as limitacións derivadas dos cambios introducidos pola presente orde na Orde do 7 de outubro de 2020, sempre que tales limitacións non estivesen sendo xa aplicables con anterioridade, ben que deberán ser comunicados polos titulares dos establecementos á Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade, para que se poidan adoptar as medidas ou efectuar as recomendacións pertinentes.

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2020

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade



I. DISPOSICIÓNS XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 14 outubro de 2020 pola que se establece unha medida de prevención específica como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

I

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto do dito acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderán ser obxecto de modificación ou supresión, mediante acordo do Consello da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de sanidade.

Así mesmo, indícase no dito punto sexto, na redacción vixente, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de acordo coa normativa aplicable e á vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou en parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación das medidas concretas contidas no anexo.

No informe elaborado pola Dirección Xeral de Saúde Pública, de data 14 de outubro de 2020, indícase que as taxas máis altas en Galicia se obtiveron ao final do mes de agosto,



con taxas acumuladas a 7 días de 70 casos por 100.000 habitantes, e baixaron despois lentamente ata os 50 casos por 100.000 habitantes. Porén, as taxas en Galicia están a aumentar nos últimos días, desde esta taxa de 50 casos por 100.000 habitantes dos primeiros días do mes de outubro ata os 80 casos por 100.000 nunha semana. Isto implica unha subida do 60 % nese período de tempo. Por outra banda, o número reprodutivo instantáneo, que indica o número de casos secundarios que ocorren por cada caso activo, supera o 1 en todas as áreas sanitarias, do que pode deducirse que a transmisión está a aumentar, polo que se espera que a tendencia de casos e taxas vai seguir aumentando.

A porcentaxe de positividade das probas PCR realizadas vai tamén nesta liña. Malia que se incrementou de forma importante o número de tests realizados, está de novo por riba do 6 %, o dobre do estimado como situación desexable.

O total de ingresados en planta é de 221, 16 máis que o día anterior e aumenta tamén o número de ingresados nas UCI.

Tendo en conta a tendencia actual crecente e, en aplicación do principio de precaución e de actuación precoz de cara a poder afrontar os vindeiros meses na mellor situación epidemiolóxica posible (é previsible un aumento da incidencia de casos nos meses vindeiros debido a que a poboación estará máis tempo en ambientes pechados que favorecen a transmisión e a posible coinfección co virus da gripe cuxa tempada epidémica se espera tamén nestes próximos meses), o informe considera necesario tomar medidas tendentes a reducir as interaccións sociais de risco en toda Galicia. Tal e como se constata no estudo dos gromos acontecidos en Galicia e a súa tendencia a que o ámbito en que se xeran é predominantemente no ámbito familiar estendido e no ámbito social e de amizade, o informe considera conveniente establecer para todo o territorio galego restricións respecto ao tamaño dos grupos de calquera actividade ou evento familiar ou social, polo que se establece un máximo de 10 persoas para grupos non conviventes. Non será de aplicación esta limitación no caso de actividades laborais, empresariais, profesionais e administrativas, actividades en centros universitarios, educativos e de formación e ocupacionais, sempre que se adopten as medidas previstas nos seus correspondentes protocolos de funcionamento.

Tendo en conta o indicado no dito informe, e tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia impón, como consecuencia e con carácter urxente, a adopción da medida de prevención específica consistente na limitación a un



máximo de dez persoas dos grupos para o desenvolvemento de calquera actividade ou evento de carácter familiar ou social na vía pública, espazos de uso público ou espazos privados. A dita medida será de aplicación no territorio da Comunidade Autónoma galega. Non obstante, naqueles ámbitos territoriais en que, atendida a concreta evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria existente neles, se adoptasen ou se adopten, por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, medidas máis estritas que as contidas na presente orde respecto das limitacións dos grupos de persoas, observarse o disposto na orde correspondente, durante o período a que se estenda a eficacia desas medidas máis estritas.

Cómpre salientar, respecto da medida que é obxecto de adopción neste orde, que ata este momento, con carácter xeral (e agás naqueles ámbitos territoriais nos cales se adoptaron medidas de prevención específicas relativas ás limitacións de grupos de persoas) na Comunidade Autónoma existe a recomendación sanitaria de limitar os encontros sociais a un máximo de dez persoas, conforme o número 8 do anexo do Acordo do Consello da Xunta do 12 de xuño de 2020, introducido en virtude da modificación operada pola Orde do 15 de agosto de 2020, de acordo co indicado na declaración de actuacións coordinadas en saúde pública para responder ante a situación de especial risco derivada do incremento de casos positivos polo COVID-19, aprobada pola Orde comunicada do ministro de Sanidade, do 14 de agosto de 2020.

Agora ben, ante a evolución desfavorable da pandemia no territorio autonómico resulta necesario adoptar, como medida de prevención de obrigado cumprimento, e non como mera recomendación sanitaria, a relativa á limitación a un máximo de dez persoas dos grupos para o desenvolvemento de calquera actividade ou evento de carácter familiar ou social na vía pública, espazos de uso público ou espazos privados. A dita medida resulta necesaria, idónea e proporcionada para o fin perseguido, que non é outro que controlar e evitar a maior difusión dunha enfermidade altamente contaxiosa e respecto da cal a diferenza entre persoas enfermas e sas resulta difusa, dada a posible asintomatoloxía ou levidade dos síntomas e a existencia dun período durante o cal non hai indicios externos da enfermidade. En efecto, ante a evolución epidemiolóxica e sanitaria desfavorable que se está detectando no conxunto do territorio autonómico, é preciso adoptar, sen demora, restricións ao desenvolvemento daquelas actividades que se detectaron como de maior risco de transmisión e contaxio da enfermidade. En concreto, trátase de evitar aglomeracións ou encontros de carácter familiar ou social por riba dun determinado número de persoas co fin de garantir o mantemento da distancia de seguridade e reducir o risco de contacto físico ou proximidade en condicións favorecedoras do contaxio. Debe recordarse, neste sentido, que o Auto 40/2020, do 30 de abril de 2020, do Tribunal Constitucional, no seu fundamento



xurídico cuarto, ao ponderar a relevancia das especiais circunstancias derivadas da crise sanitaria creada pola pandemia no exercicio do dereito de reunión, salientou como, ante a incerteza sobre as formas de contaxio, sobre o impacto real da propagación do virus, así como sobre as consecuencias a medio e longo prazo para a saúde das persoas que se viron afectadas, as medidas de distanciamento social, confinamento domiciliario e limitación extrema dos contactos e actividades grupais son as únicas que se demostraron eficaces para limitar os efectos dunha pandemia de dimensións descoñecidas ata a data. En particular, a medida de limitación das agrupacións de persoas vai dirixida a previr ou polo menos restrinxir numericamente a participación en reunións familiares ou sociais nas cales cabe apreciar un maior risco de transmisión polas circunstancias en que se realizan, por existir unha maior confianza e relaxación das medidas de seguridade, xa que teñen lugar fóra de ambientes profesionais, laborais ou outros protocolizados en que se debe usar máscara e que se rodean doutras garantías que dificultan a transmisión e contaxio.

Esta medida, ademais, resulta menos disruptiva das actividades esenciais, económicas, laborais e profesionais ca outras, como as limitacións á liberdade de circulación ou confinamentos, que deben reservarse para cando resulta preciso un maior nivel de restrición. Procede advertir, ademais, de que a medida non é absoluta, senón que se ve matizada por unha serie de importantes excepcións, dado que o límite de dez persoas non se aplicará no caso de persoas conviventes, e tampouco será aplicable no caso de actividades laborais, empresariais, profesionais e administrativas, actividades en centros universitarios, educativos, de formación e ocupacionais, sempre que se adopten as medidas previstas nos correspondentes protocolos de funcionamento.

Ademais, a medida debe ser obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria da Comunidade Autónoma e, en todo caso, nun prazo non superior a sete días naturais desde a publicación da presente orde.

II

A medida que se adopta na presente orde ten o seu fundamento normativo na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 e 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.



En particular, cómpre salientar que a Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, prevé, no seu artigo primeiro que, co obxecto de protexer a saúde pública e previr a súa perda ou deterioración, as autoridades sanitarias das distintas administracións públicas poderán, dentro do ámbito das súas competencias, adoptar as medidas previstas na dita lei cando así o exixan razóns sanitarias de urxencia ou necesidade.

O artigo segundo habilita as autoridades sanitarias competentes para adoptaren medidas de recoñecemento, tratamento, hospitalización ou control cando se aprecien indicios racionais que permitan supoñer a existencia de perigo para a saúde da poboación debido á situación sanitaria concreta dunha persoa ou grupo de persoas ou polas condicións sanitarias en que se desenvolve unha actividade. E, para o caso concreto de enfermidades transmisibles, o artigo terceiro dispón que, co fin de controlalas, a autoridade sanitaria, ademais de realizar as accións preventivas xerais, poderá adoptar as medidas oportunas para o control dos enfermos, das persoas que estean ou estivesen en contacto con estes e do contorno inmediato, así como as que se consideren necesarias en caso de risco de carácter transmisible. E o artigo 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, prevé que as autoridades sanitarias poderán levar a cabo intervencións públicas nos supostos de riscos para a saúde de terceiras persoas, nos mesmos termos previstos nos artigos 2 e 3 da Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, antes citados.

Non se recolle, pois, unha lista pechada de medidas de prevención, senón que poderán adoptarse, de acordo cos principios de precaución e de proporcionalidade que deben rexer as actuacións en materia de saúde, as necesarias para facer fronte ao concreto risco sanitario de que se trate.

En todo caso, e en atención a tales principios, a medida será reavaliada nun período non superior a sete días naturais desde a publicación desta orde, en función da evolución da situación epidemiolóxica no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Por outra banda, a medida de prevención que se recolle nesta orde ten un evidente fundamento sanitario, dados os riscos de transmisión dunha enfermidade contaxiosa como a que nos ocupa, e a vixilancia, inspección e control do seu cumprimento corresponden aos concellos, sen prexuízo das competencias da Consellería de Sanidade, tendo en conta a condición de autoridade sanitaria dos alcaldes e alcaldesas (artigo 33.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia), das competencias dos concellos do control sanitario de actividades e servizos que impacten na saúde da súa cidadanía, dos lugares de convivencia humana (artigo 80.3 da lei citada), así como da súa competencia para a ordenación e control do dominio público.



Polo tanto, os alcaldes e alcaldesas, como autoridade sanitaria, deben garantir nas referidas actividades, servizos e lugares de convivencia humana os dereitos e deberes sanitarios da cidadanía (artigo 33.2 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia) e, polo tanto, garantir a vixilancia, inspección e control do cumprimento das medidas preventivas aprobadas pola Administración autonómica e daquelas que, no seu desenvolvemento e atendendo á situación concreta, poida establecer o correspondente concello.

Así mesmo, as forzas e corpos de seguridade teñen un papel fundamental no necesario control do cumprimento das medidas de prevención, papel que veñen desempeñando durante toda esta crise sanitaria, a través da formulación das correspondentes denuncias e remisión ás autoridades competentes, nos casos en que se detecte o seu incumprimento. Debe recordarse a este respecto que o Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, declarou a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e activou o Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19. Tendo en conta a existencia dunha declaración de emerxencia sanitaria, resulta esencial a colaboración das forzas e corpos de seguridade coa finalidade de preservar a seguridade e a convivencia cidadás.

Conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para adoptar as medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica existente, no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, coa urxencia que a protección da saúde pública demanda.

Na súa virtude, en aplicación do punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. *Obxecto e alcance*

1. O obxecto desta orde é establecer unha medida de prevención específica como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.



2. A dita medida será de aplicación no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, de modo temporal, conforme o indicado no punto cuarto desta orde.

Non obstante, naqueles ámbitos territoriais en que, atendida a concreta evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria existente neles, se adoptasen ou se adopten, por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, medidas máis estritas que as contidas na presente orde respecto das agrupacións de persoas, observarase o disposto na orde correspondente durante o período a que se estenda a eficacia desas medidas máis estritas.

3. En todo o non previsto nesta orde, e no que sexa compatible con ela, serán de aplicación as medidas que, con carácter xeral, se establecen no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente.

Non obstante, naqueles ámbitos territoriais nos cales, atendida a concreta evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria existente neles, se adoptasen ou se adopten, por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, medidas máis estritas que as contidas no dito acordo, observarase o disposto na orde correspondente durante o período a que se estenda a eficacia desas medidas máis estritas.

Segundo. Restricións ás agrupacións de persoas para a protección da saúde das persoas ante a existencia dun risco de carácter transmisible

1. Á vista da evolución da situación epidemiolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia e coa finalidade de controlar a transmisión da enfermidade, adóptase, de modo temporal, a medida de limitar os grupos para o desenvolvemento de calquera actividade ou evento de carácter familiar ou social na vía pública, espazos de uso público ou espazos privados a un máximo de dez persoas, excepto no caso de persoas conviventes, en que non se aplicará esta limitación.

Tampouco serán aplicable esta limitación no caso de actividades laborais, empresariais, profesionais e administrativas, actividades en centros universitarios, educativos, de formación e ocupacionais, sempre que se adopten as medidas previstas nos correspondentes protocolos de funcionamento.



2. O incumprimento da medida de prevención establecida neste punto poderá dar lugar á imposición das sancións e a outras responsabilidades previstas no ordenamento xurídico.

3. En particular, para os efectos da execución e control desta medida de prevención, no marco da situación de emerxencia sanitaria declarada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, solicitarase a colaboración das forzas e corpos de seguridade.

4. Solicitarase a ratificación xudicial da medida prevista neste punto, de acordo co previsto na redacción vixente do número 8 do artigo 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Terceiro. *Control do cumprimento da medida e réxime sancionador*

1. A vixilancia, inspección e control do cumprimento da medida de prevención recollida nesta orde, e a garantía dos dereitos e deberes sanitarios da cidadanía, corresponderán aos respectivos concellos dentro das súas competencias e sen prexuízo das competencias da Consellería de Sanidade, tendo en conta a condición de autoridade sanitaria dos alcaldes e alcaldesas de acordo co artigo 33.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, e as competencias dos concellos de control sanitario de actividades e servizos que impacten na saúde da súa cidadanía e dos lugares de convivencia humana, de acordo co artigo 80.3 do mesmo texto legal, así como da súa competencia para a ordenación e control do dominio público.

2. Así mesmo, os órganos de inspección da Administración autonómica, no ámbito das súas competencias, poderán realizar as actividades de inspección e control oportunas para a vixilancia e comprobación do cumprimento da medida de prevención.

3. As forzas e corpos de seguridade darán traslado das denuncias que formulen polo incumprimento da medida de prevención ás autoridades competentes.

Cuarto. *Eficacia*

1. Esta orde terá efectos desde as 00.00 horas do 15 de outubro de 2020. Non obstante, a medida recollida nela será obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da presente orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria da Comunidade Autónoma de Galicia.



Para estes efectos, poderá ser obxecto de mantemento, de modificación ou poderá deixarse sen efecto por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

2. No caso das celebracións e eventos en establecementos de restauración para os días 15 a 18 de outubro que xa estivesen concertados con carácter previo ao día 14 de outubro, non será aplicable a medida de prevención específica prevista nesta orde, sempre que non se estivese aplicando xa a dita medida ou outra máis restritiva con anterioridade, ben que deberán ser comunicados polos titulares dos establecementos á xefatura territorial da Consellería de Sanidade, para que se poidan adoptar as medidas ou efectuar as recomendacións pertinentes.

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2020

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade



I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 7 de outubro de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Lugo.

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto do dito acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada mediante o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta, do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade.

Así mesmo, indícase no dito punto sexto, na redacción vixente, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de acordo coa normativa aplicable, e en vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou en parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e que modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación de medidas concretas contidas no anexo.

En aplicación do previsto no punto sexto citado, unha vez atendida a evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Lugo, sobre a base do indicado



no informe elaborado pola Dirección Xeral de Saúde Pública o 28 de agosto de 2020, e tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, ditouse a Orde do 28 de agosto de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Lugo.

Tal e como se indicou na orde, o fundamento normativo das medidas encóntrase na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 e 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

No que atinxe á eficacia das medidas, no punto sexto da orde indicouse que terían efectos desde as 00.00 horas do 29 de agosto de 2020, que serían obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a cinco días naturais desde a publicación da orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderían ser obxecto de mantemento, de modificación ou poderían deixarse sen efecto por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Ademais, as medidas limitativas de dereitos fundamentais recollidas na orde foron obxecto de ratificación xudicial polo Auto do Xulgado de Instrución número 1 de Lugo do 29 de agosto de 2020.

En cumprimento do disposto no punto sexto da Orde do 28 de agosto de 2020, procedeuse ao seguimento e á avaliación das medidas previstas nela co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria existente no concello de Lugo. En virtude da Orde do 2 de setembro de 2020 acordouse o mantemento das medidas de prevención e das recomendacións existentes no concello de Lugo, con adaptacións puntuais tendentes a precisar o ámbito das restricións ás agrupacións de persoas e a prever o uso de máscaras para a práctica deportiva en ximnasios ou espazos pechados.

O mantemento das medidas limitativas de dereitos fundamentais foi obxecto de ratificación xudicial polo Auto 62/2020, do 4 de setembro, do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 2 de Lugo.

Como consecuencia do seguimento e da avaliación das medidas co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria existente conforme o disposto



no punto cuarto da Orde do 2 de setembro de 2020, mediante a Orde do 9 de setembro de 2020 acordouse o mantemento das medidas previstas para todo o ámbito territorial do concello de Lugo na Orde do 28 de agosto de 2020, con algunhas modificacións puntuais, e o levantamento das medidas máis restritivas que aquela orde contiña para o barrio da Milagrosa.

O mantemento das medidas limitativas de dereitos fundamentais foi obxecto de ratificación xudicial polo Auto 80/2020, do 11 de setembro, do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 1 de Lugo.

En cumprimento do disposto no punto terceiro da Orde do 9 de setembro de 2020, procedeuse ao seguimento e á avaliación das medidas co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria existente na comarca de Lugo. Unha vez atendido o disposto no Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 16 de setembro de 2020, e tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, na Orde do 16 de setembro de 2020 dispúxose o mantemento no concello de Lugo das medidas previstas para todo o ámbito territorial do dito concello na Orde do 28 de agosto de 2020, na súa redacción vixente, é dicir, tendo en conta as modificacións introducidas polas ordes do 2 e do 9 de setembro de 2020. As medidas restritivas de dereitos fundamentais foron ratificadas polo Auto 64/2020, do 18 de setembro, do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 2 de Lugo.

Como consecuencia do seguimento e da avaliación das medidas previstos no punto segundo da Orde do 16 de setembro de 2020, atendido o disposto no Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 23 de setembro de 2020, e tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, mediante a Orde do 23 de setembro de 2020 acordouse o mantemento, no concello de Lugo, das medidas previstas para todo o ámbito territorial dese concello na Orde do 28 de agosto de 2020, na súa redacción vixente, tendo en conta as modificacións introducidas polas ordes do 2 e do 9 de setembro de 2020.

Conforme o punto segundo da orde, as medidas debían seguir sendo obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da citada orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria e proceder, segundo o caso, ao seu mantemento, modificación ou a deixalas sen efecto.

As medidas restritivas de dereitos fundamentais foron obxecto de ratificación xudicial polo Auto 87/2020, do 25 de setembro, da Sala do Contencioso-Administrativo (Sección 3ª) do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.



En cumprimento do disposto no punto segundo da Orde do 23 de setembro de 2020, procedeuse ao seguimento e á avaliación das medidas. Atendido o disposto no Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 30 de setembro de 2020, e tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, mediante a Orde do 30 de setembro de 2020 acordouse o mantemento, no concello de Lugo, das medidas previstas para todo o ámbito territorial dese concello na Orde do 28 de agosto de 2020, na súa redacción vixente.

As medidas restritivas de dereitos fundamentais foron obxecto de ratificación xudicial polo Auto 93/2020, do 2 de outubro, da Sala do Contencioso-Administrativo (Sección 3ª) do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

En cumprimento do disposto no punto segundo da Orde do 30 de setembro de 2020, procedeuse ao seguimento e á avaliación das medidas. Neste sentido, no Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 7 de outubro de 2020, indícase que a taxa de incidencia a 7 e 14 días descendeu ao respecto das dúas semanas anteriores, pero segue a amosar valores superiores aos estimados para o total de Galicia neses mesmos cortes temporais. Destaca o concello de Lugo, que ten casos confirmados declarados todos os días dos últimos 14 días, o que se traduce nunha taxa acumulada a 14 días que é 1,14 veces maior á do total da comarca e 1,41 veces á do total de Galicia. Este gromo segue a ter algunha característica de alto risco, como é a taxa de incidencia nos últimos 3 días que, aínda que esta sería a cuarta semana consecutiva en que a taxa baixa, convén esperar a que esta taxa diminúa máis. Ademais, ten características de risco medio en canto á porcentaxe de PCR positivas entre os contactos estreitos dun caso confirmado e a porcentaxe de probas PCR positivas na área e período de investigación do gromo. Polo exposto, o informe recomenda continuar coas medidas xa establecidas para o concello de Lugo.

Unha vez atendido o indicado no dito informe, e logo de escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria impón, como consecuencia, o mantemento, no concello de Lugo, das medidas previstas para todo o ámbito territorial dese concello na Orde do 28 de agosto de 2020, na súa redacción vixente, é dicir, tendo en conta as modificacións introducidas polas ordes do 2 e do 9 de setembro de 2020.

Polo demais, as medidas deben seguir sendo obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación desta orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria e proceder, segundo o caso, ao seu mantemento, modificación ou a deixalas sen efecto.



En atención ao exposto, en aplicación do punto segundo da Orde do 30 de setembro de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Lugo, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. *Medidas de prevención no concello de Lugo*

Unha vez atendida a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria no concello de Lugo, mantense no dito concello a eficacia das medidas de prevención previstas na Orde do 28 de agosto de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Lugo, na súa redacción vixente.

Segundo. *Eficacia, seguimento e avaliación*

Esta orde terá efectos desde as 00.00 horas do 8 de outubro de 2020.

As medidas cuxa eficacia se mantén serán obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da presente orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria no concello de Lugo.

Para estes efectos, poderán ser obxecto de mantemento, de modificación ou poderán deixarse sen efecto por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Santiago de Compostela, 7 de outubro de 2020

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade



I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 7 de outubro de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na comarca de Santiago.

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto do devandito acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade.

Así mesmo, indícase no dito punto sexto, na redacción vixente, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de acordo coa normativa aplicable e en vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e que modifiquen ou, de xeito puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación de medidas concretas contidas no anexo.

En aplicación do previsto no punto sexto citado, unha vez atendida a evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Santiago de Compostela, sobre a base do indicado no informe elaborado pola Dirección Xeral de Saúde Pública o 2 de setembro de 2020 e logo de escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para



estes efectos, ditouse a Orde do 2 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Santiago de Compostela.

Tal e como se indicou na orde, o fundamento normativo das medidas atópase na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 e 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

No que atinxe á eficacia das medidas, no punto sexto da orde indicouse que tería efectos desde as 00.00 horas do 3 de setembro de 2020 e que serían obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos poderían ser obxecto de mantemento, de modificación ou poderían deixarse sen efecto por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Ademais, as medidas limitativas de dereitos fundamentais foron obxecto de ratificación xudicial mediante o Auto 73/2020, do 4 de setembro, do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 1 de Santiago de Compostela.

En cumprimento do disposto no punto sexto da Orde do 2 de setembro de 2020, procedeuse ao seguimento e á avaliación das medidas previstas nela co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria de Santiago de Compostela. En virtude da Orde do 9 de setembro de 2020 acordouse, sobre a base do sinalado no informe da Dirección Xeral de Saúde Pública da mesma data e tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, o mantemento das medidas de prevención e das recomendacións existentes no concello de Santiago de Compostela, ben que, respecto das terrazas dos establecementos de hostalaría e restauración, se fixou no setenta e cinco por cento a limitación da capacidade e suprimiuse, como medida específica, a relativa ao uso de máscara no caso de actividade física ou deportiva en ximnasios ou espazos pechados, ao ser aplicable, en relación con este último punto, a modificación operada no número 1.3 do anexo do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020 pola Orde do 9 de setembro de 2020.

As medidas limitativas de dereitos fundamentais foron obxecto de ratificación xudicial mediante o Auto 145/2020, do 11 de setembro, do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 2 de Santiago de Compostela.



En cumprimento do disposto no punto terceiro da Orde do 9 de setembro de 2020, procedeuse ao seguimento e á avaliación das medidas co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria existente no concello de Santiago de Compostela. Así, atendido o disposto no informe da Dirección Xeral de Saúde pública, do 16 de setembro de 2020, e logo de escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, mediante a Orde do 16 de setembro de 2020 dispúxose o mantemento, no concello de Santiago de Compostela, das medidas de prevención nos termos previstos na Orde do 2 de setembro de 2020, na súa redacción vixente, é dicir, tendo en conta as modificacións introducidas pola Orde do 9 de setembro de 2020.

As medidas restritivas de dereitos fundamentais foron ratificadas polo Auto número 88/2020, do 17 de setembro, do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 1 de Santiago de Compostela.

En cumprimento do previsto no punto segundo da Orde do 16 de setembro de 2020 procedeuse ao seguimento e á avaliación das medidas. Neste sentido, unha vez atendido o disposto no informe da Dirección Xeral de Saúde Pública do 23 de setembro de 2020 e tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, mediante a Orde do 23 de setembro de 2020 acordouse o mantemento, no concello de Santiago de Compostela, das medidas de prevención nos termos previstos na Orde do 2 de setembro de 2020, na súa redacción vixente, é dicir, tendo en conta as modificacións introducidas pola Orde do 9 de setembro de 2020, así como estender a aplicación das mesmas medidas ao lugar do Milladoiro, parroquia de Santa María de Biduido, no concello de Ames.

Conforme o punto segundo da orde, as medidas debían seguir sendo obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da orde citada, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria e proceder, segundo o caso, ao seu mantemento, modificación ou a deixalas sen efecto.

As medidas limitativas de dereitos fundamentais foron ratificadas xudicialmente polo Auto 86/2020, do 25 de setembro, da Sala do Contencioso-administrativo (Sección 3ª) do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

En cumprimento do previsto no punto segundo da Orde do 23 de setembro de 2020 procedeuse ao seguimento e á avaliación das medidas. Neste sentido, unha vez atendido



o disposto no informe da Dirección Xeral de Saúde Pública do 30 de setembro de 2020 e tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, mediante a Orde do 30 de setembro de 2020 acordouse o mantemento no concello de Santiago de Compostela e no lugar do Milladoiro (parroquia de Santa María de Biduído, no concello de Ames), a eficacia das medidas de prevención previstas na Orde do 2 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Santiago de Compostela, na súa redacción vixente.

As medidas limitativas de dereitos fundamentais foron ratificadas xudicialmente polo Auto 97/2020, do 5 de outubro, da Sala do Contencioso-Administrativo (Sección 3ª) do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

En cumprimento do previsto no punto segundo da Orde do 30 de setembro de 2020, procedeuse ao seguimento e á avaliación das medidas. Neste sentido, no informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 7 de outubro de 2020, indícase que a taxa de incidencia global dos últimos 14 días na comarca de Santiago acadou un valor inferior ao observado dúas semanas antes pero superior á semana inmediatamente anterior. Destacan claramente as taxas acumuladas a 14 días dos concellos de Santiago de Compostela e Ames, ambos os dous cun goteo constante e diario de declaracións de casos. Os dous concellos presentan taxas acumuladas a 3,7 e 14 días superiores ás recollidas para o total de Galicia neses mesmos momentos temporais. Os datos de incidencia observados en Ames e en Santiago de Compostela, xunto co feito de que se manteñen en niveis de risco alto indicadores como a incidencia acumulada a tres días e en risco medio indicadores como a porcentaxe de PCR positivas entre os contactos estreitos dun caso confirmado e a porcentaxe de probas PCR positivas na área e no período de investigación do gromo, determinan que o informe recomende que se continúe coas medidas xa establecidas no concello de Santiago de Compostela e nas zonas máis afectadas do lugar do Milladoiro (parroquia de Santa María de Biduído) dentro do concello de Ames.

Unha vez atendido o indicado no informe e tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na comarca de Santiago impón, como consecuencia, o mantemento, no concello de Santiago de Compostela e no lugar do Milladoiro, parroquia de Santa María de Biduído, no concello de Ames, das medidas de prevención nos termos previstos na Orde do 2 de setembro de 2020, na súa redacción vixente, é dicir, tendo en conta as modificacións introducidas pola Orde do 9 de setembro de 2020.



En atención ao exposto, en aplicación do punto segundo da Orde do 30 de setembro de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na comarca de Santiago, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:**Primeiro. *Medidas de prevención na comarca de Santiago***

Unha vez atendida a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na comarca de Santiago, mantense, no concello de Santiago de Compostela e no lugar do Milladoiro (parroquia de Santa María de Biduído, no concello de Ames), a eficacia das medidas de prevención previstas na Orde do 2 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Santiago de Compostela, na súa redacción vixente.

Segundo. *Eficacia, seguimento e avaliación*

Esta orde terá efectos desde as 00.00 horas do 8 de outubro de 2020.

As medidas cuxa eficacia se mantén serán obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da presente orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

Para estes efectos poderán ser obxecto de mantemento, de modificación ou poderán deixarse sen efecto por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Santiago de Compostela, 7 de outubro de 2020

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade



I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 7 de outubro de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos de Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa, Sanxenxo, Meis e Cambados.

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto do dito acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada mediante o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta, do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de sanidade.

Así mesmo, indícase no dito punto sexto, na redacción vixente, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de acordo coa normativa aplicable e á vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou en parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación de medidas concretas contidas no anexo.

En aplicación do sinalado no punto sexto do acordo, atendido o indicado no informe elaborado pola Dirección Xeral de Saúde Pública do 23 de setembro de 2020 e tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, ditouse a Orde do 23



de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Vilagarcía de Arousa.

Tal e como se indicou na orde, as medidas teñen o seu fundamento normativo na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 e 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

En canto á eficacia das medidas, de acordo co punto quinto da orde as medidas tiveron efectos desde as 00.00 horas do 24 de setembro de 2020, ben que debían ser obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

As medidas limitativas de dereitos fundamentais foron obxecto de ratificación xudicial polo Auto 85/2020, do 25 de setembro, da Sala do Contencioso-Administrativo (Sección 3ª) do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Co mesmo fundamento normativo, tendo en conta o disposto no informe da Dirección Xeral de Saúde Pública do 25 de setembro de 2020 e tras escoitar as recomendacións do Subcomité Clínico reunido para estes efectos, mediante a Orde do 25 de setembro de 2020 establecéronse determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Vilanova de Arousa (medidas que son similares ás previstas na Orde do 23 de setembro de 2020 para o concello de Vilagarcía de Arousa). Conforme o punto quinto da orde, as ditas medidas tiveron efecto desde as 00.00 horas do 26 de setembro de 2020 e debían ser obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, no período máximo de sete días naturais desde a publicación da orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

As medidas limitativas de dereitos fundamentais foron obxecto de ratificación xudicial polo Auto 90/2020, do 30 de setembro, da Sala do Contencioso-Administrativo (Sección 3ª) do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

En cumprimento do disposto no punto quinto da Orde do 23 de setembro de 2020 e da Orde do 25 de setembro de 2020 citadas, procedeuse ao seguimento e á avaliación das



medidas. De acordo co indicado no informe elaborado pola Dirección Xeral de Saúde Pública, do 30 de setembro de 2020, sobre a comarca do Salnés, e tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, mediante a Orde do 30 de setembro de 2020 dispúxose o mantemento, no concello de Vilagarcía de Arousa, das medidas de prevención previstas na Orde do 23 de setembro de 2020 e, no concello de Vilanova de Arousa, das medidas de prevención previstas na Orde do 25 de setembro de 2020, así como a aplicación das mesmas medidas tamén nos concellos de Sanxenxo e Meis.

As medidas limitativas de dereitos fundamentais foron obxecto de ratificación xudicial mediante o Auto 94/2020, do 2 de outubro, da Sala do Contencioso-Administrativo (Sección 3ª) do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

De acordo co informe elaborado pola Dirección Xeral de Saúde Pública sobre a comarca do Salnés, do 2 de outubro de 2020, e tras escoitar as recomendacións do Subcomité Clínico reunido para estes efectos, mediante a Orde do 2 de outubro de 2020 dispúxose a aplicación, no concello de Cambados, das mesmas medidas de prevención específicas que se estaban aplicando nos concellos de Vilagarcía de Arousa, de Vilanova de Arousa, de Sanxenxo e de Meis, contidas na Orde do 23 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Vilagarcía de Arousa, e na Orde do 25 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Vilanova de Arousa. De acordo co punto segundo da orde, as medidas serán reavaliadas nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da orde en función da evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria no concello.

En cumprimento do disposto no punto segundo da Orde do 30 de setembro de 2020 e da Orde do 2 de outubro de 2020 citadas, procedeuse ao seguimento e á avaliación das medidas. Neste sentido, no informe elaborado pola Dirección Xeral de Saúde Pública, do 7 de outubro de 2020, sobre a comarca do Salnés, indícase que as taxas acumuladas da comarca a 3, 7 e 14 días están por debaixo da taxa acumulada a eses mesmos momentos temporais no conxunto de Galicia. Agora ben, o informe destaca a taxa a 14 días de Vilanova de Arousa, a taxa a 14 días de Cambados e a taxa a 14 días de Meis. Pola súa parte, en Vilagarcía de Arousa foron notificados casos todos os días dos últimos sete. Ademais, os indicadores de risco na comarca amosan algúns parámetros de risco alto, como a incidencia acumulada a tres días, e outros de risco medio, como a porcentaxe de PCR positivas entre os contactos estreitos dun caso confirmado, ou como a porcentaxe de probas PCR positivas na área e período de investigación do brote. De acordo co informe, a situación,



malia ter mellorado, precisa de manter as medidas establecidas, co fin de poder asegurar o control da situación epidemiolóxica, polo que recomenda continuar coas restricións viventes actualmente en Vilagarcía de Arousa e Vilanova de Arousa, nos concellos de Meis e Sanxenxo e no concello de Cambados.

De acordo co indicado no informe, e tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, a situación epidemiolóxica e sanitaria na comarca do Salnés impón, en consecuencia, o mantemento, nos concellos de Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa, Sanxenxo, Meis e Cambados, das medidas de prevención previstas na Orde do 23 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Vilagarcía de Arousa, e na Orde do 25 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Vilanova de Arousa.

Polo demais, as medidas deben seguir sendo obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da presente orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria, e proceder, segundo o caso, ao seu mantemento, modificación ou a deixalas sen efecto.

Na súa virtude, en aplicación do punto segundo da Orde do 30 de setembro de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos de Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa, Sanxenxo e Meis, do punto segundo da Orde do 2 de outubro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Cambados, e do punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. *Medidas de prevención nos concellos de Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa, Sanxenxo, Meis e Cambados*

Atendida a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na comarca do Salnés, mantense a eficacia, nos concellos de Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa, Sanxenxo,



Meis e Cambados, das medidas de prevención previstas na Orde do 23 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Vilagarcía de Arousa, e na Orde do 25 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Vilanova de Arousa.

Segundo. *Eficacia, seguimento e avaliación*

Esta orde terá efectos desde as 00.00 horas do 8 de outubro de 2020.

As medidas cuxa eficacia se mantén nos concellos de Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa, Sanxenxo, Meis e Cambados serán obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da presente orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

Para estes efectos, poderán ser obxecto de mantemento, de modificación ou poderán deixarse sen efecto por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Santiago de Compostela, 7 de outubro de 2020

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade



I. DISPOSICIÓN XERAIS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

ORDE do 7 de outubro de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos de Pontevedra, Poio e Marín.

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto do dito acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada mediante o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta, do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade.

Así mesmo, indícase no dito punto sexto, na redacción vixente, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de acordo coa normativa aplicable e en vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou en parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e que modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación de medidas concretas contidas no anexo.

En aplicación do previsto no punto sexto citado, unha vez atendida a evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na comarca de Pontevedra, sobre a base do



indicado no informe elaborado pola Dirección Xeral de Saúde Pública o 9 de setembro de 2020, e logo de escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, ditouse a Orde do 9 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Pontevedra.

Tal e como se indicou na orde, o fundamento normativo das medidas encóntrase na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 e 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

No que atinxe á eficacia das medidas, no punto quinto da orde indicouse que terían efectos desde as 00.00 horas do 10 de setembro de 2020 e que serían obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderían ser obxecto de mantemento, de modificación ou poderían deixarse sen efecto por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

As medidas restritivas de dereitos fundamentais contidas na orde foron obxecto de ratificación xudicial polo Auto número 70/2020, do 11 de setembro, do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 2 de Pontevedra.

Por outra parte, de acordo co Informe elaborado pola Dirección Xeral de Saúde Pública sobre a comarca de Pontevedra, do 11 de setembro de 2020, e tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, tendo en conta a situación dos concellos de Poio e de Vilaboa e a relación destes concellos entre eles e co concello de Pontevedra, ditouse a Orde do 11 de setembro de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos de Poio e Vilaboa, en que se acordou estender a aplicación das medidas de prevención previstas na Orde do 9 de setembro de 2020, antes citada, a estes dous concellos, e engadir, ademais, medidas específicas respecto das praias destes concellos.

Neste caso, no que atinxe á eficacia das medidas, no punto segundo da orde indicouse que terían efectos desde as 00.00 horas do 12 de setembro de 2020 e que serían obxecto de seguimento e avaliación continua, en todo caso, nun período non superior a cinco días



naturais desde a publicación da orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

As medidas restritivas de dereitos fundamentais foron obxecto de ratificación xudicial polo Auto do 12 de setembro de 2020, do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución número 2 de Pontevedra, respecto do concello de Poio, e polo Auto do 13 de setembro de 2020, do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución número 1 de Cangas, respecto do concello de Vilaboa.

En cumprimento do disposto no punto quinto da Orde do 9 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Pontevedra, e no punto segundo da Orde do 11 de setembro de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos de Poio e Vilaboa, procedeuse ao seguimento e á avaliación das medidas co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria existente. Tendo en conta o indicado nos informes da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 16 de setembro de 2020, sobre as comarcas de Pontevedra e do Morrazo, e tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, na Orde do 16 de setembro de 2020 dispúxose, unha vez atendida a situación epidemiolóxica e sanitaria, o mantemento das medidas de prevención nos termos previstos nas ordes do 9 e do 11 de setembro de 2020 nos concellos de Pontevedra, Poio e Vilaboa, e a extensión da aplicación das mesmas medidas ao concello de Marín.

O Xulgado do Contencioso-Administrativo número 1 de Pontevedra, no Auto número 103/2020, do 18 de setembro, pronunciouse sobre a ratificación das medidas restritivas de dereitos fundamentais.

De conformidade co punto segundo da Orde do 16 de setembro de 2020, procedeuse ao seguimento e á avaliación das medidas adoptadas para adecualas á evolución epidemiolóxica. Así, tendo en conta o disposto no Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 23 de setembro de 2020, e logo de escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, mediante a Orde do 23 de setembro de 2020 dispúxose o mantemento, nos concellos de Pontevedra, Poio, Vilaboa e Marín, das medidas de prevención previstas nas ordes do 9 e do 11 de setembro de 2020.



Conforme o punto segundo da orde, as medidas debían continuar sendo obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria, e proceder, segundo o caso, ao seu mantemento, modificación ou a deixalas sen efecto.

Así, tendo en conta o disposto no Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 30 de setembro de 2020, e logo de escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, mediante a Orde do 30 de setembro de 2020 dispúxose o mantemento, nos concellos de Pontevedra, Poio e Marín, das medidas de prevención previstas nas ordes do 9 e do 11 de setembro de 2020, e deixáronse sen efecto estas medidas no concello de Vilaboa.

De conformidade co punto terceiro da Orde do 30 de setembro de 2020, procedeuse ao seguimento e á avaliación das medidas adoptadas para adecualas á evolución epidemiolóxica e sanitaria.

Así, no Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública sobre a comarca de Pontevedra, do 7 de outubro de 2020, indícase que a taxa de incidencia global nos últimos 14 días na comarca de Pontevedra é menor que a observada nas semanas anteriores. Por concellos, o informe destaca as taxas a 14 días en Pontevedra e Poio, que son os concellos que amosan o maior número de casos. No relativo aos indicadores de risco, na comarca de Pontevedra obsérvanse indicadores de alto risco, tales como a incidencia acumulada a tres días e a porcentaxe de PCR positivas entre os contactos estreitos dun caso confirmado na área e período de investigación do gromo; tamén se observa algún indicador de risco medio, como a porcentaxe de probas PCR positivas. Aínda que a situación actual amosa certa estabilidade tras observar unha mellora, a presenza de indicadores de alto e medio risco, o feito de que en Poio se teñan identificado casos nos últimos días, a taxa acumulada a 14 días no concello de Pontevedra (superior á acadada no conxunto de Galicia), xunto a que no dito concello se teñan identificado casos diarios nos últimos 14 días, fan que o informe recomende o mantemento das medidas xa establecidas nos concellos de Pontevedra e Poio.

Pola súa parte, no Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública sobre a comarca do Morrazo, do 7 de outubro de 2020, destaca a taxa rexistrada en Marín, 1,4 veces máis alta que a taxa a 14 días do conxunto de Galicia. Marín amosa taxas a 3, 7 e 14 días superiores ás observadas en Galicia considerando eses mesmos momentos temporais. O número reprodutivo instantáneo indica que a transmisión está activa e podería seguir xerándose



máis de 1 caso a partir de cada un dos xa existentes. Os grupos de idade máis afectados, que son persoas moi novas, poderían favorecer a transmisión da enfermidade dada a alta proporción de infectados sen síntomas ou pauciasintomáticos. No que se refire aos indicadores de risco, obsérvase algún de risco alto, como a porcentaxe de PCR positivas entre os contactos estreitos dun caso confirmado, e indicadores en nivel de risco medio, tales como a porcentaxe de probas PCR positivas na área e período de investigación do gromo. Este gromo segue a ter características de certo nivel de risco, polo que se recomenda manter as medidas restritivas establecidas no concello de Marín.

Tendo en conta o indicado nos ditos informes, e tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria impón, como consecuencia, o mantemento, nos concellos de Pontevedra, Poio e Marín, das medidas de prevención previstas nas ordes do 9 e do 11 de setembro de 2020.

En atención ao exposto, en aplicación do punto segundo da Orde do 30 de setembro de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos de Pontevedra, Poio e Marín, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. *Mantemento de medidas de prevención específicas nos concellos de Pontevedra, Poio e Marín*

Unha vez atendida a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria, mantense, nos concellos de Pontevedra e Poio, a eficacia das medidas previstas na Orde do 9 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Pontevedra, e na Orde do 11 de setembro de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos de Poio e Vilaboa, así como a eficacia das mesmas medidas no concello de Marín.

Segundo. *Eficacia, seguimento e avaliación*

Esta orde terá efectos desde as 00.00 horas do 8 de outubro de 2020.



As medidas cuxa eficacia se mantén nos concellos de Pontevedra, Poio e Marín serán obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da presente orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

Para estes efectos, poderán ser obxecto de mantemento, de modificación ou poderán deixarse sen efecto por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Santiago de Compostela, 7 de outubro de 2020

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade



I. DISPOSICIÓN XERAIS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

ORDE do 7 de outubro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nas comarcas de Allariz-Maceda, O Carballiño, Ourense, O Ribeiro, Valdeorras e Verín, na provincia de Ourense.

I

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto do dito acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderán ser obxecto de modificación ou supresión, mediante acordo do Consello da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de sanidade.

Así mesmo, indícase no dito punto sexto, na redacción vixente, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de acordo coa normativa aplicable e á vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou en parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación das medidas concretas contidas no anexo.

En aplicación do previsto no punto sexto citado, adoptáronse, na provincia de Ourense, medidas de prevención específicas nos concellos de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras.



En concreto, no que atinxe ao concello de Ourense, ditouse a Orde do 2 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Ourense, as cales tiveron efectos desde as 00.00 horas do 3 de setembro de 2020, ben que debían ser obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. As medidas limitativas de dereitos fundamentais recollidas na orde foron obxecto de ratificación xudicial polo Auto 54/2020, do 14 de setembro, do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 2 de Ourense.

Froito do seguimento e da avaliación continua das medidas foron ditadas sucesivas ordes.

Así, en virtude da Orde do 9 de setembro de 2020, acordouse o mantemento das medidas de prevención e das recomendacións existentes no concello de Ourense, con determinadas modificacións puntuais. As medidas limitativas de dereitos fundamentais recollidas na orde foron obxecto de ratificación xudicial polo Auto 55/2020, do 14 de setembro, do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 2 de Ourense.

Posteriormente, a Orde do 16 de setembro de 2020 mantivo, no concello de Ourense, as medidas de prevención nos termos previstos na Orde do 2 de setembro de 2020, na súa redacción vixente, é dicir, tendo en conta as modificacións introducidas pola Orde do 9 de setembro de 2020. As medidas limitativas de dereitos fundamentais foron ratificadas xudicialmente polo Auto 59/2020, do 21 de setembro, do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 1 de Ourense.

Mediante a Orde do 18 de setembro de 2020, adoptáronse medidas de prevención máis restritivas para as rúas Antonio Puga, Doutor Fleming, Jesús Soria e avenida de Portugal, desde o cruzamento coa rúa Ervedelo ao cruzamento coa rúa Irmáns Xesta, da cidade de Ourense. As medidas limitativas de dereitos fundamentais foron ratificadas xudicialmente polo Auto 84/2020, do 23 de setembro, da Sala do Contencioso-Administrativo (Sección 3ª) do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Na posterior Orde do 23 de setembro de 2020 dispúxose o mantemento, no concello de Ourense, das medidas de prevención nos termos previstos na Orde do 2 de setembro de 2020, na súa redacción vixente, é dicir, tendo en conta as modificacións introducidas pola Orde do 9 de setembro de 2020, así como o mantemento das medidas máis restritivas



previstas na Orde do 18 de setembro de 2020 nas zonas da cidade de Ourense en que se estaban a aplicar e a súa extensión a outras zonas do mesmo concello especialmente afectadas. As medidas limitativas de dereitos fundamentais foron ratificadas xudicialmente polo Auto 89/2020, do 25 de setembro, da Sala do Contencioso-Administrativo (Sección 3ª) do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Mediante a Orde do 30 de setembro de 2020 dispúxose o mantemento das medidas máis restritivas contidas na Orde do 18 de setembro de 2020, nas mesmas zonas da cidade de Ourense en que se viñan aplicando. E, no resto do concello, acordouse manter as medidas previstas na Orde do 2 de setembro de 2020, na súa redacción vixente, isto é, coas modificacións introducidas pola Orde do 9 de setembro, agás no relativo ao número máximo de agrupacións de persoas, que se restrinxiu a 5 persoas, atendida a evolución desfavorable da situación. As medidas limitativas de dereitos fundamentais foron ratificadas xudicialmente polo Auto 95/2020, do 2 de outubro, da Sala do Contencioso-Administrativo (Sección 3ª) do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Por último, na Orde do 2 de outubro de 2020 dispúxose o mantemento das medidas previstas nas ordes do 2 e do 18 de setembro citadas, ben que, respecto das limitacións ás agrupacións de persoas, se restrinxiron os grupos exclusivamente aos constituídos polas persoas conviventes para o desenvolvemento de actividades de carácter familiar e social conectadas co maior risco de xeración de abrochos. As medidas limitativas de dereitos fundamentais foron ratificadas xudicialmente polo Auto 100/2020, do 5 de outubro, da Sala do Contencioso-Administrativo (Sección 3ª) do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Conforme o disposto no punto cuarto da orde, as medidas debían ser obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria, e proceder, segundo o caso, ao seu mantemento, modificación ou a deixalas sen efecto.

No que atinxe ao concello de Verín, ditouse a Orde do 18 de setembro de 2020 pola que se estableceron determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Verín, as cales tiveron efecto desde as 00.00 horas do 19 de setembro de 2020, e debían ser obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. As medidas limitativas de dereitos fundamentais foron obxecto de ratificación xudicial mediante o Auto 83/2020, do 23 de setembro, da Sala do Contencioso-Administrativo (Sección 3ª) do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.



Froito do seguimento e da avaliación continua das medidas, acordouse o seu mantemento, primeiro na Orde do 25 de setembro de 2020 (foron ratificadas xudicialmente as medidas polo Auto 91/2020, do 30 de setembro, da Sala do Contencioso-Administrativo (Sección 3ª) do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia) e posteriormente pola Orde do 2 de outubro de 2020. Conforme o punto segundo desta última orde, as medidas debían ser obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria no concello.

E no que respecta ao concello do Barco de Valdeorras, ditouse a Orde do 30 de setembro do 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello do Barco de Valdeorras. As medidas limitativas de dereitos fundamentais foron ratificadas xudicialmente polo Auto 96/2020, do 5 de outubro, da Sala do Contencioso-Administrativo (Sección 3ª) do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Conforme o disposto no punto quinto da orde, as medidas debían ser obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria, e proceder, segundo o caso, ao seu mantemento, modificación ou a deixalas sen efecto.

II

A evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na provincia de Ourense puxo de manifesto a necesidade, por unha banda, de adoptar medidas máis restritivas en determinados aspectos nos concellos das comarcas de Ourense, Verín e Valdeorras nos cales xa se están aplicando medidas específicas (Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras) e, por outra banda, de acordar medidas específicas para todos os concellos das ditas comarcas, así como das comarcas do Carballiño, do Ribeiro e Allariz-Maceda.

Así, en primeiro lugar, en relación coa comarca de Ourense, no informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 7 de outubro de 2020, sobre a situación na dita comarca, indícase que a incidencia nela segue a aumentar desde o inicio do gromo, ao se situar nos últimos 14 días en 100 puntos porcentuais por riba do informe anterior, ademais de estar máis de 3 veces por riba da global de Galicia. En especial, o concello de Ourense presenta unha incidencia 5 veces superior á de Galicia e o concello de Barbadás tamén presenta unha taxa elevada. Outros concellos da comarca tamén presentan taxas elevadas que foron aumentando ao longo do brote. Todos os indicadores de seguimento do gromo indican que non está baixo control, senón todo o contrario, xa que, atendidos o aumento da incidencia e



o número de brotes entre familiares e amigos que se están a dar no concello de Ourense e na comarca, semella que, polo de agora, non se está freando a transmisión. O aumento da incidencia, tanto a 3, 7 e 14 días na comarca, e a situación dos indicadores, todos en alto risco (incidencia a 3 días, porcentaxe de casos previamente en corentena, porcentaxe de probas PCR positivas entre contactos e hospitalizacións), fan pensar que a situación nesta comarca non está baixo control. Por outra banda, obsérvase o que parece unha irradiación de casos desde o concello de Ourense aos concellos veciños, especialmente ao de Barbadás, e tamén a concellos doutras comarcas.

Ante esta situación, no informe recoméndase estender as restricións que actualmente se están aplicando en determinadas rúas da cidade de Ourense, contidas ata o momento na Orde do 18 de setembro de 2020 antes citada, a todo o concello de Ourense e ao concello limítrofe de Barbadás. Ademais, recoméndase a adopción dunha medida adicional, co fin de controlar a irradiación de casos a outros concellos da comarca, consistente na restrición da mobilidade no ámbito territorial delimitado de forma conxunta por ambos os concellos, agás por causas excepcionais e xustificadas. Xunto a iso, tendo en conta a situación epidemiolóxica de risco alto en toda a comarca de Ourense, o informe recomenda a adopción de medidas de prevención específicas, aínda que menos restritivas que as previstas para os concellos de Ourense e de Barbadás, nos demais concellos da comarca (Amoeiro, Coles, Esgos, Nogueira de Ramuín, O Pereiro de Aguiar, A Peroxa, San Cibrao das Viñas, Taboadela, Toén e Vilamarín), consistentes fundamentalmente en limitacións de agrupacións de persoas, peche de festas, verbenas e outros eventos populares, así como das atraccións de feiras, e limitacións de capacidade.

No que atinxe, en segundo lugar, á comarca de Verín, no informe da Dirección Xeral de Saúde Pública do 7 de outubro de 2020 sobre a situación na dita comarca indícase que o valor da taxa acumulada a 14 días para o total da comarca é de 2,15 veces o valor acadado para o conxunto de Galicia. Dentro da comarca destaca o concello de Verín, tanto polo número de casos como pola taxa a 14 días. Este aumento no concello de Verín tamén repercute no resto de concellos da comarca, como Cualedro, Monterrei ou Oímbra, con taxas tamén elevadas. Os indicadores da comarca non son bos, a incidencia a 3 días segue en aumento, a porcentaxe de probas positivas en corentena está en risco alto, ao igual que a porcentaxe de probas positivas entre os contactos e o número de casos que requiren hospitalización. O envellecemento desta comarca, ademais, aumenta o risco de enfermidade grave na súa poboación.



Ante esta situación, respecto do concello de Verín, dada a taxa observada neste concello, o número de ingresados e as características do brote, todo isto xunto coa circunstancia de ter unha poboación moi envellecida, no informe recoméndase o mantemento das medidas que actualmente se están aplicando no dito concello (ata o de agora recollidas na Orde do 18 de setembro de 2020 antes citada) e, como medida adicional para intentar controlar a transmisión, recoméndase neste concello aumentar o nivel de restrición dos contactos familiares e sociais, tendo en conta os maiores riscos de transmisión que tales contactos comportan, de xeito que os grupos para o desenvolvemento de calquera actividade ou evento de carácter familiar ou social na vía pública, espazos de uso público ou espazos privados se limiten aos constituídos só por persoas conviventes. Esta limitación non impedirá a reunión con persoas non conviventes que se produzan por motivos de asistencia e coidado a maiores, dependentes ou persoas con discapacidade, ou por causa de forza maior ou situación de necesidade. Así mesmo, esta limitación non será aplicable no caso de actividades laborais, empresariais, profesionais e administrativas, actividades en centros universitarios, educativos, de formación e ocupacionais, sempre que se adopten as medidas previstas nos correspondentes protocolos de funcionamento. Tampouco resultará de aplicación noutras concretas actividades respecto das cales, polo contexto ou circunstancias en que se desenvolven, o risco de transmisión, aínda que os grupos sexan de non conviventes, resulta atenuado.

Ademais, no mesmo informe recoméndase que, dada a situación epidemiolóxica da comarca de Verín e as súas características demográficas, se estendan as medidas que actualmente se están a aplicar no concello de Verín (isto é, as recollidas ata agora na Orde do 18 de decembro de 2020 citada) ao resto dos concellos da comarca (Castrelo do Val, Cualedro, Laza, Monterrei, Oímbra, Riós e Vilardevós).

No que atinxe á comarca de Valdeorras, no informe da Dirección Xeral de Saúde Pública do 7 de outubro de 2020 sobre a situación na dita comarca indícase que o valor da taxa acumulada a 14 días para o total da comarca é elevado, e destaca especialmente o concello do Barco de Valdeorras, cunha incidencia case 6 veces superior á do conxunto de Galicia, co risco engadido de ser a poboación desta área unha poboación moi envellecida. No concello do Barco de Valdeorras están activos varios abrochos na actualidade, o que contribúe a aumentar a incidencia e o risco de transmisión. Ademais de no concello do Barco de Valdeorras, tamén se observou un incremento de casos e, polo tanto, tamén da incidencia nos concellos de Carballeda de Valdeorras, A Rúa e Rubiá, o que pode significar unha irradiación de casos desde o concello do Barco de Valdeorras cara ao resto da comarca. Este brote segue a ter características de alto risco, especialmente no concello do Barco de Valdeorras, tanto polo número de casos como pola alta porcentaxe de probas



PCR positivas entre os contactos e o alto número de ingresos hospitalarios. Ademais, toda a comarca presenta unha demografía claramente envellecida, onde se atopan varias residencias de maiores.

Ante esta situación, respecto do concello do Barco de Valdeorras, dada a taxa observada neste concello, no informe recoméndase o mantemento das medidas que actualmente se están aplicando no dito concello (ata o de agora recollidas na Orde do 30 de setembro de 2020 antes citada) e, como medida adicional para intentar controlar a transmisión, recoméndase neste concello aumentar o nivel de restrición dos contactos familiares e sociais, tendo en conta os maiores riscos de transmisión que tales contactos levan consigo, de xeito que os grupos para a desenvolvemento de calquera actividade ou evento de carácter familiar ou social na vía pública, espazos de uso público ou espazos privados, se limiten aos constituídos só por persoas conviventes. Esta limitación non impedirá a reunión con persoas non conviventes que se produzan por motivos de asistencia e coidado a maiores, dependentes ou persoas con discapacidade, ou por causa de forza maior ou situación de necesidade. Así mesmo, esta limitación non será aplicable no caso de actividades laborais, empresariais, profesionais e administrativas, actividades en centros universitarios, educativos, de formación e ocupacionais, sempre que se adopten as medidas previstas nos correspondentes protocolos de funcionamento. Tampouco resultará de aplicación noutras concretas actividades respecto das cales, polo contexto ou circunstancias en que se desenvolven, o risco de transmisión, aínda que os grupos sexan de non conviventes, resulta atenuado.

Ademais, no mesmo informe recoméndase estender as medidas xa establecidas actualmente para o concello do Barco de Valdeorras (isto é, as contidas ata agora na Orde do 30 de setembro antes citada) ao resto de concellos da comarca (A Rúa, O Bolo, Carballeda de Valdeorras, Larouco, Petín, Rubiá, A Veiga e Vilamartín de Valdeorras), coa finalidade de crear un cinto de seguridade, tendo en conta as características demográficas da comarca e o feito de que o concello do Barco de Valdeorras é o punto neuráxico dela, do cal se poden irradiar casos aos outros concellos.

En relación coa comarca de Allariz-Maceda, o informe da Dirección Xeral de Saúde Pública do 7 de outubro de 2020 sobre a situación na dita comarca sinala que o valor da taxa acumulada a 14 días para o total da comarca é superior ao valor acadado para o conxunto de Galicia. Dentro da comarca destaca Paderne de Allariz, polo número de casos nos últimos 14 días que, ademais, se espera que aumente nos vindeiros días dado o colectivo de maiores afectado. Ademais, o número reprodutivo instantáneo está nun punto que indica que a transmisión pode ser elevada. Posto que a maioría dos concellos



desta comarca teñen unha situación demográfica de elevado envellecemento e tendo en conta a súa proximidade ao concello de Ourense e á comarca de Ourense, espérase que poida aumentar non só a incidencia, senón tamén o risco para os colectivos de máis idade. Vista a situación epidemiolóxica desta comarca nos últimos 7 días, con taxas no dobre da global de Galicia e, sobre todo, tendo en conta que se está a observar o que parece ser unha irradiación desde o concello de Ourense e a comarca de Ourense cara ás comarcas limítrofes, no informe recoméndase a adopción de medidas de prevención específicas na comarca de Allariz-Maceda (concellos de Allariz, Baños de Molgas, Maceda, Paderne de Allariz, Xunqueira de Ambía e Xunqueira de Espadanedo), consistentes fundamentalmente en limitacións de agrupacións de persoas, peche de festas, verbenas e outros eventos populares, así como das atraccións de feiras, e limitacións de capacidade.

No que atinxe á comarca do Carballiño, no informe da Dirección Xeral de Saúde Pública do 7 de outubro de 2020 sobre a situación da dita comarca sinálase que o valor da taxa acumulada a 14 días para o total da comarca é practicamente 3 veces o valor acadado para o conxunto de Galicia. Dentro da comarca destaca a situación do concello do Carballiño polo número de casos nos últimos 3 días e pola taxa de incidencia a 14 días, que é 4 veces superior á de Galicia, o que repercute nos restantes concellos da comarca, por ser a cabeceira desta. Nos últimos 7 días a incidencia na comarca a 3 días aumentou, o número reprodutivo instantáneo R_t está por riba do 3 e a porcentaxe de positividade nas probas PCR é elevada. Este gromo ten características de alto risco, xa que a incidencia está a aumentar considerablemente só en 7 días. Ante esta situación, no informe recoméndase, para todos os concellos da comarca do Carballiño (concellos de Beariz, Boborás, O Carballiño, O Irixo, Maside, Piñor, Punxín, San Amaro e San Cristovo de Cea), aumentar o nivel de restrición dos contactos familiares e sociais, tendo en conta os maiores riscos de transmisión que tales contactos comportan, de xeito que os grupos para a desenvolvemento de calquera actividade ou evento de carácter familiar ou social na vía pública, espazos de uso público ou espazos privados se limiten aos constituídos só por persoas conviventes. Esta limitación non impedirá a reunión con persoas non conviventes que se produzan por motivos de asistencia e coidado a maiores, dependentes ou persoas con discapacidade, ou por causa de forza maior ou situación de necesidade. Así mesmo, esta limitación non será aplicable no caso de actividades laborais, empresariais, profesionais e administrativas, actividades en centros universitarios, educativos, de formación e ocupacionais, sempre que se adopten as medidas previstas nos correspondentes protocolos de funcionamento. Tampouco resultará de aplicación noutras concretas actividades respecto das cales,



polo contexto ou circunstancias en que se desenvolven, o risco de transmisión, aínda que os grupos sexan de non conviventes, resulta atenuado.

Tamén se recomenda a adopción nos concellos da comarca doutras medidas de prevención específicas consistentes fundamentalmente no peche de festas, verbenas e outros eventos populares, así como das atraccións de feiras, e en limitacións de capacidade.

Por último, no que respecta á comarca do Ribeiro, no informe da Dirección Xeral de Saúde Pública do 7 de outubro de 2020 sobre a situación na dita comarca indícase que o valor da taxa acumulada a 14 días para o total da comarca foi de case 2 veces o valor acadado para o conxunto de Galicia. Dentro da comarca destaca Ribadavia tanto polos casos nos últimos 14 días como pola taxa acumulada a 14 días. Destacan as taxas do grupo de 10 a 14 anos, tanto en homes coma en mulleres, e do grupo de 40 a 44 anos. O número reprodutivo instantáneo está nun punto que indica que a transmisión pode ser elevada. Vista a situación epidemiolóxica desta comarca nos últimos 7 días, con taxas que acadan o dobre da global de Galicia e, sobre todo, tendo en conta a interrelación entre os concellos da comarca, así como que se está a observar unha irradiación desde o concello de Ourense e a comarca de Ourense cara ás comarcas limítrofes, no informe recoméndase a adopción de medidas de prevención específicas na comarca do Ribeiro (concellos da Arnoia, Avión, Beade, Carballeda de Avia, Castrelo de Miño, Cenlle, Cortegada, Leiro, Melón e Ribadavia), consistentes fundamentalmente en limitacións de agrupacións de persoas, peche de festas, verbenas e outros eventos populares, así como das atraccións de feiras, e limitacións de capacidade.

Atendido, pois, o sinalado nos informes citados, e tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria nas comarcas de Allariz-Maceda, O Carballiño, Ourense, O Ribeiro, Valdeorras e Verín impón, como consecuencia, a adopción de medidas de prevención específicas nos concellos integrantes das ditas comarcas, as cales deberán ser obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da presente orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria, e proceder, segundo o caso, ao seu mantemento, modificación ou a deixalas sen efecto.

En particular, procede salientar que as limitacións de mobilidade no ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Ourense e Barbadás resultan necesarias, como se indicou antes, como medida adicional para controlar a transmisión da enfermidade e conter a irradiación a outros concellos da comarca de Ourense e doutras comarcas, que



xa se está a detectar. Pola súa banda, as medidas tendentes a limitar as agrupacións de persoas para o desenvolvemento de calquera actividade ou evento de carácter familiar ou social na vía pública, espazos de uso público ou espazos privados, agás determinadas excepcións, e as limitacións de festas, verbenas e outros eventos populares e multitudinarios deben adoptarse para todo o ámbito territorial incluído na presente orde, tendo en conta a natureza destas actividades e os riscos asociados a elas. Para maior abastanza, a medida máis restritiva, aplicable en determinados concellos, consistente en limitar os grupos para o desenvolvemento de calquera actividade ou evento de carácter familiar ou social na vía pública, espazos de uso público ou espazos privados, aos constituídos exclusivamente por persoas conviventes ten como finalidade intentar controlar a transmisión aumentando o nivel de restrición dos contactos familiares e sociais, agás os derivados das causas previstas ou outras xustificadas. Debe recordarse, neste sentido, que o Auto 40/2020, do 30 de abril de 2020, do Tribunal Constitucional, no seu fundamento xurídico cuarto, ante a incerteza sobre as formas de contaxio, sobre o impacto real da propagación do virus, así como sobre as consecuencias a medio e longo prazo para a saúde das persoas que se viron afectadas, expresa que as medidas de distanciamento social, confinamento domiciliario e limitación extrema dos contactos e actividades grupais son as únicas que se teñen demostrado eficaces para limitar os efectos dunha pandemia de dimensións descoñecidas ata a data. En particular, a medida que se recolle na orde para determinados concellos vai dirixida a previr determinadas reunións familiares ou sociais nas cales cabe apreciar un maior risco de transmisión polas circunstancias en que se realizan, por existir unha maior confianza e relaxación das medidas de seguridade, xa que teñen lugar fóra de ambientes profesionais, laborais ou outros protocolizados en que se debe usar máscara e que se rodean doutras garantías que dificultan a transmisión e contaxio. Esta medida, ademais, resulta menos disruptiva das actividades esenciais, económicas, laborais e profesionais ca outras, como as limitacións á liberdade de circulación ou confinamentos, que deben reservarse para cando resulta preciso un maior nivel de restrición. Procede advertir, ademais, de que a medida non é absoluta, senón que se ve matizada por unha serie de importantes excepcións, dado que, ante todo, esta limitación non impedirá a reunión con persoas non conviventes que se produzan por motivos de asistencia e coidado a maiores, dependentes ou persoas con discapacidade, ou por causa de forza maior ou situación de necesidade. Así mesmo, esta limitación non será aplicable no caso de actividades laborais, empresariais, profesionais e administrativas, actividades en centros universitarios, educativos, de formación e ocupacionais, sempre que se adopten as medidas previstas nos correspondentes protocolos de funcionamento. Tampouco resultará de aplicación naquelas actividades previstas nos anexos respecto das cales se prevexa a posibilidade de grupos de persoas que non sexan conviventes.

CVE-DOG: mrc7v4a2-nbs8-y2o8-oz61-6imgxmirm6m4



III

As medidas que se adoptan na presente orde teñen o seu fundamento normativo na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 e 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

En particular, cómpre salientar que a Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, prevé, no seu artigo primeiro que, co obxecto de protexer a saúde pública e previr a súa perda ou deterioración, as autoridades sanitarias das distintas administracións públicas poderán, dentro do ámbito das súas competencias, adoptar as medidas previstas na dita lei cando así o exixan razóns sanitarias de urxencia ou necesidade.

O artigo segundo habilita as autoridades sanitarias competentes para adoptaren medidas de recoñecemento, tratamento, hospitalización ou control cando se aprecien indicios racionais que permitan supoñer a existencia de perigo para a saúde da poboación debido á situación sanitaria concreta dunha persoa ou grupo de persoas ou polas condicións sanitarias en que se desenvolve unha actividade. E, para o caso concreto de enfermidades transmisibles, o artigo terceiro dispón que, co fin de controlalas, a autoridade sanitaria, ademais de realizar as accións preventivas xerais, poderá adoptar as medidas oportunas para o control dos enfermos, das persoas que estean ou estivesen en contacto con estes e do contorno inmediato, así como as que se consideren necesarias en caso de risco de carácter transmisible. E o artigo 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, prevé que as autoridades sanitarias poderán levar a cabo intervencións públicas nos supostos de riscos para a saúde de terceiras persoas, nos mesmos termos previstos nos artigos 2 e 3 da Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, antes citados.

Non se recolle, pois, unha lista pechada de medidas de prevención, senón que poderán adoptarse, de acordo cos principios de precaución e de proporcionalidade que deben rexer as actuacións en materia de saúde, as necesarias para facer fronte ao concreto risco sanitario de que se trate.

En todo caso, e en atención a tales principios, estas medidas serán reavaliadas, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación desta orde, en función da evolución da situación epidemiolóxica nos concellos afectados.

Por outra banda, as medidas de prevención que se recollen nesta orde teñen un evidente fundamento sanitario, dados os riscos de transmisión dunha enfermidade contaxiosa como



a que nos ocupa, e a vixilancia, inspección e control do seu cumprimento corresponden aos concellos, sen prexuízo das competencias da Consellería de Sanidade, tendo en conta a condición de autoridade sanitaria dos alcaldes e alcaldesas (artigo 33.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia), das competencias dos concellos do control sanitario de actividades e servizos que impacten na saúde da súa cidadanía, dos lugares de convivencia humana (artigo 80.3 da lei citada), así como da súa competencia para a ordenación e control do dominio público.

Polo tanto, os alcaldes e alcaldesas, como autoridade sanitaria, deben garantir nas referidas actividades, servizos e lugares de convivencia humana os dereitos e deberes sanitarios da cidadanía (artigo 33.2 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia) e, polo tanto, garantir a vixilancia, inspección e control do cumprimento das medidas preventivas aprobadas pola Administración autonómica e daquelas que, no seu desenvolvemento e atendendo á situación concreta, poida establecer o Concello.

Así mesmo, as forzas e corpos de seguridade teñen un papel fundamental no necesario control do cumprimento das medidas de prevención, papel que veñen desempeñando durante toda esta crise sanitaria, a través da formulación das correspondentes denuncias e remisión ás autoridades competentes, nos casos en que se detecte o seu incumprimento. Debe recordarse a este respecto que o Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, declarou a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e activou o Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19. Tendo en conta a existencia dunha declaración de emerxencia sanitaria, resulta esencial a colaboración das forzas e corpos de seguridade coa finalidade de preservar a seguridade e a convivencia cidadás.

Conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para adoptar das medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica existente nos concellos das comarcas de Allariz-Maceda, O Carballiño, Ourense, O Ribeiro, Valdeorras e Verín, coa urxencia que a protección da saúde pública demanda.

Na súa virtude, en aplicación do punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,



DISPOÑO:

Primeiro. *Obxecto*

O obxecto desta orde é establecer determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no seguinte ámbito territorial:

a) Comarca de Allariz-Maceda, integrada polos concellos de Allariz, Baños de Molgas, Maceda, Paderne de Allariz, Xunqueira de Ambía e Xunqueira de Espadanedo.

b) Comarca do Carballiño, integrada polos concellos de Beariz, Boborás, O Carballiño, O Irixo, Maside, Piñor, Punxín, San Amaro e San Cristovo de Cea.

c) Comarca de Ourense, integrada polos concellos de Amoeiro, Barbadás, Coles, Espos, Nogueira de Ramuín, Ourense, O Pereiro de Aguiar, A Peroxa, San Cibrao das Viñas, Taboadela, Toén e Vilamarín.

d) Comarca do Ribeiro, integrada polos concellos de A Arnoia, Avión, Beade, Carballeda de Avia, Castrelo de Miño, Cenlle, Cortegada, Leiro, Melón e Ribadavia.

e) Comarca de Valdeorras, integrada polos concellos do Barco de Valdeorras, A Rúa, O Bolo, Carballeda de Valdeorras, Larouco, Petín, Rubiá, A Veiga e Vilamartín de Valdeorras.

f) Comarca de Verín, integrada polos concellos de Castrelo do Val, Cualedro, Laza, Monterrei, Oímbra, Riós, Verín e Vilardevós.

Segundo. *Restricións á mobilidade e ás agrupacións de persoas para a protección da saúde das persoas ante a existencia dun risco de carácter transmisible*

1. Á vista da evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria e coa finalidade de controlar a transmisión da enfermidade, adóptanse as seguintes medidas de prevención de modo temporal, durante o período ao cal se estenda a eficacia das medidas previstas na presente orde de acordo co seu punto quinto:

a) Limitase a entrada e a saída de persoas do ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos de Ourense e de Barbadás, agás para aqueles desprazamentos, adecuadamente xustificadas, que se produzan por algún dos seguintes motivos:



1º) Asistencia a centros, servizos e establecementos sanitarios.

2º) Cumprimento de obrigas laborais, profesionais, empresariais ou legais.

3º) Asistencia a centros universitarios, docentes e educativos, incluídas as escolas de educación infantil.

4º) Retorno ao lugar de residencia habitual.

5º) Asistencia e coidado a maiores, menores, dependentes, persoas con discapacidade ou persoas especialmente vulnerables.

6º) Desprazamento a entidades financeiras e de seguros que non poidan aprazarse.

7º) Actuacións requiridas ou urxentes ante os órganos públicos, xudiciais ou notariais.

8º) Renovacións de permisos e documentación oficial, así como outros trámites administrativos inaprazables.

9º) Realización de exames ou probas oficiais inaprazables.

10º) Por causa de forza maior ou situación de necesidade.

11º) Calquera outra actividade de análoga natureza, debidamente acreditada.

A circulación polas estradas e vías que transcorran ou atravesen o ámbito territorial delimitado será posible sempre e cando teña a súa orixe e destino fóra del.

A circulación de persoas dentro do ámbito territorial delimitado será posible, sempre respectando as medidas de prevención e as recomendacións específicas previstas nesta orde, ben que se recomenda evitar todo movemento ou desprazamento innecesario.

b) Limítanse os grupos para o desenvolvemento de calquera actividade ou evento de carácter familiar ou social na vía pública, espazos de uso público ou espazos privados, nos seguintes termos:

1º) Nos concellos de Ourense, Barbadás, Verín, O Barco de Valdeorras e en todos os concellos da comarca do Carballiño, os grupos quedan limitados aos constituídos exclusivamente por persoas conviventes.



Esta limitación non impedirá a reunión con persoas non conviventes que se produzan por motivos de asistencia e coidado a maiores, dependentes ou persoas con discapacidade, ou por causa de forza maior ou situación de necesidade.

Así mesmo, esta limitación non será aplicable no caso de actividades laborais, empresariais, profesionais e administrativas, actividades en centros universitarios, educativos, de formación e ocupacionais, sempre que se adopten as medidas previstas nos correspondentes protocolos de funcionamento. Tampouco resultará de aplicación naquelas actividades previstas nos anexos respecto das cales se prevexa a posibilidade de grupos de persoas que non sexan conviventes.

2º) Nos restantes concellos incluídos dentro do ámbito territorial previsto no punto primeiro desta orde, os grupos quedan limitados a un máximo de dez persoas, excepto no caso de persoas conviventes, en que non se aplicará esta limitación. Tampouco será aplicable esta limitación no caso de actividades laborais, empresariais, profesionais e administrativas, actividades en centros universitarios, educativos, de formación e ocupacionais, sempre que se adopten as medidas previstas nos correspondentes protocolos de funcionamento.

2. O incumprimento das medidas de prevención establecidas neste punto poderá dar lugar á imposición de sancións e a outras responsabilidades previstas no ordenamento xurídico.

3. En particular, para os efectos da execución e control destas medidas de prevención, no marco da situación de emerxencia sanitaria declarada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, solicitarase a colaboración das forzas e corpos de seguridade.

4. Solicitarase a ratificación xudicial das medidas previstas neste punto, de acordo co disposto na redacción vixente do número 8 do artigo 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Terceiro. *Outras medidas aplicables no ámbito territorial recollido no punto primeiro*

1. No ámbito territorial previsto no punto primeiro, recoméndaselles ás persoas maiores de 75 anos, ás persoas vulnerables ao COVID-19 e a aquelas que presenten algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria que se poida ver agravada polo uso da máscara, ou que presenten algunha alteración que faga inviable a súa utilización, que eviten na súa



actividade diaria as saídas nas horas de previsible afluencia ou concentración de persoas na vía pública e en espazos ou establecementos abertos ao público, co fin de reducir os riscos derivados da coincidencia con outras persoas.

2. Acórdase, no ámbito territorial incluído no punto primeiro, o peche das actividades de festas, verbenas e outros eventos populares, así como das atraccións de feiras, durante o período a que se estenda a eficacia das medidas previstas na presente orde, de acordo co seu punto quinto.

3. Así mesmo, serán de aplicación, nos concellos de Ourense e Barbadás, as medidas de prevención específicas recollidas no anexo II e, no restante ámbito territorial previsto no punto primeiro, as medidas de prevención específicas recollidas no anexo I.

4. En todo o non previsto nesta orde, e no que sexa compatible con ela, serán de aplicación, en todo o ámbito territorial previsto no punto primeiro, as medidas que, con carácter xeral, se establecen no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente.

Cuarto. *Control do cumprimento das medidas e réxime sancionador*

1. A vixilancia, inspección e control do cumprimento das medidas de prevención que se recollen nesta orde, e a garantía dos dereitos e deberes sanitarios da cidadanía, corresponderán aos respectivos concellos dentro das súas competencias e sen prexuízo das competencias da Consellería de Sanidade, tendo en conta a condición de autoridade sanitaria dos alcaldes e alcaldesas de acordo co artigo 33.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, e as competencias dos concellos de control sanitario de actividades e servizos que impacten na saúde da súa cidadanía e dos lugares de convivencia humana, de acordo co artigo 80.3 do mesmo texto legal, así como da súa competencia para a ordenación e control do dominio público.

2. Así mesmo, os órganos de inspección da Administración autonómica, no ámbito das súas competencias, poderán realizar as actividades de inspección e control oportunas para a vixilancia e comprobación do cumprimento das medidas de prevención aplicables.



3. As forzas e corpos de seguridade darán traslado das denuncias que formulen polo incumprimento das medidas de prevención ás autoridades competentes.

Quinto. *Eficacia*

1. Esta orde terá efectos desde as 00.00 horas do 8 de outubro de 2020. Non obstante, as medidas recollidas nela serán obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da presente orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

Para estes efectos, poderán ser obxecto de mantemento, de modificación ou poderán deixarse sen efecto por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

2. No momento de comezo dos efectos da presente orde quedarán sen efecto as seguintes ordes:

a) Orde do 2 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Ourense, e as ordes do 9 de setembro e do 2 de outubro de 2020, de modificación daquela.

b) Orde do 18 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 en determinadas rúas do concello de Ourense, e a Orde do 2 de outubro de 2020, de modificación daquela.

c) Orde do 18 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Verín.

d) Orde do 30 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello do Barco de Valdeorras.

3. No caso das celebracións e eventos en establecementos de restauración para os días 8 ao 11 outubro que xa estivesen concertados con carácter previo ao día 8 de outubro, non serán aplicables as limitacións que se recollen nos anexos, sempre que tales limitacións



non estivesen sendo xa aplicables con anterioridade, ben que deberán ser comunicados polos titulares dos establecementos á Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade, para que se poidan adoptar as medidas ou efectuar as recomendacións pertinentes.

Santiago de Compostela, 7 de outubro de 2020

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade

ANEXO I

Medidas de prevención específicas aplicables nos concellos das comarcas de Allariz-Maceda, O Carballiño, Ourense, O Ribeiro, Valdeorras e Verín, a excepción dos concellos de Ourense e Barbadás

1. Obrigas xerais.

1.1. Obrigas de cautela e protección.

Todos os cidadáns deberán adoptar as medidas necesarias para evitar a xeración de riscos de propagación da enfermidade COVID-19, así como a propia exposición aos ditos riscos. Este deber de cautela e protección será igualmente exigible aos titulares de calquera actividade.

Así mesmo, deberán respectarse as medidas de seguridade e hixiene establecidas polas autoridades sanitarias para a prevención do COVID-19.

1.2. Persoas con sintomatoloxía.

Calquera persoa que experimente algún dos síntomas máis comúns compatibles co COVID-19, tales como febre, calafríos, tose, sensación de falta de aire, diminución do olfacto e do gusto, dor de gorxa, dores musculares, dor de cabeza, debilidade xeral, diarrea ou vómitos, deberá permanecer no seu domicilio e comunicarllo ao seu servizo sanitario o antes posible.

Igualmente, se existen conviventes no domicilio, deberá evitar o contacto con eles e, se é posible, usar un cuarto de forma exclusiva ata recibir instrucións do seu servizo sanitario.

1.3. Distancia de seguridade interpersonal.

Deberá cumprirse a medida de mantemento da distancia de seguridade interpersonal establecida polo Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención,



contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, de polo menos 1,5 metros ou, na súa falta, medidas alternativas de protección física con uso de máscara, de hixiene adecuada e etiqueta respiratoria.

1.4. Obrigatoriedade do uso de máscaras.

Será obrigatorio o uso da máscara nas condicións establecidas no número 1.3 do anexo do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na redacción vixente.

Os titulares dos establecementos, espazos ou locais deberán garantir o cumprimento desta obriga neles.

1.5. Medidas específicas para casos e contactos estreitos.

As persoas que sexan consideradas caso sospeitoso ou probable de infección polo virus SARS-CoV-2, por teren infección respiratoria aguda grave con cadro clínico ou radiolóxico compatible co COVID-19, ou que estean pendentes dos resultados de probas diagnósticas por este motivo, as que sexan consideradas como caso confirmado con infección activa e as consideradas contacto estreito dun caso sospeitoso, probable ou confirmado, deberán seguir as condicións de illamento ou corentena que lles sexan indicadas desde os dispositivos asistenciais ou de saúde pública, sen poderen abandonar o seu domicilio ou lugar de illamento ou corentena en ningún caso, salvo autorización expresa do servizo sanitario por causas debidamente xustificadas.

2. Medidas xerais de hixiene e prevención.

Sen prexuízo das normas ou protocolos específicos que se establezan, serán aplicables a todos os establecementos, locais de negocio, instalacións e espazos de uso público e actividades de carácter público as medidas xerais de hixiene e prevención establecidas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na redacción vixente.



3. Limitacións de capacidade e medidas de prevención específicas por sectores.

3.1. Velorios e enterros.

1. Os velorios poderán realizarse en todo tipo de instalacións, públicas ou privadas, debidamente habilitadas, cun límite máximo, en cada momento, de vinte e cinco persoas en espazos ao aire libre ou de dez persoas en espazos pechados, sexan ou non conviventes.

2. A participación na comitiva para o enterramento ou despedida para cremación da persoa falecida restrínxese a un máximo de vinte e cinco persoas, entre familiares e achegados, sexan ou non conviventes, ademais, de ser o caso, do ministro de culto ou persoa asimilada da confesión respectiva para a práctica dos ritos funerarios de despedida do defunto.

3.2. Lugares de culto.

1. A asistencia a lugares de culto non poderá superar o cincuenta por cento da súa capacidade. A capacidade máxima deberá publicarse en lugar visible do espazo destinado ao culto.

2. Non se poderá utilizar o exterior dos edificios nin a vía pública para a celebración de actos de culto.

3.3. Cerimonias nupciais e outras celebracións relixiosas ou civís.

1. No caso de que estas cerimonias ou celebracións se leven a cabo en lugares de culto, deberán aplicarse as regras de capacidade e as medidas de hixiene e prevención na celebración de actos de culto relixioso recollidas especificamente nesta orde e, no que sexa compatible co disposto nela, no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na redacción vixente. Deberanse evitar, en calquera caso, as aglomeracións na entrada e saída dos lugares de culto.

2. As celebracións que poidan ter lugar tras a cerimonia en establecementos de hostalaría e restauración axustaranse ás condicións e á capacidade previstas para a prestación do servizo nestes establecementos.

3. En calquera caso, deberase respectar un máximo de cen persoas en espazos ao aire libre ou de cincuenta persoas en espazos pechados.



3.4. Establecementos e locais comerciais retallistas e de actividades de servizos profesionais abertos ao público que non formen parte de centros ou parques comerciais.

1. Os establecementos e locais comerciais retallistas e de actividades de servizos profesionais abertos ao público que non formen parte de centros ou parques comerciais non poderán superar o cincuenta por cento da súa capacidade total. No caso de establecementos ou locais distribuídos en varios andares, a presenza de clientes en cada un deles deberá gardar esta mesma proporción.

Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersoal nos locais e establecementos ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso da máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersoal indicada, nos termos previstos no número 1.4 deste anexo.

2. Deberán prestar un servizo de atención preferente a maiores de 75 anos, o cal deberá concretarse en medidas como control de accesos ou caixas de pagamento específicos, e/ ou en horarios determinados que aseguren a dita preferencia na atención. A existencia do servizo de atención preferente deberá sinalarse de forma visible nos ditos establecementos e locais.

3.5. Establecementos que teñan a condición de centros e parques comerciais ou que formen parte deles.

1. Os establecementos e locais comerciais retallistas e de actividades de servizos profesionais abertos ao público situados en centros e parques comerciais non poderán superar o cincuenta por cento da súa capacidade total. No caso de establecementos ou locais distribuídos en varios andares, a presenza de clientes en cada un deles deberá gardar esta mesma proporción.

2. Non se permitirá a permanencia de clientes nas zonas comúns excepto para o tránsito entre os establecementos, salvo na actividade de hostalaría e restauración que se leve a cabo nas ditas zonas, a cal se deberá axustar ao previsto especificamente para estas actividades. Queda prohibida a utilización de zonas recreativas como poden ser zonas infantís, ludotecas ou áreas de descanso, que deben permanecer pechadas.

3. Deberanse establecer as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersoal no interior dos locais e establecementos e nas zonas comúns ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso de máscara será obliga-



torio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersoal indicada, nos termos previstos no número 1.4 deste anexo. Ademais, deberán evitarse as aglomeracións de persoas que comprometan o cumprimento destas medidas.

4. Deberán prestar un servizo de atención preferente a maiores de 75 anos, o cal deberá concretarse en medidas como control de accesos ou caixas de pagamento específicos, e/ou en horarios determinados que aseguren a dita preferencia na atención. A existencia do servizo de atención preferente deberá sinalarse de forma visible nos ditos establecementos e locais.

3.6. Mercados que desenvolven a súa actividade na vía pública.

No caso dos mercados que desenvolven a súa actividade na vía pública ao aire libre ou de venda non sedentaria, coñecidos como feiras, non poderán superar o cincuenta por cento dos postos habituais ou autorizados, limitando a afluencia de clientes de maneira que se asegure o mantemento da distancia de seguridade interpersoal.

Os concellos poderán aumentar a superficie habilitada ou habilitar novos días para o exercicio desta actividade para compensar esta limitación.

Á hora de determinar os comerciantes que poden exercer a súa actividade, o Concello poderá priorizar aqueles que comercializan produtos alimenticios e de primeira necesidade, asegurando que non sexan manipulados os produtos comercializados neles por parte dos consumidores.

3.7. Actividades en academias, autoescolas e centros privados de ensino non regrado e centros de formación e actividade formativa xestionada ou financiada pola Administración autonómica en centros e entidades de formación.

A actividade que se realice nestes centros poderá impartirse dun modo presencial, sempre que non se supere unha capacidade do cincuenta por cento respecto do máximo permitido e cun máximo de dez persoas por grupo, sexan ou non conviventes.

3.8. Establecementos de hostalaría e restauración.

1. Os establecementos de hostalaría e restauración non poderán superar o cincuenta por cento da súa capacidade para consumo no interior do local.

2. O consumo dentro do local poderá realizarse unicamente sentado na mesa, ou agrupacións de mesas, e deberase asegurar o mantemento da debida distancia de seguridade interpersoal entre clientes. Non está permitido o consumo na barra.



3. As terrazas ao aire libre dos establecementos de hostalaría e restauración limitarán a súa capacidade ao setenta e cinco por cento das mesas permitidas no ano inmediatamente anterior con base na correspondente licenza municipal ou do que sexa autorizado para este ano, no caso de que a licenza sexa concedida por primeira vez.

Consideraranse terrazas ao aire libre todo espazo non cuberto ou todo espazo que, estando cuberto, estea rodeado lateralmente por un máximo de dúas paredes, muros ou paramentos.

No caso de que o establecemento de hostalaría e restauración obtivese o permiso do Concello para incrementar a superficie destinada a terraza ao aire libre, poderase incrementar o número de mesas previsto no primeiro parágrafo deste número 3, respectando, en todo caso, unha proporción do setenta e cinco por cento entre mesas e superficie dispoñible, e sempre que se manteña o espazo necesario para a circulación peonil no tramo da vía pública en que se sitúe a terraza.

4. En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia de seguridade interpersoal entre as mesas ou, de ser o caso, agrupacións de mesas. A ocupación máxima será de dez persoas por mesa ou agrupación de mesas, e deberán ser todas elas conviventes naqueles concellos en que se aplique a limitación de grupos constituídos só por persoas conviventes, de acordo co punto segundo da presente orde.

A mesa ou agrupación de mesas que se utilice para este fin deberá ser acorde co número de persoas e permitir que se respecte a distancia mínima de seguridade interpersoal entre elas.

5. Os establecementos de hostalaría e restauración deberán pechar non máis tarde da unha da madrugada, sen que se poida permitir o acceso de ningún cliente desde as 00.00 horas.

6. As medidas contidas nos números 3, 4 e 5 serán tamén de aplicación ás terrazas dos establecementos de lecer nocturno.

3.9. Condicións para a ocupación de zonas comúns de hoteis e aloxamentos turísticos.

1. A ocupación das zonas comúns dos hoteis e aloxamentos turísticos non poderá superar o cincuenta por cento da súa capacidade.

Para iso, cada establecemento deberá determinar a capacidade dos distintos espazos comúns, así como aqueles lugares en que se poderán realizar eventos e as condicións



máis seguras para a súa realización conforme a capacidade máxima prevista e de acordo coas medidas de hixiene, protección e distancia mínima establecidas.

2. As actividades de animación ou clases grupais deberán deseñarse e planificarse cunha capacidade máxima de dez persoas, sexan ou non conviventes, incluídos os monitores, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade, excepto no caso de persoas conviventes.

3.10. Albergues turísticos.

Na modalidade de aloxamento turístico de albergue permitirase unha capacidade máxima do cincuenta por cento da máxima permitida.

3.11. Bibliotecas, arquivos, museos e salas de exposicións, monumentos e outros equipamentos culturais.

1. Nas bibliotecas, arquivos, museos e salas de exposicións, monumentos e outros equipamentos culturais, tanto de titularidade pública como privada, poderán realizarse actividades presenciais sen superar o cincuenta por cento da capacidade máxima permitida.

2. Este límite de ocupación será aplicable tamén á realización de actividades culturais nestes espazos e cun máximo de ata dez persoas nas actividades de grupos, sexan ou non conviventes, incluído o monitor ou guía, e deberán establecerse as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade, excepto no caso de persoas conviventes.

3.12. Actividade en cines, teatros, auditorios, circos de toldo e espazos similares, así como en recintos ao aire libre e noutros locais e establecementos destinados a espectáculos públicos e actividades recreativas.

1. Os cines, teatros, auditorios, circos de toldo e espazos similares poderán desenvolver a súa actividade, contando con butacas preasignadas, sempre que non superen o cincuenta por cento da capacidade permitida en cada sala.

2. No caso doutros recintos, locais e establecementos destinados a espectáculos públicos e actividades recreativas distintos dos previstos no parágrafo anterior, poderán desenvolver a súa actividade sempre que o público permaneza sentado e que non se supere o cincuenta por cento da capacidade permitida.



3. En calquera caso, será de aplicación un límite máximo de sesenta persoas para lugares pechados e de cento cincuenta persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Non obstante, poderase ampliar o límite indicado ata un máximo de cen persoas para lugares pechados e trescentas persoas se se trata de actividades ao aire libre, logo da autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. Neste caso, a solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade polo COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueloutros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

3.13. Centros de lecer infantil.

Os centros de lecer infantil poderán levar a cabo súa actividade cumprindo o Protocolo en materia de lecer infantil para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, aprobado pola Orde da Consellería de Sanidade do 30 de xuño de 2020, e cunha capacidade máxima do cincuenta por cento do seu total.

3.14. Actividades e instalacións deportivas.

A práctica da actividade física e deportiva non federada, ao aire libre, poderá realizarse de forma individual ou colectiva, sen contacto físico. No caso da práctica de forma colectiva, o máximo será de dez persoas de forma simultánea, agás naqueles concellos en que se aplique a limitación de grupos constituídos só por persoas conviventes, de acordo co punto segundo da presente orde, nos cales a limitación virá constituída pola existencia de que todas as persoas do grupo deben ser conviventes.

Nas instalacións e centros deportivos poderase realizar actividade deportiva en grupos de ata dez persoas, sexan ou non conviventes, sen contacto físico, e sempre que non se supere o cincuenta por cento da capacidade máxima permitida, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade.



A práctica da actividade deportiva federada de competencia autonómica poderá realizarse de forma individual ou colectiva, sen contacto físico, e cun máximo de dez persoas simultaneamente no caso dos adestramentos, sexan ou non conviventes. Non se aplicará este límite nas competicións onde as regras federativas garantan espazos diferenciados para cada equipo. No caso de realizarse en instalacións deportivas, a práctica axustarase ademais aos termos establecidos no parágrafo anterior.

3.15. Celebración de eventos deportivos, de adestramentos e de competicións deportivas con público.

A celebración de eventos deportivos, os adestramentos e as competicións deportivas que teñan lugar en instalacións deportivas ou na vía pública poderán desenvolverse con público sempre que este permaneza sentado, que non se supere o cincuenta por cento da capacidade permitida da instalación ou do espazo de que se trate e cun límite de sesenta persoas para lugares pechados, e de cento cincuenta persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Non obstante, poderase ampliar o límite indicado ata un máximo de cen persoas para lugares pechados e trescentas persoas se se trata de actividades ao aire libre, logo da autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. Neste caso, a solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade polo COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueloutros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

3.16. Piscinas.

1. As piscinas ao aire libre ou cubertas, para uso deportivo ou recreativo, deberán respectar o límite do cincuenta por cento da súa capacidade, tanto no relativo ao acceso como durante a propia práctica deportiva ou recreativa, e sen que poidan exceder o límite de cen persoas de ocupación. Quedan exentas destas limitacións as piscinas unifamiliares de uso privado.



2. A situación dos obxectos persoais, toallas, hamacas e elementos similares nas zonas de estadia das piscinas levarase a cabo de forma que se poida manter a distancia de seguridade interpersonal con respecto a outros usuarios. Deberá, ademais, respectarse o límite máximo de dez persoas por grupo, excepto no caso de persoas conviventes, en que non se aplicará esta limitación. Non obstante, naqueles concellos en que se aplique a limitación de grupos constituídos só por persoas conviventes, de acordo co punto segundo da presente orde, os grupos deberán estar constituídos só por persoas conviventes.

3. Exceptúase o uso da máscara nas piscinas durante o baño e mentres se permaneza nun espazo determinado, sen desprazarse, e sempre que se poida garantir o respecto da distancia de seguridade interpersonal entre todas as persoas usuarias non conviventes. En calquera caso, será obrigatorio o uso de máscara para os accesos, desprazamentos e paseos nas piscinas.

3.17. Especificidades para determinadas actividades turísticas.

Poderán realizarse actividades de turismo, organizadas por empresas habilitadas para iso, e a actividade de guía turístico, para grupos de ata un máximo de dez persoas, sexan ou non conviventes, e deberán establecerse as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersonal durante o desenvolvemento da actividade, excepto no caso de persoas conviventes.

3.18. Centros de información, casetas e puntos de información.

Nos centros de información, casetas e puntos de información e espazos similares non se poderá exceder o cincuenta por cento da súa capacidade e deberá respectarse o máximo de dez persoas nas actividades de grupos, sexan ou non conviventes, incluído o monitor ou guía. Ademais, deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersonal durante o desenvolvemento da actividade, excepto no caso de persoas conviventes.

3.19. Realización de actividades de tempo libre dirixidas á poboación infantil e xuvenil.

1. Poderanse realizar actividades de tempo libre destinadas á poboación infantil e xuvenil, cando estas se leven a cabo ao aire libre, sempre que se limite o número de participantes ao cincuenta por cento da súa asistencia máxima habitual, cun máximo de cen participantes, incluídos os monitores. Cando estas actividades se realicen en espazos pechados, non se deberá superar o cincuenta por cento da capacidade máxima do recinto, cun máximo de cincuenta participantes, incluídos os monitores.



2. As actividades deberán realizarse en grupos de ata dez persoas participantes, sexan ou non conviventes, incluídos os monitores correspondentes, que deberán traballar sen contacto entre os demais grupos.

3.20. Uso de espazos públicos.

1. Os centros cívicos e sociais poderán realizar a súa actividade sempre que se limite a súa capacidade total ao cincuenta por cento e que se extremen as medidas de protección nas actividades socioculturais de tipo grupal que se realizan neles, cun máximo de dez persoas, sexan ou non conviventes, incluído o monitor ou guía para as actividades grupais.

2. Deberán adoptarse as medidas que coadxuven no control das agrupacións de persoas en lugares públicos, e das actividades prohibidas relacionadas co consumo de bebidas alcohólicas en parques e outros lugares de tránsito público, polos riscos que presenta para a saúde pública, relacionados coa aglomeración incontrolada de persoas e coa ausencia ou relaxación de medidas de seguridade e de distanciamento persoal. Recoméndase o peche dos parques públicos e espazos similares a partir das 00.00 horas ata as 6.00 horas.

3.21. Centros recreativos turísticos ou similares.

1. Os centros recreativos turísticos ou similares poderán realizar a súa actividade sempre que se limite a súa capacidade total ao cincuenta por cento.

2. As visitas de grupos serán dun máximo de dez persoas, sexan ou non conviventes, incluído o monitor ou guía, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade, excepto no caso de persoas conviventes.

3.22. Parques e zonas deportivas de uso público ao aire libre.

Sen prexuízo do establecido no número 3.20.2, os parques infantís, parques biosau-dables, zonas deportivas, pistas skate ou espazos de uso público ao aire libre similares poderán estar abertos ao público sempre que neles se respecte unha capacidade máxima estimada dunha persoa por cada catro metros cadrados de espazo computable de superficie do recinto.

3.23. Celebración de congresos, encontros, reunións de negocio, conferencias, eventos e actos similares.



Poderanse celebrar congresos, encontros, reunións de negocio, conferencias e eventos e actos similares promovidos por calquera entidade, de natureza pública ou privada, sempre que non se supere o cincuenta por cento da capacidade permitida do lugar de celebración, e cun límite máximo de sesenta persoas para lugares pechados e de cento cincuenta persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Non obstante, poderase ampliar o límite indicado ata un máximo de cen persoas para lugares pechados e trescentas persoas se se trata de actividades ao aire libre, logo da autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. Neste caso, a solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade polo COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueloutros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

O recollido neste número será tamén de aplicación para reunións profesionais, xuntas de comunidades de propietarios e eventos similares.

3.24. Establecementos e locais de xogo e apostas.

1. Os establecementos de xogos colectivos de diñeiro e de azar, salóns de xogo, salas de bingo, salóns recreativos, rifas e tómbolas, locais específicos de apostas e outros locais e instalacións asimilables aos de actividade recreativa de xogos e apostas, conforme esta-bleza a normativa sectorial en materia de xogo, poderán realizar a súa actividade sempre que non se supere o cincuenta por cento da capacidade permitida.

2. En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia de seguridade interpersoal entre as mesas ou, de ser o caso, agrupacións de mesas. A ocupación máxima será de dez persoas por mesa ou agrupación de mesas, e deberán ser todas elas convi-ventes naqueles concellos en que se aplique a limitación de grupos constituídos só por persoas conviventes, de acordo co punto segundo da presente orde.

En calquera caso, deberase respectar un máximo de cen persoas en espazos ao aire libre ou de cincuenta persoas en espazos pechados.



3. Os establecementos e locais deberán pechar non máis tarde das 00.30 horas, sen que se poida permitir o acceso de ningún cliente nin expedir consumición ningunha desde esa hora, e cun período máximo de desaloxamento de trinta minutos.

3.25. Limitación de capacidade para outros locais ou establecementos comerciais.

1. Con carácter xeral, calquera outro local ou establecemento comercial para o cal non se recollan expresamente unhas condicións de capacidade nesta orde, nin en protocolos ou normativa específica que lle sexa aplicable, non poderá superar o cincuenta por cento da capacidade autorizada ou establecida. En calquera caso, deberase respectar un máximo de sesenta persoas para lugares pechados e de cento cincuenta persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Non obstante, poderase ampliar o límite indicado ata un máximo de cen persoas para lugares pechados e trescentas persoas se se trata de actividades ao aire libre, logo da autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. Neste caso, a solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade polo COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueloutros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

O disposto neste número 1 non será de aplicación nos establecementos comerciais de alimentación, bebidas, produtos e bens de primeira necesidade, establecementos farmacéuticos, servizos médicos ou sanitarios, ópticas, produtos ortopédicos, produtos hixiénicos, salóns de peiteado, prensa e papelería, combustible para a automoción, estancos, equipamentos tecnolóxicos e de telecomunicacións, alimentos para animais de compañía, comercio pola internet, telefónico ou correspondencia, tinturarias e lavandarias, sen prexuízo da necesidade de cumprir as obrigas xerais previstas na presente orde e as medidas xerais de hixiene e protección.

2. As actividades en grupos deberán realizarse cun máximo de dez persoas participantes, sexan ou non conviventes, incluídos os monitores, guías ou encargados correspondentes, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de



seguridade interpersonal durante o desenvolvemento da actividade, excepto no caso de persoas conviventes.

3. En calquera caso, poderase suspender a actividade de calquera establecemento que, ao xuízo da autoridade competente, poida supor un risco de contaxio polas condicións en que se estea desenvolvendo.

ANEXO II

Medidas de prevención específicas nos concellos de Ourense e Barbadás

Nos concellos de Ourense e Barbadás aplicaranse as medidas previstas no anexo I coas restricións específicas previstas a continuación:

1. Cerimonias nupciais e outras celebracións relixiosas ou civís.

En calquera caso, deberase respectar un máximo de cincuenta persoas en espazos ao aire libre ou de vinte e cinco persoas en espazos pechados.

2. Actividades en academias, autoescolas e centros privados de ensino non regrado e centros de formación e actividade formativa xestionada ou financiada pola Administración autonómica en centros e entidades de formación.

A actividade que se realice nestes centros poderá impartirse dun modo presencial sempre que non se supere unha capacidade do cincuenta por cento respecto da máxima permitida, e cun máximo de cinco persoas por grupo, sexan ou non conviventes.

3. Establecementos de hostalaría e restauración.

1. Os restaurantes non poderán superar o cincuenta por cento da súa capacidade na zona de comedor para o servizo de comida.

Nos bares e cafetarías non se poderá consumir no interior do local.

2. O consumo dentro do local nos restaurantes poderá realizarse unicamente sentado na mesa, ou agrupacións de mesas, e deberase asegurar o mantemento da debida distancia de seguridade interpersonal entre clientes. Non está permitido o consumo na barra e zona de cafetaría ou bar.



3. As terrazas ao aire libre dos establecementos de hostalaría e restauración limitarán a súa capacidade ao cincuenta por cento das mesas permitidas no ano inmediatamente anterior con base na correspondente licenza municipal ou no que sexa autorizado para este ano, no caso de que a licenza sexa concedida por primeira vez.

Consideraranse terrazas ao aire libre todo espazo non cuberto ou todo espazo que, estando cuberto, estea rodeado lateralmente por un máximo de dúas paredes, muros ou paramentos.

No caso de que o establecemento de hostalaría e restauración obtivese o permiso do concello para incrementar a superficie destinada a terraza ao aire libre, poderase incrementar o número de mesas previsto no primeiro parágrafo deste número 3, respectando, en todo caso, unha proporción do cincuenta por cento entre mesas e superficie dispoñible e sempre que se manteña o espazo necesario para a circulación peonil no tramo da vía pública en que se sitúe a terraza.

4. En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia de seguridade interpersoal entre as mesas ou, de ser o caso, agrupacións de mesas. A ocupación máxima será de cinco persoas por mesa ou agrupación de mesas, e deberán ser todas elas conviventes. A mesa ou agrupación de mesas que se utilice para este fin deberá ser acorde co número de persoas e permitir que se respecte a distancia mínima de seguridade interpersoal entre elas.

5. Os establecementos de hostalaría e restauración deberán pechar non máis tarde da unha da madrugada, sen que se poida permitir o acceso de ningún cliente desde as 00.00 horas.

6. As medidas contidas nos números 3, 4 e 5 serán tamén de aplicación ás terrazas dos establecementos de lecer nocturno.

4. Condicións para a ocupación de zonas comúns de hoteis e aloxamentos turísticos.

As actividades de animación ou clases grupais deberán deseñarse e planificarse cunha capacidade máxima de cinco persoas, sexan ou non conviventes, incluídos os monitores, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade, excepto no caso de persoas conviventes.



5. Bibliotecas, arquivos, museos e salas de exposicións, monumentos e outros equipamentos culturais.

Na realización de actividades culturais nestes espazos aplicarase un máximo de ata cinco persoas nas actividades de grupos, sexan ou non conviventes, incluído o monitor ou guía, e deberán establecerse as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade, excepto no caso de persoas conviventes.

6. Actividade en cines, teatros, auditorios, circos de toldo e espazos similares, así como en recintos ao aire libre e noutros locais e establecementos destinados a espectáculos públicos e actividades recreativas.

En calquera caso, será de aplicación un límite máximo de trinta persoas para lugares pechados e de setenta e cinco persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Non obstante, poderase ampliar o límite indicado ata un máximo de cincuenta persoas para lugares pechados e de cento cincuenta persoas se se trata de actividades ao aire libre, logo da autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. Neste caso, a solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade polo COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueles outros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

7. Actividades e instalacións deportivas.

A práctica da actividade física e deportiva non federada, ao aire libre, poderá realizarse de forma individual ou colectiva, sen contacto físico, sempre que, neste último caso, todas as persoas do grupo sexan conviventes.

Nas instalacións e centros deportivos poderase realizar actividade deportiva en grupos de ata cinco persoas, sexan ou non conviventes, sen contacto físico, e sempre que non se supere o cincuenta por cento da capacidade máxima permitida, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade.



A práctica da actividade deportiva federada de competencia autonómica poderá realizarse de forma individual ou colectiva, sen contacto físico, e ata un máximo de cinco persoas simultaneamente no caso dos adestramentos, sexan ou non conviventes. Non se aplicará este límite nas competicións onde as regras federativas garantan espazos diferenciados para cada equipo. No caso de realizarse en instalacións deportivas, a práctica axustarase, ademais, aos termos establecidos no parágrafo anterior.

8. Celebración de eventos deportivos, de adestramentos e de competicións deportivas con público.

A celebración de eventos deportivos, os adestramentos e as competicións deportivas que teñan lugar en instalacións deportivas ou na vía pública poderán desenvolverse con público sempre que este permaneza sentado, que non se supere o cincuenta por cento da capacidade permitida da instalación ou do espazo de que se trate e cun límite de trinta persoas para lugares pechados, e de setenta e cinco persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Non obstante, poderase ampliar o límite indicado ata un máximo de cincuenta persoas para lugares pechados e cento cincuenta persoas se se trata de actividades ao aire libre, logo da autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. Neste caso, a solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade polo COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueles outros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

9. Piscinas.

Nas zonas de estancia das piscinas establecerase unha distribución espacial para manter a distancia de seguridade interpersoal entre os usuarios e os grupos deberán estar constituídos só por persoas conviventes.

10. Especificidades para determinadas actividades turísticas.

Poderán realizarse actividades de turismo, organizadas por empresas habilitadas para iso, e a actividade de guía turístico, para grupos de ata un máximo de cinco persoas, sexan ou non conviventes, e deberán establecerse as medidas necesarias para procurar a



distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade, excepto no caso de persoas conviventes.

11. Centros de información, casetas e puntos de información.

Nos centros de información, casetas e puntos de información e espazos similares non se poderá exceder o cincuenta por cento da súa capacidade e deberá respectarse o máximo de cinco persoas nas actividades de grupos, sexan ou non conviventes, incluído o monitor ou guía. Ademais, deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade, excepto no caso de persoas conviventes.

12. Realización de actividades de tempo libre dirixidas á poboación infantil e xuvenil.

1. Poderanse realizar actividades de tempo libre destinadas á poboación infantil e xuvenil cando estas se leven a cabo ao aire libre, sempre que se limite o número de participantes ao cincuenta por cento da súa asistencia máxima habitual, cun máximo de cincuenta participantes, incluídos os monitores. Cando estas actividades se realicen en espazos pechados, non se deberá superar o cincuenta por cento da capacidade máxima do recinto, cun máximo de vinte e cinco participantes, incluídos os monitores.

2. As actividades deberán realizarse en grupos de ata cinco persoas participantes, sexan ou non conviventes, incluídos os monitores correspondentes, que deberán traballar sen contacto entre os demais grupos.

13. Uso de espazos públicos.

Os centros cívicos e sociais poderán realizar a súa actividade sempre que se limite a súa capacidade total ao cincuenta por cento e que se extremen as medidas de protección nas actividades socioculturais de tipo grupal que se realizan neles, cun máximo de cinco persoas, sexan ou non conviventes, incluído o monitor ou guía para as actividades grupais.

14. Centros recreativos turísticos ou similares.

As visitas de grupos serán dun máximo de cinco persoas, sexan ou non conviventes, incluído o monitor ou guía, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade, excepto no caso de persoas conviventes.



15. Celebración de congresos, encontros, reunións de negocio, conferencias, eventos e actos similares.

Poderanse celebrar congresos, encontros, reunións de negocio, conferencias e eventos e actos similares promovidos por calquera entidade, de natureza pública ou privada, sempre que non se supere o cincuenta por cento da capacidade permitida do lugar de realización e cun límite máximo de trinta persoas para lugares pechados, e de setenta e cinco persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Non obstante, poderase ampliar o límite indicado ata un máximo de cincuenta persoas para lugares pechados e cento cincuenta persoas se se trata de actividades ao aire libre, logo da autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. Neste caso, a solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade polo COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueles outros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

O recollido neste número será tamén de aplicación para reunións profesionais, xuntas de comunidades de propietarios e eventos similares.

16. Establecementos e locais de xogo e apostas.

En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia de seguridade interpersoal entre as mesas ou, de ser o caso, agrupacións de mesas. A ocupación máxima será de cinco persoas por mesa ou agrupación de mesas, e deberán ser todas elas conviventes. En calquera caso, deberase respectar un máximo de cincuenta persoas en espazos ao aire libre ou de vinte e cinco persoas en espazos pechados. En caso de dispoñer tamén de servizos de hostalaría, seralles aplicable a prohibición do consumo no interior do local establecido para os ditos establecementos.

17. Limitación de capacidade para outros locais ou establecementos comerciais.

1. Con carácter xeral, calquera outro local ou establecemento comercial para o cal non se recollan expresamente unhas condicións de capacidade na presente orde, nin en protocolos ou normativa específica que lle sexa aplicable, non poderá superar o cincuenta por



cento da capacidade autorizada ou establecida. En calquera caso, deberase respectar un máximo de trinta persoas para lugares pechados e de setenta e cinco persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Non obstante, poderase ampliar o límite indicado ata un máximo de cincuenta persoas para lugares pechados e de cento cincuenta persoas se se trata de actividades ao aire libre, logo da autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. Neste caso, a solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade polo COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueles outros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

O disposto neste número 1 non será de aplicación nos establecementos comerciais de alimentación, bebidas, produtos e bens de primeira necesidade, establecementos farmacéuticos, servizos médicos ou sanitarios, ópticas, produtos ortopédicos, produtos hixiénicos, salóns de peiteado, prensa e papelería, combustible para a automoción, estancos, equipamentos tecnolóxicos e de telecomunicacións, alimentos para animais de compañía, comercio pola internet, telefónico ou correspondencia, tinturarias e lavandarias, sen prexuízo da necesidade de cumprir as obrigas xerais previstas nesta orde e as medidas xerais de hixiene e protección.

2. As actividades en grupos deberán realizarse cun máximo de cinco persoas participantes, sexan ou non conviventes, incluídos os monitores, guías ou encargados correspondentes, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersonal durante o desenvolvemento da actividade, excepto no caso de persoas conviventes.



I. DISPOSICIÓNS XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 23 de setembro de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos de Pontevedra, Poio, Vilaboa e Marín.

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto do dito acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada mediante o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta, do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade.

Así mesmo, indícase no dito punto sexto, na redacción vixente, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de acordo coa normativa aplicable e á vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou en parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación de medidas concretas contidas no anexo.

En aplicación do previsto no punto sexto citado, atendida a evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na comarca de Pontevedra, sobre a base do indicado no informe elaborado pola Dirección Xeral de Saúde Pública o 9 de setembro de 2020 e tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, ditouse a Orde



do 9 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Pontevedra.

Tal e como se indicou na orde, o fundamento normativo das medidas atópase na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 e 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

No que atinxe á eficacia das medidas, no punto quinto da orde indicouse que terían efectos desde as 00.00 horas do 10 de setembro de 2020 e que serían obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderían ser obxecto de mantemento, de modificación ou poderían deixarse sen efecto por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

As medidas restritivas de dereitos fundamentais contidas na orde foron obxecto de ratificación xudicial polo Auto número 70/2020, do 11 de setembro, do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 2 de Pontevedra.

Por outra banda, de acordo co informe elaborado pola Dirección Xeral de Saúde Pública sobre a comarca de Pontevedra, do 11 de setembro de 2020, e tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, tendo en conta a situación dos concellos de Poio e de Vilaboa e a interrelación destes concellos entre eles e co concello de Pontevedra, ditouse a Orde do 11 de setembro de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos de Poio e Vilaboa, en que se acordou estender a aplicación das medidas de prevención previstas na Orde do 9 de setembro de 2020, antes citada, a estes dous concellos, engadindo, ademais, medidas específicas respecto das praias destes concellos.

Neste caso, no que atinxe á eficacia das medidas, no punto segundo da orde indicouse que terían efectos desde as 00.00 horas do 12 de setembro de 2020 e que serían obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a cinco días naturais desde a publicación da orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.



As medidas restritivas de dereitos fundamentais foron obxecto de ratificación xudicial polo Auto do 12 de setembro de 2020, do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución número 2 de Pontevedra, respecto do concello de Poio, e polo Auto do 13 de setembro de 2020, do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución número 1 de Cangas, respecto do concello de Vilaboa.

En cumprimento do disposto no punto quinto da Orde do 9 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Pontevedra, e no punto segundo da Orde do 11 de setembro de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos de Poio e Vilaboa, procedeuse ao seguimento e á avaliación das medidas co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria existente. Tendo en conta o indicado nos informes da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 16 de setembro de 2020, sobre as comarcas de Pontevedra e do Morrazo, e tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, na Orde do 16 de setembro de 2020 dispúxose, atendida a situación epidemiolóxica e sanitaria, o mantemento das medidas de prevención nos termos previstos nas ordes do 9 e do 11 de setembro de 2020 nos concellos de Pontevedra, Poio e Vilaboa, e a extensión da aplicación das mesmas medidas ao concello de Marín.

Conforme o punto segundo da Orde do 16 de setembro de 2020, as medidas debían ser obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da orde.

O Xulgado do Contencioso-Administrativo número 1 de Pontevedra, no Auto número 103/2020, do 18 de setembro, pronunciouse sobre a ratificación das medidas restritivas de dereitos fundamentais.

De conformidade co punto segundo da Orde do 16 de setembro de 2020, procedeuse ao seguimento e avaliación das medidas adoptadas para adecualas á evolución epidemiolóxica e sanitaria. Así, no informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 23 de setembro de 2020, sobre a comarca de Pontevedra sinalase que a taxa de incidencia, aínda que cunha lixeira baixada, segue sendo importante, o que indica que o brote non está baixo control, e que a porcentaxe de positividade refire que a transmisión segue a ser importante, e son os concellos de Pontevedra, Poio e Vilaboa os que seguen a presentar unha taxa de incidencia importante con aparición, ademais, de casos de xeito diario. En consecuencia, o brote segue a ter características de alto/medio risco, polo que se recomenda continuar coas medidas xa establecidas nos concellos de Pontevedra, Poio e Vilaboa.



E no informe da Dirección Xeral de Saúde Pública da mesma data sobre a comarca do Morrazo indícase que a taxa de incidencia na comarca vai en aumento, debido claramente ao aumento de casos e da taxa no concello de Marín, e que o número reprodutivo instantáneo, aínda que está a baixar, aínda mostra que a transmisión está activa e poden seguir a xerarse casos a partir doutros. Ademais, os grupos de idade máis afectados corresponden a idades moi novas o que pode favorecer a transmisión da enfermidade dada a alta proporción de infectados sen síntomas. En consecuencia, dado que o brote ten características de risco, así como o aumento de casos nos últimos días no concello de Marín, recoméndase manter as medidas restritivas neste concello.

Atendido o disposto nos informes indicados, e tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria impón, como consecuencia, o mantemento, nos concellos de Pontevedra, Poio, Vilaboa e Marín, das medidas de prevención previstas nas ordes do 9 e do 11 de setembro de 2020.

Polo demais, as medidas deben seguir sendo obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da presente orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria, e proceder, segundo o caso, ao seu mantemento, modificación ou a deixalas sen efecto.

En atención ao exposto, en aplicación do punto segundo da Orde do 16 de setembro de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos de Pontevedra, Poio, Vilaboa e Marín, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. *Medidas de prevención nos concellos de Pontevedra, Poio, Vilaboa e Marín*

Atendida a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria, mantense, nos concellos de Pontevedra, Poio e Vilaboa, a eficacia das medidas previstas na Orde do 9 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Pontevedra, e na Orde do 11 de setembro de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos de Poio e Vilaboa, así como a eficacia das mesmas medidas no concello de Marín.



Segundo. *Eficacia, seguimento e avaliación*

Esta orde terá efectos desde as 00.00 horas do 24 de setembro de 2020.

As medidas cuxa eficacia se mantén nos concellos de Pontevedra, Poio, Vilaboa e Marín serán obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da presente orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

Para estes efectos, poderán ser obxecto de mantemento, de modificación ou poderán deixarse sen efecto por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2020

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade



I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 23 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Vilagarcía de Arousa.

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto do dito acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada mediante o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta, do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de sanidade.

Así mesmo, indícase no dito punto sexto, na redacción vixente, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de acordo coa normativa aplicable e á vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou en parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación de medidas concretas contidas no anexo.

De acordo co informe sobre a situación epidemiolóxica elaborado pola Dirección Xeral de Saúde Pública o 23 de setembro, a taxa de incidencia no concello de Vilagarcía de Arousa está a aumentar desde principios de setembro. Este aumento é máis do dobre entre o



16 e 22 de setembro, o que indica un empeoramento da situación epidemiolóxica. A estimación puntual do número reprodutivo instantáneo leva, desde o día 10 de setembro, por riba do 1,5, con momentos por riba do 2 e co intervalo de confianza superior acadando nalgúns momentos o 4, o que implica que cada caso pode xerar entre 2 e 4 casos secundarios. O feito de que Vilagarcía de Arousa teña unha estrutura, na súa meirande parte, urbana, de feito é o noveno concello en número de habitantes de Galicia, que as taxas de incidencia estean en aumento e que o número reprodutivo instantáneo tamén estea elevado fai previsible que o brote neste concello continúe o seu crecemento. O informe considera que este brote ten a capacidade para seguir crecendo pero tamén pode ser controlado se se establecen as medidas adecuadas, polo que recomenda establecer restricións neste concello de Vilagarcía de Arousa.

O informe considera que se deben tomar medidas respecto ao concello de Vilagarcía de Arousa, no que atinxe ás regras aplicables para o desenvolvemento de determinadas actividades, reunións e grupos de persoas, entre outras.

Así, tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, resulta necesaria, en consecuencia, a adopción de medidas de prevención específicas no concello de Vilagarcía de Arousa, para facer fronte aos abrochos e ás cadeas de transmisións existentes e garantir a súa contención, prevendo unhas medidas para o ámbito territorial indicado, conectadas cos factores de maior risco de transmisión.

En particular, considérase que as medidas tendentes a limitar os grupos de persoas para o desenvolvemento de calquera actividade ou evento de carácter familiar ou social na vía pública, espazos de uso público ou espazos privados e as limitacións para festas, verbenas e outros eventos populares e multitudinarios deben adoptarse no concello de Vilagarcía de Arousa, tendo en conta a natureza destas actividades, os riscos asociados a elas e a idade da poboación a que está afectando de forma predominante o virus neste momento.

Estas medidas teñen o seu fundamento normativo na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 e 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

En particular, cómpre salientar que a Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, prevé, no seu artigo primeiro, que co obxecto de protexer a saúde pública e previr a súa perda ou deterio-



ración, as autoridades sanitarias das distintas administracións públicas poderán, dentro do ámbito das súas competencias, adoptar as medidas previstas na dita lei cando así o exixan razóns sanitarias de urxencia ou necesidade.

O artigo segundo habilita as autoridades sanitarias competentes para adoptaren medidas de recoñecemento, tratamento, hospitalización ou control cando se aprecien indicios racionais que permitan supoñer a existencia de perigo para a saúde da poboación debido á situación sanitaria concreta dunha persoa ou grupo de persoas ou polas condicións sanitarias en que se desenvolve unha actividade. E, para o caso concreto de enfermidades transmisibles, o artigo terceiro dispón que, co fin de controlalas, a autoridade sanitaria, ademais de realizar as accións preventivas xerais, poderá adoptar as medidas oportunas para o control dos enfermos, das persoas que estean ou teñan estado en contacto con estes e do contorno inmediato, así como as que se consideren necesarias en caso de risco de carácter transmisible. E o artigo 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, prevé que as autoridades sanitarias poderán levar a cabo intervencións públicas nos supostos de riscos para a saúde de terceiras persoas, nos mesmos termos previstos nos artigos 2 e 3 da Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, antes citados.

Non se recolle, pois, unha lista pechada de medidas de prevención, senón que poderán adoptarse, de acordo cos principios de precaución e de proporcionalidade que deben rexer as actuacións en materia de saúde, as necesarias para facer fronte ao concreto risco sanitario de que se trate.

En todo caso, e en atención a tales principios, estas medidas serán reavaliadas nun período non superior a sete días naturais desde a publicación desta orde en función da evolución da situación epidemiolóxica no concello.

Por outra banda, as medidas de prevención que se recollen nesta orde teñen un evidente fundamento sanitario, dados os riscos de transmisión dunha enfermidade contaxiosa como a que nos ocupa, e a vixilancia, inspección e control do seu cumprimento corresponden aos concellos, sen prexuízo das competencias da Consellería de Sanidade, tendo en conta a condición de autoridade sanitaria dos alcaldes e alcaldesas (artigo 33.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia), as competencias dos concellos do control sanitario de actividades e servizos que impacten na saúde da súa cidadanía, dos lugares de convivencia humana (artigo 80.3 da lei citada), así como da súa competencia para a ordenación e control do dominio público.

Polo tanto, os alcaldes e alcaldesas, como autoridade sanitaria, deben garantir nas referidas actividades, servizos e lugares de convivencia humana, os dereitos e deberes sani-



tarios da cidadanía (artigo 33.2 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia) e, polo tanto, garantir a vixilancia, inspección e control do cumprimento das medidas preventivas aprobadas pola Administración autonómica e daquelas que, no seu desenvolvemento, e atendendo á situación concreta, poida establecer o concello.

Así mesmo, as forzas e corpos de seguridade teñen un papel fundamental no necesario control do cumprimento das medidas de prevención, papel que veñen desempeñando durante toda esta crise sanitaria, a través da formulación das correspondentes denuncias e remisión ás autoridades competentes, nos casos en que se detecte o seu incumprimento. Debe recordarse a este respecto que o Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, declarou a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e activou o Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19. Tendo en conta a existencia dunha declaración de emerxencia sanitaria, resulta esencial a colaboración das forzas e corpos de seguridade coa finalidade de preservar a seguridade e a convivencia cidadá.

Conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para a adopción das medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica existente no concello de Vilagarcía de Arousa, coa urxencia que a protección da saúde pública demanda.

Na súa virtude, en aplicación do punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. *Obxecto*

O obxecto desta orde é establecer determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Vilagarcía de Arousa.



Segundo. *Restricións ás agrupacións de persoas para a protección da saúde ante a existencia dun risco de carácter transmisible*

1. Á vista da evolución da situación epidemiolóxica e coa finalidade de controlar a transmisión da enfermidade, adóptase, en todo o ámbito territorial indicado no punto primeiro, de modo temporal, durante o período ao cal se estenda a eficacia das medidas previstas na presente orde de acordo co seu punto quinto, a medida de limitar os grupos para o desenvolvemento de calquera actividade ou evento de carácter familiar ou social na vía pública, espazos de uso público ou espazos privados, a un máximo de dez persoas, excepto no caso de persoas conviventes, en que non se aplicará esta limitación.

Tampouco será aplicable esta limitación no caso de actividades laborais e administrativas, actividades en centros educativos, de formación e ocupacionais, sempre que se adopten as medidas previstas nos correspondentes protocolos de funcionamento.

2. O incumprimento da medida de prevención establecida neste punto poderá dar lugar á imposición das sancións e a outras responsabilidades previstas no ordenamento xurídico.

3. En particular, para os efectos da execución e control desta medida de prevención, no marco da situación de emerxencia sanitaria declarada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, solicitarase a colaboración das forzas e corpos de seguridade.

4. Solicitarase a ratificación xudicial da medida prevista neste punto, de acordo co previsto na redacción vixente do número 8 do artigo 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Terceiro. *Outras medidas aplicables no ámbito territorial recollido no punto primeiro*

1. No ámbito territorial indicado no punto primeiro, recoméndaselles ás persoas maiores de 75 anos, ás persoas vulnerables ao COVID-19 e a aquelas que presenten algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria que se poida ver agravada polo uso da máscara ou que presenten algunha alteración que faga inviable a súa utilización, que eviten na súa actividade diaria as saídas nas horas de previsible afluencia ou concentración de persoas na vía pública e en espazos ou establecementos abertos ao público, co fin de reducir os riscos derivados da coincidencia con outras persoas.



2. Acórdase, no ámbito territorial incluído no punto primeiro, o peche das actividades de festas, verbenas e outros eventos populares, así como das atraccións de feira, durante o período a que se estenda a eficacia das medidas previstas na presente orde de acordo co seu punto quinto.

3. Así mesmo, serán de aplicación, no ámbito territorial a que se refire esta orde, as medidas de prevención específicas recollidas no anexo.

4. En todo o non previsto nesta orde, e no que sexa compatible con ela, serán de aplicación, en todo o ámbito territorial previsto no punto primeiro, as medidas que, con carácter xeral, se establecen no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente.

Cuarto. *Control do cumprimento das medidas e réxime sancionador*

1. A vixilancia, inspección e control do cumprimento das medidas de prevención que se recollen nesta orde, e a garantía dos dereitos e deberes sanitarios da cidadanía, corresponderán ao concello de Vilagarcía de Arousa dentro das súas competencias e sen prexuízo das competencias da Consellería de Sanidade, tendo en conta a condición de autoridade sanitaria dos alcaldes e alcaldesas de acordo co artigo 33.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, e as competencias dos concellos de control sanitario de actividades e servizos que impacten na saúde da súa cidadanía e dos lugares de convivencia humana, de acordo co artigo 80.3 do mesmo texto legal, así como da súa competencia para a ordenación e control do dominio público.

2. Así mesmo, os órganos de inspección da Administración autonómica, no ámbito das súas competencias, poderán realizar as actividades de inspección e control oportunas para a vixilancia e comprobación do cumprimento das medidas de prevención aplicables.

3. As forzas e corpos de seguridade darán traslado das denuncias que formulen polo incumprimento das medidas de prevención ás autoridades competentes.

Quinto. *Eficacia*

Esta orde terá efectos desde as 00.00 horas do 24 de setembro de 2020. Non obstante, as medidas recollidas nela serán obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo



caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da presente orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

Para estes efectos, poderán ser obxecto de mantemento, de modificación ou poderán deixarse sen efecto por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

No caso das celebracións e eventos en establecementos de restauración para os días 24 a 27 de setembro, que xa estivesen concertados con carácter previo ao día 23 de setembro, non serán aplicables as limitacións que se recollen no anexo, ben que deberán ser comunicados polos titulares dos establecementos á Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade, para que se poidan adoptar as medidas ou efectuar as recomendacións pertinentes.

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2020

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade

ANEXO Medidas de prevención específicas

1. Obrigas xerais.

1.1. Obrigas de cautela e protección.

Todos os cidadáns deberán adoptar as medidas necesarias para evitar a xeración de riscos de propagación da enfermidade COVID-19, así como a propia exposición aos ditos riscos. Este deber de cautela e protección será igualmente exigible aos titulares de calquera actividade.

Así mesmo, deberán respectarse as medidas de seguridade e hixiene establecidas polas autoridades sanitarias para a prevención do COVID-19.

1.2. Persoas con sintomatoloxía.

Calquera persoa que experimente algún dos síntomas máis comúns compatibles co COVID-19, tales como febre, calafríos, tose, sensación de falta de aire, diminución do olfacto e do gusto, dor de gorxa, dores musculares, dor de cabeza, debilidade xeral, diarrea



ou vómitos deberá permanecer no seu domicilio e comunicalo ao seu servizo sanitario o antes posible.

Igualmente, se existen conviventes no domicilio, deberá evitar o contacto con eles e, se é posible, usar un cuarto de forma exclusiva ata recibir instrucións do seu servizo sanitario.

1.3. Distancia de seguridade interpersonal.

Deberá cumprirse a medida de mantemento da distancia de seguridade interpersonal establecida polo Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, de, polo menos, 1,5 metros ou, na súa falta, medidas alternativas de protección física con uso de máscara, de hixiene adecuada e etiqueta respiratoria.

1.4. Obrigatoriedade do uso de máscaras.

Será obrigatorio o uso da máscara nas condicións establecidas no número 1.3 do anexo do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.

Os titulares dos establecementos, espazos ou locais deberán garantir o cumprimento desta obriga neles.

1.5. Medidas específicas para casos e contactos estreitos.

As persoas que sexan consideradas caso sospeitoso ou probable de infección polo virus SARS-CoV-2, por teren infección respiratoria aguda grave con cadro clínico ou radiolóxico compatible co COVID-19, ou que estean pendentes dos resultados de probas diagnósticas por este motivo, as que sexan consideradas como caso confirmado con infección activa e as consideradas contacto estreito dun caso sospeitoso, probable ou confirmado, deberán seguir as condicións de illamento ou corentena que lles sexan indicadas desde os dispositivos asistenciais ou de saúde pública, sen poder abandonar o seu domicilio ou lugar de illamento ou corentena en ningún caso, salvo autorización expresa do servizo sanitario por causas debidamente xustificadas.

2. Medidas xerais de hixiene e prevención.

Sen prexuízo das normas ou protocolos específicos que se establezan, serán aplicables a todos os establecementos, locais de negocio, instalacións e espazos de uso público e



actividades de carácter público, as medidas xerais de hixiene e prevención establecidas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na redacción vixente.

3. Limitacións de capacidade e medidas de prevención específicas por sectores.

3.1. Velorios e enterros.

1. Os velorios poderán realizarse en todo tipo de instalacións, públicas ou privadas, debidamente habilitadas, cun límite máximo, en cada momento, de vinte e cinco persoas en espazos ao aire libre ou de dez persoas en espazos pechados, sexan ou non conviventes.

2. A participación na comitiva para o enterramento ou despedida para cremación da persoa falecida restrínxese a un máximo de vinte e cinco persoas, entre familiares e achedados, ademais, de ser o caso, do ministro de culto ou persoa asimilada da confesión respectiva para a práctica dos ritos funerarios de despedida do defunto.

3.2. Lugares de culto.

1. A asistencia a lugares de culto non poderá superar o cincuenta por cento da súa capacidade. A capacidade máxima deberá publicarse en lugar visible do espazo destinado ao culto.

2. Non se poderá utilizar o exterior dos edificios nin a vía pública para a celebración de actos de culto.

3.3. Cerimonias nupciais e outras celebracións relixiosas ou civís.

1. No caso de que estas cerimonias ou celebracións se leven a cabo en lugares de culto, deberán aplicarse as regras de capacidade e as medidas de hixiene e prevención na celebración de actos de culto relixioso recollidas especificamente nesta orde e, no que sexa compatible co disposto nela, no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na redacción vixente. Deberanse evitar, en calquera caso, as aglomeracións á entrada e saída dos lugares de culto.



2. As celebracións que poidan ter lugar tras a cerimonia en establecementos de hostalaría e restauración axustaranse ás condicións e á capacidade previstas para a prestación do servizo nestes establecementos.

3. En calquera caso, deberase respectar un máximo de cen persoas en espazos ao aire libre ou de cincuenta persoas en espazos pechados.

3.4. Establecementos e locais comerciais retalistas e de actividades de servizos profesionais abertos ao público que non formen parte de centros ou parques comerciais.

1. Os establecementos e locais comerciais retalistas e de actividades de servizos profesionais abertos ao público que non formen parte de centros ou parques comerciais non poderán superar o cincuenta por cento da súa capacidade total. No caso de establecementos ou locais distribuídos en varios andares, a presenza de clientes en cada un deles deberá gardar esta mesma proporción.

Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersoal nos locais e establecementos ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso da máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersoal indicada, nos termos previstos no número 1.4 deste anexo.

2. Deberán prestar un servizo de atención preferente a maiores de 75 anos, o cal deberá concretarse en medidas como control de accesos ou caixas de pagamento específicos, e/ou en horarios determinados que aseguren a dita preferencia na atención. A existencia do servizo de atención preferente deberá sinalarse de forma visible nos ditos establecementos e locais.

3.5. Establecementos que teñan a condición de centros e parques comerciais ou que formen parte deles.

1. Os establecementos e locais comerciais retalistas e de actividades de servizos profesionais abertos ao público situados en centros e parques comerciais non poderán superar o cincuenta por cento da súa capacidade total. No caso de establecementos ou locais distribuídos en varios andares, a presenza de clientes en cada un deles deberá gardar esta mesma proporción.

2. Non se permitirá a permanencia de clientes nas zonas comúns excepto para o tránsito entre os establecementos, salvo na actividade de hostalaría e restauración que se leve a



cabo nas ditas zonas, a cal se deberá axustar ao previsto especificamente para estas actividades. Queda prohibida a utilización de zonas recreativas como poden ser zonas infantís, ludotecas ou áreas de descanso, que deben permanecer pechadas.

3. Deberanse establecer as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersonal no interior dos locais e establecementos e nas zonas comúns ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso de máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersonal indicada, nos termos previstos no número 1.4 deste anexo. Ademais, deberán evitarse as aglomeracións de persoas que comprometan o cumprimento destas medidas.

4. Deberán prestar un servizo de atención preferente a maiores de 75 anos, o cal deberá concretarse en medidas como control de accesos ou caixas de pagamento específicos, e/ ou en horarios determinados que aseguren a dita preferencia na atención. A existencia do servizo de atención preferente deberá sinalarse de forma visible nos ditos establecementos e locais.

3.6. Mercados que desenvolven a súa actividade na vía pública.

1. No caso dos mercados que desenvolven a súa actividade na vía pública ao aire libre ou de venda non sedentaria, coñecidos como feiras, non poderán superar o cincuenta por cento dos postos habituais ou autorizados, limitando a afluencia de clientes de maneira que se asegure o mantemento da distancia de seguridade interpersonal.

Os concellos poderán aumentar a superficie habilitada ou habilitar novos días para o exercicio desta actividade para compensar esta limitación.

Á hora de determinar os comerciantes que poden exercer a súa actividade, o concello poderá priorizar aqueles que comercializan produtos alimenticios e de primeira necesidade, asegurando que non sexan manipulados os produtos comercializados neles por parte dos consumidores.

3.7. Actividades en academias, autoescolas e centros privados de ensino non regrado e centros de formación e actividade formativa xestionada ou financiada pola Administración autonómica en centros e entidades de formación.

A actividade que se realice nestes centros poderá impartirse dun modo presencial sempre que non se supere unha capacidade do cincuenta por cento respecto do máximo permitido e cun máximo de dez persoas por grupo.



3.8. Establecementos de hostalaría e restauración.

1. Os establecementos de hostalaría e restauración non poderán superar o cincuenta por cento da súa capacidade para consumo no interior do local.

2. O consumo dentro do local poderá realizarse unicamente sentado na mesa, ou agrupacións de mesas, e deberase asegurar o mantemento da debida distancia de seguridade interpersoal entre clientes. Non está permitido o consumo na barra.

3. As terrazas ao aire libre dos establecementos de hostalaría e restauración limitarán a súa capacidade ao setenta e cinco por cento das mesas permitidas no ano inmediatamente anterior con base na correspondente licenza municipal ou do que sexa autorizado para este ano, no caso de que a licenza sexa concedida por primeira vez.

Consideraranse terrazas ao aire libre todo espazo non cuberto ou todo espazo que, estando cuberto, estea rodeado lateralmente por un máximo de dúas paredes, muros ou paramentos.

No caso de que o establecemento de hostalaría e restauración obtivese o permiso do concello para incrementar a superficie destinada a terraza ao aire libre, poderase incrementar o número de mesas previsto no primeiro parágrafo deste número 3, respectando, en todo caso, unha proporción do setenta e cinco por cento entre mesas e superficie dispoñible e sempre que se manteña o espazo necesario para a circulación peonil no tramo da vía pública en que se sitúe a terraza.

4. En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia de seguridade interpersoal entre as mesas ou, de ser o caso, agrupacións de mesas. A ocupación máxima será de dez persoas por mesa ou agrupación de mesas. A mesa ou agrupación de mesas que se utilice para este fin deberá ser acorde co número de persoas e permitir que se respecte a distancia mínima de seguridade interpersoal entre elas.

5. Os establecementos de hostalaría e restauración deberán pechar non máis tarde da unha da madrugada sen que se poida permitir o acceso de ningún cliente desde as 00.00 horas.

3.9. Condicións para ocupación de zonas comúns de hoteis e aloxamentos turísticos.

1. A ocupación das zonas comúns dos hoteis e aloxamentos turísticos non poderá superar o cincuenta por cento da súa capacidade.



Para iso, cada establecemento deberá determinar a capacidade dos distintos espazos comúns, así como aqueles lugares en que se poderán realizar eventos e as condicións máis seguras para a súa realización conforme a capacidade máxima prevista e de acordo coas medidas de hixiene, protección e distancia mínima establecidas.

2. As actividades de animación ou clases grupais deberán deseñarse e planificarse cunha capacidade máxima de dez persoas, incluídos os monitores, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade excepto no caso de persoas conviventes.

3.10. Albergues turísticos.

Na modalidade de aloxamento turístico de albergue permitirase unha capacidade máxima do cincuenta por cento da máxima permitida.

3.11. Bibliotecas, arquivos, museos e salas de exposicións, monumentos e outros equipamentos culturais.

1. Nas bibliotecas, arquivos, museos e salas de exposicións, monumentos e outros equipamentos culturais, tanto de titularidade pública como privada, poderán realizarse actividades presenciais sen superar o cincuenta por cento da capacidade máxima permitida.

2. Este límite de ocupación será aplicable tamén á realización de actividades culturais nestes espazos e cun máximo de ata dez persoas nas actividades de grupos, incluído o monitor ou guía, e deberán establecerse as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade excepto no caso de persoas conviventes.

3.12. Actividade en cines, teatros, auditorios, circos de todo e espazos similares, así como en recintos ao aire libre e noutros locais e establecementos destinados a espectáculos públicos e actividades recreativas.

1. Os cines, teatros, auditorios, circos de todo e espazos similares poderán desenvolver a súa actividade, contando con butacas preasignadas, sempre que non superen o cincuenta por cento da capacidade permitida en cada sala.

2. No caso doutros recintos, locais e establecementos destinados a espectáculos públicos e actividades recreativas distintos dos previstos no parágrafo anterior, poderán desenvolver a súa actividade sempre que o público permaneza sentado e que non se supere o cincuenta por cento da capacidade permitida.



3. En calquera caso, será de aplicación un límite máximo de sesenta persoas para lugares pechados e de cento cincuenta persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Non obstante, poderase ampliar o límite indicado ata un máximo de cen persoas para lugares pechados e trescentas persoas se se trata de actividades ao aire libre, logo da autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. Neste caso, a solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade polo COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueles outros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

3.13. Centros de lecer infantil.

Os centros de lecer infantil poderán levar a cabo súa actividade cumprindo o Protocolo en materia de lecer infantil para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, aprobado pola Orde da Consellería de Sanidade do 30 de xuño de 2020, e cunha capacidade máxima do cincuenta por cento do seu total.

3.14. Actividades e instalacións deportivas.

A práctica da actividade física e deportiva non federada, ao aire libre, poderá realizarse de forma individual ou colectiva, sen contacto físico, e ata un máximo de dez persoas de forma simultánea.

Nas instalacións e centros deportivos poderase realizar actividade deportiva en grupos de ata dez persoas, sen contacto físico, e sempre que non se supere o cincuenta por cento da capacidade máxima permitida, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade.

A práctica da actividade deportiva federada de competencia autonómica poderá realizarse de forma individual ou colectiva, sen contacto físico, e cun máximo de dez persoas simultaneamente no caso dos adestramentos. Non se aplicará este límite nas competicións onde as regras federativas garantan espazos diferenciados para cada equipo. No caso de realizarse en instalacións deportivas, a práctica axustarase, ademais, aos termos establecidos no parágrafo anterior.



3.15. Celebración de eventos deportivos, de adestramentos e de competicións deportivas con público.

A celebración de eventos deportivos, adestramentos, competicións deportivas que se celebren en instalacións deportivas ou na vía pública poderán desenvolverse con público sempre que este permaneza sentado, que non se supere o cincuenta por cento da capacidade permitida da instalación ou do espazo de que se trate e cun límite de sesenta persoas para lugares pechados e de cento cincuenta persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Non obstante, poderase ampliar o límite indicado ata un máximo de cen persoas para lugares pechados e trescentas persoas se se trata de actividades ao aire libre, logo da autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. Neste caso, a solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade polo COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueles outros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

3.16. Uso de praias e piscinas.

1. O concello deberá establecer limitacións tanto de acceso como de capacidade das praias co fin de asegurar que se poida respectar a distancia interpersonal de seguridade entre usuarios. Para os efectos de calcular a capacidade máxima permitida por cada praia, considerarase que a superficie de praia que vai ocupar cada usuario será de, polo menos, catro metros cadrados.

2. As piscinas ao aire libre ou cubertas, para uso deportivo ou recreativo, deberán respectar o límite do cincuenta por cento da súa capacidade, tanto no relativo ao acceso como durante a propia práctica deportiva ou recreativa, e sen que se poida exceder o límite de cen persoas de ocupación. Quedan exentas destas limitacións as piscinas unifamiliares de uso privado.

3. A situación dos obxectos persoais, toallas, hamacas e elementos similares nas zonas de estadia das piscinas e praias levarase a cabo de forma que se poida manter a distancia



de seguridade interpersonal con respecto a outros usuarios. Deberá, ademais, respectarse o límite máximo de dez persoas por grupo, excepto no caso de persoas conviventes, en que non se aplicará esta limitación.

4. Exceptúase o uso da máscara durante o baño e mentres se permaneza nun espazo determinado, sen desprazarse, e sempre que se poida garantir o respecto da distancia de seguridade interpersonal entre todas as persoas usuarias non conviventes. En calquera caso, será obrigatorio o uso da máscara para os accesos, desprazamentos e paseos nas piscinas e praias.

3.17. Especificidades para determinadas actividades turísticas.

Poderán realizarse actividades de turismo, organizadas por empresas habilitadas para iso, e a actividade de guía turístico, para grupos de ata un máximo de dez persoas, e deberán establecerse as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersonal durante o desenvolvemento da actividade excepto no caso de persoas conviventes.

3.18. Centros de información, casetas e puntos de información.

Nos centros de información, casetas e puntos de información e espazos similares non se poderá exceder o cincuenta por cento da súa capacidade e deberá respectarse o máximo de dez persoas nas actividades de grupos, incluído o monitor ou guía. Ademais, deberán establecerse as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersonal durante o desenvolvemento da actividade excepto no caso de persoas conviventes.

3.19. Realización de actividades de tempo libre dirixidas á poboación infantil e xuvenil.

1. Poderanse realizar actividades de tempo libre destinadas á poboación infantil e xuvenil, cando estas se leven a cabo ao aire libre, sempre que se limite o número de participantes ao cincuenta por cento da súa asistencia máxima habitual, cun máximo de cen participantes, incluídos os monitores. Cando estas actividades se realicen en espazos pechados, non se deberá superar o cincuenta por cento da capacidade máxima do recinto, cun máximo de cincuenta participantes, incluídos os monitores.

2. As actividades deberán realizarse en grupos de ata dez persoas participantes, incluídos os monitores correspondentes, que deberán traballar sen contacto entre os demais grupos.



3.20. Uso de espazos públicos.

1. Os centros cívicos e sociais poderán realizar a súa actividade sempre que se limite a súa capacidade total ao cincuenta por cento e que se extremen as medidas de protección nas actividades socioculturais de tipo grupal que se realizan neles cun máximo de dez persoas, incluído o monitor ou guía para as actividades grupais.

2. Deberán adoptarse as medidas que coadruven no control das agrupacións de persoas en lugares públicos, e das actividades prohibidas relacionadas co consumo de bebidas alcohólicas en parques e outros lugares de tránsito público, polos riscos que presenta para a saúde pública, relacionados coa aglomeración incontrolada de persoas e coa ausencia ou relaxación de medidas de seguridade e de distanciamento persoal. Recoméndase o peche dos parques públicos e espazos similares a partir das 00.00 horas ata as 6.00 horas.

3.21. Centros recreativos turísticos ou similares.

1. Os centros recreativos turísticos ou similares poderán realizar a súa actividade sempre que se limite a súa capacidade total ao cincuenta por cento.

2. As visitas de grupos serán dun máximo de dez persoas, incluído o monitor ou guía, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade excepto no caso de persoas convintes.

3.22. Parques e zonas deportivas de uso público ao aire libre.

Sen prexuízo do establecido no número 3.20.2, os parques infantís, parques biosaudables, zonas deportivas, pistas skate ou espazos de uso público ao aire libre similares poderán estar abertos ao público sempre que neles se respecte unha capacidade máxima estimada dunha persoa por cada catro metros cadrados de espazo computable de superficie do recinto.

3.23. Celebración de congresos, encontros, reunións de negocio, conferencias, eventos e actos similares.

1. Poderanse celebrar congresos, encontros, reunións de negocio, conferencias e eventos e actos similares promovidos por calquera entidade, de natureza pública ou privada, sempre que non se supere o cincuenta por cento da capacidade permitida do lugar de



celebración e cun límite máximo de sesenta persoas para lugares pechados e de cento cincuenta persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Non obstante, poderase ampliar o límite indicado ata un máximo de cen persoas para lugares pechados e trescentas persoas se se trata de actividades ao aire libre, logo da autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. Neste caso, a solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade por COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueles outros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

O recollido neste número será tamén de aplicación para reunións profesionais, xuntas de comunidades de propietarios e eventos similares.

3.24. Establecementos e locais de xogo e apostas.

1. Os establecementos de xogos colectivos de diñeiro e de azar, salóns de xogo, salas de bingo, salóns recreativos, rifas e tómbolas, locais específicos de apostas e outros locais e instalacións asimilables aos de actividade recreativa de xogos e apostas, conforme estableza a normativa sectorial en materia de xogo, poderán realizar a súa actividade sempre que non se supere o cincuenta por cento da capacidade permitida.

2. En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia de seguridade interpersoal entre as mesas ou, de ser o caso, agrupacións de mesas. A ocupación máxima será de dez persoas por mesa ou agrupación de mesas. En calquera caso, deberase respectar un máximo de cen persoas en espazos ao aire libre ou de cincuenta persoas en espazos pechados.

3. Os establecementos e locais deberán pechar non máis tarde das 00.30 horas, sen que se poida permitir o acceso de ningún cliente nin expedir consumición ningunha desde esa hora, e cun período máximo de desaloxo de trinta minutos.

3.25. Limitación de capacidade para outros locais ou establecementos comerciais.

1. Con carácter xeral, calquera outro local ou establecemento comercial para o cal non se recollan expresamente unhas condicións de capacidade nesta orde, nin en protocolos



ou normativa específica que lle sexa aplicable, non poderá superar o cincuenta por cento da capacidade autorizada ou establecida. En calquera caso, deberase respectar un máximo de sesenta persoas para lugares pechados e de cento cincuenta persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Non obstante, poderase ampliar o límite indicado ata un máximo de cen persoas para lugares pechados e trescentas persoas se se trata de actividades ao aire libre, logo da autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. Neste caso, a solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade por COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueles outros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

O disposto neste número 1 non será de aplicación nos establecementos comerciais de alimentación, bebidas, produtos e bens de primeira necesidade, establecementos farmacéuticos, servizos médicos ou sanitarios, ópticas, produtos ortopédicos, produtos hixiénicos, salóns de peiteado, prensa e papelería, combustible para a automoción, estancos, equipamentos tecnolóxicos e de telecomunicacións, alimentos para animais de compañía, comercio pola internet, telefónico ou correspondencia, tinturarias e lavandarias, sen prexuízo da necesidade de cumprir as obrigas xerais previstas na presente orde e as medidas xerais de hixiene e protección.

2. As actividades en grupos deberán realizarse cun máximo de dez persoas participantes, incluídos os monitores, guías ou encargados correspondentes, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersonal durante o desenvolvemento da actividade excepto no caso de persoas conviventes.

3. En calquera caso, poderase suspender a actividade de calquera establecemento que, ao xuízo da autoridade competente, poida supor un risco de contaxio polas condicións en que se estea desenvolvendo.



I. DISPOSICIÓNS XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 23 de setembro de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na comarca de Santiago.

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto do dito acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta, do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade.

Así mesmo, indícase no dito punto sexto, na redacción vixente, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de acordo coa normativa aplicable e á vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación de medidas concretas contidas no anexo.

En aplicación do previsto no punto sexto citado, atendida a evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Santiago de Compostela, sobre a base



do indicado no informe elaborado pola Dirección Xeral de Saúde Pública o 2 de setembro de 2020, e tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, ditouse a Orde do 2 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Santiago de Compostela.

Tal e como se indicou na orde, o fundamento normativo das medidas atópase na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 e 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

No que atinxe á eficacia das medidas, no punto sexto da orde indicouse que terían efectos desde as 00.00 horas do 3 de setembro de 2020 e que serían obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderían ser obxecto de mantemento, de modificación ou poderían deixarse sen efecto por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Ademais, as medidas limitativas de dereitos fundamentais foron obxecto de ratificación xudicial mediante o Auto 73/2020, do 4 de setembro de 2020, do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 1 de Santiago de Compostela.

En cumprimento do disposto no punto sexto da Orde do 2 de setembro de 2020, procedeuse ao seguimento e á avaliación das medidas previstas nela co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria de Santiago de Compostela. En virtude da Orde do 9 de setembro de 2020 acordouse, sobre a base do sinalado no informe da Dirección Xeral de Saúde Pública da mesma data e tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, o mantemento das medidas de prevención e das recomendacións existentes no concello de Santiago de Compostela, ben que, respecto das terrazas dos establecementos de hostalaría e restauración, se fixou no setenta e cinco por cento a limitación da capacidade e suprimiuse, como medida específica, a relativa ao uso de máscara no caso de actividade física ou deportiva en ximnasiaos ou espazos pechados, ao ser aplicable, en relación con este último punto, a modificación operada no número 1.3 do anexo do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020 por orde da mesma data do 9 de setembro de 2020.



As medidas limitativas de dereitos fundamentais foron obxecto de ratificación xudicial mediante o Auto 145/2020, do 11 de setembro de 2020, do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 2 de Santiago de Compostela.

En cumprimento do disposto no punto terceiro da Orde do 9 de setembro de 2020, procedeuse ao seguimento e á avaliación das medidas co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria existente no concello de Santiago de Compostela. Así, atendido o disposto no informe da Dirección Xeral de Saúde pública, do 16 de setembro de 2020, e tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, mediante a Orde do 16 de setembro de 2020 dispúxose o mantemento, no concello de Santiago de Compostela, das medidas de prevención nos termos previstos na Orde do 2 de setembro de 2020, na súa redacción vixente, é dicir, tendo en conta as modificacións introducidas pola Orde do 9 de setembro de 2020.

Conforme o punto segundo da Orde do 16 de setembro de 2020 as medidas debían ser obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da orde, co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria.

As medidas restritivas de dereitos fundamentais foron ratificadas polo Auto número 88/2020, do 17 de setembro, do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 1 de Santiago de Compostela.

En cumprimento do previsto no punto segundo da Orde do 16 de setembro de 2020 procedeuse ao seguimento e a avaliación das medidas.

Neste sentido, no informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 23 de setembro de 2020, sobre a comarca de Santiago, indícase que no concello de Santiago de Compostela, aínda que se observa un lixeiro descenso na taxa acumulada e na taxa de incidencia global, o número de casos confirmados e as taxas seguen a acadar valores destacables, polo que o brote continúa tendo características de alto/medio risco. Ademais, na comarca de Santiago, o concello de Ames é, xunto co de Santiago de Compostela, o que presenta o maior número de casos, que vai en aumento nos últimos días, destacando en especial a situación do Milladoiro, no concello de Ames, debido fundamentalmente a un evento de gran potencial de expansión da infección, así como porque, atendidos os grupos de idade máis afectados, existe un número importante de infectados asintomáticos ou con síntomas



moi leves, o que facilita a transmisión da infección. En consecuencia, no informe recoméndase o mantemento das medidas xa establecidas no concello de Santiago de Compostela e a aplicación das mesmas medidas no lugar do Milladoiro, parroquia de Santa María de Biduído, no concello de Ames.

Atendido o disposto no informe, e tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na comarca de Santiago impón, como consecuencia, o mantemento, no concello de Santiago de Compostela, das medidas de prevención nos termos previstos na Orde do 2 de setembro de 2020, na súa redacción vixente, é dicir, tendo en conta as modificacións introducidas pola Orde do 9 de setembro de 2020, así como a aplicación das mesmas medidas no lugar do Milladoiro, parroquia de Santa María de Biduído, no concello de Ames.

Polo demais, as medidas deben seguir sendo obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da presente orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na comarca de Santiago, e proceder, segundo o caso, ao seu mantemento, modificación ou a deixalas sen efecto.

En atención ao exposto, en aplicación do punto segundo da Orde do 16 de setembro de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Santiago de Compostela, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. *Medidas de prevención na comarca de Santiago*

Atendida a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na comarca de Santiago, mantense, no concello de Santiago de Compostela, a eficacia das medidas de prevención previstas na Orde do 2 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Santiago de Compostela, na súa redacción vixente. Ademais, as ditas medidas serán tamén de aplicación no lugar do Milladoiro, parroquia de Santa María de Biduído, no concello de Ames.



Segundo. *Eficacia, seguimento e avaliación*

Esta orde terá efectos desde as 00.00 horas do 24 de setembro de 2020.

As medidas cuxa eficacia se mantén no concello de Santiago de Compostela e se estenden ao lugar do Milladoiro, no concello de Ames, serán obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da presente orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na comarca de Santiago.

Para estes efectos, poderán ser obxecto de mantemento, de modificación ou poderán deixarse sen efecto por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

No caso das celebracións e eventos en establecementos de restauración para os días 24 a 27 de setembro no lugar do Milladoiro previstos no punto primeiro da presente orde, que xa estivesen concertados con carácter previo ao día 23 de setembro, non serán aplicables as limitacións que se recollen no anexo da Orde do 2 de setembro de 2020, ben que deberán ser comunicados polos titulares dos establecementos á Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade, para que se poidan adoptar as medidas ou efectuar as recomendacións pertinentes.

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2020

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade



I. DISPOSICIÓNS XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 23 de setembro de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello da Coruña.

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto do dito acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta, do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade.

Así mesmo, indícase no dito punto sexto, na redacción vixente, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de acordo coa normativa aplicable e á vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación de medidas concretas contidas no anexo.

En aplicación do previsto no punto sexto citado, atendida a evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na comarca da Coruña, sobre a base do indicado no informe elaborado pola Dirección Xeral de Saúde Pública, do 7 de agosto de 2020, e tras escoitar as recomendacións do Subcomité Clínico reunido para estes efectos, ditouse a



Orde do 7 de agosto de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos da Coruña, Arteixo, Cambre, Culleredo, Oleiros, Abegondo, Bergondo, Carral e Sada.

Tal e como se indicou na orde, o fundamento normativo das medidas atópase na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 e 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

No que atinxe á eficacia das medidas, no punto sexto da orde indicouse que terían efectos desde as 00.00 horas do 8 de agosto de 2020, e que serían obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderían ser obxecto de mantemento, de modificación ou poderían deixarse sen efecto por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Ademais, as medidas foron obxecto de ratificación xudicial polo Auto do Xulgado de Instrución número 1 da Coruña, do 8 de agosto de 2020.

Froito do seguimento e da avaliación das medidas co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria na comarca da Coruña foron ditadas sucesivas ordes.

Así, na Orde do 12 de agosto de 2020 mantivéronse as medidas de prevención contidas na Orde do 7 de agosto de 2020 e, ademais, estableceuse unha medida de prevención adicional e unha recomendación de autoprotección.

As medidas limitativas de dereitos fundamentais recollidas na Orde do 12 de agosto de 2020 foron obxecto de ratificación xudicial polo Auto 54/2020, do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 4 da Coruña, do 14 de agosto de 2020.

Posteriormente, en virtude da Orde do 19 de agosto de 2020 mantívose a eficacia das medidas de prevención e recomendación de autoprotección existentes e modificouse o anexo da Orde do 7 de agosto de 2020, tendo en conta o disposto na Orde do 15 de agosto de 2020 pola que se modifican determinadas medidas previstas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para



facen fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.

As medidas limitativas de dereitos fundamentais recollidas na Orde do 19 de agosto de 2020 foron obxecto de ratificación xudicial polo Auto 40/2020, do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 2 da Coruña, do 21 de agosto de 2020.

A posterior Orde do 26 de agosto de 2020 mantivo as medidas de prevención e a recomendación de autoprotección anteriores e formulou unha serie de recomendacións dirixidas aos concellos da comarca da Coruña. As medidas limitativas de dereitos fundamentais recollidas nesta orde foron obxecto de ratificación xudicial polo Auto 63/2020, do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 3 da Coruña, do 28 de agosto de 2020.

En virtude da Orde do 28 de agosto de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Arteixo, establecéronse medidas máis restritivas no ámbito do dito concello. As medidas limitativas de dereitos fundamentais recollidas nesta orde foron obxecto de ratificación xudicial polo Auto do Xulgado de Instrución número 4 da Coruña, do 29 de agosto de 2020.

Na Orde do 2 de setembro de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos da Coruña, Arteixo, Cambre, Culleredo, Oleiros, Abegondo, Bergondo, Carral e Sada, mantívose a eficacia das medidas de prevención e das recomendacións específicas previstas nas ordes citadas anteriormente nos concellos da Coruña, Cambre, Culleredo, Oleiros e Arteixo, con algunhas modificacións puntuais. As medidas de prevención deixáronse sen efecto nos concellos de Abegondo, Bergondo, Carral e Sada, sen prexuízo de manter nestes concellos as recomendacións de autoprotección e dirixidas aos concellos da comarca contidas nas ordes do 12 e do 26 de agosto.

As medidas limitativas de dereitos fundamentais foron ratificadas polo Auto 44/2020, do 4 de setembro de 2020, do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 2 da Coruña.

Na posterior Orde do 9 de setembro de 2020 mantivéronse as medidas de prevención e as recomendacións sanitarias específicas contidas nas ordes do 7, do 12 e do 26 de agosto de 2020, soamente en determinadas zonas do concello da Coruña e no concello de Arteixo, con determinadas modificacións puntuais. Ademais, quedaron sen efecto as medidas contidas nas ordes do 7, do 12 e do 26 de agosto de 2020, previstas para os restantes



concellos a que se estaban aplicando (Cambre, Culleredo e Oleiros), así como as medidas máis restritivas previstas na Orde do 28 de agosto de 2020 para o concello de Arteixo.

O mantemento de medidas restritivas de dereitos fundamentais contido na Orde do 9 de setembro de 2020 foi obxecto de ratificación xudicial polo Auto número 65/2020, do 11 de setembro, do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 3 da Coruña.

E en virtude da Orde do 16 de setembro de 2020 mantivéronse as medidas de prevención e as recomendacións sanitarias específicas soamente nas zonas do concello da Coruña e no concello de Arteixo en que xa se estaban aplicando, nos termos previstos nas ordes do 7, do 12 e do 26 de agosto de 2020, na súa redacción vixente, é dicir, tendo en conta as modificacións introducidas na Orde do 7 de agosto de 2020 polas posteriores ordes do 2 e do 9 de setembro.

Conforme o punto segundo da dita orde, as medidas deben ser obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

O mantemento de medidas restritivas de dereitos fundamentais contido na Orde do 16 de setembro de 2020 foi obxecto de ratificación xudicial polo Auto número 42/2020, do 18 de setembro, do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 1 da Coruña.

Mediante Orde do 18 de setembro de 2020 acordouse o levantamento das medidas de prevención e das recomendacións sanitarias específicas soamente no concello de Arteixo, polo que se mantiveron aquelas nas zonas do concello da Coruña nas cales se viñan aplicando.

No informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 23 de setembro de 2020, sobre o concello da Coruña, indícase que, aínda que se observa unha mellora sostida neste concello, as taxas acumuladas están por riba da taxa acumulada total de Galicia e o número de casos nos últimos días segue a ser alto, polo que se recomenda manter as medidas restritivas actuais nas zonas de maior incidencia do dito concello.

Así, atendido o disposto no informe, e tras escoitar tamén as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria no concello da Coruña impón, como consecuencia, o mantemento de medidas de prevención e das recomendacións sanitarias específicas nas zonas do concello da Coruña en que xa



se están aplicando, nos termos previstos nas ordes do 7, do 12 e do 26 de agosto de 2020, na súa redacción vixente, é dicir, tendo en conta as modificacións introducidas na Orde do 7 de agosto de 2020 polas posteriores ordes do 2 e do 9 de setembro, ás cales antes se aludiu.

Polo demais, as medidas e as recomendacións sanitarias específicas deben seguir sendo obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da presente orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria, e proceder, segundo o caso, ao seu mantemento, modificación ou a deixalas sen efecto.

En atención ao exposto, en aplicación do punto segundo da Orde do 16 de setembro de 2020, sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na comarca da Coruña, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. Mantemento das medidas de prevención e das recomendacións específicas en determinadas zonas do concello da Coruña

Atendida a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria no concello da Coruña, mantense a eficacia das medidas de prevención previstas na redacción vixente da Orde do 7 de agosto de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos da Coruña, Arteixo, Cambre, Culleredo, Oleiros, Abegondo, Bergondo, Carral e Sada, da medida de prevención adicional e da recomendación de autoprotección previstas nos puntos segundo e terceiro da Orde do 12 de agosto de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos da Coruña, Arteixo, Cambre, Culleredo, Oleiros, Abegondo, Bergondo, Carral e Sada, así como das recomendacións contidas no punto segundo da Orde do 26 de agosto de 2020 sobre mantemento das medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos da Coruña, Arteixo, Cambre, Culleredo, Oleiros, Abegondo, Bergondo, Carral e Sada, no ámbito territorial do concello da Coruña constituído polo perímetro delimitado pola intersección das seguintes rúas (ambos os lados da rúa incluídos): rolda de Outeiro, rúa Manuel Murguía, Paseo de Ronda, rúa Gregorio Hernández, rolda de Nelle, rúa Fernando Rey, avenida de Alfonso Molina, rolda de Outeiro (tramo Estación de Ferrocarril), avenida de Salgado Torres, avenida de



Cádiz, avenida do Ferrocarril, avenida de Arteixo, Polígono de Vioño, rúa Pasteur, avenida de Fisterra, rúa Alcalde Jaime Hervada, rúa Ágora, Travesía Antonio Pedreira Ríos e rolda de Outeiro (tramo desde Manuel Deschamps ata Manuel Murguía).

Segundo. *Eficacia, seguimento e avaliación*

Esta orde terá efectos desde as 00.00 horas do 24 de setembro de 2020.

As medidas e as recomendacións sanitarias específicas cuxa eficacia se mantén serán obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da presente orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

Para estes efectos, poderán ser obxecto de mantemento, de modificación ou poderán deixarse sen efecto por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2020

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade



I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 23 de setembro de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Ourense.

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto do dito acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta, do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade.

Así mesmo, indícase no dito punto sexto, na redacción vixente, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de acordo coa normativa aplicable e á vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación de medidas concretas contidas no anexo.

En aplicación do previsto no punto sexto citado, atendida a evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Ourense, sobre a base do indicado no informe elaborado pola Dirección Xeral de Saúde Pública o 2 de setembro de 2020 e tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, ditouse a



Orde do 2 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Ourense.

Tal e como se indicou na orde, o fundamento normativo das medidas atópase na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 e 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

No que atinxe á eficacia das medidas, no punto sexto da orde indicouse que terían efectos desde as 00.00 horas do 3 de setembro de 2020, e que serían obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderían ser obxecto de mantemento, de modificación ou poderían deixarse sen efecto por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

As medidas limitativas de dereitos fundamentais recollidas na orde foron obxecto de ratificación xudicial polo Auto 54/2020, do 14 de setembro, do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 2 de Ourense.

En cumprimento do disposto no punto sexto da Orde do 2 de setembro de 2020, procedeuse ao seguimento e á avaliación das medidas previstas nela co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria no concello de Ourense. En virtude da Orde do 9 de setembro de 2020 acordouse, sobre a base do sinalado no informe da Dirección Xeral de Saúde Pública da mesma data e tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, o mantemento das medidas de prevención e das recomendacións existentes no concello de Ourense, ben que, respecto das terrazas dos establecementos de hostalaría e restauración, se fixou no setenta e cinco por cento a limitación da capacidade e se suprimiu, como medida específica, a relativa ao uso de máscara no caso de actividade física ou deportiva en ximnasios ou espazos pechados, ao ser aplicable, en relación con este último aspecto, a modificación operada no número 1.3 do anexo do Acordo do Consello da Xunta do 12 de xuño de 2020 pola orde da mesma data do 9 de setembro de 2020.



As medidas limitativas de dereitos fundamentais recollidas na orde foron obxecto de ratificación xudicial polo Auto 55/2020, do 14 de setembro, do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 2 de Ourense.

En cumprimento do disposto no punto terceiro da Orde do 9 de setembro de 2020, procedeuse ao seguimento e á avaliación das medidas co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria existente no concello de Ourense. Atendido o disposto no informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 16 de setembro de 2020, sobre a comarca de Ourense, e tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, mediante a Orde do 16 de setembro de 2020 dispúxose o mantemento, no concello de Ourense, das medidas de prevención nos termos previstos na Orde do 2 de setembro de 2020, na súa redacción vixente, é dicir, tendo en conta as modificacións introducidas pola Orde do 9 de setembro de 2020.

Polo demais, as medidas debían seguir sendo obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da dita orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria, e proceder, segundo o caso, ao seu mantemento, modificación ou a deixalas sen efecto.

De acordo co informe emitido pola Dirección Xeral de Saúde Pública sobre a comarca de Ourense, do 18 de setembro de 2020, e tras escoitar as recomendacións do subcomité clínico reunido para estes efectos, a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria determinou a adopción, mediante a Orde do 18 de setembro de 2020, de medidas de prevención máis restritivas para as rúas Antonio Puga, Doutor Fleming, Xesús Soria e avenida de Portugal, desde o cruzamento coa rúa Ervedelo ao cruzamento coa rúa Irmáns Xesta, da cidade de Ourense, as cales, conforme o punto quinto da dita orde, debían ser obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a cinco días naturais desde a publicación da orde.

En cumprimento do disposto no punto segundo da Orde do 16 de setembro de 2020 e do punto quinto da Orde do 18 de setembro de 2020, citadas, procedeuse ao seguimento e á avaliación das medidas.

No informe da Dirección Xeral de Saúde Pública do 23 de setembro de 2020, sobre a comarca de Ourense, indícase que a taxa de incidencia na comarca segue en aumento especialmente a 7 días. Este aumento da taxa é especialmente destacable no concello de Ourense, xa que os casos diarios seguen a aparecer de xeito continuo, feito que



non acontece noutros concellos da área. Esta taxa de incidencia a 7 días duplica a taxa do conxunto de Galicia calculada para estes mesmos 7 días. A estimación puntual do número reprodutivo instantáneo amosa un valor por riba do 1, o que indica que existe unha transmisión que pode ser relevante. O brote neste concello non está a evolucionar claramente no sentido positivo. No momento actual, o concello de Ourense está suxeito a restricións e dentro deste delimitábanse zonas da cidade onde se detectaba una maior agrupación dos casos, zonas en que se establecían medidas aínda máis restritivas. Nos datos máis recentes da investigación epidemiolóxica obsérvase que a distribución dos casos dentro do concello segue a non ser uniforme, detectándose agrupacións de casos en determinadas zonas da cidade que se amplían respecto ao informe anterior. O informe considera que este brote segue a ter características de alto risco, como son a taxa de incidencia nos últimos 3 días, que aumentou respecto ao informe anterior; a porcentaxe de positividade de probas PCR realizadas na zona do brote, que sitúa este indicador no nivel de risco alto, e a porcentaxe de positividade das probas PCR realizadas aos contactos dos casos detectados, que sitúa este indicador no nivel de risco medio. O informe recomenda, polo tanto, manter as restricións no concello de Ourense e, ademais, ampliar as zonas da cidade onde se aplican medidas máis restritivas por teren unha maior concentración de casos.

Tendo en conta o indicado no informe, e tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria no concello de Ourense impón, en consecuencia, o mantemento, no concello de Ourense, das medidas de prevención nos termos previstos na Orde do 2 de setembro de 2020, na súa redacción vixente, é dicir, tendo en conta as modificacións introducidas pola Orde do 9 de setembro de 2020, así como o mantemento das medidas máis restritivas previstas na Orde do 18 de setembro de 2020 nas zonas da cidade de Ourense en que se están a aplicar e a súa extensión a outras zonas do mesmo concello especialmente afectadas.

Polo demais, as medidas deben seguir sendo obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da presente orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria, e proceder, segundo o caso, ao seu mantemento, modificación ou a deixalas sen efecto.

En atención ao exposto, en aplicación do punto segundo da Orde do 16 de setembro de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Ourense, e do punto quinto da Orde do 18 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención



como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 en determinadas rúas do concello de Ourense, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:**Primeiro. *Medidas de prevención no concello de Ourense***

1. Atendida a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria no concello de Ourense, mantense a eficacia das medidas de prevención previstas na Orde do 2 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Ourense, na súa redacción vixente, agás nas zonas previstas no número seguinte, en que será de aplicación o disposto no dito número.

2. As medidas previstas na Orde do 18 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 en determinadas rúas do concello de Ourense seguirán sendo de aplicación nas rúas Antonio Puga, Doutor Fleming, Xesús Soria e avenida de Portugal, desde o cruzamento coa rúa Ervedelo ao cruzamento coa rúa Irmáns Xesta, da cidade de Ourense. Ademais, as ditas medidas serán tamén de aplicación na zona delimitada pola rúa Progreso (desde a Ponte Romana ata o cruzamento coa rúa Praza de Abastos), rúa Irmáns Xesta, avenida de Portugal (ata cruzamento coa rúa Irmáns Xesta), Camiño Lobisome, rúa Salto do Can, rúa Carballo, rúa Sobreira, nacional 525 (desde o cruzamento coa rúa Sobreira ata o cruzamento coa avenida Ribeira Sacra), e avenida Ribeira Sacra ata a Ponte Romana, incluídas estas rúas nos tramos sinalados, da cidade de Ourense.

Segundo. *Eficacia, seguimento e avaliación*

Esta orde terá efectos desde as 00.00 horas do 24 de setembro de 2020.

As medidas cuxa eficacia se mantén e se estende serán obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da presente orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.



Para estes efectos, poderán ser obxecto de mantemento, de modificación ou poderán deixarse sen efecto por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

No caso das celebracións e eventos en establecementos de restauración nas zonas da cidade de Ourense a que a presente orde estende a aplicación das medidas previstas na Orde do 18 de decembro de 2020 para os días 24 a 27 de setembro, que xa estivesen concertados con carácter previo ao día 23 de setembro, non serán aplicables as limitacións que se recollen no anexo da Orde do 18 de decembro de 2020, ben que deberán ser comunicados polos titulares dos establecementos á Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade, para que se poidan adoptar as medidas ou efectuar as recomendacións pertinentes.

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2020

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade



I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 23 de setembro de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos de Lalín e Silleda.

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto do dito acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada mediante o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade.

Así mesmo, indícase no dito punto sexto, na redacción vixente, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de acordo coa normativa aplicable e en vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou en parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación de medidas concretas contidas no anexo.

En aplicación do previsto no punto sexto citado, atendida a evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Lalín, sobre a base do indicado no informe elaborado pola Dirección Xeral de Saúde Pública o 11 de setembro de 2020 e tras escoitar as recomendacións do Subcomité Clínico reunido para estes efectos, ditouse a Orde do 11



de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Lalín.

Tal e como se indicou na orde, o fundamento normativo das medidas atópase na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 e 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

No que atinxe á eficacia das medidas, no punto quinto da orde indicouse que terían efectos desde as 00.00 horas do 12 de setembro de 2020, que serían obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a cinco días naturais desde a publicación da orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderían ser obxecto de mantemento, de modificación ou poderían deixarse sen efecto por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

As medidas restritivas de dereitos fundamentais foron obxecto de ratificación xudicial polo Auto do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución número 1 de Lalín do 13 de setembro de 2020.

En cumprimento do disposto no punto quinto da Orde do 11 de setembro de 2020, procedeuse ao seguimento e á avaliación das medidas co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria existente no concello de Lalín e noutros concellos da comarca do Deza. Tendo en conta o indicado no informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 16 de setembro de 2020, e tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, na Orde do 16 de setembro de 2020 dispúxose, atendida a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na comarca do Deza, o mantemento, no concello de Lalín, da eficacia das medidas de prevención previstas na Orde do 11 de setembro de 2020 citada, así como a aplicación das ditas medidas tamén no concello de Silleda.

No punto segundo da orde previuse que as medidas serían obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.



Ademais, o Xulgado do Contencioso-Administrativo número 2 de Pontevedra ditou o Auto número 72/2020, do 18 de setembro, sobre ratificación das medidas restritivas de dereitos fundamentais.

En cumprimento do punto segundo da Orde do 16 de setembro de 2020 procedeuse ao seguimento e á avaliación das medidas.

Así, no informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 23 de setembro de 2020, sobre a comarca do Deza, indícase que na data actual Silleda e Lalín continúan a presentar as taxas máis elevadas. No concello de Silleda soben respecto da semana anterior e en Lalín baixan, aínda que o número de casos neste concello segue a ser o máis alto da comarca, o que supón algo máis do 50 % dos casos totais declarados. Hai que salientar que no concello de Lalín se deu un brote que afectou traballadores e clientes dun bar, que semella que amplificou a transmisión xa que posteriormente comezou a aparición de casos entre familiares e, neste momento, parece que está a estender os casos cara ao concello de Silleda. O feito de que haxa idades medianas tamén afectadas pode deberse ao tipo de clientes que frecuentan o establecemento de hostalaría implicado no brote. Hai grupos de idade nova afectados que poden amplificar a transmisión, pola posible clínica máis leve que poderían presentar. Este brote segue a ter características de alto/medio risco como é a taxa de incidencia nos últimos 3 días (risco alto), a porcentaxe de positividade de probas PCR realizadas na zona do brote (risco medio) e a porcentaxe de positividade das probas PCR realizadas aos contactos dos casos detectados, que aumentou desde o informe anterior e mantén este indicador no nivel de risco alto. Por outra banda, os concellos de Lalín e Silleda seguen a ser os concellos onde se concentra a maior parte dos casos. O informe recomenda, polo tanto, manter as restricións que afectan os concellos de Silleda e Lalín.

Tendo en conta o contido do informe, e logo de escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria impondón, como consecuencia, o mantemento, nos concellos de Lalín e de Silleda, das medidas de prevención nos termos previstos na Orde do 11 de setembro de 2020.

Polo demais, as medidas deben seguir sendo obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da presente orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria, e proceder, segundo o caso, ao seu mantemento, modificación ou a deixalas sen efecto.



En atención ao exposto, en aplicación do punto segundo da Orde do 16 de setembro de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos de Lalín e Silleda, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:**Primeiro. *Medidas de prevención nos concellos de Lalín e Silleda***

Atendida a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na comarca do Deza, mantense, nos concellos de Lalín e Silleda, a eficacia das medidas de prevención previstas na Orde do 11 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Lalín.

Segundo. *Eficacia, seguimento e avaliación*

Esta orde terá efectos desde as 00.00 horas do 24 de setembro de 2020.

As medidas cuxa eficacia se mantén nos concellos de Lalín e Silleda serán obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da presente orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

Para estes efectos, poderán ser obxecto de mantemento, de modificación ou poderán deixarse sen efecto por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2020

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade



I. DISPOSICIÓNS XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 23 de setembro de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Lugo.

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto do devandito acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade.

Así mesmo, indícase no dito punto sexto, na redacción vixente, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de acordo coa normativa aplicable e en vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación de medidas concretas contidas no anexo.

En aplicación do previsto no punto sexto citado, atendida a evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Lugo, sobre a base do indicado no informe elaborado pola Dirección Xeral de Saúde Pública o 28 de agosto de 2020 e tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, ditouse a Orde do 28



de agosto de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Lugo.

Tal e como se indicou na orde, o fundamento normativo das medidas atópase na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 e 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

No que atinxe á eficacia das medidas, no punto sexto da orde indicouse que terían efectos desde as 00.00 horas do 29 de agosto de 2020, que serían obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a cinco días naturais desde a publicación da orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderían ser obxecto de mantemento, de modificación ou poderían deixarse sen efecto por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Ademais, as medidas limitativas de dereitos fundamentais recollidas na orde foron obxecto de ratificación xudicial polo Auto do Xulgado de Instrución número 1 de Lugo do 29 de agosto de 2020.

En cumprimento do disposto no punto sexto da Orde do 28 de agosto de 2020, procedeuse ao seguimento e á avaliación das medidas previstas nela co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria existente no concello de Lugo. En virtude da Orde do 2 de setembro de 2020 acordouse o mantemento das medidas de prevención e das recomendacións existentes no concello de Lugo, con adaptacións puntuais tendentes a precisar o ámbito das restricións ás agrupacións de persoas e a prever o uso de máscaras para a práctica deportiva en ximnasios ou espazos pechados.

O mantemento das medidas limitativas de dereitos fundamentais foi obxecto de ratificación xudicial polo Auto 62/2020, do 4 de setembro, do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 2 de Lugo.

Como consecuencia do seguimento e da avaliación das medidas co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria existente conforme o disposto no punto cuarto da Orde do 2 de setembro de 2020, pola Orde do 9 de setembro de 2020 acordouse



o mantemento das medidas previstas para todo o ámbito territorial do concello de Lugo na Orde do 28 de agosto de 2020, con algunhas modificacións puntuais, e o levantamento das medidas máis restritivas que aquela orde contiña para o barrio da Milagrosa.

O mantemento das medidas limitativas de dereitos fundamentais foi obxecto de ratificación xudicial polo Auto 80/2020, do 11 de setembro, do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 1 de Lugo.

En cumprimento do disposto no punto terceiro da Orde do 9 de setembro de 2020, procedeuse ao seguimento e á avaliación das medidas. Atendido o disposto no informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 16 de setembro de 2020, e tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, na Orde do 16 de setembro de 2020 dispúxose o mantemento no concello de Lugo das medidas previstas para todo o ámbito territorial do dito concello na Orde do 28 de agosto de 2020, na súa redacción vixente, é dicir, tendo en conta as modificacións introducidas polas ordes do 2 e do 9 de setembro de 2020.

No punto segundo da orde preveuse que as medidas serían obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

As medidas restritivas de dereitos fundamentais foron ratificadas polo Auto 64/2020, do 18 de setembro, do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 2 de Lugo.

En cumprimento do disposto no punto segundo da Orde do 16 de setembro de 2020 procedeuse ao seguimento e avaliación das medidas.

Neste sentido, no informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 23 de setembro de 2020, sobre a comarca de Lugo, indícase que a evolución deste brote non está a empeorar, porén, mantén as taxas acumuladas a 3, 7 e 14 días en niveis altos. O número reprodutivo instantáneo está por debaixo do limiar de 1, o que significa un dato de bo prognóstico. Nesta comarca, o único concello en que se detectaron casos de forma significativa nos últimos sete días é o concello de Lugo, a excepción dalgún outro concello que tivo algún caso esporádico neste período. Este brote segue a ter características de alto risco, como son a taxa de incidencia nos últimos 3 días, que se mantén en niveis de risco alto; a porcentaxe de positividade de probas PCR realizadas na zona do brote, que aumentou e segue



a estar en niveis de risco alto, e a porcentaxe de positividade das probas PCR realizadas aos contactos dos casos detectados, que baixou pero que mantén este brote no nivel de risco medio. Polo tanto, o informe recomenda continuar coas medidas xa establecidas no concello de Lugo.

Atendido o indicado no dito informe, e tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria impón, como consecuencia, o mantemento, no concello de Lugo, das medidas previstas para todo o ámbito territorial do dito concello na Orde do 28 de agosto de 2020, na súa redacción vixente, é dicir, tendo en conta as modificacións introducidas polas ordes do 2 e do 9 de setembro de 2020.

Polo demais, as medidas deben seguir sendo obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da presente orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria, e proceder, segundo o caso, ao seu mantemento, modificación ou a deixalas sen efecto.

En atención ao exposto, en aplicación do punto segundo da Orde do 16 de setembro de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Lugo, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. *Medidas de prevención no concello de Lugo*

Atendida a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria no concello de Lugo, mantense, no devandito concello, a eficacia das medidas de prevención previstas na Orde do 28 de agosto de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Lugo, na súa redacción vixente.

Segundo. *Eficacia, seguimento e avaliación*

Esta orde terá efectos desde as 00.00 horas do 24 de setembro de 2020.

As medidas cuxa eficacia se mantén serán obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da



presente orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria no concello de Lugo.

Para estes efectos, poderán ser obxecto de mantemento, de modificación ou poderán deixarse sen efecto por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2020

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade



I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 18 de setembro de 2020 sobre levantamento das medidas de prevención específicas nos concellos da Guarda e O Rosal como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos ditos concellos.

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto do dito acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta, do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade.

Así mesmo, indícase no dito punto sexto, na redacción vixente, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de acordo coa normativa aplicable e á vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación de medidas concretas contidas no anexo.

En aplicación do previsto no punto sexto citado, atendida a evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos da Guarda e O Rosal, sobre a base do indicado no informe elaborado pola Dirección Xeral de Saúde Pública o 11 de setembro de



2020, e tras escoitar as recomendacións do subcomité clínico reunido para estes efectos, ditouse a Orde do 11 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos da Guarda e O Rosal.

Tal e como se indicou na orde, o fundamento normativo das medidas encóntrase na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 e 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

No que atinxe á eficacia das medidas, no punto quinto da orde indicouse que terían efectos desde as 00.00 horas do 12 de setembro de 2020, e que serían obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderían ser obxecto de mantemento, de modificación ou poderían deixarse sen efecto por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Ademais, as medidas restritivas de dereitos fundamentais foron obxecto de ratificación xudicial polo Auto do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución número 1 de Tui do 13 de setembro de 2020.

De acordo co Informe elaborado pola Dirección Xeral de Saúde Pública sobre a situación epidemiolóxica e sanitaria na comarca do Baixo Miño, do 16 de setembro de 2020, e tras escoitar as recomendacións do comité clínico reunido para estes efectos, mediante a Orde do 16 de setembro de 2020 acordouse o mantemento, nos concellos da Guarda e O Rosal, das medidas de prevención previstas na Orde do 11 de setembro de 2020.

As medidas limitativas de dereitos fundamentais foron obxecto de ratificación xudicial polo Auto 83/2020, do 18 de setembro de 2020, do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 3 de Ourense.

No que atinxe á eficacia das medidas, no punto segundo da orde indicouse que terían efectos desde as 00.00 horas do 17 de setembro de 2020 e que serían obxecto de segui-



mento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

En cumprimento do disposto no punto segundo da Orde do 16 de setembro de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos da Guarda e O Rosal, procedeuse ao seguimento e á avaliación das medidas co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria existente nestes concellos. Neste sentido, no informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 18 de setembro de 2020, sobre a comarca do Baixo Miño, indícase que a incidencia acumulada diaria a 3 e 7 días está a descender nesta comarca. Este descenso obsérvase tamén nas taxas medias acumuladas a 3 e 7 días. Igualmente, o número reprodutivo instantáneo e o seu intervalo de confianza están por debaixo de 1, o que significa que cada persoa infectada infecta a menos doutra persoa, polo que a evolución da transmisión sería favorable. A evolución dos concellos da Guarda e O Rosal no momento actual é boa, téndose identificado un único caso nos últimos 3 días en cada un destes concellos. Tendo en conta a súa boa evolución epidemiolóxica, o informe considera que non habería inconveniente en suspender as restricións impostas aos concellos da Guarda e O Rosal.

Así, atendido o disposto no informe, e tras escoitar tamén as recomendacións do subcomité clínico reunido para estes efectos, a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria nos concellos da Guarda e O Rosal non impón a necesidade de manter medidas de prevención específicas nestes concellos, polo que procede deixar sen efecto as adoptadas na Orde do 11 de setembro de 2020, en todo este ámbito territorial. En consecuencia, nos ditos concellos aplicaranse as medidas de prevención xerais vixentes na Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 contidas na redacción vixente do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para transición cara a unha nova normalidade.

En atención ao exposto, en aplicación do punto segundo da Orde do 16 de setembro de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epi-



demiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos da Guarda e O Rosal, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. *Levantamento das medidas de prevención específicas nos concellos da Guarda e O Rosal*

Quedan sen efecto, nos concellos da Guarda e O Rosal, as medidas de prevención específicas previstas na Orde do 11 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos da Guarda e O Rosal.

Segundo. *Aplicación das medidas de prevención establecidas con carácter xeral*

Serán de aplicación, nos concellos da Guarda e O Rosal, as medidas de prevención que con carácter xeral se establecen no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente.

Terceiro. *Eficacia*

Esta orde terá efectos desde as 00.00 horas do 19 de setembro de 2020.

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2020

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade



I. DISPOSICIÓNS XERAIS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

ORDE do 18 de setembro de 2020 sobre levantamento das medidas de prevención específicas no concello de Arteixo como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no dito concello.

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto do dito acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta, do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade.

Así mesmo, indícase no dito punto sexto, na redacción vixente, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de acordo coa normativa aplicable e á vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación de medidas concretas contidas no anexo.

En aplicación do previsto no punto sexto citado, atendida a evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na comarca da Coruña, sobre a base do indicado no



informe elaborado pola Dirección Xeral de Saúde Pública, do 7 de agosto de 2020, e tras escoitar as recomendacións do subcomité clínico reunido para estes efectos, ditouse a Orde do 7 de agosto de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos da Coruña, Arteixo, Cambre, Culleredo, Oleiros, Abegondo, Bergondo, Carral e Sada.

Tal e como se indicou na orde, o fundamento normativo das medidas atópase na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 e 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

No que atinxe á eficacia das medidas, no punto sexto da orde indicouse que terían efectos desde as 00.00 horas do 8 de agosto de 2020, e que serían obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderían ser obxecto de mantemento, de modificación ou poderían deixarse sen efecto por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Ademais, as medidas foron obxecto de ratificación xudicial polo Auto do Xulgado de Instrución número 1 de A Coruña, do 8 de agosto de 2020.

Froito do seguimento e da avaliación das medidas co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria na comarca da Coruña foron ditadas sucesivas ordes.

Así, na Orde do 12 de agosto de 2020 mantivéronse as medidas de prevención contidas na Orde do 7 de agosto de 2020 e, ademais, estableceuse unha medida de prevención adicional e unha recomendación de autoprotección.

As medidas limitativas de dereitos fundamentais recollidas na Orde do 12 de agosto de 2020 foron obxecto de ratificación xudicial polo Auto 54/2020, do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 4 da Coruña, do 14 de agosto de 2020.

Posteriormente, en virtude da Orde do 19 de agosto de 2020 mantívose a eficacia das medidas de prevención e recomendación de autoprotección existentes e modificouse o



anexo da Orde do 7 de agosto de 2020, tendo en conta o disposto na Orde do 15 de agosto de 2020 pola que se modifican determinadas medidas previstas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.

As medidas limitativas de dereitos fundamentais recollidas na Orde do 19 de agosto de 2020 foron obxecto de ratificación xudicial polo Auto 40/2020, do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 2 da Coruña, do 21 de agosto de 2020.

A posterior Orde do 26 de agosto de 2020 mantivo as medidas de prevención e a recomendación de autoprotección anteriores e formulou unha serie de recomendacións dirixidas aos concellos da comarca da Coruña. As medidas limitativas de dereitos fundamentais recollidas nesta orde foron obxecto de ratificación xudicial polo Auto 63/2020, do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 3 da Coruña, do 28 de agosto de 2020.

En virtude da Orde do 28 de agosto de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Arteixo, establecéronse medidas máis restritivas no ámbito do dito concello. As medidas limitativas de dereitos fundamentais recollidas nesta orde foron obxecto de ratificación xudicial polo Auto do Xulgado de Instrución número 4 da Coruña, do 29 de agosto de 2020.

Na Orde do 2 de setembro de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos da Coruña, Arteixo, Cambre, Culleredo, Oleiros, Abegondo, Bergondo, Carral e Sada, mantívose a eficacia das medidas de prevención e das recomendacións específicas previstas nas ordes citadas anteriormente nos concellos da Coruña, Cambre, Culleredo, Oleiros e Arteixo, con algunhas modificacións puntuais. As medidas de prevención deixáronse sen efecto nos concellos de Abegondo, Bergondo, Carral e Sada, sen prexuízo de manter nestes concellos as recomendacións de autoprotección e dirixidas aos concellos da comarca contidas nas ordes do 12 e do 26 de agosto.

As medidas limitativas de dereitos fundamentais foron ratificadas polo Auto 44/2020, do 4 de setembro de 2020, do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 2 da Coruña.

Na posterior Orde do 9 de setembro de 2020 mantivéronse as medidas de prevención e as recomendacións sanitarias específicas contidas nas ordes do 7, do 12 e do 26 de



agosto de 2020, soamente en determinadas zonas do concello da Coruña e no concello de Arteixo, con determinadas modificacións puntuais. Ademais, quedaron sen efecto as medidas contidas nas ordes do 7, do 12 e do 26 de agosto de 2020, previstas para os restantes concellos a que se estaban aplicando (Cambre, Culleredo e Oleiros), así como as medidas máis restritivas previstas na Orde do 28 de agosto de 2020 para o concello de Arteixo.

O mantemento de medidas restritivas de dereitos fundamentais contido na Orde do 9 de setembro de 2020 foi obxecto de ratificación xudicial polo Auto número 65/2020, do 11 de setembro, do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 3 da Coruña.

Finalmente, en virtude da Orde do 16 de setembro de 2020 mantivéronse as medidas de prevención e as recomendacións sanitarias específicas soamente nas zonas do concello da Coruña e no concello de Arteixo en que xa se estaban aplicando, nos termos previstos nas ordes do 7, do 12 e do 26 de agosto de 2020, na súa redacción vixente, é dicir, tendo en conta as modificacións introducidas na Orde do 7 de agosto de 2020 polas posteriores ordes do 2 e do 9 de setembro.

Conforme o punto segundo da dita orde, as medidas deben ser obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

O mantemento de medidas restritivas de dereitos fundamentais contido na Orde do 16 de setembro de 2020 foi obxecto de ratificación xudicial polo Auto número 42/2020, do 18 de setembro, do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 1 da Coruña.

No informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 18 de setembro de 2020, sobre a comarca da Coruña, indícase que a incidencia acumulada diaria a 3 e 7 días está a descender nesta comarca. Este descenso obsérvase tamén nas taxas medias acumuladas a 3 e 7 días. Igualmente, o número reprodutivo instantáneo e o seu intervalo de confianza está por debaixo de 1. En canto ao concello de Arteixo, a investigación do brote, co illamento dos casos positivos e a corentena dos contactos fixo que as taxas acumuladas a 14 días fosen tamén descendendo de forma progresiva. O informe indica que, tendo en conta a boa evolución epidemiolóxica, non habería inconveniente en suspender as restricións impostas ao concello de Arteixo, mais considera conveniente manter as restricións actuais nas zonas de maior incidencia que afectan determinadas zonas do concello da Coruña, ata verificar que o descenso de casos e taxas estea consolidado.



Así, atendido o disposto no informe, tras escoitar tamén as recomendacións do subcomité clínico reunido para estes efectos, a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria no concello de Arteixo non impón a necesidade de manter medidas de prevención nin recomendacións sanitarias específicas neste concello, polo que procede deixar sen efecto as medidas e as recomendacións específicas que se viñan aplicando no ámbito territorial do concello citado, sen prexuízo do seu mantemento en determinadas zonas do concello da Coruña conforme o disposto na Orde do 16 de setembro de 2020. En consecuencia, no concello de Arteixo aplicaranse as medidas de prevención xerais vixentes na Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 contidas na redacción vixente do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para transición cara a unha nova normalidade.

En atención ao exposto, en aplicación do punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. *Levantamento das medidas de prevención e das recomendacións específicas no concello de Arteixo*

Quedan sen efecto, no concello de Arteixo, as medidas de prevención específicas previstas na redacción vixente da Orde do 7 de agosto de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos da Coruña, Arteixo, Cambre, Culleredo, Oleiros, Abegondo, Bergondo, Carral e Sada, da medida de prevención específica adicional e da recomendación de autoprotección previstas nos puntos segundo e terceiro da Orde do 12 de agosto de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos da Coruña, Arteixo, Cambre, Culleredo, Oleiros, Abegondo, Bergondo, Carral e Sada, así como das recomendacións específicas contidas no punto segundo da Orde do 26 de agosto de 2020 sobre mantemento das medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica



derivada do COVID-19 nos concellos da Coruña, Arteixo, Cambre, Culleredo, Oleiros, Abegondo, Bergondo, Carral e Sada.

Segundo. *Aplicación das medidas de prevención establecidas con carácter xeral*

Serán de aplicación, no concello de Arteixo, as medidas de prevención que con carácter xeral se establecen no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente.

Terceiro. *Eficacia*

Esta orde terá efectos desde as 00.00 horas do 19 de setembro de 2020.

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2020

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade



I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 18 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Verín.

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto do dito acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada mediante o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta, do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de sanidade.

Así mesmo, indícase no dito punto sexto, na redacción vixente, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de acordo coa normativa aplicable e á vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou en parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación de medidas concretas contidas no anexo.

De acordo co informe sobre a situación epidemiolóxica da comarca de Verín, elaborado pola Dirección Xeral de Saúde Pública o 18 de setembro de 2020, as taxas diarias acumuladas a 7 días presentan unha tendencia estable, pero se ve unha clara tendencia



ascendente nas taxas aos 3 días, observándose un claro aumento o día 16 de setembro. A flutuación nos valores fai que o valor do número reprodutivo instantáneo se manteña, por agora, por debaixo de 1, aínda que o valor máximo do intervalo xa supera o valor de 1. Dentro da comarca, destaca o concello de Verín, cunha taxa a 14 días alta e un número de positivos hospitalizados alto, para ser unha zona tan pequena, co risco engadido de ser unha poboación moi envellecida. Este brote ten características de alto risco como é a taxa de incidencia nos últimos 3 días, a porcentaxe de positividade de probas PCR realizadas na zona do brote, que sitúa este indicador no nivel de risco medio, a porcentaxe de positividade das probas PCR realizadas aos contactos dos casos detectados, que mantén este brote no nivel de risco alto e a baixa porcentaxe de casos previamente corentenados (risco alto). O informe recomenda a adopción de medidas restritivas neste concello, como restricións respecto ao tamaño dos grupos, establecendo un máximo de 10 persoas para grupos non conviventes, limitacións de aforos en establecementos comerciais, hostalería e restauración, limitacións para a celebración de eventos e restricións respecto a festas, verbenas ou actuacións.

Así, tras escoitar as recomendacións do subcomité clínico reunido para estes efectos, resulta necesaria, en consecuencia, a adopción, con urxencia, de medidas de prevención específicas no concello de Verín para facer fronte aos abrochos e ás cadeas de transmisións existentes e garantir a súa contención, prevendo unhas medidas para o ámbito territorial indicado, conectadas cos factores de maior risco de transmisión.

En particular, considérase que as medidas tendentes a limitar os grupos de persoas para o desenvolvemento de calquera actividade ou evento de carácter familiar ou social na vía pública, espazos de uso público ou espazos privados e as limitacións para festas, verbenas e outros eventos populares e multitudinarios, deben adoptarse para todo o ámbito do concello de Verín, tendo en conta a natureza destas actividades, os riscos asociados a elas e a idade da poboación a que está afectando de forma predominante o virus neste momento.

Estas medidas teñen o seu fundamento normativo na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 e 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

En particular, cómpre salientar que a Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, prevé, no seu artigo primeiro, que co obxecto de protexer a saúde pública e previr a súa perda ou deterio-



ración, as autoridades sanitarias das distintas administracións públicas poderán, dentro do ámbito das súas competencias, adoptar as medidas previstas na dita lei cando así o exixan razóns sanitarias de urxencia ou necesidade.

O artigo segundo habilita as autoridades sanitarias competentes para adoptaren medidas de recoñecemento, tratamento, hospitalización ou control cando se aprecien indicios racionais que permitan supoñer a existencia de perigo para a saúde da poboación debido á situación sanitaria concreta dunha persoa ou grupo de persoas ou polas condicións sanitarias en que se desenvolve unha actividade. E, para o caso concreto de enfermidades transmisibles, o artigo terceiro dispón que, co fin de controlalas, a autoridade sanitaria, ademais de realizar as accións preventivas xerais, poderá adoptar as medidas oportunas para o control dos enfermos, das persoas que estean ou teñan estado en contacto con estes e do contorno inmediato, así como as que se consideren necesarias en caso de risco de carácter transmisible. E o artigo 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, prevé que as autoridades sanitarias poderán levar a cabo intervencións públicas nos supostos de riscos para a saúde de terceiras persoas, nos mesmos termos previstos nos artigos 2 e 3 da Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, antes citados.

Non se recolle, pois, unha lista pechada de medidas de prevención, senón que poderán adoptarse, de acordo cos principios de precaución e de proporcionalidade que deben rexer as actuacións en materia de saúde, as necesarias para facer fronte ao concreto risco sanitario de que se trate.

En todo caso, e en atención a tales principios, estas medidas serán reavaliadas nun período non superior a sete días naturais desde a publicación desta orde en función da evolución da situación epidemiolóxica no concello.

Por outra banda, as medidas de prevención que se recollen nesta orde teñen un evidente fundamento sanitario, dados os riscos de transmisión dunha enfermidade contaxiosa como a que nos ocupa, e a vixilancia, inspección e control do seu cumprimento corresponden aos concellos, sen prexuízo das competencias da Consellería de Sanidade, tendo en conta a condición de autoridade sanitaria dos alcaldes e alcaldesas (artigo 33.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia), as competencias dos concellos do control sanitario de actividades e servizos que impacten na saúde da súa cidadanía, dos lugares de convivencia humana (artigo 80.3 da lei citada), así como da súa competencia para a ordenación e control do dominio público.

Polo tanto, os alcaldes e alcaldesas, como autoridade sanitaria, deben garantir nas referidas actividades, servizos e lugares de convivencia humana, os dereitos e deberes sani-



tarios da cidadanía (artigo 33.2 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia) e, polo tanto, garantir a vixilancia, inspección e control do cumprimento das medidas preventivas aprobadas pola Administración autonómica e daquelas que, no seu desenvolvemento, e atendendo á situación concreta, poida establecer o concello.

Así mesmo, as forzas e corpos de seguridade teñen un papel fundamental no necesario control do cumprimento das medidas de prevención, papel que veñen desempeñando durante toda esta crise sanitaria, a través da formulación das correspondentes denuncias e remisión ás autoridades competentes, nos casos en que se detecte o seu incumprimento. Debe recordarse a este respecto que o Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, declarou a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e activou o Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19. Tendo en conta a existencia dunha declaración de emerxencia sanitaria, resulta esencial a colaboración das forzas e corpos de seguridade coa finalidade de preservar a seguridade e a convivencia cidadás.

Conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para a adopción das medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica existente no concello de Verín, coa urxencia que a protección da saúde pública demanda.

Na súa virtude, en aplicación do punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. *Obxecto*

O obxecto desta orde é establecer determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Verín.



Segundo. *Restricións ás agrupacións de persoas para a protección da saúde ante a existencia dun risco de carácter transmisible*

1. Á vista da evolución da situación epidemiolóxica e coa finalidade de controlar a transmisión da enfermidade, adóptase, en todo o ámbito territorial do concello de Verín, de modo temporal, durante o período ao cal se estenda a eficacia das medidas previstas na presente orde de acordo co seu punto quinto, a medida de limitar os grupos para o desenvolvemento de calquera actividade ou evento de carácter familiar ou social na vía pública, espazos de uso público ou espazos privados, a un máximo de dez persoas, excepto no caso de persoas conviventes, en que non se aplicará esta limitación.

Tampouco será aplicable esta limitación no caso de actividades laborais e administrativas, actividades en centros educativos, de formación e ocupacionais, sempre que se adopten as medidas previstas nos correspondentes protocolos de funcionamento.

2. O incumprimento da medida de prevención establecida neste punto poderá dar lugar á imposición das sancións e a outras responsabilidades previstas no ordenamento xurídico.

3. En particular, para os efectos da execución e control desta medida de prevención, no marco da situación de emerxencia sanitaria declarada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, solicitarase a colaboración das forzas e corpos de seguridade.

4. Para a execución da medida prevista neste punto buscarase sempre con preferencia a colaboración voluntaria das persoas destinatarias coas autoridades sanitarias. Non obstante, malia que esta medida non se individualiza en persoas determinadas dada a súa adopción con carácter xeral, tendo en conta que nos casos de ausencia de colaboración voluntaria a súa execución pode requirir a adopción de actos de imposición coactiva que poden supoñer restricións de dereitos fundamentais, e para coaduxuar na súa plena efectividade, solicitarase a súa ratificación xudicial, de acordo co previsto no número 6 do artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Terceiro. *Outras medidas aplicables no ámbito territorial recollido no punto primeiro*

1. No ámbito territorial do concello de Verín, recoméndaselles ás persoas maiores de 75 anos, ás persoas vulnerables ao COVID-19 e a aquelas que presenten algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria que se poida ver agravada polo uso da máscara



ou que presenten algunha alteración que faga inviable a súa utilización, que eviten na súa actividade diaria as saídas nas horas de previsible afluencia ou concentración de persoas na vía pública e en espazos ou establecementos abertos ao público, co fin de reducir os riscos derivados da coincidencia con outras persoas.

2. Acórdase, no ámbito territorial incluído no punto primeiro, o peche das actividades de festas, verbenas e outros eventos populares, así como das atraccións de feiras, durante o período a que se estenda a eficacia das medidas previstas na presente orde de acordo co seu punto quinto.

3. Así mesmo, serán de aplicación, no ámbito territorial do concello de Verín, as medidas de prevención específicas recollidas no anexo.

4. En todo o non previsto nesta orde, e no que sexa compatible con ela, serán de aplicación, en todo o ámbito territorial previsto no punto primeiro, as medidas que, con carácter xeral, se establecen no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente.

Cuarto. *Control do cumprimento das medidas e réxime sancionador*

1. A vixilancia, inspección e control do cumprimento das medidas de prevención que se recollen nesta orde, e a garantía dos dereitos e deberes sanitarios da cidadanía, corresponderán ao concello de Verín dentro das súas competencias e sen prexuízo das competencias da Consellería de Sanidade, tendo en conta a condición de autoridade sanitaria dos alcaldes e alcaldesas de acordo co artigo 33.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, e as competencias dos concellos de control sanitario de actividades e servizos que impacten na saúde da súa cidadanía e dos lugares de convivencia humana, de acordo co artigo 80.3 do mesmo texto legal, así como da súa competencia para a ordenación e control do dominio público.

2. Así mesmo, os órganos de inspección da Administración autonómica, no ámbito das súas competencias, poderán realizar as actividades de inspección e control oportunas para a vixilancia e comprobación do cumprimento das medidas de prevención aplicables.

3. As forzas e corpos de seguridade darán traslado das denuncias que formulen polo incumprimento das medidas de prevención ás autoridades competentes.



Quinto. Eficacia

Esta orde terá efectos desde as 00.00 horas do 19 de setembro de 2020. Non obstante, as medidas recollidas nela serán obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da presente orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

Para estes efectos, poderán ser obxecto de mantemento, de modificación ou poderán deixarse sen efecto por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

No caso das celebracións e eventos en establecementos de restauración para os días 19 e 20 de setembro, que xa estivesen concertados con carácter previo ao día 18 de setembro, non serán aplicables as limitacións que se recollen no anexo, ben que deberán ser comunicados polos titulares dos establecementos á Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade, para que se poidan adoptar as medidas ou efectuar as recomendacións pertinentes.

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2020

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade

ANEXO
Medidas de prevención específicas

1. Obrigas xerais.**1.1. Obrigas de cautela e protección.**

Todos os cidadáns deberán adoptar as medidas necesarias para evitar a xeración de riscos de propagación da enfermidade COVID-19, así como a propia exposición aos ditos riscos. Este deber de cautela e protección será igualmente exixible aos titulares de calquera actividade.

Así mesmo, deberán respectarse as medidas de seguridade e hixiene establecidas polas autoridades sanitarias para a prevención do COVID-19.



1.2. Persoas con sintomatoloxía.

Calquera persoa que experimente algún dos síntomas máis comúns compatibles co COVID-19, tales como febre, calafríos, tose, sensación de falta de aire, diminución do olfacto e do gusto, dor de gorxa, dores musculares, dor de cabeza, debilidade xeral, diarrea ou vómitos deberá permanecer no seu domicilio e comunicalo ao seu servizo sanitario o antes posible.

Igualmente, se existen conviventes no domicilio, deberá evitar o contacto con eles e, se é posible, usar un cuarto de forma exclusiva ata recibir instrucións do seu servizo sanitario.

1.3. Distancia de seguridade interpersonal.

Deberá cumprirse a medida de mantemento da distancia de seguridade interpersonal establecida polo Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, de, polo menos, 1,5 metros ou, na súa falta, medidas alternativas de protección física con uso de máscara, de hixiene adecuada e etiqueta respiratoria.

1.4. Obrigatoriedade do uso de máscaras.

Será obrigatorio o uso da máscara nas condicións establecidas no número 1.3 do anexo do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na redacción vixente.

Os titulares dos establecementos, espazos ou locais deberán garantir o cumprimento desta obriga neles.

1.5. Medidas específicas para casos e contactos estreitos.

As persoas que sexan consideradas caso sospeitoso ou probable de infección polo virus SARS-CoV-2, por teren infección respiratoria aguda grave con cadro clínico ou radiolóxico compatible co COVID-19, ou que estean pendentes dos resultados de probas diagnósticas por este motivo, as que sexan consideradas como caso confirmado con infección activa e as consideradas contacto estreito dun caso sospeitoso, probable ou confirmado, deberán seguir as condicións de illamento ou corentena que lles sexan indicadas desde os dispositivos asistenciais ou de saúde pública, sen poder abandonar o seu domicilio ou lugar de



illamento ou corentena en ningún caso, salvo autorización expresa do servizo sanitario por causas debidamente xustificadas.

2. Medidas xerais de hixiene e prevención.

Sen prexuízo das normas ou protocolos específicos que se establezan, serán aplicables a todos os establecementos, locais de negocio, instalacións e espazos de uso público e actividades de carácter público, as medidas xerais de hixiene e prevención establecidas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na redacción vixente.

3. Limitacións de capacidade e medidas de prevención específicas por sectores.

3.1. Velorios e enterros.

1. Os velorios poderán realizarse en todo tipo de instalacións, públicas ou privadas, debidamente habilitadas, cun límite máximo, en cada momento, de vinte e cinco persoas en espazos ao aire libre ou de dez persoas en espazos pechados, sexan ou non conviventes.

2. A participación na comitiva para o enterramento ou despedida para cremación da persoa falecida restrínxese a un máximo de vinte e cinco persoas, entre familiares e achedados, ademais, de ser o caso, do ministro de culto ou persoa asimilada da confesión respectiva para a práctica dos ritos funerarios de despedida do defunto.

3.2. Lugares de culto.

1. A asistencia a lugares de culto non poderá superar o cincuenta por cento da súa capacidade. A capacidade máxima deberá publicarse en lugar visible do espazo destinado ao culto.

2. Non se poderá utilizar o exterior dos edificios nin a vía pública para a celebración de actos de culto.

3.3. Cerimonias nupciais e outras celebracións relixiosas ou civís.

1. No caso de que estas cerimonias ou celebracións se leven a cabo en lugares de culto, deberán aplicarse as regras de capacidade e as medidas de hixiene e prevención na ce-



lebración de actos de culto relixioso recollidas especificamente nesta orde e, no que sexa compatible co disposto nela, no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na redacción vixente. Deberanse evitar, en calquera caso, as aglomeracións á entrada e saída dos lugares de culto.

2. As celebracións que poidan ter lugar tras a cerimonia en establecementos de hostalaría e restauración axustaranse ás condicións e á capacidade previstas para a prestación do servizo nestes establecementos.

3. En calquera caso, deberase respectar un máximo de cen persoas en espazos ao aire libre ou de cincuenta persoas en espazos pechados.

3.4. Establecementos e locais comerciais retalistas e de actividades de servizos profesionais abertos ao público que non formen parte de centros ou parques comerciais.

1. Os establecementos e locais comerciais retalistas e de actividades de servizos profesionais abertos ao público que non formen parte de centros ou parques comerciais non poderán superar o cincuenta por cento da súa capacidade total. No caso de establecementos ou locais distribuídos en varios andares, a presenza de clientes en cada un deles deberá gardar esta mesma proporción.

Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersonal nos locais e establecementos ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso da máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersonal indicada, nos termos previstos no número 1.4 deste anexo.

2. Deberán prestar un servizo de atención preferente a maiores de 75 anos, o cal deberá concretarse en medidas como control de accesos ou caixas de pagamento específicos, e/ou en horarios determinados que aseguren a dita preferencia na atención. A existencia do servizo de atención preferente deberá sinalarse de forma visible nos ditos establecementos e locais.

3.5. Establecementos que teñan a condición de centros e parques comerciais ou que formen parte deles.

1. Os establecementos e locais comerciais retalistas e de actividades de servizos profesionais abertos ao público situados en centros e parques comerciais non poderán superar



o cincuenta por cento da súa capacidade total. No caso de establecementos ou locais distribuídos en varios andares, a presenza de clientes en cada un deles deberá gardar esta mesma proporción.

2. Non se permitirá a permanencia de clientes nas zonas comúns excepto para o tránsito entre os establecementos, salvo na actividade de hostalaría e restauración que se leve a cabo nas ditas zonas, a cal se deberá axustar ao previsto especificamente para estas actividades. Queda prohibida a utilización de zonas recreativas como poden ser zonas infantís, ludotecas ou áreas de descanso, que deben permanecer pechadas.

3. Deberanse establecer as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersoal no interior dos locais e establecementos e nas zonas comúns ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso de máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersoal indicada, nos termos previstos no número 1.4 deste anexo. Ademais, deberán evitarse as aglomeracións de persoas que comprometan o cumprimento destas medidas.

4. Deberán prestar un servizo de atención preferente a maiores de 75 anos, o cal deberá concretarse en medidas como control de accesos ou caixas de pagamento específicos, e/ou en horarios determinados que aseguren a dita preferencia na atención. A existencia do servizo de atención preferente deberá sinalarse de forma visible nos ditos establecementos e locais.

3.6. Mercados que desenvolven a súa actividade na vía pública.

No caso dos mercados que desenvolven a súa actividade na vía pública ao aire libre ou de venda non sedentaria, coñecidos como feiras, non poderán superar o cincuenta por cento dos postos habituais ou autorizados, limitando a afluencia de clientes de maneira que se asegure o mantemento da distancia de seguridade interpersoal.

Os concellos poderán aumentar a superficie habilitada ou habilitar novos días para o exercicio desta actividade para compensar esta limitación.

Á hora de determinar os comerciantes que poden exercer a súa actividade, o concello poderá priorizar aqueles que comercializan produtos alimenticios e de primeira necesidade, asegurando que non sexan manipulados os produtos comercializados neles por parte dos consumidores.



3.7. Actividades en academias, autoescolas e centros privados de ensino non regrado e centros de formación e actividade formativa xestionada ou financiada pola Administración autonómica en centros e entidades de formación.

A actividade que se realice nestes centros poderá impartirse dun modo presencial sempre que non se supere unha capacidade do cincuenta por cento respecto do máximo permitido e cun máximo de dez persoas por grupo.

3.8. Establecementos de hostalaría e restauración.

1. Os establecementos de hostalaría e restauración non poderán superar o cincuenta por cento da súa capacidade para consumo no interior do local.

2. O consumo dentro do local poderá realizarse unicamente sentado na mesa, ou agrupacións de mesas, e deberase asegurar o mantemento da debida distancia de seguridade interpersoal entre clientes. Non está permitido o consumo na barra.

3. As terrazas ao aire libre dos establecementos de hostalaría e restauración limitarán a súa capacidade ao setenta e cinco por cento das mesas permitidas no ano inmediatamente anterior con base na correspondente licenza municipal ou do que sexa autorizado para este ano, no caso de que a licenza sexa concedida por primeira vez.

Consideraranse terrazas ao aire libre todo espazo non cuberto ou todo espazo que, estando cuberto, estea rodeado lateralmente por un máximo de dúas paredes, muros ou paramentos.

No caso de que o establecemento de hostalaría e restauración obtivese o permiso do concello para incrementar a superficie destinada a terraza ao aire libre, poderase incrementar o número de mesas previsto no primeiro parágrafo deste número 3, respectando, en todo caso, unha proporción do setenta e cinco por cento entre mesas e superficie dispoñible e sempre que se manteña o espazo necesario para a circulación peonil no tramo da vía pública en que se sitúe a terraza.

4. En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia de seguridade interpersoal entre as mesas ou, de ser o caso, agrupacións de mesas. A ocupación máxima será de dez persoas por mesa ou agrupación de mesas. A mesa ou agrupación de mesas que se utilice para este fin deberá ser acorde co número de persoas e permitir que se respecte a distancia mínima de seguridade interpersoal entre elas.



5. Os establecementos de hostalaría e restauración deberán pechar non máis tarde da unha da madrugada sen que se poida permitir o acceso de ningún cliente desde as 00.00 horas.

3.9. Condicións para ocupación de zonas comúns de hoteis e aloxamentos turísticos.

1. A ocupación das zonas comúns dos hoteis e aloxamentos turísticos non poderá superar o cincuenta por cento da súa capacidade.

Para iso, cada establecemento deberá determinar a capacidade dos distintos espazos comúns, así como aqueles lugares en que se poderán realizar eventos e as condicións máis seguras para a súa realización conforme a capacidade máxima prevista e de acordo coas medidas de hixiene, protección e distancia mínima establecidas.

2. As actividades de animación ou clases grupais deberán deseñarse e planificarse cunha capacidade máxima de dez persoas, incluídos os monitores, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade excepto no caso de persoas conviventes.

3.10. Albergues turísticos.

Na modalidade de aloxamento turístico de albergue permitirase unha capacidade máxima do cincuenta por cento da máxima permitida.

3.11. Bibliotecas, arquivos, museos e salas de exposicións, monumentos e outros equipamentos culturais.

1. Nas bibliotecas, arquivos, museos e salas de exposicións, monumentos e outros equipamentos culturais, tanto de titularidade pública como privada, poderán realizarse actividades presenciais sen superar o cincuenta por cento da capacidade máxima permitida.

2. Este límite de ocupación será aplicable tamén á realización de actividades culturais nestes espazos e cun máximo de ata dez persoas nas actividades de grupos, incluído o monitor ou guía, e deberán establecerse as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade excepto no caso de persoas conviventes.



3.12. Actividade en cines, teatros, auditorios, circos de todo e espazos similares, así como en recintos ao aire libre e noutros locais e establecementos destinados a espectáculos públicos e actividades recreativas.

1. Os cines, teatros, auditorios, circos de todo e espazos similares poderán desenvolver a súa actividade, contando con butacas preasignadas, sempre que non superen o cincuenta por cento da capacidade permitida en cada sala.

2. No caso doutros recintos, locais e establecementos destinados a espectáculos públicos e actividades recreativas distintos dos previstos no parágrafo anterior, poderán desenvolver a súa actividade sempre que o público permaneza sentado e que non se supere o cincuenta por cento da capacidade permitida.

3. En calquera caso, será de aplicación un límite máximo de sesenta persoas para lugares pechados e de cento cincuenta persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Non obstante, poderase ampliar o límite indicado ata un máximo de cen persoas para lugares pechados e trescentas persoas se se trata de actividades ao aire libre, logo da autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. Neste caso, a solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade polo COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueloutros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

3.13. Centros de lecer infantil.

Os centros de lecer infantil poderán levar a cabo súa actividade cumprindo o Protocolo en materia de lecer infantil para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, aprobado pola Orde da Consellería de Sanidade do 30 de xuño de 2020, e cunha capacidade máxima do cincuenta por cento do seu total.

3.14. Actividades e instalacións deportivas.

A práctica da actividade física e deportiva non federada, ao aire libre, poderá realizarse de forma individual ou colectiva, sen contacto físico, e ata un máximo de dez persoas de forma simultánea.



Nas instalacións e centros deportivos poderase realizar actividade deportiva en grupos de ata dez persoas, sen contacto físico, e sempre que non se supere o cincuenta por cento da capacidade máxima permitida, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade.

A práctica da actividade deportiva federada de competencia autonómica poderá realizarse de forma individual ou colectiva, sen contacto físico, e cun máximo de dez persoas simultaneamente no caso dos adestramentos. Non se aplicará este límite nas competicións onde as regras federativas garantan espazos diferenciados para cada equipo. No caso de realizarse en instalacións deportivas, a práctica axustarase ademais aos termos establecidos no parágrafo anterior.

3.15. Celebración de eventos deportivos, de adestramentos e de competicións deportivas con público.

A celebración de eventos deportivos, adestramentos, competicións deportivas que se celebren en instalacións deportivas ou na vía pública poderán desenvolverse con público sempre que este permaneza sentado, que non se supere o cincuenta por cento da capacidade permitida da instalación ou do espazo de que se trate e cun límite de sesenta persoas para lugares pechados e de cento cincuenta persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Non obstante, poderase ampliar o límite indicado ata un máximo de cen persoas para lugares pechados e trescentas persoas se se trata de actividades ao aire libre, logo da autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. Neste caso, a solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade polo COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueloutros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

3.16. Piscinas.

1. As piscinas ao aire libre ou cubertas, para uso deportivo ou recreativo, deberán respectar o límite do cincuenta por cento da súa capacidade, tanto no relativo ao acceso como



durante a propia práctica deportiva ou recreativa e sen que poidan exceder o límite de cen persoas de ocupación. Quedan exentas destas limitacións as piscinas unifamiliares de uso privado.

2. A situación dos obxectos persoais, toallas, hamacas e elementos similares nas zonas de estadia das piscinas levarase a cabo de forma que se poida manter a distancia de seguridade interpersonal con respecto a outros usuarios. Deberá, ademais, respectarse o límite máximo de dez persoas por grupo, excepto no caso de persoas conviventes, en que non se aplicará esta limitación.

3. Exceptúase o uso da máscara nas piscinas durante o baño e mentres se permaneza nun espazo determinado, sen desprazarse, e sempre que se poida garantir o respecto da distancia de seguridade interpersonal entre todas as persoas usuarias non conviventes. En calquera caso, será obrigatorio o uso de máscara para os accesos, desprazamentos e paseos nas piscinas.

3.17. Especificidades para determinadas actividades turísticas.

Poderán realizarse actividades de turismo, organizadas por empresas habilitadas para iso, e a actividade de guía turístico, para grupos de ata un máximo de dez persoas, e deberán establecerse as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersonal durante o desenvolvemento da actividade excepto no caso de persoas conviventes.

3.18. Centros de información, casetas e puntos de información.

Nos centros de información, casetas e puntos de información e espazos similares non se poderá exceder o cincuenta por cento da súa capacidade e deberá respectarse o máximo de dez persoas nas actividades de grupos, incluído o monitor ou guía. Ademais, deberán establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersonal durante o desenvolvemento da actividade excepto no caso de persoas conviventes.

3.19. Realización de actividades de tempo libre dirixidas á poboación infantil e xuvenil.

1. Poderanse realizar actividades de tempo libre destinadas á poboación infantil e xuvenil, cando estas se leven a cabo ao aire libre, sempre que se limite o número de participantes ao cincuenta por cento da súa asistencia máxima habitual, cun máximo de cen participantes, incluídos os monitores. Cando estas actividades se realicen en espazos pechados, non se deberá superar o cincuenta por cento da capacidade máxima do recinto, cun máximo de cincuenta participantes, incluídos os monitores.



2. As actividades deberán realizarse en grupos de ata dez persoas participantes, incluídos os monitores correspondentes, que deberán traballar sen contacto entre os demais grupos.

3.20. Uso de espazos públicos.

1. Os centros cívicos e sociais poderán realizar a súa actividade sempre que se limite a súa capacidade total ao cincuenta por cento e que se extremen as medidas de protección nas actividades socioculturais de tipo grupal que se realizan neles cun máximo de dez persoas, incluído o monitor ou guía para as actividades grupais.

2. Deberán adoptarse as medidas que coadruen no control das agrupacións de persoas en lugares públicos, e das actividades prohibidas relacionadas co consumo de bebidas alcohólicas en parques e outros lugares de tránsito público, polos riscos que presenta para a saúde pública, relacionados coa aglomeración incontrolada de persoas e coa ausencia ou relaxación de medidas de seguridade e de distanciamento persoal. Recoméndase o peche dos parques públicos e espazos similares a partir das 00.00 horas ata as 6.00 horas.

3.21. Centros recreativos turísticos ou similares.

1. Os centros recreativos turísticos ou similares poderán realizar a súa actividade sempre que se limite a súa capacidade total ao cincuenta por cento.

2. As visitas de grupos serán dun máximo de dez persoas, incluído o monitor ou guía, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade excepto no caso de persoas conviventes.

3.22. Parques e zonas deportivas de uso público ao aire libre.

Sen prexuízo do establecido no número 3.20.2, os parques infantís, parques biosaudables, zonas deportivas, pistas skate ou espazos de uso público ao aire libre similares poderán estar abertos ao público sempre que neles se respecte unha capacidade máxima estimada dunha persoa por cada catro metros cadrados de espazo computable de superficie do recinto.

3.23. Celebración de congresos, encontros, reunións de negocio, conferencias, eventos e actos similares.

1. Poderanse celebrar congresos, encontros, reunións de negocio, conferencias e eventos e actos similares promovidos por calquera entidade, de natureza pública ou privada,



sempre que non se supere o cincuenta por cento da capacidade permitida do lugar de celebración e cun límite máximo de sesenta persoas para lugares pechados e de cento cincuenta persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Non obstante, poderase ampliar o límite indicado ata un máximo de cen persoas para lugares pechados e trescentas persoas se se trata de actividades ao aire libre, logo da autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. Neste caso, a solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade por COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueloutros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

O recollido neste número será tamén de aplicación para reunións profesionais, xuntas de comunidades de propietarios e eventos similares.

3.24. Establecementos e locais de xogo e apostas.

1. Os establecementos de xogos colectivos de diñeiro e de azar, salóns de xogo, salas de bingo, salóns recreativos, rifas e tómbolas, locais específicos de apostas e outros locais e instalacións asimilables aos de actividade recreativa de xogos e apostas, conforme estabilidade a normativa sectorial en materia de xogo, poderán realizar a súa actividade sempre que non se supere o cincuenta por cento da capacidade permitida.

2. En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia de seguridade interpersoal entre as mesas ou, de ser o caso, agrupacións de mesas. A ocupación máxima será de dez persoas por mesa ou agrupación de mesas. En calquera caso, deberase respectar un máximo de cen persoas en espazos ao aire libre ou de cincuenta persoas en espazos pechados.

3. Os establecementos e locais deberán pechar non máis tarde das 00.30 horas, sen que se poida permitir o acceso de ningún cliente nin expedir consumición ningunha desde esa hora, e cun período máximo de desaloxo de trinta minutos.

3.25. Limitación de capacidade para outros locais ou establecementos comerciais.

1. Con carácter xeral, calquera outro local ou establecemento comercial para o cal non se recollan expresamente unhas condicións de capacidade nesta orde, nin en protocolos



ou normativa específica que lle sexa aplicable, non poderá superar o cincuenta por cento da capacidade autorizada ou establecida. En calquera caso, deberase respectar un máximo de sesenta persoas para lugares pechados e de cento cincuenta persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Non obstante, poderase ampliar o límite indicado ata un máximo de cen persoas para lugares pechados e trescentas persoas se se trata de actividades ao aire libre, logo da autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. Neste caso, a solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade por COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueloutros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

O disposto neste número 1 non será de aplicación nos establecementos comerciais de alimentación, bebidas, produtos e bens de primeira necesidade, establecementos farmacéuticos, servizos médicos ou sanitarios, ópticas, produtos ortopédicos, produtos hixiénicos, salóns de peiteado, prensa e papelería, combustible para a automoción, estancos, equipamentos tecnolóxicos e de telecomunicacións, alimentos para animais de compañía, comercio pola internet, telefónico ou correspondencia, tinturarias e lavandarias, sen prexuízo da necesidade de cumprir as obrigas xerais previstas na presente orde e as medidas xerais de hixiene e protección.

2. As actividades en grupos deberán realizarse cun máximo de dez persoas participantes, incluídos os monitores, guías ou encargados correspondentes, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersonal durante o desenvolvemento da actividade excepto no caso de persoas conviventes.

3. En calquera caso, poderase suspender a actividade de calquera establecemento que, ao xuízo da autoridade competente, poida supor un risco de contaxio polas condicións en que se estea desenvolvendo.



I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 18 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 en determinadas rúas do concello de Ourense.

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto do dito acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta, do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderán ser obxecto de modificación ou supresión, mediante acordo do Consello da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de sanidade.

Así mesmo, indícase no dito punto sexto, na redacción vixente, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de acordo coa normativa aplicable e á vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou en parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación de medidas concretas contidas no anexo.

.En aplicación do previsto no punto sexto citado, atendida a evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na comarca de Ourense sobre a base do indicado no informe elaborado pola Dirección Xeral de Saúde Pública, do 2 de setembro de 2020, e tras escoitar as recomendacións do comité clínico reunido para eses efectos, ditouse a Orde



do 2 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 no concello de Ourense.

No que atinxe á eficacia das medidas, no punto sexto da orde indicouse que terían efectos desde as 00.00 horas do 3 de setembro de 2020, e que serían obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderían ser obxecto de mantemento, de modificación ou poderían deixarse sen efecto por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

As medidas limitativas de dereitos fundamentais recollidas na orde foron obxecto de ratificación xudicial polo Auto 54/2020, do 14 de setembro, do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 2 de Ourense.

Na Orde do 9 de setembro de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Ourense mantivéronse as restricións existentes na Orde do 2 de setembro de 2020 e establecéronse modificacións respecto destas últimas.

As medidas limitativas de dereitos fundamentais recollidas na orde foron obxecto de ratificación xudicial polo Auto 55/2020, do 14 de setembro, do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 2 de Ourense.

A Orde do 16 de setembro de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Ourense mantivo as medidas de prevención e recomendación de autoprotección existentes.

Esta orde previu tamén que estas medidas e recomendacións poderán ser obxecto de mantemento, de modificación ou poderán deixarse sen efecto por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

De acordo co Informe emitido pola Dirección Xeral de Saúde Pública sobre a comarca de Ourense, do 18 de setembro de 2020, obsérvase que as taxas diarias acumuladas a 3 e 7 días amosan desde o día 12 de setembro unha tendencia ascendente. O valor do número reprodutivo instantáneo amosa un valor por riba de 1. Destaca a taxa de incidencia global dos últimos 14 días no concello de Ourense. A investigación epidemiolóxica recolle que son



fundamentalmente debidos a gromos familiares debido a reunións. O gromo neste concello non ten unha clara tendencia á mellora, ten unha evolución tórpida máis acusada desde o final do mes de agosto, con casos e taxas que sofren altibaixos pero non acaban de baixar. Dos datos da investigación epidemiolóxica obsérvase que a distribución dos casos non é uniforme no concello e que se detecta a agrupación de casos en determinadas zonas da cidade. Este gromo segue a ter características de alto risco, como é a taxa de incidencia nos últimos 3 días, que aumentou respecto ao informe anterior; a porcentaxe de positividade de probas PCR realizadas na zona do gromo, que sitúa este indicador no nivel de risco alto, e a porcentaxe de positividade das probas PCR realizadas aos contactos dos casos detectados, que mantén este gromo no nivel de risco alto. O informe recomenda, polo tanto, manter as restricións no concello de Ourense, e ademais tomar medidas específicas respecto ás zonas da cidade onde existe unha maior concentración de casos, para poder actuar de xeito máis selectivo.

Así, tras escoitar as recomendacións do subcomité clínico reunido para estes efectos, a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria impón, como consecuencia, a adopción de medidas de prevención máis restritivas para as rúas Antonio Puga, Doutor Fleming, Xesús Soria e avenida de Portugal, desde o cruzamento coa rúa Ervedelo ao cruzamento coa rúa Irmáns Xesta, da cidade de Ourense, as cales deberán ser obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a cinco días naturais desde a publicación da presente orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria, e proceder, segundo o caso, ao seu mantemento, modificación ou a deixalas sen efecto.

En particular, considérase que as medidas tendentes a limitar os grupos de persoas para o desenvolvemento de calquera actividade ou evento de carácter familiar ou social na vía pública, espazos de uso público ou espazos privados e as limitacións para festas, verbenas e outros eventos populares e multitudinarios, deben adoptarse para todo o ámbito das rúas Antonio Puga, Doutor Fleming, Xesús Soria e avenida de Portugal, desde o cruzamento coa rúa Ervedelo ao cruzamento coa rúa Irmáns Xesta, da cidade de Ourense, tendo en conta a natureza destas actividades, os riscos asociados a elas e a idade da poboación a que está afectando de forma predominante o virus neste momento.

Estas medidas teñen o seu fundamento normativo na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 e 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.



En particular, cómpre salientar que a Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, prevé, no seu artigo primeiro, que co obxecto de protexer a saúde pública e previr a súa perda ou deterioración, as autoridades sanitarias das distintas administracións públicas poderán, dentro do ámbito das súas competencias, adoptar as medidas previstas na dita lei cando así o exixan razóns sanitarias de urxencia ou necesidade.

O artigo segundo habilita as autoridades sanitarias competentes para adoptaren medidas de recoñecemento, tratamento, hospitalización ou control cando se aprecien indicios racionais que permitan supoñer a existencia de perigo para a saúde da poboación debido á situación sanitaria concreta dunha persoa ou grupo de persoas ou polas condicións sanitarias en que se desenvolve unha actividade. E, para o caso concreto de enfermidades transmisibles, o artigo terceiro dispón que, co fin de controlalas, a autoridade sanitaria, ademais de realizar as accións preventivas xerais, poderá adoptar as medidas oportunas para o control dos enfermos, das persoas que estean ou teñan estado en contacto con estes e do contorno inmediato, así como as que se consideren necesarias en caso de risco de carácter transmisible. E o artigo 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, prevé que as autoridades sanitarias poderán levar a cabo intervencións públicas nos supostos de riscos para a saúde de terceiras persoas, nos mesmos termos previstos nos artigos 2 e 3 da Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, antes citados.

Non se recolle, pois, unha lista pechada de medidas de prevención, senón que poderán adoptarse, de acordo cos principios de precaución e de proporcionalidade que deben rexer as actuacións en materia de saúde, as necesarias para facer fronte ao concreto risco sanitario de que se trate.

En todo caso, e en atención a tales principios, estas medidas serán reavaliadas nun período non superior a cinco días naturais desde a publicación desta orde en función da evolución da situación epidemiolóxica no concello.

Por outra banda, as medidas de prevención que se recollen nesta orde teñen un evidente fundamento sanitario, dados os riscos de transmisión dunha enfermidade contaxiosa como a que nos ocupa, e a vixilancia, inspección e control do seu cumprimento corresponden ao concello, sen prexuízo das competencias da Consellería de Sanidade, tendo en conta a condición de autoridade sanitaria dos alcaldes e alcaldesas (artigo 33.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia), as competencias dos concellos do control sanitario de actividades e servizos que impacten na saúde da súa cidadanía, dos lugares de convivencia humana (artigo 80.3 da lei citada), así como da súa competencia para a ordenación e o control do dominio público.



Polo tanto, os alcaldes e alcaldesas, como autoridade sanitaria, deben garantir nas referidas actividades, servizos e lugares de convivencia humana, os dereitos e deberes sanitarios da cidadanía (artigo 33.2 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia), e así garantir a vixilancia, inspección e control do cumprimento das medidas preventivas aprobadas pola Administración autonómica e daquelas que, no seu desenvolvemento, e atendendo á situación concreta, poida establecer o concello.

Así mesmo, as forzas e corpos de seguridade teñen un papel fundamental no necesario control do cumprimento das medidas de prevención, papel que veñen desempeñando durante toda esta crise sanitaria, a través da formulación das correspondentes denuncias e remisión ás autoridades competentes, nos casos en que se detecte o seu incumprimento. Debe recordarse a este respecto que o Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, declarou a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e activou o Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19. Tendo en conta a existencia dunha declaración de emerxencia sanitaria, resulta esencial a colaboración das forzas e corpos de seguridade coa finalidade de preservar a seguridade e a convivencia cidadá.

Conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para a adopción das medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica existente nas rúas Antonio Puga, Doutor Fleming, Xesús Soria e avenida de Portugal desde o cruzamento coa rúa Ervedelo ao cruzamento coa rúa Irmáns Xesta, da cidade de Ourense, coa urxencia que a protección da saúde pública demanda.

Na súa virtude, en aplicación do punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. *Obxecto*

O obxecto desta orde é establecer as medidas de prevención aplicables nas rúas Antonio Puga, Doutor Fleming, Xesús Soria e avenida de Portugal, desde o cruzamento coa rúa



Ervedelo ao cruzamento coa rúa Irmáns Xesta, da cidade de Ourense como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19.

Segundo. *Restricións ás agrupacións de persoas para a protección da saúde ante a existencia dun risco de carácter transmisíble*

1. Á vista da evolución da situación epidemiolóxica e coa finalidade de controlar a transmisión da enfermidade, adóptase nas rúas Antonio Puga, Doutor Fleming, Xesús Soria e avenida de Portugal, desde o cruzamento coa rúa Ervedelo ao cruzamento coa rúa Irmáns Xesta, da cidade de Ourense, de modo temporal, durante o período ao cal se estenda a eficacia das medidas previstas na presente orde de acordo co seu punto quinto, a medida de limitar os grupos para o desenvolvemento de calquera actividade ou evento de carácter familiar ou social na vía pública, espazos de uso público ou espazos privados, a un máximo de cinco persoas, excepto no caso de persoas conviventes, en que non se aplicará esta limitación.

Tampouco será aplicable esta limitación no caso de actividades laborais e administrativas, actividades en centros educativos, de formación e ocupacionais, sempre que se adopten as medidas previstas nos correspondentes protocolos de funcionamento.

2. O incumprimento da medida de prevención establecida neste punto poderá dar lugar á imposición das sancións e a outras responsabilidades previstas no ordenamento xurídico.

3. En particular, para os efectos da execución e control desta medida de prevención, no marco da situación de emerxencia sanitaria declarada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, solicitarase a colaboración das forzas e corpos de seguridade.

4. Para a execución da medida prevista neste punto buscarase sempre con preferencia a colaboración voluntaria das persoas destinatarias coas autoridades sanitarias. Non obstante, malia que esta medida non se individualiza en persoas determinadas dada a súa adopción con carácter xeral, tendo en conta que nos casos de ausencia de colaboración voluntaria a súa execución pode requirir a adopción de actos de imposición coactiva que poden supoñer restricións de dereitos fundamentais, e para coaduxar na súa plena efectividade, solicitarase a súa ratificación xudicial, de acordo co previsto no número 6 do artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.



Terceiro. *Outras medidas aplicables no ámbito territorial recollido no punto primeiro*

1. Continuarán sendo de aplicación nas rúas Antonio Puga, Doutor Fleming, Xesús Soria e avenida de Portugal, desde o cruzamento coa rúa Ervedelo ao cruzamento coa rúa Irmáns Xesta, da cidade de Ourense as medidas e recomendacións recollidas na Orde do 2 de setembro de 2020, na súa redacción vixente, sen prexuízo do indicado no punto segundo desta orde en canto ás limitacións de grupos de persoas.

Ademais das anteriores, nas rúas indicadas serán de aplicación as medidas de capacidade e de prevención específicas, máis restritivas, recollidas no anexo.

2. En todo o non previsto nesta orde, e na Orde do 2 de setembro e no que sexa compatible con elas, serán de aplicación, en todo o ámbito territorial previsto no punto primeiro, as medidas que, con carácter xeral, se establecen no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente.

Cuarto. *Control do cumprimento das medidas e réxime sancionador*

1. A vixilancia, inspección e control do cumprimento das medidas de prevención que se recollen nesta orde, e a garantía dos dereitos e deberes sanitarios da cidadanía, corresponderán ao concello de Ourense dentro das súas competencias e sen prexuízo das competencias da Consellería de Sanidade, tendo en conta a condición de autoridade sanitaria dos alcaldes e alcaldesas de acordo co artigo 33.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, e as competencias dos concellos de control sanitario de actividades e servizos que impacten na saúde da súa cidadanía e dos lugares de convivencia humana, de acordo co artigo 80.3 do mesmo texto legal, así como da súa competencia para a ordenación e control do dominio público.

2. Así mesmo, os órganos de inspección da Administración autonómica, no ámbito das súas competencias, poderán realizar as actividades de inspección e control oportunas para a vixilancia e comprobación do cumprimento das medidas de prevención aplicables.

3. As forzas e corpos de seguridade darán traslado das denuncias que formulen polo incumprimento das medidas de prevención ás autoridades competentes.



Quinto. Eficacia

Esta orde terá efectos desde as 00.00 horas do 19 de setembro de 2020. Non obstante, as medidas recollidas nela serán obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a cinco días naturais desde a publicación da presente orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

Para estes efectos, poderán ser obxecto de mantemento, de modificación ou poderán deixarse sen efecto por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

No caso das celebracións e eventos en establecementos de restauración para os días 19 e 20 de setembro, que xa estivesen concertados con carácter previo ao día 18 de setembro, non serán aplicables as limitacións que se recollen no anexo, ben que deberán ser comunicados polos titulares dos establecementos á Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade, para que se poidan adoptar as medidas ou efectuar as recomendacións pertinentes.

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2020

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade

ANEXO**Limitacións de capacidade e medidas de prevención específicas por sectores nas rúas Antonio Puga, Doutor Fleming, Xesús Soria e avenida de Portugal, desde o cruzamento coa rúa Ervedelo ao cruzamento coa rúa Irmáns Xesta, da cidade de Ourense**

Nas rúas indicadas aplicaranse as limitacións de capacidade e medidas de prevención recollidas na Orde do 2 de setembro de 2020, na súa redacción vixente, coas restricións específicas previstas a continuación.

1. Cerimonias nupciais e outras celebracións relixiosas ou civís.

En calquera caso, deberase respectar un máximo de cincuenta persoas en espazos ao aire libre ou de vinte e cinco persoas en espazos pechados.



2. Actividades en academias, autoescolas e centros privados de ensino non regrado e centros de formación e actividade formativa xestionada ou financiada pola Administración autonómica en centros e entidades de formación.

A actividade que se realice nestes centros poderá impartirse dun modo presencial sempre que non se supere unha capacidade do cincuenta por cento respecto da máxima permitida e cun máximo de cinco persoas por grupo.

3. Establecementos de hostalaría e restauración.

3.1. Os restaurantes non poderán superar o cincuenta por cento da súa capacidade na zona de comedor para o servizo de comida.

Nos bares e cafetarías non se poderá consumir no interior do local.

3.2. O consumo dentro do local nos restaurantes poderá realizarse unicamente sentado na mesa, ou agrupacións de mesas, e deberase asegurar o mantemento da debida distancia de seguridade interpersoal entre clientes. Non está permitido o consumo na barra e zona de cafetería ou bar.

3.3. As terrazas ao aire libre dos establecementos de hostalaría e restauración limitarán a súa capacidade ao cincuenta por cento das mesas permitidas no ano inmediatamente anterior con base na correspondente licenza municipal ou no que sexa autorizado para este ano, no caso de que a licenza sexa concedida por primeira vez.

Consideraranse terrazas ao aire libre todo espazo non cuberto ou todo espazo que, estando cuberto, estea rodeado lateralmente por un máximo de dúas paredes, muros ou paramentos.

No caso de que o establecemento de hostalaría e restauración obtivese o permiso do concello para incrementar a superficie destinada a terraza ao aire libre, poderase incrementar o número de mesas previsto no primeiro parágrafo deste número 3, respectando, en todo caso, unha proporción do cincuenta por cento entre mesas e superficie dispoñible e sempre que se manteña o espazo necesario para a circulación peonil no tramo da vía pública en que se sitúe a terraza.

3.4. En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia de seguridade interpersoal entre as mesas ou, de ser o caso, agrupacións de mesas. A ocupación máxima será de cinco persoas por mesa ou agrupación de mesas. A mesa ou agrupación de



mesas que se utilice para este fin deberá ser acorde co número de persoas e permitir que se respecte a distancia mínima de seguridade interpersonal entre elas.

3.5. Os establecementos de hostalaría e restauración deberán pechar non máis tarde da unha da madrugada, sen que se poida permitir o acceso de ningún cliente desde as 00.00 horas.

4. Condicións para ocupación de zonas comúns de hoteis e aloxamentos turísticos.

As actividades de animación ou clases grupais deberán deseñarse e planificarse cunha capacidade máxima de cinco persoas, incluídos os monitores, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersonal durante o desenvolvemento da actividade excepto no caso de persoas conviventes.

5. Bibliotecas, arquivos, museos e salas de exposicións, monumentos e outros equipamentos culturais.

Na realización de actividades culturais nestes espazos aplicarase un máximo de ata cinco persoas nas actividades de grupos, incluído o monitor ou guía, e deberán establecerse as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersonal durante o desenvolvemento da actividade excepto no caso de persoas conviventes.

6. Actividade en cines, teatros, auditorios, circos de todo e espazos similares, así como en recintos ao aire libre e noutros locais e establecementos destinados a espectáculos públicos e actividades recreativas.

En calquera caso, será de aplicación un límite máximo de trinta persoas para lugares pechados e de setenta e cinco persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Non obstante, poderase ampliar o límite indicado ata un máximo de cincuenta persoas para lugares pechados e de cento cincuenta persoas se se trata de actividades ao aire libre, logo da autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. Neste caso, a solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade polo COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública,



Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueles outros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

7. Actividades e instalacións deportivas.

A práctica da actividade física e deportiva non federada, ao aire libre, poderá realizarse de forma individual ou colectiva, sen contacto físico, e ata un máximo de cinco persoas de forma simultánea.

Nas instalacións e centros deportivos poderase realizar actividade deportiva en grupos de ata cinco persoas, sen contacto físico, e sempre que non se supere o cincuenta por cento da capacidade máxima permitida, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade.

A práctica da actividade deportiva federada de competencia autonómica poderá realizarse de forma individual ou colectiva, sen contacto físico, e ata un máximo de cinco persoas simultaneamente no caso dos adestramentos. Non se aplicará este límite nas competicións onde as regras federativas garantan espazos diferenciados para cada equipo. No caso de realizarse en instalacións deportivas, a práctica axustarase, ademais, aos termos establecidos no parágrafo anterior.

8. Celebración de eventos deportivos, de adestramentos e de competicións deportivas con público.

A celebración de eventos deportivos, adestramentos, competicións deportivas que teñan lugar en instalacións deportivas ou na vía pública poderá desenvolverse con público sempre que este permaneza sentado, que non se supere o cincuenta por cento da capacidade permitida da instalación ou do espazo de que se trate e cun límite de trinta persoas para lugares pechados e de setenta e cinco persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Non obstante, poderase ampliar o límite indicado ata un máximo de cincuenta persoas para lugares pechados e cento cincuenta persoas se se trata de actividades ao aire libre, logo da autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. Neste caso, a solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade polo COVID-19 en España, elaborado polo Centro de



Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueles outros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

9. Piscinas.

Nas zonas de estancia das piscinas establecerase unha distribución espacial para manter distancia de seguridade interpersoal entre os usuarios e cun máximo de cinco persoas por grupo, excepto no caso de persoas conviventes, en que non se aplicará esta limitación.

10. Especificidades para determinadas actividades turísticas.

Poderán realizarse actividades de turismo, organizadas por empresas habilitadas para iso, e a actividade de guía turístico, para grupos de ata un máximo de cinco persoas, e deberán establecerse as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade excepto no caso de persoas conviventes.

11. Centros de información, casetas e puntos de información.

Nos centros de información, casetas e puntos de información e espazos similares non se poderá exceder o cincuenta por cento da súa capacidade e deberá respectarse o máximo de cinco persoas nas actividades de grupos, incluído o monitor ou guía. Ademais, deberán establecerse as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade excepto no caso de persoas conviventes.

12. Realización de actividades de tempo libre dirixidas á poboación infantil e xuvenil.

12.1. Poderanse realizar actividades de tempo libre destinadas á poboación infantil e xuvenil cando estas se leven a cabo ao aire libre, sempre que se limite o número de participantes ao cincuenta por cento da súa asistencia máxima habitual, cun máximo de cincuenta participantes, incluídos os monitores. Cando estas actividades se realicen en espazos pechados, non se deberá superar o cincuenta por cento da capacidade máxima do recinto, cun máximo de vinte e cinco participantes, incluídos os monitores.

12.2. As actividades deberán realizarse en grupos de ata cinco persoas participantes, incluíndo os monitores correspondentes, que deberán traballar sen contacto entre os demais grupos.



13. Uso de espazos públicos.

Os centros cívicos e sociais poderán realizar a súa actividade sempre que se limite a súa capacidade total ao cincuenta por cento e que se extremen as medidas de protección nas actividades socioculturais de tipo grupal que se realizan neles cun máximo de cinco persoas, incluído o monitor ou guía para as actividades grupais.

14. Centros recreativos turísticos ou similares.

As visitas de grupos serán dun máximo de cinco persoas, incluído o monitor ou guía, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersonal durante o desenvolvemento da actividade excepto no caso de persoas conviventes.

15. Celebración de congresos, encontros, reunións de negocio, conferencias, eventos e actos similares.

Poderanse celebrar congresos, encontros, reunións de negocio, conferencias e eventos e actos similares promovidos por calquera entidade, de natureza pública ou privada, sempre que non se supere o cincuenta por cento da capacidade permitida do lugar de celebración e cun límite máximo de trinta persoas para lugares pechados e de setenta e cinco persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Non obstante, poderase ampliar o límite indicado ata un máximo de cincuenta persoas para lugares pechados e cento cincuenta persoas se se trata de actividades ao aire libre, logo da autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. Neste caso, a solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade por COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueles outros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

O recollido neste número será tamén de aplicación para reunións profesionais, xuntas de comunidades de propietarios e eventos similares.



16. Establecementos e locais de xogo e apostas.

En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia de seguridade interpersonal entre as mesas ou, de ser o caso, agrupacións de mesas. A ocupación máxima será de cinco persoas por mesa ou agrupación de mesas. En calquera caso, deberase respectar un máximo de cincuenta persoas en espazos ao aire libre ou de vinte e cinco persoas en espazos pechados. En caso de dispoñer tamén de servizos de hostalaría, seralles aplicable a prohibición do consumo no interior do local establecido para os ditos establecementos.

17. Limitación de capacidade para outros locais ou establecementos comerciais.

17.1. Con carácter xeral, calquera outro local ou establecemento comercial para o cal non se recollan expresamente unhas condicións de capacidade na presente orde, nin en protocolos ou normativa específica que lle sexa aplicable, non poderá superar o cincuenta por cento da capacidade autorizada ou establecida. En calquera caso, deberase respectar un máximo de trinta persoas para lugares pechados e de setenta e cinco persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Non obstante, poderase ampliar o límite indicado ata un máximo de cincuenta persoas para lugares pechados e cento cincuenta persoas se se trata de actividades ao aire libre, logo da autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. Neste caso, a solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade por COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueles outros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

O disposto neste número 1 non será de aplicación nos establecementos comerciais de alimentación, bebidas, produtos e bens de primeira necesidade, establecementos farmacéuticos, servizos médicos ou sanitarios, ópticas, produtos ortopédicos, produtos hixiénicos, salóns de peiteado, prensa e papelería, combustible para a automoción, estancos, equipamentos tecnolóxicos e de telecomunicacións, alimentos para animais de compañía, comercio pola internet, telefónico ou correspondencia, tinturarias e lavandarias, sen



prexuízo da necesidade de cumprir as obrigas xerais previstas nesta orde e as medidas xerais de hixiene e protección.

17.2. As actividades en grupos deberán realizarse cun máximo de cinco persoas participantes, incluídos os monitores, guías ou encargados correspondentes, e deberán establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade excepto no caso de persoas conviventes.



I. DISPOSICIÓNS XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 16 de setembro de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos da Guarda e do Rosal.

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto do devandito acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada mediante o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade.

Así mesmo, indícase no dito punto sexto, na redacción vixente, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de acordo coa normativa aplicable e en vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou en parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación de medidas concretas contidas no anexo.

En aplicación do previsto no punto sexto citado, atendida a evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos da Guarda e do Rosal, sobre a base do indicado no informe elaborado pola Dirección Xeral de Saúde Pública o 11 de setembro de 2020 e tras escoitar as recomendacións do Subcomité Clínico reunido para estes efectos,



ditouse a Orde do 11 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos da Guarda e do Rosal.

Tal e como se indicou na orde, o fundamento normativo das medidas atópase na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 e 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

No que atinxe á eficacia das medidas, no punto quinto da orde indicouse que terían efectos desde as 00.00 horas do 12 de setembro de 2020, que serían obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a cinco días naturais desde a publicación da orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderían ser obxecto de mantemento, de modificación ou poderían deixarse sen efecto por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

As medidas restritivas de dereitos fundamentais foron obxecto de ratificación xudicial polo Auto do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución número 1 de Tui do 13 de setembro de 2020.

En cumprimento do disposto no punto quinto da Orde do 11 de setembro de 2020, procedeuse ao seguimento e á avaliación das medidas co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria existente nos concellos da Guarda e do Rosal. Neste sentido, no informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 16 de setembro de 2020, sobre a comarca do Baixo Miño indícase que a taxa de incidencia na comarca está a aumentar desde o 26 de agosto. Dentro da comarca, os concellos da Guarda e do Rosal son os máis afectados tanto en casos coma en taxas a 7 e 14 días, por riba do global da comarca. O número reprodutivo instantáneo está lixeiramente por riba do 1, cun lixeiro aumento respecto do informe anterior, o que significa que cada caso pode estar contaxiando a máis dunha persoa e se está a incrementar a transmisión. Este brote segue a presentar características de alto/medio risco, como son: a incidencia acumulada (alto risco); a alta positividade das probas PCR nos contactos estreitos dos casos, que sitúan este indicador no nivel de risco medio; e a alta positividade das probas PCR na área de investigación do brote, que sitúa este indicador tamén no nivel de risco medio. Tendo en conta os factores de risco anteriores e o grupo de idade máis afectado (10-24 anos), grupo cunha alta probabilidade de seren asintomáticos e gran capacidade de transmisión pola frecuencia de in-



teraccións sociais, recoméndase continuar coas restricións establecidas para os concellos da Guarda e do Rosal.

Así, tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria impón, como consecuencia, o mantemento das medidas de prevención nos termos previstos na Orde do 11 de setembro de 2020.

Polo demais, as medidas deben seguir sendo obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da presente orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria, e proceder, segundo o caso, ao seu mantemento, modificación ou a deixalas sen efecto.

En atención ao exposto, en aplicación do punto quinto da Orde do 11 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos da Guarda e do Rosal, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. *Medidas de prevención nos concellos da Guarda e do Rosal*

Unha vez atendida a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria nos concellos da Guarda e do Rosal, mantense a eficacia das medidas de prevención previstas na Orde do 11 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos da Guarda e do Rosal.

Segundo. *Eficacia, seguimento e avaliación*

Esta orde terá efectos desde as 00.00 horas do 17 de setembro de 2020.

As medidas cuxa eficacia se mantén serán obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da presente orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.



Para estes efectos, poderán ser obxecto de mantemento, de modificación ou poderán deixarse sen efecto por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2020

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade



I. DISPOSICIÓNS XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 16 de setembro de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Lugo.

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto do devandito acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade.

Así mesmo, indícase no dito punto sexto, na redacción vixente, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de acordo coa normativa aplicable e en vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación de medidas concretas contidas no anexo.

En aplicación do previsto no punto sexto citado, atendida a evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Lugo, sobre a base do indicado no informe



elaborado pola Dirección Xeral de Saúde Pública o 28 de agosto de 2020 e tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, ditouse a Orde do 28 de agosto de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Lugo.

Tal e como se indicou na orde, o fundamento normativo das medidas atópase na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 e 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

No que atinxe á eficacia das medidas, no punto sexto da orde indicouse que terían efectos desde as 00.00 horas do 29 de agosto de 2020, que serían obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a cinco días naturais desde a publicación da orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderían ser obxecto de mantemento, de modificación ou poderían deixarse sen efecto por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Ademais, as medidas limitativas de dereitos fundamentais recollidas na orde foron obxecto de ratificación xudicial polo Auto do Xulgado de Instrución número 1 de Lugo do 29 de agosto de 2020.

En cumprimento do disposto no punto sexto da Orde do 28 de agosto de 2020, procedeuse ao seguimento e á avaliación das medidas previstas nela co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria existente no concello de Lugo. En virtude da Orde do 2 de setembro de 2020 acordouse o mantemento das medidas de prevención e das recomendacións existentes no concello de Lugo, con adaptacións puntuais tendentes a precisar o ámbito das restricións ás agrupacións de persoas e a prever o uso de máscaras para a práctica deportiva en ximnasios ou espazos pechados.

O mantemento das medidas limitativas de dereitos fundamentais foi obxecto de ratificación xudicial polo Auto 62/2020, do 4 de setembro, do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 2 de Lugo.

Como consecuencia do seguimento e da avaliación das medidas co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria existente conforme o disposto no punto



cuarto da Orde do 2 de setembro de 2020, pola Orde do 9 de setembro de 2020 acordouse o mantemento das medidas previstas para todo o ámbito territorial do concello de Lugo na Orde do 28 de agosto de 2020, con algunhas modificacións puntuais, e o levantamento das medidas máis restritivas que aquela orde contiña para o barrio da Milagrosa.

O mantemento das medidas limitativas de dereitos fundamentais foi obxecto de ratificación xudicial polo Auto 80/2020, do 11 de setembro, do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 1 de Lugo.

En cumprimento do disposto no punto terceiro da Orde do 9 de setembro de 2020, procedeuse ao seguimento e á avaliación das medidas co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria existente na comarca de Lugo. Neste sentido, no informe da Dirección Xeral de Saúde Pública sobre a comarca de Lugo, do 16 de setembro de 2020, indícase que as taxas a 3, 7 e 14 días oscilan lixeiramente pero se manteñen elevadas. O número reprodutivo instantáneo pasa a superar o limiar de 1. Destaca o número de casos e taxas que seguen elevadas no concello de Lugo. Este gromo segue a ter características de alto risco como son: a taxa de incidencia nos últimos 3 días, que baixou lixeiramente respecto do informe anterior pero que se mantén en niveis de risco alto; a porcentaxe de positividade de probas PCR realizadas na zona do gromo, que non se modificou significativamente pero que segue estando en niveis de risco alto; e a porcentaxe de positividade das probas PCR realizadas aos contactos dos casos detectados, que tampouco se alterou de forma significativa pero que mantén este gromo no nivel de risco alto. O informe recomenda continuar coas medidas xa establecidas no concello de Lugo.

Así, tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria impón o mantemento no concello de Lugo das medidas previstas para todo o ámbito territorial do dito concello na Orde do 28 de agosto de 2020, na súa redacción vixente, isto é, tendo en conta as modificacións introducidas polas ordes do 2 e do 9 de setembro de 2020.

Polo demais, as medidas deben seguir sendo obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da presente orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria, e proceder, segundo o caso, ao seu mantemento, modificación ou a deixalas sen efecto.

En atención ao exposto, en aplicación do punto terceiro da Orde do 9 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da



evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Lugo, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. *Medidas de prevención no concello de Lugo*

Unha vez atendida a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria no concello de Lugo, mantense no devandito concello a eficacia das medidas de prevención previstas na Orde do 28 de agosto de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Lugo, na súa redacción vixente.

Segundo. *Eficacia, seguimento e avaliación*

Esta orde terá efectos desde as 00.00 horas do 17 de setembro de 2020.

As medidas cuxa eficacia se mantén serán obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da presente orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na comarca de Lugo.

Para estes efectos, poderán ser obxecto de mantemento, de modificación ou poderán deixarse sen efecto por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2020

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade



I. DISPOSICIÓNS XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 16 de setembro de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Ourense.

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto do dito acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta, do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade.

Así mesmo, indícase no dito punto sexto, na redacción vixente, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de acordo coa normativa aplicable e á vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación de medidas concretas contidas no anexo.

En aplicación do previsto no punto sexto citado, atendida a evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Ourense, sobre a base do indicado no informe elaborado pola Dirección Xeral de Saúde Pública o 2 de setembro de 2020 e tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, ditouse a



Orde do 2 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Ourense.

Tal e como se indicou na orde, o fundamento normativo das medidas atópase na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 e 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

No que atinxe á eficacia das medidas, no punto sexto da orde indicouse que terían efectos desde as 00.00 horas do 3 de setembro de 2020, e que serían obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderían ser obxecto de mantemento, de modificación ou poderían deixarse sen efecto por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

As medidas limitativas de dereitos fundamentais recollidas na orde foron obxecto de ratificación xudicial polo Auto 54/2020, do 14 de setembro, do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 2 de Ourense.

En cumprimento do disposto no punto sexto da Orde do 2 de setembro de 2020, procedeuse ao seguimento e á avaliación das medidas previstas nela co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria no concello de Ourense. En virtude da Orde do 9 de setembro de 2020 acordouse, sobre a base do sinalado no informe da Dirección Xeral de Saúde Pública da mesma data e tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, o mantemento das medidas de prevención e das recomendacións existentes no concello de Ourense, ben que, respecto das terrazas dos establecementos de hostalaría e restauración, se fixou no setenta e cinco por cento a limitación da capacidade e se suprimiu, como medida específica, a relativa ao uso de máscara no caso de actividade física ou deportiva en ximnasiaos ou espazos pechados, ao ser aplicable, en relación con este último aspecto, a modificación operada no número 1.3 do anexo do Acordo do Consello da Xunta do 12 de xuño de 2020 por orde da mesma data do 9 de setembro de 2020.

As medidas limitativas de dereitos fundamentais recollidas na orde foron obxecto de ratificación xudicial polo Auto 55/2020, do 14 de setembro, do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 2 de Ourense.



En cumprimento do disposto no punto terceiro da Orde do 9 de setembro de 2020, procedeuse ao seguimento e á avaliación das medidas co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria existente no concello de Ourense. Neste sentido, no informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 16 de setembro de 2020, sobre a comarca de Ourense indícase que a taxa acumulada de casos por cen mil habitantes segue subindo. O valor do número reprodutivo instantáneo, que tiña, a semana pasada, un valor por debaixo de 1, presenta agora un valor por encima de 1. En Ourense a taxa a 7 e 14 días acada valores próximos aos recollidos no informe anterior do 9 de setembro, pero seguen sendo valores máis altos que observados para toda Galicia. Este brote segue a ter características de alto/medio risco como son: a taxa de incidencia nos últimos 3 días, que aumentou desde o último informe; a porcentaxe de positividade de probas PCR realizadas na zona do brote, e a porcentaxe de positividade das probas PCR realizadas aos contactos dos casos detectados. O informe recomenda continuar coas medidas xa establecidas no concello de Ourense.

Así, tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria impón, como consecuencia, o mantemento, no concello de Ourense, das medidas de prevención nos termos previstos na Orde do 2 de setembro de 2020, na súa redacción vixente, é dicir, tendo en conta as modificacións introducidas pola Orde do 9 de setembro de 2020.

Polo demais, as medidas deben seguir sendo obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da presente orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria, e proceder, segundo o caso, ao seu mantemento, modificación ou a deixalas sen efecto.

En atención ao exposto, en aplicación do punto terceiro da Orde do 9 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Ourense, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. *Medidas de prevención no concello de Ourense*

Atendida a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria no concello de Ourense, mantense a eficacia das medidas de prevención previstas na Orde do 2 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia



da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Ourense, na súa redacción vixente.

Segundo. *Eficacia, seguimento e avaliación*

Esta orde terá efectos desde as 00.00 horas do 17 de setembro de 2020.

As medidas cuxa eficacia se mantén serán obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da presente orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

Para estes efectos, poderán ser obxecto de mantemento, de modificación ou poderán deixarse sen efecto por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2020

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade



I. DISPOSICIÓNS XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 16 de setembro de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Santiago de Compostela.

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto do dito acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta, do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade.

Así mesmo, indícase no dito punto sexto, na redacción vixente, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de acordo coa normativa aplicable e á vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación de medidas concretas contidas no anexo.

En aplicación do previsto no punto sexto citado, atendida a evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Santiago de Compostela, sobre a base do indicado no informe elaborado pola Dirección Xeral de Saúde Pública o 2 de setembro



de 2020, e tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, ditouse a Orde do 2 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Santiago de Compostela.

Tal e como se indicou na orde, o fundamento normativo das medidas atópase na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 e 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

No que atinxe á eficacia das medidas, no punto sexto da orde indicouse que terían efectos desde as 00.00 horas do 3 de setembro de 2020 e que serían obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderían ser obxecto de mantemento, de modificación ou poderían deixarse sen efecto por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Ademais, as medidas limitativas de dereitos fundamentais foron obxecto de ratificación xudicial mediante o Auto 73/2020, do 4 de setembro de 2020, do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 1 de Santiago de Compostela.

En cumprimento do disposto no punto sexto da Orde do 2 de setembro de 2020, procedeuse ao seguimento e á avaliación das medidas previstas nela co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria de Santiago de Compostela. En virtude da Orde do 9 de setembro de 2020 acordouse, sobre a base do sinalado no informe da Dirección Xeral de Saúde Pública da mesma data e tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, o mantemento das medidas de prevención e das recomendacións existentes no concello de Santiago de Compostela, ben que, respecto das terrazas dos establecementos de hostalaría e restauración, se fixou no setenta e cinco por cento a limitación da capacidade e suprimiuse, como medida específica, a relativa ao uso de máscara no caso de actividade física ou deportiva en ximnasia ou espazos pechados, ao ser aplicable, en relación con este último punto, a modificación operada no número 1.3 do anexo do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020 por orde da mesma data do 9 de setembro de 2020.



As medidas limitativas de dereitos fundamentais foron obxecto de ratificación xudicial mediante o Auto 145/2020, do 11 de setembro de 2020, do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 2 de Santiago de Compostela.

En cumprimento do disposto no punto terceiro da Orde do 9 de setembro de 2020, procedeuse ao seguimento e á avaliación das medidas co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria existente no concello de Santiago de Compostela. Neste sentido, no informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 16 de setembro de 2020, sobre a comarca de Santiago indícase que a incidencia na comarca, segundo os datos, volve aumentar, ao se observar un aumento das taxas aos 3, 7 e 14 días. O concello de Santiago de Compostela presenta un número de casos diario elevado. O número reprodutivo instantáneo, que na semana anterior á estimación puntual baixaba do 1, nesta semana volve aumentar por riba do 1 e o seu intervalo de confianza superior atópase próximo ao 1'5, o que significa que a transmisión está a aumentar. Os datos indican que no concello de Santiago de Compostela o brote segue a evolucionar e non está controlado. As idades máis afectadas son as de 15 a 39 anos, o que pode implicar un número importante de asintomáticos ou paucisintomáticos que facilitarían a transmisión. Este brote segue a ter características de alto/medio risco tales como: a taxa de incidencia nos últimos 3 días, que aumentou desde o último informe; a porcentaxe de positividade de probas PCR realizadas na zona do brote; e a porcentaxe de positividade das probas PCR realizadas aos contactos dos casos detectados, que subiu desde o anterior informe. Polo tanto, o informe recomenda continuar coas medidas xa instauradas no concello de Santiago de Compostela.

Así, tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria impón, como consecuencia, o mantemento, no concello de Santiago de Compostela, das medidas de prevención nos termos previstos na Orde do 2 de setembro de 2020, na súa redacción vixente, é dicir, tendo en conta as modificacións introducidas pola Orde do 9 de setembro de 2020.

Polo demais, as medidas deben seguir sendo obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da presente orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria, e proceder, segundo o caso, ao seu mantemento, modificación ou a deixalas sen efecto.



En atención ao exposto, en aplicación do punto terceiro da Orde do 9 de setembro de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Santiago de Compostela, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. Medidas de prevención no concello de Santiago de Compostela

Atendida a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria no concello de Santiago de Compostela, mantense a eficacia das medidas de prevención previstas na Orde do 2 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Santiago de Compostela, na súa redacción vixente.

Segundo. Eficacia, seguimento e avaliación

Esta orde terá efectos desde as 00.00 horas do 17 de setembro de 2020.

As medidas cuxa eficacia se mantén serán obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da presente orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

Para estes efectos, poderán ser obxecto de mantemento, de modificación ou poderán deixarse sen efecto por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2020

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade



I. DISPOSICIÓNS XERAIS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

ORDE do 16 de setembro de 2020 sobre levantamento das medidas de prevención específicas nos concellos de Carballo, A Laracha, Ponteceso e Laxe como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos ditos concellos.

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto do dito acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta, do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade.

Así mesmo, indícase no dito punto sexto, na redacción vixente, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de acordo coa normativa aplicable e á vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación de medidas concretas contidas no anexo.

En aplicación do previsto no punto sexto citado, atendida a evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na comarca de Bergantiños, sobre a base do indicado no



informe elaborado pola Dirección Xeral de Saúde Pública o 2 de setembro de 2020 e tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, ditouse a Orde do 2 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos de Carballo e A Laracha.

Tal e como se indicou na orde, o fundamento normativo das medidas atópase na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 e 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

No que atinxe á eficacia das medidas, no punto sexto da orde indicouse que terían efectos desde as 00.00 horas do 3 de setembro de 2020, e que serían obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderían ser obxecto de mantemento, de modificación ou poderían deixarse sen efecto por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Ademais, as medidas foron obxecto de ratificación xudicial polo Auto 66/2020, do 4 de setembro de 2020, do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 4 da Coruña.

De acordo co informe elaborado pola Dirección Xeral de Saúde Pública sobre a situación epidemiolóxica e sanitaria na comarca de Bergantiños, do 9 de setembro de 2020, e tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, mediante a Orde do 9 de setembro de 2020 acordouse o mantemento, nos concellos de Carballo e A Laracha, das medidas de prevención previstas na Orde do 2 de setembro de 2020 e, por outra banda, a aplicación das mesmas medidas no concello de Ponteceso, ben que, nos tres casos, previuse, respecto das terrazas dos establecementos de hostalaría e restauración, fixar no setenta e cinco por cento a limitación da capacidade e suprimir, como medida específica, a relativa ao uso de máscara no caso de actividade física ou deportiva en ximnasiaos ou espazos pechados, ao ser aplicable, en relación con este último aspecto, a modificación operada no número 1.3 do anexo do Acordo do Consello da Xunta do 12 de xuño de 2020 por orde da mesma data do 9 de setembro de 2020.



As medidas limitativas de dereitos fundamentais foron obxecto de ratificación xudicial polo Auto 49/2020, do 11 de setembro de 2020, do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 2 da Coruña.

No que atinxe á eficacia das medidas, no punto terceiro da orde indicouse que terían efectos desde as 00.00 horas do 10 de setembro de 2020 e que serían obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

Finalmente, de acordo co informe elaborado pola Dirección Xeral de Saúde Pública sobre a comarca de Bergantiños, do 11 de setembro de 2020, tendo en conta a situación do concello de Laxe, ditouse a Orde do 11 de setembro de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Laxe, en que se acordou estender as medidas que afectan os concellos de Carballo, A Laracha e Ponteceso a este outro concello.

Neste caso, no que atinxe á eficacia das medidas, no punto segundo da orde indicouse que terían efectos desde as 00.00 horas do 12 de setembro de 2020 e que serían obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a cinco días naturais desde a publicación da orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

As medidas restritivas de dereitos fundamentais recollidas na Orde do 11 de setembro de 2020 foron obxecto de ratificación xudicial por Auto número 159/2020, do 12 de setembro, do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución número 3 de Carballo.

En cumprimento do disposto no punto terceiro da Orde do 9 de setembro de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos de Carballo, A Laracha e Ponteceso, e no punto segundo da Orde do 11 de setembro de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Laxe, procedeuse ao seguimento e á avaliación das medidas co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria existente nestes concellos. Neste sentido, no informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 16 de setembro de 2020, sobre a comarca de Bergantiños, indícase que a incidencia acumulada a 3 e 7 e 14 días amosa unha clara tendencia descendente, que se ve tamén, de maneira xeral, coa taxa diaria. O



número reprodutivo instantáneo está claramente por debaixo do valor 1. O número de casos reduciuse de forma significativa. Neste momento, os concellos de Carballo, A Laracha, Laxe e Ponteceso non tiveron casos nos últimos 3 días. No concello de Carballo seguen a producirse casos illados, pero tamén reduce as súas taxas. No momento actual o brote pode considerarse controlado. Tendo en conta a situación actual, o informe considera que poden retirarse as medidas restritivas nesta comarca.

Así, tras escoitar tamén as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria nos concellos de Carballo, A Laracha, Laxe e Ponteceso non impón a necesidade de manter medidas de prevención específicas nestes concellos, polo que procede deixar sen efecto as adoptadas na Orde do 2 de setembro de 2020, na súa redacción vixente, é dicir, tendo en conta as modificacións introducidas pola Orde do 9 de setembro de 2020 citadas, en todo este ámbito territorial. En consecuencia, nos ditos concellos aplicaranse as medidas de prevención xerais vixentes na Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 contidas na redacción vixente do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para transición cara a unha nova normalidade.

En atención ao exposto, en aplicación do punto terceiro da Orde do 9 de setembro de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos de Carballo, A Laracha e Ponteceso, e no punto segundo da Orde do 11 de setembro de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Laxe, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. *Levantamento das medidas de prevención específicas nos concellos de Carballo, A Laracha, Ponteceso e Laxe*

Quedan sen efecto nos concellos de Carballo, A Laracha, Ponteceso e Laxe as medidas de prevención específicas previstas na Orde do 2 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos de Carballo e A Laracha, na súa redacción vixente.



Segundo. *Aplicación das medidas de prevención establecidas con carácter xeral*

Serán de aplicación, nos concellos de Carballo, A Laracha, Ponteceso e Laxe, as medidas de prevención que con carácter xeral se establecen no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente.

Terceiro. *Eficacia*

Esta orde terá efectos desde as 00.00 horas do 17 de setembro de 2020.

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2020

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade



I. DISPOSICIÓNS XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 16 de setembro de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos de Lalín e Silleda.

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto do devandito acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada mediante o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade.

Así mesmo, indícase no dito punto sexto, na redacción vixente, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de acordo coa normativa aplicable e en vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou en parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación de medidas concretas contidas no anexo.

En aplicación do previsto no punto sexto citado, atendida a evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Lalín, sobre a base do indicado no informe elaborado pola Dirección Xeral de Saúde Pública o 11 de setembro de 2020 e tras escoitar



as recomendacións do Subcomité Clínico reunido para estes efectos, ditouse a Orde do 11 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Lalín.

Tal e como se indicou na orde, o fundamento normativo das medidas atópase na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 e 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

No que atinxe á eficacia das medidas, no punto quinto da orde indicouse que terían efectos desde as 00.00 horas do 12 de setembro de 2020, que serían obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a cinco días naturais desde a publicación da orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderían ser obxecto de mantemento, de modificación ou poderían deixarse sen efecto por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

As medidas restritivas de dereitos fundamentais foron obxecto de ratificación xudicial polo Auto do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución número 1 de Lalín do 13 de setembro de 2020.

En cumprimento do disposto no punto quinto da Orde do 11 de setembro de 2020, procedeuse ao seguimento e á avaliación das medidas co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria existente no concello de Lalín e noutros concellos da comarca do Deza. Neste sentido, no informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 16 de setembro de 2020, sobre a comarca do Deza indícase que a taxa de incidencia acumulada está a medrar nesta comarca desde o 19 de agosto. As taxas a 3, 7 e 14 días tamén se observa que aumentan a respecto do informe anterior. Ademais, no concello de Silleda aumentou a súa incidencia acumulada a 3 días desde o informe anterior dun xeito importante. Este aumento da incidencia na comarca está a indicar que o gromo non está controlado. O número reprodutivo instantáneo está lixeiramente por riba do 1, co intervalo de confianza superior preto do 2, o que significa que cada caso pode estar contaxiando a outras dúas persoas e se está a incrementar a transmisión. Este gromo segue a ter características de alto/medio risco como son: a taxa de incidencia nos últimos 3 días, que aumentou desde o último informe; a porcentaxe de positividade de probas PCR realizadas na zona do gromo



e a porcentaxe de positividade das probas PCR realizadas aos contactos dos casos detectados. Respecto aos concellos da comarca, establecéronse restricións no concello de Lalín, pero a situación epidemiolóxica do concello de Silleda, cun incremento da incidencia acumulada a 3 días desde o informe anterior, ten unhas taxas de incidencia a 3, 7 e 14 días máis elevadas ca no concello de Lalín.

De acordo co informe, polo tanto, ademais do mantemento das medidas adoptadas no concello de Lalín, a situación do concello de Silleda fai recomendable establecer neste concello as mesmas medidas que se tomaron e se manteñen para o concello de Lalín.

Así, tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria impón, como consecuencia, o mantemento das medidas de prevención nos termos previstos na Orde do 11 de setembro de 2020 no concello de Lalín e estender a aplicación das mesmas medidas ao concello de Silleda.

Polo demais, as medidas deben seguir sendo obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da presente orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria, e proceder, segundo o caso, ao seu mantemento, modificación ou a deixalas sen efecto.

En atención ao exposto, en aplicación do punto quinto da Orde do 11 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Lalín, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. *Medidas de prevención nos concellos de Lalín e Silleda*

Unha vez atendida a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na comarca do Deza, mantense no concello de Lalín a eficacia das medidas de prevención previstas na Orde do 11 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Lalín. Ademais, as devanditas medidas serán de aplicación tamén no concello de Silleda.



Segundo. *Eficacia, seguimento e avaliación*

Esta orde terá efectos desde as 00.00 horas do 17 de setembro de 2020.

As medidas cuxa eficacia se mantén no concello de Lalín e se estende ao concello de Silleda serán obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da presente orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

Para estes efectos, poderán ser obxecto de mantemento, de modificación ou poderán deixarse sen efecto por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

No caso das celebracións e eventos en establecementos de restauración no concello de Silleda para os días 17 ao 20 de setembro, que xa estivesen concertados con carácter previo ao día 16 de setembro, non serán aplicables as limitacións que se recollen no anexo da Orde do 11 de setembro de 2020, ben que os titulares dos establecementos deberán comunicalo á Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade, para que se poidan adoptar as medidas ou efectuar as recomendacións pertinentes.

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2020

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade



I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 16 de setembro de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos de Pontevedra, Poio, Vilaboa e Marín.

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto do dito acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada mediante o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta, do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade.

Así mesmo, indícase no dito punto sexto, na redacción vixente, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de acordo coa normativa aplicable e á vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou en parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación de medidas concretas contidas no anexo.

En aplicación do previsto no punto sexto citado, atendida a evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na comarca de Pontevedra, sobre a base do indicado no informe elaborado pola Dirección Xeral de Saúde Pública o 9 de setembro de 2020 e, tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, ditouse a Orde



do 9 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Pontevedra.

Tal e como se indicou na orde, o fundamento normativo das medidas atópase na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 e 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

No que atinxe á eficacia das medidas, no punto quinto da orde indicouse que terían efectos desde as 00.00 horas do 10 de setembro de 2020 e que serían obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderían ser obxecto de mantemento, de modificación ou poderían deixarse sen efecto por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

As medidas restritivas de dereitos fundamentais contidas na orde foron obxecto de ratificación xudicial polo Auto número 70/2020, do 11 de setembro, do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 2 de Pontevedra.

Por outra banda, de acordo co informe elaborado pola Dirección Xeral de Saúde Pública sobre a comarca de Pontevedra, do 11 de setembro de 2020, e tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, tendo en conta da situación dos concellos de Poio e de Vilaboa e a interrelación destes concellos entre eles e co concello de Pontevedra, ditouse a Orde do 11 de setembro de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos de Poio e Vilaboa, en que se acordou estender a aplicación das medidas de prevención previstas na Orde do 9 de setembro de 2020, antes citada, a estes dous concellos, engadindo, ademais, medidas específicas respecto das praias destes concellos.

Neste caso, no que atinxe á eficacia das medidas, no punto segundo da orde indicouse que terían efectos desde as 00.00 horas do 12 de setembro de 2020 e que serían obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a cinco días naturais desde a publicación da orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

As medidas restritivas de dereitos fundamentais foron obxecto de ratificación xudicial polo Auto do 12 de setembro de 2020, do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución número 2 de Pontevedra, respecto do concello de Poio, e polo Auto do 13 de setembro de 2020,



do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución número 1 de Cangas, respecto do concello de Vilaboa.

En cumprimento do disposto no punto quinto da Orde do 9 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Pontevedra, e no punto segundo da Orde do 11 de setembro de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos de Poio e Vilaboa, procedeuse ao seguimento e á avaliación das medidas co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria existente. Neste sentido, no informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 16 de setembro de 2020, sobre a comarca de Pontevedra indícase que a incidencia na comarca leva en ascenso desde o 22 de agosto, mais esta incidencia aumenta máis rápido a partir do 30 de agosto. A taxa de incidencia tanto a 3 como a 7 días segue a aumentar, o que indica que o brote non está baixo control. Os concellos de Pontevedra, Poio e Vilaboa seguen a presentar unha taxa de incidencia importante e, ademais, mantense a aparición de casos. O intervalo de confianza superior do número reprodutivo instantáneo está preto do 1'5, o que indica que a transmisión pode ser importante. Este brote segue a ter características de alto/medio risco como son: a taxa de incidencia nos últimos 3 días, que aumentou desde o último informe; a porcentaxe de positividade de probas PCR realizadas na zona do brote, e a porcentaxe de positividade das probas PCR realizadas aos contactos dos casos detectados, que baixou desde o informe anterior pero que se mantén no nivel de risco medio. O informe recomenda continuar coas medidas xa establecidas nos concellos de Pontevedra, Poio e Vilaboa.

Así mesmo, no informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 16 de setembro de 2020, sobre a comarca do Morrazo, indícase que a taxa de incidencia nesta comarca está a aumentar desde principios de agosto. Este aumento da taxa de incidencia da comarca claramente débese ao aumento de casos e da taxa do concello de Marín, que ten unha taxa a 3 días que duplica á da comarca e a de Galicia. Este aumento da taxa de incidencia no concello de Marín podería deberse a un aumento da transmisión desde o veciño concello de Pontevedra, cunha alta taxa de incidencia desde hai tempo, dada a alta relación que existe entre ambos os concellos. A estimación puntual do número reprodutivo instantáneo supera o 1 co intervalo de confianza superior por riba do 1'5, o cal indica que a transmisión está activa e poden seguir a xerarse novos casos a partir dos xa existentes e aumentar así a transmisibilidade da infección. Os grupos de idade máis afectados, que son idades moi novas, poden tamén favorecer a transmisión da enfermidade dada a alta proporción de infectados sen síntomas ou practicamente asintomáticos. Este brote ten características de risco, pola taxa de incidencia nos últimos 3 días, especialmente no concello de Marín, a porcentaxe de positividade das probas PCR



realizadas no período de evolución do brote e o feito de que o número reprodutivo instantáneo estea por encima de 1. Ademais, o feito de que os grupos máis afectados sexan os de idade moi nova e o feito da súa ampla interacción co concello de Pontevedra, con altas taxas de incidencia e suxeita tamén a restricións, sitúan este brote nun nivel de risco alto. Tendo en conta a mala evolución da situación epidemiolóxica do concello de Marín, cun aumento de casos nos últimos días que fai que as taxas a 3, 7 e 14 días sexan do dobre das da media da comarca, o informe recomenda establecer medidas restritivas neste concello.

De acordo co informe, polo tanto, ademais do mantemento das medidas específicas que actualmente se están aplicando nos concellos de Pontevedra, Poio e Vilaboa, a situación do concello de Marín e a súa proximidade e interrelación con aqueles concellos fai recomendable establecer neste concello as mesmas medidas.

Así, tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria impón, como consecuencia, o mantemento das medidas de prevención nos termos previstos nas ordes do 9 e do 11 de setembro de 2020 nos concellos de Pontevedra, Poio e Vilaboa e estender a aplicación das mesmas medidas ao concello de Marín.

Polo demais, as medidas deben seguir sendo obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da presente orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria, e proceder, segundo o caso, ao seu mantemento, modificación ou a deixalas sen efecto.

En atención ao exposto, en aplicación do punto quinto da Orde do 9 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Pontevedra, e no punto segundo da Orde do 11 de setembro de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos de Poio e Vilaboa, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. *Medidas de prevención nos concellos de Pontevedra, Poio, Vilaboa e Marín*

Atendida a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria, mantense nos concellos de Pontevedra, Poio e Vilaboa a eficacia das medidas previstas na Orde do 9 de setembro



de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Pontevedra, e na Orde do 11 de setembro de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos de Poio e Vilaboa. Ademais, as ditas medidas serán tamén de aplicación no concello de Marín.

Segundo. *Eficacia, seguimento e avaliación*

Esta orde terá efectos desde as 00.00 horas do 17 de setembro de 2020.

As medidas cuxa eficacia se mantén nos concellos de Pontevedra, Poio e Vilaboa e se estende ao concello de Marín serán obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da presente orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

Para estes efectos, poderán ser obxecto de mantemento, de modificación ou poderán deixarse sen efecto por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

No caso das celebracións e eventos en establecementos de restauración no concello de Marín para os días 17 a 20 de setembro, que xa estivesen concertados con carácter previo ao día 16 de setembro, non serán aplicables as limitacións que se recollen no anexo da Orde do 9 de setembro de 2020, ben que deberán ser comunicados polos titulares dos establecementos á Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade, para que se poidan adoptar as medidas ou efectuar as recomendacións pertinentes.

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2020

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade



I. DISPOSICIÓNS XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 16 de setembro de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na comarca da Coruña.

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto do dito acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade.

Así mesmo, indícase no dito punto sexto, na redacción vixente, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de acordo coa normativa aplicable e á vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación de medidas concretas contidas no anexo.

En aplicación do previsto no punto sexto citado, atendida a evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na comarca da Coruña, sobre a base do indicado no informe elaborado pola Dirección Xeral de Saúde Pública, do 7 de agosto de 2020, e tras



escoitar as recomendacións do Subcomité Clínico reunido para eses efectos, ditouse a Orde do 7 de agosto de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos da Coruña, Arteixo, Cambre, Culleredo, Oleiros, Abegondo, Bergondo, Carral e Sada.

Tal e como se indicou na orde, o fundamento normativo das medidas atópase na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 e 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

No que atinxe á eficacia das medidas, no punto sexto da orde indicouse que terían efectos desde as 00.00 horas do 8 de agosto de 2020, e que serían obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a cinco días naturais desde a publicación da orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderían ser obxecto de mantemento, de modificación ou poderían deixarse sen efecto por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Ademais, as medidas foron obxecto de ratificación xudicial polo Auto do Xulgado de Instrución número 1 da Coruña, do 8 de agosto de 2020.

Froito do seguimento e da avaliación das medidas co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria foron ditadas sucesivas ordes.

Así, na Orde do 12 de agosto de 2020, sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos da Coruña, Arteixo, Cambre, Culleredo, Oleiros, Abegondo, Bergondo, Carral e Sada, mantivéronse as medidas de prevención contidas na Orde do 7 de agosto de 2020 e, ademais, estableceuse como medida de prevención adicional nos ditos concellos que os establecementos e locais comerciais deben prestar un servizo de atención preferente aos maiores de 75 anos, o cal deberá concretarse en medidas como control de accesos ou caixas de pagamento específicos, e/ou horarios determinados que aseguren a dita preferencia na atención. A existencia do servizo de atención preferente deberá sinalarse de forma visible nos ditos establecementos ou locais. Así mesmo, incorporouse na dita Orde do 12 de agosto de 2020 unha recomendación de autoprotección ás persoas maiores de 75 anos, ás persoas vulnerables ao COVID-19 e a aquelas que presenten algún tipo de enfermidade ou dificultade respira-



toria que se poida ver agravada polo uso da máscara ou que presenten algunha alteración que faga inviable a súa utilización, para que eviten na súa actividade diaria as saídas nas horas de previsible afluencia ou concentración de persoas na vía pública e en espazos ou establecementos abertos ao público, co fin de reducir os riscos derivados da coincidencia con outras persoas. Por outra parte, na parte expositiva da mesma orde insistíuse no ditado das instrucións oportunas para a limitación das visitas aos centros sanitarios da área da Coruña, establecendo, no caso de enfermos hospitalizados, a limitación de unha persoa por paciente, preferiblemente menor de 70 anos e que non padeza enfermidades crónicas e que, no caso da atención ambulatoria, soamente se permitirá un acompañante no caso de que a persoa atendida sexa dependente ou menor de idade.

As medidas limitativas de dereitos fundamentais recollidas na Orde do 12 de agosto de 2020 foron obxecto de ratificación xudicial polo Auto 54/2020, do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 4 da Coruña, do 14 de agosto de 2020.

Posteriormente, en virtude da Orde do 19 de agosto de 2020 mantívose a eficacia das medidas de prevención e recomendación de autoprotección existentes e modificouse o anexo da Orde do 7 de agosto de 2020, tendo en conta o disposto na Orde do 15 de agosto de 2020 pola que se modifican determinadas medidas previstas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.

As medidas limitativas de dereitos fundamentais recollidas na Orde do 19 de agosto de 2020 foron obxecto de ratificación xudicial polo Auto 40/2020, do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 2 da Coruña, do 21 de agosto de 2020.

A posterior Orde do 26 de agosto de 2020 mantivo as medidas de prevención e a recomendación de autoprotección anteriores e formulou unha serie de recomendacións dirixidas aos concellos da comarca da Coruña. As medidas limitativas de dereitos fundamentais recollidas nesta orde foron obxecto de ratificación xudicial polo Auto 63/2020, do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 3 da Coruña, do 28 de agosto de 2020.

En virtude da Orde do 28 de agosto de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Arteixo, establecéronse medidas máis restritivas no ámbito do dito concello. As medidas limitativas de dereitos fundamentais recollidas nesta orde foron



obxecto de ratificación xudicial polo Auto do Xulgado de Instrución número 4 da Coruña, do 29 de agosto de 2020.

Na Orde do 2 de setembro de 2020, sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos da Coruña, Arteixo, Cambre, Culleredo, Oleiros, Abegondo, Bergondo, Carral e Sada, mantívose a eficacia das medidas de prevención e das recomendacións específicas previstas nas ordes citadas anteriormente nos concellos da Coruña, Cambre, Culleredo, Oleiros e Arteixo, con algunhas modificacións puntuais. As medidas de prevención deixáronse sen efecto nos concellos de Abegondo, Bergondo, Carral e Sada, sen prexuízo de manter nestes concellos as recomendacións de autoprotección e dirixidas aos concellos da comarca contidas nas ordes do 12 e do 26 de agosto.

As medidas limitativas de dereitos fundamentais foron ratificadas polo Auto 44/2020, do 4 de setembro de 2020, do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 2 da Coruña.

Finalmente, en virtude da Orde do 9 de setembro de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na comarca da Coruña, mantivéronse as medidas de prevención e as recomendacións sanitarias específicas contidas nas ordes do 7, do 12 e do 26 de agosto de 2020 soamente en determinadas zonas do concello da Coruña e no concello de Arteixo, ben que, respecto das terrazas dos establecementos de hostalaría e restauración, se fixou no setenta e cinco por cento a limitación da capacidade, e tamén se suprimiu, como medida específica, a relativa ao uso de máscara no caso de actividade física ou deportiva en ximnasios ou espazos pechados, ao ser aplicable, en relación con este último punto, a modificación operada no número 1.3 do anexo do Acordo do Consello da Xunta do 12 de xuño de 2020 por orde da mesma data do 9 de setembro de 2020. Ademais, quedaron sen efecto as medidas contidas nas ordes do 7, do 12 e do 26 de agosto de 2020, previstas para os restantes concellos aos cales se estaban aplicando (Cambre, Culleredo e Oleiros), así como as medidas máis restritivas previstas na Orde do 28 de agosto de 2020 para o concello de Arteixo.

O mantemento de medidas restritivas de dereitos fundamentais contido na Orde do 9 de setembro de 2020 foi obxecto de ratificación xudicial polo Auto número 65/2020, do 11 de setembro, do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 3 da Coruña.

Conforme o punto terceiro da Orde do 9 de setembro de 2020, as medidas debían seguir sendo obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.



De acordo co informe emitido pola Dirección Xeral de Saúde Pública o 16 de setembro de 2020, sobre a comarca da Coruña, obsérvase nesta comarca a tendencia descendente da incidencia acumulada diaria a 3 e 7 días, que tamén se observa en liñas xerais nos valores de taxa diaria recollidos. Igualmente, o número reprodutivo instantáneo e o seu intervalo de confianza están por debaixo de 1. A taxa a 14 días é dun valor menor que o observado nas dúas semanas anteriores, pero segue a ser máis alta que a taxa global de Galicia para o mesmo período temporal. As taxas máis altas seguen a observarse nos concellos de Arteixo e da Coruña. A pesar da mellora da situación epidemiolóxica nesta comarca, o brote non pode considerarse como controlado. Este brote segue a ter características de alto/medio risco como son: a taxa de incidencia nos últimos 3 días que, aínda que diminúe respecto ao último informe, mantén este indicador no nivel de risco alto; a porcentaxe de positividade de probas PCR realizadas na zona do brote, que apenas se modificou e segue situando este indicador no nivel de risco medio; e a porcentaxe de positividade das probas PCR realizadas aos contactos dos casos detectados, que mantén este brote no nivel de risco alto. Neste sentido, tendo en conta que os casos seguen a concentrarse en determinadas zonas da cidade da Coruña e no concello de Arteixo, o informe recomenda manter as medidas restritivas actuais nestas zonas de maior incidencia.

Así, tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na comarca da Coruña impón, como consecuencia, o mantemento de medidas de prevención e das recomendacións sanitarias específicas soamente nas zonas do concello da Coruña e no concello de Arteixo en que xa se están aplicando, nos termos previstos nas ordes do 7, do 12 e do 26 de agosto de 2020, na súa redacción vixente, é dicir, tendo en conta as modificacións introducidas na Orde do 7 de agosto de 2020 polas posteriores ordes do 2 e do 9 de setembro, ás cales antes se aludiu.

Polo demais, as medidas deben seguir sendo obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da presente orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria, e proceder, segundo o caso, ao seu mantemento, modificación ou a deixalas sen efecto.

En atención ao exposto, en aplicación do punto terceiro da Orde do 9 de setembro de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na comarca da Coruña, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,



DISPOÑO:

Primeiro. *Medidas de prevención na comarca da Coruña*

Atendida a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na comarca da Coruña, mantense a eficacia das medidas de prevención previstas na redacción vixente da Orde do 7 de agosto de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos da Coruña, Arteixo, Cambre, Culleredo, Oleiros, Abegondo, Bergondo, Carral e Sada, da medida de prevención adicional e da recomendación de autoprotección previstas nos puntos segundo e terceiro da Orde do 12 de agosto de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos da Coruña, Arteixo, Cambre, Culleredo, Oleiros, Abegondo, Bergondo, Carral e Sada, así como das recomendacións contidas no punto segundo da Orde do 26 de agosto de 2020 sobre mantemento das medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos da Coruña, Arteixo, Cambre, Culleredo, Oleiros, Abegondo, Bergondo, Carral e Sada, no seguinte ámbito territorial:

a) En todo o concello de Arteixo.

b) No concello da Coruña, no ámbito territorial constituído polo perímetro delimitado pola intersección das seguintes rúas (ambos os lados da rúa incluídos): rolda de Outeiro, rúa Manuel Murguía, Paseo de Ronda, rúa Gregorio Hernández, rolda de Nelle, rúa Fernando Rey, avenida de Alfonso Molina, rolda de Outeiro (tramo Estación de Ferrocarril), avenida de Salgado Torres, avenida de Cádiz, avenida do Ferrocarril, avenida de Arteixo, Polígono de Vioño, rúa Pasteur, avenida de Fisterra, rúa Alcalde Jaime Hervada, rúa Ágora, Travesía Antonio Pedreira Ríos e rolda de Outeiro (tramo desde Manuel Deschamps ata Manuel Murguía).

Segundo. *Eficacia, seguimento e avaliación*

Esta orde terá efectos desde as 00.00 horas do 17 de setembro de 2020.

As medidas cuxa eficacia se mantén serán obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da presente orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.



Para estes efectos, poderán ser obxecto de mantemento, de modificación ou poderán deixarse sen efecto por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2020

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade



I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 11 de setembro de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos de Poio e Vilaboa.

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto do dito acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta, do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de sanidade.

Así mesmo, indícase no dito punto sexto, na redacción vixente, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de acordo coa normativa aplicable e á vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación de medidas concretas contidas no anexo.

En aplicación do previsto no punto sexto citado, atendida a evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Pontevedra, sobre a base do indicado no informe elaborado pola Dirección Xeral de Saúde Pública o 9 de setembro de 2020 e tras



escoitar as recomendacións do comité clínico reunido para estes efectos, ditouse a Orde do 9 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Pontevedra.

Tal e como se indicou na orde, o fundamento normativo das medidas atópase na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 e 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

No que atinxe á eficacia das medidas, no punto quinto da orde indicouse que terían efectos desde as 00.00 horas do 10 de setembro de 2020, e que serían obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderían ser obxecto de mantemento, de modificación ou poderían deixarse sen efecto por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Ademais, as medidas limitativas de dereitos fundamentais foron obxecto de ratificación xudicial polo Auto 70/2020, do 11 de setembro de 2020, do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 2 de Pontevedra.

De acordo co informe elaborado pola Dirección Xeral de Saúde Pública sobre a comarca de Pontevedra, do 11 de setembro de 2020, a incidencia na comarca leva en ascenso desde o 22 de agosto, mais esta incidencia aumenta máis rápido a partir do 30 de agosto. A taxa de incidencia tanto a 3 como a 7 días aumenta máis do dobre. O número reprodutivo instantáneo nos últimos días volveu ascender e atópase a estimación puntual preto do 1'5 e o intervalo de confianza superior xa o supera, polo que pode asegurarse que continúa a transmisión. Nesta comarca existen restricións no concello de Pontevedra. Neste momento Pontevedra ten unha incidencia acumulada a 3 días que baixa respecto aos datos anteriores, polo que podería dicirse que as medidas adoptadas neste concello están a funcionar. Non obstante, os concellos de Poio e Vilaboa están a aumentar os seus casos e, polo tanto, as súas incidencias. A interrelación entre os concellos de Pontevedra, Poio e Vilaboa fan que a extensión da infección desde o concello de Pontevedra cara a Poio e Vilaboa, ou viceversa, poida ser importante. As taxas de positividade son máis altas nas persoas de 15 a 34 anos e este é tamén o grupo de idade máis afectado, o que significa que é posible a existencia dunha proporción importante de casos asintomáticos, ou con síntomas



moi leves, que poden seguir transmitindo a infección de forma solapada. Tendo en conta a situación dos concellos de Poio e de Vilaboa, e a interrelación destes concellos entre eles e co concello de Pontevedra, o informe recomenda estender as medidas que afectan o concello de Pontevedra a estes dous novos concellos.

De acordo co informe, polo tanto, a situación dos concellos de Poio e Vilaboa fai recomendable establecer nestes concellos as mesmas medidas que se tomaron e se manteñen, sen prexuízo do seguimento e da avaliación continua a que antes se aludiu, para o concello de Pontevedra, na mesma comarca de Pontevedra.

Así, tras escoitar as recomendacións do comité clínico reunido para estes efectos, a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria nos concellos de Poio e Vilaboa impón a necesidade de estender a aplicación das medidas previstas na Orde do 9 de setembro de 2020 antes citada aos ditos concellos, engadindo, ademais, medidas específicas respecto das praias.

As medidas cuxa aplicación se prevé para os concellos de Poio e Vilaboa serán obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a cinco días naturais desde a publicación da presente orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria, e proceder, segundo o caso, ao seu mantemento, modificación ou a deixalas sen efecto.

Na súa virtude, en aplicación do punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. *Medidas de prevención nos concellos de Poio e de Vilaboa*

1. Atendida a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria nos concellos de Poio e de Vilaboa, serán de aplicación nos ditos concellos as medidas de prevención previstas na Orde do 9 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Pontevedra.



2. Ademais, o correspondente concello deberá establecer limitacións tanto de acceso como de capacidade das praias co fin de asegurar que se poida respectar a distancia interpersonal de seguridade entre usuarios. Para os efectos de calcular a capacidade máxima permitida por cada praia, considerarase que a superficie de praia que vai ocupar cada usuario será de, polo menos, catro metros cadrados. Serán, así mesmo, de aplicación nas praias, no que proceda, as medidas previstas para as piscinas no número 3.16 do anexo da Orde do 9 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Pontevedra.

Segundo. *Eficacia*

Esta orde terá efectos desde as 00.00 horas do 12 de setembro de 2020.

As medidas de prevención que esta orde prevé aplicables nos concellos de Poio e Vilaboa serán obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a cinco días naturais desde a publicación da presente orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria dos ditos concellos.

Para estes efectos, poderán ser obxecto de mantemento, de modificación ou poderán deixarse sen efecto por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

No caso das celebracións e eventos en establecementos de restauración nos concellos de Poio e Vilaboa para os días 12 e 13 de setembro, que xa estivesen concertados con carácter previo ao día 11 de setembro, non serán aplicables as limitacións que se recollen no anexo da Orde do 9 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Pontevedra, ben que deberán ser comunicados polos titulares dos establecementos á Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade, para que se poidan adoptar as medidas ou efectuar as recomendacións pertinentes.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2020

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade



I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 11 de setembro de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Laxe.

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto do dito acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta, do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de sanidade.

Así mesmo, indícase no dito punto sexto, na redacción vixente, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de acordo coa normativa aplicable e á vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación de medidas concretas contidas no anexo.

En aplicación do previsto no punto sexto citado, atendida a evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na comarca de Bergantiños, sobre a base do indicado no



informe elaborado pola Dirección Xeral de Saúde Pública o 2 de setembro de 2020 e tras escoitar as recomendacións do comité clínico reunido para estes efectos, ditouse a Orde do 2 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos de Carballo e A Laracha.

Tal e como se indicou na orde, o fundamento normativo das medidas atópase na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 e 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

No que atinxe á eficacia das medidas, no punto sexto da orde indicouse que terían efectos desde as 00.00 horas do 3 de setembro de 2020, e que serían obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderían ser obxecto de mantemento, de modificación ou poderían deixarse sen efecto por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Ademais, as medidas foron obxecto de ratificación xudicial polo Auto 66/2020, do 4 de setembro de 2020, do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 4 da Coruña.

En cumprimento do disposto no punto sexto da Orde do 2 de setembro de 2020, procedeuse ao seguimento e á avaliación das medidas previstas nela co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria existente na comarca de Bergantiños. Sobre a base do indicado no informe da Dirección Xeral de Saúde Pública do 9 de setembro de 2020 e tras escoitar as recomendacións do comité clínico reunido para estes efectos, mediante a Orde do 9 de setembro de 2020 acordouse o mantemento, nos concellos de Carballo e A Laracha, das medidas de prevención previstas na Orde do 2 de setembro de 2020 e, por outra banda, a aplicación das mesmas medidas no concello de Ponteceso, ben que, nos tres casos, previuse, respecto das terrazas dos establecementos de hostalaría e restauración, fixar no setenta e cinco por cento a limitación da capacidade e suprimir, como medida específica, a relativa ao uso de máscara no caso de actividade física ou deportiva en ximnasios ou espazos pechados, ao ser aplicable, en relación con este último aspecto, a modificación operada no número 1.3 do anexo do Acordo do Consello da Xunta do 12 de xuño de 2020 por orde da mesma data do 9 de setembro de 2020.



Polo demais, as medidas deben seguir sendo obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria, e proceder, segundo o caso, ao seu mantemento, modificación ou a deixalas sen efecto.

De acordo co informe elaborado pola Dirección Xeral de Saúde Pública sobre a comarca de Bergantiños, do 11 de setembro de 2020, a incidencia acumulada a 3 e 7 días está a descender nesta comarca e a media da taxa de incidencia tamén mostra a baixada aos 3 e 7 días. Deuse un aumento importante do número de probas PCR realizadas e apréciase unha importante baixada da porcentaxe de positividade acumulada a 3 días. O grupo de idade coa porcentaxe de positividade máis elevada é o de 20 a 24 anos. A taxa de incidencia a 14 días está a aumentar, debido sobre todo ao aumento da taxa, nestes últimos días, dos concellos de Laxe e Ponteceso que duplicaron a súa incidencia desde o 2 de setembro. Aínda que este brote parece que vai evolucionando ben, o problema céntrase agora no concello de Laxe. Neste momento existen medidas restritivas nesta comarca que afectan os concellos de Carballo, A Laracha e máis recentemente o concello de Ponteceso. A situación nestes concellos vai mellorando, polo que pode dicirse que as medidas impostas están a funcionar, pero é preciso mantelas ata confirmar que a situación de mellora se estabiliza. Por outra banda, o informe recomenda estender as medidas que afectan os concellos antes referidos (Carballo, A Laracha e Ponteceso) ao concello de Laxe.

De acordo co informe, polo tanto, a situación do concello de Laxe fai recomendable establecer neste concello as mesmas medidas que se tomaron e se manteñen, sen prexuízo do seguimento e da avaliación continua a que antes se aludiu, para os concellos de Carballo, A Laracha e Ponteceso, na mesma comarca de Bergantiños.

Así, tras escoitar as recomendacións do comité clínico reunido para estes efectos, a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria no concello de Laxe impón a necesidade de estender a aplicación das medidas previstas na Orde do 2 de setembro de 2020, na redacción vixente, isto é, coas modificacións introducidas pola Orde do 9 de setembro de 2020, tamén ao dito concello.

As medidas cuxa aplicación se prevé para o concello de Laxe serán obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a cinco días naturais



desde a publicación da presente orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria, e proceder, segundo o caso, ao seu mantemento, modificación ou a deixalas sen efecto.

Na súa virtude, en aplicación do punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. Medidas de prevención no concello de Laxe

Atendida a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria no concello de Laxe, serán de aplicación no dito concello as medidas de prevención previstas na Orde do 2 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos de Carballo e A Laracha, na redacción vixente.

Segundo. Eficacia

Esta orde terá efectos desde as 00.00 horas do 12 de setembro de 2020.

As medidas de prevención que esta orde prevé aplicables no concello de Laxe serán obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a cinco días naturais desde a publicación da presente orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria do dito concello.

Para estes efectos, poderán ser obxecto de mantemento, de modificación ou poderán deixarse sen efecto por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

No caso das celebracións e eventos en establecementos de restauración no concello de Laxe para os días 12 e 13 de setembro, que xa estivesen concertados con carácter previo ao día 11 de setembro, non serán aplicables as limitacións que se recollen no anexo da Orde do 2 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do



COVID-19 nos concellos de Carballo e A Laracha, na redacción vixente, ben que deberán ser comunicados polos titulares dos establecementos á Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade, para que se poidan adoptar as medidas ou efectuar as recomendacións pertinentes.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2020

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade



I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 11 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos da Guarda e O Rosal.

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto do dito acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada mediante o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta, do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de sanidade.

Así mesmo, indícase no dito punto sexto, na redacción vixente, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de acordo coa normativa aplicable e á vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou en parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación de medidas concretas contidas no anexo.

De acordo co informe sobre a situación epidemiolóxica na comarca do Baixo Miño, elaborado pola Dirección Xeral de Saúde Pública o 11 de setembro de 2020, a taxa de incidencia na comarca está a aumentar desde o 26 de agosto. Dentro da comarca, os concellos



do Rosal e A Guarda son os máis afectados tanto en casos como en taxas, moi por riba do resto dos concellos desta comarca. O número reprodutivo instantáneo está lixeiramente por riba do 1, co intervalo de confianza superior preto do 2, o que significa que cada caso pode estar contaxiando outras dúas persoas e estase a incrementar a transmisión. Este brote presenta características de alto risco, como son a incidencia acumulada (alto risco), a alta positividade das probas PCR positivas nos contactos estreitos dos casos e a alta positividade das probas PCR positivas na área de investigación do brote. Tendo en conta os factores de risco anteriores e que o grupo de idade máis afectado (10-19 anos), cunha alta probabilidade de ser asintomáticos e gran capacidade de transmisión pola frecuencia de interaccións sociais, o informe recomenda establecer medidas restritivas nos concellos de A Guarda e O Rosal, como a referida ao tamaño dos grupos, establecendo un máximo de 10 persoas para grupos non conviventes, así como limitacións de capacidade e restricións respecto a festas, verbenas ou actuacións. Así mesmo, considera oportuno establecer recomendacións dirixidas á poboación máis vulnerable e recomendacións sobre medidas de protección nas actividades socioculturais de tipo grupal e de control das agrupacións de persoas en lugares públicos.

Así, tras escoitar as recomendacións do subcomité clínico reunido para estes efectos, resulta necesaria, en consecuencia, a adopción, con urxencia, de medidas de prevención específicas nos concellos da Guarda e O Rosal para facer fronte aos abrochos e ás cadeas de transmisión existentes e garantir a súa contención, prevendo unhas medidas para o ámbito territorial indicado, conectadas cos factores de maior risco de transmisión.

En particular, considérase que as medidas tendentes a limitar os grupos de persoas para o desenvolvemento de calquera actividade ou evento de carácter familiar ou social na vía pública, espazos de uso público ou espazos privados e as limitacións para festas, verbenas e outros eventos populares e multitudinarios deben adoptarse para todo o ámbito dos concellos da Guarda e O Rosal, tendo en conta a natureza destas actividades, os riscos asociados a elas e a idade da poboación a que está afectando de forma predominante o virus neste momento.

Estas medidas teñen o seu fundamento normativo na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 e 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

En particular, cómpre salientar que a Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, prevé, no seu artigo primeiro que, co obxecto de protexer a saúde pública e previr a súa perda ou deterio-



ración, as autoridades sanitarias das distintas administracións públicas poderán, dentro do ámbito das súas competencias, adoptar as medidas previstas na dita lei cando así o exixan razóns sanitarias de urxencia ou necesidade.

O artigo segundo habilita as autoridades sanitarias competentes para adoptaren medidas de recoñecemento, tratamento, hospitalización ou control cando se aprecien indicios racionais que permitan supoñer a existencia de perigo para a saúde da poboación debido á situación sanitaria concreta dunha persoa ou grupo de persoas ou polas condicións sanitarias en que se desenvolve unha actividade. E, para o caso concreto de enfermidades transmisibles, o artigo terceiro dispón que, co fin de controlalas, a autoridade sanitaria, ademais de realizar as accións preventivas xerais, poderá adoptar as medidas oportunas para o control dos enfermos, das persoas que estean ou teñan estado en contacto con estes e do contorno inmediato, así como as que se consideren necesarias en caso de risco de carácter transmisible. E o artigo 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, prevé que as autoridades sanitarias poderán levar a cabo intervencións públicas nos supostos de riscos para a saúde de terceiras persoas, nos mesmos termos previstos nos artigos 2 e 3 da Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, antes citados.

Non se recolle, pois, unha lista pechada de medidas de prevención, senón que poderán adoptarse, de acordo cos principios de precaución e de proporcionalidade que deben rexer as actuacións en materia de saúde, as necesarias para facer fronte ao concreto risco sanitario de que se trate.

En todo caso, e en atención a tales principios, estas medidas serán reavaliadas nun período non superior a sete días naturais desde a publicación desta orde en función da evolución da situación epidemiolóxica nos concellos afectados.

Por outra banda, as medidas de prevención que se recollen nesta orde teñen un evidente fundamento sanitario, dados os riscos de transmisión dunha enfermidade contaxiosa como a que nos ocupa, e a vixilancia, inspección e control do seu cumprimento corresponden aos concellos, sen prexuízo das competencias da Consellería de Sanidade, tendo en conta a condición de autoridade sanitaria dos alcaldes e alcaldesas (artigo 33.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia), as competencias dos concellos do control sanitario de actividades e servizos que impacten na saúde da súa cidadanía, dos lugares de convivencia humana (artigo 80.3 da lei citada), así como da súa competencia para a ordenación e control do dominio público.



Polo tanto, os alcaldes e alcaldesas, como autoridade sanitaria, deben garantir nas referidas actividades, servizos e lugares de convivencia humana os dereitos e deberes sanitarios da cidadanía (artigo 33.2 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia) e, polo tanto, garantir a vixilancia, inspección e control do cumprimento das medidas preventivas aprobadas pola Administración autonómica e daquelas que, no seu desenvolvemento, e atendendo á situación concreta, poida establecer o correspondente concello.

Así mesmo, as forzas e corpos de seguridade teñen un papel fundamental no necesario control do cumprimento das medidas de prevención, papel que veñen desempeñando durante toda esta crise sanitaria, a través da formulación das correspondentes denuncias e remisión ás autoridades competentes, nos casos en que se detecte o seu incumprimento. Debe recordarse a este respecto que o Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, declarou a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e activou o Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19. Tendo en conta a existencia dunha declaración de emerxencia sanitaria, resulta esencial a colaboración das forzas e corpos de seguridade coa finalidade de preservar a seguridade e a convivencia cidadás.

Conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para a adopción das medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica existente nos concellos da Guarda e O Rosal, coa urxencia que a protección da saúde pública demanda.

Na súa virtude, en aplicación do punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. *Obxecto*

O obxecto desta orde é establecer determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos da Guarda e O Rosal.



Segundo. *Restricións ás agrupacións de persoas para a protección da saúde ante a existencia dun risco de carácter transmisible*

1. Á vista da evolución da situación epidemiolóxica e coa finalidade de controlar a transmisión da enfermidade, adóptase, en todo o ámbito territorial nos concellos da Guarda e O Rosal, de modo temporal, durante o período ao cal se estenda a eficacia das medidas previstas na presente orde de acordo co seu punto quinto, a medida de limitar os grupos para o desenvolvemento de calquera actividade ou evento de carácter familiar ou social na vía pública, espazos de uso público ou espazos privados, a un máximo de dez persoas, excepto no caso de persoas conviventes, en que non se aplicará esta limitación.

Tampouco será aplicable esta limitación no caso de actividades laborais e administrativas, actividades en centros educativos, de formación e ocupacionais, sempre que se adopten as medidas previstas nos correspondentes protocolos de funcionamento.

2. O incumprimento da medida de prevención establecida neste punto poderá dar lugar á imposición das sancións e a outras responsabilidades previstas no ordenamento xurídico.

3. En particular, para os efectos da execución e control desta medida de prevención, no marco da situación de emerxencia sanitaria declarada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, solicitarase a colaboración das forzas e corpos de seguridade.

4. Para a execución da medida prevista neste punto buscarase sempre con preferencia a colaboración voluntaria das persoas destinatarias coas autoridades sanitarias. Non obstante, malia que esta medida non se individualiza en persoas determinadas dada a súa adopción con carácter xeral, tendo en conta que nos casos de ausencia de colaboración voluntaria a súa execución pode requirir a adopción de actos de imposición coactiva que poden supoñer restricións de dereitos fundamentais, e para coaduxuar na súa plena efectividade, solicitarase a súa ratificación xudicial, de acordo co previsto no número 6 do artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Terceiro. *Outras medidas aplicables no ámbito territorial recollido no punto primeiro*

1. No ámbito territorial dos concellos da Guarda e O Rosal, recoméndaselles ás persoas maiores de 75 anos, ás persoas vulnerables ao COVID-19 e a aquelas que presenten algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria que se poida ver agravada polo uso da



máscara ou que presenten algunha alteración que faga inviable a súa utilización, que eviten na súa actividade diaria as saídas nas horas de previsible afluencia ou concentración de persoas na vía pública e en espazos ou establecementos abertos ao público, co fin de reducir os riscos derivados da coincidencia con outras persoas.

2. Acórdase, no ámbito territorial incluído no punto primeiro, o peche das actividades de festas, verbenas e outros eventos populares, así como das atraccións de feiras, durante o período a que se estenda a eficacia das medidas previstas na presente orde de acordo co seu punto quinto.

3. Así mesmo, serán de aplicación, no ámbito territorial dos concellos da Guarda e O Rosal, as medidas de prevención específicas recollidas no anexo.

4. En todo o non previsto nesta orde, e no que sexa compatible con ela, serán de aplicación, en todo o ámbito territorial previsto no punto primeiro, as medidas que, con carácter xeral, se establecen no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente.

Cuarto. Control do cumprimento das medidas e réxime sancionador

1. A vixilancia, inspección e control do cumprimento das medidas de prevención que se recollen nesta orde, e a garantía dos dereitos e deberes sanitarios da cidadanía, corresponderán aos concellos da Guarda e O Rosal dentro das súas competencias e sen prexuízo das competencias da Consellería de Sanidade, tendo en conta a condición de autoridade sanitaria dos alcaldes e alcaldesas de acordo co artigo 33.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, e as competencias dos concellos de control sanitario de actividades e servizos que impacten na saúde da súa cidadanía e dos lugares de convivencia humana, de acordo co artigo 80.3 do mesmo texto legal, así como da súa competencia para a ordenación e control do dominio público.

2. Así mesmo, os órganos de inspección da Administración autonómica, no ámbito das súas competencias, poderán realizar as actividades de inspección e control oportunas para a vixilancia e comprobación do cumprimento das medidas de prevención aplicables.

3. As forzas e corpos de seguridade darán traslado das denuncias que formulen polo incumprimento das medidas de prevención ás autoridades competentes.



Quinto. Eficacia

Esta orde terá efectos desde as 00.00 horas do 12 de setembro de 2020. Non obstante, as medidas recollidas nela serán obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da presente orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

Para estes efectos, poderán ser obxecto de mantemento, de modificación ou poderán deixarse sen efecto por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

No caso das celebracións e eventos en establecementos de restauración nos concellos da Guarda e O Rosal para os días 12 a 13 de setembro, que xa estivesen concertados con carácter previo ao día 11 de setembro, non serán aplicables as limitacións que se recollen no anexo, ben que deberán ser comunicados polos titulares dos establecementos á Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade, para que se poidan adoptar as medidas ou efectuar as recomendacións pertinentes.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2020

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade

ANEXO**Medidas de prevención específicas****1. Obrigas xerais.****1.1. Obrigas de cautela e protección.**

Todos os cidadáns deberán adoptar as medidas necesarias para evitar a xeración de riscos de propagación da enfermidade COVID-19, así como a propia exposición aos ditos riscos. Este deber de cautela e protección será igualmente exigible aos titulares de calquera actividade.

Así mesmo, deberán respectarse as medidas de seguridade e hixiene establecidas polas autoridades sanitarias para a prevención do COVID-19.



1.2. Persoas con sintomatoloxía.

Calquera persoa que experimente algún dos síntomas máis comúns compatibles co COVID-19, tales como febre, calafríos, tose, sensación de falta de aire, diminución do olfacto e do gusto, dor de gorxa, dores musculares, dor de cabeza, debilidade xeral, diarrea ou vómitos deberá permanecer no seu domicilio e comunicalo ao seu servizo sanitario o antes posible.

Igualmente, se existen conviventes no domicilio, deberá evitar o contacto con eles e, se é posible, usar un cuarto de forma exclusiva ata recibir instrucións do seu servizo sanitario.

1.3. Distancia de seguridade interpersonal.

Deberá cumprirse a medida de mantemento da distancia de seguridade interpersonal establecida polo Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, de, polo menos, 1,5 metros ou, na súa falta, medidas alternativas de protección física con uso de máscara, de hixiene adecuada e etiqueta respiratoria.

1.4. Obrigatoriedade do uso de máscaras.

Será obrigatorio o uso da máscara nas condicións establecidas no número 1.3 do anexo do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.

Os titulares dos establecementos, espazos ou locais deberán garantir o cumprimento desta obriga neles.

1.5. Medidas específicas para casos e contactos estreitos.

As persoas que sexan consideradas caso sospeitoso ou probable de infección polo virus SARS-CoV-2, por teren infección respiratoria aguda grave con cadro clínico ou radiolóxico compatible co COVID-19, ou que estean pendentes dos resultados de probas diagnósticas por este motivo, as que sexan consideradas como caso confirmado con infección activa e as consideradas contacto estreito dun caso sospeitoso, probable ou confirmado, deberán seguir as condicións de illamento ou corentena que lles sexan indicadas desde os dispositivos asistenciais ou de saúde pública, sen poderen abandonar o seu domicilio



ou lugar de illamento ou corentena en ningún caso, salvo autorización expresa do servizo sanitario por causas debidamente xustificadas.

2. Medidas xerais de hixiene e prevención.

Sen prexuízo das normas ou protocolos específicos que se establezan, serán aplicables a todos os establecementos, locais de negocio, instalacións e espazos de uso público e actividades de carácter público as medidas xerais de hixiene e prevención establecidas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na redacción vixente.

3. Limitacións de capacidade e medidas de prevención específicas por sectores.

3.1. Velorios e enterros.

1. Os velorios poderán realizarse en todo tipo de instalacións, públicas ou privadas, debidamente habilitadas, cun límite máximo, en cada momento, de vinte e cinco persoas en espazos ao aire libre ou de dez persoas en espazos pechados, sexan ou non conviventes.

2. A participación na comitiva para o enterramento ou despedida para cremación da persoa falecida restrínxese a un máximo de vinte e cinco persoas, entre familiares e achedados, ademais, de ser o caso, do ministro de culto ou persoa asimilada da confesión respectiva para a práctica dos ritos funerarios de despedida do defunto.

3.2. Lugares de culto.

1. A asistencia a lugares de culto non poderá superar o cincuenta por cento da súa capacidade. A capacidade máxima deberá publicarse en lugar visible do espazo destinado ao culto.

2. Non se poderá utilizar o exterior dos edificios nin a vía pública para a celebración de actos de culto.

3.3. Cerimonias nupciais e outras celebracións relixiosas ou civís.

1. No caso de que estas cerimonias ou celebracións se leven a cabo en lugares de culto, deberán aplicarse as regras de capacidade e as medidas de hixiene e prevención na celebración de actos de culto relixioso recollidas especificamente nesta orde e, no que sexa compatible co disposto nela, no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de



xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na redacción vixente. Deberanse evitar, en calquera caso, as aglomeracións á entrada e saída dos lugares de culto.

2. As celebracións que poidan ter lugar tras a cerimonia en establecementos de hostalaría e restauración axustaranse ás condicións e á capacidade previstas para a prestación do servizo nestes establecementos.

3. En calquera caso, deberase respectar un máximo de cen persoas en espazos ao aire libre ou de cincuenta persoas en espazos pechados.

3.4. Establecementos e locais comerciais retallistas e de actividades de servizos profesionais abertos ao público que non formen parte de centros ou parques comerciais.

1. Os establecementos e locais comerciais retallistas e de actividades de servizos profesionais abertos ao público que non formen parte de centros ou parques comerciais non poderán superar o cincuenta por cento da súa capacidade total. No caso de establecementos ou locais distribuídos en varios andares, a presenza de clientes en cada un deles deberá gardar esta mesma proporción.

Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersonal nos locais e establecementos ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso da máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersonal indicada, nos termos previstos no número 1.4 deste anexo.

2. Deberán prestar un servizo de atención preferente a maiores de 75 anos, o cal deberá concretarse en medidas como control de accesos ou caixas de pagamento específicos, e/ ou en horarios determinados que aseguren a dita preferencia na atención. A existencia do servizo de atención preferente deberá sinalarse de forma visible nos ditos establecementos e locais.

3.5. Establecementos que teñan a condición de centros e parques comerciais ou que formen parte deles.

1. Os establecementos e locais comerciais retallistas e de actividades de servizos profesionais abertos ao público situados en centros e parques comerciais non poderán superar



o cincuenta por cento da súa capacidade total. No caso de establecementos ou locais distribuídos en varios andares, a presenza de clientes en cada un deles deberá gardar esta mesma proporción.

2. Non se permitirá a permanencia de clientes nas zonas comúns excepto para o tránsito entre os establecementos, salvo na actividade de hostalaría e restauración que se leve a cabo nas ditas zonas, a cal se deberá axustar ao previsto especificamente para estas actividades. Queda prohibida a utilización de zonas recreativas como poden ser zonas infantís, ludotecas ou áreas de descanso, que deben permanecer pechadas.

3. Deberanse establecer as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersoal no interior dos locais e establecementos e nas zonas comúns ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso de máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersoal indicada, nos termos previstos no número 1.4 deste anexo. Ademais, deberán evitarse as aglomeracións de persoas que comprometan o cumprimento destas medidas.

4. Deberán prestar un servizo de atención preferente a maiores de 75 anos, o cal deberá concretarse en medidas como control de accesos ou caixas de pagamento específicos, e/ou en horarios determinados que aseguren a dita preferencia na atención. A existencia do servizo de atención preferente deberá sinalarse de forma visible nos ditos establecementos e locais.

3.6. Mercados que desenvolven a súa actividade na vía pública.

1. No caso dos mercados que desenvolven a súa actividade na vía pública ao aire libre ou de venda non sedentaria, coñecidos como feiras, non poderán superar o cincuenta por cento dos postos habituais ou autorizados, limitando a afluencia de clientes de maneira que se asegure o mantemento da distancia de seguridade interpersoal.

O concello poderá aumentar a superficie habilitada ou habilitar novos días para o exercicio desta actividade para compensar esta limitación.

Á hora de determinar os comerciantes que poden exercer a súa actividade, o concello poderá priorizar aqueles que comercializan produtos alimenticios e de primeira necesidade, asegurando que non sexan manipulados os produtos comercializados neles por parte dos consumidores.



3.7. Actividades en academias, autoescolas e centros privados de ensino non regrado e centros de formación e actividade formativa xestionada ou financiada pola Administración autonómica en centros e entidades de formación.

A actividade que se realice nestes centros poderá impartirse dun modo presencial sempre que non se supere unha capacidade do cincuenta por cento respecto do máximo permitido e cun máximo de dez persoas por grupo.

3.8. Establecementos de hostalaría e restauración.

1. Os establecementos de hostalaría e restauración non poderán superar o cincuenta por cento da súa capacidade para consumo no interior do local.

2. O consumo dentro do local poderá realizarse unicamente sentado na mesa, ou agrupacións de mesas, e deberase asegurar o mantemento da debida distancia de seguridade interpersoal entre clientes. Non está permitido o consumo na barra.

3. As terrazas ao aire libre dos establecementos de hostalaría e restauración limitarán a súa capacidade ao setenta e cinco por cento das mesas permitidas no ano inmediatamente anterior con base na correspondente licenza municipal ou do que sexa autorizado para este ano, no caso de que a licenza sexa concedida por primeira vez.

Consideraranse terrazas ao aire libre todo espazo non cuberto ou todo espazo que, estando cuberto, estea rodeado lateralmente por un máximo de dúas paredes, muros ou paramentos.

No caso de que o establecemento de hostalaría e restauración obtivese o permiso do concello para incrementar a superficie destinada a terraza ao aire libre, poderase incrementar o número de mesas previsto no primeiro parágrafo deste número 3, respectando, en todo caso, unha proporción do setenta e cinco por cento entre mesas e superficie dispoñible, e sempre que se manteña o espazo necesario para a circulación peonil no tramo da vía pública en que se sitúe a terraza.

4. En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia de seguridade interpersoal entre as mesas ou, de ser o caso, agrupacións de mesas. A ocupación máxima será de dez persoas por mesa ou agrupación de mesas. A mesa ou agrupación de mesas que se utilice para este fin deberá ser acorde co número de persoas e permitir que se respecte a distancia mínima de seguridade interpersoal entre elas.



5. Os establecementos de hostalaría e restauración deberán pechar non máis tarde da unha da madrugada, sen que se poida permitir o acceso de ningún cliente desde as 00.00 horas.

3.9. Condicións para ocupación de zonas comúns de hoteis e aloxamentos turísticos.

1. A ocupación das zonas comúns dos hoteis e aloxamentos turísticos non poderá superar o cincuenta por cento da súa capacidade.

Para iso, cada establecemento deberá determinar a capacidade dos distintos espazos comúns, así como aqueles lugares en que se poderán realizar eventos e as condicións máis seguras para a súa realización conforme a capacidade máxima prevista e de acordo coas medidas de hixiene, protección e distancia mínima establecidas.

2. As actividades de animación ou clases grupais deberán deseñarse e planificarse cunha capacidade máxima de dez persoas, incluídos os monitores, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade, excepto no caso de persoas conviventes.

3.10. Albergues turísticos.

Na modalidade de aloxamento turístico de albergue permitirase unha capacidade máxima do cincuenta por cento da máxima permitida.

3.11. Bibliotecas, arquivos, museos e salas de exposicións, monumentos e outros equipamentos culturais.

1. Nas bibliotecas, arquivos, museos e salas de exposicións, monumentos e outros equipamentos culturais, tanto de titularidade pública como privada, poderán realizarse actividades presenciais sen superar o cincuenta por cento da capacidade máxima permitida.

2. Este límite de ocupación será aplicable tamén á realización de actividades culturais nestes espazos e cun máximo de ata dez persoas nas actividades de grupos, incluído o monitor ou guía, e deberán establecerse as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade, excepto no caso de persoas conviventes.



3.12. Actividade en cines, teatros, auditorios, circos de todo e espazos similares, así como en recintos ao aire libre e noutros locais e establecementos destinados a espectáculos públicos e actividades recreativas.

1. Os cines, teatros, auditorios, circos de todo e espazos similares poderán desenvolver a súa actividade, contando con butacas preasignadas, sempre que non superen o cincuenta por cento da capacidade permitida en cada sala.

2. No caso doutros recintos, locais e establecementos destinados a espectáculos públicos e actividades recreativas distintos dos previstos no parágrafo anterior, poderán desenvolver a súa actividade sempre que o público permaneza sentado e que non se supere o cincuenta por cento da capacidade permitida.

3. En calquera caso, será de aplicación un límite máximo de sesenta persoas para lugares pechados e de cento cincuenta persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Non obstante, poderase ampliar o límite indicado ata un máximo de cen persoas para lugares pechados e trescentas persoas se se trata de actividades ao aire libre, logo da autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. Neste caso, a solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade polo COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueles outros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

3.13. Centros de lecer infantil.

Os centros de lecer infantil poderán levar a cabo a súa actividade cumprindo o Protocolo en materia de lecer infantil para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, aprobado pola Orde da Consellería de Sanidade do 30 de xuño de 2020, e cunha capacidade máxima do cincuenta por cento do seu total.

3.14. Actividades e instalacións deportivas.

A práctica da actividade física e deportiva non federada, ao aire libre, poderá realizarse de forma individual ou colectiva, sen contacto físico, e ata un máximo de dez persoas de forma simultánea.



Nas instalacións e centros deportivos poderase realizar actividade deportiva en grupos de ata dez persoas, sen contacto físico, e sempre que non se supere o cincuenta por cento da capacidade máxima permitida, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade.

A práctica da actividade deportiva federada de competencia autonómica poderá realizarse de forma individual ou colectiva, sen contacto físico, e cun máximo de dez persoas simultaneamente no caso dos adestramentos. Non se aplicará este límite nas competicións onde as regras federativas garantan espazos diferenciados para cada equipo. No caso de realizarse en instalacións deportivas, a práctica axustarase ademais aos termos establecidos no parágrafo anterior.

3.15. Celebración de eventos deportivos, de adestramentos e de competicións deportivas con público.

A celebración de eventos deportivos, adestramentos e competicións deportivas que se celebren en instalacións deportivas ou na vía pública poderán desenvolverse con público sempre que este permaneza sentado, que non se supere o cincuenta por cento da capacidade permitida da instalación ou do espazo de que se trate e cun límite de sesenta persoas para lugares pechados, e de cento cincuenta persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Non obstante, poderase ampliar o límite indicado ata un máximo de cen persoas para lugares pechados e trescentas persoas se se trata de actividades ao aire libre, logo da autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. Neste caso, a solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade polo COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueles outros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

3.16. Uso de praias e piscinas.

1. O concello deberá establecer limitacións tanto de acceso como de capacidade das praias co fin de asegurar que se poida respectar a distancia interpersoal de seguridade



entre usuarios. Para os efectos de calcular a capacidade máxima permitida por cada praia, considerarase que a superficie de praia que vai ocupar cada usuario será de, polo menos, catro metros cadrados.

2. As piscinas ao aire libre ou cubertas, para uso deportivo ou recreativo, deberán respectar o límite do cincuenta por cento da súa capacidade, tanto no relativo ao acceso como durante a propia práctica deportiva ou recreativa, e sen que se poida exceder o límite de cen persoas de ocupación. Quedan exentas destas limitacións as piscinas unifamiliares de uso privado.

3. A situación dos obxectos persoais, toallas, hamacas e elementos similares nas zonas de estadia das piscinas e praias levarase a cabo de forma que se poida manter a distancia de seguridade interpersonal con respecto a outros usuarios. Deberá, ademais, respectarse o límite máximo de dez persoas por grupo, excepto no caso de persoas conviventes, en que non se aplicará esta limitación.

4. Exceptúase o uso da máscara durante o baño e mentres se permaneza nun espazo determinado, sen desprazarse, e sempre que se poida garantir o respecto da distancia de seguridade interpersonal entre todas as persoas usuarias non conviventes. En calquera caso, será obrigatorio o uso da máscara para os accesos, desprazamentos e paseos nas piscinas e praias.

3.17. Especificidades para determinadas actividades turísticas.

Poderán realizarse actividades de turismo, organizadas por empresas habilitadas para iso, e a actividade de guía turístico, para grupos de ata un máximo de dez persoas, e deberán establecerse as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersonal durante o desenvolvemento da actividade, excepto no caso de persoas conviventes.

3.18. Centros de información, casetas e puntos de información.

Nos centros de información, casetas e puntos de información e espazos similares non se poderá exceder o cincuenta por cento da súa capacidade e deberá respectarse o máximo de dez persoas nas actividades de grupos, incluído o monitor ou guía. Ademais, deberán establecerse as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersonal durante o desenvolvemento da actividade, excepto no caso de persoas conviventes.



3.19. Realización de actividades de tempo libre dirixidas á poboación infantil e xuvenil.

1. Poderanse realizar actividades de tempo libre destinadas á poboación infantil e xuvenil, cando estas se leven a cabo ao aire libre, sempre que se limite o número de participantes ao cincuenta por cento da súa asistencia máxima habitual, cun máximo de cen participantes, incluídos os monitores. Cando estas actividades se realicen en espazos pechados, non se deberá superar o cincuenta por cento da capacidade máxima do recinto, cun máximo de cincuenta participantes, incluídos os monitores.

2. As actividades deberán realizarse en grupos de ata dez persoas participantes, incluídos os monitores correspondentes, que deberán traballar sen contacto entre os demais grupos.

3.20. Uso de espazos públicos.

1. Os centros cívicos e sociais poderán realizar a súa actividade sempre que se limite a súa capacidade total ao cincuenta por cento e que se extremen as medidas de protección nas actividades socioculturais de tipo grupal que se realizan neles, cun máximo de dez persoas, incluído o monitor ou guía para as actividades grupais.

2. Deberán adoptarse as medidas que coadxuven no control das agrupacións de persoas en lugares públicos, e das actividades prohibidas relacionadas co consumo de bebidas alcohólicas en parques e outros lugares de tránsito público, polos riscos que presenta para a saúde pública, relacionados coa aglomeración incontrolada de persoas e coa ausencia ou relaxación de medidas de seguridade e de distanciamento persoal. Recoméndase o peche dos parques públicos e espazos similares a partir das 00.00 horas ata as 6.00 horas.

3.21. Centros recreativos turísticos ou similares.

1. Os centros recreativos turísticos ou similares poderán realizar a súa actividade sempre que se limite a súa capacidade total ao cincuenta por cento.

2. As visitas de grupos serán dun máximo de dez persoas, incluído o monitor ou guía, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade, excepto no caso de persoas conviventes.



3.22. Parques e zonas deportivas de uso público ao aire libre.

Sen prexuízo do establecido no número 3.20.2, os parques infantís, parques biosau-dables, zonas deportivas, pistas skate ou espazos de uso público ao aire libre similares poderán estar abertos ao público sempre que neles se respecte unha capacidade máxima estimada dunha persoa por cada catro metros cadrados de espazo computable de superficie do recinto.

3.23. Celebración de congresos, encontros, reunións de negocio, conferencias, eventos e actos similares.

Poderanse celebrar congresos, encontros, reunións de negocio, conferencias e eventos e actos similares promovidos por calquera entidade, de natureza pública ou privada, sempre que non se supere o cincuenta por cento da capacidade permitida do lugar de celebración, e cun límite máximo de sesenta persoas para lugares pechados e de cento cincuenta persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Non obstante, poderase ampliar o límite indicado ata un máximo de cen persoas para lugares pechados e trescentas persoas se se trata de actividades ao aire libre, logo da autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. Neste caso, a solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade polo COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueles outros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

O recollido neste número será tamén de aplicación para reunións profesionais, xuntas de comunidades de propietarios e eventos similares.

3.24. Establecementos e locais de xogo e apostas.

1. Os establecementos de xogos colectivos de diñeiro e de azar, salóns de xogo, salas de bingo, salóns recreativos, rifas e tómbolas, locais específicos de apostas e outros locais e instalacións asimilables aos de actividade recreativa de xogos e apostas, conforme esta-



bleza a normativa sectorial en materia de xogo, poderán realizar a súa actividade sempre que non se supere o cincuenta por cento da capacidade permitida.

2. En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia de seguridade interpersonal entre as mesas ou, de ser o caso, agrupacións de mesas. A ocupación máxima será de dez persoas por mesa ou agrupación de mesas. En calquera caso, deberase respectar un máximo de cen persoas en espazos ao aire libre ou de cincuenta persoas en espazos pechados.

3. Os establecementos e locais deberán pechar non máis tarde das 00.30 horas, sen que se poida permitir o acceso de ningún cliente nin expedir consumición ningunha desde esa hora, e cun período máximo de desaloxamento de trinta minutos.

3.25. Limitación de capacidade para outros locais ou establecementos comerciais.

1. Con carácter xeral, calquera outro local ou establecemento comercial para o cal non se recollan expresamente unhas condicións de capacidade nesta orde, nin en protocolos ou normativa específica que lle sexa aplicable, non poderá superar o cincuenta por cento da capacidade autorizada ou establecida. En calquera caso, deberase respectar un máximo de sesenta persoas para lugares pechados, e de cento cincuenta persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Non obstante, poderase ampliar o límite indicado ata un máximo de cen persoas para lugares pechados e trescentas persoas se se trata de actividades ao aire libre, logo da autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. Neste caso, a solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade polo COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueles outros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

O disposto neste número 1 non será de aplicación nos establecementos comerciais de alimentación, bebidas, produtos e bens de primeira necesidade, establecementos farmacéuticos, servizos médicos ou sanitarios, ópticas, produtos ortopédicos, produtos hixién-



cos, salóns de peiteado, prensa e papelería, combustible para a automoción, estancos, equipamentos tecnolóxicos e de telecomunicacións, alimentos para animais de compañía, comercio pola internet, telefónico ou correspondencia, tinturarias e lavandarias, sen prexuízo da necesidade de cumprir as obrigas xerais previstas na presente orde e as medidas xerais de hixiene e protección.

2. As actividades en grupos deberán realizarse cun máximo de dez persoas participantes, incluídos os monitores, guías ou encargados correspondentes, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersonal durante o desenvolvemento da actividade, excepto no caso de persoas conviventes.

3. En calquera caso, poderase suspender a actividade de calquera establecemento que, ao xuízo da autoridade competente, poida supor un risco de contaxio polas condicións en que se estea desenvolvendo.



I. DISPOSICIÓNS XERAIS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

ORDE do 11 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Lalín.

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto do dito acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada mediante o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta, do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de sanidade.

Así mesmo, indícase no dito punto sexto, na redacción vixente, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de acordo coa normativa aplicable e á vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou en parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación de medidas concretas contidas no anexo.

De acordo co informe sobre a situación epidemiolóxica no concello de Lalín, elaborado pola Dirección Xeral de Saúde Pública o 11 de setembro de 2020, a taxa de incidencia na comarca está a aumentar desde o 19 de agosto. Dentro da comarca, o concello máis afectado é o de Lalín tanto en casos como en taxas. O número reprodutivo instantáneo



está lixeiramente por riba do 1, co intervalo de confianza superior preto do 2, o que significa que cada caso pode estar contaxiando outras dúas persoas e estase a incrementar a transmisión. Este brote presenta características de alto risco, como son a incidencia acumulada e a alta positividade das probas PCR na área de investigación do brote. Tendo en conta os factores de risco anteriores e o grupo de idade máis afectado (15-29 anos), cunha alta probabilidade de presentar casos asintomáticos e gran capacidade de transmisión pola frecuencia de interaccións sociais, recoméndase establecer medidas restritivas no concello de Lalín, como a referida ao tamaño dos grupos, establecendo un máximo de 10 persoas para grupos non conviventes, así como limitacións de capacidade e restricións respecto a festas, verbenas ou actuacións. Así mesmo, considérase oportuno establecer recomendacións dirixidas á poboación máis vulnerable e recomendacións sobre medidas de protección nas actividades socioculturais de tipo grupal e de control das agrupacións de persoas en lugares públicos.

Así, tras escoitar as recomendacións do Subcomité Clínico reunido para estes efectos, resulta necesaria, en consecuencia, a adopción, con urxencia, de medidas de prevención específicas no concello de Lalín para facer fronte aos abrochos e ás cadeas de transmisións existentes e garantir a súa contención, prevendo unhas medidas para o ámbito territorial indicado, conectadas cos factores de maior risco de transmisión.

En particular, considérase que as medidas tendentes a limitar os grupos de persoas para o desenvolvemento de calquera actividade ou evento de carácter familiar ou social na vía pública, espazos de uso público ou espazos privados e as limitacións para festas, verbenas e outros eventos populares e multitudinarios deben adoptarse para todo o ámbito do concello de Lalín, tendo en conta a natureza destas actividades, os riscos asociados a elas e a idade da poboación a que está afectando de forma predominante o virus neste momento.

Estas medidas teñen o seu fundamento normativo na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 e 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

En particular, cómpre salientar que a Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, prevé, no seu artigo primeiro que, co obxecto de protexer a saúde pública e previr a súa perda ou deterioración as autoridades sanitarias das distintas administracións públicas poderán, dentro do ámbito das súas competencias, adoptar as medidas previstas na dita lei cando así o exixan razóns sanitarias de urxencia ou necesidade.



O artigo segundo habilita as autoridades sanitarias competentes para adoptaren medidas de recoñecemento, tratamento, hospitalización ou control cando se aprecien indicios racionais que permitan supoñer a existencia de perigo para a saúde da poboación debido á situación sanitaria concreta dunha persoa ou grupo de persoas ou polas condicións sanitarias en que se desenvolve unha actividade. E, para o caso concreto de enfermidades transmisibles, o artigo terceiro dispón que, co fin de controlalas, a autoridade sanitaria, ademais de realizar as accións preventivas xerais, poderá adoptar as medidas oportunas para o control dos enfermos, das persoas que estean ou teñan estado en contacto con estes e do contorno inmediato, así como as que se consideren necesarias en caso de risco de carácter transmisible. E o artigo 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, prevé que as autoridades sanitarias poderán levar a cabo intervencións públicas nos supostos de riscos para a saúde de terceiras persoas, nos mesmos termos previstos nos artigos 2 e 3 da Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, antes citados.

Non se recolle, pois, unha lista pechada de medidas de prevención, senón que poderán adoptarse, de acordo cos principios de precaución e de proporcionalidade que deben rexer as actuacións en materia de saúde, as necesarias para facer fronte ao concreto risco sanitario de que se trate.

En todo caso, e en atención a tales principios, estas medidas serán reavaliadas nun período non superior a sete días naturais desde a publicación desta orde en función da evolución da situación epidemiolóxica no concello.

Por outra banda, as medidas de prevención que se recollen nesta orde teñen un evidente fundamento sanitario, dados os riscos de transmisión dunha enfermidade contaxiosa como a que nos ocupa, e a vixilancia, inspección e control do seu cumprimento corresponden aos concellos, sen prexuízo das competencias da Consellería de Sanidade, tendo en conta a condición de autoridade sanitaria dos alcaldes e alcaldesas (artigo 33.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia), as competencias dos concellos do control sanitario de actividades e servizos que impacten na saúde da súa cidadanía, dos lugares de convivencia humana (artigo 80.3 da lei citada), así como da súa competencia para a ordenación e control do dominio público.

Polo tanto, os alcaldes e alcaldesas, como autoridade sanitaria, deben garantir nas referidas actividades, servizos e lugares de convivencia humana os dereitos e deberes sanitarios da cidadanía (artigo 33.2 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia) e, polo



tanto, garantir a vixilancia, inspección e control do cumprimento das medidas preventivas aprobadas pola Administración autonómica e daquelas que, no seu desenvolvemento, e atendendo á situación concreta, poida establecer o concello.

Así mesmo, as forzas e corpos de seguridade teñen un papel fundamental no necesario control do cumprimento das medidas de prevención, papel que veñen desempeñando durante toda esta crise sanitaria, a través da formulación das correspondentes denuncias e remisión ás autoridades competentes, nos casos en que se detecte o seu incumprimento. Debe recordarse a este respecto que o Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, declarou a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e activou o Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19. Tendo en conta a existencia dunha declaración de emerxencia sanitaria, resulta esencial a colaboración das forzas e corpos de seguridade coa finalidade de preservar a seguridade e a convivencia cidadás.

Conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para a adopción das medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica existente do concello de Lalín, coa urxencia que a protección da saúde pública demanda.

Na súa virtude, en aplicación do punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. *Obxecto*

O obxecto desta orde é establecer determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Lalín.



Segundo. *Restricións ás agrupacións de persoas para a protección da saúde ante a existencia dun risco de carácter transmisible*

1. Á vista da evolución da situación epidemiolóxica e coa finalidade de controlar a transmisión da enfermidade, adóptase, en todo o ámbito territorial do concello de Lalín, de modo temporal, durante o período ao cal se estenda a eficacia das medidas previstas na presente orde de acordo co seu punto quinto, a medida de limitar os grupos para o desenvolvemento de calquera actividade ou evento de carácter familiar ou social na vía pública, espazos de uso público ou espazos privados, a un máximo de dez persoas, excepto no caso de persoas conviventes, en que non se aplicará esta limitación.

Tampouco serán aplicable esta limitación no caso de actividades laborais e administrativas, actividades en centros educativos, de formación e ocupacionais, sempre que se adopten as medidas previstas nos correspondentes protocolos de funcionamento.

2. O incumprimento da medida de prevención establecida neste punto poderá dar lugar á imposición das sancións e a outras responsabilidades previstas no ordenamento xurídico.

3. En particular, para os efectos da execución e control desta medida de prevención, no marco da situación de emerxencia sanitaria declarada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, solicitarase a colaboración das forzas e corpos de seguridade.

4. Para a execución da medida prevista neste punto buscarase sempre con preferencia a colaboración voluntaria das persoas destinatarias coas autoridades sanitarias. Non obstante, malia que esta medida non se individualiza en persoas determinadas dada a súa adopción con carácter xeral, tendo en conta que nos casos de ausencia de colaboración voluntaria a súa execución pode requirir a adopción de actos de imposición coactiva que poden supoñer restricións de dereitos fundamentais, e para coaduxuar na súa plena efectividade, solicitarase a súa ratificación xudicial, de acordo co previsto no número 6 do artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Terceiro. *Outras medidas aplicables no ámbito territorial recollido no punto primeiro*

1. No ámbito territorial do concello de Lalín, recoméndaselles ás persoas maiores de 75 anos, ás persoas vulnerables ao COVID-19 e a aquelas que presenten algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria que se poida ver agravada polo uso da máscara ou que presenten algunha alteración que faga inviable a súa utilización, que eviten na súa



actividade diaria as saídas nas horas de previsible afluencia ou concentración de persoas na vía pública e en espazos ou establecementos abertos ao público, co fin de reducir os riscos derivados da coincidencia con outras persoas.

2. Acórdase, no ámbito territorial incluído no punto primeiro, o peche das actividades de festas, verbenas e outros eventos populares, así como das atraccións de feiras, durante o período a que se estenda a eficacia das medidas previstas na presente orde de acordo co seu punto quinto.

3. Así mesmo, serán de aplicación, no ámbito territorial do concello de Lalín, as medidas de prevención específicas recollidas no anexo.

4. En todo o non previsto nesta orde, e no que sexa compatible con ela, serán de aplicación, en todo o ámbito territorial previsto no punto primeiro, as medidas que, con carácter xeral, se establecen no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente.

Cuarto. *Control do cumprimento das medidas e réxime sancionador*

1. A vixilancia, inspección e control do cumprimento das medidas de prevención que se recollen nesta orde, e a garantía dos dereitos e deberes sanitarios da cidadanía, corresponderán ao concello de Lalín dentro das súas competencias e sen prexuízo das competencias da Consellería de Sanidade, tendo en conta a condición de autoridade sanitaria dos alcaldes e alcaldesas de acordo co artigo 33.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, e as competencias dos concellos de control sanitario de actividades e servizos que impacten na saúde da súa cidadanía e dos lugares de convivencia humana, de acordo co artigo 80.3 do mesmo texto legal, así como da súa competencia para a ordenación e control do dominio público.

2. Así mesmo, os órganos de inspección da Administración autonómica, no ámbito das súas competencias, poderán realizar as actividades de inspección e control oportunas para a vixilancia e comprobación do cumprimento das medidas de prevención aplicables.

3. As forzas e corpos de seguridade darán traslado das denuncias que formulen polo incumprimento das medidas de prevención ás autoridades competentes.



Quinto. Eficacia

Esta orde terá efectos desde as 00.00 horas do 12 de setembro de 2020. Non obstante, as medidas recollidas nela serán obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da presente orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

Para estes efectos, poderán ser obxecto de mantemento, de modificación ou poderán deixarse sen efecto por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

No caso das celebracións e eventos en establecementos de restauración no concello de Lalín para os días 12 a 13 de setembro, que xa estivesen concertados con carácter previo ao día 11 de setembro, non serán aplicables as limitacións que se recollen no anexo, ben que deberán ser comunicados polos titulares dos establecementos á Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade, para que se poidan adoptar as medidas ou efectuar as recomendacións pertinentes.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2020

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade

ANEXO**Medidas de prevención específicas****1. Obrigas xerais.****1.1. Obrigas de cautela e protección.**

Todos os cidadáns deberán adoptar as medidas necesarias para evitar a xeración de riscos de propagación da enfermidade COVID-19, así como a propia exposición aos ditos riscos. Este deber de cautela e protección será igualmente exixible aos titulares de calquera actividade.

Así mesmo, deberán respectarse as medidas de seguridade e hixiene establecidas polas autoridades sanitarias para a prevención do COVID-19.



1.2. Persoas con sintomatoloxía.

Calquera persoa que experimente algún dos síntomas máis comúns compatibles co COVID-19, tales como febre, calafríos, tose, sensación de falta de aire, diminución do olfacto e do gusto, dor de gorxa, dores musculares, dor de cabeza, debilidade xeral, diarrea ou vómitos deberá permanecer no seu domicilio e comunicalo ao seu servizo sanitario o antes posible.

Igualmente, se existen conviventes no domicilio, deberá evitar o contacto con eles e, se é posible, usar un cuarto de forma exclusiva ata recibir instrucións do seu servizo sanitario.

1.3. Distancia de seguridade interpersonal.

Deberá cumprirse a medida de mantemento da distancia de seguridade interpersonal establecida polo Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, de, polo menos, 1,5 metros ou, na súa falta, medidas alternativas de protección física con uso de máscara, de hixiene adecuada e etiqueta respiratoria.

1.4. Obrigatoriedade do uso de máscaras.

Será obrigatorio o uso da máscara nas condicións establecidas no número 1.3 do anexo do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.

Os titulares dos establecementos, espazos ou locais deberán garantir o cumprimento desta obriga neles.

1.5. Medidas específicas para casos e contactos estreitos.

As persoas que sexan consideradas caso sospeitoso ou probable de infección polo virus SARS-CoV-2, por teren infección respiratoria aguda grave con cadro clínico ou radiolóxico compatible co COVID-19, ou que estean pendentes dos resultados de probas diagnósticas por este motivo, as que sexan consideradas como caso confirmado con infección activa e as consideradas contacto estreito dun caso sospeitoso, probable ou confirmado, deberán seguir as condicións de illamento ou corentena que lles sexan indicadas desde os dispositivos asistenciais ou de saúde pública, sen poder abandonar o seu domicilio ou lugar de



illamento ou corentena en ningún caso, salvo autorización expresa do servizo sanitario por causas debidamente xustificadas.

2. Medidas xerais de hixiene e prevención.

Sen prexuízo das normas ou protocolos específicos que se establezan, serán aplicables a todos os establecementos, locais de negocio, instalacións e espazos de uso público e actividades de carácter público as medidas xerais de hixiene e prevención establecidas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na redacción vixente.

3. Limitacións de capacidade e medidas de prevención específicas por sectores.

3.1. Velorios e enterros.

1. Os velorios poderán realizarse en todo tipo de instalacións, públicas ou privadas, debidamente habilitadas, cun límite máximo, en cada momento, de vinte e cinco persoas en espazos ao aire libre ou de dez persoas en espazos pechados, sexan ou non conviventes.

2. A participación na comitiva para o enterramento ou despedida para cremación da persoa falecida restrínxese a un máximo de vinte e cinco persoas, entre familiares e achedados, ademais, de ser o caso, do ministro de culto ou persoa asimilada da confesión respectiva para a práctica dos ritos funerarios de despedida do defunto.

3.2. Lugares de culto.

1. A asistencia a lugares de culto non poderá superar o cincuenta por cento da súa capacidade. A capacidade máxima deberá publicarse en lugar visible do espazo destinado ao culto.

2. Non se poderá utilizar o exterior dos edificios nin a vía pública para a celebración de actos de culto.

3.3. Cerimonias nupciais e outras celebracións relixiosas ou civís.

1. No caso de que estas cerimonias ou celebracións se leven a cabo en lugares de culto, deberán aplicarse as regras de capacidade e as medidas de hixiene e prevención



na celebración de actos de culto relixioso recollidas especificamente nesta orde e, no que sexa compatible co disposto nela, no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na redacción vixente. Deberanse evitar, en calquera caso, as aglomeracións á entrada e saída dos lugares de culto.

2. As celebracións que poidan ter lugar tras a cerimonia en establecementos de hostalaría e restauración axustaranse ás condicións e á capacidade previstas para a prestación do servizo nestes establecementos.

3. En calquera caso, deberase respectar un máximo de cen persoas en espazos ao aire libre ou de cincuenta persoas en espazos pechados.

3.4. Establecementos e locais comerciais retallistas e de actividades de servizos profesionais abertos ao público que non formen parte de centros ou parques comerciais.

1. Os establecementos e locais comerciais retallistas e de actividades de servizos profesionais abertos ao público que non formen parte de centros ou parques comerciais non poderán superar o cincuenta por cento da súa capacidade total. No caso de establecementos ou locais distribuídos en varios andares, a presenza de clientes en cada un deles deberá gardar esta mesma proporción.

Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersonal nos locais e establecementos ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso da máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersonal indicada, nos termos previstos no número 1.4 deste anexo.

2. Deberán prestar un servizo de atención preferente a maiores de 75 anos, o cal deberá concretarse en medidas como control de accesos ou caixas de pagamento específicos, e/ou en horarios determinados que aseguren a dita preferencia na atención. A existencia do servizo de atención preferente deberá sinalarse de forma visible nos ditos establecementos e locais.

3.5. Establecementos que teñan a condición de centros e parques comerciais ou que formen parte deles.

1. Os establecementos e locais comerciais retallistas e de actividades de servizos profesionais abertos ao público situados en centros e parques comerciais non poderán superar



o cincuenta por cento da súa capacidade total. No caso de establecementos ou locais distribuídos en varios andares, a presenza de clientes en cada un deles deberá gardar esta mesma proporción.

2. Non se permitirá a permanencia de clientes nas zonas comúns excepto para o tránsito entre os establecementos, salvo na actividade de hostalaría e restauración que se leve a cabo nas ditas zonas, a cal se deberá axustar ao previsto especificamente para estas actividades. Queda prohibida a utilización de zonas recreativas como poden ser zonas infantís, ludotecas ou áreas de descanso, que deben permanecer pechadas.

3. Deberanse establecer as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersoal no interior dos locais e establecementos e nas zonas comúns ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso de máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersoal indicada, nos termos previstos no número 1.4 deste anexo. Ademais, deberán evitarse as aglomeracións de persoas que comprometan o cumprimento destas medidas.

4. Deberán prestar un servizo de atención preferente a maiores de 75 anos, o cal deberá concretarse en medidas como control de accesos ou caixas de pagamento específicos, e/ou en horarios determinados que aseguren a dita preferencia na atención. A existencia do servizo de atención preferente deberá sinalarse de forma visible nos ditos establecementos e locais.

3.6. Mercados que desenvolven a súa actividade na vía pública.

1. No caso dos mercados que desenvolven a súa actividade na vía pública ao aire libre ou de venda non sedentaria, coñecidos como feiras, non poderán superar o cincuenta por cento dos postos habituais ou autorizados, limitando a afluencia de clientes de maneira que se asegure o mantemento da distancia de seguridade interpersoal.

O concello poderá aumentar a superficie habilitada ou habilitar novos días para o exercicio desta actividade para compensar esta limitación.

Á hora de determinar os comerciantes que poden exercer a súa actividade, o concello poderá priorizar aqueles que comercializan produtos alimenticios e de primeira necesidade, asegurando que non sexan manipulados os produtos comercializados neles por parte dos consumidores.



3.7. Actividades en academias, autoescolas e centros privados de ensino non regrado e centros de formación e actividade formativa xestionada ou financiada pola Administración autonómica en centros e entidades de formación.

A actividade que se realice nestes centros poderá impartirse dun modo presencial sempre que non se supere unha capacidade do cincuenta por cento respecto do máximo permitido e cun máximo de dez persoas por grupo.

3.8. Establecementos de hostalaría e restauración.

1. Os establecementos de hostalaría e restauración non poderán superar o cincuenta por cento da súa capacidade para consumo no interior do local.

2. O consumo dentro do local poderá realizarse unicamente sentado na mesa, ou en agrupacións de mesas, e deberase asegurar o mantemento da debida distancia de seguridade interpersoal entre clientes. Non está permitido o consumo na barra.

3. As terrazas ao aire libre dos establecementos de hostalaría e restauración limitarán a súa capacidade ao setenta e cinco por cento das mesas permitidas no ano inmediatamente anterior con base na correspondente licenza municipal ou do que sexa autorizado para este ano, no caso de que a licenza sexa concedida por primeira vez.

Consideraranse terrazas ao aire libre todo espazo non cuberto ou todo espazo que, estando cuberto, estea rodeado lateralmente por un máximo de dúas paredes, muros ou paramentos.

No caso de que o establecemento de hostalaría e restauración obtivese o permiso do concello para incrementar a superficie destinada a terraza ao aire libre, poderase incrementar o número de mesas previsto no primeiro parágrafo deste número 3, respectando, en todo caso, unha proporción do setenta e cinco por cento entre mesas e superficie dispoñible, e sempre que se manteña o espazo necesario para a circulación peonil no tramo da vía pública en que se sitúe a terraza.

4. En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia de seguridade interpersoal entre as mesas ou, de ser o caso, agrupacións de mesas. A ocupación máxima será de dez persoas por mesa ou agrupación de mesas. A mesa ou agrupación de mesas que se utilice para este fin deberá ser acorde co número de persoas e permitir que se respecte a distancia mínima de seguridade interpersoal entre elas.



5. Os establecementos de hostalaría e restauración deberán pechar non máis tarde da unha da madrugada, sen que se poida permitir o acceso de ningún cliente desde as 00.00 horas.

3.9. Condicións para ocupación de zonas comúns de hoteis e aloxamentos turísticos.

1. A ocupación das zonas comúns dos hoteis e aloxamentos turísticos non poderá superar o cincuenta por cento da súa capacidade.

Para iso, cada establecemento deberá determinar a capacidade dos distintos espazos comúns, así como aqueles lugares en que se poderán realizar eventos e as condicións máis seguras para a súa realización conforme a capacidade máxima prevista e de acordo coas medidas de hixiene, protección e distancia mínima establecidas.

2. As actividades de animación ou clases grupais deberán deseñarse e planificarse cunha capacidade máxima de dez persoas, incluídos os monitores, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade, excepto no caso de persoas conviventes.

3.10. Albergues turísticos.

Na modalidade de aloxamento turístico de albergue permitirase unha capacidade máxima do cincuenta por cento da máxima permitida.

3.11. Bibliotecas, arquivos, museos e salas de exposicións, monumentos e outros equipamentos culturais.

1. Nas bibliotecas, arquivos, museos e salas de exposicións, monumentos e outros equipamentos culturais, tanto de titularidade pública como privada, poderán realizarse actividades presenciais sen superar o cincuenta por cento da capacidade máxima permitida.

2. Este límite de ocupación será aplicable tamén á realización de actividades culturais nestes espazos e cun máximo de ata dez persoas nas actividades de grupos, incluído o monitor ou guía, e deberán establecerse as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade, excepto no caso de persoas conviventes.



3.12. Actividade en cines, teatros, auditorios, circos de toldo e espazos similares, así como en recintos ao aire libre e noutros locais e establecementos destinados a espectáculos públicos e actividades recreativas.

1. Os cines, teatros, auditorios, circos de toldo e espazos similares poderán desenvolver a súa actividade, contando con butacas preasignadas, sempre que non superen o cincuenta por cento da capacidade permitida en cada sala.

2. No caso doutros recintos, locais e establecementos destinados a espectáculos públicos e actividades recreativas distintos dos previstos no parágrafo anterior, poderán desenvolver a súa actividade sempre que o público permaneza sentado e que non se supere o cincuenta por cento da capacidade permitida.

3. En calquera caso, será de aplicación un límite máximo de sesenta persoas para lugares pechados e de cento cincuenta persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Non obstante, poderase ampliar o límite indicado ata un máximo de cen persoas para lugares pechados e trescentas persoas se se trata de actividades ao aire libre, logo da autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. Neste caso, a solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade polo COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueles outros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

3.13. Centros de lecer infantil.

Os centros de lecer infantil poderán levar a cabo a súa actividade cumprindo o Protocolo en materia de lecer infantil para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, aprobado pola Orde da Consellería de Sanidade do 30 de xuño de 2020, e cunha capacidade máxima do cincuenta por cento do seu total.



3.14. Actividades e instalacións deportivas.

A práctica da actividade física e deportiva non federada, ao aire libre, poderá realizarse de forma individual ou colectiva, sen contacto físico, e ata un máximo de dez persoas de forma simultánea.

Nas instalacións e centros deportivos poderase realizar actividade deportiva en grupos de ata dez persoas, sen contacto físico, e sempre que non se supere o cincuenta por cento da capacidade máxima permitida, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade.

A práctica da actividade deportiva federada de competencia autonómica poderá realizarse de forma individual ou colectiva, sen contacto físico, e cun máximo de dez persoas simultaneamente no caso dos adestramentos. Non se aplicará este límite nas competicións onde as regras federativas garantan espazos diferenciados para cada equipo. No caso de realizarse en instalacións deportivas, a práctica axustarase ademais aos termos establecidos no parágrafo anterior.

3.15. Celebración de eventos deportivos, de adestramentos e de competicións deportivas con público.

A celebración de eventos deportivos, adestramentos, competicións deportivas que se celebren en instalacións deportivas ou na vía pública poderán desenvolverse con público sempre que este permaneza sentado, que non se supere o cincuenta por cento da capacidade permitida da instalación ou do espazo de que se trate e cun límite de sesenta persoas para lugares pechados, e de cento cincuenta persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Non obstante, poderase ampliar o límite indicado ata un máximo de cen persoas para lugares pechados e trescentas persoas se se trata de actividades ao aire libre, logo da autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. Neste caso, a solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade polo COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Inno-



vación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueles outros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

3.16. Uso de piscinas.

1. As piscinas ao aire libre ou cubertas, para uso deportivo ou recreativo, deberán respectar o límite do cincuenta por cento da súa capacidade, tanto no relativo ao acceso como durante a propia práctica deportiva ou recreativa, e sen que se poida exceder o límite de cen persoas de ocupación. Quedan exentas destas limitacións as piscinas unifamiliares de uso privado.

2. A situación dos obxectos persoais, toallas, hamacas e elementos similares nas zonas de estadia das piscinas levarase a cabo de forma que se poida manter a distancia de seguridade interpersoal con respecto a outros usuarios. Deberá, ademais, respectarse o límite máximo de dez persoas por grupo, excepto no caso de persoas conviventes, en que non se aplicará esta limitación.

3. Exceptúase o uso da máscara durante o baño e mentres se permaneza nun espazo determinado, sen desprazarse, e sempre que se poida garantir o respecto da distancia de seguridade interpersoal entre todas as persoas usuarias non conviventes. En calquera caso, será obrigatorio o uso da máscara para os accesos, desprazamentos e paseos nas piscinas.

3.17. Especificidades para determinadas actividades turísticas.

Poderán realizarse actividades de turismo, organizadas por empresas habilitadas para iso, e a actividade de guía turístico, para grupos de ata un máximo de dez persoas, e deberán establecerse as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade, excepto no caso de persoas conviventes.

3.18. Centros de información, casetas e puntos de información.

Nos centros de información, casetas e puntos de información e espazos similares non se poderá exceder o cincuenta por cento da súa capacidade e deberá respectarse o máximo de dez persoas nas actividades de grupos, incluído o monitor ou guía. Ademais, deberán establecerse as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade, excepto no caso de persoas conviventes.



3.19. Realización de actividades de tempo libre dirixidas á poboación infantil e xuvenil.

1. Poderanse realizar actividades de tempo libre destinadas á poboación infantil e xuvenil, cando estas se leven a cabo ao aire libre, sempre que se limite o número de participantes ao cincuenta por cento da súa asistencia máxima habitual, cun máximo de cen participantes, incluídos os monitores. Cando estas actividades se realicen en espazos pechados, non se deberá superar o cincuenta por cento da capacidade máxima do recinto, cun máximo de cincuenta participantes, incluídos os monitores.

2. As actividades deberán realizarse en grupos de ata dez persoas participantes, incluídos os monitores correspondentes, que deberán traballar sen contacto entre os demais grupos.

3.20. Uso de espazos públicos.

1. Os centros cívicos e sociais poderán realizar a súa actividade sempre que se limite a súa capacidade total ao cincuenta por cento e que se extremen as medidas de protección nas actividades socioculturais de tipo grupal que se realizan neles, cun máximo de dez persoas, incluído o monitor ou guía para as actividades grupais.

2. Deberán adoptarse as medidas que coadxuven no control das agrupacións de persoas en lugares públicos, e das actividades prohibidas relacionadas co consumo de bebidas alcohólicas en parques e outros lugares de tránsito público, polos riscos que presenta para a saúde pública, relacionados coa aglomeración incontrolada de persoas e coa ausencia ou relaxación de medidas de seguridade e de distanciamento persoal. Recoméndase o peche dos parques públicos e espazos similares a partir das 00.00 horas ata as 6.00 horas.

3.21. Centros recreativos turísticos ou similares.

1. Os centros recreativos turísticos ou similares poderán realizar a súa actividade sempre que se limite a súa capacidade total ao cincuenta por cento.

2. As visitas de grupos serán dun máximo de dez persoas, incluído o monitor ou guía, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade, excepto no caso de persoas conviventes.



3.22. Parques e zonas deportivas de uso público ao aire libre.

Sen prexuízo do establecido no número 3.20.2, os parques infantís, parques biosaudables, zonas deportivas, pistas *skate* ou espazos de uso público ao aire libre similares poderán estar abertos ao público sempre que neles se respecte unha capacidade máxima estimada dunha persoa por cada catro metros cadrados de espazo computable de superficie do recinto.

3.23. Celebración de congresos, encontros, reunións de negocio, conferencias, eventos e actos similares.

Poderanse celebrar congresos, encontros, reunións de negocio, conferencias e eventos e actos similares promovidos por calquera entidade, de natureza pública ou privada, sempre que non se supere o cincuenta por cento da capacidade permitida do lugar de celebración, e cun límite máximo de sesenta persoas para lugares pechados e de cento cincuenta persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Non obstante, poderase ampliar o límite indicado ata un máximo de cen persoas para lugares pechados e trescentas persoas se se trata de actividades ao aire libre, logo da autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. Neste caso, a solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade por COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueles outros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

O recollido neste número será tamén de aplicación para reunións profesionais, xuntas de comunidades de propietarios e eventos similares.

3.24. Establecementos e locais de xogo e apostas.

1. Os establecementos de xogos colectivos de diñeiro e de azar, salóns de xogo, salas de bingo, salóns recreativos, rifas e tómbolas, locais específicos de apostas e outros locais e instalacións asimilables aos de actividade recreativa de xogos e apostas, conforme esta-



bleza a normativa sectorial en materia de xogo, poderán realizar a súa actividade sempre que non se supere o cincuenta por cento da capacidade permitida.

2. En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia de seguridade interpersoal entre as mesas ou, de ser o caso, agrupacións de mesas. A ocupación máxima será de dez persoas por mesa ou agrupación de mesas. En calquera caso, deberase respectar un máximo de cen persoas en espazos ao aire libre ou de cincuenta persoas en espazos pechados.

3. Os establecementos e locais deberán pechar non máis tarde das 00.30 horas, sen que se poida permitir o acceso de ningún cliente nin expedir consumición ningunha desde esa hora, e cun período máximo de desaloxamento de trinta minutos.

3.25. Limitación de capacidade para outros locais ou establecementos comerciais.

1. Con carácter xeral, calquera outro local ou establecemento comercial para o cal non se recollan expresamente unhas condicións de capacidade nesta orde, nin en protocolos ou normativa específica que lle sexa aplicable, non poderá superar o cincuenta por cento da capacidade autorizada ou establecida. En calquera caso, deberase respectar un máximo de sesenta persoas para lugares pechados, e de cento cincuenta persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Non obstante, poderase ampliar o límite indicado ata un máximo de cen persoas para lugares pechados e trescentas persoas se se trata de actividades ao aire libre, logo da autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. Neste caso, a solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade por COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueles outros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

O disposto neste número 1 non será de aplicación nos establecementos comerciais de alimentación, bebidas, produtos e bens de primeira necesidade, establecementos farmacéuticos, servizos médicos ou sanitarios, ópticas, produtos ortopédicos, produtos hixiénicos, salóns de peiteado, prensa e papelería, combustible para a automoción, estancos,



equipamentos tecnolóxicos e de telecomunicacións, alimentos para animais de compañía, comercio pola internet, telefónico ou correspondencia, tinturarías e lavandarías, sen prexuízo da necesidade de cumprir as obrigas xerais previstas na presente orde e as medidas xerais de hixiene e protección.

2. As actividades en grupos deberán realizarse cun máximo de dez persoas participantes, incluídos os monitores, guías ou encargados correspondentes, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersonal durante o desenvolvemento da actividade, excepto no caso de persoas conviventes.

3. En calquera caso, poderase suspender a actividade de calquera establecemento que, ao xuízo da autoridade competente, poida supor un risco de contaxio polas condicións en que se estea desenvolvendo.

CVE-DOG: 0v4qxeb3-zg|0-cj8-zb30-tjmfmx4ekc5



I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 2 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos de Carballo y A Laracha.

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto do dito acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada mediante o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020. Mediante sucesivos acordos do Consello da Xunta, do 25 de xuño, do 17, do 24 e do 30 de xullo de 2020, introducíronse determinadas modificacións nas medidas de prevención previstas no Acordo do 12 de xuño de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta, do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de sanidade.

Así mesmo, indícase no dito punto sexto, na redacción vixente, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de acordo coa normativa aplicable e á vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou en parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación de medidas concretas contidas no anexo. Deste modo, mediante ordes da Consellería de Sanidade do 12, 15, 25 e 27 de agosto de 2020 introducíronse determinadas modificacións no anexo.



De acordo co informe sobre a situación epidemiolóxica na comarca de Bergantiños, elaborado pola Dirección Xeral de Saúde Pública o 2 de setembro de 2020, a taxa de incidencia nesta comarca está a subir e os concellos de Carballo e A Laracha son os que presentan a situación epidemiolóxica máis preocupante, con máis casos nos últimos días e cunha previsión de que sigan aumentando. O gromo ten características de alto risco, tendo en conta a taxa de incidencia, o número de cadeas de transmisión e a porcentaxe de probas PCR positivas. Por outra banda, considérase que está bastante delimitado e pode ser controlado se se toman as debidas medidas de restrición. O informe recomenda adoptar medidas con respecto aos concellos de Carballo e A Laracha, como restricións respecto ao tamaño dos grupos, e establecer un máximo de 10 persoas para grupos non conviventes, limitacións de capacidade en establecementos comerciais, hostalaría e restauración, limitacións para a celebración de eventos e restricións respecto a festas, verbenas ou actuacións.

Así, tras escoitar as recomendacións do comité clínico reunido para estes efectos, resulta necesaria, en consecuencia, a adopción, con urxencia, de medidas de prevención específicas nos concellos de Carballo e A Laracha para facer fronte aos abrochos e ás cadeas de transmisións existentes e garantir a súa contención, prevendo unhas medidas para o ámbito territorial indicado, conectadas cos factores de maior risco de transmisión.

En particular, considérase que as medidas tendentes a limitar os grupos de persoas para o desenvolvemento de calquera actividade ou evento de carácter familiar ou social na vía pública, espazos de uso público ou espazos privados e as limitacións para festas, verbenas e outros eventos populares e multitudinarios, deben adoptarse para todo o ámbito dos concellos de Carballo e A Laracha, tendo en conta a natureza destas actividades, os riscos asociados a elas e a idade da poboación a que está afectando de forma predominante o virus neste momento.

Adicionalmente, de acordo co principio de precaución, deben adoptarse medidas en relación con determinados establecementos de servizos sociais, tendo en conta as específicas exixencias de protección da poboación afectada dada a súa especial vulnerabilidade.

Estas medidas teñen o seu fundamento normativo na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 e 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.



En particular, cómpre salientar que a Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, prevé, no seu artigo primeiro, que co obxecto de protexer a saúde pública e previr a súa perda ou deterioración, as autoridades sanitarias das distintas administracións públicas poderán, dentro do ámbito das súas competencias, adoptar as medidas previstas na dita lei cando así o exixan razóns sanitarias de urxencia ou necesidade.

O artigo segundo habilita as autoridades sanitarias competentes para adoptaren medidas de recoñecemento, tratamento, hospitalización ou control cando se aprecien indicios racionais que permitan supoñer a existencia de perigo para a saúde da poboación debido á situación sanitaria concreta dunha persoa ou grupo de persoas ou polas condicións sanitarias en que se desenvolve unha actividade. E, para o caso concreto de enfermidades transmisibles, o artigo terceiro dispón que, co fin de controlalas, a autoridade sanitaria, ademais de realizar as accións preventivas xerais, poderá adoptar as medidas oportunas para o control dos enfermos, das persoas que estean ou teñan estado en contacto con estes e do contorno inmediato, así como as que se consideren necesarias en caso de risco de carácter transmisible. E o artigo 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, prevé que as autoridades sanitarias poderán levar a cabo intervencións públicas nos supostos de riscos para a saúde de terceiras persoas, nos mesmos termos previstos nos artigos 2 e 3 da Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, antes citados.

Non se recolle, pois, unha lista pechada de medidas de prevención, senón que poderán adoptarse, de acordo cos principios de precaución e de proporcionalidade que deben rexer as actuacións en materia de saúde, as necesarias para facer fronte ao concreto risco sanitario de que se trate.

En todo caso, e en atención a tales principios, estas medidas serán reavaliadas nun período non superior a sete días naturais desde a publicación desta orde en función da evolución da situación epidemiolóxica no concello.

Por outra banda, as medidas de prevención que se recollen nesta orde teñen un evidente fundamento sanitario, dados os riscos de transmisión dunha enfermidade contaxiosa como a que nos ocupa, e a vixilancia, inspección e control do seu cumprimento corresponden aos concellos, sen prexuízo das competencias da Consellería de Sanidade, tendo en conta a condición de autoridade sanitaria dos alcaldes e alcaldesas (artigo 33.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia), as competencias dos concellos do control sanitario de actividades e servizos que impacten na saúde da súa cidadanía, dos lugares de convivencia humana (artigo 80.3 da lei citada), así como da súa competencia para a ordenación e control do dominio público.



Polo tanto, os alcaldes e alcaldesas, como autoridade sanitaria, deben garantir nas referidas actividades, servizos e lugares de convivencia humana, os dereitos e deberes sanitarios da cidadanía (artigo 33.2 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia) e polo tanto, garantir a vixilancia, inspección e control do cumprimento das medidas preventivas aprobadas pola Administración autonómica e daquelas que, no seu desenvolvemento, e atendendo á situación concreta, poida establecer o concello.

Así mesmo, as forzas e corpos de seguridade teñen un papel fundamental no necesario control do cumprimento das medidas de prevención, papel que veñen desempeñando durante toda esta crise sanitaria, a través da formulación das correspondentes denuncias e remisión ás autoridades competentes, nos casos en que se detecte o seu incumprimento. Debe recordarse a este respecto que o Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, declarou a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e activou o Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19. Tendo en conta a existencia dunha declaración de emerxencia sanitaria, resulta esencial a colaboración das forzas e corpos de seguridade coa finalidade de preservar a seguridade e a convivencia cidadá.

Conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para a adopción das medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica existente nos concellos de Carballo e A Laracha, coa urxencia que a protección da saúde pública demanda.

Na súa virtude, en aplicación do punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. *Obxecto*

O obxecto desta orde é establecer determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos de Carballo e A Laracha.



Segundo. *Restricións ás agrupacións de persoas para a protección da saúde ante a existencia dun risco de carácter transmisible*

1. Á vista da evolución da situación epidemiolóxica e coa finalidade de controlar a transmisión da enfermidade, adóptase, en todo o ámbito territorial dos concellos de Carballo e A Laracha, de modo temporal, durante o período ao cal se estenda a eficacia das medidas previstas na presente orde de acordo co seu punto sexto, a medida de limitar os grupos para o desenvolvemento de calquera actividade ou evento de carácter familiar ou social na vía pública, espazos de uso público ou espazos privados, a un máximo de dez persoas, excepto no caso de persoas conviventes, en que non se aplicará esta limitación.

Tampouco serán aplicable esta limitación no caso de actividades laborais e administrativas, actividades en centros educativos, de formación e ocupacionais, sempre que se adopten as medidas previstas nos correspondentes protocolos de funcionamento.

2. O incumprimento da medida de prevención establecida neste punto poderá dar lugar á imposición das sancións e a outras responsabilidades previstas no ordenamento xurídico.

3. En particular, para os efectos da execución e control desta medida de prevención, no marco da situación de emerxencia sanitaria declarada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, solicitarase a colaboración das forzas e corpos de seguridade.

4. Para a execución da medida prevista neste punto buscarase sempre con preferencia a colaboración voluntaria das persoas destinatarias coas autoridades sanitarias. Non obstante, malia que esta medida non se individualiza en persoas determinadas dada a súa adopción con carácter xeral, tendo en conta que nos casos de ausencia de colaboración voluntaria a súa execución pode requirir a adopción de actos de imposición coactiva que poden supoñer restricións de dereitos fundamentais, e para coadjuvar na súa plena efectividade, solicitarase a súa ratificación xudicial, de acordo co previsto no número 6 do artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Terceiro. *Outras medidas aplicables no ámbito territorial recollido no punto primeiro*

1. No ámbito territorial dos concellos de Carballo e A Laracha, recoméndaselles ás persoas maiores de 75 anos, ás persoas vulnerables ao COVID-19 e a aquelas que presenten algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria que se poida ver agravada polo uso da



máscara ou que presenten algunha alteración que faga inviable a súa utilización, que eviten na súa actividade diaria as saídas nas horas de previsible afluencia ou concentración de persoas na vía pública e en espazos ou establecementos abertos ao público, co fin de reducir os riscos derivados da coincidencia con outras persoas.

2. Acórdase, no ámbito territorial incluído no punto primeiro, o peche das actividades de festas, verbenas e outros eventos populares, así como das atraccións de feiras, durante o período a que se estenda a eficacia das medidas previstas na presente orde de acordo co seu punto sexto.

3. Así mesmo, serán de aplicación, no ámbito territorial dos concellos de Carballo e A Laracha, as medidas de prevención específicas recollidas no anexo.

4. En todo o non previsto nesta orde, e no que sexa compatible con ela, serán de aplicación, en todo o ámbito territorial previsto no punto primeiro, as medidas que, con carácter xeral, se establecen no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente.

Cuarto. *Medidas adicionais específicas respecto de determinados centros de servizos sociais*

De acordo co principio de precaución, tendo en conta as específicas exixencias de protección da poboación afectada dada a súa especial vulnerabilidade, aplicaranse as seguintes medidas:

a) Permanecerán pechados, mentres non se dite resolución da consellería competente en materia de política social que acorde a súa reapertura, os centros de atención diúrna para persoas maiores ou persoas con discapacidade e os centros ocupacionais, agás para a realización de terapias individuais en domicilios ou centros con cita previa, e as casas do maior.

b) De acordo cos protocolos existentes para estes efectos, suspéndense as visitas e as saídas dos residentes dos centros residenciais de persoas maiores e persoas con discapacidade. Esta suspensión poderá ser levantada pola consellería competente en materia de política social cando se dean as condicións precisas para isto.



Quinto. *Control do cumprimento das medidas e réxime sancionador*

1. A vixilancia, inspección e control do cumprimento das medidas de prevención que se recollen nesta orde, e a garantía dos dereitos e deberes sanitarios da cidadanía, corresponderán aos concellos de Carballo e A Laracha dentro das súas competencias e sen prexuízo das competencias da Consellería de Sanidade, tendo en conta a condición de autoridade sanitaria dos alcaldes e alcaldesas de acordo co artigo 33.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, e as competencias dos concellos de control sanitario de actividades e servizos que impacten na saúde da súa cidadanía e dos lugares de convivencia humana, de acordo co artigo 80.3 do mesmo texto legal, así como da súa competencia para a ordeación e control do dominio público.

2. Así mesmo, os órganos de inspección da Administración autonómica, no ámbito das súas competencias, poderán realizar as actividades de inspección e control oportunas para a vixilancia e comprobación do cumprimento das medidas de prevención aplicables.

3. As forzas e corpos de seguridade darán traslado das denuncias que formulen polo incumprimento das medidas de prevención ás autoridades competentes.

Sexto. *Eficacia*

Esta orde terá efectos desde as 00.00 horas do 3 de setembro de 2020. Non obstante, as medidas recollidas nela serán obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da presente orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

Para estes efectos, poderán ser obxecto de mantemento, de modificación ou poderán deixarse sen efecto por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

No caso das celebracións e eventos en establecementos de restauración para os días 3 a 6 de setembro, que xa estivesen concertados con carácter previo ao día 2 de setembro, non serán aplicables as limitacións que se recollen nos anexos, ben que deberán ser comunicados polos titulares dos establecementos á Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade, para que se poidan adoptar as medidas ou efectuar as recomendacións pertinentes.

Santiago de Compostela, 2 de setembro de 2020

Jesús Vázquez Almuíña
Conselleiro de Sanidade



ANEXO

Medidas de prevención específicas**1. Obrigas xerais.**

1.1. Obrigas de cautela e protección.

Todos os cidadáns deberán adoptar as medidas necesarias para evitar a xeración de riscos de propagación da enfermidade COVID-19, así como a propia exposición aos ditos riscos. Este deber de cautela e protección será igualmente exixible aos titulares de calquera actividade.

Así mesmo, deberán respectarse as medidas de seguridade e hixiene establecidas polas autoridades sanitarias para a prevención do COVID-19.

1.2. Persoas con sintomatoloxía.

Calquera persoa que experimente algún dos síntomas máis comúns compatibles co COVID-19, tales como febre, calafríos, tose, sensación de falta de aire, diminución do olfacto e do gusto, dor de gorxa, dores musculares, dor de cabeza, debilidade xeral, diarrea ou vómitos deberá permanecer no seu domicilio e comunicalo ao seu servizo sanitario o antes posible.

Igualmente, se existen conviventes no domicilio, deberá evitar o contacto con eles e, se é posible, usar un cuarto de forma exclusiva ata recibir instrucións do seu servizo sanitario.

1.3. Distancia de seguridade interpersoal.

Deberá cumprirse a medida de mantemento da distancia de seguridade interpersoal establecida polo Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, de, polo menos, 1,5 metros ou, na súa falta, medidas alternativas de protección física con uso de máscara, de hixiene adecuada e etiqueta respiratoria.

1.4. Obrigatoriedade do uso de máscaras.

Será obrigatorio o uso da máscara nas condicións establecidas no número 1.3 do anexo do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de pre-



vención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na redacción dada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 17 de xullo de 2020.

Os titulares dos establecementos, espazos ou locais deberán garantir o cumprimento desta obriga neles.

1.5. Medidas específicas para casos e contactos estreitos.

As persoas que sexan consideradas caso sospeitoso ou probable de infección polo virus SARS-CoV-2, por teren infección respiratoria aguda grave con cadro clínico ou radiolóxico compatible co COVID-19, ou que estean pendentes dos resultados de probas diagnósticas por este motivo, as que sexan consideradas como caso confirmado con infección activa e as consideradas contacto estreito dun caso sospeitoso, probable ou confirmado, deberán seguir as condicións de illamento ou corentena que lles sexan indicadas desde os dispositivos asistenciais ou de saúde pública, sen poder abandonar o seu domicilio ou lugar de illamento ou corentena en ningún caso, salvo autorización expresa do servizo sanitario por causas debidamente xustificadas.

2. Medidas xerais de hixiene e prevención.

Sen prexuízo das normas ou protocolos específicos que se establezan, serán aplicables a todos os establecementos, locais de negocio, instalacións e espazos de uso público e actividades de carácter público, as medidas xerais de hixiene e prevención establecidas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na redacción vixente.

3. Limitacións de capacidade e medidas de prevención específicas por sectores.

3.1. Velorios e enterros.

1. Os velorios poderán realizarse en todo tipo de instalacións, públicas ou privadas, debidamente habilitadas, cun límite máximo, en cada momento, de vinte e cinco persoas en espazos ao aire libre ou de dez persoas en espazos pechados, sexan ou non conviventes.

2. A participación na comitiva para o enterramento ou despedida para cremación da persoa falecida restrínxese a un máximo de vinte e cinco persoas, entre familiares e ache-



gados, ademais, de ser o caso, do ministro de culto ou persoa asimilada da confesión respectiva para a práctica dos ritos funerarios de despedida do defunto.

3.2. Lugares de culto.

1. A asistencia a lugares de culto non poderá superar o cincuenta por cento da súa capacidade. A capacidade máxima deberá publicarse en lugar visible do espazo destinado ao culto.

2. Non se poderá utilizar o exterior dos edificios nin a vía pública para a celebración de actos de culto.

3.3. Cerimonias nupciais e outras celebracións relixiosas ou civís.

1. No caso de que estas cerimonias ou celebracións se leven a cabo en lugares de culto, deberán aplicarse as regras de capacidade e as medidas de hixiene e prevención na celebración de actos de culto relixioso recollidas especificamente nesta orde e, no que sexa compatible co disposto nela, no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na redacción vixente. Deberanse evitar, en calquera caso, as aglomeracións á entrada e saída dos lugares de culto.

2. As celebracións que poidan ter lugar tras a cerimonia en establecementos de hostalaría e restauración axustaranse ás condicións e á capacidade previstas para a prestación do servizo nestes establecementos.

3. En calquera caso, deberase respectar un máximo de cen persoas en espazos ao aire libre ou de cincuenta persoas en espazos pechados.

3.4. Establecementos e locais comerciais retallistas e de actividades de servizos profesionais abertos ao público que non formen parte de centros ou parques comerciais.

1. Os establecementos e locais comerciais retallistas e de actividades de servizos profesionais abertos ao público que non formen parte de centros ou parques comerciais non poderán superar o cincuenta por cento da súa capacidade total. No caso de establecementos ou locais distribuídos en varios andares, a presenza de clientes en cada un deles deberá gardar esta mesma proporción.



Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersoal nos locais e establecementos ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso da máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersoal indicada, nos termos previstos no número 1.4 deste anexo.

2. Deberán prestar un servizo de atención preferente a maiores de 75 anos, o cal deberá concretarse en medidas como control de accesos ou caixas de pagamento específicos, e/ou en horarios determinados que aseguren a dita preferencia na atención. A existencia do servizo de atención preferente deberá sinalarse de forma visible nos ditos establecementos e locais.

3.5. Establecementos que teñan a condición de centros e parques comerciais ou que formen parte deles.

1. Os establecementos e locais comerciais retallistas e de actividades de servizos profesionais abertos ao público situados en centros e parques comerciais non poderán superar o cincuenta por cento da súa capacidade total. No caso de establecementos ou locais distribuídos en varios andares, a presenza de clientes en cada un deles deberá gardar esta mesma proporción.

2. Non se permitirá a permanencia de clientes nas zonas comúns excepto para o tránsito entre os establecementos, salvo na actividade de hostalaría e restauración que se leve a cabo nas ditas zonas, a cal se deberá axustar ao previsto especificamente para estas actividades. Queda prohibida a utilización de zonas recreativas como poden ser zonas infantís, ludotecas ou áreas de descanso, que deben permanecer pechadas.

3. Deberanse establecer as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersoal no interior dos locais e establecementos e nas zonas comúns ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso de máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersoal indicada, nos termos previstos no número 1.4 deste anexo. Ademais, deberán evitarse as aglomeracións de persoas que comprometan o cumprimento destas medidas.

4. Deberán prestar un servizo de atención preferente a maiores de 75 anos, o cal deberá concretarse en medidas como control de accesos ou caixas de pagamento específicos, e/ou en horarios determinados que aseguren a dita preferencia na atención. A existencia do servizo de atención preferente deberá sinalarse de forma visible nos ditos establecementos e locais.



3.6. Mercados que desenvolven a súa actividade na vía pública.

1. No caso dos mercados que desenvolven a súa actividade na vía pública ao aire libre ou de venda non sedentaria, coñecidos como feiras, non poderán superar o cincuenta por cento dos postos habituais ou autorizados, limitando a afluencia de clientes de maneira que se asegure o mantemento da distancia de seguridade interpersoal.

Os concellos poderán aumentar a superficie habilitada ou habilitar novos días para o exercicio desta actividade para compensar esta limitación.

Á hora de determinar os comerciantes que poden exercer a súa actividade, o concello poderá priorizar aqueles que comercializan produtos alimenticios e de primeira necesidade, asegurando que non sexan manipulados os produtos comercializados neles por parte dos consumidores.

3.7. Actividades en academias, autoescolas e centros privados de ensino non regrado e centros de formación e actividade formativa xestionada ou financiada pola Administración autonómica en centros e entidades de formación.

A actividade que se realice nestes centros poderá impartirse dun modo presencial sempre que non se supere unha capacidade do cincuenta por cento respecto do máximo permitido e cun máximo de dez persoas por grupo.

3.8. Establecementos de hostalaría e restauración.

1. Os establecementos de hostalaría e restauración non poderán superar o cincuenta por cento da súa capacidade para consumo no interior do local.

2. O consumo dentro do local poderá realizarse unicamente sentado na mesa, ou agrupacións de mesas, e deberase asegurar o mantemento da debida distancia de seguridade interpersoal entre clientes. Non está permitido o consumo na barra.

3. As terrazas ao aire libre dos establecementos de hostalaría e restauración limitarán a súa capacidade ao cincuenta por cento das mesas permitidas no ano inmediatamente anterior con base na correspondente licenza municipal ou do que sexa autorizado para este ano, no caso de que a licenza sexa concedida por primeira vez.

Consideraranse terrazas ao aire libre todo espazo non cuberto ou todo espazo que, estando cuberto, estea rodeado lateralmente por un máximo de dúas paredes, muros ou paramentos.



No caso de que o establecemento de hostalaría e restauración obtivese o permiso do concello para incrementar a superficie destinada a terraza ao aire libre, poderase incrementar o número de mesas previsto no primeiro parágrafo deste número 3, respectando, en todo caso, unha proporción do cincuenta por cento entre mesas e superficie dispoñible e sempre que se manteña o espazo necesario para a circulación peonil no tramo da vía pública en que se sitúe a terraza.

4. En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia de seguridade interpersonal entre as mesas ou, de ser o caso, agrupacións de mesas. A ocupación máxima será de dez persoas por mesa ou agrupación de mesas. A mesa ou agrupación de mesas que se utilice para este fin deberá ser acorde co número de persoas e permitir que se respecte a distancia mínima de seguridade interpersonal entre elas.

5. Os establecementos de hostalaría e restauración deberán pechar non máis tarde da unha da madrugada sen que se poida permitir o acceso de ningún cliente desde as 00.00 horas.

3.9. Condicións para ocupación de zonas comúns de hoteis e aloxamentos turísticos.

1. A ocupación das zonas comúns dos hoteis e aloxamentos turísticos non poderá superar o cincuenta por cento da súa capacidade.

Para iso, cada establecemento deberá determinar a capacidade dos distintos espazos comúns, así como aqueles lugares en que se poderán realizar eventos e as condicións máis seguras para a súa realización conforme a capacidade máxima prevista e de acordo coas medidas de hixiene, protección e distancia mínima establecidas.

2. As actividades de animación ou clases grupais deberán deseñarse e planificarse cunha capacidade máxima de dez persoas, incluídos os monitores, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersonal durante o desenvolvemento da actividade excepto no caso de persoas conviventes.

3.10. Albergues turísticos.

Na modalidade de aloxamento turístico de albergue permitirase unha capacidade máxima do cincuenta por cento da máxima permitida.



3.11. Bibliotecas, arquivos, museos e salas de exposicións, monumentos e outros equipamentos culturais.

1. Nas bibliotecas, arquivos, museos e salas de exposicións, monumentos e outros equipamentos culturais, tanto de titularidade pública como privada, poderán realizarse actividades presenciais sen superar o cincuenta por cento da capacidade máxima permitida.

2. Este límite de ocupación será aplicable tamén á realización de actividades culturais nestes espazos e cun máximo de ata dez persoas nas actividades de grupos, incluído o monitor ou guía, e deberán establecerse as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersonal durante o desenvolvemento da actividade excepto no caso de persoas conviventes.

3.12. Actividade en cines, teatros, auditorios, circos de todo e espazos similares, así como en recintos ao aire libre e noutros locais e establecementos destinados a espectáculos públicos e actividades recreativas.

1. Os cines, teatros, auditorios, circos de todo e espazos similares poderán desenvolver a súa actividade, contando con butacas preasignadas, sempre que non superen o cincuenta por cento da capacidade permitida en cada sala.

2. No caso doutros recintos, locais e establecementos destinados a espectáculos públicos e actividades recreativas distintos dos previstos no parágrafo anterior, poderán desenvolver a súa actividade sempre que o público permaneza sentado e que non se supere o cincuenta por cento da capacidade permitida.

3. En calquera caso, será de aplicación un límite máximo de sesenta persoas para lugares pechados e de cento cincuenta persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Non obstante, poderase ampliar o límite indicado ata un máximo de cen persoas para lugares pechados e trescentas persoas se se trata de actividades ao aire libre, logo da autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. Neste caso, a solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade polo COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Inno-



vación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueles outros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

3.13. Centros de lecer infantil.

Os centros de lecer infantil poderán levar a cabo súa actividade cumprindo o Protocolo en materia de lecer infantil para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, aprobado pola Orde da Consellería de Sanidade do 30 de xuño de 2020, e cunha capacidade máxima do cincuenta por cento do seu total.

3.14. Actividades e instalacións deportivas.

1. A práctica da actividade física e deportiva non federada, ao aire libre, poderá realizarse de forma individual ou colectiva, sen contacto físico, e ata un máximo de dez persoas de forma simultánea.

Nas instalacións e centros deportivos poderase realizar actividade deportiva en grupos de ata dez persoas, sen contacto físico, e sempre que non se supere o cincuenta por cento da capacidade máxima permitida, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade. Así mesmo, no caso da práctica de actividade física e deportiva de forma individual ou en grupo en ximnacios ou espazos pechados, será obrigatorio o uso da máscara, aínda que se poida garantir o mantemento da distancia de seguridade interpersoal.

A práctica da actividade deportiva federada de competencia autonómica poderá realizarse de forma individual ou colectiva, sen contacto físico, e cun máximo de dez persoas simultaneamente no caso dos adestramentos. Non se aplicará este límite nas competicións onde as regras federativas garantan espazos diferenciados para cada equipo. No caso de realizarse en instalacións deportivas, a práctica axustarase ademais aos termos establecidos no parágrafo anterior.

3.15. Celebración de eventos deportivos, de adestramentos e de competicións deportivas con público.

A celebración de eventos deportivos, adestramentos, competicións deportivas que se celebren en instalacións deportivas ou na vía pública poderán desenvolverse con público sempre que este permaneza sentado, que non se supere o cincuenta por cento da capacidade permitida da instalación ou do espazo de que se trate e cun límite de sesenta persoas



para lugares pechados e de cento cincuenta persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Non obstante, poderase ampliar o límite indicado ata un máximo de cen persoas para lugares pechados e trescentas persoas se se trata de actividades ao aire libre, logo da autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. Neste caso, a solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade polo COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueles outros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

3.16. Uso de praias e piscinas.

1. Os concellos deberán establecer limitacións tanto de acceso como de capacidade das praias co fin de asegurar que se poida respectar a distancia interpersonal de seguridade entre usuarios. Para os efectos de calcular a capacidade máxima permitida por cada praia, considerarase que a superficie de praia que vai ocupar cada usuario será de, polo menos, catro metros cadrados.

2. As piscinas ao aire libre ou cubertas, para uso deportivo ou recreativo, deberán respectar o límite do cincuenta por cento da súa capacidade, tanto no relativo ao acceso como durante a propia práctica deportiva ou recreativa e sen que se poida exceder o límite de cen persoas de ocupación. Quedan exentas destas limitacións as piscinas unifamiliares de uso privado.

3. A situación dos obxectos persoais, toallas, hamacas e elementos similares nas praias e nas zonas de estancia das piscinas levarase a cabo de forma que se poida manter a distancia de seguridade interpersonal con respecto a outros usuarios. Deberá, ademais, respectarse o límite máximo de dez persoas por grupo excepto no caso de persoas conviventes, en que non se aplicará esta limitación.

4. Exceptúase o uso da máscara durante o baño e mentres se permaneza nun espazo determinado, sen desprazarse, e sempre que se poida garantir o respecto da distancia de seguridade interpersonal entre todas as persoas usuarias non conviventes. En calquera



caso, será obrigatorio o uso da máscara para os accesos, desprazamentos e paseos nas praias e piscinas.

3.17. Especificidades para determinadas actividades turísticas.

Poderán realizarse actividades de turismo, organizadas por empresas habilitadas para iso, e a actividade de guía turístico, para grupos de ata un máximo de dez persoas, e deberán establecerse as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade excepto no caso de persoas conviventes.

3.18. Centros de información, casetas e puntos de información.

Nos centros de información, casetas e puntos de información e espazos similares non se poderá exceder o cincuenta por cento da súa capacidade e deberá respectarse o máximo de dez persoas nas actividades de grupos, incluído o monitor ou guía. Ademais, deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade excepto no caso de persoas conviventes.

3.19. Realización de actividades de tempo libre dirixidas á poboación infantil e xuvenil.

1. Poderanse realizar actividades de tempo libre destinadas á poboación infantil e xuvenil, cando estas se leven a cabo ao aire libre, sempre que se limite o número de participantes ao cincuenta por cento da súa asistencia máxima habitual, cun máximo de cen participantes, incluídos os monitores. Cando estas actividades se realicen en espazos pechados, non se deberá superar o cincuenta por cento da capacidade máxima do recinto, cun máximo de cincuenta participantes, incluídos os monitores.

2. As actividades deberán realizarse en grupos de ata dez persoas participantes, incluídos os monitores correspondentes, que deberán traballar sen contacto entre os demais grupos.

3.20. Uso de espazos públicos.

1. Os centros cívicos e sociais poderán realizar a súa actividade sempre que se limite a súa capacidade total ao cincuenta por cento e que se extremen as medidas de protección nas actividades socioculturais de tipo grupal que se realizan neles cun máximo de dez persoas, incluído o monitor ou guía para as actividades grupais.



2. Deberán adoptarse as medidas que coadxuven no control das agrupacións de persoas en lugares públicos, e das actividades prohibidas relacionadas co consumo de bebidas alcohólicas en parques e outros lugares de tránsito público, polos riscos que presenta para a saúde pública, relacionados coa aglomeración incontrolada de persoas e coa ausencia ou relaxación de medidas de seguridade e de distanciamento persoal. Recoméndase o peche dos parques públicos e espazos similares a partir das 00.00 horas ata as 6.00 horas.

3.21. Centros recreativos turísticos ou similares.

1. Os centros recreativos turísticos ou similares poderán realizar a súa actividade sempre que se limite a súa capacidade total ao cincuenta por cento.

2. As visitas de grupos serán dun máximo de dez persoas, incluído o monitor ou guía, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersonal durante o desenvolvemento da actividade excepto no caso de persoas conviventes.

3.22. Parques e zonas deportivas de uso público ao aire libre.

Sen prexuízo do establecido no número 3.20.2, os parques infantís, parques biosaudables, zonas deportivas, pistas skate ou espazos de uso público ao aire libre similares poderán estar abertos ao público sempre que neles se respecte unha capacidade máxima estimada dunha persoa por cada catro metros cadrados de espazo computable de superficie do recinto.

3.23. Celebración de congresos, encontros, reunións de negocio, conferencias, eventos e actos similares.

1. Poderanse celebrar congresos, encontros, reunións de negocio, conferencias e eventos e actos similares promovidos por calquera entidade, de natureza pública ou privada, sempre que non se supere o cincuenta por cento da capacidade permitida do lugar de celebración e cun límite máximo de sesenta persoas para lugares pechados e de cento cincuenta persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Non obstante, poderase ampliar o límite indicado ata un máximo de cen persoas para lugares pechados e trescentas persoas se se trata de actividades ao aire libre, logo da autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. Neste caso, a solicitude



dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade por COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueles outros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

O recollido neste número será tamén de aplicación para reunións profesionais, xuntas de comunidades de propietarios e eventos similares.

3.24. Establecementos e locais de xogo e apostas.

1. Os establecementos de xogos colectivos de diñeiro e de azar, salóns de xogo, salas de bingo, salóns recreativos, rifas e tómbolas, locais específicos de apostas e outros locais e instalacións asimilables aos de actividade recreativa de xogos e apostas, conforme esta-beleza a normativa sectorial en materia de xogo, poderán realizar a súa actividade sempre que non se supere o cincuenta por cento da capacidade permitida.

2. En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia de seguridade interpersoal entre as mesas ou, de ser o caso, agrupacións de mesas. A ocupación máxi-ma será de dez persoas por mesa ou agrupación de mesas. En calquera caso, deberase respectar un máximo de cen persoas en espazos ao aire libre ou de cincuenta persoas en espazos pechados.

3. Os establecementos e locais deberán pechar non máis tarde das 00.30 horas, sen que se poida permitir o acceso de ningún cliente nin expedir consumición ningunha desde esa hora, e cun período máximo de desaloxo de trinta minutos.

3.25. Limitación de capacidade para outros locais ou establecementos comerciais.

1. Con carácter xeral, calquera outro local ou establecemento comercial para o cal non se recollan expresamente unhas condicións de capacidade nesta orde, nin en protocolos ou normativa específica que lle sexa aplicable, non poderá superar o cincuenta por cento da capacidade autorizada ou establecida. En calquera caso, deberase respectar un máxi-mo de sesenta persoas para lugares pechados e de cento cincuenta persoas se se trata de actividades ao aire libre.



Non obstante, poderase ampliar o límite indicado ata un máximo de cen persoas para lugares pechados e trescentas persoas se se trata de actividades ao aire libre, logo da autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. Neste caso, a solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade por COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueles outros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

O disposto neste número 1 non será de aplicación nos establecementos comerciais de alimentación, bebidas, produtos e bens de primeira necesidade, establecementos farmacéuticos, servizos médicos ou sanitarios, ópticas, produtos ortopédicos, produtos hixiénicos, salóns de peiteado, prensa e papelería, combustible para a automoción, estancos, equipamentos tecnolóxicos e de telecomunicacións, alimentos para animais de compañía, comercio pola internet, telefónico ou correspondencia, tinturarias e lavandarias, sen prexuízo da necesidade de cumprir as obrigas xerais previstas na presente orde e as medidas xerais de hixiene e protección.

2. As actividades en grupos deberán realizarse cun máximo de dez persoas participantes, incluídos os monitores, guías ou encargados correspondentes, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade excepto no caso de persoas conviventes.

3. En calquera caso, poderase suspender a actividade de calquera establecemento que, ao xuízo da autoridade competente, poida supor un risco de contaxio polas condicións en que se estea desenvolvendo.



I. DISPOSICIÓNS XERAIS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

ORDE do 2 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Santa Comba.

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto do dito acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada mediante o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020. Mediante sucesivos acordos do Consello da Xunta, do 25 de xuño, do 17, do 24 e do 30 de xullo de 2020, introducíronse determinadas modificacións nas medidas de prevención previstas no Acordo do 12 de xuño de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta, do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de sanidade.

Así mesmo, indícase no dito punto sexto, na redacción vixente, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de acordo coa normativa aplicable e á vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou en parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación de medidas concretas contidas no anexo. Deste modo, mediante ordes da Consellería de Sanidade do 12, 15, 25 e 27 de agosto de 2020 introducíronse determinadas modificacións no anexo.



De acordo co informe sobre a situación epidemiolóxica da comarca de Xallas, elaborado pola Dirección Xeral de Saúde Pública o 2 de setembro, a taxa de incidencia acumulada nesta comarca mantense moi alta no concello de Santa Comba. Este gromo ten características de alto risco, tendo en conta a taxa de incidencia e a porcentaxe de probas PCR positivas. O informe considera que se deben tomar medidas respecto ao concello de Santa Comba, como restricións respecto ao tamaño dos grupos, establecendo un máximo de 10 persoas para grupos non conviventes, limitacións de capacidade en establecementos comerciais, hostalaría e restauración, limitacións para a celebración de eventos e restricións respecto a festas, verbenas ou actuacións.

Así, tras escoitar as recomendacións do comité clínico reunido para estes efectos, resulta necesaria, en consecuencia, a adopción, con urxencia, de medidas de prevención específicas no concello de Santa Comba para facer fronte aos abrochos e ás cadeas de transmisións existentes e garantir a súa contención, prevendo unhas medidas para o ámbito territorial indicado, conectadas cos factores de maior risco de transmisión.

En particular, considérase que as medidas tendentes a limitar os grupos de persoas para o desenvolvemento de calquera actividade ou evento de carácter familiar ou social na vía pública, espazos de uso público ou espazos privados e as limitacións para festas, verbenas e outros eventos populares e multitudinarios, deben adoptarse para todo o ámbito do concello de Santa Comba, tendo en conta a natureza destas actividades, os riscos asociados a elas e a idade da poboación a que está afectando de forma predominante o virus neste momento.

Adicionalmente, de acordo co principio de precaución, deben adoptarse medidas en relación con determinados establecementos de servizos sociais, tendo en conta as específicas exixencias de protección da poboación afectada dada a súa especial vulnerabilidade.

Estas medidas teñen o seu fundamento normativo na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 e 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

En particular, cómpre salientar que a Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, prevé, no seu artigo primeiro, que co obxecto de protexer a saúde pública e previr a súa perda ou deterioración, as autoridades sanitarias das distintas administracións públicas poderán, dentro do ámbito das súas competencias, adoptar as medidas previstas na dita lei cando así o exixan razóns sanitarias de urxencia ou necesidade.



O artigo segundo habilita as autoridades sanitarias competentes para adoptaren medidas de recoñecemento, tratamento, hospitalización ou control cando se aprecien indicios racionais que permitan supoñer a existencia de perigo para a saúde da poboación debido á situación sanitaria concreta dunha persoa ou grupo de persoas ou polas condicións sanitarias en que se desenvolve unha actividade. E, para o caso concreto de enfermidades transmisibles, o artigo terceiro dispón que, co fin de controlalas, a autoridade sanitaria, ademais de realizar as accións preventivas xerais, poderá adoptar as medidas oportunas para o control dos enfermos, das persoas que estean ou teñan estado en contacto con estes e do contorno inmediato, así como as que se consideren necesarias en caso de risco de carácter transmisible. E o artigo 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, prevé que as autoridades sanitarias poderán levar a cabo intervencións públicas nos supostos de riscos para a saúde de terceiras persoas, nos mesmos termos previstos nos artigos 2 e 3 da Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, antes citados.

Non se recolle, pois, unha lista pechada de medidas de prevención, senón que poderán adoptarse, de acordo cos principios de precaución e de proporcionalidade que deben rexer as actuacións en materia de saúde, as necesarias para facer fronte ao concreto risco sanitario de que se trate.

En todo caso, e en atención a tales principios, estas medidas serán reavaliadas nun período non superior a sete días naturais desde a publicación desta orde en función da evolución da situación epidemiolóxica no concello.

Por outra banda, as medidas de prevención que se recollen nesta orde teñen un evidente fundamento sanitario, dados os riscos de transmisión dunha enfermidade contaxiosa como a que nos ocupa, e a vixilancia, inspección e control do seu cumprimento corresponden aos concellos, sen prexuízo das competencias da Consellería de Sanidade, tendo en conta a condición de autoridade sanitaria dos alcaldes e alcaldesas (artigo 33.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia), as competencias dos concellos do control sanitario de actividades e servizos que impacten na saúde da súa cidadanía, dos lugares de convivencia humana (artigo 80.3 da lei citada), así como da súa competencia para a ordenación e control do dominio público.

Polo tanto, os alcaldes e alcaldesas, como autoridade sanitaria, deben garantir nas referidas actividades, servizos e lugares de convivencia humana, os dereitos e deberes sanitarios da cidadanía (artigo 33.2 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia) e polo tanto, garantir a vixilancia, inspección e control do cumprimento das medidas preventivas aprobadas pola Administración autonómica e daquelas que, no seu desenvolvemento, e atendendo á situación concreta, poida establecer o concello.



Así mesmo, as forzas e corpos de seguridade teñen un papel fundamental no necesario control do cumprimento das medidas de prevención, papel que veñen desempeñando durante toda esta crise sanitaria, a través da formulación das correspondentes denuncias e remisión ás autoridades competentes, nos casos en que se detecte o seu incumprimento. Debe recordarse a este respecto que o Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, declarou a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e activou o Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19. Tendo en conta a existencia dunha declaración de emerxencia sanitaria, resulta esencial a colaboración das forzas e corpos de seguridade coa finalidade de preservar a seguridade e a convivencia cidadá.

Conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para a adopción das medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica existente no concello de Santa Comba, coa urxencia que a protección da saúde pública demanda.

Na súa virtude, en aplicación do punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. *Obxecto*

O obxecto desta orde é establecer determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Santa Comba

Segundo. *Restricións ás agrupacións de persoas para a protección da saúde ante a existencia dun risco de carácter transmisible*

1. Á vista da evolución da situación epidemiolóxica e coa finalidade de controlar a transmisión da enfermidade, adóptase, en todo o ámbito territorial do concello de Santa Comba, de modo temporal, durante o período ao cal se estenda a eficacia das medidas previstas na



presente orde de acordo co seu punto sexto, a medida de limitar os grupos para o desenvolvemento de calquera actividade ou evento de carácter familiar ou social na vía pública, espazos de uso público ou espazos privados, a un máximo de dez persoas, excepto no caso de persoas conviventes, en que non se aplicará esta limitación.

Tampouco será aplicable esta limitación no caso de actividades laborais e administrativas, actividades en centros educativos, de formación e ocupacionais, sempre que se adopten as medidas previstas nos correspondentes protocolos de funcionamento.

2. O incumprimento da medida de prevención establecida neste punto poderá dar lugar á imposición das sancións e a outras responsabilidades previstas no ordenamento xurídico.

3. En particular, para os efectos da execución e control desta medida de prevención, no marco da situación de emerxencia sanitaria declarada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, solicitarase a colaboración das forzas e corpos de seguridade.

4. Para a execución da medida prevista neste punto buscarase sempre con preferencia a colaboración voluntaria das persoas destinatarias coas autoridades sanitarias. Non obstante, malia que esta medida non se individualiza en persoas determinadas dada a súa adopción con carácter xeral, tendo en conta que nos casos de ausencia de colaboración voluntaria a súa execución pode requirir a adopción de actos de imposición coactiva que poden supoñer restricións de dereitos fundamentais, e para coadjuvar na súa plena efectividade, solicitarase a súa ratificación xudicial, de acordo co previsto no número 6 do artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Terceiro. *Outras medidas aplicables no ámbito territorial recollido no punto primeiro*

1. No ámbito territorial do concello de Santa Comba, recoméndaselles ás persoas maiores de 75 anos, ás persoas vulnerables ao COVID-19 e a aquelas que presenten algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria que se poida ver agravada polo uso da máscara ou que presenten algunha alteración que faga inviable a súa utilización, que eviten na súa actividade diaria as saídas nas horas de previsible afluencia ou concentración de persoas na vía pública e en espazos ou establecementos abertos ao público, co fin de reducir os riscos derivados da coincidencia con outras persoas.



2. Acórdase, no ámbito territorial incluído no punto primeiro, o peche das actividades de festas, verbenas e outros eventos populares, así como das atraccións de feiras, durante o período a que se estenda a eficacia das medidas previstas na presente orde de acordo co seu punto sexto.

3. Así mesmo, serán de aplicación, no ámbito territorial do concello de Santa Comba, as medidas de prevención específicas recollidas no anexo.

4. En todo o non previsto nesta orde, e no que sexa compatible con ela, serán de aplicación, en todo o ámbito territorial previsto no punto primeiro, as medidas que, con carácter xeral, se establecen no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente.

Cuarto. *Medidas adicionais específicas respecto de determinados centros de servizos sociais*

De acordo co principio de precaución, tendo en conta as específicas exixencias de protección da poboación afectada dada a súa especial vulnerabilidade, aplicaranse as seguintes medidas:

a) Permanecerán pechados, mentres non se dite resolución da consellería competente en materia de política social que acorde a súa reapertura, os centros de atención diúrna para persoas maiores ou persoas con discapacidade e os centros ocupacionais, agás para a realización de terapias individuais en domicilios ou centros con cita previa, e as casas do maior.

b) De acordo cos protocolos existentes para estes efectos, suspéndense as visitas e as saídas dos residentes dos centros residenciais de persoas maiores e persoas con discapacidade. Esta suspensión poderá ser levantada pola consellería competente en materia de política social cando se dean as condicións precisas para isto.

Quinto. *Control do cumprimento das medidas e réxime sancionador*

1. A vixilancia, inspección e control do cumprimento das medidas de prevención que se recollen nesta orde, e a garantía dos dereitos e deberes sanitarios da cidadanía, responderán ao concello de Santa Comba dentro das súas competencias e sen prexuízo



das competencias da Consellería de Sanidade, tendo en conta a condición de autoridade sanitaria dos alcaldes e alcaldesas de acordo co artigo 33.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, e as competencias dos concellos de control sanitario de actividades e servizos que impacten na saúde da súa cidadanía e dos lugares de convivencia humana, de acordo co artigo 80.3 do mesmo texto legal, así como da súa competencia para a ordeación e control do dominio público.

2. Así mesmo, os órganos de inspección da Administración autonómica, no ámbito das súas competencias, poderán realizar as actividades de inspección e control oportunas para a vixilancia e comprobación do cumprimento das medidas de prevención aplicables.

3. As forzas e corpos de seguridade darán traslado das denuncias que formulen polo incumprimento das medidas de prevención ás autoridades competentes.

Sexto. *Eficacia*

Esta orde terá efectos desde as 00.00 horas do 3 de setembro de 2020. Non obstante, as medidas recollidas nela serán obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da presente orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

Para estes efectos, poderán ser obxecto de mantemento, de modificación ou poderán deixarse sen efecto por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

No caso das celebracións e eventos en establecementos de restauración para os días 3 a 6 de setembro, que xa estivesen concertados con carácter previo ao día 2 de setembro, non serán aplicables as limitacións que se recollen nos anexos, ben que deberán ser comunicados polos titulares dos establecementos á Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade, para que se poidan adoptar as medidas ou efectuar as recomendacións pertinentes.

Santiago de Compostela, 2 de setembro de 2020

Jesús Vázquez Almuíña
Conselleiro de Sanidade



ANEXO

Medidas de prevención específicas**1. Obrigas xerais.**

1.1. Obrigas de cautela e protección.

Todos os cidadáns deberán adoptar as medidas necesarias para evitar a xeración de riscos de propagación da enfermidade COVID-19, así como a propia exposición aos ditos riscos. Este deber de cautela e protección será igualmente exixible aos titulares de calquera actividade.

Así mesmo, deberán respectarse as medidas de seguridade e hixiene establecidas polas autoridades sanitarias para a prevención do COVID-19.

1.2. Persoas con sintomatoloxía.

Calquera persoa que experimente algún dos síntomas máis comúns compatibles co COVID-19, tales como febre, calafríos, tose, sensación de falta de aire, diminución do olfacto e do gusto, dor de gorxa, dores musculares, dor de cabeza, debilidade xeral, diarrea ou vómitos deberá permanecer no seu domicilio e comunicalo ao seu servizo sanitario o antes posible.

Igualmente, se existen conviventes no domicilio, deberá evitar o contacto con eles e, se é posible, usar un cuarto de forma exclusiva ata recibir instrucións do seu servizo sanitario.

1.3. Distancia de seguridade interpersoal.

Deberá cumprirse a medida de mantemento da distancia de seguridade interpersoal establecida polo Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, de, polo menos, 1,5 metros ou, na súa falta, medidas alternativas de protección física con uso de máscara, de hixiene adecuada e etiqueta respiratoria.

1.4. Obrigatoriedade do uso de máscaras.

Será obrigatorio o uso da máscara nas condicións establecidas no número 1.3 do anexo do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de pre-



vención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na redacción dada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 17 de xullo de 2020.

Os titulares dos establecementos, espazos ou locais deberán garantir o cumprimento desta obriga neles.

1.5. Medidas específicas para casos e contactos estreitos.

As persoas que sexan consideradas caso sospeitoso ou probable de infección polo virus SARS-CoV-2, por teren infección respiratoria aguda grave con cadro clínico ou radiolóxico compatible co COVID-19, ou que estean pendentes dos resultados de probas diagnósticas por este motivo, as que sexan consideradas como caso confirmado con infección activa e as consideradas contacto estreito dun caso sospeitoso, probable ou confirmado, deberán seguir as condicións de illamento ou corentena que lles sexan indicadas desde os dispositivos asistenciais ou de saúde pública, sen poder abandonar o seu domicilio ou lugar de illamento ou corentena en ningún caso, salvo autorización expresa do servizo sanitario por causas debidamente xustificadas.

2. Medidas xerais de hixiene e prevención.

Sen prexuízo das normas ou protocolos específicos que se establezan, serán aplicables a todos os establecementos, locais de negocio, instalacións e espazos de uso público e actividades de carácter público, as medidas xerais de hixiene e prevención establecidas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na redacción vixente.

3. Limitacións de capacidade e medidas de prevención específicas por sectores.

3.1. Velorios e enterros.

1. Os velorios poderán realizarse en todo tipo de instalacións, públicas ou privadas, debidamente habilitadas, cun límite máximo, en cada momento, de vinte e cinco persoas en espazos ao aire libre ou de dez persoas en espazos pechados, sexan ou non conviventes.

2. A participación na comitiva para o enterramento ou despedida para cremación da persoa falecida restrínxese a un máximo de vinte e cinco persoas, entre familiares e ache-



gados, ademais, de ser o caso, do ministro de culto ou persoa asimilada da confesión respectiva para a práctica dos ritos funerarios de despedida do defunto.

3.2. Lugares de culto.

1. A asistencia a lugares de culto non poderá superar o cincuenta por cento da súa capacidade. A capacidade máxima deberá publicarse en lugar visible do espazo destinado ao culto.

2. Non se poderá utilizar o exterior dos edificios nin a vía pública para a celebración de actos de culto.

3.3. Cerimonias nupciais e outras celebracións relixiosas ou civís.

1. No caso de que estas cerimonias ou celebracións se leven a cabo en lugares de culto, deberán aplicarse as regras de capacidade e as medidas de hixiene e prevención na celebración de actos de culto relixioso recollidas especificamente nesta orde e, no que sexa compatible co disposto nela, no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na redacción vixente. Deberanse evitar, en calquera caso, as aglomeracións á entrada e saída dos lugares de culto.

2. As celebracións que poidan ter lugar tras a cerimonia en establecementos de hostalaría e restauración axustaranse ás condicións e á capacidade previstas para a prestación do servizo nestes establecementos.

3. En calquera caso, deberase respectar un máximo de cen persoas en espazos ao aire libre ou de cincuenta persoas en espazos pechados.

3.4. Establecementos e locais comerciais retallistas e de actividades de servizos profesionais abertos ao público que non formen parte de centros ou parques comerciais.

1. Os establecementos e locais comerciais retallistas e de actividades de servizos profesionais abertos ao público que non formen parte de centros ou parques comerciais non poderán superar o cincuenta por cento da súa capacidade total. No caso de establecementos ou locais distribuídos en varios andares, a presenza de clientes en cada un deles deberá gardar esta mesma proporción.



Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersoal nos locais e establecementos ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso da máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersoal indicada, nos termos previstos no número 1.4 deste anexo.

2. Deberán prestar un servizo de atención preferente a maiores de 75 anos, o cal deberá concretarse en medidas como control de accesos ou caixas de pagamento específicos, e/ ou en horarios determinados que aseguren a dita preferencia na atención. A existencia do servizo de atención preferente deberá sinalarse de forma visible nos ditos establecementos e locais.

3.5. Establecementos que teñan a condición de centros e parques comerciais ou que formen parte deles.

1. Os establecementos e locais comerciais retallistas e de actividades de servizos profesionais abertos ao público situados en centros e parques comerciais non poderán superar o cincuenta por cento da súa capacidade total. No caso de establecementos ou locais distribuídos en varios andares, a presenza de clientes en cada un deles deberá gardar esta mesma proporción.

2. Non se permitirá a permanencia de clientes nas zonas comúns excepto para o tránsito entre os establecementos, salvo na actividade de hostalaría e restauración que se leve a cabo nas ditas zonas, a cal se deberá axustar ao previsto especificamente para estas actividades. Queda prohibida a utilización de zonas recreativas como poden ser zonas infantís, ludotecas ou áreas de descanso, que deben permanecer pechadas.

3. Deberanse establecer as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersoal no interior dos locais e establecementos e nas zonas comúns ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso de máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersoal indicada, nos termos previstos no número 1.4 deste anexo. Ademais, deberán evitarse as aglomeracións de persoas que comprometan o cumprimento destas medidas.

4. Deberán prestar un servizo de atención preferente a maiores de 75 anos, o cal deberá concretarse en medidas como control de accesos ou caixas de pagamento específicos, e/ ou en horarios determinados que aseguren a dita preferencia na atención. A existencia do servizo de atención preferente deberá sinalarse de forma visible nos ditos establecementos e locais.



3.6. Mercados que desenvolven a súa actividade na vía pública.

1. No caso dos mercados que desenvolven a súa actividade na vía pública ao aire libre ou de venda non sedentaria, coñecidos como feiras, non poderán superar o cincuenta por cento dos postos habituais ou autorizados, limitando a afluencia de clientes de maneira que se asegure o mantemento da distancia de seguridade interpersoal.

Os concellos poderán aumentar a superficie habilitada ou habilitar novos días para o exercicio desta actividade para compensar esta limitación.

Á hora de determinar os comerciantes que poden exercer a súa actividade, o concello poderá priorizar aqueles que comercializan produtos alimenticios e de primeira necesidade, asegurando que non sexan manipulados os produtos comercializados neles por parte dos consumidores.

3.7. Actividades en academias, autoescolas e centros privados de ensino non regrado e centros de formación e actividade formativa xestionada ou financiada pola Administración autonómica en centros e entidades de formación.

A actividade que se realice nestes centros poderá impartirse dun modo presencial sempre que non se supere unha capacidade do cincuenta por cento respecto do máximo permitido e cun máximo de dez persoas por grupo.

3.8. Establecementos de hostalaría e restauración.

1. Os establecementos de hostalaría e restauración non poderán superar o cincuenta por cento da súa capacidade para consumo no interior do local.

2. O consumo dentro do local poderá realizarse unicamente sentado na mesa, ou agrupacións de mesas, e deberase asegurar o mantemento da debida distancia de seguridade interpersoal entre clientes. Non está permitido o consumo na barra.

3. As terrazas ao aire libre dos establecementos de hostalaría e restauración limitarán a súa capacidade ao cincuenta por cento das mesas permitidas no ano inmediatamente anterior con base na correspondente licenza municipal ou do que sexa autorizado para este ano, no caso de que a licenza sexa concedida por primeira vez.

Consideraranse terrazas ao aire libre todo espazo non cuberto ou todo espazo que, estando cuberto, estea rodeado lateralmente por un máximo de dúas paredes, muros ou paramentos.



No caso de que o establecemento de hostalaría e restauración obtivese o permiso do concello para incrementar a superficie destinada a terraza ao aire libre, poderase incrementar o número de mesas previsto no primeiro parágrafo deste número 3, respectando, en todo caso, unha proporción do cincuenta por cento entre mesas e superficie dispoñible e sempre que se manteña o espazo necesario para a circulación peonil no tramo da vía pública en que se sitúe a terraza.

4. En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia de seguridade interpersonal entre as mesas ou, de ser o caso, agrupacións de mesas. A ocupación máxima será de dez persoas por mesa ou agrupación de mesas. A mesa ou agrupación de mesas que se utilice para este fin deberá ser acorde co número de persoas e permitir que se respecte a distancia mínima de seguridade interpersonal entre elas.

5. Os establecementos de hostalaría e restauración deberán pechar non máis tarde da unha da madrugada sen que se poida permitir o acceso de ningún cliente desde as 00.00 horas.

3.9. Condicións para ocupación de zonas comúns de hoteis e aloxamentos turísticos.

1. A ocupación das zonas comúns dos hoteis e aloxamentos turísticos non poderá superar o cincuenta por cento da súa capacidade.

Para iso, cada establecemento deberá determinar a capacidade dos distintos espazos comúns, así como aqueles lugares en que se poderán realizar eventos e as condicións máis seguras para a súa realización conforme a capacidade máxima prevista e de acordo coas medidas de hixiene, protección e distancia mínima establecidas.

2. As actividades de animación ou clases grupais deberán deseñarse e planificarse cunha capacidade máxima de dez persoas, incluídos os monitores, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersonal durante o desenvolvemento da actividade excepto no caso de persoas conviventes.

3.10. Albergues turísticos.

Na modalidade de aloxamento turístico de albergue permitirase unha capacidade máxima do cincuenta por cento da máxima permitida.



3.11. Bibliotecas, arquivos, museos e salas de exposicións, monumentos e outros equipamentos culturais.

1. Nas bibliotecas, arquivos, museos e salas de exposicións, monumentos e outros equipamentos culturais, tanto de titularidade pública como privada, poderán realizarse actividades presenciais sen superar o cincuenta por cento da capacidade máxima permitida.

2. Este límite de ocupación será aplicable tamén á realización de actividades culturais nestes espazos e cun máximo de ata dez persoas nas actividades de grupos, incluído o monitor ou guía, e deberán establecerse as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersonal durante o desenvolvemento da actividade excepto no caso de persoas conviventes.

3.12. Actividade en cines, teatros, auditorios, circos de todo e espazos similares, así como en recintos ao aire libre e noutros locais e establecementos destinados a espectáculos públicos e actividades recreativas.

1. Os cines, teatros, auditorios, circos de todo e espazos similares poderán desenvolver a súa actividade, contando con butacas preasignadas, sempre que non superen o cincuenta por cento da capacidade permitida en cada sala.

2. No caso doutros recintos, locais e establecementos destinados a espectáculos públicos e actividades recreativas distintos dos previstos no parágrafo anterior, poderán desenvolver a súa actividade sempre que o público permaneza sentado e que non se supere o cincuenta por cento da capacidade permitida.

3. En calquera caso, será de aplicación un límite máximo de sesenta persoas para lugares pechados e de cento cincuenta persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Non obstante, poderase ampliar o límite indicado ata un máximo de cen persoas para lugares pechados e trescentas persoas se se trata de actividades ao aire libre, logo da autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. Neste caso, a solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade polo COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Inno-



vación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueles outros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

3.13. Centros de lecer infantil.

Os centros de lecer infantil poderán levar a cabo súa actividade cumprindo o Protocolo en materia de lecer infantil para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, aprobado pola Orde da Consellería de Sanidade do 30 de xuño de 2020, e cunha capacidade máxima do cincuenta por cento do seu total.

3.14. Actividades e instalacións deportivas.

1. A práctica da actividade física e deportiva non federada, ao aire libre, poderá realizarse de forma individual ou colectiva, sen contacto físico, e ata un máximo de dez persoas de forma simultánea.

Nas instalacións e centros deportivos poderase realizar actividade deportiva en grupos de ata dez persoas, sen contacto físico, e sempre que non se supere o cincuenta por cento da capacidade máxima permitida, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade. Así mesmo, no caso da práctica de actividade física e deportiva de forma individual ou en grupo en ximnacios ou espazos pechados, será obrigatorio o uso da máscara, aínda que se poida garantir o mantemento da distancia de seguridade interpersoal.

A práctica da actividade deportiva federada de competencia autonómica poderá realizarse de forma individual ou colectiva, sen contacto físico, e cun máximo de dez persoas simultaneamente no caso dos adestramentos. Non se aplicará este límite nas competicións onde as regras federativas garantan espazos diferenciados para cada equipo. No caso de realizarse en instalacións deportivas, a práctica axustarase ademais aos termos establecidos no parágrafo anterior.

3.15. Celebración de eventos deportivos, de adestramentos e de competicións deportivas con público.

A celebración de eventos deportivos, adestramentos, competicións deportivas que se celebren en instalacións deportivas ou na vía pública poderán desenvolverse con público sempre que este permaneza sentado, que non se supere o cincuenta por cento da capacidade permitida da instalación ou do espazo de que se trate e cun límite de sesenta persoas



para lugares pechados e de cento cincuenta persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Non obstante, poderase ampliar o límite indicado ata un máximo de cen persoas para lugares pechados e trescentas persoas se se trata de actividades ao aire libre, logo da autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. Neste caso, a solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade polo COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueles outros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

3.16. Piscinas.

1. As piscinas ao aire libre ou cubertas, para uso deportivo ou recreativo, deberán respectar o límite do cincuenta por cento da súa capacidade, tanto no relativo ao acceso como durante a propia práctica deportiva ou recreativa e sen que poidan exceder o límite de cen persoas de ocupación. Quedan exentas destas limitacións as piscinas unifamiliares de uso privado.

2. Nas zonas de estancia das piscinas establecerase unha distribución espacial para manter distancia de seguridade interpersoal entre os usuarios e cun máximo de dez persoas por grupo, excepto no caso de persoas conviventes, en que non se aplicará esta limitación.

3. Exceptúase o uso da máscara nas piscinas durante o baño e mentres se permaneza nun espazo determinado, sen desprazarse, e sempre que se poida garantir o respecto da distancia de seguridade interpersoal entre todas as persoas usuarias non conviventes. En calquera caso, será obrigatorio o uso de máscara para os accesos, desprazamentos e paseos nas piscinas.

3.17. Especificidades para determinadas actividades turísticas.

Poderán realizarse actividades de turismo, organizadas por empresas habilitadas para iso, e a actividade de guía turístico, para grupos de ata un máximo de dez persoas, e debe-



rán establecerse as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade excepto no caso de persoas conviventes.

3.18. Centros de información, casetas e puntos de información.

Nos centros de información, casetas e puntos de información e espazos similares non se poderá exceder o cincuenta por cento da súa capacidade e deberá respectarse o máximo de dez persoas nas actividades de grupos, incluído o monitor ou guía. Ademais, deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade excepto no caso de persoas conviventes.

3.19. Realización de actividades de tempo libre dirixidas á poboación infantil e xuvenil.

1. Poderanse realizar actividades de tempo libre destinadas á poboación infantil e xuvenil, cando estas se leven a cabo ao aire libre, sempre que se limite o número de participantes ao cincuenta por cento da súa asistencia máxima habitual, cun máximo de cen participantes, incluídos os monitores. Cando estas actividades se realicen en espazos pechados, non se deberá superar o cincuenta por cento da capacidade máxima do recinto, cun máximo de cincuenta participantes, incluídos os monitores.

2. As actividades deberán realizarse en grupos de ata dez persoas participantes, incluídos os monitores correspondentes, que deberán traballar sen contacto entre os demais grupos.

3.20. Uso de espazos públicos.

1. Os centros cívicos e sociais poderán realizar a súa actividade sempre que se limite a súa capacidade total ao cincuenta por cento e que se extremen as medidas de protección nas actividades socioculturais de tipo grupal que se realizan neles cun máximo de dez persoas, incluído o monitor ou guía para as actividades grupais.

2. Deberán adoptarse as medidas que coadruven no control das agrupacións de persoas en lugares públicos, e das actividades prohibidas relacionadas co consumo de bebidas alcohólicas en parques e outros lugares de tránsito público, polos riscos que presenta para a saúde pública, relacionados coa aglomeración incontrolada de persoas e coa ausencia ou relaxación de medidas de seguridade e de distanciamento persoal. Recoméndase o peche dos parques públicos e espazos similares a partir das 00.00 horas ata as 6.00 horas



3.21. Centros recreativos turísticos ou similares.

1. Os centros recreativos turísticos ou similares poderán realizar a súa actividade sempre que se limite a súa capacidade total ao cincuenta por cento.

2. As visitas de grupos serán dun máximo de dez persoas, incluído o monitor ou guía, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersonal durante o desenvolvemento da actividade excepto no caso de persoas conviventes.

3.22. Parques e zonas deportivas de uso público ao aire libre.

Sen prexuízo do establecido no número 3.20.2, os parques infantís, parques biosaudables, zonas deportivas, pistas skate ou espazos de uso público ao aire libre similares poderán estar abertos ao público sempre que neles se respecte unha capacidade máxima estimada dunha persoa por cada catro metros cadrados de espazo computable de superficie do recinto.

3.23. Celebración de congresos, encontros, reunións de negocio, conferencias, eventos e actos similares.

1. Poderanse celebrar congresos, encontros, reunións de negocio, conferencias e eventos e actos similares promovidos por calquera entidade, de natureza pública ou privada, sempre que non se supere o cincuenta por cento da capacidade permitida do lugar de celebración e cun límite máximo de sesenta persoas para lugares pechados e de cento cincuenta persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Non obstante, poderase ampliar o límite indicado ata un máximo de cen persoas para lugares pechados e trescentas persoas se se trata de actividades ao aire libre, logo da autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. Neste caso, a solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade por COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueles outros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.



O recollido neste número será tamén de aplicación para reunións profesionais, xuntas de comunidades de propietarios e eventos similares.

3.24. Establecementos e locais de xogo e apostas.

1. Os establecementos de xogos colectivos de diñeiro e de azar, salóns de xogo, salas de bingo, salóns recreativos, rifas e tómbolas, locais específicos de apostas e outros locais e instalacións asimilables aos de actividade recreativa de xogos e apostas, conforme estabilidade a normativa sectorial en materia de xogo, poderán realizar a súa actividade sempre que non se supere o cincuenta por cento da capacidade permitida.

2. En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia de seguridade interpersoal entre as mesas ou, de ser o caso, agrupacións de mesas. A ocupación máxima será de dez persoas por mesa ou agrupación de mesas. En calquera caso, deberase respectar un máximo de cen persoas en espazos ao aire libre ou de cincuenta persoas en espazos pechados.

3. Os establecementos e locais deberán pechar non máis tarde das 00.30 horas, sen que se poida permitir o acceso de ningún cliente nin expedir consumición ningunha desde esa hora, e cun período máximo de desaloxo de trinta minutos.

3.25. Limitación de capacidade para outros locais ou establecementos comerciais.

1. Con carácter xeral, calquera outro local ou establecemento comercial para o cal non se recollan expresamente unhas condicións de capacidade nesta orde, nin en protocolos ou normativa específica que lle sexa aplicable, non poderá superar o cincuenta por cento da capacidade autorizada ou establecida. En calquera caso, deberase respectar un máximo de sesenta persoas para lugares pechados e de cento cincuenta persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Non obstante, poderase ampliar o límite indicado ata un máximo de cen persoas para lugares pechados e trescentas persoas se se trata de actividades ao aire libre, logo da autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. Neste caso, a solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade por COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de



Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueles outros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

O disposto neste número 1 non será de aplicación nos establecementos comerciais de alimentación, bebidas, produtos e bens de primeira necesidade, establecementos farmacéuticos, servizos médicos ou sanitarios, ópticas, produtos ortopédicos, produtos hixiénicos, salóns de peiteado, prensa e papelería, combustible para a automoción, estancos, equipamentos tecnolóxicos e de telecomunicacións, alimentos para animais de compañía, comercio pola internet, telefónico ou correspondencia, tinturarias e lavandarias, sen prexuízo da necesidade de cumprir as obrigas xerais previstas na presente orde e as medidas xerais de hixiene e protección.

2. As actividades en grupos deberán realizarse cun máximo de dez persoas participantes, incluídos os monitores, guías ou encargados correspondentes, e deberán establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersonal durante o desenvolvemento da actividade excepto no caso de persoas conviventes.

3. En calquera caso, poderase suspender a actividade de calquera establecemento que, ao xuízo da autoridade competente, poida supor un risco de contaxio polas condicións en que se estea desenvolvendo.



I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 2 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Ourense.

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto do dito acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada mediante o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020. Mediante sucesivos acordos do Consello da Xunta, do 25 de xuño, do 17, do 24 e do 30 de xullo de 2020, introducíronse determinadas modificacións nas medidas de prevención previstas no Acordo do 12 de xuño de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de sanidade.

Así mesmo, indícase no dito punto sexto, na redacción vixente, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de acordo coa normativa aplicable e á vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou en parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación de medidas concretas contidas no anexo. Deste modo, mediante ordes da Consellería de Sanidade do 12, 15, 25 e 27 de agosto de 2020 introducíronse determinadas modificacións no anexo.



De acordo co informe sobre a situación epidemiolóxica no Concello de Ourense, elaborado pola Dirección Xeral de Saúde Pública o 2 de setembro de 2020, na comarca de Ourense a taxa acumulada a 3 días está a subir e a maioría dos casos son do concello de Ourense. Neste gromo existe unha circunstancia preocupante, que a media de idade das persoas máis afectadas é superior á do resto de Galicia. O gromo ten características dun gromo de alto risco, tendo en conta a taxa de incidencia, o número de cadeas de transmisión e a porcentaxe de probas PCR positivas. O informe considera que se deben tomar medidas concretas respecto ao concello de Ourense xa que nel se concentra a maioría dos casos, como restricións respecto ao tamaño dos grupos, establecendo un máximo de 10 persoas para grupos non conviventes, limitacións de capacidade en establecementos comerciais, hostalaría e restauración, limitacións para a celebración de eventos e restricións respecto a festas, verbenas ou actuacións.

Así, tras escoitar as recomendacións do subcomité clínico reunido para estes efectos, resulta necesaria, en consecuencia, a adopción, con urxencia, de medidas de prevención específicas no concello de Ourense para facer fronte aos abrochos e ás cadeas de transmisións existentes e garantir a súa contención, prevendo unhas medidas para o ámbito territorial indicado, conectadas cos factores de maior risco de transmisión.

En particular, considérase que as medidas tendentes a limitar os grupos de persoas para o desenvolvemento de calquera actividade ou evento de carácter familiar ou social na vía pública, espazos de uso público ou espazos privados e as limitacións para festas, verbenas e outros eventos populares e multitudinarios, deben adoptarse para todo o ámbito do concello de Ourense, tendo en conta a natureza destas actividades, os riscos asociados a elas e a idade da poboación a que está afectando de forma predominante o virus neste momento.

Adicionalmente, de acordo co principio de precaución, deben adoptarse medidas en relación con determinados establecementos de servizos sociais, tendo en conta as específicas exixencias de protección da poboación afectada dada a súa especial vulnerabilidade.

Estas medidas teñen o seu fundamento normativo na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 e 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.



En particular, cómpre salientar que a Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, prevé, no seu artigo primeiro, que co obxecto de protexer a saúde pública e previr a súa perda ou deterioración, as autoridades sanitarias das distintas administracións públicas poderán, dentro do ámbito das súas competencias, adoptar as medidas previstas na dita lei cando así o exixan razóns sanitarias de urxencia ou necesidade.

O artigo segundo habilita as autoridades sanitarias competentes para adoptaren medidas de recoñecemento, tratamento, hospitalización ou control cando se aprecien indicios racionais que permitan supoñer a existencia de perigo para a saúde da poboación debido á situación sanitaria concreta dunha persoa ou grupo de persoas ou polas condicións sanitarias en que se desenvolve unha actividade. E, para o caso concreto de enfermidades transmisibles, o artigo terceiro dispón que, co fin de controlalas, a autoridade sanitaria, ademais de realizar as accións preventivas xerais, poderá adoptar as medidas oportunas para o control dos enfermos, das persoas que estean ou teñan estado en contacto con estes e do contorno inmediato, así como as que se consideren necesarias en caso de risco de carácter transmisible. E o artigo 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, prevé que as autoridades sanitarias poderán levar a cabo intervencións públicas nos supostos de riscos para a saúde de terceiras persoas, nos mesmos termos previstos nos artigos 2 e 3 da Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, antes citados.

Non se recolle, pois, unha lista pechada de medidas de prevención, senón que poderán adoptarse, de acordo cos principios de precaución e de proporcionalidade que deben rexer as actuacións en materia de saúde, as necesarias para facer fronte ao concreto risco sanitario de que se trate.

En todo caso, e en atención a tales principios, estas medidas serán reavaliadas nun período non superior a sete días naturais desde a publicación desta orde en función da evolución da situación epidemiolóxica no concello.

Por outra banda, as medidas de prevención que se recollen nesta orde teñen un evidente fundamento sanitario, dados os riscos de transmisión dunha enfermidade contaxiosa como a que nos ocupa, e a vixilancia, inspección e control do seu cumprimento corresponden aos concellos, sen prexuízo das competencias da Consellería de Sanidade, tendo en conta a condición de autoridade sanitaria dos alcaldes e alcaldesas (artigo 33.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia), as competencias dos concellos do control sanitario de actividades e servizos que impacten na saúde da súa cidadanía, dos lugares de convivencia humana (artigo 80.3 da lei citada), así como da súa competencia para a ordenación e control do dominio público.



Polo tanto, os alcaldes e alcaldesas, como autoridade sanitaria, deben garantir nas referidas actividades, servizos e lugares de convivencia humana, os dereitos e deberes sanitarios da cidadanía (artigo 33.2 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia) e polo tanto, garantir a vixilancia, inspección e control do cumprimento das medidas preventivas aprobadas pola Administración autonómica e daquelas que, no seu desenvolvemento, e atendendo á situación concreta, poida establecer o concello.

Así mesmo, as forzas e corpos de seguridade teñen un papel fundamental no necesario control do cumprimento das medidas de prevención, papel que veñen desempeñando durante toda esta crise sanitaria, a través da formulación das correspondentes denuncias e remisión ás autoridades competentes, nos casos en que se detecte o seu incumprimento. Debe recordarse a este respecto que o Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, declarou a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e activou o Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19. Tendo en conta a existencia dunha declaración de emerxencia sanitaria, resulta esencial a colaboración das forzas e corpos de seguridade coa finalidade de preservar a seguridade e a convivencia cidadá.

Conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para a adopción das medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica existente no concello de Ourense, coa urxencia que a protección da saúde pública demanda.

Na súa virtude, en aplicación do punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. *Obxecto*

O obxecto desta orde é establecer determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Ourense.



Segundo. *Restricións ás agrupacións de persoas para a protección da saúde ante a existencia dun risco de carácter transmisible*

1. Á vista da evolución da situación epidemiolóxica e coa finalidade de controlar a transmisión da enfermidade, adóptase, en todo o ámbito territorial do concello de Ourense, de modo temporal, durante o período ao cal se estenda a eficacia das medidas previstas na presente orde de acordo co seu punto sexto, a medida de limitar os grupos para o desenvolvemento de calquera actividade ou evento de carácter familiar ou social na vía pública, espazos de uso público ou espazos privados, a un máximo de dez persoas, excepto no caso de persoas conviventes, en que non se aplicará esta limitación.

Tampouco serán aplicable esta limitación no caso de actividades laborais e administrativas, actividades en centros educativos, de formación e ocupacionais, sempre que se adopten as medidas previstas nos correspondentes protocolos de funcionamento.

2. O incumprimento da medida de prevención establecida neste punto poderá dar lugar á imposición das sancións e a outras responsabilidades previstas no ordenamento xurídico.

3. En particular, para os efectos da execución e control desta medida de prevención, no marco da situación de emerxencia sanitaria declarada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, solicitarase a colaboración das forzas e corpos de seguridade.

4. Para a execución da medida prevista neste punto buscarase sempre con preferencia a colaboración voluntaria das persoas destinatarias coas autoridades sanitarias. Non obstante, malia que esta medida non se individualiza en persoas determinadas dada a súa adopción con carácter xeral, tendo en conta que nos casos de ausencia de colaboración voluntaria a súa execución pode requirir a adopción de actos de imposición coactiva que poden supoñer restricións de dereitos fundamentais, e para coadxuvar na súa plena efectividade, solicitarase a súa ratificación xudicial, de acordo co previsto no número 6 do artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Terceiro. *Outras medidas aplicables no ámbito territorial recollido no punto primeiro*

1. No ámbito territorial do concello de Ourense, recoméndaselles ás persoas maiores de 75 anos, ás persoas vulnerables ao COVID-19 e a aquelas que presenten algún tipo



de enfermidade ou dificultade respiratoria que se poida ver agravada polo uso da máscara ou que presenten algunha alteración que faga inviable a súa utilización, que eviten na súa actividade diaria as saídas nas horas de previsible afluencia ou concentración de persoas na vía pública e en espazos ou establecementos abertos ao público, co fin de reducir os riscos derivados da coincidencia con outras persoas.

2. Acórdase, no ámbito territorial incluído no punto primeiro, o peche das actividades de festas, verbenas e outros eventos populares, así como das atraccións de feiras, durante o período a que se estenda a eficacia das medidas previstas na presente orde de acordo co seu punto sexto.

3. Así mesmo, serán de aplicación, no ámbito territorial do concello de Ourense, as medidas de prevención específicas recollidas no anexo.

4. En todo o non previsto nesta orde, e no que sexa compatible con ela, serán de aplicación, en todo o ámbito territorial previsto no punto primeiro, as medidas que, con carácter xeral, se establecen no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente.

Cuarto. *Medidas adicionais específicas respecto de determinados centros de servizos sociais*

De acordo co principio de precaución, tendo en conta as específicas exixencias de protección da poboación afectada dada a súa especial vulnerabilidade, aplicaranse as seguintes medidas:

a) Permanecerán pechados, mentres non se dite resolución da consellería competente en materia de política social que acorde a súa reapertura, os centros de atención diúrna para persoas maiores ou persoas con discapacidade e os centros ocupacionais, agás para a realización de terapias individuais en domicilios ou centros con cita previa, e as casas do maior.

b) De acordo cos protocolos existentes para estes efectos, suspéndense as visitas e as saídas dos residentes dos centros residenciais de persoas maiores e persoas con discapacidade. Esta suspensión poderá ser levantada pola consellería competente en materia de política social cando se dean as condicións precisas para isto.



Quinto. *Control do cumprimento das medidas e réxime sancionador*

1. A vixilancia, inspección e control do cumprimento das medidas de prevención que se recollen nesta orde, e a garantía dos dereitos e deberes sanitarios da cidadanía, corresponderán ao concello de Ourense dentro das súas competencias e sen prexuízo das competencias da Consellería de Sanidade, tendo en conta a condición de autoridade sanitaria dos alcaldes e alcaldesas de acordo co artigo 33.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, e as competencias dos concellos de control sanitario de actividades e servizos que impacten na saúde da súa cidadanía e dos lugares de convivencia humana, de acordo co artigo 80.3 do mesmo texto legal, así como da súa competencia para a ordenación e control do dominio público.

2. Así mesmo, os órganos de inspección da Administración autonómica, no ámbito das súas competencias, poderán realizar as actividades de inspección e control oportunas para a vixilancia e comprobación do cumprimento das medidas de prevención aplicables.

3. As forzas e corpos de seguridade darán traslado das denuncias que formulen polo incumprimento das medidas de prevención ás autoridades competentes.

Sexto. *Eficacia*

Esta orde terá efectos desde as 00.00 horas do 3 de setembro de 2020. Non obstante, as medidas recollidas nela serán obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da presente orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

Para estes efectos, poderán ser obxecto de mantemento, de modificación ou poderán deixarse sen efecto por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

No caso das celebracións e eventos en establecementos de restauración para os días 3 a 6 de setembro, que xa estivesen concertados con carácter previo ao día 2 de setembro, non serán aplicables as limitacións que se recollen nos anexos, ben que deberán ser comunicados polos titulares dos establecementos á Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade, para que se poidan adoptar as medidas ou efectuar as recomendacións pertinentes.

Santiago de Compostela, 2 de setembro de 2020

Jesús Vázquez Almuiña
Conselleiro de Sanidade



ANEXO**Medidas de prevención específicas****1. Obrigas xerais.****1.1. Obrigas de cautela e protección.**

Todos os cidadáns deberán adoptar as medidas necesarias para evitar a xeración de riscos de propagación da enfermidade COVID-19, así como a propia exposición aos ditos riscos. Este deber de cautela e protección será igualmente exigible aos titulares de calquera actividade.

Así mesmo, deberán respectarse as medidas de seguridade e hixiene establecidas polas autoridades sanitarias para a prevención do COVID-19.

1.2. Persoas con sintomatoloxía.

Calquera persoa que experimente algún dos síntomas máis comúns compatibles co COVID-19, tales como febre, calafríos, tose, sensación de falta de aire, diminución do olfacto e do gusto, dor de gorxa, dores musculares, dor de cabeza, debilidade xeral, diarrea ou vómitos deberá permanecer no seu domicilio e comunicalo ao seu servizo sanitario o antes posible.

Igualmente, se existen conviventes no domicilio, deberá evitar o contacto con eles e, se é posible, usar un cuarto de forma exclusiva ata recibir instrucións do seu servizo sanitario.

1.3. Distancia de seguridade interpersonal.

Deberá cumprirse a medida de mantemento da distancia de seguridade interpersonal establecida polo Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, de, polo menos, 1,5 metros ou, na súa falta, medidas alternativas de protección física con uso de máscara, de hixiene adecuada e etiqueta respiratoria.

1.4. Obrigatoriedade do uso de máscaras.

Será obrigatorio o uso da máscara nas condicións establecidas no número 1.3 do anexo do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de pre-



vención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na redacción dada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 17 de xullo de 2020.

Os titulares dos establecementos, espazos ou locais deberán garantir o cumprimento desta obriga neles.

1.5. Medidas específicas para casos e contactos estreitos.

As persoas que sexan consideradas caso sospeitoso ou probable de infección polo virus SARS-CoV-2, por teren infección respiratoria aguda grave con cadro clínico ou radiolóxico compatible co COVID-19, ou que estean pendentes dos resultados de probas diagnósticas por este motivo, as que sexan consideradas como caso confirmado con infección activa e as consideradas contacto estreito dun caso sospeitoso, probable ou confirmado, deberán seguir as condicións de illamento ou corentena que lles sexan indicadas desde os dispositivos asistenciais ou de saúde pública, sen poder abandonar o seu domicilio ou lugar de illamento ou corentena en ningún caso, salvo autorización expresa do servizo sanitario por causas debidamente xustificadas.

2. Medidas xerais de hixiene e prevención.

Sen prexuízo das normas ou protocolos específicos que se establezan, serán aplicables a todos os establecementos, locais de negocio, instalacións e espazos de uso público e actividades de carácter público, as medidas xerais de hixiene e prevención establecidas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na redacción vixente.

3. Limitacións de capacidade e medidas de prevención específicas por sectores.

3.1. Velorios e enterros.

1. Os velorios poderán realizarse en todo tipo de instalacións, públicas ou privadas, debidamente habilitadas, cun límite máximo, en cada momento, de vinte e cinco persoas en espazos ao aire libre ou de dez persoas en espazos pechados, sexan ou non conviventes.

2. A participación na comitiva para o enterramento ou despedida para cremación da persoa falecida restrínxese a un máximo de vinte e cinco persoas, entre familiares e ache-



gados, ademais, de ser o caso, do ministro de culto ou persoa asimilada da confesión respectiva para a práctica dos ritos funerarios de despedida do defunto.

3.2. Lugares de culto.

1. A asistencia a lugares de culto non poderá superar o cincuenta por cento da súa capacidade. A capacidade máxima deberá publicarse en lugar visible do espazo destinado ao culto.

2. Non se poderá utilizar o exterior dos edificios nin a vía pública para a celebración de actos de culto.

3.3. Cerimonias nupciais e outras celebracións relixiosas ou civís.

1. No caso de que estas cerimonias ou celebracións se leven a cabo en lugares de culto, deberán aplicarse as regras de capacidade e as medidas de hixiene e prevención na celebración de actos de culto relixioso recollidas especificamente nesta orde e, no que sexa compatible co disposto nela, no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na redacción vixente. Deberanse evitar, en calquera caso, as aglomeracións á entrada e saída dos lugares de culto.

2. As celebracións que poidan ter lugar tras a cerimonia en establecementos de hostalaría e restauración axustaranse ás condicións e á capacidade previstas para a prestación do servizo nestes establecementos.

3. En calquera caso, deberase respectar un máximo de cen persoas en espazos ao aire libre ou de cincuenta persoas en espazos pechados.

3.4. Establecementos e locais comerciais retallistas e de actividades de servizos profesionais abertos ao público que non formen parte de centros ou parques comerciais.

1. Os establecementos e locais comerciais retallistas e de actividades de servizos profesionais abertos ao público que non formen parte de centros ou parques comerciais non poderán superar o cincuenta por cento da súa capacidade total. No caso de establecementos ou locais distribuídos en varios andares, a presenza de clientes en cada un deles deberá gardar esta mesma proporción.



Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersoal nos locais e establecementos ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso da máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersoal indicada, nos termos previstos no número 1.4 deste anexo.

2. Deberán prestar un servizo de atención preferente a maiores de 75 anos, o cal deberá concretarse en medidas como control de accesos ou caixas de pagamento específicos, e/ ou en horarios determinados que aseguren a dita preferencia na atención. A existencia do servizo de atención preferente deberá sinalarse de forma visible nos ditos establecementos e locais.

3.5. Establecementos que teñan a condición de centros e parques comerciais ou que formen parte deles.

1. Os establecementos e locais comerciais retallistas e de actividades de servizos profesionais abertos ao público situados en centros e parques comerciais non poderán superar o cincuenta por cento da súa capacidade total. No caso de establecementos ou locais distribuídos en varios andares, a presenza de clientes en cada un deles deberá gardar esta mesma proporción.

2. Non se permitirá a permanencia de clientes nas zonas comúns excepto para o tránsito entre os establecementos, salvo na actividade de hostalaría e restauración que se leve a cabo nas ditas zonas, a cal se deberá axustar ao previsto especificamente para estas actividades. Queda prohibida a utilización de zonas recreativas como poden ser zonas infantís, ludotecas ou áreas de descanso, que deben permanecer pechadas.

3. Deberanse establecer as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersoal no interior dos locais e establecementos e nas zonas comúns ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso de máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersoal indicada, nos termos previstos no número 1.4 deste anexo. Ademais, deberán evitarse as aglomeracións de persoas que comprometan o cumprimento destas medidas.

4. Deberán prestar un servizo de atención preferente a maiores de 75 anos, o cal deberá concretarse en medidas como control de accesos ou caixas de pagamento específicos, e/ ou en horarios determinados que aseguren a dita preferencia na atención. A existencia do servizo de atención preferente deberá sinalarse de forma visible nos ditos establecementos e locais.



3.6. Mercados que desenvolven a súa actividade na vía pública.

1. No caso dos mercados que desenvolven a súa actividade na vía pública ao aire libre ou de venda non sedentaria, coñecidos como feiras, non poderán superar o cincuenta por cento dos postos habituais ou autorizados, limitando a afluencia de clientes de maneira que se asegure o mantemento da distancia de seguridade interpersoal.

Os concellos poderán aumentar a superficie habilitada ou habilitar novos días para o exercicio desta actividade para compensar esta limitación.

Á hora de determinar os comerciantes que poden exercer a súa actividade, o concello poderá priorizar aqueles que comercializan produtos alimenticios e de primeira necesidade, asegurando que non sexan manipulados os produtos comercializados neles por parte dos consumidores.

3.7. Actividades en academias, autoescolas e centros privados de ensino non regrado e centros de formación e actividade formativa xestionada ou financiada pola Administración autonómica en centros e entidades de formación.

A actividade que se realice nestes centros poderá impartirse dun modo presencial sempre que non se supere unha capacidade do cincuenta por cento respecto do máximo permitido e cun máximo de dez persoas por grupo.

3.8. Establecementos de hostalaría e restauración.

1. Os establecementos de hostalaría e restauración non poderán superar o cincuenta por cento da súa capacidade para consumo no interior do local.

2. O consumo dentro do local poderá realizarse unicamente sentado na mesa, ou agrupacións de mesas, e deberase asegurar o mantemento da debida distancia de seguridade interpersoal entre clientes. Non está permitido o consumo na barra.

3. As terrazas ao aire libre dos establecementos de hostalaría e restauración limitarán a súa capacidade ao cincuenta por cento das mesas permitidas no ano inmediatamente anterior con base na correspondente licenza municipal ou do que sexa autorizado para este ano, no caso de que a licenza sexa concedida por primeira vez.



Consideraranse terrazas ao aire libre todo espazo non cuberto ou todo espazo que, estando cuberto, estea rodeado lateralmente por un máximo de dúas paredes, muros ou paramentos.

No caso de que o establecemento de hostalaría e restauración obtivese o permiso do concello para incrementar a superficie destinada a terraza ao aire libre, poderase incrementar o número de mesas previsto no primeiro parágrafo deste número 3, respectando, en todo caso, unha proporción do cincuenta por cento entre mesas e superficie dispoñible e sempre que se manteña o espazo necesario para a circulación peonil no tramo da vía pública en que se sitúe a terraza.

4. En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia de seguridade interpersoal entre as mesas ou, de ser o caso, agrupacións de mesas. A ocupación máxima será de dez persoas por mesa ou agrupación de mesas. A mesa ou agrupación de mesas que se utilice para este fin deberá ser acorde co número de persoas e permitir que se respecte a distancia mínima de seguridade interpersoal entre elas.

5. Os establecementos de hostalaría e restauración deberán pechar non máis tarde da unha da madrugada sen que se poida permitir o acceso de ningún cliente desde as 00.00 horas.

3.9. Condicións para ocupación de zonas comúns de hoteis e aloxamentos turísticos.

1. A ocupación das zonas comúns dos hoteis e aloxamentos turísticos non poderá superar o cincuenta por cento da súa capacidade.

Para iso, cada establecemento deberá determinar a capacidade dos distintos espazos comúns, así como aqueles lugares en que se poderán realizar eventos e as condicións máis seguras para a súa realización conforme a capacidade máxima prevista e de acordo coas medidas de hixiene, protección e distancia mínima establecidas.

2. As actividades de animación ou clases grupais deberán deseñarse e planificarse cunha capacidade máxima de dez persoas, incluídos os monitores, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade excepto no caso de persoas conviventes.

3.10. Albergues turísticos.

Na modalidade de aloxamento turístico de albergue permitirase unha capacidade máxima do cincuenta por cento da máxima permitida.



3.11. Bibliotecas, arquivos, museos e salas de exposicións, monumentos e outros equipamentos culturais.

1. Nas bibliotecas, arquivos, museos e salas de exposicións, monumentos e outros equipamentos culturais, tanto de titularidade pública como privada, poderán realizarse actividades presenciais sen superar o cincuenta por cento da capacidade máxima permitida.

2. Este límite de ocupación será aplicable tamén á realización de actividades culturais nestes espazos e cun máximo de ata dez persoas nas actividades de grupos, incluído o monitor ou guía, e deberán establecerse as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersonal durante o desenvolvemento da actividade excepto no caso de persoas conviventes.

3.12. Actividade en cines, teatros, auditorios, circos de todo e espazos similares, así como en recintos ao aire libre e noutros locais e establecementos destinados a espectáculos públicos e actividades recreativas.

1. Os cines, teatros, auditorios, circos de todo e espazos similares poderán desenvolver a súa actividade, contando con butacas preasignadas, sempre que non superen o cincuenta por cento da capacidade permitida en cada sala.

2. No caso doutros recintos, locais e establecementos destinados a espectáculos públicos e actividades recreativas distintos dos previstos no parágrafo anterior, poderán desenvolver a súa actividade sempre que o público permaneza sentado e que non se supere o cincuenta por cento da capacidade permitida.

3. En calquera caso, será de aplicación un límite máximo de sesenta persoas para lugares pechados e de cento cincuenta persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Non obstante, poderase ampliar o límite indicado ata un máximo de cen persoas para lugares pechados e trescentas persoas se se trata de actividades ao aire libre, logo da autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. Neste caso, a solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade polo COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Inno-



vación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueles outros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

3.13. Centros de lecer infantil.

Os centros de lecer infantil poderán levar a cabo súa actividade cumprindo o Protocolo en materia de lecer infantil para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, aprobado pola Orde da Consellería de Sanidade do 30 de xuño de 2020, e cunha capacidade máxima do cincuenta por cento do seu total.

3.14. Actividades e instalacións deportivas.

1. A práctica da actividade física e deportiva non federada, ao aire libre, poderá realizarse de forma individual ou colectiva, sen contacto físico, e ata un máximo de dez persoas de forma simultánea.

Nas instalacións e centros deportivos poderase realizar actividade deportiva en grupos de ata dez persoas, sen contacto físico, e sempre que non se supere o cincuenta por cento da capacidade máxima permitida, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade. Así mesmo, no caso da práctica de actividade física e deportiva de forma individual ou en grupo en ximnasios ou espazos pechados, será obrigatorio o uso da máscara, aínda que se poida garantir o mantemento da distancia de seguridade interpersoal.

A práctica da actividade deportiva federada de competencia autonómica poderá realizarse de forma individual ou colectiva, sen contacto físico, e cun máximo de dez persoas simultaneamente no caso dos adestramentos. Non se aplicará este límite nas competicións onde as regras federativas garantan espazos diferenciados para cada equipo. No caso de realizarse en instalacións deportivas, a práctica axustarase ademais aos termos establecidos no parágrafo anterior.

3.15. Celebración de eventos deportivos, de adestramentos e de competicións deportivas con público.

A celebración de eventos deportivos, adestramentos, competicións deportivas que se celebren en instalacións deportivas ou na vía pública poderán desenvolverse con público sempre que este permaneza sentado, que non se supere o cincuenta por cento da capacidade permitida da instalación ou do espazo de que se trate e cun límite de sesenta persoas



para lugares pechados e de cento cincuenta persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Non obstante, poderase ampliar o límite indicado ata un máximo de cen persoas para lugares pechados e trescentas persoas se se trata de actividades ao aire libre, logo da autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. Neste caso, a solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade polo COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueles outros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

3.16. Piscinas.

1. As piscinas ao aire libre ou cubertas, para uso deportivo ou recreativo, deberán respectar o límite do cincuenta por cento da súa capacidade, tanto no relativo ao acceso como durante a propia práctica deportiva ou recreativa e sen que poidan exceder o límite de cen persoas de ocupación. Quedan exentas destas limitacións as piscinas unifamiliares de uso privado.

2. Nas zonas de estancia das piscinas establecerase unha distribución espacial para manter distancia de seguridade interpersoal entre os usuarios e cun máximo de dez persoas por grupo, excepto no caso de persoas conviventes, en que non se aplicará esta limitación.

3. Exceptúase o uso da máscara nas piscinas durante o baño e mentres se permaneza nun espazo determinado, sen desprazarse, e sempre que se poida garantir o respecto da distancia de seguridade interpersoal entre todas as persoas usuarias non conviventes. En calquera caso, será obrigatorio o uso de máscara para os accesos, desprazamentos e paseos nas piscinas.

3.17. Especificidades para determinadas actividades turísticas.

Poderán realizarse actividades de turismo, organizadas por empresas habilitadas para iso, e a actividade de guía turístico, para grupos de ata un máximo de dez persoas, e debe-



rán establecerse as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade excepto no caso de persoas conviventes.

3.18. Centros de información, casetas e puntos de información.

Nos centros de información, casetas e puntos de información e espazos similares non se poderá exceder o cincuenta por cento da súa capacidade e deberá respectarse o máximo de dez persoas nas actividades de grupos, incluído o monitor ou guía. Ademais, deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade excepto no caso de persoas conviventes.

3.19. Realización de actividades de tempo libre dirixidas á poboación infantil e xuvenil.

1. Poderanse realizar actividades de tempo libre destinadas á poboación infantil e xuvenil, cando estas se leven a cabo ao aire libre, sempre que se limite o número de participantes ao cincuenta por cento da súa asistencia máxima habitual, cun máximo de cen participantes, incluídos os monitores. Cando estas actividades se realicen en espazos pechados, non se deberá superar o cincuenta por cento da capacidade máxima do recinto, cun máximo de cincuenta participantes, incluídos os monitores.

2. As actividades deberán realizarse en grupos de ata dez persoas participantes, incluídos os monitores correspondentes, que deberán traballar sen contacto entre os demais grupos.

3.20. Uso de espazos públicos.

1. Os centros cívicos e sociais poderán realizar a súa actividade sempre que se limite a súa capacidade total ao cincuenta por cento e que se extremen as medidas de protección nas actividades socioculturais de tipo grupal que se realizan neles cun máximo de dez persoas, incluído o monitor ou guía para as actividades grupais.

2. Deberán adoptarse as medidas que coadruven no control das agrupacións de persoas en lugares públicos, e das actividades prohibidas relacionadas co consumo de bebidas alcohólicas en parques e outros lugares de tránsito público, polos riscos que presenta para a saúde pública, relacionados coa aglomeración incontrolada de persoas e coa ausencia ou relaxación de medidas de seguridade e de distanciamento persoal. Recoméndase o peche dos parques públicos e espazos similares a partir das 00.00 horas ata as 6.00 horas.



3.21. Centros recreativos turísticos ou similares.

1. Os centros recreativos turísticos ou similares poderán realizar a súa actividade sempre que se limite a súa capacidade total ao cincuenta por cento.

2. As visitas de grupos serán dun máximo de dez persoas, incluído o monitor ou guía, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersonal durante o desenvolvemento da actividade excepto no caso de persoas conviventes.

3.22. Parques e zonas deportivas de uso público ao aire libre.

Sen prexuízo do establecido no número 3.20.2, os parques infantís, parques biosaudables, zonas deportivas, pistas *skate* ou espazos de uso público ao aire libre similares poderán estar abertos ao público sempre que neles se respecte unha capacidade máxima estimada dunha persoa por cada catro metros cadrados de espazo computable de superficie do recinto.

3.23. Celebración de congresos, encontros, reunións de negocio, conferencias, eventos e actos similares.

1. Poderanse celebrar congresos, encontros, reunións de negocio, conferencias e eventos e actos similares promovidos por calquera entidade, de natureza pública ou privada, sempre que non se supere o cincuenta por cento da capacidade permitida do lugar de celebración e cun límite máximo de sesenta persoas para lugares pechados e de cento cincuenta persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Non obstante, poderase ampliar o límite indicado ata un máximo de cen persoas para lugares pechados e trescentas persoas se se trata de actividades ao aire libre, logo da autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. Neste caso, a solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade por COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueles outros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.



O recollido neste número será tamén de aplicación para reunións profesionais, xuntas de comunidades de propietarios e eventos similares.

3.24. Establecementos e locais de xogo e apostas.

1. Os establecementos de xogos colectivos de diñeiro e de azar, salóns de xogo, salas de bingo, salóns recreativos, rifas e tómbolas, locais específicos de apostas e outros locais e instalacións asimilables aos de actividade recreativa de xogos e apostas, conforme estabilidade a normativa sectorial en materia de xogo, poderán realizar a súa actividade sempre que non se supere o cincuenta por cento da capacidade permitida.

2. En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia de seguridade interpersoal entre as mesas ou, de ser o caso, agrupacións de mesas. A ocupación máxima será de dez persoas por mesa ou agrupación de mesas. En calquera caso, deberase respectar un máximo de cen persoas en espazos ao aire libre ou de cincuenta persoas en espazos pechados.

3. Os establecementos e locais deberán pechar non máis tarde das 00.30 horas, sen que se poida permitir o acceso de ningún cliente nin expedir consumición ningunha desde esa hora, e cun período máximo de desaloxo de trinta minutos.

3.25. Limitación de capacidade para outros locais ou establecementos comerciais.

1. Con carácter xeral, calquera outro local ou establecemento comercial para o cal non se recollan expresamente unhas condicións de capacidade nesta orde, nin en protocolos ou normativa específica que lle sexa aplicable, non poderá superar o cincuenta por cento da capacidade autorizada ou establecida. En calquera caso, deberase respectar un máximo de sesenta persoas para lugares pechados e de cento cincuenta persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Non obstante, poderase ampliar o límite indicado ata un máximo de cen persoas para lugares pechados e trescentas persoas se se trata de actividades ao aire libre, logo da autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. Neste caso, a solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade por COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de



Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueles outros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

O disposto neste número 1 non será de aplicación nos establecementos comerciais de alimentación, bebidas, produtos e bens de primeira necesidade, establecementos farmacéuticos, servizos médicos ou sanitarios, ópticas, produtos ortopédicos, produtos hixiénicos, salóns de peiteado, prensa e papelería, combustible para a automoción, estancos, equipamentos tecnolóxicos e de telecomunicacións, alimentos para animais de compañía, comercio pola internet, telefónico ou correspondencia, tinturarias e lavandarias, sen prexuízo da necesidade de cumprir as obrigas xerais previstas na presente orde e as medidas xerais de hixiene e protección.

2. As actividades en grupos deberán realizarse cun máximo de dez persoas participantes, incluídos os monitores, guías ou encargados correspondentes, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade excepto no caso de persoas conviventes.

3. En calquera caso, poderase suspender a actividade de calquera establecemento que, ao xuízo da autoridade competente, poida supor un risco de contaxio polas condicións en que se estea desenvolvendo.



I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 2 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Santiago de Compostela.

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto do dito acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada mediante o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020. Mediante sucesivos acordos do Consello da Xunta de Galicia, do 25 de xuño, do 17, do 24 e do 30 de xullo de 2020, introducíronse determinadas modificacións nas medidas de prevención previstas no Acordo do 12 de xuño de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta, do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade.

Así mesmo, indícase no dito punto sexto, na redacción vixente, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de acordo coa normativa aplicable e á vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou en parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación de medidas concretas contidas no anexo. Deste modo, mediante ordes da Consellería de Sanidade do 12, 15, 25 e 27 de agosto de 2020 introducíronse determinadas modificacións no anexo.



De acordo co informe sobre a situación epidemiolóxica na comarca de Santiago, elaborado pola Dirección Xeral de Saúde Pública o 2 de setembro de 2020, a taxa de incidencia nesta comarca está a medrar, fundamentalmente á custa do aumento de casos no concello de Santiago de Compostela. O grupo de idade que presenta a taxa de positividade máis elevada é o de 20 a 24 anos. O número reprodutivo instantáneo indica que o gromo non está controlado. Os indicadores que definen este gromo sitúano como potencialmente de alto risco, con múltiples cadeas de transmisión e unha alta porcentaxe de probas PCR positivas entre os contactos estreitos dos casos detectados. Adicionalmente, nos últimos días xerouse un gromo vinculado a un complexo deportivo, con varios casos positivos, tanto entre os traballadores como entre os clientes deste centro. A circunstancia de que acoden persoas diseminadas por toda a cidade fai que o gromo teña moita capacidade para expandir a transmisión do virus. O informe considera que se deben tomar medidas no concello, como restricións con respecto ao tamaño dos grupos, establecendo un máximo de 10 persoas para grupos non conviventes, limitacións de capacidade en establecementos comerciais, hostalaría e restauración, limitacións para a celebración de eventos e restricións respecto a festas, verbenas ou actuacións.

Así, tras escoitar as recomendacións do comité clínico reunido para estes efectos, resulta necesaria, en consecuencia, a adopción, con urxencia, de medidas de prevención específicas no concello de Santiago de Compostela para facer fronte aos abrochos e ás cadeas de transmisións existentes e garantir a súa contención, prevendo unhas medidas para o ámbito territorial indicado, conectadas cos factores de maior risco de transmisión.

En particular, considérase que as medidas tendentes a limitar os grupos de persoas para o desenvolvemento de calquera actividade ou evento de carácter familiar ou social na vía pública, espazos de uso público ou espazos privados e as limitacións para festas, verbenas e outros eventos populares e multitudinarios, deben adoptarse para todo o ámbito do concello de Santiago de Compostela, tendo en conta a natureza destas actividades, os riscos asociados a elas e a idade da poboación a que está afectando de forma predominante o virus neste momento.

Adicionalmente, de acordo co principio de precaución, deben adoptarse medidas en relación con determinados establecementos de servizos sociais, tendo en conta as específicas exixencias de protección da poboación afectada dada a súa especial vulnerabilidade.

Estas medidas teñen o seu fundamento normativo na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 e 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.



En particular, cómpre salientar que a Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, prevé, no seu artigo primeiro, que co obxecto de protexer a saúde pública e previr a súa perda ou deterioración, as autoridades sanitarias das distintas administracións públicas poderán, dentro do ámbito das súas competencias, adoptar as medidas previstas na dita lei cando así o exixan razóns sanitarias de urxencia ou necesidade.

O artigo segundo habilita as autoridades sanitarias competentes para adoptaren medidas de recoñecemento, tratamento, hospitalización ou control cando se aprecien indicios racionais que permitan supoñer a existencia de perigo para a saúde da poboación debido á situación sanitaria concreta dunha persoa ou grupo de persoas ou polas condicións sanitarias en que se desenvolve unha actividade. E, para o caso concreto de enfermidades transmisibles, o artigo terceiro dispón que, co fin de controlalas, a autoridade sanitaria, ademais de realizar as accións preventivas xerais, poderá adoptar as medidas oportunas para o control dos enfermos, das persoas que estean ou teñan estado en contacto con estes e do contorno inmediato, así como as que se consideren necesarias en caso de risco de carácter transmisible. E o artigo 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, prevé que as autoridades sanitarias poderán levar a cabo intervencións públicas nos supostos de riscos para a saúde de terceiras persoas, nos mesmos termos previstos nos artigos 2 e 3 da Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, antes citados.

Non se recolle, pois, unha lista pechada de medidas de prevención, senón que poderán adoptarse, de acordo cos principios de precaución e de proporcionalidade que deben rexer as actuacións en materia de saúde, as necesarias para facer fronte ao concreto risco sanitario de que se trate.

En todo caso, e en atención a tales principios, estas medidas serán reavaliadas nun período non superior a sete días naturais desde a publicación desta orde en función da evolución da situación epidemiolóxica no concello.

Por outra banda, as medidas de prevención que se recollen nesta orde teñen un evidente fundamento sanitario, dados os riscos de transmisión dunha enfermidade contaxiosa como a que nos ocupa, e a vixilancia, inspección e control do seu cumprimento corresponden aos concellos, sen prexuízo das competencias da Consellería de Sanidade, tendo en conta a condición de autoridade sanitaria dos alcaldes e alcaldesas (artigo 33.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia), as competencias dos concellos do control sanitario de actividades e servizos que impacten na saúde da súa cidadanía, dos lugares de convivencia humana (artigo 80.3 da lei citada), así como da súa competencia para a ordenación e control do dominio público.



Polo tanto, os alcaldes e alcaldesas, como autoridade sanitaria, deben garantir nas referidas actividades, servizos e lugares de convivencia humana, os dereitos e deberes sanitarios da cidadanía (artigo 33.2 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia) e polo tanto, garantir a vixilancia, inspección e control do cumprimento das medidas preventivas aprobadas pola Administración autonómica e daquelas que, no seu desenvolvemento, e atendendo á situación concreta, poida establecer o concello.

Así mesmo, as forzas e corpos de seguridade teñen un papel fundamental no necesario control do cumprimento das medidas de prevención, papel que veñen desempeñando durante toda esta crise sanitaria, a través da formulación das correspondentes denuncias e remisión ás autoridades competentes, nos casos en que se detecte o seu incumprimento. Debe recordarse a este respecto que o Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, declarou a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e activou o Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19. Tendo en conta a existencia dunha declaración de emerxencia sanitaria, resulta esencial a colaboración das forzas e corpos de seguridade coa finalidade de preservar a seguridade e a convivencia cidadá.

Conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para a adopción das medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica existente no concello de Santiago de Compostela, coa urxencia que a protección da saúde pública demanda.

Na súa virtude, en aplicación do punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. *Obxecto*

O obxecto desta orde é establecer determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Santiago de Compostela.



Segundo. *Restricións ás agrupacións de persoas para a protección da saúde ante a existencia dun risco de carácter transmisible*

1. Á vista da evolución da situación epidemiolóxica e coa finalidade de controlar a transmisión da enfermidade, adóptase, en todo o ámbito territorial do concello de Santiago de Compostela, de modo temporal, durante o período ao cal se estenda a eficacia das medidas previstas na presente orde de acordo co seu punto sexto, a medida de limitar os grupos para o desenvolvemento de calquera actividade ou evento de carácter familiar ou social na vía pública, espazos de uso público ou espazos privados, a un máximo de dez persoas, excepto no caso de persoas conviventes, en que non se aplicará esta limitación.

Tampouco serán aplicable esta limitación no caso de actividades laborais, administrativas e parlamentarias, actividades en centros educativos, de formación e ocupacionais, sempre que se adopten as medidas previstas nos correspondentes protocolos de funcionamento.

2. O incumprimento da medida de prevención establecida neste punto poderá dar lugar á imposición das sancións e a outras responsabilidades previstas no ordenamento xurídico.

3. En particular, para os efectos da execución e control desta medida de prevención, no marco da situación de emerxencia sanitaria declarada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, solicitarase a colaboración das forzas e corpos de seguridade.

4. Para a execución da medida prevista neste punto buscarase sempre con preferencia a colaboración voluntaria das persoas destinatarias coas autoridades sanitarias. Non obstante, malia que esta medida non se individualiza en persoas determinadas dada a súa adopción con carácter xeral, tendo en conta que nos casos de ausencia de colaboración voluntaria a súa execución pode requirir a adopción de actos de imposición coactiva que poden supoñer restricións de dereitos fundamentais, e para coadruar na súa plena efectividade, solicitarase a súa ratificación xudicial, de acordo co previsto no número 6 do artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Terceiro. *Outras medidas aplicables no ámbito territorial recollido no punto primeiro*

1. No ámbito territorial do concello de Santiago de Compostela, recoméndaselles ás persoas maiores de 75 anos, ás persoas vulnerables ao COVID-19 e a aquelas que presenten



algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria que se poida ver agravada polo uso da máscara ou que presenten algunha alteración que faga inviable a súa utilización, que eviten na súa actividade diaria as saídas nas horas de previsible afluencia ou concentración de persoas na vía pública e en espazos ou establecementos abertos ao público, co fin de reducir os riscos derivados da coincidencia con outras persoas.

2. Acórdase, no ámbito territorial incluído no punto primeiro, o peche das actividades de festas, verbenas e outros eventos populares, así como das atraccións de feiras, durante o período a que se estenda a eficacia das medidas previstas na presente orde de acordo co seu punto sexto.

3. Así mesmo, serán de aplicación, no ámbito territorial do concello de Santiago de Compostela, as medidas de prevención específicas recollidas no anexo.

4. En todo o non previsto nesta orde, e no que sexa compatible con ela, serán de aplicación, en todo o ámbito territorial previsto no punto primeiro, as medidas que, con carácter xeral, se establecen no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente.

Cuarto. *Medidas adicionais específicas respecto de determinados centros de servizos sociais*

De acordo co principio de precaución, tendo en conta as específicas exixencias de protección da poboación afectada dada a súa especial vulnerabilidade, aplicaranse as seguintes medidas:

a) Permanecerán pechados, mentres non se dite resolución da consellería competente en materia de política social que acorde a súa reapertura, os centros de atención diurna para persoas maiores ou persoas con discapacidade e os centros ocupacionais, agás para a realización de terapias individuais en domicilios ou centros con cita previa, e as casas do maior.

b) De acordo cos protocolos existentes para estes efectos, suspéndense as visitas e as saídas dos residentes dos centros residenciais de persoas maiores e persoas con discapacidade. Esta suspensión poderá ser levantada pola consellería competente en materia de política social cando se dean as condicións precisas para isto.



Quinto. *Control do cumprimento das medidas e réxime sancionador*

1. A vixilancia, inspección e control do cumprimento das medidas de prevención que se recollen nesta orde, e a garantía dos dereitos e deberes sanitarios da cidadanía, corresponderán ao concello de Santiago de Compostela dentro das súas competencias e sen prexuízo das competencias da Consellería de Sanidade, tendo en conta a condición de autoridade sanitaria dos alcaldes e alcaldesas de acordo co artigo 33.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, e as competencias dos concellos de control sanitario de actividades e servizos que impacten na saúde da súa cidadanía e dos lugares de convivencia humana, de acordo co artigo 80.3 do mesmo texto legal, así como da súa competencia para a ordenación e control do dominio público.

2. Así mesmo, os órganos de inspección da Administración autonómica, no ámbito das súas competencias, poderán realizar as actividades de inspección e control oportunas para a vixilancia e comprobación do cumprimento das medidas de prevención aplicables.

3. As forzas e corpos de seguridade darán traslado das denuncias que formulen polo incumprimento das medidas de prevención ás autoridades competentes.

Sexto. *Eficacia*

Esta orde terá efectos desde as 00.00 horas do 3 de setembro de 2020. Non obstante, as medidas recollidas nela serán obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da presente orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

Para estes efectos, poderán ser obxecto de mantemento, de modificación ou poderán deixarse sen efecto por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

No caso das celebracións e eventos en establecementos de restauración para os días 3 a 6 de setembro, que xa estivesen concertados con carácter previo ao día 2 de setembro, non serán aplicables as limitacións que se recollen nos anexos, ben que deberán ser comunicados polos titulares dos establecementos á Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade, para que se poidan adoptar as medidas ou efectuar as recomendacións pertinentes.

Santiago de Compostela, 2 de setembro de 2020

Jesús Vázquez Almuíña
Conselleiro de Sanidade



ANEXO**Medidas de prevención específicas****1. Obrigas xerais.****1.1. Obrigas de cautela e protección.**

Todos os cidadáns deberán adoptar as medidas necesarias para evitar a xeración de riscos de propagación da enfermidade COVID-19, así como a propia exposición aos ditos riscos. Este deber de cautela e protección será igualmente exigible aos titulares de calquera actividade.

Así mesmo, deberán respectarse as medidas de seguridade e hixiene establecidas polas autoridades sanitarias para a prevención do COVID-19.

1.2. Persoas con sintomatoloxía.

Calquera persoa que experimente algún dos síntomas máis comúns compatibles co COVID-19, tales como febre, calafríos, tose, sensación de falta de aire, diminución do olfacto e do gusto, dor de gorxa, dores musculares, dor de cabeza, debilidade xeral, diarrea ou vómitos deberá permanecer no seu domicilio e comunicalo ao seu servizo sanitario o antes posible.

Igualmente, se existen conviventes no domicilio, deberá evitar o contacto con eles e, se é posible, usar un cuarto de forma exclusiva ata recibir instrucións do seu servizo sanitario.

1.3. Distancia de seguridade interpersonal.

Deberá cumprirse a medida de mantemento da distancia de seguridade interpersonal establecida polo Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, de, polo menos, 1,5 metros ou, na súa falta, medidas alternativas de protección física con uso de máscara, de hixiene adecuada e etiqueta respiratoria.

1.4. Obrigatoriedade do uso de máscaras.

Será obrigatorio o uso da máscara nas condicións establecidas no número 1.3 do anexo do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez



superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na redacción dada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 17 de xullo de 2020.

Os titulares dos establecementos, espazos ou locais deberán garantir o cumprimento desta obriga neles.

1.5. Medidas específicas para casos e contactos estreitos.

As persoas que sexan consideradas caso sospeitoso ou probable de infección polo virus SARS-CoV-2, por teren infección respiratoria aguda grave con cadro clínico ou radiolóxico compatible co COVID-19, ou que estean pendentes dos resultados de probas diagnósticas por este motivo, as que sexan consideradas como caso confirmado con infección activa e as consideradas contacto estreito dun caso sospeitoso, probable ou confirmado, deberán seguir as condicións de illamento ou corentena que lles sexan indicadas desde os dispositivos asistenciais ou de saúde pública, sen poder abandonar o seu domicilio ou lugar de illamento ou corentena en ningún caso, salvo autorización expresa do servizo sanitario por causas debidamente xustificadas.

2. Medidas xerais de hixiene e prevención.

Sen prexuízo das normas ou protocolos específicos que se establezan, serán aplicables a todos os establecementos, locais de negocio, instalacións e espazos de uso público e actividades de carácter público, as medidas xerais de hixiene e prevención establecidas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na redacción vixente.

3. Limitacións de capacidade e medidas de prevención específicas por sectores

3.1. Velorios e enterros.

1. Os velorios poderán realizarse en todo tipo de instalacións, públicas ou privadas, debidamente habilitadas, cun límite máximo, en cada momento, de vinte e cinco persoas en espazos ao aire libre ou de dez persoas en espazos pechados, sexan ou non conviventes.

2. A participación na comitiva para o enterramento ou despedida para cremación da persoa falecida restrínxese a un máximo de vinte e cinco persoas, entre familiares e ache-



gados, ademais, de ser o caso, do ministro de culto ou persoa asimilada da confesión respectiva para a práctica dos ritos funerarios de despedida do defunto.

3.2. Lugares de culto.

1. A asistencia a lugares de culto non poderá superar o cincuenta por cento da súa capacidade. A capacidade máxima deberá publicarse en lugar visible do espazo destinado ao culto.

2. Non se poderá utilizar o exterior dos edificios nin a vía pública para a celebración de actos de culto.

3.3. Cerimonias nupciais e outras celebracións relixiosas ou civís.

1. No caso de que estas cerimonias ou celebracións se leven a cabo en lugares de culto, deberán aplicarse as regras de capacidade e as medidas de hixiene e prevención na celebración de actos de culto relixioso recollidas especificamente nesta orde e, no que sexa compatible co disposto nela, no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na redacción vixente. Deberanse evitar, en calquera caso, as aglomeracións á entrada e saída dos lugares de culto.

2. As celebracións que poidan ter lugar tras a cerimonia en establecementos de hostalaría e restauración axustaranse ás condicións e á capacidade previstas para a prestación do servizo nestes establecementos.

3. En calquera caso, deberase respectar un máximo de cen persoas en espazos ao aire libre ou de cincuenta persoas en espazos pechados.

3.4. Establecementos e locais comerciais retallistas e de actividades de servizos profesionais abertos ao público que non formen parte de centros ou parques comerciais.

1. Os establecementos e locais comerciais retallistas e de actividades de servizos profesionais abertos ao público que non formen parte de centros ou parques comerciais non poderán superar o cincuenta por cento da súa capacidade total. No caso de establecementos ou locais distribuídos en varios andares, a presenza de clientes en cada un deles deberá gardar esta mesma proporción.



Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersonal nos locais e establecementos ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso da máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersonal indicada, nos termos previstos no número 1.4 deste anexo.

2. Deberán prestar un servizo de atención preferente a maiores de 75 anos, o cal deberá concretarse en medidas como control de accesos ou caixas de pagamento específicos, e/ ou en horarios determinados que aseguren a dita preferencia na atención. A existencia do servizo de atención preferente deberá sinalarse de forma visible nos ditos establecementos e locais.

3.5. Establecementos que teñan a condición de centros e parques comerciais ou que formen parte deles.

1. Os establecementos e locais comerciais retallistas e de actividades de servizos profesionais abertos ao público situados en centros e parques comerciais non poderán superar o cincuenta por cento da súa capacidade total. No caso de establecementos ou locais distribuídos en varios andares, a presenza de clientes en cada un deles deberá gardar esta mesma proporción.

2. Non se permitirá a permanencia de clientes nas zonas comúns excepto para o tránsito entre os establecementos, salvo na actividade de hostalaría e restauración que se leve a cabo nas ditas zonas, a cal se deberá axustar ao previsto especificamente para estas actividades. Queda prohibida a utilización de zonas recreativas como poden ser zonas infantís, ludotecas ou áreas de descanso, que deben permanecer pechadas.

3. Deberanse establecer as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersonal no interior dos locais e establecementos e nas zonas comúns ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso de máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersonal indicada, nos termos previstos no número 1.4 deste anexo. Ademais, deberán evitarse as aglomeracións de persoas que comprometan o cumprimento destas medidas.

4. Deberán prestar un servizo de atención preferente a maiores de 75 anos, o cal deberá concretarse en medidas como control de accesos ou caixas de pagamento específicos, e/ ou en horarios determinados que aseguren a dita preferencia na atención. A existencia do servizo de atención preferente deberá sinalarse de forma visible nos ditos establecementos e locais.



3.6. Mercados que desenvolven a súa actividade na vía pública.

1. No caso dos mercados que desenvolven a súa actividade na vía pública ao aire libre ou de venda non sedentaria, coñecidos como feiras, non poderán superar o cincuenta por cento dos postos habituais ou autorizados, limitando a afluencia de clientes de maneira que se asegure o mantemento da distancia de seguridade interpersoal.

Os concellos poderán aumentar a superficie habilitada ou habilitar novos días para o exercicio desta actividade para compensar esta limitación.

Á hora de determinar os comerciantes que poden exercer a súa actividade, o concello poderá priorizar aqueles que comercializan produtos alimenticios e de primeira necesidade, asegurando que non sexan manipulados os produtos comercializados neles por parte dos consumidores.

3.7. Actividades en academias, autoescolas e centros privados de ensino non regrado e centros de formación e actividade formativa xestionada ou financiada pola Administración autonómica en centros e entidades de formación.

A actividade que se realice nestes centros poderá impartirse dun modo presencial sempre que non se supere unha capacidade do cincuenta por cento respecto do máximo permitido e cun máximo de dez persoas por grupo.

3.8. Establecementos de hostalaría e restauración.

1. Os establecementos de hostalaría e restauración non poderán superar o cincuenta por cento da súa capacidade para consumo no interior do local.

2. O consumo dentro do local poderá realizarse unicamente sentado na mesa, ou agrupacións de mesas, e deberase asegurar o mantemento da debida distancia de seguridade interpersoal entre clientes. Non está permitido o consumo na barra.

3. As terrazas ao aire libre dos establecementos de hostalaría e restauración limitarán a súa capacidade ao cincuenta por cento das mesas permitidas no ano inmediatamente anterior con base na correspondente licenza municipal ou do que sexa autorizado para este ano, no caso de que a licenza sexa concedida por primeira vez.

Consideraranse terrazas ao aire libre todo espazo non cuberto ou todo espazo que, estando cuberto, estea rodeado lateralmente por un máximo de dúas paredes, muros ou paramentos.



No caso de que o establecemento de hostalaría e restauración obtivese o permiso do concello para incrementar a superficie destinada a terraza ao aire libre, poderase incrementar o número de mesas previsto no primeiro parágrafo deste número 3, respectando, en todo caso, unha proporción do cincuenta por cento entre mesas e superficie dispoñible e sempre que se manteña o espazo necesario para a circulación peonil no tramo da vía pública en que se sitúe a terraza.

4. En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia de seguridade interpersonal entre as mesas ou, de ser o caso, agrupacións de mesas. A ocupación máxima será de dez persoas por mesa ou agrupación de mesas. A mesa ou agrupación de mesas que se utilice para este fin deberá ser acorde co número de persoas e permitir que se respecte a distancia mínima de seguridade interpersonal entre elas.

5. Os establecementos de hostalaría e restauración deberán pechar non máis tarde da unha da madrugada sen que se poida permitir o acceso de ningún cliente desde as 00.00 horas.

3.9. Condicións para ocupación de zonas comúns de hoteis e aloxamentos turísticos.

1. A ocupación das zonas comúns dos hoteis e aloxamentos turísticos non poderá superar o cincuenta por cento da súa capacidade.

Para iso, cada establecemento deberá determinar a capacidade dos distintos espazos comúns, así como aqueles lugares en que se poderán realizar eventos e as condicións máis seguras para a súa realización conforme a capacidade máxima prevista e de acordo coas medidas de hixiene, protección e distancia mínima establecidas.

2. As actividades de animación ou clases grupais deberán deseñarse e planificarse cunha capacidade máxima de dez persoas, incluídos os monitores, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersonal durante o desenvolvemento da actividade excepto no caso de persoas conviventes.

3.10. Albergues turísticos.

Na modalidade de aloxamento turístico de albergue permitirase unha capacidade máxima do cincuenta por cento da máxima permitida.



3.11. Bibliotecas, arquivos, museos e salas de exposicións, monumentos e outros equipamentos culturais.

1. Nas bibliotecas, arquivos, museos e salas de exposicións, monumentos e outros equipamentos culturais, tanto de titularidade pública como privada, poderán realizarse actividades presenciais sen superar o cincuenta por cento da capacidade máxima permitida.

2. Este límite de ocupación será aplicable tamén á realización de actividades culturais nestes espazos e cun máximo de ata dez persoas nas actividades de grupos, incluído o monitor ou guía, e deberán establecerse as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersonal durante o desenvolvemento da actividade excepto no caso de persoas conviventes.

3.12. Actividade en cines, teatros, auditorios, circos de todo e espazos similares, así como en recintos ao aire libre e noutros locais e establecementos destinados a espectáculos públicos e actividades recreativas.

1. Os cines, teatros, auditorios, circos de todo e espazos similares poderán desenvolver a súa actividade, contando con butacas preasignadas, sempre que non superen o cincuenta por cento da capacidade permitida en cada sala.

2. No caso doutros recintos, locais e establecementos destinados a espectáculos públicos e actividades recreativas distintos dos previstos no parágrafo anterior, poderán desenvolver a súa actividade sempre que o público permaneza sentado e que non se supere o cincuenta por cento da capacidade permitida.

3. En calquera caso, será de aplicación un límite máximo de sesenta persoas para lugares pechados e de cento cincuenta persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Non obstante, poderase ampliar o límite indicado ata un máximo de cen persoas para lugares pechados e trescentas persoas se se trata de actividades ao aire libre, logo da autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. Neste caso, a solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade polo COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Inno-



vación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueles outros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

3.13. Centros de lecer infantil.

Os centros de lecer infantil poderán levar a cabo súa actividade cumprindo o Protocolo en materia de lecer infantil para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, aprobado pola Orde da Consellería de Sanidade do 30 de xuño de 2020, e cunha capacidade máxima do cincuenta por cento do seu total.

3.14. Actividades e instalacións deportivas.

1. A práctica da actividade física e deportiva non federada, ao aire libre, poderá realizarse de forma individual ou colectiva, sen contacto físico, e ata un máximo de dez persoas de forma simultánea.

Nas instalacións e centros deportivos poderase realizar actividade deportiva en grupos de ata dez persoas, sen contacto físico, e sempre que non se supere o cincuenta por cento da capacidade máxima permitida, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade. Así mesmo, no caso da práctica de actividade física e deportiva de forma individual ou en grupo en ximnacios ou espazos pechados, será obrigatorio o uso da máscara, aínda que se poida garantir o mantemento da distancia de seguridade interpersoal.

A práctica da actividade deportiva federada de competencia autonómica poderá realizarse de forma individual ou colectiva, sen contacto físico, e cun máximo de dez persoas simultaneamente no caso dos adestramentos. Non se aplicará este límite nas competicións onde as regras federativas garantan espazos diferenciados para cada equipo. No caso de realizarse en instalacións deportivas, a práctica axustarase ademais aos termos establecidos no parágrafo anterior.

3.15. Celebración de eventos deportivos, de adestramentos e de competicións deportivas con público.

A celebración de eventos deportivos, adestramentos, competicións deportivas que se celebren en instalacións deportivas ou na vía pública poderán desenvolverse con público sempre que este permaneza sentado, que non se supere o cincuenta por cento da capacidade permitida da instalación ou do espazo de que se trate e cun límite de sesenta persoas



para lugares pechados e de cento cincuenta persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Non obstante, poderase ampliar o límite indicado ata un máximo de cen persoas para lugares pechados e trescentas persoas se se trata de actividades ao aire libre, logo da autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. Neste caso, a solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade polo COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueles outros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

3.16. Piscinas.

1. As piscinas ao aire libre ou cubertas, para uso deportivo ou recreativo, deberán respectar o límite do cincuenta por cento da súa capacidade, tanto no relativo ao acceso como durante a propia práctica deportiva ou recreativa e sen que poidan exceder o límite de cen persoas de ocupación. Quedan exentas destas limitacións as piscinas unifamiliares de uso privado.

2. Nas zonas de estancia das piscinas establecerase unha distribución espacial para manter distancia de seguridade interpersoal entre os usuarios e cun máximo de dez persoas por grupo, excepto no caso de persoas conviventes, en que non se aplicará esta limitación.

3. Exceptúase o uso da máscara nas piscinas durante o baño e mentres se permaneza nun espazo determinado, sen desprazarse, e sempre que se poida garantir o respecto da distancia de seguridade interpersoal entre todas as persoas usuarias non conviventes. En calquera caso, será obrigatorio o uso de máscara para os accesos, desprazamentos e paseos nas piscinas.

3.17. Especificidades para determinadas actividades turísticas.

Poderán realizarse actividades de turismo, organizadas por empresas habilitadas para iso, e a actividade de guía turístico, para grupos de ata un máximo de dez persoas, e debe-



rán establecerse as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade excepto no caso de persoas conviventes.

3.18. Centros de información, casetas e puntos de información.

Nos centros de información, casetas e puntos de información e espazos similares non se poderá exceder o cincuenta por cento da súa capacidade e deberá respectarse o máximo de dez persoas nas actividades de grupos, incluído o monitor ou guía. Ademais, deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade excepto no caso de persoas conviventes.

3.19. Realización de actividades de tempo libre dirixidas á poboación infantil e xuvenil.

1. Poderanse realizar actividades de tempo libre destinadas á poboación infantil e xuvenil, cando estas se leven a cabo ao aire libre, sempre que se limite o número de participantes ao cincuenta por cento da súa asistencia máxima habitual, cun máximo de cen participantes, incluídos os monitores. Cando estas actividades se realicen en espazos pechados, non se deberá superar o cincuenta por cento da capacidade máxima do recinto, cun máximo de cincuenta participantes, incluídos os monitores.

2. As actividades deberán realizarse en grupos de ata dez persoas participantes, incluídos os monitores correspondentes, que deberán traballar sen contacto entre os demais grupos.

3.20. Uso de espazos públicos.

1. Os centros cívicos e sociais poderán realizar a súa actividade sempre que se limite a súa capacidade total ao cincuenta por cento e que se extremen as medidas de protección nas actividades socioculturais de tipo grupal que se realizan neles cun máximo de dez persoas, incluído o monitor ou guía para as actividades grupais.

2. Deberán adoptarse as medidas que coadruven no control das agrupacións de persoas en lugares públicos, e das actividades prohibidas relacionadas co consumo de bebidas alcohólicas en parques e outros lugares de tránsito público, polos riscos que presenta para a saúde pública, relacionados coa aglomeración incontrolada de persoas e coa ausencia ou relaxación de medidas de seguridade e de distanciamento persoal. Recoméndase o peche dos parques públicos e espazos similares a partir das 00.00 horas ata as 6.00 horas.



3.21. Centros recreativos turísticos ou similares.

1. Os centros recreativos turísticos ou similares poderán realizar a súa actividade sempre que se limite a súa capacidade total ao cincuenta por cento.

2. As visitas de grupos serán dun máximo de dez persoas, incluído o monitor ou guía, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersonal durante o desenvolvemento da actividade excepto no caso de persoas conviventes.

3.22. Parques e zonas deportivas de uso público ao aire libre.

Sen prexuízo do establecido no número 3.20.2, os parques infantís, parques biosaudables, zonas deportivas, pistas *skate* ou espazos de uso público ao aire libre similares poderán estar abertos ao público sempre que neles se respecte unha capacidade máxima estimada dunha persoa por cada catro metros cadrados de espazo computable de superficie do recinto.

3.23. Celebración de congresos, encontros, reunións de negocio, conferencias, eventos e actos similares.

1. Poderanse celebrar congresos, encontros, reunións de negocio, conferencias e eventos e actos similares promovidos por calquera entidade, de natureza pública ou privada, sempre que non se supere o cincuenta por cento da capacidade permitida do lugar de celebración e cun límite máximo de sesenta persoas para lugares pechados e de cento cincuenta persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Non obstante, poderase ampliar o límite indicado ata un máximo de cen persoas para lugares pechados e trescentas persoas se se trata de actividades ao aire libre, logo da autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. Neste caso, a solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade por COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueles outros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.



O recollido neste número será tamén de aplicación para reunións profesionais, xuntas de comunidades de propietarios e eventos similares.

3.24. Establecementos e locais de xogo e apostas.

1. Os establecementos de xogos colectivos de diñeiro e de azar, salóns de xogo, salas de bingo, salóns recreativos, rifas e tómbolas, locais específicos de apostas e outros locais e instalacións asimilables aos de actividade recreativa de xogos e apostas, conforme estabilidade a normativa sectorial en materia de xogo, poderán realizar a súa actividade sempre que non se supere o cincuenta por cento da capacidade permitida.

2. En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia de seguridade interpersoal entre as mesas ou, de ser o caso, agrupacións de mesas. A ocupación máxima será de dez persoas por mesa ou agrupación de mesas. En calquera caso, deberase respectar un máximo de cen persoas en espazos ao aire libre ou de cincuenta persoas en espazos pechados.

3. Os establecementos e locais deberán pechar non máis tarde das 00.30 horas, sen que se poida permitir o acceso de ningún cliente nin expedir consumición ningunha desde esa hora, e cun período máximo de desaloxo de trinta minutos.

3.25. Limitación de capacidade para outros locais ou establecementos comerciais.

1. Con carácter xeral, calquera outro local ou establecemento comercial para o cal non se recollan expresamente unhas condicións de capacidade nesta orde, nin en protocolos ou normativa específica que lle sexa aplicable, non poderá superar o cincuenta por cento da capacidade autorizada ou establecida. En calquera caso, deberase respectar un máximo de sesenta persoas para lugares pechados e de cento cincuenta persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Non obstante, poderase ampliar o límite indicado ata un máximo de cen persoas para lugares pechados e trescentas persoas se se trata de actividades ao aire libre, logo da autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. Neste caso, a solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade por COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de



Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueles outros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

O disposto neste número 1 non será de aplicación nos establecementos comerciais de alimentación, bebidas, produtos e bens de primeira necesidade, establecementos farmacéuticos, servizos médicos ou sanitarios, ópticas, produtos ortopédicos, produtos hixiénicos, salóns de peiteado, prensa e papelería, combustible para a automoción, estancos, equipamentos tecnolóxicos e de telecomunicacións, alimentos para animais de compañía, comercio pola internet, telefónico ou correspondencia, tinturarias e lavandarias, sen prexuízo da necesidade de cumprir as obrigas xerais previstas na presente orde e as medidas xerais de hixiene e protección.

2. As actividades en grupos deberán realizarse cun máximo de dez persoas participantes, incluídos os monitores, guías ou encargados correspondentes, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersonal durante o desenvolvemento da actividade excepto no caso de persoas conviventes.

3. En calquera caso, poderase suspender a actividade de calquera establecemento que, ao xuízo da autoridade competente, poida supor un risco de contaxio polas condicións en que se estea desenvolvendo.



I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 2 de setembro de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Lugo.

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto dese acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020. Mediante sucesivos acordos do Consello da Xunta de Galicia, do 25 de xuño, 17, 24 e 30 de xullo de 2020, introducíronse determinadas modificacións nas medidas de prevención previstas no Acordo do 12 de xuño de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade.

Así mesmo, indícase no dito punto sexto, na redacción vixente, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de acordo coa normativa aplicable e en vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou en parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación de medidas concretas contidas no anexo. Deste



modo, mediante ordes da Consellería de Sanidade, do 12, 15, 25 e 27 de agosto de 2020, introducíronse determinadas modificacións no anexo.

Mediante a Orde do 2 de setembro de 2020 establecéronse determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Lugo. As medidas limitativas de dereitos fundamentais recollidas nesta orde foron obxecto de ratificación xudicial polo Auto do Xulgado de Instrución número 1 de Lugo do 29 de agosto de 2020.

De acordo co Informe sobre a situación epidemiolóxica na comarca de Lugo, elaborado pola Dirección Xeral de Saúde Pública o 2 de setembro de 2020, a taxa de incidencia acumulada a 3 días está a subir desde a semana anterior, sendo no concello de Lugo onde se detecta o maior número de casos. A porcentaxe de positividade en diferentes grupos de idade amosa a extensión do gromo en diferentes cohortes de idade e, polo tanto, en distintos grupos poboacionais. No conxunto da comarca, o número instantáneo reprodutivo indica que o gromo non está controlado. O incremento da incidencia no concello de Lugo segue a concentrarse fundamentalmente nun barrio da cidade, A Milagrosa. O informe considera que este gromo ten características de alto risco, como a taxa de incidencia, o número de cadeas de transmisión e a porcentaxe de probas PCR positivas. Por outra banda, considérase que está bastante delimitado e, polo tanto, pode ser controlado se se toman as debidas medidas de restrición, en aplicación do principio de precaución. O informe considera que se deben manter as medidas adoptadas respecto do concello de Lugo, lugar onde se está a producir o maior incremento dos casos e, ademais, manter as máis restritivas para o barrio da Milagrosa deste concello, xa que é o barrio onde se está a concentrar a maior parte deste aumento.

Así, tras escoitar as recomendacións do comité clínico reunido para estes efectos, resulta necesario, en consecuencia, o mantemento das medidas de prevención e das recomendacións existentes no concello de Lugo, coas adaptacións que se efectúan nesta orde, para precisar o ámbito das restricións ás agrupacións de persoas e o uso de máscaras para a práctica deportiva en ximnasios ou espazos pechados.

Estas medidas teñen o seu fundamento normativo na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 e 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.



En particular, cómpre salientar que a Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, prevé, no seu artigo primeiro, que co obxecto de protexer a saúde pública e previr a súa perda ou deterioración, as autoridades sanitarias das distintas administracións públicas poderán, dentro do ámbito das súas competencias, adoptar as medidas previstas na dita lei cando así o exixan razóns sanitarias de urxencia ou necesidade.

O artigo segundo habilita as autoridades sanitarias competentes para adoptaren medidas de recoñecemento, tratamento, hospitalización ou control cando se aprecien indicios racionais que permitan supor a existencia de perigo para a saúde da poboación debido á situación sanitaria concreta dunha persoa ou grupo de persoas ou polas condicións sanitarias en que se desenvolve unha actividade. E para o caso concreto de enfermidades transmisibles, o artigo terceiro dispón que, co fin de controlalas, a autoridade sanitaria, ademais de realizar as accións preventivas xerais, poderá adoptar as medidas oportunas para o control dos enfermos, das persoas que estean ou teñan estado en contacto con estes e do contorno inmediato, así como as que se consideren necesarias en caso de risco de carácter transmisible. E o artigo 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, prevé que as autoridades sanitarias poderán levar a cabo intervencións públicas nos supostos de riscos para a saúde de terceiras persoas, nos mesmos termos previstos nos artigos 2 e 3 da Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, antes citados.

Non se recolle, pois, unha lista pechada de medidas de prevención, senón que se poderán adoptar, de acordo cos principios de precaución e de proporcionalidade que deben rexer as actuacións en materia de saúde, as necesarias para facer fronte ao concreto risco sanitario de que se trate.

En todo caso, e en atención a tales principios, estas medidas serán reavaliadas nun período non superior a sete días naturais desde a publicación desta orde en función da evolución da situación epidemiolóxica no concello.

Conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para a adopción das medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica existente no concello de Lugo, coa urxencia que a protección da saúde pública demanda.

Na súa virtude, en aplicación do punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise



sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. Mantemento no concello de Lugo das medidas de prevención e das recomendacións previstas na Orde do 28 de agosto de 2020

Unha vez atendida a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria, mantense no concello de Lugo a eficacia das medidas de prevención e das recomendacións previstas na Orde do 28 de agosto de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Lugo, sen prexuízo do indicado nesta orde.

Segundo. Modificación da Orde do 28 de agosto de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Lugo

O número 1 do punto segundo da Orde do 28 de agosto de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Lugo, queda modificado como segue:

«1. En vista da evolución da situación epidemiolóxica e coa finalidade de controlar a transmisión da enfermidade, adóptase, en todo o ámbito territorial do concello de Lugo, de modo temporal, durante o período ao cal se estenda a eficacia das medidas previstas na presente orde de acordo co seu punto sexto, a medida de limitar os grupos para o desenvolvemento de calquera actividade ou evento de carácter familiar ou social na vía pública, espazos de uso público ou espazos privados, a un máximo de dez persoas, excepto no caso de persoas conviventes, en que non se aplicará esta limitación. Tampouco serán aplicable esta limitación no caso de actividades laborais e administrativas, actividades en centros educativos, de formación e ocupacionais, sempre que se adopten as medidas previstas nos correspondentes protocolos de funcionamento.

No ámbito territorial delimitado pola avenida da Coruña e as rúas Pintor Tino Grandío, Camiño Real, Mar Cantábrico e Angelo Colocci, incluídas estas, a limitación de grupos prevista no parágrafo anterior será dun máximo de cinco persoas».



Terceiro. *Modificación dos anexos da Orde do 28 de agosto de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Lugo*

Un. O número 3.14.1 do anexo I da Orde do 28 de agosto de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Lugo, queda modificado como segue:

«1. A práctica da actividade física e deportiva non federada, ao aire libre, poderá realizarse de forma individual ou colectiva, sen contacto físico, e ata un máximo de dez persoas de forma simultánea.

Nas instalacións e centros deportivos poderase realizar actividade deportiva en grupos de ata dez persoas, sen contacto físico, e sempre que non se supere o cincuenta por cento da capacidade máxima permitida, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade. Así mesmo, no caso da práctica de actividade física e deportiva de forma individual ou en grupo en ximnacios ou espazos pechados, será obrigatorio o uso de máscara, aínda que se poida garantir o mantemento da distancia de seguridade interpersoal.

A práctica da actividade deportiva federada de competencia autonómica poderase realizar de forma individual ou colectiva, sen contacto físico, e ata un máximo de dez persoas simultaneamente no caso dos adestramentos. Non se aplicará este límite nas competicións onde as regras federativas garantan espazos diferenciados para cada equipo. No caso de realizarse en instalacións deportivas, a práctica axustarase, ademais, aos termos establecidos no parágrafo anterior».

Dous. O número 7.1 do anexo II da Orde do 28 de agosto de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Lugo, queda modificado como segue:

«1. A práctica da actividade física e deportiva non federada, ao aire libre, poderase realizar de forma individual ou colectiva, sen contacto físico, e ata un máximo de cinco persoas de forma simultánea.



Nas instalacións e centros deportivos poderase realizar actividade deportiva en grupos de ata cinco persoas, sen contacto físico, e sempre que non se supere o cincuenta por cento da capacidade máxima permitida, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade. Así mesmo, no caso da práctica de actividade física e deportiva de forma individual ou en grupo en ximnacios ou espazos pechados, será obrigatorio o uso de máscara, aínda que se poida garantir o mantemento da distancia de seguridade interpersoal.

A práctica da actividade deportiva federada de competencia autonómica poderase realizar de forma individual ou colectiva, sen contacto físico, e ata un máximo de cinco persoas simultaneamente no caso dos adestramentos. Non se aplicará este límite nas competicións onde as regras federativas garantan espazos diferenciados para cada equipo. No caso de realizarse en instalacións deportivas, a práctica axustarase, ademais, aos termos establecidos no parágrafo anterior».

Cuarto. *Eficacia*

Esta orde terá efectos desde as 00.00 horas do 3 de setembro de 2020.

As medidas e recomendacións cuxa eficacia se mantén serán obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da presente orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

Para estes efectos, poderán ser obxecto de mantemento, de modificación ou poderán deixarse sen efecto por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Santiago de Compostela, 2 de setembro de 2020

Jesús Vázquez Almuíña
Conselleiro de Sanidade



I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 2 de setembro de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos da Coruña, Arteixo, Cambre, Culleredo, Oleiros, Abegondo, Bergondo, Carral e Sada.

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto do dito acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade. Neste sentido, mediante sucesivos acordos do Consello da Xunta de Galicia, do 25 de xuño, do 17, do 24 e do 30 de xullo de 2020, introducíronse determinadas modificacións nas medidas de prevención previstas no Acordo do 12 de xuño de 2020.

Así mesmo, indícase no dito punto sexto, na redacción vixente, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de acordo coa normativa aplicable e á vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación de medidas concretas contidas no anexo. Deste modo,



mediante as ordes da Consellería de Sanidade do 12, 15, 25 e 27 de agosto de 2020 introducíronse determinadas modificacións no anexo.

En aplicación do previsto no punto sexto citado, atendida a evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na comarca da Coruña, sobre a base do indicado no informe elaborado pola Dirección Xeral de Saúde Pública, do 7 de agosto de 2020, e tras escoitar as recomendacións do subcomité clínico reunido para eses efectos, ditouse a Orde do 7 de agosto de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos da Coruña, Arteixo, Cambre, Culleredo, Oleiros, Abegondo, Bergondo, Carral e Sada.

Tal e como se indicou na orde, o fundamento normativo das medidas atópase na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 e 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

No que atinxe á eficacia das medidas, no punto sexto da orde indicouse que terían efectos desde as 00.00 horas do 8 de agosto de 2020, e que serían obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a cinco días naturais desde a publicación da orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderían ser obxecto de mantemento, de modificación ou poderían deixarse sen efecto por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Ademais, as medidas foron obxecto de ratificación xudicial polo Auto do Xulgado de Instrución número 1 da Coruña, do 8 de agosto de 2020.

Na Orde do 12 de agosto de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos da Coruña, Arteixo, Cambre, Culleredo, Oleiros, Abegondo, Bergondo, Carral e Sada mantivéronse as restricións existentes na Orde do 7 de agosto de 2020 e estableceuse como medida de prevención adicional que os establecementos e locais comerciais deberán prestar un servizo de atención preferente a maiores de 75 anos, o cal deberá concretarse en medidas como control de accesos ou caixas de pagamento específicos, e/ou horarios determinados que aseguren a dita preferencia na atención. A existencia do servizo de atención preferente deberá sinalarse de forma visible nos ditos establecementos e locais.



Así mesmo, incorporouse unha recomendación de autoprotección ás persoas maiores de 75 anos, ás persoas vulnerables ao COVID-19 e a aquelas que presenten algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria que se poida ver agravada polo uso da máscara ou que presenten algunha alteración que faga inviable a súa utilización, para que eviten na súa actividade diaria as saídas nas horas de previsible afluencia ou concentración de persoas na vía pública e en espazos ou establecementos abertos ao público, co fin de reducir os riscos derivados da coincidencia con outras persoas.

Por outra banda, insistiuse no ditado das instrucións oportunas para a limitación das visitas aos centros sanitarios da área da Coruña, establecendo, no caso de enfermos hospitalizados, a limitación dunha persoa por paciente, preferiblemente menor de 70 anos e que non padeza enfermidades crónicas e que, no caso da atención ambulatoria, soamente se permitirá un acompañante no caso de que a persoa atendida sexa dependente ou menor de idade.

As medidas limitativas de dereitos fundamentais recollidas na Orde do 12 de agosto foron obxecto de ratificación xudicial polo Auto 54/2020, do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 4 da Coruña, do 14 de agosto de 2020.

A Orde do 19 de agosto de 2020 mantivo as medidas de prevención e recomendación de autoprotección existentes, e modificou o anexo da Orde do 7 de agosto de 2020, tendo en conta o disposto na Orde do 15 de agosto de 2020 pola que se modifican determinadas medidas previstas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.

As medidas limitativas de dereitos fundamentais recollidas na Orde do 19 de agosto foron obxecto de ratificación xudicial polo Auto 40/2020, do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 2 da Coruña, do 21 de agosto de 2020.

A Orde do 26 de agosto mantivo as medidas de prevención e recomendación de autoprotección anteriores e formulou unha serie de recomendacións dirixidas aos concellos da comarca. As medidas limitativas de dereitos fundamentais recollidas nesta orde foron obxecto de ratificación xudicial polo Auto 63/2020, do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 3 da Coruña, do 28 de agosto de 2020.



De acordo co punto terceiro desta orde, as medidas e recomendación adicional cuxa eficacia se mantén e a recomendación prevista na orde serán obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da presente orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

Para estes efectos, poderán ser obxecto de mantemento, de modificación ou poderán deixarse sen efecto por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

A Orde do 28 de agosto de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Arteixo revisou as medidas de prevención aplicables. Esta orde estableceu restricións adicionais ás agrupacións de persoas e medidas de capacidade e de prevención específicas no ámbito do concello. As medidas limitativas de dereitos fundamentais recollidas nesta orde foron obxecto de ratificación xudicial polo Auto do Xulgado de Instrución número 4 da Coruña, do 29 de agosto de 2020.

De acordo co informe emitido pola Dirección Xeral de Saúde Pública o 2 de setembro de 2020, a taxa de incidencia na comarca da Coruña está a diminuír, inda que lentamente. Os concellos da Coruña, Culleredo e Arteixo, seguen a ser os que manteñen as taxas acumuladas a 3 días máis elevadas. Sen embargo, os concellos de Abegondo, Bergondo, Carral e Sada presentan unha boa evolución coas taxas máis baixas. O número reprodutivo instantáneo e a porcentaxe de positividade tamén están a baixar. Seguen a manterse as taxas máis altas nas idades dende os 15 anos e nas intermedias da vida. Igualmente, a taxa nas persoas de 0 a 14 anos tamén é salientable. O informe recomenda que nos Concellos de A Coruña, Arteixo, Cambre, Culleredo e Oleiros, se continúe coas medidas restritivas postas en marcha o día 7 de agosto. En particular, dado que as taxas do concello de Arteixo son especialmente altas, considérase convinte manter as medidas específicas e máis restritivas respecto aos grupos e aforos postas en marcha neste concello. Polo contrario, en atención á mellor situación epidemiolóxica dos concellos de Abegondo, Bergondo, Carral e Sada, non existe inconveniente en levantar as restricións vixentes.

Así, tras escoitar as recomendacións do comité clínico reunido para estes efectos, a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria impón, como consecuencia, o mantemento das medidas de prevención e das recomendación existentes nos concellos da Coruña, Cambre, Culleredo, Oleiros e Arteixo, coas adaptacións que se efectúan nesta orde,



para precisar o ámbito das restricións ás agrupacións de persoas, número de asistentes máximo a celebracións e o uso de máscaras para a práctica deportiva en ximnasiaos ou espazos pechados, e deixalas sen efecto nos concellos da Abegondo, Bergondo, Carral e Sada. As ditas medidas e recomendacións deberán seguir sendo obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da presente orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria, e proceder, segundo o caso, ao seu mantemento, modificación ou a deixalas sen efecto.

En atención ao exposto, en aplicación do punto terceiro da Orde do 26 de agosto de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos da Coruña, Arteixo, Cambre, Culleredo, Oleiros, Abegondo, Bergondo, Carral e Sada, do punto quinto da Orde do 28 de agosto de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Arteixo, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. *Mantemento nos concellos da Coruña, Cambre, Culleredo e Oleiros das medidas de prevención e das recomendacións previstas na Orde do 26 de agosto de 2020*

Atendida a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria, mantense nos concellos da Coruña, Cambre, Culleredo e Oleiros a eficacia das medidas de prevención e das recomendacións previstas na Orde do 26 de agosto de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos da Coruña, Arteixo, Cambre, Culleredo, Oleiros, Abegondo, Bergondo, Carral e Sada, sen prexuízo do indicado nesta orde.

Segundo. *Modificación da Orde do 7 de agosto de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos da Coruña, Arteixo, Cambre, Culleredo, Oleiros, Abegondo, Bergondo, Carral e Sada*

O número 1 do punto segundo da Orde do 7 de agosto de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epi-



demiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos da Coruña, Arteixo, Cambre, Culleredo, Oleiros, Abegondo, Bergondo, Carral e Sada queda modificado como segue:

«1. Á vista da evolución da situación epidemiolóxica e coa finalidade de controlar a transmisión da enfermidade, adóptase, en todo o ámbito territorial incluído no punto primeiro, de modo temporal, durante o período ao cal se estenda a eficacia das medidas previstas na presente orde de acordo co seu punto sexto, a medida de limitar os grupos para o desenvolvemento de calquera actividade ou evento de carácter familiar ou social na vía pública, espazos de uso público ou espazos privados a un máximo de dez persoas, excepto no caso de persoas conviventes, en que non se aplicará esta limitación.

Tampouco será aplicable esta limitación no caso de actividades laborais e administrativas, actividades en centros educativos, de formación e ocupacionais, sempre que se adopten as medidas previstas nos correspondentes protocolos de funcionamento».

Terceiro. *Modificación do anexo da Orde do 7 de agosto de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos da Coruña, Arteixo, Cambre, Culleredo, Oleiros, Abegondo, Bergondo, Carral e Sada*

Un. Engádesse un número 3.3.3 no anexo da Orde do 7 de agosto de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos da Coruña, Arteixo, Cambre, Culleredo, Oleiros, Abegondo, Bergondo, Carral e Sada, coa seguinte redacción:

«3. En calquera caso, deberase respectar un máximo de cen persoas en espazos ao aire libre ou de cincuenta persoas en espazos pechados».

Dous. O número 3.14.1 do anexo da Orde do 7 de agosto de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos da Coruña, Arteixo, Cambre, Culleredo, Oleiros, Abegondo, Bergondo, Carral e Sada queda modificado como segue:

«1. A práctica da actividade física e deportiva non federada, ao aire libre, poderá realizarse de forma individual ou colectiva, sen contacto físico, e cun máximo de dez persoas de forma simultánea.



Nas instalacións e centros deportivos poderase realizar actividade deportiva en grupos de ata dez persoas, sen contacto físico, e sempre que non se supere o cincuenta por cento da capacidade máxima permitida, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade. Así mesmo, no caso da práctica de actividade física e deportiva de forma individual ou en grupo en ximnacios ou espazos pechados, será obrigatorio o uso da máscara, aínda que se poida garantir o mantemento da distancia de seguridade interpersoal.

A práctica da actividade deportiva federada de competencia autonómica poderá realizarse de forma individual ou colectiva, sen contacto físico, e cun máximo de dez persoas simultaneamente no caso dos adestramentos. Non se aplicará este límite nas competicións onde as regras federativas garantan espazos diferenciados para cada equipo. No caso de realizarse en instalacións deportivas, a práctica axustarase, ademais, aos termos establecidos no parágrafo anterior.»

Cuarto. Mantemento nos concello de Arteixo das medidas de prevención e das recomendacións previstas na Orde do 28 de agosto de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Arteixo

Atendida a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria, mantense no concello de Arteixo a eficacia das medidas de prevención e das recomendacións previstas na Orde do 28 de agosto de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Arteixo, sen prexuízo do establecido nesta orde.

Quinto. Modificación da Orde do 28 de agosto de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Arteixo

O número 1 do punto segundo da Orde do 28 de agosto de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Arteixo queda modificado como segue:

«1. Á vista da evolución da situación epidemiolóxica e coa finalidade de controlar a transmisión da enfermidade adóptase, en todo o ámbito territorial do concello de Arteixo,



de modo temporal, durante o período ao cal se estenda a eficacia das medidas previstas na presente orde de acordo co seu punto sexto, a medida de limitar os grupos para o desenvolvemento de calquera actividade ou evento de carácter familiar ou social na vía pública, espazos de uso público ou espazos privados, a un máximo de cinco persoas, excepto no caso de persoas conviventes, en que non se aplicará esta limitación.

Tampouco será aplicable esta limitación no caso de actividades laborais e administrativas, actividades en centros educativos, de formación e ocupacionais, sempre que se adopten as medidas previstas nos correspondentes protocolos de funcionamento».

Sexto. Modificación do anexo da Orde do 28 de agosto de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Arteixo

O número 7 do anexo da Orde do 28 de agosto de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Arteixo queda modificado como segue:

«1. A práctica da actividade física e deportiva non federada, ao aire libre, poderá realizarse de forma individual ou colectiva, sen contacto físico, e cun máximo de cinco persoas de forma simultánea.

Nas instalacións e centros deportivos poderase realizar actividade deportiva en grupos de ata cinco persoas, sen contacto físico, e sempre que non se supere o cincuenta por cento da capacidade máxima permitida, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade. Así mesmo, no caso da práctica de actividade física e deportiva de forma individual ou en grupo en ximnacios ou espazos pechados, será obrigatorio o uso da máscara, aínda que se poida garantir o mantemento da distancia de seguridade interpersoal.

A práctica da actividade deportiva federada de competencia autonómica poderá realizarse de forma individual ou colectiva, sen contacto físico, e cun máximo de cinco persoas simultaneamente no caso dos adestramentos. Non se aplicará este límite nas competicións onde as regras federativas garantan espazos diferenciados para cada equipo. No caso de realizarse en instalacións deportivas, a práctica axustarase, ademais, aos termos establecidos no parágrafo anterior».



Sétimo. *Perda de efecto nos concellos de Abegondo, Bergondo, Carral e Sada das medidas de prevención previstas na Orde do 26 de agosto de 2020*

1. Déixanse sen efecto nos concellos de Abegondo, Bergondo, Carral e Sada as medidas de prevención previstas no punto segundo da Orde do 26 de agosto de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos da Coruña, Arteixo, Cambre, Culleredo, Oleiros, Abegondo, Bergondo, Carral e Sada.

2. Serán de aplicación nos concellos de Abegondo, Bergondo, Carral e Sada as medidas que con carácter xeral se establecen no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente.

Oitavo. *Eficacia*

Esta orde terá efectos desde as 00.00 horas do 3 de setembro de 2020.

As medidas e recomendacións cuxa eficacia se mantén serán obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da presente orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

Para estes efectos, poderán ser obxecto de mantemento, de modificación ou poderán deixarse sen efecto por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

No caso das celebracións e eventos en establecementos de restauración para os días 3 a 6 de setembro, que xa estivesen concertados con carácter previo ao día 2 de setembro, non será aplicable a limitación que se recolle no número un do punto terceiro desta orde, ben que deberán ser comunicados polos titulares dos establecementos á Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade, para que se poidan adoptar as medidas ou efectuar as recomendacións pertinentes.

Santiago de Compostela, 2 de setembro de 2020

Jesús Vázquez Almuíña
Conselleiro de Sanidade



I. DISPOSICIÓN XERAIS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

ORDE do 7 de agosto de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos da Coruña, Arteixo, Cambre, Culleredo, Oleiros, Abegondo, Bergondo, Carral e Sada.

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto do dito acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020. Mediante sucesivos acordos do Consello da Xunta, do 25 de xuño, do 17, do 24 e do 30 de xullo de 2020, introducíronse determinadas modificacións nas medidas de prevención previstas no Acordo do 12 de xuño de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta, do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de sanidade.

Así mesmo, indícase no dito punto sexto, na redacción vixente, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de acordo coa normativa aplicable e á vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación de medidas concretas contidas no anexo.



De acordo co informe sobre a situación epidemiolóxica na comarca da Coruña (concellos da Coruña, Arteixo, Cambre, Culleredo, Oleiros, Abegondo, Bergondo, Carral e Sada), elaborado pola Dirección Xeral de Saúde Pública, do 7 de agosto de 2020, despréndese que as cadeas de transmisión na dita comarca seguen en evolución, co cal é de esperar que sigan a aparecer máis casos, ademais de que os datos amosan un certo grao de transmisión comunitaria.

Preocupa, en particular, o incremento de casos positivos nas últimas horas, que pode anticipar una tendencia para os próximos días, o que aconsella adoptar canto antes medidas de prevención específicas.

Así, tras escoitar as recomendacións do subcomité clínico reunido para estes efectos, cómpre, en consecuencia, adoptar con urxencia medidas de prevención específicas nos concellos da Coruña, Arteixo, Cambre, Culleredo, Oleiros, Abegondo, Bergondo, Carral e Sada, para facer fronte aos abrochos e ás cadeas de transmisións existentes e garantir a súa contención, prevendo unhas medidas para todo o ámbito territorial indicado (conectadas cos factores de maior risco de transmisión, que son o lecer nocturno e o conectado coas festas, verbenas e outros eventos populares, por un lado, e as agrupacións de persoas, por outro) e, a maiores, outras medidas específicas, fundamentalmente relacionadas con limitacións de capacidade, aplicables naqueles concellos cunha incidencia máis alta.

En particular, considérase que as medidas tendentes a limitar os grupos de persoas para o desenvolvemento de calquera actividade ou evento de carácter familiar ou social na vía pública, espazos de uso público ou espazos privados, e as limitacións para o lecer nocturno e festas, verbenas e outros eventos populares, deben adoptarse para todo o ámbito da comarca, tendo en conta a natureza destas actividades, os riscos asociados a elas e a idade da poboación que está afectando de forma predominante o virus neste momento. Así mesmo, debe terse en conta que existe moita conexión e relación entre os concellos afectados, e a adopción das medidas para todo o ámbito tende a evitar desprazamentos indesexables entre eles, que poden contribuír a espallar máis o virus.

Pola súa parte, o resto das medidas específicas, fundamentalmente relacionadas con limitacións de capacidade, afectan o concello da Coruña, núcleo principal en que se concentran actualmente os contaxios, e os concellos que forman xeograficamente o seu cinto inmediato, onde tamén se observa unha maior incidencia en relación co resto da comarca.

Adicionalmente, de acordo co principio de precaución, deben adoptarse medidas en relación con determinados establecementos de servizos sociais nos concellos de toda a



área sanitaria da Coruña e Cee, tendo en conta as específicas exixencias de protección da poboación afectada dada a súa especial vulnerabilidade.

Estas medidas teñen o seu fundamento normativo na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública, no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 e 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

En particular, cómpre salientar que a Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, prevé, no seu artigo primeiro que, co obxecto de protexer a saúde pública e previr a súa perda ou deterioración, as autoridades sanitarias das distintas administracións públicas poderán, dentro do ámbito das súas competencias, adoptar as medidas previstas na dita lei cando así o exixan razóns sanitarias de urxencia ou necesidade.

O artigo segundo habilita as autoridades sanitarias competentes para adoptaren medidas de recoñecemento, tratamento, hospitalización ou control cando se aprecien indicios racionais que permitan supoñer a existencia de perigo para a saúde da poboación debido á situación sanitaria concreta dunha persoa ou grupo de persoas ou polas condicións sanitarias en que se desenvolve unha actividade. E, para o caso concreto de enfermidades transmisibles, o artigo terceiro dispón que, co fin de controlalas, a autoridade sanitaria, ademais de realizar as accións preventivas xerais, poderá adoptar as medidas oportunas para o control dos enfermos, das persoas que estean ou teñan estado en contacto con estes e do contorno inmediato, así como as que se consideren necesarias en caso de risco de carácter transmisible. E o artigo 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, prevé que as autoridades sanitarias poderán levar a cabo intervencións públicas nos supostos de riscos para a saúde de terceiras persoas, nos mesmos termos previstos nos artigos 2 e 3 da Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, antes citados.

Non se recolle, pois, unha lista pechada de medidas de prevención, senón que se poderán adoptar, de acordo cos principios de precaución e de proporcionalidade que deben rexer as actuacións en materia de saúde, as necesarias para facer fronte ao concreto risco sanitario de que se trate.

En todo caso, e en atención a tales principios, estas medidas serán reavaliadas nun período non superior a cinco días naturais desde a publicación desta orde, en función da evolución da situación epidemiolóxica na zona.



Por outra banda, as medidas de prevención que se recollen nesta orde teñen un evidente fundamento sanitario, dados os riscos de transmisión dunha enfermidade contaxiosa como a que nos ocupa, e a vixilancia, inspección e control do seu cumprimento corresponden aos concellos, sen prexuízo das competencias da Consellería de Sanidade, tendo en conta a condición de autoridade sanitaria dos alcaldes e alcaldesas (artigo 33.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia), as competencias dos concellos no control sanitario de actividades e servizos que impacten na saúde da súa cidadanía, dos lugares de convivencia humana (artigo 80.3 da lei citada), así como a súa competencia para a ordenación e control do dominio público.

Polo tanto, os alcaldes e alcaldesas, como autoridade sanitaria, deben garantir, nas referidas actividades, servizos e lugares de convivencia humana, os dereitos e deberes sanitarios da cidadanía (artigo 33.2 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia) e, polo tanto, garantir a vixilancia, inspección e control do cumprimento das medidas preventivas aprobadas pola Administración autonómica e daquelas que, no seu desenvolvemento e atendendo á situación concreta, poida establecer o Concello.

Así mesmo, as forzas e corpos de seguridade teñen un papel fundamental no necesario control do cumprimento das medidas de prevención, papel que veñen desempeñando durante toda esta crise sanitaria, a través da formulación das correspondentes denuncias e remisión ás autoridades competentes, nos casos en que se detecte o seu incumprimento. Débese lembrar a este respecto que o Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, declarou a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e activou o Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19. Tendo en conta a existencia dunha declaración de emerxencia sanitaria, resulta esencial a colaboración das forzas e corpos de seguridade coa finalidade de preservar a seguridade e a convivencia cidadá.

Conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para adoptar as medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica existente nos concellos da Coruña, Arteixo, Cambre, Culleredo, Oleiros, Abegondo, Bergondo, Carral e Sada, coa urxencia que a protección da saúde pública demanda.

Na súa virtude, en aplicación do punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte



á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:**Primeiro. *Obxecto***

O obxecto desta orde é establecer determinadas medidas de prevención, como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19, nos concellos da Coruña, Arteixo, Cambre, Culleredo, Oleiros, Abegondo, Bergondo, Carral e Sada.

Segundo. *Restricións ás agrupacións de persoas para a protección da saúde ante a existencia dun risco de carácter transmisible*

1. Á vista da evolución da situación epidemiolóxica e coa finalidade de controlar a transmisión da enfermidade, adóptase, en todo o ámbito territorial incluído no punto primeiro, de modo temporal, durante o período ao cal se estenda a eficacia das medidas previstas na presente orde de acordo co seu punto sexto, a medida de limitar os grupos para o desenvolvemento de calquera actividade ou evento de carácter familiar ou social na vía pública, espazos de uso público ou espazos privados a un máximo de dez persoas, excepto no caso de persoas conviventes, en que non se aplicará esta limitación.

2. O incumprimento da medida de prevención establecida neste punto poderá dar lugar á imposición das sancións e a outras responsabilidades previstas no ordenamento xurídico.

3. En particular, para os efectos da execución e control desta medida de prevención, no marco da situación de emerxencia sanitaria declarada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, solicitarase a colaboración das forzas e corpos de seguridade.

4. Para a execución da medida prevista neste punto buscarase sempre con preferencia a colaboración voluntaria das persoas destinatarias coas autoridades sanitarias. Non obstante, malia que esta medida non se individualiza en persoas determinadas dada a súa adopción con carácter xeral, tendo en conta que nos casos de ausencia de colaboración voluntaria a súa execución pode requirir a adopción de actos de imposición coactiva que poden supoñer restricións de dereitos fundamentais, e para coadjuvar na súa plena efectividade, solicitarase a súa ratificación xudicial, de acordo co previsto no número 6 do artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.



Terceiro. Outras medidas

1. Acórdase, en todo o ámbito territorial incluído no punto primeiro, o peche das actividades dos locais de discotecas e demais establecementos de lecer nocturno, das festas, verbenas e outros eventos populares, así como das atraccións de feiras, durante o período a que se estenda a eficacia das medidas previstas na presente orde de acordo co seu punto sexto.

Para estes efectos, quedan incluídos nos establecementos de lecer nocturno as discotecas, pubs, cafés espectáculo, salas de festas, así como as salas de concertos que desenvolvan as súas actividades de forma análoga aos anteriores, e a medida de peche abrangue as actividades que se desenvolvan tanto no interior dos locais como nas terrazas dos ditos establecementos.

2. Así mesmo, serán de aplicación, en todo o ámbito territorial incluído no punto primeiro, as medidas de prevención contidas nos números 1 e 2 do anexo.

3. Nos concellos da Coruña, Arteixo, Cambre, Culleredo e Oleiros aplicaranse, ademais, as limitacións de capacidade e as restantes medidas de prevención específicas recollidas no número 3 do anexo.

4. En todo o non previsto nesta orde, e no que sexa compatible con ela, serán de aplicación, en todo o ámbito territorial previsto no punto primeiro, as medidas que, con carácter xeral, se establecen no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente.

Cuarto. Medidas adicionais específicas respecto de determinados centros de servizos sociais na área sanitaria da Coruña e Cee

De acordo co principio de precaución, tendo en conta as específicas exixencias de protección da poboación afectada dada a súa especial vulnerabilidade, aplicaranse as seguintes medidas nos concellos da área sanitaria da Coruña e Cee:

a) Permanecerán pechados, mentres non se dite resolución da consellería competente en materia de política social que acorde a súa reapertura, os centros de atención diúrna para persoas maiores ou persoas con discapacidade e os centros ocupacionais, agás para a realización de terapias individuais en domicilios ou centros con cita previa, e as casas do maior.



b) De acordo cos protocolos existentes para estes efectos, suspéndense as visitas e as saídas dos residentes dos centros residenciais de persoas maiores e persoas con discapacidade. Esta suspensión poderá ser levantada pola consellería competente en materia de política social cando se dean as condicións precisas para isto.

Quinto. *Control do cumprimento das medidas e réxime sancionador*

1. A vixilancia, inspección e control do cumprimento das medidas de prevención que se recollen nesta orde, e a garantía dos dereitos e deberes sanitarios da cidadanía, corresponderán aos concellos dentro das súas competencias e sen prexuízo das competencias da Consellería de Sanidade, tendo en conta a condición de autoridade sanitaria dos alcaldes e alcaldesas de acordo co artigo 33.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, e as competencias dos concellos de control sanitario de actividades e servizos que impacten na saúde da súa cidadanía e dos lugares de convivencia humana, de acordo co artigo 80.3 do mesmo texto legal, así como da súa competencia para a ordenación e control do dominio público.

2. Así mesmo, os órganos de inspección da Administración autonómica, no ámbito das súas competencias, poderán realizar as actividades de inspección e control oportunas para a vixilancia e comprobación do cumprimento das medidas de prevención aplicables.

3. As forzas e corpos de seguridade darán traslado ás autoridades competentes das denuncias que formulen polo incumprimento das medidas de prevención.

Sexto. *Eficacia*

Esta orde terá efectos desde as 00.00 horas do 8 de agosto de 2020. Non obstante, as medidas recollidas nela serán obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a cinco días naturais desde a publicación da presente orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

Para estes efectos, poderán ser obxecto de mantemento, de modificación ou poderán deixarse sen efecto por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Santiago de Compostela, 7 de agosto de 2020

Jesús Vázquez Almuíña
Conselleiro de Sanidade



ANEXO**Medidas de prevención específicas****1. Obrigas xerais.****1.1. Obrigas de cautela e protección.**

Todos os cidadáns deberán adoptar as medidas necesarias para evitar a xeración de riscos de propagación da enfermidade COVID-19, así como a propia exposición aos ditos riscos. Este deber de cautela e protección será igualmente exigible aos titulares de calquera actividade.

Así mesmo, deberán respectarse as medidas de seguridade e hixiene establecidas polas autoridades sanitarias para a prevención do COVID-19.

1.2. Persoas con sintomatoloxía.

Calquera persoa que experimente algún dos síntomas máis comúns compatibles co COVID-19, tales como febre, calafríos, tose, sensación de falta de aire, diminución do olfacto e do gusto, dor de gorxa, dores musculares, dor de cabeza, debilidade xeral, diarrea ou vómitos, deberá permanecer no seu domicilio e comunicalo ao seu servizo sanitario coa maior brevidade.

Igualmente, se existen conviventes no domicilio, deberá evitar o contacto con eles e, se é posible, usar un cuarto de forma exclusiva ata recibir instrucións do seu servizo sanitario.

1.3. Distancia de seguridade interpersonal.

Deberá cumprirse a medida de mantemento da distancia de seguridade interpersonal establecida polo Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 de, polo menos, 1,5 metros ou, na súa falta, medidas alternativas de protección física con uso de máscara, de hixiene adecuada e etiqueta respiratoria.

1.4. Obrigatoriedade do uso de máscaras.

Será obrigatorio o uso da máscara nas condicións establecidas no número 1.3 do anexo do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez



superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na redacción dada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 17 de xullo de 2020.

Os titulares dos establecementos, espazos ou locais deberán garantir o cumprimento desta obriga neles.

1.5. Medidas específicas para casos e contactos estreitos.

As persoas que sexan consideradas caso sospeitoso ou probable de infección polo virus SARS-CoV-2, por teren infección respiratoria aguda grave con cadro clínico ou radiolóxico compatible co COVID-19, ou que estean pendentes dos resultados de probas diagnósticas por este motivo, as que sexan consideradas como caso confirmado con infección activa e as consideradas contacto estreito dun caso sospeitoso, probable ou confirmado, deberán seguir as condicións de illamento ou corentena que lles sexan indicadas desde os dispositivos asistenciais ou de saúde pública, sen poderen abandonar o seu domicilio ou lugar de illamento ou corentena en ningún caso, salvo autorización expresa do servizo sanitario por causas debidamente xustificadas.

2. Medidas xerais de hixiene e prevención.

Sen prexuízo das normas ou protocolos específicos que se establezan, serán aplicables a todos os establecementos, locais de negocio, instalacións e espazos de uso público e actividades de carácter público as medidas xerais de hixiene e prevención establecidas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na redacción vixente.

3. Limitacións de capacidade e medidas de prevención específicas por sectores aplicables nos concellos da Coruña, Arteixo, Cambre, Culleredo e Oleiros.

3.1. Velorios e enterros.

1. Os velorios poderán realizarse en todo tipo de instalacións, públicas ou privadas, debidamente habilitadas, cun límite máximo, en cada momento, de vinte e cinco persoas en espazos ao aire libre ou de dez persoas en espazos pechados, sexan ou non conviventes.

2. A participación na comitiva para o enterramento ou despedida para cremación da persoa falecida restrínxese a un máximo de vinte e cinco persoas, entre familiares e ache-



gados, ademais, de ser o caso, do ministro de culto ou persoa asimilada da confesión respectiva para a práctica dos ritos funerarios de despedida do defunto.

3.2. Lugares de culto.

1. A asistencia a lugares de culto non poderá superar o cincuenta por cento da súa capacidade. A capacidade máxima deberá publicarse en lugar visible do espazo destinado ao culto.

2. Non se poderá utilizar o exterior dos edificios nin a vía pública para a celebración de actos de culto.

3.3. Cerimonias nupciais e outras celebracións relixiosas ou civís.

1. No caso de que estas cerimonias ou celebracións se leven a cabo en lugares de culto, deberán aplicarse as regras de capacidade e as medidas de hixiene e prevención na celebración de actos de culto relixioso recollidas especificamente nesta orde e, no que sexa compatible co disposto nela, no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na redacción vixente. Deberanse evitar, en calquera caso, as aglomeracións á entrada e saída dos lugares de culto.

2. As celebracións que poidan ter lugar tras a cerimonia en establecementos de hostalaría e restauración axustaranse ás condicións e á capacidade previstas para a prestación do servizo nestes establecementos.

3.4. Establecementos e locais comerciais retallistas e de actividades de servizos profesionais abertos ao público que non formen parte de centros ou parques comerciais.

1. Os establecementos e locais comerciais retallistas e de actividades de servizos profesionais abertos ao público que non formen parte de centros ou parques comerciais non poderán superar o cincuenta por cento da súa capacidade total. No caso de establecementos ou locais distribuídos en varios andares, a presenza de clientes en cada un deles deberá gardar esta mesma proporción.

Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersonal nos locais e establecementos ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso de máscara será obrigatorio, aínda que se manteña



a distancia de seguridade interpersoal indicada, nos termos previstos no número 1.4 deste anexo».

2. Procurarase a atención con servizo preferente para maiores de 65 anos.

3.5. Establecementos que teñan a condición de centros e parques comerciais ou que formen parte deles.

1. Os establecementos e locais comerciais retallistas e de actividades de servizos profesionais abertos ao público situados en centros e parques comerciais non poderán superar o cincuenta por cento da súa capacidade total. No caso de establecementos ou locais distribuídos en varios andares, a presenza de clientes en cada un deles deberá gardar esta mesma proporción.

2. Non se permitirá a permanencia de clientes nas zonas comúns excepto para o tránsito entre os establecementos, salvo na actividade de hostalaría e restauración que se leve a cabo nas ditas zonas, a cal se deberá axustar ao previsto especificamente para estas actividades. Queda prohibida a utilización de zonas recreativas como poden ser zonas infantís, ludotecas ou áreas de descanso, que deben permanecer pechadas.

3. Deberanse establecer as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersoal no interior dos locais e establecementos e nas zonas comúns ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso de máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersoal indicada, nos termos previstos no número 1.4 deste anexo. Ademais, deberán evitarse as aglomeracións de persoas que comprometan o cumprimento destas medidas.

4. Procurarase a atención con servizo preferente para maiores de 65 anos.

3.6. Mercados que desenvolven a súa actividade na vía pública.

1. No caso dos mercados que desenvolven a súa actividade na vía pública ao aire libre ou de venda non sedentaria, coñecidos como feiras, non poderán superar o cincuenta por cento dos postos habituais ou autorizados, limitando a afluencia de clientes de maneira que se asegure o mantemento da distancia de seguridade interpersoal.

Os concellos poderán aumentar a superficie habilitada ou habilitar novos días para o exercicio desta actividade para compensar esta limitación.



Á hora de determinar os comerciantes que poden exercer a súa actividade, o Concello poderá dar prioridade a aqueles que comercializan produtos alimentarios e de primeira necesidade, asegurando que os consumidores non manipulen os produtos comercializados neles.

3.7. Actividades en academias, autoescolas e centros privados de ensino non regrado e centros de formación e actividade formativa xestionada ou financiada pola Administración autonómica en centros e entidades de formación.

A actividade que se realice nestes centros poderá impartirse dun modo presencial sempre que non se supere unha capacidade do cincuenta por cento respecto do máximo permitido e cun máximo de dez persoas por grupo.

3.8. Establecementos de hostalaría e restauración.

1. Os establecementos de hostalaría e restauración non poderán superar o cincuenta por cento da súa capacidade para consumo no interior do local.

2. O consumo dentro do local poderá realizarse unicamente sentado na mesa, ou agrupacións de mesas, e deberase asegurar o mantemento da debida distancia de seguridade interpersoal entre clientes ou, de ser o caso, grupos de clientes. Non está permitido o consumo na barra.

3. As terrazas ao aire libre dos establecementos de hostalaría e restauración limitarán a súa capacidade ao cincuenta por cento das mesas permitidas no ano inmediatamente anterior con base na correspondente licenza municipal ou do que sexa autorizado para este ano, no caso de que a licenza sexa concedida por primeira vez.

Consideraranse terrazas ao aire libre todo espazo non cuberto ou todo espazo que, estando cuberto, estea rodeado lateralmente por un máximo de dúas paredes, muros ou paramentos.

No caso de que o establecemento de hostalaría e restauración obtivese o permiso do Concello para incrementar a superficie destinada a terraza ao aire libre, poderase incrementar o número de mesas previsto no primeiro parágrafo deste número 3, respectando, en todo caso, unha proporción do cincuenta por cento entre mesas e superficie dispoñible e sempre que se manteña o espazo necesario para a circulación peonil no tramo da vía pública en que se sitúe a terraza.



4. En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia de seguridade interpersonal entre as mesas ou, de ser o caso, agrupacións de mesas. A ocupación máxima será de dez persoas por mesa ou agrupación de mesas.

5. Os establecementos de hostalaría e restauración deberán pechar non máis tarde das 00.30 horas, sen que se poida permitir o acceso de ningún cliente nin expedir consumición ningunha desde esa hora, e cun período máximo de desaloxamento de trinta minutos.

3.9. Condicións para ocupación de zonas comúns de hoteis e aloxamentos turísticos.

1. A ocupación das zonas comúns dos hoteis e aloxamentos turísticos non poderá superar o cincuenta por cento da súa capacidade.

Para iso, cada establecemento deberá determinar a capacidade dos distintos espazos comúns, así como aqueles lugares en que se poderán realizar eventos e as condicións máis seguras para a súa realización conforme a capacidade máxima prevista e de acordo coas medidas de hixiene, protección e distancia mínima establecidas.

2. As actividades de animación ou clases grupais deberán deseñarse e planificarse cunha capacidade máxima de dez persoas, incluídos os monitores, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersonal durante o desenvolvemento da actividade excepto no caso de persoas conviventes.

3.10. Albergues turísticos.

Na modalidade de aloxamento turístico de albergue permitirase unha capacidade máxima do cincuenta por cento da máxima permitida.

3.11. Bibliotecas, arquivos, museos e salas de exposicións, monumentos e outros equipamentos culturais.

1. Nas bibliotecas, arquivos, museos e salas de exposicións, monumentos e outros equipamentos culturais, tanto de titularidade pública como privada, poderán realizarse actividades presenciais sen superar o cincuenta por cento da capacidade máxima permitida.

2. Este límite de ocupación será aplicable tamén á realización de actividades culturais nestes espazos e cun máximo de ata dez persoas nas actividades de grupos, incluído o monitor ou guía, e deberán establecerse as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersonal durante o desenvolvemento da actividade, excepto no caso de persoas conviventes.



3.12. Actividade en cines, teatros, auditorios, circos de todo e espazos similares, así como en recintos ao aire libre e noutros locais e establecementos destinados a espectáculos públicos e actividades recreativas.

1. Os cines, teatros, auditorios, circos de todo e espazos similares poderán desenvolver a súa actividade contando con butacas preasignadas, sempre que non superen o cincuenta por cento da capacidade permitida en cada sala.

2. No caso doutros recintos, locais e establecementos destinados a espectáculos públicos e actividades recreativas distintos dos previstos no parágrafo anterior, poderán desenvolver a súa actividade sempre que o público permaneza sentado e que non se supere o cincuenta por cento da capacidade permitida.

3. En calquera caso, será de aplicación un límite máximo de sesenta persoas para lugares pechados e de cento cincuenta persoas no caso de actividades ao aire libre.

Non obstante, poderase ampliar o límite indicado ata un máximo de cen persoas para lugares pechados e trescentas persoas no caso de actividades ao aire libre, logo da autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. Neste caso a solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios, de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade polo COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación do Ministerio de Sanidade, ou aqueles outros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

3.13. Centros de lecer infantil.

Os centros de lecer infantil poderán levar a cabo a súa actividade cumprindo o Protocolo en materia de lecer infantil para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 aprobado pola Orde da Consellería de Sanidade do 30 de xuño de 2020, e cunha capacidade máxima do cincuenta por cento do seu total.

3.14. Actividades e instalacións deportivas.

1. A práctica da actividade física e deportiva non federada, ao aire libre, poderá realizarse de forma individual ou colectiva, sen contacto físico, e ata un máximo de dez persoas de forma simultánea.



Nas instalacións e centros deportivos poderase realizar actividade deportiva en grupos de ata dez persoas, sen contacto físico, e sempre que non se supere o cincuenta por cento da capacidade máxima permitida, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade.

A práctica da actividade deportiva federada de competencia autonómica poderá realizarse de forma individual ou colectiva, sen contacto físico, e ata un máximo de dez persoas simultaneamente no caso dos adestramentos. Non se aplicará este límite nas competicións onde as regras federativas garantan espazos diferenciados para cada equipo. No caso de realizarse en instalacións deportivas, a práctica axustarase, ademais, aos termos establecidos no parágrafo anterior.

3.15. Celebración de eventos deportivos, de adestramentos e de competicións deportivas con público.

A celebración de eventos deportivos, adestramentos, competicións deportivas que se celebren en instalacións deportivas ou na vía pública poderán desenvolverse con público sempre que este permaneza sentado, que non se supere o cincuenta por cento da capacidade permitida da instalación ou do espazo de que se trate e cun límite de sesenta persoas para lugares pechados, e de cento cincuenta persoas no caso de actividades ao aire libre.

Non obstante, poderase ampliar o límite indicado ata un máximo de cen persoas para lugares pechados e trescentas persoas no caso de actividades ao aire libre, logo da autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. Neste caso a solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios, de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade polo COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación do Ministerio de Sanidade, ou aqueles outros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

3.16. Piscinas.

1. As piscinas ao aire libre ou cubertas, para uso deportivo ou recreativo, deberán respectar o límite do cincuenta por cento da súa capacidade, tanto no relativo ao acceso como durante a propia práctica deportiva ou recreativa e sen poderen exceder o límite de cen persoas de ocupación. Quedan exentas destas limitacións as piscinas unifamiliares de uso privado.



2. Nas zonas de estadía das piscinas establecerase unha distribución espacial para manter a distancia de seguridade interpersoal entre os usuarios e cun máximo de dez persoas por grupo, excepto no caso de persoas conviventes, en que non se aplicará esta limitación.

3. Exceptúase o uso da máscara nas piscinas durante o baño e mentres se permaneza nun espazo determinado, sen desprazarse, e sempre que se poida garantir o respecto da distancia de seguridade interpersoal entre todas as persoas usuarias non conviventes. En calquera caso, será obrigatorio o uso de máscara para os accesos, desprazamentos e paseos nas piscinas.

3.17. Especificidades para determinadas actividades de natureza e turísticas.

Poderán realizarse actividades de turismo activo e de natureza, organizadas por empresas habilitadas como empresas de turismo activo, e a actividade de guía turístico, para grupos de ata un máximo de dez persoas, e deberán establecerse as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade, excepto no caso de persoas conviventes.

3.18. Centros de interpretación e visitantes, aulas da natureza, casetas e puntos de información.

Nos centros de interpretación e visitantes, nas aulas da natureza, casetas e puntos de información da Rede galega de espazos protexidos non se poderá exceder o cincuenta por cento da súa capacidade e deberá respectarse o máximo de dez persoas nas actividades de grupos, incluído o monitor ou guía. Ademais, deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade, excepto no caso de persoas conviventes.

3.19. Realización de actividades de tempo libre dirixidas á poboación infantil e xuvenil.

1. Poderanse realizar actividades de tempo libre destinadas á poboación infantil e xuvenil, cando estas se leven a cabo ao aire libre, sempre que se limite o número de participantes ao cincuenta por cento da súa asistencia máxima habitual, cun máximo de cen participantes, incluídos os monitores. Cando estas actividades se realicen en espazos pechados, non se deberá superar o cincuenta por cento da capacidade máxima do recinto, cun máximo de cincuenta participantes, incluídos os monitores.



2. As actividades deberán realizarse en grupos de ata dez persoas participantes, incluídos os monitores correspondentes, que deberán traballar sen contacto entre os demais grupos.

3.20. Uso das praias.

1. Os concellos deberán establecer limitacións tanto de acceso como de capacidade das praias co fin de asegurar que se poida respectar a distancia interpersonal de seguridade entre usuarios. Para os efectos de calcular a capacidade máxima permitida por cada praia, considerarase que a superficie de praia que vai ocupar cada usuario será de, polo menos, catro metros cadrados.

2. A situación dos obxectos persoais, toallas, hamacas e elementos similares levarase a cabo de forma que se poida manter a distancia de seguridade interpersonal con respecto a outros usuarios. Deberá, ademais, respectarse o límite máximo de dez persoas por grupo, excepto no caso de persoas conviventes, en que non se aplicará esta limitación.

3. Exceptúase o uso da máscara nas praias durante o baño e mentres se permaneza nun espazo determinado, sen desprazarse, e sempre que se poida garantir o respecto da distancia de seguridade interpersonal entre todas as persoas usuarias non conviventes. En calquera caso, será obrigatorio o uso de máscara para os accesos, desprazamentos e paseos nas praias.

3.21. Centros recreativos turísticos, zoolóxicos, acuarios ou similares.

1. Os centros recreativos turísticos, zoolóxicos, acuarios ou similares poderán realizar a súa actividade sempre que se limite a súa capacidade total ao cincuenta por cento.

2. As visitas de grupos serán dun máximo de dez persoas, incluído o monitor ou guía, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersonal durante o desenvolvemento da actividade, excepto no caso de persoas conviventes.

3.22. Parques e zonas deportivas de uso público ao aire libre.

Os parques infantís, parques biosaudables, zonas deportivas, pistas skate ou espazos de uso público ao aire libre similares poderán estar abertos ao público sempre que neles se respecte unha capacidade máxima estimada dunha persoa por cada catro metros cadrados de espazo computable de superficie do recinto.



3.23. Celebración de congresos, encontros, reunións de negocio, conferencias, eventos e actos similares.

1. Poderanse celebrar congresos, encontros, reunións de negocio, conferencias e eventos e actos similares promovidos por calquera entidade, de natureza pública ou privada, sempre que non se supere o cincuenta por cento da capacidade permitida do lugar de celebración e cun límite máximo de sesenta persoas para lugares pechados e de cento cincuenta persoas no caso de actividades ao aire libre.

Non obstante, poderase ampliar o límite indicado ata un máximo de cen persoas para lugares pechados e trescentas persoas no caso de actividades ao aire libre, logo da autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. Neste caso a solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios, de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade por COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación do Ministerio de Sanidade, ou aqueles outros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

O recollido neste número será tamén de aplicación para reunións profesionais, xuntas de comunidades de propietarios e eventos similares.

3.24. Establecementos e locais de xogo e apostas.

1. Os casinos, establecementos de xogos colectivos de diñeiro e de azar, salóns de xogo, salas de bingo, salóns recreativos, rifas e tómbolas, locais específicos de apostas e outros locais e instalacións asimilables aos de actividade recreativa de xogos e apostas, conforme establece a normativa sectorial en materia de xogo, poderán realizar a súa actividade sempre que non se supere o cincuenta por cento da capacidade permitida.

2. En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia de seguridade interpersoal entre as mesas ou, de ser o caso, agrupacións de mesas. A ocupación máxima será de dez persoas por mesa ou agrupación de mesas. En calquera caso, deberase respectar un máximo de cen persoas en espazos ao aire libre ou de cincuenta persoas en espazos pechados.

3. Os establecementos e locais deberán pechar non máis tarde das 00.30 horas, sen que poida permitirse o acceso de ningún cliente nin expedir consumición ningunha desde esa hora, e cun período máximo de desaloxamento de trinta minutos.



3.25. Limitación de capacidade para outros locais ou establecementos comerciais.

1. Con carácter xeral, calquera outro local ou establecemento comercial para o cal non se recollan expresamente unhas condicións de capacidade na presente orde, nin en protocolos ou normativa específica que lles sexa aplicable, non poderá superar o cincuenta por cento da capacidade autorizada ou establecida. En calquera caso, deberase respectar un máximo de sesenta persoas para lugares pechados e de cento cincuenta persoas no caso de actividades ao aire libre.

Non obstante, poderase ampliar o límite indicado ata un máximo de cen persoas para lugares pechados e trescentas persoas no caso de actividades ao aire libre, logo da autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. Neste caso a solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios, de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade por COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación do Ministerio de Sanidade, ou aqueles outros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

O disposto neste número 1 non será de aplicación nos establecementos comerciais de alimentación, bebidas, produtos e bens de primeira necesidade, establecementos farmacéuticos, servizos médicos ou sanitarios, ópticas, produtos ortopédicos, produtos hixiénicos, salóns de peiteado, prensa e papelería, combustible para a automoción, estancos, equipamentos tecnolóxicos e de telecomunicacións, alimentos para animais de compañía, comercio pola internet, telefónico ou correspondencia, tinturarías e lavandarías, sen prexuízo da necesidade de cumprir as obrigas xerais previstas na presente orde e as medidas xerais de hixiene e protección.

2. As actividades en grupos deberán realizarse ata un máximo de dez persoas participantes, incluídos os monitores, guías ou encargados correspondentes, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade, excepto no caso de persoas conviventes.

3. En calquera caso, poderase suspender a actividade de calquera establecemento que, a xuízo da autoridade competente, poida supor un risco de contaxio polas condicións en que se estea desenvolvendo.



I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 15 de agosto de 2020 pola que se modifican determinadas medidas previstas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.

Mediante o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020 adoptáronse medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.

Conforme o punto sexto do dito acordo, as medidas preventivas previstas nel deben ser obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade. Neste sentido, por sucesivos acordos do Consello da Xunta, do 25 de xuño, do 17, do 24 e do 30 de xullo de 2020, introducíronse determinadas modificacións nas medidas de prevención previstas no Acordo do 12 de xuño de 2020.

Así mesmo, indícase no dito punto sexto, na redacción vixente, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de acordo coa normativa aplicable e á vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación de medidas concretas contidas no anexo.

Logo do acordo do Consello Interterritorial de Saúde adoptado o día 14 de agosto, foron declaradas polo Ministerio de Sanidade, o mesmo día, como actuacións coordinadas en saúde pública para responder á situación de especial risco derivada do incremento de casos positivos por COVID-19, de acordo co establecido no artigo 65 da Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema nacional de saúde, unha serie de medidas e



recomendacións dirixidas ao control da transmisión nos eidos que actualmente son a orixe dos abrochos epidémicos de maior impacto e risco e para controlar a transmisión comunitaria. Algunhas delas constitúen medidas de prevención ou recomendacións en sentido estrito con incidencia nas contidas no acordo do Consello da Xunta de Galicia indicado.

Cabe destacar que, de acordo co número 2 do artigo 65 da Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema nacional de saúde, as medidas contidas na declaración de actuacións coordinadas polo Ministerio de Sanidade resultan de obrigado cumprimento, polo que debe procederse á adaptación das medidas autonómicas. Neste sentido, a Orde comunicada do ministro de Sanidade, do 14 de agosto de 2020, mediante a que se aproba a declaración de actuacións coordinadas en saúde pública para responder ante a situación de especial risco derivada do incremento de casos positivos por COVID-19, indica que «a evolución da situación epidemiolóxica, a diversidade e heteroxeneidade dalgunhas das medidas adoptadas nos diferentes territorios e a necesidade de aliñar os esforzos conxuntos de todas as autoridades sanitarias, aconsellan establecer un mínimo común de medidas que deberán ser adoptadas polas comunidades autónomas no ámbito competencial que lles é propio, utilizando a figura da declaración de actuacións coordinadas en saúde pública prevista no artigo 65 da Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema nacional de saúde». Tamén expresa máis adiante a orde comunicada: «Esta declaración de actuacións coordinadas vén referida a un ámbito material no cal a Administración xeral do Estado ten atribuídas funcións de coordinación xeral da sanidade, de acordo coa orde constitucional de distribución de competencias, e inclúe a todas as comunidades autónomas e cidades autónomas de Ceuta e Melilla para os efectos previstos no artigo 65 da Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema nacional de saúde».

Procede, pois, introducir no Acordo do Consello da Xunta do 12 de xuño de 2020 as modificacións necesarias para adaptar as medidas de prevención previstas nel ao disposto na declaración de actuacións coordinadas en saúde pública indicada. En concreto, introdúcese unha precisión na regulación relativa á obriga xeral de uso de máscara e a súa relación co consumo de tabaco ou de cigarros electrónicos, para, en liña co Acordo no Consello Interterritorial de Saúde, aclarar a aplicación da regulación xa existente en Galicia a calquera dispositivo de inhalación de tabaco, pipas de auga, cachimbas e asimilados; adáptanse as medidas existentes en materia de mantemento da distancia de seguridade interpersoal, agrupacións de persoas e horarios de peche nos establecementos de hostalaría e restauración; prevese o peche dos establecementos de lecer nocturno; prevese a adopción de medidas adicionais para centros sociosanitarios e inclúense dúas recomendacións sanitarias respecto de cautelas que se deben observar nos encontros sociais.



Polo que se refire á medida relativa ao ocio nocturno, a Orde comunicada do Ministerio de Sanidade indica que «os locais de lecer con horario maioritariamente nocturno (bares de copas, discotecas e salas de baile), constitúen actualmente a orixe dos abrochos epidémicos con maior número de casos asociados (media de 31 casos identificados por brote), pero ademais son os abrochos orixe dunha gran parte da transmisión comunitaria actual e de casos en varias comunidades autónomas, debido a que afectan grupos grandes de poboación, dificilmente identificables, con orixes xeográficas moi diversas e que polas grandes dificultades de localización que xeran, impiden a aplicación temperá e eficaz das medidas de control. A pesar das medidas adoptadas polas autoridades sanitarias autonómicas para restrinxir ou limitar a actividade destes locais de lecer, seguíronse rexistrando brotes asociados a este sector de actividade. Neste sentido, a propia natureza da actividade que se desenvolve no interior destes locais dificulta enormemente a implementación práctica doutras medidas como o distanciamento interpersoal».

En atención ao exposto, de acordo co disposto no punto sexto do Acordo do Consello da Xunta, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na redacción vixente dada polo Acordo do Consello da Xunta do 30 de xullo de 2020, e na condición de autoridade sanitaria conforme o previsto no artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. *Modificación do Acordo do Consello da Xunta, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade*

O Acordo do Consello da Xunta, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, queda modificado como segue:

Un. O ordinal 10º) da letra d) do número 1.3 do anexo queda coa seguinte redacción:

«10º) No caso particular de consumo de tabaco ou de cigarros electrónicos na vía pública ou en espazos ao aire libre, incluídas as terrazas, só se poderá exceptuar a obriga de uso de máscara, e exclusivamente durante o indicado consumo, sempre que, tendo en



conta a posible concorrencia de persoas e as dimensións do lugar, poida garantirse o mantemento, en todo momento, da distancia de dous metros con outras persoas.

O anterior será aplicable tamén para o uso de calquera dispositivo de inhalación de tabaco, pipas de auga, cachimbas e asimilados».

Dous. A letra e) do número 1.3 do anexo queda modificada como segue:

«e) Recomendacións sobre reunións de grupos de persoas en espazos privados.

Nos espazos privados, abertos ou pechados, de uso privado, recoméndase o uso de máscara, no caso de reunións ou de posible confluencia de persoas non conviventes, así como o mantemento da distancia de seguridade interpersonal e a aplicación de medidas de hixiene».

Tres. O número 3.11.2 do anexo queda redactado como segue:

«2. O consumo dentro do local poderá realizarse en barra ou sentado en mesa, ou agrupacións de mesas, e deberase asegurar o mantemento da debida distancia de seguridade interpersonal entre clientes, tanto entre os situados na barra como nas mesas ou agrupacións de mesas».

Catro. O número 3.11.4 do anexo queda modificado como segue:

«4. En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia de seguridade interpersonal entre as mesas ou, de ser o caso, agrupacións de mesas. A ocupación máxima será de dez persoas por mesa ou agrupación de mesas. A mesa ou agrupación de mesas que se utilice para este fin deberá ser acorde co número de persoas e permitir que se respecte a distancia mínima de seguridade interpersonal entre elas».

Cinco. Engádese un número 3.11.5 no anexo coa seguinte redacción:

«5. Os establecementos de hostalaría e restauración deberán pechar non máis tarde da unha da madrugada sen que poida permitirse o acceso de ningún cliente desde as 00.00 horas».

Seis. O número 3.34 do anexo queda redactado como segue:

«3.34. Discotecas e resto de establecementos de lecer nocturno.



Os locais de discotecas e demais establecementos de lecer nocturno permanecerán pechados.

Entenderanse por establecementos de lecer nocturno, para os efectos do establecido nestas medidas, as discotecas, pubs, cafés-espectáculo, salas de festas, así como as salas de concertos que desenvolvan as súas actividades de forma análoga aos anteriores.

A medida será de aplicación tanto respecto do interior dos locais como das terrazas destes establecementos».

Sete. Engádesse un número 4.6 no anexo coa seguinte redacción:

«4.6. Medidas adicionais en centros sociosanitarios.

A consellería competente en materia de política social, de maneira coordinada coa consellería competente en materia de sanidade, determinará as medidas específicas que deberán adoptarse nos centros sociosanitarios respecto da realización de probas PCR, réxime de visitas e de saídas, tendo en conta o indicado ao respecto na declaración de actuacións coordinadas en saúde pública para responder á situación de especial risco derivada do incremento de casos positivos por COVID-19 do 14 de agosto de 2020».

Oito. Engádesse un número 8 no anexo coa seguinte redacción:

«8. Recomendacións sanitarias.

Recoméndase á cidadanía:

- a) restrinxir os encontros sociais fóra do grupo de convivencia estable e
- b) limitar os encontros sociais a un máximo de dez persoas».

Segundo. *Eficacia*

A presente orde producirá efectos desde as 00.00 horas do 17 de agosto de 2020.

Santiago de Compostela, 15 de agosto de 2020

Jesús Vázquez Almuíña
Conselleiro de Sanidade



I. DISPOSICIÓN XERAIS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

RESOLUCIÓN do 24 de xullo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 23 de xullo de 2020, polo que se introducen determinadas modificacións nas medidas de prevención previstas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do vinte e tres de xullo de dous mil vinte, aprobou o seguinte acordo:

«Acordo polo que se introducen determinadas modificacións nas medidas de prevención previstas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.

Mediante o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020 adoptáronse medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.

Conforme o punto sexto do dito acordo, as medidas preventivas previstas nel deben ser obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de sanidade.

De conformidade con iso, mediante o Acordo do Consello da Xunta do 25 de xuño de 2020 introducíronse determinadas modificacións nas medidas de prevención previstas e, entre outras, recolleuse como obrigatorio o uso da máscara sempre que se transite ou se estea en movemento pola vía pública e en espazos ao aire libre e, pola concorrencia doutras persoas, non se poida garantir en todo momento, tendo en conta o número de persoas



e as dimensións do lugar, o mantemento da distancia de seguridade, así como sempre que se estea en espazos pechados de uso público ou que se encontren abertos ao público e se poida concorrer no mesmo espazo con outras persoas usuarias, coa excepción dos supostos en que se poida permanecer sentado se a persoa titular do espazo adopta medidas que garantan en todo momento o mantemento da distancia de seguridade interpersoal entre as persoas usuarias.

Así mesmo, mediante o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 17 de xullo de 2020 introducíronse modificacións relativas ao reforzamento da utilización de máscaras, ampliando os supostos en que o seu uso resulta obrigatorio, e ao establecemento dunha prohibición expresa da actividade habitualmente coñecida como “botellón”.

As semanas transcorridas desde a finalización do estado de alarma están a poñer en evidencia a alta frecuencia de abrochos xerados en celebracións e encontros en espazos privados.

Debe, por tanto, realizarse algunha recomendación sanitaria expresa que oriente a poboación e a consciencia de que se deben adoptar medidas de precaución e de protección non só en espazos públicos e en locais e establecementos abertos ao público, senón tamén en reunións en espazos privados.

Neste sentido, o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 17 de xullo de 2020 xa introduciu a recomendación de uso de máscara nos espazos privados, abertos ou pechados, de uso privado, no caso de reunións ou de posible confluencia de persoas non conviventes, aínda que se poida garantir o mantemento da distancia de seguridade interpersoal. Considérase oportuno afondar nas indicadas recomendacións.

Débese lembrar que, na situación producida pola actual pandemia, o prudente é reducir os contactos con persoas non conviventes, contactos que actúan como factor multiplicador do risco de contaxio.

As modificacións introducidas terán efectos desde o día seguinte á data de publicación do presente acordo no *Diario Oficial de Galicia*.

En atención ao exposto, por proposta da persoa titular da Consellería de Sanidade, adóptase o seguinte



ACORDO:

Primeiro. *Modificación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade*

O Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, queda modificado como segue:

Modifícase a letra e) do número 1.3 do anexo, que queda coa seguinte redacción:

“e) Recomendacións sobre reunións de grupos de persoas en espazos privados.

Nos espazos privados, abertos ou pechados, de uso privado, recoméndase o uso de máscara, no caso de reunións ou de posible confluencia de persoas non conviventes, así como o mantemento da distancia de seguridade interpersonal e a aplicación de medidas de hixiene. Así mesmo, recoméndase limitar o número de asistentes aos mínimos posibles e que, en todo caso, non superen as 25 persoas”.

Segundo. *Eficacia*

Este acordo producirá efectos desde o día seguinte á data da súa publicación no Diario Oficial de Galicia».

Santiago de Compostela, 24 de xullo de 2020

Alberto Fuentes Losada
Secretario xeral técnico da Consellería de Sanidade



I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

CORRECCIÓN DE ERROS. Resolución do 17 de xullo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 17 de xullo de 2020, polo que se introducen determinadas modificacións nas medidas de prevención previstas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.

Advertido erro no *Diario Oficial de Galicia* núm. 143, do sábado 18 de xullo, cómpre facer a seguinte rectificación:

Na páxina 28645, na sinatura, onde di: «Santiago de Compostela, 17 de xuño de 2020», debe dicir: «Santiago de Compostela, 17 de xullo de 2020».



I. DISPOSICIÓNS XERAIS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

RESOLUCIÓN do 25 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 25 de xuño de 2020, polo que se introducen determinadas modificacións nas medidas de prevención previstas no Acordo do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do 25 de xuño de 2020, aprobou o seguinte acordo:

«Acordo do Consello da Xunta de Galicia polo que se introducen determinadas modificacións nas medidas de prevención previstas no Acordo do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada por COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.

Mediante o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020 adoptáronse medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada por COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.

Conforme o punto sexto do dito acordo, as medidas preventivas previstas nel deben ser obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade.

De acordo co exposto, considérase que debe ser modificado o anexo do anterior acordo para introducir novas medidas de prevención ou revisar as existentes en relación con determinadas materias. As cuestións fundamentais que se abordan son as seguintes:

– Establecemento de regras aclaratorias sobre o uso de máscaras, coa finalidade de lembrar a súa necesidade en situacións en que non se pode garantir o mantemento da distancia de seguridade interpersoal.



- Pola súa importancia para controlar os eventuais brotes, establecemento expreso da obriga de que as persoas con sintomatoloxía compatible con COVID-19 non saian do domicilio e que o comuniquen ao servizo sanitario coa maior brevidade.
- Obriga de cumprimento das medidas de illamento ou corentena prescritas nos casos de casos confirmados ou sospeitosos de infección polo virus SARS-CoV-2 e de contactos estreitos.
- Medidas de prevención específicas para os casos de coros e agrupacións vocais e orquestras, bandas e outras agrupacións musicais, así como na actividade formativa en conservatorios, escolas de música e danza.
- Ampliación da capacidade máxima na modalidade de aloxamento turístico de albergue ao setenta e cinco por cento da súa capacidade máxima permitida.
- Medidas para a celebración de actos de culto e de competicións deportivas federadas ou eventos deportivos en espazos abertos e con acompañamento de público na vía pública.
- Ampliación da capacidade máxima no caso de actividades de tempo libre dirixidas á poboación infantil e xuvenil realizadas en espazos pechados.
- Revisión da superficie de praia por cada usuario para os efectos de cálculo da capacidade máxima, fixándoa en tres metros cadrados, e aplicación da mesma regra dunha persoa por cada tres metros cadrados para a determinación da capacidade máxima en parques infantís, parques biosaudables, zonas deportivas, pistas skate ou espazos de uso público ao aire libre similares.
- Establecemento de novas medidas de prevención para o desenvolvemento da actividade de establecementos de lecer nocturno, festas, verbenas e outros eventos populares e atraccións de feiras.
- Ampliación da capacidade máxima en establecementos e locais de xogo e apostas.
- Introducción da posibilidade de exceptuar, de maneira extraordinaria e coas debidas garantías, os límites de capacidade e asistencia en eventos ou actividades multitudinarias.
- Flexibilización na ocupación dos transportes públicos de viaxeiros en vehículos de ata nove prazas, incluído o condutor.
- Aprobación de protocolos COVID-19 específicos por parte das industrias agroalimentarias no ámbito da agricultura e da gandaría.



– Prohibición do uso compartido de dispositivos de inhalación de tabaco, pipas de auga, cachimbas ou asimilados en todos os locais de entretemento, lecer, hostalaría e restauración, e en calquera outro tipo de establecemento aberto ao público.

Determinadas medidas, como as relativas ao uso de máscaras, ás persoas con síntomas compatibles con COVID-19, a obriga de cumprimento das medidas de illamento ou corentena, a prohibición do uso compartido de dispositivos de inhalación, a flexibilización na ocupación dos transportes públicos de viaxeiros en vehículos de ata nove prazas, incluído o condutor, ou a aprobación de protocolos COVID-19 específicos por parte das industrias agroalimentarias no ámbito da agricultura e da gandaría, terán efectos desde a publicación do presente acordo. O resto das medidas terán efectos a partir do 1 de xullo, e preténdese establecer coa antelación suficiente para permitir o debido coñecemento polos seus destinatarios e facilitar o seu cumprimento e a aplicación.

Neste sentido, o punto cuarto do anterior Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de marzo de 2020 xa prevé que, sempre que a evolución da situación epidemiolóxica así o aconselle, a Administración autonómica poderá permitir o restablecemento, a partir do 1 de xullo, das actividades que indica, nas condicións que previamente se establezan, entre as que se encontran as dos establecementos de lecer nocturno e as festas, verbenas e outros eventos populares e atraccións de feiras.

De igual modo, o establecido no presente acordo respecto das medidas con efectos a partir do 1 de xullo debe entenderse en todo caso subordinado á evolución da situación epidemiolóxica, polo que a aplicación destas medidas podería demorarse se a situación non fose a adecuada, logo da correspondente valoración e decisión das autoridades sanitarias da Administración autonómica.

En atención ao exposto, por proposta da persoa titular da Consellería de Sanidade, adóptase o seguinte

ACORDO:

Primeiro. *Modificación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada por COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade*

O Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada por COVID-19, unha



vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, queda modificado como segue:

Un. Engádese un número 1.3 no anexo coa seguinte redacción:

“1.3. Obrigatoriedade do uso de máscaras.

1. Será obrigatorio o uso de máscaras de acordo co establecido no artigo 6 do Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño.

2. Para os efectos do establecido no número 1 do devandito artigo 6, entenderase que non é posible garantir o mantemento dunha distancia de seguridade interpersoal de, polo menos, 1,5 metros e, polo tanto, será obrigatorio o uso da máscara nos termos previstos no dito artigo:

a) Sempre que se transite ou se estea en movemento pola vía pública e en espazos ao aire libre e, pola concorrencia doutras persoas, non se poida garantir en todo momento, atendidos o número de persoas e as dimensións do lugar, o mantemento da distancia de seguridade.

b) Sempre que se estea en espazos pechados de uso público ou que se encontren abertos ao público e se poida concorrer no mesmo espazo con outras persoas usuarias. Exceptúanse os supostos en que se poida permanecer sentado se por parte da persoa titular do espazo se adoptan medidas que garantan en todo momento o mantemento da distancia de seguridade interpersoal entre as persoas usuarias.

3. O tipo de máscara que se debe empregar non deberá estar provista de válvula exhalatoria, agás nos usos profesionais para os que este tipo de máscara poida estar recomendada”.

Dous. Engádese un número 1.4 no anexo coa seguinte redacción:

“1.4. Persoas con sintomatoloxía.

Calquera persoa que experimente algún dos síntomas máis comúns compatibles con COVID-19, tales como febre, calafríos, tose, sensación de falta de aire, diminución do olfacto e do gusto, dor de garganta, dores musculares, dor de cabeza, debilidade xeral, diarrea ou vómitos, deberá permanecer no seu domicilio e comunicalo ao seu servizo sanitario coa maior brevidade.



Igualmente, se existen conviventes no domicilio, deberá evitar o contacto con eles e, se é posible, usar unha habitación de forma exclusiva ata recibir instrucións do seu servizo sanitario”.

Tres. Engádese un número 1.5 no anexo coa seguinte redacción:

“1.5. Medidas específicas para casos e contactos estreitos.

As persoas que sexan consideradas caso sospeitoso ou probable de infección polo virus SARS-CoV-2, por ter infección respiratoria aguda grave con cadro clínico ou radiolóxico compatible con COVID-19, ou que se atopen pendentes dos resultados de probas diagnósticas por este motivo, as que sexan consideradas como caso confirmado con infección activa e as consideradas contacto estreito dun caso sospeitoso, probable ou confirmado, deberán seguir as condicións de illamento ou corentena que lles sexan indicadas desde os dispositivos asistenciais ou de saúde pública, sen poder abandonar o seu domicilio ou lugar de illamento ou corentena en ningún caso, salvo autorización expresa do servizo sanitario por causas debidamente xustificadas”.

Catro. Engádese un número 2.5.8 no anexo coa seguinte redacción:

“8. Prohíbese o uso compartido de dispositivos de inhalación de tabaco, pipas de auga, cachimbos ou asimilados en todos os locais de entretemento, lecer, hostalaría e restauración e en calquera outro tipo de establecemento aberto ao público”.

Cinco. O número 2.7.2 do anexo queda redactado como segue:

“2. A actuación de coros e agrupacións vocais de canto axustarase ao disposto no número 2.11”.

Seis. Engádese un número 2.11 no anexo coa seguinte redacción:

“2.11. Coros e agrupacións vocais.

1. Nas actuacións que impliquen a participación de coros e agrupacións vocais de canto deberá asegurarse que se respecte en todo momento a distancia de seguridade interpersoal entre os integrantes do coro ou da agrupación e, polo menos, de 3 metros entre estes e o público.



2. Será obrigatorio, en calquera caso, o uso de máscara durante toda a actuación.

3. As condicións sinaladas nos números 1 e 2 tamén deberán respectarse durante as actividades de ensaio dos coros ou agrupación vocais de canto”.

Sete. Engádesse un número 2.12 no anexo coa seguinte redacción:

“2.12. Orquestras, bandas e outras agrupacións musicais.

1. Durante a actuación e os ensaios de orquestras, bandas e outras agrupacións musicais, as persoas integrantes deberán manter a distancia de seguridade e, se iso non é posible, reducirase o número de compoñentes de xeito que se cumpra coa dita distancia.

2. Todos os compoñentes da orquestra, banda ou agrupación musical que non sexan intérpretes de instrumentos de vento ou vocalistas deberán levar máscara durante toda a actuación ou ensaio. Os vocalistas e os intérpretes de instrumentos de vento só quitarán a máscara no momento da súa intervención vocal ou durante o uso do instrumento e deberán manter a distancia de seguridade durante a súa actuación e os ensaios, evitando situarse enfronte doutros intérpretes e recomendándose o uso doutros elementos como pantallas ou anteparos de separación.

3. Recoméndase limpar e desinfectar con maior periodicidade os chans dos espazos de actuación ou ensaio con instrumentos de vento.

4. As actuacións e ensaios en exteriores ou en recintos diferentes aos habituais realizáranse seguindo, ademais, as medidas de prevención específicas deses espazos e sempre gardando a distancia de seguridade interpersoal”.

Oito. O número 3.4.2 do anexo queda redactado como segue:

“2. A utilización do exterior dos edificios ou da vía pública para a celebración de actos de culto con acompañamento de público deberá desenvolverse nas condicións que determine a autoridade municipal correspondente, á cal lle corresponde a súa autorización. Nestes casos, con carácter previo á celebración, delimitarase o espazo ou itinerario e a asistencia de público estará limitada a un máximo de 1.000 persoas. Procurarase manter a distancia de seguridade interpersoal entre os participantes entre si e co público asistente e o uso de máscara será obrigatorio para os participantes e para o público asistente”.



Nove. O número 3.13.1 do anexo queda redactado como segue:

“1. Na modalidade de aloxamento turístico de albergue, polas súas especiais características, permitirase unha capacidade máxima do setenta e cinco por cento da súa capacidade máxima permitida”.

Dez. Engádesse un número 3.22.bis no anexo coa seguinte redacción:

“3.22.bis. Celebración das competicións deportivas federadas e dos eventos deportivos en espazos abertos e con acompañamento de público na vía pública.

A celebración das competicións deportivas federadas e dos eventos deportivos en espazos abertos e con acompañamento de público na vía pública, tales como atletismo, ciclismo, rallyes automobilísticos, remo e similares, deberá ser aprobada pola autoridade municipal correspondente, ou, se transcorresen por máis dun termo municipal, pola autoridade autonómica competente. Nestes casos, con carácter previo á celebración, delimitarase o espazo ou itinerario e a asistencia de público estará limitada a un máximo de 1.000 persoas. Procurarase manter a distancia de seguridade interpersoal entre os participantes e o público asistente e o uso de máscara será obrigatorio para todo o público asistente.

Con relación aos participantes no caso de competicións deportivas federadas, estara-se ao disposto nos respectivos protocolos federativos e no caso dos eventos deportivos ao disposto no respectivo protocolo do organizador, segundo o disposto nos números 3.21.2 e 3.22.2”.

Once. O número 3.29.1 do anexo queda redactado como segue:

“1. Poderanse realizar actividades de tempo libre destinadas á poboación infantil e xuvenil, cando estas se leven a cabo ao aire libre, sempre que se limite o número de participantes ao 75 por cento da súa asistencia máxima habitual, cun máximo de 250 participantes, incluídos os monitores. Cando estas actividades se realicen en espazos pechados, non se deberá superar o 75 por cento da capacidade máxima do recinto, cun máximo de 150 participantes, incluídos os monitores”.

Doce. O número 3.30.4 do anexo queda redactado como segue:

“4. Os concellos poderán establecer limitacións tanto de acceso como de capacidade das praias co fin de asegurar que se poida respectar a distancia interpersoal de seguridade



entre usuarios. Para iso poderán tamén establecer límites nos tempos de permanencia nelas, así como no acceso aos aparcamentos, en prol de facilitar o control da capacidade das praias. Así mesmo, os concellos deberán establecer as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersonal tamén nas zonas de acceso e saída e para evitar aglomeracións nelas.

Para os efectos de calcular a capacidade máxima permitida por cada praia, considerárase que a superficie de praia que vai ocupar cada usuario será de aproximadamente tres metros cadrados”.

Trece. O número 3.32.1 do anexo queda redactado como segue:

“1. Os parques infantís, parques biosaudables, zonas deportivas, pistas skate ou espazos de uso público ao aire libre similares poderán estar abertos ao público sempre que neles se respecte unha capacidade máxima estimada dunha persoa por cada tres metros cadrados de espazo computable de superficie do recinto”.

Catorce. O número 3.34 do anexo queda redactado como segue:

“3.34. Discotecas e resto de establecementos de lecer nocturno.

1. Os locais de discotecas e demais establecementos de lecer nocturno poderán levar a cabo a súa actividade sen superar os dos terzos da súa capacidade.

Entenderanse por establecementos de lecer nocturno, para os efectos do establecido nestas medidas, as discotecas, pubs, cafés-espectáculo, salas de festas, así como as salas de concertos que desenvolvan as súas actividades de forma análoga aos anteriores.

2. O consumo dentro do local poderá realizarse en barra ou sentado en mesa, ou agrupacións de mesas, e deberase asegurar o mantemento da debida distancia de seguridade interpersonal entre clientes ou, de ser o caso, grupos de clientes situados na barra ou entre as mesas ou, de ser o caso, agrupacións de mesas.

3. As terrazas ao aire libre destes establecementos limitarán a súa capacidade, para consumo sentado en mesa, ata o setenta e cinco por cento das mesas permitidas no ano inmediatamente anterior con base na correspondente licenza municipal ou do que sexa autorizado para este ano, no caso de que a licenza sexa concedida por primeira vez.



Consideraranse terrazas ao aire libre todo espazo exterior ao local non cuberto ou todo espazo que, estando cuberto, estea rodeado lateralmente por un máximo de dúas paredes, muros ou paramentos.

4. En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia de seguridade interpersonal entre as mesas ou, de ser o caso, agrupacións de mesas. A ocupación máxima será de vinte e cinco persoas por mesa ou agrupación de mesas.

5. Deberanse establecer as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersonal e evitar aglomeracións tanto no interior do establecemento como no seu exterior e nas súas entradas e saídas.

6. No caso de existir zona de baile, permitírase o seu uso cunha ocupación que en ningún caso será superior á que resulte da asignación de tres metros cadrados da pista por cada usuario.

7. Tanto os clientes coma os traballadores do establecemento deberán portar máscara. Non deberá permitirse a presenza no establecemento daquelas persoas que incumplan esta obriga.

8. Co fin de posibilitar o seguimento de posibles contactos nos casos de descubrimento posterior de presenza no local de casos de COVID-19, os establecementos deberán levar un rexistro para permitirlles aos clientes achegar, en todo caso voluntariamente, un número de teléfono para facilitar a súa localización polas autoridades sanitarias, nas condicións que se precisen no protocolo que aprobe a Administración autonómica sobre lecer nocturno e cumprindo en todo caso as exixencias derivadas da normativa en materia de protección de datos de carácter persoal. O establecemento deberá conservar os datos coas debidas garantías durante o prazo de 28 días naturais, que se considera o estritamente indispensable para cumprir coa finalidade do rexistro. Os datos estarán á disposición exclusivamente das autoridades sanitarias e coa única finalidade de seguimento de posibles contactos de casos de COVID-19.

9. Ademais do cumprimento xeral das medidas de hixiene e prevención establecidas, deberán aplicarse as condicións previstas especificamente para a prestación do servizo nos establecementos de hostalaría e restauración, así como os protocolos ou as guías que poidan ser aprobados pola Administración autonómica para estas actividades. Nos establecementos que ofrezan espectáculos musicais, terase en conta ademais o establecido no número 2.12”.



Quince. O número 3.35 do anexo queda redactado como segue:

“3.35. Festas, verbenas e outros eventos populares.

1. Dada a peculiaridade, popularidade e tradición destas celebracións, as festas, verbenas e outros eventos populares poderán iniciar a súa actividade, sempre que se respecte unha capacidade máxima dunha persoa por cada tres metros cadrados da superficie útil do recinto, ata un máximo de 1.000 persoas para os espazos cunha superficie útil menor ou igual a 8.000 metros cadrados. No caso de que a superficie útil do recinto sexa superior aos 8.000 metros cadrados, o límite máximo será de 2.000 persoas, sempre que se manteña unha persoa por cada tres metros cadrados de superficie.

2. Deberase acoutar o espazo destinado ao evento de tal maneira que se facilite o establecemento de puntos diferenciados para a entrada e saída do recinto, que deberán estar identificados con claridade. Estableceranse controis de capacidade nas entradas e saídas do recinto e adoptaranse as medidas necesarias para evitar aglomeracións nestes puntos.

3. No caso de festas, verbenas ou outros eventos populares en que exista un escenario, deberase establecer un perímetro cercado con 4 metros de distancia entre o escenario e o público. En ningún caso se permitirá o acceso de persoas do público ao escenario.

4. Deberanse establecer as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersonal no interior e no exterior do recinto e para evitar aglomeracións, e poderán establecerse medidas para acoutar ou sectorizar zonas, tendo en conta, en calquera caso, a normativa de seguridade que sexa de aplicación.

5. Tanto os asistentes como o persoal de organización deberán portar máscara de maneira obrigatoria e lembraráselles aos asistentes, por medio de carteis visibles e mensaxes de megafonía, a devandita obrigatoriedade, así como as normas de hixiene e prevención que deben observar.

A organización non deberá permitir a presenza no recinto daquelas persoas que incumpran esta obriga.

6. Disporanse dispensadores de solución/xel hidroalcohólico ou antisépticos con actividade virucida debidamente autorizados e rexistrados nos puntos de entrada e saída do recinto, así como en diferentes puntos dentro do recinto (tales como establecementos de restauración, aseos e postos de venda de produtos).



7. Ademais do cumprimento xeral das medidas de hixiene e prevención establecidas, deberán aplicarse as condicións previstas especificamente para a prestación do servizo nos establecementos de hostalaría e restauración, no caso de que se preste algún tipo de servizo deste tipo, así como os protocolos ou as guías que poidan ser aprobados pola Administración autonómica para estas actividades. No caso dos espectáculos musicais, aplicarase o establecido no número 2.12.

8. A celebración de romarías, desfiles, exhibicións de música ou baile ou actividades similares en espazos abertos e con acompañamento de público na vía pública deberá desenvolverse nas condicións que deberá determinar a autoridade municipal correspondente. Nestes casos, con carácter previo á celebración, delimitarase o espazo ou o itinerario e a asistencia de público estará limitada a un máximo de 1.000 persoas. Procurarase manter a distancia de seguridade interpersoal entre os participantes entre si e co público asistente, e o uso de máscara será obrigatorio para os participantes e para o público asistente”.

Dezaseis. O número 3.37.1 do anexo queda redactado como segue:

“1. Os casinos, establecementos de xogos colectivos de diñeiro e de azar, salóns de xogo, salas de bingo, salóns recreativos, rifas e tómbolas, locais específicos de apostas e outros locais e instalacións asimilables aos de actividade recreativa de xogos e apostas, conforme estableza a normativa sectorial en materia de xogo, poderán realizar a súa actividade sempre que non se supere o setenta e cinco por cento da capacidade permitida.

Serán de obrigado cumprimento os protocolos ou as guías que poidan ser aprobados pola Administración autonómica para estas actividades”.

Dezasete. Engádesse un número 3.40 no anexo coa seguinte redacción:

“3.40. Atraccións de feiras.

1. Nos recintos en que se desenvolvan atraccións de feira deberá respectarse unha capacidade máxima dunha persoa por cada tres metros cadrados de superficie útil do recinto, ata un máximo de 700 persoas para os espazos cunha superficie útil menor ou igual a 8.000 metros cadrados. No caso de que a superficie do recinto sexa superior aos 8.000 metros cadrados, o límite máximo será de 2.000 persoas, sempre que se manteña a capacidade dunha persoa por cada tres metros cadrados de superficie. Para o cálculo da superficie útil do recinto non se terá en conta a superficie ocupada por todas as estruturas instaladas.



2. Deberase acoutar o espazo destinado ao recinto en que se desenvolvan as atraccións, de tal maneira que se facilite o establecemento de puntos diferenciados para a entrada e a saída do recinto, que deberán estar identificados con claridade. Estableceranse controis de capacidade nas entradas e saídas do recinto e adoptaranse as medidas necesarias para evitar aglomeracións nestes puntos.

3. Deberanse establecer as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersonal no interior e no exterior do recinto e para evitar aglomeracións, e poderán establecerse medidas para acoutar ou sectorizar zonas, tendo en conta, en calquera caso, a normativa de seguridade que sexa de aplicación.

4. Tanto os asistentes como o persoal das atraccións deberán portar máscara de maneira obrigatoria e lembraráselles aos asistentes, por medio de carteis visibles e mensaxes de megafonía, a devandita obrigatoriedade, así como as normas de hixiene e prevención que deben observar.

A organización non deberá permitir a presenza no recinto daquelas persoas que incumpran esta obriga.

5. No caso das atraccións que dispoñan de asentos, poderá ocuparse ata un máximo que permita manter a distancia de seguridade interpersonal entre os ocupantes e reducirase ao cincuenta por cento o número de asentos de cada fila que se poidan ocupar en caso de que esta distancia non se poida asegurar. Esta limitación non será de aplicación no caso de persoas conviventes. No caso de atraccións que non teñan asentos incorporados, a súa capacidade máxima será do cincuenta por cento da capacidade máxima da atracción.

6. Disporanse dispensadores de solución/xel hidroalcohólico ou antisépticos con actividade virucida debidamente autorizados e rexistrados nos puntos de entrada e saída do recinto, así como en diferentes puntos dentro do recinto (tales como establecementos de restauración, aseos ou postos de venda de produtos).

7. Ademais do cumprimento xeral das medidas de hixiene e prevención establecidas, deberán aplicarse as condicións previstas especificamente para a prestación do servizo nos establecementos de hostalaría e restauración, no caso de que se preste algún tipo de servizo deste tipo, así como os protocolos ou as guías aprobados pola Consellería de Sanidade para estas actividades.



8. As medidas recollidas nos números 4 ao 7 aplicaranse tamén a aquelas atraccións que se sitúen dentro do propio recinto de festas, verbenas e outros eventos populares”.

Dezaoito. Engádese un número 3.41 no anexo coa seguinte redacción:

“3.41. Actividade formativa en conservatorios, escolas de música e danza.

Na actividade formativa en conservatorios, escolas de música e danza, todos os profesores e alumnos que non utilicen instrumentos de vento deberán levar máscara durante toda a clase. Os alumnos e profesores de instrumentos de vento só quitarán a máscara no momento do uso do instrumento, recomendarase o uso doutros elementos como pantallas ou anteparos de separación.

Os instrumentos musicais que compartan varios alumnos deberán ser desinfectados tras o seu uso por cada alumno.

Recoméndase limpar e desinfectar con maior periodicidade os chans das aulas de instrumentos de vento.

Nas clases de danza e baile deberase levar a máscara durante toda a clase e evitarse o contacto físico”.

Dezanove. Engádese un número 3.42 no anexo coa seguinte redacción:

“3.42. Excepción extraordinaria ás limitacións de capacidade e asistencia en eventos ou actividades multitudinarias.

Excepcionalmente, poderán superarse os límites de capacidade e asistencia en eventos ou actividades multitudinarias previstos neste acordo, logo de autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo á evolución da situación epidemiolóxica, ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. A solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade por COVID-19 en España (17 de xuño de 2020), do Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueloutros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan”.

Vinte. O número 6.3 do anexo queda redactado como segue:

“3. Nos transportes públicos de viaxeiros en vehículos de ata nove prazas, incluído o condutor, poderán desprazarse tantas persoas como prazas teña o vehículo; ocuparanse en último lugar as prazas da fila do condutor”.



Vinte e un. Engádesse un número 7 no anexo coa seguinte redacción:

“7. Medidas específicas respecto das industrias agroalimentarias no ámbito da agricultura e da gandaría.

1. As industrias agroalimentarias no ámbito da agricultura e da gandaría que non contén un protocolo COVID-19 específico adaptado ás actividades concretas que desenvolvan, deberán aprobar ese protocolo tendo en conta os elementos propios ou singulares de cada unha delas, tales como as condicións de refrixeración necesarias para o desenvolvemento da súa actividade ou outros factores ou elementos que se considere que poderían influír na propagación do virus.

2. Para tales efectos, as industrias agroalimentarias deberán ter en conta tanto as medidas xerais de hixiene e prevención exhibibles a todas as actividades e establecidas no presente acordo como tamén o documento da Organización das Nacións Unidas para a Alimentación e a Agricultura e a Organización Mundial da Saúde: COVID-19 e inocuidade dos alimentos: orientacións para as empresas alimentarias, do 7 de abril de 2020”.

Segundo. *Eficacia*

Este acordo producirá efectos desde a data da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, agás as modificacións recollidas nos números cinco a dezanove do punto primeiro deste acordo, as cales terán efectos desde o 1 de xullo de 2020, sen prexuízo de que estas medidas deberán entenderse en todo caso subordinadas á evolución da situación epidemiolóxica, polo que a súa eficacia podería demorarse se a situación non for a adecuada, logo da correspondente valoración e decisión das autoridades sanitarias da Administración autonómica.

A aprobación do protocolo específico por parte das industrias agroalimentarias de agricultura e gandaría prevista no número vinte e un do punto primeiro deste acordo realízase no prazo máximo dunha semana desde a data de comezo de efectos deste acordo».

Santiago de Compostela, 25 de xuño de 2020

Alberto Fuentes Losada
Secretario xeral técnico da Consellería de Sanidade



I. DISPOSICIÓNS XERAIS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

RESOLUCIÓN do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do 12 de xuño de 2020, aprobou o seguinte acordo:

«Acordo sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.

O 11 de marzo de 2020, a Organización Mundial da Saúde elevou a situación de emerxencia de saúde pública xerada pola expansión do coronavirus COVID-19 a nivel de pandemia internacional. Esta expansión está a xerar unha crise sen precedentes recentes na saúde pública que afecta todos os sectores e individuos. As distintas administracións, organismos e institucións, nacionais e internacionais, tiveron que adoptar medidas drásticas e urxentes para a prevención e loita contra a pandemia.

Neste sentido, o 13 de marzo de 2020, o Consello da Xunta de Galicia aprobou o acordo polo que se declarou a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activou o Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego) como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19, coa conseguinte asunción da dirección do Plan e de todas as actividades de emerxencia por parte do titular da presidencia da Xunta de Galicia, de acordo co previsto neste.

Mediante o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, declarouse o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, dentro das medidas previstas para facer fronte á situación ocasionada pola extensión do COVID-19. A declaración afectou todo o territorio nacional por un período inicial de quince días naturais que foi obxecto de ata seis prórrogas autorizadas polo Congreso dos Deputados. Tras o período inicial de quince días naturais e o correspondente á primeira e á segunda prórrogas do estado de alarma, iniciouse, durante a terceira prórroga, un proceso de redución progresiva



das medidas extraordinarias de restrición da mobilidade, do contacto social e do exercicio de actividades establecidas na versión inicial do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, en especial con motivo da aprobación, polo Consello de Ministros, na súa reunión do 28 de abril, do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. No dito plan prevese un proceso gradual de volta á normalidade dividido en catro fases: unha fase cero ou preliminar e tres fases de desescalada, diferenciadas en función das actividades permitidas en cada unha delas, polas que poderán transitar os diferentes territorios en función de diversos criterios e indicadores ata chegar á denominada “nova normalidade”, en que se porá fin ás medidas de contención, pero se manterá a vixilancia epidemiolóxica, a capacidade reforzada do sistema sanitario e as medidas de autoprotección da cidadanía.

Durante a vixencia da sexta e última prórroga do estado de alarma, fixada ata as 00.00 horas do 21 de xuño, o Real decreto 555/2020, do 5 de xuño, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, prevé, no seu artigo 5, que a superación de todas as fases previstas no Plan para a desescalada das medidas extraordinarias adoptadas para facer fronte á pandemia de COVID-19, aprobado polo Consello de Ministros na súa reunión do 28 de abril de 2020, determinará que queden sen efecto as medidas derivadas da declaración do estado de alarma nas correspondentes provincias, illas ou unidades territoriais. Ademais, conforme o artigo 6 do mesmo real decreto, serán as comunidades autónomas as que poidan decidir, para os efectos do artigo 5 e consonte criterios sanitarios e epidemiolóxicos, a superación da fase III nas diferentes provincias, illas ou unidades territoriais da súa Comunidade e, polo tanto, a súa entrada na «nova normalidade».

En aplicación do artigo 6 do Real decreto 555/2020, do 5 de xuño, o Consello da Xunta de Galicia apreciou, en acordo do día de hoxe, como autoridade sanitaria, que a Comunidade Autónoma de Galicia, como unidade territorial, está en condicións de superar a fase III do Plan para a desescalada das medidas extraordinarias adoptadas para facer fronte á pandemia de COVID-19 e, por tanto, en condicións de entrar na «nova normalidade».

O presidente da Xunta de Galicia, de acordo co disposto no artigo 6.2 do Real decreto 555/2020, do 5 de xuño, poderá dispoñer formalmente, mediante decreto publicado no *Diario Oficial de Galicia*, a superación da fase III e, por tanto, a entrada na nova normalidade, indicando o día a partir do cal terá efectos esta decisión.



A superación da fase III, ben que implica que queden sen efecto as medidas extraordinarias derivadas do estado de alarma, debe comportar, porén, a adopción, por parte das administracións competentes, das necesarias medidas de prevención que permitan seguir facendo fronte e controlando a pandemia, tendo en conta a subsistencia, aínda que atenuada, dunha situación de crise sanitaria. Neste sentido, no ámbito estatal ditouse o Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, as cales, conforme o disposto no seu artigo 2.2, serán de aplicación naquelas unidades territoriais que superasen a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.

No ámbito autonómico, a resposta, necesaria e urxente, á crise sanitaria que aínda subsiste, pese á superación da fase III, debe ser, ademais do mantemento da declaración de situación de emerxencia sanitaria efectuada mediante o Acordo do 13 de marzo de 2020, a adopción de medidas de prevención con fundamento nas previsións da normativa sanitaria que habilitan para iso.

Neste sentido, a Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública, prevé, no seu artigo primeiro, que co obxecto de protexer a saúde pública e previr a súa perda ou deterioración, as autoridades sanitarias das distintas administracións públicas poderán, dentro do ámbito das súas competencias, adoptar as medidas previstas na dita lei cando así o exixan razóns sanitarias de urxencia ou necesidade.

O artigo segundo habilita as autoridades sanitarias competentes para adoptaren medidas de recoñecemento, tratamento, hospitalización ou control cando se aprecien indicios racionais que permitan supoñer a existencia de perigo para a saúde da poboación debido á situación sanitaria concreta dunha persoa ou grupo de persoas ou polas condicións sanitarias en que se desenvolve unha actividade. E, para o caso concreto de enfermidades transmisibles, o artigo terceiro dispón que, co fin de controlalas, a autoridade sanitaria, ademais de realizar as accións preventivas xerais, poderá adoptar as medidas oportunas para o control dos enfermos, das persoas que estean ou teñan estado en contacto con estes e do ambiente inmediato, así como as que se consideren necesarias en caso de risco de carácter transmisible.

Pola súa banda, o artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, prevé a posibilidade de que as autoridades sanitarias poidan adoptar as medidas preventivas que consideren pertinentes cando exista ou se sospeite razoablemente a existencia dun risco inminente e extraordinario para a saúde. A duración das ditas medidas fixarase para cada



caso, sen prexuízo das prórrogas sucesivas acordadas por resolucións motivadas, e non excederá o que exixa a situación de risco inminente e extraordinario que as xustificou.

A Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, recolle, así mesmo, nos seus artigos 27.2 e 54, a posible adopción de medidas por parte das autoridades sanitarias en situacións de risco para a saúde das persoas.

E no ámbito autonómico, a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, no seu artigo 34 inclúe, entre as intervencións públicas que poderán exercer as autoridades sanitarias competentes sobre as actividades públicas e privadas que, directa ou indirectamente, poidan ter consecuencias para a saúde, no seu número 12, a de adoptar as medidas preventivas que se consideren pertinentes en caso de que exista ou se sospeite razoablemente a existencia dun risco inminente e extraordinario para a saúde, cuxa duración debe fixarse para cada caso, sen prexuízo das prórrogas sucesivas acordadas por resolucións motivadas, que non deberán exceder o que exixa a situación de risco extraordinario que as xustifícase, e o artigo 38 prevé que as autoridades sanitarias poderán levar a cabo intervencións públicas nos supostos de riscos para a saúde de terceiras persoas, nos mesmos termos previstos nos artigos 2 e 3 da Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, antes citados.

Así mesmo, o artigo 49 da mesma lei, na súa letra d), establece que a prestación de saúde pública por parte do Sistema público de saúde de Galicia comprende, entre outros aspectos, a prevención e o control das enfermidades transmisibles. E o seu artigo 52.4, pola súa banda, recolle a previsión de que, ante situacións de crise, alerta ou alarma de saúde pública, o Sistema público de saúde de Galicia responderá con mecanismos e accións precisas que garantan a protección da saúde da poboación.

Por último, o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, atribúe a condición de autoridade sanitaria ao Consello da Xunta e á persoa titular da consellería con competencias en sanidade e, segundo o número 2 do mesmo precepto, corresponde aos ditos órganos establecer as intervencións públicas necesarias para garantir os dereitos e deberes sanitarios da cidadanía.

Neste contexto normativo, o Consello da Xunta, na súa condición de autoridade sanitaria, adopta a través do presente acordo as medidas de prevención necesarias para facer fronte sen dilación, tras a superación da fase III e o conseguinte levantamento das medidas derivadas do estado de alarma, ás necesidades urxentes e extraordinarias derivadas da crise sanitaria do COVID-19, de xeito que quede garantido, por unha banda, que a cidadanía evite comportamentos que xeren riscos de propagación da enfermidade e, por outra banda, que as actividades en que poida xerarse un maior risco de transmisión comunitaria



da enfermidade se desenvolvan en condicións que permitan en todo momento previr os riscos de contaxio.

Neste sentido procede salientar que, ben que se superou a fase aguda da pandemia, debemos manter aquelas formas de vivir que se mostraron eficaces na loita contra a dita pandemia e cambiar aquelas outras que nos prexudicaron. Así, as medidas que se adoptan no presente acordo responden, por unha banda, a un equilibrio entre a necesaria protección da saúde pública e o incremento no número e intensidade das actividades que favoreza a recuperación da vida social e económica.

E, á vez, é necesario un comportamento social de cautela e autoprotección asentado fundamentalmente nas seguintes premisas: hixiene frecuente de mans; hixiene respiratoria (evitar tusir directamente ao aire e tocar a cara, o nariz e os ollos); distancia interpersonal mínima de 1,5 metros; uso de máscaras cando non sexa posible manter a distancia mínima interpersonal, así como cando se estea en contornos con moita xente, especialmente en espazos pechados; preferencia por actividades ao aire libre e de pouca duración; limpeza, hixiene e ventilación dos espazos utilizados e, especialmente, adopción de medidas de illamento e comunicación cos servizos de saúde tan pronto como se teñan síntomas compatibles co COVID-19 (febre, tose ou dificultade para respirar) ou outros síntomas, como falta de olfacto ou gusto.

O compromiso colectivo será, sen dúbida, a mellor arma na loita contra a pandemia.

En consecuencia, de conformidade coas previsións normativas antes indicadas, por proposta da persoa titular da Consellería de Sanidade, adóptase o seguinte

ACORDO:

Primeiro. *Obxecto*

O obxecto do presente acordo é establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración de situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta do 13 de marzo de 2020.

Segundo. *Ámbito de aplicación e alcance*

As medidas previstas no presente acordo, que se incorporan como anexo, serán de aplicación en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.



As ditas medidas enténdense dentro do necesario respecto ás competencias doutras administracións públicas e ás medidas que, no exercicio de tales competencias, estas adopten.

Terceiro. *Control do cumprimento das medidas e réxime sancionador*

Os servizos de inspección municipais, autonómicos, no ámbito das súas competencias, serán os encargados de vixiar o cumprimento das medidas recollidas neste acordo.

Os posibles incumprimentos serán sancionados polas autoridades competentes de acordo coa lexislación aplicable.

Cuarto. *Restablecemento de determinadas actividades suspendidas*

Sempre que a evolución da situación epidemiolóxica así o aconselle, a Administración autonómica poderá permitir o restablecemento, a partir do 1 de xullo, das actividades que se indican a continuación, nas condicións que previamente ela estableza:

a) Os establecementos que se destinen a ofrecer xogos e atraccións recreativas deseñados especificamente para público de idade igual ou inferior a 12 anos, espazos de xogo e entretemento, así como a celebración de festas infantís.

b) Os locais de discotecas e demais establecementos de lecer nocturno, sen prexuízo da apertura das terrazas ao aire libre regulada no punto 3.34 do anexo.

c) As festas, verbenas e outros eventos populares, así como as atraccións de feiras.

Quinto. *Plans específicos de seguridade, protocolos organizativos e guías*

As medidas previstas no presente acordo poderán ser completadas por plans específicos de seguridade, protocolos organizativos e guías adaptados a cada sector de actividade, aprobados polas administracións competentes.

Sexto. *Seguimento e aplicación das medidas*

As medidas preventivas previstas neste acordo serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante



acordo do Consello da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de sanidade.

Así mesmo, a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do presente acordo e poderá establecer, de acordo coa normativa aplicable e á vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas neste acordo que sexan necesarias.

En particular, habilitase o Centro de Coordinación Operativa, previsto no Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020, polo que se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activa o Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19 (publicado pola Resolución do 13 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, DOG do 13 de marzo) para o seguimento, revisión ou adaptación ás circunstancias das previsións establecidas neste acordo.

Sétimo. *Efectos*

As medidas recollidas como anexo ao presente acordo, que será obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia*, producirán efectos na data que se determine por decreto do presidente da Xunta de Galicia publicado no *Diario Oficial de Galicia*, no cal, de acordo co disposto no artigo 6.2 do Real decreto 555/2020, do 5 de xuño, se dispoña formalmente a superación da fase III e, por tanto, a entrada na nova normalidade. Os efectos manteranse ata o levantamento da declaración de situación de emerxencia sanitaria de interese galego.

ANEXO

Medidas de prevención

1. Obrigas xerais.

1.1. Obrigas de cautela e protección.

Todos os cidadáns deberán adoptar as medidas necesarias para evitar a xeración de riscos de propagación da enfermidade COVID-19, así como a propia exposición aos ditos riscos. Este deber de cautela e protección será igualmente exigible aos titulares de calquera actividade.



Así mesmo, deberán respectarse as medidas de seguridade e hixiene establecidas polas autoridades sanitarias para a prevención do COVID-19.

1.2. Distancia de seguridade interpersoal.

Deberá cumprirse a medida de mantemento da distancia de seguridade interpersoal establecida polo Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 de, polo menos, 1,5 metros ou, na súa falta, medidas alternativas de protección física con uso de máscara, de hixiene adecuadas e etiqueta respiratoria. A obriga de uso de máscara será exixible salvo nos supostos previstos no artigo 6.2 do Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño.

2. Medidas xerais de hixiene e prevención.

2.1. Medidas de hixiene e prevención exixibles a todas as actividades.

Con carácter xeral, sen prexuízo das normas ou protocolos específicos que se establezan, serán aplicables a todos os establecementos, locais de negocio, instalacións e espazos de uso público e actividades de carácter público as seguintes medidas de hixiene e prevención:

a) O titular da actividade económica ou, de ser o caso, o director ou responsable dos centros, instalacións, espazos de uso público e entidades deberá asegurar que se adoptan as medidas de limpeza e desinfección adecuadas ás características e intensidade de uso dos establecementos, locais, instalacións ou espazos recollidas a continuación.

Nas tarefas de limpeza e desinfección prestarase especial atención ás zonas de uso común e ás superficies de contacto máis frecuentes, como pomos de portas, mesas, móbiles, pasamáns, chans, teléfonos, perchas e outros elementos de similares características, conforme as seguintes pautas:

1ª) Utilizaranse desinfectantes como dilucións de lixivia (1:50) recentemente preparada ou calquera dos desinfectantes con actividade viricida que se atopan no mercado e debidamente autorizados e rexistrados. No uso dese produto respectaranse as indicacións da etiqueta.

2ª) Tras cada limpeza, os materiais empregados e os equipamentos de protección utilizados desbotaranse de xeito seguro, e procederase posteriormente ao lavado de mans.



As medidas de limpeza estenderanse tamén, de ser o caso, a zonas privadas dos traballadores, tales como vestiarios, armarios, aseos, cociñas e áreas de descanso.

b) Así mesmo, cando existan postos de traballo compartidos por máis dun traballador, estableceranse os mecanismos e procesos oportunos para garantir a hixienización destes postos.

Procurarase que os equipamentos ou ferramentas empregados sexan persoais e intransferibles, ou que as partes en contacto directo co corpo da persoa dispoñan de elementos substituíbles. No caso daqueles equipamentos que deban ser manipulados por diferente persoal, procurarase a dispoñibilidade de materiais de protección ou o uso de forma recorrente de xeles hidroalcohólicos ou desinfectantes con carácter previo e posterior ao seu uso.

c) No caso de que se empreguen uniformes ou roupa de traballo, procederase ao lavado e desinfección regular destes, seguindo o procedemento habitual.

d) Débense realizar tarefas de ventilación periódica nas instalacións e, como mínimo, de forma diaria e durante o tempo necesario para permitir a renovación do aire.

e) Cando os centros, entidades, locais e establecementos dispoñan de ascensor ou montacargas, utilizaranse preferentemente as escaleiras. Cando sexa necesario utilízaos, a súa ocupación máxima será dunha persoa, salvo que se trate de persoas conviventes ou que empreguen máscaras todos os ocupantes.

f) A ocupación máxima para o uso dos aseos, vestiarios, probadores, salas de lactación ou similares de clientes, visitantes ou usuarios será dunha persoa para espazos de ata catro metros cadrados, salvo naqueles supostos de persoas que poidan precisar asistencia; nese caso tamén se permitirá a utilización por parte do seu acompañante. Para aseos de máis de catro metros cadrados que contén con máis dunha cabina ou urinario, a ocupación máxima será do cincuenta por cento do número de cabinas e urinarios que teña a estancia, e deberá manterse durante o seu uso a distancia de seguridade interpersoal. Deberá reforzarse a limpeza e desinfección dos referidos espazos garantindo sempre o seu estado de salubridade e hixiene.

g) Promoverase o pagamento con tarxeta ou outros medios que non supoñan contacto físico entre dispositivos, así como a limpeza e desinfección dos equipamentos precisos para iso.



h) Disporase de papeleiras para depositar panos e calquera outro material desbotable, que se deberán limpar de forma frecuente, e, polo menos, unha vez ao día.

i) Aqueles materiais que sexan subministrados aos usuarios durante o desenvolvemento da actividade e que sexan de uso compartido deberán ser desinfectados logo de cada uso.

2.2. Medidas de hixiene exixibles aos establecementos e locais con apertura ao público.

1. Os establecementos e locais que abran ao público realizarán, polo menos unha vez ao día, unha limpeza e desinfección das instalacións, con especial atención ás zonas de uso común e ás superficies de contacto máis frecuentes, conforme o establecido na letra a) do número 2.1.

2. Revisarase frecuentemente o funcionamento e a limpeza de sanitarios, billas e pomos de porta dos aseos nos establecementos e locais con apertura ao público.

3. Durante todo o proceso de atención ao usuario ou consumidor deberá manterse a distancia de seguridade interpersoal co vendedor ou provedor de servizos, que poderá ser dun metro cando se conte con elementos de protección ou barreira.

No caso de servizos que non permitan o mantemento da distancia de seguridade interpersoal, deberase utilizar o equipamento de protección adecuado ao nivel de risco que asegure a protección tanto do traballador como do cliente.

2.3. Medidas adicionais aplicables a centros comerciais e parques comerciais abertos ao público.

Ademais do disposto, os centros e parques comerciais abertos ao público deberán cumprir as condicións seguintes:

a) O uso de aseos familiares e salas de lactación restrinxirase a unha única familia, non poderán compaxinar o seu uso dúas unidades familiares e deberase reforzar a limpeza e desinfección dos referidos espazos garantindo sempre o seu estado de salubridade e hixiene.

b) O uso dos aseos e salas de lactación comúns dos centros e parques comerciais deberá ser controlado polo persoal destes, e deberá reforzarse a limpeza e desinfección dos referidos espazos garantindo sempre o seu estado de salubridade e hixiene.



c) Deberase proceder diariamente á limpeza e desinfección das zonas comúns e zonas recreativas dos centros e parques comerciais, como de maneira regular durante o horario de apertura, prestando especial atención ás áreas de contacto das zonas comúns, tales como chans, mostradores, xogos das zonas infantís e bancos ou cadeiras.

2.4. Medidas adicionais aplicables a dispositivos de venda e cobro automático, máquinas expendedoras e de cobro, lavanderías autoservizo e actividades similares.

No caso de dispositivos de venda e cobramento automático, máquinas expendedoras e de cobramento, lavanderías autoservizo e outras actividades similares, o seu titular deberá asegurar o cumprimento das medidas de hixiene e desinfección adecuadas tanto das máquinas como dos establecementos e locais, así como informar os usuarios do seu correcto uso mediante a instalación de cartellaría informativa.

Nas tarefas de limpeza prestarase especial atención ás zonas de uso común e ás superficies de contacto máis frecuentes e deberanse realizar tarefas de ventilación periódica nas instalacións e, como mínimo, de forma diaria e durante o tempo necesario para permitir a renovación do aire.

Fomentarase o pagamento con tarxeta ou outros medios que non supoñan contacto físico entre dispositivos.

Deberase dispor de papeleiras onde poder depositar panos e calquera outro material desbotable. As ditas papeleiras deberanse limpar de forma frecuente e, polo menos, unha vez ao día.

2.5. Medidas relativas á hixiene dos clientes e usuarios en establecementos e locais.

1. O tempo de permanencia nos establecementos e locais será o estritamente necesario para que os clientes ou usuarios poidan realizar as súas compras ou recibir a prestación do servizo.

2. Deberá sinalarse de forma clara a distancia de seguridade interpersonal entre clientes ou usuarios, con marcas no chan, ou mediante o uso de balizas, cartellaría ou sinalización. Poderanse establecer no local itinerarios para dirixir a circulación de clientes ou usuarios para evitar aglomeracións en determinadas zonas e previr o contacto entre clientes.

3. Deberanse pór á disposición do público dispensadores de xeles hidroalcohólicos ou desinfectantes con actividade viricida, debidamente autorizados e rexistrados, en lugares



accesibles e visibles, e, en todo caso, na entrada do local ou establecemento, e deberán estar sempre en condicións de uso.

4. Non se poderán pór á disposición do público produtos de uso e proba que impliquen manipulación directa por sucesivos clientes ou usuarios, sen supervisión de xeito permanente dun traballador que poida proceder á súa desinfección tras a manipulación do produto por cada cliente ou usuario.

5. Nos establecementos do sector comercial téxtil, de arranxos de roupa e similares, os probadores deberaos utilizar unha única persoa e deberá procederse a unha limpeza e desinfección frecuente destes espazos.

No caso de que un cliente probe unha peza que posteriormente non adquira, o titular do establecemento implementará medidas para que a peza sexa hixienizada antes de que sexa facilitada a outros clientes. Esta medida será tamén aplicable ás devolucións de pezas que realicen os clientes.

6. No caso de utilización de obxectos que se intercambien entre os clientes ou usuarios, procurarase o uso de forma recorrente de xeles hidroalcohólicos ou desinfectantes con carácter previo e posterior ao seu uso. No entanto, estableceranse os mecanismos e procesos oportunos para garantir a hixienización destes obxectos.

7. Deberase proceder á limpeza e desinfección frecuente de calquera tipo de dispositivo, así como de cadeiras, mesas ou calquera outro mobiliario ou superficie de contacto que empreguen distintos usuarios.

2.6. Medidas de hixiene e prevención na prestación do servizo nos establecementos de hostalaría e restauración.

Ademais das indicadas, na prestación do servizo nos establecementos de hostalería e restauración deberán respectarse as seguintes medidas de hixiene e prevención:

a) Limpeza e desinfección do equipamento, en particular mesas, cadeiras, barra, así como calquera outra superficie de contacto, de forma frecuente. Así mesmo, deberase proceder á limpeza e desinfección do local polo menos unha vez ao día. Nas tarefas de limpeza prestarase especial atención ás zonas de uso común e ás superficies de contacto máis frecuentes, conforme o establecido na letra a) do número 2.1.



b) Priorizarase a utilización de mantelaría dun só uso. No caso de que isto non fose posible, deberá evitarse o uso da mesma mantelaría ou gardamanteis con distintos clientes, optando por materiais e solucións que faciliten o seu cambio entre servizos e o seu lavado mecánico en ciclos de lavado entre 60 e 90 graos centígrados.

c) Procurarase evitar o emprego de cartas de uso común, promovendo o uso de dispositivos electrónicos propios, encerados, carteis ou outros medios similares.

d) Os elementos auxiliares do servizo, como a vaixela, cristalaría, xogos de cubertos ou mantelaría, entre outros, almacenarase en recintos pechados e, se isto non fose posible, lonxe de zonas de paso de clientes e traballadores.

e) Priorizarase o uso de produtos monodose desbotables, ou o seu servizo noutros formatos baixo petición do cliente, para dispensación de panos de mesa, escarvantes, vinagreiras, aceiteiras e outros utensilios similares.

f) Nos establecementos que contan con zonas de autoservizo, deberá evitarse a manipulación directa dos produtos por parte dos clientes, polo que deberá prestar o servizo un traballador do establecemento, salvo no caso de que se trate de produtos envasados previamente.

g) Se o uso dos aseos ou similares está permitido por clientes, visitantes ou usuarios, a súa ocupación máxima será dunha persoa para espazos de ata catro metros cadrados, salvo naqueles supostos de persoas que poidan precisar asistencia; nese caso tamén se permitirá a utilización por parte do seu acompañante. Para aseos de máis de catro metros cadrados que contan con máis dunha cabina ou urinario, a ocupación máxima será do cincuenta por cento do número de cabinas e urinarios que teña a estancia, e deberá manterse durante o seu uso a distancia de seguridade. Deberá reforzarse a limpeza e desinfección dos referidos aseos garantindo sempre o seu estado de salubridade e hixiene.

h) O persoal traballador que realice o servizo en mesa e en barra deberá procurar a distancia de seguridade co cliente e aplicar os procedementos de hixiene e prevención necesarios para evitar o risco de contaxio. En calquera caso, será obrigatorio o uso de máscara para o persoal destes establecementos na súa atención ao público.



2.7. Medidas de hixiene e prevención na celebración de actos de culto relixioso.

1. Sen prexuízo das recomendacións de cada confesión nas cales se teñan en conta as condicións do exercicio do culto propias de cada unha delas, deberanse observar as seguintes medidas:

a) Uso de máscara na entrada e saída do recinto e nos desprazamentos no interior entre espazos comúns.

b) Diariamente deberanse realizar tarefas de desinfección dos espazos utilizados ou que se vaian utilizar e de xeito regular reiterarase a desinfección dos obxectos que se tocan con maior frecuencia.

c) Organizaranse as entradas e saídas para evitar aglomeracións de persoas nos accesos e inmediacións dos lugares de culto.

d) Poranse á disposición do público dispensadores de xeles hidroalcohólicos ou desinfectantes con actividade viricida debidamente autorizados e rexistrados en lugares accesibles e visibles, e, en todo caso, na entrada do lugar de culto, que deberán estar sempre en condicións de uso.

e) Non se permitirá o uso de auga bendicida e as ablucións rituais deberán realizarse na casa.

f) Facilitarase no interior dos lugares de culto a distribución dos asistentes sinalizando, se fose necesario, os asentos ou zonas utilizables en función da capacidade permitida en cada momento.

g) Nos casos en que os asistentes se sitúen directamente no chan e se descalcen antes de entrar no lugar de culto, usaranse alfombras persoais e situarase o calzado nos lugares estipulados, embolsado e separado.

h) Limitarase ao menor tempo posible a duración dos encontros ou celebracións.

i) Durante o desenvolvemento das reunións ou celebracións evitarase o contacto persoal, tocar ou bicar obxectos de devoción ou outros obxectos que habitualmente se manexan.

2. Non estará permitida a actuación de coros durante as celebracións.



2.8. Medidas de hixiene e prevención en piscinas de uso colectivo.

1. Sen prexuízo de aplicación das normas técnico-sanitarias vixentes, nas piscinas de uso colectivo deberase levar a cabo a limpeza e desinfección das instalacións, con especial atención aos espazos pechados como vestiarios ou baños, con carácter previo á apertura de cada xornada.

2. Así mesmo, deberanse limpar e desinfectar os diferentes equipamentos e materiais como vasos, liñas de separación, material auxiliar de clases, reixa perimetral, caixa de primeiras auxilios, armarios, así como calquera outro en contacto cos usuarios, que forme parte da instalación.

3. Os biocidas que se deberán utilizar para a desinfección de superficies serán aqueles do tipo de produto 2, referidos no anexo V do Regulamento (UE) nº 528/2012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de maio de 2012, relativo á comercialización e o uso dos biocidas. Así mesmo, poderanse utilizar desinfectantes como dilucións de lixivia 1:50 recentemente preparada ou calquera dos desinfectantes con actividade viricida que se atopan no mercado e que estean debidamente autorizados e rexistrados.

4. O uso e limpeza dos aseos levarase a cabo de conformidade co previsto na letra a) do número 2.1.

2.9. Medidas de hixiene e prevención comúns aos colectivos artísticos.

1. Ademais das medidas xerais de hixiene e prevención previstas, serán aplicables aos colectivos artísticos que desenvolvan actos e espectáculos culturais as seguintes medidas:

a) Cando haxa varios artistas simultaneamente no escenario, a dirección artística procurará que se manteña a distancia interpersonal de seguridade no desenvolvemento do espectáculo.

b) Naquelas actuacións ou espectáculos en que non se poida manter a dita distancia de seguridade, nin o uso de equipamentos de protección adecuados ao nivel de risco, como é o caso daqueles en que interveñan actores e actrices, atenderase a medidas de seguridade deseñadas para cada caso particular a partir dos protocolos e recomendacións das autoridades sanitarias.

c) Tanto nas representacións como nos ensaios garantirase a limpeza e desinfección de todas as superficies e instrumentos con que poidan entrar en contacto os artistas antes de cada representación ou ensaio.



d) O vestiario non se compartirá en ningún momento por diferentes artistas se non se realizou unha limpeza e desinfección deste previa á utilización por cada artista.

2.10. Medidas de hixiene e prevención na produción e rodaxe de obras audiovisuais.

1. Ademais do cumprimento das medidas xerais de prevención e hixiene previstas, durante o transcurso dunha produción audiovisual deberanse cumprir as seguintes medidas:

a) Os equipamentos de traballo reduciranse ao número imprescindible de persoas.

b) Cando a natureza da actividade o permita, manterase a correspondente distancia interpersonal con terceiros.

c) Cando a natureza da actividade non permita respectar a distancia interpersonal, os implicados farán uso de equipamentos de protección adecuados ao nivel de risco como medida de protección.

d) Nos casos en que a natureza do traballo non permita respectar a distancia interpersonal nin o uso de equipamentos de protección adecuados ao nivel de risco, como é o caso dos actores e actrices, atenderase a medidas de seguridade deseñadas para cada caso particular a partir das recomendacións das autoridades sanitarias.

2. Poderanse realizar rodaxes en estudos e espazos privados, así como en espazos públicos que contén coa correspondente autorización do concello.

Os recintos pechados deberán limparse e desinfectarse previamente á realización da rodaxe.

Poderán rodarse en estudos e espazos privados ao aire libre tras a avaliación de riscos laborais e a adopción das medidas preventivas correspondentes.

3. Limitacións de capacidade e medidas de prevención específicas por sectores.

3.1. Medidas en materia de control de capacidade.

1. Os establecementos, instalacións e locais deberán expor ao público a capacidade máxima, que deberá incluír os propios traballadores e asegurar que a dita capacidade e a distancia de seguridade interpersonal se respecta no seu interior, polo que se deberán esta-



blecer procedementos que permitan o reconto e control da capacidade, de forma que esta non sexa superada en ningún momento.

2. A organización da circulación de persoas e a distribución de espazos deberá procurar a posibilidade de manter a distancia de seguridade interpersoal. Na medida do posible estableceranse itinerarios para dirixir a circulación de clientes e usuarios e evitar aglomeracións en determinadas zonas, tanto no interior como no exterior, e prever o contacto entre eles. Cando se dispoña de dúas ou máis portas, procurarase establecer un uso diferenciado para a entrada e a saída, co obxecto de reducir o risco de formación de aglomeracións.

3. Cando se dispoña de aparcamentos propios para traballadores e usuarios, establecerase un control de accesos para mellor seguimento das normas de capacidade. Na medida do posible as portas que se atopen no percorrido entre o aparcamento e o acceso á tenda ou aos vestiarios dos traballadores disporán de sistemas automáticos de apertura ou permanecerán abertas para evitar a manipulación dos mecanismos de apertura.

4. De ser o caso, o persoal de seguridade velará para que se respecte a distancia interpersoal de seguridade e evitará a formación de grupos numerosos e aglomeracións, prestando especial atención ás zonas de escaleiras mecánicas, ascensores, zonas comúns de paso e zonas recreativas.

5. En caso necesario, poderanse utilizar valos ou sistemas de sinalización equivalentes para un mellor control dos accesos e xestión das persoas par os efectos de evitar calquera aglomeración.

6. En calquera caso, a sinalización de percorridos obrigatorios e independentes ou outras medidas que se establezan realizaranse tendo en conta o cumprimento das condicións de evacuación exixibles na normativa aplicable.

3.2. Medidas para a entrada, saída e circulación de público espectador ou asistente en establecementos.

1. Recomendarase a venda en liña da entrada e, en caso de compra en billeteira, fomentarase o pagamento con tarxeta ou outros medios que non supoñan contacto físico entre dispositivos.



2. Procurarase sempre que os espectadores ou asistentes estean sentados e manteñan a distancia interpersoal de seguridade fixada, salvo que o tipo de actividade non o permita.

3. Recoméndase, en función das características da actividade e do local pechado ou do espazo ao aire libre en que se desenvolva, que todas as entradas e os asentos estean debidamente numerados, e deberán inhabilitarse as butacas que non cumpran cos criterios de distanciamento físico, así como as non vendidas. Evitarase, no posible, o paso de persoas entre filas que supoña non respectar a distancia de seguridade.

4. A apertura de portas realizarase con antelación suficiente para permitir un acceso graduado, polo que se deberán fixar franxas horarias adecuadas para o acceso. A saída do público deberá realizarse de forma graduada por zonas, garantindo a distancia entre persoas.

5. Nos espectáculos en que existan pausas intermedias, estas deberán ter a duración suficiente para que a saída e a entrada durante o descanso tamén sexa graduada e cos mesmos condicionamentos que a entrada e saída de público.

6. Utilizarase a máscara cando non se poida garantir a distancia de seguridade interpersoal e durante todo o tempo de circulación entre espazos comúns e nos momentos de entrada e saída.

7. Facilitarase a agrupación de conviventes, mantendo a debida distancia de seguridade co resto dos espectadores.

8. Realizaranse, antes e logo da actividade de que se trate, avisos que anuncien e recorden as medidas de hixiene e distanciamento e o escalonamento na saída do público.

9. Procurarase manter a distancia de seguridade interpersoal entre os traballadores e o público ou, na súa falta, utilizaranse medidas alternativas de protección física con uso de máscara.

3.3. Velorios e enterros.

1. Os velorios poderán realizarse en todo tipo de instalacións, públicas ou privadas, debidamente habilitadas, cun límite máximo, en cada momento, de sesenta persoas en espazos ao aire libre ou de trinta persoas en espazos pechados, sexan ou non conviventes.



2. A participación na comitiva para o enterramento ou despedida para cremación da persoa falecida restrínxese a un máximo de setenta e cinco persoas, entre familiares e achegados, ademais, de ser o caso, do ministro de culto ou persoa asimilada da confesión respectiva para a práctica dos ritos funerarios de despedida do defunto.

3. Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersonal nas instalacións ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física con uso de máscara.

4. Ademais do cumprimento xeral das medidas de hixiene e prevención establecidas, no caso de que no local se preste algún tipo de servizo de hostalaría e restauración, a prestación deste axustarase ao previsto nas condicións para a prestación do servizo nos establecementos de hostalaría e restauración.

3.4. Lugares de culto.

1. A asistencia a lugares de culto non poderá superar o setenta e cinco por cento da súa capacidade. A capacidade máxima deberá publicarse en lugar visible do espazo destinado ao culto.

2. A utilización do exterior dos edificios ou da vía pública para a celebración de actos de culto deberá ser aprobada pola autoridade municipal correspondente, e deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersonal ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física con uso de máscara.

3.5. Cerimonias nupciais e outras celebracións relixiosas ou civís.

1. No caso que estas cerimonias ou celebracións se leven a cabo en lugares de culto, deberán aplicarse as regras de capacidade e as medidas de hixiene e prevención na celebración de actos de culto relixioso recollidas especificamente neste acordo.

2. As celebracións que puidesen ter lugar tras a cerimonia en establecementos de hostalaría e restauración axustaranse ás condicións e á capacidade previstas para a prestación do servizo nestes establecementos.

3. No caso de que a cerimonia, ou a súa celebración posterior que implique algún tipo de servizo de hostalaría e restauración, se leve a cabo noutro tipo de espazo ou instalación, pública ou privada, que non se inclúa especificamente neste acordo, deberase respectar un máximo do setenta e cinco por cento da súa capacidade e, en todo caso, un máximo de



duascentas cincuenta persoas en espazos ao aire libre ou de cento cincuenta persoas en espazos pechados.

3.6. Establecementos e locais comerciais retallistas e de actividades de servizos profesionais abertos ao público que non formen parte de centros o parques comerciais.

1. Os establecementos e locais comerciais retallistas e de actividades de servizos profesionais abertos ao público que non formen parte de centros o parques comerciais non poderán superar o setenta e cinco por cento da súa capacidade total. No caso de establecementos ou locais distribuídos en varios andares, a presenza de clientes en cada unha delas deberá gardar esta mesma proporción.

Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersoal nos locais e establecementos ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física con uso de máscara.

2. Procurarase a atención con servizo preferente para maiores de 65 anos.

3.7. Establecementos que teñan a condición de centros e parques comerciais ou que formen parte deles.

1. Nos centros ou parques comerciais no poderá superarse o 50 por cento da capacidade nas súas zonas comúns e recreativas determinada no Plan de autoprotección de cada centro ou parque comercial.

2. Os establecementos e locais comerciais retallistas e de actividades de servizos profesionais abertos ao público situados en centros e parques comerciais non poderán superar o setenta e cinco por cento da súa capacidade total. No caso de establecementos ou locais distribuídos en varios andares, a presenza de clientes en cada unha delas deberá gardar esta mesma proporción.

3. Deberanse establecer as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersoal no interior dos locais e establecementos e nas zonas comúns e recreativas, como poden ser zonas infantís ou áreas de descanso ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física con uso de máscara, así como evitar as aglomeracións de persoas que comprometan o cumprimento destas medidas.

4. Procurarase a atención con servizo preferente para maiores de 65 anos.



3.8. Mercados que desenvolven a súa actividade na vía pública.

1. No caso dos mercados que desenvolven a súa actividade na vía pública ao aire libre ou de venda non sedentaria, coñecidos como mercadillos, non poderán superar o setenta e cinco por cento dos postos habituais ou autorizados, limitando a afluencia de clientes de maneira que se asegure o mantemento da distancia de seguridade interpersoal.

Os concellos poderán aumentar a superficie habilitada ou habilitar novos días para o exercicio desta actividade para compensar esta limitación.

Á hora de determinar os comerciantes que poden exercer a súa actividade, o concello poderá priorizar aqueles que comercializan produtos alimentarios e de primeira necesidade, asegurando que non se manipulen os produtos comercializados neles por parte dos consumidores.

Os concellos establecerán requisitos de distanciamento entre postos e condicións de delimitación do mercado co obxectivo de procurar manter a distancia de seguridade interpersoal entre traballadores, clientes e viandantes ou, na súa falta, será precisa a utilización de medidas alternativas de protección física con uso de máscara.

2. Durante todo o proceso de atención ao consumidor deberá manterse a distancia de seguridade interpersoal establecida entre o vendedor e o consumidor, que poderá ser dun metro cando se conte con elementos de protección ou barreira.

3. Deberá sinalarse de forma clara a distancia de seguridade interpersoal entre clientes, con marcas no chan ou mediante o uso de balizas, cartelaría e sinalización para aqueles casos en que sexa posible a atención individualizada de máis dun cliente ao mesmo tempo.

4. Recoméndase a posta á disposición de dispensadores de xeles hidroalcohólicos ou desinfectantes con actividade viricida debidamente autorizados e rexistrados nas inmediacións dos mercados ao aire libre ou de venda non sedentaria na vía pública.

5. Realizarase, polo menos unha vez ao día, unha limpeza e desinfección das instalacións con especial atención ás superficies de contacto máis frecuentes, especialmente mostradores e mesas ou outros elementos dos postos, anteparos, de ser o caso, teclados, terminais de pagamento, pantallas táctiles, ferramentas de traballo e outros elementos susceptibles de manipulación, prestando especial atención a aqueles utilizados por máis dun traballador.

6. Procurarase evitar a manipulación directa dos produtos por parte dos clientes.



3.9. Actividades en academias, autoescolas e centros privados de ensino non regrado e centros de formación.

1. A actividade que se realice en academias, autoescolas e centros privados de ensino non regrado e centros de formación non incluídos no ámbito de aplicación do artigo 9 do Real decreto lei 21/2020, de 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, inscritos no correspondente rexistro, poderá impartirse dun modo presencial sempre que non se supere unha capacidade do setenta e cinco por cento respecto do máximo permitido e cun máximo de ata vinte e cinco persoas.

2. Deberán establecerse as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersonal nas súas instalacións ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física con uso de máscara.

3. No caso de utilización de vehículos será obrigatorio o uso de máscara tanto polo persoal docente como polo alumnado ou o resto de ocupantes do vehículo.

3.10. Reinicio de determinada actividade formativa xestionada ou financiada pola Administración autonómica en centros e entidades de formación.

O reinicio das accións formativas presenciais (incluída a parte presencial da modalidade de teleformación) de formación profesional para o emprego xestionadas e/ou financiadas pola Administración autonómica que se desenvolvan en centros e entidades de formación no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, así como dos obradoiros de emprego e os programas integrados de emprego financiados pola Administración autonómica, levarase a cabo cando así se acorde mediante resolución da dirección xeral competente da Consellería de Economía, Emprego e Industria, na cal se establecerán as condicións de seguridade e saúde laboral que deberán cumprir as entidades públicas e privadas que impartan as correspondentes accións formativas.

3.11. Establecementos de hostalaría e restauración.

1. Os establecementos de hostalaría e restauración non poderán superar o setenta e cinco por cento da súa capacidade para consumo no interior do local.

2. O consumo dentro do local poderá realizarse en barra ou sentado en mesa, ou agrupacións de mesas, e deberase asegurar o mantemento da debida distancia de seguridade



interpersoal entre clientes ou, de ser o caso, grupos de clientes situados na barra ou entre as mesas ou, de ser o caso, agrupacións de mesas.

3. As terrazas ao aire libre dos establecementos de hostalaría e restauración limitarán a súa capacidade ao oitenta por cento das mesas permitidas no ano inmediatamente anterior con base na correspondente licenza municipal ou do que sexa autorizado para este ano, no caso que a licenza sexa concedida por primeira vez.

Consideraranse terrazas ao aire libre todo espazo non cuberto ou todo espazo que, estando cuberto, estea rodeado lateralmente por un máximo de dúas paredes, muros ou paramentos.

No caso de que o establecemento de hostalaría e restauración obtivese o permiso do concello para incrementar a superficie destinada á terraza ao aire libre, poderase incrementar o número de mesas previsto no primeiro parágrafo deste número 3, respectando, en todo caso, unha proporción do oitenta por cento entre mesas e superficie dispoñible e sempre que se manteña o espazo necesario para a circulación peonil no tramo da vía pública en que se sitúe a terraza.

4. En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia de seguridade interpersoal entre as mesas ou, de ser o caso, agrupacións de mesas. A ocupación máxima será de vinte e cinco persoas por mesa ou agrupación de mesas.

3.12. Condicións para ocupación de zonas comúns de hoteis e aloxamentos turísticos.

1. A ocupación das zonas comúns dos hoteis e aloxamentos turísticos non poderá superar o setenta e cinco por cento da súa capacidade.

Para iso cada establecemento deberá determinar a capacidade dos distintos espazos comúns, así como aqueles lugares en que se poderán realizar eventos e as condicións máis seguras para a súa realización conforme a capacidade máxima previsto e de acordo coas medidas de hixiene, protección e distancia mínima establecidas.

2. As actividades de animación ou clases grupais deberán deseñarse e planificarse cunha capacidade máxima de vinte e cinco persoas. Deberase respectar a distancia de seguridade interpersoal entre as persoas que asistan á actividade e entre estes e o animador ou adestrador, ou utilizar máscaras na súa falta. As actividades de animación ou clases



grupais realizaranse preferentemente ao aire libre e procurárase evitar o intercambio de material.

3. Realizarase a correspondente desinfección de obxectos e material utilizado nas actividades de animación logo de cada uso e disporase de xel hidroalcohólico ou desinfectantes con actividade viricida debidamente autorizados e rexistrados.

4. No caso de instalacións deportivas de hoteis e aloxamentos turísticos, tales como piscinas ou ximnasios, aplicaranse as medidas establecidas especificamente para estas. Determinaranse por cada establecemento as directrices e recomendacións para o seu uso, de acordo coas normas de prevención e hixiene previstas neste acordo, e garantirase o seu coñecemento por parte dos usuarios.

3.13. Albergues turísticos.

1. Na modalidade de aloxamento turístico de albergue, polas súas especiais características, permitírase unha capacidade máxima do cincuenta por cento da súa capacidade total.

2. As persoas titulares do establecemento adoptarán as medidas organizativas oportunas para evitar aglomeracións e para procurar manter a distancia de seguridade interpersoal no interior dos establecementos ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física dos clientes entre si mesmos e destes con respecto dos traballadores con uso de máscara.

3. Ademais do cumprimento xeral das medidas de hixiene e prevención establecidas, no caso de que no establecemento se preste algún tipo de servizo de hostalaría e restauración, a prestación deste axustarase ao previsto nas condicións para a prestación do servizo nos establecementos de hostalaría e restauración.

3.14. Bibliotecas.

1. As bibliotecas, tanto de titularidade pública como privada, prestarán os servizos para as actividades de préstamo e devolución de obras, lectura en sala, información bibliográfica e bibliotecaria e préstamo interbibliotecario, así como o resto de actividades ordinarias propias do servizo bibliotecario, sen que na ocupación de salas podan superar o setenta e cinco por cento sobre a súa capacidade ou capacidade máxima permitida. Este límite de ocupación será aplicable tamén á realización de actividades culturais nelas.

2. Poderase facer uso dos medios tecnolóxicos das bibliotecas destinados para o uso público, así como de catálogos de acceso público en liña, catálogos en fichas da biblioteca ou publicacións electrónicas.



3. Deberán establecerse as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersonal nas súas instalacións ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física con uso de máscara.

4. Ademais do cumprimento xeral das medidas de hixiene e prevención establecidas, no caso de que no establecemento se preste algún tipo de servizo de hostalaría e restauración, a prestación deste axustarase ao previsto nas condicións para a prestación do servizo nos establecementos de hostalaría e restauración.

3.15. Arquivos.

1. Os arquivos prestarán os seus servizos de maneira presencial ou por vía telemática, mediante solicitude e petición que será atendida polo persoal técnico. Poderán realizarse actividades presenciais nos arquivos sen superar o setenta e cinco por cento da capacidade máxima permitida.

2. Os cidadáns poderán solicitar a consulta presencial de ata dez documentos ou unidades da instalación física en que estes se atopen, por xornada de traballo. Estas consultas deberán realizarse nas dependencias establecidas para este fin.

4. Os dispositivos tecnolóxicos dos arquivos, destinados para o uso público dos cidadáns, poderán ser empregados por usuarios e investigadores. Estes poderán, con todo, utilizar os seus equipamentos e recursos persoais con conectividade á rede durante a súa estada nas salas de consulta ou naquelas que se habiliten para tal fin.

5. Deberán establecerse as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersonal nas súas instalacións ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física con uso de máscara.

6. Ademais do cumprimento xeral das medidas de hixiene e prevención establecidas, no caso de que no establecemento se preste algún tipo de servizo de hostalaría e restauración, a prestación deste axustarase ao previsto nas condicións para a prestación do servizo nos establecementos de hostalaría e restauración.

3.16. Museos e salas de exposicións.

1. Os museos e salas de exposicións, de titularidade pública ou privada, poderán acoller tanto as visitas do público á colección e ás exposicións temporais, como a realización de actividades culturais ou didácticas sen superar un límite do setenta e cinco por cento da capacidade permitida para cada unha das súas salas e espazos públicos.



Este límite máximo de capacidade aplicarase tamén naqueles eventos que impliquen concurrencia de varias persoas nun mesmo espazo, tales como actividades educativas, conferencias, talleres, concertos e, en xeral, programas públicos.

2. Deberán establecerse as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersonal nas súas instalacións ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física con uso de máscara.

3. As visitas de grupos serán dun máximo de ata vinte e cinco persoas, incluído o monitor ou guía, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersonal durante o desenvolvemento da actividade ou, na súa falta, medidas alternativas de protección física con uso de máscara.

4. O persoal de atención ao público do museo ou sala informará os visitantes sobre as medidas de hixiene e prevención fronte ao COVID-19 que deben observarse durante a visita e velarán polo seu cumprimento.

5. Promoveranse aquelas actividades que eviten a proximidade física entre os participantes, e primaranse as actividades de realización autónoma. Reforzarase o deseño de recursos educativos, científicos e divulgativos de carácter dixital que permitan a función como institucións educativas e transmisoras de coñecemento por medios alternativos aos presenciais. Na medida do posible o uso dos elementos expostos deseñados para un uso táctil por parte do visitante estará inhabilitado.

6. Ademais do cumprimento xeral das medidas de hixiene e prevención establecidas, no caso de que no establecemento se preste algún tipo de servizo de hostalaría e restauración, a prestación deste axustarase ao previsto nas condicións para a prestación do servizo nos establecementos de hostalaría e restauración.

3.17. Monumentos e outros equipamentos culturais.

1. Os monumentos e outros equipamentos culturais serán accesibles para o público sempre que as visitas non superen o setenta e cinco por cento da capacidade permitida, calculada respecto da capacidade prevista no correspondente Plan de autoprotección do inmovible ou recinto para os seus espazos pechados e libres.

2. Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersonal nas súas instalacións ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física con uso de máscara.



3. As visitas de grupos serán dun máximo de ata vinte e cinco persoas, incluído o monitor ou guía, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersonal durante o desenvolvemento da actividade ou, na súa falta, medidas alternativas de protección física con uso de máscara.

4. Na medida do posible estableceranse percorridos obrigatorios para separar circulacións ou organizar horarios de visitas para evitar aglomeracións de visitantes e evitar interferencias entre distintos grupos ou visitas. As zonas onde se desenvolvan traballos de mantemento serán acoutadas para evitar interferencias coas actividades de visita.

5. Ademais do cumprimento xeral das medidas de hixiene e prevención establecidas, no caso de que no establecemento se preste algún tipo de servizo de hostalaría e restauración, a prestación deste axustarase ao previsto nas condicións para a prestación do servizo nos establecementos de hostalaría e restauración.

3.18. Actividade en cines, teatros, auditorios, circos de toldo e espazos similares así como en recintos ao aire libre e noutros locais e establecementos destinados a espectáculos públicos e actividades recreativas.

1. Os cines, teatros, auditorios, circos de toldo e espazos similares poderán desenvolver a súa actividade, contando con butacas preasignadas, sempre que non superen o setenta e cinco por cento da capacidade permitida en cada sala.

2. No caso doutros recintos, locais e establecementos destinados a espectáculos públicos e actividades recreativas distintos dos previstos no parágrafo anterior, poderán desenvolver a súa actividade sempre que o público permaneza sentado e que non se supere o setenta e cinco por cento da capacidade permitida, cun límite máximo de trescentas persoas para lugares pechados e de mil persoas tratándose de actividades ao aire libre.

3. Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersonal nas instalacións ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física con uso de máscara.

4. Ademais do cumprimento xeral das medidas de hixiene e prevención establecidas, no caso de que nas instalacións se preste algún tipo de servizo de hostalaría e restauración, a prestación deste axustarase ao previsto nas condicións para a prestación do servizo nos establecementos de hostalaría e restauración.



3.19. Centros de lecer infantil.

Permanecerán pechados os establecementos que se destinen a ofrecer xogos e atraccións recreativas deseñados especificamente para público de idade igual ou inferior a 12 anos, espazos de xogo e entretemento, así como a celebración de festas infantís.

Non obstante, sempre que a evolución da situación epidemiolóxica así o aconselle, a súa actividade poderá restablecerse cando a Administración autonómica así o permita, de conformidade co establecido no punto cuarto do acordo polo que se aproban as medidas contidas neste anexo.

3.20. Actividade e instalacións deportivas.

1. A práctica da actividade física e deportiva non federada, ao aire libre, poderá realizarse de forma individual ou colectiva, sen contacto físico, e ata un máximo de vinte e cinco persoas de forma simultánea.

Nas instalacións e centros deportivos poderase realizar actividade deportiva en grupos de ata vinte e cinco persoas, sen contacto físico, e sempre que non se superen os dous terzos da capacidade máxima permitida.

2. Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersoal ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física.

3. Cada instalación deportiva deberá publicar un protocolo para coñecemento xeral dos seus usuarios e que recollerá as distintas especificacións en función da tipoloxía de instalacións que, de ser o caso, poidan preverse nun protocolo básico aprobado polo Centro de Coordinación Operativa por proposta da Secretaría Xeral para o Deporte.

4. Nas instalacións deportivas a actividade física e deportiva estará suxeita aos seguintes criterios xerais de uso:

a) Con carácter xeral, non se compartirá ningún material e, se isto non fose posible, garantirase a presenza de elementos de hixiene para o seu uso continuado.

b) As bolsas, mochilas ou efectos persoais só se poderán deixar nos espazos habilitados para ese fin.

c) Os deportistas non poderán compartir alimentos, bebidas ou similares.



d) Antes de entrar e ao saír do espazo asignado, deberán limparse as mans cos hidroxel que deberán estar dispoñibles nos espazos habilitados para o efecto.

e) Os técnicos, monitores ou adestradores deberán manter a distancia de seguridade interpersonal nas instalacións ou, na súa falta, utilizar máscara.

f) Utilizarase a máscara durante o tempo de circulación entre espazos comúns nas instalacións, salvo que se poida garantir a distancia de seguridade interpersonal.

5. Ademais do cumprimento xeral das medidas de hixiene e prevención establecidas, no caso de que nas instalacións se preste algún tipo de servizo de hostalaría e restauración, a prestación deste axustarase ao previsto nas condicións para a prestación do servizo nos establecementos de hostalaría e restauración.

3.21. Práctica da actividade deportiva federada de competencia autonómica.

1. A práctica da actividade deportiva federada de competencia autonómica poderá realizarse de forma individual ou colectiva, sen contacto físico, e ata un máximo de 25 persoas simultaneamente no caso dos adestramentos. Non se aplicará este límite nas competicións onde as regras federativas garantan espazos diferenciados para cada equipo. No caso de realizarse en instalacións deportivas, a práctica axustarase ademais aos termos establecidos para as mesmas.

2. Sempre que sexa posible, durante a práctica da actividade deportiva deberá manterse a distancia de seguridade interpersonal. Para estes efectos, para a realización de adestramentos e a celebración de competicións, as federacións deportivas galegas deberán dispor dun protocolo, que será aprobado mediante resolución da Secretaría Xeral para o Deporte, no que se identifiquen as situacións potenciais de contaxio, atendendo ás vías recoñecidas polas autoridades sanitarias, e no que se establezan as medidas de tratamento de risco de contaxio adaptadas á casuística.

O dito protocolo será de obrigada observancia para o conxunto dos estamentos federativos e deberá publicarse na páxina web da federación deportiva.

3.22. Celebración de eventos deportivos.

1. A organización dos eventos deportivos recollidos no artigo 22 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, axustarase aos requirimentos establecidos pola normativa sectorial en vigor e polas normas que, de ser o caso, sexan aprobadas polas autoridades competentes.



2. Os organizadores de eventos deportivos deberán contar cun protocolo específico no ámbito do COVID-19, que será trasladado á autoridade competente e que deberá ser comunicado aos seus participantes. Deberán incluírse no dito protocolo as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersoal con e entre os espectadores ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física con uso de máscara por parte destes.

3.23. Asistencia de público en instalacións deportivas.

Sen prexuízo das competencias atribuídas no artigo 15.2 do Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, e do establecido no punto anterior, no caso dos adestramentos, competicións ou eventos que se celebren en instalacións deportivas, poderán desenvolverse con público sempre que este permaneza sentado e que non se supere o setenta e cinco por cento da capacidade permitida, cun límite máximo de trescentas persoas para lugares pechados e de mil persoas tratándose de actividades ao aire libre.

3.24. Piscinas.

1. As piscinas ao aire libre ou cubertas, para uso deportivo ou recreativo, deberán respectar o límite do setenta e cinco por cento da súa capacidade, tanto no relativo ao acceso como durante a propia práctica deportiva ou recreativa. Quedan exentas destas limitacións as piscinas unifamiliares de uso privado.

2. Na utilización das piscinas procurarase manter as debidas medidas de seguridade e protección, especialmente na distancia de seguridade interpersoal entre os usuarios.

3. Nas zonas de estancia das piscinas establecerase unha distribución espacial para procurar a distancia de seguridade interpersoal entre os usuarios non conviventes, mediante sinais no chan ou marcas similares. Todos os obxectos persoais, como toallas, deben permanecer dentro do perímetro establecido, evitando contacto co resto de usuarios. Habilitaranse sistemas de acceso que eviten a acumulación de persoas e que cumpran coas medidas de seguridade e protección sanitaria.

4. Recordaráselles aos usuarios, por medios de cartalaría visible ou mensaxes de megafonía, as normas de hixiene e prevención que se deberán observar, sinalando a necesidade de abandonar a instalación ante calquera síntoma compatible co COVID-19.



5. Ademais do cumprimento xeral das medidas de hixiene e prevención establecidas, no caso de que nas instalacións se preste algún tipo de servizo de hostalaría e restauración, a prestación do servizo axustarase ao previsto nas condicións para a prestación do servizo nos establecementos de hostalaría e restauración.

3.25. Actividade cinexética.

1. Está permitida a actividade cinexética en todas as súas modalidades sempre que se respecte a distancia de seguridade interpersoal ou, na súa falta, se utilicen medidas alternativas de protección física con uso de máscara.

2. Para o desenvolvemento da actividade cinexética organizada que implique máis dun cazador, deberase dispor dun plan de actuación por parte do responsable da cazaría, no cal se detallan as medidas de prevención e hixiene que se deberán observar. O contido do dito plan deberá ser trasladado a todos os participantes, co fin de garantir o seu coñecemento por estes con carácter previo, e deberá ser presentado, así mesmo, xunto coa correspondente solicitude de autorización de cazaría, de ser ou caso.

3. Non se compartirán utensilios de caza, nin trebellos de comida ou de bebida.

3.26. Pesca fluvial e marítima, deportiva e recreativa.

1. Está permitida a práctica da pesca fluvial e marítima, deportiva e recreativa, en todas as súas modalidades, sempre que se respecte a distancia de seguridade interpersoal ou, na súa falta, se utilicen medidas alternativas de protección física con uso de máscara.

2. Non se compartirán utensilios de pesca, nin trebellos de comida ou de bebida.

3.27. Especificidades para determinadas actividades de natureza e turística.

1. Poderanse realizar actividades de uso público en todos os espazos naturais que integran a rede galega de espazos protexidos, de conformidade co que dispoñan os seus respectivos instrumentos de planificación e no presente acordo.

A dirección xeral competente en materia de espazos naturais protexidos poderá adoptar medidas restritivas no acceso aos espazos naturais protexidos, cando se considere que pode existir risco de formación de aglomeracións.



As devanditas medidas incluírán, entre outras, o control da capacidade dos aparcamentos, das zonas de descanso, así como das sendas e puntos de acceso, ademais do reforzamento da vixilancia en materia de protección do medio natural.

Os visitantes dos espazos naturais protexidos deberán procurar a circulación pola súa dereita no seu tránsito por camiños e pasarelas co obxecto de manter a distancia de seguridade interpersoal e un tránsito fluído.

2. Poderán realizarse actividades de turismo activo e de natureza, organizadas por empresas habilitadas como empresas de turismo activo, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade ou, na súa falta, para a utilización de medidas alternativas de protección física con uso de máscara.

3. Poderá realizarse a actividade de guía turístico, para grupos de ata un máximo de vinte e cinco persoas, e deberán establecerse as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade ou, na súa falta, medidas alternativas de protección física con uso de máscara. En calquera caso, deberán respectarse as condicións en que deba desenvolverse a actividade de visita a monumentos e outros equipamentos culturais e procurárase evitar o tránsito por zonas ou lugares susceptibles de xerar aglomeracións.

4. Ademais do cumprimento xeral das medidas de hixiene e prevención establecidas, no caso de que nas instalacións se preste algún tipo de servizo de hostalaría e restauración, a prestación deste axustarase ao previsto nas condicións para a prestación do servizo nos establecementos de hostalaría e restauración.

3.28. Centros de interpretación e visitantes, aulas da natureza, casetas e puntos de información.

1. Nos centros de interpretación e visitantes, nas aulas da natureza, casetas e puntos de información da Rede galega de espazos protexidos non se poderá exceder o setenta e cinco por cento da súa capacidade.

2. Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersoal nas instalacións ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física con uso de máscara.



3. Ademais do cumprimento xeral das medidas de hixiene e prevención establecidas, no caso de que nas instalacións se preste algún tipo de servizo de hostalaría e restauración, a prestación deste axustarase ao previsto nas condicións para a prestación do servizo nos establecementos de hostalaría e restauración.

3.29. Realización de actividades de tempo libre dirixidas á poboación infantil e xuvenil.

1. Poderanse realizar actividades de tempo libre destinadas á poboación infantil e xuvenil, cando estas se leven a cabo ao aire libre, sempre que se limite o número de participantes ao 75 por cento da súa asistencia máxima habitual, cun máximo de 250 participantes, incluíndo os monitores. Cando estas actividades se realicen en espazos pechados, non se deberá superar o 50 por cento da capacidade máxima do recinto, cun máximo de 150 participantes, incluíndo os monitores.

2. Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento das actividades ou, no seu defecto, para a utilización de medidas alternativas de protección física con uso de máscara. En todo caso, seguiranse os protocolos que se elaboren para este tipo de actividades.

3. As actividades deberán realizarse en grupos de ata 15 persoas participantes, máis os monitores correspondentes, que intentarán traballar, na medida do posible, sen contacto entre os demais grupos.

3.30. Uso das praias.

1. Os usuarios das praias deberán facer un uso responsable delas e das súas instalacións, tanto desde o punto de vista ambiental como sanitario, cumprindo para iso coas recomendacións, medidas e normas establecidas polas autoridades sanitarias.

2. A ocupación máxima no uso de duchas e lavapés ao aire libre, aseos, vestiarios e outros servizos públicos similares será dunha persoa, salvo naqueles supostos de persoas que poidan precisar asistencia, as cales poderán contar co seu acompañante. Deberá reforzarse a limpeza e desinfección dos referidos espazos, garantindo sempre o seu estado de salubridade e hixiene.

3. A situación dos obxectos persoais, toallas, hamacas e elementos similares levarase a cabo de forma que se poida manter a distancia de seguridade interpersoal con respecto a outros usuarios, salvo no caso de conviventes.



4. Os concellos poderán establecer limitacións tanto de acceso como de capacidade das praias co fin de asegurar que se poida respectar a distancia interpersoal de seguridade entre usuarios. Para iso poderán tamén establecer límites nos tempos de permanencia nelas, así como no acceso aos aparcamentos en prol de facilitar o control da capacidade das praias.

Para os efectos de calcular a capacidade máxima permitido por cada praia, considerárase que a superficie de praia que vai ocupar cada usuario será de aproximadamente catro metros cadrados.

5. Os concellos asegurarán que se realiza unha limpeza e desinfección das instalacións e bens das praias usando para iso substancias que non resulten prexudiciais para o ambiente.

6. Recordaráselles aos usuarios, mediante cartellaría visible ou outros medios, as normas de hixiene e prevención que se deberán observar, sinalando a necesidade de abandonar a instalación ante calquera síntoma compatible co COVID-19.

7. Ademais do cumprimento xeral das medidas de hixiene e prevención establecidas, no caso de exista algún tipo de actividade de hostalaría e restauración que se realice nas praias, incluídas as que se realicen en instalacións descubertas, con concesión ou autorización de ocupación ou aproveitamento do dominio público marítimo-terrestre, a prestación do servizo de hostalería ou restauración axustarase ao previsto nas condicións para a prestación do servizo nos establecementos de hostalaría e restauración.

8. Os responsables de negocios de motos acuáticas, hidropedais e de calquera outro elemento deportivo ou de recreo similares deberán cumprir co disposto nas medidas de hixiene e prevención establecidas. Todos os vehículos deberán ser limpados e desinfectados antes de cada uso e, do mesmo xeito, as hamacas ou calquera outro obxecto de uso rotatorio deberán ser limpados e desinfectados cando se cambie de usuario.

3.31. Centros recreativos turísticos, zoolóxicos e acuarios.

1. Os centros recreativos turísticos, zoolóxicos e acuarios poderán realizar a súa actividade sempre que se limite a súa capacidade total aos dous terzos e ao cincuenta por cento nas atraccións.



2. Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersoal nas súas instalacións ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física con uso de máscara.

3. As visitas de grupos serán dun máximo de ata vinte e cinco persoas, incluído o monitor ou guía, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade ou, na súa falta, medidas alternativas de protección física con uso de máscara.

4. Ademais do cumprimento xeral das medidas de hixiene e prevención establecidas, no caso de que se preste algún tipo de servizo de hostalaría e restauración, a prestación deste axustarase ao previsto nas condicións para a prestación do servizo nos establecementos de hostalaría e restauración.

3.32. Parques e zonas deportivas de uso público ao aire libre.

1. Os parques infantís, parques biosaudables, zonas deportivas, pistas skate ou espazos de uso público ao aire libre similares poderán estar abertos ao público sempre que neles se respecte unha capacidade máxima estimada dunha persoa por cada catro metros cadrados de espazo computable de superficie do recinto.

2. Deberán establecerse as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersoal ou, no seu defecto, a utilización de medidas alternativas de protección física.

3. Deberán aplicarse as medidas de hixiene e prevención establecidas, especialmente no que se refire a proceder diariamente á limpeza e desinfección destes espazos nas áreas de contacto das zonas comúns, tales como xogos das zonas infantís, aparatos de actividade física ou outro mobiliario urbano de uso compartido.

4. Recoméndase dispor neses espazos, especialmente no que se refire a parques infantís, de dispensadores de xeles hidroalcohólicos ou desinfectantes con actividade viricida, debidamente autorizados e rexistrados, ou dunha solución xabonosa no caso de espazos para menores de dous anos de idade.

3.33. Celebración de congresos, encontros, reunións de negocio, conferencias, eventos e actos similares.

1. Poderanse celebrar congresos, encontros, reunións de negocio, conferencias e even-



tos e actos similares promovidos por calquera entidade, de natureza pública ou privada, sempre que non se supere o setenta e cinco por cento da capacidade permitida do lugar de celebración e cun límite máximo de trescentas persoas sentadas para lugares pechados e de mil persoas sentadas tratándose de actividades ao aire libre.

O recollido neste número será tamén de aplicación para reunións profesionais, xuntas de comunidades de propietarios e eventos similares.

2. Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersoal durante a súa celebración ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física con uso de máscara.

3. Ademais do cumprimento xeral das medidas de hixiene e prevención establecidas, no caso de que se preste algún tipo de servizo de hostalaría e restauración, a prestación deste axustarase ao previsto nas condicións para a prestación do servizo nos establecementos de hostalaría e restauración.

3.34. Discotecas e resto de establecementos de lecer nocturno.

1. Os locais de discotecas e demais establecementos de lecer nocturno poderán manter abertas ao público exclusivamente as terrazas ao aire libre, para consumo sentado en mesa, nas condicións que se indican a continuación.

Non obstante, sempre que a evolución da situación epidemiolóxica así o aconselle, o resto da súa actividade poderá restablecerse cando a Administración autonómica así o permita, de conformidade co establecido no punto cuarto do acordo polo que se aproban as medidas contidas neste anexo.

2. As terrazas ao aire libre destes establecementos limitarán a súa capacidade ao setenta e cinco por cento das mesas permitidas no ano inmediatamente anterior con base na correspondente licenza municipal ou do que sexa autorizado para este ano, no caso que a licenza sexa concedida por primeira vez.

Consideraranse terrazas ao aire libre todo espazo exterior ao local non cuberto ou todo espazo que, estando cuberto, estea rodeado lateralmente por un máximo de dúas paredes, muros ou paramentos.



En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia de seguridade interpersonal entre as mesas ou, de ser o caso, agrupacións de mesas. A ocupación máxima será de vinte e cinco persoas por mesa ou agrupación de mesas.

3. Ademais do cumprimento xeral das medidas de hixiene e prevención establecidas, deberán aplicarse as condicións previstas especificamente para a prestación do servizo nos establecementos de hostalaría e restauración.

3.35. Festas, verbenas, outros eventos populares e atraccións de feiras.

As festas, verbenas e outros eventos populares, así como as atraccións de feiras, sempre que a evolución da situación epidemiolóxica así o aconselle, poderán restablecer a súa actividade cando a Administración autonómica así o permita, de conformidade co establecido no punto cuarto do acordo polo que se aproban as medidas contidas neste anexo.

3.36. Actividade de prazas, recintos e instalacións taurinas.

1. Todas as prazas, recintos e instalacións taurinas ao aire libre poderán desenvolver a súa actividade taurina sempre que contén con butacas preasignadas e non se supere a metade da capacidade autorizada, e en todo caso, un máximo de oitocentas persoas.

2. Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersonal durante a actividade ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física con uso de máscara.

3. Ademais do cumprimento xeral das medidas de hixiene e prevención establecidas, no caso de que se preste algún tipo de servizo de hostalaría e restauración, a prestación deste axustarase ao previsto nas condicións para a prestación do servizo nos establecementos de hostalaría e restauración.

3.37. Establecementos e locais de xogo e apostas.

1. Os casinos, establecementos de xogos colectivos de diñeiro e de azar, salóns de xogo, salas de bingo, salóns recreativos, rifas e tómbolas, locais específicos de apostas e outros locais e instalacións asimilables aos de actividade recreativa de xogos e apostas, conforme estableza a normativa sectorial en materia de xogo, poderán realizar a súa actividade sempre que non se superen os dous terzos da capacidade permitida.



2. Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersonal nas súas instalacións, especialmente na disposición e uso das máquinas ou de calquera outro dispositivo de xogo nos locais e establecementos en que se desenvolvan actividades ou, na súa falta, para a utilización de medidas alternativas de protección física con uso de máscara.

3. Ademais do cumprimento xeral das medidas de hixiene e prevención establecidas, no caso de que se preste algún tipo de servizo de hostalaría e restauración, a prestación deste axustarase ao previsto nas condicións para a prestación do servizo nos establecementos de hostalaría e restauración.

3.38. Lonxas.

Nas lonxas deberán establecerse as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersonal ou, no seu defecto, a utilización de medidas alternativas de protección física con uso de máscara.

3.39. Limitación de capacidade para outros locais ou establecementos comerciais.

1. Con carácter xeral, calquera outro local o establecemento comercial para o que non se recollan expresamente unhas condicións de capacidade no presente acordo, ou nin en protocolos ou normativa específica que lles sexa aplicable, non poderá superar o setenta e cinco por cento da capacidade autorizada ou establecida.

Non obstante, o disposto no parágrafo anterior non será de aplicación nos establecementos comerciais de alimentación, bebidas, produtos e bens de primeira necesidade, establecementos farmacéuticos, servizos médicos ou sanitarios, ópticas, produtos ortopédicos, produtos hixiénicos, salóns de peiteado, prensa e papelería, combustible para a automoción, estancos, equipos tecnolóxicos e de telecomunicacións, alimentos para animais de compañía, comercio por internet, telefónico ou correspondencia, tinturarías e lavanderías, sen prexuízo da necesidade de cumprir as medias xerais de hixiene e protección.

2. Deberán establecerse as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersonal ou, no seu defecto, a utilización de medidas alternativas de protección física con uso de máscara.

3. En calquera caso, poderase suspender a actividade de calquera establecemento que, a xuízo da autoridade competente, poida supor un risco de contaxio polas condicións en que se estea desenvolvendo.



4. Medidas específicas respecto de centros, servizos e establecementos sanitarios e de servizos sociais

4.1. Obriga de información sobre casos de COVID-19.

1. Todos os centros, servizos e establecementos sanitarios e sociosanitarios, públicos ou privados, da Comunidade Autónoma de Galicia estarán obrigados a notificar con carácter urxente:

a) Todos os casos confirmados e probables de COVID-19, tanto nas persoas usuarias coma no persoal dos centros, servizos e establecementos sanitarios e sociosanitarios da Comunidade Autónoma de Galicia.

b) Todos os falecementos que poidan estar relacionados co COVID-19, con independencia da súa causa inmediata.

2. O procedemento a través do cal se ten que levar a cabo esta notificación será o establecido pola dirección xeral competente en materia de saúde pública, tendo en conta o carácter de enfermidade de declaración obrigatoria da COVID-19, establecido polo Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño.

4.2. Centros, servizos e establecementos sanitarios.

1. Os titulares ou directores dos distintos centros, servizos e establecementos sanitarios, de natureza pública ou privada, deberán adoptar as medidas organizativas, de prevención e hixiene necesarias do seu persoal traballador e dos pacientes, co obxecto de aplicar as recomendacións emitidas nesta materia, relativas á distancia de seguridade interpersoal, uso de máscaras en sitios pechados de uso público, capacidade, hixiene de mans e respiratoria, así como calquera outra medida que establezan as autoridades competentes.

2. Estas medidas deberán aplicarse na xestión dos espazos do centro, accesos, zonas de espera e na xestión das citas dos pacientes, así como na regulación de acompañantes ou visitas, tendo en conta a situación e actividade de cada centro.

3. Así mesmo, adoptarán as medidas necesarias para garantir a protección da seguridade e saúde do seu persoal traballador, a limpeza e desinfección das áreas utilizadas e a eliminación de residuos, así como o mantemento adecuado dos equipamentos e instalacións.



4. Estarán obrigados a colaborar coas autoridades sanitarias e de política social nos labores de vixilancia, prevención e control do COVID-19.

4.3. Centros, servizos e establecementos de servizos sociais.

1. Permanecerán pechados, mentres non se dite resolución da consellería competente en materia de política social que acorde a súa reapertura:

a) Os servizos e centros de atención á infancia, como escolas infantís 0-3, puntos de atención á infancia, casas niño, espazos infantís e ludotecas.

b) As residencias de tempo libre.

c) Os espazos xoves.

d) Os albergues e campamentos xuvenís dependentes da Consellería de Política Social. Os demais incluídos no censo da Dirección Xeral de Xuventude poderán desenvolver a súa actividade nas condicións establecidas no punto 3.29 destas medidas.

e) As residencias xuvenís.

f) Os centros sociocomunitarios de benestar.

g) Os servizos de conciliación de carácter grupal complementarios de programas de inclusión social, agás aquelas actividades de conciliación nas cales se presta atención individualizada, que se deberán levar a cabo no domicilio da persoa usuaria ou ben nun espazo específico e non compartido con outras persoas, sexan profesionais ou participantes deste ou outros servizos.

h) Os centros de atención diúrna para persoas maiores ou persoas con discapacidade e centros ocupacionais, agás para a realización de terapias individuais en domicilios ou centros con cita previa.

i) Casas do maior.

A resolución pola que se acorde a reapertura poderá establecer condicións específicas para o desenvolvemento das actividades dos ditos centros e servizos, logo de informe da consellería competente en materia de sanidade, e unha vez aprobados os plans de



continxencia previstos no Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

2. Poderán permanecer abertos coa seguinte limitación de capacidade ou ocupación:

a) Os centros de atención social continuada, ata o setenta e cinco por cento da capacidade.

b) Os comedores sociais, ata dous terzos da capacidade.

c) As actividades formativas e demais actuacións grupais de inclusión, ata o setenta e cinco por cento da capacidade.

d) As escolas de educación no tempo libre, reguladas no Decreto 50/2000, do 20 de xaneiro, polo que se refunde e se actualiza a normativa vixente en materia de xuventude, ata o setenta e cinco por cento da capacidade.

e) As hospedaría das casas do mar, que estarán abertas nas mesmas condicións establecidas para os establecementos hoteleiros.

Estas porcentaxes poderán modificarse mediante resolución da consellería competente en materia de política social, que poderá tamén establecer condicións específicas para o desenvolvemento das actividades, logo de informe da consellería competente en materia de sanidade.

3. Os demais centros e servizos non previstos nos números anteriores, ao ter xa actividade, continuarán a aplicar no seu funcionamento as normas, protocolos e acordos aprobados polas autoridades autonómicas competentes.

No caso das residencias e centros de atención temperá, deberán adecuar a súa actividade ás previsións contidas no Plan de reactivación no ámbito sociosanitario en relación coa infección polo virus SARS-COV-2, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 15 de maio de 2020.

4. Na prestación dos servizos e/ou utilización dos centros e instalacións deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersoal ou, de ser o caso, a utilización de medidas alternativas de protección física con uso de máscara.

CVE-DOG: ecsq0d14-xya0-hxk5-0hm6-wopj0q139s42



Ademais do cumprimento xeral das medidas de hixiene e prevención establecidas, no caso de que se preste algún tipo de servizo de hostalaría e restauración, a prestación deste axustarase ao previsto nas condicións para a prestación do servizo nos establecementos de hostalaría e restauración.

4.4. Inspección dos servizos sanitarios.

Os centros, servizos e establecementos de servizos sociais quedarán suxeitos á inspección dos servizos sanitarios que, de ser o caso, poida proceder. Os/as inspectores/as e subinspectores/as de servizos sanitarios estarán autorizados/as para entrar libremente e sen notificación previa, en calquera momento, nestes centros; proceder a realizar as probas, investigacións e exames e tomar as mostras ou recoller a documentación que consideren necesaria, así como ordenar cantas actuacións sexan precisas para cumprir coas normas vinculadas ao control do COVID-19.

4.5. Intervención de centros residenciais.

Facúltase a autoridade sanitaria autonómica competente, en función da situación epidemiolóxica e asistencial de cada centro residencial ou territorio concreto, e sempre atendendo a principios de necesidade e de proporcionalidade, a intervir os centros residenciais, de carácter público ou privado, e dispor dunha serie de actuacións neles, que poderán consistir en:

a) Asumir ou controlar a asistencia sanitaria dos e das residentes co persoal sanitario propio da residencia.

b) Trasladar as/os residentes a outro recurso residencial, con independencia do seu carácter público ou privado.

c) Supervisar e asesorar nas actuacións que leva a cabo o persoal sanitario e non sanitario, de ser o caso, da residencia.

d) Designar un empregado público para dirixir e coordinar a actividade asistencial destes centros podendo dispor dos recursos materiais e humanos do centro residencial intervido, así como dos recursos vinculados coa actividade sanitaria asistencial que se presta de forma habitual aos residentes nel.

e) Apoiar puntualmente a residencia con persoal, de ser necesario.



5. Medidas relativas a centros docentes.

1. O retorno á actividade lectiva presencial dos centros docentes que imparten o ensino do artigo 3 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, rexeráse polas condicións sanitarias vixentes ao comezo do curso escolar 2020/21.

2. Serán de obrigado cumprimento as normas sobre desinfección e prevención que determine en cada momento a autoridade sanitaria, tanto nos centros públicos como privados. Para os supostos en que non sexa posible gardar as distancias mínimas interpersoais que se determinen será obrigado o uso de máscara de protección, con excepción do nivel de educación infantil.

3. A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional elaborará e aprobará, mediante resolución, un protocolo de prevención e organización do regreso á actividade lectiva onde se recollerán as recomendacións sanitarias aprobadas ata o momento. O dito protocolo será supervisado pola consellería con competencias en materia de sanidade.

4. Para o sistema universitario galego, as universidades aprobarán un protocolo en que se regulen para toda a actividade académica as medidas de prevención axeitadas para o retorno á actividade lectiva.

6. Medidas en relación coa ocupación e uso dos vehículos no transporte terrestre e marítimo de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.

1. Nos transportes en motocicletas, ciclomotores e vehículos categoría L, en xeral, que estean provistos con dúas prazas homologadas (conductor e pasaxeiro) poderán viaxar dúas persoas. O uso de luvas será obrigatorio por parte do pasaxeiro e tamén por parte do conductor no caso de motocicletas e ciclomotores destinados ao uso compartido. Para estes efectos, serán admitidas as luvas de protección de motoristas.

2. Nos transportes privados particulares e privados complementarios de persoas en vehículos de ata nove prazas, incluído o conductor, poderán desprazarse tantas persoas como prazas teña o vehículo.

3. Nos transportes públicos de viaxeiros en vehículos de ata nove prazas, incluído o conductor, poderán desprazarse tantas persoas como prazas teña o vehículo por cada fila adicional de asentos respecto da do conductor.



4. Nos vehículos en que, polas súas características técnicas, unicamente se dispoña dunha fila de asentos, como no suposto de cabinas de vehículos pesados, furgonetas ou outros, poderán ocuparse todas as prazas.

5. No transporte público regular, discrecional e privado complementario de viaxeiros, nos vehículos e embarcacións que dispoñan de asentos, poderase ocupar a totalidade dos asentos procurando, cando o nivel de ocupación o permita, a máxima separación entre as persoas usuarias.

6. No transporte público regular, discrecional e privado complementario de viaxeiros, nos vehículos e embarcacións que teñan autorizadas prazas de pé, procurarase que as persoas manteñan entre si a máxima distancia posible, e establecerase como referencia de ocupación a de dous viaxeiros por cada metro cadrado na zona habilitada para viaxar de pé. Con carácter xeral, entenderase cumprido este requisito mediante a redución da capacidade das prazas previstas para viaxar de pé en vehículos de clase I e A, a unha cuarta parte das prazas de pé, e nos de clase II, a un terzo das ditas prazas de pé.

7. En todos os supostos previstos nesta epígrafe será obrigatorio o uso de máscara por parte de todos os ocupantes dos vehículos, agás nos recollidos no número 2, cando todos os ocupantes do vehículo convivan no mesmo domicilio.

Nos transportes en motocicletas, ciclomotores e vehículos categoría L, cando viaxen dous ocupantes, deberán levar máscara ou casco integral cando non convivan no mesmo domicilio».

Santiago de Compostela, 12 de xuño de 2020

Alberto Fuentes Losada
Secretario xeral técnico da Consellería de Sanidade



I. DISPOSICIÓNS XERAIS**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

RESOLUCIÓN do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se dá publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, polo que se aproban medidas adicionais de aplicación á reincorporación dos empregados públicos ao traballo presencial derivado do estado de alarma.

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do 12 de xuño de 2020, adoptou o seguinte acordo:

«Acordo polo que se aproban medidas adicionais de aplicación á reincorporación dos empregados públicos ao traballo presencial derivado do estado de alarma

A Resolución do 8 de maio de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, publicada no DOG número 89, do 9 de maio, deu publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 8 de maio de 2020, polo que se aprobou o Protocolo polo que se establecen a reincorporación dos empregados públicos ao traballo presencial e as medidas de prevención fronte ao COVID-19.

No punto 3 do Protocolo establécense previsións para a reincorporación ao posto de traballo de determinados colectivos de empregados públicos, especificamente para o persoal que teña necesidades de conciliación da vida familiar e laboral, para o persoal considerado vulnerable e, finalmente, medidas especiais de teletraballo.

Neste sentido, o Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes e extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, fixa, no seu artigo 5, que “*se establecerán sistemas de organización que permitan manter a actividade por mecanismos alternativos, particularmente por medio do traballo a distancia*”. Na disposición derradeira décima fíxase que “*con carácter xeral, as medidas previstas no presente real decreto lei manterán a súa vixencia ata un mes despois da fin da vixencia da declaración do estado de alarma*”.

A este respecto, o Real decreto lei 15/2020, do 21 de abril, de medidas urxentes complementarias para apoiar a economía e o emprego, establece no artigo 15, para o efecto da duración das medidas de fomento do teletraballo, que se “*manterá vixente durante os*



dous meses posteriores ao cumprimento da vixencia prevista no parágrafo primeiro da disposición derradeira décima do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo”.

Igualmente, o Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, establece no artigo 7.1.e) que se deberán “*adoptar medidas para a reincorporación progresiva de forma presencial aos postos de traballo e a potenciación do uso do teletraballo cando, pola natureza da actividade laboral, sexa posible*”.

De acordo co que antecede e co obxectivo de compatibilizar a reincorporación presencial aos postos de traballo coa conciliación da vida persoal e laboral e a protección ante o risco de contaxio fronte ao COVID-19, adóptanse as seguintes medidas que resultan de aplicación ao procedemento de reincorporación ao traballo presencial:

1. O persoal que teña ao seu cargo fillos ou fillas menores de 16 anos, persoas con discapacidade ou maiores dependentes ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade que convivan no domicilio familiar e se vexa afectado, de ser o caso, polo peche de centros educativos ou de maiores poderá seguir prestando o seu traballo en réxime de teletraballo durante a terceira fase, sempre que non sexa compatible a súa situación persoal con medidas especiais de flexibilidade da xornada laboral.

Os empregados públicos deberán acreditar adecuadamente a concorrencia das circunstancias anteriormente indicadas e a imposibilidade de alternancia co outro proxenitor (deberase acreditar tamén se é familia monoparental). No caso de que previamente fose acreditada documentalmente algunha destas circunstancias, manifestarao na súa solicitude.

Este persoal, tras a finalización da terceira fase, poderá excepcionalmente ser autorizado pola persoa titular da Secretaría Xeral Técnica da consellería ou pola persoa responsable en materia de persoal do organismo autónomo ou axencia pública da súa adscrición a continuar en teletraballo, logo de informe favorable do responsable do centro directivo en que presta servizos, ata os tres meses posteriores ao remate da vixencia do estado de alarma.

Esta mesma previsión seralles de aplicación ás empregadas públicas embarazadas mentres dure esa situación.

2. O persoal empregado público que con anterioridade ao estado de alarma estivese autorizado a teletraballar (Instrución conxunta do ano 2013) seguirá tendo dereito ao seu exercicio.



O réxime de teletraballo para este persoal, así como para o persoal que ten concedida a modalidade de teletraballo polo COVID-19, sempre que as necesidades do servizo o permitan durante a terceira fase e a súa prórroga, se a houber, poderase estender a semanas completas alternando unha semana de teletraballo con outra de presenza física ou calquera outra modalidade de teletraballo ou presencial. A solicitude do interesado deberá contar co informe favorable do responsable do centro directivo en que presta servizos. Esta extensión da duración do teletraballo será autorizada, de ser o caso, pola persoa titular da Secretaría Xeral Técnica da consellería ou pola persoa responsable en materia de persoal do organismo autónomo ou axencia pública da súa adscrición.

3. Ao persoal que presente solicitude e acredite circunstancias especiais poderáselle autorizar, excepcionalmente, o mantemento ou establecemento dalgún réxime de teletraballo combinado ou non con algún tipo de modificación de xornada polo mesmo procedemento, informe e autorización sinalado anteriormente. O prazo máximo de autorización rematará, en todo caso, unha vez que transcorran os tres meses posteriores á finalización da declaración do estado de alarma.

4. Constituirase unha comisión de seguimento presidida polo director xeral da Función Pública ou funcionaria/o público en que este delegue, un membro de cada unha das organizacións sindicais que ratifiquen este documento e un número igual de membros da Administración elixidos entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Consellería de Facenda. Esta comisión terá como funcións a vixilancia, a interpretación e o seguimento do contido do documento».

Santiago de Compostela, 12 de xuño de 2020

Beatriz Cuiña Barja
Secretaria xeral técnica da Consellería de Presidencia,
Administracións Públicas e Xustiza



I. DISPOSICIÓNS XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 9 de setembro de 2020 sobre modificación de determinadas medidas previstas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.

Mediante o Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, adoptáronse medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.

Conforme o punto sexto do dito acordo, as medidas preventivas previstas nel deben ser obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade. Neste sentido, mediante sucesivos acordos do Consello da Xunta de Galicia, do 25 de xuño, e do 17, do 23 e do 30 de xullo, introducíronse determinadas modificacións nas medidas de prevención previstas no Acordo do 12 de xuño de 2020.

Así mesmo, indícase no dito punto sexto, na redacción vixente, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de acordo coa normativa aplicable e á vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou en parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e que modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación de medidas concretas contidas no anexo. Deste modo, mediante ordes da Consellería de Sanidade, do 12, do 15, do 25, do 27 e do 28 de agosto de 2020, introducíronse determinadas modificacións no anexo.

En concreto, por Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 17 de xullo de 2020, recolléronse unha serie de medidas para promover o uso xeneralizado da máscara, pois, ao demostrarse que é unha das medidas máis eficaces para previr a transmisión da enfermidade, resultaba necesario reforzar a súa utilización, ampliando os supostos en que o seu



uso resultaba obrigatorio, co fin de evitar, especialmente, que as persoas asintomáticas que non coñecen a súa condición de portadoras da infección procedan á súa transmisión. A ampliación dos supostos de aplicación da obriga xeral de uso da máscara foi acompañada, non obstante, da previsión de regras específicas, tendo en conta as particularidades de determinadas actividades, ademais de que tamén procedía prever excepcións a aquela regra xeral en atención a razóns xustificadas, fundamentalmente relacionadas coas circunstancias persoais ou coa natureza ou condicións de determinadas actividades, como pode ser o deporte.

No contexto actual, á vista dos coñecementos que se van tendo das potenciais vías de transmisión da enfermidade, e de acordo co principio de precaución, as excepcións ao uso de máscara introducidas polo dito acordo do 17 de xullo de 2020 deben matizarse, en concreto no que atinxe á actividade física e deportiva que se leve a cabo en espazos pechados. E iso porque a posible transmisión por aerosois debe ser tida en conta especialmente nestas actividades de maior intensidade.

Pola mesma causa, a ventilación dos espazos pechados nos que se realizan as actividades físicas e deportivas debe ser tamén reforzada.

Resulta necesario, en consecuencia, proceder á modificación do anexo do acordo do Consello da Xunta do 12 de xuño de 2020 co fin de introducir precisións respecto do uso de máscara e da ventilación no caso de actividades físicas e deportivas realizadas en espazos cubertos.

En atención ao exposto, escoitado o Comité Clínico de Expertos, de acordo co disposto no punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na redacción vixente dada polo Acordo do Consello da Xunta do 30 de xullo de 2020, e na condición de autoridade sanitaria conforme o previsto no artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia,

DISPOÑO:

Primeiro. *Modificación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade*

O Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha



vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, queda modificado como segue:

Un. O ordinal 8º da letra d) do número 1.3 do anexo, queda coa seguinte redacción:

«8º) No caso de actividade física e deportiva en instalacións cubertas, o uso da máscara só quedará exceptuado para a realización de deportes que requiran a utilización de pistas específicas, tales como tenis, pádel, squash ou pistas polideportivas, exclusivamente durante a realización das ditas actividades específicas e sempre que a ocupación máxima da pista se axuste ás regras do xogo ou actividade deportiva e tendo en conta os protocolos aprobados para a dita instalación».

Dous. A letra a) do número 3.20.4 do anexo queda coa seguinte redacción:

«a) Con carácter xeral, non se compartirá ningún material e, se isto non fose posible, garantirase a presenza de elementos de hixiene para o seu uso continuado e promoverase o seu emprego».

Tres. Engádese unha letra f) no número 3.20.4 do anexo, coa seguinte redacción:

«e) Deberán realizarse tarefas de ventilación nas instalacións cubertas por espazo de polo menos 30 minutos ao inicio e final de cada xornada, así como de forma frecuente durante esta e obrigatoriamente ao finalizar cada clase ou actividade de grupo. No caso da utilización de sistemas de ventilación mecánica, deberase aumentar a subministración de aire fresco e non poderá empregarse a función de recirculación do aire interior».

Segundo. *Eficacia*

Esta orde producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 9 de setembro de 2020

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade



I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 9 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Pontevedra.

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto do dito acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada mediante o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta, do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de sanidade.

Así mesmo, indícase no dito punto sexto, na redacción vixente, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de acordo coa normativa aplicable e á vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou en parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación de medidas concretas contidas no anexo.

De acordo co informe sobre a situación epidemiolóxica na comarca de Pontevedra, elaborado pola Dirección Xeral de Saúde Pública o 9 de setembro de 2020, a incidencia na comarca leva en ascenso desde o 22 de agosto, mais esta incidencia aumenta máis rápido



a partir do 30 de agosto. A taxa de incidencia tanto a 3 como a 7 días aumenta máis do dobre. O intervalo de confianza superior do número reprodutivo instantáneo supera o 1'5, o que indica que a transmisión pode ser importante. A maior parte dos casos produciuse no concello de Pontevedra. O brote mantén indicadores que o sitúan como de risco alto/medio. O informe recomenda establecer restricións no concello, como a referida ao tamaño dos grupos, establecendo un máximo de 10 persoas para grupos non conviventes, así como limitacións de capacidade e restricións respecto a festas, verbenas ou actuacións. Así mesmo, considera oportuno establecer recomendacións dirixidas á poboación máis vulnerable, e recomendacións sobre medidas de protección nas actividades socioculturais de tipo grupal e de control das agrupacións de persoas en lugares públicos.

Así, tras escoitar as recomendacións do comité clínico reunido para estes efectos, resulta necesaria, en consecuencia, a adopción, con urxencia, de medidas de prevención específicas no concello de Pontevedra para facer fronte aos abrochos e ás cadeas de transmisións existentes e garantir a súa contención, prevendo unhas medidas para o ámbito territorial indicado, conectadas cos factores de maior risco de transmisión.

En particular, considérase que as medidas tendentes a limitar os grupos de persoas para o desenvolvemento de calquera actividade ou evento de carácter familiar ou social na vía pública, espazos de uso público ou espazos privados e as limitacións para festas, verbenas e outros eventos populares e multitudinarios deben adoptarse para todo o ámbito do concello de Pontevedra, tendo en conta a natureza destas actividades, os riscos asociados a elas e a idade da poboación a que está afectando de forma predominante o virus neste momento.

Estas medidas teñen o seu fundamento normativo na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 e 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

En particular, cómpre salientar que a Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, prevé, no seu artigo primeiro que, co obxecto de protexer a saúde pública e previr a súa perda ou deterioración as autoridades sanitarias das distintas administracións públicas poderán, dentro do ámbito das súas competencias, adoptar as medidas previstas na dita lei cando así o exixan razóns sanitarias de urxencia ou necesidade.

O artigo segundo habilita as autoridades sanitarias competentes para adoptaren medidas de recoñecemento, tratamento, hospitalización ou control cando se aprecien indicios



racionalis que permitan supoñer a existencia de perigo para a saúde da poboación debido á situación sanitaria concreta dunha persoa ou grupo de persoas ou polas condicións sanitarias en que se desenvolve unha actividade. E, para o caso concreto de enfermidades transmisibles, o artigo terceiro dispón que, co fin de controlalas, a autoridade sanitaria, ademais de realizar as accións preventivas xerais, poderá adoptar as medidas oportunas para o control dos enfermos, das persoas que estean ou teñan estado en contacto con estes e do contorno inmediato, así como as que se consideren necesarias en caso de risco de carácter transmisible. E o artigo 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, prevé que as autoridades sanitarias poderán levar a cabo intervencións públicas nos supostos de riscos para a saúde de terceiras persoas, nos mesmos termos previstos nos artigos 2 e 3 da Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, antes citados.

Non se recolle, pois, unha lista pechada de medidas de prevención, senón que poderán adoptarse, de acordo cos principios de precaución e de proporcionalidade que deben rexer as actuacións en materia de saúde, as necesarias para facer fronte ao concreto risco sanitario de que se trate.

En todo caso, e en atención a tales principios, estas medidas serán reavaliadas nun período non superior a sete días naturais desde a publicación desta orde en función da evolución da situación epidemiolóxica no concello.

Por outra banda, as medidas de prevención que se recollen nesta orde teñen un evidente fundamento sanitario, dados os riscos de transmisión dunha enfermidade contaxiosa como a que nos ocupa, e a vixilancia, inspección e control do seu cumprimento corresponden aos concellos, sen prexuízo das competencias da Consellería de Sanidade, tendo en conta a condición de autoridade sanitaria dos alcaldes e alcaldesas (artigo 33.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia), as competencias dos concellos do control sanitario de actividades e servizos que impacten na saúde da súa cidadanía, dos lugares de convivencia humana (artigo 80.3 da lei citada), así como da súa competencia para a ordenación e control do dominio público.

Polo tanto, os alcaldes e alcaldesas, como autoridade sanitaria, deben garantir nas referidas actividades, servizos e lugares de convivencia humana os dereitos e deberes sanitarios da cidadanía (artigo 33.2 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia) e, polo tanto, garantir a vixilancia, inspección e control do cumprimento das medidas preventivas aprobadas pola Administración autonómica e daquelas que, no seu desenvolvemento, e atendendo á situación concreta, poida establecer o concello.



Así mesmo, as forzas e corpos de seguridade teñen un papel fundamental no necesario control do cumprimento das medidas de prevención, papel que veñen desempeñando durante toda esta crise sanitaria, a través da formulación das correspondentes denuncias e remisión ás autoridades competentes, nos casos en que se detecte o seu incumprimento. Debe recordarse a este respecto que o Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, declarou a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e activou o Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19. Tendo en conta a existencia dunha declaración de emerxencia sanitaria, resulta esencial a colaboración das forzas e corpos de seguridade coa finalidade de preservar a seguridade e a convivencia cidadás.

Conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para a adopción das medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica existente do concello de Pontevedra, coa urxencia que a protección da saúde pública demanda.

Na súa virtude, en aplicación do punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. *Obxecto*

O obxecto desta orde é establecer determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Pontevedra.

Segundo. *Restricións ás agrupacións de persoas para a protección da saúde ante a existencia dun risco de carácter transmisible*

1. Á vista da evolución da situación epidemiolóxica e coa finalidade de controlar a transmisión da enfermidade, adóptase, en todo o ámbito territorial no concello de Pontevedra, de modo temporal, durante o período ao cal se estenda a eficacia das medidas previstas na



presente orde de acordo co seu punto quinto, a medida de limitar os grupos para o desenvolvemento de calquera actividade ou evento de carácter familiar ou social na vía pública, espazos de uso público ou espazos privados, a un máximo de dez persoas, excepto no caso de persoas conviventes, en que non se aplicará esta limitación.

Tampouco serán aplicable esta limitación no caso de actividades laborais e administrativas, actividades en centros educativos, de formación e ocupacionais, sempre que se adopten as medidas previstas nos correspondentes protocolos de funcionamento.

2. O incumprimento da medida de prevención establecida neste punto poderá dar lugar á imposición das sancións e a outras responsabilidades previstas no ordenamento xurídico.

3. En particular, para os efectos da execución e control desta medida de prevención, no marco da situación de emerxencia sanitaria declarada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, solicitarase a colaboración das forzas e corpos de seguridade.

4. Para a execución da medida prevista neste punto buscarase sempre con preferencia a colaboración voluntaria das persoas destinatarias coas autoridades sanitarias. Non obstante, malia que esta medida non se individualiza en persoas determinadas dada a súa adopción con carácter xeral, tendo en conta que nos casos de ausencia de colaboración voluntaria a súa execución pode requirir a adopción de actos de imposición coactiva que poden supoñer restricións de dereitos fundamentais, e para coadjuvar na súa plena efectividade, solicitarase a súa ratificación xudicial, de acordo co previsto no número 6 do artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Terceiro. *Outras medidas aplicables no ámbito territorial recollido no punto primeiro*

1. No ámbito territorial do concello de Pontevedra, recoméndaselles ás persoas maiores de 75 anos, ás persoas vulnerables ao COVID-19 e a aquelas que presenten algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria que se poida ver agravada polo uso da máscara ou que presenten algunha alteración que faga inviable a súa utilización, que eviten na súa actividade diaria as saídas nas horas de previsible afluencia ou concentración de persoas na vía pública e en espazos ou establecementos abertos ao público, co fin de reducir os riscos derivados da coincidencia con outras persoas.



2. Acórdase, no ámbito territorial incluído no punto primeiro, o peche das actividades de festas, verbenas e outros eventos populares, así como das atraccións de feiras, durante o período a que se estenda a eficacia das medidas previstas na presente orde de acordo co seu punto quinto.

3. Así mesmo, serán de aplicación, no ámbito territorial do concello de Pontevedra, as medidas de prevención específicas recollidas no anexo.

4. En todo o non previsto nesta orde, e no que sexa compatible con ela, serán de aplicación, en todo o ámbito territorial previsto no punto primeiro, as medidas que, con carácter xeral, se establecen no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente.

Cuarto. *Control do cumprimento das medidas e réxime sancionador*

1. A vixilancia, inspección e control do cumprimento das medidas de prevención que se recollen nesta orde, e a garantía dos dereitos e deberes sanitarios da cidadanía, corresponderán ao concello de Pontevedra dentro das súas competencias e sen prexuízo das competencias da Consellería de Sanidade, tendo en conta a condición de autoridade sanitaria dos alcaldes e alcaldesas de acordo co artigo 33.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, e as competencias dos concellos de control sanitario de actividades e servizos que impacten na saúde da súa cidadanía e dos lugares de convivencia humana, de acordo co artigo 80.3 do mesmo texto legal, así como da súa competencia para a ordenación e control do dominio público.

2. Así mesmo, os órganos de inspección da Administración autonómica, no ámbito das súas competencias, poderán realizar as actividades de inspección e control oportunas para a vixilancia e comprobación do cumprimento das medidas de prevención aplicables.

3. As forzas e corpos de seguridade darán traslado das denuncias que formulen polo incumprimento das medidas de prevención ás autoridades competentes.

Quinto. *Eficacia*

Esta orde terá efectos desde as 00.00 horas do 10 de setembro de 2020. Non obstante, as medidas recollidas nela serán obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo



caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da presente orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

Para estes efectos, poderán ser obxecto de mantemento, de modificación ou poderán deixarse sen efecto por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

No caso das celebracións e eventos en establecementos de restauración para os días 10 a 13 de setembro, que xa estivesen concertados con carácter previo ao día 9 de setembro, non serán aplicables as limitacións que se recollen no anexo, ben que deberán ser comunicados polos titulares dos establecementos á Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade, para que se poidan adoptar as medidas ou efectuar as recomendacións pertinentes.

Santiago de Compostela, 9 de setembro de 2020

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade

ANEXO

Medidas de prevención específicas

1. Obrigas xerais.

1.1. Obrigas de cautela e protección.

Todos os cidadáns deberán adoptar as medidas necesarias para evitar a xeración de riscos de propagación da enfermidade COVID-19, así como a propia exposición aos ditos riscos. Este deber de cautela e protección será igualmente exigible aos titulares de calquera actividade.

Así mesmo, deberán respectarse as medidas de seguridade e hixiene establecidas polas autoridades sanitarias para a prevención do COVID-19.

1.2. Persoas con sintomatoloxía.

Calquera persoa que experimente algún dos síntomas máis comúns compatibles co COVID-19, tales como febre, calafríos, tose, sensación de falta de aire, diminución do ol-



facto e do gusto, dor de gorxa, dores musculares, dor de cabeza, debilidade xeral, diarrea ou vómitos deberá permanecer no seu domicilio e comunicalo ao seu servizo sanitario o antes posible.

Igualmente, se existen conviventes no domicilio, deberá evitar o contacto con eles e, se é posible, usar un cuarto de forma exclusiva ata recibir instrucións do seu servizo sanitario.

1.3. Distancia de seguridade interpersonal.

Deberá cumprirse a medida de mantemento da distancia de seguridade interpersonal establecida polo Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, de, polo menos, 1,5 metros ou, na súa falta, medidas alternativas de protección física con uso de máscara, de hixiene adecuada e etiqueta respiratoria.

1.4. Obrigatoriedade do uso de máscaras.

Será obrigatorio o uso da máscara nas condicións establecidas no número 1.3 do anexo do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.

Os titulares dos establecementos, espazos ou locais deberán garantir o cumprimento desta obriga neles.

1.5. Medidas específicas para casos e contactos estreitos.

As persoas que sexan consideradas caso sospeitoso ou probable de infección polo virus SARS-CoV-2, por teren infección respiratoria aguda grave con cadro clínico ou radiolóxico compatible co COVID-19, ou que estean pendentes dos resultados de probas diagnósticas por este motivo, as que sexan consideradas como caso confirmado con infección activa e as consideradas contacto estreito dun caso sospeitoso, probable ou confirmado, deberán seguir as condicións de illamento ou corentena que lles sexan indicadas desde os dispositivos asistenciais ou de saúde pública, sen poder abandonar o seu domicilio ou lugar de illamento ou corentena en ningún caso, salvo autorización expresa do servizo sanitario por causas debidamente xustificadas.



2. Medidas xerais de hixiene e prevención.

Sen prexuízo das normas ou protocolos específicos que se establezan, serán aplicables a todos os establecementos, locais de negocio, instalacións e espazos de uso público e actividades de carácter público as medidas xerais de hixiene e prevención establecidas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na redacción vixente.

3. Limitacións de capacidade e medidas de prevención específicas por sectores.

3.1. Velorios e enterros.

1. Os velorios poderán realizarse en todo tipo de instalacións, públicas ou privadas, debidamente habilitadas, cun límite máximo, en cada momento, de vinte e cinco persoas en espazos ao aire libre ou de dez persoas en espazos pechados, sexan ou non conviventes.

2. A participación na comitiva para o enterramento ou despedida para cremación da persoa falecida restrínxese a un máximo de vinte e cinco persoas, entre familiares e achedados, ademais, de ser o caso, do ministro de culto ou persoa asimilada da confesión respectiva para a práctica dos ritos funerarios de despedida do defunto.

3.2. Lugares de culto.

1. A asistencia a lugares de culto non poderá superar o cincuenta por cento da súa capacidade. A capacidade máxima deberá publicarse en lugar visible do espazo destinado ao culto.

2. Non se poderá utilizar o exterior dos edificios nin a vía pública para a celebración de actos de culto.

3.3. Cerimonias nupciais e outras celebracións relixiosas ou civís.

1. No caso de que estas cerimonias ou celebracións se leven a cabo en lugares de culto, deberán aplicarse as regras de capacidade e as medidas de hixiene e prevención na celebración de actos de culto relixioso recollidas especificamente nesta orde e, no que sexa compatible co disposto nela, no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria



ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na redacción vixente. Deberanse evitar, en calquera caso, as aglomeracións á entrada e saída dos lugares de culto.

2. As celebracións que poidan ter lugar tras a cerimonia en establecementos de hostalaría e restauración axustaranse ás condicións e á capacidade previstas para a prestación do servizo nestes establecementos.

3. En calquera caso, deberase respectar un máximo de cen persoas en espazos ao aire libre ou de cincuenta persoas en espazos pechados.

3.4. Establecementos e locais comerciais retallistas e de actividades de servizos profesionais abertos ao público que non formen parte de centros ou parques comerciais.

1. Os establecementos e locais comerciais retallistas e de actividades de servizos profesionais abertos ao público que non formen parte de centros ou parques comerciais non poderán superar o cincuenta por cento da súa capacidade total. No caso de establecementos ou locais distribuídos en varios andares, a presenza de clientes en cada un deles deberá gardar esta mesma proporción.

Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersonal nos locais e establecementos ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso da máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersonal indicada, nos termos previstos no número 1.4 deste anexo.

2. Deberán prestar un servizo de atención preferente a maiores de 75 anos, o cal deberá concretarse en medidas como control de accesos ou caixas de pagamento específicos, e/ou en horarios determinados que aseguren a dita preferencia na atención. A existencia do servizo de atención preferente deberá sinalarse de forma visible nos ditos establecementos e locais.

3.5. Establecementos que teñan a condición de centros e parques comerciais ou que formen parte deles.

1. Os establecementos e locais comerciais retallistas e de actividades de servizos profesionais abertos ao público situados en centros e parques comerciais non poderán superar o cincuenta por cento da súa capacidade total. No caso de establecementos ou locais dis-



tribuídos en varios andares, a presenza de clientes en cada un deles deberá gardar esta mesma proporción.

2. Non se permitirá a permanencia de clientes nas zonas comúns excepto para o tránsito entre os establecementos, salvo na actividade de hostalaría e restauración que se leve a cabo nas ditas zonas, a cal se deberá axustar ao previsto especificamente para estas actividades. Queda prohibida a utilización de zonas recreativas como poden ser zonas infantís, ludotecas ou áreas de descanso, que deben permanecer pechadas.

3. Deberanse establecer as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersoal no interior dos locais e establecementos e nas zonas comúns ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso de máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersoal indicada, nos termos previstos no número 1.4 deste anexo. Ademais, deberán evitarse as aglomeracións de persoas que comprometan o cumprimento destas medidas.

4. Deberán prestar un servizo de atención preferente a maiores de 75 anos, o cal deberá concretarse en medidas como control de accesos ou caixas de pagamento específicos, e/ou en horarios determinados que aseguren a dita preferencia na atención. A existencia do servizo de atención preferente deberá sinalarse de forma visible nos ditos establecementos e locais.

3.6. Mercados que desenvolven a súa actividade na vía pública.

1. No caso dos mercados que desenvolven a súa actividade na vía pública ao aire libre ou de venda non sedentaria, coñecidos como feiras, non poderán superar o cincuenta por cento dos postos habituais ou autorizados, limitando a afluencia de clientes de maneira que se asegure o mantemento da distancia de seguridade interpersoal.

O concello poderá aumentar a superficie habilitada ou habilitar novos días para o exercicio desta actividade para compensar esta limitación.

Á hora de determinar os comerciantes que poden exercer a súa actividade, o concello poderá priorizar aqueles que comercializan produtos alimenticios e de primeira necesidade, asegurando que non sexan manipulados os produtos comercializados neles por parte dos consumidores.



3.7. Actividades en academias, autoescolas e centros privados de ensino non regrado e centros de formación e actividade formativa xestionada ou financiada pola Administración autonómica en centros e entidades de formación.

A actividade que se realice nestes centros poderá impartirse dun modo presencial sempre que non se supere unha capacidade do cincuenta por cento respecto do máximo permitido e cun máximo de dez persoas por grupo.

3.8. Establecementos de hostalaría e restauración.

1. Os establecementos de hostalaría e restauración non poderán superar o cincuenta por cento da súa capacidade para consumo no interior do local.

2. O consumo dentro do local poderá realizarse unicamente sentado na mesa, ou agrupacións de mesas, e deberase asegurar o mantemento da debida distancia de seguridade interpersoal entre clientes. Non está permitido o consumo na barra.

3. As terrazas ao aire libre dos establecementos de hostalaría e restauración limitarán a súa capacidade ao setenta e cinco por cento das mesas permitidas no ano inmediatamente anterior con base na correspondente licenza municipal ou do que sexa autorizado para este ano, no caso de que a licenza sexa concedida por primeira vez.

Consideraranse terrazas ao aire libre todo espazo non cuberto ou todo espazo que, estando cuberto, estea rodeado lateralmente por un máximo de dúas paredes, muros ou paramentos.

No caso de que o establecemento de hostalaría e restauración obtivese o permiso do concello para incrementar a superficie destinada a terraza ao aire libre, poderase incrementar o número de mesas previsto no primeiro parágrafo deste número 3, respectando, en todo caso, unha proporción do setenta e cinco por cento entre mesas e superficie dispoñible, e sempre que se manteña o espazo necesario para a circulación peonil no tramo da vía pública en que se sitúe a terraza.

4. En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia de seguridade interpersoal entre as mesas ou, de ser o caso, agrupacións de mesas. A ocupación máxima será de dez persoas por mesa ou agrupación de mesas. A mesa ou agrupación de mesas que se utilice para este fin deberá ser acorde co número de persoas e permitir que se respecte a distancia mínima de seguridade interpersoal entre elas.



5. Os establecementos de hostalaría e restauración deberán pechar non máis tarde da unha da madrugada, sen que se poida permitir o acceso de ningún cliente desde as 00.00 horas.

3.9. Condicións para ocupación de zonas comúns de hoteis e aloxamentos turísticos.

1. A ocupación das zonas comúns dos hoteis e aloxamentos turísticos non poderá superar o cincuenta por cento da súa capacidade.

Para iso, cada establecemento deberá determinar a capacidade dos distintos espazos comúns, así como aqueles lugares en que se poderán realizar eventos e as condicións máis seguras para a súa realización conforme a capacidade máxima prevista e de acordo coas medidas de hixiene, protección e distancia mínima establecidas.

2. As actividades de animación ou clases grupais deberán deseñarse e planificarse cunha capacidade máxima de dez persoas, incluídos os monitores, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade, excepto no caso de persoas conviventes.

3.10. Albergues turísticos.

Na modalidade de aloxamento turístico de albergue permitirase unha capacidade máxima do cincuenta por cento da máxima permitida.

3.11. Bibliotecas, arquivos, museos e salas de exposicións, monumentos e outros equipamentos culturais.

1. Nas bibliotecas, arquivos, museos e salas de exposicións, monumentos e outros equipamentos culturais, tanto de titularidade pública como privada, poderán realizarse actividades presenciais sen superar o cincuenta por cento da capacidade máxima permitida.

2. Este límite de ocupación será aplicable tamén á realización de actividades culturais nestes espazos e cun máximo de ata dez persoas nas actividades de grupos, incluído o monitor ou guía, e deberán establecerse as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade, excepto no caso de persoas conviventes.



3.12. Actividade en cines, teatros, auditorios, circos de todo e espazos similares, así como en recintos ao aire libre e noutros locais e establecementos destinados a espectáculos públicos e actividades recreativas.

1. Os cines, teatros, auditorios, circos de todo e espazos similares poderán desenvolver a súa actividade, contando con butacas preasignadas, sempre que non superen o cincuenta por cento da capacidade permitida en cada sala.

2. No caso doutros recintos, locais e establecementos destinados a espectáculos públicos e actividades recreativas distintos dos previstos no parágrafo anterior, poderán desenvolver a súa actividade sempre que o público permaneza sentado e que non se supere o cincuenta por cento da capacidade permitida.

3. En calquera caso, será de aplicación un límite máximo de sesenta persoas para lugares pechados e de cento cincuenta persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Non obstante, poderase ampliar o límite indicado ata un máximo de cen persoas para lugares pechados e trescentas persoas se se trata de actividades ao aire libre, logo da autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. Neste caso, a solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade polo COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueles outros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

3.13. Centros de lecer infantil.

Os centros de lecer infantil poderán levar a cabo a súa actividade cumprindo o Protocolo en materia de lecer infantil para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, aprobado pola Orde da Consellería de Sanidade do 30 de xuño de 2020, e cunha capacidade máxima do cincuenta por cento do seu total.

3.14. Actividades e instalacións deportivas.

A práctica da actividade física e deportiva non federada, ao aire libre, poderá realizarse de forma individual ou colectiva, sen contacto físico, e ata un máximo de dez persoas de forma simultánea.



Nas instalacións e centros deportivos poderase realizar actividade deportiva en grupos de ata dez persoas, sen contacto físico, e sempre que non se supere o cincuenta por cento da capacidade máxima permitida, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade.

A práctica da actividade deportiva federada de competencia autonómica poderá realizarse de forma individual ou colectiva, sen contacto físico, e cun máximo de dez persoas simultaneamente no caso dos adestramentos. Non se aplicará este límite nas competicións onde as regras federativas garantan espazos diferenciados para cada equipo. No caso de realizarse en instalacións deportivas, a práctica axustarase ademais aos termos establecidos no parágrafo anterior.

3.15. Celebración de eventos deportivos, de adestramentos e de competicións deportivas con público.

A celebración de eventos deportivos, adestramentos, competicións deportivas que se celebren en instalacións deportivas ou na vía pública poderán desenvolverse con público sempre que este permaneza sentado, que non se supere o cincuenta por cento da capacidade permitida da instalación ou do espazo de que se trate e cun límite de sesenta persoas para lugares pechados, e de cento cincuenta persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Non obstante, poderase ampliar o límite indicado ata un máximo de cen persoas para lugares pechados e trescentas persoas se se trata de actividades ao aire libre, logo da autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. Neste caso, a solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade polo COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueles outros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

3.16. Uso de piscinas.

1. As piscinas ao aire libre ou cubertas, para uso deportivo ou recreativo, deberán respectar o límite do cincuenta por cento da súa capacidade, tanto no relativo ao acceso como



durante a propia práctica deportiva ou recreativa, e sen que se poida exceder o límite de cen persoas de ocupación. Quedan exentas destas limitacións as piscinas unifamiliares de uso privado.

2. A situación dos obxectos persoais, toallas, hamacas e elementos similares nas zonas de estadia das piscinas levarase a cabo de forma que se poida manter a distancia de seguridade interpersonal con respecto a outros usuarios. Deberá, ademais, respectarse o límite máximo de dez persoas por grupo, excepto no caso de persoas conviventes, en que non se aplicará esta limitación.

4. Exceptúase o uso da máscara durante o baño e mentres se permaneza nun espazo determinado, sen desprazarse, e sempre que se poida garantir o respecto da distancia de seguridade interpersonal entre todas as persoas usuarias non conviventes. En calquera caso, será obrigatorio o uso da máscara para os accesos, desprazamentos e paseos nas piscinas.

3.17. Especificidades para determinadas actividades turísticas.

Poderán realizarse actividades de turismo, organizadas por empresas habilitadas para iso, e a actividade de guía turístico, para grupos de ata un máximo de dez persoas, e deberán establecerse as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersonal durante o desenvolvemento da actividade, excepto no caso de persoas conviventes.

3.18. Centros de información, casetas e puntos de información.

Nos centros de información, casetas e puntos de información e espazos similares non se poderá exceder o cincuenta por cento da súa capacidade e deberá respectarse o máximo de dez persoas nas actividades de grupos, incluído o monitor ou guía. Ademais, deberán establecerse as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersonal durante o desenvolvemento da actividade, excepto no caso de persoas conviventes.

3.19. Realización de actividades de tempo libre dirixidas á poboación infantil e xuvenil.

1. Poderanse realizar actividades de tempo libre destinadas á poboación infantil e xuvenil, cando estas se leven a cabo ao aire libre, sempre que se limite o número de participantes ao cincuenta por cento da súa asistencia máxima habitual, cun máximo de cen participantes, incluídos os monitores. Cando estas actividades se realicen en espazos pechados, non se deberá superar o cincuenta por cento da capacidade máxima do recinto, cun máximo de cincuenta participantes, incluídos os monitores.



2. As actividades deberán realizarse en grupos de ata dez persoas participantes, incluídos os monitores correspondentes, que deberán traballar sen contacto entre os demais grupos.

3.20. Uso de espazos públicos.

1. Os centros cívicos e sociais poderán realizar a súa actividade sempre que se limite a súa capacidade total ao cincuenta por cento e que se extremen as medidas de protección nas actividades socioculturais de tipo grupal que se realizan neles, cun máximo de dez persoas, incluído o monitor ou guía para as actividades grupais.

2. Deberán adoptarse as medidas que coadxuven no control das agrupacións de persoas en lugares públicos, e das actividades prohibidas relacionadas co consumo de bebidas alcohólicas en parques e outros lugares de tránsito público, polos riscos que presenta para a saúde pública, relacionados coa aglomeración incontrolada de persoas e coa ausencia ou relaxación de medidas de seguridade e de distanciamento persoal. Recoméndase o peche dos parques públicos e espazos similares a partir das 00.00 horas ata as 6.00 horas.

3.21. Centros recreativos turísticos ou similares.

1. Os centros recreativos turísticos ou similares poderán realizar a súa actividade sempre que se limite a súa capacidade total ao cincuenta por cento.

2. As visitas de grupos serán dun máximo de dez persoas, incluído o monitor ou guía, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade, excepto no caso de persoas conviventes.

3.22. Parques e zonas deportivas de uso público ao aire libre.

Sen prexuízo do establecido no número 3.20.2, os parques infantís, parques biosauables, zonas deportivas, pistas skate ou espazos de uso público ao aire libre similares poderán estar abertos ao público sempre que neles se respecte unha capacidade máxima estimada dunha persoa por cada catro metros cadrados de espazo computable de superficie do recinto.



3.23. Celebración de congresos, encontros, reunións de negocio, conferencias, eventos e actos similares.

Poderanse celebrar congresos, encontros, reunións de negocio, conferencias e eventos e actos similares promovidos por calquera entidade, de natureza pública ou privada, sempre que non se supere o cincuenta por cento da capacidade permitida do lugar de celebración, e cun límite máximo de sesenta persoas para lugares pechados e de cento cincuenta persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Non obstante, poderase ampliar o límite indicado ata un máximo de cen persoas para lugares pechados e trescentas persoas se se trata de actividades ao aire libre, logo da autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. Neste caso, a solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade por COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueles outros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

O recollido neste número será tamén de aplicación para reunións profesionais, xuntas de comunidades de propietarios e eventos similares.

3.24. Establecementos e locais de xogo e apostas.

1. Os establecementos de xogos colectivos de diñeiro e de azar, salóns de xogo, salas de bingo, salóns recreativos, rifas e tómbolas, locais específicos de apostas e outros locais e instalacións asimilables aos de actividade recreativa de xogos e apostas, conforme esta-beleza a normativa sectorial en materia de xogo, poderán realizar a súa actividade sempre que non se supere o cincuenta por cento da capacidade permitida.

2. En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia de seguridade interpersoal entre as mesas ou, de ser o caso, agrupacións de mesas. A ocupación máxima será de dez persoas por mesa ou agrupación de mesas. En calquera caso, deberase respectar un máximo de cen persoas en espazos ao aire libre ou de cincuenta persoas en espazos pechados.



3. Os establecementos e locais deberán pechar non máis tarde das 00.30 horas, sen que se poida permitir o acceso de ningún cliente nin expedir consumición ningunha desde esa hora, e cun período máximo de desaloxamento de trinta minutos.

3.25. Limitación de capacidade para outros locais ou establecementos comerciais.

1. Con carácter xeral, calquera outro local ou establecemento comercial para o cal non se recollan expresamente unhas condicións de capacidade nesta orde, nin en protocolos ou normativa específica que lle sexa aplicable, non poderá superar o cincuenta por cento da capacidade autorizada ou establecida. En calquera caso, deberase respectar un máximo de sesenta persoas para lugares pechados, e de cento cincuenta persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Non obstante, poderase ampliar o límite indicado ata un máximo de cen persoas para lugares pechados e trescentas persoas se se trata de actividades ao aire libre, logo da autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. Neste caso, a solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade por COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueles outros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

O disposto neste número 1 non será de aplicación nos establecementos comerciais de alimentación, bebidas, produtos e bens de primeira necesidade, establecementos farmacéuticos, servizos médicos ou sanitarios, ópticas, produtos ortopédicos, produtos hixiénicos, salóns de peiteado, prensa e papelería, combustible para a automoción, estancos, equipamentos tecnolóxicos e de telecomunicacións, alimentos para animais de compañía, comercio pola internet, telefónico ou correspondencia, tinturarias e lavandarias, sen prexuízo da necesidade de cumprir as obrigas xerais previstas na presente orde e as medidas xerais de hixiene e protección.

2. As actividades en grupos deberán realizarse cun máximo de dez persoas participantes, incluídos os monitores, guías ou encargados correspondentes, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade, excepto no caso de persoas conviventes.



3. En calquera caso, poderase suspender a actividade de calquera establecemento que, ao xuízo da autoridade competente, poida supor un risco de contaxio polas condicións en que se estea desenvolvendo.

CVE-DOG: 6ylyhd5-bw58-zfz9-1ue3-is4zroodq581



I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 9 de setembro de 2020 sobre levantamento das medidas de prevención específicas no concello de Santa Comba como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no dito concello.

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto do dito acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada mediante o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta, do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de sanidade.

Así mesmo, indícase no dito punto sexto, na redacción vixente, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de acordo coa normativa aplicable e á vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou en parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación de medidas concretas contidas no anexo.

En aplicación do previsto no punto sexto citado, atendida a evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Santa Comba, sobre a base do indicado no informe elaborado pola Dirección Xeral de Saúde Pública o 2 de setembro de 2020 e tras escoitar as recomendacións do comité clínico reunido para estes efectos, ditouse a



Orde do 2 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Santa Comba.

Tal e como se indicou na orde, o fundamento normativo das medidas atópase na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 e 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

No que atinxe á eficacia das medidas, no punto sexto da orde indicouse que terían efectos desde as 00.00 horas do 3 de setembro de 2020, e que serían obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderían ser obxecto de mantemento, de modificación ou poderían deixarse sen efecto por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Ademais, as medidas foron obxecto de ratificación xudicial polo Auto 144/2020, do 4 de setembro de 2020, do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 2 de Santiago de Compostela.

En cumprimento do disposto no punto sexto da Orde do 2 de setembro de 2020, procedeuse ao seguimento e á avaliación das medidas previstas nela co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria existente no concello de Santa Comba. Neste sentido, no informe da Dirección Xeral de Saúde Pública do 9 de setembro, sobre a situación na comarca de Xallas, indícase que a incidencia acumulada a 3 días e a 7 días baixou de forma significativa e que o número reprodutivo instantáneo se mantén por debaixo do 1. No concello de Santa Comba a taxa a tres días xa está por debaixo da taxa xeral de Galicia. O informe considera que a redución de casos e taxas indica que as medidas restritivas tiveron efecto, pero que neste momento non habería inconveniente en levantalas e que este concello poida quedar coas limitacións que afectan outros territorios de Galicia en que non existen brotes.

Así, tras escoitar as recomendacións do comité clínico reunido para estes efectos, a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria no concello de Santa Comba non impón a necesidade de manter medidas de prevención específicas neste concello, polo que procede deixar sen efecto as adoptadas na Orde do 2 de setembro de 2020 citada.



En consecuencia, no dito concello aplicaranse as medidas de prevención xerais vixentes na Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 contidas na redacción vixente do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para transición cara a unha nova normalidade.

En atención ao exposto, en aplicación do punto sexto da Orde do 2 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Santa Comba, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. *Levantamento das medidas de prevención específicas no concello de Santa Comba*

Quedan sen efecto as medidas de prevención específicas previstas na Orde do 2 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Santa Comba.

Segundo. *Aplicación das medidas de prevención establecidas con carácter xeral*

Serán de aplicación, no concello de Santa Comba, as medidas de prevención que con carácter xeral se establecen no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente.

Terceiro. *Eficacia*

Esta orde terá efectos desde as 00.00 horas do 10 de setembro de 2020.

Santiago de Compostela, 9 de setembro de 2020

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade



I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 9 de setembro de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Santiago de Compostela.

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto do dito acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta, do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade.

Así mesmo, indícase no dito punto sexto, na redacción vixente, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de acordo coa normativa aplicable e á vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación de medidas concretas contidas no anexo.

En aplicación do previsto no punto sexto citado, atendida a evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Santiago de Compostela, sobre a base



do indicado no informe elaborado pola Dirección Xeral de Saúde Pública o 2 de setembro de 2020 e, tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, ditouse a Orde do 2 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Santiago de Compostela.

Tal e como se indicou na orde, o fundamento normativo das medidas atópase na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 e 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

No que atinxe á eficacia das medidas, no punto sexto da orde indicouse que terían efectos desde as 00.00 horas do 3 de setembro de 2020 e que serían obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderían ser obxecto de mantemento, de modificación ou poderían deixarse sen efecto por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Ademais, as medidas foron obxecto de ratificación xudicial mediante o Auto 73/2020, do 4 de setembro de 2020, do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 1 de Santiago de Compostela.

En cumprimento do disposto no punto sexto da Orde do 2 de setembro de 2020, procedeuse ao seguimento e á avaliación das medidas previstas nela co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria. Neste sentido, no informe da Dirección Xeral de Saúde Pública de 9 de setembro de 2020 sobre a comarca de Santiago indícase que a incidencia acumulada a 3, 7 e 14 días está estabilizada con algunha oscilación. A porcentaxe de positividade das PCR mantense elevada. Os grupos de idade máis afectados están entre os 15 e os 24 anos, o que pode implicar un número importante de asintomáticos ou paucisintomáticos que facilitarían a transmisión. No concello de Santiago de Compostela detéctanse máis do 70 % do total de casos da comarca. O número de casos parece que está a baixar, pero é necesario continuar coa vixilancia ao respecto da efec-



tividade das medidas tomadas. O informe recomenda manter as medidas instauradas no concello ata comprobar que o descenso do número de casos se establece.

Así, tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria impón, como consecuencia, o mantemento das medidas de prevención nos termos previstos na Orde do 2 de setembro de 2020, ben que procede, respecto das terrazas dos establecementos de hostalería e restauración, fixar no setenta e cinco por cento a limitación da capacidade e suprimir, como medida específica, a relativa ao uso de máscara no caso de actividade física ou deportiva en ximnasia ou espazos pechados, ao ser aplicable, en relación con este último punto, a modificación operada no número 1.3 do anexo do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020 por orde da mesma data que a presente orde.

Polo demais, as medidas deben seguir sendo obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da presente orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria, e proceder, segundo o caso, ao seu mantemento, modificación ou a deixalas sen efecto.

En atención ao exposto, en aplicación do punto sexto da Orde do 2 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Santiago de Compostela, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. *Mantemento das medidas de prevención previstas na Orde do 2 de setembro de 2020*

Atendida a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria, mantense a eficacia das medidas de prevención previstas na Orde do 2 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Santiago de Compostela, sen prexuízo do indicado no punto segundo.



Segundo. *Modificación da Orde do 2 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Santiago de Compostela*

A Orde do 2 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Santiago de Compostela, queda modificada como segue:

Un. O número 1.4 do anexo queda coa seguinte redacción:

«1.4. Obrigatoriedade do uso de máscaras.

Será obrigatorio o uso da máscara nas condicións establecidas no número 1.3 do anexo do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.

Os titulares dos establecementos, espazos ou locais deberán garantir o cumprimento desta obriga neles».

Dous. O número 3.8.3 do anexo queda modificado como segue:

«3. As terrazas ao aire libre dos establecementos de hostalaría e restauración limitarán a súa capacidade ao setenta e cinco por cento das mesas permitidas no ano inmediatamente anterior con base na correspondente licenza municipal ou da que sexa autorizada para este ano, no caso de que a licenza sexa concedida por primeira vez.

Consideraranse terrazas ao aire libre todo espazo non cuberto ou todo espazo que, estando cuberto, estea rodeado lateralmente por un máximo de dúas paredes, muros ou paramentos.

No caso de que o establecemento de hostalaría e restauración obtivese o permiso do concello para incrementar a superficie destinada a terraza ao aire libre, poderase incrementar o número de mesas previsto no primeiro parágrafo deste número 3, respectando, en todo caso, unha proporción do setenta e cinco por cento entre mesas e superficie dispoñible e sempre que se manteña o espazo necesario para a circulación peonil no tramo da vía pública en que se sitúe a terraza».



Tres. O número 3.14 do anexo queda coa seguinte redacción:

«3.14. Actividades e instalacións deportivas.

A práctica da actividade física e deportiva non federada, ao aire libre, poderá realizarse de forma individual ou colectiva, sen contacto físico, e ata un máximo de dez persoas de forma simultánea.

Nas instalacións e centros deportivos poderase realizar actividade deportiva en grupos de ata dez persoas, sen contacto físico, e sempre que non se supere o cincuenta por cento da capacidade máxima permitida, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade.

A práctica da actividade deportiva federada de competencia autonómica poderá realizarse de forma individual ou colectiva, sen contacto físico, e cun máximo de dez persoas simultaneamente no caso dos adestramentos. Non se aplicará este límite nas competicións onde as regras federativas garantan espazos diferenciados para cada equipo. No caso de realizarse en instalacións deportivas, a práctica axustarase ademais aos termos establecidos no parágrafo anterior».

Terceiro. *Eficacia, seguimento e avaliación*

Esta orde terá efectos desde as 00.00 horas do 10 de setembro de 2020.

As medidas previstas na Orde do 2 de setembro de 2020 cuxa eficacia se mantén e as introducidas no punto segundo da presente orde serán obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da presente orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

Para estes efectos, poderán ser obxecto de mantemento, de modificación ou poderán deixarse sen efecto por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Santiago de Compostela, 9 de setembro de 2020

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade



I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 9 de setembro de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos de Carballo, A Laracha e Ponteceso.

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto do dito acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta, do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de sanidade.

Así mesmo, indícase no dito punto sexto, na redacción vixente, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de acordo coa normativa aplicable e á vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación de medidas concretas contidas no anexo.

En aplicación do previsto no punto sexto citado, atendida a evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na comarca de Bergantiños, sobre a base do indicado no informe elaborado pola Dirección Xeral de Saúde Pública o 2 de setembro de 2020 e tras



escoitar as recomendacións do comité clínico reunido para estes efectos, ditouse a Orde do 2 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos de Carballo e A Laracha.

Tal e como se indicou na orde, o fundamento normativo das medidas atópase na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 e 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

No que atinxe á eficacia das medidas, no punto sexto da orde indicouse que terían efectos desde as 00.00 horas do 3 de setembro de 2020, e que serían obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderían ser obxecto de mantemento, de modificación ou poderían deixarse sen efecto por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Ademais, as medidas foron obxecto de ratificación xudicial polo Auto 66/2020, do 4 de setembro de 2020, do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 4 da Coruña.

En cumprimento do disposto no punto sexto da Orde do 2 de setembro de 2020, procedeuse ao seguimento e á avaliación das medidas previstas nela co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria existente na comarca de Bergantiños. Neste sentido, no informe da Dirección Xeral de Saúde Pública do 9 de setembro de 2020 sobre a comarca de Bergantiños, indícase que nela se observa unha diminución da incidencia, tanto a 3 como a 7 días. Non obstante, seguen a aparecer casos e a incidencia a 14 días é elevada nos concellos de Carballo, A Laracha e Ponteceso. Nesta comarca impuxéronse medidas restritivas nos concellos de Carballo e A Laracha pola súa alta incidencia. No momento actual, a taxa de incidencia a 3 días nestes dous concellos é inferior á taxa da comarca, o que significa que as medidas adoptadas están a funcionar. Respecto ao resto dos concellos da comarca, preocupan os datos de Ponteceso, polo número de casos detectados neste período. O brote segue a presentar indicadores de risco alto e de risco medio, polo que é preciso manter as medidas establecidas nos concellos de Carballo e A Laracha. De acordo co informe, a situación do concello de Ponteceso fai recomendable establecer neste concello as mesmas medidas que se tomaron e se manteñen para os concellos de Carballo e A Laracha.



Así, tras escoitar as recomendacións do comité clínico reunido para estes efectos, a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na comarca de Bergantiños impón, por unha banda, o mantemento, nos concellos de Carballo e A Laracha, das medidas de prevención previstas na Orde do 2 de setembro de 2020 e, por outra banda, a aplicación das mesmas medidas no concello de Ponteceso, ben que, nos tres casos, procede, respecto das terrazas dos establecementos de hostalaría e restauración, fixar no setenta e cinco por cento a limitación da capacidade e suprimir, como medida específica, a relativa ao uso de máscara no caso de actividade física ou deportiva en ximnacios ou espazos pechados, ao ser aplicable, en relación con este último aspecto, a modificación operada no número 1.3 do anexo do Acordo do Consello da Xunta do 12 de xuño de 2020 por orde da mesma data que a presente orde.

Polo demais, as medidas deben seguir sendo obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da presente orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria, e proceder, segundo o caso, ao seu mantemento, modificación ou a deixalas sen efecto.

En atención ao exposto, en aplicación do punto sexto da Orde do 2 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos de Carballo e A Laracha, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. *Medidas de prevención nos concellos de Carballo, A Laracha e Ponteceso*

Atendida a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na comarca de Bergantiños, mantense, nos concellos de Carballo e A Laracha, a eficacia das medidas de prevención previstas na Orde do 2 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos de Carballo e A Laracha. Ademais, as ditas medidas serán de aplicación tamén no concello de Ponteceso.

O anterior enténdese sen prexuízo do indicado no punto segundo da presente orde.



Segundo. *Modificación da Orde do 2 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos de Carballo e A Laracha*

A Orde do 2 de setembro de 2020, pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos de Carballo e A Laracha, queda modificada como segue:

Un. O número 1.4 do anexo queda coa seguinte redacción:

«1.4. Obrigatoriedade do uso de máscaras.

Será obrigatorio o uso da máscara nas condicións establecidas no número 1.3 do anexo do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.

Os titulares dos establecementos, espazos ou locais deberán garantir o cumprimento desta obriga neles».

Dous. O número 3.8.3 do anexo queda modificado como segue:

«3. As terrazas ao aire libre dos establecementos de hostalaría e restauración limitarán a súa capacidade ao setenta e cinco por cento das mesas permitidas no ano inmediatamente anterior con base na correspondente licenza municipal ou do que sexa autorizado para este ano, no caso de que a licenza sexa concedida por primeira vez.

Considerarase terrazas ao aire libre todo espazo non cuberto ou todo espazo que, estando cuberto, estea rodeado lateralmente por un máximo de dúas paredes, muros ou paramentos.

No caso de que o establecemento de hostalaría e restauración obtivese o permiso do concello para incrementar a superficie destinada a terraza ao aire libre, poderase incrementar o número de mesas previsto no primeiro parágrafo deste número 3, respectando, en todo caso, unha proporción do setenta e cinco por cento entre mesas e superficie dispoñible, e sempre que se manteña o espazo necesario para a circulación peonil no tramo da vía pública en que se sitúe a terraza».



Tres. O número 3.14 do anexo queda coa seguinte redacción:

«3.14. Actividades e instalacións deportivas.

A práctica da actividade física e deportiva non federada, ao aire libre, poderá realizarse de forma individual ou colectiva, sen contacto físico, e ata un máximo de dez persoas de forma simultánea.

Nas instalacións e centros deportivos poderase realizar actividade deportiva en grupos de ata dez persoas, sen contacto físico, e sempre que non se supere o cincuenta por cento da capacidade máxima permitida, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade.

A práctica da actividade deportiva federada de competencia autonómica poderá realizarse de forma individual ou colectiva, sen contacto físico, e cun máximo de dez persoas simultaneamente no caso dos adestramentos. Non se aplicará este límite nas competicións onde as regras federativas garantan espazos diferenciados para cada equipo. No caso de realizarse en instalacións deportivas, a práctica axustarase ademais aos termos establecidos no parágrafo anterior».

Terceiro. *Eficacia, seguimento e avaliación*

Esta orde terá efectos desde as 00.00 horas do 10 de setembro de 2020.

As medidas previstas na Orde do 2 de setembro de 2020, cuxa eficacia se mantén nos concellos de Carballo e A Laracha e se estende ao concello de Ponteceso, e as introducidas no punto segundo da presente orde serán obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da presente orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na comarca de Bergantiños.

Para estes efectos, poderán ser obxecto de mantemento, de modificación ou poderán deixarse sen efecto por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

No caso das celebracións e eventos en establecementos de restauración no concello de Ponteceso para os días 10 a 13 de setembro, que xa estivesen concertados con carácter



previo ao día 9 de setembro, non serán aplicables as limitacións que se recollen no anexo da Orde do 2 de setembro de 2020, ben que deberán ser comunicados polos titulares dos establecementos á Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade, para que se poidan adoptar as medidas ou efectuar as recomendacións pertinentes.

Santiago de Compostela, 9 de setembro de 2020

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade



I. DISPOSICIÓNS XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 9 de setembro de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na comarca da Coruña.

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto do dito acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade.

Así mesmo, indícase no dito punto sexto, na redacción vixente, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de acordo coa normativa aplicable e á vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación de medidas concretas contidas no anexo.

En aplicación do previsto no punto sexto citado, atendida a evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na comarca da Coruña, sobre a base do indicado no



informe elaborado pola Dirección Xeral de Saúde Pública, do 7 de agosto de 2020, e tras escoitar as recomendacións do Subcomité Clínico reunido para eses efectos, ditouse a Orde do 7 de agosto de 2020, pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos da Coruña, Arteixo, Cambre, Culleredo, Oleiros, Abegondo, Bergondo, Carral e Sada.

Tal e como se indicou na orde, o fundamento normativo das medidas atópase na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 e 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

No que atinxe á eficacia das medidas, no punto sexto da orde indicouse que terían efectos desde as 00.00 horas do 8 de agosto de 2020, e que serían obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a cinco días naturais desde a publicación da orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderían ser obxecto de mantemento, de modificación ou poderían deixarse sen efecto por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Ademais, as medidas foron obxecto de ratificación xudicial polo Auto do Xulgado de Instrución número 1 da Coruña, do 8 de agosto de 2020.

Froito do seguimento e da avaliación das medidas co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria foron ditadas sucesivas ordes.

Así, na Orde do 12 de agosto de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos da Coruña, Arteixo, Cambre, Culleredo, Oleiros, Abegondo, Bergondo, Carral e Sada, mantivéronse as medidas de prevención contidas na Orde do 7 de agosto de 2020 e, ademais, estableceuse como medida de prevención adicional nos ditos concellos que os establecementos e locais comerciais deben prestar un servizo de atención preferente a maiores de 75 anos, o cal deberá concretarse en medidas como control de accesos ou caixas de pagamento específicos, e/ou horarios determinados que aseguren a dita preferencia na atención. A existencia do servizo de atención preferente deberá sinalarse de forma visibles nos ditos establecementos ou locais. Así mesmo, incorporouse na dita Orde do 12 de agosto de 2020 unha



recomendación de autoprotección ás persoas maiores de 75 anos, ás persoas vulnerables ao COVID-19 e a aquelas que presenten algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria que se poida ver agravada polo uso da máscara ou que presenten algunha alteración que faga inviable a súa utilización, para que eviten na súa actividade diaria as saídas nas horas de previsible afluencia ou concentración de persoas na vía pública e en espazos ou establecementos abertos ao público, co fin de reducir os riscos derivados da coincidencia con outras persoas. Por outra parte, na parte expositiva da mesma orde insistíuse no ditado das instrucións oportunas para a limitación das visitas aos centros sanitarios da área da Coruña, establecendo, no caso de enfermos hospitalizados, a limitación de unha persoa por paciente, preferiblemente menor de 70 anos e que non padeza enfermidades crónicas e que, no caso da atención ambulatoria, soamente se permitirá un acompañante no caso de que a persoa atendida sexa dependente ou menor de idade.

As medidas limitativas de dereitos fundamentais recollidas na Orde do 12 de agosto de 2020 foron obxecto de ratificación xudicial polo Auto 54/2020, do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 4 da Coruña, do 14 de agosto de 2020.

Posteriormente, en virtude da Orde do 19 de agosto de 2020 mantívose a eficacia das medidas de prevención e recomendación de autoprotección existentes e modificouse o anexo da Orde do 7 de agosto de 2020, tendo en conta o disposto na Orde do 15 de agosto de 2020 pola que se modifican determinadas medidas previstas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.

As medidas limitativas de dereitos fundamentais recollidas na Orde do 19 de agosto de 2020 foron obxecto de ratificación xudicial polo Auto 40/2020, do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 2 da Coruña, do 21 de agosto de 2020.

A posterior Orde do 26 de agosto de 2020 mantivo as medidas de prevención e a recomendación de autoprotección anteriores e formulou unha serie de recomendacións dirixidas aos concellos da comarca da Coruña. As medidas limitativas de dereitos fundamentais recollidas nesta orde foron obxecto de ratificación xudicial polo Auto 63/2020, do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 3 da Coruña, do 28 de agosto de 2020.

En virtude da Orde do 28 de agosto de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada



do COVID-19 no concello de Arteixo, establecéronse medidas máis restritivas no ámbito do dito concello. As medidas limitativas de dereitos fundamentais recollidas nesta orde foron obxecto de ratificación xudicial polo Auto do Xulgado de Instrución número 4 da Coruña, do 29 de agosto de 2020.

Finalmente, en virtude da Orde do 2 de setembro de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos da Coruña, Arteixo, Cambre, Culleredo, Oleiros, Abegondo, Bergondo, Carral e Sada, mantívose a eficacia das medidas de prevención e das recomendacións específicas previstas nas ordes citadas anteriormente nos concellos da Coruña, Cambre, Culleredo, Oleiros e Arteixo, con algunhas modificacións puntuais. As medidas de prevención deixáronse sen efecto nos concellos de Abegondo, Bergondo, Carral e Sada, sen prexuízo de manter nestes concellos as recomendacións de autoprotección e dirixidas aos concellos da comarca contidas nas ordes de 12 e de 26 de agosto.

As medidas limitativas de dereitos fundamentais foron ratificadas polo Auto 44/2020, do 4 de setembro de 2020, do Xulgado do Contencioso-administrativo número 2 da Coruña.

Conforme o punto oitavo da Orde do 2 de setembro de 2020 as medidas debían seguir sendo obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

De acordo co informe emitido pola Dirección Xeral de Saúde Pública o 9 de setembro de 2020, sobre a comarca da Coruña, a incidencia acumulada a 7 e 14 días mostra unha tendencia constante á baixa aínda que de forma lenta. No concello da Coruña, a taxa a 3 días reduciuse ata chegar practicamente a igualarse coa taxa global da comarca. O feito fundamental é que a distribución dos casos non é uniforme no concello, detectándose a agrupación de casos en determinadas zonas da cidade. No concello de Arteixo, ben que as taxas permanecen altas, reducíronse ao longo do tempo. O número de casos diarios está tamén a reducirse desde hai 3 días. O informe recomenda, no que se refire ao concello da Coruña manter as medidas restritivas actuais nas zonas de maior incidencia, sen que exista inconveniente para que o resto do concello poida quedar coas limitacións que afectan outros territorios de Galicia nos que non existen brotes. Respecto do concello de Arteixo, o informe recomenda manter as restricións ao mesmo nivel que as que afectan as zonas de maior incidencia do concello da Coruña. Así mesmo, o informe entende que non existe



inconveniente en levantar as restricións do resto dos concellos da comarca que quedarían coas limitacións que afectan outros territorios de Galicia nos que non existen brotes.

Así, tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na comarca da Coruña impón a necesidade de mantemento de medidas de prevención e de recomendacións sanitarias específicas contidas nas ordes do 7, do 12 e do 26 de agosto de 2020, ás que antes se aludiu, soamente en determinadas zonas do concello da Coruña e no concello de Arteixo, ben que, respecto das terrazas dos establecementos de hostalería e restauración, procede fixar no setenta e cinco por cento a limitación da capacidade, e tamén debe suprimirse, como medida específica, a relativa ao uso de máscara no caso de actividade física ou deportiva en ximnasiaos ou espazos pechados, ao ser aplicable, en relación con este último punto, a modificación operada no número 1.3 do anexo do Acordo do Consello da Xunta do 12 de xuño de 2020 por orde da mesma data que a presente orde.

Ademais, deben quedar sen efecto as medidas contidas nas ordes do 7, do 12 e do 26 de agosto de 2020, ás que antes se aludiu, previstas para os restantes concellos aos que actualmente se están aplicando (Cambre, Culleredo e Oleiros), así como as medidas máis restritivas previstas na Orde do 28 de agosto de 2020 para o concello de Arteixo.

En atención ao exposto, en aplicación do punto oitavo da Orde do 2 de setembro de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos da Coruña, Arteixo, Cambre, Culleredo, Oleiros, Abegondo, Bergondo, Carral e Sada, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. *Medidas de prevención na comarca da Coruña*

1. Mantense a eficacia das medidas de prevención previstas na redacción vixente da Orde do 7 de agosto de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos da Coruña, Arteixo, Cambre, Culleredo, Oleiros, Abegondo, Bergondo, Carral e Sada, da medida de prevención adicional e da recomendación de autoprotección previstas nos puntos segundo e terceiro da Orde do 12 de agosto de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19



nos concellos da Coruña, Arteixo, Cambre, Culleredo, Oleiros, Abegondo, Bergondo, Carral e Sada, así como das recomendacións contidas no punto segundo da Orde do 26 de agosto de 2020 sobre mantemento das medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos da Coruña, Arteixo, Cambre, Culleredo, Oleiros, Abegondo, Bergondo, Carral e Sada, no seguinte ámbito territorial:

a) En todo o concello de Arteixo.

b) No concello da Coruña, no ámbito territorial constituído polo perímetro delimitado pola intersección das seguintes rúas (ambos lados da rúa incluídos): Ronda de Outeiro, rúa Manuel Murguía, Paseo de Ronda, rúa Gregorio Hernández, Ronda de Nelle, rúa Fernando Rey, avenida de Alfonso Molina, Ronda de Outeiro (tramo Estación de Ferrocarril), avenida de Salgado Torres, avenida de Cádiz, avenida do Ferrocarril, avenida de Arteixo, Polígono de Vioño, rúa Pasteur, avenida de Fisterra, rúa Alcalde Jaime Hervada, rúa Ágora, Travesía Antonio Pedreira Ríos e Ronda de Outeiro (tramo desde Manuel Deschamps ata Manuel Murguía).

2. Quedan sen efecto as medidas de prevención específicas previstas para o concello de Arteixo na Orde do 28 de agosto de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Arteixo.

3. No restante ámbito territorial da comarca da Coruña non incluído no número 1 (zonas do concello da Coruña distintas das previstas no dito número 1 e concellos de Cambre, Culleredo, Oleiros, Abegondo, Bergondo, Carral e Sada) serán de aplicación as medidas de prevención que, con carácter xeral, se establecen no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente. Así mesmo, será aplicable a recomendación de autoprotección prevista no punto terceiro da Orde do 12 de agosto de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos da Coruña, Arteixo, Cambre, Culleredo, Oleiros, Abegondo, Bergondo, Carral e Sada, así como as recomendacións contidas no punto segundo da Orde do 26 de agosto de 2020 sobre mantemento das medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos da Coruña, Arteixo, Cambre, Culleredo, Oleiros, Abegondo, Bergondo, Carral e Sada.



Segundo. *Modificación da Orde do 7 de agosto de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos da Coruña, Arteixo, Cambre, Culleredo, Oleiros, Abegondo, Bergondo, Carral e Sada*

A Orde do 7 de agosto de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos da Coruña, Arteixo, Cambre, Culleredo, Oleiros, Abegondo, Bergondo, Carral e Sada, queda modificada nos seguintes termos:

Un. O número 1.4 do anexo queda coa seguinte redacción:

«1.4. Obrigatoriedade do uso de máscaras.

Será obrigatorio o uso da máscara nas condicións establecidas no número 1.3 do anexo do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.

Os titulares dos establecementos, espazos ou locais deberán garantir o cumprimento desta obriga neles».

Dous. O número 3.8.3 do anexo queda modificado como segue:

«3. As terrazas ao aire libre dos establecementos de hostalaría e restauración limitarán a súa capacidade ao setenta e cinco por cento das mesas permitidas no ano inmediatamente anterior con base na correspondente licenza municipal ou da que sexa autorizada para este ano, no caso de que a licenza sexa concedida por primeira vez.

Consideraranse terrazas ao aire libre todo espazo non cuberto ou todo espazo que, estando cuberto, estea rodeado lateralmente por un máximo de dúas paredes, muros ou paramentos.

No caso de que o establecemento de hostalaría e restauración obtivese o permiso do concello para incrementar a superficie destinada a terraza ao aire libre, poderase incrementar o número de mesas previsto no primeiro parágrafo deste número 3, respectando, en todo caso, unha proporción do setenta e cinco por cento entre mesas e superficie dispoñible e sempre que se manteña o espazo necesario para a circulación peonil no tramo da vía pública en que se sitúe a terraza».



Tres. O número 3.14 do anexo queda coa seguinte redacción:

«3.14. Actividades e instalacións deportivas.

A práctica da actividade física e deportiva non federada, ao aire libre, poderá realizarse de forma individual ou colectiva, sen contacto físico, e ata un máximo de dez persoas de forma simultánea.

Nas instalacións e centros deportivos poderase realizar actividade deportiva en grupos de ata dez persoas, sen contacto físico, e sempre que non se supere o cincuenta por cento da capacidade máxima permitida, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade.

A práctica da actividade deportiva federada de competencia autonómica poderá realizarse de forma individual ou colectiva, sen contacto físico, e cun máximo de dez persoas simultaneamente no caso dos adestramentos. Non se aplicará este límite nas competicións onde as regras federativas garantan espazos diferenciados para cada equipo. No caso de realizarse en instalacións deportivas, a práctica axustarase ademais aos termos establecidos no parágrafo anterior».

Terceiro. *Eficacia, seguimento e avaliación*

Esta orde terá efectos desde as 00.00 horas do 10 de setembro de 2020.

As medidas cuxa eficacia se mantén serán obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da presente orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na comarca da Coruña.

Para estes efectos, poderán ser obxecto de mantemento, de modificación ou poderán deixarse sen efecto por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Santiago de Compostela, 9 de setembro de 2020

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade



I. DISPOSICIÓNS XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 9 de setembro de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Ourense.

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto do dito acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta, do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de sanidade.

Así mesmo, indícase no dito punto sexto, na redacción vixente, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de acordo coa normativa aplicable e á vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación de medidas concretas contidas no anexo.

En aplicación do previsto no punto sexto citado, atendida a evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Ourense, sobre a base do indicado no



informe elaborado pola Dirección Xeral de Saúde Pública o 2 de setembro de 2020 e tras escoitar as recomendacións do comité clínico reunido para estes efectos, ditouse a Orde do 2 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Ourense.

Tal e como se indicou na orde, o fundamento normativo das medidas atópase na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 e 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

No que atinxe á eficacia das medidas, no punto sexto da orde indicouse que terían efectos desde as 00.00 horas do 3 de setembro de 2020, e que serían obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderían ser obxecto de mantemento, de modificación ou poderían deixarse sen efecto por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

En cumprimento do disposto no punto sexto da Orde do 2 de setembro de 2020, procedeuse ao seguimento e á avaliación das medidas previstas nela co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria. Neste sentido, no informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 9 de setembro de 2020, sobre a comarca de Ourense, indícase que a incidencia acumulada a 3 e 7 días está estabilizada na última semana. O brote concéntrase no concello de Ourense e mantén indicadores de alto risco e de medio risco. O informe recomenda manter as medidas establecidas ata comprobar que o descenso do número de casos se estabiliza.

Así, tras escoitar as recomendacións do comité clínico reunido para estes efectos, a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria impón, como consecuencia, o mantemento das medidas de prevención nos termos previstos na Orde do 2 de setembro de 2020, ben que procede, respecto das terrazas dos establecementos de hostalería e restauración, fixar no setenta e cinco por cento a limitación da capacidade e suprimir, como medida específica, a relativa ao uso de máscara no caso de actividade física ou deportiva en ximnasios ou espazos pechados, ao ser aplicable, en relación con este último aspecto, a modificación operada no número 1.3 do anexo do Acordo do Consello da Xunta do 12 de xuño de 2020 por orde da mesma data que a presente orde.



Polo demais, as medidas deben seguir sendo obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da presente orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria, e proceder, segundo o caso, ao seu mantemento, modificación ou a deixalas sen efecto.

En atención ao exposto, en aplicación do punto sexto da Orde do 2 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Ourense, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. Mantemento das medidas de prevención previstas na Orde do 2 de setembro de 2020

Atendida a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria, mantense a eficacia das medidas de prevención previstas na Orde do 2 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Ourense, sen prexuízo do indicado no punto segundo.

Segundo. Modificación da Orde do 2 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Ourense

A Orde do 2 de setembro de 2020, pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Ourense, queda modificada como segue:

Un. O número 1.4 do anexo queda coa seguinte redacción:

«1.4. Obrigatoriedade do uso de máscaras.

Será obrigatorio o uso da máscara nas condicións establecidas no número 1.3 do anexo do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.



Os titulares dos establecementos, espazos ou locais deberán garantir o cumprimento desta obriga neles».

Dous. O número 3.8.3 do anexo queda modificado como segue:

«3. As terrazas ao aire libre dos establecementos de hostalaría e restauración limitarán a súa capacidade ao setenta e cinco por cento das mesas permitidas no ano inmediatamente anterior con base na correspondente licenza municipal ou do que sexa autorizado para este ano, no caso de que a licenza sexa concedida por primeira vez.

Consideraranse terrazas ao aire libre todo espazo non cuberto ou todo espazo que, estando cuberto, estea rodeado lateralmente por un máximo de dúas paredes, muros ou paramentos.

No caso de que o establecemento de hostalaría e restauración obtivese o permiso do concello para incrementar a superficie destinada a terraza ao aire libre, poderase incrementar o número de mesas previsto no primeiro parágrafo deste número 3, respectando, en todo caso, unha proporción do setenta e cinco por cento entre mesas e superficie dispoñible e sempre que se manteña o espazo necesario para a circulación peonil no tramo da vía pública en que se sitúe a terraza».

Tres. O número 3.14 do anexo queda coa seguinte redacción:

«3.14. Actividades e instalacións deportivas.

A práctica da actividade física e deportiva non federada, ao aire libre, poderá realizarse de forma individual ou colectiva, sen contacto físico, e ata un máximo de dez persoas de forma simultánea.

Nas instalacións e centros deportivos poderase realizar actividade deportiva en grupos de ata dez persoas, sen contacto físico, e sempre que non se supere o cincuenta por cento da capacidade máxima permitida, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade.

A práctica da actividade deportiva federada de competencia autonómica poderá realizarse de forma individual ou colectiva, sen contacto físico, e cun máximo de dez persoas simultaneamente no caso dos adestramentos. Non se aplicará este límite nas competicións onde as regras federativas garantan espazos diferenciados para cada equipo. No caso de



realizarse en instalacións deportivas, a práctica axustarase ademais aos termos establecidos no parágrafo anterior».

Terceiro. *Eficacia, seguimento e avaliación*

Esta orde terá efectos desde as 00.00 horas do 10 de setembro de 2020.

As medidas previstas na Orde do 2 de setembro de 2020 cuxa eficacia se mantén e as introducidas no punto segundo da presente orde serán obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da presente orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

Para estes efectos, poderán ser obxecto de mantemento, de modificación ou poderán deixarse sen efecto por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Santiago de Compostela, 9 de setembro de 2020

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade



I. DISPOSICIÓN XERAIS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

ORDE do 9 de setembro de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Lugo.

Mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, deuse publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto do dito acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta, do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade.

Así mesmo, indícase no dito punto sexto, na redacción vixente, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de acordo coa normativa aplicable e á vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación de medidas concretas contidas no anexo.

En aplicación do previsto no punto sexto citado, atendida a evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Lugo, sobre a base do indicado no informe elaborado pola Dirección Xeral de Saúde Pública o 28 de agosto de 2020 e tras escoitar



as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, ditouse a Orde do 28 de agosto de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Lugo.

Tal e como se indicou na orde, o fundamento normativo das medidas atópase na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 e 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

No que atinxe á eficacia das medidas, no punto sexto da orde indicouse que terían efectos desde as 00.00 horas do 29 de agosto de 2020, e que serían obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a cinco días naturais desde a publicación da orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderían ser obxecto de mantemento, de modificación ou poderían deixarse sen efecto por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Ademais, as medidas limitativas de dereitos fundamentais recollidas na orde foron obxecto de ratificación xudicial polo Auto do Xulgado de Instrución número 1 de Lugo do 29 de agosto de 2020.

En cumprimento do disposto no punto sexto da Orde do 28 de agosto de 2020, procedeuse ao seguimento e á avaliación das medidas previstas nela co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria existente no concello de Lugo. En virtude da Orde do 2 de setembro de 2020 acordouse, sobre a base do sinalado no informe da Dirección Xeral de Saúde Pública da mesma data e tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, o mantemento das medidas de prevención e das recomendacións existentes no concello de Lugo, con adaptacións puntuais tendentes a precisar o ámbito das restricións ás agrupacións de persoas e a prever o uso de máscaras para a práctica deportiva en ximnasios ou espazos pechados.

O mantemento das medidas limitativas de dereitos fundamentais foi obxecto de ratificación xudicial polo Auto 62/2020, do 4 de setembro, do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 2 de Lugo.



En cumprimento do disposto no punto cuarto da Orde do 2 de setembro de 2020, procedeuse ao seguimento e á avaliación das medidas co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria existente no concello de Lugo. Neste sentido, no informe da Dirección Xeral de Saúde Pública sobre a comarca de Lugo, do 4 de setembro de 2020, indícase que o brote da cidade de Lugo, a pesar de que parece evolucionar de forma favorable, presenta aínda indicadores de alto risco, polo que se recomenda manter as medidas restritivas establecidas que parece que están a funcionar adecuadamente. O feito de que os casos xa non estean concentrados no barrio da Milagrosa fai que non teñan xustificación as medidas máis restritivas que afectan este barrio, polo que se recomenda, no momento actual, homoxeneizar as restricións na totalidade do concello establecendo para o barrio da Milagrosa as mesmas restricións vixentes no resto do concello.

Así, tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria no concello de Lugo impón o mantemento das medidas previstas para todo o ámbito territorial do dito concello na Orde do 28 de agosto de 2020, na súa redacción vixente, isto é, tendo en conta as modificacións introducidas pola Orde do 2 de setembro de 2020, e o levantamento das medidas máis restritivas que aquela orde contén para o barrio da Milagrosa. Xunto ao anterior, procede introducir dúas modificacións puntuais na redacción vixente do anexo I da Orde do 28 de agosto de 2020: por unha banda, respecto das terrazas dos establecementos de hostalería e restauración, fíxase no setenta e cinco por cento a limitación da capacidade e, por outra banda, suprímese, como medida específica, a relativa ao uso de máscara no caso de actividade física ou deportiva en ximnasios ou espazos pechados, ao ser aplicable, en relación con este último punto, a modificación operada no número 1.3 do anexo do Acordo do Consello da Xunta do 12 de xuño de 2020 por orde da mesma data que a presente orde.

Polo demais, as medidas deben seguir sendo obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da presente orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria, e proceder, segundo o caso, ao seu mantemento, modificación ou a deixalas sen efecto.

En atención ao exposto, en aplicación do punto cuarto da Orde do 2 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Lugo, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,



DISPOÑO:**Primeiro. *Medidas de prevención no concello de Lugo***

Atendida a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria no concello de Lugo, mantense no dito concello a eficacia das medidas de prevención previstas na Orde do 28 de agosto de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Lugo, na súa redacción vixente, sen prexuízo do indicado no punto segundo desta orde.

Exceptúanse do disposto no parágrafo anterior as medidas específicas para o ámbito territorial delimitado pola avenida da Coruña e as rúas Pintor Tino Grandío, Camiño Real, Mar Cantábrico e Angelo Colocci, previstas no segundo parágrafo do número 1 do punto segundo e no anexo II da Orde do 28 de agosto de 2020, as cales quedan sen efecto.

Segundo. *Modificación da Orde do 28 de agosto de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Lugo*

A Orde do 28 de agosto de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Lugo, queda modificada como segue:

Un. O número 1.4 do anexo I queda coa seguinte redacción:

«1.4. Obrigatoriedade do uso de máscaras.

Será obrigatorio o uso da máscara nas condicións establecidas no número 1.3 do anexo do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.

Os titulares dos establecementos, espazos ou locais deberán garantir o cumprimento desta obriga neles».

Dous. O número 3.8.3 do anexo I queda modificado como segue:



«3. As terrazas ao aire libre dos establecementos de hostalaría e restauración limitarán a súa capacidade ao setenta e cinco por cento das mesas permitidas no ano inmediatamente anterior con base na correspondente licenza municipal ou do que sexa autorizado para este ano, no caso de que a licenza sexa concedida por primeira vez.

Consideraranse terrazas ao aire libre todo espazo non cuberto ou todo espazo que, estando cuberto, estea rodeado lateralmente por un máximo de dúas paredes, muros ou paramentos.

No caso de que o establecemento de hostalaría e restauración obtivese o permiso do concello para incrementar a superficie destinada a terraza ao aire libre, poderase incrementar o número de mesas previsto no primeiro parágrafo deste número 3, respectando, en todo caso, unha proporción do setenta e cinco por cento entre mesas e superficie dispoñible e sempre que se manteña o espazo necesario para a circulación peonil no tramo da vía pública en que se sitúe a terraza».

Tres. O número 3.14 do anexo I queda redactado como segue:

«1. A práctica da actividade física e deportiva non federada, ao aire libre, poderá realizarse de forma individual ou colectiva, sen contacto físico, e ata un máximo de dez persoas de forma simultánea.

Nas instalacións e centros deportivos poderase realizar actividade deportiva en grupos de ata dez persoas, sen contacto físico, e sempre que non se supere o cincuenta por cento da capacidade máxima permitida, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade.

A práctica da actividade deportiva federada de competencia autonómica poderase realizar de forma individual ou colectiva, sen contacto físico, e ata un máximo de dez persoas simultaneamente no caso dos adestramentos. Non se aplicará este límite nas competicións onde as regras federativas garantan espazos diferenciados para cada equipo. No caso de realizarse en instalacións deportivas, a práctica axustarase, ademais, aos termos establecidos no parágrafo anterior».

Terceiro. *Eficacia, seguimento e avaliación*

Esta orde terá efectos desde as 00.00 horas do 10 de setembro de 2020.

As medidas cuxa eficacia se mantén e as introducidas no punto segundo da presente orde serán obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período



non superior a sete días naturais desde a publicación da presente orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na comarca de Lugo.

Para estes efectos, poderán ser obxecto de mantemento, de modificación ou poderán deixarse sen efecto por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Santiago de Compostela, 9 de setembro de 2020

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade



I. DISPOSICIÓNS XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 26 de maio de 2021 pola que se establecen medidas cualificadas de prevención para facer fronte á evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e que precisan da autorización xudicial para a súa eficacia.

I

A evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia fai necesario que as autoridades sanitarias autonómicas sigan adoptando determinadas medidas de prevención orientadas a conter a propagación da infección e dirixidas a facer fronte á crise sanitaria derivada da COVID-19.

Para estes efectos debe terse en conta que, mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, se deu publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición a unha nova normalidade. O obxecto do devandito acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Con esta finalidade poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade. Establécese, ademais, que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de conformidade coa normativa aplicable e en vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias.

Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou en parte do territorio da



Comunidade Autónoma de Galicia e que modifiquen ou, de xeito puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación das medidas concretas contidas no anexo.

II

De conformidade co exposto, debe salientarse que a adopción das medidas recollidas nesta orde vén determinada pola evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Así resulta do informe da evolución da epidemia da Dirección Xeral de Saúde Pública do 26 de maio de 2021, do que se destacan os seguintes datos:

O número reprodutivo instantáneo (R_t), que indica o número de contaxios orixinados por un caso activo, subiu lixeiramente por riba do 1 desde o 19 de maio, o que indica, de seguir a subir, que pode aumentar a transmisión da infección. As áreas de Santiago e Lugo xa superaron o 1. O resto de áreas, agás Ourense e Pontevedra, están próximas.

Do total de concellos de Galicia, 139 non notificaron casos nos últimos 14 días. O número de concellos sen casos nos últimos 7 días foi de 180. Isto supón un aumento en nove concellos a 14 días e unha diminución en cinco concellos a 7 días, a respecto de hai unha semana, que era de 130 e 185, a 14 e 7 días.

Entre o 14 de maio e o 20 de maio realizáronse 53.437 probas diagnósticas de infección activa polo virus SARS-CoV-2 (40.262 PCR e 13.175 tests de antíxenos) cunha porcentaxe de positividade a sete días do 2,45 %, un 14 % superior á observada entre o 8 e o 14 de maio, que era do 2,10 %.

A incidencia acumulada a 7 e 14 días é de 39 e 75 casos por cen mil habitantes, cun lixeiro aumento do 8 % a 7 días e co mesmo descenso a 14 días, a respecto de hai 7 días que era de 36 e 81 casos por 100.000 habitantes a 7 e 14 días, respectivamente.

Polo que respecta á evolución da incidencia acumulada a 14 días en Galicia, tendo en conta as medidas de restrición adoptadas en cada momento, obsérvase que despois de flexibilizar determinadas restricións, como as que afectan a hostalaría ou a mobilidade nocturna, a incidencia volve aumentar. Despois de aplicar medidas restritivas máis estritas (finais de xaneiro), obsérvase que o descenso da incidencia é moi acusado e rápido. O feito de manter as medidas restritivas por un longo período de tempo evitou a cuarta onda pero, a pesar diso, non hai un claro descenso da incidencia aos valores desexados, que estarían



por debaixo dos 50 casos por 100.000 habitantes a 14 días e, neste momento, semella que van cara a un lixeiro descenso, pero non o suficientemente rápido, polo que sería preciso que, aínda que determinadas medidas, como as limitacións da capacidade ou o número de persoas que se poden reunir, se suavicen un pouco máis, convén facelo pouco a pouco, xa que a súa relaxación podería levar a un aumento da incidencia de casos.

Estes límites, especialmente os que limitan a mobilidade das persoas, ou mesmo a restrición en número de persoas que se poden reunir, ou se estas reunións só poderían ser entre conviventes, teñen especial importancia ante rebrotes en determinados concellos, xa que, cada vez que se aplican restricións, a incidencia diminúe ou baixa a cero, como aconteceu recentemente en determinados concellos como é o caso do concello de Cambados, que o día 9 de maio, momento en que pasou ao máximo nivel de restrición, presentaba unhas taxas de incidencia de 408 e 656 casos por 100.000 habitantes a 7 e 14 días, respectivamente, e, neste informe de hoxe, a redución observada é do 1.030 % a 7 días e do 264 % a 14 días, cunhas taxas a 7 e 14 días, respectivamente, de 36,4 e 189,5 casos por 100.000 habitantes. Igualmente, no concello de Lobios, que se mantería no nivel máximo, o día 22 de maio, cando entrou neste nivel, as súas taxas eran de 717,1 e 1.132,3 casos por 100.000 habitantes a 7 e 14 días, respectivamente; nos datos deste informe a redución observada é do 300 % a 7 días, cunha lixeira redución a 14 días, co 5,6 %. Esta redución a 7 días implica que, de momento, non están a aparecer casos novos, o que implica unha menor transmisión.

A tendencia diaria amosa, desde o 28 de decembro, tres tramos, con tendencia oposta, o primeiro crecente a un ritmo do 6,4 % ata o 24 de xaneiro e despois un primeiro decrecente cunha porcentaxe de cambio diario do -6,9 % e outro, desde o 1 de marzo, cun lixeiro ascenso, cunha porcentaxe de cambio diaria de 0,2 %, o que indica que, ben que se evitou a cuarta onda, a redución da incidencia non é a desexable, como xa se comentou.

Polo que respecta á situación das áreas sanitarias, as taxas a 14 días están entre os 35,67 casos por 100.000 habitantes de Ferrol e os 113,43 de Vigo; mentres que as taxas a 14 días superan os 100 casos por 100.000 habitantes na área de Vigo. A respecto de hai unha semana, aumentou a taxa a 14 días nas áreas de Santiago, Ferrol e Lugo. As taxas a 7 días aumentaron nas áreas de Santiago, Lugo e Vigo. No que respecta á hospitalización dos casos COVID-19, a media de pacientes COVID-19 en hospitalización de agudos nos últimos 7 días foi de 98,1, o que significa un descenso do -21,5 % a respecto de hai sete días; pola súa banda, a taxa de pacientes COVID-19 en hospitalización de agudos é de 3,6 ingresados por 100.000 habitantes, cun descenso tamén do -21,5 % a respecto de hai 7 días. En canto aos ingresos COVID-19 nas unidades de críticos (UCI) nos últimos



7 días, a media foi de 27,7 e a taxa a 7 días de ingresados nas UCI é de 1,0 ingresados por 100.000 habitantes, o que supón un descenso do -18,1 % a respecto de hai sete días, tanto na media como na taxa.

Por outra parte, no referido á situación epidemiolóxica nos concellos de Galicia, debe indicarse que nos concellos con poboación igual ou maior de 10.000 habitantes (54), un presenta unha taxa de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes, un menos que hai unha semana. Neste semana non hai ningún concello que supere os 500 casos por 100.000 habitantes. No que se refire aos concellos de menos de 10.000 habitantes (259), catro presentan unha taxa de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes, tres menos que hai 7 días. Acádanse taxas de incidencia iguais ou maiores de 500 casos por cen mil habitantes nun destes concellos, o de Lobios. No que atinxe ás comarcas, están no nivel alto as da Baixa Limia e A Mariña Occidental. Están no nivel medio as da Barbanza, Terra de Melide e Ordes (estas dúas últimas acaban de entrar neste nivel). A comarca do Morrazo leva tres días en nivel medio baixo e Fisterra, despois dun día de entrar no nivel medio, volveu descender ao nivel medio-baixo.

O informe conclúe que a taxa de incidencia a 14 días está a diminuír. Non obstante, o modelo de tendencia amosa un lixeiro ascenso, cunha porcentaxe de cambio diario do 0,2 %, a partir do 1 de marzo. O R_t no global de Galicia volveu ascender, aínda que lixeiramente, por riba do 1. A información do modelo de predición, que indica que a incidencia aumentaría lixeiramente a 7 e descendería, tamén lixeiramente, a 14 días, debe tomarse con cautela, xa que parte exclusivamente dos casos. Ademais, a amplitude dos seus intervalos de confianza, especialmente a 7 días, indican que poderían darse todos os escenarios (estabilización, ascenso ou descenso da onda).

En resumo, a taxa de incidencia a 14 días, no global de Galicia, segue por debaixo dos 100 casos por cen mil habitantes e mesmo xa baixou dos 80 casos por cen mil habitantes. Só a área sanitaria de Vigo presenta unha incidencia superior aos 100 casos por cen mil habitantes. No que atinxe aos concellos de máis de 10.000 habitantes hai dous concellos con taxas de incidencia iguais ou superiores a 250 casos por cen mil habitantes, ningún deles cunha taxa superior aos 500 casos por cen mil habitantes. Nos de menos de 10.000 habitantes, hai cinco concellos que superan unha taxa de incidencia de 250 casos por cen mil habitantes, con dous deles cunha taxa a 14 días superior aos 500 casos por cen mil habitantes.

Finalmente, o feito de que a cepa que está a circular, fundamentalmente, sexa a británica, pode influír nun aumento da transmisión, especialmente se aparecen abrochos, ao



cal se suma a aparición de novas variantes tamén máis transmisibles, como a P1 de Brasil e a de Suráfrica, e agora tamén a da India, aínda que, de momento, cos casos onde se illou rastrexados. Igualmente, detectáronse catro casos da variante B.1.526 (Nova York). Cómpre salientar que a cepa de Suráfrica escapa, en certa medida, á inmunidade da vacina de Oxford-AstraZéneca e o resto de variantes mesmo poden reducir a efectividade das vacinas, aínda que non totalmente.

Cómpre indicar que o criterio utilizado para determinar os niveis de restrición aplicables a cada un dos concellos da Comunidade Autónoma é, ademais do da situación sanitaria, o da taxa de incidencia acumulada segundo os casos por cada cen mil habitantes, tanto a 14 días como a 7 días; esta última permite reaccionar con maior rapidez e eficacia fronte aos gromos.

A análise da situación de cada concello complétase coa consideración de criterios demográficos, pois debe terse en conta que, en concellos de escasa poboación, poucos casos poden dar lugar a taxas moi elevadas, que deben ser postas no debido contexto, e, ademais, os servizos de saúde pública e o Comité e o Subcomité Clínico analizarán as características específicas de cada gromo. Neste sentido préstase unha especial atención á existencia de gromos non controlados ou de casos sen vínculo epidemiolóxico, así como ao feito de que non se observe unha melloría clara na evolución da situación epidemiolóxica.

En atención ao exposto, tendo en conta o indicado no citado informe da Dirección Xeral de Saúde Pública e logo de escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, acórdase manter no máximo nivel de restrición o concello de Lobios, polas súas taxas de incidencia acumulada a 7 e 14 días. É certo que a súa taxa a 7 días diminuíu, xa que pasou de 715,1 a 178,8 casos por cen mil habitantes, o que indica que a situación deste concello está a mellorar. Non obstante, posto que soamente leva cinco días neste nivel (desde o día 22 de maio de 2021), é preciso agardar a que a súa situación epidemiolóxica se establezca, o que require un período mínimo de 10 días.

Por outra banda, inclúense tamén no nivel de máximas restricións os concellos da Pobra do Caramiñal e Mos:

Polo que respecta á Pobra do Caramiñal, debe indicarse que, ben que é certo que aínda que o día 18 xa presentaba taxas de incidencia acumulada propias do nivel máximo de restricións, considerouse oportuno agardar a ver como evolucionaba a súa situación epidemiolóxica, xa que se estaba á espera do resultado dun cribado poboacional. Os da-



tos actuais indican un empeoramento da súa situación, que aumenta as súas taxas a 7 e 14 días, de tal xeito que as taxas a 7 días pasaron de 257,6 a 311,2 casos por cen mil habitantes e as taxas a 14 días pasaron de 289,8 a 472,2 casos por cen mil habitantes, o que supón un incremento do 17,2 % nas taxas a 7 días e do 38,6 % nas taxas a 14 días desde o 18 de maio. A súa taxa a 7 días é a que impón a necesidade de incluír este concello no nivel máximo de restrición, xa que a taxa a 14 días tamén está moi preto do límite establecido.

En canto a Mos, debemos indicar que as súas taxas de incidencia acumulada determinan que este concello pase ao nivel máximo e, en consecuencia, se lle apliquen as medidas máis limitativas que prevé esta orde. Concretamente obsérvase un aumento significativo da incidencia desde o día 18 de maio, que pasa dos 133 e 212 casos por cen mil habitantes a 398 e 498 casos por cen mil habitantes nas taxas de incidencia acumulada a 7 e 14 días, respectivamente, o día 24 de maio, o que supón un incremento do 66,6 % e 57,4 % a 7 e 14 días, desde hai unha semana. A taxa a 14 días está ademais moi próxima aos 500 casos por 100.000 habitantes.

III

As medidas contidas nesta orde son necesarias, adecuadas e proporcionadas ao fin perseguido, que non é outro que o de controlar e evitar a maior difusión dunha enfermidade como a COVID-19, altamente contaxiosa, respecto da cal a diferenza entre persoas enfermas e sas resulta difusa, dada a posible asintomatoloxía ou levidade dos síntomas e a existencia dun período no cal non hai indicios externos da enfermidade. A experiencia acumulada avala, ademais, que as medidas son eficaces e útiles para acadar o obxectivo proposto de protección da saúde pública e do sistema sanitario. Imperan na adopción destas os principios de prudencia e precaución que impregnan a regulación desta materia na lexislación sanitaria e téñense en conta as especificidades propias da Comunidade Autónoma: Galicia conta cunha poboación especialmente envellecida e no noso territorio o virus circulou menos ca noutros territorios do Estado, polo que existe un menor nivel de inmunidade natural, ao que se une o feito de que, como xa se indicou, aínda non se completou o proceso de vacinación e, polo tanto, non se acadaron aínda os índices de inmunidade desexables.

Particular mención exige o establecemento de medidas máis restritivas nos concellos en que a situación epidemiolóxica presenta unha maior gravidade, cunha taxa de incidencia acumulada a 14 días de máis de 500 casos por cada cen mil habitantes ou cunha taxa de incidencia acumulada a 7 días de máis de 250 casos por cada cen mil habitantes



e que se corresponden cos concellos que, de conformidade co anexo desta orde, quedan sometidos ao máximo nivel de restricións. A súa situación fai imprescindible adoptar un conxunto de medidas que se orientan a reducir ao máximo a interacción social, xa que só así se ten demostrado que é posible acadar a mellora das respectivas situacións epidemiolóxicas.

Con esta finalidade, unicamente neses concellos que presentan unha situación de maior risco e gravidade se prevé a aplicación conxunta de tres tipos de medidas máis restritivas:

Por unha banda, limítase a entrada e saída de persoas dos seus respectivos ámbitos territoriais, aínda que con certas excepcións, co obxecto de controlar a transmisión da enfermidade e conter a irradiación a outros lugares.

Por outra banda, limítase a mobilidade nocturna, de tal xeito que durante o período comprendido entre as 23.00 e as 6.00 horas unicamente se poida circular polas vías ou polos espazos de uso público para realizar as actividades que se determinan na orde. Debe terse en conta que boa parte dos encontros de risco teñen lugar en horario nocturno e a importante relaxación que se ten constatado neste horario no cumprimento das medidas estipuladas para evitar a transmisión do SARS-CoV-2. Neste sentido, así o constatou a exposición de motivos do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. Por este motivo, a restrición da mobilidade nocturna naqueles concellos galegos que presentan unha situación de máximo risco considérase unha medida proporcionada cun potencial impacto positivo no control da transmisión, ao evitárense situacións de contacto de risco vinculadas a contornos sociais.

Por último, resulta necesario establecer tamén nos concellos sometidos ao máximo nivel de restricións limitacións da permanencia de grupos de persoas, que terán que estar conformados só por conviventes, tanto en espazos de uso público coma de uso privado, agás determinados supostos excepcionais e xustificados previstos na orde.

É importante destacar que as limitacións de mobilidade e de agrupacións de persoas non son limitacións absolutas, senón que a propia orde prevé diversos supostos que permiten excepcións na súa aplicación. O Auto nº 64/2021, da Sección Terceira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior Xustiza de Galicia, no cal se ratifican medidas moi similares ás recollidas nesta orde, destacou a importancia da previsión de excepcións ás devanditas limitacións e sinalou que «a norma establece supostos excepcionais de



mobilidade que constitúen un contrapeso á limitación xeral do dereito e que posibilitan no caso concreto a ponderación de bens xurídicos en conflito, polo que non se produce un sacrificio absoluto dos dereitos restrinxidos». Igualmente, indica que «se debe ponderar que a norma establece supostos excepcionais de mobilidade fóra do espazo perimetrado que constitúen un contrapeso á limitación xeral do dereito de libre circulación e que posibilitan no caso concreto a ponderación de bens xurídicos en conflito, polo que non se produce un sacrificio absoluto dos dereitos restrinxidos».

Cómpre insistir, ademais, en que a experiencia destes últimos meses constatou a eficacia da adopción conxunta das medidas limitativas da entrada e saída de determinados ámbitos territoriais, da mobilidade nocturna e das agrupacións conformadas soamente por persoas conviventes. Hoxe en día non é posible determinar tecnicamente o peso que ten cada unha delas individualmente considerada na consecución do fin perseguido, que non é outro que o de lograr mellorar a evolución da situación epidemiolóxica no ámbito territorial concreto en que se establecen. O que si está probado é que a adopción conxunta de todas elas resulta eficaz xa que, sempre que se acordou, mellorou a situación epidemiolóxica do correspondente ámbito territorial. É certo que son medidas especialmente restritivas, pero a súa aplicación queda reservada única e exclusivamente a aqueles concellos que se atopan na situación de máximo risco. Esta tese vén referendada pola propia doutrina científica que, en diferentes estudos realizados nos últimos meses, tratou de considerar de xeito diferenciado a efectividade das medidas de control da transmisión nos distintos sectores, coa finalidade de achegar datos que fosen de axuda na toma de decisións relativas á súa adopción, e advertiu que resulta extremadamente complicado extraer conclusións sobre a efectividade de medidas concretas debido a que na práctica foron implementadas conxuntamente.

Pola súa banda, e coa mesma finalidade de reducir a interacción social e o risco de transmisión, no resto dos concellos da Comunidade Autónoma e sen prexuízo das excepcións establecidas na orde, permítese a reunión de ata seis persoas en espazos pechados e de dez en espazos abertos ou ao aire libre, sexan de uso público ou privado. Esta medida supón unha flexibilización das limitacións de grupos de persoas vixentes ata este momento e debe analizarse no contexto de desescalada gradual en que nos atopamos, no cal hai que avanzar dando pequenos pasos que permitan consolidar as medidas que se adoptan e analizando os seus efectos para comprobar a súa incidencia na situación epidemiolóxica. Tamén se prevé para a totalidade do territorio da Comunidade Autónoma (coa única excepción dos concellos que se atopan no máximo nivel de restricións, aos cales se lles aplican as medidas máis restritivas descritas anteriormente) que, no período comprendido entre a 1.00 e as 6.00 horas, as agrupacións de persoas queden limitadas unicamente a conviven-



tes. A finalidade desta medida é suavizar os efectos derivados do decaemento das limitacións de mobilidade nocturna que rexían durante a etapa en que estivo vixente o estado de alarma mediante a adopción doutra medida menos restritiva, que non impide saír á rúa, pero coa que se limitan as interaccións sociais ao reducilas ao núcleo de convivencia xa que, con carácter xeral, se pode afirmar que as medidas de limitación das agrupacións de persoas van dirixidas a previr ou, polo menos, restrinxir numericamente a participación en reunións familiares ou sociais nas cales se aprecia un maior risco de transmisión polas circunstancias en que se realizan, dado que habitualmente existe máis confianza e relaxación das medidas de seguridade, ao cal contribúe o feito de que acostuman desenvolverse fóra de ambientes protocolizados, como son os profesionais e laborais, en que está previsto o uso da máscara e que se rodean doutras garantías que dificultan a transmisión e o contaxio. Cómpre destacar ademais que segue sendo necesario, no momento actual, manter este tipo de medidas limitativas que proxectan os seus efectos durante o horario nocturno, dado que neste horario se une o fenómeno da maior relaxación no cumprimento das medidas estipuladas co feito da idade da poboación que aproveita maioritariamente ese horario, poboación que, precisamente por esa idade, aínda non está vacinada, polo que a medida resulta especialmente apta para evitar a difusión incontrolada do virus.

As limitacións de grupos de persoas son, ademais, medidas menos disruptivas das actividades esenciais, económicas, laborais e profesionais ca outras, como as limitacións á liberdade de circulación ou confinamentos, que deben aplicarse nas situacións de maior risco. Debe lembrarse, neste sentido, que o Auto 40/2020, do 30 de abril, do Tribunal Constitucional, no seu fundamento xurídico cuarto, ao ponderar a relevancia das especiais circunstancias derivadas da crise sanitaria creada pola pandemia no exercicio do dereito de reunión, salientou como, ante a incerteza sobre as formas de contaxio, sobre o impacto real da propagación do virus, así como sobre as consecuencias a medio e longo prazo para a saúde das persoas que se viron afectadas, as medidas de distanciamento social, confinamento domiciliario e limitación extrema dos contactos e actividades grupais son as únicas que se teñen demostrado eficaces para limitar os efectos dunha pandemia de dimensións descoñecidas ata a data.

Co obxecto de dar cumprimento ao mandato contido no artigo 38 ter.3 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, que exige unha especial xustificación da proporcionalidade das limitacións de dereitos fundamentais e liberdades públicas adoptadas, debe indicarse que as devanditas medidas son adecuadas, no sentido de útiles para conseguir o fin proposto de protección da saúde pública, xa que a experiencia amosa que este tipo de medidas, que son as que de forma xeral se están adoptando a nivel nacional e internacional para a contención da pandemia, son eficaces para controlar a transmisión e acadan



os obxectivos de diminución de casos e mellora da situación epidemiolóxica cada vez que se acordan e manteñen durante o tempo necesario. Debe indicarse igualmente que a doutrina científica ditaminou que, mentres non exista unha alta cobertura poboacional de vacinación, as intervencións non farmacolóxicas son as intervencións de saúde pública máis efectivas contra a COVID-19.

Son necesarias no sentido de que non existe outra medida alternativa menos gravosa para a consecución de tal fin con igual eficacia; debe indicarse ademais que, como xa se expuxo, naqueles supostos en que foi posible adoptáronse medidas alternativas de efecto equivalente e menos restritivas dos dereitos fundamentais, como é o caso das limitacións de grupos de persoas restrinxidas a conviventes entre a 1.00 e as 6.00 horas, ao considerar que teñen unha menor incidencia nos citados dereitos fundamentais ca as limitacións de mobilidade nocturna. Insistimos tamén en que unicamente existen evidencias científicas da eficacia das medidas que se recollen nesta orde, xa que son estas e non outras as que veñen aplicándose desde o inicio da pandemia.

As medidas son ponderadas e equilibradas por derivaren delas máis beneficios ou vantaxes para o interese xeral ca prexuízos sobre outros bens ou valores en conflito, atendidas a gravidade da inxerencia nos dereitos fundamentais e as liberdades públicas e as circunstancias persoais de quen as sofre. O control da pandemia e a mellora da situación epidemiolóxica, xunto coa protección do sistema sanitario, son bens superiores que, nun contexto como o actual, priman sobre determinados dereitos individuais que, aínda que se limitan, non son restrinxidos de forma absoluta e establécense excepcións que permiten o desenvolvemento, cando sexa necesario, de determinadas actividades de especial importancia, tal e como pode observarse ao analizar as excepcións que a propia orde determina ao regular as limitacións á entrada e saída de persoas en determinados ámbitos territoriais, as limitacións da permanencia de grupos de persoas en espazos públicos ou privados e as limitacións da mobilidade nocturna.

Ademais, a adopción destas medidas require a necesaria garantía xudicial conforme o disposto no artigo 10.8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Debe insistirse en que, de acordo co establecido na recente Sentenza do Tribunal Supremo nº 719/2021, a ratificación das medidas limitativas de dereitos fundamentais debe ser previa, de tal xeito que estas medidas non despregan efectos nin son aplicables mentres non sexan ratificadas xudicialmente. Tal e como se recolle no Auto nº 64/2021, da Sección Terceira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior Xustiza de Galicia, que ratificou as medidas limitativas de dereitos fundamentais



contidas na Orde do 21 de maio de 2021, «esta declaración do Tribunal Supremo á hora de interpretar o art. 10.8. da LXCA terá para o futuro influencia na desexable sincronía que deberá producirse entre a publicación da norma e o seu sometemento á ratificación xudicial, para evitar lapsos de tempo carentes de eficacia das medidas que se pretendan implementar e durante os cales perdesen hipoteticamente vixencia as anteriores medidas, se é que se agarda á caducidade para a súa novación ou renovación». Precisamente, coa finalidade de dar cumprimento ao disposto no devandito auto e tendo en conta, polo tanto, que as medidas contidas na presente orde soamente poderán ser eficaces a partir da súa autorización xudicial, óptase por solicitar esta e agardar pola súa recepción para publicar a orde.

Finalmente, debe salientarse que, de acordo co disposto no punto sétimo, a eficacia das medidas adoptadas se estende por un período temporal concreto, desde o día seguinte ao da data de publicación da orde, que será posterior á súa autorización xudicial, ata as 00.00 horas do día 12 de xuño; sen prexuízo de que, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, estas medidas sexan obxecto de seguimento e avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria, e poderán ser prorrogadas, modificadas ou levantadas por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

IV

As medidas que se adoptan nesta orde teñen o seu fundamento normativo na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 a 38.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Concretamente, o artigo 38.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, establece que, co obxecto de protexer a saúde pública, as autoridades sanitarias autonómicas e locais, dentro do ámbito das súas competencias, poderán adoptar medidas preventivas de obrigado cumprimento cando exista ou se sospeite razoablemente a existencia dun risco inminente e grave para a saúde da poboación.

Pola súa banda, o artigo 38.ter.3 establece especiais exixencias de motivación que se deben observar no caso de se adoptaren medidas limitativas de dereitos fundamentais. A interpretación de ambos os preceptos, cuxa eficacia non está suspendida a consecuencia da interposición do recurso de inconstitucionalidade formulado polo Goberno español con-



tra a lei autonómica, lévanos a concluír que é posible a adopción destas medidas restritivas por parte da Comunidade Autónoma.

A respecto desta cuestión, o propio Consello de Estado dixo no seu ditame sobre o recurso de inconstitucionalidade contra determinados preceptos da lei galega que a forza normativa dos feitos indica que, antes da actual epidemia e tamén durante esta, as autoridades sanitarias estatais e autonómicas adoptaron, ao abeiro da lei orgánica e sen fundamento na declaración do estado de alarma, medidas limitativas de dereitos fundamentais e liberdades públicas baixo o control da xurisdición contencioso-administrativa. Particularmente expresivo é o Consello de Estado cando, a respecto das medidas de limitación ou restrición da circulación ou da entrada e saída das zonas afectadas, establece que: «A «limitación ou restrición da libre circulación das persoas» está mencionada como unha das medidas susceptibles de adopción no marco do estado de alarma pola Lei orgánica 4/1981 (artigo 11.a). Esta medida non está expresamente recollida na Lei orgánica 3/1986 pero é indubidablemente unha «das medidas oportunas para o control dos enfermos, das persoas que estean ou estivesen en contacto con estes e do ambiente inmediato» a que se refire o seu artigo 3.

Conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para adoptar as medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica existente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia coa urxencia que a protección da saúde pública demanda.

Na súa virtude, en aplicación do punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición a unha nova normalidade, na súa redacción vixente, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. *Obxecto e alcance*

Constitúe o obxecto desta orde establecer medidas cualificadas de prevención para facer fronte á evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.



Segundo. *Limitacións da entrada e saída de persoas en determinados ámbitos territoriais*

1. Quedan restrinxidas a entrada e a saída de persoas do ámbito territorial de cada un dos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, considerados individualmente, que se relacionan no anexo.

2. Quedan exceptuados das anteriores limitacións aqueles desprazamentos, adecuadamente xustificados, que se produzan por algún dos seguintes motivos:

- a) Asistencia a centros, servizos e establecementos sanitarios.
- b) Cumprimento de obrigas laborais, profesionais, empresariais, institucionais, sindicais e de representación de traballadores ou legais.
- c) Asistencia a centros universitarios, docentes e educativos, incluídas as escolas de educación infantil.
- d) Retorno ao lugar de residencia habitual ou familiar.
- e) Asistencia e coidado, incluído o acompañamento, a maiores, menores, dependentes, persoas con discapacidade ou persoas especialmente vulnerables.
- f) Desprazamento a entidades financeiras e de seguros ou estacións de servizo en territorios limítrofes.
- g) Actuacións requiridas ou urxentes ante os órganos públicos, xudiciais ou notariais.
- h) Renovacións de permisos e documentación oficial, así como outros trámites administrativos inaprazables.
- i) Realización de exames ou probas oficiais inaprazables.
- j) Coidado de hortas e animais.
- k) Asistencia a academias, autoescolas e centros privados de ensino non regrado e centros de formación.



l) Desprazamento a establecementos comerciais polo miúdo de alimentación, bebidas, produtos e bens de primeira necesidade en territorios limítrofes cando non exista alternativa no propio concello.

m) Por causa de forza maior ou situación de necesidade.

n) Adestramentos ou competicións de ámbito federado profesional ou non profesional permitidos nesta orde. Para estes efectos, a Secretaría Xeral para o Deporte poderá establecer requisitos, condicións e limitacións aos desprazamentos correspondentes á actividade deportiva federada de ámbito autonómico.

ñ) Calquera outra actividade de análoga natureza, debidamente acreditada.

3. Non estará sometida a ningunha restrición a circulación en tránsito a través dos ámbitos territoriais, sen que resulten de aplicación as limitacións previstas no número 1.

Terceiro. *Limitación da permanencia de grupos de persoas en espazos públicos ou privados*

1. No territorio dos concellos que se relacionan no anexo, a permanencia de grupos de persoas en espazos de uso público, tanto pechados coma abertos ou ao aire libre, e en espazos de uso privado quedará limitada aos constituídos exclusivamente por persoas conviventes. Polo tanto, permítense unicamente as reunións familiares, sociais e lúdicas, de carácter informal non regrado, das persoas que pertencen ao mesmo núcleo ou grupo de convivencia, con independencia de que se desenvolvan ao aire libre, e no ámbito público ou privado, en locais pechados ou vehículos privados particulares.

2. No territorio dos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia non incluídos no punto anterior limitarase a permanencia de grupos de persoas a un máximo de seis en espazos pechados e de dez en espazos abertos ou ao aire libre, sexan de uso público ou privado, agás que se trate de conviventes. No caso de agrupacións en que se inclúan tanto persoas conviventes como persoas non conviventes, o número máximo destas será de seis ou dez persoas en función de se se reúnen en espazos pechados ou abertos. Non obstante, nestes concellos entre a 1.00 e as 6.00 horas a permanencia de grupos de persoas en espazos de uso público, tanto pechados coma abertos ou ao aire libre, e en espazos de uso privado quedará limitada aos constituídos exclusivamente por persoas conviventes.



3. As limitacións establecidas nos puntos anteriores exceptúanse nos seguintes supostos e situacións:

a) As persoas que viven soas, que poderán formar parte dunha única unidade de convivencia ampliada. Cada unidade de convivencia pode integrar soamente unha única persoa que viva soa.

b) A reunión de persoas menores de idade cos seus proxenitores, no caso de que estes non convivan no mesmo domicilio.

c) A reunión de persoas con vínculo matrimonial ou de parella cando estes vivan en domicilios diferentes.

d) A reunión para o coidado, a atención, a asistencia ou o acompañamento a persoas menores de idade, persoas maiores ou dependentes, con discapacidade ou especialmente vulnerables.

e) No caso de actividades laborais, institucionais, empresariais, profesionais, sindicais, de representación de traballadores e administrativas, actividades en centros universitarios, educativos, de formación e ocupacionais, así como no caso da práctica do deporte federado, sempre que se adopten as medidas previstas nos correspondentes protocolos de funcionamento.

f) As actividades previstas no anexo da orde da Consellería de Sanidade pola que se establezan medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, vixentes en cada momento, respecto das cales se prevexa a posibilidade de grupos de persoas que non sexan conviventes.

g) Por causa de forza maior ou situación de necesidade.

Cuarto. *Limitación da mobilidade nocturna*

1. No territorio dos concellos que se relacionan no anexo, durante o período comprendido entre as 23.00 e as 6.00 horas, as persoas unicamente poderán circular polas vías ou polos espazos de uso público para realizaren as seguintes actividades:

a) Adquisición de medicamentos, produtos sanitarios e outros bens de primeira necesidade.



- b) Asistencia a centros, servizos e establecementos sanitarios.
- c) Asistencia a centros de atención veterinaria por motivos de urxencia.
- d) Cumprimento de obrigas laborais, profesionais, empresariais, institucionais ou legais.
- e) Retorno ao lugar de residencia habitual, tras realizar algunhas das actividades previstas neste punto.
- f) Asistencia e coidado a maiores, menores, dependentes, persoas con discapacidade ou persoas especialmente vulnerables.
- g) Por causa de forza maior ou situación de necesidade.
- h) Calquera outra actividade de análoga natureza, debidamente acreditada.
- i) Abastecemento en gasoleiras ou estacións de servizo, cando resulte necesario para a realización das actividades previstas nos parágrafos anteriores.

2. Nos restantes concellos da Comunidade Autónoma de Galicia non resultará aplicable esta limitación.

Quinto. *Actividade cinexética do xabaril e do lobo*

1. Quedan exceptuadas das limitacións a entrada e saída de persoas dos ámbitos territoriais previstos no punto segundo, así como das restricións á permanencia de grupos de persoas en espazos públicos previstas no punto terceiro as accións de caza colectiva que se realicen exclusivamente sobre as especies cinexéticas do xabaril e do lobo, nos seguintes supostos:

- a) Accións de caza sobre o xabaril de acordo coa planificación aprobada para a tempada de caza 2020/21 nos plans anuais de aproveitamento cinexético dos Tecor, e accións autorizadas especificamente en terreos de réxime cinexético común.
- b) Accións de caza con ocasión de danos á agricultura ou á gandería ocasionados polo xabaril e/ou o lobo, logo da súa comprobación por parte das xefaturas territoriais da consellería competente en materia de ambiente.



c) Accións de caza como consecuencia de accidentes graves de tráfico reiterados nun mesmo punto quilométrico.

2. En todo caso, durante o desenvolvemento destas accións de caza deberán cumprirse as condicións establecidas pola consellería competente en materia de ambiente, así como as medidas de prevención que adicionalmente poidan ser establecidas polas autoridades sanitarias.

Sexto. *Control do cumprimento das medidas e réxime sancionador*

1. A vixilancia, inspección e control do cumprimento das medidas de prevención que se recollen nesta orde e a garantía dos dereitos e deberes sanitarios da cidadanía corresponderán aos respectivos concellos dentro das súas competencias e sen prexuízo das competencias da Consellería de Sanidade, tendo en conta a condición de autoridade sanitaria dos alcaldes e alcaldesas de acordo co artigo 33.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, e as competencias dos concellos de control sanitario de actividades e servizos que impacten na saúde da súa cidadanía e dos lugares de convivencia humana, de acordo co artigo 80.3 do mesmo texto legal, así como da súa competencia para a ordenación e control do dominio público.

2. Así mesmo, os órganos de inspección da Administración autonómica, no ámbito das súas competencias, poderán realizar as actividades de inspección e control oportunas para a vixilancia e comprobación do cumprimento das medidas de prevención aplicables.

3. As forzas e os corpos de seguridade trasladarán as denuncias que formulen polo incumprimento das medidas de prevención ás autoridades competentes.

Sétimo. *Autorización xudicial, publicación e eficacia*

1. Solicitarase a autorización xudicial das medidas previstas nesta orde, de acordo co disposto na redacción vixente do número 8 do artigo 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e procederase á publicación da orde unha vez obtida a referida autorización.

2. As medidas previstas nesta orde terán efectos desde as 00.00 horas do día seguinte ao da súa publicación ata as 00.00 horas do 12 de xuño.



3. En cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas previstas nesta orde serán obxecto de seguimento e avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser prorrogadas, modificadas ou levantadas por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Santiago de Compostela, 26 de maio de 2021

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade

ANEXO

Concellos en que son aplicables as limitacións da entrada e saída de persoas, limitacións específicas da permanencia de grupos de persoas en espazos públicos ou privados e limitacións da mobilidade nocturna

1. Lobios
2. A Pobra do Caramiñal
3. Mos



I. DISPOSICIÓNS XERAIS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

ORDE do 28 de maio de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

I

A evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia fai necesario que se sigan adoptando por parte das autoridades sanitarias autonómicas determinadas medidas de prevención orientadas a conter a propagación da infección e dirixidas a facer fronte á crise sanitaria derivada da COVID-19.

Para estes efectos debe terse en conta que mediante a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, se lle deu publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. O obxecto do dito acordo foi establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020.

Conforme o punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Con esta finalidade poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade. Establécese ademais que a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de conformidade coa normativa aplicable e en vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias.

Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou en parte do territorio da Co-



munidade Autónoma de Galicia e modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación das medidas concretas contidas no anexo do citado acordo.

II

No *Diario Oficial de Galicia* núm. 86-bis, do venres 7 maio de 2021, a Consellería de Sanidade publicou a Orde do 7 de maio de 2021 pola que se estableceron medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia tendo en conta a finalización da prórroga do estado de alarma establecida polo Real decreto 956/2020, do 3 de novembro.

Na citada orde recollíanse un conxunto de medidas de prevención específicas para protexer a saúde pública, algunhas das cales entrañaban limitacións de dereitos fundamentais e, por conseguinte, precisaban da correspondente ratificación xudicial, de acordo co disposto na redacción vixente do número 8 do artigo 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. En particular, afectaba as medidas previstas nos puntos segundo, terceiro e cuarto da citada Orde do 7 de maio de 2021, as cales foron ratificadas mediante o Auto 57/2021, da Sección Terceira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Posteriormente, publicouse a Orde do 21 de maio de 2021 pola que se prorrogaba a eficacia e se modifica a Orde do 7 de maio de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia tendo en conta a finalización da prórroga do estado de alarma establecida polo Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, e se modifica a Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen as actuacións necesarias para a posta en marcha do Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia, sendo tamén ratificadas tales medidas igualmente polo Auto nº 64/2021 da Sección Terceira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior Xustiza de Galicia.

A recente sentenza do Tribunal Supremo nº 719/2021, do 24 de maio, estableceu como doutrina que a ratificación das medidas limitativas de dereitos fundamentais debe ser previa, de tal xeito que as ditas medidas non despregan efectos nin son aplicables mentres non sexan ratificadas xudicialmente.



Así mesmo, aclaraba que as que deben ser obxecto de ratificación son as que non están xa previstas sexa pola lexislación sanitaria sexa pola de policía administrativa ou pola correspondente a outras materias. É o caso, entre outras, das disposicións relativas a horarios e capacidades en establecementos públicos ás actividades educativas, as que miran por preservar os espazos públicos e a impedir que neles se consuma alcol, as que teñen por obxecto evitar a contaminación acústica ou doutra natureza e, en xeral, as dirixidas a manter a convivencia.

Á vista do pronunciamento do Tribunal Supremo, e para os efectos dunha mellor operatividade na tramitación das medidas ao distinguir entre aquelas medidas que precisan da correspondente autorización xudicial previa e aquelas que non, apróbanse dúas ordes diferenciadas, recolléndose na presente orde aquelas medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia que non exixen pola súa natureza a citada autorización xudicial.

Nese sentido, a presente orde substitúe, no que respecta ás medidas de prevención específicas non limitativas de dereitos fundamentais, a Orde do 7 de maio de 2021 que foi prorrogada mediante a Orde do 21 de maio de 2021 cuxa eficacia finaliza ás 00.00 do 29 de maio de 2021, e adáptase á realidade da evolución epidemiolóxica e sanitaria da Comunidade Autónoma, no marco do seguimento e avaliación continua da situación que se está a realizar para garantir o respecto aos principios de necesidade e de proporcionalidade.

III

Sentado o anterior, de conformidade co exposto, debe salientarse que a adopción das medidas recollidas nesta orde vén determinada pola evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Así resulta do informe da Dirección Xeral de Saúde Pública do 26 de maio de 2021, do cal se destacan os seguintes datos:

O número reprodutivo instantáneo (R_t), que indica o número de contaxios orixinados por un caso activo, subiu lixeiramente por riba do 1 desde o 19 de maio, o que indica, de seguir a subir, que pode aumentar a transmisión da infección. As áreas de Santiago e Lugo xa superaron o 1. O resto de áreas, agás Ourense e Pontevedra, están próximas.



Do total de concellos de Galicia, 139 non notificaron casos nos últimos 14 días. O número de concellos sen casos nos últimos 7 días foi de 180. Isto supón un aumento en nove concellos a 14 días e unha diminución en cinco concellos a 7 días, respecto de hai unha semana, que era de 130 e 185 a 14 e 7 días.

Entre o 14 de maio e o 20 de maio realizáronse 53.437 probas diagnósticas de infección activa polo virus SARS-CoV-2 (40.262 PCR e 13.175 tests de antíxenos) cunha porcentaxe de positividade a sete días do 2,45 %, un 14 % superior á observada entre o 8 e o 14 de maio que era do 2,10 %.

A incidencia acumulada a 7 e 14 días é de 39 e 75 casos por cen mil habitantes, cun lixeiro aumento do 8 % a 7 días e co mesmo descenso a 14 días, respecto de hai 7 días que era de 36 e 81 casos por 100.000 habitantes a 7 e 14 días, respectivamente.

Polo que respecta á evolución da incidencia acumulada a 14 días en Galicia, tendo en conta as medidas de restrición adoptadas en cada momento, obsérvase que despois de flexibilizar determinadas restricións, como as que afectan a hostalaría ou a mobilidade nocturna, a incidencia volve aumentar. Despois de aplicar medidas restritivas máis estritas (finais de xaneiro), obsérvase que o descenso da incidencia é moi acusado e rápido. O feito de manter as medidas restritivas por un longo período de tempo, evitou a cuarta onda, pero a pesar diso, non hai un claro descenso da incidencia aos valores desexados, que estarían por debaixo dos 50 casos por 100.000 habitantes a 14 días e, neste momento, semella que vai cara a un lixeiro descenso, pero non o suficientemente rápido, polo que sería preciso, que aínda que determinadas medidas, como capacidades ou número de persoas que se poden reunir se suavicen un pouco máis, convén facelo pouco a pouco, xa que a súa relaxación podería levar a un aumento da incidencia de casos.

Estes límites, especialmente os que limitan a mobilidade das persoas, ou mesmo a restrición en número de persoas que se poden reunir, ou se estas reunións só poderían ser entre conviventes, teñen especial importancia ante rebrotes en determinados concellos, xa que cada vez que se aplican restricións a incidencia diminúe ou baixa a cero, como aconteceu recentemente en determinados concellos como é o caso do concello de Cambados que o día 9 de maio, momento en que pasou ao máximo nivel de restrición, presentaba unhas taxas de incidencia de 408 e 656 casos por 100.000 habitantes a 7 e 14 días, respectivamente, e neste informe de hoxe a redución observada é do 1.030 % a 7 días e do 264 % a 14 días, cunhas taxas a 7 e 14 días, respectivamente, de 36,4 e 189,5 casos por 100.000 habitantes. Igualmente, no concello de Lobios, que se mantería no nivel máximo, o día 22 de maio, cando entrou neste nivel, as súas taxas eran de 717,1 e 1.132,3 casos



por 100.000 habitantes a 7 e 14 días, respectivamente, nos datos deste informe a redución observada é do 300 % a 7 días, e unha lixeira redución a 14 días, co 5,6 %. Esta redución a 7 días implica que, de momento, non están a aparecer casos novos, o que implica unha menor transmisión.

A tendencia diaria amosa, desde o 28 de decembro, tres tramos, con tendencia oposta, primeiro crecente a un ritmo do 6,4 % ata o 24 de xaneiro e despois un primeiro decrecente cunha porcentaxe de cambio diaria do -6,9 % e outro, desde o 1 de marzo, cun lixeiro ascenso, cunha porcentaxe de cambio diaria de 0,2 %, o que indica que, se ben se evitou a cuarta onda, a redución da incidencia non é a desexable.

Polo que respecta á situación das áreas sanitarias, as taxas a 14 días están entre os 35,67 casos por 100.000 habitantes de Ferrol e os 113,43 de Vigo; mentres que as taxas a 14 días superan os 100 casos por 100.000 habitantes na Área de Vigo. A respecto de hai unha semana, aumentou a taxa a 14 días nas áreas de Santiago, Ferrol e Lugo. As taxas a 7 días aumentaron nas áreas de Santiago, Lugo e Vigo. No que respecta á hospitalización dos casos COVID-19 a media de pacientes con COVID-19 en hospitalización de agudos nos últimos 7 días foi de 98,1, o que significa un descenso do -21,5 % a respecto de hai sete días, pola súa banda, a taxa de pacientes con COVID-19 en hospitalización de agudos é de 3,6 ingresados por 100.000 habitantes, cun descenso, tamén, do -21,5 % a respecto de hai 7 días.

En canto aos ingresos con COVID-19 nas unidades de críticos (UCI) nos últimos 7 días, a media foi de 27,7 e a taxa a 7 días de ingresados nas UCI é de 1,0 ingresados por 100.000 habitantes, o que supón un descenso do -18,1 % respecto de hai sete días, tanto na media como na taxa.

Por outra parte, no referido á situación epidemiolóxica nos concellos de Galicia debe indicarse que nos concellos con poboación igual ou maior de 10.000 habitantes (54), 1 presenta unha taxa de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes, un menos que hai unha semana. Neste semana non hai ningún concello que supere os 500 casos por 100.000 habitantes. No que se refire aos concellos de menos de 10.000 habitantes (259), 4 presentan unha taxa de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes, 3 menos que hai 7 días. Acádanse taxas de incidencia iguais ou maiores a 500 casos por cen mil habitantes nun destes concellos, o de Lobios. No que atinxe ás comarcas, están no nivel alto as da Baixa Limia e A Mariña Occidental. Están no nivel medio as da Barbanza, Terra de Melide e Ordes, estas dúas últimas acaban de entrar



neste nivel. A Comarca do Morrazo leva tres días en nivel medio baixo e Fisterra, despois de 1 día de entrar no nivel medio, volveu a descender ao nivel medio baixo.

O informe conclúe que a taxa de incidencia a 14 días está a diminuír. Non obstante, o modelo de tendencia amosa un lixeiro ascenso, cunha porcentaxe de cambio diario do 0,2 %, a partir do 1 de marzo. A Rt no global de Galicia, volveu a ascender, aínda que lixeiramente, por riba do 1.

Así mesmo, o informe destaca que a información do modelo de predición, que indica que a incidencia aumentaría lixeiramente a 7 e descendería, tamén lixeiramente, a 14 días, debe tomarse con cautela, xa que parte exclusivamente dos casos. Ademais, a amplitude dos seus intervalos de confianza, especialmente a 7 días, indican que poderían darse todos os escenarios (estabilización, ascenso ou descenso da onda).

A taxa de incidencia a 14 días, no global de Galicia, segue por debaixo dos 100 casos por cen mil habitantes, mesmo xa baixou dos 80 casos por cen mil habitantes. Só a Área Sanitaria de Vigo presenta unha incidencia superior aos 100 casos por cen mil habitantes. No que atinxe aos concellos de máis de 10.000 habitantes hai dous concellos con taxas de incidencia iguais ou superiores a 250 casos por cen mil habitantes, ningún deles cunha taxa superior aos 500 casos por cen mil habitantes. Nos de menos de 10.000 habitantes hai 5 concellos que superan unha taxa de incidencia de 250 casos por cen mil habitantes, con 2 deles cunha taxa a 14 días superior aos 500 casos por cen mil habitantes.

Finalmente, o feito de que a cepa que está a circular, fundamentalmente, sexa a británica pode influír nun aumento da transmisión, especialmente se aparecen abrochos, ao que se suma a aparición de novas variantes tamén máis transmisibles, como a P1 de Brasil e a de Suráfrica e agora tamén a da India, aínda que de momento cos casos onde se illou rastrexados. Igualmente, detectáronse 4 casos da variante B.1.526 (Nova York). Cómpre salientar que a cepa de Suráfrica escapa, en certa medida, á inmunidade da vacina de Oxford-AstraZéneca e o resto de variante, mesmo poden reducir a efectividade das vacinas, aínda que non totalmente.

Cómpre tamén indicar que o criterio utilizado para determinar os niveis de restrición aplicables a cada un dos concellos da Comunidade Autónoma é, ademais do da situación sanitaria, o da taxa de incidencia acumulada segundo os casos por cada cen mil habitantes tanto a 14 días como a 7 días, permitindo esta última reaccionar con maior rapidez e eficacia fronte aos gromos.



A análise da situación de cada concello complétase coa consideración de criterios demográficos, pois debe terse en conta que, en concellos de escasa poboación, poucos casos poden dar lugar a taxas moi elevadas, que deben ser postas no debido contexto, analizando ademais os servizos de saúde pública e o comité e subcomité clínico as características específicas de cada gromo. Neste sentido préstase unha especial atención á existencia de gromos non controlados ou de casos sen vínculo epidemiolóxico, así como ao feito de que non se observe unha melloría clara na evolución da situación epidemiolóxica.

En atención ao exposto, tendo en conta o indicado no citado informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, e tras escoitar as recomendacións do comité clínico reunido para estes efectos, acórdase manter no máximo nivel de restrición o concello de Lobios polas súas taxas de incidencia acumulada a 7 e 14 días. É certo que a súa taxa a 7 días diminuíu, xa que pasou de 715,1 a 178,8 casos por cen mil habitantes, o que indica que a situación deste concello está a mellorar. Non obstante, posto que soamente leva cinco días neste nivel (desde o día 22 de maio de 2021) é preciso agardar a que a súa situación epidemiolóxica se estabilice, o que require un período mínimo de 10 días.

Por outra banda, inclúense tamén no nivel de máximas restricións os concellos da Pobra do Caramiñal e Mos.

Polo que respecta á Pobra do Caramiñal, debe indicarse que se ben é certo que aínda que o día 18 xa presentaba taxas de incidencia acumulada propias do nivel máximo de restricións, considerouse oportuno agardar a ver como evolucionaba a súa situación epidemiolóxica, xa que se estaba á espera do resultado dun cribado poboacional. Os datos actuais indican un empeoramento da súa situación, aumentando as súas taxas a 7 e 14 días, de tal xeito que as taxas a 7 días pasaron de 257,6 a 311,2 casos por cen mil habitantes e as taxas a 14 días pasaron de 289,8 a 472,2 casos por cen mil habitantes, o que supón un incremento do 17,2 % nas taxas a 7 días e do 38,6 % nas taxas a 14 días desde o 18 de maio. A súa taxa a 7 días é a que impón a necesidade de incluír a este concello no nivel máximo de restrición, estando a taxa a 14 días tamén moi preto do límite establecido.

En canto a Mos, debemos indicar que as súas taxas de incidencia acumulada determinan que este concello pase a nivel máximo e, en consecuencia, se lle apliquen as medidas máis limitativas que prevé esta orde. Concretamente obsérvase un aumento significativo da incidencia desde o día 18 de maio, pasando dos 133 e 212 casos por cen mil habitantes



a 398 e 498 casos por cen mil habitantes nas taxas de incidencia acumulada a 7 e 14 días respectivamente, o día 24 de maio, o que supón un incremento do 66,6 % e 57,4 % a 7 e 14 días, desde hai unha semana. A taxa a 14 días está ademais moi próxima aos 500 casos por 100.000 habitantes.

En canto ao nivel alto de restricións, manteríase o concello de Ribeira, da Área Sanitaria de Santiago, a pesar de que as súas taxas indican un nivel medio, debido a que a evolución da situación epidemiolóxica neste concello segue sen ser claramente cara ao descenso da súa taxa a 7 días. Cómpre destacar tamén a aparición de casos novos e alternáanse días de baixada con días de ascenso, co que claramente están a aparecer casos novos en continuo.

Ademais, os concellos veciños aumentaron as súas taxas, en que se inclúe o concello da Pobra do Caramiñal que pasa a nivel máximo, e a comarca volveu a un nivel medio despois de 13 días no nivel medio baixo, o que leva a considerar preciso esperar a descendelo do nivel alto actual ao nivel medio ata que se observe que o descenso de casos é claro e continuo.

Manteríase tamén no nivel alto o concello de Moraña, da Área Sanitaria de Pontevedra, tal como indican as súas taxas a 7 e 14 días, porque a súa situación epidemiolóxica non mellorou claramente desde que se ascendeu a este nivel o 22 de maio, e segue a haber casos sen vínculo epidemiolóxico con outro caso e sen asociar a algún abrocho de orixe coñecida. O mesmo acontece co concello de Ponte Caldelas, da Área Sanitaria de Pontevedra, a pesar de que as súas taxas indican un nivel medio de restrición, debido a que este concello entrou neste nivel o 22 de maio, non leva tempo suficiente para observar a melloría da súa situación epidemiolóxica.

Aumentarían ao nivel alto desde o nivel medio de restricións actual, o concello de Ordes, da Área Sanitaria de Santiago, tal como indican as súas taxas a 7 e 14 días, e debido á existencia de varios abrochos familiares e sociais, algún deles sen orixe coñecida. Ademais, as súas taxas aumentaron desde o día 18 de maio un 30 % e un 14 % a 7 e 14 días, cun claro empeoramento da súa situación epidemiolóxica. E o concello de Viveiro, da Área Sanitaria de Lugo, tal como indican as súas taxas a 7 e 14 días, aínda que, practicamente, todos os casos están asociados a un único abrocho, pero que exportou casos aos concellos veciños de Cervo e Xove, polo que a Comarca da Mariña Occidental se atopa nun nivel de risco alto.



En relación co nivel medio de restricións, manteríanse neste nivel, polas súas taxas a 7 e/ou 14 días, os concellos de Boiro (Área Sanitaria de Santiago), Cervo (Área Sanitaria de Lugo), Bueu (Área Sanitaria de Pontevedra) e Moaña (Área Sanitaria de Vigo). Por non levar tempo suficiente neste nivel para asegurar que a evolución da súa situación epidemiolóxica é claramente cara ao descenso da incidencia, aínda que as súas taxas indicarían xa o nivel medio baixo, os concellos de Cee e Rianxo (Área Sanitaria da Coruña) e O Barco de Valdeorras (Área Sanitaria de Ourense). Nestes concellos os que mellor situación epidemiolóxica presentan son os de Cee e Rianxo. O Barco de Valdeorras podería aumentar os seus casos nos próximos días, dadas as características dos contactos.

Por outra parte, aumentarían a este nivel medio de restrición desde o nivel medio baixo actual, polas súas taxas a 7 e/ou 14 días, os concellos de Monforte de Lemos (Área Sanitaria de Lugo) e Pontearreas (Área Sanitaria de Vigo). Ademais, considérase preciso que estes concellos ascendan a este nivel non só polas súas taxas senón tamén porque os casos aínda non están todos vinculados ideoloxicamente entre si, o que supón un risco, se non se chega a establecer este vínculo e, polo tanto, que pertencen todos ao mesmo abrocho, dunha posible existencia de transmisión comunitaria subxacente. No caso de Monforte de Lemos, algúns dos casos xa foran contactos dun abrocho anterior e 10 días despois de finalizada a corentena deron positivo, o que indica que pode haber máis transmisión dentro da contorna a que pertencían estes casos, que aínda está sen detectar.

Tamén se propón para aumentar a este nivel medio, desde o medio baixo actual, en vez de ao nivel alto que indican as súas taxas a 7 días, os concellos de Vilalba e Xove da Área Sanitaria de Lugo, xa que no caso do concello de Vilalba, con dous brotes activos de orixe coñecida e que se vai realizar un cribado a 600 persoas nun dos colexios do concello, se considerou que podería esperarse a coñecer a súa evolución antes de aumentar máis as medidas de restrición. No concello de Xove, os casos son derivados do abrocho de Viveiro e afectan unha soa familia, polo que, igualmente, se considera que se pode esperar a coñecer a súa evolución.

Por outra banda, descendería a este nivel medio o concello de Cambados, da Área Sanitaria de Pontevedra, dadas as súas taxas, que así o indican, e a evolución da incidencia neste concello que chegou a estar no nivel máximo de restrición.

Para o resto de concellos de Galicia recoméndanse o nivel medio-baixo de restricións, con base nos criterios reflectidos anteriormente.



Así mesmo, aproveitase a presente orde para modificar algunhas das medidas xa adoptadas na Orde do 7 de maio de 2021 nun contexto de desescalada segura relativas á ampliación de capacidades nos establecementos e locais comerciais retallistas e de actividades de servizos profesionais abertos ao público que non formen parte de centros ou parques comerciais (punto 3.6), nos establecementos que teñan a condición de centros e parques comerciais ou que formen parte deles (punto 3.7), na realización de actos e reunións laborais, institucionais, académicos ou profesionais (punto 3.14), nas bibliotecas, arquivos, museos e salas de exposicións, monumentos e outros equipamentos culturais (punto 3.20), nas especificidades para determinadas actividades turísticas, centros de interpretación e visitantes, aulas da natureza, casetas e puntos de información (punto 3.24), capacidades nos centros sociocomunitarios (punto 4.4) e a adaptación da presente orde ás limitacións da permanencia de grupos de persoas en espazos públicos ou privados establecidas na Orde pola que se establecen medidas cualificadas de prevención para facer fronte á evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

IV

Debe insistirse, en particular, en que as medidas resultan adecuadas e eficaces de acordo cos datos expostos sobre a evolución da situación epidemiolóxica e, polo tanto, útiles para conseguir o fin proposto de protección da saúde pública, na espera de que a campaña de vacinación acade os resultados que se perseguen. Debe ponderarse que aínda non estamos en niveis de transmisión que se poidan entender de risco baixo. Así mesmo, debe manterse a protección do sistema sanitario, que soporta niveis altos de ocupación, sobre todo en determinadas áreas sanitarias. As medidas de limitación de determinadas actividades resultan necesarias, adecuadas e proporcionadas para o fin perseguido, que non é outro que controlar e evitar a maior difusión dunha enfermidade altamente contagiosa, respecto da cal a diferenza entre persoas enfermas e sas resulta difusa, dada a posible asintomatoloxía ou levidade dos síntomas e a existencia dun período no cal non hai indicios externos da enfermidade. En concreto, trátase de evitar especialmente aglomeracións ou encontros entre persoas, co fin de garantir o mantemento da distancia de seguridade e reducir o risco de contacto físico ou proximidade en condicións favorecedoras do contaxio. Debe lembrarse, neste sentido, que o Auto 40/2020, do 30 de abril de 2020, do Tribunal Constitucional, no seu fundamento xurídico cuarto, ao ponderar a relevancia das especiais circunstancias derivadas da crise sanitaria creada pola pandemia no exercicio do dereito de reunión, salientou como, ante a incerteza sobre as formas de contaxio, sobre o impacto real da propagación do virus, así como sobre as consecuencias a medio e longo prazo para a saúde das persoas que se viron afectadas, as medidas de distanciamento social e de



limitación extrema dos contactos e actividades grupais son as únicas que se teñen demostrado eficaces para limitar os efectos dunha pandemia de dimensións descoñecidas ata a data. Deste modo, as medidas de limitación de determinadas actividades van dirixidas a limitar os contactos e a interacción social e, polo tanto, a transmisión da enfermidade, en situacións nas cales cabe apreciar un maior risco polas circunstancias en que se realizan, especialmente en lugares pechados.

Así mesmo, as medidas adoptadas deben analizarse no contexto actual que está marcado polo ritmo a que avanza a campaña de vacinación e polo decaemento de determinadas medidas vinculadas á declaración do estado de alarma, como son o peche perimetral da Comunidade Autónoma e as limitacións á mobilidade nocturna que se aplicaban ata o momento con carácter xeral a toda Galicia. A isto hai que engadir que os actuais niveis de transmisión non son aínda os propios dunha situación de risco baixo.

A suma de todos estes factores require a adopción das medidas contidas nesta orde, que se revelan como necesarias, adecuadas e proporcionadas ao fin perseguido, que non é outro que o de controlar e evitar a maior difusión dunha enfermidade altamente contaxiosa respecto da cal a diferenza entre persoas enfermas e sas resulta difusa, dada a posible asintomatoloxía ou levidade dos síntomas e a existencia dun período no cal non hai indicios externos da enfermidade. A experiencia acumulada avala, ademais, que as medidas son eficaces e útiles para acadar o obxectivo proposto de protección da saúde pública e do sistema sanitario.

Imperan na adopción destas os principios de prudencia e precaución que impregnan a regulación desta materia na lexislación sanitaria e téñense en conta as especificidades propias da Comunidade Autónoma: Galicia conta cunha poboación especialmente envellecida e no noso territorio o virus circulou menos que noutros territorios do Estado, polo que existe un menor nivel de inmunidade natural, ao que se une o feito de que, como xa se indicou, aínda non se completou o proceso de vacinación e, polo tanto, non se acadaron aínda os índices de inmunidade desexables.

Particular mención exige o establecemento de medidas máis restritivas nos concellos en que a situación epidemiolóxica presenta unha maior gravidade, cunha taxa de incidencia acumulada a 14 días de máis de 500 casos por cada cen mil habitantes ou cunha taxa de incidencia acumulada a 7 días de máis de 250 casos por cada cen mil habitantes e que se corresponden cos concellos que, de conformidade co anexo II desta orde, quedan some-



tidos ao máximo nivel restricións. A súa situación fai imprescindible adoptar un conxunto de medidas que se orientan a reducir ao máximo a interacción social, xa que só así se ten demostrado que é posible acadar a mellora das respectivas situacións epidemiolóxicas.

Nese sentido, a presente orde establece unha serie de medidas específicas que teñen por obxecto a regulación de distintas actividades coa finalidade de que poidan desenvolverse en condicións de seguridade, minimizando ao máximo o risco de contaxio e propagación da enfermidade. Para lograr ese fin resulta imprescindible evitar as aglomeracións e garantir o mantemento en todo momento da distancia de seguridade e reducindo o contacto físico ou proximidade en condicións favorecedoras do contaxio.

Estas medidas específicas tradúcense, en moitos casos, no establecemento de capacidades máximas. As evidencias científicas apoian as políticas de control de limitación e capacidades e a súa eficacia fronte a outras políticas sen esta limitación pero con redución xeneralizada da mobilidade, o que apoia a efectividade e eficiencia das medidas de control focalizadas nos sectores de maior risco. A isto únese que a maior parte dos gromos se produce nun contexto social, a consecuencia de exposicións prolongadas ás secrecións respiratorias que se emiten en forma de aerosois que conteñen o virus. Nesta liña, hai estudos que evidencian que, dentro das intervencións non farmacolóxicas, as relacionadas coa diminución dos contactos sociais no interior de establecementos teñen a capacidade de lentificar a velocidade de transmisión.

Especial mención debe facerse ao peche da hostalaría nos concellos que presentan unha situación epidemiolóxica de maior risco. Diversos estudos indican o impacto dos peches de locais de hostalaría na diminución da incidencia, o que apoia a afirmación de que esta medida é unha das máis efectivas dentro do conxunto das intervencións non farmacolóxicas.

Ademais, os estudos de rastrexo de contactos amosan a capacidade dos establecementos de hostalaría e restauración para xerar eventos de supercontaxio, á vez que enfatizan a importancia de controlar as correntes de aire e a correcta ventilación do interior dos establecementos. A transmisión vese favorecida en lugares cerrados, mal ventilados, con afluencia de moitas persoas e onde non se observan as medidas de distanciamento e hixiene e prevención durante todo o tempo, especialmente o uso da máscara. É precisamente por este motivo polo que, naqueles supostos en que non se prevé como requisito



necesario o uso dos dispositivos medidores de CO₂ na Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen as actuacións necesarias para a posta en marcha do Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia, se introduce a recomendación de que estes dispositivos se usen na prestación de servizos de hostalaría e restauración, nas condicións establecidas na orde citada, co obxecto de garantir unha correcta ventilación dos locais. Esta recomendación entenderase sen prexuízo de que en posteriores actualizacións da orde se poida establecer o uso destes medidores como requisito, no marco das condicións de ampliación de horario de peche e capacidade máxima que se establezan.

Finalmente, debe salientarse que, en cumprimento do disposto no artigo 38.ter.4 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, as medidas recollidas nesta orde terán unha duración determinada, tal e como se establece no punto sétimo da Orde. Ademais, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, serán obxecto de seguimento e avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

V

As medidas que se adoptan nesta orde teñen o seu fundamento normativo no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 a 38.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para adoptar as medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica existente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, coa urxencia que a protección da saúde pública demanda.

Cómpre indicar tamén que as medidas recollidas nesta orde sobre o uso de máscara e limitacións de capacidade atopan así mesmo o seu fundamento no disposto na Lei 2/2021, do 29 de marzo, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19.

Na súa virtude, en aplicación do punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transi-



ción cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:**Primeiro. *Obxecto***

1. Constitúe o obxecto desta orde establecer medidas de prevención específicas, atendida a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. As medidas contidas nesta orde son complementarias das previstas na corresponde Orde pola que se establezan medidas cualificadas de prevención para facer fronte á evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia que precisan para a súa eficacia da autorización xudicial, que se atope vixente en cada momento.

En todo o non previsto na dita disposición e nesta orde, e no que sexa compatible con ela, aplicarase o disposto no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente.

Segundo. *Alcance*

1. Serán de aplicación no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia as medidas de prevención específicas recollidas no anexo I.

2. As medidas específicas aplicables recollidas no anexo I virán condicionadas pola situación epidemiolóxica dos distintos concellos, de conformidade co indicado no anexo II.

Terceiro. *Medidas de prevención en relación coa chegada á Comunidade Autónoma de Galicia de persoas procedentes doutros territorios*

1. De acordo co establecido no artigo 38.1.k) da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, as persoas desprazadas a Galicia deberán cumprir o establecido na Orde do 27 de xullo de 2020 pola que se establecen medidas de prevención para facer fronte á crise



sanitaria ocasionada pola COVID-19, en relación coa chegada á Comunidade Autónoma de Galicia de persoas procedentes doutros territorios.

Por conseguinte, as persoas que cheguen á Comunidade Autónoma de Galicia despois de ter estado, dentro do período dos catorce días naturais anteriores á dita chegada, en territorios cunha alta incidencia da COVID-19 en comparación coa existente na Comunidade Autónoma, deberán comunicar, no prazo máximo de 24 horas desde a súa chegada á Comunidade Autónoma de Galicia, os datos de contacto e de estadía na Comunidade Autónoma de Galicia na forma establecida na orde.

Mediante a resolución da persoa titular da dirección xeral competente en materia de saúde pública determinaranse os territorios a que se refire o parágrafo anterior. A dita resolución será obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web do Servizo Galego de Saúde, e deberá ser obxecto de actualización, como mínimo, cada 15 días naturais.

2. Os datos subministrados serán empregados polas autoridades sanitarias autonómicas exclusivamente para contactar coas ditas persoas para o cumprimento de finalidades de saúde pública, para os efectos de facilitarlles a información e as recomendacións sanitarias que procedan, así como, de ser o caso, en atención ás concretas circunstancias concorrentes, para a adopción das medidas sanitarias que resulten necesarias, sempre de acordo coa lexislación aplicable e buscando, de maneira preferente, a colaboración voluntaria da persoa afectada coas autoridades sanitarias.

3. En particular, de acordo co indicado no número anterior, entre as medidas aplicables estará o ofrecemento da realización dunha proba diagnóstica de infección activa a estas persoas, salvo que poidan acreditar documentalmente a través dun certificado emitido polo servizo público de saúde competente, ou, no caso da letra b), por un laboratorio oficial autorizado, a concorrencia de calquera das seguintes circunstancias:

a) Que recibiron a pauta completa dunha vacina contra a COVID-19 para a que se concedeu unha autorización de comercialización de conformidade co Regulamento (CE) nº 726/2004, e sempre que transcorresen, polo menos, 10 días desde a última dose desta.



b) Que dispoñen dunha proba diagnóstica de infección activa (PDIA) negativa. No caso dos test rápidos de antíxenos deberán estar enumerados na lista común e actualizada de test rápidos de antíxenos da COVID-19 establecida sobre a base da Recomendación 2021/ C 24/01 do Consello de Europa. A proba debe ser realizada nas últimas 72 horas anteriores á chegada a Galicia.

c) Que o titular se recuperou dunha infección polo SARS-CoV-2 diagnosticada e está no período comprendido entre o día 11 e o 180, ambos inclusive, despois da PDIA positiva. Esta situación acreditarase a través do certificado oportuno emitido polo seu servizo de saúde.

Para os efectos do establecido neste punto, a exhibición dos certificados só poderá ser solicitada cando as persoas interesadas aleguen as circunstancias que acrediten. Non se conservarán os datos a que se refiren os certificados nin se crearán ficheiros con eles.

4. As persoas desprazadas a Galicia, unha vez que estean no lugar a que se despracen, deberán cumprir as limitacións de entrada e saída previstas, se é o caso, nesta orde, ademais do resto das medidas aplicables.

Cuarto. *Control do cumprimento das medidas e réxime sancionador*

1. A vixilancia, inspección e control do cumprimento das medidas de prevención que se recollen nesta orde, e a garantía dos dereitos e deberes sanitarios da cidadanía, corresponderán aos respectivos concellos dentro das súas competencias e sen prexuízo das competencias da Consellería de Sanidade, tendo en conta a condición de autoridade sanitaria dos alcaldes e alcaldesas de acordo co artigo 33.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, e as competencias dos concellos de control sanitario de actividades e servizos que impacten na saúde da súa cidadanía e dos lugares de convivencia humana, de acordo co artigo 80.3 do mesmo texto legal, así como da súa competencia para a ordenación e control do dominio público.

2. Así mesmo, os órganos de inspección da Administración autonómica, no ámbito das súas competencias, poderán realizar as actividades de inspección e control oportunas para a vixilancia e comprobación do cumprimento das medidas de prevención aplicables.

3. As forzas e corpos de seguridade darán traslado das denuncias que formulen, polo incumprimento das medidas de prevención, ás autoridades competentes.



Quinto. *Plan de hostalaría segura*

1. A Xunta de Galicia, a través da consellería competente en materia sanitaria continuará desenvolvendo o «Plan de hostalaría segura» posto en marcha a través da Orde do 25 de febreiro de 2021 baseado nas seguintes liñas fundamentais:

a) Corresponsabilidade dos operadores económicos na aplicación, cumprimento e seguimento do plan e na colaboración no establecemento de medidas e instrumentos que contribúan ao control e seguimento de posibles gromos, incluída a rastrexabilidade dos posibles contactos, co obxecto de garantir unha actividade nas adecuadas condicións de seguridade.

b) Definición de criterios claros e precisos para a organización e utilización de espazos, condicións de adecuada ventilación que velen pola calidade do aire interior e determinación de ocupación para efectos da aplicación das medidas sanitarias de prevención.

c) Colaboración coas entidades representativas do sector para o estudo, deseño e implementación das medidas de prevención aplicables, incluída a promoción da existencia de mecanismos de autocontrol e auditoría de cumprimento.

d) Xeración de confianza nos usuarios, así como información e concienciación deles sobre as medidas de prevención e o seu necesario cumprimento.

e) Establecemento dun plan de control e inspección autonómico e a adecuada colaboración coas entidades locais nas súas competencias de control e inspección, especialmente con aquelas de menor tamaño e medios.

f) Colaboración das forzas e corpos de seguridade no control e inspección.

2. O Plan de hostalaría segura terá a consideración de plan sanitario para os efectos do previsto no artigo 80 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, polo que as entidades locais participarán na súa aplicación e cumprimento mediante o exercicio das súas competencias de control sanitario establecidas na lei.

Sexto. *Teletraballo*

Tendo en conta o establecido no artigo 12 do Acordo sobre a prestación de servizos na modalidade de teletraballo na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 3 de decembro de 2020,



publicado pola Orde do 14 decembro de 2020 da Consellería de Facenda e Administración Pública, que establece un réxime especial de autorización, que pode ser aplicable, entre outros motivos, por razóns de declaración da situación de emerxencia, e tendo en conta a existencia dunha declaración de situación de emerxencia sanitaria en vigor, á vista da evolución da situación epidemiolóxica, e coa finalidade de coaduxar nun maior control da transmisión, entenderase prorrogada a eficacia das resolucións de teletraballo ditadas polas distintas consellerías e entidades do sector público autonómico por razón da situación sanitaria derivada da COVID-19. Serán de aplicación no teletraballo as condicións recollidas no réxime especial establecido no artigo 12 do Acordo sobre a prestación de servizos na modalidade de teletraballo na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

Sétimo. *Eficacia*

1. As medidas previstas nesta orde terán efectos desde as 00.00 horas do día seguinte ao da súa publicación ata as 00.00 horas do 12 de xuño.

2. En cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas previstas nesta orde serán obxecto de seguimento e avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser prorrogadas, modificadas ou levantadas por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Santiago de Compostela, 28 de maio de 2021

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade

ANEXO I

Medidas de prevención específicas aplicables na Comunidade Autónoma de Galicia

Serán de aplicación no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia as medidas de prevención específicas recollidas neste anexo.

1. Obrigas xerais.

1.1. Obrigas de cautela e protección.

Todos os cidadáns deberán adoptar as medidas necesarias para evitar a xeración de riscos de propagación da enfermidade da COVID-19, así como a propia exposición aos ditos riscos.



Este deber de cautela e protección será igualmente exixible aos titulares de calquera actividade.

Así mesmo, deberán respectarse as medidas de seguridade e hixiene establecidas polas autoridades sanitarias para a prevención da COVID-19.

1.2. Persoas con sintomatoloxía.

Calquera persoa que experimente algún dos síntomas máis comúns compatibles coa COVID-19, tales como febre, calafríos, tose, sensación de falta de aire, diminución do olfacto e do gusto, dor de gorxa, dores musculares, dor de cabeza, debilidade xeral, diarrea ou vómitos deberá permanecer no seu domicilio e comunicalo ao seu servizo sanitario o antes posible.

Igualmente, se existen conviventes no domicilio, deberá evitar o contacto con eles e, se é posible, usar un cuarto de forma exclusiva ata recibir instrucións do seu servizo sanitario.

1.3. Distancia de seguridade interpersoal.

Deberá cumprirse a medida de mantemento da distancia de seguridade interpersoal establecida pola Lei 2/2021, do 29 de marzo, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, de polo menos, 1,5 metros ou, na súa falta, medidas alternativas de protección física con uso de máscara, de hixiene adecuada e etiqueta respiratoria.

1.4. Obrigatoriedade do uso de máscaras.

Será obrigatorio o uso da máscara nas seguintes condicións:

a) Obriga xeral.

Para as persoas de seis ou máis anos será obrigatorio o uso da máscara en todo momento, tanto cando se estea na vía pública e en espazos ao aire libre como cando se estea en espazos pechados de uso público ou que se encontren abertos ao público, aínda que se poida garantir a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros.

Así mesmo, de conformidade co artigo 6.1.b) da Lei 2/2021, do 29 de marzo, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, para as persoas de seis ou máis anos será obrigatorio o uso



de máscara nos medios de transporte aéreo, marítimo, en autobús ou por ferrocarril, así como nos transportes públicos e privados complementarios de viaxeiros en vehículos de ata nove prazas, incluído o condutor.

b) Regras específicas.

1ª) Na realización de adestramentos e na celebración de competicións dentro da actividade deportiva federada de competencia autonómica aplicarase, respecto ao uso da máscara, o recollido especificamente no protocolo das federacións deportivas respectivas.

2ª) No caso de colectivos artísticos que desenvolvan actos e espectáculos culturais, aplicarase as regras específicas do número 2.9 do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020 e, respecto da produción e rodaxe de obras audiovisuais, aplicarase as medidas previstas no número 2.10 do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020.

3ª) No caso dos coros e agrupacións vocais de canto, das orquestras, bandas e outras agrupacións musicais, da celebración de congresos, encontros, reunións de negocio, conferencias, eventos e actos similares e da actividade formativa en conservatorios, escolas de música e danza, observarase o indicado especificamente nas medidas recollidas nos números 2.11, 2.12, 3.33 e 3.41 do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, respectivamente.

4ª) Nos centros docentes observarase, respecto ao uso da máscara, o recollido especificamente no correspondente protocolo.

5ª) Co obxecto de evitar a propagación de contaxios e asegurar o mantemento dos servizos, na prestación de asistencia ou axuda no fogar a persoas dependentes, será obrigatorio o uso de máscara tanto por parte do persoal prestador do servizo como por parte das persoas dependentes e daquelas que se atopen no seu domicilio. A dita obriga non será exigible cando se trate de persoas dependentes que presenten algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria que se poida ver agravada polo uso da máscara ou que, pola súa situación de discapacidade ou dependencia, non dispoñan de autonomía para quitar a máscara, ou ben presenten alteracións de conduta que fagan inviable a súa utilización.

6ª) Nas actividades no ámbito laboral desenvolvidas en espazos comúns ou de uso colectivo ou en calquera outra dependencia en que estean varios traballadores/as ou traballadores/as e/ou clientes será obrigatorio o uso da máscara.



c) Condicións de uso da máscara.

Deberá darse un uso axeitado á máscara, é dicir, esta deberá cubrir desde parte do tabique nasal ata o queixo, incluído.

Ademais, a máscara que se debe empregar non deberá estar provista de válvula exhalatoria, agás nos usos profesionais para os cales este tipo de máscara poida estar recomendada.

d) Excepcións á obriga de uso da máscara.

A obriga de uso de máscara non será exigible nos seguintes supostos:

1º) Cando se trate de persoas que presenten algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria que se poida ver agravada polo uso da máscara ou que, pola súa situación de discapacidade ou dependencia, non dispoñan de autonomía para quitar a máscara, ou ben presenten alteracións de conduta que fagan inviable a súa utilización.

2º) Nos vehículos de turismo, cando todas as persoas ocupantes convivan no mesmo domicilio.

3º) No mar, praias e piscinas, no exterior ou cubertas, lagos, embalses, ríos ou noutras zonas de baño, durante o baño, e mentres se permaneza nun espazo determinado, sen desprazarse, e sempre que se poida garantir o respecto da distancia de seguridade interpersonal entre todas as persoas usuarias non conviventes.

En calquera caso, será obrigatorio o uso de máscara para os accesos, desprazamentos e paseos nas praias e piscinas, lagos e demais contornos acuáticos, así como para o uso de vestiarios de piscinas públicas ou comunitarias, salvo nas duchas.

Entenderase por actividades incompatibles co uso da máscara as actividades de socorrista ou rescate cando requiran acceder ao medio acuático.

4º) Nos establecementos de hostalaría e restauración, por parte dos clientes do establecemento exclusivamente nos momentos estritamente necesarios para comer ou beber.

5º) No interior dos cuartos de establecementos de aloxamento turístico e outros espazos similares, cando unicamente se atopen neles persoas que se aloxen no cuarto.



6º) Nos buques e embarcacións de transporte de competencia autonómica, no interior dos camarotes, cando unicamente se atopen neles persoas que se aloxen no camarote.

7º) No caso do exercicio de deporte individual en espazos ao aire libre, exclusivamente durante a realización da práctica deportiva, sempre que, tendo en conta a posible concorrencia de persoas e as dimensións do lugar, poida garantirse o mantemento, en todo momento, da distancia de 1,5 metros con outras persoas ou deportistas non conviventes. Non obstante, debera usarse a máscara na práctica do deporte nas vías públicas, como rúas, avenidas, paseos, prazas e camiños de tránsito público, ou outros ámbitos que sexan lugar de circulación habitual de viandantes e polos que circulen de feito nese momento.

Seralles de aplicación o establecido no parágrafo anterior ás actividades que supoñan un esforzo físico de carácter non deportivo equiparable a este, ao aire libre e de forma individual.

8º) En supostos de forza maior ou situación de necesidade ou cando, pola propia natureza das actividades, o uso da máscara resulte incompatible, conforme as indicacións das autoridades sanitarias.

9º) No caso particular de consumo de tabaco ou de cigarros electrónicos, ou alimentos e bebidas, na vía pública ou en espazos ao aire libre, só se poderá exceptuar a obriga de uso de máscara, e exclusivamente durante o indicado consumo, sempre que a persoa o efectúe parada e fóra dos lugares habituais de circulación dos viandantes, de tal xeito que, tendo en conta a posible concorrencia de persoas e as dimensións do lugar, poida garantirse o mantemento, en todo momento, da distancia de dous metros con outras persoas. O anterior será aplicable tamén para o uso de calquera dispositivo de inhalación de tabaco, pipas de auga, cachimbas e asimilados.

10º) Na práctica de deporte no medio acuático, sexa este natural ou artificial.

e) Recomendacións sobre reunións de grupos de persoas en espazos privados.

Nos espazos privados, abertos ou pechados, de uso privado, recoméndase o uso de máscara, no caso de reunións ou de posible confluencia de persoas non conviventes, así como o mantemento da distancia de seguridade interpersonal e a aplicación de medidas de hixiene.



1.5. Medidas específicas para casos e contactos estreitos.

As persoas que sexan consideradas caso sospeitoso ou probable de infección polo virus SARS-CoV-2, por teren infección respiratoria aguda grave con cadro clínico ou radiolóxico compatible coa COVID-19, ou que estean pendentes dos resultados de probas diagnósticas por este motivo, as que sexan consideradas como caso confirmado con infección activa e as consideradas contacto estreito dun caso sospeitoso, probable ou confirmado, deberán seguir as condicións de illamento ou corentena que lles sexan indicadas desde os dispositivos asistenciais ou de saúde pública, sen poderen abandonar o seu domicilio ou lugar de illamento ou corentena en ningún caso, salvo autorización expresa do servizo sanitario por causas debidamente xustificadas.

2. Medidas xerais de hixiene e prevención.

Sen prexuízo das normas ou protocolos específicos que se establezan, serán aplicables a todos os establecementos, locais de negocio, instalacións e espazos de uso público e actividades de carácter público, as medidas xerais de hixiene e prevención establecidas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, na redacción vixente.

3. Limitacións de capacidade e medidas de prevención específicas por sectores.

3.1. Medidas en materia de control de capacidade.

1. Os establecementos, instalacións e locais deberán expor ao público a capacidade máxima, e asegurar que a dita capacidade e a distancia de seguridade interpersonal se respecta no seu interior, polo que se deberán establecer procedementos que permitan o recuento e control da capacidade, de forma que esta non sexa superada en ningún momento.

No caso do sector da hostalaría e restauración, aplicarase tamén o que establece a Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen as actuacións necesarias para a posta en marcha do Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia, nomeadamente, no relativo á distribución de espazos, ocupacións, mobiliario e outros elementos de seguridade.



2. A organización da circulación de persoas e a distribución de espazos deberá procurar a posibilidade de manter a distancia de seguridade interpersoal. Na medida do posible, estableceranse itinerarios para dirixir a circulación de clientes e usuarios e evitar aglomeracións en determinadas zonas, tanto no interior como no exterior, e prever o contacto entre eles. Cando se dispoña de dúas ou máis portas, procurarase establecer un uso diferenciado para a entrada e a saída, co obxecto de reducir o risco de formación de aglomeracións.

3. Cando se dispoña de aparcadoiros propios para traballadores e usuarios, establececese un control de accesos para mellor seguimento das normas de capacidade. Na medida do posible, as portas que se atopen no percorrido entre o aparcadoiro e o acceso á tenda ou aos vestiarios dos traballadores disporán de sistemas automáticos de apertura ou permanecerán abertas para evitar a manipulación dos mecanismos de apertura.

4. De ser o caso, o persoal de seguridade velará para que se respecte a distancia interpersoal de seguridade e evitará a formación de grupos numerosos e aglomeracións, prestando especial atención ás zonas de escaleiras mecánicas, ascensores, zonas comúns de paso e zonas recreativas.

5. En caso necesario, poderanse utilizar valos ou sistemas de sinalización equivalentes para un mellor control dos accesos e xestión das persoas para os efectos de evitar calquera aglomeración.

6. En calquera caso, a sinalización de percorridos obrigatorios e independentes ou outras medidas que se establezan realizaranse tendo en conta o cumprimento das condicións de evacuación exixibles na normativa aplicable.

3.2. Control de capacidade en centros e parques comerciais e grandes superficies.

Os centros e parques comerciais, así como os establecementos que teñan a consideración de grandes superficies, deberán dispoñer de sistemas ou dispositivos que permitan coñecer en todo momento o número de persoas usuarias existente no seu interior, así como o control da capacidade máxima permitida nas citadas instalacións.

O cumprimento da citada obriga será responsabilidade das persoas, físicas ou xurídicas, titulares das citadas instalacións ou das que teñan atribuída a súa xestión.



3.3. Velorios e enterros.

1. Os velorios poderán realizarse en todo tipo de instalacións, públicas ou privadas, debidamente habilitadas cun límite máximo, en cada momento, de 10 persoas por túmulo, sexan ou non conviventes, e 25 persoas no exterior, sexan ou non conviventes.

2. A participación na comitiva para o enterramento ou despedida para cremación da persoa falecida restrínxese a un máximo de vinte e cinco persoas, sexan ou non conviventes, ademais de, se é o caso, o ministro de culto ou persoa asimilada da confesión respectiva para a práctica dos ritos funerarios de despedida do defunto.

3. Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersoal nas instalacións ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso de máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersoal indicada, nos termos previstos no punto 1.4 do anexo I desta orde.

4. As zonas comúns de paso utilizaranse unicamente para o tránsito de entrada e saída, sen que poida haber grupos de persoas neles. O tempo de estadía nas instalacións reducirase ao estritamente necesario para expresar as debidas condolencias, evitando permanecer nas zonas de paso.

5. Os servizos de hostalaría existentes nos establecementos funerarios rexeranse polo disposto no punto 3.22.

3.4. Lugares de culto.

1. Na Comunidade Autónoma de Galicia, a asistencia a lugares de culto non poderá superar o cincuenta por cento da súa capacidade, salvo nos concello recollidos na letra A do anexo II, en que non poderá superar o terzo da súa capacidade. Deberá garantirse, en todo caso, o mantemento da distancia de seguridade de 1,5 metros entre as persoas asistentes. A capacidade máxima deberá publicarse en lugar visible do espazo destinado ao culto.

2. Deberán establecerse medidas para ordenar e controlar as entradas e saídas aos lugares de culto para evitar aglomeracións e situacións que non permitan cumprir coa distancia de seguridade.

3. As limitacións previstas nos números anteriores non poderán afectar en ningún caso o exercicio privado e individual da liberdade relixiosa.



4. Nas actuacións e nas actividades de ensaio que impliquen a participación de coros e agrupacións vocais de canto deberá asegurarse que se respecte en todo momento a distancia de seguridade interpersonal entre os integrantes do coro ou da agrupación e, polo menos, de 3 metros entre estes e o público. Será obrigatorio, en calquera caso, o uso de máscara durante toda a actuación e nas actividades de ensaio.

5. Sen prexuízo das recomendacións de cada confesión en que se teñan en conta as súas particularidades, na celebración dos actos de culto deberán observarse as seguintes medidas de hixiene e prevención:

a) Procurarase manter a distancia de seguridade interpersonal entre os participantes entre si e co público asistente e o uso de máscara será obrigatorio consonte o disposto no punto 1.4 do anexo I desta orde.

b) Diariamente deberán realizarse tarefas de desinfección dos espazos utilizados ou que se vaian utilizar e de xeito regular reiterarase a desinfección dos obxectos que se tocan con maior frecuencia.

c) Organizaranse as entradas e saídas para evitar aglomeracións de persoas nos accesos e inmediacións dos lugares de culto.

d) Poranse á disposición do público dispensadores de xeles hidroalcohólicos ou desinfectantes con actividade viricida debidamente autorizados e rexistrados en lugares accesibles e visibles e, en todo caso, na entrada do lugar de culto, que deberán estar sempre en condicións de uso.

e) Non se permitirá o uso de auga bendita e as ablucións rituais deberán realizarse na casa.

f) Facilitarase no interior dos lugares de culto a distribución dos asistentes sinalizando, se for necesario, os asentos ou zonas utilizables en función da capacidade permitida en cada momento.

g) Nos casos en que os asistentes se sitúen directamente no chan e se descalcen antes de entrar no lugar de culto, usaranse alfombras persoais e situarase o calzado nos lugares estipulados, embolsado e separado.

h) Limitarase ao menor tempo posible a duración dos encontros ou celebracións.



i) Durante o desenvolvemento das reunións ou celebracións evitarase o contacto persoal, tocar ou bicar obxectos de devoción ou outros obxectos que habitualmente se manexen.

3.5. Cerimonias nupciais e outras celebracións relixiosas ou civís.

As cerimonias nupciais e demais celebracións relixiosas ou civís deberán respectar as regras de capacidade e as medidas de hixiene e prevención que sexan de aplicación ao lugar onde se desenvolvan.

3.6. Establecementos e locais comerciais retalistas e de actividades de servizos profesionais abertos ao público que non formen parte de centros ou parques comerciais.

1. Os establecementos e locais comerciais retalistas e de actividades de servizos profesionais abertos ao público que non formen parte de centros ou parques comerciais non poderán superar o cincuenta por cento da súa capacidade total nos concellos enumerados nas letras A e B do anexo II, nin do setenta e cinco por cento nos concellos enumerados nas letras C e D do mesmo anexo II. No caso de establecementos ou locais distribuídos en varios andares, a presenza de clientes en cada un deles deberá gardar esta mesma proporción.

Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersoal nos locais e establecementos ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso da máscara será obrigatorio en todo momento, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersoal.

2. O horario de peche dos ditos establecementos e locais será o que teñan fixado de acordo coa normativa vixente e deben respectar, se é o caso, as limitacións establecidas para a mobilidade nocturna.

3. Deberán prestar un servizo de atención preferente a maiores de 75 anos, o cal deberá concretarse en medidas como o control de accesos ou caixas de pagamento específicas, e/ou en horarios determinados que aseguren a dita preferencia na atención. A existencia do servizo de atención preferente deberá sinalarse de forma visible neses establecementos e locais.

4. Os establecementos que teñan consideración de gran superficie, entendendo por tales os que teñan máis de 2.500 metros cadrados de superficie, deberán dispor de sistemas



ou dispositivos que permitan coñecer, en todo momento, o número de persoas usuarias existente no seu interior, así como o control da capacidade máxima permitida nas citadas instalacións.

O cumprimento da citada obriga será responsabilidade das persoas, físicas ou xurídicas, titulares das citadas instalacións.

3.7. Establecementos que teñan a condición de centros e parques comerciais ou que formen parte deles.

1. Os establecementos e locais comerciais retallistas e de actividades de servizos profesionais abertos ao público situados en centros e parques comerciais non poderán superar o cincuenta por cento da súa capacidade total nos concellos enumerados nas letras A e B do anexo II, nin do setenta e cinco por cento nos concellos enumerados nas letras C e D do mesmo anexo II. No caso de establecementos ou locais distribuídos en varios andares, a presenza de clientes en cada un deles deberá gardar esta mesma proporción.

Para estes efectos, entenderanse por centros e parques comerciais os establecementos comerciais de carácter colectivo definidos no número 2 do artigo 23 da Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia.

2. A capacidade das zonas comúns dos centros e parques comerciais queda limitada ao trinta por cento nos concellos enumerados nas letras A e B do anexo II, e ao cincuenta por cento nos concellos enumerados nas letras C e D do mesmo anexo II. Non se permitirá a permanencia de clientes nas zonas comúns, excepto para o tránsito entre os establecementos. Queda prohibida a utilización de zonas recreativas, como poden ser zonas infantís, ludotecas ou áreas de descanso, que deben permanecer pechadas.

3. O horario de peche dos centros e parques comerciais será o que teñan fixado de acordo coa normativa vixente e deben respectar, se é o caso, as limitacións establecidas para a mobilidade nocturna.

4. Deberanse establecer as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersonal no interior dos locais e establecementos e nas zonas comúns ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso de máscara será obrigatorio en todo momento, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersonal



indicada, nos termos previstos no número 1.4 deste anexo. Ademais, deberán evitarse as aglomeracións de persoas que comprometan o cumprimento destas medidas.

5. Os centros e parques comerciais deberán dispor de sistemas ou dispositivos que permitan coñecer, en todo momento, o número de persoas usuarias existente no seu interior, así como o control da capacidade máxima permitida nas citadas instalacións.

O cumprimento da citada obriga será responsabilidade das persoas, físicas ou xurídicas, titulares das citadas instalacións ou das que teñan atribuída a súa xestión.

6. Deberán prestar un servizo de atención preferente a maiores de 75 anos, o cal deberá concretarse en medidas como o control de accesos ou caixas de pagamento específicas, e/ou en horarios determinados que aseguren a dita preferencia na atención. A existencia do servizo de atención preferente deberá sinalarse de forma visible neses establecementos e locais.

3.8. Mercados que desenvolven a súa actividade na vía pública.

1. No caso dos mercados que desenvolven a súa actividade na vía pública ao aire libre ou de venda non sedentaria, coñecidos como feiras, a capacidade virá determinada polo número de postos autorizados do xeito seguinte:

a) Nos mercados con menos de 150 postos autorizados, poderán dispoñer do 100 % dos postos habituais ou autorizados.

b) Nos mercados que teñan entre 150 e 250 postos autorizados, poderán dispoñer do 75 % dos postos habituais ou autorizados.

c) Nos mercados que teñan máis de 250 postos autorizados, poderán dispoñer do 50 % dos postos habituais ou autorizados.

En todo caso, limitarán a afluencia de clientes de maneira que se asegure o mantemento da distancia de seguridade interpersoal.

Os concellos poderán aumentar a superficie habilitada ou habilitar novos días para o exercicio desta actividade para compensar as limitacións previstas anteriormente, e prestarán especial atención á vixilancia do cumprimento das medidas sanitarias e protocolos aplicables nestes contornos.



Os concellos establecerán requisitos de distanciamento entre os postos e as condicións de delimitación do mercado co obxectivo de procurar manter a distancia de seguridade interpersonal entre traballadores, clientes e viandantes ou, na súa falta, será precisa a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso da máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersonal indicada, nos termos previstos no número 1.4 do anexo I desta orde.

2. Durante todo o proceso de atención ao consumidor deberá manterse a distancia de seguridade interpersonal establecida entre o vendedor e o consumidor, que poderá ser dun metro cando se conte con elementos de protección ou barreira.

3. Deberá sinalarse de forma clara a distancia de seguridade interpersonal entre clientes, con marcas no chan ou mediante o uso de balizas, cartellaría e sinalización para aqueles casos en que sexa posible a atención individualizada de máis dun cliente ao mesmo tempo.

4. Recoméndase a posta á disposición de dispensadores de xeles hidroalcohólicos ou desinfectantes con actividade viricida debidamente autorizados e rexistrados nas inmediacións dos mercados ao aire libre ou de venda non sedentaria na vía pública.

5. Realizarase, polo menos unha vez ao día, unha limpeza e desinfección das instalacións con especial atención ás superficies de contacto máis frecuentes, especialmente mostradores e mesas ou outros elementos dos postos, anteparos, de ser o caso, teclados, terminais de pagamento, pantallas táctiles, ferramentas de traballo e outros elementos susceptibles de manipulación, prestando especial atención a aqueles utilizados por máis dun traballador.

6. Procurarase evitar a manipulación directa dos produtos por parte dos clientes.

3.9. Actividades en academias, autoescolas e centros privados de ensino non regrado e centros de formación.

1. A actividade que se realice en academias, autoescolas e centros privados de ensino non regrado e centros de formación non incluídos no ámbito de aplicación do artigo 9 do Lei 2/2021, do 29 de marzo, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, inscritos no correspondente rexistro, poderá impartirse dun modo presencial sempre que non se supere unha capacidade do cincuenta por cento respecto do máximo permitido.



Nestes centros priorizarase a realización da actividade lectiva non presencial, por medios telemáticos (en liña) sempre que sexa posible.

2. Deberán establecerse as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersonal nas súas instalacións ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso da máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersonal indicada, nos termos previstos no número 1.4 do anexo I desta orde.

3. No caso de utilización de vehículos será obrigatorio o uso da máscara tanto polo persoal docente como polo alumnado ou o resto de ocupantes do vehículo.

3.10. Hoteis, albergues e aloxamentos turísticos.

1. Os hoteis, albergues e establecementos turísticos permanecerán abertos, sen prexuízo das limitacións vixentes de entrada e saída de persoas en determinados ámbitos territoriais, que deberán respectarse en todo caso. Os clientes procedentes dalgún dos ámbitos territoriais aos cales se lles apliquen as devanditas limitacións soamente poderán terse desprazado aos establecementos situados fóra dese ámbito territorial polos motivos xustificadas establecidos na normativa vixente.

2. Os albergues poderán manter unha ocupación máxima do 30 % das prazas nos espazos de aloxamento compartido.

3. A ocupación das zonas comúns dos hoteis, albergues e aloxamentos turísticos non poderá superar o cincuenta por cento da súa capacidade.

Para iso, cada establecemento deberá determinar a capacidade dos distintos espazos comúns, así como aqueles lugares en que se poderán realizar eventos e as condicións máis seguras para a súa realización conforme a capacidade máxima prevista e de acordo coas medidas de hixiene, protección e distancia mínima establecidas.

4. Poderán facilitar servizos de hostalaría e restauración para os clientes aloxados nos ditos establecementos. Para o resto de clientes, resultará de aplicación o disposto no punto 3.22.

5. No caso de instalacións deportivas de hoteis, albergues e aloxamentos turísticos, tales como piscinas ou ximnasios, rexeranse polas regras aplicables a este tipo de insta-



lacións en función da incidencia acumulada do respectivo concello, de conformidade co previsto no punto 3.15.

3.11. Actividade cinexética.

1. Está permitida a actividade cinexética en todas as súas modalidades sempre que se axuste ás limitacións de grupos de persoas aplicables no respectivo concello.

2. En todo caso, a realización das ditas actividades estará sometida ás restricións perimetrais actualmente vixentes.

3.12. Pesca fluvial e marítima, deportiva e recreativa.

1. Está permitida a práctica da pesca fluvial e marítima, deportiva e recreativa, en todas as súas modalidades, sempre que se axuste ás limitacións de grupos de persoas aplicables no respectivo concello.

2. En todo caso, a realización das ditas actividades estará sometida ás restricións perimetrais actualmente vixentes.

3.13. Parques e zonas deportivas de uso público ao aire libre.

1. Os parques infantís, parques biosaudables, zonas deportivas, pistas de skate ou espazos de uso público ao aire libre similares poderán estar abertos ao público sempre que neles se respecte unha capacidade máxima estimada dunha persoa por cada catro metros cadrados de espazo computable de superficie do recinto.

2. Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersonal nas instalacións ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso de máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersonal indicada, nos termos previstos no número 1.4 do anexo I desta orde.

3. Deberán aplicarse as medidas de hixiene e prevención establecidas, especialmente no que se refire a proceder diariamente á limpeza e desinfección destes espazos nas áreas de contacto das zonas comúns, tales como xogos das zonas infantís, aparellos de actividade física ou outro mobiliario urbano de uso compartido.



4. Recoméndase dispor neses espazos, especialmente no que se refire a parques infantís, de dispensadores de xeles hidroalcohólicos ou desinfectantes con actividade viricida, debidamente autorizados e rexistrados, ou dunha solución xabonosa no caso de espazos para menores de dous anos de idade.

3.14. Realización de actos e reunións laborais, institucionais, académicos ou profesionais.

A realización de actos e reunións laborais, institucionais, académicos, profesionais, sindicais, de representación de traballadores e administrativos, actividades en centros universitarios, educativos, de formación e ocupacionais poderanse levar a cabo sempre que se adopten as medidas previstas nos correspondentes protocolos de funcionamento, ben que se recomenda que se realicen de forma telemática sempre que sexa posible.

Nos concellos enumerados nas letras A e B do anexo II da presente orde, na realización dos citados actos non se poderá superar o cincuenta por cento da capacidade autorizada do local. En calquera caso, deberase respectar un máximo de 75 persoas para lugares pechados e de 150 persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Nos concellos enumerados na letra C e D do anexo II da presente orde, nas ditas actividades non se poderá superar o setenta e cinco por cento da capacidade autorizada do local e, en todo caso, deberase respectar un máximo de 150 persoas para lugares pechados e de 300 persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Non obstante, poderase ampliar o límite indicado logo de autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. Neste caso, por solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir xunto cun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade pola COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueles outros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

O recollido neste número será tamén de aplicación para as reunións de xuntas de comunidades de propietarios.



3.15. Actividade deportiva.

1. A realización da actividade física e deportiva non federada axustarase ás seguintes regras, en función dos datos epidemiolóxicos existentes nos correspondentes concellos:

a) Nos concellos enumerados na letra A do anexo II da presente orde, a práctica da actividade física e deportiva non federada só poderá realizarse ao aire libre ou en instalacións deportivas ao aire libre, de forma individual ou con persoas conviventes, e coa utilización de máscara de acordo co disposto no punto 1.4 do anexo I da presente orde.

b) Nos concellos enumerados nas letras B e C do anexo II da presente orde, a práctica da actividade física e deportiva non federada, ao aire libre, poderá realizarse de forma individual ou colectiva, sen contacto físico e coa utilización de máscara, de acordo co disposto no punto 1.4 do anexo I da presente orde. No caso da práctica de forma colectiva, o máximo será de dez persoas de forma simultánea, sexan ou non conviventes, sen contar, de ser o caso, o monitor.

Nas instalacións e centros deportivos pechados poderase realizar actividade deportiva en grupos de ata seis persoas, sexan ou non conviventes, e sen contar o monitor, sen contacto físico, coa utilización de máscara e sempre que non se supere o trinta por cento da capacidade máxima permitida. Deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade.

Tamén se permite o uso deportivo das piscinas ao aire libre ou cubertas, cunha ocupación máxima do 30 %.

c) Nos concellos enumerados na letra D do anexo II, a práctica da actividade física e deportiva non federada, ao aire libre, poderá realizarse de forma individual ou colectiva, sen contacto físico e coa utilización de máscara, de acordo co disposto no punto 1.4 do anexo I da presente orde. No caso da práctica de forma colectiva, o máximo será de dez persoas de forma simultánea, sexan ou non conviventes, sen contar, de ser o caso, o monitor.

No caso da práctica da actividade física e deportiva non federada nas instalacións e centros deportivos pechados poderase realizar en grupos de ata seis persoas, sexan ou non conviventes, e sen contar o monitor, sen contacto físico, coa utilización de máscara e sempre que non se supere o cincuenta por cento da capacidade máxima permitida. Debe-



ranse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade.

Tamén se permite o uso deportivo das piscinas ao aire libre ou cubertas, cunha ocupación máxima do 50 %.

2. Deberán realizarse tarefas de ventilación nas instalacións cubertas durante un mínimo de 30 minutos ao inicio e ao remate de cada xornada, así como de forma frecuente durante esta e, obrigatoriamente, ao remate de cada clase ou actividade de grupo. No caso da utilización de sistemas de ventilación mecánica, deberá aumentarse a subministración de aire fresco e limitarse ao mínimo indispensable a función de recirculación do aire interior.

3. Os vestiarios e zonas de ducha poderán usarse cunha ocupación de ata o 30 % da capacidade máxima permitida, e procederase á limpeza e desinfección despois de cada uso e ao final da xornada.

4. A práctica da actividade deportiva federada de ámbito autonómico, adestramentos e competicións, axustarase aos correspondentes protocolos Fisicovid-Dxtgalego aprobados.

5. As competicións deportivas federadas de nivel nacional e os seus adestramentos desenvolveranse de acordo co establecido pola Administración competente e de conformidade coas limitacións establecidas nos protocolos federativos correspondentes.

6. As competicións deportivas federadas de nivel nacional e os seus adestramentos desenvolveranse de acordo co establecido pola Administración competente e de conformidade coas limitacións establecidas nos protocolos federativos correspondentes.

No ámbito das competicións deportivas oficiais non profesionais de ámbito estatal de modalidades deportivas que poidan implicar contacto que se realicen na Comunidade Autónoma de Galicia serán de aplicación as seguintes medidas:

a) Os equipos e deportistas galegos que participen nas ditas competicións deberán realizar os adestramentos e a competición en grupos de composición estable e, en todo caso, deberán realizar tests serolóxicos ou probas similares cada 14 días naturais.

b) A totalidade dos membros da expedición dos equipos e deportistas procedente doutras comunidades autónomas que se despracen á Comunidade Autónoma de Galicia para participaren nas ditas competicións deberán realizar tests serolóxicos ou probas si-



milares en orixe polo menos entre 72 e 24 horas previas á celebración da proba/partido/competición.

Así mesmo, deberán comunicar con idéntica antelación ás autoridades sanitarias autonómicas a relación das persoas integrantes da expedición trasladada a Galicia, a data e a hora de chegada á Comunidade Autónoma galega e o lugar de aloxamento, así como o tipo de proba de detección de COVID-19 a que foron sometidas as ditas persoas.

As medidas previstas deben entenderse dentro do necesario respecto ás competencias das autoridades deportivas e sanitarias estatais, polo que serán aplicables sempre que resulten compatibles coas adoptadas polas ditas autoridades e mentres non existan medidas obrigatorias dimanantes delas que ofrezan un nivel de protección equivalente ou similar.

3.16. Centros, servizos e establecementos sanitarios.

1. Os titulares ou directores dos distintos centros, servizos e establecementos sanitarios, de natureza pública ou privada, deberán adoptar as medidas organizativas, de prevención e hixiene necesarias do seu persoal traballador e dos pacientes, co obxecto de aplicar as recomendacións emitidas nesta materia, relativas á distancia de seguridade interpersoal, ao uso de máscaras en sitios pechados de uso público, á capacidade, hixiene de mans e respiratoria, así como calquera outra medida que establezan as autoridades competentes.

2. Estas medidas deberán aplicarse na xestión dos espazos do centro, nos accesos, nas zonas de espera e na xestión das citas dos pacientes, así como na regulación de acompañantes ou visitas, tendo en conta a situación e actividade de cada centro. Para tal efecto, só se permitirá a presenza dunha persoa acompañante por usuario/a. Tamén se permitirá unha visita por paciente na UCI non COVID.

3. Así mesmo, adoptarán as medidas necesarias para garantir a protección da seguridade e saúde do seu persoal traballador, a limpeza e desinfección das áreas utilizadas e a eliminación de residuos, así como o mantemento adecuado dos equipamentos e instalacións.

4. Estarán obrigados a colaborar coas autoridades sanitarias e de política social nos labores de vixilancia, prevención e control da COVID-19.



3.17. Lonxas.

Nas lonxas deberán establecerse as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersonal ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso de máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersonal indicada, nos termos previstos no punto 1.4 do anexo I da presente orde.

3.18. Transportes.

1. As condicións de capacidade dos vehículos e embarcacións que realicen servizos colectivos de transporte de viaxeiros de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, isto é, o transporte en autobús –de carácter interurbano e urbano, sexa de uso xeral, de uso especial ou discrecional– e o transporte marítimo en augas interiores, quedan establecidas do seguinte xeito:

a) Nos vehículos e nas embarcacións que dispoñan de asentos poderase ocupar a totalidade dos asentos. Deberase manter a máxima separación entre as persoas usuarias cando o nivel de ocupación o permita.

b) Nos vehículos e nas embarcacións que teñan autorizadas prazas de pé procurarase que as persoas manteñan entre si a máxima distancia posible e establécese como límite de ocupación máxima a dunha sexta parte das prazas de pé.

2. Como medidas adicionais aplicables aos modos de transporte establécense as seguintes:

a) Durante toda a duración do traxecto, cando esta sexa inferior a dúas horas, as persoas usuarias non poderán consumir alimentos no interior dos vehículos ou embarcacións e deberán, igualmente e na medida do posible, evitar consumir bebidas, conversar ou manter calquera outro contacto directo con outras persoas ocupantes do dito vehículo ou embarcación.

b) Na prestación de servizos colectivos regulares de transporte de viaxeiros de carácter interurbano de uso xeral, cando non estean autorizadas prazas de pé, e na prestación de calquera servizo de transporte marítimo en augas interiores da competencia da Comunidade Autónoma de Galicia será obrigatoria a expedición de billete coa identificación do servizo concreto de transporte de que se trate e do vehículo ou da embarcación que o preste.



Igualmente, todos os anteriores vehículos e embarcacións deberán ter numerados os seus asentos de forma clara e visible para as persoas usuarias.

Naqueles servizos respecto dos cales non haxa unha asignación previa de asento, recoméndase ás persoas viaxeiras que anoten no seu billete o número de asento que ocupen e que o conserven durante os 14 días posteriores ao da viaxe.

c) As empresas concesionarias procurarán a máxima ventilación do vehículo, sen recirculación do aire, mantendo as fiestras abertas sempre que non se produzan correntes de aire.

Para tal efecto, os vehículos que realicen varias viaxes en diferentes quendas horarias deberán proceder á ventilación deste antes de cada quenda e, sempre que for posible, á súa limpeza e desinfección. En todo caso, realizarase como mínimo unha limpeza diaria, empregando produtos e procedementos previstos no plan de limpeza e desinfección.

d) Tanto as empresas concesionarias como as persoas usuarias observarán en todo momento as medidas de protección e o uso da máscara, e as demais medidas de prevención, evitando condutas como levantarse, interactuar, berrar, compartir obxectos, tocar superficies comúns ou outras condutas que poidan xerar risco de contaxio ou transmisión.

3. Nos desprazamentos en vehículo particular respectaranse as limitacións que se establezan nesta orde para grupos de persoas no correspondente ámbito territorial.

Para tal efecto, serán de aplicación as seguintes regras:

a) Nos concellos enumerados na letra A do anexo II poderán desprazarse nun mesmo vehículo só as persoas conviventes, ben que estará permitido o desprazamento nun vehículo particular de persoas non conviventes que traballen xuntas e só para o traxecto de ida e volta ao centro de traballo, así como para que os menores poidan acudir a centros de ensino. Nestes casos, só se permitirán dúas persoas por fila de asentos e deberán usar todas máscara.

b) No resto dos concellos enumerados no anexo II respectaranse as limitacións para grupos de persoas no correspondente ámbito territorial e deberase usar sempre máscara dentro do vehículo cando se trate de persoas non conviventes.



4. Nos concellos enumerados na parte A do anexo II, os taxis e vehículos VTC poderán prestar servizos de transporte para persoas conviventes, así como escolares, persoal sanitario, pacientes ou traballadores non conviventes; nestes casos poderán desprazarse tantas persoas como prazas teña o vehículo e procurarase, cando o nivel de ocupación o permita, a máxima separación entre as persoas usuarias. En todos os casos, será obrigatorio o uso da máscara.

No resto dos concellos poderán desprazarse tantas persoas como prazas teña o vehículo e procurarase, cando o nivel de ocupación o permita, a máxima separación entre as persoas usuarias. En todos os casos, será obrigatorio o uso de máscara.

3.19. Áreas de servizo para profesionais do transporte.

1. Ás áreas de servizo para profesionais do transporte resultaranlles aplicables as medidas establecidas no número 3.22.

2. Adicionalmente, co obxecto de posibilitar os descansos adecuados en cumprimento da normativa de tempos de condución e descanso, imprescindibles para poder levar a cabo as operacións de transporte, e facilitarlles aos transportistas profesionais un servizo de restauración, aqueles establecementos situados en centros loxísticos e nas áreas de servizo da Rede de estradas do Estado en Galicia, vías de alta capacidade e Rede primaria básica de estradas de Galicia que dispoñan de cociña, servizos de restauración ou expendedores de comida preparada poderán permanecer abertos alén das limitacións horarias establecidas no número 3.22, incluído o horario nocturno de acordo coa súa regulación específica, para os únicos efectos de dar cumprimento a esta finalidade.

Para o acceso a estes establecementos, neste caso, será obrigatoria a presentación da tarxeta de profesional do transporte CAP, a consumición no interior deberá realizarse de xeito individual e sentado e non se poderá realizar a venda ou dispensación de bebidas alcohólicas.

3.20. Bibliotecas, arquivos, museos e salas de exposicións, monumentos e outros equipamentos culturais.

1. Nas bibliotecas, arquivos, museos e salas de exposicións, monumentos e outros equipamentos culturais, tanto de titularidade pública como privada, situados nos concellos enumerados nas letras A, B e C do anexo II da presente orde, poderán realizarse actividades presenciais sen superar o trinta por cento da capacidade máxima permitida.



Nos concellos enumerados na letra D do anexo II da presente orde, as actividades presenciais poderán acadar unha capacidade máxima do cincuenta por cento da capacidade máxima permitida.

2. Este límite de ocupación será aplicable tamén á realización de actividades culturais nestes espazos e cun máximo de ata 10 persoas en interior e 20 no exterior nas actividades de grupos, sexan ou non conviventes, excluído o monitor ou guía, e deberán establecerse as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade, agás no caso de persoas conviventes.

3.21. Celebración de competicións deportivas con público, actividades en cines, teatros, auditorios, congresos e outros eventos, e espazos similares, así como en recintos ao aire libre e noutros locais e establecementos destinados a espectáculos públicos e actividades recreativas.

A celebración de competicións deportivas con público, actividades en cines, teatros, auditorios, congresos e outros eventos e espazos similares, así como en recintos ao aire libre e noutros locais e establecementos destinados a espectáculos públicos e actividades recreativas, poderá desenvolverse, sen superar o trinta por cento da capacidade permitida, con público, sempre que este permaneza sentado e que a capacidade se calcule, dentro da capacidade permitida, de forma que se garde sempre a distancia mínima de seguridade de 1,5 m nas catro direccións entre os asistentes, salvo que se trate de persoas conviventes, cun límite máximo de duascenas cincuenta persoas para lugares pechados e de cincocentas persoas, se se trata de actividades ao aire libre.

Non obstante, nos concellos enumerados na letra D do anexo II, o límite máximo poderá chegar ás cincocentas persoas para lugares pechados e ás mil persoas, se se trata de actividades ao aire libre, sen superar o cincuenta por cento da capacidade permitida.

Co fin de evitar aglomeracións, a distribución dos asistentes será homoxénea polas butacas e haberá unha planificación adecuada para controlar os accesos e o fluxo de circulación dos asistentes. Debe preverse a apertura de todas as portas dispoñibles coa antelación suficiente.

Deberán establecerse as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersoal no resto das instalacións ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física.



O uso da máscara será obrigatorio en todo momento, mesmo no caso de que se manteña a distancia de seguridade interpersonal nos termos previstos nas medidas hixiénico-sanitarias.

Nas butacas ou asentos preasignados, as persoas asistentes non poderán quitar a máscara.

Deberán realizarse tarefas de ventilación nas instalacións cubertas por espazo de, polo menos, 30 minutos ao comezo e ao final de cada xornada, así como de forma frecuente durante esta e obrigatoriamente ao finalizar cada actividade. No caso da utilización de sistemas de ventilación mecánica, deberá aumentarse a subministración de aire fresco e limitarse ao mínimo indispensable a función de recirculación do aire interior.

Deberá existir un rexistro de asistentes ao evento e custodialo durante un mes despois do evento, coa información do contacto dispoñible para as autoridades sanitarias e cumprindo coas normas de protección de datos de carácter persoal.

Deberán intensificarse as medidas de limpeza e desinfección das instalacións con produtos debidamente autorizados e rexistrados.

No caso de celebración de congresos, encontros, eventos e actos similares, se os asistentes non permanecen sentados en todo momento, solicitarase autorización á Dirección Xeral de Saúde Pública en que se comuniquen o evento, as datas, as actividades que se van realizar e as medidas concretas organizativas e de seguridade propostas para os riscos de contaxio.

En todo caso, nas actividades a que se refire o presente punto nas cales se pretenda superar as capacidades máximas previstas conforme cada nivel de restricións, a Dirección Xeral de Saúde Pública, logo de solicitude dos titulares ou promotores da actividade, disporá a realización dunha avaliación do risco para outorgar a autorización de acordo co disposto nas «Recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade por COVID-19 en España», acordado na Comisión de Saúde Pública do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde. O prazo para realizar a avaliación do risco será de 10 días, sen prexuízo dunha revisión de oficio posterior, se a situación epidemiolóxica así o exige.



3.22. Hostalaría e restauración.

1. A prestación de servizos de hostalaría e restauración en bares, cafetarías e restaurantes axustarase ás seguintes regras, en función dos datos epidemiolóxicos existentes nos correspondentes concellos:

a) Nos concellos enumerados na letra A do anexo II da presente orde, os citados establecementos permanecerán pechados ao público e poderán prestar exclusivamente servizos de recollida no local e consumo a domicilio ata as 22.30 horas, ou ben servizo de entrega a domicilio. O servizo de entrega a domicilio poderá realizarse ata as 24.00 horas.

A permanencia nestes establecementos deberá ser a estritamente necesaria. En todo caso, evitanse aglomeracións e controlarase que os consumidores e empregados manteñan a distancia de seguridade establecida co fin de evitar posibles contaxios.

b) Nos concellos enumerados na letra B do anexo II da presente orde, os establecementos poderán prestar unicamente servizos de recollida no local e consumo a domicilio, de entrega a domicilio e, así mesmo, de terraza co cincuenta por cento (50 %) da capacidade máxima permitida con base na correspondente licenza municipal ou do que sexa autorizado para este ano, no caso de que a licenza sexa concedida por primeira vez.

En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia de seguridade interpersoal entre as mesas ou, de ser so caso, agrupacións de mesas, e respectaranse nas mesas as limitacións que se establezan para grupos de persoas no correspondente ámbito territorial.

O horario de peche ao público será ás 23.00 horas. Os establecementos que utilicen a opción de ampliar o seu horario ata a 1.00 horas exclusivamente para o servizo de ceas deberán cumprir os requisitos que se determinen para este caso nas medidas aprobadas pola consellería competente en materia de sanidade no marco do Plan de hostalaría segura e sen que poidan admitirse novos clientes a partir das 00.00 horas.

Os establecementos poderán prestar servizos de recollida no local e consumo a domicilio ou ben servizo de entrega a domicilio ata a 1.00 horas. Neste caso, a permanencia nestes establecementos deberá ser a estritamente necesaria. En todo caso, evitanse aglomeracións e controlarase que consumidores e empregados manteñan a distancia de seguridade establecida co fin de evitar posibles contaxios.



c) Nos concellos enumerados na letra C do anexo II da presente orde, os establecementos poderán prestar servizos de recollida no local e consumo a domicilio, de entrega a domicilio, de terraza co cincuenta por cento (50 %) da capacidade máxima permitida con base na correspondente licenza municipal ou do que sexa autorizado para este ano, no caso de que a licenza sexa concedida por primeira vez, e tamén de servizo no interior cunha ocupación do 30 %. Non se poderá prestar servizo na barra.

En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia de seguridade interpersoal entre as mesas ou, de ser so caso, agrupacións de mesas, e respectaranse nas mesas as limitacións que se establezan para grupos de persoas no correspondente ámbito territorial.

O horario de peche ao público será ás 23.00 horas. Os establecementos que utilicen a opción de ampliar o seu horario ata a 1.00 horas exclusivamente para o servizo de ceas deberán cumprir os requisitos que se determinen para este caso nas medidas aprobadas pola consellería competente en materia de sanidade no marco do Plan de hostalaría segura e sen que poidan admitirse novos clientes a partir das 00.00 horas.

Os establecementos poderán prestar servizos de recollida no local e consumo a domicilio ou ben servizo de entrega a domicilio ata a 1.00 horas. Neste caso, a permanencia nestes establecementos deberá ser a estritamente necesaria. En todo caso, evitanse aglomeracións e controlarase que os consumidores e empregados manteñan a distancia de seguridade establecida co fin de evitar posibles contaxios.

d) Nos concellos enumerados na letra D do anexo II da presente orde, os establecementos poderán prestar servizos de recollida no local e consumo a domicilio, de entrega a domicilio, de terraza co setenta e cinco por cento (75 %) da capacidade máxima permitida con base na correspondente licenza municipal ou do que sexa autorizado para este ano, no caso de que a licenza sexa concedida por primeira vez, e tamén de servizo no interior cunha ocupación do 50 %. Non se poderá prestar servizo na barra.

En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia de seguridade interpersoal entre as mesas ou, de ser so caso, agrupacións de mesas, e respectaranse nas mesas as limitacións que se establezan para grupos de persoas no correspondente ámbito territorial.

O horario de peche ao público será ás 23.00 horas. Os establecementos que utilicen a opción de ampliar o seu horario ata a 1.00 horas exclusivamente para o servizo de ceas



deberán cumprir os requisitos que se determinen para este caso nas medidas aprobadas pola consellería competente en materia de sanidade no marco do Plan de hostalaría segura e sen que poidan admitirse novos clientes a partir das 00.00 horas.

Os establecementos poderán prestar servizos de recollida no local e consumo a domicilio ou ben servizo de entrega a domicilio ata a 1.00 horas. Neste caso, a permanencia nestes establecementos deberá ser a estritamente necesaria. En todo caso, evítanse aglomeracións e controlárase que consumidores e empregados manteñan a distancia de seguridade establecida co fin de evitar posibles contaxios.

2. Naqueles supostos en que non se prevé como requisito necesario o uso dos dispositivos medidores de CO₂ na Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen as actuacións necesarias para a posta en marcha do Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia, recoméndase a súa utilización na prestación de servizos de hostalaría e restauración, nas condicións establecidas na orde citada, co obxecto de garantir unha correcta ventilación dos locais. Esta recomendación entenderase sen prexuízo de que en posteriores actualizacións da orde se poida establecer o uso destes medidores como requisito, no marco das condicións de ampliación de horario de peche e capacidade máxima que se establezan.

3. Para o cálculo das ocupacións, así como para a aplicación doutras medidas específicas, observaranse as medidas aprobadas pola consellería competente en materia de sanidade no marco do Plan de hostalaría segura.

4. Os establecementos de restauración de centros sanitarios ou de traballo poderán manter o servizo de cafetería, bar e restaurante. Non poderán superar o cincuenta por cento da súa capacidade. O consumo dentro do local poderá realizarse unicamente sentado na mesa, ou agrupacións de mesas, deberase asegurar o mantemento da debida distancia de seguridade interpersonal entre clientes e respectaranse nas mesas as limitacións que se establezan para grupos de persoas no correspondente ámbito territorial.

Nos concellos enumerados nas letras A e B do anexo II da presente orde, estes establecementos de restauración deberán limitar a súa actividade, nas condicións establecidas no número anterior, aos traballadores destes ou, no caso dos centros sanitarios, tamén a acompañantes de doentes.



Respectaranse as limitacións que se establezan e nos concellos enumerados na letra A do anexo II deberán ser todas conviventes ou persoas traballadoras que formen un grupo de convivencia estable dentro do centro de traballo.

No caso de establecementos de hostalaría situados en centros educativos, aplicaranse as regras previstas nos parágrafos precedentes.

Estas regras non será aplicables aos comedores escolares, que se rexerán pola súa normativa específica.

3.23. Realización de procesos selectivos polas administracións públicas e entidades do sector público.

A realización de procesos selectivos poderá desenvolverse, sempre que os asistentes permanezan sentados e que a capacidade se calcule, dentro da capacidade permitida, de forma que se garde sempre a distancia mínima de seguridade de 1,5 m en todas as direccións, cun límite máximo de duascenas cincuenta persoas aspirantes.

Co fin de evitar aglomeracións, a distribución dos asistentes será homoxénea polos asentos e haberá unha planificación adecuada para controlar os accesos e o fluxo de circulación dos asistentes. Debe preverse a apertura de todas as portas dispoñibles coa antelación suficiente. Organizaranse as entradas e saídas para evitar aglomeracións de persoas, tanto nos accesos como nas inmediacións, e distribuiranse proporcionalmente as persoas entre as portas dispoñibles.

Deberán establecerse as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersoal no resto das instalacións ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física.

O uso da máscara será obrigatorio en todo momento, mesmo no caso de que se manteña a distancia de seguridade interpersoal nos termos previstos nas medidas hixiénico-sanitarias.

Deberán realizarse tarefas de ventilación nas instalacións cubertas por un prazo de, polo menos, 30 minutos ao comezo e ao final de cada xornada, así como de forma frecuente durante esta e obrigatoriamente ao finalizar cada actividade. No caso da utilización de sistemas de ventilación mecánica, deberá aumentarse a subministración de aire fresco e non se poderá empregar a función de recirculación do aire interior.



Deberá existir un rexistro de asistentes e custodialo durante un mes despois do evento, coa información do contacto dispoñible para as autoridades sanitarias, cumprindo coas normas de protección de datos de carácter persoal.

Deberán intensificarse as medidas de limpeza e desinfección das instalacións con produtos debidamente autorizados e rexistrados.

No caso de realización de procesos selectivos de máis de 250 aspirantes, ou se as probas non se realizan coas persoas sentadas en todo momento, solicitarase autorización á Dirección Xeral de Saúde Pública en que se comuniquen o evento, as datas, as actividades que se van realizar e as medidas concretas organizativas e de seguridade propostas para os riscos de contaxio.

A solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir xunto cun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade pola COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueles outros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

3.24. Especificidades para determinadas actividades turísticas, centros de interpretación e visitantes, aulas da natureza, casetas e puntos de información.

1. Poderán realizarse actividades de turismo ao aire libre, organizadas por empresas habilitadas para iso, e a actividade de guía turístico para grupos de ata un máximo de vinte persoas máis o monitor, sexan ou non conviventes, e deberán establecerse as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade, excepto no caso de persoas conviventes.

2. Nos centros de interpretación e visitantes, nas aulas da natureza, nas casetas e nos puntos de información da Rede galega de espazos protexidos e espazos similares, non se poderá exceder o cincuenta por cento da súa capacidade e deberá respectarse o máximo de dez persoas nas actividades grupais no interior ou vinte persoas nas actividades no exterior, sexan ou non conviventes. Ademais, deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade, excepto no caso de persoas conviventes.



3.25. Centros de lecer infantil.

1. Os centros de lecer infantil poderán desenvolver a súa actividade nas condicións que a seguir se establecen.

2. Enténdense por centros de lecer infantil os establecementos abertos ao público que se destinen a ofrecer xogos e atraccións recreativas deseñados especificamente para público de idade igual ou inferior a 12 anos, espazos de xogo e entretemento, así como á celebración de festas infantís.

Para tal efecto, cumprirán o protocolo aprobado pola Orde do 30 de xuño de 2020 pola que se restablece a actividade dos centros de lecer infantil e se aproba o Protocolo en materia de lecer infantil para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, coas especialidades que a seguir se establecen:

a) Nos concellos indicados nas letras A e B do anexo II non se poderán desenvolver actividades no interior dos centros de lecer. Aqueles establecementos que dispoñan de terraza ou xardín exterior poderán utilizala para actividades dirixidas e obradoiros, cunha capacidade máxima do 30 %, e en grupos dun máximo de seis nenos/nenas por grupo.

Os nenos/nenas dun grupo non poderán interactuar cos que integren outros grupos.

b) Nos concellos indicados na letra C do anexo II, os centros de lecer infantil poderán desenvolver a súa actividade cunha capacidade máxima do 30 %, e en grupos dun máximo de dez nenos/nenas por grupo no exterior, e de seis no interior.

Os nenos/nenas dun grupo non poderán interactuar cos que integren outros grupos.

Só se poderán realizar actividades dirixidas e obradoiros, e só se permitirá o uso de inchables no exterior.

c) Nos concellos indicados na letra D do anexo II, os centros de lecer infantil poderán desenvolver a súa actividade cunha capacidade máxima do 50 %, e unha ratio de 1 monitor por cada dez participantes.

Os grupos serán de dez nenos/nenas nas actividades no exterior e de seis no interior.

Os nenos/nenas dun grupo non poderán interactuar cos que integren outros grupos.



3.26. Actividades de tempo libre dirixidas á poboación infantil e xuvenil.

Poderanse realizar actividades de tempo libre destinadas á poboación infantil e xuvenil cando estas se leven a cabo ao aire libre, sempre que se limite o número de participantes ao cincuenta por cento da súa capacidade máxima, cun máximo de cincuenta participantes, excluídos os monitores. Cando estas actividades se realicen en espazos pechados, non se deberá superar o cincuenta por cento da capacidade máxima do recinto, cun máximo de vinte e cinco participantes, excluídos os monitores.

As actividades deberán realizarse no interior en grupos de ata seis persoas participantes e no exterior en grupos de dez participantes, sexan ou non conviventes e excluídos os monitores correspondentes, que deberán traballar sen contacto entre os demais grupos.

3.27. Uso das praias.

1. O concello respectivo deberá establecer limitacións tanto de acceso como de capacidade das praias co fin de asegurar que se poida respectar a distancia interpersoal de seguridade entre usuarios. Para os efectos de calcular a capacidade máxima permitida por cada praia, considerarase que a superficie de praia que vai ocupar cada usuario será de, polo menos, catro metros cadrados.

2. A situación dos obxectos persoais, toallas, hamacas e elementos similares nas zonas de estadia das piscinas e praias levarase a cabo de forma que se poida manter a distancia de seguridade interpersoal con respecto a outros usuarios. Deberá, ademais, respectarse o límite máximo de dez persoas por grupo, excepto no caso de persoas conviventes, en que non se aplicará esta limitación.

3. Exceptúase o uso da máscara durante o baño e mentres se permaneza nun espazo determinado, sen desprazarse, e sempre que se poida garantir o respecto da distancia de seguridade interpersoal entre todas as persoas usuarias non conviventes. En calquera caso, será obrigatorio o uso de máscara para os accesos, desprazamentos e paseos nas praias.

3.28. Acuorios, establecementos e actividades zoolóxicas, botánicas ou xeolóxicas.

1. Os acuorios, establecementos e actividades zoolóxicas, botánicas ou xeolóxicas, soamente poderán realizar a súa actividade cun límite máximo do 30 % de ocupación nos



concellos enumerados na letra B do anexo II da presente orde, e dun 50 % nos concellos enumerados nas letras C e D do citado anexo II.

Nos concellos enumerados na letra A do anexo I permanecerán pechados.

2. Nas actividades grupais respectaranse as limitacións de permanencia de grupos de persoas en espazos públicos ou privados que estean vixentes no respectivo ámbito territorial e deberán establecerse as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersonal durante o desenvolvemento da actividade ou, na súa falta, medidas alternativas de protección física. En todo caso, o uso de máscara será obrigatorio.

3. Ademais do cumprimento xeral das medidas de hixiene e prevención establecidas, no caso de que se preste algún tipo de servizo de hostalaría e restauración, a dita prestación deste axustarase ao previsto no punto 3.22.

3.29. Atraccións de feira.

1. Nos concellos enumerados nas letras A e B do anexo II da presente orde manterase o peche das atraccións de feira.

No caso dos concellos enumerados nas letras C e D do anexo II da presente orde, poderán iniciar a súa actividade cumprindo coas seguintes medidas:

a) Nos espazos en que se instalen atraccións de feira respectarase a distancia de seguridade interpersonal e as medidas hixiénicas exhibibles a cada instalación ou actividade. Para tal efecto, nos espazos comúns de tránsito respectarase a ratio dunha persoa por cada tres metros cadrados de superficie útil, descontando a superficie ocupada polas estruturas instaladas.

b) Deberase sinalizar o espazo en que se desenvolvan as atraccións de tal maneira que se facilite o establecemento de puntos diferenciados para a entrada e saída, que deberán estar identificados con claridade.

c) A autoridade sanitaria local verificará o respecto da capacidade nos espazos comúns e adoptará as medidas necesarias para evitar aglomeracións.

d) Deberán establecerse as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersonal nas atraccións e postos instalados.



e) Tanto os asistentes como o persoal das atraccións deberán portar máscara de maneira obrigatoria e lembraráselles aos asistentes, por medio de carteis visibles e mensaxes de megafonía, a dita obrigatoriedade, así como as normas de hixiene e prevención que deben observar.

f) No caso das atraccións en que, polas súas características e configuración, quede garantido en todo momento o mantemento da distancia de seguridade interpersoal entre as persoas usuarias, poderán ocuparse todas as prazas dispoñibles.

En caso contrario, naquelas atraccións que dispoñan de asentos, poderá ocuparse ata un máximo que permita manter a distancia de seguridade interpersoal entre os ocupantes e reducirase ao cincuenta por cento o número de asentos de cada fila que se poidan ocupar, en caso de que esta distancia non se poida asegurar. Esta limitación non será de aplicación no caso de persoas conviventes. No caso de atraccións que non teñan asentos incorporados, a súa capacidade máxima será do trinta por cento da capacidade máxima da atracción.

g) Disporanse dispensadores de xeles hidroalcohólicos ou desinfectantes con actividade viricida debidamente autorizados e rexistrados en cada unha das atraccións.

h) Cada atracción deberá aplicar as medidas de limpeza e desinfección adecuadas ao tipo de actividade, á frecuencia e ás condicións de uso polas persoas usuarias, prestando especial atención ás superficies de contacto directo. En todo caso, cada atracción someterase a unha limpeza ao remate de cada xornada de uso.

i) Non se permitirán as piscinas de bólas, por mor da dificultade da súa limpeza, e poderá dedicarse o espazo correspondente a outra actividade lúdica para o público infantil. Respecto das atraccións inchables, estarán permitidas ata un 30 % da súa capacidade.

2. Será de aplicación supletoria o previsto para as atraccións de feira na Orde do 30 de xuño de 2020 pola que se aproba o Protocolo en materia de lecer nocturno, festas, verbenas e outros eventos populares e atraccións de feira para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19.

4. Medidas especiais para determinadas actividades.

4.1. Adóptase a medida de peche temporal, durante o período a que se estende a eficacia da medida conforme o punto decimo primeiro da orde, das seguintes actividades, con-



forme as definicións contidas no anexo do Decreto 124/2019, do 5 de setembro, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos abertos ao público da Comunidade Autónoma de Galicia e se establecen determinadas disposicións xerais de aplicación na materia:

I. Espectáculos públicos:

I.3. Espectáculos taurinos.

I.4. Espectáculos circenses.

I.6. Espectáculos feirais e de exhibición.

I.7. Espectáculos pirotécnicos.

II. Actividades recreativas:

II.3. Actividades de lecer e entretemento.

II.4. Atraccións recreativas.

III. Establecementos abertos ao público:

III.1. Establecementos de espectáculos públicos.

III.1.4. Circos.

III.1.5. Prazas de touros.

III.2. Establecementos de actividades recreativas.

III.2.1. Establecementos de xogo.

III.2.1.1. Casinos.

III.2.1.2. Salas de bingo.

III.2.1.3. Salóns de xogo.

III.2.1.4. Tendas de apostas.



Nos concellos enumerados na letra C do anexo II, os establecementos de xogos colectivos de diñeiro e de azar, salóns de xogo, salas de bingo, salóns recreativos, rifas e tómbolas, locais específicos de apostas e outros locais e instalacións asimilables aos de actividade recreativa de xogos e apostas, conforme estableza a normativa sectorial en materia de xogo, poderán realizar a súa actividade sempre que non se supere o trinta por cento da súa capacidade permitida e ata as 23.00 horas.

Nos concellos enumerados na letra D do anexo II, os establecementos de xogos colectivos de diñeiro e de azar, salóns de xogo, salas de bingo, salóns recreativos, rifas e tómbolas, locais específicos de apostas e outros locais e instalacións asimilables aos de actividade recreativa de xogos e apostas, conforme estableza a normativa sectorial en materia de xogo, poderán realizar a súa actividade sempre que non se supere o cincuenta por cento da súa capacidade permitida e ata as 23.00 horas.

En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia de seguridade interpersonal entre as mesas ou, de ser o caso, agrupacións de mesas. A ocupación máxima será de seis persoas por mesa ou agrupación de mesas.

Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersonal nas súas instalacións, especialmente na disposición e uso das máquinas ou de calquera outro dispositivo de xogo nos locais e establecementos en que se desenvolvan actividades ou, na súa falta, para a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso de máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersonal indicada, nos termos previstos na normativa vixente.

Ademais do cumprimento xeral das medidas de hixiene e prevención, no caso de que se preste algún tipo de servizo de hostalaría e restauración, o réxime e horario de prestación deste servizo axustarase ao disposto para os establecementos de hostalaría neste anexo.

III.2.3. Establecementos para atraccións e xogos recreativos.

III.2.3.1. Parques de atraccións e temáticos.

III.2.3.2. Parques acuáticos.

III.2.3.3. Salóns recreativos.

III.2.3.4. Parques multiocio.



III.2.7. Establecementos de lecer e entretemento.

III.2.7.1. Salas de festas.

III.2.7.2. Discotecas.

III.2.7.3. Pubs.

III.2.7.4. Cafés espectáculo.

III.2.7.5. Furanchos. A estes establecementos resultaranlles de aplicación as regras previstas no punto 3.22 do presente anexo.

4.2. Manterán o seu funcionamento con actividade lectiva presencial os seguintes centros educativos de réxime especial:

1º) Escolas oficiais de idiomas.

2º) Escolas de arte e superior de deseño.

3º) Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais.

4º) Escola Superior de Arte Dramática.

5º) Conservatorios de música.

6º) Conservatorios de danza.

7º) Escolas de música.

8º) Escolas de danza.

9º) Centros autorizados de deportes, centros autorizados de fútbol, centros autorizados de fútbol sala.

10º) Centros autorizados de artes plásticas e deseño.

11º) Centros autorizados de música e centros autorizados de danza, salvo que estean integrados en centros docentes que permanezan abertos e que limiten a súa actividade ao alumnado dos ditos centros docentes.



12º) Escolas de música privadas e escolas de danza privadas

4.3. A actividade ao público dos centros de interpretación e visitantes, das aulas da natureza, casetas e puntos de información da Rede galega de espazos protexidos levarase a cabo nas condicións establecidas no punto 3.24.

4.4. Nos centros sociocomunitarios, centros cívicos, centros de convivencia, centros sociais e demais de natureza análoga permanecerá suspendida a súa actividade ao público agás nos concellos enumerados nas letras C e D do anexo II da presente orde, que poderán realizar a súa actividade sempre que se limite a súa capacidade total ao 50 % e se extremen as medidas de protección nas actividades de tipo grupal que se realizan neles, cun máximo de seis persoas sexan ou non conviventes, excluído o monitor ou guía, para as actividades grupais. En todo caso, será obrigatorio o uso da máscara tanto en actividades individuais como grupais.

Permanecerán abertos, en todo caso, os centros de día de maiores e persoas con discapacidade e os ocupacionais, así como as casas do maior.

4.5. Aqueles centros de atención á infancia que se atopen regulados e inscritos de conformidade co previsto no Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia, poderán manter os seus servizos observando as normas de prevención hixiénico-sanitarias previstas nos seus protocolos e as previstas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición a unha nova normalidade, na súa redacción vixente.

4.6. Mantense, en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, o peche das actividades de festas, verbenas e outros eventos populares.

«ANEXO II

A) Concellos con nivel de restrición máxima.

Lobios

Mos

Pobra do Caramiñal (A)



B) Concellos con nivel de restrición alta.

Moraña
Ordes
Ponte Caldelas
Ribeira
Viveiro

C) Concellos con nivel de restrición media.

Barco de Valdeorras (O)
Boiro
Bueu
Cambados
Cee
Cervo
Moaña
Monforte de Lemos
Ponteareas
Rianxo
Vilalba
Xove

D) Concellos con nivel de restrición media-baixa.

Abadín
Abegondo
Agolada
Alfoz
Allariz
Ames
Amoeiro
Antas de Ulla
Aranga
Arbo
Ares
Arnoia (A)
Arteixo



Arzúa
Avión
Baiona
Baleira
Baltar
Bande
Baña (A)
Baños de Molgas
Baralla
Barbadás
Barreiros
Barro
Beadé
Beariz
Becerreá
Begonte
Bergondo
Betanzos
Blancos (Os)
Boborás
Bola (A)
Bolo (O)
Bóveda
Boimorto
Boqueixón
Brión
Burela
Cabana de Bergantiños
Cabanas
Caldas de Reis
Calvos de Randín
Camariñas
Cambre
Campo Lameiro
Cangas
Cañiza (A)
Capela (A)



Carballeda de Avia
Carballeda de Valdeorras
Carballedo
Carballiño (O)
Carballo
Cariño
Carnota
Carral
Cartelle
Castrelo de Miño
Castrelo do Val
Castro Caldelas
Castro de Rei
Castroverde
Catoira
Cedeira
Celanova
Cenlle
Cerceda
Cerdedo-Cotobade
Cerdido
Cervantes
Chandrexa de Queixa
Chantada
Coirós
Coles
Corcubión
Corgo (O)
Coristanco
Cortegada
Coruña (A)
Cospeito
Covelo
Crecente
Cualedro
Culleredo
Cuntis



Curtis
Dodro
Dozón
Dumbría
Entrimo
Esgos
Estrada (A)
Fene
Ferrol
Fisterra
Folgozo do Courel
Fonsagrada (A)
Forcarei
Fornelos de Montes
Foz
Frades
Friol
Gondomar
Gomesende
Grove (O)
Guarda (A)
Gudiña (A)
Guitiriz
Guntín
Illa de Arousa (A)
Incio (O)
Irixo (O)
Irixoa
Lalín
Lama (A)
Láncara
Laracha (A)
Larouco
Laxe
Laza
Leiro
Lobeira



Lourenzá
Lousame
Lugo
Maceda
Malpica de Bergantiños
Manzaneda
Mañón
Marín
Maside
Mazaricos
Meaño
Meira
Meis
Melide
Melón
Merca (A)
Mesía
Mezquita (A)
Miño
Moeche
Mondariz-Balneario
Mondariz
Mondoñedo
Monfero
Montederramo
Monterrei
Monterroso
Mugardos
Muíños
Muras
Muros
Muxía
Narón
Navia de Suarna
Neda
Negreira
Negreira de Muñiz



Neves (As)
Nigrán
Noia
Nogais (As)
Nogueira de Ramuín
Oia
Oímbra
Oleiros
Oroso
Ortigueira
Ourense
Ouro
Outeiro de Rei
Outes
Oza-Cesuras
Paderne de Allariz
Paderne
Padrenda
Padrón
Palas de Rei
Pantón
Parada de Sil
Paradela
Páramo (O)
Pastoriza (A)
Pazos de Borbén
Pedrafita do Cebreiro
Pereiro de Aguiar (O)
Peroxa (A)
Petín
Pino (O)
Piñor
Pobra de Trives (A)
Pobra do Brollón (A)
Poio
Pol
Pontecesures



Ponteceso
Pontedeume
Pontedeuva
Pontenova (A)
Pontes de García Rodríguez (As)
Pontevedra
Porqueira
Porriño (O)
Portas
Porto do Son
Portomarín
Punxín
Quintela de Leirado
Quiroga
Rábade
Rairiz de Veiga
Ramirás
Redondela
Ribadavia
Ribadeo
Ribadumia
Ribas de Sil
Ribeira de Piquín
Riós
Riotorto
Rodeiro
Rois
Rosal (O)
Rúa (A)
Rubiá
Sada
Salceda de Caselas
Salvaterra de Miño
Samos
San Amaro
San Cibrao das Viñas
San Cristovo de Cea



San Sadurniño
Santiso
Sanxenxo
San Xoán de Rí
Sandiás
Santa Comba
Santiago de Compostela
Sarreaus
Sarria
Saviñao (O)
Silleda
Sober
Sobrado
Somozas (As)
Soutomaior
Taboada
Taboadela
Teixeira (A)
Teo
Toén
Tomiño
Toques
Tordoia
Touro
Trabada
Trasmiras
Trazo
Triacastela
Tui
Val do Dubra
Valadouro (O)
Valdoviño
Valga
Vedra
Veiga (A)
Verea
Verín



Viana do Bolo
Vicedo (O)
Vigo
Vilaboa
Vila de Cruces
Vilagarcía de Arousa
Vilamarín
Vilamartín de Valdeorras
Vilanova de Arousa
Vilar de Barrio
Vilar de Santos
Vilardevos
Vilariño de Conso
Vilarmaior
Vilasantar
Vimianzo
Xermade
Xinzo de Limia
Xunqueira de Ambía
Xunqueira de Espadanedo
Zas»



I. DISPOSICIÓN XERAIS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

ORDE do 21 de maio de 2021 pola que se prorroga a eficacia e se modifica a Orde do 7 de maio de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia tendo en conta a finalización da prórroga do estado de alarma establecida polo Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, e se modifica a Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen as actuacións necesarias para a posta en marcha do Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia.

I

No *Diario Oficial de Galicia* núm. 86-bis, do venres 7 maio de 2021, a Consellería de Sanidade publicou a Orde do 7 de maio de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia tendo en conta a finalización da prórroga do estado de alarma establecida polo Real decreto 956/2020, do 3 de novembro.

A dita orde ditouse consonte o disposto no punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, en que se establece que as medidas preventivas previstas nel serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Con esta finalidade poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de sanidade. Tamén se establece no dito precepto que a persoa titular da consellería competente na dita materia, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de conformidade coa normativa aplicable e en vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou en parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación das medidas concretas contidas no anexo.

A adopción das medidas recollidas na Orde do 7 de maio de 2021 veu determinada pola evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia,



tal e como se xustifica na súa exposición de motivos. Para facer fronte a esta, a dita orde recolle dous tipos de medidas: por unha banda, establécense diversas medidas limitativas de dereitos fundamentais e, por outra, un amplo catálogo de medidas específicas que teñen por obxecto a regulación de distintas actividades coa finalidade de que poidan desenvolverse en condicións de seguridade, minimizando ao máximo o risco de contaxio e a propagación da enfermidade. Estas medidas específicas tradúcense, en moitos casos, no establecemento de capacidades máximas e regulación destas, xa que se demostrou que, para lograr o fin proposto, resulta imprescindible evitar as aglomeracións e garantir o mantemento en todo momento da distancia de seguridade reducindo o contacto físico ou proximidade en condicións favorecedoras do contaxio. Debe indicarse, no que atinxe ás medidas limitativas de dereitos fundamentais, que as máis restritivas (limitación de grupos de persoas a conviventes, peches perimetrais e o toque de queda) son de aplicación unicamente aos concellos de nivel máximo, mentres que outras medidas menos restritivas, pero que tamén afectan os dereitos fundamentais, como son as limitacións de grupos de persoas a un máximo de 4 ou 6, segundo se atopen en espazos pechados ou abertos, e a limitación de grupos de persoas circunscrita só a conviventes entre a 1.00 e as 06.00, aplícanse aos demais concellos da comunidade autónoma, con independencia do nivel alto, medio ou medio baixo en que se atopen, de tal xeito que a inclusión dos concellos en cada un destes últimos niveis non implica unha maior ou menor limitación de dereitos fundamentais.

A necesidade e proporcionalidade das medidas adoptadas, que foron ratificadas mediante o Auto 57/2021, da Sección Terceira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, xustifícase tamén na exposición de motivos da devandita orde, á cal nos remitimos; sen prexuízo da especial referencia á necesidade de adoptar as máximas restricións no concello de Lobios, tal e como se exporá máis adiante. Este concello é o único da comunidade autónoma incluído no citado nivel máximo.

Cómpre indicar, por outra banda, que o número 1 do punto décimo primeiro da citada Orde do 7 de maio de 2021 dispón que a eficacia da devandita orde se estenderá ata as 00.00 horas do 22 de maio; o número 2, pola súa banda, establece que, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas previstas na citada orde serán obxecto de seguimento e avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser prorrogadas, modificadas ou levantadas por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

CVE-DOG: zqdv5sl9-1tl7-fib4-97k4-sr1m7cmihqa6



Polo tanto, a Orde do 7 maio de 2020 prevé expresamente a posibilidade de acometer a súa prórroga e modificación coa finalidade de adaptala á realidade da evolución da pandemia.

Nesta liña, débese salientar que, en termos xerais, se mantén na comunidade autónoma a situación epidemiolóxica que motivou a adopción das medidas recollidas na Orde do 7 de maio, aínda que a concreta evolución da situación epidemiolóxica de determinados concellos mudou e fíxose necesario acometer unha modificación da citada orde coa finalidade de incluír no nivel de restricións que en cada caso corresponda os concellos en que variou a situación, atendendo aos datos recollidos no informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 21 de maio de 2021, do que pode destacarse o seguinte:

O número reprodutivo instantáneo (R_t), que indica o número de contaxios orixinados por un caso activo, está por debaixo do 1, o que indica que a transmisión diminúe. Unicamente a Área de Ourense presenta o R_t por riba do 1.

Do total de concellos de Galicia ($N= 313$), 130 non notificaron casos nos últimos 14 días. O número de concellos sen casos nos últimos 7 días foi de 185. Isto supón unha diminución en 7 concellos e un aumento noutros 7 concellos a 14 e 7 días, respectivamente, a respecto de hai unha semana, que era de 137 e 177, a 14 e 7 días.

Entre o 8 e o 14 de maio realizáronse 68.497 probas diagnósticas de infección activa polo virus SARS-CoV-2 (54.425 PCR e 14.072 test de antíxenos) cunha porcentaxe de positividade a sete días do 2,10, practicamente a mesma porcentaxe que entre o 30 de abril e o 6 de maio.

A incidencia acumulada global de Galicia, a 7 e 14 días, é de 36 e 81 casos por cen mil habitantes, respectivamente, valores inferiores tanto a 7 como a 14 días, con respecto ao informe de hai 7 días, en que era de 46 e 91 casos por cen mil habitantes, o que significa unha redución do 28 % e o 12 %, a 7 e 14 días.

O informe insiste na necesidade de manter as medidas adoptadas nesta orde, salienta a eficacia que a súa vixencia tivo en períodos anteriores e advirte que a situación actual, aínda que se atopa estabilizada, amosa unha tendencia lixeiramente ascendente, sen chegar a acadar as taxas de incidencia acumulada os valores desexados, que estarían por debaixo dos 50 casos por 100.000 habitantes a 14 días. Concretamente, a tendencia diaria mostra, desde o 28 de decembro, tres tramos, con tendencia oposta, primeiro crecente a un ritmo do 6,5 % ata o 22 de xaneiro, e despois unha primeira decrecente cunha porcen-



taxe de cambio diaria do -6,9 %, e outra, desde o 2 de marzo, cun lixeiro ascenso, cunha porcentaxe de cambio diaria de 0,2 %, no que máis ben parece unha certa estabilización da incidencia.

En canto á situación das áreas sanitarias, as taxas a 14 días das áreas están entre os 40,46 casos por 100.000 habitantes de Ferrol e os 117,11 de Vigo. As taxas a 14 días superan os 100 casos por 100.000 habitantes nas áreas Pontevedra e Vigo. Con respecto ao informe anterior, aumentou a taxa a 14 días nas áreas de Santiago e Ferrol. A 7 días fixérono as áreas de Santiago e Lugo.

No que respecta á hospitalización dos casos COVID-19, a media de pacientes COVID-19 en hospitalización de agudos nos últimos 7 días foi de 120,4, o que significa un descenso do -15,8 % con respecto a hai oito días. A taxa de pacientes COVID-19 en hospitalización de agudos é de 4,5 ingresados por 100.000 habitantes, cun descenso, tamén, do -15,8 % con respecto a hai sete días. Pola súa banda, no que respecta aos ingresos COVID-19 nas unidades de críticos (UCI) nos últimos 7 días, a media foi de 33,6 e a taxa a 7 días de ingresados nas UCI é de 1,2 ingresados por 100.000 habitantes, o que supón un descenso do -17 % con respecto a hai sete días, tanto na media como na taxa.

Nos concellos con poboación igual ou maior de 10.000 habitantes (54), dous presentan unha taxa de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes, un menos que hai unha semana. Cambados, que presentaba unha taxa superior a 500 casos por 100.000 habitantes, cos datos deste informe xa non os supera; mentres que os concellos de menos de 10.000 habitantes (259), 7 presentan unha taxa de incidencia a 14 días igual ou superior aos 250 casos por cen mil habitantes, un menos que hai unha semana. Acádanse taxas de incidencia iguais ou maiores a 500 casos por cen mil habitantes en 3 destes concellos. En canto ás comarcas, ás cales se lles aplica o mesmo nivel de incidencia a 7 e 14 días establecido para os concellos, está en nivel alto a comarca da Baixa Limia. En nivel medio están as de O Morrazo, Chantada e A Barbanza, que volveu a este nivel despois de 17 días con taxas de nivel medio baixo. A comarca do Salnés leva 4 días en nivel medio baixo. A do Sar leva un día neste nivel medio baixo.

O informe conclúe que, segundo os datos reflectidos nel, a taxa de incidencia a 14 días estaba a diminuír, desde o cambio de tendencia observado a partir do 28 de xaneiro, mais a partir do 1 de marzo detéctase un lixeiro cambio na incidencia que implica un aumento que debe observarse nun contexto de estabilización da situación, dado que a porcentaxe de cambio diaria na incidencia é o 0,2 %. O Rt no global de Galicia segue por debaixo do 1.



A información do modelo de predición indica que a incidencia diminuiría tanto a 7 como a 14 días, aínda que a 7 días mostra, cara ao final, unha estabilización, pero na liña do descenso. Esta predición hai que tomala con cautela, xa que parte exclusivamente dos casos e non ten en conta as medidas de restrición que se tomen en cada momento. Ademais, a amplitude dos seus intervalos de confianza, especialmente a 7 días, indica que poderían darse todos os escenarios (estabilización, ascenso ou descenso da onda), polo que sería preciso manter, polo menos, determinadas medidas de restrición coa finalidade de que se axuste máis cara ao descenso. Neste modelo, cada vez que se relaxaron medidas a predición empeoraba, con medidas máis restritivas o modelo melloraba considerablemente e a predición era máis fiable, como aconteceu a finais de xaneiro e febreiro deste ano.

A taxa de incidencia a 14 días, no global de Galicia, segue por debaixo dos 100 casos por cen mil habitantes. As áreas sanitarias de Pontevedra e Vigo presentan unha incidencia superior aos 100 casos por cen mil habitantes.

No que atinxe aos concellos de máis de 10.000 habitantes, hai tres concellos con taxas de incidencia iguais ou superiores a 250 casos por cen mil habitantes, sen ningún que supere os 500 casos por 100.000 habitantes. Nos de menos de 10.000 hai 7 concellos que superen unha taxa de incidencia de 250 casos por cen mil habitantes, con 3 deles cunha taxa a 14 días superior aos 500 casos por cen mil habitantes.

O feito de que a cepa que está a circular, fundamentalmente, sexa a cepa británica pode influír nun aumento da transmisión, ao que se suma a aparición de novas variantes como a P1 do Brasil e a de Sudáfrica, e agora tamén a da India, tamén máis transmisibles.

A análise da situación de cada concello complétase coa consideración de criterios demográficos, pois debe terse en conta que, en concellos de escasa poboación, poucos casos poden dar lugar a taxas moi elevadas, que deben ser postas no debido contexto, analizando, ademais, os servizos de saúde pública e o Comité e Subcomité Clínico as características específicas de cada gromo. Neste sentido, préstase unha especial atención á existencia de gromos non controlados ou de casos sen vínculo epidemiolóxico, así como ao feito de que non se observe unha melloría clara na evolución da situación epidemiolóxica.

En atención ao exposto, tendo en conta o indicado no citado informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, e tras escoitar as recomendacións do Comité Clínico reunido para estes efectos, acórdase incluír no máximo nivel de restricións o concello de Lobios, na Área Sanitaria de Ourense, polas súas taxas a 7 e 14 días. A súa taxa aumentou en 7 días de



357,6 a 715,1 casos por 100.000 habitantes, o que implica que, neste tempo, esta incidencia se duplicou. Xa as taxas a 7 días de hai unha semana indicaban este nivel máximo pero decidiuse agardar e observar a súa evolución, posto que se trata dun concello con pouca poboación no cal poucos casos aumentan a súa taxa inmediatamente.

O concello de Lobios sería o único concello da comunidade autónoma ao cal a partir da entrada en vigor da presente orde se lle aplicarían ás máximas restricións.

Pola súa banda, mantéñense en nivel alto os seguintes concellos: Vilanova de Arousa, da Área Sanitaria de Pontevedra, polas súas taxas de incidencia acumulada a 7 e 14 días; Oleiros, da Área Sanitaria da Coruña, a pesar de que a súa taxa a 14 días é propia do nivel medio e de que a súa taxa a 7 días mellorou considerablemente, coa finalidade de consolidar a mellora da situación epidemiolóxica; Ribeira, da Área Sanitaria de Santiago, a pesar de que as súas taxas son as propias do nivel medio, debido a que a evolución da situación epidemiolóxica neste concello non está mellorando de forma clara ao apareceren novos casos, alternando días de baixada con días de ascenso. Debe salientarse ademais que os concellos veciños aumentaron as súas taxas, polo que a comarca volveu a un nivel medio despois de 13 días no nivel medio baixo, o que leva a considerar preciso esperar para descendelo do nivel alto actual ao nivel medio ata que se observe que o descenso de casos é claro e continuo.

Por outra banda, soben ao nivel alto os concellos de Ponte Caldelas e Moraña, da Área Sanitaria de Pontevedra, que ata este momento estaban no nivel medio, en atención ás súas taxas a 7 e 14 días, e dado que a súa situación epidemiolóxica empeorou e existen casos aínda sen vínculo epidemiolóxico e non asociados a abrochos de orixe coñecida; Mos, da Área Sanitaria de Vigo, procedente do nivel medio baixo, en atención ás súas taxas a 7 días, xa que apareceron casos sen vínculo epidemiolóxico e non todos asociados a un abrocho coñecido, polo que pode darse unha situación de transmisión comunitaria, aínda que sexa de baixa intensidade. En particular, A Pobra do Caramiñal, da Área Sanitaria de Santiago, sobe ao nivel alto desde o nivel medio baixo, tendo en conta as súas taxas a 14 días, ben que as súas taxas a 7 días son propias do nivel máximo, o que aconsella a realización dun cribado da poboación cuxos resultados se terán en conta para a toma dunha decisión ao respecto na próxima reunión do Comité Clínico.

Pola súa banda, descende a este nivel alto, procedente do nivel máximo, o concello de Cambados, da Área Sanitaria de Pontevedra, tal como indican as súas taxas a 7 e 14 días, xa que no tempo que levaba no nivel máximo de restrición a evolución das súas taxas foi



mellorando día a día e, especialmente, na taxa a 7 días, cunha redución en 7 días de, practicamente, o 100 %.

Mantéñense no nivel medio, polas súas taxas a 7 e/ou 14 días, os concellos de Carral (Área Sanitaria da Coruña); Ordes e Valga (Área Sanitaria de Santiago); Chantada (Área Sanitaria de Lugo); Cerdedo-Cotobade, Cuntis e Moraña (Área Sanitaria de Pontevedra) e Salceda de Caselas (Área Sanitaria de Vigo). Igualmente, mantéñense neste nivel por non levaren tempo suficiente nel e coa finalidade de asegurar que a evolución da súa situación epidemiolóxica é claramente de descenso da incidencia, aínda que as súas taxas son propias do nivel medio baixo, os concellos de Ames (Área Sanitaria de Santiago); Barbadás (Área Sanitaria de Ourense) e Bueu (Área Sanitaria de Pontevedra). No caso do concello de Ames, ademais, hai que salientar que o descenso da incidencia é inestable, con aparición de novos casos e abrochos, mais a súa poboación non aumenta a taxa ata o nivel que o fan noutros concellos máis pequenos. Seguen en nivel medio os concellos de Fisterra (Área Sanitaria da Coruña), aínda que a súa taxa a 14 días indica que lle correspondería o nivel alto, debido a que os casos estaban asociados a un abrocho controlado, e a incidencia a 7 días está a descender debido á non aparición de novas infeccións, cunha redución do 156 % nunha semana, polo que se considera que podería manterse neste nivel, xa que o abrocho está en fase de resolución e non apareceron novos casos sen vínculo con este abrocho, e o concello de Santiso (Área Sanitaria de Santiago), a pesar de que a súa taxa a 14 días supera os 500 casos por 100.000 habitantes, o que indicaría o nivel máximo, xa o 14 de maio entrou neste nivel medio posto que os casos estaban, ao igual que no anterior concello, asociados a un abrocho de orixe coñecida e, desde o momento en que se propuxo deixalo no nivel medio, en que a súa taxa a 7 días indicaba o nivel máximo, os casos a 7 días reducíronse un 50 %, e só se notificaron casos esperados entre os contactos estreitos identificados.

Aumentan a nivel medio, desde o nivel medio baixo actual, polas súas taxas a 7 e/ou 14 días, os concellos de Cee (Área Sanitaria da Coruña); Boiro e Rianxo (Área Sanitaria de Santiago); O Barco de Valdeorras (Área Sanitaria de Ourense) e Cervo e Viveiro (Área Sanitaria de Lugo): Ademais, considérase preciso que estes concellos ascendan a este nivel non só polas súas taxas senón tamén porque os casos aínda non están todos vinculados epidemioloxicamente entre si, o que supón un risco, se non se chega a establecer este vínculo e, polo tanto, que pertencen todos ao mesmo abrocho, dunha posible existencia de transmisión comunitaria subxacente.

Descenden a este nivel medio os concellos de Padrón (Área Sanitaria de Santiago), desde o nivel máximo, con base na súa taxa a 14 días, e debido a que a súa incidencia a



7 días descendeu, desde o 10 de maio, de 215,2 a 35,9 casos por 100.000 habitantes, o que supuxo unha redución de case o 500 %, e a súa taxa a 14 días descendeu de 490,1 a 227,1, o que significa que se reduciu nun 63 %, polo que se considera que a non aparición de novos casos a 7 días implicaría a redución, igualmente, da súa taxa a 14 días, e Cangas (Área Sanitaria de Vigo), desde o nivel alto actual, xa que a súa taxa a 7 días descendeu desde 184,3 a 42,4 casos por 100.000 habitantes, o que supón unha redución do 345 % en 7 días.

O resto de concellos de Galicia inclúense no nivel medio baixo de restricións.

II

Sentado o anterior, debe insistirse en que, mediante esta orde, se prorroga e se modifica a Orde do 7 de maio de 2021 coa finalidade de adaptala á realidade da evolución epidemiolóxica da comunidade autónoma e que se produce no marco do seguimento e avaliación continua da situación que se está a realizar para garantir o respecto aos principios de necesidade e de proporcionalidade.

En concreto, esta prórroga estenderase ata as 00.00 horas do día 29 de maio, segundo resulta do seu punto primeiro, sen prexuízo do seguimento e avaliación continua a que está sometida, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria e non obstante a posibilidade de prórroga da eficacia das medidas se a situación o determina.

A razón de ser da prórroga por sete días é a de efectuar unha nova valoración a próxima semana, co asesoramento do Comité Clínico, para os efectos de estudar se se consolida unha situación epidemiolóxica que permita avanzar no proceso de desescalada progresiva.

Destácase finalmente que, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para adoptar as medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica existente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, coa urxencia que a protección da saúde pública demanda.

Na súa virtude, en aplicación do punto sexto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transi-



ción cara a unha nova normalidade, na súa redacción vixente, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. Prórroga da eficacia das medidas previstas na Orde do 7 de maio de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia tendo en conta a finalización da prórroga do estado de alarma establecida polo Real decreto 956/2020, do 3 de novembro

Atendida a evolución da situación epidemiolóxica, prorrógase ata as 00.00 horas do día 29 de maio de 2021 a eficacia das medidas de prevención previstas na Orde do 7 de maio de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia tendo en conta a finalización da prórroga do estado de alarma establecida polo Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19, sen prexuízo do indicado no punto segundo desta orde.

Segundo. Modificación da Orde do 7 de maio de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia tendo en conta a finalización da prórroga do estado de alarma establecida polo Real decreto 956/2020, do 3 de novembro

Un. Modifícase a letra b) do punto 1.4 do anexo I da Orde do 7 de maio de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia tendo en conta a finalización da prórroga do estado de alarma establecida polo Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, engadindo unha regra 6ª, co seguinte contido:

«6ª) Nas actividades no ámbito laboral desenvolvidas en espazos comúns ou de uso colectivo ou en calquera outra dependencia en que estean varios traballadores/as ou traballadores/as e/ou clientes será obrigatorio o uso da máscara».

Dous. Modifícase o número 2 do punto 3.16 do anexo I da Orde do 7 de maio de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de



Galicia tendo en conta a finalización da prórroga do estado de alarma establecida polo Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, que queda redactado como segue:

«2. Estas medidas deberán aplicarse na xestión dos espazos do centro, accesos, zonas de espera e na xestión das citas dos pacientes, así como na regulación de acompañantes ou visitas, tendo en conta a situación e actividade de cada centro. Para tal efecto, só se permitirá a presenza dunha persoa acompañante por usuario/a. Tamén se permitirá unha visita por paciente en UCI non COVID.».

Tres. Modifícase o número 1 do punto 3.22 do anexo I da Orde do 7 de maio de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia tendo en conta a finalización da prórroga do estado de alarma establecida polo Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, que queda redactado como segue:

«3.22. Hostalaría e restauración.

1. A prestación de servizos de hostalaría e restauración en bares, cafetarías e restaurantes axustarase ás seguintes regras, en función dos datos epidemiolóxicos existentes nos correspondentes concellos:

a) Nos concellos enumerados na letra A do anexo II da presente orde, os citados establecementos permanecerán pechados ao público e poderán prestar exclusivamente servizos de recollida no local e consumo a domicilio ata as 22.30 horas, ou ben servizo de entrega a domicilio. O servizo de entrega a domicilio poderá realizarse ata as 24.00 horas.

A permanencia nestes establecementos deberá ser a estritamente necesaria. En todo caso, evítanse aglomeracións e controlárase que consumidores e empregados manteñan a distancia de seguridade establecida co fin de evitar posibles contaxios.

b) Nos concellos enumerados na letra B do anexo II da presente orde, os establecementos poderán prestar unicamente servizos de recollida no local e consumo a domicilio, de entrega a domicilio e, así mesmo, de terraza co cincuenta por cento (50 %) da capacidade máxima permitida con base na correspondente licenza municipal ou do que sexa autorizado para este ano, no caso de que a licenza sexa concedida por primeira vez.

En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia de seguridade interpersoal entre as mesas ou, de ser so caso, agrupacións de mesas, e respectaranse nas



mesas as limitacións que se establezan para grupos de persoas no correspondente ámbito territorial.

O horario de peche ao público será ás 23.00 horas. Os establecementos que utilicen a opción de ampliar o seu horario ata as 1.00 horas exclusivamente para o servizo de ceas deberán cumprir os requisitos que se determinen para este caso nas medidas aprobadas pola consellería competente en materia de sanidade no marco do Plan de hostalaría segura e sen que poidan admitirse novos clientes a partir das 00.00 horas.

Os establecementos poderán prestar servizos de recollida no local e consumo a domicilio ou ben servizo de entrega a domicilio ata as 1.00 horas. Neste caso, a permanencia nestes establecementos deberá ser a estritamente necesaria. En todo caso, evítanse aglomeracións e controlárase que consumidores e empregados manteñan a distancia de seguridade establecida co fin de evitar posibles contaxios.

c) Nos concellos enumerados na letra C do anexo II da presente orde, os establecementos poderán prestar servizos de recollida no local e consumo a domicilio, de entrega a domicilio, de terraza co cincuenta por cento (50 %) da capacidade máxima permitida con base na correspondente licenza municipal ou do que sexa autorizado para este ano, no caso de que a licenza sexa concedida por primeira vez, e tamén servizo no interior cunha ocupación do 30 %. Non se poderá prestar servizo na barra.

En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia de seguridade interpersoal entre as mesas ou, de ser so caso, agrupacións de mesas, e respectarase nas mesas as limitacións que se establezan para grupos de persoas no correspondente ámbito territorial.

O horario de peche ao público será ás 23.00 horas. Os establecementos que utilicen a opción de ampliar o seu horario ata as 1.00 horas exclusivamente para o servizo de ceas deberán cumprir os requisitos que se determinen para este caso nas medidas aprobadas pola consellería competente en materia de sanidade no marco do Plan de hostalaría segura e sen que poidan admitirse novos clientes a partir das 00.00 horas.

Os establecementos poderán prestar servizos de recollida no local e consumo a domicilio ou ben servizo de entrega a domicilio ata as 1.00 horas. Neste caso, a permanencia nestes establecementos deberá ser a estritamente necesaria. En todo caso, evítanse aglomeracións e controlárase que consumidores e empregados manteñan a distancia de seguridade establecida co fin de evitar posibles contaxios.



d) Nos concellos enumerados na letra D do anexo II da presente orde, os establecementos poderán prestar servizos de recollida no local e consumo a domicilio, de entrega a domicilio, de terraza co setenta e cinco por cento (75 %) da capacidade máxima permitida con base na correspondente licenza municipal ou do que sexa autorizado para este ano, no caso de que a licenza sexa concedida por primeira vez, e tamén servizo no interior cunha ocupación do 50 %. Non se poderá prestar servizo na barra.

En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia de seguridade interpersonal entre as mesas ou, de ser so caso, agrupacións de mesas, e respectaranse nas mesas as limitacións que se establezan para grupos de persoas no correspondente ámbito territorial.

O horario de peche ao público será ás 23.00 horas. Os establecementos que utilicen a opción de ampliar o seu horario ata as 1.00 horas exclusivamente para o servizo de ceas deberán cumprir os requisitos que se determinen para este caso nas medidas aprobadas pola consellería competente en materia de sanidade no marco do Plan de hostalaría segura e sen que poidan admitirse novos clientes a partir das 00.00 horas.

Os establecementos poderán prestar servizos de recollida no local e consumo a domicilio ou ben servizo de entrega a domicilio ata as 1.00 horas. Neste caso, a permanencia nestes establecementos deberá ser a estritamente necesaria. En todo caso, evitanse aglomeracións e controlárase que consumidores e empregados manteñan a distancia de seguridade establecida co fin de evitar posibles contaxios.».

Catro. Modifícase o punto 3.29 do anexo I da Orde do 7 de maio de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia tendo en conta a finalización da prórroga do estado de alarma establecida polo Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, que queda redactado como segue:

«3.29. Atraccións de feira.

1. Nos concellos enumerados nas letras A e B do anexo II da presente orde manterase o peche das atraccións de feira.

No caso dos concellos enumerados nas letras C e D do anexo II da presente orde, poderán iniciar a súa actividade cumprindo coas seguintes medidas:

a) Nos espazos en que se instalen atraccións de feira respectarase a distancia de seguridade interpersonal e as medidas hixiénicas exixibles a cada instalación ou actividade. Para



tal efecto, nos espazos comúns de tránsito respectarase a ratio dunha persoa por cada tres metros cadrados de superficie útil, descontando a superficie ocupada polas estruturas instaladas.

b) Deberase sinalizar o espazo en que se desenvolvan as atraccións de tal maneira que se facilite o establecemento de puntos diferenciados para a entrada e saída, que deberán estar identificados con claridade.

c) A autoridade sanitaria local verificará o respecto da capacidade nos espazos comúns e adoptará as medidas necesarias para evitar aglomeracións.

d) Deberán establecerse as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersoal nas atraccións e postos instalados.

e) Tanto os asistentes como o persoal das atraccións deberán portar máscara de maneira obrigatoria e lembraráselles aos asistentes, por medio de carteis visibles e mensaxes de megafonía, a dita obrigatoriedade, así como as normas de hixiene e prevención que deben observar.

f) No caso das atraccións en que, polas súas características e configuración, quede garantido en todo momento o mantemento da distancia de seguridade interpersoal entre as persoas usuarias, poderán ocuparse todas as prazas dispoñibles.

En caso contrario, naquelas atraccións que dispoñan de asentos, poderá ocuparse ata un máximo que permita manter a distancia de seguridade interpersoal entre os ocupantes e reducirase ao cincuenta por cento o número de asentos de cada fila que se poidan ocupar, en caso de que esta distancia non se poida asegurar. Esta limitación non será de aplicación no caso de persoas conviventes. No caso de atraccións que non teñan asentos incorporados, a súa capacidade máxima será do trinta por cento da capacidade máxima da atracción.

g) Disporanse dispensadores de xeles hidroalcohólicos ou desinfectantes con actividade viricida debidamente autorizados e rexistrados en cada unha das atraccións.

h) Cada atracción deberá aplicar as medidas de limpeza e desinfección adecuadas ao tipo de actividade, á frecuencia e ás condicións de uso polas persoas usuarias, prestando especial atención ás superficies de contacto directo. En todo caso, cada atracción someterase a unha limpeza ao remate de cada xornada de uso.



i) Non se permitirán as piscinas de bólas, por mor da dificultade da súa limpeza, podendo dedicarse o espazo correspondente a outra actividade lúdica para o público infantil. Respecto das atraccións inchables, estarán permitidas ata un 30 % da súa capacidade.

2. Será de aplicación supletoria o previsto para as atraccións de feira na Orde do 30 de xuño de 2020 pola que se aproba o Protocolo en materia de lecer nocturno, festas, verbenas e outros eventos populares e atraccións de feira para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19.».

Cinco. Modifícase o anexo II da Orde do 7 de maio de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia tendo en conta a finalización da prórroga do estado de alarma establecida polo Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, que queda redactado segundo o anexo desta orde.

Terceiro. *Modificación da Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen as actuacións necesarias para a posta en marcha do Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia*

Un. Modifícase o punto sétimo bis da Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen as actuacións necesarias para a posta en marcha do Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado como segue:

«Sétimo bis. Requisitos aplicables nos establecementos que utilicen a opción de ampliar o seu horario de peche para o servizo de ceas máis alá do horario estipulado para os restantes establecementos de hostalaría:

Os establecementos que utilicen a opción de ampliar o seu horario de peche, exclusivamente para o servizo de ceas, máis alá do horario estipulado para os restantes establecementos de hostalaría, de acordo co establecido na Orde do 7 de maio de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia tendo en conta a finalización da prórroga do estado de alarma establecida polo Real decreto 956/2020, deberán cumprir os seguintes requisitos:

1. A xestión da ocupación das mesas para o servizo de ceas deberá levarse a cabo mediante a reserva ou citación previa.



2. Co obxectivo de facilitar o seguimento de contactos ante casos positivos de COVID-19, levarase un rexistro dos clientes do servizo de ceas que inclúa nome, apelidos e número de teléfono; a persoa responsable do establecemento terá a obriga de custodialo durante polo menos un mes despois do evento, coa información do contacto dispoñible para as autoridades sanitarias e cumprindo coas normas de protección de datos de carácter persoal.

3. Garantirase a correcta ventilación do local que se obxectivará a través da utilización de dispositivos medidores de CO₂, que deberán dispor dunha pantalla que mostre os niveis de CO₂ en tempo real nunha zona visible para os usuarios. Estes dispositivos deberán levar a marcación CE.

A localización do medidor deberá axustarse ás indicacións técnicas aplicables e ter en conta o tamaño e a forma do espazo, as súas entradas de aire e o fluxo da ventilación. Non se situarán preto das xanelas, portas ou outros puntos de ventilación.

No caso de sistemas mecánicos de ventilación, débese asegurar en todo caso o nivel de CO₂ interior e persoal cualificado documentará o mantemento adecuado e as actuacións realizadas.

Tanto nos casos de ventilación natural coma nos de mecánica ou mixta non se deberán superar no interior as 800 p.p.m. de concentración de CO₂, será responsabilidade do local adoptar as medidas precisas de renovación do aire para que non se supere a cifra indicada.».

Cuarto. *Ratificación xudicial*

Solicitarase a ratificación xudicial da prórroga da eficacia das medidas previstas nos puntos segundo, terceiro e cuarto da Orde do 7 de maio de 2021 tendo en conta a modificación efectuada no número cinco do punto segundo da presente orde, de conformidade co disposto na redacción vixente do número 8 do artigo 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Quinto. *Eficacia*

1. As medidas previstas nesta orde terán efectos desde as 00.00 horas do día 22 de maio de 2021. Non obstante, a ampliación do horario ata as 1.00 horas exclusivamente para o servizo de ceas previsto no número tres do punto segundo desta orde terá efectos



desde as 23.00 horas do 21 de maio de 2021 para os establecementos que non dispoñan desta opción actualmente.

2. As medidas cuxa eficacia se prorroga serán obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, revisaranse nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da presente orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

Para estes efectos, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, poderán ser obxecto de prórroga, de modificación ou poderán deixarse sen efecto por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Santiago de Compostela, 21 de maio de 2021

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade

«ANEXO II

A) Concellos con nivel de restrición máxima.

Lobios

B) Concellos con nivel de restrición alta.

Cambados

Moraña

Mos

Oleiros

Pobra do Caramiñal (A)

Ponte Caldelas

Ribeira

Vilanova de Arousa

C) Concellos con nivel de restrición media.

Ames

Barbadás

Barco de Valdeorras (O)



Boiro
Bueu
Cangas
Carral
Cee
Cerdedo-Cotobade
Cervo
Chantada
Cuntis
Fisterra
Moaña
Ordes
Padrón
Rianxo
Salceda de Caselas
Santiso
Valga
Viveiro

D) Concellos con nivel de restrición media-baixa.

Abadín
Abegondo
Agolada
Alfoz
Allariz
Amoeiro
Antas de Ulla
Aranga
Arbo
Ares
Arnoia (A)
Arteixo
Arzúa
Avión
Baiona
Baleira



Baltar
Bande
Baña (A)
Baños de Molgas
Baralla
Barreiros
Barro
Beade
Beariz
Becerreá
Begonte
Bergondo
Betanzos
Blancos (Os)
Boborás
Bola (A)
Bolo (O)
Bóveda
Boimorto
Boqueixón
Brión
Burela
Cabana de Bergantiños
Cabanas
Caldas de Reis
Calvos de Randín
Camariñas
Cambre
Campo Lameiro
Cañiza (A)
Capela (A)
Carballeda de Avia
Carballeda de Valdeorras
Carballedo
Carballiño (O)
Carballo
Cariño



Carnota
Cartelle
Castrelo de Miño
Castrelo do Val
Castro Caldelas
Castro de Rei
Castroverde
Catoira
Cedeira
Celanova
Cenlle
Cereda
Cerdido
Cervantes
Chandrexa de Queixa
Coirós
Coles
Corcubión
Corgo (O)
Coristanco
Cortegada
Coruña (A)
Cospeito
Covelo
Crecente
Cualedro
Culleredo
Curtis
Dodro
Dozón
Dumbría
Entrimo
Esgos
Estrada (A)
Fene
Ferrol
Folgozo do Courel



Fonsagrada (A)
Forcarei
Fornelos de Montes
Foz
Frades
Friol
Gondomar
Gomesende
Grove (O)
Guarda (A)
Gudiña (A)
Guitiriz
Guntín
Illa de Arousa (A)
Incio (O)
Irixo (O)
Irixoa
Lalín
Lama (A)
Láncara
Laracha (A)
Larouco
Laxe
Laza
Leiro
Lobeira
Lourenzá
Lousame
Lugo
Maceda
Malpica de Bergantiños
Manzaneda
Mañón
Marín
Maside
Mazaricos
Meaño



Meira
Meis
Melide
Melón
Merca (A)
Mesía
Mezquita (A)
Miño
Moeche
Mondariz-Balneario
Mondariz
Mondoñedo
Monfero
Monforte de Lemos
Montederramo
Monterrei
Monterroso
Mugardos
Muíños
Muras
Muros
Muxía
Narón
Navia de Suarna
Neda
Negreira
Negueira de Muñiz
Neves (As)
Nigrán
Noia
Nogais (As)
Nogueira de Ramuín
Oia
Oímbra
Oroso
Ortigueira
Ourense



Ourol
Outeiro de Rei
Outes
Oza-Cesuras
Paderne de Allariz
Paderne
Padrenda
Palas de Rei
Pantón
Parada de Sil
Paradela
Páramo (O)
Pastoriza (A)
Pazos de Borbén
Pedrafita do Cebreiro
Pereiro de Aguiar (O)
Peroxa (A)
Petín
Pino (O)
Piñor
Pobra de Trives (A)
Pobra do Brollón (A)
Poio
Pol
Ponteareas
Pontecesures
Ponteceso
Pontedeume
Pontedeva
Pontenova (A)
Pontes de García Rodríguez (As)
Pontevedra
Porqueira
Porriño (O)
Portas
Porto do Son
Portomarín



Punxín
Quintela de Leirado
Quiroga
Rábade
Rairiz de Veiga
Ramirás
Redondela
Ribadavia
Ribadeo
Ribadumia
Ribas de Sil
Ribeira de Piquín
Riós
Riotorto
Rodeiro
Rois
Rosal (O)
Rúa (A)
Rubiá
Sada
Salvaterra de Miño
Samos
San Amaro
San Cibrao das Viñas
San Cristovo de Cea
San Sadurniño
Sanxenxo
San Xoán de Río
Sandiás
Santa Comba
Santiago de Compostela
Sarreaus
Sarria
Saviñao (O)
Silleda
Sober
Sobrado



Somozas (As)
Soutomaior
Taboada
Taboadela
Teixeira (A)
Teo
Toén
Tomíño
Toques
Tordoia
Touro
Trabada
Trasmiras
Trazo
Triacastela
Tui
Val do Dubra
Valadouro (O)
Valdoviño
Vedra
Veiga (A)
Verea
Verín
Viana do Bolo
Vicedo (O)
Vigo
Vilaboa
Vila de Cruces
Vilagarcía de Arousa
Vilalba
Vilamarín
Vilamartín de Valdeorras
Vilar de Barrio
Vilar de Santos
Vilardevos
Vilariño de Conso
Vilarmaior



Vilasantar
Vimianzo
Xermade
Xinzo de Limia
Xove
Xunqueira de Ambía
Xunqueira de Espadanedo
Zas»

CVE-DOG: zqdv5sl9-1t17-fib4-97k4-sr1m7cm1hqa6



I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 11 de febreiro de 2022 pola que se prorroga e se modifica a Orde do 22 de outubro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, e se modifican a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia e a Orde do 29 de setembro pola que se aproba o novo Plan de lecer nocturno da Comunidade Autónoma de Galicia.

I

Mediante a Resolución do 21 de outubro de 2021, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, dáse publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 21 de outubro de 2021, polo que se declara a finalización da situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, declarada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.

A finalización da aplicación dos mecanismos extraordinarios derivados da lexislación de protección civil debe entenderse, naturalmente, sen prexuízo de que continúen sendo necesarias, mentres permaneza a pandemia, medidas de prevención de acordo coa lexislación sanitaria en vigor.

Neste sentido, a Lei estatal 2/2021, do 29 de marzo, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, prevé no seu artigo 2.3 que as medidas contidas nos seus capítulos II, III, IV, V, VI e VII e na disposición adicional quinta serán de aplicación en todo o territorio nacional ata que o Goberno declare de maneira motivada e de acordo coa evidencia científica dispoñible, logo do informe do Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias, a finalización da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19. O Goberno consultará as comunidades autónomas no seo do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde con carácter previo á finalización da situación de crise sanitaria a que se refire o parágrafo anterior.

Na actualidade, como se deduce do informe da Dirección Xeral de Saúde Pública que se cita posteriormente, segue existindo unha situación de crise sanitaria que determina, por exemplo, que siga sendo de aplicación o deber de cautela e de protección establecido no



artigo 4 da lei, de tal xeito que todos os cidadáns deberán adoptar as medidas necesarias para evitar a xeración de riscos de propagación da enfermidade COVID-19, así como a propia exposición a eses riscos, conforme o que se establece nesta lei. Tal deber de cautela e protección será igualmente exixible aos titulares de calquera actividade regulada nesta lei.

Deste xeito, seguen sendo de aplicación as previsións desta lei sobre o uso obrigatorio de máscaras, a regulación das distintas actividades e a distancia de seguridade interpersoal mínima.

En particular, debe terse en conta que seguirán sendo de aplicación os mecanismos de tutela previstos na lexislación sanitaria. A Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública, conforma, xunto coa Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, a Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema nacional de saúde, e a Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, o corpo normativo fundamental da acción de tutela da saúde pública a nivel estatal, ao cal se debe unir a lexislación autonómica reguladora da protección da saúde pública no marco de competencias autonómico, como é o caso, na Comunidade Autónoma galega, da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia. En efecto, recóllense na devandita normativa medidas que as autoridades sanitarias poderán acordar para tutelar a saúde pública en situacións de risco, co fin de cumprir o mandato contido no artigo 43 da Constitución española que, despois de proclamar o dereito á protección da saúde, dispón que lles compete aos poderes públicos organizar e tutelar a saúde pública, a través de medidas preventivas e das prestacións e servizos necesarios, e que a lei establecerá os dereitos e deberes de todos ao respecto. Este marco normativo débese completar, unha vez atendida a posible afectación que tales medidas poden ter sobre os dereitos fundamentais, coa necesidade de intervención xudicial.

Malia o anterior, a crise da COVID-19 puxo de manifesto a necesidade de contar cunha maior densidade normativa no que respecta á articulación dos mecanismos extraordinarios que recolle a lexislación sanitaria para tutelar a saúde pública ante crises sanitarias.

Neste sentido, a Lei de saúde autonómica foi modificada pola Lei 8/2021, do 25 de febreiro, no exercicio da competencia autonómica en materia de sanidade interior, recollida no artigo 33 do Estatuto de autonomía de Galicia, para introducir na lei as modificacións necesarias co fin de facer fronte á necesidade de contar cun marco normativo claro na materia que ofrezca a necesaria seguridade xurídica, tanto para quen debe intervir na adopción das medidas e na súa inspección, vixilancia, control e sanción como para as persoas destinatarias destas. En particular, unha das principais finalidades desta lei é, así, concretar as



medidas que, tendo en conta o disposto na lexislación sanitaria estatal, de rango orgánico e ordinario, poden ser adoptadas polas autoridades sanitarias galegas para a protección da saúde pública, así como regular os requisitos que se deben cumprir para a súa correcta adopción, con especial atención ás exixencias de motivación e de proporcionalidade.

Resulta necesario un comportamento social de cautela e autoprotección asentado fundamentalmente nas premisas de hixiene frecuente das mans, de distancia interpersoal mínima, uso de máscaras cando non sexa posible manter a distancia mínima interpersoal, así como cando se estea en contornos con moita xente, especialmente en espazos pechados; de limpeza, hixiene e ventilación dos espazos utilizados e, especialmente, de adopción de medidas de illamento e comunicación cos servizos de saúde tan axiña como se teñan síntomas compatibles coa COVID-19.

II

Unha vez sentado o anterior, a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia fai necesario que as autoridades sanitarias autonómicas sigan adoptando determinadas medidas de prevención orientadas a conter a propagación da infección e dirixidas a facer fronte á crise sanitaria derivada da COVID-19.

De acordo co exposto, a persoa titular da Consellería de Sanidade, como autoridade sanitaria, debe continuar establecendo as intervencións públicas necesarias para garantir os dereitos e deberes sanitarios da cidadanía e, en particular, adoptar as medidas previstas no artigo 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, que sexan necesarias atendendo á evolución da pandemia.

Así, mediante a Orde do 22 de outubro de 2021, establecéronse medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia. Estas medidas consisten, en moitos casos, na fixación de capacidades máximas e na determinación de regras que se deben observar para o desenvolvemento das distintas actividades recollidas no seu anexo, xa que as evidencias científicas apoian as políticas de control de limitación e capacidades e a súa eficacia fronte a outras políticas sen esta limitación, pero con redución xeneralizada da mobilidade. Todo isto ampara a efectividade e a eficiencia das medidas de control focalizadas nos sectores de maior risco. A isto únese que a maior parte dos gromos se producen nun contexto social, como consecuencia de exposicións prolongadas ás secrecións respiratorias que se emiten en forma de aerosois que conteñen o virus. Nesta liña hai estudos que proban que, dentro das intervencións non farmacolóxicas, as relacionadas coa diminución



dos contactos sociais no interior de establecementos teñen a capacidade de minorar a velocidade de transmisión.

A Orde do 26 de outubro de 2021 modificou a Orde do 22 de outubro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e se modifica a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia. A finalidade desta modificación era a de adaptar á evolución da situación epidemiolóxica as medidas contidas nela que regulaban as actividades desenvolvidas en cines, teatros, auditorios e espazos similares, así como en establecementos destinados a espectáculos públicos e actividades recreativas. Tamén foron obxecto de modificación mediante a citada orde as regras sanitarias aplicables á realización de procesos selectivos por parte das administracións públicas e das entidades do sector público.

Así mesmo, mediante a Orde do 26 de outubro de 2021 pola que se prorroga e se modifica a Orde do 26 de outubro de 2021 pola que se aproba a existencia de determinadas medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia no que se refire á actividade dos albergues turísticos, introducíase unha nova modificación na Orde do 22 de outubro, coa finalidade de adaptar a regulación dos albergues contida nela ás modificacións introducidas na referida orde, que permitían que a ocupación chegase ao 100 % no caso do cumprimento da medida preventiva de seguridade sanitaria consistente na exhibición de documentación que acredite o cumprimento de determinados requisitos para a ampliación ata un 100 % das prazas nos espazos de aloxamento compartido nos albergues turísticos.

Mediante a Orde do 25 de novembro de 2021, prorrogouse e modificouse a Orde do 22 de outubro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e se modifica a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia. As modificacións introducidas tiñan por obxecto adaptar as medidas recollidas na devandita orde á realidade do momento, establecéndose limitacións ao número máximo de persoas en cócteles e tamén nas mesas ou agrupacións de mesas nos establecementos de hostalaría e restauración, de lecer nocturno e locais de xogo e apostas.



A continuación, mediante a Orde do 15 de decembro de 2021 volveuse prorrogar a Orde do 22 de outubro de 2021 e introducíronse modificacións, eliminándose así a posibilidade de realización de cócteles e actos de recepción con aperitivo e público de pé, tendo en conta a situación epidemiolóxica actual e a evolución dos casos activos, e limitándose a interacción persoal nun tipo de actos en que os participantes simultanean a inxesta de alimentos e/ou bebidas e, polo tanto, están sen máscara nese momento, coa interacción grupal en espazos limitados.

Pola súa banda, cabe citar a Orde do 29 de decembro de 2021 pola que se modifican a Orde do 22 de outubro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade. A Orde do 29 de decembro tiña por obxecto adaptar a regulación relativa ao uso de máscaras ao disposto no citado Real decreto lei 30/2021, do 23 de decembro. Tamén establece que o público deberá permanecer sentado nas actividades desenvolvidas en cines, teatros, auditorios e espazos similares, así como en establecementos destinados a espectáculos públicos e actividades recreativas. A mesma regra será de aplicación aos espectáculos musicais e artísticos desenvolvidos ao aire libre. Ademais, reduce a dez persoas por mesa ou agrupación de mesas o número máximo de persoas que poderán permanecer nas terrazas dos establecementos de hostalaría, restauración e lecer nocturno. Recóllense, por outra banda, medidas especiais de aplicación durante o período de Nadal.

Mediante a Orde do 13 de xaneiro de 2022 prorrogouse a eficacia das medidas contidas na Orde do 22 de outubro de 2021 ata as 00.00 horas do día 12 de febreiro de 2022.

Polo que atinxe ás actividades de hostalaría, restauración e lecer nocturno, débese salientar que a regulación destas, que se contén na Orde do 22 de outubro, se completa coa recollida na Orde do 14 de setembro de 2021, pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia, e na Orde do 29 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de lecer nocturno da Comunidade Autónoma de Galicia. As ordes indicadas foron obxecto de sucesivas modificacións coa finalidade de adaptar o seu contido á evolución da situación epidemiolóxica na Comunidade Autónoma.

Finalmente, mediante a Orde do 27 de xaneiro de 2022 modificáronse a Orde do 22 de outubro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade



Autónoma de Galicia, a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia, e a Orde do 29 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de lecer nocturno da Comunidade Autónoma de Galicia.

Así, modificouse a Orde do 22 de outubro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, no sentido de permitir expresamente a celebración de cócteles e actos de recepción con aperitivo e público de pé, establecendo un máximo de 8 persoas por grupo no interior e quince no exterior. Elimínase a exigencia de que o público permaneza sentado en todo caso durante o desenvolvemento de actividades en cines, teatros, auditorios e espazos similares, así como en establecementos destinados a espectáculos públicos e actividades recreativas e en espectáculos musicais/artísticos ao aire libre. Finalmente, ampliouse o número máximo de persoas por mesa ou agrupación de mesas nas terrazas dos establecementos de hostalaría ou restauración e de lecer nocturno, que pasa de dez a quince.

Por outra banda, modificáronse a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia e a Orde do 29 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de lecer nocturno da Comunidade Autónoma de Galicia, coa finalidade de permitir o consumo en barra nos establecementos de hostalaría e restauración e nos de lecer nocturno. Tamén se ampliaron os horarios de funcionamento dos referidos establecementos, de tal xeito que o horario límite de peche ao público nos establecementos de hostalaría e restauración se estableceu á 1.00 horas, agás as noites do venres ao sábado, as noites do sábado ao domingo e as vésperas de festivos, que será ás 1.30 horas. No caso dos establecementos de lecer nocturno, o horario límite de peche ao público estableceuse ás 4.00 horas para os establecementos que teñan título habilitante de pubs e de cafés espectáculo, agás as noites do venres ao sábado, do sábado ao domingo e as vésperas de festivos, en que o horario límite será ás 4.30 horas. O horario límite de peche ao público será ás 5.00 horas para os establecementos que teñan título habilitante de salas de festa ou discotecas.

III

De conformidade co exposto, a prórroga das medidas establecidas nas disposicións citadas anteriormente, na súa redación vixente, vén determinada pola evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria da Comunidade Autónoma.



Así, do Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 5 de febreiro de 2022, destácanse os seguintes datos:

A análise da tendencia diaria mostra, desde o 21 de xullo, catro tramos con diferente tendencia. Nos dous primeiros esta tendencia é decrecente, aínda que con diferentes velocidades de decrecemento. Posteriormente, desde o 10 de outubro, obsérvase un claro cambio na tendencia, que pasa a ser crecente cunha porcentaxe de cambio diaria de 6,9 %. Esta situación mantense ata o 10 de xaneiro, data en que se pode apreciar outro cambio na tendencia, que pasa a ser decrecente, cunha porcentaxe de cambio diaria de -2,3 % .

O día 5 de febreiro, a taxa de incidencia a 14 días é de 2.652,9 casos por 100.000 habitantes, valores inferiores aos observados na semana previa, en que era de 2.945,0 casos por 100.000 habitantes. Apréciase tamén un descenso na taxa de incidencia a 7 días, que pasa de 1.430,5 o día 29 de xaneiro a 1.222,7 o día 5 de febreiro.

A porcentaxe de positividade das probas diagnósticas superou o 3 % establecido en Galicia como nivel deste indicador de seguimento, e o 5 de febreiro está no 14,8 % en 7 días. Do 2 ao 5 de febreiro notificáronse un total de 17.299 casos novos de COVID-19.

No que atinxe á incidencia acumulada a 14 días por grupos de idade, os menores de 19 anos son os que presentan a incidencia máis elevada, seguidos do grupo de 20 a 29 anos.

En canto á taxa de hospitalización en unidades de agudos nos últimos 7 días, aumentou de 14,43 ingresos por 100.000 habitantes o 29 de xaneiro a 16,91 o día 5 de febreiro. No que atinxe ás unidades de críticos (UCI), a taxa de hospitalización tamén aumentou con respecto á semana anterior, xa que o 29 de xaneiro a taxa de ingresos por 100.000 habitantes era de 0,78 e o día 5 de febreiro foi de 1,22.

Segundo a última actualización do Ministerio de Sanidade (Actualización nº 558. Enfermidade polo coronavirus (COVID-19), cos últimos datos dispoñibles ás 15.30 horas do 7 de febreiro, o número de persoas hospitalizadas en Galicia ascende a 627 e, na UCI, a 39.

Como resumo, os indicadores epidemiolóxicos parecen amosar unha tendencia descendente, tanto da taxa a 7 días como da taxa a 14 días. Non obstante, estes valores seguen a ser elevados, o que indica que o virus continúa tendo unha elevada circulación.

Debido a isto, é importante que as autoridades sanitarias autonómicas manteñan determinadas medidas cualificadas de prevención orientadas a conter a propagación da infec-



ción e dirixidas a facer fronte á crise sanitaria derivada da COVID-19, co fin de manter no tempo esta tendencia descendente.

O informe da Dirección Xeral de Saúde Pública compara os datos da terceira e quinta ondas cos datos actuais da sexta onda e observa, para o total de Galicia, un descenso progresivo das porcentaxes de hospitalización en planta e na UCI, así como das defuncións, o cal pode reflectir a efectividade da vacina na prevención de casos graves de enfermidade e de falecemento pola COVID-19.

Porén, cómpre ter en conta que o informe tamén pondera os cálculos do número de ingresos posibles por semana partindo do risco de ingreso nos últimos 14 días en planta e na UCI para o total de Galicia, tendo en conta distintos supostos de número de casos diarios. Así mesmo, considéranse outros escenarios en que aumenta o risco de hospitalización. Estes datos e a súa evolución débense ter en conta para a protección do sistema sanitario.

Pola súa parte, en canto á porcentaxe de ingresos dos casos dos últimos 7 e 14 días, é de 1,19 % e 1,22 %, respectivamente, nas unidades de agudos, e de 0,10 % e 0,08 %, a 7 e 14 días, nas unidades de críticos. Estas taxas de ingresos por número de casos son sensiblemente inferiores ás das ondas anteriores, pero debe tamén ponderarse o factor da idade dos infectados. Así, nos últimos 7 días, os casos de COVID-19 no grupo de idade de máis de 65 anos presentaron unha porcentaxe de ingreso en unidade de hospitalización do 6,95 %, inferior con respecto á semana anterior (7,5 %). A porcentaxe de ingreso na UCI ascendeu, e pasou do 0,0 % ao 0,38 %. Nos últimos 14 días, a porcentaxe de hospitalización deste grupo de idade ascendeu en planta (do 6,45 % ao 7,52 %) e na UCI (do 0,20 % ao 0,38 %) con respecto á semana previa.

Ante a situación actual, coas actuais taxas de incidencia a 7 e a 14 días, cunha elevada porcentaxe de positividade das probas diagnósticas realizadas e cun aumento da prevalencia da variante Ómicron, que xa é do 99,8 %, que ten unha transmisibilidade superior á da variante Delta, predominante ata o de agora, está xustificada a necesidade de manter as medidas adoptadas para facer fronte a esta situación, malia a tendencia descendente antes indicada e co fin de consolidala.

A evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia fai necesario, polo tanto, que as autoridades sanitarias autonómicas manteñan determinadas medidas de prevención orientadas a conter a propagación da infección e dirixidas a facer fronte á crise sanitaria derivada da COVID-19.



IV

Segundo o exposto, resulta procedente e indispensable desde o punto de vista sanitario manter e prorrogar as medidas establecidas, non só pola situación epidemiolóxica senón pola necesidade de dar estabilidade aos mecanismos e ás regras que contribúan a asegurar a incipiente mellora da situación epidémica que estamos vivindo, partindo da experiencia previa adquirida ao abeiro das medidas adoptadas, e que teñen contribuído adecuadamente á seguridade sanitaria da poboación.

Cómpre salientar que, en cumprimento do disposto no artigo 38.ter.4 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, as medidas cuxa vixencia se prorroga terán unha duración que se estenderá ata as 00.00 horas do día 26 de febreiro de 2022 e que, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, serán obxecto de seguimento e avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser prorrogadas, modificadas ou levantadas mediante orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Ademais, o recente Real decreto 115/2022, do 8 de febreiro, polo que se modifica a obrigatoriedade do uso de máscaras durante a situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modifica os números 1 e 2 do artigo 6 da Lei 2/2021, do 29 de marzo. O citado real decreto modula o uso da máscara no exterior, eliminando a obrigatoriedade nos ditos espazos. Esta obrigatoriedade do uso da máscara mantense en eventos multitudinarios que teñen lugar en espazos ao aire libre cando os asistentes estean de pé ou, se están sentados, cando non se poida manter unha distancia de seguridade de, polo menos, 1,5 metros entre persoas ou grupos de conviventes. Tamén segue sendo obrigatorio o uso de máscara nos medios de transporte público.

Coa finalidade de adaptar a regulación relativa ao uso de máscaras ao disposto no citado Real decreto lei 30/2021, do 23 de decembro, mediante esta orde modifícase o punto 1.4 da Orde do 22 de outubro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e se modifica a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia. Así mesmo, revísanse distintos puntos da orde citada nos cales se facían referencias ou se recollía a obriga de uso de máscaras no desenvolvemento de actividades concretas coa finalidade de adaptalos á nova regulación desta materia.



En particular, atendendo á recomendación do Pleno extraordinario do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde do 7 de febreiro de 2022 e do Subcomité Clínico da Consellería de Sanidade, recoméndase o uso da máscara na vía pública e en espazos ao aire libre cando existan aglomeracións de persoas nun espazo limitado, especialmente para a poboación de máis idade ou inmunocomprometida e máis vulnerable, así como para os nenos e nenas mentres non teñan a pauta completa de vacinación. Entenderase que hai aglomeracións de persoas cando se produza unha reunión numerosa e desordenada de persoas na cal, ademais, non sexa posible garantir a distancia de seguridade entre non conviventes, como, entre outros supostos, nas entradas e saídas de centros de traballo, educativos, sociais ou comerciais, rúas máis concorridas ou manifestacións. Así, debe terse en conta que nestes momentos está en marcha o proceso de administración da dobre pauta de vacinación para os menores de entre 5 e 11 anos, e que a incidencia nos grupos de idade de 0 a 11 anos e de 12 a 19 é, nestes momentos, moi superior á doutros grupos de idade e, nalgúns casos, chega a ser varias veces maior.

Así mesmo, modifícanse a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia e a Orde do 29 de setembro pola que se aproba o novo Plan de lecer nocturno da Comunidade Autónoma de Galicia, no sentido de eliminar os límites de horario de peche ao público en vigor ata este momento. Nese sentido, serán aplicables agora os establecidos na Orde do 23 de outubro de 2020 pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.

As medidas aplicadas ata este momento seguen a resultar necesarias, adecuadas e proporcionadas para o fin perseguido, que non é outro que asegurar a incipiente mellora da situación epidemiolóxica e evitar a maior difusión dunha enfermidade altamente contaxiosa respecto da cal a diferenza entre persoas enfermas e sas resulta difusa, dada a posible asintomatoloxía ou levidade dos síntomas e a existencia dun período no cal non hai indicios externos da enfermidade.

V

As medidas que se establecen e prorrogan nesta orde teñen o seu fundamento normativo no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 a 38.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.



Conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para adoptar as medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica existente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, coa urxencia que a protección da saúde pública demanda.

Na súa virtude, na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. Prórroga da eficacia das medidas previstas na Orde do 22 de outubro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e se modifica a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia

Atendendo á evolución da situación epidemiolóxica, prorrógase ata as 00.00 horas do día 26 de febreiro de 2022 a eficacia das medidas previstas na Orde do 22 de outubro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e se modifica a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia, na súa redacción vixente.

Segundo. Modificación da Orde do 22 de outubro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e se modifica a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia

Un. Modifícase o punto 1.3 do anexo da Orde do 22 de outubro de 2021, que queda redactado como segue:

«1.3. Distancia de seguridade interpersoal.

Na organización das distintas actividades deberanse adoptar as medidas necesarias para garantir a distancia interpersoal mínima de 1,5 metros, establecida pola Lei 2/2021, do 29 de marzo, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer



fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, entre grupos de persoas non conviventes».

Dous. Modifícase o punto 1.4 do anexo da Orde do 22 de outubro de 2021, que queda redactado como segue:

«1.4. Obrigatoriedade do uso de máscaras.

Será obrigatorio o uso da máscara nas seguintes condicións:

a) Regras xerais.

Para as persoas de seis ou máis anos, será obrigatorio o uso da máscara en todo momento, nos seguintes supostos:

1º) Cando estean en espazos pechados de uso público ou que se encontren abertos ao público.

2º) Nos eventos multitudinarios que teñen lugar en espazos ao aire libre, cando os asistentes estean de pé. Se están sentados, será obrigatorio cando non se poida manter 1,5 metros de distancia entre persoas, salvo grupos de conviventes.

3º) Nos medios de transporte aéreo, marítimo, en autobús e por ferrocarril, incluídas as estacións de viaxeiros e as súas plataformas, así como nos transportes públicos e privados complementarios de viaxeiros en vehículos de ata 9 prazas, incluído o condutor. Nos espazos pechados de buques e embarcacións, cando non se poida manter a distancia de seguridade de 1,5 metros, salvo grupos de conviventes.

b) Regras específicas.

1ª) Na realización de adestramentos e na celebración de competicións en espazos pechados dentro da actividade deportiva federada de competencia autonómica aplicarase, respecto do uso da máscara, o recollido especificamente no protocolo das federacións deportivas respectivas.

2ª) Co obxecto de evitar a propagación de contaxios e asegurar o mantemento dos servizos, na prestación de asistencia ou axuda no fogar a persoas dependentes será obrigatorio o uso de máscara tanto por parte do persoal prestador do servizo como por parte das persoas dependentes e daquelas que se encontren no seu domicilio. A dita obriga non será



exigible cando se trate de persoas dependentes que presenten algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria que se poida ver agravada polo uso da máscara ou que, pola súa situación de discapacidade ou dependencia, non dispoñan de autonomía para quitar a máscara, ou ben presenten alteracións de conduta que fagan inviable a súa utilización.

3ª) Nas actividades no ámbito laboral desenvolvidas en espazos comúns ou de uso colectivo pechados ou en calquera outra dependencia en que estean varios traballadores/as ou traballadores/as e/ou clientes será obrigatorio o uso da máscara.

4ª) Non será exigible o uso de máscara naqueles lugares ou espazos pechados de uso público que formen parte do lugar de residencia dos colectivos que alí se reúnan, como son as institucións para a atención de persoas maiores ou con diversidade funcional, as dependencias destinadas a residencia colectiva de traballadores esenciais ou outros colectivos que reúnan características similares, sempre e cando os ditos colectivos e os traballadores que alí exerzan as súas funcións teñan coberturas de vacinación contra o SARS-CoV-2 superiores ao 80 % con pauta completa e da dose de reforzo, acreditada pola autoridade sanitaria competente.

Esta última excepción non será de aplicación aos visitantes externos nin aos traballadores dos centros residenciais de persoas maiores ou con diversidade funcional, xa que neste caso si é obrigatorio o uso da máscara.

c) Condicións de uso da máscara.

Deberase dar un uso adecuado á máscara, é dicir, esta deberá cubrir desde parte do tabique nasal ata o queixo, incluído.

Ademais, a máscara que se debe empregar non deberá estar provista de válvula exhalatoria, agás nos usos profesionais para os cales este tipo de máscara poida estar recomendada.

d) Excepcións á obriga de uso da máscara.

A obriga de uso de máscara non será exigible nos seguintes supostos:

1º) Cando se trate de persoas que presenten algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria que se poida ver agravada polo uso da máscara ou que, pola súa situación de discapacidade ou dependencia, non dispoñan de autonomía para quitar a máscara, ou ben presenten alteracións de conduta que fagan inviable a súa utilización.



2º) Nos vehículos de turismo, cando todas as persoas ocupantes convivan no mesmo domicilio.

3º) No interior dos establecementos de hostalaría e restauración, por parte dos clientes do establecemento exclusivamente nos momentos estritamente necesarios de comer ou beber.

4º) No interior dos cuartos de establecementos de aloxamento turístico e outros espazos similares, cando unicamente se encontren neles persoas que se aloxen no cuarto.

5º) En supostos de forza maior ou situación de necesidade ou cando, pola propia natureza das actividades, o uso da máscara resulte incompatible, conforme as indicacións das autoridades sanitarias.

e) Recomendacións sobre o uso da máscara.

Atendendo á recomendación do Pleno extraordinario do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde do 7 de febreiro de 2022 e do Subcomité Clínico da Consellería de Sanidade, recoméndase o uso da máscara na vía pública e en espazos ao aire libre cando existan aglomeracións de persoas nun espazo limitado, especialmente para a poboación de máis idade ou inmunocomprometida e máis vulnerable, así como para os nenos e nenas mentres non teñan a pauta completa de vacinación.

Entenderase que hai aglomeracións de persoas cando se produza unha reunión numerosa e desordenada de persoas na cal, ademais, non sexa posible garantir a distancia de seguridade entre non conviventes, como, entre outros supostos, nas entradas e saídas de centros de traballo, educativos, sociais ou comerciais, rúas máis concorridas ou manifestacións».

Tres. Modifícase o parágrafo 2 do punto 3.3 do anexo da Orde do 22 de outubro de 2021, que queda redactado como segue:

«2. Deberanse establecer as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersonal nas instalacións, de acordo co establecido no punto 1.3».

Catro. Modifícase o parágrafo 6 do punto 3.4 do anexo da Orde do 22 de outubro de 2021, que queda redactado como segue:

«6. A utilización do exterior dos edificios ou da vía pública para a celebración de actos de culto con acompañamento de público deberase desenvolver nas condicións que determine



a autoridade municipal á cal lle corresponde a súa autorización. Nestes casos, con carácter previo á celebración, delimitarase o espazo ou itinerario. Procurarase manter a distancia de seguridade interpersoal entre os participantes entre si e co público asistente».

Cinco. Modifícase o parágrafo 1 do punto 3.8 do anexo da Orde do 22 de outubro de 2021, que queda redactado como segue:

«1. No caso dos mercados que desenvolven a súa actividade na vía pública ao aire libre ou de venda non sedentaria, coñecidos como feiras, poderán dispor do 100 % dos postos habituais ou autorizados.

En todo caso, limitarán a afluencia de clientes de maneira que se asegure o mantemento da distancia de seguridade interpersoal.

Os concellos poderán aumentar a superficie habilitada ou habilitar novos días para o exercicio desta actividade para compensar as limitacións previstas anteriormente, e prestarán especial atención á vixilancia do cumprimento das medidas sanitarias e dos protocolos aplicables nestes contornos.

Os concellos establecerán requisitos de distanciamento entre os postos e as condicións de delimitación do mercado, co obxectivo de procurar manter a distancia de seguridade interpersoal entre traballadores, clientes e viandantes, de acordo co establecido no punto 1.3».

Seis. Modifícase parágrafo 2 do punto 3.13 do anexo da Orde do 22 de outubro de 2021, que queda redactado como segue:

«2. Deberanse establecer as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersoal nas instalacións, de acordo co establecido no punto 1.3».

Sete. Modifícase a alínea a) do parágrafo 1 do punto 3.15 do anexo da Orde do 22 de outubro de 2021, que queda redactada como segue:

«a) A práctica da actividade física e deportiva non federada poderase realizar ao aire libre ou en instalacións deportivas ao aire libre, sen que sexa precisa a utilización de máscara, de acordo co disposto no punto 1.4».



Oito. Modifícase o parágrafo 2 do punto 3.21 do anexo da Orde do 22 de outubro de 2021, que queda redactado como segue:

«2. As actividades en cines, teatros, auditorios e espazos similares, e en establecementos destinados a espectáculos públicos e actividades recreativas, poderanse desenvolver co 100 % da capacidade máxima permitida.

En todo caso, deberanse establecer as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersoal nas instalacións, de acordo co establecido no punto 1.3».

Nove. Modifícase o parágrafo 1 do punto 3.30 do anexo da Orde do 22 de outubro de 2021, que queda redactado como segue:

«1. A celebración de eventos deportivos recollidos no artigo 22 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, poderase desenvolver cunha ocupación máxima do oitenta por cento en interior e do cen por cento no exterior, sempre que o público asistente permaneza sentado e se garantan as medidas establecidas no punto 1.3.

En todo caso, deberanse establecer as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersoal nas instalacións, de acordo co establecido no punto 1.3».

Dez. Modifícase o parágrafo 2 do punto 3.31 do anexo da Orde do 22 de outubro de 2021, que queda redactado como segue:

«2. 2. En particular, serán de aplicación os niveis dos establecementos, capacidades máximas e medidas adicionais para cumprir en cada nivel, establecidos no novo Plan de hostalaría segura. O réxime de horarios axustarase ao previsto na Orde do 23 de outubro de 2020 pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas».

Once. Déixase sen contido a alínea f) e modifícanse as alíneas d) e e) do parágrafo 1 do punto 3.38 do anexo da Orde do 22 de outubro de 2021, que quedan redactadas como segue:

«d) Pódese bailar.

e) Poderase prever o servizo de comida e bebidas se se realiza en espazos habilitados (que cumprirán as normas de hostalaría e restauración), debidamente dimensionados para



o público que reciban. O consumo realizarase fóra da zona de baile. Os organizadores tomarán as precaucións oportunas para evitar a formación de aglomeracións».

Doce. Modifícase o parágrafo 2 do punto 3.38 do anexo da Orde do 22 de outubro de 2021, que queda redactado como segue:

«2. A celebración de romarías, desfiles, exhibicións de música ou baile, ou actividades similares en espazos abertos e con acompañamento de público na vía pública deberase desenvolver nas condicións que deberá determinar a autoridade municipal correspondente. Nestes casos, con carácter previo á celebración, delimitarase o espazo ou o itinerario. Procurarase manter a distancia de seguridade interpersoal entre os participantes entre si e co público asistente».

Terceiro. *Modificación da Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia*

Un. Modifícase o parágrafo 3 do punto 3.1 do anexo I da Orde do 14 de setembro de 2021, que queda redactado como segue:

«3. O horario límite de peche ao público será o establecido na Orde do 23 de outubro de 2020 pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas».

Dous. Modifícase o parágrafo 4 do punto 3.2 do anexo I da Orde do 14 de setembro de 2021, que queda redactado como segue:

«4. O horario límite de peche ao público será o establecido na Orde do 23 de outubro de 2020 pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas».

Cuarto. *Modificación da Orde do 29 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de lecer nocturno da Comunidade Autónoma de Galicia*

Un. Modifícase o parágrafo 3 do punto 4.1 do anexo da Orde do 29 de setembro de 2021, que queda redactado como segue:

«3. O horario límite de peche ao público será o establecido na Orde do 23 de outubro de 2020 pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas».



Dous. Modifícase o parágrafo 3 do punto 4.2 do Anexo da Orde do 29 de setembro de 2021, que queda redactado como segue:

«3. O horario límite de peche ao público será o establecido na Orde do 23 de outubro de 2020 pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas».

Quinto. *Eficacia*

1. As medidas previstas nesta orde terán efectos desde as 00.00 horas do día seguinte ao da súa publicación ata as 00.00 horas do 26 de febreiro de 2022.

2. En cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas cuxa eficacia se prorroga serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser prorrogadas, modificadas ou levantadas mediante orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2022

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade



I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 9 de febreiro de 2022 pola que se prorrogan diversas ordes polas que se establecen medidas cualificadas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

I

Mediante a Resolución do 21 de outubro de 2021, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, dáse publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 21 de outubro de 2021, polo que se declara a finalización da situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, declarada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.

A finalización da aplicación dos mecanismos extraordinarios derivados da lexislación de protección civil debe entenderse, naturalmente, sen prexuízo de que continúen sendo necesarias, mentres permaneza a pandemia, medidas de prevención de acordo coa lexislación sanitaria en vigor.

Neste sentido, a Lei estatal 2/2021, do 29 de marzo, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, prevé no seu artigo 2.3 que as medidas contidas nos seus capítulos II, III, IV, V, VI e VII e na disposición adicional quinta serán de aplicación en todo o territorio nacional ata que o Goberno declare de maneira motivada e de acordo coa evidencia científica dispoñible, logo do informe do Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias, a finalización da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19. O Goberno consultará as comunidades autónomas no seo do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde con carácter previo á finalización da situación de crise sanitaria a que se refire o parágrafo anterior.

Na actualidade, como se deduce do informe da Dirección Xeral de Saúde Pública que se cita posteriormente, segue existindo unha situación de crise sanitaria que determina, por exemplo, que continúe sendo de aplicación o deber de cautela e protección establecido no artigo 4 da lei, de tal xeito que todos os cidadáns deberán adoptar as medidas necesarias para evitar a xeración de riscos de propagación da enfermidade COVID-19, así como a



propia exposición aos ditos riscos, conforme o que se establece nesta lei. O dito deber de cautela e protección seralles igualmente exigible aos titulares de calquera actividade regulada nesta lei.

Deste xeito, seguen a ser de aplicación as previsións desta lei sobre o uso obrigatorio de máscaras, a regulación das distintas actividades e a distancia de seguridade interpersonal mínima.

En particular, debe terse en conta que continuarán a ser aplicables os mecanismos de tutela previstos na lexislación sanitaria.

A Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública, conforma, xunto coa Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, a Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema nacional de saúde, e a Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, o corpo normativo fundamental da acción de tutela da saúde pública no ámbito estatal, ao cal se debe unir a lexislación autonómica reguladora da protección da saúde pública no marco de competencias autonómico, como é o caso, na Comunidade Autónoma galega, da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia. En efecto, recóllense na dita normativa medidas que as autoridades sanitarias poderán acordar para tutelar a saúde pública en situacións de risco, co fin de cumprir o mandato contido no artigo 43 da Constitución española, que, despois de proclamar o dereito á protección da saúde, dispón que lles compete aos poderes públicos organizaren e tutelaren a saúde pública a través das medidas preventivas e das prestacións e dos servizos necesarios, e que a lei establecerá os dereitos e deberes de todos ao respecto. Este marco normativo débese completar, atendida a posible afectación que tales medidas poden ter sobre os dereitos fundamentais, coa necesidade da intervención xudicial.

Malia o anterior, a crise da COVID-19 puxo de manifesto a necesidade de contar cunha maior densidade normativa no que respecta á articulación dos mecanismos extraordinarios que recolle a lexislación sanitaria para tutelar a saúde pública ante crises sanitarias.

Neste sentido, a Lei de saúde autonómica foi modificada pola Lei 8/2021, do 25 de febreiro, no exercicio da competencia autonómica en materia de sanidade interior, recollida no artigo 33 do Estatuto de autonomía de Galicia, para introducir na lei as modificacións necesarias co fin de facer fronte á necesidade de contar cun marco normativo claro na materia que ofrezca a necesaria seguridade xurídica, tanto para quen debe intervir na adopción



das medidas e na súa inspección, vixilancia, control e sanción, como para as persoas destinatarias destas. En particular, unha das principais finalidades desta lei é, así, concretar as medidas que, tendo en conta o disposto na lexislación sanitaria estatal, de rango orgánico e ordinario, poden adoptar as autoridades sanitarias galegas para a protección da saúde pública, así como regular os requisitos que se deben cumprir para a súa correcta adopción, con especial atención ás exixencias de motivación e de proporcionalidade.

Resulta necesario un comportamento social de cautela e autoprotección asentado fundamentalmente nas premisas de hixiene frecuente das mans, distancia interpersoal mínima, uso de máscaras cando non sexa posible manter a distancia mínima interpersoal, así como cando se estea en ambientes con moita xente, especialmente en espazos pechados; de limpeza, hixiene e ventilación dos espazos utilizados e, especialmente, de adopción de medidas de illamento e comunicación cos servizos de saúde tan axiña como se teñan síntomas compatibles coa COVID-19.

II

Unha vez sentado o anterior, a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia fai necesario que as autoridades sanitarias autonómicas sigan adoptando determinadas medidas de prevención orientadas a conter a propagación da infección e dirixidas a facer fronte á crise sanitaria derivada da COVID-19.

De acordo co exposto, a persoa titular da Consellería de Sanidade, como autoridade sanitaria, debe continuar establecendo as intervencións públicas necesarias para garantir os dereitos e deberes sanitarios da cidadanía e, en particular, adoptar as medidas previstas no artigo 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, que sexan necesarias atendendo á evolución da pandemia.

Neste sentido, o informe da Dirección Xeral de Saúde Pública do 8 de febreiro de 2022 indica que na actualidade a situación epidemiolóxica se pode resumir da seguinte forma:

A análise da tendencia diaria mostra, desde o 21 de xullo, catro tramos con diferente tendencia. Nos dous primeiros esta tendencia é decrecente, aínda que con diferentes velocidades de decrecemento. Posteriormente, desde o 10 de outubro, obsérvase un claro cambio na tendencia, que pasa a ser crecente cunha porcentaxe de cambio diaria de 6,9 %.



Esta situación mantense ata o 10 de xaneiro, data en que se pode apreciar outro cambio na tendencia que pasa a ser decrecente cunha porcentaxe de cambio diaria de -2,3 %.

O día 5 de febreiro, a taxa de incidencia a 14 días é de 2.652,9 casos por 100.000 habitantes, valores inferiores aos observados na semana previa, onde era de 2.945 casos por 100.000 habitantes. Apréciase tamén un descenso na taxa de incidencia a 7 días, que pasa de 1.430,5 o día 29 de xaneiro a 1.222,7 o día 5 de febreiro.

A porcentaxe de positividade das probas diagnósticas superou o 3 % establecido en Galicia como nivel deste indicador de seguimento, e o 5 de outubro está no 14,8 % en 7 días. Desde o 2 ao 5 de febreiro notificáronse un total de 17.299 casos novos da COVID-19.

No que atinxe á incidencia acumulada a 14 días por grupos de idade, os menores de 19 anos son os que presentan a incidencia máis elevada, seguido do grupo de 20 a 29 anos.

En canto á taxa de hospitalización en unidades de agudos nos últimos 7 días, aumentou de 14,43 ingresos por 100.000 habitantes o 29 de xaneiro a 16,91 o día 5 de febreiro. No que atinxe ás unidades de críticos (UCI), a taxa de hospitalización tamén aumentou con respecto á semana anterior, xa que o 29 de xaneiro a taxa de ingresos por 100.000 habitantes era de 0,78 e o día 5 de febreiro é de 1,22.

Segundo a última actualización do Ministerio de Sanidade (actualización nº 558. Enfermidade polo coronavirus (COVID-19), cos últimos datos dispoñibles ás 15.30 horas do 7 de febreiro, o número de persoas hospitalizadas en Galicia ascende a 627 e na UCI a 39.

Como resumo, os indicadores epidemiolóxicos parecen amosar unha tendencia descendente, tanto da taxa a 7 días como da taxa a 14 días. Non obstante, estes valores seguen a ser elevados, o que indica que o virus continúa tendo unha elevada circulación.

Debido a isto, é importante que as autoridades sanitarias autonómicas manteñan determinadas medidas cualificadas de prevención orientadas a conter a propagación da infección e dirixidas a facer fronte á crise sanitaria derivada da COVID-19 co fin de manter no tempo esta tendencia descendente.

O informe da Dirección Xeral de Saúde Pública compara os datos da terceira e quinta ondas cos datos actuais da sexta onda e observa, para o total de Galicia, un descenso progresivo das porcentaxes de hospitalización en planta e na UCI, así como das defuncións, o



cal pode reflectir a efectividade da vacina na prevención de casos graves de enfermidade e de falecemento pola COVID-19.

Porén, debe terse en conta que o informe tamén pondera os cálculos do número de ingresos posibles por semana partindo do risco de ingreso nos últimos 14 días en planta e na UCI para o total de Galicia, tendo en conta distintos supostos de número de casos diarios. Así mesmo, considéranse outros escenarios en que aumenta o risco de hospitalización. Estes datos e a súa evolución deben terse en conta para a protección do sistema sanitario.

Pola súa parte, a porcentaxe de ingresos dos casos dos últimos 7 e 14 días é de 1,19 % e 1,22 %, respectivamente, nas unidades de agudos, e de 0,10 % e 0,08 %, a 7 e 14 días nas unidades de críticos. Estas taxas de ingresos por número de casos son sensiblemente inferiores ás das ondas anteriores, pero debe tamén ponderarse o factor da idade dos infectados. Así, nos últimos 7 días, os casos da COVID-19 no grupo de idade de máis de 65 anos presentaron unha porcentaxe de ingreso en unidade de hospitalización do 6,95 %, inferior con respecto á semana anterior (7,5 %). A porcentaxe de ingresos en UCI ascendeu e pasou de 0,0 % a 0,38 %. Nos últimos 14 días a porcentaxe de hospitalización deste grupo de idade ascendeu en planta (de 6,45 % a 7,52 %) e na UCI (de 0,20 % a 0,38 %) con respecto á semana previa.

Ante a situación actual, coas taxas actuais de incidencia a 7 e a 14 días, cunha elevada porcentaxe de positividade das probas diagnósticas realizadas e cun aumento da prevalencia da variante Ómicron, que xa é do 99,8 %, que ten unha transmisibilidade superior á da variante Delta, predominante ata o de agora, está xustificada a necesidade de manter as medidas adoptadas para facer fronte a esta situación, malia a tendencia descendente antes indicada e co fin de consolidala.

A evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia fai necesario, polo tanto, que as autoridades sanitarias autonómicas manteñan determinadas medidas de prevención orientadas a conter a propagación da infección e dirixidas a facer fronte á crise sanitaria derivada da COVID-19.

III

Tendo en conta os antecedentes referidos, o obxecto desta orde é a prórroga da eficacia das medidas recollidas en diversas ordes polas que se estableceron medidas cualificadas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.



Así, mediante a Orde do 26 de xaneiro de 2022, que foi autorizada polo Auto 11/2022, do 28 de xaneiro, da Sección Terceira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, prorrogáronse diversas ordes da Consellería de Sanidade nas cales se establecían medidas cualificadas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia. A eficacia das medidas contidas na Orde do 26 de xaneiro esténdese ata as 00.00 horas do día 12 de febreiro de 2022.

O obxecto desta orde é, polo tanto, prorrogar ata as 00.00 horas do día 26 de febreiro de 2022 as seguintes ordes, na súa redacción vixente:

– A Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia.

– A Orde do 29 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de lecer nocturno da Comunidade Autónoma de Galicia.

– A Orde do 6 de outubro de 2021 pola que se aproba a existencia de determinadas medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia no que se refire á actividade dos albergues turísticos.

– A Orde do 16 de novembro de 2021 pola que se aproba a existencia de determinadas medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia no que se refire aos centros hospitalarios.

– A Orde do 14 de decembro de 2021 pola que se establecen medidas preventivas de seguridade sanitaria consistentes na exhibición de documentación que acredite o cumprimento de determinados requisitos para o acceso a certos establecementos e se prorrogan diversas ordes como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, cuxos puntos primeiro, segundo e terceiro recollen a obriga de exhibición de determinada documentación para a práctica da actividade física e deportiva non federada nas instalacións e nos centros deportivos pechados, así como nas piscinas cubertas, para o acceso de visitantes e acompañantes a centros sociosanitarios residenciais de maiores e de persoas con discapacidade e para o acceso a eventos multitudinarios realizados ou a aqueles que teñan autorizada a venda de alimentos e bebida para o seu consumo durante eles.



O mantemento destas medidas cualificadas continúa a resultar necesario, adecuado e proporcionado ao fin perseguido, que non é outro que o de controlar e evitar a maior difusión dunha enfermidade como a COVID-19, altamente contaxiosa, respecto da cal a diferenza entre persoas enfermas e sas resulta difusa, dada a posible asintomatoloxía ou levidade dos síntomas e a existencia dun período no cal non hai indicios externos da enfermidade.

Na situación actual seguen a concorrer, en definitiva, determinadas circunstancias que aconsellan o mantemento dun conxunto de medidas que se orientan, por un lado, a reducir o risco de transmisión naquelas actividades de maior risco e, por outro, a diminuír as interaccións sociais e evitar as aglomeracións de persoas co fin de garantir o mantemento en todo momento da distancia de seguridade e de reducir o contacto físico en condicións favorecedoras do contaxio.

Así, en primeiro lugar, prorrógase a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia.

En efecto, mediante a Orde do 14 de setembro de 2021 aprobouse o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia, coa natureza de medidas preventivas de acordo co disposto no artigo 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, e de plan sanitario para os efectos do previsto no artigo 80 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia. A Xunta de Galicia, consciente da importancia do sector e da necesidade de manter a súa viabilidade, acordou cos representantes do sector hostaleiro de Galicia o compromiso de seguir apostando por unha hostalaría segura. Co obxectivo de continuar garantindo a máxima seguridade, tanto para as persoas traballadoras coma para as persoas usuarias, foi necesario incidir no control dos niveis de ocupación e na necesidade de manter en todo momento as normas hixiénico-sanitarias básicas de limpeza das mans e superficies, as distancias de seguridade interpersoal, o uso da máscara, as medidas de ventilación dos espazos e a limitación dos tempos de contacto. Na parte expositiva desta orde sinalábase que os establecementos de hostalaría e restauración son ámbitos que favorecen os encontros entre persoas que comparten un mesmo espazo con proximidade e durante os cales se produce o consumo de alimentos ou de bebidas e a consecuente necesidade de retirar a máscara nese instante. Así, fíxose necesario continuar velando polo cumprimento das medidas na totalidade dos locais de hostalaría da nosa Comunidade, dado o seu carácter de lugares de convivencia e interacción social, e seguir establecendo controis por parte dos corpos de inspección sanitarios e dos corpos e forzas de seguridade que operan en Galicia. Todo isto completouse tamén coa necesaria información que se lles debe transmitir ás persoas usuarias, lembrándolles en todo momento a necesidade de ob-



servar as medidas básicas de prevención. Este plan permitiu acadar unha estabilidade nas condicións de apertura dos establecementos de hostalaría con independencia dos niveis de restrición de cada concello.

Cómpre indicar que a citada orde foi obxecto de varias modificacións. A primeira modificación, realizada mediante a Orde do 23 de setembro de 2021, consistiu na habilitación dun prazo de dous meses para que o persoal do sector puidese acreditar a formación necesaria, cuxo contido se incorporou como un novo anexo II á xa citada Orde do 14 de setembro. Posteriormente, realizouse unha segunda modificación, que tivo lugar mediante a Orde do 7 de outubro de 2021 pola que se estableceron medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e se modificaron a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aprobou o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia e a Orde do 29 de setembro de 2021 pola que se aprobou o novo Plan de lecer nocturno da Comunidade Autónoma de Galicia. O obxecto desta segunda modificación referiuse a aspectos da sinalética dos establecementos e ás zonas ou espazos de autoservizo. Finalmente, a terceira modificación realizouse mediante a Orde do 22 de outubro de 2021 pola que se estableceron medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e se modificou a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aprobaba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia. Esta terceira modificación tivo por obxecto ampliar a ocupación e os horarios aplicables en función dos tipos de establecementos, así como habilitar novamente o uso das barras.

Mediante a Orde do 25 de novembro de 2021 modificouse a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia e introducíronse determinadas medidas de prevención, consistentes na exhibición de determinada documentación para o acceso ao interior dos establecementos de hostalaría (restaurantes, bares, cafeterías, furanchos...), así como para o acceso ao interior dos establecementos de xogo que contén con servizos de hostalaría e restauración, coa finalidade de que a actividade se poida desenvolver en condicións de seguridade, tanto para o persoal traballador como para os clientes.

A referida Orde do 25 de novembro tamén modificaba a do 14 de setembro, ao indicar que a comprobación da validez dos certificados presentados só poderá ser efectuada polos establecementos a través da lectura do código QR que figura en cada un dos deles, e



que empregarían para tal fin a aplicación Passcovid da Comunidade Autónoma de Galicia, dispoñible nas plataformas Android e iOS. Tamén sinalaba que non se poderían conservar os datos persoais ou crear ficheiros con eles nin realizar operacións de tratamento sobre datos persoais.

Mediante a Orde do 14 de decembro de 2021, pola que se establecen medidas preventivas de seguridade sanitaria consistentes na exhibición de documentación que acredite o cumprimento de determinados requisitos para o acceso a certos establecementos e pola que se prorrogan diversas ordes como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, prorrogábase a Orde do 14 de setembro de 2021, na súa redacción vixente, ata o 18 de xaneiro de 2022.

Pola súa banda, a Orde do 29 de decembro de 2021, pola que se establecen medidas cualificadas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e se modifica a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia, ampliou a obriga de exhibición do certificado, estendéndoa durante o horario completo de funcionamento dos distintos establecementos, con independencia de se o seu título habilitante é de restaurante, salón de banquetes, bar, cafetería ou furancho. Na mesma liña, a exigencia do certificado tamén será aplicable aos establecementos de xogo que contén con servizos de hostalaría e restauración durante todo o seu horario.

En canto ao risco asociado aos establecementos de restauración, hostalaría e de xogo que contan con servizos de hostalaría e restauración, como xa se sinalou en anteriores ocasións, cómpre indicar que se trata de espazos pechados nos cales se establecen contactos próximos e prolongados entre as persoas, con escasa renovación do aire no interior, nalgúns casos, e onde se realizan actividades nas cales é necesaria a retirada de máscara (ao comer ou beber) e accións que ocasionan unha maior xeración de aerosois (falar, en ocasións cun ton de voz maior do normal, ou cantar). Ademais, son espazos de socialización que favorecen a relaxación da atención necesaria para manter as medidas individuais de prevención (o uso da máscara e o mantemento da distancia de seguridade interpersoal), ao cal pode contribuír o consumo de alcohol.

A continuación, mediante a Orde do 26 de xaneiro de 2022 acometeuse unha nova prórroga da Orde do 14 de setembro de 2021, na súa redacción vixente, estendendo a eficacia das medidas contidas nela até as 00.00 horas do día 12 de febreiro de 2022.



Finalmente, mediante a presente orde, prorrógase a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia, na súa redacción vixente derivada das modificacións introducidas polas ordes antes citadas.

En segundo lugar, prorrógase a Orde do 29 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de lecer nocturno da Comunidade Autónoma de Galicia.

A mesma medida de exhibición de documentación para o acceso ao interior dos establecementos foi aplicada no ámbito do lecer nocturno mediante a citada orde e foi ampliada para todos os establecementos de lecer nocturno pola Orde do 21 de outubro de 2021 pola que se prorroga e se modifica a Orde do 29 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de lecer nocturno da Comunidade Autónoma de Galicia, con fundamento na protección da saúde pública, ao abeiro do establecido nas letras g) e k) do número 1 do artigo 38.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Segundo se recollía na exposición de motivos da Orde do 21 de outubro de 2021, a existencia de exhibición de documentación para o acceso aos establecementos de lecer nocturno débese a que neste sector concorren unhas características peculiares que pasamos a expor detidamente:

– Nestes locais prodúcese a retirada da máscara por parte dos clientes para o consumo de bebida ou, nos casos en que resulta posible segundo o título habilitante do establecemento, os servizos de restauración.

– Resulta posible nestes establecementos a permanencia e o consumo de pé, ademais de sentado, o que presenta problemas particulares de maior risco de existencia de aglomeracións de persoas e fai moi dificultoso na práctica o mantemento da distancia de seguridade interpersoal, ao estaren os usuarios circulando polo establecemento.

– As condicións de desenvolvemento da actividade comportan a existencia de música alta, o que fai que as persoas levanten a voz e se acheguen para falar, o que comporta a emisión de máis gotas e aerosois respiratorios con maior risco de contaxio da COVID-19.

– O feito de que se trata dunha actividade de lecer e recreativa en que se produce consumo de bebidas alcohólicas e o horario nocturno en que se realiza a actividade determinan unha relaxación por parte dos usuarios das medidas de seguridade aplicables, o que xoga en contra do desenvolvemento ordenado e seguro da actividade.



Por outro lado, e a diferenza dos locais da hostalaría, os establecementos de lecer nocturno teñen, con frecuencia, a complicación engadida de non realizaren unha renovación do aire de xeito natural, o que provoca que se poida facilitar a transmisión vía aeróxena de xeito máis doado, tal como pon de manifesto o estudo realizado por Jialei Shen e os seus colaboradores, no cal estudan a transmisión aeróxena ligada a determinados ambientes interiores, e os gromos que se relacionaron con eles, en que a ventilación se ve dificultada. Nestes ámbitos, como o do lecer nocturno, é onde máis gromos se produciron, xa que á dificultade de realizar unha boa ventilación se xunta unha maior eliminación de partículas virais debido á forma de falar, por exemplo, e, en determinados espazos, a un número máis elevado de persoas.

Así mesmo, mediante a Orde do 14 de decembro de 2021, pola que se establecen medidas preventivas de seguridade sanitaria consistentes na exhibición de documentación que acredite o cumprimento de determinados requisitos para o acceso a certos establecementos e se prorrogan diversas ordes como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, prorrogábase a Orde do 29 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de lecer nocturno tamén ata as 00.00 horas do día 18 de xaneiro de 2022 e, posteriormente, mediante a Orde do 26 de xaneiro de 2022, estableceuse unha nova prórroga das disposicións indicadas até as 00.00 horas do día 12 de febreiro de 2022.

En terceiro lugar, prorrogase a Orde do 6 de outubro de 2021 pola que se aproba a existencia de determinadas medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia no que se refire á actividade dos albergues turísticos.

Así, mediante a Orde do 26 de outubro de 2021 prorrogouse e modificouse a Orde do 6 de outubro de 2021 pola que se aproba a existencia de determinadas medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia no que se refire á actividade dos albergues turísticos. A modificación operada introduciu a medida preventiva de seguridade sanitaria consistente na exhibición da documentación que acredite o cumprimento de determinados requisitos para a ampliación ata un 100 % das prazas nos espazos de aloxamento compartido nos albergues turísticos. A citada medida de exhibición do certificado estableceuse como requisito necesario para incrementar a capacidade máxima permitida e foi ratificada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Nestes establecementos hai circunstancias en que o cumprimento do uso da máscara por parte dos usuarios non é posible, xa que non hai existencia de que esta se leve posta



no momento de durmir. Igualmente, compartir un espazo interior pechado, onde ás veces a ventilación non é a adecuada, aumentaría este risco, de existir unha persoa infectada compartindo o espazo con outros usuarios.

Debe terse en conta que nos espazos de aloxamento compartido dos albergues concorren unhas características peculiares:

– Neles alóxanse persoas que non teñen que estar ligadas por unha relación de convivencia.

– Estas persoas poden provir de moi diversos países e destinos, o que incrementa os riscos de exposición ás diversas variantes do virus, tendo en conta, ademais, que os niveis de cobertura vacinal en moitos países son moi diferentes e inferiores, en moitos casos, aos existentes en Galicia e en España.

– A pernoctación en cuartos de uso compartido incrementa a exposición aos aerosóis respiratorios durante varias horas seguidas, con maior risco de contaxio da COVID-19.

– A pernoctación dificulta a utilización dunha medida de seguridade fundamental, como é a máscara e o seu control.

– O incremento da capacidade máxima produce unha redución das distancias interpersoais entre os usuarios.

Tal como sinala tamén o informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, nestes establecementos, onde se poden dar eventos de supertransmisión (22,23), a exhibición do certificado COVID preséntase como unha medida de seguridade exixible para permitir a capacidade do 100 % dos espazos de aloxamento compartido, por existir nestes casos un maior risco de transmisión.

Desta maneira, estes establecementos terían unha garantía engadida na seguridade da súa actividade no tocante á transmisión do virus, dado que presentan un risco adicional debido á confluencia de persoas procedentes de puntos xeográficos con diferente cobertura vacinal, á falta de uso da máscara á hora de durmir e ao elevado risco de mala ventilación do espazo, en parte a causa da que, aínda que os usuarios teñen os lectores á vista e as indicacións de abrir as ventás, na práctica non se fai de maneira que se asegure unha boa ventilación, cuestión que se complica durante a noite.



Ademais, cómpre ter en conta que esta mestura de persoas de diferentes orixes, e de lugares con coberturas vacinais menores que as de Galicia determina que se considere que a existencia dos certificados COVID-19 é unha ferramenta útil para o control da aparición de casos novos, e mesmo de novas variantes do virus.

Así mesmo, de conformidade coa Orde do 14 de decembro de 2021, pola que se establecen medidas preventivas de seguridade sanitaria consistentes na exhibición de documentación que acredite o cumprimento de determinados requisitos para o acceso a certos establecementos e se prorrogan diversas ordes como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, a medida sanitaria exixida nos albergues prorrogouse ata as 00.00 horas do día 18 de xaneiro de 2022 e, mediante a Orde do 26 de xaneiro de 2022, estableceuse unha prórroga da Orde do 29 de setembro de 2021, na súa redacción vixente, até as 00.00 horas do día 12 de febreiro de 2022.

En cuarto lugar, prorrógase a Orde do 16 de novembro de 2021 pola que se aproba a existencia de determinadas medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia no que se refire aos centros hospitalarios, e establécese a medida preventiva de seguridade sanitaria consistente na exhibición de documentación que acredite o cumprimento de determinados requisitos para o acceso aos centros hospitalarios das visitas e dos acompañantes dos pacientes hospitalizados.

Posteriormente, mediante a Orde do 14 de decembro de 2021, estendeuse a existencia para o acceso das visitas e dos acompañantes dos pacientes aos hotéis de pacientes e hospitais de día, para tratamentos oncolóxicos ou de diálise, tanto públicos como privados.

Esta medida de seguridade estableceuse por se tratar de espazos nos cales se poden agrupar factores que aumentan o risco de transmisión do SARS-CoV-2 e de enfermidade grave, son espazos pechados nos cales se establecen contactos próximos e prolongados entre as persoas, en que se realizan actividades en que é necesario retirar a máscara ou hai dificultade para o seu uso correcto (axuda na alimentación do enfermo, realización de procedementos xeradores de aerosois, etc.), e existe maior vulnerabilidade das persoas ingresadas (inmunodeprimidos, enfermos con patoloxías crónicas, idade avanzada ou pertenza a grupos non susceptibles de vacinación ou persoas non vacinadas). Polo tanto, o feito de non estar vacinado cando se accede a un centro hospitalario non só supón un maior risco para as persoas hospitalizadas e os traballadores, ao aumentar o risco de



transmisión, senón tamén para a propia persoa que accede a el, pola posibilidade de se daren contactos con persoas asintomáticas transmisoras.

Así mesmo, mediante a Orde do 14 de decembro de 2021, pola que se establecen medidas preventivas de seguridade sanitaria consistentes na exhibición de documentación que acredite o cumprimento de determinados requisitos para o acceso a certos establecementos e se prorrogan diversas ordes como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, prorrogouse a citada orde ata as 00.00 horas do día 18 de xaneiro de 2022 e, a continuación, mediante a Orde do 26 de xaneiro de 2022, estableceuse unha nova prórroga desta até as 00.00 horas do día 12 de febreiro de 2022.

En quinto lugar, prorróganse as medidas previstas nos puntos primeiro, segundo e terceiro da Orde do 14 de decembro de 2021 pola que se establecen medidas preventivas de seguridade sanitaria consistentes na exhibición de documentación que acredite o cumprimento de determinados requisitos para o acceso a certos establecementos e se prorrogan diversas ordes como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

Así, a medida de seguridade sanitaria consistente na exhibición de documentación que acredite o cumprimento de determinados requisitos para o acceso a certos establecementos foi implantada tamén para o acceso aos centros sociosanitarios residenciais de maiores e de persoas con discapacidade, para a práctica de actividade física ou deportiva non federada nos centros ou nas instalacións deportivas pechadas ou nas piscinas cubertas e para o acceso a eventos multitudinarios ou a aqueles que teñan autorizada a venda de alimentos ou bebidas para o seu consumo durante eles.

En relación cos centros sociosanitarios residenciais de maiores e persoas con discapacidade (centros sociosanitarios), o primeiro caso da COVID-19 notificouse o 15 de marzo de 2020, e entre o período comprendido entre o 16 e o 30 de marzo diagnosticáronse 596 casos (o 34,7 % do total de casos notificados na primeira onda), o 37,2 % deles en residentes. Tendo en conta que o 26 de marzo se estableceu a prohibición das visitas e que o período de incubación máximo da enfermidade é de 14 días, é plausible que algúns dos casos ocorridos nas residencias fosen ocasionados a partir das visitas.

Na quinta onda pandémica notificáronse 28 gromos nos centros sociosanitarios residenciais de maiores e persoas con discapacidade (centros sociosanitarios), coa afectación de 419 persoas (o 69,5 % de todos os casos). No 43 % dos gromos, o caso índice foi persoal



traballador da residencia, polo que o risco de que unha persoa que se contaxia na comunidade poida ocasionar un gromo nun centro destas características é moi elevado. Exemplo disto sería o gromo ocorrido nun centro sociosanitario da provincia de Ourense, que afectou 15 persoas e cuxo caso fonte foi unha persoa procedente de Madrid, ou o gromo acontecido en Vigo, que afectou seis persoas e do cal se sospeita que o caso fonte foi un familiar dun residente.

Así mesmo, de acordo co informe da Dirección Xeral de Saúde pública, os centros hospitalarios, hospitais de día, hotéis de pacientes e centros sociosanitarios residenciais de maiores e de persoas con discapacidade preséntanse como ámbitos de elevado risco epidemiolóxico por varios motivos. Por un lado, trátase de ambientes pechados nos cales o propio nivel de dependencia das persoas ingresadas ou residentes (dificultade para a alimentación, de mobilidade, etc.) favorece o establecemento de contactos próximos e prolongados cos coidadores, o que aumenta o risco de transmisión e de contaxio. Outro factor que pode contribuír ao aumento do risco de transmisión, fundamentalmente nos centros sociosanitarios, é o feito de que con frecuencia os residentes presentan algún grao de discapacidade ou deterioración cognitiva que pode dificultar o mantemento das medidas de prevención, como son a hixiene das mans e respiratoria ou o uso adecuado da máscara.

A todo o anterior é preciso engadir o feito da maior vulnerabilidade das persoas que residen ou ingresan nestes centros, por se tratar de persoas con patoloxías crónicas ou de idade avanzada (factor que aumenta a susceptibilidade ás infeccións pola propia senescencia do sistema inmune), que poden estar a tratamento con fármacos que deprimen o sistema inmune ou que pertencen a grupos non susceptibles de vacinación.

Polo tanto, o aumento da incidencia na poboación, que aumenta a probabilidade de que acudan aos hospitais persoas non vacinadas e infectadas, o contorno de alto risco de transmisión e a presenza de persoas especialmente vulnerables fan que se considere necesario establecer medidas de prevención adicionais e específicas para as persoas que visitan ou acompañan as persoas ingresadas nos centros hospitalarios, igual que se fixo en Francia, e as que visitan os residentes dos centros sociosanitarios, como así se fixo recentemente en Cataluña.

Por outro lado, ben que a exhibición do certificado non se aplicaría aos acompañantes de pacientes que acoden ás consultas externas e ao servizo de urxencias hospitalarias, si se incluírían os acompañantes das persoas que precisan atención nos hospitais de día para tratamentos oncolóxicos ou de diálise, por se tratar de pacientes cunha vulnerabi-



lidade especial e que precisan dun tratamento intensivo e prolongado que, no caso dos hospitais de día, se realiza en réxime de hospitalización parcial.

Existe evidencia de que a vacinación diminúe o risco de transmisión da infección de enfermidade grave e de hospitalización, polo que é importante que, ademais de manter todas as medidas de prevención actualmente recomendadas (o uso da máscara, a distancia interpersonal de seguridade, a hixiene das mans e respiratoria), se considere necesaria a existencia dos certificados COVID de forma adicional, para aumentar a seguridade nestes ámbitos. O feito de non estar vacunado cando se accede a un centro hospitalario ou socio-sanitario non só supón un maior risco para as persoas alí ingresadas e para os traballadores, ao aumentar o risco de transmisión, senón tamén para a propia persoa que accede ao centro, pola posibilidade de establecer contactos con persoas asintomáticas transmisoras.

No que atinxe ao risco asociado ás instalacións e aos centros deportivos pechados e ás piscinas cubertas, cómpre indicar que as instalacións deportivas interiores demostraron ser un ámbito que facilita a transmisión do SARS-CoV-2, debido non só ás características dos establecementos (pechados e, nalgúns casos, mal ventilados), senón tamén polas actividades que alí se desenvolven e que implican habitualmente esforzo vigoroso e respiración profunda ou con dificultade, o que provoca unha maior emisión de aerosois.

Hai estudos científicos que calculan a taxa de emisión do SARS-CoV-2 en función da carga viral e amosan que durante o exercicio intenso se pode acadar unha taxa elevada de emisión viral durante a respiración pola boca, polo cal, se hai presente un/unha infectado/a, pode emitir un elevado número de partículas virais ao ambiente e, consecuentemente, provocar a infección das persoas alí presentes.

Ademais, cómpre ter en conta que estas actividades desenvolvidas en espazos pechados, con dificultade para realizar un uso correcto da máscara cando se realiza exercicio, ou a imposibilidade de usala, como é o caso das piscinas no momento do baño, aumentan a probabilidade de transmisión mesmo mantendo a distancia de seguridade entre os usuarios e monitores. O informe relaciona diversos estudos sobre esta cuestión e pódese destacar que, nunha revisión sistemática que tratou de identificar os potenciais ámbitos de transmisión do SAR-CoV-2 e de ocorrencia de gromos, os investigadores atoparon que, nas instalacións deportivas interiores, se producían gromos que provocaban entre 50 e 100 casos, polo que esta actividade podería considerarse como unha das de risco para a transmisión do virus. Igualmente, noutra investigación na cal se estuda o papel que di-



ferentes ámbitos teñen na transmisión da COVID-19 atoparon que a práctica do deporte en espazos pechados tiña un risco relativo de 1,36, é dicir, un 36 % de risco engadido de infectarse polo SARS-CoV-2.

Tamén se destaca que en Galicia se produciron varios gromos asociados a ximnasia, entre os cales cabe destacar un gromo producido na provincia da Coruña que afectou un total de 60 persoas, ben de xeito directo dentro da instalación, ben pola xeración de casos secundarios, terciarios e cuaternarios nos ámbitos familiar, laboral e social. Destaca tamén outro gromo, con 127 casos, que se iniciou nun centro deportivo e que, igual que no anterior, produciu varias xeracións de casos no ámbito laboral e familiar. Ademais, desde o 1 de maio de 2021 identificáronse un total de 53 gromos relacionados coa actividade deportiva, nos cales a maior proporción ten que ver con deportes practicados no interior.

O aumento da incidencia na poboación, que incrementa a probabilidade de que acudan aos centros deportivos persoas non vacinadas e infectadas, o ámbito de alto risco de transmisión polas propias características destes establecementos e das actividades que alí se desenvolven, así como os grupos de idade que habitualmente acoden a este tipo de establecementos, fai que se considere necesario establecer medidas de prevención adicionais e específicas para acceder a este tipo de instalacións: o certificado COVID.

En relación co risco asociado aos eventos multitudinarios ou a aqueles que teñan autorizada a venda de alimentos ou bebidas para o seu consumo durante eles, cómpre indicar que os eventos de masas se caracterizan por unha alta concentración de persoas, de diferentes familias e grupos sociais non relacionados, nunha localización específica para unha actividade concreta e nun período de tempo determinado.

Existen diversos estudos sobre as transmisións do SARS-CoV-2 en eventos de masas que avalan a necesidade do mantemento de medidas como as que acabamos de indicar.

Entre os estudos podemos destacar un estudo clínico aleatorio realizado en Cataluña. Antes da vacinación analizaron o risco de transmisión se se implantaban estritas medidas de seguridade (que incluían, entre outras, o control da ventilación, a hixiene das mans, o uso obrigatorio da máscara e a realización dun test antes de entrar ao evento nunha actuación musical no interior). Os investigadores concluíron que, de se aplicaren todas estas medidas, o risco de transmisión diminuíu notablemente e que a realización dun test previamente á entrada fortalecía as outras medidas.



Por outra banda, se temos en consideración que neste tipo de actividades, con capacidades do 100 % e, nalgúns casos, co público de pé, é difícil o mantemento da distancia de seguridade, hai que avaliar o risco engadido destas actividades e, así, o Centro para o Control e Prevención de Enfermidades dos Estados Unidos de América, despois de analizar a evidencia do risco que supoñen estes eventos, considera que, cando se organizan, hai que ter en consideración unha serie de parámetros que poden aumentar o risco de transmisión, como a incidencia na comunidade; o lugar do evento, xa que o risco en eventos de interior é máis elevado que nos de exterior; a duración do evento, xa que, a maior duración, maior risco de estar en contacto cun/cunha infectado/a a menos de 2 metros durante máis de 15 minutos; o número e a aglomeración de persoas no evento, xa que, cantas máis persoas, máis aumenta a probabilidade de estar exposto/a a un/unha infectado/a, e o comportamento dos asistentes, xa que, cando se adoptan comportamentos como interactuar con persoas alleas ao seu círculo íntimo, cantar, falar alto, non manter a distancia ou non usar a máscara de maneira constante e correctamente, aumenta o risco.

Así mesmo, cómpre ter en conta que nalgúns eventos, aínda que poidan non ser multitudinarios, o feito de se realizaren en establecementos ou locais abertos ao público con autorización de venda de alimentos ou bebidas para o seu consumo nos espazos que os conforman (cines, teatros, establecementos que celebren espectáculos deportivos, etc.) comporta un maior risco de transmisión por non poder asegurar o uso continuado da máscara. Por outro lado, hai que ter en conta que este tipo de eventos, pola alta concentración de persoas que supoñen, pode orixinar gromos cun número elevado de casos que, ademais, son complicados de estudar pola dificultade que pode supor o rastrexo de contactos.

Por todo o anterior, dado o risco de transmisión do SARS-CoV-2 que teñen estes eventos, hai que ter en conta múltiples factores para minimizar o risco, polo que se estableceu a petición dos certificados COVID como medida adicional de seguridade nestes eventos.

IV

Cómpre destacar que a prórroga das medidas contidas nas ordes que acabamos de citar require a necesaria garantía xudicial conforme o disposto no artigo 10.8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Debe insistirse en que, de acordo co establecido na Sentenza do Tribunal Supremo 719/2021, a ratificación das medidas limitativas de dereitos fundamentais debe ser previa, de tal xeito que estas medidas non despregan efectos nin son aplicables mentres non sexan ratificadas xudicialmente.



Finalmente, debemos destacar que a eficacia das medidas adoptadas se estende durante un período temporal concreto, desde o día seguinte ao da data de publicación da orde, que será posterior á súa autorización xudicial, ata as 00.00 horas do día 26 de febreiro de 2022, sen prexuízo de que, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, estas medidas sexan obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria, e que poidan ser prorrogadas, modificadas ou levantadas por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

V

Por último, en relación co ata o de agora exposto, cabe destacar que a regulación aprobada respecto dos certificados, nas condicións en que se efectúa, cumpre os requisitos establecidos polo Tribunal Supremo para as medidas sanitarias que afectan dereitos fundamentais, tendo en conta a ponderación efectuada entre os dereitos fundamentais que o Tribunal Supremo considera na Sentenza 1112/2021, da Sección Cuarta da Sala do Contencioso-Administrativo, e que se poden ver afectados dereitos que, atendendo ao carácter tenue ou livián desa afectación, non se poden considerar prevalentes cos dereitos fundamentais e bens constitucionalmente protexidos que amparan a implantación da medida examinada.

Así, cabe lembrar que a sentenza expresada do Tribunal Supremo avala, no caso considerado, a procedencia da medida partindo da confrontación da «tenue limitación que podería ter a medida examinada sobre os dereitos fundamentais á igualdade (artigo 14) e á intimidade (artigo 18.1) co dereito fundamental á vida (artigo 15), coa protección da saúde (artigo 43) en situacións de pandemia como a COVID-19 e co interese xeral de todos por sobrevivir nestas gravísimas circunstancias».

Polo demais, o Tribunal Supremo entendeu, no caso considerado, que «a exhibición da documentación sinalada non vulnera o dereito á igualdade, pois non se produce discriminación entre aqueles que están vacinados e os que non o están. Lembremos que a documentación reviste unha tripla modalidade, que resulta accesible a todos, de xeito que quen non quere mostrar se foi ou non vacinado, tendo en conta o seu carácter voluntario, pode presentar o resultado da proba PDIA ou o test de antíxenos e, desde logo, o certificado de recuperación da COVID-19 se pasou a infección».

En definitiva, para o Tribunal Supremo concorre unha xustificación obxectiva e razoable para permitir ou non o acceso ao correspondente establecemento, segundo se cumpra



tal exigencia, pois trátase da protección da saúde e da vida das persoas, mediante unha medida que evita ou restrinxe a propagación da pandemia, tendo en conta que tales diferenzas de trato, para seren discriminatorias, deben carecer desa xustificación obxectiva e razoable, de acordo con criterios xurídicos atendibles, ao se basearen en razóns que resulten xuridicamente relevantes, como é o caso de que as situacións comparables non resultan homoxéneas polos seus graves efectos con respecto á salvagarda do dereito á vida, á integridade física e á protección da saúde.

O Tribunal Supremo, en particular no caso considerado, pon en relación a idoneidade da medida coas características propias dos establecementos en que se exige.

Por último, como exige o Tribunal Supremo, a medida reviste tamén un carácter temporal, segundo os principios científicos, as probas científicas e a información dispoñible en cada momento. Así, recóllese expresamente este carácter temporal e establécese que, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas previstas serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser prorrogadas, modificadas ou levantadas mediante orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Como expresa o Tribunal Supremo, «como é natural, as medidas deben adecuarse, como sinalamos, á realidade necesariamente cambiante, atendida a evolución da enfermidade e o estado da ciencia en cada momento, e deben mediar a adecuada correspondencia e a necesaria vinculación entre a realidade sobre a cal se actúa, a finalidade que se persegue e o medio adecuado para a súa consecución».

Co obxecto de reforzar a idea de temporalidade e de adecuación establécese, respecto da medida de exigencia de exhibición de certificados, unha eficacia ata as 00.00 horas do día 26 de febreiro de 2022, desde o día seguinte ao da publicación desta orde, unha vez autorizada xudicialmente a aplicación das medidas contidas nela. Isto é, débese establecer unha duración adecuada e limitada no tempo da medida de exigencia da exhibición de certificados, pola súa afectación, aínda que tenue, aos dereitos fundamentais, sen prexuízo da súa posible prórroga.

Así mesmo, a Sentenza 1412/2021, do Tribunal Supremo (Sala do Contencioso-Administrativo, Sección Cuarta), referida á exigencia de certificados no País Vasco, remítese á doutrina sentada na súa sentenza anterior e insiste en que a distinta gravidade actual da pandemia, a menor agresividade da enfermidade en moitos casos e a máis reducida



ocupación hospitalaria e das unidades de coidados intensivos ca en ocasións precedentes non xustifican prescindir das prevencións necesarias para evitar que se reproduzan os momentos críticos do pasado. Por outra banda, a moi elevada cifra de vacinados non está a impedir o incremento dos contaxios mentres non se coñeza durante canto tempo será efectiva a súa inmunización, e non hai dúbida da existencia dun número de non vacinados maiores de 12 anos suficiente para facilitar a propagación do virus e, polo tanto, da enfermidade non só entre eles mesmos.

Esta sentenza afirma tamén o razoamento de que non se exixa a presentación do certificado a quen traballa nos establecementos concernidos e aos menores de 12 anos. Os primeiros deben utilizar permanentemente as máscaras, mentres que os que accedan a estes locais de esparexemento e restauración deben quitálas, polo menos, todas as veces que beban ou coman, e é previsible que o fagan tamén cando queiran cantar. A diferenza é sinalada, do mesmo xeito que o é a situación dos menores de 12 de anos pola sinxela razón de que non foron vacinados.

A extensión territorial das medidas recollidas nesta orde refírese a todo o territorio da Comunidade Autónoma. A razón disto é a análise e a ponderación efectuada das características das diferentes actividades recollidas nesta orde, así como a especial vulnerabilidade dos pacientes e usuarios de cuxa protección se trata, no caso das medidas referidas a centros hospitalarios e sociosanitarios. Tense en conta, en particular, a existencia no momento actual dunha incidencia homoxénea da pandemia en todo o territorio da Comunidade Autónoma. Unha razón engadida consiste na inexistencia de restricións á liberdade de movemento, polo que as persoas clientes ou usuarias das actividades obxecto desta orde poden proceder de localidades e puntos de orixe moi diversos. Por isto non se pode circunscribir o uso do certificado a localidades concretas, porque a poboación destas localidades pódese trasladar a outras con motivo das actividades mencionadas.

Neste sentido, na Sentenza 1412/2021, do Tribunal Supremo, considérase razoable, no caso que analiza, a extensión da medida a toda a Comunidade Autónoma, tendo en conta os niveis de contaxios existentes nela, a posibilidade de traslados da poboación e o incremento xeneralizado das infeccións. En concreto, os datos considerados nese caso polo Tribunal Supremo eran iguais ou superiores aos 150 casos por cada 100.000 habitantes a 14 días. Na nosa Comunidade Autónoma a incidencia acumulada a 14 días o día 5 de febreiro é de 2.652,9 casos por 100.000 habitantes. A dimensión desta taxa obsérvase se a comparamos coa incidencia do día 29 de outubro, de 18,17 casos por cada 100.000 habitantes, ao inicio da sexta onda.



Polo tanto, tendo en conta todo o exposto, considérase que as medidas previstas nesta orde resultan xustificadas con respecto á súa idoneidade, necesidade e proporcionalidade, nos termos recollidos na sentenza do Tribunal Supremo.

VI

As medidas recollidas nesta orde teñen o seu fundamento na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 e 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

En particular, o artigo 34 da Lei de saúde de Galicia, relativo ás intervencións públicas sobre actividades, centros e bens, expresa:

«As intervencións públicas que poderán exercer as autoridades sanitarias competentes sobre as actividades públicas e privadas que, directa ou indirectamente, poidan ter consecuencias para a saúde son: (...) 6. Establecer, controlar e inspeccionar as condicións hixiénico-sanitarias, de funcionamento e desenvolvemento de actividades que poidan ter repercusión sobre a saúde das persoas».

Así mesmo, polo que atinxe ás medidas relativas á exhibición de certificados, o artigo 38.1 de medidas preventivas en materia de saúde pública (redactado pola Lei 8/2021), establece:

«1. Co obxecto de protexer a saúde pública, as autoridades sanitarias autonómicas e locais, dentro do ámbito das súas competencias, poderán adoptar medidas preventivas de obrigado cumprimento cando exista ou se sospeite razoablemente a existencia dun risco inminente e grave para a saúde da poboación. Estas medidas poderán consistir:

(...) g) En medidas de seguridade sanitaria e hixiene en determinados lugares e/ou para o desenvolvemento de actividades».

Do mesmo xeito, tamén ofrece base legal á medida o contido da letra k) deste artigo 38.1, dado que permite o establecemento por parte das autoridades sanitarias dunha obriga de subministración de datos necesarios para o control e a contención de riscos para a saúde pública.



Conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para adoptar as medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica existente, no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, coa urxencia que a protección da saúde pública demanda.

Na súa virtude, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. Prórroga da eficacia das medidas previstas na Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia

Atendendo á evolución da situación epidemiolóxica, prorrógase ata as 00.00 horas do día 26 de febreiro de 2022 a eficacia das medidas previstas na Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia, na súa redacción vixente.

Segundo. Prórroga da eficacia das medidas previstas na Orde do 29 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de lecer nocturno da Comunidade Autónoma de Galicia

Atendendo á evolución da situación epidemiolóxica, prorrógase ata as 00.00 horas do día 26 de febreiro de 2022 a eficacia das medidas previstas na Orde do 29 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de lecer nocturno da Comunidade Autónoma de Galicia, na súa redacción vixente.

Terceiro. Prórroga da Orde do 6 de outubro de 2021 pola que se aproba a exixencia de determinadas medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia no que se refire á actividade dos albergues turísticos

Atendendo á evolución da situación epidemiolóxica, prorrógase ata as 00.00 horas do día 26 de febreiro de 2022 a eficacia das medidas previstas na Orde do 6 de outubro de 2021 pola que se aproba a exixencia de determinadas medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia no que se refire á actividade dos albergues turísticos, na súa redacción vixente.



Cuarto. Prórroga da Orde do 16 de novembro de 2021 pola que se aproba a exigencia de determinadas medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia no que se refire aos centros hospitalarios

Atendendo á evolución da situación epidemiolóxica, prorrógase ata as 00.00 horas do día 26 de febreiro de 2022 a eficacia das medidas previstas na Orde do 16 de novembro de 2021 pola que se aproba a exigencia de determinadas medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia no que se refire aos centros hospitalarios, na súa redacción vixente.

Quinto. Prórroga das medidas previstas nos puntos primeiro, segundo e terceiro da Orde do 14 de decembro de 2021 pola que se establecen medidas preventivas de seguridade sanitaria consistentes na exhibición de documentación que acredite o cumprimento de determinados requisitos para o acceso a certos establecementos e se prorrogan diversas ordes como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia

Atendendo á evolución da situación epidemiolóxica, prorrógase ata as 00.00 horas do día 26 de febreiro de 2022 a eficacia das medidas preventivas de seguridade sanitaria consistentes na exhibición de documentación que acredite o cumprimento de determinados requisitos para o acceso aos centros sociosanitarios residenciais de maiores e de persoas con discapacidade, para a práctica de actividade física ou deportiva non federada nos centros ou nas instalacións deportivas pechadas ou nas piscinas cubertas, e para o acceso a eventos multitudinarios ou a aqueles que teñan autorizada a venda de alimentos ou bebidas para o seu consumo durante eles, previstos nos puntos primeiro, segundo e terceiro da Orde do 14 de decembro de 2021 pola que se establecen medidas preventivas de seguridade sanitaria consistentes na exhibición de documentación que acredite o cumprimento de determinados requisitos para o acceso a certos establecementos e se prorrogan diversas ordes como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

Sexto. Autorización xudicial, publicación e eficacia

1. Solicitarase a autorización xudicial respecto da prórroga das medidas consistentes na exhibición de documentación e limitación de grupos de persoas previstas nos puntos anteriores desta orde, en canto poden implicar limitación ou restrición de dereitos fundamentais, de acordo co disposto na redacción vixente do número 8 do artigo 10 da Lei 29/1998,



do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e publicarase a orde unha vez obtida a referida autorización.

2. A prórroga das medidas previstas nesta orde producirá efectos desde as 00.00 horas do día seguinte ao da súa publicación e ata as 00.00 horas do día 26 de febreiro de 2022.

3. En cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas previstas nesta orde serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser prorrogadas, modificadas ou levantadas mediante orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2022

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade



I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 27 de xaneiro de 2022 pola que se modifican a Orde do 22 de outubro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia, e a Orde do 29 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de lecer nocturno da Comunidade Autónoma de Galicia.

I

Mediante a Resolución do 21 de outubro de 2021, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, dáse publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 21 de outubro de 2021, polo que se declara a finalización da situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, declarada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020, como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.

A finalización da aplicación dos mecanismos extraordinarios derivados da lexislación de protección civil debe entenderse, naturalmente, sen prexuízo de que continúen sendo necesarias, mentres permaneza a pandemia, medidas de prevención de acordo coa lexislación sanitaria en vigor.

Neste sentido, a Lei estatal 2/2021, do 29 de marzo, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, prevé no seu artigo 2.3 que as medidas contidas nos seus capítulos II, III, IV, V, VI e VII e na disposición adicional quinta serán de aplicación en todo o territorio nacional ata que o Goberno declare de maneira motivada e de acordo coa evidencia científica dispoñible, logo do informe do Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias, a finalización da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19. O Goberno consultará as comunidades autónomas no seo do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde con carácter previo á finalización da situación de crise sanitaria a que se refire o parágrafo anterior.

Na actualidade, como se deduce do informe da Dirección Xeral de Saúde Pública que se cita posteriormente, segue existindo unha situación de crise sanitaria que determi-



na, por exemplo, que siga sendo de aplicación o deber de cautela e de protección establecido no artigo 4 da lei, de tal xeito que todos os cidadáns deberán adoptar as medidas necesarias para evitar a xeración de riscos de propagación da enfermidade COVID-19, así como a propia exposición a eses riscos, conforme o que se establece nesta lei. Tal deber de cautela e protección será igualmente exigible aos titulares de calquera actividade regulada nesta lei.

Deste xeito, seguen sendo de aplicación as previsións desta lei sobre o uso obrigatorio de máscaras, a regulación das distintas actividades e a distancia de seguridade interpersonal mínima.

En particular, debe terse en conta que seguirán sendo de aplicación os mecanismos de tutela previstos na lexislación sanitaria. A Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública, conforma, xunto coa Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; a Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema nacional de saúde, e a Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, o corpo normativo fundamental da acción de tutela da saúde pública a nivel estatal, ao cal se debe unir a lexislación autonómica reguladora da protección da saúde pública no marco de competencias autonómico, como é o caso, na Comunidade Autónoma galega, da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia. En efecto, recóllense na devandita normativa medidas que as autoridades sanitarias poderán acordar para tutelar a saúde pública en situacións de risco, co fin de cumprir o mandato contido no artigo 43 da Constitución española que, despois de proclamar o dereito á protección da saúde, dispón que lles compete aos poderes públicos organizar e tutelar a saúde pública, a través de medidas preventivas e das prestacións e servizos necesarios, e que a lei establecerá os dereitos e deberes de todos ao respecto. Este marco normativo débese completar, unha vez atendida a posible afectación que tales medidas poden ter sobre os dereitos fundamentais, coa necesidade de intervención xudicial.

Malia o anterior, a crise da COVID-19 puxo de manifesto a necesidade de contar cunha maior densidade normativa no que respecta á articulación dos mecanismos extraordinarios que recolle a lexislación sanitaria para tutelar a saúde pública ante crises sanitarias.

Neste sentido, a Lei de saúde autonómica foi modificada pola Lei 8/2021, do 25 de febreiro, no exercicio da competencia autonómica en materia de sanidade interior, recollida no artigo 33 do Estatuto de autonomía de Galicia, para introducir na lei as modificacións necesarias co fin de facer fronte á necesidade de contar cun marco normativo claro na ma-



teria que ofrezca a necesaria seguridade xurídica, tanto para quen debe intervir na adopción das medidas e na súa inspección, vixilancia, control e sanción como para as persoas destinatarias destas. En particular, unha das principais finalidades desta lei é, así, concretar as medidas que, tendo en conta o disposto na lexislación sanitaria estatal, de rango orgánico e ordinario, poden ser adoptadas polas autoridades sanitarias galegas para a protección da saúde pública, así como regular os requisitos que se deben cumprir para a súa correcta adopción, con especial atención ás exigencias de motivación e de proporcionalidade.

Resulta necesario un comportamento social de cautela e autoprotección asentado fundamentalmente nas premisas de hixiene frecuente das mans, de distancia interpersoal mínima, uso de máscaras cando non sexa posible manter a distancia mínima interpersoal, así como cando se estea en contornos con moita xente, especialmente en espazos pechados; de limpeza, hixiene e ventilación dos espazos utilizados e, especialmente, de adopción de medidas de illamento e comunicación cos servizos de saúde tan axiña como se teñan síntomas compatibles coa COVID-19.

II

Unha vez sentado o anterior, a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia fai necesario que as autoridades sanitarias autonómicas sigan adoptando determinadas medidas de prevención orientadas a conter a propagación da infección e dirixidas a facer fronte á crise sanitaria derivada da COVID-19.

De acordo co exposto, a persoa titular da Consellería de Sanidade, como autoridade sanitaria, debe continuar establecendo as intervencións públicas necesarias para garantir os dereitos e deberes sanitarios da cidadanía e, en particular, adoptar as medidas previstas no artigo 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, que sexan necesarias atendendo á evolución da pandemia.

Así, mediante a Orde do 22 de outubro de 2021, establecéronse medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia. Estas medidas consisten, en moitos casos, na fixación de capacidades máximas e na determinación de regras que se deben observar para o desenvolvemento das distintas actividades recollidas no seu anexo, xa que as evidencias científicas apoian as políticas de control de limitación e capacidades e a súa eficacia fronte a outras políticas sen esta limitación, pero con redución xeneralizada da mobilidade. Todo isto ampara a efectividade e a eficiencia das medidas de control focalizadas



nos sectores de maior risco. A isto únese que a maior parte dos gromos se producen nun contexto social, como consecuencia de exposicións prolongadas ás secrecións respiratorias que se emiten en forma de aerosois que conteñen o virus. Nesta liña hai estudos que proban que, dentro das intervencións non farmacolóxicas, as relacionadas coa diminución dos contactos sociais no interior de establecementos teñen a capacidade de minorar a velocidade de transmisión.

A Orde do 26 de outubro de 2021 modificou a Orde do 22 de outubro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e se modifica a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia. A finalidade desta modificación era a de adaptar á evolución da situación epidemiolóxica as medidas contidas nela que regulaban as actividades desenvolvidas en cines, teatros, auditorios e espazos similares, así como en establecementos destinados a espectáculos públicos e actividades recreativas. Tamén foron obxecto de modificación mediante a citada orde as regras sanitarias aplicables á realización de procesos selectivos por parte das administracións públicas e das entidades do sector público.

Así mesmo, mediante a Orde do 26 de outubro de 2021 pola que se prorroga e se modifica a Orde do 26 de outubro de 2021 pola que se aproba a existencia de determinadas medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia no que se refire á actividade dos albergues turísticos, introducíase unha nova modificación na Orde do 22 de outubro, coa finalidade de adaptar a regulación dos albergues contida nela ás modificacións introducidas na referida orde, que permitían que a ocupación chegase ao 100 % no caso do cumprimento da medida preventiva de seguridade sanitaria consistente na exhibición de documentación que acredite o cumprimento de determinados requisitos para a ampliación ata un 100 % das prazas nos espazos de aloxamento compartido nos albergues turísticos.

Mediante a Orde do 25 de novembro de 2021, prorrogouse e modificouse a Orde do 22 de outubro de 2021, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e se modifica a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia. As modificacións introducidas tiñan por obxecto adaptar as medidas recollidas na devandita orde á realidade do momento, establecéndose limitacións ao número máximo de persoas en



cócteis, e tamén nas mesas ou agrupacións de mesas nos establecementos de hostalaría e restauración, de lecer nocturno e locais de xogo e apostas.

A continuación, mediante a Orde do 15 de decembro de 2021 volveuse a prorrogar a Orde do 22 de outubro de 2021, así como a introducir modificacións, eliminándose así a posibilidade de realización de cócteles e actos de recepción con aperitivo e público de pé, tendo en conta a situación epidemiolóxica actual e a evolución dos casos activos, e limitar a interacción persoal nun tipo de actos en que os participantes simultanean a inxesta de alimentos e/ou bebidas e, por tanto, están sen máscara nese momento, coa interacción grupal en espazos limitados.

Pola súa banda, cabe citar a Orde do 29 de decembro de 2021 pola que se modifican a Orde do 22 de outubro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade. A orde do 29 de decembro tiña por obxecto adaptar a regulación relativa ao uso de máscaras ao disposto no citado Real decreto lei 30/2021, do 23 de decembro. Tamén establece que o público deberá permanecer sentado nas actividades desenvolvidas en cines, teatros, auditorios e espazos similares, así como en establecementos destinados a espectáculos públicos e actividades recreativas. A mesma regra será de aplicación aos espectáculos musicais e artísticos desenvolvidos ao aire libre. Ademais reduce a dez persoas por mesa ou agrupación de mesas o número máximo de persoas que poderán permanecer nas terrazas dos establecementos de hostalaría, restauración e lecer nocturno. Recóllense, por outra banda, medidas especiais de aplicación durante o período de Nadal.

Por último, cómpre indicar que mediante a Orde do 13 de xaneiro de 2022 prorrogouse a eficacia das medidas contidas na Orde do 22 de outubro de 2021 ata as 00.00 horas do día 12 de febreiro de 2022.

Polo que atinxe ás actividades de hostalaría, restauración e lecer nocturno, debe salientarse que a regulación destas, que se contén na Orde do 22 de outubro, complétase coa recollida na Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia e na Orde do 29 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de lecer nocturno da Comunidade Autónoma de Galicia. As ordes indicadas foron obxecto de sucesivas modificacións coa finalidade de adaptar o seu contido á evolución da situación epidemiolóxica na Comunidade Autónoma.



III

De conformidade co exposto, a adopción das medidas contidas na presente orde vén determinada pola evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria da Comunidade Autónoma.

Así, do informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 24 de xaneiro de 2022, destácanse os seguintes datos:

A taxa de incidencia a 7 días, no global de Galicia, está nos 1523,68 casos por 100.000 habitantes, cunha razón de taxas a 7 días de 0,82 e unha porcentaxe de positividade do 15,82 %.

Por grupos de idade, a incidencia a 7 días, nos de 65 e máis anos é do 590,70 casos por 100.000 habitantes, superior á da semana previa. Neste grupo de idade, a razón de taxas a 7 días é de 0,79 e a porcentaxe de positividade é do 11,25 %. Obsérvase un descenso no conxunto de Galicia para todos os grupos de idade, agás o de 0 a 11 anos.

Segundo os datos reflectidos neste informe, a taxa de incidencia segue a diminuír. A tendencia amosa un descenso a partir do 10 de xaneiro cunha porcentaxe de cambio diaria do -2,4 %. A información do modelo de predición indica que a incidencia acumulada a 7 días e a 14 días diminuiría.

En canto á hospitalización, a taxa de ingresos por 100.000 habitantes a 7 días, en unidades de agudos e críticos, respectivamente, é de 13,32 e 0,81. A porcentaxe de ingresos en unidade de agudos dos casos dos últimos 7 días é de 0,9 % e nas unidades de críticos do 0,06 %. A taxa de ingresos por 100.000 habitantes nos últimos 7 días, no grupo de 65 e máis anos de idade, é de 34,46 ingresos por 100.000 habitantes en agudos, igual á da semana previa. As taxas de ingresos por 100.000 habitantes na UCI é de 1,45 ingresos por 100.000 habitantes nas unidades de críticos. A porcentaxe de ingresos nas unidades de críticos neste grupo de idade é de 0,28 % para os últimos 7 días.

Ao comparar os datos da sexta onda cos datos de terceira e a quinta obsérvase un descenso progresivo das taxas de hospitalización en planta, UCI así como das defuncións. Mentres que ao comparar as taxas a 7 e 14 días da sexta coa quinta onda no día 71 de evolución de ambas, a hospitalización en planta é superior na sexta onda e a hospitalización nas UCI é inferior, o cal indica que os casos son máis leves, como corresponde á variante Ómicron. A variante Ómicron é a predominante e substituíu á variante delta.



Nos centros socio-sanitarios de persoas maiores obsérvase un aumento de casos, das taxas de ingresos e das defuncións acumuladas a 7 días.

Entre o 15 e o 21 de xaneiro, realizáronse 104.568 probas diagnósticas de infección activa polo virus SARS-CoV-2 (43.959 PCR e 60.609 test de antíxeno) cunha porcentaxe de positividade a sete días do 21,58 %. A incidencia acumulada a 7 días é de 1523,68 casos por cen mil habitantes, inferior á da semana previa que era de 1848,87, e a 14 días é de 3372,80, superior a respecto da semana anterior na que era de 3186,71. A razón de taxas a 7 días foi de 0,82 % e a 14 días 1,06 %.

No que atinxe á situación das áreas sanitarias, as taxas a 7 días das áreas están entre os 1076,34 casos por 100.000 habitantes de Ferrol e os 1714,03 de Vigo. As taxas a 14 días das áreas están entre os 2524,23 casos por 100.000 habitantes de Ferrol e os 3871,41 de Vigo. Por áreas sanitarias, e igual ca no global de Galicia, a incidencia a 7 días diminúe en todas as áreas. A incidencia a 14 días unicamente diminúe nas áreas sanitarias de Ourense e Ferrol. A razón de taxas a 7 días é de 0,82, variando entre o 0,74 de Ferrol e o 0,87 de A Coruña, mentres que a de 14 días está entre o 0,95 de Ourense e o 1,10 de Pontevedra.

No conxunto de Galicia a taxa de ingresos en planta nos últimos 7 días mantívose en 13,32 ingresos por 100.000 habitantes. Na UCI a taxa de ingresos matívose no 0,81 ingresos por 100.000 habitantes na actualidade. A taxa de ingresos por 100.000 habitantes nos últimos 14 días foi 28,28 en planta e de 1,48 nas UCI.

No que atinxe aos datos de incidencia por grupos de idade, a incidencia acumulada a 7 días pon de manifesto un descenso no conxunto de Galicia para todos os grupos, agás o de 0 a 11 anos, que é o que presenta a taxas máis elevada. Para o grupo de 0 a 11 anos obsérvase un incremento das taxas a 7 e 14 días en todas as áreas sanitarias. Se temos en conta todas as persoas de 65 e máis anos a incidencia é de 590,70 casos por 100.000 habitantes.

En canto á incidencia acumulada a 14 días por grupos de idade, aumenta en todos os grupos, agás no de 20 a 29 anos e no de 40 a 59 anos, con respecto á semana anterior. No que se refire ás persoas de 65 e máis anos a incidencia é de 1337,55 casos por 100.000 habitantes, superior á da semana previa.

A tendencia diaria mostra, desde o 21 de xullo, catro tramos con diferente tendencia, o primeiro deles, ata o 24 de agosto, cunha porcentaxe de cambio diaria (PCD)



de -3,3 %, séguelle outro tramo cunha velocidade de decrecemento máis rápida, cunha PCD do -7,0 % e identifica outro punto de cambio o 10 de outubro, en sentido crecente, cunha PCD do 6,9 %.

Desde o 10 de xaneiro obsérvase un claro cambio na tendencia que pasa a ser decrecente cunha PCD do -2,4 %.

IV

Segundo o exposto, e tendo en conta os datos de evolución reflectidos no informe citado, acométese na presente orde diversas modificacións que veñen impostas non só pola situación epidemiolóxica, senón pola necesidade de establecer mecanismos e regras proporcionadas e adecuadas á situación actual.

Así, mediante a presente orde, modifícase a Orde do 22 de outubro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, no sentido de permitir expresamente a celebración de cócteis e actos de recepción con aperitivo e público de pé, establecendo un máximo de 8 persoas por grupo no interior e quince no exterior. Elimínase a exigencia de que o público permaneza sentado en todo caso durante o desenvolvemento de actividades en cines, teatros, auditorios e espazos similares, así como en establecementos destinados a espectáculos públicos e actividades recreativas e en espectáculos musicais/artísticos ao aire libre. Finalmente, amplíase o número máximo de persoas por mesa ou agrupación de mesas nas terrazas dos establecementos de hostalaría ou restauración e de lecer nocturno, que pasa de dez a quince.

Por outra banda, modifícanse a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia e a Orde do 29 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de lecer nocturno da Comunidade Autónoma de Galicia, coa finalidade de permitir o consumo en barra nos establecementos de hostalaría e restauración e nos de lecer nocturno. Tamén se amplían os horarios de funcionamento dos referidos establecementos, de tal xeito que o horario límite de peche ao público nos establecementos de hostalaría e restauración será á 1.00 horas, agás as noites do venres ao sábado, as noites do sábado ao domingo e as vésperas de festivos, que será á 1.30 horas. No caso dos establecementos de lecer nocturno, o horario límite de peche ao público será ás 4.00 horas para os establecementos que teñan título habilitante de pubs e de cafés espectáculo, salvo as noites do venres ao sábado, do sábado ao domingo e as vésperas de festivos, en que o horario límite será ás 4.30 horas. O horario límite de peche



ao público será ás 5.00 horas para os establecementos que teñan título habilitante de salas de festa ou discotecas.

Cómpre salientar que, en cumprimento do disposto no artigo 38.ter.4 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, as medidas recollidas nesta orde teñen unha eficacia temporal dado que as ordes que modifican tamén a teñen. Así mesmo, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, serán obxecto de seguimento e avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser prorrogadas, modificadas ou levantadas por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

As medidas recollidas nela seguen a resultar necesarias, adecuadas e proporcionadas para o fin perseguido, ao introducir modificacións que teñen por obxecto adaptar as medidas recollidas na devandita orde á realidade actual.

V

As medidas que se adoptan nesta orde teñen o seu fundamento normativo no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 a 38.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para adoptar as medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica existente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, coa urxencia que a protección da saúde pública demanda.

Na súa virtude, na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. *Modificación da Orde do 22 de outubro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia*

Un. Modifícase o número 3 do punto 3.5 do anexo da Orde do 22 de outubro de 2021, que queda redactado como segue:

«3. Permítese a realización de cócteis e actos de recepción con aperitivo e público de pé que, no momento de retirada da máscara para o consumo, deben respectar a distancia



interpersoal de seguridade entre persoas non conviventes. Os grupos de persoas de pé poderán ser de ata oito persoas no interior e quince na terraza».

Dous. Modifícase o número 2 do punto 3.14 do anexo da Orde do 22 de outubro de 2021, que queda redactado como segue:

«2. Permítese a realización de cócteis e actos de recepción con aperitivo e público de pé que, no momento de retirada da máscara para o consumo, deben respectar a distancia interpersoal de seguridade entre persoas non conviventes. Os grupos de persoas de pé poderán ser de ata oito persoas no interior e quince na terraza».

Tres. Modifícase o número 2 do punto 3.21 do anexo da Orde do 22 de outubro de 2021, que queda redactado como segue:

«2. As actividades en cines, teatros, auditorios e espazos similares, e en establecementos destinados a espectáculos públicos e actividades recreativas, poderán desenvolverse co 100 % da capacidade máxima permitida.

En todo caso, deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersoal nas instalacións, de acordo co establecido no punto 1.3. O uso de máscara será obrigatorio nos termos previstos no número 1.4».

Catro. Modifícase o número 4 do punto 3.21 do anexo da Orde do 22 de outubro de 2021, que queda redactado como segue:

«4. Os espectáculos musicais/artísticos ao aire libre poderán desenvolverse co 100 % da ocupación máxima permitida. En todo caso, sen prexuízo do indicado, resultarán de aplicación as medidas sanitarias previstas nos protocolos publicados no seguinte enderezo electrónico: <https://coronavirus.sergas.gal/Contidos/Espectaculos-musicais-aire-libre>».

Cinco. Modifícase o número 1 do punto 3.22 do anexo da Orde do 22 de outubro de 2021, que queda redactado como segue:

«1. A prestación de servizos de hostalaría e restauración nos bares, nas cafetarías e nos restaurantes axustarase ás regras previstas na Orde do 14 de setembro pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia.



Así mesmo, a ocupación máxima será de oito persoas no interior e de quince persoas na terraza, por mesa ou agrupación de mesas».

Seis. Modifícase o punto 3.34 do anexo da Orde do 22 de outubro de 2021, que queda redactado como segue:

«3.34. Establecementos de lecer nocturno.

Os establecementos de lecer nocturno, tales como discotecas, pubs, cafés-espectáculo, salas de festas, así como as salas de concertos que desenvolvan as súas actividades de forma análoga aos anteriores, axustaranse ao establecido pola Orde do 29 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de lecer nocturno da Comunidade Autónoma de Galicia.

Así mesmo, a ocupación máxima será de 8 persoas no interior e 15 persoas na terraza, por mesa ou agrupación de mesas».

Segundo. *Modificación da Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia*

Un. Modifícase o número 3 do punto 3.1 do anexo I da Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado como segue:

«3. O horario límite de peche ao público será á 1.00 horas, agás as noites do venres ao sábado, as noites do sábado ao domingo e as vésperas de festivos, que será á 1.30 horas».

Dous. Modifícase o número 6 do punto 3.1 do anexo I da Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado como segue:

«6. Permitirase o consumo en barra. Recoméndase que os clientes na barra manteñan a máscara correctamente colocada nos momentos en que non se poida garantir a distancia interpersonal co persoal traballador. Na barra non se poderán compatibilizar distintos usos, polo que haberá que diferenciar a zona destinada a clientes e a zona de barra destinada ao persoal».



Tres. Modifícase o número 3 do punto 3.2 do anexo I da Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado como segue:

«3. Permitirase o consumo en barra. Recoméndase que os clientes na barra manteñan a máscara correctamente colocada nos momentos en que non se poida garantir a distancia interpersonal co persoal traballador. Na barra non se poderán compatibilizar distintos usos, polo que haberá que diferenciar a zona destinada a clientes e a zona de barra destinada ao persoal».

Catro. Modifícase o número 4 do punto 3.2 do anexo I da Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado como segue:

«4. O horario límite de peche ao público será á 1.00 horas, agás as noites do venres ao sábado, as noites do sábado ao domingo e as vésperas de festivos, que será á 1.30 horas».

Terceiro. *Modificación da Orde do 29 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de lecer nocturno da Comunidade Autónoma de Galicia*

Un. Modifícase a alínea h) do punto 3.2.2 do anexo da Orde do 29 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de lecer nocturno da Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado como segue:

«h) Permitirase o consumo en barra».

Dous. Modifícase o punto 3.2.5 do anexo da Orde do 29 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de lecer nocturno da Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado como segue:

«3.2.5. Consumo en barra.

Permitirase o consumo en barra. Recoméndase que os clientes na barra manteñan a máscara correctamente colocada nos momentos en que non se poida garantir a distancia interpersonal co persoal traballador. Na barra non se poderán compatibilizar distintos usos, polo que haberá que diferenciar a zona destinada a clientes e a zona de barra destinada ao persoal, respectando en todo momento as distancias de seguridade e impedindo a formación de aglomeracións».



Tres. Modifícase o número 3 do punto 4.1 do anexo da Orde do 29 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de lecer nocturno da Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado como segue:

«3. O horario límite de peche ao público será ás 4.00 horas para os establecementos que teñan título habilitante de pubs e de cafés espectáculo, salvo as noites do venres ao sábado, do sábado ao domingo e as vésperas de festivos, en que o horario límite será ás 4.30 horas. O horario límite de peche ao público será ás 5.00 horas para os establecementos que teñan título habilitante de salas de festa ou discotecas».

Catro. Modifícase o número 3 do punto 4.2 do anexo da Orde do 29 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de lecer nocturno da Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado como segue:

«3. O horario límite de peche ao público será ás 4.00 horas para os establecementos que teñan título habilitante de pubs e de cafés espectáculo, salvo as noites do venres ao sábado, do sábado ao domingo e as vésperas de festivos, en que o horario límite será ás 4.30 horas. O horario límite de peche ao público será ás 5.00 horas para os establecementos que teñan título habilitante de salas de festa ou discotecas».

Cuarto. *Eficacia*

1. As medidas previstas nesta orde terán efectos desde as 00.00 horas do día 29 de xaneiro de 2022 ata as 00.00 horas do día 12 de febreiro de 2022.

2. En cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas previstas nesta orde serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser prorrogadas, modificadas ou levantadas mediante orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2022

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade



I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 26 de xaneiro de 2022 pola que se prorrogan e se modifican diversas ordes polas que se establecen medidas cualificadas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

I

Mediante a Resolución do 21 de outubro de 2021, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, dáse publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 21 de outubro de 2021, polo que se declara a finalización da situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, declarada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.

A finalización da aplicación dos mecanismos extraordinarios derivados da lexislación de protección civil debe entenderse, naturalmente, sen prexuízo de que continúen sendo necesarias, mentres permaneza a pandemia, medidas de prevención de acordo coa lexislación sanitaria en vigor.

Neste sentido, a Lei estatal 2/2021, do 29 de marzo, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, prevé no seu artigo 2.3 que as medidas contidas nos seus capítulos II, III, IV, V, VI e VII e na disposición adicional quinta serán de aplicación en todo o territorio nacional ata que o Goberno declare de maneira motivada e de acordo coa evidencia científica dispoñible, logo do informe do Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias, a finalización da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19. O Goberno consultará as comunidades autónomas no seo do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde con carácter previo á finalización da situación de crise sanitaria a que se refire o parágrafo anterior.

Na actualidade, como se deduce do informe da Dirección Xeral de Saúde Pública que se cita posteriormente, segue existindo unha situación de crise sanitaria que determina, por exemplo, que continúe sendo de aplicación o deber de cautela e protección establecido no artigo 4 da lei, de tal xeito que todos os cidadáns deberán adoptar as medidas necesarias para evitar a xeración de riscos de propagación da enfermidade COVID-19, así como a



propia exposición aos ditos riscos, conforme o que se establece nesta lei. O dito deber de cautela e protección seralles igualmente exixible aos titulares de calquera actividade regulada nesta lei.

Deste xeito, seguen a ser de aplicación as previsións desta lei sobre o uso obrigatorio de máscaras, a regulación das distintas actividades e a distancia de seguridade interpersonal mínima.

En particular, debe terse en conta que continuarán a ser aplicables os mecanismos de tutela previstos na lexislación sanitaria.

A Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública, conforma, xunto coa Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, a Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema nacional de saúde, e a Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, o corpo normativo fundamental da acción de tutela da saúde pública no ámbito estatal, ao cal se debe unir a lexislación autonómica reguladora da protección da saúde pública no marco de competencias autonómico, como é o caso, na Comunidade Autónoma galega, da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia. En efecto, recóllense na dita normativa medidas que as autoridades sanitarias poderán acordar para tutelar a saúde pública en situacións de risco, co fin de cumprir o mandato contido no artigo 43 da Constitución española, que, despois de proclamar o dereito á protección da saúde, dispón que lles compete aos poderes públicos organizaren e tutelaren a saúde pública a través das medidas preventivas e das prestacións e dos servizos necesarios, e que a lei establecerá os dereitos e deberes de todos ao respecto. Este marco normativo débese completar, atendida a posible afectación que tales medidas poden ter sobre os dereitos fundamentais, coa necesidade da intervención xudicial.

Malia o anterior, a crise da COVID-19 puxo de manifesto a necesidade de contar cunha maior densidade normativa no que respecta á articulación dos mecanismos extraordinarios que recolle a lexislación sanitaria para tutelar a saúde pública ante crises sanitarias.

Neste sentido, a Lei de saúde autonómica foi modificada pola Lei 8/2021, do 25 de febreiro, no exercicio da competencia autonómica en materia de sanidade interior, recollida no artigo 33 do Estatuto de autonomía de Galicia, para introducir na lei as modificacións necesarias co fin de facer fronte á necesidade de contar cun marco normativo claro na materia que ofrezca a necesaria seguridade xurídica, tanto para quen debe intervir na adopción das medidas e na súa inspección, vixilancia, control e sanción, como para as persoas des-



tinatarias destas. En particular, unha das principais finalidades desta lei é, así, concretar as medidas que, tendo en conta o disposto na lexislación sanitaria estatal, de rango orgánico e ordinario, poden adoptar as autoridades sanitarias galegas para a protección da saúde pública, así como regular os requisitos que se deben cumprir para a súa correcta adopción, con especial atención ás exixencias de motivación e de proporcionalidade.

Resulta necesario un comportamento social de cautela e autoprotección asentado fundamentalmente nas premisas de hixiene frecuente das mans, distancia interpersonal mínima, uso de máscaras cando non sexa posible manter a distancia mínima interpersonal, así como cando se estea en ambientes con moita xente, especialmente en espazos pechados; de limpeza, hixiene e ventilación dos espazos utilizados e, especialmente, de adopción de medidas de illamento e comunicación cos servizos de saúde tan axiña como se teñan síntomas compatibles coa COVID-19.

II

Unha vez sentado o anterior, a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia fai necesario que as autoridades sanitarias autonómicas sigan adoptando determinadas medidas de prevención orientadas a conter a propagación da infección e dirixidas a facer fronte á crise sanitaria derivada da COVID-19.

De acordo co exposto, a persoa titular da Consellería de Sanidade, como autoridade sanitaria, debe continuar establecendo as intervencións públicas necesarias para garantir os dereitos e deberes sanitarios da cidadanía e, en particular, adoptar as medidas previstas no artigo 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, que sexan necesarias atendendo á evolución da pandemia.

Neste sentido, o Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 25 de xaneiro de 2022, indica que na actualidade a situación epidemiolóxica se pode resumir da seguinte forma:

A análise da tendencia diaria mostra, desde o 21 de xullo, catro tramos con diferente tendencia. Nos dous primeiros, esta tendencia é decrecente, aínda que con diferentes velocidades de decrecemento. Posteriormente, desde o 10 de outubro, obsérvase un claro cambio na tendencia, que pasa a ser crecente cunha porcentaxe de cambio diaria de 6,9 %. Esta situación mantense ata o 12 de xaneiro, data en que se pode apreciar outro cambio na tendencia, que pasa a ser decrecente cunha porcentaxe de cambio diaria de -5,6 %.



O día 22 de xaneiro, a taxa de incidencia a 14 días é de 3.424,6 casos por 100.000 habitantes, valores superiores aos observados na semana previa, onde era de 3.050,2 casos por 100.000 habitantes. Non obstante, apréciase un descenso na taxa de incidencia a 7 días, que pasa de 1.909,38 o día 17 de xaneiro a 1.515,02 o día 22 do mesmo mes.

A porcentaxe de positividade das probas diagnósticas superou o 3 % establecido en Galicia como nivel deste indicador de seguimento, e o 22 de xaneiro está no 15,5 % en 7 días. Desde o 19 ao 22 de xaneiro notificáronse un total de 23.954 casos novos de COVID-19.

En canto á incidencia acumulada a 14 días por grupos de idade, o grupo de 11 ou menos anos é o que presenta a incidencia máis elevada, seguido do grupo de 30 a 39 anos.

No que atinxe á taxa de hospitalización en unidades de agudos nos últimos 7 días, obsérvase un descenso de 13,29 ingresos por 100.000 habitantes o 15 de xaneiro a 12,66 o día 22 de xaneiro. No que atinxe ás unidades de críticos (UCI), a taxa de hospitalización tamén descendeu con respecto á semana anterior, xa que o 15 de xaneiro a taxa de ingresos por 100.000 habitantes era de 0,89 e a día 22 de xaneiro foi de 0,59.

Segundo a última actualización do Ministerio de Sanidade (Actualización nº 548. Enfermidade polo coronavirus COVID-19) cos últimos datos dispoñibles ás 16.00 horas do 24 de xaneiro, o número de persoas hospitalizadas en Galicia ascende a 564 e, na UCI, a 45.

Como resumo, os indicadores epidemiolóxicos parecen amosar unha tendencia descendente, especialmente na taxa de incidencia a 7 días. Non obstante, o virus segue a ter unha elevada circulación, polo que é importante que as autoridades sanitarias autonómicas manteñan determinadas medidas de prevención orientadas a conter a propagación da infección e dirixidas a facer fronte á crise sanitaria derivada da COVID-19, co fin de consolidar esta tendencia descendente.

O informe da Dirección Xeral de Saúde Pública compara os datos da terceira e quinta ondas cos datos actuais da sexta onda e observa, para o total de Galicia, un descenso progresivo das porcentaxes de hospitalización en planta e na UCI, así como das defuncións, o cal pode reflectir a efectividade da vacina na prevención de casos graves de enfermidade e de falecemento pola COVID-19.

Porén, debe terse en conta que o informe tamén pondera os cálculos do número de ingresos posibles por semana partindo do risco de ingreso nos últimos 14 días en planta e na



UCI para o total de Galicia, tendo en conta distintos supostos de número de casos diarios. Así mesmo, considéranse outros escenarios en que aumenta o risco de hospitalización. Estes datos e a súa evolución deben terse en conta para a protección do sistema sanitario.

Pola súa parte, en canto á porcentaxe de ingresos dos casos dos últimos 7 e 14 días, é de 0,9 % e 0,8 %, respectivamente, nas unidades de agudos, e de 0,04 % e 0,06 %, a 7 e 14 días nas unidades de críticos. Estas taxas de ingresos por número de casos son sensiblemente inferiores ás das ondas anteriores, pero debe tamén ponderarse o factor da idade dos infectados. Así, nos últimos 7 días os casos de COVID-19 no grupo de idade de máis de 65 anos presentaron unha porcentaxe de ingreso en unidade de hospitalización do 5,85 %, superior con respecto á semana anterior (4,78 %). A porcentaxe de ingreso na UCI descendeu e pasou de 0,33 % a 0,18 %. Nos últimos 14 días, a porcentaxe de hospitalización deste grupo de idade permaneceu estable, tanto en planta como nas UCI.

Ante a situación actual, coas actuais taxas de incidencia a 7 e a 14 días, cunha elevada porcentaxe de positividade das probas diagnósticas realizadas e cun aumento da prevalencia da variante Ómicron, que xa é do 97 %, que ten unha transmisibilidade superior á da variante Delta, predominante ata o de agora, está xustificada a necesidade de manter as medidas adoptadas para facer fronte a esta situación, malia a tendencia descendente antes indicada e co fin de consolidala.

A evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia fai necesario, polo tanto, que as autoridades sanitarias autonómicas manteñan determinadas medidas de prevención orientadas a conter a propagación da infección e dirixidas a facer fronte á crise sanitaria derivada da COVID-19.

III

Tendo en conta os antecedentes referidos, o obxecto desta orde é a prórroga da eficacia das medidas recollidas en diversas ordes polas que se estableceron medidas cualificadas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

Así, mediante a Orde do 12 de xaneiro de 2022, que foi autorizada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (Auto 2/2022, do 14 de xaneiro), prorrogáronse e modificáronse diversas ordes nas cales se establecían medidas cualificadas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade



Autónoma de Galicia. A eficacia das medidas contidas na Orde do 12 de xaneiro estendíase ata as 00.00 horas do día 29 de xaneiro de 2022.

O obxecto desta orde é, polo tanto, prorrogar ata as 00.00 horas do día 12 de febreiro de 2022 as seguintes ordes:

– A Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia.

– A Orde do 29 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de lecer nocturno da Comunidade Autónoma de Galicia.

– A Orde do 6 de outubro de 2021 pola que se aproba a existencia de determinadas medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia no que se refire á actividade dos albergues turísticos.

– A Orde do 16 de novembro de 2021 pola que se aproba a existencia de determinadas medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia no que se refire aos centros hospitalarios.

– A Orde do 14 de decembro de 2021 pola que se establecen medidas preventivas de seguridade sanitaria consistentes na exhibición de documentación que acredite o cumprimento de determinados requisitos para o acceso a certos establecementos e se prorrogan diversas ordes como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, cuxos puntos primeiro, segundo e terceiro recollen a obriga de exhibición de determinada documentación para a práctica da actividade física e deportiva non federada nas instalacións e nos centros deportivos pechados, así como nas piscinas cubertas, para o acceso de visitantes e acompañantes a centros sociosanitarios residenciais de maiores e de persoas con discapacidade e para o acceso a eventos multitudinarios realizados ou a aqueles que teñan autorizada a venda de alimentos e bebida para o seu consumo durante eles.

Non se mantén, no entanto, a medida cualificada tendente a limitar os grupos de persoas en horario nocturno, establecida na Orde do 29 de decembro de 2021 e que foi obxecto de modificación posterior mediante a Orde do 12 de xaneiro de 2022, xa que, dada a evolución da situación epidemiolóxica, non se considera necesario o seu mantemento, polo que a súa eficacia rematará ás 00.00 horas do día 29 de xaneiro de 2022.



O mantemento destas medidas cualificadas continúa a resultar necesario, adecuado e proporcionado ao fin perseguido, que non é outro que o de controlar e evitar a maior difusión dunha enfermidade como a COVID-19, altamente contaxiosa, respecto da cal a diferenza entre persoas enfermas e sas resulta difusa, dada a posible asintomatoloxía ou levidade dos síntomas e a existencia dun período no cal non hai indicios externos da enfermidade.

Na situación actual seguen a concorrer, en definitiva, determinadas circunstancias que aconsellan o mantemento dun conxunto de medidas que se orientan, por un lado, a reducir o risco de transmisión naquelas actividades de maior risco e, por outro, a diminuír as interaccións sociais e evitar as aglomeracións de persoas co fin de garantir o mantemento en todo momento da distancia de seguridade e de reducir o contacto físico en condicións favorecedoras do contaxio.

Así, en primeiro lugar, prorrógase a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia.

En efecto, mediante a Orde do 14 de setembro de 2021 aprobouse o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia, coa natureza de medidas preventivas de acordo co disposto no artigo 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, e de plan sanitario para os efectos do previsto no artigo 80 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia. A Xunta de Galicia, consciente da importancia do sector e da necesidade de manter a súa viabilidade, acordou cos representantes do sector hostaleiro de Galicia o compromiso de seguir apostando por unha hostalaría segura. Co obxectivo de continuar garantindo a máxima seguridade, tanto para as persoas traballadoras coma para as persoas usuarias, foi necesario incidir no control dos niveis de ocupación e na necesidade de manter en todo momento as normas hixiénico-sanitarias básicas de limpeza das mans e superficies, as distancias de seguridade interpersonal, o uso da máscara, as medidas de ventilación dos espazos e a limitación dos tempos de contacto. Na parte expositiva desta orde sinalábase que os establecementos de hostalaría e restauración son ámbitos que favorecen os encontros entre persoas que comparten un mesmo espazo con proximidade e durante os cales se produce o consumo de alimentos ou de bebidas e a consecuente necesidade de retirar a máscara nese instante. Así, fíxose necesario continuar velando polo cumprimento das medidas na totalidade dos locais de hostalaría da nosa Comunidade, dado o seu carácter de lugares de convivencia e interacción social, e seguir establecendo controis por parte dos corpos de inspección sanitarios e polos corpos e forzas de seguridade que operan en Galicia. Todo isto completouse tamén coa necesaria información que se lles debe transmitir ás persoas usuarias, lembrándolles en todo momento a necesidade de



observar as medidas básicas de prevención. Este plan permitiu acadar unha estabilidade nas condicións de apertura dos establecementos de hostalaría con independencia dos niveis de restrición de cada concello.

Cómpre indicar que a citada orde foi obxecto de varias modificacións. A primeira modificación, realizada mediante a Orde do 23 de setembro de 2021, consistiu na habilitación dun prazo de dous meses para que o persoal do sector puidese acreditar a formación necesaria, cuxo contido se incorporou como un novo anexo II á xa citada Orde do 14 de setembro. Posteriormente, realizouse unha segunda modificación que tivo lugar mediante a Orde do 7 de outubro de 2021 pola que se estableceron medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e se modificaron a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aprobou o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia e a Orde do 29 de setembro de 2021 pola que se aprobou o novo Plan de lecer nocturno da Comunidade Autónoma de Galicia. O obxecto desta segunda modificación referiuse a aspectos da sinalética dos establecementos e ás zonas ou espazos de autoservizo. Finalmente, a terceira modificación realizouse mediante a Orde do 22 de outubro de 2021 pola que se estableceron medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e se modificou a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aprobaba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia. Esta terceira modificación tivo por obxecto ampliar a ocupación e os horarios aplicables en función dos tipos de establecementos, así como habilitar novamente o uso das barras.

Mediante a Orde do 25 de novembro de 2021 modificouse a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia e introducíronse determinadas medidas de prevención, consistentes na exhibición de determinada documentación para o acceso ao interior dos establecementos de hostalaría (restaurantes, bares, cafetarías, furanchos...), así como para o acceso ao interior dos establecementos de xogo que contén con servizos de hostalaría e restauración, coa finalidade de que a actividade se poida desenvolver en condicións de seguridade, tanto para o persoal traballador como para os clientes.

A referida Orde do 25 de novembro tamén modificaba a do 14 de setembro, ao indicar que a comprobación da validez dos certificados presentados só poderá ser efectuada polos establecementos a través da lectura do código QR que figura en cada un dos certificados, e que empregarían para tal fin a aplicación Passcovid da Comunidade Autónoma de Galicia, dispoñible nas plataformas Android e iOS. Tamén sinalaba que non se poderían conservar



os datos persoais ou crear ficheiros con eles nin realizar operacións de tratamento sobre datos persoais.

Mediante a Orde do 14 de decembro de 2021 pola que se establecen medidas preventivas de seguridade sanitaria consistentes na exhibición de documentación que acredite o cumprimento de determinados requisitos para o acceso a certos establecementos e pola que se prorrogan diversas ordes como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, prorrogábase a orde inicial ata o 18 de xaneiro de 2022.

Pola súa banda, a Orde do 29 de decembro de 2021 pola que se establecen medidas cualificadas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e se modifica a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia, ampliou a obriga de exhibición do certificado, estendéndoa durante o horario completo de funcionamento dos distintos establecementos, con independencia de se o seu título habilitante é de restaurante, salón de banquetes, bar, cafetaría ou furancho. Na mesma liña, a existencia do certificado tamén será aplicable aos establecementos de xogo que contén con servizos de hostalaría e restauración durante todo o seu horario.

En canto ao risco asociado aos establecementos de restauración, hostalaría e de xogo que contan con servizos de hostalaría e restauración, como xa se sinalou en anteriores ocasións, cómpre indicar que se trata de espazos pechados nos cales se establecen contactos próximos e prolongados entre as persoas, con escasa renovación do aire no interior, nalgúns casos, e se realizan actividades nas cales é necesaria a retirada de máscara (ao comer ou beber) e accións que ocasionan unha maior xeración de aerosois (falar, en ocasións cun ton de voz maior do normal, ou cantar). Ademais, son espazos de socialización que favorecen a relaxación da atención necesaria para manter as medidas individuais de prevención (o uso de máscara e o mantemento da distancia de seguridade interpersoal), ao cal pode contribuír o consumo de alcohol.

Polo exposto, nesta orde prorrógase a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia, na súa redacción vixente derivada das modificacións introducidas polas ordes antes citadas.

En segundo lugar, prorrógase a Orde do 29 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de lecer nocturno da Comunidade Autónoma de Galicia.



A mesma medida de exhibición de documentación para o acceso ao interior dos establecementos foi aplicada no ámbito do lecer nocturno mediante a citada orde e foi ampliada para todos os establecementos de lecer nocturno mediante a Orde do 21 de outubro de 2021 pola que se prorroga e se modifica a Orde do 29 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de lecer nocturno da Comunidade Autónoma de Galicia, con fundamento na protección da saúde pública, ao abeiro do establecido nas letras g) e k) do número 1 do artigo 38.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Segundo se recollía na exposición de motivos da Orde do 21 de outubro de 2021, a existencia de exhibición de documentación para o acceso aos establecementos de lecer nocturno débese a que neste sector concorren unhas características peculiares que pasamos a expor detidamente:

– Nestes locais prodúcese a retirada da máscara por parte dos clientes para o consumo de bebida ou, nos casos en que resulta posible segundo o título habilitante do establecemento, os servizos de restauración.

– Resulta posible nestes establecementos a permanencia e o consumo de pé, ademais de sentado, o que presenta problemas particulares de maior risco da existencia de aglomeracións de persoas e fai moi dificultoso na práctica o mantemento da distancia de seguridade interpersonal, ao estaren os usuarios circulando polo establecemento.

– As condicións de desenvolvemento da actividade comportan a existencia de música alta, o que fai que as persoas levanten a voz e se acheguen para falar, o que comporta a emisión de máis gotas e aerosois respiratorios con maior risco de contaxio da COVID-19.

– O feito de que se trata dunha actividade de lecer e recreativa en que se produce consumo de bebidas alcohólicas e o horario nocturno en que se realiza a actividade determinan unha relaxación por parte dos usuarios das medidas de seguridade aplicables, o que xoga en contra do desenvolvemento ordenado e seguro da actividade.

Por outro lado, e a diferenza dos locais da hostalaría, os establecementos de lecer nocturno teñen, con frecuencia, a complicación engadida de non realizaren unha renovación do aire de xeito natural, o que provoca que se poida facilitar a transmisión vía aeróxena de xeito máis doado, tal como pon de manifesto o estudo realizado por Jialei Shen e os colaboradores, no cal estudan a transmisión aeróxena ligada a determinados ambientes interiores, e os gromos que se relacionaron con eles, en que a ventilación se ve dificultada.



Nestes ámbitos, como o do lecer nocturno, é onde máis gromos se produciron, xa que á dificultade de realizar unha boa ventilación se xunta unha maior eliminación de partículas virais debido á forma de falar, por exemplo, e, en determinados espazos, a un número máis elevado de persoas.

Así mesmo, mediante a Orde do 14 de decembro de 2021 pola que se establecen medidas preventivas de seguridade sanitaria consistentes na exhibición de documentación que acredite o cumprimento de determinados requisitos para o acceso a certos establecementos e se prorrogan diversas ordes como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, prorrogábase a Orde do 29 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de lecer nocturno tamén ata as 00.00 horas do día 18 de xaneiro de 2022.

En terceiro lugar, prorrógase a Orde do 6 de outubro de 2021 pola que se aproba a existencia de determinadas medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia no que se refire á actividade dos albergues turísticos.

Así, mediante a Orde do 26 de outubro de 2021 prorrogouse e modificouse a Orde do 6 de outubro de 2021 pola que se aproba a existencia de determinadas medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia no que se refire á actividade dos albergues turísticos. A modificación operada introduciu a medida preventiva de seguridade sanitaria consistente na exhibición da documentación que acredite o cumprimento de determinados requisitos para a ampliación ata un 100 % das prazas nos espazos de aloxamento compartido nos albergues turísticos. A citada medida de exhibición do certificado estableceuse como requisito necesario para incrementar a capacidade máxima permitida e foi ratificada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Nestes establecementos hai circunstancias en que o cumprimento do uso da máscara por parte dos usuarios non é posible, xa que non hai existencia de que esta se leve posta no momento de durmir. Igualmente, compartir un espazo interior pechado, onde ás veces a ventilación non é a adecuada, aumentaría este risco, de existir unha persoa infectada compartindo o espazo con outros usuarios.

Debe terse en conta que nos espazos de aloxamento compartido dos albergues concorren unhas características peculiares:



– Neles alóxanse persoas que non teñen que estar ligadas por unha relación de convivencia.

– Estas persoas poden provir de moi diversos países e destinos, o que incrementa os riscos de exposición ás diversas variantes do virus, tendo en conta, ademais, que os niveis de cobertura vacinal en moitos países son moi diferentes e inferiores, en moitos casos, aos existentes en Galicia e España.

– A pernoita en cuartos de uso compartido incrementa a exposición aos aerosóis respiratorios durante varias horas seguidas, con maior risco de contaxio da COVID-19.

– A pernoita dificulta a utilización dunha medida de seguridade fundamental, como é a máscara e o seu control.

– O incremento da capacidade máxima produce unha redución das distancias interpersoais entre os usuarios.

Tal como sinala tamén o informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, nestes establecementos, onde se poden dar eventos de supertransmisión (22,23), a exhibición do certificado COVID preséntase como unha medida de seguridade exixible para permitir a capacidade do 100 % dos espazos de aloxamento compartido, por existir nestes casos un maior risco de transmisión.

Desta maneira, estes establecementos terían unha garantía engadida na seguridade da súa actividade no tocante á transmisión do virus, dado que presentan un risco adicional debido á confluencia de persoas procedentes de puntos xeográficos con diferente cobertura vacinal, á falta de uso de máscara á hora de durmir e ao elevado risco de mala ventilación do espazo, en parte debido a que, aínda que os usuarios teñen os lectores á vista e as indicacións de abrir as ventás, na práctica non se fai de maneira que se asegure unha boa ventilación, cuestión que se complica durante a noite.

Ademais, cómpre ter en conta que esta mestura de persoas de diferentes procedencias, de lugares con coberturas vacinais menores que as de Galicia, determina que se considere que a existencia dos certificados COVID-19 é unha ferramenta útil para o control da aparición de casos novos, e mesmo de novas variantes do virus.

Así mesmo, de conformidade coa Orde do 14 de decembro de 2021 pola que se establecen medidas preventivas de seguridade sanitaria consistentes na exhibición de documen-



tación que acredite o cumprimento de determinados requisitos para o acceso a certos establecementos e se prorrogan diversas ordes como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, a medida sanitaria exixida nos albergues prorrogouse ata as 00.00 horas do día 18 de xaneiro de 2022.

En cuarto lugar, prorrógase a Orde do 16 de novembro de 2021 pola que se aproba a exixencia de determinadas medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia no que se refire aos centros hospitalarios, e establécese a medida preventiva de seguridade sanitaria consistente na exhibición de documentación que acredite o cumprimento de determinados requisitos para o acceso aos centros hospitalarios das visitas e dos acompañantes dos pacientes hospitalizados.

Posteriormente, mediante a Orde do 14 de decembro de 2021 estendeuse a exixencia para o acceso das visitas e dos acompañantes dos pacientes aos hotéis de pacientes e hospitais de día, para tratamentos oncolóxicos ou de diálise, tanto públicos coma privados.

Esta medida de seguridade estableceuse por se tratar de espazos nos cales se poden agrupar factores que aumentan o risco de transmisión do SARS-CoV-2 e de enfermidade grave, son espazos pechados nos cales se establecen contactos próximos e prolongados entre as persoas, se realizan actividades en que é necesario retirar a máscara ou hai dificultade para o seu uso correcto (axuda na alimentación do enfermo, realización de procedementos xeradores de aerosois, etc.), maior vulnerabilidade das persoas ingresadas (inmunodeprimidos, enfermos con patoloxías crónicas, idade avanzada ou pertenza a grupos non susceptibles de vacinación ou persoas non vacinadas). Polo tanto, o feito de non estar vacinado cando se accede a un centro hospitalario non só supón un maior risco para as persoas hospitalizadas e os traballadores, ao aumentar o risco de transmisión, senón tamén para a propia persoa que accede a el, pola posibilidade de se daren contactos con persoas asintomáticas transmisoras.

Así mesmo, mediante a Orde do 14 de decembro de 2021 pola que se establecen medidas preventivas de seguridade sanitaria consistentes na exhibición de documentación que acredite o cumprimento de determinados requisitos para o acceso a certos establecementos e se prorrogan diversas ordes como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, prorrogouse a citada orde ata as 00.00 horas do día 18 de xaneiro de 2022.



En quinto lugar, prorróganse as medidas previstas nos puntos primeiro, segundo e terceiro da Orde do 14 de decembro de 2021 pola que se establecen medidas preventivas de seguridade sanitaria consistentes na exhibición de documentación que acredite o cumprimento de determinados requisitos para o acceso a certos establecementos e se prorrogan diversas ordes como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

Así, a medida de seguridade sanitaria consistente na exhibición de documentación que acredite o cumprimento de determinados requisitos para o acceso a certos establecementos foi implantada tamén para o acceso aos centros sociosanitarios residenciais de maiores e de persoas con discapacidade, para a práctica de actividade física ou deportiva non federada nos centros ou nas instalacións deportivas pechadas ou nas piscinas cubertas e para o acceso a eventos multitudinarios ou a aqueles que teñan autorizada a venda de alimentos ou bebidas para o seu consumo durante eles.

En relación cos centros sociosanitarios residenciais de maiores e persoas con discapacidade (centros sociosanitarios), o primeiro caso da COVID-19 notificouse o 15 de marzo de 2020, e entre o período comprendido entre o 16 e o 30 de marzo diagnosticáronse 596 casos (o 34,7 % do total de casos notificados na primeira onda), o 37,2 % deles en residentes. Tendo en conta que o 26 de marzo se estableceu a prohibición das visitas e que o período de incubación máximo da enfermidade é de 14 días, é plausible que algúns dos casos ocorridos nas residencias fosen ocasionados a partir das visitas.

Na quinta onda pandémica notificáronse 28 gromos nos centros sociosanitarios residenciais de maiores e persoas con discapacidade (centros sociosanitarios), coa afectación de 419 persoas (o 69,5 % de todos os casos). No 43 % dos gromos, o caso índice foi persoal traballador da residencia, polo que o risco de que unha persoa que se contaxia na comunidade poida ocasionar un gromo nun centro destas características é moi elevado. Exemplo disto sería o gromo ocorrido nun centro sociosanitario da provincia de Ourense, que afectou 15 persoas e cuxo caso fonte foi unha persoa procedente de Madrid, ou o gromo acontecido en Vigo, que afectou seis persoas e do cal se sospeita que o caso fonte foi un familiar dun residente.

Así mesmo, de acordo co informe da Dirección Xeral de Saúde pública, os centros hospitalarios, hospitais de día, hotéis de pacientes e centros sociosanitarios residenciais de maiores e de persoas con discapacidade preséntanse como ámbitos de elevado risco epidemiolóxico por varios motivos. Por un lado, trátase de ambientes pechados nos cales



o propio nivel de dependencia das persoas ingresadas ou residentes (dificultade para a alimentación, de mobilidade, etc.), favorece o establecemento de contactos próximos e prolongados cos cuidadores, o que aumenta o risco de transmisión e de contaxio. Outro factor que pode contribuír ao aumento do risco de transmisión, fundamentalmente nos centros sociosanitarios, é o feito de que con frecuencia os residentes presentan algún grao de discapacidade ou deterioración cognitiva que pode dificultar o mantemento das medidas de prevención, como son a hixiene das mans e respiratoria ou o uso adecuado da máscara.

A todo o anterior é preciso engadir o feito da maior vulnerabilidade das persoas que residen ou ingresan nestes centros, por se tratar de persoas con patoloxías crónicas ou de idade avanzada (factor que aumenta a susceptibilidade ás infeccións pola propia senescencia do sistema inmune), que poden estar a tratamento con fármacos que deprimen o sistema inmune ou que pertencen a grupos non susceptibles de vacinación.

Polo tanto, o aumento da incidencia na poboación, que aumenta a probabilidade de que acudan aos hospitais persoas non vacinadas e infectadas, o contorno de alto risco de transmisión e a presenza de persoas especialmente vulnerables fan que se considere necesario establecer medidas de prevención adicionais e específicas para as persoas que visitan ou acompañan as persoas ingresadas nos centros hospitalarios, igual que se fixo en Francia, e as que visitan aos residentes dos centros sociosanitarios, como así se fixo recentemente en Cataluña.

Por outro lado, e ben que a exhibición do certificado non se aplicaría aos acompañantes de pacientes que acoden ás consultas externas e ao servizo de urxencias hospitalarias, si se incluírían os acompañantes das persoas que precisan atención nos hospitais de día para tratamentos oncolóxicos ou de diálise, por se tratar de pacientes cunha vulnerabilidade especial e que precisan dun tratamento intensivo e prolongado que, no caso dos hospitais de día, se realiza en réxime de hospitalización parcial.

Existe evidencia de que a vacinación diminúe o risco de transmisión da infección de enfermidade grave e de hospitalización, polo que é importante que, ademais de manter todas as medidas de prevención actualmente recomendadas (o uso da máscara, a distancia interpersonal de seguridade, a hixiene das mans e respiratoria), se considere necesaria a existencia dos certificados COVID de forma adicional, para aumentar a seguridade nestes ámbitos. O feito de non estar vacinado cando se accede a un centro hospitalario ou socio-sanitario non só supón un maior risco para as persoas alí ingresadas e para os traballadores, ao aumentar o risco de transmisión, senón tamén para a propia persoa que accede ao centro, pola posibilidade de establecer contactos con persoas asintomáticas transmisoras.



No que atinxe ao risco asociado ás instalacións e aos centros deportivos pechados e ás piscinas cubertas, cómpre indicar que as instalacións deportivas interiores demostraron ser un ámbito que facilita a transmisión do SARS-CoV-2, debido non só ás características dos establecementos (pechados e, nalgúns casos, mal ventilados), senón tamén polas actividades que alí se desenvolven e que implican habitualmente esforzo vigoroso e respiración profunda ou con dificultade, o que provoca unha maior emisión de aerosois.

Hai estudos científicos que calculan a taxa de emisión do SARS-CoV-2 en función da carga viral e amosan que durante o exercicio intenso se pode acadar unha taxa elevada de emisión viral durante a respiración pola boca, polo cal, se hai presente un/unha infectado/a, pode emitir un elevado número de partículas virais ao ambiente e, consecuentemente, provocar a infección das persoas alí presentes.

Ademais, cómpre ter en conta que estas actividades desenvolvidas en espazos pechados, con dificultade para realizar un uso correcto da máscara cando se realiza exercicio, ou a imposibilidade de usala, como é o caso das piscinas no momento do baño, aumentan a probabilidade de transmisión mesmo mantendo a distancia de seguridade entre os usuarios e monitores. O informe relaciona diversos estudos sobre esta cuestión e pódese destacar que, nunha revisión sistemática que tratou de identificar os potenciais ámbitos de transmisión do SAR-CoV-2 e de ocorrencia de gromos, os investigadores atoparon que, nas instalacións deportivas interiores, se producían gromos que provocaban entre 50 e 100 casos, polo que esta actividade podería considerarse como unha das de risco para a transmisión do virus. Igualmente, noutra investigación na cal se estuda o papel que diferentes ámbitos teñen na transmisión da COVID-19, atoparon que a práctica do deporte en espazos pechados tiña un risco relativo de 1,36, é dicir, un 36 % de risco engadido de infectarse polo SARS-CoV-2.

Tamén se destaca que en Galicia se produciron varios gromos asociados a ximnasia, entre os cales cabe destacar un gromo producido na provincia da Coruña que afectou un total de 60 persoas, ben de xeito directo dentro da instalación, ben pola xeración de casos secundarios, terciarios e cuaternarios nos ámbitos familiar, laboral e social. Destaca tamén outro gromo, con 127 casos, que se iniciou nun centro deportivo e que, igual que no anterior, produciu varias xeracións de casos no ámbito laboral e familiar. Ademais, desde o 1 de maio de 2021 identificáronse un total de 53 gromos relacionados coa actividade deportiva, nos cales a maior proporción ten que ver con deportes practicados no interior.

O aumento da incidencia na poboación, que aumenta a probabilidade de que acudan aos centros deportivos persoas non vacinadas e infectadas, o ámbito de alto risco de trans-



misión polas propias características destes establecementos e das actividades que alí se desenvolven, así como os grupos de idade que habitualmente acoden a este tipo de establecementos, fai que se considere necesario establecer medidas de prevención adicionais e específicas para acceder a este tipo de instalacións: o certificado COVID.

En relación co risco asociado aos eventos multitudinarios ou a aqueles que teñan autorizada a venda de alimentos ou bebidas para o seu consumo durante eles, cómpre indicar que os eventos de masas se caracterizan por unha alta concentración de persoas, de diferentes familias e grupos sociais non relacionados, nunha localización específica para unha actividade concreta e nun período de tempo determinado.

Existen diversos estudos sobre as transmisións do SARS-CoV-2 en eventos de masas que avalan a necesidade do mantemento de medidas como as que acabamos de indicar.

Entre os estudos podemos destacar un estudo clínico aleatorio realizado en Cataluña. Antes da vacinación analizaron o risco de transmisión se se implantaban estritas medidas de seguridade (que incluían, entre outras, o control da ventilación, a hixiene das mans, o uso obrigatorio da máscara e a realización dun test antes de entrar ao evento nunha actuación musical no interior). Os investigadores concluíron que, de se aplicaren todas estas medidas, o risco de transmisión diminuía notablemente e que a realización dun test previamente á entrada fortalecía as outras medidas.

Por outra banda, se temos en consideración que neste tipo de actividades, con capacidades do 100 % e, nalgúns casos, co público de pé, é difícil o mantemento da distancia de seguridade, hai que avaliar o risco engadido destas actividades e, así, o Centro para o Control e Prevención de Enfermidades dos Estados Unidos de América, despois de analizar a evidencia do risco que supoñen estes eventos, considera que, cando se organizan, hai que ter en consideración unha serie de parámetros que poden aumentar o risco de transmisión, como a incidencia na comunidade; o lugar do evento, xa que o risco en eventos de interior é máis elevado que nos de exterior; a duración do evento, xa que, a maior duración, maior risco de estar en contacto cun/cunha infectado/a a menos de 2 metros durante máis de 15 minutos; o número e a aglomeración de persoas no evento, xa que, cantas máis persoas, máis aumenta a probabilidade de estar exposto a un/unha infectado/a, e o comportamento dos asistentes, xa que, cando se adoptan comportamentos como interactuar con persoas alleas ao seu círculo íntimo, cantar, falar alto, non manter a distancia ou non usar a máscara de maneira constante e correctamente, aumenta o risco.



Así mesmo, cómpre ter en conta que nalgúns eventos, aínda que poidan non ser multitudinarios, o feito de se realizaren en establecementos ou locais abertos ao público con autorización de venda de alimentos ou bebidas para o seu consumo nos espazos que os conforman (cines, teatros, establecementos que celebren espectáculos deportivos, etc.) comporta un maior risco de transmisión por non poder asegurar o uso continuado da máscara. Por outro lado, hai que ter en conta que este tipo de eventos, pola alta concentración de persoas que supoñen, poden orixinar gromos cun número elevado de casos que, ademais, son complicados de estudar pola dificultade que pode supor o rastrexo de contactos.

Por todo o anterior, dado o risco de transmisión do SARS-CoV-2 que teñen estes eventos, hai que ter en conta múltiples factores para minimizar o risco, polo que se estableceu a petición dos certificados COVID como medida adicional de seguridade nestes eventos.

Debe salientarse que a evolución da pandemia fixo imprescindible a adopción de medidas orientadas a diminuír a interacción social en todo o territorio galego co fin de acadar a mellora da situación epidemiolóxica, entre elas a limitación da permanencia entre as 03.00 e as 06.00 horas de grupos de persoas en espazos de uso público, tanto pechados como abertos ou ao aire libre, e en espazos de uso privado, aos constituídos exclusivamente por persoas conviventes. Porén, no momento actual, tendo en conta a tendencia descendente que parecen amosar os indicadores epidemiolóxicos, considérase proporcionado non prorrogar a limitación de permanencia de grupos de persoas entre as 03.00 e as 06.00 horas nos espazos antes referidos, polo que a eficacia desta medida rematará ás 00.00 horas do día 29 de xaneiro de 2022.

IV

Cómpre destacar que a prórroga das medidas contidas nas ordes que acabamos de citar require a necesaria garantía xudicial conforme o disposto no artigo 10.8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Debe insistirse en que, de acordo co establecido na Sentenza do Tribunal Supremo nº 719/2021, a ratificación das medidas limitativas de dereitos fundamentais debe ser previa, de tal xeito que estas medidas non despregan efectos nin son aplicables mentres non sexan ratificadas xudicialmente.

Finalmente, debemos destacar que a eficacia das medidas adoptadas se estende durante un período temporal concreto, desde o día seguinte ao da data de publicación da orde, que será posterior á súa autorización xudicial, ata as 00.00 horas do día 12 de fe-



breiro de 2022, sen prexuízo de que, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, estas medidas sexan obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria, e que poidan ser prorrogadas, modificadas ou levantadas por orde da persoa titular da conselleira competente en materia de sanidade.

V

Por último, en relación co ata o de agora exposto, cabe destacar que a regulación aprobada respecto dos certificados, nas condicións en que se efectúa, cumpre os requisitos establecidos polo Tribunal Supremo para as medidas sanitarias que afectan dereitos fundamentais, tendo en conta a ponderación efectuada entre os dereitos fundamentais que o Tribunal Supremo considera, na Sentenza 1112/2021, da Sección Cuarta da Sala do Contencioso-Administrativo, que se poden ver afectados dereitos que, atendendo ao carácter tenue ou livián desa afectación, non se poden considerar prevalentes cos dereitos fundamentais e bens constitucionalmente protexidos que amparan a implantación da medida examinada.

Así, cabe lembrar que a sentenza expresada do Tribunal Supremo avala, no caso considerado, a procedencia da medida partindo da confrontación da «tenue limitación que podería ter a medida examinada sobre os dereitos fundamentais á igualdade (artigo 14) e á intimidade (artigo 18.1) co dereito fundamental á vida (artigo 15), coa protección da saúde (artigo 43) en situacións de pandemia como a COVID-19 e co interese xeral de todos por sobrevivir nestas gravísimas circunstancias».

Polo demais, o Tribunal Supremo entendeu, no caso considerado, que «a exhibición da documentación sinalada non vulnera o dereito á igualdade, pois non se produce discriminación entre aqueles que están vacinados e os que non o están. Lembremos que a documentación reviste unha tripla modalidade, que resulta accesible a todos, de xeito que quen non quere mostrar se foi ou non vacinado, tendo en conta o seu carácter voluntario, pode presentar o resultado da proba PDIA ou o test de antixenos e, desde logo, o certificado de recuperación da COVID-19 se pasou a infección».

En definitiva, para o Tribunal Supremo concorre unha xustificación obxectiva e razoable para permitir ou non o acceso ao correspondente establecemento, segundo se cumpra tal exixencia, pois trátase da protección da saúde e da vida das persoas, mediante unha medida que evita ou restrinxe a propagación da pandemia, tendo en conta que tales diferenzas de trato, para seren discriminatorias, deben carecer desa xustificación obxectiva



e razoable, de acordo con criterios xurídicos atendibles, ao se basearen en razóns que resulten xuridicamente relevantes, como é o caso de que as situacións comparables non resultan homoxéneas polos seus graves efectos con respecto á salvagarda do dereito á vida, á integridade física e á protección da saúde.

O Tribunal Supremo, en particular no caso considerado, pon en relación a idoneidade da medida coas características propias dos establecementos en que se exige.

Por último, como exige o Tribunal Supremo, a medida reviste tamén un carácter temporal, segundo os principios científicos, as probas científicas e a información dispoñible en cada momento. Así, recóllese expresamente este carácter temporal e establécese que, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas previstas serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser prorrogadas, modificadas ou levantadas mediante orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Como expresa o Tribunal Supremo, «como é natural, as medidas deben adecuarse, como sinalamos, á realidade necesariamente cambiante, atendida a evolución da enfermidade e o estado da ciencia en cada momento, e deben mediar a adecuada correspondencia e a necesaria vinculación entre a realidade sobre a cal se actúa, a finalidade que se persegue e o medio adecuado para a súa consecución».

Co obxecto de reforzar a idea de temporalidade e de adecuación establécese, respecto da medida de exixencia de exhibición de certificados, unha eficacia ata as 00.00 horas do día 12 de febreiro de 2022, desde o día seguinte ao da publicación desta orde, unha vez autorizada xudicialmente a aplicación das medidas contidas nela. Isto é, débese establecer unha duración adecuada e limitada no tempo da medida da exixencia da exhibición de certificados, pola súa afectación, aínda que tenue, aos dereitos fundamentais, sen prexuízo da súa posible prórroga.

Así mesmo, a Sentenza 1412/2021, do Tribunal Supremo (Sala do Contencioso-Administrativo, Sección Cuarta), referida á exixencia de certificados no País Vasco, remítese á doutrina sentada na súa sentenza anterior e insiste en que a distinta gravidade actual da pandemia, a menor agresividade da enfermidade en moitos casos e a máis reducida ocupación hospitalaria e das unidades de coidados intensivos que en ocasións precedentes non xustifican prescindir das prevencións necesarias para evitar que se reproduzan os momentos críticos do pasado. Por outra banda, a moi elevada cifra de vacinados non está



a impedir o incremento dos contaxios mentres non se coñeza durante canto tempo será efectiva a súa inmunización, e non hai dúbida da existencia dun número de non vacinados maiores de 12 anos suficiente para facilitar a propagación do virus e, polo tanto, da enfermidade non só entre eles mesmos.

Esta sentenza afirma tamén o razoamento de que non se exixa a presentación do certificado a quen traballa nos establecementos concernidos e aos menores de 12 anos. Os primeiros deben utilizar permanentemente as máscaras, mentres que os que accedan a estes locais de espaxamento e restauración deben quitálas, polo menos, todas as veces que beban ou coman, e é previsible que o fagan tamén cando queiran cantar. A diferenza é sinalada, do mesmo xeito que o é a situación dos menores de 12 de anos pola sinxela razón de que non foron vacinados.

A extensión territorial das medidas recollidas nesta orde refírese a todo o territorio da Comunidade Autónoma. A razón disto é a análise e a ponderación efectuada das características das diferentes actividades recollidas nesta orde, así como a especial vulnerabilidade dos pacientes e usuarios de cuxa protección se trata, no caso das medidas referidas a centros hospitalarios e sociosanitarios. Tense en conta, en particular, a existencia no momento actual dunha incidencia homoxénea da pandemia en todo o territorio da Comunidade Autónoma. Unha razón engadida consiste na inexistencia de restricións á liberdade de movemento, polo que as persoas clientes ou usuarias das actividades obxecto desta orde poden proceder de localidades e puntos de orixe moi diversos. Por isto non se pode circunscribir o uso do certificado a localidades concretas, porque a poboación destas localidades se pode trasladar a outras con motivo das actividades mencionadas.

Neste sentido, na Sentenza 1412/2021, do Tribunal Supremo, considérase razoable, no caso que analiza, a extensión da medida a toda a Comunidade Autónoma, tendo en conta os niveis de contaxios existentes nela, a posibilidade de traslados da poboación e o incremento xeneralizado das infeccións. En concreto, os datos considerados neste caso polo Tribunal Supremo eran iguais ou superiores aos 150 casos por cada 100.000 habitantes a 14 días. Na nosa Comunidade Autónoma a incidencia acumulada a 14 días o día 8 de xaneiro está en 2.152,6 casos por 100.000 habitantes. Se o comparamos coa incidencia do día 29 de outubro, de 18,17 casos por 100.000 habitantes, ao inicio da sexta vaga, supón un incremento do 11.747 %.

Polo tanto, tendo en conta todo o exposto, considérase que as medidas previstas nesta orde resultan xustificadas con respecto á súa idoneidade, necesidade e proporcionalidade, nos termos recollidos na sentenza do Tribunal Supremo.



VI

As medidas recollidas nesta orde teñen o seu fundamento na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 e 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

En particular, o artigo 34 da Lei de saúde de Galicia, relativo ás intervencións públicas sobre actividades, centros e bens, expresa:

«As intervencións públicas que poderán exercer as autoridades sanitarias competentes sobre as actividades públicas e privadas que, directa ou indirectamente, poidan ter consecuencias para a saúde son: (...) 6. Establecer, controlar e inspeccionar as condicións hixiénico-sanitarias, de funcionamento e desenvolvemento de actividades que poidan ter repercusión sobre a saúde das persoas».

Así mesmo, polo que atinxe ás medidas relativas á exhibición de certificados, o artigo 38.1 de medidas preventivas en materia de saúde pública (redactado pola Lei 8/2021), establece:

«1. Co obxecto de protexer a saúde pública, as autoridades sanitarias autonómicas e locais, dentro do ámbito das súas competencias, poderán adoptar medidas preventivas de obrigado cumprimento cando exista ou se sospeite razoablemente a existencia dun risco inminente e grave para a saúde da poboación. Estas medidas poderán consistir:

(...) g) En medidas de seguridade sanitaria e hixiene en determinados lugares e/ou para o desenvolvemento de actividades».

Do mesmo xeito, tamén ofrece base legal á medida o contido da letra k) deste artigo 38.1, dado que permite o establecemento por parte das autoridades sanitarias dunha obriga de subministración de datos necesarios para o control e a contención de riscos para a saúde pública.

Conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para adoptar as medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica existente, no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, coa urxencia que a protección da saúde pública demanda.



Na súa virtude, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. Prórroga da eficacia das medidas previstas na Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia

Atendendo á evolución da situación epidemiolóxica, prorrógase ata as 00.00 horas do día 12 de febreiro de 2022 a eficacia das medidas previstas na Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia, na súa redacción vixente.

Segundo. Prórroga da eficacia das medidas previstas na Orde do 29 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de lecer nocturno da Comunidade Autónoma de Galicia

Atendendo á evolución da situación epidemiolóxica, prorrógase ata as 00.00 horas do día 12 de febreiro de 2022 a eficacia das medidas previstas na Orde do 29 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de lecer nocturno da Comunidade Autónoma de Galicia, na súa redacción vixente.

Terceiro. Prórroga da Orde do 6 de outubro de 2021 pola que se aproba a exixencia de determinadas medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia no que se refire á actividade dos albergues turísticos

Atendendo á evolución da situación epidemiolóxica, prorrógase ata as 00.00 horas do día 12 de febreiro de 2022 a eficacia das medidas previstas na Orde do 6 de outubro de 2021 pola que se aproba a exixencia de determinadas medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia no que se refire á actividade dos albergues turísticos, na súa redacción vixente.

Cuarto. Prórroga da Orde do 16 de novembro de 2021 pola que se aproba a exixencia de determinadas medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da



situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia no que se refire aos centros hospitalarios

Atendendo á evolución da situación epidemiolóxica, prorrógase ata as 00.00 horas do día 12 de febreiro de 2022 a eficacia das medidas previstas na Orde do 16 de novembro de 2021 pola que se aproba a existencia de determinadas medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia no que se refire aos centros hospitalarios, na súa redacción vixente.

Quinto. Prórroga das medidas previstas nos puntos primeiro, segundo e terceiro da Orde do 14 de decembro de 2021 pola que se establecen medidas preventivas de seguridade sanitaria consistentes na exhibición de documentación que acredite o cumprimento de determinados requisitos para o acceso a certos establecementos e se prorrogan diversas ordes como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia

Atendendo á evolución da situación epidemiolóxica, prorrógase ata as 00.00 horas do día 12 de febreiro de 2022 a eficacia das medidas preventivas de seguridade sanitaria consistentes na exhibición de documentación que acredite o cumprimento de determinados requisitos para o acceso aos centros sociosanitarios residenciais de maiores e de persoas con discapacidade, para a práctica de actividade física ou deportiva non federada nos centros ou nas instalacións deportivas pechadas ou nas piscinas cubertas, e para o acceso a eventos multitudinarios ou a aqueles que teñan autorizada a venda de alimentos ou bebidas para o seu consumo durante eles, previstos nos puntos primeiro, segundo e terceiro da Orde do 14 de decembro de 2021 pola que se establecen medidas preventivas de seguridade sanitaria consistentes na exhibición de documentación que acredite o cumprimento de determinados requisitos para o acceso a certos establecementos e se prorrogan diversas ordes como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

Sexto. Autorización xudicial, publicación e eficacia

1. Solicitarase a autorización xudicial respecto da prórroga das medidas consistentes na exhibición de documentación e limitación de grupos de persoas previstas nos puntos anteriores desta orde, en canto poden implicar limitación ou restrición de dereitos fundamentais, de acordo co disposto na redacción vixente do número 8 do artigo 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e publicarase a orde unha vez obtida a referida autorización.



2. A prórroga das medidas previstas nesta orde producirá efectos desde as 00.00 horas do día seguinte ao da súa publicación e ata as 00.00 horas do día 12 de febreiro de 2022.

3. En cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas previstas nesta orde serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser prorrogadas, modificadas ou levantadas mediante orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2022

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade



I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 13 de xaneiro de 2022 pola que se prorroga a Orde do 22 de outubro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e se modifica a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia.

I

Mediante a Resolución do 21 de outubro de 2021, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, dáse publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 21 de outubro de 2021, polo que se declara a finalización da situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, declarada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020, como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.

A finalización da aplicación dos mecanismos extraordinarios derivados da lexislación de protección civil debe entenderse, naturalmente, sen prexuízo de que continúen sendo necesarias, mentres permaneza a pandemia, medidas de prevención de acordo coa lexislación sanitaria en vigor.

Neste sentido, a Lei estatal 2/2021, do 29 de marzo, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, prevé no seu artigo 2.3 que as medidas contidas nos seus capítulos II, III, IV, V, VI e VII e na disposición adicional quinta serán de aplicación en todo o territorio nacional ata que o Goberno declare de maneira motivada e de acordo coa evidencia científica dispoñible, logo do informe do Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias, a finalización da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19. O Goberno consultará as comunidades autónomas no seo do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde con carácter previo á finalización da situación de crise sanitaria a que se refire o parágrafo anterior.

Na actualidade, como se deduce do informe da Dirección Xeral de Saúde Pública que se cita posteriormente, segue existindo unha situación de crise sanitaria que determina, por exemplo, que siga sendo de aplicación o deber de cautela e de protección establecido no artigo 4 da lei, de tal xeito que todos os cidadáns deberán adoptar as medidas neces-



rias para evitar a xeración de riscos de propagación da enfermidade COVID-19, así como a propia exposición a eses riscos, conforme o que se establece nesta lei. Tal deber de cautela e protección será igualmente exixible aos titulares de calquera actividade regulada nesta lei.

Deste xeito, seguen sendo de aplicación as previsións desta lei sobre o uso obrigatorio de máscaras, a regulación das distintas actividades e a distancia de seguridade interpersoal mínima.

En particular, debe terse en conta que seguirán sendo de aplicación os mecanismos de tutela previstos na lexislación sanitaria. A Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública, conforma, xunto coa Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; a Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema nacional de saúde, e a Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, o corpo normativo fundamental da acción de tutela da saúde pública a nivel estatal, ao cal se debe unir a lexislación autonómica reguladora da protección da saúde pública no marco de competencias autonómico, como é o caso, na Comunidade Autónoma galega, da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia. En efecto, recóllense na devandita normativa medidas que as autoridades sanitarias poderán acordar para tutelar a saúde pública en situacións de risco, co fin de cumprir o mandato contido no artigo 43 da Constitución española, que despois de proclamar o dereito á protección da saúde dispón que lles compete aos poderes públicos organizar e tutelar a saúde pública, a través de medidas preventivas e das prestacións e servizos necesarios, e que a lei establecerá os dereitos e deberes de todos ao respecto. Este marco normativo débese completar, unha vez atendida a posible afectación que tales medidas poden ter sobre os dereitos fundamentais, coa necesidade de intervención xudicial.

Malia o anterior, a crise da COVID-19 puxo de manifesto a necesidade de contar cunha maior densidade normativa no que respecta á articulación dos mecanismos extraordinarios que recolle a lexislación sanitaria para tutelar a saúde pública ante crises sanitarias.

Neste sentido, a Lei de saúde autonómica foi modificada pola Lei 8/2021, do 25 de febreiro, no exercicio da competencia autonómica en materia de sanidade interior, recollida no artigo 33 do Estatuto de autonomía de Galicia, para introducir na lei as modificacións necesarias co fin de facer fronte á necesidade de contar cun marco normativo claro na materia que ofrezca a necesaria seguridade xurídica, tanto para quen debe intervir na adopción das medidas e na súa inspección, vixilancia, control e sanción como para as persoas destinatarias destas. En particular, unha das principais finalidades desta lei é, así, concretar as

CVE-DOG: p4wwyf18-9xe3-kcs3-f4m0-d7satej452q9



medidas que, tendo en conta o disposto na lexislación sanitaria estatal, de rango orgánico e ordinario, poden ser adoptadas polas autoridades sanitarias galegas para a protección da saúde pública, así como regular os requisitos que se deben cumprir para a súa correcta adopción, con especial atención ás exixencias de motivación e de proporcionalidade.

Resulta necesario un comportamento social de cautela e autoprotección asentado fundamentalmente nas premisas de hixiene frecuente das mans, de distancia interpersoal mínima, uso de máscaras cando non sexa posible manter a distancia mínima interpersoal, así como cando se estea en contornos con moita xente, especialmente en espazos pechados; de limpeza, hixiene e ventilación dos espazos utilizados e, especialmente, de adopción de medidas de illamento e comunicación cos servizos de saúde tan axiña como se teñan síntomas compatibles coa COVID-19.

II

Unha vez sentado o anterior, a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia fai necesario que as autoridades sanitarias autonómicas sigan adoptando determinadas medidas de prevención orientadas a conter a propagación da infección e dirixidas a facer fronte á crise sanitaria derivada da COVID-19.

De acordo co exposto, a persoa titular da Consellería de Sanidade, como autoridade sanitaria, debe continuar establecendo as intervencións públicas necesarias para garantir os dereitos e deberes sanitarios da cidadanía e, en particular, adoptar as medidas previstas no artigo 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, que sexan necesarias atendendo á evolución da pandemia.

Así, mediante a Orde do 22 de outubro de 2021, establecéronse medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia. Estas medidas consisten, en moitos casos, na fixación de capacidades máximas e na determinación de regras que se deben observar para o desenvolvemento das distintas actividades recollidas no seu anexo, xa que as evidencias científicas apoian as políticas de control de limitación e capacidades e a súa eficacia fronte a outras políticas sen esta limitación, pero con redución xeneralizada da mobilidade. Todo isto ampara a efectividade e a eficiencia das medidas de control focalizadas nos sectores de maior risco. A isto únese que a maior parte dos gromos se producen nun contexto social, como consecuencia de exposicións prolongadas ás secrecións respiratorias que se emiten en forma de aerosois que conteñen o virus. Nesta liña hai estudos que proban que, dentro das intervencións non farmacolóxicas, as relacionadas coa diminución



dos contactos sociais no interior de establecementos teñen a capacidade de minorar a velocidade de transmisión.

A Orde do 26 de outubro de 2021 modificou a Orde do 22 de outubro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e se modifica a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia. A finalidade desta modificación era a de adaptar á evolución da situación epidemiolóxica as medidas contidas nela que regulaban as actividades desenvolvidas en cines, teatros, auditorios e espazos similares, así como en establecementos destinados a espectáculos públicos e actividades recreativas. Tamén foron obxecto de modificación mediante a citada orde as regras sanitarias aplicables á realización de procesos selectivos por parte das administracións públicas e das entidades do sector público.

Así mesmo, mediante a Orde do 26 de outubro de 2021 pola que se prorrogou e se modificou a Orde do 6 de outubro de 2021 pola que se aproba a existencia de determinadas medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia no que se refire á actividade dos albergues turísticos, introducíase unha nova modificación na Orde do 22 de outubro, coa finalidade de adaptar a regulación dos albergues contida nela ás modificacións introducidas na referida orde, que permitían que a ocupación chegase ao 100 % no caso do cumprimento da medida preventiva de seguridade sanitaria consistente na exhibición de documentación que acredite o cumprimento de determinados requisitos para a ampliación ata un 100 % das prazas nos espazos de aloxamento compartido nos albergues turísticos.

Posteriormente, a Orde do 22 de outubro foi prorrogada e modificada pola Orde do 25 de novembro de 2021 e pola Orde do 15 de decembro de 2021, que estendeu a eficacia das medidas contidas nela ata as 00.00 horas do día 18 de xaneiro de 2022.

Polo que atinxe ás actividades de hostalaría, restauración e lecer nocturno, debe salientarse que a súa regulación, que se contén na Orde do 22 de outubro, se completa coa recollida na Orde do 14 de setembro de 2021, pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia, e na Orde do 29 de setembro de 2021, pola que se aproba o novo Plan de lecer nocturno da Comunidade Autónoma de Galicia. Ambas as dúas ordes foron obxecto de sucesivas modificacións coa finalidade de adaptar o seu contido á evolución da situación epidemiolóxica na Comunidade Autónoma.



Mediante a Orde do 15 de decembro de 2021 prorrogouse e modificouse a Orde do 22 de outubro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, e modificouse a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia. As modificacións introducidas foron puntuais nas súas regras, que atinxen á eliminación da posibilidade de realización de cócteles e actos de recepción con aperitivo e público de pé. Estas limitacións estaban fundamentadas nos datos epidemiolóxicos, así como na crecente explosividade dos contaxios, que afectan a celebración de cócteles e actos de recepción con aperitivo e público de pé en cerimonias nupciais e outras celebracións e eventos.

Finalmente, mediante a Orde do 29 de decembro de 2021 modificáronse a Orde do 22 de outubro de 2021, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia; a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia, e a Orde do 29 de setembro de 2021, pola que se aproba o novo Plan de lecer nocturno da Comunidade Autónoma de Galicia.

As modificacións realizadas o 29 de decembro de 2021 viñan impostas non só pola situación epidemiolóxica senón pola necesidade de establecer mecanismos e regras para o control dunha situación epidémica explosiva, partindo da experiencia previa adquirida ao abeiro das medidas adoptadas no Nadal do ano pasado, como antecedente inmediato.

Ademais, o Real decreto lei 30/2021, do 23 de decembro, polo que se adoptan medidas urxentes de prevención e contención para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, modificou o artigo 6 da Lei 2/2021, do 29 de marzo, de modo que estableceu o uso obrigatorio de máscaras en persoas de seis anos en diante na vía pública, en espazos ao aire libre e en espazos pechados de uso público ou que se atopen abertos ao público, así como nos transportes. Con todo, exceptúase o uso da máscara en exteriores durante a práctica de deporte individual e tamén durante a realización de actividades que non sexan de carácter deportivo, pero que se realizan en espazos naturais, sempre que en ambos os casos se manteña a distancia mínima de 1,5 metros con outras persoas que non sexan conviventes.

Coa finalidade de adaptar a regulación relativa ao uso de máscaras ao disposto no citado Real decreto lei 30/2021, do 23 de decembro, mediante a Orde do 29 de decembro de 2021 modificáronse a Orde do 22 de outubro de 2021 pola que se establecen medidas



de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia. Tamén se aclarou o concepto de espazos naturais para os efectos da aplicación da Orde do 22 de outubro, coa finalidade de acadar unha maior seguridade xurídica.

Por outra banda, tamén se estableceu que o público deberá permanecer sentado nas actividades desenvolvidas en cines, teatros, auditorios e espazos similares, así como en establecementos destinados a espectáculos públicos e actividades recreativas. A mesma regra será de aplicación aos espectáculos musicais e artísticos desenvolvidos ao aire libre. Tamén se reduciu a dez persoas por mesa ou agrupación de mesas o número máximo de persoas que poderán permanecer nas terrazas dos establecementos de hostalaría, restauración e lecer nocturno.

III

De conformidade co exposto, a prórroga das medidas adoptadas vén determinada pola evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria da Comunidade Autónoma.

Así, do informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 11 de xaneiro de 2022, destácanse os seguintes datos:

A análise da tendencia diaria mostra, desde o 21 de xullo, tres tramos con diferente tendencia. Nos dous primeiros esta tendencia é decrecente, aínda que con diferentes velocidades de decrecemento. Non obstante, desde o 10 de outubro, obsérvase un claro cambio na tendencia, que pasa a ser crecente, cunha porcentaxe de cambio diaria do 6,9 %.

O día 8 de xaneiro, a taxa de incidencia a 14 días é de 2.152,6 casos por 100.000 habitantes. Se o comparamos coa incidencia do día 29 de outubro, de 18,17 casos por 100.000 habitantes, ao inicio da sexta onda, supón un incremento do 11.747 %.

A porcentaxe de positividade das probas diagnósticas superou o 3 % establecido en Galicia como nivel deste indicador de seguimento, e o 8 de xaneiro está no 20,7 % en 7 días. Desde o 4 ao 8 de xaneiro notificáronse un total de 20.314 casos novos de COVID-19.

En canto á incidencia acumulada a 14 días por grupos de idade de Galicia, o grupo de 20 a 29 anos é o que presenta a incidencia máis elevada, seguido dos grupos de 12 a 19 anos e de 30 a 39 anos.



A taxa de hospitalización en unidades de agudos nos últimos 7 días aumentou, pasando de 10,4 ingresos por 100.000 habitantes o 1 de xaneiro a 11,7 o día 8 de xaneiro. No que atinxe ás unidades de críticos (UCI), observouse un descenso con respecto á semana anterior, xa que o 1 de xaneiro a taxa de ingresos por 100.000 habitantes era de 1,07 e o día 8 de xaneiro foi de 0,93.

Segundo a última actualización do Ministerio de Sanidade (Actualización nº 538. Enfermidade polo coronavirus (COVID-19)), cos últimos datos dispoñibles ás 15.00 horas do 10 de xaneiro, o número de persoas hospitalizadas en Galicia ascende a 466 e na UCI a 48.

Como resumo, os indicadores epidemiolóxicos seguen a amosar un aumento, especialmente na taxa de incidencia; polo tanto, o risco de que siga a aumentar hai que telo en consideración xa que o virus está a ter unha circulación cada vez maior, tanto en España coma nos países da nosa contorna e no resto do mundo.

O informe da Dirección Xeral de Saúde Pública compara os datos da terceira e quinta ondas cos datos actuais da sexta onda e observa, para o total de Galicia, un descenso progresivo das porcentaxes de hospitalización en planta e na UCI, así como das defuncións, o cal pode reflectir a efectividade da vacina na prevención de casos graves de enfermidade e falecemento pola COVID-19.

Porén, debe terse en conta que o informe tamén pondera as estimacións do número de ingresos posibles por semana partindo do risco de ingreso nos últimos 14 días en planta e na UCI para o total de Galicia, tendo en conta distintos supostos de número de casos diarios. Así mesmo, considéranse outros escenarios en que aumente o risco de hospitalización. Estes datos e a súa evolución deben terse en conta para a protección do sistema sanitario.

Pola súa parte, a porcentaxe de ingresos dos casos dos últimos 7 e 14 días é de 1,2 % e 1,1 %, respectivamente, nas unidades de agudos, e de 0,1 % e 0,1 %, a 7 e 14 días, nas unidades de críticos. Estas taxas de ingresos por número de casos son sensiblemente inferiores ás das ondas anteriores. Porén, debe tamén ponderarse o factor da idade dos infectados. Así, nos últimos 7 días, os casos de COVID-19 no grupo de idade de máis de 65 anos presentaron unha porcentaxe de ingreso en unidade de hospitalización do 6,5 %.

Por outro lado, cabe destacar que a porcentaxe de casos orfos é do 54,5 %, en ascenso respecto de semanas previas, o que indica unha situación de transmisión comunitaria.



Ante a situación actual, coas taxas actuais de incidencia a 7 e a 14 días, cunha elevada porcentaxe de positividade das probas diagnósticas realizadas e cun aumento da prevalencia da variante Ómicron, que xa é o 85 %, que ten unha transmisibilidade superior á variante Delta, predominante ata o de agora, está xustificada a necesidade de manter as medidas adoptadas para facer fronte a esta situación.

A evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia fai necesario, polo tanto, que as autoridades sanitarias autonómicas manteñan determinadas medidas de prevención orientadas a conter a propagación da infección e dirixidas a facer fronte á crise sanitaria derivada da COVID-19.

IV

Segundo o exposto, resulta procedente e indispensable desde o punto de vista sanitario manter e prorrogar as medidas establecidas, non só pola situación epidemiolóxica senón pola necesidade de dar estabilidade aos mecanismos e regras que contribúan a controlar esta situación epidémica tan explosiva que estamos vivindo, partindo da experiencia previa adquirida ao abeiro das medidas adoptadas no Nadal do ano pasado, como antecedente inmediato.

Cómpre salientar que, en cumprimento do disposto no artigo 38.ter.4 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, as medidas cuxa vixencia se prorroga terán unha duración que se estenderá ata as 00.00 horas do día 12 de febreiro de 2022 e que, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, serán obxecto de seguimento e avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser prorrogadas, modificadas ou levantadas mediante orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

As medidas aplicadas até este momento seguen a resultar necesarias, adecuadas e proporcionadas para o fin perseguido, que non é outro que controlar e evitar a maior difusión dunha enfermidade altamente contaxiosa respecto da cal a diferenza entre persoas enfermas e sas resulta difusa, dada a posible asintomatoloxía ou levidade dos síntomas e a existencia dun período no cal non hai indicios externos da enfermidade.

V

As medidas que se adoptan nesta orde teñen o seu fundamento normativo no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 a 38.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.



Conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para adoptar as medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica existente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, coa urxencia que a protección da saúde pública demanda.

Na súa virtude, na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. *Prórroga da eficacia das medidas previstas na Orde do 22 de outubro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e se modifica a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia*

Atendendo á evolución da situación epidemiolóxica, prorrogase ata as 00.00 horas do día 12 de febreiro de 2022 a eficacia das medidas previstas na Orde do 22 de outubro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e se modifica a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia, na súa redacción vixente.

Segundo. *Eficacia*

1. As medidas previstas nesta orde terán efectos desde as 00.00 horas do 18 de xaneiro de 2022.

2. En cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas cuxa eficacia se prorroga serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser prorrogadas, modificadas ou levantadas mediante orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2022

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade



I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 12 de xaneiro de 2022 pola que se prorrogan e se modifican diversas ordes polas que se establecen medidas cualificadas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

I

Mediante a Resolución do 21 de outubro de 2021, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, dáse publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 21 de outubro de 2021, polo que se declara a finalización da situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, declarada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020, como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.

A finalización da aplicación dos mecanismos extraordinarios derivados da lexislación de protección civil debe entenderse, naturalmente, sen prexuízo de que continúen sendo necesarias, mentres permaneza a pandemia, medidas de prevención de acordo coa lexislación sanitaria en vigor.

Neste sentido, a Lei estatal 2/2021, do 29 de marzo, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, prevé no seu artigo 2.3 que as medidas contidas nos seus capítulos II, III, IV, V, VI e VII e na disposición adicional quinta serán de aplicación en todo o territorio nacional ata que o Goberno declare de maneira motivada e de acordo coa evidencia científica dispoñible, logo do informe do Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias, a finalización da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19. O Goberno consultará as comunidades autónomas no seo do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde con carácter previo á finalización da situación de crise sanitaria a que se refire o parágrafo anterior.

Na actualidade, como se deduce do informe da Dirección Xeral de Saúde Pública que se cita posteriormente, segue existindo unha situación de crise sanitaria que determina, por exemplo, que continúe sendo de aplicación o deber de cautela e protección establecido no artigo 4 da lei, de tal xeito que todos os cidadáns deberán adoptar as medidas necesarias para evitar a xeración de riscos de propagación da enfermidade COVID-19, así como a propia exposición aos ditos riscos, conforme o que se establece nesta lei. O dito deber



de cautela e protección seralles igualmente exigible aos titulares de calquera actividade regulada nesta lei.

Deste xeito, seguen a ser de aplicación as previsións desta lei sobre o uso obrigatorio de máscaras, a regulación das distintas actividades e a distancia de seguridade interpersonal mínima.

En particular, debe terse en conta que continuarán a ser aplicables os mecanismos de tutela previstos na lexislación sanitaria.

A Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública, conforma, xunto coa Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; a Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema nacional de saúde, e a Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, o corpo normativo fundamental da acción de tutela da saúde pública no ámbito estatal, ao cal se debe unir a lexislación autonómica reguladora da protección da saúde pública no marco de competencias autonómico, como é o caso, na Comunidade Autónoma galega, da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia. En efecto, recóllense na dita normativa medidas que as autoridades sanitarias poderán acordar para tutelar a saúde pública en situacións de risco, co fin de cumprir o mandato contido no artigo 43 da Constitución española, que, despois de proclamar o dereito á protección da saúde, dispón que lles compete aos poderes públicos organizaren e tutelaren a saúde pública a través das medidas preventivas e das prestacións e dos servizos necesarios, e que a lei establecerá os dereitos e deberes de todos ao respecto. Este marco normativo débese completar, atendida a posible afectación que tales medidas poden ter sobre os dereitos fundamentais, coa necesidade da intervención xudicial.

Malia o anterior, a crise da COVID-19 puxo de manifesto a necesidade de contar cunha maior densidade normativa no que respecta á articulación dos mecanismos extraordinarios que recolle a lexislación sanitaria para tutelar a saúde pública ante crises sanitarias.

Neste sentido, a Lei de saúde autonómica foi modificada pola Lei 8/2021, do 25 de febreiro, no exercicio da competencia autonómica en materia de sanidade interior, recollida no artigo 33 do Estatuto de autonomía de Galicia, para introducir na lei as modificacións necesarias co fin de facer fronte á necesidade de contar cun marco normativo claro na materia que ofrezca a necesaria seguridade xurídica, tanto para quen debe intervir na adopción das medidas e na súa inspección, vixilancia, control e sanción, como para as persoas destinatarias destas. En particular, unha das principais finalidades desta lei é, así, concretar as medidas que, tendo en conta o disposto na lexislación sanitaria estatal, de rango orgánico



e ordinario, poden adoptar as autoridades sanitarias galegas para a protección da saúde pública, así como regular os requisitos que se deben cumprir para a súa correcta adopción, con especial atención ás exixencias de motivación e de proporcionalidade.

Resulta necesario un comportamento social de cautela e autoprotección asentado fundamentalmente nas premisas de hixiene frecuente das mans, distancia interpersonal mínima, uso de máscaras cando non sexa posible manter a distancia mínima interpersonal, así como cando se estea en ambientes con moita xente, especialmente en espazos pechados; de limpeza, hixiene e ventilación dos espazos utilizados e, especialmente, de adopción de medidas de illamento e comunicación cos servizos de saúde tan axiña como se teñan síntomas compatibles coa COVID-19.

II

Unha vez sentado o anterior, a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia fai necesario que as autoridades sanitarias autonómicas sigan adoptando determinadas medidas de prevención orientadas a conter a propagación da infección e dirixidas a facer fronte á crise sanitaria derivada da COVID-19.

De acordo co exposto, a persoa titular da Consellería de Sanidade, como autoridade sanitaria, debe continuar establecendo as intervencións públicas necesarias para garantir os dereitos e deberes sanitarios da cidadanía e, en particular, adoptar as medidas previstas no artigo 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, que sexan necesarias atendendo á evolución da pandemia.

Neste sentido, o informe da Dirección Xeral de Saúde Pública do 11 de xaneiro de 2022 indica que, na actualidade, a situación epidemiolóxica se pode resumir da seguinte forma:

A análise da tendencia diaria amosa, desde o 21 de xullo, tres tramos con diferente tendencia. Nos dous primeiros, esta tendencia é decrecente, aínda que con diferentes velocidades de decrecemento. Non obstante, desde o 10 de outubro, obsérvase un claro cambio na tendencia, que pasa a ser crecente cunha porcentaxe de cambio diaria do 6,9 %.

O día 8 de xaneiro a taxa de incidencia a 14 días era de 2.152,6 casos por 100.000 habitantes. Se o comparamos coa incidencia do día 29 de outubro, de 18,17 casos por 100.000 habitantes, ao inicio da sexta vaga, supón un incremento do 11.747 %.



A porcentaxe de positividade das probas diagnósticas superou o 3 % establecido en Galicia como nivel deste indicador de seguimento e o 8 de xaneiro estaba no 20,7 % en 7 días. Desde o 4 ao 8 de xaneiro notificáronse un total de 20.314 novos casos de COVID-19.

En canto á incidencia acumulada a 14 días por grupos de idade de Galicia, o grupo de 20 a 29 anos é o que presenta a incidencia máis elevada, seguido dos grupos de 12 a 19 anos e de 30 a 39 anos.

En canto á taxa de hospitalización en unidades de agudos nos últimos 7 días, aumentou e pasou de 10,4 ingresos por 100.000 habitantes o 1 de xaneiro a 11,7 o día 8 de xaneiro. No que atinxe as unidades de críticos (UCI), observouse un descenso respecto da semana anterior, xa que o 1 de xaneiro a taxa de ingresos por 100.000 habitantes era de 1,07 e o día 8 de xaneiro foi de 0,93.

Segundo a última actualización do Ministerio de Sanidade (actualización nº 538) da enfermidade polo coronavirus (COVID-19), cos últimos datos dispoñibles, ás 15.00 horas do 10 de xaneiro, o número de persoas hospitalizadas en Galicia ascende a 466 e na UCI a 48.

Como resumo, os indicadores epidemiolóxicos seguen a amosar un aumento, especialmente na taxa de incidencia, polo tanto, o risco de que siga a aumentar hai que telo en consideración xa que o virus está a ter unha circulación cada vez maior, tanto en España coma nos países da nosa contorna e no resto do mundo.

O informe da Dirección Xeral de Saúde Pública compara os datos da terceira e quinta ondas cos datos actuais da sexta onda e observa, para o total de Galicia, un descenso progresivo das porcentaxes de hospitalización en planta e na UCI, así como das defuncións, o cal pode reflectir a efectividade da vacina na prevención de casos graves de enfermidade e de falecemento pola COVID-19.

Porén, debe terse en conta que o informe tamén pondera os cálculos do número de ingresos posibles por semana partindo do risco de ingreso nos últimos 14 días en planta e na UCI para o total de Galicia, tendo en conta distintos supostos de número de casos diarios. Así mesmo, considéranse outros escenarios en que aumente o risco de hospitalización. Estes datos e a súa evolución deben terse en conta para a protección do sistema sanitario.

Pola súa parte, en canto á porcentaxe de ingresos dos casos dos últimos 7 e 14 días, é de 1,2 % e 1,1 %, respectivamente, nas unidades de agudos, e de 0,1 % e 0,1 % a 7 e 14



días nas unidades de críticos. Estas taxas de ingresos por número de casos son sensiblemente inferiores aos das ondas anteriores. Pero debe tamén ponderarse o factor da idade dos infectados. Así, nos últimos 7 días, os casos de COVID-19 no grupo de idade de máis de 65 anos presentaron unha porcentaxe de ingreso en unidade de hospitalización do 6,5 %.

Por outro lado, cabe destacar que a porcentaxe de casos orfos é do 54,5 %, en ascenso respecto de semanas previas, o que indica unha situación de transmisión comunitaria.

Ante a situación actual, coas actuais taxas de incidencia a 7 e a 14 días, cunha elevada porcentaxe de positividade das probas diagnósticas realizadas e cun aumento da prevalencia da variante Ómicron, que xa é do 85 %, que ten unha transmisibilidade superior á da variante Delta, predominante ata o de agora, está xustificada a necesidade de manter as medidas adoptadas para facer fronte a esta situación.

A evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia fai necesario, polo tanto, que se manteñan por parte das autoridades sanitarias autonómicas, determinadas medidas de prevención orientadas a conter a propagación da infección e dirixidas a facer fronte á crise sanitaria derivada da COVID-19.

III

Tendo en conta os antecedentes referidos, o obxecto desta orde é a prórroga da eficacia das medidas recollidas en diversas ordes polas que se estableceron medidas cualificadas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia. Así mesmo, modifícase unha das medidas cualificadas adoptadas particularmente no período de Nadal, tendente a limitar os grupos de persoas en horario nocturno co obxectivo de flexibilizala agora, tendo en conta a finalización das vacacións do Nadal.

En efecto, con base no exposto e atendendo á evolución da situación epidemiolóxica no territorio da Comunidade Autónoma, faise necesario manter a obriga de exhibición do certificado como requisito para o acceso a aqueles establecementos nos cales xa estaba previsto.

O obxecto da presente orde é, polo tanto, prorrogar ata as 00.00 horas do día 29 de xaneiro de 2022 as seguintes ordes:

– A Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia.



– A Orde do 29 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de lecer nocturno da Comunidade Autónoma de Galicia.

– A Orde do 6 de outubro de 2021 pola que se aproba a existencia de determinadas medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia no que se refire á actividade dos albergues turísticos.

– A Orde do 16 de novembro de 2021 pola que se aproba a existencia de determinadas medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia no que se refire aos centros hospitalarios.

– A Orde do 14 de decembro de 2021 pola que se establecen medidas preventivas de seguridade sanitaria consistentes na exhibición de documentación que acredite o cumprimento de determinados requisitos para o acceso a certos establecementos e se prorrogan diversas ordes como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, cuxos puntos primeiro, segundo e terceiro recollen a obriga de exhibición de determinada documentación para a práctica da actividade física e deportiva non federada nas instalacións e nos centros deportivos pechados, así como nas piscinas cubertas, para o acceso de visitantes e acompañantes a centros sociosanitarios residenciais de maiores e de persoas con discapacidade e para o acceso a eventos multitudinarios realizados ou a aqueles que teñan autorizada a venda de alimentos e bebida para o seu consumo durante eles.

Así mesmo, prorrógase e modifícase a Orde do 29 de decembro de 2021 pola que se establecen medidas cualificadas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e se modifica a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia, en canto á medida de limitación da permanencia de grupos de persoas en espazos públicos ou privados en horario nocturno, tamén ata as 00.00 horas do día 29 de xaneiro de 2022. Ben que a citada limitación unicamente resultará de aplicación, entre as 3.00 e as 6.00 horas dos venres, sábados, domingos e festivos, tendo en conta o remate das datas de Nadal e a situación epidemiolóxica actual.

O mantemento destas medidas cualificadas continúa a resultar necesario, adecuado e proporcionado ao fin perseguido, que non é outro que o de controlar e evitar a maior difusión dunha enfermidade como a COVID-19, altamente contaxiosa, respecto da cal a



diferenza entre persoas enfermas e sas resulta difusa, dada a posible asintomatoloxía ou levidade dos síntomas e a existencia dun período no cal non hai indicios externos da enfermidade.

Na situación actual seguen a concorrer, en definitiva, determinadas circunstancias que aconsellan o mantemento dun conxunto de medidas que se orientan, por un lado, a reducir o risco de transmisión naquelas actividades de maior risco e, por outro, a diminuír as interaccións sociais e evitar as aglomeracións de persoas co fin de garantir o mantemento en todo momento da distancia de seguridade e de reducir o contacto físico en condicións favorecedoras do contaxio.

Así, en primeiro lugar, prorrógase a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia.

En efecto, mediante a Orde do 14 de setembro de 2021 aprobouse o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia, coa natureza de medidas preventivas de acordo co disposto no artigo 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, e de plan sanitario para os efectos do previsto no artigo 80 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia. A Xunta de Galicia, consciente da importancia do sector e da necesidade de manter a súa viabilidade, acordou cos representantes do sector hostaleiro de Galicia o compromiso de seguir apostando por unha hostalaría segura. Co obxectivo de continuar garantindo a máxima seguridade, tanto para as persoas traballadoras coma para as persoas usuarias, foi necesario incidir no control dos niveis de ocupación e na necesidade de manter en todo momento as normas hixiénico-sanitarias básicas de limpeza das mans e superficies, as distancias de seguridade interpersoal, o uso da máscara, as medidas de ventilación dos espazos e a limitación dos tempos de contacto. Na parte expositiva desta orde sinalábase que os establecementos de hostalaría e restauración son ámbitos que favorecen os encontros entre persoas que comparten un mesmo espazo con proximidade e durante os cales se produce o consumo de alimentos ou de bebidas e a consecuente necesidade de retirar a máscara nese instante. Así, fíxose necesario continuar velando polo cumprimento das medidas na totalidade dos locais de hostalaría da nosa Comunidade, dado o seu carácter de lugares de convivencia e interacción social, e seguir establecendo controis por parte dos corpos de inspección sanitarios e polos corpos e forzas de seguridade que operan en Galicia. Todo isto completouse tamén coa necesaria información que se lles debe transmitir ás persoas usuarias, lembrándolles en todo momento a necesidade de observar as medidas básicas de prevención. Este plan permitiu acadar unha estabilidade nas condicións de apertura dos establecementos de hostalaría con independencia dos niveis de restrición de cada concello.



Cómpre indicar que a citada orde foi obxecto de varias modificacións. A primeira modificación, realizada mediante a Orde do 23 de setembro de 2021, consistiu na habilitación dun prazo de dous meses para que o persoal do sector puidese acreditar a formación necesaria, cuxo contido se incorporou como un novo anexo II á xa citada Orde do 14 de setembro. Posteriormente, realizouse unha segunda modificación que tivo lugar mediante a Orde do 7 de outubro de 2021 pola que se estableceron medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e se modificaron a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aprobou o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia e a Orde do 29 de setembro de 2021 pola que se aprobou o novo Plan de lecer nocturno da Comunidade Autónoma de Galicia. O obxecto desta segunda modificación referiuse a aspectos da sinalética dos establecementos e ás zonas ou espazos de autoservizo. Finalmente, a terceira modificación realizouse mediante a Orde do 22 de outubro de 2021 pola que se estableceron medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e se modificou a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aprobaba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia. Esta terceira modificación tivo por obxecto ampliar a ocupación e os horarios aplicables en función dos tipos de establecementos, así como habilitar novamente o uso das barras.

Mediante a Orde do 25 de novembro de 2021 modificouse a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia e introducíronse determinadas medidas de prevención, consistentes na exhibición de determinada documentación para o acceso ao interior dos establecementos da hostalaría (restaurantes, bares, cafetarías, furanchos...), así como para o acceso ao interior dos establecementos de xogo que contén con servizos de hostalaría e restauración, coa finalidade de que a actividade se poida desenvolver en condicións de seguridade, tanto para o persoal traballador como para os clientes.

A referida Orde do 25 de novembro tamén modificaba a do 14 de setembro ao indicar que a comprobación da validez dos certificados presentados só poderá ser efectuada polos establecementos a través da lectura do código QR que figura en cada un dos certificados, e que empregarían para tal fin a aplicación Passcovid da Comunidade Autónoma de Galicia, dispoñible nas plataformas Android e iOS. Tamén sinalaba que non se poderían conservar os datos persoais ou crear ficheiros con eles nin realizar operacións de tratamento sobre datos persoais.



Finalmente, mediante a Orde do 14 de decembro de 2021 pola que se establecen medidas preventivas de seguridade sanitaria consistentes na exhibición de documentación que acredite o cumprimento de determinados requisitos para o acceso a certos establecementos e pola que se prorrogan diversas ordes como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, prorrogábase a orde inicial ata o 18 de xaneiro de 2022.

Canto ao risco asociado aos establecementos de restauración, hostalaría e de xogo que contan con servizos de hostalaría e restauración, coma xa se sinalou en anteriores ocasións, cómpre indicar que se trata de espazos pechados nos cales se establecen contactos próximos e prolongados entre as persoas, con escasa renovación do aire no interior, nalgúns casos, e se realizan actividades nas cales é necesaria a retirada de máscara (ao comer ou beber) e accións que ocasionan unha maior xeración de aerosois (falar, en ocasións cun ton de voz maior do normal, ou cantar). Ademais, son espazos de socialización que favorecen a relaxación da atención necesaria para manter as medidas individuais de prevención (o uso de máscara e o mantemento da distancia de seguridade interpersoal), ao cal pode contribuír o consumo de alcohol.

En segundo lugar, prorrogase a Orde do 29 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de lecer nocturno da Comunidade Autónoma de Galicia.

A mesma medida de exhibición de documentación para o acceso ao interior dos establecementos foi aplicada no ámbito do lecer nocturno mediante a citada orde e foi ampliada para todos os establecementos de lecer nocturno mediante a Orde do 21 de outubro de 2021, pola que se prorroga e se modifica a Orde do 29 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de lecer nocturno da Comunidade Autónoma de Galicia, con fundamento na protección da saúde pública, ao abeiro do establecido nas letras g) e k) do número 1 do artigo 38.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Segundo se recollía na exposición de motivos da Orde do 21 de outubro de 2021, a existencia de exhibición de documentación para o acceso aos establecementos de lecer nocturno débese a que neste sector concorren unhas características peculiares que pasamos a expor detidamente:

– Nestes locais prodúcese a retirada da máscara por parte dos clientes para o consumo de bebida ou, nos casos en que resulta posible segundo o título habilitante do establecemento, os servizos de restauración.



– Resulta posible nestes establecementos a permanencia e o consumo de pé, ademais de sentado, o que presenta problemas particulares de maior risco da existencia de aglomeracións de persoas e fai moi dificultoso na práctica o mantemento da distancia de seguridade interpersoal, ao estaren os usuarios circulando polo establecemento.

– As condicións de desenvolvemento da actividade comportan a existencia de música alta, o que fai que as persoas levanten a voz e se acheguen para falar, o que comporta a emisión de máis gotas e aerosois respiratorios con maior risco de contaxio da COVID-19.

– O feito de que se trata dunha actividade de lecer e recreativa en que se produce consumo de bebidas alcohólicas e o horario nocturno en que se realiza a actividade determinan unha relaxación por parte dos usuarios das medidas de seguridade aplicables, o que xoga en contra do desenvolvemento ordenado e seguro da actividade.

Por outro lado, e a diferenza dos locais da hostalaría, os establecementos de lecer nocturno teñen, con frecuencia, a complicación engadida de non realizar unha renovación do aire de xeito natural, o que provoca que se poida facilitar a transmisión vía aeróxena de xeito máis doado, tal como pon de manifesto o estudo realizado por Jialei Shen e os colaboradores, no cal estudan a transmisión aeróxena ligada a determinados ambientes interiores e os brotes que se relacionaron con eles en que a ventilación se ve dificultada. Nestes ámbitos, como o do lecer nocturno, é onde máis gromos se produciron, xa que á dificultade de realizar unha boa ventilación se xunta unha maior eliminación de partículas virais debido á forma de falar, por exemplo, e, en determinados espazos, a un número máis elevado de persoas.

Así mesmo, mediante a Orde do 14 de decembro de 2021 pola que se establecen medidas preventivas de seguridade sanitaria consistentes na exhibición de documentación que acredite o cumprimento de determinados requisitos para o acceso a certos establecementos e se prorrogan diversas ordes como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, prorrogábase a Orde do 29 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de lecer nocturno tamén até as 00.00 horas do día 18 de xaneiro de 2022.

En terceiro lugar, prorrogábase a Orde do 6 de outubro de 2021 pola que se aproba a existencia de determinadas medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia no que se refire á actividade dos albergues turísticos.



Así, mediante a Orde do 26 de outubro de 2021 prorrogouse e modificouse a Orde do 6 de outubro de 2021 pola que se aproba a existencia de determinadas medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia no que se refire á actividade dos albergues turísticos. A modificación operada introduciu a medida preventiva de seguridade sanitaria consistente na exhibición da documentación que acredite o cumprimento de determinados requisitos para a ampliación ata un 100 % das prazas nos espazos de aloxamento compartido nos albergues turísticos. A citada medida de exhibición do certificado estableceuse como requisito necesario para incrementar a capacidade máxima permitida e foi ratificada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Nestes establecementos hai circunstancias en que o cumprimento do uso da máscara por parte dos usuarios non é posible, xa que non hai existencia de que esta se leve posta no momento de durmir. Igualmente, compartir un espazo interior pechado, onde ás veces a ventilación non é a adecuada, aumentaría este risco, de existir unha persoa infectada compartindo o espazo con outros usuarios.

Debe terse en conta que nos espazos de aloxamento compartido dos albergues concorren unhas características peculiares:

- Neles alóxanse persoas que non teñen que estar ligadas por unha relación de convivencia.
- Estas persoas poden provir de moi diversos países e destinos, o que incrementa os riscos de exposición ás diversas variantes do virus, tendo en conta, ademais, que os niveis de cobertura vacinal en moitos países son moi diferentes e inferiores, en moitos casos, aos existentes en Galicia e España.
- A pernoctación en cuartos de uso compartido incrementa a exposición aos aerosois respiratorios durante varias horas seguidas, con maior risco de contaxio da COVID-19.
- A pernoctación dificulta a utilización dunha medida de seguridade fundamental como é a máscara e o seu control.
- O incremento da capacidade máxima produce unha redución das distancias interpersoais entre os usuarios.



Tal como sinala tamén o informe da Dirección xeral de Saúde Pública, nestes establecementos, onde se poden dar eventos de supertransmisión (22,23), a exhibición do certificado COVID preséntase como unha medida de seguridade exixible para permitir a capacidade do 100 % dos espazos de aloxamento compartido, por existir nestes casos un maior risco de transmisión.

Desta maneira, estes establecementos terían unha garantía engadida na seguridade da súa actividade no tocante á transmisión do virus, dado que presentan un risco adicional, debido á confluencia de persoas procedentes de puntos xeográficos con diferente cobertura vacinal, á falta de uso de máscara á hora de durmir e ao elevado risco de mala ventilación do espazo, en parte debido a que, aínda que os usuarios teñen os lectores á vista e as indicacións de abrir as ventás, na práctica non se fai de maneira que se asegure unha boa ventilación, cuestión que se complica durante a noite.

Ademais, cómpre ter en conta que esta mestura de persoas de diferentes procedencias, de lugares con coberturas vacinais menores ca as de Galicia, determina que se considere que a exixencia dos certificados COVID-19 é unha ferramenta útil para o control da aparición de casos novos, e mesmo de novas variantes do virus.

Así mesmo, de conformidade coa Orde do 14 de decembro de 2021 pola que se establecen medidas preventivas de seguridade sanitaria consistentes na exhibición de documentación que acredite o cumprimento de determinados requisitos para o acceso a certos establecementos e se prorrogan diversas ordes como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, a medida sanitaria exixida nos albergues prorrogouse até as 00.00 horas do día 18 de xaneiro de 2022.

En cuarto lugar, prorrógase a Orde do 16 de novembro de 2021 pola que se aproba a exixencia de determinadas medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia no que se refire aos centros hospitalarios, e establécese a medida preventiva de seguridade sanitaria consistente na exhibición de documentación que acredite o cumprimento de determinados requisitos para o acceso aos centros hospitalarios das visitas e dos acompañantes dos pacientes hospitalizados.

Posteriormente, mediante a Orde do 14 de decembro de 2021 estendeuse a exixencia para o acceso das visitas e dos acompañantes dos pacientes aos hoteis de pacientes e hospitais de día para tratamentos oncolóxicos ou de diálise, tanto públicos coma privados.



Esta medida de seguridade estableceuse por se tratar de espazos nos cales se poden agrupar factores que aumentan o risco de transmisión do SARS-CoV-2 e de enfermidade grave, son espazos pechados nos cales se establecen contactos próximos e prolongados entre as persoas, se realizan actividades en que é necesario retirar a máscara ou hai dificultade para o seu uso correcto (axuda na alimentación do enfermo, realización de procedementos xeradores de aerosois, etc.), maior vulnerabilidade das persoas ingresadas (inmunodeprimidos, enfermos con patoloxías crónicas, idade avanzada ou pertenza a grupos non susceptibles de vacinación ou persoas non vacinadas). Polo tanto, o feito de non estar vacinado cando se accede a un centro hospitalario non só supón un maior risco para as persoas hospitalizadas e os traballadores, ao aumentar o risco de transmisión, senón tamén para a propia persoa que accede a el, pola posibilidade de se daren contactos con persoas asintomáticas transmisoras.

Así mesmo, mediante a Orde do 14 de decembro de 2021 pola que se establecen medidas preventivas de seguridade sanitaria consistentes na exhibición de documentación que acredite o cumprimento de determinados requisitos para o acceso a certos establecementos e se prorrogan diversas ordes como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, prorrogouse a citada orde ata as 00.00 horas do día 18 de xaneiro de 2022.

En quinto lugar, prorróganse as medidas previstas nos puntos primeiro, segundo e terceiro da Orde do 14 de decembro de 2021 pola que se establecen medidas preventivas de seguridade sanitaria consistentes na exhibición de documentación que acredite o cumprimento de determinados requisitos para o acceso a certos establecementos e se prorrogan diversas ordes como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

Así, a medida de seguridade sanitaria consistente na exhibición de documentación que acredite o cumprimento de determinados requisitos para o acceso a certos establecementos foi implantada tamén para o acceso aos centros sociosanitarios residenciais de maiores e de persoas con discapacidade, para a práctica de actividade física ou deportiva non federada nos centros ou nas instalacións deportivas pechadas ou nas piscinas cubertas e para o acceso a eventos multitudinarios ou a aqueles que teñan autorizada a venda de alimentos ou bebidas para o seu consumo durante eles.

En relación cos centros sociosanitarios residenciais de maiores e persoas con discapacidade (centros sociosanitarios), o primeiro caso da COVID-19 notificouse o 15 de marzo de 2020 e entre o período comprendido entre o 16 e o 30 de marzo diagnosticáronse 596



casos (o 34,7 % do total de casos notificados na primeira onda), o 37,2 % deles en residentes. Tendo en conta que o 26 de marzo se estableceu a prohibición das visitas e que o período de incubación máximo da enfermidade é de 14 días, é plausible que algúns dos casos ocorridos nas residencias fosen ocasionados a partir das visitas.

Na quinta onda pandémica notificáronse 28 gromos nos centros sociosanitarios residenciais de maiores e persoas con discapacidade (centros sociosanitarios), coa afectación de 419 persoas (o 69,5 % de todos os casos). No 43 % dos gromos o caso índice foi persoal traballador da residencia, polo cal o risco de que unha persoa que se contaxia na comunidade poida ocasionar un gromo nun centro destas características é moi elevado. Exemplo disto sería o gromo ocorrido nun centro sociosanitario da provincia de Ourense que afectou 15 persoas e cuxo caso fonte foi unha persoa procedente de Madrid, ou o gromo acontecido en Vigo que afectou seis persoas e do cal se sospeita que o caso fonte foi un familiar dun residente.

Así mesmo, de acordo co informe da Dirección Xeral de Saúde pública, os centros hospitalarios, hospitais de día, hotéis de pacientes e centros sociosanitarios residenciais de maiores e de persoas con discapacidade preséntanse como ámbitos de elevado risco epidemiolóxico por varios motivos. Por un lado, trátase de ambientes pechados nos cales o propio nivel de dependencia das persoas ingresadas ou residentes (dificultade para a alimentación, de mobilidade, etc.), favorece o establecemento de contactos próximos e prolongados cos cuidadores, o que aumenta o risco de transmisión e de contaxio. Outro factor que pode contribuír ao aumento do risco de transmisión, fundamentalmente nos centros sociosanitarios, é o feito de que con frecuencia os residentes presentan algún grao de discapacidade ou deterioración cognitiva que pode dificultar o mantemento das medidas de prevención, como son a hixiene de mans e respiratoria ou o uso adecuado da máscara.

A todo o anterior é preciso engadir o feito da maior vulnerabilidade das persoas que residen ou ingresan nestes centros por se tratar de persoas con patoloxías crónicas ou de idade avanzada (factor que aumenta a susceptibilidade ás infeccións pola propia senescencia do sistema inmune), que poden estar a tratamento con fármacos que deprimen o sistema inmune ou que pertencen a grupos non susceptibles de vacinación.

Polo tanto, o aumento da incidencia na poboación, que aumenta a probabilidade de que acudan aos hospitais persoas non vacinadas e infectadas, o contorno de alto risco de transmisión e a presenza de persoas especialmente vulnerables fan que se considere necesario establecer medidas de prevención adicionais e específicas para as persoas que visitan ou acompañan as persoas ingresadas nos centros hospitalarios, igual que se fixo



en Francia, e as que visitan aos residentes dos centros sociosanitarios, como así se fixo recentemente en Cataluña.

Por outro lado e ben que a exhibición do certificado non se aplicaría aos acompañantes de pacientes que acoden ás consultas externas e ao servizo de urxencias hospitalarias, si se incluírían os acompañantes das persoas que precisan atención nos hospitais de día para tratamentos oncolóxicos ou de diálise, por se tratar de pacientes cunha vulnerabilidade especial e que precisan dun tratamento intensivo e prolongado que, no caso dos hospitais de día, se realiza en réxime de hospitalización parcial.

Existe evidencia de que a vacinación diminúe o risco de transmisión da infección de enfermidade grave e de hospitalización, polo que é importante que, ademais de manter todas as medidas de prevención actualmente recomendadas (o uso da máscara, a distancia interpersonal de seguridade, a hixiene das mans e respiratoria), se considere necesaria a existencia dos certificados COVID de forma adicional, para aumentar a seguridade nestes ámbitos. O feito de non estar vacunado cando se accede a un centro hospitalario ou socio-sanitario non só supón un maior risco para as persoas alí ingresadas e para os traballadores, ao aumentar o risco de transmisión, senón tamén para a propia persoa que accede ao centro, pola posibilidade de establecer contactos con persoas asintomáticas transmisoras.

No que atinxe ao risco asociado ás instalacións e aos centros deportivos pechados e ás piscinas cubertas, cómpre indicar que as instalacións deportivas interiores demostraron ser un ámbito que facilita a transmisión do SARS-CoV-2, debido non só ás características dos establecementos (pechados e, nalgúns casos, mal ventilados), senón tamén polas actividades que alí se desenvolven e que implican habitualmente esforzo vigoroso e respiración profunda ou con dificultade, o que provoca unha maior emisión de aerosois.

Hai estudos científicos que calculan a taxa de emisión do SARS-CoV-2 en función da carga viral e amosan que durante o exercicio intenso se pode acadar unha taxa elevada de emisión viral durante a respiración pola boca, polo cal, se hai presente un/unha infectado/a, pode emitir un elevado número de partículas virais ao ambiente e, consecuentemente, provocar a infección das persoas alí presentes.

Ademais, cómpre ter en conta que estas actividades desenvolvidas en espazos pechados, con dificultade para realizar un uso correcto da máscara cando se realiza exercicio, ou a imposibilidade de usala, como é o caso das piscinas no momento do baño, aumentan a probabilidade de transmisión mesmo mantendo a distancia de seguridade entre os usuarios e monitores. O informe relaciona diversos estudos sobre esta cuestión e pódese



destacar que, nunha revisión sistemática que tratou de identificar os potenciais ámbitos de transmisión do SAR-CoV-2 e de ocorrencia de gromos, os investigadores atoparon que, nas instalacións deportivas interiores, se producían gromos que provocaban entre 50 e 100 casos, polo que esta actividade podería considerarse como unha das de risco para a transmisión do virus. Igualmente, noutra investigación na cal se estuda o papel que diferentes ámbitos teñen na transmisión da COVID-19, atoparon que a práctica do deporte en espazos pechados tiña un risco relativo de 1,36, é dicir, un 36 % de risco engadido de infectarse polo SARS-CoV-2.

Tamén se destaca que en Galicia se produciron varios gromos asociados a ximnasia, entre os cales cabe destacar un gromo producido na provincia da Coruña que afectou un total de 60 persoas, ben de xeito directo dentro da instalación ou ben pola xeración de casos secundarios, terciarios e cuaternarios nos ámbitos familiar, laboral e social. Destaca tamén outro gromo, con 127 casos, que se iniciou nun centro deportivo e que, igual ca no anterior, produciu varias xeracións de casos no ámbito laboral e familiar. Ademais, desde o 1 de maio de 2021 identificáronse un total de 53 gromos relacionados coa actividade deportiva, nos cales a maior proporción ten que ver con deportes practicados no interior.

O aumento da incidencia na poboación, que aumenta a probabilidade de que acudan aos centros deportivos persoas non vacinadas e infectadas, o ámbito de alto risco de transmisión polas propias características destes establecementos e das actividades que alí se desenvolven, así como os grupos de idade que habitualmente acoden a este tipo de establecementos, fai que se considere necesario establecer medidas de prevención adicionais e específicas para acceder a este tipo de instalacións: o certificado COVID.

En relación co risco asociado aos eventos multitudinarios ou a aqueles que teñan autorizada a venda de alimentos ou bebidas para o seu consumo durante eles, cómpre indicar que os eventos de masas se caracterizan por unha alta concentración de persoas, de diferentes familias e grupos sociais non relacionados, nunha localización específica para unha actividade concreta e nun período de tempo determinado.

Existen diversos estudos sobre as transmisións do SARS-CoV-2 en eventos de masas que avalan a necesidade do mantemento de medidas como as que vimos de indicar.

Entre os estudos podemos destacar un estudo clínico aleatorio realizado en Cataluña. Antes da vacinación analizaron o risco de transmisión se se implantaban estritas medidas de seguridade (que incluían, entre outras, o control da ventilación, a hixiene das mans, o uso obrigatorio da máscara e a realización dun test antes de entrar ao evento nunha ac-



tuación musical no interior). Os investigadores concluíron que, de se aplicaren todas estas medidas, o risco de transmisión diminuía notablemente e que a realización dun test previamente á entrada fortalecía as outras medidas.

Por outra banda, se temos en consideración que neste tipo de actividades, con capacidades do 100 % e, nalgúns casos, co público de pé, é difícil o mantemento da distancia de seguridade, hai que avaliar o risco engadido destas actividades e, así, o Centro para o Control e Prevención de Enfermidades dos Estados Unidos de América, despois de analizar a evidencia do risco que supoñen estes eventos, considera que, cando se organizan, hai que ter en consideración unha serie de parámetros que poden aumentar o risco de transmisión, como a incidencia na comunidade; o lugar do evento, xa que o risco en eventos de interior é máis elevado ca nos do exterior; a duración do evento, xa que, a maior duración, maior risco de estar en contacto cun/cunha infectado/a a menos de 2 metros durante máis de 15 minutos; o número e a aglomeración de persoas no evento, xa que, cantas máis persoas, máis aumenta a probabilidade de estar exposto a un/unha infectado/a, e o comportamento dos asistentes, xa que, cando se adoptan comportamentos como interactuar con persoas alleas ao seu círculo íntimo, cantar, falar alto, non manter a distancia ou non usar a máscara de maneira constante e correctamente, aumenta o risco.

Así mesmo, cómpre ter en conta que nalgúns eventos, aínda que poidan non ser multitudinarios, o feito de se realizaren en establecementos ou locais abertos ao público con autorización de venda de alimentos ou bebidas para o seu consumo nos espazos que os conforman (cines, teatros, establecementos que celebren espectáculos deportivos, etc.) comporta un maior risco de transmisión por non poder asegurar o uso continuado da máscara. Por outro lado, hai que ter en conta que este tipo de eventos, pola alta concentración de persoas que supoñen, poden orixinar gromos cun número elevado de casos que, ademais, son complicados de estudar pola dificultade que pode supor o rastrexo de contactos.

Por todo o anterior, dado o risco de transmisión do SARS-CoV-2 que teñen estes eventos, hai que ter en conta múltiples factores para minimizar o risco, polo que se estableceu a petición dos certificados COVID como medida adicional de seguridade nestes eventos.

A medida de seguridade sanitaria implantada nos distintos ámbitos que vimos de citar pola Orde do 14 de decembro de 2021 ten unha eficacia prevista ata as 00.00 horas do día 18 de xaneiro de 2022.

Finalmente, prorrógase e modifícase o punto segundo da Orde do 29 de decembro de 2021 pola que se establecen medidas cualificadas de prevención como consecuencia da



evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e se modifica a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia.

A evolución da pandemia fixo imprescindible a adopción de medidas orientadas a diminuír a interacción social en todo o territorio galego co fin de acadar a mellora da situación epidemiolóxica, entre elas a limitación da permanencia entre as 03.00 e as 06.00 horas de grupos de persoas en espazos de uso público, tanto pechados como abertos ou ao aire libre, e en espazos de uso privado, aos constituídos exclusivamente por persoas conviventes.

Respecto das actividades que se producen en horario nocturno, conséntase que, ademais de favorecer a falta de adherencia ás medidas de prevención establecidas polas autoridades sanitarias (distancia interpersoal ou máscara, hixiene de mans, non compartir elementos de consumo, evitar as aglomeracións), xeran niveis elevados de ruído (voces, música...) que incrementa a necesidade de falar en voz máis alta e un maior achegamento para falar, o cal aumenta a intensidade da exposición aos aerosois e, ademais, as cadeas de transmisión xeradas neste tipo de circunstancias resultan especialmente difíciles de trazar e cortar, polo que derivan en casos secundarios nos domicilios e no ámbito social, ao non poder identificarse ou dificultarse a identificación dos contactos estreitos.

Xa desde o inicio da pandemia quedou constatado o rol potencial que a agrupación de persoas xoga na transmisión do SARS-CoV-2. De acordo co ECDC, 29 países da Unión Europea e Reino Unido adoptaron medidas dirixidas a limitar as reunións de persoas e a duración media da intervención era de 123 días (92-179 días). As análises da efectividade destas intervencións reflectiron unha redución do número efectivo de reprodución (R_t) do 36 % (IC95 %: 16-53 %). De feito, o Centro Europeo para o Control de Enfermidades destaca no seu documento *Guidelines for the implementation of non-pharmaceutical interventions against COVID-19 (19)* que a limitación do tamaño das reunións no interior e exterior diminúe a probabilidade da difusión do SARS-CoV-2 se se implementa de forma consistente.

Tendo en conta as medidas que se estableceron para conseguir un lecer nocturno seguro respecto do uso de máscaras, do cumprimento das distancias de seguridade, da mellora da ventilación e medición do CO₂ e doutras medidas de vixilancia e control, é preciso conseguir que, tras o peche da hostalaría, non sexa posible manter outras actividades que signifiquen manter interaccións sociais, neste caso sen as debidas medidas de control a que se deben suxeitar estes establecementos.



Cómpre destacar ademais que continúa a ser necesario, no momento actual, manter este tipo de medidas limitativas que proxectan os seus efectos durante o horario nocturno, dado que neste horario se xunta o fenómeno da maior relaxación no cumprimento das medidas estipuladas co feito da idade da poboación que aproveita maioritariamente ese horario, poboación que presenta a menor cobertura vacinal.

Así mesmo, unha vez rematadas as festividades de Nadal e co obxecto de adaptar as exigencias á nova realidade epidemiolóxica, a limitación de permanencia entre as 03.00 e as 06.00 horas nos espazos referidos quedará limitada aos venres, sábados, domingos e días festivos, co fin de manter a necesaria vixilancia nestes ámbitos como lugares nos cales se adoita producir nese espazo temporal unha maior aglomeración de persoas que se reúnen por distintos motivos coincidindo co peche dos locais habilitados para o lecer nocturno.

IV

Cómpre destacar que a prórroga das medidas contidas nas ordes que vimos de citar require a necesaria garantía xudicial conforme o disposto no artigo 10.8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Debe insistirse en que, de acordo co establecido na Sentenza do Tribunal Supremo nº 719/2021, a ratificación das medidas limitativas de dereitos fundamentais debe ser previa, de tal xeito que estas medidas non despregan efectos nin son aplicables mentres non sexan ratificadas xudicialmente.

Finalmente, debemos destacar que a eficacia das medidas adoptadas se estende durante un período temporal concreto, desde o día seguinte ao da data de publicación da orde, que será posterior á súa autorización xudicial, ata as 00.00 horas do día 29 de xaneiro de 2022, sen prexuízo de que, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, estas medidas sexan obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria, e que poidan ser prorrogadas, modificadas ou levantadas por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

V

Por último, en relación co ata o de agora exposto, cabe destacar que a regulación aprobada respecto dos certificados, nas condicións en que se efectúa, cumpre os requisitos establecidos polo Tribunal Supremo para as medidas sanitarias que afectan dereitos fundamentais, tendo en conta a ponderación efectuada entre os dereitos fundamentais que



o Tribunal Supremo considera, na Sentenza 1112/2021, da Sección Cuarta da Sala do Contencioso-Administrativo, que se poden ver afectados dereitos que, atendendo ao carácter tenue ou livián desa afectación, non se poden considerar prevalentes cos dereitos fundamentais e bens constitucionalmente protexidos que amparan a implantación da medida examinada.

Así, cabe lembrar que a sentenza expresada do Tribunal Supremo avala, no caso considerado, a procedencia da medida partindo da confrontación da «tenue limitación que podería ter a medida examinada sobre os dereitos fundamentais á igualdade (artigo 14) e á intimidade (artigo 18.1) co dereito fundamental á vida (artigo 15), coa protección da saúde (artigo 43) en situacións de pandemia como a COVID-19 e co interese xeral de todos por sobrevivir nestas gravísimas circunstancias».

Polo demais, o Tribunal Supremo entendeu, no caso considerado, que «a exhibición da documentación sinalada non vulnera o dereito á igualdade, pois non se produce discriminación entre aqueles que están vacinados e os que non o están. Lembremos que a documentación reviste unha tripla modalidade, que resulta accesible a todos, de xeito que quen non quere mostrar se foi ou non vacinado, tendo en conta o seu carácter voluntario, pode presentar o resultado da proba PDIA ou o test de antíxenos e, desde logo, o certificado de recuperación da COVID-19 se pasou a infección».

En definitiva, para o Tribunal Supremo, concorre unha xustificación obxectiva e razoable para permitir ou non o acceso ao correspondente establecemento, segundo se cumpra tal exixencia, pois trátase da protección da saúde e da vida das persoas, mediante unha medida que evita ou restrinxen a propagación da pandemia. Tendo en conta que tales diferenzas de trato, para seren discriminatorias, deben carecer desa xustificación obxectiva e razoable, de acordo con criterios xurídicos atendibles, ao se basearen en razóns que resulten xuridicamente relevantes, como é o caso de que as situacións comparables non resultan homoxéneas polos seus graves efectos con respecto á salvagarda do dereito á vida, á integridade física e á protección da saúde.

O Tribunal Supremo, en particular, no caso considerado, pon en relación a idoneidade da medida coas características propias dos establecementos en que se exige.

Por último, como exige o Tribunal Supremo, a medida reviste tamén un carácter temporal, segundo os principios científicos, as probas científicas e a información dispoñible en cada momento. Así, recóllese expresamente este carácter temporal e establécese que, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas previstas



serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser prorrogadas, modificadas ou levantadas mediante orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Como expresa o Tribunal Supremo, «como é natural, as medidas deben adecuarse, como sinalamos, á realidade necesariamente cambiante, atendida a evolución da enfermidade e o estado da ciencia en cada momento, e deben mediar a adecuada correspondencia e a necesaria vinculación entre a realidade sobre a cal se actúa, a finalidade que se persegue e o medio adecuado para a súa consecución».

Co obxecto de reforzar a idea de temporalidade e de adecuación establécese, respecto da medida de exixencia de exhibición de certificados, unha eficacia ata as 00.00 horas do día 29 de xaneiro de 2022, desde o día seguinte ao da publicación desta orde, unha vez autorizada xudicialmente a aplicación das medidas contidas nela. Isto é, débese establecer unha duración adecuada e limitada no tempo da medida da exixencia da exhibición de certificados, pola súa afectación, aínda que tenue, aos dereitos fundamentais, sen prexuízo da súa posible prórroga.

Así mesmo, a Sentenza 1412/2021, do Tribunal Supremo (Sala do Contencioso-Administrativo, Sección Cuarta), referida á exixencia de certificados no País Vasco, remítese á doutrina sentada na súa sentenza anterior e insiste en que a distinta gravidade actual da pandemia, a menor agresividade da enfermidade en moitos casos, a máis reducida ocupación hospitalaria e das unidades de coidados intensivos que en ocasións precedentes, non xustifican prescindir das prevencións necesarias para evitar que se reproduzan os momentos críticos do pasado. Por outra banda, a moi elevada cifra de vacinados non está a impedir o incremento dos contaxios mentres non se coñeza durante canto tempo será efectiva a súa inmunización, e non hai dúbida da existencia dun número de non vacinados maiores de 12 anos suficiente para facilitar a propagación do virus e, polo tanto, da enfermidade non só entre eles mesmos.

Esta sentenza afirma tamén o razoamento de que non se exixa a presentación do certificado a quen traballa nos establecementos concernidos e aos menores de 12 anos. Os primeiros deben utilizar permanentemente as máscaras, mentres que os que accedan a estes locais de espaxamento e restauración deben quitálas, polo menos, todas as veces que beban ou coman, e é previsible que o fagan tamén cando queiran cantar. A diferenza é sinalada. Do mesmo xeito que o é a situación dos menores de 12 de anos pola sinxela razón de que non foron vacinados.



A extensión territorial das medidas recollidas nesta orde refírese a todo o territorio da Comunidade Autónoma. A razón disto é a análise e a ponderación efectuada das características das diferentes actividades recollidas nesta orde, así como a especial vulnerabilidade dos pacientes e usuarios de cuxa protección se trata, no caso das medidas referidas a centros hospitalarios e sociosanitarios. Tense en conta, en particular, a existencia no momento actual dunha incidencia homoxénea da pandemia en todo o territorio da Comunidade Autónoma. Unha razón engadida consiste na inexistencia de restricións á liberdade de movemento, polo que as persoas, clientes ou usuarias das actividades obxecto desta orde poden proceder de localidades e puntos de orixe moi diversos. Por isto, non se pode circunscribir o uso do certificado a localidades concretas, porque a poboación destas localidades se pode trasladar a outras con motivo das actividades mencionadas.

Neste sentido, na Sentenza 1412/2021, do Tribunal Supremo, considérase razoable, no caso que analiza, a extensión da medida a toda a Comunidade Autónoma, tendo en conta os niveis de contaxios existentes nela, a posibilidade de traslados da poboación e o incremento xeneralizado das infeccións. En concreto, os datos considerados nese caso polo Tribunal Supremo eran iguais ou superiores aos 150 casos por cada 100.000 habitantes a 14 días. Na nosa Comunidade Autónoma a incidencia acumulada a 14 días o día 8 de xaneiro está en 2.152,6 casos por 100.000 habitantes. Se o comparamos coa incidencia do día 29 de outubro, de 18,17 casos por 100.000 habitantes, ao inicio da sexta vaga, supón un incremento do 11.747 %.

Polo tanto, tendo en conta todo o exposto, considérase que as medidas previstas nesta orde resultan xustificadas respecto da súa idoneidade, necesidade e proporcionalidade, nos termos recollidos na sentenza do Tribunal Supremo.

VI

Así mesmo, tendo en conta os datos contidos no informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, faise imprescindible adoptar medidas que se orienten a reducir a interacción social en todo o territorio galego, xa que só así se ten demostrado que é posible acadar a mellora da situación epidemiolóxica.

Por conseguinte, esta orde prorroga as limitacións de permanencia de grupos de persoas no territorio de todos os concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, en horario nocturno, agás que sexan conviventes, ben que se modifica a regulación existente contida na Orde do 29 de decembro de 2021, unha vez rematado o período de Nadal, co obxecto



de cinxir as restricións aos días en que se adoitan producir maiores aglomeracións de persoas ou actividade nocturna, como son os venres, sábados, domingos e festivos.

Neste sentido, o artigo 38.2.6ª.III da Lei 8/2008, do 10 de xullo, prevé como medidas de posible adopción, de acordo co disposto na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública, co obxecto de protexer a saúde pública e previr a súa perda ou deterioración, cando así o exixisen razóns sanitarias de urxencia ou necesidade, as restricións ás agrupacións de persoas, incluídas as reunións privadas entre non conviventes, especialmente nos lugares e espazos ou con ocasión do desenvolvemento de actividades que supoñan un maior risco de propagación da enfermidade, todo iso sen prexuízo das competencias estatais en relación coas reunións en lugares de tránsito público e as manifestacións realizadas no exercicio do dereito fundamental regulado no artigo 21 da Constitución española.

É importante destacar que as limitacións de agrupacións de persoas recollidas nesta orde non son limitacións absolutas, senón que se inclúen na propia orde diversos supostos que permiten excepcións na súa aplicación.

Así mesmo, para velar pola proporcionalidade das medidas, as restricións ás agrupacións de persoas son nos días determinados e nun horario limitado e nocturno, pois teñen como obxectivo a limitación das agrupacións que se desenvolven por razóns recreativas e de lecer en contextos cun maior risco de propagación da enfermidade. Así, estas limitacións aplícanse, cuantitativamente, durante un número reducido de días e de horas e, cualitativamente, nunha franxa horaria nocturna en que, para a xeneralidade da poboación, a vida diaria queda de ordinario atenuada en intensidade, por tratarse dun período de tempo xeralmente dedicado ao descanso. Esta medida trata de evitar, en definitiva, determinado tipo de encontros sociais que cabe identificar como un dos principais factores de risco de incremento de contaxios.

As limitacións de grupos de persoas en horario nocturno son, ademais, medidas menos disruptivas das actividades esenciais, económicas, laborais e profesionais ca outras, como as limitacións á liberdade de circulación ou os confinamentos, que se deben aplicar nas situacións de maior risco. Debe lembrarse, neste sentido, que o Auto 40/2020, do 30 de abril, do Tribunal Constitucional, no seu fundamento xurídico cuarto, ao ponderar a relevancia das especiais circunstancias derivadas da crise sanitaria creada pola pandemia no exercicio do dereito de reunión, salientou como, ante a incerteza sobre as formas de contaxio, sobre o impacto real da propagación do virus, así como sobre as consecuencias a medio e longo prazo para a saúde das persoas que se viron afectadas, as medidas de



distanciamento social, confinamento domiciliario e limitación extrema dos contactos e das actividades grupais son as únicas que se demostraron eficaces para limitar os efectos dunha pandemia de dimensións descoñecidas ata esta data.

Debe terse en conta que a adopción de medidas en toda a Comunidade Autónoma resulta necesaria atendendo á situación epidemiolóxica actual, caracterizada polo ascenso das taxas de incidencia de forma xeneralizada e explosiva en practicamente todo o territorio galego, o que xustifica a necesidade de adoptar medidas tamén xerais. Así mesmo, debe ponderarse que non se opta nesta orde por medidas de limitación da liberdade de circulación, como peches perimetrais, polas razóns mencionadas do seu carácter máis disruptivo das actividades esenciais, económicas, laborais e profesionais, o que determina a necesidade de aplicar as restricións relativas ás agrupacións de persoas en horario nocturno en todo o territorio, coa finalidade de non incentivar nesta situación epidemiolóxica os desprazamentos de poboación para evitar as restricións.

Deste modo, nos concellos da Comunidade Autónoma, a permanencia de grupos de persoas en espazos pechados e en espazos abertos ou ao aire libre, sexan de uso público ou privado, quedará limitada aos constituídos exclusivamente por persoas conviventes entre as 3.00 horas e as 6.00 horas dos venres, sábados, domingos e festivos.

Debe terse en conta que boa parte dos encontros de risco teñen lugar en horario nocturno, xa que nese horario se ten constatado unha importante relaxación no cumprimento das medidas estipuladas para evitar a transmisión do SARS-CoV-2. Por este motivo, a prohibición de manter reunións de non conviventes considérase unha medida proporcionada cun potencial impacto positivo no control da transmisión, ao evitar situacións de contacto de risco vinculadas a ámbitos sociais.

A esta medida xúntanse medidas específicas de limitación dos horarios dos establecementos de lecer nocturno contidas na Orde do 29 de decembro de 2021 pola que se modifican a Orde do 22 de outubro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia e a Orde do 29 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de lecer nocturno da Comunidade Autónoma de Galicia.

Co obxecto de dar cumprimento ao mandato contido no artigo 38 ter.3 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, que exige unha especial xustificación da proporcio-



nalidade das limitacións de dereitos fundamentais e liberdades públicas adoptadas, debe indicarse que estas medidas son adecuadas, no sentido de útiles, para lograr o fin proposto de protección da saúde pública, xa que a experiencia amosa que este tipo de medidas, que son as que de forma xeral se veñen adoptando a nivel nacional e internacional para a contención da pandemia, son eficaces para controlar a transmisión e acadan os obxectivos de diminución de casos e a mellora da situación epidemiolóxica cada vez que se acordan e manteñen durante o tempo necesario.

Debe indicarse igualmente que, malia a alta cobertura poboacional da vacinación, na situación actual seguen sendo necesarias as intervencións non farmacolóxicas co obxecto de protexer a saúde da poboación e o funcionamento do sistema sanitario, e de evitar a súa saturación.

Tamén son necesarias no sentido de que non existe outra medida alternativa menos gravosa para a consecución de tal fin con igual eficacia.

As medidas son ponderadas e equilibradas por derivaren delas máis beneficios ou vantaxes para o interese xeral ca prexuízos sobre outros bens ou valores en conflito, atendidas a gravidade da inxerencia nos dereitos fundamentais e nas liberdades públicas e as circunstancias persoais de quen as sofre. O control da pandemia e a mellora da situación epidemiolóxica, xunto coa protección do sistema sanitario, son bens superiores que, nun contexto como o actual, priman sobre determinados dereitos individuais que, aínda que se limitan, non son restrinxidos de forma absoluta, e establécense excepcións que permiten o desenvolvemento, cando sexa necesario, de determinadas actividades de especial importancia, tal e como se pode observar ao analizar as excepcións que a propia orde determina ao regular as limitacións da permanencia de grupos de persoas en espazos públicos ou privados en horario nocturno.

VII

As medidas recollidas nesta orde teñen o seu fundamento na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 e 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.



En particular, o artigo 34 da Lei de saúde de Galicia, relativo ás intervencións públicas sobre actividades, centros e bens, expresa:

«As intervencións públicas que poderán exercer as autoridades sanitarias competentes sobre as actividades públicas e privadas que, directa ou indirectamente, poidan ter consecuencias para a saúde son: (...) 6. Establecer, controlar e inspeccionar as condicións hixiénico-sanitarias, de funcionamento e desenvolvemento de actividades que poidan ter repercusión sobre a saúde das persoas».

En canto ás restricións ás agrupacións de persoas, o artigo 38.2.6ª.III da Lei 8/2008, do 10 de xullo, prevé como medidas de posible adopción, de acordo co disposto na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública, co obxecto de protexer a saúde pública e previr a súa perda ou deterioración, cando así o exixisen razóns sanitarias de urxencia ou necesidade, as restricións ás agrupacións de persoas, incluídas as reunións privadas entre non conviventes, especialmente nos lugares e espazos ou con ocasión do desenvolvemento de actividades que supoñan un maior risco de propagación da enfermidade, todo iso sen prexuízo das competencias estatais en relación coas reunións en lugares de tránsito público e as manifestacións realizadas en exercicio do dereito fundamental regulado no artigo 21 da Constitución española.

Así mesmo, polo que atinxe ás medidas relativas á exhibición de certificados, o artigo 38.1 de medidas preventivas en materia de saúde pública (redactado pola Lei 8/2021), establece:

«1. Co obxecto de protexer a saúde pública, as autoridades sanitarias autonómicas e locais, dentro do ámbito das súas competencias, poderán adoptar medidas preventivas de obrigado cumprimento cando exista ou se sospeite razoablemente a existencia dun risco inminente e grave para a saúde da poboación. Estas medidas poderán consistir:

(...) g) En medidas de seguridade sanitaria e hixiene en determinados lugares e/ou para o desenvolvemento de actividades».

Do mesmo xeito, tamén ofrece base legal á medida o contido da letra k) deste artigo 38.1, dado que permite o establecemento por parte das autoridades sanitarias dunha obriga de subministración de datos necesarios para o control e a contención de riscos para a saúde pública.



Conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para adoptar as medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica existente, no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, coa urxencia que a protección da saúde pública demanda.

Na súa virtude e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. Prórroga da eficacia das medidas previstas na Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia

Atendendo á evolución da situación epidemiolóxica, prorrógase ata as 00.00 horas do día 29 de xaneiro de 2022 a eficacia das medidas previstas na Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia na súa redacción vixente.

Segundo. Prórroga da eficacia das medidas previstas na Orde do 29 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de lecer nocturno da Comunidade Autónoma de Galicia

Atendendo á evolución da situación epidemiolóxica, prorrógase ata as 00.00 horas do día 29 de xaneiro de 2022 a eficacia das medidas previstas na Orde do 29 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de lecer nocturno da Comunidade Autónoma de Galicia na súa redacción vixente.

Terceiro. Prórroga da Orde do 6 de outubro de 2021 pola que se aproba a exixencia de determinadas medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia no que se refire á actividade dos albergues turísticos

Atendendo á evolución da situación epidemiolóxica, prorrógase ata as 00.00 horas do día 29 de xaneiro de 2022 a eficacia das medidas previstas na Orde do 6 de outubro de 2021 pola que se aproba a exixencia de determinadas medidas de prevención específicas



como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, no que se refire á actividade dos albergues turísticos na súa redacción vixente.

Cuarto. Prórroga da Orde do 16 de novembro de 2021 pola que se aproba a exixencia de determinadas medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia no que se refire aos centros hospitalarios

Atendendo á evolución da situación epidemiolóxica, prorrógase ata as 00.00 horas do día 29 de xaneiro de 2022 a eficacia das medidas previstas na Orde do 16 de novembro de 2021 pola que se aproba a exixencia de determinadas medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia no que se refire aos centros hospitalarios na súa redacción vixente.

Quinto. Prórroga das medidas previstas nos puntos primeiro, segundo e terceiro da Orde do 14 de decembro de 2021 pola que se establecen medidas preventivas de seguridade sanitaria consistentes na exhibición de documentación que acredite o cumprimento de determinados requisitos para o acceso a certos establecementos e se prorrogan diversas ordes como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia

Atendendo á evolución da situación epidemiolóxica, prorrógase ata as 00.00 horas do día 29 de xaneiro de 2022 a eficacia das medidas preventivas de seguridade sanitaria consistentes na exhibición de documentación que acredite o cumprimento de determinados requisitos para o acceso aos centros sociosanitarios residenciais de maiores e de persoas con discapacidade, para a práctica de actividade física ou deportiva non federada nos centros ou nas instalacións deportivas pechadas ou nas piscinas cubertas, e para o acceso a eventos multitudinarios ou a aqueles que teñan autorizada a venda de alimentos ou bebidas para o seu consumo durante eles, previstos nos puntos primeiro, segundo e terceiro da Orde do 14 de decembro de 2021 pola que se establecen medidas preventivas de seguridade sanitaria consistentes na exhibición de documentación que acredite o cumprimento de determinados requisitos para o acceso a certos establecementos e se prorrogan diversas ordes como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.



Sexto. *Prórroga e modificación da medida prevista no punto segundo da Orde do 29 de decembro de 2021 pola que se establecen medidas cualificadas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e se modifica a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia*

Un. Atendendo á evolución da situación epidemiolóxica, prorrógase ata as 00.00 horas do día 29 de xaneiro de 2022 a eficacia da medida prevista no punto segundo da Orde do 29 de decembro de 2021 pola que se establecen medidas cualificadas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e se modifica a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia.

Dous. Modifícase o número 1 do punto segundo da Orde do 29 de decembro de 2021 pola que se establecen medidas cualificadas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e se modifica a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado como segue:

«1. No territorio dos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, entre as 3.00 e as 6.00 horas dos venres, sábados, domingos e festivos, a permanencia de grupos de persoas en espazos de uso público, tanto pechados como abertos ou ao aire libre, e en espazos de uso privado, quedará limitada aos constituídos exclusivamente por persoas conviventes».

Sétimo. *Autorización xudicial, publicación e eficacia*

1. Solicitarase a autorización xudicial respecto da prórroga das medidas consistentes na exhibición de documentación e limitación de grupos de persoas previstas nos puntos anteriores da presente orde, en canto poden implicar limitación ou restrición de dereitos fundamentais, de acordo co disposto na redacción vixente do número 8 do artigo 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e publicárase a orde unha vez obtida a referida autorización.

2. A prórroga das medidas previstas nesta orde producirá efectos desde as 00.00 horas do día seguinte ao da súa publicación e ata as 00.00 horas do día 29 de xaneiro de 2022.



3. En cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas previstas nesta orde serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser prorrogadas, modificadas ou levantadas mediante orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2022

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade



I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 29 de decembro de 2021 pola que se modifican a Orde do 22 de outubro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia e a Orde do 29 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de lecer nocturno da Comunidade Autónoma de Galicia.

I

Mediante a Resolución do 21 de outubro de 2021, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, dáse publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 21 de outubro de 2021, polo que se declara a finalización da situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, declarada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020, como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.

A finalización da aplicación dos mecanismos extraordinarios derivados da lexislación de protección civil debe entenderse, naturalmente, sen prexuízo de que continúen sendo necesarias, mentres permaneza a pandemia, medidas de prevención de acordo coa lexislación sanitaria en vigor.

Neste sentido, a Lei estatal 2/2021, do 29 de marzo, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, prevé no seu artigo 2.3 que as medidas contidas nos seus capítulos II, III, IV, V, VI e VII e na disposición adicional quinta serán de aplicación en todo o territorio nacional ata que o Goberno declare de maneira motivada e de acordo coa evidencia científica dispoñible, logo do informe do Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias, a finalización da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19. O Goberno consultará as comunidades autónomas no seo do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde con carácter previo á finalización da situación de crise sanitaria a que se refire o parágrafo anterior.

Na actualidade, como se deduce do informe da Dirección Xeral de Saúde Pública que se cita posteriormente, segue existindo unha situación de crise sanitaria que determina,



por exemplo, que siga sendo de aplicación o deber de cautela e de protección establecido no artigo 4 da lei, de tal xeito que todos os cidadáns deberán adoptar as medidas necesarias para evitar a xeración de riscos de propagación da enfermidade COVID-19, así como a propia exposición a eses riscos, conforme o que se establece nesta lei. Tal deber de cautela e protección será igualmente exixible aos titulares de calquera actividade regulada nesta lei.

Deste xeito, seguen sendo de aplicación as previsións desta lei sobre o uso obrigatorio de máscaras, a regulación das distintas actividades e a distancia de seguridade interpersoal mínima.

En particular, debe terse en conta que seguirán sendo de aplicación os mecanismos de tutela previstos na lexislación sanitaria. A Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública, conforma, xunto coa Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; a Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema nacional de saúde, e a Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, o corpo normativo fundamental da acción de tutela da saúde pública a nivel estatal, ao cal se debe unir a lexislación autonómica reguladora da protección da saúde pública no marco de competencias autonómico, como é o caso, na Comunidade Autónoma galega, da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia. En efecto, recóllense na devandita normativa medidas que as autoridades sanitarias poderán acordar para tutelar a saúde pública en situacións de risco, co fin de cumprir o mandato contido no artigo 43 da Constitución española que, despois de proclamar o dereito á protección da saúde, dispón que lles compete aos poderes públicos organizar e tutelar a saúde pública, a través de medidas preventivas e das prestacións e servizos necesarios, e que a lei establecerá os dereitos e deberes de todos ao respecto. Este marco normativo débese completar, unha vez atendida a posible afectación que tales medidas poden ter sobre os dereitos fundamentais, coa necesidade de intervención xudicial.

Malia o anterior, a crise da COVID-19 puxo de manifesto a necesidade de contar cunha maior densidade normativa no que respecta á articulación dos mecanismos extraordinarios que recolle a lexislación sanitaria para tutelar a saúde pública ante crises sanitarias.

Neste sentido, a Lei de saúde autonómica foi modificada pola Lei 8/2021, do 25 de febreiro, no exercicio da competencia autonómica en materia de sanidade interior, recollida no artigo 33 do Estatuto de autonomía de Galicia, para introducir na lei as modificacións necesarias co fin de facer fronte á necesidade de contar cun marco normativo claro na materia que ofrezca a necesaria seguridade xurídica, tanto para quen debe intervir na



adopción das medidas e na súa inspección, vixilancia, control e sanción como para as persoas destinatarias destas. En particular, unha das principais finalidades desta lei é, así, concretar as medidas que, tendo en conta o disposto na lexislación sanitaria estatal, de rango orgánico e ordinario, poden ser adoptadas polas autoridades sanitarias galegas para a protección da saúde pública, así como regular os requisitos que se deben cumprir para a súa correcta adopción, con especial atención ás exixencias de motivación e de proporcionalidade.

Resulta necesario un comportamento social de cautela e autoprotección asentado fundamentalmente nas premisas de hixiene frecuente das mans, de distancia interpersonal mínima, uso de máscaras cando non sexa posible manter a distancia mínima interpersonal, así como cando se estea en contornos con moita xente, especialmente en espazos pechados; de limpeza, hixiene e ventilación dos espazos utilizados e, especialmente, de adopción de medidas de illamento e comunicación cos servizos de saúde tan axiña como se teñan síntomas compatibles coa COVID-19.

II

Unha vez sentado o anterior, a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia fai necesario que as autoridades sanitarias autonómicas sigan adoptando determinadas medidas de prevención orientadas a conter a propagación da infección e dirixidas a facer fronte á crise sanitaria derivada da COVID-19.

De acordo co exposto, a persoa titular da Consellería de Sanidade, como autoridade sanitaria, debe continuar establecendo as intervencións públicas necesarias para garantir os dereitos e deberes sanitarios da cidadanía e, en particular, adoptar as medidas previstas no artigo 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, que sexan necesarias atendendo á evolución da pandemia.

Así, mediante a Orde do 22 de outubro de 2021, establecéronse medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia. Estas medidas consisten, en moitos casos, na fixación de capacidades máximas e na determinación de regras que se deben observar para o desenvolvemento das distintas actividades recollidas no seu anexo, xa que as evidencias científicas apoian as políticas de control de limitación e capacidades e a súa eficacia fronte a outras políticas sen esta limitación, pero con redución xeneralizada da mo-



bilidade. Todo isto ampara a efectividade e a eficiencia das medidas de control focalizadas nos sectores de maior risco. A isto únese que a maior parte dos gromos se producen nun contexto social, como consecuencia de exposicións prolongadas ás secrecións respiratorias que se emiten en forma de aerosois que conteñen o virus. Nesta liña hai estudos que proban que, dentro das intervencións non farmacolóxicas, as relacionadas coa diminución dos contactos sociais no interior de establecementos teñen a capacidade de minorar a velocidade de transmisión.

A Orde do 26 de outubro de 2021 modificou a Orde do 22 de outubro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e se modifica a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia. A finalidade desta modificación era a de adaptar á evolución da situación epidemiolóxica as medidas contidas nela que regulaban as actividades desenvolvidas en cines, teatros, auditorios e espazos similares, así como en establecementos destinados a espectáculos públicos e actividades recreativas. Tamén foron obxecto de modificación mediante a citada orde as regras sanitarias aplicables á realización de procesos selectivos por parte das administracións públicas e das entidades do sector público.

Así mesmo, mediante a Orde do 26 de outubro de 2021 pola que se prorroga e se modifica a Orde do 6 de outubro de 2021 pola que se aproba a existencia de determinadas medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia no que se refire á actividade dos albergues turísticos, introducíase unha nova modificación na Orde do 22 de outubro, coa finalidade de adaptar a regulación dos albergues contida nela ás modificacións introducidas na referida orde, que permitían que a ocupación chegase ao 100 % no caso do cumprimento da medida preventiva de seguridade sanitaria consistente na exhibición de documentación que acredite o cumprimento de determinados requisitos para a ampliación ata un 100 % das prazas nos espazos de aloxamento compartido nos albergues turísticos.

Posteriormente, a Orde do 22 de outubro prorrogouse e modificouse pola Orde do 25 de novembro de 2021 e pola Orde do 15 de decembro de 2021, que estende a eficacia das medidas contidas nela ata as 00.00 horas do día 18 de xaneiro de 2022.



Polo que atinxe ás actividades de hostalaría, restauración e lecer nocturno, debe salientarse que a regulación destas, que se contén na Orde do 22 de outubro, complétase coa recollida na Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia e na Orde do 29 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de lecer nocturno da Comunidade Autónoma de Galicia. Ambas as dúas ordes foron obxecto de sucesivas modificacións coa finalidade de adaptar o seu contido á evolución da situación epidemiolóxica na Comunidade Autónoma.

III

De conformidade co exposto, a adopción das medidas contidas na presente orde vén determinada pola evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria da Comunidade Autónoma.

Así, do informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 29 de decembro de 2021, destácanse os seguintes datos:

A taxa de incidencia a 7 días, no global de Galicia, está nos 604,26 casos por 100.000 habitantes, cunha razón de taxas a 7 días de 1,94 e unha porcentaxe de positividade do 12,75 %.

Por grupos de idade, a incidencia a 7 días, nos de 65 e máis anos é do 124,01 casos por 100.000 habitantes. Neste grupo de idade, a razón de taxas a 7 días é de 1,27 e a porcentaxe de positividade é do 4,57 %. Obsérvase un incremento no conxunto de Galicia para todos os grupos de idade, excepto para o grupo de 60 a 69 anos. Non obstante, nos maiores de 70 anos este incremento non é tan acusado como nos menores de 60 anos, o que podería vir explicado pola priorización na administración da terceira dose de vacina.

Segundo os datos reflectidos neste informe, a taxa de incidencia segue a aumentar. A tendencia amosa un aumento a partir do 19 de outubro cunha porcentaxe de cambio diaria do 7,3 %. A información do modelo de predición indica que a incidencia, acumulada a 7 e 14 días, aumentaría.

En canto á hospitalización, a taxa de ingresos por 100.000 habitantes a 7 días en unidades de agudos e críticos, respectivamente é de 7,62 e 1,22. A porcentaxe de ingresos en unidade de agudos dos casos dos últimos 7 días é de 1,1 % e nas unidade de críticos do 0,2 %.



A taxa de ingresos por 100.000 habitantes nos últimos 7 días, no grupo de 65 e máis anos de idade, é de 15,85 ingresos por 100.000 habitantes en agudos, e de 2,33 ingresos por 100.000 habitantes nas unidades de críticos. A porcentaxe de casos que ingresaron en planta e en unidades de críticos neste grupo de idade é de 11,7 % e 1,6 % respectivamente para os últimos 7 días.

Ao comparar os datos da terceira e quinta ondas cos datos actuais da sexta onda, obsérvase para o total de Galicia un descenso progresivo das porcentaxes de hospitalización en planta (9,5 %, 3,8 % e 1,4 %, respectivamente); nas UCI (1,5 %, 0,5 % e 0,2 % na terceira, quinta e sexta onda), así como das defuncións (1,7 %, 0,4 % e 0,1 %, respectivamente), o cal pode reflectir a efectividade da vacina na prevención de casos graves de enfermidade e falecemento pola COVID-19.

En canto á porcentaxe de casos orfos (complementario dos casos con vínculo epidemiolóxico) é do 40,8 %.

Na semana epidemiolóxica 50 (do 13 ao 19 de decembro) a variante Delta seguiu a ser a predominante co 77 % dos casos atribuídos. Non obstante, espérase que a variante Ómicron, que durante a semana 50 supuxo o 21 % das mostras analizadas (e o 43 % das secuenciadas), superase xa o 50 % dos casos durante a semana 51 (do 20 ao 26 de decembro), e que durante a presente semana supere o 75 %.

Nos centros socio-sanitarios de persoas maiores a administración da vacina supuxo un descenso importante no número de casos da COVID-19. Así, ao cabo dun mes da administración da segunda dose de vacina nestes centros, a taxa de incidencia a 7 días descendeu de preto de 2.000 casos por 100.000 habitantes a 100.

Estes valores mantivéronse estables ata a quinta onda na que, no seu cumio, a taxa chegou a 700 casos por 100.000 habitantes. Coa administración da dose de reforzo, que principiou o 21 de setembro, antes do inicio da sexta onda, conseguiuase que a taxa de incidencia a 7 días non experimentase o aumento que se produciu no conxunto da poboación. A taxa de incidencia a 7 días en centros socio-sanitarios de persoas maiores é na actualidade un terzo da observada na poboación global. O efecto da vacinación apréciase tamén na taxa de ingresos e de mortalidade a 7 días. Así, ao inicio da administración da segunda dose, o día 17 de xaneiro de 2021, a taxa de ingresos e de mortalidade nestes centros era de 225 ingresos e 200 falecementos por 100.000 habitantes.



Tras a administración da dose de reforzo, a taxa de ingreso hospitalario e a taxa de mortalidade a 7 días descenderon ata acadar valores próximos a 0.

Entre o 13 e o 19 de decembro, realizáronse 106.748 probas diagnósticas de infección activa polo virus SARS-CoV-2 (77.108 PCR e 29.640 test de antíxeno) cunha porcentaxe de positividade a sete días do 12,89 %.

A incidencia acumulada a 7 e 14 días é de 604,26 e 915,98 casos por cen mil habitantes, respectivamente, valores superiores aos observados hai unha semana, en que eran de 311,72 e 558,2 casos por cen mil habitantes, respectivamente. A razón de taxas a 7 e 14 días foi de 1,94 % e 1,64 %, respectivamente.

No que atinxe ás áreas sanitarias, as taxas a 7 días das áreas están entre os 436,35 casos por 100.000 habitantes de Lugo e os 759,22 de Vigo.

As taxas a 14 días das áreas están entre os 623,88 casos por 100.000 habitantes de Lugo e os 1.242,77 de Vigo.

Por áreas sanitarias, e igual que no global de Galicia, a incidencia a 7 e 14 días aumenta en todas as áreas con respecto á semana previa.

A razón de taxas a 7 e 14 días é de 1,94 e 1,64 respectivamente, variando a de 7 días entre o 1,42 de Ourense e o 4,14 de Ferrol, mentres que a de 14 días está entre o 1,07 de Ourense e o 2,56 de Ferrol.

Por grupos de idade, a incidencia acumulada a 7 días no grupo de 20 a 29 anos é o que presenta a incidencia máis elevada, seguido do de 30 a 39 anos, observándose un incremento no conxunto de Galicia para todos os grupos de idade excepto para o grupo de 60 a 69 anos. Non obstante, nos maiores de 70 anos este incremento non é tan acusado como nos menores de 60, o que podería vir explicado pola priorización na administración da terceira dose de vacina.

Se temos en conta todas as persoas de 65 e máis anos a incidencia é de 124,01 casos por 100.000 habitantes.

En canto á incidencia acumulada a 14 días por grupos de idade, obsérvase o mesmo comportamento que para a de 7 días. Aumenta en todos os grupos, agás no de 60 a 69 anos no que se aprecia un descenso. No que se refire ás persoas de 65 e máis anos a



incidencia é de 221,57 casos por 100.000 habitantes, lixeiramente superior á da semana previa, que era de 211,97 casos por 100.000 habitantes.

No grupo de 20 a 29 anos obsérvase un importante incremento en todas as áreas sanitarias, tanto a 7 como a 14 días.

A tendencia diaria mostra, desde o 21 de xullo, catro tramos con diferente tendencia; o primeiro deles ata o 25 de agosto, cunha porcentaxe de cambio diario (PCD) de -3,2 %; séguelle outro tramo cunha velocidade de decrecemento máis rápida, cunha PCD do -7,7 % e identifica outro punto de cambio o 26 de setembro, en sentido decrecente, cunha PCD do -2,5 %. Desde o 19 de outubro obsérvase un claro cambio na tendencia que pasa a ser crecente cunha PCD do 7,3 %.

Segundo a predición do modelo vectorial autorregresivo espérase un aumento continuado, tanto para as taxas acumuladas a 7 días e a 14 días.

Ademais, no conxunto de Galicia a taxa de ingresos en planta nos últimos 7 días aumentou con respecto á semana previa (de 7,0 a 7,62 ingresos por 100.000 habitantes. Nas UCI a taxa de ingresos tamén presenta un aumento pasando de 0,89 ingresos por 100.000 habitantes o 19 de decembro a 1,22 ingresos por 100.000 habitantes na actualidade.

A taxa de ingresos por 100.000 habitantes nos últimos 14 días foi 14,88 en planta (14,29 ingresos por 100.000 habitantes na semana previa) e de 2,18 nas UCI (1,81 ingresos por 100.000 habitantes hai unha semana).

Nas persoas de 65 e máis anos, a taxa de ingresos a 7 días nas unidades de agudos aumentou con respecto á da semana anterior de 13,08 a 15,85 ingresos por 100.000 habitantes. Nas UCI tamén aumentou pasando de 1,74 a 2,33 ingresos por 100.000 habitantes no mesmo período.

A taxa de ingreso a 14 días en maiores de 65 anos foi de 29,80 ingresos por 100.000 habitantes nas unidades de hospitalización de agudos e de 4,22 nas unidades de críticos, valores superiores aos da semana anterior.

O informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 29 de decembro de 2021, efectúa unha serie de recomendacións, que podemos resumir do seguinte xeito:

Propón a limitación do horario de apertura dos establecementos de hostalaría e restauración que deberán pechar ás 24.00 horas todos os días, agás venres e sábados no



que o horario de apertura poderá ampliarse ata as 1.00 horas. Durante a celebración da noite do 31 de decembro os establecementos de hostalaría e restauración deberán pechar ás 1.00 horas e non poderán abrir antes das 10.00 horas da mañá do día 1 de xaneiro de 2022.

Tamén se propón a limitación do horario de apertura dos establecementos de lecer nocturno, que deberán pechar ás 3.00 horas.

Outra das medidas propostas é establecer a prohibición do consumo en barra nos establecementos de hostalaría, restauración e lecer nocturno.

Os eventos musicais masivos deberán realizarse con público sentado, tanto no interior coma no exterior.

En canto á celebración das cabalgatas de reis, recoméndase que estas sexan estáticas e, en todo caso, que se eviten aglomeracións e se asegure o mantemento da distancia interpersoal de seguridade.

Adicionalmente, tendo en conta a idade da poboación máis afectada, o risco de que a limitación no horario dos establecementos de hostalaría, restauración e lecer nocturno poida provocar un aumento de aglomeracións de persoas neste horario nocturno fóra dos establecementos, recoméndase a limitación na agrupación de persoas en espazos públicos entre as 3.00 e as 6.00 horas. A agrupación de persoas permitirase unicamente en caso de que pertencen á mesma unidade de convivencia. Esta limitación non impedirá a reunión con persoas non conviventes que se produzan por motivos de asistencia e coidado a maiores, dependentes ou persoas con discapacidade, ou por causa de forza maior ou situación de necesidade.

Finalmente, recoméndase o mantemento das medidas referidas á limitación na agrupación de persoas nos locais de hostalaría en vigor na actualidade (8 persoas non conviventes no interior e 10 no exterior) e estender a obrigatoriedade de presentación do certificado COVID previsto na Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia, na súa redacción vixente, durante todo o horario de apertura dos establecementos de hostalaría e restauración, así como nos establecementos de xogo e apostas que teñan servizo de hostalaría ou restauración.



IV

Segundo o exposto, e tendo en conta que nas datas de Nadal en que nos atopamos se producen moitos desprazamentos de persoas, así como numerosas reunións e actos de celebración, acométese na presente orde modificacións que veñen impostas non só pola situación epidemiolóxica, senón pola necesidade de establecer mecanismos e regras que contribúan a controlar esta situación epidémica tan explosiva que estamos vivindo, partindo da experiencia previa adquirida ao abeiro das medidas adoptadas no Nadal do pasado ano, como antecedente inmediato.

Ademais, o Real decreto lei 30/2021, do 23 de decembro, polo que se adoptan medidas urxentes de prevención e contención para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, modifica o artigo 6 da Lei 2/2021, do 29 de marzo, de modo que establece o uso obrigatorio de máscaras en persoas de seis anos en diante na vía pública, en espazos ao aire libre e en espazos pechados de uso público ou que se atopen abertos ao público, así como nos transportes. Con todo, exceptúase o uso da máscara en exteriores durante a práctica de deporte individual, e tamén durante a realización de actividades que non sexan de carácter deportivo, pero que se realizan en espazos naturais, sempre que en ambos os casos se manteña a distancia mínima de 1,5 metros con outras persoas que non sexan conviventes.

Coa finalidade de adaptar a regulación relativa ao uso de máscaras ao disposto no citado Real Decreto lei 30/2021, do 23 de decembro, mediante a presente orde modifícase a Orde do 22 de outubro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, e se modifica a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia. Tamén se aclara o concepto de espazos naturais para os efectos da aplicación da Orde do 22 de outubro, coa finalidade de acadar unha maior seguridade xurídica.

Por outra banda, tamén se establece que o público deberá permanecer sentado nas actividades desenvolvidas en cines, teatros, auditorios e espazos similares, así como en establecementos destinados a espectáculos públicos e actividades recreativas. A mesma regra será de aplicación aos espectáculos musicais e artísticos desenvolvidos ao aire libre. Tamén se reduce a dez persoas por mesa ou agrupación de mesas o número máximo de persoas que poderán permanecer nas terrazas dos establecementos de hostalaría, restauración e lecer nocturno .



Tamén se modifica a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia coa finalidade de reducir o horario límite de peche ao público nos establecementos de hostalaría e restauración, que será ás 00.00 horas, agás a noite do venres ao sábado e do sábado ao domingo, que será á 1.00 horas e aclárase que o día 1 de xaneiro de 2022 non se poderán prestar servizos a clientes entre a 1.00 e as 9.00 horas da mañá. Prohíbese, ademais, o consumo en barra.

Na mesma liña, modifícase a Orde do 29 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de lecer nocturno da Comunidade Autónoma de Galicia co obxecto de reducir o horario límite de peche ao público dos establecementos de lecer nocturno, que pasa a ser ás 3.00 horas.

Finalmente, adóptanse mediante esta orde, unha serie de medidas e recomendacións que serán de aplicación durante o período de comprendido entre o 31 de decembro de 2021 e o 18 de xaneiro de 2022.

Así, por unha banda, para garantir o uso seguro de lugares e espazos públicos, recoméndase aos concellos que prohiban o acceso aos parques, xardíns públicos e lugares similares, así como ás praias, a partir das 3.00 ata as 6.00 horas. Recoméndase, así mesmo, a adopción desta medida nas prazas públicas que sexan punto de concentración habitual para a realización das indicadas actividades. Tamén se recomenda que os eventos e celebracións en lugares e espazos públicos, como as cabalgatas de reis, se efectúen de forma estática en lugares onde se poida controlar o acceso. Establécese, ademais, que as carreiras populares desenvolvidas no mesmo período en espazos públicos, se deberán realizar sen asistencia de público.

Pola súa banda, adóptanse medidas especiais relativas ás actividades recreativas de carácter extraordinario que se celebren en establecementos abertos ao público, de tal xeito que durante o período indicado non se poderán celebrar actividades recreativas de carácter extraordinario, definidas no artigo 3.c da Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, en establecementos abertos ao público, cando se ofrezan aos participantes servizos de bebidas e restauración propios da actividade da hostalaría e restauración e do lecer nocturno, como cotillóns ou festas; se estes establecementos non contan co correspondente título habilitante propio das actividades de hostalaría e restauración e de lecer nocturno reguladas nesta orde, así como na Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia, e na Orde do 29 de setembro de 2021 pola que se aproba o



novo Plan de lecer nocturno da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo a actividade que se realice.

Por outra parte, recóllese nesta orde a recomendación de que as celebracións de carácter privado ou familiar que non se efectúen en establecementos abertos ao público se limiten a un máximo de dúas unidades de convivencia e se realicen procurando o uso da máscara nos momentos en que non se consuman alimentos e bebidas, así como o mantemento da distancia de seguridade interpersonal e a aplicación de medidas de ventilación e hixiene.

A presente orde recolle así mesmo un réxime optativo de peche dos establecementos de lecer nocturno desde as 0.00 horas do día 31 de decembro de 2021 ata as 3.00 horas do día 3 de xaneiro de 2022.

Finalmente, recóllese a limitación temporal de festas, celebracións ou eventos específicos nos establecementos de lecer nocturno no período comprendido entre as 0.00 horas do día 31 de decembro de 2021 e as 0.00 horas do día 18 de xaneiro de 2022.

Cómpre salientar que, en cumprimento do disposto no artigo 38.ter.4 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, as medidas recollidas nesta orde teñen unha duración que se estende ata as 00.00 horas do día 18 de xaneiro de 2022 e que, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, serán obxecto de seguimento e avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser prorrogadas, modificadas ou levantadas por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

As medidas recollidas nela seguen a resultar necesarias, adecuadas e proporcionadas para o fin perseguido, que non é outro que controlar e evitar a maior difusión dunha enfermidade altamente contaxiosa, respecto da cal a diferenza entre persoas enfermas e sas resulta difusa, dada a posible asintomatoloxía ou levidade dos síntomas e a existencia dun período no cal non hai indicios externos da enfermidade. Tamén se introducen modificacións que teñen por obxecto adaptar as medidas recollidas na devandita orde á realidade actual.

V

As medidas que se adoptan nesta orde teñen o seu fundamento normativo no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do



4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 a 38.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para adoptar as medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica existente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, coa urxencia que a protección da saúde pública demanda.

Na súa virtude, na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. Modificación do anexo da Orde do 22 de outubro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e se modifica a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia

Un. Modifícase o punto 1.4 do anexo da Orde do 22 de outubro de 2021, que queda redactado como segue:

«1.4. Obrigatoriedade do uso de máscaras.

Será obrigatorio o uso da máscara nas seguintes condicións:

a) Regras xerais.

Para as persoas de seis ou máis anos, será obrigatorio o uso da máscara en todo momento, nos seguintes supostos:

1º) Cando estean en espazos pechados de uso público ou que se encontren abertos ao público.

2º) Cando estean na vía pública e en espazos ao aire libre.

3º) Nos medios de transporte aéreo, marítimo, en autobús e por ferrocarril, incluídas as estacións de viaxeiros e as súas plataformas, así como nos transportes públicos e privados complementarios de viaxeiros en vehículos de ata 9 prazas, incluído o condutor.



b) Regras específicas.

1ª) Na realización de adestramentos e na celebración de competicións dentro da actividade deportiva federada de competencia autonómica aplicarase, respecto do uso da máscara, o recollido especificamente no protocolo das federacións deportivas respectivas.

2ª) Nos centros docentes observarase, respecto do uso da máscara, o recollido especificamente no correspondente protocolo.

3ª) Co obxecto de evitar a propagación de contaxios e asegurar o mantemento dos servizos, na prestación de asistencia ou axuda no fogar a persoas dependentes será obrigatorio o uso de máscara tanto por parte do persoal prestador do servizo como por parte das persoas dependentes e daquelas que se encontren no seu domicilio. A dita obriga non será exixible cando se trate de persoas dependentes que presenten algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria que se poida ver agravada polo uso da máscara ou que, pola súa situación de discapacidade ou dependencia, non dispoñan de autonomía para quitar a máscara, ou ben presenten alteracións de conduta que fagan inviable a súa utilización.

4ª) Nas actividades no ámbito laboral desenvolvidas en espazos comúns ou de uso colectivo ou en calquera outra dependencia en que estean varios traballadores/as ou traballadores/as e/ou clientes será obrigatorio o uso da máscara.

5ª) Non será exixible o uso de máscara naqueles lugares ou espazos pechados de uso público que formen parte do lugar de residencia dos colectivos que alí se reúnan, como son as institucións para a atención de persoas maiores ou con diversidade funcional, as dependencias destinadas a residencia colectiva de traballadores esenciais ou outros colectivos que reúnan características similares, sempre e cando os ditos colectivos e os traballadores que alí exerzan as súas funcións teñan coberturas de vacinación contra o SARS-CoV-2 superiores ao 80 % con pauta completa e da dose de reforzo, acreditada pola autoridade sanitaria competente.

Esta última excepción non será de aplicación aos visitantes externos nin aos traballadores dos centros residenciais de persoas maiores ou con diversidade funcional, xa que neste caso si é obrigatorio o uso da máscara.



c) Condicións de uso da máscara.

Deberá darse un uso axeitado á máscara, é dicir, esta deberá cubrir desde parte do tabique nasal ata o queixo, incluído.

Ademais, a máscara que se debe empregar non deberá estar provista de válvula exhalatoria, agás nos usos profesionais para os cales este tipo de máscara poida estar recomendada.

d) Excepcións á obriga de uso da máscara.

A obriga de uso de máscara non será exigible nos seguintes supostos:

1º) Cando se trate de persoas que presenten algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria que se poida ver agravada polo uso da máscara ou que, pola súa situación de discapacidade ou dependencia, non dispoñan de autonomía para quitar a máscara, ou ben presenten alteracións de conduta que fagan inviable a súa utilización.

2º) Nos vehículos de turismo, cando todas as persoas ocupantes convivan no mesmo domicilio.

3º) No exterior en espazos naturais sempre que se poida garantir o respecto da distancia de seguridade interpersonal entre as persoas non conviventes.

Para os efectos do establecido neste punto, teñen a consideración de espazos naturais aqueles diferentes dos espazos urbanos ou transformados pola urbanización, como o campo, os montes e terreos forestais e agrícolas, e as praias. En particular, non se considerarán espazos naturais as vías públicas, rúas, avenidas, paseos, parques e xardíns, prazas e camiños de tránsito público ou outros lugares que sexan lugar de circulación habitual de viandantes.

En calquera caso, será obrigatorio o uso de máscara nos espazos naturais, cando non se poida manter a distancia de seguridade interpersonal de 1,5 metros entre persoas non conviventes.

Para os efectos do indicado no parágrafo anterior, entenderase que non é posible garantir o mantemento dunha distancia de seguridade interpersonal de, polo menos, 1,5 metros e, polo tanto, será obrigatorio o uso da máscara sempre que se transite ou se estea en movemento polos espazos indicados e, pola concorrencia doutras persoas, non se poida



garantir, atendendo ao número de persoas e ás dimensións do lugar, o mantemento da distancia de seguridade.

4º) No mar e piscinas, no exterior ou cubertas, lagos, encoros, ríos ou noutras zonas de baño, durante o baño.

Non obstante, será obrigatorio o uso de máscara nos vestiarios de piscinas públicas ou comunitarias, salvo nas duchas.

Entenderase por actividades incompatibles co uso da máscara as actividades de socorrista ou rescate cando requiran acceder ao medio acuático.

5º) Nos establecementos de hostalaría e restauración, por parte dos clientes do establecemento exclusivamente nos momentos estritamente necesarios de comer ou beber.

6º) No interior dos cuartos de establecementos de aloxamento turístico e outros espazos similares, cando unicamente se encontren neles persoas que se aloxen no cuarto.

7º) Nos buques e embarcacións de transporte de competencia autonómica, no interior dos camarotes, cando unicamente se encontren neles persoas que se aloxen no camarote.

8º) No caso do exercicio de deporte individual no exterior, exclusivamente durante a realización da práctica deportiva, sempre que, tendo en conta a posible concorrencia de persoas e as dimensións do lugar, se poida garantir o mantemento da distancia de 1,5 metros con outras persoas ou deportistas non conviventes.

Seralles de aplicación o establecido no parágrafo anterior ás actividades que supoñan un esforzo físico de carácter non deportivo equiparable a este, ao aire libre e de forma individual.

9º) En supostos de forza maior ou situación de necesidade ou cando, pola propia natureza das actividades, o uso da máscara resulte incompatible, conforme as indicacións das autoridades sanitarias.

10º) No caso particular de consumo de tabaco ou de cigarros electrónicos, ou alimentos e bebidas, na vía pública ou en espazos ao aire libre, só se poderá exceptuar o uso de



máscara, e exclusivamente durante o indicado consumo, sempre que a persoa o efectúe parada e fóra dos lugares habituais de circulación dos viandantes, de tal xeito que, tendo en conta a posible concorrencia de persoas e as dimensións do lugar, se poida garantir o mantemento, en todo momento, da distancia de dous metros con outras persoas. O anterior será aplicable tamén para o uso de calquera dispositivo de inhalación de tabaco, pipas de auga, cachimbas e asimilados.

11º) Na práctica de deporte no medio acuático, sexa este natural ou artificial.

e) Recomendacións sobre reunións de grupos de persoas en espazos privados.

Nos espazos privados, abertos ou pechados, de uso privado, recoméndase o uso de máscara, no caso de reunións ou de posible confluencia de persoas non conviventes, así como o mantemento da distancia de seguridade interpersonal e a aplicación de medidas de ventilación e hixiene».

Dous. Modifícase o punto 2 do punto 3.21 do anexo da Orde do 22 de outubro de 2021, que queda redactado como segue:

«2. As actividades en cines, teatros, auditorios e espazos similares, e en establecementos destinados a espectáculos públicos e actividades recreativas, poderán desenvolverse co 100 % da capacidade máxima permitida, e o público deberá permanecer sentado.

En todo caso, deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersonal nas instalacións, de acordo co establecido no punto 1.3. O uso de máscara será obrigatorio nos termos previstos no número 1.4».

Tres. Modifícase o punto 4 do punto 3.21 do anexo da Orde do 22 de outubro de 2021, que queda redactado como segue:

«4. Os espectáculos musicais/artísticos ao aire libre poderán desenvolverse co 100 % da ocupación máxima permitida e o público deberá permanecer sentado. En todo caso, sen prexuízo do indicado, resultarán de aplicación as medidas sanitarias previstas nos protocolos publicados no seguinte enderezo electrónico:

<https://coronavirus.sergas.gal/Contidos/Espectaculos-musicais-aire-libre>».



Catro. Modifícase o punto 1 do punto 3.22 do anexo da Orde do 22 de outubro de 2021, que queda redactado como segue:

«1. A prestación de servizos de hostalaría e restauración nos bares, nas cafetarías e nos restaurantes axustarase ás regras previstas na Orde do 14 de setembro pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia.

Así mesmo, a ocupación máxima será de oito persoas no interior e de dez persoas na terraza, por mesa ou agrupación de mesas».

Cinco. Modifícase o punto 3.34 do anexo da Orde do 22 de outubro de 2021, que queda redactado como segue:

«Os establecementos de lecer nocturno, tales como discotecas, pubs, cafés-espectáculo, salas de festas, así como as salas de concertos que desenvolvan as súas actividades de forma análoga aos anteriores, axustaranse ao establecido pola Orde do 29 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de lecer nocturno da Comunidade Autónoma de Galicia.

Así mesmo, a ocupación máxima será de 8 persoas no interior e 10 persoas na terraza, por mesa ou agrupación de mesas».

Segundo. Modificación da Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia

Un. Modifícase o punto 3 do punto 3.1 do anexo I da Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado como segue:

«3. O horario límite de peche ao público será ás 00.00 horas, agás a noite do venres ao sábado e do sábado ao domingo, que será á 1:00 horas.

O día 1 de xaneiro de 2022 non se poderán prestar servizos a clientes entre a 1.00 e as 09.00 da mañá».

Dous. Modifícase o punto 6 do punto 3.1 do anexo I da Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado como segue:

«6. Non se permitirá o consumo en barra».



Tres. Modifícase o punto 3 do punto 3.2 do anexo I da Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado como segue:

«3. Non se permitirá o consumo en barra».

Catro. Modifícase o punto 4 do punto 3.2 do anexo I da Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado como segue:

«4. O horario límite de peche ao público será ás 00.00 horas, agás a noite do venres ao sábado e do sábado ao domingo, que será á 1:00 horas.

O día 1 de xaneiro de 2022 non se poderá prestar servizos a clientes entre a 1.00 e as 9.00 da mañá».

Terceiro. *Modificación da Orde do 29 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de lecer nocturno da Comunidade Autónoma de Galicia*

Un. Modificación do punto 3 do punto 4.1. do anexo da Orde do 29 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de lecer nocturno da Comunidade Autónoma de Galicia, quedando redactado como segue:

«3. O horario límite de peche ao público será ás 3.00 horas».

Dous. Modificación do punto 3 do punto 4.2. do anexo da Orde do 29 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de lecer nocturno da Comunidade Autónoma de Galicia, quedando redactado como segue:

«3. O horario límite de peche ao público será ás 3.00 horas».

Cuarto. *Uso seguro de lugares e espazos públicos*

1. Como medida especial no período comprendido entre o 31 de decembro de 2021 e o 18 de xaneiro de 2022, e de acordo co establecido na letra f) do número 1 do artigo 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, coa finalidade de coadxuvar no control das aglomeracións de persoas en lugares e espazos públicos en que non se respecten as medidas de seguridade e de distanciamento persoal, e das actividades prohibidas relacionadas co consumo de bebidas alcohólicas, recoméndase que os concellos prohiban o



acceso aos parques e xardíns públicos e aos lugares similares, así como ás praias, a partir das 3.00 horas ata as 6.00 horas. Recoméndase, así mesmo, a adopción desta medida nas prazas públicas que sexan punto de concentración habitual para a realización das indicadas actividades.

2. Así mesmo, como medida especial no período comprendido entre o 31 de decembro de 2021 e o 18 de xaneiro de 2022, recoméndanse que os eventos e celebracións en lugares e espazos públicos, como as cabalgatas de reis, se efectúen de forma estática en lugares onde se poida controlar o acceso. En todo caso, deberán cumprirse as medidas de prevención e hixiene aplicables, con uso de máscara e control polos organizadores das aglomeracións de persoas.

3. Como medida especial no período comprendido entre o 31 de decembro de 2021 e o 18 de xaneiro de 2022, as carreiras populares en espazos públicos deberán realizarse sen asistencia de público.

Quinto. *Medidas especiais relativas ás actividades recreativas de carácter extraordinario que se celebren en establecementos abertos ao público*

De acordo co establecido na letra f) do número 1 do artigo 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, como medida especial no período comprendido entre o 31 de decembro de 2021 e o 18 de xaneiro de 2022, non se poderán celebrar actividades recreativas de carácter extraordinario, definidas no artigo 3.c da Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, en establecementos abertos ao público, cando se ofrezan aos participantes servizos de bebidas e restauración propios da actividade da hostalaría e restauración e do lecer nocturno, como cotillóns ou festas, se estes establecementos non contan co correspondente título habilitante propio das actividades de hostalaría e restauración e de lecer nocturno reguladas nesta orde, así como na Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia e na Orde do 29 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de lecer nocturno da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo a actividade que se realice.

Sexto. *Recomendacións para as celebracións de carácter privado ou familiar que non se efectúen en establecementos abertos ao público*

Como medida especial no período comprendido entre o 31 de decembro de 2021 e o 18 de xaneiro de 2022, recoméndase que as celebracións de carácter privado ou familiar que



non se efectúen en establecementos abertos ao público se limiten a un máximo de dúas unidades de convivencia e se realicen procurando o uso da máscara nos momentos nos que non se consuman alimentos e bebidas, así como mantemento da distancia de seguridade interpersoal e a aplicación de medidas de ventilación e hixiene.

Sétimo. Réxime optativo de peche dos establecementos de lecer nocturno

Sen prexuízo do previsto nos puntos 1 e 2 do punto terceiro desta orde, os establecementos de lecer nocturno poderán acollerse ao réxime optativo de peche regulado no presente punto. Neste sentido, os ditos establecementos poderán optar polo peche desde as 0.00 horas do día 31 de decembro de 2021 ata as 3.00 horas do día 3 de xaneiro de 2022.

Para os efectos de acollerse a este réxime de peche, os titulares dos establecementos deberán remitir unha comunicación previa en forma de correo electrónico ao seguinte enderezo pechelecernocturno@xunta.gal, antes das 00.00 horas do día 31 de decembro de 2021. No correo electrónico deberán figurar os seguintes datos: nome do establecemento e enderezo, nome completo ou razón social do titular e CIF.

Aqueles establecementos de lecer nocturno que non efectuasen a comunicación previa á que se refire este punto quedarán excluídos da axudas ou subvencións que a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia poida establecer para estes supostos de peche de acordo co establecido nas correspondentes bases reguladoras. Tamén estarán excluídos da axudas ou subvencións indicadas aqueles establecementos que adianten ou atrasen a outras datas as festas ou eventos previstos nos días indicados no primeiro parágrafo deste punto.

Oitavo. Limitación temporal de festas, celebracións ou eventos específicos nos establecementos de lecer nocturno

No período comprendido entre as 0.00 horas do día 31 de decembro de 2021 e as 0.00 do día 18 de xaneiro de 2022, os establecementos de lecer nocturno poderán realizar a súa actividade ordinaria, pero non poderán organizar festas, celebracións ou eventos específicos, independentes ou extraordinarios, como cotillóns, festas de fin de ano, festas de reis, ou con calquera outra denominación similar ou que produza un efecto equivalente, en particular con motivo das datas de Nadal ou outras datas en substitución delas, nin realizar promoción, anuncios ou publicidade dos indicados eventos a través de redes sociais, mensaxes de difusión, ou cartelaría tradicional.



Noveno. Eficacia

1. As medidas previstas nesta orde terán efectos desde as 00.00 horas do 31 de decembro de 2021 ata as 00.00 horas do día 18 de xaneiro de 2022.

2. En cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas cuxa eficacia se prorroga serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser prorrogadas, modificadas ou levantadas por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2021

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade



I. DISPOSICIÓN XERAIS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

ORDE do 29 de decembro de 2021 pola que se establecen medidas cualificadas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, e se modifica a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia.

I

Mediante a Resolución do 21 de outubro de 2021, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, dáse publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 21 de outubro de 2021, polo que se declara a finalización da situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, declarada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020, como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.

A finalización da aplicación dos mecanismos extraordinarios derivados da lexislación de protección civil debe entenderse, naturalmente, sen prexuízo de que continúen sendo necesarias, mentres permaneza a pandemia, medidas de prevención de acordo coa lexislación sanitaria en vigor.

Neste sentido, a Lei estatal 2/2021, do 29 de marzo, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, prevé no seu artigo 2.3 que «as medidas contidas nos seus capítulos II, III, IV, V, VI e VII e na disposición adicional quinta serán de aplicación en todo o territorio nacional ata que o Goberno declare de maneira motivada e de acordo coa evidencia científica dispoñible, logo do informe do Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias, a finalización da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19. O Goberno consultará as comunidades autónomas no seo do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde con carácter previo á finalización da situación de crise sanitaria a que se refire o parágrafo anterior».

Na actualidade, como se deduce do informe da Dirección Xeral de Saúde Pública que se cita posteriormente, segue existindo unha situación de crise sanitaria que determina, por exemplo, que siga sendo de aplicación o deber de cautela e protección establecido no artigo 4 da lei, de tal xeito que «todos os cidadáns deberán adoptar as medidas necesarias



para evitar a xeración de riscos de propagación da enfermidade COVID-19, así como a propia exposición aos ditos riscos, conforme o que se establece nesta lei». O dito deber de cautela e protección será igualmente exigible aos titulares de calquera actividade regulada nesta lei.

Deste modo, seguen sendo de aplicación as previsións desta lei sobre o uso obrigatorio de máscaras, a regulación das distintas actividades e a distancia de seguridade interpersoal mínima.

En particular, debe terse en conta que seguirán sendo de aplicación os mecanismos de tutela previstos na lexislación sanitaria.

A Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública, conforma, xunto coa Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, a Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema nacional de saúde, e a Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, o corpo normativo fundamental da acción de tutela da saúde pública no ámbito estatal, ao cal se debe unir a lexislación autonómica reguladora da protección da saúde pública no marco de competencias autonómico, como é o caso, na Comunidade Autónoma galega, da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia. En efecto, recóllense na dita normativa medidas que as autoridades sanitarias poderán acordar para tutelar a saúde pública en situacións de risco, co fin de cumprir o mandato contido no artigo 43 da Constitución española, que, despois de proclamar o dereito á protección da saúde, dispón que lles compete aos poderes públicos organizaren e tutelaren a saúde pública a través de medidas preventivas e das prestacións e servizos necesarios, e que a lei establecerá os dereitos e deberes de todos ao respecto. O dito marco normativo débese completar, atendida a posible afectación que tales medidas poden ter sobre os dereitos fundamentais, coa necesidade da intervención xudicial.

Malia o anterior, a crise da COVID-19 puxo de manifesto a necesidade de contar cunha maior densidade normativa no que respecta á articulación dos mecanismos extraordinarios que recolle a lexislación sanitaria para tutelar a saúde pública ante crises sanitarias.

Neste sentido, a Lei de saúde autonómica foi modificada pola Lei 8/2021, do 25 de febreiro, no exercicio da competencia autonómica en materia de sanidade interior, recollida no artigo 33 do Estatuto de autonomía de Galicia, para introducir na lei as modificacións necesarias co fin de facer fronte á necesidade de contar cun marco normativo claro na ma-



teria que ofrezca a necesaria seguridade xurídica, tanto para quen debe intervir na adopción das medidas e na súa inspección, vixilancia, control e sanción, como para as persoas destinatarias destas. En particular, unha das principais finalidades desta lei é, así, concretar as medidas que, tendo en conta o disposto na lexislación sanitaria estatal, de rango orgánico e ordinario, poden adoptar as autoridades sanitarias galegas para a protección da saúde pública, así como regular os requisitos que se deben cumprir para a súa correcta adopción, con especial atención ás exixencias de motivación e de proporcionalidade.

Resulta necesario un comportamento social de cautela e autoprotección asentado fundamentalmente nas premisas de hixiene frecuente das mans; distancia interpersoal mínima; uso de máscaras cando non sexa posible manter a distancia mínima interpersoal, así como cando se estea en contornos con moita xente, especialmente en espazos pechados; limpeza, hixiene e ventilación dos espazos utilizados e, especialmente, adopción de medidas de illamento e comunicación cos servizos de saúde tan pronto como se teñan síntomas compatibles coa COVID-19.

II

Na actualidade, a situación epidemiolóxica, de acordo co Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública do 29 de decembro de 2021, pódese resumir do seguinte xeito:

De acordo cos datos dispoñibles o día 25 de decembro de 2021, a taxa de incidencia a 7 e a 14 días é de 561,73 e 864,94 casos por cen mil habitantes, respectivamente, valores superiores aos observados hai unha semana (o 18 de decembro), en que eran de 303,17 e 536,90 casos por cen mil habitantes, respectivamente. A razón de taxas a 7 días é de 1,85 e a porcentaxe de positividade é do 12,58 %, e supera o 3 % establecido en Galicia como nivel deste indicador de seguimento.

Por grupos de idade, o grupo de 20 a 29 anos é o que presenta a incidencia máis elevada, seguido do de 30 a 39 anos, e obsérvase un incremento no conxunto de Galicia para todos os grupos de idade excepto para o grupo de 60 a 69 anos. Se temos en conta todas as persoas de 65 e máis anos, a incidencia é de 119,36 casos por 100.000 habitantes.

Na semana epidemiolóxica 50 (do 13 ao 19 de decembro) a variante Delta seguiu a ser a predominante co 77 % dos casos atribuídos. Non obstante, espérase que a variante Ómicron, que durante a semana 50 supuxo o 21 % das mostras analizadas (e o 43 % das secuenciadas), supere xa o 50 % dos casos durante a semana 51 (do 20 ao 26 de decembro), e que durante a presente semana supere o 75 %.



En canto á hospitalización, a taxa de ingresos en planta nos últimos 7 días aumentou respecto da semana previa (de 7,03 a 7,18 ingresos por 100.000 habitantes). Na UCI a taxa de ingresos tamén presenta un aumento, pois pasa de 0,85 ingresos por 100.000 habitantes o 18 de decembro a 1,22 ingresos por 100.000 habitantes o día 25 de decembro.

A porcentaxe de ingresos en unidade de agudos dos casos dos últimos 7 días é de 1,1 % e nas unidades de críticos do 0,2 %. Os casos de COVID-19 no grupo de idade de máis de 65 anos notificados nos últimos 7 días presentaron unha porcentaxe de ingreso en unidade de hospitalización do 10,8 %, inferior a respecto da semana anterior (11,6 %). Non obstante, a porcentaxe de ingreso en UCI aumentou lixeiramente (do 1,1 % ao 1,4 %).

Segundo a última actualización do Ministerio de Sanidade (Actualización nº 530. Enfermidade polo coronavirus (COVID-19), con datos consolidados ás 19.00 horas do 27 de decembro), o número de persoas hospitalizadas en planta en Galicia ascende a 287 e en UCI a 51. Así mesmo, este informe reflicte que nos últimos 7 días se notificaron un total de 16.781 casos novos da COVID-19 en Galicia.

Ao comparar os datos da terceira e quinta ondas cos datos actuais da sexta onda obsérvase, para o total de Galicia, un descenso progresivo das porcentaxes de hospitalización en planta (9,5 %, 3,8 % e 1,5 %, respectivamente), en UCI (1,5 %, 0,5 % e 0,2 % na terceira, quinta e sexta ondas), así como das defuncións (1,7 %, 0,4 % e 0,1 %, respectivamente), o cal pode reflectir a efectividade da vacina na prevención de casos graves de enfermidade e falecemento pola COVID-19.

O informe da Dirección Xeral de Saúde Pública tamén pondera as estimacións do número de ingresos posibles por semana partindo do risco de ingreso nos últimos 14 días en planta e en UCI (1,5 % e 0,2 %, respectivamente) para o total de Galicia, tendo en conta distintos supostos de número de casos diarios. Así mesmo, considéranse outros escenarios en que aumente o risco de hospitalización.

Por outro lado, cabe destacar que a porcentaxe de casos orfos é do 40,3 %, o que indica unha situación de transmisión comunitaria.

Ante a situación actual, cunha taxa de incidencia crecente tanto a 7 como a 14 días, cunha elevada porcentaxe de positividade das probas diagnósticas realizadas, e cun aumento da prevalencia da variante Ómicron, que ten unha transmisibilidade superior á da variante Delta, predominante ata o de agora, está xustificada a necesidade de adoptar medidas adicionais ou complementarias para facer fronte a esta situación.



Por outro lado, é importante poñer de manifesto o aumento da taxa de incidencia no grupo de idade de 20 a 39 anos, grupo poboacional que adoita ter máis interacción social. O feito de que este grupo de idade teña unha alta proporción de casos sen síntomas e un menor risco de padecer unha enfermidade grave fai que, neste momento, as altas incidencias non teñan excesiva repercusión sobre as taxas de hospitalización e de falecementos. Non obstante, hai que ter en conta que as altas taxas de incidencia en Galicia, derivadas en gran parte da situación desta poboación máis nova, poden ocasionar tamén un aumento da incidencia en poboacións doutros grupos de idade aos cales transmiten a infección e que, no caso de tratarse de persoas de avanzada idade, poden ingresar nos hospitais e falecer malia estaren completamente vacinadas.

O informe expresa que na situación actual concorren, en definitiva, determinadas circunstancias que aconsellan a adopción dun conxunto de medidas que se orientan, por un lado, a reducir o risco de transmisión naquelas actividades de maior risco e, por outro, a diminuír as interaccións sociais e evitar as aglomeracións de persoas co fin de garantir o mantemento en todo momento da distancia de seguridade e reducir o contacto físico en condicións favorecedoras do contaxio.

III

As medidas contidas nesta orde son necesarias, adecuadas e proporcionadas ao fin perseguido, que non é outro que o de controlar e evitar a maior difusión dunha enfermidade como a COVID-19, altamente contaxiosa, respecto da cal a diferenza entre persoas enfermas e sas resulta difusa, dada a posible asintomatoloxía ou levidade dos síntomas e a existencia dun período no cal non hai indicios externos da enfermidade. A experiencia acumulada avala, ademais, que as medidas son eficaces e útiles para acadar o obxectivo proposto de protección da saúde pública e do sistema sanitario. Na súa adopción imperan os principios de proporcionalidade e precaución que impregnan a regulación desta materia na lexislación sanitaria.

Así mesmo, tendo en conta os datos contidos no informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, faise imprescindible adoptar medidas que se orientan a reducir a interacción social en todo o territorio galego, xa que só así se ten demostrado que é posible acadar a mellora da situación epidemiolóxica.

Por conseguinte, esta orde establece limitacións de permanencia de grupos de persoas no territorio de todos os concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, en horario nocturno, agás que sexan conviventes.



Neste sentido, o artigo 38.2.6ª.III da Lei 8/2008, do 10 de xullo, prevé como medidas de posible adopción, de acordo co disposto na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública, co obxecto de protexer a saúde pública e previr a súa perda ou deterioración, cando así o exixisen razóns sanitarias de urxencia ou necesidade, as restricións ás agrupacións de persoas, incluídas as reunións privadas entre non conviventes, especialmente nos lugares e espazos ou con ocasión do desenvolvemento de actividades que supoñan un maior risco de propagación da enfermidade, todo iso sen prexuízo das competencias estatais en relación coas reunións en lugares de tránsito público e as manifestacións realizadas no exercicio do dereito fundamental regulado no artigo 21 da Constitución española.

É importante destacar que as limitacións de agrupacións de persoas recollidas nesta orde non son limitacións absolutas, senón que se inclúen na propia orde diversos supostos que permiten excepcións na súa aplicación.

Así mesmo, para velar pola proporcionalidade das medidas, as restricións ás agrupacións de persoas son nun horario limitado e nocturno, pois teñen como obxectivo a limitación das agrupacións que se desenvolven por razóns recreativas e de lecer en contextos cun maior risco de propagación da enfermidade. Así, estas limitacións aplícanse, cuantitativamente, durante un número reducido de horas e, cualitativamente, nunha franxa horaria nocturna en que, para a xeneralidade da poboación, a vida diaria queda de ordinario atenuada en intensidade, por tratarse dun período de tempo xeralmente dedicado ao descanso. Esta medida trata de evitar, en definitiva, determinado tipo de encontros sociais que cabe identificar como un dos principais factores de risco de incremento de contaxios.

As limitacións de grupos de persoas en horario nocturno son, ademais, medidas menos disruptivas das actividades esenciais, económicas, laborais e profesionais ca outras, como as limitacións á liberdade de circulación ou os confinamentos, que se deben aplicar nas situacións de maior risco. Debe lembrarse, neste sentido, que o Auto 40/2020, do 30 de abril, do Tribunal Constitucional, no seu fundamento xurídico cuarto, ao ponderar a relevancia das especiais circunstancias derivadas da crise sanitaria creada pola pandemia no exercicio do dereito de reunión, salientou como, ante a incerteza sobre as formas de contaxio, sobre o impacto real da propagación do virus, así como sobre as consecuencias a medio e longo prazo para a saúde das persoas que se viron afectadas, as medidas de distanciamento social, confinamento domiciliario e limitación extrema dos contactos e das actividades grupais son as únicas que se teñen demostrado eficaces para limitar os efectos dunha pandemia de dimensións descoñecidas ata esta data.



Debe terse en conta que a adopción de medidas en toda a Comunidade Autónoma resulta necesaria atendendo á situación epidemiolóxica actual, caracterizada polo ascenso das taxas de incidencia de forma xeneralizada e explosiva en practicamente todo o territorio galego, o que xustifica a necesidade de adoptar medidas tamén xerais. Así mesmo, debe ponderarse que non se opta nesta orde por medidas de limitación da liberdade de circulación, como peches perimetrais, polas razóns devanditas do seu carácter máis disruptivo das actividades esenciais, económicas, laborais e profesionais, o que determina a necesidade de aplicar as restricións relativas ás agrupacións de persoas en horario nocturno en todo o territorio, coa finalidade de non incentivar nesta situación epidemiolóxica os desprazamentos de poboación para evitar as restricións.

Deste modo, nos concellos da Comunidade Autónoma, a permanencia de grupos de persoas en espazos pechados e en espazos abertos ou ao aire libre, sexan de uso público ou privado, quedará limitada aos constituídos exclusivamente por persoas conviventes entre as 3.00 horas e as 6.00 horas.

Debe terse en conta que boa parte dos encontros de risco teñen lugar en horario nocturno, xa que nese horario se ten constatado unha importante relaxación no cumprimento das medidas estipuladas para evitar a transmisión do SARS-CoV-2. Por este motivo, a prohibición de manter reunións de non conviventes considérase unha medida proporcionada cun potencial impacto positivo no control da transmisión, ao evitar situacións de contacto de risco vinculadas a contornos sociais.

Esta medida acompañarase de medidas específicas de limitación dos horarios dos establecementos de lecer nocturno mediante a modificación da Orde do 29 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de lecer nocturno da Comunidade Autónoma de Galicia.

Co obxecto de dar cumprimento ao mandato contido no artigo 38 ter.3 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, que exige unha especial xustificación da proporcionalidade das limitacións de dereitos fundamentais e liberdades públicas adoptadas, debe indicarse que as ditas medidas son adecuadas, no sentido de útiles, para lograr o fin proposto de protección da saúde pública, xa que a experiencia amosa que este tipo de medidas, que son as que de forma xeral se veñen adoptando a nivel nacional e internacional para a contención da pandemia, son eficaces para controlar a transmisión e acadan os obxectivos de diminución de casos e a mellora da situación epidemiolóxica cada vez que se acordan e manteñen durante o tempo necesario.



Debe indicarse igualmente que, pese a alta cobertura poboacional da vacinación, na situación actual seguen sendo necesarias as intervencións non farmacolóxicas co obxecto de protexer a saúde da poboación e o funcionamento do sistema sanitario, e evitar a súa saturación.

Son necesarias no sentido de que non existe outra medida alternativa menos gravosa para a consecución de tal fin con igual eficacia.

As medidas son ponderadas e equilibradas por derivaren delas máis beneficios ou vantaxes para o interese xeral ca prexuízos sobre outros bens ou valores en conflito, atendidas a gravidade da inxerencia nos dereitos fundamentais e as liberdades públicas e as circunstancias persoais de quen as sofre. O control da pandemia e a mellora da situación epidemiolóxica, xunto coa protección do sistema sanitario, son bens superiores que, nun contexto como o actual, priman sobre determinados dereitos individuais que, aínda que se limitan, non son restrinxidos de forma absoluta, e establécense excepcións que permiten o desenvolvemento, cando sexa necesario, de determinadas actividades de especial importancia, tal e como se pode observar ao analizar as excepcións que a propia orde determina ao regular as limitacións da permanencia de grupos de persoas en espazos públicos ou privados en horario nocturno.

IV

Cómpre indicar, por outra banda, que a autoridade sanitaria vén adoptando medidas preventivas de seguridade sanitaria consistentes na posesión de documentación que acredite o cumprimento de determinados requisitos para o acceso a determinados establecementos ou para a realización de actividades concretas cando, polas súas características ou pola concorrencia dun risco de especial consideración, sexa necesario para a protección da saúde das persoas, contando coa preceptiva autorización xudicial.

Concretamente, no que atinxe ao sector da hostalaría e restauración, mediante a Orde do 25 de novembro de 2021, que modifica a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia, introducíronse determinadas medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, consistentes na exhibición de determinada documentación para o acceso ao interior dos establecementos de hostalaría (restaurantes, bares, cafetarías, furanchos...), así como para o acceso ao interior dos establecementos de xogo que contén con servizos de hosta-



laría e restauración, coa finalidade de que a actividade se poida desenvolver en condicións de seguridade, tanto para o persoal traballador coma para os clientes.

A citada Orde do 25 de novembro prevía a exhibición de determinada documentación, o chamado certificado COVID, como requisito necesario para o acceso ao interior dos establecementos que teñan título habilitante de restaurante e salóns de banquetes, ben que indicaba que só sería necesaria a exhibición dos certificados nos ditos establecementos para as actividades que se limitasen ao servizo de cafetería e bar a partir das 21.00 horas. Pola súa banda, a exhibición de documentación para o acceso ao interior dos establecementos que contén con título habilitante de cafeterías, bares e furanchos unicamente era exixible a partir das 21.00 horas. Esta medida estendíase tamén aos establecementos de xogo que contén con servizos de hostalaría e restauración, en función da natureza dos servizos prestados nos ditos establecementos, atendendo a se son como de restaurante ou de cafetería ou bar.

A eficacia das medidas contidas na citada orde prorrogouse ata as 00.00 horas do día 18 de xaneiro de 2022 mediante a Orde do 14 de decembro de 2021 pola que se establecen medidas preventivas de seguridade sanitaria consistentes na exhibición de documentación que acredite o cumprimento de determinados requisitos para o acceso a certos establecementos e se prorrogan diversas ordes como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

Mediante a presente orde, dada a evolución da situación sanitaria na Comunidade Autónoma, amplíase a obriga de exhibición do certificado, estendéndoa durante o horario completo de funcionamento dos distintos establecementos, con independencia de se o seu título habilitante é de restaurante, salón de banquetes, bar, cafetería ou furancho. Na mesma liña, a exixencia do certificado tamén será aplicable aos establecementos de xogo que contén con servizos de hostalaría e restauración durante todo o seu horario.

V

Cómpre destacar que a adopción das medidas contidas nesta orde require a necesaria garantía xudicial conforme o disposto no artigo 10.8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Debe insistirse en que, de acordo co establecido na Sentenza do Tribunal Supremo nº 719/2021, a ratificación das medidas limitativas de dereitos fundamentais debe ser previa, de tal xeito que estas medidas non despregan efectos nin son aplicables mentres non sexan ratificadas xudicialmente.



Finalmente, debemos destacar que, de acordo co disposto no punto quinto, a eficacia das medidas adoptadas se estende durante un período temporal concreto, desde o día seguinte ao da data de publicación da orde, que será posterior á súa autorización xudicial, ata as 00.00 horas do día 18 de xaneiro, sen prexuízo de que, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, estas medidas sexan obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria, e que poidan ser prorrogadas, modificadas ou levantadas por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

VI

As medidas recollidas nesta orde teñen o seu fundamento na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública; no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 e 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

En particular, o artigo 34 da Lei de saúde de Galicia, relativo ás «intervencións públicas sobre actividades, centros e bens», expresa:

«As intervencións públicas que poderán exercer as autoridades sanitarias competentes sobre as actividades públicas e privadas que, directa ou indirectamente, poidan ter consecuencias para a saúde son: (...) 6. Establecer, controlar e inspeccionar as condicións hixiénico-sanitarias, de funcionamento e desenvolvemento de actividades que poidan ter repercusión sobre a saúde das persoas».

En canto ás restricións ás agrupacións de persoas, o artigo 38.2.6^a.III da Lei 8/2008, do 10 de xullo, prevé como medidas de posible adopción, de acordo co disposto na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública, co obxecto de protexer a saúde pública e previr a súa perda ou deterioración, cando así o exixisen razóns sanitarias de urxencia ou necesidade, as restricións ás agrupacións de persoas, incluídas as reunións privadas entre non conviventes, especialmente nos lugares e espazos ou con ocasión do desenvolvemento de actividades que supoñan un maior risco de propagación da enfermidade, todo iso sen prexuízo das competencias estatais en relación coas reunións en lugares de tránsito público e as manifestacións realizadas en exercicio do dereito fundamental regulado no artigo 21 da Constitución española.



Así mesmo, polo que atinxe ás medidas relativas á exhibición de certificados, o artigo 38.1, «Medidas preventivas en materia de saúde pública» (redactado pola Lei 8/2021), establece:

«1. Co obxecto de protexer a saúde pública, as autoridades sanitarias autonómicas e locais, dentro do ámbito das súas competencias, poderán adoptar medidas preventivas de obrigado cumprimento cando exista ou se sospeite razoablemente a existencia dun risco inminente e grave para a saúde da poboación. Estas medidas poderán consistir:

(...) g) En medidas de seguridade sanitaria e hixiene en determinados lugares e/ou para o desenvolvemento de actividades».

Do mesmo xeito, tamén ofrece base legal á medida o contido da letra k) deste artigo 38.1, dado que permite o establecemento por parte das autoridades sanitarias dunha obriga de «subministración de datos» necesarios para o control e a contención de riscos para a saúde pública.

Conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para adoptar as medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica existente, no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, coa urxencia que a protección da saúde pública demanda.

Na súa virtude, e na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. *Obxecto e alcance*

Constitúe o obxecto desta orde establecer medidas cualificadas de prevención para facer fronte á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo. *Limitación da permanencia de grupos de persoas en espazos públicos ou privados en horario nocturno*

1. No territorio dos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, entre as 3.00 e as 6.00 horas, a permanencia de grupos de persoas en espazos de uso público, tanto pe-



chados como abertos ou ao aire libre, e en espazos de uso privado, quedará limitada aos constituídos exclusivamente por persoas conviventes.

2. A limitación establecida no punto anterior exceptúase nos seguintes supostos e situacións:

a) As persoas que viven soas, que poderán formar parte dunha única unidade de convivencia ampliada. Cada unidade de convivencia pode integrar soamente unha única persoa que viva soa.

b) A reunión de persoas menores de idade cos seus proxenitores, no caso de que estes non convivan no mesmo domicilio.

c) A reunión de persoas con vínculo matrimonial ou de parella cando estes vivan en domicilios diferentes.

d) A reunión para o coidado, a atención, a asistencia ou o acompañamento a persoas menores de idade, persoas maiores ou dependentes, con discapacidade ou especialmente vulnerables.

e) No caso de actividades laborais, institucionais, empresariais, profesionais, sindicais, de representación de traballadores e administrativas, actividades en centros universitarios, educativos, de formación e ocupacionais, así como no caso da práctica do deporte federado, sempre que se adopten as medidas previstas nos correspondentes protocolos de funcionamento.

f) As actividades previstas no anexo da Orde da Consellería de Sanidade, do 22 de outubro de 2021, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e se modifica a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia, na súa versión vixente, respecto das cales se prevexa a posibilidade de grupos de persoas que non sexan conviventes e que se poidan desenvolver no horario considerado neste punto.

g) A pernoctación no mesmo domicilio no caso de reunión ou reencontro familiar ou de achegados.

h) Por causa de forza maior ou situación de necesidade.



Terceiro. *Modificación da Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia*

Un. Modifícase o número 1 do punto segundo bis da Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado como segue:

«1. A medida preventiva de seguridade sanitaria consistente na exhibición de documentación que acredite o cumprimento de determinados requisitos prevista no número 2 deste punto, con fundamento na protección da saúde pública, ao abeiro do establecido nas letras g) e k) do número 1 do artigo 38.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, será aplicable aos seguintes supostos:

a) Para o acceso ao interior dos establecementos que teñan título habilitante de restaurante e salóns de banquetes.

b) Para o acceso ao interior dos establecementos que contén con título habilitante de cafetarías, bares e furanchos.

Non será necesaria a exhibición de documentación para a prestación do servizo en terrazas situadas no exterior».

Dous. Modifícase o número 1 do punto segundo ter da Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado como segue:

«Segundo ter. Medida preventiva de seguridade sanitaria consistente na exhibición de documentación que acredite o cumprimento de determinados requisitos para o acceso ao interior dos establecementos de xogo que contén con servizos de hostalaría e restauración

Os establecementos de xogo que contén con servizos de hostalaría e restauración aplicarán a medida preventiva de seguridade sanitaria consistente na exhibición de documentación recollida no punto segundo bis».

Cuarto. *Control do cumprimento das medidas e réxime sancionador*

1. A vixilancia, a inspección e o control do cumprimento das medidas de prevención que se recollen nesta orde e a garantía dos dereitos e deberes sanitarios da cidadanía



corresponderán aos respectivos concellos dentro das súas competencias e sen prexuízo das competencias da Consellería de Sanidade, tendo en conta a condición de autoridade sanitaria dos alcaldes e alcaldesas, de acordo co artigo 33.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, e as competencias dos concellos de control sanitario de actividades e servizos que impacten na saúde da súa cidadanía e dos lugares de convivencia humana, de acordo co artigo 80.3 do mesmo texto legal, así como da súa competencia para a ordenación e o control do dominio público.

2. Así mesmo, os órganos de inspección da Administración autonómica, no ámbito das súas competencias, poderán realizar as actividades de inspección e control oportunas para a vixilancia e comprobación do cumprimento das medidas de prevención aplicables.

3. As forzas e os corpos de seguridade trasladarán ás autoridades competentes as denuncias que formulen polo incumprimento das medidas de prevención.

Quinto. *Autorización xudicial, publicación e eficacia*

1. Solicitouse a autorización xudicial respecto das medidas previstas na presente orde, de acordo co disposto na redacción vixente do número 8 do artigo 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e a orde publícase unha vez obtida a referida autorización.

2. As medidas previstas nesta orde terán efectos desde as 00.00 horas do día seguinte ao da súa publicación e ata as 00.00 horas do día 18 de xaneiro de 2022.

3. En cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas previstas nesta orde serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser prorrogadas, modificadas ou levantadas mediante orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2021

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade



I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 15 de decembro de 2021 pola que se prorroga e se modifica a Orde do 22 de outubro de 2021, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, e se modifica a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia.

I

Mediante a Resolución do 21 de outubro de 2021, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, dáse publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 21 de outubro de 2021, polo que se declara a finalización da situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, declarada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020, como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.

A finalización da aplicación dos mecanismos extraordinarios derivados da lexislación de protección civil debe entenderse, naturalmente, sen prexuízo de que continúen sendo necesarias, mentres permaneza a pandemia, medidas de prevención de acordo coa lexislación sanitaria en vigor.

Neste sentido, a Lei estatal 2/2021, do 29 de marzo, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, prevé no seu artigo 2.3 que as medidas contidas nos seus capítulos II, III, IV, V, VI e VII e na disposición adicional quinta serán de aplicación en todo o territorio nacional ata que o Goberno declare, de maneira motivada e de acordo coa evidencia científica dispoñible, logo do informe do Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias, a finalización da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19. O Goberno consultará as comunidades autónomas no seo do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde con carácter previo á finalización da situación de crise sanitaria a que se refire o parágrafo anterior.

Na actualidade, como se deduce do informe da Dirección Xeral de Saúde Pública que se cita posteriormente, segue existindo unha situación de crise sanitaria que determina, por exemplo, que siga sendo de aplicación o deber de cautela e de protección establecido no artigo 4 da lei, de tal xeito que todos os cidadáns deberán adoptar as medidas neces-



rias para evitar a xeración de riscos de propagación da enfermidade COVID-19, así como a propia exposición a eses riscos, conforme o que se establece nesta lei. Tal deber de cautela e protección será igualmente exixible aos titulares de calquera actividade regulada nesta lei.

Deste xeito, seguen sendo de aplicación as previsións desta lei sobre o uso obrigatorio de máscaras, a regulación das distintas actividades e a distancia de seguridade interpersoal mínima.

En particular, debe terse en conta que seguirán sendo de aplicación os mecanismos de tutela previstos na lexislación sanitaria. A Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública, conforma, xunto coa Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; a Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema nacional de saúde, e a Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, o corpo normativo fundamental da acción de tutela da saúde pública a nivel estatal, ao cal se debe unir a lexislación autonómica reguladora da protección da saúde pública no marco de competencias autonómico, como é o caso, na Comunidade Autónoma galega, da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia. En efecto, recóllense na devandita normativa medidas que as autoridades sanitarias poderán acordar para tutelar a saúde pública en situacións de risco, co fin de cumprir o mandato contido no artigo 43 da Constitución española que, despois de proclamar o dereito á protección da saúde, dispón que lles compete aos poderes públicos organizar e tutelar a saúde pública, a través de medidas preventivas e das prestacións e servizos necesarios, e que a lei establecerá os dereitos e deberes de todos ao respecto. Este marco normativo débese completar, unha vez atendida a posible afectación que tales medidas poden ter sobre os dereitos fundamentais, coa necesidade de intervención xudicial.

Malia o anterior, a crise da COVID-19 puxo de manifesto a necesidade de contar cunha maior densidade normativa no que respecta á articulación dos mecanismos extraordinarios que recolle a lexislación sanitaria para tutelar a saúde pública ante crises sanitarias.

Neste sentido, a Lei de saúde autonómica foi modificada pola Lei 8/2021, do 25 de febreiro, no exercicio da competencia autonómica en materia de sanidade interior, recollida no artigo 33 do Estatuto de autonomía de Galicia, para introducir na lei as modificacións necesarias co fin de facer fronte á necesidade de contar cun marco normativo claro na materia que ofrezca a necesaria seguridade xurídica, tanto para quen debe intervir na adopción das medidas e na súa inspección, vixilancia, control e sanción como para as persoas desti-



natarias destas. En particular, unha das principais finalidades desta lei é, así, concretar as medidas que, tendo en conta o disposto na lexislación sanitaria estatal, de rango orgánico e ordinario, poden ser adoptadas polas autoridades sanitarias galegas para a protección da saúde pública, así como regular os requisitos que se deben cumprir para a súa correcta adopción, con especial atención ás exixencias de motivación e de proporcionalidade.

Resulta necesario un comportamento social de cautela e autoprotección asentado fundamentalmente nas premisas de hixiene frecuente das mans, de distancia interpersonal mínima, uso de máscaras cando non sexa posible manter a distancia mínima interpersonal, así como cando se estea en contornos con moita xente, especialmente en espazos pechados; de limpeza, hixiene e ventilación dos espazos utilizados e, especialmente, de adopción de medidas de illamento e comunicación cos servizos de saúde tan axiña como se teñan síntomas compatibles coa COVID-19.

II

Unha vez sentado o anterior, a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia fai necesario que as autoridades sanitarias autonómicas sigan adoptando determinadas medidas de prevención orientadas a conter a propagación da infección e dirixidas a facer fronte á crise sanitaria derivada da COVID-19.

De acordo co exposto, a persoa titular da Consellería de Sanidade, como autoridade sanitaria, debe continuar establecendo as intervencións públicas necesarias para garantir os dereitos e deberes sanitarios da cidadanía e, en particular, adoptar as medidas previstas no artigo 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, que sexan necesarias atendendo á evolución da pandemia.

Así, mediante a Orde do 22 de outubro de 2021, establecéronse medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia. Estas medidas consisten, en moitos casos, na fixación de capacidades máximas e na determinación de regras que se deben observar para o desenvolvemento das distintas actividades recollidas no seu anexo, xa que as evidencias científicas apoian as políticas de control de limitación e capacidades e a súa eficacia fronte a outras políticas sen esta limitación, pero con redución xeneralizada da mobilidade. Todo isto ampara a efectividade e a eficiencia das medidas de control focalizadas nos sectores de maior risco. A isto únese que a maior parte dos gromos se producen nun



contexto social, como consecuencia de exposicións prolongadas ás secrecións respiratorias que se emiten en forma de aerosois que conteñen o virus. Nesta liña hai estudos que proban que, dentro das intervencións non farmacolóxicas, as relacionadas coa diminución dos contactos sociais no interior de establecementos teñen a capacidade de minorar a velocidade de transmisión.

A Orde do 22 de outubro foi modificada mediante a Orde do 26 de outubro de 2021 coa finalidade de adaptar á evolución da situación epidemiolóxica as medidas contidas nela que regulaban as actividades desenvolvidas en cines, teatros, auditorios e espazos similares, así como en establecementos destinados a espectáculos públicos e actividades recreativas. Tamén foron obxecto de modificación mediante a citada orde as regras sanitarias aplicables á realización de procesos selectivos por parte das administracións públicas e das entidades do sector público.

Posteriormente, mediante a Orde do 25 de novembro de 2021, prorrogouse e modificouse a Orde do 22 de outubro de 2021, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, e modificouse a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia.

O obxecto da modificación foi permitir a realización de cócteles e actos de recepción con aperitivo e público de pé, en grupos de ata oito persoas no interior e quince na terraza.

Cómpre salientar que, en cumprimento do disposto no artigo 38.ter.4 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, as medidas recollidas nesta orde teñen unha duración determinada, pois a eficacia da orde que se prorroga e se modifica esténdese ata as 00.00 horas do día 18 de xaneiro de 2022. Ademais, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, serán obxecto de seguimento e avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser prorrogadas, modificadas ou levantadas por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

As medidas recollidas nela seguen a resultar necesarias, adecuadas e proporcionadas para o fin perseguido, que non é outro que controlar e evitar a maior difusión dunha enfermidade altamente contaxiosa, respecto da cal a diferenza entre persoas enfermas e sas resulta difusa, dada a posible asintomatoloxía ou levidade dos síntomas e a exis-



tencia dun período no cal non hai indicios externos da enfermidade. Tamén se introducen modificacións que teñen por obxecto adaptar as medidas recollidas na devandita orde á realidade actual. Así, tendo en conta a evolución da situación epidemiolóxica, así como as propias características da actividade concreta, resulta necesario eliminar a posibilidade de realización de cócteles e actos de recepción con aperitivo e público de pé, tendo en conta a situación epidemiolóxica actual e a evolución dos casos activos, e limitar a interacción persoal nun tipo de actos en que os participantes simultanean a inxesta de alimentos e/ou bebidas e, por tanto, están sen máscara nese momento, coa interacción grupal en espazos limitados.

III

De conformidade co exposto, a adopción das medidas contidas na presente orde vén determinada pola evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria da Comunidade Autónoma.

Así, do informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 12 de decembro de 2021, desátanse os seguintes datos:

En relación coa situación epidemiolóxica de Galicia, a tendencia diaria mostra, desde o 21 de xullo, catro tramos con diferente tendencia, o primeiro deles, ata o 25 de agosto, cunha porcentaxe de cambio diaria (PCD) de -3,2 %, séguelle outro tramo cunha velocidade de decrecemento máis rápida, cunha PCD do -7,6 %, e identifica outro punto de cambio o 29 de setembro, en sentido crecente, cunha PCD do 1,0 %. Desde o 21 de outubro obsérvase un claro cambio na tendencia, que pasa a ser crecente, cunha PCD do 8,2 %.

A partir do día 30 de outubro hai unha taxa acumulada a 14 días crecente, que dá cozezo a unha nova onda da COVID-19. A razón de taxas de incidencia, aínda que está a diminuír, está por debaixo do 1,5, mais na quinta onda a diminución da razón de taxas foi anterior ao pico da incidencia acumulada a 14 días. A positividade está a incrementar e os seus niveis móvense arredor do 10 %, moi por riba do nivel basal, o que indica un aumento continuado, tanto para as taxas acumuladas a 7 días coma a 14 días.

No que atinxe á situación das áreas sanitarias, as taxas a 7 días están entre os 103,01 casos por 100.000 habitantes de Santiago e os 449,70 de Ourense.

As taxas de incidencia a 7 días, no conxunto de Galicia, seguen a aumentar a respecto de hai 7 días, pasando de 197,9 a 246,43 casos por 100.000 habitantes nunha semana.



Por áreas sanitarias, a incidencia a 7 días aumenta en todas as áreas, agás na de Lugo onde diminúe, e a incidencia a 14 días aumenta en todas as áreas. A razón de taxas a 7 días é de 1,25, variando entre o 0,98 de Lugo e o 1,35 de Pontevedra, A Coruña e Ferrol. A porcentaxe de positividade a 7 días é do 9,35.

En canto á incidencia acumulada a 7 días por grupos de idade, o grupo de 0 a 11 anos é o que presenta a incidencia máis elevada, seguido do de 40 a 49 anos, onde se observa un lixeiro incremento no conxunto de Galicia para todos os grupos de idade, agás para o grupo de 70 a 79 anos, no que descende. Para o grupo de 0 a 11 anos, obsérvase un incremento en todas as áreas, excepto nas de Ourense e Lugo. Se temos en conta todas as persoas de 65 e máis anos, a incidencia é de 114,42 casos por 100.000 habitantes, inferior á da semana previa, que foi de 123,87 casos por 100.000 habitantes. A razón de taxas a 7 días está lixeiramente por riba do 1 en todos os grupos de idade.

No que se refire aos datos de hospitalización, a taxa de ingresos en planta nos últimos 7 días aumentou lixeiramente do 6,66 a 6,92 ingresos por 100.000 habitantes. Na UCI observouse un incremento da taxa de ingresos, que pasou de 0,59 ingresos por 100.000 habitantes na semana anterior a 0,89 ingresos por 100.000 habitantes na actualidade.

Segundo a última actualización do Ministerio de Sanidade (actualización nº 522. Enfermidade polo coronavirus (COVID-19)) con datos consolidados ás 18.30 horas do 14 de decembro, o número de persoas hospitalizadas en planta en Galicia ascende a 285 e na UCI a 49.

En canto á porcentaxe de ingresos dos casos dos últimos 7 e 14 días é de 2,1 % e 2,8 %, respectivamente, nas unidades de agudos, e de 0,2 % e 0,3 % a 7 e 14 días, nas unidades de críticos.

Nas persoas de 65 e máis anos, a taxa de ingresos nas unidades de agudos descendeu respecto da semana anterior de 15,41 a 14,10 ingresos por 100.000 habitantes. Nas UCI aumentou de 1,31 a 1,45 ingresos por 100.000 habitantes no mesmo período. Nos últimos 7 días, os casos da COVID-19 deste grupo de idade presentaron unha porcentaxe de ingreso en unidade de hospitalización do 9,5 %, inferior respecto da semana anterior (11,2 %), aínda que a porcentaxe de ingreso na UCI se mantivo no 1 %.

No que respecta aos «casos orfos», entre o 22 de novembro e o 5 de decembro, a porcentaxe destes casos no conxunto de Galicia foi do 39,2 %, superando o 10 % que está



establecido no indicador. Todas as áreas sanitarias superan este indicador, variando entre o 29,9 % da Coruña e o 45,9 % da área de Santiago.

En relación cos gromos con, polo menos, casos terciarios, a porcentaxe varía entre o 40 % de Vigo e o 35,4 % da Coruña ata o 20 % de Pontevedra.

Na área da Coruña destacan dous gromos de 37 e 26 casos cada un deles, que iniciaron nunha festa infantil de aniversario e afectaron posteriormente o ámbito educativo con xeración de casos terciarios no ámbito familiar. No primeiro gromo, a idade media foi de 22,6 anos, o 64,9 % dos casos ocorreron en menores de 12 anos e o 92,3 % dos susceptibles de vacinación tiñan a pauta completa. No segundo gromo, a idade media dos casos foi 27,5 anos, o 38,4 % dos casos foron en menores de 12 anos e o 87,5 % dos susceptibles de vacinación tiñan a pauta completa.

Na área de Lugo destacan varios gromos que implican varios ámbitos. Un deles con 33 casos, foi un gromo mixto que se iniciou no ámbito educativo e que se estendeu ao ámbito familiar. A idade media dos casos foi de 29 anos, o 48 % dos casos ocorreron en menores de 12 anos e o 100 % dos susceptibles de vacinación estaban vacinados. Outro gromo con 23 casos iniciouse no ámbito da restauración e un neno estendeuno ao ámbito deportivo e educativo. A idade media dos casos foi de 59 anos, o 17 % foi en menores de 12 anos e o 100 % dos susceptibles de vacinación tiñan a pauta completa.

Na área de Pontevedra destaca un gromo que xa foi informado a semana pasada, que pasou de 90 a 127 casos, de ámbito laboral nun estaleiro e en empresas auxiliares, onde os afectados tiñan unha idade media de 46 anos, e o 88 % dos susceptibles de vacinación tiñan a pauta completa. O 2 % dos casos foron menores de 12 anos. Outro gromo afectou 61 persoas e estivo relacionado co ámbito educativo con extensión ao ámbito familiar e a un centro institucional. A idade media dos afectados foi de 25 anos, o 51 % eran menores de 12 anos e o 98 % dos susceptibles de vacinación tiñan a pauta completa. E outro gromo afectou 56 persoas, iniciouse nun bar e estendeuse ao ámbito educativo. A idade media dos casos foi de 30 anos, o 30 % foron menores de 12 anos e o 100 % dos susceptibles estaban vacinados.

Desde a posta en marcha da vixilancia da prevalencia das variantes en Galicia, baseada na aplicación dunhas PCR específicas sobre unha mostra aleatoria das mostras positivas para SARS-CoV-2 por PCR da semana previa, identificadas nos servizos de microbioloxía dos hospitais CHUAC, CHUS, Chuvi, CHUO, HULA e Vithas (Vigo), na semana epidemio-



lóxica 48/2021 (do 29 de novembro ao 5 de decembro), a porcentaxe de positividade para a variante Delta foi do 98 % (IC95 %: 97,3-98,5 %).

Durante a semana 48 notificáronse por PCR dúas mostras cun perfil compatible coa variante Ómicron e unha coas variantes Beta e Ómicron.

Ata a semana 48, incluída, das variantes de preocupación (VOC) identificáronse 2.175 casos da variante Delta con secuenciación completa; 968 casos da variante Alfa con secuenciación completa; da variante Beta (B.1.351 ou surafricana), 44 por secuenciación completa; da variante Gamma (P1 ou brasileira), 85 casos por secuenciación completa; e da variante Alfa coa mutación E484K, cinco casos por secuenciación completa.

Ademais das VOC, tense constancia de 3 mostras coa variante Eta (B.1.525); 9 mostras coa variante Iota (B.1.526); 24 mostras coa variante Lambda (C.37) e 55 mostras coa variante Mu (B.1.621).

O informe conclúe que, segundo os datos reflectidos, a taxa de incidencia segue a aumentar, e a variante Delta segue a ser a predominante, e xa se detectaron casos da variante Ómicron.

A información do modelo de predición indica que a incidencia acumulada a 7 e 14 días aumentará, polo que cómpre manter as medidas de restrición xerais e particulares vixentes na actualidade.

Segundo o exposto, ademais da necesaria prórroga das medidas previstas na Orde do 22 de outubro de 2021, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, na presente orde acométense modificacións puntuais nas súas regras que atinxen á eliminación da posibilidade de realización de cócteles e actos de recepción con aperitivo e público de pé.

Estas limitacións, fundamentadas nos datos epidemiolóxicos que vimos de expor, así como na crecente explosividade dos contaxios, afectan a celebración de cócteles e actos de recepción con aperitivo e público de pé en cerimonia nupciais e outras celebracións e eventos.



IV

As medidas que se adoptan nesta orde teñen o seu fundamento normativo no artigo 26 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; nos artigos 27.2 e 54 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e nos artigos 34 a 38.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, a persoa titular da Consellería de Sanidade ten a condición de autoridade sanitaria, polo que é competente para adoptar as medidas de prevención específicas para facer fronte ao risco sanitario derivado da situación epidemiolóxica existente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, coa urxencia que a protección da saúde pública demanda.

Na súa virtude, na condición de autoridade sanitaria, conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro. Prórroga da eficacia das medidas previstas na Orde do 22 de outubro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e se modifica a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia

Atendendo á evolución da situación epidemiolóxica, prorrógase ata as 00.00 horas do día 18 de xaneiro de 2022 a eficacia das medidas previstas na Orde do 22 de outubro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e se modifica a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo. Modificación da Orde do 22 de outubro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e se modifica a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia



Un. Modifícase o número 3 do punto 3.5 do anexo, que queda como segue:

«3. Non se permite a realización de cócteles e actos de recepción con aperitivo e público de pé».

Dous. Modifícase o número 2 do punto 3.14 do anexo, que queda como segue:

«2. Non se permite a realización de cócteles e actos de recepción con aperitivo e público de pé».

Terceiro. *Eficacia*

1. As medidas previstas nesta orde terán efectos desde as 00.00 horas do 18 de decembro de 2021. Non obstante, no caso de celebracións e eventos que se celebren o 18 e 19 de decembro, aos cales se refiren os puntos 3.5 e 3.14 do anexo da orde que se prorroga, que xa estivesen concertados antes do día 16 de decembro, non será aplicable a limitación recollida no punto segundo desta orde, ben que estas celebracións e eventos deberán ser comunicados polos titulares dos establecementos á correspondente xefatura territorial da Consellería de Sanidade para que se poidan adoptar as medidas ou efectuar as recomendacións pertinentes.

2. En cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, as medidas cuxa eficacia se prorroga serán obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser prorrogadas, modificadas ou levantadas por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

Santiago de Compostela, 15 de decembro de 2021

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade

